

Presentación

Un ano máis, e van xa doce, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega, non só en Galicia senón tamén fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao 2006, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón que tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe*, como no ano 2005, poderase consultar non só no CD-ROM, como en anos anteriores, senón tamén no web q do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es>) en recursos en liña, en formato PDF. Eliminouse a base de datos en que se verteron os *Informes 2003, 2004 e 2005* debido a que, pola carga que comporta o “Informe” anual, eran moitas as perdas de entradas que se produción. Ademais desta nova versión do *Informe de Literatura 2006*, atoparán os informes anteriores.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2006 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, folletos, etc., e por outra en soporte informático, de aí que se citen dende 1998 aquelas páxinas web que tratan esta Literatura.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2006 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar ao lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *El Mundo* e *El País*, fundamentalmente. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre “Recensións” e “Referencias varias”, por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan tan só, xa sexa algún tipo de información convencional (notas de redacción ou de axencia), xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que fai ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras

como *ADE (Revista de la Asociación de directores de escena de España)*, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, *Galicien Magazin*, *Leer*, *Madrygal*, *Revista de Estudios Gallegos*, *Revista de Filología Románica*, *Primer Acto*, *Qué leer día a día*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar ao lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Manuel Lugrís Freire. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2006 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao recuento estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada “Cómic” polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

En canto ás páxinas web (Apartado XIII) ofrecemos unha listaxe das que continuaron vixentes e das novas achegas, coa finalidade de informar daquelas máis salientábeis no ámbito da Literatura galega e que nos informan dela dende a rede.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ■), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ♦), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nesta nova xeira dos “Informes”, de novo en PDF, comezamos o axuste de marbetes de apartados, así engadimos en cada xénero “Textos recuperados”, cambiamos de lugar o apartado de “Edicións críticas” e iniciamos, de novo, a inclusión de “Apéndices”, neste caso só en “Literatura Medieval”. Estes cambios responden a suxestións dos usuarios en prol dunha mellora do Proxecto. Tamén, debido á implantación das novas tecnoloxías, sobre todos ao uso da internet, decidimos non describir os folletos editoriais dado que se poden consultar nas páxinas web das editoras, información que consideramos suficiente.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada e que constan no apartado de créditos en “Agradecementos”, ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual.

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no 2006 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou

Bolseiras do proxecto: Nazareth García Seijas

María Pilar López Suárez

Redactores:

Rafael Adán Rodríguez
María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)
Eulalia Agrelo Costas
Jorge Cea Viña
Manuel Corbacho Pérez
Antonio Augusto Domínguez Carregal (L. Medieval)
Lorena Domínguez Mallo
Paula Fernández Seoane
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
Sandra Freire Nimo
Nazareth García Seijas
Marta López Macías (L. Medieval)
María Pilar López Suárez
Marina Meléndez Cabo (L. Medieval)
José María Mesías Lema (Ilustración)
Francisco Martínez Hidalgo
Francisca Martínez Rodríguez (L. Medieval)
Iria Mayer Mayer
Isabel Mociño González
Marta Neira Rodríguez
María Obelleiro Hermida
Inés Rodo Montes
Blanca-Ana Roig Rechou
Teresa Sixto Rey
M^a Isabel Soto López
Eva Tizón Zas
Isabel Vega Vázquez (L. Medieval)
Carme Marina Vidal Valiña
M^a Dolores Villanueva Gesteira

Agradecementos a:

Raquel Alonso
María Ledo Ares
Mercedes López Sánchez
Mónica Pose
Alba Reboredo Liste
Carme Saborido
Estela Sánchez González
Trinidad Sánchez
Zeltia Rodríguez Rodríguez
Ana Belén Moreda Rodríguez

Edita:
XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN
978-84-453-4523-8

Dep. Legal
OU 45-2003

Informe
de
Literatura
2006

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Ameixiras, Diego, *O cidadán do mes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2006, 211 pp. (ISBN: 84-9782-475-X).

Segunda obra do xornalista Diego Ameixeras (Lausanne-Suíza, 1976) na que cultiva o xénero policial. Novamente o detective Horacio Dopico, que xa aparecera en *Baixo mínimos* (Xerais, 2004), relata en primeira persoa as súas aventuras. Nesta ocasión, a fermosa Sonia Bouzas, que, en moitas partes da novela é denominada por el como “miss Chispatown”, contrátalo para que atope o seu marido, Gonzalo Casanovas, un vixilante nocturno que desapareceu en estrañas circunstancias. Moi pronto descubrirá que o construtor e cacique Rafael Sousa, xefe do desaparecido, está directamente relacionado coa desaparición. Todos os fíos da investigación acabarán desembocando nel. Remata atopando ao desaparecido morto e descobre unhas gravacións que inculpan a Sousa nun grave caso de suborno a todos os concelleiros do consistorio ourensán, tanto do equipo de goberno coma da oposición, para que apoiaran a modificación do Plano de Ordenación Urbana, que o beneficiou moito, xa que puido construír a grande área comercial “Centro Comercial Milenio”. Pero, co gran poder económico que ten Sousa, non só non lle acabará pasando nada a causa do contido das gravacións, senón que é nomeado “Cidadán Honorífico” polo Concello e, ademais, presidente do Foro pola Democracia, que se opón directamente ao GIA (Grupo Independentista Armado), que procura a autodeterminación mediante o emprego da violencia. A novela presenta un final aberto, xa que na última páxina Marina, a ex-muller de Dopico, acode a el para pedirlle que a axude a atopar o seu mozo, Paulo. A acción da novela desenvólvese na cidade de Ourense, que aparece descrita con gran número de detalles, durante uns calorosos días de verán. Outro elemento que destaca é a presenza da música.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Nova aventura do detective Horacio Dopico”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, “Cultura”, 23-29 marzo 2006, p. 26.

Comeza describindo o personaxe de Horacio Dopico, que apareceu por primeira vez en *Baixo mínimos* (2004) e que, de novo, ve a luz n’*O cidadán do mes*. Define o detective como “un filósofo medio bohemio” que, sen buscalo, se ve envolto en escuras tramas que involucran a cidade na que vive, Ourense. Sinala que se trata dun antiheroe sarcástico que, ademais de ser o protagonista impotente, é tamén o narrador. A seguir, afirma que Dopico manifesta a rebeldía do protagonista mediante a linguaxe e que, de todos os personaxes, só Porter, o xornalista compañeiro de Dopico, é o que presenta unha mínima evolución psicolóxica. Finaliza indicando que a obra é unha novela detectivesca, de acción vertixinosa, que reflicte cun espello cóncavo a realidade para que o lector reflexione co obxectivo de entreter.

- Francisco Martínez Bouzas, “Código policial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 165,

“Libros”, 11 maio 2006, p. 5.

Despois de sinalar que Diego Ameixeiras debutou por primeira vez no 2004 coa publicación de *Baixo Mínimos*, onde o personaxe principal era o detective Horacio Dopico, que volve aparecer na nova novela, *O cidadán do mes*, afirma que as dúas obras, ademais de ter o mesmo protagonista, coinciden no xénero, novela negra policial, e tamén no contexto no que se desenvolve a acción. Logo analiza a obra sinalando que *O cidadán do mes* se diferencia da anterior no argumento. Comenta a seguir a trama sinalando que ten como pano de fondo a dobre moral, o xogo a dúas e a tres bandas. Afirma que na obra se dan todas as características da novela policial, como por exemplo o tema tópico, o detective que é máis antiheroe que heroe, as mulleres fatais e sedutoras e un final que restaura a orde. Eloxia a primeira persoa na que se narran os feitos. Logo analiza a descrición paródica e anacreónica que se realiza da cidade de Ourense e finaliza eloxiando o tratamento igualitario que se dá tanto ao nacionalismo revolucionario coma ao poder do capitalismo e a vontade de representar un galego coloquial urbano e oral.

- Rodri García, “A sorna punk de Horacio Dopico”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 160, 13 maio 2006, p. 6.

Dá conta da publicación d’*O cidadán do mes*, onde Diego Ameixeiras achega a segunda entrega das aventuras do detective Horacio Dopico. Sinala que a acción se desenvolve na cidade de Ourense nun caloroso mes de agosto. A seguir, comenta as dúas personaxes femininas máis destacadas da obra: a ex-muller de Dopico e Sonia Bouzas, que lle encargará ao detective que busque o seu home, desaparecido misteriosamente. Conclúe comentado o argumento e afirmando que Ameixeiras amosa un “bo dominio do xénero”.

- Vicente Araguas, “Un millón de facas”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 377, 21 maio 2006, p. 20.

Considera un grande acerto desta obra a localización dos feitos nunha atmosfera críbel e ben coñecida: un caloroso mes de agosto na cidade de Ourense. Tamén destaca as doses de ironía que incorporan algúns fragmentos e, en xeral, a escrita de Ameixeiras. Afirma que na novela se aprecian influencias de Torrente e do tratadista de rock Chester Himes e tamén apunta que se menciona, entre outras, unha obra de Manolo Rivas.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Os sectores máis cursis miran por riba do ombreiro á narrativa de xénero”, *La Opinión*, “Cultura”, 6 marzo 2006, p. 46.

Entrevista a Diego Ameixeiras a propósito da publicación d’*O cidadán do mes*, a segunda novela protagonizada polo detective Horacio Dopico, logo de *Baixo mínimos*. O escritor afirma, en primeiro lugar, que o detective aparecerá en máis aventuras e defíneo como unha persoa medio punki que emprega como unha das súas armas a ironía e a retransa e que é un sentimental ao que magoaron moito. Sinala que n’*O cidadán do mes*, Sonia Bouzas é o seu contrapunto e que tentou parodiar certos comportamentos políticos. A seguir comenta que elaborar un rexistro literario galego urbano que se corresponda coa realidade é bastante difícil

pero que é unha tarefa importante. Conclúe afirmando que o obxectivo das súas novelas é entreter.

- María Cedrón, “Sin Chan é máis educativo que Heidi”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “El examen”, 24 marzo 2006, p. 16.

Entrevista ao escritor Diego Ameixeiras, autor das novelas *Baixo mínimos* e *O cidadán do mes*. Ademais doutros aspectos, destaca que Diego Ameixeiras afirma que o sitio onde máis cultura adquiriu foi na librería que tiñan seus pais en Ourense, onde podía ler todo de balde.

- MARÉ, “No Ourense tórrido e canalla”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 xuño 2006, p. 34.

Informa da presentación na galería Sargadelos de Compostela da nova novela de Diego Ameixeiras, na que lle volve dar vida ao detective Horacio Dopico. Sinala que a obra está dominada por unha trama de “política ficción” que ten como pano de fondo a dobre moral e a corrupción urbanística. Logo de comentar brevemente o argumento, apunta que o autor transporta á obra un galego urbano e real. Incorpora ademais unhas palabras de Ameixeiras nas que afirma que escribe para que o lector se entreteña.

- Marcos Valcárcel, “O cidadán do mes”, de Ameixeiras”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 5 xullo 2006, p. 48.

Inclúe a Diego Ameixeiras, galardoado na última edición do Premio Xerais, dentro da serie sobre “Ourense: universo literario”, xa que nas súas novelas *Baixo mínimos* e *O cidadán do mes*, nas que se narran as aventuras do detective Horacio Dopico, se realiza unha aproximación a gran número de espazos ourensáns, tanto do casco histórico coma dos novos barrios. Finaliza afirmando que tamén son moi importantes nas súas sobras os espazos climatolóxicos.

- Marcos Valcárcel, “Corrupción, cemento, novela negra”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 6 xullo 2006, p. 48.

Afirma que Diego Ameixeiras n’*O cidadán do mes* utiliza todos os arquetipos da novela negra (detective amargado e borracho, a vampiresa fatal que manipula a vontades dos homes, a crueldade e a brutalidade dos mafiosos e o móbil económico), e que os coloca na cidade de Ourense. Apunta que esta aparece como un lugar dominado pola corrupción e marcado polos atentados do Grupo Independentista Armado, onde o poder está asociado á construción. Finaliza afirmando que un dos principais temas que trata, a corrupción urbanística, é moi oportuno.

- Francisco Martínez Bouzas, “Detectives á galega”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Creacións críticas”, 5 novembro 2006, p. 17.

Faise eco da publicación da novela de Diego Ameixeiras *O cidadán do mes*. Saliéntase a consolidación de novos xéneros e subxéneros dentro da narrativa galega, tras facerse unha relación temporal destas carencias até a actualidade. Centrándose na novela detectivesca ou negra tómase a aparición no mercado desta novela como un avance nese aspecto e neste subxénero. Debúllase a sinopse da obra e analízase o seu protagonista subliñando a súa

idiosincrasia galega. Remátase xustificando a existencia dos diferentes subxéneros ou tipos de literatura.

Ameixeiras, Diego, *Tres segundos de memoria*, Premio Xerais de Novela 2006, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2006, 216 pp. (ISBN: 84-9782-487-3).

Esta obra de Diego Ameixeiras (Lausanne-Suíza, 1976) está escrita a xeito de diario organizado en setenta e tres capítulos. Unha novela que resulta ser un retrato da masculinidade na voz dun mozo de trinta anos, con estudos e en paro, que sobrevive en ambientes decadentes á procura dalgún encontro sexual. O protagonista conta, con ironía e humor, o seu día a día, no que van aparecendo personaxes que conforman, xunto a el, un sector da mocidade urbana galega que engrosa as listaxes do paro mentres sobrevive na precariedade ou depende economicamente da familia. Os seus grandes obxectivos dende que a súa moza o deixou, dous meses atrás, son conseguir traballo e relacións sexuais. O seu amigo Mario fai de confidente e apoio. Despois de moito tempo sen poder saír da situación precaria e decadente na que se encontra, e logo de intentar usar, sen éxito, estratexias de sedución un tanto novelescas, acaba retornando á casa materna, onde polo menos está limpo e ben alimentado.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Decote e decotío”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 405, “Libros”, 3 decembro 2006, p. 20.

Sinala que *Tres segundos de memoria* é a primeira novela non policíaca que le de Diego Ameixeiras, despois de *Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán do mes* (2006), protagonizadas polo detective Horacio Dopico, “un suxeito de xénero e xa que logo marcado polo alcohol (abondante), o sexo (precario) e a elipse como selo ou carimbo da casa”. Comenta que na obra gañadora do Premio Xerais 2006 “non hai máis crimes ou delitos que a vida mesma”. Detense na análise do seu protagonista, que define como “Un menda que non ten demasiadas razóns para seguir tirando pero que se move perplexo, desafinado, culto “ma non troppo”, e dende logo, bebedor, fumador e copulador nunhas reviravoltas ou repichocas como as que se trae coa chamada Alba”. A seguir, cita as posibilidades documentais da novela (John Dos Passos, Mañas ou Loriga) e loa o galego empregado por Ameixeiras, que non se deixa vencer pola lingua dominante e procura fórmulas e expresións autóctonas.

- Xosé M. Eyré, “Sarcástica memoria urbana”, *A Nosa Terra*, nº 1.248, “Cultura”, 14-20 decembro 2006, p. 26.

Comenta que *Tres segundos de memoria* constitúe a primeira incursión de Diego Ameixeiras fóra dos esquemas narrativos da novela detectivesca, aínda que iso non supón un abandono total do que até agora veu caracterizando o seu discurso (o ar irreverente, a ironía, o sarcasmo, o cinismo ou a procura dos praceres inmediatos). A seguir, debulla o argumento desta novela protagonizada por un desempregado á espera da próxima oferta de precariedade laboral e explica que boa parte do seu atractivo procede da variedade, da proximidade dos problemas do protagonista, da ironía e do aparato enxeñoso. Así mesmo, destaca o equilibrio estrutural

logrado a partir da xustaposición de cada un dos relatos, “que consegue dar idea de historia global contada desde a parcialidade dunha visión intensa, de duración limitada (de aí a intensidade) que se repite en intervalos frecuentes”. Por último, refírese á actitude narratorial desta novela, que é moi semellante á de *Blúmsdei* (2006), de Cid Cabido.

- Montse Pena Presas, “Procurando Ítaca”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 189, “Libros”, 21 decembro 2006, p. 5.

Alúdese á publicación da novela de Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria*. Contraponse esta novela á de Teresa Moure e salientase tanto a soidade e unidade dunha soa trama argumental coma o seu estilo novidoso: prosa sinxela e directa imbuída de elementos da “Era Google” e na procura dun tipo de lector diferente. Sublíñase o anonimato buscado do protagonista e a temática clásica tratada de xeito dosificado e cun enfoque filosófico-existencialista no que salienta a relación individuo-cidade. Remátase cunha crítica á pouca ambición do autor neste experimento literario e o desexo de que non sexa un caso illado.

Referencias varias:

- MARÉ, “Letras que traen premio”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 3 novembro 2006, p. 32.

Faise eco de diversos títulos postos á venda pola editorial Xerais. No caso da literatura institucionalizada, trátase de *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. Detállase o argumento desta novela, que ofrece o retrato dun sector urbano e “moi dignificado” na sociedade galega actual, o dos mozos de trinta anos, castigados polo sistema laboral, con estudos e que deambulan polas cidades percorrendo case sempre traballos precarios. No que se refire á literatura infantil e xuvenil, achega o argumento da obra galardoada co Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, *A cova das vacas mortas*, de Jaureguizar e do conto fantástico merecente do Premio Merlín de literatura infantil, *O tesouro da lago de Reid'Is*, de Agustín Agra, no que se fai unha fermosa recreación de lendas tradicionais galegas, sobre un fondo de materia artúrica tinxido de oralidade e recreación de toponimia galega.

- Natalia Álvarez, “En Galicia hai un respecto relixioso pola tradición literaria que me asusta moito”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, “Entrevista”, 16 novembro 2006, p. III.

Nesta entrevista Diego Ameixeiras fala do que hai del no protagonista de *Tres segundos de memoria* e da razón pola que nos gustan tanto os antiheroes. A seguir, considera que a vida ten sentido e non concorda coa idea de que a mocidade actual é conformista, ademais de dubidar sobre o feito de que a súa novela se presente como un “retrato xeracional dos nados nos 70”. Refírese ao lectorado que poida ter esta novela e afirma que o seu protagonista sería moi diferente se fose muller. Tamén considera que todos vivimos nun minifundio mental, que debe ser compartido antes de ser demasiado tarde, e destaca o carácter tremendamente conservador de Galicia. Por último, alude á posíbel influencia dos blogs na súa novela e ao feito de que as decisións dos premios Xerais estean a ser cuestionadas nos últimos tempos, así como espera que Horacio Dopico apareza de novo nunha novela.

- Jaureguizar, “A xeración dos peixes”, *El Progreso*, “Cultura”, 26 novembro 2006, p. 81.

Refírese ao agromar dunha nova xeración de creadores culturais galegos, a “Xeración dos Peixes”, e sinala que “O seu descreimento, o seu carácter urbán, o seu paninternetismo, a súa autoironía e a súa desmemoria histórica” están reflectidos en *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. Indica que esta obra é unha crónica xeracional, o “*On de road* da Xeración dos Peixes”, e que os seus integrantes teñen tres segundos de memoria, coma calquera outro peixe. Achega a súa trama argumental e comenta que o seu protagonista “usa esa capacidade escasa para lembrar as cousas para vivir no presente exacto, non porque goce del, senón porque mirar o futuro desacóugao”. A seguir, centra a súa atención en *O home inédito*, de Carlos Meixide, que foi definido pola súa editorial como “unha mestura entre *Sexo en Nova York* e *No ventre do silencio* protagonizada por un galego da Coruña, resultón, deportivista e sentimental”. Finalmente, refírese a *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro, “un libro no que este antropólogo reduce a definición dos varóns unicamente polo seu sexo, para acabar por tirarlle esa característica”.

- Xosé Carlos Caneiro, “Inadaptado”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 189, “Letras en Galego”, 2 decembro 2006, p. 14.

Faise eco da publicación da primeira novela de Luís Paradelo, *Xelamonite*, e de *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. Saliéntase o interese de ambos os dous autores por construír un discurso narrativo diferente no panorama da literatura galega, ademais de subliñarse o dinamismo de novos autores que emerxen e o desconcerto que a algúns críticos lles causa esta nova literatura.

- Jaureguizar, “O cargador do móbil”, *El Progreso*, “Cultura”, 10 decembro 2006, p. 79.

Fai referencia a obras carismáticas que deu o Premio Xerais de Novela, entre elas salienta *Herba Moura* de Teresa Moure, e o gañador deste ano, Diego Ameixeiras, con *Tres segundos de memoria*. Logo de falar brevemente da traxectoria profesional deste último, céntrase no estilo e na temática da novela, para rematar salienta que este escritor encarna a unha nova xeración.

Cameselle Ben, Xesús, *Tres contos á beira do medo*, Vigo: Edicións Cardeñoso, Novembro 2006, 71 pp. (ISBN: 84-8190-451-1) .

Xesús Cameselle Ben ofrece neste volume tres contos titulados “A Funeraria”, “A autopista” e “A herba vermella”. Todos eles teñen en común seguir un acontecemento que funciona como eixo e que se relaciona coa morte, así como a intriga que implica ao lector na sucesión de episodios que se producen e a fin que culmina e ata todos os feitos relatados.

Camiña, Beatriz, *Desexos acalados*, prólogo da autora, Vigo: Edicións Cardeñoso, 2006, 63 pp. (ISBN: 84-8190-452-X).

Trátase do primeiro libro de relatos breves de Beatriz González Camiña (Vigo, 1953). A obra consta dun prólogo, no cal a autora xustifica a creación destes relatos breves, principalmente dedicados á muller, pola súa loita individual. Vinte relatos curtos conforman o libro e a

maioría deles ten como protagonistas a mulleres de diversas clases sociais, pero case todas elas se atopan nunha situación vital complicada: son dependentes dos seus maridos ou están solteiras e soas. Outros relatos abordan a situación de mulleres que loitan entre o desexo e a realidade, como é o relato dunha muller que ten unha relación lésbica pasaxeira, da cal se arrepite nun primeiro momento, para logo botar de menos esa persoa que abandonou. Noutros relatos, como é o de “Bras e a mula Enriqueta”, ridiculízase a un home que se namora da súa burra e non lle fai caso á súa muller. En liñas xerais, a autora ofrece unha visión crítica co papel da muller na sociedade actual, destacando a falta de liberdade e independencia de moitas delas.

Referencias varias:

- Tere Grandín, “Convicciones y sentimientos”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 493, “Libros”, 30 decembro 2006, p. 2.

Dáse noticia da publicación por Ediciones Cardeñoso de *Desexos acalados*, unha obra que recolle vinte relatos breves de Beatriz Camiña, autora que tiña publicados relatos en revistas e periódicos, pero non en libro. Saliéntanse os sentimentos, o erotismo e a retranca coa que se tratan algúns temas serios. Dise que se inspira na vida cotiá e na nenez, así como no rexeitamento da guerra, do machismo e da prostitución.

Casal, Uxía, *Vidas exemplares*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 229, 2006, 154 pp. (ISBN: 8497824695).

Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) presenta *Vidas exemplares*, un conxunto de vinte e un relatos, que contan as experiencias vitais doutras tantas persoas, nalgúns ocasións cunha certa ironía, marcadas por algún feito estraño ou fantasioso relacionado coa ciencia ficción, o terror ou o misterio. O título fai referencia ás obras que recompilan vidas de personaxes que destacaron por diversas causas como heroes, mártires, etc., que estaban destinadas a ser lidas polos nenos con fins didácticos. Ao longo deste monllo de relatos, amósanse situacións nas que nalgúns casos o lector está en máximo suspense e fan reflexionar, xa que presentan as diferentes reaccións que pode ter o ser humano diante de determinados acontecementos. De feito, moitas veces estas reaccións que adoptan os personaxes non son esperadas, pero si xustificadas polo medio no que se desenvolve a acción. Nalgúns relatos, tamén se realizan reflexións sobre que cousa puido motivar unha determinada situación.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Arredor do tempo”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, nº 328, “Musas”, 3 decembro 2006, p. 51.

Entrevista á escritora Uxía Casal co gallo da publicación do seu libro de relatos *Vidas exemplares*. Recóllese a súa opinión sobre esta última entrega e sobre a súa faceta de escritora: comezos, andainas e futuros proxectos.

Castro, Francisco, *Spam*, Premio Blanco Amor 2005, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 132 pp. (ISBN: 978-84-8288-936-8).

Nesta novela de Francisco Castro (Vigo, 1966), un narrador omnisciente en terceira persoa presenta a entidade “A Empresa”, que vai establecer unha determinada forma de traballo para os individuos que pertencen a ela, actuando como un instrumento sofisticado de explotación. O personaxe protagonista e sobre o que se articula a crítica a esta forma de organización de traballo é Gómez, o encargado de Recursos Humanos na empresa, pois o seu acometido fundaméntase en prexudicar os traballadores con despidos, aínda que, finalmente, tamén el rematará por ser unha vítima do sistema do que forma parte. Gómez encóntrase sometido á Internet, o único medio que ten para comunicarse co mundo e a única forma de satisfacción persoal, pasando a ser outro dos temas fundamentais da obra. A súa crítica está fundada no feito de ser este un sistema de comunicación que pode crear patoloxías no individuo.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Cousas da informática”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 401, “Libros”, 5 novembro 2006, p. 20.

Achega a súa propia visión da novela *Spam*, a cal considera como unha parodia. Sinala que o humor ten como finalidade facer unha crítica dun medio de comunicación, a internet, que pode chegar a facer do consumidor un ser con problemas psicolóxicos. Tamén valora a novela por traer unha novidade ao sistema literario actual.

- Xosé M. Eyré, “A internet como protagonista”, *A Nosa Terra*, nº 1.247, “Cultura”, 7-13 decembro 2006, p. 22.

Faise unha pequena explicación sobre o significado da Internet como medio de comunicación con microtextos e como medio capaz de crear nos seres humanos problemas de socialización. Despois pásase a explicar algo sobre o argumento do libro un personaxe que traballa nunha empresa encontra mensaxes dirixidos contra o seu xefe e debe enfrontarse a eles. Alén da crítica a Internet tamén hai no libro un ataque á empresa como forma do sistema capitalista. Por outra parte, menciónanse outras características da obra como o feito de encontrar un narrador omnipresente e uns personaxes escasamente desenvolvidos.

- Ramón Nicolás, “Con Spam”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 188, “Libros”, 14 decembro 2006, p. 5.

Nesta análise sobre o que *Spam* lle achega ao lector, explícase que se trata dunha obra que revisa unha temática contemporánea como é a dificultade das relacións humanas nun momento en que Internet e a tecnoloxía veñen instalarse como medios clave na comunicación interpersonal. Respecto ao estilo da obra de Francisco Castro, destácase o humor combinado coa crítica.

- Sandra Faginas, “Enganchados á sedución da rede”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 192,

“Letras en Galego”, 30 decembro 2006, p. 10.

Considera que a obra máis importante do ano foi a novela de Francisco Castro, *Spam*, por distintas características que no artigo sinala. Entre elas, cita o feito de que trate unha realidade nova, a internet, tendo en conta as consecuencias que ten para o ser humano e para as súas relacións con outros seres. Tamén destaca da narración o feito de que se sustente nunha lingua propia do rexistro máis popular.

Referencias varias:

- M.J.R., “Francisco Castro: ‘Tiña claro que quería escribir sobre alguén que vive fóra da sociedade’”, *Diario de Ferrol*, “CGS Ferrol”, 7 outubro 2006, p. 10.

Faise eco dos comentarios realizados no encontro de Neda, ao que asistiron Víctor Freixanes, como director de Galaxia, o alcalde Carlos Pita e Francisco Castro. Entre os comentarios, destácanse os centrados en *Spam* e outros relacionados cos premios literarios, dos cales se recoñece o feito de servir de diálogo entre o público e os novos autores.

- R. Loureiro, “Francisco Castro: ‘O mundo virtual é unha realidade paralela que existe xa para sempre’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 outubro 2006, p. 41.

Recóllense as declaracións feitas polo propio escritor sobre o libro, con motivo de gañar o premio Blanco Amor. Segundo o propio Francisco Castro, na obra procura facer unha crítica ao capitalismo que pretende tirar beneficio a calquera prezo, aínda que iso supoña ir prexudicando ou mesmo terminando cos homes que traballan para el como, neste caso, o protagonista, traballador dunha empresa.

- Henrique Neira, “Spam’, unha novela galega saída da rede”, *Galicia Hoxe*, “Océano Internet”, nº 419, “Literatura”, 13 novembro 2006.

Alúdese á procedencia do termo *Spam*, co que se titula a novela, de Francisco Castro, para despois centrarse no seu argumento. Destácase o feito de que esta obra se trata dunha novidade no sistema actual polo estilo e tema: a confusión que teñen unha serie de personaxes entre a vida real e internet.

- Sandra Faginas, “A real irrealidade de Internet”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 191, “Letras en Galego”, 16 decembro 2006, p. 10.

Apunta que a obra de Francisco Castro recibiu o premio Blanco Amor e que se centra nunha realidade actual, a Internet. Unha característica que salienta desta obra é a capacidade para trasladarnos a unha realidade virtual, onde o lector perde o dominio da súa vida, de aí a comparación que se establece entre o libro e un videoxogo ou a propia Internet.

- Natalia Álvarez, “Sigo crendo que o autor ten que comprometerse e tomar partido”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 189, “Entrevista”, 21 decembro 2006, p. 3.

Ademais de falar da temática de *Spam* e do sistema literario galego, Francisco Castro explica que con esta obra pretendeu presentar un problema actual da sociedade: a incomunicación que se enfrenta á realidade dos medios de comunicación, cada vez máis masivos. Sinala que outra das temáticas que aborda o libro é a escravitude no século XXI, que está agachada tras a máscara do traballo na empresa. Tamén reconece que a Internet é un medio de comunicación que nos achega vantaxes e que o seu emprego pode levarnos á doenza ou a estarmos máis informados. Alude ao seu blog, que usa como un espazo de entretemento para o contacto con lectores, e, por último, reflexiona sobre si mesmo como escritor, apuntando que o escritor é unha persoa que ten un espazo privilexiado de comunicación e isto debe ser aproveitado para ser comprometido.

Cid Cabido, Xosé, *Blúmsdei*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 224, 2006, 127 pp. (ISBN: 84-9782-443-1).

Esta obra de Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, 1959) está dedicada a facer unha análise crítica da sociedade actual, a partir da visión dun narrador-personaxe en primeira persoa. De feito, a voz narrativa realiza diferentes reflexións, entre as que se atopa a da defensa da actitude incorrecta, idea que serve para xustificar o seu propio comportamento ao longo da obra. Encontramos, por tanto, un narrador caracterizado por rexeitar calquera sometemento ás normas, así no seu discurso recorre a rexistros pouco elevados da lingua ou dialectalismos, o que se traduce nun uso escaso de mecanismos de cohesión para tratar de imitar o fluxo de pensamento. Alén deste tema, son outros os asuntos que esta voz narrativa vai tratar, como son a crítica á cultura e aos axentes produtores de culturas que teñen máis éxito entre a sociedade. A súa crítica está dirixida a libros e películas que só pretenden ofrecer á sociedade un pasatempo que é consumido de forma masiva e que acaba por atrofiar a súa capacidade para pensar e actuar. A voz narrativa, que di ser un escritor, tamén se sente culpábel por ofrecer algo que está a obrigar a pensar ás persoas que teñen outras ocupacións. Móstrase, por tanto, comprensión e recoñecemento para os traballadores ao lado dunha visión feroz e profunda contra aqueles produtos culturais que só adormecen esta sociedade. O espírito crítico con que se contempla a realidade actual non se esgota na crítica á cultura de masas, senón que se mantén na crítica que se desenvolve contra o imperialismo español.

Recensións:

- Camilo Franco, “Quitar o corsé”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 166, “Letras en galego”, 24 xuño 2006, p. 11.

Aproximación ao libro de Cid Cabido publicado recentemente co título *Blúmsdei*, que se caracteriza sobre todo pola irreverencia e a rebeldía ante o discurso literario máis convencional. Explícase que esta renuncia ao discurso literario académico non supón unha anulación da reflexión filosófica, que si existe nesta obra de marcado carácter crítico, pois está orientada á análise da realidade máis inmediata.

- Xosé M. Eyré, “Un día con Cid Cabido”, *A Nosa Terra*, nº 1.230, “Cultura”, 6-12 xullo 2006, p. 26.

Céntrase nos aspectos máis destacados do contido de *Blúmsdei* para dar a coñecer algúns dos seus trazos máis característicos. Comézase sinalando a influencia exercida por Joyce e o seu *Ulises* na obra de Cid Cabido, que pode apreciarse no título e tamén en distintos fragmentos da obra, pero sobre todo na súa forma, paródica e crítica. Tamén se apunta que hai influencias de *Náusea*, de Sartre. A seguir, resume o contido da novela e explica que presenta un discurso sobre a lingua, a escrita e a realidade máis inmediata. Finaliza co comentario sobre os recursos empregados, entre os que destaca o uso da ironía, o humor e os xogos lingüísticos.

- Manuel Xestoso, “O lugar da palabra”, *A Nosa Terra*, nº 1.231, “Cultura”, 13-19 xullo 2006, p. 27.

Co gallo da publicación da obra de Xosé Cid Cabido, *Blúmsdei*, fálase do seu autor e da súa singularidade e xenialidade literaria, subliñando a capacidade de sorprenden en cada unha das súas obras e de crear correntes críticas contrapostas. Recoméndase a súa lectura de xeito novel sen prexuízos. Sinala as semellanzas coas técnicas narrativas empregadas por Joyce, malia as diferenzas, e certas reminiscencias con Sterne. Saliéntase a audacia que mostra co seu regreso á oralidade en defecto da narración.

- Armando Requeixo, “Cid Cabido, brutal”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 385, “Libros”, 16 xullo 2006, p. 21.

Faise eco da publicación da novela *Blúmsdei*, de Xosé Cid Cabido. Saliéntase a singularidade do seu autor e da novela, que pretende romper convencionalismos literarios. Sublíñase o que ten de transgresor a obra no seu conxunto, entroncando coas raíces de Joyce, e o achegamento ao lector pola vía da provocación. Remátase excitando o lector, instándoo a aceptar ese reto.

- Ramón Nicolás, “De Blúmsdei”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 178, “Libros”, 28 setembro 2006, p. 5.

Alúdese ao carácter rompedor de *Blúmsdei*, de Xosé Cid Cabido, dende o mesmo deseño paratextual até o efecto sorpresa que provoca no lector a configuración laberíntica das historias que a configuran. Sublíñase a homenaxe que o autor pretende facer con esta estrutura ao *Ulises*, de James Joyce e o seu gusto por permanecer no anonimato deixando que a novela funcione autonomamente.

- Alberto Valverde, “Comentarios descontra o Blúmsdei”, *Grial*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 91-92.

Fálase de *Blúmsdei* de Cid Cabido e xa de comezo dise que é un libro que está na linde entre varios subxéneros como o diario, o monólogo, o documental, o tratado de literatura e outros. Anótase que conta o que lle acontece a unha primeira persoa en varias xornadas iniciadas no 31 de maio e que a esa narración se intercalan todo tipo de comentarios, sexa de orde literaria (a necesidade de escribir 120 páxinas para que sexa unha novela, o canon, a tradución), a análise da sociedade actual (globalización, cultura, neoliberalismo), a linguaxe de xénero ou a normativa lingüística. Por último, destácase moito a importancia que Cid Cabido dá a un lector que debe responder ao texto, participar del.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “O ‘Blúmsdei’ de Cid Cabido”/”Blumsdei”, *Galicia Hoxe/El Progreso*, “Ollo mol”, 23/ 24 abril 2006, p. 6/ 89.

Dáse noticia das vindeiras traducións de literatura austríaca ao galego: o *Don Xoán*, que Luís Fernández fixo para Sotelo Blanco, a versión galega de *Campo santo* de W. G. Sebald que prepara Galaxia, ou o *Blúmsdei* que achega Cid Cabido a Xerais.

- Camilo Franco, “Blúmsdei”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 192, “Letras en Galego”, 30 decembro 2006, p. 10.

Trata a que é considerada como novela máis singular do 2006 no panorama das letras galegas, *Blúmsdei*, de Xosé Cid Cabido. Salienta o xogo que fai do tempo presente e o mecanismo narrativo, que xoga coa imaxinación e busca a provocación do lector.

Conde, Alfredo, *Lukumí*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 237 pp. (ISBN: 84-8288-896-X).

Novela de Alfredo Conde (Allariz, 1945) protagonizada por Estevo González, nacido na Cuba de Fidel Castro, fillo dun galego que chega a Cuba para colaborar na revolución e dunha cubana bailarina do famoso Tropicana, descendente dunha familia de escravos. O pai, desencantado co ideal regresa a España. O protagonista, criado pola súa avoa negra, rememora as historias das dúas familias, a cubana e a galega. Narra en primeira persoa a historia da súa nai e da súa avoa materna, pertencente á tribo africana dos lukumís, e mais o seu periplo vital dende a súa Cuba natal até a Unión Soviética, onde é enviado para estudar na universidade de Lumumba, e, posteriormente, a Galicia, donde é reclamado polo seu avó paterno e donde coñece as miserias do capitalismo. Ambientada na Habana, Moscú e Galicia e estruturada en seis capítulos, que á súa vez se dividen en partes menores, a narración de *Lukumí* comeza nos momentos da colonización de Cuba e describe os acontecementos que marcan a historia desas tres culturas. O percorrido de Estevo por estes tres espazos, nos que descobre as “miserias do capitalismo triunfante”, péchase cun texto de Alfredo Conde, co que dá as grazas a todos aqueles que o axudaron na elaboración da novela.

Recensións:

- Luís Pousa, “Un cruce de caminos chamado Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 150, 25 febreiro 2006, p. 10.

Anúnciase a publicación simultánea en galego e castelán da novela *Lukumí* do coñecido escritor Alfredo Conde. Cóntase que é a historia de Esteban, un cubano mulato fillo dun galego que despois da súa decepción amorosa cunha bailarina africana do cabaré Tropicana decide buscar as súas orixes no continente africano e en Galicia. Lóase o uso que fai o escritor nos seus libros dos tempos e das voces e considérase que isto resulta atractivo para o lector

que se achega á súa obra.

- Vicente Araguas, “Vida de pícaro”, *Diario de Ferrol*, “Libros”, 5 marzo 2006, p. 20.

Recensión da obra de Alfredo Conde, *Lukumí*, que comeza facendo referencia ás diversas características que comparte o protagonista coa novela picaresca: orixe confusa, certo cinismo, procura do éxito que nunca acadada, entre outros. A seguir, fai un breve resumo da obra centrándose na traxectoria vital do protagonista, así como noutro personaxe chamado Lutgardo Lameiros, sen perder de vista nunca as características da picaresca. Finalmente, considera a obra como “aire fresco e aínda novidoso nun xénero ben pouco tratado” pola literatura galega.

- Francisco Martínez Bouzas, “Sobre Lukumí”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Libros”, 6 abril 2006, p. 5.

Explica, en primeiro lugar, que a nova novela de Alfredo Conde vai aparecer simultaneamente en galego e castelán e que, segundo o seu autor, esta é unha forma lexítima de obter lectores. Indica, tamén, que na obra se describe unha saga familiar e se retrata, ao mesmo tempo, un personaxe singular. Considera que o tema de fondo é o “intento de reflectir, en clave ficcional, tanto as miserias do socialismo da Cuba castrista como as ilusións abortadas por culpa do capitalismo salvaxe de Galicia”. Fai referencia á narración en primeira persoa do protagonista e ás súas regresións, dentro do relato, á época colonial cubana. Fala, finalmente, do estilo do escritor e da verosimilitude da historia narrada.

- Atilio Castellucci, “Lukumí, di Alfredo Conde”, *Grial*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro- decembro 2006, p. 90-91.

Fálase de *Lukumí*, de Alfredo Conde, da que se comeza por explicar o título, o nome dunha raza africana da que moitos foron raptados para ser levados a Cuba por traficantes de escravos. Dise que se conta a peripecia dun mozo, Estevo, fillo dun emigrante galego e dunha bailarina africana, que vai de Cuba á URSS e de alí a España, e que se sente sempre un inadaptado até que comeza a agromar o seu sentimento galego. Explícase que se utiliza moita simboloxía referente á cor da pel, ao olor, á textura, que separan razas e sentimentos de pertenza, e tamén que o que temos é un longo monólogo de lembranzas nun galego rescatado da infancia e cheo de coloquialismos.

- Lluís Satorras, “Sonriente porvenir”, *El País*, “Narrativa”, 18 novembro 2006, p. 7.

Comentario da nova novela de Alfredo Conde. Identifica as mellores partes da obra, da que se afirma que ofrece unha perspectiva interesante sobre o xénero picaresco, pero afirma que o ton global de reportaxe periódica é prexudicial e que a figura do protagonista non queda ben perfilada.

Referencias varias:

- MARÉ, “Benvido a Lukumí”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 febreiro 2006, p. 37.

Fala da nova novela de Alfredo Conde, indicando que “lukumí” é o saúdo e o nome dunha tribo da África Central e mais o título desta obra. Sinala que a trama argumental comeza no devalo da revolución cubana e que o protagonista percorre Rusia e Galicia, facendo referencia, así mesmo, á historia familiar dos seus proxenitores, de orixe cubana (a nai) e galega (o pai).

- C.F., “Alfredo Conde viaxa por Cuba, Rusia e Galicia en ‘Lukumí’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 febreiro 2006, p. 54.

Trata da nova novela de Alfredo Conde, *Lukumí*, cuxo protagonista é home mulato fillo dun galego e dunha bailarina do Tropicana que viaxa dende Cuba á Unión Soviética e Galicia e explica, recollendo as palabras do autor, cal foi a xénese da obra, que se vai editar en galego e en castelán e que, proximamente, será publicada en ruso.

- Carmen Villar, “As revolucións hai que empezalas por un mesmo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 3 febreiro 2006, p. 47.

Co gallo da presentación de *Lukumí*, Alfredo Conde fala nesta entrevista do protagonista da novela, Estevo, e da diferenza entre memoria e recordo. Fala, así mesmo, de como evolucionou a súa maneira de escribir, na que agora emprega frases máis curtas, da súa opinión sobre a literatura galega actual e da súa actividade como escritor.

- José Miguel A. Giráldez, “Escribir novelas é roubarlle vida á morte, é habitar noutros corpos”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Entrevista”, 26 febreiro 2006, p. 8.

Entrevístase a Alfredo Conde, de quen se comenta que é un escritor con regularidade, que acaba de publicar unha nova novela, *Lukumí*. Ademais, indícase que xa está a traballar sobre a figura de María Pita e mais de Rosendo Salvado. Conde comenta que o feito de escribir a cotío vénlle do oficio de xornalista e que ademais da novela, na intimidade tamén escribe poesía, aínda que non se considera un bo poeta. En canto á temática das súas obras, indícase que el quere amosar nelas a realidade de Galicia e, agora, a través de *Lukumí*, amosa a un mozo mulato cubano que representa a unha tribo de escravos trasladados a Cuba que se caracterizaban por suicidarse en colectivo antes de se ver implicados na escravitude. Finalmente, Conde salienta que para el escribir “é roubarlle vida á morte” porque coa súa creación pode vivir en diferentes mundos e noutros séculos.

- MARÉ, “Libre, e tan a gusto...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 marzo 2006, p. 46.

Fai referencia a unha entrevista concedida por Alfredo Conde no xornal asturiano *La Nueva España*, onde indicou que nunca máis publicará libros de poesía, porque se considera un poeta mediocre, e admite estar orgulloso de que a súa nova novela, *Lukumí*, coa súa versión en castelán, sirva para inaugurar a editorial Bruguera. Falou, tamén, do éxito das súas novelas e de se considerar un escritor galego ou castelán.

- Manuel Morales do Val, “Lukumí”, *El Correo Gallego/Diario de Pontevedra/El Progreso/La Región/Atlántico Diario*, “Opinión”/“Pontevedra”, 3 abril 2006, p. 4/11/22/17/4.

Referencia á obra de Alfredo Conde centrándose no seu personaxe principal, Esteban

González, que narra a súa experiencia vital nunha sociedade capitalista. Remata loubando a escrita do autor, que cualifica de “sensible, irónica e inteligente, fecunda de autenticidad”.

- E.P., “Lukumí’ de Alfredo Conde chega hoxe á Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 abril 2006, p. 17.

Sinala que Alfredo Conde vai presentar hoxe na Fundación Caixa Galicia a súa novela *Lukumí* nun acto ao que asistirán o director da entidade financeira, José Luis Méndez, e o catedrático José María Paz Gago. Lembra, así mesmo, algúns dos premios que recibiu o escritor, entre os que se atopan o Premio da Crítica ou o Premio Blanco Amor.

- C. Escrigas/Carmina Escrigas, “A ‘lucidez espléndida’ de Alfredo Conde”/ “Viaje al corazón de Cuba”, *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, “Maré/Hoy”, 18 abril 2006, p. 43/65.

Informa do acto de presentación de *Lukumí*, que tivo lugar onte na sede da Fundación Caixa Galicia da Coruña e ao que asistiron o autor da novela, o director xeral da entidade e José María Paz Gago, quen dixo que é unha obra amena, que engancha enseguida e que encanta ao lector. Explica que a obra xurdiu a partir dun encargo para escribir a historia dun *lazarillo* moderno e sinala que, segundo os seus editores, é un exemplo de “sabiduría narrativa e dun maxistral dominio da linguaxe”.

- Elena Ponte, “El sistema literario gallego es deficitario y está corroído”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 18 abril 2006, p. 15.

Entrevista na que Alfredo Conde fala da súa nova novela, que é definida como “a historia dun desencanto que xoga tres bandas” e que se desenvolve en tres escenarios, a Cuba castrista, a Rusia soviética e a Galicia capitalista. O escritor explica as razóns que o levaron a escoller a tribo lukumí como orixe do seu protagonista, fala da súa visión da política, sinala cales son as fontes nas que se inspira e, sobre a saúde da literatura galega, opina que se trata dun sistema deficitario “corroído por nós mesmos”. Finalmente, con respecto da lingua galega, lamenta que non se utilicen ben todas as oportunidades que existen na actualidade para salvara e que a xente se afasta dela “cansada das aventuras ortográficas nas que nos metemos”.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 20 abril 2006, p. 67.

Cita algunhas obras da literatura galega nas que a paisaxe cubana está presente e sinala que nesta tradición se insire *Lukumí*. Considera que os obxectivos de Alfredo Conde para esta novela son ambiciosos e que nela, con humor e melancolía, vai debullando moitas memorias. Por último, sinala que de momento só leu os primeiros capítulos da obra e que está satisfeito.

- Xosé Carlos Caneiro, “Era por maio”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 159, 6 maio 2006, p. 12.

Despois de se laiar pola situación en que se atopa a intelectualidade galega en relación á defensa e promoción da lingua e literatura galegas, refírese a dúas obras publicadas arredor da figura de Lugrís Freire e a partir do Día das letras galegas, asinadas por Ramón Nicolás e Xabier Campos Villar. Para rematar, alúdese a *Lukumí*, última novela de Alfredo Conde, da que se di que “é unha novela para celebrar os galegos”.

- Marina Cascallar, “Os editores deberían peneirar ben os títulos para non defraudar ós lectores”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza Comarca”, 14 maio 2006, p. 18.

Presenta un repaso pola traxectoria profesional de Alfredo Conde e sinala que participou nas Xornadas Literarias de Ribeira cunha conferencia sobre a creación literaria en galego e as posibilidades de exportala ao exterior. Na entrevista, o escritor fala, entre outros temas, da súa nova novela, *Lukumí*, do seu éxito internacional, que considera cuestión de sorte, dos complexos lingüísticos de Galicia ou da calidade das publicacións actuais.

- Alfredo Conde, “Desenterrar mortos, revivir feitos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 xuño 2006, p. 4.

Alfredo Conde trata un tema alleo á literatura galega e no que, de xeito circunstancial, cita a súa última novela, *Lukumí*. Explica que hai meses, cando esta obra saíu publicada en Galaxia, lle comentou a Víctor Freixanes o impacto que para el supoñía regresar a esta editorial, na que sacara hai corenta anos o seu primeiro libro, despois de saber no seu momento que os seus libros foran retirados de todas as librerías e guillotados.

- Roberto G. Méndez, “Trátase de vivir máis, así que eu escribo”, *El Correo Gallego*, “Entrevistos”, 10 decembro 2006, p. 80.

Recóllese unha breve entrevista ao escritor Alfredo Conde, autor da novela *Lukumí*. Reflictese a súa opinión distendida sobre diversos temas de actualidade .

Dacosta, Henrique, *Os desherdados*, Ferrol: Edicións Embora, 2006, 127 pp. (ISBN: 84-95460-50-5).

Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) publica unha novela ambientada en Covas, unha parroquia costeira e rural de Ferrol, que relata os acontecementos vividos por unha familia, a de Balbina, a comezos do século XX e durante os primeiros anos do franquismo. Consta de dez capítulos enumerados mais sen título, precedidos de tres citacións, unha de Sechu Sende e dúas de José Saramago. Os protagonistas desta obra pertencen ás clases populares e a figura central, Balbina, é unha filla de nai solteira que ten que emigrar xunto co seu home na procura de traballo. No lugar ao que chegan, e con un fillo ao seu cargo, traballa de lavandeira para os militares do exército de Franco. Por medio dunha serie de visións en soños, irá desvelando o misterio que se encontra detrás do suicidio dun home pertencente a unha casa importante da zona e, ao mesmo tempo, descubrirá a verdade sobre as súas propias orixes. A narración preséntase por medio dunha voz en terceira persoa omnisciente que nos vai relatando as circunstancias pasadas e presentes dos personaxes e os seus pensamentos e vivencias internas. O título fai mención ás penurias das xentes do traballo nesta comarca galega. Os mineiros, as lavandeiras, a xente do campo e do mar son protagonistas destas páxinas. Balbina, pobre e humilde, destaca pola súa dignidade, que esperta a admiración e o respecto das persoas que a coñecen e afectará ao curso dos acontecementos. É de salientar o coidado da lingua empregada polo autor e a riqueza do vocabulario que se atopa nestas páxinas.

Recensións:

- R. Loureiro, “Coa memoria da posguerra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 161, 20 maio 2006, p. 11.

Dáse conta da recente publicación da derradeira novela de Henrique Dacosta, *Os desherdados*. Lémbrese a traxectoria e valía literaria deste autor e salientase a riqueza da linguaxe empregada e a súa capacidade para facer épica dos seres anónimos. Remátase cunha breve referencia á liña argumental da novela.

- Armando Requeixo, “Para todo o sempre”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, nº 381, 18 xuño 2006, p. 21.

Comeza facendo referencia a novelas anteriores de Henrique Dacosta, para logo centrarse en *Os desherdados*, novela que instala no realismo social da inmediata posguerra. Fala dos seus protagonistas a través dos cales se van coloreando os eixos argumentais. Salienta entre o mellor da obra o coidado da súa prosa, tanto dende o punto de vista léxico como sintagmático. Remata recomendando a lectura da obra neste Ano da Memoria para botar unha mirara atrás e reconciliarse co pasado.

- Xosé M. Eyré, “As traxedias que agacha a vida”, *A Nosa Terra*, nº 1.235, “Cultura”, 14-20 setembro 2006, p. 26.

Fálase da publicación d’*Os desherdados* de Henrique Dacosta. Alúdese aos condicionamentos que a vida laboral deita sobre as persoas, ás dificultades dunha muller que vai casar e ao momento histórico en que a acción se desenvolve. Descríbense uns personaxes sometidos, os momentos previos ao golpe armado franquista e a construción da fortificación da cidade de Ferrol, pero sométese todo, segundo o crítico, á vontade de facer unha traxedia que por momentos roza as marxes do incríbel. Por último, anótase que o narrador omnisciente non é o máis axeitado para este proxecto no que debería darse espazo aos personaxes para expresarse.

Díaz, Xoán Ramón, *Chuvia mansa*, Lugo: TrisTram, col. Manolo Meiriño, 2006, 174 pp. (ISBN: 84-89377-63-4).

Segundo libro de Xoán Ramón Díaz (Lugo, 1948), protagonizado por Manolo Meiriño. O primeiro deles foi *A Xeada Negra*. Ambientada no Lugo dos anos 80, segue o ambiente da liña da novela negra, con ingredientes realistas, humorísticos, cinematográficos e personaxes reais. Presenta ao protagonista, Manolo Meiriño, non como un detective privado ao uso, pouco ou nada sabemos deste personaxe, xa que non se ofrecen datos caracterizadores do seu aspecto físico ou da súa personalidade, soamente se alude en ocasións ao desleixo no vestir. É o propio lector o que dá forma ao personaxe na súa imaxinación a medida que vai lendo o libro. Da súa vida sabemos que comezou estudos universitarios, que nunca rematou, gusta de boas lecturas e posúe unha exquisita formación musical. A trama da novela, chea de acción, suspense e intriga, ocorre por distintos recunchos de Lugo e está chea de complexas situacións que desembocan no máis sinxelo da vida mesma e de personaxes rocambolescos e enigmáticos.

Referencias varias:

- Xosé Miranda, “Lugo na literatura”, *A Nosa Terra*, nº 1.237, “Enxeños e criaturas”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 34.

Reflexión sobre a consideración de Lugo como cidade literaria, salientando as obras de Ánxel Fole como principais impulsadoras da cidade. Menciona ademais a outros autores galegos que se fixaron en Lugo para dar forma ás súas narracións e poemas: nos versos de Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesias, Manuel María, os irmáns López Valcárcel, Darío Xohán Cabana, Lois Diéguez, Claudio Rodríguez Fer, Cesáreo Sánchez Iglesias, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, entre outros; nas narracións de Paco Martín, Miguel Anxo Murado, Marica Campo ou Xoán Soto. Remata recomendando a lectura de dúas obras de Xoán Ramón Díaz, *A xeada negra* (2003) e *Chuvia mansa*.

- Anxa Correa, “Xoán Ramón Díaz di que ‘a senté de orde’ cre que o mal non lle afecta”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 17 novembro 2006, p. 87.

Refírese á presentación da colección de novela negra “Manolo Meiriño”, coa obra do escritor lugués Xoán Ramón Díaz, na que se mestura este xénero coa picaresca no ambiente da capital lucense. Manolo Meiriño e o seu compañeiro Gaiarre son os protagonistas das pezas. Tras a publicación d’*A xeada negra*, a primeira entrega da serie e dunha segunda novela, *Chuvia mansa*, protagonizada tamén por Meiriño, o autor e a editorial decidiron emprender unha colección baseada neste personaxe. Durante a presentación, o catedrático Primitivo Iglesias, “asesor literario” do autor, indicou que as dúas novelas son “unha metáfora de Lugo e unha radiografía da sociedade lucense actual”.

Domínguez Alberte, X.C. e Baldo Ramos (coords.), *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Ourense: Difusora- Xunta de Galicia, col. Eidos, nº 5, novembro 2006, 127 pp. (ISBN: 978-84-935223-1-5). ■ ◆

Xoan Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos son os coordinadores de *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, obra de diversos autores e artistas plásticos que foi editada pola Consellaría de Cultura en colaboración coa editorial Difusora de Artes, Letras e Ideas e a Asociación Arraianos. A obra *Volverlles a palabra* é o intento de lles render unha solidariedade e conmovida homenaxe a todas as mulleres e homes que foron represaliados pola ditadura franquista por pensar e vivir libremente. A través dos poemas, relatos e propostas plásticas, pretenden devolver un recoñecemento a aqueles que sufriron a persecución e as represalias dun tempo pasado. Destaca o limiar de Xesús Alonso Montero, pero tamén debemos citar a ampla nómina de colaboradores: autores de moi diversas xeracións literarias: desde as dos poetas das Festas Minervais até os novísimos; dende narradores do Brais Pinto até algúns que mesmo case estean o seu percorrido narrativo.

Referencias varias:

- MARÉ, “Teatro do Noroeste ponlles voz aos represaliados hoxe na Yago”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 maio 2006, p.37.

Dise que Teatro Noroeste actuará na Sala Yago cun espectáculo baseado na obra de varios autores, *Volverlles a palabra*, que pretende devolverlle a voz aos represaliados na Guerra Civil.

Fariña Jamardo, Xosé, *Unha vida calquera*, Sada: Edicións do Castro, col. Narrativa, 2006, 216 pp. (ISBN: 84-8485-237-7/978-84-8485-237-7).

Xosé Fariña Jamardo (Caldas de Reis, 1919) preséntanos nesta ocasión un relato autobiográfico dunha vida común e ordinaria antes e despois dun grande accidente de automóbil. No primeiro capítulo, Andrés Rodríguez, personaxe principal, relata como, desobedecendo as recomendacións da súa dona e dos seus fillos, e fiándose da súa grande experiencia ao volante, colle o coche e, nunha perigosa curva, sofre un grave accidente caendo por un precipicio, que o deixa ás portas da morte. Dende a cama do hospital repasa, logo de asumir que se atopa nesa situación por mor do alcohol, toda a súa vida. Lémbrese, en primeiro lugar, da súa infancia na aldea, de como coñeceu, andado o tempo, á que sería a súa dona e tamén repasa o nacemento dos fillos e como, por distintas circunstancias, non se levan de todo ben. En diversas ocasións, ao longo de toda a narración, Andrés volve ao presente para contar as diferentes complicacións médicas que sofre até que, no derradeiro capítulo, un narrador omnisciente en terceira persoa describe os seus últimos momentos.

Fernández, Miguel Anxo, *Luar no inferno*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 244 pp. (ISBN: 978-84-8288-928-3).

Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) volve recuperar a Frank Soutelo, detective californiano de pais galegos, nunha novela policial ambientada en Hollywood. A trama xira ao redor do guión dunha película de denuncia social na que se tenta desvelar unha rede de tráfico de mulleres na fronteira mexicana. Entre os grandes produtores de cinema estadounidense cérnese a sospeita das *snuff movies*, filmes nos que se chega a gravar a morte real dalgún dos personaxes. A historia organízase en vinte e sete capítulos que transcorren de xeito diacrónico. Entre aventura, promesas incumpridas e asasinatos, Fernández fai numerosas chamadas de atención ao lector e mesmo alude ao editor. Tampouco se esquece de facer referencia a Galicia. No que atinxe ao estilo, o escritor coída as descrições da vestimenta dos personaxes, combina narración en primeira persoa con diálogos e introduce palabras mexicanas. Grazas ao dinamismo e ao suspense que logra imprimirlle ao texto, Fernández é quen de manter en alerta o lector.

Recensións:

- Sandra Faginas, “O regreso de Frank Soutelo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 187, “Letras en Galego”, 18 novembro 2006, p. 14.

Faise eco da publicación da novela *Luar no inferno*, do escritor e crítico de cine Miguel Anxo Fernández. Saliéntase o dominio da linguaxe literaria e cinematográfica por parte do autor, subliñando o efecto de enganche que produce no lector. Faise unha análise da trama e da

linguaxe a través do seu personaxe principal, o detective Frank Soutelo, que se ilustra cunha pasaxe da obra. Sublíñase o débil da liña argumental a prol do sentido do humor que busca a complicidade e o sorriso do lector.

- Xosé M. Eyré, “Segunda aparición do detective Frank Soutelo”, *A Nosa Terra*, nº 1.249, “Cultura”, 21-27 decembro 2006, p. 26.

Refírese á publicación de *Luar no inferno*, de Miguel Anxo Fernández, segunda novela da saga protagonizada polo detective Frank Soutelo. Faise unha comparativa coa primeira novela, subliñando a través dunha sinopse da liña argumental, como o autor desaproveita a ocasión de sorprendernos literariamente. Saliéntase a súa plasticidade, reflectida na estrutura, trama e secuenciación semellante á dunha película de cinema.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Miguel Anxo Fernández defende a literatura popular con ‘Un luar no inferno’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 decembro 2006, p. 48.

Dáse conta da presentación en Santiago de Compostela da novela *Luar no inferno*, do escritor e crítico de cine Miguel Anxo Fernández. Recóllense as palabras do seu editor, Carlos Lema, quen salientou a aposta polo xénero da novela policial pensado como literatura popular, as do presentador Ramón Gayoso, declarándose fan do xénero, e as do propio autor, reivindicando esta intención populista e adiantando a próxima publicación da novela que pechará a triloxía.

- MARÉ, “Detective en EEUU con apelido galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 decembro 2006, p. 32.

Faise eco da presentación en Santiago de Compostela da novela *Luar no inferno*, do escritor e crítico de cine Miguel Anxo Fernández. Percórrese a traxectoria literaria e profesional do seu autor e adíantase a próxima publicación da novela que pechará a triloxía. Realízase unha breve sinopse e análise da obra e o seu protagonista, a través das palabras do autor, quen salienta a súa intención de divertir ao lector.

- V. Oliveira, “Miguel Anxo Fernández tece con ironía unha novela policial”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 1 decembro 2006, p. 76.

Alúdese á publicación da novela *Luar no inferno*, segunda protagonizada polo detective Frank Soutelo, do escritor e crítico de cine Miguel Anxo Fernández. Faise unha relación da súa produción literaria e un achegamento ao personaxe da súa novela. Recóllense as opinións do autor sobre o mundo do cinema, sobre a súa novela e o xénero no que se encadra ou a semellanza do protagonista co seu creador. Por último, refírese á próxima saída ao mercado da novela que pechará a triloxía.

Fernández Marcos, Lois, *Princesa virtual*, Vigo: Edicións Cardeñoso, 2006, 199 pp. (ISBN: 84-8190-425-2).

Lois Fernández Marcos (1949) presenta a historia da princesa Lilaina, que é secuestrada polo rei Tristán de Tebaida. O seu marido, don Xasmín rei de Arauco, sabendo xa que está morta, emprende unha viaxe en busca de vinganza. Ao mesmo tempo, a irmá de Lilaina, Eilín, marcha de onda a súa parella, unha amanoza do deserto, para salvar a súa familia. Despois de numerosas peripecias, don Xasmín mata a don Tristán e Eilín atopa acubillo nos brazos dunha camareira que lle descobre a sorte da súa irmá. Todo isto acontece nunha época posterior á actual, na que estaba prohibido todo tipo de tecnoloxía, despois dunha grande guerra que deixou no mundo unha atmosfera na que o vulgo se ve en serios apuros para sobrevivir.

Franco, Camilo, *Palabras contadas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2006, 176 pp. (ISBN: 84-9782-509-8).

Esta obra caracteristicamente fragmentaria de Camilo Franco (Ourense, 1963) está formada por 139 microrrelatos, que se poden subclasificar en trinta argumentos de novela, ademais de cinco contos algo máis extensos, que parecen prolongar ou continuar outros anteriores. Valéndose do sentido práctico e rápido da literatura breve, o autor trata, con humor e retranca, en ton melancólico e a xeito de desmitificación, temas xa clásicos na historia da literatura como poden ser o amor ou a morte. Este libro de Camilo Franco semella ser case que unha sorte de experimento de brevidade, contención e inmediatez traspasado ao papel.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Para un escritor é mellor saber mirar que escribir”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 decembro 2006, p. 48.

Entrevista a Camilo Franco a propósito do seu último libro, *Palabras contadas*. Afirmo que volve a apostar pola concisión no relato, xa que case ningún dos textos supera a páxina. Por outra parte, en canto á temática, sinala que moitos dos relatos abordan as convencións sociais, o bélico e a crítica á teima memorialística.

- Lupe Gómez, “Apañar peixes”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “A bailarina”, 24 decembro 2006, p. 12.

Lupe Gómez describe o que fixo durante sete días da semana e comenta que o día 14 de decembro asistiu no CGAC á presentación do libro de Manolo Rivas, *Os libros arden mal*, dentro do encontro de escritores do PEN. O día 16 de decembro comenta que tivo unha cita co poeta e pintor Antón Sobral, quen lle fala moito de Yolanda Castaño e afirma que as mulleres escriben mellor cós homes, ademais, nese mesmo día, indica que acudiu ao CGAC, á presentación do libro de Camilo Franco, *Palabras contadas*. Finalmente, o día 18 de decembro, Lupe Gómez volveu ao CGAC, e esta vez para asistir á presentación da revista *Amastra-n-gallar*, de Emilio Araújo.

Fuentes Castro, Xoán, *O pescador de cana*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2006, 218 pp. (ISBN: 84-96673-00-6).

Relátase a historia de catro personaxes que cruzan as súas vidas en momentos difíciles da súa traxectoria vital. Lois Espasende é un pescador de cana, que escribe artigos para un xornal. Un bo día decide ir tomar unha cervexa a un bar rexentado por Ute, unha muller da que se namora totalmente, e onde se atopa un capitán de barco que conta os amores que tivo nos diferentes portos. Nanette é unha muller cun pasado complicado, naceu no circo e de alí tivo que escapar cando a quixo violar un domador. De maior quedou prendida do home co que casou, pero o matrimonio non tardou moito en fracasar. Despois de morrer o seu marido nun accidente de tráfico, ela marcha en busca dun cambio e encontra a Ute. Finalmente, ela tamén morre, pero sempre sobre a súa tumba hai unha rosa daquel capitán de barco que estaba namorado dela. Lois e Ute están namorados e deciden viaxar.

Recensións:

- Héitor Mera, “Texto distinto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 186, “Libros”, 30 novembro 2006, p. 4.

Recoñécese a valentía da editorial Toxosoutos ao sacar ao prelo unha novela que quizais non chegue ao gran público lector pola súa trama, pero tamén pola forma na que está escrita. Enténdese que *O pescador de cana* de Xoán Fuentes Castro é unha maneira de achegarse á narrativa novidosa no panorama galego e quizais no resto dos sistemas onde se priman os produtos que poidan ter un maior número de lectores en aras de que as editoriais obteñan rendementos económicos. Advírtese que posibelmente provoque o aburrimiento e a non conclusión do libro, pero aínda así merece non pasar desapercibida no panorama editorial.

Gómez, Lupe, *Quero bailar*, Edición da autora, 2006, 208 pp. (ISBN: 84-611-15015).

Lupe Gómez (Fisteus, 1972) publica *Quero bailar*, un libro que recolle pequenos artigos onde a autora reflexiona sobre diferentes aspectos da sociedade e a vida. O libro, a xeito de diario íntimo e persoal, estrutúrase en cinco seccións ou apartados: “A forza da lúa”, “Escura alegría”, “Espida e libre”, “Bailar contenta” e “A canción das gaivotas”. A través deses pequenos artigos ou capítulos, a poeta Lupe Gómez describe o seu mundo, as emocións que a rodean, os seus pensamentos sobre diferentes aspectos da realidade. E neste mundo, que en moitas ocasións caracteriza como un universo onde as aparencias son máis importantes cos sentimentos, o baile era para a poeta unha liberación. Tamén nestas liñas, Lupe Gómez fai desfilar a innumerábeis amigos, algúns coñecidos para o lector, outros, persoas anónimas, pero que forman parte da vida e a existencia da escritora. A cantidade de temas e cuestións que trata a poeta é pouco máis que inmensa, pero en todos eles aparece a visión persoal de Lupe, a visión feminina, que lle confire a esa realidade descrita unha interpretación, en moitas ocasións, máis próxima á ficción ou á fantasía que a realidade.

Recensións:

- Sandra Faginas, “Diario dunha poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 182, “Letras en Galego”, 14 outubro 2006, p. 12.

Comenta o último libro de Lupe Gómez, *Quero bailar*, no que a poeta mostra o seu inconformismo entre o ser e o parecer. Explica que se trata dunha forma de diario íntimo no que “repassa a súa vida e as verdadeiras claves da súa condición de poeta”. Salienta a linguaxe limpa do libro, cheo de sensacións, e o exercicio de nudez que nel realizou a poeta.

Referencias varias:

- MARÉ, “Danzar ao ritmo das verbas”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 21 xullo 2006, p. 36.

Infórmase da presentación, na Galería Sargadelos de Compostela, da obra de Lupe Gómez, *Quero bailar*, onde estivo acompañada por Antón Lopo, Héctor Lorenzo e Najla Shami. Achéganse os comentarios da autora sobre a obra nos que salienta a emoción e liberación que expresa, así como a pegada de Fisteus e Compostela. Finalmente, destácase que a obra mostra a evolución da poeta cara á serenidade.

Graña, Bernardino, *Protoevanxeo do neto de Herodes*, Premio Eixo Atlántico 2003, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2006, 300 pp. (ISBN: 84-9782-511-X).

Nesta novela de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) reinterpreta-se a historia bíblica no referente ao nacemento e infancia de Xesús. A historia comeza anos antes, coas intrigas que rodean o goberno de Herodes o Grande en Xerusalén. O seu mandato vén definido pola crecente oposición de amplas capas da oligarquía sacerdotal, que, co obxectivo de salvar a Israel do que consideran unha actuación de servidume de Herodes cara a Roma, a potencia colonizadora, tentan casar a una moza, María, descendente dos primeiros reis israelitas, con Antípatro, primoxénito de Herodes. Sabedores de que Antípatro desexa acadar o trono de Israel, os sacerdotes buscan que a parella teña un fillo que poida actuar como redentor e pastor do pobo israelita, liberándoo da escravitude romana. Tras moitas trabas, o enlace prodúcese no máis absoluto segredo, pero a pesares de todas as precaucións chega a oídos de Herodes. Ante esta descuberta, María debe fuxir á súa aldea natal, Nazaret, para evitar represalias contra ela mesma e o fillo que leva no seu seo. En Nazaret recibe dúas horribes noticias: o asasinato dos seus pais e o encarceramento de Antípatro, ao que non volverá a ver. Concértnlle unha nova voda co seu tío, Xosé, un respectábel viúvo. Para que non se coñeza quen é o pai do futuro Xesús, María cóntalle que foi concibido tras a intercesión do arcanxo Gabriel, unha historia que Xosé nunca chega a crer pero que remata por aceptar. A figura de María é clave dentro da novela: preséntase como unha muller forte, desexosa de que o seu fillo chegue a ser o Mesías esperado por Israel. Tamén Xosé acada importancia no decorrer dos feitos, xa que a diferenza da súa muller, desexa que o neno que está por vir rexeite a guerra e se converta nun pacifista. Tanto un coma outro, así como o propio Mesías, preséntanse profundamente humanizados. O parto de María prodúcese en Belén. Ao rapaz impónselle o nome de Iexúa, sendo presentado no templo ao pouco de nacer, no contexto convulso da Galilea que segue a rebelarse contra o poder romano. Sabendo que Herodes os persegue, María e Xosé deciden fuxir co raparigo cara a Exipto, para que o rapaz siga vivo e poida logo traer a liberdade para o seu pobo. Prodúcese neste punto un salto temporal de cinco anos na trama da novela: a parella ten agora un novo fillo, Iago, e espera o nacemento dun terceiro, mentres volve de Alxendría cara a Israel. Nese tempo Herodes foi sucedido por

Arquelao, quen segue tendo que enfrontarse ás accións dos revolucionarios xudeus, e Antípatro foi executado. No último capítulo, Xesús, convertido nun rapaz de doce anos, visita por vez primeira Xerusalén, preparándose xa para actuar como salvador e defensor dos aflixidos. Acompañano Xosé, María e os cinco irmáns que ten a esas alturas. O libro péchase coa visita do Mesías ao templo e as súas disputas cos doutores mentres os pais, preocupados, o buscan por toda a cidade. A pasaxe do evanxeo de Lucas na que se recolle o incidente cerra o volume. Un glosario recolle algúns dos termos que máis se repiten ao longo da historia e un mapa da rexión de Xudea, Samaria e Galilea permite situar os escenarios da acción.

Ledo, Bieito, *Aconteceres*, prólogo de Xosé González Martínez, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, 2006, 144 pp. (ISBN: 8476805918).

Volume que recolle a primeira obra literaria de Bieito Ledo (Padroso, Xunqueira de Ambía, Ourense, 1944). Comeza cun “Prólogo”, no que Xosé González Martínez fai unha loanza á figura de Bieito Ledo e que lle dá paso aos diferentes textos curtos que compoñen *Aconteceres*. Trátase dun conxunto de corenta e catro textos breves, todos con título, nos que se repasan temas cotiáns do rural galego, as súas vivencias no internado do Seminario de Ourense, etc. Así mesmo, teñen collida relatos centrados en amigos seus como Carlos Casares ou Agustín Sixto Seco. Como peche reproducense tres pregóns escritos por Bieito Ledo: o da Feira do Libro de Ourense de 1990 e os correspondentes aos anos 2004 e 2005 das Festas de Xunqueira de Ambía do mes de agosto.

Recensións:

- M.V., “Bieito Ledo, e o orgullo de ser da aldea”, *A Nosa Terra*, nº 1.236, “Cultura”, 21-27 setembro 2006, p. 27.

Apoiándose en diferentes textos tirados deste volume reflexiónase sobre a importancia de Bieito Ledo como un dos principais editores que apostaron polo libro en galego e asemade faise un breve repaso polo seu perfil biográfico. Sinálase que o prólogo é obra dun amigo de Bieito Ledo e afirmase que estamos perante unha colección de pequenos textos centrados nas súas vivencias persoais e colectivas, nomeadamente as dos últimos trinta anos.

López Silva, Inma, *Non quero ser Doris Day*, Finalista do Premio Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* 2006, Cesuras (A Coruña): Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2006, 110 pp. (ISBN: 84-935062-3-0).

Novela epistolar na que a protagonista, a escritora Greta López, vai narrando ás súas amigas os seus avatares dende que decidiu fuxir da súa voda e ir a París co obxectivo de escribir a gran novela galega. Como novidade dentro do xénero da novela epistolar, introduce un novo medio de transmisión, o correo electrónico, vía a través da cal iremos coñecendo todos acontecementos. A personaxe de Greta López é un alter ego da escritora Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978), coa que comparte apelido. Mediante un xogo literario, a personaxe de Greta atribúese circunstancias da vida da súa autora, como a publicación de *Concubinas*, obra coa que López Silva gañou o Premio Xerais de Novela 2002. A acción

comeza dende o mesmo momento da chegada da protagonista a París. A partir de entón, irá escribindo correos electrónicos practicamente diarios ás súas amigas e confidentes: Cris e Raquel. É por medio destes correos que o público lector coñece a historia. Unicamente aparecen na obra os textos escritos por Greta, de xeito que é necesario un exercicio de recomposición para saber que é o que escriben Cris e Raquel. O primeiro correo electrónico enviado está datado o 15 de xuño de 2006 e o último o 25 de febreiro de 2007, polo que a novela abarca un período posterior á data de publicación. Durante o tempo comprendido neses seis meses, a protagonista será o centro dunha serie de circunstancias incribeis e acontecementos insólitos que se irán acumulando a medida que aumenta a tensión cara ao final da obra. Dende que chega a París, Greta López irá encontrando unha serie de personaxes estrambóticos (un cura cego cubano, un romanés sen papeis que fai exorcismos no baño, estafadores, etc.) que a conducirán, a través de sorprendentes casualidades, a converterse no centro dunha persecución, a ter un romance cun protagonista das revistas do corazón, e finalmente, a ser unha marchante de obras de arte embarazada e emparellada cun árabe casado con tres mulleres. Despois de continuas referencias ao longo da novela ao sistema literario galego, no último correo electrónico que envía, afirma ter rematada a gran novela galega coa que espera coroarse grande escritora galega. Toda a obra está inzada de elementos cómicos e será precisamente a través deste ton de comicidade, que a autora realiza unha defensa da independencia das mulleres, tema que aparece sintetizado no título *Non quero ser Doris Day*, en referencia ao papel de anxo do fogar destinado ás mulleres e co que a protagonista, Greta López, quere romper.

Referencias varias:

- MARÉ, “Na procura do país soñado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 setembro 2006, p. 34.

Anúnciase a presentación da última obra de Inma López Silva, *Non quero ser Doris Day*, no café-shop Tupperware de Compostela, nun acto no que ademais da autora estarán presentes Rosa Aneiros e Tucho Calvo, director da editora Biblos. Infórmase acerca de como esta novela foi concibida para presentarse a un certame de novela por entregas, do que resultou finalista. Incídese, finalmente, nos lugares comúns entre a autora e a protagonista da obra e sobre aspectos autobiográficos que se encontran na novela.

- Ruth Lodeiro, “O mellor premio é que a xente lea os meus libros”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 setembro 2006, p. 2.

Entrevista a Inma López Silva co motivo da presentación do seu libro *Non quero ser Doris Day* no pub Tupperware, en Santiago de Compostela. Incídese no carácter cómico da obra e no feito de abordar o tema da liberdade e da independencia das mulleres. A autora declara que escribe por pracer e sen esperar o recoñecemento outorgado polos premios literarios, dos que xa obtivo dous, o Xerais de novela e o Rúa Nova. Tamén considera que o importante para ela é que a xente lea os seus libros e opina que a literatura galega non está o suficientemente valorada dentro do seu contexto. Por último, expresa o seu desexo de probar co ensaio, mais sen unha visión academicista.

Mariño Pazó, Paula, *Na derruba*, Vigo: Ir Indo Edicións, 2006, 95 pp. (ISBN: 84-7680-589-

6).

O libro de relatos comeza cunha nota aclaratoria de Paula Mariño Pazó (Vigo, 1958) na que a escritora explica como xurdiu cada unha das historias. O fío condutor da obra son os obxectos perdidos que Mariño Pazó atopaba entre as ruínas das construcións deterioradas en Vigo. Precedidos por unha fotografía en branco e negro na que sae o obxecto en cuestión, cada un dos doce relatos que compoñen a obra desenvolven diferentes historias de temática social tanto do pasado coma do presente. O machismo, os malos tratos, as drogas ou a emigración son algúns dos asuntos que rexen o libro, que tamén fai referencia a asuntos como a crise económica da Arxentina. A obra caracterízase por estar escrita cunha linguaxe sinxela con ritmo dinámico e polo uso de distintos recursos, como o diálogo ou o xénero epistolar. A primeira e a terceira persoa do singular son as voces preferidas para transmitir o contido das historias, que nalgunha ocasión contan cun final aberto. A portada e contraportada do libro son obra de Mariño Pazó, quen ademais de ser escritora é artista plástica.

Recensións:

- Marga Romero, “Derruba”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 175, “Libros”, 7 setembro 2006, p. 4.

Coméntase a publicación do libro de relatos *Na derruba*, da artista plástica Paula Mariño Pazó, no que se recollen doce historias, nas que destaca a utilización dos finais. Así mesmo, apréciase o uso das imaxes, que axuda á voz narrativa a crear novos mundos, xunto aos finais cargados de sensacións como o medo. Tamén se alude aos temas como a violencia ou a discriminación de xénero, que aparecen en relatos como “O paraugas”, “Xeringa”, “A auga mineral”, “Catarina”, “A parede verde”, “O cubo vermello” e “O caderno”. Destácase que se interesa polos remates, como suxeriu o escritor Rafael Dieste.

Referencias varias:

- Alberto Quián, “Na miña literatura hai un sentido trágico da vida”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 11 maio 2006, p. 42.

Nesta entrevista realizada co gallo da presentación do libro de relatos *Na derruba*, Paula Mariño Pazó revela que a orixe dos seus relatos foron as construcións derrubadas que vía por Vigo. No que atinxe á temática, a escritora e artista plástica sinala que os seus relatos reflicten a realidade social. Tamén fai referencia ás imaxes que acompañan os textos e á relación entre a súa obra literaria e a súa obra plástica: “a miña pintura é máis lírica e leda que a literatura, na que tendo a ter un sentido máis trágico da vida”.

Martín, Paco, *A bisneta lercha*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 124 pp. (ISBN: 84-8288-908-7).

Paco Martín (Lugo, 1940) publica un libro co que quere recuperar o pracer de contar e rescatar a curiosidade e ledicia das primeiras lecturas infantís. En *A bisneta lercha* fornécenos

de catro relatos dos cales tres son reinterpretacións de tres relatos famosos da tradición literaria europea. El tíralles o politicamente correcto e aproxímanos a unha visión máis actual máis irónica e crítica. Os relatos “A Carrapuchiña vermella”, de Perrault, “O parrulo feo”, de Andersen e o “Gato con botas”, dos irmáns Grimm son devoltos ao lector actual baixo os títulos “O parrulo”, “Félix” e “A rapaza que todos querían ben aínda que non a visen senón unha soa vez”. Ábrese, con todo, o libro cun relato que non é estritamente debedor destas reelaboracións, senón que se abeira nun ámbito simbólico: “Perdición”. Así e todo, a protagonista retoma un motivo característico do conto infantil, como é a viaxe iniciática polo bosque, entendido este como espazo máxico. A protagonista, Clemen, busca aventuras como as que le nos contos para escapar da súa vida gris, pero o bosque non é xa aquel espazo idílico que lía nos seus libros. O autor manexa con habilidade as técnicas compositivas e non dubida en amosar o peso da oralidade no xénero.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “As historias que conta a bisneta para ensino dos adultos”, *A Nosa Terra*, nº 1.226, “Cultura”, 8-14 xuño 2006, p. 26.

Comézase cunha visión cronolóxica do valor pedagóxico do conto e, a seguir, fálase de Paco Martín e da súa obra *A bisneta lercha*, que recrea varios contos tradicionais. Destácase o bo manexo das estruturas narrativas por parte do autor e a intencionalidade da obra: volver a adoutrinar os adultos nos valores dos vellos contos.

- Armando Requeixo, “Contos de sempre e de hoxe”, *Tempos Novos*, nº 110, “Voces e culturas”, xullo 2006, p. 77.

Dise que esta nova entrega de Paco Martín é moi variada, tanto nos temas que trata coma nas estruturas que recrea e que mestura o relato curto co longo. Sinálase que o elemento común a estas narracións é o enraizamento profundo de carácter dialogante coa tradición literaria precedente, especialmente a oral.

- Vicente Araguas, “Contos que nos contabamos”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 386, “Libros”, 23 xullo 2006, p. 20.

Comeza referíndose ao carácter terrorífico dos contos de tradición popular, afirmando que non son éticamente apropiados para os nenos e nenas. Di que, pola contra, Paco Martín nesta obra dota os contos tradicionais de novos significados, mais fuxindo da previsibilidade e da parodia do políticamente correcto, algo que o autor considera nefasto. Comenta varios dos relatos, como “Perdición” ou “O Parrulo”, subliñando a mirada crítica de Martín, o seu humor e lirismo. Finalmente, destaca o relato “A rapaza á que todos lle querían ben aínda que non a visen senón unha soa vez”, cualificándoo como “traca apoteósica” e afirmando que contén toda unha teoría deconstrutiva e mesmo brechtiana e distanciadora. Finalmente, menciona en ton laudatorio a orixe xeográfica do autor, coma ao comezo da recensión.

- Ramón Nicolás, “Coa bisneta lercha”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 176, “Libros”, 14 setembro 2006, p. 4.

Centra o seu comentario n' *A bisneta lercha*, que acolle catro coidados relatos onde Paco Martín aplica un intelixente exercicio de reelaboración ou de subversión verbo daqueles relatos da tradición oral europea, que foron tomados para a contística infantil. Sinala que se recoñece “A Carapuchiña Vermella”, “O parrulo feo” e o “O gato con botas” en tres dos relatos, que son devoltos ao lector baixo os títulos “O parrulo”, “Félix” e “A rapaza que todos querían ben aínda que non a visen senón unha soa vez”, respectivamente. Considera que en todos eles o filtro do politicamente correcto é substituído por un espírito crítico que radiografía eivas da sociedade, axudándose “da ironía, dunha imaxinación portentosa ou da axilidade no tratamento da materia narrativa”. Por último, centra a súa atención no primeiro dos relatos, “Perdición”, no que se abeira a un ámbito simbólico, e manifesta que nesta obra Paco Martín mostra a súa habilidade e talento no que respecta ás técnicas narrativas, sen esquecerse do peso da oralidade como medio de expresión e das súas características doses de fantasía e imaxinación.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Non atendemos aos contos de sempre porque cremos sabelos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 28 maio 2006, p. 80.

Entrevista a Paco Martín na que se comenta o seu libro de relatos *A bisneta lercha*. O autor afirma que o libro ía chamarse *Os contos da bisneta lercha*, nunha chiscadela aos habituais títulos dos volumes de contos populares, sobre os que reflexiona opinando que xa non os lemos. Defende o carácter oral destes contos e di que os seus destinatarios, en realidade, non eran os nenos. Ademais, Martín fala sobre as súas investigacións neste eido e sinala que no derradeiro conto do seu libro hai citas a estudos sobre contos tradicionais. Comenta que procurou utilizar un rexistro popular e á vez coidado na escrita e que esta obra non é nada ruralista malia estar nela presente a Galicia rural. Reflexionando sobre as varias lecturas posibles dos contos, cita a Bruno Bettelheim, discípulo de Freud cuxa lectura recomenda, e ao teórico da literatura Vladimir Propp.

- MARÉ, “Clementina quere perderse no bosque”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 xuño 2006, p. 45.

Sinálase que Paco Martín propón nesta obra un xogo narrativo de “reescritura” de tres relatos fundamentais da tradición literaria europea (“A Carrapuchiña vermella”, de Perrault; “O parrulo feo”, de Andersen e “O gato con botas” dos irmáns Grimm). A seguir, recóllense unhas declaracións do autor, nas que comenta que os “lectores atentos poden descubrir o que aparece nos contos orixinais porque os nomes e o fío narrativo son os mesmos”. Cítanse os títulos baixo os que son presentados estes contos e faise referencia ao título do libro, que se presenta como un xogo de asociacións por vinculárense sempre ás avoas e nais co labor de narrar, e ao primeiro conto do volume, “Perdición”. Por outra parte, alúdese á funcionalidade dos contos tradicionais e ás lembranzas da infancia de Paco Martín, que mantén intacta “a necesidade de contar que tiña a xente da miña xeración”. Tamén se sinala que en *A bisneta lercha*, hai un esforzo por dar sensación de oralidade “sen descoidar o idioma” e achéganse unha serie de datos sobre a vida e obra do seu autor.

- Jaureguizar, “Paco Martín: ‘O meu único afán é contar, ser un contador de hoxe’”, *El*

Progreso, “Cultura”, 29 setembro 2006, p. 89.

Recolle diversas declaracións de Paco Martín, con motivo da presentación d’*A bisneta lercha*, obra na que reinterpreta versións clásicas de contos populares. Así, sinala que nesta obra segue “moi estritamente eses contos, aínda que eu faga a miña versión, como a fixeron outros, e a faga cun certo espírito iconoclasta”. Afirmar que o seu “único afán é contar, ser contador de hoxe”, ademais de explicar que os contacontos, realmente “son actores que representa; non contacontos”. Por outra parte recolle as declaracións doutras persoas que participaron no acto, como os integrantes dos Círculos Líticos, entre os que se encontran Lois Diéguez ou Isidro Novo, e o director literario de Galaxia, Carlos Lema.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *Como paxaro caído do niño*, II Premio Rubia Barcia-Cidade de Ferrol, A Coruña: Baía Edicións, col. Narrativa, 2006, 111 pp. (ISBN: 84-96526-40-2).

Obra de Xosé Manuel Martínez Oca (*A Estrada*, 1942) en que a voz narradora se corresponde coa dunha rapaza orfa que ten como materia de reflexión o seu propio interior. A psicoloxía humana é o foco de atención deste libro e para presentar este tema será o propio *eu* quen reflexione sobre iso. Neste caso o *eu* é un personaxe que presenta uns conflitos psicolóxicos especialmente dramáticos, orixinados por un acontecemento exterior a el, a morte dunha nai. Un dos temas fundamentais da obra é a análise da relación que existe entre os dous seres unidos por razóns biolóxicas, nai e filla, os sentimentos e tensións que crea esta unión nos dous individuos. Outro dos asuntos sobre os que a propia protagonista reflexiona é a condición de muller e tamén un dos problemas máis agudos que padece os malos tratos por parte da súa parella. Outros temas de carácter psicolóxico e universal, como a soidade que padece o ser humano dende o punto de vista do *eu*, tamén son abordados nesta obra.

Recensións:

- M. Rodríguez, “Bágoas, porque non hai palabras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 178, “Letras en galego”, 16 setembro 2006, p. 10.

Faise unha análise do contido da obra de Martínez Oca, *Como paxaro caído do niño*. Coméntase que a protagonista é unha muller abatida por distintas persoas que acaban maltratándoa, como son os seus mozos ou o padrasto. A morte de súa nai lévaa á inmersión nunha soidade e tristeza pola lembranza dun pasado con múltiples situacións angustiosas e frustracións. Apúntase que no fin da obra vemos o inicio da esperanza para a vida desta personaxe, que comeza a facerse visíbel no momento en que é consciente de que posúe unha existencia propia, un traballo e un apartamento.

Monteagudo, Xosé, *Esta historia*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 193 pp. (ISBN: 84-8288-910-9).

Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) presenta un relato en primeira persoa no que un escritor decide descubrir todo o que estea na súa man sobre Charli González, un individuo excéntrico, carismático e transgresor ao que coñeceu nos seus anos de estudante universitario en

Compostela e que simboliza para el o mellor desa época. O encontro casual cun antigo amigo, Luís Troitiño, e o descubrimento nunha librería dunha fotografía (que se emprega na portada do libro) feita por Charli, na que aparece un vello camiñando polas rúas da cidade compostelá, son os elementos que propiciarán o inicio desta tarefa, na que contará coa axuda do propio Troitiño e de Fernando Garrido, antigos compañeiros de piso de Charli. Así, durante unha comida que dura máis de catro horas, os dous irán alternando sucesivamente o uso da palabra para contarlle ao narrador os seus recordos desa época, recordos que teñen a Charli como protagonista: como se coñeceron el e Fernando na Facultade de Económicas, a viaxe que fixo con Troitiño a París, as súas relacións coas rapazas, a súa implicación nos movementos reivindicativos estudantís, as súas actuacións sempre á marxe das convencións sociais, a súa relación cunha muller casada pola que abandonará toda a súa vida anterior... A través destas lembranzas retrátase tamén o ambiente universitario compostelán dos anos oitenta, marcado pola reivindicación e o idealismo, valores que os propios protagonistas van esquecendo pouco a pouco, a medida que se van enfrontando á vida real.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Reconstruíndo a Carli González”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “Cultura”, 11-17 maio 2006, p. 26.

Na súa crítica da novela de Xosé Monteagudo, Xosé M. Eyré céntrase principalmente no argumento. Sinala que se ofrece unha variada “tipoloxía dos estudantes dos primeiros oitenta, nunha Compostela que aínda espertaba do sono franquista”, e que son precisamente os lectores que viviron esa época os que poden amosar máis interese no texto. Destaca así mesmo que o autor demostra un firme pulso narrador, pero que no relato se resente a recreación dos ambientes. Remata aconsellando ao autor a conveniencia de xerar no lector, para manter o interese ou sorprender, algunha expectativa de resolución final.

- Vicente Araguas, “Chamábase Charli”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 378, “Libros”, 28 maio 2006, p. 20.

Analiza a figura de Charli, ese individuo, “elemento mal de familia ben”, cuxa figura vai ser reconstruída a partir dos recordos dos demais personaxes na novela *Esta historia*. Destaca ao mesmo tempo que o autor constrúe ben a narración e sabe facer que “esta prograse con xeito e boas maneiras”, pero bota en falta un retrato máis a fondo das particularidades que definiron o Santiago dos anos oitenta.

- Armando Requeixo, “As fías da memoria”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 389, “Libros”, 13 agosto 2006, p. 21.

Faise eco da publicación da novela de Xosé Monteagudo, *Esta historia*. Saliéntase a estruturación argumental e o talento do seu autor. Faise unha sinopse da trama e destácase o seu estilo sinxelo, ademais de recomendarse a súa lectura.

- Montse Pena Presas, “Unha historia sen forza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 178, “Libros”, 28 setembro 2006, p. 5.

Alúdese á publicación da novela *Esta historia*, de Xosé Monteagudo. Analízase a trama da novela, ambientada no Santiago universitario dos 80, a través do seu personaxe-narrador. Tamén se salienta ese xogo narrativo que impregna a novela.

Referencias varias:

- MARÉ, “A cidade das pulsións xuvenís”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 maio 2006, p. 37.

Nota sobre a presentación de *Esta historia* na Feira do Libro de Compostela. Xunto cunhas breves referencias ao argumento, recóllense as reflexións do seu autor sobre a historia, coa que pretende retratar os “anos máis felices” que viviu en Compostela na súa etapa de estudante e, sobre todo, facerlle ao lector a pregunta de “se un pode permitirse na realidade manter as ideas que ten cando é mozo, rompendo as regras”.

- María Argibay, “Moraña conoce ‘Esta historia’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 28 xullo 2006, p. 76.

Dáse conta do acto de presentación, na Casa da Cultura Castelao de Moraña, da novela de Xosé Monteagudo, *Esta historia*. Faise unha relación dos persoeiros que arrouparon ao escritor e as asociacións e colectivos colaboradores no evento. Faise unha brevísima sinopse da novela.

Montero, Carlos, *O caso do fertilizante do grelo*, Sada: Edicións do Castro, col. Narrativa, 2006, 244 pp. (ISBN: 84-8485-221-0).

Nesta obra de Carlos Montero a voz narrativa conta en terceira persoa as aventuras acontecidas a uns personaxes que se sitúan nun espazo concreto, a cidade da Coruña. Nesta cidade Ramón Correxidor encontra un antigo amigo da escola, Roxelio Gutiérrez do Pazo e a partir deste encontro este último é incorporado na importante empresa que ten de fertilizantes para grelos e que o fixo un home de clase social alta. Ramón Correxidor, o importante empresario coruñés, atópase nestes momentos investigado pola policía por causa dos seus negocios pouco claros. Ramón Correxidor introdúceo na súa vida e preséntalle a súa familia, con quen Roxelio vai estreitando lazos até que finalmente acaba sendo amante da súa muller. A historia termina cunha tentativa de homicidio por parte do marido, Ramón Correxidor, en canto a muller estaba a observar e a pedir polo seu amante.

Mosquera, Evaristo A., *Catro anos a bordo dunha illa: memoria dun preso en San Simón, ou un estraño feito de vivir a nosa Guerra Civil*, [Vigo]: A Nosa Terra, col. O Fardel da memoria, nº 14, 2006, 110 pp. (ISBN: 84-8341-053-2).

Declarado o ano 2006 como o “Ano da memoria”, sae este libro que conta as memorias de Evaristo A. Mosquera (Pontevedra, 1909), preso político durante catro anos no penal da Illa de San Simón. É un desafogo e unha maneira de denunciar o ostracismo sufrido en épocas posteriores por parte dos represaliados polo réxime. Cóntanse os mortos por fusilamento, os

paseos, as sacas ou as mortes por causa das condicións infrahumanas de presidio. Evaristo A. Mosquera foi un galeguista que deixou escrita esta verdade que viviu con tantos compañeiros.

Referencias varias:

- R.G., “Un inferno dentro do paraíso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 166, “Letras en galego”, 24 xuño 2006, p. 11.

Presentación do contido do libro titulado *Catro anos a bordo dunha illa*. Di que a obra narra unha historia autobiográfica acontecida na ditadura franquista, cando o autor estivo preso na illa de San Simón.

Neira, Xerardo, *O rei dos lobos*, V Certame Literario de relato de aventuras “Antón Avilés de Taramancos”, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2006, 78 pp. (ISBN: 84-96259-98-6).

O relato de Xerardo Neira (Santiago de Compostela, 1978), *O rei dos lobos*, remóntase ao Reino suevo do século VI, cando o Nigromante Escuro asediou a cidade co seu exército de lobos amestrados. A obra combina realidade e fantasía dende as raíces da historia e o folclore galego, indagando no medo ancestral do home ao lobo. O estilo da lingua é moi áxil, o que fai que enganche o lector dende o primeiro momento. Ademais, o libro conta coas ilustracións de Rosa Fernández Caamaño, que axudan a resaltar aínda máis este Premio Avilés de Taramancos de relato de aventuras 2006.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, “Historia e aventuras”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 177, “Libros”, 21 setembro 2006, p. 4.

Comeza referíndose á traxectoria profesional de Xerardo Neira, subliñando que foi gañador en 2002 do Premio Manuel Reimóndez Portela por unha serie de artigos en defensa da lectura. A seguir, sinala que a obra *O rei dos lobos* foi merecedora do V Certame Literario de relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos e enumera o xurado deste. Comenta despois que este pequeno volume de quince capítulos combina novela de aventuras, maxia negra, personaxes reais e imaxinarios, etc., facendo referencia á historia de Lugo a propósito do argumento da obra. Finaliza afirmando que é este un libro para quen queiran indagar nas “verdades” e “mentiras” das nosas orixes.

Referencias varias:

- M.B., “Xerardo Neira: ‘Na Galiza sempre houbo unha relación amor-odio cos lobos’”, *A Nosa Terra*, nº 1.233, “Fin de semana”, 27 xullo-6 setembro 2006, p. 35.

Sinálase que a editorial Toxosoutos vén de publicar *O rei dos lobos*, unha novela galardoadada no V Certame Literario de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos. Tamén se

comenta que a obra está ambientada no reino suevo e dáse unha explicación do medo ancestral que os galegos lle teñen ao lobo.

Olariaga, Maxi, *Simeón Pantín, inventor da liberdade*, Noia: Toxosoutos, 2006, col. Nume, 2006, 72 pp. (ISBN: 84-96673-12-X).

Nesta novela de Maxi Olariaga preséntase un mundo cadrado, no que cada persoa tiña xa dende a infancia unha profesión determinada. Este mundo estaba rexido por unha raíña cunha estrela na fronte que gobernaba até que nacía outra nena co mesmo sinal. Cando isto acontecía, aproximadamente cada catrocentos anos, a mandataria até ese momento desaparecía no aire. Alí vivía Próculo Pantín, un pescador das praias do leste, que adoitaba falar cunha gaivota. Un día estaba pescando na súa barca e unha balea durmida botouno ao fondo. Cando pensaba que estaba perdido, apareceu Leonardo, unha serpe voadora que lle ofreceu o seu rabo para salvarlo. Levouno cara ás terras do oeste e dende alí camiñou até a casa de Laertes, un sabio que tiña unha filla, Hera, coa que tería o seu fillo Simeón Pantín. A nai morreu no parto e non puido contemplar como o rapaz nacera cunha estrela na fronte. A raíña que gobernaba nese momento decidiu desterrar o rapaz e o pai con comida só para unha semana. Xa desesperados, aparecelles novamente a serpe Leonardo, que lles prometeu levalos ás terras do leste. O rapaz colocou un helmo que lle cubría o sinal para que non o recoñeceran, pero, no momento en que estaba diante do Rei Severiano, este quixo arrancarllo, pero a luz que desprenderon os ollos de Simeón cegaron e derrubaron o pazo do monarca. A terra chegou a ser redonda e a xirar sobre si mesma, e o rapaz sentiu unha paz e unha voz que nunca sentira dicindo “Chámaste home”. Nese mesmo intre, chegou Violeta, a filla do ferreiro Brais e Simeón volveuse a sentir pleno, pois ata ese momento faltáballe ela.

Recensións:

- Héitor Mera, “Para alén das modas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 187, “Libros”, 7 decembro 2006, p. 4.

Ante a dificultade de clasificar este traballo, ben como novela curta, ben como relato extenso, sinálase a maxia e imaxinación patentes na obra, así como a audacia da escrita, que foxe de pautas e modas. Vínculase esta obra coa de Álvaro Cunqueiro, principalmente pola imaxinación desbordante, e sublíñase e celébrase a liberdade na narración. En canto á lingua empregada, coméntase que Olariaga ignora a norma empregando hiperenxebrismos e xiros particulares; alértase, ademais, de todo aquilo que non pode considerarse “licencia literaria”, coma os múltiples erros orgográficos, que, non obstante, non desmerecen a calidade literaria da novela, segundo o recensionista.

Paradelo, Luís, *Xelamonite*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 156 pp. (ISBN: 84-8288-930-3).

Primeira obra de Luís Paradelo (Ponferrada, 1956), que consegue atrapar o lector para que, a través do uso da segunda persoa, sexa quen de vivir as peripecias do protagonista. A trama da novela xira ao redor do roubo dos explosivos que lle dan o nome ao libro e contextualízase na

actividade política armada de Galiza. A obra, dividida en sete capítulos, caracterízase por conter numerosas descrições detalladas, diálogos e reflexións, así como por carecer de antropónimos. A historia desenvólvese nos EUA e en Ourense, lugar que o escritor se afana en describir. O nacionalismo, a sensación de desacougo e a morriña son outros dos trazos principais de *Xelamonite*. A obra mestura elementos surrealistas e fantásticos con elementos reais. No que atinxe ao estilo narrativo, Paradelo foxe da serenidade para amosarnos un mundo dinámico e activo que logra mediante o emprego de frases curtas.

Recensións:

- Sandra Faginas, “A explosión do desasosego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 179, 23 setembro 2006, p. 10.

Comézase descubriendo o significado do título do libro para continuar cunha breve descrição do protagonista. Tamén se refire ás cidades nas que se desenvolve a trama e ás impresións surrealistas nas que se somerxe o personaxe principal da novela. Alúdese á sintaxe fragmentaria como a causante da sensación de desacougo que lle transmite ao lector. Logo de reproducir unha pequena pasaxe do libro, abórdase a estrutura e os recursos narrativos. A continuación, faise fincapé na dicotomía política e loita armada. Finaliza destacando a sensación de baleiro que transmiten as derradeiras páxinas de *Xelamonite*.

- Xosé M. Eyré, “Depresión e loita armada en Ourense”, *A Nosa Terra*, nº 1.237, “Cultura”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 26.

Trátase dun estudo sobre *Xelamonite* no que se enxalza a orixinalidade do tema da loita armada na Galiza. Dise que esta obra de Luís Paradelo non se pode enmarcar dentro da política de ficción, pois habería que inserila no ámbito da narrativa realista. Ademais, ofrece unha listaxe de autores e obras nas que compara a temática coa de *Xelamonite*. A continuación, ofrécese a trama principal da obra e faise fincapé na índole intimista. Tamén se refire a un dos aspectos que traballou Paradelo en *Xelamonite*, “a confusión-complicidade entre soño-pesadelo e pasado-presente”. Sublíñase a descrição das rúas de Ourense ao longo da novela e o clima de frialdade que caracteriza a obra. Por último, trátase o cuarto capítulo, aquel no que a historia esperta máis interese no lector.

- Armando Requeixo, “O efecto Paradelo”, *Tempos Novos*, nº 113, “Voces e culturas”, outubro 2006, p. 75.

Logo de ofrecer un resumo do argumento da obra de Luís Paradelo, céntrase nunha análise crítica da novela, referíndose aos acertos, entre eles, a caracterización de ambientes ou o ritmo evocador, pero tamén ás carencias como a base estrutural, que resulta bastante previsíbel, os castelanismos na linguaxe ou as intervencións innecesarias do “autor” amosando pareceres. Remata sinalando o interese da obra, coa que o autor parece iniciar unha carreira prometedora.

- Vicente Araguas, “Realismo posible”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, nº 399, “Libros”, 22 outubro 2006, p. 20.

Faise eco da publicación da novela de Luís Paradelo, *Xelamonite*, e dáse conta do seu argumento, a través dunha análise crítica no marco da nova narrativa galega. Saliéntase o rompedor da súa prosa e a aposta do seu autor, nesta súa primeira incursión narrativa, por empregar “unha estratexia narradora que coida que o lector é un ser pensante”.

- Dolores Martínez Torres, “Dilatado pesadelo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 182, “Libros”, 2 novembro 2006, p. 4.

Comentario da novela *Xelamonite*, primeira incursión literaria de Luís Paradelo. Realízase unha descrición desta obra, a través dunha crónica da evolución psicolóxica e argumental do personaxe principal.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Será en verdade xelamonite?”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 320, “Musas”, 1 outubro 2006, p. 49.

Entrevista na que Luís Paradelo, autor de *Xelamonite*, comeza achegándonos o seu perfil autobiográfico. Paradelo destaca a importancia de volver ao lugar da súa infancia para reencontrarse consigo mesmo. Aínda que se trata da súa primeira obra publicada, Paradelo revélanos que a súa práctica literaria comezou cando era un neno. No que atinxe ao seu xénero preferido, o autor afirma que a novela é a súa grande aposta, “é un espazo de liberdade para unha cultura emerxente como a nosa”. Por último, tenta ofrecernos os trazos principais de *Xelamonite*: “é un tratado lúcido da desesperación, persoal e colectivo, como pobo e como humano”.

- MARÉ, “Na busca da identidade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 outubro 2006, p. 36.

Dáse conta da irrupción no mundo literario de Luís Paradelo coa súa primeira novela *Xelamonite*. Saliéntase o carácter innovador desta, marcado polo realismo que impregna as súas páxinas e recóllense as palabras do autor respecto do anonimato da identidade do personaxe condutor do fío argumental. Infórmase da súa presentación na galería Sargadelos.

- Xosé Carlos Caneiro, “Inadaptado”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 189, “Letras en Galego”, 2 decembro 2006, p. 14.

Faise eco da publicación da primeira novela de Luís Paradelo, *Xelamonite*, e de *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. Saliéntase o interese de ambos os dous autores por construír un discurso narrativo diferente no panorama da literatura galega, ademais de subliñarse o dinamismo de novos autores que emerxen e o desconcerto que a algúns críticos lles causa esta nova literatura.

Perozo, Xosé Antonio, *Espérame*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 222, marzo 2006, 300 pp. (ISBN: 84-9782-424-5).

Novela de Xosé A. Perozo (Llerena, Estremadura, 1951) na que a súa protagonista, Lola, narra en primeira persoa a súa traxectoria vital, dende que marcha da súa aldea, Couzadoiro, con quince anos, até a actualidade, cando con sesenta e seis primaveras é a dona dun cabaret de Santiago de Compostela. O volume, dividido en vinte e oito capítulos, alterna os parrafeos que Lola bota cada noite, antes de empezar o espectáculo, aos seus clientes e unha especie de monólogo reflexivo, cuxo interlocutor vai variando, aínda que sempre é algún dos homes relevantes da súa vida. Deste xeito, o lector descobre os demais personaxes do relato: Paco, o amigo da infancia, que sempre a está esperando; Raúl, o señor da casa na que ela serve tras fuxir de Couzadoiro, que foi o seu primeiro amante e fonte de ingresos; Federico, o fotógrafo que impulsou o seu éxito; Ariano, militar, que chegou a ser o seu marido e foi determinante na consecución da súa fortuna e do seu triunfo artístico como *Lola a Fermosa*; Rufino, o seu pianista e primeiro profesor; Reme, a súa conselleira, etc. O lector descobre, así mesmo, que Lola marchou da súa aldea natal a Vigo e dende alí á Coruña, Madrid ou Compostela, alternando as súas estadias nestes lugares coas súas viaxes por Europa, e que nestas cidades exerceu a prostitución, gravou dous discos e coñeceu a moita xente importante da España do momento. Na novela, que inclúe anacos de poemas e cancións e referencias a personaxes e feitos históricos reais, a propia Lola sinala que hai un escritor, Perozo, interesado en contar a súa vida e ela mesma advirte, na última páxina, que parte das cousas que di nos seus espectáculo é mentira. Cómpre sinalar, finalmente, que *Espérame* presenta unha estrutura circular, pois a narración comeza e remata coa actuación na que Lola lle conta ao seu público que acaba de chegar de Couzadoiro, onde Paco acaba de ser enterrado.

Recensións:

- Paco López-Barxas, "Sexo e memoria", *La Voz de Galicia*, "Culturas", nº 156, 8 abril 2006, p. 14.

Sinálase que sexo e memoria é unha dualidade que volve a estar presente na nova novela de Xosé A. Perozo, *Espérame*, que se publica simultaneamente en galego e castelán. Resúmese o seu argumento; indícase que o autor emprega a técnica dramática do diálogo, unha estrutura máis teatral que narrativa e un estilo áxil e divertido. Tamén se lembra que esta non é a primeira obra da súa bibliografía na que recorre ao tema da prostitución, que xa aparecía en *Coral de lirios morenos* (1994).

- Xosé M. Eyré, "A vida como espectáculo", *A Nosa Terra*, nº 1.227, "Cultura", 15-21 xuño 2006, p. 26.

Neste comentario da novela *Espérame*, de Perozo, destácase que a economía de recursos empregada é só aparente e que o talento do narrador se constata cando fai que a reflexión sexa narrativa e que a narración sexa reflexiva. Dáse conta da trama argumental, dos personaxes que acompañan á protagonista e dos distintos elementos secundarios que compoñen a obra. Sinálase, ademais, que esa é a historia de *Lola a Bomba*, a historia do franquismo comentada por unha cabareteira, a historia que Lola monologa para o seu público, unha historia cunha compoñente picaresca doadamente detectábel.

- Ramón Nicolás, "Novela e vida", *La Opinión/Faro de Vigo*, "Saberes"/"Faro da Cultura", nº 158, 1 xullo/22 xuño 2006, p. 7/V.

Indícase que Perozo regresa ás letras galegas con *Espérame*, onde se adiviñan as dotes do escritor para a narración e a oralidade. Descríbese o seu argumento, especificando os distintos lugares polos que transcorre a historia (Vigo, A Coruña, Madrid e Santiago) e faise referencia á súa protagonista, Lola, na que o autor da recensión atopa vinculacións cun personaxe real. Finalmente, enuméranse algúns dos temas sobre os que Lola reflexiona: o matrimonio, a política, a decadencia do rural galego, etc. Esta mesma recensión foi publicada no suplemento “*Faro da Cultura*”, do xornal *Faro de Vigo*, o 22 de xuño de 2006.

Referencias varias:

- Carmen Villar, “Na arte o que funciona é a gran mentira”, *La Opinión/Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 3 xullo/30 xuño 2006, p. 56/50.

Entrevista na que Xosé A. Perozo, que acaba de presentar *Espérame*, recoñece que é máis optimista para o amor que Lola, protagonista da novela, e na que defende a idea de que os contratos matrimoniais teñan unha duración determinada renovábel. Fala, tamén, do sentido do ridículo dos españois e mais do sentido da vida e da mentira. Esta mesma entrevista foi publicada no xornal *La Opinión*, o 3 de xullo de 2006.

Piñeiro, Antonio, *Pequeno*, Ribeira: Edición de autor, col. Bourel (colección artesá), 2006, 98 pp. (ISBN: 84-934024-3-5).

Volume elaborado de xeito artesanal, con ilustracións orixinais do propio Antonio Piñeiro, nunha edición limitada e única de cento corenta exemplares seriados, numerados e asinados polo autor, máis oito exemplares non venais tamén numerados e asinados. Este libro está composto por doce textos breves con título: “Gaiotas”, “Día de paga”, “Reencontro”, “A chamada”, “Mármore”, “Isaura”, “A visión”, “Bolero”, “Pequeno”, “A batida”, “Un toque de inxenuidade” e mais “Celada”. En conxunto estes relatos tocan temas como o da infancia, o mundo mariñeiro, a morte ou as lembranzas do tempo pasado.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Literatura artesanal”, *Tempos Novos*, nº 114, “Voces e Culturas”, novembro 2006, p. 71.

Aproximación ao libro de relatos de Antonio Piñeiro, ao que se refire como expoñente da literatura artesanal, oposta á “editorializada” que caracteriza os nosos días. Sinala que o volume se fai acompañar de ilustracións orixinais creadas polo autor para cada volume da colección Bourel e fala dos relatos como historias evocativas da infancia, mais tamén cosmopolitas dende unha óptica tan galega como universal. Remata afirmando que a lectura da obra é estimulante.

Referencias varias:

- M.J.B., “Antonio Piñeiro: ‘Cada un dos meus libros é unha peza editorial única”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 24 setembro 2006, p. 32.

Fálase da publicación de *Pequeno*, o novo traballo editorial de Antonio Piñeiro, no que se inclúen doce relatos curtos sobre as pequenas cousas da vida e as limitacións humanas acompañados de ilustracións do autor feitas unha a unha para cada exemplar. Segue unha entrevista ao editor na que se fala da particular idea de crear unha editorial na que a elaboración dos libros é totalmente artesanal. Dise que el só realizou a tirada de cento corenta e oito exemplares de *Pequeno* e que iso lle levou moitas horas que tivo que compatibilizar co seu traballo de profesor de Historia nun instituto. Por último, coméntase que escribe en galego e en castelán e que as súas obras poden ser adquiridas polo público en xeral.

- MARÉ, “A colección Bourel acolle a obra manuscrita de 37 poetas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 novembro 2006, p. 32.

Alúdese á colección “Bourel” como empresa singular polo feito de que cada libro que sacan é unha obra única, obras que se di que están expostas na taberna A galería. Destácase o caso dos *37 poemas por man propia*, cos poemas manuscritos de trinta e sete poetas galegos recoñecidos, e tamén o de *Pequeno*, unha serie de doce relatos do editor con sete ilustracións feitas por el para cada un dos cento corenta e oito exemplares da tirada.

Quiroga, Carlos, *Inxalá*, Premio Narración Curta do XIV Certame “Carvalho Calero” 2004, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 211, 2006, 120 pp. (ISBN: 84-8487-100-2).

Carlos Quiroga (Vilasante, 1961) é o autor desta novela, que recibiu o primeiro premio na modalidade de Narración Curta no Certame Carvalho Calero que convoca anualmente o Concello de Ferrol, na convocatoria correspondente ao ano 2004. Ábrese a obra cunha citación do Cântico dos Cânticos de Salomom e o corpo da narración aparece acompañado de fotografías da cidade de Lisboa, lugar onde se desenvolve parte da acción. A voz narrativa en primeira persoa dun home, que conduce o relato da acción, diríxese a unha muller para falarlles as súas circunstancias vitais presentes e do seu pasado inmediato. Será por medio desta voz masculina que accedemos ao universo plasmado na novela. A obra presenta unha estrutura circular, xa que comeza e remata no tempo do presente da acción, momento en que o protagonista se encontra nunha viaxe polo deserto coa esperanza centrada no reencontro coa muller a quen dirixe o seu discurso. A parte central da narración correspóndese cun extenso *flashback* que nos achega os acontecementos en que se ve envolvido o protagonista, un médico en Lisboa. É unha historia en que a noite, as relacións sociais, o misterio e mesmo o crime teñen cabida. O protagonista acaba véndose relacionado coa morte de dúas persoas e emprende unha viaxe ao deserto mentres é perseguido pola policía. A pesar do ton dramático da obra, o humor está moi presente nas súas páxinas. Domina o texto un estilo evocador ateigado de referencias literarias. O título *Inxalá*, fai referencia á expresión árabe que significa, en palabras do autor: “se Deus assim quizer” e alude á esperanza do protagonista de reencontrarse coa muller a quen está a contar a historia.

Referencias varias:

Alexandre Fernandes, “Entrega dos Carvalho Calero”, *Agália*, n.º 87/88, “Notas”, 2006, pp. 159-162.

Dá conta do acto de presentación dos libros gañadores dos premios Carvalho Calero da convocatoria do ano 2004. Comeza falando brevemente sobre o premio e salienta que é dos poucos que permite que se presenten obras en galego nas dúas modalidades ortográficas existentes. A seguir, refírese á calidade das obras presentadas ao longo dos anos de existencia deste certame, cualificándoas de moi recomendábel lectura. A continuación, céntrase nas obras gañadoras: *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, de Miguel Louzao Outeiro, galaradoado no apartado de Investigación Lingüística e Literaria e *Inxalá*, de Carlos Quiroga, premiado na modalidade de Narrativa Breve. Sinala que tanto Carmen Vilariño como Mónica Heloane fixeron unha moi meritoria presentación das obras. Como único aspecto negativo do acto sinala a escasa asistencia de público debido á pouca publicidade que se fixo dende o Departamento de Cultura. Remata recomendando a lectura das obras premiadas, especialmente a de Carlos Quiroga.

Quiroga, Xabier, *Se buscabas un deus*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 227, xuño 2006, 496 pp. (ISBN: 84-9782-456-3).

Este longo volume de Xavier Quiroga (Escairón-Lugo, 1961) “non é exactamente a continuación” da súa anterior novela, *Atuado na braña* (2002), tal e como aparece na lapela, dado que pretende aclarar e explicar a súa trama e asemade as referencias a ela son constantes; ora ben, podemos ler *Se buscabas un deus* independentemente de *Atuado na braña*. Esta entrega de Xavier Quiroga comeza con “No cabo”, ao que lle seguen trece capítulos e péchase co “Cabo”. O argumento xira ao redor das investigacións que Ivo Clusa, un destacado informático universitario, realiza sobre a realidade ou a ficción da “Nota do autor” da novela *Atuado na braña* co fin de superar o seu TAD (Traballo Academicamente Dirixido). Para isto comunicábase de xeito informático co seu profesor mediante textos, reproducidos con outra tipografía, nos que Ivo lle explicará os seu progresos. Dende o comezo o misterioso profesor déixalle ben claro que non lle conte a ninguén a súa investigación. As pescudas de Ivo están cheas de enigmas, xa que lle resulta case imposíbel atopar un exemplar de *Atuado na braña*, pero dende que o consegue e o le non para de investigar, tendo sempre como referente este libro. Nada lle resulta doado, xa que tanto el como a familia da súa noiva Ana son secuestrados e espiados. Investiga en numerosos sitios como na Comandancia da Coruña, no Saviñao e incluso chega até a cidade de Praga grazas ás indicacións de Isa, da que se namorará. Co decorrer do tempo decátase que a familia de Ana tamén está na trama e que por isto non queren que siga con ela e tamén descobre que o autor de *Atuado na braña* é Suso Queiroa. A historia conta con asasinatos como os de Luís Salgado, pai de Ana, e do inspector Machado. Nela vemos como Ivo se namora de Isa (quen tamén será secuestrada) e remata coa derradeira mensaxe de Ivo ao seu profesor, na que explica toda a complicada trama de *Atuado na braña* e as relacións entre os diferentes personaxes. Todo isto conta tamén con referencias ao mundo editorial galego (Fran Alonso e Xesús Fraga) e con longas reflexións sobre o control dos medios de comunicación ou o mundo da antiglobalización. Cómpre destacar que

Se buscabas un deus reflicte a diglosia dos seus personaxes, nomeadamente da familia de Ana.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “O grande irmán e a procura da identidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.239, “Cultura”, 2006, 12 outubro-18 setembro 2006, p. 26.

Indícase que é unha novela de grande alento, que recunca e complementa moi ben a *Atuado na braña*, aínda que se destaca que *Se buscabas un deus* é máis complexa. A seguir, aconséllase a lectura previa de *Atuado na braña*, antes de penetrar nesta última entrega. Saliéntase as súas concomitancias con *1984*, de George Orwell, *A sombra cazadora*, de Suso de Toro, *A biblioteca da iguana*, de Xosé Miranda ou *Fahrenheit 451*, de Ray Bradbury, para rematar reflexionando sobre a difícil adscrición xenérica deste volume.

- Ramón Nicolás, “Unha ambiciosa obra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 180, “Libros”, 19 outubro 2006, p. V.

Comeza apuntado a innegábel relación deste novela con *Atuado na braña* e indica que ambas as dúas tiveron unha redacción conxunta que logo deu lugar a dúas grandes novelas. Afirmar que as referencias a nomes e a apelidos facilmente contrastábeis pouco engaden á historia e que só “alimentará cuestións paraliterarias”. Subliña que o seu autor mantén sempre un bo ritmo narrativo con numerosos rexistros e que o “Cabo” inicial da novela funciona como continuación de *Atuado na braña*, mentres que o último é o verdadeiro fin do libro. Remata indicando que recorre a modelos de anticipación futurista de corte político con trazos de novela negra, de aprendizaxe e social.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Se buscaras un Deus”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 317, “Musas”, 10 setembro 2006, p. 47.

Entrevista correspondente á sección semanal que Manuel Vidal Villaverde lle dedica á cultura galega en xeral e, de forma moi especial, á literatura de Galicia. Nesta ocasión, con motivo da publicación de *Se buscabas un Deus*, conversa co seu autor, Xavier Quiroga, que afirma que “dun creador importa a súa obra e non a súa vida”. Defínese como “novelista ante todo” que cre “nunha boa historia como paso previo a calquera novela”; e define o seu último libro como “unha novela de ficción moi crítica co porvir, co porvir do noso país”, ademais de sinalar que “a historia é un mero pretexto para denunciar, en certo modo, o que pode acontecer se non reaccionamos a tempo”. Sobre o labor autorial di que “na escrita moitas veces hai que suxerir ou insinuar, non dicilo todo, polo ben da creación”.

- Xan Carballa, “Xabier Quiroga: ‘Non son un escritor clandestino pero o que me gusta é crear’”, *A Nosa Terra*, nº 1.242, “Cultura”, 2-8 novembro 2006, p. 29.

Conversa na que Xabier Quiroga afirma que *Atuado na braña* e mais *Se buscabas un deus* forman parte dun proxecto conxunto e que ambos os dous son libros de denuncia. Sinala que este último volume, malia non ser unha continuación, si tenta “pechar as portas que quedaron abertas”. Tamén afirma que nel hai moito de autobiográfico, mais que todos os feitos son inventados, e destaca que nos dous volumes os personaxes se buscan a si mesmos e procuran a felicidade.

- Xosé Carlos Caneiro, “Ansia de novela”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 185, “Club dandi”, 4 novembro 2006, p. 14.

Nesta reflexión sobre a “a grande novela galega”, cualifica a *Se buscabas un deus* como unha novela magnífica e mais como comprometida. Destaca que os seus editores a publicasen, mais bota en falta unha meirande publicidade editorial.

Ramos Ríos, Alberto Manuel, *Dor pantasma*, IIº Premio Biblos-Pazos de Galicia 2006, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2006, 176 pp. (ISBN: 978-84-935062-5-4).

Alberto Manuel Ramos Ríos (Santiago de Compostela, 1986) publica na editorial Biblos (Colección Mandaio) a novela *Dor Pantasma*, a cal resultou gañadora do premio Biblos-Pazos de Galicia na súa segunda edición no 2006. Este premio foi outorgado polo xurado composto por Darío Xohán Cabana, Xosé Ramón Pena, Iria López Teijeiro e Tucho Calvo. A novela conta a historia da desaparición dunha rapaza de vinte e pouco anos que se chama Lucía Folgar. A partir deste suceso aparecen diferentes personaxes que integran e modulan o discorrer narrativo da novela. Estes coprotagonistas son os pais da rapaza, Isidoro e Rosa, o seu ex-mozo, Roi, e o inspector de policía encargado da investigación do caso de Lucía, Xíán Clochard. A novela transcorre a través das reflexións destes personaxes, os cales presentan situacións vitais diversas, pero que están, dunha maneira ou doutra, relacionadas coa desaparición de Lucía Folgar. Roi, o seu ex-mozo, síntese perdido ante a ausencia de Lucía, primeiro pola súa ruptura e logo pola súa desaparición. Os pais de Lucía, Isidoro e Rosa, súmense nunha crise existencial da cal, pouco a pouco, se van recuperando, mentres o inspector Xíán Clochard insiste desesperadamente en reconstruír o caso de Lucía, nun intento de arranxar un pasado de dor e soidade. Nesta encrucillada de sentimentos, a desaparición de Lucía Folgar provoca unha crise de sentimentos e sensacións nestes personaxes. Ao final da novela, todo continúa igual.

Reigosa, Carlos G., *Pepa A Loba*, ilustr. de Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2006, 223 pp. (ISBN: 84-9782-466-0).

Despois de reproducir fragmentos duns textos de Emilia Pardo Bazán e Ramón Cabanillas, que fan referencia ao personaxe de Pepa A Loba, Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948) abre esta novela co apartado “Agradecementos (A xeito de *Como se fixo*)”. Nel detalla cales foron as fontes escritas e orais das que partiu e presenta os seus agradecementos a aquelas persoas que lle ofreceron información sobre A Loba, que a levou a situar unha Pepa moza na provincia de Pontevedra ou unha Pepa xa madura da provincia de Lugo. A seguir, en trece capítulos titulados, desenvólvese esta “lendahistoria”, que arrinca coa protagonista no cárcere acusada dun asasinato. A partir da conversa que mantén cunha presa, de nome Carme,

coñecemos a dura infancia de Pepa en terras pontevedresas, na que tivo que soportar a pobreza e os abusos dun pai, que nunca a recoñeceu sobre unha nai, que a agarimou até que morreu no parto do seu irmán tamén bastardo. Logo de pasar unha tempada cunha tía súa que a tiña no monte coidando os animais e ter lugar o feito de matar a un lobo, xunto co seu can Mais, que lle daría o sobrenome de A Loba, pasou a traballar na tenda de Tomás, quen a coidaría como unha filla, até o punto de casar con ela para darlle o seu en herdanza e consentir o namoro con Daniel, un estudante que lle ensinaba a ler e a escribir. Todo mudou cando Aurelio, o irmán de Tomás e pai de Pepa, decidiu acabar coa vida do seu irmán para evitar que a moza herdara os bens de Tomás e acusala de asasinato. A partir de aquí, a historia xa non se tece con recordos senón cos feitos que Pepa vai protagonizar ao conseguir fuxir do cárcere coa axuda de Carme. Xa fóra do cárcere, Pepa matou o seu proxenitor e foi na procura do seu amado Daniel, quen decidiu abandonar o seu compromiso matrimonial, cunha moza do seu igual, para fuxir con Pepa e vivir libremente o seu amor. Así, comezaron os asaltos ás casas reitorais e dos señores, as loitas e os crimes, ao mesmo tempo que comezaba a lenda sobre unha terríbel e temíbel Pepa A Loba, ao redor da cal se xuntaron homes e mulleres como Nede, Policarpio, Xervasio e Eulalia, que a acompañaron nas súas diferentes incursións e até algúns na súa retirada ás terras lucenses na procura da paz desexada. Na Abelleira rexentou xunto co seu home un mesón e alí criou o seu fillo, aínda que a ansiada paz nunca chegaría, pois os seus homes volvéranse vagos e cobizosos e tiñan problemas con algún dos homes fortes da zona. O verdadeiro perigo cruzouse nas súas vidas cando se hospedou no seu mesón un recadador de tributos, Simón Barcala, quen os recoñeceu e na fuxida conseguiu matar a Daniel dun disparo. Dende aquel intre, A Loba morreu. Péchase esta historia de Pepa A Loba, a muller por antonomasia do bandoleirismo galego, cun “Epílogo-Postada”, no que se coñecen os últimos anos de vida desta muller valente e rebelde capitá de gavela, que acadou unha gran sona no século XIX e que tantas historias ten alimentado até crear a imaxe dunha muller libre, indómita e combativa, pese ás adversidades que sufriu. Esta lendahistoria está ilustrada por Miguelanxo Prado que, seguindo moi fiel ao seus estilo, presenta uns cantos debuxos a cor, que recollen a cor certos episodios puntuais da narración.

Recensións:

- Salvador Rodríguez, “Un mito chamado Pepa A Loba”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 482, 14 outubro 2006, p. 1.

A publicación da nova obra de Carlos G. Reigosa, *Pepa a Loba*, serve de escusa para analizar a bibliografía dedicada á figura deste mito da tradición oral galega. Faise mención, en concreto, ás obras de Xavier Costa Clavell, de Maximino Fernández Sendín e de Aurelio Miras Azor, recolléndose tamén as afirmacións máis relevantes en asuntos como a localización, a cronoloxía, ou os feitos máis relevantes asociados á figura de María Xosefa Esmorís Gay. No tocante á obra de Carlos G. Reigosa, dise que “seguiu e perseguiu o rastro do personaxe tanto a través do acopio de documentación escrita máis ou menos fiable como mesmo de testemuños recollidos de primeira man”. Para finalizar, preséntanse os dous finais posíbeis que, á literaturización deste mito da tradición oral galega, achega Reigosa.

- César Lorenzo Gil, “Carlos Reigosa, o cronista de tras da Corda”, *A Nosa Terra*, nº 1.242, “Cultura”, 2-8 novembro 2006, p. 24.

Faise un repaso por toda a obra de Carlos G. Reigosa, con motivo da publicación tanto da súa nova novela, *Pepa a Loba*, coma dun estudo sobre o autor, *Paixón por saber e arte de contar*, de Ángel Basanta. Así, este repaso elabórase facendo referencia ás súas primeiras obras, á presenza da Serra da Corda -"a súa montaña natal"-, á importancia da "tradición mítica", ao seu "caudal de publicacións xornalísticas" e, finalmente, á "investigación sobre o movemento guerrilleiro antifranquista na fronteira oriental de Galiza". No tocante á súa nova novela, afirmase que "a Pepa a Loba de Reigosa mergúllase na lenda mais tamén no tempo no que en Galiza florecían as gavelas de bandoleiros". Anótase o feito de que, a pouca concreción dos datos dispoñíbeis, leva ao autor a escribir "dous finais alternativos para a lenda".

- Manuel Álvarez Moreira, "A loba e os seus fillos", *Diario de Pontevedra*, "Revista!", nº 330, "Reportaxe", 5 novembro 2006, p. 6.

A publicación da novela de Reigosa –ficción sobre unha das máis importantes personaxes da tradición oral galega- serve de leitmotiv para a elaboración dunha reportaxe no que, ademais de falar de Pepa a Loba, se fai mención doutros personaxes ou elementos da mitoloxía tradicional galega como son: o lobishome, o Urco, o Sacaúntos, a lenda das Covas do Rei Cintolo, a Maruxaina ou a Santa Compañía. No tocante exclusivamente á obra de Reigosa, lóase "unha recompilación documental inédita ata o de agora", obsérvase o labor "dunha síntese ben peneirada da camada de 'Lobas' que habitan a memoria galega" e dáse conta das ilustracións de Miguel Anxo Prado que acompañan ao relato.

- Xosé M. Eyré, "Unha Pepa A Loba pouco elaborada", *A Nosa Terra*, nº 1.245, "Cultura", 23-29 novembro 2006, p. 26.

Analízanse as limitacións na reconstrución da personaxe protagonista da novela, Pepa a Loba, no tocante tanto á falta de datos históricos, como á necesidade de acudir á imaxinación para suplilos. A partir de aquí, afirmase que a Reigosa lle tería "gustado escribir unha novela histórica" pero que non puido debido á que "o autor tamén é consciente de que a personaxe e os feitos que crea son pura ficción, e iso probabelmente axuda a explicar a pouca entidade das personaxes". Uns personaxes que se cualifican tamén como "de parca configuración", "estrañamente planas". Sobre a elaboración da narración dise que "conta cunha estrutura simple", produto dun "material narrativo pouco traballado", cunha "lingua moi pouco coidada" e que dá como resultado unha "tentativa narrativa".

- Laura Caveiro, "De Pepa A Loba", *Faro de Vigo*, "Faro da Cultura", nº 186, "Libros", 30 novembro 2006, p. 5.

Dáse conta da "investigación histórica" que contén a novela, así como da súa construción literaria "expresada con linguaxe cinematográfica". Dise que o relato da novela está "enriquecido harmoniosamente con cinco ilustracións de Miguel Anxo Prado" e destácase o retrato que representa "sobre o bandoleirismo galego". Afirmase, ademais, que "engaiola a historia de principio a fin, tanto pola eficacia narrativa do estilo, áxil nas descrições, como polo interese das andainas polos camiños e aldeas da Galiza daqueles tempos". Por outra parte, alúdese á publicación dun estudo sobre a traxectoria literaria de Carlos Reigosa, coordinado polo crítico Ángel Basanta e publicado baixo o título de *Paixón por saber e arte de contar*.

Referencias varias:

- Rodri García, “Persegúin a Pepa A Loba moito máis que a garda civil”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, “En Portada”, 26 agosto 2006, p. 2.

Con motivo da publicación da nova novela de Carlos G. Reigosa, *Pepa a Loba* mantense unha conversa co autor. Reigosa destaca que non existiu unha única Pepa a Loba, senón que foron varias as persoas así coñecidas, a través de distintos puntos da xeografía galega e en distintos puntos temporais. Reivindica o carácter real desta personaxe e, se ben reconece que é considerada unicamente como unha lenda, afirma que a súa obra ten como un dos seus obxectivos o de, traspasando a personaxe dende unha lenda rural a unha ficción literaria, conseguir que sobreviva. Anota o arduo da súa investigación e o útil que esta foi para conseguir trazar unha liña entre onde empeza a realidade e a ficción.

- A.C./AGN, “Carlos Reigosa revive o mito de Pepa a Loba na súa nova novela”, *El Progreso*, “Cultura”, 4 outubro 2006, p. 80.

Dáse conta do acto de presentación da novela que tivo lugar na cidade de Compostela. Dise que o proxecto que iniciou como un guión para un proxecto cinematográfico, logo das “investigacións históricas realizadas arredor da figura da bandoleira galega, acabaron converténdose nesta novela”. Anótase, ademais, que no mesmo acto tivo lugar tamén a presentación do estudo sobre o autor da Pastoriza, *Paixón por saber e arte de contar*, unha edición coordinada polo investigador Ángel Basanta.

- C.F., “Carlos Reigosa parte da historia para novelar a vida da bandoleira Pepa a Loba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 outubro 2006, p. 43.

Alúdese ao acto de presentación da novela que se celebrou en Compostela. Sinálase que a novela parte “dun personaxe histórico (para ficcionar) un tempo e unha circunstancia”. Recóllense as palabras de Reigosa na presentación, que cualificou a súa nova obra como “unha novela de aventuras”. Tamén se apunta que no mesmo acto tivo lugar tamén a presentación de *Paixón por saber e arte de contar*, un estudo sobre o autor da Pastoriza, que sae á luz nunha edición coordinada polo investigador Ángel Basanta.

- J.L., “A bandoleira misteriosa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 outubro 2006, p. 38.

Refírese ao acto de presentación da novela en Compostela. Recóllense as palabras de Reigosa na presentación, nas que se referiu ás “múltiples e desorientadoras” referencias recollidas sobre a personaxe ao longo da súa investigación. Faise fincapé en que “o que se conta na novela é absolutamente froito da imaxinación”, rexeitando a cualificación de “novela histórica”. Menciónanse as palabras dun dos convidados e intervinientes no acto, o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares Paz, que definiu a obra como “doada de ler, e cunha descrición eficaz de mundos e personaxes”. Anótase, ademais, que no mesmo acto tivo lugar tamén a presentación do estudo sobre o autor da Pastoriza, *Paixón por saber e arte de contar*, nunha edición coordinada polo investigador Ángel Basanta.

- Manuel Vidal Villaverde, “Polo sangue do meu sangue”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, nº

326, “Musas”, 19 novembro 2006, p. 55.

Entrevista mantida co escritor e xornalista da Pastoriza, Carlos G. Reigosa, con motivo da publicación da súa última obra literaria. Repasa o conxunto da súa obra, destacando *Intramundi* como aquela que sinte “máis próxima”. Di coincidir, na análise da súa vinculación coa profesión de xornalista, coas palabras de Ernest Hemingway: “o xornalismo é o mellor oficio do mundo se un é capaz de deixalo a tempo”. Afirmar que foi un libro de Xavier Costa Clavell, publicado no 1980 sobre o bandoleirismo en Galicia, o punto inicial na construción da súa nova novela. Anuncia que a súa próxima obra, na que di estar xa a traballar, “transcorre no séc. XII”, se ben “avanza con certas dificultades” porque “non estou abondo familiarizado con ese tempo e ese espazo”. Sobre o seu labor poético, anota que pertenceu a cando tiña “entre os 19 e os 25 anos” e que “felizmente permanece inédita”. No tocante á súa inscrición en tradicións e correntes literarias, di ser “da tradición da mensaxe”, pois “non podo escribir se non sei o que quero dicir, ademais de saber que historia quero contar”.

- Xosé Carlos Caneiro, “Pasamos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 190, “Letras en Galego”, 9 decembro 2006, p. 12.

Entre outras referencias literarias, protagonistas da actualidade, fai mención á novela de Carlos G. Reigosa, *Pepa a Loba*, da que afirma que “non é o mellor Reigosa, pero é Reigosa”, así como a titulada *O club da calceta*, de María Reimóndez, e *Hemisferios*, de María do Cebreiro.

Reimóndez, María, *O club da calceta*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2006, 272 pp. (ISBN: 84-9782-437-7).

Nova obra de María Reimóndez (Lugo, 1975), onde se analiza a condición da muller en Galicia dende o punto de vista feminino mediante o relato da vida de seis mulleres moi diferentes que coinciden nunha clase de calceta organizada por unha asociación veciñal. Ao longo de seis capítulos, a escritora, empregando diferentes perspectivas narrativas, cóntalle ao lector por separado a vida de Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda, que pertencen a mundos moi diferentes. As seis, grazas ás clases de calceta, nas que converxen as súas frustracións a modo de terapia de grupo, topan valor na unidade e senten a necesidade de mudar e toman como inspiración a figura liberadora da Tía Davinia, que realmente só é parente biolóxica de Matilde, á que anima a progresar, pero finalmente, todas a denominan así. Precisamente grazas a iso conseguen darlle unha volta as súas vidas. Así, no derradeiro capítulo, conflúen as seis acadando o éxito vital e empresarial. Moi representativos son os títulos dos capítulos: “Elástico”, “Dianteira”, “Mangas”, “Colo”, “Traseira”, “Puños” e, finalmente, “Xersei”. Outras características a destacar da obra son o trato humorístico que lle dá a autora a case todos os homes que aparecen e que todos os capítulos comezan con noticias de sucesos.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Forza liberadora”, *La Opinión/Faro de Vigo*, “Saberes”/”*Faro da Cultura*”, nº 177/187, “Lecturas”/”Libros”, 7/16 decembro 2006, p. 7/V.

Comeza afirmando que o ensaio é o mellor xénero para realizar loitas feministas, aínda que tamén na lírica e na narrativa se atopan importantes mostras, como a última publicación de María Reimóndez, *O club da calceta*, que enmarca dentro da narrativa feminina e feminista. A seguir, comenta o argumento, indicando que amosa as diferentes vidas de seis mulleres que conflúen nas clases de calceta, onde comparten vivencias, desexos e gañas de darlle voltas ás cousas. Clasifica a obra como “politicamente correcta” e a autora logra impregnala dunha intención docente contando historias verdadeiras dende diferentes perspectivas como a idade, as teimas, as profesións ou a cultura. Finaliza loando a construción narrativa, o estilo áxil e por veces humorista e afirma que o derradeiro capítulo é demasiado inverosímil, xa que as mulleres, non só se liberan, senón que triúfan como empresarias. Conclúe que sen el, a obra sería un conxunto de relatos autónomos coa mesma “forza liberadora”.

Referencias varias:

- Pilar Martínez, “As viaxes inflúen no modo de entender o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Escapada”, 2 xuño 2006, p. 12.

Entrevista a María Reimóndez que ten como eixo central as continuas viaxes da autora, que lle serven, segundo ela mesma, como fonte de inspiración para crear as súas obras. Menciona *Usha* como un exemplo da influencia que as viaxes teñen no seu xeito de entender e facer literatura.

- Sabela Corbelle, “Cando te ergues, cambias o mundo”, *El Progreso*, “Entrevista”, 30 outubro 2006, p. 95.

Conversa coa escritora, tradutora e fundadora da ONG Implicad@s no Desenvolvemento, María Reimóndez Meilán, que acaba de publicar a novela *O Club da Calceta*. Nela analiza o papel da muller na sociedade actual e afirma que inda lle queda moito por avanzar. Sinala que, precisamente, a orixe da obra fórmano unhas mulleres unidas por unha situación de violencia.

- Manuel Vidal Villaverde, “Literatura e sentido da vida”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, nº 324, “Musas”, 5 novembro 2006, p. 51.

María Reimóndez nesta entrevista afirma, en primeiro lugar, que concibe a literatura como unha maneira de comunicarse e entenderse co mundo, pero sempre unida aos diferentes aspectos que forman parte da súa vida como, por exemplo, o feminismo. A seguir, realiza un repaso polas obras que publicou: *Moda Galega* e *Caderno de Bitácora*, en Edicións Positivas, e *Usha* e *O Club da Calceta*, de Edicións Xerais e, en formato dixital, *Crónicas dende a India*. Logo de sinalar que é tradutora de profesión, realiza unha pequena reflexión sobre a súa faceta de poeta e finaliza declarándose defensora do feminismo.

- Jaureguizar, “Reimóndez propón a solidariedade feminina como vía para liberarse”, *El Progreso*, “Cultura”, 21 novembro 2006, p. 81.

Dá conta da presentación en Lugo da última obra de María Reimóndez, *O club da calceta* onde, ademais da propia autora, participaron Marica Campo e o editor Manuel Bragado. Recolle as palabras de Reimóndez nas que sinala que a orixe da obra está na “violencia estrutural” e as de Manuel Bragado onde destaca a orixinalidade do tema tratado, a estrutura e a forma na que se expón a intriga, por exemplo, no uso de seis voces narrativas moi diferentes. A seguir, analiza o argumento, a estrutura e o espazo da obra.

- Xosé Carlos Caneiro, “Pasamos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Letras en Galego”, 9 decembro 2006, p. 12.

Entre outras referencias literarias, protagonistas da actualidade, fai mención á novela de Carlos G. Reigosa, *Pepa a Loba*, da que afirma que “non é o mellor Reigosa, pero é Reigosa”, así como a titulada *O club da calceta*, de María Reimóndez, e *Hemisferios*, de María do Cebreiro.

- MARÉ, “A realidade da pobreza”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 13 decembro 2006, p. 32.

En primeiro lugar, anuncia un festival solidario que terá lugar en Santiago de Compostela, organizado pola ONG Implicad@s no Desenvolvemento, que dirixe María Reimóndez e no que participarán trece artistas da música, poesía, danza e teatro. A seguir realízase un percorrido pola bibliografía de Reimóndez, destacando a súa obra *Moda galega* (Edicións Positivas, 2002) e citando o seu último título, *O Club da calceta*.

Rivas, Manuel, *Os libros arden mal*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 228, 2006, 746 pp. (ISBN: 84-9782-461-X).

Última novela de Manuel Rivas (A Coruña, 1957). Trátase dunha extensa obra de noventa e dous capítulos polos que desfilan numerosos personaxes (Curtis, Chelo Vidal, O Manobrador de Guindastres, Samso, Arturo da Silva, Casares Quiroga, Ren, Polca, Olinda, Dez, Leica, Ó, O Mergullador Fosforescente, Vitola, Catia, Gabriel, A rapaza dos Xornais Manlle, o Doutor Montevideo Vidal, ou Avó Mairarí). O título provén do motivo central da obra, a queima de libros na dársena da Coruña o 19 de agosto de 1936, feito no que se inspira o capítulo titulado “Arden os libros”. Partindo das visións dunha lavandeira que pode ler nas marcas da auga as historias da súa xente, a novela abarca un amplo período de tempo que vai dende 1881, en Oulton Cottage, cando Borrow narra o regalo do Novo Testamento ao Valente de Fisterra, até a actualidade. A estrutura desta obra presenta unha técnica fragmentarista, que abarca moi diferentes xéneros, dende o ensaio histórico, o thriller, o western ou a crónica xornalística até a literatura popular, de modo que se trata dunha novela explicitamente polifónica. Publicada no chamado “Ano da Memoria Histórica”, saíu do prelo na Noite de San Xoán e inclúe na edición un mapa da cidade da Coruña, así como unha fotografía da queima de libros na Dársena da Coruña logo do golpe fascista do 18 de xullo de 1936, en agosto do mesmo ano. Ademais, a ilustración da cuberta correu a cargo de Camilo Díaz Baliño e no interior do volume engadiuse un marcapáxinas que reproduce a portada dun exemplar da publicación de orientación anarquista *Brazo y cerebro*, con data do 18 de xullo de 1936, no que pode lerse o titular: “El fascismo conspira continuamente contra la libertad del pueblo. Los revolucionarios debemos estar alerta”.

Recensións:

- Isabel Bugallal, “Manuel Rivas aúna todos los géneros en “Os libros arden mal”, su gran obra”, *La Opinión*, “Cultura”, 5 abril 2006, p. 54.

Fai referencia á próxima publicación de *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, que inicialmente se ía chamar *Oeste*. Sinala que é unha grande obra, composta por noventa e dous capítulos, na que a cidade da Coruña ten gran protagonismo e cuxa historia arrinca no ano 1936 para chegar á actualidade. Indica que mestura realidade e ficción e fai referencia ás palabras do seu editor, Manuel Bragado, quen afirmou que estaba escrita cunha prosa densa e ambiciosa e que presentaba certos paralelismos con *Home sen nome*, de Suso de Toro.

- Sandra Faginas, “A vida ten vocación de conto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 168, “Letras en galego”, 8 xullo 2006, p. 12.

Analiza a obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, e salienta a emoción que percorre as súas páxinas. Menciona a dedicatoria e a citación de Antonio Machado que abre o libro e destaca a intención universalizante da cidade da Coruña que encontra na obra. Ademais, vincula o escritor co estilo realista do século XIX e identifica como fío argumental a queima de libros na Dársena da Coruña.

- Xulio Valcárcel, “Os libros arden mal”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 425, “Páxina literaria”, 30 xullo 2006, p. 4.

En primeiro lugar, lembra os acontecementos que tiveron lugar na cidade da Coruña o 19 de agosto de 1936, día en que se queimaron libros no Parrote e en María Pita. A seguir, comenta que estes feitos estarían na base da nova obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, da que ofrece algunhas consideracións. Dá conta do acto de presentación da novela no salón de actos de Caixa Galicia e sinala que o auditorio estaba ateigado de xente. Informa da intervención do editor Manuel Bragado, dos músicos Marcos Meléndez Doré, Gastón Rodríguez e Viascón e da lectura de Rivas dalgúns fragmentos do libro. Tamén analiza a estrutura e os personaxes da novela.

- Xosé M. Eyre, “A gran novela coruñesa e do franquismo”, *A Nosa Terra*, nº 1.234, “Cultura”, 7 agosto-13 setembro 2006, p. 26.

Relaciona a nova publicación de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, co resto da traxectoria literaria do autor. Comenta os temas comúns que comparte esta novela con outras de Rivas: a Guerra Civil e o franquismo. Sinala o espazo da narración, a cidade da Coruña, como un lugar querido polo escritor, quen se basea nun feito histórico, a queima de libros na dársena da Coruña, despois do golpe militar, para desenvolver a súa historia. Analiza a voz narrativa e a estrutura da obra e descubre o paralelismo entre esta e *O lapis do carpinteiro*, pois se nesta última o lapis era o fío condutor da narración, agora sería o libro que Borrow regala ao Valente de Fisterra e que ambiciona conseguir un xuíz franquista. Finalmente, reflexiona sobre as expectativas postas en Rivas como o autor da gran novela galega.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Os libros arden mal”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 30

agosto 2006, p. 3.

Fala sobre o último libro de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*. Salienta a enerxía da linguaxe narrativa e a tensión dramática que xa se formula no título. Logo, fai referencia a diferentes queimas de libros que tiveron lugar ao longo da historia en moitos lugares do mundo.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “O poético como motor do narrativo”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 4 setembro 2006, p. 3.

Citando a Borges, Sánchez Ferlosio e Carlos Marzal, cualifica a novela de Rivas como “obra maior da narrativa galega contemporánea” e sinala a súa raíz poética, que non só contribúe a dotar de realidade a narración, senón que ademais crea un vínculo afectivo co lector. Comenta que esta obra participa do que Cortázar afirmou en termos arquitectónicos sobre a construción do “edificio” literario, e tamén da “alquimia do verbo”, en palabras de Rimbaud. Sublíñase, por último, a estrutura formal da novela e a esixencia estética da linguaxe, plasmada no ritmo verbal, na riqueza léxica ou na ben dosificada tensión lírica do conxunto.

- Vicente Araugas, “Que tal arden os libros?”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 395, “Libros”, 24 setembro 2006, p. 20.

Comeza comentando a relación da nova novela de Rivas coa temática da Guerra Civil, para logo pasar a sinalar a queima de libros en agosto do 36 como a base sobre a que se sustenta o título desta obra. A continuación, reflexiona sobre a ditadura franquista e a censura. Por outra parte, encontra analoxías entre Manuel Rivas e John Dos Passos ou Camilo José Cela, en canto á súa estratexia fragmentalista, e remata aconsellando a lectura deste libro.

- Antón Patiño, “A última novela de Manuel Rivas. Podemos tocar unha inmensa mirada”, *Tempos Novos*, nº 113, “Voces e Culturas”, outubro 2006, pp. 70-72.

Fai referencia a *Os libros arden mal*, nova obra de Manuel Rivas. Sinala que o escritor fai un percorrido polo espazo e mais o tempo, cunha identificación cun determinado momento histórico, que comeza no ano 36 e avanza cara á actualidade. Céntrase na idea dun tempo cíclico e dun tempo-remuíño como espiral envolvente no que se van xerando emblemas, accións, *dramatis personae*, diferentes episodios e vivencias que mesturan ficción e realidade. Remata sinalando o espazo vital da obra, a cidade da Coruña, e a revista *Oeste* como metáfora da resistencia.

- Ramón Nicolás, “Unha obra maior”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 181, “Libros”, 12 outubro 2006, p. 5.

Comeza cunha citación de Xurxo Souto en que este considera A Coruña unha síntese de Galiza e pasa a centrarse na crítica da obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, ambientada nesta cidade. Estabelece como puntos centrais da novela a memoria histórica, a linguaxe e os libros como fonte simbólica de vida e liberdade. Seguidamente, sitúa o tempo da historia e os personaxes que percorren as súas páxinas, mais tamén se centra na atención aos obxectos. Considera que este libro é unha denuncia dos totalitarismos e do fascismo. Fala tamén da estrutura da obra, que identifica como circular e coa posibilidade de facer unha lectura

progresiva lineal e outra lectura en que os capítulos manteñen certa autonomía e cobran sentido ao final. Apunta que Rivas tivo en conta que escribe para un público do século XXI e é quen de esixir que participe activamente na historia. Remata anunciando que alén da boa recepción crítica desta novela, co tempo irá gañando en dimensión e relevancia.

- María Liñeira, “Agora que temos un espello de corpo enteiro”, *Grial*, nº 172, outubro-novembro-décembro 2006, “Espello das letras”, pp. 86-87.

Nesta aproximación a *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, comézase coa afirmación de que neste autor se dá o que Bourdieu chamou “economic world reverse”, un descenso no capital simbólico paralelo ao aumento do económico. Relaciónase iso coa opinión dos que cren que non se trata máis que dun narrador de tópicos e opínase que esta é a novela máis lograda do autor. A seguir, detense na análise dalgún dos seus elementos caracterizadores: personaxes complexos, atención ás historias secundarias, e achega ao tema da homosexualidade e ás mulleres como seres nos que converxen o natural e o sobrenatural.

- Santos Sanz Villanueva, “Los libros arden mal”, *El Mundo*, “Letras/novela”, 30 novembro 2006, p. 18.

Fai referencia á obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, na que o autor toca o tema da recuperación da memoria histórica. Realiza unha análise da obra e salienta a súa forte dose de alegato e de ensinanza, onde se ve o pasado como un medio para aprender no presente. Indica que a historia comeza antes da Guerra Civil e chega o relato hasta os nosos días. Por último, destaca da obra o suspense, a técnica do fragmentarismo e máis a súa estrutura en noventa capítulos.

Referencias varias:

- Susana Samhan, “Los libros arden mal, la nueva novela del escritor Manuel Rivas”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 abril 2006, p. 75.

Faise eco das declaracións de Manuel Rivas en Londres, no congreso sobre linguas minoritarias organizado polo Instituto Cervantes. Segundo estas, a novela *Os libros arden mal* será publicada a primeiros de xuño en galego e en novembro en castelán. Sinálase que a obra consta de oitocentas páxinas e que os seus protagonistas son os libros e as palabras. Recolle declaracións do autor sobre as linguas minoritarias e o erotismo; este afirmou que ten unha relación de amor co castelán e o galego.

- Isabel Bugallal, “Rivas culmina ‘Os libros arden mal’, su gran novela, de 800 páginas”, *La Opinión*, “Cultura”, 12 maio 2006, p. 61.

Noticia que anuncia a próxima saída ao mercado da última novela de Manuel Rivas. Sinálase que esta obra de oitocentas páxinas é froito dun traballo de varios anos e que sufriu diferentes versións. Dise que será publicada en galego por Xerais en xuño e en castelán, en setembro, e que a portada contará cunha ilustración de Camilo Díaz Boliño, segundo as declaracións do editor Manuel Bragado. Recolle a seguir as palabras de Rivas no congreso sobre linguas minoritarias do Instituto Cervantes, en Londres: nelas afirma que *Os libros arden mal* é unha

novela moi complexa e que constitúe unha reivindicación do mundo dos libros, entre outras cuestións. Sinálanse os referentes históricos da novela, dáse conta do entusiasmo do editor de Xerais e menciónase, por último, a saída do prelo da obra de Suso de Toro *Home sen nome*.

- Sandra Samhan, “Rivas rinde tributo a las palabras en ‘Los libros arden mal’”, *El Progreso*, “Cultura”, 12 maio 2006, p. 80.

Fai referencia á publicación en castelán e galego da obra de Manuel Rivas *Os libros arden mal*. Recolle, a este propósito, a “visión ecolóxica” do autor respecto das linguas. Rivas afirmou: “para mí el gallego es la lengua de la calle, la fiesta y los sentimientos; el castellano es la lengua de Lorca y de Machado, también muy importante en mi trabajo”.

- Rocío García, “Escribir es sobreponerse al miedo”, *El País*, “Cultura”, 27 maio 2006, p. 36.

Dá conta, en primeiro lugar, da presentación en Madrid da obra teatral de Rivas, *O Heroe* e recolle diversas declaracións do seu autor sobre a escrita dramática e sobre a estrea en outubro desta obra, no Teatro Principal de Ourense. A seguir, anúnciase a próxima saída d’*Os libros arden mal*, cuxas edicións en castelán e catalán serán publicadas no mes de novembro. En palabras de Rivas, esta obra ten unha estrutura esférica e conta cun gran número de personaxes. Finalmente, faise referencia á participación do autor na campaña electoral e nun documental para a televisión.

- Francisco Carballo, “Os libros arden mal”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “Fin de semana”, 2006, 20-26 xuño 2006, p. 35.

Dálle a benvinda a esta nova obra de Manuel Rivas no Ano da Memoria e, a continuación, pasa a realizar unha posta ao día das obras e investigacións que traballaron no eido da recuperación da memoria histórica. Remata sinalando a obra *Home sen nome*, de Suso de Toro como outra das obras literarias que trata a época da Guerra Civil.

- Isabel Bugallal, “Reivindicación da cultura coruñesa perseguida”, *La Opinión*, “El Domingo”, nº 293, 2 xullo 2006, pp. 2-3.

Preséntase un plano que ilustra os escenarios históricos da novela *Os libros arden mal* e reproducense diversas declaracións do autor. Afírmase que esta é a obra máis ambiciosa de Rivas, cualificada como “o *Quixote* galego” por Torrente Ballester. Dise que o libro saíu do prelo na noite de San Xoán e que será presentado o 8 de xullo na Torre de Hércules. Coméntase que a novela mestura varios xéneros e que presenta unha estrutura arbórea e que, malia o centro situarse na Coruña, intercálanse na trama cidades como Londres, París ou La Habana. Recollendo as palabras de Rivas, compárase esta obra cun blog ou caderno de bitácora, xa que admite unha lectura “cortazariana”. Sublíñase a dimensión simbólica da novela, que representa unha reivindicación da lectura e a cultura perseguidas, e menciónanse os diversos referentes extraliterarios do libro.

- Manuel Rivas, “O matador de touros”, *La Opinión*, “El Domingo”, nº 293, 2 xullo 2006, pp. 4-5.

Publícase un capítulo da novela de Manuel Rivas *Os libros arden mal*.

- Alberto Quián, “Rivas arde en autógrafos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 8 xullo 2006, p. 41.

Dá conta da presenza de Manuel Rivas na Feira do Libro de Vigo para asinar exemplares da súa nova novela. Informa da grande afluencia de público que asistiu a que o escritor coruñés lle firmase un exemplar e transmite algúns comentarios sobre o autor das persoas que aló acudiron. Tamén salienta a aparición de Carmen Patiño, irmá de Antón Patiño, a quen Rivas dedica o seu libro.

- Elena Ponte, “Rivas busca con ‘Os libros arden mal’ agrandar a ollada da xente”, *El Ideal Gallego*, “Cultura, Gente, Servicios”, 9 xullo 2006, p. 10.

Comenta a presentación da novela *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas na Torre de Hércules da Coruña, un día antes da súa posta á venda. Analiza a obra coas palabras do seu propio autor e recolle algunhas das súas declaracións, como a intención de abrir a ollada da xente ou sobre o carácter esférico da obra, onde se entrelazan distintos xéneros. Salienta, ademais, o carácter universalizante que Rivas pretende conceder á cidade da Coruña e o seu interese en achegar algunha luz sobre a vida das persoas que sufriron o levantamento militar.

- Fernando Molezún, “Manuel Rivas rinde homenaje a su ciudad natal en la novela ‘Os libros arden mal’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 9 xullo 2006, p. 40.

Repasa o acto de presentación da obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, na Torre de Hércules da Coruña. Salienta, en palabras do autor, a estrutura armilar da novela e o interese de Rivas por rescatar da ocultación o espírito librepensador desta cidade, auténtica protagonista da narración, xunto cos libros.

- Isabel Bugallal, “Rivas sale del vientre de la ballena y se cobija en la Torre”, *La Opinión*, 9 xullo 2006.

Dá conta da rolda de prensa na Torre de Hércules, da Coruña, na que Manuel Rivas presentou a súa última novela. Realízase unha descrición do ambiente nesta reunión entre o escritor, o editor Manuel Bragado e os xornalistas e, respecto da obra, afírmase que esta contará cunha ilustración de Camilo Díaz Baliño. Coméntase que Rivas leu uns capítulos da obra, da que se citan fragmentos, e que compartiu as súas experiencias vitais relacionadas coa Torre de Hércules. Descríbese, ademais, o marcapáxinas que figura en cada un dos exemplares da novela e reproducense declaracións de Rivas sobre a memoria histórica.

- José Miguel A. Giráldez, “Libros al sol Jaguar. Lecturas para un verano”, *El Correo Gallego*, “Literatura”, 16 xullo 2006, p. 12.

Entre as lecturas recomendadas para o verán, salienta, en lingua galega, *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, *Herba Moura*, de Teresa Moure, *Nas catacumbas*, de Alcalá e a tradución de *Vredaman*, de Unai Elorriaga.

- J.R.S., “Literatura de pel vermella”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xullo 2006, p. 30.

Salienta a opinión de Manuel Rivas de que a súa nova novela, *Os libros arden mal*, é moi arriscada. A seguir, comenta os personaxes e localiza a historia no tempo e no espazo. Céntrase en describir o carácter armilar da estrutura da obra e, por último, refírese á declaración de intencións do autor durante a presentación do libro na Coruña.

- Xan Carballa, “Manuel Rivas. ‘Esta novela nace dos libros que foron enterrados para salvarlos da queima’”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “Cultura”, 20-26 xullo 2006, p. 28.

Entrevista a Manuel Rivas na que o autor indica que a xénese de *Os libros arden mal* está no verán de 2005, ao rematar *O heroe*. Asemade, comenta que os seus precedentes están nas conversas con Antón Patiño Regueira e mais no capítulo catorce d’*As uvas da ira*, de Steinbeck e reflexiona sobre algún dos personaxes desta novela como Hércules, Polca ou Héctor Ríos. Remata subliñando que a novela transcorre na cidade da Coruña.

- Xosé M. Eyre, “Libros para o verán”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “Cultura”, 20-26 xullo 2006, p. 27.

Dise que o mercado do libro galego ofrece títulos para todos os gustos. Entre os máis destacados atópanse *Os libros arden mal* de Manuel Rivas, ou *1936. Represión e alzamento militar en Galiza* de Carlos F. Velasco Souto.

- Natalia Monje, “Cada cousa que comezo fágoa coa forza do desexo”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 424, “La entrevista”, 23 xullo 2006, p. 9.

Entrevista a Manuel Rivas a raíz da publicación da obra *Os libros arden mal*. Entre as cuestións que se lle formulan, están a da súa opinión sobre a “purga” de Isaac Díaz Pardo, as razóns para escribir e a ambición desta nova novela. Así mesmo, refírese ao carácter republicano da cidade da Coruña, á relación de Franco coa cidade e ás relacións entre a literatura e o xornalismo. Por último, apunta a que momento da historia viaxaría.

- Dolores Vilavedra, “Manuel Rivas/Suso de Toro. Itinerarios cruzados”, *Tempos Novos*, nº 111, “Entregas culturais”, agosto 2006, pp. 54-63.

Entrevista a Manuel Rivas e Suso de Toro con motivo da publicación das obras *Os libros arden mal* e *Home sen nome*. Comeza referíndose a cuestións xerais da literatura galega e os seus axentes, ao marco contextual no que se inclúen as obras destes autores e a presenza da Guerra Civil nestas últimas producións literarias. Logo céntrase na presenza da temática da Guerra Civil na literatura para falar a continuación dos elementos clave da novela actual: o discurso e a estrutura. Finalmente comentan as resistencias do sistema literario español e mesmo as que se producen no galego respecto dos escritores periféricos, os privilexios dos que gozan ou os condicionantes a que están suxeitos. Cuestións como a proxección exterior ou as traducións son tamén tratadas.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Feira do libro da Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 2 agosto 2006, p. 3.

Con motivo de informar sobre a inauguración da trinta e cinco edición da Feira do Libro da Coruña, realízase un repaso pola historia do comercio do libro, dende o Imperio Romano até a

consolidación das primeiras feiras do libro en España. Coméntase que a feira da Coruña xa ten tradición e os libreiros e editores queren participar nela polo grande éxito. Finalmente, indícase que se fará a presentación do libro de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*.

- Aida Blanco, “Las apuestas de la Feria del Libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 10 agosto 2006, p. 10.

No artigo dáse a noticia de que está a funcionar a 25 Feira do Libro da Coruña, durante o mes de agosto. Desta feira resáltase o feito de que está a ser un éxito para os vendedores. Na noticia acompáñase a recomendación que fan os libreiros aos lectores. Cada un dos libreiros sinala unha obra particular. Entre as distintas recomendacións está a obra de Manuel Rivas *Os libros arden mal* porque está a ser un dos best-seller ao lado da obra *La catedral del mar*, de Falcones, que chega á igualala no número de exemplares vendidos. Outras son as obras seleccionadas por cada un dos libreiros e estas ocupan o resto do artigo ó lado de fotografías.

- Marta García Márquez, “Las librerías acotan sus dominios”, *El Ideal Gallego*, “Literatura”, 12 agosto 2006, p. 10.

Alusión á celebración da Feira do Libro na Coruña. O artigo recolle distintos aspectos que caracterizaron esta feira como o feito de contar con 50.000 visitantes estar composta por 53 postos e contar con 33 escritores que asinaron os libros comprados. Neste artigo alúdese aos libros máis vendidos en lingua castelá e galega. O libro máis vendido foi o de Rivas *Os Libros arden mal*, seguido pola obra de Suso de Toro *Home sen nome*. O artigo tamén recolle as novidades deste ano, como que houbo casetas especializadas nalgún xénero ou nalgunha lingua e que as casetas de braille e lingua portuguesa tiveron unha presenza na feira.

- MARÉ, “Doses de imaxinación”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 setembro 2006, p. 35.

Comenta a tradución ao español das obras *Herba moura*, de Teresa Moure e *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas. Sobre a tradución desta última, sinala que aparece despois de levar tres meses encabezando as listaxes de vendas en Galiza. Remata anunciando que este libro vai camiño de converter a Rivas nun escritor indiscutíbel, cunha novela sen referentes na literatura do país.

- R. Candal, “Á hora de escribir, un non pode ser cobarde”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Entrevista”, 24 setembro 2006, p. 10.

Extensa entrevista a Manuel Rivas co motivo da publicación d’*Os libros arden mal*. As preguntas que se lle formulan ao escritor teñen que ver coa realidade dos feitos narrados e o seu compromiso político. Alude ao seu papel como portavoz de Nunca Máis e á súa opinión sobre a plataforma SOS contra o lume, manifestándose sobre as causas dos incendios. Tamén se refire ao funcionamento do novo libro en relación cos anteriores, ás traducións e ao entendemento das historias galegas fóra das nosas fronteiras. A seguir, fala da situación actual da literatura galega e da falta de apoio dos gobernos da Xunta ao libro galego. Acaba salientando a necesidade de apoiar as bibliotecas escolares e declarando que a literatura galega está a pasar por un bo momento.

- P. Val, “El escritor Manuel Rivas desgrana su última novela ante sus lectores”, *El Ideal*

Gallego, “CGS/Cultura”, 26 outubro 2006, p. 11.

Dá conta da participación de Manuel Rivas nos “miércoles literarios” do Salón de Ámbito Cultural de El Corte Inglés. Informa do encontro do escritor ante o seu público lector e sinala a coincidencia coa saída á venda ese mesmo día da versión castelá da obra *Os libros arden mal*. En relación coa extensión do libro, case 800 páxinas, recolle o comentario do autor sobre a importancia da profundidade na lectura, non do volume de páxinas. Salienta a primacía concedida por Rivas á construción de personaxes e o seu esforzo por reconstruír unha atmosfera fidedigna.

- Ramón Nicolás, “El regreso de Manuel Rivas”, *Qué Leer*, nº 115, “Letras galegas...y vascas”, novembro 2006, pp. 32.

A propósito d’ *Os libros arden mal*, refírese á Coruña como metáfora de Galicia, viaxe no tempo. Sinala a presenza de varios xéneros (ensaio, western) na composición da obra, así como de elementos paratextuais, e menciona que se trata dunha novela con diversas novelas no interior.

- Ana Mendoza, “Rivas: ‘La literatura no puede estar sometida a pactos de silencio’”, *Diario de Pontevedra/El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 novembro 2006, p. 85/75.

Recolle diversas declaracións de Manuel Rivas sobre a novela *Los libros arden mal*, publicada en castelán por Alfaguara, que conta coa súa versión en galego.

- Juan Cruz, “Un violín insólito para ‘Los libros arden mal’”, *El País*, “Cultura”, 16 novembro 2006, p. 43.

Dise que Manuel Rivas presentou a súa obra *Los libros arden mal* en Madrid acompañado dun violín da súa propia creación.

- Jordi Gracia, “Para leer dos veces”, *El País*, “Narrativa”, 18 novembro 2006, p. 7.

Recensión da versión en castelán da novela de Manuel Rivas *Os libros arden mal*.

- Emma Rodríguez, “Cultura y barbarie, según Manuel Rivas”, *El Mundo*, “Cultura”, 19 novembro 2006, p. 68.

Achéganse os comentarios de Manuel Rivas a propósito da súa última novela, *Os libros arden mal*. Explica que con esta obra pretende revelar feitos acontecidos na historia que por determinados motivos foron ocultados e critica outros como a queima de libros na dársena da Coruña. Coa obra o autor reivindica o poder da palabra e a herdanza das historias que pasan de xeración en xeración. Indícase que o volume se divide en capítulos e sinálanse as ferramentas literarias empregadas por Rivas para a construción da obra.

- MARÉ, “O libro como célula nai de Galicia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 novembro 2006, p. 39.

Comeza este artigo cunha breve alusión á axenda cada vez máis apertada do escritor Manuel Rivas e, a continuación, pasa a informar sobre a concesión do Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores (AGE) á obra deste autor *Os libros arden mal*. Tamén menciona o seu nomeamento como autor do ano que acredita o Premio Xosé María Álvarez Blázquez. A seguir, recolle unhas palabras do autor en que este se confesa conmovido pola importancia simbólica de vincular a súa obra coa tradición que representan os nomes dos premios recibidos. Despois de referirse sucintamente ao recoñecemento de Rivas no panorama literario galego e español, debido ás traducións, traslada a declaración do escritor coruñés de que é necesario recuperar a visión do libro como “célula nai do rexurdir cultural de Galicia”. Máis adiante comenta a recepción crítica do autor dentro e fóra de Galiza. A raíz da coincidencia na mesma gala da concesión do galardón da AGE a Rivas como autor do ano e da elección de Isaac Díaz Pardo como presidente de honra dos editores galegos, este artigo transmite algunhas impresións de Manolo Rivas sobre a saída de Díaz Pardo da presidencia de Sargadelos.

- MARÉ, “A festa das letras iberoamericanas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 decembro 2006, p. 33.

Comenta que se vai realizar o I Encontro Internacional de Escritores De Pedra e de Palabra, que terá lugar o 15 e 16 de decembro en Compostela. Indica que abrirán o encontro Nélida Piñón e Luís González Tosar e dá conta das actividades que se levarán a cabo o primeiro día. Haberá un debate sobre o vello e o novo mundo a cargo de Alfredo Conde, Xavier Alcalá, Pío E. Serano e José Luis Ferreira. Comenta que o seguinte debate versará sobre o poder mediático e o modelo de escritor, no que intervirán Nélida Piñón, Antonio Skármeta, Rui Zink, Carlos G. Reigosa e Tucho Calvo. Por último, nesta primeira xornada, Manuel Rivas fará a presentación da súa última obra *Os libros arden mal*.

- Marcos Valcárcel, “As cidades literarias (2)”, *La Región*, “Opinión”, 11 decembro 2006, p. 14.

Continuando co seu estudo sobre as cidades literarias que aparecen nas obras galegas, realizado na súa columna de opinión dos xornais *La Región* e *Galicia Hoxe*, nesta ocasión Valcárcel céntrase na cidade da Coruña. Coméntase que a súa última aparición é na obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, mais dá conta tamén doutras obras ambientadas na cidade coruñesa. Indícase que un dos temas recurrentes nestas obras, relacionado coa Coruña, é o anarquismo e refire ademais outras obras de autores galegos escritas en castelán. Por último, achéganse as obras poéticas que amosan nas súas páxinas a cidade da Coruña.

- Jaureguizar, “Manuel Rivas: ‘Quixen escoitar o que quería decirme a miña cidade’”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 14 decembro 2006, p. 79.

Co motivo da presentación na Fundación Caixa Galicia de Lugo da obra *Os libros arden mal*, do escritor coruñés Manuel Rivas, comenta algunhas características do libro e transmite algunhas reflexións do propio autor sobre esta publicación. Sinala que Rivas partiu dunha imaxe para a elaboración desta novela: a da queima dos libros na Dársena da Coruña. Por último, relaciona *Os libros arden mal* coa Coruña e cun momento histórico en que esta cidade foi decisiva para o devir da Guerra Civil e lembra outras obras do autor baseadas nos acontecementos de 1936.

- MARÉ, “Escritores de aquí e de alén do mar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 decembro 2006, p. 34.

Dá conta do I Encontro Internacional de Escritores ‘De pedra e de palabra’ en Compostela, organizado polo PEN Clube de Galicia, dedicado a Latinoamérica. Fai mención á actuación especial para presentar *Os libros arden mal*, a cargo do seu autor, Manolo Rivas, con música de Pulpiño Viascón e coa participación de Marcos Meléndez e Gastón Rodríguez no Auditorio do CGAC. A continuación, pasa a informar polo miúdo do programa das xornadas e das persoas que tomarán parte nos distintos actos.

- Rafa López, “Galicia es víctima de una mala campaña de imagen que dura siglos”/”Galicia padece una mala campaña que dura siglos”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad y Cultura”, 18/19 decembro 2006, p. 16/64.

Entrevista a Manuel Rivas con motivo da publicación da versión castelá da obra *Os libros arden mal*. Entre outras, aparecen cuestións sobre a Lei da memoria histórica, as medidas da Xunta para protexer a costa ou a causa dos incendios do verán pasado. Tamén se lle pregunta a Rivas pola súa participación no movemento Nunca Máis e sobre a súa presenza nunha listaxe de persoas “a eliminar” despois do 23-F, cando o escritor tiña vinte e tres anos.

- Lupe Gómez, “Apañar peixes”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “A bailarina”, 24 decembro 2006, p. 12.

Lupe Gómez describe o que fixo durante sete días da semana e comenta que o día 14 de decembro asistiu no CGAC á presentación do libro de Manolo Rivas, *Os libros arden mal*, dentro do encontro de escritores do PEN. O día 16 de decembro comenta que tivo unha cita co poeta e pintor Antón Sobral, quen lle fala moito de Yolanda Castaño e afirma que as mulleres escriben mellor cós homes, ademais, nese mesmo día, indica que acudiu ao CGAC, á presentación do libro de Camilo Franco, *Palabras contadas*. Finalmente, o día 18 de decembro, Lupe Gómez volveu ao CGAC, e esta vez para asistir á presentación da revista *Amastra-n-gallar*, de Emilio Araújo.

- VV. AA., “O Ano da Memoria tivo tres nomes propios: LUGRÍS FREIRE, CORTÁZAR e MANOLO RIVAS”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, nº 637, 31 decembro 2006, p. 21.

Fala da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica facendo balance das iniciativas culturais de 2006. Slienta, por unha banda, o protagonismo de Julio Cortázar en Galicia, dada a cesión do arquivo Cortázar por Aurora Bernárdez; e por outra banda, sinala que o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas foi Manuel LUGRÍS FREIRE. Por último, refírese ao éxito da novela *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas.

Riveiro Loureiro, Manoel, *Xullo-Agosto*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2005, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/narrativa, 2006, 136 pp. (ISBN: 84-7824-480-8).

Nesta novela de Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1993), nárrese a vida do Ferrol que vive a convulsión do inicio da Guerra do 36, dando unha visión da sociedade de entón e das diferentes ópticas que se manifestaron despois do golpe fascista. Chama a atención a frescura do seu estilo e a naturalidade da narración que move o lector a través do tempo, así como o feito de que se entrecrucen o pasado e o presente acadando unha perfecta comunión. O narrador, Antón, lévanos ao Ferrol do verán do 1936 a través dos seus pensamentos, pero dende o presente que sente como un tempo último xa que ve como as súas forzas mingúan. O desenlace da vida serve para lembrar sucesos tan tristes como o que viviu seu irmán Anselmo, que tivo que estar nove anos agochado nun faiado, e a resistencia, pero tamén outros máis amábeis como a súa voda con Ramona, que con anterioridade estivera casada co irmán por conveniencia, ou o seu ascenso social. A perspectiva é a dun home que ve os feitos coa serenidade que dá o fin da vida polo que hai unha grande dose de resignación.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Historia dun ferrolán marcado pola guerra”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 26.

Reflexiónase sobre o libro *Xullo-Agosto* do escritor ferrolán Riveiro Loureiro co que gañou o premio “Lueiro Rei” de narrativa e no que quedou finalista o texto *Licor de abelá*. Enténdese que na obra hai un total protagonismo de Antón que anula os outros personaxes, que están pouco desenvolto, pois só o cura Valdés, coas súas constantes contradicións, se pode salvar do maniqueísmo que caracteriza os demais participantes da historia. Sinálase que non é a versión real dos feitos que se levaron a cabo en Ferrol, unha vez que estalou a guerra, e que para iso podemos botar man da obra de Bernardo Máiz, *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e consellos de guerra en Ferrol, 1936-1955* (A Nosa Terra, 2004). Faise fincapé en que, a pesar de que os acontecementos que se relatan son tráxicos, o lector non atopa crueza, senón amabilidade en cada liña e unha linguaxe sinxela fóra de calquera experimentalismo.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, “*Xullo-Agosto* por diante”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 febreiro 2006, p. 4.

Comenta que a novela *Xullo-Agosto* de Manoel Riveiro Loureiro acadou o premio Lueiro Rey 2005 de novela curta. Cualifica o seu autor como un dos escritores que mellor uso fai da lingua galega, hoxe tan deturpada e recomenda aos novos escritores que aprendan a lingua de Riveiro Loureiro.

Roibás Panceira, Pablo, *O xuízo de Kaissa*, Finalista do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* 2005, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, nº 18, 2006, 102 pp. (ISBN: 84-934126-9-4).

Pablo Roibás Panceira (Cedeira, 1963) publica o seu primeiro traballo narrativo, *O xuízo de kaissa*, novela que resultou finalista do Premio de Novela por Entregas do xornal *La Voz de*

Galicia, na súa edición do 2005. A novela presenta trinta e un capítulos, que se corresponden cunha partida de xadrez e cada un deles supón un movemento de cada un dos adversarios. O protagonista reflexiona sobre o xogo e, a partir del, ofrece a súa visión sobre diferentes aspectos da realidade e da existencia. As diferentes pezas no taboleiro son metáforas do mundo real e representan a alegoría do xogo do xadrez. O seu rival, pouco a pouco, revélalle máis datos, sobre todo, a partir da súa maneira de xogar e mover as pezas, até o punto que o recoñece como un amigo da infancia, que, na actualidade, é un dos terroristas máis perigosos e máis buscados pola policía. A partida de xadrez serve para que emerxa a figura do rival e a personalidade do amigo da infancia. Nun intento heroico, logra retelo, coa intención de que cheguen os axentes da policía para detelo.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Unha novela de xadrez tamén é unha novela policial”, *A Nosa Terra*, nº 1.237, “Cultura”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 27.

Comeza a recensión falando da sorpresa e a intriga que crean no lector as novelas por entregas para pasar a salientar que a novela de Pablo Roibás Panceira, *O xuízo de Kaissa*. Expón que na novela cada unha das entregas correspóndese cun movemento dos xogadores de xadrez, acompañada dun diagrama que explica a posición da partida nese momento. Dá conta do obxectivo deste xogo literario, no que predomina a intriga, que crea un clima de misterio, que non se resolve case até o final. Por último, destaca que se trata dunha novela sinxela, pero sobria.

Referencias varias:

- MARÉ, “A vida é unha partida de xadrez”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 maio 2006, p. 38.

Dáse conta da presentación do libro *O xuízo de Kaissa* de Pablo Roibás na librería Gallaecia de Compostela. No acto o autor estivo acompañado por Xosé Luís Veiga e Tucho Calvo. Explícase que a novela consta de trinta e un capítulos nos que se desenvolven xogadas dunha partida de xadrez. Comenta o autor que este é un xogo que precisa concentración e silencio, cheo de competitividade, e coa obra o autor pretende ensinar aos lectores cómo xogar ao xadrez.

Sande, Miguel, *Se algún día esta muller morta*, I Premio Narrativa Breve Repsol YPF 2006, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 239, 2006, 108 pp. (ISBN: 978-84-8288-970-2).

Miguel Sande (Pastoriza-Arteixo, 1961) gaña con esta obra o Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2006, na súa primeira edición. A novela consta dos seguintes apartados: “Primeira hora”, “Segunda hora”, “Terceira hora” e dunha serie titulada “Escenarios”, que contén “O faro”, “A praia”, “O cemiterio”, “A barbería”, “A casa” e “Ela e a cova”. Comeza e remata cunha voz narrativa en terceira persoa que ve unha muller nunha cova na praia. Esta primeira voz narrativa cede a súa voz á muller xa dende a terceira liña do libro, co cal, a maior parte da obra está escrita en primeira persoa e transmite directamente os pensamentos desta

muller, a muller morta á que se refire o título. Así é como nos imos decatando, ao reconstruír o quebracabezas do seu fluír de consciencia, de que é unha muller maltratada polo seu home, co que leva casada dezaseis anos. Vainos mostrando o proceso dende dentro, as súas sensacións, a súa soidade e os seus silencios. No final da novela, retómase a perspectiva externa e a voz narrativa en terceira persoa volve xurdir, identificándose coa voz do autor, que se desculpa por ousar contar unha historia que non lle pertence.

Sierra Veloso, Xurxo, *Licor de abelá con xeo*, Finalista Premio Lueiro Rey 2005, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/narrativa, 2006, 158 pp. (ISBN: 84-7824-481-6).

Obra de Xurxo Sierra Veloso (Caracas, Venezuela, 1969), que foi finalista do Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2005. A vida profesional dun escritor é motivo de reflexión e análise nesta obra. O escritor que podemos considerar arquetipo de todos escritores actuais é Serafín Leira Chave, protagonista que vive momentos de gran tensión existencial debido a que o seu traballo está exposto a análise e a debate por parte do público lector. A razón porque Serafín Leira está a ser criticado é a presentación a un premio de literatura da súa última obra literaria. Neste momento, o público, que neste caso son distintos individuos da súa terra, pasan a ser as persoas que determinen se o traballo realizado é apto. O escritor pasa a ser un individuo que está posto en cuestión pola sociedade, feito que acaba por demostrar como é a vida deste e a realidade desta profesión.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Historia dun plaxio”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Cultura”, 16-22 marzo 2006, p. 26.

Dá conta da última obra de Xurxo Sierra Veloso, *Licor de abelá con xeo*, finalista do Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2005. Comeza indicando que na obra se realiza unha desmitificación do mundo literario e achega, entre outros exemplos, a extensión do libro, cento cincuenta e oito páxinas, e o gran número de personaxes que nel aparecen, xa que, segundo moitos estudosos, considerárase unha novela, pero vén definida como unha “novela curta”. Logo de eloxiar esa transgresión, analiza a trama argumental, indicando que se desenvolve a medio camiño entre o realismo e a parodia. Afirmar que a acción se desenvolve arredor dun prestixioso premio literario que concede un concello rural. Finaliza destacando como unha das principais virtudes da obra o uso da distorsión caricaturizada da realidade e a tensión, que o narrador consegue manter ata o final.

- Pilar Ponte, “Con licor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Libros”, 30 marzo 2006, p. 4.

En primeiro lugar, informa que *Licor de abelá con xeo*, de Xurxo Sierra Veloso, obtivo un accésit no XIII Premio Lueiro Rey de Novela Curta e informa da composición do xurado. A seguir, analiza o argumento que xira arredor dun certame literario e sinala que a estrutura da obra semella un crebacabezas, ademais de destacar o ton paródico que envolve todo. Por último, repasa a produción literaria do autor e finaliza dando o enderezo do seu blog e

informado de que lle acaban de outorgar o Premio Risco de Creación Literaria 2006 pola novela *Os mércores de Fra*.

Sierra Veloso, Xurxo, *Os mércores de Fra*, VII Premio Vicente Risco de Creación Literaria 2006, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/narrativa, 2006, 192 pp. (ISBN: 84-7824-501-4).

Xurxo Sierra Veloso (Cacaras, Venezuela, 1969) amósanos nesta novela a biografía de Arturo Fra, o narrador, coa que pretende “ser un cronista rigoroso da miña propia historia”. Así Arturo Fra descríbennos as súas lembranzas de adolescencia, mocidade e madurez. Da adolescencia destaca que, tras ir á consulta dunha bruxa con dous amigos, esta díralle que morrerá un mércores, algo que sempre estará presente nos pensamentos de Arturo Fra. Co decorrer da novela, vemos como a súa nai ingresa nun sanatorio psiquiátrico, como remata a súa relación con Elvira, como a súa irmá Lola vai para Arxentina e como traballa como mecanógrafo antes de aprobar unhas oposicións como bibliotecario, onde terá como compañeiros a Leonardo e Xosé. Neste repaso, tamén xorde a figura do cura Fidel Raposo, quen lle ofrecerá os dereitos de autor por unha oración de súa nai a San Antonio de Padua, e da señora Violeta, coa que terá unha relación. Xa ao final deste libro descubrimos que a novela está escrita dende o hospital onde está ingresado cunha doenza terminal na espera da morte. Arturo durante toda a novela límitase a “escravellar nos imperfectos canellóns da memoria” e despídese do lector coa frase: “É martes, a fiestra está aberta, síntome dono do meu destino”.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “O home de pedra”, *A Nosa Terra*, nº 1.243, “Narrativa”, 9-15 novembro 2006, p. 22.

Neste comentario da obra de Xurxo Sierra, *Os mércores de Fra*, sinálase que Arturo Fra é un personaxe insólito marcado polo temor á morte, xa que sabe que falecerá un mércores, aínda que descoñeza o ano e o mes no que o fatal acontecemento terá lugar. Explícase que xunto a Fra gravitan unha serie de personaxes fríos e cerebrais, que complementan o ser inexpresivo, aburrido e metódico que é Fra, unha persoa á que a vida xa non lle sorprende e que se converteu nun auténtico ser humano de pedra. Considérase que a extensión da obra “se lle foi das mans ao narrador” e que “non é unha novela de reflexións, senón para facer reflexionar”. Tamén se apunta que o feito de que o lector coñeza a identidade do narrador, o propio Fra, dende o inicio, non favorece á novela, pois, semella que o que interesa unicamente é o lucimento do narrador e non a reflexión como tal.

- Dolores Martínez Torres, “Humor negro”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, nº 187/177, “Libros”/“Lecturas”, 7/16 decembro 2006, p. V/7.

Crítica de *Os mércores de Fra*, de Xurxo Sierra Veloso, obra que ten como protagonista a Antonio Fra, un home tan obsesionado pola idea da súa morte que lle impide levar unha vida normal. Xa vello, o doutor confirma no hospital a fatídica data. A partires de aí, escribe as súas memorias, nas que conta a súa triste peripecia vital, dende a súa infancia sen cariño ata a

súa insubstancial relación coa súa moza Elvira, pasando pola súa pobre vida sexual. Sinala que a novela se caracteriza polo humor negro e surrealista, que constitúe “un pracer” para a lectura.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, “Xurxo Sierra Veloso: ‘Teño unha idea pouco solemne da literatura’”, *A Nosa Terra*, nº 1.244, 16-22 novembro 2006, p. 29.

Entrevista ao autor de *Os mércores de Fra*, obra gañadora do último premio de narrativa Vicente Risco. Sierra Veloso reflexiona sobre a psicoloxía do seu protagonista, Arturo Fra, e comenta que os seus obxectivos á hora de crear a peza foron facela máis longa que as anteriores da súa autoría e cunha única voz, contando a historia dun absurdo. Recoñece que o ton paródico presente na novela é algo que lle gusta e reflexiona sobre o mundo dos premios literarios. Repasa a súa traxectoria literaria e que á hora de escribir é “moi irregular”. Respecto ao seu estilo, admite que se decanta polas novelas “accesíbeis ao lector” e que cunha narración clásica se tende á sinxeleza.

Solleiro, Samuel, *dz ou o libro do esperma*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 226, 2006, 132 pp. (ISBN: 84-9782-455-5).

Libro de relatos de Samuel Solleiro (Tui, 1982), titulados “esperma”, “tristeza”, “mediocres”, “mastroianni”, “tentación”, “western”, “construción”, “elementos”, “vivir” e “douarnenez”, todos eles cun nexos común: o sexo. Como se afirma na contracuberta, a intención argumental da obra “é a de problematizar e mesmo anular o concepto de masculinidade entendida sobre todo –pero non unicamente– a través do elemento sexual e paralelamente, e en consecuencia, asasinar o propio suxeito (sexuado, canónico) construído pola modernidade occidental”. Trátase dunha obra repleta de referencias musicais, cinematográficas e literarias, e na que o sentido do humor resulta en gran parte da fluidez do discurso narrativo.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Espido e sen deus”, *A Nosa Terra*, nº 1.242, “Cultura”, 2-8 novembro 2006, p. 26.

Co gallo da publicación do novo texto de Samuel Solleiro, *dz ou o libro do esperma*, no que se presenta a subversión como protagonista, faise un percorrido da traxectoria literaria do autor. Faise tanto unha análise do argumento, personaxes e figura do narrador ocorrente coma do intento rupturista da súa prosa. Saliéntase o leit-motiv subversivo das súas publicacións, subliñando a súa busca dun lector de mente “esperta, desprexuízada e que guste do humor e a reflexión”.

- Montse Pena Presas, “Proposta singular”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 186, “Libros”, 30 novembro 2006, p. 5.

Da obra *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro, sublíñase a temática subversiva dos seus relatos vinculados á posmodernidade. Saliéntase o seu estilo literario por novo e audaz e o seu uso de referentes literarios dun xeito iconoclasta, ademais de destacarse a busca da non indiferenza do lector coa transgresión da tradición cultural. Recoméndase a aqueles que gusten das propostas arriscadas no sistema literario.

- Armando Requeixo, “Dz”, *Tempos Novos*, nº 115, “Crítica”, decembro 2006, p. 85.

Considera que Samuel Solleiro é “unha das novidades máis refrescantes” da narrativa galega dos últimos anos e puntualiza que os seus relatos resultan da “sabia mestura do hipercotidianismo máis acusado (case cidcabidianamente evidencialista en tantos treitos) e un neosurrealismo de fantástico puro, inserindo en tramas de perfecta veraficabilidade narratolóxica finais ou desenlaces que desafían ou creban as leis do empírico”. Sinala que o seu discurso é moi elaborado e achégase ao seu contido temático, ademais de comentar que se trata de textos de “mestizaxe xenérica”, de prosas que integran poemas, que “decalogan fíos narrativos e mesmo insiren pentagramas beethovenianos”, e que están construídas con elementos e referencias ás artes todas (cinema, música ou literatura). Considera, despois dunha serie de alusións á obra, que é “xostregada no espiñazo que revira e vivifica”.

- Vicente Araguas, “Chistes vellos con caras novas”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 409, “Libros”, 31 decembro 2006, p. 14.

Faise un breve repaso da biografía e bibliografía de Samuel Solleiro e unha análise crítica e exhaustiva da súa última entrega, *dz ou o libro do esperma*. Saliéntase que esperaba máis do autor, dado o seu rompedor estilo literario.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “A xeración dos peixes”, *El Progreso*, “Cultura”, 26 novembro 2006, p. 81.

Refírese ao agromar dunha nova xeración de creadores culturais galegos, a “Xeración dos Peixes”, e sinala que “O seu descreimento, o seu carácter urbán, o seu paninternetismo, a súa autoironía e a súa desmemoria histórica” están reflectidos en *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. Indica que esta obra é unha crónica xeracional, o “*On de road* da Xeración dos Peixes”, e que os seus integrantes teñen tres segundos de memoria, coma calquera outro peixe. Achega a súa trama argumental e comenta que o seu protagonista “usa esa capacidade escasa para lembrar as cousas para vivir no presente exacto, non porque goce del, senón porque mirar o futuro desacóugao”. A seguir, centra a súa atención en *O home inédito*, de Carlos Meixide, que foi definido pola súa editorial como “unha mestura entre *Sexo en Nova York* e *No ventre do silencio* protagonizada por un galego da Coruña, resultón, deportivista e sentimental”. Finalmente, refírese a *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro, “un libro no que este antropólogo reduce a definición dos varóns unicamente polo seu sexo, para acabar por tirarlle esa característica”.

- Xosé Carlos Caneiro, “Tren e chocolate”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 191, “Letras en Galego”, 16 decembro 2006, p. 10.

Lóase á editorial Xerais por publicar a obra dun escritor novo e con gran valía como é Samuel Solleiro co seu libro *dz ou o libro do esperma*. Resáltase a gran calidade da obra, que se pode considerar como verdadeira literatura. Tamén se alude ao importante labor de Carlos Casares.

Toro, Suso de, *Home sen nome*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 225, abril 2006, 396 pp. (ISBN: 84-9782-447-4).

Novela de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) publicada de xeito simultáneo en galego, catalán e castelán e protagonizada por un vello falanxista, do que se descoñece o nome e que, con case cen anos, agoniza na cama dun hospital da capital galega. Ao longo de dous días, o home conversa con Nano, personaxe recorrente na obra de Suso de Toro e que ocupa a outra cama do cuarto, e con Celia, unha guionista que se achega a el para investigar algúns datos sobre a historia de Santiago. Deste xeito, a través dun exercicio de memoria que o protagonista cre necesario para poder morrer e a medio camiño entre o delirio e o sono, o home lembra a súa traxectoria vital –dende que era un neno, cando falecen súa nai e seu irmán, até que é trasladado ao hospital compostelán dende Madrid, pasando polos seus anos de estudante de Medicina, polas súas experiencias en Berlín e Roma, pola súa participación como voluntario na División Azul ou polos crimes cometidos- e dá a coñecer numerosos episodios nos que a ficción se mestura con personaxes (como Gonzalo Torrente Ballester; Lois Tobío, co que o home conversa en Berlín; ou Camilo Díaz, Ánxel Casal e Xoán Xosé González, en cuxos asasinatos participa) e con acontecementos históricos reais que tiveron lugar durante a Guerra Civil e os anos de posguerra. Dende o punto de vista estilístico, emprega dúas voces narrativas en primeira persoa, a de Nano e a do home sen nome, desdoblándose esta última, á súa vez, en outras dúas, unha para o monólogo interior e outra para o texto memorialístico soñado (que se representa con distinto formato de fonte). Estruturada en trinta e dous capítulos, a historia remata co falecemento do home, que dende neno estaba condenado a sobrevivir, e coa conversa entre Nano e un dos médicos do centro sanitario, na que o recorrente personaxe de Suso de Toro descobre quen era seu pai e que ten un irmán. A novela péchase cunha carta que o vello protagonista lle escribira ao seu irmán, na que narra como montado a lombos do seu cabalo chegaba á súa casa natal, onde se reencontraba con toda a súa familia, morta, e cun texto no que o autor lembra que tanto a trama argumental coma os personaxes son ficcionais, agradecendo, así mesmo, a todos os que lle axudaron nas súas investigacións para recompilar a información histórica necesaria.

Recensións:

- Sandra Faginas, “A palabra como salvación”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 29 abril 2006, p. 14.

Sinala que a última novela de Suso de Toro se presenta como un desafío da palabra, no que a confesión da memoria é a única penitencia posíbel para o seu protagonista, un vello sen nome condenado a vivir nun permanente purgatorio sen acabar a morte. Fala, tamén, dos outros dous personaxes presentes na obra, Nano, que xa aparecera en *Caixón desastre*, *Tic-Tac* e *Círculo*, e Celia, unha guionista que desenvolve a función de escoitar os pecados do home para conducilo á morte. Dá conta, finalmente, dos numerosos referentes da cultura xudeu-

cristiá presentes no libro e da aparición de personaxes reais e acontecementos históricos no revivir do doente.

- Armando Requeixo, “Ascendan os nomes libres polo ar”, *Tempos Novos*, nº 109, “Voces e culturas”, xuño 2006, p. 71.

Dá conta da súa temática e fai referencia aos personaxes e simboloxía da novela. Fala da literatura como “instrumento de curación” e da necesidade de coñecer a historia para non repetir a violencia dos fascismos. Alude á estrutura e á calidade da obra, para rematar incitando o lector a que lea “un texto decisivo para a nosa narrativa actual”.

- Xosé M. Eyré, “A inconfesada maldade do asasino”, *A Nosa Terra*, nº 1.225, “Cultura”, 1-7 xuño 2006, p. 26.

Sinala que a nova obra de Suso de Toro segue a liña doutra presentada hai pouco tempo, *Corredores de sombra* de Agustín Fernández Paz, pois ambas as dúas volven os ollos atrás con afán explicativo. Fala do personaxe principal, da súa personalidade e da súa función na narración e cita a bastantes dos persoeiros reais que aparecen na novela. Indica que en *Home sen nome* o escritor recupera dous personaxes anteriores, Nano, de *Caixón desastre* (1983) e *Círculo* (1998), e Celia, a guionista de *Trece badaladas* (2002). Para rematar, salienta que neste volume o autor “presenta un estilo bastante máis coidado e tamén un máis correcto uso do pronome persoal”.

- Tomás Ruibal, “Unha obra de madurez”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Anaquel dos libros”, 4 xuño 2006, p. 11.

Comeza sinalando que *Home sen nome*, unha arrepiante reflexión sobre a memoria dun verdugo, é a mellor obra de Suso de Toro e que ten un algo de auto sacramental. Despois de dar conta do argumento, indica que a voz de Nano e do vello se distinguen nos diálogos pola diferenciación lingüística e fala, así mesmo, da terceira personaxe da novela, Celia, que non considera moi necesaria para a coherencia textual.

- Vicente Araguas, “Un río amaro e torrencial”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, nº 380, 11 xuño 2006, p. 20.

Sinala que nesta novela Suso de Toro retoma a temática da Guerra Civil xa aparecida, por exemplo, en *Land Rover* e que o escritor emprega a historia como pretexto e nunca a maneira de fin. Fai referencia á reaparición do personaxe de Nano, que acompaña no hospital ao protagonista e que vai desaparecendo progresivamente cara ao final da obra, e cita a algúns dos persoeiros reais que De Toro inclúe na súa obra, como Lois Tobío, Ortega y Gasset ou Carlos Alonso del Real, entre outros. Enumera, ademais, outras obras da literatura galega que trataron anteriormente este conflito civil e as súas consecuencias, como *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas ou *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, e conclúe definindo esta obra como *unha novela moi traballada*.

- Xulio Valcárcel, “Home sen nome”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 422, “Páxina literaria”, 9 xullo 2006, p. 4.

Dise que *Home sen nome*, de Suso de Toro se trata dunha serie de historias entrecruzadas que teñen como punto común o monólogo interior enriquecido polas asociacións libres e polo inconsciente. Remárcase que Suso de Toro fai unha clara aposta pola complexidade e a profundidade na escrita deste libro.

- Ramón Nicolás, “Sen nome”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 174, “Libros”, 13 xullo 2006, p. 5.

Fálase da nova obra narrativa do autor compostelán Suso de Toro, *Home sen nome*. Descríbese como unha novela dramática chea de matices, capaz de perturbar e emocionar a quen a ten diante. O autor recupera algúns dos seus personaxes, coñecidos xa por todos, tales como Nano ou Celia, pero tamén incorpora novos caracteres como “O Vello”, que é o personaxe principal, a través do cal xira o argumento da obra.

- José María Pozuelo Yvancos, “En la pira de Torquemada”, *ABC*, “*ABCD*”, nº 758, “Narrativa”, 12-18 agosto 2006, p. 13.

Céntrase, en primeiro lugar, no protagonista da novela, cuxa morte compara coa narrada por un neno xesuíta acerca de Voltaire. Opina que esta obra semella un conto para nenos e que catrocentas páxinas sobre un “ogro” son excesivas. Seguindo coa anécdota do neno xesuíta, afirma que *Home sen nome* carece de progresión e resulta plana, o que non é aceptábel dada a idade e traxectoria do escritor, Premio Nacional de Narrativa. Compara, seguidamente, a novela con *Los anillos de la memoria*, de George Simenon, ante a que sae perdendo, e subliña o lastre ideolóxico, que redundando en monoloxismo. Finalmente, refírese ao pasado falanxista dos personaxes históricos que teñen o seu correlato na novela e defende o trato abusivo dispensado nesta a Torrente Ballester. Conclúe afirmando que a obra sucumbe na pira da súa Torquemada.

- Javier Gómez-Montero, “Escritura radicalmente comprometida”, *Grial*, nº 172, outubro-novembro-décembro 2006, “O espello das letras”, pp. 87-89.

Coméntase *Home sen nome* de Suso de Toro como exemplo da literatura incómoda que actúa como creadora de memoria histórica. Dise que a novela constitúe a perspectiva dun pistoleiro falanxista que agoniza nonaxenario no hospital e cuxos monólogos delirantes vai rexistrando o seu compañeiro de cuarto e unha escritora, Celia, que encarna á muller redentora. Dise que a novela incide na cuestión da culpabilidade e inocencia na Guerra Civil, na necesidade de ter memoria e en como a sociedade foi esquecendo. Destácase a concentración narrativa como instrumento de dramatismo, pero tamén a reformulación en contidos como o tratamento do caso das dúas (tres) Marías, cuxos irmáns se revela que asasinaron no 36. Anótase a tensión entre Suso de Toro e Torrente e, por último, sinálase o protagonista como alegoría das atrocidades do século XX en España e eu Europa agravadas pola amnesia colectiva.

Referencias varias:

- Isabel Bugallal, “Suso de Toro da voz a los verdugos en su nueva novela, ‘Home sen nome’”, *La Opinión*, “*Cultura*”, 5 abril 2006, p. 54.

Sinala que o 9 de maio, en Santiago de Compostela, e o 11 do mesmo mes, na Coruña, se vai presentar *Home sen nome*, a novela de Suso de Toro que é definida como “a confesión dunha persoa próxima aos cen anos que (...) deixa correr a súa voz libre de ataduras e confesa (...) a súa participación nos crimes que se desatan co alzamento militar de 1936”. Tras facer referencia á bibliografía anterior do escritor e indicar que nesta obra De Toro recupera o personaxe de Nano, fala dos outros dous protagonistas, o home sen nome e Celia, e recolle a opinión de Manuel Bragado sobre o libro, do que destaca a minuciosidade coa que está trabado.

- Amaia Mauleón, “Mi nueva novela va a ser incómoda para todos; víctimas y verdugos”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad y cultura”/“Cultura”, 28 abril/1 maio 2006, p. 42/46.

Co gallo da próxima publicación de *Home sen nome*, que se edita en galego, catalán e castelán e que pronto se vai traducir a francés e alemán, Suso de Toro sinala nesta entrevista que está moi satisfeito con esta novela, que define como a máis ambiciosa e atrevida de todas as que ten feito. Indica que nela reflexiona sobre a memoria dos vencedores na Guerra Civil e que o que, inicialmente, ía ser unha peza teatral de dez folios creceu até converterse nunha novela de catrocentas páxinas. Explica que tardou dous anos en escribila e que, para facelo, tivo que investigar en hemerotecas e arquivos e falar con varios superviventes. Opina que se trata dun libro moi incómodo, que vai molestar tanto aos verdugos coma ás vítimas. Por último, nun recadro á parte, fai referencia ao seu libro *Españoles todos* e á saída do Partido Popular do goberno galego.

- J.R.S., “A represión galega na última novela de Suso de Toro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 abril 2006, p. 38.

Anuncia a próxima publicación de *Home sen nome*, de Suso de Toro, que está prevista para o vindeiro mes de maio, dando conta, así mesmo, do seu argumento.

- Suso de Toro, “Home sen nome”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 306, “Lecturas”, 14 maio 2006, pp. 6-8.

Fragmento da novela *Home sen nome*, de Suso de Toro. Acompáñase dunha pequena biografía do autor.

- Jaureguizar, “Elexín a versión do verdugo porque ser vítima é doado”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 7 maio 2006, p. 80.

Entrevista a Suso de Toro, que a vindeira semana presentará a novela *Home sen nome*, da que o xornal *El Progreso* ofrecerá mañá un adianto. O escritor explica que o primeiro apuntamento para esta obra é de hai seis anos e que o seu protagonista, un vello que permanece nun hospital, fai, igual que en todos os seus libros, unha investigación do pasado. De Toro dá conta das razóns polas que adoptou o punto de vista dos verdugos e indica como conxugou, no protagonista, brutalidade e intelixencia. Fai referencia á relación entre a súa obra e *Mitteleuropa*, de Risco, e opina sobre Torrente Ballester (que aparece no libro) ou Cunqueiro, que “vestiron a camisa azul”.

- J.R., “Suso de Toro busca as razóns dos ‘verdugos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 maio 2006,

p. 35.

Sinala que onte se presentou en Santiago de Compostela a novela *Home sen nome*, de Suso de Toro, e que ao acto, que tivo lugar na Galería Sargadelos, asistiron, ademais do autor, Xosé Sánchez Bugallo, Encarna Otero e Manuel Bragado. Dá conta da trama argumental da novela, fala dos seus personaxes e indica que, segundo De Toro, o protagonista é “unha especie de Don Juan asasino”. Finalmente, apunta que para o escritor o debate existente sobre a recuperación da memoria histórica obedece “a cambios xeracionais”.

- Alberto Quian, “O Exército e a Igrexa deben asumir a súa responsabilidade no golpe do 36”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 11 maio 2006, p. 41.

Entrevista ao escritor Suso de Toro, que onte presentou na Casa del Libro de Vigo a novela *Home sen nome*. Ademais de opinar de cuestións alleas á literatura, como a súa relación con José Luis Rodríguez Zapatero, a súa opinión sobre o Ano da Memoria ou o camiño que debe seguir o galego no marco da reforma estatutaria, sinala que a súa nova obra pode resultar incómoda por tocar o tabú do verdugo e amosar os seus padecementos e puntos de vista.

- Jesús Ruíz Mantilla, “Suso de Toro dialoga con los fantasmas del horror y la memoria en su nueva novela”, *El País*, “Cultura”, 20 maio 2006, p. 52.

Dá conta da aparición da novela *Home sen nome*, de Suso de Toro, que na súa versión castelá acaba de ser presentada en Madrid. Ademais de achegarse ao seu argumento e estilo, recolle os comentarios do seu autor, quen asegura sentirse preocupado e nervioso ante a aparición dunha obra que é moi importante para el e, ao mesmo tempo, moi ambiciosa.

- Francisco Carballo, “Os libros arden mal”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “Fin de semana”, 2006, 20-26 xuño 2006, p. 35.

Dálle a benvinda a esta nova obra de Manuel Rivas no Ano da Memoria e, a continuación, pasa a realizar unha posta ao día das obras e investigacións que traballaron no eido da recuperación da memoria histórica. Remata sinalando a obra *Home sen nome*, de Suso de Toro como outra das obras literarias que trata a época da Guerra Civil.

- Xan Carballa, “Suso de Toro. ‘A linguaxe da literatura di mellor a verdade que a historia ou a socioloxía’”, *A Nosa Terra*, nº 1.228, “Cultura”, 22-28 xuño 2006, p. 28.

Entrevista a Suso de Toro a propósito do proceso de promoción da súa nova novela, que saíu simultaneamente en catalán e castelán. O autor afirma que nela aparecen temas recorrentes na súa obra, coma a figura do dobre, as relacións edípicas, a masculinidade e, quizais, o mal. Di que a obra quere amosar os paradoxos da razón, como pode apreciarse no diálogo do protagonista co personaxe de Lois Tobío. De Toro reflexiona, ademais, sobre o proceso de documentación que levou a cabo para a escrita e sobre a reconstrución da memoria histórica, mais subliña o carácter literario, mítico e lendario da obra, que conta con tres niveis simbólicos, os representados polos seus personaxes. Finalmente, analízase a figura do protagonista no seu contexto histórico e faise referencia de novo a Lois Tobío, polo que o escritor afirma sentir “verdadeira simpatía intelectual”.

- Xosé Carlos Caneiro, “Revelación”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 171, “Letras en Galego”, 29 xullo 2006, p. 11.

Reivindícase a literatura que pode ser lida por nenos e maiores, salientándose a súa calidade fronte a da novela de ocio. Critícase o xénero da novela negra cultivado en Galicia, exceptuándose a novela publicada por Domingo Villar, *Ollos de auga*, da que se subliña a calidade e orixinalidade dentro do xénero. Cítase a novela de Suso de Toro, *Home sen nome*, mencionándose o seu intento por destacar. Remátase recomendando con vehemencia a lectura de *Tres vidas*, de Gertrude Stein .

- Vicente Araguas, “Suso de Toro”, *Leer*, nº 174, “Para leer/Narrativa/Entrevista”, xullo-agosto 2006, pp. 90-1.

Entrevista a Suso de Toro na que fala sobre a súa última novela, *Home sen nome*, ademais de referirse a cuestións máis xerais da súa vida literaria como a presenza da guerra civil na súa produción literaria, o seu actual traballo ou a súa dedicación literaria para vivir de ser escritor.

- Dolores Vilavedra, “Manuel Rivas/Suso de Toro. Itinerarios cruzados”, *Tempos Novos*, nº 111, “Entregas culturais”, agosto 2006, pp. 54-63.

Entrevista a Manuel Rivas e Suso de Toro con motivo da publicación das obras *Os libros arden mal* e *Home sen nome*. Comeza referíndose a cuestións xerais da literatura galega e os seus axentes, ao marco contextual no que se inclúen as obras destes autores e a presenza da Guerra Civil nestas últimas producións literarias. Logo céntrase na presenza da temática da Guerra Civil na literatura para falar a continuación dos elementos clave da novela actual: o discurso e a estrutura. Finalmente comentan as resistencias do sistema literario español e mesmo as que se producen no galego respecto dos escritores periféricos, os privilexios dos que gozan ou os condicionantes a que están suxeitos. Cuestións como a proxección exterior ou as traducións son tamén tratadas.

- Adrián Candal, “Quedan moitos homes sen nome”, *El Ideal Gallego*, “Cultura, Gente, Servicios”, 3 agosto 2006, p. 12.

Dáse conta da presenza de Suso de Toro na Feira do Libro de A Coruña, na que aproveitou para presentar e firmar algúns exemplares do seu novo libro, *Home sen nome*. Con respecto á feira, o autor di que escribir sería demasiado frío, de non ser por acontecementos coma este, no que realmente se coñece para quen se escribe. Sinala que o seu libro se sitúa no marco da represión da posguerra e trata a historia dun ancián que viviu todo iso e que quere ser máis do que é. Comenta que aínda quedan moitos homes sen nome e que cada vez que morre un, leva consigo unha parte de historia que lle pertence á humanidade.

- Vicente Araguas, “Suso de Toro”, *Leer*, nº 174, “Para leer/Narrativa/Entrevista”, xullo-agosto 2006, pp. 90-1.

Entrevista a Suso de Toro na que fala da súa última novela, *Home sen nome*, ademais de referirse a cuestións máis xerais da súa vida literaria como a presenza da guerra civil na súa produción, o seu actual traballo ou a súa dedicación á literatura no seu papel de escritor.

- Sabela Corbelle, “Digo o que penso, non o que me mandan”, *El Progreso*, “Entrevista”, 17 decembro 2006, p. 88.

Fáiselle unha entrevista ao escritor Suso de Toro co gallo da presentación do seu novo libro, *Home sen nome*. Pregúntaselle pola repercusión que ten o anuncio da súa obra na televisión ou en Internet e se se considera comercial e mediático. Tamén fala da súa ligazón coa política e políticos, ademais de aclarar que todo isto responde a que todo ten algo de mediático, dende o punto de vista no que se trata de chegar á xente. Así mesmo, sinala que se considera un pensador independente que di o que pensa e non o que lle mandan.

Vaamonde, Pablo, *Luz divina e outros retratos*, prólogo de Xulio López Valcárcel, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 41, 2006, 84 pp. (ISBN: 84-96475-21-2).

Esta obra de Pablo Vaamonde (A Baña-A Coruña, 1956) inaugúrase cun prólogo de Xulio López Valcárcel, no que destaca que os seus relatos se centran nunha “parte significativa da sociedade galega actual”. A seguir, os diferentes relatos, en boa parte de corte realista, danlles vida ás sensacións, sentimentos, ilusións, mágoas, doenzas e historias que poden ser comúns aos de moitas persoas. Así, en relatos como “O Papá Noel”, “O amigo da infancia”, “Unha rapaza no camiño”, “O labrego”, “O neno da aldea”, “O medoso”, “Modesta”, “O palleirán”, “O retrato” ou “A vida de Luisiño” preséntanse as vidas de moitas persoas nun ton acentuadamente melancólico e cunha atención especial á etapa da infancia de moitos dos seus personaxes. Un dos temas que grande importancia e recorrente na literatura universal, a morte, tamén é tratado nos relatos titulados “Luz divina”, “O fillo enfermo”, “Dous vellos” ou “O encerrado”, mentres que a enfermidade protagoniza as historias de “O home sen memoria” e “Un home na fiestra” e a drogadicción, “O tafur”, “A nai” e “O colega”. As experiencias negativas, tamén teñen cabida en “A leiteira”, onde unha moza, que desexaba se avogada, ten que dedicar a súa vida a coidar das vacas; ou en “A quenlla” e “O lexionario”, no que o apego ao traballo e aos bens materiais caracterizan os seus protagonistas. A este mundo de recordos e, certamente, pesimista, contrapóñense as historias daqueles que regresan aos seus fogares de “O desaparecido” e “Un home que regresa”; a consecución do éxito e das ilusións mozas de “O rei do papel hixiénico” e “O gaitero”; o saber enfrontarse á vida, pese á desgraza, de “O mozo da ambulancia” e “A avoa”; e o soño dun neno de “Eu vou ser como Ronaldinho”. Tamén se alude a outras cuestións humanas en relatos como “O pobre”, no que se reflexiona sobre a división social entre pobres e ricos. Trátase, en fin, dunha serie de historias moi próximas ao lector, pois retrata episodios da vida cotiá.

Referencias varias:

- Álex Sanjurjo, “Busco que mis historias sean capaces de conmover al lector”, *La Opinión*, “A Coruña”, 26 marzo 2006, p. 14.

Con motivo da publicación de *Luz Divina e outros retratos*, faise un percorrido pola traxectoria literaria do seu autor e defínese o seu último libro como “una colección de relatos breves independientes” que “narran las experiencias de la vida diaria”. Tamén se destaca o

feito de que unha parte dos relatos do libro se ambienta no barrio coruñés de Labañou, mentres que o resto se sitúan na infancia do propio Vaamonde na aldea.

- MARÉ, “O pouso lírico do cotián”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 maio 2006, p. 38.

Refírese á presentación en Santiago de *Luz Divina e outros retratos*, compilación de traballos publicados por Pablo Vaamonde durante o último lustro co obxectivo de retratar a Galicia actual por medio de personaxes que falan das “imperfeccións da vida”. Cítanse algúns dos personaxes e influencias do autor, para rematar cunhas declaracións nas que el mesmo reflexiona sobre o papel do escritor.

- Jaureguizar, “Vaamonde atende no seu novo libro ‘ás imperfeccións da vida’”, *El Progreso*, “Cultura”, 22 xuño 2006, p. 83.

Alúdese á presentación en Lugo de *Luz divina e outros retratos*, unha obra na que Pablo Vaamonde describe unha trintena de personaxes ao longo de diferentes relatos breves. Sinálase que o autor tentou nestas pezas tomar como motivo de inspiración “as imperfeccións da vida”. Faise referencia á ligazón entre a profesión como médico de Vaamonde e a súa faceta literaria, así como aos personaxes que poboan o libro. Finalmente, recóllense unhas declaracións do crítico Xulio López Valcárcel, extraídos do limiar da propia obra que se está a comentar.

Veiga, Manuel, *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, Premio García Barros 2006, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 237, 2006, 208 pp. (ISBN: 978-84-8288-948-1).

Manuel Veiga (Monforte, 1960) narra nesta novela a historia dunha parella que, malia que segue unha vida normal, fracasa. Todo comeza cando unha mañá Lois se esperta e non atopa a súa compañeira na casa. Desesperado, pensando que Helena o puido abandonar, Lois emprende unha busca por Oliveira, cidade que Veiga crea como metáfora do Vigo actual. Gaivotas, chuvia e riadas mestúranse nun relato no que as minuciosas descrições da cidade acaban facendo da urbe unha protagonista máis. A obra segue unha estrutura bipolar. Nárrase o punto de vista de Lois e máis o de Helena, co fin de complementar a historia. O relato divídese en tres partes: “Lois”, “Helena” e “Final”. Ao estilo mordaz e coidado, únese a capacidade que posúe Veiga para lograr que o receptor siga con entusiasmo unha busca que o leva ao desenlace. O interese que esperta o relato no lector débese a que a historia acontece nunha soa xornada cargada de soidade e angustia.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Cidade e conflito”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 189, “Libros”, 21 decembro 2006, p. 5.

Despois de facer un repaso á obra ensaística e literaria de Manuel Veiga, céntrase no estudo desta novela da que destaca, en primeiro lugar, o feito de tes sido galaradoada co Premio García Barros 2006. Reflexiónase, ademais, sobre a influencia “que lle dispensa [o autor] ao espazo físico que rodea” a uns protagonistas que “transitan por unha cidade na procura de si

mesmos, á busca, tal vez, dunha explicación que axude a comprender a súa situación”. No tocante á concreción das personaxes, dise que se conseguiu afrontar “con enorme acerto e solidez”. Sobre a cidade que acolle aos personaxes, Oliveira, opínase que é “un trasunto vivísimo e doadamente identificable de Vigo”. Anótase tamén a existencia dunhas primeiras páxinas “próximas ao xénero ensaístico”, a construción dun contexto “dunha extraordinaria documentación”, e a posesión dun estilo “por veces con un certo humor acedo”. Finalmente, dáselle os parabéns “polas reflexións á que convida” a novela “polo acerto innegable da súa exposición”.

Villar, Domingo, *Ollos de auga*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 233, 2006, 240 pp. (ISBN: 978-84-8288-927-6).

Esta novela de Domingo Villar (Vigo, 1971) preséntanos as andanzas do inspector xefe Leo Caldas e o seu axudante, o oficial Rafael Estévez, despois do cruel asasinato do saxofonista Lois Reigosa nun apartamento da illa de Toralla. A investigación do inspector Caldas comeza no enterro de Reigosa e segue no pub Idílico -onde conversa con Orestes Rial-, no Hospital Xeral, no Policlínico e na Fundación Zuriaga onde o doutor Dimas Zuriaga nega coñecer o asasinado, a Reigosa. Caldas, despois da morte de Orestes, descobre no seu portátil fotos de Lois Reigosa e despois o doutor Dimas Zuriaga fica detido xa que aparecen fotos de Dimas e Lois Reigosa xuntos. Mentres investiga o asasinato, o inspector Caldas tamén traballa no programa radiofónico “Patrulla nas ondas”, onde recibe unha chamada dende o Hospital da Fundación Zuriaga, e di “benvida sexa a dor se é causa de arrepentimento”, que estaba subliñada nun libro de Hegel que estaba na casa de Lois Reigosa e que lle estrañaba a Caldas que estivese aí dado que non encaixaba na biblioteca do asasinado. Ao final, descóbrese, grazas á confesión de Mercedes -muller de Dimas Zuriaga-, que o doutor Dimas Zuriaga tiña como amante ao saxofonista Lois Reigosa e que ela, Mercedes, facía o mesmo con Isidro Freire, pero un día Mercedes descobre que están a extorsionar o seu marido con fotos. Daquela decide que o mellor é matar a Lois Reigosa -Isidro Freire e Mercedes Zuriaga inxéctanlle formol no pene- para así culpar disto a Dimas e asemade descobre que Orestes é quen chantaxea ao seu marido. Pero, grazas a esta confesión, o inspector xefe Leo Caldas descobre quen son os asasinados.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Un novo autor, unha nova novela policial”, *A Nosa Terra*, nº 1.233, “Cultura”, 27 xullo-6 setembro 2006, p. 27.

Nesta aproximación á obra, *Ollos de auga*, do escritor Domingo Villar, dise que se vai publicar en castelán, na editorial Siruela e en italiano, na editorial Feltrinelli. Coméntase que se trata da primeira obra do autor, que soubo darlle intriga a esta novela negra baseada na inspección dun asasinato, da que é responsábel o inspector Caldas. Sinálase que esta obra nos transporta ás rúas e locais de Vigo onde a historia se fai máis críbel se cabe.

- Estro Montaña, “Sangue e sorrisos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 173, “Libros”, 6 xullo 2006, p. 5.

Sublíñase o final sorprendente desta novela e que o principal elemento caracterizador dos personaxes son os seus diálogos. Afírmase que se fai unha pincelada crítica á cidade de Vigo, con personaxes e lugares reais, e que estamos perante unha prosa sinxela con bos diálogos.

- Tomás Ruibal, “Ollos de auga”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Anaquel dos libros”, 3 setembro 2006, p. 10.

Dise que vén de ser publicado *Ollos de auga*, de Domingo Villar, pola editorial Galaxia e que, ao mesmo tempo, coñece unha edición en castelán pola editorial Siruela. Cóntase como o inspector Leo Caldas se ve envolto na investigación do asasinato do saxofonista. Opínase que se trata dun retrato de ambientes sociais con algúns matices críticos, onde se homenaxea á música e ao goce da comida e bebida, baixo unha coidada redacción escrita en clave de humor.

- Montse Pena Presas, “Intriga e humor con banda sonora de jazz”, *Grial*, nº 172, outubro-novembro-décembro 2006, “O espello das letras”, p. 89-90.

Fálase de *Ollos de auga* de Domingo Villar como unha mostra máis de que a novela policial galega volve brillar da man de novos talentos coma o propio Villar, Diego Ameixeiras, e tamén de outros xa coñecidos, Miguel Anxo Fernández e An Alfaya. Explícanse os ingredientes clásicos do xénero cos que conta a novela: un crime aparentemente irresolúbel, algunha pista, un investigador agudo, o mantemento da intriga e a sorpresa final. E, por último, destácanse os praceres a maiores: o sentido do humor, o ritmo rápido e intenso, a xeografía urbana de Vigo, a poeticidade presente xa dende o título e a metanovela negra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Ollos moles”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 25 xuño 2006, p. 89.

Repásanse os principios da novela negra. En primeiro lugar, cítase a novela *Crime en Compostela* (1984) de Carlos Reigosa, do que se di que é un éxito de vendas inusual, pois o xénero negro está pouco desenvolvido no noso idioma. Dise que Xerais chegou a ter unha colección específica e houbo intentos por parte de Xosé Miranda, Aníbal Malvar, Suso e Xelís de Toro ou Bieito Iglesias, pero a novela negra seguía a ser un xénero moribundo. Dáse unha nova nómina de autores que están a dar vizo a este tipo de literatura: Diego Ameixeiras, Miguel Anxo Fernández e Manuel Forcadela. Incídese en que estes son creadores de personaxes fixos, detectives que son protagonistas xa de varios libros. Galaxia vén de publicar unha obra mestra no xénero, *Ollos de auga*, de Domingo Villar, que conta o asasinato dun saxofonista de ollos azuis e moles cometido na cidade de Vigo.

- Jaureguizar, “Ollos moles”, *Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 28 xuño 2006, p. 5.

Reflexiona sobre o esmorecemento da novela negra e apunta que con novelas como esta, ao lado de autores como Diego Ameixeiras, Miguel Anxo Fernández ou Manuel Forcadela, volve agromar. Tamén destaca que vai ser traducida ao español e ao italiano e puntualiza que o seu autor acada “un exercicio de xénero tan axustado ao modelo clásico como salientable”.

- Natalia Álvarez, “Ambientar a acción en Vigo foi unha terapia contra a morriña”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 172, “Entrevista”, 29 xuño 2006, p. III.

Entrevista na que Domingo Villar sinala que os seus referentes son Andrea Camilleri, James Elroy ou Vázquez Montalbán. Destaca que a súa última entrega está ambientada en Vigo, dado que el é desa cidade e para combater a morriña dende Madrid. Afirma que o inspector Caldas non é un heroe, senón un tipo corrente, destaca o humor da súa novela e conclúe anunciando que está a traballar noutra nova peripecia deste inspector tamén ambientada en Galicia.

- Carmen Alonso, “Bastante xente ven con nenos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 26 xullo 2006, p. 13.

Breve conversa na que o libreiro Pepe Díaz expón que o xénero que máis triunfa no verán é a narrativa e aconsella regalar textos de Manuel Rivas, Suso de Toro ou a novela *Ollos de auga*, de Domingo Villar.

- Xosé Carlos Caneiro, “Revelación”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 171, “Letras en Galego”, 29 xullo 2006, p. 11.

Reivíndícase a literatura que pode ser lida por nenos e maiores, salientándose a súa calidade fronte a da novela de ocio. Critícase o xénero da novela negra cultivado en Galicia, exceptuándose a novela publicada por Domingo Villar, *Ollos de auga*, da que se subliña a calidade e orixinalidade dentro do xénero. Cítase a novela de Suso de Toro, *Home sen nome*, mencionándose o seu intento por destacar. Remátase recomendando con vehemencia a lectura de *Tres vidas*, de Gertrude Stein .

- Vicente Araugas, “Novela moi negra”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 390, “Libros”, 20 agosto 2006, p. 20.

Fálase da contribución de Domingo Villar á novela negra, coa publicación da súa obra *Ollos de auga*. Sinálase que esta novela presenta o inspector Leo Caldas, quen tamén compaxina o seu labor policial co de locutor nun programa de FM. Así mesmo, explícase que se sitúa en Vigo, onde lugares e outros elementos son reais e recoñécíbeis. Destácase que o que fai aplaudir esta obra dentro do xénero da novela negra, é o final marcado por unha subida de tensión e atención.

- Manuel Vidal Villaverde, “Ollos de auga”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, nº 318, “Musas”, 24 setembro 2006, p. 44.

Fáiselle unha entrevista a Domingo Villar tras a publicación da súa obra, *Ollos de auga*. Sobre si mesmo, o autor di que é un escritor vigués da colleita do 71, afeccionado ao viño e que de rapaz era bulideiro e moi imaxinativo. Sobre o libro, di que comparte algunhas características co personaxe principal, o inspector Caldas. Tamén fala das dobres verdades e da dobre moral que se agocha na novela negra.

- José Teo Andrés, “Vigo da mucho juego para una novela negra”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 outubro 2006, p. 12.

Fálase da primeira obra do galego Domingo Villar, *Ollos de auga*, que vai pola segunda edición en galego (Xerais) e a cuarta en castelán (Siruela). Dise que a obra foi escrita orixinalmente en galego e máis tarde traducida ao castelán. Trátase dunha novela negra que ten como escenario Vigo, onde transcorre en lugares reais e facilmente recoñécíbeis para os lectores do lugar, e que ten como personaxe principal ao inspector Leo Caldas.

VV. AA., *Catro relatos: VIII Certame de narración curta Ánxel Fole*, Lugo: Concello de Lugo/Concellaría de Cultura e Turismo, 2006, 57 pp. (ISBN: 84-934842-3-7). ♦

Volume que recolle os catro relatos premiados na oitava edición do Certame de Narrativa Curta Ánxel Fole, dos cales dous están en galego e dous, en castelán. Consta ademais dunha presentación inicial a cargo da concelleira de Cultura e Turismo, Concepción Burgo López, e dunha breve biografía de cada un dos premiados, que se recolle na parte final. No primeiro dos relatos galegos, “O legado turbulento dos xemelgos Salinas” (primeiro premio), de Iván García Campos, nárrese a vida de dous irmáns xemelgos que, tras pasar os apuros da guerra, correrán distinto destino. Un marchará cara ás Américas, onde morrerá sendo o xefe dunha tribo, mentres que o outro ficará en Galiza, morrendo só e sendo enterrado nunha fosa común. No segundo dos relatos, “A muller que non comía” (segundo premio”, de Francisco Rozados, cóntase a vida de Dominga, unha muller que deixou de comer despois dunha febre tifoidea e soamente podía mollar os beizos con auga. Por mor disto, atopábase máis preto da morte que da vida, chegando a pensar ela mesma que xa estaba morta, pero, cando chegou o día, sóboo. Os relatos en lingua castelá, “Lo que hay que saber”, de Javier Pérez e “El valor del ser humano”, de José Manuel Moreno Pérez.

VV. AA., *XI Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López: Concello de Paradela: Premios de poesía e narrativa*, Lugo: Concello de Paradela, 2006, 83 pp. ♦

O Concello de Paradela publica os poemas e os relatos gañadores do XI Certame Literario (Poesía e Narrativa). Esta publicación está dedicada ao poeta de Paradela, Manuel Oreste Rodríguez López así como ao seu biógrafo, Manuel Blanco Castro. O libro comeza con varias dedicatorias aos citados anteriormente, as cales están firmadas por Xesús Mato, Xulio Xiz e Alfredo González Vilela. De seguido, aparecen as bases do Certame e a resolución do xurado. No xénero poético o gañador foi Restituto Núñez Cobos co poemario, *El haz y el enves*. Así mesmo, dada a calidade dos traballos presentados, o xurado acordou outorgar tres accésits. O primeiro deles foi para Juan Lorenzo Collado Gómez coa obra *Palabras de amor*. O segundo accésit foi para *Bandeira esfiañada* de Alba Cid Fernández. Por último, o terceiro accésit logrouno Isabel Oliver González, co poemario *Mujer de ébano*. Atendendo á narrativa, a gañadora foi a obra *Raiolas no fallado*, de Francisco Rozados Rivas. Tamén nesta categoría, outorgáronse dous accésits. O primeiro deles para Juan Lorenzo Collado Gómez coa obra *Casiopea* e, o segundo accésit para Francisco Piñeiro González, coa obra titulada *Os pétalos de Adila*.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Blanco Amor, Eduardo, *Os Biosbardos*, Vigo: Galaxia, Col. Literaria, Biblioteca Blanco Amor, abril 2006, 92 pp. (ISBN: 978-84-8288-914-1).

Segunda edición desta obra dentro da “Biblioteca de autor Eduardo Blanco Amor” da Editorial Galaxia que recolle unha serie de sete relatos de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897- Vigo, 1979) aparecidos por vez primeira en 1962 e que foron traducidos ao castelán, *Las musarañas*, no ano 1975. Comeza cunha “Xustificación” do propio autor na que sinala os libros que nacen das súas lembranzas de Auria, o período temporal no que se desenvolven as historias que se contan e o carácter autobiográfico que o autor lles imprime. A seguir, reproducense as diferentes narracións que compoñen o volume, cada unha das cales, xira en torno a un personaxe principal, sempre un neno ao que lle acontece algunha aventura. As historias titúlanse: “A arrasadeira”, “O noxo”, “O encalatro”, “Primeira comunión”, “Bartomeu i os biosbardos”, “O salvamento” e “O estreno”.

Casares, Carlos, *Os escuros soños de Clío*, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Carlos Casares, nº 14, decembro 2006, 110 pp. (ISBN: 978-84-8288-962-7).

Libro de relatos de Carlos Casares publicado por primeira vez en 1979. Trátase da primeira edición nesta colección que leva o nome do seu autor, na editorial Galaxia. Non presenta cambio ningún respecto de anteriores edicións.

Cunqueiro, Álvaro, *Xente de aquí ou acolá*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, Biblioteca Álvaro Cunqueiro, 2006, 195 pp. (ISBN: 978-84-8288-897-2).

Libro de relatos de Álvaro Cunqueiro, publicado por primeira vez en 1961. Trátase da primeira edición na colección “Literaria”, da editorial Galaxia. Non presenta cambio ningún respecto de anteriores edicións.

Díaz, Xoán Ramón, *A xeada negra*, Lugo: TrisTram, col. Manolo Meriño, xullo 2006, 232 pp. (ISBN: 84-89377-65-0).

Segunda edición desta novela de Xoán Ramón Díaz, publicada nesta ocasión dentro da colección Manolo Meriño, en que non se produce ningún cambio con respecto á anterior de 2003 da mesma editorial.

Fandiño Veiga, Xosé Ramón (ed.), *Lois Tobío. A nova vida*, introd. de Constanza Tobío, estudo de Luís Martul, estudo de Carlos Nuevo, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa, 2006, 158 pp. (ISBN: 84-8485-229-6).

Publicación da única incursión de Lois Tobío (Viveiro, 1960-Madrid, 2003) no campo da creación literaria. *A nova vida* é unha novela póstuma que a súa filla Constanza rescatou dun vello cartapacio que Tobío mantivera agochado durante anos. A edición está ao coidado de Xosé Ramón Fandiño Vega e preséntase cunha introdución escrita pola filla do escritor, Constanza Tobío, na que conta como se atopou co manuscrito desta novela xunto a outras carpetas con documentos antigos, unha obra da que seu pai nunca lle falara, pese a estar ao tanto da traxectoria profesional do seu pai. Analiza a posíbel data da escritura da obra tendo en conta sucesos que se narran nesta. Ademais, contén un estudo introdutorio da novela a cargo de Luís Martul Tobío, baixo o título de “*A nova vida*, a pasaxe da angustia á coraxe”. Neste estudo fala da temática da novela, que se sitúa no primeiro tercio do século XX, centrándose en conceptos claves para o entendemento desta como o renacer e autodestrución, a identificación e crise, e as viaxes, dentro de Galicia, o cruce do Atlántico e a chegada a América. A continuación Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro, escribe unhas liñas en relación coa obra, “*A nova vida* e Viveiro”, en que analiza a relación desta coa vila mariñá en canto á faceta localista, aos personaxes ou á redacción da obra no que a potenciar o galego se refire. A novela, relata a viaxe, real e metafórica, do protagonista Antón, que vai de Viveiro á Habana, unha viaxe que recolle elementos de tres viaxes distintas do autor. Antón, xa adulto, embárcase en Vigo con rumbo a América e, a partir de aí, conta os sucesos que lle acontecen como un relato de iniciación á vida e paso dun mozo á vida adulta. A chegada á Habana supón para o protagonista o comezo dunha nova vida. A novela narra acontecementos en clave autobiográfica como recordos do seu Viveiro natal, vivencias, sucesos e experiencias da súa adolescencia, descrições de personaxes locais, lugares, historias como a da bisvoa dona Carlota Pardo Vaamonde, e as do Ladrón Toribio, entre outras.

Recensións:

- Lois Tobío, “A emigración e a ficción”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 173, “Letras en galego”, 12 agosto 2006, p. 11.

Alusión á publicación pola editorial Edicións do Castro da novela inédita de Lois Tobío, *A nova vida*. Faise unha breve relación de cómo se atopou o manuscrito e considérase a obra como a primeira e derradeira aproximación do autor ao xénero de creación literaria. Detállase a liña argumental da novela e os contidos da publicación. Reivindícase a súa figura e o seu labor dentro da cultura galega e en contacto coas correntes internacionais.

- Paco López-Barxas, “Recuperación de Lois Tobío”, *Grial*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, p. 93.

Faise eco da que é considerada a única incursión literaria de Lois Tobío no eido das letras galegas, *A nova vida*, unha novela curta en clave autobiográfica. Realízase un repaso polas actividades deste autor no galeguismo, salientándose a súa participación na creación do Seminario de Estudos Galegos ou na elaboración do anteproxecto estatutario de Galicia. Sinálase que esta peza literaria foi descuberta poucas semanas despois do seu falecemento, no ano 2003, pola súa filla Constanza, quen nunha introdución sitúa a súa trama con posterioridade á primavera de 1939. Tamén se alude aos textos prologais de Luís Martul e do cronista oficial de Viveiro, Carlos Nuevo Cal, que enriquecen esta novela editada por Xosé Ramón Fandiño. Por outra parte, descóbrese o argumento d’*A nova vida* e sinálase que nela

“atoparemos ese relato costumista do Viveiro de comezos do século XX, así como esas estampas da infancia que condicionaron a propia evolución do narrador”.

Referencias varias:

- MARÉ, “... E a rosa floreceu para el”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 xuño 2006, p. 41.

Dá conta das declaracións de Constanza Tobío no acto que tivo lugar no Museo do Pobo Galego, en que a Consellaría de Cultura realizou unha homenaxe a Lois Tobío a propósito do Ano da Memoria. Trázanse unhas breves notas biográficas sobre o autor e anúnciase a próxima publicación, a cargo de Edicións do Castro, da novela inédita titulada *A nova vida*.

- A.N.T., “Lois Tobío homenaxeado no centenario do seu nacemento”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 30.

Anuncia diferentes homenaxes e recoñecementos previstos para honrar a figura de Lois Tobío, con diversos espectáculos musicais, teatrais e recitais poéticos. Dá conta polo miúdo do acto celebrado o 13 de xuño den Viveiro e apunta á próxima publicación da novela de Tobío *A nova vida*, ademais de reproducir fragmentos do discurso lido por Ánxela Bugallo na homenaxe.

Miranda, Xosé, *Historia dun paraugas azul*, 1ª edición 1991, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2006, 416 pp. (ISBN: 84-9782-413-X).

Reedición revisada da primeira novela de Xosé Miranda (Lugo, 1955) que saíra a lume por vez primeira en 1991 e coa que Miranda obtivera o premio de novela Manuel García Barros do ano 1990. Engade, con respecto á edición de 1991, catro epílogos que naquela ocasión foran suprimidos e que axudan a comprender mellor moitos dos enigmas formulados na obra. Estes epílogos nos que se presentan as crónicas da cidade murada de Liunamore, a resposta de Fión ao parlamento da cidade, a historia do revolucionario Lanzós da Laoga e a noticia de Ramiro Pimpín, axudan a complementar os mundos transfraguenses de Lino Carrán e Fión Nabarquela, personaxes principais desta novela coral. Ademais do dito, esta novela presenta a adaptación ortográfica á normativa lingüística aprobada en 2003.

Recensións:

- Xosé M. Eyre, “Volve Miranda co seu paraugas azul”, *A Nosa Terra*, nº 1.236, “Culturas”, 21-27 setembro 2006, p. 26.

Dáse conta da reedición acrecentada e corrixida da novela de Xosé Miranda, *Historia dun paraugas azul* (1991). Lémbrese a súa importancia dentro das letras galegas actuais tanto polos méritos dos seus recursos estilísticos coma do corpus de personaxes literarios que por ela desfilan. Reivindícase a figura do autor e invítanse os lectores nóveis a descubri-la e aos que xa a leron a facelo de novo.

- Xosé Miranda, “Carracha Parda”, *A Nosa Terra*, nº 1.225, “Enxeños e criaturas”, 1-7 xuño 2006, p. 34.

Fai referencia á reedición de *Historia dun paraugas azul* e comenta a obra partindo dun dos personaxes desta, o tirano Carracha Parda. Afirmar que a novela non é realista nin serve para entender o mundo, e non hai nela “trasunto nin presunto nin nada que teña que ver co unto”.

Rosales, Manuel (ed.), *Obras. Castelao I*, Vigo: Galaxia, col. Obras completas, 2006, 608 pp. (ISBN: 978-84-8288-338-0). ■

Terceira edición do primeiro volume das *Obras* de Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950), que reúne a súa produción literaria e sucede á segunda edición de 2003. O volume contén as seguintes obras: *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Retrincos*, *Os dous de sempre* e *Os vellos non deben de namorarse*. Ademais, compílanse no apartado “Prosas recuperadas” catorce textos breves e inclúese un conxunto de “Apéndices” integrado por escritos do autor publicados en diferentes xornais. A reprodución do conxunto de obras e textos enumerados vai precedida dun “Limiar” e duns apuntamentos referidos á edición dos textos que se presenta e ao seu proceso de elaboración, co engadido dos criterios adoptados. A este respecto, puntualízase que esta edición, a cargo de Manuel Rosales, está formulada dende unha perspectiva crítica e, por tanto, de respecto cara ao texto. O apartado introdutorio péchase cunha listaxe bibliográfica en que tamén se detallan as edicións e traducións previas de que foron obxecto as obras que aquí se reúnen.

I.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Amis, Martin, *A casa dos encontros*, trad. de Eva Almazán, Vigo: Galaxia, col. Literaria/Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, nº 1, 2006, 284 pp. (ISBN: 978-84-8288-951-1). ■

Primeira novela de Martin Amis traducida ao galego, no mesmo ano da súa primeira edición orixinal en lingua inglesa. A novela está constituída por unha epístola do narrador dirixida á súa filla Venus; o corpo da narración que se divide, á súa vez, en catro partes integradas por distintos episodios; e por outra epístola a modo de peche. Finalmente, engádese unha lista de “recoñecementos” do autor, na que se detallan as fontes bibliográficas consultadas. O argumento céntrase no triángulo de personaxes que forman dous irmáns, prisioneiros no *gulag* soviético de Predposilov, preto do Círculo Polar Ártico, e a muller que ambos os dous aman. A “casa dos encontros”, que dá título á novela, é o lugar onde os prisioneiros casados recibían as súas mulleres. É a partir da descuberta da voz narradora de que o seu irmán, Lev, está casado coa muller que este amaba, Zoia, que se inicia a andaina do fío argumental principal. O matrimonio entre Lev e Zoia provócalle a Lev importantes efectos: líbralo do seu constante tateo e conciénciao da necesidade de loitar pola supervivencia no *gulag*. Esta toma de postura fronte á súa situación no *gulag*, provocada en ambos a partir da influencia de Zoia, será ben distinta. Por unha banda, Lev amósase obediente e positivamente estimulado, é un

dos que máis traballa, acadando unha elevada produtividade e, consecuentemente, unha elevada ración de alimentos –que mesmo o fan engordar. Por outra banda, o seu irmán adopta unha actitude crítica e combativa, lidera as protestas para dignificar as condicións de vida e mesmo se enfronta aos cans máis salvaxes do campo. Esta distinción de actitudes e caracteres continuará cando saian do *gulag*, cando Lev abandone a súa esposa, e cando, pasado o tempo, o narrador atope a Zoia casada e vivindo cun artista do réxime, Ananias. O trato ben distinto que Lev lle deu a Zoia, abandonándoa cando a deixou de querer -e regresou o tatexo- do que lle deu o seu irmán, seducíndoa cando esta estaba casada con Ananias, son proba clara deste pretendido antagonismo. Esta oposición culmina no último capítulo da parte central da novela, “a carta de Lev”, onde se explican e observan os diverxentes motivos de cada un deles. En consecuencia, cada un dos irmáns representa un tipo, unha forma de ver e de facer, de ser e de construír a realidade. Dous puntos de vista que, ao seren construídos dende a voz dun deles, ten unha evidente intencionalidade de toma de partido que o autor pretende transmitir ao lector, na súa interpretación do que foi o pasado, do que é o presente e do que será o futuro da sociedade rusa. A través desta narración, que lle achega a Venus as vivencias do seu pai, faise unha crítica da sociedade rusa ao longo do tempo, aínda que, finalmente, parece transmitirse unha certa esperanza con respecto ao futuro.

Referencias varias:

- MARÉ, “O trasfego de ideas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 outubro 2006, p. 33.

Dá conta da creación dunha nova colección, Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, por parte da Concellaría de Cultura de Santiago de Compostela en colaboración coa Editorial Galaxia. Trátase dunha colección na que cada ano sairán catro traducións das últimas novidades europeas na narrativa, que se difundirán antes en galego que en castelán. Infórmanos que este ano, ademais da última gañadora do Premio Novela Europea do Casino de Santiago, *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, xa publicada, publicaránse *House of meeting*, de Martin Amis, *A pensión Eva*, do italiano Andrea Camilleri e *Die vermessung der welt* do alemán Daniel Kehlmann.

- Carmen Villar, “Galaxia e o Concello de Santiago traducen ao galego obras europeas”, *La Opinión*, “Cultura”, 20 decembro 2006, p. 55.

Infórmase de que a Editorial Galaxia acaba de inaugurar unha nova colección titulada Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, co obxectivo de que os lectores accedan ás obras actuais en galego. Indícase que os primeiros números publicados son *A casa dos encontros* de Martin Amis, *A medición do mundo* de Daniel Kehlmann e *Espertar a vida* de Andrea Camilleri.

- C.P., “Galaxia edita a última novela de Martin Amis antes de que se publique en castelán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 decembro 2006, p. 44.

Dáse conta da aparición, no catálogo da editorial Galaxia, dunha nova colección, “Biblioteca Compostela”, dedicada á tradución de literatura contemporánea. Anúnciase esta colección como o froito da colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a editorial viguesa coa intención de, en palabras do concelleiro de cultura compostelán, promover o

diálogo de culturas. Felicítase, ademais, pola publicación nesta colección da última novela de Martin Amis, *A casa dos encontros*, meses antes da súa aparición en castelán, e case ao mesmo tempo que a súa edición orixinal en lingua inglesa.

- Carmen Villar, “A nova obra de Amis é editada por Galaxia en galego, a primeira lingua á que se traduce”, *Faro de Vigo*, “Sociedade y cultura”, 20 decembro 2006, p. 32.

Felicítase pola aparición da última novela de Martin Amis, *A casa dos encontros*, en lingua galega, primeira lingua á que se traduce logo da súa publicación orixinal en inglés. Indícase que a súa publicación inaugura unha nova colección da editorial Galaxia, dedicada á literatura internacional. Dá conta doutros autores que, proximamente, aparecerán nesta mesma colección: Daniel Kehlmann, Kazuo Ishiguro, Andrea Camilleri ou Bernhard Schlink, entre outros.

- Carmen Villar, “Galaxia e o Concello de Santiago traducen ao galego obras europeas”, *La Opinión*, “Cultura”, 20 decembro 2006, p. 55.

Anúnciase o acordo de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a editorial Galaxia para a posta en marcha, dentro do catálogo desta editorial, dunha nova colección, a “Biblioteca Compostela”, dedicada á tradución de obras de literatura europea contemporánea. Recóllense as palabras do concelleiro de cultura compostelán, Néstor Rego, que expresa a súa vontade de que “o mellor da literatura internacional chegue aos galegos na súa propia lingua”. Pola súa banda, o director de Galaxia, Víctor Freixanes, aclara que esta aposta pola literatura internacional “non implica o abandono dos autores galegos”. Dáse conta, ademais, dos primeiros títulos da colección: *A casa dos encontros*, de Martin Amis; *A medición do mundo*, de Daniel Kehlmann; e *A pensión Eva*, de Andrea Camilleri. En canto á obra de Amis, destácase que a lingua galega é a primeira lingua á que se traduce, despois da súa primeira aparición en lingua inglesa.

- MARÉ, “Santiago, porta de futuro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 29.

Preséntase no Restaurante Casino, de Santiago de Compostela, a nova colección da editorial Galaxia, “Biblioteca Compostela de Narrativa Europea”, froito da colaboración da editorial viguesa co Concello de Santiago de Compostela. O director da editorial, Víctor Freixanes, dá conta da saúde do sistema editorial galega lembrando “que cada día se editan cinco títulos en lingua galega”. Neste contexto valora como positivo o “esforzo editorial” de Galaxia coa tradución. Pola súa banda, a persoa encargada da tradución d’*A casa dos encontros*, salienta que este xurdimento tradutor “demostra que se pode avanzar pola vía da tradución de novidades cara á normalidade sen necesidade de dramatismos”. O concelleiro de cultura do Concello compostelán, Néstor Rego, asegurou, pola súa banda, que era “un orgullo que unha colección de narrativa europea estea vinculada ó nome de Compostela”. Entre os lanzamentos previstos por Galaxia nesta nova colección atópase *A pensión Eva*, do escritor italiano Andrea Camilleri.

- Xosé Manuel Pereiro, “A literatura importada”, *El País*, “Lucas”, 22 decembro 2006, p. 39.

Comeza falando da publicación d’*A casa dos encontros* na colección Biblioteca Compostela de Narrativa Europea da Editorial Galaxia. Logo de referirse ás distintas editoriais que

publican traducións ao galego, comenta o mercado da tradución en Galicia. Moisés Barcia e Manuel Bragado ofrecen a súa opinión do tema e auguran, optimistas, un bo futuro para o campo da tradución.

- Xesús Fraga, “Un temperamento artístico non é un seguro contra a brutalidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 decembro 2006, p. 66.

Entrevista ao autor do libro, Martin Amis, con motivo da publicación da súa novela ao galego. Amis sitúa a obra na “resaca do primeiro período leninista” que define como “un abuso inmenso do poder do Estado”. Afirmar que a Rusia de hoxe non rematou co seu pasado, “non houbo unha revolución burocrática que limpase o sistema destas figuras autoritarias”. Recordando as fortes ditaduras que gobernaron Alemaña, con Hitler, e Rusia, con Stalin, ambos posuidores de “temperamento artístico”, di que “un temperamento artístico non é un seguro contra a brutalidade”. A lembranza do “amor ruso” que caracteriza aos personaxes da novela resúltalle a Amis coherente co que “pensaba Dostoievski de que os rusos toleaban por non poder ter nunca unha voz razoable na súa historia”. Falando do terrorismo islamista e das súas accións sobre occidente, o escritor pensa que “non é unha achega racional por parte dos islamistas, senón un culto á morte”, ademais, diferenza esta forma de violencia coa do terrorismo etarra cando aclara “que existen formas de dialogar con ETA que non son viábeis cos islamistas. Porque non hai unha compoñente sobrenatural no que ETA quere”.

Auster, Paul, *Brooklyn Follies*, trad. de Eva Almazán, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 227, 2006, 328 pp. (ISBN: 84-8288-900-1).

Novela do escritor neoyorquino Paul Auster (New Jersey, 1947) publicada ao mesmo tempo en castelán e galego e desenvolvida nun contorno xa clásico dentro da obra do autor: a cidade de Nova York e o barrio de Brooklyn. A historia transcorre como un camiño de redención dun conxunto de personaxes cunha coita interna que os oprime e que lles impide respirar, e mesmo vivir. O personaxe que soporta o fío principal da narración, Nathan Glass, dá boa conta disto dende o comezo da novela, cando confesa que a súa chegada a Brooklyn fora o resultado dun proceso de busca dun “lugar tranquilo onde morrer”. Ao seu sentimento de íntima desesperanza, vanse sumando un conxunto de personaxes distintos dende a súa chegada ao barrio até case ao final da obra. A trama defínese por unha progresiva sucesión de pequenas historias que incorporan ou despiden a personaxes responsábeis, en último termo, de determinar o sempre azaroso destino dos personaxes que forman o fío continuo da narración. O estilo bota man da ironía e o sentido do humor para dar forma a unha moi heteroxénea tipoloxía de acontecementos que van dende a morte trágica, a vinganza ou o asasinato, até o romanticismo idílico ou o amor racional. A linguaxe é sinxela, clara e directa, construída a partir de frases, na súa meirande parte, simples ou curtas. *Brooklyn Follies* preséntase, entón, como un camiño de redención e reconstrución íntima dunha multitude de personaxes feridos por unha realidade da que viven prisioneiros e dentro da cal se atopan a desgusto. Ao remate do camiño, non obstante, o azar deixará aos personaxes nunha nova realidade, redimida e aberta á esperanza, se ben coa escéptica retroalimentación de sabermos que toda a historia que queda detrás da contracapa pertence a un mundo previo á derrota de Al Gore e da dramática realidade que lle sucedeu a Nova York e a Brooklyn, como ocasionalmente deixa entrever a omnisciente voz narradora.

Recensións:

- Eva Almazán, “Prezado señor Auster. Carta ao autor de *The Brooklyn Follies* da súa tradutora para o galego”, *Viceversa*, nº 12, “Traducións xustificadas”, 2006, pp. 151-158.

Análise que a tradutora da obra de Paul Auster *Brooklyn Follies* fai da súa tradución ao galego en formato de carta ao autor. Comeza referíndose á triloxía *The New York Trilogy* e o contexto en que se publica a tradución da novela para, a continuación, referirse á crecente profesionalización da tradución no sistema literario galego, o papel que nel ocupa a figura do tradutor e a relación tradutor-autor. Ilustra logo a través de diversos exemplos algunhas decisións tomadas á hora de traducir certos pasaxes da obra e as dificultades coas que o tradutor se pode atopar. Remata cunha alusión a outras cuestións que cataloga de non menos importantes, como o tratamento ti/vostede, o termo “just” ou a microtoponimia neoiorkina, xustificando a ausencia por cuestións de espazo.

- Helena Miguélez-Carballeira, “Un voto polo dereito á renovación”, *Grial*, nº 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 106-107.

Coméntase a obra de Paul Auster, *Brooklyn Follies*, a segunda obra do autor que se traduce ao galego. Dise que a novela se desenvolve no barrio de Brooklyn de Nova Iork onde vive os seus últimos anos o protagonista Nathan Glass. Destácase o labor da tradutora Eva Almazán para este e outros libros do autor na Colección Literaria de Galaxia. Dise que na novela se mesturan idealismo e realismo e se analizan as emocións humanas das principais figuras masculinas e a relación pai-filla que vive o protagonista. Por último coméntase que a novela non é unha variación na traxectoria literaria do autor pero si que é un texto agudo e enxeñoso.

- Manuel Xestoso, “Brooklyn Follies, sutil reflexión disfrazada de comedia”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 27.

Lémbrese a definición que a crítica norteamericada fixo de Paul Auster como escritor “posmoderno” e a vinculación desta etiqueta cun estilo autoral de concatenación de pequenas historias, de distintas pezas unitarias de realidade. Analízase tamén a relación que existe na novela entre a trama principal e a realidade posterior ao 11 de setembro do 2001, se ben se define esta asociación como “oblicua”. Dise que “un dos grandes praceres que ofrece esta novela” é o de “deixarse levar a través das intrincadas reviravoltas argumentais pola espléndida prosa de Auster”. Cualifícase a capacidade narrativa do autor, de feito, como a dun “mestre impecábel e que no seu oficio non admite contestación”. Neste sentido, afirmase que as pequenas historias que se concatenan en *Brooklyn Follies* “resultan tan ricas e convincentes que a penas nos decatamos de que, durante unha boa parte do relato, a trama dá a sensación de non ir a ningures”. Na avaliación global da obra dise que é “unha das súas mellores novelas. Un libro que, baixo a súa aparente sinxeleza, brinda unha inmejorable oportunidade para a reflexión sobre a verdade que escintila nos mínimos incidentes cotiáns. Unha lección altamente interesante”.

- A.R., “Brooklyn Follies”, *Tempos Novos*, nº 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 81.

Sinala que Brooklyn é un bo lugar para morrer, así como para o amor, a amizade sen reservas

e a paixón. Comenta que *Brooklyn follies*, á última novela de Paul Auster, “indaga nos límites da vida ás portas da morte” e felicita á editorial Galaxia por esta tradución.

- Dolores Martínez Torres, “Música do azar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 8 xuño 2006, p. 5.

Coméntase que “repite Paul Auster en *Brooklyn Follies* a súa recoñecida receita literaria” de heteroxénea e fluída rede de destinos que se entrecruzan. Fálase duns personaxes “incómodos co seu presente e lastrados, tamén, por un pasado de miseria e desencanto” até que ao final “o azar tira os dados, ordena o caos e, de cando en vez, como nos contos de fadas concede regalos”. Dise que a trama é previsíbel, “nutrida de anécdotas diversas e meta-realidades” que perfilan, cun ritmo irregular, un relato de costumes nos Estados Unidos previos aos atentados de Nova York. Anótase que, aínda que ao remate da novela todo parece recobrar un equilibrio, cun sorriso de optimismo, o saberse nos momentos previos ao 11 de setembro remata, tras a intervención do azar, cos contos de fadas.

Referencias varias:

- MARÉ, “Comezar de novo en N.Y.”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 febreiro 2006, p. 38.

Anótase que esta novela se publica ao mesmo tempo en galego ca en castelán e catalán, un feito cualificado de “milagroso” e consecuencia da aposta da súa editorial Galaxia, por “competir co castelán na tradución de obras de actualidade”. Recórdase o paso do autor por Santiago de Compostela, con motivo da súa recepción do Premio San Clemente correspondente ao ano 2001. Anótase a presenza, dentro da novela, dalgúns dos elementos máis característicos do imaxinario estadounidense, “entre eles a liberdade de escoller o propio destino e a capacidade para rexurdir logo do fracaso”. Dise que, coma no resto da súa obra, o autor xoga aquí “coas referencias literarias e co valor da literatura para redimir as persoas”. Caracterízase o mundo de Paul Auster, finalmente, como “rexido polo azar, os bruscos cambios de rumbo, as decisións que cambian unha vida de golpe e a busca dun camiño” característico de todos os seus personaxes.

- Xosé Carlos Caneiro, “Consolación”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 155, 1 abril 2006, p. 12.

Dentro dun artigo no que se comentan distintos feitos e produtos culturais, cítase *Brooklyn Follies*, a última de Paul Auster, que sae en Galaxia ao mesmo tempo que en español ou catalán. Sinálase que se trata dunha “historia triste e plena de esperanza do Auster máis lúcido, irónico, sabio, paradóxico, hábil e divertido”.

- Pedro Rielo, “As segundas oportunidades de Paul Auster”, *Galicia Hoxe*, “Tempus fugit”, 14 abril 2006, p. 4.

Caracterízase ao autor norteamericano como europeo, urbano e naif, creador de historias universais que transcorren en “barrios-nacións”. Neste marco, introdúcese a *Brooklyn Follies* como unha novela que traspasa fronteiras a través dun “argumento sólido e sinxelo”, uns personaxes que “adoitan ter segundas oportunidades” e que dispoñen “dun sentido fraternal

que os leva a facer todo o posíbel por axudar”. Afírmase, ademais, que “o universo de Auster é amplo pero, ao mesmo tempo, recoñecíbel” e caracterizado por unha narrativa que constrúe “unha maraña de historias, enfiadas unhas detrás das outras que nos levan vadiando polo transbordador de Staten Island, Queens ou por onde as palabras son beliscos de madrugada”.

- Xesús Fraga, “As traducións atopan unha boa acollida no mercado galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 14 abril 2006, p. 38.

Saliéntase a boa acollida e altos niveis de vendas que teñen as traducións de obras clásicas e bestsellers, como *Brooklyn Follies* ou *Seda*, ao galego ou catalán, e especialmente na literatura infantil e xuvenil. Faise eco de vindeiras publicacións en lingua galega como *Cruceiro de Verán* de Truman Capote.

- Xosé Carlos Caneiro, “Cando a cultura navega mar adentro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 157, “O escritor do mes”, 22 abril 2006, p. 12.

Alén de contárense distintas cuestións relacionadas coa cultura, noméase a novela de Paul Auster, *Brooklyn Follies*, que é definida como “loureiro no meu sofá de lectura” en canto é “toda luz, esta novela de Auster. O texto é actual, irónico, reflexivo. E repetido: Auster é unha repetición constante. Escaso de metáforas, austero lingüisticamente e clarividente na profusión ideolóxica”. Lóase, ademais, a tradución ao galego de Eva Almazán, cualificada de “impoluta e rigorosa: non se nota”.

- Pedro Rielo, “Auster, corsario da palabra”, *Galicia Hoxe*, “Tempus fugit”, 2 xuño 2006, p. 4.

Lóase a capacidade de Paul Auster para ir “tirando do lector con cada páxina, mantendo esperta a curiosidade” sexa cal sexa a historia que trace. Caracterízase a lectura das súas obras como dunha “viaxe por unhas paisaxes urbanas moi recoñecíbeis, palpábeis e das que non é doado marchar”. Dise que os personaxes afrontan o azar como unha rebelión contra o seu destino, como un elemento determinante “para dar un xiro ao seu día a día, fartos de que non aconteza nada extraordinario” sendo, entón, capaces de “tronzar a orde das cousas, non dubidando en percorrer medio país cun Saab vermello”. Felicítase, ademais, pola concesión a Auster do Premio Príncipe de Asturias das Letras “por moitas razóns: por ter dende rapaz un bolígrafo a man, por camiñar entre a incerteza do cotián, por ser contemporáneo; un escritor dos nosos días, sen dúbida un dos nosos, e por cen razóns máis”.

Baricco, Alessandro, *Seda*, trad. de María González Piñeiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 2, 2006, 112 pp. (ISBN: 84-934801-1-0).

Nárrase a historia de Hervé Joncour, un mozo francés do século dezanove afincado na vila de Lavilledieu que dedica o seu tempo ao negocio da seda: posúe, como case todos os moradores do pobo, un criadeiro de vermes. O personaxe ve transcorrer a súa vida dun xeito contemplativo e tranquilo, sen que a inqueda existencial afogue a pracenteira harmonía da súa relación con Hélène, a súa dona. Pero todo este cadro equilibrado vai verse rachado cando unha agresiva epidemia asole os criadeiros europeos e Hervé sexa designado para emprender unha longa viaxe ao Xapón, á procura de ovos sans. O encontro coa máxima autoridade do

exótico lugar, Hara Kei, e sobre todo o feitizo da misteriosa rapaza que o acompaña sempre, farán que o protagonista non teña máis remedio que fuxir da súa cápsula de pasividade e mergullarse definitivamente nos vaivéns vitais. Dende ese momento, a viaxe anual á afastada illa converterase no feito inexcusábel que mantén a Hervé con vida. O volume está dividido en sesenta e cinco capítulos numerados e moi breves, de pouco máis dunha folla de extensión. A instancia narrativa englobase dentro do marco da omnisciencia tradicional, se ben non existen longas exhibicións do coñecemento psicolóxico do personaxe, cecais porque o propio Hervé está concebido como unha personalidade bastante simple e sen excesivas complicacións. Existen certas reiteracións que aparecen de modo cíclico e achegan un carácter épico ao narrado. Iso sucede, por exemplo, coa reprodución case literal dos datos contextuais do narrado (o momento histórico no que a ficción se desenvolve) ou os precisos avatares que conleva a viaxe ao Xapón. O estilo caracterízase pola concisión e a sinxeleza no tocante ao vocabulario e aos recursos artísticos. Porén, a vontade estética é ben tanxíbel nas repeticións devanditas e, sobre todo, na disposición tipográfica da páxina. Alessandro Baricco (Turín, 1958) emprega frases curtas, ailladas da paisaxe visualmente monótona do párrafo, para resaltar aqueles feitos de gran relevancia para o transcurso da acción. A descrición dos lentos e fascinantes movementos da moza oriental acompásase co ritmo pausado de frases semellantes a versos insertos dentro da novela.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Dos nuevas editoriales amplían el horizonte de las letras galegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 8 xaneiro 2006, p. 40.

Faise referencia á creación de dúas novas editoriais: Rinoceronte Editora e Edicións da Rotonda. A primeira ten como obxectivo realizar traducións de obras actuais ao galego e o seu director, Moisés Barcia, comenta que os primeiros volumes que sairán ao mercado son *O bosque dos raposos aforcados* do finlandés Arto Paasilinna e *Seda* do italiano Alessandro Baricco. Pola súa banda, Edicións da Rotonda, dirixida por María Yáñez, dedícase á publicación de textos galegos en internet e a primeira obra que colgaron na páxina foi *O home inédito* de Carlos G. Meixide.

- S.J., “A viaxe na busca da ‘Seda’ pode facerse agora en galego”, *El Progreso*, “Cultura”, 5 febreiro 2006, p. 81.

Citando un relato do autor sobre a xénese desta obra, anuncia a publicación da versión galega de *Seda*. Indica que a novela foi traducida a dezasete idiomas e comenta brevemente o seu argumento. Finaliza ofrecendo unhas breves notas sobre a traxectoria de Alessandro Baricco.

- Xesús Fraga, “As traducións atopan unha boa acollida no mercado galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 14 abril 2006, p. 38.

Saliéntase a boa acollida e altos niveis de vendas que teñen as traducións de obras clásicas e bestsellers, como *Brooklyn Follies* ou *Seda*, ao galego ou catalán, e especialmente na literatura infantil e xuvenil. Faise eco de vindeiras publicacións en lingua galega como *Cruceiro de Verán* de Truman Capote.

Barnes, Julian, *Arthur e George*, trad. de Xesús Fraga, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 5, 2006, 423 pp. (ISBN: 84-934801-5-0).

Primeira novela de Julian Barnes (Leicester, Inglaterra, 1946) traducida ao galego. A estrutura da novela constrúese de forma progresiva, segundo evoluciona a trama, a partir das relacións que van tecendo os dous, aparentemente antagónicos, personaxes principais. Igualmente, a estrutura vólvese máis complexa e densa coa aparición de novas subtramas, sempre a partir de personaxes secundarios que, de forma inextricábel, se van relacionando ben con Arthur ben con George. Ao final da novela, a estrutura queda determinada como un conxunto de relacións distintas, entre personaxes diversos, cuxo sólido nexos de unión se atopa no tema principal da novela: a crítica a unha sociedade inglesa vitoriana enchida de prexuízos. Así, pódese afirmar que a estrutura da novela busca dar forma, do xeito máis fiel posíbel, aos distintos e, ás veces, antagónicos mundos dunha sociedade heteroxénea e diversa, así como aos personaxes que conforman e discorren por cada un deses mundos. O ton está cargado dunha forte ironía, proveniente as máis das veces dun marcado sentido do humor negro. O estilo discorre de forma diversa en distintas partes da novela. Un cambio que se xustifica, ao tempo, na complicada estrutura e no moi distinto tratamento de cada un dos personaxes. O espazo, por estrutura, temas e argumento, determínanos o conxunto da sociedade inglesa e, xa que logo, o conxunto de Inglaterra, polo que quedan perfectamente entrelazados os distintos escenarios utilizados. A voz narradora, omnisciente, permite que os personaxes, en moitos puntos, determinen o sentido e os motivos das súas eleccións e accións a través do diálogo. Se ben a voz narradora está presente na forma de introducir a cada un deles, a través dun capítulo nominal, e ten un control absoluto do seu devir, a través do desenvolvemento dos fíos da estrutura narrativa. De forma máis clara, isto faise visíbel na presentación antagónica e distinta dos dous personaxes principais que, con breves capítulos alternos, van amosando as súas diferenzas. O tema principal é, como se dixo, a crítica social dunha Inglaterra enchida de prexuízos: o racismo, a falta de ética, a incoherencia moral, etc. Pódese considerar o trato de cada un destes prexuízos como un tema secundario. Igual trato poden recibir os temas que van aparecendo ao longo das distintas subtramas que caracterizan aos personaxes secundarios: o amor, a xustiza ou a perda de certezas froito do linchamento social. O argumento parte da presentación de Arthur Conan Doyle e George Edalji, das súas vidas distintas, das súas formas de ser e de pensar practicamente opostas, burgués e bastante alleo aos pensamentos relixiosos, un, fillo dun pastor anglicano de orixe parsi, outro. Distintos acontecementos estraños, sucedidos na pequena vila de Great Wyrley, precisan un culpábel e este é o gris e taciturno avogado George Edalji. A inocencia reclamada por el chama a atención dun médico londinense, que decide ir no seu auxilio comezando a súa propia investigación. A investigación sacará a flote os verdadeiros motivos que existen non só para declaralo responsábel, mais tamén para que sexa el, e non outra persoa, á que se lle adxudiquen os presuntos valores negativos que alguén capaz de facer tales accións posúe. Asítese, entón, a distintos procesos que transcorren de forma paralela: a investigación de Arthur, a crise de George en canto non comprende os motivos reais da súa sentenza, os xuízos sociais aos que se someten cada un dos dous personaxes -así como as súas accións, e o amor como mecanismo para afrontar a presión social. Sendo o argumento a novelización dun feito real, a obra introduce fragmentos de xornais da época, títulos de ensaios ou mesmo a portada dun libro, que contribúen a compatibilizar estrutura e argumento no retrato crítico da sociedade hipócrita á que sobreviven e contra a que loitan, cada un á súa moi diferente maneira, Arthur e George.

Recensións:

- César Lorenzo Gil, “Arthur e George’ e outras alegrías para os ollos”, *A Nosa Terra*, nº 1.236, “Cultura”, 21-27 setembro 2006, p. 25.

Celebra que a empresa editorial Rinoceronte decidise traducir, por primeira vez, unha obra de Julian Barnes ao galego. Comenta o éxito editorial que a novela tivo no seu país, Inglaterra, e o senlleiro que resulta a súa aparición en lingua galega só uns meses despois de publicada orixinalmente en lingua inglesa. Sitúa a Julian Barnes como membro dunha xeración que, xunto a outros escritores como Martin Amis, renovou a literatura inglesa. Destaca do libro o feito de decidirse pola inglesa vitoriana como marco social e literario da obra.

- Ramón Loureiro, “Julian Barnes, en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 180, “Letras en Galego”, 30 setembro 2006, p. 11.

Elabórase unha extensa reflexión sobre o complicado papel da tradución como mecanismo de comunicación entre as distintas tradicións literarias para gabar o labor desenvolvido pola persoa responsábel desta tradución, Xesús Fraga. Resúmese a opinión sobre a novela dicindo que esta é unha “gran novela sen perder os matices que tantas veces resultan imprescindíbeis para entender non só o que se conta, senón por qué e para quen”.

- Manuel Xestoso, “Culpabilizar a vítima”, *A Nosa Terra*, nº 1.238, “Cultura”, 5-11 outubro 2006, p. 27.

Dise que, dende as primeiras páxinas, se observa que Barnes é “un sensacional narrador”, pois trátase dun “deses novelistas procedentes da fecunda tradición británica que combina intelixencia e elegancia para crear un relato sutil e pulcramente contido sen renunciar aos encantos dunha intriga irresistible”. Coméntase que a historia é “a novelización dun suceso real” e anótase a “fascinante” caracterización dos dous personaxes principais a través de capítulos breves e alternos. Destácase a existencia de “soterradas estruturas paralelas entre as dúas historias” e como así consegue Barnes “que cada peza encaixe perfectamente no conxunto”. Fálase tamén da “elaborada panoplia de rexistros que van dende o drama xudicial até o xénero policíaco, pasando pola biografía e o deliberadamente anacrónico romanticismo dun curioso asunto amoroso”. Faise mención, entre os seus temas, ao da descrición “das sociedades acovardadas” que culpabilizan ás vítimas, para o que Barnes describiría os “mecanismos que acompañan á busca do linchamento dun chibo expiatorio que desvíe a atención dos auténticos problemas que deben afrontarse”. Opínase, finalmente, que “esta é unha novela que non hai que perderse, un espléndido agasallo para os sentidos e para a intelixencia”.

- Montse Pena Presas, “Magnífico Barnes”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 182, “Libros”, 2 novembro 2006, p. 5.

Comenta o imaxinativa que resulta a presentación orixinal dos dous personaxes protagonistas, a través de breves referencias alternas, capaces de amosar o seu antagonismo. Destaca a elección da Inglaterra vitoriana como marco social da obra e sobrancea o feito de que sexa Sir Arthur Conan Doyle o elixido como narrador omnisciente da historia. Anota a existencia duns

“fíos invisíbeis” que son capaces de unir a Arthur e a George e, con isto, poñer en común dúas biografías tan distintas. Dos personaxes sinala que “a maxia que agroma do seu imaxinario ao colocar ao redor deles uns caracteres ben definidos (...) non fan senón mostrar o grande coñecedor da condición humana que é [Barnes]”. Recolle como feitos destacados a “coidadosa ambientación” e temas como “a crenza, o amor, o orgullo, os prexuízos ou a culpabilidade”. Fai especial mención tanto do coñecemento da realidade inglesa como do gran labor da persoa responsábel da tradución, Xesús Fraga.

Beckett, Samuel, *Molloy*, trad. de Anxo A. Rei Ballesteros, Vigo: Galaxia/A Coruña: Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos Universais, 2006, 226 pp. (ISBN: 978-84-8288-938-2 (Galaxia)/84-96494-75-6 (Fundación). ■ ◆

Primeira tradución desta obra de Samuel Beckett (1906-1989), publicada orixinalmente en 1959. A estrutura desta novela vaise desenvolvendo a medida que o personaxe principal, Molloy, vai reconstruíndo a súa propia historia. Este feito evidénciase xa no arranque da novela: “Estou no cuarto da miña nai. Son eu quen agora vive aquí. Non sei como dei chegado”. A desorientación do personaxe principal supón a razón para o inicio dunha exploración exterior, na reconstrución da súa historia, e interior, na procura da razón pola cal existe. Esta mesma exploración iníciiaa o personaxe de Moran, un detective privado, que, contratado por algún anónimo, inicia a busca de Molloy e, polo mesmo camiño, a do seu propio interior. A observación das súas dificultades, da forma de afrontar as súas eivas nesa busca, a de facer fronte aos obstáculos que se lles presenta, así como o camiño de decrepitude que cada un recorre, constitúen a esencia fundamental da novela. A esencia narrativa da novela é unha busca, que ten distintos motivos, dependendo do personaxe, Molloy ou Moran, e do tipo de busca, pero que ten o seu cerne na procura existencialista da razón e do motivo da vida humana. A reconstrución do pasado, forma parte tamén dun proceso de construción do futuro. Os personaxes poderán seguir vivindo en canto atopen os motivos de estaren onde están, facendo o que fan. A escrita aparece como un dos métodos desa busca. Molloy explora o seu pasado escribindo para si, e Moran dá conta da súa busca de Molloy (e do seu fracaso) escribindo informes. Por outra banda, en ambos os casos as eivas físicas e o patetismo polo que transcorren Molloy facendo a súa busca primeiro en bicicleta, despois en muletas e logo reptando, e Moran abandonando a súa busca por causa do seu empeoramento físico son factores fundamentais para comprender o fracaso final. Pois ao remate da novela todas as preguntas abertas seguen estando, inconclusas, ou ben teñen a resposta, desesperada, de que non hai resposta. O patetismo final de ambos é metáfora da descuberta, desesperada, de non teren motivos para a súa vida.

Boccaccio, Giovanni, *Decamerón*, trad. de Moisés Barcia, prólogo de Álvaro Cunqueiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera, nº 1, 2006, 750 pp. (ISBN: 978-84-935375-0-0).

Primeira tradución ao galego da obra clásica de Giovanni Bocaccio (1313), publicada pola editorial canguesa especializada en traducións, Rinoceronte, dentro da súa colección dedicada a obras clásicas, Vétera. A edición inclúe, por orde de aparición na obra, un limiar, a cargo de Moisés Barcia; un prólogo, a cargo de Álvaro Cunqueiro (cuxa elaboración está datada en 1976) onde se repasan as liñas xerais da vida e a obra do autor florentino; e un apartado que,

denominado “Esta tradución”, onde se explican de forma xeral os criterios seguidos para o vertido do texto á lingua galega. No referido estritamente á obra narrativa, a súa estrutura componse dun proemio, de dez partes análogas ou xornadas, e dun “conclusión do autor” que dá peche e final á obra. No “proemio” o autor explica o seu contexto de elaboración –a peste que asolou Italia e, en concreto, a zona florentina, no 1348-, e os motivos que o levan a escribila. Na ‘conclusión do autor’ faise unha defensa xeral do traballo autoral na creación (que non invención) dos cen contos que se conteñen no cerne da obra, e cúrase en saúde das posibles queixas sobre as presuntas “licenzas” que se tomou o autor, así como daquelas opinións “que digan que hai aquí algúns [contos] que sería mellor que non estivesen”. O argumento parte da viaxe que dez persoas, sete mulleres (Pampinea, Fiametta, Filomena, Emilia, Lauretta, Neifile e Elissa, segundo a orde dada na propia obra) e tres homes (Pánfilo, Filóstrato e Dioneo, por idéntico criterio) –xunto coa súa servidume, coñecidas entre elas a través de lazos diversos, emprenden dende Florencia, sen un rumbo fixo, coa única intención de esquecer as penurias sufridas. Este esquecemento quérese que chegue a través da diversión e a alegría, da que forma parte, xa dende a primeira xornada, e sempre coa chegada do solpor, a quenda de contos que cada un dos viaxeiros lle debe contar aos demais. A estrutura xeral da obra está, por tanto, directamente ligada a este argumento dende que se divide en dez partes ou xornadas, que é o total de días que dura a viaxe destes personaxes –até que deciden tornar a Florencia. Cada xornada ten, ademais, unha estrutura idéntica ás demais: cunha introdución na que a voz narradora dá conta dos detalles precisos da viaxe de cada día, seguida polo conto correspondente a cada un dos viaxeiros, e rematada por unha conclusión que explica o final de cada unha das xornadas coa chegada do luar. Destaca tamén o feito de que dentro de cada fragmento narrativo a voz autoral elabore un breve encabezamento que, en liñas xerais, sintetiza e resume o contido de cada peza. A gran variedade que representa o centenar de contos contidos na obra, atopa a súa unidade na vontade autoral expresa de facer destas pezas “unha planicie belísima e deleitosa”, contos dun ton positivo que permitisen superar o pésimo recordo da peste que asolagou a rexión toscana no 1348. Deste xeito, as múltiples historias e as personaxes que aparecen no libro responden sempre a un ton humorístico, correspondente cun estilo que vai dende o humor negro até a ironía, pasando pola picaresca que amosan certos contos. En canto ao seu estilo, a oralidade das narracións exprésase no uso intenso do diálogo, no retrato pouco preciso e a caracterización grotesca das personaxes, e na recreación de argumentos característicos do medio oral. No tocante aos temas, descritos dende a picaresca e o sutil erotismo –na súa meirande parte, xiran maioritariamente sobre as relacións home-muller, a confusión de papeis, ou as relacións desequilibrada de poder e as consecuencias que se poden dar dentro delas. O conxunto da obra, entón, preséntaselle ao lector como unha viaxe na que as personaxes queren fuxir de negros recordos a través da alegría de pequenas historias. A posición da voz autoral, moito máis que para distribuír as palabras e reproducir os contos, posúe tamén un labor de creación que se deixa ver continuamente. O espazo de todas as narracións, así como da voz narradora, son as terras toscanas nas que se insire e forma parte a vila florentina, escenario do libro; polo que existe tamén unha unidade relativa neste punto. O tempo, por contra, non se precisa en case que ningún conto –con referencias relativas a personaxes, non a épocas-, elemento este que garda coherencia coa esencial oral das narracións. O *Decameron* pretende ser, en canto obra total, unha viaxe de rexeneración que axude, aos personaxes así como á voz autoral, ou aínda aos lectores, a reconstruírse logo dos sufrimentos padecidos pola Peste. Un transfundo dramático que se pretende superar, mesmo evadir, a partir dun conxunto de relatos cargados de humorismo e que a voz autoral recolle e dá forma, a través da súa función narradora.

Camilleri, Andrea, *A pensión Eva*, trad. de Carlos Acevedo, Vigo: Galaxia, col. Literaria/Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, nº 2, 2006, 152 pp. (ISBN: 978-84-8288-824-8). ■

Primeira novela de Andrea Camilleri (Porto Empedocle-Sicilia, 1925) traducida ao galego. Estrutúrase en cinco capítulos e, logo do seu remate, presenta unha “nota” do propio autor, na que di que esta novela responde a “unhas vacacións narrativas que quixen coller ante a inminencia dos oitenta anos”, ademais de definila como “incualificábel”. En canto ao primeiro capítulo, “Gradus ad Parnassum”, serve de presentación do personaxe principal da narración, Nenè, e do lugar que vai supoñer o eixe espacial da novela, a Pensión Eva, así como dalgúns dos personaxes secundarios. O segundo capítulo, “O embarque para Cítrea”, trae o espertar sexual de Nenè, os escárceos amorosos coa súa curmá, e a súa primeira experiencia sexual coa nai dun dos seus mellores amigos na súa casa de Cítrea. O terceiro, “Á sombra das raparigas en flor”, converte as relacións sexuais en relacións de amor, un paso máis cara á madurez do personaxe de Nenè, dentro do tempo lineal da narración. O cuarto capítulo, “prodixios e milagres”, rompe co fío anterior, deixa de lado o personaxe de Nenè para centrarse nas relacións das señoritas, que pola Pensión Eva pasaron, cos seus clientes, así como na natureza prodixiosa ou milagreira dalgunha desas mulleres. O quinto e último capítulo, “unha temporada no inferno”, refírese á chegada da guerra á localidade de Nenè, ás consecuencias devastadoras deste acontecemento para a súa madurez, así como á final destrución da Pensión Eva, con tódalas experiencias e lazos que os habitantes do lugar tiñan relacionados con ela. A voz narradora é omnisciente e o uso do tempo é lineal, non existindo máis ruptura temporal que a que, dentro da madurez de Nenè ou doutros personaxes da historia, representan cada un dos capítulos. O espazo, ao xirar sobre o eixe da Pensión Eva, non permite maior flexibilidade que a da localidade na que se atopa, así como os seus arrabaldes. No que respecta ao seu estilo e ton, trátase dunha lectura fluída e liviá, descritiva, sen dúbidas ou conflitos interiores; e na que o intenso uso do diálogo achega unha clara oralidade. Os personaxes trázanse con liña gorda, pois, a pesar de que Nenè soporta unha parte importante da trama, é a Pensión Eva e sobre o que a súa presenza supón na vida dos habitantes o pivote principal da narración. O tema central está relacionado coas moitas formas de entender e vivir as relacións sexuais e as relacións amorosas, mentres que un importante tema secundario, se ben presente só no último capítulo, é a guerra como motor de destrución das relacións que se mantiñan ao redor da Pensión.

Referencias varias:

- Carmen Villar, “A nova obra de Amis é editada por Galaxia en galego, a primeira lingua á que se traduce”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 20 decembro 2006, p. 32.

Felicítase pola aparición da última novela de Martin Amis, *A casa dos encontros*, en lingua galega, primeira lingua á que se traduce logo da súa publicación orixinal en inglés. Indícase que a súa publicación inaugura unha nova colección da editorial Galaxia, dedicada á literatura internacional. Dá conta doutros autores que, proximamente, aparecerán nesta mesma colección: Daniel Kehlmann, Kazuo Ishiguro, Andrea Camilleri ou Bernhard Schlink, entre outros.

- Carmen Villar, “Galaxia e o Concello de Santiago traducen ao galego obras europeas”, *La Opinión*, “Cultura”, 20 decembro 2006, p. 55.

Infórmase de que a Editorial Galaxia acaba de inaugurar unha nova colección titulada Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, co obxectivo de que os lectores accedan ás obras actuais en galego. Indícase que os primeiros números publicados son *A casa dos encontros* de Martin Amis, *A medición do mundo* de Daniel Kehlmann e *Espertar a vida* de Andrea Camilleri.

- MARÉ, “Santiago, porta de futuro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 29.

Preséntase no Restaurante Casino, de Santiago de Compostela, a nova colección da editorial Galaxia, “Biblioteca Compostela de Narrativa Europea”, froito da colaboración da editorial viguesa co Concello de Santiago de Compostela. O director da editorial, Víctor Freixanes, dá conta da saúde do sistema editorial galega lembrando “que cada día se editan cinco títulos en lingua galega”. Neste contexto valora como positivo o “esforzo editorial” de Galaxia coa tradución. Pola súa banda, a persoa encargada da tradución d’*A casa dos encontros*, salienta que este xurdimento tradutor “demostra que se pode avanzar pola vía da tradución de novidades cara á normalidade sen necesidade de dramatismos”. O concelleiro de cultura do Concello compostelán, Néstor Rego, asegurou, pola súa banda, que era “un orgullo que unha colección de narrativa europea estea vinculada ó nome de Compostela”. Entre os lanzamentos previstos por Galaxia nesta nova colección atópase *A pensión Eva*, do escritor italiano Andrea Camilleri.

Capote, Truman, *Cruceiro de verán*, trad. de Carlos Acevedo e Eva Almazán, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 230, 2006, 146 pp. (ISBN: 84-8288-916-8).

Primeira novela de Truman Capote (Nova Orleáns, 1924-Los Ángeles, 1984), que comezou a escribir en 1943 e que se mantivo perdida até 2004 e agora se publica en galego. A novela está ambientada en Nova York, despois da Segunda Guerra Mundial e conta a historia dunha rapaza da alta sociedade, Grady McNeil, de dezasete anos, que convence aos seus pais para que a deixen soa no seu ático da Quinta Avenida, mentres eles van de cruceiro de verán. Xa en plena liberdade, a protagonista descobre o seu segredo: está namorada e vive unha relación segreda cun xudeo de clase media-baixa, Clyde Manzer, veterano de guerra, agora vixiante nun garaxe. A medida que pasa o tempo, a relación é máis problemática e Grady ten que tomar decisións determinantes para a súa vida, xa que a relación ten que superar barreiras moi poderosas.

Recensións:

- Marga Romero, “Conflito ético”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Faro da Cultura”/“Saberes, nº 172, “Libros”, 29 xuño 2006, p. 4/7.

Faise eco da publicación por primeira vez en galego do manuscrito de Truman Capote, *Cruceiro de verán*, por parte da editorial Galaxia. Saliéntase que a súa publicación contribúe a converter a biografía do seu autor nun personaxe aínda máis literario. Faise un breve

percorrido polos avatares do manuscrito antes de ver a luz, subliñándose o dilema que suscita e suscitou esta decisión. Saliéntase o lirismo do relato e a súa excelencia aínda estando inacabado.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Capote en galego”, *El Progreso/Diario de Pontevedra*, “Ollomol”, 5/6 marzo 2006, p. 81/69.

Comeza dando noticia da tradución da obra *Cruceiro de verán*, de Truman Capote. Baseándose na metáfora de “travesía”, comenta a travesía normalizadora da nosa literatura con traducións coma esta. Presenta o argumento da obra e alude ao descontento do autor con ela. Logo fala da recuperación da caixa que contiña o orixinal e que apareceu medio século máis tarde. Remata lembrando que non foi *The bargain* o derradeiro inédito deste autor.

- Jaureguizar, “Un capote arqueolóxico”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “Ollomol”, 6 marzo 2006, p. 12/14.

Anuncia a tradución da obra *Cruceiro de verán*, de Truman Capote, pola editorial Galaxia. Comeza apuntando o posíbel título, *Travesía de verán*, para a continuación ofrecer unhas breves pinceladas do argumento e algunhas valoracións da crítica. Finaliza aludindo ao descontento do autor co texto e recomendado aos libeiros a valoración da importancia dos libros traducidos.

- Xesús Fraga, “As traducións atopan unha boa acollida no mercado galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 14 abril 2006, p. 38.

Saliéntase a boa acollida e altos niveis de vendas que teñen as traducións de obras clásicas e bestsellers, como *Brooklyn Follies* ou *Seda*, ao galego ou catalán, e especialmente na literatura infantil e xuvenil. Faise eco de vindeiras publicacións en lingua galega como *Cruceiro de Verán* de Truman Capote.

- M.V., “O lirismo da autodestrución”, *A Nosa Terra*, nº 1.200, “Cultura”, 27 abril-3 maio 2006, p. 28.

Análise da obra de Truman Capote, *Cruceiro de verán*. Comeza referíndose ao paralelismo no tempo entre a tradución galega e a castelá, para logo situar a obra no universo literario do autor. A continuación, destaca aqueles elementos habituais da narrativa de Capote no texto, coma o lirismo, o gusto pola metáfora, así como a facilidade para construír narrativas complexas de aparente simplicidade. Reproduce a liña argumental da obra e remata cuns apuntamentos sobre a figura do autor e a súa relevancia na literatura do século XX.

Cunqueiro, Álvaro, *Merlino e familia (Miranda) (Merlín e familia i outras historias, 1955)*, traduzión a cura di Andrea Bernardi, Perugia: Morlacchi Editore, 2006, 136 pp. (ISBN: 88-6074-068-1)

O profesor de Literatura española e hispanoamericana e de Tradución no Instituto Universitario Europeo de Mediación Lingüística de Perugia e colaborador da Cátedra de Lengua e Literatura españolas da Facultade de Letras da Universidade de Perugia, Andrea Bernardi, é o responsábel desta primeira tradución de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Santiago de Compostela, 1981) ao italiano. O texto vai precedido dunha introdución na que se abordan os aspectos biográficos do mindoniense, ao que se cualifica como un dos autores máis importantes e representativos das letras galegas e cun posto sobranceiro na literatura española. Explícanse tamén algúns aspectos relacionados coa figura de Merlín e as particularidades da visión de Cunqueiro sobre o personaxe, que vive en Galicia na casa de Miranda e conta coas características das persoas reais. Atende tamén ao narrador das aventuras deste Merlín, Felipe de Amancia, e á convivencia na obra de personaxes mítico-literarios e históricos con outros profundamente galegos. En “Nota alla traduzione”, Andrea Bernardi apunta algunhas das dificultades de tradución deste texto, un traballo que implicou un achegamento en profundidade ao fantástico mundo creado por Cunqueiro nunha Galicia fóra do tempo, así como unha adaptación do forte sentido evocativo e da acción ralentizada, que se vai articulando a través dunha sintaxe articulada en frases moi longas cunha puntuación característica e cun léxico que remite por veces á realidade galega, con proverbios españois e préstamos doutras linguas. En canto aos topónimos e aos antropónimos, sinala que traduciu aqueles que en posúen en Italia unha fórmula consagrada, e con respecto á edición de partida aclara que utilizou a primeira edición da obra, publicada en 1955, agás para o capítulo “La novela de mosiú Tabarie” que, nas edicións sucesivas do texto, se inseriu na segunda parte da obra.

Elorriaga, Unai, *Vredaman*, trad. de Unai Elorriaga e Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 232, 2006, 184 pp. (ISBN: 978-84-8288-971-9).

Unai Elorriaga (Getxo, 1973) publica na editorial Galaxia, *Vredaman*, a súa terceira novela, que agora aparece traducida ao galego igual que as súas novelas anteriores. Relátase nesta novela a historia de Tomé, un neno que procura a intelixencia e nese camiño cara a ela, para conseguilo, ten que chegar a aceptar a presenza e a existencia da morte. Ao carón do protagonista, xorden as historias de diferentes membros da súa familia e dos seus amigos: un tío que quere recuperar o espírito comunal do deporte; o seu avó ebanista que se burla da hipocrisía e da necesidade de aparentar que ten a sociedade; unha muller que tivo un mozo durante corenta anos, pero que nunca chegou a casar con el, e unha tía entomóloga que anda na procura dun exemplar rarísimo de cabalo do demo azul. O gran protagonista de *Vredaman* é Tomé, que participa moi directamente nunha das historias da narración e que serve de elemento de referencia nas outras tres, xa que a súa voz actúa como narrador. A través das súas palabras e, sobre todo, a través da súa visión infantil, describe un mundo cheo de personaxes singulares, que parecen vivir inmersos nun mundo case máxico.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Desde os ollos dun neno”, *A Nosa Terra*, nº 1.231, “Cultura”, 13-19 xullo 2006, p. 26.

Anuncia a publicación da terceira novela de Unai Elorriaga, titulada *Vredaman*. Primeiro fala da traxectoria literaria anterior do autor, quen conseguiu o Premio Nacional de Literatura 2002 por *Un tranvía cara a SP*. A continuación, informa da autoría da tradución ao galego de *Vredaman*, de Xesús Carballo Soliño e do propio autor e, posteriormente, céntrase en analizar esta obra. Compáraa cos traballos anteriores do escritor e opina que, fronte ao factor sorpresa daqueles, esta é unha obra moito máis previsíbel. Incide, ademais, nas incongruencias do texto, como a utilización na voz do narrador, un neno, dunha linguaxe impropia para a súa idade. Comenta o título da novela como unha mestura entre o nome dunha personaxe de Faulkner (Vardaman) e o nome dun pintor (Vredeman) que tivo un fillo pintor que nunca deu pintado un cadro orixinal. Considera isto unha declaración de intencións onde conflúen un dos mestres da novela do século XX e a imposibilidade de crear nada novo.

- Estro Montaña, “De Vedraman”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 177, “Libros”, 21 setembro 2006, p. 5.

Despois dunha breve información sobre a traxectoria literaria do autor e as traducións ao galego das súas obras na editorial Galaxia, incide na tenrura e inocencia da ollada do narrador desta obra, un neno que conta unhas historias das que é elemento central. Repara nos aspectos comúns que relacionan esta novela coas anteriores do escritor vasco: a maxia, a inocencia, a ollada surrealista, a sorpresa ou a imaxinación. Ademais, encontra nela trazos do realismo máxico e do surrealismo e comenta a orixe do título e a autoría e calidade da tradución, de Carballo Soliño e o propio autor.

Referencias varias:

- José Miguel A. Giráldez, “Libros al sol Jaguar. Lecturas para un verano”, *El Correo Gallego*, “Literatura”, 16 xullo 2006, p. 12.

Entre as lecturas recomendadas para o verán, salienta, en lingua galega, *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, *Herba Moura*, de Teresa Moure, *Nas catacumbas*, de Alcalá e a tradución de *Vredaman*, de Unai Elorriaga.

- Xosé Carlos Caneiro, “Somos así”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 178, “Letras en Galego”, 16 setembro 2006, p. 10.

Laméntase da realidade da literatura galega contemporánea e da escasa atención que todos dedican ás cousas propias, aínda que considera que isto é algo intrínseco á identidade galega e por tanto imposíbel de alterar. Xunto con esta reflexión, atende dous libros, que merecen un especial recoñecemento pola súa calidade no panorama actual da literatura galega: a obra do vasco Unai Elorriaga, *Vredaman*, da cal salienta a expresión lírica e a antoloxía de poetas galegas, publicada por Maximino Cacheiro e titulada *Amor en feminino*.

Ferrandino, Giuseppe, *Pericle o negro*, trad. de María Cristina González Piñeiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 7, 2006, 132 pp. (ISBN: 84-934801-8-5).

Giuseppe Ferrandino (Ischia, 1958) publica na editorial Rinoceronte *Pericle o negro*, traducida ao galego por María Cristina González Piñeiro. A novela, ambientada nun Nápoles cheo de delincuencia e pobreza, narra a historia de Pericle, esbirro do mafioso napolitano Luigino Pizza, o cal lle soluciona os traballos difíciles ou vergoñentos. Pericle é un home sen ningunha ambición, sen esperanzas, que fai o seu traballo sen paixón nin arrepentimento. O seu oficio, como el mesmo describe, consiste en “darlle polo cu á xente; deixo inconsciente á persoa cun saquiño de area, átolle os pulsos preto dos pés a carranchapernas dunha cadeira ou dunha mesa, e despois uso crema antibiótica para facer esvarar ben a pirola”. Desta maneira avergoña á persoa e consegue que obedeza ás ordes e aos intereses do “capo” Luigino Pizza. Pericle recibe o encargo, por orde de Luigino Pizza, de axustarlle as contas a un crego, que anda a predicar contra o mafioso, e vese involucrado involuntariamente nun groso asunto da mafia: mata a Signorinella, irmá doutro mafioso napolitano. A súa vida cambia de repente, comprende que o mundo no que vive é un caos e, daquela, sinte que a súa perspectiva dos acontecementos muda, sobre todo, cando ve perigar a súa propia vida. É entón cando o personaxe de Pericle comeza a ser humano.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Unha espléndida novela de xénero”, *A Nosa Terra*, 1.246, “Cultura”, 2006, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 27.

Explícase o punto de partida da novela *Pericle o negro*, de Giuseppe Ferrandino, que foi traducida ao galego por M^a Cristina González Piñeiro na editorial Rinoceronte. Saliéntase que a novela se sitúa entre a novela negra e o thriller, pois elabora “un cortante e lúcido retrato da miseria material e moral”. De seguido, coméntanse aqueles recursos máis salientábeis: o ton narrativo, o uso da lingua, a tensión e a historia de amor que se intercala, entre outras.

Gavalda, Anna, *Xuntos e máis nada*, trad. de María Dolores Torres París, III^o Premio Novela Europea Casino de Santiago 2005, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n^o 226, 2006, 579 pp. (ISBN: 84-8288-898-6).

Obra de Anna Gavalda (Boulogne-Billancourt, París, 1970) traducida por María Dolores Torres París, gañadora do Premio Novela Europea Casino de Santiago 2005. *Xuntos e máis nada* é a historia de catro personaxes que pouco teñen en común, pero que por circunstancias, acabarán encontrándose. Camille Fauque ten vinte e seis anos, debuxa de marabilla, pero non ten forza para seguir coa súa vida. Fráxil e desorientada, malvive nunha buhardilla e parece que quere ir deixándose morrer pouco a pouco: case non se alimenta, limpa oficinas de noite, e a súa relación co mundo é case agonizante. Philibert Marquet, o veciño da protagonista, vive nun enorme apartamento do que podería ser desaloxado; tartamudo, cabaleiro á antiga, que vende postais nun museo, é o caseiro de Frank Lestafier. Cocifeiro dun gran restaurante, Frank é mullereiro e mal falado, case groseiro e vulgar, o cal irrita enormemente á única persoa que o quixo, a súa avoa Paulette, que aos seus oitenta e tres anos déixase morrer nun asilo estrañando o seu fogar e as visitas do seu neto. Estes son os catro sobreviventes, catro personaxes magullados pola existencia, cunha encrucillada que os vai salvar dun naufraxio avisado. A relación que se establece entre estes perdedores de corazón puro é o eixo central da novela, terán que aprender a coñecerse para lograr o milagre da convivencia e da

solidariedade. Gavalda deixa falar os seus personaxes, posúe un agudo sentido da observación da fragilidade do ser humano, do delicado equilibrio entre a felicidade e a desesperanza, entre os sentimentos e as palabras para contalos. *Xuntos e máis nada* é, como o propio título indica, a historia duns personaxes á deriva que se atopan e están xuntos e máis nada.

Recensións:

- Laura Castro, “Un relato coral”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 168, “Libros”, 1 xuño 2006, p. 5.

Fai referencia á novela de Anna Gavalda, *Xuntos e máis nada*, traducida ao galego por Dolores Torres e publicada na editorial Galaxia. Caveiro comenta que se trata dunha novela coral, con estrutura de guión, onde o lector se atopa con catro personaxes afectados pola tensión, que acaban coñecendo e superando a súa angustia: Camille, Franck, Paulette Lestafier e Philibert Marquet. Indica que a acción se desenvolve entre 2003-2004 na cidade de París e achega as situacións conflitivas de cada un.

- Tomás Ruibal, “Vidas ordinarias”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 311, “Anaquel dos libros”, 18 xuño 2006, p. 11.

Dáse conta da tradución ao galego realizada por María Dolores Torres París da novela de Anna Gavalda, *Xuntos e máis nada*, na editorial Galaxia e gañadora do Premio Novela Europea 2005 que lle outorgou o Casino de Santiago. Coméntase que a obra reflicte a historia de catro persoas dominadas pola soidade e o abandono que aparecen como “náufragos da sociedade parisina”. Ruibal ademais indica que a obra se divide en catro partes e salienta a trama narrativa, a caracterización lingüística ou a presenza de determinados valores.

Referencias varias:

- MARÉ, “Xuntos e máis nada!” de Gavalda en galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 abril 2006, p. 38.

Faise referencia á publicación da obra de Anna Gavalda, *Xuntos e máis nada*, pola editorial Galaxia e gañadora do Premio Novela Europea. Indícase que foi presentada no Casino de Santiago de Compostela e recóllense as palabras dos participantes do acto que foron, ademais da propia autora, Ramón Castromil, presidente do Casino, Néstor Rego, concelleiro de cultura, Víctor Freixanes, da editorial Galaxia, e Xacobe García Domínguez, membro do xurado.

- MARÉ, “O trasfego de ideas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 outubro 2006, p. 33.

Dá conta da creación dunha nova colección, Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, por parte da Concellaría de Cultura de Santiago de Compostela en colaboración coa Editorial Galaxia. Trátase dunha colección na que cada ano sairán catro traducións das últimas novidades europeas na narrativa, que se difundirán antes en galego que en castelán. Infórmanos que este ano, ademais da última gañadora do Premio Novela Europea do Casino

de Santiago, *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, xa publicada, publicaránse *House of meeting*, de Martin Amis, *A pensione Eva*, do italiano Andrea Camillerie e *Die vermessung der welt* do alemán Daniel Kehlmann.

Gómez Pato, Marta e **Sabaté Planes**, Teresa (eds.), *Antoloxía do relato alemán (1945-1960)*, trad. de Monserrat Bascoy Lamelas, Carme Bescansa Leirós e Rosa Marta Gómez Pato, limiar de Raúl Gómez Pato, [Santiago de Compostela]: Follas Novas, col. Narrativa, nº 1, 2006, 91 pp. (ISBN: 84-85385-92-6).

A obra é o resultado do proxecto de investigación *Estudo e tradución ao galego da narrativa breve en lingua alemá (1945-1960)*, financiado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. No limiar, Raul Gómez Pato realiza un rápido repaso polos nove relatos que forman a obra, concluíndo que se trata de relatos de “espíritos, espectros e pantasma”. A seguir, na introdución, as coordinadora do proxecto, Rosa Marta Gómez Pato e Dolors Sabaté Planes, inclúen, en primeiro lugar, unha panorámica polo momento histórico no que se crearon os relatos, a etapa seguinte a II Guerra Mundial, que concluíu coa derrota nazi e a división en dous de Alemaña, unha parte soviética e outra baixo o dominio dos Estados Unidos. Á primeira retornaron os escritores de ideoloxías próximas ás teses marxistas, mentres que na segunda o eido cultural recompúxose maioritariamente a partir dos intelectuais que residían nesa parte, xa que moitos, non contentos coa nova situación, non quixeron volver. Deste xeito, na zona soviética dominaron as ideoloxías socialistas, mentres que na americana, se levou acabo un proceso de reeducación que comezaba cun programa de desnazificación e continuaba cun de formación. Segundo as editoras, logo de 1945, en Alemaña comeza un proceso de reconstrución que leva fondas pegadas das ruínas e do pasado. O relato breve é o xénero mais empregado, marcado por unha gran sobriedade argumental e un “xélido” ton narrativo. Finalizan indicando que as composicións son unha fiel mostra de todo este período, incorporando diferentes perspectivas.

Referencias varias:

- MARÉ, “Escritos despois do horror”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 marzo 2006, p. 37.

Informa da presentación da *Antoloxía do relato alemán (1945-1960)*, elaborada polo equipo encabezado polas profesoras da Universidade de Santiago de Compostela Dolors Sabaté e Rosa Marta Gómez. A seguir, analiza a estrutura da obra sinalando que está formada por nove relatos que reflicten o movemento literario que apareceu inmediatamente despois da Segunda Guerra Mundial que viviu entre as penurias económicas da posguerra. Recóllense as creacións de Elisabeth Langgässer, Wolfgang Weyrauch, Luise Rinser, Hainrich Böll e Heiner Müller, que buscan unha nova expresión lingüística para achegarse á realidade debido a gran manipulación a que esta foi sometida durante o período nacionalsocialista.

Handke, Peter, *Don Xoán (contado por si mesmo)*, trad. de Luís Fernández Rodríguez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2006, 134 pp. (ISBN: 84-7824-483-2). ■

Nesta obra de Peter Handke (Griffen-Austria, 1942), encontrámonos nun primeiro momento cun narrador en primeira persoa, personaxe responsábel de introducir a voz dun segundo narrador, don Xoán, que vai pasar a ser o protagonista da historia. A obra iníciase cunhas páxinas introdutorias dedicadas a explicar que un día o eu protagonista se encontra con don Xoán, o personaxe mítico procedente da literatura española, no momento en que estaba a coidar o seu xardín dun albergue próximo a París, en Port-Royal-Champs. Don Xoán chega ao seu xardín, despois de ser espectador dunha acción sexual nun monte próximo. Esta foi a súa aterraxe no país onde se encontraba o narrador e que xa nos serve para introducir un don Xoán, que vai ter unha vinculación co amor diferente á do mito clásico. A partir do contacto co personaxe (narrador primeiro) comeza don Xoán a contar as súas aventuras por distintos lugares. O lugar onde comeza a súa viaxe é Tiffis e de aí pasa por Xeorxia, o norte de África ou Holanda. A súa narración vai deterse en descrições demoradas das paisaxes e das mulleres diferentes coas que mantén unha relación nestes puntos. Pese a estas detalladas caracterizacións, don Xoán vai vivir unhas aventuras amorosas moi semellantes, pois, despois de ser arrastrado por unha muller cara a unha relación, sempre é abandonado. Ao mesmo tempo que conta a súa aventura, tamén se refire ao acontecido co personaxe antitético que vai acompañalo, o seu criado. Este criado é un personaxe principal que vai manter relacións con mulleres con taras mentais ou fisicamente feas, converténdose no polo oposto de don Xoán. A historia conclúe coa despedida entre don Xoán e o narrador personaxe que introduce o libro.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Contra a banalidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.200, “Cultura”, 27 abril 2006, p. 27.

Neste comentario da obra do escritor austríaco Peter Handke, *Don Xoán (contado por si mesmo)*, revélanse aspectos que supoñen unha modificación do mito clásico do don Xoán. Sinálase que o don Xoán de Handke deixa de ser un conquistador, para converterse nun home movido por un destino, que o leva a ser obxecto de sedución. A seguir, explícase que o acontecemento amoroso tamén é visto de forma diferente nesta obra e salientanse outros dos seus aspectos novidosos, como é o feito de amosar un don Xoán narrador, o que implica que a existencia que nos transmite está por riba da propia acción, que pasa a ser secundario. Insístese en que esta é sen dúbida a maior diferenza entre este e o mito clásico, no cal as distintas accións de conquista constituían a parte máis importante do mito.

- Dorinda Castro Soliño, “Retorno ao mito “, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 8 xuño 2006, p. 4.

Presenta o escritor Peter Handke como un dos escritores máis representativos do panorama actual da literatura en lingua alemá. Sinala que a súa obra está caracterizada polo uso de personaxes que se encontran nunha situación desoladora por causa da realidade exterior. A seguir, explica o contido da nova obra deste autor traducida ao galego, na que don Xoán é agora un personaxe que conta as súas historias amorosas a un cocíneiro. Destaca que hai unha reformulación do mito, que ten lugar a partir da presentación dun don Xoán atribulado polo desexo de vivir os momento. Apunta que a conquista deixa de ter a importancia conferida no

mito e salienta que, nesta visión do mito, o desexo de vivir a plenitude é o máis importante obxectivo de don Xoán.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “O ‘Blúmsdei’ de Cid Cabido”/”Blumsdei”, *Galicia Hoxe/El Progreso*, “Ollo mol”, 23/ 24 abril 2006, p. 6/ 89.

Dáse noticia das vindeiras traducións de literatura austríaca ao galego: o *Don Xoán*, que Luís Fernández fixo para Sotelo Blanco, a versión galega de *Campo santo* de W. G. Sebald que prepara Galaxia, ou o *Blúmsdei* que achega Cid Cabido a Xerais.

Houellebecq, Michel, *A posibilidade dunha illa*, trad. de Isabel García Fernández, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, 2006, 324 pp. (ISBN: 84-934801-6-9).

Longa novela de Michel Houellebecq (Isla de Reunión-Francia, 1958), dividida en tres partes: “Comentario de Daniel24”, “Comentario de Daniel25” e “Comentario Final, epílogo”. Trátase da narración en primeira persoa da vida dun cómico, Daniel, e das opinións e reflexións que esta lles suscita aos seus clons Daniel24 e Daniel25, que tamén intercalan cuestións sobre a súa propia vida e sobre as diverxencias coa do primeiro Daniel baseadas na evolución (ou involución segundo se mire) do ser humano. A estrutura non é máis, pois, que a alternancia das narracións de Daniel1 coas dos seus sucesores. Así, as crónicas do número 1 serven de memoria da vida do seu predecesor a cada clon que lle segue, e pode darse o caso de que nun determinado momento certas cousas sexan irreproducíbeis, como se di que acontece coa risa ou coas bágoas. Escriben os neohumanos, os que substitúen a raza humana coa parcela de inmortalidade que concede a clonación, e falan dos outros como bestas, que habitan no mundo que está fóra das barreiras de protección, aínda que eles mesmos son conscientes de que serán substituídos por outros, denominados “os Futuros”. Os neohumanos viven sós conectados a unha rede a través da que poden comunicarse e ata verse ou oírse se o desexan, perderon a capacidade de sentir e herdán os contactos dos seus predecesores xunto coas crónicas de vida. O suicidio converteuse en algo xeneralizado e consentido ao chegar a unha certa idade. Os temas que máis sobresaen son o sexo, as seitas e o humor corrosivo sobre a nosa sociedade, un humor que lle permite a Daniel facerse rico, sen que lle impida caer nas celas que vulgariza chegado o momento. Os personaxes son misóxinos, egoístas, racistas e mesmo fan apoloxía da pedofilia. O autor sérvese deles para exercer unha crítica moi dura á sociedade actual, ben con mofas á situación presente, ben con hipóteses sobre o seu desenvolvemento futuro. Explícase así que proliferen as seitas coas que se intenta mitigar o pánico á efemeridade humana, que se leve a cabo a clonación pola vontade de inmortalidade e que se practique o suicidio cando non se soporta xa a perda da mocidade. Destaca a presenza de moitos escritores cos que entra en diálogo, así como de persoeiros de todo tipo, dende políticos a cantantes da actualidade máis radical, tanto se se trata de citar a un presidente coma a un David Bisbal. Ao fin, o máis relevante non é a historia que se narra senón a crítica corrosiva que esta vehicula.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “A coartada da infelicidade ou un moralista no século XXI”, *A Nosa Terra*, 1.244, “Cultura”, 16-22 novembro 2006, p. 27.

Crítica negativa á novela de Houellebecq traducida por Rinoceronte, tanto dende o punto de vista do que conta como dende o punto de vista técnico. Comézase explicando a sociedade na que vivimos segundo Houellebecq e que lle serve de base para todas as súas novelas, unha sociedade onde xa non hai crenzas relixiosas nin políticas firmes e onde o capitalismo conseguiu facernos crer que a gratificación persoal é a máis alta aspiración dunha persoa. Dise que os individuos se converteron en simples consumidores e partícipes do mercado do sexo. Logo resúmese o argumento da novela e cualifícase ao autor como un reaccionario que bota de menos unha sociedade premoderna onde as relacións persoais se rexían polas leis do patriarcado. A seguir, censúrase a escrita incoherente, a ausencia de lóxica e os personaxes sen personalidade que actúan incoherentemente, para rematar dicindo que o resultado é unha “desconcertante marfallada de ideas”.

- Carlos Freire, “Con ánimo de provocar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, “Literatura e Sociedade”, 16 novembro 2006, p. 2.

A posibilidade dunha illa, de Houellebecq serve de punto de partida para todo un relatorio de escritores provocadores de diferentes nacionalidades, entre os que este se encadra pola súa propensión a falar de sexo, críticas á relixión e aos costumes contemporáneos. Comézase por Francia cos antecesores de Houellebecq: o marqués de Sade, Boris Vian, Louis-Ferdinand Céline ou Jean Genet. A seguir, dise que “canto máis hipócrita e puritana é unha sociedade, tanto máis provocadores son os seus escritores” e pasa a falarse de Inglaterra con Lord Byron e Óscar Wilde. Por último, cítase aos norteamericanos Truman Capote, Charles Bukowski e Hunter S. Thompson.

- A.S., “O último de Houellebecq fala galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 187, “Letras en Galego”, 18 novembro 2006, p. 14.

Refírese ao proxecto da editorial Rinoceronte de ofrecer aos lectores obras contemporáneas na súa lingua e a *A posibilidade dunha illa*, como a súa última achega. Faise un resumo do argumento, que parte dun humorista que toca temas dos que todos foxen e aproveita para falar da súa vida sexual, e dous clons futuros del que proseguen co relato. Saliéntase a fluidez da tradución e o feito de que o libro pode comprarse ou ben descargarse gratuitamente dende a web da editorial.

- Laura Caveiro, “Illa posible”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 188, “Libros”, 14 decembro 2006, p. 5.

Fálase da novela de Houellebecq coma unha bufonada que resulta entretida pero na que se deixa ver un estilo pobre. Dise que esta obra, gañadora do Prix Interallié 2005, ten todos os ingredientes dun lanzamento editorial do seu autor, sexo, racismo e misoxinia, entre outros. Faise un resumo do argumento e da técnica narrativa, unha historia sobre un home chamado Daniel, que se fai rico, pero acaba aborrecido da vida e decide facerse clonar por unha seita. Dise que hai tres narradores, Daniel, Daniel 24 e Daniel 25, o orixinal e dous clons. Destácanse como puntos positivos da obra o poema no que se basea o título do libro e a excelente tradución levada a cabo por Isabel García Fernández.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Lingua comestible”, *El Progreso*, “Cultura”, 22 outubro 2006, p. 97.

Faise un percurso por anécdotas de escritores comezando por Marta Rivera de la Cruz e as súas queixas de que non a inclúan no sistema literario galego, cuestión na que Jaureguizar se inclina polo criterio lingüístico, e aproveítase para lembrar a outros escritores que escriben en galego, pero que viven fóra e, polo tanto, non se conta con eles, caso de Vicente Araguas ou Xavier Queipo. Lémbrese tamén o caso de Luísa Castro e logo menciónase a Yolanda Castaño que vive do seu traballo literario para concluír que o galego empeza a ser unha lingua da que comer. Por último, láméntase que Houellebecq non poida presentarse ao Planeta dada a súa habilidade para venderse, que os galegos deberíamos imitar.

Hrabal, Bohumil, *Unha soidade demasiado ruidosa*, trad. de Fernando de Castro García, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 8, 2006, 104 pp. (ISBN: 84-934801-7-7).

Primeira novela de Bohumil Hrabal (Brno, 1914 - Praga, 1997) vertida ao galego e publicada por vez primeira en 1980. Aínda que cunha estrutura episódica, a trama evoluciona a través de imaxes sucesivas construídas dende a perspectiva do narrador, que actúa como testemuña e correspóndese co personaxe principal, Hanta. O estilo é aparentemente autobiográfico, xa que, en realidade, os fíos principais que constrúen a historia son máis unha reflexión interior, sobre a realidade que rodea ao personaxe, ca a crónica dunha vida. O tema principal xira ao redor da perda da identidade individual e colectiva, a través dos procesos de cambio social, simbolizados tanto no acto de destruír libros ou procurarlles un digno fin -profesión de Hanta- coma no cambio do proceso produtivo nesta destrución: dende a acción individual e personalizada, que executa o personaxe principal, até a acción colectiva e alienada pola que será despedido. Os temas secundarios son a destrución da consciencia individual, a través do avance do sistema capitalista, a alienación do home na súa loita contra a progresión deste sistema e a proxección desta alienación en dramas colectivos e individuais. Hanta é o único traballador, dende hai trinta e cinco anos, dunha prensa hidráulica dedicada á destrución de distintos tipos de libros. A imaxe do seu lugar de traballo é a dun soto húmido e escuro, iluminado de forma artificial e conectado co seu xefe na prensa a través dunha pequena porta superior, único punto polo que entra a luz natural (representación da sociedade capitalista e a opresión de clase). Hanta reconécese como un home culto “por accidente”, debido á toma de valor dos libros, que ora leva a casa para ler, ora procura salvar, ora transforma en balas de papel persoalmente elaboradas e, por tanto, posuidoras dunha identidade de seu. Ao seu redor, unha realidade baleira e alienante foxe deste compromiso coa cultura e, por extensión, coa identidade propia. Por outra banda, varias escenas representan unha fonda reflexión interna, ademais dunha crítica íntima da faciana dunha sociedade en cernes e que Hanta divisa dende a liña temporal, que separa o pasado e o presente, así como do futuro que comeza a asomar.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "O prezo da lucidez", *A Nosa Terra*, nº 1.250, "Cultura", 29 decembro 2006-4 xaneiro 2007, p. 35.

Cualifícase o texto como "un relato autobiográfico -case confesional- que (...) se vai convertindo nun discurso dunha precisión esmagadora", construído a través "das súas clarividentes reflexións e delirios". Destaca, de entre os trazos estilísticos utilizados por Hrabal, "a particular sensualidade da súa escrita" que se transmite "por medio dun angustioso compromiso entre a realidade e a ficción, na que os elementos do mundo real son forzados, a través da linguaxe, a todas as transformacións precisas para acadar unha enorme expresividade, próxima ao onírico, que nos enfrenta co verdadeiro sentido da vida tal e como a concibe o protagonista". Salienta, como temas da novela, a "loita por manter a súa individualidade [do protagonista]" e a "loita entre a civilización e a barbarie". Di que o concepto do libro que emprega Hrabal na novela é o do "libro como representación do mundo". Reivindica, finalmente, a posición de Hrabal na "lista de escritores imprescindibles do século XX".

Kehlmann, Daniel, *A medición do mundo*, trad. de Patricia Buján Otero, Vigo: Galaxia, col. Literaria/Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, nº 3, 2006, 324 pp. (ISBN: 978-84-8288-952-8). ■

Primeira novela de Daniel Kehlmann (Múnic, 1975) vertida ao galego, na que cada un dos seus episodios se centra, de forma alterna, en cada un dos dous personaxes principais: Alexander Von Humboldt e Carl Friedrich Gauss. A única excepción a isto é o episodio que, dentro da descrición da relación de Gauss coa súa familia, se lle dedica ao terceiro fillo deste e colaborador de Gauss nos seus labores de topografía, Eugen Gauss. O tratamento do tempo é lineal, se ben existe dende a época na que, de forma paralela, Humboldt e Gauss realizaban os seus máis importantes descubrimentos e a época do seu ocaso científico e vital, onde ambos os científicos se atopan, un corte de duración imprecisa. De feito, a única referencia temporal exacta que achega o narrador omnisciente é a data e o lugar, no que se atopan ambos os dous por vez primeira: o Congreso Alemán de Naturistas (Berlín, 1828). O estilo narrativo fundaméntase na descrición, exhaustiva e áxil, por veces, humorista e irónica. En canto ás relacións humanas que manteñen ambos os científicos, destaca, pola parte de Humboldt, a súa relación de amor-odio e sempre contraditoria co seu compañeiro de viaxe, o biólogo francés Bonpland; de idéntica natureza é a relación de Gauss co seu fillo, Eugen. Fronte a isto, os personaxes son construídos en clara oposición e, de feito, a oposición entre Humboldt e Gauss é un trazo imprescindible para afrontar o tema principal da novela: a construción do coñecemento e o saber científicos a través de calquera método, indutivo o de Humboldt, dedutivo o de Gauss. O argumento evoluciona, entón, a través da necesidade de opoñer ambos personaxes de forma que, xuntos, ao final da novela e mediante a mostra da compatibilidade dos presuntos opostos, cataloguen e poñan a dispor do lector as múltiples posibilidades que un investigador ten para construír o saber e o coñecemento científicos. Facendo isto, Alexander von Humboldt representa un home orixinario da nobreza, libre de preocupacións mundanas, cuxa vida parece construída dende pequeno co obxectivo de dedicarse ás ciencias (o seu irmán farao nas letras), e que decide gastar os recursos familiares en explorar as Américas e experimentar, acompañado do biólogo e naturalista francés Bonpland, as consecuencias dos seus distintos descubrimentos. Por outra banda, Carl Friedrich Gauss representa a un home de orixe humilde que, logo de que as súas extraordinarias capacidades para as matemáticas

convencesen a unha familia reticente para poder ir ao instituto e á universidade, ofrece descubertas sorprendentes en campos distintos como as matemáticas, a física ou a bioloxía, sen a penas moverse da súa casa e debendo dedicarse a outros oficios en épocas difíciles. Logo das súas opostas peripecias vitais, ambos conflúen no Congreso Alemán de Naturistas. Desa cita e dos personaxes que alí coñezan xurdirán as situacións que os obrigarán a cooperar para salvar da cadea o fillo de Gauss, Eugen, sorprendido nun mitin nacionalista alemán.

Recensións:

- Xesús Fraga, “A procura do coñecemento”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 189, “Letras en Galego”, 2 decembro 2006, p. 15.

Sitúase o contexto da novela e os personaxes protagonistas: Alexander von Humboldt e Carl Friedrich Gauss, destacando a súa finalidade común e os seus distintos métodos. Dise que a busca de coñecemento non é só “cuestión de estudos, senón tamén de principios”, debate ético que sería un dos eixes do libro dende que ambos os científicos afrontan “o emprego da razón para mellorar o mundo e facer fronte á superstición”. Faise mención ao humorismo e ao floreo que utiliza o autor na construción da narración, ademais da aparición de destacados persoeiros contemporáneos aos personaxes, como Daguerre ou Kant. Anótase que Kehlmann “introduce reflexións sobre a viaxe, a utilidade do coñecemento e a percepción do lugar que ocupa o home entre os seus contemporáneos, o seu mundo e o tempo que lle toca vivir”.

- Manuel Xestoso, “Á busca do gran público”, *A Nosa Terra*, nº 1.248, “Cultura”, 14-20 decembro 2006, p. 27.

Fálase do contexto histórico no que acontecen os feitos que se narran na novela, que se estrutura en tres terzos, os dous primeiros dedicados “a narrar a mocidade, a formación e a dificultosa conquista dos principais achádegos de cada un dos homes en capítulos alternos”, e un terceiro dedicado ao encontro de ambos os homes. Dise que o “fío condutor” da novela son “as diferenzas entre os dous enfoques opostos con que cada un afronta a súa tarefa científica, o contraste entre os métodos dedutivo e indutivo”. Critícase a renuncia do autor a “afondar nun tema tan suxestivo coma este, empregando un ton deliberadamente lixeiro e vaporoso do que nunca se eleva” e a presentar “unha estrutura narrativa sólida”, o que deriva nun “simulacro de estilo”. Do último tramo da novela, dise que “esvara, abrindo camiños novos dos que se obvia o posíbel nervio dramático que puidesen posuír (...) ou que simplemente defraudan as expectativas creadas”. Conclúese afirmando que “é a falta de elaboración literaria o que a reduce a un entretemento *light*. Máis unha vez, o desexo de agradar a esa miraxe chamada ‘gran público’ estraga as boas intencións”.

Referencias varias:

- Carmen Villar, “Galaxia e o Concello de Santiago traducen ao galego obras europeas”, *La Opinión*, “Cultura”, 20 decembro 2006, p. 55.

Infórmase de que a Editorial Galaxia acaba de inaugurar unha nova colección titulada Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, co obxectivo de que os lectores accedan ás

obras actuais en galego. Indícase que os primeiros números publicados son *A casa dos encontros* de Martín Amis, *A medición do mundo* de Daniel Kehlmann e *Espertar a vida* de Andrea Camilleri.

- MARÉ, “Santiago, porta de futuro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 29.

Preséntase no Restaurante Casino, de Santiago de Compostela, a nova colección da editorial Galaxia, “Biblioteca Compostela de Narrativa Europea”, froito da colaboración da editorial viguesa co Concello de Santiago de Compostela. O director da editorial, Víctor Freixanes, dá conta da saúde do sistema editorial galega lembrando “que cada día se editan cinco títulos en lingua galega”. Neste contexto valora como positivo o “esforzo editorial” de Galaxia coa tradución. Pola súa banda, a persoa encargada da tradución d’*A casa dos encontros*, salienta que este xurdimento tradutor “demostra que se pode avanzar pola vía da tradución de novidades cara á normalidade sen necesidade de dramatismos”. O concelleiro de cultura do Concello compostelán, Néstor Rego, asegurou, pola súa banda, que era “un orgullo que unha colección de narrativa europea estea vinculada ó nome de Compostela”. Entre os lanzamentos previstos por Galaxia nesta nova colección atópase *A pensión Eva*, do escritor italiano Andrea Camilleri, e *A medición do mundo*.

- Alfredo Conde, “Emocións no medio da emoción”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 26 decembro 2006, p. 4.

Explica que a día de hoxe hai poucas cousas que o emocionan e, con respecto á literatura galega, só conseguiu isto a novela traducida ao galego de Daniel Kehlmann, *A medición do mundo*, editada por Galaxia.

Keret, Etgar, *O condutor de autobús que quería ser Deus*, trad. de Moncho Iglesias Míguez, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 3, 2006, 131 pp. (ISBN: 84-934801-3-4).

Primeiro libro traducido ao galego do autor israelí Etgar Keret (Tel Aviv, 1967). Publicado orixinalmente en Israel en 1998, componse de catro relatos e unha novela curta. O relato que abre o libro, “O condutor de autobús que quería ser Deus” realiza un paralelismo entre a arbitrariedade do condutor, á hora de decidir quen sobe ou quen non ao seu vehículo, co poder de Deus de dispoñer o mundo; ambos teñen a capacidade de interceder de forma decisiva no destino das persoas. “A loucura de Nimrod” narra o proceso de loucura transitoria que, de forma sucesiva e sen que exista unha causa ou unha explicación aparentes, afecta alternativamente a un grupo de amigos. De feito, Nimrod é un deles e ao que primeiro lle afecta. “Un cóctel típico do inferno”, un relato con elementos moi próximos ao xénero fantástico, narra a historia dun amor postmortem entre un home, que sae do inferno a través dunha porta, e unha muller que atende unha pequena tenda local. “A matriz”, escrito en primeira persoa, reflexiona sobre as relacións paterno filiais a partir da extracción da “matriz” da nai da voz narradora e da súa persecución dese obxecto como símbolo da unión entre pais e fillos. Finalmente, “A colonia de vacacións Kneller” é unha novela breve -dividida en vinte e seis capítulos- nos que, con elementos claramente fantásticos e adobiados con un certo surrealismo (como o retrato descarnado dun Xesús Cristo moi pouco coherente coa imaxe clásica da iconografía relixiosa), se procura desdramatizar a moral e os valores relixiosos. Un

xogo literario que amosa unha imaxe secularizante, a través dun faiscante sentido do humor e unha fina ironía, e situacións próximas ao absurdo. No seu conxunto, os relatos amosan unha presenza constante, precisamente, do humor e da ironía como ferramentas estilísticas para a construción das historias e dos personaxes. Existe, finalmente, un fondo sentimentalismo presente no retrato de personaxes como o condutor de autobús do primeiro relato ou aquel que busca a exploración íntima das súas orixes en “A matriz”, que recorre de forma transversal todos os relatos, constituíndo un esencial eixe transversal que consolida o cerne narrativo do libro.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Sitiados polo banal. Etgar Keret constrúe un hilarante retrato da angustia contemporánea”, *A Nosa Terra*, nº 1.228, “Cultura”, 22-28 xuño 2006, p. 27.

Cita, para introducir o lector, unha sentenza pronunciada por un dos personaxes da obra, que lle serve para realizar unha crítica da sociedade globalizada. A seguir, destaca o humor e a tenrura dos relatos, así como a súa dimensión crítica. Comenta, ademais, as débedas da escrita de Keret co realismo sucio, poñendo exemplos disto, e tamén a combinación de elementos cómicos e trágicos. En canto á linguaxe empregada na obra, caracterízase como voluntariamente espida de retórica e orientada a crear un ambiente de alleamento. Di que o discurso narrativo é veloz, inqueda e sincopado e que presta atención aos detalles, como amosa o tratamento do conflito entre palestinos e israelís. Finalmente, admite trazos negativos da obra, coma o desequilibrio en favor dos relatos curtos, mellor escritos que a nouvelle. Remata referíndose a Rinoceronte Editora e sinalando que o volume pode descargarse no web www.rinoceronte.es.

- Xesús Fraga, “Humor e confusión”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 174, “Letras en galego”, 19 agosto 2006, p. 7.

Comentario sobre a publicación de *O condutor de autobús que quería ser Deus*, de Etgar Keret publicado na editorial Rinoceronte, da que se nos di que ten como obxectivo dar a coñecer literatura estranxeira contemporánea. Salienta que a tradución é responsabilidade de Moncho Iglesias Míguez e que a realizou a partir do orixinal hebreo. Apunta que o volume contén catro relatos e unha novela curta dun dos “autores novos máis populares de Israel” e fai un percorrido polos motivos temáticos, que considera unha ampliación das “instantáneas coas que fornece os seus relatos”. Conclúe destacando a presenza nas narracións dalgúns aspectos da sociedade israelí que non saen nos medios e reparando no carácter surrealista e serio á vez que domina no texto.

- Dolores Martínez Torres, “No reverso do espello”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 179, “Libros”, 5 outubro 2006, p. 5.

Introdúcese o autor facendo referencia a outros dos seus traballos como narrador, así como á sorte destes no cinema. Cualifícase a súa técnica como “prosa fresca, coloquial, despoxada de ornamentos, onde os diálogos e a acción priman sobre calquera retórica”. Exemplifícase esta frescura e orixinalidade, fóra dos tópicos habituais da literatura israelí, en que é o único autor contemporáneo deste país traducido e publicado en Palestina. Entre as súas técnicas, escóllese

a do uso do absurdo para dicir que, a través del, despoxa “de transcendencia á realidade”, ademais de subliñar unha “vehemencia esaxerada” que pode achegarse ao ridículo. Sobre os contos que compoñen este volume, coméntanse que están “cargados de simbolismo”, invitando o lector a cuestionarse o que se conta, así como a cuestionarse as súas conviccións. Sinálase que a ollada de Keret é “tenra e ácida a un tempo, apunta aos diminutos mecanismos que gobernan o microcosmos cotián, e detense a analizar esas pequenas paixóns, paradoxos e desencantos que, en todo lugar e época, moven e conmoven aos seres humanos, sen distinción de razas ou de ideoloxías”.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “La sociedad palestina y la gallega tiene un gran parecido”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 6 agosto 2006, p. 37.

O filólogo vigués Moncho Iglesias, que exerce de profesor de español na Universidade de Belén, indica nesta entrevista que vén de presentar a tradución ao galego dun libro escrito en hebreo, *O condutor de autobús que quería ser deus*, obra de Etgar Keret, autor cualificado como o escritor novo de meirande popularidade en Israel. Asemade, traza os puntos de unión entre as culturas palestina e galega e indica que está a traducir ao español unha guía de Palestina.

Lawrence, D.H., Katherine Mansfield e Virginia Woolf, *De espellos, trens e outros velenos*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Clásicos, 2006, 236 pp. (ISBN: 84-7680-585-3).

Colección de relatos de tres autores modernistas, Virginia Woolf (Londres, 1882-Rodemell, 1941), D.H. Lawrence (Inglaterra, 1885-Francia, 1930) e Katherine Mansfield (Nova Zelanda, 1888-París, 1923), traducidos ao galego e cunha introdución que afonda no contexto histórico e nos trazos do movemento modernista, así como dá algúns datos sobre cada autor e a súa obra. Esa introdución comeza, así mesmo, por explicar o título da colectánea escollido pola súa relación con tres trazos fundamentais do período de entreguerras no que escriben, a saber, a autoanálise, a modernidade e a tecnoloxía e os velenos que xorden das relacións aparentemente máis simples.

- Virginia Woolf, “Retrato dunha londinense”, pp. 35-43.

Describe a personalidade e o mundo particular da señora Crowe en cuxa casa converxen os fragmentos da vida londinense nun todo comprensíbel.

- “A marca na parede”, pp. 43-54.

Encadeamento de pensamentos dunha muller, a raíz de que descobre unha marca na parede, e que se pecha cunha evocación á guerra que o paraliza todo.

- “Kew Gardens”, pp. 55-64.

Descríbese o que hai nos xardíns, o vexetal e o humano, pois tanto se fala minuciosamente das plantas coma das persoas que camiñan, pensan e falan nese espazo.

- “Unha novela non escrita”, pp. 65-80.

Monólogo no que a persoa que pensa intenta ler na cara dunha muller a súa vida e no que se intercalan reflexións máis xerais sobre a escrita e a existencia.

- “A muller no espello: un reflexo”, pp. 81-89.

Descrición do que se vai reflectindo nun espello (un xardín, unhas cartas ou unha muller) e contraste coa realidade do que existe, moito menos fermoso.

- D. H. Lawrence, “A súa vez”, pp. 91-100.

Narra un episodio na vida dunha parella no que se produce unha rivalidade que se salda positivamente a favor da muller espilida.

- “Un anaco de vidreira”, pp. 101-115. Describe o vicario de Beauvale e a través dunha conversa coñecemos a historia do seu amor e da súa desgraza.

- “Billetes por favor”, pp. 117-134.

Conta a historia dun inspector de trens que adoita saír coas rapazas que traballan con el, e da vinganza que elas toman para que deixe de saír con todas.

- “Tocáchesme”, pp. 135-157.

Cóntase o xeito en que un home rico que só tivo fillas mulleres adopta un rapaz e o xeito en que este chega a ser o seu xenro.

- Katherine Mansfield, “Psicoloxía”, pp. 159-169.

Cóntase un encontro entre un home e unha muller que se queren e que nunca chegan a confesalo.

- “Felicidade absoluta”, pp. 171-188.

Descríbese a vida dunha muller absolutamente feliz que, finalmente, descobre que o seu home lle é infiel.

- “Veleno”, pp. 189-198.

Descríbese un momento na vida dunha parella no que conversan sobre os envelenamentos.

- “A casa de bonecas”, pp. 199-209.

Fálase dunha casa de bonecas preciosa como pretexto para acentuar a marxinação social dalgunhas nenas.

- “Unha viaxe imprudente”, pp. 211-231.

Explícase unha viaxe dunha rapariga e o que fan un grupo de soldados nunha taberna pola noite.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Pequenos dramas do cotián”, *A Nosa Terra*, nº 1.242 “Cultura”, 2-8 novembro 2006, p. 27.

En primeiro lugar, dáse conta do vínculo que se dá entre o período de entreguerras e a literatura coa crise de valores. A continuación, céntrase no volume de contos *De espellos tren e outros velenos* e destaca a “enorme importancia” do relato curto. Faise referencia á estrutura e sublíñase a fiada unidade que o caracteriza. Revélase a orde existencial, en forma de anécdota, que prevalece na temática e faise alusión a varios dos relatos que forman parte do conxunto. Tamén se fai fincapé no estilo e defínense os relatos como “paradigmas do xénero”. Finalízase advertindo que os distintos contos invitan á empatía.

Lojo, M^a Rosa, *A fin da terra*, trad. de Ramón Nicolás Rodríguez, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 228, 2006, 246 pp. (ISBN: 84-8288-886-2).

Obra da escritora M^a Rosa Lojo (Bos Aires, 1954), na que se narran as historias de personaxes procedentes de ambos os dous lados do Atlántico. Por unha banda, Arxentina, pola outra, Irlanda e Galicia. O percorrido desta novela iníciase no século XIX, cando Elisabeth Armstrong comeza a recibir unhas misteriosas cartas que lle envía unha muller de Fisterra. Deste xeito, Elisabeth inicia unha viaxe interior que a levará a coñecer un pasado e unhas raíces que descoñece. A obra artículase en catro partes ao longo das cales se desenvolve a historia e, ao final, un apéndice elaborado polo tradutor coa axuda da propia autora e que inclúe arxentinismos, indixenismos e algúns personaxes históricos presentes na novela. A autora non se esquece dos agradecementos, onde sinala a todas aquelas persoas que contribuíron dalgún xeito á construción da novela.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Novela histórica na procura da identidade e as raíces”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 26.

Lembranza ao contexto social do que procede a autora (Arxentina) e á maneira na que M^a Rosa Lojo se interesa pola cultura galega, con todo o que iso significa. Sinálase como elemento crucial da obra a convivencia de distintas culturas e dáselle a importancia que merece á construción de ambientes e atmosferas, grande habilidade da autora. Por último, lóase “ a elegancia e galanura narrativas de M^a Rosa Lojo”.

- Rodri García, “Outras fisterras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 163, “Letras en galego”, 18 marzo 2006, p. 14.

Despois de introducir o argumento da novela, defínea como “novela de costumes e aventuras, de cruce de culturas”. Achega ao lector a información de que Ramón Nicolás é o tradutor para galego desta obra orixinalmente escrita en castelán por M^a Rosa Lojo. Ademais proporciona información técnica sobre a novela, como é o caso da existencia dun apéndice que inclúe o significado de vocábulos indíxenas ou de expresións arxentinas. A presenza da epístola preséntase, segundo Rodri García, como un elemento fundamental da obra: por unha banda, as misteriosas cartas procedentes de Galicia; pola outra, as que lle envía á protagonista un novísimo Óscar Wilde, dende Oxford.

- Francisco Martínez Bouzas, “Fin da terra. O enigma da identidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 162, “Libros”, 20 abril 2006, p. 5.

Descríbese a novela *A fin da terra* como “o relato dunha encrucillada cultural” nun artigo que se abre coa adscrición da súa autora, M^a Rosa Lojo, a unha corrente de escritores míticos. Destácase o cruce de culturas, do alén e do aquí do Atlántico e faise tamén unha loanza da habilidade da escritora arxentina para conxugar as dúas modalidades narrativas da obra: a epístola (cunha importancia clave) e o relato en terceira persoa.

- Xosé Freire, “Moito máis ca aventura”, *A Nosa Terra*, nº 1.201, “Cultura”, 4-10 maio 2006, p. 27.

Fai unha recomendación moi práctica para o lector de *A fin da terra*: comezar a ler polo final, é dicir, polo apéndice, onde se aclaran posíbeis dúbidas sobre a terminoloxía empregada e mesmo sobre algún personaxe. Despois desta recomendación inicial, detense nunha análise dos factores espacio-temporais da novela, para rematar destacando a presenza de “chiscadelas literarias” e “críticas explícitas” (á guerra, por exemplo).

Referencias varias:

- MARÉ, “Onde comeza a memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 marzo 2006, p. 37.

Déixase constancia da presentación do libro en Santiago de Compostela, co apoio de persoeiros importantes da vida cultural e intelectual galega. Resáltase a presenza do tradutor ao galego da obra, Ramón Nicolás, que acompañou á autora da obra, M^a Rosa Lojo, ambos os dous acompañados polo académico Víctor Freixanes.

Már Gudmundsson, Einar, *Anxos do universo*, trad. de Elías Portela, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 4, 2006, 276 pp. (ISBN: 84-934801-4-2).

Primeira obra traducida do narrador e poeta islandés, Einar Már Gudmundsson (Reykjavik, 1954). Contén, como paratextos, unha dedicatoria ao seu irmán, Pálmi Örm Gudmundsson, falecido en 1992 nun recinto psiquiátrico, e un poema do tamén autor islandés Davíð Stefánsson (1895-1964) no que, entre outros temas, se fala do recordo dos mortos por parte dos que aínda están na terra (“unindo maxicamente o ceo e a terra”). Podemos atopar tamén referencias intertextuais a outros autores da literatura de Islandia como os versos de Sigfús

Dadason cos que case se pecha a novela. No tocante á súa estrutura, divídese en dúas partes, “Anxos do Universo” a primeira, e “Sombras peregrinas”, a segunda. Dentro de cada unha delas, existe unha división por capítulos, divididos estes, á súa vez, en fragmentos. Os límites desta división son estilísticos e retóricos. Así, en canto á división en partes, se a primeira adopta un ton melancólico, esencialmente autorreferencial, e centrado en temas costumistas a partir do retrato de escenas cotiás, sobre todo da infancia; a segunda parte muda por un ton máis duro, onde a madurez do personaxe incorpora as dúbidas da adolescencia, a agresividade contra a súa familia e si mesmo, que desembocan, finalmente, no seu ingreso e morte tras os muros do psiquiátrico de Kleppur. Os capítulos funcionan como as etapas dun camiño que comeza no nacemento do personaxe principal, Páll, e remata coa súa morte. As separación que ten cada capítulo son, dentro de cada un, escenas, cadros ou viñetas que presentan un personaxe, que narran unha acción, que explican unha decisión e que conforman, no seu conxunto, a explicación de cada unha das etapas polas que evoluciona o personaxe de Páll. Así, a novela contén unha estrutura complexa que, a modo de matrioshka, resulta ser, no seu conxunto, un retrato, tenro á vez que sincero, do personaxe principal e narrador testemuña desta novela. En canto aos temas secundarios da obra, están a crítica ao sistema de reclusión dos enfermos mentais e a crítica a unha sociedade que non é capaz nin de comprender nin de atender co trato debido a parte da súa cidadanía afectada dalgún tipo de trastorno psiquiátrico. O argumento trata dun personaxe, Páll, e a súa vida, dende que nace até que morre, de como evoluciona dende unha infancia feliz até unha madurez, onde as ancoraxes sociais e familiares desaparecen para quedar á deriva. Na etapa da infancia destacan os seus compañeiros de xogo ou os adultos que, o seu grupo de camaradas, ían coñecendo ao longo das súas travesuras e fazañas. A madurez caracterízase pola dureza da figura paterna, os personaxes grises que coñecía na súa vida fóra do fogar familiar e o caótico calor dos personaxes, que acollía o psiquiátrico de Kleppur. A escena que marca a transición dunha etapa a outra é o intento de agresión ao seu pai, diante da negativa deste de proporcionarlle máis diñeiro se non a cambio de que Páll cumprise as súas obrigas familiares. O non recoñecemento de tales obrigas ou, polo contrario, a crenza de estar en posesión de certos privilexios, rematan coa marcha de Páll da casa paterna, se ben, finalmente, e ante a súa agresividade, coa cesión do pai e os cartos esixidos no peto. Un episodio co que se inicia o camiño de Páll polas “sombras peregrinas” até a súa morte.

Recensións:

- Xesús Fraga, “Coas nubes por bufanda”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 177, “Letras en Galego”, 9 setembro 2006, p. 11.

Refírese á voz narradora en primeira persoa e ao estilo autobiográfico do personaxe principal, Páll, marcado por unha existencia que vai dende “os anos da infancia e a dirección que van tomando os días, apuntando a Kleppur, a institución psiquiátrica que domina coa súa sombra toda a novela”. Loa o labor de tradución de Elías Portela Fernández e o feito de que consiga trasladar unha realidade tan afastada como a islandesa a unha realidade galega, coa que amosa elementos en común: “a dicotomía campo-cidade ou a transición de unha economía rural a outra baseada en servizos”. Do estilo da novela, comenta que “prescinde dunha visión lineal e leva ao lector polo fío irregular dos pensamentos do seu protagonista”. Finamente, resume o libro dicindo que “relata a historia global (...) de quen loita por conducir a vida do xeito que

máis lle pete e as friccións que se establecen coa sociedade por ese motivo, pero que é a particular visión de Gudmundsson a que lle confire a súa singularidade”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Cos Anxos do universo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 185, “Libros”, 23 novembro 2006, p. 5.

Loa o proxecto editorial de Rinoceronte de verter ao galego con rigor obras de calidade provenientes de literaturas afastadas á galega. Fai un retrato social do autor, Einar Már Gudmundsson, como “un dos máis relevantes escritores da literatura islandesa” ou “o narrador contemporáneo do seu país máis traducido a outras linguas”. Anota que a novela se introduce nun “tema delicado e mesmo tabú na nosa cultura occidental: a enfermidade mental”. Di que está escrita “como se fose a autobiografía de Páll” e define a obra como unha “novela sobre a tolemia e sobre as dificultades de comunicarse”, que “avanza entre sucesos políticos e familiares, entre acontecementos públicos e persoais”. Sobre o ton da narración di que é “extremadamente dura e entenedora”, e sobre os seus temas, salienta que a historia “se limita a amosar sinxelamente a realidade e esta é a súa denuncia”. Da voz narradora, comenta que “mestura a traxedia co humor e enfiá o relato cunha escrita provocativa, ao mesmo tempo que lixeira e profunda, cun estilo sempre directo e cotián, sen demasiado artificio, non exento, porén, de lirismo cando a narración esixe o emprego de imaxes poéticas para revelar a delicada sensibilidade dos aliados”.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, “Arthur e George’ e outras alegrías para os ollos”, *A Nosa Terra*, nº 1.236, “Cultura”, 21-27 setembro 2006, p. 25.

Celebra que a empresa editorial Rinoceronte decidise verter, por primeira vez, unha obra de Gudmundsson ao galego. Comenta o éxito editorial que a novela tivo no seu país, Islandia, e o senlleiro que resulta a aparición en lingua galega dunha novela orixinaria daquelas afastadas latitudes literarias. Sitúa a Gudmundsson como o autor de maior éxito na literatura contemporánea do seu país. Destaca do libro o feito de ser un punto e seguido da presenza da literatura islandesa no campo literario galego, logo da aparición, “hai case 25 anos”, do volume *Contos islandeses* (Xerais).

Márai, Sándor, *Herbario*, trad. de Fernando de Castro García, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, nº 1, 2006, 316 pp. (ISBN: 84-934801-2-6).

Neste compendio de consellos, unha primeira persoa informa ao lector sobre como cómpre vivir, comer, beber, durmir, xulgar, actuar ou mesmo morrer, ademais de comparar a súa obra cun herbario polo que aqueles tiñan de vontade de introducir plantas cuxas propiedades puidesen curar feridas da alma e do corpo. Así, tamén Sándor Márai (Eslovaquia, 1900-San Diego, 1989) almacena aquí pímulas de saber, en pequenos apartados ou capítulos con cadanseu título constituído xeralmente por unha frase coa estrutura: preposición “De” + Frase Nominal, que delimita a referencia ou aspecto tratado en cada ocasión. O estilo é sinxelo para facerse entender e nel combínanse frases sentenciosas, exemplos, argumentacións e conclusións profundas sobre a existencia e o xeito de levala. As reflexións do autor abranguen

todos os eidos imaxinábeis da vida humana, sexa no plano físico, moral ou da relación co mundo e cos outros, e así fala da vaidade, da beleza, da enfermidade, da paixón, pero tamén das propiedades dalgúns alimentos, da roupa ou da nicotina. A propósito da lectura, anima a facela como se fose unha cuestión de vida ou morte por ser un privilexio ao alcance unicamente do ser humano. En xeral, salienta un consello de mesura no sentir e no vivir, así como unha fidelidade ao propio carácter e unha axuda desinteresada aos demais. A esencia do libro radica no camiño cara ao coñecemento dun mesmo e dos demais, e así se expresa xa ao comezo “a máis profunda vivencia que nos poden proporcionar o mundo e o noso paso pola vida é o coñecemento de nós mesmos”. O último capítulo, o 202 “De min mesmo” eríxese como unha especie de nota de agradecemento ao destino por terlle dado a existencia e a intelixencia.

Referencias varias:

- Dolores Martínez Torres, “Sandar feridas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 175, 7 setembro 2006, p.V.

Dáse conta da publicación de *Herbario*, obra de Sándor Marai. Comeza advertindo que o libro recompila consellos para sobrelevar a vida e faise referencia á biografía do escritor para logo revelar o ano no que escribiu *Herbario*. Trátanse os temas para os que o humanista achega receitas e subliña a superioridade da alma sobre o corpo, para advertir que se debe renunciar aos praceres da vida. Estabélcese un vencello entre a vida e o cansazo para rematar aludindo ao suicidio do erudito, sobre o que se di que actuou “mediadamente” para evitar que os seus seres queridos o descubrisen morto.

Miller, Henry, *Trópico de cáncer*, trad. de Xurxo Borrazás, Vigo: Galaxia, col. Clásicos universais, nº 13, 2006, 304 pp. (ISBN: 978-84-8288-953-5). ■

Primeira vez que se verte ao galego a que é a primeira novela publicada por Henry Miller (Nova York, 1891-California, 1980), en 1939. A obra organízase en dezaseis capítulos e a súa unidade provén do estilo autobiográfico que usa o narrador testemuña e personaxe principal, Henry Miller, ao longo da sucesión de escenas nas que conta as súas experiencias de estadounidense emigrado na cidade francesa de París. Tampouco existe unha sucesión temporal que indique unha continuidade, agás aquela que certos personaxes achegan ao lector a través da súa relación persoal. O motivo destas eleccións explícaa a propia voz narradora cando se refire á súa vontade de escribir o “último libro” do mundo. Así, en certos puntos da novela, realiza unha defensa do carácter autobiográfico da literatura: do individual, do persoal, do íntimo do acto creativo e, en consecuencia, do directo lazo que une ao autor coa súa obra. Dende este razoamento xustifica a aparición do erotismo, da sexualidade, como parte da vida, xa que logo, de obrigada presenza en todo acto artístico creador como o que, ao seu entender, unha obra de literatura. En canto aos temas que aparecen, están todos vinculados á vida dun Henry Miller falto de ambicións, sen obxectivos, sen identidade propia, que se deixa levar por unhas necesidades conxunturais, que asume, debe sufocar a medida que vaian aparecendo. O sexo aparece aquí como unha desas necesidades e o amor só fai acto de presenza de forma esporádica, a través da esposa que Miller di ter deixado no seu país, e sempre referenciado cun ton amargo. A trama da novela é, como explica o propio narrador, a

vontade de fusionar a vida coa creación literaria, na procura dese “último libro”. Esta novela é, xa que logo, unha exploración de camiños, onde as dúas principais vías de tránsito son, por unha banda, a da descrición e a elaboración dun retrato vital e, pola outra, a da posta en valor dunha creación literaria íntima e persoal. Ambos camiños procuran confluír na intención, nunca explicitamente declarada, pero sen dúbida presente, de que a orixe do acto creador e a vida descrita na creación se confunden nun mesmo punto, no da persoa de Henry Miller, ao mesmo tempo autor e personaxe. Os demais camiños serían, todos eles, ramificacións deste punto. É por iso polo que se pode entender *Trópico de Cáncer* como unha novela experimental que procura, dende un punto de vista persoal, amosar ao lector unha forma de entender e de experimentar a literatura, en xeral, e o acto creador, en particular.

Recensións:

- Xurxo Borrazás, “Trópico de Cáncer. A vida no papel”, *Grial*, nº 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 112-115.

Comeza reflexionando sobre as contradicións da vida, para pasar a referirse logo tradución da obra de Henry Miller *Trópico de Cáncer*. Dá conta da aprendizaxe que lle supuxo ler a Miller, da edición orixinal, da versión castelá e da obscenidade que os censores e conservadores atribuían a *Trópico de Cáncer*. Alude á visión que a sociedade ten sobre o autor e á vida de Miller en Europa. Inclúense exemplos que foron desbotados polos seus detractores por seren obscenos. Compara a Miller cos literatos do momento e pasa a centrarse nas características da obra. Fai fincapé no ataque contra a Igrexa e contra os políticos, a Prensa, os exércitos e os intelectuais das letras. Fálase do estilo, da estrutura da obra, das sensacións que esperta a lectura da prosa de Miller e da técnica. Finaliza informando que o autor consideraba a obra como “o libro”, non como unha novela.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, “Por non falar do gran político”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 decembro 2006, p. 4.

Anúnciase a publicación da novela de Henry Miller, *Trópico de Cáncer*. Anótase que, condicionado polo comentario que George Orwell fai do libro no seu ensaio, *No ventre da balea*, e estando a ler a Orwell antes que se publicase en galego a novela de Miller, prefere deixar a lectura deste texto para mellor ocasión.

- Xurxo Fernández, “Henry Miller y los lindes del cortejo”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 18 decembro 2006, p. 72.

A partir dunha reflexión sobre a literatura erótica e a presenza do erotismo na literatura, faise mención da importancia que, nesta incorporación, tivo Henri Miller a través de novelas como *Trópico de Cáncer*. Coméntase parte da máis interesante obra do autor estadounidense e dáse conta da aparición en lingua galega, dentro do catálogo da editorial Galaxia e traducido por Xurxo Borrazás, desta novela.

Paasilinna, Arto, *O bosque dos raposos aforcados*, trad. de Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 1, 2006, 258 pp. (ISBN: 84-934801-0-X).

Esta novela editada orixinariamente en 1983 é a primeira novela de Arto Paasilinna (Kittilä, Finlandia, 1942) traducida ao galego. A historia transcorre nun hábitat que Paasilinna coñece perfectamente, os bosques veciños á localidade na que naceu, Kittilä, e da que foi garda bosques durante anos. En canto á historia, preséntanos a tres personaxes que foxen dunha realidade que os persegue e á que non se queren enfrontar. Oiva Juntunen, ladrón profesional, foxe da virtual persecución dun seu compañeiro, Hemmo Siira, con quen cometeu un roubo no Banco Nacional de Noruega tamén xunto Heikki Sutinen, a quen non lle quere dar a súa parte correspondente do botín. O comandante Remmes, estratega alcólico do exército, foxe da perda dun estatus familiar e profesional en xogo pola súa adicción á bebida. E Naska Mosnikoff, unha koltta fina de noventa e cinco anos, a máis anciá do lugar, foxe dunhas autoridades públicas que a queren retirar a unha residencia para garantir o seu benestar, en contra da súa vontade de permanecer nos bosques. Os tres encóntranse e constrúen unha convivencia pacífica e en común nunha pequena cabana de garda bosques que, malia todo, non lles evitará afrontar os seus medos. Así, Oiva recibirá a visita de Hemmo Siira, con quen terá que negociar unha saída ao seu conflito; o comandante Remmes deberá decidir entre seguir dependendo da bebida ou afrontar os requirimentos de Oiva e as necesidades de Naska a cambio de parte do botín de Oiva; e Naska deberá demostrar continuamente a súa autonomía e capacidade, fronte a ameaza de reclusión das autoridades. A historia transcorrerá a través dun conxunto de situacións humorísticas, en certo sentido surrealistas, que os levará a reconciliarse coa súa vida anterior e consigo mesmos nun camiño de redención e renovación persoal e social. A respecto da linguaxe, é sinxela e clara, cotiá, vinculada ao fácil e continuo uso dun elevado número de lectores. O estilo fai un uso reiterado do humor, a ironía, os dobres sentidos e un certo surrealismo que recorre o conxunto da trama. Os personaxes, debuxados con trazos grosos, son diáfanos e carecen de segundas intencións, así como dun fondo interno alén do impreso polas súas propias accións. No tocante á tradución, destaca o uso da gheada e o seseo como contedores de trazos dialectais fineses.

Recensións:

Tomás González Ahola, “Traducir do finlandés para o galego. *O bosque dos raposos aforcados*, de Arto Paasilinna”, *Viceversa*, n.º 12, “Traducións xustificadas”, 2006, pp. 131-135.

Realiza unha aproximación teórico-práctica sobre o proceso de tradución do finlandés ao galego da novela de Arto Paasilinna *O bosque dos raposos aforcados*. Logo de falar da presenza da literatura irlandesa no sistema literario galego, céntrase na tradución da mesma e no método empregado para salvar determinadas dificultades e características especiais do texto finlandés e o texto meta entre as que destacan cuestións relacionadas coa dialectoloxía e a toponimia, ademais doutras de sintaxe e estilo. Remata ofrecendo unhas consideracións finais nas que define o proceso de tradución como “a busca da literaridade a través da transformación” e valora os esforzos do tradutor no intento de superar a distancia entre o texto fonte e o texto meta para facer notar o grao de similitude entre as dúas culturas.

- Héitor Mera, “Os delincuentes de Paasilina”, *A Nosa Terra*, nº 1.213, “Cultura”, 28 marzo 2006, p. 27.

Recoméndase a lectura da obra *O bosque dos raposos aforcados*, de Arto Paasilinna, un autor finés de recoñecido prestixio que é traducido con rapidez ás literaturas europeas normalizadas. Sinálase que a última obra xa se pode ler en galego, grazas á tradución de Tomás González Ahola. A seguir, coméntase que o inicio da narración fai pensar nunha novela negra clásica, pero a trama complícase até pintarnos un cadro máis profundo e con varias posíbeis lecturas. Tamén se apunta que o amor, a delincuencia, a corrupción, a adaptación ao entorno, os sentimentos máis primitivos e a cobiza están engarzados na vida dos dous protagonistas: o delincente Oiva Juntunen e o comandante borracho Remes.

- Francisco Martínez Bouzas, “Un artista da irrisión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Libros”, 30 marzo 2006, p. 5.

Faise mención á enorme popularidade que goza Arto Paasilinna no seu país, Finlandia, e no fenómeno literario que constitúe cada unha das súas novelas. Caracterízase a súa escrita como humorística “e pouco menos que surrealista” e valórase a súa capacidade de suturar a “melancolía, o naturalismo e unha sincera atracción por situacións paradoxais”. Faise unha presentación detida de cada un dos personaxes, dos que se di que están dotados “con un tal grao de humanidade” e que “son absurdos”. Tamén se apunta que o argumento é “completamente inverosímil” e que a voz narrativa desta historia lineal é omnisciente. Por último, valora moi positivamente que “até o feito máis lamentábel resulta conmovedor”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Finlandia e Galicia. Coñecer a Arto Paasilina”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Libros novidades”, 28 maio 2006, p. 18.

Refírese á importancia, no panorama literario finés, da figura e a obra de Arto Paasilinna para, a seguir, celebrar o feito de que o proxecto editorial de Rinoceronte permita incorporar ao sistema literario galego a autores e obras contemporáneas da relevancia de *O bosque dos raposos aforcados*. Explicase o éxito de Paasilinna no seu país polo “perfecto dominio dunha escritura humorística e pouco menos que surrealista do que goza a pluma do escritor finés”. En canto ao seu estilo, destácanse “as súas tramas funanbulescas, o seu gusto pícaro e retranqueiro pola aventura, a mestura afouta de elementos mitolóxicos antigos, e a moderna sátira social”. Tamén se comenta que se trata dun “libro sobre todo divertido e exento de pretensións morais e de grandes reflexións filosóficas”, cunha “escrita limpa e precisa”, e unha narrativa “sinxela e tradicional”, que ten “a virtude de trocar as historias máis tráxicas e desconcertantes en produtos estéticos de irrisión”.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Dos nuevas editoriales amplían el horizonte de las letras galegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 8 xaneiro 2006, p. 40.

Faise referencia á creación de dúas novas editoriais: Rinoceronte Editora e Edicións da Rotonda. A primeira ten como obxectivo realizar traducións de obras actuais ao galego e o

seu director, Moisés Barcia, comenta que os primeiros volumes que sairán ao mercado son *O bosque dos raposos aforcados* do finlandés Arto Paasilinna e *Seda* do italiano Alessandro Baricco. Pola súa banda, Edicións da Rotonda, dirixida por María Yáñez, dedícase á publicación de textos galegos en internet e a primeira obra que colgaron na páxina foi *O home inédito* de Carlos G. Meixide.

Piñón, Nélica, *A casa da paixón*, trad. de Marga do Val, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 238, 2006, 138 pp. (ISBN: 978-84-8288-950-4).

A obra de Nélica Piñón describe a vida íntima dunha rapaza que vive nunha casa do rural con outras mulleres e con seu pai. O libro ocúpase de explicar os encontros eróticos da rapaza con elementos da natureza, centrándose no seu amor polo propio sol astro con que mantén relacións sexuais. Os outros personaxes tamén participan deste mundo de desexos e paixóns que determinan a vida da protagonista.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Nélica Piñón, a luminosa voz”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 191, “Letras en Galego”, 16 decembro 2006, p. 11.

Faise un percorrido afervoado pola súa traxectoria literaria e biográfica, así como unha análise da singularidade do seu estilo a través dun dos parágrafos da novela. Recoméndase a lectura da novela, subliñándose a consideración da súa obra como “un dos grandes cumios das letras do seu continente”.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Nélica Piñón: ‘Son metade brasileira por berce e escrita e metade galega por familia’”, *Galicia Hoxe*, “Latitudes”, 19 novembro 2006, p. 37.

Dáse conta da entrevista concedida pola novelista Nélica Piñón co gallo da próxima publicación en galego da súa novela *A casa da paixón*. Recóllense as súas inquedanzas e gustos literarios, viaxes polo mundo e lembranzas vinculadas a terras galegas. Sublíñase a súa elección como primeira muller que presidiu unha Academia da Lingua e, dentro dos novos traballos literarios en cernes, cítase a intención de escribir un libro de memorias.

- Xesús Fraga, “Eu só podo ser moderna se son antiga ao mesmo tempo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 decembro 2006, p. 48.

Entrevístase á novelista Nélica Piñón con motivo da publicación en galego da súa novela *A casa da paixón*. Saliéntase a temática erótica da novela contextualizada no momento da súa primeira publicación e a autora subliña o subversivo e atemporal da literatura en xeral e da súa novela en particular. Lémbrese a novelista da súa estada en Galicia e do mítico desta terra co que se identifica e deixa pouso na súa obra. Infórmase dos diferentes actos que contarán coa súa presenza e participación na cidade de Santiago de Compostela nos vindeiros días.

Recuero Astray, Manuel, *Extremum (A fronteira)*, trad. do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, Sada (A Coruña): Edicións do Castro, col. Narrativa, 2006, 239 pp. (ISBN: 978-84-8485-245-2).

Esta historia de Manuel Recuero Astray está ambientada na Idade Media, época da que podemos encontrar reflectida toda a estrutura social dominada por campesiños e guerreiros. Uns e outros teñen un lugar nesta novela ao lado dos reis Afonso VII e Berenguela, a súa muller que ocupan un lugar privilexiado dentro da obra. No texto afóndase en aspectos historiográficos determinantes na nosa historia como é o feito de que este rei representou a perda da independencia de Galicia. Como elemento que vén situar esta historia na Idade Media encontramos os enfrontamentos entre cristiáns e mouros. Ademais da reprodución historiográfica hai lugar nesta obra para as aventuras e os amores entre os distintos personaxes que a compoñen.

Reigosa, Carlos G., *Oxford, amén (plans para ninguén)*, trad. do autor, presentación de Alfredo Bryce Echenique, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 223, 2006, 385 pp. (ISBN: 84-9782-430-X).

Publicada por primeira vez en castelán en 1982, esta novela constitúe o debut literario de Carlos G. Reigosa (A Pastoriza, Lugo, 1948), que, agora, sae ao prelo en galego. Vai acompañada dun prólogo de Alfredo Bryce Echenique onde reflexiona sobre a singularidade do protagonista da obra, Carlos Mosqueiro, un mozo ourensán que vén de rematar a carreira de Ciencias Políticas en Madrid e que decide fuxir a Londres sen motivo concreto e sen avisar a ninguén. De facto, a novela ten como subtítulo (*plans para ninguén*). Dos dezaseis capítulos en que se divide a obra, os tres primeiros aparecen numerados en inglés e o resto en galego. A narración, contada en primeira persoa na voz do propio Carlos Mosqueiro, comeza no momento en que el sube ao tren que o levará nunha viaxe a Londres, á procura de si mesmo. Todo o traxecto, dende que sae de Madrid até ao seu retorno no final da obra, está inzado de reflexións filosóficas e políticas, mediante un discurso ateigado de referencias literarias, musicais ou cinematográficas, entre as que destacan as continuas alusións ás personaxes Billy, the Kid e ao Shériff, sobre quen proxectará as súas propias circunstancias e inxedanzas. As persoas coas que se irá encontrando ao longo da súa viaxe, serviránlle para ir construindo o seu propio pensamento e axudaranlle a reflexionar sobre os máis diversos aspectos da existencia. Cando chega a Londres, é acollido nunha comuna hippy gobernada baixo os principios do amor e do compartir, o que lle permitirá darse conta das súas contradicións persoais. Decide entón ir a Oxford, onde vai parar a unha casa ocupa. Despois dunha breve estancia en Manchester, regresa a Oxford para estar cunha moza que coñecera alí, mais que xa non está. Entón, sempre guiado unicamente polo azar, matricúlase nunha academia para aprender inglés, onde coñecerá unha rapariga da que se namorará perdidamente e coa que disertará acerca da natureza do amor. Será entón cando decida regresar a Madrid, onde o espera a súa moza, e encontrarse coa súa familia.

Recensións:

- Dolores Vilavedra, “Unha feliz recuperación”, *Grial*, nº 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro 2006, p. 91.

Co gallo da tradución ao galego da novela de Carlos G. Reigosa, *Oxford, amén*, (Xerais, 2006), faise referencia ás versións noutras linguas. Advírtese da dificultade que supón ler certas obras de Reigosa sen ter lido *Oxford, amén*, que foi publicada en castelán no 1982. Abórdase a trama narrativa e alude ao carácter xeracional da novela. A continuación, céntrase nos trazos principais do libro e na música, que posúe unha gran relevancia por mor da cultura musical do protagonista. Tamén se ofrece un resumo do argumento e dáse conta dos conflitos existenciais que Reigosa recolle na súa novela. Finalízase presentando a capacidade que ten o protagonista para transformarse noutro personaxe e indicando que a resolución do conflito tamén é revelada no texto.

- Sandra Faginas, “O regreso da novela ‘auto-stop’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 161, 20 maio 2006, p. 11.

Faise eco da primeira publicación en galego da novela de Carlos G. Reigosa, *Oxford, amén*, por parte da editorial Xerais. Faise unha breve descrición da liña argumental da obra, salientándose o seu carácter de novela “auto-stop”. Lémbrese o termo de “xeracional” que lle adxudicou a crítica.

- Francisco Martínez Bouzas, “En clave existencial”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 177, “Libros”, 21 agosto 2006, p. 5.

Sitúa a novela nunha corrente existencialista derivada das utopías e desencantos do Maio do 68 á vez que afirma que non resultou ser, como se esperara no momento da súa publicación en castelán en 1982, a gran novela española das décadas dos setenta e oitenta. Revela o carácter bohemio e rebelde desta narrativa e sitúa o protagonista nun escepticismo que renega de toda a ilusión e que é a causa da inutilidade da súa viaxe iniciática. Dá conta do argumento da novela e incide na reiterada presenza do monólogo interior que considera pesado, aínda que declara que o relato cobra dinamismo no momento en que o protagonista ingresa na academia de inglés.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Carlos Reigosa traduce ao galego a súa novela en castelán *Oxford, amén*”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 maio 2006, p. 76.

Faise eco da tradución ao galego, do mesmo autor, da novela *Oxford, amén*, que foi a primeira novela publicada por Carlos G. Reigosa en castelán hai vinte e catro anos. Coméntase tamén, en palabras de Manuel Bragado, director da editorial, a próxima publicación nun só libro das colección de contos *Homes de tras da corda* e *As pucharcas da lembranza*.

- Albino Mallo, “El periodismo es una profesión que devora casi todo el tiempo”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 13 xuño 2006, p. 8.

Nesta entrevista ao periodista e escritor galego Carlos G. Reigosa, faise unha breve aproximación á súa vida e bibliografía, ademais de recollérense as súas opinións sobre a súa faceta como novelista ou ensaísta, salientando a súa incursión no cinema. Remátase falando da recente publicación da súa novela *Oxford, amén* e dos proxectos en cernes.

Sade, Marqués de, *Os crimes do amor*, trad. e selección de M^a Ana Valladares Fernández, Noia (A Coruña): Toxosoutos, col. Trasmontes, nº 10, 2006, 129 pp. (ISBN: 84-96259-89-7).

Selección de contos de *Les crimes de l'amour*, de Donatien Alfonse François de Sade (París, 1740-Charenton-Saint-Maurice, 1824), nos que atopamos unha realización da filosofía política da crueldade, malia non pertencer ao corpus puramente pornográfico do autor. Desfilan nesta obra unha serie de personaxes todos eles pertencentes á nobreza. Entre estes individuos prodúcense relacións de carácter amoroso que acaban por desencadear a traxedia. O fatalismo que orixina o amor concretízase neste caso nun crime. Aínda que o amor prohibido que produce un desenlace fatal é o que ocupa gran parte da obra, tamén hai un lugar para o mito da pureza e o amor como ese sentimento positivo que leva a un desenlace feliz. O amor positivo e pleno neste caso trátase dun amor incestuoso protagonizado polo marqués de Sade e Florville.

Stein, Gertrude, *Tres vidas*, trad. de María do Cebreiro, Vigo: Galaxia, col. Clásicos Universais. Biblioteca William Shakespeare, nº 10, 2006, 226 pp. (ISBN: 84-8288-895-1). ■

Este libro é unha das primeiras obras de Gertrude Stein (1874-1946) e componse de tres historias aparentemente independentes: “Anna a boa”, “Melanctha” e “A doce Lena”. Porén, existe un fío que une as tres historias e que se pode describir dende varios puntos de vista. Dende un punto de vista sociolóxico, as tres pezas narrativas protagonízanas mulleres, pertencentes a unha mesma clase social e residentes na mesma vila ficticia de Bridgepoint e, por tanto, as tres teñen contacto co mesmo contorno e a mesma realidade ficcional. Dende un punto narratolóxico, ás tres mulleres correspóndelles unha vida vulgar e chea de desgraza, como queda de manifesto tanto polos acontecementos que lles suceden coma, sobre todo, polas trazas psicolóxicas que lles dan forma. Isto non impide que cada muller teña unha forma distinta de afrontar a realidade -Anna, a través da súa rectitude, Melanctha coa súa amabilidade e Lena co recurso á súa fermosura e o efecto que esta causa nos demais-, aínda que ningunha delas poderá escapar a unha vida gris e derrotada. Así, o tráxico dun futuro que parece escrito *a priori*, a pesar das súas distintas formas de vivir o presente, e a impotencia de non poder escapar del, é o eixe continuo que recorre e articula o libro. Ademais, a condición de muller das protagonistas, así determinadas pola súa realidade, introduce unha posíbel clave interpretativa feminista, de impotencia e de protesta ante un contorno continuo, estático e opresor. A voz narradora, por outra banda, é omnisciente e afástase dos acontecementos a través do recurso a unha linguaxe repetitiva, con escasas modificacións, mudando a estrutura da frase nun estilo case que caleidoscópico. Os personaxes, xa que logo, débúxanse a través de múltiples trazos de gran finura, caracterizándoas de xeito multidimensional, tanto polas súas accións e relacións cos demais, coma mediante a materialización interior duns sentimentos complexos e ricos.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Unha peza esencial da novela americana”, *A Nosa Terra*, nº 1.224, “Cultura”, 25-31 maio 2006, p. 27.

Contextualízase á autora dentro do seu século e da súa época, destacando a súa figura “case lendaria” no París de comezos de século. Defínese pola súa tripla condición de “muller, xudía e lesbiana”, anotando tamén que ningunha das tres características “contribuíu demasiado á consecución do seu éxito”. Cualifícase *Tres vidas* como o seu libro de madurez literaria e o que a estableceu como “unha das escritoras fundamentais da moderna narrativa americana”. A respecto do seu estilo, menciónase o comentario atribuído a Gertrude Stein pola cal “a súa narrativa era para a novela o que o cubismo fora para a pintura”. Sobre o seu uso da linguaxe, fálase da súa fascinación “pola estrutura da frase” e da súa querenza por construír os textos a partir “dunha extremada simplificación e fragmentación do relato. Un relato que, así minimizado, evolúe a base de repeticións con lixeiras variacións que, pouco a pouco, van tecendo un minucioso e matizado desenvolvemento da acción”. Saliéntase, tamén, a tradución de María do Cebreiro “que consegue traspoñer a harmoniosa verba de Stein sen que deixe de “soar a galego”. Finalmente, dise que, con respecto ao libro *Tres vidas*, “Gertrude Stein comezaba dun modo soberbio a súa carreira literaria cun texto que contiña xa o xermolo da novela moderna”.

- Dolores Martínez Torres, “Contos crueis”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 170, “Libros”, 15 xuño 2006, p. 5.

Descríbese a figura de Gertrude Stein como “escritora e muller singular, mecenas de artistas, protagonista e tamén icono do s. XX”. Dise que a súa narrativa ten “pousos victorianos e formas vangardistas”, que “constitúen sendos retratos psicolóxicos femininos, biografías independentes que comparten circunstancias hostís e un final sen gloria”. Recoñécense estes trazos nos relatos de Anna, Lena e Melantcha, as protagonistas das tres vidas recollidas na obra. Identifícase a voz narradora como “deliberadamente repetitiva e allea á trama”. A respecto do uso da linguaxe, caracterízase como “pródiga en efectos sonoros e xogos verbais, en anormalidades gramaticais e sintácticas”, xunto cunha “certeira adxectivación, inzada de contrastes e mesmo contraditoria”. Cualifícase a este libro como “tres contos crueis, tres estampas do fracaso na América das oportunidades”, cuxa razón se atopa na seguinte reflexión: “hai quen é desgrazado, pero a culpa non é súa; e da vida tampouco”.

- Xesús Fraga, “Stein retrata ás humildes”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, “Letras en Galego”, 26 xullo 2006, p. 5.

Faise eco da publicación pola editorial Galaxia da primeira tradución ao galego, labor de María do Cebreiro, da obra da escritora norteamericana Gertrude Stein, *Tres Vidas*. Faise unha análise da obra e un breve repaso da biografía da autora, ademais de recomendarse a súa adquisición.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “Revelación”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 171, “Letras en

Galego”, 29 xullo 2006, p. 11.

Reivindícase a literatura que pode ser lida por nenos e maiores, salientándose a súa calidade fronte a da novela de ocio. Critícase o xénero da novela negra cultivado en Galicia, exceptuándose a novela publicada por Domingo Villar, *Ollos de auga*, da que se subliña a calidade e orixinalidade dentro do xénero. Cítase a novela de Suso de Toro, *Home sen nome*, mencionándose o seu intento por destacar. Remátase recomendando con vehemencia a lectura de *Tres vidas*, de Gertrude Stein .

Süskind, Patrick, *O perfume. Historia dun asasino*, trad. de Luís Fernández Rodríguez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/narrativa, 2006, 279 pp. (ISBN: 84-7824-502-2) .

Orixinalmente publicada no 1985, esta primeira novela de Patrick Süskind (Ambach, Alemaña, 1949) coñece agora a súa tradución ao galego. A súa estrutura é episódica, se ben a novela está dividida en catro partes, cada unha delas situada nun momento da vida do personaxe principal, Jean-Baptiste Grenouille, na súa procura da fragancia perfecta. Na primeira parte Grenouille fórmase na destilación e na creación de perfumes cun dos dous perfumistas máis importantes de París, Baldini, quen, logo de renegar del a primeira vez, aprende a explotar e aproveitarse das súas habilidades na competencia cos seus rivais. Na segunda parte, Grenouille foxe de París, logo de poñerlle fin á súa relación con Baldini, e adopta como mecenas o marqués de Taillade-Espinasse. Na terceira parte, fuxindo novamente, atopa traballo no obradoiro da viúva Arnulfi e do aprendiz do seu defunto marido, Dominique Druot, onde traballa como perfumista. Un mesmo obxectivo e un mesmo final, a morte, cae sobre os personaxes desta terceira parte. Nunha cuarta parte, a modo de epílogo, os actos de Grenouille pásanlle factura, pois é cando acada a morte. A trama destila retallos do xénero histórico, negro e social. O ton pesimista vese reflectido no carácter esencialmente negativo da meirande parte dos personaxes que, xunto con Grenouille, comparten protagonismo. A única excepción, o marqués de Taillade-Espinasse, resulta un personaxe marxinal, extremo, mesmo ás veces surrealista e patético, o que reforza a falta de esperanza da historia. O fío narrativo, a busca da “essence absolute” por parte de Grenouille, e as mortes que vai deixando ao longo de todo o seu recorrido para conseguilo, é a escusa para reflexionar sobre a natureza mesma do ser humano, a fortaleza dos seus límites diante dos obstáculos que se lle presentan e a súa catadura dentro dun contexto ausente de valores e ancoraxes morais. Neste sentido, o tema principal é, precisamente, a falta de escrúpulos do individuo fronte a estes límites e nestes contextos, un posicionamento reafirmado polo ton negativo tanto dos personaxes como da historia. Por outra banda, a novela incide no paradoxal que resulta a convivencia, máis evidente no personaxe principal, pero presente no conxunto da novela, do ser humano negativo e mesquiño, avarento e asasino, coa fermosa e desexada “essence absolute”, que na novela se procura e destaca a través dun coidado uso léxico. O argumento pivota sobre a figura de Grenouille, das súas miserentas orixes no París do século XVIII, e de como estas orixes o van convertendo nun ser amoral cun obxectivo: converterse no mellor perfumista de Francia e do mundo. Para conseguilo aprenderá a recorrer a calquera medio, mesmo ao asasinato. Ao longo da novela, os máis importantes personaxes secundarios achegaranlle os coñecementos teóricos, os métodos e as técnicas prácticas para converterse en perfumista. A partir de aquí, será o seu prodixioso nariz, o que o leve a perseguir e conseguir distintas

fragancias, entre elas, aquela máis fermosa de entre todas, a “esence absolute”. O asasinato en serie será a técnica que utilice para conseguilo, e a morte, o final para os seus crueis actos.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Un forte incremento de traducións marca o novo ano editorial galego”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 5 setembro 2006, p. 71.

Céntrase na situación que caracteriza a nova temporada editorial en Galicia, que contará cun maior número de traducións que noutras ocasións. Cítanse as obras que foron traducidas ao galego e, a continuación, infórmase da saída do prelo de obras reeditadas como *Polaroid*, de Suso de Toro. Tamén se da conta das novidades editoriais tanto de Xerais como de Galaxia. Nun despece, faise referencia á preparación na editorial Sotelo Blanco da tradución ao galego dun éxito a nivel mundial, *O perfume*, e a outras obras da editorial compostelá.

- César Lorenzo Gil, “O perfume publícase en galego coincidindo coa estrea da película”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, “Cultura”, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 25.

Faise eco da publicación en versión galega da novela de Patrick Süskind, *El perfume*. Saliéntase a coincidencia deste feito coa estrea da película baseada na obra e realízase un percorrido pola traxectoria persoal e literaria do autor e o éxito acadado pola novela en cuestión. Remátase falando dos traballos pasados para que esta chegase a estrearse e cítase o seu cadro cinematográfico.

Twain, Mark, *Contos de Mark Twain*, trad. de Marta Cuba, Lugo: Tris Tram, 2006, 125 pp. (ISBN: 84-89377-71-5).

Pequena escolma de contos do escritor estadounidense Mark Twain (Florida, 1835-Connecticut, 1910). Descríbense a seguir as narracións que compoñen o volume:

- “O conto do californiano”, pp. 21-30.

O narrador chega a unha casa solitaria no medio da natureza, unha casa fermosa e ben arranxada. Cada cousa está no seu sitio, todo limpo e ben preparado, tan distinta ás casas dos outros mineiros coas que se atopou o narrador, feito que lle agrada enormemente. O dono da casa manifesta que todo é traballo da súa dona, pola que sente unha grande admiración. Causa tal impresión no protagonista que decide esperar á noite na que ela regresa á casa, a noite do sábado. Pasan os días. Varios mineiros achéganse a preguntar pola dama. Chegado o sábado, o día agardado, o narrador non pode coa emoción, xa que vai coñecer á que tan boa impresión lle causou. Non obstante, os seus desexos quedan truncados cando descobre que a dona leva morta dezanove anos. Os indios captúranrona a cinco millas do lugar cando regresaba á casa medio ano despois de casar, feito que desencadeou a tolemia transitoria do dono da casa. Os veciños revelan ao narrador que, ano tras ano, acoden á casa preguntando por ela para axudar a que o marido non se volva completamente tolo. Só durante os aniversarios da súa morte, porque o resto do ano volve recuperar a súa cordura.

- “Unha situación de impotencia”, pp. 31-38.

Cada ano o protagonista recibe unha carta un tanto embarazosa que, aínda a pesar de ser enviada de forma reiterada, non se dá acostumado a ela. A remitente pide consello sobre un libro escrito por ela e a súa posíbel publicación, un segredo para o seu marido e familia. Ante tal situación, el atópase na necesidade de responder e, deste xeito, presenta noutra nova carta a súa futura conversa cun editor. Preguntaríalle un tipo de preguntas que el, aínda que as contestase, quedaría completamente avergoñado e non conseguiría nada, polo que lle recomenda que sexa ela mesma a que os envíe a algún editor asegurando que sí os examinarán e filtrando de forma subversiva a crítica contra o sistema editorial de entón.

- “Unha conversación telefónica”, pp. 39-44.

O narrador escoita unha conversa telefónica mentras está a escribir un artigo sobre un tema filosófico no cuarto. Un membro da casa entra e pídelle que a poña en comunicación coa señora Bagley, coa que ten unha conversa un tanto ridícula.

- “Edward Mills e George Benton: un conto”, pp. 45-52.

Edward Mills e George Benton eran parentes de lonxe que, dende bebés, foron adoptados polos Brant, unha parella sen fillos. Mentras Edward medraba e se convertía non home de ben, George ía cada vez a peor. Cando os vellos morreron, o testamento declaraba o seu cariñoso orgullo por Edward mentres que a George lle deixaban unha pequena propiedade. Os dous crearon unha familia e tiveron fillos. Mentras Edward obraba coma un home de ben, George dábase á mala vida. Pero os tempos eran duros e empeoraron. Edward empobrecía até o punto de ter que mendigar mentras que George, o fogazán, o borracho, amante da boa vida, foi axudado a recuperarse até que xurou non volver probar o alcohol, converténdose nun home moi popular, con gran cantidade de diñeiro no banco e chamado “cidadán de primería”. Na súa lápida reproducíase parte do consello que un día, cando os dous curmáns eran moi pequeños, lles deron os seus pais.

- “Os cinco favores da vida”, pp. 53-56.

Narrada en cinco capítulos, a historia conta as decisións dun rapaz que debe seleccionar un de entre cinco agasallos. Cada capítulo correspóndese con unha das súas decisións: o pracer, o amor, a fama, a riqueza e a morte. Cada un dos catro primeiros teñen escondida a súa cara oculta, da que se dá conta o protagonista unha vez elixido. No capítulo final, a fada, indignada ante as progresivas malas eleccións, coméntalle ao rapaz que non confiou nela e non lle deixou elixir, polo que ten o que merecía.

- “Os amores de Alonso Fitz Clarence e Rosannah Ethelton”, pp. 57-80.

Historia de amor de Alonso Fitz Clarence, un solitario, e Rosannah Ethelton, interrompida polas ansias de vinganza do reverendo Burley, quen se fai pasar por Alonso Fitz para acabar coa historia.

- “Literatura sobre incidentes magnánimos”, pp. 81-88.

Conta unha anécdota por quendas que se organizan nos seguintes capítulos, tal como se reuniron nas súas investigacións. Reproduce pois a anécdota coa súa correspondente secuela.

- “O cadelo agradecido”, pp. 81-2.

Un cadelo coa pata rota é coidado por un médico, que o mima até que se cura. Ao día seguinte son dous os cadelos que se presentan na súa porta para seren tamén coidados. Logo xa son catro os cadelos que precisan a súa atención e cada vez máis. No seu leito de morte o médico avisou aos fillos de que dubidasen no caso de algún desgrazado pedir axuda porque pode ser que se volva contra eles.

- “O autor benevolente”, pp. 83-4.

Un autor principiante ofrece o seu traballo a un famoso autor. Ao día seguinte o principiante ve publicada a súa obra na prensa. O autor afamado tivo que cargar co principiante continuamente. Maniféstase que se debe un afastar de todo aquel novo autor loitador; que ningún home o resgate impertinamente para a súa perdición.

- “O marido agradecido”, pp. 85-88.

William Ferguson axuda a unha muller e o seu fillo na rúa cando os cabalos que tiraban da súa carruaxe se escaparon a trote. A muller, agradecida, coméntalle a William que cando necesite un amigo fale con Thompson McSappaden. Á semana seguinte, Williams aproveitou e foi a pedirlle axuda e alí foi inxustamente tratado. Todos nun momento representaron o papel de heroe pero non souberon calibrar as consecuencias derivadas del.

- “O conto do representante comercial”, pp. 103-110.

Conta a historia do representante comercial vendedor de ecos, un home de mirada triste e unha vida difícil. Tenta venderlle a colección relatando a súa penosa historia, dende o momento en que queda orfo de pai e nai, criado polo tío Ithurriel e herdeiro da súa colección, espallada por todo o mundo. Logo de acabar a súa historia, o narrador faille saber que xa foi vítima doutros representantes comerciais que lle fixeron comprar unha máquina de coser que non quería, un mapa equivocado, un reloxo que non funcionaba, entre outros obxectos inútiles. Polo tanto, non vai a comprar ningún eco. A historia remata coa compra de dous ecos e un de agasallo por parte do narrador, quen, aínda dándose conta, se ve na obriga de compralos.

- “Un encontro cun entrevistador”, pp. 111-116.

Narra a entrevista que realiza un mozo do Daily Thunderstorm ao narrador en tono de humor, en que son constantes os malos entendidos e as ambigüedades debido á aparente inexperiencia do entrevistador.

- “Rogers”, pp. 117-122.

Rogers é un home que vive da aparencia. Con el encontrouse o narrador no sul de Inglaterra

e, dende entón, Rogers comezou a súa actuación de home ilustre e rico. Falaba do seu xastre e das bonitas capas que lle facía, das súas amizades cos condes, dos seus servintes. Pouco e pouco o narrador dáse conta que detrás da súa aparencia non se esconde un home tan ilustre como di pero que disfruta sentíndose así. As súas capas rotas, o champagne que di ter que nunca saca, os seus servintes sempre de vacacións acaban por delatalo pero, aínda así, en ningún momento el o recoñece. Rogers finou no mar como conde Ramsgate.

I.4. ANTOLOXÍAS

González Tosar, Luís (coord.), *Poetas e narradores nas súas voces. Vol II*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Arquivo sonoro de Galicia 2001-2006, 2006, 189 pp. (ISBN: 84-96530-13-2). ♦

Segundo volume desta selección (o primeiro publicárase no 2001), que neste caso reúne a dezaseis poetas e catorce prosistas de diferentes xeracións que achegan unha escolma dos seus textos a través da escrita e da palabra, posto que a obra se presenta en dous soportes: o libro e dous discos compactos, nos que cada autor recita as súas propias composicións. Luís González Tosar coordina este segundo volume e é ademais o autor do seu prólogo, no que se centra na mención das persoas que colaboraron para sacalo adiante. Os autores que prestan os seus poemas e voces ao libro son: Manuel Álvarez Torneiro, Víctor Campio Pereira, Arturo Casas, Modesto Fraga, María do Carme Kruckenberg, Antón Lopo, Xosé Miranda, Gonzalo Navaza, Román Raña, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xavier Seoane, Xohana Torres, Dora Vázquez, Pura Vázquez, Helena Villar Janeiro, Miro Villar, Marilar Alexandre, Rosa Aneiros, Tucho Calvo, Ramón Caride Ogando, Fina Casalderrey, Francisco Fernández del Riego, Xosé Fernández Ferreiro, Bieito Iglesias, Inma López Silva, Ramón Loureiro, Xavier Queipo, Anxo Rei Ballesteros, Antón Riveiro Coello e Euloxio R. Ruibal. O volume (tamén os discos) divídese en dúas partes ben diferenciadas segundo o xénero que cultive o autor en cuestión: “Poetas nas súas voces” e “Narradores nas súas voces”. Atopámonos, en ambas as dúas partes, con autores, temáticas e estilos moi diversos. Mantense, iso si, un mesmo esquema para cada literato: unha primeira páxina co seu nome, fotografía, sinatura e unha pequena biografía na que se repasa o máis destacado da súa traxectoria profesional e, a continuación, os poemas ou pezas narrativas seleccionadas para esta antoloxía. Os autores preséntanse en base a unha orde alfabética.

Rabuñal, Henrique (ed.), *Contos da Baiuca*, Certame de Narracións Breves “Manuel Murguía”, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Narrativa, 2006, 180 pp. (ISBN: 84-96475-29-8).

Recóllense cinco narracións premiadas no Certame Manuel Murguía (2003-2005) que convoca dende o ano 1991 o Concello de Arteixo e que coordina Henrique Rabuñal. Ábrese co relato “Comentario ao apocalipse”, de Bieito Iglesias, no que se conta a historia de Adriano, un home que no mellor da súa vida sofre un accidente de tráfico por conducir a unha velocidade excesiva. O novo perito de carreira prometedora vese cada vez máis abandonado, inválido nunha cama e só a nai o entende e a súa amante Ida que o coida, pois ela tamén é unha vítima da vida, a única saída é a morte. O segundo relato “As idades dela”, de Paula San Vicente, narra a historia dunha vida que se percorre dende a nenez ata os últimos anos,

recóllense experiencias tan satisfactorias como a maternidade e outras difíciles porque se entende que a vida corre como as bágoas, pero hai que vivila. O terceiro dos relatos é de Xosé L. Álvarez Pérez, “Detrás dos meus ollos”, é unha historia organizada en corenta e oito breves capítulos que relatan a vida dunha familia especial que nos traslada a outro tempo e a outro espazo. O léxico circular, redundante serve para contar os problemas de identidade. O cuarto relato, “A casa dos alicerces mariños”, de Xaime Domínguez Toxo é unha viaxe ao pasado, a partir da morte de Rubén, o fillo do protagonista. Componse o quebracabezas cun amor frustrado por Luísa, que regresa despois de moitos anos, o amor á nai do seu fillo, Marta, que lle arrebatou o pequeno, e un fillo que, no momento en que o recupera, volve a marcharse, pero neste caso para sempre. Para rematar atopamos “Aqueles que retratan o vento”, de Inma López Silva e no que se conta a historia de Dora Luaces, unha muller cunha vida triste que coñeceu o amor con quince anos nos brazos de Daniel, pero o pai casouna con outro home que a levou a Bos Aires, co tempo separouse e rematou cumprindo o seu soño de ser artista de teatro. Matan ao seu fillo Ernesto polas súas ideas polo que, ao final, da súa vida vese loitando pola recuperación da súa memoria como outras nais argentinas.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “A condición humana en *Contos da Baiuca*”, *A Nosa Terra*, nº. 1.229, “Cultura”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 26.

Proposta de lectura desta obra, na que se reúnen os traballos gañadores dos XII, XIII e XIV certames de narración breve organizados pola Concellaría de Cultura de Arteixo. Sinala que a amargura de fondo é unha característica que unifica a todas as pezas, se ben nalgunhas a reacción é a conformidade, e noutras, a loita pola felicidade. Apunta que o volume se abre con “Comentario apocalíptico”, de Bieito Iglesias, unha peza centrada no desexo da morte dun tetrapléxico para o que a vida deixou de ter sentido, e que no conto de Xosé L. Álvarez Pérez, “Detrás dos meus ollos”, o absurdo existencial é dominante. Explica que os tres títulos restantes “presentan tamén ao ser humano atrapado” e que Paula San Vicente, en “As idades dela”, ofrece a historia de Carolina, unha muller sempre ao borde do abismo, mentres que en “A casa dos alicerces mariños”, de Xaime Domínguez Toxo, o protagonismo recae nun trío amoroso con tinturas tráxicas. Considera que é o “máis irregular dos catro títulos presentados” para, finalmente, Inma López Silva recuperar o labirinto das paixóns nunha peza na que a insatisfacción e a busca constante da felicidade son de novo protagonistas.

- Román Raña, “Da Baiuca”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Libros”, 12 outubro 2006, p. 4.

Alude aos cinco *Contos da Baiuca*, premiados no certame de Narracións curtas Manuel Murguía, organizado polo Concello de Arteixo. Destácase a variedade temática, o talento artístico e a imaxinación. Tamén se fai unha descrición detallada da trama de cada un dos contos.

Referencias varias:

- Sandra Faginas, “Arteixo premia o conto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 165, “Letras en

galego”, 17 xuño 2006, p. 12.

Dáse conta da publicación do libro de relatos, *Contos da Baiuca*, que contén cinco relatos premiados no Certame Manuel Murguía que convoca o Concello de Arteixo. Enténdese que non é un libro imprescindible, pero interesante porque a vida non é sempre feliz e iso é o que se desprende das súas páxinas cheas de sentimentos, de estatismo, de estados de ánimo e, en xeral, de escuridade existencial.

II. POESÍA

II.1. POETAS GALEGOS

Aínda, *A cor das bágoas. (El color de las lágrimas)*, Ponferrada: A Cantaruxa, setembro 2006, 108 pp. (ISBN: 84-611-1573-2).

A cor das bágoas é o primeiro poemario do poeta e cantautor berciano en lingua galega que se fai chamar Aínda (Ponferrada, 1974). Este volume bilingüe galego-castelán, que ten como subtítulo a tradución ao español do seu título galego, conta con dúas partes -“(uno)” e “(dos)”- nas que se distribúen cincuenta e seis poemas, vinte e un en “(uno)” e mais trinta e cinco en “(dos)”. Todos os poemas levan o título entre parénteses e con referencia á lingua galega temos un total de sete e mais o titulado “praia de estrela”, que só leva o título en galego. Nestes sete poemas en lingua galega -“(prognóstico do suicida)”, “(despois)”, “(olhos de água)”, “(muller con bágoas)”, “(a tola)”, “(parque da alameda)” e mais “(tío vivo)”- o poeta, apoiándose en feitos cotiáns de ambientes urbanos, reflexiona sobre o amor e os sentimentos. Como peche temos un “Anexo” coas traducións ao español destes sete poemas e o “Índice”.

Referencias varias:

- Aínda, “Prognóstico do suicida”, *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 1, “Creación literaria”, 2006, p. 13.

Reprodúcese o poema “Prognóstico do suicida” do poeta berciano Aínda (Ponferrada, 1974) que está tirado do poemario *A cor das bágoas*, no que se mesturan sentimentos amorosos con elementos da natureza.

Álvarez Torneiro, Manuel, *Parábola do incrédulo*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, nº 32, 2006, 208 pp. (ISBN: 84-8457-273-0). ♦

Poemario de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) dividido en catro partes de similar extensión nas que destaca a densidade de ideas e o traballado dos versos e das metáforas. Os temas son os mesmos nas diferentes partes, se ben nunhas e noutras pode privilexiarse un aspecto ou perspectiva. Tamén atravesan todo o libro as referencias a grandes poetas, músicos e pintores. A primeira parte, “Tempo e lugar” colócanos nun imaxinario en torno á dor dos que padecen a historia e á incerteza de a onde nos leva a vida. Tece unha visión das dificultades da existencia a través dos tempos, que se torna pesimista e dolorosa coma nos versos “Foi triste a liberdade / de contemplar a vida” (do poema “Visión”), e a voz poética é o depositario da capacidade de oír as voces da historia “Levo dentro esas voces” (de “As voces interiores”). A segunda parte, “Amor no es voluntad, sino destino” tira o seu título do Conde de Villamediana e os poemas que reúne conectan cos anteriores porque segue a dar conta do que observa “De todo son humana testemuña” (en “Apenas un domingo”) e a xulgar a o legado “Porque aínda podería ser perdoada a Historia” (de “As manobras da resistencia”). A palabra adquire un duplo valor como síntoma do amor e obxecto del “Porque aínda escribo

corazón e a letra vibra / e prolonga a palabra ata un amor extremo” (de “As manobras da resistencia”). A imaxe que dá do amor é a de algo que se funde con todo, que forma parte de todo, e para describilo fala da natureza, dos actos dos homes, non se limita a describir sentimentos senón a corporeizalos en converxencia coa vida. O amor é tamén aquilo que pode reconciliarnos coa existencia “Ámote e pacífico a miña historia” (de “A posesión é un Deus definitivo”). A terceira parte, “Semente reiterada” prosegue a falar do desánimo do destino humano porque “Unha vez máis, a vida coincide coa impotencia”. Aparecen moitos retratos e fotografías que son miradas, fragmentos de guerras que se contan, e o imaxinario desa vida difícil e agónica faise cada vez máis terríbel “e un edicto de sombras / unha cor de cirrose, ángulos rotos, / e hai un horror radial e un pene erecto / e unha mapoula negra (ou desangrada)”, (de “Mendigos ao pé do graffiti”). Pecha o libro “Sombras cruzadas”, onde a voz poética se integra a si mesma nunha tradición de poetas, que escribiron parte da historia da humanidade (Shakespeare, Vallejo, Dante, Virxilio, Whithman ou Neruda entre outros), e subliña ese cometido seu “Escribo do que foxe” (de “Escribo”) de evitar que algunhas cousas se perdan, a pesar de aceptar que existen “as ousadas elipses da memoria” (de “Corroboro”).

Braxe, Lino, *Alaridos*, Accésit de Poesía “Miguel González Garcés” 2006, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2006, 92 pp. (ISBN: 84-9812-046-2). ♦

Poemario de Lino Braxe (Mugardos, 1962), que recibiu o Accésit de Poesía do Premio Miguel González Garcés na súa convocatoria do 2006. Divídese en catro partes con numeración romana mais un apartado “Shakespeare entre tebras”. A intertextualidade materialízase sobre todo en citas doutros autores por todo o libro e o título sintetiza a forma da denuncia que os poemas plasman. Na primeira parte, percíbese a voz dun poeta que se debate entre a función profética, a observación da destrución da humanidade e a percepción da grandeza que nos rodea. Na segunda, concrétase máis cal debe ser o labor do poeta e a denuncia social apunta a diversos problemas e perspectivas, dende a percepción de quen agarda que executen a sentenza de morte que pesa sobre el, ás mulleres de Juárez, pasando pola imaxe que describe a deshumanización e o ritmo frenético que caracteriza as nosas vidas: “Hai tempo que non medra a herba / na alma dos apresurados fillos da metrópole”. A terceira parte recorre aos animais para seguir incidindo na crítica e na desesperanza no ser humano, dende os gatos que comen un bebé abandonado nun colector do lixo, á teoría de que os dinosauros efectuaron un suicidio colectivo para non asistir ao nacemento do ser humano. Na cuarta parte, os temas predominantes son a guerra e a nostalxia da infancia e da familia. Por último, “Shakespeare, entre tebras” son versos de homenaxe a ese autor e aos seus personaxes, cunha Ofelia que di “Ninguén coma min para querer, Hamlet / ninguén coma ti para fuxir”.

Recensións:

- Ana Abelenda, “A conciencia existe no poema”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 188, “Letras en Galego”, 25 novembro 2006, p. 15.

Alude aos volumes *Alaridos*, de Lino Braxe e *O pozo da ferida*, de Medos Romero, candidatas ao Premio de Poesía Miguel González Garcés. Aproveita a exposición para facer unha síntese da temática destas dúas obras, ademais de sinalar que a peza de Medos Romero

fala da vida como un duro exercicio para vencer e que presenta distintos personaxes con vida dura e realista. Por outra parte, subliña que a poesía Lino Braxe se caracteriza pola súa precisión e por unha temática que fala de sentimentos.

Cabana, Darío Xohán, *Cabalgada na brétema*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, nº 47, 2006, 84 pp. (ISBN: 84-8288-905-2).

Poemario de Darío Xohán Cabana (Roás-Cospeito-Lugo, 1952) dividido en dúas partes, “Cabalgada na brétema” e “De rerum natura”, e unhas “Explicacións”. A primeira parte reúne poemas máis longos, cada un deles cunha historia plenamente desenvolvida e un ton a medio camiño entre a épica da memoria e a lírica da vivencia íntima e común. Así “Carballo” é a evocación dun encontro do avó co lobo e a afirmación de que o mundo se chama e é carballo. En “O voo do mascato” identifícase a ollada da ave coa dun rei que convoca a memoria, busca coa mirada o Medulio, e lembra a loita fratricida e a noite en que os sumiu. Consegue unha identificación e unha solidariedade entre a vida da xente común e a dos personaxes e acontecementos míticos. “Biografía” recolle o relato da vida dun rapaz que loita na fronte de Teruel e todo o que a guerra e a ditadura supoñen para el. “A sombra” narra a desaparición dun mundo rural e labrego simbolizado en animais, no traballo do campo, en palabras, no carro e mesmo na palla. Por último, “Cabalgada na brétema” é a historia dun personaxe que non sabe que morreu e vaga polo mundo aparecéndoselles aos descendentes dos seus amigos e falando con eles. A segunda parte, “De rerum natura” compila poemas máis breves que poden tratar dunha paisaxe, dun personaxe, dun acontecemento. Destacan os poemas que amosan a consciencia do poeta de que hai un mundo que desaparece, e di “Acábanse as palabras / e acábase o meu mundo”. “You shall overcome” é un canto ás cousas maravillosas da súa terra. Finalmente, as “Explicacións” conteñen toda unha relación de dedicatorias e referencias a poetas que serven para entender mellor a obra e encadrala nun universo literario común: Avilés, Ferrín, Anxo Angueira, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María e tamén outros galegos e foráneos.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Darío Xohán Cabana, poeta”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 169, “Letras en galego”, 15 xullo 2006, p. 11.

Saliéntanse os trazos que fan de *Cabalgada na brétema* unha obra emocionante: unha poesía sentida, chea de narratividade, en verso branco, que dialoga con Petrarca, Pondal, Ezra Pound e con Crecente Vega. Resáltanse tamén a sobriedade e a madurez da voz e a musicalidade. Por último, evócase o proceso da escrita deste poemario e déixase constancia de que o mundo que retrata vivirá sempre nel.

- Vicente Araugas, “A seguridade bretemosa”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, nº 389, “Libros”, 13 agosto 2006, p. 20.

Lóase a carreira literaria de Darío Xohán Cabana, coma a dun home que domina a escrita e pode permitirse escribir “o que lle peta”, sexa narrativa, tradución ou poesía. Menciónase o seu ingreso na Real Academia Galega e a seguir fálase de *Cabalgada na brétema* como

poemario que dá vida a esa utopía galega que se di sempre fanada pola historia. Cualifica a obra de belixerante, lingüísticamente fermosa, e enxebre, a rescatar realidades rurais que se perden xunto coas palabras que as nomean. Critícase tan só que o afán narrativo derive en prosaísmo en mostras coma 'Biografía', e alúdese ao marcado culturalismo doutros poemas.

- Xosé María Costa, "Cabalgada nostálxica de Darío Xohán Cabana", *A Nosa Terra*, nº 1.234, "Cultura", 7-13 setembro 2006, p. 24.

Coméntase o poemario *Cabalgada na brétema* coma unha recollida de memorias e unha denuncia de esquecementos. Saliéntase a presenza da natureza e das persoas que se perden nela, e insístese nun tradicionalismo "reseso". Anótase tamén a característica sobriedade da linguaxe e, a maiores diso, inclúense versos que exemplifican a paisaxe que el presenta, a melancolía, a imaxe e o silencio.

- Montse Pena Presas, "A patria revisitada", *Faro de Vigo/La Opinión*, "Faro da Cultura"/"Saberes", nº 176/166, "Libros"/"Lecturas", 14/23 setembro 2006, p. 5/7.

Explícanse os temas, as formas, as ideas subxacentes e os logros de *Cabalgada na brétema*, de Darío Xohán Cabana. Comézase por anotar que prosegue coas teimas de sempre (a patria, o pobo e a vida en sociedade) para erixir un canto social que atinxe a todos os elementos naturais. Engádese a referencia ao tema do paso do tempo e do que se perde nese tránsito, así como á natureza e á lingua. Chámase a atención para a importancia da intertextualidade e como esta se ve un pouco máis clara a partir das "Explicacións" do propio poeta. Por último, dise que este poemario convida a reler a poesía pero tamén a narrativa do autor, que se insinúa que forman un macrotexto.

Referencias varias:

- Vanesa Oliveira, "No fondo de Cunqueiro hai a traxedia dun xenio", *Galicia Hoxe*, "Lecer", "Entrevista", 23 abril 2006, p. 10.

Con motivo da entrada de Darío Xohán Cabana na Real Academia Galega, realízase unha entrevista na que se comeza falando sobre a estreita amizade que mantivo con Manuel María e tamén sobre o seu discurso de entrada, titulado "De Manuel María a Ferrín: a grande xeración". Logo, coméntase que a RAG se atopa nunha boa situación grazas sobre todo ao traballo de Del Riego e salienta que debe seguir traballando sen ser controlada politicamente. Respecto da lectura, Cabana comenta que empezou a ler moi cedo. Porén, a necesidade de escribir chegoulle polos anos sesenta en relación coa defensa dos intereses de Galicia, e comenta que a súa literatura está marcada pola política e nela pódense atopar constantes símbolos. A continuación, pasa a falar da súa obra máis editada, *Galván en Saor*, e da influencia evidente de Cunqueiro. Tamén comenta a súa novela histórica *Morte de Rei*; dáse conta do traballo que mantivo con Álvarez Blázquez e, finalmente, expresa a súa opinión sobre a situación actual da lingua galega, nun momento que está a perder falantes. Xa para rematar, informa que vai publicar en Galaxia un libro de poemas titulado *Cabalgada na brétema* e, en canto ás traducións, comenta que está a facer unha antoloxía da poesía occitana medieval.

- Jaureguizar, “Darío Xohán Cabana rodéase dos seus en ‘Cabalgada na brétema’”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 17 xuño 2006, p. 88.

Comézase explicando o título do artigo que alude á presenza dos círculos persoais do poeta e doutros autores nesta obra. Dise que o poema homónimo do libro naceu da imaxe do seu avó cabalgando na brétema e tamén que el non busca facer poesía política, aínda que acabe resultando así. Tamén se apunta que o autor defende a intertextualidade, porque na súa opinión un verso alleo pode ser o comezo dun propio. Sinálase, por último, o contraste formal entre este poemario e os anteriores.

- Carballa, Xan, “Darío Xohán Cabana. ‘Só escribo poesía cando non podo remedialo’”, *A Nosa Terra*, nº 1.229, “Cultura”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 29.

Entrevista a Darío Xohán Cabana cando acaba de publicar *Cabalgada na brétema* e de ingresar na Real Academia Galega. Descóbrese que o xénero que máis enche a este “autor total” é a poesía, á que só acode, non obstante, por necesidade. Dise que o xermolo deste poemario xa o tiña de hai anos na cabeza e que o marco sentimental xa estaba completo. Con respecto á poesía social e á súa función, o escritor reflexiona sobre a diferente transcendencia dun libro no Rexurdimento e agora. No que atinxe aos temas, léxico, forma e intertextualidade, asistimos a un relatorio amplo de explicacións sobre a súa condición de “clasista dos pobres”, o mundo que se perde coas palabras que o designan, a musicalidade que procura nuns versos non escravos da métrica ou a certeza de que os versos que lle chegan nun poema e que son doutros poden ir aí. Por último, clasifícase dentro dunha xeración e reivindica o recitado da poesía en voz alta.

- María Jesús Rico, “Darío Xohán Cabana falou en Ferrol do seu primeiro libro de poemas en doce anos”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 21 outubro 2006, p. 14.

Fálase da presentación de *Cabalgada na brétema*, de Darío Xohán Cabana, no marco das xornadas culturais de outono do Real Coro Toxos e Froles. Dise que é o seu primeiro libro en doce anos, que nel utiliza con moderación un certo versolibrismo e que no acto recitou o último poema da obra. A maiores diso menciónase que lle deron o acabado de instituír Premio “Letras de Bretaña”, que acaba de entrar na Real Academia Galega cubrindo a vacante de Manuel María e que Víctor Freixanes falou del coma un “da estirpe dos grandes”.

- Xesús Fraga, “Formamos parte dun proceso infinito de morte e vida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 outubro 2006, p. 47.

Fálase da recente presentación de *Cabalgada na brétema* de Darío Xohán Cabana, o seu primeiro libro logo de reunir a súa obra lírica nun só libro para Xerais. Seguen unhas preguntas ao autor que deixan translucir un poemario épico e lírico, cun espazo para o familiar e outro para o público, e cun verso máis libre.

Cacheiro Varela, Maximino, *Onde se irisa a flor. Eco-poemas*, Vigo: Deputación de Pontevedra, 2006, 54 pp. (ISBN: 84-8457-275-7). ♦

O presente poemario de Maximino Cacheiro Varela desenvolve unha temática filosófica. Podemos encontrar neste poemario ideas platónicas como son a beleza ou o amor ideal unidas a outras ideas propias de filósofos como Lacan e outros seguidores do subconsciente. Por outra parte, forman parte do conxunto de ideas filosóficas as influencias da Biblia ou de autores como Borges, escritor do que se tira unha idea moi usada no libro, que é a confusión entre literatura e escritor. A emoción e os sentimentos sempre están vinculados ás ideas máis abstractas. Dende o punto de vista do estilo, os poemas consisten en composicións mínimas próximas ao haiku.

Calveiro, Marcos S., *Cartas do terceiro día*, VIII Premio de Poesía Concello de Carral, Culleredo-A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 170, 2006, 52 pp. (ISBN: 84-96475-32-8).

Breve poemario de Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), que se compón dun feixe de cartas escritas polas irmás e a nai dunha rapaza que acaba de casar no seo dunha sociedade moi tradicional xaponesa. O groso da correspondencia queda enmarcado entre unha carta introdutoria da nai na que lembra as súas devanceiras, o lugar no que viven e o saber que ten para transmitirle co gallo do seu casamento, e unha carta final conxunta entre ela e as irmás na que se despiden dela para sempre e a animan a escribir nas páxinas en branco que seguen outras tantas penas e alegrías para darlle á filla que teña. Dentro dese marco colócanse un total de cincuenta e oito cartas, sempre alternando unha das irmás e unha da nai. As das irmás tematizan sobre todo lembranzas comúns con ela, expresan a admiración que lles provocaba a súa afouteza e rebeldía que lle custaron o desprezo social e as desavinzas no seo da familia, e falan de cuestións como a escravitude á que os homes someten ás mulleres ou o feito de que as nenas non poidan ir á escola e aprender a ler e escribir. As da nai danlle consellos sobre o xeito adecuado de tratar ao seu home e de reservar un espazo de liberdade no seu interior para protexerse del, e tamén lle piden perdón por tela delatado por andar en namoros cun rapaz. Os poemas aparecen aliñados á dereita, con léxico tradicional galego axeitado á vida campesiña da que se dá conta e coa presenza de nomes dese mundo oriental cuxas palabras encabezan tamén o poemario e cada unha das cartas, así como decoran a cuberta.

Caneiro, Xosé Carlos, *De bar en bar (os poemas prohibidos)*, Ourense: Difusora das Letras, Artes e Ideas, Zouma Records, col. Eidos, 2006, 128 pp. (ISBN: 978-84-935223-4-6) CD-Rom (DL: OU 23/2006).

Colección de 22 poemas recitados por Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963), que tratan temas moi diversos como son o amor, o país, a melancolía, a vida nocturna ou os afectos, entre outros. Todos eles van superpostos case sempre, sobre un fondo musical de guitarra e fruta traveseira, aínda que algúns temas non van acompañados de instrumentos e outros, ademais dos dous citados anteriormente, tamén levan percusións, o que fai que se cree un ambiente máis actual. Caneiro fala da estirpe da que procede, di que é da estirpe dos homes que resisten, que fican en pé e que non se entregan. Tamén sinala que ten alma de ferro pola vida que tivo e que Galicia lle deu. Por outra parte, fala do valor da terra, das cancións prohibidas e da súa vida, pero sobre todo do amor, o amor cara á muller e cara á vida, así como da valentía que fai falla para resistir o día a día.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Caneiro regresa á poesía cun disco no que recita 22 pezas sobre música”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 18 marzo 2006, p. 47.

Faise eco da volta de Caneiro á poesía cun disco de poemas nos que recupera algúns xa publicados e inclúe outros inéditos. A seguir, fai referencia a un poema en concreto, “As flores entre a herba”, que ten un contido de denuncia. Remata aludindo ao reencontro do autor co público nunha xira por bares e teatros, nos que revivirá a experiencia “da literatura oral”, primeiro por Ourense, despois por todo Galicia.

- Jaureguizar, “O engado preciso”, *Galicia Hoxe/El Progreso*, “Opinión”/“Ollo mol”, 26 marzo 2006, p. 6/81.

Sinala que a literatura galega “é un libro de arte editado en papel reciclado”, pois considera que, acadada unha calidade media, precisa de venderse mellor. Entres as mudanzas que se están dando, cita a Xosé Carlos Caneiro, que vén de sacar á luz o disco de poesía musicada *De bar en bar*, que está presentando en foros, o que lle permitirá alcanzar unha presenza, que nunca lle deron os premios gañados.

- Albino Mallo, “Caneiro inicia mañá na cidade das Burgas unha serie de recitais”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 16 xuño 2006, p. 75.

Dá conta do inicio dunha serie de recitais poéticos de Xosé Carlos Caneiro co título *De bar en bar*, que coincide, segundo se indica, co nome do disco presentado en Ourense no mes de marzo. Informa que Caneiro se fai acompañar polos músicos José Manuel Salgado e Manuel Garrido. A seguir, anuncia que en xuño viaxará a Italia para ofrecer dous recitais en Padova e Roma.

- Albino Mallo, “Xosé Carlos Caneiro comeza hoxe en Ourense a súa xira ‘De Bar en Bar’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xuño 2006, p. 42.

Anúnciase un conxunto de recitais de Xosé Carlos Caneiro, baixo o título *De Bar en Bar*, homónimo do disco presentado no Teatro Principal de Ourense en marzo, co acompañamento dos músicos José Manuel Salgado e Manuel Garrido. Sínálase que comeza en Ourense e segue en Roma, Pádova e moitos concellos, entre os que se inclúen algúns de Castela e León e o cárcere de Pereiro de Aguiar. Por último, anúncianse outros nos concellos da Coruña e Vigo.

Caride Ogando, Ramón, *As máscaras de Cronos: Poemas 1994-2005*, limiar Xosé Lois García, epílogo A. Soares de Moura, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Alternativas, 2006, 299 pp. (ISBN: 84-9782-514-4).

Autoantoloxía na que Ramón Caride (Cea-Ourense, 1957) reúne tres poemarios que xa foran publicados *Cerne das labaredas* (1994), *Flor no Deserto* (1995) e *Xeografías do Sal* (1999), mais dous inéditos *Diacrónica* (2002) e *Addenda* (2003-2005). Inclúe un “Limiar” de Xosé

Lois García e un “Epílogo” de A. Soares de Moura. Os paratextos son moi importantes por canto que o libro está inzado de citas e referencias que axudan a construír o universo poético no que se integran. O “Limiar” constitúe todo un estudo da temática, do estilo e do mundo que se crea nesta segunda etapa poética de Ramón Caride (que se dera a coñecer nos 80 con *Paisaxe de verde chuvia*, 1986 e *Tudo quanto há no mundo*, 1989). Vanse presentando os libros e, dentro de cada un, a súa achega particular ao mundo poético do autor, de tal xeito que se explican as orixes e desenvolvemento dos temas. Ofrece tamén comentarios sobre o lugar desta poesía e das respectivas temáticas tratadas na tradición poética galega para argumentar as súas afirmacións de que é unha obra innovadora e de que simultaneamente conecta coa tradición. *Cerne das labaredas* divídese en varias partes: “Lume”, ábrese coa primavera pero retrata un mundo sen esperanza, onde nin a Historia permanece e só ten sentido o amor; “Memoria” incide na necesidade de berrar máis ca de escribir e de retornar á terra que se deixa por obriga; “Amor” recrea a paixón que nos fai estar vivos e a vontade de ter un fillo para expandir esa verdade. *Flor no Deserto* divídese en catro partes (“Circuíto fogo”, “Circuíto néboa”, “Circuíto cinza” e “Circuíto terra”), que dan corpo á paixón e ao amor a través dos elementos, da historia e de diferentes lugares (Manhattan, Berlín, Warsawa...) para rematar coa ilusión da nova primavera. Séguelle *Xeografía do sal*, poemario no que se achega á xeografía galega en vilas mariñeiras e de interior, unhas anónimas, outras citadas “vilas do salnés”, á tradición trobadoresca “Banharnos hemos nas ondas do mar” e a autores xa mortos coma Lois Pereiro ou Dieste. Divídese en moitas partes entre as que se intercalan versos eróticos baixo o título de “Erótica alfabética” seguido do número correspondente. *Diacrónica* xoga cos temas sociais, entre eles a catástrofe do Prestige, coa paisaxe galega e cun imaxinario irlandés. Ao igual que nos demais libros, a intertextualidade é un trazo moi característico e tamén hai moitos neoloxismos creados polo poeta. Por último, *Addenda* son apenas un par de poemas que lembran a escritores importantes a través dos espazos nos que naceron e escribiron: a Praga de Kafka, a Lorenzo Varela no exilio ou a Ánxel Casal en Compostela. Pecha o libro o “Epílogo” de Soares de Moura, que é un poema dedicado a Ramón Caride.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “A loita contra o tempo”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, nº 329, “Musas”, 10 decembro 2006, p. 51.

Entrevista ao profesor, poeta e narrador ourensán Ramón Caride, que fala sobre o seu último libro, o número trinta, *As máscaras de Cronos*, e de por que escribe, ao que contesta que non é por cartos, e si por perdurar no tempo.

Castaño, Yolanda (coord.), *Poética da casa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellaría de Vivenda e Solo, novembro 2006, 157 pp. ■ ◆

Esta obra conta con dúas perspectivas para adentrarse no tema do espazo, neste caso dun espazo concreto e reducido, a casa. As dúas disciplinas que interveñen para analizar este espazo son a arquitectura e a poesía. As poesías están precedidas dunha síntese biográfica do escritor. Os poetas que inclúen composicións neste libro son algúns dos que actualmente actúan no campo da poesía galega: Fernán Vello, Enma Couceiro, Álvarez Cáccamo, Rafa

Villar, María Lado entre outros. As poesías que se relacionan por teren como tema a reflexión sobre a casa como lugar íntimo para o ser humano veñen seguidas dunha breve síntese biográfica de distintos arquitectos que despois presentan un proxecto de morada a través de imaxes, planos e explicacións. As explicacións dos arquitectos tratan de dar a coñecer os materiais de que se compón a casa, as ideas que levaron á súa creación para que o lector poida entender o seu proxecto.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Arquitectura e poesía”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 28 decembro 2006, p. 3.

Co gallo da aparición de *Poética da casa*, obra editada pola Consellaría de Vivenda e Solo, na que se recollen fotografías e planos de dezanove arquitectos mesturados con creacións literarias de nove poetas, Miguel Anxo Fernán Vello reflexiona sobre a arquitectura poética destacando aos novos arquitectos galegos.

Cebreiro, María do, *Os hemisferios*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, nº 48, 2006, 100 pp. (ISBN: 978-84-8288-940-5).

Libro de poemas de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) en que a natureza, os planetas e as persoas cobran presenza. É unha poesía inzada de diálogos e de preguntas abertas, que resultan ser unha vía para entender o mundo. Consta de trinta e sete poemas, todos con título, que están estruturados de xeito que se van sucedendo, intercaladamente, nomes de astros na seguinte orde: Neptuno, Mercurio, Plutón, Saturno, Urano, Terra, Sol, Xúpiter, Marte, Venus e Lúa. Tamén hai unha serie de poemas encabezados con nomes de árbores. Outros aluden ao sexo, á lingua, aos poemas ou ao amor, entre outros temas.

Referencias varias:

- Rosa Aneiros, “Romper a ferver”, *Diario de Ferrol/Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, “Opinión/Opinión&Análisis/Opinión”, 7/8 novembro 2006, p. 25/28/4.

Partindo duns versos desta obra, aqueles que fan referencia á sensación que lle produce á poeta o momento en que o leite está a punto de ferver, realiza unha metáfora en que identifica o xuízo de Sadam Husein e a reacción da comunidade internacional co ferver do leite. Despois de denunciar a situación do pobo iraquí, acaba cuns versos en que a poeta reflexiona sobre a necesidade de traballar para crear unha outra realidade posíbel e a valentía que isto supón.

- Xosé Carlos Caneiro, “Pasamos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Letras en galego”, 9 decembro 2006, p. 12.

Entre outras referencias literarias, protagonistas da actualidade, fai mención á novela de Carlos G. Reigosa, *Pepa a Loba*, da que afirma que “non é o mellor Reigosa, pero é Reigosa”.

así como a titulada *O club da calceta*, de María Reimóndez, e *Hemisferios*, de María do Cebreiro.

Darriba, Manuel, *Vostede non sabe con quen está a falar*, XIII Premio Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 168, 2006, 56 pp. (ISBN: 84-96475-22-0).

Obra de Manuel Darriba (Sarria-Lugo, 1973) que foi galar doada co XIII Premio de Poesía Espiral Maior. Os poemas son maioritariamente breves e de verso curto, con títulos que sintetizan o tema ou completan o significado. O poeta elabora un imaxinario no que aglutina a vida tradicional e a moderna, o real e a percepción persoal dun mundo que cobra matices fantásticos. O tema global é a vida que se debuxa en cadros pequenos dende espertar, lavar o coche, o insomnio, a gripe, as estacións, o ruído dos claxons, do frigorífico e da televisión, o amor, o erotismo, envellecer... Cada percepción e cada vivencia aparecen presentadas en imaxes claras e tinxidas do matiz irreal que lles outorga o descubrimento poético: “Cos ollos torpes da noite / recién tronzada; ver alborear / verdades simples: / a luz, o orballo”. Pode verse o poema “Nai” como exemplo desta poética case minimalista e á vez moi expresiva: “Un pé de lámpada apagada; / a figura esvaída, / fumando a penas / (tanta roupa por arranxar; / tan pouco tempo...) / cincuenta e dous; así de leves: cinzas”.

Recensións:

- Isaac Lourido Hermida, “A distancia entre as palabras e o mundo”, *Grial*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 96-97.

Coméntase o poemario *Vostede non sabe con quen está a falar* de Manuel Darriba, merecedor do XIII Premio de poesía Espiral Maior (2004), do que se salienta o desafío de preguntar como se traza a fronteira entre as palabras e o mundo. Anótase como resposta provisional do autor a de procurar a transcendencia do cotián e deixar de lado a sacralización da poesía como universo autónomo. Dise que emprega frecuentemente a inversión de tópicos e a problematización para enfrontarse á realidade.

Domínguez Alberte, X.C. e **Ramos**, Baldo (coords.), *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, prólogo Xesús Alonso Montero, Ourense: Difusora- Xunta de Galicia, col. Eidos, nº 5, novembro 2006, 127 pp. (ISBN: 978-84-935223-1-5). ■ ◆

Xoan Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos son os coordinadores de *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, obra de diversos autores e artistas plásticos que foi editada pola Consellaría de Cultura en colaboración coa editorial Difusora de Artes, Letras e Ideas e a Asociación Arraianos. A obra *Volverlles a palabra* é o intento de lles render unha solidaria e conmovida homenaxe a todas as mulleres e homes que foron represaliados pola ditadura franquista por pensar e vivir libremente. A través dos poemas, relatos e propostas plásticas, pretenden devolver un recoñecemento a aqueles que sufriron a persecución e as represalias dun tempo pasado. Destaca o limiar de Xesús Alonso Montero, pero tamén debemos citar a ampla nómina de colaboradores: autores de moi diversas

xeracións literarias: desde as dos poetas das Festas Minervais até os novísimos; dende narradores do Brais Pinto até algúns que mesmo case estrean o seu percorrido narrativo.

Referencias varias:

-MARÉ, “Teatro do Noroeste ponlles voz aos represaliados hoxe na Yago”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 maio 2006, p.37.

Dise que Teatro Noroeste actuará na Sala Yago cun espectáculo baseado na obra de varios autores, *Volverlles a palabra*, que pretende devolverlle a voz aos represaliados na Guerra Civil.

Escobar, Óliver, *Apostasía*, ilustr. Martiño Vázquez Baño, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, 2006, 124 pp. (ISBN: 84-87783-88-0).

Libro de poemas de Óliver Escobar (Xove, 1979), cuxo tema central é, como ben ilustra o título, un ataque á Igrexa católica. Está estruturado en seis partes precedidas dunha citación de Nietzsche e dun poema titulado “epístola aos xerarcas”. Cada unha das seccións aparece organizada baixo un título: “Biograma”, “Historias e histerias”, “Políticas”, “Filomanías”, “Plantas carnosas para lugares soleados” e “Teo versus Sofía”. A obra vai acompañada de ilustracións de Martiño Vázquez Baño, que, ao igual que o autor, é da Mariña luguesa. Cun estilo directo, máis narrativo que lírico, Óliver Escobar retorna ao tempo da súa infancia e adolescencia na Mariña, para, a partir de aí, realizar unha crítica á educación represiva froito do poder da Igrexa. O texto está inzado de citacións, que van dende Nietzsche a Teresa de Jesús ou Escrivá de Balaguer. Contra esa educación onde habita o pecado, a culpa e a represión, propón unha visión hedonista en harmonía coa natureza. É de salientar a crítica que fai da opresión sufrida polas mulleres ao longo da historia como consecuencia do cristianismo, tema recorrente en toda a obra.

Recensións:

- Xosé M. Eyre, “Apostasía”, *A Nosa Terra*, nº 1.244, “Cultura”, 16-22 novembro 2006, p. 26.

Despois de realizar unha breve reflexión introdutoria sobre a poesía e sobre a ruptura de lindes entre os xéneros, pasa a comentar esta obra, que coloca a medio camiño entre a poesía narrativa e o micro-relato. A continuación, diserta sobre a diferenza entre o micro-relato e o microconto. Apunta a falta de lirismo que reside na maioría dos poemas e a primacía do fondo fronte a forma. Considera este libro un ataque contundente ao catolicismo e opina que o seu primordial obxectivo, chegar ao público, está conseguido.

- Román Raña, “En Apostasía”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 188, “Libros”, 14 decembro 2006, p. 4.

Anuncia a publicación desta obra e resalta o carácter iconoclasta do autor, á vez que se refire á intención crítica deste contra a educación represiva e opresiva. Enumera algunhas das

citacións que aparecen neste libro de poemas -Nietzsche, Hölderlin, Escrivá de Balaguer ou Santa Teresa de Jesús- e subliña o seu carácter irónico. A continuación, fai referencia á estrutura da obra e alude ao estilo prosaico da linguaxe, ademais de aludir á autoría das ilustracións, de Martiño Vázquez Baño.

Referencias varias:

- MARÉ, “Apostasía’ de Óliver Escobar, en reacción ao poder da Igrexa”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 25 novembro 2006, p. 33.

Dá conta do xeito en que se presentou esta obra, co autor recitando os versos con velas nun círculo diante do Palacio Arcebispal de Compostela. A continuación, expón brevemente os temas que aparecen nos poemas. Por último, recolle unhas declaracións do autor en que asegura que non é un libro contra as persoas crentes nin contra Deus, senón, unicamente, contra o poder da Igrexa.

- Lupe Gómez, “Bailo na discoteca”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “A bailarina”, 10 decembro 2006, p. 12.

Breve crítica favorábel a este libro de poemas, co que di sentirse apóstata e ter fe na vida.

Kruckenberg, María do Carme, *As complexas mareas da noite*, limiar Marita Vázquez de la Cruz, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 167, 2006, 55 pp. (ISBN: 84-96475-27-1).

María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) recolle neste volume un total de corenta composicións, precedidas dun limiar asinado por Marita Vázquez de la Cruz. Xa a autora do limiar anuncia a temática do libro e anima a lelo dende as primeiras liñas. A obra non obedece a ningún tipo de estrutura interna e os poemas son de feitío variado, dado que tanto podemos atopar poemas breves coma longos, aínda que sexan os primeiros os que máis abunden. No que respecta á temática, a lírica que deixa ver Kruckenberg nesta obra é de latexo existencialista. No libro hai toda unha serie de misterios, certezas, desacougos, pero sobre todo unha desesperación profunda. A voz poética enfróntase aos abismos do individual e ao mesmo tempo é crítica e activa fronte ás ofensas da vida.

Recensións:

- Sandra Faginas, “Versos de denuncia existencial”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 12 agosto 2006, p. 10.

Sinala que aproximarse ao último libro de María do Carme Kruckenberg supón despoxarse de calquera indicio de optimismo vital, pois os seus poemas, “fitos de lucidez nos que cada pecado da humanidade se transforma nunha emoción distinta de repulsa, están construídos coa solidez que dan as palabras graves e simples”. A seguir, especifica que os seus versos parten do “sensentido case metafísico do ser humano que é inhumano ante a destrución cotiá a que todos nos acostumamos” e que Kruckenberg prefire aproximarse á poesía de denuncia

dende a voz íntima da senrazón, que erixe ao poeta como o único ser sensíbel. Por último, comenta que o acerto deste poemario radica na sinxeleza formal “carente de máis adorno que o da forza da palabra que agocha toda a carga semántica”.

- Marga Romero, “Mareas da noite”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 179, “Libros”, 5 outubro 2006, p. 5.

Fai un repaso pola traxectoria poética de María do Carme Kruckenberg, representante da primeira xeración de poetas da posguerra, dende o seu primeiro poemario, *Cantigas do vento* (1956). A continuación, centra a súa atención en *As complexas mareas da noite*, no que se reflicten pensamentos moi firmes, “toda unha filosofía de vida, unha ética que se vai desenvolvendo unha vez máis co seu estilo breve e conciso”. Comenta que se trata dunha obra dunha soidade profunda, dende a que aboia un berro contra a crueldade, e reproduce varios fragmentos dos seus poemas, para rematar sinalando que a dedicatoria á súa filla Cristina, interlocutora de moitas das súas obras, até as citas poéticas que recolle de Enma Couceiro, Yolanda Castaño ou Djuna Barnes, entre outras, son unha mostra dese diálogo vital e poético que caracteriza á independencia de Kruckenberg.

Referencias varias:

- Javier D Campa, “Descubrí mi vocación literaria en O Con, escribiendo cantigas de amigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 xuño 2006, p. 18.

Entrevista a M^a do Carme Kruckenberg, quen recibirá unha homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega ao cumprir oitenta anos. A autora fala sobre a súa vocación literaria, sobre a Guerra Civil, sobre a súa relación con exiliados coma Castelao, Borges ou Rafael Alberti, así como sobre a súa amizade con Álvaro Cunqueiro. Refírese, ademais, á publicación da súa última obra, *As complexas mareas da noite*.

- A. Quian, “Kruckenberg libera en poemas o seu desacougo pola actualidade mundial”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 17 xuño 2006, p. 11.

Dáse conta da presentación d’*As complexas mareas da noite*, de María do Carme Kruckenberg, na Casa do Libro de Vigo. Recóllense as opinións da autora sobre a sociedade actual e o seu libro. Saliéntase o seu desencanto pola pouca creatividade que atopa nun mundo, que considera durmido, e a clara temática reivindicativa deste poemario.

Lama, Xavier, *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, Finalista do XXVI Premio Esquíu, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquíu, nº 108, 2006, 79 pp. (ISBN: 84-95289-83-0). ♦

Nova obra de Xavier Lama (Guntín-Lugo, 1962), que obtivo o XXVI Premio Esquíu de poesía. Comeza cuns fragmentos de William Blake, Jorge Luis Borges e Sophia de Mello Breyner e, a seguir, veñen as catro partes nas que se divide a obra: “Arredores de Fausto”, “Doutra volta, Sturm und Drang”, “Sobre unha teoría persoal do tempo” e “Facedores de luz e tempo”. Lama xa achega no título da obra as claves para ir entendendo o seu contido xa que,

mentres os tigres representan a paixón, Fausto simboliza o afán xermánico de coñecer e dominar. Aprécianse referencias temáticas á cultura clásica, como por exemplo no uso da figura de Ícaro, que aparece nas primeiras composicións, e tamén aos diferentes movementos de vangarda, así como tamén a intelectuais, escritores, artistas e filósofos, como por exemplo, Manuel Antonio, Borges, Heidegger ou Schopenhauer. Outro elemento da cultura actual que aparecen é “o mundo hacker”. Ao longo da obra, sobre todo nas dúas últimas partes, destaca o uso do tempo como vontade de existir e tamén como íntima ameaza, como regulador incesante da vida e da morte. Finalmente, hai que destacar a diversidade métrica e de rítmica nos diferentes poemas.

López-Casanova, Arcadio, *Dicir unha razón (varia silva de proverbios, ditados e glosas)*, prólogo Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 36, 2006, 88 pp. (ISBN: 84-85385-94-2).

Poemario que se abre cun limiar de Armando Requeixo e prosegue en cinco partes de desigual extensión, as catro primeiras a modo de autopoética e a última como homenaxe a autores cos que dialoga ao longo da súa creación. O prologuista sinala a importancia que teñen nesta obra o autopoético, o metaliterario e o metatextual, así como a cualifica de referencia imprescindible para comprender con claridade o macrotexto que conforma a produción de Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942). En “Do poeta” reflexiónase sobre o oficio de escribir e en “Do poema” caracterízase o (non) deber ser daquilo que se escribe, mentres que en “Da creación” se afonda no anterior e se desmarca cunha definición esencialista da expresión poética, e en “Dicires e ditados” se fai unha síntese entre burlesca e reflexiva sobre poetas, versos e crenzas que os rodean. Por último, en “Glosas (no dicir das voces que fan compañía)” realízase un percorrido metatextual polos poetas de referencia de Arcadio López-Casanova, durante o cal se definen ou retratan eses poetas a través da reescrita de textos e títulos seus. Así, como unha procesión ilustre, succédense Rosalía, Pondal, Curros, Pimentel, Manuel Antonio, Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Proverbial, epigramático, diverso”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 383, “Libros”, 2 xullo 2006, p. 20.

Lémbrese o curso 67-68 no que o autor do artigo chegou a Santiago para traer a colación a auréola mítica que rodeaba daquela á figura de Arcadio López-Casanova, cando circulaba o libro *Palabra de honor*, mutilado pola censura. Dise que por aquel entón abundaban lectores e faltaban libros, para contrastalo co momento presente no que a tendencia se inverte. Fálase logo da ida do escritor para Levante, do seu regreso con *Mesteres*, libro coral e mítico que daría un cambio á nosa poesía. A seguir, dise que coincidiu con don Arcadio, profesor universitario en Valencia, en varias ocasións nas que puido comprobar a súa sinxeleza e comentarios proverbiais. Enlázase entón con *Dicir unha razón*, libro que se describe como proverbial, con dominio do concepto e con pegadas de Antonio Machado. Péchase cunha referencia ao prólogo de Armando Requeixo, do que se comenta que segue a Arcadio ao glosar títulos dos seus autores favoritos.

López-Casanova, Arcadio, *Herdo do canto*, prólogo Román Raña, IV Premio Caixanova 2005, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia, 2006, 117 pp. (ISBN: 84-933404-6-4).



Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) publica na Editorial PEN Clube de Galicia o poemario *Herdo do canto*, que resultou gañador do IV Premio de Poesía Caixanova que organiza esta entidade financeira coa colaboración do PEN Clube de Galicia. A obra consta dun prólogo de Román Raña, no que repasa brevemente a traxectoria poética de Arcadio López-Casanova, ademais de estudar pormenorizadamente o poemario que resultou gañador. Xa no poemario atopamos un poema-pórtico, co título de “Electra”, que inicia a obra, e dous apartados: “Herdo da terra”, composto ao mesmo tempo de dous subapartados (“Episodios” e “Figuracións”) e “Herdo dun eu”, tamén con dúas seccións (“Fábula e variacións” e “Canción e prego”). Por último, o poemario céntrase cun poema á maneira de epílogo, que se titula “Orestes”. No total, atopamos vinte poemas que teñen unha estrutura moi delimitada polo autor. Neles encontramos reflexións mitolóxicas (no poema que abre a obra e no que o cerra), existenciais, descrições paisaxísticas ou lembranzas da nenez e da xuventude.

Recensións:

- Miro Villar, “Pluralidade de voces”, *Grial*, nº 171, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 93-94.

Comeza advertindo que *Herdo do Canto* (Pen Club de Galicia, 2006) acadou diversos recoñecementos. Logo, céntrase na traxectoria de Arcadio López-Casanova, para pasar a abordar a obra. Alude ao prólogo e relaciona *Herdo do Canto* coa poesía do escritor. A intencionalidade tamén é tratada, ao igual que a estrutura coa que López-Casanova articulou o poemario. Tamén fai referencia á temática, ao argumento e ás características máis significativas do libro. Examina polo miúdo as partes das que se compón a obra e pasa a sinalar as chamadas que López-Casanova fai a outros autores que aparecen no libro. Por último, ofrece a súa conclusión sobre o conxunto de poemas.

- Armando Requeixo, “Tempo do Páramo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 173, “Libros”, 6 xullo 2006, p. 5.

Considera que *Herdo do canto* é un poemario para rememorar os devanceiros e para soñar cos días algareiros que houbo e deixaron as súas pegadas. Así mesmo, especifica que se trata dun libro de versos “para esconxurar os silencios e cauterizar as feridas do recordo non estiñadas” e “para profundar na cerna propia, para procurar a identidade e saber dos nosos eu en visos, soidosos, soñadores, cativos, vencidos, exiliados...”. Tamén se aproxima á “rexa” estrutura desta obra de Arcadio López-Casanova, da que detalla as súas distintas seccións, e á súa variación de metros e estilos. Por outra parte, alude ao amplo prólogo de Román Raña, no que fai un repaso polo curso poético do autor lucense e se centra na súa última entrega, para logo dar conta do xurado encargado de seleccionar a obra do IV Premio Caixanova de Poesía e citar os títulos poéticos publicados por López-Casanova.

- Xulio Valcárcel, “Herdo do canto”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 426, “Páxina Literaria”, 6 agosto 2006, p. 4.

Analízase o poemario de Arcadio López-Casanova *Herdo do canto*, a partir de dúas claves principais: Galicia e o tempo. Sinálase que se serve dos mitos gregos Electra e Orestes para mostrar a imaxe dunha terra maltratada, triste, que vive entre tebras e sombras, pero capaz de alcanzar a redención cunha visión de futuro esperanzada. Coméntase que o autor recorre aos lugares coñecidos e que se une a sentimentos como a soidade, que se contrarresta co sentimento do amor. Indícase que os poemas van precedidos dun longo documentado prólogo de Román Raña e que, a continuación, se estenden os poemas que xorden da necesidade de contar unha verdade sen paliativos.

López López, Yolanda, *Obertura sen heroe*, I Premio Antón Tovar, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 38, 2006, 124 pp. (ISBN: 84-85385-96-9).

Poemario que acadou o I Premio de Poesía Antón Tovar, cuxo xurado aparece explicitado antes do inicio dos poemas. A lapela do comezo recolle unha biobibliografía de Yolanda López López (Ourense, 1976) e a dedicatoria técese con nomes de persoas e retratos poéticos mínimos delas. Ábrese o poemario cun epígrafe autógrafa e a prosa poética “Lied”, para logo darlle paso ás distintas partes da obra: “A prisión do espello en tinta (ou na letanía do furacán)”, “Contaminación acústica”, “A hibernación dos morcegos” e “Toca o paxaro o violín (a luz)”. Como trazos fundamentais da obra podemos citar a intertextualidade e a polifonía, con citas de poetas, músicos, políticos e demais e versos en linguas diferentes. Tamén destaca o carácter visual da poesía, que xoga coa disposición do texto, cos tipos de letras e tamaños, e as ilustracións da autora que complementan os poemas, así como o feito de inventar palabras coma “desexilio” ou “oilgarquía”. Canto á temática, prevalece a denuncia social da guerra, as minas antipersoas, a ablación, o acontecido en Ciudad Juárez, a falacia da civilización ou a pobreza como algo incompatible coa liberdade. Non obstante, no transcorrer do poemario, estes temas van deixando paso cara ao final a un espazo un pouco máis optimista e fantasioso, onde trunfan as imaxes sobre a beleza e os animais maravillosos coma as sereas ou as ninfas.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Poesía para soñar”, *A Nosa Terra*, nº 1.250, “Cultura”, 29 decembro 2006-5 xaneiro 2007, p. 34.

Reflexiona sobre os grandes cambios experimentados polo xénero poético no último século, xénero que se di que se pecha cada vez máis no seu público minoritario, porque non se aclara que a súa decodificación esixe activar os coñecementos culturais previos dos lectores. Logo aplica unha análise dos cambios xenéricos a *Obertura sen heroe*, de Yolanda López, que afirma que engancha coa reivindicación que nace en dadá da independencia do acto creativo, a sintaxe emocional que se presenta coma un caos aparente, os ecos de outros poetas dende Manuel Antonio a Yolanda Castaño e tamén a poesía social. Continúase cunha descrición do libro dende Lied, prosa poética inicial, a poemas de gozo crecente “como autopsias de experiencias iniciáticas”, “poemas que piden ser declamados en alta voz”. Engade que se inclúen ilustracións da autora e poemas intimistas e que estes dan paso ao social nunha

repudia da civilización. Remata aludindo a que aquí non hai heroe, e a que quizais a música sexa a derradeira heroína.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha crítica ao ser humano”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 10 agosto 2006, p. 36.

Ábrese o comentario unha definición de *Obertura sen heroe*, pola súa autora Yolanda López, que a describe como crítica ao ser humano que é “superado polos mundos que crea como a música”. Dáse noticia de que lle foi entregado o premio Antón Tovar por esta obra, así como de que o libro sairá a finais de ano en “Libros da Frouma” con ilustracións da autora. Sobre ela dise que lle gusta moito Antón Tovar, a pintura, a música e que nesta obra dá voz a mulleres que sofren e a outras vítimas do noso mundo, se ben cara ao fin do libro deixa un espazo ao optimismo. Por último, enuméranse premios que lle concederon coma o Suso Vaamonde e o Aurelio Aguirre.

- Xurxo Fernández,, “Xavier y el apostolado de los vinos”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 26 novembro 2006, p. 79.

Entre moitas outras cuestións non relacionadas coa literatura, comenta que Yolanda López foi galardoada co Premio Antón Tovar polo poemario *Obertura sen heroe*, publicado por libros da Frouma. Faise, ademais, referencia á publicación da obra en castelán *Entre fronteras*, de Agustín Fernández Paz, cualificada como moi recomendábel.

Maseda, Pilar, *Libres pensamentos. Dende a rúa do Sol*, introd. Moncho Paz e Bernardo García Cendón, Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, col. Biblioteca Chairega, nº 5, 2006, 104 pp. (DL: LU-443-06). ■ ◆

A autora María do Pilar Maseda Barrio (Vilalba, 1068) regresa ao panorama literario da man dun poemario integrado por corenta e catro composicións distribuídas en catro partes: “Poemas de infancia e terra”, “Libres pensamentos. Reflexións dende a chaira”, “O amor é un labirinto” e “Froito do amor e da vida”. Este poemario pretende homenaxear á Terra Chá á que se considera chea de sentimento e forza, combinada con anaquiños da vida da escritora. No limiar ela mesma comenta a orixe do libro como unha recollida duns poemas escritos tempo atrás e destinados a un poemario “non nato” que levaría por título *Camiño de soidade*. Por outra banda, a introdución correu a cargo de Moncho Paz e Bernardo García Cendón quen a máis de loar a calidade da autora destaca a súa forza e a integridade persoal que manifesta.

Referencias varias:

- María Roca, “A columna vertebral da obra son os meus; é unha homenaxe”, *El Progreso*, “Entrevista”, 8 novembro 2006, p. 2.

Dáse noticia da presentación do libro *Libres pensamentos. Dende a rúa do Sol*, da escritora vilalbesa Pilar Maseda, á que se aproveita para facer unha entrevista. A autora comenta que o

seu poemario está escrito en verso libre, cunha linguaxe sinxela para ser entendido facilmente. Así mesmo, apunta que a temática é a da súa propia vida, dende a perda da infancia até a actualidade, tratando motivos tan recorrentes como o amor, a modernidade ou a súa terra. Recoñece que este é o primeiro libro que publica e pretende ser unha homenaxe ás persoas que a acompañaron durante toda a súa vida e que se constituíron como a súa columna vertebral.

- Cristina Pérez, “Pilar Maseda presentou en Vilalba o seu primeiro libro”, *El Progreso*, “Terra Chá/As Pontes”, 12 novembro 2006, p. 19.

Recóllese a presentación en Vilalba do libro *Libres pensamentos. Dende a rúa do sol*, un poemario no que a súa autora, Pilar Maseda, expón momentos da súa vida dende o seu propio nacemento até o dos seus fillos Carmen e Pepe. Coméntase que ao acto acudiron amigos, veciños ou personaxes coñecidos como Bernardo García Cendán ou Moncho Paz, que non quixeron faltar á estrea da escritora. Engádese que esta obra é o quinto libro que edita o Instituto de Estudos Chairegos na chamada Biblioteca Chairega.

- Moncho Paz, “Pilar Maseda, puro sentimento”, *El Progreso*, “Terra Chá/As Pontes”, 12 novembro 2006, p. 19.

Achégase á autora do poemario *Libres pensamentos. Dende a rúa do sol*, Pilar Maseda á que coñece dende a infancia. Lóase o seu dinamismo, a súa actividade continua, o seu compromiso e a fortaleza e dozura que a acompaña. Enténdese que a súa poesía é puro sentimento, o que a encadraría dentro da Nova Poesía Chairega, conformada por un grupo de autores cun forte compromiso coa terra sen caer no conservadorismo. Lémbrese que a súa é unha poesía autobiográfica na que teñen cabida a súa terra e as súas xentes.

Mendes, Abel, *Poética espetaculante*, Santiago de Compostela: Danú, col. Singulares, nº 2, 2006, 131 pp. (ISBN: 84-933404-9-9).

Libro de poemas de Abel Méndes (Berna-Suíza, 1975), que dedica “Aos que no ensino primario e secundario, por causa da súa afectividade, padeceron ou padecen belixerancia e agresións, alentadas por unha sociedade teocrática”. A obra está dividida en tres partes: “Merenda”, “Efeméride en lascivia” e “... En Frigorífico”, precedidas dun breve comentario do autor sobre o significado dos poemas, que alberga cada unha das seccións. Sobre a primeira, “Merenda”, salienta a súa intención antihomofóbica e antiheterocentrista. Tamén sinala que algúns poemas constitúen unha biografía afectiva organizada en cursos académicos dende a educación infantil e manifesta a súa tentativa de facer un ensaio plástico encol da diglosia. Este apartado está dividido á súa vez en tres subseccións: “Confitura de amora”, “Nofilla” e “Queixo” e os títulos dos poemas correspóndense con cifras que representan anos: “Confitura de amora” abarcaría de 1979 a 1987, “Nofilla” de 1988 a 1990 e “Queixo” de 1996 a 1998. Sobre a segunda parte da obra, “Efeméride en lascivia”, Abel Méndes comenta que trata da tardoinfancia e dos “xogares eróxicos”. Inclúe os seguintes poemas: “Froitúosa”, “Polo río...”, “Vulnerada polo tempo...”, “A verdade...”, “En tempos...”, “Tamén...”, “II”, “Quedou un rescoldo...”, “Nunca te puiden ser vran...”, “Dixemos de nós...”, “Fomos de nós...”, “Cousiña...”, “O noso tempo foinos un paxaro...”, “Quixera de ser posíbel...”, “Agora...”, “Agárdote na riveira...” e “Derradeira carta...”. A última parte, “...En Frigorífico”,

sería, segundo o autor, unha “sorte de diario duns pouco días de invidencia patóxena, cun lazariño negro pola cidade da Habana”. Consta dos poemas titulados: “Salvoconducto”, “2 Poeuforación”, “3 Poedose”, “4 Poealcaloitoxe”, “5 Poepunto”, “6 Poechachi”, “7 Poecego”, “8 Poepuntaso”, “9 Poeglobo”, “10 Poepraneastán”, “11 Poestalo”, “12 Poerestituticio”, “13 Poestímulo”, “14 Poetónico”, “15 Poerexurxitifilia”, “16 Poesivarístico” e “17 Poepicastán”.

Moreno, M^a Victoria, *Elexías de luz*, limiar Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, nº 12, 2006, 102 pp. (ISBN: 84-9782-475-X).

Esta obra poética foi publicada postumamente ao pasamento de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara-Cáceres, 1941-Pontevedra, 2005). Nela recóllense poemas inéditos nos que a escritora estivo a traballar durante os últimos anos. Algúns dos poemas foron revisados por Xavier Senín, pero a última parte -“Duns folios que foron blancos”- conservouse tal e como estaba por ser esta o poemario no que María Victoria estaba a traballar antes da súa morte. Recóllense un total de 46 poemas de moi diversa temática, algúns deles podemos lelos nas dúas versións, na da propia autora e máis na corrixida por Senín. Inclúe ademais catro poemas soltos: un deles é versión doutro anterior pero readaptado por mor do afundimento do *Prestige*, e dous textos en castelán; así como o poema que se empregou para o pregón da Feira do libro de Pontearreas no 2003.

Recensións:

- Araceli Silva, “Un adeus de poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 317, “Lecturas”, 10 setembro 2006, p. 9.

Dise que un ano despois do seu pasamento, M^a Victoria Moreno volve a ser noticia, pero esta vez debido á publicación do seu libro póstumo, *Elexías de luz*, onde a última parte era no que estaba a traballar a autora nos últimos tempos. Ademais das obras principais, indícase que tamén se incorporaron a este volume algúns poemas soltos. Saliéntase o “Pregón da Feira do Libro de Pontevedra do 2003”, que foi até entón o único pregón escrito en verso para este acontecemento e que a autora recitou nesa ocasión.

- Xosé María Costa, “A lembranza inmóbil de M^a Victoria Moreno”, *A Nosa Terra*, nº 1.243, “Poesía”, 9-15 novembro 2006, p. 23.

Descríbese a obra *Elexías de luz*, de M^a Victoria Moreno, dicindo que son mostras duradeiras de dor e soidade, e versos sinceros e espidos, nos que se debuxan a angustia e a soidade cotián. Tamén se apunta que se trata de palabras íntimas e sensíbeis que describen o mundo tal e como é.

- Héitor Mera, “Estoupido de sentimentos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 185, “Libros”, 23 novembro 2006, p. 4.

Aproximación á obra de María Victoria Moreno, *Elexías de luz*, da que se di que se trata dun canto optimista ao vivido e ao que nos tocará vivir. Destácase que o amor da autora pola cultura tamén se fai notorio neste volume, pois froito da súa paixón pola lectura xorden

algunhas influencias que ten no momento de escribir. Para rematar menciónase que este poemario é para ler e reler pausadamente e que se atoparán distintos significados e sentimentos nos versos dependendo do estado anímico co que esteamos a deles.

Referencias varias:

- Belén López, “Últimas palabras de María Victoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 5 setembro 2006, p. 68.

Fálase de *Elexías de luz*, o poemario inédito de María Victoria Moreno, que foi publicado pola editorial Xerais postumamente. Aténdese ao contido de dito poemario facendo fincapé na parte inédita, onde garda cousas moi persoais coma cartas de amor ao seu home ou unha nana para a súa filla pequena, ademais doutras pezas nas que estaba a traballar ultimamente.

- MARÉ, “Pétalos de aire e paz de orballo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 outubro 2006, p. 29.

Comézase cuns versos en forma de pregunta, que formula María Victoria Moreno nun dos seus poemas publicados en *Elexías de luz*. Dise que Xerais recupera dous poemarios, un dos cales lle dá título ao libro e o outro que só existía en manuscrito, sendo esta a parte na que estaba a traballar a autora cando a morte a sorprendeu no 2005. Fálase tamén da súa traxectoria literaria.

Patiño, Antón, *Océano e silencio*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, nº 31, 2006, 93 pp. (ISBN: 84-8457-272-2). ♦

Este primeiro poemario de Antón Patiño (Monforte de Lemos-Lugo, 1937) artículase en sete partes de extensión desigual. Todos os poemas comparten un certo minimalismo e unha brevidade do verso, e algúns xogan tamén co espazo e coa tipografía, pero, minimamente, só para explotar a evocación ou a semantividade dun baleiro ou para destacar unha palabra-eixo. Abre e pecha o libro con citas de Karl Kraus, Carl Jung e Georges Bataille. *Océano e silencio* constrúe un imaxinario do océano no que se mesturan elementos obxectivos coma o cemiterio mariño, a brétema, a chuvia e a pedra, e outros froito da percepción subxectiva coma o illamento. Prevalece sobre todo a inmutabilidade do océano “Atravesas o tempo / como animal selvaxe / que descoñece milenios”. “Fermoso veneno multicolor” e “Terra do exilio” son dous apartados nos que os poemas se sustentan en visións de pintores e escultores e na súa obra (Van Gogh, Monet, Chirico, Chillida, Giacometti), así como en visións propias coma a do verso “AQUEL can mouro en Samil”. Constrúe unha xeografía da visión. “O mellor poema” recolle en cambio referencias literarias intrasistémicas coma *Máis Alá* e intersistémicas coma Artaud. Seguen un par de poemas baixo o título “A Urbano LUGRÍS/Ulyses Fingal” e outros baixo o de “Columna da orixe”, nos cales o minimalismo chega ao extremo e os versos son conformados por sintagmas moi simples (dúas ou tres palabras), algo que encaixa coa súa reconstrución do que é a orixe. Pecha o libro “Algures/Ningures”, un conxunto de poemas nos que retoma o océano, a noite e a sensorialidade extrema, ademais de facer definicións poéticas de conceptos coma o “Inconsciente”, a “Soedade” ou a “Señardade”. Destaca o poema “CARTAS da chuvia” polo orixinal do tema tratado (a interferencia da “Axuda de word” nos textos que escribimos no

ordenador).

Paz, Xabier, *Filoxenia do sangue*, prólogo Rafael Chirbes, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, nº 28, 2006, 85 pp. (ISBN: 84-8457-269-2).

Poemario de Xabier Paz (A Coruña, 1949) dividido en cinco partes: “Loita de clases”, “Historia sagrada”, “Vivos e mortos”, “Antropoloxía” e “Inventoras da vida”, que teñen como enlace principal o tema do sangue, é dicir, a acollida que o sangue ten no corpo propio mais no alleo. Con un extenso prólogo, Rafael Chirbes achéganos á realidade do autor do libro así como á súa obra.

Referencias varias:

- H. Vixande, “Xabier Paz: ‘Tan poético é sentirse namorado de Purita como falar do universo’”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 40.

Faise unha entrevista a Xabier Paz, co gallo da publicación de dúas das súas obras. Unha delas editada por Xerais, *Materia de Lucrecio*, e a outra publicada na colección “Tambo”, *Filoxenia do sangue*. Sobre a primeira, di que o nome lle vén do poeta Horacio, que era un filósofo preocupado polo sentido da vida, o cal o influenciou á hora de escribir. Sobre o segundo, di que se trata dunha reflexión histórica, social e antropomórfica. Remata apuntando que as dúas obras converxen nun punto común: a reflexión sobre a ciencia en forma de poesía.

Paz, Xabier, *Materia de Lucrecio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, nº 11, 2006, 94 pp. (ISBN: 84-9782-474-1).

Nesta amalgama de poemas, Xabier Paz (A Coruña, 1949) introduce o lector no cosmos. Os poemas, de extensión variada, organízanse en oito capítulos, algúns deles subdivididos. A condición de científico de Paz advírtese ao longo do conxunto de composicións, sexa pola linguaxe ou polos temas que trata. O biólogo cántalle ao universo, ao baleiro, ao secretismo, á invisibilidade, ás formas, á materia escura, á dialéctica entre a vida e a morte e ás mareas. Os datos científicos e numéricos fúndense con letras que crean reflexións acerca da vida do cosmos. Os poemas, de corte didáctico e pedagóxico, revélanlle ao lector os principios básicos da astronomía. Na escolma de poemas albíscanse referencias a autores clásicos e a científicos universais. O abstracto está presente no poemario, que se serve de comparacións que ilustran a grandiosidade dos corpos celestes. A pregunta retórica é o recurso literario máis empregado polo autor, que é quen de espertar a curiosidade no maxín do lector. O conxunto finaliza cun poema que actúa a modo de conclusión.

Recensións:

- Román Raña, “Viaxe especulativa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, “Libros”, 16 outubro 2006, p. 4.

En primeiro lugar, comeza destacando a orixinalidade da obra de Xabier Paz, *Materia de Lucrecio*, onde se combina a razón científica coa razón poética e na que se procura avanzar cara ás orixes de todo (do ser humano, do cosmos, etc.). Explica que esta última característica relaciona a presente publicación coa obra do poeta latino Tito Lucrecio Caro, *De rerum natura*. A continuación, destaca da obra de Xabier Paz, entre outras características, o afán pedagóxico, as teorías da creación do universo e do nacemento do ser humano. Ao final apunta que no poemario propónse “unha viaxe especulativa cara ao que somo e fomos”.

Referencias varias:

- Xosé María Costa, “Xabier Paz, o cosmos e a intuición persoal”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Poesía”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 27.

Analízase a obra de Xabier Paz, *Materia de Lucrecio*. Dise que o autor non é quen de despojar a palabra da súa relación conceptual co contorno e tamén que nesta obra non hai xesticulación nin ruído, senón que o autor se centra na descrición e na rutina. Toma fragmentos de poemas para exemplificar os comentarios críticos a este volume.

- Anxa Correa, “Paz: ‘O meu poemario nace da miña ignorancia sobre o cosmos’”, *Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, “Vivir Aquí/Cultura”/“Maré”, 2 novembro 2006, p. 68/32.

Entrevístase ao autor do poemario *Materia de Lucrecio*, Xabier Paz. Dise que o libro fala da materia, en toda a súa amplitude e tamén do sentido da vida. Cando se lle pregunta se aínda queda tempo para reflexionar sobre estes temas hoxe en día, o autor responde que supón que haberá de todo, a pesar de que a sociedade cada vez é máis tecnolóxica, con excesivas présas e con moito interese no produtivismo, cousas que non son moi compatíbeis coa filosofía e coa poesía.

- H. Vixande, “Xabier Paz: ‘Tan poético é sentirse namorado de Purita como falar do universo’”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 40.

Faise unha entrevista a Xabier Paz, co gallo da publicación de dúas das súas obras. Unha delas editada por Xerais, *Materia de Lucrecio*, e a outra publicada na colección “Tambo”, *Filoxenia do sangue*. Sobre a primeira, di que o nome lle vén do poeta Horacio, que era un filósofo preocupado polo sentido da vida, o cal o influenciou á hora de escribir. Sobre o segundo, di que se trata dunha reflexión histórica, social e antropomórfica. Remata apuntando que as dúas obras converxen nun punto común: a reflexión sobre a ciencia en forma de poesía.

Penas, Ánxeles, *Perfís e poéticas*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca, nº 10, decembro 2006, 106 pp. (ISBN: 84-96526-71-6).

A obra da poeta e artista plástica Ánxeles Penas (Teixeiro, 1943) comeza cun prólogo no que explica a intención do poemario, que se divide en tres seccións. En “Poética da palabra”,

Penas recompila unha serie de poemas, escritos ao longo da súa carreira, que están dedicados a un ilustre grupo de poetas. Rosalía, Curros, Pimentel, Avilés ou Novoneyra inspiraron os versos do libro. “Poética da ollada” recolle as composicións que a escritora dedicou nalgún momento da súa vida a coñecidos artistas plásticos. O pintor Picasso e o escultor Oliveira forman parte do grupo de creadores aos que Penas fai referencia. Por último, en “Poética do espazo”, na que tampouco faltan as dedicatorias, a poetisa escríbelle a Toledo, Castela e Betanzos. Todas as composicións presentan trazos que reflicten a conexión entre ambas facetas creativas de Penas. Cómpre destacar o emprego de maiúsculas combinadas con minúsculas, o desprazamento de versos, a musicalidade e o uso das negriñas, que lle confiren á obra un ritmo vibrante. Non faltan recursos literarios como a metáfora e a pregunta retórica nalgún dos trinta e tres poemas de métrica variada que conforman o conxunto. *Perfís e Poéticas* posúe un fío condutor que tece o conxunto dos tres capítulos, o sentimento de cosmicidade, que rexe a traxectoria de Penas.

Pérez Rei, Mariña, *Fanerógama*, prólogo Baldo Ramos, A Coruña: Edicións do Castro, col. Colección de poesía Eusebio Rodríguez Baleirón, 2006, 100 pp. (ISBN: 84-8485-228-8).

Fanerógama foi a obra gañadora da XVIII edición do premio Eusebio Lorenzo Baleirón. Cun prólogo de Baldo Ramos, no que se expoñen as súas liñas de forza principais, o poemario componse de sete pezas iniciais e dunha mancha de versos máis que se agrupan baixo o rótulo xenérico de “Confeso a respiración. Respiro”. Nun estilo austero e profundo na súa sinxeleza, Mariña Pérez Rei (Ames, 1966) debulla unha serie de preocupacións persoais tendo sempre de fondo a intimidade dos seus propios desacougos emocionais. Porque, efectivamente, as composicións deste volume, fragmentario ao non seguir máis liña emocional que a da subxectividade e os sentimentos comúns que xacen en moitos versos, caracterízanse pola fragilidade fronte a un mundo exterior marcado pola dor e a tristura. Asuntos tan intemporais como a guerra ou a perda dos amigos mestúranse con outros que foron actualidade, coma o Prestige, sempre arredor desa idea de tristura que o impregna todo a través, segundo apunta Baldo Ramos na introdución, de imaxes novidasas e de xogos coa linguaxe. Trátase, en suma, dun poemario no que a voz da autora está presente en todos os momentos, unha autora que segundo o prologuista, é “herdeira dunha sensibilidade que a emparenta con voces como as de Pilar Pallarés ou Ana Romaní”.

Recensións:

- Vicente Araguas, “A morte e as fanerógamas”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 398, “Libros”, 15 outubro 2006, p. 20.

Infórmase das últimas publicacións en poesía de Edicións do Castro: *Todo Morte*, de Manuel Pereira e *Fanerógama*, de Mariña Pérez. Saliéntase a figura de Isaac Díaz Pardo, no se labor potenciador da cultura galega como editor, subliñándose a incerteza do futuro da editorial. A continuación, faise unha análise e comentario subxectivo das dúas obras, destacándose o neorromanticismo de *Todo Morte* e a lírica máis exhibicionista de *Fanerógama*.

Pichel, Luz, *Casa pechada*, XXVI Premio Fundación Caixa Galicia Esquíu de Poesía, Ferrol:

Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquíu de poesía, nº 107, 2006, 90 pp. (ISBN: 84-95289-81-4). ■ ◆

Primeiro poemario en galego de Luz Pichel (Alén-Lalín-Pontevedra, 1947), autora de varios libros de poesía en castelán coma *El pájaro mudo* (1990) ou *La marca de los potros* (2004) que recibiron diversos premios. Nunha das lapelas recóllese a presentación editorial que fala do libro coma dun “axuste de contas, coa propia lingua e coa propia historia”. Dedicado á nai da autora, o poemario constrúe toda unha poética da casa e lembra escenas de cando todos os irmáns eran pequenos e a familia enteira vivía xunta na casa da aldea. Abunda o léxico de animais, plantas e ferramentas do campo. As vivencias da infancia e da mocidade parten dun “Poema prólogo”, no que sabemos da morte dun home por un gato que se laia, un home que é o pai do suxeito-voz poética (identificábel coa autora), e a partir de aí vanse intercalando escenas de lembranzas e a construción dun museo na honra do falecido. Ese museo está constituído polos cestos que el facía e para cada cesto vaise escribindo un letreiro. Os letreiros, que especifican onde hai que colgalos, son poemas de apenas dous ou tres versos que recollen un pensamento ou unha imaxe: “Letreiro para poñer de fondo de pantalla cando me canse do que teño posto / Busco a beleza / na forma das patacas / irregulares”. O fío do poemario é, por tanto, a ollada retrospectiva sobre a propia historia provocada pola morte dun ser querido. Formalmente é unha poesía sinxela cuxa maior riqueza é a recuperación de moito léxico da aldea que se está perdendo. Por último, chama a atención unha frase inserida nun texto-poético de cara ao final: “As linguas non teñen a culpa do mal que se lle fai aos nenos con elas”.

Piñeiro González, Luciano, *Aporías dun tempo fuxidío*, prólogo Chano Piñeiro, Noia: Toxosoutos, col. Letra Inversa, nº 7, 2006, 160 pp. (ISBN: 84-96259-99-4).

Ábrese o libro cun “Prólogo” de Chano Piñeiro e uns “Apuntes para unha pública confesión” de Luciano Piñeiro. O prólogo anota tan só a fascinación do ilustrador coa obra do poeta, a admiración pola súa capacidade expresiva e o desexo de que os lectores poidan acceder á súa palabra a pesar da complexidade que comporta. As palabras do autor comentan que todo poemario é unha confesión pública e intentan analizar a súa poética, da que se pode salientar o rexeitamento da instrumentalización da poesía para ningún fin, a reivindicación da elaboración do poema e a importancia da fe e da filosofía. Como influencias destacábeis da tradición galega anota a Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez e, especialmente, Rosalía de Castro. Abre o poemario “Galizaland” presaxiando xa o tema fundamental da obra. Galicia, a filosofía, a fe en Deus, os seres queridos do poeta e a recreación da sociedade galega (a paisaxe, as crenzas, a vida tradicional), con insistencia particular na compoñente histórica, son os temas que atravesan os seus versos. Combínanse poemas máis ben reflexivos nos que a filosofía aparece dende o título (“Aporías”, “Siloxismo”) con outros máis ben descritivos, de lugares (Muros, Louro...), de elementos como o mar e o vento e de festas como o San Xoán. Hai tamén poemas para os seus seres queridos como a súa muller, o seu fillo e os seus netos, aos que dedica tamén o libro. Por outra banda, cómpre reparar na pertinencia dos títulos, case sempre temáticos, na compoñente visual das imaxes (“O sol é unha choiva / de pétalas vermellas caendo / no colo dos piñeiros”) e na riqueza do léxico, tanto daquel xa existente coma dos neoloxismos, coa particularidade de que tamén crea léxico para describir aquelas realidades propias da vida tradicional.

Recensións:

- Xosé María Costa, “Luciano Piñeiro e o rumor da nostalxia”, *A Nosa Terra*, nº 1.242, “Cultura”, 2-8 novembro 2006, p. 27.

Comenta brevemente o que di ser o primeiro libro de poemas en galego de Luciano Piñeiro. Salienta o seu poder nostálxico e evocador, á vez que reconece certo carácter retórico na súa linguaxe. Cita algúns versos e conclúe que é unha obra sensíbel e sincera.

Plaza, Esteban, *Metástase da paixón*, limiar Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro, introd. Xabier Limia de Gardón, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2006, 104 pp. (ISBN: 84-96503-39-9). ♦

Logo do “Saúdo” institucional, a obra conta con dous limiares. No primeiro, a cargo de Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro, comézase mencionando a profesión do autor, xornalista na cadea Ser, noutrora, Radio Ourense. Logo menciona o “Saída de Ítaca”, composición coa que se abre o poemario e afirma que a Penélope de Esteban Plaza é Esperanza, a súa dona, que é a protagonista dos seus versos. Apunta que na obra tamén aparece nun gran número de ocasións a esperanza entendida como virtude. A continuación, Xabier Limia de Gardón realiza un “Comentario a modo de introducción” no que se repasan os poemas que forman as cinco partes da obra destacando que neles, Esteban Plaza, fala dos seus músicos (Beethoven, Chopin, etc.) e artistas favoritos (sobre todo pertencentes ao cine dos anos corenta) e tamén, en ocasións, emprega películas como inspiración. Destaca tamén que nunha das partes aparecen referencias a diversos poetas do século XX como Juan Ramón Jiménez, Pablo Neruda, García Lorca, Miguel Hernández, Aleixandre, etc. Finaliza afirmando que a obra conclúe cunha boa disposición e correspondencia entre todas as partes que a forman xa que remata cando volve a Ítaca. A continuación, veñen os cinco “libros” nos que se divide a obra: “Eva e un Adán máis ben patético”, “Onte (Cantigas)”, “20 Sonetos clásicos e unha canción desesperanzada”, “Oito-sílabos de angustia”, “Meus queridos poetas” e “Longo camiño ata o final de todo”.

Pociña, Andrés, *Apócrifo de Fiz matinado en soños*, Sada: Edicións do Castro, col. Colección Poesía, 2006, 65 pp. (ISBN: 84-8485-220-2).

Esta obra de poesía de Andrés Pociña (Lugo, 1947) iníciase cun texto en prosa, onde o narrador explica a orixe deste libro. Sabemos por estas palabras introdutorias que nunca coñeceu o poeta Fiz Vergara Vilariño, pero foi despois da morte deste cando entra en contacto con el. O defunto aparécelle en soños para dicirlle que lea as súas composicións e así o fai cada noite antes de que lle apareza. Despois deste inicio, desenvólvense catro partes, cada unha delas precedida dunha “Poética”, na cal a primeira persoa explica os temas que despois podemos ver nas propias composicións. Todos os poemas coma, se de revelacións se tratasen, son titulados con “Poema onírico”. Nos poemas hai referencias á persoa a quen se dedica o libro, pero é o eu poético a voz que predomina e as exploracións do propio estado psíquico son o tema principal do conxunto de poemas. Os medos e a propia dor do eu son temas

fundamentais. De igual forma, ten importancia no poemario a relación entre o eu e o espazo, concretamente, a terra de Santalla.

Recensións:

- X.F., “Homenaxe onírica”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 172, “Letras en Galego”, 5 agosto 2006, p. 11.

Nesta breve achega a *Apócrifo de Fiz matinando en soños*, coméntase que, xa na propia introdución do poemario, se sinala que Andrés Pociña non coñeceu a Fiz Vergara Vilariño, pero que foi el quen lle apareceu nos soños e lle falou del mesmo, da súa enfermidade e da súa poesía. Por outra parte, sinálase que todo isto queda retratado nunha serie de poemas oníricos, nos que latea o pensamento do poeta, xunto coa visión de Pociña.

Queipo, Xavier, *Pegadas*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela/Concello de Santiago, col. Poeta en Compostela, nº 18, 2006, 51 pp. (ISBN: 84-8064-166-5). ■ ◆

De acordo coas palabras do epígrafe autógrafa que encabeza, trátase dun poemario que compendia textos escritos nunha viaxe de ida e volta. Pegadas ou impresións que quedan rexistradas no paso por Vigo, Compostela, Bruxelas, Dublín ou Londres, por exemplo. Pártese de Vigo e remátase en Fisterra, nunha Fisterra “onde o mar abre camiños”, transítase por Galicia e por Europa indistintamente e escríbese logo de ver museos, libros e cidades. Hai importancia do intertextual e do interartístico, así como certas anotacións metapoéticas que dan pistas de lectura. O léxico é moi rico e aparecen campos semánticos moi específicos como o dos paxaros, o dos peixes, o da louza, etc. Usa un tipo particular de enumeración, que denomina inventario, no que realidades máis ou menos coñecidas son reinventadas poeticamente. Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) sérvese aínda de recursos como o bilingüismo e a onomatopea e utiliza títulos temáticos onde se sintetiza o contido referencial e interpretativo do poema. O conxunto eríxese nese caderno de viaxe que se anunciaba, con apuntamentos vivenciais e notas dunha visión do mundo filtrada por unha linguaxe conscientemente culta e elaborada.

Referencias varias:

- Henrique Neira, “A poesía ten moito que ver cos biorritmos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 20 abril 2006, p. 68.

Infórmase da presentación en Vigo do libro de Xavier Queipo *Pegadas*, que constitúe o volume dezoito da colección Poeta en Compostela. Dáse conta do nacemento da colección e o escritor comenta cómo foi a orixe do poemario e fai referencia á súa experiencia como escritor.

- Henrique Neira, “Os meus libros vanse fraguando”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 abril 2006, p. 38.

Reprodúcense os comentarios de Xavier Queipo a propósito da presentación en Compostela da obra *Pegadas*, dentro da colección “Poeta en Compostela” e que será entregada de forma gratuíta co xornal *El Correo Gallego*. Refírese tamén á traxectoria do autor.

- Lupe Gómez, “Teño carta?”, *Galicia Hoxe*, “A bailarina, por Lupe Gómez”, 7 maio 2006, p. 18.

É un breve diario de seis días onde se contan as rutinas da vida. No primeiro día cóntase que leva no bolso unha carta do escritor John Berger, que ela vai mandar outra en resposta e que está impaciente por recibir a do escritor. No segundo día, nárrase unha compra na froitería. O terceiro, céntrase no libro de Xavier Queipo, *Pegadas*, que a autora describe como unha poesía de sentimentos, e nun encontro co autor nun bar que deu para a reflexión sobre a poesía. No cuarto, relátase un xantar con Luz Fandiño ao son dos fados de Mariza. No quinto día, informa sobre a visita ao hospital Juan Canalejo para ver á súa tía e no sexto, que coincide co 25 de abril, conta como segue á espera da carta do escritor John Berger.

Rábade Paredes, Xesús, *Os anos da memoria*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 166, 2006, 102 pp. (ISBN: 84-96475-26-3).

A obra de Xesús Rábade Paredes (Cospeito-Lugo, 1949) está composta por dúas partes ben diferenciadas para o lector, a primeira leva o título de “Voces que me chaman” e nela recóllense catro poemas fundacionais, que xa apareceran noutros poemarios anteriores: un deles dedicado a súa nai Lola, outro á súa muller Helena e dous máis que responden ao título de “Vencidos” e “Insubmisos”. A segunda parte, denomínase “A voz do tempo” e, ao longo de case noventa composicións, fai un percorrido minucioso e á súa vez sinxelo polo seu mundo, é unha especie de diario de vida no que recollen anécdotas, experiencias, sentimentos e pensamentos que plasma nun papel. Chama a atención a brevidade dos poemas, moitos deles non exceden os tres versos, non obstante consegue en poucas palabras sentenciar, chegar ao lector facendo que este entre no seu microcosmos. Non só se detén en episodios vividos, tamén reflicte o seu ideario político, as súas teimas, os seus medos, os sonhos e, en realidade, todo o que ten dentro e que necesita verter nestas páxinas, que recollen o ser e o sentir do poeta. Preocúpalle a falta de liberdade, de memoria e de sonhos, ademais de interesarlle o amor, a terra, a loita pola liberdade dos pobos e todo o que nalgún momento foi obxecto para el de reflexión. Elimina toda posíbel retórica, toda palabra baleira, íspese ante o lector de calquera vaguidade, de calquera ruído e todo soa harmónico, facendo que o que está escrito sexa necesario e o que non escribiu non se bote en falta.

Recensións:

- Sandra Faginas, “Lembrar a vida vivida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, nº 177, “Letras en Galego”, 9 setembro 2006, p. 10.

Comézase facendo alusión ao título da obra, *Os anos da memoria*, para vinculalo cos anos da ditadura. De seguido, sublíñase a intencionalidade do escritor, Xesús Rábade, e ponse de manifesto a función do recordo, ademais de referirse ao ilustrador, aos anos que abrangue e o modelo autopoético da obra. Tamén se trata a estrutura e expóñense os eixes que rexen cada

unha das dúas partes do poemario, para rematar coa reprodución duns versos d' *Os anos da memoria*.

- Román Raña, "Camiños vitais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 179, "Libros", 5 outubro 2006, p. 4.

Faise eco da saída do prelo d' *Os anos da memoria* e do mundo interior que Xesús Rábade lle imprime ás súas obras. Di que para a crítica o autor resulta unha figura incómoda porque non se pode inscribir en ningunha das xeracións. Fai referencia aos poemas curtos, característicos da segunda parte, e aos longos, que se inclúen no primeiro apartado do poemario. Tamén alude á rima e ao ritmo resolutivo, que o equipara coa poesía de Curros Enríquez, de Celso Emilio Ferreiro ou de Ramón Cabanillas. Aínda que se fala de intimismo, subliña que a intención é cívica e de compromiso co pobo galego. Finaliza desexándolle sorte ao escritor.

Referencias varias:

- MARÉ, "A Terra Chá homenaxea a Rábade Paredes", *Galicia Hoxe*, "Maré", 5 xuño 2006, p. 38.

Informa de que o escritor Xesús Rábade Paredes presentou en Cospeito a súa última obra, *Os anos da memoria*, editada por Espiral Maior e composta por unha selección de poemas breves. Indícase que na presentación o autor estivo acompañado por Miguel Anxo Fernán-Vello e coméntase que anterior ao acto, Rábade Paredes recibiu unha homenaxe na celebración do XIV Encontros da Terra Chá. Así mesmo, dáse conta da celebración dunha mesa redonda na que participaron Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos e Xulio Valcárcel.

- María Roca, "Rábade Paredes presentó su obra 'Os anos da memoria' en su tierra", *El Progreso*, "Terrá Chá/Meira", 5 xuño 2006, p. 16.

Dá conta da homenaxe que recibiu Xesús Rábade e da presentación do seu último libro, do que se di que é un poemario autobiográfico. Cita o nome dos presentes no acto e inclúe unhas declaracións do escritor Alonso Montero sobre *Os anos da memoria* e do delegado provincial de Cultura e Deporte, Juan José Molina, que falou da cultura chairega. Finaliza informando do programa que seguiu o acto.

-Xulio Valcárcel, "Con Rábade Paredes en Cospeito", *El Ideal Gallego*, "Páxina Literaria", 11 xuño 2006, p.4.

Alúdese á homenaxe que a Asociación Xermolos de Guitiriz lle preparou a Xesús Rábade Paredes pola súa traxectoria vital e literaria. Sinálase que o encontro se desenvolveu na Casa da Cultura do seu concello e que contou coa presenza de veciños e amigos, así como dos académicos Xosé Luís Axeitos e Xesús Alonso Montero. Explícase que o encontro serviu para repasar a súa obra, que comeza co poemario *Xuntos cara ó mañán* (1969) e para presentar o seu último libro, *Os anos da memoria*, que se interpreta como unha obra de madurez. Lémbrese tamén a dura infancia, a emigración a Suíza e as dificultades para rematar a carreira de Filosofía e Letras por problemas económicos, aínda que todo sacrificio se considera válido neste home que se considera un dos grandes poetas galegos.

Regueira, Mario, *Tanxerina*, XVIII Premio Nacional de Poesía Xose María Pérez Parallé, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 169, 2006, 68 pp. (ISBN: 84-96475-28-X).

Tanxerina é o primeiro libro de poemas de Mario Regueira Fernández (Ferrol, 1979) que ve a luz. Publicado na editorial Espiral Maior, foi galardoado co XVIII Premio Nacional de Poesía Xose María Pérez Parallé na edición de 2005. O poemario consta de varias seccións nas cales presenta o poeta un mundo árabe cos seus costumes e a súa cultura. Comeza cun breve poema, “Presentimento e pavor no porto dos escravos”, e segue con “Tanxerina (I)”, “Rick’s Café”, “Harar” e “Tanxerina (II)”. O suxeito lírico móvese ao longo do poemario polo mundo árabe, coñece a mulleres, das cales se namora, visita o Rick’s Café en Casablanca, sección central do poemario. Con este volume, o eu lírico fai unha viaxe persoal e cósmica polo universo árabe, e aí é onde ten sentido e significado o título do poemario: *Tanxerina*.

Recensións:

- Armando Requeixo, “As xestas húmidas”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 401, “Libros”, 5 novembro 2006, p. 21.

Sínálase que Mario Regueira acaba de gañar o XVIII Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, co poemario *Tanxerina*. Coméntase que a obra se divide en dous bloques precedidos por un poema prólogo e salienta o significado e sentimento que emerxen dos poemas. Achéganse algúns versos e, finalmente, salientase o bo inicio deste poeta.

Rei, Maxi, *Vizoño*, Betanzos: Eira Vella, col. Xanela da Poesía, 2006, 62 pp. (ISBN: 9788481812275). ■ ◆

Maximino Rey Vázquez (Abegondo, 1975) publica estes poemas da man da Asociación Cultural Eira Vella e cunha axuda da Secretaría Xeral de Política Lingüística. O título da obra fai referencia ao lugar de Vizoño, onde o poeta pasou a súa infancia. O libro está dedicado á súa avoa e ao seu avó, en memoria, e está composto por un conxunto de textos que tratan temas como a infancia, a familia, o mundo rural ou a morte. Os personaxes que habitan estas páxinas son familiares, a veciñanza e elementos do mundo de Vizoño aos que se lles dá vida, como son a casa da avoa e do avó, a lareira ou a igrexa, e o propio autor. O último poema do libro constitúe unha autopoética, na que o autor ofrece as razóns que o levaron a escribilo.

Rielo, Pedro, *As palabras furtivas*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 165, 2006, 136 pp. (ISBN: 8496475-25-5).

Neste poemario de Pedro Rielo (Pontevedra, 1972) trátanse temas de carácter social mesturados cunha liña temática de tipo existencial. Unha das temáticas de tipo existencial-intimista é a angustia polo paso do tempo, xunto á que encontramos algúns poemas, que fan un retrato dunha escena ou acontecemento do pasado, que traen para o presente a saudade ou tristeza polo feito de pertenceren ao pasado e seren no presente irrecuperábeis. A reflexión

sobre a propia linguaxe é un tema común a varios poemas e o espazo é un elemento que ten singular importancia no poemario. Pode ser este un elemento que nos afasta da realidade decadente, como ocorre naqueles poemas que se refiren a espazos afastados ou a viaxes feitas por camiños que nos conducen a estes lugares separados da vida cotiá, ou pode ser urbano, neste caso, o espazo encóntrase ligado á sensación de angustia que se mantén ao longo dos poemas. Hai no libro outros espazos asociados máis á liberdade, como é o caso do mar. A violencia é un motivo temático que tamén é tratado con frecuencia na obra e asóciase á condición do ser humano.

Recensións:

- Román Raña, “Ton emocional”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Libros”, 26 outubro 2006, p. 4.

Recolle algúns dos temas fundamentais da obra de Pedro Rielo, *As palabras Furtivas*, e salienta que a temática fundamental é a tristeza polo paso do tempo e pola inxustiza da realidade. A seguir, sinala que esta temática é tratada de forma máis calma á medida que o libro avanza. Termina facendo referencia a algúns poemas e, de novo, á temática, sinalando algún dos seus eixes: a cidade como lugar desolador, o inconformismo ou presenza da muller como redención.

- Teresa Seara, “O club dos desesperados”, *Tempos Novos*, nº 114, “Voces e Culturas”, novembro 2006, p. 70

Alude á publicación da nova obra poética de Pedro Rielo, que ten como *leitmotiv* o baleiro existencial que provoca desacougo na voz poética e a escisión do ser. Impregna os poemas un fondo de melancolía e anguria no que a única defensa é a palabra, segundo afirma Seara, a medida que vai expoñendo as diferentes temáticas que xiran arredor deste tópico e recolle diferentes versos do poemario como exemplificación.

Referencias varias:

- Belén López, “O poeta que me interesa é o que pon unhas botas e se enche de lama”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí. Cultura”, 16 xuño 2006, p. 83.

Nesta entrevista a Pedro Rielo, ofrece a súa propia visión do seu poemario, que presenta un conxunto de poemas, onde se mestura a temática intimista coa social. Tamén explica certos trazos da súa poesía, como son as referencias a escritores estranxeiros e a grupos pop americanos por seren elementos que forman parte da súa formación. Finalmente, menciona a actividade do poeta como algo próximo ao xornalista que debe contar a verdade.

Rodríguez Baixeras, Xavier, *O pan da tarde*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, nº 46, 2006, 107 pp. (ISBN: 84-8288-890-0).

Nova obra de Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945), que contén cincuenta e unha

composicións poéticas nas que se tratan temas como a asunción e o estremecendo diante da monumentalidade do paso do tempo e a memoria como ponte de acceso e reconstrución da felicidade que xa non está. A orixe da felicidade é a infancia e todos os amores, que son entidades onde o goce dos sentidos era celebración. O poeta emprega léxico moi seleccionado e aproveita toda a súa significatividade, evitando excesos retóricos e estilísticos. Apréciase un gran rigor formal onde dominan os heptasílabos e os hendecasílabos brancos que están dotados dunha gran musicalidade.

Recensións:

-Xosé María Costa, “Baixeras e a soidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, “Cultura”, 23-29 marzo 2006, p. 27.

Dá conta da nova obra de Xavier Rodríguez Baixeras, *O pan da tarde*. Repasa brevemente a obra e sinala que o poeta confunde a soidade interior coa nostalxia e que non é capaz de esbozar a fragmentación e a ruptura do instante.

- Román Raña, “Luces e misterios”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, 30 marzo 2006, p. V.

Afirma que na traxectoria poética de Xavier Rodríguez Baixeras se aprecia unha evolución dende o clasicismo simbólico á turbación dos sentimentos. A continuación, realiza unha descrición temática do seu último poemario, *O pan da tarde*, no que se trata o paso do tempo e o amor como forma de canibalismo. Tamén apunta que se poden topar algúns fragmentos que conteñen reflexións sobre o acto de escribir, o desdoblamento da persoa ou o desexo de eliminar o que non queremos ser. No aspecto formal, comenta que os poemas están integrados por versos heptasílabos e hendecasílabos brancos, que teñen unha gran musicalidade. Por último, anota que a expresión das emocións que emprega Rodríguez Baixeras lembra o haiku xaponés.

-Vicente Araguas, “Pan sen chocolate”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 374, 30 abril 2006, p. 20.

Comeza salientando que a nova obra de Xavier Rodríguez Baixeras, *O pan da tarde*, toma o título dun dos poemas que incorpora. A continuación, comenta que a súa poética bota man de esencias ou “cernes miúdos”, de “palabras-cebola”, que conteñen varias capas pero afirma que, en ningún momento, cae na sobrecarga. Sinala que o poeta deixa ver nas súas creacións, entre outros temas, o paso dramático dos anos ben asumidos, o recordo familiar e a indagación no eu. Tamén afirma que Rodríguez Baixeras é un dos poetas que mellor constrúen na poesía galega moderna.

- Teresa Seara, “A contrafío”, *Tempos Novos*, nº 112, “Voces e culturas”, setembro 2006, p. 74.

Faise eco do novo poemario de Xavier Rodríguez Baixeiras, *O pan da tarde*. Comeza facendo un breve percorrido pola traxectoria literaria do autor, centrada fundamentalmente na temática da desolación e do desamparo, que segue tamén neste volume. A seguir, debulla o seu

complexo aparello simbólico (a morte, a natureza, a tarde ou o mar), ao mesmo tempo que cita algúns dos versos dos poemas a modo de exemplificación.

Referencias varias:

- Tomás Ruibal, “Entre a tradición e a ruptura”, *Diario de Pontevedra*, “Anaquel dos libros”, 30 abril 2006, p. 10

Dá conta das dúas últimas entregas da colección “Dombate” de Galaxia, *O pan da tarde*, de Xavier Rodríguez Baixeras e *Ponte das poldras*, de Chus Pato. Da primeira sinala que nela se pode apreciar o uso maioritario de formas clásicas como tercetos, cuartetos pero tamén do verso libre ou de hendecasílabos brancos. Afirmar que, tematicamente, o poeta parte do pesimismo, ante a contradición entre o tempo que pasa e a identidade que permanece, e amosa unha visión intimista do amor. Conclúe sinalando que Xavier Rodríguez pretende sempre acadar a palabra precisa evitando excesos barrocos. Da obra de Chus Pato sinala, en primeiro lugar, que xa fora editada en 1996, e a seguir realiza unha descrición dela destacando, entre outras características, que cita expresamente poetas como Kavafis ou Derek Walcott, por exemplo.

Romón, Manuel M., *Poesía barata*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, col. Tambo, nº 30, outubro 2006, 65 pp. (ISBN: 84-8457-271-4). ♦

Manuel M. Romón (Vigo, 1956) reafírmase con este poemario como unha voz lírica madura dentro da poesía galega actual. Presenta trinta novos poemas, baleiros de ornamentos. Dentro da súa sinxeleza incluso ningún deles ten título, de xeito que no “Índice” final aparecen como títulos o primeiro verso de cada poema. Parece que o autor se atopa constantemente na busca do elemental e esencial, na consecución do verdadeiro significado, sen mais, do que realmente quere amosar a través dos seus versos.

Romero, Medos, *A seitura dos tristes*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 39, 2006, 56 pp. (ISBN: 84-85385-97-7).

Poemario de Medos Romero (Soomede-As Pontes, 1959) que consta de corenta e un poemas sen título -excepto o que leva por título “Ás vítimas do crime das Borosas”- e mais dun epílogo titulado “A Manuel María, por sempre no lugar soñado”. En conxunto, é unha reflexión poética sobre a forma de vida apegada ao mundo físico do rural e así vemos que todos os poemas falan da natureza: das árbores -piñeiro, pradairo, bidueiro, carballo ou figueira-, dos arbustos, das herbas, do ar, da chuvia, da néboa ou das bolboretas.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha obra necesaria”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 14 outubro 2006, p. 44.

Sinala que a poeta Medos Romero gaña o premio González Garcés coa obra *O pozo da ferida*, un poemario que denuncia a dor das mulleres vítimas da violencia nos países menos desenvolvidos e tamén nos países máis desenvolvidos. Comenta que a escritora traballa como enfermeira no complexo hospitalario Arquitecto Marcide de Ferrol e que xa escribira outras obras de denuncia social. Tamén apunta que a obra, *A seitura dos tristes*, sairá á luz en Follas Novas proximamente e que nela se trata a angustia por unha forma de vida apegada á terra e un paraíso perdido.

- V. Oliveira, “Medos Romero somérxese na dor no libro ‘O pozo da ferida’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 novembro 2006, p. 74.

Sinala que a escritora Medos Romero gaña o premio González Garcés coa súa obra *O pozo da ferida*, unha obra de denuncia social. Comenta que, segundo a autora, a denuncia social é un tema con pouca saída na sociedade actual, porque é moi difícil que os colectivos se movan. Tamén apunta que as mulleres como vítimas da violencia, tanto no mundo desenvolvido coma no subdesenvolvido, é o tema do libro. Anuncia que proximamente sairá á luz unha nova obra de Medos Romero, *A seitura dos tristes*.

Romero, Medos, *O pozo da ferida*, ilustr. Emilia Salgueiro, introd. Armando Requeixo, Premio de Poesía Miguel González Garcés 2006, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Miguel González Garcés, nº 24, 2006, 68 pp. (ISBN: 84-9812-047-0). ♦

Ábrese este volume de Medos Romero (Soomede-As Pontes, 1959) cunha introdución de Armando Requeixo titulada “Da ferida manantía: viaxe polos versos de Medos Romero”. Nela preséntase brevemente a traxectoria da autora e coméntanse os motivos temáticos e o estilo literario dos poemas recollidos neste novo volume, que van acompañados das ilustracións de Emilia Salgueiro. Tanto os poemas como as ilustracións teñen coma protagonistas as mulleres e a problemática de xénero. Dende as nenas que sofren a ablación do clítoris, os abusos sexuais e a prostitución, até as mulleres violadas, maltratadas, con burka, en pateiras ou mulleres ás que se lles nega o desexo. Todas elas percorren as páxinas deste libro, que denuncia, con dor e rabia, a violencia que se exerce sobre as mulleres.

Recensións:

- Ana Abelenda, “A conciencia existe no poema”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 188, “Letras en Galego”, 25 novembro 2006, p. 15.

Alude aos volumes *Alaridos*, de Lino Braxe e *O pozo da ferida*, de Medos Romero, candidatas ao Premio de Poesía Miguel González Garcés. Aproveita a exposición para facer unha síntese da temática destas dúas obras, ademais de sinalar que a peza de Medos Romero fala da vida como un duro exercicio para vencer e que presenta distintos personaxes con vida dura e realista. Por outra parte, subliña que a poesía Lino Braxe se caracteriza pola súa precisión e por unha temática que fala de sentimentos.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha obra necesaria”, *Galicia Hoxe*, “maré”, 14 novembro 2006, p. 44.

Sinala que a poeta Medos Romero gaña o premio González Garcés coa obra *O pozo da ferida*, un poemario que denuncia a dor das mulleres vítimas da violencia nos países menos desenvolvidos e tamén nos países máis desenvolvidos. Comenta que a escritora traballa como enfermeira no complexo hospitalario Arquitecto Marcide de Ferrol e que xa escribira outras obras de denuncia social. Tamén apunta que a obra, *A seitura dos tristes*, sairá á luz en Follas Novas proximamente e que nela se trata a angustia por unha forma de vida apegada á terra e un paraíso perdido.

- V. Oliveira, “Medos Romero somérxese na dor no libro ‘O pozo da ferida’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 novembro 2006, p. 74.

Sinala que a escritora Medos Romero gaña o premio González Garcés coa súa obra *O pozo da ferida*, unha obra de denuncia social. Comenta que, segundo a autora, a denuncia social é un tema con pouca saída na sociedade actual, porque é moi difícil que os colectivos se movan. Tamén apunta que as mulleres como vítimas da violencia, tanto no mundo desenvolvido coma no subdesenvolvido, é o tema do libro. Anuncia que proximamente sairá á luz unha nova obra de Medos Romero, *A seitura dos tristes*.

- Vicente Araguas, “Onde máis doe”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 408, “Libros”, 24 decembro 2006, p. 20.

Análise da poesía de Medos Romero, que cualifica de pura e de temática histórica. Sinálase que a obra, *O pozo da ferida*, é un exemplo representativo desta poesía. Tamén se anota que a temática do volume se centra nas mulleres, seres que se defenden por se trataren de vítimas na sociedade actual de distintas realidades culturais e políticas.

Salgado, Daniel, *Éxodo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, nº 13, 2006, 44 pp. (ISBN: 84-9782-476-8).

Daniel Salgado (Monterroso, 1981) publica na editorial Xerais o seu terceiro libro de poemas, *Éxodo*. O poemario, que está escrito entre xuño e outubro de 2004 en tres lugares diferentes (Compostela, Monterroso e Bos Aires), é un reflexo da sociedade e o individuo actual. A reflexión intimista e existencial é o eixo vertebrador e aglutinador do libro de Salgado. Nos versos aparecen mesturados personaxes e acontecementos históricos (Garibaldi, Lincon ou as Brigadas Internacionais), mais tamén existen individuos pertencentes ao mundo galego da posguerra (o guerrilleiro Curuxás ou os labregos empobrecidos, a emigración ou a situación político-social). O autor de Monterroso pescuda sobre todo nese mundo da emigración á América e a Centroeuroa, nese universo no que moitos galegos viviron o seu persoal exilio ou éxodo.

Recensións:

- Sandra Faginas, “Versos, sen compromiso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 180, “Letras

en Galego”, 30 setembro 2006, p. 12.

Sínálase que Daniel Salgado publicou na editorial Xerais o seu terceiro poemario, *Éxodo*, que está constituído como un poema longo. Coméntase que ten un principio e un final que hai que ler con estrita orde, cunha linguaxe íntima e familiar. Indícase que se trata dunha obra de compromiso e achéganse algúns versos para completar o comentario.

- Miro Villar, “Non florece a rosa no poema”, *Grial*, nº 172, , “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 95-96.

Fálase de *Éxodo*, de Daniel Salgado como unha aposta arriscada polo socialrealismo, que segue o ronsel de Celso Emilio, nunha sociedade desencantada. Coméntanse as múltiples referencias históricas e políticas do poemario, así como os autores cos que dialoga dun xeito ou doutro, dende o propio Celso Emilio a Chus Pato ou María do Cebreiro. Saliéntase a vontade narrativa do poema ininterrompido e a súa vocación de contínuum, así como o lirismo ao que non renuncia e as temáticas da emigración e o exilio. Por último, advírtese que se aprecia unha autopoética do autor nos versos, sobre todo no epílogo.

Referencias varias:

- Héitor Mera, “Ansiolíticos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 183, “Libros”, 9 outubro 2006, p. 4.

Fai referencia ao libro de Daniel Salgado, *Éxodo*, do que salienta a súa creación mediante un discorrer de pensamentos nun “poema-poemario”, que se achega ao discurso surrealista e presenta unha manifestación de reivindicacións. Tamén chama a atención sobre a cantidade de papel en branco que se atopa no libro e pregúntase se será para expresar o sentimento de ‘baleiro’.

- Rosa Aneiros, “Éxodo”/ “O éxodo fica sempre”, *Diario de Pontevedra/El Progreso/Diario de Ferrol/Galicia Hoxe*, “Opinión&análisis”/“Opinión”/“Nove ondas”/“Opinión Hoxe”, 17/18 outubro 2006, p. 34/28/20/4.

Destaca o poemario de Daniel Salgado, *Éxodo*, como un itinerario narrativo no que aparece a reivindicación e a tiranía da superestrutura. Tamén achega algúns versos do libro.

- Natalia Álvarez, “Coido que hai algo na experiencia poética que é anterior á literatura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 180, “Entrevista”, 19 outubro 2006, p. 3.

Entrevista a Daniel Salgado sobre o seu último poemario, *Éxodo*. O autor comenta que o libro se refire aos éxodos que viviu a historia do noso país, á lembranza da xente que loitou por saír adiante e no que se reflicte un certo autoodio debido á situación de opresión que viviu o pobo. De seguido alude á parte final do libro, na que Salgado incluíu unha cita de Ferreira Guillar e explica que a súa pretensión era a de salientar o respecto cara á experiencia humana. Ante a pregunta de se a literatura é un vicio para o autor, este afirma que é unha neurose e, de seguido, relaciona a súa obra cun disco de free jazz. Comenta ademais a influencia que tivo de Antón Reixa e, con respecto aos poetas contemporáneos, indica que o seu coñecemento aínda

non é pleno. Por último, comenta as semellanzas da súa obra con *Caderno dun retorno ao país natal*, e fala dos premios literarios e da súa experiencia como tradutor.

- Xosé María Costa, “Daniel Salgado e o roce íntimo da forma”, *A Nosa Terra*, nº 1.240, “Cultura”, 19-25 outubro 2006, p. 28.

Descríbese o poemario de Daniel Salgado, *Éxodo*, e recóllense varios versos do libro para rematar salientando que o autor, mediante o soliloquio, reclama a palabra, a imaxe, a melancolía ou o desacougo.

- Margarito Flowers, “Daniel Salgado triunfa con ‘Éxodo’, Anxo da caña en la 7 y el chef Aguiar entra en calor”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 26 outubro 2006, p. 80.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, faise referencia ao terceiro poemario publicado en Xerais por Daniel Salgado, *Éxodo*, un libro de versos longos equiparados cunha partitura de jazz. Achéganse ademais algúns datos biográficos do autor.

- Roberto G. Méndez, “Quen marcha xa está marchando sempre”, *El Correo Gallego*, “Entrevistos”, 5 novembro 2006, p. 80.

Entrevista a Daniel Salgado, quen comenta a súa última entrega, *Éxodo*. Indica que é unha obra que contén máis versos do habitual para un poemario e na que se pode atopar un pouco de todo. Explica que o poema sempre está soando: antes de abrir o libro e incluso, despois de cerralo. Comenta Salgado como escribe el os poemas e salienta que quizais a súa produción poética chega a publicala pola necesidade de comunicación que experimenta.

- Xosé Carlos Caneiro, “Outono en sol menor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 187, “Letras en Galego”, 18 novembro 2006, p. 14.

Fala do outono e dos “lanzamentos” que se fan nesta época. Incide na necesidade de ler os novos e na emoción que lle supón descubrir vocación literaria. Destaca tres descubertas: o poemario *Éxodo* de Daniel Salgado; *A pegada de Man*, de Xoán Abeleira, no que se fala do artista de Camelle, e o ensaio gañador do Premio Ramón Piñeiro de ensaio. Refírese a este libro, *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo como unha obra rigorosa, con sentido da estética e que confirma que existe unha onda intelectual poderosa que pide paso e necesita canles de expresión diferenciadas.

Sande, Miguel, *Hoxe, que vén o vento do sur*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, nº 164, 2006, 93 pp. (ISBN: 84-96475-24-7).

En 93 follas Miguel Sande (Pastoriza-Arteixo, 1961) fai un tipo de poesía breve, similar aos haiku xaponeses. Hai un estilo moi particular inconfundíbel no libro. Destácase a orixinalidade da voz de muller maltratada nos poemas e a necesidade da implicación do lector, xa que o lirismo é moi coidado. As voces do libro combínanse de tal xeito que se forma un diálogo cunha muller maltratada coa que o lector se pode solidarizar.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Firme voz contra o silencio”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 162, “Letras en galego”, 27 maio 2006, p. 11.

Comenta que Espiral Maior saca á luz *Hoxe, que vén o vento do sur*, unha obra poética de Miguel Sande. A seguir, reivindica a obra de Miguel Sande tanto na súa vertente dramática coma lírica. Tamén se dan algúns detalles sobre as liñas estéticas da obra e subliñase a orixinalidade da voz poética, unha voz que dialoga coa dunha muller agredida solidarizándose con ela.

- Marga Romero, “Vento do Sur”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 181, “Libros”, 12 outubro 2006, p. 4.

Recoñece en Miguel Sande unha forma de escribir inconfundíbel no libro *Hoxe, que vén o vento do sur* editado en Espiral Maior. Destácase a orixinalidade da voz de muller maltratada nos poemas e a necesidade da implicación do lector.

- Xosé M. Eyré, “Poesía breve de significado denso”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, “Cultura”, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 26.

Analiza o libro de Miguel Sande, *Hoxe, que vén o vento do sur*, que define como unha creación nada convencional e nada personalizada. Tamén sinala que o lirismo é moi coidado e a tensión estética é insólita, polo que o libro non está ao alcance de calquera tipo de lector.

- Teresa Seara, “Duro Cravo”, *Tempos Novos*, nº 115, “Crítica”, decembro 2006, p. 84.

Despois de aludir ao problema actual da violencia de xénero, detense no comentario de dúas obras que amosan a súa repulsa contra este feito. Así, sinala que Miguel Sande articula o seu libro, *Hoxe, que vén o vento do Sur*, como unha crónica enunciada por dous personaxes, un espectador pretendidamente obxectivo e unha muller maltratada, que falan da mesma e cruel realidade. Puntualiza que el queda sen palabras fronte ao drama que ela vive e expresa, en textos curtos e cheos dunha imaxinería estilística, que acentúa a dureza desta realidade. Así mesmo, explica que ela enuncia unha sorte de monólogos teatrais onde, cun ton delirante e reiterativo, fala do seu enfrontarse co medo, coas sombras e co frío e de como lle usurparon a inocencia a golpe de tortura e humillación, converténdose o vento do Sur nun símbolo de liberdade. A seguir, trata o poemario *Polifonías* e cita as voces poéticas que nel participan e que comparten “o desexo de arrincar ese ‘duro cravo’ de que fala Rosalía do destino das mulleres e lembran as consecuencias que a violencia ten para a vítima, obrigada a baleirarse de todo mesmo do orgullo de ser”.

Referencias varias:

- Marta Otero, “A aventura persoal parécese a máis apaixonante de todas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Letras en Galego”, 11 novembro 2006, p. 12.

Entrevístase a Miguel Sande tras recibir o primeiro premio Repsol IPF de narrativa breve polo seu libro *Se algún día esta muller morta*. As preguntas van orientadas á nova faceta literaria de Sande, a da narrativa, posto que as anteriores obras deste escritor eran pertencentes á lírica e ao teatro. O escritor resalta o esvaecemento das barreiras xenéricas e fala da súa fixación polas personaxes femininas maltratadas, un leit-motiv xa palpábel en *Hoxe, que vén o vento do sur*.

Santos Cabanas, Xosé Luís, *Por estas palabras recadadas*, Santiago de Compostela: Edición de autor, 2006, 69 pp. (ISBN: 84-611-0581-8).

Este volume de poemas de Xosé Luís Santos Cabanas (Monforte, 1958) está organizado en distintas seccións, cada unha precedida dun título e dunha fotografía, tamén da responsabilidade do autor do texto. Son as seguintes: “Compostela”, “Palabras que quixen espir”, “Encetando o tempo en cinco anacos”, “Palabras soltas”, “Palabras das nove ondas do mar” e “O gume das arestas”. Á súa vez, cada unha destas partes está composta de varios poemas, relacionados co título que encabeza a sección en que se encontran. Entre os temas que aparecen nestes versos, está a guerra de Iraq, a contaminación do Prestige, a cidade de Compostela, un poema en memoria do seu amigo morto Roi Caamaño Santiso, o río Ulla, as dúas Marías, Palestina, Barcelona, as estacións, o paso de tempo, e, en xeral, temas vinculados coa política, o amor e un canto en defensa da natureza. A nivel lingüístico cabe destacar a inclusión da gheada nalgúns versos. Tamén hai que salientar a presenza do elemento gráfico, para alén do fotográfico, no poema que leva o título de “Utopía”, e que presenta o deseño dunha espiral entre os seus versos. Por último, é necesario indicar que polo menos algúns dos poemas que compoñen este volume deberon ser escritos hai xa uns anos, pois están relacionados con acontecementos políticos e sociais ben recoñecidos, como foi o desastre do Prestige ou os actos de protesta contra a guerra de Iraq.

Seoane, Xavier, *Para unha luz ausente*, XIV Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 164, 2006, 47 pp. (ISBN: 84-96475-43-3).

Volume composto por vinte e tres poemas, nos que se invoca ao amor eterno, que está por riba de todo e máis alá da morte. O poeta reconece a cada momento as calidades da muller que ama, os seus ollos, a súa voz, o seu cabelo, pero tamén a súa dozura, o seu silencio ou o seu perfume. Para expresar os seus sentimentos máis puros recorre á pureza expresiva, que alcanza grande intensidade, e utiliza palabras recorrentes, coas que crea un universo propio. Na súa poesía non sobra nada e todo ten a súa función, polo que a lectura en voz alta dos poemas alcanza unha gran musicalidade. A preocupación pola perda dun amor tan forte, da vida compartida e da vivencia dun amor maduro enchen as páxinas deste título do poeta, ensaísta e crítico literario Xavier Seoane (A Coruña, 1954).

Valcárcel, Xesús Manuel, *Monte do Cerveiro*, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. Poesía, 2006, 271 pp. (ISBN: 84-934933-0-9).

Poemario que expresa a alternativa vital do movemento senti_MENTAL_ista, co que Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) reivindica a importancia dos sentimentos e da intuición. Co

gallo de dar a coñecer a filosofía e o modo de vida que Valcárcel representa, o poeta escribe unha introdución na que destaca a poesía como un acto rebelde. Tamén manifesta a súa intención de crear un libro de poesía como unha novela de coñecemento. Catorce capítulos titulados, nos que se mesturan toda caste de versos, serven para que Valcárcel dea a coñecer os seus sentimentos máis profundos cun estilo que escapa da formalidade para incluír palabras malsoantes e expresións vulgares. As chamadas de atención ao lector, o uso de negriñas, a repetición de letras e a inclusión de citas doutros autores mestúranse nun tratamento rupturista. O poemario comprende un amplo abano temático relacionado coa vida cotiá. Valcárcel fala da *cursilería*, do *hortera*, do camiión do lixo, das drogas, da tradición, da marxinalidade e mesmo dos meigos. Valcárcel fai uso dos poemas para criticar os altos cargos, o luxo e os actos como as presentacións de libros ou os congresos.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Don da sentimentalidade”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 243, “Libros”, 17 setembro 2006, p. 20.

Nesta aproximación a *Monte do Cerveiro*, de Xesús Manuel Valcárcel, destácase a loanza á poética diferente deste autor. Anótase que se trata dunha poesía do coñecemento, reflexiva, non “aqueixada” de culturalismos e con valor de futuro. Dise tamén que é un poeta con capacidade anovadora e crítica nun mal momento para a lírica, estancada no seu propio narcisismo.

- Armando Requeixo, “No Cerveiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Libros”, 12 outubro 2006, p. 5.

Elabora unha breve cronoloxía e definición da teoría filosófica denominada senti_MENTAL_ismo, que Xesús Manuel Valcárcel leva construíndo dende hai unha década. A seguir, relaciona a publicación deste novo libro de poemas de Valcárcel, *Monte do Cerveiro*, con esta teoría e salienta o nacemento dun novo selo: Bubela Editorial, do que di estar formado por un equipo humano multidisciplinar que coordina o propio Valcárcel dende Compostela e ofrece o enderezo da súa páxina web. A continuación, coméntase a estrutura, a temática e o estilo desta obra, e destaca a denuncia de falsos profetas, a esixencia de metamorfose interior, o reverso irónico, a cerna espiritual profunda na radical dualidade, a moderación nos extremos do pasivo-activo, os ritos e lugares sagrados para a ascese (como no poema “Subida ao Monte Cerveiro”) ou a fraternidade cósmica.

Valcárcel, Xesús Manuel, *Tratado de Amor Universal*, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. Poesía, 2006, 82 pp. (ISBN: 978-84-934933-2-5).

Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) sinala que esta obra “é un ensaio sobre o amor desde a perspectiva senti_MENTAL_ista”. A obra está dividida en sete apartados e en cada un deles trátase o amor dende unha distinta concepción. Os poemas presentan un carácter descritivo dese sentimento, someténdose a unha rima interna e a través dunha coidada linguaxe.

Veiga, Eva, *Desconcerto*, ilustr. Alfonso Costa, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, nº 20, 2006, 96 pp. (ISBN: 84-935062-1-4).

Eva Veiga Torre (Ombre-Pontedeume, 1961) preséntanos nesta nova achega poética un conxunto de poemas que están acompañados por unha dúzia ilustracións de Alfonso Costa. Os poemas de *Desconcerto* non teñen título e a súa extensión é variábel, dende só dous versos até os máis longos de máis de vinte versos, e nel tamén temos pequenas achegas de prosa ou de caligramas. Son poemas nos que se procura o sentido da vida dende a poesía con incursións no subconsciente e onde está sempre presente o simbólico paso do tempo con referencias ao desconcertante tempo presente.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Eva Veiga e o mar dos versos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 172, “Letras en Galego”, 5 agosto 2006, p. 11.

Sinala que este volume está dedicado a Luísa Villalta e que en conxunto supón un novo fito na construción do “denso universo literario” de Eva Veiga. Afirmar que acada o afán da súa autora de transcender máis alá do inmediato e que na construción do poemario desbotou o que é só adxectivo e detívose no substantivo.

- Armando Requeixo, “Labra do enigma”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 183, “Libros”, 9 novembro 2006, p. 4.

Destaca a simboloxía e mais o xogo metafórico deste poemario no que teñen cabida “moi diversas fórmulas poemáticas e ben distintos universos referenciais”. Asemade apunta que nel tamén xorden palabras solidarias sobre as guerras e a favor da esperanza, sempre tendo presente o amor e a reflexión sobre o mundo que nos desconcerta.

Referencias varias:

- Rodri García, “Versos tras las rejas de Teixeiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 novembro 2006, p. 43.

Infórmase de que Eva Veiga e mais Alfonso Costa asistiron ao centro presidiario de Teixeiro, onde participaron en diversas actividades cos reclusos en onde Eva Veiga recitou unha serie de poemas.

- Albino Mallo, “Eva Veiga presenta en Teixeiro ‘Desconcerto’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 novembro 2006, p. 75.

Afírmase Eva Veiga presentou *Desconcerto* no cárcere de Teixeiro un acto que foi cualificado pola propia autora como “unha das experiencias máis importantes da súa vida” e onde afirmou que a literatura debe ser levada a todos os ámbitos.

- M.J.R., “Eva Veiga: ‘A poesía fala dun territorio moi íntimo e enténdea e necesítala todo o

mundo”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 23 novembro 2006, p. 12.

Amósanse as semellanzas deste volume con *A luz e as súas cicatrices* (2005), que foron elaborados a un tempo, pero destácase que *Desconcerto* ten máis variedade formal e de prosa poética. Indícase que este volume é máis social pero quen fala sempre é o eu poético.

Veiga Alonso, Martín, *Fundaxes*, VI Premio Fiz Vergara Vilariño 2006, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 75, 2006, 76 pp. (ISBN: 84-96475-44-1).

Poemario de Martín Veiga Alonso (Noia, 1970) galardoado co VI Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño correspondente á edición 2006. Divídese en tres partes: “Fundaxes”, “Adriático” e “Ecos e Homenaxes”. Na primeira parte delinéanse xa os temas principais da obra que son o paso inevitábel e destrutor do tempo, un mundo circundante en dexeneración progresiva e as lembranzas doutro mundo en ruínas que cómpre rescatar. En “Adriático” o poeta explora a súa propia capacidade expresiva para dar conta das sensacións que o mar lle provoca, un mar do que di sentirse un hóspede e que non abonda para afastalo das súas lembranzas da terra. Por último, “Ecos e Homenaxes” son un conxunto de poemas dedicados a figuras como R. M. Rilke ou Paul Celan. Atravesan o poema a pulsión case enfermiza de lembrar, o pasado como bagaxe e unha presenza constante da vexetación, descrita en harmonía cos pensamentos da voz poética. Son abundantes as metáforas e as sinestesias que recrean imaxinarios en parte compartidos e en parte renovados como ver o tempo como unha madeixa, ou a vida como unha suma de imaxes. As imaxes e as sensacións son o fundamental da obra, que non describen simplemente senón que recrean, reviven e exploran uns obxectos inicialmente estereotipados.

Referencias varias:

- Xesús Durán Estévez, “É unha ledicia engadir o meu nome ó de excelentes poetas”, *El Progreso*, “Sarria”, 27 marzo 2006, p. 11.

Entrevista a Martín Veiga co gallo de terlle sido concedido o premio Fiz Vergara Vilariño, co seu poemario *Fundaxes*. Pregúntaselle ao poeta por diversos aspectos e el responde explicando o sentido da súa obra, as “fundaxes”, como sedimentos que deixa o paso do tempo, e falando da importancia da memoria e da súa decisión de ir vivir a Irlanda como experiencia que marca a elaboración do poemario. Tócanse outros temas, coma o intimismo, a abstracción, a nenez, as lecturas universais ou a obra de Fiz Vergara Vilariño.

Vidal, Fidel, *A camelia oxidada*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, Servizo de Publicacións, col. Tambo, nº 29, 2006, 90 pp. (ISBN: 84-8457-270-6). ♦

Fidel Vidal (Santa Uxía de Ribeira, 1942), profesor de Enfermería Psiquiátrica, publica o seu segundo poemario, *A camelia oxidada*, na editorial Tambo. O poemario consta de tres seccións: “Cuarto interior”, “Portas Pechadas” e “Amorosa inconfesable”. Na primeira parte do libro, “Cuarto interior”, o suxeito lírico reflexiona sobre diversos temas, sen que exista unha relación temática aparente: o sentido da vida, diversos sentimentos (a soidade, a malicia

ou a petulancia). En “Portas pechadas”, a segunda sección do libro, o escritor reflexiona sobre a existencia e o paso do tempo, así como sobre os misterios primixenios da vida. Na terceira parte do poemario, “Amorosa inconfesable”, o poeta describe o sentimento do amor e a súa relación cunha anónima amada ou amante, a cal caracteriza como un ser etéreo e case inefábel.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Fidel Vidal, poeta”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 18 decembro 2006, p. 3.

Salienta sobre o último libro de Fidel Vidal, *A camelia oxidada*, a importancia que deu o poeta á linguaxe dos versos e indica que o corpo lírico do poemario “se expresa tamén a través dos múltiples matices da emoción”.

Vilanova, Manuel, *A esmeralda branca*, ilustr. Baldo Ramos, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 37, 2006, 526 pp. (ISBN: 84-85385-95-0).

Longo poemario de Manuel Vilanova (Barbantes, 1944) que constrúe un mundo autónomo, asentado na paisaxe vivida, na historia, nos nomes das cousas, no amor e en toda unha reflexión sobre a existencia. A natureza é tema ou fondo en cada poema e abundan os topónimos tanto a nivel macro (con primacía de Ourense) coma a nivel micro (ríos, montes e serras que coñece o poeta). Canto á historia, fálase da presenza en Galicia de distintos pobos e de cadansúas peculiaridades, tema que aproveita para incidir máis aínda na importancia dos nomes, unha importancia que se percibe case creadora. Así, cando menciona aos galaicos escribe “Un nome que un día nos devolverá todo o disperso”, verso onde tamén se nota esa proxección cara ao futuro que paira sobre os textos nos que poetiza a historia antiga de Galicia. Aparecen distintas mulleres, dende as primitivas e as míticas, e destácanse as aparicións da Moura e da Meiga. A Meiga é aquela pola que a voz poética se apaixona e coa que vive un amor intenso sobre o que versifica. Canto ás reflexións existenciais, rebátase aquilo de que se nace para morrer e incídese na luminosidade da vida, relacionada con esa esmeralda branca, que se transforma en leitmotiv e título do poemario. O léxico galego patrimonial, a lembranza dos habitantes desta terra, os costumes e as tradicións máis particulares tecen un cadro sobre o ser antropolóxico galego. Por outra banda, as ilustracións de Baldo Ramos complementan a capacidade evocadora dos textos, dende as que xogan coa semanticidade dun par de liñas ás que reproducen con precisión fotográfica e evocación pictórica unha pálpebra e unha cruz.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “A densa lírica de Vilanova”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 171, “Letras en Galego”, 29 xullo 2006, p. 11.

Faise eco da publicación pola editorial Follas Novas do libro de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*. Saliéntase a importancia e calidade desta obra contextualizada dentro da

súa traxectoria literaria. Faise unha breve relación da bagaxe artística do autor e unha análise desta derradeira obra. Sublíñase a densidade e calidade desta, exemplificándoo cun fragmento dun dos poemas incluídos.

- Armando Requeixo, “Escintileo da esmeralda branca”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 393, “Libros”, 10 setembro 2006, p. 21.

Co gallo da publicación do libro de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*, faise un percorrido pola súa traxectoria literaria. Saliéntase a importancia desta obra subliñando a súa densidade e intensidade lírica non exenta de calidade. Faise unha breve alusión á temática.

- Vicente Araguas, “Un libro moi grande”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 402, “Libros”, 12 novembro 2006, p. 20.

Comentario sobre a obra de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*, que comeza cuestionando a necesidade da súa voluminosidade, mais salientando a calidade literaria do volume, ao que considera “libro total, unha enmenda á totalidade”. Finalmente, recomenda a súa lectura.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “Os claros dominios poéticos”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Agora xa foi”, 15 outubro 2006, p. 11.

Co gallo da publicación da obra, *A esmeralda branca*, reivindicase a figura do seu autor Manuel Vilanova. Faise un percorrido pola súa personalidade e traxectoria literaria. Analízase a súa obra e saliéntase a súa calidade artística reivindicándose un lugar propio na compañía doutros poetas e as súas obras igualmente meritorias. Cítase a Alberto Calligaris e Xesús Manuel Valcárcel e destácase o dominio da linguaxe destes poetas, a súa forte identidade artística ou “aristocracia de espírito” e a adhesión dalgúns deles ao “sentimentalismo” fronte á “neosentimentalidade”.

- Marcos Valcárcel, “Escritores ourensáns”, *La Región*, “Pan por Pan”, 5 novembro 2006, p. 101.

Nun descanso do V Encontro de Escritores Ourenseáns, Valcárcel informa sobre a presentación do poemario de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*, quen volveu escribir despois de vinte anos de ausencia. Así mesmo, comenta brevemente os temas que se están a tratar no encontro.

- Xosé Carlos Caneiro, “Esmeraldas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 186, “Letras en Galego”, 11 novembro 2006, p. 11.

Recoméndase a lectura e congratúlase da aparición no mercado da obra de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*. Saliéntase a recente publicación poética xunto coas de López Casanova e Xosé Luís Méndez Ferrín. Sublíñase a calidade literaria deste libro reivindicando o seu recoñecemento por parte da crítica. Remátase recomendando encarecidamente a súa lectura.

- Román Raña, “Vigor da vehemencia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, 19 novembro 2006, p. V.

Celébrase, tras anos de silencio, a nova incursión literaria de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*. Lémbrense brevemente as anteriores publicacións, subliñándose que retoma a lingua galega. Saliéntase a ambiciosa e esforzada calidade literaria da obra, a través dunha breve, pero exhaustiva análise da súa temática e dominio da linguaxe.

- Vicente Araguas, “Voando”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 22 novembro 2006, p. 26.

Dáse breve conta do acto acontecido na Casa de Galicia, co gallo da recente publicación do libro de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*. Faise eco do éxito acadado entre o auditorio.

- Alfredo Conde, “A esmeralda branca”, *Eco*, “Opinión”, 24 novembro 2006, p. 4.

Felicítase pola aparición no mercado literario da obra de Manuel Vilanova, *A esmeralda branca*. Recoméndase a súa lectura e saliéntase que, de pasar desapercibida, non sería un bo síntoma da nosa cultura literaria. Reivindícase a figura do poeta como artista.

- VV. AA., “Manuel Vilanova. Cara á Arcadia”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 645, 30 novembro 2006, pp. 1-7.

Ademais de reproducir nove poemas que aparecen no volume, *A esmeralda branca*, recolle o discurso de Manuel Valcárcel lido no V Encontro de Escritores Ourenzáns, no Liceo de Ourense, o 4 de novembro deste mesmo ano. Sinala que nel se fai eco do regreso de Manuel Vilanova á poesía galega con este extenso volume, salientando a calidade dos poemas e ao que lle outorga cualificativos tales como “monumental”, “atemporal”, “cálido” e “persoal”. Ao mesmo tempo, fai unha análise dos eixes temáticos deste escritor.

Villalta, Luísa, *Papagaio*, fotografías Maribel Longueira, prólogo Francisco X. Fernández Naval, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Foradeserie, 2006, 104 pp. (ISBN: 84-8487-086-3). ■

Abre o libro un prólogo de Francisco X. Fernández Naval titulado “A flor da amizade”, no que se evoca o proceso de construción da obra e a relación das dúas autoras sintetizada nesa frase tomada dun dos versos (“A amizade ten flor que rebenta nas paredes”). Segue unha cantiga de Don Dinís que fala dun Papagaio, e logo sucédense as tres partes do libro, estruturado en función daquilo que retratan as fotografías. “Per amores” recolle as imaxes de partes de edificios do barrio, que se acompañan de versos que as interpretan de tal xeito que a unhas escadas segue “Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade”, e entrecrúzanse os temas da marxinação social, a especulación do inmóbeis, o espertar sexual e a amizade entre compañeiras de infortunio. “Tam en vão” fotografía obxectos, pinturas das paredes, xiringas, con versos que aluden á violencia e ao desprezo que padecen as prostitutas e á súa realidade sen eufemismos “Mírame / pero non te empalmes demasiado antes de pagar”. “E caeu...” ensina as imaxes da destrución do barrio que os versos asocian á progresiva devoración á que se ven sometidas esas mulleres, ao prezo do pecado. Un poema culmina a identificación de fotógrafa e poeta coa dor e o sometemento que retratan para

sempre, cando Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) di que xa non pode ser diferente de quen é mirada cando un obreiro a observa coma a unha mercancía. Pecha “Pero ser diferente / fai acaso diferenza?” nun breve tratado de solidariedade e compromiso.

Recensións:

- R. García, “Últimas voces do compromiso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 154, 25 marzo 2006, p. 13.

Comézase cunha cita de Pascual Duarte que menciona o barrio do Papagaio, para introducir o traballo fotográfico de Maribel Longueira sobre este espazo levado a cabo no momento no que comezaba o seu derrubamento. Dise, a seguir, que ela pediu a colaboración de Luísa Villalta para que o acompañase con versos, e que a poeta escribiu unha obra magnífica, posibelmente a última antes da súa morte. Cítanse algúns versos e conclúese subliñando as liñas forza da obra: o seu berro pola dignidade da muller e a necesidade de manter a memoria.

- Xosé María Costa, “Ausencia do Papagaio”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 27.

Fálase do libro *Papagaio*, de Luísa Villalta e Maribel Longueira coma dunha crónica do instante e dun sumario de imaxes que se prestan á evocación do que pasou neses lugares. Sinálase que se trata duns versos densos ora con afección e distancia, ora co roce do cotián, cando, por veces, retrata o esquezo, a soidade e a tenrura. Reprodúcense algúns versos que pretenden deixar intuír a tónica do poemario.

- Pilar Ponte, “Papagaio”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 164, “Libros”, 4 maio 2006, p. IV.

Alude á presentación de *Papagaio*, de Maribel Longueira e Luísa Villalta, da editorial Laivento e patrocinado pola Deputación da Coruña. Sinala que na obra se relata a desaparición desa zona da cidade herculina, que comprendía o barrio chinés, mediante unha escolma de oitenta fotografías engarzadas con vinte poemas de Luísa Villalta. Apunta que, segundo Francisco X. Fernández Naval, autor do prólogo, “é unha obra feita por dúas mulleres, sobre un universos habitado outrora por outras mulleres”. Explica que a obra presenta unha estrutura tripartita: ábrese con “Per amores”, continúa con “Tam en vaõ” e conclúe con “E caeu”. A seguir, sinala que *Papagaio* “chega a universalidade desde o propio”.

- Vicente Araguas, “Doces putiñas tanto”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, nº 376, “Libros”, 14 maio 2006, p. 20.

Coméntase a posibilidade de que esta sexa a última obra escrita por Luísa Villalta antes da súa morte, acompañando as fotografías de Maribel Longueira sobre o barrio de prostitutas da Coruña. Faise a seguir un percorrido polos lugares de prostitución máis famosos de distintas cidades galegas exaltándose o protagonismo literario de Ourense con Blanco Amor e Guede, fronte á escaseza de textos que falen de Ferrol neste eido. Dise que é un libro épico e destácanse as fotografías das xiringas e os versos da poeta, morta cando con *En concreto* se

achegaba á temática urbana. Sublíñase, por último, o efecto acadado ao antepoñer á obra uns fermosos versos de Don Dinís que acentúan o rotundo alegato que se entrega.

- C. Rodríguez, “Un espello perfora a alma”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, nº 605, “Arquipélago”, 21 maio 2006, p. 9.

Fálase da colaboración de Maribel Longueira e Luísa Villalta nun libro que conforma un todo simbiótico, fotografía e versos a retroalimentar unha idea: a da caída real dun barrio e a caída simbólica da explotación que nel se viviu. Lémbrense para rematar palabras do prologuista Francisco Fernández Naval, que homenaxean á escritora desaparecida, retomando a imaxe do espello que perfora a alma, por canto un “alegato” coma este non deixa espazo para a indiferenza.

- Teresa Seara, “Dignidade da ruína”, *Tempos Novos*, nº 114, “Voces e culturas”, outubro 2006, p. 74.

Trata o volume *Papagaio*, que xurdiu da exposición “O Papagaio, a pegada dos sentidos” (2005). Sinala que o volume amosa a desaparición deste barrio da Coruña a través de fotografías de Maribel Longueira e versos de Luísa Villalta, que poñen de manifesto as historias agochadas tras as imaxes, enfrontando ao lector a unha realidade atractiva e ao tempo dolorosa.

Referencias varias:

- Elena Ponte, “Sentimientos en las paredes”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 14 marzo 2006, p. 15.

Fálase do libro *Papagaio*, editado por Laiomento co apoio da Deputación da Coruña, e que reúne a obra de dúas mulleres sobre o homónimo barrio coruñés. Recóllense as palabras de Maribel Longueira que afirman que comezou a fotografar o barrio cando empezaron a derrubalo coa idea de facer unha reportaxe, pero que logo se foi implicando ao descubrir os sentimentos e as vidas que aquelas paredes albergaran. A fotógrafa cualifica os poemas de Luísa Villalta como “valentes, fortes e maravillosos” e salienta a capacidade coa que fixo converxer neles o mundo da prostitución e o da especulación urbanística. Tamén se apunta que o editor, Francisco Pillado, lembrou á poeta falecida e loou o valor documental e poético do libro.

- A. Rodríguez, “Un libro recupera a memoria do barrio chinés da Coruña”, *La Opinión*, “Cultura”, 15 marzo 2006, p. 54.

Anúnciase a publicación de *Papagaio*, un volume que publican Edicións Laiomento e a Deputación da Coruña, con fotografías de Maribel Longueira e poemas de Luísa Villalta. Dise que as imaxes constitúen unha “interpretación da arquitectura como alma vivida, que recolle a pel, os risos, os saloucos da xente que estivo alí”, que son a memoria dun barrio e duns feitos que non se deben borrar da historia. Relátase tamén como, cando a fotógrafa lle pediu á poeta un poema sobre esas fotografías, ela escribiu un feixe deles que a consagran, en palabras do editor Francisco Pillado, coma unha das grandes voces da lírica galega.

- Albino Mallo, “Homenaxe á escritora Luísa Villalata coa edición de ‘Papagaio’/“Homenaxe a Luísa Villalta co libro de versos ‘Papagaio’”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 15 marzo 2006, p. 67/34.

Aténdese ao acto de presentación do libro *Papagaio* na sede da Deputación da Coruña, que contou coa presenza do responsábel de Cultura da Institución, Celestino Poza, coa do editor, Francisco Pillado e coa da autora das fotografías, Maribel Longueira. Dise que o libro se estrutura en tres partes: “Per amores”, con fotografías de portas, fiestras e paredes dese barrio do Papagaio; “Tam en vño”, onde o que se ven son obxectos atopados entre as ruínas; e “E caeu”, imaxes da derruba dalgunhas edificacións. Explícase que se trata dun total de oitenta fotografías de Maribel Longueira e vinte poemas de Luísa Castro. Sinálase a expresión utilizada por Celestino Poza “o retrato das ausencias” para aludir á desaparición da poeta e do barrio coruñés do Papagaio.

- Manuel Vidal Villaverde, “Maribel Longueira. A aura da xente que pasou”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 2 abril 2006, p. 49.

Breve entrevista a Maribel Longueira sobre a súa parte do libro *Papagaio* na que ela afirma ter construído unha interpretación persoal en soporte fotográfico dun barrio marxinal da cidade da Coruña. Describe tamén o sentido da obra, o feito de tomar a arquitectura e os obxectos como portadores de pegadas da xente que alí viviu, padeceu e sentiu, e transformala en detonante da memoria. Alén diso, a fotógrafa comenta traballos anteriores coma *Alguén agarda que volva alí*, ou a homenaxe a Ánxel Casal pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

VV. AA., *XI Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López: Concello de Paradela: Premios de poesía e narrativa*, Lugo: Concello de Paradela, 2006, 83 pp. ♦

O Concello de Paradela publica os poemas e os relatos gañadores do XI Certame Literario (Poesía e Narrativa). Esta publicación está dedicada ao poeta de Paradela, Manuel Oreste Rodríguez López así como ao seu biógrafo, Manuel Blanco Castro. O libro comeza con varias dedicatorias aos citados anteriormente, as cales están firmadas por Xesús Mato, Xulio Xiz e Alfredo González Vilela. De seguido, aparecen as bases do Certame e a resolución do xurado, que estivo formado por Xosé Manuel Mato Díaz, Xoán Xosé Molina Vázquez, Xesús Mato Mato, Xulio Xiz Ramil, Xabier Rodríguez Barrio, Santiago Rodríguez López e Paula Ramos Díaz. No xénero poético o gañador foi Restituto Núñez Cobos co poemario, *El haz y el enves*. Así mesmo, dada a calidade dos traballos presentados, o xurado acordou outorgar tres accésits. O primeiro deles foi para Juan Lorenzo Collado Gómez coa obra *Palabras de amor*. O segundo accésit foi para *Bandeira esfiañada* de Alba Cid Fernández. Por último, o terceiro accésit logrouno Isabel Oliver González, co poemario *Mujer de ébano*. Atendendo á narrativa, a gañadora foi a obra *Raiolas no fallado*, de Francisco Rozados Rivas. Tamén nesta categoría, outorgáronse dous accésits. O primeiro deles para Juan Lorenzo Collado Gómez coa obra *Casiopea* e, o segundo accésit para Francisco Piñeiro González, coa obra titulada *Os pétalos de Adila*.

Yebra de Ares, Antonio Benito, *Os sons da Braña*, prólogo José Antonio Díaz Escolante, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Poesía, 2006, 98 pp. (ISBN: 84-89323-12-7). ■

Este poemario de Antonio Benito Yebra de Ares (Monterroso-Lugo, 1926) inaugúrase cun prólogo de José Antonio Díaz Escolante, no que destaca a temática e o ritmo dos poemas do autor de Monterroso. O libro consta de cincuenta e dous poemas de diferente temática, aínda que a maioría xira ao redor da localidade lucense de Monterroso, vila natal de Yebra de Ares. Así mesmo, moitos dos poemas están dedicados á lembranza de diferentes personaxes culturais (Manuel María ou Antonia Blanco García), mentres que outros non se esquecen de diferentes personaxes prototípicos da sociedade galega (o labrego, os meniños, a moza solteira, os vellos, o avó, o cego ou os mariñeiros). Os elementos da natureza conforman outro bloque temático do poemario, pois destacan as composicións dedicadas á braña, ao sol, ao vento ou aos carballos. Por último, tamén se debe citar unha serie de poemas de carácter intimista, nos cales o poeta monterrosino reflexiona sobre a existencia e o sentido da vida.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS.

Caparrós Esperante, Luís (ed.), *Nicomedes-Pastor Díaz. Poesía Completa*, introd. e notas Luís Caparrós Esperante, Servizo de Publicacións da Universidade de Alicante, col. Norte crítico, nº 13, 2006, 400 pp. (ISBN: 84-7908-898-2). ◆

Volume que recolle a poesía completa de Nicomedes-Pastor Díaz (Viveiro 1811-Madrid 1863), considerado un dos precursores do Rexurdimento a pesar de que apenas escribiu dous poemas en galego, *Alborada* e *Égloga de Belmiro e Benigno*. Aparecen poemas en español, galego e francés. Con este libro, Luís Caparrós, profesor da Universidade da Coruña, retoma a primeira versión dos poemas, publicada en 1840 en Madrid co título de *Poesías*. Aqueles poemas que foron engadidos nunha reedición póstuma de 1866, aparecen neste volume separados da primeira sección da obra. Ademais, engade poemas que non están recollidos en libro, así como composicións atribuídas ao autor galego. Do mesmo xeito, Caparrós considera que Pastor Díaz escribiu máis obra en galego que non se conservou.

Castaño, Yolanda, *El libro de la egoísta/O libro da egoísta*, edición bilingüe, trad. da propia autora, Madrid: Visor Libros, col. Visor de poesía, nº 618, 2006, 116 pp. (ISBN: 84-7522-747-3/9788475227474).

Poemario de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) que saíu a lume en lingua galega en 2003 na editorial Galaxia, colección “Dombate”, e que agora se reedita en edición bilingüe, castelán-galego. Nesta nova edición, revisada pola autora, a diferenza da de 2003, agrúpanse os poemas en sete apartados numerados con números romanos nos que se recollen a maior parte deses poemas.

Referencias varias:

- AGN/, Manuel Darriba, “Yolanda Castaño. ‘Supoño que a poesía é un luxo necesario’”, *Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, “Revista!”/“Lecer”, nº 308, “Entrevista”/“Mulleres do Século XII”, 2 xullo/23 abril 2006, p. 16/4.

Entrevista a Yolanda Castaño, quen comenta que a poesía é unha arte que non ten fórmulas, e aclara que a literatura galega gañará lectores sempre que se crea no seu valor intrínseco. Ademais, pensa que o escritor debe ser próximo e ten que atraer ao lector. A continuación, pasa a falar da súa poesía, que nos inicios estaba cargada de erotismo, mais explica que a dita temática era un medio e non un fin. Ademais, comenta que na literatura galega destaca sobre todo a lírica e, por último, fai referencia á súa última obra, *Libro da egoísta*, no que a poeta se enfrenta consigo mesma.

- MARÉ, “Embaixadora lírica”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 setembro 2006, p. 35.

Dáse noticia de que a poeta Yolanda Castaño será a primeira e única representante da literatura galega no festival “Novísimas verbas” de Lima (Perú), nesta quinta edición que se abre á lírica europea. Anúnciase que Yolanda dará unha conferencia sobre poesía galega, e que en breve sairá publicada por *Visor* unha edición bilingüe do *Libro da egoísta*, logo da tradución de *Erofanías* no 2000.

- Gemma Malvido, “A tradución é un mal necesario aínda que tamén desexable”, *La Opinión*, “A Coruña”, 11 novembro 2006, p. 10.

Entrevista a Yolanda Castaño que acaba de presentar na Coruña a edición castelá da súa obra *Libro da Egoísta* realizada pola editorial Visor. A poetisa afirma que “a tradución é un mal necesario” e “desexable” e sinala que ao traducir unha obra hai que ter moi en conta a forma, xa que, en moitas ocasións, achega contido en si mesma. Por ese motivo foi ela a que se ocupou de traducir os seus propios poemas. Conclúe afirmando que a distancia temporal dende a creación dunha obra sempre introduce unha nova perspectiva a hora de ler os poemas.

- Nagore Menayo, “Yolanda Castaño reedita ‘O libro da egoísta’ con traducións al castellano”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña Cultura”, 11 novembro 2006, p. 13.

Informa da presentación no Centro On de Caixa Galicia da edición bilingüe d’*O libro da egoísta*, de Yolanda Castaño, que xa fora publicado cun grande éxito en 2003. Logo de mencionar que na obra se mesturan varios xéneros literarios, sinala que, na temática, domina o problema da construción da propia identidade. Finaliza anunciando que o seu próximo proxecto estará relacionado coa literatura infantil.

- Rubén Ventureira, “Yolanda Castaño chegará al mercado hispanoamericano con su ‘Libro de la egoísta’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 novembro 2006, p. 40.

Informa da publicación bilingüe do *Libro da egoísta* (2003), de Yolanda Castaño, na editorial Visor e recolle palabras da autora, quen tamén traduciu a versión castelá do volume, ademais de afirmar que o orixinal galego esgotou a primeira edición, como número un en ventas

durante varias semanas. Remata afirmando que Castaño está a escribir un libro de poesía para nenos.

Díaz Castro, Xosé María, *Nimbos*, prólogo Afonso Branco Torrado, Vigo: Galaxia, 2006, col. Dombate, 96 pp. (ISBN: 978-84-8288-965-8). ■

Único poemario de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-1989) publicado en vida, que viu a luz por primeira vez en 1961. Está considerado como un dos clásicos da literatura galega do século XX. Presenta un universo lírico que xira arredor do ser humano, o amor, a vida, a morte, o tempo, a relixiosidade e a preocupación por Galicia, xa que nos amosa a súa visión sobre a realidade do país. Nesta edición reproduce o mecanoscrito orixinal enviado polo poeta á Editorial Galaxia e presenta unha nota do editor, Carlos Lema. Nela explícase que é a terceira edición (a primeira foi en 1989) e a segunda na colección Dombate. Aclara que ademais dos dous manuscritos, o orixinal do poemario e o mecanoscrito editorial, para a presente edición se empregou o da primeira edición de 1961, para fixar o texto. A presente edición restitúe o texto da primeira agás na acentuación e na actualización dalgunhas normas ortográficas vixentes. Prescínlese do glosario final que si era necesario na primeira edición dada a escasa publicación en galego. Na última edición, publicada na colección “Biblioteca 120 galega” de *La Voz de Galicia*, no ano 2002, reproducense simplemente os poemas. Nesta de 2006 non se observan cambios no tratamento destes.

Referencias varias:

- Francisco Fernández del Riego, “Díaz Castro, medio esquecido”, *La Voz de Galicia*, “Culturas” nº163, “Decotío”, 3 xuño 2006, p. 11.

Lembranza dos versos de Xosé Díaz Castro, que lemos en *Nimbos*, da súa feitura e da súa sinxeleza. Cítase o verso “o poema é só un nimbo de luz” para aludir a un libro que cualifica dos máis reveladores da posguerra. Sinálase a raíz clásica da súa linguaxe, a estética moi persoal e a súa non participación coa “política literaria” do momento. Dise, por último, que cantou ao seu país, á paisaxe e á xente.

Fernández Abella, Xoán Xosé (ed.), *José Juan Pérez Gómez “Caramiñas”. Sonatas (versos), Poesías recuperadas, artigos*, pórtico e limiar Xoán Xosé Fernández Abella, [Santiago de Compostela]: Edición de Xosé Fernández Abella, 2006, 223 pp. ■

A obra ábrese cun poema “A José Juan Pérez Gómez, ‘Caramiñas’”, que aparece no apartado “Pórtico”, no que se loa a figura do escritor e xornalista coñecido co pseudónimo de “Caramiñas” e se afirma que a súa obra *Sonatas* nunca caerá no esquecemento. A seguir, no “Limiar”, X. X. Fernández Abella analiza os diferentes pseudónimos que empregaba José Juan Pérez Gómez (A Pobra do Caramiñal, 1981-Bos Aires 1947?) e a realiza un repaso pola súa vida, baseándose nos “Datos biográficos que nos aporta *Sonatas (Versos)*”. Considera que na actualidade Pérez Gómez é un escritor case descoñecido e menciona diversos estudos sobre literatura galega, nos que non se fai mención á súa figura e repasa diversos xornais, como *La Gaceta* de Nova York ou *Diario de Vigo*, dos que foi colaborador. Logo de analizar as causas

que o levaron ao exilio arxentino, onde finou, informa dos autores que si se ocuparon del e repasa os xornais e revistas, nos que “Caramiñas” publicou as súas composicións, como son a revista *Vida Gallega* e os xornais *Diario de Vigo* e *Galicia*. Despois analiza os poemas de *Sonatas (Versos)*, deténdose na relación que tivo o poeta con Valle-Inclán, a quen lle dedica unha composición. Define *Sonatas* como unha obra modernista plena, pois os poemas teñen versos alexandrinos, existe un refinamento das sensacións, hai un uso de conceptos simbolistas, as paisaxes son decadentes, etc. A seguir, inclúese o poemario *Sonatas (Versos)*, seguido dos apartados “Poesías recuperadas” e “Versión ao galego de tres poemas seus”. As traducións elaborounas Xoán Xosé Fernández Abella, que inclúe xunto ao poema traducido o orixinal. A obra finaliza cos apartados “Crónicas” e “Apéndice documental”, onde, entre outros documentos, se inclúen as portadas orixinais de diversas publicacións de “Caramiñas”.

Recensións:

- R.M.C., “A Pobra recupera nun libro a traxectoria vital e profesional do poeta e xornalista ‘Caramiñas’”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Literatura”, 29 outubro 2006, p. 25.

Tras un repaso pola traxectoria descoñecida de José Juan Pérez Gómez, “Caramiñas”, dáse conta da publicación de *Sonatas (Versos). Poesías recuperadas. Artigos*, impulsada polo Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, o Concello e a Fundación Caixa Galicia. Sinálase que neste traballo de Xoán Xosé Fernández Abella, recóllese un prólogo, no que se dá conta da biografía de “Caramiñas” e se valora a súa obra dende o punto de vista literario e xornalístico. Explícase que no volume se reproduce *Sonatas (Versos)*, no que en 1919 se recolleu parte da faceta poética do autor, así como unha vintena de poemas “perdidos”, artigos de prensa publicados en toda unha serie de diarios e tres poemas traducidos ao galego. Saliéntase que na súa época “Caramiñas” gozou de amplo recoñecemento, chegando a ser comparado con Julio Camba, e recóllense as palabras do director do Museo Valle-Inclán, quen agarda que con esta publicación se faga un “guiño de cara a futuras investigacións que amplíen os datos concretos sobre esta figura da Ría de Arousa”.

Manuel María, *Catavento de neutrós domesticados*, estudo introdutorio Camilo Gómez Torres, ilustr. Xohán Clodio, Lugo: Alvarellos editora, 2006, 120 pp. (ISBN: 84-89323-10-0).

Trátase da reedición do poemario publicado no 1979 tamén por Alvarellos Editora, que conserva as ilustracións de Xohán Clodio e engade un estudo introdutorio de Camilo Gómez Torres. Neste estudo explícanse as circunstancias nas que se escribiu e nas que saíu á venda, así como se especifica que xunto con *As rúas do vento ceibe* pecha o ciclo de poesía social cultivado polo autor entre 1958 (*Documentos personaes*) e 1978. Dáse conta das diferentes edicións e coméntanse as particularidades conceptuais e estilísticas do poemario, que Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) definía como “Un intento de facer, con elementos surrealistas, unha poetización desta sociedade de consumo na que vivimos”. Os trazos temáticos máis salientábeis do poemario son, tal como se anunciaba no prólogo, a combinación do íntimo e o social, a denuncia dos males da patria tales como a emigración, a precariedade de infraestruturas, a contaminación, o consumismo e a autodestrución que o ser humano fomenta e fai posíbel. A maneira en que se manexan eses conceptos é totalmente

actual a día de hoxe, a pesar de que vai para trinta anos da redacción dos poemas, grazas a recursos como a retranca e a presenza de tecnicismos e neoloxismos. As combinacións léxicas son sorprendentes e hai unha estética surrealista e moitas sinestesias. A retranca, pola súa parte, permite un certo humorismo amargo como o que Castelao practicaba, tal como se ve por exemplo na “Oda aos propios recovecos íntimos” onde “a contaminación dos ríos máis troiteiros” se cualifica de “graciosa”, e os encoros son “fermosos” e “campechanos” e permitiron acabar coa emigración.

Recensións:

- Xesús Fraga, “Manuel María surrealista”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 181, “Letras en Galego”, 7 outubro 2006, p. 15.

Refírese á reedición de *Catavento de neutróns domesticados*, de Manuel María por Alvarellos editores dentro do seu proxecto de recuperación de obras perdidas ou esquecidas da literatura galega. Salienta a singularidade da obra dentro da produción do autor polo seu experimentalismo formal cun certo surrealismo, manipulación léxica, tecnicismos, mentres que se di que a temática é a habitual do autor (a preocupación humana, a colonización do ser galego). Destaca tamén que manteñen a capa orixinal e as ilustracións interiores de Xohán Clodio, e que engaden un prólogo de Camilo Gómez Torres.

Referencias varias:

- MARÉ, “Alvarellos reedita o libro ‘Catavento de neutróns domesticados’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 setembro 2006, p. 38.

Dise que, coincidindo co segundo cabodano de Manuel María, Alvarellos editora publica *Catavento de neutróns domesticados*, do que se anota que é un libro sorprendente e innovador. Destácase o feito de que leve a capa e as ilustracións orixinais e que se engadiu un prólogo de Camilo Gómez. Anúnciase a presentación do libro para finais de setembro coa presenza da viúva do escritor e como comezo dos actos de celebración do trinta aniversario da editora.

- Jaureguizar, “Gómez Torres sinala o desencanto de Manuel María en pezas de 1978”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 22 setembro 2006, p. 94.

Fálase da presentación de *Catavento de neutróns domesticados* na galería Sargadelos, durante a cal o prologuista Camilo Gómez Torres salientou o feito de que esa obra peche o ciclo social de Manuel María amosando o seu desencanto. Do editor Henrique Alvarellos, recóllense as palabras nas que afirma a importancia deste título pola súa fidelidade ao orixinal publicado no 1979.

- José Miguel A. Giráldez, “Alvarellos al rescate. Vuelven títulos de lujo”, *El Correo Gallego*, “Las Letras”, 8 outubro 2006, p. 10.

Faise eco do próximo trinta aniversario da editorial Alvarellos e do seu proxecto de recuperación de obras perdidas ou esquecidas. Refírese a Henrique Alvarellos como home apaixonado pola editora que estivo alí dende a súa fundación no 1977. Anótanse os outros títulos da colección rescate: *Viajes y yantares por Galicia*, de Álvaro Cunqueiro, do que se di que converxen a comida e a paisaxe; *Obra inédita e esquecida*, de Leandro Carré Alvarellos, que fai un pouco de xustiza ao seu autor; *Retorno a Iria Flavia*, de Camilo José Cela; e *Teoría de Galicia*, de Ramón Otero Pedrayo, que é a súa obra periodística publicada en *Vida Gallega* entre 1926 e 1963. A seguir, detense particularmente no título máis recente, *Catavento de neutrós domesticados*, do que di que é un libro surrealista, con tecnicismos e referencias culturais. Destácase que pasou desapercibido no seu momento excepto por algunha crítica portuguesa.

- Armando Requeixo, “M. María voz que perdura”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 15 outubro 2006, p. 10.

Fálase do labor de institucións e asociacións para preservar a memoria de Manuel María e destácanse algunhas coma a Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Entre as iniciativas, anótanse algunhas coma unhas unidades didácticas, representacións teatrais, o galardón que leva o seu nome, distintas homenaxes ou exposicións. Destaca a reedición de *Catavento de neutrós domesticados* por Alvarellos Editora, así como a publicación de *Manuel María. Fotobiografía sonora*, un libro con fotografías e dous cds con poemas recitados polo autor e outros musicados por grupos e solistas como Fuxan os ventos ou Suso Vaamonde.

Pato, Chus, *A ponte das poldras*, Vigo: Galaxia, col. Dombate, nº 45, 2006, 63 pp. (ISBN: 84-8288-889-7).

Segunda edición deste poemario de Chus Pato (Ourense, 1955) publicado por vez primeira en 1996 e que agora ve a luz, revisado pola autora, nunha nova colección e editorial. A diferenza da primeira edición, esta presenta un formato máis reducido e alongado, cambios na tipografía das letras e redución nos poemas, nos que se modifican algúns versos e mesmo se eliminan outros. Tamén aparecen, encabezando algúns dos textos, citas de autores como Paul Celan ou A. Angueira que antes non se constataban. Pódese consultar o descriptor deste poemario, que lingüísticamente se adapta á normativa aprobada en 2003 e que estruturalmente conserva a súa división en dúas partes, “Erebo” e “A ponte das poldras”, no apartado correspondente do *Informe de literatura 1996*.

Recensións:

- Román Raña, “Dor que reflexiona”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 161, “Libros”, 13 abril 2006, p. 5.

Nesta crítica da reedición d’*A ponte das poldras*, de Chus Pato, sublíñase a complexidade da poesía que contén, na que se abordan temas como a indagación nas feridas, a terra nativa, a morte ou a infancia. Indícase que os poemas son longos e que neles se advirte a natureza dolorosa da vida nunha continua dialéctica entre a realidade exterior e a alma. Tamén

considera que se trata dunha poesía, en suma, convulsa, “que busca a recuperación do que se perdeu”.

- Francisco Martínez Bouzas, “A nación nun cofre “, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Libros”, 7 maio 2006, p. 21.

Faise eco d’*A ponte das poldras*, poemario de Chus Pato, que ve a luz de novo dez anos despois da súa publicación orixinal. Del apúntase que é unha das obras claves para comprender a poesía galega contemporánea, unha obra hermética na que se configuran como temas reiterados a problemática social (concedendo unha grande importancia á reivindicación da lingua) ou a marca do xénero. Tamén considera que o afastamento da lírica tradicional é un dos elementos que definen ao poemario, no que están presentes unha gran cantidade de elementos autobiográficos, con referencias á propia historia familiar vinculada ao mundo do agro e á patria, sobre todo nos tempos da infancia. Sinala que as marcas singulares da obra se resumen finalmente en dúas: as patrias oprimidas e as causas das mulleres.

- Araguas, Vicente, “A lóxica das poldras”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 382, 25 xuño 2006, p. 20.

Nesta aproximación ao poemario *A ponte das poldras*, de Chus Pato, destácase que é unha das poucas obras do xénero que se reeditan no marco da literatura galega. Sínálase que nela están presentes moitas das características da poetisa ourensá, tales como a irracionalidade do desacougo existencial, a colaxe literaria ou a ruptura da estilística convencional. Así mesmo, faise referencia ao feito de que dez anos antes, cando o poemario fora publicado por primeira vez, o contexto non era tan propicio para as novidades que propuña como o é no momento de escritura da crónica.

Referencias varias:

- MARÉ, “Eu non cambio nin progreso”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 marzo 2006, p. 42.

Alúdese á reedición, dez anos despois, do poemario *A ponte das poldras*, do que se sinala que é, para moitos, a obra emblemática da revelación de Chus Pato. Recóllense unhas declaracións da propia autora na que afirma que a pervivencia da obra é a mesma agora que na súa primixenia edición. Tamén se comenta que para Chus Pato forma un díptico con *Nínive*, outro dos seus títulos

- Tomás Ruibal, “Entre a tradición e a ruptura”, *Diario de Pontevedra*, “*Anaqueldoslibros*”, 30 abril 2006, p. 10

Dá conta das dúas últimas entregas da colección “Dombate” de Galaxia, *O pan da tarde*, de Xavier Rodríguez Baixeras e *Ponte das poldras*, de Chus Pato. Da primeira sinala que nela se pode apreciar o uso maioritario de formas clásicas como tercetos, cuartetos pero tamén do verso libre ou de hendecasilabos brancos. Afirma que, tematicamente, o poeta parte do pesimismo, ante a contradición entre o tempo que pasa e a identidade que permanece, e amosa unha visión intimista do amor. Conclúe sinalando que Xavier Rodríguez pretende sempre acadar a palabra precisa evitando excesos barrocos. Da obra de Chus Pato sinala, en primeiro

lugar, que xa fora editada en 1996, e a seguir realiza unha descrición dela destacando, entre outras características, que cita expresamente poetas como Kavafis ou Derek Walcott, por exemplo.

Pereira Valcárcel, Manuel, *Todo morte*, cuberta X. Vizoso, Sada (A Coruña): Edicións do Castro, col. Poesía, 2006, 84 pp. (ISBN: 84-8485-226-1).

Ao inicio do poemario, Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande-A Estrada, 1955) advirte que o libro supón unha actualización dos versos que no 1998 foron publicados pola editorial Río Xuvia. A través do conxunto de composicións, Pereira Valcárcel cántalle a unha morte que o eivou de nai, de pai e de irmán. Nas últimas páxinas do libro, explica que o falecemento da súa nai foi o motivo polo que escribiu estes versos. En setenta e cinco páxinas divididas en cinco capítulos, o poeta é quen de transmitir uns sentimentos profundos que mesmo afectan ao lector. Escritos cun gran sentimentalismo e melancolía, os poemas afástanse da “cursilería” e do lacrimóxico para refuxiarse no intimismo. A perda de fe, a desesperanza, a crueza, a desolación, a amargura e o irrecuperábel forman parte do eixo temático sobre o que construíu a obra. Entre outros, o poeta dedícalle unha composición a Ramón Piñeiro, no que trata sobre o renacer, e nel Pereira Valcárcel toma posición contra a vinganza. As distintas mortes e as lembranzas son as grandes protagonistas dunha obra escrita cun estilo moi coidado. A musicalidade, os paralelismos, as metáforas e as descricións son os recursos máis empregados polo autor.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, “Todo morte”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina Literaria”, 27 agosto 2006, p. 4.

Comenta a reedición de *Todo morte*, anteriormente publicada por “Río Xuvia” en 1998. Fai unha análise da obra facendo referencia á “Noite da alma”, na que menciona unha cita de Eliot que o propio Pereira recolle no volume; á “Dor compartida” do sufrimento e da morte dos seres que amamos; e ao “Individuo universal”, no momento en que a morte como circunstancia persoal se universaliza adquirindo unha dimensión artística. Valcárcel considera este volume como froito dunhas “circunstancias persoais e familiares” que axudan a explicar a grandeza da obra.

- Vicente Araguas, “A morte e as fanerógamas”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 398, “Libros”, 15 outubro 2006, p. 20.

Infórmase das últimas publicacións en poesía de Edicións do Castro: *Todo Morte*, de Manuel Pereira e *Fanerógama*, de Mariña Pérez. Saliéntase a figura de Isaac Díaz Pardo, no se labor potenciador da cultura galega como editor, subliñándose a incerteza do futuro da editorial. A continuación, faise unha análise e comentario subxectivo das dúas obras, destacándose o neorromanticismo de *Todo Morte* e a lírica máis exhibicionista de *Fanerógama*.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “O cagón no maízo (ou ‘bloggea’, que algo queda)”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Arte e Literatura”, 19 novembro 2006, p. 19.

Despois de referirse ao mundo dos bloggers, comenta que dos poetas galegos actuais o que máis recorda a Raymond Carver é Manuel Rivas e refírese á edición que vén de publicarse en español e inglés da obra *Todos nosotros*, do autor de Oregon. Por outra parte, alude ao labor feito por Isaac Díaz Pardo en Edicións do Castro, que sacou á luz a reedición de *Todo morte*, de Manuel Pereira Valcárcel. Sinala que o autor nacido na Estrada escribe “unha poesía sinxela, pero non elemental, dona de todas as cores do silencio, posuidora desa radicalidade esencial que acompaña, en termos poéticos, o feito de vivir” e que neste poemario de 1998 trata da dor e paixón de vivir.

Piñeiro González, Vicente, *Guía en verso do Camiño de Santiago*, prólogo Víctor L. Villarabid, Lugo: Edicións da Chaira, 2006, 29 pp. (ISBN: 84-89961-04-2).

Vicente Piñeiro González (Casado de San Ciprián-Lugo, 1954) publica na editorial Chaira Poesía o poemario *Guía en verso do camiño de Santiago (dende o Cebreiro ata Compostela)*. O autor, a través de 137 cuartetos, vai repasando os pobos, vilas e lugares máis significativos do Camiño de Santiago dende O Cebreiro até Santiago de Compostela. O poemario está escrito a semellanza dunha guía de peregrinos, cun claro propósito indicativo e divulgador, o cal permite os peregrinos lembrar os fitos e os lugares máis sinalados do vello Camiño, así como as referencias históricas e lendarias de máis grande interese. Cuarteto a cuarteto, Vicente Piñeiro González, vai citando os diferentes pobos e vilas polos que vai pasando o peregrino: O Cebreiro, o Alto do Poio, Triacastela, Samos, Sarria, Portomarín, Vilar de Donas, Palas de Rei, Melide, Arzúa, Lavacolla, Monte do Gozo e, finalmente, Compostela. O libro tamén consta dun limiar asinado por Víctor L. Villarabid, no cal destaca o tradicionalismo e a orixinalidade destes versos de Vicente Piñeiro González.

Ríos Panisse, María do Carme (ed.), *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*, Consello da Cultura Galega, col. Base, 2006, 580 pp. (ISBN: 84-96530-15-9). ♦

Volume que nace coa finalidade de presentar a obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos durante a época de segundo Provincialismo. Comeza cun amplo “Estudo introdutorio” que inclúe unha biografía da traxectoria vital do autor, escrita arredor do contexto histórico no que se desenvolveu a súa obra literaria. Este estudo contén ademais unha análise da propia obra de Xoán M. Pintos, seguindo unha clasificación en tres grupos: os poemas publicados na época do primeiro Provincialismo; a recollida en *A gaita gallega*, e a espallada en publicacións periódicas dos inicios do segundo Provincialismo. De cada unha destas épocas elabora unha sucinta achega para un maior entendemento do autor e da súa obra, tomando como referencia poemas concretos como “A Faustino Domínguez con motivo do seu casamento”, “O achadizo”, “A usura”, os versos de *A gaita gallega*, ou poemas espallados en publicacións periódicas varias. Segue o estudo cunha completa enumeración e valoración desta terceira época da súa traxectoria na que a partir de agora se centra o volume: As “Églogas”; outros poemas de *El País*, *El Álbum* de *El Miño* e *La Perseverancia*; o poema narrativo “Contos da aldea que parecen historias da vila ou historias da vila que parecen contos da aldea”; “1858”,

un posible poema desta época que se conserva como anónimo, e outros poemas coñecidos. Valora tamén aquela obra inédita, así como os poemas que non puido consultar e aclara que non inclúe ningún poema en castelán que Pintos escribiu nas publicacións periódicas do momento. Remata o estudo introdutorio facendo referencia á importancia de Pintos como precursor. Antes de recoller a obra dispersa do autor, atópase un apartado de bibliografía citada no estudo previo. O resto do volume correspóndese cos poemas de Pintos, que aparecen acompañados de constantes notas aclaratorias da propia editora. Pecha o libro un “Apéndice”, que conta con catro textos referentes a *A gaita gallega* non incluídos nela, e textos relacionados con Pintos pero da autoría doutros escritores, entre eles, Luis Manuel Pintos Amado, Xosé Bieito Amado Boullosa, Valentín de Novoa, Alberto Camino Sigüer e Vicente de Villar.

II.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Coco, Emilio, *Serodio Amor*, trad. Xulio L. Valcárcel e Suso Pensado, Culleredo (A Coruña): Espiral Maior, col. Poesía, nº 172, 2006, 116 pp. (ISBN: 84-96475-36-0).

Neste conxunto de poemas de Emilio Coco (San Marco in Lamis-Italia, 1940), cántase ao amor na etapa da madurez. A obra componse de cinco apartados que recollen un total de corenta e catro poemas, sonetos na súa maior parte. As composicións en italiano están impresas na páxina esquerda e os sonetos en galego, na dereita. A voz poética céntrase no erotismo e na sexualidade da vellez, nos sentimentos que afloran durante a terceira idade, na que aínda cabe pensar na paixón. Os poemas teñen carácter persoal e combinan a voz feminina coa voz narrativa do escritor, estando Erminia presente nun gran número de textos. Abórdase o erotismo na vellez cunha linguaxe directa e sinxela, que serve para que a obra acade un ritmo enérxico, a través de metáforas mordaces, de metonimias e da ironía para referirse ao coito. As composicións tamén aluden aos poetas españois, á diferenza entre mestres da lírica “maiores e menores” e á mitoloxía clásica. As tarefas cotiás, as viaxes coa parroquia, as posíbeis enfermidades, o cambio na fisonomía, o significado da morte, a tranquilidade e a ilusión tamén están presentes nos poemas. Por último, sinalar que a voz poética mestura enfados e desesperación coa presenza imprescindible da compañeira durante a madurez.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, “Serodio Amor”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 438, “Páxina Literaria”, 29 outubro 2006, p. 4.

Para abordar *Serodio Amor*, comézase establecendo unha relación entre as estacións do ano e o amor para, a continuación, preguntarse se os vellos deben namorarse. Dise da poesía de Emilio Coco que é “moderna e actual verquida en moldes clásicos na métrica”. Alúdese á transformación de conceptos eróticos e sexuais en poesía, ademais de incluírense uns versos do polifacético autor italiano, nos que se refire ao cambio do corpo na vellez. Para finalizar, propónse a palabra *remol* como a máis fermosa do idioma e vincúlase coa obra de Coco.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “Amores de barra”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 406, “Libros”, 10 decembro 2006, p. 20.

Compara *Serodio Amor* cun manual de autoaxuda sexual na madurez e fai referencia a Erminia, coprotagonista da obra. Define o libro como “irónico e divertido” e revela que o seu poema preferido é “Depilación”. Inclúe uns versos deste soneto e fala da técnica pura de Coco e da tradución ao galego. Tamén alude á composición na que Coco se define “poeta menor” e di que o italiano ten moito de poeta.

Lao Tse, *Tao Te King*, ed., trad. e adapt. Xosé Lois García, Noia: Toxosoutos, 2006, 136 pp. (ISBN: 84-96259-96-X).

Versión galega de *Tao Te King*, do filósofo chinés Lao Tse, realizada por Xosé Lois García, que tamén elaborou a “Introdución” coa que se abre o volume, na que contextualiza o seu autor e a obra, que traduce como “Camiño virtuoso”. Comeza afirmando que tivo unha grande influencia na cultura oriental, mencionando, por exemplo, que a obra de Mao Tse Tung está baseada na de Lao Tse e sinala que foi unha das obras máis traducidas do mundo, logo da *Biblia*. A continuación, di que nela se recollen unha serie de concepcións filosóficas e moralistas e achega algúns datos biográficos do autor, que tiña como nome verdadeiro Li Tan, aínda que os seus devotos mudáronllo por “Venerábel maestro”, Lao Tse. Informa que naceu no estado de Chu (China) no 604 a. C. e que foi contemporáneo de Confucio. Así mesmo, relata que as oitenta e unha mensaxes poéticas, que forman a obra, xurdiron mentres estaba a soas coa natureza. Xosé Lois García sinala que Lao Tse foi o creador do Taoísmo ou, polo menos, o que o perfeccionou e o revitalizou. Explica esa filosofía e afirma que as ensinanzas de Lao Tse recalcan a idea de conformarse co necesario. Destaca como características das composicións a non violencia ou a “non acción”. A seguir, aparecen as oitenta e unha “mensaxes poéticas”, que abarcan unha páxina cada unha, nas que, como xa se mencionou, se achega unha serie de concepcións filosóficas e moralistas cun claro afán didáctico.

Referencias varias:

- MARÉ, “No camiño das tres forzas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 abril 2006, p. 35.

Co fin de dar a coñecer a saída do prelo de *Tao Te King*, de Lao Tse, comézase aludindo aos cinco anos que tardou Xosé Lois García para traducir o libro. Dáse unha breve referencia ao taoísmo, corrente creada por Lao Tse, para contextualizar a obra e alúdese a García e aos seus azos por traducir o libro ao galego. Expóñense os asuntos de vixencia actual que recolle o libro e as pasaxes máis relevantes, da que subliña a relativa á xustiza social. Finalízase vinculando marxismo e taoísmo, ademais de ofrecerse un despece no que se trata o perfil de Lao Tse.

- Xosé María Costa, “Lao Tse en galego”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño

2006, p. 28.

Comeza numerando os temas que trata o libro para pasar a analizar o traballo realizado polo tradutor Xosé Lois García, cualificando de “monótona e distante” a tradución. A continuación, inclúe frases “cun escuro alcance” tiradas do propio prólogo e remata advertindo que “García amosa formas sen lustre, imaxes escuras e aires forzados”.

- T.S., “Tao Te King”, *Tempos Novos*, nº 113, “Voces e culturas”, outubro 2006, p. 74.

Breve referencia á única obra de Lao Tse, *Tao Te King*, que aparece agora traducida ao galego da man de Xosé Lois García. Fai un moi reducido resumo da temática xeral dos oitenta e un poemas, que xira en torno á consecución da harmonía.

II.4. ANTOLOXÍAS

Barbantia, *Voces na materia*, limiar Carlos Mosteiro, Boiro: A. C. Barbantia, 2006, 127 pp. (DL: C-781-06).

A escolma de poesía recolle pequenas composicións de Alberto Piñeiro, Alfonso Costa, Ana Romaní, Antón Riveiro Coello, Antonio Domínguez Rey, Antonio Piñeiro, Carlos Pereira, César Souto, David Pérez Iglesias, Eva Veiga, Fernando R. Lavandeira, Fidel Vidal Pérez, Francisco Blanco Alcaide, Helena Villar Janeiro, Iria Lago, Manuel Iglesias Nimo, Manuel Teira, María Xosé Canitrot, Martín Veiga, Nacho Costa, R.X. Santos Rodríguez, Ramón Balncó, Rosa Enríquez, Séchu Sende, Xabier Álvarez Olariaga, Xabier López Marqués, Xesús Rábade Paredes, Xesús Santos Suárez, Xosé M. Cairo Antelo e de Unai González Suárez. O limiar, a cargo de Carlos Mosteiro, vicepresidente de Barbantia, fai referencia ao significado da palabra “encontro” para abordar o I Encontro de creadores do Barbanza e a actividade cultural da comarca. Acompañados polas ilustracións de pintores vinculados á comarca do Barbanza, os poemas presentan trazos diversos que van dende o intimismo á temática social. O chamamento en contra das guerras, a dor, o amor á familia, a irrealidade, a luz, a lembranza ou o paso do tempo son algúns dos temas tratados nas composicións poéticas. No que atinxe aos trazos formais, os versos de arte maior combínanse cos de arte menor e os poemas longos mestúranse cos curtos, adoptando forma de prosa nalgunha ocasión. A miscelánea de estilos tamén se comproba nas dedicatorias, no uso dos títulos ou nas referencias a outros autores.

Recensións:

- C. Rodríguez, “Poetas e pintores na Barbantia”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “*Literatura*”, 11 xuño 2006, p. 9.

Refírese á creación da Asociación Barbantia, que naceu co fin de mostrar distintas actividades culturais nas localidades da comarca do Barbanza. Sinálase que Barbantia está conformada por un grupo de escritores e pintores, que encontran nesta asociación un punto de

encontro, onde poder partillar coñecementos artísticos. Coméntase que *Voces na materia* presenta unha colección de poemas e pinturas creados por distintos artistas vinculados a esta asociación.

Blanco, Carmen (ed.), *Extranjera en su patria. Cuatro poetas gallegos*, Barcelona: Galaxia Gutenberg/Círculo de Lectores, 2006, 343 pp. (ISBN: 84-8109-565-6).

Abre a obra un prólogo da editora que compara a poesía galega cunha casa e di que ela amosa unha das moitas liñas que se tenderon na súa construción, a que une a Rosalía, Manuel Antonio, Luís Pimentel e Luz Pozo. De Rosalía di que é a nosa figura canónica máxima como Shakespeare na literatura inglesa ou Cervantes na española, e que a súa obra é tan profunda que permite moitas lecturas nunha pluralidade harmónica que a conecta con Virxinia Woolf. Canto a Manuel Antonio, que respectou a súa predecesora, salienta a súa poesía creacionista, o seu imaxinario mariño e a súa libre procura de si mesmo. Sobre Pimentel afirma que quixo rexeitar o pranto e que o transcendeu, e que a súa é unha poesía delicada e sensíbel. Para rematar, Carmen Blanco di que Luz Pozo reúne simbolismo, ambigüidade e intertextualidade, e que nela converxen a irradiación das sombras de Rosalía, a apertura ambigua de Manuel Antonio e a palabra precisa de Pimentel. Logo do prólogo, seguen unhas notas da editora sobre a súa edición, nas que se sinala o uso dos textos máis fiábeis en cada caso e onde tamén se afirma que se fixo unha tradución coa pretensión da máxima fidelidade. De Rosalía de Castro inclúense poemas de *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, unha selección que afonda na voz máis persoal e íntima da poeta. De Manuel Antonio inclúense textos de *Con anacos do meu interior*, *Foulas*, *Sempre e mais dispois* e *De catro a catro*, e na tradución percíbese como o seu galego é unha lingua menos transparente que a de Rosalía para o lector castelán. De Pimentel, tómanse poemas de *Sombra do aire na herba*, *Triscos*, *Cunetas* e *Barco sin luces*, nunha escolla textual representativa da presenza das pequenas cousas, dos nenos, da morte e da personalidade da súa poesía recoñecíbel tanto na obra en galego coma en castelán. Por último, de Luz Pozo reproducense poemas de catorce obras diferentes, todas reunidas en *Memoria solar*, nos que se perciben os ecos dos outros tres poetas.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Alén da patria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 157, “Libros”, 16 marzo 2006, p. 5.

Defínese a antoloxía bilingüe feita por Carmen Blanco como unha iniciativa valiosa na liña de todo traballo que trata de darnos a coñecer fóra das nosas fronteiras. Evítase profundar na escolla dos autores escolmados (Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel e Luz Pozo Garza), co comentario de que o único que se lle debe pedir a un antologador é un criterio coherente e un coñecemento sobre a obra coa que traballa, algo que se di que se cumpre. Lóase o prólogo de Blanco por expoñer unhas liñas poéticas da obra dos autores e xustificar a súa escolla nun espírito común de radicalidade poética, romántica, vangardista e rupturista. Por último, agradácese a escolla de textos de partida fiábeis e sinálase o erro existente na tradutoloxía inversa galega, desexando boa fortuna ao libro.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Carmen Blanco presentará en Madrid a cuatro poetas gallegos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 3 febreiro 2006, p. 80.

Anúnciase a próxima presentación en Madrid dunha antoloxía que reúne a Rosalía, Manuel Antonio, Luís Pimentel e Luz Pozo, preparada en edición bilingüe por Carmen Blanco. Dise que o volume está pensado para o mundo hispánico, que a antóloga xustifica a escolla, polo feito de que eses poetas identifican a poesía coa vida, e que no caso de Luz Pozo, é herdeira clara dos outros tres.

- Antonio Lucas, “Un volumen reúne a los cuatro clásicos de la poesía gallega contemporánea”, *El Mundo*, “Cultura”, 7 febreiro 2006, p. 54.

Comézase dicindo que para achegarse á poesía galega contemporánea cómpre ler a Rosalía, á que debuxa como filla de solteira e dun cura que fixo unha poesía armada e chea de saudade e reivindicación identitaria. Tras dela, alúdese a Manuel Antonio, facendo fincapé tamén na súa biografía, sobre todo na súa morte prematura; a Luís Pimentel, dicindo que era un lucense solitario; e a Luz Pozo, da que se salienta a beleza da súa poesía e o feito de que assistira á presentación do libro.

- Kenny Cabrera, “Cuatro voces de la poesía gallega se unen en la obra ‘Extranjera en su patria’”, *El País*, “La cultura”, 7 febreiro 2006, p. 41.

Fálase da antoloxía bilingüe preparada por Carmen Blanco, que publican o *Círculo de Lectores* e *Galaxia Gutenberg*, e reproducense uns versos de Luz Pozo, que se di que conteñen algunhas das liñas forza da poesía galega: a cidade con mar, a chuva, a ausencia e a patria. Recóllense palabras desta poeta pronunciadas no acto de presentación do libro, que fan de Rosalía un referente galego e universal, de Manuel Antonio, un “símbolo de si mesmo”, e de Luís Pimentel, un dos poetas máis importantes da vangarda galega. Dise que a antoloxía conclúe coa obra de Luz Pozo, autora de *Memoria solar* (2004) e do poema que dá nome a este volume.

- Marina de Miguel, “Carmen Blanco reúne la obra de cuatro grandes poetas gallegos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 7 febreiro 2006, p. 46.

Dise que a catedrática da Universidade de Santiago de Compostela, Carmen Blanco, reuniu a obra de catro poetas galegos fundamentais nunha antoloxía publicada por Galaxia Gutenberg e o Círculo de Lectores. Recóllese tamén a opinión da antóloga de que Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel e Luz Pozo están unidos polo feito de teren unha voz profunda con cadansúas claves intransferíbeis. Canto a Luz Pozo, dise que assistiu coa editora á presentación e que falou de Rosalía coma nai de todos os escritores galegos posteriores.

Cacheiro Varela, Maximino (ed.), *Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas. De Rosalía á Xeración dos 80*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca Poesía, nº 9, 2006, 124 pp. (ISBN: 84-96526-32-1).

Antoloxía poética que recolle unha selección de poemas amorosos de poetas galegas dende Rosalía de Castro até a Xeración dos 80. Comeza o volume cunha dedicatoria a Dora Vázquez, e cunha “Nota da Editorial”, na que se aclara que por decisión do autor e de acordo coas propietarias dos dereitos, os textos aparecen actualizados á norma aprobada pola Real Academia Galega (12 xullo 2003), agás os de Rosalía de Castro. No “Limiar”, Maximino Cacheiro amosa a intención desta recompilación: render unha homenaxe ás escritoras a través das súas experiencias amorosas. As autoras recollidas nesta antoloxía son Rosalía de Castro, con poemas de *Cantares Gallegos*; Pura Vázquez Iglesias, cos poemas “Amor”, “Ti...”, “Amante”, “Túas mans”, “Navegante, ven”, “Deus do amor que chegabas”, “Non te esquecía amor”, “O teu nome” e “A hora do amor pasou”; Luz Pozo Garza, con “De diante dun espello”, “Tocata e fuga”, “Agora contemplamos a mar de Vigo”, “Chovía en Compostela”, “Souben amar”, “22 Nadal 1991” e “Lotus”; M^a do Carme Kruckenberg, cos poemas pertencentes aos poemarios *Cantigas do vento*, *Canaval de ouro*, *Alegoría do ensoño ferido*, *Meditacións a beira da noite*, *Tres poemas medievais da Ría de Vigo* e *Poemas sen resposta*; María Xosé Queizán, cos poemas “Páxina Branca”, “Eterno feminino”, “Solpor Na Barra”, “Deus”, “Tarde xunto ao río”, “Palabras como fluxo”, “Sibila”, “O asombro”, “Embigo” e “Encontro”; Helena Villar Janeiro, con “1.1”, “1.2”, “1.3”, “3.1 Kennington Road”, “4.4 Gocemos nos corpos de cores” e “4.19 Pero nada é igual na túa ausencia”; Ánxeles Penas, con poemas do libro *Antoloxía Amorosa- O santuario intocable*, e do libro inédito *Amor deshabitado*; Marica Campo, con poemas como “Brinde” e outros pertencentes a *Pedinche luz prestada*, *Catro lúas e a da morte* e *Tras as portas do rostro*; Ana Romaní, con poemas de *Das últimas mareas*, *Palabras de mar* ou dos libros colectivos *Mulher a facer vento* e *O libro dos abanos*; Marta Dacosta, con poemas como “Tempo de Rabaquetas” ou pertencentes a *Fragmentos*, *Crear o mar en Compostela*, e *Pel de ameixa*; Finalmente, recóllense tamén poemas de Pilar Pallarés como pertencentes a *Sétima soidade*, *Livro das devoracións* ou *Horizontes poéticos*.

Recensións:

- Sandra Faginas, “Arder en boca de muller”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 164, “Letras en galego”, 10 xuño 2006, p. 11.

Faise eco da publicación da escolma *Amor en feminino*, do profesor Maximino Cacheiro. Sinálase que nela se seleccionan a once poetisas galegas, dende Rosalía de Castro ás máis actuais, como Luz Pozo Garza, Ana Romaní ou Marta Dacosta, que formarán coas súas composicións sobre o amor e os sentimentos unha chea de contrastes e intimidades. Infórmase que o poemario, editado por Baía edicións, é un tributo ás escritoras galegas de todas as xeracións.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Maximino Cacheiro. “Cómpre distancia para escolmar as poetas novas”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 27 xuño 2006, p. 56.

Nesta entrevista Maximino Cacheiro sinala que *Amor en feminino* é unha antoloxía de poetas galegas que van dende Rosalía de Castro á Xeración dos oitenta. Comenta que cando se fai un

traballo deste tipo hai que elixir ben “as que se queren poñer e que haxa unha relación temática e ideolóxica entre elas”. Cita as autoras seleccionadas e outras escolmas que ten feito con anterioridade (*América na poesía galega, Letras e figuras, Poemas de amor da xeración dos 50...*). Especifica as diferenzas que hai entre a poesía escrita por homes e mulleres e fala da súa propia obra creativa, na que se encontran títulos como *Memorial do exilio, A iluminación do mar* ou *Relámpagos do exilio*. Remata aludindo ao seu “exilio” e ao seu labor como profesor universitario.

- Xosé Carlos Caneiro, “Somos así”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 178, “Letras en Galego”, 16 setembro 2006, p. 10.

Laméntase da realidade da literatura galega contemporánea e da escasa atención que todos dedican ás cousas propias, aínda que considera que isto é algo intrínseco á identidade galega e por tanto imposible de alterar. Xunto con esta reflexión, atende dous libros, que merecen un especial recoñecemento pola súa calidade no panorama actual da literatura galega: a obra do vasco Unai Elorriaga, *Vredaman*, da cal salienta a expresión lírica e a antoloxía de poetas galegas, publicada por Maximino Cacheiro e titulada *Amor en feminino*.

Fernández Rodríguez, Manuel (ed.), *Poemas pola memoria (1936-2006)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, 2006, 216 pp. ♦

Con motivo da declaración deste 2006 como Ano da Memoria Histórica pola Xunta de Galicia, esta antoloxía, non venal, recolle algúns dos poemas máis significativos de poetas galegos que alzaron a súa voz para denunciar o horror tras o golpe militar de 1936. Comeza o volume cun texto de Ánxela Bugallo, “Reparade nas datas”, no que queda patente como a poesía se converteu en ferramenta de loita nuns tempos controvertidos da historia, tamén alén do mar, no exilio, e como os escritores seguen a escribir poemas de homenaxe, lembranza e denuncia, porque a memoria segue firme no paso dos anos. A introdución, baixo o título “A memoria cercada”, está escrita polo editor do volume, Manuel Fernández, e nela pon de manifesto como a literatura de reivindicación e denuncia fai da memoria a súa razón de ser e aclara o obxectivo desta recompilación: “configurar unha panorámica que exemplifique os modos de resistencia da memoria e dos seus materiais ás acometidas da historia”. O volume recolle unha selección de poemas, setenta e oito en total, de trinta e cinco poetas en lingua galega pertencentes a distintas xeracións relacionadas coa resistencia á represión franquista. Os poemas están agrupados en tres grandes bloques, que responden a un criterio temático e cronolóxico: “Memoria da guerra”, “Memoria da posguerra” e “Memoria da memoria”. Cada un deles aparece segmentado en varias seccións temáticas: na primeira, atópanse “Paseos e fusilamentos”, “Lugares da infamia”, “Vítimas da barbarie”, “Alexandre Bóveda, musa mártir” e “Verdugos do seu pobo”; no segundo bloque aparecen “Esmagados e resistentes ata os anos sesenta”, “desterrados nos exilios do lonxe” e “Resistentes e esmagados nos anos setenta”; na derradeira sección inclúense dous epígrafes, “Contra a desmemoria bélica e posbélica” e “Presente do pasado e do futuro”. Os poetas autores dos versos que se recollen nesta antoloxía son: Luís Pimentel, Ramón Rey Baltar, Ernesto Guerra da Cal, Emilio Pita, Lorenzo Varela, Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, Claudio Rodríguez Fer, Xosé María Álvarez Cáccamo, Valentín Paz-Andrade, Xavier Seoane, Antón Tovar, Uxío Novoneyra, Carmen Blanco, Xosé Manuel Pose Mesura, Juan L. Blanco Valdés, Santiago

Novo, Marga do Val, Arcadio López-Casanova, Antón Zapata García, Florencia Delgado Gurriarán, Salvador García-Bodaño, Celso Emilio Ferreiro, Darío Xohán Cabana, Antón Avilés de Taramancos, Luísa Villalta, Xesús Rábade Paredes, Xosé Neira Vilas, Luís Seoane, Ramón Cabanillas, Xohana Torres, Xosé Luís Franco Grande, Vicente Araguas e Olga Novo. O volume remata coas “Referencias bibliográficas” dos libros destes escritores galegos.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, “Poemas pola memoria”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 14 abril 2006, p. 3.

Faise eco da presentación do Ano da Memoria 2006 na illa de San Simón. Comenta a presenza de cinco poetas no peirao: Salvador García-Bodaño, Xosé Neira Vilas, Xesús Rábade Paredes, Claudio Rodríguez Fer e Marga do Val, pequena representación dos moitos que aparecen no libro *Poemas pola memoria*. Fai referencia tamén á asistencia de Mariví Villarde que lembrou o exilio, e Xosé Manuel Budiño, que narrou a experiencia na cadea. Remata recordando os versos da canción *Baixo os mirtos*, de Joaquín Dicenta.

- Xosé María Costa, “Emoción e tópico”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “Cultura”, 11-17 maio 2006, p. 28.

Recolle unha breve análise dos poemas en conxunto como unha crónica dunha época negra e violenta para nós. Ademais, acolle fragmentos de poemas de Lorenzo Varela ou Xohana Torres e menciona outros títulos de poemas de Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel e Olga Novo, como exemplos de testemuños da memoria a través da palabra.

- Jaureguizar, “Luís Bará manifiesta en Lugo que ‘na Transición houbo desmemoria’”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 30 maio 2006, p. 72.

Faise eco da presentación do volume *Poemas pola memoria* e fala da xustificación do poemario por parte de Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural. A seguir menciona aos lucenses incluídos no libro, entre os que figuran Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Darío Xohán Cabana e Xesús Rábade Paredes, que leron algunhas das súas pezas. Recolle as palabras de Rodríguez Fer e remata mencionando a homenaxe de Darío Xohán Cabana nunha elexía ao seu amigo Ramón Reboiras.

- Xosé Neira Vilas, “Na illa de San Simón”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 9 xullo 2006, p. 2.

Explícase a historia da Illa de San Simón e os usos que se fixeron dela. Indícase que na actualidade, a Consellaría de Cultura creou na illa o Centro da Memoria Histórica onde haberá un arquivo documental. Di que no acto de inauguración participaron algúns poetas cuxos poemas foron recollidos no volume *Poemas pola memoria*, coordinado por Manuel Pérez Rodríguez e publicado pola citada Consellaría

- Patricia Arias Cacheiro, “Unha bibliografía posíbel”, *Andaina. Revista Galega de pensamento feminista*, nº 45, outono 2006, pp. 37-42.

Comeza a modo de contextualización suxerindo unha posíbel bibliografía sobre as mulleres que combateron o franquismo e se instalaron na memoria colectiva a través dos libros de texto. Entre os libros galegos seleccionados, destacan as seguintes obras: *Poemas pola memoria (1936-2006)*, con edición e introdución de Manuel Fernández Rodríguez; *Unión Libre: Cadernos de vida e culturas: Vermellas*, caderno monográfico de periodicidade anual, que no seu número once se aproxima á vida de distintas mulleres galegas represaliadas, e *Cárcere de ventas*, de Mercedes Núñez, libro escrito no exilio e publicado por primeira vez en París en 1967, e que na súa edición en galego recolle o prólogo de Carmen Vidal.

González Gómez, Xesús (ed.), *Crónica persoal. Poesía Completa 1973-2002/ Xoán-Manuel Casado*, limiar Basilio Losada, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia, col. Arte de Trobar, nº 9, outubro 2006, 474 pp. (ISBN: 84-933404-8-0). ■ ◆

Antoloxía que recolle os poemarios editados por Xoán-Manuel Casado, aqueloutros que estaban espallados por diferentes publicacións e tamén algúns que quedaron inéditos á súa morte. Consta dun debuxo de Luís Seoane, dun “Limiar” de Basilio Losada e dunhas “Notas introdutorias á vida e á poesía de Xoán-Manuel Casado” e unha “Xustificación” feitas polo editor Xesús González Gómez. O “Limiar” é o texto dun amigo que dá algunhas noticias da vida do autor e incide sobre todo no seu autobiografismo. Salienta o feito de que publicou o esencial da súa obra entre 1982 e 1986 e suxire que a causa de que deixara de publicar ten que ver con que escribía para el mesmo e para os amigos. Dise que era fillo de escritores e que na súa casa se falaba castelán, aínda que había libros en galego e moitos que ían á casa falábano (Otero, Cunqueiro, Risco) como corroboramos logo nalgún verso “Lingua / lingua galega / eu era un neno ledo / que aprendía / o que hoxe sei mellor, e ti chegabas / coma un recordo a punto / de moi lonxe, / traíante os poetas / hastra o piso / barcelonés” (de “Esa fala de vento e de pantrigo”). Anótase que presidiu o Centro Galego de Barcelona. Polas “Notas introdutorias” sabemos que naceu e morreu en Barcelona (1949-2002), que publicou poesía e novela, aínda que é máis coñecido pola súa coautoría con X.M. Salgado das *Conversas con Xosé Luís Méndez Ferrín*. Destacan as reflexións sobre a súa ausencia dos manuais e antoloxías da literatura galega, sobre onde debería encadrarse a súa obra e dise que rompe co que facían os seus coetáneos en Galicia. Anótase que podería encadrarse, con matices, baixo a etiqueta de “poeta da experiencia” de Robert Langbaum e que tamén é un poeta histórico, pois as súas vivencias son retratadas parellamente ás experiencias compartidas. As “Xustificacións” recollen os criterios de compilación e edición da obra así como unha descrición dos materiais empregados e dos excluídos. O editor dedica o libro a Ana Jordano, viúva do poeta, e a Luís González Tosar, grande amigo del, por seren os que posibilitaron que esta obra vise a luz. As obras que se recollen son “Rexistro de menores espantos”, “Os preludios”, “Libro de Caldelas” e “Antigo futuro” (editados en vida do autor); as “Ladaíñas do serán” que saíron en *Grial*, nº 69; e a maiores “A usual leviandade da badía”, “Parcialidade dos corpos”, “Crónica persoal”, “Elexías da cidade serodia”, “O precio dos taxis”, xuntamente con “Poemas publicados e non incorporados a ningún libro” e “Poemas soltos”. Como temas principais, poderíamos anotar a mocidade, os amigos, as conversas, Castro Caldelas e outros lugares da xeografía galega. Así mesmo, como trazos de estilo, destaca a narratividade dos poemas, que son historias e a aparición dun eu que fai monólogos. Por último, cómpre ter en conta que o poema que lle dá título a esta poesía completa é un longo poema autobiográfico, do que se poden desprender moitos datos reais da súa vida e da dos seus seres próximos e

queridos.

González Tosar, Luís (coord.), *Poetas e narradores nas súas voces. Vol II*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura, Arquivo sonoro de Galicia 2001-2006, 2006, 189 pp. (ISBN: 84-96530-13-2). ♦

Segundo volume desta selección (o primeiro publicárase no 2001), que neste caso reúne nun libro, acompañado dun CD, a dezaseis poetas e catorce prosistas de diferentes xeracións, que achegan unha escolma dos seus textos a través da escrita e da palabra. Os autores que prestan os seus poemas e voces son: Manuel Álvarez Torneiro, Víctor Campio Pereira, Arturo Casas, Modesto Fraga, María do Carme Kruckenberg, Antón Lopo, Xosé Miranda, Gonzalo Navaza, Román Raña, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xavier Seoane, Xohana Torres, Dora Vázquez, Pura Vázquez, Helena Villar Janeiro, Miro Villar, Marilar Aleixandre, Rosa Aneiros, Tucho Calvo, Ramón Caride Ogando, Fina Casalderrey, Francisco Fernández del Riego, Xosé Fernández Ferreiro, Bieito Iglesias, Inma López Silva, Ramón Loureiro, Xavier Queipo, Anxo Rei Ballesteros, Antón Riveiro Coello e Euloxio R. Ruibal. O volume (tamén o CD) divídese en dúas partes ben diferenciadas segundo o xénero que cultive o autor en cuestión: “Poetas nas súas voces” e “Narradores nas súas voces”. Atopámonos, en ambas as dúas partes, con autores, temáticas e estilos moi diversos. Mantense un mesmo esquema para cada literato: unha primeira páxina co seu nome, fotografía, sinatura e unha pequena biografía na que se repasa o máis destacado da súa traxectoria profesional e, a continuación, os poemas ou pezas narrativas seleccionadas para esta antoloxía. Os autores preséntanse en base a unha orde alfabética.

Molina, César Antonio, *Soños nos cantís. Antoloxía poética (1974-2005)*, ed. e trad. Tareixa Roca, estudo introdutorio Luís G. Soto, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 171, 2006, 198 pp. (ISBN: 84-96475-37-9).

Soños nos cantís configúrase como unha antoloxía da obra poética de César Antonio Molina (A Coruña, 1952), entre 1974 e 2005, traducida ao galego. Os nove poemarios, recollidos por orde cronolóxica de aparición (comezando por *Épica* e rematando por *No mar de ánforas*), veñen precedidos dun estudo introdutorio de Luís G. Soto. Nel analízanse as variacións nas temáticas dos versos do autor nos seus máis de trinta anos de actividade poética, por medio dun repaso aos asuntos tratados en todas as súas obras: a illa como territorio, o misterio, o camiñar iniciático, a cuestión do bilingüismo, o paso do tempo, a exploración da transcendencia ou as dúbidas existenciais, asuntos todos eles que veremos logo reflectidos nos versos. Versos marcados pola riqueza no vocabulario e as referencias continuas a outras culturas, presentes sobre todo nos constantes ecos ao Mediterráneo e aos mitos grecolatinos e nun vocabulario cheo de latinismos e palabras procedentes de distintas linguas europeas actuais. O libro permite facer un percorrido pola obra poética de César Antonio Molina dentro dun período de tempo o suficientemente amplo como para percibir a súa evolución dende o barroquismo das primeiras composicións até os versos máis depurados do seu último poemario seleccionado. Numerosos aspectos da complexa lírica do poeta, a nivel de vocabulario, son clarificados polas notas de Tareixa Roca.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, “Soños nos cantís”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 441, “Páxina Literaria”, 19 novembro 2006, p. 4.

Apunta algún dos eixes de forza da obra poética de César Antonio Molina: Galicia como mito, A Coruña como memoria do perdido, a Costa da Morte e os seus naufraxios ou os “naufraxios” existenciais. Considera que a mestura de razón e emoción é a que dota de elegancia á obra do escritor coruñés, e centra o seu comentario na antoloxía *Soños nos cantís*. Destaca a coidada tradución ao galego dos textos nela incluídos, o acerto do estudo introdutorio e a representatividade dos libros escollidos. Conclúe que con esas características a obra logra, por unha banda, achegarse certamente ao conxunto da produción poética de César Antonio Molina e, por outra, recuperar este escritor para a literatura galega.

- Ramón Loureiro, “Noite de escuma, herba dourada”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 189, “Letras en Galego”, 2 decembro 2006, p. 14.

Alúdese á publicación de *Soños nos cantís*, antoloxía que reúne a produción lírica de César Antonio Molina, entre 1974 e 2005, traducida ao galego. Sublíñase que a obra chega ás librarías xusto cando o escritor ultima un novo poemario na nosa lingua, neste caso, sobre o río Eume. Do volume citado destácase a posibilidade que ofrece de percorrer os versos do autor, seguindo unha orde cronolóxica, así como a súa capacidade para permitir ao lector achar “as grandes claves do seu labor poético”, marcado polas referencias constantes a outras culturas. Por último, sinala que se trata dunha antoloxía que supón, en suma, “a obra dunha vida. Un monumento”.

Rabuñal, Henrique, *O cristal da sede*, limiar Teresa Seara, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 173, 2006, 164 pp. (ISBN: 84-96475-35-2).

Antoloxía da obra poética de Henrique Rabuñal (Pastoriza-Arteixo-A Coruña, 1962), que non inclúe o seu primeiro poemario, *Paixom e morte dum condenado* (1984), que, segundo o propio Rabuñal, “non encaixaba”. O limiar de Teresa Seara, “Cartografía dos ángulos extraviados”, supón toda unha reflexión teórico-interpretativa da poética de Rabuñal, que parte de cualificala coma un deses poucos casos nos que a comunión entre o autor-a poesía-a vida-e os lectores é completa porque o poeta descubre un imaxinario e unhas temáticas que prenden. A continuación, fala das obras, dos temas que tocan e da evolución da voz poética. Esta investigadora defende que as temáticas, do íntimo ao social, aparecen en círculos concéntricos, que parten do eu e se van agrandando até integralo na sociedade na que vive. Despois do limiar, aparece unha “Carta ao editor” na que Rabuñal expresa diversos agradecementos e resume el mesmo os seus núcleos temáticos en: Amor, Morte, Nación, Palabra. O primeiro libro que se inclúe é *Poemas da luz e da loucura* (1992), un poemario de temática diversa pero onde o amor ten unha presenza poderosa e crea un imaxinario envolvente no que predomina a comunión entre o home, a muller e a natureza como harmonía e felicidade, que provocan un medo inevitábel á fin, por exemplo no poema “Crueldade”. Séguelle *O tempo demorado nos marmelos* (2000), onde se fala máis da familia (representada sobre todo polo símbolo da casa) e dos amigos na serie “Memorial dos humanos”. Seguen cinco poemarios inéditos. *O país que veu do chapapote* é un canto á solidariedade e unión dos

galegos e dos voluntarios de todas partes, un canto celebratorio da liberdade que se berra e se pinta de branco, no que é especialmente emotivo o poema dedicado ao alemán de Camelle. *A xema dos confíns* é un relato vivencial da palabra e do amor, que, segundo a voz poética, non é verdadeiro se non se expresa, porque cómpre “celebrar no padal o nome de quen amas”. *Noticia da morte* está dedicado ao seu pai e nel conta a dor da súa perda e tece unha iconografía impactante sobre esa morte, que cando a ves de preto non volves ser neno. *Humus e grito* constitúe un canto a persoas xa mortas que significan algo especial para el, como Luísa Villalta, Ánxel Casal ou Alexandre Bóveda, entre outros. *Últimas palabras reveladas* é coma un compendio de vivencias: a paisaxe, o mar, a patria, a lingua que se entrega aos fillos e o amor, sen o que el non quereda vivir.

Referencias varias:

- A.R., “Henrique Rabuñal revisa os seus poemas nunha antoloxía”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 novembro 2006, p. 13.

Dise que Henrique Rabuñal reúne na antoloxía, *O cristal da sede*, poemas xa publicados xunto a outros inéditos, e recóllense as palabras nas que o escritor reconece que pode estar pechando unha etapa, aquela na que un escribe sen moita conciencia do que fai, para entrar noutra na que isto cambia. Explicase que non incluíu o seu primeiro libro porque “non encaixaba”, pero si *Poemas da luz e da loucura* (1992) e *O tempo demorado nos marmelos* (2000). Sobre o resto da poesía inédita ou que non saíra en libro dise que se estrutura en cinco apartados: *O país que veu do chapapote*, onde reflexiona sobre a traxedia do Prestige; *A xema dos confíns*, onde fala do amor como construción en común; *Noticia da morte*, que parte da morte do seu pai; *Humus e grito*, como homenaxe a amigos da profesión desaparecidos; e, finalmente, *Últimas palabras reveladas*, onde mete os poemas restantes. Remátase coas palabras de Rabuñal de que a antoloxía lle serviu para facer balance e como autoavaliación.

Piñeiro, Antonio (ed.), *37 poemas por man propia*, prólogo Xosé Ramón Barreiro, introd. Antonio Piñeiro, Ribeira: Bourel, col. Bourel, nº 3, 2006, 106 pp. (ISBN: 84-934024-2-7).

Trátase dun volume de coleccionista que permanece fiel á vontade da editora de facer de cada libro unha obra especial e de darlle un espazo á literatura en convivencia con outras artes. A idea orixinal do seu editor, Antonio Piñeiro, materialízase nunha colección de poemas autógrafos de poetas galegos de distintas xeracións. Cada poeta tivo que escribir o seu poema (ou un fragmento del) cento dúas veces ao sumar á tiraxe de cen exemplares as dúas probas de edición. Ao carón de cada autógrafo aparece a súa transcripción tipográfica e algúns autores acompañan o autógrafo cunha ilustración. Tanto o fragmento de texto manuscrito coma o debuxo poden variar dun exemplar a outro. O “Prólogo” de Xosé Ramón Barreiro agradece ao editor ternos devolto a humanidade do libro, que nos arrebataron a mecanización e os intereses económicos das empresas. A “Introdución” do editor reflexiona sobre a querenza pola edición artesanal en distintos momentos e lugares, e sobre a marabilla de “construír un libro vivo, asequible ós sentidos”. Participan no volume, entre outros, Salvador García-Bodaño e Helena Villar, os maiores; María Lado ou Ramón Blanco, os máis novos; e unha extensa nómina da que tamén forman parte, por exemplo, Estevo Creus, Eduardo Estévez,

María do Cebreiro, Sechu Sende ou Rafa Villar. Pechan o libro unhas “Notas biobibliográficas” e un “Índice de autores”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Ourivería do libro artesanal”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso, 7 maio 2006, p. 14.

Lémbrense momentos e obras que coidaron as súas edicións dende os 70-80 do pasado século, dende os *Poemas caligráficos* de Novoneyra, as obras poético-pictóricas de Ferrín e Lodeiro, Carpo, Facal ou Leiro, até as criaturas textovisuais de Baldo Ramos ou Anxo Pastor, pasando polas carpetas recicladas de Edicións do Dragón e polos estoxos tarxetonados de Rodríguez Fer. Dise que nestas obras especiais a materialidade dos volumes tivo protagonismo á par das palabras, e colócase *37 poemas por man propia* coma unha pedra preciosa da bibliofilia, na que se conseguiu reunir a obra de case unha corentena de poetas de distintas xeracións, o seu texto autógrafa para cada volume e mesmo ilustracións diferenciadas. Saliéntase tamén o esforzo do editor Antonio Piñeiro, que fixo unha transcripción tipográfica dos poemas, asinou, numerou, coseu e engomou cada exemplar, e que fala na introdución dos poetas como seres cunha sensibilidade especial á que neste volume o lector poderá achegarse un pouco.

- Mercedes García Nieto, “Máis de trinta autores participan na antoloxía ‘37 poemas por man propia’”, *Diario de Arousa*, “Fomos ficando sós, o mar, o barco e máis nós”, 7 maio 2006, p. 27.

Anúnciase que xa foi publicado o terceiro número da colección “Bourel” titulado *37 poemas por man propia*. Explícase que é un libro que reúne os poemas autógrafos de trinta e sete poetas de distintas xeracións, así como as ilustracións, nos casos en que quixeron facelas, e que cada exemplar foi cosido, engomado, numerado e asinado polo editor e autor da idea, Antonio Piñeiro. Resáltase, especialmente, a valía dunha empresa semellante en tempos de mercantilismo cultural e dise que a edición independente, acompañada doutras formas de expresión artística, é a política desta editora.

- C. Rodríguez, “Poesía manuscrita e arte visual”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, nº 607, 4 xuño 2006, p. 9.

Descríbese a singularidade da obra *37 poemas por man propia*, da colección “Bourel”. Saliéntanse a súa factura artesanal, a tiraxe única de cen exemplares numerados e asinados, e o feito de que cada autor escribise cen veces o mesmo texto, unha por exemplar. Dise que participaron trinta e sete poetas de diferentes xeracións, estilos e temáticas neste proxecto que lembra a época en que cada libro era único.

- MARÉ, “A colección Bourel acolle a obra manuscrita de 37 poetas”, *Galicia Hoxe*, “*Maré*”, 15 novembro 2006, p. 32.

Fálase da colección “Bourel” como empresa singular, polo feito de que cada libro que sacan é unha obra única, que se di se expón na taberna A galería. Destácase o caso dos *37 poemas por man propia*, que presenta os poemas manuscritos de trinta e sete poetas galegos recoñecidos,

e tamén o de *Pequeno*, unha serie de doce relatos do editor con sete ilustracións feitas por el para cada un dos cento corenta e oito exemplares da tirada.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, “Por man propia”, *El Correo Gallego*, “Opini3n”, 28 abril 2006, p. 3.

Fálase da obra *37 poemas por man propia*, ideada polo editor Manuel Antonio Piñeiro, coma unha xoia bibliográfica e poética. Destácase que os poemas vaian autografados e afírmase a colaboración afervoadada dos poetas convidados. Por último, anúnciase a presentación deste libro xunto co de *Voces na materia*, nunha festa literaria na Casa da Cultura de Porto do Son.

VV. AA., *I Festival Internacional de Poesía Cidade de Betanzos*, trad. Luciano Rodríguez e Miguel Anxo Fernán Vello, Betanzos: Concello de Betanzos, 2006, 128 pp. (DL: C-2080/2006). ■ ◆

Este volume recolle de forma colectiva os poemas que participaron no I Festival Internacional de Poesía Cidade de Betanzos, organizado polo Concello. Todos os poemas aparecen traducidos ao galego, menos os escritos nesta lingua e en portugués. A composición orixinal aparece nas páxinas pares, mentres que nas impares está a tradución ao galego. Ao final da obra inclúese o apartado “Os poetas”, onde se achegan unhas notas sobre a traxectoria bibliográfica destes. Os textos poéticos son os seguintes:

- María Victoria Atencia (Andalucía), trad. Luciano Rodríguez, pp. 7-11.

A través dunhas composicións poéticas de rima asonante, trátase a angustia existencial polos posíbeis efectos do amor.

- Bernardo Atxaga (Euskadi), trad. Miguel Anxo Fernán Vello, pp. 13-21.

Catro poemas narrativos presentan, entre outras reflexións, a de Adán, no seu leito de morte sobre o beneficioso que foi perder o paraíso.

- Casimiro de Brito (Portugal), pp. 23-27.

Nalgunhas das súas composicións ofrécese unha reflexión metapoética sobre o feito de escribir.

- William Cliff (Bélxica), trad. Miguel Anxo Fernán Vello, pp. 29-35.

Cunha métrica e unha rima coidada, descríbese, na primeira das composicións unha noite de choiva.

- Antonio Colinas (Castilla-León), pp. 37-47.

Amosa nas súas composicións, ademais dunha harmoniosa fusión de tendencias clásicas, a conxunción entre a vida e a literatura, entre a experiencia vital e a cultural.

- Ángela García (Colombia), trad. Luciano Rodríguez, pp. 49-53.

No poema “África” chaman a atención, entre outros detalles, as minuciosas descrições que realiza para recrear o asfixiante ambiente.

- Salvador García-Bodaño (Galicia), pp. 55-62.

Cántase a busca dun posíbel amor ou dunha simple inspiración que está extraviada. Un dos poemas está dedicado a Rosalía, mentres que o outro ao grupo ecoloxista Greenpeace.

- Abdul Hadi Sadoun (Irak), trad. Luciano Rodríguez, pp. 63-71.

Nos seus poemas procúrase a lembranza familiar en constante loita co tempo.

- Juan Carlos Mestre (Castilla-León), trad. Luciano Rodríguez, pp. 73-83.

Ofrece tres composicións, que se enmarcan dentro da prosa poética e nas que se reflexiona sobre que é “Cavalo Morto”, sobre a “Historia da poesía” e sobre a “Casa Vermella”, que está ás aforas da cidade.

- Conceição Lima (San Tomé e Príncipe), pp. 85-89.

O “eu” lírico describe, en primeiro lugar, o seu proxecto truncado de edificar unha casa e, a seguir, expresa mediante sentimentos moi duros as consecuencias dunha guerra fratricida.

- Francesc Parcerisas (Cataluña), trad. Luciano Rodríguez, pp. 91-95.

En primeiro lugar, mediante unha experiencia case onírica, descríbese o produto da observación das constelacións nunha “Noite Clara” e logo, empregando o tópico latino do “Tempus Fugit”, cántase ao paso fugaz e imparábel do tempo e, a seguir, noutra das súas composicións, achégase unha definición de amor.

- Luz Pozo Garza (Galicia), pp. 97-103.

Entre outros aspectos, unha das ideas que aparecen nos seus poemas é que o tempo acaba poñendo todo no seu sitio.

- Farruco Sesto (Venezuela), pp.105-109.

Apréciase unha incesante busca da palabra transcendente e o xogo coa idea, de que cada momento é único e irrepitíbel, na achega deste Ministro de cultura de Venezuela e vigués de nacemento.

- Lasse Söderberg (Suecia), trad. Miguel Anxo Fernán Vello, pp. 111-117.

Nos seus tres poemas apréciase unha fonda pegada da cultura bíblica (Herodes, Salomón, cinco moedas de cobre, a mazá ou o pecado), pero tamén se pode entrever a idea de que “Somos os temoneiros do barco”.

Recensións:

- T.S., “Bolboretas”, *Tempos Novos*, nº 114, “Voces e Culturas”, novembro 2006, p. 70.

Faise eco da celebración durante os días 4, 5 e 6 de agosto do I Festival Internacional de Poesía Cidade de Betanzos. Explica que deste encontro saíu un volume antolóxico a modo de testemuño para o futuro que recolle a obra de poetas procedentes de varios países como Suecia, Iraq, Colombia, Venezuela ou Portugal.

VV. AA., *Cartafol poético para Alexandre Bóveda*, prólogos Ánxela Bugallo, Marga Romero e Susana Trigo, A Coruña: Espiral Maior, 2006, 55 pp. (ISBN: 84-96475-34-4/ 84-453-4291-6). ■

Conxunto de poemas inspirados na figura do galeguista Alexandre Bóveda, represaliado durante a Guerra Civil Española, con motivo do Ano da Memoria. As pezas reunidas no volume foron orixinalmente recitadas como peche do congreso “A Galiza de Bóveda”, que se celebrou en Pontevedra no 2003 arredor da súa figura. Precedida por tres prólogos de Ánxela Bugallo, Marga Romero e Susana Trigo, a obra reúne a vinte e tres nomes importantes da literatura galega, ademais de incluír un poema inédito do propio Bóveda. Os poetas que atopamos nesta antoloxía son: Manuel María, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño, María Xosé Queizán, Xosé Vázquez Pintor, Marica Campo, Vitor Vaqueiro, X. M. Álvarez Cáccamo, Cesáreo Sánchez Iglesias, Darío Xohán Cabana, Pilar Pallarés, Luísa Villalta, M. A. Fernán Vello, Adolfo Caamaño, Ana Romaní, Xela Arias, Marta Dacosta, Xurxo Souto, Kiko Neves, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Lucía Novas e Antía Otero. Como presentación á obra, Marga Romero, en “Materia poética de Alexandre Bóveda”, lembra o recital na súa honra que inspirou o libro e o fío condutor de todas as composicións, a represión en Galicia a partires do 36. Sinala, ademais, que se trata dunha “denuncia para recuperar a historia que nos negaron” e un xeito de recordar os falecidos Xela Arias, Luísa Villalta e Manuel María (os dous últimos participaron no recital e un poema de Xela Arias, xa morta entón, tamén se leu naquela ocasión). O prólogo de Susana Trigo foi o texto que se leu no comezo do recital de 2003 como presentación e nel presenta o fusilamento de Bóveda como un dos asasinatos perpetrados en Galicia tras a vitoria de Franco. Especifica que Bóveda foi un dos homes que loitou “por unha Galicia boa e xenerosa” e que o recital tivo como obxectivo básico “normalizar definitivamente, na democracia do século XXI” o seu “legado luminoso”. A continuación, dáse paso aos máis de vinte poemas reunidos, pertencentes a autores de xeracións moi diferentes e escritos en métricas e extensións tamén diversas. Coinciden, iso si, na referencia á vida e obra de Bóveda e á súa importancia simbólica na loita pola liberdade, así como no desexo de lembrar os erros e os traumas da época que lle tocou vivir, a da Guerra Civil e a dolorosa posguerra. O conxunto de poemas ábrese coa composición inédita do propio Alexandre Bóveda, datada en 1928 e de carácter amoroso, dedicada á súa muller Amalia

Recensións:

- MARÉ, “En lembranza dos represaliados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 agosto 2006, p. 35.

Informa do acto organizado pola Delegación pontevedresa da Consellería de Cultura, no que se presenta o libro *Cartafol poético para Alexandre Bóveda*, que recolle o recital que máis de vinte poetas lle dedicaron ao galeguista para fechar o congreso “A Galiza de Bóveda”, celebrado o 27, 28 e 29 de novembro de 2003. Relaciona, ademais, a data do evento co Día da Galiza Mártir, que lembra o fusilamento de Bóveda polo exército fascista hai 70 anos. Por outro lado, cita brevemente o nome das persoas que participaron no volume poético e destaca algúns poemas, como o de Ana Romaní, que está baseado no feito real de cando Amalia Álvarez, viúva de Bóveda, gardou, dentro do pano da cabeza, as cachizas do piñeiro onde fusilaron o seu home na Caeira. Engade, finalmente, a presenza dun prólogo da conselleira de Cultura e un texto de Marga do Val que lembra a atmosfera do recital e o traballo previo de preparación.

VV. AA., *Pensando nelas*, Santiago de Compostela/Vitoria-Gasteiz: Xunta de Galicia/Universidade do País Vasco/Centro de Estudos Galegos, 2006, CD-Rom. ♦

A xeito de selección antolóxica de poesía galega feita por mulleres ao longo dos últimos cincuenta anos, preséntase nun CD-Rom un conxunto de vinte poemas musicados. Trátase dunha iniciativa do Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco, na que contou coa colaboración das poetas vascas Ángela Serna e Pilar Corcuera, así como dos integrantes do grupo de música celta Sokaire. Con esta iniciativa, tanto poetas como músicos vascos quixeron realizar unha homenaxe á poesía galega a través de composicións consideradas representativas de cada unha das autoras antologadas. Cada poema está recitado polas poetas vascas e conta con música composta *ex profeso* para este traballo. As autoras incluídas son Xela Arias, Helena de Carlos, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Emma Couceiro, Pilar Cebreiro, Marta Dacosta, Estíbaliz Espinosa, María Lado, Olga Novo, Pilar Pallarés, Chus Pato, Emma Pedreira, Luz Pozo, María Xosé Queizán, Ana Romaní, Isolda Santiago, Xohana Torres, Pura Vázquez e Luísa Villalta. Ofrécese así un breve panorama da produción poética galega feita por mulleres que ten o valor engadido de ser un traballo realizado por persoas de fóra de Galicia como homenaxe á súa poesía e ás súas poetas.

Referencias varias:

- E.P., “Pensando nelas’ recoge en un CD veinte poemas de escritoras gallegas”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 decembro 2006, p. 76.

Anúnciase a presenza da Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López, no Centro Galego de Vitoria-Gasteiz con motivo da presentación do CD de poesía galega *Pensando nelas*. Explícase que se trata dunha iniciativa do Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco, na que contou coa colaboración de poetas e músicos vascos.

- MARÉ, “Pensando nelas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 decembro 2006, p. 29.

Comézase sinalando algunhas das autoras incluídas no CD de poesía galega musicada, *Pensando nelas* e anúnciase a súa presentación no Centro Galego de Vitoria-Gasteiz. Ademais de explicar que se trata dunha iniciativa do Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco, tamén se explica que os encargados de levar a cabo esta iniciativa foron as poetas vascas Pilar Corcuera e Ángela Serna, así como os integrantes do grupo de música celta Sokaire. Remátase dando conta das autoridades que estarán presentes no acto.

- L.R., “Pura Vázquez y Chus Pato, incluídas en un CD con poemas de autoras gallegas”, *La Región*, “Ourense”, 11 decembro 2006, p. 4.

Anúnciase a presentación no Centro Galego de Vitoria-Gasteiz (País Vasco) do CD de poesía galega *Pensando nelas*, no que se explica que se recollen vinte poemas musicados de autoras gallegas de diferentes xeracións. Sinálase que o acto estará presidido por representantes de Galicia e Euskadi, entre eles a Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López, ou o Viceconselleiro de Política Lingüística do Goberno Vasco. Remátase referindo que este traballo é unha iniciativa do Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco no que contou coa axuda das poetas vascas Ángela Serna e Pilar Corcuera, así como o grupo de música celta Sokaire.

- D.N.A., “La UPV rinde homenaje a la poesía gallega en un CD”, *Diario de Noticias de Álava*, “Mirarte Cultura”, 13 decembro 2006, p. 60.

Comeza dando conta da presentación do CD de poesía galega *Pensando nelas*, do que explica brevemente o seu contido. A seguir, destaca que se trata dun proxecto sen precedentes na poesía galega, posto que é a primeira vez que se reúne nun mesmo álbum poemas de autoras de diferentes xeracións, con temáticas e estilos moi diversos, o que ofrece unha interesante mostra da poesía galega dos últimos cincuenta anos. Remátase salientando que o traballo ten un duplo obxectivo: o estritamente educativo, pois vai dirixido especialmente ao alumnado de secundaria, e o máis amplo de difusión da cultura galega no exterior.

VV. AA., *Polifonías (Voces poéticas contra a violencia de xénero)*, limiares Carme Adán Villamar e Marga Romero, A Coruña: Espiral Maior/Xunta de Galicia, 2006, 48 pp. (ISBN: 84-96475-23-9). ■ ◆

Publicación resultante dunha xuntanza de mulleres poetas un 24 de novembro para reivindicar a fin da violencia de xénero. Inclúe un prólogo de Carme Adán, Secretaria Xeral de Igualdade, e outro de Marga Romero titulado “Rosas de sangue”. Neste último faise unha evocación poética do sufrimento que xera a violencia, evocación que toma prestadas palabras dos versos que seguen para enlazalas entre si nun tecido que se di real porque a dor o é. Dise que tamén participaron coas súas voces Ugia Pedreira e Carme Dor, e coa danza Branca Novoneyra. Seguen os textos de dezaseis poetas, dende Rosalía de Castro co seu “Nasín cand’ as prantas nasen” de *Cantares gallegos* (1863) a *Helena Villar Janeiro* cun poema titulado “O deseño das mans”. Tamén hai textos de Marilar Aleixandre, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Marta Dacosta, Lupe Gómez e Ana Romaní, entre outras. Son poéticas diferentes pero todas elas converxen na mesma denuncia e nunha arquitectura simbólica

relativa á violencia de xénero. Falan de Ofelias e Nonós, de tinta de sangue, do número de chanzos que baixan á rúa, e de moitos máis síntomas desa inxustiza que queren erradicar.

Recensións:

- Teresa Seara, “Duro Cravo”, *Tempos Novos*, nº 115, “Crítica”, decembro 2006, p. 84.

Despois de aludir ao problema actual da violencia de xénero, detense no comentario de dúas obras que amosan a súa repulsa contra este feito. Así, sinala que Miguel Sande articula o seu libro, *Hoxe, que vén o vento do Sur*, como unha crónica enunciada por dous personaxes, un espectador pretendidamente obxectivo e unha muller maltratada, que falan da mesma e cruel realidade. Puntualiza que el queda sen palabras fronte ao drama que ela vive e expresa, en textos curtos e cheos dunha imaxinería estilística, que acentúa a dureza desta realidade. Así mesmo, explica que ela enuncia unha sorte de monólogos teatrais onde, cun ton delirante e reiterativo, fala do seu enfrontarse co medo, coas sombras e co frío e de como lle usurparon a inocencia a golpe de tortura e humillación, converténdose o vento do Sur nun símbolo de liberdade. A seguir, trata o poemario *Polifonías* e cita as voces poéticas que nel participan e que comparten “o desexo de arrincar ese ‘duro cravo’ de que fala Rosalía do destino das mulleres e lembran as consecuencias que a violencia ten para a vítima, obrigada a baleirarse de todo mesmo do orgullo de ser”.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Alonso, Eduardo, *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, A Coruña: Espiral Maior, 2006, col. Teatro, 104 pp. (ISBN: 84-96475-39-5).

Obra dramática de Eduardo Alonso (Vigo, 1948), escrita para a compañía Teatro do Noroeste. A edición vén acompañada dun CD-rom en que se inclúen as pezas musicais da posta en escena. Así mesmo, precede ao texto a ficha técnica da estrea no Teatro Principal de Santiago de Compostela, o 9 de outubro de 2006. O volume ábrese cun limiar de Inma López Silva, titulado “Tempo de volframio”, en que se subliña que esta é a obra dun director de escena, e se realizan diversas reflexións sobre o argumento e a memoria histórica, así como sobre o xénero do musical. En canto á obra, comeza cunha “Dramatis personae” que contén breves caracterizacións dos dez personaxes, que desenvolven a acción nun espazo pechado, o “Café Imperial”. Estruturada en dezaseis escenas, desprega o seu tempo dramático na etapa previa ao estoupido da Guerra Civil española, no Vigo de 1936, e intercala oito pezas musicais que responden a outras tantas noites de actuación no cabaré “Imperial”. O drama constrúese a partir do cruzamento entre distintos enredos amorosos e políticos que estouparán fatalmente co Levantamento Militar do 36, definitivo nas vidas dos personaxes, pertencentes a varios estratos sociais: a fadista, o camareiro, a ex-corista e dona do local, a camareira e cantante, os músicos, o capitalista, o falanxista e o homosexual, todos eles prototipos que encarnan as varias forzas en conflito.

Alonso, Eduardo, *Teatro Imprevisto*, Lugo: TrisTram, 2006, col. Teatro, 263 pp. (ISBN: 84-89377-66-9). ■ ◆

Ábrese este volume cun prólogo de Damián Villalaín, que leva por título “Carne humana”, en que recorda aquela Casa da Parra de Santiago “destartalada e poirenta”, onde coñeceu a Roberto Vidal Bolaño, a Eduardo Alonso (Vigo, 1948) e a Luma Gómez, ao asistir a unha especie de “cursiño” encamiñado a seleccionar actores para un espectáculo teatral. A seguir, lembra o reencontro con Eduardo Alonso, cando este dirixía con certa polémica os primeiros pasos do Centro Dramático Galego, e refírese á súa vida universitaria e ao seu labor no teatro como escritor, actor e director, primeiro en Madrid, nos tempos do teatro independente, co Teatro Zoo, e despois en Santiago, onde se instala en 1979 e funda Andrómena, a súa primeira compañía galega. Explica o xeito de Alonso de entender a dirección teatral e fala da Xeración do 78 do teatro galego, para quen o teatro “é unha actividade artística e sociopolítica que se concibe coma un fin en si mesma e que ve frustrados os seus obxectivos e a súa propia e completa realización se carece de público”. Tamén se fai eco dalgunha das montaxes realizadas por Alonso, como *O enfermo imaxinario* ou *Un soño de verán*, e achégase aos textos que integran *Teatro do imprevisto*, que foron escritos para a inmediata estrea pola súa propia compañía, Teatro do Noroeste, e tendo en mente tanto os actores e actrices coma o espazo en que ían ser representados, a Sala “Yago” de Santiago de Compostela. A seguir,

reprodúcense os tres textos teatrais que se inauguran coa que leva por título *Alta comedia*, en que se pon en escena unha historia moi común: Federico, un recoñecido profesor de universidade, comunícalle á súa muller, Rosario, que mantén unha relación con outra profesora do seu departamento, Mónica. Despois de pasado un tempo, o triunfal Federico cae derrubado, pois mentres a súa muller se converte en profesora de universidade, Mónica déixao e os seus fillos alcanzan os seus obxectivos, el parece trastornado ante unha difícil operación. Na segunda das pezas, *As damas de Ferrol*, preséntase unha comedia grotesca en que dúas irmáns, Lourdes e Maruxa, viven pechadas no seu ruinoso piso do centro histórico ferrolán e manteñen entre elas unha relación viciada e circular que as converte, alternativamente, en verdugo e vítima, pois insúltanse, férense e acúsanse de asasinato. Por último, en *Ensaio*, éntrase no mundo propiamente teatral a partir de Ana, unha actriz que ten que pór en escena unha peza escrita polo seu afamado ex-marido, que crea unha obra a partir dun terríbel suceso persoal da actriz. Pese a non sentirse capaz de facer a representación, grazas ao apoio do director da peza, Antón, faise a estrea que lle reporta un grande éxito ao seu autor e director, mentres que Ana só é merecente dunha breve mención por parte da crítica. Todo isto daralle forza para apostar de forma individual por unha vida propia.

Campo, Marica, *Confusión de María Balteira*, A Coruña: Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 2006, 104 pp. (ISBN: 84-9749-187-4). ♦

Esta obra dramática xorde da representación da obra narrativa *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo (Val do Mao–Incio, Lugo 1948), publicada no ano 1996 polo grupo de teatro amador “Achádego” de Lugo. Diferénciase do conto orixinal en que comeza cunha confesión da Balteira: trátase dunha autopsicanálise que acontece mentres o crego fala sobre os pecados capitais; neste proceso, achegámonos ao modo de vida que levou até entón. A obra dá un xiro cando María Pérez, a Balteira, vai ver á meiga Eusenda; é aí onde se produce a confusión; falan do pasado e negocian o futuro. Unha cambiada María Pérez aparece nos nosos días nun albergue do Camiño de Santiago, onde coñece unha monxa á que lle propón trocar as súas vidas para que deste xeito a monxa poida gozar a vida que non puido vivir pola súa condición. Cando a monxa volve do seu percorrido, ten lugar novamente un diálogo en que se analiza o lamentábel estado do mundo actual. Esta obra consta de cinco actos, titulados: “Confesión”, “Feitizo”, “Confusión”, “Na hospedaría da Vía Láctea” e “O regreso”. A obra remata cunha tradución libre da autora, do poema “Eva” de Rosalía de Castro, non sen antes deixar no aire a identidade das mulleres que aparecen ao longo desta obra dicindo: ‘... e se todas somos a mesma?’

Ferreira, Isaac, *A fonte do bidueiro*, Ames: Edicións Laiovento, 2006, 36 pp. (ISBN: 84-8487-091-X). ■

Caderno que recolle tres pequenas pezas teatrais que son unha nova incursión no teatro do poeta Isaac Ferreira, quen no prefacio ofrece algunhas razóns que o empuxaron a escribir este xénero en poucas ocasións, pero a seguilo dende sempre. A primeira peza leva por título “A fonte do bidueiro” e presenta a historia do neno Evorico, a quen a súa madrastra Sisegunda lle arrebatou o trono no final da Galicia sueva, polo ano cincocentos oitenta e catro. No pequeno desenvolvemento da peza, apréciase como a compoñente fantástico ten cabida a través das

ras que se converten en fadas. Na segunda peza, “Caza maior”, tamén está presente o elemento fantástico, neste caso a través dunha botella que atopa un cazador e da que saen un pombo e un moucho. Para rematar, na peza “A flor” establécese un diálogo entre unha muller e un cego, desprovisto de sentido, pero que invita a soñar.

González Costa, Teresa, *Alén das brumas*, Santiago de Compostela: Edicións Laidvento, Cadernos de Teatro, nº 6, 2006, 96 pp. (ISBN: 978-84-8487-108-8).

Obra de teatro que aparece estruturada sen ningunha división en escenas ou actos. As personaxes son Eloísa, Electricista, Amante (aparición), Nai (aparición) e dous socorristas. A acción transcorre no faro dunha illa nunha noite de treboada en que un electricista acode ao ver o sinal de socorro de Eloísa. Ante as ameazas de perigo de que se derruben os muros do faro, o electricista intenta salvar a Eloísa, quen o entretén con conversas aparentemente frívolas sobre maquillaxe, vestuario, etc. Por medio destes diálogos descubrimos o carácter tan pouco convencional que encerran estas personaxes. O elemento sorprendente corre da man das aparicións fantasmais da nai de Eloísa e do amante desta, invisíbeis para o electricista e que dan pé a numerosas confusións entre os personaxes. Por medio das palabras cruzadas entre a nai, o amante e Eloísa sabemos que a protagonista é unha muller dedicada en corpo e alma á ciencia e que renunciou ás relacións persoais polo seu interese científico. No final da obra, emerxe un novo elemento sorpresa: cando parece que a morte de Eloísa e do electricista é xa inevitábel ao derrubarse o faro, aparecen dous socorristas que salvan ao electricista e que, ao identificalo, resolven algunhas cuestións misteriosas que envolven a trama da obra.

Lourenzo, Manuel, *Eclipses*, Santiago de Compostela: Casahamlet, 2006, col. Teatro, 182 pp. (ISBN: 84-8487-094-4).

Manuel Lourenzo (Ferreira de Valadouro, 1943) publica este libro que reúne tres pezas teatrais: “A prea”, “Eclipses” e “Crónica funesta de Alemparte”. A primeira delas, subtitulada “Comedia sarcástica en quince escenas”, ten como protagonistas unha profesora de Literatura “virada en dramaturga” e un actor desocupado que están a esperar a visita dun teatrólogo famoso que lles pode abrir as portas da Comedia Nacional. A segunda e a terceira peza compóñense de breves escenas independentes, con personaxes non concretas, como Un, Dous, Actor, Domador, Soldado 1, Soldado 2, etc., ou ben con personaxes procedentes das páxinas das obras de Shakespeare, como Hamlet, Ofelia, Laertes ou Macbeth. En “Eclipses” cóntase tamén coa presenza de personaxes do pasado histórico galego, como o Mariscal Pardo de Cela, e con protagonistas de contos populares como Hänsel e Gretel. En xeral, os temas tratados nestas obras teñen que ver coas relacións persoais, co mundo do teatro entre bambolinas, coas loitas pola fama e os intereses materiais e tamén coas revisións de textos literarios clásicos, como algunhas obras de Shakespeare ou contos populares. Por último, cabe indicar que nalgunhas pezas aparece a pegada do teatro do absurdo.

Referencias varias:

-X.M. Fernández Castro, “Pernas Cora, Gustavo (2006): Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Recensións”, 2006, pp. 335-337.

Refírese, en primeiro lugar, á traxectoria de Pernas Cora, tanto no relacionado coa súa compañía Áncora Producións, como coa súa produción literaria. Saúda seguidamente a chegada do autor e director ao ensaio, sinalando que nos últimos tempos son varios os dramaturgos interesados no seu potencial “prestixiador”. Malia os riscos do xénero, afirma que Pernas saíra con ben do atrevemento e refírese ao prólogo que Anxo Abuín realizou para o volume *Comedias paranoicas*(2000). En canto á obra, comenta a súa débeda coa semiótica e a estética da recepción e critica o ton enciclopédico das notas a rodapé. Loa as páxinas de Manuel Forcadela inseridas na obra e, afirmando a obriga da lectura desta achega, saúda a próxima saída do prelo de *Eclipses*, de Manuel Lourenzo, na mesma colección.

Pazó, Cándido, *Binomio de Newton. García*, Premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal, A Coruña: Baía Edicións, 2006, col. Baía teatro, 192 pp. (ISBN: 84-96526-19-4).

Volume de Cándido Pazó (Vigo, 1960) que contén dúas obras dramáticas: *Binomio de Newton (Esgrima dialogada para dous actores)* e *García*, Premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal. Como indica o subtítulo da segunda, ambas as dúas son pezas para dous actores. A edición inclúe as fichas técnicas das postas en escena por Teatro do Adro, compañía que o autor dirixe e para a que foron escritas. *García* iníciase, ademais, cun breve texto titulado “Teatro histórico?”, en que se ofrecen algúns datos introdutorios a respecto do motivo histórico tratado: a decadencia do último rei de Galicia, tema que, afirma o autor, proporciona unha gorentosa materia dramática “polos conflitos internos ou externos nos que se viu envolveito e polas súas potencialidades metafóricas”. A acción desta obra transcorre nunha cela húmida en que, tras dezasete anos preso, morrerá García, quen é visitado por Rodrigo Alves. *Binomio de Newton*, a peza que abre o volume, é un longo diálogo para dous personaxes pertencentes a diferentes xeracións (Amedio e Ernesto), cunha clara compoñente metateatral e evidentes débedas co teatro do absurdo.

Referencias varias:

- M.B., “Cándido Pazó. “As editoriais non están afeitas a promover teatro”, *A Nosa Terra*, nº 1.229, “Fin de semana”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 34.

Breve entrevista a Cándido Pazó a propósito da publicación do volume en que se recollen as dúas obras dramáticas *Binomio de Newton* e *García*. O dramaturgo afirma que, no seu caso, non foi necesaria a obtención dos premios para a publicación das obras, pero que o teatro, como xénero específico que debería ser tratado dun xeito diferente, non se publica apenas. Fala, ademais, da temática das obras e dos seus novos proxectos, como a dirección dentro do Centro Dramático Galego.

Pernas Cora, Gustavo, *Final de película*, XII Premio de Teatro Rafael Dieste 2005, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2006, 149 pp. (ISBN: 84-9812-023-3). ♦

Obra dramática de Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959), gañadora do XII Premio de Teatro “Rafael Dieste” da Deputación da Coruña na súa edición de 2005. Contén un extenso prólogo de Eva Veiga, titulado “A progresión da complexidade”, en que se fai referencia á produción anterior do autor, de que forma parte a obra *Paso de Cebra* (2004), e afírmase, entre outras cousas, que esta peza presenta un diferente uso da linguaxe, de carácter funcional; realízase, ademais, unha análise de cada un dos personaxes que a integran. A obra, escrita para a compañía Áncora Produccións, ábrese cunha “Dramatis personae” en que unicamente se ofrece, como dato caracterizador, a idade dos seis personaxes: o Acomodador, o Espectador, a Muller, o Home, o Mozo e Mayra. As coordenadas espazo-temporais do drama trázanse en torno a un lugar pechado, unha sala de cinema en que se interrompe o filme proxectado na sesión de madrugada. A acción, continua, vaise aproximando progresivamente ao thriller a medida que seis individuos descoñecidos, prototipos da alienación contemporánea, van mostrando as súas fobias (entre elas, o racismo) nun delirante xogo de identidades en que cobra especial relevancia a compoñente metaficcional.

Recensións:

- Inma López Silva, “A realidade coma unha lousa”, *Grial*, nº 170, “O espello das letras”, 2006, pp. 114-115.

Recensión da obra galardoada co Premio Rafael Dieste en 2005, o texto teatral de Gustavo Pernas *Final de película*, que acaba de se publicar. López Silva destaca que se trata posibelmente do mellor texto de Pernas como dramaturgo e, para definilo, alude a dúas virtudes que a obra suma ás que xa posuía o teatro deste autor: a madurez e a contención. Indica que a obra recolle as liñas temáticas fundamentais que adoitan estar presentes nos textos do dramaturgo e resume o argumento da peza. Comenta que se trata dun exercicio de teatralidade levada ao extremo, pois a obra non só amosa o que o teatro ten de artifício, senón tamén o que hai de teatro na vida real. Incide tamén en que o imprevisíbel é o desencadeante da traxedia, e equipárase ao descoñecido, que á súa vez está relacionado co marxinal. Declara que a obra, malia ser o texto máis realista de Pernas, non renuncia ao xogo de confusión entre ficción e realidade, tan presente na dramaturxia do autor. No contexto da traxectoria de Gustavo Pernas, esta obra é postulada por López Silva como proba da existencia dunha progresión temática e ética. Especial mención mércelle o personaxe do Cego, que ela encadra na liña dos creadores soñadores ou na dos visionarios, tan presentes no teatro de Vidal Bolaño.

- Inma López Silva, “Cine dentro do teatro: o mundo realista de Gustavo Pernas”, *Revista Galega de Teatro*, nº 46, “Libros”, primavera 2006, pp. 74-75.

Recensión do texto teatral de Gustavo Pernas *Final de película*, que foi distinguido co Premio Rafael Dieste en 2005 e acaba de se publicar. López Silva destaca que se trata posibelmente do mellor texto de Pernas como dramaturgo e, para definilo, alude a dúas virtudes que a obra suma ás que xa posuía o teatro deste autor: a madurez e a contención. Indica que a obra recolle as liñas temáticas fundamentais que adoitan estar presentes nos textos do dramaturgo e resume o argumento da peza: un conxunto de personaxes fican encerrados nunha sala de cine onde, por mor dunha avaría, o filme foi interrompido. López Silva comenta que se trata dun

exercicio de teatralidade levada ao extremo, pois a obra non só amosa o que o teatro ten de artificio, senón tamén o que hai de teatro na vida real. Incide tamén en que o imprevisíbel é o desencadeante da traxedia, e equipárase ao descoñecido, que á súa vez está relacionado co marxinal. Declara que a obra, malia ser o texto máis realista de Pernas, non renuncia ao xogo de confusión entre ficción e realidade, tan presente na dramaturxia do autor. No contexto da traxectoria de Gustavo Pernas, esta obra é postulada por López Silva como proba da existencia dunha progresión temática e ética. Especial mención merécelle á crítica o personaxe do Cego, que ela encadra na liña dos creadores soñadores ou na dos visionarios, tan presentes no teatro de Vidal Bolaño.

Pernas, Gustavo, *Medidas preventivas*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2006, col. Mandaio, 112 pp. (ISBN: 84-935062-0-6).

Despois de expoñer brevemente a traxectoria e biografía do autor (Viveiro, 1959), o propio Pernas Cora, nun prólogo titulado “Cidadáns baixo sospeita”, sinala que a obra é en realidade un conxunto de cinco pezas breves que teñen en común o feito de aludir a esas medidas preventivas que dan título ao volume e que son usadas polos gobernos para vender “protección a cambio de submisión” e que “converten aos cidadáns en policía de si mesmos”. Cos textos, o autor pretende lanzar unha mirada “irónica e crítica” sobre a nova realidade social, de aí que os límites entre realidade e ficción queden en boa medida diluídos. O libro ábrese con “Avespas en febreiro”, protagonizada por tres homes que conversan mentres esperan nunha cola o interrogatorio da policía de aduanas. Conforme van ensaiando as respostas unha e outra vez faise máis forte o ataque dunhas avespas arredor deles. Tanto ese ataque como a súa propia charla deixan entrever unha sociedade represiva na que a disidencia non está permitida. En “Móviles”, un grupo de viandantes especula sobre as causas da morte dun home que permanece tirado no medio dunha transitada rúa. Rematan por desconfiar tanto do propio morto como da versión oficial que as autoridades dan do seu falecemento. Varios dos que falaban chaman os seus seres queridos para asegurárense de que ningún deles é o morto. O móbil dun sona xunto ao cadáver; pero a hipótese de que o teléfono pode ser o detonador dunha bomba lévaos a afastarse do cadáver sen facer maiores averiguacións. “Caníbales na cidade” iníciase cando un policía suspende a función de *Medea* que se está a representar nun teatro porque vai retirar a custodia dos fillos á actriz protagonista, á que acusa de desatendelos por despeito cara o que fora o seu home, que a abandonou. A defensa da liberdade, do compromiso político e do amor cara os seus rapaces da actriz contrasta coa actitude “militar” do axente, contrario a todo tipo de protesta cara ao poder. Despois dunha longa discusión entre eles, o inspector remata por matala na propia escena. En “Transversal” unha parella de policía discute sobre a prioridade de dous delitos que se están a producir simultaneamente: un caso de violencia doméstica e un atraco. A muller policía defende a necesidade de salvar primeiro á muller atacada polo seu home; o home é da opinión contraria. Mentres discuten ven a un individuo fumando. A discusión acalórase e, ao final, o axente encárase co fumador. Ela tenta evitar que lle dispare e, no fragor da loita, o axente remata por confesarlle que a súa muller o deixou, tamén porque, como lle ocorre á que neses intres está sendo atacada, el pegáballe. Remata por disparar contra o fumador, e a súa compañeira sobre el. Mentres, os dous delitos polos que foran chamados consúmense: a muller aparece morta e o atracador logra fuxir. A última historia, “As pímulas do dr. Negrín”, está ambientada no inverno de 1938, en plena Guerra Civil. Tres cidadáns buscan sementes que levar á boca para sobreviviren durante o duro asedio de

Madrid. Son sorprendidos por un canón de luz de que descoñecen o bando de que procede e tentan xustificarse ante as persoas “invisibles” que o dirixen para evitar que lles disparen.

Referencias varias:

- C.Bilbao, “Pernas presentou o seu libro rodeado de actores”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 26 xuño 2006, p. 67.

Dise que Gustavo Pernas presentou cunha performance no aeroporto de Lavacolla o seu novo libro, *Medidas preventivas*, acompañado de Manuel Forcadela, Ernesto Chao e Eduardo Alonso, entre outros. Apúntase que, ademais, a editorial Biblos repartiu un exemplar especial de oito páxinas co texto íntegro de “Avespas en febreiro”. Coméntase brevemente por último a traxectoria de Pernas.

- MARÉ, “O espectáculo do cotián”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 xuño 2006, p. 36.

Comenta a presentación da obra *Medidas preventivas* no aeroporto de Lavacolla, que contou cunha lectura dramatizada de “Avespas en febreiro”, texto repartido de balde pola editorial Biblos. Saliéntase a mirada irónica e crítica do autor e ofrécense uns breves datos sobre a súa traxectoria.

Picouto, Millán, *Ciclo da Terra*, Ourense: Linteo Edicións, col. Aberta, 2006, 445 pp. (ISBN: 84-96067-06-8).

O volume supón a continuación da edición da obra dramática completa do autor (Ourense, 1949), que se inaugurara con *Ciclo de Venus* (2001) e continuara, un ano despois, con *Ciclo de Mercurio*. O volume está integrado por unha comedia, “As andoriñas”, e por tres traxedias: “Prisciliano en Tréveris”, “Os corvos” e “María Soliña”. Nun limiar de que non se explicita o autor, sintetízase o proceso de xestación e os contidos e orientacións básicas de cada unha das pezas. Neste prólogo sinalase que en “Prisciliano en Tréveris”, Millán Picouto optou por partir dos datos históricos para debuxar o carácter deste personaxe histórico, dos seus discípulos e dos seus acusadores; “Os corvos” toma o ambiente das sagas islandesas para poñer en escea unha traxedia marcada polo pesimismo máis negro e onde as atrocidades humanas se repiten; “As andoriñas” transcorre na China do século XIV e presenta un heteroxéneo conxunto de personaxes que, ao igual que os asuntos da obra, se basean en contos de narradores clásicos deste país asiático; finalmente, “María Soliña” retoma, tras “Prisciliano en Tréveris”, a vida dunha personalidade histórica, neste caso galega. As catro obras foron escritas nun período de tempo prolongado que discorre entre 1986 e 2001. En conxunto, o ciclo é unha secuencia trágica que presenta unha humanidade “que avanza devorándose a si mesma”. O volume ábrese con “Prisciliano en Tréveris”, relato centrado no proceso entre bispos que antecedeu á condena de Prisciliano por herexe, e na propia tortura e confinamento deste e de boa parte dos seus seguidores. Remata con Prisciliano e unha das súas discípulas, Eucrocía, camiño da execución. Ambientada en Islandia, “Os corvos” é unha historia marcada pola ambición, a morte e a traizón entre os máis achegados. O asasinato dun destacado home do país provoca un duro enfrontamento entre vingadores e asasinados. De ton moi distinto é “As andoriñas”, a peza máis cómica e optimista. Os paxaros que lle dan nome

participan na trama cos seus cantos e pechan os actos relacionándoos entre si, xa que a diferenza das outras tres pezas, aquí, máis que ante unha historia pechada, atopámonos ante un mosaico da sociedade chinesa. Mediante cadros costumistas e descontinuos, Millán Picouto efectúa un repaso polas historias de personaxes pertencentes a estratos sociais moi diversos. Cangas e outros puntos da xeografía galega do século XVII son o escenario do último relato, “María Soliña”, protagonizado por esta lendaria figura. Soliña é respectada polos seus veciños como curandeira e coidadora dos máis desfavorecidos até que a Inquisición a procesa por bruxaría. Remata morrendo soa e tras perder os que máis quería.

Ruibal, Rubén, *Limpeza de sangue*, XIV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2005, Vigo: IGAEM/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, nº 1, 2006, 176 pp. (ISBN: 978- 84-453-4352-4 / 978-453-4352-4 (Xunta de Galicia)/ 978-84-9782-522 (Edicións Xerais de Galicia)). ■ ◆

Obra de Rubén Ruibal (Ribadeo, 1970), gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2005, con que se inicia a colección “Biblioteca Dramática Galega”. Trátase dun texto escrito en trinta e un cadros para vinte e catro personaxes e múltiples extras, como se indica na enumeración surrealista da dramatis personae. A acción ten lugar en diferentes escenarios, en ocasións paralelos (as casas dos protagonistas, unha nave industrial ou un parque) que corresponden aos contornos das diferentes clases sociais representadas, aglutinados no espazo pechado da impersoal sala de diálise dun hospital. É neste lugar onde se xesta o perigoso xogo de identidades, inspirado na obra de Mark Twain *Príncipe e mendigo*, que levan a cabo os seus protagonistas. Pantaleón e Fernando, procedentes de moi diferentes ámbitos, gardan dous nexos fatais: a enfermidade terminal e os delitos cometidos a diferente escala, un deles relacionado co roubo a man armada do drogodependente e o outro coa especulación urbanística de que o funcionario foi cómplice. Ambos os dous converxen na corrupción que alcanza todas as escalas sociais.

Referencias varias:

- Vanesa Sotelo, “Deberíamos pensar en ser máis artesáns do teatro e menos artistas”, *Revista Galega de Teatro*, nº 46, “Espazos”, primavera 2006, pp. 18-22.

Reprodúcese unha entrevista realizada a Rubén Ruibal, gañador do XIV Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (2005) pola súa obra *Limpeza de sangue*. O autor móstrase moi crítico coas dinámicas de subvencións do IGAEM e chega a firmar que esas políticas afundiron Teatro Cachuzo, iniciativa promovida por el, xunto a Carlos Losada e Nacho Castaño. Quéixase de que na escena galega non teñan presenza os textos de dramaturgos vivos do país e declara que a el, incluso despois de ser galardoado co Premio Álvaro Cunqueiro, resúltalle moi dificultoso atopar quen monte os seus textos. Neste sentido, estima tamén que o teatro galego está desconectado do público. Recorda os seus inicios, da man de Roberto Vidal Bolaño, en Teatro do Aquí, e reivindica que na escena galega haxa máis traballadores e menos “artisteo”.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Fernández Otero, Alexandrina e Lino **Braxe**, *Jenaro Marinhas del Valle. Obra dramática completa*, prólogo de Pablo González Mariñas, A Coruña: Espiral Maior, col. Teatro, 2006, 509 pp. (ISBN: 8496475395).

Edición conxunta das pezas teatrais de Jenaro Marinhas del Valle (A Coruña, 1908-1999) a cargo de Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe, con prólogo de Pablo González Mariñas. O volume ábrese co apartado “O autor no seu contexto”, elaborado polos editores, en que se alude á necesidade dunha edición das pezas dramáticas do autor e se ofrecen algúns apuntamentos sobre o seu teatro. Ese apartado vai sucedido polos “Criterios de edición”, que dan paso ao prólogo de González Mariñas, titulado “O teatro de Jenaro Marinhas del Valle”. Neste breve texto que precede á reprodución das obras, ofrécense algunhas apreciacións a respecto do teatro de Marinhas que, segundo o seu autor, “son por forza subxectivas”. O volume reúne trinta e unha pezas de moi variado estilo e extensión, que responden a orientacións tamén diversas, como a do teatro social, o drama rural e sociolóxico, o teatro do absurdo, o teatro simbolista, e mesmo o teatro infantil, representado na comedia (inérita até o momento) *Sangue de café*. No caso das obras que xa foran publicadas previamente, a súa reprodución acompáñase dunha nota en que se indica, de ser o caso, o número da revista, publicación ou formato en que se editara.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Lembrando a Xenaro Marinhas del Valle”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 26 outubro 2006, p. 3.

Lembra a figura de Xenaro Marinhas del Valle como un home que traballou en beneficio de Galicia e da súa literatura. Comenta que é un escritor bastante descoñecido e informa de que Joel R. Gómez escribiu un interesante estudo sobre el, que se pode atopar no Portal Galego da Lingua. A continuación, achéganse as opinións de Pilar García Negro e Alberte Ansele sobre Marinhas e, por último, apúntase que proximamente sairá do prelo a súa *Obra Dramática Completa*.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (ed.), *Leandro Carré Alvarellos. Obra inédita e esquecida. Teatro, contos, ensaios e lendas, 1915-1972*, Santiago de Compostela: Alvarellos editora, 2006, 272 pp. (ISBN: 84-89323-04-6).

Achega á figura de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976), considerado un dos galeguistas máis esquecidos e autor dunha extensa e variada obra (dramaturgo, ensaísta e novelista), mais até o de agora inédita na súa maior parte. O estudo do editor Xosé Manuel Maceira Fernández inclúe algúns apuntamentos biográficos, ademais dunha introdución, unha escolma e notas. Nel repásase a traxectoria vital do autor, en que se destaca que foi un dos cofundadores das Irmandades da Fala, alén de director-proprietario da editorial Lar, fornecedor de proxectos históricos como a unificación da lingua e dinamizador da Real Academia Galega

ou das relacións con Portugal. Ofrécese no volume unha selección de ensaios, contos, pezas teatrais e lendas que abranguen dende o ano 1915 até 1972. Recóllese, entre eles, e integramente por primeira vez, o seu manual de interpretación teatral de 1922 ou varias das súas lendas tradicionais galegas, que até o de agora nunca foran editadas en Galicia. Todo este material, xunto con outros textos, complétase cun amplo apartado gráfico: unha fotobiografía inédita, manuscritos e ilustracións do autor para a súa editorial, entre outros materiais, que proban o indiscutíbel labor e a fonda influencia cultural e social de Leandro Carré Alvarellos na Galicia do primeiro terzo do século XX.

Recensións:

- X.F., “O caixón de Carré Alvarellos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 158, “Letras en Galego”, 29 abril 2006, p. 15.

Descríbese o volume que recolle obras inéditas e esquecidas de Leandro Carré Alvarellos. Explícase que contén cinco pezas de creación, dous ensaios relacionados co teatro, contos e lendas; entre estas últimas, sublíñase a reprodución d’*O Lobishome* e mais d’*A peita das cen doncelas*. Sinálase que o libro tamén inclúe unha achega biográfica e ensaística, para rematar indicando que o autor desta edición lle dedicou a Leandro Carré Alvarellos a súa tese de doutoramento.

- Miguel Giráldez, “A volta de Leandro Carré”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Literatura”, 30 abril 2006, p. 17.

Faise un percorrido pola traxectoria e o labor de Leandro Carré Alvarellos na cultura galega, con motivo da publicación da *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarellos*. Apúntanse algunhas das características da obra do autor e afírmase que lle gustaba falar cos aldeáns, que contactou co mundo intelectual da cidade portuguesa de Porto e que se trata de “unha extraordinaria antoloxía”, en que se pode apreciar a gran transformación do mundo dramático que fixo Carré, á vez que se subliña que a súa gran paixón era o teatro.

Referencias varias:

- M.B., “Henrique Alvarellos. ‘A xente que vai por libre dificilmente topa recoñecemento social’”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Fin de Semana”, 9-15 marzo 2006, p. 34.

Conversa con que Henrique Alvarellos en que este afirma que a *Obra inédita e esquecida, 1915-1972. Leandro Carré Alvarellos* rescata unha das grandes figuras do galeguismo de preguerra e afirma que o volume tenta ser unha antoloxía literaria e gráfica de Leandro Carré.

- Ana Rodríguez, “O galeguismo esquecido”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 8 abril 2006, p. 14.

Reprodúcense as palabras do editor deste volume, en que subliña que a publicación d’*Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarellos* soluciona a anomalía que supuña o esquecemento do autor. Asemade, detállanse algúns datos biográficos de Leandro Carré e

destácase que neste libro se inclúe por primeira vez íntegro o seu manual de interpretación teatral, ensaios, textos de ficción, contos, pezas teatrais e lendas tradicionais, moitas delas na súa primeira versión en galego e nunca publicadas en libro en Galicia.

- MARÉ, “Independente insubornable”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 abril 2006, p. 36.

Afírmase que a “independencia insubornable e autárquica” de Leandro Carré Alvarellos levou a que boa parte da súa obra ficase inédita durante máis de trinta anos e anúnciase que Alvarellos Editora vén de recuperar parte deste obra no volume *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarellos*. Asemade, apúntase que este volume é a primeira obra antolóxica e inédita de Carré e anúnciase que esta editorial editará proximamente unha antoloxía de artigos de Ramón Otero Pedrayo.

Manuel María, *Farsa do bululú*, Vigo: IGAEM/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, nº 2, 2006, 96 pp. (ISBN: 84-453-4353-X/978-84-453-4353-1 (Xunta de Galicia)/ 978-84-9782-524-5 (Edicións Xerais de Galicia). ■ ◆

Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) escribiu esta obra entre 1969 e 1970. Trátase dunha sátira política, escrita en clave por causa da censura, que fai referencia á situación política do período franquista. En efecto, os personaxes de Bululú (o Gran Mariscal), da Raíña Facunda, do Gran Canciller, etc. representan a Franco e a outras figuras daquel tempo. Neste sentido, a obra é unha crítica ao exército e ao militarismo. En 1973 esta peza, baixo o título *O meu mundo non é deste reino*, obtivo o primeiro premio no Concurso Teatral Abrente de Ribadavia. En 1979 foi estreada polo Grupo Teatral Tagallo, de Perlío, Fene, nesa mesma localidade, e en 1992 o xornal *El Correo Gallego* publicouna dentro da súa “Biblioteca 114”.

Rosales, Manuel (ed.), *Obras. Castelao I*, Vigo: Galaxia, 2006, col. Obras completas, 608 pp. (ISBN: 978-84-8288-338-0). ■

Terceira edición do primeiro volume das *Obras* de Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950), que reúne a súa produción literaria e sucede á segunda edición de 2003. O volume contén as seguintes obras: *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Retrincos*, *Os dous de sempre* e *Os vellos non deben de namorarse*. Ademais, compílanse no apartado “Prosas recuperadas” catorce textos breves e inclúese un conxunto de “Apéndices” integrado por escritos do autor publicados en diferentes xornais. A reprodución do conxunto de obras e textos enumerados vai precedida dun “Limiar” e duns apuntamentos referidos á edición dos textos que se presenta e ao seu proceso de elaboración, co engadido dos criterios adoptados. A este respecto, puntualízase que esta edición, a cargo de Manuel Rosales, está formulada dende unha perspectiva crítica e, por tanto, de respecto cara ao texto. O apartado introdutorio péchase cunha listaxe bibliográfica en que tamén se detallan as edicións e traducións previas de que foron obxecto as obras que aquí se reúnen.

Villanueva, Darío (ed.), *Rafael Dieste, Obras literarias*, Madrid: Fundación Santander Central Hispano, col. Obra fundamental, 2006, 421 pp. (ISBN: 84-89913-73-0). ■ ◆

Libro redactado en español que recolle a obra máis salientábel, segundo o criterio de Darío Villanueva, entre a escrita tamén en español polo escritor Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981). No prólogo, elaborado polo editor e titulado “La integridad creadora de Rafael Dieste”, repásanse a traxectoria literaria e a personalidade de Rafael Dieste, cualificada de amálgama de creación, de compromiso coa realidade histórica e de racionalidade; tamén se detén na súa traxectoria vital e intelectual, centrándose no seu exilio en 1939 e no retorno definitivo en 1961; e, finalmente, o prólogo péchase cun estudo sobre o Dieste narrador e sobre o seu labor en teatro, poesía e ensaio. Despois do prólogo inclúese unha “Bibliografía” xebrada en tres apartados: “Obra de Rafael Dieste”, “Traducciones de las obra de Rafael Dieste” e “Libros sobre Rafael Dieste y su obra”. Neste volume reproducése unha selección en lingua española da obra de Dieste que se detalla a seguir: as pezas teatrais *Viaje y fin de don Frontán. Farsa trágica* (1930) e *Duelo de máscaras* (1934); o poemario *Rojo farol amante* (1933), o ensaio *La vieja piel del mundo. Sobre el origen de la tragedia y la figura de la historia* (1936) e mais o seu segundo libro narrativo de Rafael Dieste, titulado *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943).

Referencias varias:

- Ángel Basanta, “Rafael Dieste, Obras literarias”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “*Letras*”, 6 xullo 2006, p. 16.

Crítica desta obra, prologada por Darío Villanueva, en que se ofrece unha selección da obra teatral, poética, ensaística e narrativa do autor galego. En concreto, inclúense dous textos dramáticos, *Viaje y fin de don Frontán* y *Duelo de máscaras*; os corenta e nove poemas de *Rojo farol amante* e a obra de ensaio *La vieja piel del mundo*, en que se estudan as técnicas teatrais contemporáneas máis acreditadas na Europa das primeiras décadas do XX. Ángel Basanta puntualiza, con todo, que a máxima achega de Dieste tivo lugar no dominio narrativo, “con dos libros que son dos joyas literarias”, engade: *Dos archivos do trasno* (non recollido no volume que se está a comentar) e *Historias e invenciones de Félix Muriel*, en castelán e si incluída na antoloxía. A conclusión do volume, segundo Basanta, non pode ser máis positiva, pois permite que o lector se achegue aos textos básicos dun “escritor memorábel”.

III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Cixous, Hélène, *A conquista da escola de Madhubai*, introd., trad. e notas de Purificación Cabido, ed. bilingüe francés-galego, A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2006, 166 pp. (ISBN: 84-9749-208-0). ■ ◆

Edición bilingüe da obra de Hélène Cixous (Arxelia, 1937) *La prise de l’Ecole de Madhubai*, publicada por primeira vez en 1984, na revista *L’Avant Scène Théâtre* e posta previamente en escena en París, o 13 de decembro de 1983, por Théâtre de l’Europe, baixo a dirección de Michelle Marquais. Trátase dunha edición comentada, a cargo de Purificación Cabido Pérez, desta obra para tres personaxes inspirada na historia real de Poolan Devi, guerrilleira hindú convertida nun mito do imaxinario colectivo do seu pobo, que negociou a súa rendición,

chegou a ser membro do parlamento indio e foi asasinada en 2001. Neste drama en que se materializan os presupostos teóricos da *écriture féminine* de Cixous (especialmente no tratamento elástico do tempo, na figura da muller-naí e na inclusión do corpo na palabra, como mostra o longo monólogo de Pandala), o mito encárnase no personaxe de Sakundeva, que impón como prezo da súa rendición a creación dunha escola para nenos e nenas en Madhubai. No volume, a obra é precedida por un longo estudo introdutorio da tradutora, dividido en cinco apartados: Neles realízase, en primeiro lugar, unha aproximación de carácter biográfico en que se dá conta das diversas actividades realizadas ao longo da vida da teórica feminista, en colaboración con Genette, Todorov, Derrida ou Ariane Mnouchkine e o seu Théâtre du Soleil, entre outros. En segundo lugar, introdúcese o lector no pensamento de Cixous: trátase a cuestión da diferenza e o debate entre as chamadas “esencialistas”, como Luce Irigaray e o feminismo da igualdade, iniciado por Simone de Beauvoir. Seguidamente, expóñense unha serie de consideracións sobre o Deconstrucionismo e as hipóteses da autora en relación á *écriture féminine* e a *jouissance*. Finalmente, coméntase a obra dramática de Cixous e expóñense os criterios de edición, ademais de incluír un pequeno apartado de Bibliografía. Como no orixinal, a edición bilingüe comeza co limiar “Le droit de légende”/ “O dereito á lenda”, en que a autora reflexiona sobre o carácter mítico do teatro e a capacidade deste para chegar a outras culturas e vivir nas *diferenzas*. A edición contén diversas ilustracións que documentan a posta en escena desta obra, en 1983, por Théâtre du Soleil.

Jelinek, Elfriede, *O que ocorreu despois de que Nora abandonase o seu home ou os piares da sociedade*, trad. Susana Fernández e Franck Meyer, Vigo: IGAEM/Edicións Xerais de Galicia, Col. Biblioteca Dramática Galega, nº 3, 2006, 123 pp. (ISBN: 84-453-4351-3/978-84-453-4351-7 (Xunta de Galicia)/978-84-9782-523-8 (Edicións Xerais de Galicia)). ■



Tradución da obra da austríaca Elfriede Jelinek (Mürzzuschlag, Styria, 1946), Premio Nobel de Literatura en 2004. Publicada por primeira vez en 1979, esta obra propón unha continuidade do clásico de Henrik Ibsen *Casa de bonecas*. Como sinalan as acoutacións previas ao texto, esta peza para catorce personaxes transcorre nos anos vinte, mais insinúanse nela diferentes “saltos temporais” que expresan o futuro anticipado, o do ambiente capitalista e industrial en que fracasa a rebelión doméstica de Nora, o personaxe ibsenián.

Referencias varias:

- E.P., “Cultura coeditará con Galaxia e Xerais obras e manuais de teatro”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 5 abril 2006, p. 66.

Infórmase de que a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, asinou senllos convenios de colaboración coas editoriais Galaxia e Xerais para impulsar a difusión da literatura dramática. Sublíñase que esta colaboración dará como froito a publicación de nove títulos, nas coleccións “Biblioteca básica de teatro” e “Os libros do Centro Dramático Galego”. Saliéntase a tradución dun título de Elfriede Jelinek e recóllense as palabras de agradecemento de Víctor Freixanes e Manuel Bragado, directores das editoriais.

Padmanabhan, Manjula, *Luces fóra!*, ed. bilingüe inglés-galego de Antía Mato Bouzas, A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, col. Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, 2006, 162 pp. (ISBN: 84-9749-220-X). ♦

En edición bilingüe galego-inglés, esta peza teatral componse de tres escenas en que a autora india (Delhi, 1953) aborda o tema da delincuencia nas clases baixas e a indiferenza da xente acomodada cara a eses problemas que teñen tan preto pero que ignoran. O volume vén precedido dun limiar de Marga do Val en que se alude ao enfrontamento entre eses dous mundos. A realidade india trasládase ao galego, subliña do Val, quen tamén destaca que o narrado por Padmanabhan baséase nunha historia real acontecida en Bombai no ano 1982, o que converte á peza nun “drama burgués” e crítico. A disxuntiva entre actuar ou permanecer pasivo está presente en toda a trama. Marga do Val repasa os personaxes, todos eles marcados pola indiferenza cara aos feitos traumáticos que contemplan. O espazo configúrase como un elemento simbólico que tamén marca a división entre universos contrapostos. Os diálogos incrementan o realismo da obra, unha obra en que se abordan temas universais para calquera cultura, que nos obrigan a cuestionarnos “cal é o noso grao de complicidade” coas inxustizas que se producen no mundo. Antía Mato Bouzas é a autora da introdución, en que se fai un repaso polas diferentes etapas do teatro indio, cunha mención especial ao papel que a muller ten na escena contemporánea daquel país. Párase tamén Mato Bouzas na autora da obra que comenta e na propia peza dramática. En relación a ela lémbrese unha vez máis que xurdiu a partir dun caso real de violación, ao tempo que se indica que está ambientada no contexto nacional convulso do asasinato de Indira Gandhi. A violencia e a pasividade fronte a ela son motivos centrais da obra, en que as mulleres son sumisas fronte ao dominio masculino e a clase media ignora os elementos marxinais da sociedade en que vive. Estamos, conclúe Mato Bouzas, ante unha obra universal e que incomoda ao receptor a pesar da aparente compracencia do contexto en que se ambienta. A peza iníciase cando unha muller da clase media-acomodada india, Leela, pide ao seu home que actúe para deter o que despois se revela como un caso de violacións repetidas no edificio contiguo ao que habita a parella. O matrimonio convida a uns amigos a cear e para evitar que sintan o balbordo do exterior, pecha a fiestra, que se converte así nun elemento simbólico de separación entre o seu mundo idílico e a dura realidade exterior. Leela descobre ao pouco, horrorizada, que ao amigo que primeiro chegou a cear lle atrae ver como se comete un crime xusto diante del. Os tres inician unha conversa sobre os incidentes, no transcurso da cal os homes tentan convencer a Leela de que non pode facer nada e, máis aínda, ao ser os implicados nas violacións xente de baixa condición social, é un asunto que non lles incumbe e só serve para poñer en perigo a súa tranquila vida. Mentres cean, os gritos da violada fanse claramente perceptíbeis. Unha amiga de Leela chega á casa e decátase dos berros, pero o resto dos comensais tentan negar a situación, mesmo a propia Leela, que antes quería facer algo para deter o delito. Pese á súa oposición, a recién chegada esixe ver cos seus propios ollos o que sucede. A diferenza deles, está decidida a denunciálo. A pesar dos intentos dos homes por convencelas de que non se trata dunha violación, elas acaban por decatarse de que si o é. Un terceiro varón entra en escena e proponlles actuar directamente contra os violadores. Discuten sobre como poderían atacalos, pero ao final decátanse de que os berros cesaron e xa non poden facer nada. As luces apáganse e unha serie de mensaxes breves lembran que a obra está baseada no relato dunha testemuña e que o incidente tivo lugar en Santa Cruz, Bombai, en 1982. “Na vida real, como na obra, ninguén foi valerlle ás vítimas”, conclúese.

Shakespeare, William, *Otelo. Macbeth*, trad. Miguel Pérez Romero, Vigo: Galaxia, 2006, 269 pp. (ISBN: 84-96494-55-1). ■

Volume que contén a tradución dos dous clásicos de William Shakespeare (1564). A primeira destas traxedias, cuxo protagonista acabou por se converter en símbolo dos celos, foi probablemente escrita entre 1603 e 1604. A segunda delas, símbolo da traizón e os perigos da ambición, e baseada no personaxe histórico Macbeth, rei dos escoceses (1040-1057), é de 1606. A edición, en tapa dura, contén tres ilustracións e cada unha das obras vai precedida dunha “Nota preliminar” referida á súa data de composición e aos criterios de edición adoptados.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Shakesperiana”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 169, “Libros”, 8 xuño 2006, p. IV.

Comeza loando a iniciativa da editorial Galaxia de editar en galego clásicos universais da literatura de todos os tempos, apuntando que a edición de *Otelo. Macbeth* constitúe o terceiro volume dedicado a obras do dramaturgo inglés Shakespeare. A continuación, incídese na calidade da tradución que se presenta, que, segundo se afirma, marca a diferenza respecto doutras traducións anteriores da obra shakesperiana ao galego. A carón disto, tamén se loa o labor do editor literario, Carlos Lema, co que “tanto ten gañado Galaxia”, no referente a deseño de cubertas, e aspectos gráficos. Para finalizar, faise unha breve alusión ao momento de creación das dúas obras dramáticas traducidas.

III.4. POSTAS EN ESCENA

III.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVALS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Agustín Magán , Vº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA), quere ser unha ocasión en que se lembre e homenaxee a Agustín Magán e, ao tempo, servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2006 tivo lugar entre o 7 e o 12 de decembro no Teatro Principal de Santiago de Compostela, coa participación dos seguintes grupos: Carles Alberola e Roberto García, con *Bicos*; Achádego, con *Unha petición de man. O oso*, de Chéjov; Tiruleque, con *Roma unha tolería* (versión da obra *Farsa Plautina*, de Agustín Magán); Teatro no Aramio, con *E os cans calaban*, de Aimé Césaire; Vichelocrego, con *A ópera do emprendedor*, de Vidal Bolaño; Metátese Teatro, con *Peirao 2434*, de Alfonso García Penas. Tamén actuou a compañía catalá Amaranto, coa obra *Indignos*.

Referencias varias:

- A.I., “Homenaje escénico a Agustín Magán”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 decembro 2006, p. 3.

Enuméranse as compañías galegas que actuarán no Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, así como os títulos das montaxes representadas. Sinálase, ademais, a actuación da compañía catalá Amaranto dentro do programa e ofrécense outros datos sobre actividades musicais en Compostela.

- Camilo Franco, “Festival Agustín Magán”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 6 decembro 2006, p. 8.

Anúnciase o comezo do festival Agustín Magán, afirmando non querer, coma noutra ocasión recente, establecer categorías entre o teatro profesional e o afeccionado, poñendo como exemplo un espectáculo de Tricycle, que se compara cos ofrecidos no Festiclown. Afírmase que o Agustín Magán é unha opción para variar.

- Xosé Lueiro, “Auxe do Teatro Amador”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “A contrabutaca”, 15 decembro 2006, p. 4.

Entrevista a Alberto Álvarez, membro da Federación Galega de Teatro afeccionado (Fegatea), en que fala sobre a recentemente celebrada quinta edición do Festival Agustín Magán no Teatro Principal compostelán, aproveitando para dar a coñecer o resto de actividades levadas a cabo, tales como as xornadas en que se trataron as problemáticas do teatro ou a difusión do borrador do proxecto que quere poñer en marcha a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, para fomentar o teatro amador.

Altn06, Festival Alternativo de teatro e danza de Santiago de Compostela

Organizado pola asociación cultural Noescafé-Teatro, conta coa subvención da Concellaría de Cultura e Asuntos Sociais do Concello de Santiago de Compostela. Celebrado en 2006 por primeira vez, tivo lugar durante as primeiras semanas do mes de marzo.

Referencias varias:

- L.M., “Santiago terá máis escena alternativa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 febreiro 2006, p. 41.

Dá noticia de que a Concellaría de Asuntos Sociais e Cultura acordou mediante convenio conceder á Asociación Noescafé Teatro unha subvención para celebrar o festival que organiza, e que terá lugar nas primeiras semanas do mes de marzo. Anúnciase que a entrada custará 5 euros, ou 35 euros o bono para toda a programación.

Andamio, Sala de teatro do

Creada en 2001 polo grupo Teatro do Andamio, escola de actores e compañía profesional coruñesa, entrou a formar parte da Red de Teatros Alternativos en 2006, co que acollerá diferentes compañías do ámbito estatal e ofrecerá unha programación estábel. En 2006 a compañía residente Teatro do Andamio puxo en escena *Siguiendo a Bernarda*, unha versión da obra *La casa de Bernarda Alba* de García Lorca. Ademais, na sala actuou a compañía Teatro Artesán, de Sada, coa obra *O Pazo*, de Lugrís Freire.

Referencias varias:

- Víctor Castro, “O Pazo, de Lugrís Freire, se estrena en La Coruña”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya mariñana”, 6 setembro 2006, p. 18.

A propósito da presentación da obra *O Pazo*, de Lugrís Freire, por parte da compañía Teatro Artesán de Sada, na Coruña, salientase o feito de que esta sexa a única entidade teatral galega que conmemora o Día das Letras Galegas. Afírmase que se espera que a concorrencia desborde todas as previsións.

- Aida Blanco, “A Coruña se incorpora a la Red de Teatros Alternativos”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 setembro 2006, p. 11.

Infórmase da incorporación á Red de Teatros Alternativos da sala Teatro do Andamio, creada polo grupo do mesmo nome en 2001. Sinálanse as vantaxes de formar parte da rede, compartidas polas salas Nasa e Yago, de Compostela, ou o Teatro Ensalle de Vigo. Faise referencia ás dúas montaxes previstas para os meses de setembro e outubro: *O Pazo*, de Lugrís Freire, a cargo de Teatro Artesán, e *Siguiendo a Bernarda*, unha versión da obra *La casa de Bernarda Alba*, de García Lorca, realizada por Teatro do Andamio.

Arousa, IXª Mostra de teatro da

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Vilanova de Arousa, dende o ano 2002 está dentro da programación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, o que supón a posibilidade de contar periodicamente con espectáculos que entran no circuíto galego. Ten como escenario a Casa da Cultura de Vilanova e mais o Xardín Umbrío, e a edición de 2006 foi dedicada, coma a de 2005, a Ramón del Valle-Inclán. Neste ano 2006 non se contou coa participación de ningún grupo galego.

Referencias varias:

- S. Castro, “La Mostra de Teatro de Arousa apuesta un año más por las obras de Valle-Inclán”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 18 xullo 2006, p. 20.

Ofrécense diferentes datos sobre a Mostra, denominada II Festival Valleinclaniano, indicando que nela primará o teatro universitario, con tres agrupacións madrileñas e sinalando que o peche consistirá nun recital poético. Apúntase ademais que a mostra se completará coas Sonatas do Verán de Vilanova, que inclúen actuacións para o público infantil.

Arte Livre, Teatro (TAL), Sala Alternativa

Sala alternativa creada en Vigo en marzo de 2006 por Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, coa finalidade de divulgar a cultura galega a través dunha política diferente, que prevé ofrecer unha programación teatral individualizada para cada tipo de público e manter cada obra representada durante tres meses. Contou cunha programación de teatro, música, ballet e exposicións fotográficas dirixida a todos os públicos, e impartiu cursos a actores e cursos de produción teatral, entre outros. Leváronse a escena as obras *Evita*, *Eva Perón* e *Olhares de Perfil*, de Arte Livre.

Referencias varias:

- Amalia Mauleón, “Teatro Arte Livre alza el telón en Vigo con actividades para un público variado”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 16 marzo 2006, p. 43.

Infórmase da creación desta sala en Vigo, cun aforo para cento cincuenta persoas. Sínálase que a programación, que se inaugura coa obra *Evita*, *Eva Perón*, ofrecerá obras galegas e coproducións con outros países e que as diversas actividades de formación e exhibición que terán lugar no TAL están destinadas a públicos de todas as idades.

- Fernando Franco, “Arte Livre: la otra sala”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, 16 marzo 2006, p. 12.

Entre outras cuestións alleas á literatura, infórmase da inauguración do TAL en Vigo, facendo referencia ás dotes de Roberto Cordovani, un dos seus fundadores.

- Marisol Oliva, “Teatro Arte Livre nace como un espacio para la comunidad y el arte”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 marzo 2006, p. 17.

Dáse conta da creación do TAL, sinalando que conta cun aforo para oitenta e oito persoas e que a sala apostou polos convenios coa Escola de Hostalaría e a Escola de Imaxe e Son de Vigo. Sínálase, ademais, a variedade da programación de actividades da sala, dirixida a todos os públicos, e que se abrirá coa obra *Evita*, *Eva Perón*, dos creadores deste espazo alternativo.

- N.A., “Arte Livre, o cómo disfrutar del teatro cinco días a la semana”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 25 abril 2006, p. 7.

Anúnciase a apertura do TAL en Vigo, sinalando que os seus creadores contaron co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e recóllense as palabras de Roberto Cordovani, quen en *Olhares de perfil* interpreta a Greta Garbo. Faise referencia tamén á obra *Evita*, *Eva Perón*, de Cordovani e Eisenhower, de que se representarán vinte funcións.

Sinálanse en columna á parte as diferentes actividades que terán lugar na sala, dirixidas a todo tipo de públicos, como o musical infantil *Aladín perdido na Galicia*, ou o cásting de adolescentes para a obra *Confidencias de adolescentes*, entre outras.

- MARÉ, “Teatro universal e de todos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xullo 2006, p. 33.

Recóllese a nova da apertura do TAL en Vigo, salientando as diversas actividades que ofrece a sala e repasando a traxectoria do brasileiro Roberto Cordovani, un dos seus fundadores. Sinálase, ademais, que a obra *Evita, Eva Perón* supuxo un récord en Vigo, xa que dela se representaron 63 funcións.

- ABC, “Teatro Arte Livre’, a aposta cultural pioneira apoiada polo programa de emprendedores do Igape”, *ABC*, “Galicia”, 6 agosto 2006, p. 43.

Explícase o proceso de creación do TAL (Teatro Arte Livre) en Vigo, indicando que é unha sala que ofrece unha programación diferenciada para cada público, en que terán lugar diversas actividades teatrais, de danza e musicais, ademais de exposicións fotográficas. Afirmase que o TAL terá moi presente a proximidade co norte de Portugal no que respecta á programación e que os seus creadores, que se acolleron ao programa “Emprendedores”, dedicaron moitos esforzos á publicitación do local, de dimensións reducidas.

- MARÉ, “Ollares de perfil’ abre a temporada do Arte Livre”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 outubro 2006, p. 44.

Dáse conta da estrea en Vigo da obra *Olhares de Perfil*, sinalando que este éxito de Cordovani se impuxo en nove festivais internacionais e que será “falada en galego e castelán”.

- A.S., “Ollares de perfil’ abre la temporada de otoño de Teatro Arte Libre”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 11 outubro 2006, p. 43.

Anúnciase a apertura da tempada de outono de Teatro Arte Livre de Vigo, que permanecerá aberta até xaneiro do vindeiro ano. Infórmase da presentación da obra *Olhares de perfil*, estreada fai vinte anos e reescrita por Roberto Cordovani. Trátase dunha obra que recupera o mito de Greta Garbo.

Boiro, VIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada polo Concello de Boiro e os integrantes de Teatro do Improvisto, coa colaboración da Consellaría de Cultura da Xunta, a Deputación e o IGAEM. A edición de 2006 tivo lugar durante as fins de semana do mes de maio e contou, entre outros, coa participación de Tiruleque, que levou a escena a obra *Silicon Valley*; así como Teatro do Adro, con *García* e un musical infantil titulado *Mamá Cabra*.

Referencias varias:

- Mercedes García-Nieto, “Os veciños do Barbanza disfrutarán coa comedia ‘Silicon Valley’, da compañía Tiruleque”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “E fumos quedando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 7 maio 2006, p. 25.

Coméntase o argumento da obra *Silicon Valley*, da compañía Tiruleque, que forma parte da programación da VII Mostra de Teatro Afeccionado de Boiro. Sinálase tamén a participación de Teatro do Adro, con *García*, de Avelino González, que presenta un conta contos dirixido a maiores de 14 anos, e mais a actuación da compañía Lasal Teatro no peche da mostra, coa obra *Aguaire*. Faise referencia, ademais, ao musical infantil titulado *Mamá Cabra*.

Cangas, XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada polo colectivo formado polo Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de M^a Xosé Mariño, contou co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase o Premio anual “Xiria”, con que se destaca o labor teatral dunha persoa, nesta edición, Manuel F. Vieites, director da Escola Superior de Arte Dramática. A edición de 2006 tivo lugar entre o 1 e o 9 de xullo en rúas, discotecas, pubs, na Casa da Cultura e no Auditorio Municipal. Nela participaron dezaioito compañías, sete delas galegas, catro españolas e outras catro doutras partes do mundo. Contouse, ademais, con varias actividades paralelas, como unha exposición de fotografía de Andrea Costas, dous cursos de teatro, unha xornada dedicada á muller e mais a presentación do último número da Revista Galega de Teatro. O pregón da mostra correu a cargo do director e estudoso teatral Pedro Pablo Riobó. As compañías galegas participantes foron: Os Colombaíños, co espectáculo do mesmo nome; San&San, con *Concerto Bífido*; María Marticorena, coa performance *Dejarse las uñas*; Sapristi, con *So Sobre*. En canto á programación infantil, tiveron lugar os espectáculos *Camiño de aventuras*, de Cachirulo; *A Rúa dos contos nº 8*, de Trécola; *O Trebón*, d’Os Quinquilláns e Viravolta; e *Moby Dick*, d’Os Quinquilláns.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Los mensajes escénicos buscan el aire libre”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, “En Portada”, 4 xuño 2006, p. 3.

Faise referencia a diversos eventos que terán lugar durante o verán en Galicia, entre eles a Mostra de Teatro de Ribadavia, a Feira do Teatro, o festival de danza En Pé de Pedra, a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, o Festival de Cee e mais o compostelán Festiclown.

- M.B., “A revelación en Cangas”, *A Nosa Terra*, nº 1.228, “Fin de semana”, 22-28 xuño 2006, p. 32.

Destácase a aposta polas compañías internacionais e polo espectáculo de rúa na edición vinte e tres da Mostra Internacional de Teatro Cómico de Cangas. Infórmase da existencia de representacións dedicadas aos rapaces, como o espectáculo *O Trebón* de Viravolta e Os

Quinquilláns ou a posta en escena, tamén polo mesmo grupo, de *Moby Dick*. A seguir, ademais de lembrar a presenza de Leo Bassi, do grupo luso Circolando e da compañía de Teatro de Residuos Chiche Viejo, que levarán a escena *La Revelación*, *Charanga* e *La Atlántida* e *El Dorado*, respectivamente. Menciónase que ao mesmo tempo que teñen lugar as representacións tamén terán lugar na rúa diferentes espectáculos a cargo das compañías Os Colombaíños e Compañía de Mar Gómes, entre outras. Saliéntase que, en total, serán máis de quince espectáculos ao longo de toda a semana.

- J.L.M., “A muller terá protagonismo na Mostra de Teatro de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 1 xullo 2006, p. 26.

Infórmase de diversos eventos culturais que terán lugar na vila de Cangas, como a presentación das IV Xornadas da Muller, en que participarán diversos expertos, a lectura teatral de *Monólogos da vaxina*, de Eve Ensler, que correrá a cargo da Asociación de Mulleres de Moaña. Finalmente, anúnciase a posta á venda das entradas para a Mostra de Teatro.

- MARÉ, “Cangas a gargalladas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 xullo 2006, p. 45.

Dáse conta dos diferentes espectáculos que oferta este ano a XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, en que participarán dezaoto compañías e que contará co pregón a cargo de Pedro Pablo Riobó. Destaca a posta en escena de *La Revelación*, de Leo Bassi, e tamén as actividades paralelas que terán lugar como, por exemplo, unha exposición de fotografías de Andrea Costa, “Formas de ser”, a celebración de dous cursos de teatro, ou a presentación do novo número da *Revista Galega de Teatro*.

- Tere Gradín, “Cómica, festiva e irreverente”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 467, 1 xullo 2006, p. 1.

Anúnciase o comezo da XXIII Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas en que participarán, entre outros, Leo Bassi, que representará *La Revelación*; os grupos Quinquilláns e Viravolta, coas obras *O Trebón* e *Mobby Dick*; e Circolando, que levará a escena *Charanga*. Sinálase que, tras a lectura do pregón, que correrá a cargo de Pedro Pablo Riobó, a compañía Teatro de Residuos Chiche Viejo representará a obra *La Atlántida* y *El Dorado*. Infórmase de que nos días seguintes actuarán os galegos *Os Colombaíños*, cun espectáculo do mesmo nome; o grupo murciano Alquibla, con *El día más feliz de nuestra vida*; Gorakada, con *Robin y Hood*; a compañía valenciana Mar Gómez, con *Morir no corre prisa* e *Helado al vino*; os alemáns Familie Flöz, con *Teatro Delusio*; os galegos San & San, con *Concerto Bífido*; Cachirulo, con *Camiño de aventuras*; María Marticorena representará a performance *Dejarse las uñas*; e os tamén galegos Saprísti levarán a escena *So pobre*. O festival pecharano o Grupo Trécola, con *A rúa dos Contos*, nº 8, e os madrileños Factoría Improv con *Irrepetible*. Finalmente, infórmase do gran número de actividades paralelas que se ofertan nesta edición da Mostra, como por exemplo o “Obradoiro de iniciación ao Clown”, a mostra fotográfica de Andrea Costa, “Formas de Ser”, ou a presentación na Casa da Cultura do novo número da *Revista Galega de Teatro*.

- Estela Veloso, “A compañía uruguaia Teatro de Residuos levanta o telón da Mostra de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 3 xullo 2006, p. 16.

Anúnciase que a compañía Teatro de Residuos Chiche Viejo de Uruguai inaugurará, logo da lectura do pregón, a XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, coa obra *La Atlántida y El Dorado*, baixo a dirección de Alberto Rivero. Así mesmo, infórmase da actuación do grupo Os Quintilláns-Viravolta, que levará a escena o obradoiro-espectáculo *O Trebón* e tamén *Moby Dick*, esta última con títeres.

- Cecilia Martínez, “Cangas, capital del teatro cómico”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo/Cangas”, 4 xullo 2006, p. 21.

Pásase revista ás diferentes representacións que tiveron lugar na xornada inaugural da XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, organizada pola Asociación Xiria, e anúnciase para o segundo día as postas en escena de *Os Colombaños* e *El día más feliz de nuestra vida*. Menciónase que a Asociación Xiria se solidarizou coa agrupación promotora do Festival Manicómicos da Coruña, debido a que esta recibiu ameazas pola representación que realizará Leo Bassi da súa obra *La Revelación*, que tamén efectuará na Mostra de Cangas.

- Estela Veloso, “Leo Bassi. ‘Mi espectáculo aborda con palabras sencillas cosas esenciales en la vida’”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 6 xullo 2006, p. 19.

Entrevista ao actor e cómico italiano Leo Bassi, que participará na XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas co seu espectáculo *La Revelación*, onde se realiza un profundo ataque contra a Igrexa Católica e unha defensa do laicismo e a razón. Bassi afirma que se trata do seu espectáculo máis intimista e persoal e achega a súa opinión sobre as ameazas que recibiron as organizacións dos diferentes festivais que o contrataron.

- Marta Rivero, “A tutti teatro”, *Faro de Vigo*, “Visado”, nº 217, “Existencias limitadas”, 7 xullo 2006, p. 56.

Repásanse os diferentes actos que terán lugar no cadro da XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas como, por exemplo, a actuación da compañía teatral Circolando, que realizará unha charanga ou a posta en escena, á mesma hora, dun espectáculo baseado na ausencia de diálogos e no uso de máscaras, a cargo da compañía Familie Flöz. Tamén se alude ao espectáculo baseado en sketches que realizará a compañía San & San e ás actuacións dos grupos Sapristi e Factoria Improv. Menciónase a seguir que Cachirulo e Trécola realizarán espectáculos infantís.

- Estela Veloso, “Un espectáculo portugués e outro alemán na oferta da Mostra de Teatro”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 7 xullo 2006, p. 16.

Descríbense os diferentes espectáculos que terán lugar na recta final da XXIII Mostra de Teatro de Cangas. Comézase coa mención do grupo portugués Circolando, que porá en escena *Charanga* na Alameda Nova; á mesma hora, no Auditorio Municipal, terá lugar a representación de Teatro Delusio con marionetas, a cargo da compañía alemá Familie Flöz. Finalmente, anúnciase que, na discoteca Moulin Rouge, San and San porá en marcha o espectáculo baseado en sketches, *Concerto bífido*.

- Camilo Franco, “Os festivais de teatro chaman polos espectadores”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 168, “Teatro”, 8 xullo 2006, p. 2.

Realízase un repaso dos festivais de teatro sinalando, en primeiro lugar, que en Galicia a maioría destes eventos está inclinado á comedia e que hai unha maior asistencia de público aos festivais que ás salas de teatro. A seguir, menciónanse a Mostra de Teatro de Cangas, o Manicómicos da Coruña, a Mostra de Ribadavia e o Festiclown en Compostela. Chámase a atención sobre o feito de que, cada vez mais, neste tipo de eventos inclúense figuras de moita sona, como por exemplo Leo Bassi, que participará en varias mostras en Galicia; Faemino y Cansado; ou Pepe Viyuela. Sinálase que, na Mostra de Teatro de Cangas, recuperarase unha das súas características históricas, a rúa, e contará tamén cunha gran oferta de compañías sudamericanas. A continuación, descríbese brevemente o Manicómicos, Festiclown e En pé de pedra.

- Estela Veloso, “La Mostra premia a Manuel Vieites, director de la Escola de Arte Dramático”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 9 xullo 2006, p. 18.

Dáse conta do programa da última xornada da XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, en que o grupo Trécola porá en escena *A rúa dos contos nº 8* e Factoría Improv representará *Irrepetible*. Tamén terá lugar a entrega o premio Xiria a Manuel F. Vieites, polo seu traballo a favor do teatro. A continuación descríbese o programa que se seguiu na fin de semana.

- Vanesa Sotelo, “Entre o riso e a acción”, *Revista Galega de Teatro*, nº 48, “Festivais”, outono 2006, pp. 12-14.

Repaso da XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, celebrada do 3 ao 9 de xullo de 2006. Destácase o éxito de convocatoria e a variedade do programa, que incluía, entre outros espectáculos, teatro infantil e de rúa, e performances. Detalla que quince foron as compañías participantes, chegadas de lugares coma Uruguai, Portugal, Alemaña, País Vasco, Madrid e Murcia, que se combinaron con compañías galegas e con espectáculos individuais. A lectura do pregón, segundo se apunta, foi realizada por Pedro Pablo Riobó, profesor e director de teatro; neste sentido, faise unha alusión breve á mensaxe do seu discurso. A seguir, iníciase un repaso por algúns dos espectáculos que integraron a Mostra, comentando datos como o da compañía que estaba a cargo da representación e resumindo algúns trazos da posta en escena. Finalízase informando de que na última xornada se entregou o Premio Xiria ao Labor Teatral, que nesta edición recaeu en Manuel F. Vieites.

Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”

Ciclo teatral organizado dende o mes de novembro do ano 2000 pola Concellaría de Cultura de Ferrol, en colaboración coa Asociación Max de Teatro, co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. A participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro afeccionados da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. Cada unha das súas tempadas desenvólvese entre os meses de novembro e marzo. A tempada 2006 contou fundamentalmente con grupos locais, aínda que tamén se convidou a participar a compañías

de diferentes puntos de Galicia. De novembro a marzo participaron: Metátese, con *Peirao 2.434*; Trangallada Teatro, con *O Principiño viaxa polo espacio*; Bolaván Teatro, con *Femenino Plural*; Metátase, con *No mundo megaguai*; Teatro Fume, con *Hoy cenamos con Macumba*; Aperta, con *Anoréxicas*; Longorio Teatro, con *Niebla en el bigote*; Teatro do Improvisto, con *Non é tan fácil*; Ti e máis eu, con *As mendigas*; Candelexas, con *Entremeses des...variados*; Os amigos, con *Bajarse al moro*; Quemainten, coa adaptación de textos de Albertos Miralles; *Tal Cual*, Oquetiqueiras, con *O caso do cadáver asesinado*; e Ad Libitum, con *Retrato da baronesa Von Pfeifer*. A compañía coruñesa Gels Angels, coa peza *Gells Angels*, abriu en setembro a nova etapa enmarcada na sexta tempada do ciclo teatro afeccionado organizado pola área de Cultura do Concello de Ferrol. No mes de outubro tamén contou cos grupos de teatro O Galo, coa obra *A lúa vai e carvela*; Arruallo Teatro, con *Sogras bárbaras*; A Pombiña, con *A pousadeira*; Sat Monela, con *Un mal día*; Longorio, con *El crimen al alcance de la clase media*; ou Saraiba, con *Diez negritos*. Para rematar, de novembro a decembro tiveron lugar as actuacións de Teatro de Cámara Ditea, con *Melocotón en almíbar*; Teatro de Luzada, con *O testamento do tío Lele*; Muradana, con *Perdendo o fío*; Teatro do Improvisto, con *Cando Harry atopou a Sally*; o grupo de teatro Amistade, con *Non busques tres pés ao alcalde*; Teatro Aforo, con *En alta mar*; e Barboleta, con *Así aman los dioses*.

Referencias varias:

- M.J.R., “Las compañías aficionadas congregan al doble de gente que las profesionales”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol Ciudad”, 4 xaneiro 2006, p. 10.

Infórmase de que os douscentos corenta asistentes ao ciclo de teatro afeccionado que se desenvolve no Centro Cívico de Caranza supoñen máis do dobre dos que acoden a ver as representacións profesionais que teñen lugar no Torrente Ballester, se ben se espera que o maior aforo do teatro Jofre equilibre un tanto a situación. Finalmente, aclárase que debido á excelente acollida do público, o concello manterá os “Domingos a escena”, que se retomarán o próximo día 15 de xaneiro até o 9 de abril, con obras de compañías ferrolás e do resto da comunidade.

- M. Mayoral, “El teatro aficionado regresa a Caranza”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 6 outubro 2006, p. 12.

Anúnciase a apertura do ciclo “Domingos a escena”, a cargo do grupo Metátese, de Palas de Rei, que presentará a obra *Peirao 2.434*. Logo referir brevemente a traxectoria deste grupo, dáse conta dos nomes das numerosas compañías participantes no ciclo. Saliéntase, ademais, a fidelidade do público de Caranza, afirmando que, segundo os datos de asistencia, o teatro afeccionado move o dobre de xente có profesional na comarca ferrolá.

Carballiño, IIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción, en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións do IGAEM, Caixanova e Caja Madrid. Esta edición de 2006 tivo lugar entre os días 4 e 8 de setembro, en sesenta locais cedidos polos comerciantes do

Carballiño, e no Auditorio carballiñés. Ademais, un xurado de cinco membros galardoou os actores Toño Casais e Mónica García, que forman parte do elenco de *Esperando a Godot*, de Talía Teatro. Participaron as compañías La imagina Machina, con *A viaxe de Efi*; Sarabela Teatro, c' *O heroe*; A Factoría, c' *Os homes só contan até tres*; Talía, con *Esperando a Godot*; e Teatro do Atlántico, con *Memoria do 36*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O Carballiño repasa a temporada”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 1 setembro 2006, p. 16.

Descríbense de forma detallada as cinco representacións que terán lugar no Festival do Teatro Galego do Carballiño: *A viaxe de Efi*, pola compañía La Imagina Machina; *O heroe*, por Sarabela; *Os homes só contan ata tres*, por A Factoría; *Esperando a Godot*, por Talía; e *Memoria do 36*, por Teatro Atlántico.

- E.P., “Festival de Teatro galego no Carballiño”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 setembro 2006, p. 34.

Breve nota de anuncio do FETEGA. Dise que o festival comezará o 8 de setembro coa obra *A viaxe de Efi*, de La Imagina Machina, e que actuarán, ademais, Sarabela Teatro, c' *O Heroe*; Factoría, c' *Os homes só contan até tres*; Talía Teatro, con *Esperando a Godot*; e Teatro do Atlántico, con *Memoria do 36*.

- X.A.R., “El público del ‘Festival de Teatro Galego’ de Carballiño podrá premiar el mejor montaje”, *La Región*, “Ourense”, 1 setembro 2006, p. 10.

Comeza anunciando o comezo do Festival de Teatro Galego do Carballiño, en que participarán cinco compañías e que será organizado pola compañía local Nove-Dous, coordinada por Jouse García, que destaca que nesta edición se implicará máis ao público, facendo que vote á saída dos diferentes espectáculos para premiar a mellor obra. Indícase que un xurado decidirá quen son o mellor actor e actriz. Logo de dar a coñecer o programa de actuacións, menciónase que o comercio local dobrou o seu apoio económico con respecto á edición pasada e que a última función do Festival será de balde.

- LR, “La ciudad suma su segunda compañía al circuito profesional de teatro: ‘La imagina machina’”, *La Región*, “Ourense”, 2 setembro 2006, p. 10.

Anúnciase a creación dunha nova compañía profesional de teatro, que leva por nome Imagina Machina e que comezará a súa andaina cunha peza dirixida á infancia, *A viaxe de Efi*, no Carballiño. Explícase que é a cuarta de carácter profesional da provincia de Ourense e, ademais de nomear os integrantes, sinalase que na súa primeira peza mestura a música co teatro e as imaxes en tres dimensións.

- LR, “Los niños llevan a los padres al teatro”, *La Región*, “Carballiño”, 5 setembro 2006, p. 17.

Anúnciase o comezo do Festival do Teatro Galego do Carballiño cunha peza dirixida á infancia de Imagina Machina, *A viaxe de Efi*. Recóllense as declaracións de Suso Díaz, director desta compañía que acaba de comezar, quen explica que a maior parte dos integrantes traballaron antes en Sarabela Teatro e que a historia que levan a escena é circular, na que o protagonista é unha mosca e coa que se fai unha defensa da diferenza, a modernidade e a solidariedade. Péchase a noticia co anuncio de que serán cinco as pezas que participarán no festival e en cadro á parte adiántase que Sarabela Teatro estará presente con *O Heroe*, de Manuel Rivas.

- LR, “Un viaje a los años 60 de la mano de Sarabela”, *La Región*, “Carballiño”, 6 setembro 2006, p. 18.

Alúdese á posta en escena de *O Héroe* de Manuel Rivas, pola compañía Sarabela Teatro, dentro do Festival do Teatro Galego do Carballiño. Sinálase que se trata dun drama ambientado nos anos 1963 e 1964, en que se recrea a época franquista que viviron moitos dos espectadores que asisten. Recóllese o programa para a xornada de hoxe.

- LR, “Factoría Teatro busca la cara cómica del drama”, *La Región*, “Carballiño”, 7 setembro 2006, p. 20.

Dáse conta da posta en escena pola compañía Factoría Teatro, dentro do Festival de Teatro Galego do Carballiño, de *Os homes so contan ata tres*, escrita por Antón Lopo, dirixida por Cristina Domínguez e galardoada co Premio Álvaro Cunqueiro 2004. Analízase o argumento e achéganse diversos datos sobre a peza, entre estes que nalgunha das vinte e sete escenas se empregan medios audiovisuais. Conclúese detallando as estreias da xornada.

- L.R., “Talía Teatro ahonda en la angustia de vivir”, *La Región*, “Carballiño”, 8 setembro 2006, p. 20.

Infórmase de que a compañía Talía Teatro presentou no Festival do Teatro Galego do Carballiño a obra *Esperando a Godot*. Indícase que esta peza é referencia do teatro do absurdo e que a mediados dos 50 marcou un antes e un despois na escena contemporánea. Segundo se explica, a representación tivo lugar no penúltimo día do Festival e a acollida do público foi moi boa. Destácase, ademais, que os organizadores do ciclo están moi satisfeitos co modo en que este está a decorrer. En espazo á parte, detállase o programa de actos previsto.

- LR, “La semana de teatro en Carballiño batió récord de asistencia con un millar de espectadores”, *La Región*, “Carballiño”, 9 setembro 2006, p. 19.

Comézase salientando o gran éxito de público da presente edición do Festival do Teatro Galego do Carballiño, en que se superou o millar de espectadores. Destácase que o gran éxito se debeu á excelente programación e anúnciase que non haberá déficit ao remate. Conclúese facendo mención á posta en escena da obra *Memoria do 36*, a cargo do grupo de Teatro Atlántico.

- LR, “Carballiño premia la obra de La Imagina Machina como el mejor espectáculo teatral”, *La Región*, “Provincia”, 10 setembro 2006, p. 21.

Recóllese a nómina dos galardoados cos premios do Festival de Teatro Galego do Carballiño: a compañía La Imagina Machina, co espectáculo *A viaxe de Efi*, e os actores Toño Casais (Talia Teatro) e Mónica García (Factoría Teatro). Infórmase a seguir da composición do xurado e recóllense as opinións dalgún dos seus membros, así como tamén dos homenaxeados.

Carballiño, Outono teatral do

Despois da desaparición en 2000 do Festival do Teatro Galego que durante quince anos levaba organizando a Asociación Cultural Orballo, o Concello do Carballiño realizou durante dúas edicións unhas xornadas de teatro de rúa, que no ano 2002 deron lugar ao “Outono Teatral”, o que o Concello carballiñés aproveitou para a súa entrada na Rede Galega de Teatros e Auditorios. No ano 2006 tiveron lugar catro representacións, entre o 3 e o 24 de novembro, no Auditorio Municipal cun prezo da entrada de 4 euros, e 2 euros para os menores de dezaseis anos. As compañías que puxeron as súas pezas en escena foron: Sarabela Teatro, con *Macbeth*; Teatro de Ningures, con *Tartufo*; Teatro do Atlántico, con *A raíña da beleza de Leenane*; e, para o público infantil, Títeres Cascanueces, con *O astrólogo, María e a pócima marabillosa*.

Referencias varias:

- X.A.R., “Cuatro compañías de Galicia protagonizan el ‘Outono Teatral’ en la villa carballinesa”, *La Región*, “Carballiño”, 31 outubro 2006, p. 17.

Enuméranse as compañías que presentarán os seus espectáculos no “Outono Teatral”, e indícase o prezo das entradas para adultos e para nenos.

Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Ciclo de performances

Organizado polo Centro Galego de Arte Contemporáneo, tivo lugar durante todos os mércores do mes de agosto no parque de Bonaval de Santiago de Compostela. Acolleu os traballos de Nieves Correa, Mar Caldas, Rita Rodríguez, Davide Salvado e As Tres Marías.

Referencias varias:

- F.P.L., “O CGAC leva a arte a Bonaval”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 maio 2006, p. 36.

Logo de anunciar varias iniciativas organizadas polo CGAC para a programación de verán, presentadas polo seu director, Manuel Oliveira, faise referencia ao ciclo de performances que terá lugar en agosto. Menciónanse, ademais, os participantes neste evento.

- Nacho Mirás, “Lo bueno de la vida no se vende”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 31 agosto 2006, p. 38.

Dáse conta da presentación dunha performance de 3Marías no parque de Bonaval de Santiago de Compostela e, ademais de recoller as palabras do director do CGAC, realízase un comentario do espectáculo.

- Ruth Lodeiro, “Davide Salvado cierra el ciclo de arte bajo el cielo”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 31 agosto 2006, p. 11.

Infórmase da clausura do ciclo de performances do CGAC, coa actuación de Davide Salvado, salientando que este presentou un espectáculo que mestura “técnica vocal con doses de provocación”. Remata aludindo ao quinto premio “Ramón Piñeiro, Facer país”, que recaeu nesta ocasión sobre o escritor Xosé Neira Vilas.

Chantada , XVIª Mostra de teatro popular

Organizada polo Centro Teatral Faro-Miño, en colaboración coa delegación de Cultura do Concello de Chantada, e dende o 2002 co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), a Confederación Estatal de Teatro Amateur (CETA) e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA). Ten como escenario a Praza do Cantón. Esta mostra iniciouse no ano 1990 coa creación do grupo Faro-Miño e a edición de 2006 tivo lugar entre o 22 e o 25 de agosto. Os grupos participantes foron: Faladoiro, con *Allá no es como acá*; o Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con *A casa de Bernarda Alba*; Faro-Miño con *Ora Pronovis*; e Nove-Dous, con *Ondas*.

“Comediatrium”, I Festival de Teatro Afeccionado de Cedeira

Organizado en 2006 por primeira vez polo Concello de Cedeira, tivo lugar no mes de decembro e continuou durante xaneiro de 2007. Participou en 2006 o grupo Teatro Artesán, de Sada, con *O Pazo*.

Concello de Sada, II Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado por primeira vez pola Concellaría de Mocidade, Cultura e Deportes do Concello de Sada e apadriñada polo dramaturgo Manuel Lourenzo para celebrar o Día Mundial do Teatro, tivo como escenario o auditorio da Casa de Cultura “Pintor Llorens” e foi inaugurada o día 17 de marzo de 2005. Ademais de diversas actividades como obradoiros e coloquios, a mostra contou coas actuacións dos alumnos do Estudo de Teatro Casahamlet e das compañías profesionais Tirinautas, con *Ensalada de mosquito*; Lembranzas, Teatro Artesano, con *A verdadeira historia de Estoraque o indiano*; Estragón, con *Farsas del siglo de oro*, e Patatín Patatán. Na edición de 2006, a Mostra contou con grupos procedentes de As Pontes, A Coruña, Vigo, e Euskadi, ademais dos sadenses. Entre os organizadores estivo Oswaldo Digón Alba e o éxito de público foi notábel.

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Más de mil personas en la II ‘Mostra de Teatro’”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya Mariñana”, 4 abril 2006, p. 12.

Salienta o éxito da II Mostra de Teatro Afeccionado de Sada e a calidade dos grupos participantes, chegados das Pontes, A Coruña, Vigo, Euskadi, ademais dos sadenses. Felicita os organizadores, en especial a Oswaldo Digón Alba, e afirma que foron máis de mil os asistentes.

Cultura Circula, A

Proposta cultural promovida pola Consellaría de Cultura e Innovación e pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que se presenta este ano por primeira vez. Trátase dun programa de espectáculos e actividades dirixido a todos os públicos que percorrerá diferentes lugares da xeografía galega: Poio, Ourense, Boiro, Porriño, Ribadeo e Culleredo. Esta iniciativa inclúe música, circo, teatro, creación audiovisual, propostas educativas e obradoiros. O programa teatral inclúe os seguintes actos e colectivos: o espectáculo *Tentacular*, coordinado pola compañía de teatro Chévere, que conta con Tristanas; o colectivo Pista Catro, que presenta o espectáculo de rúa *Artrix*; Bucanero Teatro, con *Piratadas*; a compañía Berrobambán Teatro; o dúo cómico Mofa e Befá; e os cómicos Magical Brothers, San e San, Paula Carballeira, Chique Pereira e Carlos Meixide, entre outros.

Referencias varias:

- M.A.C., “Música, teatro, circo, audiovisual y talleres centrarán el fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, “Poio comarca”, 4 maio 2006, p. 12.

Recóllese a presentación do programa de espectáculos “A Cultura Circula” e coméntanse as actividades para todos os públicos que terán lugar durante o mes de maio en Poio. Entre estas salientanse a música, o teatro e o “Circo Lar”.

- Clara Valencia, “Unha procesión do máis divertida”, *Diario de Arousa*, 6 maio 2006, p. 56.

Resumo do espectáculo *Artrix*, organizado polo colectivo Pista Catro dentro do programa itinerante “A Cultura Circula”, que se levou a cabo polas rúas de Vilagarcía contando coa participación do público asistente.

- MARÉ, “Adeus ó caciquismo ‘pailán’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, maio 2006, p. 356.

Infórmase da nova proposta da Consellaría de Cultura, que consiste no programa “A Cultura Circula”, formado po catrocentos artistas que actuarán en sete bisbarras galegas. Dáse conta das datas das actuacións que terán lugar entre o día 1 e o 4 de xuño.

- M.D., “La diversión sigue su ruta por Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, 8 maio 2006, p. 9.

Infórmase das distintas actividades da programación “A Cultura Circula” en Lugo, salientando “Circo Lar”, proposta realizada pola compañía Berrobambán Teatro. Alúdese, ademais, ao traslado deste programa, que conta con actuacións musicais e coa compañía de teatro Chévere, á Mariña Lucense, Ribadeo, Viveiro e Burela.

- Ana Carpintero, “A cultura circula’ trae a O Porriño conciertos, teatro y obradoiros”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 19 maio 2006, p. 22.

Anúnciase que a carpa itinerante multidisciplinar de A Cultura Circula acaba de ser instalada no Polígono de Torneiros, no Porriño, onde ademais de realizar diversos obradoiros, porase en escena o espectáculo *Tentacular*, dirixido pola compañía Chévere, e tamén actuarán Mofa e Befá, Quico Cadaval, Mercedes Peón, Berrogieto e o colectivo Pista Catro.

- Ángel Varela, “De Mofa e Befá a Rachid Taha”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 19 maio 2006, p. 2.

Repásanse as diferentes actividades que se levarán a cabo no Porriño e Boiro no cadro da programación “A Cultura Circula”. No tocante ao teatro, tanto en Boiro como en Porriño estarán convidados o dúo cómico Mofa e Befá dentro do espectáculo *Tentacular*, coordinado polo grupo Chévere.

- Anxo Boente, “La carpa porriñesa de A Cultura Circula acoge la Mostra de Oralidade”, *Atlántico Diario*, “Condado/Louriña”, 21 maio 2006, p. 20.

Coméntase que varios escolares participaron na I Mostra da Oralidade, organizada pola asociación “Ponte... nas ondas”, dentro da programación da carpa situada en Porriño polo ciclo itinerante “A Cultura Circula”.

- Teatro do Adro, “A cultura circula. Atropelando a cultura?”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 maio 2006, p. 44.

Con motivo da chegada a Boiro da carpa do Festival itinerante do festival multidisciplinar “A Cultura Circula”, dependente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, reflexiónase sobre a necesidade de promover unha axenda estábel de eventos culturais para facilitar que os cidadáns creen hábitos regulares, xa que os grandes eventos prodúcense en contadas ocasións.

- Albino Mallo, “Final de festa tentacular”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 maio 2006, p. 42.

Alúdese ao remate deste ciclo de espectáculos teatrais, musicais e circenses despois dun mes de xira. Recóllense as palabras da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, salientando os bos resultados obtidos e anunciando que se repetirán o vindeiro ano. Remátase lembrando as diversas actividades que terán lugar nesta semana final, entre elas, o teatro *Tentacular* coa colaboración de Pista Catro, Bandabaliza, os cómicos galegos Magical Brothers, con *Macarrónica*, e Carlos Meixide, c”*O sobrado de Abadín*.

- Axencias/A.M., “A Cultura Circula’ concluirá en Culleredo nesta fin de semana”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 30 maio 2006, p. 67.

Infórmase do remate do festival “A Cultura Circula”, que ten a súa última parada no municipio de Culleredo. Segundo a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, esta iniciativa pretende converterse no primeiro Festival Itinerante de Europa, co obxectivo de achegar a cultura a toda a cidadanía. Finalmente, faise alusión ás actividades propostas para estes últimos días.

- Iris Montero, “Sacristán critica que la Xunta no financió en dieciséis años ningún espectáculo cultural”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña. Área Metropolitana”, 30 maio 2006, p. 20.

Recóllense, en primeiro lugar, as críticas do alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, á política cultural do anterior goberno, xa que, segundo indica, nunca financiou ningún espectáculo artístico dentro do municipio. A seguir refírese a programación para a primeira semana de xuño de “A Cultura Circula” en Culleredo.

- Á.V., “Gran final de festa de A cultura circula”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 2 xuño 2006, p. 3.

Nota en que se anuncia a clausura do Festival itinerante A Cultura Circula en Culleredo, con diversas actuacións musicais e teatrais, entre as que destaca o espectáculo teatral *Tentacular*, coordinado polo grupo Chévere e en que colaborarán Luis Tosar e Goldi. Así mesmo, achégase o horario dos diferentes espectáculos que terán lugar.

D’Gorra, Festival de Artistas de Rúa

Organizado polo colectivo Pistacatro coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, tivo lugar nas rúas e prazas desta cidade entre o 13 e o 27 de agosto, acollendo cento dez espectáculos realizados polas vinte e seis compañías participantes. Contou, ademais, con tres talleres de circo, paso previo á futura creación dunha Escola Municipal de Circo. Nesta edición, participaron vinte e unha compañías galegas, que ofreceron espectáculos de teatro, circo, danza, clown, cabaré e pintura.

Referencias varias:

- MARÉ, “D’Gorra: acrobacias e circo en Santiago”, *Galicia Hoxe*, “Maré hoxe”, 14 agosto 2006, p. 14.

Dáse conta da inauguración do Festival D’Gorra, organizado por Pista Catro en Compostela, coa posta en escena de *A vida tola*, da artista clown “Pajarito”. A seguir, menciónanse os espectáculos máis importantes, como por exemplo o *Show de Lupo* ou “O retrete de Dorian Grey”.

- Patricia Castellano, “Cando a noite cae nas rúas de Compostela”, *Galicia Hoxe*, “Verán”, 29 agosto 2006, p. 16.

Repásanse os festivais que tiveron lugar en Santiago de Compostela ao longo do mes de agosto, como “Música na rúa”, dedicado nesta ocasión á música tradicional galega, o Festival de jazz “Feitoamán 06” e o Festival D’Gorra, que se clausurou nesta edición coa posta en escena de *The Three style*, onde se mesturan malabarismos con danzas estrambóticas e con moito humor.

Dentro, ciclo de performances de Antón Lopo e Iván Prado

Acompañando a exposición-instalación inaugurada no mes de maio na Casa da Parra compostelá e resultante do proxecto poético “Dentro”, inicialmente consistente no experimental traballo corporal e colectivo de varios autores nun lameiro da Ulloa, baixo a dirección do artista multidisciplinar Antón Lopo, tiveron lugar ao longo do verán tres performances de rúa, tituladas *Campo de minas*, *Co ceo ás costas* e *Debaixo das pálpebras*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Dentro”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí”, 19 maio 2006, p. 9.

Breve comentario sobre a investigación poética de Lopo, en que se sinala a existencia de tres espazos na exposición *Dentro*: documental, fotográfico e unha peza específica. Faise referencia á “Hipótese de Portocarreiro”, de que parte a creación do artista.

- MARÉ, “A outra forma de mirar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xuño 2006, p. 44.

O titular fai alusión á performance que os artistas Iván Prado e Antón Lopo levaron a cabo nas rúas de Compostela empregando como único instrumento un espello de grandes dimensións. Esta actividade, titulada “Co ceo a costas”, é a primeira dun ciclo incluído na exposición *Dentro*, de Antón Lopo, que se exhibe na Casa da Parra; e supón o terceiro traballo xuntos destes dous artistas.

- Antón Taboada, “Natureza sentida”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Arte para non perder”, 25 xuño 2006, p. 21.

Análise da exposición realizada por Antón Lopo na Casa da Parra no momento en que se publica o artigo. Segundo o cronista deste artigo, a exposición pretende que o visitante se integre coa natureza a través do contacto con esta por medio dos distintos sentidos. Considérase que o sentido do olfacto é fundamental na exposición porque se utiliza o olor a herba para provocar a sensación de estar situados na propia natureza, pero tamén a vista e o oído, sentido necesario para coñecer os distintos poemas que se presentan nesta exposición.

- MARÉ, “As luces recobradas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xullo 2006, p. 37.

Dise que Antón Lopo, Braulio Vilariño, Ugia Pedreira e Margarita Fernández percorreron Compostela con 5 vacas para cerrar a exposición “Dentro”, do propio Lopo. Ademais deste percorrido, a performance veuse engrandecida grazas ás pequenas actuacións dos artistas alí presentes.

- MARÉ, “A sintaxe da violencia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 agosto 2006, p. 36.

Alúdese á performance titulada *Campo de minas*, realizada por Antón Lopo e Iván Prado entre a praza do Toural e a Quintana de mortos, como complemento da exposición “Dentro”. Recóllense tamén as palabras de Lopo sobre este traballo, quen afirma que “o mundo parece perturbado por unha salvaxe necesidade de autodestrución” e remata referíndose ás tres partes que compoñen a instalación da Casa da Parra.

Teatro Ensalle

Sala viguesa que presenta unha programación que inclúe obras teatrais, danza e música, así como actividades de formación. Esta sala organiza, ademais, o Encontro de Teatro e Danza “Isto Ferve”. En canto ao teatro, actuaron neste local en 2006 as compañías galegas Teatro D2, con *Figurantes*; Teatro Ensalle, con *Te has perdido el mar*; e o grupo de alumnos da escola desta sala, con *Sangre verde*. A sala acolleu tamén a montaxe *Vol.num.uno*, de Lucier (Galicia-Cataluña).

Referencias varias:

- Amalia Mauleón, “Teatro Ensalle comienza el año con una apuesta fuerte por la danza”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 8 xaneiro 2006, p. 9.

Analízase a programación da sala de teatro alternativo de Vigo Teatro Ensalle para o primeiro trimestre do ano indicando, en primeiro lugar, que se prestará unha especial atención á danza contemporánea. A seguir, logo de citar as principais representacións que se realizarán, como por exemplo *Una ciudad de locos*, pola compañía Pantomima Big-Band, recóllense as palabras do director do teatro en que solicita apoio municipal para o II Festival “Isto Ferve”, que é un encontro entre a danza e o teatro galego.

- J.D.C., “El Teatro Ensalle incluye música y danza en el programa del segundo trimestre”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 abril 2006, p. 14.

Comézase informando da posta en escena de *Que me quiten lo bailado*, pola compañía madrileña Factoría Teatro, con que se inaugurou a programación do segundo trimestre do ano, que finalizará con *Aliados*, da compañía La Gotera. Ademais de dar información sobre as actuacións máis representativas, tamén se sinala que terá lugar o festival de teatro e danza “Isto Ferve”, que inaugurará a compañía Lucier, con *Vol.num.uno*.

Feira das Artes Escénicas de Galicia

Celebrada con regularidade dende o ano 1997, en que se celebrou a súa quinta edición despois de tres anos sen se convocar, está organizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e coordinada por Rubén García. Lévese a cabo en Santiago de Compostela e por primeira vez no ano 2001 foi incluída na Coordinadora de Feiras de Teatro

do Estado Español. Este evento aspira a se converter nunha canle para a distribución dos espectáculos e a el asisten programadores, produtores e distribuidores teatrais de toda a Península. Teatro de actor para nenos e adultos, títeres e danza son os xéneros escénicos representados no cartel desta edición de 2006. A súa décimo cuarta edición celebrouse entre o 13 e o 17 de xuño, contando con vinte e sete compañías (vinte e unha galegas) e cento cincuenta programadores, distribuidores e axentes culturais. Tivo como escenarios as salas Yago, Salón Teatro, Teatro Galán, Nasa e Teatro Principal, a que se sumaron nesta edición o Auditorio de Galicia e A Chokolataría. Ofreceron os seus espectáculos as seguintes compañías galegas: A Factoría Teatro, c' *Os homes só contan até tres*; Áncora Producións, con *Final de película*; Lagarta Lagarta, con *Carambola*; Ricardo Barreiro, con *Merda*; Sapristi, con *So sobre*; Sarabela Teatro, c' *O heroe*; Teatro do Aquí, coa *Ópera de a patacón*; Talía Teatro, con *Esperando a Godot*; Teatro Galileo, c' *O avaro*; Teatro de Ningures, con *Misericordia*; Teatro do Atlántico, con *A raíña da beleza de Leenane*; e Teatro do Noroeste, con *A casa do pai*. Ademais, actuaron Eme2-Colectivo Ludd, con *Census, o soño do enumerador*; A Última Rata, con *Opera off*; Teatro D2, con *Figurantes*; e Teatro Ensalle, con *Oco*. En canto ao teatro destinado a público infantil, ofrecéronse os espectáculos *O libro da selva*, de Títeres Cachirulo e *Tic Tac, sons dunha nave*, de Teatro Buratini.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Los mensajes escénicos buscan el aire libre”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, “En Portada”, 4 xuño 2006, p. 3.

Faise referencia a diversos eventos que terán lugar durante o verán en Galicia, entre os que se encontran a Mostra de Teatro de Ribadavia, a Feira do Teatro (Feira das Artes Escénicas de Galicia), o festival de danza En Pé de Pedra, a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, o Festival de Cee e mais o compostelán Festiclown.

- Camilo Franco, “A Feira do Teatro cambia de nome para ampliar os seus contidos e xéneros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 6 xuño 2006, p. 51.

Ademais de informar do cambio de nome da Feira do Teatro Galego por Feira das Artes Escénicas de Galicia, para dar cabida á danza e a outros espectáculos multidisciplinares, recóllense as palabras de Víctor Carbajales, director da Feira, en que afirma que unha das innovacións desta edición é a incorporación do teatro portugués ao programa de actuacións e que tamén se lle prestará especial atención á produción de teatro contemporáneo galego, coa posta en escena de dous textos premiados de Antón Lopo e Gustavo Pernas. A seguir, coméntase diversos detalles técnicos, como o reparto das principais compañías que participan.

- EFE, “O gran mercado do teatro galego”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 xuño 2006, p. 64.

Infórmase da presentación da XIV Feira das Artes Escénicas de Galicia, en que participarán vinte e sete compañías e cento cincuenta programadores, axentes culturais acreditados e distribuidores. Xustifícase o cambio de nome debido a que, nesta edición, tamén ten cabida a danza. Apúntase que o obxectivo principal é servir de punto de encontro entre os programadores e distribuidores peninsulares e as compañías galegas. A continuación, menciónanse as principais actuacións que terán lugar e fálase tamén da exposición *O*

escenario da ilusión, que ten lugar na Fundación Gonzalo Torrente Ballester, sede da Feira. Para concluír, faise referencia a que na páxina web www.feiradasartescenicadas.com aparece o programa completo.

- C.Villar, “A Xunta inclúe a danza na feira de artes escénicas este ano”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 6 xuño 2006, p. 41.

Comézase salientando que este ano o Festival de Teatro de Galicia mudou a súa denominación por Feira das Artes Escénicas de Galicia xa que, entre outras artes, inclúe no seu programa tamén a danza. Saliéntase que na presente edición actuarán vinte e sete compañías, e que o obxectivo será o de facilitar o encontro de distribuidores e programadores de toda a península coa oferta da comunidade para posibilitar contratacións dos espectáculos. Danse a coñecer diversos detalles do programa, entre outros, que participarán na feira Factoría Teatro, coa obra de Antón Lopo *Os homes só contan ata tres*.

- MARÉ, “Cinco días para soñar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 xuño 2006, p. 45.

Dáse conta da presentación en Compostela da XIV Feira das Artes Escénicas de Galicia en que participarán vinte e sete compañías e cento cincuenta distribuidores, axentes culturais e programadores. Ademais de mencionar os diferentes lugares onde terán lugar as representacións, saliéntase que nesta edición estarán presentes o teatro de actor, as marionetas e a danza. Entre as compañías galegas menciónase Factoría Teatro, que levará a escena *Os homes só contan até tres*, de Antón Lopo; Áncora Producións, con *Final de película*, de Gustavo Pertas; Lagarta Lagarta, con *Carambola*, de José Luís Prieto; e Sala Yago, con *Merda*, entre outras. Destácase entre os clásicos universais a representación de *Esperando a Godot*, de Samuel Becket, por Talía Teatro, ou *A casa do pai*, inspirada en *O malentendido*, de Camus.

- MARÉ, “Semana de escenarios”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 xuño 2006, p. 37.

Dáse conta do comezo da Feira das Artes Escénicas de Galicia, coa posta en escena do monólogo *Merda*, protagonizado por Ricardo de Barreiro. Destácase que participarán cento cincuenta programadores culturais encargados de elixir, entre os espectáculos ofertados polas vinte e sete compañías que participan, aqueles que incluírán nos seus repertorios. A seguir, repásanse as principais representacións que terán lugar, como *Final de película*, pola compañía Áncora Producións, ou *Os homes só cantan até tres*, escrita por Antón Lopo e representada por Factoría.

- Camilo Franco, “O Igaem quere converte a escena galega nunha industria cultural”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xuño 2006, p. 32.

Faise eco do comezo da Feira das Artes Escénicas en Compostela organizada polo IGAEM coa pretensión de poñerlle cara aos espectadores galegos. Saliéntase a intención da institución de atopar unha fórmula de relación entre compañías que supoña unha formulación diferente das axudas á creación e difusión dos espectáculos Recóllense as palabras do xerente da institución, Miguel Martín, sinalando a necesidade desta evolución buscando acadar unha industria cultural forte.

- MARÉ, “Na xornada de hoxe actúan as compañías do noso país Áncora e Última Rata”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 14 xuño 2006, p. 74.

Alúdese á segunda xornada da Feira das Artes Escénicas. Menciónanse as compañías e espectáculos que terán lugar nela, entre os que se destaca a obra infantil *Animalicos*, de G.T.V. Clowns; a montaxe *Entrañas*, de Titzina Teatre; *Teatro Delusio*, da compañía berlinesa Familie Flöz. Tamén se fai referencia á participación das compañías galegas Áncora Producións, con *Final de película*, e Última Rata, con *Ópera Off*.

- Iván Fernández, “O Igaem estuda o perfil público galego”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 15 xuño 2006, p. 85.

Faise eco do acto de presentación, dentro do marco da XV Feira das Artes Escénicas en Santiago, do proxecto de estudo que está a realizar o IGAEM para coñecer o perfil do público que asiste ás representacións do teatro galego. Infórmase da data en que se darán a coñecer estes resultados e recóllense as palabras do seu dirixente, Miguel Martín e o técnico da empresa Cidadanía, Carlos Neira, sobre a política a desenvolver neste sector. Saliéntase a necesidade dunha sistematización da información na Rede Galega de Teatros e Auditorios e o obxectivo de acadar unha maior presenza nos medios. Por último, dáse conta dos programa de actos.

- MARÉ, “Protagonismo dos elencos galegos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 15 xuño 2006, p. 74.

Infórmase de que cinco compañías galegas e unha portuguesa porán en escena as súas montaxes na XIV Fera das Artes Escénicas e Musicais de Galicia, en diferentes teatros de Santiago de Compostela. As representacións previstas son *O libro da selva*, pola compañía Títeres Cachirulo; *So sobre*, por Sapristi; *O Heroe*, por Sarabela Teatro, *Misericordia*, por Teatro de Ningures; *O avaro*, por Galileo; e *O grande criador*, pola compañía lusa Chapitô. Esta noticia publicouse tamén no xornal *La Voz de Galicia* do 15 de xuño, onde, ademais, se alude aos resultados da enquisa publicada polo Instituto galego das Artes Escénicas e Musicais sobre o público que asiste ás representacións teatrais. Eses resultados amosan que maioritariamente son mulleres de entre vinte e catro e corenta e catro anos as espectadoras teatrais.

- Camilo Franco, “Porque todo é teatro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 15 xuño 2006, p. 10.

Na primeira parte do artigo realízase unha reflexión sobre a utilidade do teatro, que segundo se indica, nace das relacións humanas da vida diaria, en que xogan un importante papel a memoria, a intelixencia e a “química da presenza”. Na seguinte parte, efectúase unha crítica teatral da posta en escena de *Final de película*, a cargo da compañía Áncora Teatro, loando o didactismo e o ben que reflexa a hipocrisía. Para finalizar, detállase o programa de actos correspondente a esa xornada.

- MARÉ, “O ecuador é galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xuño 2006, p. 43.

Infórmase de que cinco compañías galegas e unha portuguesa porán en escena as súas montaxes na XIV Fera das Artes Escénicas e Musicais de Galicia, en diferentes teatros de

Santiago de Compostela. As representacións previstas son *O libro da selva*, pola compañía Títeres Cachirulo, *So sobre*, por Saprísti; *O Heroe*, por Sarabela Teatro; *Misericordia*, por Teatro de Ningures; *O avaro*, por Galileo; e *O grande criador*, pola compañía lusa Chapitô. Esta noticia publicouse ampliada en *El Correo Gallego* o 15 de xuño.

- Camilo Franco, “O espectador tipo do teatro galego é unha muller de entre 25 e 45 anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 15 xuño 2006, p. 35.

Faise referencia á enquisa presentada na Feira das Artes Escénicas de Galicia, realizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas co obxecto de recoller datos sobre o perfil medio dos espectadores galegos de teatro. Os resultados revelan que a franxa de idade máis habitual nos patios de butacas galegos vai dos vinte e cinco aos corenta e catro anos, con preeminencia de mulleres.

- E.P., “A prol dun teatro estable”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xuño 2006, p. 42.

Fálase da presentación de ‘Escena Galega’, a Asociación de Empresas das Artes Escénicas de Galicia, no cadro da XIV Feira das Artes Escénicas que se está a celebrar en Santiago de Compostela. Dise que esta plataforma reivindica a creación dunha política teatral que outorgue estabilidade ás compañías e aos actores, fronte ás iniciativas efémeras, como a constituída pola propia Feira, que consideran insuficientes. Anótase que o vicepresidente, Manuel Rabón, fai un chamamento a que se lles unan máis compañías e anuncia a posibilidade de crear unha patronal do teatro. A seguir, anúncianse algúns espectáculos programados para a Feira, como *Tic, tac, sons dunha nave*, de Teatro Buratini, ou *A raiña da beleza de Leenane*, de Teatro do Atlántico.

- MARÉ, “Bailar tamén é soñar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xuño 2006, p. 43.

Detállase o programa da cuarta xornada da XIV Feira das Artes Escénicas de Galicia, que será integramente galego. Anúncianse as representacións de *Tic Tac, sons dunha nave*, a cargo de Teatro Buratini; *Figurantes*, de Teatro D2; *Os homes só contan até tres*, de Factoría Teatro; e *A raiña da beleza de Leenane*, de Teatro do Atlántico.

- Camilo Franco, “As compañías galegas piden un marco máis estable de traballo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 16 xuño 2006, p. 36.

Infórmase da presentación na Feira das Artes Escénicas de Galicia do colectivo Escena Galega, que está formado polo momento por trinta compañías de teatro galegas, pero pretende englobar a maioría das que traballan no país. O seu obxectivo é velar polos dereitos destas compañías, xa que até o momento non existía ningunha entidade das súas características e só se contaba coa Asociación de actores, directores e técnicos de escena. Tamén se fai referencia ao acordo entre o IGAEM e o Instituto Camões para o intercambio de programas escénicos.

- MARÉ, “Antes de baixar o pano”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xuño 2006, p. 43.

Detállanse os espectáculos que terán lugar na derradeira xornada da Feira de Teatro Internacional de Galicia: *Romeo y Julieta*, polas compañías Teatro Español e Uroc Teatro;

Oco, por Teatro Ensalle; *A Casa do pai*, por Teatro do Noroeste; a comedia *Carambola*, pola compañía Lagarta Lagarta, dirixida por Lino Braxe; e dous espectáculos de danza.

- Andrea Álvarez Pino e Inma López Silva, “Feira das Artes Escénicas 2006. Da incerteza á renovación”, *Tempos Novos*, nº 110, “Voces e culturas”, xullo 2006, pp. 66-69.

Perfílase o estado do panorama teatral galego, a propósito da XIV Feira das Artes Escénicas de Galicia. Fálase da importancia que teñen os grupos teatrais coas súas arriscadas e novidosas temáticas e postas en escena, pero tamén se valora o interese do clásico. Dise que o éxito ou fracaso dos grupos e das obras depende en gran medida da súa xestión, así como dos programas propostos.

- MARÉ, “U-la revolución cultural?”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 setembro 2006, p. 37.

Alúdese ao comunicado publicado polo colectivo Escena Galega, onde Celso Parada, o seu presidente, solicítalle ao goberno autonómico a prometida transformación do teatro galego e pídelles que presente un “proxecto global” que responda ás expectativas. No comunicado emitido polo colectivo, que engloba a mais de trinta compañías teatrais, tamén critica o sistema de subvencións e a gran descoordinación que existe na política teatral.

- Roberto Pascual, “Feira (das artes escénicas) de Galicia. Lavado de cara?”, *Revista Galega de Teatro*, nº 48, “Festivals”, outono 2006, pp. 24-27.

O autor comeza cun parágrafo introdutorio en que se refire á edición de 2006 da Feira das Artes Escénicas de Galicia, apuntando algúns datos sobre ela, como o feito de que son vinte e unha as compañías galegas que participan, que se incorporan mostras do teatro alemán catalán, español e portugués e que poucas son as novidades respecto de edicións anteriores, con excepción do pulo conferido á danza no cadro da programación, iniciativa que Pascual considera moi acertada. Neste sentido, enuméranse os grupos de danza que participan: o de Olga Cameselle, con *Cadanseu Chapeu*, Nova Galega con *Engado* e Experimenta Danza, con *Engado*, dirixida por Damián Muñoz. A continuación, o autor cuestiona a mudanza anunciada para a vindeira edición da Feira, en que se pretende que sexa a nova asociación galega de empresas das artes escénicas a que a xestione. Pregúntase Pascual se esta opción é positiva, tendo en conta que os que xestionarán a Feira serán os mesmos que optarán a compor o seu cartel. Con respecto ao decurso da edición de 2006, o autor estima que existiu un desigual nivel artístico no conxunto das propostas das compañías galegas, e refírese a algúns dos problemas da escena galega en diversas dimensións, dende a das temáticas, até a da interpretación ou a lingüística. Finaliza aludindo a algunhas das pezas en cartel para verter algúns comentarios sobre cada unha; entre todas elas, merécelle especial mención, como o “máis loubado, admirado e redondo espectáculo desta Mostra”, *Teatro Delusio*, da compañía alemá Familie Flöz.

- Víctor López Carbajales, “14ª Feira das Artes Escénicas de Galicia”, *ADE Teatro*, nº 113, “Festivals”, decembro 2006, pp. 192-196.

A décimo cuarta edición da Feira supuxo un cambio na liña programática do que até entón se denominara Feira do Teatro de Galicia. Xa dende a duodécima edición, a introdución da danza e a apertura cara a un maior número de propostas chegadas dende fora da comunidade

modificaran a concepción orixinal desta cita. López Carbajales recolle os obxectivos do evento, entre os que se atopan a necesidade de converterse nun punto de encontro para os membros da profesión teatral, a loita por lograr a exportación das mellores producións propias ao resto de España ou o desexo de atraer programadores e responsábeis de circuítos doutras zonas de fóra de Galicia. O pulo conferido á danza é un dos principais elementos diferenciadores da 14ª Feira, en que participan catro compañías vinculadas a esta rama das artes escénicas: Experiencia Danza, Nova Galega de Danza, Druída Danza e Disque Danza. Delas ofrécese unha breve recensión das súas respectivas traxectorias. No que se refire ao teatro, destácase a promoción das novas compañías nesta edición. A programación de compañías autóctonas, á súa vez, vén marcada por unha aposta pola autoría galega contemporánea. Participan, así, Sarabela Teatro, Teatro do Noroeste, Teatro de Ningures, Teatro do Aquí ou Factoría Teatro, entre outras. Como trazos negativos da Feira, apúntase a ausencia de producións para nenos, á vez que se mencionan algunhas das compañías de fóra de Galicia que tamén tomarán parte no evento. Para pechar o artigo, menciónanse as datas e o número de espectáculos que constitúen o programa da décimo cuarta edición do certame.

FestAlt06, Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

As actividades deste Festival leváronse a cabo durante cinco días, dende o 8 até o 13 de marzo, e tiveron como escenarios a praza Urzaiz, a praza de América e a praza da Independencia. O prezo para cada representación foi de 5 euros, pero tamén se podía optar por un bono de 20 euros para todos os días do Festival. Ademais das compañía barcelonesa Amaranto e Proxecto Babel de Zaragoza, con *Desde aquí y en la distancia* e *A solas*, participaron actrices, directores de escena, dramaturgos e coreógrafos que estrearon aquí as súas pezas individuais: a madrileña Alicia Gómez, con *Mantis relixiosa*; a santiaguesa Luma Gómez, con *Muller, non é para tanto*; a arxentina Viviana Figueroa, con *Rota*; Lola Correa, con *Jaque*; Pepa Plana, con *L'Atzar*; e a viguesa Mercé de Rande, con *Vou-querevento*.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “El Festival Alternativo de Teatro y Danza trae a Vigo once espectáculos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 24 febreiro 2006, p. 48.

Infórmase da programación do V Festival de Teatro Alternativo de Vigo en que colaboran, entre outras entidades, o Instituto Camões, que achegará tres compañías teatrais portuguesas: C.M., con *Caminhando*; MC4, con *Trisstesse in Blue*; e Compañía do Chapitô, con *Talvez Camoes*. Recóllense a seguir as palabras de Lola Correa, directora do Festival, quen afirma que os once espectáculos que terán lugar serán estreos.

- Ágatha de Santos, “Teatro y plástica toman prestados los escaparates”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 11 marzo 2006, p. 42.

Alúdese ás actividades paralelas do Festival de Teatro Alternativo de Vigo, como “Párate na rúa”, a performance “Un dibujo” ou “Interacción”, que perseguen achegar as artes escénicas ás persoas que non van ao teatro.

- Miguel Román, “V Festival de Teatro Alternativo”, *Atlántico Diario*, “Vigo urbano”, 11 marzo 2006, p. 44.

Anúnciase a celebración do V Festival Alternativo de Teatro ALT 2006, organizado pola Compañía Noescafé Teatro e onde colaboran, ademais do concello, o Instituto Camões. Entre os diferentes actos, destácase a posta en escena de *Casa do pai*, unha coprodución das compañías Noescafé Teatro, Teatro do Noroeste e Cámara Negra. Tamén se mencionan, entre outras, *Aur Revoir*, *triunfadores*, de Fábrica Teatro.

- Fernando Franco, “De teatro corpóreo”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, 21 marzo 2006, p. 12.

Nota en que se informa de que, no cadro do Festival Alternativo de Teatro de Vigo, o grupo catalán Amarante acaba de representar *Indignos*.

FIOT, XV Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, dende a edición de 2002 leva como título “FIOT” e as representacións teñen lugar no Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo. A edición de 2006 durou até o 1 de novembro e nela participaron as compañías galegas Sarabela Teatro, con *Macbeth*, e Teatro do Noroeste, con *Imperial: Café cantante*. Ademais, tivo lugar unha exposición fotográfica e o 20 de outubro presentouse o número 48 da *Revista Galega de Teatro*. Así mesmo, o día 27 de outubro tivo lugar o VI Certame Galego de Dramatización de Monólogos Cómicos no Pazo da Cultura de Carballo.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Quince anos de memoria”, *La Voz de Galicia*, ‘Fugas. D Teatro’, 13 outubro 2006, p. 12

Noticia que recolle a programación completa para a XV edición do Festival Internacional Outono de Teatro en Carballo, en que teñen cabida tanto os musicais e as comedias amábeis, como as revisións introspectivas ou os clásicos recentes. Saliéntase como nota dominante da programación a recuperación do pasado da época do alzamento, da Guerra Civil e da represión. Algunhas da compañías asistentes son Teatro do Noroeste, que abre o Festival con *Imperial: Café cantante*, dirixida por Eduardo Alonso; a catalana Titziana Teatre, con *Entrañas*; Sarabela Teatro, baixo a dirección de Helena Pimenta, con *Macbeth*; Teatro do Chapitô; Teatro Cachuzo, cunha versión da serie televisiva *Charlie’s Angel’s Sex*; a compañía Miguel Narros, con *Ay, Carmela*; e Tanttaka Teatrea, con *El plorido pensil*. As representacións terán lugar a partir do sábado 14 de outubro no Pazo da Cultura, ao longo de tres fins de semana consecutivos.

-EFE, “Teatro Noroeste leva o espectador ó Vigo dos 40”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 outubro 2006, p. 44.

Faise referencia á celebración do XV Festival Internacional Outono de Teatro en Carballo, salientando a representación da obra *Imperial: Café cantante*, novo espectáculo de Teatro do Noroeste que achegará o espectador ao Vigo dos anos 40. Deseguido alúdese á recepción oficial que se ofreceu aos directores participantes no XIII Congreso Nacional da Asociación de Directores de Escena (ADE). Remátase coa mención doutras actividades que acolle o Festival e da primeira das semifinais do VI Certame Galego de Dramatización de Monólogos Cómicos “Outono de Teatro”.

- M.B., “O outono de teatro bota unha ollada á guerra civil. Celébrase durante tres semanas en Carballo”, *A Nosa Terra*, nº 1.240, “Cultura”, 19-26 outubro 2006, p. 25.

Infórmase das diferentes representacións teatrais que terán lugar dentro do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo e que, nesta edición, xirarán arredor da Guerra Civil española e da posguerra. Menciónanse as obras *Imperial: café cantante*, onde Teatro do Noroeste reflicte a tensión previa á Guerra Civil; *Macbeth*, que levará a escena Sarabela Teatro, onde se representará o absurdo dos conflitos causados polas ansias de poder; *13 rosas*, de Arrieritos, que lembrará o inxusto asasinato de trece mulleres en 1939; *Hazmerreir*, de Teatro Malta, onde se repasará en clave clown os sentimentos que causan as contendas bélicas. Engádesse que se tratarán outros temas, como por exemplo o abordado na peza *O grande criador*, da compañía Chapitô, onde se fai unha reflexión sobre absurdos dilemas. Infórmase de que o festival rematará coa obra de José Sanchís Sinisterra, *Ay Carmela!*, que recrea a vida duns comediantes que tentan levar o seu espectáculo pola España da posguerra. Para concluír, anúnciase a presentación do número 48 da *Revista Galega de Teatro e adiántase*, ademais, a celebración do VI Certame Galego de Dramatizacións de Monólogos Cómicos.

- Camilo Franco, “Química da memoria bélica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D teatro”, 20 outubro 2006, p. 16.

Co gallo da representación do *Macbeth* de Shakespeare por Sarabela Teatro, reflexiónase sobre a importancia da memoria, sobre todo a bélica, e indícase que se trata dunha peza que aborda o tema do poder que o medo exerce sobre a xente, e tamén versa sobre o modo en que os recordos son modificados para que o pasado xustifique o presente. A continuación, destácase o feito de que, por primeira vez, na compañía teatral a directora non foi Ánxeles Cuña, senón Helena Pimenta. Infórmase a seguir de que terán lugar, no cadro do Festival, actos como o pasarrúas de Cooper@ctiva, *Piratas*, ou a final de monólogos.

- Camilo Franco, “As batallíñas da Escola”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D teatro”, 27 outubro 2006, p. 8.

Recóllese a noticia da representación de *El Florido Pensil*, escrito por Andrés Sopena e realizado por Tantaka Teatro, onde se aborda de xeito humorístico e nostálgico o tema da escola franquista. Indícase que a compañía xa realizara a mesma posta en escena dez anos atrás con certos cambios, tanto na montaxe coma no reparto. Anúnciase, tamén dentro do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, a final do concurso de monólogos teatrais e puntualízase que todas as representacións estarán sometidas á votación do público.

FITEU, XIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado dende 1995, este festival está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola USC, o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Celébrase nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela, que teñen como coordinadores a Pablo Rodríguez, no campus de Lugo, e a Cecilia Carballido, no de Santiago. A edición de 2006 tivo lugar durante o mes de marzo e nela participaron dez compañías de diferentes países do mundo. Entre os grupos galegos estivo a compañía da Escola Espacio Aberto, con *Amor de Fedra*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Novas maneiras para a escena”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 23 marzo 2006, p. 9.

Dáse noticia do comezo do Festival de Teatro Universitario que se celebrará en Compostela e Lugo e onde participarán compañías de diversas procedencias con obras dunha gran amplitude temática.

- A.F., “Las jóvenes actrices brasileñas llevan su vago futuro a escena”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 21 marzo 2006, p. 8.

Comézase destacando que Brasil é, despois de Galicia, o país que ten unha maior presenza no XII Festival Internacional de Teatro, en que participan dezaseis compañías de Europa, América e África. Sinálase que Escola Espacio Aberto foi a encargada de inaugurar o Festival con *Amor de Fedra*, de Sarah Kane. Destácase que, das compañías brasileiras, a primeira en subir ao escenario foi Teatro Inflamábel, da Universidade de São Paulo, con *Em Transporte*.

Horas punta, Festival.

Organizado pola Asociación Cultural “A Bufarda” e subvencionado polo Concello da Coruña, celebrou a súa sexta edición entre o 28 de setembro e o 18 de outubro no auditorio do Fórum Metropolitano herculino. Cun formato similar ao xa experimentado noutros lugares, os espectadores puideron gozar de representacións de distinto carácter e curta duración. Entre os participantes, este ano estiveron Juan Carlos Mejuto ou Teatro da Bufarda.

Referencias varias:

- Abel Peña, “Las ‘Horas Punta’ suenan de nuevo”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 21 setembro 2006, p. 10.

Infórmase do comezo do Festival Cultural Horas Punta que, segundo os seus responsábeis, ten o obxectivo de ser unha plataforma para novos valores e innovar mesturando nas súas representacións formas tan diferentes como a danza, o teatro e a música. Recóllense a seguir

as actuacións previstas para a sesión inaugural, entre as que se atopan o monólogo de Juan Carlos Mejuto, de Teatro da Bufarda, sobre os malos tratos, o baile de Raíces Femeninas e a actuación dos cantautores Lucía Souto e Manuel Clavijo.

- Abel Peña, “Lo breve no fue sólo bueno, sino fresco y original”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 22 setembro 2006, p. 12.

Repásanse as tres actuacións que tiveron lugar na primeira xornada do Festival Horas Punta, en que se puideron apreciar tres artes escénicas (teatro, a danza e a música), e recóllense as palabras de Ramiro Neira, da Asociación Cultural A Bufarda e responsábel do Festival, en que afirma que nesta edición segue presente un dos principais obxectivos do evento, que é o de manter a heteroxeneidade para que o público poida apreciar diversos xéneros, algo que noutras circunstancias sería difícil.

Isto Ferve, II Encontro Contemporáneo de Teatro e danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración do IGAEM e o Concello de Vigo, e celebrado na Sala de Teatro alternativo Teatro Ensalle, tivo lugar entre o 4 e o 28 de maio. Participaron as compañías galegas Pisando Ovos (danza) e Teatro Ensalle, con *Te has perdido el mar*, ademais da galaico-catalana Lucier, co espectáculo *Vol.num.uno*.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “La escena alternativa ‘se cuece’ en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 3 maio 2006, p. 38.

Dáse noticia da celebración da segunda edición de “Isto Ferve”, indicando as datas dos espectáculos, entre os que se contan os realizados por catro compañías de danza e teatro. Noméanse as compañías galegas Pisando Ovos (danza) e Teatro Ensalle, con *Te has perdido el mar*, ademais da galaico-catalana Lucier, co espectáculo *Vol.num.uno*.

Lugo, III Mostra de Teatro Clásicos do Século XX

Organizada a partir dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova, tivo lugar entre o 21 e o 28 de novembro. Dentro do programa de 2006 figuran as seguintes obras en galego: *O divertimento do rei*, de Galileo Teatro; *Tío Vania*, de Factoría; e *O regreso ao deserto*, do Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- MARÉ, “A palabra que vence o tempo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xaneiro 2006, p. 36.

Detállase o programa da Mostra de Teatro Clásico de Lugo, facendo referencia aos prezos das funcións, ás representacións previstas e ás compañías que participan.

- Jaureguizar, “Unos 5.000 espectadores asistieron a la Mostra de Teatro Clásico de Lugo”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 7 febreiro 2006, p. 72.

Nota en que se recolle a noticia do gran éxito alcanzado pola Mostra de Teatro Clásico de Lugo que, nesta sexta edición, contou con case cinco mil espectadores.

- Enrique G. Souto, “El tercer ciclo Clásicos do Século XX ofrece en Lugo cinco representaciones teatrales”, *A Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 novembro 2006, p. 40.

Dáse noticia da celebración da terceira edición do ciclo Clásicos do Século XX que contará coa posta en escena de cinco pezas teatrais: no Teatro Abadía *El portero*, de Harold Pinter; no auditorio municipal *Tío Vania*, de Chejov, pola compañía Factoría Teatro. O Centro Dramático Galego representará unha versión de *Regreso ao deserto*, de Bernard Marie Koltés e Vaivén Producciones, *Nasdrovia Chejov*. O ciclo concluirá coa representación de *La ópera de tres centavos* de Bertolt Brecht, por Atalaya Teatro. Tamén terá lugar unha conferencia a cargo da directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez.

- Camilo Franco, “De agora e de sempre”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 17 novembro 2006, p. 16.

Con motivo do comezo da Mostra de Teatro Clásico do Século XX, reflexiónase sobre o concepto de clásico, que nalgúns ocasións se confronta co de moderno, aínda que a existencia deste festival demostra que se poden combinar harmonicamente os dous adxectivos. Menciónanse a seguir as principais representacións que terán lugar.

“Manicómicos”, III Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, recolle actuacións galegas e internacionais. Tivo lugar do 1 ao 16 de xullo e integrou diversos espectáculos de trapezio, equilibristas, malabares, cabaré e charangas presentados nas rúas, teatros e bares da Coruña. No referente ás compañías galegas, participaron no ciclo Mofa e Befá, con *Sempre ao lonxe*; San&San, con *Bar*; Cabaret Manicómicos, con *Glu:m*; e ademais varios artistas de clown, equilibrismo e cabaré. Para o público infantil, presentouse o espectáculo *Diariamente*, de Berrobambán.

Referencias varias:

- Abel Peña, “Se trata de dar la droga perfecta”, *El Ideal Gallego*, 11 febreiro 2006, p. 56.

Achéganse os comentarios de Carlos Santé, membro do grupo de teatro independente San&San e da asociación Manicómicos, sobre a súa participación no Fórum Metropolitano, do que comenta que se trata dun festival que dá a coñecer o teatro, aínda que non tivo moita afluencia de público. Indica que nas cidades a difusión do teatro realízase de xeito máis doado e, persoalmente, comenta que se dedicará á representación até que sexa vello. Entre os seus

proxectos, comenta que acaba de rematar unha curtametraxe e que vai iniciar unha película e revela que unha das súas ilusións é protagonizar un filme.

- Ana Rodríguez, “El actor Leo Bassi traerá su polémica ‘Revelación’ al festival Manicómicos”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 20 maio 2006, p. 12.

Infórmase de que, dentro do III Festival Internacional de Teatro Cómico “Manicómicos” da Coruña, o actor Leo Bassi, ademais de impartir un curso formativo, porá en escena a súa controvertida obra *La Revelación*. Despois de repasar o impacto que tivo o espectáculo en diferentes lugares da xeografía española, menciónase que Pierre Byland, ademais de facer outro obradoiro, tamén actuará. Conclúese indicando que a compañía alemana de teatro de máscaras Familie Flöz tamén estará presente no Festival e que a programación aparecerá publicada na dirección web: www.manicomicos.org.

- Abel Peña, “La locura que define al artista”, *El Ideal Gallego*, 3 xuño 2005, p. 76.

Faise unha descrición do grupo de artistas coruñeses Manicómicos, organizadores do Festival de Teatro Cómico da Coruña. Primeiro faise referencia á creación da asociación cultural e do I Festival de Teatro Cómico, para despois dar conta do seu éxito e dos colaboradores que van facer posíbel esta segunda edición. No apartado “40 personas y solo una está cuerda” menciónase a coordinadora dos Manicómicos, Marta Horjales.

- E.P., “Leo Bassi participa en el Festival Manicómicos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 7 xuño 2006, p. 11.

Referencia extensa ao espectáculo de Leo Bassi no Festival Manicómicos. No que respecta ao teatro galego, sinálase que tamén actuarán no evento Mofa e Befá, San&San, Berrobambán, Cabaret Manicómicos e artistas de rúa de diversas procedencias.

- Ana Rodríguez, “El Festival Manicómicos hará de A Coruña la ‘ciudad de la risa’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 15 xuño 2006, p. 13.

Comézase aludindo á inauguración do Festival Manicómicos da Coruña e analízanse as súas características indicando que, ademais das diferentes representacións, tamén se realizarán talleres formativos a cargo de Leo Bassi, Pierre Byland e Andrea Curto. Logo descríbense os espectáculos que se realizarán e destácase que tamén terán lugar actuacións na rúa e nos bares.

- Ana Lorenzo, “Quince días de risa en A Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 30 xuño 2006, p. 1.

Anúnciase o comezo do III Festival de teatro Manicómicos, onde, baixo o lema “Investigar, estudiar e difundir comedia”, se contará coa participación de compañías teatrais de toda Europa, aínda que o peso das actuacións levarano as compañías galegas. Destácase que o “prato forte” será a actuación de Leo Bassi.

- EFE, “Leo Bassi seguirá en cartel no Festival Manicómicos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 xullo 2006, p. 33.

Recóllense as declaracións da organización do Festival Manicómicos da Coruña, dende onde se afirma que, a pesar das “presións” recibidas, non se retirará da programación a actuación de Leo Bassi, *La Revelación*. Esta obra móstrase moi crítica coa Igrexa católica, e por iso foi obxecto de diferentes ataques e protestas contra a súa representación. Con todo, a organización do Festival defínese como unha asociación “aconfesional e apolítica” e declina retirar a obra de cartel porque, segundo declaran, respectan todas as ideoloxías políticas e relixiosas, e as manifestacións públicas de diverso signo dos cidadáns.

- M.B., “Manicómicos na Coruña”, *A Nosa Terra*, nº 1.230, “Fin de semana”, 6-12 xullo 2006, p. 33.

Descríbese o III Festival Manicómicos da Coruña. Inicialmente alúdese ao alto nivel dos artistas convidados e menciónase a representación do controvertido espectáculo de Leo Bassi, *La Revelación*. Acto seguido, enuméranse os espectáculos previstos, como o do renovador da escena clown e circense europea, Pierre Byland, coa obra *Confusión*; San&san, con *Bar*; ou a estrea de *Sempre ao lonxe*, de Mofa e Befá. Finalmente, sinálase que se impartirán cursos formativos e que se realizarán dez representacións nas rúas e catro en bares da cidade.

- J.A. Martínez Sevilla, “Teatro cómico”, *El Ideal Gallego*, “La Columna”, 8 xullo 2005, p. 22.

Descríbese de forma máis ou menos detallada o IIº Festival de Teatro Cómico “Manicómicos”, no relativo aos organizadores, ás actividades programadas e, por último, aos grupos que as levaron a cabo, actuando nos bares, nas rúas, no Rosalía e no Fórum coruñeses.

- Camilo Franco, “Os festivais de teatro chaman polos espectadores”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 168, “Teatro”, 8 xullo 2006, p. 2.

Realízase un repaso dos festivais de teatro sinalando, en primeiro lugar, que en Galicia a maioría destes eventos está inclinado á comedia e que hai unha maior asistencia de público aos festivais que ás salas de teatro. A seguir, menciónanse a Mostra de Teatro de Cangas, o Manicómicos da Coruña, a Mostra de Ribadavia e o Festiclown en Compostela. Chámase a atención sobre o feito de que, cada vez mais, neste tipo de eventos inclúense figuras de moita sona, como por exemplo Leo Bassi, que participará en varias mostras en Galicia; Faemino y Cansado; ou Pepe Viyuela. Sinálase que na Mostra de Teatro de Cangas recuperárase unha das súas características históricas, a de facer da rúa un escenario, e que contará ademais cunha gran oferta de compañías sudamericanas. A continuación, descríbese brevemente o Manicómicos, Festiclown e En pé de pedra.

- Elena Ponte, “Manicómicos busca apoyos para crear una sala de teatro alternativa”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 8 setembro 2006, p. 13.

Fálase dos proxectos da asociación de teatro Manicómicos, que anda na procura de financiamento para crear unha sala alternativa que se converta nun dinamizador da vida cultural da cidade. Dise que podería funcionar como local de ensaio, coloquios, biblioteca, exposicións e proxeccións de películas. A seguir, menciónanse os tres espectáculos que están representando actualmente (*Casting*, *Cabaret* e *Aéreos*) e fálase da importancia do Festival de

Teatro Internacional que organizan cada verán, polo que xa pasaron figuras como Leo Bassi ou Pierre Byland.

XIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego), Ourense, Pontevedra

Esta mostra, que foi organizada por primeira vez en 1994 pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense, pasou en 1996 a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Ten entre os seus obxectivos potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares, e ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración márcanse sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro, xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo, e conta co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e Caixanova. Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro” para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. A edición de 2006 tivo como director do certame a Fernando Dacosta, contou cunha programación que incluía máis de vinte propostas e pechouse cun gran éxito de público, ao convocar a uns nove mil espectadores. O premio do xurado recaeu nesta edición na obra *O corvo*, de Ivan Briscoe, baseada no poema homónimo de Edgar Allan Poe e representada pola compañía portuguesa Teatrubi, de Covilhã. Pola súa banda, o público galardoou a obra “Gaviotas subterráneas”, de El Atrio Producciones e a compañía T-Atrio, de El Salvador. Tras a cerimonia de entrega de premios, a Aula de Teatro Universitaria de Ourense, Maricastaña, representou a obra *Rampante*.

Referencias varias:

- Sonia Torre, “El teatro se estrena con música”, *La Región*, “Ourense”, 18 abril 2006, p. 12.

Alúdese ao comezo inminente da Mostra Internacional de Teatro Universitario, MITEU, que nese ano 2006 chega á súa undécima edición. Infórmase de que os escenarios serán o Auditorio, o Teatro Principal o Campus e as rúas, onde ao longo de dezoito días se representarán os diferentes espectáculos. Concédesele especial atención ao acto de inauguración da Mostra, que contará coa actuación de Guadi Gallego e Guillermo Fernández, ambos os dous músicos do grupo Berrogueto, que presentan un proxecto conxunto baixo o título *Espido*. Neste sentido, incorpóranse as palabras dos dous músicos a respecto do novo traballo. En columna á parte infórmase da programación prevista para as próximas xornadas, sempre no cadro da MITEU.

- Sonia Torre, “Cunqueiro estará presente en las calles”, *La Región*, 19 abril 2006, “Ourense”, p. 12.

Dise que no marco da MITEU os membros do grupo Cordelia ofrecerán un desfile dedicado ao escritor Álvaro Cunqueiro, denominado “Os saberes de Merlín”.

- Sonia Torre, “Roberto Zucco y Ubú Rey, los ausentes”, *La Región*, 21 abril 2006, p. 12.

A respecto da edición de 2006 da MITEU, fanse algunhas consideracións referidas ás novas dinámicas das aulas de teatro universitarias, das que se di que cada vez apostan máis polos textos propios ou versionados para a propia aula. Os que non adoptan estas opcións, segundo se apunta, inclínanse sobre todo polos dramaturgos clásicos como Shakespeare ou por poetas como Allan Poe. Incídese na ausencia de *Zucco* e *Ubú Rey* na presente convocatoria da Miteu; neste sentido, explícase que estas obras foron fieis á cita con Ourense e que xa se converteron en auténticos “clásicos” universitarios. En espazos á parte recóllense o programa da Mostra para esa xornada, a definición que Fina Calleja propón do termo “estreno” e unha breve referencia á representación da obra *O velatorio de Pat O Connor*, baseada en *Os cravos de prata*, de Bela.

- Sonia Torre, “Las otras caras de la Mostra”, *La Región*, “Ourense”, 22 abril 2006, p. 12.

Destácase que a MITEU non é só un ciclo de teatro, senón que busca completar a súa oferta de programación con eventos musicais, exposicións e conferencias. Neste sentido, puntualízase que os protagonistas este ano son El Salvador e Costa de Marfil, obxecto de exposicións fotográficas integradas no cadro da MITEU. Cítanse algunhas das actuacións musicais previstas e, en espazos á parte, reproducése o programa para a xornada, a definición que Santi Cortegoso propón do termo “autor” e recóllense breves mencións das representacións das obras *A cantante calva*, da aula universitaria de Vigo, e *Gordiñas*, da aula universitaria de Pontevedra.

- Sonia Torre, “Del casting al escenario”, *La Región*, “Ourense”, 25 abril 2006, p. 12.

Incídese na diferenza que se constata entre as dinámicas de funcionamento das distintas aulas universitarias que acoden á MITEU. Neste sentido, explícase o sistema de traballo das aulas de Ourense, Santiago e Zaragoza, como exemplo da diversidade aludida. Sublíñase o feito de que para todas elas a MITEU é un referente que por participación, duración e lonxevidade se converteu en modelo para outras feitas e mostras. En espazos á parte inclúense o programa da Mostra para esa xornada, a definición que o director Javier Arnas propón do termo “iluminación” e unha breve referencia á representación da obra *Bodas de sangre*, a cargo da aula universitaria de Zaragoza.

- Laura Vázquez, “Los premios cruzaron la frontera”, *La Región*, “Ourense”, 2 maio 2006, p. 6.

Alúdese á undécima edición da MITEU e, particularmente, detállanse as obras que resultaron premiadas nela, incidindo na boa acollida de público de que gozou a Mostra.

- Sonia Torre, “Comienza la muestra atrás de la Mostra”, *La Región*, “Ourense”, 2 maio 2006, p. 8.

Coméntase o decorrer da MITEU na súa undécima edición, e anúnciase o seu próximo peche, incluíndo a mención das representacións previstas.

- Sonia Torre, “La fuerza de los estudiantes portugueses”, *La Región*, “Ourense”, 3 maio 2006, p. 10.

Destácase o feito de que os grupos de teatro universitario chegados de Portugal mostran unha dinámica que pouco ten que ver coa reflectida pola realidade galega. Neste sentido, apúntase que os estudantes portugueses se asocian, conseguen subvencións para formarse e, en definitiva, teñen un dinamismo e vitalidade encomiábeis na súa actividade teatral.

- Sonia Torre, “Teatro en femenino”, *La Región*, “Ourense”, 4 maio 2006, p. 12.

Destácase o predominio das mulleres nas aulas de teatro universitarias e, a propósito da undécima edición da MITEU, lémbrese que oito dos dezanove espectáculos programados están dirixidos tamén por mulleres.

- Laura Vázquez, “La Mostra baja el telón”, *La Región*, “Ourense”, 7 maio 2006, p. 14.

Faise referencia ao peche da edición de 2006 da MITEU, coa entrega de premios ás dúas compañías e obras galardoadas por público e xurado, e coa representación da obra *Rampante*, adaptación da obra orixinal de Italo Calvino, por parte de Maricastaña.

- Belén López, “Gordiñas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 9 maio 2006, p. 76.

Fai referencia á representación da obra *Gordiñas* por parte da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra, con que se pechou a edición de 2006 da MITEU.

- Camilo Franco, “Mostra Universitaria”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 1 xuño 2006, p. L9.

Comézase cunha reflexión sobre o cambio xeracional que, segundo considera o autor, se debe dar no teatro, e cunha valoración a respecto de que o teatro universitario debería ter un papel protagonista. A continuación fábase da Mostra de Teatro Universitario, que se considera a medio camiño entre o teatro amador e o profesional, un teatro sen obrigas dos profesionais e con algunhas frescuras, un teatro que ofrece sorpresas e ao que quizais “o público teatral máis aventureiro poida acudir e deixarse sorprender por algunhas perspectivas”.

Moaña, XVIII Circuitos de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Moaña, este ciclo ten lugar todos os sábados no Salón de Actos do Instituto das Barxas. No ano 2006 celebrouse entre o 16 de setembro e o 28 de outubro. O evento, financiado pola Xunta de Galicia e o Concello de Moaña contou cun orzamento superior a 27.500 euros. O prezo das entradas foi de 4 euros para o público en xeral e de 3 para os estudantes, parados e asociados. Inaugurou o circuito a compañía Teatro do Morcego, con *A farsa do Bululú*. Actuaron tamén Teatro do Atlántico, Mofa e Befá, Teatro de Ningures e Talía Teatro.

Referencias varias:

- Estela Veloso, “Los Circuitos Teatrales afrontan la recta final con los catalanes Titzina”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 14 outubro 2006, p. 21.

Alúdese aos Circuitos Teatrais de Moaña, que se atopan na súa recta final a falta de tres representacións para finalizar. Menciónase unicamente a do sábado, *Entrañas*, obra a cargo da compañía catalana Titzina, da que se fai un breve resumo. Recóllense finalmente as palabras do concelleiro de Cultura, Xan Cancelas, que amosa a súa satisfacción pola afluencia de público. Tamén se fai un apuntamento sobre o limitado aforo do Salón de actos do IES As Barxas, habilitado para as representacións por carecer o municipio dun auditorio.

- E.V.R., “Teatro do Morcego inaugura mañana los Circuitos de Teatro de Moaña”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 15 setembro 2006, p. 22.

Noticia da inauguración dos Circuitos de Teatro de Moaña, sinalando o orzamento previsto para a súa celebración, o prezo das entradas e mais o argumento da obra A farsa do Bululú, de Teatro do Morcego. Enumera tamén o resto das compañías participantes, Teatro do Atlántico, Mofa e Befá, Teatro de Ningures e Talía Teatro, ademais das catalás Tantarantana e Titzina.

V Mostra de Teatro Independente da Coruña

Organizada pola Asociación “A Bufarda”, tivo lugar do 30 de xaneiro ao 5 de febreiro no Fórum Metropolitano da Coruña. Actuaron Patatín e Patatán, con *Triunfadores*; Gazapo Teatro, con *Gazapo*; Teatro Cachuzo, con *Charlie’s Angels*; San&San, con *Bar*; Trécola Teatro, con *Bar*; e Uveé D’eaubleu Teatro, con *El veneno del Teatro*. Tamén actuaron Bucanero e Lili Berlín.

Referencias varias:

- E.P., “La V Muestra de Teatro Independente busca el aplauso”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS/Ocio”, 25 xaneiro 2006, p. 17.

Dáse noticia da celebración da Mostra de Teatro Independente, salientando que os seus organizadores reclaman un espazo propio para este tipo de teatro e que entre os seus obxectivos está darlle prioridade á dramaturxia galega e intentar que haxa no cartel textos de autores galegos, en especial dos máis novos. Enuméranse, finalmente, os espectáculos que se verán na mostra.

Narón, Sábados teatrais

Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e da Deputación da Coruña, inclúen unha sesión

semanal no Auditorio Municipal de Narón durante os meses de xaneiro a abril e de setembro a decembro. A entrada é de 4 euros para os adultos e 2 euros para os menores, aínda que tamén se pode mercar un abono para dez sesións por vinte e oito euros. Ao longo do ano 2006 tiveron lugar as representacións *Final de Película*, de Áncora Produccións; *Cultura para dar e tomar*, de Mofa e Befá; e *Farsa de Bululú*, de Teatro do Morcego. En canto ao teatro infantil, actuaron os Títeres Trompicallo, coa obra *Nadarín*.

Referencias varias:

- Lorena Romero, “Charo López abrirá el día 29 el ciclo Sábados Teatrais en el auditorio naronés”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 16 setembro 2006, p. 12.

Preséntase o programa do segundo trimestre do Ciclo de Sábados Teatrais, que durante o mes de novembro prestará especial atención ao público infantil, coincidindo coa Mostra de Teatro Infantil de Narón. Anúnciase a participación de compañías galegas como Áncora Produccións, con *Final de película*; Títeres Trompicallo, con *Nadarín*; Mofa e Befá, con *Cultura para dar e tomar*; e Teatro do Morcego, con *Farsa do Bululú*. Remátase aludindo ao presuposto con que conta o Ciclo, e á participación de cada unha das institucións involucradas.

- María Luaces García, “La actriz Charo López abre el día 29 la programación teatral de otoño”, *La Opinión*, “Narón”, 17 setembro 2006, p. 24.

Comézase informando da representación de *Tengamos el sexo en paz*, de Darío Fo, con que comezaron os Sábados Teatrais do Concello de Narón. A seguir, anúnciase que nas seguintes fin de semanas poranse en escena *Final de Película*, por Áncora Produccións, baixo a dirección de Gustavo Pernas; *Salomé*, pola compañía Aída Gómez; *Nadarín*, por Títeres Trompicallo; *Cultura para dar e tomar*, por Mofa e Befá; *El florido pensil*, por Tanttara Teatros; e *Farsa de Bululú*, por teatro do Morcego, entre outras. Nunha sección á parte, dentro desta noticia, dáse conta da apertura do prazo de matrícula para a escola profesional de actores, dependente tamén do Padroado de Cultura de Narón e da que sairá a primeira promoción en 2007.

- M.L.G., “El auditorio acoge hoy la obra de teatro ‘Final de película’”, *La Opinión*, “Narón”, 7 outubro 2006, p. 20.

Nota en que se fai referencia á posta en escena, dentro do ciclo Sábados Teatrais do Concello de Narón, da peza galardoadada co Premio Rafael Dieste de Teatro 2005, *Final de película*, pola compañía Áncora Produccións, dirixida por Gustavo Pernas.

Nasa

Creada en 1992 co nome de Nave de Servicios Artísticos (NASA), é unha sala alternativa en que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e xornadas audiovisuais. Durante o ano 2006 acolleu, na liña de anos anteriores, as máis variadas actividades relacionadas coa cultura. A Nasa organizou este ano o Festival “Zona Alternativa”, en que participaron diversos

creadores como Rodrigo García, Olga Mesa, Sonia Gómez ou Juan Navarro. Tamén participou nel o galego Diego Anido, co espectáculo *O Alemán*.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha Zona Alternativa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xaneiro 2006, p. 34.

Recóllense, en primeiro lugar, as intencións do Festival Zona Alternativa, organizado pola Sala Nasa de Santiago de Compostela: ofrecer unha visión comprometida do panorama das artes escénicas contemporáneas. Logo descríbese o programa, que integra actuacións locais, nacionais e internacionais que teñen como denominador común a radicalidade, a innovación e a investigación de novas linguaxes escénicas. Menciónase, entre outras, a estrea da peza *Fiestas Populares*, a cargo de Juan Navarro, Ignasi Duarte, Gonzalo Cunill e Vias Aboal.

- Camilo Franco, “Fiestas populares”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 2 febreiro 2006, p. 9.

Faise referencia a *Fiestas populares*, primeira cita escénica do Festival Zona Alternativa, indicando que nela se analizan este tipo de eventos e os seus efectos sobre o ser humano, dende un punto de vista que tenta mudar o sentido do ritual dramaturxico.

- MARÉ, “Navarro trae hoxe ‘Fiestas populares’ a Compostela”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 febreiro 2006, p. 35.

Nota en que se dá conta da representación na Sala Nasa de Santiago, dentro do Festival Alternativa, de *Fiestas populares* de Juan Navarro e Ignasi Duarte, que analiza a necesidade de celebrar e do que iso comporta para o ser humano.

- A.F., “La Nasa se vestirá de verbena”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 4 febreiro 2006, p. 9.

Analízase a peza dramática *Fiestas populares*, de Juan Navarro e Ignasi Duarte, que se representará na Sala Nasa dentro do festival Zona Alternativa e que transformará o teatro nunha praza onde hai unha festa en que participan tanto actores como espectadores. En palabras dos seus autores, é un concepto de teatro “desacralizado, participativo e sen respecto ás convencións poéticas”, en que se realiza unha reflexión poética sobre as celebracións.

- Camilo Franco, “Vida refrixerada”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 9 febreiro 2006, p. 9.

Alúdese á posta en escena do monólogo *O alemán*, de Diego Anido, na Zona Alternativa. Na peza reflexiónase, cunha neveira medio chea ou medio baleira enriba do escenario, sobre a vida refrixerada, empregando a ironía case como unha forma de retrato.

- Camilo Franco, “A Nasa volve ao circense”, *La Voz de Galicia*, 9 marzo 2006, p. 9.

Dentro do programa Pista 4 para o novo circo, salientase que se levarán a escena os espectáculos da compañía londiniense Main to mano e da santiaguesa Natalia Pajarito.

Oleiros, Festival de Cabaré Galego

Organizado polas Concellarías de Turismo e Normalización Lingüística do Concello de Oleiros e a asociación 3º Pé Andar Creativo, xorde en 2006 coa idea de reivindicar o cabaré galego e dignificar ese xénero. Esta primeira edición tivo lugar entre o 20 e o 25 de febreiro en Oleiros e contou con varias actividades como un obradoiro formativo, faladoiros e conferencias. En canto aos espectáculos, ofreceuse *Cabaré na Fábrica*, de Manicómicos e Mariclown; *Galician Express*, de Manicómicos; *Femme Fatale*, de Pepa Yáñez e Davide Salgado; *Gabriela Sacaúntos*, de Enma Silva; *Yoni Mediogramo*, de Juanillo Esteban; e *Lola Mento*, de Marta Pazos.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, “El cabaré aterriza en Galicia vía Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 12 xaneiro 2006, p. 15.

Entre outras informacións, faise referencia á rolda de prensa en que se presentou o primeiro Festival Galego de Cabaré que terá lugar en Oleiros, que pretende abordar o cabaré como xénero. Apúntase que estará articulado en dúas partes: nas primeiras tres xornadas haberá conferencias e, nas dúas seguintes, festas temáticas con actuacións.

- MARÉ, “O cabaré galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 xaneiro 2006, p. 35.

Nota en que se informa da próxima celebración do primeiro Festival de Cabaré Galego, onde, ademais dos espectáculos, tamén terán lugar tres conferencias sobre *O cabaré en Galicia*, a cargo de Patricia de Lorenzo, do grupo Chévere; *O cabaré desde dentro*, polo grupo Cabaré Manicómicos; e *O cabaré galego*, de Pepa Yáñez e Davide Salvado.

- Mar Barros, “I Festival de cabaré galego en Oleiros”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Fin de semana”, 19-25 xaneiro 2006, p. 33.

Faise un repaso do contido e das representacións do I Festival de Cabaré en Oleiros, organizado polas Concellarías de Normalización e de Turismo e a Asociación 3º Pé Andar Criativo. Comézase explicando, entre outros detalles, que contará nas primeiras xornadas cun apartado formativo, en que se realizarán diversos cursos, charlas e conferencias que abarcan os diferentes aspectos do xénero. Nos derradeiros días do Festival o apartado docente dará paso ao divulgativo, coa realización de dúas festas temáticas. Na primeira, *Cabaré na Fábrica*, participarán os membros das compañías Cabaré Manicómicos, coa montaxe *Galician Express*, e os de Mariclown, coa representación de *A Vida de Rosa* mentres. Na segunda, *Femme Fatale*, subirán ao escenario os monologuistas Pepa e Davide, Enma Silva, Juanillo Esteban e Marta Pazos. Tamén se informa de que o obxectivo fundamental do Festival é reivindicar e dignificar o cabaré galego dándoo a coñecer.

Palas de Rei, VIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador

Organizada polo Grupo Metátese, tenta mostrar o traballo dos grupos afeccionados galegos e foráneos que participan en cada edición. No ano 2005 celebrouse do 2 ao 11 de setembro na Casa da Cultura desta localidade luguesa, con sesións ás 22:00 horas. Contou coa presenza de grupos foráneos como os cubanos Máscara Laroye, coa obra de Darío Fo *Pareja Abierta*, e a compañía de Las Palmas Skene. Entre os galegos, participaron Lohengrín, Palimoco, Metátese, San Tirso e o Grupo da Biblioteca de Antas. Nesta edición, ademais, recolleu o premio “Máscara” o actor Cándido Pazó.

Referencias varias:

- Rosa Aneiros, “Utopías”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 7 setembro 2006, p. 6.

Elóxiase a actividade de Metátese Teatro, que organiza a Mostra Teatro Amador e que acaba de levar a escena *Peirao 2434*, onde se denuncia a clonación ideolóxica e a submisión ao poder establecido. Rosa Aneiros afirma que a compañía aplica estes mesmos principios tamén na vida real e non só nas súas creacións.

Pontevedra, “Outono Teatro”

Ciclo que incluíu cinco actuacións no Teatro Principal, dende o 28 de outubro até o 16 de novembro, os venres ás 21:00 horas, cunha entrada de 5 euros. Actuaron as seguintes compañías: Expresións Producións con *Entre Nós*; Avelino González co cuarteto Caramuxo representando a obra *Vento mareiro*; Volta e Dálle Teatro, presentando *Jalisa, ¡mi madriña!*; e a compañía madrileña Animalario, que pechará o ciclo, coa obra *Últimas palabras de Copito de Nieve*. Na edición de 2006, este ciclo abriuse coa representación da obra *Barriendo re-mi-fa-sol*, a cargo da compañía La Lavandería Teatro, e ampliou a súa oferta a todos os públicos, programando representacións para centros educativos en horario de mañá. Participan nesta edición as compañías Fulano, Mengano e Citano, con *O Faro*; Mofa e Befá, con *Sempre ao lonxe*; e o Centro Dramático Galego, con *O Regreso ao Deserto*.

Referencias varias:

- Michelena, C., “Menos tele y más teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 27 outubro 2006, p. 77.

Alúdese á programación do ciclo “Outono Teatro” e da XIII Mostra de Teatro Afeccionado de Pontevedra, detallando algunhas das compañías que participan e as obras que representarán.

Rede Cultural da Deputación da Coruña

Ciclo organizado pola Deputación da Coruña, que subvenciona até o setenta por cento do presuposto xeral das montaxes. Os concellos da provincia poden solicitar as actuacións dos grupos e compañías inscritos. En 2006, na Rede participaron un total de 951 grupos musicais e compañías de teatro e títeres da provincia: no XXIII programa de música e teatro para

grupos non profesionais presentáronse 473 grupos e solistas de diversos estilos, e 88 compañías de teatro; no XIX ciclo de música para intérpretes profesionais participaron nese ano 298 formacións; e, no XVIII programa de teatro e títeres para compañías profesionais, participaron 69 compañías dramáticas (con máis de 136 obras teatrais de distintos xéneros) e 13 compañías de títeres (con 47 obras diferentes).

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, “Case mil grupos participarán na Rede Cultural da Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 febreiro 2006, p. 44.

Detállanse as cifras de participantes (sexan compañías, grupos, solistas,...) inscritos na Rede Cultural da Coruña en 2006.

Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova”)

Caixanova organiza anualmente, coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios, unha tempada de abono de teatro galego en diferentes cidades de Galicia. Os espectáculos teñen lugar nos centros culturais de Caixanova, en teatros e auditorios das cidades e abranguen un heteroxéneo abano de actividades que van dende o teatro á danza, pasando polos concertos musicais de todo tipo, exposicións, cinema e outras actividades. No ano 2006, na Coruña, co apoio do Concello, acolléronse obras galegas como *A raíña da beleza de Leenane*, de Teatro do Atlántico e *O regreso ao deserto*, do Centro Dramático Galego; en Vigo o ciclo acolleu varias compañías galegas, como Factoría Teatro, Teatro do Atlántico, Nove-Dous, Talía Teatro e Teatro do Noroeste; en Pontevedra este ano non se acolleron obras galegas. En Vilanova, acolleuse o espectáculo infantil *A gata con botas*, de Sarabela Teatro.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “A cultura na Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 febreiro 2006, p. 44.

Faise referencia ás actividades do ciclo de teatro da Coruña, en que se poñen en escena, ademais de obras en castelán, as galegas *Hamlet*, de Shakespeare, traducida e dirixida por Lino Braxe e con Luís Tosar como protagonista; e *Carambola, cóncavo convexo*, da compañía Lagarta Lagarta, “dirixida por Lino Braxe con Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Elina Luaces, Anabel Gago e Rebeca Montero”.

- S.Castrelo, “Sarabela Teatro trae esta tarde la obra ‘A gata con botas’ a O Esteiro”, *Diario de Arousa*, “Vilanova”, 20 maio 2006, p. 18.

Anúnciase o peche da programación conmemorativa do Día das Letras Galegas en Vilanova, coa presentación do espectáculo de Sarabela *A gata con botas*, na Casa da Cultura do Esteiro. Dise que este evento é froito da colaboración entre o Concello e o IGAEM dentro da Rede Galega de Teatros e que se trata dunha actualización do conto de Perrault chea de colorido e espectacularidade.

- MARÉ, “O teatro galego fará escala en Vigo este outono”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 setembro 2006, p. 37.

Dáse noticia das compañías que participan no ciclo de Vigo e das obras que se representaron, concretamente *A raíña da beleza de Leenane*, *Os homes só contan até tres* e *Imperial: Café cantante*.

- A.R., “El Teatro Rosalía incluye dos obras gallegas en su programación de otoño”, *La Opinión*, 19 setembro 2006, p. 14.

Saliéntase que neste ciclo da Coruña se poñen en escena dúas producións galegas: unha, a cargo do Centro Dramático Galego, é a primeira dende que Cristina Domínguez tomou a dirección; e a outra a cargo da compañía Teatro do Atlántico, *A raíña da beleza de Leenane*, con María Barcala á fronte do reparto. Infórmase tamén do resto de actividades que acolle este ciclo de outono que se celebra no Teatro Rosalía e que adquire estabilidade a partir da sinatura dun convenio entre o alcalde da Coruña e Caixanova.

- E.P., “María Pita confirma la representación de la obra de Rubianes: ‘Lorca eran todos’”, *El Ideal Gallego*, 19 setembro 2006, p. 11.

Infórmase das actividades do ciclo de Caixanova na Coruña, que acolle fundamentalmente teatro en lingua castelá, conferencias, exposicións, pero tamén obras en galego como *A raíña da beleza de Leenane* e *O regreso ao deserto*, do Centro Dramático Galego.

- LR, “El programa cultural de Caixanova ofrece teatro, cine y música a 15.000 escolares”, *La Región*, “Ourense”, 10 outubro 2006, p. 8.

Dá conta das numerosas actividades que terán lugar no seo da programación cultural de Caixanova, como exposicións, proxeccións cinematográficas, ou xogos e interpretacións musicais. No que se refire ao teatro infantil, saliéntanse as representacións: *De fábula*, de Artello Teatro Alla Scalla, e *Un avó especial*, a cargo de Migallas Teatro.

Ribadavia, XXIIª Mostra Internacional de teatro de

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellaría de Cultura, está dirixida por Rubén García e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da Mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. No ano 2006 celebrouse entre o 17 e o 24 de xullo e o seu acto de inauguración foi presidido pola Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo. O Premio Nacional de Teatro, director e dramaturgo Manuel Lourenzo foi o encargado do pregón. O tema estrela foi a recuperación da memoria histórica. Na mostra actuaron catorce compañías, entre as que se contan varias galegas e varias procedentes de Euskadi, Cataluña, Madrid, Arxentina e Italia. As compañías galegas participantes foron: Teatro do Atlántico, con *A raíña da beleza de Leenane*; Lagarta

Lagarta, con *Carambola*; e La Última Rata, con *Cubo instalación* e *Census*. En canto á programación infantil, actuaron os Títeres Viravolta con *Barriga Verde*.

Referencias varias:

- LR, “Treinta días de teatro en Ribadavia”, *La Región*, “O Ribeiro”, 17 febreiro 2006, p. 22.

Faise eco da iniciativa do Concello de Ribadavia de instaurar todo o mes de xullo como o “mes teatral”, realizando na primeira quincena diversos talleres, exposicións, foros de debate relacionados co teatro e tamén unha homenaxe a Manuel María. Recóllense as palabras de Luisa Escudero, Concelleira de Cultura de Ribadavia, que sinala como obxectivo o de complementar a Mostra Internacional de Teatro con actividades paralelas como exposicións do Museo Etnolóxico (de Abrente) e da propia Mostra de Teatro. Finalízase anunciando que nesta edición o certame teatral terá como tema principal a memoria histórica.

- Camilo Franco, “Los mensajes escénicos buscan el aire libre”, *La Voz de Galicia*, “*Los domingos de la Voz*”, “En Portada”, 4 xuño 2006, p. 3.

Faise referencia a diversos eventos que terán lugar durante o verán en Galicia, entre os que se encontran a Mostra de Teatro de Ribadavia, a Feira do Teatro (Feira das Artes Escénicas de Galicia), o festival de danza En Pé de Pedra, a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, o Festival de Cee e mais o compostelán Festiclown.

- Camilo Franco, “Os festivais de teatro chaman polos espectadores”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 168, “Teatro”, 8 xullo 2006, p. 2.

Realízase un repaso dos festivais de teatro sinalando, en primeiro lugar, que en Galicia a maioría destes eventos está inclinado á comedia e que hai unha maior asistencia de público aos festivais que ás salas de teatro. A seguir, menciónanse a Mostra de Teatro de Cangas, o Manicómicos da Coruña, a Mostra de Ribadavia e o Festiclown en Compostela. Chámase a atención sobre o feito de que, cada vez mais, neste tipo de eventos inclúense figuras de moita sona, como por exemplo Leo Bassi, que participará en varias mostras en Galicia; Faemino y Cansado; ou Pepe Viyuela. Sínálase que, na Mostra de Teatro de Cangas, recuperarase unha das súas características históricas, a rúa, e contará tamén cunha gran oferta de compañías sudamericanas. A continuación, descríbese brevemente o Manicómicos, o Festiclown e En pé de pedra.

- Camilo Franco, “O teatro é para divertirse”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 14 xullo 2006, p. 45.

Faise eco da nova edición da Mostra de Teatro de Ribadavia, recomendando a asistencia e realiza un repaso polas principais actuacións previstas.

- X.A.Reboiro, “A Mostra Internacional de Teatro convirte a Ribadavia en ‘cátedra’ cultural de Galicia”, *La Región*, “Ourense”, 14 xullo 2006, p. 8.

Publicítase a XXII Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia, en que participarán dezasete compañías que representarán un total de vinte e un espectáculos para todos os públicos. Recóllense as palabras do director, Rubén García, que incide no espírito continuísta desta edición, e tamén as da concelleira de cultura de Ribadavia, Luísa Escudero, quen coloca como un dos principais obxectivos o de recuperar a memoria histórica, ademais de lembrar que se retoma o concurso de guións teatrais Abrente. Tamén se sinala que non hai diñeiro para elaborar obradoiros e, finalmente, recóllense as opinións de diversos habitantes de Ribadavia.

- LR, “Arriba el telón”, *La Región*, “O Ribeiro”, 17 xullo 2006, p. 12.

Fala dos diferentes actos que terán lugar na primeira xornada da Mostra Internacional de Ribadavia. O acto de inauguración iniciarase co pregón a cargo de Manuel Lourenzo; a seguir, as Marías percorreren as rúas da vila e a compañía Fadunito levará a escena *La Gran Familia*, e Tanttaka Teatro, *El Florido Pensil*. Logo destácase que terán lugar durante a Mostra as representacións *Pupila de Agua* e *En el jardín*, que están dedicadas a bebés. Menciónase que colaboraron economicamente co evento un gran número de adegueiros e que nesta edición se rescatou o Concurso de guións Abrente. Finalízase co cartel do seguinte xornada e coas palabras do director, Rubén García, quen afirma que moitas das representacións teñen un carácter reivindicativo.

- MARÉ, “Teatro que senta cátedra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 xullo 2006, p. 35.

Infórmase do comezo da XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, destacando terá lugar un espectáculo para bebés de seis meses a dous anos. Sínálase que esta edición estará marcada por un afán “continuísta” e que participarán nela catorce compañías cun total de vinte e un espectáculos. Logo de sinalar que o pregón correu a cargo de Manuel Lourenzo, destácanse os espectáculos que tiveron lugar na xornada anterior: *En Punto*, pola compañía Teatro Bruto; *A gran familia*, por Fadunito; e *O florido pencil*, por Tanttaka Teatro. A continuación, anúnciase que terán lugar as postas en escena de *Pupila de agua*, *Barriga Verde* e *Revelación*, de La Casa Incierta, Teatro Viravolta e Leo Bassi, respectivamente.

- Lorena Crespo, “Comienza el espectáculo de la libertad”, *La Región*, “O Ribeiro”, 18 xullo 2006, p. 18.

Comeza cun extracto das palabras do director da Mostra de Teatro de Ribadavia, Rubén García, pronunciadas no acto de inauguración, en que se queixa do pouco financiamento con que contou a Mostra. A seguir informa dos espectáculos que tiveron lugar nesa xornada como as “Marías” santiaguesas que, representadas por integrantes de Teatro Bruto, estiveron polas rúas de Ribadavia. Alén diso, a compañía Fadunito realizou o espectáculo “La gran familia”. Remata detallando o programa de actos.

- Jesús Manuel García, “La Mostra de Teatro de Ribadavia comienza su nueva edición como emblema de la escena gallega”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 18 xullo 2006, p. 40.

Dá conta da primeira xornada da Mostra de Teatro de Ribadavia, en que participaron o grupo Fadunito, con *La gran familiae Tanttaka*, e Teatroa, con *El Florido pensil*. A continuación, anúncianse as próximas postas en escena: *Revelación*, a cargo de Leo Bassi, e *Barriga verde*, a cargo de Viravolta.

- Jesús Manuel García, “Diminutos espectadores”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 19 xullo 2006, p. 41.

Alúdese á representación que realizou o grupo La Casa Incierta de *Pupila de agua*, destinada a nenos de até tres anos de idade. Sinálase que é un espectáculo poético, suave e moi estimulante debido ao público receptor.

- Lorena Crespo, “Captando adeptos con chupete”, *La Región*, “O Ribeiro”, 19 xullo 2006, p. 19.

Faise referencia ao espectáculo para bebés *Pupila de agua*, de La Casa Incierta, programado no cadro da XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Detállase o programa para ese día.

- Lorena Crespo, “Tres días de ‘lleno absoluto’”, *La Región*, “Verano”, 20 xullo 2006, p. 19.

Faise eco do gran éxito de público alcanzado nas tres primeiras xornadas da Mostra de Teatro de Ribadavia, coa actuación de Leo Bassi e cos espectáculos *Pupila de agua*, dedicado aos bebés, e *El florido pensil*. A continuación, tamén se fai referencia á posta en escena de *Taracine*, pola compañía Cachivache, e *Las puertas del cielo*, polo grupo catalán La Invenció. Finaliza detallando o programa de actos para a xornada de hoxe.

- María Obelleiro Hermida, “Ribadavia capital do teatro”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “Cultura”, 20-26 xullo 2006, p. 25.

Logo de mencionar o acto de inauguración da XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, indica que o tema desta edición e a recuperación da memoria histórica e que participarán compañías teatrais de Galicia, Euskadi, Cataluña, Madrid, Arxentina e Italia. Informa tamén de que haberá obras tanto para pequenos (a partir de tres meses) como para adultos, e achega o programa íntegro dos diferentes espectáculos previstos.

- Lorena Crespo, “El duro trabajo entre bambalinas”, *La Región*, “Verano”, 22 xullo 2006, p. 20.

Fálase do grupo de persoas capitaneado por Rubén García, director da Mostra, integrado polo persoal municipal da Casa da Cultura e a Concellería, o Grupo Municipal de Intervención Rápida, Protección Civil, a Cruz Vermella e vinte e oito voluntarios que, se ben non aparecen sobre o escenario, son indispensábeis para o perfecto funcionamento da Mostra. Alúdese á representación de *Los niños perdidos*, por Micomicón e recóllese o programa de actos da xornada actual.

- Lorena Crespo, “Justicia y objetividad puntuada de 0 a 5”, *La Región*, “Verano”, 23 xullo 2006, p. 19.

Informa de que na clausura da Mostra de Teatro de Ribadavia se darán a coñecer os nomes dos espectáculos que máis gustaron a crítica e público. Fálase dos integrantes do xurado, apuntando as observacións que estes fan a respecto da calidade das representacións na

presente edición, da escaseza de comedia e de espectáculos de rúa que detectan, e da valoración da Mostra, que consideran máis “reflexiva e reivindicativa”. Sinala a continuación que o público vota logo de cada representación para elixir a súa obra favorita. Logo informa de que a compañía La Galera levou a escena *Pido Gancho* e dá pormenorizada conta do programa para a xornada de hoxe, en que intervirán, entre outros, Títeres Viravolta, con *Barriga Verde*, e Lagarta Lagarta, con *Carambola*.

- Camilo Franco, “O teatro que invade á realidade”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 24 xullo 2006, p. 43.

Logo dunha breve reflexión en que se afirma que na Mostra de Ribadavia o teatro non se entende unicamente como festa, dá conta da representación de *Las puertas del cielo*, a cargo da compañía catalá La Invenció. Nela introduciron nun contedor a vinte e catro espectadores en total escuridade e coa porta pechada, para simular as situacións de tantos inmigrantes que chegan, entre outros medios, dentro de contedores de barcos a diversos portos europeos. Afirma que se tratou dun gran xogo con verosimilitude continua, co obxectivo de reflectir as durísimas condicións en que teñen que desprazarse.

- Lorena Crespo, “La hora de los premiados”, *La Región*, “Verano”, 24 xullo 2006, p. 13.

En primeiro lugar dá conta da xuntanza do xurado da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, e do reconto dos votos do público asistente ás representacións, para elixir as obras que se premiarán cos galardóns ao mellor espectáculo de sala e ao espectáculo máis innovador. A seguir destaca que, nesta edición, se lle outorgará o Premio de Honra Abrente a Isaac Díaz Pardo e que tamén se entregará, novamente, o Premio Abrente de Textos Teatrais, destinado a premiar os autores de obras contemporáneas.

- Roberto Pascual, “Mostra Teatral de Ribadavia 2006. Memoria e recuperación”, *Tempos Novos*, nº 111, “Voces e culturas”, agosto 2006, pp. 74-77.

Comentario sobre a Mostra Teatral de Ribadavia 2006. Comeza contextualizando a Mostra para, a continuación, facer un percorrido polo que deu de si a semana de espectáculos. Destaca como “un dos máis interesantes traballos” a obra da compañía catalá La Invenció, *Las puertas del cielo*, aínda que tamén inclúe obras como *Los niños perdidos*, *Yo Satán*, ou *Tengamos el sexo en paz*. En canto ás compañías galegas, destaca o admirábel traballo de Teatro do Atlántico, con *A raiña da beleza de Leenane*, que define como un dos mellores espectáculos do último teatro galego. Lembra tamén o papel de Lagarta, Lagarta, con *Carambola*. Remata destacando a presenza de propostas crecentes como a dos madrileños La casa incierta ou Teatro Paraíso de Euskadi.

- Roberto Pascual, “Ribadavia e o teatro, bandeiras de liberdade”, *Revista Galega de Teatro*, nº 48, “Festivals”, outono 2006, pp. 31-33.

Repaso á programación e desenvolvemento da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia na súa edición de 2006. Comézase incidindo no feito de que as dúas obras premiadas, *Florido Pensil* (premio do xurado ao mellor espectáculo de sala), a cargo da compañía vasca Tanttaka-Teatroa, e *Los niños perdidos* (premio do público), escrita e dirixida para Micomicón por Laila Ripoll, supoñen unha unha revisión e unha posta en escena dalgúns episodios negros da

recente historia de España, precisamente no ano da memoria. A seguir, destácase a variedade que caracterizou o programa da MIT, con espectáculos para todos os públicos e idades, e lóase o labor das compañías españolas, que están logrando niveis de calidade importantes, segundo se apunta. Como conclusións da Mostra, Pascual destaca a alta calidade dos espectáculos e a consolidación do ciclo no referente a público e repercusión. Alude á polémica en que se viu envolto o espectáculo de Leo Bassi e reitera o seu apoio ao “caro buffone”. Finalmente, repásanse algunhas das funcións da Mostra e destácase o labor que no cadro deste ciclo que vén facendo desde antigo a prol do teatro, realizando un breve percorrido pola súa historia.

“Roberto Vidal Bolaño”, V Mostra de teatro de Gondomar

Organizada por primeira vez en 1999 pola Concellaría de Cultura de Gondomar, co patrocinio de Caixanova e Plastic Onium, esta iniciativa encádrase nun programa cultural que ten como obxectivo ofrecer ao pobo de Gondomar representacións de teatro e música de calidade. Dende o ano 2001 diferenciouse en “Mostra de Teatro de Primavera” e “Mostra de Teatro de Outono”. Conta co patrocinio da Xunta de Galicia, de Caixanova e da empresa Inergy, e ten como escenario o Auditorio Lois Tobío desta localidade pontevedresa. En 2006 celebrouse entre o 28 de outubro e o 2 de decembro. Actuaron as compañías Teatro de Ningures, con *Tartufo*; Lagarta Lagarta, con *Carambola*; Áncora Produccións, con *Final de película*; The Pinga Teatro, con *Urbe 02*; e Mofa e Befá, con *Sempre ao lonxe*. En canto ao teatro infantil, actuou Talía Teatro con *Quero ser grande*.

Referencias varias:

- D. Vázquez, “Teatro de Ningures abre el día 28 con ‘Tartufo’ la Mostra de Gondomar”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana/Val Miñor”, 22 outubro 2006, p. 15.

Dá conta do programa da Mostra de Teatro de Gondomar “Roberto Vidal Bolaño” informando de que nesta edición actuarán Teatro de Ningures coa adaptación de *Tartufo* de Molière, Lagarta Lagarta con *Carambola*, Áncora Produccións con *Final de película*, The Pinga Teatro con *Urbe 02*, Mofa e Befá con *Sempre ao lonxe (ou a decadencia étnica)*. Finalmente o festival concluirá coa posta en escena de *Quero ser grande*, a cargo de Talía Teatro.

- V.M., “Mostra de Teatro de Gondomar presenta hoy a Mofa e Befá”, *Faro de Vigo*, “Valmiñor litoral sur”, 25 novembro 2006, p. 14.

Dáse noticia da actuación do grupo teatral Mofa e Befá, dentro da edición deste ano da Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño, coa representación *Sempre ao lonxe (ou a decadencia étnica)*. Infórmase de que a obra foi escrita, dirixida e interpretada por Evaristo Calvo e Vítor Mosqueira. Anúnciase tamén que a Mostra se clausurará coa posta en escena de *Quero ser grande*, de Artur Trillo, por Talía Teatro.

Salceda, “Outono de Teatro”

Organizado polo Concello de Salceda de Caselas, celebrouse ao longo de seis fins de semana dos meses de outubro, novembro e decembro no Auditorio. Colaboran coa organización a Consellería de Cultura, a Deputación de Pontevedra e Caixanova. En 2006, tivo lugar entre o 6 de outubro e o 10 de novembro e actuaron as compañías Fulano, Mengano e Citano, c' *O Faro*; Lagarta Lagarta, con *Carambola*; Teátrica, c' *O Ferreiro de Satán*; o Teatro do Centro Cultural de Picoña, c' *O Testamento do Tío Nacho*, *As tres putas* e *Todo son embrullos*; a Agrupación Cultural Xunco de Parderrubias, con *Cousas de Parroquia*; e o Teatro Fondevella, con *A verdade limpa*.

Referencias varias:

- Cecilia Albarenga, “Salceda recibe el otoño con obras teatrales para todos los gustos”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño/Louriña”, 30 setembro 2006, p. 43.

Anuncia a apertura do Outono de Teatro 2006, sinalando as compañías participantes e os espectáculos que se ofrecerán nela, como Fulano, Mengano e Citano, c' *O Faro*; Lagarta Lagarta, con *Carambola*; Teátrica, c' *O Ferreiro de Satán*; a Agrupación Cultural Xunco de Parderrubias, con *Cousas de Parroquia*; o Teatro Fondevella, con *A verdade limpa*; e o Teatro do Centro Cultural de Picoña, c' *O Testamento do Tío Nacho*, *As tres putas* e *Todo son embrullos*.

San Xiao, Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado polo Padroado de Cultura de Narón e a Asociación de Veciños San Xiao, tivo lugar do 15 de outubro ao 15 de novembro de 2006. Actuaron nel os grupos: Teatro de Cámara Dieta, de Santiago de Compostela, con *Melocotón en xarope*; o grupo Alexandre Bóveda, da Coruña, con *A farsa de Inés Pereira*; o grupo Oquetiqueiras, de Ferrol, coa obra *O traxe novo do rei*; o grupo local Imaxina-T, con *Virxes de cera*; e a Escola de Teatro de Narón, con *Aforro ordinario*.

Referencias varias:

- M.L.G., “San Xiao inicia una nueva edición de su muestra de teatro”, *La Opinión*, “Narón”, 12 outubro 2006, p. 22.

Faise referencia á celebración da mostra de teatro afeccionado organizada polo Padroado de Cultura de Narón e a Asociación de veciños San Xiao, que se desenvolverá entre o 15 de outubro e o 15 de novembro. Infórmase da actuación de cinco compañías: o grupo de Teatro de Cámara Dieta, de Santiago, con *Melocotón en xarope*; o grupo Alexandre Bóveda, de A Coruña, con *A farsa de Inés Pereira*; o grupo Oquetiqueiras, de Ferrol, coa obra *O traxe novo do rei*; o grupo local Imaxina-T, con *Virxes de cera*; e a Escola de Teatro de Narón, con *Aforro ordinario*.

Santiago, Ciclo étnico do Concello de. Letras Galegas

Referencias varias:

- D.G., “Homenajes al trabajo y la cultura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 febreiro 2006, p. 30.

Entre outras referencias a actos e eventos culturais de diverso tipo, inclúese unha breve nota alusiva á estrea no Teatro Principal da obra *Hamlet*, dirixida por Lino Braxe, incidindo no éxito obtido por esta.

Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego

Xornadas que se desenvolveron entre os días 5 e 10 de decembro, e que están organizadas pola Asociación de Amigos da Paisaxe Galega. Foron inauguradas en 2006 polo grupo de teatro Ad Libitum, coa representación da obra *A miña muller e o fontaneiro*, e continuaron coa representación de *Leve tres e pague un*, de Candelexas; *Jalisia, mi madriña*, de Volta e Dalle; *O mal de Manueliño e Xantar de Memoria*, de Chelo Licetti; *Un marido de ida e volta*, de A Retranca; e *Aforro ordinario*, da Escola Municipal de Teatro de Narón.

- M. Mayoral, “Ad Libitum abrirá seis días de representacións en la sociedad de O Seixo”, *Diario de Ferrol*, “Teatro”, 25 novembro 2006, p. 13.

Anuncia o comezo das Xornadas de Teatro no Seixo mencionando as distintas representacións que terán lugar nelas, ademais de destacar a actuación do grupo Amistad de Santa Mariña, que levará a escena en Recimil a obra *Non lle busques tres pernas ao alcalde*.

Sociedade Xeral de Autores Escénicos (SXA), Ciclo de Lecturas Dramatizadas

Ten lugar en Madrid, e o 30 de xaneiro de 2006 acolleu a peza teatral de Suso de Toro *Nano*, baseada en fragmentos da novela *Tic-Tac* e adaptada polo dramaturgo Cándido Pazó, director desta lectura protagonizada por Vítor Mosqueira.

Referencias varias:

- MARÉ, “Vítor Mosqueira convértese agora no ‘Nano’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xaneiro 2006, p. 35.

Dáse noticia da presentación da obra *Nano*, baseada en textos de Suso de Toro, no XI Ciclo SXA de Lecturas dramatizadas, baixo a dirección de Cándido Pazó, o seu adaptador teatral, e protagonizada por Vítor Mosqueira.

Tui, III Encontro Internacional de Teatro e Artes de Rúa

Organizado pola Asociación de comerciantes e industriais de Tui e coa colaboración da Consellaría de Innovación, Industria e Comercio, o Concello de Tui, Paradores e Caixanova, entre outros, a súa edición de 2005 celebrouse do 15 ao 17 de xullo e tivo como escenarios o Paseo da Corredeira e as rúas de Tui. Déronse cita diferentes artistas de rúa con espectáculos de clown, globoflexia, malabares, música e humor. Actuaron as compañías Circo Chico, o grupo Electrógeno (gañadores da primeira edición), Circonest, Azukillas, Ok e Shampoo. Na edición de 2006, o Encontro desenvolveuse entre os días 20 e 23 de xullo e contou no seu programa coa actuación dos grupos Circo Mejunje, Santiago Foresi, Hermanos Corpo Corto, Néstor Martellini, o grupo de baile Inquedanzas, Rei Migas e Vagalume.

Referencias varias:

- E.G., “Acitui lleva el teatro y arte de calle al Paseo da Corredoira”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Área Metropolitana”, 15 xullo 2006, p. 16.

Breve anuncio do comezo do Encontro Internacional de Teatro e Artes de Rúa de Tui.

- Eva González, “Tui, escenario del teatro de calle”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Área Metropolitana”, 20 xullo 2006, p. 18.

Alude á celebración do Encontro Internacional de Teatro e Artes da Rúa de Tui, incluíndo en columna á parte unha síntese do programa.

- Eva González, “Tui abre la programación cultural de otoño con la obra ‘Papyrus’”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Área Metropolitana”, 6 outubro 2006, p. 18.

Infórmase da apertura do último trimestre cultural do ano no Teatro Municipal de Tui, que se inaugurará coa obra de clown *Papyrus*. Detállase o programa para eses tres meses, integrado por un total de doce espectáculos de música, danza, contacontos e teatro. Entre estes cóntanse a obra *Carambola*, de Lagarta Lagarta, con representación prevista para o 3 de novembro; *Tic tac sons dunha nave*, de Teatro Buratini, para o 17 de novembro; e o I Festival Internacional de Contacontos, con actuacións de Cándido Pazó e José Luís Gutiérrez, o 27 de outubro.

Vigo, VII “Verán de teatro”

Incluído no programa de festas de verán do Concello de Vigo, naceu no ano 2000 coa denominación de “Verán de teatro e danza”. Organízao a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e ten como escenario a Praza da Estrela, onde se levan a cabo espectáculos nocturnos de diversos estilos durante unha semana, co humor como obxectivo e os adultos como público. Nesta edición de 2006 comezou o 15 de xullo e rematou o día 20 do mesmo mes. Participaron compañías procedentes de Cataluña, Portugal, Madrid ou Dinamarca.

Referencias varias:

- Mónica García, “El Concello de Vigo propone un “Verán de Teatro” a partir de mañana”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 15 xullo 2006, p. 27.

Breve referencia ao inicio do ciclo “Verán de Teatro” en Vigo, coa mención dalgúns dos espectáculos programados.

- Ana Saá, “Hot burrito’, el teatro del absurdo”, *Faro de Vigo*, “Faro verano”, 17 xullo 2006, p. 20.

Refírese ao espectáculo de humor *Hot burrito*, creado e protagonizado polo catalán Joan Estrader, que se representou o 19 de xullo na Praza da Estrela, en Vigo, no cadro do ciclo “Verán de teatro”. Reprodúcense as palabras de Joan Estrader a respecto do espectáculo.

- Silvia Rueda, “Una payasa para cerrar el ‘Verán de Teatro’”, *Faro de Vigo*, “Faro verano”, 21 xullo 2006, p. 39.

Entrevista a Marta Carbayo, quen pechou o VII Verán de Teatro de Vigo co seu espectáculo *Cantaclown*. Entre outros aspectos, conta como recibiu a súa familia a súa decisión de ser artista e os aspectos positivos e negativos que ela lle ve a profesión.

Vigo, Semana de Teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación de Centros Culturais de Vigo en colaboración co Concello. A súa primeira edición tivo lugar no ano 2001, organizada pola agrupación “Porta Aberta”. A edición de 2006 celebrouse os venres do mes de novembro. Actuaron os grupos Rueiro, con *Tan perfecto non te quero*; Lareira, con *A bolsa de auga quente* e *Informativos*; Atlántida, con *O polbo morto*; e Porta Aberta, con *A pousadeira*.

“Vigo a escena”, Ciclo

Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, comezou no mes de decembro de 2001. Celébrase en diferentes lugares dos barrios e parroquias deste concello, e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar os diferentes grupos locais que percorren estes escenarios coas súas pezas. No ano 2006 comezou o 18 de marzo e desenvolveuse até finais de decembro. Como novidade, nesta edición o Concello fixo valer os seus dereitos como socio da Rede Galega de Teatros, incorporando ao ciclo as actuacións dos grupos vigueses integrados na rede: Artello, Disque danza, The Pinga e Máscara Produccións. Actuaron as compañías Aforo, con *En alta mar*; Avento, con *Monstruos*; Fulano, Mengano e Citano, con *O Faro*; Sísifo, con *O bico da muller araña*, *Variacións en escabeche* e *Pic-nic*; e Máscara Produccións, con *Discurso sobre o fillo de puta* e *Caldo de Conciencia*. En canto ao teatro destinado ao público infantil, participaron The Pinga, coa obra *O rei dos mares*; Artello, con *Amadis de algures* e *A do libro*; Eva Vila e a locomotora, con *Carlota e a Marieta van en camioneta*; Pablo Nojes e Paprika, con *As catro rodas*; e Spaguetti, con *Cinco historias para unha man*.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “El teatro desembarca en los barrios vigueses”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 14 marzo 2006, p. 4.

Dá conta da inauguración do ciclo “Vigo a escena”, en que actuarán once compañías en 23 entidades veciñais e culturais, todas elas profesionais e viguesas. Enuméranse os espectáculos ofrecidos no ciclo e sinálase que tamén hai propostas familiares, como as dos grupos The Pinga, Artello, Eva Vila e a locomotora, Pablo Nojes e Paprika ou Spaguetti, ademais da programación destinada ao público adulto.

- A.R., “The Pinga pasea ‘O Rei dos mares’ por Beade, Castrelos e Teis”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 25 abril 2006, p. 5.

Anúnciase a presentación do espectáculo infantil *O Rei dos mares*, de The Pinga, dentro da programación do ciclo “Vigo a escena”. Sintetízase o argumento, que recrea a viaxe dun neno a bordo dun barco, e detállanse os lugares en que se levará a escena.

Vilalba, Mostra de teatro de

Organizado polo Centro Dramático Vilalbés, dirixido por María Xosé Lamas, conta coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Vilalba. No último trimestre de 2006 actuaron as compañías Lagarta Lagarta, con *Carambola*; Metátese, con *Peirao*; Nova Escena, con *A irmá María Ignacia explicavolo todo*; Achádego, con *Unha petición de man. O Oso*, ademais de *Ascensor*; Teatro Noroeste, con *Imperial*; Balea Branca, con *Defensa de Dama*; e Fulano, Mengano e Citano, con *O Faro*. Ademais, presentouse a obra infantil *O carballiño enfermo*, de Migallas Teatro.

Referencias varias:

- Froilán Varela, “El programa del auditorio vilalbés contará con ballet, teatro y música”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 22 setembro 2006, p. 16.

Dá noticia da apertura do programa do Auditorio de Vilalba, en que se insire a Mostra de Teatro en que actuarán Lagarta Lagarta, con *Carambola*; Metátese, con *Peirao*; Nova Escena, con *A irmá María Ignacia explicavolo todo*; Achádego, con *Petición de man* e *O Oso*, ademais de *Ascensor*; Teatro Noroeste, con *Imperial*; Balea Branca, con *Defensa de Dama*; e Fulano, Mengano e Citano, con *O Faro*. Ademais, presentouse a obra infantil *O carballiño enfermo*, de Migallas Teatro. Sinálanse para finalizar as diversas actividades musicais e lúdicas previstas dentro do programa presentado polo alcalde e o tenente de alcalde de Vilalba.

Yago, Sala

Espazo escénico que dende mediados de outubro de 2001 se converteu en teatro estábel, integrándose na Coordinadora de Salas Alternativas de España, igual que a sala Galán até 2005 e a Nasa até a actualidade, e onde a oferta de espectáculos de monicreques é o factor diferenciador. Ademais da súa programación de teatro de actor, cinema de autor en versión orixinal e música, tamén acolle representacións teatrais de compañías galegas diversas e mantén unha oferta de programación de monicreques periódica. No ano 2006 recibiu compañías procedentes de diversos lugares do mundo, ademais de galegas. Entre estas últimas estiveron: Teatro do Noroeste, con *Confesión e Imperia: Café cantante*; Ricardo Barreiro, con *Merda*; Nove-Dous, con *Edipo*; e Talía Teatro, con *Bicos con lingua*. Esta sala mantén ao longo de todo o ano unha serie de programas como “Títeres no Yago”, “Títeres para a escola”, “Teatro no Yago” ou “Teatro para o ensino medio”. No que respecta á programación infantil, actuaron, entre outras, as compañías Títeres Cachirulo, con *Pinocho e A pedra que arde*; Sala Yago, con *Cucho, Coco e o dilema do 6*; Títeres Cascanueces, con *A rúa das pantasma*s; The Pinga Teatro, c’*O rei dos mares*; e Teatro Tempo, con *A historia máis prodixiosa*.

Referencias varias:

- A.I., “Compañías de Bulgaria y Chile compartirán cartel en febrero en la sala Yago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 xaneiro 2006, p. 32.

Infórmase de que, logo da posta en escena de *Eros*, pola compañía madrileña La Novia, dará comezo a programación de marionetas coa representación de *Pinocho*, baseado no conto de Carlo Collodi, a cargo da compañía galega Títeres Cachirulo. A esta seguiránlle Teatro dedos, con *Treck, el bufón*; unha adaptación de *Los tres cerditos*, de Teatro de Títeres Kalina; Títeres Cascanueces, con *A rúa das pantasma*s; Rhepinga Teatro, con *O rei dos mares*; Teatro del andamio, con *Edelmiro II y el dragón Gutiérrez*; e Títeres Cahirulo, con *A pedra que arde*.

- A.I., “La recta final de las Navidades”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 xaneiro 2006, p. 30.

Entre diversas alusións a actividades lúdicas e culturais realizadas en Santiago e que teñen como destinatario ao público infantil, inclúese unha referencia á montaxe do tradicional Festival de Reis na Sala Yago, informando de que en 2006 abriu as súas portas co espectáculo *A guerra das Galicias*, da compañía galega Cachirulo Teatro.

- MARÉ, “Programa intenso de teatro na Sala Yago”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 febreiro 2006, p. 38.

Nota en que se informa de que a compañía Sala Cero levará a escena *Elena y el fenómeno borbely*, dirixida por Javier Berger, e que Teatro de Títeres Kalina representará unha versión para títeres de *Os Tres Porquiños*.

-MARÉ, “Teatro del Astillero trae á Yago unha obra de Luma Gómez”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 outubro 2006, p. 44.

Infórmase da presentación na Sala Yago do espectáculo *Mi vida gira arredor de 500 metros*, por parte da compañía teatral Teatro del Astillero, dirixida por Inmaculada Alvear e con texto de Luma Gómez.

- M.B., “Los Enemigos abrirán la tempada con un concierto en la Capitol”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 4 setembro 2006, p. 14.

Infórmase de que, logo do verán, abrirán as súas portas os “espazos alternativos” como a Sala Capitol, o Teatro Principal e as Salas Yago e Nasa. Da Sala Yago menciónase que acollerá a posta en escena de *Confesión*, de Eduardo Alonso; *Merda*, de Ricardo Barreiro; e *La naturaleza del animal*, de Marcelo Marán. Por último, destácase que na Sala Nasa se representarán *Tentacular*, de Chévere, e *Sempre ao lonxe*, de Mofa e Befá.

- A.I., “A Sala Yago comeza con producións galegas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 setembro 2006, p. 39.

Dáse conta da celebración, organizada pola Sala Yago, en que se presentou o programa do último trimestre do ano. Menciónanse as principais postas en escena que se levarán a cabo como, por exemplo, *Confesión*, dirixida por Eduardo Alonso; *Merda*, escrita por Ricardo Barreiro; e *A natureza do animal*, de Marcelo Marán. Tamén se indica que participarán, entre outras, as compañías Gátaro, Cans, Teatro do Estaleiro e A Fundación, representando, respectivamente, *Suite buffa*, *Vida cadela con compás*, *Miña vida xira arredor de 500 metros* e *Fóra*.

- A.I., “La Sala Yago inaugura el nuevo curso con propuestas gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 setembro 2006, p. 28.

Faise referencia á cea en que a Sala Yago presentou a axenda cultural que desenvolverá no último trimestre do ano. Salientaza, no mes de setembro, a representación de *Confesión*, escrita e dirixida por Eduardo Alonso; *Merda*, creada por Ricardo de Barreiro; e *La naturaleza del animal*, creada por Marcelo Marán e dirixida por Jorge Rey. En outubro destácase a posta en escena de *Suite buffa*, pola compañía Gátaro; *Vida perra con compás*, de Perros en danza; e *Mi vida gira arredor de 500 metros*, de Teatro del Astillero. No mes de novembro salientase *Edipo*, da compañía Novedous, e *Indignos*, do grupo Amaranto. Para finalizar, en decembroponse de relevo, entre outras cousas, que La Fundación representará *Fuera*, a que seguirán *Días sin nada*, de Tranvía Teatro, e *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, de Teatro do Noroeste.

-H.V., “A escena de outono”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, 13 outubro 2006, p. 3.

Dáse conta das propostas teatrais para a tempada de outono e inicio de inverno. Saliéntase, na Sala Yago, a representación da compañía catalá Gataro, que presenta a obra de Joan Brossa, *Suite Bufa*, unha peza en que se interrelacionan música e poesía. Incídese tamén na volta de Matarile Teatro, coa obra *Historia Natural (eloxio do entusiasmo)*, o día 28 no Teatro Principal de Ourense. A tempada de inverno contará con obras como *Hamelín*, da compañía Animalario, no Teatro Rosalía.

- Camilo Franco, 'Mi vida gira alrededor de 500 metros', *La Voz de Galicia*, "Vai por aí na fin de semana", 19 outubro 2006, p. 9.

Dá conta da representación na Sala Yago da obra *Mi vida gira alrededor de 500 metros*, dirixida por Inmaculada Alvear, que versa sobre a violencia de xénero, temática de plena actualidade.

- M. Beceiro, "Amaranto monta el gran circo de la vileza humana", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 11 decembro 2006, p. 13.

Dá conta de que Amaranto pon en escena o seu espectáculo *Indignos* na sala Yago, onde, baixo a forma dunha performance, nos ofrece un itinerario polo "circo urbano" en que pretende reflexionar sobre o papel do teatro na sociedade actual e sobre a relación do público coa dramaturxia contemporánea.

Zona Alternativa, Festival

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago de Compostela no ano 2000 baixo o nome "Alternativa", organizado polas salas Nasa e Galán, coa colaboración do IGAEM e Caixanova e, dende 2001, co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2006, baixo o nome "Zona Alternativa", foi organizado pola Sala Nasa. Nel preténdese ofrecer unha visión actual e comprometida do panorama das artes escénicas contemporáneas, con traballos innovadores e radicais. (Ver *Sala Nasa* neste mesmo apartado.)

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Áncora Produccións: *Final de película*, de Gustavo Pernas (direc.), **Pernas**, Gustavo

Ver Feira das Artes Escénicas.

Ver Narón, Sábados Teatrais.

Ver "Roberto Vidal Bolaño", V Mostra de teatro de Gondomar.

Referencias varias:

- María de la Huerta, "Gustavo Pernas estrea mañá no Rosalía a obra 'Final de película'", *La Opinión*, "Cultura", 8 marzo 2006, p. 55.

Dá conta da próxima estrea de *Final de película*. Logo de sinalar que gañou o "Premio Rafael Dieste", céntrase no significado e na trama da obra. Inclúe verbas de Pernas e dunha das intérpretes. Fai alusión aos actores e informa dos lugares en que se representará a peza.

- S.J., “Pernas Cora estrea na Coruña a obra gañadora do ‘Rafael Dieste’”, *El Progreso*, “Cultura”, 9 marzo 2006, p. 81.

Dáse conta da estrea de *Final de película*, de Áncora Producións. Infórmase de que foi a gañadora do IX “Premio Rafael Dieste”, menciónase o elenco de actores que participan na peza e alúdese á trama dramática.

- Yolanda Castaño, “Feira das artes”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 19 marzo 2006, p. 44.

Fai unha breve referencia á estrea de *Final de película*, de Áncora Producións. Malia que reconece moitos acertos na peza teatral, amosa o seu descontento coa interpretación dun dos actores.

- Rodríguez Maneiro, “Expos, teatro y presentaciones”, *El Ideal Gallego*, “Pluma del día”, 2 abril 2006, p. 18.

Trátase dunha breve alusión a *Final de película*, de Áncora Producións, lembrando que obtivo o “Premio Rafael Dieste”.

- M. Mayoral, “Moitos finais para unha película”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 5 abril 2006, p. 16.

Informa sobre o acto que tivo lugar con motivo da estrea de *Final de película*. Resume o argumento da obra e fai unha nómina das personalidades que participaron na xornada. Inclúe verbas dos presentes e ofrece datos sobre a estrea. Por último, fai referencia á traxectoria de Gustavo Pernas.

- Ágatha de Santos, “Con esta obra queremos abrir en canal al público”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 28 abril 2006, p. 45.

Con motivo da presentación de *Final de película* en Vigo, establece unha conversa coa actriz de Áncora Producións, Ánxela García Abalo. Antes de iniciar a entrevista, sintetízase o argumento da peza e cítanse os actores que interveñen nela. Fálase da temática de denuncia social, do significado do teatro actual e da acollida do público.

- L.B., “Un venres cun final de película”, *Diario de Arousa*, 7 maio 2006, p. 72.

Faise referencia á estrea de *Final de película*. Logo de proporcionar a nómina de actores, resúmese o contido da obra de Áncora Producións. Tamén se alude aos personaxes, ao desenlace da peza e, finalmente, ao público.

- Gustavo Pernas, “La familia, el cine, el teatro: Final de película”, *ADE Teatro*, nº 111, “Notas de dirección”, xullo-setembro 2006, pp. 225-229.

Pernas efectúa aquí unha exhaustiva análise desta montaxe, que el mesmo escribiu e dirixiu. *Final de película* conta a historia dun grupo de personaxes que asisten nun minicine á proxección dunha película que se interrompe xusto cando está a punto de chegar ao clímax. Mentres esperan a que se arranxe, especulan sobre os posíbeis finais e interpretan de xeitos

dispares o argumento do filme, amosando nesa análise os seus respectivos caracteres. Coa aparición dunha nova personaxe, Mayra, increméntanse a intriga e os conflitos, de xeito que a ficción remata por mesturarse coa realidade. Pernas explica que a idea da película xurdiu a partir das irritacións e inquietudes que lle xeraba o seu propio entorno, de xeito que o resultado é unha mostra dalgúns dos grandes males da nosa sociedade: o sexismo, o racismo, o fanatismo.... A continuación, explica polo miúdo as características de cada unha das seis personaxes que interveñen, ofrecendo tanto a súa descrición física coma o seu retrato psicolóxico: o acomodador, o espectador, a muller, o home, o mozo e Mayra. Tamén detalla polo miúdo as características do espazo escénico, así coma os conflitos que articulan a peza. A dialéctica entre a implicación de certos personaxes e a pasividade doutros é un dos eixes claves da peza, así coma a oposición entre individuo e sociedade. Unha vez determinados os temas da peza, Pernas entra na exposición da súa estrutura dramática, en que distingue até sete partes. Unha vez máis, queda patente nesa división a soidade e a división que marcan a obra. Para pechar o artigo, ofrécese unha ficha técnica cos principais datos da representación.

Arte Livre: *Evita, Eva Perón*, de Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno (direc.), Cordovani, Roberto.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “Una obra sobre Eva Perón abre el Teatro Arte Livre de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 23 marzo 2006, p. 47.

Dá conta da estrea de *Evita, Eva Perón*, en Vigo. Alude á sala de teatros creada pola compañía Arte Livre, ofrece o argumento da peza dramática e fai referencia aos intérpretes que actúan na obra. Por último, sinala os trazos técnicos da posta en escena. En espazo á parte, infórmase sobre os horarios das actuacións.

- M.Barros, “Evita no T.A.L”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, “Cultura”, 23-29 marzo 2006, p. 31.

Comeza facendo referencia á nova sala creada por Arte Livre e aos proxectos da compañía. A continuación, trata sobre a obra *Evita, Eva Perón*, aludindo ao argumento e aos antecedentes da obra. Inclúense as impresións de Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, artífices da obra, e os nove desexos da compañía para que a sala e as funcións teñan éxito.

- Fernando Franco, “El teatro que tenemos”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, 7 abril 2006, p. 12.

Faise unha breve alusión ás dúas iniciativas privadas de teatro que xurdiron en Vigo. Fai referencia ás funcións de *Evita, Eva Perón* e finaliza facendo un chamamento para que os lectores asistan ao teatro.

- M.Rodríguez, “El mito de Evita revive en Vigo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 14 abril 2006, p. 3.

Cunha definición de Roberto Cordovani sobre a obra comeza un texto que tenta revelar os eixes da peza de Arte Livre. Faise referencia aos actores e inclúense verbas de Cordovani. Alude á sala creada por Arte Livre, ao financiamento de *Evita, Eva Perón* e aos espectáculos infantís da compañía de teatro.

Arte Livre: *Olhares de perfil*, de Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno (direc.).

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

Referencias varias:

- MARÉ, “Ollares de perfil’ abre a tempada do Arte Livre”, *Galicia Hoxe*, 3 outubro 2006, p. 44.

Dáse conta da estrea en Vigo da obra *Ollares de Perfil*, sinalando que este éxito de Cordovani se impuxo en nove festivais internacionais e que será “falada en galego e castelán”.

- Fernando Franco, “La divina Garbo sigue en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, 31 outubro 2006, p. 10.

Informa das funcións de *Olhares de perfil*, na sala creada por Arte Livre na cidade olívica. Revela determinadas curiosidades do argumento da obra e refírese a Roberto Cordovani.

- Camilo Franco, “Cartón de melodrama”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 24 novembro 2006, p. 16.

Comeza facendo alusión ao xénero do melodrama para logo referirse á montaxe sobre Greta Garbo coas súas virtudes e as súas eivas. Dá conta da traxectoria e das características do teatro que desenvolve Arte Livre e apunta certas consideracións sobre o teatro e a imitación da vida. Tamén informa sobre a data, horario e prezo de *Olhares de perfil*.

Asociación Lilith: *Soberanas, é cousa de mulleres*, de Marcos Petete e outros (direc.).

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Comedia se escribe en femenino”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 6 marzo 2006, p. 54.

Unha decena de artistas galegas de distintas disciplinas inician en Vigo, na data de publicación da noticia, a xira do cabaré *Soberanas. É cousa de mulleres*. A montaxe percorrerá as principais cidades da comunidade levando unha combinación de cabaré, música, clown e contorsionismo co humor como elemento esencial, un humor feito por mulleres, pero que non por iso cae no tópicos de lograr a risa por medio da ridiculización do sexo oposto. A montaxe está promovida pola asociación Lilith e o colectivo Pistacatro con motivo do Día da

Muller Traballadora. No elenco figuran Anabel Gago, Emma Silva ou Marta Pazos. Marcos Petete, un dos directores da montaxe, resalta que as mulleres galegas están realizando un gran labor no eido da comedia, un traballo que, con todo, “no es tan promocionado como el de los hombres”.

- M.B., “Humor de mulleres”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 34.

Baixo o nome *Soberanas, é cousa de mulleres*, ponse en marcha enmarcado nos actos do día internacional da muller traballadora un espectáculo en formato cabaré que leva unha selección da arte das mellores cómicas galegas a seis cidades da comunidade. A asociación Lilith e o colectivo Pistacatro son os promotores do espectáculo, que pretende reclamar unha maior presenza da comedia feita por mulleres nos escenarios galegos. Segundo Petete, codirector do proxecto, o humor feito por fémias reviste características propias. O cabaré está presentado por Paula Carballeira e conta con sketches de cada unha das actrices participantes: Emma Silva, Clara Gayo, Anabel Gago ou Pepa Yáñez, cada unha co seu peculiar estilo. O resultado é unha mestura de música, danza e monólogos.

A Última Rata: *Cubo instalación.*

Ver Ribadavia, XXIIIª Mostra Internacional de teatro de.

A Última Rata: *Opera off.*

Ver Feira das Artes Escénicas.

Balea Branca: *Antaviana.*

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Balea Branca/Antaviana”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 9 novembro 2006, p. 9.

Comeza aludindo á maxia do título e aos precedentes para centrarse na comedia de Balea Branca e na súa intencionalidade.

- Lupe Gómez, “Xardín de cores”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, “Miradas”, 17 novembro 2006, p. 5.

Dá conta da estrea de *Antaviana*, das súas características máis significativas e do xénero musical no teatro. Fai referencia á maxia e aos personaxes que interveñen na obra. Tamén alude á capacidade que ten o teatro para transportar o lector a lugares irreais. Fala da “aposta orixinal” da compañía e da frialdade que comporta a peza.

Bucanero Teatro: *Piratadas*, de José Luis López “Sacha” (direc.), **Prieto**, José Luis.

Ver Cultura Circula, A.

Referencias varias:

- M.J.R., “Bucanero pon a proba a súa nova obra nas carpas de ‘A Cultura Circula’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 3 maio 2006, p. 16.

Comézase cunha alusión ao guionista e aos actores, así como ao fío condutor da obra. A continuación, reproducense as verbas de Xosé Bonome, fundador da compañía, que revelan os trazos da obra e diversas curiosidades relativas a *Piratadas*. Coméntanse aspectos relativos á música, ás expectativas e á intencionalidade. Finalízase aludindo ás funcións do proxecto “A Cultura Circula”.

Cándido Pazó: *Nano*, de Cándido Pazó (direc.), **de Toro**, Suso.

Sociedade Xeral de Autores Escénicos (SXAE), Ciclo de Lecturas Dramatizadas.

Centro Dramático Galego: *Illa Reunión*, de Ana Vallés (direc.), **Vallés**, Ana.

Referencias varias:

- MARÉ, “Un teatro para cidadáns”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 xaneiro 2006, p. 35.

Anúnciase a próxima celebración dun acto en que Ánxeles Cuña, directora do CDG, presentará a nova programación, que pretenderá responder ao obxectivo de que o teatro “esteá presente na sociedade como necesidade”. Ademais, dise que Ana Vallés está a ensaiar o próximo espectáculo do CDG, *Illa Reunión*, baseado nas vivencias do equipo no propio proceso de construción da montaxe. Enuméranse os actores que compoñen o elenco.

- Camilo Franco, “O CDG presenta etapa buscando a complicidade dos espectadores”, *Galicia Hoxe*, “Cultura”, 15 xaneiro 2006, p. 49.

Noticia da nova programación do Centro Dramático Galego, dada a coñecer por Ánxeles Cuña en Compostela, na compañía de Ánxela Bugallo, Ana Vallés, Miquel Insua e Paula Carballeira. Anúncianse as próximas montaxes do Centro: *Illa Reunión*, de Ana Vallés; *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira; *Medos*, dirixida por Miquel Insua; e *Eurípides*, por Ellen Lauren.

- MARÉ, “Entre a terra e o teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xaneiro 2006, p. 33.

Faise eco do acto de presentación da nova etapa do CDG, en que foron anunciados unha campaña de sensibilización, ciclos estacionais, cursos e encontros, ademais de dúas estreas,

Illa Reunión, de Ana Vallés, e *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira, ambas as dúas en fase de ensaios. Recolle declaracións de Ánxeles Cuña, quen afirmou querer construír “unha casa na que entre o aire”, e sinala a participación de Miquel Insua no acto, quen levará a escena unha das próximas montaxes.

- A.N.T., “A cabana de Babaiagá abre a nova programación do CDG”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 25.

Reproduce as declaracións en rolda de prensa de Ánxeles Cuña, logo de presentar a nova programación do CDG. Dise que será levado a escena un espectáculo de música e narración oral dirixido ao público infantil: *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira. Anúncianse ademais as obras *Illa Reunión*, de Ana Vallés, que ten como motivo a viaxe; *Medos*, de Steven Berkoff, dirixida por Miquel Insua; e *Eurípides*, por Ellen Lauren.

- C.P., “O CDG estrea nova etapa cunha montaxe con ambición de saír fóra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 2 marzo 2006, p. 45.

Comenta a inauguración da nova etapa do CDG, coa estrea de *Illa Reunión*, de Ana Vallés, obra que foi presentada no Salón Teatro na presenza de Luís Bará, Miguel Martín e Ánxeles Cuña. Neste acto cualificouse o espectáculo como “vivo, vibrante e bo”. Faise referencia á produción infantil dirixida por Paula Carballeira, que será estreada dentro do “Ciclo violeta” da Consellaría de Cultura, e anúnciase o programa de funcións da obra de Vallés.

- C.Villar, “Unha obra ‘non convencional’ inicia a nova etapa do Centro Dramático”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 2 marzo 2006, p. 39.

Anuncia a próxima estrea do espectáculo *Illa Reunión*, dirixido por Ana Vallés para o Centro Dramático Galego. Recolle as palabras da directora, quen afirmou que esta obra é un espazo utópico e mítico, inventado para atoparse. Reproduce, ademais, as declaracións de Luís Bará e Ánxeles Cuña, quen subliñaron o compromiso contraído co público, e menciónase o espectáculo infantil dirixido por Paula Carballeira, de título *A cabana de Babaiagá*.

- E.P., “O CDG inicia a súa nova andaina coa rupturista ‘Illa Reunión’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 2 marzo 2006, p. 63.

Faise eco do anuncio do novo equipo de xestión do CDG, que presentou en Compostela a obra “non convencional” *Illa Reunión*, dirixida por Ana Vallés. Esta comentou que o seu espectáculo propón unha viaxe metafórica a un espazo utópico e salientou a utilización de música en directo.

- MARÉ, “Vitalismo desesperado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 marzo 2006, p. 34.

Dise que, guiada pola filosofía deseñada por Cuña Bóveda para o Centro Dramático Galego, Ana Vallés comezará a súa “ruptura estética” coa estrea da obra *Illa Reunión*, que leva ensaiando dende hai dous meses. Enuméranse os membros do elenco, a maioría deles participantes no anterior espectáculo de Matarile Teatro: Marta Pazos, Borja Fernández, Xan Cejudo, Antón Coucheiro, Roberto Leal, Sergio Zaharreta [sic.], Enma Silva, Helen Bertels, Matxalen Bilbao e Daniel Abreu. Afírmase que esta obra, que contará con corenta e tres

funcións, propón unha viaxe metafórica a un espazo utópico.

- Jose Matamoros, “Nuevos aires para el Centro Dramático Galego”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 4 marzo 2006, p. 15.

Entre outras moitas cuestións alleas á literatura, menciónase a última montaxe do Centro Dramático Galego, *Illa Reunión*. Refírese á súa directora e creadora, xunto con Baltasar Patiño, de Matarile Teatro, e anuncia as datas e lugares das funcións.

- Sonia Torre, “Illa Reunión’ abre la nueva etapa del CDG”, *La Región*, “Teatro”, 5 marzo 2006, p. 75.

Coméntase a satisfacción de Ánxeles Cuña na presentación da nova etapa do CDG e infórmase do cambio radical que supón a estrea da obra de Ana Vallés, *Illa Reunión*, coa que se abrirá a temporada. Infórmase do equipo artístico deste espectáculo, “unha historia de viaxeiros”, e menciónase a próxima estrea da obra *A cabana de Babaiagá*, dirixida por Paula Carballeira.

- AGN, “Novas funcións de ‘Illa Reunión’, do CDG, no santiagués Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “hoy”, 8 marzo 2006, p. 73.

Anúncianse as novas representacións de *Illa Reunión* no compostelán Salón Teatro. Enuméranse os catorce membros do elenco, afirmando que os intérpretes comunican “historias reais, propias e alleas”, e coméntase o espazo escénico, a cargo de Baltasar Patiño, así como o equipo artístico. Indícase o prezo das entradas.

- A.N.T., “Maxia e música na nova etapa do CDG. Illa Reunión e A cabana de Babaiagá xa están nas táboas”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 25.

Anuncia as estreas das obras *Illa Reunión*, de Ana Vallés e *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira, ambas as dúas dirixidas para o Centro Dramático Galego. Salienta, no que se refire á primeira, a mestura de linguaxes, o enfoque fragmentario e a importancia da música e a danza, ou a iluminación, nas mans de Baltasar Patiño. Da segunda, afírmase que mestura música e narración oral e que está destinada a nenos de até 11 anos, así como que contará coa edición dunha unidade didáctica.

- Camilo Franco, “Outras voces, outros ámbitos”, *La Voz de Galicia*, 9 marzo 2006, p. 9.

Crítica da obra *Illa Reunión*, dirixida por Ana Vallés para o Centro Dramático Galego. Cualifícase a montaxe como “viaxe do teatro institucional galego aos retiros de Matarile” e afírmase que isto supón un cambio brusco para a anquilosada institución. Opínase, porén, que esta obra só poderá sorprender a aquela sección do público non habituada á poética de Matarile Teatro, único motivo polo cal os espectadores poderán acudir “coa sensación verdadeira de estrea”.

- Camilo Franco, “Ruptura e continuación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 10 marzo 2006, p. 52.

Crítica de *Illa Reunión*. Franco comeza referíndose á frescura e fermosura do espectáculo, para afirmar logo ironicamente que esta non parece obra do CDG, senón de Matarile Teatro. Destaca a ruptura narrativa, que cualifica como “dispersión”, afirmando que Vallés deixa correr o tempo como se non fose un elemento teatral necesariamente controlado, o que levaría a considerar a obra como antoloxía de imaxes en sucesión. Refírese á mestura de xéneros e ao predominio da dimensión visual do espectáculo. Afirmo que case cada momento da montaxe é perfectamente intercambiábel coa última produción de Matarile, *Historia Natural*. Remata afirmando que todas as virtudes amosadas deberían ser aproveitadas para “contar algo”.

- C.Domínguez, “Ánxeles Cuña abandona a dirección do CDG por unha incompatibilidade”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 10 marzo 2006, p. 65.

Noticia da rolda de prensa en que Ánxeles Cuña presentou a súa dimisión como directora do CDG por incompatibilidades contractuais. Saliéntanse os proxectos que deixa inacabados, así como as “dúas criaturas viviñas”, *Illa Reunión*, de Ana Vallés, e *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira. Ademais, faise referencia a un spot publicitario de promoción do teatro galego, en mans do realizador Jorge Coira.

- Lupe Gómez, “Festa dos sentidos”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, 10 marzo 2006, p. 5.

Crítica de *Illa Reunión*, de Ana Vallés. Cualifícase a obra como “magnífico exercicio” e “festa fermosísima”. Refírese á importancia da música no espectáculo, a alegría dos actores, ao traballo de iluminación e ao seu fragmentarismo, “puzzle dunha nena intelixente”. Destaca, así mesmo, o atrevemento e a valentía da montaxe e a súa forza imaxinativa.

- MARÉ, “Decisión ‘involuntaria’”, *Galicia Hoxe*, 10 marzo 2006, p. 35.

Noticia da dimisión de Ánxeles Cuña no cargo de directora do Centro Dramático Galego por incompatibilidades no seu contrato. Esta afirmou, entre outras cuestións, que deixa “dúas criaturas vivas”: as montaxes *Illa Reunión*, de Ana Vallés, e *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira. Coméntase o sentido aplauso que dedicaron a Cuña Vallés e Jorge Coira no Salón Teatro.

- Sonia Torre, “La ourensana Cuña presenta su renuncia a la dirección del Centro Dramático Galego”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 10 marzo 2006, p. 52.

Faise eco das declaracións públicas de Ánxeles Cuña ao presentar a súa dimisión ao cargo de directora do Centro Dramático Galego por dificultades administrativas. Entre outras cuestións, esta afirmou non dicir nada até agora por respecto ás dúas creadoras escénicas con obras en estrea, unha delas Ana Vallés, con *Illa Reunión*.

- MARÉ, “Mulleres en liña de vangarda”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 marzo 2006, p. 35.

Alúdese ao nomeamento de Cristina Domínguez como directora do Centro Dramático Galego. Saliéntase o feito de ser novamente unha muller a profesional escollida para o cargo, tras a dimisión de Ánxeles Cuña. Coméntase a traxectoria da directora, así como os proxectos en marcha, entre os que se atopa a peza *Os homes só contan até tres*, de Factoría Teatro. Dise

que Ánxeles Cuña deixou un dos balances máis ilusionantes deste organismo, coa montaxe *Illa Reunión*, de Ana Vallés.

- A.F., “Hay un plan para reabrir la Galán, pero no de momento”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 19 marzo 2006, p. 6.

Entrevista á creadora escénica Ana Vallés. Coméntanse as diversas actividades nas que está a participar tras o peche da Sala Galán, como a organización do festival de danza “En pé de pedra”, a docencia no Teatro La Abadía, de Madrid e, particularmente, a dirección da obra dirixida para o Centro Dramático Galego, *Illa Reunión*, actualmente en cartel. A autora afirma estar satisfeita da nova montaxe e coas reaccións do público e considera que esta obra segue coa liña de traballo deseñada en *Historia Natural*, a última montaxe da súa compañía Matarile Teatro, malia non ser en absoluto un “remake”.

- MARÉ, “Santiago, cita co teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 37.

Infórmase da posta en escena de *Os homes só contan ata tres*, de Antón Lopo, por Factoría Teatro, e *Illa reunión*, polo Centro Dramático Galego, baixo a dirección da propia autora da peza, Ana Vallés. Anúnciase tamén que se presentou o Festival Internacional de Teatro Universitario, que se celebrará en Santiago de Compostela e Lugo e en que participarán dez compañías teatrais de Brasil, Alemaña, Marrocos, Tunisia e España. Apúntase que, nesta edición, dominan os temas con gran fondo social e con críticas á guerra civil española e á política. Para rematar, menciónase que se vai representar *Quase de Verdade*, de Caetano Gotardo, polos alumnos do Departamento de Artes Escénicas de São Paulo.

- Camilo Franco, “Illa Reunión’ marcha”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 30 marzo 2006, p. 11.

Afirma, en primeiro lugar, que os últimos cambios no CDG son espectaculares, pero non exactamente teatrais. A seguir, anuncia o fin da estadía de *Illa Reunión* en Compostela e o comezo da xira, oportunidade para os que “non tiveron paciencia ou cahaza” de acudir ás funcións. Afirma que o feito de que a anterior obra de Matarile Teatro, *Historia natural*, pasase discretamente nos premios María Casares é unha boa desculpa para non ver esta obra.

- HV, “Illa Reunión’, en xira”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, 31 marzo 2006, p. 4.

Anuncia as últimas funcións de *Illa Reunión* no compostelán Salón Teatro, indicando o prezo das entradas e o teléfono para as reservas. Enumera os membros do elenco e afirma que nesta obra se utiliza a fragmentación como técnica narrativa. Sinala, finalmente, os próximos lugares da xira: Narón, A Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense, Ribadeo e Ferrol.

- Inma López Silva, “A illa fascinante de Ana Vallés”, *Tempos Novos*, nº 107, “Voces e culturas”, abril 2006, p. 84.

Comentario do espectáculo en que se sinala que se trata dunha obra arriscada onde os actores teñen que demostrar o polifacéticos que son, xa que nesta representación se mesturan varios xéneros e disciplinas, como a música e o baile. Saliéntase que a directora reformula tópicos,

avanzando na súa traxectoria estética con esta obra con que entra pola porta grande no Centro Dramático Galego.

- Belén López, “Teresa Moure, A Roda e o CDG participarán en 'Abril dos libros’”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 5 abril 2006, p. 83.

Ademais de repasar as actividades organizadas polo Concello de Pontevedra con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil, baixo o título “Abril dos libros”, sinálase a celebración dunha feira do libro, así como a entrega dos premios do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil e a homenaxe a Luísa Villalta. Do mesmo xeito, tamén se repasan as actuacións musicais e teatrais, como a posta en escena de *Cousas*, de Castelao, e *Illa Reunión*, do Centro Dramático Galego, entre outras propostas.

- B.I., “O CDG estrea a primeira obra da súa nova etapa, ‘Illa Reunión’, no Pazo”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 26 abril 2006, p. 84.

Dá conta da presentación da obra de Ana Vallés en Pontevedra, acompañada de Cristina Domínguez, a nova directora do CDG. Dise que esta última afirmou ser a obra unha das representacións máis importantes de toda a historia do CDG, ao contar cun importante elenco de actores e bailaríns e estar dirixida por unha das persoas máis relevantes na creación cultural galega. Insírense os comentarios de Ana Vallés sobre o mito da viaxe, presente no espectáculo.

- Sonia Torre, “Illa Reunión’ recalca en Ourense”, *La Región*, “Teatro”, 2 maio 2006, p. 51.

Anúnciase a chegada de *Illa Reunión* ao Teatro Principal de Ourense e recóllense diversos comentarios da directora do CDG, Ánxeles Cuña, sobre a obra dirixida por Ana Vallés e sobre as liñas actuais da institución. Saliéntase a importancia da música na obra e reproducense as reflexións de Vallés sobre o mito da viaxe. Finalmente, ofrécense os datos técnicos da montaxe.

- Alberto Quián, “Vallés: ‘As viaxes na procura dun cambio de vida son pretextos’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 6 maio 2006, p. 42.

Noticia da representación en Vigo da obra *Illa Reunión*. Recolle as palabras da súa directora, Ana Vallés, de quen se afirma que, ademais de estrear a programación de 2006 do CDG, celebra vinte anos á fronte de Matarile Teatro. Vallés reflexiona sobre o concepto de viaxe, central na súa nova obra, e sobre a apertura da compañía institucional a outras linguaxes. Anúnciase, ademais, que as próximas citas da montaxe son Ourense, Ribadeo e Ferrol.

Centro Dramático Galego: *Regreso ao deserto*, de Cristina Domínguez (direc.), **Koltès**, Bernard-Marie.

Ver Lugo, III Mostra de Teatro Clásicos do Século XX.
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos.

Referencias varias:

- Roberto Pascual, “El CDG y los fértiles desiertos”, *Primer acto*, nº 316 (V/2006), “Autonomías. Galicia”, pp. 173-175.

Crítica positiva da posta en escena da obra *O regreso ao deserto*, con que o CDG inicia unha nova etapa baixo a dirección de Cristina Domínguez. Incídese no feito de que a escolla dun texto para a representación supón sempre unha tomada de posición. Pascual destaca que a directora da obra e do CGD observou na trama do texto da montaxe, obra do dramaturgo Bernard-Marie Koltès, un pouso de universalidade a partir dun conflito particular entre dous irmáns, Mathilde e Adrien. Neste sentido, reproducense unhas palabras de Cristina Domínguez en que afirma que necesitamos empezar a falar do que acontece cando xentes doutros lugares e culturas se achegan ás nosas portas para cruzalas, en alusión ao que se conta na obra. Pascual incide na calidade do traballo actoral, no uso da cor en vestuario e iluminación, e na particular estética da directora, que aproveita os módulos e alturas para a configuración do espazo escénico e de ambientes simbólicos.

- MARÉ, “Por amor a Bernard Koltés”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xuño 2006, p. 37.

Infórmase de que neses días o boletín *E-Scena*, do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), publicou un adianto da nova proposta de programación para o Centro Dramático Galego, elaborada pola actual directora, Cristina Domínguez, e aprobada polo Consello Reitor do IGAEM. Esta programación, segundo se comenta, abrirase coa posta en escena dunha obra de Bernard Koltés, un dos dramaturgos favoritos de Cristina Domínguez, e incluírá tamén o espectáculo infantil *Tarará-Chis-Pum*, a cargo de Santiago Montenegro e Rosa Hurtado, e *A Piragua*, proposta escénica de Cándido Pazó. Apúntase así mesmo que a nova directora do CDG optou por interromper o programa previsto pola súa antecesora, Ánxeles Cuña, que deixara dúas montaxes en preparación.

- Cristina Domínguez, “A miña afección polo teatro sempre estivo aí”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 318, “Álbum”, 10 setembro 2006, p. 16.

Entrevista á directora do Centro Dramático Galego (CDG), Cristina Domínguez (Salcedo, 1965), quen dá conta dos proxectos do CDG para o presente curso, así como da súa experiencia á fronte da compañía pública de teatro. Di que a dificultade para chegar ao público que experimenta o teatro, así como a construción dunha afección social a esta arte, pode superarse “cun bo apoio por parte das institucións e cun traballo cada vez máis profesional”. Anuncia a obra *O regreso deserto*, dirixida por ela mesma, como o principal proxecto teatral do CDG para a temporada en curso; ademais, menciona a obra de teatro infantil, representada a cargo da compañía Artello, *Tarará chis pum*. Confirma a creación do Centro de Creación Dramática Contemporánea, co obxectivo de potenciar a dimensión autoral; como primeiras iniciativas do Centro enumera uns “talleres de escrita dramática que estarán dirixidos polo noso autor residente, Cándido Pazó, e logo virán un autor valenciano cunha traxectoria moi boa, Paco Sastroso, e Abel Neves, un autor portugués moi recoñecido”. Considera como “moi diferente” a experiencia de xestionar unha pequena compañía, como fixo nos anos que estivo en Factoría Teatro, en relación á súa etapa presente no CDG. Afirma que lle gusta estar “detrás” do escenario porque “a concepción global do espectáculo é algo que me atrae máis” cá interpretación.

- Xosé Lueiro, “Sen fixarmos límites”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, 15 setembro 2006, p. 4.

Reprodúcese unha entrevista realizada a Cristina Domínguez, nova directora do CDG tras a marcha de Ánxeles Cuña. A entrevistada comenta, entre outros aspectos, que unha das prioridades da súa xestión será a de captar máis público; que para abrir a nova programación escolleu a obra *O regreso ao deserto*, de Bernard-Marie Koltés, porque aborda o tema da emigración e o seu autor é un dos grandes clásicos contemporáneos; e que o CDG potenciará a formación de novos dramaturgos e a introdución na escena de novas xeracións de actores. Por último, tamén fai unha alusión breve a algunhas das propostas que integran a nova programación do Centro.

- A.N.T., “O regreso ao deserto abre a nova programación do Centro Dramático”, *A Nosa Terra*, nº 1.237, “Cultura”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 25.

Infórmase de que o CDG, con Cristina Domínguez á fronte, abrirá a súa nova programación para a tempada 2006-2007 coa obra de Bernard Koltés *O regreso ao deserto*, que se estrea o 20 de outubro no Salón Teatro de Santiago. Apúntase que un dos obxectivos da xestión actual é captar público e anticipase que dúas serán as propostas para o público infantil: *Tará-chis-pum*, creación colectiva de Artello Teatro, estreada en Vigo en 1978, que constituíu o primeiro espectáculo profesional de teatro dirixido a nenos; e *A cabana de Babaigá*, que volve a escena para continuar a campaña iniciada a principios de ano. Infórmase ademais de que unha das novidades da nova etapa do CDG é a posta en marcha do Centro de Creación Dramática Contemporánea, a cargo do dramaturgo residente, que esta tempada será Cándido Pazó. Apúntase por último que o CDG asumirá este ano a xestión do Salón Teatro e avánzase o programa previsto para esta sala.

- MARÉ, “Non saben perder”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 setembro 2006, p. 34.

A noticia está centrada na resposta que a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, dá ás críticas recibidas pola súa xestión, procedentes dalgúns sectores e do Partido Popular. Esta resposta encádrase na rolda de prensa ofrecida por Bugallo en compañía de Cristina Domínguez, con motivo da presentación da nova programación do CDG. En breves textos á parte, destácanse algúns aspectos da nova programación.

- Tere Gradín, “La creatividad en el espacio escénico”, *Faro de Vigo*, *El Sábado*, nº 481, 7 outubro 2006, p. 2.

Infórmase de que o CDG vén de presentar a súa nova programación para a tempada que vai de outubro a xuño de 2006. Faise un repaso dalgúns das propostas incardinadas no programa e destácase que na nova etapa se potenciará a escritura teatral, as producións propias e as coproducións con compañías privadas galegas.

-C. Villar, “O CDG estrea a nova tempada co texto ‘Regreso ao deserto’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 19 outubro 2006, p. 40.

Centra a atención na obra *Regreso ao deserto*, do francés Bernard-Marie Koltès, con que o CDG abre a súa nova tempada. Recolle as palabras de Cristina Domínguez no acto de

presentación, salientando a actualidade da temática, así como a montaxe da obra, que califica de “actual e dinámica”. Ademais de adiantar un resumo do contido, informa sobre as representacións previstas en Santiago e Vigo. Remata dando a coñecer a páxina web creada a modo de foro para recoller os comentarios sobre a obra.

- Camilo Franco, “O CDG abre nova etapa cunha obra do francés Bernard Koltès”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 outubro 2006, p. 41.

Faise eco da presentación no Salón Teatro de Santiago a obra *O regreso ao deserto*, a cargo do CDG. Ademais, recolle as palabras da directora da montaxe, Cristina Domínguez, referíndose á introdución dos clásicos contemporáneos no teatro a través dunha obra con temas moi actuais. Do mesmo xeito, outros membros do elenco sinalan o carácter divertido da obra, o traballo como compañía dos actores e, finalmente, o carácter interxeracional do reparto.

-E.P., “O CDG abre con ‘Regreso ao deserto’ a nova temporada”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 outubro 2006, p. 75.

Sublíñase o inicio da nova tempada do Centro Dramático Galego, coa obra *Regreso ao deserto*, do dramaturgo francés Bernard-Marie Koltès. Cristina Domínguez, directora da compañía e da montaxe, reiterou a actualidade da súa temática e a intención de presentar nesta tempada obras contemporáneas. Despois de centrarse no argumento da obra, informa das distintas funcións que terán lugar no Salón Teatro de Santiago. Remata dando a coñecer, por un lado, a elaboración dun caderno educativo para que se poida traballar a obra nas aulas e, por outro, a posta en marcha dun blog sobre a obra.

-MARÉ, “Estranxeiros na patria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 outubro 2006, p. 33.

Dáse conta do inicio da nova tempada do Centro Dramático Galego, coa obra de Bernard-Marie Koltès *Regreso ao deserto*, a primeira baixo a dirección de Cristina Domínguez. Ademais de falar do vestiario, iluminación e escenario, menciónanse os elementos centrais da trama: a xenofobia, a patria, o amor, a familia e o peso da historia. Así mesmo, refírese o reparto da obra, que mestura nomes que traballan por primeira vez no teatro público con outros xa coñecidos como Luísa Merelas, Celso Parada, Toni Salgado e Pilar Pereira. Para finalizar, infórmase de que a montaxe se poderá ver a partir do 24 de novembro en distintas cidades galegas.

- Camilo Franco, “Koltès dos sorrisos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 20 outubro 2006, p. 20.

Alúdese á obra de Bernard-Marie Koltès *O regreso ao deserto*, con que o CDG estrea a súa nova tempada. Entre outros aspectos, apúntase que este texto, no cadro da historia do CDG, resulta contemporáneo, que a obra transcorre nun espazo interior e que, pese ao ton de comedia en que pretende moverse, ten algo de “panorama moral”.

- Lupe Gómez, “Absurdo como unha mazá”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “Miradas”, 27 outubro 2006, p. 5.

Crítica positiva da obra *O regreso ao deserto*, que leva a escena o Centro Dramático Galego a partir do texto de Bernard-Marie Koltés e baixo a dirección de Cristina Domínguez. Entre outros aspectos, destácase que a obra fai rir, pero tamén pensar, que está concibida en clave de humor intelixente e que a adaptación do texto levada a cabo polo CDG é moi acertada e vese complementada polo traballo dos actores. Lóase especialmente a música que, segundo se apunta, contribúe a crear unha atmosfera moi dinámica.

- Andrea Álvarez Pino, “O CDG ábrese a Koltès”, *Tempos Novos*, nº 114, “Teatro”, novembro 2006, p. 76-77.

Análise da posta en escena da adaptación da obra de Koltès, *O regreso ao deserto*, a cargo de Cristina Domínguez para o CDG. Despois de falar doutras adaptacións deste autor feitas pola directora, céntrase na orixe cómica da obra, subliñada xa por Koltès, e na análise deste molde cómico combinado co aspecto dramático presente na montaxe, mestura que é cualificada como desequilibrio e desaxuste, xunto cos códigos de actuación do elenco de actores. Ademais, salienta outros elementos escénicos como o emprego da luz, a mutación constante de espazo escénico, a creación de diferentes atmosferas e o “orixinal deseño dunha escenografía funcional”.

- Alfredo Conde, “Devalar-vital-de-provincias”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 novembro 2006, p. 4.

Crítica negativa da posta en escena da obra *O regreso ao deserto*, que o autor do artigo declara que abandonou en metade da representación. Lóase o traballo dos actores Luisa Marelas e Celso Parada e criticáase o labor de dirección de Cristina Domínguez e o propio texto da peza, da autoría do dramaturgo Bernard-Marie Koltés.

- Camilo Franco, “Regreso ao deserto”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 16 novembro 2006, p. 9.

Breve nota e que se anuncia a representación da obra *O regreso ao deserto*, do Centro Dramático Galego, montada a partir dun texto de Koltés. Ofrécense os horarios e datas de representación no Salón Teatro de Santiago.

- Jaureguizar, “Domínguez afirma que Koltès fixo en 1988 unha peza ‘moi actual’”, *El Progreso*, “Cultura”, 24 novembro 2006, p. 73.

Infórmase de que Cristina Domínguez, directora do CDG, ofreceu unha conferencia en Lugo sobre Bernard-Marie Koltés e explicou por que escolleu a obra *O regreso ao deserto*, deste autor, para abrir a programación da nova tempada do Centro. Entre outros aspectos, destacou da obra que, malia ser escrita en 1988, a actualidade da súa temática é plena.

- Xosé Lueiro, “Desertos de dor e risa”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “A contrabutaca”, 1 decembro 2006, p. 4.

Crítica positiva, aínda que comedida, da posta en escena polo CDG de *O regreso ao deserto*. Repásanse aspectos do contido do texto, do que se di que aínda que pretende a comicidade, ten un pouso de ironía, humor negro e cinismo; aspectos da adaptación, en que se apunta que

se fai fincapé na relación humana, acompañada pola dor, dos dous protagonistas, Mathilde e Adrien; e de aspectos da interpretación, onde se destaca o traballo de Luisa Merelas. Finalmente, nunha gradación de cualificacións que vai da categoría “mala” á “excelente”, Lueiro concédelle a esta peza o terceiro nivel: “interesante”.

- Genma Malvido, “Herданzas e desertos de area”, *La Opinión*, “A Coruña”, 5 decembro 2006, p. 13.

O texto artéllase combinando a exposición demorada do argumento da obra *O regreso ao deserto*, do dramaturgo francés Bernard Marie Koltès, a alusión á estrea da montaxe que dela fixo o Centro Dramático Galego (a primeira na nova etapa de dirección de Cristina Domínguez) no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, e a reprodución dalgúns palabras da directora da montaxe, a propia Cristina Domínguez, a propósito do porque da escolla deste texto.

- Marta García Márquez, “O Centro Dramático Galego aposta polo contemporáneo na estrea da temporada”, *El Ideal Gallego*, “Teatro”, 5 decembro 2006, p. 14.

Alúdese á estrea da obra *O regreso ao deserto*, do dramaturgo Bernard-Marie Koltès, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Puntualízase que esta é a primeira montaxe do CDG na súa nova etapa con Cristina Domínguez como directora. Destácase a actualidade dun texto que data de 1960, imposta pola súa temática, e resúmese o seu contido. Faise, así mesmo, unha nómina do elenco e reproducense algunhas consideracións do actor coruñés Manuel Areoso a propósito da lectura metafórica que pode facerse da peza.

- E.P., “O CDG leva ao Jofre de Ferrol a montaxe ‘O regreso ao deserto’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 decembro 2006, p. 67.

Anúnciase a representación da obra *O regreso ao deserto*, nova montaxe do Centro Dramático Galego, no Teatro Jofre de Ferrol, prevista para esa fin de semana. Neste sentido, apúntase que tivo lugar unha presentación da peza o día anterior, a cargo da directora, Cristina Domínguez, quen destacou que o CDG pretende contar historias que lle interesen á xente, e por iso escolle textos de plena actualidade, como o do dramaturgo Bernard-Marie Koltès de que parten. Para finalizar, menciónase o nome dalgún dos actores e inclúense os horarios das funcións previstas.

Chévere: *Tentacular*.

Ver Cultura Circula, A.

Diego Anido: *O Alemán*.

Ver Nasa, Sala.

Expresión Produccións: *Entre nós*, de Manuel Solla (direc.).

Ver Pontevedra, “Outono Teatro”.

Lagarta, lagarta: *Carambola (cóncavo convexo)*, de Lino Braxe (direc.), **Prieto**, José Luís.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Ver Ribadavia, XXIIIª Mostra Internacional de teatro de.

Ver “Roberto Vidal Bolaño”, V Mostra de teatro de Gondomar.

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Referencias varias:

- Sonia Torre, “Una ‘carambola’ con cuatro ourensanos”, *La Región*, “Teatro”, 1 marzo 2006, p. 67.

Alude á estrea de *Carambola*, a terceira montaxe da compañía Lagarta, Lagarta, que tras o éxito obtido con *Fobias*, repite director (Lino Braxe), dramaturgo (José Luis Prieto) e parte do elenco. Faise unha nómina do grupo actoral, reproducense algunhas palabras do director a propósito da nova montaxe e, en espazo á parte, infórmase da data, lugar e hora da estrea, ademais de enumerar as montaxes anteriores da compañía.

- M.J.Rico, “Lagarta Lagarta quere superar o éxito de ‘Fobias’ cunha nova obra de suspense”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 3 marzo 2006, p. 18.

Noticia sobre a estrea da obra de teatro *Carambola* no auditorio de Narón. Trátase da terceira produción de Lagarta Lagarta, dirixida por Lino Braxe a partir dun texto de José Luis Prieto e marcada pola mestura de humor, intriga e drama. Unha novelista, un marido, unha irmá, unha criada e dúas viaxeiras que perturban a paz dun fogar aparentemente normal, son as personaxes da peza. O elenco que lles dá vida está integrado por Elina Luaces, Anabel Gago, Rosa Álvarez, Ernesto Chao, Belén Constenla e Rebeca Montero. José Luis Prieto afirma que na peza se mesturan humor, intriga e até reflexións intelectuais. Pola súa banda, Lino Braxe remarca as diferenzas entre esta montaxe e a anterior de Lagarta Lagarta, *Fobias*. Para o director, son tanto de índole visual como de contido. En espazo á parte incídese no feito de que *Carambola* supón a volta ao teatro de Ernesto Chao tras unha longa etapa na televisión. Faise referencia tamén ás traxectorias das actrices da obra.

- Nicolás Vidal, “Elina Luaces. ‘Decidir ser profesional do teatro é decidir estar ao borde do susto’”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 5 marzo 2006, p. 18-19.

Entrevista a Elina Luaces, unha das protagonistas da obra *Carambola*, da compañía Lagarta Lagarta, que se acaba de estrear no auditorio de Narón no momento en que se publica a entrevista. En primeiro lugar, faise un percorrido pola traxectoria da intérprete, que traballou no Centro Dramático Galego e na TVG. Elina Luaces agarda que *Carambola*, “unha comedia dramática con pouco drama e con sorpresa final”, funcione ben na súa estrea. Responde tamén a unha serie de cuestións sobre a reforma do teatro Jofre, en Ferrol, do que afirma que é

“marabilloso” e que favorecerá a vida cultural da cidade. Luaces recoñécese como membro da primeira xeración de profesionais galegos da escena, ademais de participar na fundación da Asociación de Actores, Técnicos e Directores e do Centro Dramático Galego. Tamén fai referencia ao éxito alcanzado con *As damas de Ferrol*, unha montaxe anterior de Eduardo Alonso que a entrevistada protagonizou xunto a Luma Gómez.

- Xosé Lueiro, “No cerne da intriga”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe venres*”, 10 marzo 2006, p. 4.

Entrevista a Rebeca Montero e Anabel Gago, dúas das actrices do espectáculo *Carambola*, de Lagarta Lagarta, marcado pola intriga e de inminente estrea no Teatro Principal de Compostela en datas próximas á da publicación deste texto informativo. Escrita por José Luís Prieto e dirixida por Lino Braxe, conta no seu elenco con Rosa Álvarez, Belén Constenla, Ernesto Chao, Elina Luaces, Rebeca Montero e Anabel Gago. A obra ambiéntase nunha casa afastada en medio dunha noite escura de tormenta e está marcada polos “continuos sobresaltos”. Na entrevista, Rebeca Montero apunta o éxito de público na estrea en Narón, ao tempo que tanto ela como Anabel Gago resaltan as diferenzas que presenta respecto á anterior montaxe da compañía, a premiada *Fobias*. Ambas as dúas falan tamén das personaxes que cada unha interpreta. Gago sinala que a liña estética dos espectáculos producidos até o momento por Lagarta Lagarta mantén certos trazos definitorios, marcados pola elegancia ou o envoltorio escénico. Tamén apunta a que as pezas da compañía provocaron un “fenómeno de arrastre” que achegou aos teatros a xente que normalmente non acode a eles. Finalmente, apuntan as características máis atractivas de *Carambola*: Rebeca Montero resalta as “risas, ritmo, tensión e inquedanza” da montaxe, mentres que Anabel Gago subliña sobre todo a súa capacidade para mover á reflexión.

- Concha Pino, “Necesito o teatro, o contacto co público no día a día”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 12 marzo 2006, p. 6.

Entrevista á actriz ourensá Belén Constenla, unha das protagonistas da obra *Carambola*, da compañía Lagarta Lagarta, comedia de José Luís Prieto dirixida por Lino Braxe e onde participan, ademais, Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Elina Luaces, Rebeca Montero e Anabel Lago. O teatro, segundo comenta Constenla, é absolutamente necesario para a súa traxectoria profesional. En *Carambola* dá vida a Alicia, unha muller que chega xunto cunha amiga a unha casa, como consecuencia dunha avaría do seu coche, e que na vivenda se encontra cun grupo de xente moi peculiar. Deixa claro que a obra é independente da anterior produción da compañía, *Fobias*, se ben existirían certos elementos identificábeis en ambas as dúas. “*Carambola* está feita con máis xogo teatral e é máis cómica”, apunta. Finalmente, intenta achegar algunha explicación sobre o descenso de público que asiste ás funcións de teatro galego, sinalando que “hai propostas moi interesantes” e que na caída de audiencia todos os sectores teñen “un pouco de culpa”.

- Héctor Barrera, “La comercialidad no debe estar reñida con la calidad en el teatro”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 14 marzo 2006, p. 8.

Entrevista a Ernesto Chao, un dos protagonistas da montaxe *Carambola*, de Lagarta Lagarta, con motivo da estrea do espectáculo en Compostela. Chao resalta a calidade do traballo dos actores participantes, dirixidos por Lino Braxe nunha comedia de José Luis Prieto. O entrevistado considera que o idioma non supón ningunha desvantaxe para o teatro galego, se

ben afirma que este carece de circuítos suficientes e de espazos de representación de calidade. Fala tamén do nacemento de Lagarta Lagarta, impulsada por el mesmo e por Rosa Álvarez e cuxa filosofía se basea na conxunción de comercialidade e de calidade. Respecto á actitude do novo goberno cara ao teatro, Chao é optimista e sinala que hai xa bos proxectos. En referencia ao peche da sala Galán en Santiago, considera que é “una pena” e agarda que o novo goberno considere a súa reapertura. En espazo á parte, faise referencia á traxectoria de Lagarta Lagarta, nada en 1991 e que con *Carambola* pon en escena o seu terceiro espectáculo. Trátase dunha comedia negra de misterio en que se suceden as sorpresas e onde se xoga co real e co imaxinario. O final é aberto, de xeito que é o público quen saca as súas propias conclusións sobre o que presenciou.

- A.I.S., “Carambola’, una comedia negra plagada de humor”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 marzo 2006, p. 29.

A terceira obra de Lagarta Lagarta estréase en Santiago. Trátase dunha comedia negra, de misterio, escrita por José Luis Prieto e dirixida por Lino Braxe. Protagonízana Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Elina Luaces, Anabel Gago, Belén Constenla e Rebeca Montero. A sorpresa e o xogo entre o real e o imaxinario, xunto co humor, son os ingredientes básicos da obra, conxugados cun final aberto en que o público é o que ten que extraer as súas propias conclusións respecto do presenciado. En dúas notas faise referencia ao autor da obra e aos actores, fundadores da compañía que a pon en escena, Rosa Álvarez e Ernesto Chao.

- José Matamoros, “La cultura se adapta a todos los soportes y formatos”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 15 marzo 2006, p. 11.

Breve nota sobre a estrea en Santiago de *Carambola*, a nova obra de Lagarta Lagarta. A peza, dirixida por Lino Braxe, ten un reparto integrado polos actores Elina Luaces, Anabel Gago, Rosa Álvarez, Ernesto Chao, Belén Constenla e Rebeca Montero.

- Camilo Franco, “Carambola”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 16 marzo 2006, p. 9.

Da última montaxe de Lagarta Lagarta resáltase que garda unha estreita relación con *Fobias*, a anterior aposta da compañía, pero “non é unha continuación dela”. A proposta, dirixida por Lino Braxe, usa todos os ingredientes do misterio literario, a través da presenza dunha casa illada, unha noite de tormenta e unha ruptura de comunicacións. Realidade e ficción confúndense e incrementan a sensación de misterio.

- A. Iglesias, “Un encuentro ‘mágico’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 marzo 2006, p. 28.

Dentro dunha noticia moito máis ampla con alusións a diversas citas culturais, faise referencia á última representación da obra *Carambola*, de Lagarta Lagarta, dirixida por Lino Braxe, que está prevista para o mesmo día de publicación da nova, no Teatro Principal.

- Natalia Álvarez, “Ernesto Chao. ‘A xente ten que ir ao teatro e quedar con ganas de volver’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 158, 23 marzo 2006, p. III.

Entrevista a un dos protagonistas de *Carambola*, o novo espectáculo de Lagarta Lagarta, que supuxo ademais, no caso deste actor, a volta ao teatro tras varios anos de inactividade neste campo. Chao resalta o éxito da montaxe entre o público e subliña a súa capacidade para sorprender e manter o interese de xeito constante. Lagarta Lagarta, afirma, pretende facer espectáculos atractivos para todo o público, con rigor profesional e artístico. O actor amósase esperanzado respecto ás perspectivas teatrais para ese ano en Galicia, se ben afirma que o principal problema que queda aínda por resolver é o da distribución. Aposta Chao por unha distribución máis delongada e destaca os pasos que o novo goberno está a dar respecto ao audiovisual, “apostando moito por el”.

- Xosé Lueiro, “Xogando ás agochadas”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, 24 marzo 2006, p. 4.

Crítica de *Carambola*, a última obra de Lagarta Lagarta. Preséntase a peza como unha excepción dentro do teatro galego pola súa capacidade para conxugar comercialidade e calidade. Non obstante, criticábase que sexa unha secuela da anterior montaxe da compañía, a premiada *Fobias*, e mesmo que a empeore nun magma de confusión e de personaxes sen un sentido definido dentro da trama. En espazo á parte, faise referencia ás características técnicas da peza e realízase un percorrido polas dúas montaxes anteriores de Lagarta Lagarta, *Fobias* e *Cartas de Amor*.

- Ana Rodríguez, “Lagarta Lagarta propón un xogo de misterio e humor negro no Rosalía”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 20 abril 2007, p. 12.

Noticia sobre a próxima representación na Coruña da última montaxe da compañía galega *Carambola*, dirixida por Lino Braxe, sobre un texto de José Luis Prieto. O elenco de actores intégrano Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Elina Luaces, Anabel Gago, Belén Constenla e Rebeca Montero. Unha noite escura de treboada e unha casa incomunicada son as coordenadas espazo-temporais en que se desenvolve a trama, unha “comedia negra de misterio”, segundo a definiu o propio Chao, en que os actores pasan por todos os estados de ánimo ao longo da representación.

- E.P., “Lagarta Lagarta se adentra con ‘Carambola’ en la comedia negra”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 20 abril 2006, p. 16.

Noticia sobre a presentación da nova obra da compañía galega Lagarta Lagarta, baseada nun texto de José Luis Prieto e dirixida por Lino Braxe. Trátase dunha comedia negra, de misterio e humor, onde nada é o que parece e que mantén vínculos estéticos con *Fobias*, a anterior montaxe de Lagarta Lagarta. Segundo indicou un dos actores protagonistas, Ernesto Chao, cofundador ademais da compañía promotora, tiña superados xa nesas datas os dous mil espectadores. Cinco actrices e un actor protagonizan a peza, en que os intérpretes pasan ao longo da representación por distintos estadios que van da intriga ao drama.

- Montse Mayoral, “La programación del teatro Jofre en mayo incluirá una docena de actos”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 25 abril 2006, p. 16.

Dentro dunha noticia máis xenérica sobre a programación cultural do teatro ferrolán, faise referencia á próxima representación de *Carambola*, a última montaxe da compañía Lagarta

Lagarta. José Luis Prieto é o seu autor e Lino Braxe o director. Do elenco forman parte Elina Luaces, Anabel Gago, Rosa Álvarez, Ernesto Chao, Belén Constenla e Rebeca Montero.

- Sonia Torre, “Ernesto Chao regresa a los escenarios después de cinco años, con ‘Carambola’”, *La Región*, “Ourense”, 19 maio 2006, p. 12.

Lagarta Lagarta estrea en Ourense a obra *Carambola*, dirixida por Lino Braxe e con texto de José Luís Prieto, que supón o regreso á escena de quen fora actor de *Pratos Combinados*. Ernesto Chao, actor e produtor da compañía teatral, explica que a representación na cidade das Burgas desta montaxe é a número vinte, cunha media de trescentos espectadores por función. Trátase dunha “comedia con ingredientes de misterio y novela negra”, que supón a segunda colaboración de Chao con José Luís Prieto. O elenco actoral, ademais do propio Chao, está integrado por Rosa Álvarez, Belén Constenla, Elina Luaces, Anabel Lago e Rebeca Montero. O misterio é un ingrediente esencial na peza, que comeza unha noite de treboada, nunha casa apartada e illada do mundo exterior cando o teléfono deixa de funcionar.

- Cecilia Albarenga, “Buen teatro se escribe con ‘L’ de Lagarta en Salceda de Caselas”, *Faro de Vigo*, “Suplemento especial”, “Baixo Miño/Louriña”, 28 outubro 2006, p.1.

Noticia sobre a presentación nesta localidade da obra *Carambola*, de Lagarta Lagarta. Trátase dunha comedia negra en que se entrelazan as vidas de seis personaxes. Baixo a dirección de Lino Braxe e con guión de José Luís Prieto, a montaxe está protagonizada por Elina Luaces, Ernesto Chao e Belén Constenla, entre outros. Unha casa apartada e unha noite de treboada prestan o escenario para que se sucedan todo tipo de feitos misteriosos. Dúas rapazas chegan á vivenda en medio da noite porque se lles estropeou o coche. A partir de aí ten lugar un conxunto de situacións que van do humor ao espanto. Resáltase que a peza tivo un gran éxito entre o público que asistiu ó auditorio municipal dentro do ciclo que organiza este concello pontevedrés.

- Camilo Franco, “Dar coa fórmula”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D escenarios”, 3 novembro 2006, p. 16.

Crítica de *Carambola*, obra da compañía Lagarta Lagarta, da que se resalta a súa capacidade para captar público a través do misterio, apuntando ademais que non queda claro se se perfila como comedia negra ou se se inclina cara ao humor absurdo. A falta de coherencia é, así, un dos elementos que se ven negativos dentro da montaxe, da que tamén se afirma que resulta “previsible”. A conclusión é que o teatro galego non logrou aínda atraer a audiencias maioritarias sen caer no burdo.

La Imagina Machina: A viaxe de Efi.

Ver Carballiño, IIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).

Lucier: Vol.num.uno.

Ver Teatro Ensalle.

Ver *Isto Ferve*, II Encontro Contemporáneo de Teatro e danza.

Ludd: *Census, o soño do enumerador*.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Luma Gómez: Muller, non é para tanto.

Ver FestAlt06, Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo.

Manane Rodríguez: *Non se che faga tarde (Monólogo para inventar o amor)*, de Manane Rodríguez (direc.), **Fernandez Naval**, Francisco.

Referencias varias:

- Rodri García, “Manane Rodríguez dirige su primera obra teatral en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 18 febreiro 2006, p. 54.

Indícase que se leva a escena o texto de Francisco Fernández Naval *Non se che faga tarde (Monólogo para inventar o amor)*, dirixido pola uruguaia Manane Rodríguez. Coméntase que é o primeiro texto teatral que dirixe; anteriormente fixera o mesmo na gran pantalla con filmes como *Los pasos perdidos*, con Federico Luppi, e proximamente rodará en Galicia *Un cuento para Olivia*. No que respecta á peza teatral, coméntase que retrata a unha muller que chega á súa primeira cita cun home de quen se namora a través dunha fotografía.

Manicómicos: Galician Express.

Ver Oleiros, Festival de Cabaré Galego.

Manicómicos: *Glu:m*, de Carlos Santé (direc.).

Ver Manicómicos, III Festival Internacional de Teatro Cómico.

Referencias varias:

- E.P., “Una vuelta de tuerca al cabaret”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 12 xullo 2006, p. 10.

Infórmase de que a compañía de teatro contemporáneo Manicómicos presentará no Forum Metropolitano o espectáculo *Glu:m*, cuxo título está tomado dun termo inglés que fai referencia ao abatemento e tamén a un punto de luz nun lugar escuro. Está dirixida por Carlos

Santé e presenta persoas que viven baixo terra, alimentándose da enerxía e a luz que se desprende de arriba. Son seres descatalogados que pretenden escapar da escravitude da sociedade de consumo.

Manicómicos e Mariclown: *Cabaré na Fábrica.*

Ver Oleiros, Festival de Cabaré Galego.

Mercé de Rande: *Vou-querevento.*

Ver FestAlt06, Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo.

Migallas Teatro: Cousas que pasan.

Referencias varias:

- Mercedes García-Nieto, “A Compañía ‘Migallas’ actuará hoxe no Centro Cultural de Lantaño”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de culturas”, “Teatro”, 21 maio 2006, p. 28.

Anúnciase que o grupo teatral pontevedrés “Migallas” chega a Portas, onde representará a súa obra teatral *¡Cousas que pasan!*. Coméntase que o tema principal da peza é a crítica a algúns aspectos presentes na sociedade galega, como o fanatismo futbolístico, o uso marcado do galego, o emprego mal pagado, o consumismo ou as discriminacións. Enténdese que o texto bebe da realidade dos integrantes da compañía, que proximamente se achegarán a institutos e a outros concellos galegos.

Mofa e Befá: Máis parecidos que iguais.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Máis parecidos que iguais”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 21 setembro 2006, p. 9.

Breve noticia en que se informa de que o grupo *Mofa e Befá* representa na Sala Nasa unha peza en que se defende que somos máis parecidos que iguais, e que a diferenza non radica na cultura nin noutros factores distintos dos cartos. Eles alíanse coa clase moinante e fan unha parodia en que reivindicán esta condición.

Mofa e Befá: *Sempre ao lonxe*, de Quico Cadaval (codirec.).

Ver Manicómicos, III Festival Internacional de Teatro Cómico.

Ver “Roberto Vidal Bolaño”, V Mostra de teatro de Gondomar.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Mofa e Befaf. ‘Sempre ao lonxe’. Humor de raza palleira”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 29 xuño 2006, p. 11.

Analízase a posta en escena de *Sempre ao lonxe*, unha peza do grupo Mofa e Befaf que pretende tratar asuntos de gran importancia en clave de humor. Coméntase que se decataron, nunha viaxe en que viron ao xogador de fútbol Ronaldinho, de que as diferenzas económicas son máis importantes que as étnicas e, ao mesmo tempo, moi difíciles de salvar. Indícase que hai moita sátira, humor e música informal que trata de arredar o teatro da cultura seria.

- MARÉ, “Sempre ao lonxe”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xuño 2006, p. 45.

O grupo Mofa e Befaf, formado por Vítor Mosqueira e Evaristo Calvo, leva a escena no teatro Principal de Compostela o espectáculo *Sempre ao lonxe*, en que se mesturan o humor, a ironía e a música para tratar as diferenzas raciais. O título débese á fusión de dous libros clave da literatura galega: *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, e *Sempre en Galicia*, de Castelao. Levarán o espectáculo por Galicia durante os meses seguintes e agardan ter a mesma boa acollida de que gozou o seu anterior traballo, *Cultura para dar e tomar*.

- M.B., “Evaristo Calvo. ‘Sería bo que as etnias perdesen exotismo””, *A Nosa Terra*, nº 1.237, “Fin de semana”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 35.

Breve entrevista a Evaristo Calvo, un dos integrantes do grupo teatral *Mofa e Befaf*, que representa na Sala Nasa a obra *Sempre ao lonxe*, xunto a Vítor Mosqueira. Comenta que pretenden xogar con mesturas imposíbeis e facer unha broma irreverente en que participe o público, ao que se quere descolocar, facéndoo reflexionar sobre as etnias. A través dun padre misioneiro, un drogadicto e un executivo, presentan un espectáculo que se achega á decadencia étnica, froito dunha sociedade da información que nos presenta o máis afastado como próximo. Non teñen pechada unha xira de actuacións, pero si algunhas representacións espalladas por diversos lugares, incluso de fóra de Galicia.

- Lupe Gómez, “Lonxe e preto”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, “Miradas”, 29 setembro 2006, p. 5.

Coméntase que a obra *Sempre ao lonxe* que representan na Sala Nasa a compañía Mofa e Befaf asegura diversión ao público que se achegue a vela. Enténdese que o seu acerto está en tratar temas serios con humor e ironía e achegarse a temas interesantes como os problemas de comunicación, a intolerancia e outros que aparecen todos os días na prensa.

Nove-Dous: Edipo.

Ver Yago, Sala.

Nut Teatro: *Corpos disidentes*, Neira, Carlos (direc.).

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "Teatro en transformación", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", 8 decembro 2006, p. 4.

Entrevista realizada a Carlos Neira, profesor de dramaturxia en Espazo Aberto e director escénico na compañía Nut, que levará a escena en xaneiro de 2007 a montaxe *Corpos disidentes*. Fala da súa concepción do teatro contemporáneo, que entende achegado á linguaxe performática do corpo, á linguaxe audiovisual e á liberdade do traballo coa música e a escenografía. Confesa que lle gusta experimentar, explorar os lindeiros do corpo humano, como fai na obra que vai estrear, onde presenta tres mulleres nunha furna de metacrilato que desenvolven varias temáticas. Aposta polo apoio das institucións ao teatro menos convencional e entende que a liña actual do IGAEM e do CDG está supoñendo un paso neste sentido.

Otero, Antía: *Única escribiu a súa morte*.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "A morte é vida", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", "Miradas", 7 xullo 2006, p. 5.

Alude á presentación teatral feita por Antía Otero da súa obra *Única escribiu a súa morte*, en que se recrea a morte de Única Zürn, sobre a que ela mesma xa tiña escrito.

Pepa Yáñez e Davide Salgado: *Fenme Fatale*.

Ver Oleiros, Festival de Cabaré Galego.

Pífano Teatro: *Ventos*, **Ferreiro**, Celso Emilio (poemas de).

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Regresar á palabra", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", "Miradas", 19 maio 2006, p. 5.

Fai referencia á representación da obra *Ventos* no Teatro Principal de Santiago de Compostela, a cargo de Pífano Teatro. Dise que a obra mestura teatro e poesía, dado que se trata dunha lectura dramatizada dos poemas de Celso Emilio Ferreiro.

Ricardo Barreiro: *Merda*.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Ver Yago, Sala.

Pífano Teatro: *Rotas*, de Xabier Picallo (direc.).

Referencias varias:

- Á.P., “Pífano teatro leva ‘Rotas’ a Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarca”, 21 novembro 2006, p. 16.

Breve nota que anuncia a posta en escena de *Rotas* na Casa da Cultura de Soutomaior, indicando o nome das actrices e do director, e apuntando tamén a hora de representación.

Sarabela Teatro: *Macbeth*, de Helena Pimenta (direc.), **Shakespeare**, William.

Ver Carballiño, Outono teatral do.

Ver FIOT, XV Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo.

Referencias varias:

- Sonia Torre, “Helena Pimenta toma el timón en Sarabela”, *La Región*, “Teatro”, 16 febreiro 2006, p. 75.

Sarabela Teatro entra no 2006 con dúas novidades: Helena Pimenta será a súa directora e presentará a obra *MacBeth*, do autor inglés William Shakespeare. A directora Helena Pimenta é considerada unha das melloras coñecedoras da obra do dramaturgo inglés e leva dende 1986 dedicándose profesionalmente á dirección escénica.

- Sonia Torre, “Sarabela muestra la sangre de la ambición”, *La Región*, “Ourense”, 13 xullo 2006, p. 10.

O Teatro Principal de Ourense acolle a presentación da obra *Macbeth*, a nova montaxe de Sarabela Teatro. A obra será dirixida por Helena Pimenta e conta coa colaboración da Deputación, do Concello e do Igaem.

- Camilo Franco, “Sarabela estrea con ‘Macbeth’ o seu primeiro Shakespeare”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xullo 2006, p.30.

Sarabela Teatro presentará por primeira vez unha obra de Shakespeare, *MacBeth*. A obra será dirixida por Helena Pimenta, gran coñecedora deste autor e da súa obra. A directora respecta case todo o argumento orixinal; a novidade principal é a localización na guerra de Bosnia.

- Albino Mallo, “O teatro atrae na Coruña a máis de 35.000 espectadores”, *Galicia Hoxe*, “Escenarios”, 30 outubro 2006, p. 30.

Detalla a programación da tempada teatral do teatro Rosalía de Castro da Coruña, en que salienta as montaxes galegas *A Raíña da Beleza de Leenane* e *Macbeth*, de Sarabela Teatro.

Talía Teatro: *Esperando a Godot*, de Roberto Salgueiro (direc.), **Beckett**, Samuel.

Ver Carballiño, IIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).

Referencias varias:

- LR, “Talía Teatro ahonda en la angustia de vivir”, *La Región*, “Carballiño”, 8 setembro 2006, p. 20.

Infórmase de que a compañía Talía Teatro presentou no Festival do Teatro Galego do Carballiño a obra *Esperando a Godot*. Indícase que esta peza é referencia do teatro do absurdo e que a mediados dos 50 marcou un antes e un despois na escena contemporánea. Segundo se explica, a representación tivo lugar no penúltimo día do Festival e a acollida do público foi moi boa. Destácase, ademais, que os organizadores do ciclo están moi satisfeitos co modo en que este está a decorrer. En espazo á parte, detállase o programa de actos previsto.

- Inma López Silva, “Os perigos do absurdo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 48, “Críticas”, outono 2006, pp. 60-61.

Crítica positiva da posta en escena da obra *Esperando a Godot* por parte de Talía Teatro, baixo a dirección de Roberto Salgueiro. Incídese na dificultade de representación inherente ao teatro do absurdo e afóndase na xénese deste tipo de dramaturxia nihilista que deconstrúe a lóxica argumental e lingüística do texto e incorpora a casualidade como lei que rexe as vidas, sen que exista decisión sobre o destino propio. Destácase que a montaxe de Salgueiro é moi persoal nos diversos niveis. Incídese na lentitude que se lle imprime aos diálogos, fronte á rapidez que os caracteriza no texto orixinal de Beckett, e salientase a interpretación que se fixo da obra en clave de clown. Neste sentido, López Silva loa o traballo interpretativo dos actores Artur Trillo e Toño Casais, pero afirma que a estética clown desactiva en boa medida o propio absurdo que lle dá sentido á obra e, por isto, pode converterse nun inimigo da montaxe. Tamén fai fincapé nunha mudanza introducida sobre o texto orixinal, en que aparecía unha árbore que agora é substituída por unha morea de maletas en relación á que os personaxes Didi e Gogo non deixan de facerse preguntas, mentres esperan por Godot. O simbolismo desas maletas pode ser variado ou absurdo, segundo se postula.

- Inma López Silva, “Absurdo e clown”, *Tempos Novos*, nº 113, “Voces e culturas”, outubro 2006, p. 73.

Fai referencia á representación da obra de Samuel Beckett a cargo de Talía Teatro baixo a dirección de Roberto Salgueiro. Sinala o bo entendemento da obra orixinaria e do teatro do absurdo por parte do autor; por outra banda, fai unha crítica da libre interpretación das formas do diálogo da obra, considerando que se perde a capacidade de sorpresa e a rapidez na palabra. Fala tamén da estética predominante, unha interpretación a partir do clown. Remata referíndose á calidade do elenco.

- M.B., “Roberto Salgueiro. ‘Estou esperando por unha cultura con sensibilidade’”, *La Voz de Galicia*, “Al día”, 26 outubro 2006, p. 2.

Entrevista a Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro, que dirixe a Talía nunha nova versión de *Esperando a Godot*.

Teatro Cachuzo: *Charlie’s Angels Sex*, de Begoña e Silvia Ferreira e Eva Gontand (direc.).

Referencias varias:

- C.H., “Non hai surf, pero ten tres anxos”, *Diario de Arousa*, 22 abril 2006, p. 64.

Teatro Cachuzo presentou no Auditorio de Vilagarcía de Arousa *Charlie’s Angels Sex*, unha obra que reinterpreta libremente e con toques “kitch” a serie estadounidense *Los Ángeles de Charlie*, adaptándoa á realidade galega. No novo argumento, tres rapazas traballan para un misterioso coruñés, Charlie. Na montaxe mestúranse amor, humor, artes marciais, misterio e suspense. Begoña e Silvia Ferreira, e Eva Gontand son as responsábeis da peza, que se inclúe no cadro das xiras da Rede Galega de Teatro e Auditorios.

- Vera Cruz, “Broodway en Lugo”, *El Progreso*, “De marcha”, 17 febreiro 2006, p. 11.

Noticia sobre a presentación no Clavicémbalo do espectáculo musical *Charlie’s Angels Sex*, de Teatro Cachuzo. Trátase dunha comedia musical que se estreou no 2005, protagonizada por tres mulleres que teñen en común a súa beleza e o feito de que traballan para un multimillonario coruñés chamado Charlie. Na montaxe mestúranse, segundo se sinala, acción, suspense, música, artes marciais, hipnotismo e filosofía oriental.

Teatro D2: *Figurantes*, de Alfonso Castro (direc.), **VV. AA.**

Ver Teatro Ensalle.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Referencias varias:

- MARÉ, “Nace Teatro d2, compañía asociada ó Teatro Galán”, *Galicia Hoxe*, “Na escena”, 2 febreiro 2006, p. 37.

Fálase do nacemento de Teatro D2, a nova compañía asociada ao Teatro Galán, que debutará co espectáculo *Figurantes*. Dise que esta obra xorde da necesidade dunha nova expresión en que os actores, que queren ser protagonistas, son só figurantes.

Teatro de Ningures: *Misericordia*.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Teatro do Aquí: *A ópera de a patacón*, de Marcos Orsi (direc.), **Vidal Bolaño**, Roberto.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha ópera para Roberto”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 xaneiro 2006, p. 41.

Dise que a estrea da obra *Ópera de a patacón* representa a última homenaxe que o grupo Teatro do Aquí lle vai facer a Roberto Vidal Bolaño, antes da súa disolución por problemas económicos e por falta de apoio institucional. A obra, dirixida por Marcos Orsi e baseada na adaptación que fixo o homenaxeado sobre a obra *Ópera del mendigo*, incorpora agora a música en directo de Xabier Debesa.

- Almudena González, “El otro adiós de Vidal Bolaño”, *El Progreso*, “Cultura”, 26 xaneiro 2006, p. 89.

Fálase da presentación en Compostela dunha nova versión da obra *Ópera do patacón*, a cargo da compañía Teatro do Aquí, antes da súa disolución. Con esta posta en escena preténdese homenaxear a Roberto Vidal Bolaño, finado en 2002. A obra foi escrita orixinalmente en 1728 por John Gay baixo o título *Ópera del mendigo*, pero posteriormente foi obxecto de varias versións. A versión que agora chega procede do propio Vidal Bolaño, considerado por moitos o “pai do teatro profesional galego”; esta vez engadiráselle música en directo. Tamén se fala dos malos momentos e dificultades económicas polas que está a pasar esta compañía dende que Bolaño finou.

- Camilo Franco, “Os miserables teñen corazón”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 26 xaneiro 2006, p. 9.

Fálase da estrea da obra *A ópera do patacón*, a cargo do grupo Teatro do Aquí, que tivo lugar o pasado martes. Trátase dunha nova versión máis dotada no escénico e con música en directo de Xabier Debesa.

- Lupe Gómez, “Ópera de delincuentes”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, “Miradas”, p. 5.

Coméntase a obra *Ópera do patacón*, baseada nun texto do finado Roberto Vidal Bolaño, e puntualízase que o devandito texto, á súa vez, xurdira a partir duns textos de John Gay e de Bertolt Brecht. Cualifícase de obra desenfadada e alegre, lucida, irónica e sentimental, que combina música, baile e moi boas actuacións, por parte do grupo Teatro do Aquí.

- Xosé Lueiro, “Maxia da fragmentación”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe venres*”, “A Contrabutaca”, 3 febreiro 2006, p. 4.

Faise unha análise da última e derradeira obra levada aos escenarios teatrais polo grupo Teatro do Aquí; trátase de facerlle unha última homenaxe ao xa desaparecido Roberto Vidal Bolaño, coa nova versión da súa obra, anteriormente xa versionada, *A ópera de a patacón*, que fora escrita primeiro por John Gay e logo por Bertold Brecht. Mackie Navalla volve aparecer unha vez máis en escena, pero desta vez acompañado por música en directo de Xavier Debesa.

- Inma López Silva, “O canto final de Teatro do Aquí”, *Tempos Novos*, nº 106, “Teatro”, marzo 2006, p. 74.

Despois de comentar a anunciada disolución deste grupo teatral, céntrase na súa derradeira montaxe, a obra de Roberto Vidal Bolaño, *A ópera do patacón*, dirixida por Marcos Orsi. Salienta o humor e habilidade para as solucións escénicas, así como a interpretación de Xoán Carlos Mejuto. Critica, entre as dificultades da montaxe, por un lado, un elenco moi reducido para dar vida a demasiados personaxes; por outro, a dificultade de montar un musical con recursos limitados. Remata referíndose ao desexo da aparición dun volume con textos éditos e inéditos de Vidal Bolaño.

Teatro do Atlántico: *A raíña da beleza de Leenane*, de Xulio Lago (direc.), **McDonagh**, Martin.

Ver Carballiño, Outono teatral do.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos.

Ver Ribadavia, XXIIIª Mostra Internacional de teatro de.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A raíña da beleza...”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 27 abril 2006, p. 9.

Fálase da semellanza entre o rural irlandés e o galego, así como de moitas outras cousas comúns que os galegos toman como propias. Coméntase que María Barcala interpreta a unha muller que anda por riba dos corenta anos e que se ve obrigada a coidar á súa nai por mor dos valores tradicionais.

- Inma López Silva, “Leenane, o lugar para o bo teatro”, *Tempos Novos*, nº 109, “Voces e culturas”, xuño 2006, p. 76.

Comeza facendo alusión á liña irlandesa da obra dirixida por Xulio Lago. Fálase do éxito deste ao debruzar o espectador fronte a “un mundo que parece propio”. Fai referencia á escenografía e ao argumento. A continuación, céntrase no tipo de teatro que caracteriza o labor de Xulio Lago e nas interpretacións dos actores e actrices que integran o elenco. Remata advertindo de que Teatro do Atlántico ofrece “teatro de calidade”.

- Manuel F. Vieites, “Martin McDonagh en galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 180, “Teatro”, 19 outubro 2006, p. VIII.

Despois de facer un breve repaso da traxectoria profesional do dramaturgo inglés Martin McDonagh (Londres, 1970), cuxa obra *O mozo que chegou de lonxe* xa foi representada polo Centro Dramático Galego, dirixido por Mario Gas, fai unha crónica do novo espectáculo de Teatro do Atlántico, *A raíña da beleza de Leenane*, a primeira peza deste autor, traducida para esta ocasión por Avelino González e Olga R. Nogueira, e dirixida por Xulio Lago. Trátase dunha obra que presenta un drama persoal e familiar no enfrontamento dunha nai, xa vella, coa súa filla, que comeza a sentir a vellez. A representación terá lugar no antigo Teatro García Barbón, de Vigo.

- A.R., “Teatro do Atlántico estrea no Rosalía a súa nova produción”, *La Opinión*, “A Coruña ciudad y cultura”, 26 outubro 2006, p. 8.

Preséntase a obra *A raíña da beleza de Leenane* como un drama con moito humor negro, escrito por Martin McDonagh, un dos máis importantes autores europeos actuais. Dise que aínda que a obra se sitúa nun pobo irlandés, podería estar ambientada en calquera pobo do rural galego, xa que as coincidencias son moitas e moi variadas.

- Albino Mallo, “O teatro atrae na Coruña a máis de 35.000 espectadores”, *Galicia Hoxe*, “Escenarios”, 30 outubro 2006, p. 30.

Dá conta da programación da tempada teatral do teatro Rosalía de Castro da Coruña, en que salienta as montaxes galegas *A Raíña da Beleza de Leenane* e *Macbeth*, de Sarabela Teatro.

Teatro do Atlántico: *Memoria do 36*.

Ver Carballiño, IIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).

Teatro do Noroeste: *A casa do pai*.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Teatro do Noroeste: *A tixola polo mango (Muller, non é para tanto)*, Lola Correa (direc.), Correa, Lola.

Referencias varias:

- E.P., “Teatro do Noroeste leva ‘A tixola polo mango’ a Vigo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 febreiro 2006, p. 41.

Infórmase de que Teatro Noroeste presentará en Vigo a obra *A tixola polo mango*, dirixida por Lola Correa e protagonizada por Luma Gómez. A obra trata da revolución da muller.

Teatro do Noroeste: *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, Eduardo Alonso (direc.), **Alonso**, Eduardo.

Ver o apartado III.1. do Informe.

Ver FIOT, XV Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo.

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Ver Yago, Sala.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Café Cantante a la viguesa”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 467, 1 xullo 2006, p. 2.

Eduardo Alonso, director e autor teatral, presenta a obra *Imperial: café cantante*. A obra ambiéntase no Vigo de 1936, antes do comezo da Guerra Civil.

- P. de la Torre, “O acusado fronte á confesión”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 setembro 2006, p. 36.

Entrevista a Eduardo Alonso, que volve ao Yago baixo as ordes de Luma Gómez coa obra *Confesión*. Tamén prepara para outubro o musical *Imperial, Café cantante*.

- Camilo Franco, “Teatro do Noroeste estrea o luns ‘un musical á galega’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 outubro 2006, p. 42.

O director Eduardo Alonso presenta a obra musical *Imperial: café cantante* e afirma que este musical non é de estilo americano, as cancións entán integradas na dramaturxia e os actores cantan cando teñen que facelo. Ao tempo, a editorial Espiral Maior publica o libro do mesmo título.

- MARÉ, “Outra vez o Igaem”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 outubro 2006, p. 35.

Refírese a confrontación pública que tivo lugar entre Néstor Rego, concelleiro de Cultura de Santiago, e Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e director xeral da editorial Espiral Maior. Dise que o editor lamentou que o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais rexeitase financiar a recuperación de obras dramáticas galegas, e que o concelleiro llo reprochou publicamente. Recóllense tamén as declaracións de Francisco Pillado Maior, director da editorial Laiovento, a favor do poeta e contra a coartación da liberdade de expresión. Por

último, fálase do espectáculo e do libro-disco *Imperial Café Cantante. Vigo 1936*, que presentaban.

- Camilo Franco, “Imperial: café cantante”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 12 outubro 2006, p. 10.

Fai referencia ao último día de representación en Santiago, no Teatro Principal, da obra *Imperial: Café cantante*, da compañía Teatro do Noroeste. Trátase dun musical dramático que leva a escena os tempos anteriores ao alzamento franquista, na cidade de Vigo.

- Camilo Franco, “Revista e historia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 13 outubro 2006, p.16.

Crítica sobre a obra de teatro *Imperial: Café teatro*, ambientada no Vigo dos tempos anteriores ao alzamento franquista.

- M. Mayoral, “O Jofre tórnase un café cantante”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 27 outubro 2006, p. 14.

A compañía Teatro do Noroeste presenta no Jofre o musical *Imperial café cantante: Vigo 1936*, dirixido por Eduardo Alonso e protagonizado por Luma Gómez. A obra ambiéntase no Vigo do 36, antes do comezo da Guerra Civil.

- M.B., “Luma Gómez. ‘Queremos ofrecer unha nova perspectiva da Guerra do 36’”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Fin de semana”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 35.

Entrevista a Luma Gómez, que apunta que Teatro do Noroeste presenta o musical *Imperial Café*, en que se recrea a vida en Vigo antes da Guerra do 36.

Teatro Galileo: *O avaro*, Molière.

Ver Feira das Artes Escénicas.

The Pinga: *Urbe 02*.

Ver “Roberto Vidal Bolaño”, V Mostra de teatro de Gondomar.

Versus: *Quotidiana Delirant*, de Eles Alavedra (direc.), **Prado**, Miguelanxo.

III.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *Ascensor*.

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Achádego Teatro: *O libro de ler e desler*, de Tareixa Campo (direc.).

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Achádego’ con recompensa”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 8 decembro 2006, p. 79.

Informa de que o grupo de teatro Achádego celebra xa dezaioito anos sobre os escenarios. En conversa con Tareixa Campo, a única integrante que permaneceu no grupo todos os anos que abrangue a súa andadura, repásanse algunhas das montaxes que formaron parte da traxectoria dun colectivo amator que rexeita profesionalizarse. Entre estas montaxes, Tareixa Campo destaca as da Familia Pelúdez, que se representan durante as festas de San Froilán desde 1997. En espazo á parte destácase a nova estrea do grupo, *O libro de ler e desler*, obra que será presentada en Valadouro, como vén sucedendo coas últimas pezas preparadas polo colectivo lugués.

Achádego Teatro: *Unha petición de man*, **Chéjov**, Anton.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.
Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Achádego Teatro: *O oso*, **Chéjov**, Anton.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.
Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Ad Libitum: *A miña muller e o fontaneiro*.

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Ad Libitum: *Retrato da baronesa Von Pfeifer*.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Aforo Teatro: *En alta mar*, de Leonel García (direc.), **Mrozek**, Slawomir.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.
Ver “Vigo a escena”, Ciclo.

Referencias varias:

- Ana Saá, “Sobrevivir en alta mar”, *Faro de Vigo*, “Faro verano”, 21 xullo 2006, p. 39.

Informa da próxima estrea, no Teatro Arte Livre de Vigo, de *En alta mar*, adaptación da obra de Slawromir Mrozek, baixo a dirección de Leonel Garía Laborde, que tamén realiza un papel xunto cos catro alumnos da Escola Municipal de Teatro de Vigo, da que el é profesor, e que forman parte da compañía Aforo Teatro.

Agrupación Cultural Xunco de Parderrubias: *Cousas de Parroquia*.

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Alberola, Carles e García, Roberto: *Bicos*.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

Alentía Teatro: *Intres*.

Amistade: *Non busques tres pés ao alcalde*.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Aperta: *Anoréxicas*.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

A Pombiña: *A pousadeira*.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

A Pombiña: *O parto de Calandrino*, de Gonzalo Grandal (direc.), **Fra Molinero**, Eduardo.

A Retranca: *Un marido de ida e volta*.

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Arela das Artes: *As que matan o sono*, **Shakespeare**, William.

Arruallo: *Sogras bárbaras.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Atlántida: *O polbo morto.*

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado.

Aula de Teatro Municipal de Pontevedra (ATM): *Lixo*, de Anxo Lourido (direc.),
Lourido, Anxo.

Bartoleta: *Así aman os dioses.*

Bolaván Teatro: *Feminino Plural.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Candalexas: *Entremeses des... variados.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Candalexas: *Leve tres e pague un.*

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Chelo Licetti: *O mal de Manueliño.*

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Chelo Licetti: *Xantar de memoria.*

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Escola Artística de Cuntis: *A nosa vila*, de Francisco Rei (direc.), **Wilder**, Thorton.

Referencias varias:

- Ángel García Carragal, “Cuntis celebra su ‘Festa do Lacón con Grelos’ con variada actividad cultural”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Cuntis”, 26 febreiro 2006, p. 25.

No cadro da información sobre as diversas actividades que terán lugar con motivo da Festa do Lacón de Cuntis, anúnciase brevemente a representación d’ *A nosa vila*, indicando o número de actores que forman o elenco e o nome do director da Escola, Fran Rey.

Escola de Allariz: *Big Band Adolexcencia*, de Xian Boblillo (direc.).

Escola Municipal de Teatro de Cee: *A ruleta rusa*, de Artur Trillo (direc.), **Chéjov**, Anton.

Referencias varias:

- J.M.R., “La escuela de teatro de Cee presenta este fin de semana ‘A ruleta rusa’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 marzo 2006, p. 37.

Breve nota que anuncia a posta en escena desta obra dirixida por Artur Trillo, indicando que conta con música en directo e apuntando ademais o prezo das entradas para as dúas funcións, a do sábado e a do domingo.

Escola Municipal de Teatro de Culleredo: *Lilí cuartel*, de Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (direc.).

Referencias varias:

- Sandra Abad, “Ópera prima’ en O Burgo”, *La Opinión*, “Culleredo/Cambre”, 13 xuño 2006, p. 15.

Dá conta da primeira posta en escena, por parte da meirande parte dos alumnos da Escola Municipal de Teatro de Culleredo, de *Lilí Cuartel*, baixo a dirección dos seus mestres, Manuel Lourenzo e Santiago Fernández, e con coreografía de Silvana Couñago e vestuario de José León. Inclúe tamén o listado das trece materias de que consta o curso, de nove meses de duración, que realizaron.

Escola de Teatro de Narón: *Aforro ordinario*.

Ver San Xiao, Mostra de Teatro Afeccionado.

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Espacio Aberto: *Amor de Fedra*.

Ver FITEU, XIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Expresión: *Imaxinarium*, de Manuel Solla (direc.).

Faladoiro: *Allá no es como acá*.

Ver Chantada , XVIª Mostra de teatro popular.

Falcatrueiros: *As obras completas de William Shakespeare*, de Maruchi Pérez (direc.).

Referencias varias:

- Elena Castelao, “Falcatrueiros’ estrena el sábado dos obras de teatro”, *El Progreso*, “A la última”, 1 xuño 2006, p. 112.

Anuncia brevemente, entre outras cuestións alleas á literatura, a representación de *As obras completas de William Shakespeare*, de Falcatrueiros, destinada a público adulto, no centro sociocultural de Monterroso. Para o público infantil, anúnciase a posta en escena da peza *Mórdeme*, de Inma Antonio.

- Elena Castelao, “Actuación en Vedra del grupo teatral ‘Falcatrueiros’”, *El Progreso*, “A la última”, 15 decembro 2006, p. 88.

Entre outras cuestións alleas á literatura, alúdese a unha posta en escena a cargo de Falcatrueiros, dentro do programa “Fegatea Móvete”, organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado. A autora desexa sorte e éxito ao grupo.

Faro-Miño: *Ora Pronovis*.

Ver Chantada , XVIª Mostra de teatro popular.

Gazapo Teatro: *Gazapo*.

Ver V Mostra de Teatro Independente da Coruña.

Gels Angels: *Gells Angels*.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Grupo Alexandre Bóveda: *A farsa de Inés Pereira*, Gil Vicente.

Ver San Xiao, Mostra de Teatro Afeccionado.

Grupo de Alumnos do Teatro Ensalle: *Sangre verde*.

Ver Teatro Ensalle.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *A casa de Bernarda Alba*.

Ver Chantada , XVIª Mostra de teatro popular.

Referencias varias:

- A.N.D., “Preparamos catro novas obras para estrear a partir de febreiro”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 novembro 2006, p. 2.

Entrevista a Teresa Batán Buján, responsábel do grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas, e finalista do certame GzCrea coa obra de adultos *A casa de Bernarda Alba*. Entre outras cuestións relativas ao grupo, afirma que os máis pequenos están preparando unha versión do *Mago de Oz* e outra de *Brancaleves*; mentres que os adultos preparan, con Jouse García, unha comedia titulada *A Illa Amarilla* e o musical *Chicago*.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *A Illa Amarilla*.

Referencias varias:

- A.N.D., “Preparamos catro novas obras para estrear a partir de febreiro”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 novembro 2006, p. 2.

Entrevista a Teresa Batán Buján, responsábel do grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas, e finalista do certame GzCrea coa obra de adultos *A casa de Bernarda Alba*. Entre outras cuestións relativas ao grupo, afirma que os máis pequenos están preparando unha versión do *Mago de Oz* e outra de *Brancaleves*; mentres que os adultos preparan, con Jouse García, unha comedia titulada *A Illa Amarilla* e o musical *Chicago*.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *Chicago*.

Referencias varias:

- A.N.D., “Preparamos catro novas obras para estrear a partir de febreiro”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 novembro 2006, p. 2.

Entrevista a Teresa Batán Buján, responsábel do grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas, e finalista do certame GzCrea coa obra de adultos *A casa de Bernarda Alba*. Entre outras cuestións relativas ao grupo, afirma que os máis pequenos están preparando unha versión do *Mago de Oz* e outra de *Brancañeves*; mentres que os adultos preparan, con Jouse García, unha comedia titulada *A Illa Amarilla* e o musical *Chicago*.

Grupo de Teatro de Alexandre Bóveda: *Historias*, de Ramiro Neira (direc.).

Referencias varias:

- Álex Sanjurjo, “Ramiro Neira, director de teatro. ‘El objetivo último del teatro es la representación en las tablas’”, *La Opinión*, “A Coruña ciudad”, 1 abril 2006, p. 8.

Exponse a información resultante dunha conversa con Ramiro Neira, director do grupo de teatro da asociación Alexandre Bóveda. Entre outros aspectos, destácase a traxectoria de Neira, desde os seus inicios no mundo teatral, e fálase da nova liña que proporcionou ao grupo que dirixe. Por último, apúntase que o grupo presentou o día anterior a súa montaxe, *Historias*, no Forum Metropolitano da Coruña, e incídise en que cada un dos seis textos que integran a peza foi escollido polos actores, dado que o director persegue a identificación dos intérpretes cos textos.

Grupo de Teatro do Club de Maiores de Boqueixón: *O complexo*, de Higinio Rodeiro e Ana Ortega (direc.), **Blanco Amor**, Eduardo.

Referencias varias:

- Mónica González, “Los abuelos, al escenario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 xaneiro 2006, p. 33.

Informa de que os grupos de teatro Os terremotos de Lamas, Os dous lados do pico de Lestedo e As marchosas de Sergude, pertencentes ao Club de Maiores de Boqueixón, levaron a escena, entre outras pezas, *O complexo*, adaptación da comedia de Blanco Amor, e *A Escola*, baixo a dirección de Higinio Rodeiro e Ana Ortega. Inclúe tamén algunha das impresións dos trinta actores que participaron.

Iiria Teatro: *Historias de amor e morte*, **Maeterlinck**, Maurice e **Strindberg**, August.

Referencias varias:

- Clara Valencia, “O escenario aprende a sorprenderse”, *Diario de Arousa*, 15 xuño 2006, p. 56.

Anuncia a posta en escena de *Amor e Morte* polo grupo Iliria Teatro. Sinala que a obra está formada por *O primeiro aviso*, de August Strindberg, e *A Intrusa*, de Maurice Maeterlinck e a seguir describe o argumento e achega unhas notas biográfica dos autores.

- C.G., “Historias de amor e morte”, *Diario de Arousa*, 19 xuño 2006, p. 56.

Comézase dando conta dos seis meses de existencia do grupo Iliria Teatro, formado por veciños de Vilagarcía, que levou recentemente a escena *Historias de Amor e Morte*, onde se inclúen dúas pezas teatrais: *A Intrusa*, de Maurice Maeterlinck e *O primeiro aviso*, de August Strindberg.

Imaxina.T: *Virxes de cera.*

Ver San Xiao, Mostra de Teatro Afeccionado.

Lareira: *A bolsa de auga quente.*

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado.

Lareira: *Informativos.*

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado.

Luí Amor Soto: *Mundo de xigantes*, de Óscar Codesido (direc.), **VV.AA.**

Luzada: *O testamento do tío Lele.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Metátese Teatro: *No mundo megaguai.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Metátese Teatro: *Peirao 2434*, de Alfonso García Pernas.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Referencias varias:

- Rosa Aneiros, “Utopías”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 7 setembro 2006, p. 6.

Elóxiase a actividade de Metátese Teatro, que organiza a Mostra Teatro Amador e que acaba de levar a escena *Peirao 2434*, onde se denuncia a clonación ideolóxica e a submisión ao poder establecido. Rosa Aneiros afirma que a compañía aplica estes mesmos principios tamén na vida real e non só nas súas creacións.

Muradana: *Perdendo o fío.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

O Galo: *A lúa vai e carvela.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Oquetiqueiras: *O caso do cadáver asesinado.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Oquetiqueiras: *O traxe novo do rei.*

Ver San Xiao, Mostra de Teatro Afeccionado.

Os Trompiños: *Ollo ó cornudo*, de José Arca (direc.).

Referencias varias:

- V.M., “Os Trompiños, grupo teatral de la comarca del Val Miñor”, *Faro de Vigo*, “Valmiñor Litoral Sur”, 25 novembro 2006, p. 5.

Infórmase da recente creación do grupo teatral Os Tropiños que, baixo a dirección de José Arca e con Javier Fernández Álvarez como técnico de iluminación e son, levaron a escena *Ollo ó cornudo*, de S. Blasco y A. Ortega, no Auditorio V centenario en Baiona. Sinálase que o total das ganancias foron destinadas para os afectados polas riadas en Sabarís. Anúnciase que a peza teatral será novamente representada en Santiago, no instituto Rosalía de Castro, e que para xaneiro ou febreiro o grupo vai realizar escenas breves (sketchs) en diversos establecementos da súa comarca. Finalízase mencionando que a maior parte dos actores xa coincidiran no grupo teatral Fiesta Escénica.

Patatín e Patatán: *Triunfadores*.

Ver V Mostra de Teatro Independente da Coruña.

Porta Aberta: *A pousadeira*, de Froíña G. Abalo (direc.), **Goldoni**, Carlo.

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Porta Aberta se aventura con la comedia del arte”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 14 marzo 2006, p. 6.

Informa de que un grupo de once antigos alumnos da Escola Oficial de Idiomas Porta Aberta está a preparar, baixo a dirección de Froíña G. Abalo, a posta en escena de *A pousadeira*, de Italo Carlo Goldoni, co obxectivo de recuperar a comedia da arte do século XVIII. Informa do argumento e analiza a escenografía, que define como minimalista e que contrasta co vestiario. Finaliza apuntando que a agrupación teatral continúa fiel ao seu obxectivo de escenificar unha obra por ano.

Quartoescuro: *Drama estático nun cadro*, **Pessoa**, Fernando.

Rueiro: *Tan perfecto non te quero*.

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado.

San&San: *Concerto Bífido*.

Ver Cangas, XVIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo.

Siete Lobos: *Os pecados do lobo*, de Héctor Carballo, (direc.), **Martínez**, Clara.

Referencias varias:

- Sonia Torre, “El teatro es un estilo de vida”, *La Región*, “El personaje del día”, 7 outubro 2006, p. 10.

Entrevista a Héctor Carballo, quen comeza anunciando que o grupo Siete lobos levará a escena, por vez primeira baixo a súa dirección, *Os pecados do lobo*, de Clara Martín, no

Auditorio de Ourense, en que el tamén participará como actor. Informa de que o fío condutor da peza son os sete pecados capitais e que un dos obxectivos principais é o de romper cos estereotipos tradicionais. Isto último conségueno debuxando un círculo no escenario dentro do que sucede toda a acción da peza, mentres que fóra del vese como se preparan os actores. Segundo indica, trátanse temas como a bulimia ou a violencia de xénero, con novos enfoques para conseguir que volvan impactar. A seguir, Héctor Carballo relata como se formou o grupo e afirma que o máis difícil do labor de dirección é “dirixirse a si mesmo”. Conclúe indicando como descubriu que a súa verdadeira vocación era a interpretación.

Sociedade Cultural Areosa: *O testamento de Nacho.*

Referencias varias:

- X.T., “Fin de curso das Escolas de Teatro”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 17 xuño 2006, p. 17.

Faise referencia ao peche do curso na Escola de Teatro do Padroado de Cultura de Narón, que este ano contou con 17 grupos, entre infantís e adultos. Recóllense as opinións dos monitores e faise referencia ás montaxes *Os tres porquiños* e *Carapuchiña vermella*, dos dous grupos da Escola de Domirón, no Auditorio Municipal. Alúdese, ademais, ás montaxes *O testamento de Nacho* e *Té para dous*, do grupo de adultos da Sociedade Cultural Areosa.

Sociedade Cultural Areosa: *Té para dous.*

Referencias varias:

- X.T., “Fin de curso das Escolas de Teatro”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 17 xuño 2006, p. 17.

Faise referencia ao peche do curso na Escola de Teatro do Padroado de Cultura de Narón, que este ano contou con 17 grupos, entre infantís e adultos. Recóllense as opinións dos monitores e faise referencia ás montaxes *Os tres porquiños* e *Carapuchiña vermella*, dos dous grupos da Escola de Domirón, no Auditorio Municipal. Alúdese, ademais, ás montaxes *O testamento de Nacho* e *Té para dous*, do grupo de adultos da Sociedade Cultural Areosa.

Talía, Escola Municipal de Artes Escénicas de Ourense: *Entre ambos ríos*, Putnam, Thelma.

Teatro Artesán: *O pazo*, de Juan de Mondego (direc.), LUGRÍS FREIRE, Manuel.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.
Ver Comediatrium.

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Teatro Artesán ofrecerá mañana en Arzúa ‘O pazo’”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya Mariñana”, 6 setembro 2006, p. 20.

Nota breve en que se anuncia a representación, na Casa da Cultura de Arzúa, de *O Pazo*, obra de Lugo Freire, a cargo da compañía Teatro Artesán. O pase está previsto, segundo se indica, para as 20:30 horas do venres 18 de maio.

- Víctor Castro, “O pazo, de Lugo Freire, se estrena en La Coruña”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya Mariñana”, 6 setembro 2006, p. 18.

Breve nota en que se informa da representación, na Sala Teatro do Andamio da Coruña, da obra *O Pazo*, escrita por Lugo Freire e levada a escena pola compañía Teatro Artesán. Na cidade da Coruña, segundo se indica, son tres as funcións previstas.

- Carolina Regueira, “Juan de Mondego. Director do Teatro Artesán. ‘Non nos preocupa a rendibilidade económica’”, *La Opinión*, “A Coruña Ciudad”, 7 setembro 2006, p. 12.

Recóllese a información derivada dunha conversa con Juan Mondego, director da compañía independente Teatro Artesán, que presenta esa fin de semana na Coruña a posta en escena da obra de Lugo Freire *O Pazo*. Mondego destaca que a súa compañía se creou en 2004, aínda que no seu caso xa son vinte e cinco os anos que leva dedicado á interpretación. Apunta tamén que os orzamentos con que contan son reducidos, pero que traballan con entusiasmo porque o seu obxectivo non é económico. Para finalizar, incídese en que, a pesar de que a compañía é pequena, as súas montaxes son de grande formato e nelas participan de doce a quince actores.

- J.A. Martínez Sevilla, “Sada Teatral”, *El Ideal Gallego*, “La columna”, 12 setembro 2006, p. 24.

Crítica positiva da posta en escena da obra de Lugo Freire *O Pazo*, por parte da compañía Teatro Artesán. Martínez Sevilla comenta algúns aspectos do contido da peza e, a continuación, subliña a calidade do traballo actoral, do labor de iluminación, e destaca o traballo do operador de imaxe e son, responsábel da proxección de “reveladoras perspectivas de Sada y alrededores”.

Teatro Arte Livre: *Un día de formiga*, de Eisenhower Moreno (direc.).

Teatro Atlántida: *O polbo morto*, de Alejandra Abreu (direc.).

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, “Una comedia de enredos para disfrutar del teatro en Matamá”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 14 marzo 2006, p. 5.

Faise eco da estrea no auditorio da Sociedade Cultural Atlántida de Matamá d’ *O polbo morto*, primeira peza levada a escena polo grupo teatral do mesmo nome, dirixido por Alejandra Abreu e integrado por dez actores afeccionados. Tamén informa da formación, na mesma entidade cultural, dun segundo grupo de teatro integrado por nenos e adolescentes, que estreará *Sueño de una noche de primavera*, adaptación de *Soño dunha noite de verán*, de William Shakespeare. Resume o argumento d’ *O polbo morto* e achega algúns detalles técnicos. Finalmente, fala dos integrantes do grupo.

Teatro Cachuzo: *Charlie’s Angels*.

Ver V Mostra de Teatro Independente da Coruña.

Teatro del Andamio: *Yepeto*, de Tatiana Likhacheva (direc.).

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Teatro de Andamio pone en escena hoy, ‘Yepeto’”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya Mariñana”, 8 abril 2006, p. 12.

Fai referencia á obra *Yepeto*, que será representada no Auditorio de Sada. Comenta o seu argumento, sinalando que se trata dunha comedia para adultos en que se poñen en escena as vivencias dun triángulo amoroso.

Teatro de Cámara Ditea: *Melocotón en xarope*.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.
Ver San Xiao, Mostra de Teatro Afeccionado.

Teatro do Centro Cultural da Picoña: *As tres putas*.

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Teatro do Centro Cultural da Picoña: *O Testamento do Tío Nacho*.

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Teatro do Centro Cultural da Picoña: *Todo son embrullos*.

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Teatro do Imprevisto: *Non é tan fácil.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Teatro Fondevella: *A verdade limpa.*

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Teatro no Aramio: *E os cans calabán, Césaire, Aimé.*

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

Ti e máis eu: *As mendigas.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Tiruleque Teatro: *Sillicon Valey.*

Ver Boiro, VIª Mostra de Teatro afeccionado.

Referencias varias:

- Mercedes García-Nieto, “Os veciños do Barbanza disfrutarán coa comedia ‘Sillicon Valley’, da compañía Tiruleque”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “E fumos quedando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 7 maio 2006, p. 25.

Comenta o argumento da obra *Sillicon Valley*, da compañía Tiruleque, que forma parte da programación da VII Mostra de Teatro Afeccionado de Boiro. Sinala tamén a participación de Teatro do Adro, con *García*, de Avelino González, que presenta un contacontos dirixido a maiores de 14 anos, e mais a actuación da compañía Lasal Teatro no peche da mostra, coa obra *Guairé*. Fai, ademais, referencia ao musical infantil titulado *Mamá Cabra*.

Tiruleque Teatro: *Roma unha tolería.*

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

Trangallada Teatro: *O Principiño viaxa polo espacio.*

Ver Caranza, Ciclo de Teatro afeccionado “Domingos a escena”.

Trécola Teatro: *Bar*.

Ver V Mostra de Teatro Independente da Coruña.

Vichelocrego: *A ópera do emprendedor*, Vidal Bolaño, Roberto.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado.

III.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

III.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Avelino González: *Vento mareiro*, de Avelino González (direc.), **Cabanillas**, Ramón.

Ver Pontevedra, “Outono Teatro”.

Balea Branca: *Defensa de dama*, de Damián Contreras (direc.).

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Bucanero e Eme2 producións: *Por un millón de dólares*, de Lino Braxe (direc.), **Prieto**, José Luis.

Referencias varias:

- M.C.S., “El Ballet de San Petersburgo y el teatro llegan a Carballo”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 10 febreiro 2006, p. 24.

Anúncianse varias actividades culturais para a fin de semana en Carballo, entre elas a escenificación de *Por un millón de dólares*, da compañía Bucanero Teatro, da que se di que é una representación ao máis puro estilo do cine negro americano. A maiores, cítanse a actuación de Compañía do Ruido, que presenta o seu primeiro disco, e a do Ballet de San Petersburgo, con *La Bella Durmiente*.

- M.J.R., “Bucanero pon a proba a súa nova obra nas carpas de ‘a Cultura Circula’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 3 maio 2006, p. 16.

Fálase da nova obra de Bucanero Teatro, con guión de José Luís Prieto, interpretación de Pedro Picos e Xosé Bonome e música de Pepín. Dise que se trata dun conxunto de “sketches” que teñen algúns oficios como fío condutor e que se caracterizan polo emprego do humor. Apúntase tamén que os actores son os que tocan os instrumentos e que o seu reto é superarse de novo sobre os escenarios. Explícase que para iso están poñendo a proba algún deses “sketches” e que agora toca facelo nas carpas de “A Cultura Circula”. Por último, lémbrese como foi a profesionalización desta compañía e algúns datos de obras anteriores.

Enma Silva: *Gabriella Sacaúntos*.

Ver Oleiros, Festival de Cabaré Galego.

Factoría Teatro: *Os homes só contan até tres*, de Cristina Domínguez (direc.), **Lopo**, Antón.

Ver Feira das Artes Escénicas.

Ver Carballiño, IIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).

Referencias varias:

- Roberto Pascual, “Mortífero amor de irmá”, *Tempos Novos*, nº 104, “Voces e culturas”, xaneiro 2006, p. 85.

Crítica positiva da obra de Antón Lopo *Os homes só contan ata tres*, levada a escena por Factoría Teatro. Pascual sinala o atractivo da obra, que reside tanto na calidade do texto e nas súas posibilidades de ser representado como no resultado final. En canto á posta en escena, destaca a mestría dos actores á hora de presentar os requisitos esixidos e tamén a combinación de signos escénicos. Di que é posíbel apreciar nesta a verdadeira mensaxe do texto, que se refire ao conflito orixinado nunha casa, espello da falsidade e o engano do mundo contemporáneo.

- MARÉ, “O teatro galego regresa mañá ó Jofre”, *Galicia Hoxe*, 9 febreiro 2006, p. 36.

Anúnciase a representación de *Os homes só contan ata tres*, de Factoría Teatro, no Teatro Jofre de Ferrol. Con respecto á obra, lémbrese que se basea nun texto de Antón Lopo galardoado co “Premio Álvaro Cunqueiro”. Dise que Xoán Anleo é o autor da escenografía, Ugia Pedreira, a responsábel do son e La Canalla, a do vestiario. Por último, anótase que vai saír á venda o texto, na colección “Os Libros do Centro Dramático Galego”.

- MARÉ, “Mulleres en liña de vangarda”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 marzo 2006, p. 35.

Alúdese ao nomeamento de Cristina Domínguez como directora do Centro Dramático Galego. Saliéntase o feito de ser novamente unha muller a profesional escollida para o cargo, tras a dimisión de Ánxeles Cuña. Coméntase a traxectoria da directora, así como os proxectos en marcha, entre os que se atopa a peza *Os homes só contan até tres*, de Factoría Teatro. Dise

que Ánxeles Cuña deixou un dos balances máis ilusionantes deste organismo, coa montaxe *Illa Reunión*, de Ana Vallés.

- A.I., “Palabras y versos premiados”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 marzo 2006, p. 30.

Entre outras noticias, fálase da representación na Nasa de *Os homes só contan ata tres*, obra baseada nun texto de Antón Lopo, que foi galardoada co “Premio Álvaro Cunqueiro”.

- MARÉ, “Santiago, cita co teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 37.

Anúncianse as funcións teatrais que para o mes de marzo terán lugar en Santiago, entre as que se contan *Os homes só contan ata tres*, de Factoría Teatro, e *Illa Reunión*, do Centro Dramático Galego (CDG). Ademais, alúdese á celebración do Festival Internacional de Teatro Universitario da cidade. Da obra de Factoría Teatro destácase que é un texto de Antón Lopo galardoado co “Premio Álvaro Cunqueiro” 2005, e anótanse os nomes dos actores e dos técnicos. Da obra do CDG, salientase a dirección de Ana Vallés e a súa incursión no concepto de viaxe, así como a fragmentación narrativa e a converxencia de teatro, danza e música. Por último, fálase da presentación do Festival Internacional de Teatro Universitario de Lugo.

- Camilo Franco, “Retorno ao triángulo”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 23 marzo 2006, p. 9.

Anúnciase a volta a cartel de *Os homes só contan ata tres*, obra baseada nun texto galardoado co “Premio Álvaro Cunqueiro” 2005. Dise que o feito de que Cristina Domínguez sexa agora directora do Centro Dramático Galego pode espertar o interese pola obra.

- MARÉ, “Descargas máis alá da dor”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 marzo 2006, p. 36.

Fálase da actriz Mónica García, que está a protagonizar *Os homes só contan ata tres*, obra escenificada na Sala Nasa nos días próximos á publicación desta noticia. Recóllense as palabras da actriz a respecto do seu traballo na obra, que segundo indica permitiulle volver representar unha evolución psicolóxica. A continuación, lémbrese o seu papel en *Pratos combinados* e na montaxe *Espectros*, de Rui Madeira para o Centro Dramático Galego, que lle valeu o premio María Casares. Explicase tamén que montou unha escola de teatro para rapaces que segue a funcionar e da que saíron algunhas actrices profesionais. Engádese que o que máis valora Mónica García é poder ir matizando o personaxe e evolucionar incluso a nivel físico. Finalmente, anótase que son os últimos días en cartel de *Illa Reunión*, de Ana Vallés.

- A.F., “Factoría salda una deuda con el teatro contemporáneo gallego”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 marzo 2006, p. 10.

Anúnciase o regreso á Sala Nasa de Factoría Teatro co seu último espectáculo *Os homes só contan ata tres*, da autoría de Antón Lopo, quen gañou con ela o “Premio Álvaro Cunqueiro” de escritura teatral. Dise que foi o autor quen pediu que a representase esta compañía, e que Alfredo Rodríguez, cofundador e codirector da mesma xunto con Cristina Domínguez (actual directora do Centro Dramático Galego), considera que con esta obra pagan a débeda de facer un texto dun autor galego contemporáneo. Explicase o argumento, o feito de que a novidade

radica na inclusión da linguaxe audiovisual e dise que o feito de que Cristina Domínguez non estea na compañía non afectará á obra.

Factoría Teatro: *Tío Vania*, de Cristina Domínguez (direc.), **Chéjov**, Anton.

Ver Lugo, III Mostra de Teatro Clásicos do Século XX.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Nuestra forma de entender el teatro es muy contemporánea”, *El Correo Gallego*, “Protagonistas en la city”, 16 setembro 2006, p. 29.

Entrevista a Alfredo Rodríguez, actor de *Tío Vania*, a propósito da xira por Galicia e do éxito colleitado con ela. O actor afirma que non querían deixar a obra sen volver a Compostela, que foi onde a estrearon e di tamén que esta supuxo un salto cualitativo para a compañía, tanto polo número de actores como por tratarse dun clásico. A maiores diso, explica o enriquecedor que foi mesturar intérpretes de distintas idades, con diferentes formas de actuar, e o feito de que a obra permitiu un recoñecemento para Factoría Teatro que lles permite consolidarse. Por último, di que o que máis interesa da obra é a vivencia do texto de Chéjov sobre o rural e o urbano, tan presente en Galicia.

Fulano, Mengano e Citano: *O Faro*.

Ver Salceda, “Outono de Teatro”.

Ver “Vigo a escena”, Cíclo.

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “Fulano, Mengano e Citano reflexiona sobre la actualidad en ‘O Faro’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 28 xaneiro 2006, p. 42.

Anúnciase a representación de *O Faro*, de Fulano, Mengano e Citano no Teatro Caixanova de Vigo. Destácase o contido de crítica social e política, con certo humor ácido, e explícase o fío argumental: a ausencia de fareiro titular nun faro de última xeración, a chegada dun substituto clandestino, combinada coa intervención doutros personaxes. Por último, anótase a queixa de que nunca lles permitiron acudir á feira de teatro.

- Álex Sanjurjo, “Tardamos más tiempo en sacar una obra que otras compañías”, *La Opinión*, “A Coruña”, 21 febreiro 2006, p. 14.

Lémbrese a fundación de Fulano e Mengano por Manuel Botana e Xosé Manuel Conde hai doce anos, e a posterior incorporación de Manuel Pombal para formar Fulano, Mengano e Citano. A seguir, explícase que eles encárganse de todo para montar unha obra e que ao non

ter ningunha subvención precisan de que as súas obras teñan máis percorrido. Por último, anótase que *O Faro* é a historia dun fareiro que ten que ausentarse e pídelle a un amigo do interior que o substitúa.

- LR, “O Barco se abona al teatro y a la magia”, *La Región*, “Valdeorras”, 15 xuño 2006, p. 19.

Fálase do convenio entre Caixanova e o alcalde do Barco de Valdeorras para que esa entidade difunda a súa programación na comarca. Entre as actividades, cítase a representación de *El Cartero de Neruda*, de Antonio Skármeta; *O Faro*, de Fulano, Mengano e Citano; un espectáculo de maxia; e algunhas conferencias.

- M.B., “Jornadas culturales en Chandebrito”, *Atlántico Diario*, “Comarcas”, 30 novembro 2006, p. 47.

Entre outras cuestións relativas ás diversas actividades culturais que terán lugar nas III Xornadas Culturais organizadas pola Asociación Veciñal e Cultural do Castro de Chandebrito, menciónanse as representacións d’*O Faro*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Pro-gaiters*, do grupo Qué familia.

Juanillo Esteban: *Yoni Mediograma*.

Ver Oleiros, Festival de Cabaré Galego.

Marta Pazos: *Lola Mento*.

Ver Oleiros, Festival de Cabaré Galego.

Máscara Producións: *Caldo de conciencia*.

Ver “Vigo a escena”, Ciclo.

Máscara Producións: *Discurso sobre o fillo de puta*.

Ver “Vigo a escena”, Ciclo.

Nova Escena: *A irmá M^a Ignacia explicavolo todo*.

Ver Vilalba, Mostra de teatro de.

Nove-Dous: *Ondas*, de Maxi Rodríguez (direc.).

Ver Chantada , XVIª Mostra de teatro popular.

RTA Producións: *Hamlet*, de Lino Braxe (direc.).

Referencias varias:

- Nacho Mirás Fole, “Sigo sendo o xuíz de Portozás”, *La Voz de Galicia*, “A cara b”, 9 xaneiro 2006, p. 72.

Entrevista a Luís Tosar co gallo da próxima estrea do *Hamlet* en galego no que está baixo a dirección de Lino Braxe. Tosar fala dos seus traballos e proxectos, do diferentes que son os papeis que fai, de que a xente o segue coñecendo polo seu papel en *Mareas vivas* e da película que rodou en Hollywood na que fai de narcotraficante colombiano. Por último, falan un pouco do seu carácter e da popularidade de que goza.

- Natalia Álvarez, “Lino Braxe. ‘Imos procurar un Hamlet cercano ao gran público’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 150, “Entrevista”, 26 xaneiro 2006, p. III.

Entrevista a Lino Braxe sobre o seu *Hamlet*, da que se desprende que ese texto forma parte dunha listaxe de obras que el lle gustaría montar en galego, onde tamén están *Luces de Bohemia* e *Calígula*. Fala da ambientación de *Hamlet* no século XX, de que a montou agora porque Luís Tosar estaba dispoñíbel e de que escolleu el a todos os actores. Falan tamén do método de ensaio por escenas, de que só teñen sete semanas de ensaios, e de que Braxe concibe o financiamento privado como algo que a el lle permite traballar e pagar as súas cousas, non coma unha estratexia para facer remontar o sector. Por último, aínda falan do disco que acaban de sacar Braxe e o resto do seu grupo chamado *A caricia da serpe*.

- A. Mallo, “Hamlet chega á Coruña da man de Lino Braxe e con Luís Tosar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 febreiro 2006, p. 34.

Faise eco da estrea dunha versión de *Hamlet* no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, traducida e dirixida por Lino Braxe e protagonizada por Luís Tosar. Saliéntase que está ambientada na Segunda Guerra Mundial, e coméntase a fidelidade ao texto aínda que presenta as reducións habituais. Remata aludindo aos textos en que se apoiou Braxe para a súa adaptación e ao elenco de actores.

- Albino Mallo, “O Hamlet de Braxe e Tosar estréase o día 17”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 4 febreiro 2006, p. 67.

Anúnciase a estrea dunha versión de *Hamlet* no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, traducida e dirixida por Lino Braxe e protagonizada por Luís Tosar. Explícanse as particularidades da obra relacionadas coa ambientación durante a Segunda Guerra Mundial, e a fidelidade ao texto, salvando as reducións habituais. Por último, anótanse os textos en que se apoiou Braxe para a súa adaptación e o elenco de actores.

- Elena Ponte, “El Hamlet de Luis Tosar es un personaje mucho más cercano”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña ciudad”, 13 febreiro 2006, p. 7.

Entrevista a Lino Braxe co gallo da próxima estrea do seu *Hamlet* en galego. Aclárase que dos cento vinte e dous mil euros que teñen de presuposto, corenta e cinco mil proceden de institucións privadas. Fálase do acelerados que van os ensaios polos compromisos dos actores, do ben que o director coñece a obra e de como os azos para montala xurdiron dos lazos de amizade entre os seus responsábeis.

- Lino Braxe, “Hamlet”, *La Opinión*, “Opinión”, 13 febreiro 2006, p. 13.

Escrito de agradecemento que o director do *Hamlet* en galego fai ao seu público, en que anota o feito de que en moitas vilas de Galicia xa non queden entradas para velo. Explica que ambientou a obra en tempos do nazismo porque esa época lle encaixaba ben cos problemas do protagonista. Anota os nomes dos actores e fai unha loanza do teatro.

- Albino Mallo, “A Coruña acolle o venres a estrea do ‘Hamlet’ en versión galega”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 15 febreiro 2006, p. 65.

Fálase da presentación da montaxe de *Hamlet*, traducida, adaptada e dirixida por Lino Braxe e protagonizada por Luís Tosar. Anótanse as entidades participantes na subvención da obra: a Fundación Caixa Galicia, ROSP Corunna, Deputación Provincial da Coruña e Concello da Coruña, xunto coa promotora RTA Producións. Por último, dise que Lino Braxe fala do seu *Hamlet* como a primeira montaxe profesional da peza en galego e un referente no panorama teatral, e que salienta a importancia da iniciativa privada.

- Albino Mallo, “Referente da escena galega nun século”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 febreiro 2006, p. 37.

Alúdese á inminente estrea na Coruña da obra *Hamlet*, dirixida por Lino Braxe e protagonizada por Luís Tosar. Incídese na novidade e envergadura deste proxecto, dada a participación do capital privado na produción e a cantidade de caras coñecidas que integran o elenco actoral. Reprodúcense algunhas verbas pronunciadas polo director na presentación da obra, resúmese a nómina de asistentes á presentación e anticipáanse as localidades incluídas na xira do espectáculo polo territorio galego.

- Elena Ponte, “Hamlet’ iniciará, tras su estreno en A Coruña, una gira por toda Galicia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 15 febreiro 2006, p. 15.

Anúncianse a estrea de *Hamlet* en galego na Coruña e a posterior xira por toda Galicia. Fálase de que se presentou a obra coa presenza dos actores e dos produtores, e anótanse as palabras de Lino Braxe a respecto da montaxe, da que di que supón un antes e un despois na súa carreira. Alén diso, menciónase a importancia da iniciativa privada para un repunte do sector teatral.

- Elena Ponte/I.G., “Tosar encabeza el primer montaje privado de ‘Hamlet’” en galego”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 15 febreiro 2006, p. 80.

Anúnciase a próxima estrea do “Hamlet” de Lino Braxe na Coruña e a súa posterior xira de dous meses e medio por Galicia. Incídese no presuposto de cento vinte e dous mil euros que achegan entidades privadas como Rosp Corunna, RTA e Caixa Galicia, xuntamente coa Deputación da Coruña, e no que isto supón como nova vía para o teatro. Anótanse tamén algúns datos como a época en que se ambienta a obra, os recortes con respecto ao orixinal ou o intento de conectar co público.

- Begoña R. Sotelino, “Braxe busca emoción y cercanía con el público en su “Hamlet”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 15 febreiro 2006, p. 49.

Fálase da espectacular xerada pola próxima estrea do *Hamlet* galego de Lino Braxe, que esgotou as entradas no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, e tamén noutros teatros de Galicia. Dise que o director quere compatibilizar o comercial coa calidade e, ante todo, comunicarse co público. A maiores, anótase a importante financiación privada con que conta a obra e o feito de que o director non descarta facer unha versión en castelán. Por último, menciónase a colaboración con Manuel Rivas na adaptación, a presenza de amigos do director no elenco actoral e o selo persoal que se percibe xa na banda sonora, en que se integran cabaré berlinés, clásica, marchas nazis e música cinematográfica.

- Naltalia Álvarez, “Imos procurar un ‘Hamlet’ próximo ao gran público”, *La Opinión*, “Cultura”, 15 febreiro 2006, p. 54.

Anúnciase a estrea na Coruña da primeira versión do ‘Hamlet’ en galego, dirixida por Lino Braxe e protagonizada por Luís Tosar, Miguel Pernas, Flor Maceiras e Manuel Manquíña. A seguir, reproducense fragmentos dunha entrevista ao director da que se deduce que esta obra formaba parte de cheo dos seus proxectos persoais, que escollera a Tosar dende o principio, ao que coñecía de traballar xuntos no Centro Dramático Galego, e que a obra se ambienta nos inicios da Segunda Guerra Mundial. Falan por último do feito de que a obra se financie en boa parte a través de entidades privadas, como exemplo dunha posíbel nova vía para o sector.

- Albino Mallo, “Trabajo en el mundo, pero vivo en Santiago porque hoy todo está cerca”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 17 febreiro 2006, p. 8.

Entrevista a Luís Tosar en que se van encadeando datos sobre os seus inicios, a decisión de ser actor, os primeiros traballos e outras cuestións da súa carreira e do seu día a día. O actor di que comezou a facer teatro en Santiago, que lle chegou a popularidade con *Mareas vivas*, logo viñeron outras películas e consolidouse con *Los lunes al sol*, a que seguiu o tamén premiado papel de *Te doy mis ojos*. A continuación, fala un pouco dos seus traballos en inglés, da maior facilidade de abordar papeis dramáticos e das cuestións que valora antes de aceptar un traballo. Por último, afirma que quen mellor o dirixiu foi Icíar Bollaín, e fala da importancia de *Hamlet* no mundo teatral.

- R./AGN, “Tosar estrenó ‘Hamlet’ en A Coruña con las entradas de las tres funciones agotadas”, *El Progreso*, “Cultura”, 17 febreiro 2006, p. 84.

Dáse noticia da exitosa estrea de *Hamlet* na Coruña, da que se apunta que deixou a espectadores na rúa porque vendeu todas as entradas para os tres días de representación que se ofrecen nese lugar. Dise que é a maior produción galega financiada con capital privado e

enuméranse algunhas das localidades onde se farán as outras trinta representacións xa contratadas. Por último, anúnciase a representación da comedia musical *Charlie's Angels' Sex*, por Teatro Cachuzo, no club Clavicémbalo de Lugo.

- C.F., “O primeiro ‘Hamlet’ do teatro galego profesional enche na súa estrea”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 18 febreiro 2006, p. 54.

Alúdese á estrea do *Hamlet* producido por RTA, dirixido por Lino Braxe e protagonizado por Luís Tosar, nomeando algúns dos asistentes. Infórmase ademais de que a obra comezará nesa semana a xira polas cidades galegas.

- Camilo Franco, “Nin ser nin estar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 18 febreiro 2006, p. 54.

Crítica negativa do *Hamlet* de Lino Braxe, que incide na opacidade da obra de cara á interpretación das motivacións dos personaxes e que anota que a ambientación na época nazi non pasa do meramente anecdótico. Canto á dirección, comenta que os actores traballan cada un polo seu lado, o que desequilibra o nivel, facéndoo depender da capacidade de cadaquén. Alén diso, afirma que é un resultado pobre para calquera obra teatral, pero que iso se ve empeorado polo feito de ser a obra central da cultura occidental. Só fala positivamente do final, do que di que se salva pola distracción visual e o maior engache emocional do mesmo.

- Jaureguizar, “A tolemia do ‘Hamlet’”, *El Progreso/Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 19 febreiro 2006, p. 81/6.

Refírese ao *Hamlet*, detrás do que está a aposta de Rosalía Mera e Marcos Viéitez. Comeza por dar noticia dos tres días de cheo nas salas herculinas no seu comezo de xira. A seguir, ofrece unhas indicacións sobre a obra orixinal e datos biográficos de Shakespeare relacionados coa súa redacción. Para concluír, anuncia a xira da obra por trinta localidades e apunta que se precisaría o mesmo apoio do público para comezar a financiar o teatro galego voluntariamente e non só a través da Consellaría de Cultura.

- Yolanda Castaño, “Convídate ao meu cuarto”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 19 febreiro 2006, p. 44.

Entre diversas cuestións alleas á literatura, refírese á presentación do *Hamlet* galego, dirixida por Lino Braxe, no Teatro Rosalía. Destácase que nesta montaxe teña presenza o capital privado no investimento da produción.

- Xoán Abeleira, “3 Hamlet 3”, *La Opinión*, “Asieu”, 20 febreiro 2006, p. 14.

Crítica do *Hamlet* de Lino Braxe que dialoga con algunha outra anterior, pode que a de Camilo Franco, pois comeza por aceptar certas tachas que se lle apoñen á obra (excesiva influencia de Branagh, unha montaxe e unhas actuacións planas). A maiores, incide no apoio que merece a obra por ser galega e pola inversión de capital privado. Todo o demais convértese nunha explicación da importancia simbólica do número tres en *Hamlet*, nas palabras e nas accións, para concluír co momento en que Hamlet toma consciencia do sufrimento como algo universal e non só como propio, circunscrito a si mesmo.

- Camilo Franco, “Un príncipe occidental”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 23 febreiro 2006, p. 9.

Comentario do *Hamlet* de Shakespeare que analiza o por que da súa importancia no canon occidental. Incide sobre todo na polisemia que permite que cada xeración extraia do texto unha explicación nova arredor da condición humana. Camilo Franco insiste, ademais, en que a obra é importante tanto polo texto en si como por todo o que se leva dito sobre el, aclara que esta versión se centra no protagonista e explica as peculiaridades que ten a nivel de reparto, financiamento e ambientación. Deixa para os espectadores a decisión de ir vela ou non.

- E.P., “Hamlet’ chega hoxe ó Principal de Santiago”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 febreiro 2006, p. 34.

Anúncianse as funcións do *Hamlet* de Lino Braxe no Teatro Principal de Santiago. Dise que estas representacións contan co apoio da Concellaría de Cultura e que Lino Braxe é adaptador, director e tamén actor. Enuméranse os actores que traballan na obra e salientase a importancia de que a montaxe correse a cargo da iniciativa privada con RTA Producións.

- E.G., “La obra ‘Hamlet’, con Luis Tosar, abrirá el programa teatral de primavera en Tui”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 25 febreiro 2006, p. 15.

Fálase da programación cultural de primavera do concello de Tui e da undécima edición da Axenda “Corredoira” cunha tirada de dez mil exemplares, que difunde esa oferta cultural. Destácanse a representación do *Hamlet* de Lino Braxe, protagonizado por Luis Tosar, as festas de San Telmo e o II Festival Internacional de Documentais de Tui Play-Doc.

- Albino Mallo, “Vinte e cinco anos sen Álvaro Cunqueiro”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 1 marzo 2006, p. 4.

Co gallo do vixésimo quinto cabodano do pasamento de Álvaro Cunqueiro, realiza unha homenaxe ao escritor que cultivou tanto o artigo xornalístico como a novela, a poesía e o teatro. Relata que o coñeceu na tertulia celebrada no bar Derby de Vigo, onde se reunía con outros escritores e artistas contemporáneos. Seguidamente, menciona que dirixiu a partir de 1965 o *Faro de Vigo* e que lle outorgaron o premio Nadal en 1969 por *Un hombre que se parecía a Orestes*. Afirmar, ademais, que o escritor lle dedicou numerosos artigos, así como os poemas “As bandeiras” e “Chove miúdo en Elsindore” e a obra *O incerto señor don Hamlet príncipe de Dinamarca* (1958) a Shakespeare. Conclúese anunciando que o Centro Dramático Galego está poñendo en escena a obra *Hamlet* baixo a dirección e Lino Braxe.

- I.L.S., “Hamlet e as estrelas”, *Tempos Novos*, nº 106, “Teatro”, marzo 2006, p. 75.

Comeza referíndose ás dificultades da montaxe desta obra, de elevado custo, na busca dun teatro comercial dentro do teatro galego por medio de nomes importantes como Tosar ou Manquiña. A seguir céntrase, entre outros aspectos, na escenificación da obra, debedora das adaptacións cinematográficas da obra shakesperiana; nas interpretacións dos personaxes principais da obra, calificadas de moi boas, entre as que salienta a de Tosar como Hamlet, a de Manquiña como Polonio, a de Miguel Pernas como rei Claudio e a de Gonzalo Uriarte

como Horacio, sobresaíndo por riba do resto do elenco; nos problemas de adaptación para unha escenificación dun *Hamlet* máis actual, nos anos 40 da II Guerra Mundial, que axuda a presentar a obra como universal e capaz de reflectir conflitos atemporais.

- E.G., “Luis Tosar protagoniza hoy ‘Hamlet’ en el Teatro de Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Área Metropolitana”, 3 marzo 2006, p. 14.

Anúnciase a representación do *Hamlet* de Lino Braxe no Teatro Municipal de Tui a cargo da compañía santiaguesa R.T.A. Producións. Anótanse como datos de interese que a protagoniza Luis Tosar e que a dirixe Lino Braxe, así como que é a primeira vez que a montan profesionais, e que se introducen novidades na ambientación.

- Sonia Torre, “Shakespeare fala en galego”, *La Región*, “Teatro”, 4 marzo 2006, p. 59.

Fálase do espectáculo *Hamlet* de Lino Braxe como un soño do teatro galego por varias razóns: a adaptación propia dun clásico universal, o financiamento privado e o elenco de actores coñecidos que se reúnen para unha obra de grandes proporcións. Explícase, ademais, que a adaptación é de Lino Braxe e Manuel Rivas, e que o actor principal foi escollido pola súa versatilidade. Por último, anótanse as funcións no Teatro Principal de Ourense, os prezos e o horario de taquilla.

- M.Mayoral, “O ‘Hamlet’ galego bebeu da escola naronesa para os papeis femininos”, *Diario de Ferrol*, “Teatro”, 9 marzo 2006, p. 19.

Fálase do *Hamlet* de Lino Braxe, do que se menciona a boa acollida que está a ter á vez que se anuncia a súa próxima representación en Narón. Dise que forman parte do elenco actoral dúas actrices vinculadas á escola naronesa de teatro, Flor Maceiras no papel da nai adúltera e asasina, e Iolanda Muíños no da amante abandonada. Flor Maceiras afirma estar encantada co seu papel e salienta o entretido que é Shakespeare e como o público está a responder sen que as máis de dúas horas de función o boten para atrás. Por último, ofrécense algúns datos sobre a traxectoria profesional destas dúas actrices e anótanse as obras que forman parte desta tempada teatral en Narón.

- Lois Obeiro, “Hamlet’ e ‘García”, *La Opinión*, “Balas perdidas”, 15 marzo 2006, p. 28.

Expresión de satisfacción pola presenza simultánea en cartel de dúas obras teatrais que se postulan de calidade: o *Hamlet*, de Lino Braxe, e o *García*, de Cándido Pazó. Da primeira das obras anótase que era imprescindible vela en galego para acreditar o valor da nosa lingua. Da segunda dise que sería preferíbel ter seguido a revisión desa figura histórica feita por Ermelindo Portela, pero que o traballo actoral e a súa construción como clásico fana “sublime”.

- Alberto Quián, “Hamlet faise galego”, *Faro de Vigo*, 17 marzo 2006.

Fálase do *Hamlet* montado por Lino Braxe e do que supón de retorno ao teatro autóctono de dous grandes da escena, como son Luís Tosar e Manuel Manquiña. A seguir, reproducense algunhas palabras dos dous actores. As de Manquiña convidan á xuventude a ver a obra porque a representación facilita achegarse a Shakespeare. Apélase ás temáticas de traizón,

concupiscencia, amor, envexa, celos, que lembran a *Paixón de gaviáns*, como reclamo. Manquiña fala da pobreza do teatro galego actual e do exceso de depresión e suicidios que se recrean nel. Luís Tosar, pola súa banda, xustifica eses suicidios co propio ser antropolóxico galego, incide no feito de que o deixou todo por estar nesa obra e afirma que quere aproveitar o “fenómeno fan” que el conleva para o teatro galego.

- C. Luca, “Romance de nazis e espadas. Lino Braxe dirixe Hamlet”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, 23-29 marzo 2006, p. 28.

Crítica positiva do *Hamlet* de Lino Braxe, interpretado por actores coma Luís Tosar, Iolanda Muíños, Flor Maceiras ou Xosé Vilarelle, e pescuda das causas do seu éxito. Neste sentido, fálase do reclamo mediático de Luís Tosar e Manuel Manquiña, das esencias clásicas revisitadas do texto e da riqueza dunha obra que pode ser tomada dende diferentes puntos de vista. Lémbrense puntos fortes dos Hamlets de Ernst Lubitsch e de Cunqueiro. A seguir, explícase a actualización da obra a través da súa ambientación nos tempos de Hitler, e fálase do traballo de Tosar, de quen se di que “devora ao seu personaxe”, aínda que ten unha deficiente proxección da voz. Tamén se fai referencia ao traballo dos demais actores.

- Rodríguez Maneiro, “Expos, Teatro y presentaciones”, *El Ideal Gallego*, “Pluma del día”, 2 abril 2006, p. 18.

Anúncianse as exposicións de pintura e escultura de Luis Martínez Romero e Javier Aguilera, respectivamente, así como as representacións de *Hamlet*, de Lino Braxe, e *Yepeto*, de Roberto Cossa, dirixida por Tatiana Likhacheva, no Burgo da Coruña. Por último, dáse noticia da pasada representación de *Final de película*, de Gustavo Pernas, e da presentación do libro *Casas Baratas*, de Antón Riveiro Coelho.

- M.R., “Los actores Luis Tosar y Manuel Manquiña llevarán ‘Hamlet’ al auditorio el 22”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira”, 4 abril 2006, p. 20.

Anúnciase a representación no auditorio municipal Carmen Estévez de Vilalba do *Hamlet* de Shakespeare, adaptado por Lino Braxe e Manuel Rivas. Anótanse algúns dos actores: Luís Tosar, Manuel Manquiña, Gonzalo M. Uriarte, Víctor Mosqueira e Miguel Pernas. Dise que aínda non se decidiu o prezo das entradas e enuméranse outras actividades que terán lugar nesa zona.

- Xosé Lueiro, “Notas a pé de páxina”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, 21 abril 2006, p. 4.

Entrevista a Lino Braxe en que se fala de cuestións como a boa acollida de público que tivo o seu *Hamlet*, fronte á frialdade dalgúns críticos, a nova vía que abre o capital privado participante nesta aposta e a obra en si. Con respecto á crítica, Braxe chama a atención sobre o feito de que el intenta respectar o traballo de cada actor. Sobre a inversión privada, subliña o feito de que as expectativas artísticas e económicas de RTA se viron satisfeitas. Finalmente, sobre a obra menciona un Hamlet menos dubitativo, unha ambientación nos comezos da Segunda Guerra mundial, a retirada de todo o supérfluo para acurtar o texto e a importancia de gustar ao público.

- Jaureguizar, “Luis Tosar. Actor lucense. ‘Nalgúns pases de ‘Hamlet’ houbo revenda, coma no fútbol”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 27 abril 2006, p. 80.

Entrevista a Luís Tosar co gallo da súa participación no *Hamlet* de Lino Braxe, que se vai estrear en Lugo. Explícase que o actor desexaba facer este personaxe dende hai anos, que el ve a Hamlet como menos reflexivo do que se adoita pensar e máis arroutado, e que se recurto bastante o texto pero sobre todo en cuestións retóricas e referencias mitolóxicas. Anótase tamén que se ambientou no tempo dos nazis pola proximidade co público e que Tosar fixo unha versión do personaxe que non é inglesa.

- Jaureguizar, “Braxe define o seu ‘Hamlet’ como ‘aldrabada para o teatro galego””, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 29 abril 2006, p. 81.

Fálase do *Hamlet* de Lino Braxe, que se vai representar no teatro Gustavo Freire de Lugo, do risco que supuxo para a produtora RTA e da magnífica acollida que tivo con cheo nas vinte e oito representacións. Como peculiaridades da obra, salientáanse a ambientación contemporánea nun tempo en que os nazis avanza cara a Dinamarca, e a presenza dun Hamlet máis vingativo que dubitativo. De Tosar dise que valora moito o esforzo da produtora e o equipo de xente que se reuniu para traballar na obra; coméntase, ademais, que en Lugo é considerado embaixador da cidade.

- R.C.G., “Punto e final á dúbida”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 30 abril 2006, p. 79.

Fálase da última función do *Hamlet* de Lino Braxe, logo dunha xira con máis de trinta funcións e o aval do público que encheu todos os auditorios. Dise que a protagoniza Luís Tosar e lémbrese o argumento deste clásico en que Hamlet sospeita que o seu tío Claudio é o asasino de seu pai e argalla unha vinganza.

- C.F., “O teatro galego ten 160 espectadores por función, segundo os datos do Igaem”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xullo 2006, p. 48.

Expóñense as cifras que poden servir para dar a coñecer a situación do teatro galego na actualidade. Sinálase que dende xaneiro até setembro asistiron aos espectáculos unha media de 160 espectadores, o que supón unha ocupación de 43% e unha facturación media de 500 euros por espectáculo. As salas de Narón e Pontevedra superan a media de espectadores, xa que contaron con 237 espectadores de media e o da Caixanova en Vigo, con 351. Sabemos que dende xaneiro até setembro se realizaron 255 representacións e por compañías foi a RTA, coa representación de *Hamlet*, a que obtivo maior recadación.

- Ana Rodríguez, “Braxe prepara unha obra de Wilde con Tosar tras o éxito de ‘Hamlet’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 3 decembro 2006, p. 19.

Fálase de que o *Hamlet* de Lino Braxe se converteu nun éxito rotundo con cheo en todas as representacións, e de que isto permitiu que o director proxecte montar no 2007 unha obra de Óscar Wilde, “A importancia de chamarse Ernesto”, para a que xa conta co apoio de Caixa Galicia. Dise que xa falou con algúns amigos para montala, entre os que se conta Luís Tosar.

Sapristi: *So, sobre*, de Evaristo Calvo (direc.).

Ver Cangas, XVIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo.
Ver Feira das Artes Escénicas.

Sarabela Teatro: *O heroe*, de Ánxeles Cuña (direc.), **Rivas**, Manuel.

Ver Carballiño, IIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).
Ver Feira das Artes Escénicas.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Especies que viven no anonimato”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 2 febreiro 2006, p. 9.

A última obra con que Manuel Rivas se presenta como dramaturgo analiza a figura do heroe para achegala máis a unha condición común. A figura do heroe soe ir asociada a personaxes coma o capitán Trueno; os que nunca son considerados coma heroes son os que se levantan toda a vida ás seis da mañá para traballar.

- Lupe Gómez, “Poesía e liberdade”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, 10 febreiro 2006, p. 5.

Apúntase que Sarabela Teatro volve sorprender coa súa representación da obra de teatro *O heroe*, de Manolo Rivas. A obra transmite poesía de liberdade, ilusión pola vida e amor a Galicia.

- Clara Valencia, “De ‘heroes’ que viven no anonimato”, *Diario de Arousa*, 26 febreiro 2006, p. 63.

Sarabela Teatro representa en Vilagarcía a obra *O heroe*, baseada nun relato curto de Manuel Rivas, *As chamadas perdidas*. A obra está ambientada na Galicia dos anos 70 e xira en torno a un estraño triángulo amoroso formado por un lexionario, un intelectual e a compañeira deste último.

- Xosé Lueiro, “Heroes e estorniños”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, “A contrabutaca”, 30 xuño 2006, p. 4.

A compañía Sarabela Teatro presenta a obra de Manuel Rivas *O Heroe*, tras o éxito anterior de *O lapis do carpinteiro*. *O heroe* trata o tema da liberdade e das persoas anónimas que protagonizan a historia.

Teatro de Ningures: *Tartufo*, de Etelvino Vázquez (direc.), **Molière**.

Ver Carballiño, Outono teatral do.

Ver “Roberto Vidal Bolaño”, V Mostra de teatro de Gondomar.

Teatro do Adro: *García*, de Cándido Pazó (direc.), **Pazó**, Cándido.

Ver Boiro, VIª Mostra de Teatro afeccionado.

Referencias varias:

- MARÉ, “García’, a aposta de Pazó no teatro histórico”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 marzo 2006, p. 37.

Anúnciase a posta en escena de *García*, por Teatro do Adro, na Sala Yago. Apúntase que a obra foi escrita e dirixida por Cándido Pazó. Anótanse as coordenadas históricas en que se inscribe, o reparto conformado por Josito Porto e César Cambeiro e o estilo empregado por Pazó, que se postula próximo ao de Shakespeare. Por último, dáse noticia de que é a obra que representa a candidatura galega ao ‘Premio Max’ de mellor espectáculo revelación.

- Alberto Quián, “É imprescindible que Vigo sexa a maior potencia cultural de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Siglo XXI Vigo”, “Protagonistas”, 5 marzo 2006, p.4.

Entrevista a Cándido Pazó precedida dun resumo do seu currículum como profesional do teatro, en que se salienta a súa presenza en máis de cincuenta obras, os premios que foi colleitando (María Casares, Compostela e Max, algún en varias ocasións) e a súa condición de presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTEG). As preguntas e respostas van na liña da análise da traxectoria de Pazó e do propio teatro galego; así mesmo, teñen relación co Centro Dramático Galego (CDG) e con Vigo como cidade teatral. Canto ao CDG, Pazó colócalle o cartel de buque insignia do teatro galego, coa función de abrir camiños para a actividade teatral non institucional e afirma que non pode valorar a dirección de Ánxeles Cuña até que non se leve á práctica o seu programa. Por último, Pazó subliña a necesidade de que Vigo recupere a súa importancia como potencia teatral, parella á súa condición de cidade con maior peso demográfico e económico de Galicia.

- Lois Oreiro, “Hamlet’ e ‘García”, *La Opinión*, “Balas perdidas”, 15 marzo 2006, p. 28.

Expresión de satisfacción pola presenza simultánea en cartel de dúas obras teatrais que se cualifican de moi boas: o *Hamlet*, de Lino Braxe, e *García*, de Cándido Pazó. Da primeira das obras anótase que era imprescindible vela en galego para acreditar o valor da nosa lingua. Da segunda dise que tería sido preferíbel seguir a revisión desa figura histórica feita por Ermelindo Portela, pero que o traballo actoral e a súa construción como clásico fana “sublime”.

- Xosé Lueiro, “Grillóns de polistireno”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, 17 marzo 2006, p. 4.

Crítica positiva da obra *García*, de Teatro do Adro, escrita e dirixida por Cándido Pazó e con dúas candidaturas aos premios ‘María Casares’, as de mellor texto orixinal e mellor

espectáculo. Destácanse como puntos fortes a interpretación dos dous actores, Josito Porto e César Cambeiro; o texto literario de Pazó, que consegue combinar o humor e a ironía coa narratividade e a densidade da historia, de xeito que evita cansar ao público (estilo que se compara co de Shakespeare neste punto); e a temática da renuncia como escolla vital. Lóase ademais a capacidade do texto para poñernos de fronte con esa parte de nós que está falta de liberdade pola submisión ao sentido da supervivencia. Inclúense o elenco da obra, unhas notas sobre o autor e a sinopse.

- L.B., “Historia para mayores de 16 años”, *Diario de Arousa*, 1 abril 2006, p. 56.

Dáse noticia da representación a noite anterior de *García*, unha obra de teatro histórico dirixida a maiores de dezaseis anos, no Auditorio Municipal de Vilagarcía, como parte da programación cultural deste espazo. Dise que se pon en escea a un García que leva dezasete anos preso e a onda o que chega o seu amigo Rodrigo para liberalo e facelo símbolo e cabeza do rexurdimento do reino, algo a que el dubida en acceder.

- Manuel F. Vieites, “Memorial da derrota”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 168, “Teatro”, 1 xuño 2006, p. VIII.

Fálase da obra *García*, de Cándido Pazó, e lémbrese que non é a primeira vez que o autor explora as desgrazas da nación, pois xa en 1994 *Raiñas de pedra* contaba a historia de Inés e Xoana de Castro. A seguir anúnciase a publicación de dous textos seus, *García* e *O binomio de Newton*. De *García* dise que o que seduciú a Pazó non foi a historia, senón os personaxes e o xogo que daban certas decisións e reflexións dos mesmos de cara á interpretación do noso pasado, presente e futuro. D’*O binomio de Newton* explícase que é a aceda reflexión sobre os obxectivos da vida de dous homes cos que calquera pode identificarse, e que ten de fondo o drama da destrución de moitos espazos naturais. Por último, lémbrese a traxectoria profesional de Pazó.

- Camilo Franco, “O monarca sentimental”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “D Escenarios”, 27 outubro 2006, p. 16.

Fálase de *García*, de Cándido Pazó, como o drama cotián dun home derrotado, que parece maior por ser un rei e máis próximo por ser galego, pero cotián como o sentimento da resignación. Dise que se deixa a argumentación política de fondo, pero que aínda así transmite ben e que reborda serenidade a pesar de falar da última persoa que gobernou unha Galicia independente.

Teatro do Morcego: *A farsa de bululú*, Manuel María.

Ver Moaña, XVIII Circuitos de Teatro.

Ver Narón, Sábados Teatrais.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Vai por aí”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 11 maio 2006, L9.

Crítica da obra *A farsa de bululú* de Teatro do Morcego, en que se explica a súa condición de farsa polo momento en que foi escrita e o feito de que a mensaxe que Manuel María transmitía con ela variou por necesidade. Por último, aconsella non ir vela a aqueles que seguen pensando que é de mal gusto falar dos tempos do franquismo.

- Camilo Franco, “A farsa do bululú”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 11 maio 2006, p. 9.

Alúdese á posta en escena por Teatro do Morcego da obra de Manuel María. Apúntase que a obra non ten hoxe os ecos políticos que a caracterizaron no seu día, pero que o cambio de circunstancia non invalida a súa acción. Ofrecense á parte os horario e datas de representación no Teatro Principal de Santiago.

Teatro Ensalle: *Oco*, de Pedro Fresneda (direc.).

Ver Feira das Artes Escénicas.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, “Evasión sen vitoria”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, 7 xullo 2006, p. 4.

Crítica da obra *Oco*, de Teatro do Ensalle, que comeza por censurar duramente os que descalificaron o intento destes mozos madrileños por integrarse no sistema que lles dá acubillo ao reducir toda a súa crítica ao tema lingüístico. Logo, explícanse as bases da obra e o xeito de levala a cabo, dise que procuran dar conta da deshumanización do mundo mecanizado e da fuxida cara a utopía de oito personaxes. Destácase a evidente intención da compañía de redefinir a práctica teatral dándolle cabida á improvisación pero moi traballada, e descubriendo o proceso creativo durante a representación. Por último, enuméranse os actores, dise que é unha creación colectiva dirixida por Pedro Fresneda e salientase o traballo da compañía por crear un espazo para o teatro en Vigo, fidelizar un público e seguir apostando pola experimentación teatral.

Teatro Galileo: *O divertimento do rei*, de Pedro Rubín (direc.).

Ver Lugo, III Mostra de Teatro Clásicos do Século XX.

Referencias varias:

- Roberto Pascual, “Divertimento clásico, por que non?”, *Tempos Novos*, nº 105, “Voces e culturas”, febreiro 2006, p. 75.

Apúntase que *O divertimento do rei*, de Teatro Galileo, é unha aposta filosófica e un engrandecemento deste grupo teatral. Sinálase que é un espectáculo entretido e dinámico,

pero que se bota en falta un maior afondamento fonético. Remátase destacando que os clásicos seguen a suscitar interese.

Matarile Teatro: *Historia natural (eloxio do entusiasmo)*, de Ana Vallés (direc.), Vallés, Ana.

Referencias varias:

- Rafael Esteban, “Experimentos en la costa. Comienza el Festival Valencia Escena Oberta”, *El Mundo, El Cultural*, “Teatro”, 16-22 febreiro 2006, p. 45

Fálase de febreiro como mes do teatro alternativo e das propostas que chegan dende Valencia no seo do festival València Escena Oberta (VEO). Dise que este ano se propoñen quince espectáculos, mais outros tres infantís, e catro de artistas novos da cidade. Coméntanse os espectáculos *Anomalie, Flame Tornado, Good hands, Bedcases* e a serie de monólogos *Construyendo a Verónica*. Por último, recoméndanse especialmente dous espectáculos xa estreados noutros lugares de España: *Historia natural (eloxio do entusiasmo)*, de Matarile e *La Barraca Cantina musical*, de Dromesko-Hermanos Forman.

- Liz Perales, “Al dictado del paisaje”, *El Mundo, “El Cultural”*, “Teatro”, 4-10 maio 2006, p. 38.

Explícase o que é o *site specific theatre*, un tipo de espectáculo que aproveita as posibilidades escénicas de edificios, entornos naturais, rúas... e toma deles elementos de significado. Dise que o grupo Célula organiza co apoio do concello de Olot e a Generalitat o Festival de Teatro de Calle de Valladolid, ocasión que se converte tamén nun taller de traballo porque os artistas convidados traballan durante quince días nun espectáculo sobre o tema que propoñen os organizadores. Entre outros aspectos, lémbrese que *Historia Natural* de Matarile foi un dos máis aclamados no anterior festival, e que a directora Ana Vallés levou o público en autobús a un piñeirial próximo a Valladolid para montar alí a obra.

- MARÉ, “Matarile chega aos XX”, *Galicia Hoxe*, “Maré hoxe”, 2 outubro 2006, p. 28.

Fálase do XX aniversario de Matarile e dise que o celebrarán cunha xira da montaxe *Historia Natural* por distintas cidades de España e Francia. Saliéntase o esforzo dos impulsores da compañía e da Sala Galán por desenvolveren unha linguaxe propia e por facerse un oco no panorama teatral nacional e internacional. Lémbrese o seu historial de vinte e tres espectáculos, moitas performances e colaboracións con outras compañías. Por último, anúnciase a estrea de *Truenos y misterios* en Madrid o 1 de febreiro.

- Xosé Lueiro, “Talento con proxecto”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe venres”, “A contrabutaca”, 6 outubro 2006, p. 4.

Entrevista con Ana Vallés e Baltasar Patiño, que se introduce logo de incidir no éxito da compañía que dirixen, Matarile, en España e en Europa. Ambos falan dos seus proxectos, entre eles a explotación da peza *Illa Reunión*, a continuación da xira de *Historia Natural* e a

nova montaxe *Truenos y misterio*, que se estreará en Madrid. Alén diso, Ana Vallés di que está a traballar co Teatro de la Abadía, e Baltasar Patiño, na Casa Encendida en Madrid, con Cesc Gelabert no Teatre Lliura e no Centro Coreográfico Galego. Por último, falan da Sala Galán e os responsábeis de Matarile manifestan a súa tristura por non haber iniciativas de reapertura, así como a vontade de oficializar a rede de traballo que teñen establecida con outras compañías.

Mofa e Befá: *Cultura para dar e tomar*.

Ver Narón, Sábados Teatrais.

Referencias varias:

- Hilario García, “El teatro cierra hoy la Merced en la prisión de Monterroso”, *El Progreso*, “A Ulloa/Terra de Melide”, 24 setembro 2006, p. 13.

Dá conta dos actos levados a cabo no cárcere de Monterroso con motivo da celebración da festividade da Merced, patroa dos presos. Indícase que inaugurou o programa de festexos o grupo de teatro Mofa e Befá, que escenificou a peza *Cultura para dar e tomar* e lograron unha gran ovación por parte do auditorio. Tamén se levaron a cabo outras actividades de carácter deportivo, ademais da actuación do contacontos Avelino González.

Nove-Dous Teatro: *Ondas*, de Maxi Rodríguez (direc.).

Referencias varias:

- A. I., “Dos mil nuevos fans de Mozart”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xaneiro 2006, p. 31.

Entre outras noticias de índole cultural, coma un concerto da Real Filharmonía de Galicia, unha tertulia no Colegio Mayor Arosa, a exposición da pintora Cristina Bergoglio e o proxecto *As portas do Milenio*, menciónase a presentación da obra “Ondas”, da compañía galega Novedous Teatro.

- Camilo Franco, “O humor é un vicio solitario”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 19 xaneiro 2006, p. 9.

Crítica de *Ondas* e *Sólo ante el delirio*, realizada sobre a base do eloxio do traballo dos seus actores, que se defenden en solitario enriba do escenario. Da primeira das obras dise que Jouse García escolle pecharse no cuarto de baño para facer teatro, un espazo que se di que dá moito xogo. Da segunda, lémbrese que Gerardo Esteve formara no pasado un dúo con Ponce que practicaba o humor, e dise que nesta obra el e o seu personaxe dalan entre eles, o que é un xeito particular de falar con un mesmo.

- Sonia Torre, “Jouse García se levou la jarra”, *La Región*, “Teatro”, 30 marzo 2006, p. 75.

Fálase da noite dos premios María Casares no Teatro Rosalía da Coruña, achegando unha relación dos premiados, cos traballos correspondentes. Dise que a gran triunfadora da noite foi *Tío Vania*, de A Factoría Teatro, e que o galardón ao mellor actor secundario recaeu en Jouse García, de Nove-dous Teatro. O premio concedéronllo pola obra *Seis personaxes á procura de autor*, do Centro Dramático Galego, aínda que o actor afirma que é máis un recoñecemento ao traballo feito na súa propia compañía, e que o simple feito de estar nominado xa é un premio.

- María José Barreiro, “O grupo teatral Novedous escenificará a obra ‘Ondas’ para arrincar un sorriso a Vilagarcía”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “Teatro”, 27 agosto 2006, p. 23.

Anúnciase a estrea da obra *Ondas*, de Novedous Teatro, o 1 de setembro no Auditorio. Anótase que o director é Maxi Rodríguez e o actor Jouse García. Dise que se trata dun monólogo en que Felipe, un mestre en paro, explica a súa devoción polo teatro e as ganas que ten de dedicarse a el. Cóntase que como a súa muller non cre nas súas posibilidades el péchase no baño a escribir, mentres finxe preparar unhas oposicións. Destácase a condición metateatral da peza, a traxectoria do actor e a súa particular maneira de interpretar, e a axilidade do espectáculo. Por último, anótase que a compañía realiza actividades de formación coma o tratamento da voz, a expresión corporal, o clown e un obradoiro de zancos.

- C.V., “O imbatible poder da imaxinación”, *Diario de Arousa*, 4 setembro 2006, p. 56.

Fálase do programa cultural de outono en Vilagarcía, facendo referencia á obra que o inaugurou, *Ondas*, de Novedous Teatro. Dise que trata dun mestre en paro que quere dedicarse ao teatro e que, ante a incompreensión da súa muller, péchase no cuarto de baño para escribir. Anótase que o actor gañou o “Premio María Casares” 2006 como mellor actor secundario pola montaxe do Centro Dramático Galego *Seis personaxes á procura de autor*. Explícase que *Ondas* entrou no programa a través da Rede Galega de Teatros, e anótanse outras compañías que estarán na cidade: Teatro do Atlántico, A Factoría Teatro e Arela das Artes.

Sarabela Teatro: *Así que pasen cinco anos*.

Sísifo Teatro: *O bico da muller araña*, de Manuel Camba (direc.).

Ver “Vigo a escena”, Ciclo.

Referencias varias:

- A.R., “Sísifo Teatro lleva ‘O bico da muller araña’ a Bouzas”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 25 abril 2006, p. 5.

Fálase da edición de 2006 de ‘Vigo a escena’, e da compañía Sísifo Teatro, fundada en 1984 por Manolo Camba, como unha das máis veteranas da cidade. Anúncianse as próximas representacións, por parte deste grupo teatral, da obras *O bico da muller araña*, *Variacións en escabeche* e *Picnic*. A primeira das obras descríbese como adaptación teatral dun texto de Manuel Puig, cuxa acción se desenvolve nunha celda, e salientase o poder da relación que se vai establecendo entre dous presos, o deseño da escenografía, a música e a relevancia das voces en off. A segunda dise que é un conxunto de monólogos de Anton Chejov e dun dos actores, Rafa Costas, que mesturan comedia, farsa, drama e música.

Sísifo Teatro: *Pic-nic*.

Ver “Vigo a escena”, Ciclo.

Sísifo Teatro: *Variacións en escabeche*, de Manuel Camba (direc.).

Ver “Vigo a escena”, Ciclo.

Referencias varias:

- A.R., “Sísifo Teatro lleva ‘O bico da muller araña’ a Bouzas”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 25 abril 2006, p. 5.

Fálase da edición de 2006 de ‘Vigo a escena’, e da compañía Sísifo Teatro, fundada en 1984 por Manolo Camba, como unha das máis veteranas da cidade. Anúncianse as próximas representacións, por parte deste grupo teatral, da obras *O bico da muller araña*, *Variacións en escabeche* e *Picnic*. A primeira das obras descríbese como adaptación teatral dun texto de Manuel Puig, cuxa acción se desenvolve nunha celda, e salientase o poder da relación que se vai establecendo entre dous presos, o deseño da escenografía, a música e a relevancia das voces en off. A segunda dise que é un conxunto de monólogos de Anton Chejov e dun dos actores, Rafa Costas, que mesturan comedia, farsa, drama e música.

Talía Teatro: *Bicos con lingua*.

Ver Yago, Sala.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha parodia de éxito”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 febreiro 2006, p.36.

Talía Teatro presenta no Yago *Bicos con lingua*, dirixida por Avelino González e interpretada por Toño Casais e Artur Trillo. Esta montaxe gañou o María Casares ao Mellor Texto Orixinal e ao Mellor Actor Protagonista. No espectáculo recupéranse contos de *Longa lingua*.

A obra pretende reflexar a situación de postergación que vive a lingua galega e realizar unha reflexión sobre este feito.

- C.B., “Talía Teatro pone en escena mañana ‘Bicos con lingua’ en Pontecesures”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 maio 2006, p. 36.

Breve nota en que se anuncia a entrada libre a esta representación no centro social de Pontecesures.

Teatro do Noroeste: *Confesión*.

Ver Yago, Sala.

Referencias varias:

- P. de la Torre, “Renace el teatro gallego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 setembro 2006, p. 30.

Entrevista a Eduardo Alonso Rodríguez, un dos principais promotores do teatro galego. Iniciouse neste ámbito en 1965 e foi cofundador de numerosas compañías galegas. Tamén realiza o proxecto actual do Centro Dramático Galego. Xunto con Luma Gómez, presenta *Confesión*.

- P. De la Torre, “O acusado fronte á confesión”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 setembro 2006, p.36.

Entrevista a Eduardo Alonso, que volve ao Yago baixo as ordes de Luma Gómez coa obra *Confesión*. Tamén prepara para outubro o musical *Imperial, Café cantante*.

Volta e Dálle Teatro: *Jalísia, mi madriña*.

Ver Pontevedra, “Outono Teatro”.

Ver Seixo, O, XIX Xornadas de Teatro en Galego.

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, “Comba Campoy. Ultimamente non leo a prensa rosa”, *Tempos Novos*, nº 115, “todo é peixe”, decembro 2006, p. 14.

Comba Campoy informa de que leva catro anos coa compañía “Volta e Dálle”, con dous espectáculos que aínda xiran por Galiza: *Salitre*, unha fábula sobre o Prestige, de Rivadulla Corcón, e *Jalísia Mimadriña*, “road movie peregrina, en palabras da súa autora e directora, Nazaret López”, e menciona outros proxectos en que está involucrada. Presenta unha opinión

pouco favorábel con respecto ao audiovisual galego e refírese ao seu traballo co director de cine Juan Pinzás, ademais de falar de certos políticos e do cinema.

III.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Mariclown: *A vida de Rosa... día tras día.*

Referencias varias:

- M.J.Rico, “Mariclown gaña o premio á mellor dirección no festival de Navalcarnero”, *Diario de Ferrol*, “Artes escénicas”, 23 marzo 2006, p. 19.

Infórmase de que a compañía Mariclown vén de recibir o premio á mellor dirección polo espectáculo *A vida de Rosa día tras día*, no XVII Certame de Teatro Afeccionado de Navalcarnero (Madrid), onde a obra quedou entre as finalistas. Apúntase que non é o primeiro galardón de que é merecedor o espectáculo e infórmase de que, ao tempo que preparan o seu novo traballo, *Mariclownadas*, as integrantes do grupo seguirán levando a obra premiada por distintas localidades da comarca de Ferrol.

Qué familia: *Pro-gaiters.*

Referencias varias:

- M.B., “Jornadas culturales en Chandebrito”, *Atlántico Diario*, “Comarcas”, 30 novembro 2006, p. 47.

Entre outras cuestións relativas ás diversas actividades culturais que terán lugar nas III Xornadas Culturais organizadas pola Asociación Veciñal e Cultural do Castro de Chandebrito, menciónanse as representacións d’*O Faro*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Pro-gaiters*, do grupo Qué familia.

Salmonela: *Un mal día*, de Modesto Gómez (direc.).

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena”.

San&San: *Bar*, de Pablo Sánchez e Carlos Sante (direc.).

Ver “Manicómicos”, III Festival Internacional de Teatro Cómico.
Ver V Mostra de Teatro Independente da Coruña.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "San&San", *La Voz de Galicia*, "Vai por aí na fin de semana", 1 xuño 2006, p. 9.

Despois de louvar a vida dos bares, espazos dramáticos por excelencia, salienta que o espectáculo de San&San aproveita as cousas que pasan neles para sacarlle punta humorística, pois nos bares pasa de todo: organízanse negocios, fanse pactos políticos... e como todos pasamos polos bares, considera que seguro que alguén se sente fotografado nesta parodia.

- MARÉ, "O 'Bar' de San San despídese da Sala Nasa", *Galicia Hoxe*, "Maré", 13 xuño 2006, p. 35.

Breve nota en que se anuncia a última función na Sala Nasa do espectáculo *Bar*, de San e San, prevista para ese día ás 23 horas.

San&San: *Muñequitous*.

Referencias varias:

- E.G., "Comedia de San&San, esta noite en el Teatro de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área Metropolitana", 15 decembro 2006, p. 16.

Breve nota en que se anuncia a representación da obra *Muñekitous, a Nasiona Yeographic Ripor*, a cargo da compañía San&San, no Teatro Municipal de Tui. Apúntase que o pase está previsto para as 21:30 e que se trata dun espectáculo que conxuga o xogo teatral da escena co audiovisual, ao proxectar nunha pantalla os planos escollidos pola cámara.

Teátrica Sociedade: *A farsa do avogado*.

Teátrica Sociedade: *O ferreiro de Santán*, de Miro Magariños (direc.), **Varela Buxán**, Manuel.

Ver Salceda, "Outono de Teatro".

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS

IV.1. CREACIÓN: EDICIÓNS CRÍTICAS, REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS. ANTOLOXÍAS.

Campos Villar, Xabier (ed.), *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006, 275 pp. (ISBN: 84-453-4218-5). ♦

O libro presenta dous comentarios literarios dos textos narrativos de Manuel Lugrís Freire titulados “O Penedo do crime” e “Contos de Asieumedre”. Estes textos son abordados dende a perspectiva da crítica literaria, a partir dos parámetros de tempo, espazo, modalización e personaxes. Tamén se revisa a recepción crítica. O libro tamén incorpora textos narrativos inéditos de Manuel Lugrís Freire.

Referencias varias:

- MARÉ, “Nos tempos do cambio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 febreiro 2006, p. 41.

Alúdese á visita que o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, realizou ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Apúntase que no transcurso desa visita, Touriño reuniuse coa Comisión Reitora do Centro e sinalou a necesidade de modificar o seu estatuto legal e administrativo, ao tempo que asistiu ao resumo do labor desenvolvido en 2005 e do previsto para 2006, ano en que está programada a publicación de vinte e cinco novas obras. Aproveitando a presenza do presidente, celebrouse, segundo se explicita, a entrega do III Premio Centro Ramón Piñeiro de ensaio breve, con que se galardoou o traballo *Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*, do vigués Manuel Forcadela. Por último, explicitase que nesa xornada foron presentadas tamén dúas publicacións elaboradas no Centro con motivo da homenaxe que en 2006 se lle rende a Lugrís Freire, autor a que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Trátase de dúas reedicións: unha de *A Gaita Gallega*, primeiro xornal en galego de América, fundado por Lugrís en colaboración con Ramón Armada Teixeira, e a outra da *Obra narrativa en galego*, editada inicialmente en 2000 e que agora aparece coa introdución adaptada á normativa ortográfica vixente, e co engadido de certas observacións de carácter lingüístico.

Campos Villar, Xabier, (ed.), *Antoloxía*. Manuel Lugrís Freire, Vigo: Galaxia, col. Letras galegas, 2006, 191 pp. (ISBN: 84-8288-904-4).

Selección realizada por Xabier Campos Villar (Bralo, Rois, 1973) de diferentes textos pertencentes a todos os xéneros traballados por Manuel Lugo Freire, acompañados dunha breve biografía e introdución do autor. Na sección de poesía encadra obras como “Quen engana a quen”, “Ir por lan”, “Noitebras”, “Pondal”, “A Patria”, “A loitar”, “¡Adiante!”, “Sin nome”, “O progreso”, “Curros Enríquez” e “A Virxe dormida”. Algunhas destas composicións apareceran en xornais da época como *A Nosa Terra* e constitúen unha mostra da poesía máis comprometida ou sentimental. Da narrativa escolléronse *O penedo do crime*, *Os primeiros versos*, *¡A xustiza!*, *O primeiro sangue* e *O primeiro cacique*. Destes traballos destácase a curta lonxitude das novelas, o apego ao conto e o ton claramente anticaciquil. Da obra dramática aparecen *Ir por lan* e *La ofrenda*, ambas pezas moi breves e de carácter humorístico. Xa por último realízase unha escolma de textos aparecidos na prensa e algúns discursos como o de Betanzos, que constitúe a primeira intervención en galego ante un auditorio.

Cosme, Nélica e Dolores Sánchez (ed.), *Manuel Lugo Freire, escolma de textos*, A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos, 2006, 362 pp. (ISBN: 84-8485-218-0).

Esta monografía rescata moitos textos de Manuel Lugo Freire (Sada 1863, A Coruña 1940) para, a través deles, dar a coñecer ao homenaxeado co Día das Letras Galegas de 2006. O volume iníciase cun prólogo do Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, en que se celebra a contribución que fixeron as autoras coa compilación de documentos moitas veces esquecidos e que revelan a personalidade e o compromiso da figura galeguista. Lémbrese que é un home emigrado de clase media que procuraba na súa viaxe unha mellor situación económica. Na Habana atopou un lugar en que desenvolver a súa profesión e alí foi onde observou como a colectividade galega da illa non abandonara a súa fala, e quizais por iso decidiu fundar, en 1885, o primeiro xornal publicado integramente en galego: *A Gaita Gallega*. Lócase o seu amor pola galeguidade, que sempre foi en aumento, como se pode observar na pequena biografía que se ofrece e que nos sitúa nun tempo e nunhas coordenadas determinadas. Completan os datos persoais unha serie de fotografías en branco e negro que reflicten os acontecementos vitais máis significativos do autor. A continuación, preséntase o groso do traballo, en que hai unha incursión en diversos xéneros que cultivou Manuel Lugo Freire, algúns sorprendentes e dos que hai poucas noticias. O teatro vai ter unha sección no volume e cómpre destacar a versión en castelán da peza teatral *Mareiras*, totalmente inédita até ese momento. A esta engádense outras como *O Pazo*, *La ofrenda o los folletos verdes de Don Pepiño* e, por último, *Ir por lan*. Unha selección de contos intégrase nesta monografía, como mostra dunha faceta do escritor máis descoñecida que a de xornalista ou orador. Estas dúas facetas últimas tamén aparecen no libro; en concreto, recóllese o artigo “A fala gallega”, en que se fai un percorrido pola historia da lingua e se repasan diversos discursos, entre os que destaca o pronunciado en Betanzos o 6 de outubro de 1907 e que se constitúe como o primeiro mitin en lingua galega. Para finalizar, incorpóranse tres cartas, dúas delas dirixidas a Xoán Vicente Viqueira para agradecerlle as clases impartidas ao seu fillo Secundino e informalas das escolas de Sada, e unha a Castelao en que lle expresa a dor que lle produce o seu desterro en Badaxoz. O volume péchase cun anexo en que se reproduce a tradución ao castelán de *Mareiras* e unha pequena bibliografía.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, “Edición do Castro publica unha monografía sobre Lugo Freire”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 29 abril 2006, p. 10.

Preséntase o libro *Manuel Lugo Freire. Escolma de textos*, das autoras Nélica Cosme e Dolores Sánchez, que recolle textos deste escritor que en moitos casos contaban cunha única edición ou, noutros, como o da peza teatral en castelán *Mareiras*, nunca viran a luz. A monografía vén ser unha homenaxe á persoa que tiña o carné número un do Partido Galeguista, un home que se define polo seu intenso labor intelectual, como se pon de manifesto nas páxinas do volume editado.

- A.M., “Edición do Castro presenta unha selección da obra do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas”, *ABC*, “Galicia”, 30 abril 2006, p. 28.

Anúnciase a presentación do volume *Manuel Lugo Freire. Escolma de textos*, que pretende difundir a obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. O compendio foi realizado polas autoras Nélica Cosme Abollo e Dolores Sánchez, que pretenderon realizar un achegamento ao autor dende a súa escrita. Coméntase que á presentación asistiron o presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, o académico Xosé Luís Axeitos, Isaac Díaz Pardo e algúns familiares de Lugo Freire.

García Merino, María José, Marta González Miranda e María Vilariño Suárez (eds.), *Escolma do Día das Letras Galegas (1963-2006)*, Xunta de Galicia, 2006, 105 pp. (ISBN: 84-453-4230-4). ♦

Volume en que se recollen corenta e catro textos dos diferentes autores homenaxeados no Día das Letras Galegas, de 1963 a 2006. Inclúe unha “Nota introdutoria” asinada por Luís Alonso Girgado onde se dan datos biográficos e bibliográficos sobre Lugo Freire e se achegan os criterios de selección dos textos escollidos. Dise nesta nota que a finalidade da escolma é crear lectores por iso unha das auto-esixencias das editoras foi a da brevidade dos textos e a sinxeleza, o que explica que nalgúns aspectos estean adaptados á normativa do 2003. Como carta de presentación de Lugo Freire, aparecen textos que reflicten a súa condición de intelectual polifacético, pois pertencen a varios xéneros. Incorporáanse textos poéticos de *Ardencias*, un fragmento dramático de *A ponte*, un conto de lobos publicado en *A Nosa Terra* en 1907, titulado “Os lobos” e outro que ten por título “A crus”, tamén publicado en *A Nosa Terra*, un ano máis tarde.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, “María Vilariño, lingüísta: ‘Trátase dun home cunha visión da lingua moi clara’”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 2 maio 2006, p. 13.

Entrevista á coautora do volume *Escolma do Día das Letras Galegas*, unha selección de textos sobre os homenaxeados nesa data até o ano de aparición da presente obra. Na conversa, María Vilariño explica que nesa selección producíronse varias innovacións respecto ás edicións de anos anteriores, como a inclusión do teatro e de textos pouco coñecidos de autores

consagrados. De LUGRÍS FREIRE, o homenaxeado no 2006, destaca sobre todo “a calidade e a variedade da súa obra” e a súa clara visión da lingua. Tamén destaca o feito de que fora o primeiro en publicar un periódico en galego en América.

López, Teresa (ed.), *Manuel LUGRÍS FREIRE. A costureira d'aldea*, A Coruña: Universidade da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, 2006, 193 pp. (ISBN: 84-9749-193-9). ■ ◆

Obra composta dun único acto que se divide en trece escenas. Cinco personaxes encárganse de darlle sentido a esta peza teatral. Xaquina é o personaxe que lle dá título á obra, é a moza de Mingos, e é a que argalla unha vinganza contra Prácido mentres proba se Mingos é de fiar. Culás traballa de criado na casa de Xaquina e xogará a ser aliado do foráneo Prácido. O señor Xan marca a autoridade da obra: el é quen ordea e xulga. Prácido é obxecto de burla durante a obra; trátase dun castellano que tenta falar o galego para ter recoñecemento no concello, aínda que as súas técnicas non sexan de todo limpas; tamén rivaliza con Mingos polo amor de Xaquina. Mingos é un pouco bravucón, rudo, ciumento e impulsivo, pero consegue prometerse coa protagonista. A edición desta obra segue o texto escrito autógrafo de Manuel LUGRÍS FREIRE, incompleto no inicio. Tamén se conserva un breve prólogo escrito polo autor.

Sanjurjo Fernández, Victoria (ed.), *María Mariño. Obra completa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos, nº 6, outubro 2006, 216 pp. (ISBN: 84-9782-491-1).

Edición de Victoria Sanjurjo Fernández da obra completa de María Mariño, a quen se lle vai dedicar o Día das Letras Galegas de 2007. Esta edición baséase nos textos *Palabra no tempo*, primeiro e único libro publicado en vida da poeta, e *Verba que comeza*. O volume comeza cunha introdución que inclúe un “Perfil Biográfico” da autora, salientando feitos como o de que é lembrada como María, “a costureira”; a ocultación da súa verdadeira data de nacemento para casar co seu home; a morte do fillo; a chegada ao Courel; e a relación coa familia Novoneyra. O libro segue cunha referencia á “Obra literaria de María Mariño”, en que se salienta o feito de que se sitúe á marxe de modas e correntes literarias por mor das súas circunstancias vitais e persoais. A estudiosa céntrase, neste apartado, na traxectoria poética de María Mariño, facendo referencia á evolución formal da súa obra; aos modelos literarios que seguiu, tendo en conta a súa escasa bagaxe cultural; á orixinalidade lingüística, xa que na súa obra parte da tradición oral e da lingua falada pola xente; e á temática da obra, que segue dúas liñas fundamentais: a relación do “eu” co exterior, e a evolución do propio mundo interior. A continuación, faise unha “Análise das obras” *Palabra no tempo* e *Verba que comeza* e da súa temática, prestando atención aos parámetros de tempo, natureza, mundo interior, intimidade e palabra poética. Antes de reproducir as dúas obras completas referidas, fanse algunhas consideracións sobre a lingua, en que se especifican cambios realizados con respecto ao orixinal, e ofrécese unha bibliografía selecta sobre María Mariño.

Referencias varias:

- X.L. Méndez Ferrín, “María Mariño”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Os camiños da vida”, 14 xullo 2006, p. 20/24.

Fai referencia á poeta María Mariño, que foi escollida como escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2007. Comenta que no seu tempo era unha figura practicamente descoñecida, e que apareceu no panorama literario en 1963 coa obra *Palabra no tempo*. Explica tamén que, con posterioridade, nas décadas dos oitenta e noventa, comézanse a realizar estudos sobre a poeta galega e, en 1990, publícase o segundo libro de María Mariño, *Verba*. Así, aumenta a investigación e publicación dos escritos da poeta, segundo explicita Ferrín, até que Xerais publica a súa poesía completa, nunha edición a cargo de V. Sanjurjo. Finalmente, alude ao contido da obra de María Mariño e á lingua que emprega, e celebra que por fin se lle conferise á poeta a atención necesaria e merecida.

- MARÉ, “A poeta dinamiteira da fala”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 decembro 2006, p. 32.

Alúdese á publicación d’*Obra completa de María Mariño* por parte da Editorial Xerais, que vai precedida dun estudo bibliográfico de Victoria Sanjurjo e recolle os poemarios *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1992). Tamén se anuncia que nos próximos meses sairán á luz *María Mariño. Vida e obra*, da profesora Carme Blanco, e *A vida secreta de María Mariño*, de Fran Alonso. Coméntase que María Mariño se recolle nun intimismo radical, en que o desacougo nace da conciencia da morte, e que os seus versos presentan unha “beleza interior, preñada de tristura, que se combina coa percepción especial da paisaxe como vivencia íntima”. Por outra parte, menciónanse outras novidades da editorial viguesa.

- Marcos Valcárcel, “María Mariño”, *La Región*, “Pan por Pan”, 3 decembro 2006, p. 85.

Indica que a Real Academia Galega escolleu como escritora que será homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2007 a María Mariño. Informa tamén de que a editorial Xerais acaba de publicar a obra completa da autora, acompañada dun estudo introdutorio de Victoria Sanjurjo. Explica que os temas centrais da poesía de Mariño son o paso do tempo, a natureza, a morte e o amor. Finalmente, reproduce algúns versos da poeta.

IV.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Campos Villar, Xavier, *Diccionario Manuel Lugo Freire*, Santa Comba: tresCtres Editores, col. Letras dous mil, 2006, 128 pp. (ISBN: 84-934890-0-X).

Achegamento bio-bibliográfico a Manuel Lugo Freire. O autor presenta a través das diferentes “entradas” un completo estudo do autor galego a través da interrelación entre a súa vida e obra. Cada un dos períodos biográficos do autor acompáñase dunha escolma comentada dalgúns dos seus textos máis emblemáticos, pertencentes ás súas diferentes épocas vitais e aos diversos xéneros que cultivou (poesía, prosa, teatro, xornalismo e oratoria). Inclúense ademais cadros sinópticos, recursos e actividades para traballar cos alumnos na aula, selección de textos e sección de imaxes. O limiar é da académica Rosario Álvarez.

Recensións:

- Manuel Rosales, “A prol do país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 168, “Libros”, 1 xuño 2006, p. IV.

Destaca o rigor metodolóxico e a intención divulgativa desta obra, que segue a estrutura dun dicionario en que se atende ás diversas facetas de Lugo Freire. Salienta a inclusión dunha breve escolma de textos do autor na obra, así como dunha ampla información bibliográfica. Di que este libro cumpre o obxectivo de recoñecer a entrega e o labor de Lugo Freire.

Referencias varias:

- MARÉ, “Republicano, masón e nacionalista”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 abril 2006, p. 37.

Anúnciase a presentación do *Dicionario Manuel Lugo Freire* de tresCtres Editores, obra de Xabier Campos, un dos grandes especialistas nesta figura. Anótase que estarán presentes a autora do limiar, Rosario Álvarez, e o director da editora, Antonio Puentes Chao. Recóllense palabras do filólogo Xabier Campos a propósito da alegría que lle suscita que se lle dedique o Día das Letras agora a un persoeiro que xa debían ter recuperado, porque así di que se evita a censura que traería consigo ser republicano, nacionalista e masón noutros contextos políticos. Finalmente, salientase que a obra ten un apartado dedicado aos pseudónimos que usou ese autor e ás súas utilidades, por exemplo n’*A gaita gallega*, onde se empregaban coa finalidade de representar unha pluralidade de opinións.

- José Matamoros, “Letras galegas”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 7 abril 2006, p. 15.

Entre outras noticias, anuncia que o Día das Letras Galegas de 2006 se dedicará a Manuel Lugo Freire e que para iso tresCtres Editores saca un novo volume da colección *Dicionario* sobre este autor.

Campos Villar, Xavier, *Lugo Freire, unha biografía*, Vigo: Galaxia, 2006, 187 pp. (ISBN: 84-8288-901-X).

Amplio estudo sobre Manuel Lugo Freire, (Sada 1863- A Coruña 1940), homenaxeado no Día das letras Galegas 2006. Está estruturado cronoloxicamente, conxugando os feitos vitais, as diferentes obras que foi producindo e os proxectos culturais de que formou parte, todo isto encadrado sempre no contexto histórico en que se desenvolveu. A obra comeza relatando as vivencias do escritor na súa etapa de infancia en Soñeiro. A seguir fala da súa vida na emigración cubana, onde comeza a súa actividade no eido da cultura. Destaca que foi o director e fundador do primeiro xornal americano integramente en galego, *A gaita gallega*, (1885-1889), onde, entre outros artigos, publicou unha declaración de principios en “O noso pensamento”. Tamén publicou na illa a obra de poesía *Soidades*, que tivo un prólogo de Curros Enríquez, a novela curta *O penedo do crime* e a obras de teatrais *A costureira da aldea* e *De Galicia a Lavapiés*. En 1896 retorna a Galicia, onde se relaciona cos rexionalistas coruñeses e entra na directiva da Liga Gallega da Coruña. En 1901 publica o poema *Noitebras*. A continuación, Xabier Campos Villar indica que Lugo Freire fundou, xunto con Galo Salinas, a Escola Rexional de Declamación (1903) e que participou tamén na creación

da Asociación da Prensa de Coruña (1904), e na da Real Academia Galega (1906). Destaca que foi o primeiro en empregar a lingua galega nun mitin público e que participou no consello de redacción do xornal *A Nosa Terra*. En 1909 publicou o libro de relatos curtos *Contos de Asieumedre*. Menciónase a seguir, entre outros datos, que participou na creación da Irmandade da Fala da Coruña, que no 1927 editou o libro *Ardencias* e, en 1922, a *Gramática do Idioma Gallego*, a primeira escrita en lingua galega. En 1923 ingresou no Seminario de Estudos Galegos. No eido da literatura tamén se menciona o seu nomeamento como presidente da Real Academia en 1934. Finou un ano despois do comezo da Guerra Civil. A obra conclúe cun apartado en que se describen os diferentes recoñecementos póstumos que se lle tributaron.

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, “Era por maio”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 159, 6 maio 2006, p. 12.

Despois de se laiar pola situación en que se atopa a intelectualidade galega en relación á defensa e promoción da lingua e literatura galegas, refírese a dúas obras publicadas arredor da figura de Lugo Freire a partir do Día das letras galegas, asinadas por Ramón Nicolás e Xabier Campos Villar. Para rematar, alúdese a *Lukumí*, última novela de Alfredo Conde, da que se di que “é unha novela para celebrar os galegos”.

- Castro Soliño, Dorinda, “Xeira Lugo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 167, “Libros”, 25 maio 2006, p. IV.

Recensión da obra *Manuel Lugo Freire. Unha biografía*, de Xabier Campos Villar. A autora empeza referíndose á formación e labor investigador desenvolvido por Campos Villar, quen xa con anterioridade se ocupara da figura de Lugo. A continuación, describe a estrutura da obra recensionada, que consta de duascenas páxinas e dezaseis capítulos en que se repasa a vida de Lugo Freire. A autora destaca o bo facer de Campos Villar, que logra condensar nese conxunto de páxinas, segundo ela apunta, o máis significativo das diversas facetas do autor sadense: xornalista, promotor de iniciativas culturais, político, escritor, etc. Indícase, ademais, que a obra de Campos contén apuntamentos sobre a época en que viviu Lugo e, xa noutra esfera, achega comentarios sobre a súa obra teatral, poética e narrativa. Finalmente, puntualízase que o libro incorpora tamén un apartado bibliográfico en que se recollen as obras, artigos e facsímiles de revistas e xornais que aluden directamente a Lugo.

Fernández Costas, Xosé Manuel, *Manuel Lugo Freire: A fe na causa*, A Coruña: Baía Edicións, 2006, 127 pp. (ISBN: 84-96526-40-2).

Esta obra ensaística recolle unha descrición bastante detallada da biografía do autor a quen se dedica este ensaio, Manuel Lugo Freire, quen segundo este ensaio foi unha persoa comprometida coa súa realidade histórica. Proba deste activismo foi a súa militancia no movemento rexionalista. Estes foron os anos que suceden á volta da emigración e neles Lugo fai mitíns por distintos lugares da xeografía galega. Anos despois tamén participa na formación do nacionalismo, até que estala a Guerra Civil que o obriga, como a tantos

intelectuais, a deixar a política para centrarse na creación cultural. Alén da súa biografía, este libro tamén dedica un apartado igualmente extenso a dar a coñecer outro dos aspectos fundamentais do contributo deste autor, a propia obra. O ensaio recolle un resumo de cada un dos libros que integran a obra de ficción de LUGRÍS FREIRE, poesía, teatro e prosa, e deixa un apartado final para explicar o papel deste escritor na prensa.

Referencias varias:

- Rodri García, “Lugrís Freire, facendo país”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 151, “Letras en galego”, 4 marzo 2006, p. 14.

Noticia en que se recolle a publicación das primeiras biografías sobre LUGRÍS FREIRE, protagonista do Día das Letras Galegas de 2006. Unha delas é *Manuel Lugrís Freire. A fe na causa*, de Xosé Manuel Fernández Costas. Recóllense as declaracións do seu neto, Manuel Lugrís Rodríguez, no prefacio da obra, en que afirma que a defensa que seu avó fixo do nacionalismo segue vixente. A obra faise eco dos primeiros anos de LUGRÍS FREIRE en Sada e da súa emigración a Cuba, onde publicou os primeiros textos. Tamén se recollen unha serie de iniciativas culturais en que participou, entre elas a fundación da Real Academia Galega ou das Irmandades da Fala. Outro aspecto tratado polo miúdo na biografía de Fernández Costas é o que se centra na obra teatral de LUGRÍS FREIRE. Sinálase que contribuíu en grande medida á normalización do teatro en galego e dedícase especial atención neste sentido ó seu drama *Mareiras*, que segundo sinala Fernández Costas, supuxo “o triunfo definitivo da nosa fala no teatro”. Finalmente, apúntase que as dúas biografías que se comentan son de gran utilidade para restaurar “a memoria dun dos máis fieis galeguistas”.

- Manuel Álvarez Moreira, “Estamos fartos de persoas como Manuel Lugrís Freire”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 306, “Entrevista”, 14 maio 2006, pp. 10-11.

Extensa entrevista a Xosé Manuel Fernández Costas con motivo da publicación da biografía *Manuel Lugrís Freire. A fe na causa*. O autor comenta que o compromiso de LUGRÍS FREIRE con Galicia foi o que motivou o título do ensaio, e sinala que a súa figura é, a pesar diso, unha das menos estudadas. Achega algúns detalles da súa mocidade e formación primeira, así como un par de detalles que permiten esbozar a súa personalidade. Fernández Costas considera que a obra dramática é o que sobrancea na produción de LUGRÍS FREIRE e apunta que todas as súas creacións están ao servizo dun compromiso que en todo momento quere manter co galeguismo. Afirma, así mesmo, que foi un precursor do nacionalismo. En espazo complementario, Fernández Costas volve incidir no escaso recoñecemento do autor que analizou e no seu fondo compromiso coa causa galeguista. O autor valora moi positivamente o feito de dedicarlle a LUGRÍS FREIRE o Día das Letras Galegas de 2006, se ben considera que a Xunta debe implicarse máis na recuperación da súa memoria.

- M.B., “Xosé Manuel Fernández Costas: ‘Lugrís Freire é un home de plena actualidade’”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “Fin de semana”, 18-24 maio 2006, p. 30.

Entrevista ao autor do ensaio centrado na vida e obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. Fernández Costas explica como concibiu a obra, ao decatarse de que a historia da literatura non se preocupara da figura de LUGRÍS FREIRE, sinala que del lle interesou sobre

todo a súa fe en Galicia e pon de manifesto que na obra de que é autor inclúe material inédito. Finalmente, reflexiona sobre as causas que poden explicar o seu esquecemento, apuntando entre elas o seu firme compromiso nacionalista, esquerdista e masón.

Nicolás Rodríguez, Ramón, *Manuel Lugo Freire. Biografía e antoloxía*, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 163, serie Laranxa, marzo 2006, 90 pp. (ISBN: 84-9782-441-5).

Volume dirixido aos escolares de Primaria e do primeiro ciclo de ESO (Educación Secundaria Obrigatoria), de Ramón Nicolás Rodríguez (Vigo, 1966), centrado na figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2006, Manuel Lugo Freire, e que se abre coa seguinte dedicatoria: “Para Iago, que xa sabe quen foi Lugo Freire”. Estrutúrase en catro partes tituladas “Biografía de Manuel Lugo Freire”, “A obra literaria de Manuel Lugo Freire”, “Antoloxía de Manuel Lugo Freire” e “Cronoloxía”. Na primeira parte dáse conta polo miúdo da vida do autor, nado en Sada en 1863. Infórmase de como foron os primeiros anos de infancia, o período en que emigrou a Cuba e o seu regreso a Galicia; alúdese tamén á súa participación na “Cova Céltica” e á actividade que desenvolveu na Escola Rexional de Declamación, sociedade que promoveu en 1903; así mesmo, achégase información relativa á súa relación coa Real Academia Galega, co sindicato agrario Solidaridad Gallega e con outras institucións e sociedades en que dalgún xeito participou (en solitario ou coa compañía doutros intelectuais coevos), tales como as Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos. Nesta primeira parte tamén se dá conta das relacións de Lugo con outros intelectuais da época, dos recoñecementos que se lle tributaron, da actividade política que levou a cabo e, finalmente, dos últimos anos da súa vida. No segundo apartado, que se centra na obra literaria do sadense, faise un repaso, en primeiro lugar, da súa obra poética, comezando pola publicación do primeiro poemario, *Soidades* (1894), e continuando con *Noitebras* (1901), *Versos de loita* (1919), *Ardencias* (1927) e *As mariñas de Sada* (1928), poemarios de que se ofrece algún dato. A seguir, Ramón Nicolás dá conta do labor de Lugo como teórico, como crítico teatral e, especialmente, como autor das pezas teatrais *Minia* (1904), *Mareiras* (1904), *Esclavitud* (1906), *O Pazo* (1917) e *Estadeíña*; do seu labor como prosista en *Contos de Asieumedre* (1920), *A carón do lar (contos)* (1970), *O penedo do crime. Lenda d’as Mariñas* e o *Lucheceiro*; e, finalmente, da súa faceta de ensaísta, con textos relacionados coa historia do idioma galego e coa gramática. En “Antoloxía de Manuel Lugo Freire” recóllense unha serie de textos, representativos dos diferentes xéneros literarios a que o autor se achegou, en que, ademais de indicar a obra á que pertencen, se sinalan unhas “Liñas de lectura” en que se aclara algún aspecto do texto seleccionado e se propoñen actividades que o lectorado agardado poderá realizar coa axuda do texto ou a partir del. Para rematar, achégase unha “Cronoloxía” que recolle as datas e acontecementos máis significativos relacionados coa persoa de Manuel Lugo Freire.

Nicolás Rodríguez, Ramón, *Manuel Lugo Freire. Vida e obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 2006, 148 pp. (ISBN: 84-9782-431-8).

Ramón Nicolás (Vigo, 1946) presenta un percorrido pola biografía e a produción literaria de Manuel Lugo Freire (Sada, 1863-A Coruña, 1940), homenaxeado no Día das Letras Galegas dese ano. Na “Introdución” defínese a actividade pública de Lugo Freire como “espello de

loita do noso país por recuperar os nosos propios sinais de identidade” e menciónanse algúns dos seus méritos, como por exemplo o de ser o primeiro en pronunciar un discurso político en galego ou o de ser un dos cofundadores da RAG, que propiciaron que se homenaxeara a súa figura este ano. A seguir analízase a súa vida e obra comezando pola “Infancia e mocidade (1863-1889): a formación e a vocación literaria”, onde se destaca a súa formación maioritariamente autodidacta. Logo en “Cuba (1883-1896): a emigración entre os traballos e a tinta impresa” descríbese a súa etapa de emigrado na illa, onde comeza a publicar diferentes obras e colaboracións e, ademais, participa en diversas empresas culturais, como a creación do primeiro xornal en lingua galega de América, *A Gaita Gallega*. Publica en *El Eco de Galicia* a súa primeira composición poética, “Nostalgia”, en 1884, e tamén o texto en prosa *O penedo do crime*. Tamén realiza diversas colaboracións nos xornais máis destacados da emigración no momento, como poden ser *Galicia Moderna*, *Acción Gallega*, *Aires d’a Miña Terra* ou *Follas Novas*. No seguinte apartado da obra, “Ao servizo de Galicia (1896-1940)” descríbese como foi a súa vida logo de que retornara a Galicia, onde formou parte da Cova Céltica e participou, entre outras, na *Revista Gallega*, dirixida por Galo Salinas, e en *A Nosa Terra*. Tamén se menciona que copatrocinou, en 1903, a fundación da Escola Rexional de Declamación. Tres anos máis tarde participou tamén na cofundación da Real Academia Galega, da que sería presidente e, máis adiante, tamén asistiu á formación da Irmandade da Fala da Coruña. Fai a seguir un amplo percorrido pola súa intensísima actividade dentro do mundo da cultura, que tocou ao seu fin cando finou en 1940, logo do final da Guerra Civil. A continuación, en “Lugrís no espello dos amigos”, recóllense as opinións que tiñan de Lugrís os seus contemporáneos e en “Herdeiro dos rexurdimentistas: Rosalía, Curros e Pondal” Ramón Nicolás analiza a relación que tivo coas grandes figuras do Rexurdimento. En “O pensamento político” estuda a súa ideoloxía e, a continuación, en “A creación: teatro, poesía e prosa”, repasa e comenta polo miúdo a súa extensa produción literaria. No capítulo “Irmandiño da Fala: defensa da lingua galega” fala dos traballos relacionados coa lingua que realizou. A obra péchase cunha “Cronoloxía” bio-biliográfica de Lugrís e coa “Bibliografía”.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, “Asedio a Lugrís”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 164, “Libros”, 4 maio 2006, p. IV.

Dá conta da publicación do manual *Manuel Lugrís Freire. Vida e obra*, realizado por Ramón Nicolás (Vigo, 1966) e publicado por Edicións Xerais dentro da colección “Letras Galegas”. Destaca tamén que Ramón Nicolás é colaborador do *Faro de Vigo* e director da “Biblioteca das Letras Galegas” de Xerais. A seguir, analiza a obra comezando por mencionar a cita de Villar Ponte con que se abre, e continuando polas diferentes partes, onde se realiza un percorrido vital pola vida e a obra de Lugrís Freire (1863-1940), homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Destaca, entre outros datos, que participou na elaboración do primeiro Estatuto de Autonomía (1936). Finaliza loando a obra.

- Xosé Carlos Caneiro, “Era por maio”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 159, 6 maio 2006, p. 12.

Despois de se laiar pola situación en que se atopa a intelectualidade galega en relación á defensa e promoción da lingua e literatura galegas, refírese a dúas obras publicadas arredor da

figura de LUGRÍS FREIRE e a partir do Día das Letras Galegas, asinadas por Ramón Nicolás e Xabier Campos Villar. Para rematar, alúdese a *Lukumí*, última novela de Alfredo Conde, da que se di que “é unha novela para celebrar os galegos”.

-Alberto Quián, “Ramón Nicolás louva a ‘defensa leal’ de Manuel LUGRÍS da lingua galega”, *Faro de Vigo*, 16 maio 2006, p. 41.

Informa da presentación na Casa do Libro de Vigo de *Manuel LUGRÍS Freire. Biografía e antoloxía* e *Manuel LUGRÍS Freire. Vida e obra*, as dúas de Ramón Nicolás e editadas por Xerais. Nelas analízanse polo miúdo diferentes aspectos da bio-bibliografía do homenaxeado deste ano no Día das Letras Galegas. Na primeira publicación realízase un estudo de cada un dos períodos biográficos do autor de Sada e na segunda faise un percorrido pola súa dimensión humana, biográfica, histórica e literaria. Ramón Nicolás destaca que cofundou o primeiro xornal en galego en Cuba, *A gaita galega*, que foi un dos membros fundadores da RAG, que foi pioneiro no uso do galego nun mitin político, participou na elaboración do Estatuto de Autonomía do 36, etc.

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, “Ramón Nicolás: ‘LUGRÍS Freire enmarca unha parte esencial na historia do noso país’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 165, “Entrevista”, 11 maio 2006, p. III.

Entrevista a Ramón Nicolás, autor de *Manuel LUGRÍS Freire. Vida e Obra* (Ed. Xerais), onde, entre outros datos, destaca a faceta de pioneiro do escritor, que participou en moitas iniciativas que supuxeron fitos de carácter histórico e cultural, como a fundación do primeiro xornal en galego na emigración, *A Gaita Gallega*, a elaboración do primeiro drama en prosa ou a cofundación de institucións e asociacións como a Real Academia Galega, as Irmandades da Fala, a Escola Rexional de Declamación ou o Partido Galeguista. Por todo isto xustifica que se lle dedique o Día das Letras Galegas. Ramón Nicolás define a LUGRÍS Freire como un progresista e republicano cun certo liberalismo de esquerdas, en que influíron decisivamente Pondal, Curros e tamén Rosalía. Afirmo que destacou sobre todo no teatro e que empregou a literatura como unha ferramenta ao servizo da ideoloxía. Ramón Nicolás finaliza a entrevista afirmando que LUGRÍS tivo unha relación de gran cordialidade coa xeración posterior á súa, á que pertenceu, entre outros, Otero Pedrayo.

- C. Rodríguez, “LUGRÍS: o compromiso cívico e a vocación literaria”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 14 maio 2006, p. 9.

Comeza loando a decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2006 a Manuel LUGRÍS Freire (Sada, 1863-A Coruña, 1940). Sinala que o autor representa un caso de dignidade e compromiso coa realidade do país e que a súa intención era a defensa do idioma, da terra e das súas xentes, o que se manifestou coa súa participación en múltiples entidades culturais e políticas, como as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos ou a Cova Céltica. Informa tamén que a Editorial Xerais acaba de publicar *Manuel, LUGRÍS Freire. Vida e obra*, onde Ramón Nicolás Rodríguez realiza un percorrido polos acontecementos máis importantes da vida e a obra do intelectual. Da súa faceta como defensor da lingua destaca que realizou unha *Gramática do idioma Galego* (1920).

Pillado Maior, Francisco, *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2006, 40 pp. (ISBN: 84-9812-028-4). ♦

Con motivo do Día das Letras, dedicado en 2006 a Manuel Lugo Freire, a colección Manuais de Casahamlet da Deputación Provincial da Coruña dedica o seu sétimo número ao texto dramático *Na outra banda da Ponte*, de Francisco Pillado Maior, subtitulado "Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire". Esta é unha proposta didáctica para unha biografía de Lugo Freire, con tres actores diante dun atril. A través deste diálogo entre varios personaxes faise un ameno repaso da biografía e das características da obra do autor homenaxeado. Pillado Maior afonda nos esforzos de Lugo Freire pola consolidación do xénero dramático en lingua galega.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, "Viaxe á obra dramática de Cunqueiro e Lugo", *El Correo Gallego*, "Hoy", 4 abril 2006, p. 67.

Anúnciase a presentación na Deputación da Coruña de dous libros: *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro* e *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire*. Sinálase que no acto participaron Celestino Poza, Francisco Pillado e Manuel Lourenzo, os dous últimos autores dos manuais. Explícase que a obra sobre Cunqueiro recolle as súas pezas máis representativas, mentres que a outra é un repaso pola vida do dramaturgo sadense, a quen lle foi dedicado o Día das Letras Galegas.

- Montse Mayoral, "Casahamlet, traballo entre bambalinas", *Diario de Ferrol*, 4 abril 2006, p. 72.

Faise eco da presentación na Deputación da Coruña de *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro* e *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire*. Sinálase que ambas as dúas obras son da autoría de Francisco Pillado e Manuel Lourenzo e que a primeira ten intención de converterse nun libro de cabeceira para os investigadores do autor mindoniense, mentres que a segunda permite profundar na figura do primeiro dramaturgo en prosa en lingua galega.

- Marta García Márquez, "Casahamlet analiza a dramaturxia de Cunqueiro e o fondo social de Lugo Freire", *El Ideal Gallego*, "CGS", 4 abril 2006, p. 17.

Infórmase de que os números 6 e 7 dos manuais de *Casahamlet* están dedicados a Álvaro Cunqueiro e Manuel Lugo Freire. No primeiro caso, baixo o título *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro*, recóllese o conxunto de obras dramáticas deste autor, á vez que se inclúen uns apéndice sobre a súa vida e obra. No tocante a *Na outra banda da ponte*, sinálase que é un manual que mostra a época de Manuel Lugo Freire.

- Albino Mallo, "Na outra banda da ponte", *Galicia Hoxe*, "Maré", 4 abril 2006, p. 43.

Dáse conta da presentación do manual *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro*, realizado por Manuel Lourenzo e Francisco Pillado, na Deputación da Coruña. Indícase que a obra recolle e clasifica materiais teatrais de Cunqueiro e complétase cuns apéndices sobre a vida e obra literaria do autor. De seguido, faise referencia a outra publicación, tamén de Casahamlet, *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire*, en que se fai un repaso pola biografía de Lugo Freire.

- MARÉ, “Lugo Freire, o pioneiro da Galiza”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 maio 2006, p. 36.

Francisco Pillado presentou na Galería Sargadelos de Santiago a súa obra *Manuel Lugo Freire*, xunto con Xosé Luna. O libro xorde de dúas conferencias sobre a vida e a obra do dramaturgo, que Pillado pronunciou na Estrada e en Lalín. As intervencións foron gravadas e transcritas para este libro.

Rabuñal, Henrique, *Manuel Lugo Freire*, Santiago de Compostela: A Nosa Terra, 2006, 79 pp. (ISBN: 84-8341-016-8).

Breve biografía de Manuel Lugo Freire realizada por Henrique Rabuñal. O texto vai acompañado de numerosas fotografías do autor, de interese documental para entender a súa figura. A biografía aparece organizada baixo os seguintes epígrafes: “Vinte anos en Sada”, “Emigrante en Cuba”, “A costureira d’aldea”, “*Soidades*, o primeiro poemario”, “Viaxe de volta. Ingreso na Cova Céltica”, “A Escola de Declamación”, “Disolución da Escola de Declamación”, “Solidariedade Galega”, “O vello soldado e poeta galeguista” e “Na presidencia da Real Academia Gallega”. Ademais das fotografías, o corpo do texto vese enriquecido con treitos de obras do propio Lugo Freire. A perspectiva deitada sobre a vida e a obra deste autor é a que sobrancea xa no primeiro parágrafo desta biografía: “Cada un dos seus setenta e sete anos de vida, Manuel Lugo Freire consagrounos conscientemente á súa amada Galiza, á súa cultura, ao recoñecemento da súa personalidade e dereitos políticos, á teimuda defensa do seu idioma e á construción dunha literatura e dun teatro propios e soberanos”. Así comeza este breve volume, onde se reúnen acontecementos e figuras históricas de grande relevo para a literatura e a cultura galegas.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Síntese e acerto”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/ “*Saberes*”, nº 163/150, “Libros”, 27 abril/6 maio 2006, p. IV/6.

Crítica da monografía *Manuel Lugo Freire*, en que Henrique Rabuñal fai un percorrido pola traxectoria biográfica e literaria do homenaxeado no Día das Letras Galegas dese ano. De “acertada síntese” é cualificada esta obra, en que se percorre a traxectoria de Lugo Freire dende o seu nacemento en Sada e a emigración a Cuba até as diversas actividades culturais en que participou, e que remataron por convertelo nunha das figuras senlleiras do galeguismo.

- C. Rodríguez, “Lugo Freire nun estudo de Henrique Rabuñal”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Literatura”, 23 xullo 2006, p. 9.

O autor considera que o feito de lle dedicar o Día das Letras Galegas de 2006 a LUGRÍS FREIRE é un acto de xustiza cara a este poeta, ensaísta e dramaturgo. Diferentes obras deron a coñecer a súa produción, entre elas *Manuel LUGRÍS FREIRE*, unha pequena obra de Henrique Rabuñal que realiza un percorrido cronolóxico pola traxectoria vital e literaria do homenaxeado. A realidade galega foi o denominador común desta última. O artigo péchase cunha felicitación a Rabuñal, do que se afirma que contribúe coa súa monografía a rescatar do esquecemento “unha significativa, notable e sobranceira figura da historia e a cultura galegas”.

Referencias varias:

- Rodri García, “LUGRÍS FREIRE, facendo país”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 151, “Letras en galego”, 2006, p. 14.

Noticia en que se recolle a publicación das primeiras biografías sobre LUGRÍS FREIRE, protagonista do Día das Letras Galegas de 2006. Unha delas é a que, co propio título do autor, escribiu Henrique Rabuñal e foi publicada por A Nosa Terra. Nela recóllense as vivencias dun home fundamentalmente preocupado pola súa terra, dende a súa infancia en Sada até a súa emigración a Cuba, onde publicou os primeiros textos. Tamén se menciona algunha das iniciativas en que tomou parte, como a fundación da Real Academia Galega ou das Irmandades da Fala. Rabuñal dedica especial atención á faceta como dramaturgo de LUGRÍS FREIRE, que serviu para normalizar o teatro en galego, sobre todo co seu drama *Mareiras*. O autor da crítica remata por concluír que a monografía é de gran utilidade para restaurar a figura “dun dos máis fieis galeguistas”.

- Xan Carballa, “Henrique Rabuñal: ‘LUGRÍS foi un pioneiro do galeguismo destacando o seu labor teatral’”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 24.

Entrevista ao autor de *Manuel LUGRÍS FREIRE*, estudo que divulga a traxectoria literaria e vital do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. Rabuñal destaca a fe de LUGRÍS en Galicia, analiza as súas influencias e a súa militancia política e reivindica a súa obra teatral, que, segundo asegura, permitiu que se iniciara un debate sobre a presenza do galego no xénero. Rabuñal incide tamén na importancia que LUGRÍS xogou na fundación da Real Academia Galega, da que foi presidente nos anos trinta. A entrevista complementábase cun fragmento dun discurso que o propio LUGRÍS pronunciou nun mitin de Solidaridad Gallega celebrado en 1907 en Betanzos.

- María de la Huerta, “Henrique Rabuñal afonda na figura de Manuel LUGRÍS no seu novo libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 abril 2006, p. 14.

Noticia sobre a publicación de *Manuel LUGRÍS FREIRE*, monografía en que Henrique Rabuñal afonda na figura deste autor. Incídese no traballo de síntese que se levou a cabo na obra, publicada por A Nosa Terra e na que se fai un percorrido pola traxectoria vital e literaria do que foi figura clave do galeguismo entre dous séculos. Rabuñal percorre por primeira vez nela o exilio cubano de LUGRÍS, un feito que marcaría profundamente a súa maneira de escribir e mesmo de pensar.

- MARE, “Rabuñal presenta hoxe unha obra sobre LUGRÍS FREIRE”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 maio 2006, p. 36.

Alúdese á presentación do libro de Henrique Rabuñal, *Manuel LUGRÍS FREIRE*, no salón de actos da Real Academia Galega. Infórmase de que no acto intervirán Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Luís Axeitos, Xan Carballa e o propio autor.

Santamarina Fernández, Antón e Anxo Tarrío Varela (eds.), *Manuel LUGRÍS FREIRE*. 2006, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2006, 116 pp. (ISBN: 84-9750-621-9). ♦

Esta obra presenta seis estudos sobre a biografía e a traxectoria literaria de Manuel LUGRÍS FREIRE. O primeiro capítulo, “A Habana de LUGRÍS FREIRE”, asinado por Xosé Neira Vilas, repasa os trece anos que pasou o escritor sadense na cidade cubana. “Na procura da fórmula: o teatro popular de Manuel LUGRÍS FREIRE” é o segundo estudo, neste caso feito por Anxo Abuín González e Euloxio R. Ruibal; nestas páxinas, os dous críticos repasan a obra dramática de LUGRÍS FREIRE. O terceiro apartado do monográfico leva por título “Manuel LUGRÍS FREIRE” e nel o profesor Luciano Rodríguez explora a obra poética do homenaxeado. Xabier Campos Villar asina o cuarto estudo, “*O lechuceiro*, un texto esquecido de Manuel LUGRÍS FREIRE”, que se centra na recuperación dun conto case descoñecido do escritor sadense. O quinto estudo, de Xosé Manuel Dasilva, titúlase “LUGRÍS FREIRE e Camões” e nel repásase a posíbel relación literaria do autor galego co portugués. Por último, Ernesto González Seoane presenta o estudo “LUGRÍS ou a gramática ao servizo da santa e xusta causa”, en que analiza a importancia da publicación, en 1922, de *Gramática do idioma galego*, de LUGRÍS FREIRE.

Vieites, Manuel F.(ed.), *Manuel LUGRÍS FREIRE. Do texto ao escenario*, Vigo: Galaxia/Xunta de Galicia, Col. Biblioteca de teatro, 2006, 281 pp. (ISBN: 84-8288-922-2 (Galaxia)/ 84-453-4268-1 (Xunta de Galicia)). ■ ♦

Esta obra nace como homenaxe a Manuel LUGRÍS FREIRE, a quen a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2006. Trátase dun dos autores máis significativos do teatro galego de principios de século. O libro está dividido en dúas partes ben diferenciadas. A primeira, “Os estudos literarios e teatrais: Manuel LUGRÍS FREIRE. A súa obra e o seu tempo”, recolle tres artigos en que se fai unha viaxe do xeral ao particular: Damián Villalaín fai un percorrido polo teatro europeo do século XIX, comentando brevemente o romanticismo, o realismo e o naturalismo, así como as correntes do teatro de Moscova ou as tendencias españolas. Manuel F. Vieites, nos dous artigos seguintes que compoñen esta primeira parte, céntrase na figura de Manuel LUGRÍS FREIRE como dramaturgo, comenta as súas obras e os aspectos básicos delas e ponas en relación co tempo do autor. A segunda parte do volume leva por título “Creación teatral” e nela inclúense catro artigos diferentes, pero enfocados baixo un mesmo prisma, que é o de dar claves para levar á escena textos dramáticos. Mar Montenegro e Norma Rodríguez analizan a linguaxe teatral, diferencian tema e argumento, estabelecen a estrutura interna, analizan o espazo, o tempo e os personaxes a través de obras do autor tratado. Afonso Becerra de Becerreá céntrase na peza *A ponte* e fai unha análise dos aspectos que hai que ter en conta á hora de levala á escena. Ricardo Solveira, Cristina Domínguez e Daniel González Salgado ofrecen técnicas de

relaxación, de respiración, de adestramento da voz a través da mesma obra, *A ponte*. Para rematar, Daniel González Salgado detalla os pasos necesarios para levar a obra á escena. Esta segunda parte ofrece todas as claves para poñer en escena obras teatrais, especialmente para persoas que se dedican a este labor no tempo libre, de maneira non profesional, como os profesores ou os membros de asociacións culturais.

Recensións:

-Dolores Vilavedra, “VV. AA. (2006): *Manuel Lugo Freire. Do texto ao escenario*, Vigo, Galaxia”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Recensións”, 2006, pp. 325-327.

Refírese, en primeiro lugar, á nova colección “Grandes manuais”, que cualifica como ambiciosa, e interpreta a vontade de inaugurala con esta obra como exemplo da intención de “non ficar á marxe da actualidade cultural e da tradición teatral galegas”. Recalca que o director da colección é Manuel F. Vieites, Director da Escola Superior de Arte Dramática, o que significa ademais que este volume debe converterse en valiosa ferramenta de estudo para o alumnado. Comenta a estrutura do libro e resume o seu contido, para rematar afirmando que debemos congratularnos pola ambición do estudo e que agarda a continuidade do proxecto en beneficio “dos cidadáns de hoxe e do futuro”.

-Sandra Faginas, “Homenaxe ao home de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 185, “Letras en Galego”, 4 novembro 2006, p. 14.

Dá a benvinda a esta publicación que homenaxea ao dramaturgo Lugo Freire, que cualifica de “densa e rigorosa”. Explica que o libro está escrito por especialistas e dirixido especialmente a investigadores, profesores e amantes da escena. Salienta de especial interese a análise das personaxes das obras de Lugo Freire.

-C. Rodríguez, “Lugo Freire: entre o drama e a comedia de costumes”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Arquipélago”, 5 novembro 2006, p. 9.

Salienta a publicación deste volume que considera como un dos máis importantes e interesantes arredor de Lugo Freire. A continuación, realiza unha breve análise do volume, que facilita un achegamento ao fenómeno teatral. Explica que, ademais de Manuel F. Vieites, participan no libro Afonso Becerra de Becerreá, Cristina Domínguez Dapena, Daniel González Salgado, Mar Montenegro, Norma Rodríguez, Ricardo Solveira e Damián Villalaín. Remata facendo referencia ás palabras do “Limiar”, das que reproduce un fragmento, e ofrecendo a división estrutural do volume en capítulos.

-Dorinda Castro Soliño, “Do texto ao escenario”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 183, “Libros”, 9 novembro 2006, p. V.

Comentario sobre a publicación deste volume que comeza facendo un repaso pola traxectoria profesional de Manuel F. Vieites. A continuación, céntrase na análise estrutural do volume, que se divide en dúas partes e se completa cunha ampla bibliografía que sucede a cada capítulo, así como con ilustracións e notas á marxe.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Agrafoxo, Xerardo, “As tres vidas de M^a Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 6-10.

Refírese aos tres espazos xeográficos en que viviu María Mariño e a como os deixou reflectidos na súa obra. Recorda que naceu nunha Noia de cinco mil habitantes, unha vila costeira tocada pola emigración, moi medieval aínda, nun ambiente humilde onde viviu vinte anos. Describe o físico da escritora e as súas ansias de cultura. Logo describe a vida da escritora en Escarabote, no pazo das Torres de Goiáns, a onde vai vivir un tempo cunha tía que o herdara debido a que os donos non tiveran fillos. Neste lugar entra en contacto cos libros da biblioteca do pazo. Saliéntase que alí coñece ao mestre santiagués con quen casará despois da guerra. Nesta época considérase á escritora un ser solitario. Antes do acontecemento anterior viaxará a Euskadi, onde a sorprende a Guerra Civil; aquí descóbrense unha María Mariño forte e valente. De volta en Escarabote, casa con Roberto Pose Carballido, un home oito anos máis novo ca ela que fará que María Mariño cambie as datas de nacemento, “un comportamento psicolóxico propio dunha época que rebaixaba a condición social da muller galega”. Aquí viviu varios anos con pequenas estadias en Santiago, en Arzúa e na localidade biscaíña de Elantxobe, motivadas polos destinos do seu home ou por visitas familiares. O terceiro territorio xeográfico que marcou á escritora foi O Courel, onde vivirá até a súa morte, onde perde ao seu fillo, onde sofre pola morte dos familiares máis achegados e onde se inicia na escrita da man do poeta Uxío Novoneyra, unha escrita en que fai o percorrido xeográfico que se acaba de describir.

Alonso Girgado, Luís e María Vilariño Suárez, “Manuel Lugo Freire (1863-1940), xornalista”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Estudos e investigacións sobre Manuel Lugo Freire”, 2006, pp. 7-23.

Percorrido pola traxectoria xornalística de Lugo Freire que comeza pola xeira cubana, dende 1883 até 1896. Mencionan ademais as cabeceiras galego-cubanas que rexistran unha máis representativa colaboración do autor galego: *Galicia Moderna*, *El Eco de Galicia*, *La Tierra Gallega* ou *A Gaita Gallega*. A continuación céntranse na xeira galega, dende 1896 até 1940. Ofrecen una listaxe dos textos lugrisianos publicados na prensa de Galicia, así como os distintos xornais en que se atopan as súas colaboracións, dende artigos de información, opinión e debate, até notas biográficas, poemas, anécdotas ou contos.

Axeitos, Xosé Luís, “Lugo Freire, activista político. Os lugares da memoria”, *Tempos Novos*, nº 108, “Entregas culturais”, maio 2006, pp. 46-49.

Sinálase que Lugo Freire pertence á xeración dos epígonos do Rexurdimento e representa por este feito unha continuación vital entre a poesía de Rosalía ou Pondal e os novos tempos que se inician coas vangardas. Dise que Lugo foi político formador de Solidariedade Gallega e defendeu de forma pública a lingua galega. Esta actividade pública combínase coa creación literaria, en que ocupan un lugar relevante o celtismo e o civismo.

Axeitos Agrelo, Xosé Luís, “Lugrís Freire ou os discursos da nación”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Alocucións académicas sobre Manuel Lugrís Freire no Día das Letras Galegas”, 2006, pp. 121-126.

Recolle o discurso de Xosé Luís Axeitos Agrelo no Auditorio Carlos Maside, en presenza do Sr. Presidente da Real Academia Galega, sobre a elección de Lugrís Freire como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Fala, entre outros aspectos, da obra deste autor galego, do seu labor como promotor da cultura galega e da súa militancia galeguista.

Bar Cendón, Mónica, “Antoloxía de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 54-58.

A autora realiza unha antoloxía persoal, reproducindo algúns poemas de María Mariño pertencentes aos libros *Palabra no tempo*, do ano 1963, e *Verba que comeza*, obra publicada postumamente, en 1990.

Blanco, Carmen, “A lingua poética de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 11-16.

Despois de recordar as débedas deste traballo con Méndez Ferrín e con outros anteriores da propia articulista, cita unhas breves composicións de María Mariño e Olga Novo e dedica o traballo a Ana Romaní. Fai seis apartados para analizar a linguaxe poética da escritora, apoiándose en moitos dos seus versos. No primeiro, “A nena que fala”, di que a nena balbucía coa clarividencia de voces profundas que precisa repetir; en “Os lugares da voz” refírese á visión da natureza reflectida nos versos; en “Os murmurios do mar e os rumores da terra” tamén se refire á visión poética que reflicte a poeta a propósito dos seres que habitan no mar e sobre o mar, mesmo as súas creacións; en “Os ecos da vella voz” dise que “neste devalar trastócase o tempo, ligando o futuro coas orixes..a escritora convértese en iluminación cognoscitiva”; en “A luz da palabra” fálase da “vía mística” da autora; en “A confluencia de opostos” detense Carmen Blanco en falar da “clarividencia” que trae consigo o “coñecer”, salientando a confluencia de contrarios; en “A lingua estraña” considérase que a lingua da poeta é unha lingua chea de fortes “contradiccións plurisignificativas” que dá como resultado uns poemas que “trastocan os significados habituais das palabras máis cotiás para mostrar o inusitado dunhas vivencias íntimas intransferibles”.

Bernárdez Vilar, Xoán, “A Manuel Lugrís Freire, no seu día”, *Encrucillada*, nº 148, “Crónicas”, maio-xuño 2006, pp. 106/226-112/232.

Logo de referir brevemente unhas notas biográficas sobre Lugrís Freire, alude a diversos acontecementos culturais recentes, entre os que destacan o Premio Max, concedido a Gustavo Pernas, a apertura da sala viguesa Teatro Arte Livre, a posta en escena de *Hamlet*, de Lino Braxe, e o premio Rafael Dieste, para *Final de Película*. Menciona os Premios María Casares, a que está nominada Cristina Domínguez, o Día Mundial do Teatro e as reclamacións dos

directores das salas galegas. Así mesmo, cita diversos actos e iniciativas, como a proposta do Nobel para Ferrín, as homenaxes a Cunqueiro e a tradución ao árabe de *O vello Simbad*. Tamén se fai eco dos actos do PEN no Día Mundial da Poesía, con recitais e homenaxes a Rosalía. Ademais, refírese ao I Ciclo de Literaturas Ibéricas Caixanova Literaria. Finalmente, menciona o Premio Risco e o Risco de Creación Literaria, o Fiz Vergara Vilariño, o Irmandade do Libro e “Os bos e xenerosos”, entre outros.

ECO, “Mil primaveras máis”, *ECO*, nº 181, “Sociedade”, xuño 2006, pp. 80.

Dáse conta da celebración no Castro de Samoedo (Sada) dos actos centrais organizados pola Real Academia Galega para o Día das Letras Galegas, xunto coa conmemoración do centenario da Institución. Faise unha relación do programa de actos e dos persoeiros asistentes. Saliéntase o carácter reivindicativo das palabras pronunciadas por algúns destes en prol da defensa da lingua galega. Recóllense as palabras do seu presidente a este respecto, que cita algunhas das medidas concretas e urxentes que se deben tomar.

Ferro Ruibal, Xesús, “Segunda carta apócrifa de Manuel Lugrís Freire ós galegos”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Alocucións académicas sobre Manuel Lugrís Freire no Día das Letras Galegas”, 2006, pp. 131-137.

Recolle unha carta apócrifa de Lugrís Freire que Gerardo Álvarez Gallego deu a ler na Habana no número 10 de *Loita. Órgano da Hermandad Gallega*, na sección *Cartas del Otro Mundo* (3,7). Pon de manifesto a súa implicación cultural con Galicia e a defensa da lingua a través da palabra, da súa obra, e loa a todos aqueles galegos que naquela época de 1940 corren riscos por defender unha causa.

Hermida, Modesto, “Unha paixón apegada a un home: Manuel Lugrís”, *Encrucillada*, nº 148, “Estudos”, maio-xuño 2006, pp. 70/190-83/203.

Sinala a existencia dunha bio-bibliografía de Lugrís Freire, elaborada no cadro do proxecto “Narrativa Recuperada”, desenvolvido á súa vez no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O artigo refire acontecementos da vida de Lugrís e, a continuación, céntrase na súa obra, afirmando que posibelmente o mellor traballo poético sexa *Ardencias* (1927), con influencia de Pondal e Curros. Tamén se alude á faceta menos divulgada do escritor, a de narrador. Finalmente, trata a dramaturxia, propiciadora de textos para a escola Rexional de Declamación e remata sinalando que o autor, no que respecta ao xénero ensaístico, realizou a primeira gramática da lingua escrita en galego. Remata, no “Cabo”, mencionando as diversas publicacións periódicas en que Lugrís escribía artigos.

López Silva, Inma, “Lugrís Freire, activista político; Facer teatro no rexurdimento”, *Tempos Novos*, nº 108, “Entregas culturais”, maio 2006, pp. 50-51.

En primeiro lugar, preséntase un interrogante relativo á faceta de Lugrís como escritor de obras de teatro en galego. Búscase resposta botando unha ollada á súa traxectoria profesional

neste ámbito e repasando iniciativas como a participación na Escola Rexional de Declamación, onde estreou as súas primeiras obras. Alúdese tamén á situación do xénero naquela época, en que escribir teatro levaba aparellada a consideración de condena intelectual, o abano de público previsíbel era moi reducido, apenas integrado por uns poucos amigos e intelectuais, e o fracaso das diferentes empresas teatrais era unha realidade. Finalmente, fórmulase a resposta: Lugrís foi un home comprometido coa realidade galega do momento, algo que demostra, entre outras cousas, a súa pertenza ao partido “Solidaridad Gallega”.

Neira Vilas, Xosé, “Lugrís Freire, emigrante”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Alocucións académicas sobre Manuel Lugrís Freire no Día das Letras Galegas”, 2006, pp. 127-130.

Recolle as palabras de Xosé Neira Vilas co gallo da elección de Lugrís Freire como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Recordando Lugrís, aínda mozo, chegou a Cuba, os seus primeiros traballos na emigración e as súas colaboracións en distintos xornais da época, a súa obra. Fala tamén do seu regreso a Galicia e da súa amizade con moitos dos escritores e intelectuais do momento.

Nogueira, María Xesús, “María Mariño Carou: un fenómeno de recepción”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 32-42.

Comeza salientando que o de María Mariño é un caso particular na literatura galega. Fala do descoñecemento que existía da escritora até hai ben pouco, excepto en determinados círculos literarios, que repercutiu na recepción da súa obra. Explica as circunstancias extraliterarias que individualizan o fenómeno María Mariño e que levan a opinións enfrontadas respecto á súa figura literaria, oscilando estas entre o esquecemento e a reivindicación desmesurada. Chama a atención sobre o feito de que na bibliografía existente sobre a autora os dous temas tratados con especial insistencia son os aspectos biográficos e a recepción da obra, a pesar de existir estudos sobre a súa poesía centrados en cuestións temáticas, lingüísticas, etc. A continuación, enuméranse as consideracións que se fixeron dende os ángulos sinalados.

Ogando, Iolanda, “Palabra, construción e transmisión. O teatro de Manuel Lugrís Freire”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Estudos e investigacións sobre Manuel Lugrís Freire”, 2006, pp. 77-103.

Comeza situando ao autor galego nunca época de grandes avances na configuración rexional galega, en que o teatro é unha das súas mellores armas. Describe o teatro de Lugrís Freire tendo en conta a etapa cubana, a etapa da Escola Rexional de Declamación, e unha última fase, a etapa das Irmandades. Logo fai unha análise das características principais do seu teatro, dividíndoa en diferentes seccións: a ligazón entre o teatro rexionalista e nacionalista e o carácter innovador da dramaturxia lugrisiana, tomando como referencia o tema social, o costumismo e ruralismo ou a exaltación de Galicia e os galegos. Remata referíndose ao carácter pedagóxico e á influencia das súas obras teatrais na construción rexional/nacional de Galicia.

Queizán, M^a Xosé, “Editorial. María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 3-5.

Despois de recordar que esta revista no ano 1997 dedicou o seu número 13 a María Mariño, “unha poeta que a penas gozaba de identidade”, e de celebrar que hoxe a RAG lle dedique o Día das Letras galegas, relaciona a poesía de María Mariño coa de Rosalía no que se refire ao silencio que rodeou a súa obra, pero diferéncias no feito de que aínda son poucos os traballos de interpretación sobre a obra de María Mariño, a pesar de levarse a cabo cando xa se empregan métodos de crítica feminista e a sociedade está afastada de prexuízos sobre a transgresión feminina. Remata referíndose ao pouco que sabemos da biografía de María Mariño.

Rábade Villar, María do Cebreiro, “Arpa de dúas cordas? Imaxinación e sentimento na poesía de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 17-28.

Inicia o traballo salientando que Rosalía foi mestra de María Mariño e mostra as pegadas textuais que xustifican tal afirmación; marca tamén as diferenzas e salienta que María Mariño é máis misteriosa na súa biografía, pois só sabemos o que deixou escrito nos seus libros. Xa dentro da obra, á tristeza, musa de Rosalía, chámalle nostalxia en María e fai un estudo rigoroso da tristeza en Rosalía e un percorrido crítico polas análises anteriores para explicar tamén as contradicións con que ten que se enfrontar a muller escritora.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, “Letras galegas 2006. Lugo Freire”, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, pp. 37-43.

Comeza lembrando que Manuel Lugo Freire (Sada 1863-A Coruña 1940) foi Presidente da Real Academia dende 1934 até mediados de 1935. A continuación, alude ao seu perfil ideolóxico e intelectual, anotando que foi republicano e galeguista; que pertenceu ás Irmandades da Fala, á Liga Gallega e a Solidariedade Gallega; e que foi membro do consello executivo que redactou os Estatutos do Partido Galeguista e un dos creadores do anteproxecto do Estatuto de Autonomía para Galicia. Menciónase tamén a súa etapa na emigración. Por último, analízanse as obras que o autor elaborou nos diferentes xéneros; así, alúdese ao “Lugo poeta”, ao “Lugo narrador”, ao “Lugo gramático”, ao “Lugo orador”, ao “Lugo dramaturgo”, e abórdanse tamén as influencias de “Cervantes e Colón en Lugo”. En todos os apartados se inclúen notas de interese salientando o labor máis específico realizado por Lugo.

Romaní, Ana, “María Mariño. Terra de sin privadas”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 29-31.

Parte dunha estrofa da autora para logo preguntarse como se mide o status de escritora e afirmar que María Mariño non colle nos parámetros do convencional porque está situada nas marxes do sistema literario, tanto pola súa biografía coma pola súa obra, e chega a ese sistema por mediación. A continuación, adéntrase no universo literario da autora, que considera un

clamor: “hai algo de resistencia, de pulo vital nas carnes destes poemas, pulo e alento de forza creativa, inusual, apaixonadamente erguido sobre o seu propio desconcerto”. Explica estas afirmacións baseándose nos versos da autora e na esixencia dunha lectura sen prexuízos, dado que o caso María Mariño “sitúanos á beira do abismo, sen rede”.

Seara, Teresa, “Lugrís Freire, activista político. Poesía, ardencia sen lume”, *Tempos Novos*, nº 108, “Entregas culturais”, maio 2006, p. 52.

Céntrase na figura de Lugrís Freire como autor que se integra no grupo dos Epígonos, poetas que seguen a tradición lírica do XIX, tal e como demostran os cinco poemarios publicados polo escritor. A continuación, refírese aos diferentes medios escritos en que publicou a súa obra, como *El Eco de Galicia*, *A Gaita Gallega* ou *A Nosa Terra*. Fala ademais do volume *Soidades* (A Habana, 1894), onde salienta o tema da emigración, así como da aparición de *Versos de loita*, vinte e tres poemas de tema patriótico que aparecen en 1919 como suplemento do xornal *El Noroeste* e dentro do caderno titulado *¡Terra a nosa!* Remata aludindo a *Ardencias* (1927), onde aparecen mesturados os temas centrais da poética do escritor: a infancia, o celtismo e o patriotismo.

Tato Fontaiña, Laura, “Manuel Lugrís Freire no teatro galego”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Estudos e investigacións sobre Manuel Lugrís Freire”, 2006, pp. 105-117.

Céntrase na verdadeira dimensión do labor de Lugrís Freire dentro da historia do teatro galego. Comeza facendo un breve repaso polo panorama escénico do derradeiro cuarto do século XIX, centrándose fundamentalmente no teatro rexionalista en Galicia. Logo, centra a atención na figura de Lugrís e na Escola Galega de Declamación, considerando que este autor creou escola e a súa obra serviu de modelo a aqueles escritores que tamén tentaban influír na cuestión social a través da literatura.

Torres, Xesús, “Manuel Lugrís Freire”, *A xanela*, nº 21, “Festa das Letras”, primavera 2006, p. 16.

O autor fai unha breve análise da traxectoria profesional de Lugrís Freire, comezando pola súa etapa na emigración, na Habana, onde participou en diversas actividades a prol da cultura galega, e continuando pola súa volta a Galicia, onde prolonga a súa implicación nos diferentes movementos políticos e intelectuais do momento: anticaciquismo, laicismo, republicanism e galeguismo. Remata centrándose no conxunto da súa produción, fundamentalmente teatral e poética, mencionando algunhas das súas obras máis coñecidas.

Vázquez Vázquez, Paulino, “María Mariño: Espello no verán”, *Festa da palabra silenciada*, nº 21, 2006, pp. 43-49.

Fundamentalmente o que fai é unha consideración da linguaxe na obra de María Mariño. Comeza salientando que *Palabra e Verba* aparecen nos títulos dos seus dous poemarios e isto non é arbitrario porque considera, citando a outros estudos e creadores, que “o feito de que o

poema mesmo se torne problema é propio da poesía moderna”. Considera que María Mariño non é unha autora confusa, senón que simplemente o que expresa non é unha cuestión simple. E percorre a poesía galega e a poesía da autora para alicerzar a súa opinión.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Armando Requeixo, “Gromo ou luz”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 397, “Libros”, 8 outubro 2006, p. 21.

Co gallo dunha posíbel dedicación do Día das Letras Galegas a Chano Piñeiro, salientase e reivíndicase a súa figura e o seu compromiso coa lingua galega, que mantivo nas diversas caras do seu polifacetismo: como columnista, como cineasta e como escritor. Lémbrese nesta última faceta o seu libro *Conversas co vento*, publicado pola editorial ABA, en colaboración co Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Pontevedra, en 1994. Faise unha análise deste título e a sinopse dalgúns dos seus relatos curtos, subliñando o seu universo máxico e simbólico vinculado aos lugares que habitou o seu autor. Saliéntase, así mesmo, o considerábel pouso da literatura oral nos textos, o humorismo que desprenden e o ton de comunicación afábel común a todos eles. Remata demandando afervoadamente unha reedición desta obra.

Castro Rodríguez, Xavier, “Gramática Galega’ de Lugo: compromiso cívico e patriótico”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 15 xullo 2006, p. 2.

Refírese á dedicación a Lugo Freire do Día das Letras Galegas 2006 por parte da Real Academia Galega como unha decisión necesaria. A continuación, dá conta da participación de Lugo na Real Academia Galega, así como no sindicato agrícola Solidaridad Gallega, en *A Nosa Terra*, nas Irmandades da Fala e no Partido Galeguista, actividade a que engade a súa dedicación literaria. Salienta a súa contribución á normalización lingüística. Dentro da súa preocupación polo idioma sitúa a publicación, en 1922, da *Gramática do Idioma Galego*, da que informa que tivo un importante éxito de vendas, o que propiciou unha segunda edición en 1931, ampliada cun vocabulario galego-castelán. Remata cunha citación das palabras finais de Lugo no limiar da gramática, onde considera a lingua como elemento central da identidade galega.

García Merino, María José, “Manuel Lugo Freire e a escola rexional de declamación”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 34.

Fai referencia a un dos eidos en que traballou Manuel Lugo Freire: o teatro. Explica que a finais do século XIX o teatro galego estaba nun estancamento. A principios do século XX, xorde un grupo de intelectuais que queren recuperar o noso teatro e, entre eles, atópase Lugo Freire. Indica que estes autores crearon a Escola Rexional de Declamación na Coruña, co obxectivo de crear un grupo de teatro estábel, para a adecuada formación de actores e como estímulo para os escritores; o seu fin era basicamente pedagóxico. Pero empezou a haber

diferenzas entre LUGRÍS e Galo Salinas no xeito de entender o teatro e pasou LUGRÍS a dirixir a Escola con fins políticos e de crítica social. As obras que LUGRÍS Freire escribiu para seren representadas foron *A ponte*, *Minia* e *Mareiras*. Finalmente, comenta que por diversos problemas, en 1905, desapareceu a Escola.

Garea, Fernando, “Personalidades en Cuba”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Áreas galegas con identidade propia”, 5 novembro 2006, p. 15.

Realiza un repaso da traxectoria de persoas que emigraron a América e, dende fóra do país, axudaron ao asociacionismo galego, a crear a idea de identidade galega e a “concepción social e ideolóxica global da nosa terra”. Entre os galeguistas nomeados salientase a achega de LUGRÍS Freire. Outros nomes que se citan son Curros Enríquez, Fontenla Leal, Blanco Torres, Xosé M. Barreiro, etc.

Lourido Hermida, Isaac, “6 de outubro de 1907”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 20.

Comenta que o 6 de outubro de 1907 Manuel LUGRÍS Freire pronunciou un discurso en Betanzos, integramente en galego, ante sete mil persoas. Este era un mitin da xira rexional que Solidaridad Gallega levaba a cabo para loitar contra o caciquismo e concienciar aos galegos para que se unisen en defensa dos seus intereses. O discurso político de LUGRÍS foi o primeiro pronunciado en lingua galega e o seu contido centrouse na defensa da clase traballadora. Así mesmo, compara a LUGRÍS con outros oradores da nosa historia como Suárez Picallo ou Castelao e reproduce algúns fragmentos do discurso de Betanzos.

Moreda Leirado, Marisa, “LUGRÍS Freire en Uruguai”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 30.

Salienta a participación de Manuel LUGRÍS Freire nas publicacións periódicas de Cuba, Arxentina e Uruguai e céntrase na historia da prensa de Uruguai, onde se publicaron diferentes xornais en que se poden atopar as pegadas de LUGRÍS Freire. Fai referencia á publicación *Raza Celta* (da que acaba de saír do prelo a súa edición facsímile, realizada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades), que nos número 4 e 6 contén alusións ao escritor sadense con motivo do seu nomeamento como presidente da Real Academia Galega. No número 7 volve aparecer o nome de LUGRÍS debido ao ingreso na institución de Castelao e Antón Villar Ponte. Por último, no número 12 Leandro Carré comenta nun artigo a obra dramática de LUGRÍS, *Mareiras*.

Nicolás, Ramón, “LUGRÍS Freire, 2006”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, 9 febreiro 2006, p. I.

Cualifícase a Manuel LUGRÍS Freire como un autor de indiscutíbel relevancia no tempo que lle tocou vivir e apláudese a súa escolla como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. É lembrado por ser a persoa que empregou por primeira vez a lingua galega nun mitin político

en Betanzos, a inicios do s.XX; por ser o que escribiu o primeiro drama en prosa da dramaturxia galega; por tratarse, así mesmo, do promotor da primeira publicación xornalística en galego, que sae na Habana en 1885 baixo o nome de *A Gaita Gallega*; e, en xeral, por constituírse como un autor ponte entre os escritores do Rexurdimento e os de principios do século XX.

Valcárcel, Xulio, “Lugrís Freire. Despois da festa”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina literaria”, 18 xuño 2006, p. 4.

Fai referencia á biografía e á obra de Manuel Lugrís Freire. Salienta os anos que pasou na emigración e a súa volta a Galicia e, a continuación, comenta as obras teatrais do autor, cheas de compromiso e denuncia. As obras aludidas son: *A Costureira da Aldea*, *A Ponte*, *Minia*, *Mareiras*, *Esclavitú*, *O Pazo*, *Estadeña*, *Ofrenda* e *Ir por lan*.

Vilariño Suárez, María, “Lugrís e a Real Academia Galega: a renovación frustrada”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 22.

Fai referencia á etapa de Lugrís Freire como presidente da Real Academia Galega, cargo para o que foi nomeado o 28 de abril de 1934. O 20 de agosto de 1935 dimitiu por motivos de saúde. Comenta que o labor levado a cabo por Lugrís á fronte da institución serviu para conferirlle un aire renovador, despois dos nove anos de xestión de Eladio Rodríguez González. Explica que cando Lugrís foi nomeado presidente xa era académico numerario e socio fundador da institución e que, a partir de aí, o seu obxectivo foi publicar un dicionario e unha gramática da lingua galega, tarefa que non logrou levar a cabo dentro da Academia. Dúas iniciativas que si puido ver realizadas foron a da homenaxe a Curros Enríquez, coa colocación dunha estatua nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña, e a da edición das obras de Eduardo Pondal; neste sentido, ponse de relevo a relación de amizade que mantivo cos dous escritores aludidos. Finalmente, explica que para Lugrís Freire a renovación da Academia non foi labor doado, debido á súa idade avanzada e ao anquilosamento da institución.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, “Aspirantes DLG 2007”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 4 xuño 2006, p. 5.

Entende que o Día das Letras Galegas de 2007 deberáselle dedicar a algún dos seguintes autores: Florencio Delgado Gurriarán, María Mariño Carou, Ramón Martínez López, o cura de Fruíme, Ánxel Casal ou Uxío Novoneyra, e para isto fai unha pequena aproximación biobibliográfica a estes autores.

Agís Villaverde, Marcelino, “¿Festa da lingua?”, *Galicia Hoxe*, “O recanto da filosofía”, 18 maio 2006, p. 5.

Fai referencia á celebración do Día das Letras Galegas, defendendo que este acto debería celebrarse durante todo o ano e salienta a importante función que cumpre dentro da nosa cultura. De seguido, achega unha experiencia persoal, relacionada coa asociación cultural que desenvolve a súa actividade en Raxó e que celebra o premio “Xaime Isla Couto”.

Alonso Girgado, Luís, “De cando Xerardo Estévez Gallego fixo escribir dende o alén a Lugrís”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, pp. 23-24.

Fai referencia á actividade que Manuel Lugrís Freire levou a cabo en Cuba como colaborador de *El Eco de Galicia* e, posteriormente, como fundador de *A Gaita Gallega*. Corenta anos despois ca Lugrís, chegou a Cuba Xerardo Álvarez Gallego, fuxindo da Guerra Civil, e tamén el se converteu en colaborador de diferentes cabeceiras, difundindo “cartas” de distintas personalidades, entre elas, unha de Lugrís Freire dirixida á Hermandad Gallega.

Alonso Montero, Xesús, “Un baleiro histórico”, *La Opinión*, 17 maio 2006, p. 72.

Explica que no acto inaugural do monumento levantado a Curros Enríquez na Coruña, no ano 1934, interveu Manuel Lugrís Freire como presidente da Academia Galega, cun discurso breve en que indicaba por que se debía homenaxear a Curros. A continuación, fai unha nómina doutros asistentes que participaron no acto cos seus discursos respectivos e de posteriores publicacións e homenaxes realizadas a Curros Enríquez.

Aneiros, Rosa, “Efemérides”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Nove Ondas”, 10 xaneiro 2006, p. 28/25.

Coida que a práctica da “conmemoración”, instaurada na sociedade moderna, agocha grandes deficiencias, e entende que unha vez rematado o ano 2005 cómpre manter vivo o facho intelectual de Lorenzo Varela. Asemade, apunta que o 2006 será o ano de Manuel Lugrís Freire e mais o ano da Memoria Histórica.

Aneiros, Rosa, “Efemérides”, *Galicia Hoxe*, “Calidoscopio”, 11 xaneiro 2006, p. 6.

Critica o feito de que na actualidade se celebren moitas homenaxes a escritores e despois estes permanezan no esquecemento. Lembra a obra xonalística e poética de Lorenzo Varela, agora que non está dedicado a el o Día das Letras Galegas e explica que as datas “non deberían condicionar o recordo”.

Aneiros, Rosa, “Asieumedre”, *El Progreso/Diario de Ferrol/Galicia Hoxe*, “Nove ondas”, 16 maio 2006, p. 24/29/6.

Comenta que o día 17 de maio, ademais de celebrar o Día das Letras Galegas, tamén se celebra o Día da Internet e o Día Mundial da Sociedade da Información, camiños en que se debe asentar a lingua. Explica que o futuro do galego se atopa na rede e na mocidade, aínda que non se debe esquecer aos devanceiros como, neste caso, a Manuel Lugo Freire, quen destacou polo seu compromiso e traballo en defensa e dignificación da lingua galega.

Aneiros, Rosa, “Lugo Freire”, *El Progreso/Diario de Ferrol*, “Nove ondas”, 21 novembro 2006, p. 30/23/27.

Salienta o traballo de Manuel Lugo Freire como difusor do idioma galego a través da prensa, tanto en Cuba como en Galicia. Indica que Lugo fixo uso do xornalismo para espallar as súas ideas políticas e intentou que os galegos sentisen orgullo e non vergoña pola súa lingua.

Aneiros, Rosa, “A figura de Lugo Freire”, *Galicia Hoxe*, “Nove ondas”, 22 novembro 2006, p. 4.

Destaca o labor de Manuel Lugo Freire como difusor do idioma galego a través da prensa, tanto en Cuba como en Galicia. Apunta que Lugo, a través do xornalismo, espallou as súas ideas políticas e intentou que os galegos sentisen orgullo e non vergoña da súa lingua.

Araguas, Vicente, “Festa”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 17 maio 2006, p. 25.

Salienta a importancia da celebración do Día das Letras Galegas como un feito que dá orgullo ao país, porque aínda se segue festexando a nosa lingua e non é unha linguaxe de museo. Comenta que é valioso lembrar aos nosos autores e, sobre todo, a Rosalía de Castro, xa que foi ela quen deu universalidade ao noso idioma.

Axeitos, Xosé Luís, “D. Manuel Lugo Freire: do rexionalismo ó nacionalismo”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 361, “Enfiando”, 29 xaneiro 2006, p. 23.

Fai referencia á figura de Lugo Freire, por tratarse do escritor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Inicia o artigo comentando unha caricatura de Lugo realizada por Cebreiro cando este, Villar Ponte e Manuel Antonio criticaban ao escritor sadense. Axeitos defende a Lugo como un home loitador que realizou, ao volver da emigración, o seu máis intenso labor galeguista e salienta a súa participación en diferentes institucións: na Liga Galega da Coruña, onde organizou o levantamento do monumento aos mártires de Carral; tamén formou parte de Solidaridad Gallega, creou a Escola Rexional de Declamación, foi fundador das Irmandades da Fala da Coruña, da Escola Dramática Galega, participou na redacción do Estatuto de Autonomía e foi presidente da Real Academia Galega. Por todo isto, explica Axeitos que é xustificada a súa elección para o Día das Letras Galegas.

Bande Rodríguez, Enrique, “Manuel Lugo Freire, ‘Roque das mariñas’”, *La Región*, “Opinión”, 11 abril 2006, p. 22.

Faise unha descrición biobibliográfica de Manuel Lugo Freire, homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006.

Blanco Valdés, Roberto L., “Las letras gallegas y su día”, *La Voz de Galicia*, “El ojo público”, 17 maio 2006, p. 4.

Critica que o Día das Letras Galegas sexa festivo e non lectivo, xa que así resulta difícil poder acceder aos libros. Comenta que a nosa literatura atopa grandes atrancos, un a nivel universal, que é loitar contra a mala literatura, e outro a nivel particular, a competencia coa lingua castelá. Ademais, explica que o Día das Letras Galegas se dedica a autores mortos e cunha obra de difícil localización; por ese motivo, eses autores fan patria, pero non crean moito afeccionado ás letras.

Blanco, Luisa, “Achegamento a Manuel Lugo Freire”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 306, “Lecturas”, 14 maio 2006, p. 9.

Luisa Blanco realiza un percorrido pola biografía de Manuel Lugo Freire, o autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Dá conta das súas actividades e da defensa férrea que realizou do galeguismo. Destaca, ademais, a súa faceta literaria e dá conta das obras que publicou.

Castaño, Yolanda, “Darlle á lingua”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 21 maio 2006, p. 44.

Yolanda Castaño refírese á celebración do Día das Letras Galegas como un día en que os que se dedican ás letras fan de todo menos homenaxealas. Comenta que os que máis traballan son os músicos e que debería entón denominarse Día da Cultura Galega.

Dourado Deira, Manuel, “As mamás e as letras galegas”, *Galicia Hoxe*, “Ardentía”, 20 maio 2006, p. 4.

Dourado Deira salienta a importancia que ten a nai na perduración da lingua galega, xa que é ela a que ten o primeiro contacto cos nenos, e refire unha cita de Pondal en que este instaba a todas as nais galegas a que se dirixisen aos seus fillos en galego. Achega unha anécdota persoal e afirma que, no seu caso, a conservación da lingua galega na fala cotiá debeuse a Roxelio Pérez González.

E.P., “Sinaturas que normalizan o idioma”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 maio 2006, p. 37.

Faise eco do apoio de personalidades dos diversos ámbitos á iniciativa da Mesa Pola Normalización Lingüística en que se pide a aplicación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega ao ensino. Lémbrese á clase política o compromiso adquirido neste senso.

Saliéntanse a celebración en O Bierzo do Día das Letras Galegas, facendo unha relación dos actos organizados pola asociación Xarmenta.

Fernández Fernández, Ruth, “Lugrís Freire, vida dedicada á normalización do galego”, *Galicia Hoxe*, “Noticias cotiás”, 4 abril 2006, p. 4.

Salienta a figura de Manuel Lugrís Freire como un home que dedicou toda a súa vida a loitar polo galego. Comenta que foi o creador en Cuba do primeiro xornal escrito integramente en galego, *A Gaita Gallega*, e que pronunciou o primeiro mitin en lingua galega. Indica que participou en feitos importantes da historia de Galicia: participou na creación das Irmandades da Fala, ingresou no Seminario de Estudos Galegos, participou tamén na creación da Real Academia Galega e exerceu como presidente dela, tomou parte na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía, foi un dos creadores da Escola de Declamación, etc. En canto á súa obra literaria, salienta o labor de Lugrís como creador do teatro galego en prosa e fai unha nómina das súas obras: *Soidades*, *Noitebras*, *A Ponte*, *Minia*, *Mareiras*, *Esclavitú*, *Contos de Asieumedre*, *Versos de Loita*, *Estadeíña*, *Ardencias* e *As mariñas de Sada*.

Fraga, Xesús, “Discursos”, *La Voz de Galicia*, “Luz de cruce”, 18 maio 2006, p. 31.

Fai referencia ao discurso que Manuel Lugrís Freire pronunciou o 6 de outubro de 1907 en Betanzos, en que se empregou por primeira vez nun mitin público o galego. Comenta o contido do discurso referido aos emigrantes, á necesidade dos galegos de asociarse e á solidariedade, e indica que o Día das Letras Galegas non debe restrinxirse só a un día, senón que ten que converterse nunha loita continua. A recuperación do galego debe comezar por un modelo de escola en galego.

Freixanes, Víctor F., “O día das Letras (¿festivo?)”, *La Voz de Galicia*, “Vento nas velas”, 14 maio 2006, p. 6.

Freixanes lembra como se vivía o Día das Letras Galegas nos anos 60, 70 e 80, cando a xente traballaba por celebrar diferentes actos, as asociacións impartían clases de balde en galego, realizábanse programas de radio, etc.. En cambio, dende que a Xunta de Galicia decidiu facer este día festivo, rematou ese orgullo e afán de traballo. Consecuentemente, Freixanes propón recuperar o traballo urxentemente.

García, Xosé Lois, “Lugrís Freire: líder e emancipador”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da Berenguela”, 18 maio 2006, p. 3.

Cualifica a Lugrís Freire como un dos maiores defensores do nacionalismo galego, neste ano en que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Comenta que pasou trece anos como emigrante en Cuba, onde descubriu Galicia e onde fundou o xornal *A Gaita Gallega*, en 1885, participando tamén en diversos actos a prol do galeguismo. Critica que nas publicacións elaboradas con motivo do Día das Letras non se teña estudado eses anos de emigración de Lugrís, en que inicia a súa andaina activista, galeguista e republicana. Finalmente, salienta

que foi Lugo Freire o creador de Solidariedade Galega, da Real Academia Galega e do xornal *A Nosa Terra*.

García, Xosé Lois, “Novoneyra e María Mariño”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da Berenguela”, 31 outubro 2006, p. 4.

Fálase de dúas figuras esenciais da literatura galega dos últimos anos: Uxío Novoneyra e María Mariño. Saliéntase a importancia de Uxío Novoneyra, non só como poeta, senón como defensor da entidade do Courel. Tamén se salienta que o vindeiro ano o Día das Letras Galegas estará dedicado a María Mariño, unha poeta case descoñecida que acompañou ao seu marido (mestre da escola de Parada) a vivir no Courel. Reivindícase tamén que para o ano 2010 se cumprirán dez anos da morte do autor d’*Os Eidos* e, polo tanto, espérase que se dedique o Día das Letras Galegas ao gran poeta do Courel.

García-Bodaño, Salvador, “A festa grande das letras”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 14 maio 2006, p. 3.

Comeza salientando a importancia do Día das Letras Galegas como homenaxe á galegitude e explica que este día se debe entender como símbolo do período anual. Indica que a Real Academia Galega escolleu a Manuel Lugo Freire como autor homenaxeado no 2006 e destaca as súas facetas de poeta, xornalista, narrador e autor teatral, ademais de cualificalo de pioneiro nos estudos gramaticais sobre o galego. Comenta que foi un iniciador na creación de institucións e organización culturais e de formacións políticas e, por último, dá conta dos actos que terán lugar o día 17. Remata sinalando que posee un exemplar de *Ardencias* con dedicatoria do propio Manuel Lugo Freire.

García-Bodaño, Salvador, “Tempo de letras e de artes”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 7 maio 2006, p. 3.

Refírese ao feito de que en Galicia existe unha intensa actividade de modernización cultural nos campos das letras e das artes; tanto é así que a oferta cultural faise inabarcábel. Segundo o autor, os medios de comunicación deberían facerse eco das manifestacións culturais no ámbito galego e non só local, especialmente nesta época do ano, que supón un renacer primaveral da literatura, posto que se inician as Feiras do libro, aparecen novos títulos, preséntanse libros e achégase o Día das Letras.

García-Bodaño, Salvador, “A RAG celebra a M. Lugo Freire”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 8 outubro 2006, p. 3.

Comenta que a Real Academia Galega, no ano do seu centenario, vai conmemorar en Betanzos o primeiro discurso pronunciado en lingua galega polo escritor Manuel Lugo Freire. Dá conta dos actos que se levarán a cabo e conta como se desenvolveu aquel 6 de outubro de 1907; ademais, salienta que o discurso de Lugo Freire, organizado por Solidariedade Galega, abriu a lingua galega a unha nova dimensión social.

García Iglesias, José Manuel, “As letras galegas”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 18 maio 2006, p. 2.

Exalta o mes de maio como o mes en que se celebra cada ano a festa das Letras Galegas. Fai referencia aos actos oficiais que tiveron lugar con este motivo, como o celebrado na Casa da Matanza, sede da Fundación Rosalía de Castro, e o que tivo lugar no Auditorio do museo Carlos Maside en Sada, no que participaron Axeitos Agrelo, Neira Vilas, Ferro Ruibal e Barreiro Fernández. Por último, salienta a importancia que ten o Día das Letras Galegas, xa que permite a recuperación e o recoñecemento da obra, neste caso, de Manuel Lugrís Freire.

González, Luísa, “Letras galegas”, *Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, “Opinión&análisis”/ “Letras galegas”, 18 maio 2006, p. 20/5.

Comenta que o Día das Letras Galegas é moi importante para ela porque o galego é a súa lingua nai, a que fala dende pequena e que lle serve para comunicarse. Explica que no colexio todos empregaban o galego menos os profesores e que recibiu moitos castigos por non falar en castelán. Finalmente, defende que o Día das Letras Galegas debería celebrarse cada día.

González Pérez, Clodio, “Panteón de galeg@s ilustres”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 30 setembro 2006, p. 5.

Saliéntase a situación actual do Panteón de Galegos Ilustres. Sinálase que acolle os restos dunha única muller e que son moi poucos os galegos ilustres soterrados alí: Castelao, Cabanillas, Domingo Fontán, etc. Incídese en que o Panteón non debe ser só un lugar físico, senón un lugar simbólico en que se fagan monumentos funerarios que lembren os galegos e galegas ilustres, aínda que non se atopen os seus restos alí. Por último, afírmase que co gallo das Letras Galegas poderían trasladar ao Panteón os restos de María Mariño, soterrada no Courel, a pesar de ser nada en Noia.

González Tosar, Luís, “Lugrís Freire, masón”, *El Correo Gallego/Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, “Extramuros/Ao raíar o sol”, 16 maio 2006, p. 2/29/5.

Salienta os traballos historiográficos de Luis Lamela grazas aos cales se coñece a pertenza de Manuel Lugrís Freire á masonería. Comenta que pertenceu á loxa Suevia número catro da Coruña, fundada no ano 1923, e dá conta da súa historia, en que nos derradeiros anos aparecía Lugrís Freire co grao de mestre e o nome simbólico de Servet. Finalmente, comenta que Lugrís foi un dos primeiros en ser acusado de roxo e masón mais, a súa morte en 1940, fixo que non fose acusado nin resultase represaliado nas accións depuradoras contra a masonería.

González Tosar, Luís, “Festa das letras”, *El Correo Gallego*, “Extramuros”, 23 maio 2006, p. 2.

Comenta que foi convidado a participar nos actos do 17 de maio en Vilanova dos Infantes. Por outra parte, ante a polémica suscitada polo feito de se o día debe ser festivo ou, pola contra, debe recuperar o seu carácter de xornada laboral, González Tosar considera que debe quedar como día de celebración en que moitos concellos galegos convocan a milleiros de persoas para conmemorar a data.

González Tosar, Luís, “Festa das letras, en Vilanova”, *El Progreso/Diario de Ferrol*, “Ao raiar o sol”, 3/4 xuño 2006, p. 31/28.

Reflexiona sobre o Día das Letras Galegas, despois de asistir en Vilanova dos Infantes á romaría Raigame e anima a que “trinta ou corenta alcaldes galeguistas (o partido é o de menos)” fagan no Días das Letras Galegas a mesma conmemoración que se fai nesta vila ourensá todos os 17 de maio.

Jaureguizar, “O libro do 2006”, *El Progreso/El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “Auto dos danados”/“Ollo mol”, 8/9 xaneiro 2006, p. 73/12.

Pídese que o ano 2006 sexa o ano en que se desenvolva a Lei do Libro, unha lei que regule os Premios Nacionais de Literatura e diminúa a proliferación doutros premios que lle restan importancia a este, que lle dea axilidade ás feiras do libro e que se favoreza a creación da Galiza Literatura Exchange, unha oficina para promover a literatura galega no exterior. Por outra banda, o autor pide que o Día das Letras Galegas se revitalice e que se celebre con máis conciencia, escollendo figuras con que se poidan identificar mellor os mozos.

Jaureguizar, “Folla de ruta”, *El Progreso*, “Cultura”, 12 febreiro 2006, p. 81.

Considera Jaureguizar que o Día das Letras Galegas debería estar dedicado a un literato vivo que percorrese Galicia mostrando a súa obra e falando coa xente e, neste sentido, sinala que Xosé Luís Méndez Ferrín sería a persoa axeitada para a primeira homenaxe. Lembra tamén outras datas conmemorativas semellantes, como o Día da Poesía, o Día do Teatro, o Día Libro Infantil e Xuvenil ou o Día da Banda Deseñada, que, na súa opinión, alcanzan moi pouca repercusión.

López Boullón, Xosé Ramón, “Cifras e letras galegas”, *Galicia Hoxe*, “Retallos dunha época”, 24 maio 2006, p. 5.

Fai referencia á poboación galega multicultural, traballadora, que dedica o Día das Letras Galegas a descansar ou facer algunha viaxe. Para a maioría da poboación a festa das letras é algo distante e hoxe en día enténdena como un día consagrado a realizar conmemoracións, homenaxes, ofrendas e actos a un autor falecido. López Boullón reclama que a lingua hai que dignificala todos os días do ano e que isto acadarase cando na conciencia dos galegos desapareza a idea de que Galicia ten dúas linguas que hai que defender: o galego e o castelán. Considera que non se pode avanzar se moitos galegos cren que a lingua galega non se pode usar en todos os ámbitos.

López Martínez, Marisol, “Lugrís Freire, un espello no que se mirar”, *El Progreso*, “Opinión”, 17 maio 2006, p. 23.

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou Lugrís Freire e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

Lugrís, Manuel, “Lugrís Freire dende a distancia”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “A Coruña”, 11 maio-17 2006, p. 12.

Recóllense as reflexións do neto de Manuel Lugrís Freire, quen caracteriza a seu avó como un home pioneiro do galeguismo que loitou contra o caciquismo, as inxustizas, abusos, o clero, etc. sobre todo a través do seu teatro social. Explica cal era a situación galega a principios do século XX e, finalmente, achega verbas que Lugrís Freire publicou nunha revista familiar de Sada, nos anos vinte, e que poderían considerarse como actuais.

Mallo, Albino, “E por que non o Día das Artes Galegas”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 17 maio 2006, p. 4.

Albino Mallo lembra os anos anteriores á celebración do Día das Letras Galegas por primeira vez e salienta a escaseza de libros escritos en lingua galega. Recorda como coñeceu a certos escritores e dá grazas ao Día das Letras Galegas por recuperar a obra e vida de moitos autores e dar a coñecer a outros, como este ano a Manuel Lugrís Freire. Fai referencia a Urbano Lugrís, fillo do homenaxeado, e ao neto, Urbano Lugrís Vadillo, e cualifícaos de grandes pintores. Finalmente, indica que tamén se tería que celebrar o Día das Artes Galegas, dedicado á vida e obra de pintores e escultores.

Méndez Ferrín, X.L., “O avantal de papá”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Segunda feira”, 22 maio 2006, p. 14/16.

Méndez Ferrín lembra a ocasión en que Urbano Lugrís lles contou a vez en que atopou o avantal de seu pai e afirma que Urbano estaba orgulloso de que seu pai fose “republicano, masón e nacionalista”. Comenta que Urbano Lugrís foi un pintor surrealista excelente en cuxa temática plástica estaba presente o nacionalismo de Lugrís Freire e, finalmente, indica que o neto, Lugrís Rodríguez, falou sobre a figura de Lugrís Freire no Club Faro de Vigo.

Méndez Ferrín, X.L., “En Betanzos”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Segunda feira”, 23 outubro 2006, p. 13/12.

Comenta a celebración que a Real Academia Galega realizou en Betanzos en homenaxe ao primeiro discurso pronunciado en lingua galega, por Manuel Lugrís Freire, o día 6 de outubro de 1907. Indica que o mitin estaba organizado por Solidaridad Gallega e dirixido basicamente

aos labregos. De seguido, pasa a explicar a situación do agrarismo naqueles anos e, finalmente, comenta que no discurso de LUGRÍS se atopaban en Betanzos o naturalista barcelonés Odón de Bueu e o profesor Vázquez de Mella, en defensa do nacionalismo galego.

Miragaia Doldán, Manuel, “Despois do día”, *Galicia Hoxe*, “Vento fresco”, 18 maio 2006, p. 4.

Comenta como viviu o día anterior ao Día das Letras Galegas, que xa dende 1991 é un día festivo, e debido a isto non se poden realizar moitas actividades que promovan as letras nese día porque as librarías, centros, auditorios, fundacións,... están pechados. Reclama que as actividades deben facerse durante todo o ano e as empresas deben promover a defensa da lingua e cultura galegas, xa que se trata do “maior tesouro cultural e constitúe o noso esqueleto identitario de pobo diferenciado”. Comenta que a normalización da lingua debe chegar ás empresas, aos medios de comunicación, ao mundo eclesiástico, aos xulgados,... e, por último, comenta un avance neste labor, que é a creación das galescolas.

Neira Vilas, Xosé, “As primeiras emocións”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 marzo 2006, p. 42.

Dá conta dos inicios de LUGRÍS Freire na emigración. Indica que marchou con vinte anos, en 1883, e non tardou en publicar o primeiro poemario, *Soidades*. Tamén se dedicou ao xornalismo e fundou en 1885, xunto a Ramón Armada Teixeiro, *A gaita gallega*, cabeceira editada integramente en galego e en que se recollían poemas e narracións de escritores galegos como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Pintos, Marcial Valladares, etc. Por último, nomea algúns traballos publicados por LUGRÍS no xornal e fai referencia ao número dedicado a Rosalía de Castro tras o seu pasamento.

Neira Vilas, Xosé, “A Habana de LUGRÍS”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 16 abril 2006, p. 2.

Describe o ambiente cultural e ideolóxico que existía na Habana cando Manuel LUGRÍS Freire chegou alí en 1883 e salienta, en relación ao seu labor xornalístico, a creación da cabeceira *A gaita gallega* e mais a publicación do seu primeiro poemario, *Soidades*. Finalmente, indica que os trece anos que LUGRÍS pasou na emigración foron fecundos para a formación do escritor a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas.

P. Lorenzo, Fran, “17 de maio, orxía de resurreccións”, *Galicia Hoxe*, “Vai de blog”, 4 maio 2006, p. 48.

Lorenzo expresa a súa revulsión contra as efemérides xa que el, como xornalista, sempre está a falar de datas significativas, cabodanos ou pasamentos e indica que o Día das Letras Galegas é “unha orxía de resurreccións”.

Pavon, Lalo, “Defender o galego”, *La Región*, “O candil”, 18 maio 2006, p. 24.

Comenta que no Día das Letras Galegas a Xunta de Galicia propuxo a defensa da lingua galega e a aplicación do Plan de Normalización lingüística en todos os ámbitos.

Paz, Moncho, “Un dereito e un deber”, *El Progreso*, “Opinión”, 17 maio 2006, p. 24.

Comenta o inicio da celebración do Día das Letras Galegas no ano 1963, cando Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego propuxeron dedicar o día 17 de maio a conmemorar as letras do país. Indica que este ano o autor homenaxeado é Manuel Lugrís Freire e, a continuación, céntrase na defensa da lingua galega, que debe ser considerada como un dereito e deber de todos os galegos. Despois fai referencia á creación do Observatorio dos Dereitos Lingüísticos e mais á constitución da Fundación Vía Galego, e finaliza comentando a necesidade de fomentar o uso do galego e crear “unha cultura urbana de masas”.

Pereiro, Xosé Manuel, “O Día”, *La Opinión*, “Si home si”, 18 maio 2006, p. 2.

Defende a celebración do Día das Letras Galegas e aplaude a iniciativa que tiveron Francisco del Riego e os seus compañeiros de levar a cabo cada ano unha homenaxe a autores falecidos, que en 2006 corresponde a Manuel Lugrís Freire. Comenta que hai moitas institucións que fan as súas propias homenaxes e indica que esta celebración xa está consolidada a pesar das continuas polémicas que sofre a efeméride como, por exemplo, a constituída polo debate a respecto de se a xornada debe ser festiva ou laborábel.

Pérez Picallo, Maricarmen, “17 de maio, por que non?”, *Galicia Hoxe*, “Punta da barca”, 18 maio 2006, p. 5.

Salienta a importancia do mes de maio, en se realizan homenaxes e celebracións, e indica que tamén é o mes en que se celebra o Día das Letras Galegas, que este ano se dedica a Manuel Lugrís Freire. Indica que a Real Academia Galega tivo anos frouxos, pero a iniciativa da institución foi importante para celebrar cada ano o compromiso coa lingua e co país. Indica que se deben recuperar documentos, obras e autores esquecidos e ter en conta novas iniciativas que promovan a nosa tradición.

Pérez, Luis, “Ronaldinho gana por goleada a Lugrís Freire”, *El Correo Gallego*, “Galicia on/off”, 18 maio 2006, p. 15.

Indica que no Día das Letras Galegas os galegos estiveron máis atentos á figura de Ronaldinho que non a celebrar a festa das súas letras. Considera que, exceptuando os actos oficiais, este ano o Día tivo unha menor repercusión e que non houbo nada novidoso nin imaxinativo. Ademais, tamén critica a supresión da entrega dos Premios das Artes e das Letras.

Quintela Julián, José Luis, “En el día de homenaje a nuestra literatura”, *La Opinión*, “Shikamoo, construir en positivo”, 17 maio 2006, p. 29.

Comenta que hoxe en día hai moitos temas de que falar nunha columna do xornal mais, ao ser día de festa, fai referencia á celebración do Día das Letras Galegas como un feito de enorme importancia, xa que a cultura e a lingua galegas afianzan as súas bases para que nunca máis volvan caer no esquecemento.

Rielo, Pedro, “¿Que facer co 17 de maio?”, *Galicia Hoxe*, “Tempus fugit”, 12 maio 2006, p. 4.

Comenta que se debe recuperar o entusiasmo con que os intelectuais dos anos 80 celebraban o Día das Letras Galegas. Explica que cando naceu a data da conmemoración de *Cantares Gallegos* intentaron recuperar as ideas pioneiras e loitadoras, e Rielo reclama que na actualidade os galegos non dediquen o día a “lucir na lapela ese orgullo de país” e pide unha maior imaxinación para celebrar esa data.

Rodríguez Caamaño, Agustín, “Reflexións na festa das Letras Galegas”, *La Opinión*, “Arredor de nós”, 17 maio 2006, p. 29.

Lembra as celebracións do Día das Letras Galegas que tiveron lugar a partir do ano 1963 e en que se tomou como referencia a obra de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*. Comenta como transcorreu o acto académico celebrado en Santiago cun discurso de Carballo Calero loando a Rosalía de Castro e no que tamén participaron outras figuras literarias da época. A continuación, achega os versos lidos por Carlos Casares e despois fai referencia ao discurso pronunciado por Arcadio López Casanova sobre a mocidade galega. A partir desta reunión naceu a idea de que a mocidade se decantase non só pola cultura, senón tamén pola política. Finaliza apuntando os inconvenientes que existían hai anos para celebrar o Día das Letras Galegas, fronte ao que ocorre na actualidade, en que se trata dun día festivo que conta co beneplácito oficial.

Rodríguez, Carlos Luís, “De Lugo a Quintana”, *El Correo Gallego*, “A bordo”, 16 maio 2006, p. 2.

Defende a importancia do Día das Letras Galegas para recuperar autores esquecidos e dar a coñecer outros. Comenta que este 17 de maio está dedicado a Manuel Lugo Freire, quen foi un home entregado á defensa da lingua e do país, que soubo facer un nacionalismo político “cordial”, e equipáralo a Castelao. A continuación, comenta que na actualidade o nacionalismo debe recuperar a cordialidade e cualifica a Lugo como figura clave.

Sarille, Xosé Manuel, “Insípidos Días das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Pan e coitelo”, 16 maio 2006, p. 75.

Fai referencia á elección que realiza anualmente a Real Academia Galega para homenaxear a un escritor no Día das Letras Galegas, como un feito que se está a quedar anticuado. Comenta que a institución vai “lenta de reflexos” e que o goberno galego non axudou nada poñendo o día 17 como festivo. Sarille propón que o Día das Letras Galegas non estea dedicado exclusivamente a escritores senón, por exemplo, ao Centro Galego de Bos Aires, á escola de Mondoñedo, ás repercusións da Televisión de Galicia na lingua, ao Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, etc.

Valcárcel, Marcos, “Lugrís: o galego no mitin”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 29 xaneiro 2006, p. 8.

Salienta o ano 1907 como unha data importante na historia do galeguismo. Indica que nese ano tivo lugar a creación de Solidaridad Gallega, da que Lugrís Freire formaba parte dende A Coruña. Dá conta da constitución doutras institucións a prol do galeguismo e destaca a importancia do mitin que realizou Lugrís Freire o día 6 de outubro de 1907 en Betanzos, xa que o pronunciou en galego e supuxo o salto da lingua dende o plano literario ao político. Achega parte do discurso de Lugrís e, en columna á parte, dá conta de diferentes xornais que se crearon tamén no ano 1907.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/ “Lugrís, o compromiso coa terra”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 6 abril 2006, p. 83/48.

Valcárcel refírese á súa participación na presentación dos materiais que Política Lingüística dedica a Manuel Lugrís Freire no Día das Letras Galegas de 2006, e que foron realizados por Marcos Valcárcel e Afonso Moxardín baixo o título *O compromiso coa terra*. Comenta que na presentación coñeceu ao sobriño-neto de Lugrís Freire, quen participara nunha homenaxe ao avó falecido de Marcos Valcárcel.

Valcárcel, Marcos, “En defensa do Día das Letras”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 17 maio 2006, p. 56.

Valcárcel defende a creación do Día das Letras Galegas como unha iniciativa positiva levada a cabo en 1963 por Del Riego, Ferro Couselo e Gómez Román. Considera que lembrando a un escritor ou escritora estase a lembrar “de xeito conxunto a súa xeración e o seu tempo histórico”. Por iso, este ano coa homenaxe a Manuel Lugrís Freire, tamén se fai referencia á Cova Céltica e a Solidaridad Gallega.

Valcárcel, Marcos, “Lugrís no paraíso dos patriotas”/“Pan por pan”, *Galicia Hoxe/ La Región*, “Andoliña”/ “Pan por pan”, 18 maio 2006, p. 48/83.

Fai referencia aos discursos pronunciados por Xesús Ferro Ruibal, Xosé Luís Axeitos e Xosé Neira Vilas, en que loaron o labor de Manuel Lugrís Freire e o propuxeron como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2006.

Valcárcel, Marcos, “Betanzos, fala Lugo, 1907”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 13 outubro 2006, p. 48.

Faise eco do acto que celebra a Real Academia Galega en Betanzos para conmemorar o primeiro discurso político en galego, pronunciado por Lugo Freire no ano 1907. Do mesmo xeito, recorda o discurso de Murguía, en galego, nos Xogos Florais de Tui en 1891, nun acto cultural; o primeiro discurso en galego da RAG, de Amador Montenegro, en 1909; ou a primeira conferencia en galego na Universidade, en 1915, pronunciada por Luis Porteiro Garea. Son exemplos do galeguismo daqueles anos que algúns miran con nostalxia, xa que a conquista por parte do galego de espazos públicos foi un proceso moi lento que aínda non rematou.

Vence, Ánxel, “Un festivo no almanaque”, *Faro de Vigo*, “Crónicas galantes”, 18 maio 2006, p. 21.

Comenta a casualidade de que o Día das Letras Galegas, en que reclama o uso do idioma galego, coincida coa celebración do Día Mundial da Internet, en que o inglés é o idioma por excelencia. A continuación, céntrase na problemática da perda de falantes galegos, xa que anteriormente o problema estaba en que as institucións non empregaban a lingua do país e, en cambio, na actualidade o problema atópase nas xeracións urbanas máis novas que cambiaron a lingua galega pola castelá. Considera que a solución non está tanto na política, senón na consideración social.

Vidal Villaverde, Manuel, “Asuntos e outras variacións na primula”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 17 maio 2006, p. 3.

No día 17 de maio indica que se homenaxea a figura de Manuel Lugo Freire, pai do famoso pintor Urbano Lugo, e lembra tamén a figura de Patiño. Fai referencia a outros feitos importantes na historia de Galicia e reproduce unhas verbas de Celso Emilio Ferreiro.

Vidal Villaverde, Manuel, “Acta est fabula”, *Galicia Hoxe*, “Fai fume”, 17 maio 2006, p. 4.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Manuel Lugo Freire, Vidal Villaverde aproveita a ocasión para criticar a actuación da política galega e salienta algúns feitos por el condenábeis.

Vidal Villaverde, Manuel, “Derradeiro traxecto desta primavera”, *Galicia Hoxe*, “Fai fume”, 24 maio 2006, p. 4.

Comeza facendo referencia a Manuel Lugo Freire, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006 e, a continuación, lembra ao seu fillo Urbano Lugo como un excelente pintor que pasou parte da súa vida en Vigo. Recorda as conversas que mantiña con Portela

Vidal sobre diferentes temas, como o da recuperación da memoria histórica, e critica algúns actos políticos levados a cabo nos últimos anos.

Villar Janeiro, Helena, “Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 19 maio 2006, p. 3.

Despois da celebración do Día das Letras Galegas, Villar Janeiro fai referencia a dous feitos importantes que tiveron lugar. O primeiro foi a celebración da homenaxe por parte da Xunta de Galicia e mais da Real Academia Galega, na Casa-Museo Rosalía de Castro, e o segundo é a proposta de creación das Galescolas, con que se pretende mellorar a ensinanza do galego nas escolas infantís.

Villar Janeiro, Helena, “María Mariño Carou”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 14 xullo 2006, p. 3.

Apláudese a decisión da Real Academia Galega de homenaxear no Día das Letras Galegas de 2007 á poeta María Mariño Carou. Coméntase que foi unha escritora moi reservada, pero cunha obra notábel nunha época en que a creación literaria estaba afastada das mulleres. Nárrase, brevemente, a vida de Mariño Carou e faise referencia ás súas obras, *Palabra no tempo* e *Verba que comeza*.

Villar, Marta, “Mitineando en galego”, *La Opinión*, “Sada/Betanzos”, 15 marzo 2006, p. 18.

Fai referencia ao primeiro discurso político pronunciado en lingua galega no ano 1907 en Betanzos. Indica que o autor do discurso foi Manuel Lugrís Freire, a quen este ano está dedicado o Día das Letras Galegas, e a continuación pasa a comentar o contido do discurso de Lugrís. Explica que se vertebrou arredor de tres eixes: a defensa do idioma galego, a dor polo fenómeno da emigración e, por último, a petición aos galegos para que se unan e asocien en defensa da terra. Fai referencia tamén ás institucións e aos xornais que creou Lugrís Freire, así como ao seu labor de escritor de poemas, pezas teatrais e contos.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Álvarez Moreira, Manuel, “Lugrís, no ano da súa memoria: ‘Todo canto fixo o meu avó tiña unha disposición política’”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Entrevista”, 7 maio 2006, pp. 6-7.

Tras un breve resumo da biografía de Lugrís Freire, recóllese unha entrevista realizada ao seu neto Manuel, quen comenta que non coñeceu a seu avó máis que por referencias familiares e, sobre todo, por ler as súas obras. Indica que as primeiras obras que leu foron a *Gramática do Idioma* e o *Vocabulario*, aínda que considera que de maior calidade son os contos; o teatro era de reivindicación social e a poesía de tipo intimista. Estima que foi un bo orador e alude á súa personalidade, á vocación política, aos estudos que realizou, á vida que levaba até que estalou

a Guerra Civil, etc. Por último, considera que a valoración de seu avó, despois da homenaxe no Día das Letras Galegas, continuará a ser máis literaria ca política.

Mallo, Albino, “A Real Academia ten o encargo e o poder exclusivo de decidir o idioma”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 13 marzo 2006, p. 8.

O presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, comenta nesta entrevista que os actos que levará a cabo a institución para celebrar o seu centenario serán de carácter práctico. Informa de que se publicou xa a obra de Pondal, *Os Eoas*, que recolle o texto orixinal que escolmara o propio autor, e dá conta de diferentes actos que se realizarán en Carral, Tui, Betanzos (onde homenaxearán a Lugrís Freire no Día das Letras Galegas), Ferrol e Celanova. Fai referencia ás publicacións que a Academia editará, como a *Gramática galega*, un dicionario castelán-galego e outros, máis pequenos, galego-catalán, francés, italiano, inglés e alemán, dicionarios temáticos e o dicionario etimolóxico. A continuación, comenta que a RAE proxectouse máis á sociedade con Fernández del Riego e que é a institución a que ten o dominio sobre o idioma; tamén fai referencia ás insuficientes axudas económicas e aos académicos numerarios que lerán proximamente o seu discurso.

N.M., “A obra teatral de Manuel Lugo foi revolucionaria e escandalosa”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 28.

Recóllense as opinións de Francisco Pillado Maior, salientábel investigador do teatro galego e, concretamente, da obra dramática de Manuel Lugo Freire. Comenta cales foron as vivencias que marcaron a ideoloxía e a obra de Lugo Freire e explica por que a Academia escolleu a este escritor para ser o homenaxeado no Día das Letras Galegas, o ano do centenario da institución. Apunta que a vida de Lugo Freire transcorreu nun ambiente de represión e que sufriu moitas marxinas a causa do idioma, mais a súa obra teatral foi un medio de “espallar a ideoloxía rexionalista”. Finalmente, fala da súa primeira obra, *A Ponte*, que revolucionou o teatro da época.

Rodríguez, Ignacio, “Os casos de represalia lingüística non desapareceron aínda da nosa sociedade”, *El Progreso*, “Campus”, 16 maio 2006, p. 3.

Entrevista a Xosé Luís Regueira Fernández, director do departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a conmemoración do Día das Letras Galegas. Afirmo que celebrar un día da cultura é bo para un país e o Día das Letras Galegas é unha festa patriótica, aínda que a normalización dunha lingua chega co traballo diario. Considera que a responsabilidade de alcanzar a cultura está en todas as persoas, mais a Administración ten que aplicar o Plan de Normalización para que a represión lingüística vaia desaparecendo. De seguido, pasa a falar do uso da lingua galega no mundo universitario e de que en Galicia non existe un bilingüismo perfecto, así como das modificacións na norma ortográfica. Por último, salienta que o Día das Letras galegas se debe entender como unha festa en que se defende a cultura e apunta que a selección dun homenaxeado ou outro se fai de xeito alternativo.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.F., “Losada presidirá un acto institucional con motivo del Día das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña ciudad”, 20 abril 2006, p. 6.

Reprodúcense as palabras de Javier Losada, alcalde da Coruña, en relación á celebración do Día das Letras Galegas. Losada afirma que o seu obxectivo é contribuír á difusión da lingua. A continuación, dáse conta das actividades que se levarán a cabo o 17 de maio.

A.N.T., “Máis dunha decena de libros divulgan a vida e obra de LUGRÍS FREIRE”, *A Nosa Terra*, nº 1.221, “Cultura”, 4-10 maio 2006, p. 25.

Comenta que a celebración do Día das Letras Galegas permite que se dea a coñecer de xeito máis pormenorizado a figura do escritor homenaxeado, que este ano é Manuel LUGRÍS FREIRE. Indica que sobre o seu teatro xa existían algúns estudos, como *O teatro de Manuel LUGRÍS FREIRE*, de Francisco Pillado, e que agora este investigador acaba de publicar *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel LUGRÍS FREIRE*. Entre as biografías publicadas salientáanse a de Ramón Nicolás, a de Xabier Campos e a de Henrique Rabuñal; entre as antoloxías destácase a de Nélica Cosme e Dolores Sánchez, a de Xabier Campos e a de Ramón Nicolás, quen presenta unha en Merlín (colección xuvenil). Por último, indícase que tamén foi reeditada a súa *Gramática* da lingua galega por edicións 3C3.

A.N.T., “Remata o Ano LUGRÍS”, *A Nosa Terra*, nº 1.250, “Cultura”, 29 decembro 2006-11 xaneiro 2007, p. 38.

Saliéntase o traballo de Manuel LUGRÍS FREIRE como divulgador do galego no medio cultural. Indícase que foi dramaturgo, poeta, novelista, autor de relatos breves e colaborador en diversas publicacións periódicas, ademais de un dos precursores do nacionalismo. Coméntase que ao tratarse do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, o seu protagonismo fíxose especialmente patente nas librarías. Os libros publicados sobre LUGRÍS e a súa obra foron: *Manuel LUGRÍS FREIRE*, de Henrique Rabuñal; *Manuel LUGRÍS FREIRE: a fe na causa*, de Fernández Costas; *LUGRÍS FREIRE, unha biografía*, de Campos Villar; *Manuel LUGRÍS FREIRE. Biografía e antoloxía*, de Ramón Nicolás, *A obra narrativa en galego de Manuel LUGRÍS FREIRE* e *Manuel LUGRÍS FREIRE. Antoloxía*, ambas as dúas de Xabier Campos; o dicionario editado por 3C3; *O teatro de Manuel LUGRÍS FREIRE*, de Francisco Pillado Mayor; e *Escolma de textos*, de Nélica Cosme e M^a Dolores Sánchez. Así mesmo, tamén se editaron dúas pezas teatrais de LUGRÍS: *A costureira d'aldea*, pola Universidade da Coruña, e *A ponte*, por edicións A Nosa Terra. Igualmente, foi editada a súa *Gramática do idioma galego*. Outros actos e iniciativas que tiveron como protagonista a LUGRÍS foron a elaboración dun documental sobre a súa biografía e a celebración dun ciclo de conferencias na Universidade de Barcelona.

Abeleira, Xoán, “Cullerón”, *La Opinión*, “Opinión”, 22 maio 2006, p. 17.

Alúdese á versión galega de “Porca terra”, de John Berger, publicada co gallo do Día das Letras Galegas en “louvanza das familias labregas que, malia o risco de extinción, seguen a nos dar de comer”.

Adán, Rafael, “Hoxe... en galego”, *Diario de León*, “El Bierzo. Opinión”, 17 maio 2006, p. 12.

Ao longo deste artigo apláudese que o xornal *Diario de León* publique un artigo en lingua galega nunha data tan sinalada como é o Día das Letras Galegas. Tamén se apunta a presenza cada vez maior da lingua galega nos centros de ensino bercianos e indícanse que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta, co apoio do concello de Cacabelos, entregará hoxe nesta última localidade os I premios Xarmenta de Debuxo, para escolares do Bierzo.

Asociación de Medios en Galego, “Medios en galego. Editando o soño de Lugo”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “Editorial”, 18-24 maio 2006, p. 4.

Os membros fundadores da Asociación de Medios Galegos homenaxean e salientan o labor levado a cabo por Manuel Lugo Freire durante toda a súa vida a prol da cultura galega. Destacan cada unha das facetas do escritor e, fundamentalmente, o seu labor político.

Bernárdez, Carlos L., “Manuel e Urbano”, *La Opinión*, “Saberes”, “Artes”, 3 xuño 2006, pp. 8-9.

A propósito do Día das Letras Galegas, fálase tanto de Manuel Lugo Freire coma do seu fillo, o pintor Urbano Lugo González. Coméntase o ambiente intelectual en que foi criado este, así como as achegas literarias e plásticas de que forneceu á cultura galega.

Bugallal, Isabel, “El poeta herido”, *La Opinión*, “Cultura”, 4 xuño 2006, p. 68.

A propósito da promoción de Lois Pereiro nun foro da Internet, onde se reivindica que se lle dedique a este poeta o Día das Letras Galegas, reproducense diversos comentarios tanto sobre a súa poesía como sobre o seu carácter ou a súa faceta de tradutor. Falan sobre Pereiro Manuel Rivas, Antón Lopo, Xavier Seoane e Yolanda Castaño. En canto á obra, sinálase que está descatalogada, xa que resulta imposible atopar actualmente os libros *Poemas 1981-1991* (1992) e *Poesía de amor e enfermidade* (1995). Dise que a obra de Pereiro aparece tamén nalgúns antoloxías colectivas como *De amor e desamor I* (1984) e *De amor e desamor II* (1985).

C. Santiso, “Amigos de Galicia’ evoca o espírito do 36 no marco da reforma estatutaria”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 18 maio 2006, p. 13.

Infórmase de que a fundación “Amigos de Galicia” elixiu o Grove para presentar tres obras literarias e musicais que editará co obxectivo de difundir a lingua e a cultura galegas; unha das obras é a de Faustino Rey Romero, *Escolanía de merlos*, e a outra é de carácter popular e costumista. Así mesmo, recóllense as palabras do secretario da Fundación, Luis Rial, quen afirma que no Día das Letras Galegas se debe recuperar o espírito do 36 para continuar difundindo a lingua.

C.M., “A Mesa pola Normalización Lingüística prepara o 17 de maio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 5 maio 2006, p. 77.

Dá conta do programa que ten preparado a Mesa pola Normalización Lingüística para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006. Recóllense as palabras de dous dos seus membros, Susana Romero e Francisco Rei, que explican cal é a situación do galego na actualidade e a finalidade de estendelo a todos os ámbitos sociais.

Campo, Marica, “De homenaxes e Letras Galegas”, *A Nosa Terra*, nº 1.226, “Fin de Semana”, 8-14 xuño 2006, p. 32.

A reunión de escritores, editores e todo o colectivo relacionado co libro, en Mariñán, fai realidade a idea do escritor Carlos Casares. Esta xuntanza remata cun balance en positivo e coa participación da escritora Rosa Regás e o hispanista Ian Gibson.

Canedo, M. C., “Xarmenta exige en la Semana de las Letras mayor apoyo al gallego”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 11 maio 2006, p. 14.

Indícase que, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta inaugurará na UNED de Ponferrada unha exposición sobre Manuel Lugo Freire e, ademais, proxectará *O soño dunha noite de San Xoán* e levará a Ponferrada a obra teatral *O anel máximo*.

Carpintero, Ana, “Os empresarios de Redondela súmanse ao Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 16 maio 2006, p. 22.

Informa de que a Asociación de Empresarios de Redondela e o Concello de Redondela presentan as actividades que se levarán a cabo para celebrar o Día das Letras Galegas. Organizan un concurso de escaparatismo e editaron a *Guía de receitas de hostalaría de Redondela* e a *Guía de arrecendos galegos*. Ademais, os libeiros promocionarán o libro galego e poñeranse estatuas vivintes nas prazas, que representarán diferentes autores.

Carpintero, Ana, “Castelao, Cunqueiro, Pondal y Rosalía de Castro ‘estuvieron’ ayer en Redondela”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 21 maio 2006, p. 22.

Faise referencia á iniciativa da Asociación de Empresarios de Redondela, que homenaxeou aos grandes escritores galegos a través de estatuas viventes. Coméntase que esta actividade se encadra dentro da campaña “Redondela coa cultura galega”.

Castro, Víctor, “Hoy y mañana se viven los actos en honor de Lugo”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 16 maio 2006, p. 18.

Dá conta dos actos que levará a cabo o Concello de Sada para homenaxear a Manuel Lugo Freire, autor a quen se lle dedica en 2006 o Día das Letras Galegas.

Castro, Víctor, “O Pazo, de Lugo Freire, se estrena en La Coruña”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya mariñana”, 6 setembro 2006, p. 18.

A propósito da presentación da obra *O Pazo*, de Lugo Freire, por parte da compañía Teatro Artesán de Sada, na Coruña, salienta o feito de que esta sexa a única entidade teatral galega que conmemora o Día das Letras Galegas. Afirmo que se espera que a concorrencia de público desborde todas as previsións.

Conde, Perfecto, “Manuel Lugo Rodríguez. ‘O meu avó foi un fundador, da Academia ao Partido Galeguista’”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “O foro das ideas e das artes”, nº 10, 18-24 maio 2006, p. 4.

Perfecto Conde realiza unha entrevista a Manuel Lugo Rodríguez, un dos nove netos de Manuel Lugo Freire. Nesta entrevista, o neto do escritor sadense fala dos primeiros recordos de seu avó. Destaca tamén o amplo e inxente labor que levou a cabo este último en defensa da cultura galega. Salienta que Lugo foi un dos primeiros fundadores de moitas “ cousas ”: o galego na prensa, a Academia Galega, o uso político do galego, etc. Na segunda parte da entrevista, Manuel Lugo Rodríguez opina sobre diferentes temas de actualidade: política, cultura ou o Día das Letras Galegas.

Díaz, María, “Tui celebra su particular Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 21 maio 2006, p. 22.

Dá conta das diferentes actividades que levará a cabo o Concello de Tui para celebrar o Día das Letras Galegas 2006, entre elas algunhas representacións teatrais, sesións de contacontos, lecturas da obra de Lugo Freire, etc.

E. F., “O Maio Cultural remata cunha feira do libro na Casa da Cultura”, *La Voz de Galicia*, “Área Metropolitana”, 19 de maio de 2006, p. 11.

Anúncianse os actos que terán lugar no Maio Cultural de Brión en relación á celebración do Día das Letras Galegas, consistentes nunha feira do libro propia celebrada na Biblioteca da Casa da Cultura, exposicións sobre Manuel Lugo Freire na Casa da Cultura, o colexio de

Pedrouzos e o instituto de Esparís-Vicedo, unha maratón de contos e un concurso de narrativa e poesía organizados polo mesmo colexio de Pedrouzos, un recital dramatizado sobre Lugrís, da man de Serafín Marcos e unha conferencia de Xavier Campos tamén sobre este autor.

E.M.P., “Política Lingüística distribúe material didáctico sobre o Día das Letras Galegas”, *ABC*, “Galicia”, 26 marzo 2006, p. 36.

Infórmase de que Política Lingüística vai repartir en todos os centros de ensino de primaria e secundaria material didáctico sobre Manuel Lugrís Freire, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. Explícase que o material consiste en unidades didácticas, carteis, CD-Roms, DVDs e unha escolma de textos. Finalmente, explícase a que destinatarios van dirixidos os materiais, ademais de aos alumnos dos dous mil centros de ensino.

E.L.R., “La poetisa María Mariño Carou, protagonista del Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 8 xullo 2006, p. 84.

Sinala que a poeta María Mariño será a figura protagonista do Día das Letras Galegas. O artigo destaca a importancia de dar a coñecer a escritora ao grande público e desvela as características da biografía e da obra da noiosa.

E.P., “Novo material didáctico para o Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 5 abril 2006, p. 67.

Informa sobre a presentación do material didáctico editado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para a celebración do Día das Letras Galegas de 2006. Indica que o material inclúe unidades didácticas para Primaria e Secundaria, carteis, CD-Roms, DVDs e unha escolma de textos de todos os autores homenaxeados no Día das Letras Galegas dende a súa primeira edición. A continuación, reproducense as palabras de Marisol López e Laura Sánchez, encargadas da presentación do material, que falan sobre a figura de Lugrís Freire. Finalmente, coméntase de que xeito se distribuirá o material e explícase que se ofrecerá a escolma *De Rosalía a Manuel Lugrís* coa compra de calquera libro en galego.

E.P., “Núñez Feijóo asistirá a un acto na Fundación Otero Pedrayo”, *Galicia Hoxe*, “Un pobo, unha fala”, 16 maio 2006, p. 45.

Dá conta das actividades que levarán a cabo os compoñentes do Partido Popular de Galicia para conmemorar o Día das Letras Galegas.

E.P., “Los vecinos hablan y apoyan la lengua gallega”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 16 maio 2006, p. 10.

Dáse conta da celebración do quinto maratón de lectura, organizado pola Asociación de veciños dos Mallos, da Coruña, en homenaxe a Manuel Lugrís Freire. Indícase que os

principais participantes foron o neto de Manuel Lugo Freire, Dolores Villarino, Carmen Marón e Xosé Ramón Barreiro, e sintetiza os comentarios de cada un deles.

E.P., “A vila de Sada acollerá hoxe a sesión plenaria dedicada a Lugo Freire”, *El Correo Gallego*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2006, p. 65.

Infórmase da celebración do acto oficial en que se conmemora o Día das Letras Galegas de 2006, que este ano se dedica a Manuel Lugo Freire. O evento tivo lugar no Auditorio Museo Carlos Maside de Sada, vila natal do homenaxeado, e nel participaron Axeitos Agrelo, Neira Vilas, Ferro Ruibal e Xosé Ramón Barreiro, así como o presidente da Xunta de Galicia. Todos eles salientaron o labor de dignificación e normalización da lingua galega realizado por Lugo.

Editorial conxunto dos membros fundadores da AME, “Os medios en galego. Editando o soño de Lugo”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 17 maio 2006, p. 6.

Conéctase o labor e iniciativas de Lugo Freire a inicios do século XIX a prol da presenza da lingua galega nos medios de comunicación escritos, coa situación actual da lingua nestas esferas, que segundo se indica, segue a ser precaria e acusa unha falta de implicación e atención por parte do poder institucional. Destácanse algúns avances, como a existencia e consolidación do xornal *Galicia Hoxe*, do portal web Veiros e da revista *Tempos Novos*, e finalízase demandando unha nova política de apoio para os medios comprometidos co galego e co país.

EFE, “O neto de Lugo Freire ve nel a base do nacionalismo de hoxe”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 28 abril 2006, p. 67.

Informa sobre a próxima publicación do número correspondente a maio da revista *Raigame*, que será un monográfico dedicado a Manuel Lugo Freire. Na presentación do número interveu o neto do homenaxeado, Manuel Lugo Rodríguez, e Xosé Neira Vilas, que comentaron a traxectoria de Lugo Freire.

Estévez, José, “As letras galegas’ llegan a Ponte Sampaio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Ciudad”, 16 maio 2006, p. 11.

Ademais de aludir a diferentes actividades relacionadas co Día das Letras Galegas, infórmase que os alumnos do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Ponte Sampaio realizaron unha representación teatral titulada *A bolboreta mimosa*.

Fandiño, Carme, “Os mil camiños no tempo de Lugo”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 26.

Comeza explicando que os acontecementos como a celebración do Día das Letras Galegas posibilitan recuperar a obra de escritores esquecidos, como é o caso de Manuel Lugrís Freire este ano. Realiza un percorrido pola súa biografía e salienta que os primeiros poemas que escribiu estaban centrados na temática do celtismo e a mitoloxía. Posteriormente, o escritor pasa a publicar contos en que reflicte a situación social de Galicia e incita á loita polo cambio. Por último, nos anos da emigración, ademais de seguir publicando obras en verso, prosa e teatro, Lugrís iniciouse no xornalismo e fundou o semanario *A Gaita Gallega*, ademais de colaborar en *El Eco de Galicia*, *Galicia Moderna*, etc.

Feixó, Xosé, “Memoria do lingüista”, *La Opinión*, 18 maio 2006, p. 56.

Realiza un repaso por algunhas das gramáticas da lingua galega, escritas en castelán, publicadas no século XIX e principios do XX, e indícase que foi Manuel Lugrís Freire o primeiro en editar unha gramática da lingua galega en galego. Para a historia das gramáticas galegas recomenda o traballo que Fernández Salgado publicou na revista *Verba*, titulado “Os rudimentos da lingüística galega: un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)” e é neste artigo onde se estuda a *Gramática do Idioma Galego* de Lugrís Freire. Salienta que Lugrís empregou unha metodoloxía “histórica e comparativa, contrastando as obras con traballos contemporáneos e anteriores” e, finalmente, considera un acerto ter escollido este autor como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006.

Fontenla, Susi, “Música y juegos centran los festejos de la ‘IX Romaría das Letras Galegas’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo/Bueu”, 16 maio 2006, p. 17.

Detállanse os actos que levará a cabo a asociación O Progreso de Beluso na súa IX Romaría das Letras Galegas, co obxecto de festexar o 17 de maio.

Forján, Emilio, “Unha conferencia sobre Manuel Lugrís pechou a feira municipal do Libro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 31 maio 2006, p. L9.

Dá conta da clausura da feira do libro de Brión, celebrada baixo o lema “Abre un libro e descubre a emoción de ler”, que tivo como derradeiro acto unha conferencia sobre Lugrís Freire a cargo de Xabier Campos. A seguir, fai referencia ás actividades varias en torno á figura de Lugrís, para rematar informando da axenda de eventos para o mes de xuño.

Franco, Camilo, “Unha homenaxe sentimental”, *La Voz de Galicia*, “A festa da lingua”, 18 maio 2006, p. 47.

Informa de que, con motivo do seu centenario, a Real Academia Galega organizou un cortexo fúnebre polas rúas da Cidade Vella da Coruña para homenaxear os académicos que tiveron relación coa cidade. Indica que houbo nove puntos de parada e, neles, salientouse o primeiro mitin pronunciado en galego por Lugrís Freire.

Garay, Antonio, “La villa se une a la celebración del Día de las Letras Gallegas”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo. Cacabelos”, 17 maio 2006, p. 33.

Anúncianse os actos que terán lugar en Cacabelos, organizados por Xarmenta, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2006. Indícase que haberá unha exposición sobre Castelao, unha proxección de curtametraxes en galego e de *O soño dunha noite de San Xoán*, a actuación de Tanxarina Teatro e mais teatro en galego, a cargo do grupo berciano Vagalume.

Garay, Antonio, “La cultura gallega rinde homenaje al poeta Fernández Morales”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo. Sociedad”, 28 outubro 2006, p. 45.

Alúdese ao acto de presentación da Escola Fermín Penzol, que tivo lugar no cine Faba de Cacabelos e que contou coa presenza do poeta Anxo Angueira, quen afirmou que a RAG “está en disposición” de lle dedicar o Día das Letras Galegas ao berciano Antonio Fernández Morales.

Garay, Antonio, “Homenaje en el cementerio al poeta Fernández Morales”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo. Cacabelos”, 29 outubro 2006, p. 42.

Coméntase o acto da Escola Fermín Penzol, organizado pola Asociación Berciana da Lingua Xarmenta e mais pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, que tivo lugar no cemiterio de Cacabelos, onde se honrou a figura do escritor Antonio Fernández Morales, que é cualificado como “una de las figuras más importantes de la poesía del siglo XIX” en lingua galega.

García Márquez, Marta, “Os balcóns da cidade vella faloron en galego”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 18 maio 2006, p. 11.

Infórmase de que na Cidade Vella da Coruña se celebrou un cortexo cívico dende distintos balcóns da cultura, en que destacadas personalidades lembraron feitos e figuras importantes da cultura galega, entre elas, a figura de Lugrís Freire. As persoas que leron os seus discursos foron Cesáreo Sánchez, Ernesto Chao, Xosé Manuel Vega, Xesús Varela e Helena Villar.

García Márquez, Marta, “O legado dunha viaxe lenta e dura”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 13 decembro 2006, p. 14.

Infórmase de que a Asociación da Prensa da Coruña organiza, na Casa da Cultura Salvador de Madariaga, unha mostra homenaxe que aborda a figura de Lugrís Freire como xornalista. Coméntase que na mostra se realiza un percorrido pola vida e feitos do escritor sadense, a través da exposición de obxectos pertencentes á vida diaria de Lugrís, como un tinteiro ou a maleta que levou a América.

García, R., “A Coruña fala galego”, *La Opinión*, “Galicia”, 17 maio 2006, p. 13.

Dá conta do acto celebrado con motivo do Día das Letras Galegas na Fundación Luís Seoane da Coruña. Indica que o acto institucional comezou cun discurso do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen xustificou que a cidade está moi relacionada co desenvolvemento do idioma. Posteriormente, interveu o alcalde, Javier Losada, de quen se salienta o seu apoio á globalización das linguas; despois léronse poemas de Luís Seoane e houbo actuacións musicais.

García, Rodri, “O primeiro discurso político en galego volveu oírse en Betanzos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 outubro 2006, p. 44.

Aproximación ao acto organizado pola Real Academia Galega, en que se conmemorou o histórico discurso político que Lugo Freire pronunciou no ano 1907. No evento, en que participaron o vicepresidente da Xunta, a concelleira de Cultura e o alcalde de Betanzos, entre outros, foron varios os académicos que recuperaron as palabras de Lugo Freire: Ferro Ruibal, Olga Gallego ou Neira Vilas. Ao longo da noticia vanse reproducindo algúns dos fragmentos daquel discurso.

García-Nieto, Mercedes, “Día das Letras Galegas. A festa ven por partida dobre, a RAG cumpre cen anos e elixe Freire, un dos fundadores, como homenaxeado”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 14 maio 2006, p. 22.

Explica por que a Real Academia Galega escolleu a Manuel Lugo Freire como o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006: por un lado, porque contribuíu á defensa e promoción do idioma galego e, por outro, porque este é o ano do centenario da institución e Lugo Freire foi un dos seus fundadores. A continuación, destaca ao autor como un home polifacético que se dedicou ao xornalismo, á poesía, ao teatro, ao relato breve e aos estudos lingüísticos e dá conta da actividade máis salientábel de Lugo Freire, así como das obras que publicou.

García-Nieto, Mercedes, “Día das letras Galegas. Teatro, conferencias e concertos musicais son os favoritos das programacións desta edición”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 14 maio 2006, p. 23.

Dá conta dos diferentes actos que terán lugar en distintas vilas galegas para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006 e que serán, na súa maioría, representacións teatrais, conferencias e concertos. Comenta de xeito detallado as actividades previstas en Vilagarcía, Cambados, no concello de Meis, O Grove, Catoira e na zona que vai do Umia ao Barbanza.

Iglesias, Mar, “Xarmenta pide que el gallego llegue también a los colegios concertados”, *Bierzo* 7, n.º 1.124, “La comarca”, 11 maio 2006, p. 28.

Comézase afirmando que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta pide ás institucións un maior apoio ao galego do Bierzo. A continuación, coméntanse as actividades que esta asociación desenvolverá no Bierzo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2006, e entre elas destácase a exposición sobre Lugrís Freire “O compromiso coa terra”; unha conferencia didáctica sobre Lugrís, a cargo de Xabier Campos, na UNED de Ponferrada; a obra teatral *O anel máxico*; a proxección de *O soño dunha noite de san Xoán* na Obra Social de Caja España; a exposición “Castelao para nenos e nenas”; e a entrega dos I premios Xarmenta de Debuxo para escolares, en Cacabelos.

Iglesias, Mar, “El Bierzo celebra el Día de las Letras gallegas”, *Bierzo* 7, n.º 1.125, “La cultura”, 18 maio 2006, p. 19.

Dá conta das actividades que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta desenvolverá no Bierzo para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006. Infórmase de que na UNED terá lugar unha conferencia de Xabier Campos sobre Lugrís Freire e mais unha exposición, proxección de cine e representación teatral en Cacabelos. Asemade, infórmase de que Fala Ceibe tamén celebrará o Día das Letras Galegas cun acto en Ponferrada, que contará coa presenza de Alicia Fonteboa e Aquilino Poncelas.

Jaboís, Manuel, “Pontevedra lembra a Lugrís Freire”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 18 maio 2006, p. 60.

Infórmase de que na praza Curros Enríquez de Pontevedra a Asociación Sociocultural O Burgo elaborou unha alfombra floral coa cara de Manuel Lugrís Freire, para ofrecer a súa homenaxe ao escritor no Día das Letras Galegas. Detállanse outras actividades levadas a cabo e tamén se fai referencia ao acto institucional celebrado pola Real Academia Galega en Sada, onde Xosé Ramón Barreiro reclamou unha oficialidade plena para a lingua galega.

J.R.M., “Lugrís Freire, a análise nun simposio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 novembro 2006, p. 32.

Infórmase de que a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña vai realizar un simposio arredor da figura de Manuel Lugrís Freire. Coméntase que as xornadas contarán con destacados especialistas e que o grupo de teatro Casa Hamlet escenificará a obra de Lugrís, *Na outra banda da ponte*.

L.B., “Folclore no Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, 17 maio 2006, p. 72.

Informa das actividades que se levarán a cabo en Vilagarcía e a súa comarca para celebrar o Día das Letras Galegas.

L.F. / M.R., “Os nenos apúntanse á festa”, *La Región*, “Día das Letras Galegas 2006”, 17 maio 2006, p. 21.

Presentan unhas fotografías que reflicten as actividades que realizaron os alumnos de diferentes institutos de Ourense para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006.

López, Belén, “Libros viaxeiros e... churrasco”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 12 maio 2006, p. 76.

Informa de que un ano máis a Asociación Cultural A Revira vai organizar todas as actividades dedicadas a celebrar o Día das Letras Galegas. Refire os comentarios de dous organizadores, Elena Cabral e Alfonso Díaz, que dan conta dos actos previsto, como a presentación do libro de Martiño Montero-Santalla, *Oxalá voltassem tempos idos*, o espectáculo teatral de As Esmorganas e un recital poético, entre outras actividades relacionadas coa literatura.

Lorenzo, Iria, “María Mariño trabó amistad con Novoneyra en sus años en O Courel”, *El Progreso*, “Cultura”, 28 xullo 2006, p. 91.

Coméntase que María Mariño, escritora da Xeración do 36, nacida en Noia no 1907, será a homenaxeada no día Das Letras Galegas de 2007. Apúntase, ademais, que mantivo unha relación de amizade con Novoneyra en Parada do Courel, o que a impulsou a escribir a súa primeira obra, *Palabra no tempo*.

Loureiro, Ramón, “As Letras de Manuel Lugrís Freire”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “Día das letras galegas”, 10 maio 2006, p. 6.

Comeza por considerar moi acertada a decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas de 2006 á figura de Lugrís Freire, a quen cualifica de “grande orador, un poeta, narrador e dramaturgo que escribiu páxinas imprescindibles”. Deseguido, fai unha breve achega polos datos biográficos e literarios máis salientábeis da vida e obra do autor.

LR, “La literatura, la magia, el teatro y la música centran un programa cultural en Ribadavia”, *La Región*, “Provincia”, 4 maio 2006, p. 18.

Infórmase de que a Concellaría de Cultura de Ribadavia ten preparado un programa de actividades para celebrar distintas festividades, entre elas, o Día das Letras Galegas. Indica que haberá conferencias; que terá lugar a presentación da obra de Pepe Carreiro, *A princesa de Rivadavia*; e que se organizarán mesas redondas sobre Lugrís Freire, proxeccións, lecturas, etc.

Lugrís Freire, Manuel, “2006, ano de Manuel Lugrís Freire. O seu discurso no Seminario de Estudos Galegos foi unha declaración de intencións nacionalistas”, *A Nosa Terra*, nº 1.205, “Cultura”, 5-11 xaneiro 2006, pp. 24-25.

Reprodúcense dous fragmentos do discurso que Manuel LUGRÍS FREIRE pronunciou no seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos, o 20 de novembro de 1923 en Santiago de Compostela. En xeral o discurso versa sobre a figura de Eduardo Pondal.

Lugrís Freire, Manuel, “A nogueira”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de LUGRÍS FREIRE en A Nosa Terra”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 34.

Sección fixa deste semanario que reproduce un conto de LUGRÍS FREIRE, nesta ocasión o titulado “A nogueira”.

Lugrís Freire, Manuel, “Unha cantiga de Chané”, *A Nosa Terra*, nº 1.213, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de LUGRÍS FREIRE en A Nosa Terra”, 2-8 marzo 2006, p. 35.

Sección fixa deste semanario que reproduce un conto de LUGRÍS FREIRE, nesta ocasión o titulado “Unha cantiga de Chané”.

Lugrís Freire, Manuel, “A crus”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de LUGRÍS FREIRE en A Nosa Terra”, 9-15 marzo 2006, p. 34.

Sección fixa do semanario que reproduce un conto de LUGRÍS FREIRE, nesta ocasión o titulado “A crus”.

Lugrís Freire, M., “Defensa do galego”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 24.

Reprodúcese un anaco do discurso que pronunciou Manuel LUGRÍS FREIRE en Betanzos o 6 de outubro de 1907, nun mitin de Solidaridad Gallega.

Lugrís Freire, Manuel, “O primeiro é a mantenza”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de LUGRÍS FREIRE en A Nosa Terra”, 16-22 marzo 2006, p. 34.

Sección fixa deste semanario que reproduce un conto de LUGRÍS FREIRE, nesta ocasión o titulado “O primeiro é a mantenza”.

Lugrís Freire, Manuel, “Volve para outra”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de LUGRÍS FREIRE en A Nosa Terra”, 23-29 marzo 2006, p. 34.

Sección fixa do semanario que reproduce un conto de LUGRÍS FREIRE, nesta ocasión o titulado “Volve para outra”.

Lugrís Freire, Manuel, “Protestante!”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 34.

Sección fixa deste semanario que reproduce un conto de Lugrís Freire, nesta ocasión “Protestante!”.

Lugrís Freire, Manuel, “Unha aldraxe”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 6-19 abril 2006, p. 34.

Sección fixa que reproduce un conto de Lugrís Freire, nesta ocasión o titulado “Unha aldraxe”.

Lugrís Freire, Manuel, “A honradez”, *A Nosa Terra*, nº 1.219, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 20-26 abril 2006, p. 34.

Sección fixa que reproduce un conto de Lugrís Freire, nesta ocasión o titulado “A honradez”.

Lugrís Freire, Manuel, “A xustiza”, *A Nosa Terra*, nº 1.220, “Fin de semana”, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 27 abril-3 maio 2006, p. 34.

Sección fixa que reproduce un conto de Lugrís Freire, nesta ocasión o titulado “A xustiza”.

Lugrís Freire, Manuel, “O vimbio e mais o piñeiro”, *A Nosa Terra*, nº 1.221, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 4-10 maio 2006, p. 34.

Sección fixa que reproduce un conto de Lugrís Freire, nesta ocasión o titulado “O vimbio e mais o piñeiro”.

Lugrís Freire, Manuel, “O verbo”, *Diario de Arousa*, “Días das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 32.

Reprodúcese un conto de Lugrís Freire, tomado do seu libro de relatos *Contos de Asieumedre*, que foron editados na colección “O Moucho” baixo o título *A Carón do Lar*.

Lugrís Freire, Manuel, “Discurso no mitin de Solidaridad Gallega”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 30.

Reprodúcese un fragmento do discurso pronunciado por Lugrís Freire no mitin de Betanzos, o 6 de outubro de 1907. Nel realiza unha defensa da lingua galega, fala do porqué da emigración e critica aos caciques, ademais de chamar a todos os galegos a que se xunten, porque a unión fai a forza.

Lugrís Freire, Manuel, “Discurso pronunciado na sede da Irmandade da Fala da Coruña o 16 de marzo de 1923”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 34.

Reprodúcese o discurso que Lugrís Freire pronunciou na sede da Irmandade da Coruña o 16 de marzo de 1923, que versa sobre a xustiza, a liberdade dos homes, o recoñecemento dos dereitos e a defensa da lingua galega.

Lugrís Freire, Manuel, “Os dous avogados”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 18-24 maio 2006, p. 30.

Nesta sección reproducécese un relato da autoría de Manuel Lugrís Freire, a quen se dedica o Día das Letras Galegas de 2006.

Lugrís Freire, Manuel, “Boa menciña”, *A Nosa Terra*, nº 1.224, “Fin de semana”, 25-31 maio 2006, p. 34.

Reprodúcese o conto de Lugrís Freire “Boa menciña”.

Lugrís Freire, Manuel, “Bótelle terra!”, *A Nosa Terra*, nº 1.225, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 1-7 xuño 2006, p. 34.

Reprodúcese o relato breve "Bótelle terra!", de Manuel Lugrís Freire.

Lugrís Freire, Manuel, “Rectificación”, *A Nosa Terra*, nº 1.228, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 22-28 xuño 2006, p. 34.

Sección fixa en que se reproducen relatos breves de Manuel Lugrís Freire, nesta ocasión o titulado "Rectificación".

Lugrís Freire, Manuel, “A espada do fidalgo”, *A Nosa Terra*, nº 1.229, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 34.

Reprodúcese o conto "A espada do fidalgo", da autoría de Manuel Lugrís Freire.

Lugrís Freire, Manuel, “Lamáchegas”, *A Nosa Terra*, nº 1.230 “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 6-12 xullo 2006, p. 34.

Reprodúcese un relato breve do autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas en 2006.

Lugrís Freire, Manuel, “O carneiro”, *A Nosa Terra*, nº 1.231, “A carón do Lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 13-19 xullo 2006, p. 34.

Sección fixa en que se reproducen relatos de Lugrís Freire, nesta o ocasión o conto titulado "O carneiro".

Lugrís Freire, Manuel, “Os tres soldados”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “A Carón do Lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 20-26 xullo 2006, p. 34.

Reprodúcese o conto de Manuel Lugrís Freire “Os tres soldados”, nesta sección fixa do semanario que acolle relatos do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006.

Lugrís Freire, Manuel, “Tiña Razón!”, *A Nosa Terra*, nº 1.233, “A carón do Lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 27 xullo-2 agosto 2006, p. 34.

Reprodúcese un conto de Manuel Lugrís Freire dedicado a Xosé Posse.

Lugrís Freire, Manuel, “Leopoldiño!: ‘eu case sopro o lume”, *A Nosa Terra*, nº 1.234, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 7-13 setembro 2006, p. 34.

Reprodúcese un breve conto de Manuel Lugrís Freire titulado “Leopoldiño!: ‘eu case sopro o lume”.

Lugrís Freire, Manuel, “O labor do poeta”, *A Nosa Terra*, nº 1.235, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 14-20 setembro 2006, p. 34.

Sección que reproduce relatos de Lugrís Freire, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. Nesta ocasión, o texto reproducido é “O labor do poeta”.

Lugrís Freire, Manuel, “Esqueceuse!”, *A Nosa Terra*, nº 1.236, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 21-27 setembro 2006, p. 34.

Reprodúcese un relato breve de Manuel Lugrís Freire, que leva por título "Esqueceuse!".

Lugrís Freire, Manuel, “A Covadanca”, *A Nosa Terra*, nº 1.247, “A carón do lar. Contos de Lugrís Freire en A Nosa Terra”, 7-13 decembro 2006, p. 30.

Esta sección fixa reproduce contos de Lugrís Freire, autor a quen se lle adica o Día das Letras Galegas de 2006. Neste caso, o conto publicado é “A Covadanca”.

Mallo, Albino, “Cine para as letras galegas no CGAI”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 maio 2006, p. 37.

Refírese á programación do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), dentro da que está prevista a celebración dunhas sesións especiais con motivo do Día das Letras Galegas. Proxectaranse tres filmes baseados en obras literarias: *O lapis do carpinteiro*, dirixido por Antón Reixa e baseado na novela de Manuel Rivas; *Trece badaladas*, de Xavier Villaverde e baseado na obra homónima de Suso de Toro; e *O bosque animado*, de Miguel Gómez e Ángel de la Cruz, inspirado no libro de Wenceslao Fernández Florez.

MARÉ, “Por xustiza con ela e con todas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xullo 2006, p. 35.

Anúnciase que a Real Academia Galega decidiu homenaxear a María Mariño no Día das Letras Galegas de 2007 por tratarse dunha muller que, debido a circunstancias persoais, tivo difícil acceso á cultura, pero que a partir da súa chegada ao Courel e da amizade con autores como Novoneyra escribiu verbas desacougantes e insólitas que deixaron perplexos a autores da época.

MARÉ, “Lugrís, un acto de xustiza”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 febreiro 2006, p. 37.

Alúdese ás primeiras biografías de Manuel Lugrís Freire, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006, que ven a luz nese ano. Saliéntase a importancia dese escritor en distintos eidos, xa que foi o autor da primeira obra teatral escrita en prosa galega, foi unha figura clave na construción dun teatro nacional galego, o primeiro en empregar o galego nun discurso político, colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto, foi elixido presidente da Real Academia Galega, etc. A continuación, fai referencia a tres estudosos que publican biografías de Lugrís Freire: o primeiro é Xosé Manuel Fernández Costas, autor da obra *Manuel Lugrís Freire: A fe na causa*, quen salienta basicamente a firmeza ideolóxica de Manuel Lugrís; outra das obras é o dicionario que publicará tresCtres, da autoría de Xabier Campos, quen incluíu no libro unha biografía e unha selección de textos; por último, Ramón Nicolás realizou dous volumes sobre Lugrís Freire, un centrado na súa vida e obra, e outro, en versión reducida, adaptado para os escolares.

MARÉ, “Contra o caciquismo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 marzo 2006, p. 35.

Infórmase de que a Real Academia Galega xa está a organizar as homenaxes a Manuel Lugrís Freire e indícase que será a cidade de Betanzos a que acollerá diferentes actos. Entre eles, faise referencia á organización dunha mesa redonda en que participarán Manuel Lugrís Rodríguez, neto do homenaxeado, Xabier Campos e Rosario Álvarez. Tamén terá lugar unha representación teatral, unha exposición con textos manuscritos e publicacións de Lugrís e a publicación dun volume en que se incluírá o discurso político que Lugrís pronunciou en Betanzos en 1907. A continuación, coméntase o contido dese discurso, centrado na denuncia do caciquismo e no apoio ao asociacionismo agrario, e os efectos que tivo na cidadanía.

MARÉ, “Crónica de anécdotas e verdades”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 abril 2006, p. 37.

Faise referencia á data de nacemento de Manuel Lugo Freire, que segundo todas as biografías é o 12 de febreiro de 1863, pero que as investigacións de Francisco Pita Fernández dan como errónea, postulando no seu lugar a correspondente ao día once. De seguido, coméntase que a Real Academia Galega celebrará os actos de homenaxe en Betanzos e apúntase que unha das primeiras biografías de Lugo que saíron do prelo é a editada por Galaxia.

MARÉ, “Dun Druída a un Teatreiro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 abril 2006, p. 37.

Coméntase que a actividade máis orixinal para homenaxear a Manuel Lugo Freire no Día das Letras Galegas foi a xincana literaria “Xogando coas letras”, levada a cabo na Casa das Palabras de Vigo. A continuación, explícase que a xincana consistiu nunha sucesión de probas e enigmas sobre a vida e obra de Lugo e que estaba destinada a rapaces que deberon superar tres partes: unha primeira en que os participantes recibiron unhas instrucións sobre a vida e obra do escritor sadense, unha segunda proba en que interveu un equipo educativo para darlles pistas aos rapaces e, por último, un espectáculo.

MARÉ, “Maio: operación libros”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 maio 2006, p. 35.

Dáse conta do catálogo de novidades que publica a editorial Xerais para o mes de maio. As novidades que se salientan son a obra infantil de Isabel Freire, *Glub, o increíble peixe-bala*, e máis a de María Reimóndez, *Usha*, as dúas dentro da colección Merlín; na colección Fóra de Xogo, Agustín Fernández Paz publica *Corredores de Sombra* e, na sección de narrativa, aparecerá a reedición da obra de Carlos G. Reigosa, *Oxford, amén*. En relación ao Día das Letras Galegas, indícase que son dous os volumes que se publicarán, ambos da autoría de Ramón Nicolás: un dirixido aos nenos e outro sobre a biografía e obra de Lugo Freire, titulado *Manuel Lugo Freire. Vida e obra*.

MARÉ, “Todos conectados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 maio 2006, p. 35.

Infórmase de que a Consellaría de Innovación e Industria vai celebrar o mesmo día 17 de maio, o Día das Letras e mais o Día da Internet. Comenta que as novas tecnoloxías deben ser tomadas como un medio útil para difundir a lingua e a cultura e indica que na web aparecen as fotografías de Rosalía de Castro con auriculares, Castelao cun portátil e Lugo Freire cun móbil, para expresar que, se vivisen estes escritores, tamén farían uso das novas tecnoloxías.

MARÉ, “Versos para Manuel”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 maio 2006, p. 36.

Dáse conta dos actos que se celebrarán os días previos ao Día das Letras Galegas en distintos lugares de Galicia e no exterior. Coméntase que o Pen Clube celebrou o acto “A voz dos poetas”; o Consello da Cultura Galega presentou a edición facsímile da obra de Lugo Freire

Gramática do Idioma Galego; e a Consellaría de Cultura está a programar os actos do Día das Letras no exterior: en Bos Aires, Tréveris e no Bierzo.

MARÉ, “Seivane e La Leche, na Fundación Seoane”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 maio 2006, p. 36.

Infórmase de que a gaitreira Susana Seivane e mais o grupo La Leche van realizar unha actuación na Fundación Luís Seoane da Coruña para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006.

MARÉ, “Lugrís volverá de novo á súa casa”, *Galicia Hoxe*, “Un pobo, unha fala”, 16 maio 2006, p. 44.

Infórmase de que o 17 de maio, Día das Letras Galegas, a Real Academia Galega ten organizado un acto institucional no Auditorio do Museo Carlos Maside en Sada, para homenaxear a Manuel Lugrís Freire. Os académicos que intervirán na sesión plenaria, segundo se indica, son Xosé Ramón Barreiro, Xosé Luís Axeitos, Xosé Neira Vilas e Xesús Ferro Ruibal. A continuación, infórmase de que o día anterior, o 16, en Padrón, tamén realizarán unha homenaxe na Casa Museo Rosalía de Castro.

MARÉ, “Lectorados do galego”, *Galicia Hoxe*, “Un pobo, unha fala”, 16 maio 2006, p. 45.

Infórmase de que as actividades organizadas para celebrar o Día das Letras Galegas non se levarán a cabo só en Galicia, senón que outras comunidades tamén realizarán conferencias, exposicións ou actos conmemorativos en homenaxe a Manuel Lugrís Freire, a través dos lectorados galegos. Indícase que haberá actos na Universidade Complutense de Madrid, na Universidade Autónoma de Barcelona, en Cáceres e Murcia, así como tamén nas cidades portuguesas de Lisboa, Braga e no Algarve.

MARÉ, “As segundas mil primaveras”, *Galicia Hoxe*, “Un pobo, unha fala”, 18 maio 2006, p. 34.

Descríbese o desenvolvemento do acto oficial que a Real Academia Galega celebrou no auditorio do Museo Carlos Maside en Sada, no Día das Letras Galegas. Saliéntanse as verbas do presidente da RAE, Xosé Ramón Barreiro, quen reclamou para o galego unha oficialidade plena e sen reservas, incluíndo o deber de coñecelo. Así mesmo, faise unha nómina dos académicos que acudiron á cita e destácase o traballo de Lugrís Freire como defensor da lingua. Finalmente, coméntase a temática dos discursos de Xosé Luís Axeitos, de Xosé Neira Vilas e de Xesús Ferro Ruibal.

MARÉ, “A lingua para os falantes”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 outubro 2006, p. 35.

Alúdese ao acto que a RAG levou a cabo na Casa do Concello de Betanzos para conmemorar o primeiro discurso político en galego, pronunciado por Lugo Freire no ano 1907, nun acto do sindicato Solidaridad Gallega. A esta homenaxe, onde o discurso será novamente lido por membros da Real Academia Galega, asistirán o presidente da Academia, Xosé Ramón Barreiro, e a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo. A nova conclúe coa relación dos actos programados e reproducense, ademais, algunhas das palabras que Lugo Freire pronunciou naquel momento.

Matamoros, Jose, “Una visión gallega de Granell”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 10 marzo 2006, p. 15.

Entre outras cuestións, salientase a organización dun maratón de lectura sobre a figura de Manuel Lugo Freire, organizado pola Fundación Eugenio Granell.

Matamoros, Jose, “Una visión gallega de Granell”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 marzo 2006, p. 15.

Noméanse distintos actos que tiveron ou terán lugar en Santiago de Compostela. Cítase, vinculada á literatura galega, unha maratón de lectura dedicada a Manuel Lugo Freire, coa efeméride das Letras Galegas.

Matamoros, Jose, “El ejercicio académico da sus últimos esfuerzos”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 19 maio 2006, p. L15.

Fai referencia á presentación dun libro sobre Lugo Freire, que tivo lugar no Salón Nobre do Colexio de Fonseca. Informa de que o acto estivo coordinado polos profesores Anxo Tarrío e Antón Santamaría, e presidido por Senén Barro.

Mayoral, Montse, “Lugo e o Jofre, unha relación decisiva para o teatro galego”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 7 maio 2006, p. 17.

Comeza salientando o labor de Manuel Lugo Freire como primeiro escritor que creou teatro galego en prosa e indica que algunhas historias estaban relacionadas con Ferrol e co teatro Jofre. A través da mirada de Laura Tato, lembra a primeira vez que se representou a obra *A Ponte*, de Lugo Freire, no teatro Jofre e o éxito que alcanzou. Comenta que ao ano seguinte se volveu representar esa obra e tamén *Minia* e, a continuación, explica que o teatro de Lugo Freire é de carácter social, de denuncia. A seguir, fai referencia aos éxitos que Lugo Freire conseguiu co seu teatro, como a creación da primeira Escola Dramática Galega, novas representacións como a de *O Pazo*, e a tradución das súas obras ao castelán. En columna á parte, fai referencia ao labor político de Lugo Freire.

M.M., “Catro de cada dez librerías de Santiago prevén abrir hoxe”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 17 maio 2006, p. 8.

Comenta que dez librarías de Santiago de Compostela abrirán as súas portas o día 17 de maio, malia se tratar dunha xornada oficialmente festiva, porque consideran que é probábel que as vendas sexan notábeis. Por outra banda, recóllense as opinións de libreiros que pechan as súas librarías por estimar que as vendas nesa xornada serán escasas.

M.R., “60 artesáns e 20 grupos folclóricos”, *La Región*, 17 maio 2006, p. 22.

Detállase o programa completo das actividades que se realizarán en Vilanova dos Infantes para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006.

Monje, Natalia, “O momento é agora: un manifesto para rescatar o xornalismo futuro”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 27.

Comeza o artigo aludindo aos escasos coñecementos que ten a xente sobre o labor e a función da Real Academia Galega e, especialmente, sobre os seus académicos. Comenta que no mundo da información en que vivimos os reporteiros non ofrecen unha boa información e que, despois de cen anos, non se construíu en Galicia un verdadeiro xornalismo en galego. Salienta o labor realizado a principios do século XX por persoas como Lugo Freire e indica que se debe tomar como modelo para crear un xornalismo de calidade. Ademais, comenta que o feito de que a RAE escollese a este escritor para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas, revela que se lle está recoñecendo á prensa un forte poder cultural.

Montero, Iris, “Una celebración entre las vallas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña ciudad”, 17 maio 2006, p. 9.

Dá conta do modo en que se desenvolveu o acto institucional que tivo lugar na Fundación Luís Seoane da Coruña para conmemorar o Día das Letras Galegas de 2006. Fai unha nómina dos asistentes, entre os que se atopaban membros dos distintos partidos políticos, e critica que a presenza de intelectuais fose moi reducida.

Mosquera, Marcos, “O Concello volve organizar actos para celebrar o Día das Letras Galegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 20 abril 2006, p. 13.

Informa de que o Concello da Coruña vai organizar unha serie de actos para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006, despois de moitos anos sen celebracións. Recóllense as palabras do alcalde, Javier Losada, quen afirma que queren realizar a festa da literatura galega o día 16, mediante un acto que terá lugar na Fundación Luís Seoane e en que o alcalde pronunciará un discurso, haberá unha lectura de poemas de Luís Seoane e terá lugar a actuación de grupos de música tradicional galega. Así mesmo, tamén se indica que Losada visitou oficialmente a Real Academia Galega e convidou os seus integrantes á celebración do Día das Letras.

Neira Vilas, Xosé, “A sombra na distancia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 maio 2006, p. 37.

Dá conta do coñecemento que existía sobre Manuel Lugrís Freire na Arxentina e fundaméntao en diferentes datos: o feito de que nun recital poético organizado por Blanco Amor se lese o poema de Lugrís “A un gaitero”; a representación que Blanco Amor levou a cabo da obra de Lugrís *Estadeíña*; ou o feito de que tamén Lito López lese contos de Asieumedre. A continuación, comenta que na biblioteca do Centro Galego tamén se falaba de Lugrís Freire, a quen mentaban especialmente Lois Ares e Ramón Suárez Picallo.

Pereiro, X.M., “Galicia celebra el Día das Letras entre la fiesta y la reivindicación del idioma”, *El País*, “Cultura”, 18 maio 2006, p. 49.

Informa da celebración do Día das Letras Galegas de 2006, en que se reivindica o idioma galego e se homenaxea a un autor, neste caso Manuel Lugrís Freire. A continuación, recolle as verbas de Emilio Pérez Touriño e Xosé Ramón Barreiro, que participaron no acto organizado en Sada pola Real Academia Galega e, finalmente, achega algúns datos sobre a biografía de Lugrís Freire.

Pinacho, Antonio, “Redondela rinde homenaxe a Lugrís Freire e á lingua galega”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 17 maio 2006, p. 18.

Alúdese á celebración do acto institucional do Día das Letras Galegas no Concello de Redondela. Indícase que a corporación municipal rendeu unha homenaxe ás figuras dos escritores e galeguistas Lugrís Freire e Castelao. Por outra banda, tamén se informa da presentación das obras literarias de Xosé A. Xesteira e Sechu Sende.

Pino, Concha, “María Mariño será homenaxeada no Día das Letras Galegas do vindeiro ano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 8 xullo 2006, p. 28.

Di que María Mariño será a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2007. Nacida en Noia no 1907, a poeta viviu na emigración até que se instalou en Parada do Courel, onde coñeceu a grandes autores como Novoneyra, que a inspiraron na vida cultural. Apúntase que morreu en 1967, converténdose con dous poemarios na terceira muller homenaxeada neste día.

Porto, G., “La Feria del Libro Gallego de Tui traslada a la Corredera”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 16 maio 2006, p. 20.

Dáse conta da celebración da IX edición da Feira do Libro Galego de Tui e infórmase do cambio de emprazamento desta, ao ser trasladada ao paseo da Corredera. Infórmase do horario da feira e das diferentes actividades que se levarán a cabo.

Quian, Alberto, “Unha lingua sen prexuízos”, *La Opinión*, “Cultura”, 18 maio 2006, p. 45.

Recóllense as opinións de diversos persoeiros sobre o futuro da lingua galega, entre eles, Méndez Ferrín, Bieito Ledo, Alonso Montero, Ramón Nicolás, Xosé Enrique Costas e Manuel Bragado.

R.G., “Os veciños da Cidade Vella saen á rúa para homenaxear a Manuel Lugrís”, *La Opinión*, “Galicia”, 17 maio 2006, p. 12.

Faise referencia ao itinerario que seguirá o cortexo cívico polas rúas da Cidade Vella da Coruña, que presenta nove paradas en que se pretende homenaxear a algúns dos académicos da Real Academia Galega.

Rabuñal, Henrique, “Lugrís, Lugrís Lugrís”, *Diario de Arousa*, “Día das letras galegas”, 17 maio 2006, p. 32.

Salienta a importancia do labor realizado por Manuel Lugrís Freire ao longo de toda a súa vida, tanto a través da literatura como da acción política. Dá conta das diferentes institucións de que formou parte ou creou, así como dalgunhas das súas obras máis coñecidas, e salienta que, xa hai algúns anos, realizáronse dúas homenaxes na súa memoria: unha no centenario da Escola de Declamación, e outra no cincuenta aniversario do seu pasamento, organizada por O Facho. Finalmente, indica que a mellor maneira de homenaxear a Lugrís é empregando en todos os ámbitos a lingua galega, que el tanto defendeu.

Rabuñal, Henrique, “Manuel Lugrís Freire na Galiza contemporánea”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “*O foro das ideas e das artes*”, nº 10, 18-24 maio 2006, p. 1.

Henrique Rabuñal destaca, neste artigo dedicado a Lugrís Freire, a importancia do escritor sadense na literatura e cultura galegas. Sinala que Lugrís Freire dedicou a maior parte da súa vida a defender Galicia e os ideais galeguistas. Salienta o seu labor na emigración en Cuba, na defensa da cultura galega. Como home de teatro, destaca tamén Rabuñal o inxente papel que levou a cabo Lugrís Freire á fronte da Escola de Declamación Galega e do Seminario de Estudos Galegos. Tampouco se esquece do seu traballo no ámbito sociopolítico: colaborou na fundación da primeira Irmandade da Fala, foi presidente da Real Academia Galega, outórgaselle o primeiro carné do Partido Galeguista... Con todo, Rabuñal tamén alude á faceta literaria do escritor sadense, dentro da que se encadran o seu labor como dramaturgo, poeta, escritor de relatos, etc.

Ramos, J.M., “Teatro, música y charlas animarán la fiesta de las letras en Costa da Morte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 maio 2006, p. 42.

Dáse conta da programación que se levará a cabo na Costa da Morte para celebrar o Día das Letras Galegas de 2006. Especificanse as actividades previstas en cada vila, entre as que destacan as representacións teatrais de grupos como Tracatrín, Fulano, Mengano e Citano, Teatro Buratini, a sesión de contacontos de Trinke Trinke, diferentes exposicións e unha proxección sobre a vida e obra de Lugrís Freire.

Relova Quinteiro, Roberto, “Bando do Día das Letras Galegas 2006. Sobre o mar, as músicas e as palabras”, *El Correo Gallego*, “Publicidad”, 17 maio 2006, p. 11.

Comeza aludindo á lenda de Tristán e Isolda, relacionada coas viaxes a través da paixón amorosa, e indica que a paixón de LUGRÍS FREIRE na súa viaxe a Cuba foi a lingua galega. Defende os dereitos humanos dos emigrantes e destaca as asociacións creadas na Habana, como “Solidariedad Pontevedresa”, o Centro Gallego, ou “Hijas de Galicia”. Tamén menciona que LUGRÍS FREIRE foi o creador do primeiro xornal americano escrito en galego, *A Gaita Gallega*. Finalmente, proclama a defensa da lingua galega e a importancia dos compositores do país.

Rivero, Marta, “Cen anos de mil primaveras”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “El Sábado”, nº 479/ “Cultura”, 23/24 setembro 2006, p. 1/69.

Alúdese ao centenario da Real Academia Galega, que se celebra en 2006. Con motivo desta efeméride, realízase un percorrido pola historia da institución, repasando os primeiros intentos de constituíla, a súa febleza inicial, as vicisitudes da etapa da Guerra Civil, os sucesivos presidentes, etc., até chegar á etapa actual. En espazo á parte, faise referencia ao Día das Letras Galegas, nomeando os promotores da iniciativa e explicando como se consolidou a celebración desta data.

Rodríguez, Ana, “Polos camiños da lingua”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 maio 2006, p. 8.

Describe de xeito pormenorizado cada unha das paradas que realizou o cortexo cívico dos veciños da Cidade Vella da Coruña o Día das Letras Galegas. Neste acto participaron, entre outros, Francisco Fernández del Riego (a través de son telefónico), García Braña, Cesáreo Sánchez Iglesias, Ernesto Chao, quen referiu o discurso pronunciado por LUGRÍS FREIRE en Betanzos, Xosé Manuel Vega, Xesús Varela Fraga e Helena Villar. Tamén houbo homenaxe musical e poética.

S.J., “Defenden que LUGRÍS FREIRE representou a Galicia no paso do século XIX ao XX”, *El Progreso*, “Cultura”, 4 maio 2006, p. 91.

Recóllense as palabras de Ramón Nicolás respecto a Manuel LUGRÍS FREIRE, a quen destacou como un home que representou a Galicia no paso do século XIX ao XX, dende o punto de vista político e social. Por último, pon de relevo a necesidade de publicar os ensaios filolóxicos e políticos de LUGRÍS.

S.T., “A lingua correu pola cidade”, *La Región*, “Ourense”, 17 maio 2006, p. 10.

Dá conta dos actos que se celebraron na cidade de Ourense e no Carballiño para celebrar o Día das Letras Galegas. Comenta que a Deputación de Ourense inaugurou unha exposición

titulada “Hórreos. Conservación” e de que a Asociación Amencer realizou dúas exposicións con paneis de fotografías, debuxos e textos que lembran a biografía e obra de Lugo Freire.

Silveira, E., “A Academia pide que se estableza o deber de coñecer a lingua galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 18 maio 2006, p. 46.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas de 2006 en homenaxe a Manuel Lugo Freire, a Real Academia Galega festexou o seu centenario e proclamou a defensa da lingua galega e o seu recoñecemento como unha lingua con oficialidade plena.

T. P., “El deber de conocer la lengua gallega”, *Diario de Arousa/El Ideal Gallego*, “Galicia”/ “Cultura/Gente/Servicios”, 18 maio 2006, p. 25/10.

Coméntase que no acto institucional do Día das Letras Galegas celebrado en Sada, o presidente de Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, aproveitou a ocasión para confirmar que a Academia vai solicitar ao Parlamento que se incorpore no Estatuto o recoñecemento da institución en todas as cuestións de norma lingüística e a dotación de máis recursos. A continuación, coméntase o importante labor que realizou Manuel Lugo Freire en defensa do idioma galego e faise unha nómina dos participantes no acto, onde ademais do presidente da RAG, interviñeron o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, Xosé Luís Axeitos, Xosé Neira Vilas e Xesús Ferro.

Taladrid, A., “Letras galegas todo o ano”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 maio 2006, p. 48.

Dá conta de todas as actividades que organiza a Concellaría de Cultura e Deporte de Ames, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. As actividades relacionadas coa literatura galega son a convocatoria do III Certame Literario Concello de Ames, con apartados de narrativa e poesía, e mais a realización de obradoiros como o de teatro, en que os alumnos fan representacións unha vez ao mes.

Torre, Sonia, “Raigame lembra a Lugo Freire”, *La Región*, “Cultura”, 28 abril 2006, p. 83.

Informa de que o novo número da revista *Raigame*, publicada polo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, está dedicado a Manuel Lugo Freire, escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Indica que no acto de presentación da revista estiveron presentes o neto de Lugo Freire e Neira Vilas, que falan do escritor. Así mesmo, infórmase de que haberá un ciclo de conferencias sobre o autor.

Torre, Sonia, “Lugo Freire volve a crear escola”, *La Región*, “Ourense”, 16 maio 2006, p. 8.

Informa das actividades que se levarán a cabo para festexar o Día das Letras Galegas en Ourense. Comenta que os colexios organizaron actividades como a lectura de poemas e que a Asociación Amencer realizou dúas exposicións didácticas, concursos e unha campaña titulada

“Fala Galego, é natural”. Entre as actividades con máis concorrència atópanse as representacións teatrais, os concertos, recitais poéticos, etc.

Torre, Sonia, “Letra e música para Lugo”, *La Región*, “Ourense”, 18 maio 2006, p. 11.

Indica cales foron as actividades que se levaron a cabo en Ourense o 17 de maio. Comenta que foron entregados seis libros en galego ás asociacións veciñais, que houbo concertos de música e que o grupo de teatro da terceira idade representou dúas obras: “A visita do señor inspector” e “Si, eu tamén quero”.

Torres Regueiro, Xesús, “Lugo e Solidaridad Gallega”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “O foro das ideas e das artes”, nº 10, 18-24 maio 2006, p. 2-3.

Salienta a activa participación de Manuel Lugo Freire en Solidaridad Gallega. Destaca a presenza do escritor sadense na maioría dos mitins celebrados na comarca de Betanzos e os seus arredores: Lubre, Oza, Cabanas e Pontedeume. Alude tamén á súa obra, *Contos de Asieumedre*, cualificándoa de texto con clara intención solidaria e pedagóxica, e apunta que probablemente foi repartida nos devanditos mitins. Xesús Torres repasa a acollida que tiveron estes mitins, a que Lugo era asiduo, na prensa da época, e particularmente no semanario betanceiro *La Defensa*. Por último, sinala a condición masónica de Lugo Freire, que pertencía á loxia coruñesa Suevia número catro (co nome simbólico de Servet).

Valcárcel, Marcos e Afonso Vázquez-Monxardín, “Un dos fundadores do teatro galego moderno. Manuel Lugo Freire: unha vida en fotos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 maio 2006, p. 75.

Repasa brevemente a traxectoria literaria de Lugo entre os anos 1901 e 1903. Refírese á publicación de *Noitebras*, en 1901, á fundación da Escola Rexional de Declamación e á estrea do seu drama *A ponte*, no Teatro Principal da Coruña.

Valcárcel, Marcos e Afonso Vázquez-Monxardín, “Lugo en Carral (1931). Manuel Lugo Freire: unha vida en fotos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 maio 2006, p. 75.

Describe a foto que reflicte un mitin en homenaxe aos Mártires de Carral, celebrado en 1931, e en que, segundo se apunta, falou Lugo Freire. Recordamos ademais que este acto foi o primeiro despois do celebrado polas Irmandades da Fala en 1917.

Valcárcel, Marcos e Afonso Vázquez-Monxardín, “Na homenaxe a Castelao en 1932. Manuel Lugo Freire: unha vida en fotos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 maio 2006, p. 74.

Describe unha fotografía que reflicte a participación de Lugo Freire na homenaxe a Castelao. O autor aparece de pé, ao lado da bandeira das Irmandades da Fala. Menciona ademais outros intelectuais da época que aparecen na foto: Ramón Villar Ponte, Francisco Fernández del

Riego, Antón Villar Ponte, Plácido Castro, Otero Pedrayo, Manuel Beiras, Alexandre Bóveda, entre outros.

Valcárcel, Marcos e Afonso Vázquez-Monxardín, “Inauguración do monumento a Curros. 11 de Agosto de 1934. Manuel Lugo Freire: unha vida en fotos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 14 maio 2006, p. 74.

Alude a unha fotografía que recolle o acto popular en homenaxe a Curros, en que intervén Lugo. Menciona no texto a amizade entre ambos os dous escritores, así como a participación de Lugo como orador nas exequias fúnebres de Curros.

Valcárcel, Marcos e Afonso Vázquez-Monxardín, “Votación do Estatuto. 1936. Manuel Lugo Freire: unha vida en fotos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 15 maio 2006, p. 67.

O texto describe a votación do Estatuto en 1936, que constituíu o derradeiro acto da intensa vida política de Lugo. Menciona ademais a actividade política do autor, salientando a fundación das Irmandades da Fala ou a participación na organización do Partido Galeguista.

Vázquez Souza, Ernesto, “Sobre a morte de Lugo”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, “Fin de Semana”, 23-29 marzo 2006, p. 35.

Relata un episodio descoñecido en relación á morte de Manuel Lugo Freire, que tivo lugar o 15 de febreiro de 1940. Salienta as penurias que pasou a familia de Lugo, muller e fillos, que foron, en xeral, as de calquera familia de republicanos, debido á actuación da Igrexa católica contra os republicanos e ateos.

Vázquez Souza, Ernesto, “Manuel Casás, unha vida no turbillón”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “O foro das ideas e das artes”, nº 10, 18-24 maio 2006, p. 5, 6.

O artigo céntrase na figura de Manuel Casás, alcade da Coruña en dous períodos diferentes: 1916-1917 e 1925-1927. Ernesto Vázquez Souza fala do labor levado a cabo por este político durante os seus mandatos, así como da súa actividade xornalística e cultural. Destaca tamén que el foi o encargado de substituír no cargo da presidencia da Real Academia Galega, tras o levantamento militar de 1936, ao presidente lexítimo, Manuel Lugo Freire.

Vázquez, Diego, “Mos festexará as Letras Galegas cun acto popular en Guizán”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, 10 maio 2006, p. 17.

Infórmase de que o Concello de Mos celebrará unha festa para fomentar o coñecemento da cultura galega a través de distintas actividades que se levarán a cabo o Día das Letras Galegas. Entre elas, menciónase a exposición de libros, que se centrará basicamente na figura de Lugo Freire.

Villar, Carmen, “Sinxelamente unha xornada festiva?”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad y Cultura” / “Cultura”, 17 maio 2006, p. 43/46.

Refire os comentarios de once universitarios galegos, de distintas carreiras, sobre o Día das Letras Galegas. Eles afirman que a maioría dos estudantes descoñecen a quen se lle dedica esta data ou por que se trata dun día festivo.

VV. AA., “17 maio. Día das Letras Galegas. Manuel Lugrís Freire”, *El Correo Gallego*, 17 maio 2006.

Suplemento monográfico dedicado ao Día das Letras Galegas e á figura de Lugrís Freire. A seguir, descríbese cada un dos artigos que o compoñen:

- Emilio Pérez Touriño, “Manuel Lugrís Freire ou o compromiso coa nosa lingua”, p. 14.

Emilio Pérez Touriño loa a Lugrís Freire e cualifícao como unha figura que “simboliza o compromiso permanente coa defensa do noso idioma”. Recorda a súa actividade literaria e política como membro fundador da RAG, impulsor das Irmandades da Fala e fundador do primeiro xornal integramente en galego na emigración. Fala do Lugrís da emigración e do Lugrís de volta en Galicia. Céntrase na súa importancia dentro da dramaturxia galega previa á Guerra Civil e remata facendo fincapé no compromiso e lealdade deste autor cara a defensa e recuperación do idioma galego.

- Anxo Quintana, “Lugrís, memoria, presente e, sobre todo, futuro”, p. 15.

Comeza expoñendo o que entende que debe ser o Día das Letras Galegas, que na súa opinión debería estenderse a toda a nosa axenda: escola, traballo, rúa, campo, mar...A continuación, céntrase na figura a que este ano se lle dedica a data, Manuel Lugrís Freire, e fala del como exemplo dunha xeración de intelectuais que deu “combate cívico” a favor do noso país.

- Marisol López, “Lugrís Freire, un espello no que se mirar”, p. 16

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou Lugrís Freire e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

- Ánxela Bugallo, “O vello Lugrís e a nova cultura galega”, p. 18.

Lembra o momento en que Manuel Lugrís Freire deposita o seu voto a favor da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e afirma que, tras o golpe de estado que veu despois, Lugrís envelleceu de golpe segundo as testemuñas, que confirman o seu esmorecemento. Ánxela Bugallo indica que este é o ano da homenaxe a Manuel Lugrís Freire a través do Día das Letras Galegas, pero tamén é o centenario da Real Academia Galega e máis o setenta aniversario do comezo da represión en Galicia; por este motivo, a Xunta de Galicia considerou o ano 2006 como o Ano da Memoria. Finalmente, volve facer referencia a outro momento da vida de Lugrís, neste caso o da súa intervención na homenaxe a Murguía.

VV. AA., “Manuel Lugrís a xoia máis querida”, *Galicia Hoxe*, 11 maio 2006.

Número monográfico dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos traballos contidos nel:

- Ramón Nicolás, “Versos de Lugrís”, pp. 4-5.

Ramón Nicolás comenta as liñas esenciais que dominan a produción poética de Lugrís Freire, contida en cinco libros: *Soidades* (1894), *Noitebras* (1901), *Versos de loita* (1919), *Ardencias* (1927) e *As mariñas de Sada* (1928). Explica que moitos poemas aparecen repetidos ou xa foran publicados con anterioridade aos volumes, e neles defende o proceso de rexeneración de Galicia, salienta a raza celta dos galegos, a necesidade de defender e espallar a lingua, etc.

- Xosé Neira Vilas, “O emigrante”, pp. 6-7.

Fai referencia a Lugrís Freire como emigrante que chegou a Cuba con vinte anos e mostrou a súa vitalidade dende o principio, xa que, ademais de gañarse a vida, atendeu á súa formación cultural, á militancia galeguista e á inserción no mundo galego-cubano. Comenta cal era a situación de Cuba no ano 1883 e salienta a participación de Lugrís nas publicacións periódicas *El Eco de Galicia* e *Galicia Moderna*. Posteriormente, explica que fundou a sociedade Aires da Miña Terra, o xornal *A gaita gallega*, e que organizou unha homenaxe a Curros Enríquez. Explica que foi en Cuba onde naceu o Lugrís poeta e narrador, dado que alí publicou o poemario *Soidades* e o relato *O penedo do crime*, e tamén naceu o xornalista e dramaturgo, coa peza teatral *A costureira da aldea*. En 1896 regresou a Galicia.

- Xavier Campos Villar, “Narrativa e ideoloxía”, pp. 8-10.

Salienta a etapa máis produtiva de Manuel Lugrís Freire en canto á súa creación literaria e tamén á participación en diferentes asociacións e institucións para, a continuación, realizar un estudo sobre a súa narrativa breve e, concretamente, sobre o conxunto de relatos titulado *Contos de Asieumedre*. Indica que se publicaron entre 1907-1908 nas páxinas do xornal *A Nosa Terra* e que aparecían asinados co pseudónimo “Asieumedre”. A primeira edición data de 1908 e inclúe oito relatos. Explica que o contido destes contos versa sobre a liberdade do pobo galego, a defensa da solidariedade e a superación das inxustizas. A continuación, reproduce un fragmento do conto “O primeiro sangue”. Finalmente, conclúe afirmando que a narrativa breve de Lugrís “estivo ao servizo do seu ideario político e serviu para adoutrinar ao pobo”.

- Francisco Pillado / A. Rodríguez / S. Noia, “O home do escravo branco”, pp. 11-15.

Reprodúcese unha entrevista a Francisco Pillado, que foi un dos primeiros biógrafos e estudosos de Lugrís Freire. Nela fai un percorrido pola vida do escritor e salienta os padecementos dos emigrantes galegos no século XIX. Comeza explicando cales foron os seus primeiros contactos coa obra de Lugrís, concretamente co teatro, que tiña unha finalidade propagandística, e describe a situación de Cuba cando Lugrís chegou a ela, aclarando que os galegos eran considerados os escravos brancos. Tamén comenta que Lugrís leu diante dos

seus compatriotas algúns poemas de exaltación da condición de galegos, que foron recollidos no seu libro *Soidades*. A continuación, informa sobre as filiacións de LUGRÍS FREIRE á masonería, á Liga Gallega, ás Irmandades da Fala, ao Seminario de Estudos Galegos, etc. e comenta que a súa morte aconteceu en circunstancias nefastas. Posteriormente, explica que a súa obra dramática é de maior interese có resto da produción, xa que ten obras como *A Ponte*, de importancia popular e revolucionaria, que utilizou para divulgar o ideario rexionalista. Así mesmo, fai referencia á creación da Escola de Declamación, que tivo poucos anos de vida, da que LUGRÍS chegou a ser presidente e onde se representaron catro obras súas. Finalmente, comenta o argumento de *A Ponte* e dá conta da acollida que tivo entre o público do momento.

- Brais Fernández Álvarez, “Asieumedre, L. U. Gris, K. Ñoto...”, pp. 16-18.

Comeza o artigo cunha serie de preguntas retóricas sobre Manuel LUGRÍS FREIRE e os actos que levou a cabo como impulsor do noso país. A seguir, narra a súa viaxe a Cuba e o labor que alí desenvolveu, así como o seu regreso e as actividades que realizou en Galicia, e achega algúns poemas que describen certas etapas vitais de LUGRÍS. A continuación, céntrase no tema básico da obra de LUGRÍS, os caciques, e comenta a obra teatral *A Ponte*, reproducindo dúas escenas dos actos I e II. Tamén recolle parte do discurso que LUGRÍS pronunciou en Betanzos en 1907 e, finalmente, achega un fragmento de LUGRÍS publicado n’*A Nosa Terra* en 1931, en que afirmaba que a Galicia lle chegara o momento de cambiar e desenvolverse.

- Manuel LUGRÍS, “A liberdade. O lobo e mail-o can”, p. 19.

Reprodúcese un conto escrito por Manuel LUGRÍS que recrea unha fábula de Lafontaine sobre a orixe do can. LUGRÍS emprega a técnica do pergamiño atopado en que se explica que o lobo e mais o can eran unha mesma familia, pero que un día baixaron a unha vila e así dexeneráronse. Pasados os anos, un can decide ir ao monte e atópase cun lobo esfameado, entón explícalle como é mellor someterse aos humanos e vivir a conta deles, pero o lobo non acepta perder a súa liberdade. Deste xeito tería nacido a diferenza entre as dúas castas.

VV. AA., “Manuel LUGRÍS FREIRE. O compromiso”, *La Voz de Galicia*, 11 maio 2006.

Número monográfico dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos traballos contidos nel:

- Xabier Campos Villar, “Un exemplo de compromiso co galego e con Galicia”, pp. 2-3.

Comeza comentando a decisión da Real Academia Galega de escoller a LUGRÍS FREIRE como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006, feito que fai xustiza a LUGRÍS por dedicar a súa vida e obra á normalización da lingua e ao engrandecemento do país. Realiza un percorrido pola biografía do autor: comenta os anos de xuventude e cando escribiu os primeiros versos; logo fai referencia á etapa que pasou na emigración, onde colaborou no xornal *El Eco de Galicia* e creou a revista *A Gaita Gallega*, en 1885, en que publicou numerosos textos. A seguir, refire a volta de LUGRÍS a Galicia e os seus inicios directos na política, formando parte da Liga Gallega. Dá conta dos actos que levou a cabo: a homenaxe aos mártires de Carral, a creación da Escola Rexional de Declamación e a da Real Academia Galega, etc. e o seu ingreso no agrarismo, defendido por Solidaridad Gallega. A continuación,

comenta o labor de LUGRÍS FREIRE nas Irmandades da Fala e dá conta das obras que publicou nesta época, salientando a *Gramática do idioma galego* e o seu interese polo cinema. Finalmente, conta como transcorreron os últimos anos da súa vida, nos inicios da Guerra Civil.

- Xosé Ramón Barreiro, “O valor dun compromiso e os seus contraditores”, p. 4.

Salienta o compromiso que sempre caracterizou a Manuel LUGRÍS FREIRE durante a súa vida, tanto na emigración, como ao seu regreso a Galicia. Fai referencia aos actos que levou a cabo e ás institucións creadas, como a Liga Gallega, Solidaridad Gallega e a Irmandade da Coruña. Comenta que LUGRÍS tivo algúns detractores, como o crego Eliseo Sayáns Ocampo e o médico Rodríguez, pero as críticas máis duras e que máis incomodaron a LUGRÍS foron as pronunciadas polos “novos” galeguistas, como Villar Ponte ou Manuel Antonio.

- Henrique Rabuñal, “O príncipe do teatro galego”, pp. 6-7.

Recolle a produción dramática de Manuel LUGRÍS FREIRE. Comenta que a súa primeira peza teatral, *A costureira d’aldea*, escribiuna en Cuba con vinte e un anos e sintetiza a trama argumental, baseada na defensa do galego e dos galegos. A seguir, menciona as obras que LUGRÍS estreou na Escola Rexional de Declamación, da que era presidente: *A ponte*, *Minia* e *Mareiras*, e comenta o argumento de cada unha. Outra obra de LUGRÍS que se salienta é *Esclavitú*, estreada na Coruña polo Grupo Talía en 1910. Recolle así mesmo os traballos dramáticos que LUGRÍS publicou no xornal *A Nosa Terra* en 1908: *Ir por lan* (un diálogo teatral humorístico) e *La ofrenda* (un sainete). Posteriormente, fai referencia e comenta os seus dous derradeiros textos: *O pazo* e *Estadeiña*. Por último, salienta o conxunto da obra dramática de LUGRÍS como “unha das ofertas mellor aceptadas” polo público anterior á Guerra Civil.

- X. Manuel Fernández Costas, “Percorrido polos poemas e os temas”, pp. 8-9.

Fernández Costas realiza un percorrido polos poemarios de Manuel LUGRÍS FREIRE. Comeza comentando o primeiro libro de LUGRÍS, titulado *Soidades*, en que expresa diversos motivos como o sentimento de melancolía, a lembranza do seu lugar de nacemento, a emigración, o desamor, a crítica anticlerical, etc. Salienta e comenta os seguintes poemas: “Dous sentimentos”, “Amor que salva”, “Chegada”, “Rosalía de Castro”, “A Isolina”, “Inconstancia”, “Dúas frores”, “Insensibre”, “Morto en vida”, “San Paio de Bañobre”, “Presentimentos”, “Fóra”, “A crus y-o pararrayos”, “Oración”, “Eu son gallego”, “O Castelo d’Andrade”, “Hai Dios”, “Despedida do emigrante” e “Sampayo”. A continuación, céntrase no estudo do libro *Noitebras*, publicado na Coruña en 1901 e que consta de vinte e un poemas. Indica que o poemario se inicia co tema da morte da súa muller e salienta os seguintes poemas: “Lévame”, “Sin nome”, “Conchiña”, “Sempre”, “Sempre viva” e “Morto en vida”; a continuación, muda a temática cara as lembranzas e comenta os poemas “Lembranzas”, “O bico partido”, “A morte da campana de Anllóns”, “Ao gaiteiro do Batallón de Zamora”, “Vellas soidades”, “Agnus Dei”, “A patria”, “A loitar”, “O celta”, “A un gaiteiro” e “Redención”. O seguinte poemario comentado é *Versos de loita*, publicado en 1919 e do que salienta os seguintes poemas, que tratan unha temática diversa: “O alalá do mar”, “Xudas”, “Fanatismo”, “¡Miña terra!”, “O progreso”, “Fragachan”, “Curros Enríquez”, “Cantiga dos amigos da fala” e “Axiña”. O libro *Ardencias* foi publicado en 1927 e aparece

dividido en catro partes tituladas: “I. Acordes da mocidade”, “II. Da Mariña”, “III. Doutrora” e “IV. En prosa: Lenda de Brigo, A maneira, Discurso”. Finalmente, fai referencia ao libro de Lugrís Freire en que este homenaxea á sociedade de Sada, titulado *As Mariñas de Sada. Homenaxe á sociedade Sada y sus contornos*; os poemas comentados deste volume son: “Nova Estrela” e “A fala e a terra”. Conclúe afirmando que Lugrís Freire chegou coa súa poesía final a entender esta como un medio de transformación do mundo.

- Xosé Neira Vilas, “Un home de América”, p. 12.

Describe o ambiente en que se movía Lugrís Freire nos anos que pasou na emigración en Cuba e o modo en que escribiu e publicou os primeiros versos. Tamén fai referencia á creación do xornal *A Gaita Gallega* e mais ao seu vínculo con institucións galegas. Dá conta doutras obras escritas e indica que outros artistas como Suárez Picallo, Blanco Amor, Lito López e Ricardo Flores homenaxearon a Lugrís e representaron as súas pezas teatrais.

- Luis Lamela, “A memoria masónica de Lugrís Freire”, pp. 14-15.

Comenta que Manuel Lugrís Freire puido escapar do xenocidio levado a cabo no 36 e quizais fose grazas á súa avanzada idade; pero outros compañeiros masónicos seus si foron fusilados. Indica que no ano 1926 Lugrís entrou na Loxa Suevia número catro da Coruña e conta a orixe da loxa, o motivo da súa existencia e as causas da súa desaparición. Explica que co réxime de Franco os masónicos foron perseguidos, e Lugrís foi tratado como “roxo” e “masón”. Ademais, o 1 de marzo de 1940 promulgouse a Lei para a Represión da Masonería e o Comunismo; explica os obxectivos e contidos desa lei, así como as penas que a partir dela se ditaron. Finalmente, comenta que a Lugrís Freire a lei non lle afectou porque morreu poucos días antes de ser promulgada esta.

- Xosé Luís Axeitos, “Na prensa rianxeira”, pp. 16-17.

Dá conta da participación de Manuel Lugrís Freire no semanario *El Barbero Municipal*, que editaba o grupo maurista de Rianxo, en que tamén se iniciou Catelao. Faise referencia a vinte e dous contos de Lugrís Freire. O primeiro, “A illa milagreira”, apareceu no número vinte e oito, e o último, “Unha cantiga de Chané”, apareceu no número cento corenta e dous. Indica que estes contos non eran inéditos, xa que o autor os publicara anteriormente noutros xornais, especialmente en *A Nosa Terra*, e refírese ao consentimento de Lugrís para publicar os citados contos. A seguir, comenta o contido dos relatos, que servían para espallar “a ideoloxía liberadora da terra”. Así mesmo, fai referencia ás colaboracións de Castelao e Lugrís Freire, non só no semanario, senón tamén nas Irmandades da Fala, no Seminario de Estudos Galegos, etc. Finalmente, volve sobre os contos para comentar o contido daqueles que versan sobre o anticaciquismo e a defensa da lingua.

- Rosario Álvarez, “Pioneiro entregado a dignificar e normalizar o galego”, pp. 18-19.

Celebra a elección realizada pola Real Academia Galega ao escoller a Manuel Lugrís Freire como autor homenaxeadado no Día das Letras Galegas de 2006. Indica que no ano do centenario da institución esta tivo a ben escoller a un dos seus fundadores que, ademais, entregou a súa vida á defensa da nación. Explica que son tres os aspectos máis relevantes da vida de Lugrís en canto á lingüística: o primeiro foi a “intensa e indesmaible actividade como

normalizador da lingua”, tanto na oralidade como na escrita; o segundo foi a “contribución no proceso de constitución do galego moderno”; e o terceiro aspecto foi “o labor compilador e prescritivista a través da súa obra gramatical”. Salienta que Lugrís falou en galego dende sempre e este feito tamén é destacado por Curros Enríquez no prólogo que realiza á obra de Lugrís *Soidades*. Dá conta da variedade xeográfica empregada por Lugrís e das influencias que recibiu, para afirmar que o seu modelo lingüístico era de corte popularista. Indica que o escritor sadense se decatou de que a lingua necesitaba unhas normas, unhas liñas a seguir, e por isto publica en 1922 a súa *Gramática*, onde se reflicte o respecto que sentía pola lingua. A continuación, fai referencia aos contidos que recolle na *Gramática* como, por exemplo, a proposta de eliminación dos castelanismos, a supresión de vulgarismos, a limpeza das formas dialectais, etc.

- Xesús Alonso Montero, “De Curros a Lugrís Freire: o galego, nobre lingua de sudras”, p. 20.

Comeza comentando que foi Curros Enríquez o primeiro en exaltar, no idioma galego, a súa condición social, pois era a lingua da clase social baixa a que lle daba prestixio. No poema “Introdución”, de *Aires da miña terra*, é de onde se extraen as afirmacións de Curros, e non será até 1927 cando se volva ver nun poema a exaltación do idioma galego. Indica que foi Lugrís Freire quen defendeu a lingua a partir dos versos do poema “Oración á Fala”, recollido no poemario *Ardencias*. A seguir, explica que esta non é a primeira manifestación de Lugrís en que defende a lingua, xa que publicara un conto, “O verbo”, en que trataba o tema, ademais do discurso agrarista que pronunciou en Betanzos en 1906. Neste acto oratorio salienta que a lingua ten unha condición popular e é “unha fala honrada”.

- Manuel Lugrís Rodríguez, “Unha vida plena de realizacións”, p. 21.

Manuel Lugrís Rodríguez achega unha cronobiografía de Manuel Lugrís Freire, dividida en trinta e oito anos que reflicten os momentos máis salientábeis do galeguista. Comeza no ano 1863 e remata en 1940. Fai referencia á data e lugar de nacemento e morte, á súa infancia en Sada, á emigración e aos trece anos que pasou en Cuba, ao nacemento dos seus fillos e aos seus dous casamentos, á publicación das súas obras e ás estreas das pezas teatrais, ás institucións de que formou parte, etc.

- Manuel Lugrís Rodríguez, “Un curioso inédito na tradición oral da familia”, p. 24.

Comenta que no ano 1912 o toureiro galego Alfonso Cela decidiu alcumarse “Celita” e, por este motivo, Lugrís Freire dedicoulle un poema, escrito en castelán, que nunca chegou a se publicar. Reprodúcese o devandito poema aclarando que isto foi posíbel en virtude de que Secundino, o fillo do autor, memorizou a composición.

VV.AA., “Día das Letras Galegas 2006. Manuel Lugrís Freire”, *Diario de Ferrol*, 17 maio 2006.

Número monográfico dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos traballos en que se articula:

- Henrique Rabuñal, “Lugrís, Lugrís, Lugrís”, p. 2.

Salienta a importancia do labor realizado por Manuel Lugrís Freire ao longo de toda a súa vida, tanto a través da literatura como da acción política. Dá conta das diferentes institucións de que formou parte ou creou, así como dalgunhas das súas obras máis coñecidas, e salienta que, xa hai algúns anos, realizáronse dúas homenaxes na súa memoria: unha no centenario da Escola de Declamación, e outra no cincuenta aniversario do seu pasamento, organizada por O Facho. Finalmente, indica que a mellor maneira de homenaxear a Lugrís é empregando en todos os ámbitos a lingua galega, que el tanto defendeu.

- Carme Fandiño, “Os mil camiños no tempo de Lugrís”, p. 3.

Comeza explicando que os acontecementos como a celebración do Día das Letras Galegas posibilitan recuperar a obra de escritores esquecidos, como é o caso de Manuel Lugrís Freire este ano. Realiza un percorrido pola súa biografía e salienta que os primeiros poemas que escribiu estaban centrados na temática do celtismo e a mitoloxía. Posteriormente, o escritor pasa a publicar contos en que reflicte a situación social de Galicia e incita á loita polo cambio. Por último, nos anos da emigración, ademais de seguir publicando obras en verso, prosa e teatro, Lugrís iniciouse no xornalismo e fundou o semanario *A Gaita Gallega*, ademais de colaborar en *El Eco de Galicia*, *Galicia Moderna*, etc.

- María Vilariño Suárez, “Lugrís e a Real Academia Galega: a renovación frustrada”, pp. 4-5.

Fai referencia á etapa de Lugrís Freire como presidente da Real Academia Galega, cargo para o que foi nomeado o 28 de abril de 1934. O 20 de agosto de 1935 dimitiu por motivos de saúde. Comenta que o labor levado a cabo por Lugrís á fronte da institución serviu para conferirlle un aire renovador, despois dos nove anos de xestión de Eladio Rodríguez González. Explica que cando Lugrís foi nomeado presidente xa era académico numerario e socio fundador da institución e que, a partir de aí, o seu obxectivo foi publicar un dicionario e unha gramática da lingua galega, tarefa que non logrou levar a cabo dentro da Academia. Dúas iniciativas que si puido ver realizadas foron a da homenaxe a Curros Enríquez, coa colocación dunha estatua nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña, e a da edición das obras de Eduardo Pondal; neste sentido, ponse de relevo a relación de amizade que mantivo cos dous escritores aludidos. Finalmente, explica que para Lugrís Freire a renovación da Academia non foi labor doado, debido á súa idade avanzada e ao anquilosamento da institución.

- Marisa Moreda Leirado, “Lugrís Freire en Uruguai”, p. 6.

Salienta a participación de Manuel Lugrís Freire nas publicacións periódicas de Cuba, Arxentina e Uruguai e céntrase na historia da prensa de Uruguai, onde se publicaron diferentes xornais en que se poden atopar as pegadas de Lugrís Freire. Fai referencia á publicación *Raza Celta* (que acaba de ser editada en facsímile no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades), que nos números 4 e 6 contén alusións ao escritor sadense con motivo do seu nomeamento como presidente da Real Academia Galega. No número 7 volve aparecer o nome de Lugrís, neste caso en virtude do seu ingreso na institución de Castelao e Antón Villar Ponte e, por último, no número 12, Leandro Carré comenta nun artigo a obra dramática de Lugrís *Mareiras*.

- Manuel Lugo Freire, “Discurso no mitin de Solidaridad Gallega”, p. 7.

Reprodúcese un fragmento do discurso pronunciado por Lugo Freire no mitin de Betanzos, o 6 de outubro de 1907. Nel realiza unha defensa da lingua galega, fala do porqué da emigración e critica aos caciques, ademais de chamar a todos os galegos a que se xunten, porque a unión fai a forza.

- Isaac Lourido Hermida, “6 de outubro de 1907”, p. 8.

Comenta que o 6 de outubro de 1907 Manuel Lugo Freire pronunciou un discurso en Betanzos, integramente en galego, ante sete mil persoas. Este era un mitin da xira rexional que Solidaridad Gallega levaba a cabo para loitar contra o caciquismo e concienciar aos galegos para que se unisen en defensa dos seus intereses. O discurso político de Lugo foi o primeiro pronunciado en lingua galega e o seu contido centrouse na defensa da clase traballadora. Así mesmo, compara a Lugo con outros oradores da nosa historia como Suárez Picallo ou Castelao e reproduce algúns fragmentos do discurso de Betanzos.

- N. S. M., “A obra teatral de Manuel Lugo foi revolucionaria e escandalosa”, pp. 10-11.

Recóllese unha entrevista realizada a Francisco Pillado, quen estudou en profundidade a obra dramática de Lugo Freire. Comeza explicando a situación de Cuba cando Lugo emigrou alí e indica que tivo unhas vivencias difíciles. Considera un acerto por parte da Academia dedicarlle o ano do seu centenario a Lugo Freire, quen sufriu marxinação por falar e escribir en galego. A continuación, expresa que considera a Lugo un precursor do teatro galego e afirma que a súa obra dramática foi a que tivo maior repercusión, xa que daquela o teatro cumpría unha función social e Lugo, a través del, espallou a súa ideoloxía rexionalista. Expresa posteriormente que o mellor drama de Lugo é *A Ponte*, obra que, segundo o estudoso, foi tan revolucionaria e causou tal impacto que quizais por este motivo desapareceu a Escola de Declamación. De seguido, define o teatro de Lugo como “apoloxético, reivindicativo e claramente ideolóxico” e apunta que o seu tema central é a crítica ao caciquismo, á desigualdade social e á inxustiza. Finalmente, trata o tema da identidade galega, que para Lugo está representada polos labregos e mariñeiros. O seu fin era a recuperación da autoestima da lingua.

- Luis Alonso Girgado, “De cando Xerardo Estévez Gallego fixo escribir dende o alén a Lugo”, p. 12.

Fai referencia á actividade que Manuel Lugo Freire levou a cabo en Cuba como colaborador de *El Eco de Galicia* e, posteriormente, como fundador de *A Gaita Gallega*. Corenta anos despois ca Lugo, chegou a Cuba Xerardo Álvarez Gallego, fuxindo da Guerra Civil, e tamén el se converteu en colaborador de diferentes cabeceiras, difundindo “cartas” de distintas personalidades, entre elas, unha de Lugo Freire dirixida á Hermandad Gallega.

- Marisol López Martínez, “Un espello no que se mirar”, p. 15.

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou Lugo Freire e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se

está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

- Francisco González Lousada, “A gramática de Lugo na tradición da lingüística galega”, p. 16.

Comenta que foi en 1868 cando se iniciou o estudo sistemático e científico da lingua galega, grazas á publicación da *Gramática* de Manuel Lugo Freire. A continuación, explica os motivos da tardanza dunha primeira gramática e dá conta doutras obras gramaticais importantes do século XX. A obra de Lugo tivo gran importancia, sobre todo, pola súa intención de “sistematizar o estudo da lingua galega e presentar un modelo lingüístico”. Explica que con ela inaugurouse un modelo de gramática prescritiva.

VV. AA., “Letras 2006”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 166, 17 maio 2006, pp. I-XII.

Número monográfico dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos traballos contidos nel:

-Xosé Ramón Pena, “Mariñáns e Montañeses”, p. I.

Comeza salientando o discurso que Manuel Lugo Freire pronunciou en Betanzos en 1907, e que constituíu o primeiro acto público en que se empregou a lingua galega. Destaca tamén a celebración do centenario da Real Academia Galega, da que Lugo foi presidente, e afirma que a data do Día das Letras Galegas debe tomarse como un día de conmemoración, pero tamén de reflexión sobre a lingua, a literatura e a cultura en xeral.

-Xosé A. López Teixeira, “Tempo de Irmandades”, p. II.

Comenta que Manuel Lugo Freire foi un ilustre erudito e polígrafo de Galicia e alude aos seus anos de colaboración coas Irmandades da Fala. Indica que Lugo foi un nacionalista comprometido que pasou por todas as etapas do galeguismo histórico. Tamén formou parte da Cova Céltica, da Liga Gallega, de Solidaridad Gallega e, en 1931, ingresou no Partido Galeguista. No artigo, López Teixeira describe as etapas políticas de Lugo Freire e o labor desenvolvida en cada unha.

-Xosé A. López Teixeira, “Cara ao estatuto”, p. III.

López Teixeira explica cáles son as dúas etapas nas que se pode dividir o galeguismo. Unha primeira que comeza a finais do século XIX e remata en 1916 coñecida normalmente como Rexionalismo e, a segunda etapa, a partir de 1916 coa creación das Irmandades da Fala. De seguido, dá conta dos pasos que tiveron que dar os nacionalistas para acadar o Estatuto de Autonomía, os cales viron truncados os seus soños, entre eles Lugo Freire, co estalido da Guerra Civil, mais, a semente estaba botada.

-Xesús Alonso Montero, “O monumento a Curros”, p. IV.

Fai referencia ao discurso que Manuel Lugo Freire pronunciou no acto de inauguración do monumento a Curros Enríquez erixido na Coruña, e critica que este discurso non estea

incluído nas antoloxías, por estar escrito en castelán. A continuación, describe como se desenvolveu o acto e indica cal foi o contido do discurso pronunciado por LUGRÍS; ademais, fai unha nómina doutras figuras que tamén interviñeron no acto: o presidente da República, Alcalá Zamora e o alcalde da cidade, Alfredo Suárez Ferrín. Comenta que as tres alocucións (a de LUGRÍS, de Alcalá e de Suárez) foron recollidas no número 254 do *Boletín da Academia Galega*, que foi reeditado en 2001 na homenaxe ao nacemento de Curros Enríquez.

-Ramón Nicolás, “Poeta e narrador”, p. VI.

Realiza unha análise das obras poéticas de Manuel LUGRÍS Freire. Comenta que, ademais de escribir teatro, tamén se dedicou á poesía e á narrativa. O primeiro dos cinco poemarios que trata é *Soidades*; dedicado á memoria de súa nai, consta de trinta poemas e dous aditamentos en prosa, coa temática da emigración e da exaltación de Galicia. O segundo poemario foi *Noitebras*, publicado xusto cando LUGRÍS volveu de América e consta de vinte e un poemas en que chora a morte da súa muller. *Versos de loita* é o terceiro poemario composto por vinte e tres poemas cunha temática moi heteroxénea, algo que tamén caracteriza ao seu seguinte libro, *Ardencias*, e que se distribúe en tres bloques: “Acordes de mocidade”, “Da Mariña” e “D’outrora”. O seu derradeiro poemario foi *As Mariñas de Sada. Homenaxe á sociedade Sada y sus contornos*; trátase dun opúsculo que contén seis poemas descritivos desa comarca. En columna á parte, faise referencia á obra narrativa de LUGRÍS e, concretamente, á súa narrativa breve, os *Contos de Asiumedre*.

-Manuel F. Vieites, “LUGRÍS e o teatro”, p. VII.

Comenta a faceta literaria máis destacada de Manuel LUGRÍS Freire: a de dramaturgo. Considera que foi un dos integrantes do Movemento Dramático Rexional, xunto a outros persoeiros de que dá conta, e indica que crearon unha dramática de corte rexionalista. Ademais, as figuras de Galo Salinas e LUGRÍS Freire foron fundamentais na construción dun sistema teatral propio e na creación da Escola Rexional Galega de Declamación, que foi a primeira compañía de teatro galego. Representaron obras como *¡Filla!*, de Galo Salinas e *A ponte*, *Minia* e *Mareiras*, de LUGRÍS Freire. Finalmente, conclúe dándolle as grazas a LUGRÍS por todo o labor que desenvolveu para a mellora do país. En columna á parte, faise unha relación de todas as obras teatrais publicadas polo escritor sadense.

-Xosé Feixó, “Memoria do lingüista”, p. VIII.

Realiza un repaso por algunhas das gramáticas da lingua galega publicadas no século XIX e principios do XX escritas en castelán, e recorda que foi Manuel LUGRÍS Freire o primeiro en editar unha gramática da lingua galega en galego. Para a historia das gramáticas galegas recomenda o traballo que Fernández Salgado publicou na revista *Verba* titulado “Os rudimentos da lingüística galega: un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)”. Nese artigo é onde se estuda a *Gramática do Idioma Galego* de LUGRÍS Freire. Salienta que LUGRÍS empregou unha metodoloxía “histórica e comparativa, contrastando as obras con traballos contemporáneos e anteriores” e, finalmente, declara que considera un acerto ter escollido este autor como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006.

-Marisol López Martínez, “LUGRÍS Freire, un espello no que se mirar”, p. XI.

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou LUGRÍS FREIRE e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

-Natalia Álvarez, “Cen anos da Academia”, p. XII.

Comeza explicando como se fundou a Academia Galega no ano 1906 e a necesidade social que existía de ter un organismo coma este. Indica que o primeiro presidente foi Manuel Murguía e con el creouse o *Boletín de la Academia Gallega*; a el seguiron moitos outros presidentes, entre eles LUGRÍS FREIRE, cunha duración de mandato moi breve. Será despois da Guerra Civil cando a Academia volva vivir unha etapa de esplendor da man de Fernández del Riego, quen estableceu o Día das Letras Galegas e, no ano 1982, chegouse ao acordo da unificación das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma.

VV. AA., “Día das Letras Galegas 2006. Manuel LUGRÍS FREIRE”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 2006, pp. 1-20.

Suplemento monográfico dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos artigos que o compoñen:

-Isaac Lourido Hermida, “6 de outubro de 1907”, p. 2.

Comenta que o 6 de outubro de 1907 Manuel LUGRÍS FREIRE pronunciou un discurso en Betanzos, integramente en galego, ante sete mil persoas. Este era un mitin da xira rexional que Solidaridad Gallega levaba a cabo para loitar contra o caciquismo e concienciar aos galegos para que se unisen en defensa dos seus intereses. O discurso político de LUGRÍS FREIRE foi o primeiro pronunciado en lingua galega e o seu contido centrouse na defensa da clase traballadora. Así mesmo, compara a LUGRÍS FREIRE con outros oradores da nosa historia como Suárez Picallo ou Castelao e reproduce algúns fragmentos do discurso de Betanzos.

-María Vilariño Suárez, “LUGRÍS FREIRE e a Real Academia Galega: a renovación frustrada”, p. 3.

Fai referencia á etapa de LUGRÍS FREIRE como presidente da Real Academia Galega, cargo para o que foi nomeado o 28 de abril de 1934. O 20 de agosto de 1935 dimitiu por motivos de saúde. Comenta que o labor levado a cabo por LUGRÍS FREIRE á fronte da institución serviu para conferirlle un aire renovador, despois dos nove anos de xestión de Eladio Rodríguez González. Explica que cando LUGRÍS FREIRE foi nomeado presidente xa era académico numerario e socio fundador da institución e que, a partir de aí, o seu obxectivo foi publicar un dicionario e unha gramática da lingua galega, tarefa que non logrou levar a cabo dentro da Academia. Dúas iniciativas que si puido ver realizadas foron a da homenaxe a Curros Enríquez, coa colocación dunha estatua nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña, e a da edición das obras de Eduardo Pondal; neste sentido, ponse de relevo a relación de amizade que mantivo cos dous escritores audidos. Finalmente, explica que para LUGRÍS FREIRE a renovación da Academia non foi labor doado, debido á súa idade avanzada e ao anquilosamento da institución.

-Luís Alonso Girgado, “De cando Xerardo Estévez Gallego fixo escribir dende o alén a

Lugrís”, p. 4.

Fai referencia á actividade que Manuel Lugrís Freire levou a cabo en Cuba como colaborador en *El Eco de Galicia* e, posteriormente, como fundador de *A Gaita Gallega*. Corenta anos despois ca Lugrís, chegou a Cuba Xerardo Álvarez Gallego, fuxindo da Guerra Civil, e tamén el traballou como colaborador de diferentes cabeceiras, onde difundiu “cartas” de distintas personalidades, entre elas, unha de Lugrís Freire dirixida á Hermandad Gallega.

-Carme Fandiño, “Os mil camiños no tempo de Lugrís”, pp. 6-7.

Comeza explicando que os acontecementos como a celebración do Día das Letras Galegas posibilitan recuperar a obra de escritores esquecidos, como é o caso de Manuel Lugrís Freire este ano. Realiza un percorrido pola súa biografía e salienta que os primeiros poemas que escribiu estaban centrados na temática do celtismo e a mitoloxía. Despois publicou contos en que reflectiu a situación social de Galicia e incitou á loita polo cambio. Por último, nos anos da emigración, ademais de seguir publicando obras en verso, prosa e teatro, Lugrís iniciouse tamén no xornalismo e fundou o semanario *A Gaita Gallega*, ademais de colaborar en *El Eco de Galicia*, *Galicia Moderna*, etc.

- Manuel Lugrís Freire, “Discurso no mitin de Solidaridad Gallega”, p. 7.

Achégase un fragmento do discurso pronunciado por Lugrís Freire no mitin de Betanzos, o 6 de outubro de 1907. Nel realiza unha defensa da lingua galega, fala do porqué da emigración e crítica aos caciques, ademais de chamar a todos os galegos a que se xunten, porque a unión fai a forza.

-Natalia Monje, “O momento é agora: un manifesto para rescatar o xornalismo futuro”, pp. 8-9.

Comeza o artigo dando conta dos escasos coñecementos que ten a xente sobre o labor e a función da Real Academia Galega e, especialmente, sobre os seus académicos. Comenta que no mundo da información en que vivimos os reporteiros non ofrecen unha boa información e que, despois de cen anos, non se construíu en Galicia un verdadeiro xornalismo en galego. Salienta o labor realizado a principios do século XX por persoas coma Lugrís Freire e indica que o autor se debe tomar como modelo para crear un xornalismo de calidade. Por outra parte, apunta que o feito de que a RAE escollese a este escritor para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas, está revelando o forte poder cultural que se lle recoñece á prensa.

-María José García Merino, “Manuel Lugrís Freire coa escola rexional de declamación”, p. 10.

Fai referencia a un dos eidos en que traballou Manuel Lugrís Freire: o teatro. Explica que a finais do século XIX o teatro galego estaba nunha situación de estancamento. A principios de século XX, xorde un grupo de intelectuais que queren recuperar o teatro galego e, entre eles, atópase Lugrís Freire. Indica que crearon a Escola Rexional de Declamación na Coruña, co obxectivo de formar un grupo de teatro estábel, para a adecuada formación de actores e como estímulo para os escritores. O seu fin era basicamente pedagóxico, pero empezou a haber diferenzas entre Lugrís e Galo Salinas no xeito de entender o teatro e pasou Lugrís a dirixir a

Escola con fins políticos e de crítica social. As obras que Lugo Freire escribiu para seren representadas foron *A ponte*, *Minia* e *Mareiras*. Finalmente, comenta que por diversos problemas, en 1905 desapareceu a Escola.

- Manuel Lugo Freire, “Discurso pronunciado na sede da Irmandade da Fala da Coruña o 16 de marzo de 1923”, p. 10.

Reprodúcese o discurso que Lugo Freire pronunciou na sede da Irmandade da Coruña o 16 de marzo de 1923 e que versa sobre a xustiza, a liberdade dos homes, o recoñecemento dos dereitos e a defensa da lingua galega.

-Marisa Moreda Leirado, “Lugo Freire en Uruguai”, pp. 12-13.

Salienta a participación de Manuel Lugo Freire nas publicacións periódicas de Cuba, Arxentina e Uruguai e céntrase na historia da prensa de Uruguai, onde se editaron diferentes xornais en que se poden atopar as pegadas de Lugo Freire. Fai referencia á publicación *Raza Celta* (que acaba de saír do prelo en edición facsímile realizada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) que nos números 4 e 6 contén mencións ao escritor sadense con motivo do seu nomeamento como presidente da Real Academia Galega. No número 7 volve a aparecer o nome de Lugo debido ao ingreso na institución de Castelao e Antón Villar Ponte e, por último, no número 12, Leandro Carré comenta nun artigo a obra dramática de Lugo *Mareiras*.

-N.S.M., “A obra teatral de Manuel Lugo foi revolucionaria e escandalosa”, pp. 14-15.

Recóllese unha entrevista realizada a Francisco Pillado, quen estudou con profundidade a obra dramática de Lugo Freire. Comeza explicando a situación de Cuba cando Lugo emigrou alí e indica que tivo unhas vivencias difíciles. Considera un acerto por parte da Academia dedicarlle o ano do seu centenario a Lugo Freire, quen sufriu marxinação por falar e escribir en galego. Considera a Lugo un precursor do teatro galego e afirma que a súa obra teatral foi a que tivo maior repercusión, xa que daquela o teatro cumpría unha función social, e Lugo, a través del, espallaba a súa ideoloxía rexionalista. Estima que o mellor drama de Lugo é *A Ponte*, da que di que foi tan revolucionaria e causou tal impacto que quizais fose un dos motivos polos que desapareceu a Escola de Declamación. A continuación, define o teatro de Lugo como “apoloxético, reivindicativo e claramente ideolóxico” e apunta que ten como tema central a crítica ao caciquismo, á desigualdade social e á inxustiza. Finalmente, trata o tema da identidade galega, que para Lugo está representada polos labregos e mariñeiros. Remata expresando que o fin do autor era a recuperación da autoestima da lingua.

-Francisco González Lousada, “A gramática de Lugo na tradición lingüística galega”, p. 16.

Comenta que foi en 1868 cando se iniciou o estudo sistemático e científico da lingua galega, grazas á publicación da *Gramática* de Manuel Lugo Freire. A continuación, explica os motivos da tardanza dunha primeira gramática e dá conta doutras obras gramaticais importantes do século XX. Afirma que a obra de Lugo tivo gran importancia, sobre todo, pola súa intención de “sistematizar o estudo da lingua galega e presentar un modelo lingüístico”; con ela inaugurouse un modelo de gramática prescritiva.

-Henrique Rabuñal, “Lugrís, Lugrís, Lugrís”, p. 18.

Salienta a importancia do labor realizado por Manuel Lugrís Freire ao longo de toda a súa vida, tanto a través da literatura como da acción política. Dá conta das diferentes institucións de que formou parte ou creou, así como dalgunhas das súas obras máis coñecidas e destaca que, xa hai algúns anos, realizáronse dúas homenaxes en memoria do autor: unha no centenario da Escola de Declamación, e outra no cincuenta aniversario do pasamento de Lugrís, organizada por O Facho. Finalmente, indica que a mellor maneira de homenaxear a Lugrís é empregando en todos os ámbitos a lingua galega, que el tanto defendeu.

- Manuel Lugrís Freire, “O verbo”, p. 18.

Reprodúcese un conto de Lugrís Freire, tomado do seu libro de relatos *Contos de Asieumedre*, integrado por unha serie de relatos que foron editados na colección “O Moucho” baixo o título *A Carón do Lar*.

VV. AA., “Día das Letras Galegas. M. Lugrís Freire”, *La Región*, 17 maio 2006, pp. 1-20.

Suplemento especial dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos artigos que o integran:

- Xosé Carlos Sierra, “Reflexión necesaria para acción obrigada”, p. 2.

Sierra reivindica neste artigo a necesaria normalización da lingua galega e afirma que o Día das Letras Galegas, que se vén celebrando xa dende hai corenta e catro anos, é un medio eficaz de consolidar unha lingua e unha cultura. Considera que o Día das Letras Galegas alcanzou un recoñecemento universal do galego como idioma e como lingua literaria e afirma que se deben buscar novos obxectivos e pelexar polo idioma, igual que no seu momento fixo Manuel Lugrís Freire, quen abriu “vieiros decisivos na normalización da nosa fala na prensa, na política e na escrita literaria”.

- L. F., “44 anos da festa do idioma galego”, p. 3.

Fai referencia á creación do Día das Letras Galegas como homenaxe a un autor galego. Comenta que a proposta xurdiu da man de Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego, en 1963, para conmemorar os cen anos transcorridos dende a publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro; a partir daquela data, xa son corenta e catro os escritores e escritoras homenaxeados. O último e proposto para este ano é Manuel Lugrís Freire.

- Marisol López Martínez, “Un espello no que se mirar”, p. 6.

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou Lugrís Freire e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

- L. F., “Un defensor de Galicia”, p. 7.

Comenta que o día 2 de xullo de 2005 Manuel Lugrís Freire foi escollido pola Real Academia Galega como autor que sería homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006. A decisión de homenaxear a este autor veu motivada polo feito de que se trata dun home que se consagrou á dignificación e normalización da lingua galega e, ademais de ser presidente da Academia, creou unha das primeiras gramáticas do galego e pronunciou o primeiro mitin en lingua galega.

- L. F., “Símbolo da evolución do galeguismo”, p. 8.

Realiza un breve percorrido pola vida de Manuel Lugrís Freire. Comenta que naceu en Sada en 1863 e aos vinte anos emigrou a Cuba, período en que salienta a creación do xornal *A Gaita Gallega* e a publicación de dúas obras: *Soidades* e *A costureira da aldea*. Na volta a Galicia do escritor, dá conta da súa participación no rexionalismo, do ingreso en Solidaridad Gallega e da intervención na fundación das Irmandades da Fala da Coruña. A continuación, fala do ingreso de Lugrís no Partido Galeguista, da súa colaboración na redacción do anteproxecto do Estatuto e mais da súa condición de membro, e posteriormente presidente, da Real Academia Galega. Remata apuntando a data da súa morte, acontecida en 1940, recentemente acabada a Guerra Civil.

- L. F., “Xornalista, escritor e poeta”, p. 10.

Salienta o carácter comprometido e a mensaxe social que caracterizan todas as obras de Manuel Lugrís Freire. Comenta que a obra inicial que publicou, en 1922, foi a *Gramática do Idioma Galego*, a primeira escrita en galego. Tamén escribiu moitos relatos curtos que foron publicados en diversas revistas e xornais. Explica que moitos deses relatos foron recollidos baixo o título *Contos de Asieumedre*, en 1908, pero será en 1970 cando Edicións Castrelos publique unha escolma de dezasete relatos baixo a epígrafe *A carón do lar (Contos)*; finalmente, no ano 2000, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades publicou a obra narrativa completa de Lugrís baixo o título *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*. A continuación, fai referencia ás obras poéticas de Lugrís; indica que a primeira foi *Soidades*, de 1894, seguida por *Noitebras*, *Versos de loita*, *Ardencias* e *As mariñas de Sada*. Por último, achega a produción teatral do escritor sadense, integrada polas seguintes pezas: *A costureira de aldea*, *A ponte*, *Minia*, *Mareiras*, *Esclavitú*, *O pazo e Estadeña*.

- Marcos Valcárcel/Afonso V. Monxardín, “A lingua é un instrumento orixinal”, p. 11.

Coméntase que os escritos de Lugrís Freire están na súa maioría relacionados cos temas da emigración e da lingua galega. Neste artigo achéganse algúns textos de Lugrís que foron tomados do material didáctico que a Xunta de Galicia editou sobre o escritor sadense, e que foron seleccionados polos investigadores Marcos Valcárcel e Vázquez Monxardín. O primeiro está tomado do artigo “O noso pensamento”, que Lugrís publicou en *A Gaita Gallega* o 5 de xullo de 1885; o segundo texto fala do tema da emigración; o terceiro volve ao tema da lingua e forma parte do discurso pronunciado polo autor na sede da Irmandade da Fala da Coruña, o 16 de marzo de 1923; finalmente, o último texto, tamén un fragmento do

discurso anterior publicado en *A Nosa Terra*, versa sobre o pobo galego.

- Marcos Valcárcel/Afonso Monxardín, “Unha vida de total entrega á dignización e normalización do galego”, pp. 12-13.

O artigo aparece estruturado en diferentes datas que salientan momentos importantes na vida de Manuel Lugo Freire. Estas datas van acompañadas dun breve comentario a respecto de cada feito salientábel.

- Xosé Neira Vilas, “Dixeron del que ‘era home de peito’”, p. 14.

Achéganse os comentarios de catro escritores galegos sobre Manuel Lugo Freire: Xosé Neira Vilas, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ricardo Carballo Calero. Neira Vilas fai referencia ao xornal, integramente en galego, que creou Lugo, *A Gaita Gallega*, e á boa acollida que tivo. Otero Pedrayo lembra cando coñeceu a Lugo e salienta del que era un home conversador e sincero. Pola súa banda, Risco explica que a escrita de Lugo está dominada polo sentimento céltico e galaico e que tiña como modelo a Curros Enríquez, que tamén foi un poeta étnico. Finalmente, Carballo Calero fai referencia ás narracións breves de Lugo, que cualifica de literatura de propaganda rexionalista co temática cotiá; en canto aos seus versos, compáraos cos de Pondal, Florencio Vaamonde ou Cabanillas, e considera, que neste aspecto, Lugo non alcanzou un estilo propio.

- Fernando Domínguez, “Foi unha persoa entregada a súa terra”, p. 15.

Recóllense os comentarios do neto de Lugo Freire, Manuel Lugo Rodríguez, quen está a participar en case todos os actos que se celebran en homenaxe a Lugo Freire no Día das Letras Galegas. Lugo Rodríguez salienta na figura de seu avó o forte carácter que tiña e a continua entrega á loita pola lingua galega. Explica que para Lugo Freire a morte da súa primeira muller foi un golpe moi duro, e afirma que lle gustaría que lembrasen a seu avó como un home entregado á súa terra.

- Marcos Valcárcel López, “Catro preguntas arredor de Lugo”, p. 16.

Valcárcel formula para si mesmo catro preguntas sobre a figura de Lugo Freire, a partir das que sintetiza aspectos esenciais da obra, vida e personalidade do escritor. A primeira cuestión é a utilidade e finalidade que ten o Día das Letras Galegas para coñecer a un escritor; a segunda pregunta cuestiona a experiencia que viviu Lugo na emigración e os beneficios que lle supuxo realizar a viaxe; arredor da literatura de Lugo e sobre o xénero literario máis produtivo do autor, Valcárcel formula a terceira cuestión; e, finalmente, responde a se se recoñeceu a faceta de escritor de Lugo Freire no seu tempo.

- Manuel Vidal, “No imaxinario do nacionalismo”, p. 19.

Tras realizar un repaso polo concepto de rexionalismo e a súa evolución cara ao nacionalismo, Vidal explica que Lugo Freire debe ser considerado un nacionalista galego, ademais de escritor, poeta e xornalista. Comenta que o traballo comprometido de Lugo comezou xa no ano en que emigrou a Cuba e, dende entón, estivo entregado á causa. Fundou varios xornais e chegou a presidir a Academia Galega; por iso, o seu pensamento nacionalista aínda segue

vivo.

- M. C., “Un compromiso coa terra”, p. 20.

Informa de que durante a semana en que se celebraba o Día das Letras Galegas, os colexios de Ourense realizaron diferentes actividades e homenaxes en honor de Manuel Lugrís Freire. Así mesmo, salienta que o material didáctico que repartiu a Xunta de Galicia para os colexios foi elaborado por Marcos Valcárcel e Afonso Vázquez-Monxardín baixo o título *O compromiso coa terra*.

VV. AA., “Día das Letras Galegas. M. Lugrís Freire”, *Atlántico Diario*, 17 maio 2006, pp. 1-24.

Suplemento especial dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos artigos que forman parte del:

-Sylvia Gómez Saborido, “A orixe do Día das Letras Galegas”, p. 2.

Explica como naceu o Día das Letras Galegas, a partir do centenario da publicación da obra de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, de 1863. Cen anos despois desa data, tres membros da Real Academia Galega deciden conmemoralala e propoñen a celebración do Día das Letras Galegas, a semellanza do día das letras catalanas. Os promotores desta iniciativa foron Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo. Explica cales foron os pasos levados a cabo para facer institucional a celebración e comenta que, despois de corenta e cinco anos, a festa segue en pé coa homenaxe a Manuel Lugrís Freire.

-S.G.S., “O proceso de elección do homenaxeado”, p. 3.

Explica como se desenvolve o proceso de elección da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Indica que un dos requisitos é que o autor ou autora leve polo menos dez anos falecido, e aclara tamén que é proposto por tres académicos, aínda que despois ten que superar a votación de todos. Xeralmente os homenaxeados acostuman ser escritores e non teñen por que ter una obra extensa. Apunta que este ano o elixido é Manuel Lugrís Freire por combinar a súa faceta de escritor e presidente da Academia. Finalmente, comenta que dende a primeira celebración, en 1963, xa son corenta e catro os homenaxeados nesta data.

-S.G.S., “Manuel Lugrís Freire, entrega e compromiso”, p. 5.

Realiza un breve percorrido pola vida de Manuel Lugrís Freire. Comenta que naceu en Sada en 1863 e aos vinte anos emigrou a Cuba, período en que salienta a fundación do xornal *A Gaita Gallega*. Con respecto á súa volta a Galicia, en 1896, refírese á participación no rexionalismo, ao ingreso en Solidaridad Gallega e á intervención na fundación da Irmandade da Fala da Coruña. A continuación, informa da colaboración de Lugrís na redacción do anteproxecto do Estatuto, e destaca a súa actividade, primeiro como membro e despois como presidente, na Real Academia Galega. Remata apuntando a data da súa morte, ocorrida en 1940, recentemente acabada a Guerra Civil, e refírese ao seu enterro no cemiterio de San Amaro, na Coruña.

-I.M., “Trece anos de estadía en Cuba”, p. 6.

Fai referencia á emigración de moitos galegos a finais do século XIX cara a Habana, que se converteu nunha cidade con máis poboación galega que Vigo ou A Coruña. Comenta que Manuel Lugo Freire pasou alí trece anos en que interviu nas sociedades e actividades culturais levadas a cabo na illa polos galegos. Foi codirector do xornal *A Gaita Gallega*, escribiu a obra de teatro *A costureira da aldea*, tamén publicou en seis entregas a novela *De Galicia a Lavapiés* e o poemario *Soidades*.

-S.P., “O amargo retorno á terra”, p. 8.

Comenta a chegada de Lugo Freire a Galicia despois de trece anos na emigración. Explica que os comezos da nova vida non foron doados, xa que mudou de traballo varias veces e perdeu a súa muller, Concepción Orta Iglesias. Indica que foi nesta etapa cando Lugo ingresou no cenáculo da Cova Céltica, onde coñeceu a Murguía e Pondal, que o axudaron a saír do transo. A continuación, dá conta tamén do seu ingreso na Liga Gallega e da colaboración activa na *Revista Gallega*; deste xeito remata a primeira etapa de Lugo na súa volta a Galicia.

-S.P., “Entre a poesía intimista e a social”, p. 8.

Refírese á obra poética de Manuel Lugo Freire e comenta que o poemario máis importante é *Noitebras* (que aparece despois de publicar o primeiro poemario, *Soidades*), onde o poeta mostra a súa liña máis intimista, desafogando a tristeza pola morte da súa muller. Comenta que neste libro tamén aparecen poemas de carácter social, que serán os predominantes nos poemarios posteriores. Indica que en *Versos de Loita*, Lugo dá renda solta á vena social e de denuncia, e que con *As Mariñas de Sada* homenaxea á xente de Sada e dos seus arredores. Por último, fai referencia a algúns poemas soltos que Lugo publicou en xornais ou revistas.

-Marisol López Martínez, “Un home comprometido e un espello no que mirarse”, p. 9.

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou Lugo Freire e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

-S.G.S., “A Escola Galega de Declamación”, p. 10.

Fai referencia á creación da Escola Rexional de Declamación e ao labor desenvolvido por ela. Explica que no momento en que naceu a Escola a situación do teatro en Galicia era moi precaria, non había compañías teatrais nin actores profesionais, e por iso se considera á Escola Rexional de Declamación como a pioneira no desenvolvemento do teatro galego. Indícase que, das catro obras que representaron, tres eran de Manuel Lugo Freire (*A ponte*, *Minia e Mareira*), quen se dedicou a crear textos e reivindicar a necesidade dunha normalización cultural da lingua. A continuación, comenta o contido das obras, puntualizando que eran todas de tipo didáctico e, en ocasións, mesmo apoloxéticas; tamén destaca que nelas se denunciaba a inxustiza social. Por último, comenta que non están claros os motivos da desaparición da Escola Rexional de Declamación.

-S.P., “O éxito de Os Contos de Asieumedre”, p. 11.

Fai referencia á narrativa breve de Lugrís Freire, que comezou a escribir a principios do século XX e publicou os seus contos, baixo o pseudónimo de “Asieumedre”, nunha sección fixa, titulada “A Carón do Lar”, na revista *A Nosa Terra*. Indica que estes relatos foron compilados en 1908 e publicados co título de *Contos de Asiumedre*. A seguir, analiza o contido dos relatos e as características narrativas; indica que a temática se centra na crítica ao caciquismo, na reivindicación da lingua, na censura da falsa relixiosidade, etc. e apunta tamén que aparecen narrados en terceira persoa e situados, temporalmente, no momento actual e, espacialmente, na comarca coruñesa das Mariñas.

-S.G.S., “No centenario da Real Academia Galega”, p. 12.

Dáse conta da evolución, dende a súa creación até a actualidade, da Academia Galega. Comézase explicando o seu proceso de formación, aclarando que a idea orixinal foi concibida polos galegos da Habana, principalmente por Fontenla Leal e Curros Enríquez, que en 1905 crearon a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, con que levaron a cabo a iniciativa de fundar unha institución que controlase os intereses intelectuais dos galegos. A seguir, establece cinco etapas na vida da Academia. Na primeira etapa, a partir do 30 de setembro de 1906, estivo dirixida por Manuel Murguía; neste período salientase a creación do *Boletín* da Academia Galega. Na segunda etapa, a institución estivo dirixida por diferentes académicos, entre os que se atopou Manuel Lugrís Freire, cuxa presidencia coincidiu co ingreso de Castelao e Antón Villar Ponte. A terceira etapa sitúaa a partir do ano 1963, cando se crea o Día das Letras Galegas. O período máis frutífero estima que é o cuarto, coa dirección de Fernández del Riego, quen dá á institución un impulso sen precedentes. Por último, a quinta etapa correspóndese co mandato actual de Xosé R. Barreiro, e nela destácase que se está a levar a cabo a informatización dos fondos documentais da institución.

-Marcos Valcárcel, “Dicen de Lugrís”, p. 14.

Achéganse os comentarios de catro escritores galegos sobre Manuel Lugrís Freire: Xosé Neira Vilas, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ricardo Carballo Calero. Neira Vilas fai referencia ao xornal, integramente en galego, que creou Lugrís, *A Gaita Gallega*, e á boa acollida que tivo. Otero Pedrayo lembra cando coñeceu a Lugrís e salienta del que era un home conversador e sincero. Pola súa banda, Risco explica que a escrita de Lugrís está dominada polo sentimento céltico e galaico e que tiña como modelo a Curros Enríquez, que tamén foi un poeta étnico. Finalmente, Carballo Calero fai referencia ás narracións breves de Lugrís, que cualifica de literatura de propaganda rexionalista co temática cotiá; en canto aos seus versos, compáraos cos de Pondal, Florencio Vaamonde ou Cabanillas, e considera, que neste aspecto, Lugrís non alcanzou un estilo propio.

- Fernando Domínguez, “Unha vida entregada á fe na causa”, p. 16.

Recóllense os comentarios do neto de Lugrís Freire, Manuel Lugrís Rodríguez, quen está a participar en case todos os actos que se celebran en homenaxe a Lugrís Freire no Día das Letras Galegas. Lugrís Rodríguez salienta na figura de seu avó o forte carácter que tiña e a continua entrega á loita pola lingua galega. Explica que para Lugrís Freire a morte da súa

primeira muller foi un golpe moi duro, e afirma que lle gustaría que lembrasen a seu avó como un home entregado á súa terra.

- S. P., “Unha morte abafada pola guerra”, p. 17.

Salienta a participación de Manuel Lugo Freire en todas as accións políticas que se levaron a cabo nos distintos momentos históricos de principios do século XX. Indica que Lugo participou activamente na creación da primeira Irmandade de Fala e puntualiza que os anos vinte foron os máis frutíferos no labor do galeguista. Comenta así mesmo que na etapa da ditadura de Primo de Rivera o compromiso político dos intelectuais virou cara a un compromiso cultural e, coa chegada da II República, Lugo volveu ter esperanzas e ingresou no Partido Galeguista, ademais de exercer como presidente da Real Academia Galega. Por último, explica que cando estala a Guerra Civil Lugo xa ten setenta e tres anos e moitos problemas de saúde, que acabarán causándolle a morte en 1940.

- Manuel Lugo Freire, “Con polaina e media”, p. 18.

Reprodúcese un conto de Manuel Lugo Freire titulado “Con polaina e media”, en que está presente a crítica social que subxace a todos os seus relatos breves.

- Luís González Tosar, “Lugo Freire, escritor masón”, p. 18.

Refírese aos traballos historiográficos de Luis Lamela, grazas aos cales se coñece a pertenza de Manuel Lugo Freire á masonería. Comenta que pertenceu á loxa Suevia número catro da Coruña, fundada no ano 1923, e dá conta da súa historia, en que nos derradeiros anos aparecía Lugo Freire co grao de mestre e o nome simbólico de Servet. Finalmente, comenta que Lugo foi un dos primeiros en ser cualificado de roxo e masón, pero que a súa morte, acontecida en 1940, impediu que fose acusado ou sufrise represalias nas accións depuratoras contra a masonería.

- S. G. S., “Urbano Lugo a herdanza dun xenio”, p. 19.

Describe a figura de Urbano Lugo, fillo de Manuel Lugo Freire: a súa biografía, o seu labor, principalmente como pintor, e a súa personalidade.

- Manuel Vidal, “No imaxinario do nacionalismo”, p. 20.

Tras realizar un repaso polo concepto de rexionalismo e a súa evolución cara ao nacionalismo, Vidal explica que Lugo Freire debe ser considerado un nacionalista galego, ademais de escritor, poeta e xornalista. Comenta que o traballo comprometido de Lugo comezou xa no ano en que emigrou a Cuba e que, dende entón, estivo entregado á causa. Fundou varios xornais e chegou a presidir a Academia Galega, polo que o seu pensamento nacionalista aínda segue vivo.

- Marcos Valcárcel López, “Catro preguntas arredor de Lugo”, p. 21.

Valcárcel formula para si mesmo catro preguntas sobre a figura de Lugo Freire, a partir das que sintetiza aspectos esenciais da obra, vida e personalidade do escritor. A primeira cuestión

é a utilidade e finalidade que ten o Día das Letras Galegas para coñecer a un escritor; a segunda pregunta cuestiona a experiencia que viviu Lugo na emigración e os beneficios que lle supuxo realizar a viaxe; arredor da literatura de Lugo e sobre o xénero literario máis produtivo do autor, Valcárcel formula a terceira cuestión; e, finalmente, responde a se se recoñeceu a faceta de escritor de Lugo Freire no seu tempo.

- Ánxela Bugallo Rodríguez, “O vello Lugo e a nova cultura galega”, p. 23.

Lembra o momento en que Manuel Lugo Freire depositou o seu voto a favor da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e afirma que, tras o golpe de estado que veu despois, Lugo envelleceu de golpe segundo as testemuñas, que confirman o seu esmorecemento. Ánxela Bugallo indica que este é o ano da homenaxe a Manuel Lugo Freire a través do Día das Letras Galegas, pero tamén é o centenario da Real Academia Galega e mais o setenta aniversario do comezo da represión en Galicia; por este motivo, a Xunta de Galicia considerou o ano 2006 como o Ano da Memoria. Finalmente, volve facer referencia a outro momento da vida de Lugo, neste caso o da súa intervención na homenaxe a Murguía.

VV. AA., “Especial Día das Letras Galegas. M. Lugo Freire”, *La Opinión*, 17 maio 2006.

Suplemento especial dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos artigos que forman parte del:

- RAG, “Dende a súa Sada natal ata Cuba”, p. 2.

Descríbese a biografía e a obra de Manuel Lugo Freire de xeito detallado e explicando os feitos ano por ano. Este artigo abrangue dende o ano 1863, data en que nace o escritor, até o ano 1897, cando nace a súa filla Socorro, xa á volta da emigración.

- RAG, “Membro fundador da RAG”, p. 4.

Descríbese a biografía e a obra de Manuel Lugo Freire de xeito detallado, explicando os feitos ano por ano. Este artigo abrangue dende 1898 até 1906, e correspóndese coa etapa en que foi fundador da Real Academia Galega e publicou a maior parte das súas obras.

- RAG, “Os terríbeis anos da guerra dende A Coruña”, p. 6.

Descríbese a biografía e a obra de Manuel Lugo Freire de xeito detallado, explicando os feitos ano a ano. O artigo abrangue dende 1907 até 1940 e correspóndese cos anos de maior actividade política e de publicación das restantes obras literarias. Morreu o 15 de febreiro de 1940.

- Manuel Lugo Freire, “Un anaco de ‘A festa de Tacón’ de Lugo Freire”, p. 7.

Reprodúcese un fragmento da crónica “A festa de Tacón”, que Manuel Lugo Freire publicou no xornal *A Gaita Gallega*, da Habana, no ano 1885. No fragmento, Lugo describe o decorrer da festa celebrada no Teatro Tacón e dá conta dos actos que tiveron lugar.

- Marisol López Martínez, “Lugrís Freire, un espello no que se mirar”, p. 9.

Saliéntase o emprego da lingua galega que sempre realizou Lugrís Freire e que se pode tomar como modelo de normalización lingüística. Explica o proceso de normalización que aínda se está a levar a cabo no país e indica que o devandito proceso aínda se atopa na súa fase inicial.

- Natalia Álvarez, “Lugrís Freire enmarca unha parte esencial na historia do noso país”, p. 10.

Entrevista ao investigador Ramón Nicolás en relación ao libro que acaba de publicar con motivo do Día das Letras Galegas, *Manuel Lugrís Freire: Vida e Obra*. Ramón Nicolás comeza salientando o carácter pioneiro de Lugrís e dá conta de todas as iniciativas en que participou, tanto históricas como culturais. Afirmo que o franquismo supuxo unha lousa para o coñecemento de moitos escritores e explica o motivo de que Lugrís defendese sempre os sinais de identidade de Galicia. Ramón Nicolás comenta que o escritor estivo moi influenciado pola pegada de Rosalía de Castro, Pondal e Curros Enríquez, principalmente no aspecto literario, en que practicou diferentes xéneros e, segundo o entrevistado, no que máis destacou foi no teatro. En canto ás novidades que presenta a obra de Ramón Nicolás, este comenta que o máis salientábel é a confirmación de que Lugrís pertenceu a unha loxa masónica da Coruña e que mantivo relacións epistolares con Otero Pedrayo. Explica tamén a relación de Lugrís coa prensa cubana. Por último, fai referencia á influencia que exerceu Lugrís Freire na xeración posterior á súa.

- L.O.C., “As novas do prelo”, p. 11.

Dá conta das primeiras biografías que ven a luz no ano 2006 sobre Manuel Lugrís Freire, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. A primeira biografía que se comenta é a de Ramón Nicolás, publicada por Xerais, dirixida a un público xuvenil e titulada *Manuel Lugrís Freire*. A continuación, fai referencia ao libro de Xabier Campos Villar titulado *Lugrís Freire: unha biografía*, publicado pola editorial Galaxia. Outra obra publicada sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006 é a de Henrique Rabuñal, que edita A Nosa Terra baixo o título *Manuel Lugrís Freire*. Por último, alude á publicada pola editorial Baía, *Manuel Lugrís Freire: A fe na causa*, de Xosé Manuel Fernández Costas.

VV. AA., “Manuel Lugrís Freire”, *El Progreso*, 17 maio 2006.

Suplemento especial dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos artigos que forman parte del:

- Antonio Soto, “Lugrís é o primeiro grande normalizador do galego”, pp. 2-3.

Entrevista a Xabier Campos Villar, autor dos libros *Lugrís Freire: unha biografía e Antoloxía*. Coméntase que a tesina de Campos se centrou na investigación sobre Lugrís Freire e que nela concluíu que a figura do escritor estaba moi pouco valorada; mesmo até hai escasos meses da celebración do Día das Letras Galegas, non había moitos estudos sobre Lugrís. Campos fai referencia ao camiño da emigración que escolleu o escritor sadense e explica como era o mundo a que viaxou. Indica que colaborou co xornal *El Eco de Galicia*,

fundou *A Gaita Gallega* e, máis tarde, colaborou en *Galicia Moderna*. Tamén pode ser considerado, segundo Campos, o primeiro normalizador da lingua galega. O estudoso defende a LUGRÍS ante as críticas contra a súa *Gramática do Idioma Galego*. A continuación, fai referencia á práctica teatral e comenta que LUGRÍS e os seus coetáneos consideraron que o teatro era o mellor medio para chegar a un público na súa maior parte analfabeto. Refírese despois á faceta política de LUGRÍS e ao seu traballo á fronte da Academia Galega, así como aos anos da República. Finalmente, dá conta dos primeiros artigos que se escriben sobre LUGRÍS Freire tras o seu pasamento.

- Antonio Soto, “A discusión sobre o termo nación é un debate de burros”, p. 4.

Entrevista ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen afirma que a institución, agora que está a celebrar o seu centenario, atópase nun momento activo, de apertura á sociedade, e afirma que a Academia non fai política senón que, simplemente, aplica a normativa. A continuación, fai referencia ao tema do Estatuto e comenta que a súa aprobación sería un gran avance no aspecto legal e teórico. Estima, ademais, que a polémica relativa ao termo nación é “un debate de burros”, xa que o concepto é fundamentalmente etnográfico, e considera que os políticos non se deberían preocupar da súa definición, pois, segundo Barreiro, o idioma non se debe converter nunha arma nin ser unha imposición, senón unha convición. A seguir, comenta o labor de LUGRÍS Freire á fronte da Academia e considera que a súa presidencia foi moi curta pero, malia iso, LUGRÍS foi un home que defendeu de xeito afervorado o seu idioma, a pesar das trabas que existían naquel momento. Finalmente, fai referencia á candidatura de Méndez Ferrín ao premio Nobel e conclúe afirmando que o Día das Letras Galegas é o aniversario da nosa cultura.

- Antonio Soto, “Un home de vida intensa e familiar”, p. 5.

Achégase o testemuño do neto de LUGRÍS Freire, Manuel LUGRÍS Rodríguez, quen describe a seu avó como persoa e profesional. Dá conta dos primeiros anos tras o seu regreso de Cuba, referíndose ao seu traballo en Augas da Coruña; a seguir alude á etapa que sucede á morte de súa nai e da súa muller (que foron moi próximas no tempo), momentos de tristeza e depresión a que seguiu un renacer na vida política. LUGRÍS Rodríguez comenta os anos en que o seu avó participou na fundación da Irmandade da Fala da Coruña e ingresou nunha loxa masónica. Finalmente, afirma que se debe recuperar e reivindicar a figura de seu avó como político.

- Manuel LUGRÍS Rodríguez, “Unha existencia dedicada a Galicia”, p. 6.

Manuel LUGRÍS Freire, neto do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2006, describe neste artigo a figura de seu avó, a quen cualifica de galeguista, dramaturgo, poeta, agrarista, orador e, sobre todo, político. Describe a situación social nos anos de xuventude de LUGRÍS e salienta a importancia que tivo para o escritor o día en que votou no referendo do Estatuto. A continuación, fai referencia á etapa vivida en Cuba e mais á súa volta a Galicia, onde, despois de pasar un período de depresión, foi o responsable da “fundación de plataformas de tendencia política innegable”. Finalmente, comenta que morreu en 1940, deixando tras de si un labor de defensa e dignificación da cultura galega.

- Antonio Soto, “Un dos olvidados do franquismo”, p. 8.

Coméntase que Manuel Lugo Freire, a pesar de ter publicado unha abundante obra literaria, foi unha figura esquecida durante o franquismo. O profesor Xosé Manuel Fernández Costas considera que chegou o momento de reivindicar e recuperar a figura e obra deste autor. No seu libro, *Manuel Lugo Freire: a fe na causa*, Costas afirma que Lugo non foi un escritor brillante, pero tampouco mediocre, e considera que para recuperar a figura de Lugo non chega cun día ou unha semana sobre as Letras Galegas, senón que tería que ser todo un ano, e propón o modelo dos cataláns coa celebración de San Jordi. A continuación, fai referencia ao traballo de Lugo en Augas da Coruña e proporciona as razóns que o levaron a emigrar. A seguir, analiza a contribución de Lugo ao nacionalismo galego e defíneo como un precursor en todas as iniciativas. Conclúe caracterizando a Lugo como republicano, masón e nacionalista, e afirma que quizais estes trazos constituísen o principal motivo do seu esquecemento na etapa franquista.

- A.S.R., “Ardencias’, o seu mellor libro”, p. 11.

Coméntase que o mellor poemario de Lugo é *Ardencias*, publicado en 1927, e que nas súas páxinas se reflicte unha poesía de compromiso. Afírmase que se trata do colofón da obra poética do autor, dirixido aos mozos galegos, aos que invita a se comprometer por considerar que o futuro da lingua galega está nas súas mans. Explícase que a obra é unha acumulación de textos doutros poemarios que recuperan a infancia e adolescencia do poeta, e dáse conta do seu estilo. A continuación, recóllense os comentarios de Fernández Costas, Xosé Ramón Barreiro e Lugo Rodríguez sobre a obra, e reproducése a dedicatoria que figura no poemario. Por último, enuméranse os textos en prosa que Lugo engadiu a *Ardencias*: “Lenda de Brigo”, “A Mareira” e o discurso que pronunciou no cuarto centenario do nacemento de Camões. Así mesmo, afírmase que este é o único libro de Lugo que está dividido en tres partes ben diferenciadas: “Acordes da mocidade”, “Da mariña” e “Doutroa”.

- Antonio Soto, “O estatuto, máis importante có plan”, p. 12.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, Carlos Callón afirma que, aínda que o Día das Letras Galegas ten moito éxito, deberíase repensar a data e adaptala á situación actual, e propón que podería volver a dedicarse a festividade a escritores xa homenaxeados ou a escritores vivos que actuarían durante todo o ano como embaixadores da cultura galega.

VV. AA., “Diario das Letras!”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 2006.

Suplemento especial dedicado ao Día das Letras Galegas. A seguir, descríbese cada un dos artigos que forman parte del:

- Manuel Lugo Rodríguez, “Unha vida dedicada a Galicia”, p. 2.

Manuel Lugo Freire, neto do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2006, describe neste artigo a figura de seu avó, a quen cualifica de galeguista, dramaturgo, poeta, agrarista, orador e, sobre todo, político. Describe a situación social nos anos de xuventude de Lugo e salienta a importancia que tivo para o escritor o día en que votou no referendo do Estatuto. A continuación, fai referencia á etapa vivida en Cuba e mais á súa volta a Galicia,

onde, despois de pasar un período de depresión, foi o responsábel da “fundación de plataformas de tendencia política innegable”. Finalmente, comenta que morreu en 1940, deixando tras de si un labor de defensa e dignificación da cultura galega.

- A.S.R., “Lugrís, o poeta infatigable”, p. 3.

Achégase o testemuño do neto de Lugrís Freire, Manuel Lugrís Rodríguez, quen describe a seu avó como persoa e profesional. Dá conta dos primeiros anos tras o seu regreso de Cuba, referíndose ao seu traballo en Augas da Coruña; a seguir alude á etapa que sucede á morte de súa nai e da súa muller (que foron moi próximas no tempo), momentos de tristeza e depresión a que seguiu un renacer na vida política. Lugrís Rodríguez comenta os anos en que o seu avó participou na fundación da Irmandade da Fala da Coruña e ingresou nunha loxa masónica. Finalmente, afirma que se debe recuperar e reivindicar a figura de seu avó como político.

- Antonio Soto, “Foi o primeiro normalizador do galego”, pp. 4-5.

Entrevista a Xabier Campos Villar, autor dos libros *Lugrís Freire: unha biografía e Antoloxía*. Coméntase que a tesina de Campos se centrou na investigación sobre Lugrís Freire e que nela concluíu que a figura do escritor estaba moi pouco valorada; mesmo até hai escasos meses da celebración do Día das Letras Galegas, non había moitos estudos sobre Lugrís. Campos fai referencia ao camiño da emigración que escolleu o escritor sadense e explica como era o mundo a que viaxou. Indica que colaborou co xornal *El Eco de Galicia*, fundou *A Gaita Gallega* e, máis tarde, colaborou en *Galicia Moderna*. Tamén pode ser considerado, segundo Campos, o primeiro normalizador da lingua galega. O estudoso defende a Lugrís ante as críticas contra a súa *Gramática do Idioma Galego*. A continuación, fai referencia á práctica teatral e comenta que Lugrís e os seus coetáneos consideraron que o teatro era o mellor medio para chegar a un público na súa maior parte analfabeto. Refírese despois á faceta política de Lugrís e ao seu traballo á fronte da Academia Galega, así como aos anos da República. Finalmente, dá conta dos primeiros artigos que se escriben sobre Lugrís Freire tras o seu pasamento.

- A.S.R., “Ardencias’, o mellor libro de Lugrís”, p. 6.

Coméntase que o mellor poemario de Lugrís é *Ardencias*, publicado en 1927, e que nas súas páxinas se reflicte unha poesía de compromiso. Afirmase que se trata do colofón da obra poética do autor, dirixido aos mozos galegos, aos que invita a se comprometer por considerar que o futuro da lingua galega está nas súas mans. Explícase que a obra é unha acumulación de textos doutros poemarios que recuperan a infancia e adolescencia do poeta, e dáse conta do seu estilo. A continuación, recóllense os comentarios de Fernández Costas, Xosé Ramón Barreiro e Lugrís Rodríguez sobre a obra, e reproducése a dedicatoria que figura no poemario. Por último, enuméranse os textos en prosa que Lugrís engadiu a *Ardencias*: “Lenda de Brigo”, “A Mareira” e o discurso que pronunciou no cuarto centenario do nacemento de Camões. Así mesmo, afirmase que este é o único libro de Lugrís que está dividido en tres partes ben diferenciadas: “Acordes da mocidade”, “Da mariña” e “Doutroira”.

- Antonio Soto, “Un dos grandes olvidados do franquismo”, p. 8.

Coméntase que Manuel Lugrís Freire, a pesar de ter publicado unha abundante obra literaria, foi unha figura esquecida durante o franquismo. O profesor Xosé Manuel Fernández Costas considera que chegou o momento de reivindicar e recuperar a figura e obra deste autor. No seu libro, *Manuel Lugrís Freire: a fe na causa*, Costas afirma que Lugrís non foi un escritor brillante, pero tampouco mediocre, e considera que para recuperar a figura de Lugrís non chega cun día ou unha semana sobre as Letras Galegas, senón que tería que ser todo un ano, e propón o modelo dos cataláns coa celebración de San Jordi. A continuación, fai referencia ao traballo de Lugrís en Augas da Coruña e proporciona as razóns que o levaron a emigrar. A seguir, analiza a contribución de Lugrís ao nacionalismo galego e defíneo como un precursor en todas as iniciativas. Conclúe caracterizando a Lugrís como republicano, masón e nacionalista, e afirma que quizais estes trazos constituísen o principal motivo do seu esquecemento na etapa franquista.

- N.M.N., “No día grande das Letras Galegas”, p. 9.

Informa dalgúns dos actos e actividades que se van levar a cabo con motivo do Día das Letras Galegas. Aqueles que están relacionados coa literatura son os seguintes: publicación en papel do proxecto de portal informativo sobre o libro e a lectura, que inclúe un apartado especial sobre o Día das Letras Galegas; creación da web Lugrís Freire; actuacións teatrais do grupo Tanxerina Títeres e de Achádego; celebración do Día de Galicia na cidade alemá de Tréveris; e conferencia de Víctor Freixanes no Centro Galego de Bos Aires.

- A.S.R., “Precursor do teatro galego”, p. 12.

Salienta o éxito das obras narrativas e dramáticas de Lugrís Freire e afirma que a poesía foi o menos valorado do escritor. Indica que o teatro de Lugrís é revolucionario, pois invita aos campesiños á acción para acabar co caciquismo. Explica que na historia da literatura galega, Lugrís figura como un precursor, principalmente polas novidades que introduciu nas pezas dramáticas, como por exemplo a temática mariñeira. A continuación, encadra literariamente a Lugrís Freire dentro da xeración dos autores das Irmandades da Fala e sitúao como continuador da liña de Pondal. A seguir, fai referencia á *Gramática do Idioma Galego* e propón afirmacións de diferentes estudosos de Lugrís que indican como se debe valorar esta obra lingüística. Finalmente, refire cales foron as maiores influencias literarias en Lugrís Freire, tanto na poesía como no teatro.

- Antonio Soto, “A discusión sobre o termo nación é un debate de burros”, pp. 14-15.

Entrevista ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen afirma que a institución, agora que está a celebrar o seu centenario, atópase nun momento activo, de apertura á sociedade, e afirma que a Academia non fai política senón que, simplemente, aplica a normativa. A continuación, fai referencia ao tema do Estatuto e comenta que a súa aprobación sería un gran avance no aspecto legal e teórico. Estima, ademais, que a polémica relativa ao termo nación é “un debate de burros”, xa que o concepto é fundamentalmente etnográfico, e considera que os políticos non se deberían preocupar da súa definición, pois, segundo Barreiro, o idioma non se debe converter nunha arma nin ser unha imposición, senón unha convición. A seguir, comenta o labor de Lugrís Freire á fronte da Academia e considera que a súa presidencia foi moi curta pero, malia iso, Lugrís foi un home que defendeu de xeito afervoadado o seu idioma, a pesar das trabas que existían naquel momento.

Finalmente, fai referencia á candidatura de Méndez Ferrín ao premio Nobel e conclúe afirmando que o Día das Letras Galegas é o aniversario da nosa cultura.

- A.S.R., “O impulso definitivo á lingua galega”, p. 18.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, Carlos Callón afirma que, aínda que o Día das Letras Galegas ten moito éxito, deberíase repensar a data e adaptala á situación actual, e propón que podería volver a dedicarse a festividade a escritores xa homenaxeados ou a escritores vivos que actuarían durante todo o ano como embaixadores da cultura galega.

- AGN, “O día das letras tamén navega por internet”, p. 23.

Informa de que a Consellaría de Cultura acaba de poñer en marcha a nova web sobre o Día das Letras Galegas, que inclúe información sobre as celebracións previstas para esa xornada na edición de 2006, e tamén contén datos relativos ás edicións anteriores. Ademais, mostra información detallada sobre a vida e obra de Lugrís Freire.

X.C., “María Mariño figura das Letras galegas no 2007”, *A Nosa Terra*, nº 1.231, “Cultura”, 13-19 xullo 2006, p. 24.

Dá conta do anuncio da RAG sobre a elección de María Mariño como a autora á que se lle dedica o Día das Letras Galegas en 2007. Ofrece algúns datos sobre a vida de Mariño e sintetiza as impresións de Uxío Novoneyra, que foi quen a deu a coñecer. Fai referencia á obra completa da escritora e ao poemario publicado en vida. Por último, alude a un artigo de Miro Villar publicado n’*A Nosa Terra*, en que fala da influencia de Novoneyra na poesía de Mariño.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Alonso Montero, Xesús, *Os escritores galegos ante a Guerra Civil española (1936-1939)*, Vigo: Galaxia, col. Memoria, 2006, 526 pp. (ISBN: 978-84-82889-79-5).

Como di o propio autor no “Prólogo”, xunta neste volume artigos publicados en distintos lugares nos últimos anos, artigos que considera deberían chamarse “Memoria Republicana de Galicia”, máis seis traballos novos. Di que ofrece un número considerábel de textos, escritos na Guerra Civil, que considera significativos da actitude dos responsábeis nese período; que reproduce textos inéditos e exhumados por el mesmo. Finaliza o “Prólogo”, no que como se ve xa describe a obra dicindo que os estudos e textos que se reproducen “revelan a actitude duns e doutros escritores na Guerra Civil ante a República, a autonomía de Galicia, a Fronte Popular, o comportamento político de certos católicos”. A seguir o primeiro apartado do volume titulado “Franquistas que escriben e publican en galego” acolle oito textos que explican e cualifican obras que se publicaron na época tanto escritas en galego coma en castelán, xunto á experiencias de Alonso Montero de neno; no segundo apartado “Nomes de letras mortos polo ferro irado”, recóllense nove artigos nos que se achegan breves biografías de escritores e se denuncian actitudes e actividades de políticos que non os respectaron; no terceiro “Escritores non franquistas. Do que escribiron (en galego) e non publicaron”, reproducen textos exhumados, con reflexións e estudo, como se dicía no “Prólogo”, como é o caso de “A estadea”, de Ramón Otero Pedrayo, “Seis Cregos escollidos...”, de Juan Tizón Herreros, comentario sobre Evaristo de Sela, “A illa de San Simón: O poeta do século XIII, os escritores do século XX”, unha breve historia do que se produciu nesa illa; o cuarto, “Sobre Otero Pedrayo”, contén un amplo traballo sobre a biografía pública e íntima e Otero; no quinto “Republicanos na España leal e en Buenos Aires”, reproduce traballos de contido variado pero que se unen na louban do facer dos exiliados e o sufrimento dalgúns; o sexto, “Textos franquistas (en castelán) de escritores que, pouco antes do 18 de xullo, estaban noutras militancias ou actitudes”, contén seis traballos sobre intelectuais galegos como Vicente Risco, Alvaro Cunqueiro, Julio Sigüenza, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Camilo José Cela, compaxinados con outras voces, comentarios e textos. Finalmente no sétimo “Varia. Tres relatos con ficción”, reproducense tres artigos nos que se homenaxea a Francisco Fernández del Riego e se fala de “Cultura e compromiso onte e hoxe: 1936-1939” e “Das miñas memorias: 27 meses na guerra civil(1936-1939). Remata un apartado que dá conta da procedencia dos traballos que se reproduciron no libro e os índices: xeral e onomástico.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Memoria de poeta*, Vigo: Galaxia, col. Memoria, nº 11, 2006, 494 pp. (ISBN: 84-8288-892-7).

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) ofrece, a xeito de memorias, un percorrido vital que se converte tamén no retrato dunha sociedade e dun tempo que abarca dende a súa infancia á actualidade. Como explica no limiar que precede ao texto, esta obra responde a unha petición editorial, que inicialmente guiaba ao autor cara a unhas memorias de infancia, nas que explicara a súa relación de neno co mundo dos adultos, formado por unha familia de intelectuais galeguistas e as súas amizades máis próximas. Finalmente, o autor decidiu que faría unhas memorias nas que o eixo temático sería o do “oficio de poeta en coloquio inevitábel coas voces diversas no neno, do mozo e do adulto a medrar e conformar o seu ser a través das relacións de familia e de amizade” ao longo das diferentes etapas vitais. Adianta tamén que os versos inseridos ao longo destas memorias complementan determinados instantes da visión evocativa dun texto que conforma “o relato dunha existencia en marcha”, a cal foi condicionada pola vontade de ser poeta dende a adolescencia. Xustifica a publicación destas memorias e a do volume recompilatorio, *Ancoradoiro. 1983-2003* (2003) como a vontade de organizar a poesía e a memoria parcial en dúas obras que se complementan. Péchase o limiar co agradecemento a todos os que dalgún xeito axudaron no labor de organizar lembranzas, completalas ou matizar os aspectos tratados. A seguir, reproducense as memorias organizadas en seis capítulos, nos que o primeiro actúa a modo de introdución e repaso da primeira infancia. A seguir, os capítulos centrais abarcan diferentes etapas cronolóxicas, que van explicitadas no propio título: “Entre o xogo rimado e o poema (1959-1966)”, “A escrita febril (1967-1972)”, “Os anos do primeiro libro (1973-1977)” e “Un idioma novo (1978-1988)”. Finalmente péchase a obra con “Memoria da vida que comeza”, unha etapa iniciada no ano 1989, na que considera que segue instalado, e ligada á aparición na súa vida de Bea, a actual compañeira. Ofrécese tamén un índice onomástico, a árbore xenealóxica familiar do autor e a súa bibliografía, que orientan ao lector na busca e comprensión do texto.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Grande como o futuro”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, “Libros”, 7 maio 2006, p. 20.

Informa da publicación de *Memoria de poeta*, obra da que se salienta que o autor, Xosé María Álvarez Cáccamo, realiza un percorrido pola súa vida botando man, en ocasións, dun sentido do humor mesmo surrealista. Vicente Araguas realiza un percorrido pola obra, destacando as pasaxes nas que fala da cidade de Vigo, onde naceu o escritor, os seus anos de estudante en Santiago, ou cando explica o porqué de toda a súa poesía, tanto en castelán coma en galego.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Memoria de poeta”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 9 maio 2006, p. 3.

Trátase a cuestión das obras de escritores que xogan coa creación da ficción na vida propia, onde a memoria é unha enerxía produtora. Concretamente, fálase de Xosé María Álvarez Cáccamo e *Memoria de poeta*. Esta obra é presentada como un libro que non só nos axudará a coñecer a vida do autor senón que tamén nos valerá para situarnos nun momento histórico, nunha crónica da realidade.

- Vicente Araguas, “Memoria da lembranza pertinente”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Agora xa foi”, 28 maio 2006, p. 13.

Faise eco da última publicación de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Memoria do poeta*, onde realiza un percorrido pola súa vida. Afirmo que Álvarez Cáccamo “navega a dous mares: o da experiencia e o do misterio” e explica como se desenvolve a obra. Eloxio o libro, achega as súas impresións e reflexiona brevemente sobre a actitude dos lectores ante a lírica na literatura galega. Finalmente, Vicente Araguas menciona a obra de Luísa Villalta, *Papagaio* (Edicións Laiovento-Deputación da Coruña, 2005).

- Ramón Loureiro, “Páxinas de moi luminosa memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 163, “Letras en galego”, 3 xuño 2006, p. 12.

Ramón Loureiro comeza eloxiando tanto a Xosé María Álvarez Cáccamo, como á súa última obra, *Memoria de poeta*, que define como unha obra de creación e tamén como un testemuño. Destaca, entre outros aspectos, a gran cantidade de documentos que inclúe e a brillantez da prosa que emprega. Finaliza afirmando que nesta obra se mesturan harmonicamente literatura e vida.

- Xosé Carlos Caneiro, “Licor de lúa”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 163, “Letras en galego”, 3 xuño 2006, p. 12.

Comeza eloxiando a nova publicación de Xosé María Álvarez Cáccamo, da que sinala, entre outras virtudes, que é un libro escrito cunha grande erudición, mimo estilístico e amor profundo pola terra e a literatura. A seguir, recomenda a lectura da obra *Contos da baiuca*, de Henrique Rabunhal, e informa de que Francisco Castro obtivo o premio Blanco Amor, ademais de aconsellar a obra *Río Leteo*.

- Xulio Valcárcel, “Inventario e continuación”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, “Páxina literaria”, 25 xuño 2006, p. 4.

Faise eco da publicación da obra *Memoria de poeta*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Saliéntase o dominio técnico e narrativo do autor e sublíñase que a carga autobiográfica non lle impide deixar tema ou perspectiva sen tratar. Faise unha análise temática e literaria breve pero exhaustiva da obra. Remátase coa xustificación e felicitación pola súa publicación.

- Román Raña, “Memoria e poesía”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, nº 172, 29 xuño/29 xullo 2006, p. 4/VII.

Faise eco da publicación da obra *Memoria de poeta*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Saliéntase a elección do xénero literario e sublíñase o pouco cultivado que tivo nas letras galegas a modalidade memorística. Faise un breve percorrido pola liña argumental da obra.

- Tomás Ruibal, “A materia dos soños”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 313, “Anaquel dos libros”, 9 xullo 2006, p. 10.

Faise eco da publicación da obra *Memoria de poeta*, de Xosé María Álvarez Cáccamo da man da editorial Galaxia. Saliéntase a súa versatilidade e estilo literario e faise unha breve pero

exhaustiva análise da liña argumental da obra, da que se destaca a imparcialidade e a copiosa documentación que a sustenta.

- Marga Romero, “O máis grande é o futuro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 88-90.

Denantes de centrarse na análise de *Memoria de poeta*, comeza facendo referencia ao autor e á narrativa memorística galega. A continuación, sinala a intencionalidade coa que Xosé María Álvarez Cáccamo escribe o libro e revela a estrutura organizativa da obra. Subliña a importancia do protagonismo colectivo fronte á individualidade. Logo de tratar a renovación literaria, recomenda unha lectura lenta de cada parágrafo. Tamén fai referencia ao estilo e aos sentimentos que esperta a lectura de *Memoria de poeta*. Finaliza advertindo que é necesario ler esta memoria de Cáccamo para comprender os distintos eidos da cultura galega.

Referencias varias:

- MARÉ, “Construíndo as vértebras do eu”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 maio 2006, p. 37.

Faise eco da presentación en Vigo de *Memoria do poeta*, onde Xosé María Álvarez Cáccamo realiza un percorrido pola súa vida dende a óptica dun poeta. Logo de sinalar que a obra realizouse por encargo da editorial Galaxia, recolle as palabra do propio autor nas que afirma que tentou “construír o propio eu” e a seguir expresa os sentimentos que tivo mentres realizaba a obra, ao toparse con diferentes etapas da súa vida, e tamén cando a viu rematada, xusto antes de ir ao prelo. Cáccamo conclúe afirmando que nas súas próximas publicacións buscará novas vías expresivas, temáticas e perspectivas.

- M. V., “En Tui alguén dixo: perseguiremos os Álvarez até a terceira xeración”, *A Nosa Terra*, nº 1.231, “Cultura”, 13-19 xullo 2006, p. 29.

Reprodúcese a entrevista con Xosé M^a Álvarez Cáccamo co gallo da publicación do seu libro *Memoria de poeta*. Reflictese a súa opinión sobre a publicación das memorias nunha idade tan moza e os sucesos máis significativos que aparecen reflectados nelas. Subliña o seu labor de documentación na elaboración destas e recóllese asemade o seu parecer sobre a sociedade e o momento literario actual.

Baceiredo, Rebeca, *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, V Premio de Ensaio Ramón Piñeiro, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 30, 2006, 141 pp. (ISBN: 84-8288-932-X).

Obra de Rebeca Baceiredo (Ourense, 1979), gañadora do Premio de Investigación “Ramón Piñeiro”, da Editorial Galaxia na súa edición de 2005. Estrutúrase o ensaio en tres grandes apartados: “A condición neurobiolóxica do suxeito e os procesos perceptivos”, “Posmodernidade: efectismo e consumo” e “Arte e estética: a ontoloxía que salva”. Contén, ademais, un limiar da propia autora, titulado “Xebrar terreos”, e un Epílogo titulado “Un final que non debería pechar”. Contén un apartado de Bibliografía, que dá boa conta do carácter ecléctico do ensaio, no que se combinan referencias a semiólogos e filósofos posmodernos, autores do círculo surrealista francés e filósofos da Escola de Francfort con diversos tratados

de neurobioloxía e mística, entre moitas outras. A obra presta especial atención ao que se leva escrito sobre os procesos perceptivos para realizar unha aproximación especulativa aos modos en que os medios de comunicación, especialmente a televisión, condicionan e establecen as estruturas de pensamento no capitalismo avanzado. Tenta, por outra banda, demostrar, a través de diferentes referencias a outros modos de percepción (nunha clara asociación do coñecemento cos procesos creativos, é dicir, ontoloxía e estética) que a arte contemporánea se manifesta como claro exemplo de alternativa á condición actual da cultura de masas. Tamén no que se refire á adquisición e elaboración do coñecemento científico afirma a autora: “É evidente que a capacidade de abstracción transcende a facultade de razoamento lóxico ou verbal. Pretender constrinxir o pensamento cun traballo de acumulación e de reconstrución de datos supón restrinxilo cualitativamente”. As conclusións presentadas nun epílogo aberto reafirman a hipótese de que a vida occidental está atrofiando a facultade lóxico-analítica do individuo e deteriorando a súa capacidade cognitiva, se ben a superación das noicións ríxidas desta estrutura de pensamento é posíbel mediante a arte como vía de acción.

Recensións:

- Alfredo Iglesias, “Pespectiva holística”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 182, “Libros”, 2 novembro 2006, p. 4.

Resumo das achegas d’*O suxeito posmoderno*, de Rebeca Baceiredo, que comeza sinalando a formación da autora, cunha licenciatura en Ciencias da comunicación. A seguir expón o desenvolvemento da obra: unha análise biolóxica da percepción, unha contextualización estética e política desta e unha proposta ontolóxica que consiste en afirmar a necesidade de pensar visualmente evitando a paralización que implica a sobrecarga de imaxes.

- Gonzalo Trasbach, “Retrato da sociedade actual”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 185, “Letras en galego”, 4 novembro 2006, p. 14.

Fala d’*O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo, obra gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2005 e enuncia algunha das súas claves, como rastrexar diferentes campos na procura dun rexistro da existencia distinta, facer ontoloxía poñendo en crise o óptico ou sacar á superficie problemas que fan tremer o presente. Dise que a autora reivindica a necesidade de pensar contra a posmodernidade absoluta e cara a unha realidade nova.

- Mario Regueira, “Un tema radicalmente contemporáneo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 97- 98.

Coméntase a estrea de Rebeca Baceiredo no ensaio en galego con *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, obra da que se eloxia a súa capacidade para achegarse a un tema radicalmente contemporáneo que non fora antes tratado de xeito global. A seguir sintetízanse os temas e logros de cada unha das tres partes do libro: a achega á neurobioloxía como intento de rescatar a ciencia como ferramenta de estudo; a análise da sociedade contemporánea desde a perspectiva do ser humano acurralado entre a estética e o consumo; e as conclusións. Anótase que o maior logro da autora é ofrecer solucións alí onde outros nin sequera se decataram de que existían problemas.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Rebeca Baceiredo ve ‘dende arriba o pensamento abstracto’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 outubro 2006, p. 34.

Refírese á autora d’ *O suxeito posmoderno* como muller de poucas palabras e moito pensamento, cunha formación como xornalista e un doutoramento en Filosofía. Dise que Rebeca Baceiredo presenta neste libro unha análise da posmodernidade e das pequenas cuestións que segundo ela son disfuncións estruturais da nosa sociedade que se van facendo progresivamente máis evidentes. Anótase que tamén desenvolveu traballos de videocreación e que non ten pensado de momento escribir máis libros que a súa tese.

- Xosé Carlos Caneiro, “Outono en sol menor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 187, “Letras en Galego”, 18 novembro 2006, p. 14.

Fala do outono e dos “lanzamentos” que se fan nesta época. Incide na necesidade de ler aos novos e na emoción que lle supón descubrir vocación literaria. Destaca tres descubertas: o poemario *Éxodo*, de Daniel Salgado; *A pegada de Man*, de Xoán Abeleira, no que se fala do artista de Camelle; e o ensaio gañador do Premio Ramón Piñeiro de ensaio. Refírese a este libro, *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo como unha obra rigorosa, con sentido da estética e que confirma que existe unha onda intelectual poderosa que pide paso e necesita canles de expresión diferenciadas.

Basanta, Ángel (ed.), *Carlos G. Reigosa. Paixón por saber e arte de contar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Estudos Literarios, 2006, 120 pp. (ISBN: 84-9782-478-4).

A obra ábrese cun breve limiar do propio editor, Ángel Basanta, no que, ademais de dar agradecementos, afirma que a súa intención foi realizar unha lectura crítica da obra de Carlos G. Reigosa (A Pastoriza, Lugo, 1948). A continuación aparece o primeiro dos tres apartados nos que se divide a obra, “Carlos G. Reigosa: paixón por saber e arte de contar”, no que Basanta fai unha análise do conxunto da obra literaria, sen facer ningún tipo de distinción entre a escrita en castelán e a escrita en galego, que clasifica en textos narrativos, de narrativa curta ou novelas. Segundo afirma, a produción de Carlos G. Reigosa ten dúas grandes liñas: por unha banda, relatar a vida dos galegos e, por outra, o carácter mítico-fantástico, que ten a Álvaro Cunqueiro como mestre. A continuación Federico Cocho, en “As circunstancias xornalísticas de Reigosa”, repasa a súa actividade como xornalista, maioritariamente en lingua castelá para a axencia EFE, aínda que tamén hai creacións en galego como, por exemplo, o relato por entregas *A sangue frío* en *The New Yorker*, onde mestura xornalismo con literatura. No derradeiro apartado da obra, “Bibliografía e pico”, León T. Vivanco achega unha documentada cronobiografía que inclúe un apartado final no que se amosan cincuenta fotografías de Reigosa, todas elas acompañadas das súas respectivas frases explicativas, e nas que se recollen momentos de toda a vida, acompañado en ocasións ben por familiares, ben por diversos persoeiros do mundo da cultura, da política, etc.

Recensións:

- César Lorenzo Gil, “Carlos Reigosa, o cronista de tras da Corda”, *A Nosa Terra*, nº 1.242, “Cultura”, 2-8 novembro 2006, p. 24.

Faise un repaso por toda a obra de Carlos G. Reigosa, con motivo da publicación tanto da súa nova novela, *Pepa a Loba*, coma dun estudo sobre o autor, *Paixón por saber e arte de contar*, de Ángel Basanta. Así, este repaso elabórase facendo referencia ás súas primeiras obras, á presenza da Serra da Corda -”a súa montaña natal”-, á importancia da “tradición mítica”, ao seu “caudal de publicacións xornalísticas” e, finalmente, á “investigación sobre o movemento guerrilleiro antifranquista na fronteira oriental de Galiza”. No tocante á súa nova novela, afírmase que “a Pepa a Loba de Reigosa mergúllase na lenda mais tamén no tempo no que en Galiza florecían as gavelas de bandoleiros”. Anótase o feito de que, a pouca concreción dos datos dispoñíbeis, leva ao autor a escribir “dous finais alternativos para a lenda”.

- Laura Caveiro, “De Pepa A Loba”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 186, “Libros”, 30 novembro 2006, p. 5.

Dáse conta da “investigación histórica” que contén a novela, así como da súa construción literaria “expresada con linguaxe cinematográfica”. Dise que o relato da novela está “enriquecido harmoniosamente con cinco ilustracións de Miguel Anxo Prado” e destácase o retrato que representa “sobre o bandoleirismo galego”. Afírmase, ademais, que “engaiola a historia de principio a fin, tanto pola eficacia narrativa do estilo, áxil nas descricións, como polo interese das andainas polos camiños e aldeas da Galiza daqueles tempos”. Por outra parte, alúdese á publicación dun estudo sobre a traxectoria literaria de Carlos Reigosa, coordinado polo crítico Ángel Basanta e publicado baixo o título de *Paixón por saber e arte de contar*.

- Manuel Rosales, “Na arte de contar”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 187, “Libros”, 7 decembro 2006, p. 4.

Dáse conta da publicación dun estudo que ofrece “unha lectura crítica da obra literaria e mergúllanos no mundo xornalístico de Carlos G. Reigosa”, e que se define como “unha valiosa cronobiografía que vén acompañada de cincuenta fotografías”. Faise, ademais, unha breve descrición de cada unha das tres partes do libro: a primeira de Ángel Basanta, na que se analiza a obra de Reigosa e na que se destaca o xogo do autor da Pastoriza cos “espazos da Serra da Corda”, así como coa “tradición literaria desta paisaxe e do interese inesgotable que esperta en Reigosa o ser humano”; a segunda, de Federico Cacho, centrada na carreira xornalística de Reigosa na axencia EFE; e a terceira, de León V. Vivanco, da que se destaca que é fundamental para coñecer en profundidade a vida e a obra de Carlos G. Reigosa.

Referencias varias:

- A.C./AGN, “Carlos Reigosa revive o mito de Pepa a Loba na súa nova novela”, *El Progreso*, “Cultura”, 4 outubro 2006, p. 80.

Dáse conta do acto de presentación da novela que tivo lugar na cidade de Compostela. Dise que o proxecto que iniciou como un guión para un proxecto cinematográfico, logo das “investigacións históricas realizadas arredor da figura da bandoleira galega, acabaron converténdose nesta novela”. Anótase, ademais, que no mesmo acto tivo lugar tamén a presentación do estudo sobre o autor da Pastoriza, *Paixón por saber e arte de contar*, unha edición coordinada polo investigador Ángel Basanta.

- C.F., “Carlos Reigosa parte da historia para novelar a vida da bandoleira Pepa a Loba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 outubro 2006, p. 43.

Alúdese ao acto de presentación da novela que se celebrou en Compostela. Sinálase que a novela parte “dun personaxe histórico (para ficcionar) un tempo e unha circunstancia”. Recóllense as palabras de Reigosa na presentación, que cualificou a súa nova obra como “unha novela de aventuras”. Tamén se apunta que no mesmo acto tivo lugar tamén a presentación de *Paixón por saber e arte de contar*, un estudo sobre o autor da Pastoriza, que sae á luz nunha edición coordinada polo investigador Ángel Basanta.

- J.L., “A bandoleira misteriosa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 outubro 2006, p. 38.

Refírese ao acto de presentación da novela en Compostela. Recóllense as palabras de Reigosa na presentación, nas que se referiu ás “múltiples e desorientadoras” referencias recollidas sobre a personaxe ao longo da súa investigación. Faise fincapé en que “o que se conta na novela é absolutamente froito da imaxinación”, rexeitando a cualificación de “novela histórica”. Menciónanse as palabras dun dos convidados e intervinientes no acto, o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares Paz, que definiu a obra como “doada de ler, e cunha descrición eficaz de mundos e personaxes”. Anótase, ademais, que no mesmo acto tivo lugar tamén a presentación do estudo sobre o autor da Pastoriza, *Paixón por saber e arte de contar*, nunha edición coordinada polo investigador Ángel Basanta.

Blanco, Carmen, *Sexo e lugar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais Universitaria, 2006, 398 pp. (ISBN: 84-9782-398-2).

A profesora Carmen Blanco (Lugo, 1954), pioneira en Galicia na análise das interrelacións de poder, muller, sexo, cultura e literatura, ofrece neste libro unha recompilación dos ensaios que foi escribindo dende 1995 e que foron inspirados, como ela mesma recoñece no “Limiar”, polos “amores plurais ao sexo e ao lugar”. A obra estrutúrase en oito apartados. No primeiro, o “Prólogo”, explica que o seu pensamento se centrou esencialmente nas mulleres, na súa historia esquecida, e no sexo. En “Amores” aborda o tratamento que se lle dá á muller na lírica medieval e ao casamento sen amor que presentan tres pezas teatrais dos séculos XIX e XX. A figura de Rosalía de Castro convértese no centro de “Rosalías”, no que se recollen ensaios sobre a presenza da muller na súa poesía, a súa preocupación galeguista e feminista, a simboloxía mariña na súa obra ou a súa relación con Manuel Murguía. En “Praceres e poderes”, outra das seccións do libro, estuda a complexa visión que sobre a muller ofrecen autores fundamentais das nosas letras como Eduardo Pondal, Manuel Leiras Pulpeiro, Ramón Otero Pedrayo e Ánxel Fole. O mundo creativo das mulleres escritoras galegas, en “Bezas e honores”; textos de María Mariño, José Ángel Valente e Olga Novo, en “Voces”; e a traxectoria de Isaac Díaz Pardo ou o surrealista Eugenio Granell, en “Artes”, centran tamén o

seu interese. O libro péchase cun “Epílogo” no que a autora reflexiona sobre a dicotomía entre a represión e a liberdade sexual na nosa cultura.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, “Intencións libertarias”/”Intencións libertarias. Á procura do rastro feminino”, *La Opinión/Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”/”*Saberes*”, nº 161/148, “Libros”, 22/13 abril 2006, p. V/6.

Dolores Martínez fai un repaso polas principais figuras artísticas das que se fala en *Sexo e lugar*, cunha especial mención a Rosalía de Castro, da que Blanco, di, resalta “o seu valor para a denuncia da inxustiza” e a súa independencia. Considera que todas lle serven a Carmen Blanco para chegar a conclusións críticas sobre o discurso que ao longo do tempo se ten feito sobre as mulleres. Remata sinalando que esta obra pecha unha triloxía iniciada na mesma colección pola autora cos estudos sobre literatura producida por mulleres.

Referencias varias:

- S.J., “Carmen Blanco avoga por liberar mulleres e territorios”, *El Progreso*, “Cultura”, 19 febreiro 2006, p. 81.

Recóllense as opinións da autora sobre algúns dos autores cuxos cadros ou libros analiza nos ensaios que compoñen a obra. Indícase que o seu obxectivo é estudar a interpretación que ofrecen da muller e de Galicia, nuns casos positiva e liberadora (Isaac Díaz Pardo, Eugenio Granell ou Rosalía de Castro); noutros, a propósito da muller, patriarcal, non liberadora (Ramón Otero Pedraio ou Daniel Castelao).

- MARÉ, “Para liberar o ‘Sexo e lugar’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 marzo 2006, p. 42.

Dáse conta da presentación do libro de Carmen Blanco e destácase que con el pretende “loitar coa mente en contra do poder sexual” a través da análise das obras de grandes creadores como Murguía, Otero Pedrayo, Castelao, Xohana Torres ou Luísa Castro, entre outros, dos que amosa a súa opinión de Galicia e das mulleres. Inclúese unha breve nota sobre a traxectoria literaria da escritora e profesora lucense.

- A.S.R./AGN, “Sexo e lugar’, a fin dunha triloxía”/ “Carmen Blanco denuncia o peso social do poder sexual e patriarcal”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Vivir aquí/Cultura”/”Cultura y comunicación”, 9 marzo 2006, p. 76/p. 80.

Infórmase sobre a presentación de *Sexo e lugar*, de Carmen Blanco, e indícase que esta obra pon fin a unha triloxía comezada xa hai quince anos con *Literatura galega de muller* (Xerais, 1991) e con *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Xerais, 1995). Faise así mesmo un breve percorrido pola obra ensaística da súa autora.

- Jose Matamoros, “Las orquestas afinan su labor”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 9 marzo 2006, p. 15.

Nesta sección fixa, inclúese, entre outras cuestións, unha breve nota sobre a presentación de *Sexo e lugar*, de Carmen Blanco, na Galería Sargadelos.

- Xosé Carlos Caneiro, “Máis alá”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 152, “Club dandi”, 11 marzo 2006, p. 12.

Infórmase de que César Antonio Molina é o director do Instituto Cervantes, quen lle outorgou o nome de Cunqueiro a unha biblioteca do centro de Damasco. Alén desta información, recórrase á recomendación do volume *Carrilanos*, de Rafael Cid, que conta cun DVD, xunto co excelente compendio de ensaios de Carmen Blanco titulado *Sexo e lugar*.

Cabana, Darío Xohán, *De Manuel María a Ferrín: a grande xeración. Discurso lido o día 22 de abril de 2006, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Darío Xohán Cabana Yanes*, contén a resposta do Excelentísimo Señor Don Xosé Luís Méndez Ferrín, A Coruña: Real Academia Galega, 2006, 63 pp. (ISBN: 84-87987-65-6).♦

Recóllese o discurso lido por Darío Xohán Cabana o 22 de abril de 2006 no acto de entrada na Real Academia Galega. No discurso de ingreso realiza un percorrido polo sistema literario galego dende Frei Martín Sarmiento até os anos cincuenta onde se vai deter para falar do que el denomina a “Grande Xeración”. Explica que o grupo de persoas que a integran recibiu a herdanza literaria e programática da anterior, a das Irmandades da Fala, e que engadiron o seu entusiasmo e o seu enxeño para formar unha base sólida que quedou como herdanza despois da morte de Franco. Destaca algúns nomes, entre eles Manuel María, o seu padriño literario e de voda, quen iniciou a corrente existencialista en Galicia con *Muiñeiro de brétemas* (1950), momento a partir do que considera que comezou a andar esta xeración que se ocupa de todas as facetas. Lembra que en Madrid apareceu o Grupo Brais Pinto, unha referencia fundamental, que se abriron paso novas voces como Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Díaz Castro, Pura Vázquez, Xohana Torres, Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros moitos. Apunta que con Ramón Lorenzo comezaron os estudos filolóxicos modernos, que fixo monumentais edicións de textos medievais, e que as súas achegas ao dicionario histórico son inmejorábeis. Sinala como outros estudosos da Grande Xeración a Antón Santamarina ou Amable Veiga, que tiveron influencia na galeguización da Universidade; os que fixeron política como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xosé Manuel Beiras, e aqueles que crearon medios para transmitir os seus coñecementos ou os que fomentaron a creación de asociacións culturais nacionalistas como “O Galo” ou “O Facho”, que traduciron obras, impartiron conferencias, colaboraron na prensa e, en xeral, crearon co seu labor prodixioso un novo mundo que Darío Xohán Cabana, entre outros, recolleu. El considérase un novísimo que se uniu como epígono da Grande Xeración e entende que se hoxe se está na Idade de Ouro é porque eles estiveron detrás e todo naceu e segue medrando grazas aos homes e mulleres dos anos cincuenta e sesenta. A réplica ao discurso correspóndelle a Xosé Luís Méndez Ferrín, quen loa os méritos e a teimosía do homenaxeado, repasa algunhas das súas obras e entende que é un gran poeta, narrador, ensaísta, tradutor e, sobre todo, un bo galego de Roás que fai grande a Real Academia Galega, onde todos os presentes e ausentes lle dan a máis cálida benvinda.

Cal, Antía, *Este camiño que fixemos xuntos*, limiar de Xesús Alonso Montero, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, nº 13, 2006, 264 pp. (ISBN: 978-84-8288-955-9).

Libro de memorias de Antía Cal (A Habana, 1923), que aparece introducido por un prólogo de Xesús Alonso Montero titulado “Unha singular biografía pedagóxica”. Nel presenta algunhas das circunstancias biográficas de Antía Cal, que despois ela desenvolve nas súas memorias, e reivindica a publicación dun libro inédito da autora, *Enciclopedia pró neno galego*, premiado polo Lar Galego de Caracas en 1958. *Este camiño que fixemos xuntos* está composto de quince capítulos. Todos van encabezados por un título, que é indicativo dos contidos reunidos en cada apartado. Son os seguintes: “Os primeiros anos”, “Estirpe de emigrantes”, “Viaxe a Galicia. 1932”, “O Muras que atopei”, “Outono de 1941. Ingreso na Universidade”, “Primavera de 1946. Chega papá de Cuba”, “Xenebra. 1955”, “Lembranzas da aldea. A Guerra Civil”, “Vivir con Antón”, “Comeza o Rosalía. 1962”, “Viaxes e congresos. O Vigoscopio”, “Rosa Sensat. Morte de Antón”, “*O tempo dun salaio* de Anne Philipe”, “A nosa casa e a política. O galeguismo”, “Memoria dalgúns amigos”, “Instrución e educación. Algunhas reflexións dende Écully” e, finalmente, un “Índice onomástico”. Os capítulos están organizados cronoloxicamente, aínda que tamén tematicamente, polo que hai anécdotas que se anuncian nun e se desenvolven noutra. Comeza falando da historia da súa familia, da emigración e da súa aldea. A seguir, céntrase nos seus anos universitarios en Compostela e o que supón para ela o encontro con Antón Beiras. A medida que relata a súa relación con el, dá cabida a importantes documentos históricos dentro do ámbito do galeguismo, dende anécdotas até fotografías e cartas. Toda a obra convértese nun documento de gran valor histórico, no que se plasma o mundo da emigración, coas separacións persoais e as durezas económicas que implica, a vida dunha muller durante gran parte do século XX, o contacto co galeguismo e a esquerda e os seus proxectos pedagóxicos renovadores, entre outras cousas. Tamén fala da creación do colexio Rosalía de Castro, en Vigo, un proxecto educativo ao que ela se entregou co fin de mudar as circunstancias atrasadas e conservadoras que dominaban o panorama educativo español da época. Fai unha mención especial ao uso do galego no colexio e explica a súa concepción da educación, baseada en experiencias pedagóxicas do estranxeiro. No terreo persoal, destaca a atención dedicada ás experiencias vividas a raíz da súa relación con Antón Beiras, dende a creación da editorial Galaxia até o contacto con figuras históricas do galeguismo e da esquerda.

Cañada, Silverio (ed.), *Gran Enciclopedia Galega*, Silverio Cañada, Lugo/Pontevedra: El Progreso/Diario de Pontevedra, 2006. (ISBN: 84-87804-26-8).

Ao longo do ano 2003 comezou a reedición actualizada, revisada e traducida ao galego da *Gran Enciclopedia Gallega*, que en 1974 editara Silverio Cañada, a cargo dos xornais galegos *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, que estableceron unha periodicidade mensual para a entrega dos volumes. Con esta posta ao día preténdese dar unha visión actualizada da realidade galega e ao mesmo tempo recoller os cambios máis importantes nos case trinta anos que separan as dúas edicións. Os contidos que abrangue van dende a política, á ciencia, á xeografía, ao deporte ou á creación artística. No tocante á literatura galega ofrece biografías de escritores, apuntamentos históricos de movementos e escolas ou información detallada sobre diversas publicacións. Así, ao longo do ano 2006 chegaron aos quioscos volumes que comprenden as voces correspondentes encadradas nos tomos: 33 até o 44: Tomo 33 (nove-ourel) (ISBN: 84-84804-35-7), Tomo 34 (ouren-parb) (ISBN: 84-84804-36-5), Tomo 35

(parc-pes) (ISBN: 84-84804-37-3), Tomo 36 (pet-pont) (ISBN: 84-84804-38-1), Tomo 37 (ponz-rap) (ISBN: 84-84804-39-X), Tomo 38 (rar-rodí) (ISBN: 84-84804-40-3), Tomo 39 (rodo-sana) (ISBN: 84-84804-41-1), Tomo 40 (sanc-sen) (ISBN: 84-84804-42-X), Tomo 41 (sen-tern) (ISBN: 84-84804-43-8), Tomo 42 (terr-valla) (ISBN: 84-84804-23-3), Tomo 43 (valle-vilam) (ISBN: 84-84804-23-3), Tomo 44 (vilan-z) (ISBN: 84-84804-23-3).

Referencias varias:

- C. U., “O 35º tomo da Gran Enciclopedia achégase a Pedrafita e A Pastoriza”, *El Progreso*, “Cultura”, 1 marzo 2006, p. 73.

Fálase dos contidos do trixésimo quinto tomo da *Gran Enciclopedia Galega*, Silverio Cañada, entre os que se destacan os relativos ás poboacións da Pastoriza e Pedrafita do Cebreiro. Anótanse outras entradas de interese como a referida á figura do peliqueiro, unha máscara do Antroido, ou a algúns persoeiros do mundo do espectáculo e da política.

- Camilo Franco, “O compendio do saber galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 156, “Edición”, 8 abril 2006, p. 8.

Faise eco da presentación dos dous derradeiros volumes da *Enciclopedia Galega Universal* polo seu editor Bieito Ledo. Recóllese a súa opinión sobre o papel da enciclopedia na cultura e o percorrido da editorial Ir Indo neste proxecto; sublíñanse as características diferenciadoras da obra e o arduo labor desenvolvido ao longo dos anos. Saliéntase a posibilidade dunha futura consulta da obra en internet.

- C.U., “Un paseo polo centro e o sur lugués coa ‘Gran Enciclopedia Galega’”, *El Progreso*, “Cultura”, 1 maio 2006, p. 75.

Dá conta da publicación do trixésimo sétimo volume da *Gran Enciclopedia Galega*, que ten como primeira entrada A Porteliña, na Fonsagrada, e como última O Rapote, en Negreira. Ofrece datos de tres concellos lugueses: Rábade, Portomarín e Quiroga, salientando o seu pasado e o seu patrimonio histórico e cultural.

- C. U., “Retrato ó concello de Samos no 39º tomo da ‘Gran Enciclopedia Galega’”, *El Progreso*, “Cultura”, 1 xullo 2006, p. 97.

Refírese á publicación do trixésimo noveno tomo da *Gran Enciclopedia Galega* editado por *El Progreso-Diario de Pontevedra*, que acaba de saír á venda. Enuméranse algúns dos seus contidos, entre os que se salienta a atención ao concello de Samos, con datos demográficos e económicos actuais, ademais de información de todo tipo, desde o clima á historia, ás comunicacións, etc. Outras entradas de interese ás que se alude son as de persoeiros como Claudio Rodríguez Fer, Antón Reixa, Rof Carballo, Antonio Rosón ou Antonio Rouco Varela, así como a dedicada ao estilo románico.

Caneiro, Xosé Carlos, *Os dominios de Caín. Estética e liberdade na literatura*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 31, 2006, 188 pp. (ISBN: 978-84-8288-933-7).

Obra de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963), dividida en doce apartados que versan sobre a liberdade creadora, a estética, o mercado literario ou o cinema, no que pretende ser unha reflexión en voz alta do seu proxecto de escrita e da visión do seu traballo no momento actual, pero tamén ao longo do tempo. A primeira parte do libro é unha reflexión sobre diferentes aspectos, por exemplo sobre o estancamento que se produce na literatura galega; el avoga por un sistema que non precise depender dos centros de ensino, reclama a liberdade literaria e censura a tiranía imposta dende as aulas. Define o sistema literario galego como feble, pero con isto non quere dicir que os escritores galegos teñan a culpa, xa que entende que nas plumas galegas hai moito talento. Defende vivir da literatura, pero non ser escravo das editoras e entende que escribir en galego ten que superar o acto de fe absoluta. Promove dende estas páxinas o debate do que considera carente o círculo e non dubida en revelarse, en sementar a polémica, en discrepar con autores consagrados como Manuel Rivas, en denunciar os premios amañados e, en xeral, a todo o organigrama no que se asenta a literatura actual. O propio título aproxima ao lector ás súas reflexións, pois nel reflíctese que se vive nos tempos de Caín, da literatura caída, da mediocridade, no que é unha visión pesimista do momento presente. A segunda parte do ensaio está dedicada a trazar as semblanzas dos que el considera grandes escritores. Declárase fervente admirador de Jorge Luís Borges, Álvaro Cunqueiro, William Faulkner, Edgar Allan Poe, Marcel Proust, Julio Cortázar, Ernesto Sábato, Gonzalo Torrente Ballester, James Joyce, Xosé Luís Méndez Ferrín, Juan Rulfo, Miguel Torga, Ramón del Valle-Inclán, Franz Kafka, Camilo José Cela ou Ramón Otero Pedrayo, a quen considera o mellor novelista da literatura galega. Milita, segundo as súas propias palabras, na literatura contracorrente, na “estética da ruptura”, e refuga da “ditadura do simplismo”. Nomea a Arturo Pérez Reverte como un deses autores de escrita plana, con moitos datos, carente de matices e na que a palabra non ten valor. Para Xosé Carlos Caneiro o estilo, a forma está totalmente perdida na literatura de masas. Acusa ás editoras, aos medios de comunicación, aos propios críticos de fomentar a mala literatura, porque para el os libros non só son ocio, diversión, entretemento, senón unha “riqueza espiritual e intelectual”, quizais a máis importante á que pode ter acceso o ser humano. É pois un ensaio, un testamento no que se reivindica páxina a páxina a beleza formal, a linguaxe e o ritmo narrativo.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Escribir para os institutos ou para a eternidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.238, “Ensaio”, 5-11 outubro 2006, p. 26.

Recóllense os aspectos máis interesantes do ensaio de Xosé Carlos Caneiro *Os dominios de Caín*. Enténdese que o seu sentimento de incompreensión no sistema literario galego non é novo e quizais por iso a través do ensaio quere facerse oír, explicar a súa escrita e a concepción da literatura en xeral. Lóase a súa prosa coidada, musicalizada, paixonal, contida e esmerada. Considérase que cae nun certo maniqueísmo ao só considerar boa prosa aquela que alcanza un nivel atemporal, extraordinario e, pola contra, enténdese que este tipo de literatura non se pode dar todos os días, o cal non quere dicir que non sexa válida. Rexéitase o fatalismo no que está instalado Caneiro e enténdese que un escritor non ten sempre que ter ínfulas por transcender o inmediato. Chámase a atención sobre a nómina de autores que cita como influencias, xa que se sente fascinado por persoas que renunciaron ao galego na súa escrita e a

dous deles que empregaban negros para crear. Remátase dicindo que o tempo será o que poña a cada quen no seu lugar, polo que non é necesario tanto sufrimento nin tanta urxencia.

- Sandra Faginas, “Do inconformismo á petulancia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, “Letras en Galego”, 26 agosto 2006, p. IV.

Coméntase que o ensaio de Xosé Carlos Caneiro *Os dominios de Caín* é imprescindible e recomendábel tanto para os amantes da súa prosa como para aqueles que a detestan. Obsérvase unha reflexión aberta e sincera por parte do escritor sobre a literatura e o mundo que a rodea. Noméanse aos seus autores de cabeceira, entre os que destaca Borges, Kafka, Faulkner, Joyce, Otero Pedrayo ou Torrente Ballester, así como a aqueles que detesta pola súa extrema sinxeleza como pode ser o caso de Arturo Pérez Reverte. Recóllense as súas críticas ás novelas comerciais, a esa literatura feita para as masas, aos críticos que non parten dos textos, aos premios amañados, aos profesores de instituto que crean unha liña estética, á falta de atención á palabra e a tantos outros aspectos sobre os que polemiza ao longo deste ensaio, no que se entende hai moita sinceridade e amenidade coa que gozará o lector.

- Vicente Araguas, “Como xogo e paixón”, *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, nº 400, “Libros”, 29 setembro 2006, p. 20.

Lóase a escrita de Xosé Carlos Caneiro, un autor polo que di sentir admiración e ás veces desinterese polos seus excesos. Enténdese que o libro *Os dominios de Caín* é un volume infrecuente no noso sistema literario, pero necesario para coñecer a un dos autores “máis radicais” do panorama galego. Nel achégase ás súas influencias, entre as que se destacan autores como Valle, Torrente, Cela, Otero Pedrayo e Joyce, pero tamén as súas fobias, que estarían naqueles autores simples.

- C. Rodríguez, “A literatura interpretada”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Arquiipiélago”, 15 outubro 2006, p. 9.

Deféndese que un libro como *Os dominios de Caín*, de Xosé Carlos Caneiro, non debería pasar inadvertido entre as publicacións do momento ao ser unha interesante reflexión sobre diversos aspectos do mundo creador do autor e da literatura en xeral. Coméntase como neste volume o autor transmite o seu descontento por vivir nun tempo marcado pola literatura mediocre, no que el defende a paixón das letras e a literatura como fonte de vida.

- Montse Pena Presas, “Camiñando coa literatura”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 184, “Libros”, 16 novembro 2006, p. V.

Enténdese que Xosé Carlos Caneiro co ensaio *Os dominios de Caín* abre unha porta á súa propia literatura, ás súas filias e ás súas fobias, que son expostas ao longo destas páxinas. Recóllense os autores dos que bebe na súa creación, como Otero Pedrayo ou Joyce, o concepto que ten de literatura, a visión do cinema, a concepción da literatura de masas, simple e pouco traballada, na que non importa o valor artístico e si a comercialización de exemplares. Sinálase que Caneiro culpabiliza desta situación ao mercado, as editoras, os medios de comunicación e os críticos, entre outros axentes responsábeis. Enténdese que se arrisca a falar de boa e mala literatura cando non sempre son compartimentos estancos, senón que en ocasións son os ollos dos lectores os que deciden.

Referencias varias:

- MARÉ, “Contra a ditadura do simplismo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 setembro 2006, p. 37.

Comézase sinalando que Xosé Carlos Caneiro se sente maltratado polo sistema literario galego e que con *Os dominios de Caín* pretende explicar o seu xeito de entender a literatura, especialmente por considerar que a súa escrita non está dentro das liñas do canon imperante. Recóllense as palabras do propio autor, nas que explica a súa posición dentro dunha literatura contracorrente, nas que admite a influencia de grandes autores, critica aos que buscan unha escrita simplista e arremete contra o mercado da mala literatura ou contra o estancamento da literatura galega, que considera un sistema feble. En columna á parte, recóllense algunhas reflexións do propio autor, que admite non ser moi habitual a defensa da propia escrita a través dun ensaio coma este e di non buscar a polémica, aínda que si provocar o debate intelectual que falta en Galicia.

- Tomás Ruibal, “Afirma Caneiro”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Anaquel dos Libros”, 22 outubro 2006, p. 8.

Achégase á obra *Os dominios de Caín* para observar algúns dos trazos máis significativos das reflexións que plasma nestas páxinas Xosé Carlos Caneiro. Enténdese que un dos aspectos máis representativos do seu ensaio é a procura da reflexión, do debate, da polémica para intentar avanzar e reverter a situación actual. Preocúpalle o mercado literario orientado a un público de instituto no que son os profesores os que imponen os seus criterios estéticos, que en moitas ocasións son moi dubidábeis. Denuncia os premios amañados, a escrita simple, os personaxes planos, a linguaxe sinxela e todo o que nos encamiña a unha “ditadura do simplismo”. Recóllese a súa preocupación polo rumbo da actual literatura e apóstase por reler a Proust, Cortázar, Ferrín, con eles reivindicando unha “estética da ruptura”.

- Xurxo Fernández, “Ensaio: ventana abierta”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 6 novembro 2006, p. 80.

Recoméndase a lectura do libro *Os dominios de Caín*, escrito por Xosé Carlos Caneiro, no que se entende que hai un certo pouso de crítica ao sistema literario galego, no que se sente maltratado. Enténdese o volume como unha explicación á súa escrita, unha necesidade de achegarse ao lector, esclarecer puntos da súa estética e das súas obras. Coméntase que ten autores de cabeceira como Borges, Otero, Joyce ou Ferrín nos que coincide na literatura a contracorrente, na literatura non simplista. Entende que o sistema literario galego é feble, pero iso non se debe a que haxa escritores pouco talentosos, senón a unha cadea que empeza moito antes. Crese que o ensaio é un lugar de reflexión, de debate, que non abunda na literatura galega.

Díaz Pardo, Isaac, *Crónicas inconformistas*, VII Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión, prólogo de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións, 2006, 126 pp. (ISBN: 84-9750-776-2/978-84-9750-776-9). ♦

Neste volume recóllense artigos que Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920) publicou no xornal *La Voz de Galicia* entre o verán de 2004 e decembro de 2005. Por eles recibiu o VII Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo Literario e de Opinión. O libro consta dunha primeira parte na que Xesús Alonso Montero retrata ao escritor e amigo, recóllese a súa biografía, o compromiso con Galicia, a súa faceta de editor clandestino, a de empresario, a de artista plástico e a de pensador. Esta primeira parte dá paso a noventa e sete artigos nos que trata os máis diversos temas dende o máis próximo ao autor até o máis afastado, tanto no tempo coma no espazo. Achégase á inxusta guerra de Iraq, á política galega da man por exemplo da controvertida obra da Cidade da Cultura, ás novas tecnoloxías, á sociedade de consumo, á lacra do terrorismo ou dos incendios forestais que cada verán devastan Galicia, á problemática do termo “Nación” e a outros tantos asuntos de actualidade. Amais de feitos que acontecen ao seu arredor tamén se achega a moitas persoas importantes na cultura galega como Eduardo Blanco Amor, Daniel Castelao, Luís Seoane, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xesús Alonso Montero, Ramón Lorenzo e César Antonio Molina, entre outros. A descrición destes artigos referidos a cuestións literarias están recollidas nos diferentes apartados dos *Informes de literatura* correspondentes.

Domínguez Alberte, X.C. e R. Soutelo (eds.), *O ano da memoria na escola*, [Caldas de Reis]: Concello de Caldas de Reis, 2006, 159 pp. (ISBN: 84-606-3999-1).♦

Libro editado por Xosé Carlos Domínguez Alberte e Raúl Soutelo que nace ao abeiro dun proxecto educativo interdepartamental levado a cabo no instituto de Caldas no curso 2005-06 para dar conta da experiencia educativa sobre a memoria histórica ao longo do curso escolar. A obra divídese en catro grandes bloques: un limiar no que os coordinadores presentan os obxectivos da obra, e tres bloques máis dedicados á memoria histórica dende distintos ángulos: “Emigrantes, exiliados e inmigrantes na Galiza do século XX” (pp. 11-67), “A memoria da aula” (pp. 75-129) “A visión dos creadores” (pp. 137-149). Pecha coa reprodución do programa (p. 157) onde se enumeran as actividades levadas a cabo no proxecto. O terceiro bloque conta con breves entrevistas realizadas aos escritores:

- Entrevista a Víctor Omgá (pp. 137-143).

Entrevista realizada o 8 de marzo de 2006 na biblioteca pública de Caldas polas seguintes alumnas de 4º ESO: Susana Barreiro Gonsalve, Sonia Cancela Luna, Lucía Fariña Oubiña, Jesica Ferro Portas, Lorena Gómez Marán e Leticia Pérez González. Atende a cuestións socio-políticas e literarias xerais como a influencia da terra na súa produción literaria, aspectos positivos e negativos da emigración, a súa manifesta integración na Galicia, ou a diferenza cultural do seu país de orixe e a terra galega. Fala tamén do seu libro *Calella sen saída* (2001), as dificultades de publicación, as súas influencias literarias e a literatura en África e Galicia.

- Entrevista a Fran Alonso (pp. 145-148).

Fran Alonso: entrevista realizada o 21 de abril do 2006 no CIP Alfonso VII polos seguintes alumnos de 4º de ESO: Carlos Casal González, Deborah Loureiro Víctor, María Novás Constenla, Raquel Parra Núñez, Arancha Pereira Gutiérrez e Fátima Villaverde González.

Fala da súa fonte de inspiración (a vida mesma), os premios recibidos, todos para o autor importantes, ou as viaxes a Centro América e a súa presenza na súa obra. Na súa faceta de escritor, defínese como “escritor todoterreno” e fala dos seus libros *Territorio ocupado* (1998) ou *Tráiler* (1991). Remata ofrecendo unha reflexión sobre o ano da memoria e manifesta a importancia de reflexionar sobre a influencia do pasado no presente.

- Entrevista a Antón Riveiro Coello (pp. 149-154).

Antón Riveiro Coello: entrevista realizada o 31 de maio de 2006 na biblioteca do CIP Alfonso VII polos alumnos de 4º de ESO: Jorge Narciso Eirín Magariños, Ana Isabel Rial Fariña, Ángeles Rodríguez García, Alejandro Ruibal Ortigueira, Daniel Ruibal Ortigueira, e César Turnes Caseiro. Fala da súa faceta de escritor e destaca a influencia da terra nas súas obras. Refírese tamén ao premio García Barros, ao que define como o premio que máis ilusión lle fixo por ter sido o primeiro, a súa mellor novela que, segundo o seu criterio, é *A esfínxe de amaranto* ou os autores que nel influíron, entre os que destaca a Stevenson. Atende tamén a cuestións lingüísticas e ás celebracións da memoria histórica, nas que manifesta que participa de forma directa e loa a implicación da sociedade e as institucións públicas. Comenta a función da literatura e as novelas como *As rulas de Bakunin* (2004), *O lapis do carpinteiro* (1998) ou *Agosto do 36* (2001) xa que ás veces considera son máis precisas cos libros de historia. Remata comentando o papel dos escritores na sociedade galega actual na recuperación da memoria histórica de Galicia no século XX e considera que a literatura serve para achegar aqueles lugares onde a historia non chega.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Memoria na escola”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, “Libros”, 16 novembro 2006, p. IV.

Dá conta do proxecto educativo levado a cabo no CPI Alfonso VII de Caldas de Reis, que tivo como obxectivo achegar ao alumnado contidos que se relacionasen tanto co Ano da Memoria Histórica coma co mundo da diáspora galega e que deu como resultado, entre outros proxectos, a obra *O ano da memoria na escola*, editada polo Concello de Caldas de Reis e coordinada por X. C. Domínguez, Alberte e Raúl Soutelo. A seguir, repásase a estrutura da obra e conclúese anunciando que será presentada no seo do III Congreso Manuel Luís Acuña, na Pobra de Trives.

Domínguez Rey, Antonio (ed.), *Presenza do poema. Textos da VI Edición do Seminario Internacional de Tradución e Poética de Rianxo 2005*, ed. de Antonio Domínguez Rey, A Coruña: Espiral Maior/AULIGA, 252 pp. (ISBN: 84-96475-41-7). ■ ◆

Volume no que se recollen as intervencións realizadas por diferentes personalidades na VI edición do Seminario Internacional de Tradución e Poética, celebrado en Rianxo en 2005. Entre os asistentes estivo Manuel Espiña Gamallo analizando as linguas vernáculos en relación coa Igrexa. A seguir preséntanse os relatorios debidos a:

-Alberto Álvarez Lugrís, “Vicente Risco, tradutor (a súa tradución do *Leabhar Babhala Erénn*)”, pp. 35-61.

Trata con especial atención a tradución que Vicente Risco fixo do *Leabhar Gabhala Erénn*. Nun primeiro momento, céntrase na tradución como instrumento político na Xeración Nós, as Irmandades da Fala, e nos seus respectivos órganos de difusión, as revistas *Nós* e *A Nosa Terra* e a seguir presenta o contexto socio-cultural no que se desenvolve o labor tradutor de Vicente Risco e que determina a súa concepción da tradución como ferramenta de mediación. Continúa recollendo os motivos polos que traduce este manuscrito medieval gaélico, así como en varios aspectos técnicos da tradución

-Manuele Masini, “Auto e variante de autor: O problema do bilingüismo na literatura galega e a súa tradución para un terceiro idioma”, pp. 63-78.

Céntrase na aparición do galego e o castelán de maneira conxunta na literatura o que resulta unha dificultade á hora de traducir a obra a calquera outra lingua. Apunta a relevancia esencial da tradución na historia cultural dun país e en Galicia faise aínda máis evidente, xa que, segundo se indica, é un feito recente empregar o galego para unha tradución.

-Xosé María Álvarez Cáccamo, “O pensamento poético de Miguel Anxo Fernán Vello”, pp. 79-90.

Afonda no pensamento poético de Miguel Anxo Fernán-Vello a través da súa obra poética, salientando a súa paixón vitalista e solidaria. Fai un percorrido polas distintas temáticas dos diferentes volumes poéticos do autor

-Teresa Seara, “Verso espiral (Nove calas na poesía de Miguel Anxo Fernán Vello)”, pp. 91-106.

Segue centrándose na obra poética de Miguel Anxo Fernán-Vello, nesta ocasión, facendo unha análise dos nove poemarios que ten publicados o poeta, aos cales lles chama “ondas”: “primeira onda: o desexo”, “segunda onda: o corpo”, “terceira onda: a brancura e a sombra”, “cuarta onda: a terra”, “quinta onda: a patria”, “sexta onda: a cidade”, “sétima onda: a queimadura”, “oitava onda: a denuncia” e “novena onda: outra vola o corpo”.

-Manuel Rodríguez Alonso, “Mal galego e peor castelán”, pp. 107-168.

Estudo sobre as influencias recíprocas e daniñas que se causan o galego e o castelán e como o castelán inflúe sobre o galego, e mesmo o mal castelán. A análise aborda os fenómenos da fonética, a conxugación e pronuncia, a ortografía, a morfosintaxe, a sintaxe e o léxico. Aporta un estudo de diferentes exemplos como “A lingua dos libros de texto de *Lingua e literatura galegas*”, “O problema dos textos modélicos no ensino” e “A xiría pedagóxica”.

-Fernando Pérez-Barreiro Nolla, “La métrica Shakespeariana y su adaptación al castellano, catalán, gallego y portugués. Algunos ejemplos”, pp. 169-189.

Análise da métrica de Shakespeare e a súa adaptación ás diferentes linguas ibéricas. Comeza facendo referencia ao concepto de “métrica”, así como á métrica de Shakespeare dentro da

poesía inglesa, para logo pasar aos nosos textos. Recolle comparativamente fragmentos shakesperianos en inglés, e a súa tradución ao castelán, galego, catalán e portugués.

-Francisco Amoraga Montesino e Andrés Alonso Martos, “Juicio y creación (po)ética. Notas para una lectura otra del judaísmo en José Ángel Valente”, pp. 213-224.

Achega á obra do escritor José Ángel Valente baseada na lectura das influencias xudeas na noción e o exercicio de creación poética neste escritor.

-Marina Sanfilippo, “De lo oral a lo escrito: cuentos y narraciones entre dos mundos”, pp. 225-238

Estuda as dificultades de trasladar un texto oral ao papel e cómo a transformación dun texto escrito nun discurso oral é algo máis que unha simple reformulación. Centra a súa análise na hipótese de que pasar do escrito ao oral, en ámbito artístico, require unha operación de adaptación tan complexa como a que se realiza para trasladar unha obra literaria á pantalla cinematográfica. Apoia o estudo na análise da adaptación á narración oral de tipo teatral da novela curta *Michael Kohlhaas*, de Heinrich von Kleist, realizada por Marco Baliani.

Fernández Naval, Francisco X., *Respirar polo idioma (Os Galegos e Julio Cortázar)*, Ourense: Linteo, col. Aberta, 2006, 232 pp. (ISBN: 84-96067-21-1).

Obra de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) que presenta dous bloques temáticos, ademais dun prólogo, bibliografía especializada, índice onomástico e unhas cantas fotografías sobre a vida e obra de Julio Cortázar (Bruxelas, 1914-París, 1984). O primeiro capítulo, “Galicia e Julio Cortázar”, fai un repaso pola relación do autor de *Rayuela* con diferentes exiliados galegos da posguerra, entre eles, Rafael Dieste, Luís Seoane e Francisco Porrúa. Tamén se aborda neste apartado a figura de Aurora Bernárdez, muller de Julio Cortázar, que era filla de emigrantes galegos na Arxentina, feito que supuxo unha relación máis próxima cos exiliados galegos e levou a Cortázar a viaxar a Galicia en 1956 e pasar tres semanas visitando diferentes vilas. No segundo bloque, que leva o título “Julio Cortázar e os galegos”, Francisco X. Fernández Naval revisa diferentes contos e publicacións do escritor arxentino, destacando a presenza e o tratamento de personaxes galegas nas súas historias, como é o don Galo Porriño da novela *Los premios* ou o dono do café Cluny en *62 Modelo para armar*.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Cortázar en nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 163, “Libros”, 27 abril 2006, p. V.

Comeza definindo *Respirar polo idioma (Os galegos e Julio Cortázar)*, de Francisco X. Fernández Naval, como unha das obras ensaísticas máis destacábeis do ano e sinala que se trata dun estudo recomendábel para profundar nos trazos do espírito galego que aparecen na literatura de Cortázar. Ramón Nicolás loa da obra a claridade expositiva, o rigor informativo e a capacidade de síntese. Afirmo que “todo aparece fiado cunha ‘certa amenidade narrativa’ e

que a obra é “unha invitación para debruzarse na produción do escritor”, que estivo sempre rodeado de galegos que tiveron unha grande importancia na súa vida.

Referencias varias:

- A. Mallo, “Os galegos de Julio Cortázar, unha forma de respirar a través da lingua”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 marzo 2006, p. 35.

Infórmase da presentación do libro de Francisco X. Fernández Naval, *Respirar polo idioma. Os Galegos e Julio Cortázar*, do que se salienta a análise que realiza Cortázar dos galegos, ben pola amizade que mantivo con moitos deles, ben por introducilos como personaxe das súas obras. Así mesmo, indícase que a presentación realizouna Xosé Luís Axeitos e o autor agradeceu a publicación da obra a Edicións Linteo.

- Ana Rodríguez, “Os galegos ‘menos ásperos’ de Cortázar”, *La Opinión*, “Cultura”, 19 marzo 2006, p. 68.

Achéganse os comentarios do autor de *Respirar polo idioma. Os Galegos e Julio Cortázar*, Francisco X. Fernández Naval, sobre o seu libro, no que analiza a visión que tiña Julio Cortázar dos galegos que coñeceu en Bos Aires e París. Salienta que os amigos máis próximos foron Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado e Luís Seoane. De seguida, explica o porqué do título da obra e confirma a influencia de escritores galegos nos seus relatos.

- F. Fernández Naval, “Do outro lado das cousas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 154, “O especialista”, 25 marzo 2006, p. 9.

Fernández Naval explica a relación que Cortázar mantivo cos emigrados galegos en Bos Aires e cómo a figura do galego aparece reflectida en personaxes dos seus relatos. Sinala que a relación entre Cortázar e os galegos se intensificou a partires dos anos cincuenta, debido ao casamento do escritor cunha muller de ascendencia galega.

- R. S., “Un libro repasa a relación de Cortázar cos galegos no exilio”, *El Progreso*, “Cultura”, 29 marzo 2006, p. 81.

Infórmase da presentación do libro de *Respirar polo idioma. Os Galegos e Julio Cortázar*, de Francisco X. Fernández Naval, na Galería Sargadelos, na que acompañaron ao autor Claudio Rodríguez Fer e o editor Manuel Ramos. Saliéntase que chamaron a atención sobre a relación de Julio Cortázar cos galegos en Bos Aires e París, sobre todo a partir do casamento con Aurora Bernárdez, filla de galegos emigrados. Coméntase o motivo do título e adiántase o contido, ademais de invitar á lectura de Cortázar, fixándose en como moitos dos personaxes dos relatos son galegos.

- Ramón Chao, “Cortázar y yo”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 382, “Enfiando”, 25 xuño 2006, p. 25.

Ramón Chao comenta o libro publicado por Fernández Naval sobre Julio Cortázar e os galegos, e do que el tamén forma parte como amigo de Cortázar. Chao dá conta de cando

coñeceu ao escritor, o seu primeiro encontro na Habana, por motivo da celebración do X aniversario do triunfo da Revolución en 1969 e fai referencia a outros encontros posteriores.

- Xan Carballa, “Francisco X. Fernández Naval. ‘Os autores galegos exiliados influíron nas ideas literarias de Cortázar’”, *A Nosa Terra*, nº 1.235, “Cultura”, 7-13 setembro 2006, p. 29.

Entrevista con Francisco X. Fernández Naval con motivo da presentación de *Respirar polo idioma (os galegos e Julio Cortázar)*, na que dá conta dos principais eixes e descubertas da obra. Explica o xermolo da idea de publicar esta obra e refírese á relación do autor con Galicia, fundamentada no seu casamento con Aurora Bernárdez, filla de galegos. Tamén sobrancea a influencia en Cortázar de autores galegos como Rafael Dieste e explica que o seu concepto de “galego” era moi claro, pois “identifica perfectamente a comunidade galega”, á que caracterizaba por “a intelixencia do pobre, esa capacidade de sobrevivir en circunstancias difíciles”. Finalmente, destaca a Julio Cortázar como “punto de confluencia” entre as comunidades vasca, catalá e galega.

- José Miguel A. Giráldez, “Pola mañá non escoito a radio. Leo poesía co almorzo, para prepararme”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Entrevista”, 5 novembro 2006, p. 13.

Entrevista a Francisco Fernández Naval, que comeza falando sobre a súa obra *O bosque das antas* (1988), gañadora do Premio Xerais, e na que explica que se recolle a herdanza da súa nai, baseada na tradición oral, e de seu pai, que lle achegou o amor ao cine. A seguir, explica o xerme da súa última obra, *Respirar polo idioma. Os Galegos e Julio Cortázar*, na que se centra na relación dos galegos con Cortázar, especialmente de figuras como Luís Seoane, ademais de salientar o traballo que realizaron os emigrados e exiliados galegos en Bos Aires. Por último, fala da relación de Cortázar con Arturo Cuadrado e Francisco Porrúa.

Fernández Palomo, Ariana, *Isaac Díaz Pardo, unha mirada familiar. Conversas con Carmen Arias*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2006, 208 pp. (ISBN: 84-95444-70-4).

Volume de conversas con Carmen Arias, muller de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920). Todas elas xiran arredor da traxectoria do polifacético artista galego a través da mirada da súa dona a meirande parte da súa vida. No limiar a autora vencella o contido e estrutura da obra aos seus desexos de afastarse do xénero biográfico para amosar un perfil máis intimista do persoeiro, ao tempo que renderlle unha agarimosa homenaxe. Nos once capítulos que compoñen o libro retrátanse algúns dos episodios vitais e artísticos de Díaz Pardo, ilustrados e contextualizados por esbozos, cartas ou imaxes descoñecidas pertencentes á súa vida familiar íntima, como por exemplo, a morte do seu pai no inicio da Guerra Civil, a súa faceta de pintor ou a súa situación no momento actual, ademais doutros aspectos como a súa estreita relación coa masonería e con intelectuais de diferentes épocas, que influíron notoriamente na súa traxectoria.

Referencias varias:

- MARÉ, “O Díaz Pardo máis íntimo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 outubro 2006, p. 32.

Faise eco da publicación do libro *Conversas con Carmen Arias* de Ariana Fernández. Faise unha análise da estrutura, contido e enfoque da obra. Saliéntase a achega de datos e documentación descoñecida, á vez que se lembra a traxectoria da persoa e o artista.

- Jesús Flores, “Díaz Pardo visto pola súa muller”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 186, “Letras en Galego”, 11 novembro 2006, p. 11.

Dáse conta do acto de presentación na Coruña do libro *Díaz Pardo, unha mirada familiar. Conversas con Carmen Arias*, de Ariana Fernández. Saliéntase o protagonismo e emoción de Carmen Arias e a anécdota protagonizada co seu esposo alí presente. Sublíñase a sensibilidade impregnada pola autora no texto e o máximo rendemento acadado desas conversas como a achega de datos e documentación inédita. Faise unha breve análise da traxectoria profesional da autora e menciónase a súa admiración polo artista.

Fernández Velho, Rosario e Xesús Sambade Soneira, *Literatura galega do século XX*, Vigo: A Nosa Terra, 2006, col. Cadernos de Literatura Galega, 194 pp. (ISBN: 84-8341-056-7) .

Manual de literatura galega do século XX escrito por unha profesora e un profesor de Educación Secundaria e que está especialmente dirixido ao estudantado de segundo de Bacharelato. Está estruturado nos seguintes capítulos, que aparecen designados co nome de unidades: “Entre dous séculos”, “O tempo das Irmandades da Fala”, “A Xeración Nós”, “As vangardas”, “A literatura galega en América”, “Arredor de Galaxia”, “Celso Emilio Ferreiro e outros poetas”, “A xeración dos 50. A poesía”, “A xeración dos 50. A nova narrativa e o ensaio”, “A literatura actual. A poesía” e “A literatura actual. O teatro, a narrativa e o ensaio”. Cada unidade, á súa vez, está dividida en apartados máis concretos. Ao final de cada capítulo hai unha escolma de textos e unha sección de actividades para traballar sobre os textos. O libro, ademais, está escrito cunha linguaxe sinxela e clara e vai acompañado de fotografías e deseños que ilustran os contidos.

Recensións:

- Joel R. Gómez, “Unha novidade na didáctica da literatura galega”, *Agália*, “Notas”, 2006, p. 181-183.

Recensión da obra *Literatura galega do século XX*, de Rosario Fernández Vello e Xusús Sambade Soneira. Refírese á súa utilidade na aula debido á aceptación de factores, realización e condicionantes da literatura galega nese período. Salienta o traballo dos autores dende diferentes perspectivas ao longo dos once capítulos seguindo unha triple estratexia: o seu propio discurso, o de outros produtos que presentan como textos para comentar e cuestións sobre cada capítulo. Comenta tamén a dificultade de historiar a literatura galega cunha finalidade propedéutica e dun xeito máis atractivo e para iso presenta tres exemplares. Neste senso, agradece o traballo dos autores na innovación en materiais didácticos e polo feito de ofrecer unha “visión máis ampla e real”.

Referencias varias:

- José Xavier Bom, “Un cento de nomes para cen primaveras das nosas Letras”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 15 outubro 2006, p. 2.

Presenta este novo manual de literatura galega do século XX como unha proposta orixinal de utilidade para o alumnado de secundaria, mais tamén para o público xeral. Fai unha breve referencia ao papel docente de Fernández Velho e de Sambade nos institutos de Ordes e Negreira, respectivamente. Dá conta dos contidos do libro e elabora unha listaxe de autoras e autores que aparecen neste manual, salientando o papel central que se lle concede a Celso Emilio Ferreiro e a grupos como as Irmandades da Fala, a Xeración Nós, Galaxia ou a Xeración dos 50.

Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coords.), *Encontro Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Consellaría de Cultura e Deporte, col. Difusión Cultural, nº 49, 2006, 110 pp. (ISBN: 84-453-4279-7). ■

Actas do encontro organizado pola Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela o día 19 de outubro de 2005. Tras unha presentación institucional inclúense os diferentes relatorios presentados neste encontro e que teñen como eixo a figura de Ramón Piñeiro (Láncara-Lugo, 1915-Santiago de Compostela, 1990). Neles abórdanse cuestións como o seu labor a prol da cultura galega dende diferentes terreos, xa fora na política, na defensa da lingua, o seu compromiso e participación no galeguismo institucional ou a súa relación con diferentes persoeiros do seu momento. No que se refire á literatura galega, presenta un traballo sobre literatura infantil e xuvenil, descrito no apartado correspondente deste *Informe*, e os traballos relacionados coa literatura institucionalizada seguintes:

- Basilio Losada, “As cartas de Piñeiro”, pp. 9-12.

Reflexiona sobre a importancia da correspondencia epistolar de Ramón Piñeiro e destaca que até que se recollan “todas as cartas de Piñeiro non poderemos estudar axeitadamente o seu labor e daquela mediremos a dimensión xigantesca do seu esforzo”. Basilio Losada tamén fala da súa propia correspondencia epistolar con Ramón Piñeiro —composta por duascenas cartas escritas entre 1960 e 1980— da que sinala que despois da venda da súa biblioteca á Xunta de Galicia fora dada por desaparecida, mais que en 2006 a Consellaría de Cultura e Deporte recuperou estas cartas e anuncia que serán proximamente editadas.

- Manuel Caamaño Suárez, “Testemuña do labor galeguizador de Ramón Piñeiro”, pp. 65-71.

Fala da súa relación con Ramón Piñeiro desde 1960 cando comezaron unha intensa comunicación epistolar e persoal até a súa morte en 1990. Neste traballo céntrase en testemuñar tanto o seu labor a prol da lingua coma da cultura galegas, boa parte del desenvolvido a través de empresas culturais como Galaxia. Sinala a súa faceta de estímulo na galeguización da xente máis nova daquel momentom así como a importancia da súa “mesa camilla” e da súa implicación na Mocidade Galega de Barcelona e mais na Asociación Argentina de Hijos de Gallegos, ambas as dúas en 1960.

- Anxo Tarrío Varela, “Os prólogos de Ramón Piñeiro”, pp. 73-83.

Comenta que os prólogos de Ramón Piñeiro pertencen a libros de diferente fasquía que dan conta do respecto que se lle tiña a este persoeiro. Comenta que realizou prólogos alógrafos — *50 Dibuxos de Carlos Maside* (1959), *Autonomías e Constitucións* (1978), *Parábolas chairegas* (1981), *O crepúsculo e as formigas* (1982), etc.—, prefacios a xeito de carta ao autor do libro —*As covas do rei Cintolo* (1956) ou *Os Eidos* (1955)— ou prólogos autorais en *Olladas no futuro* (1974) e *Da miña acordanza* (2002). Finalmente detense en analizar os prólogos de volumes de contido literario como de *Os Eidos*, de Uxío Novoneyra, e *O crepúsculo e as formigas*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

- Luís Alonso Girgado, “Olladas nas cartas de Ramón”, pp. 85-89.

Breve comentario ao amplo corpus epistolar de Ramón Piñeiro do que se sinala que “nunca o coñeceremos integramente” e do que afirma que conforma unha cosmovisión galega e galeguista de temática máis plural cá dos seus ensaios breves.

González Gómez, Xesús, *Manifesta Galiza. Manifestos na literatura galega do século XX*, Vigo: A Nosa Terra, col. Biblioteca A Nosa Terra. Nós os galegos, 2006, 226 pp. (ISBN: 84-96403-24-6).

Xesús González Gómez presenta nesta ocasión unha obra co subtítulo *Manifestos na literatura galega do século XX*, dedicada a este tipo de composicións en Galicia. A obra ábrese cunha introdución na que González Gómez define un manifesto literario como “unha proclama artística, filosófica e dunha liña política” e a seguir analiza a súa evolución en Galicia e logo afirma que, para elixir os textos entendeu o concepto de “manifesto” cunha ampla óptica. Sinala que os cincuenta e cinco textos recollidos teñen en común a defensa dunha literatura militante e que cobren o período de 1918 a 1999. Os títulos dos manifestos seleccionados son: “Coa porta aberta”, “Primeiras verbas”, “Rexurdimento”, “O meu manifesto”, “[Presentación de Galiza]”, “Verbas limiares da editorial”, “Alicerce”, “[Presentación da revista *Grial*]”, “Perante unha nova etapa”, “Nós os poetas coidamos”, “Manifesto do grupo poético ‘Cravo Fondo’”, “A xeito de presentación”, “Escola Dramática Galega. A denominación. Obxectivos”, “Limiar”, “Teatro Luís Seoane”, “Coa esperanza brincando no peito”, “Adral”, “Festa da palabra silenciada”, “391 ou 193 + 2: actitudes”, “Limiar”, “Manifesto da Ilha Quente”, “[Presentación da revista *Agália*]”, “Un (sic) disparo contra a indecência”, “Galiza, esa merda (Manifesto kamikaze)”, “Con fauces de tinta azul”, “Editorial”, “Manifesto Mohicano”, “Presentación d’o mono da tinta”, “Editorial. Nos comezamos ista obra”, “Editorial”, “Presentación”, “Ronseltz III: Nada que renovar”, “As novas xeracións de Ronseltz, un proxecto de futuro”, “Os tempo son chegados dos meteorólogos das idades”, “Comeza a obra”, “[Presentación d’ *A Trave de ouro*]”, “[Presentación de *Madía Leva*]”, “Editorial”, “Manifesto”, “Manifesto por unhas literaturas”, “Toma os meus versos no corazón do outono e faios medrar co calor do teu corpo”, “Blas Espín: os románticos da Fisterra”, “Edito”, “Editorial”, “Un desexo e unha necesidade”, “Editorial”, “Editorial”, “Unión Libre”, “[Presentación d’ *O Pote*]”, “Manifesto do crítico vulgar”, “Falando de nós mesmos en voz alta”, “Editorial”, “[Presentación da revista *Madrygal*]”, “Tal somos”, “Manifesto dous”, “Razón de ser”, “[Presentación de *Alquimia*]”, “Mais alá!”, “Limiar”, “Manifesto de Ourense” e “Cara ó ano 2000. Por un novo discurso”.

Recensións:

- Alberte Valverde, “Sobre manifestos e literatura”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 171, “O espello das letras”, 2006, pp. 99-101.

Antes de abordar o estudo de *Manifesta Galiza. Manifestos na literatura galega do século XX*, dá conta da traxectoria do autor, Xesús González Gómez. A seguir céntrase na descrición da estrutura do volume, aludindo aos traballos doutros escritores. Sinala os manifestos que trata González e indica os períodos que comprende a análise. Considera que na obra falta un índice que faga rápida a consulta e cita algúns manifestos que non se incluíron. Destaca o texto que aparece como apéndice, *Máis alá!*, de Manuel Antonio e remata coa súa opinión sobre a obra, que a considera “útil e á vez interesante”.

- Héitor Mera, “Galiza manifesta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 177, “Libros”, 21 setembro 2006, p. IV.

Dise que *Manifesta Galiza* é un libro de Xesús González Gómez que recolle os manifestos literarios galegos. Sinálase que o groso da obra está formado por manifestos do terceiro terzo do XX e por reflexións sobre o concepto de “manifesto” propiamente dito, xa que o prólogo de *Cantares* aparece incluído ao asumir o autor que este foi o noso primeiro prototipo. Desde esta perspectiva, salientase que o libro conforma un percorrido fundamental polos diferentes presupostos teóricos e estéticos que se foron dando.

- Rodri García, “Un canto ás boas intencións”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 179, “Letras en galego”, 23 setembro 2006, p. 11.

Comenta a obra de Xesús González Gómez, *Manifesta Galiza*, onde recolle os manifestos da cultura galega do século XX. De entre todos, destaca o “Manifesto Kamikaze” (publicado no nº 276 de *A Nosa Terra* o 14 de setembro de 1985), “Primeiras Verbas” (datado o 30 de outubro de 1920), “O meu manifesto”, de Rafael Dieste, a declaración de intencións no nacemento da editorial Galaxia (1950), as do Batallón Literario da Costa da Morte e a da revista galega de pensamento feminista *Andaina*, entre outros.

Referencias varias:

- Xan Carballa, “Xesús González Gómez: ‘O manifesto literario é unha proclama artística, filosófica e dunha liña política’”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 29.

Entrevista a Xesús González Gómez, autor de *Manifesto Galicia*, no que se sinala que se recolle gran parte dos manifestos literarios que se publicaron en Galicia, en galego no século XX. Xustifica a obra afirmando que o seu obxectivo é demostrar que tamén houbo manifestos en galego e define esta composición como “unha estética, un credo filosófico, unha liña política”. Entre outros datos afirma que en Galicia os manifestos correspóndense cun fenómeno de mocidade literaria e que a maioría deles son colectivos. Finaliza comentando algúns textos como *Mais Alá!*, de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro.

Ínsua, Emilio Xosé, *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. (Contributos para a historia crítica dunha institución centenaria)*, Pontevedra: Edicións do Cumio, 2006, 269 pp. (ISBN: 84-8289-361-0).

Volume no que se ofrece unha achega á historia da Real Academia Galega a través da figura de Antón Villar Ponte. A obra consta dunha “Introdución”, na que se sinala que o autor quere contribuír “a agrandar o coñecemento a respecto da historia da Academia Galega”, partindo da relación que Antón Villar Ponte mantivo coa institución. A seguir aparecen os diferentes capítulos, nos que se explican os motivos que levaron a Villar Ponte a criticar inicialmente a súa fundación, pero como logo comezou a colaborar con ela e finalmente foi nomeado membro correspondente. A seguir detállase o achegamento, o comezo das discordias e o enfrontamento entre a Real Academia Galega e as Irmandades da Fala, que axudaron á creación en 1923 do Seminario de Estudos Galegos. No que se refire ao tema central, Emilio Xosé Ínsua dedícalle un capítulo a todo o referido ao “Nomeamento e actividades de Antón Villar Ponte como numerario electo da Academia Galega”, no que describe o máis destacábel do traballo de Villar Ponte na institución, na que se enfrontou co presidente Eladio Rodríguez ou atacou a parálise e conservadurismo desta, elixindo outros medios para dar a coñecer os eu labor como o Ateneo Coruñés ou a Universidade Popular. Tamén se detén no discurso de ingreso, que levou por título “O sentimento liberal na Galiza”, e a resposta de Ramón Otero Pedrayo, así como as actividades que realizou nesta altura Villar Ponte. Finalmente, no “Epílogo” céntrase na descrición das publicacións e actividades que tiveron lugar en 1977 co gallo de lle dedicar a Antón Villar Ponte o Días das Letras Galegas.

Recensións:

- Francisco Fernández Rei, “A relación de amor-odio de Antón Villar Ponte e a Academia Galega”, *A Trabe de Ouro*, nº 68, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 555-561.

Reprodúcese o texto da intervención de Francisco Fernández Rei na presentación do libro de Emilio Xosé Ínsua, *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. Contributos para a historia crítica dunha institución centenaria*. Nel comeza referíndose ao centenario da Real Academia Galega e aos diferentes actos para conmemorar este acontecemento, para de seguido centrarse na análise do texto, no que destaca a visión crítica que Antón Villar Ponte e outros nacionalistas da época tiveron con respecto a esta institución, por considerala esencial para a defensa da lingua galega. Ofrece un repaso pola historia da Academia Galega, sen perder de vista os contidos da obra, dende a súa creación até a actualidade e remata dando os parabéns ao autor pola súa contribución, moi documentada, aos actos do centenario da Academia.

Referencias varias:

- Clara Valencia, “Alumear unha historia descoñecida”, *Diario de Arousa*, 21 xuño 2006, p. 64.

Nota sobre a presentación en Vilagarcía de Arousa de *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. Contributos para a historia crítica dunha institución centenaria*, un estudo de Emilio

Xosé Ínsua. Dise que o libro parte da figura de Villar Ponte para falar dos aspectos menos coñecidos dos primeiros anos de vida da Real Academia Galega, á vez que se ofrece un percorrido pola traxectoria do propio Villar Ponte.

- MARÉ, “Para saír do esquecemento”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 29 xuño 2006, p. 42.

Dáse conta da presentación en Santiago de *Antón Villar Ponte e a Academia Galega. Contributos para a historia crítica dunha institución centenaria*. Sinálase que se trata dunha obra na que se debulla a biografía do galeguista, centrándose na súa relación coa Real Academia Galega, institución da que se ofrece unha imaxe marcada pola controversia. Repásanse brevemente os contidos e sinálase o marco temporal que abarca a obra.

- X. Carballa, “Emilio X. Insúa: ‘O drama foi ter dado entrada a moitos que non defendían a cultura galega’”, *A Nosa Terra*, nº 1.248, “Cultura”, 14-20 novembro 2006, p. 25.

Recóllense algunhas impresións do profesor Emilio X. Insua sobre os primeiros anos de andaina da Real Academia Galega aos que se asoma no volume *Antón Villar Ponte e a Academia Galega*. Explica como a institución pasou por diferentes etapas de desigual fortuna durante as presidencias de Manuel Murguía, Martínez Salazar e Francisco Ponte Blanco, para recuperar o seu prestixio con Eladio Rodríguez e Manuel Lugrís. Comenta tamén como as constantes ausencias de Lugrís Freire motivadas por problemas de saúde xunto ao estalido da Guerra Civil e a instauración da ditadura frearon o bo rumbo que comezara a tomar a institución.

Ledo Cabido, Bieito (ed.), *Enciclopedia Galega Universal*, Vigo: Ir Indo Edicións, 2006.

Publicáronse neste ano os dous derradeiros volumes da *Enciclopedia Galega Universal (EGU)* que comezou a editarse no ano 1999. Como nos tomos anteriores, nas páxinas iniciais inclúense os créditos, a nómina de colaboradores e das abreviaturas empregadas, ademais de describirse a estrutura das entradas e mostrar os signos convencionais que aparecen nos mapas. A seguir, aparece a descrición de cada unha das voces. A partir do volume 12 (2004), por mor da entrada en vigor das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas en sesión plenaria pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003 e publicadas en outubro dese mesmo ano, engádese unha nota na que se informa de que a *Enciclopedia Galega Universal* actualiza a ortografía conforme aos criterios oficiais.

Referencias varias:

- Marisol Oliva, “La Enciclopedia Galega es la puesta de largo de la cultura en Galicia”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 abril 2006, p. 18.

Entrevista a Bieito Ledo, director do proxecto editorial da *Enciclopedia Galega Universal* iniciado hai máis de vinte anos e do cal se publican os dous derradeiros números. O editor salienta o laborioso traballo con máis de duascentas mil entradas, así como o establecemento de criterios para manter unha liña común en todos os volumes. De seguido pasa a falar do

proxecto en si e como se foi dilatando a súa publicación dende as prediccións iniciais de catro anos e doce volumes, que ao final se converteron en oito anos e dezaseis volumes.

- C.Villar, “A Enciclopedia Universal Galega ‘é unha catedral de palabras’, di Ledo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 7 abril 2006, p. 45.

Refírese á presentación do derradeiro volume da Enciclopedia Universal Galega, nun acto ao que asistiron, entre outros, o Presidente da Xunta de Galicia e o alcalde de Santiago de Compostela. Dise que a enciclopedia conta con 200.000 entradas e o seu obxectivo é “explicar a realidade do mundo desde a perspectiva galega”.

Lourenzo, Manuel e Francisco **Pillado Mayor**, *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor, 2006, 157 pp. (ISBN: 84-9812-022-5). ■ ◆

Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor publican, coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, a *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro*. O estudo estrutúrase arredor de apartados nos que se repasa e estuda a obra dramática de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981). Estes apartados ou bloques son os que seguen: “Introdución”, “Antoloxía (Comentario do autor)”, “Apéndices”, “Biobibliografía”, “Obra dramática”, “Anexo”, “Espectáculos baseados en textos de Cunqueiro”, “Escritos do autor sobre o teatro”, “Entrevistas en medios informativos (fragmentos)”, “Comentarios e críticas ao teatro de Cunqueiro” e “Bibliografía pasiva (teatro)”. Ao longo destes bloques temáticos, os autores achéganse á obra teatral do escritor mindoniense, tanto desde un aspecto teórico como práctico. Ao mesmo tempo, presentan unha antoloxía, na cal aparecen aquelas obras dramáticas máis significativas da súa produción e unha ampla bibliografía na que se recollen as obras teatrais de Cunqueiro e do teatro galego en xeral.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Na outra banda da ponte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 abril 2006, p. 43.

Dáse conta da presentación do manual *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro*, realizada por Manuel Lourenzo e Francisco Pillado, na Deputación da Coruña. Indícase que a obra recolle e clasifica materiais teatrais de Cunqueiro e complétase cuns apéndices sobre a vida e obra literaria do autor. De seguido, faise referencia a outra publicación tamén de Casahamlet, *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire*, na que se sinala que se fai un repaso pola biografía de Lugo Freire.

- Eduardo Álvarez, “Viaxe á obra dramática de Cunqueiro e Lugo”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 4 abril 2006, p. 67.

Anúnciase a presentación na Deputación da Coruña de dous libros: *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro* e *Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugo Freire*. Sínálase que no acto participaron Celestino Poza, Francisco Pillado e Manuel Lourenzo, os dous últimos autores dos manuais. Explícase que a

obra sobre Cunqueiro recolle as súas pezas máis representativas, mentres que a outra é un repaso pola vida do dramaturgo sadense, a quen lle foi dedicado o Día das Letras Galegas.

- Montse Mayoral, “Casahamlet, trabajo entre bambalinas”, *Diario de Ferrol*, 4 abril 2006, p. 72.

Faise eco da presentación na Deputación da Coruña de *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro e Na outra banda da ponte. Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugrís Freire*. Sinálase que ambas as dúas obras son da autoría de Francisco Pillado e Manuel Lourenzo e que a primeira ten intención de converterse nun libro de cabeceira para os investigadores do autor mindoniense, mentres que a segunda permite profundar na figura do primeiro dramaturgo en prosa en lingua galega.

- Marta García Márquez, “Casahamlet analiza a dramaturxia de Cunqueiro e o fondo social de Lugrís Freire”, *El Ideal Gallego*, “Literatura”, 4 abril 2006, p. 17.

Infórmase de que os número seis e sete dos manuais de Casahamlet están dedicados a Álvaro Cunqueiro e Manuel Lugrís Freire. No primeiro caso, baixo o título d’*A Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro*, sinálase que recolle o conxunto de obras dramáticas deste autor, á vez que inclúe uns apéndices sobre a súa vida e obra. No tocante a *Na outra banda da ponte*, sinálase que é un manual que mostra a época de Manuel Lugrís Freire.

- Jaureguizar, “Destacan a incompreensión cara o teatro de Cunqueiro no seu tempo”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 28 abril 2006, p. 87.

Achéganse as críticas de Francisco Pillado, autor de *Guía das obras dramáticas de Álvaro Cunqueiro* sobre a incompreensión e descoñecemento da obra teatral de Cunqueiro. Pillado comenta que o libro “nace dunha necesidade educativa” no que se recolle, clasifica e organiza a dramaturxia cunqueiriana.

Louzao Outeiro, Miguel, *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, Premio de Investigación Lingüística e Literaria Ricardo Carvalho Calero, Santiago de Compostela: Laidvento Edicións, col. Ensaio, nº 210, 2006, 214 pp. (ISBN: 84-8487-098-7).

Traballo galardoado co Premio na modalidade de “Investigación Lingüística” do certame “Carvalho Calero” do Concello de Ferrol na súa edición de 2004. Trátase do resultado da tese de licenciatura de Miguel Louzao Outeiro, no que se analiza por qué a mediados da década dos noventa do século XX (entre 1997 e 2002) un grupo de poetas novos se agrupan na Asociación Cultural “Amaía” co fin de publicar poesía dentro da colección “Letras de Cal”. Para levar a cabo isto, o autor xebra o traballo en catro partes: “Funcionamento dalgúns produtores e axentes institucionais no sistema literario galego das décadas 80-90”, na que traça detalladamente unha panorámica, nos anos 80 e 90, dos produtores e axentes institucionais no sistema literario galego, nomeadamente entre 1997 e 2002, centrándose no selo Letras de Cal; na segunda, titulada “Escollas repertoriais no sistema literario galego nos anos 80-90”, descríbese o estado do sistema literario galego desde os 80 até 1997, ao xurdir Letras de Cal; na terceira, “Letras de Cal no sistema literario galego”, analízase o xurdimento, evolución e finalización do proxecto de Letras de Cal, así como as relacións que tiveron coa

crítica, as mudanzas que provocaron no sistema literario galego e mais a influencia dos seus proxectos colectivos; e, finalmente, na cuarta, “Panorama da produción poética nos anos noventa”, débúllase a influencia do colectivo Letras de Cal no sistema literario galego na década dos anos 90 do século XX, centrándose nas mudanzas e incidindo na eclosión da produción poética de autoría feminina. Péchase o volume coas “Conclusións”, as “Referencias bibliográficas citadas” e mais un “Apéndice” no que se reproduce o cuestionario que Miguel Louzao realizou e enviou aos membros do consello editorial de Letras de Cal.

Referencias varias:

- Alexandre Fernandes, “Entrega dos Carvalho Calero”, *Agália*, n.º 87/88, “Notas”, 2006, pp. 159-162

Dá conta do acto de presentación dos libros gañadores dos premios Carvalho Calero da convocatoria do ano 2004. Comeza falando brevemente sobre o premio e salienta que é dos pouco que permite que se presenten obras en galego nas dúas modalidades ortográficas existentes. A seguir, refírese á calidade das obras presentadas ao longo dos anos de existencia deste certame, cualificándoas de moi recomendábel lectura. A continuación, céntrase nas obras gañadoras: *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, de Miguel Louzao Outeiro, galardoado no apartado de Investigación Lingüística e Literaria e *Inxalá*, de Carlos Quiroga, premiado na modalidade de Narrativa Breve. Sinala que tanto Carme Vilariño como Mónica Heloane fixeron unha moi meritoria presentación das obras. Como único aspecto negativo do acto sinala a escasa asistencia de público debido á pouca publicidade que se fixo dende o Departamento de Cultura. Remata recomendando a lectura das obras premiadas, especialmente a de Carlos Quiroga.

Maceira Fernández, Xosé Manuel (ed.), *Leandro Carré Alvarellos. Obra inédita e esquecida. Teatro, contos, ensaios e lendas, 1915-1972*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2006, 272 pp. (ISBN: 84-89323-04-6).

Achega á figura de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976), considerado un dos galeguistas máis esquecidos e autor dunha extensa e variada obra (dramaturgo, ensaísta e novelista) mais até o de agora inédita na súa maior parte. O estudo do editor Xosé Manuel Maceira Fernández conta con algúns apuntamentos biográficos, ademais dunha introdución, unha escolma e notas. Nel repásase a súa traxectoria vital, na que se destaca que foi un dos cofundadores das Irmandades da Fala alén de ser director-propietario da editorial Lar e fornecedor de proxectos históricos como a unificación da lingua e dinamizador da Real Academia Galega ou das relacións con Portugal. Ofrécese no volume unha selección de ensaios, contos, pezas teatrais e lendas que abarcan dende o ano 1915 até 1972. Recóllese, entre eles, e integramente por primeira vez, o seu manual de interpretación teatral de 1922 ou varias das súas lendas tradicionais galegas, que até o de agora nunca foran editadas en Galicia. Todo este material, xunto con outros textos, complétase cun amplo apartado gráfico: unha fotobiografía inédita, manuscritos e ilustracións do autor para a súa editorial, entre outros, que proban o indiscutíbel labor e a fonda influencia cultural e social de Leandro Carré Alvarellos na Galicia do primeiro terzo do século XX.

Recensións:

- X.F., “O caixón de Carré Alvarelos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 158, “Letras en Galego”, 29 abril 2006, p. 15.

Descríbese este volume que recolle obras inéditas e esquecidas de Leandro Carré Alvarelos. Explícase que contén cinco pezas de creación, dous ensaios relacionados co teatro, contos e lendas, onde se subliña a reprodución d’*O Lobishome* e mais *A peita das cen doncelas*. Sínálase que o libro tamén inclúe unha achega biográfica e ensaística, para rematar indicando que o autor desta edición lle dedicou a Leandro Carré Alvarelos a súa tese de doutoramento.

- Miguel Giráldez, “A volta de Leandro Carré”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Literatura”, 30 abril 2006, p. 17.

Faise un percorrido pola traxectoria e o labor de Leandro Carré Alvarelos na cultura galega con motivo da publicación da *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarelos*. Apúntanse algunhas das características da obra do autor e afirmase que lle gustaba falar cos aldeáns, que contactou co mundo intelectual da cidade portuguesa de Porto e que se trata de “unha extraordinaria antoloxía”, na que se pode ver a gran transformación do mundo dramático que fixo Carré, á vez que se subliña que a súa gran paixón era o teatro.

Referencias varias:

- M.B., “Henrique Alvarelos: ‘A xente que vai por libre dificilmente topa recoñecemento social’”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Fin de Semana”, 9-15 marzo 2006, p. 34.

Conversa na que Henrique Alvarelos afirma que a *Obra inédita e esquecida, 1915-1972 de Leandro Carré Alvarelos* rescata unha das grandes figuras do galeguismo de preguerra e afirma que o volume tenta ser unha antoloxía literaria e gráfica de Leandro Carré.

- Ana Rodríguez, “O galeguismo esquecido”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 8 marzo 2006, p. 14.

Reprodúcense as palabras do editor deste volume coas que subliña que a publicación d’*Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarelos* soluciona a anomalía que supuña o esquecemento do autor. Asemade detállanse algúns datos biográficos de Leandro Carré e destácase que neste libro se inclúe por primeira vez íntegro o seu manual de interpretación teatral, ensaios, textos de ficción, contos, pezas teatrais e lendas tradicionais, moitas delas na súa primeira versión en galego e nunca publicadas en libro en Galicia.

- MARÉ, “Independente insubornable”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 abril 2006, p. 36.

Afírmase que a “independencia insubornable e autárquica” de Leandro Carré Alvarello levou a que boa parte da súa obra ficase inédita durante máis de trinta anos e anúnciase que Alvarelos Editora vén de recuperar parte deste obra no volume *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarelos*. Asemade apúntase que este volume é a primeira obra antolóxica e

inédita de Carré e anúnciase que esta editorial editará proximamente unha antoloxía de artigos de Ramón Otero Pedrayo.

Montero, X.A. e M. Villar (coords.), *Guerra Civil e Literatura Galega (1936-1939)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2006, 272 pp. (ISBN: 84-9782-467).■

A obra, coordinada por Xesús Alonso Montero e Miro Villar, reúne as conferencias e as comunicacións levadas a cabo durante as xornadas homónimas que se celebraron en decembro de 1999 patrocinadas polo Consello da Cultura Galega. Publícanse estes traballos tras 70 anos do inicio da Guerra Civil en consonancia coa proclamación do ano 2006 como “ano da memoria”. A seguir preséntanse os relatorios debidos a:

-Xesús Alonso Montero, “Presenza da lingua galega nos libros de lectura, na escola primaria, nos primeiros anos do Franquismo”, pp. 9-32.

Logo de ofrecer unha nota preliminar, examina algunhas das obras de lectura do momento: *Galicia por la España nueva* (Lugo, 1937), de Esther Gallo; *Anaquiños. Lecturas gallegas* (Barcelona, 1942), de Miguel Fernández Novoa e *Nociones de Lenguaje. Vocabulario gallego-español* (Palma de Mallorca, 1942), de M. Porcel y Riera. Complétase a análise coas portadas dos libros e o contido da última obra, organizado en leccións e listaxes bilingües.

-Gonzalo Bouza-Brey Villar, “Luis Bouza-Brey. Un poeta en San Simón”, pp. 33-46.

Reproduce a intervención que Gonzalo Bouza-Brey fai da figura de Luis Bouza-Brey, a súa vida e obra. Inclúe os poemas “Primaveira”, “Brétema”, “San Simón”, “Anguria”, “Descontra min”, “O becho de mazán”, “Tornavolta” e “Ouro anal da vida noviña”. Incide na fidelidade do autor aos seus principios e sentimento cara a terra. Remata coa exposición dun poema, “O meu comparendo”, que reflicte a sinxeleza e o posicionamento vital do autor.

-Concepción Delgado, “A recuperación poética na posguerra. Celestino Luís Crespo: *Brétemas mariñás*”, pp. 47-62.

Estudo de *Brétemas Mariñás*, de Celestino Luís Crespo. Logo de presentar unha breve introdución histórica, céntrase na análise da obra, á que cualifica de “primeiro libro de poesía de posguerra”. Describe a portada e cada unha das partes que compoñen o volume. A seguir, “Os rumorosos”, “Recordo”, “Rimas”, “A tí”, “Pasou un recordo”. Presenta breves notas autobiográficas do escritor que inciden na súa humanidade. Remata falando da relación entre autor e obra e ofrece dúas mostras do seu traballo poético que non figuran no libro: “Galicia” e “Nocturno”.

-Xosé Gregorio Ferreiro Fente, “Valentín Paz Andrade: poemas escritos na guerra”, pp. 63-70.

Achega á figura de Valentín Paz Andrade e á súa produción en verso. Nun primeiro momento refírese á súa adicación ao xénero no desterro, mencionando as publicacións froito da súa actividade versificadora que desembocan en *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de*

sombra (1979), que recollen poemas escritos durante a guerra. Remata cun poema atopado no arquivo, dentro do cartafol titulado “A serra. Cantos do desterro branco” (1937).

-Xosé Ramón Freixeiro, “A poesía bélica de Noriega Varela e tres poemas apócrifos”, pp. 71-106.

Análise do poeta Noriega Varela en relación á actividade poética na última etapa da súa vida (1931-1947), que corresponde cos períodos da Guerra Civil e a posguerra. Examina a coherencia ideolóxica do poeta apoiándose en distintas composicións como “Xuício do ano” (1931), publicada en *O gaitero de Lugo*. Tamén comenta o seu carácter conservador e católico, a súa oposición ao movemento galeguista, a sátira político-humorística, a poesía bélica do autor, referíndose a composicións que satirizan a líderes políticos de esquerda como Azaña ou Largo Caballero, e a poesía política a favor das forzas sublevadas contra a República, todo isto complementado coa reprodución de distintas partes da súa obra poética. Remata presentando unha análise de tres poemas apócrifos do autor: “Xuício d’o ano 1937”, “Xuício do ano 1938” e “Xuício do ano (1939)”, que se reproducen ao final do artigo.

-Inmaculada López Silva, “A Guerra Civil: mundo posíbel e memoria histórica na narrativa actual”, pp. 107-122.

Análise da Guerra Civil tomando como base un corpus literario de mediados dos 80, que xorde no panorama da narrativa galega para tratar cuestións da guerra e da inmediata posguerra, vista dende a actualidade. Os textos escollidos foron: *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena; *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1991), de Carlos Casares; *O bosque das antas* (1988), de F.X. Fernández Naval; *Vísperas de Claudia* (1988), de Manuel Guede, e *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro. Refírese á novela histórica tomando como punto de partida o crítico e poeta T. S. Eliot, perspectiva dende a que enfoca o estudo. Analiza ademais estas obras atendendo cuestións de recepción, narrativa de guerra e identidade e os autores e obras no sistema literario galego. De seguido, reflexiona sobre a importancia dos premios no noso sistema literario e sobre elementos discursivos comúns ás obras na caracterización do tema e o ambiente da guerra civil.

-Xosé Manuel Maceira , “Leandro Carré Brandariz. Dramático final dunha saga”, pp. 123-140.

Estudo sobre Leandro Carré Brandariz. Comeza facendo un percorrido pola saga dos Carré para, a continuación, centrarse na figura de Leandro Carré. Trata temas como o da súa paixón polos grandes ideais, a práctica do nacionalismo de esquerdas ou o seu dramático final, vítima da barbarie franquista. Reproduce o poema “Leandro”, asinado por Z, un dos pseudónimos de Uxío Carré Alvarellos, e a derradeira carta enviada polo autor aos seus pais dende Grado, ademais dunha caricatura de Leandro Carré feita por Jordi Tell, no cárcere da Coruña.

-Xulia Marqués Valea , “O 25 de xullo no xornal *El Compostelano*”, pp. 141-149.

Visión do 25 de xullo de 1936 a través de dous textos publicados nun dos dous xornais *El Compostelano* que saíron ese día; no outro ese espazo era ocupado por unha serie de

anuncios. Reproduce e analiza os textos de Aquilino Iglesias Alvariño, “Para a mocidade galega”, e “Terra a nosa. ¡Sempre adiante!”, dunha voz anónima.

-Olga Novo, “O grande Grou”, pp. 151-154.

Breves pinceladas sobre o manifesto de Bieito Fernández Álvarez ao pobo de Grou no día de Galiza de 1936. Refírese á súa biografía e remata enfatizando o seu legado vital para a nosa terra.

-Armando Requeixo, “Anibal Otero: narrador, poeta e colector de romances durante a Guerra Civil”, pp. 155-168.

Apuntamentos ao redor da figura de Anibal Otero e o seu labor filolóxico-literario. Céntrase nos anos de encerramento do autor e apoiase en textos como o manuscrito de *Esmoriz*, a novela inédita “Daidina”, composicións poéticas na súa etapa carcearia e o manuscrito de San Simón.

-Claudio Rodríguez Fer, “Literatura Galega na Guerra Civil. Estados da cuestión”, pp. 169-176.

Estudo da literatura galega na guerra civil presentada atendendo a catro frases cronoloxicamente organizadas: A época de silencio dos primeiros momentos, caracterizada pola represión e o ocultamento, a do inicio do rescate da memoria, a mediados dos 60, con intelectuais como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, a de consolidación do seu estudo e a de expansión actual, que abre novas perspectivas de análise. Ofrece algúns datos significativos e argumentos valorativos de cada unha delas. Remata cunha consideración referida á presenza desta temática no eido da investigación.

-Teresa Seara, “As musas francófilas: poetisas galegas no período da Guerra Civil”, pp. 177-188.

Análise de algunhas das “poetisas” que utilizan o xornal para dar a coñecer os seus textos francófilos no trienio en que se prolonga a guerra civil. Salienta os nomes de Hermida Fariña, Margarita Losada Prado, Francisca Herrera Garrido, María V. Millán, Juana Teresa Juega, entre outras. Distingue entre aquelas que usan o xornal como vehículo expresivo e as que nos deixan nel opúsculos de entidade literaria. Inclúe unha análise arredor dalgúns textos significativos da produción literaria das autoras.

-Lois Vázquez Fernández, “Dous poetas galegos (mercedarios), vítimas da Guerra Civil en Madrid”, pp. 189-208.

Estudo dos poetas Manuel e Xosé Cereijo Muíño, aos que cualifica como “dous poetas galegos mercedarios”. Achega datos biográficos, analiza algunhas misivas, dá a coñecer un hológrafo inédito de Manuel Cereijo Muíño e reproduce versos que axudan a caracterizar e definir ao poeta Xosé Cereijo.

-Miro Villar, “Acender o rancor contra dos déspotas. O antifranquismo na poesía de Xervasio Paz Lestón”, pp. 209-224.

Estudo do poeta da diáspora Xervasio Paz Lestón e a súa obra literaria, que recolle a ideoloxía antifrancista e galeguista do autor. Reproduce e analiza poemas como “Chegarán tempos mellores”, un largo poema dividido en tres partes, e refírese tamén a “Vinte anos” ou “18 de xullo hispano”, para definir a liña ideolóxica e a implicación do autor coa causa.

-Xesús Redondo Abuín, “Confeso que son subxectivo”, pp. 225-226.

Breve análise da guerra civil dende o posto de testemuña de período de posguerra do autor.

-Borobó, “Ante os Comicios do 36. Memoria persoal”, pp. 227-234.

Memoria persoal de Borobó sobre os Comicios do 36 dividida en catro partes, cada unha delas centrada nun aspecto concreto. Fala da vangarda de “izquierda republicana”, do mitin de Padrón, onde falou Míaia de la Muela en representación de “izquierda republicana”, o mitin do salón Cesures, na campaña electoral do “Frente Popular”, e a experiencia dun mozo muñidor, onde se refire á figura do gran Castelao.

-Manuel Dourado Deira, “O 18 de xullo. Evocado dende a experiencia dunha centenaria: Teresa Castelao”, pp. 235-246.

Reflexións en torno á cultura e lingua galegas baseadas nas experiencias narradas por Manuel Dourado Deira sobre o 18 de xullo de 1936, data na que cumpre sete anos e o cualifica “como neno de guerra”. Refírese á súa experiencia persoal no eido da cultura, enfatiza os seus desexos de loita e aborda cuestións referidas á lingua, ademais de citar o seu libro *Conversas con Teresa Castelao. Anecdótico dun século de vida*. Deste último reproduce un dos episodios tal como recorda Teresa Castelao sobre as forzas armadas. Remata cunha reflexión final sobre as posibilidades lingüísticas e sociolóxicas de Galicia sen o 18 de xullo do 36.

-Avelino Pousa Antelo, “Escritores de hoxe, marcados pola Guerra Civil, falan do significado de tres datas: 16 de febreiro, 28 de xuño e 18 de xullo de 1936”, pp. 247-257.

Testemuña de Avelino Pousa Antelo sobre o significado de tres datas importantes na súa biografía persoal: o 16 de febreiro, o 28 de xuño e o 18 de xullo de 1936. Reproduce noticias publicadas como complemento do seu argumento.

Recensións:

- Xesús Fraga, “As armas vistas polas letras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 190, “Letras en Galego”, 9 decembro 2006, p. 13.

Descríbese o contido do volume *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*, libro que nace como resultado dunhas xornadas celebradas no Consello da Cultura no ano 1999 e que recolle as intervencións que daquela se leron. Sinálase que a obra está coordinada por Xesús Alonso Montero e Miro Villar, e sinálanse algúns dos nomes dos participantes, entre eles, Avelino Pousa Antelo, Manuel Dourado, Borobó e Teresa Castelao.

- C. Rodríguez, “As letras do país e a guerra civil”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 17 decembro 2006, p. 9.

Guerra civil e literatura galega (1936-1939) sinálase que é un libro coordinado por Xesús Alonso Montero e Miro Villar, no que se recollen as comunicacións, conferencias e intervencións das xornadas homónimas levadas a cabo no Consello da Cultura no ano 1999. Indícase que se trata dun corpus de traballo moi variado que recompila diferentes perspectivas da situación da lingua e da literatura entre 1936-1939, dende a presenza da literatura galega nos libros de texto da época, a recuperación poética na posguerra, pasando pola memoria histórica na narrativa actual, os textos defensores de Franco ata a “literatura francófila”.

- Xulio Valcárcel, “Guerra civil e literatura (1936-39)”, *El Ideal Gallego*, “*G!*”, “Páxina Literaria”, 17 decembro 2006, p. 4.

Lémbrese que en decembro de 1999 o Consello da Cultura Galega celebrou unhas xornadas sobre a situación da lingua e da literatura na Guerra civil, das que ven agora a luz as actas correspondentes. Sinálase que se trata dun volume coordinado por Xesús Alonso Montero e Miro Villar, no que participaron persoeiros como Gonzalo Bouza Brey, Concepción Delgado, Ferreiro Fente, López Silva, Marqués Valea, Armando Requeixo, Rodríguez Fer, Borobó e Manuel Dourado Deira, entre outros.

Neira Vilas, Xosé, *Vinte anos retornando*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2006, 238 pp. (ISBN: 84-9782-477-6).

Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) recompila neste volume as lembranzas das súas doce visitas a Galicia dende Cuba entre os anos 1972 e 1992 na compañía da súa dona, Anisia Miranda. *Vinte anos de retornado* comeza con “Ida e volta”, onde o autor reflexiona sobre a súa vida como emigrante desde que en xaneiro de 1949 embarcara cara a Bos Aires. Subliña que todo o que relata “é verdadeiro e verificable” e agradece a axuda de Ramón Rocamonde na elaboración das táboas sincrónicas que acompañan a cada unha das doce viaxes. A seguir, e a modo de diario, Xosé Neira Vilas describe as actividades que realizou e mais os encontros que mantivo con relevantes persoeiros do mundo cultural nestas viaxes, que se realizaron nos anos 1972, 1976, 1978, 1981, 1984, 1986, 1987, 1989, 1990, 1991 e mais 1992, ano do retorno definitivo a Galiza. Como peche deste volume inclúese un “Epílogo” no que se describen as catro viaxes non privadas que realizou a América desde o regreso a Galiza —1992, 2003 e 2006 a Cuba e mais 1998 a Bos Aires— e un “Índice onomástico”.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A memoria fecunda”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 182, “Libros”, 2 outubro 2006, p. V.

Comentario de *Vinte anos retornando*, de Xosé Neira Vilas, cualificado como o “primeiro libro de corte memorialístico”, no que o autor de Gres lembra as viaxes que efectuou coa súa muller, Anisia Miranda, a diversos países americanos entre 1972 e 1992. Sinálase que a obra é a compilación de doce diarios centrados, sobre todo, nas experiencias vividas a través do

encontro con familiares e amigos. Explica que o volume permite apreciar o labor cultural que se desenvolveu durante eses anos a ambos lados do Atlántico, con nomes como Rafael Dieste, Eduardo Blanco-Amor, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, Xosé Luis Méndez Ferrín ou Xesús Alonso Montero. Finalmente Nicolás considera que esta obra se vai converter “nunha fonte inestimábel de información cultural para o período que trata”.

- Sandra Faginas, “Emigrantes de ida e volta”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 184, “Letras en galego”, 28 outubro 2006, p. 15.

Crítica da obra *Vinte anos retornando*, de Xosé Neira Vilas, na que sinala que se fai un repaso polas viaxes que fixo coa súa muller, Anisia, dende Cuba a Galicia. Explica que semella un diario íntimo no que se repasan as dez travesías que ambos realizaron a este país americano entre 1972 e 1992. Salienta que se ofrece unha imaxe da emigración moi diferente da habitual, xa que incide sobre todo no contraste entre os dous mundos e o movemento constante que esta experiencia implica. Destaca a inquedanza cultural da parella e o seu contacto con intelectuais como Xesús Alonso Montero, Rafael Dieste, Celso Emilio Ferreiro ou Eduardo Blanco Amor. Remata concluíndo que esta parella se converteu “en embaixadores culturais de boa parte da emigración galega”.

Referencias varias:

- MARÉ, “Da alma triangular”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 agosto 2006, p. 35.

Explícase que en *Vinte anos retornando*, Neira Vilas efectúa unha aproximación en clave de memoria ás trece viaxes que realizou coa súa muller, Anisia Miranda, entre 1972 e 1992 a distintos países de América. Segundo o propio autor é “unha sorte de diario de viaxes, encontros e aconteceres”. Ademais de centrarse nos recordos desta etapa, sinálase que o volume é tamén unha crónica do acontecer social, político e cultural desa etapa. Faise un pormenorizado percorrido polo labor de Neira Vilas na emigración e as súas impresións sobre esa parte da súa vida. Nun despece ofrécese información sobre a presentación da obra na Feira do Libro da Coruña. Sinálase que se trata das memorias dun “emigrante retornado”, nas que o escritor de Gres recolle tanto a súa peripecia vital durante aqueles días como a súa particular interpretación dos acontecementos políticos e culturais dese período histórico.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Memorias de Neira Vilas”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 3 agosto 2006, p. 3.

Faise referencia á figura de Xosé Neira Vilas e ao concepto de memoria que a define como “un poderoso axente de proxección e de creación”. Coméntase que Neira Vilas vai publicar as súas memorias co título de *Vinte anos retornando*.

- Nacho Mirás Fole, “Son un rapaz de aldea”, *La Voz de Galicia*, “A cara b”, 7 agosto 2006, p. 56.

Xosé Neira Vilas explica nesta entrevista que o seu volume *Vinte anos de retornando* son doce diarios de cada unha das veces que veu a Galicia sendo emigrante. Conta que os emigrantes dos anos cincuenta tiveron o privilexio de recibir aulas en galego, que a illa de

Cuba sempre estará na súa memoria e considera que se Balbino vivise hoxe en día vestiría mellor, pero subliña que “hoxe hai Balbinos na Galicia profunda”.

- Marta Rivero, “Xosé Neira Vilas: ‘Son algo arxentino, un moito cubano e rotundamente galego’”, *La Opinión/Faro de Vigo*, “Cultura”/“El Sábado”, nº 478, 19/16 setembro 2006, p. 54/I.

Entrevista a Xosé Neira Vilas con motivo da publicación de *Vinte anos retornando*, unha obra na que recolle a súa peripecia no mundo da emigración. O autor está a piques de recibir, no intre no que se lle formulan as preguntas, o Premio Ramón Piñeiro por *Facer país*. A través das cuestións formuladas, Neira Vilas reflexiona sobre a súa sinxeleza e concisión de estilo, sobre as influencias que Arxentina e Cuba tiveron sobre a súa personalidade, sobre os cambios culturais que experimentou Galicia ou sobre a próxima entrega do Premio Ramón Piñeiro, do que manifesta que para el é “moi entrañábel” porque foi amigo do propio Piñeiro.

- Albino Mallo, “Cando triunfou a revolución de Castro sentímonos engaiolados”/“Publicarase unha edición en francés das ‘Memorias dun neno labrego’”, *Galicia Hoxe/El Correo Gallego*, “Ó peche”/“Entrevista”, 24 outubro/21 novembro 2006, p. 39/8.

Xosé Neiras Vilas fala nesta entrevista sobre a súa vida na Arxentina, até os vinte anos, e logo en Galicia, onde escribiu obras como *Dende lonxe*, *Memorias dun neno labrego* e a súa última obra, *Vinte anos retornando*, que segundo a autor “non son memorias senón páxinas dun diario que fun escribindo dende 1972”. Tamén fala do seu labor de propulsor da cultura galega en terras cubanas.

Pardo de Neyra, Xulio, *Os cabaleiros petan nas portas da literatura: a figura do heroe cabaleiresco na literatura galega contemporánea*, A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 2006, 428 pp. (ISBN: 84-8485-216-4).

Xulio Pardo de Neyra ofrece unha síntese do traballo que foi defendido como Tese de Doutoramento en Historia Contemporánea. Comeza cunha introdución á tradición cabaleiresca e o tratamento do heroe cabaleiresco a partir do discurso nacionalista e literario galegos. A continuación, pasa a centrarse no mito do cabaleiro na literatura galega dende o Rexurdimento á actualidade. Para iso, percorre figuras como a do cabaleiro de Montenegro, de Benito Vicetto, ou o cabaleiro de Figueroa, de Salinas e Rodríguez. Na Etapa Agrarista, comenta o teatro de Manuel Lugo Freire e a obra *O Fidalgo*, de Xesús San Luís Romero. Da Época Nós, destaca o papel do proxecto editorial Lar e o aristocratismo de Armando Cotarelo Valledor e Álvaro M^a de las Casas. Durante a Posguerra, salienta a recuperación do aparello lendario galego e menciona especialmente a figura de Ánxel Fole. Dedicada, a continuación, un apartado á Nova Narrativa e, por último, analiza as obras *O Pazo Baleiro*, de Xabier P. Docampo e *Morgado*, de Ramón Loureiro. Remata este extenso volume ensaístico cun capítulo de conclusións en que desvela a ideoloxía que xace baixo a exaltación dos heroes cabaleirescos na literatura galega.

Pardo de Neyra, Xulio, *Literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos*, Santiago de Compostela: TresCtres editores, col. Nós-outros, 3c3 Ensaio, 2006, 299 pp. (ISBN: 84-934890-9-3).■

Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968) publica na Editorial tresCtres dentro da colección NÓS-OUTROS o ensaio *Literatura Galega de Vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos*. Neste estudo, Pardo de Neyra loa a figura dos grandes nomes da vangarda galega, aínda que se centra principalmente na figura de Evaristo Correa Calderón. Ao longo de cinco capítulos, Pardo de Neyra analiza a progresión desta nova revolución literaria galega, sempre ligada ao nacionalismo e a figuras relevantes como Vilar Ponte ou, o xa citado, Correa Calderón. Os cinco capítulos que comprenden o ensaio son os seguintes: “A era da rebelión: Galiza, 1917. O espírito xuvenil dos abandeirados galegos”; neste primeiro apartado, salienta que o climax das vangardas galegas é anterior ao que a crítica tradicional cita. No segundo capítulo do libro, “Nacionalismo e vangarda: as dúas caras dunha mesma moeda”, revisa a innegable relación entre o literario e o político, centrándose no labor do Grupo Nós e outros artistas de Vangarda. Xa no terceiro apartado do ensaio, que leva o título de “Espectacularidade e xénero. O manifesto galego”, Pardo de Neyra céntrase na figura e obra do vangardista Evaristo Correa Calderón. Os dous últimos capítulos do estudo, “O manifesto como espírito de agrupación. A nova xeración galega e o seu tempo” e “Vangarda e proclamación: modo de actuación e repercusión dos manifestos correanos”, salientan os diferentes manifestos da vangarda galega na década dos vinte, destacando principalmente aqueles que tiveron que ver con Correa Calderón.

Pascual, Roberto (ed.), *Palabra e acción. A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego*, Lugo: Tris Tram, col. Máscaras, nº 7, 2006, 322 pp. (ISBN: 84-89377-72-3).

Volume colectivo sobre o dramaturgo Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943), en edición de Roberto Pascual (O Carballiño, 1981). Contén un limiar do editor, en que xustifica a necesidade deste traballo dada a relevancia e o multifacetismo do autor, ademais de presentar os estudos que seguen e mostrar o seu agradecemento a diversas persoas. Os diferentes traballos que compoñen a obra descríbense a seguir:

- Laura Tato Fontaíña, “No labirinto de Manuel Lourenzo”, pp. 17-26.

Reprodúcese un traballo escrito en 2001 pola profesora da Universidade da Coruña Laura Tato Fontaíña. Trátase dun estudo de carácter xeral sobre a escrita dramática de Lourenzo, que toca aspectos coma o diálogo co mundo da traxedia grega, a temática metateatral, a tendencia na década dos 90 cara ao teatro mínimo, a ambivalencia e ambigüidade dos textos, ou a crítica social e o xogo identitario. Conclúese que a traxectoria dramática deste autor pode ser analizada como un *continuum* en canto á temática e mundo creado e salientase a tendencia á experimentación e o cambio no chamado “texto espectacular”.

- Roberto Pascual Rodríguez, “Manuel Lourenzo nos escenarios dun ‘Abrente’ teatral galego (1973-1980)”, pp. 27-72.

Traballo do profesor da Universidade Complutense de Madrid Roberto Pascual, en que estuda o labor de Lourenzo no seo do teatro independente de Ribadavia, na década dos 70. O traballo

divídese en dous apartados: no primeiro considérase o teatro como xénero literario e, no segundo, abórdase o teatro como feito escénico. Na primeira parte realízase unha minuciosa análise das obras *Romería ás covas do demo* (1975); *Viaxe ao país de ningures* (1977); *Edén e tres irmás parvas* (En *Edén e outros paraísos*, 1981); *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza* (1981); e as obras inéditas *Cando volva Ros*; *O mestre*; *O morto a cachapernas ou rexoubas da herdeira aldraxada*. *Subpopeia*; e *Testamenteiros* e coméntanse aspectos coma a “escrita directa para a escena”; a reescrita de elementos míticos; a linguaxe utilizada nas obras infantís; as técnicas rítmicas das pezas breves; o uso da alegoría e a metáfora; ou a temática e estrutura das obras, aspectos estudados a través dunha especial incidencia na análise das didascalías. A segunda parte céntrase principalmente na investigación sobre a crítica da época para tentar reconstruír a dimensión escénica da obra de Lourenzo. Vai o texto acompañado dun cadro que contén datos sobre os espectáculos dirixidos por este en sete das oito Mostras de Teatro Galego Abrente. Indícase nas notas que este artigo procede dun TAD elaborado en 2003 por Roberto Pascual, baixo a dirección de Dolores Vilavedra, na Universidade de Santiago de Compostela.

- Iolanda Ogando, “Ás voltas co pasado: a historia no teatro de Manuel Lourenzo”, pp. 73-91.

Texto da profesora da Universidad de Extremadura Iolanda Ogando. Ten como motivo a historia na obra de Manuel Lourenzo, en diversas vertentes: como discurso histórico, como simple transcurso do tempo, materia argumental ou obxecto de reflexión e comentario. En primeiro lugar, realiza unha serie de consideracións teóricas sobre a diferenza entre tempo histórico e tempo mítico, expondo a súa discrepancia coas categorías establecidas por Manuel F. Vieites para a obra de Lourenzo. Seguidamente, analízase o teatro histórico de Manuel Lourenzo, por unha banda, e o a historia no teatro “non histórico” do autor, por outra. Na primeira parte, contextualízase esta tendencia e salientase o carácter innovador das obras; e, na segunda, exemplifícase a filosofía do autor, que concede valor ao discurso identitario da historia fronte á fidelidade aos datos concretos. Disto todo conclúese que semella innecesario seguir a falar dun teatro mítico e dun teatro histórico.

- María José Ragué Arias, “Raíces e memoria do mito no teatro de Manuel Lourenzo”, pp. 93-103.

Texto da profesora da Universitat de Barcelona María José Ragué Arias, traducido ao galego por Noemí Pazó. Céntrase no uso do mito na obra de Lourenzo. Analízanse figuras míticas como Antígona; Edipo; os mitos da casa dos Atridas e a guerra de Troia; Fedra; ou Medea, nas obras *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza* (1981); *Fedra* (1982); *Electra* (1994); e *O perfil do crepúsculo* (1995). Todos eles vincúlanse na dramaturxia de Lourenzo á realidade galega da época e eríxense en metáfora da ditadura franquista nos anos 60 e 70, etapa do teatro popular e comprometido.

- Inmaculada López Silva, “A recepción crítica do teatro de Manuel Lourenzo”, pp. 105-130.

Traballo de Inmaculada López Silva, da Universidade de Santiago de Compostela. Centrado na recepción crítica da obra de Lourenzo, contrasta a función da crítica na prensa periódica tanto no que respecta ao papel de Lourenzo na construción do teatro galego postautonómico como na configuración do canon, levada a cabo polos axentes literarios. Esta investigación procede da análise das seguintes publicacións: *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *O*

Correo Galego, El Ideal Gallego, Faro de Vigo, El Progreso, La Región, A Nosa Terra e Tempos Novos, dende a década dos 70 até a actualidade. Tras unha introdución, na primeira parte do traballo reconstrúese a historia sinalando a consideración da que gozou Lourenzo nos inicios da actividade teatral; e na segunda, amósanse diferentes aspectos da recepción crítica da súa obra e das súas postas en escena, que veñen sendo cualificadas como históricas, renovadoras, sinxelas e comprometidas.

- Manuel F. Vieites, “Docencia e investigación na traxectoria teatral de Manuel Lourenzo. Un apuntamento”, pp. 131-149.

Estudo do director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Céntrase na análise das anomalías que presentan os sistemas teatrais en proceso de reconstrución, coma o galego, para abordar o labor desenvolvido por Manuel Lourenzo no ámbito da investigación e a docencia. Xunto cunha achega de tipo teórico, explícase, en primeiro lugar, a función do dramaturgo como *magister* ou *meister* da actividade teatral profesional na década dos 70, principalmente. En segundo lugar, ocúpase do legado de Lourenzo no ámbito da investigación, comentando principalmente os volumes e artigos da súa autoría ou coautoría, como *O Teatro Galego* (1979), *Antoloxía do teatro galego* (1982) e *Diccionario do Teatro Galego (1671-1985)* (1987), realizados xunto con Francisco Pillado.

- Helena González Fernández, “Medea e Xasón baixo o signo de Sísifo. Roles de xénero e desexo desmesurado fronte a lei do pai”, pp. 151-172.

Estudo da profesora da Universitat de Barcelona Helena González. Consiste nunha análise das figuras míticas Medea e Xasón na dramaturxia de Manuel Lourenzo baixo a perspectiva dos roles de xénero. Ademais de realizar un percorrido introdutorio polas distintas *Medeas* recreadas ao longo da obra de Lourenzo, examina estes dous mitos reactualizados en *Últimas faíscas de setembro* (2000). Considérase o que o propio autor denominou galería de “mulleres apaixonadas” (a feminidade e o desexo salvaxe, a muller fatal ou Circe actualizada), mais tamén o xogo performativo cos roles de xénero na posta en escena, así como as masculinidades en conflito que representa Xasón.

- Roberto Salgueiro, “O valor da palabra. Algunhas consideracións teatrais a partir da posta en escena de *Cando chega decembro* e d’*A velada espectral de Mister Peabody*”, pp. 173-195.

Traballo de Roberto Salgueiro, da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase nel a faceta de Manuel Lourenzo como director escénico, a partir das obras *Cando chega decembro* (1994) e *A velada espectral de Mister Peabody* (1996), ambas as dúas levadas á escena por Salgueiro coa compañía de teatro da Universidade de Santiago de Compostela e agrupadas no volume *Veladas indecentes* (1997), polo que o dramaturgo recibiu o Premio Nacional de Literatura Dramática de España. Céntrase na análise do proceso de “tradución” do texto dramático ao texto espectacular, a partir do caso concreto destas dúas postas en escena, realizadas coa colaboración de Lourenzo. Detense en diferentes “momentos escollidos”, nos que se exemplifican diferentes recorrencias, como a perspectiva metateatral dos personaxes, a reflexión crítica sobre o propio teatro como arte, a reflexión política e o escarnio do poder, ou a constante sexual na súa vertente lúdica e satírica.

- Pablo Rodríguez, “Evocación e invocación”. Conversa con Manuel Lourenzo”, pp. 197-214.

Entrevista realizada por Pablo Rodríguez ao seu mestre e Premio Nacional de Literatura Dramática 1997. Trátanse cuestións como os inicios do teatro independente e o proceso de profesionalización do teatro galego, así como a relación da situación do teatro actual con estes antecedentes; a influencia do teatro europeo na obra de Lourenzo; ou diversas facetas súas descoñecidas para o público, como a de debuxante e deseñador. Lourenzo reflexiona tamén sobre o conflito lingüístico en relación co teatro, sobre as tendencias temáticas da súa obra, sobre a relación entre o texto dramático e o texto espectacular, etc.

- Isaac Ferreira, “Manuel Lourenzo: tempo de colleita (obra dramática completa e bibliografía)”, pp. 215-313.

Completo compendio bibliográfico, estruturado en varios apartados. En primeiro lugar, ofrécese unhas notas sobre a traxectoria de Lourenzo. A seguir, preséntanse as listaxes: “Fundación de escolas, grupos e compañías”; “Creación de coleccións, revistas e cadernos de teatro”; “Obra dramática completa”; “Obra dramática en español”; “Versións”; e “Traducións”. Insírese seguidamente unha Bibliografía de Manuel Lourenzo, que contén os apartados: “Obra dramática publicada”; “Publicacións sobre teatro” (Manuais, monográficos, divulgación, ensaio, investigación; Artigos e ensaios sobre teatro (Revistas, semanarios, xornais, folletos); “Poesía”; “Narrativa”; e “Escritos varios”. Segue unha Bibliografía sobre Manuel Lourenzo, dividida en: “Monografías, manuais, libros”; “Artigos, crítica de espectáculos, ensaio, entrevistas, notas de prensa” (Revistas, semanarios, xornais, folletos). Finalmente, expónse unha Bibliografía básica utilizada para a elaboración deste traballo (Manuais, Outras fontes, Revistas e cadernos e Prensa).

- Manuel Lourenzo, “Futuro”, pp. 315-318.

Péchase o volume con este breve monólogo da autoría de Manuel Lourenzo.

Pernas Cora, Gustavo, *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede: ‘Le Déjeuner sur l’herbe’ (Manet, 1863) na xénese do dispositivo escénico do teatro naturalista*, prólogo Manuel Forcadela, Santiago de Compostela: Laiovento Edicións, col. Ensaio, 2006, 160 pp. (ISBN: 84-8487-093-6).

A través deste ensaio o autor, Gustavo Pernas fai unha análise pormenorizada do cadro de Manet *Le déjeuner sur l’herbe* (1863), no que se retrata un bosque xunto ao río no que dous homes están acompañados dunha muller espida e doutra máis afastada que presenta unha indumentaria branca. O autor realiza un estudo en forma de peza dramática no que tenta descifrar os segredos e significados da obra e no que parte da premisa de que hai dous tempos sempre no lenzo: o presente e o momento no que foi pintado. Céntrase na muller núa e na súa mirada, que ofrece a proposta máis insólita e á súa vez enigmática, símbolo de tránsito. Gustavo Pernas é quen de observar tamén os códigos culturais enfrontados, produto da época.

Recensións:

- C. Rodríguez, “Distancia intelectual e conciencia”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 27 agosto 2006, p. 8.

Coméntase a obra de Gustavo Pernas Cora, *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*. Descríbese como un ensaio interesante, de obrigada referencia que se sitúa a medio camiño entre a crítica da cultura e a literatura comparada, como advirte nas primeiras páxinas o prologuista do libro, o poeta Manuel Forcadela. Indícase que o autor pretende establecer un contraste significativo entre unha obra pictórica de Manet e a sociedade presente. Recoméndase a súa lectura pausada, pois destaca que conta con interesantes capítulos.

- Nicolás Vidal, “Sobre a mirada deturpada”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, “Libros”, 10 setembro 2006, p. 20.

Festéxase a saída ao mercado do ensaio de Gustavo Pernas, *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*, no que o autor reflexiona sobre a cultura en xeral e relaciónaa co teatro, a fotografía, o cine e a pintura. Indícase que se parte do cadro de Manet *Le déjeneur sur l’herbe* (1863) para analízalo profusamente e deterse especialmente na mirada de Victorine, unha muller núa entre dous homes de negro. Enténdese que a partir da mirada se analiza a conversión “da mirada moderna na mirada de *voyeur* que consagra a cuarta parede”.

- Roi Vidal Ponte, “Estimulante multiplicidade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 100-101.

Coméntase o ensaio de Gustavo Pernas Cora a propósito do cadro *Le déjeneur sur l’herbe*, de Manet, do que se anota en primeiro lugar a súa grande eiva: non relacionar con datos senón só intuitivamente o teatro naturalista e o seu concepto da cuarta parede con esta pintura. A seguir coméntase o impacto do cadro de Manet cando se expuxo por primeira vez, os puntos principais da súa técnica que o estudo de Pernas revela e a interpretación máis radical dese almorzo como síntoma da hipocrisía social, do voyeurismo e tamén do concepto da cuarta parede, entre outros.

- Manuel F. Vieites, “Édouard Manet e a cuarta parede”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 188, “Teatro”, 14 novembro 2006, p. VIII.

Enténdese que o ensaio de Gustavo Pernas *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede* constitúe unha importante achega ao estudo dos fundamentos estéticos e aos principios ideolóxicos sobre os que se cimenta a escena galega moderna. Faise referencia a que abonda no estudo da cuarta parede e sérvese para iso do cadro de Manet *Le déjeneur sur l’herbe*, unha obra na que se sitúa o receptor como principal activo na construción de significados. Indícase que cada persoa desenvolve un rol no espazo no momento en que estamos mirando unha obra de arte e o que acontece diante dun cadro non dista do que poida acontecer nun teatro. Finalmente hai unha pequena nota biográfica do autor, do que se destaca a continua vinculación ao mundo da escena, como actor, como director, como profesor e mesmo como ensaísta.

-X.M. Fernández Castro, “Pernas Cora, Gustavo (2006): Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Recensións”, 2006, pp. 335-337.

Refírese, en primeiro lugar, á traxectoria de Pernas Cora, tanto no relacionado coa súa compañía Áncora Producións, como á súa produción literaria. Saúda seguidamente a chegada do autor e director ao ensaio, sinalando que nos últimos tempos son varios os dramaturgos interesados no seu potencial “prestixiador”. Malia os riscos do xénero, afirma que Pernas saíra con ben do atrevemento e refírese ao prólogo que Anxo Abuín realizou para o volume *Comedias paranoicas* (2000). En canto á obra, comenta a súa débeda coa semiótica e a estética da recepción e critica o ton enciclopédico da notas a rodapé. Loas as páxinas de Manuel Forcadela insertas na obra e, afirmando a obriga da lectura desta obra, saúda a próxima saída do prelo de *Eclipses*, de Manuel Lourenzo, na mesma colección.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, “Gustavo Pernas indaga na cuarta parede teatral nun ensaio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 outubro 2006, p. 32.

Nota na que se dá conta da incursión de Gustavo Pernas no xénero ensaístico con *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*. Indícase que este libro foi editado por Francisco Pillado e prologado por Manuel Forcadela. Coméntase que o actor e director teatral levaba tempo investigando sobre as orixes da cuarta parede nas artes e sobre este tema reflexiona ao longo das páxinas deste ensaio.

Prol, Santiago, *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República*, Ourense: Grupo Academia Postal Editores, 2006, 194 pp. (ISBN: 84-96220-54-0).

Estudo biobibliográfico de Santiago Prol no que se centra na figura do poeta Xosé Lois Parente. Comézase cun repaso á súa vida dende o nacemento en Maceda en 1903, os primeiros estudos na vila natal e a posterior estada en Ourense e Córdoba para estudar a Secundaria. Da súa etapa universitaria en Santiago de Compostela, onde estudou Farmacia por libre, destácase o contacto que estableceu co movemento galeguista. Repásase tamén o seu periplo por outras Universidades como a de Madrid, Valladolid e Salamanca, nas que ademais de rematar Farmacia tamén se licenciou en Dereito. Indícase que comezou colaborando na prensa ourensá con poemas en galego e castelán en medios como *Heraldo de Galicia*, no que saíron un gran número de colaboracións tanto de carácter poético como ideolóxico do autor. Repásase a súa actividade a prol do Partido Galeguista durante os anos trinta, así como o clima social e político que se viviu en Galicia até o remate da Guerra Civil, as dificultades polas que pasou o autor e a súa posterior morte en 1948, cando contaba só con corenta e cinco anos. A seguir faise un repaso polo recoñecemento que o autor tivo en diferentes fontes bibliográficas e pola recepción do seu único poemario *Con prisma azul* (1933). Explícase que se trata dunha obra bilingüe, na que se inclúen corenta e seis composicións, das cales dezaseis son en lingua galega, e que se abre cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo, no que loa a poesía de Parente. A continuación inclúese unha escolma da produción poética en lingua galega de Parente, na que se seleccionaron os dezaseis poemas de *Con prisma azul*, ademais dun grupo de composicións recuperadas polo editor, que organiza en temáticas que denomina “de exaltación patriótica”, “paisaxísticas” e “de lirismo amoroso e fantástico”, ademais do “Romance do paxariño loiro”, un longo poema no que se conta a

historia ficcionada dun paxe do Conde de Maceda, don Sancho de Nóvoa. A continuación reproducése unha selección da obra en castelán, seguida dun apéndice documental no que se reproducen fotografías, documentos escritos como artigos de xornais, cartas, etc. Péchase a obra cun glosario de termos e a bibliografía empregada.

Recensións:

- Carlos Fernández, “Un poeta esquecido”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 152, 11 marzo 2006, p. 12.

Fala do estudo de Santiago Prol *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República*, a propósito do que lembra quen foi este galeguista e como se salvou dos expedientes que lle abriran por galeguista despois do alzamento do 36. A seguir menciona que o volume inclúe un estudo da obra do poeta así como os seus poemas, en galego e castelán dos que se recollen algúns versos.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”/“A biografía do poeta X. L. Parente”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 9/11 marzo 2006, p. 67/48.

Fai referencia ao traballo de Santiago Prol sobre a vida do poeta galeguista Xosé Lois Parente, de quen di que defendeu o catolicismo desde o galeguismo, ao igual que moitos católicos que viron nestas ideas unha vía para facelo.

Rodríguez, Luciano (ed.), *Literatura e Xornalismo. Cadernos de Mariñán 1. III Encontro de Escritores Galegos*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2006, 156 pp. (ISBN: 84-9812-023-3). ■ ◆

Esta obra recolle os traballos e creacións que se presentaron no III Encontro de Escritores Galegos, centrado na relación entre Xornalismo e Literatura. Está estruturado en tres grandes apartados: un no que se recollen as comunicacións presentadas, outro no que aparecen traballos de creación e, finalmente, o último no que se fan críticas de autores convidados a este Encontro. No que se refire ás comunicacións, foron as que seguen:

- Luís Álvarez Pousa, “Literatura e xornalismo: complicidade na comunicación”, pp. 19-34.

Céntrase na idea de reencontro da literatura e o xornalismo. Parte dunha achega á literatura como “proceso de comunicación”, co obxectivo de remarcar os factores de converxencia e de encontro co xornalismo; logo, defende a necesidade do xornalismo actual de establecer un novo rexistro narrativo e reivindica a condición intelectual do xornalismo. Dá conta, ademais, da situación de prostración, e de incomunicación no que se atopa o xornalismo para resaltar a necesidade de reencontro.

- Manuel F. Vieites, “Xornalismo e teatro: camiños por facer”, pp. 35-47.

Propón unha lectura breve do campo de interacción dos dous vocablos, partindo da realidade galega. Comeza facendo unha serie de consideracións de carácter xeral sobre a realidade sociocultural galega e da súa dimensión pública facendo referencia a semanarios como *A Nosa Terra*, revistas como *Tempos Novos* ou suplementos semanais como *Faro da Cultura*. A seguir, centra a atención no teatro galego propiamente e nas problemáticas que ten que superar para o seu desenvolvemento, para logo referirse aos medios de comunicación de masas para considerar todo o que desde aí se podería facer co teatro, desde o teatro e para o teatro.

- Gustavo Pernas: “Cando o teatro é noticia”, pp. 48-53.

Comeza cualificando ao teatro como “literatura oral na escena, e tamén é literatura escrita no libro” e segue a reclamar o compromiso das tres instancias para vertebrar a cultura deste país: creador, intermediarios políticos e mediáticos, xa que sabe de certo que non se dan as condicións apropiadas para que isto aconteza. A continuación analiza o tratamento que a noticia teatral ten nos medios xeralistas, sen entrar no caso das revistas.

- Xulio Valcárcel: “Dúas maneiras de comunicación”, pp. 54-67

Reflexiona sobre a relación entre xornalismo e poesía, comezando por buscar unha definición axeitada de “poesía”, para logo pasar a falar da linguaxe e da comunicación noutros contextos como a actividade xornalística.

- Román Raña: “Poesía e xornalismo, algunhas divagacións”, pp. 68-72

Reflexión sobre a relación entre poesía e xornalismo partindo da idea de que esta non difire doutras relacións menos públicas. Sinala unha relación de parentesco e semellanza na inmediatez, a concisión, a máxica destilación, a claridade no trazo, etc.; mais reconece que os puntos de contacto son mínimos, tendo en conta a súa finalidade.

- M^a Xosé Queizán: “Medios de comunicación e ficción literaria”, pp. 73-79.

Comeza facendo unha análise dos medios de comunicación, entendidos como os mellores definidores dos nosos tempos, a era electrónica e de globalización, para de seguido centrarse nunha reflexión sobre a ficción galega, instalada, segundo a autora, na falsidade, e pon como exemplo o himno galego. Sinala a responsabilidade creadora e o compromiso como elementos esenciais para loitar contra a actitude irracional e de fuxida da realidade na escrita en Galicia. Considera que sabemos ben pouco de Galicia a través da nosa literatura, cando debería ser a mellor fonte de información.

- Xosé Ramón Pena: “Seis propostas para Xornalismo e Literatura”, pp.

Analiza a linguaxe narrativa no xornalismo partindo das claves que segundo Calvino deberían estar na literatura: leividade, rapidez, exactitude, visibilidade e multiplicidade. Ofrece unha análise valorativa de cada unha delas.

No tocante ao caderno de creación, participan os autores Miguel Anxo Fernán Vello con “A estrela perdida do teatro”, Raúl Dans con “Triángulo”, Gustavo Pernas con “Móviles”, Xosé Miranda con “Manifesto indeterminado”, Gonzalo Navaza con “Sesión de voo”, Xesús Fraga con “Balbino 0.2” e Jaureguizar con “Esperanza e o Señor Futuro”.

Finalmente, no apartado de crítica reproducense os traballos das persoas convidadas ao Encontro:

- Teresa Seara: “Joie de vivre (Lectura temática de *As metamorfoses do túnel* de Román Raña”, pp.121-127.

Análise da temática de Román Raña *As metamorfoses do túnel* (2005). Comeza describindo o poema “Disertación sobre o túnel” que aparece como unha especie de introdución ao que o lector se vai enfrontar. Salienta tres elementos temáticos: natureza, amor e palabra, a través dos cales vai tecendo unha metáfora da vida, coas luces e sombras do túnel.

- Manuel Guede: “13 divagacións sobre o inverno”, pp. 128-132.

Exposición de diferentes divagacións do autor que teñen como núcleo central a temática do teatro. Fala do Teatro Público Galego, da creación do CDG, de Eduardo Alonso, de Damián Villalaín, entre outras cousas. Recorda os seus comezos, hai vintes, con nostalgia e certo sentimentalismo.

- X. F. Fernández Castro: “Inma António: 20 anos de dramaturxia”, pp. 133-142.

Fai un percorrido pola traxectoria profesional de Inma António, considerada a principal voz feminina da actual dramaturxia galega. Recolle o seu curriculum editorial e comeza o percorrido cun primeiro período, baixo o título “Escolar”, con obras publicadas nos Cadernos da Escola Dramática Galega, ou na Biblioteca do Arlequín, baixo a dirección de Francisco Pillado Mayor; para rematar cun segundo período, “Cambio de milenio”, no que fai referencia ao silencio editorial da autora por unha ducia de anos, pero non silencio escénico. Salienta o 2004 como un fito na súa carreira.

- Olivia Rodríguez, “Luz Pozo Garza, *As arpas de Iwerddon*, Ourense, Linteo, 2005”, pp. 143-150.

Despois de referirse aos comezos profesionais de Luz Pozo Garza, comenta o volume *As arpas de Iwerddon*. Realiza unha serie de anotacións ao fío da lectura, nas que se centra na división estrutural do poemario; á temática de composición, ao tecido céltico presente nos poemas, e ao palimpsesto final. Remata recollendo o poema “Torre de Breoghan” como mostra da sinxeleza na recreación artística desta autora.

- Camiño Noia, “Un caso de convivencia entre literatura e xornalismo, a última novela de Rosa Aneiros”, pp.151-156.

Logo de sinalar que é a partir de 1980 cando se produce o encontro de xéneros entre a narración literaria e xornalística, entendendo por tal aquela que tira os temas da realidade próxima, menciona algúns autores que seguen esta tendencia de cruce de elementos da

realidade informativa e ficcional: Xosé Fernández Ferreiro, Alfredo Conde, Miguel Anxo Murado, Luís Rei Núñez, Francisco Castro ou Rosa Aneiros. Desta última, analiza a súa novela *Veú visitarme o mar* (2004), que sitúa entre “a crónica social e a novela sentimental”.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Literatura e xornalismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, “Libros”, 16 novembro 2006, p. IV.

Informa da publicación dos *Cadernos de Mariñán. III Encontro de Escritores galegos*, que recolle, ademais da conferencia inaugural de Álvarez Pousa, os seis traballos que se expuxeron no Encontro, que tratou o tema de “Literatura e Xornalismo”. Sinálase que a obra tamén inclúe dous cadernos, un de creación e outro de crítica con diversas contribucións. A continuación eloxia a celebración dos encontros como acto de intercambio de ideas, recomenda a lectura e finaliza mencionando algúns artigos.

Referencias varias:

- A.S., “Panorámica literaria recente”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 173, “Letras en galego”, 12 agosto 2006, p. 10.

Anúnciase que a Deputación da Coruña vén de publicar os contidos do terceiro encontro de escritores galegos de Mariñán, *Cadernos de Mariñán 1*. Dise que a edición corre a cargo de Luciano Rodríguez, que divide a publicación en tres apartados: capítulo teórico, creación e crítica literaria. Explícase que no primeiro colaboran Luís Álvarez Pousa, Manuel F. Vieites, Gustavo Pernas, Xulio Valcárcel, Román Raña, María Xosé Queizán e Xosé Ramón Pena con textos que xiran ao redor da relación entre xornalismo e literatura. Da parte da creación dise que corre por conta de Xosé Miranda, Gonzalo Navaza, Xesús Fraga e Santiago Jauréguizar, con achegas que se moven entre o relato, a poesía e o teatro. Finalmente sinálase que o volume conclúe con cinco críticas sobre obras publicadas últimamente, entre elas, libros de Rosa Aneiros, Román Raña e Luz Pozo.

- Nagore Menayo, “Más de 20 escritores gallegos debatirán en Mariñán sobre literatura y ciudades”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/Cultura”, 22 novembro 2006, p. 16.

Infórmase da celebración do IV Encontro de Escritores Galegos que se celebrará no Pazo de Mariñán e está organizado pola Deputación da Coruña. Indícase que este ano no encontro participarán vinte e dous literatos que tratarán a temática da relación da literatura coas cidades. Coméntase que no encontro haberá tres comunicacións sobre os tres xéneros literarios e tres intervencións críticas. O primeiro día é a quenda de Manuel Lourenzo e Manuel Guede Oliva co xénero teatral; o segundo día, dedicado á narrativa, participarán Anxo Tarrío e Rosa Aneiros e por último, en relación á poesía, estarán presentes Álvarez Cáccamo e Marga Romero. Tamén se indica que se fará a presentación dos *Cadernos de Mariñán*, que recollen as ponencias presentadas o ano anterior.

Rodríguez, Luciano (ed.), *Tres miradas poéticas*, Santiago de Compostela: Laivento Edicións, col. Cadernos Ensaio, 2006, 70 pp. (ISBN: 978-84-8487-106-1).

Luciano Rodríguez publica nos “Cadernos de Ensaio” de Laivento Edicións o estudo *Tres miradas poéticas*. O traballo comeza cun prólogo do propio Luciano Rodríguez, no que destaca que este libro recolle tres traballos que foron escritos en 1996, 1997 e 2001 e que levan por título “Fernando Pessoa ou a escrita como ficción real”, “*Cómaros verdes*, libro fundacional” e “A poesía de Xabier R. Baixeras, mirada desde *Eclipse*”. Destaca Luciano Rodríguez que a publicación destes “Cadernos” foi debido á expresa decisión do seu querido amigo Xano Trevinca. No primeiro dos estudos, dedicado ao poeta portugués Fernando Pessoa, Luciano Rodríguez céntrase na análise da famosa disxuntiva ficción-realidade poética, temática con abondosos estudos na literatura portuguesa. No segundo, “*Cómaros verdes*, libro fundacional”, o profesor Rodríguez céntrase na figura do poeta Aquilino Iglesia Alvariño e sobre todo na súa obra cume, *Cómaros verdes* (1948), un poemario no que destaca a importancia que tivo para a recuperación cultural da Galiza da posguerra. Por último, o terceiro dos traballos leva por título “A poesía de Xavier R. Baixeras mirada desde *Eclipse*” e ten como eixo vertebrador a figura de Xavier R. Baixeras e a súa obra poética. Luciano Rodríguez fai un percorrido pola traxectoria poética deste autor, centrándose naqueles poemarios máis significativos.

Rodríguez, Pastor e Román Arén, *Un río de sangue e tinta. A Guerra Civil española e o franquismo na narrativa dos galegos*, Boiro: A. C. Barbantia/Concello de Boiro, 2006, 221 pp. (DL: C-2558-06). ■ ◆

Despois dunhas introducións institucionais e dun limiar titulado “A verdade da literatura como salvación da historia”, de Antón Riveiro Coello, en que se loa esta obra que “recolle con rigor a narrativa dos galegos na Guerra Civil e no franquismo” e se fai referencia á celebración do setenta aniversario do golpe militar e á necesidade de recuperar a memoria, feito que, salienta, se fai moi ben a partir das obras de narración. A seguir, ofrécese a introdución dos autores, en que explican cómo realizaron o catálogo e fan referencia a outros realizados anteriormente. A continuación, ofrécese por orde alfabética a nómina dos autores e das obras que tratan a Guerra Civil e o franquismo. Finalízase cuns apéndices sobre “A Guerra Civil e o Franquismo en Galicia nos autores foráneos”, “A Guerra Civil, os seus antecedentes e o Franquismo noutros autores relacionados con Galicia”, “Novelas sobre a Guerra Civil traducidas ao galego”, “A Guerra Civil española nos narradores portugueses” e unha bibliografía final.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2004*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, 2006. (ISBN: 84-453-4214-2). CD-Rom. ◆

Nova entrega do *Informe de literatura* correspondente ao ano 2004 e elaborado por un equipo de redactores, tanto do Centro Ramón Piñeiro como externos a este. Dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, quen conta coa bolsa de do proxecto Natalia Mirón e co bolseiro Francisco Martínez. Até o ano 1999 editouse en soporte impreso e dende o 2000 en soporte informático. O CD-ROM publicado no 2006 recolle o *Informe* do ano 2004, que,

como nos outros anos, contén unha serie de estatísticas nas que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas como foráneos. Reprodúcense a seguir os apartados nos que se estruturan os *Informes*: “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas. Xaquín Lorenzo”, “Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval”, “Folletos de novidades editoriais” e “Páxinas Web”. Tamén contén unha presentación na que a directora e coordinadora, ademais de salienta as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso por cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado.

Referencias varias:

- MARÉ, “Liorta por Ramón Piñeiro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xuño 2006, p. 45.

Dáse conta da presentación de catro novas publicacións do Centro Ramón Piñeiro: *Sobre o humor de Cervantes no Quixote*, *Informe de Literatura 2004*, *Caderno de fraseoloxía* e *Xosé Otero Espasandín. Obra galega*, da man de Siro López, Xesús Ferro Ruibal, Marisol López, María López e Luis Alonso Girgado. Sublíñase a importancia de cada unha das obras. En canto aos *Informes de Literatura* dise que se trata dun proxecto de continuidade, cítase á coordinadora e salientase que ofrecen unha ampla e diversificada panorámica da produción literaria galega e da súa recepción dentro e fóra de Galicia, en galego e noutras linguas, informando ademais de “premios, literaturas infantil, institucións, actividade teatral e outras”.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2005*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/Xunta de Galicia, 2006. (ISBN: 978-84-453-4340-1). CD-Rom. ♦

Nova entrega do *Informe de literatura* correspondente ao ano 2004 e elaborado por un equipo de redactores, tanto do Centro Ramón Piñeiro como externos a este. Dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, quen conta coas bolseiras do proxecto Natalia Mirón e María López, e co bolseiro Francisco Martínez. Até o ano 1999 editouse en soporte impreso e dende o 2000 en soporte informático. O CD-ROM publicado no 2006 recolle o *Informe* do ano 2005, que, como nos outros anos, contén unha serie de estatísticas en que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas como foráneos. Reprodúcense a seguir os apartados nos que se estruturan os *Informes*: “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas. Xaquín Lorenzo”, “Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval”, “Folletos de novidades editoriais” e “Páxinas Web”. Tamén contén unha presentación na que a directora e coordinadora, ademais de salienta as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso por cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes

consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado.

Ruibal, Euloxio R., *Valle-Inclán e o teatro galego. A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia galega (1916-1973)*, Lugo: TrisTram, col. Máscaras, nº 6, 2006, 654 pp. (ISBN: 84-89377-62-6).

Obra de Euloxio R. Ruibal (Ordes, 1946), gañador do Premio Valle-Inclán de Investigación 2005 da Deputación de Pontevedra. Trátase dun traballo de investigación que, dende unha perspectiva comparatista, toma como punto de partida a recepción da estética valleinclaniana na literatura galega desde 1916 até 1973. Comeza cunha introdución teórica que aborda diferentes aspectos dos ámbitos metodolóxicos nos que se insire o traballo, ademais de realizar unha aproximación histórica á relación de Ramón María de Valle-Inclán con Galicia. A seguir, estrutúrase o estudo en torno a tres etapas: “A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia da Época Nós (1916-1936)” (Antón Vilar Ponte, Armando Cotarelo, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Castelao, Rafael Dieste e Álvaro das Casas); “A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia da emigración e do exilio (1936-1964)” (Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo); e “A recepción da dramaturxia na obra dramática de Valle-Inclán durante a Ditadura (1939-1973)” (Álvaro Cunqueiro, Jenaro Marinhas del Valle, Tomás Barros, Daniel Cortezón e Manuel María). Cada unha destas partes contén diferentes capítulos centrados nos autores mencionados. Péchase o volume cun apartado de “Conclusiones” e unha extensa bibliografía. A investigación enmárcase nos Estudos da Recepción analizando a tensión entre o local e o universal como dinámica entre literaturas nacionais e emerxentes, de modo que se afasta da idea de “influencia” para non só realizar unha análise estilística dos principais dramaturgos do período acoutado, senón tamén aproximarse aos factores implicados no concepto de “canon” literario; así, séguense no estudo diferentes correntes teóricas, como as contribucións de Pierre Bourdieu, Itamar Even-Zohar e a Escola de Tel-Aviv ou o Grupo Nikol, entre outras. Abórdase na obra, polo tanto, unha análise da produción dramática galega que converxe con novas achegas sobre a estética valleinclaniana e dá conta tamén do traballo de documentación realizado por Ruibal, como o demostran os numerosos exemplos de diversa procedencia que proban a existencia dun verdadeiro diálogo, mantido a través da prensa e a correspondencia persoal dos autores galegos, cuxo vértice foi este clásico da literatura española. Ruibal establece, ademais, unha frutífera conversa cos especialistas nos dramaturgos tratados, cos que confronta as súas propias achegas. Utilízase, no entanto, unha concepción extensa de “esperpentización” que abarca a análise de diferentes recursos como a carnavalización, a animalización ou os contidos necrofilicos, así como a presenza de diversos prototipos no que respecta aos personaxes, todos eles presentes, por outra banda, na historia do teatro occidental, como o autor amosa.

Recensións:

- María Pilar López Suárez, “Ruibal, Euloxio R. (2006). *Valle-Inclán e o teatro galego. A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia galega (1916-1973)*. Lugo: Tris

Tram, 654 pp.”, *Acotaciones. Revista de Investigación Teatral. Real Escuela Superior de Arte Dramático*, nº 17, xullo-decembro 2006, pp. 188-191.

Recensión da obra de Euloxio Ruibal *Valle-Inclán e o teatro galego*. A autora comeza facendo referencia á colección “Máscaras” da editorial TrisTram, dirixida por Anxo Abuín, e subliñando o carácter aberto desta á vez que manifesta o seu interese polas próximas achegas da colección, iniciada en 2001 cun volume colectivo sobre o autor deste ensaio. Sinala que a acoutación temporal do estudo fica implicitamente xustificada ao ser 1973 o ano en que o propio autor entrou a formar parte do sistema literario galego ao obter a súa obra *Zardigot* o premio Abrente. A seguir, ocúpase da obra comentando, en primeiro lugar, as referencias teóricas que guían a investigación, así como a estrutura do volume. Afirmar que a claridade expositiva das “Conclusións” compensa a descontinuidade estrutural, causada en parte pola magnitude do estudo. Citando o autor, aclara que o obxectivo da obra é “indagar, confrontar e relacionar os textos” dos dramaturgos galegos coa produción valle-inclaniana. Enumera as diferentes teorías e correntes estéticas tratadas na obra, que contén múltiples referencias á historia do teatro occidental, e loa a perspectiva comparatista de Ruibal, o enfoque dialóxico e as achegas bibliográficas fornecidas por este. Finaliza sinalando a recorrencia da tríade temática “avaricia, luxuria e morte” que é obxecto de análise e os diferentes modos e graos de “esperpentización” exemplificados, ademais de subliñar o enfoque “escenocentrista” do autor, o que converte a obra nun “agradable viaxe que va máis allá del aparente propósito inicial expuesto en el título”.

Sotelo Blanco, Olegario, *A voz do emigrante*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2006, 606 pp. (ISBN: 84-7824-499-9).

Obra de Olegario Sotelo Blanco na que se ofrece un bo número de entrevistas realizadas a homes e mulleres galegos e galegas que viviron a experiencia da emigración. Ábrese o volume cun estudo analítico de distintos aspectos que resultan de interese relacionados coa emigración, dende as posíbeis causas da marcha, o número de emigrantes ou a situación. Bótase sobre eles unha ollada escrutadora, na que son analizados con afán informador. A seguir, inclúese un novo apartado destinado a mostrar o lado máis humano e emotivo que está relacionado coa emigración. Para iso introdúcense entrevistas a homes e mulleres que están na emigración en distintas partes do mundo. As entrevistas mostran como foi a experiencia vital destas persoas e como influíu neles a nova situación que estaban a vivir nos distintos países de destino.

Referencias varias:

-Pilar Pousada, “Olegario Sotelo Blanco ‘Falta por escribir unha boa historia da emigración’”, *Galicia Hoxe*, “Entrevista”, 12 febreiro 2006, p. 10.

Entrevista ao editor e escritor Olegario Sotelo Blanco, na que anuncia que proximamente publicará unha obra que recolle centos de entrevistas a emigrantes galegos nas que contan as súas experiencias. Tamén fai un avance dos plans inmediatos da editorial que dirixe, entre os que destaca a recente publicación d’*Os Eoas* (2005), de Eduardo Pondal, realizada en colaboración coa Real Academia Galega. Adianta tamén a intención de que se retome a

publicación de obras de teatro e poesía en Sotelo Blanco Edicións. Eloxía o momento editorial actual e ve negativamente que as diversas Consellarías publiquen obras que logo non le ninguén. Conclúe a entrevista cun breve repaso á bibliografía do editor.

- Marcos Valcárcel, “A voz do emigrante”, *La Región*, “Opinión”, 24 xullo 2006, p. 16.

Fai referencia á presentación do último libro de Olegario Sotelo Blanco, titulado *A voz do emigrante*, no que se reivindica a historia e a memoria da emigración galega. Coméntase que Sotelo Blanco tamén foi emigrante e apúntanse outras obras do escritor sobre o mesmo tema. Seguidamente, explica o fenómeno da emigración e o que supuxo para Galicia en canto a consecuencias económicas e creación de novas entidades. Novamente, refírese á segunda parte do libro *A voz do emigrante*, no que se recollen trinta e catro entrevistas a emigrantes que narran as súas vivencias.

- Marcos Valcárcel, “A voz do emigrante”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 31 xullo 2006, p. 6.

Síntese do contido d’*A voz do emigrante*, de Olegario Sotelo Blanco. Valcárcel considera que a emigración é un dos fenómenos sociais máis importantes da historia de Galicia porque afectou a un número moi importante de persoas. Explica que nesta obra se recollen diversas entrevistas a emigrantes galegos co fin de manter viva a historia de Galicia.

Valcárcel, Xesús Manuel, *Manifiesto senti_MENTAL_ista. Movemento de vangarda artística e literaria*, Santiago de Compostela: Bubela Edicións, col. Divulgación, 2006, 82 pp. (ISBN: 84-934933-1-7).

Xesús Manuel Valcárcel advirte xa dende o inicio que o libro ten unha estrutura tripartita e ben diferenciada. Na primeira teoriza sobre o movemento de vangarda artística e literaria, comeza contando a historia do senti_MENTAL_ismo que naceu nos anos setenta en Lugo e que ten como principios básicos a liberdade creativa, rexeitando a arte alienante, mercenaria e devalada. Concíbese a poesía como un acto rebelde, de resistencia que foxe do culturalismo, da poesía social, experimental, etc. e busca o diálogo, a intuición e sobre todo chegar á sociedade que se afasta cada vez máis do xénero lírico. A segunda sección é unha escolla de sete poetas galegos ou con obra escrita en lingua galega como Meendinho, Vázquez de Neira, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Federico García Lorca, Eduardo Moreiras e Uxío Novoneyra, outros sete hispánicos como Jorge Manrique, Garcilaso de la Vega, Francisco Quevedo, San Juan de la Cruz, Gustavo Adolfo Bécquer, Dámaso Alonso e Jorge Luís Borges, e sete poetas universais como Safo de Lesbos, Lao Tse, Omar Khayyam, Charles Baudelaire, Emily Dickinson, Whal Whitman e Fernando Pessoa, que se consideran de referencia para o movemento. Na última parte encóntranse as propias composicións baixo o título xeral de “Cantares de Romeán”, nas que plasma odas que recordan o lugar da provincia de Lugo e as súas xentes.

Villares Paz, Ramón, *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, resposta do excelentísimo señor don Víctor F. Freixanes, A Coruña: Real Academia Galega, 2006, 164 pp. (ISBN: 84-87987-67-2). ♦

Reprodución do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Ramón Villares Paz, que foi lido o día 24 de novembro de 2006. Trátase dun discurso no que o novo académico fai unha homenaxe a Ramón Otero Pedrayo e ao Grupo Nós. Todo o discurso xira arredor da obra de Ramón Otero Pedrayo *Arredor de sí*, ao realizar unha lectura histórico-ideolóxica desta novela centrada no pensamento galeguista e tamén na evolución psicolóxica e ideolóxica do propio Otero Pedrayo. Villares percorre as claves do personaxe da novela, Adrián Solovio, mediante o cal Pedrayo reconstrúe a súa propia biografía e o seu particular retorno a Ítaca. A reflexión está estruturada en oito seccións que levan por título: “Laudatio da ‘cadeira”, “Un romance ‘rápido’ e ‘actual”, “Fuga a Madrid: Quen son Eu?”, “Ventos de Europa: París”, “A chamada da Terra: Berlín”, “Retorno: ‘un camiño de redención”, “De Solovio a Dumbría: Para que son bo?” e “Fontes e bibliografía”. Péchase o volume coa resposta de Victor F. Freixanes.

VV. AA., *Diciopedia do século 21. Dicionario enciclopédico da lingua galega e da cultura universal ilustrado, vol. 1, 2, 3*, Sada-A Coruña/Vigo/Vigo: Edicións do Castro/Galaxia/Edicións do Cumio, 2006, (Tomo 1: A-D)/(Tomo 2: E-Ñ)/(Tomo 3: O-Z), 735 pp./ 1487 pp./ 735 pp. (Tomo I, ISBN de Edicións do Castro: 84-8485-241-5/ ISBN de Galaxia: 978-84-8288-943-6/ ISBN de Edicións do Cumio: 84-8289-358-0)/ (Tomo II, ISBN de Edicións do Castro: 84-8485-242-3/ ISBN de Galaxia: 978-84-8288-944-3/ ISBN de Edicións do Cumio: 84-8289-359-9)/ (Tomo III, ISBN de Edicións do Castro: 84-8485-243-1/ ISBN de Galaxia: 978-84-8288-945-0/ ISBN de Edicións do Cumio: 84-8289-360-2) (ISBN da obra completa de Edicións do Castro: 84-8485-240-7) (ISBN da obra completa de Galaxia: 978-84-8288-942-9) (ISBN da obra completa de Edicións do Cumio: 84-8289-357-2).

Dicionario enciclopédico en tres volumes e con centro vinte e cinco mil entradas, presentado conxuntamente por Edicións do Castro, Editorial Galaxia e Edicións do Cumio, e que supón a primeira obra destas características publicada en lingua galega, xa que é un dicionario ao mesmo tempo que unha completa enciclopedia das culturas galega e universal. A dirección do proxecto correu a cargo de Isaac Díaz Pardo, Víctor Freixanes e Antón Mascato. En canto ao equipo de coordinación editorial está composto por Carlos Lema, Cruz López, Alfonso Mato, Ramón Pais, Charo Portela e Xosé Manuel Soutullo. En canto ao equipo de redacción está composto por Emilio Costas, Maribel Ferreiro, Antón Mascato, Carlos Méixome, María Pampín, Xosé Antonio Pena, Susana Rodríguez e Manoel Santos. Segundo se explicita na introdución, trátase dun proxecto co que se quere contribuír á consolidación sistematizada dun corpus xeral da lingua e da cultura e dar respostas así ás necesidades actuais do idioma. No tocante á literatura galega, ofrece entradas sobre personalidades e intelectuais da vida cultural de todos os tempos, sobre movementos literarios, editoriais, revistas, xornais, etc. As entradas léxicas teñen como complemento mapas, gráficas, debuxos e miles de fotografías.

Referencias varias:

- C.V., “Tres editoriais galegas xúntanse para publicar unha obra que une dicionario e enciclopedia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 22 novembro 2006, p. 36.

Dáse conta da presentación no Instituto Galego de Información, en Santiago de Compostela, da *Diciopedia do século 21*, que xorde da colaboración das editoriais Galaxia, O Castro e Cumio. Explícase que nela se funde un completo dicionario lingüístico e unha enciclopedia. Recóllense as palabras dos editores, nas que afirman que o seu obxectivo é que a *Diciopedia* estea presente en cada centro de ensino e en cada fogar ou despacho.

- Conchi Pino, “Lanzan un dicionario enciclopédico con visión universal e mirar galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 decembro 2006, p. 54.

Dá conta da presentación de *Diciopedia do século 21*, que reúne un dicionario lingüístico e unha enciclopedia universal vista dende unha óptica galega. Explícase que a obra xurdiu da colaboración das editoriais O Castro, Galaxia e Cumio. Tamén se detallan cuestións como o prezo ou algunhas das entradas que incorpora esta nova ferramenta lingüística.

- C.S., “La ‘Diciopedia’ aúna 125.000 entradas y más de mil mapas”, *El Correo Gallego*, “Sociedad”, 22 decembro 2006, p. 74.

Informa da presentación en Santiago da *Diciopedia do século 21*, na que participaron as editoriais Galaxia, Edicións do Castro e Edicións do Cumio. Sinala que, nos tres tomos dos que se compón, funciona como un dicionario de lingua e como unha enciclopedia galega e universal. Destaca, entre outras características que conta con cento vinte e cinco mil entradas.

VV. AA., *Congreso sobre Plácido Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellaría de Cultura e Deporte, 2006, 366 pp. (ISBN: 84-453-4279-7). ♦

Na “Presentación” salientase a achega intelectual de Plácido Castro á cultura galega, ofrécense datos biográficos relativos á súa formación, razóns polas que a consellaría de Cultura e Deportes, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión organizou as xornadas que tiveron lugar os días 16,17, 18 e 19 de novembro de 2005 en Corcubión e cuxas intervencións se recollen neste volume de actas. A seguir, preséntanse os relatorios debidos a:

-Ramón Villares, “A xeración de Plácido Castro”, pp. 9-22

En primeiro lugar ofrece datos biográficos de Plácido Castro e logo fai un percorrido minucioso pola xeración do Seminario de Estudos Galegos ao que pertence e o peso que as xeracións como a Xeración Nós e o Grupo das Irmandades da Coruña tiveron neles, grupos aos que se agregou Plácido Castro.

-Xulio Ríos, “Plácido Castro e a proxección exterior de Galicia”, pp. 23-32.

Centra a atención no nacionalismo de Plácido Castro que cualifica dun nacionalismo diferente, que unía, non separa, e é universal. Fala das ideas centrais do seu nacionalismo, como a identidade, o celtismo, a saudade, etc., ideas que xa están presentes nos seus primeiros anos, para logo contextualizar a súa visión do mundo e dunha Galicia integrada nel pero con identidade propia. Refírese ás ideas do autor en materia de política exterior que sintetizou en varios traballos ao longo da súa traxectoria profesional

-Emilio Xosé , “Antón Villar Ponte e Plácido R. Castro: unha sintonía ideolóxica”, pp. 33-75.

Comeza referíndose á diferenza xeracional entre ambos os dous escritores, pero con ámbitos comúns na súa traxectoria profesional, alicerzada por coincidencias ideolóxicas, para de seguido repasar de forma sucinta os ámbitos de coincidencia estética e maila traxectoria política: a lingua como bandeira, o papel da *saudade*, as ideas para a renovación estética do teatro galego, seguindo o denominado folk-drama, e as súas traxectorias políticas, que foron converxentes. Remata facendo unha sistematización das liñas de forza que vertebran as coincidencias na súa ideoloxía: “Humanismo polifacético, laicista e tolerante”, “Galeguismo liberal, autonomista, democrático e pacifista” e “Universalismo e celtismo”.

-Fernando Pérez-Barreiro Nolla, “Plácido Castro e a política británica e irlandesa do seu tempo”, pp. 77-87.

Realízase unha análise do entendemento de Plácido Castro sobre a política británica e irlandesa, e a comprensión da perspectiva imperial, así como a simpatía, compartida polos seus amigos galeguistas, por Irlanda. Comeza falando dos “protagonistas”, o lado inglés e o lado irlandés; segue centrándose no concepto “Imperio”, “dominios” e a situación de Irlanda en 1922, e as conferencias imperiais de 1923 e 1926.

-Alfonso Álvarez Gándara, “O perfil humano de Plácido”, pp. 89-94.

Presenta a figura de Plácido Castro que el coñeceu, antes da súa estadía en Richmond-Surrey, nos primeiros anos da posguerra, como un ser “esencialmente abatido”. Ofrece algúns apuntamentos sobre o tema do seu desterro, que merece ser matizado, xa que amosa discrepancias con algúns estudosos deste intelectual con respecto ao exilio en Portugal para pasar logo ao Reino Unido. Remata referíndose ao seu proxecto cultural, vivindo de cerca a influencia das Irmandades da Fala, a Real Academia Galega, a ORGA e de personalidades como Villar Ponte ou Santiago Casares Quiroga.

-Xosé María Dobarro Paz, “Plácido Castro e os nacionalistas coruñeses”, pp. 95-105.

Despois de falar da edición facsimilar *d’A Nosa Terra* e de artigos que Plácido R. Castro escribira alí, centra a atención, nun primeiro momento, nas actividades da Irmandade da Fala da Coruña e as colaboracións de Plácido Castro en *A Nosa Terra*, recollendo algúns fragmentos das mesmas e que a través das cales se vai apreciando a súa vinculación ao nacionalismo. Boa parte do estudo céntrase na relación entre Antón Villar Ponte e Plácido Castro e as colaboracións conxuntas na tradución de *O país da saudade* (*The Land of Heart’s Desire*) e *Catuxa ni Houlihan* (*Catheleen ni Houlihan*), folk-dramas do escritor irlandés W.B. Yeats. Remata o análise falando sobre a actividade do autor dentro do nacionalismo coruñés e recolle correspondencia entre Plácido Castro a policía e o Señor Gobernador Civil.

-X.L. Franco Grande, “Identidade e internacionalismo en Plácido Castro: unha tradición nosa e do nacionalismo”, pp. 107-115.

Comeza facendo unha referencia a cómo nos ve aos nacionalistas periféricos o nacionalismo español, para seguir centrándose na figura de Plácido Castro e o nacionalismo que el apoiou,

un nacionalismo “internacionalista” e “aberto á cultura europea”. Para situar mellor á figura de Plácido Castro e entender o seu significado dentro da intelectualidade galega, refírese á moderna cultura galega, que empeza no Rexurdimento e segue até os nosos días. Remata sintetizando a súa análise e situando claramente a Plácido Castro dentro da tradición do galeguismo, á súa maneira, con características de seu.

-Luís Álvarez Pousa, “A prensa galega non tempo de Plácido Castro”, pp. 117-129.

Realízase unha análise da prensa galega no tempo de Plácido Castro: nos anos 20, nun primeiro momento, baixo o epígrafe de “cara ao modelo de masas”; os primeiros anos 30, “No tempo da República”; despois do golpe militar, “Do franquismo e a prensa amordazada”. Finaliza o estudo referíndose ao uso que da prensa fixo Plácido Castro coma unha ferramenta esencial na “creación de conciencia cidadá”.

-José Villanueva Rey, “Linguaxe e estrutura interna nos artigos de Plácido R. Castro”, pp. 131-154.

Analiza o xornalismo de Plácido Castro con respecto a tres constantes básicas na súa obra: a creación dunha identidade, os alicerces dun xornalismo cívico e a exemplificación do mundo celta. Para o estudo da estrutura interna e externa dos artigos xornalísticos deste autor, divide o traballo nunha “Introdución”, na que fala da evolución do xornalismo e as diferentes tendencias na historia, así como dos distintos modelos de xornais; “Metodoloxía”, na que explica o obxecto da investigación e amosa unha xustificación da escolla dos artigos de El Pueblo Gallego, no que colaborou Plácido Castro até que comezou a Guerra Civil; “O xornalismo dos anos 20-30 en Plácido Castro”, no que analiza a estrutura interna e externa dos diferentes artigos, así como a linguaxe empregada. Remata cunha serie de “Conclusións” sobre a obra xornalística dun autor prolífico.

-Antonio Raúl de Toro Santos, “Un galego en Irlanda: a viaxe de Plácido Ramón Castro en 1928”, pp. 155-164.

Fai unha achega á relación de Plácido Castro con Irlanda a través da necesidade de coñecer e trasladar outras experiencias literarias estranxeiras á nosa cultura, tendo en conta que en Irlanda no século XIX, principios do XX, tiña lugar o “Irish Literary Revival” e a fundación da Gaelic League, que pode ter o seu paralelo nas Irmandades da Fala galegas. Sinala a figura de Plácido Castro como valedor extraordinario que funciona de ponte entre a cultura inglesa e a galega e ten en conta a súa profunda fe no seu cometido, o gran coñecemento da lingua inglesa e unha gran sensibilidade poética.

-Pilar Cagiao Vila, “Plácido Castro e o exilio galego”, pp. 165-174.

Achega ao exilio galego dende a figura de Plácido Castro, do que formou parte entre 1949 e 1956, pero dende unha perspectiva parcial xa que contén peculiaridades tipolóxicas do exilio nunha fase aberta a finais dos corenta na que se fala de “emigración legal con motivacións de índole política”. Fala, nun primeiro momento, do seu exilio en Portugal, para despois centrarse no exilio londinense, e das súas colaboracións radiofónicas. Segue analizando a relación de Plácido Castro con outros exiliados en Cuba, Arxentina, Uruguai, entre outros, aos que menciona no seu programa: Lois Tobío, Castelao ou Rafael Dieste González.

-Francisco Pablos, “Plácido Castro, el Humanista”, pp. 187-191.

Despois dunha detallada descrición física de Plácido Castro, recorda o momento cando foron presentados, na taberna viguesa de Elogio, polo pintor Urbano Lugrís, no momento no que Plácido Castro era un exiliado que retornaba para adaptarse “a un modo de vida rutinario que sin duda constreñía sus excepcionales contenidos de cultura cosmopolita”. Recorda tamén como comezou a ser habitual nas tertulias do lugar e o respecto que dende Cunqueiro aos Álvarez Blázquez lle gardaban. Fainos, en definitiva, un retrato do Plácido Castro humanista, orador e escritor.

-Darío Álvarez Gándara, “Plácido Castro a través dos ollos dun neno”, pp. 193-198.

Narra cando e como coñeceu a Plácido Castro a modo de historia retornando a 1942, cando a familia Álvarez Blázquez busca acomodo en Vigo e o doutor Darío Álvarez Blázquez, médico, alugou unha casa en Coruxo para tentar devolver a súa saúde ao seu primoxénito, quen está a contar a historia. É alí donde tamén se atopaba Plácido Castro, cumprindo desterro. Deste xeito, segue a describir o momento e ao personaxe principal, o propio Plácido Castro.

-Valentín Arias, “Plácido Castro e a tradución ao galego”, pp. 199-216.

Despois de verter as súa visión sobre o fenómeno da tradución, fai unha achega ao labor de Plácido Castro como tradutor lembrando as diferentes traducións que realizou ao longo da súa traxectoria profesional. Salienta as traducións que fai de obras escritas en inglés debido ao seu coñecemento deste idioma, entre elas dous folk-dramas do escritor irlandés W.B. Yeats: *Catuxa ni Houlihan* e *O país da saudade*, coa colaboración dos irmáns Villar Ponte. Do mesmo xeito, se fai eco da tradución de poemas de escritores ingleses e franceses ao galego como Christina Rosseti, Ernest Dowson, Thomas Hardy, AE (George Russell), Alfred Edward Housman, W.B. Yeats, William Henry Davies, Walter de la Mare, John Masefield e Padraic Colum.

-Alberto Álvarez Lugrís, “Nación e tradución en Plácido Castro”, pp. 217-235.

Estudo da obra traductolóxica de Plácido Castro a través da cal tratou de reflectir “a reivindicación da personalidade diferenciada da nación galega”. Comeza examinando brevemente a función da tradución literaria como instrumento de recuperación da identidade e do sentimento de nación en “Literatura, tradución e identidade nacional”; Segue analizando dous conceptos claves do pensamento de Plácido Castro: o celtismo e a saudade, en “Celtismo, saudade e tradución”. No apartado “Consideracións de Plácido Castro sobre a tradución” analiza a súa particular visión da teoría da tradución literaria para, finalmente, en “As traducións de Plácido Castro”, recolle algunhas das máis coñecidas traducións deste autor, citando algúns fragmentos destas e salienta como o cumio da súa obra tradutora a tradución das *Rubáiyát* de Omar Khayyám.

-Camiño Noia, “De Christina Rossetti a Rosalía de Castro”, pp. 237-254.

Análise comparativo de temas e motivos na poesía de Christina Rossetti e Rosalía de Castro, partindo da tradución de Plácido Castro dalgúns dos poemas da primeira delas. Despois de

explicar quen é Christina Rossetti, que segue a ser unha escritora practicamente descoñecida, explora as semellanzas e diferenzas entre esta e Rosalía. Céntrase en catro aspectos xa analizados por Plácido Castro na posía de ambas escritoras: a saudade, a relixiosidade, o amor e a musicalidade das súas composicións. Para o análise sérvese de fragmentos de diferentes poemas.

-María Xesús Lorenzo Modia, “Significado e valor da tradución de *As Rubáiyát* de Omar Khayyám”, pp. 255-271.

Comeza aclarando que Plácido Castro traduciu esta obra ao galego dende a versión inglesa, publicada en Londres no 1859. Despois de facer unha breve análise da figura do poeta persa, dos seus escritos e do tradutor inglés, avalía o significado e valor da tradución desta obra ao galego, tendo sempre en conta a tradución de Fitzgerald ao inglés. Considera que a versión de Plácido Castro é “notabilísima” e remata referíndose aos problemas de publicación da obra en formato libro polo que Plácido Castro optou por publicalo na revista *Grial*.

-Daniel Landesa Porras, “A voz poética de Plácido Castro”, pp. 273-294.

Centra primeiro a atención no ámbito xornalístico, para despois analizar a tradución literaria de poesía de Plácido Castro, dende a poesía máis intimista de Christina Rossetti, até o misticismo de Omar Khayyám. Comenta as ideas do celtismo e a saudade na poesía, así como a súa voz poética, tendo en conta que é máis un teórico, e só temos uns poucos exemplos da súa expresión poética propia, dos cales ofrece algunha mosta. No “Anexo” aparecen poemas inéditos achegados por Daniel Landesa.

-José Miguel Alonso Giráldez, “Unha aventura marabillosa: os programas de Plácido Castro na BBC de Londres”, pp. 295-305.

Recorda a “aventura” da BBC de Londres donde Plácido Castro participou na transmisión en lingua galega, dentro do que se chamaba *Spanish Programme*. Menciona os guións do programa, nos cales amosaba o seu interese por Portugal e Irlanda, e salienta o carácter mediático da súa figura, o seu pragmatismo e o seu espírito inquebrantable.

-Manuel F. Vieites, “Plácido Castro no teatro galego hoxe: algunhas consideracións arredor do concepto de teatro nacional”, pp. 307-328.

Retoma a figura de Plácido Castro atendendo á súa vinculación coas propostas de desenvolvemento do teatro galego de expresión galega cara finais dos anos vinte e principios dos trinta. A argumentación xira arredor dalgunhas consideracións con respecto ao teatro nacional galego e o papel de Plácido Castro. Desenvolve a idea dun “Teatro nacional” dende tres perspectivas diferenciadas. Logo, refírese ao concepto de “Nacionalismo literario ou literatura nacional?” dende o punto de partida de qué entendemos por nacional. Finalmente, ofrece algunha “Claves para un teatro nacional: un teatro para a nación”.

-Vicente Araguas, “Un tradutor pioneiro”, pp. 329-334.

Comeza cualificando a Plácido Castro como un pioneiro na práctica da tradución en Galicia, posuíndo ao seu favor a facultade de manexar de primeira man o idioma inglés, dende o que

traduciú bastantes textos. Recolle as súas estancias en Inglaterra dende ben pequeno ou as colaboracións cos irmáns Villar Ponte, xa en Galicia. Fala tamén do seu interese pola “celticidade” e os escritores irlandeses como W. B. Yeats ou George Russell. A mosa exemplos da mestría deste autor no arte da tradución, como a tradución do poema de Yeats, “Meditaciones de un Viejo Pescador”, con título en español pero versión galega.

-Olga Castro Vázquez, “Seguindo a pegada de Plácido Castro: o labor universalizador da literatura galega na actualidade. A súa tradución ao inglés”, pp. 335-363.

Analiza cal é a pegada que hoxe pervive deste autor no que atinxe á proxección exterior de Galicia a través da súa literatura, sobre todo mediante a tradución da nosa propia literatura. Propón nesta intervención seguir a pegada de Plácido Castro e reflexionar encol do labor universalizador da literatura galega na actualidade e da súa tradución ao inglés. Para iso, estrutura o seu discurso en cinco partes: “Situación actual da literatura galega no exterior”, “Descripción e reflexión encol das obras obxecto de análise”, tendo en conta a poesía galega, narrativa “española”, revistas, libros publicados pola editorial periférica galesa Planet Books e libros publicados pola editorial londinense Harvill Press; “O papel subversivo da tradución: as relacións asimétricas entre o Reino Unido e Galiza”, e, finalmente, as “Conclusións”, nas que fala do futuro e dos retos. Remata o artigo coas referencias bibliográficas e un “Anexo”, donde aparece un compendio das obras literarias galegas traducidas ao inglés por orde cronolóxica e lugar de publicación.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso Montero, Xesús, *Ánxel Fole, García Lorca e Os seis poemas galegos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2006, 113 pp. (ISBN: 84-934842-1-0).

Edición corrixida e aumentada do estudo publicado en 1997 por Xesús Alonso Montero no volume *Ánxel Fole. Día das Letras Galegas 1997*, dado á luz no seu mometo pola Universidade de Santiago de Compostela co gallo do Día das Letras Galegas dese ano dedicado ao autor lucense. Comeza cun prólogo institucional e cun “Prólogo e esta edición (corrixida e aumentada)”, datado en setembro de 2006, e no que o seu autor contrasta a edición de 1997 e a de 2006. Asemade subliña que este volume é un dos libros propostos polo Foro da Memoria Republicana de Galicia para homenaxear a Federico García Lorca o 28 de outubro de 2006 en Lugo, ao se cumpriren os noventa anos da primeira visita de Lorca a Lugo. A seguir, inclúese o texto inédito “A modo de introdución e invitación”, no que se reproducen nove textos referidos á presenza de Lorca en Lugo nos anos 1916 e 1932. Despois examínase a actitude persoal e intelectual de Fole perante Lorca, os seus contactos e a repercusión dos *Seis poemas galegos* e péchase cunha bibliografía. Ademais, incorpora dous capítulos de apéndices. No primeiro reproducécese o romance foleano “Responso a Pepe Benito”, as sete primeiras recensións dos *Seis poemas galegos*, un texto de Alonso Montero sobre o encontro en Madrid de Lorca e Francisco Lamas, unha carta de José López Cabanillas a Alonso Montero, datada en 1987, e mais un texto, de Antonio Palacios Sánchez, sobre o Fole tradutor. O segundo apéndice está composto por reproducións facsimilares de diversos

textos, algúns inéditos, e fotografías sobre manuscritos de Lorca e Fole, cubertas de diferentes obras ou cartas.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Poeta en Lugo”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 14 setembro 2006, p. 71.

Faise eco da publicación do volume *Ánxel Fole, García Lorca e os seis poemas galegos*, que recolle a labor de investigación de Xesús Alonso Montero sobre a posibilidade de que García Lorca redactara o primeiro dos poemas en galego na cidade de Lugo. Saliéntanse as teses diverxentes sostidas por algunhas figuras de prestixio e faise unha relación dos actos próximos a celebrar na cidade de Lugo co gallo do cumprimento dos noventa anos da primeira visita do poeta andaluz. Remátase subliñando o vital da pegada do poeta en Lugo e os intelectuais da provincia e na súa propia produción literaria.

- S.J., “Alonso Montero refire nun libro a ‘lorcofilia’ que tiña Ánxel Fole”, *El Progreso*, “Cultura”, 27 outubro 2006, p. 104.

Dáse conta do acto celebrado na casa consistorial da cidade de Lugo co gallo da publicación do volume *Ánxel Fole, García Lorca e os seis poemas galegos*, de Xesús Alonso Montero. Recóllense as palabras dos asistentes subliñando o labor encomiábel e infatigábel do autor .

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Laio polo irmán ausente. Castelao no epistolario de Otero Pedrayo e outras voces*, prólogo e notas de Xesús Alonso Montero, Vigo: Galaxia, col. Memoria, n.º 12, xuño 2006, 166 pp. (ISBN: 978-84-8288-929-0).

Epistolario no que se recollen os documentos de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) e, en menor medida, outros intelectuais galegos como Vicente Risco, Ben-Cho-Shey, Florentino López Cuevillas ou Xosé Núñez Búa, nos que reflexionan perante a enfermidade e posterior morte de Daniel Castelao. En conxunto trátase de noventa e nove textos distribuídos en noventa e sete cartas e dous telegramas. Comeza o volume cun “Estudo introdutorio”, no que Xesús Alonso Montero analiza as reaccións de Otero Pedrayo ante o óbito de Castelao e, a seguir, aparecen os “Criterios de edición, fontes e bibliografía”. A cerna do epistolario está composta pola reprodución das cartas e telegramas, que aparecen xebrados en cinco bloques: “Capítulo preliminar. Algunhas noticias sobre Castelao anteriores á enfermidade. 1942-inicios de 1948” (con vinte e cinco cartas alleas á enfermidade de Castelao); “A enfermidade. Inicios de 1948 ó 7 de xaneiro de 1950” (con vinte e cinco cartas e dous telegramas); “Unha carta especial de Rodolfo Prada a Otero Pedrayo sobre os últimos días, morte, loito e primeiras homenaxes. Bos Aires, 20-II-1950”; “Despois da morte: loito, honras fúnebres, lembranzas... xaneiro de 1950 a abril de 1952” (con corenta e tres cartas) e mais “Varia. De 1964 a 1975” con tres cartas. Finalmente, despois do corpus epistolar aparecen tres apéndices: “Terra galega no féretro de Castelao: ¿De Trasalba?, ¿de Rianxo?, ¿de Coruxo?...”; “Sánchez Cantón e Castelao: unha amizade rota e unha controversia” e mais unha listaxe alfabética dos “Autores e destinatarios das cartas”. Péchase a obra cun “Índice onomástico” para facilitarlle ao lector a busca dos nomes que aparecen ao longo dos textos.

Recensións:

- Marcos Valcárcel, “Don Ramón, queridísima mamáña”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 20 maio 2006, p. 47.

O artigo transmite a noticia da publicación próxima de dous libros que recollen as cartas escritas por Otero Pedrayo. O primeiro libro é o que prepara Alonso Montero e agrupa as cartas que Otero enviou a Castelao; o segundo libro, é unha recolección das máis de mil cartas que Otero enviaba a súa nai, libro organizado por Patrias Arias Chachero e Mónica Pazos Martínez.

- Armando Requeixo, “Irmán Daniel”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Libros”, 26 outubro 2006, p. V.

Subliña que a literatura galega ten afondado nos últimos anos nos estudos da “literatura do eu” onde destacan os epistolarios. Afirmar que nesta liña de exhumacións epistolares sobrancea este volume que recolle varias misivas cruzadas entre Ramón Otero Pedrayo e os seus familiares e mais os de Daniel Castelao e que en conxunto nos axudan a “perfilar con mellor precisión” a última etapa da vida de Castelao.

- Marcos Valcárcel, “Documentos ben valiosos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 98-99.

Coméntase a importancia da obra *Laio polo irmán ausente. Castelao no epistolario de Otero Pedrayo e outras voces*, preparada por Xesús Alonso Montero para o coñecemento dun período histórico pouco estudado, aquel que vai de 1942 a 1953. Sinálase a escaseza de textos autobiográficos e memorialísticos na literatura galega e cítanse algúns. Logo analízase esta obra e os fitos que se encadran nela: a publicación do *Sempre en Galiza*, a fundación do Consello de Galiza, o pacto Galeuzca, a presenza de Castelao en París no goberno de Giral e outros. Fálase, finalmente, dos valores non documentais destas cartas, o sentimental e o literario.

- C. Rodríguez, “Corpus epistolar de emoción galeguista”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 26 novembro 2006, p. 9.

Comeza loando o traballo da editorial Galaxia na recuperación dos textos dos principais intelectuais galegos dentro da súa colección “Memoria” para despois se centrar en comentar algúns aspectos deste volume. Sinala que se trata dun amplo corpus epistolar que ten como eixe fundamental a Ramón Otero Pedrayo e no que se pode ver a dor, a tenrura e a emoción de Otero durante a enfermidade de Castelao. Ademais, indica que tamén teñen cabida as reflexións dunha “pléiade de personalidades, amigos e familiares” como Rodolfo Prada, Ben-Cho-Shey, Florentino L. Cuevillas, Virxinia Pereira ou Núñez Búa.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “Outono adentro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 177, “Letras en Galego”, 9 setembro 2006, p. 10.

Co gallo da entrada dunha nova tempada, fálanse das novidades editoriais no estado e da literatura galega, da que toma como paradigma a Literatura Infantil e Xuvenil. A continuación, faise referencia aos novos libros galegos e alúdese a López Barxas e á creación dunha sección de literatura no *Telexornal*. Tamén se subliñan as novas apostas literarias da TVG, con Yolanda Castaño ou *Libro Aberto*. Como estrea nas librarías alúdese a *Laio polo irmán ausente*, de Alonso Montero. Finaliza tratando o tema da memoria e da novela no período outonal.

Arias-Andreu Rodríguez, Xan (ed.), *Cartas a Emilio González López*, Oleiros: Trifolium, 2006, 224 pp. (ISBN: 978-84-935325-0-5).

O libro ábrese cunha introdución na que se fai, por un lado, unha breve semblanza de Emilio González López (A Coruña, 1903-1991), e polo outro, se fala das cartas recollidas no volume, das que se aclara que non se inclúe a correspondencia anterior á Guerra Civil, xa que foi destruída. Trátase de noventa e dúas cartas que aparecen organizadas por orde alfabética do remitente. De entre estes, o editor salienta a figuras como Carlos Casares, Camilo José Cela ou Claudio Sánchez Albornoz e Rodolfo Prada. Explica que un dos obxectivos da obra é a recuperación da nosa memoria histórica e agradece á familia a súa estimábel axuda. Despois da introdución aparecen reproducidas as cartas, todas elas acompañadas de notas bio-bibliográficas a cerca do remitente, así como fotografías de Emilio González López con algúns destes. De entre os asinantes destas misivas aparecen nomes como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Alfonso Quintana y Pena, Álvaro Gil Varela, Ángel del Castillo, Antón Patiño Regueira, Antonio Mejjide Pardo, Camilo José Cela, Carlos Casares, Carlos Martínez-Barreiro, Claudio Sánchez Albornoz, Domingo García Sabell, Fernando Valera, Jesús M. de Leizaola, Julián Gorkin, Luís Jiménez de Asúa, Manuel Iglesias Corral, Ramón Esturau, Ramón Otero Pedrayo, Rodolfo Prada, Sebastián Martínez-Risco, Teodomiro Menéndez, Valentín Paz-Andrade, Victoria Armesto, Xerardo Álvarez Gallego, Xesús Caníbal e Xosé Filgueira Valverde, entre outros. A través destes textos o lector poderá facer unha imaxe máis rica do personaxe, pero tamén da sociedade do momento e das circunstancias que lle tocou vivir. Aparecen tamén algunhas cartas que proceden da Asociación pro Democracia Española, da Delegación Permanente de Colombia, de España Libre, de El Sol de la Fraternidad ou do Museu de Zoología.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha vida ‘encartada’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 novembro 2006, p. 40.

Informa da publicación, dentro do Ano da Memoria en Galicia, do volume *Cartas a Emilio González López*, no que o xornalista e editor Xan Arias-Andreu Rodríguez recolleu noventa e dúas cartas remitidas por diversos persoeiros da cultura e a política galega a Emilio González López. Sinala que as cartas entre os expatriados logo da Guerra Civil son unha gran fonte para recuperar a memoria histórica daquela etapa. A continuación sinala que o único esquema organizativo para presentar as misivas é que aparecen os seus remitentes por orde alfabética,

para presentalas como un todo. En canto ao contido, sinala que, no eido cultural, achegan información sobre o labor desenvolvido por González López como escritor, investigador e profesor.

- I. Bugallal, “Letras a un republicano coruñés”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 decembro 2006, p. 69.

Fai unha análise da obra que permite ao lector coñecer os avatares da política dende a Guerra Civil ao exilio e a transición. Céntrase nalgúns misivas como a de Alfonso Castelao, que abre o volume, e unha carta de Camilo José Cela, aínda que salienta que a correspondencia máis ampla é a de Manuel Iglesias Corral. Recolle ademais fragmentos das mesmas a modo de exemplificación da complexa situación política e cultural.

- Albino Mallo, “Cartas a Emilio González López”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 13 decembro 2006, p. 4.

Dá conta da obra de Xan Arias-Andreu Rodríguez, *Cartas a Emilio González López*, na que se recollen noventa e dúas cartas remitidas a Emilio González por diversos e destacados persoeiros da época, como, por exemplo, Daniel Castelao, Carlos Casares ou Ramón Otero Pedrayo. Chámase a atención sobre a importancia desta obra para a recuperación da memoria histórica.

Blanco Echaury, Xesús, **Silvana Castro García**, M^a Pilar **García Negro**, **Amelia Sánchez Pérez** e **Goretti Sanmartín Rei** (eds.), *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar (De Ramón Vilar Ponte)*, XIX Premio Literario Ánxel Fole, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 2006, 285 pp. (ISBN: 84-9649-454-3). ♦

Estudo gañador do decimonoveno premio “Ánxel Fole”, convocado por *El Progreso* e mais a Fundación Caixa Galicia. Consiste nunha análise completa (bio-bibliográfica) do autor do século XIX, Nicomedes Pastor Díaz. Para isto, preséntase o traballo realizado por un dos artífices das Irmandades a inicios do século XX, Ramón Vilar Ponte, que consiste nun artigo biográfico sobre Pastor Díaz. Así, a partir deste, articúlase a análise do autor da *Alborada*, a partir do estudo de trazos lingüísticos, literarios e sociolingüísticos da súa obra. Ademais, este traballo vén acompañado dun conxunto de índices onomásticos, de obras e de institucións, e presenta unha serie de apéndices e ilustracións que recollen diferentes reproducións de escritos publicados polos dous autores estudados.

Recensións:

- Carme Fernández Pérez-Sanjulián, “Memoria dos devanceiros”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 99-100.

Coméntase a obra *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar*, de Ramón Villar Ponte, e comézase por anotar a duplicidade que permite que baixo ese título se reúnan a redescuberta biografía do autor vivariense feita por Ramón Villar e un estudo dos dous autores. Dise que esta publicación forma parte do proxecto de investigación “A filosofía política de R. Villar

Ponte” e que foi galardoado co XIX Premio Ánxel Fole. Tamén se apunta que na obra se inclúe unha investigación sobre a elaboración da biografía e sobre o poeta, e que o espírito que animaba a Villar Ponte é o mesmo que anima actualmente a este grupo de investigación.

Caamaño Suárez, Manuel, *Dun tempo e dun país*, Santiago de Compostela: Laiovento Edicións, col. Ensaio, nº 214, 2006, 232 pp. (ISBN: 978-84-8487-102-9).

Escolma de discursos, artigos e distinto material gráfico (fotografías, caricaturas, epístolas ou debuxos) de Manuel Caamaño Suárez (Noia, 1936). Iníciase o volume cun limiar, de Xosé Manuel Beiras Torrado, e unha presentación, escrita polo mesmo Manuel Caamaño. No limiar, Beiras Torrado contextualiza ao autor escolmado dentro dunha época de conformación do asociacionismo cultural galeguista e da loita política nacionalista, da que formou parte. Na presentación, Caamaño Suárez traça as liñas básicas que lle serviron para seleccionar os distintos textos, que se estruturan en dúas partes: “Escritos e intervencións orais” e “Das construcións populares de Galiza”. No tocante ao contido literario presente en “Escritos e intervencións orais” explórase un conxunto de temas heteroxéneos: debuxa o contexto cultural e político das décadas de 1960 e 1970 e, en concreto, o nacemento de iniciativas como as asociacións o Facho (que presidiu) e o Galo, ou o Partido Socialista Galego (PSG), no que militou; explica as vicisitudes nas que se viron inmersos movementos culturais como a “Mocidade Galega de Barcelona”, e retrata a personaxes senlleiros destes períodos, como por exemplo Ramón Piñeiro. Por outra banda, os discursos recollidos son, na súa meirande parte, participacións realizadas en actos de entregas de premios como o Pedrón de Ouro e o Pedrón de Honra, o Premio Antón Losada Diéguez, o Premio Trasalba ou o Premio Galego Egrexio – na súa meirande parte recollidos neste *Informe*. Tamén se ofrece un retrato da escritora Xela Arias, a quen recorda como “unha rapaza observadora, calada, tímida, de sorriso doce, que se sentía moi leda por ter logrado un galardón de prestixio”, que conseguira no Concurso de Contos Infantís, organizado pola Asociación Cultural ‘O Facho’. Trátase, en definitiva, dun volume de recordos que, aínda que observa a literatura de forma oblicua, fai referencia a un contexto sociocultural que marcou definitivamente un tempo e a toda unha xeración de autores.

Cuquejo Enríquez, María (ed.), *Xosé Otero Espasandín. Obra galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Láncara de poesía, 2006, 204 pp. (ISBN: 84-453-4254-1). ♦

Edición da obra galega de Xosé Otero Espasandín que vai precedida dun “Perfil biográfico”, dunha explicación xeral sobre a mesma (“Alfabeto, o libro que nunca foi”), dunha narración dos seus anos de exiliado, dos criterios de edición e dunha bibliografía. O “Perfil biográfico” descúbrenos que estivo na guerra de África, que traballou como mestre e que publicou en varios xornais e revistas galegas. Destácanse tamén a súa participación nas Misiões Pedagóxicas, a súa dirección da revista *P.A.N.* e a súa loita no bando republicano durante a Guerra Civil, ao final da cal fuxiría a Francia xunto con Rafael Dieste, Sánchez Barbudo e Ramón Gaya. Canto á súa obra salientase o feito de que está dispersa en xornais, revistas e cartas, sen ningunha publicación unitaria, o que explica que non apareza nas historiografías da literatura galega excepto en *De Pondal a Novoneyra*, e isto a pesar de que na súa correspondencia e na prensa anunciou en varias ocasións a súa intención de facer un

poemario. Coméntanse os seus trazos vangardistas: a aproximación a Manuel Antonio, o humorismo, as imaxes visionarias e algún léxico novidoso. O apartado sobre o exilio é da autoría de Xosé Gregorio Ferreiro Fente, nel procúrase recrear a súa peripecia vital e creadora no exilio, que o levou de Francia a Inglaterra, de aí á Arxentina e, finalmente, aos EEUU, sen que nunca regresara a Galicia. Destácase como de grande interese bibliográfico o seu traballo en editoras arxentinas, para as que publicou libros de divulgación e traducións, alén das súas colaboracións en xornais e revistas. Os criterios de edición aclaran que non ten por qué ser a obra completa, dado que poden aparecer máis textos, e que os textos se reproducen tal cal foron publicados. Seguen a bibliografía, activa e pasiva, e logo os poemas, a prosa (que toca temas coma Galiza, a literatura, a política, o que debe facer a mocidade ou a lingua) e uns apéndices de correspondencia, entre a que destaca a dirixida a Francisco Fernández del Riego e a Rafael Dieste.

Recensións:

- Xosé Manuel Dasilva, “Evocación de Otero Espasandín”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 93-95.

Fálase da publicación da *Obra galega*, de Xosé Otero Espasandín, que se di que nos permite achegarnos a unha figura que só desde hai pouco se vén vendo o importante que foi para a cultura galega. Anótase que este volume nos achega datos biográficos, así como un estudo sobre os trazos da súa obra en verso e os textos que se conseguiron reunir del. Faise a seguir unha explicación sobre o contexto, os autores relacionados con el, como Manuel Antonio e Amado Carballo, e as etiquetas designativas do movemento ou xeración dos que foi partícipe. Por último, elóxiase a pulcra edición.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Otero Espasandín sen Rosa Luxemburgo”, *La Voz de Galicia, “Culturas”*, nº 171, “Letras en Galego”, 29 xullo 2006, p. 12.

Faise eco da recuperación e publicación dentro da colección “Láncara de Poesía” do Centro Ramón Piñeiro da obra inédita do finado Xosé Otero Espasandín. Lémbrese a traxectoria da súa vida persoal, profesional e de produción literaria e salientase que, malia a extensión da obra, só se reflicte unha visión parcial deste intelectual, á vez que se subliña a influencia que nel tivo Rosa Luxemburgo.

- Armando Requeixo, “Literatura galega recuperada. Galería de esquecidos”, *El Correo Gallego, “El Correo 2”*, “Letras de noso”, 27 agosto 2006, p. 14.

Faise eco da publicación do libro *Obra galega*, de Xosé Otero Espasandín, nunha documentada edición de María Cuquejo. Lémbrese a crenza errónea e estendida de que resta pouco por coñecer dos autores clásicos e cítanse, a modo de exemplo, algunhas curiosidades descoñecidas pola meirande parte do público en xeral. Reivindícase a importancia do gran labor levado a cabo por diversos autores e investigadores ao longo do tempo, xunto con centros como o Ramón Piñeiro e tamén as editoriais. De entre estas salientanse o papel de

Galaxia, Xerais e Follas Novas. Remátase dando conta da derradeira contribución coa recuperación e publicación dentro da colección “Láncara de Poesía” do Centro Ramón Piñeiro da produción literaria novel e inédita de Xosé Otero Espasandín, de quen se reivindica a súa figura.

Granell, Eugenio, *Memorias de Compostela*. “Visión orlada por estrelas, islas, árboles y antorchas”, Santiago de Compostela: Fundación Eugenio Granell, 2006, 195 pp. (ISBN: 84-89440-41-7). ♦

Conxunto de artigos a xeito de memorias ou lembranzas de Eugenio Granell (Coruña, 1912-Madrid, 2001), todos eles textos que xiran arredor das imaxes que de Santiago de Compostela asocia o autor coa súa xuventude. Ofrécese así unha imaxe da cidade, na que o autor se vai detendo en distintos momentos da súa biografía e rememorando algunhas das actividades culturais que se vivían en Santiago na altura en que el estaba na cidade. Complementéntase a obra coa narración de distintas anécdotas e curiosidades sobre personaxes e feitos ocorridos en Compostela, pero tamén en Madrid e mesmo nalgunhas cidades máis, unhas reais outras ficticias.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Estrelas, illas, fachos...”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 15 xuño 2006, p. IV.

Dá conta da publicación de *Memoria de Compostela*, onde Eugenio Granell recolle as súas lembranzas e vivencias de mocidade. Logo de sinalar que os relatos que compoñen a obra se elaboraron nos anos noventa, eloxia as capacidades literarias do autor e menciona diversas anécdotas das que fala Granell na súa obra. A seguir sinala que os libros de memorias como este son unha importante fonte de información sobre anécdotas tanto do autor como do mundo que rodea. Segundo Román Padín, nesta obra pódese profundar en novos aspectos da actividade creadora do artista.

- Vicente Araguas, “Granell”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 3 setembro 2006, p. 22.

Lémbrese a situación en que Eugenio Granell escapou da morte grazas a Ruiz Gallardón e da súa participación nunha mesa redonda centrada no estudo do pintor. Fai referencia á obra *Memorias de Compostela*, na que se reflicte a escrita de Granell e a visión dunha reconstruída Compostela.

Fernández Abella, Xoán Xosé (ed.), José Juan Pérez Gómez “Caramiñas”. *Sonatas (versos), Poesías recuperadas, artigos*, pórtico e limiar de Xoán Xosé Fernández Abella, [Santiago de Compostela]: Edición de Xosé Fernández Abella, 2006, 223 pp. ■

A obra ábrese cun poema “A José Juan Pérez Gómez, ‘Caramiñas’”, que aparece no apartado “Pórtico”, no que se loa a figura do escritor e xornalista coñecido co pseudónimo de “Caramiñas” e se afirma que a súa obra *Sonatas* nunca caerá no esquecemento. A seguir, no

“Limiar” analiza os diferentes pseudónimos que empregaba José Juan Pérez Gómez (A Pobra do Caramiñal, 1881–Bos Aires 1947?), que dá lugar a un repaso pola súa vida baseándose nos “Datos biográficos que nos aporta *Sonatas (Versos)*”. Afirmar que na actualidade Pérez Gómez é un escritor case descoñecido e sinala diversos estudos sobre literatura galega nos que non se fai mención da súa figura, ademais de repasar diversos xornais, como *La Gaceta* de Nova York ou *Diario de Vigo* dos que foi colaborador. Logo de analizar as causas que o levaron ao exilio arxentino, onde finou, informa dos autores que se teñen ocupado del. A continuación repasa os xornais e revistas nos que Caramiñas publicou as súas composicións como a revista *Vida Gallega* e os xornais *Diario de Vigo* e *Galicia*. Tamén analiza os poemas de *Sonatas (Versos)*, deténdose na relación que tivo o poeta con Ramón del Valle-Inclán, a quen lle dedica unha composición. Define *Sonatas* como unha obra modernista plena, na que os poemas teñen versos alexandrinos, existe un refinamento das sensacións, un uso de conceptos simbolistas, as paisaxes son decadentes, etc. A seguir inclúese o poemario *Sonatas (Versos)*, seguido dos apartados “Poesías recuperadas” e “Versión ao galego de tres poemas seus”. As traducións son de Xoán Xosé Fernández Abella, que inclúe xunto ao poema traducido o texto orixinal. A obra remata cos apartados “Crónicas” e “Apéndice documental”, onde, entre outros documentos, se inclúen as cubertas orixinais de diversas publicacións de Caramiñas.

Recensións:

- R.M.C., “A Pobra recupera nun libro a traxectoria vital e profesional do poeta e xornalista ‘Caramiñas’, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Literatura”, 29 outubro 2006, p. 25.

Tras un repaso pola traxectoria, descoñecida para o gran público, de José Juan Pérez Gómez, “Caramiñas”, dáse conta da publicación, impulsada polo Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, o Concello e a Fundación Caixa Galicia, de *Sonatas (Versos). Poesías recuperadas. Artigos*, un traballo promovido polo poeta Xoán Xosé Fernández Abella. Sinálase que o prólogo da obra inclúe datos referidos á biografía de “Caramiñas”, así coma unha valoración da súa obra dende o punto de vista literario e xornalístico. Indícase que o volume reúne o libro *Sonatas (Versos)*, no que en 1919 se recolleu parte da faceta poética do autor, así coma unha vintena de poemas “perdidos” e artigos de prensa publicados en toda unha serie de diarios. Fronte ao seu esquecemento por motivos políticos e historiográficos, destácase que “Caramiñas” gozou na súa época de amplo recoñecemento, chegando a ser comparado con Julio Camba. Tamén se indica que participou en distintas publicacións galegas e da emigración. Considérase que o maior acerto do volume é que se logrou dar co exemplar de *Sonatas (Versos)*, un achado que permitiu descubrir os aires modernistas do seu autor. O libro que se edita con esas composicións e as “perdidas” conta ademais con tres poemas traducidos ao galego. O director do Museo Valle-Inclán apunta que con esta publicación se pretende facer un “guiño de cara a futuras investigacións que amplíen os datos concretos sobre esta figura da Ría de Arousa”.

López Viñas, Xoán (ed.), *Uxío Carré Aldao. Memoria crítico-bibliográfica sobre el teatro regional gallego*, A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, col.

Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, serie Ouro-Documenta, 2006, 109 pp. (ISBN: 84-9749-210-2).♦

Traballo elaborado por Xoán López Viñas ao abeiro do programa de bolsas de FPU (Formación do Profesorado Universitario) do Ministerio de Educación e Ciencia. Na primeira das partes nas que se estrutura o volume presenta unha introdución do editor na que se comenta a importancia do documento manuscrito que nesta ocasión se edita, así como a importancia do labor de Uxío Carré Aldao (A Coruña, 1859-1932) en terreos, entre outros, como o da investigación da historia, a prensa e a literatura de Galicia. Nesta introdución Xoán López Viñas, ademais de facer un repaso por toda a produción de Carré Aldao, explica polo miúdo a orixe do título *Memoria crítico-bibliográfica sobre el Teatro Regional Gallego*, dá conta das características do manuscrito (como as dimensións, a numeración e o lugar no que se conserva), comenta a datación, estrutura, etc., e pón este texto teórico en comparación coa obra do mesmo autor *Literatura Gallega* (1911), título que considera o seu “precedente textual”. A seguir, expóñense os criterios ecdótico-textuais que se seguiron para fixar o texto crítico final, así como as referencias bibliográficas empregadas. Nunha segunda parte reproducéase a obra, en castelán, de Uxío Carré Aldao, un texto que en palabras do editor “constitúe un dos primeiros textos teóricos conservados sobre os inicios do teatro galego contemporáneo”. Este documento presenta dúas partes claramente diferenciadas: unha primeira, na que Carré Aldao mostra unha visión xeral do teatro como espectáculo e analiza as razóns do escaso desenvolvemento da dramaturxia galega; e unha segunda parte, na que, baixo o título “Bibliografía. Las obras dramáticas gallegas”, se acolle o estudo literario das obras das que Carré Aldao tivo coñecemento e entre as que se inclúen títulos como *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia González; *Men Rodríguez Tenorio*, de Manuel Amor Meilán; *Filla...!*, de Galo Salinas; e *Pedro Madruga*, de Juan Cuveiro Piñol.

Recensións:

-X.G.G., “Revisión do teatro galego de hai un século”, *A Nosa Terra*, nº 1.245, “Cultura”, 23-29 novembro 2006, p. 27.

Faise eco da publicación da segunda entrega da serie Ouro-Documenta da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, que consiste na edición crítica dun texto inédito de Uxío Carré Aldao, *Memoria crítico-bibliográfica sobre el Teatro Regional Gallego* de 1913 e que obtivera un accésit nos Xogos Florais. Sinálase que a edición correu a cargo de Xoán López Viñas, que tamén realizou o prólogo. Explícase que se analiza o texto, dividido en dúas partes: “Memoria...” e “Bibliografía. Las obras dramáticas gallegas”, apartado este último no que se indica que se realiza un estudo crítico literario sobre as obras dramáticas das que ten coñecemento. Por outra parte, explícase que no inicio se leva a cabo un pequeno estudo da historia do teatro até aquela época. Segundo o xornalista, unha das características que destaca na obra son os xuízos (por veces peregrinos), que realiza o autor e achega diversos exemplos. Remata sinalando que a obra serve para observar cales eran os gustos teatrais e literarios a comezos do século XX.

Pena Presas, Montse (comp.), *Carlos Casares. Á marxe, 1994. Obra xornalística III*, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Carlos Casares, nº 15, decembro 2006, 374 pp. (ISBN: 978-84-8288-973-3). ■

Volume no que se recollen os artigos publicados por Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) durante o ano 1994 na columna titulada “Á marxe”, que se publicaba diariamente no xornal *La Voz de Galicia*. Todos os artigos levan título e datación e asemade este libro conta cun “Índice onomástico” e mais cun “Índice” desta colectánea.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, “Galaxia publica os artigos escritos por Casares en La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 5 abril 2006, p. 49.

Anúnciase que a editorial Galaxia vén de presentar os dous primeiros volumes da serie de libros que compilarán toda a produción xornalística que Carlos Casares publicou na columna “Á marxe” en *La Voz de Galicia* desde 1992 até 2002. Afirmase que a colección constará de dez volumes, cunha periodicidade anual, un labor no que se contou coa colaboración de *La Voz de Galicia*, a Fundación Carlos Casares, o Consello da Cultura Galega e Caixa Galicia.

Pena Presas, Montse (comp.), *Carlos Casares. Á marxe, 1995. Obra xornalística IV*, compilación de Montse Pena Presas, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Carlos Casares, nº 16, decembro 2006, 377 pp. (ISBN: 978-84-8288-975-7). ■

Recóllense todos os artigos que Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) publicou dentro da súa columna “Á marxe”, incluída no xornal *La Voz de Galicia* durante o ano 1995. Todos os artigos deste volume levan título e datación e asemade o libro conta cun “Índice onomástico” e mais cun “Índice” xeral. A descrición dos artigos referidos á literatura galega pódese ver no *Informe de literatura 1995*.

Rodríguez González, Olivia (introd.), *Camilo José Cela. Retorno a Iria Flavia: Obra dispersa y olvidada, 1940-2001*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Rescate, 2006, 252 pp. (ISBN: 84-89323-08-7).

Obra que recolle corenta e seis traballos de Camilo José Cela (Iria Flavia, Padrón, 1916-Madrid, 2002) que teñen como nexo de unión a Galicia. Trátase de artigos, ensaios, discursos, epistolarios e textos varios, algúns deles moi pouco coñecidos ou esquecidos, e tamén material inédito do escritor que abarcan dende 1940 até 2001, ademais de numerosas fotografías. O volume ábrese cunha caricatura de Cela elaborada por Álvaro Cebreiro e, a seguir, conta cunha introdución na que Olivia Rodríguez González analiza a súa evolución literaria dende o lirismo apaixonado das súas primeiras producións até un tipo de artigo invadido pola ficcionalización con toques surrealistas, nos que emprega técnicas como a do contrapunto ou a voz enunciadora. A continuación explica que se eliminaron as erratas e se recompuxeron as citas que se borrarán ao longo das diferentes publicacións. Nos aspectos lingüísticos destaca a pouca consideración que tiña coa lingua galega. Afirmar que nunca

deixou nada á improvisación e examina a relación de Cela con Galicia, indicando que ten conciencia de formar parte dunha cultura singular, á que está vinculado pola súa relación afectiva con persoeiros destacados da Galicia interior como Isaac Díaz Pardo, Antonio Noriega Varela ou Celso Emilio Ferreiro, cos que mantén unha relación epistolar. Dentro desa mesma relación examínase o uso que fai da “materia galega”, que emprega como fonte de inspiración en moitas das súas obras. Menciona, para concluír, que realizou diversos proxectos para formar parte da cultura galega como, por exemplo, a tradución ao galego de *A familia de Pascual Duarte*, na que colaborou Vicente Risco ou a divulgación que, durante anos, realizou de todo o que se publicaba en Galicia e en galego na súa revista *Papeles de Son Armadans* pola emigración americana, labor no que contou coa colaboración dos irmáns Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Carlos Casares”, *La Región*, “Pan por Pan”, 15 decembro 2006, p. 69.

Referencia que comeza aludindo á intención de Carlos Casares de facer un libro sobre as relacións galegas de Cela, mais non puido escribilo polo seu inesperado pasamento. De seguido, informa da próxima publicación do volume *Retorno a Iria Flavia. Obra dispersa y olvidada, 1940-2001*, que recolle, segundo se indica, cincuenta artigos de temática galega escritos por Cela e nos que, ademais de incluír cartas, se mencionan personaxes como Rosalía de Castro, Gonzalo Torrente Ballester, Antonio Noriega Varela ou Celso Emilio Ferreiro.

- Marcos Valcárcel, “Retorno a Iria Flavia”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 19 decembro 2006, p. 56.

Dá conta da recente publicación de *Retorno a Iria Flavia. Obra dispersa y olvidada, 1940-2001*, de Camilo José Cela, que recolle arredor de cincuenta artigos e cartas de temática galega elaborados polo escritor. Sinálase que a selección e o estudo introdutorio os realizou a profesora Olivia Rodríguez e afirmase que o volume analiza principalmente as relacións galegas de Cela.

- MARÉ, “O que o tempo levou”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 decembro 2006, p. 44.

Anuncia en primeiro lugar a aparición dun novo volume da colección “Rescate”, de Alvarellos Editora, *Retorno a Iria Flavia*, de Camilo José Cela, onde se recollen epístolas, imaxes, textos e manuscritos, algún dos cales inéditos. Afirma que o obxectivo do libro é romper moitos dos tópicos que existen sobre o escritor e remata informando de cándo e ónde terá lugar a presentación do libro.

- Marcos Valcárcel, “Galego no diccionario español”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 20 decembro 2006, p. 40.

Fai referencia ao papel que xogou Camilo José Cela, en 1959, cando a Real Academia Española aceptou unha proposta da Real Academia Galega que consistía en suprimir do diccionario español a acepción da palabra *gallego* como “mozo de cuerda” e a substitución de *gallego* como dialecto por *gallego* como lingua. Sinálase que este acontecemento aparece

reflectido nunha carta que lle envía a Celso Emilio Ferreiro e Francisco Fernández del Riego, que se publica xunto con outros textos do escritor en *Retorno a Iria Flavia*.

- Anxo Tarrío Varela, “Cela máis preto”, *Galicia Hoxe*, “De Letras e de signos”, 21 decembro 2006, p. 4.

Presentación do libro *Retorno a Iria Flavia (Obra dispersa y olvidada, 1940-2001)*, de Camilo José Cela, do que, ademais de achegar as súas valoracións, manifesta a súa sorpresa ao descubrir que na obra aparecen constantes referencias a Rosalía de Castro e que, en diversas ocasións, o escritor reflexiona sobre problemas concretos de Galicia. Tamén se mencionan as cartas destinadas a intelectuais galegos como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro e Francisco Fernández del Riego, entre outros.

- MARÉ, “Alvarellos salda débedas de ‘Galicia con Cela’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 decembro 2006, p. 32.

Comenta a presentación dun conxunto de textos inéditos ou pouco coñecidos pertencentes a Camilo José Cela, que foron seleccionados por Olivia Rodríguez González, quen tamén elaborou o estudo introdutorio da obra que ten como principal obxectivo amosar o lirismo, a óptica de esperpento que presentaba e tamén a relación que tivo o escritor cos intelectuais da súa terra natal.

- Óscar Iglesias, “El ‘ser gallego’ de Camilo José Cela en una recopilación de 50 textos”, *El País*, “Galicia”, 21 decembro 2006, p. 38.

Dá conta da presentación en Santiago de *Retorno a Iria Flavia. Obra dispersa y olvidada 1940-2001*, que recolle, entre artigos, cartas, conferencias e ensaios, arredor de cincuenta textos de Camilo José Cela. Óscar Iglesias destaca, entre outros, unha carta inédita de 1959 a Celso Emilio Ferreiro e Francisco Fernández del Riego e outra de 1955 a Vicente Risco, así como o texto *Breves consideracións encol da lingua* (1980). Estes dous últimos textos son os únicos que están en lingua galega.

- Alfredo Conde, “Un libro que pon as cousas no seu sitio”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 decembro 2006, p. 4.

Informa da publicación pola editorial Alvarellos da obra *Retorno a Iria Flavia*, de Camilo José Cela, onde se recolle a súa obra dispersa. Sinálase que a obra se abre cun limiar de Olivia Rodríguez, no que se manifesta que o escritor sempre pretendeu manter incólume a súa condición de galego sendo leal coa súa terra e cos seus amigos.

Vilavedra, Dolores e Monserrat **Pena** (eds.) *Ricardo Carballo Calero. Epistolario a Fernández del Riego*, Vigo: Galaxia, col. Memoria, nº 10, 2006, 580 pp. (ISBN: 84-8288-893-5). ■

Neste volume recóllense as cartas de Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910- Santiago de Compostela, 1990) a Francisco Fernández del Riego ao longo de cincuenta anos. As primeiras misivas datan de 1932 e reflicten o pensamento dun mozo licenciado en dereito e

comprometido xa coa causa galeguista. A seguir, aparecen as cartas que se enviaron a partir de decembro de 1939, cando Carballo Calero estaba preso no cárcere de Xaén, posto que durante a Guerra Civil a correspondencia interrompeuse, provocando uns anos de silencio. Todas estas cartas e as que se envían até 1950 escribíronse en castelán debido á difícil situación do galego. Ao longo do epistolario pódese observar a evolución ideolóxica do profesor Ricardo Carballo Calero, así como a elaboración dos seus proxectos ou os seus traballos. A partir de 1970 comeza a escasear a correspondencia e lense entre liñas os diferentes puntos de vista que as dúas personalidades mantiñan con respecto á lingua galega. A última carta que se inclúe neste epistolario data de 1984 e o libro complétase cun apéndice no que se recollen dúas cartas de Fernández del Riego a Carballo Calero e unha deste último ao escritor cambadés Ramón Cabanillas.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “As cartas de Don Ricardo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 152, “Letras en galego”, 11 marzo 2006, p. 13.

Comézase indicando que hai obras que axudan a entender momentos fundamentais da historia da nosa cultura, como ocorre co *Epistolario a Fernández del Riego*, de Ricardo Carballo Calero, editado en Galaxia por Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Salienta que con esta obra se pon de manifesto a dimensión dunha figura tan importante para a cultura galega. Lembra algún dos títulos publicados por Carballo Calero e sinala que a súa verdadeira dimensión virá dada pola propia historia. Destaca, igualmente, que con obras como esta tamén se pon de relevo a débeda que ten a cultura galega con personalidades como Francisco Fernández del Riego, quen con Ramón Piñeiro, puxeron en marcha o soño dun país “que nos corazóns sempre foi máis grande que nos mapas”.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “As cartas de Carballo e Del Riego glosan a súa irmandade galeguista”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 3 marzo 2006, p. 75.

Faise eco da presentación do libro *Epistolario a Fernández del Riego*, que contén a correspondencia entre Ricardo Carballo Calero e Fernández del Riego. Informa que o acto de presentación contou coa presenza do propio Fernández del Riego, a filla do outro escritor, María Victoria Carballo Calero, o vicepresidente provincial, Xaime Bello, o deputado responsable da área de Cultura, Celestino Poza, as autoras da transcripción e selección de cartas, Dolores Vilavedra e Montserrat Pena, e o director da editorial, Víctor Freixanes. Recolle as opinións deste último, así como de Dolores Vilavedra. Remata recollendo o agradecemento da filla do autor do epistolario a Galaxia e á Deputación.

- Albino Mallo, “Galicia, un soño a dúas voces”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 marzo 2006, p. 36.

Anúnciase a presentación na Deputación da Coruña do epistolario de Ricardo Carballo Calero a Francisco Fernández del Riego. Recóllense as palabras de Salvador Fernández Moreda, quen destacou que a institución que preside non podía deixar pasar a oportunidade de

participar nun traballo destas características, no que sobrancea a personalidade de Carballo Calero e ofrece a oportunidade de coñecer mellor toda unha época da nosa historia cultural. Reprodúcense tamén as palabras de Víctor Freixanes, quen destacou que se trata dunha obra que reflicte a amizade de dúas grandes personalidades, e de Dolores Vilavedra, que chamou a atención sobre o labor de reconciliación que levou a cabo Carballo Calero, unha figura que, segundo ela, “simboliza a xenerosidade das vítimas do franquismo”.

- Ana Lorenzo, “Un epistolario refleja la amistad entre Del Riego y Carballo Calero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 3 marzo 2006, p. 54.

Salienta a amizade reflectida no epistolario que se acaba de publicar entre Carballo Calero e Fernández del Riego. Menciona a presenza no acto de presentación de Fernández del Riego e de María Victoria, filla de Carballo Calero, que falaron da existencia desa boa relación. Falan dos recordos do pasado, como o primeiro encontro entre ambos os dous intelectuais. Remata coas palabras das encargadas de redactar o libro salientando que o libro recolle “a historia dunha amizade, a historia do galeguismo e a historia da Real Academia Galega”.

- A. Ramil, “Galaxia publica el epistolario del escritor Carballo Calero a Del Riego”, *La Opinión*, “Cultura”, 3 marzo 2006, p. 61.

Dá conta da publicación deste novo volume que recolle as cartas entre os anos 30 e 80 entre Carballo Calero e Fernández del Riego. Comenta a importancia deste xa que permite amosar unha época importante da cultura galega: o galeguismo da década dos 30, a cárcel, a relación coa Editorial Galaxia ou a entrada na Real Academia Galega. Menciona aos persoeiros que estiveron no acto de presentación e recolle fragmentos dos discursos vertidos ao longo deste, salientando a amizade entre ambos intelectuais así como o seu labor por Galicia e o galego.

- Elena Ponte, “La Diputación reivindica la figura del profesor Ricardo Carballo Calero”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 3 marzo 2006, p. 16.

Fai referencia ao acto de presentación do *Epistolario a Fernández del Riego*. Recolle ademais as palabras dos asistentes a este, poñendo especial atención á “lección de xenerosidade” de Carballo Calero no seu labor na “reconciliación do país e a chegada da democracia”. Salienta que é a través das cartas cómo o lector pode coñecer mellor a este intelectual e a súa vida.

- Marcos Valcárcel, “O epistolario de Carballo Calero”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 4 marzo 2006, p. 48.

Comenta Valcárcel que se está a ler o epistolario que se vén de publicar de Ricardo Carballo Calero a Francisco Fernández del Riego, no que se recollen as impresións de dúas figuras fundamentais durante un período de máis de cincuenta anos. Recomendalle ao lectorado que se achegue a esta obra coma se fose unha novela epistolar e destaca da personalidade de Carballo Calero o feito de ser moi sistemático, minucioso e perfeccionista, que lle recomendaba a Fernández del Riego que non imitara a Otero Pedrayo senón o estilo de Víctor Casas.

- Alfredo Conde, “A miña profunda gratitude”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 16 marzo 2006, p. 4.

Comeza recordando o momento no que coñeceu a Ricardo Carballo Calero no ano 66. Menciona ademais cando Torrente Ballester lle contaba que sendo ambos os dous novos xogaban biaxo vixiancia feminina na praza do marqués de Amboaxe. Comenta que a Carballo Calero lle debe a edición do seu primeiro libro, xa fai corenta anos. De seguido, fai referencia á publicación pola editorial Galaxia do epistolario de Carballo Calero a Fernández del Riego, mencionando unha carta do ano 67 que “Don Ricardo” lle remite a “Don Ramón Piñeiro” sobre “un libro de versos do poeta novo Alfredo Conde”. Remata confesando que non sabía da existencia desa carta dada a discrección de Carballo Calero.

- Xurxo Fernández, “Historias de vencedores y vencidos”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 27 marzo 2006, p. 80.

Entre outros asuntos fálase da nova web da Editorial Galaxia (www.editorialgalaxia.es), e dalgunhas novidades editoriais, entre elas o *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*, de Ricardo Carballo Calero; *Un artista da fame*, de Kafka; e *O Gatopardo*, de Lampedusa.

- Albino Mallo, “Sempre fun moi gardador de cartas e outros documentos”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 10 abril 2006, p. 10.

Realízase unha entrevista a Francisco Fernández del Riego, quen dirixe a biblioteca da Fundación Penzol de Vigo aos seus noventa e tres anos de idade. Comenta Del Riego que foi publicada a correspondencia que mantivo con Carballo Calero e informa que Alonso Montero está preparando a de Cunqueiro. En canto á creación, considérase máis un ensaísta que un narrador, aínda que si é un bo lector. Del Riego lembra a súa colaboración coa intelectualidade galega e a participación en *La Noche* e *El Correo Gallego*. Tamén fai referencia á creación da editorial Galaxia e á súa presidencia da Real Academia Galega. Comenta algunhas das viaxes que realizou por Europa e Hispanoamérica e, finalmente, apunta que na literatura galega hai abundancia de libros pero a calidade é minoritaria.

- Alonso Montero, Xesús, “Carballo Calero escribe a Del Riego en dous idiomas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 160, “Letras en galego”, 13 maio 2006, p. 7.

Informa da publicación, na editorial Galaxia, dun volume de case seiscentas páxinas de cartas de Ricardo Carballo Calero a Francisco Fernández del Riego, escritas dende 1932 até 1984. Apunta que a transcripción, anotación e edición deste epistolario son responsabilidade de Montserrat Pena e Dolores Vilavedra, a quen tamén atribúe o limiar. Salienta o interese desta obra para as persoas interesadas na literatura galega ou na sociolingüística, xa que revela que as cartas anteriores ao 18 de xullo de 1936 foron escritas en galego mais, a partir de aí e até 1950, o seu autor escribiu en español por cuestións políticas.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Gramsci, Antonio, *Sobre Pirandello*, trad. Xesús González Gómez, Santiago de Compostela: Laidvento Edicións, col. Cadernos Teatro, nº 5, 2006, 35 pp. (ISBN: 84-8487-096-0).

Abre esta obra unha presentación de Antonio Gramsci, autor dos textos sobre Luigi Pirandello recollidos neste volume. Relátanse brevemente algunhas circunstancias da súa vida, como a militancia socialista e comunista e a súa reclusión no cárcere e como isto influíu na súa obra. Conclúe esta introdución defendendo que o motivo da publicación desta obra é reivindicar, política e literariamente, a figura de Antonio Gramsci, coincidindo co setenta aniversario da morte de Pirandello. A continuación, insírise un apartado dedicado ás recensións teatrais sobre Pirandello que Gramsci publicou en *Avanti!*, entre as que están os seguintes títulos: ‘*Pensaci Giacomino*, de Pirandello no Alfieri’, ‘*Liola*, de Pirandello no Alfieri’, ‘*Così e (se vi pare)*, de Pirandello’, ‘*Il piacere dell’onestà*, de Pirandello no Carignano’, ‘*A’ berrinta ccu li ciancaineddi*, de Pirandello no Alfieri’, ‘*Il giuoco delle parti*, de Pirandello no Carignano’, ‘*L’innesto*, de Pirandello no Carignano’, ‘*La raggioni degli altri*, de Pirandello no Carignano’, ‘*La bilancia*, de Martoglio e Pirandello no Scribe’, ‘*Come prima, meglio di prima*, de Pirandello no Carignano’, ‘*Tutto per bene*, de Pirandello no Chiarella’ e ‘Tres novidades no teatro Alfieri (*Cecé*, de Pirandello, *Ma non lo nominari*, de Faccaroli, Schiccheri, tu sei grande!, de Lopez)’. A seguinte sección leva o título de ‘De quaderni del carcere: seis escritos sobre Pirandello’, e contén os artigos seguintes: ‘Os nepotini do padre Bresciani. A “dialéctica” de Pirandello’, ‘Literatura italiana. Pirandello’, ‘O teatro de Pirandello’, ‘Literatura sobre Pirandello’, ‘O teatro de Pirandello’ e ‘Unha nota xuvenil de Luigi Pirandello’.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, “De Italia ao Valadouro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 177, “Teatro”, 21 setembro 2006, p. VIII.

Fálase da publicación nos “Cadernos de teatro” dun traballo traducido por Xesús González Gómez titulado *Sobre Pirandello*, do que se di que consta de dúas partes: a primeira na que se recollen críticas de teatro escritas entre 1917 e 1920 por Gramsci sobre Pirandello, e a segunda con algúns escritos dos *Quaderni del Carcere*. Sinálase que se trata dunha recompilación e tradución de traballos que exemplifican o pensamento de Gramsci, a súa faceta descoñecida de crítico teatral e a presentación cruzada das ideas artísticas destas dúas personalidades tan relevantes. Alúdese finalmente a outra publicación nesta colección na que se recollen as propostas escénicas a penas deseñadas de Isaac Ferreira, un libro do que se di que pode ser moi útil para procesos de creación colectiva.

Meilán, Elvira M., *Para los que no vieron. Francisco Lamas López, memorias del alma lucense republicana*, A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos, 2006, 104 pp. (ISBN: 84-8485-217-2).

Esta obra contén uns textos introdutorios asinados por Claudio Rodríguez Fer e Elvira M. Melián, nos cales se explica o sentido e intención da obra que é o de dar a coñecer como foi a vida dun home republicano, Francisco Lamas López, e o contexto no que lle tocou vivir. É a biografía do político e médico lugués contada por si mesmo, na que desvela como tivo unha xuventude ligada ao movemento galeguista e ao seu partido político, como participou en empresas culturais do momento que tiveron lugar en Lugo como, por exemplo, a revista

Yunque, así como a súa etapa universitaria en diferentes cidades españolas, até o seu remate na de Santiago de Compostela. A exposición do autor detense tamén nunha etapa importante na súa vida profesional que foi o momento en que saíu elixido alcalde de Lugo co partido Izquierda Republicana, momento no que explica que se desliga do movemento galeguista para aproximarse a outra ideoloxía política. Ao longo da obra hai claras referencias á represión franquista e ás consecuencias que sufriron moitas persoas como consecuencia da vitoria do réxime militar.

Rousseau, Jean-Jacques, *Emilio ou da educación*, “Prólogo” de Herminio Barreiro, trad. Enrique Harguindey, Santiago de Compostela/Madrid: Universidade de Santiago de Compostela/Fundación BBVA, col. Clásicos do Pensamento Universal, nº 8, 2006, 793 pp. (ISBN: 84-9750-609-X). ■ ◆

Na “Introdución”, Herminio Barreiro, primeiramente loa esta iniciativa da Universidade de Santiago, por ter acollido esta tradución, incorporando unha obra fundamental do pensamento contemporáneo á súa bibliografía, cualifica a obra de Rousseau de “novela pedagóxica, tratado sobre a educación, historia antropolóxica, manual de puericultura, ensaio sociolóxico, relato histórico, libro de viaxes”, “en fin un fresco abigarrado do seu tempo e daquel século ao que Ortega chamaría “o século educador” por excelencia en Francia e en boa parte de Europa”. A seguir reflexiona sobre as orixes da educación pública, sobre a Ilustración francesa, sobre a educación pública contemporánea, sobre ilustracións, cahiers, rapports, fala de Rousseau e do seu pensamento ilustrado particular (educación, nación, home, cidadán), de Rousseau e a liberdade, entre outras cualificacións e datos biográficos. Séguelle a “nota do tradutor, titulada “Emilio ou da educación” na que explica o proceso traditolóxico, o esforzo e as súas alegrías. A continuación reproducése a obra.

Referencias varias:

- C. Bilbao, “Henrique Harguindey traduce o ‘Emilio’ de Rousseau ao galego”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 10 xuño 2006, p. 76.

Noticia sobre a tradución ao galego de *Emilio ou da educación*, número oito da colección “Clásicos do Pensamento Universal”, editada pola Universidade de Santiago en colaboración coa Fundación BBVA. Sinálase que se trata dunha das obras de referencia do pensamento educativo de todos os tempos, caracterizada por ser revolucionaria e polémica. En palabras do seu tradutor, o seu paso ao noso idioma constitúe un importante fito, xa que supón “fornecer en galego unha póla do pensamento científico”.

Villanueva, Darío (ed.), *Obras literarias. Rafael Dieste*, Madrid: Fundación Santander Central Hispano, col. Obra fundamental, 2006, 421 pp. (ISBN: 84-89913-73-0). ■ ◆

Libro redactado en lingua castelá que recolle a obra máis salientábel escrita tamén nesta lingua polo escritor Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981) segundo o criterio de Darío Villanueva. No prólogo, titulado “La integridad creadora de Rafael Dieste” e obra de Darío Villanueva, repásase a traxectoria literaria e a personalidade de Rafael Dieste, cualificada como de amálgama entre a creación, o compromiso coa realidade histórica e a súa

racionalidade; tamén se detén na súa traxectoria vital e intelectual, centrándose no seu exilio en 1939 e no seu retorno definitivo en 1961, e, finalmente este prólogo péchase cun estudo sobre o Dieste narrador e mais sobre o seu teatro, poesía e ensaio. A seguir aparece unha “Bibliografía” xebrada en tres apartados: “Obra de Rafael Dieste”, “Traducciones de las obras de Rafael Dieste” e mais “Libros sobre Rafael Dieste y su obra”. Neste volume reproducése unha selección da obra de Dieste que se detalla a seguir: dúas pezas teatrais *Viaje y fin de don Frontán. Farsa trágica* (1930) e mais *Duelo de máscaras* (1934); o poemario *Rojo farol amante* (1933), o ensaio *La vieja piel del mundo. Sobre el origen de la tragedia y la figura de la historia* (1936) e mais o segundo libro narrativo de Rafael Dieste titulado *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943).

Recensións:

- Ángel Basanta, “Rafael Dieste, Obras literarias”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “*Letras*”, 6 xullo 2006, p. 16.

Crítica desta obra, prologada por Darío Villanueva, na que se ofrece unha selección da obra teatral, poética, ensaística e narrativa do autor galego Rafael Dieste. En concreto, inclúense dous textos dramáticos, *Viaje y fin de don Frontán* y *Duelo de máscaras*; os corenta e nove poemas de *Rojo farol amante* e a obra de ensaio *La vieja piel del mundo*, na que se estudian as técnicas teatrais contemporáneas máis acreditadas na Europa das primeiras décadas do XX. Ángel Basanta puntualiza, con todo, que a máxima achega de Dieste realizouse no dominio narrativo, “con dos libros que son dos joyas literarias”, engade: *Dos archivos do trasno* (non recollido no volume que se está a comentar) e *Historias e invenciones de Félix Muriel*. A conclusión do volume, segundo Basanta, non pode ser máis positiva, pois, afirma, permite que o lector se achegue aos textos básicos dun “escritor memorábel”.

Referencias varias:

- G. A., “Volver a Dieste, talento ignorado”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “*Maré Hoxe*”, 2006, p. 7.

Dise que a Fundación Santander Central Hispano rescatou, da man de Darío Villanueva, a obra en castelán de Rafael Dieste. Recolle as palabras de Villanueva na presentación do libro, quen destacou a “integridade creadora” do escritor. Anuncia un acto de presentación no Museo Carlos Maside, de Sada, lugar no que pronunciou Dieste unha conferencia inaugural en 1970, e comenta as diferentes obras que formarían parte desta edición.

- G. A., “La obra de Rafael Dieste es recopilada en un libro”, *El Correo Gallego*, “*Hoy*”, 7 xullo 2006, p. 74.

Anuncia que a Fundación Santander Central Hispano rescata a través da súa colección “Obra Fundamental” toda a obra de Dieste. Darío Villanueva, responsábel último da preparación do volume, destacou a integridade creadora deste autor. Francisco Aguado, director da Fundación, anunciou a presentación do libro no Museo Maside de Sada o día 13 de xullo.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abuín González, Anxo, **Vilariño Picos**, M^a Teresa, “Henrik Ibsen y la formación del drama moderno: Los espectros”, *ADE Teatro*, n.º 110, “Centenario Henrik Ibsen”, abril-xuño 2006, pp. 67-73.

Versión en castelán da introdución ao volume *Os espectros*, do Centro Dramático Galego, publicado en 2002 polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (ver *Informe 2002*), no que figura a versión galega de Henrik Ibsen realizada por Manuel Guede Oliva para o Centro Dramático Galego.

Abuín González, Anxo, “Poioumenon, impersonajes y otros territorios del diálogo teatral en los 90”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 101-108.

Enfróntase ao teatro actual galego que ve como pouco normalizado, no que abundan as formas metateatrais de maneira periférica como en *Saxo Tenor* e *Días sen gloria* de Roberto Vidal Bolaño ou de forma completa como en *Commedia* de Cándido Pazó e *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado. Todas estas técnicas esíxenlle ao lector-espectador competencia cultural, amais acompañanse con frecuencia dunha distorsión na construción do diálogo, por exemplo a liricidade pola que aposta Miguel Sande en *Ninguén chorou por nós*, ou o duólogo en obras de Manuel Lourenzo como *Teatro mínimo*, *Laura* e *A canción do deserto*. No momento en que repasa os xéneros literarios actuais fálase de obras epicíclicas ou elaborativas, aquelas que estenden e modifican un coñecemento previo, pénsase na revisión ou extensión dos mitos universais nalgúns obras de Manuel Lourenzo como *O perfil do crepúsculo* ou *Últimas faíscas de setembro*. O segundo grupo serían obras que A. Fowler denomina como poioumenon que se caracteriza por: a) a aparición dun dramaturgo comprometido nun proceso de escritura que se presenta como creativo, b) a escritura realízase por acumulación de textos ou libros ou papeis, c) autoconciencia de estilo que pode conducir á alternancia e c) discontinuidade e ruptura narrativa. As obras que se entenden representativas son *Xogos de damas* de Anxo R. Ballesteros, *Cuarteto para unha noite de verao* de Miguel anxo Fernán-Vello, *Copenhague* de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido e *A increíble vida de Héctor Loureiro* de Celso Parada, obras todas elas comentadas neste artigo.

Acuña, Ana, “Voz e memoria: a correspondencia entre Xoán Vidal Martínez e Xosé M^a Álvarez Blázquez (II)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 15-25.

Artigo que se complementa cun publicado no número anterior desta revista, no que se reproducen dez cartas de Xoán Vidal (Salcedo-Pontevedra, 1904-1994) escritas entre 1940 e 1958 e dirixidas a Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-1985), dun total de cincuenta e unha misivas. Sinala que se trata dun epistolario do exilio, a través do que se recupera a memoria e no que se pode coñecer o sufrimento de ambos os dous amigos, pois nestes documentos pódense rastrexar aspectos como a preocupación por ser borrado da historia do país, a importancia do pasado e a consciencia da terra perdida ou a esperanza na gloria dos

amigos. Explica que nestas misivas se pode seguir a obra literaria e investigadora de Álvarez Blázquez, pois Xoán Vidal opina sobre os seus escritos, animándoo a que publique a súa obra lírica, aínda que tamén comenta a narrativa e algunha peza dramática. Repasa algúns asuntos presentes nas cartas como o interese de Vidal pola lírica galega, o desexo de publicar unha antoloxía, a creación dun método de lectura ou as súas críticas á literatura do momento. Remata referíndose a algúns proxectos comúns de ambos os dous autores, como a recolla de literatura oral e a creación de editoriais.

ADE-Teatro, “Una vida dedicada al teatro. Entrevista con Francisco Pillado Mayor”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 82-88.

Entrevista ao home de teatro Francisco Pillado Mayor vinvulado a el como autor, tradutor, investigador e editor entre outras facetas. Lembra a súa infancia rodeado dos libros que seu pai tiña nunha gran biblioteca para o momento, así puido ler a Lorca, Camus, Bertolt Brecht ou Bernard Shaw entre outros. Na adolescencia recorda o primeiro encontro con Manuel Lourenzo co que fraguou unha amizade que se prolonga no tempo ata a actualidade. Recórdase que son autores da *Antoloxía do Teatro Galego* e do *dicionário do Teatro Galego*, amais el puxo en marcha a Biblioteca Arlequín, pero se hai algo do que se sente moi orgulloso é da posta en marcha dos *Cadernos da Escola Dramática Galega*. Resalta a calidade do teatro galego e dos seus autores, nomea a Manuel Lourenzo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xesús Pisón, Marica Campo, Euloxio Ruibal, Raúl Dans, Inma António, Joao Guisán, Xavier Lama ou gustavo Pernas que ao seu entender non teñen o recoñecemento social que merecen.

ADE-Teatro, “¿Un nuevo ciclo para el teatro gallego? Entrevista con Ángel Martín Fernández, gerente del IGAEM”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 184-191.

Entrevista ao xerente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, un organismo que depende da Consellaría de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia. Explica que co cambio de goberno se abren novas expectativas de futuro, con obxectivos claros como o de lograr que o público asista aos espectáculos. Tamén explica os novos proxectos e espectáculos, ademais de referirse á relación con Portugal e, en xeral, á proxección exterior e interior.

ADE-Teatro, “Las políticas teatrales desde las Diputaciones provinciales. Entrevista con Celestino Poza, responsable del Gabinete de Cultura y Deportes de la Diputación de A Coruña”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, pp. outubro 2006, 198-204.

Entrevístase ao concelleiro do Concello de Culleredo, Celestino Poza, que impulsou o Pazo de Mariñán como un espazo de encontro, debate e estudo no que se produciu no 2006 o Congreso da Asociación de Directores de Escena de España, o II Encontro coa pintura e a poesía ou o Encontro de Poetas. Explica que lle interesa especialmente o teatro, a súa difusión entre a xente e a creación de espazos nos que poder mostrar ás persoas máis novas as súas creacións. Fala dos próximos proxectos, do apoio da deputación ás novas xeracións de autores

e autoras, do anteproxecto para elaborar unha Lei de Teatro e do premio Rafael Dieste entre outros moitos asuntos.

ADE- Teatro, “Hay esperanza para el teatro. Con Luciano Fernández, flor de programadores y ejemplo de tesón teatral, desde Narón”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 217-221.

Faise un percorrido pola vida cultural de Narón coa axuda do programador e xestor cultural Luciano Fernández que fala do éxito do teatro nesta vila próxima a Ferrol. Comenta que sempre houbo grupos moi activos, pero sen dúbida unha data importante é 2002 cando comezou a funcionar con grande éxito a Escola de Formación de Actores e Actrices de Narón. No que respecta á programación comenta que dende 1988 está consolidada unha programación estábel que se apoia en 1993 coa inauguración do Auditorio Municipal de Narón. Explica os problemas cos que se atopou, o estado do teatro e a necesidade de que haxa unha política sen complexos dende as institucións públicas.

ADE-Teatro, “Con Guillermo Brea, Director de la obra social de Caixanova”, *ADE Teatro*, n.º112, outubro 2006, pp. 225-229.

Entrevista con Guillermo Brea, Director da Obra Social de Caixanova, que fala do seu labor como responsábel da obra social e cultural de Caixanova, dá a súa opinión sobre o estado actual do teatro e da súa percepción de futuro. Destaca o aumento de oferta con respecto aos anos setenta e a maior profesionalización das compañías. Ao mesmo tempo lembra a aposta que fixo a entidade financeira coa compra do Teatro García Barbón, sede na que teñen unha programación estábel e da que destaca que conta cun auditorio de cincocentas prazas, unha sala de conferencias, biblioteca, salas de seminarios e unha sala de exposicións ao servizo do público. Tamén explica que neste programa contaron coas compañías máis importantes a nivel internacional, de España ou Galicia como Teatro do Atlántico, Teatro do Noroeste, Ancora, Teatro do Aquí, Sarabela Teatro, Artello Teatro, Teatro do Morcego ou Teatro do Ningures. Considera que o teatro galego debería ter máis en conta ao público, demorar máis na produción das obras e ter maior difusión.

Agrafoxo, Xerardo, “Varios autores. Voces na guerra”, *Alameda*, n.º 25, “Os novos libros”, decembro 2006, p. 72.

Fai unha recensión breve da obra *Voces na guerra*, salienta que conta cun limiar realizado por Eva Veiga e con dezoito relatos breves escritos por autores da comarca do Barbanza para conmemorar o Ano da Memoria. Refírese tamén ás ilustracións de F. Blanco Alcaide. Salienta que a obra foi coordinada por Lola Arxóns e o escritor Antón Riveiro Coello e que se enmarca nas publicacións que está a realizar a Asociación barbantia. Cita aos autores dos relatos e salienta algún deles.

Agra, Agustín, “Os nosos libros”, *Alameda*, n.º 23, xuño 2006, pp. 76

Fala moi brevemente de dúas obras de autores do Barbanza. Primeiramente de *O xene da chuvia* (2005), de X. Ricardo Losada, do que salienta que se trata dunha primeira entrega de relatos frescos, irónicos nos que “disecciona tanto a memoria como acontecementos cotiáns”; despois fala do poemario *Ollos de ámbar* (2005), de Martín Veiga, merecedora do premio Esquíu. Despois de recordar que este autor noiés vive en Irlanda e outro poemario, di que “estamos ante unha obra madura, longamente reflexionada, valorada polo xurado polo novidoso do texto e a precisión da súa prospección sentimental, na que percorre coa intensidade dos seus versos territorios que foran explorados pola súa ollada e que aquí recupera do ámbar no que ficarán fosilizados para a eternidade”.

Agrafoxo, Xerardo, “Xosé Agrelo: A cultura como compromiso, a palabra como arma de seducción”, *Alameda*, n.º 25, decembro 2006, pp. 61-66.

Un traballo homenaxe á figura de Pepe Agrelo no que se acollen informacións aparecidas nos xornais ante a perda de Xosé Agrelo. Salienta que todos inciden na súa vinculación co mundo da cultura. Agrafoxo quere ir máis alá e fai un percorrido polas múltiples actividades que realizou Pepe Agrelo, un símbolo de varias xeracións polo seu traballo en todas as circunstancias políticas que lle tocaron vivir. Fala de proxectos que non se levaron a cabo, da súa afabilidade, da súa capacidade de comunicación, reproduce opinións de xente que traballou con el no mundo do teatro, e sobre moitos outros datos biográficos do homenaxeado.

Agra Romero, María Xosé, “Defensa da muller: Benito Feixóo, Martín Sarmiento, Vicente do Seixo”, *Festa da palabra silenciada*, n.º 22, 2006, pp. 16-22.

Despois de recordar a importancia da metade do século XVIII para o desenvolvemento da Historia de Galicia en varios dos seus aspectos: defensa da lingua, creación de institucións culturais, etc. e de subscribir con outros estudosos que as ideas dos ilustrados galegos están na base do galeguismo do XIX, céntrase en tres figuras que defendían a igualdade da muller en relación co home. Comeza coas teorías de Benito Xerónimo Feixóo e Montenegro (1676-1764) e repasa os discursos nos que defende a igualdade da muller e do home e só lamenta que a educación e o aprecio non estea do lado delas, fai esta defensa poñendo exemplos dos seus traballos; o mesmo fai con Martín Sarmiento (1695-1772) e con Vicente do Seixo (1747-1802).

A.L., “VIII Congreso de Estudos Galegos en Salvador de Bahía”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O rego da cultura”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 8-9.

Dáse conta da celebración do VIII Congreso de Estudos Galegos, organizado pola Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), que levou por título “Galicia do outro lado do Atlántico. Voces reunidas na Bahía”. Explícase que o tema central foi tentar situar Galicia e a cultura galega no mundo e proxectala a espazos de relación exterior dende a investigación universitaria, aproveitando tamén a rede de relacións das comunidades emigrantes. Refírese ás opinións vertidas sobre este asunto por diversos participantes, entre eles Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, Bieito Romero ou Basilio Losada, que afondaron nesta preocupación dende diferentes ópticas. Cuestións en paralelo a outras como o potencial

da lusofonía e a presenza da lingua e cultura galegas en moitas universidades estranxeiras a través dos lectorados. Remátase coa referencia ao novo presidente da Asociación, Burghard Baltrusch, e á homenaxe que se lle rendeu á directora do equipo de estudos galegos da Universidade da Bahía, con motivo da súa xubilación.

Almazán, Eva, “Prezado señor Auster. Carta ao autor de *The Brooklyn Follies* da súa tradutora para o galego”, *Viceversa*, n.º 12, “Traducións xustificadas”, 2006, pp. 151-158.

Análise que a tradutora da obra de Paul Auster *The Brooklyn Follies* fai da súa tradución ao galego en formato de carta ao autor. Comeza referíndose á triloxía *The New York Trilogy* e ao contexto en que se publica a tradución da novela para, a continuación, referirse á crecente profesionalización da tradución no sistema literario galego, o papel que nel ocupa a figura do tradutor e a relación tradutor-autor. Ilustra logo a través de diversos exemplos algunhas decisións tomadas á hora de traducir certas pasaxes da obra e as dificultades coas que o tradutor se pode atopar. Remata cunha alusión a outras cuestións que cataloga de non menos importantes como o tratamento ti/vostede, o termo “just” ou a microtoponimia neorquina, xustificando a ausencia por cuestións de espazo.

Alonso, Ana Luna, “Reedicións que saben a novo e novas edicións”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámicas”, 2006, pp. 191-198.

Entre as novas de 2005 relacionadas co ámbito da tradución, Ana Luna salienta feitos como o nacemento da editorial Rinoceronte, dedicada en exclusiva a publicar tradución de autoría contemporánea, e a colección “Biblioteca Galega de Clásicos Universais”, distribuída conxuntamente co xornal *La Voz de Galicia*, que lles outorga aos textos a posibilidade de acadar tiraxes de até cento oitenta mil exemplares. Encadrados na literatura clásica menciona as dúas reedicións correspondentes á “Biblioteca Galega de Clásicos Universais”, *Sobre a vellez/Sobre a amizade*, de Cicerón en tradución de Xosé Carballude Blanco e Xosé María Liñeira Reboredo, e o *Banquete*, de Platón, traducido por Carlos Búa Carballo. No apartado dedicado á narrativa menciona todas as obras encadradas na “Biblioteca Galega de Clásicos Universais”, a maior parte reedicións procedentes do inglés e do francés e, en menor medida, do alemán e, de maneira testemuñal o italiano, o ruso e o castelán, entre elas, *Robinson Crusoe* (Daniel Defoe), traducido por Gonzalo Navaza; *Contos* (de Edgar Allan Poe), na tradución do equipo da editorial Tris Tram; *Un conto de Nadal* (Dickens), traducido por Alfonso Prada Allo; *Madame Bovary* (Flaubert) e *Vermello e negro* (Stendhal), traducidas por Antonio Pichel; e *Vinte mil leguas baixo os mares* (Verne), en tradución de Mercedes Pacheco e Llerena Perozo. Con respecto aos textos traducidos por vez primeira, Ana Luna sinala que a colleita de 2005 é relativamente escasa: sete textos procedentes do inglés, tres do francés, dous do italiano, un do portugués, un do alemán e dous textos do croata e do finés de grande importancia ao ser a primeira vez que se traduce ao galego. Destaca o bo ritmo de coleccións como “As letras das mulleres”, coeditadas por Sotelo Blanco e o Servizo Galego de Igualdade con dous clásicos da literatura inglesa como *Orgullo e prexuízo*, de Jane Austen, e *Un cuarto de seu*, de Virginia Woolf. Na mesma editorial cita a tradución de Mercedes Pacheco de *Manhattan Transfer* (John dos Passos), que recibiu a finais de 2005 o premio Lois Tobío ao mellor libro traducido. No apartado dedicado á poesía contabiliza catro reedicións – na “Biblioteca de Clásicos” de *La Voz de Galicia: O reiciño de Galicia* (Victor Hugo),

traducida por Harguindey; *Os sonetos a Orfeu* (Rilke), traducido por Lois Tobío e *Traballo de campo* (Heaney); e na colección “Clásicos Universais”, de Galaxia: *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*–, e tres novidades –*A rosa de ninguén* (Paul Celan), en tradución de Catuxa López Pato para a colección “Dombate” de Galaxia; *Unha escuma de voz* (Fabio Scotto), un traballo de Xavier Frías Conde que edita Espiral Maior e *Cantos de Maldoror e Poesía*, do conde de Lautréamont, traducido por Xesús González Gómez. Nas traducións do xénero dramático contabiliza oito obras publicadas, cinco reedicións e tres novas traducións, entre elas a comedia de Molière *O enfermo imaxinario*, en tradución de Eduardo Alonso e Manuel Guede; *Á espera de Godot* (Beckett) ou *Romeo e Xulieta* e *Ricardo III*, de Shakespeare. Ademais doutros títulos, no apartado dedicado ao ensaio, salienta tres obras procedentes de diferentes espazos culturais que tratan a teoría escénica: *Introdución á dirección de escena: sete ensaios sobre a arte teatral*, de Anne Bogart; *Os camiños do actor*, de Josette Féral; e *O teatro mallorquino do século XX*, de Antoni Nadal. Con respecto á literatura infantil e xuvenil apunta que a produción total chega aos oitenta textos e que por linguas de procedencia destaca o castelán, seguida do inglés, o catalán, o éuscaro e o alemán. Entre as editoras que máis títulos traducidos publican menciona por esta orde Kalandraka, Rodeira, Edicións Xerais, Tambre e Galaxia. Finalmente, menciona a continuidade de series que ben polo seu éxito mediático ben pola súa calidade aseguran as vendas, como é o caso de *Fahrenheit 451*, de Ray Bradbury ou *Harry Potter e o cáliz de fogo*, da man da tradutora da serie Eva Almazán.

Alonso, Eduardo, “De cómo nos metimos en este embolado”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 115-120.

Panorámica da escena galega actual feita pola directora do grupo ourensán Sarabela Teatro que leva vinte e cinco anos ao fronte da compañía. Ela vai trazando a súa reflexión intentando contestar a unha serie de preguntas como de onde vimos?, sonde estamos?, a onde queremos ir? e que futuro nos agarda?. Entende que o principio está nas Irmandades da Fala, na innovación de Castelao, no auxe do teatro galego no exilio e, como non, na Mostra de Teatro de Ribadavia de onde saen tres nomes fundamentais na dramaturxia galega: Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo e Euloxio Ruibal. Entende que na actualidade hai un certo estancamento e queixase da política cultural incoherente que se fai dende as institucións públicas, aínda que non esquece que contamos con grandes profesionais en todos os planos da dramaturxia. Aposta polos cambios radicais para formar unha estrutura consolidada que achegue o teatro á xente. Para rematar fala dun futuro incerto, pero esperanzador que ten que ofrecer coñecemento e entretemento a través da escena.

Alonso Girgado, Luís, “A prensa dos emigrantes galegos en Uruguai”, *Ferrol Análisis*, n.º 21, “Galicia”, 2006, pp. 146-153.

Analiza o corpus de prensa dos emigrantes galegos en latinoamérica. Examina o seu crecemento e ofrece datos e un balance da mesma. Refírese a publicacións como *Arazua* (1929), *O Irmandiño* (1934) e *Raza Celta* (1934), ás que define como “tres puntos de consulta da reflexión galeguista”, e tamén a *Alma Gallega*, *Centro Gallego*, *Tierra Gallega*, *El Eco de Galicia*, *El Heraldo Gallego* e *Galicia Nueva*, entre outras. Cita tamén a impulsores entre os que destacan o poeta e xornalista Xulio Sigüenza ou Miguel V. Valiño.

Alonso Montero, Xesús, “No ano da memoria. Versos inéditos de tema francófono e filomarxista na musa do helenista Evaristo de Sela (1917-1994)”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 11-14.

Aproximación á traxectoria vital e creadora de Evaristo de Sela, pseudónimo de Evaristo González Fernández (Sela, Arbo, Pontevedra, 1917-Vigo, 1994), un helenista que trasladou ao galego a *Ilíada* (1990) e a *Odisea* (1992), así como o volume *Poesía neohelénica (1708-1977)* (2001). Lembra que foi docente boa parte da súa vida, que se padeceu prisión durante a ditadura e que naquel momento adquiriu o compromiso de traducir ao galego as obras clásicas. Sinala que viviu atemorizado polo franquismo boa parte da súa vida e que se mostraba contrario ao capitalismo, o que se reflicte en poemas como “Responso indignado (Coplas de maldecir ante el cadáver de Franco)”, “Letanías para o dezaioito de xullo”, “Hispania versus Franco” ou “Un galego caíu”, dos que se reproducen algúns fragmentos.

Álvarez, Rosario e Xosé Luís **Rodríguez Montederramo**, “Un prego solto en galego en defensa do liberalismo: *A parola poléteca*, de 1822”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 367, “Traballos de investigación e estudo”, 2006, pp. 141-193.

Centra a investigación no texto anónimo *A Parola Poléteca*, impreso en Madrid, en 1822. Comeza falando da historia editorial, recepción e suposta autoría, do debate político e feitos históricos presentes no texto. Logo segue cun comentario gráfico e criterios de edición, así como cun comentario gramatical e léxico que axuda ao entendemento do texto. A continuación presenta a edición do texto, tanto a versión impresa máis moderna como a orixinal. Remata coas referencias bibliográficas e un apéndice dos folletos contados no volume.

Álvarez Blázquez, Xosé María, “Introducción a Mari-Castaña”, *Casahamlet*, n.º 8, “Documentación”, maio 2006, pp. 94-97.

Comeza tratando as relacións con Galicia de diferentes intelectuais foráneos que contribuíron ao renacer cultural galego. Así, da conta da vida e obra de Emilio Álvarez Giménez, autor de *Mari Castaña*. A continuación, céntrase na análise deste drama histórico, na data, nos títulos, na figura histórica do personaxe, María Castaña, e a revolta que iniciou. Subliña o labor de Álvarez Giménez a prol do teatro galego e as características técnicas e estilísticas da súa obra. Finaliza expoñendo a mensaxe que quixo transmitir Álvarez Giménez: o amor pola liberdade.

Álvarez Lugrís, Alberto, “O verso conquistado. *Extranjera en su patria. Cuatro poetas gallegos. Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel, Luz Pozo Garza*. Traducción, selección y prólogo de Carmen Blanco. Colección de poesía. Barcelona: Galaxia Guitember/Círculo de lectores, 2006”, *Viceversa*, n.º 12, “Críticas e recensións”, 2006, pp. 165-168.

Recensión do volume editado por Carme Blanco no que se presenta en edición bilingüe unha antoloxía de catro poetas representativo da lírica galega, dende o Rexurdimento até os nosos

días. Parte dunha análise dos autores, significativamente centrada na figura de Rosalía, para, a continuación, analizar temáticas comúns ás súas producións poéticas, análise centrada no concepto de saudade. Remata considerando a tradución como unha expresión máis de saudade.

Álvarez Pousa, Luís, “A Academia asume tódolos elementos que constitúen a nación”. Xosé Ramón Barreiro, Presidente da RAG”, *Tempos Novos*, n.º 115, “Entrevista”, decembro 2006, pp. 32-37.

Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, alude ao papel desta institución no recoñecemento de nación para Galicia e ás diferentes posicións que tomou ao respecto ao longo da súa historia. Refírese á responsabilidade dos políticos no proceso da construción da nación galega, a quen tamén lles “bota en cara” a responsabilidade de que siga existindo unha considerábel asimetría entre a lingua de uso e a lingua de poder. A seguir, afonda nesta cuestión e trata casos como o de Francisco Vázquez e Fraga Iribarne, ademais de falar do papel que xogou a intelectualidade galega, entre os que destaca a Paco Fernández del Riego, que se atreveron a facerlle fronte ao fraguismo, e do papel desempeñado pola igrexa, á que lle hai que agradecer que non lidere un movemento en contra do galego e da galeguización. Recoñece a importancia de introducir no Estatuto o deber de coñecer o galego e comenta o papel de Domingo García Sabell á fronte da presidencia da Academia, ademais de falar da situación das culturas populares que posúen menos recursos na cultura de masas e na Europa actual. Por outra parte, fala da pertenza de Galicia ao estado español ou portugués e da política actual a nivel de España e Galicia. Finalmente, sinala que non volverá ao proxecto dos anos oitenta de facer unha Academia da Lingua e explica que só se afrontarán novos consensos normativos en caso de haber necesidades dentro duns anos.

Angueira, Anxo, “Encaixe, *mise en abyme* e autocomunicación en *Bretaña, Esmeraldina*”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 7-21.

Anxo Angueira analiza o procedemento de *encaixe* na novela *Bretaña, Esmeraldina* (1987), de X.L. Méndez Ferrín, novela que considera, contrariamente ao afirmado por outros críticos, “concebida e planificada cunha lóxica estrutural clara, complexa pero clara e identificábel”. Apunta a coexistencia de tres niveis narrativos: o *extradiexético*, constituído por Amaury, narrador dunha carta fragmentaria, e Esmeraldina, a súa narrataria, que converte a novela en lírica; o *inradiexético*, co cronotopo da cadea do Príncipe nunha Tagen Ata autonómica e con Amaury como protagonista e outros moitos como secundarios, que configuran unha novela carceraria; e o *hipodiexético*, constituído por lembranzas, soños, delirios ou evocacións que conforman unha novela do xénero fantástico. O estudo de Angueira céntrase neste último nivel, onde distingue tres tipos de secuencias centradas no alter-ego de Amaury e co argumento da viaxe e a alteración do cronotopo. A respecto do procedemento do *encaixe*, sinala que as súas orixes se remontan a *As mil e unha noites*, ao *Decamerón* ou aos *Contos de Canterbury*, aínda que a novela de Ferrín se vincula especialmente co modelo empregado por Jack London en *The Star Rover* (1915); por Álvaro Cunqueiro da súa novelística –sobre todo en *As crónicas do Sochantre* (1956)–, e por Torrente Ballester en *La saga/fuga de J.B.* (1972). O estudo demostra a orixinalidade desta obra narrativa con respecto aos seus modelos dada a incidencia do recurso do *encaixe* na súa estrutura, ao estaren concibidos os distintos encaixes

como *mise en abyme*, que espellan o conxunto do texto no enunciado, na enunciación e no código. Angueira salienta que a novela dialoga consigo mesma a través do protagonista e da narrataria, primando deste xeito a autocomunicación e facendo prevalecer con ela a vontade de reestruturación do sistema (manifesto) que o texto encerra e que a outros textos do autor lles foi recoñecida.

A.R., “Épica do Gran Sol”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 81.

Nota na que se ofrece unha breve achega a *Os ausentes de Casteltón* (2005), de Jacobo Barros, autor desaparecido prematuramente. Destácase que é unha novela na que deixou plasmada “a forza toda da maré humana que constitúen os nosos mariñeiros”, reflectindo a épica das xentes do mar, na que o autor participou e chegou a deixar a vida.

Arias Chachero, Patricia e **Pazos Martínez**, Mónica, “Querida mamá. Epistolario inédito de Otero Pedrayo, 1905”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “Documentos”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 71-83.

Comeza este artigo reflexionando sobre a inxente cantidade de cartas escritas por Ramón Otero Pedrayo, o que vén aumentar a inmensa obra publicada por este autor. Compárase a Otero con Baudelaire, Antoine de Saint-Exupéry ou Marcel Proust pola correspondencia que todos eles mantiveron con as súas nais. A continuación, pásase a comentar o conxunto de cartas enviadas entre Otero e a súa nai, máis de mil misivas inéditas, segundo esta información. Ofrécese uns apuntamentos de carácter biográfico que permitan entender o contexto e o motivo para esta correspondencia entre nai e fillo, principalmente a separación que se produce ao ter que desprazarse o autor a estudar a Compostela, primeiro e, posteriormente, a Madrid. Tamén se trata sobre as relacións familiares do escritor, co fin de poder entender moitas das alusións a estas persoas que aparecen ao longo do epistolario. Despois de comentar as características das cartas, tanto de Otero á súa nai como desta ao escritor, dáse paso ás primeiras cartas que o autor escribiu a Eladia Pedrayo, a súa nai, ao ir estudar a Compostela en maio de 1905. Son epístolas onde conta como son os seus días na Universidade, no “Preparatorio” como alumno libre para acceder á carreira de Dereito.

Axeitos, X. L., “A Real Academia Galega no discurso construtivo do Rexurdimento”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “Cen anos coa Real Academia Galega”, 2006, pp. 16-25.

Co fin dar a coñecer o significado da Real Academia Galega, remóntase anos atrás da súa fundación até o Rexurdimento, facendo fincapé no pensamento de Manuel Murguía sobre o mapa de Europa e as pequenas nacións e doutros protonacionalistas. A continuación, trata o nacionalismo dende o punto de vista da emigración e alude á necesidade de crear unha academia. Dá conta dos precedentes e dos problemas na primeira etapa da Real Academia Galega. Tamén fai referencia ás publicacións da institución e céntrase nas posteriores etapas ata a actual.

Bar Cendón, Mónica, “Un recordo para Pura Vázquez”, *Festa da palabra silenciada*, n.º 22, 2006, p. 108.

Despois de recordar que a *Festa da palabra silenciada* xa lle dedicara un monográfico, o 12, a Pura Vázquez (Ourense 1916-2006) e á súa irmá Dora, ofrécese unha breve biografía de Pura Vázquez con motivo do seu falecemento no mes de xullo. Lémbrese que a súa vida estivo marcada pola desolación da guerra civil española, repásase a súa obra, da que se dan algunhas características e tamén se detén nos recoñecementos públicos, de amigos e familiares.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “Discurso pronunciado no solemne acto de entrega da medalla de ouro de Galicia 2006 á Real Academia”, *A Trabe de Ouro*, n.º 67, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 403-406.

Como indica o título este texto recolle o discurso pronunciado polo Presidente da Real Academia Galega no acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia 2006 á Real Academia Galega por parte do Presidente da Xunta de Galicia o 25 de xullo do 2006 en Santiago de Compostela. O texto reflicte a andadura da Real Academia dende o seu xerme, pasando pola súa creación até o día de hoxe. O autor recorda a figura de Manuel Murguía coma o primeiro en soñar cunha institución que normalizara a lingua, a Emilia Pardo Bazán, Xosé Fontenla Leal, Manuel Curros Enríquez e moitos outros que xogaron un papel fundamental.

Becerra de Becerreá, Afonso, “Dramaturgia y teatro gallego de posguerra”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 62-71.

Reflexiónase sobre a situación vivida polo teatro galego durante a posguerra, tanto no interior como no exilio. Se as Irmandades da Fala intentaron levantar a escena coa estrea de *A man da Santiña* (1919) de Ramón Cabanillas, unha obra na que se puña o galego na boca de persoas fidalgas, coa Ditadura só se deixan representar cadros de costumes folclóricos e chocalleiros, así lémbrese que a primeira obra representada despois da sublevación fascista foi *Non chores Sabeliña* (1943) de Trapero Pardo na liña que acabamos de dicir. A situación era mellor no exilio onde se representou *Os vellos non deben de namorarse* (1941) no Teatro Mayo de Bos Aires, pola Compañía Galega Maruja Villanueva e dirixida por Varela Buxán. Ademais Eduardo Blanco Amor crea primeiro a compañía chamada Teatro de Cámara *El Tinglado* e posteriormente o Teatro Popular Galego que representou moitas farsas que fuxen do costumismo. Destácase tamén a figura de Luís Seoane como escritor, artista plástico e editor, fai un teatro comprometido, social. Na vangarda galega están obras como a de Otero Pedrayo, *A lagarada*, ou as de Álvaro Cunqueiro, *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958). A partir dos cincuenta aparecen as primeiras publicacións grazas ao esforzo de Galaxia, nos anos sesenta créanse grupos como *O Facho* (1965) fundado entre outros por Manuel Lourenzo e que aposta por un teatro integramente en galego como a escenificación de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973) de Carlos Casares. Nos anos setenta xa coa transición ábrese novas liñas, pero entende que aínda na actualidade se manteñen eivas como a falta de edición, de circuítos teatrais estables, de institucións rigorosas e entende que é neste momento cando semella que se abre unha luz.

Bello, Xuan, “As dúas irmás e un lobo mao”, *A Trabe de Ouro*, n.º 67, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 353-359.

Este artigo recolle a tradución feita por F. Fernández Rei dunha conferencia en asturiano “Les dos hermanes e un lobo malo”, coa que o poeta, narrador e xornalista Xuan Bello inaugurou a I Escola Permanente Fermín Penzol, que tivo lugar en Ribadeo entre o 28 e o 30 de outubro de 2006. Explícase que este acto foi organizado pola Universidade de Vigo e a Delegación de Cultura do Concello de Ribadeo. O texto céntrase nas figuras de Juan Uría Riu e Vicente Risco, deténdose nas diferenzas entre Asturias e Galicia.

Bernárdez Vilar, Xoán, “Á procura do noso remoto pasado”, *Encrucillada*, n.º 149, setembro-outubro 2006, pp. 435-441.

O autor presenta unha compilación atendendo, dende distintos prismas, aos eventos máis destacados da cultura galega no 2006. Dentro do apartado de Banda Deseñada cita o fanzine *Barsowia* polo premio recibido no Salón Internacional do cómic de Barcelona. En cine e teatro sinala a XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, mentres que no apartado de decesos recorda a Pura Vázquez Iglesias e Ricardo García Suárez, responsábel artístico da editorial Galaxia. Xa en “As Letras”, menciona a dedicación do Día das Letras 2006 a Manuel Lugrís Freire, ademais da homenaxe a María do Carme Kruckenberg por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega ou o primeiro título para nenos que se publicará en chinés, *Avós*, da editorial Kalandraka. Finalmente, en novas en xeral, cita o Premio Otero Pedrayo e xa no apartado específico “Premios” menciona os premios Pen Clube de Galicia, o IV Premio de Poesía Caixanova, o Premio Blanco Amor, o Xerais, o Merlín, o Fundación Caixa Galicia de Narrativa Xuvenil, o San Clemente 2006, o Premio de Novela Europea Casino de Santiago, o Biblos-Pazos de Galicia, o Premio Espiral Maior de Poesía e o Premio Ramón Piñeiro Facer País.

Bernárdez, Carlos L., “Underwood, o concepto e a letra. A poesía visual de Pepe Cáccamo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “Creación”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 79-81.

Comentario sobre a obra de Pepe Cáccamo e, máis particularmente, sobre a exposición que leva por título “Underwood, o concepto e a letra”, que se di que presentou en setembro na galería A Carón do Mar, de Cangas do Morrazo. Encádrase esta na obra en xeral, da que se salienta o seu carácter sempre liminar entre as artes, neste caso entre a poesía e a figuración plástica. Fálase dunha exposición que xera lembranzas, evocacións doutros tempos ou doutros mundos, e tamén doutros autores como Manuel Antonio ou Eduardo Pondal. A maiores, explícanse cinco obxectos desta mostra, os titulados: “Pasantía”, “Cóncava furoca”, “O proceso”, “Impresora a cor” e “O telégrafo de Manuel Antonio”, que se reproducen en fotografía.

Biscainho, Carlos, “O rescate de Luís Manteiga”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 109-111.

Refírese á publicación da obra narrativa de Luís Manteiga baixo o título de *Intres* (2005), unha edición preparada por Manuel Ferreiro e publicada por Edicións do Castro. Dise que tamén se achega un estudo lingüístico da obra asinado por Ferreiro e un comentario de Laura Tato sobre a configuración do xénero narrativo dende o século XIX e a renovación do xénero feita por Manteiga. Coméntase que a obra se compón de catorce capítulos enmarcados por unha “Confesión” inicial e un epílogo titulado “Despois”. Tamén se lembra que o volume se completa cunha narración do propio autor titulada *Albina*, que analiza o papel feminino da súa época cun final aberto. Por último, engádese que esta edición ten que ver co desexo de recuperar o patrimonio literario galego que fora abortado pola Guerra Civil.

Blanco, Carme, “Memoria de mulleres libres”, *Andaina*, n.º 45, outono 2006, pp. 28-30.

Carmen Blanco adianta neste artigo un extracto do seu libro inédito *Atracción total*. Repasa diferentes acontecementos que tiveron como protagonistas a mulleres, que se poden adscribir á Vangarda Feminina e ás Mulleres Libres en Galicia. As heroínas das que fala son Juana Capdevielle, Mercedes Romero Abella, as tres Marías da Alameda de Santiago de Compostela, Elvira Bao e Urania Mella, Pilar Fernández Seixas, as mulleres anarquistas que sufriron na guerra e na posterior posguerra unha durísima represión pola súa militancia, unha “rapada de represión”, Alba Digón e as súas fillas, Carmen Lage Dapena, Sebastiana Vitales Gascón e Federica Montseny. Conclúe afirmando que coa morte da meirande parte destas mulleres se perdeu en Galicia a “vangarda das mulleres libres”, que arrastrou consecuencias até a actualidade.

Blanco Valdés, Juan L., “Dos papeis de Manuel García Barros. En lembranza (e homenaxe) dunha amizade”, *A Estrada*, n.º 9, 2006, pp. 25-49.

Estudo da figura literaria de Manuel García Barros, escritor estradense máis coñecido polo pseudónimo de Ken Keirades (1876-1972). Comeza cun breve achegamento á biografía do autor, destacando sobre todo o seu labor periodístico, así como os seus continuos intentos literarios, que fructificaron en poemas, relatos e outras composicións publicadas na prensa da época. Salienta que o seu maior acerto literario foi un libro de contos que leva o título de *Contiños da terra* (1931). Atendendo o seu quefacer periodístico, Juan L. Blanco Valdés, salienta a popularidade que alcanzou Manuel García Barros como columnista e colaborador no semanario *El Estradense*, publicación de marcado carácter agrarista, que se opón a *La Voz del Pueblo*, voceiro do partido contrario. Na segunda parte do traballo, Blanco Valdés cita un pequeno e vello cartapacio, herdado do seu pai, que contén diferentes textos de Ken Keirades. Ao final do estudo preséntanse íntegros tres destes textos que levan os seguintes títulos: “Estampa estradense”, “Tipos populares ou curiosos estradenses de comezos de século” e “Filosofía d-un soño (Rexouba)”.

Bouzas, Paula, “Actividades do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Heidelberg”, *Galicien Magazin*, n.º 18, novembro 2006, pp. 68-75.

Artigo que reúne distintas seccións que alternan o galego co alemán. En lingua galega, aparecen dous apartados, ademais dun texto en que está o conxuro da queimada, que vai

seguido da súa tradución ao alemán. O primeiro, informa das actividades organizadas polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de Heidelberg durante os semestres de verán e de inverno, entre as cales salienta un curso sobre o Camiño de Santiago, un obradoiro de tradución de textos galegos ao alemán e un concerto da soprano galega Carmen Durán. O segundo apartado en galego é unha presentación do novo lector de galego da Universidade de Trier, que conta as circunstancias vitais e académicas que o conduciron até o seu posto actual como bolseiro. Nestas páxinas hai tamén algunhas fotografías das actividades realizadas no centro.

Bragado, Manuel, “Pregón Feira do Libro, Vigo 30 de xuño de 2006”, *Festa da palabra silenciada*, n.º 22, “Actualidade”, 2006, pp. 130-132.

Reprodúcese o pregón que o director de Edicións Xerais de Galicia leu na Feira do libro de Vigo e no que leva a cabo unha ampla reflexión sobre a lectura. Centra o seu discurso na Alameda viguesa, un lugar que recorda como sede de faladoiros, lectura e outras actividades de ocio. Defende os libros e ofrece moitas razóns a favor da necesidade da lectura e cita as dificultades que libreiros, editores e bibliotecarios pasan e tiveron que pasar para superar a crise de lectura que se instalou na sociedade, por iso considera que cada feira do libro é unha festa da lectura.

Bragado, Manuel, “Luis Noia, In memoriam”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O rego da cultura”, 2006, p. 10.

Lembranza de Luís Noia Domínguez, impresor galego falecido, do que se evocan algúns aspectos da súa biografía. Manuel Bragado salienta da súa traxectoria a vinculación co Partido Comunista, a experiencia da emigración a Caracas, onde fundou a Irmandade Galega, ou o regreso a Vigo, onde continuou co labor de impresor de seu pai en Gráficas Numen, da que sobrancea o ter sacado do prelo obras e materiais clandestinos, entre eles a edición de *Voz e voto*, de Celso Emilio Ferreiro. Do seu labor profesional chama a atención tamén sobre a importancia desta empresa na consolidación do proxecto das editoras galegas ao imprimir moitos títulos para Xerais ou Edicións do Cumio. Remata cualificando a Luís Noia Domínguez como “un modelo de humanidade poderosa”.

Brea, Mercedes e M^a Xesús Nogueira Pereira, “As Memorias de familia de Marcial Valladares”, *A Estrada*, n.º 9, 2006, pp. 7-23.

Mercedes Brea e María Xesús Nogueira Pereira realizan un estudo que aborda a figura de Marcial Valladares, centrándose principalmente na súa obra autobiográfica, *Memorias de familia*. O estudo comeza cunha breve sinopse biográfica do autor de *Máxina ou a filla espúrea* (1880); neste apartado repásase o seu labor literario e cultural no Rexurdimento galego, destacando o seu *Diccionario gallego-castellano* (1884), a súa novela *Máxina ou a filla espúrea*, os *Elementos de Gramática gallega* (1970) ou o *Cantigueiro popular* (1867). Despois deste repaso polas súas principais achegas ao movemento cultural do Rexurdimento, o estudo céntrase nas *Memorias de familia*, obra escrita en castelán. Un primeiro apartado do estudo aborda a estrutura e o contido das *Memorias*, destacando os catro libros e dous

volumes que comprenden a citada obra autobiográfica. O seguinte bloque estuda a relación das *Memorias* coa vida do escritor, incidindo no carácter íntimo e familiar desta obra. Por último, aparecen tres apartados dedicados á presenza da paisaxe ullá (a súa comarca natal) nas *Memorias*, ao ambiente cultural do momento que aparece reflectido na obra e, á presenza da propia obra literaria (máis ben escasa) de Valladares nas súas *Memorias*.

Campos, Domingo, “O premio de recoñecemento á defensa da lingua. Xosé Agrelo, Premio Leixapréen 2001”, *Alameda*, n.º 25, decembro 2006, pp. 54-56.

Recórdase cómo foi creado o premio, quen foi o seu gañador na edición anterior (Manuel María Fernández Teixeiro) e que nesta foi premiado Xosé Agrelo por moitos dos méritos que ten. Fálase do acto de entrega, da semblaza do premiado que realizou Sendón e da representación teatral realizada polos alumnos do instituto do que Agrelo era director e unha homenaxe á falecida escritora Belén Feliú. Recórdanse a todos os premiados até o 2006.

Campoy, Comba, “Cidadanía e teatro. Crónica dun primeiro contacto”, *Escaramuza*, n.º 20, xaneiro 2006, pp. 3-7.

Crónica do foro “Cidadanía e teatro”, convocado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, celebrado entre o 21 e 22 de novembro de 2005 no Consello da Cultura Galega. Como o foro, a crónica organízase en torno aos debates das catro mesas de diálogo. Da primeira delas, baixo o epígrafe “Estabilización e Localización” transcríbense os comentarios dos participantes Paco d’Pink, Ana Vallés, Ánxeles Cuña, Flor Maceiras, Pepe Penabade, Merche Antón, Comba Campoy, Casilda García, Edita, Antón Lamapereira e Xosé Manuel Conde, que reflexionaron sobre a política teatral das institucións. Da segunda mesa, baixo o epígrafe “Financiamento”, reproducíense as palabras dos participantes Belén Quintáns, Luciano Fernández, Pepe Penabade, Monti Castiñeiras, Fuco Sanjiao, Comba Campoy, Eduardo Alonso, Paco d’Pink e Luma Gómez, que abordaron o problema das subvencións e o financiamento privado. Da mesa tres recóllese o debate entre Miguel Martín, Xurxo Mares, Dolores Vilavedra, María Paredes, Mónica González e Artur Trillo, que falan sobre a “Captación e Fidelización de Públicos”, como indica o epígrafe. Por último, e baixo o epígrafe “Vertebración Territorial”, resúmense os contidos do debate da mesa catro, na que participaron Cándido Pazó, Luís Bará, Eduardo Alonso, X. Manuel Fernández, Manolo Rodríguez Tatán, Xerome Calero e Celestino Poza, que falan sobre as redes de programación e xestión. Finalmente, baixo o título “O foro na rúa”, realízase unha breve enquisa a catro persoas sobre teatro galego.

Campoy, Comba e Prego, Santi, “Ser ou non ser. Autores galegos entre a ontoloxía e a política”, *Escaramuza*, n.º 21, outubro 2006, pp. 3-5.

Baixo o subtítulo de “Crónica a dúas mans do encontro de autores dramáticos galegos celebrado en Compostela o 20 e 21 de xaneiro” reúnen-se dous textos que reflexionan sobre as cuestións postas de relevo no encontro de autores dramáticos galegos. Pola súa banda, Comba Campoy realiza unha síntese das posturas defendidas polos diversos autores (José Luís Prieto, Manuel Lourenzo, Cándido Pazó, Gustavo Pernas, Begoña Muñoz e Roberto Salgueiro) no

encontro, concluíndo que é necesario o equilibrio entre a asunción da crise existencial permanente, consubstancial á creación, e a canalización de demandas concretas á sociedade. Santi Prego presenta un texto de maior extensión no que se recollen as declaracións dos participantes no encontro, relativas á representación, publicación e distribución dos seus textos; prego propón, ademais, a cuestión epistemolóxica sobre o estatuto de autor de teatro e, no caso galego, o seu asumido vínculo coa literatura nacional na maioría dos autores; ao tempo, aborda o problema da falta de comunicación entre dramaturgos e compañías. Finalmente, tras comentar as diversas opinións sobre o éxito nos centros de ensino da obra de Manuel Núñez Singala *O achado do Castro* (1991), Prego anima á colaboración na revista, afirmando que “necesitamos autores”.

Caneda Cabrera, Teresa, “¿Quen lle ten medo a James Joyce?. Reflexións en torno á inminente tradución ao galego de *Ulysses*”, *Escaramuza*, n.º 20, “En Portada”, xaneiro 2006, p. 7.

Reflexiona sobre cuestións referidas á inminente tradución ao galego da obra *Ulysses*, de James Joyce, analizando algúns dos aspectos máis problemáticos do borrador do primeiro capítulo. Comeza cunha referencia á Xeración Nós e aos textos que Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco dedicaron ao autor irlandés no seu intento de modernización do sistema literario galego. A continuación refírese á problemática da obra en canto á linguaxe para logo considerar certos criterios que se deberan estipular para velar pola calidade da súa tradución ao galego. Para ilustrar os diferentes criterios adoptados na tradución ao castelán e a maneira na que poden condicionar o texto fonte, cita as traducións de Valverde (1976) e García Tortosa (1999). A seguir, analiza o borrador da tradución galega e as dificultades que se poden atopar nas analoxías, simetrías, paralelismos, aliteracións e recorrencias de tipo fónico, tan abundantes na obra joyceana. Menciona tamén ao tradutor Xavier Queipo e enfatiza o fundamental papel que a linguaxe desenvolve como forma de significación, unha das maiores dificultades coas que se atopa o tradutor. Remata cunha análise valorativa do borrador do primeiro capítulo.

Carballeira, Paula, “II Encontro de Narradores/as orais, Contistas, Contadores e Contadoras de Contos”, *Escaramuza*, n.º 20, “En Portada”, xaneiro 2006, p. 7.

Comeza lembrando a celebración do I Encontro de profesionais relacionados coa narración oral que tivo lugar en 2004 en Junta de los Ríos (Cádiz), no que se puxo en común a problemática destes profesionais. Detense logo nas cuestións que máis preocupan a este colectivo, como a busca dun espazo propio da narración oral nas ofertas culturais, a dignificación do oficio ou a dispersión. Explica que para este segundo Encontro a temática elixida foi a figura do narrador/a e o lugar de celebración a vila de Mondoñedo, da que destaca o contorno que ofrece. Repasa algunhas das temáticas tratadas, dende a simboloxía, a memoria ou as fronteiras da oralidade até a súa relación coa escritura e o teatro. Remata agradecendo a presenza dos profesionais galegos ao evento, pois considera que é fundamental dar a coñecer o labor que se está a facer en Galicia neste terreo.

Carredano Cobas, Ramón, “Historias do Liceo. XX”, *Alameda*, n.º 23, xuño 2006, pp. 9-11.

Comenta a etapa da Asociación que dá nome á revista dende a chegada á directiva de Armando Rama Villaverde (1966-1967). Recorda, ademais de xestións internas da asociación actividades como bailes de verán, festas de Antroido, etc.

Carredano Cobas, Ramón, “Historia do Liceo. XXII”, *Alameda*, n.º 24, setembro 2006, pp. 9-12.

Novo capítulo da historia desta sociedade, con datos de decembro de 1967 en relación coa xestión da institución e das actividades que se realizaron e aquelas que non se puideron levar a cabo.

Carredano Cobas, Ramón, “Xosé Agrelo e o Liceo”, *Alameda*, n.º 25, decembro 2006, pp. 7-11.

Loanza da figura de Pepe Agrelo, que considera difícil de repetir polo seu traballo a prol da comunidade, pola súa ilusión e enerxía. Recorda algún dato biográfico do autor que vivía en Esteiro, profesor nunha época na Academia Balmes, membro e guionista do cadro de autores que realizaron o programa, de moita sona, “Voces no aire” para a Emisora do Instituto Laboral, de onde saíu o grupo Talía de teatro, dirixido primeiro por Guillermo García Iglesias e noutra etapa polo propio Agrelo, que fora actor do mesmo. Tamén se refire ao labor de Xosé Agrelo no CIT (Centro de Iniciativas Turísticas), no que organizou diversas actividades, entre as que introduciu o teatro. Explícase que a súa relación co Liceo comezou en 1973 como bibliotecario e director do grupo de teatro do Liceo, no que puxo en escena *Farsa de Micomicón e Adhelala*, de Eduardo Blanco Amor, primeira vez que se facía teatro en galego na Sociedade. Lémbrese que creou o grupo de teatro Candea para levar a Ribadavia en 1975 a peza *Pancho o de Rábade*, de Álvaro de las Casas, á que seguirían outras como *Rexurdimento* e *Noite de lobos*, a obra máis coñecida da agrupación. Sinala tamén que, malia que o grupo se desvinculou do Liceo, Agrelo seguiu a traballar con esta institución até a súa morte. De entre os proxectos destaca a creación da propia revista, para a que Xosé Agrelo tiña en mente facer unha exposición coas vinte e cinco cubertas, aínda que non lle deu tempo, pero o cronista di que a idea non caerá en “saco roto”.

Carvalho Calero, Ricardo, “Pedro Madruga no teatro galego”, *Casahamlet*, n.º 8, “Documentación”, maio 2006, pp. 98-103.

Comeza referíndose á independencia coa que vivían os nobres na época dos Reis Católicos e fálase da lembranza popular e do recoñecemento na literatura de Pardo de Cela, ao contrario que Pedro Madruga, Conde de Caminha. A continuación, dáse conta do pequeno drama de Juan Cuveiro Piñol, *Pedro Madruga*, peza da que se sinala que o autor tratou de exaltar ao nobre galego como unha figura heroica. Coméntase que nesta obra se anuncia o fin do feudalismo. Logo, afóndase na figura de Ramón Otero Pedrayo para centrarse nas referencias do autor a Pedro Madruga, nas que se mitificou o señor de Soutomaior. Dise que non se conseguiu que Pedro Madruga se reflectise nun drama como Pero Pardo no *Mariscal* e finaliza aludindo a outros escritores que trataron a figura do nobre.

Casal Porto, Xosé, “Abel Ruibal Ferro. Poeta na emigración”, *A Taboada*, n.º 11, decembro 2006, pp. 97-106.

No percorrido pola historia cultural de Moraña, o autor detense na temática da emigración lembrando morañeses destacados como Xosé Carbajales, Luciano Folgar ou o poeta José Giménez, mais detense na figura de Abel Ruibal Ferro, do que ofrece un percorrido pola súa traxectoria persoal e profesional, á vez que recupera varios dos seus poemas, que intercala coa narración da súa vida na emigración: “Longás”, “Unha melodía interior (IV)”, “Mis campanas” e “Pingueiras”.

Caseiro, Delfín, “Lamas Carvajal e a Academia Galega”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 51-56.

Estudo no que se fai unha achega á figura de Valentín Lamas Carvajal e a súa reivindicación dunha Academia Galega. Sinálase que o autor ourensán foi dos primeiros en manifestar publicamente e por escrito a necesidade de crear unha institución que amparara a lingua galega. Reprodúcense abondosos textos nos que se recolle esta idea ao longo da dilatada traxectoria do intelectual ourensán, que faleceu uns días antes da inauguración oficial da Academia, non podendo asistir ao acto. Tamén se dá conta dos distintos intentos de creación que tiveron lugar nos últimos anos do século XIX e das dúas comunicacións que existen na Academia da viúva de Lamas Carvajal, nas que, por un lado, solicita axuda para un mausoleo en Ourense e, polo outro, pide a colaboración dos académicos nun número de homenaxe ao autor con motivo do primeiro aniversario da súa morte. Recóllense tamén outros actos como a inauguración en 1949 no xardín do Posío de Ourense dun monumento na honra de Lamas, acto no que Ramón Otero Pedrayo empregou por primeira vez a lingua galega despois da Guerra Civil, ou a iniciativa da Real Academia de dedicarlle a celebración das Letras Galegas ao autor ourensán en 1972.

Castaño, Yolanda, “Vivir na resistencia. Si á contaminación”, *Tempos Novos*, n.º 108, maio 2006, pp. 68-71.

A autora sitúase na fronteira do sistema para facer unha panorámica da situación da arte e cultura galegas incidindo na idea de “vivir na resistencia”. Menciona a figura daqueles artistas, creadores e creadoras, aínda non moi coñecidos, e que cualifica de “enriquecedoramente contaminados” por todo o que lles rodea. Centra a atención no ámbito da plástica, da danza, da poesía, con autores como María Lado e Lucía Aldao, que axudan a “desentumecer tópicos e prexuízos”, ou o teatro alternativo, grazas a salas independentes como a desaparecida Sala Galán, a NASA ou o Teatro de Arte Livre.

Castro Vázquez, Olga, “As traducións de literatura galega no Reino Unido. Situación actual e proxección de futuro (1995-2005)”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 22-37.

Primeiramente, Olga Castro repasa a situación da literatura galega en todo o ámbito anglófono, enmarcándoa nunha perspectiva cronolóxica. Comeza este repaso citando as obras traducidas nos Estados Unidos dende 1937, data da publicación do libro de poesía de Rosalía de Castro *Beside the river Sar*, na Berkeley University of California Press, até 2001, cando John Hoover Burns preparou unha antoloxía para o PEN Clube de Galicia titulada *A poesía é o gran milagre do mundo* ou, en datas recentes, as traducións das obras de Manuel Rivas en Overlook Press de Nova York. En Irlanda menciona as traducións de varios poemas de Úrsula Heinze; en Canadá un libro recompilatorio das cantigas de amigo en 1996 e a tradución do poemario *M-Talá*, de Chus Pato, realizada en 2003 por Erin Moure; e en Australia a tradución de *Xa vai o grifón no vento*, de Roy C. Boland. A seguir, aborda o contexto histórico máis recente (1995-2005) deténdose nas obras recompilatorias de poesía galega, na literatura considerada “española” –como o caso de *Merlin and Company*–, nos extractos publicados en revistas, e, cunha atención especial, ás obras publicadas pola editorial galesa Planet Books e a londiniense Harvill Press-Random House. Achega ademais unha análise das condicións de tradución, edición e recepción que acompañaron a publicación de cada unha das obras. O obxectivo do estudo é, dunha banda, destacar a importancia da tradución da literatura galega cara a outros sistemas como o británico, na medida en que contribúe a aumentar a autoestima do propio sistema literario e cultural galego, e, doutra, abrir novas liñas de investigación para estudos posteriores que afonden no tema.

Castro Vázquez, Olga, “As terceiras mulleres. María do Cebreiro, Rábade Villar”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 201-202.

Recensión do volume *As terceiras mulleres* (2005), de María do Cebreiro Rábade Villar, que Olga Castro sitúa no marco da revalorización do discurso feminista e feminino a través de ensaios que revisan varios aspectos dos estudos literarios. Menciona outros traballos anteriores da autora –como o estudo comparatista *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña* ou a súa participación na obra *Elementos de crítica literaria*, coordinada por Arturo Casas– e reconece como elemento innovador o feito de inserir a literatura comparada como ferramenta metodolóxica coa que vincular os estudos de xénero e a crítica literaria. Percorre a estrutura do volume, composto por nove ensaios breves que aglutinan diferentes obxectos de estudo de estilos e cronoloxías diversas coa idea común de achegar unha visión renovada, mesmo transgresora por veces, e tamén de reflectir a imaxe do imaxinario patriarcal a respecto da creación feminina. Salienta tamén que María do Cebreiro pon de manifesto o produtivo que pode resultarlle á crítica feminista o marco metodolóxico dos estudos comparatistas aplicados dende disciplinas interrelacionadas como a literatura, a música, o cinema, a filosofía, a pintura ou as artes visuais. A seguir detense nos apartados do libro, comezando polo limiar, que contén unha declaración de intencións a xeito de guía de lectura con explicacións arredor da polisemia do concepto xénero. Do primeiro ensaio comenta que comeza cuns versos das *Metamorfoses* de Ovidio para incorporar unha mostra das personaxes femininas da secuencia das fillas do Anio; e do segundo destaca o bosquejo do pensamento e sentimento amoroso da Idade Media a través da análise dun poema da enigmática raíña de Mallorca no que esta dá conta da súa propia concepción do *fin’amors*. O rol da muller nas relacións amorosas serve de elemento central ao terceiro ensaio; a realidade poscolonial mexicana e cubana, respectivamente, trátanse no cuarto e no quinto; mentres que o sexto e o sétimo están dedicados a dúas autoras universais, Rosalía de Castro e Virginia Woolf. Repara tamén nos contidos do capítulo oitavo, dedicado a obras de actualidade, e do noveno, onde

María do Cebreiro expón un estudo da arte expresionista nas súas diferentes manifestacións mediante unha comparación entre o filme *Branca da neve*, de Augusto César Monteiro, a obra teatral *Brancaleves*, de Robert Walser, e o conto orixinal dos irmáns Grimm. A xeito de conclusión, Olga Castro opina que a intención do volume responde ao desexo de poñer sobre a mesa as contradicións do canon normativo máis que chegar a conclusións, e a descubrir posíbeis novas lecturas a través dunha interesante exposición discursiva.

Castro, Iago, “A palabra poética de Ferrín na proa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 97-98.

Comentario do novo libro de poemas de X. L. Méndez Ferrín, titulado *Contra Maquieiro* (2005). Despois de situar moi sucintamente esta obra na produción poética de Ferrín, pasa a comentar a estrutura do libro, que está conformado por catro partes. A continuación, percorre cada unha destas seccións e vai evocando temas e alusións que enchen as páxinas destes poemas. Remata destacando o importante e consolidado papel de Ferrín nas nosas letras e a súa continua procura e exploración de posibilidades para a lingua literaria galega.

Caveiro, Laura, “As galeras de Normandía. Ramón Loureiro”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 206-207.

Laura Caveiro comenta *As galeras de Normandía* (2005), de Ramón Loureiro, novela que sitúa no universo literario do autor, no que “as almas emigran sen tregua nin repouso polos corpos de todo xénero, no alto e no baixo da escala conforme ao grao das súas culpas, mentres se agarda a resurrección doutros corpos que podreceron”. Refírese á seguir ao argumento da novela e aos personaxes que a poboan no espazo de Terra de Escandoi, sustento da dimensión mítica e irónica da realidade, a carón da dimensión amargada, abordada dende o humor negro. A recensionista opina que se trata dunha obra de longo alento e marcado carácter coral e que a orixinalidade de Loureiro rechama no panorama da narrativa galega actual por integrar na construción narrativa a convivencia entre vivos e defuntos. Remata reparando no estilo, con estruturas sintácticas complexas, que conforma un texto de enorme riqueza léxica e no que, como advirte o propio autor, están as sombras de Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester e Carlos Casares, pero non as súas literaturas.

Caveiro, Laura, “Théodore Géricault e o mariñeiro Fonseca”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 95-96.

Recensión sobre a obra de Hixinio Puentes, *Aguillóns de Ortegal* (2005). Laura Caveiro comeza comentando a orixe real dos feitos que inspiraron a Géricault unha obra mestra da pintura romántica e que esta crítica relaciona coas cores con que Hixinio Puentes narra o “horror do mariñeiro Fonseca no bote salvavidas”. Repasa a trama, a estrutura e os personaxes da novela, á vez que salienta a predestinación de Fonseca que ecoa en toda a novela.

Cebreiro, María do, “Teñen corpo? A poesía dos homes”, *Abril*, n.º 32, “Entre liñas”, outubro 2006, pp. 73-79.

En paralelo aos traballos de Daniel Salgado e María P. López Suárez contidos no número monográfico da revista *Abril*, este ensaio de María do Cebreiro tenta analizar a centralidade do corpo na última produción poética galega. Afirmado que “Aló onde o corpo se sente ameazado, aparecen a furia e o ruído. Aló onde o corpo se sente seguro, aparece a abstracción”, a autora afirma a imposibilidade do enunciado “A poesía dos homes”. Cuestiónanse, en primeiro lugar, as identificacións que se viñeron dando nos últimos tempos en Galicia entre “nova poesía”, “poesía das mulleres” e incorporación real das mulleres a todos os ámbitos da sociedade. Refírese a certos poetas da súa xeración cuxa poesía contén, en palabras da autora, “corpos descapitalizados”: Antón Reixa, Carlos Quiroga, Antón Lopo, Xabier Cordal, Estevo Creus e Daniel Salgado. A modo de fábula, comenta unha anécdota autobiográfica e cita fragmentos de Robert Lowell e da obra inédita dun autor do que non se revela o nome, así como de Jacques Lacan e Derrida. Pregúntase se o corporal é decisivo ou contingencia. Chega á conclusión, tras un percorrido pola obra dos autores galegos citados, de que é posíbel, para quen así o elixa, mudar polo desvío a posición “normal”, como estes poetas demostran. Conclúe cunha resposta afirmativa á pregunta inicial que dá título ao ensaio.

Cebreiro, María do, “O personaxe como categoría transversal do comparatismo. De Ofelia a Marilyn Monroe”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 33, “Estudos”, 1º semestre (2005), 2006, pp. 135-157.

A autora pretende emprender un achegamento teórico e crítico á categoría de personaxe a través dunha análise comparada dalgunhas recreacións artísticas da Ofelia de William Shakespeare. Nocións como as de “transversalidade” ou “dispositivo de enunciación analítica”, vinculadas ao pensamento de Gilles Deleuze e Felix Guattari, son empregadas como guías de acceso ao personaxe feminino. No corpus elixido sobrancea o tratamento poético de Ofelia, que se deixa ver na obra de autores como Georg Heym, Arthur Rimbaud e António Maria Lisboa, ademais de nos galegos Álvaro Cunqueiro, Xohana Torres, Chus Pato e Marta Dacosta.

Cochón Otero, Iris, “Ab ipso ferro. Encubrimentos enunciativos e refundicións xenolóxicas en *Contra Maquieiro*”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 38-47.

Céntrase este estudo no poemario *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín. Saliéntase en primeiro termo que se trata dunha obra abertamente política que repasa o século XX e os seus “lutuosos acontecementos”, centrándose nas guerras como os sucesos máis significativos do período. Apúntase que o compromiso do poeta ao longo das trinta composicións amosa a herdanza con dous textos: o “Canto XLV”, de Ezra Pound, e o oratorio fúnebre de André Malraux, elaborado co gallo do traslado ao Panteón dos restos do dirixente da Resistencia francesa Jean Moulin. Coméntase que en *Contra Maquieiro* a memoria se revisa dende dous ámbitos, o histórico e ficticio e mais o literario e sistémico, o que, tendo en conta o punto de vista da dinamización e do asentamento do subsistema poético, incide nas escollas enunciativas, negadoras do tópico que reduce a poesía ao lirismo introspectivo e autotélico, e máis afecta ao tratamento paródico e/ou lexitimador dos xéneros canónicos. A

subversión da voz poética e do xénero poético fan do volume, en opinión de Iris Cochón, un exemplo de produtividade política e simbólica que resume algunhas das vías máis transitadas pola poesía civil galega dos últimos tempos. Detense tamén en aspectos como a complicada montaxe do poemario, que inclúe, por exemplo, dous desdobramentos recorrentes na obra narrativa de Ferrín pero estraños na súa poesía: o do falante en terceira persoa e o neno orfo de Vilanova dos Infantes, e máis o dos escritores recreados e as súas criaturas de ficción.

Comesaña Besteiros, María, “Aproximación á representación do xénero na poesía galega de muller: Enma Pedreira, Yolanda Castaño e Lupe Gómez”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 48-63.

Refírese ao *boom* da escrita poética feminina dentro do sistema literario galego que comezou na década dos oitenta, con precursoras como Luísa Castro, e dos noventa, coa aparición de creadoras de diversa procedencia, idade, formación e estilo pero co elo común da preocupación que, como mulleres, debían representar na sociedade. Para analizar o modelo que establecen estas poetas manexa conceptos como os de xénero, sexo ou *performance*, xa que o corpo se transforma en lugar de denuncia e a sexualidade faise explícita e ten lugar unha representación que o suxeito fai de si mesmo de xeito máis ou menos consciente. A seguir analiza a obra de Yolanda Castaño, en cuxa obra se atopan exemplos dese intento de (re)valorizar o corpo da muller, tradicionalmente obxectualizado e menosprezado, dando entrada a un novo erotismo. Divide a obra desta poeta en dous períodos e detense na análise do inicial, que abrangue os seus tres primeiros poemarios, *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998) e *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), que presentan o erotismo expresado nunha linguaxe artificiosa que transmite distanciamento e frialdade entre texto e lector. A respecto dos poemarios de Emma Pedreira, sinala que evidencian motivos recorrentes como o rexeitamento ao concepto de maternidade vixente, o silencio da muller ou a reivindicación dun pasado mítico feminino caracterizado por un saber de mulleres e transmitido de xeración en xeración. E, en relación coa poética de Lupe Gómez, apunta a importancia de *Pornografía* (1995) por constituír “unha sucesión de estrañamentos”, que se revelan en aspectos como a exhibición impúdica que se incorpora á linguaxe poética para desbotar a imaxe da muller construída dende a óptica masculina como estático modelo de beleza; a sinonimia entre poesía e corpo ou a materialización nas identidades femininas da nena e da puta. Sintetiza as poéticas destas tres autoras, e as da maior parte das autoras renovadoras da poesía nos oitenta e nos noventa, salientando a enunciación dende un eu claramente feminino; o papel preponderante do corpo de muller, que se expresa libre de pudor e mesmo con elementos sempre menosprezados como o sangue menstrual; a expresión do erotismo e do desexo sexual activo; e a revisitación e reinterpretación dos mitos dende unha óptica feminina.

Costas, Xosé Henrique, “Méndez Ferrín: ‘Conformámonos con pouco en medio de tanta barbarie’”, *Naz-ón*, nº 1, “Entrevista”, 2006, pp 4-6.

Entrevista a Méndez Ferrín na que se fala tanto sobre cuestións socio-políticas como literarias. Con respecto a estas últimas, fala do sistema literario galego, ao que considera sistema independente, a contribución da literatura na configuración dunha Galicia independente, ou a identidade nacional vinculada á literatura e reflexión histórica. Refírese

tamén a figuras da nosa literatura e céntrase de forma especial na figura de Álvaro Cunqueiro, xa que en 2006 se fixeron 25 anos da súa morte.

Cuña Bóveda, Ánxeles, “Teatro gallego actual”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 109-114.

Despois de ofrecer unha introdución na que reflexiona sobre o teatro galego actual, divídese o artigo en distintos apartados, “¿De dónde venimos?”, “¿Dónde estamos?”, “¿Hacia dónde queremos ir?”, e “¿Futuro utópico?”, para presentar a herdanza do teatro actual galego e o seu futuro no século XXI. Refírese neste percorrido ao papel das Irmandades da Fala a primeiros do século XX, á importancia de Valle Inclán como anticipador das vangardas europeas no seu uso do esperpento, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste e o teatro do exilio. Tamén cita a Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal ou Roberto Vidal Bolaño, así como a Asociación Profesional de Actores, Técnicos e Directores de Escena nos anos oitenta e os actores Mabel Rivera ou Luís Tosar. A seguir, analiza os espazos nos que teñen lugar as representacións teatrais, as programacións, e os grupos de teatro actuais. Remata ofrecendo unha reflexión sobre o futuro utópico do xénero.

Dasilva, Xosé Manuel, “Lugrís Freire e a tradución”, *Viceversa*, n.º 12, “Informacións”, 2006, pp. 203-207.

Análise de Lugrís Freire como tradutor. Comeza referíndose á tradución (definida como “autotradución”) ao castelán dalgunhas das súas obras en galego. A continuación reproduce o artigo publicado por Lugrís Freire nas páxinas da *Revista Galicia Moderna* xa que, como manifesta, non aparece referido integramente no volume *Babel entre nós*.

Dasilva, Xosé Manuel, “A difusión de Rosalía no Brasil”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 99-101.

Este artigo comenta, á raíz dunha nova publicación de poesía rosaliana en portugués do Brasil, como foi a recepción e a difusión da obra de Rosalía de Castro neste país. Sinala que esta autora foi obxecto de homenaxe por parte de escritoras e escritores de terras brasileiras e cita algúns nomes e títulos. Lembra que a primeira edición de Rosalía de Castro en portugués do Brasil correu a cargo de Ecléa Bosi, hai catro décadas. Comenta, ademais, algunhas versións de poemas rosalianos ao portugués de Portugal, xa dende o século XIX. Por último, analiza polo miúdo o volume *A rosa dos claustros*, que constitúe o novo volume de poemas da autoría de Rosalía de Castro vertidos ao portugués do Brasil.

Dasilva, Xosé Manuel, “A imaxe rosaliana eivada de Machado da Rosa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “O espello das letras”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 101-102.

Crítica do volume *Rosalía de Castro, a mulher e o poeta* (2005), baseado na tese de doutoramento do brasileiro Machado da Rosa, que defendera na Wisconsin University en

1953. Explícase que se trata dunha edición promovida por Elías Torres Feijóo e José Manuel Joel Rodríguez, a cal conta cunha introdución breve coa que se tenta xustificar a pertinencia de publicar neste momento un traballo que leva máis de cincuenta anos inédito. Denúncianse os argumentos presentados sobre a pertinencia de que vexa a luz, pois considérase que é un traballo no que se defende unha análise autobiografista da obra rosaliana, sen ningún tipo de fundamento, e que xa no seu momento fora refutada por autores de prestixio como Bouza Brey, Carré Alvarellos ou Carballo Calero. Considera que dar á luz un traballo destas características non representa ningunha achega, polo que só serve para “lle dar publicidade a un pecado crítico xa expiado hai moito tempo en razón do arrepentimento de quen o cometera”.

Dasilva, Xosé Manuel, “Lino Novás Calvo, tradutor galego de Hemingway (Noticia dun centenario esquecido)”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 33, “Notas”, 1º semestre (2005), 2006, pp. 253-267.

Achega á personalidade de Lino Novás Calvo (Grañas do Sor, Mañón, 1903-Nova York, 1983), escritor e tradutor galego que durante o ano 2003 foi motivo de varias efemérides, pero que pasaron practicamente desapercibidas. Percórrese a súa traxectoria vital e creativa, na que se pon de relevo a súa actividade como tradutor ao castelán de obras contemporáneas dende o inglés e o francés, con especial atención a *O vello e o mar*, de Ernest Hemingway, autor que só autorizou a Novás Calvo para trasladar a súa obra a esta lingua. Reflexiona sobre o concepto de “tradución autorizada” e refírese ás críticas recibidas por este traballo de Novás, algunhas delas moi recentes. Remata reproducindo o fragmento inicial da tradución da novela de Hemingway ao galego, realizada por Carlos Casares.

D’Oleiro, E., “Galiza, a forza da palabra”, *Naz-ón*, n.º 4, “Exposición”, 2006, p.25-6.

Comentario sobre a exposición “Galiza, a forza da palabra” organizada conxuntamente pola Real Academia Galega e a Fundación Caixa Galicia con motivo da celebración do centenario desta institución da lingua e a cultura galegas. Comeza referíndose ao percorrido que representa á exposición pola historia da lingua e cultura a través de libros, cadros, obxectos e fotografías que ocupan as salas da exposición da sede coruñesa da Fundación dedicando cada andar a “O discurso da configuración do país” e “Galicia, nación literaria”. Di que a mostra comeza no medioevo con documentos únicos que recollen a tradición trobadoresca galega, pasa polos Séculos Escuros e céntrase nas tres figuras clave do rexurdimento galego: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, ademais de referirse tamén ao labor de Manuel Leiras Pulpeiro ou Valentín Lamas Carvajal. Remata comentando o valor da exposición e os seu contido e lembra a importancia concedida ás novas tecnoloxías na exposición.

Domínguez, César, “Os horizontes da teoría interliteraria na Península Ibérica: recepción e campo de probas”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 34, “Estudos”, 2º semestre (2005), 2006, pp. 37-65.

Estudo no que se parte do feito de que as correntes eslavas da Teoría literaria como o Formalismo ruso, o Estruturalismo checo ou a Semiótica da cultura espertaron un grande interese en España, no entanto estas mesmas correntes considérase que non tiveron unha influencia importante na Literatura Comparada, e sinálanse como fundamentais dúas razóns: por un lado as barreiras lingüísticas, posto que a teoría literaria eslava é coñecida en España fundamentalmente grazas a traducións francesas, e polo outro debido á breve vida institucional da Literatura Comparada en España, que se describe como unha disciplina polarizada entre as chamadas Escolas francesa e americana. Neste traballo César Domínguez analiza a situación dunha das escolas eslavas máis activas en Literatura Comparada, a saber a teoría do proceso interliterario de Dionýz Ďurišin. Centra a súa análise nos dous aspectos anunciados polo título: recepción e campo de probas. Polo que se refire á recepción, discute as traducións das obras de Ďurišin ao castelán e os estudos inspirados pola teoría interliteraria. Con respecto ao campo de probas, explica os fundamentos dun proxecto de investigación levado a cabo na Universidade de Santiago de Compostela, unha *Historia comparada das literaturas na Península Ibérica*, auspiciada polo *Coordinating Committee for a Comparative History in European Languages* da ICLA. Neste último caso, subliña as débedas deste proxecto de investigación con respecto ás teoría de Ďurišin e como a Península Ibérica como espazo literario pode contribuír á comprobación dalgúns dos principios da teoría interliteraria.

ECO, “A cultura galega dialoga en Brasil”, *ECO*, n.º 185, “Sociedade”, outubro 2006, pp. 76-77.

Dáse conta da celebración por parte da Asociación Internacional de Estudos Galegos do seu VII Congreso Internacional en Salvador de Baía (Brasil) no mes de setembro. Faise unha breve historia dos encontros internacionais levados a cabo nestes últimos anos. Recóllese o programa de actos levado a cabo, subliñando a presenza e participación de persoeiros de renome. Remátase dando conta da nova directiva e os proxectos de futuro salientando a celebración do próximo congreso en Galicia.

Estévez, Manuel Antonio, “Mar de Sol, primer libro de Castroviejo: su celtismo y su deuda con Manoel Antonio”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 43-51.

Iníciase o artigo cunha breve presentación do estudo crítico do poemario *Mar de Sol*, para continuar cunha breve escolma dos datos biobibliográficos máis destacados de José María Castroviejo. Da vida de Castroviejo sobrancea a súa “natural” condición de galego, así como o seu posicionamento político “anarcotradicionalista”, a través do que interpreta a realidade e crea a súa obra. Analízase a influencia de Manoel Antonio e o seu poemario *De catro a catro*, tanto no imaxinario lírico de Castroviejo como, máis en concreto, na concepción e a concreción do seu primeiro poemario, *Mar de Sol*. Recóllense as opinións vertidas en contrario desta influencia, sustentadas fundamentalmente na moi distinta visión da poesía de ámbolos dous bates (vangardista, un; tradicionalista e realista, o outro). A través da recollida de opinións persoais e de reminiscencias literarias concretas, presentes no citado poemario de Castroviejo, da figura e obra do poeta rianxeiro; entre estas influencias, por exemplo, os versos de *De catro a catro* que encabezan tres dos poemas de *Mar de Sol*. Coméntase,

ademais, a presenza obsesiva do mar en toda a obra, un elemento que reforza o paralelismo coa obra de Manoel Antonio, pola súa posición de eixe estrutural da obra, tamén polo feito de estar concibida aquí como un diario de abordo. O celtismo é outro dos elementos cuxa presenza se estuda: presente en imaxes como as de cidades ou terras asolagadas, as de campás que repenican debaixo do mar ou as de procesións de náufragos.

Fernández Carballido, Xurxo, “Eclósión de vida e cultura”, *Tempos Novos*, n.º 113, “Cataventos”, outubro 2006, pp. 6-7.

Faise eco da celebración do Festival da Poesía no Condado, que xa vai pola vixésima edición, en Salvaterra do Miño, durante os días 31 de agosto e 1 e 2 de setembro. Informa ademais que o Festival se complementa con exposicións de pintura e fotografía, proxeccións audiovisuais, actividades para os máis pequenos e música. Sinálase que ao festival asistiron, entre outros, Cesáreo Sánchez, María do Cebreiro, Xulio López Valcárcel, Eduardo Estévez, Sechu Sende e Marta Dacosta.

Fernández Carballido, Xurxo, “VIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Outra oportunidade perdida”, *Tempos Novos*, n.º 114, “Horizontes”, novembro 2006, pp. 55-57.

Refírese ao VIII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, que tivo lugar en Salvador de Bahía (Brasil) e no que participaron profesores, estudantes e investigadores do Brasil, Cataluña, Alemaña, Reino Unido, Cuba e Galicia. Segundo se indica, foi un encontro arredor da cultura galega, asentado excesivamente en cuestións lingüísticas. Carballido cualifica este encontro de “transición” e de oportunidade perdida para sentar as bases dun intercambio entre as dúas beiras do Atlántico. Fai ademais unha breve alusión ás distintas intervencións, como as de Pilar Cagiao, Víctor F. Freixanes e María Pilar García Negro. Refírese tamén a algúns aspectos negativos, como a suspensión de varios relatorios previstos ou o escaso número de actos culturais. Remata aludindo á gran responsabilidade dos organizadores do próximo congreso, que terá lugar en Santiago de Compostela no ano 2009.

Fernández Castro, X.M., “Aproximación a las últimas dramaturgias gallegas”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 89-100.

Pretende facer unha achega aos dramaturgos máis novos durante o último cuarto do s.XX e os primeiros anos do estreado s.XXI. Fai unha pequena recensión das seguintes obras de teatro que no seu momento foron apostas da mocidade para un teatro profesional. Analiza *Progreso e andrómena de antroido* de Camilo Valdeorras, *Silvana. Tragedia* de Emiliano Picouto, *Fisterra* de Millán Picouto, *Xogos de damas* de Anxo Rei Ballesteros, *Fin de acto* de Alberto Avendaño, *Ei, Feldmülhe (Fantasía do Valadouro, con vampiros)* e *Venenos* de Xesús Pisón e *A Táboa Ocre de Núbia* de Joao Guisán Seixas. Dentro da dramaturxia institucional destaca entre as propostas interesantes dos máis novos *O arce no xardín*, *Historia de Neera*, *Eliana en ardentía ou Bernardo Destemplado*, *Matanza* e *Molière final* de Roberto Salgueiro, *Copenhague* de Andrés Álvarez Vila e Xosé Cid Cabido, *Matalobos*, *Lugar* e *Estrema* de Raúl Dans, *O peregrino errante que cansou do demo* e *O serodio remordemento do amor* de

Xavier Lama, “Ninguén chorou por nós”. *Elas, que din e 39 veces chao* de Miguel Sande, *Footing* de Gustavo Pernas, *A ciencia dos anxos* de Inma Ant3nio e *Os homes s3 contan at3 tres* de Ant3n Lopo.

Fern3ndez-Couto Tella, Mercedes, “Bibliotecas na biblioteca da RAG”, *Bolet3n da Real Academia Galega*, n3 367, “Traballos de investigaci3n e estudo”, 2006, pp. 195-200.

Reivindica o senlleiro papel que a Biblioteca da RAG representou e est3 a representar. Comeza facendo unha definici3n da biblioteca como “unha colecci3n de fondos bibliogr3ficos reunidos por unha persoa f3sica ou xur3dica ao longo da s3a existencia, e incorporada na s3a totalidade- ou nunca gran parte- 3 Biblioteca da RAG”. Deste xeito, o estudo presente ten como obxectivo presentar aos investigadores as bibliotecas particulares existentes na Biblioteca da RAG, para iso empr3ganse varias fontes: libros de rexistro da biblioteca, as actas das xuntas de goberno e xuntas ordinarias, o bolet3n da Real Academia Galega, os expedientes de doaz3ns e os propios libros. Finalmente presenta unha t3boa coas 23 distintas bibliotecas particulares que foron identificadas.

Fern3ndez Gonz3lez, Frutos, “Notas sobre a familia de Ant3n Losada Di3guez”, *3gora do rcell3n*, n3 12, 2006, pp. 33-41.

Traballo que afonda na xenealox3a da familia e antepasados de Ant3n Losada Di3guez co obxectivo de entender mellor a figura e obra deste escritor. At3ndese tanto a antepasados paternos como maternos. Presenta unha achega biogr3fica de cada un deles e salienta as relaci3ns cos persoeiros m3is destacados da 3poca na que lles tocou vivir. Remata cunha referencia 3 familia pol3tica de Losada Di3guez e a influencia nos seus escritos.

Fern3ndez Rei, Francisco, “Ram3n Lorenzo e As Tebras alumeadas”, *A Trabe de Ouro*, “Publicaci3ns”, n.3 65, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 133-137.

Rec3llese o discurso que Francisco Fern3ndez Rei pronunciou no acto en honra de Ram3n Lorenzo. Nel faise referencia a un volume de estudos filol3xicos composto por corenta e un traballos agrupados en catro apartados: lingua medieval, cr3tica textual e etimolox3a, lingua moderna, literatura medieval e literatura comparada. Sinalase que nos apartados dedicados 3 literatura incl3ense traballos de Xes3s Alonso Montero, Mar3a 3lvarez de la Granja, Carmen Blanco, Mercedes Brea, Esther Corral, Elvira Fidalgo, Pilar Lorenzo, M3 Xesus Nogueira, Xos3 Manuel Salgado e Anxo Tarr3o.

Fern3ndez Rei, Francisco, “As foulas e ronseis, de Dionisio Pereira”, *A Trabe de Ouro*, “Publicaci3ns”, n.3 65, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 117-122.

Texto que se corresponde co da presentaci3n do libro *Foulas e Ronseis (Retrincos para un tratado do mar dos galegos)* (2005), de Dionisio Pereira, levada a cabo na Galer3a Sargadelos de Santiago de Compostela. Fern3ndez Rei comeza facendo un repaso 3 obra do autor e 3s inquietudes mutuas que os levaron a coñecerse e colaborar en diferentes ocasi3ns, para a

seguir centrarse na obra, da que explica que é un conxunto de artigos e ensaios de temática marítima, escritos entre 1992 e 2005. Sínálase que se trata dunha homenaxe que fai o autor a pintores, escritores e investigadores do mar e do patrimonio marítimo, como por exemplo Luís Seoane ou Manuel Antonio. Explícase a estrutura do volume a través dos eixes temáticos, como a historia colectiva da xente do mar, os traballos e os días no mar, o patrimonio marítimo, para rematar referíndose ao asociacionismo vixente na zona para recuperar e divulgar esta riqueza.

Fernández Rei, Francisco, “Xoán González Millán. Embaixador da cultura galega”, *A Trabe de Ouro*, n.º 66, abril-maio-xuño 2006, pp. 279-281.

Evocación da figura de Xoán González Millán e das homenaxes que lle foron rendidas na súa terra natal, O Grove. Fernández Rei describe o momento no que ten coñecemento da morte en accidente de tráfico de González Millán e a súa dona, Esperanza Caneda, que coincide co afundimento do Prestige e a mobilización da xente da Arousa ante o perigo de contaminación das rías. Describe o desalento producido por ambos feitos e lembra que un tempo despois chegaron as homenaxes e recoñecementos a un persoeiro que fixo “achegas decisivas para o deseño da historia literaria deste país, porque renovou profundamente os instrumentos de análise do positivismo, do socioloxismo inxenuo e do estruturalismo non só na súa base teórica senón en aplicacións prácticas múltiples”.

Fernández Rodríguez, Luís Manuel, “Modernización e normalización dunha cultura: A tradución da literatura contemporánea alemá ao galego”, *Galicien Magazin*, n.º 18, “Beiträge”, novembro 2006, pp. 42-47.

Comeza citando a Goethe co obxectivo de ilustrar a vinculación que existe entre a literatura alemá moderna e a tradución. Destaca como bos tradutores ao propio Goethe, Wieland, Schlegel, Yieck e Hölderlin, aínda que indica que hai máis. A partir de aquí, reflexiona sobre a “esixencia de universalidade” e “a igualación universal” na tradución, para o cal parte das teorías de Peter Newmark e Hölderlin. Céntrase na cuestión da posibilidade de traducir entre culturas distintas e tamén dentro da propia cultura. Para isto, analiza a obra de Kafka e menciona a manipulación á que se somete a literatura galega na docencia.

Fernández Rodríguez, Manuel, “Poesía, poder e historia”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 134-137.

Estudo sobre a relación entre poesía galega e Guerra Civil española como un medio de perduración e resistencia da memoria e ao tempo da propia expresión lingüística e cultural galega. Faise un percorrido por etapas e autores que demostran a continuidade desa relación, así como os temas e actitudes predominantes. Primeiramente achégase a nómina de autores exiliados que escriben dende a propia experiencia como Celso Emilio Ferreiro, para logo falar da xeración de medio século que escribe dende a “memoria aprendida” para chegar á resistencia dos autores dos anos setenta e oitenta que se basean no existencialismo, a denuncia e a reivindicación. Estabelécense como motivos recorrentes o terror, a mención ás vítimas e a

representación dos asasinados. Conclúese coa referencia á necesidade de manter viva a memoria e de que non se converta en esquecemento social e si nun elemento dignificador das vítimas.

Ferreiro, Manuel, “A investigación sobre Pondal e o achegamento d’Os Eoas. Memoria persoal dunha pesquisa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “Centenario da RAG”, xullo-agosto-setembro, 2006, pp. 38-49.

Comeza coas verbas de Eduardo Pondal, nas que reclamaba que se preservasen os seus escritos. Dá conta das obras publicadas polo Bardo e revela o esforzo e as claves do seu traballo como investigador da obra pondaliana. Alude ás dificultades e aos problemas para atopar o material na Real Academia Galega e fai referencia ás súas publicacións sobre o poeta galego. A continuación, céntrase no aperturismo da Real Academia Galega na etapa na que consegue reunir todos os manuscritos inéditos. Tamén achega información sobre a deformación e as imprecisións do himno galego. Logo de facer fincapé no achado da versión final d’*Os Eoas*, sinala os trazos máis significativos da obra e da biografía de Pondal.

Figueiras, Carlos G., “*Unha meixela despois a outra*, de Artur Alonso Novelle”, *Agália*, n.º 87-88, “Recensións”, pp. 84-86.

Preséntase o volume *Umha meixela despois a outra* (2005), de Artur Alonso Novelle, como “a confirmación da existencia” desta voz poética, despois da súa anterior e primeira obra, *Entre os teus ollos* (2003). Cualifícase o poemario de “profundo e comunicativo”, unha consolidación das súas “maneiras, asentando e presentando a súa capacidade de transformarse e estenderse na procura de novos horizontes para as súas palabras (...)”. Dise dos temas recollidos nos poemas que “enlazan á perfección coas temáticas da relación próxima coa segunda persoa, dominantes no seu primeiro traballo; cheos de intimidade”. Destácase dos aspectos lingüísticos “a primeira persoa do plural” que se transformaría “de pobo a nación, en hipótese da nación truncada no pasado”, un pasado no que “procura respostas” e dende o que constrúe “futuros mellores, se non totalmente diferentes” a través dunhas “portas abertas á esperanza para o universo colectivo (...)”. Conclúese que se trata da poética propia dun poeta desconforme e moi crítico co modelo de sociedade na que vive, polo que denuncia abertamente o seu egoísmo individualista.

Figuroa, Soledad, “Amancio Prada: síntome igual de cómodo e de auténtico cantando a Rosalía que a San Juan de la Cruz”, *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 1, “Premios 2006”, 2006, pp. 14-15.

Soledad Figuroa conversa con Amancio Prada, que foi distinguido cun dos galardóns dos II premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo. Nela Amancio Prada comenta que xa desde pequeno oíu falar en galego, que musicou en galego a Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro ou aos trobadores, mais que lle gustaría musicar tamén á portuguesa Florbela Espanca.

Forcadela, Manuel, “O ensaio galego en 2005”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámica”, 2006, pp. 143-148.

Panorámica dedicada á produción do ensaio ao longo do ano 2005 na que Manuel Forcadela recoñece a consolidación do xénero e certa normalidade. Centra a súa atención en catro grandes eixes: os estudos femininos, “os de maior interese e orixinalidade”; as distintas aproximacións ao feito político e á súa teoría; os temas literarios e o Día das Letras Galegas. Baixo o epígrafe “Palabra de muller”, refírese á renovación emprendida nestas achegas e detense en catro obras. A respecto d’*As terceiras mulleres*, de María do Cebreiro Rábade Villar salienta que a autora parte de presupostos comparatistas para ensaiar distintas posibilidades interpretativas, procurando un diálogo co lector, analizando a representación do feminino dende as *Metamorfoses*, de Ovidio, até o expresionismo na arte contemporánea, pasando pola Idade Media ou as figuras singulares de Rosalía de Castro e Virginia Woolf. A seguir deita a ollada sobre dúas obras de Teresa Moure. En *Outro idioma é posible*, Premio Ramón Piñeiro 2004, destaca a gran conexión que garda o ensaio coa novela *Herba moura*, xa que nel medita sobre as posibilidades da utilización como lingua internacional auxiliar dunha lingua inventada para todos os falantes do mundo. Sobre *A palabra das fillas de Eva* comenta que Moure tenta responder á pregunta de se existe ou non unha literatura feminina, inclinándose pola resposta afirmativa. A seguir refírese a *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*, de Helena González Fernández, que propón unha tradición poética feminina que chega á actualidade, á vez que salienta a antoloxía que integra o itinerario percorrido pola autora. No epígrafe dedicado aos ensaios aparecidos arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2005, Lorenzo Varela, destaca: *Lorenzo Varela. Vida e obra*, e *Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía*, ambos de Carlos L. Bernárdez; e *As tres mortes de Lorenzo Varela*, de Antón Lopo; dentro da divulgación *Unha historia que nos pertence. A poesía de Lorenzo Varela*, de Carlos M. Callón Torres, e o libro coordinado polo profesor Alonso Montero, publicado pola Universidade de Santiago; *Lorenzo Varela*, de Marga do Val; e *Algunhas reflexións sobre o exilio de Lorenzo Varela*, opúsculo de Xosé Luís Axeitos. Despois do epígrafe dedicado aos temas políticos, nos que aparecen títulos como *A Raíña Lupa*, de Antonio Balboa Salgado, libro merecente do V Premio Manuel Murguía, centrado nos enigmas que rodean o nacemento do fenómeno xacobeo; e *As cartas do destino*, de Xosé M. Núñez Seixas e Raúl Soutelo, que levan a cabo unha investigación histórica a partir da correspondencia entre membros dunha familia de emigrantes galegos en América, detense nos ensaios sobre temas literarios, nos que destaca dous volumes de conversas pola súa amenidade e a acertada dirección dos entrevistadores: *Conversas con Méndez Ferrín*, de Xosé Manuel del Caño, e *Conversas con Suso de Toro*, de Antonio Pedrós-Gascón; tres libros dedicados ao teatro, *Análise e interpretación de textos dramáticos*, o manual *O teatro*, ambos de Manuel F. Vieites, e *Arte dramática e función docente*, froito da colaboración entre José Antonio Caride Gómez, Felipe Trillo Alonso e o propio Vieites, que recolle un informe elaborado pola Comisión Técnica de Teatro do Consello da Cultura Galega e materiais destinados aos docentes para integrar a arte dramática nas aulas; e, finalmente, *Palabra e patria. Escritos sobre cultura, teatro e literatura galegas*, de Henrique Rabuñal, e *O rei Artur. Mito e realidade*, de Xoán Bernárdez Villar.

Forcadela, Manuel, “Zen invernos. Román Raña”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 211-215.

Manuel Forcadela dedica unhas palabras ao labor poético de Román Raña, que responde a unha gran vocación, e sinala a súa débeda persoal, e a de todos os poetas da xeración dos oitenta, co autor en canto á súa formación e maxisterio. Cita os seus sete poemarios publicados, que alicerzan a súa persoal aposta pola escolla das palabras e a paixón polo discurso poético, e detense na súa última publicación, *Zen invernos* (2005), que define como “un marabilloso libro de marabilloso título”. A seguir aclara a conxunción neste do *Zen* “en tanto que mística profana” e dos *Invernos*, “como estacións consecutivas e plurais, caracterizadas polo frío, a carencia de luz, o murchamento da natureza”, que converten o discurso, dende o seu comezo, “nunha declaración oximórica, isto é, fundamentada na tensión e na contrariedade entre conceptos antagónicos”. Identifica a pluralidade de significados que vai adquirindo o inverno ao longo do discurso, todos eles arredor da temática da idade e do tempo, e a combinación de clasicismo e informalidade que amosan os sonetos que compoñen o poemario, e que están sometidos a unha modernización en canto ás variedades rítmicas e de rima e tamén á presentación dos cuartetos e tercetos. Forcadela reflexiona tamén sobre a aventura da linguaxe presente nestas páxinas, sobre as distintas mensaxes de Román Raña que falan dos síntomas da posmodernidade, sobre as múltiples dedicatorias que aparecen en todo o poemario, e sobre as catro seccións que o compoñen –“Primeira voz”, “Aos que amo”, “Un longo acróstico” e “Algúns invernos”. Conclúe afirmando que “*Zen invernos* se institúe, desde agora mesmo, como un dos cumios da obra de Román Raña e, seguramente, da nosa tradición literaria moderna”.

Forneiro, Xosé Luís, “Unha ollada distinta do país”, *Tempos Novos*, n.º 109, xuño 2006, p. 73.

Comeza aludindo á identidade nacional e ao xurdimento do nacionalismo, para centrarse na obra *Liquidación de existencias* (2005), de Marcos Lorenzo. Fai referencia aos precedentes para logo pasar a tratar o fío condutor da obra, un universitario galego de trinta e cinco anos. A continuación, inclúe unha pasaxe do libro. Por último, céntrase na ideoloxía progresista e anti-sistema.

Freixanes, Víctor F., “Necesitamos un gran pacto social pola lingua. Conversa con Xosé Ramón Barreiro. Presidente da Real Academia Galega”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 70-79.

Entrevista co presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, na que se comeza referindo ao lugar da institución que preside no contexto da sociedade da Información e o Coñecemento, o que supón asumir novos retos e saber estar á altura dos cambios sociais que se producen. A seguir refírese aos avatares da vida da Academia durante os seus cen anos de existencia, a súa consolidación social e a renovación que se levou a cabo tanto a nivel de estatutos como de integrantes. Fala do equipo de persoas que traballan na institución e dos ricos fondos bibliográficos que garda, moitos deles por catalogar. Sobre o papel da Academia no inicio da democracia, subliña que a lingua foi unha cuestión prioritaria, pero que naquel momento os dirixentes non souberon contestar ás necesidades da sociedade, o que mesmo espertou receos nalgúns sectores. Destaca que na superación desa etapa foi fundamental o período de presidencia de Francisco Fernández del Riego. Detense nas liñas de traballo e no lugar da Real Academia no plano da investigación con outras institucións como o Instituto da

Lingua Galega ou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Da celebración do Día das Letras Galegas considera que é unha das iniciativas máis afortunadas, explica pormenorizadamente os orzamentos da Academia e as preocupacións ante a situación da lingua, especialmente entre as xeracións máis novas.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, “O significado d’A Torre de Peito Burdelo na historia do teatro galego”, *Casahamlet*, n.º 8, “Documentación”, maio 2006, pp. 104-107.

En primeiro lugar, achega información sobre o autor d’*A torre de Peito Burdelo*, Galo Salinas, para logo centrarse na súa contribución, tanto teórica como práctica, ao teatro galego. A continuación, analiza *A Torre de Peito Burdelo* e fai fincapé na condición da obra como primeiro drama histórico impreso en lingua galega. Tamén expón o problema da relación entre os feitos históricos e os literarios e da imposibilidade de constatar a verdade de entón. A estrutura e o tipo de versos é outro dos puntos que inclúe e subliña as características da lingua coa que foi escrita. Con respecto ao estilo, advirte acerca das dificultades coas que traballaron os escritores até chegar ao modelo de lingua actual.

Frutos Martínez, M^a Consuelo, “A revista galega Nós e os seus contactos coa literatura e a cultura italiana contemporáneas”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 34, “Estudos”, 2º semestre (2005), 2006, pp. 67-88.

Estudo no que se centra a atención no proceso de europeización da cultura galega, no que o papel das relacións da revista *Nós* co mundo cultural italiano, especialmente o mundo literario, serve para concluír que foron menos fluídas que con outras culturas. Saliéntase que as alusións a expoñentes da literatura e da cultura italianas reflicten, en maior ou en menor medida, as lecturas e os intereses de cada un dos integrantes do grupo redactor da revista e dos seus colaboradores, o cal se relaciona coa difusión e recepción da literatura italiana na península ibérica. M^a Consuelo Frutos destaca que as preferencias se sitúan arredor de figuras como Carducci e D’Annunzio, por un lado, e arredor de Marinetti e os seus correligionarios futuristas, polo outro. Xunto con estes nomes destaca tamén a atención á figura de Papini, autor que gozou de moita sona en España no século pasado, feito que se pon de manifesto para a estudosa na celeridade coa que apareceron as súas edicións en español. Salienta tamén que as traducións de textos literarios italianos son escasas, fronte ás máis numerosas da literatura galega ao italiano, realizadas por Guido Battelli. Conclúe que o contacto co mundo literario italiano daqueles momentos chegou principalmente a través da figura de Giacomo Prampolini, colaborador de *La Fiera letteraria*, que quixo coñecer de primeira man a situación da literatura galega.

Galicien-Magazin, “Homenaxe a Lois Tobío”, *Galicien Magazin*, n.º 18, “Deutscher Galicien-Tag”, novembro 2006, pp. 9-11.

Despois dunha breve introdución en alemán, reproducése un texto en lingua galega de agradecemento da familia de Lois Tobío pola homenaxe que lle realizou a Asociación Galego-Alemá. A continuación, inclúese unha breve biografía de Tobío en alemán, seguida de

fragmentos do autor que foron recitados por Marga Romero (a versión galega orixinal) e Heidi Kühn-Bode (a versión alemá).

García-Junceda García de Marina, M^a Teresa, “Fernández Naval, Francisco X. (2005): *Unha cita co aire*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 212”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 190-191.

Preséntase, de forma breve, aos personaxes de *Unha cita co aire* (2005), de Francisco Fernández Naval, para afondar despois nas súas relacións e en como estas se retratan a través dun *flash-back* que “é constante na narración”. Coméntase a importancia do lugar para a conformación das experiencias do personaxe protagonista. Afírmase que “as mulleres sempre supoñen para os protagonistas un punto de inflexión na súa amizade”, que nesta novela se ofrece unha clara mostra do que significa a toma de consciencia de toda unha vida, aínda que tamén é imposible programar o futuro, pois as circunstancias sempre poden sorprendernos. Sinálase que o contexto no que se localiza a acción é a Galicia natal do autor, na que se pode rastrexar a pegada da melancolía, da *saudade*, que serve para levar ao lectora á reflexión sobre si mesmo, como lle ocorre ao protagonista, Gabriel.

García Negro, María Pilar, “Redefinición da poesía de Lamas Carvajal á luz da especificidade da literatura galega renacente”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 75-82.

Estudo no que se leva a cabo unha revisión das categorías de xénero na produción poética de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), na que se considera que están integradas moitas outras modalidades. Comeza cunha breve achega á poética de Rosalía de Castro, como autora “responsábel do nacemento da literatura galega contemporánea”, nun momento no que se foi conformando un sistema literario coa achega de individualidades, no que a forma poética “é a óptima para a canalización” dunha sensibilidade psicosocial, ademais de ser a forma máis publicábel, ao aparecer integrados en xornais, escritos principalmente en castelán. Por outra parte, considera que a forma versificada acae moi ben á produción de Lamas por conectar cun público máis afeito a escoitar que a ler. Parte da obra completa do autor, publicada en 1998 baixo o título de *Poesía galega*, e fai unha análise de cada un dos títulos que deu ao prelo, dende *Dez cartas ós gallegos* (1875), de marcado carácter propagandista, seguida logo de *Espiñas, follas e frores* (1875-1876), na que se dá o paso ao poeta lírico que defende a lingua e a sentimentalidade, reivindica o popular e serve a modo de crónica do pasado galego; até *Saudades gallegas* (1880), obra que marca a madurez do autor e na que se fai unha síntese dos seus temas recorrentes; e, finalmente, *A musa das aldeas* (1890), obra cualificada como “testamento poético”, na que se mostran as mágoas e o desengano sufrido. Detense no contexto galego no que se integra a obra de Lamas e no papel reduccionista que lle outorgou Emilia Pardo Bazán na súa análise, polo que conclúe que é necesario achegarse á literatura galega do XIX dende as súas propias condicións, que Lamas é un autor multixenérico, cunha obra na que os xéneros se mesturan e que foi obxecto de lecturas reduccionistas, como a de Pardo Bazán.

García Paz, Raimundo, “Noticias sobre Álvaro Cunqueiro, escritor amagado de coplas de cego e sobre Rosalía de Castro actriz”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 48, “Ensaio”, outono 2006, pp. 49-54.

Carta de Raimundo García Paz a Afonso Becerra de Becerreá con motivo da lectura dramatizada da obra *Rexurdimento*, na que se detén en dúas figuras: Álvaro Cunqueiro e as circunstancias que o levaron a ser autor dun cartel de cego, e na presenza de Rosalía de Castro como actriz en dúas ocasións en Santiago de Compostela. Partindo de elementos presentes na peza, achégase a casos reais da cultura galega para ofrecer datos de interese. Comeza coa explicación de cómo Cunqueiro escribiu unhas coplas de cego por encargo do impresor Vidarte para o suposto cego de Rego de Cas, un personaxe real que ten concomitancias co ficticio Saturnio da peza de Becerra de Becerreá. Tamén evoca a figura de Uxío Novoneyra, ao ver un poema d’*Os Eidos* introducindo a peza de Becerra, do que destaca o seu bo facer como declamador da súa propia poesía. Por último, céntrase na figura de Rosalía de Castro, autora de *Cantares gallegos* (obra que está no trasfondo da peza de Becerra) e o seu labor como actriz, aspecto que foi estudado polo pai do autor da carta, Raimundo García Borobó. Explica que unha fonte de información fundamental foi a revista *La Joven Galicia*, na que se facía a crónica da vida social santiaguesa e na que aparece a mención á participación da autora do Sar na velada do Liceo de la Juventud o 31 de xaneiro de 1860. Ofrécese un breve repaso á vida desta institución e ás circunstancias sociais que rodeaban a vida teatral, na que Rosalía participou na peza *Rosamunda*, e posteriormente *Antonio Leiva*, de Juan de Ariza.

García Vidal, “O mestre”, *Alameda*, n.º 25, decembro 2006, pp. 59-60.

Homenaxe na que se expresa a admiración de Pedro Campos por Pepe Agrelo, “noiés da freguesía de Santa Cristina, admirado incluso antes de coñecelo persoalmente” que representou para el o exemplo de persoa comprometida coa terra, coa lingua, “un deses homes imprescindibles para un pobo”, un espello onde se mirar, alguén a que nos gustaría parecermonos. Despois di que foi para os compañeiros de profesión ante todo un mestre, un ideal de mestre e vai recorrendo cómo o coñeceu, o que lle transmitiu como compañeiro en varias actividades e as opinións doutros intelectuais e compañeiros sobre Pepe Agrelo.

Garrido, Gustavo Adolfo, “No pasamento de Xohán Ledo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O rego da cultura”, abril-maio-xuño, 2006, p. 13.

Lémbrese a figura de Ricardo García Suárez (Xohán Ledo) co gallo do seu pasamento o 10 de xuño de 2006. Coméntase primeiramente que os seus inicios foron como pintor en Compostela nunha exposición colectiva do grupo xuvenil Ultreyas e logo participou no Seminario de Estudos Galegos e nas Mocidades Galeguistas. Destácase que acabou a carreira e traballou no actual Hospital Gil Casares trasladándose logo a Bilbao. Explicase que se produciu a volta a Galicia en 1950, momento no que se instala en Vigo, onde casa e participa na fundación da Editorial Galaxia e que foron súas moitas das cubertas dos clásicos publicados por dita editorial. Por último engádesse que deixou moitos textos espallados en revistas, prólogos e volumes colectivos e que tamén traduciu textos de William Shakespeare ao galego.

Gil Ortega, María, “González Fernández, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador*. *Escritoras, xénero e nación*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, pp. 264”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 193-194.

Na análise de *Elas e o paraugas totalizador*. *Escritoras, xénero e nación*, de Helena González, anúnciase como obxectivo principal o de realizar un estudo sobre o panorama galego poético-feminino nos últimos trinta anos. Dise que a construción desta investigación é a partir da revisión definitiva e a tradución completa dunha serie de artigos publicados, en distintas revistas e con diversas linguas. Reprodúcense, de forma sintética, as palabras vertidas por González Fernández no prólogo para, a seguir, e xa máis polo miúdo, analizar a distinción que se realiza entre os dous conceptos eixes do estudo: o “paraugas totalizador” e a “identidade oximorónica”. Descríbense, tamén, cada un dos tres bloques temáticos dos que se compón a obra. Así, en “As escritoras e o paraugas totalizador” explícase que se fai unha introdución histórica e no que se dá cabida a catro artigos nos que se estuda a relación entre algunhas escritoras cun estilo literario propio. En “Reescribir o imaxinario: o corpo, o mito, o mar”, intégranse seis artigos que xiran arredor do mundo do imaxinario, nos que se leva a cabo unha revisión da construción dende a outredade, ademais das novas construcións simbólicas e míticas, nas que ver as pegadas identitarias e as novas maneiras de situarse social e persoalmente as mulleres. En “Dicirse na encrucillada identitaria: enunciación e linguaxe” o estudo céntrase na linguaxe dunha serie de escritoras que foron as que renovaron o repertorio, cambiando temáticas e o imaxinario, á vez que apropiándose dos xéneros literarios e sobre todo da linguaxe. Remátase afirmando que *Elas e o paraugas totalizador* é unha novidosa análise da literatura galega de corte profundamente feminista, na que se parte de conceptos como xénero e nación e na que a súa autora, Helena González Fernández, ofrece unha análise esclarecedora nunha obra xa de referencia para os estudos literarios galegos.

Gómez, Isabel, “Respostan os profesionais do teatro.¿Qué pensa o sector teatral da directora do CDG?”, *Naz-ón*, n.º 1, “Teatro”, 2006, p 38-40.

Logo de presentar unha breve achega ao seu perfil profesional, entrevista a Avelino González (actor), Eduardo Rodríguez Tatán (actor), e Cristina Domínguez (actriz) sobre a directora do DCG. A entrevista organízase ao redor de catro preguntas que versan tanto sobre cuestións da súa relación do CDG coma sobre o traballo do CDG en xeral. Así, os tres entrevistados falan das propostas do Centro Dramático Galego, as súas montaxes pouco arriscadas, novas propostas de teatro contemporáneo, e a figura da directora como candidata axeitada para desenvolver tal papel.

Gómez, Joel R., “O País dos Nevoeiros’: O inicio de um projecto poético de Ângelo Brea”, *Agália*, n.º 85/86, “Recensons”, pp. 255-257.

Cualifícase o libro *O País dos Nevoeiros* (2005), de Ângelo Brea, de “ambicioso proxecto poético”, anunciando que no futuro estará acompañado de “tres novos títulos”. Afírmase que “este novo libro finaliza un labor iniciado xa hai longo tempo” porque se sinala que o autor xa publicara na colección de poesía “5[mais]2-8 etc aos 4 ventos”, de Cadernos do Povo, vinte composicións co mesmo título en 1994. Felicítase porque despois de once anos se ofrece o

volumen íntegro, no que se encontran “grandes coincidencias” se ben tamén modificacións, das que se fai mención e unha breve análise. Descríbese o volume, as partes das que se compón (sinaladamente, o “Preludio” e o “Glosario”, ambos os dous elaborados por Antonio Gil Hernández), e coméntase a poesía deste autor, que se cualifica como moi traballada e na que se reflicte que é un bo coñecedor da tradición clásica, presente en textos que evocan a Horacio ou en composicións que actualizan a sextina ou o hexámetro. Conclúese, como análise global da obra, que é “un libro recomendábel, cuxa lectura depara instantes gratos e sorprendentes, e onde queda moi patente o xeneroso traballo de composición e a ambición por conseguir un produto ben acabado, elaborado coa procura de rigor, acerto, e orixinalidade”.

Gómez Espinosa, Juan, “Seoane, Xavier (2004): *Vagar de amor e sombra*, Pontevedra, Ed. Tambo, pp. 111”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 195-197.

Análise do poemario *Vagar de amor e sombra* (2004), de Xavier Seoane, no que se comeza chamando a atención sobre a forma métrica, baseada só no soneto, ademais de que todo el sexa “unha ampla mostraxe de sonetos enxebres, canónicos”. Reflexiónase sobre o mantemento das formas métricas clásicas na poesía da actualidade, para o que se bota man das propias palabras do autor extraídas do prólogo do poemario. Destácase, ademais, a importancia da memoria, da lembranza das experiencias vividas, na poesía de Seoane, e de como este pasado devén por veces nunha clara inquedanza polo paso do tempo, se ben sen caer nun “nihilismo atormentado”. Reprodúcense fragmentos da sexta parte deste poemario, “Canción de Eros”, para falar da oposición na súa poética entre a morte e o amor, así como da presenza e forma das figuras do amante e do amado. Como síntese da formalidade clásica dos sonetos, por unha banda, e os temas e figuras presentes nela, pola outra, afírmase que “este poemario, que aparentemente non ten necesidade de ruptura con nada, que semella carecer de espírito vangardista, revolucionario, nihilista...”, pero que é xusto niso no que sustenta o seu valor, pois Seoane tería conseguido “algo que se ve en moi poucos autores actuais, mesmo nos máis consagrados: escribiu o libro que desexou. Por iso achegou, con sinceridade e boa pericia técnica, toda a súa cosmogonía afectiva”.

González, Avelino, “Asociacionismo profesional en las artes escénicas en Galicia. La AADTEG y otros casos”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 250-252.

Entende que o asociacionismo naceu coa profesionalización do teatro galego que levaron a cabo a xeración de Eduardo Alonso, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Marisa Soto, etc. Para o actor e director o fenómeno que merece maior atención é a Asociación de Actores Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTEG) que acumulou todos os esforzos das persoas do teatro dende os técnicos até os actores. Indícase que esta asociación era máis que un órgano de reivindicación, pois ocupábase de crear e xerar propostas, apostaba pola promoción do teatro e tamén daba asesoramento aos afiliados e aos que non o eran. Lembra que co paso dos anos houbo colectivos que se emanciparon como os titiriteiros ou os técnicos, pero opina que a realidade é que a permanencia durante tantos anos dun partido no goberno anulou o asociacionismo que aínda non parece revivir.

González Calles, Diego, “Eyré, Xosé M. (2005): *Constelación de Ío*, Vigo, Galaxia, pp. 139”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 187-188.

Afírmase que a obra de Xosé M. Eyré, *Constelación de Ío* (2005), se incardina “na tradición da literatura protagonizada por nenos”. Realízase esta asociación en base ao “carácter satírico do que están dotados” estes nenos protagonistas, e que aparecería claramente evidenciado nesta obra. Dise que a obra posúe unha serie de orixinalidades que recollen algunhas das máis destacadas innovacións da literatura do século XX destacando, entre elas e xa ao comezo do libro, o caligrama. Anótase que a técnica narrativa se sustenta “nun diálogo entre Ío e o personaxe que corresponda”, que aparecen personaxes facilmente recoñecíbeis ou fitos históricos recentemente acontecidos, que a linguaxe utilizada é moi sinxeleza e que algúns dos trazos que caracterizan aos personaxes principais son os da inocencia. Conclúese afirmando que o libro ten unha alta dose de orixinalidade, que resulta verosímil e que o contido mantén unha frescura e unha tenrura que consegue o obxectivo de devolver ao lector, por uns instantes, ao plácido e creativo mundo da infancia.

González Fernández, Helena, “Anatomía de ‘tanta visibilidade’ das mulleres na literatura”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 69-72.

Partindo do proxecto visual de Benedetta Bonichi, preséntase o obxectivo científico de elaborar un ensaio “que nos leva do visual ao verbal, para reparar cun certo vagar na anatomía de *tanta visibilidade* das mulleres na literatura hoxe”. Denúnciase o contido eufemístico da expresión “tanta visibilidade” como un produto do politicamente correcto sendo, en consecuencia, unha manifestación da “misoxinia” no tocante á presenza da muller no labor da creación literaria. Alértase, ademais, da presenza de novas estratexias que, distintas daquelas presentes no século XIX, pero co seu mesmo sentido, procuran manter o discurso de “xa hai moitas mulleres que”. Considera que son estratexias que tentan nivelar e frivolar as posicións máis comprometidas coa celebración do mes de marzo como o mes “violeta”, a “domesticación das escritoras”, a través dun seu papel de “escritoras-accesit” ou sendo protagonistas na recepción de premios e das análises críticas; así como a homoxeneización das mulleres nun denominado “grupo literario violeta” que procuraría sobre todo, de xeito unánime e sen máis definicións ulteriores, a normal presenza da muller no exercicio do oficio da escrita. Faise mención ao caso da literatura galega, afirmando a existencia de “estratexias para o sometemento de *tanta literata*, acudindo, por exemplo, á estratexia do paraugas totalizador, pospoñendo a causa das mulleres como secundaria”. Albíscase que, na proxección da actual situación da muller dentro do sistema literario galego, nos próximos anos vai haber unha eclosión de escritoras, moi diferentes entre si, tanto no estilo coma na ideoloxía. Para a autora é aquí onde está un dos retos que se van ter que asumir, o de conseguir romper mesmo cos uniformes de xénero e propoñer subxectividades híbridas.

González Fernández, Helena, “A poesía no sifate de 2005 e o limiar do estético”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámicas”, 2006, pp. 174-180.

Helena González comeza este repaso pola produción poética do ano 2005 cualificando o balance de “desalentador”, malia a presenza de propostas de interese. Apunta que a poesía

perdeu protagonismo na actualidade literaria e que sorprende a ausencia de escritores novos que “non forman lexión e, desde logo, xa non ocupan unha posición central na actualidade literaria”. Baixo o epígrafe centrado nas coleccións e nos certames, ademais de referirse a series como “Dombate”, de Galaxia, “Poesía”, de Xerais, “Tambo” ou “Libros da Frouma”, valora especialmente a colección “Poeta en Compostela”, do Concello de Santiago, que se converteu en verdadeira animadora da creación e da lectura de poesía, e comenta a excesiva “desproporción entre o número de certames e os cativos resultados”. A seguir analiza polo miúdo a produción de autoría feminina, que considera pouco relevante en relación con outros anos. Da serie “Poeta en Compostela” cita *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música*, de Ana Romaní, que presenta “o paradoxo do amor encadeado pola violencia contra as mulleres”; *O barrio das chinesas*, de María do Cebreiro, que suxire a factura de diario poético urbano con poemas en forma de cartas para os amigos; e *Berlín*, a reaparición de María Lado. Entre as voces novas destaca a grande expectación espertada por Elvira Riveira Tobío pola súa poética desafiante visíbel nos poemarios *Arxilosa* –un achegamento ao erotismo– e *Andar ao leu* –“inventario poético sobre o amor, a historia das mulleres e a rebelión/resistencia entendida nun sentido amplo”. Dentro do que deu de si a produción masculina achégase aos dous poemarios publicados por Xosé Luís Méndez Ferrín, *Era da Selva*, onde se recuperan textos de difícil acceso con limiar do propio autor, e *Contra Maquieiro*, rotundamente político; e tamén á produción de Román Raña: o intimista e metapoético *As metamorfoses do túnel*, Premio Caixanova e Premio da Crítica Española, e os sonetos de *Zen invernos*. Detense tamén na achega dunha voz nova, a de Suso Pensado que acadou o Premio Uxío Novoneyra con *A tarde*; no ton intimista de Emilio Xosé Ínsua con *Acontece ás veces coa ternura*, Premio Antonio Prados Ledesma; e nos poemarios *Orfeu de soños*, de Ramón Blanco; *Escura e transparente*, de Baldo Ramos; e en *Versos de ausencia*, de Xosé M. López Ardeiro. Entre as singularidades do ano salienta a publicación de dous libros de poesía relixiosa, *O segredo do monte*, de Antonio Domínguez Rey, e *Confíteor*, de X.C. Gómez Alfaro; e a concesión do Premio Cidade de Ourense ao cóengo da catedral de Ourense, Serafín Marqués Gil cun libro de sonetos paisaxísticos, *Ribeiras do Miño*. A seguir céntrase nas escolmas, reedicións e edicións críticas, de especial relevo ao longo de 2005, xa que supoñen o trinta por cento do total de títulos editados. Salienta a recuperación de textos que se levou a cabo na colección “Poeta en Compostela” do Concello de Santiago; e a escolma publicada por Sotelo Blanco co gallo do vinte e cinco aniversario da editora, *Antoloxía poética Leliadoura (1985-1997)*, a cargo de Basilio Losada e Xesús González Gómez. Salienta tamén o labor de Vicente Araguas, que reuniu en *Maneiras de querer. Obra poética (1975-2005)*, libros anteriores mais dous inéditos; a edición d’*Os Eoas*, de Pondal, preparada por Manuel Ferreiro; a publicación da obra completa en galego de Antón Tovar en *Poesía en galego*; *Porta de aire*, escolma da obra poética de Miguel González Garcés preparada por Xulio Valcárcel; e as reedicións dedicadas ao protagonista do Día das Letras, Lorenzo Varela, entre outras. Finalmente, cita dúas antoloxías bilingües galego-español, *Olas atlánticas*, unha escolma de Xohana Torres preparada por Luciano Rodríguez para a colección “Puerta del Mar” de Málaga, e *Das sonorasas cordas. 15 poetas desde Galicia*, que realizou Olivia Rodríguez; e a edición bilingüe galego-francés de Espiral Maior cun libro de Fernán-Vello, *Les certitudes du climat*.

González Fernández, Helena, “A poeta omnívora”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 97-98.

Á luz dunha reflexión que a poeta norteamericana feminista Adrienne Rich realizou nun coloquio en 1998 sobre a profesión poética, na que se autodefine poeta omnívora, Helena González pasa a tratar a traxectoria poética de Elvira Riveiro. Sinala que esta autora se deu a coñecer recentemente no papel impreso, se ben xa era unha poeta coñecida na rede, e, á raíz disto, reflexiona sobre os diferentes espazos de expresión e sobre como condicionan o carácter dos textos que albergan. Así, considera que os libros de poemas de Elvira Riveiro publicados en papel, *Andar ao leu* (2005) e *Arxilosa* (2005), reúnen os seus poemas máis convencionais. Comenta brevemente o estilo e os temas destas dúas obras e a continuación fala dunha entrevista que lle realizaron a esta poeta n' *A Nosa Terra* baixo o titular “Non creo na poesía de mulleres”. A partir desta entrevista, reflexiona sobre o tratamento por parte de xornalistas da etiqueta “literatura de mulleres” e sobre a falta de conexión que se produce ás veces entre as autopoéticas e as prácticas poéticas. Deste xeito, considera que se ben Elvira Riveiro non se pode denominar unha poeta violeta, “si ofrece exercicios literarios tirados do máis canónico repertorio feminista”. Por último, explora outras facetas de Elvira Riveiro, a quen caracteriza como poeta omnívora, e recomenda o seu blog, que recolle poesía concreta e visual.

González, Helena, “Os monocromos contados de Olga Novo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 95-97.

Comeza aludindo á viraxe no interese poético de Olga Novo no seu anterior libro, *A cousa vermella*, para abordar *Monocromos* (Luis Burgos Arte del Siglo XX, 2006). Dá conta da edición galego-castelá dos poemas e relaciona as cores con grandes nomes da literatura universal. A continuación, revela a temática que representa cada cor (verde, azul e branco) na obra de Novo e fai fincapé nun poema inédito que incluíu en *Monocromos*. Finaliza facendo referencia ao cambio radical que experimentou a obra da poeta galega dende os seus comezos até o de agora, que decidiu xogar coas vangardas e coa modernidade.

González Seoane, Ernesto, “Retorno a Vilancosta”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 116-117.

A partir da tese de doutoramento que sobre Marcial Valladares fixera en 2002 e dos estudos continos que leva realizado sobre a figura de Valladares, preséntase a biografía que publicou Xosé Antonio Fernández Salgado no 2005 baixo o título *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*. Faise así un percorrido pola vida e obra do precursor galego destacando o pouco recoñecemento do que gozou na súa época. Conclúese o artigo valorando o traballo de Fernández Salgado sobre Valladares ao longo de varios anos, xa que o converte nun punto de referencia obrigada para o achegamento de calquera interesado a unha figura do Rexurdimento tan importante.

Grial, “Euloxio Ruibal na Academia Galega”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, “O rego da cultura”, n.º 169, xaneiro, febreiro, marzo 2006, tomo XLIV, p. 9.

Breve noticia da entrada de Euloxio Ruibal na Real Academia Galega. En primeiro lugar, dá conta dos detalles do acto e comenta sucintamente o seu discurso de ingreso, que levou por

título *Do escénico e o filmico*. Posteriormente, informa da autoría da réplica, de Xosé Luís Axeitos, e a continuación pasa a ofrecer algunhas notas bibliográficas do novo académico numerario. Por último, remata recollendo a intención de Ruibal de que os estudos e iniciativas da Academia teñan en conta os intereses do teatro.

Grial, “Finou Xavier Costa Clavell”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O rego da cultura”, abril-maio-xuño, 2006, p. 12.

Efeméride sobre o falecemento o 8 de maio en Barcelona do xornalista e escritor Xavier Costa Clavell. Dise que residía na cidade condal e que foi un autor polifacético, do que se destaca o seu ensaio *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo* (1977). Tamén se lembra a súa incursión na poesía e as súas principais achegas narrativas ás letras galegas como *Fillo do vento* (2002). Finalmente indícase que fixo un gran labor de difusión da cultura galega no exterior.

Grial. “Darío Xohán Cabana na Academia”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O rego da cultura”, abril-maio-xuño, 2006, p. 12.

Faise un comentario sobre o ingreso de Darío Xohán Cabana o 22 de abril na Real Academia Galega e a lectura que fixo do seu discurso de ingreso: *De Manuel María a Ferrín: a grande xeración*. Dise que neste discurso enzalza especialmente a Manuel María, xa finado, e do cal ocupará a cadeira. Destácase tamén a gran cualificación que Xosé Luís Méndez Ferrín fixo de Darío Xohán Cabana ese día.

Grial, “Museo da emigración en Bos Aires”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O rego da cultura”, abril-maio-xuño 2006, p. 12.

Destácase neste artigo o labor desenvolvido polo Museo da Emigración en Bos Aires dende hai xa un tempo. Dise que é unha institución que quere ser memoria de todos os galegos que alí chegaron e que recibe axudas da Deputación da Coruña, do Consello da Cultura Galega e da Xunta de Galicia, entre outros, para consolidar o proxecto.

Grial, “Galicia, a forza da palabra. Unha viaxe pola identidade cultural”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O rego da cultura”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 10-11.

Dáse conta da exposición que conmemora o cen aniversario da Real Academia Galega, patrocinada pola Fundación Caixagalicia e que ten lugar na cidade da Coruña. Sinálase que baixo o título de “A forza da palabra” se presenta un percorrido polos fondos desta institución, que no primeiro andar do edificio da Fundación recolle os materiais e obxectos relacionados cos personaxes e acontecementos do Rexurdimento, dos que se fai unha relación. A continuación, sinálase que no segundo andar deste edificio se recolle o material correspondente a textos ou referencias ao discurso literario dende un exemplar do *Cancioneiro de Ajuda*, pasando polas *Coplas* do Padre Sarmiento ou as *Décimas ao Apóstolo Santiago* ou os manuscritos de obras de Castelao ou Ramón Otero Pedrayo. Conclúese

sinalando que con esta mostra se quere ofrecer ao público un percorrido pola historia da institución ameno e didáctico, que conforma unha achega á construción da identidade desta institución galega e ao seu papel na recuperación da lingua.

Grial, “Ano 2005 algunhas cifras do libro galego”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O rego da cultura”, xullo-agosto-setembro 2006, p. 9.

Informa sobre o aumento da produción literaria galega servíndose dos datos da Federación do Gremio de Editores de España. Indica o posto da literatura galega na produción editorial entre o resto das linguas do Estado e ofrece as porcentaxes das distintas categorías de libros. Así, indica que no ano 2005 viron a luz máis de mil setecentos títulos en lingua galega, o que supón un aumento con respecto ao ano anterior. Destácase que a maior parte da produción se dirixe ao mercado escolar, que a tiraxe media de exemplares supera os dous mil, que a facturación anual tamén superou o ano anterior que as librarías seguen sendo as que canalizan boa parte da comercialización deste produto.

Grial, “O Instituto Cervantes lembra en Damasco a Álvaro Cunqueiro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “O rego da cultura”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 8-9.

Dáse noticia da inauguración en Damasco da Biblioteca Álvaro Cunqueiro no seo do Instituto Cervantes, dentro dunha iniciativa deste organismo para promover as outras linguas do estado. Dise que terán obras do escritor en galego e castelán e tamén doutros autores, así como se anuncia que a Secretaría Xeral de Política Lingüística promoverá a celebración dunha semana galega en Damasco para dar a coñecer a nosa cultura. Sínálase tamén que hai uns meses se presentou a tradución de *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro, aínda que hai precedentes de textos galegos verquidos ao árabe como o poema “A agoa”, de Faustino Rei Romero, traducido en 1962 polo padre franciscano Rafael Khoury, ou a cantiga de Meendinho en versión de Jhaleb Jaber nos anos oitenta.

Grial, “Ramón Villares ingresa na Academia”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “O rego da cultura”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 10-11.

Dá noticia do ingreso na Academia do catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago, Ramón Villares, membro do consello de redacción de *Grial*. Explícase que o seu discurso de ingreso, *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* centrouse no pensamento de Ramón Otero Pedrayo contemplado a través dese seu personaxe da novela *Arredor de si*. Por último, anótase que a resposta correu a cargo de Víctor Fernández Freixanes, e danse algúns datos do discurso, como a influencia de Maurice Barrès en Ramón Otero Pedrayo.

Grial, “Adeus a Xosé Agrelo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “O rego da cultura”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 10-11.

Dá noticia da vida e morte do escritor, editor e activista cultural Xosé Agreló, que se di que traballou como profesor de ensino medio e tivo moita dedicación ao teatro. Fálase de que fundou o grupo de teatro de Noia Candea, co que percorreu Galicia con obras de Eduardo Blanco Amor, Álvaro de las Casas e Leandro Carré, ademais das súas, coma *Noite de lobos*. Dise que tamén escribiu narrativa infantil e adulta, como *O espantapaxaros* (1972) ou *Os sete coitelos* (1994). Por último anótase que o seu nacionalismo convencido e a súa entrega á educación e á cultura o converteron nun referente na bisbarra do Barbanza e en toda Galicia.

Grial, “Reflexión necesaria sobre a lectura pública”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “O rego da cultura”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 9-10.

Dáse noticia da celebración do III Simposio da Edición que organizou en Santiago de Compostela a Asociación Galega de Editores (AGE) en colaboración con CEDRO e a sección de Literatura e Industrias da Edición do Consello da Cultura Galega, cuxo tema nesta convocatoria foi “Bibliotecas, lectura e edición”. A seguir reproducense as conclusións que se aprobaron ao final das xornadas, que se poden sintetizar na necesidade de dotar suficientemente as bibliotecas públicas e as escolares así como de fomentar o uso das novas tecnoloxías na difusión da cultura, como servizos da Administración ao pobo, tanto coa vontade de formar capital humano en igualdade de condicións, como coa de poder equipararnos ao nivel doutros países do noso contorno.

Grial, “Aprobada por unanimidade a Lei do Libro e a Lectura”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “O rego da cultura”, outubro-novembro-décembro 2006, p. 11.

Anúnciase a aprobación da Lei do Libro e a Lectura logo dun longo traballo de representantes dos sectores implicados na creación, a edición, a distribución, a comercialización, etc. na procura dun consenso que tivo o seu reflexo na unanimidade con que se aprobou a lei no Parlamento. Anótase tamén que a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, anunciou medidas económicas de apoio e que está en elaboración unha Lei de Bibliotecas.

Guede Oliva, Manuel, “Pollitos bien’: 1998. Una cala valleincliniana en la historia del Centro Dramático Galego”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 121-126.

Defende como director naquel momento do Centro Dramático Galego a posta en escena en 1998 de Valle-Inclán en español. Entende que a celebración dun centenario merecía lembrar unha figura galega que foi relegada ao ostracismo por non ser nacionalista. En todo momento manifesta que a decisión foi tomada como feito excepcional e a partir de aí preparáronse catro textos do autor para levar sobre as táboas: *Las galas del difunto*, dirixida por José Martins, *Ligazón* por Manuel Guede, *La cabeza del Bautista* por Helena Pimeinta e *el Embrujado* por Eduardo Alondo. Cóntase que o día da estrea no Teatro Principal de Santiago de Compostela había unha multitude de xente que intentou boicotear o acto, pero ao final non o conseguiron grazas a unha muller que saíu do edificio de enfronte e pediu respecto polo seu home morto, as persoas tiveron a súa petición en conta e o espectáculo puido continuar.

Gutiérrez García, Santiago, “Unha interpretación anovada da lenda xacobeá”, *Grial*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 108-109.

Despois de informar de que a obra *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago* (2005), de Antonio Balboa Salgado, foi galardoada co Premio de Ensaio Manuel Murguía do ano 2004, pasa a comentar esta obra. Indícase que, contrariamente ao que foi habitual, este libro non se centra nas narracións haxiográficas altomedievais, senón en tradicións folclóricas nas que se encontra a pegada de estruturas míticas anteriores á cristianización. Saliéntase a complexidade do enfoque da obra debido á interferencia entre os elementos pagáns da lenda e o discurso cultural cristián.

Hermida, Modesto, “Lamas nas orixes da narrativa galega”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 83-85.

Comeza cun repaso polos poucos textos narrativos en lingua galega que apareceron antes do inxente labor de Valentín Lamas Carvajal, entre os que destaca o “Conto gallego”, atribuído a Rosalía de Castro, aínda que rodeado de polémica sobre esta autoría, ou a primeira novela, *Maxina ou a filla espuria* (1880), de Marcial Valladares. Destácase que foi en 1876 cando Valentín Lamas Carvajal iniciou as entregas narrativas que logo serían recollidas baixo o título de *Gallegada. Tradicións, costumes, tipos e contos da terra* (1887). Salienta que ademais destas entregas, tamén hai moitas outras mostras narrativas no xornal ourensán *O Tío Marcos da Portela*, recollidas todas elas na edición de Rafael Adán publicada en 2004 polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Repasa algunhas das temáticas abordadas, como o retrato de personaxes da época, estampas sociocostumistas, outras de tipo picaresco, etc. Textos que gozaron dunha gran fortuna literaria, pois ademais da gran difusión que tiveron no momento da súa publicación, coñeceron posteriormente numerosas reedicións, tanto en xornais galegos como da diáspora. Finalmente, destaca de Lamas o compromiso coa lingua e os seus falantes, a defensa do progreso e o fondo coñecemento que demostra da lingua galega, ademais da orixinalidade dun “mestre do costumismo e do realismo ruralista”.

Hooper, Kirsty, “Novas cartografías nos estudos galegos. Nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 172, “Estudos”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 64-73.

Apoiándose en varios debates teóricos dos estudos culturais, que defenden a necesidade de repensar as existentes fronteiras simbólicas e materiais das nacións, este ensaio de Kirsty Hooper defende que, malia o argumento pragmático a favor de manter estratexicamente o modelo nacional de escribir historia literaria e/ou cultural, tal estratexia supón un prezo demasiado alto para voces marxinas na propia Galicia. Ilustra esta concepción apuntando o exemplo da historia da escrita feminina que parece saltar corenta anos dende *Follas Novas*, de Rosalía de Castro, en 1880 á novela *Néveda*, de Francisca Herrera Garrido, en 1920, e outros corenta e cinco até *A orella no buraco*, de María Xosé Queizán, en 1965. Propón un modelo de “lecturas posnacionais” da cultura galega, que ten as súas raíces nas interpretacións ibéricas do concepto do *posnacional* formulado por Habermas, e que permitiría reconsiderar o papel da cultura galega tendo en conta, ademais de fenómenos como a diáspora, pois este non

se limita ao século XIX nin ao contexto americano, senón que alcanza a autores ben recentes como Xelís de Toro, que en *Os saltimbanquis do paraíso* (1999) trata cuestións de identidade cultural que xorden do contacto entre Galicia e Londres; Xesús Fraga e os contos incluídos en *A-Z* (2003); Ramiro Fonte, residente durante varios anos en Londres; ou Xavier Queipo que en *Glosarios* (2004) recorre ao xogo bi/multilingüe para desestabilizar a unión entre lingua e cultura. Tamén se ten en conta a alofonía, representada por escritores como Marilar Aleixandre, Úrsula Heinze ou John Rutherford. Conclúe salientando que lexitimar o proxecto nacional galego só por vía da tradicional *literatura nacional* non é ética nin intelectualmente viábel nestes comezos do século XXI, e que tal vez o paradigma do posnacional contribúa a fuxir das narrativas cada vez máis problemáticas da nación.

Hormigón, J.A., “El teatro en Galicia”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual”, outubro 2006, pp. 20-21.

Breves pinceladas sobre o teatro en Galicia. Comeza presentando os obxectivos do monográfico, describir a historia máis ou menos ampla do seu desenvolvemento, e , a continuación, ofrece un percorrido que amose a súa evolución. Refírese ao desenvolvemento idiomático, á relación entre cultura e territorio e a creación dunha escena propia. Remata comentando a diversidade do monográfico e manifesta que é fonte propiciadora dun debate constructivo.

Huerta, Ángeles, Iratxe Retolaza, Elina Liikanena, Ewa Stoch, María López Suárez, Tomás González Ahola, Vitor Suárez Díaz e Armando Gnisci, “La Casa di Galizia”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 33, “Estudos”, 1º semestre (2005), 2006, pp. 65-92.

Tomando como punto de partida o curso de doutoramento celebrado en Santiago de Compostela baixo o título “Literatura europea, literatura mundial e literatura dos mundos”, recóllense neste artigo as reflexións dos participantes neste encontro, todos eles procedentes de diversos países europeos e de tradicións literarias que non ocupan posicións centrais na literatura europea. Comezan tendo en conta a súa posición como lectores e *literati* dunhas comunidades lingüísticas e culturais concretas. A seguir abordan cuestións como a súa posición ante a literatura europea, a literatura mundial e a literatura dos mundos; ou cal é a literatura ou a comunidade literaria na que cada un deles se sente *lector-literatus*. O obxectivo foi procurar un lugar común de reflexión sobre a literatura europea e a(s) súa(s) posíbel(éis) concepción(s).

Iglesias, Bieito, “Enormes minucias”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 92-93.

Recensión das obras *Á marxe, 1992. Obra xornalística I* (2005) e *Á marxe, 1993. Obra xornalística II* (2005), publicadas pola editorial Galaxia e nas que se reúnen as columnas de opinión que Carlos Casares asinaba diariamente baixo este título no xornal *La Voz de Galicia*. En primeiro lugar, compara ditas columnas xornalísticas coas *Enormes minucias*, de Chesterton, para logo salienta o seu carácter de diario e comentar algúns temas tratados polo autor nestes textos.

Iglesias, Bieito, “Días soltos”, *Tempos Novos*, n.º 104, “Días soltos”, xaneiro 2006, pp. 88-89.

Refírese nesta sección aos acontecementos cotiáns dalgúns días soltos do mes de decembro do pasado ano. Menciona, entre outros, a asistencia a un simposio sobre a obra de Amor Ruibal e alude tamén a sucesos políticos relacionados con Quintana e o entendemento do nacionalismo e remata referíndose á polémica de Félix de Azúa cos defensores dunha cultura non vulgarizada.

Iglesias, Bieito, “Días soltos”, *Tempos Novos*, n.º 105, “Días soltos”, febreiro 2006, pp. 80-81.

Refírese nesta sección aos acontecementos cotiáns dalgúns días soltos do mes de decembro do ano pasado e algúns de xaneiro. Recorda o acontecido nos días de Nadal e menciona a reedición dentro da colección editada polo xornal *La Voz de Galicia* da tradución galega de *Dr. Jekyll e Mr Hyde*.

Iglesias, Bieito, “Días soltos”, *Tempos Novos*, n.º 110, “Días soltos”, xullo 2006, pp. 80-81.

Nesta ocasión, Bieito Iglesias comeza comentando a súa viaxe a “Amsterdao” ao longo duns días de xuño e ofrece a súa visión da vida naquela cidade. Segue con outros acontecementos do día xa en Galicia, para rematar repasando as entrevistas do programa “A fondo”, de Joaquín Soler Serrano.

Iglesias, Bieito, “Días soltos”, *Tempos Novos*, n.º 111, “Días soltos”, agosto 2006, pp. 80-81.

Refírese nesta sección aos acontecementos cotiáns dalgúns días soltos do mes de xullo, nos que descansa na súa casa paterna de Vilarchao. Menciona ao seu afillado de tres anos ao que lle conta contos improvisados sobre o raposo, o lobo e outras bestas de fábulas. Alude tamén ao libro de Xulio Prada, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, como a súa lectura de verán. Remata referíndose á súa asistencia a un conclave de literatos no que se reflexiona sobre a Cidade da Cultura.

Iglesias, Bieito, “Días soltos”, *Tempos Novos*, n.º 112, “Días soltos”, setembro 2006, pp. 80-81.

Fala dos acontecementos dalgúns días soltos de xullo e agosto, salientando de interese a referencia que ao Café no que tiñan faladoiro Carlos Casares e Gonzalo Torrente Ballester, así como a unha entrevista feita a Álvaro Cunqueiro no programa “A Fondo”, na que declaraba que o galego era un pobo creador.

Iglesias, Bieito, “Días Soltos”, *Tempos Novos*, n.º 115, “Días soltos”, decembro 2006, pp. 6-7.

A través dunha linguaxe poética, fai un repaso por diferentes días de novembro, entre os que están aqueles que recorda certos feitos relacionados coa literatura galega. Así, lembra o encontro de escritores éuscaros, cataláns e galegos celebrado en Navarra para falar do tabú e ao que asistiron Xabier Queipo, Xabier Docampo e Marilar Aleixandre. Por outra parte, lembra a figura do recentemente falecido, Xosé Agrelo, ao que define como “escritor, mestre lembrado por alumnos agradecidos, militante dos bos e xenerosos cando apoñerse ao réxime esixía valor cívico pero sobre todo coraxe moral” e “pioneiro dun teatro galego incipiente”.

I.M., “Xabier Cid: ‘O blogomillo desapareceu’”, *Tempos Novos*, n.º 113, “Voces e culturas”, outubro 2006, pp. 58-61.

Recolle as opinións do escritor e xornalista dixital Xabier Cid sobre a literatura que se fai nos blogs e a crise que está a experimentar o fenómeno que denomina “blogomillo”, coa perda de interese da xente que estaba e está facendo blogs. Refírese finalmente ao encontro “Enblogs06”, unha iniciativa do Consello da Cultura Galega, na que este autor formulou a cuestión de se o blog é un xénero literario en si mesmo.

Ínsua López, Emilio Xosé, “Panorama da literatura dramática galega arredor do 36”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Congresos”, 2006, pp. 225-284.

En paralelo ao traballo sobre o teatro galego previo ao 36 de Laura Tato acollido nesta mesma publicación, ofrécese unha análise da literatura dramática galega desta época. Contén o texto seis apartados en que se introduce ao lector no contexto histórico e expónse un “inventario provisorio” da produción coñecida por volta do 36, para logo comentar polo miúdo os textos e autores considerados máis destacados: Castela, Ramón Otero Pedrayo, Antón Vilar Ponte, Álvaro de las Casas, Xosé M^a Pérez Parallé, Luís Manteiga, Ricardo Carvalho Calero e Álvaro Cunqueiro. Contén unha extensa bibliografía citada.

Ínsua López, Emilio Xosé, “Dous proxectos villarpontinos de novela e teatro históricos finalmente non culminados”, *Casahamlet*, n.º 8, maio 2006, “Teoría”, pp. 12-19.

Comentario sobre dous proxectos dramáticos de Antón Villar Ponte que non chegaron a culminar. Faise referencia a *O Mariscal* e ao anuncio de novos proxectos, con verbas do propio autor. Infórmase de que unha desas obras que nunca concluíu versaría sobre Sinfiriano López e dáse conta dos cinco artigos publicados en diversos xornais arredor desta figura e os motivos que o levaron a escribir a peza. Destácase a riqueza descritiva e a forza dramática dun dos textos, á vez que se adianta o argumento da obra que Villar Ponte presenta nun artigo xornalístico. A continuación, trátase a tentativa do fundador das Irmandades da Fala de escribir sobre Antolín Faraldo.

Ínsua López, Emilio Xosé, “Significado de *O Mariscal* no contexto teatral da súa época”, *Casahamlet*, n.º 8, maio 2006, pp. 108-111.

Comeza dando conta das dificultades de distinta índole que tivo que sufrir a obra *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antonio Villar Ponte, e do precario contexto no que viviu o teatro galego. Expón a mestura das solucións innovadoras e clásicas da peza. A continuación, trata a renovación estética do teatro galego a partir do 1919 e compara *O Mariscal* con obras teatrais españolas. Tamén fai referencia a Pardo de Cela como icona da época e á catalogación da obra ao servizo do nacionalismo galego. Por último, explica as razóns que levaron a un sector da sociedade a criticar a obra e pon de manifesto os eixes da mensaxe que quixeron transmitir os autores.

Ínsua, Emilio Xosé, “A Academia Galega, centenaria. Sombras arredor daquela luz”, *Tempos Novos*, n.º 112, “Voces e culturas”, setembro 2006, pp. 62-67.

Faise un repaso á historia da Real Academia Galega e coméntase que os seus comezos estiveron marcados, para ben e para mal, pola personalidade de Manuel Murguía. Apúntanse os ataques que recibiu a RAG e Murguía dende a prensa galega da época. Fálase, ademais, do conservadurismo dentro do seo da institución e das desavinzas coas Irmandades da Fala. Outro dos temas relacionados coa RAG deste artigo é a descrición dos desatinos e desleixos como o que en 1936 só vinte e unha das corenta cadeiras tiñan titular, de aí que o nacionalismo galego prestase máis atención ao Seminario de Estudos Galegos. Finalmente, apúntase que nos tempos da República o sector galeguista da RAG se enfrontou coas inercias inmobiliarias de moitos dos seus membros e que no franquismo Alejandro Barreiro e Manuel Casás (con quen se designou a Francisco Franco como presidente de honra da RAG) lograron que non se espoliasen os arquivos da RAG.

Kühn-Bode, Heidi, “Tan real e concreto coma un boliño de vainilla ou como podo NON traducir”, *Galicien Magazin*, n.º 18, “Beiträge”, novembro 2006, pp. 48-49.

Reflexiona sobre a maneira de abordar a tradución poética e aposta pola completa interiorización do texto. Fala das versións ao alemán e ao castelán da súa obra orixinal en galego *Pomerania meu amor* (2005) e indica que é ‘un son traducido dunha lingua ás outras’, porque o que lle importa é o ton e o son. Confesa que, pola súa experiencia como escritora, está interesada na tradución como recreación poética.

Lago, Xúlio, “Ibsen y la comunicación con los públicos: una rica experiencia”, *ADE Teatro*, n.º 110, “Centenario Henrik Ibsen”, abril-xuño 2006, pp. 88-93.

Xúlio Lago achégase á figura do dramaturgo noruegués a partir da súa experiencia como director de dúas adaptacións das súas obras, *Casa de bonecas* e *O inimigo do pobo*. Lago reflexiona sobre a singularidade do teatro en Galicia, marcado pola itinerancia, e a necesidade de lograr a comunicación co público nese contexto escénico peculiar. O heteroxéneo marco do teatro galego é para el o principal reto ao que os creadores se teñen que enfrontar á hora de tentar establecer a comunicación entre obra teatral e receptor. Nese complexo panorama,

sinala, foi onde se concibiu a adaptación das dúas obras de Ibsen. Delas destaca, sobre todo, que foron capaces de lograr algo a primeira vista complexo: un encontro xeneralizado entre os espectadores da Rede Galega de Teatros e Auditorios e a poboación do norte de Portugal, dous “ecosistemas” con fondas diferenzas entre os seus públicos. A continuación, entra no proceso de concepción de cada unha das adaptacións ás que se refire o artigo. Respecto a *O inimigo do pobo*, apunta que todo o que se debate na obra é de interese para os espectadores actuais, pois nesta produción de Teatro do Noroeste abórdase un conflito ético entre un individuo que planta cara ao poder e á sociedade en nome da verdade. Polo que respecta a *Casa de bonecas*, sobresaie o impacto que a súa representación tivo entre os públicos máis mozos. Lago incide na profunda actualidade dos temas e ofrece detalles da posta en escena da peza, caracterizada pola súa sinxeleza. Como conclusión, o dramaturgo apunta a necesidade de que Ibsen sexa incorporado con maior frecuencia á escena galega, dentro da cal foi un autor moi pouco representado.

Lago, Xúlio, “Seis personaxes á procura de autor: Notas de aproximación a la puesta en escena”, *ADE Teatro*, n.º 110, “Notas de dirección”, abril-xuño 2006, pp. 149-152.

Artigo no que o director da montaxe *Seis personaxes á procura de autor* fala da escenificación que levou ao Centro Dramático Galego a partires da obra orixinal de Pirandello. Lago afirma que o universo do autor segue estando totalmente vixente e abarca diversas parcelas das linguaxes escénicas, dende os decorados até a escritura teatral. Do mesmo xeito, sinala que combina xéneros e rexistros interpretativos dispares. Explica a concepción da súa montaxe, que basea nun escenario aparentemente “baleiro” de significado para a partir de aí acadar a esencia da obra orixinal, que cualifica de “obra de arte” e paradigma do teatro do século XX. Entre os principais atractivos de *Seis personaxes á procura de autor*, menciona a súa sensación de caos, a súa anticipación do moderno concepto de “reality show”, o conflito absolutamente contemporáneo que presenta, a ilusión escénica e o humor. Detense especialmente no traballo que como director efectuou arredor de cada personaxe, achegando mesmo consideracións do propio Pirandello sobre o que debe ser a interpretación. Na parte final, Lago reflexiona sobre a importancia da integración do público no espectáculo e recolle dúas citas de interese, unha da José Monleón sobre os textos de Pirandello e outra de Miguel Narros sobre a importancia das personaxes.

Lago, Xúlio, “Mi acercamiento a Vellos Tempos o la pequeña historia de un fracaso”, *ADE Teatro*, n.º 111, “Harold Pinter y la ética de lo posible”, xullo-setembro 2006, pp. 112-122.

Análise da adaptación que efectuou de *Old Times*, de Harold Pinter, coa compañía Teatro do Atlántico. Explica como se adentrou na obra do dramaturgo e a fascinación que toda a súa produción lle provoca. Recoñece que na súa adaptación fallou un elemento esencial, a comunicación co público, que explica por medio da hipótese de que era unha peza que requiría un público teatral activo, público do que careceu. Lago apunta os principais temas da obra, marcada polos ideais abandonados e a sensación de fracaso dos protagonistas. A importancia do tempo e as contradicións do protagonista son analizadas a continuación, para rematar por ofrecer unha serie de claves sobre o espazo escénico no que se desenvolve a historia. O artigo remata recollendo a escena final do acto primeiro, na que se fai patente a atmosfera de tensión que domina a relación entre as dúas protagonistas.

Lago, Xúlio, “Teatro, ‘Teatro gallego’ y sociedad: desprecios y minifundios”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 222-229.

Laméntase a política que se está a facer dende a Xunta de Galicia e que non favorece ao teatro en ningún sentido. Quéixase de que existen moitas pezas levadas á escena pero con moi poucas representacións, polo que non son rendíbeis, non hai grandes medios e, en xeral, observa un desprezo polo propio que se fomenta dende as empresas privadas que programan teatro e apostan por compañías teatrais de fóra de Galicia en detrimento da calidade do teatro galego. Pénsase que non se vai mellorar moito a situación co cambio de goberno cando o presidente do país pensa en privatizar o Teatro Colón que se sitúa en pleno centro do cidade de Vigo.

Lama, María Xesús, “Un epistolario de madurez”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 101-102.

Recensión sobre o segundo volume de *Cartas a Murguía (1868-1885)*. Sitúa esta correspondencia no período de madurez deste “personaxe central da cultura galega” e vai comentando a identidade dalgúns dos seus correspondentes. Sinala como a través destas cartas se pode seguir a evolución da situación tras o cambio político propiciado pola Revolución. Afirma que nesta etapa a maioría das epístolas están relacionadas con temas profesionais. Remata relatando detalles da edición e loando o laborioso traballo do editor, aínda que bota en falta un maior número de notas históricas para situarnos no contexto.

Lamapereira, Antón, “Entrevista a Ánxeles Cuña Bóveda”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 46, “Espazos”, primavera 2006, pp. 3-9.

Reproduce a entrevista realizada a Ánxeles Cuña Bóveda formulada por correo electrónico no mes de decembro 2005 pola RGT con motivo da súa dimisión como directora de CDG. Fala da súa traxectoria profesional, a súa liña de traballo coa compañía, o cambio experimentado en relación á dirección de Manuel Guedes Oliva e os novos proxectos en canto a producións: obxectivos, distribucións de espectáculos, ou cursos e obradoiros de formación especializada. Refírese tamén á súa participación en ADE (Asociación de Directores) e as futuras actividades que teñen pendentes de realizar. Así mesmo, fala da posta en escena dun dos mitos máis engaiolantes da nosa historia, Maruja Mallo, pensada para o 2007 ou a importancia do Centro Dramático Galego dentro do sistema teatral. Remata referíndose a cuestións de política teatral.

Lema, Carlos, “Un Simbad galego en árabe. Publícase a edición marroquí do libro de Cunqueiro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O rego da cultura”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, p. 11.

Anúnciase a publicación da tradución da novela *Se o vello Sinbad volvese as illas*, de Álvaro Cunqueiro ao árabe por parte dunha editorial marroquí e sinálase que se trata da primeira

tradución ao árabe dunha obra completa en lingua galega. A continuación, informa do desenvolvemento do acto de presentación do libro en Casablanca e dá conta das persoas que asistiron. Reflexiona sobre as relacións entre a literatura galega e marroquí e comenta o acerto da escolla desta obra para iniciar os contactos entre estas dúas literaturas. Posteriormente, indaga sobre a orixe e a recepción da historia de Sinbad, incluída na obra das *Mil e unha noites* e sinala o importante labor da tradución na súa difusión.

Liñeira, María, “O tempo máxico das confidencias ou ‘a interminábel conversa das mulleres’”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 93-94.

Comeza cunha introdución na que pon de manifesto o importante recoñecemento por parte de xurados, crítica e público das obras publicadas por Teresa Moure entre 2004 e 2005 e se informa dunha segunda edición de *Herba moura* aos seis meses da publicación da novela, así como dos proxectos de tradución desta ao catalán e ao castelán. A continuación, percorre a trama da novela *Herba moura*, deténdose na súa estrutura e na relación das súas protagonistas e apunta que bota de menos “unha meirande contención na historia marco, ou mellor incluso, unha outra novela. A familia de mulleres de Einés Andrade merecía autonomía”. Por outro lado, agradece o “logrado cambio de rexistro lingüístico e estilístico” do paso do século XVIII ao XXI. Por último, remata sinalando que as novelas desta autora lle outorgan voz ás mulleres como axentes decodificadores do mundo e engade que “é tempo de que os homes aprendan a ler coma mulleres, porque sen a historia cotiá do mundo, sen o universo feminino, a historia da humanidade está incompleta”.

Lojo Rodríguez, Laura M^a, “Virginia Woolf, *Un cuarto de seu*, edición de Manuela Palacios González, tradución de Iria Sobrino Freire, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. As letras das mulleres, 2005, 194 pp.”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 33, “Libros”, 1º semestre (2005), 2006, pp. 318-321.

Reseña do ensaio que a escritora inglesa Virginia Woolf deu ao prelo en 1929 e que foi publicado en 2005 en lingua galega da man de Iria Sobrino como *Un cuarto de seu*. Destácase o momento histórico no que se publicou orixinalmente esta obra e sinálase que nela se afonda en cuestións como a importancia da independencia económica da muller e dun espazo propio, que teñen relación coas carencias da nenez e xuventude da autora, motivadas moitas delas por ser muller. Fai referencia á importancia social que Woolf acadara cando publicou este ensaio e á posibilidade de que Ramón Otero Pedrayo coñecera a súa obra a través da tradución francesa, incluíndoa como personaxe na novela *Devalar* (1935). Da edición de Manuela Palacios destaca a capacidade para achegarse ao público especializado pero tamén aos lectores en xeral, nunha análise na que parte de cuestións xerais para centrarse logo no máis particular da obra de Woolf. Destaca tamén que a editora marca as contradicións e inconsistencias, ademais de achegar unha interesante sección bibliográfica. Da tradución de Iria Sobrino sinala que está feita con coidado, rigor e respecto ao texto orixinal, nunha obra que se traslada por primeira vez á lingua galega, malia a súa enorme transcendencia na escrita de moitas autoras galegas.

López Carbajales, Víctor, “Programación teatral. Teatros, circuitos y salas alternativas”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 210-216.

Indica que hai unha data na configuración do teatro profesional galego, o ano 1978, cando se estreou *Laudamuco, señor de ningures*, pola compañía Antroido, de Roberto Vidal Bolaño, e *O velorio*, obra de Francisco Taxes, levada ás táboas pola compañía Troula, momento no que ambas as dúas deran o salto á profesionalidade. No caso da programación coméntase que é imposible ofrecer unha data concreta en que se comeza a facer de maneira sistemática. A continuación fálase dos estamentos que programan tanto os entes privados como públicos e tamén os lugares que serven de espazo para representar pezas teatrais.

López Pérez, Ana Belén, “Virginia Woolf, *Un cuarto de seu*, edición de Manuela Palacios González, tradución de Iria Sobrino Freire, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. As letras das mulleres, 2005, 194 pp.”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 33, “Libros”, 1º semestre (2005), 2006, pp. 321-325.

Comeza referíndose á colección “As letras das mulleres”, na que se insire a tradución de *Un cuarto de seu* (2005), de Virginia Woolf, xunto con outras obras de referencia do pensamento feminista. Considera que estas novidades son unha mostra do cambio que se ten dado nos estudos femininos e lamenta que aínda así teñan que aparecer en coleccións específicas. Da edición de Sotelo Blanco destaca o coidado que reflicte, a “detallada e clarificadora” introdución de Manuela Palacios, da que explica a estrutura. Tamén destaca deste traballo introdutorio o feito de que saliente as contradicións nas que incorre a autora inglesa, propias do contexto social da súa época e pon como exemplo o considerar que a narrativa tiña maior facilidade para as mulleres que a poesía, feito que se contradí no caso galego. Detense na bibliografía incluída e sinala que polo de agora aínda son escasos os traballos da autora en lingua galega. Remata recomendando a lectura da obra e felicitando á tradutora polo bo traballo feito.

López Silva, Inma, “Teatro de dous e a liberdade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 98-99.

En primeiro lugar ofrece unha achega á traxectoria de Cándido Pazó e os trazos que caracterizan os textos asinados baixo o seu selo. A continuación, profundiza nas obras *Binomio de Newton e García* (2005). Subliña a aposta da editorial a prol das obras dramáticas e fai fincapé en que as dúas obras foron xa estreadas. Presenta os argumentos contrapostos de ambas as dúas pezas publicadas e refírese ao tratamento espazo-temporal, ao estilo, á intencionalidade e á temática de *Binomio de Newton e García*. Tamén alude ao manexo dramático que Pazó experimenta co tempo e engade que se advirte o influxo de Shakespeare na obra do galego. Conclúe loando ambos textos do escritor.

López Silva, Inma, “Noite invadida”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 46, “Libros”, primavera 2006, p. 76.

Análise da obra *Noite invadida* (2005), de Xesús Pisón, editada pola Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor na colección Pillado-Mayor. Estuda a presenza do vampirismo nas cinco pezas teatrais que compoñen o volume, aínda que se centra de forma especial en *A Vía Láctea*, *Tatuaxes* e *Animal vacío*. Comenta que desta última peza o autor ofrece unha nova versión, con escenas engadidas e eliminadas con respecto á publicación de 2003. Remata cunha referencia ao prólogo no que Enrique Rabuñal fai un percorrido por toda a produción dramática pesonana, complementado coa referencia ás opinións de especialistas como Laura Tato, Cilha Lourenzo ou Manuel E Vieites.

López Silva, Inma, “O canto final de Teatro do Aquí”, *Tempos Novos*, n.º 106, “Voces e culturas”, marzo 2006, p. 74.

Comeza facendo referencia ao difícil que é a continuación despois da desaparición dun mito, en referencia a Roberto Vidal Bolaño. A seguir, fala da despedida do grupo Teatro do Aquí, precisamente coa posta en escena da obra de Vidal Bolaño *A ópera de a patacón*. Despois de describir o seu contido, fala da posta en escena, das referencias, da dificultade da montaxe, da moda do musical e dá a súa opinión non moi positiva sobre ela e sobre que Teatro do Aquí a puxese en marcha. Remata non cunha despedida total ao grupo senón coa esperanza de que a convivencia co mito leve a que xurdan xiros na xestación da súa memoria e que se recollan nun libro os textos éditos e inéditos de Roberto Vidal Bolaño.

López Silva, Inma, “Cristina Domínguez. Abrindo portas”, *Tempos Novos*, n.º 107, “Voces e culturas”, abril 2006, pp. 79-81.

Entrevístase a Cristina Domínguez, a nova directora do Centro Dramático Galego. Fálase de que haberá cambios con respecto ao proxecto da anterior directora, Ángeles Cuña. Domínguez, segundo afirma, quere facer unha boa proposta artística e tamén unha boa programación, de xeito que non só se fomenten as obras galegas, senón que se dea cabida ao intercambio con estéticas de fóra de Galicia.

López Silva, Inma, “Inquedante voyeurismo e teatro do bo”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 84.

Análise da obra *Final de película*, de Gustavo Pernas que recibiu o premio Rafael Dieste en 2005. Logo ofrecer uns breves apuntamentos sobre Pernas e definir a obra como o seu mellor texto dramático, examina cada un dos personaxes e defíneos como un bo exemplo de soidade, de marxinação e fracaso desde algún punto de vista. Comenta tamén o discurso dramático e remata cunha referencia á homenaxe que coa obra o autor fai a outra das súas paixóns, o cine.

López Silva, Inmaculada, “As formas do diálogo no teatro galego contemporáneo. Unha aproximación desde o teatro de Ruibal, Fernán Vello e Pazó”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Estudos e investigacións”, 2006, pp. 103-176.

Traballo de Inmaculada López Silva que, como se indica, é unha versión galega dunha tese de diplomatura presentada na Universidade París III-Sorbone Nouvelle baixo a dirección de Jean-Pierre Ryngaert. Trátase dun “estudo panorámico sobre os usos, modalidades e estilos de diálogo no teatro galego contemporáneo” centrado principalmente nas obras *Zardigot* (1973) e *O cabodano* (1975), de Euloxio Ruibal; *A extraña señorita Lou* (1982) e *Auto insólito do autor* (1985), de Miguel Anxo Fernán-Vello; e *Commedia, un xoguete para Goldoni* (1995) e *Raiñas de Pedra* (1994), de Cándido Pazó. O ensaio divídese en catro apartados. No primeiro deles considéranse as nocións “teatro galego” e “contemporáneo” (discútese o criterio filolóxico e prefírese a denominación “sistema teatral galego”, á vez que se considera a etapa contemporánea aquela que vai de 1973 á actualidade), ademais de sentar uns presupostos iniciais sobre o diálogo no teatro. No segundo, analízanse a Etapa Abrente e as mencionadas obras de Euloxio Ruibal (cuestións como o monólogo, as fórmulas de dominación lingüística e as de loucura e dominación, a dimensión cerimonial no diálogo e a ladaíña. No terceiro, introdúcese o lector na “renovación da linguaxe teatral” da década dos oitenta e analízanse as obras de Fernán-Vello (formas de tratamento e tensión, a verdade e a mentira, a técnica telefónica, o metateatro e a narratividade, os rexistros de lingua, o diálogo marco, a comunicación como instrumento para o coñecemento da realidade e a palabra e a liberdade). Por último, no cuarto apartado trátanse o xogo e a ironía do diálogo nos noventa e analízanse as obras de Cándido Pazó (o xogo de voces da comedia e a ironía, o uso coral do diálogo, o diálogo na procura do público, a conversa, o malentendido e o enredo, as convencións da traxedia, e os niveis de lingua e a clasificación social). Por último, ofrécese un “Cabo” no que se expoñen as conclusións do traballo.

López Silva, Inmaculada, “As vítimas da represión: da morte, do exilio interior e do exilio exterior”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais* 2003/4, “Congresos”, 2006, pp. 285-298.

En paralelo aos traballos de Laura Tato e Emilio Xosé Ínsua acollidos nesta mesma publicación, trátanse a propósito da memoria histórica os diferentes modos de exilio sufridos por aqueles intelectuais vinculados ao teatro galego logo da Guerra Civil. Introdúcese primeiramente o lector no drama dos desterrados e á represión á que foron sometidos líderes galeguistas como Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño ou Alexandre Bóveda, todos eles mortos no 36. Seguidamente, comenta a actividade teatral dos exiliados en Bos Aires e as diversas iniciativas levadas a cabo en Montevideo e na Arentina, encadradas pola autora no epígrafe “Os refuxios do teatro galego”, que considera antecedentes claros das Mostras e Certames de Ribadavia na década dos 70. Finalmente, refírese ao exilio interior, comentando o labor desenvolvido en Galicia por autores como Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro ou Xenaro Marínhas del Valle. Remata referíndose ao traballo de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado nos últimos anos da ditadura. Introdúcese unha extensa bibliografía citada.

López Silva, Inmaculada, “Crítica teatral, o cómo ahogarse en un contexto periférico”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 264-272.

Confesa que o seu papel de falar da crítica non é o máis satisfactorio porque non agrada a todo o mundo e normalmente é difícil que haxa un recoñecemento por parte da profesión teatral. Entende que os críticos galegos teñen unha única ilusión e é captar ao maior número de público posíbel, crear un espectador asiduo, formado, que garanta a continuidade da escena

galega, polo que cando menos nunha sociedade non normalizada hai un punto de encontro entre a crítica e a profesión teatral. Recoñece que os comentarios non adoitan ser desinteresados, pero hai que buscar a imparcialidade. Quéixase da falta de seccións fixas nos xornais, do apoio que teñen os espectáculos públicos, pero da pouca difusión que se lles concede aos privados, da falta de continuidade das representacións e do pouco espazo que se lle garda nas revistas e nos xornais á cultura en xeral e ao teatro en particular.

López Silva, Inmaculada, “Bibliografía básica de la literatura dramática gallega”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, p. 277.

Cítanse as obras máis emblemáticas da literatura dramática galega por orde cronolóxica, así comézase co *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671), de Gabriel Feixoo de Araújo, e péchase este repertorio bibliográfico con *Fobias* (2005), de José Luís Prieto. Entre os autores máis citados aparecen Álvaro Cunqueiro, Daniel Cortezón, Euloxio Ruibal, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo, Inma Antón Souto, Xesús Pisón, Roberto Salgueiro, Cándido Pazó, Raúl Dans e Gustavo Pernas.

López Silva, Inmaculada, “El teatro en Galicia: Bibliografía crítica básica”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, p. 278.

Listado bibliográfico moi conciso no que se recollen os ensaios sobre o teatro galego básicos, así como os números monográficos ou revistas dedicadas á dramaturxia galega e unha serie de páxinas web nas que se poden atopar recursos sobre a mesma temática.

López Suárez, María P., “O sexo nunha chistera. Corpos de performance”, *Abril*, n.º 32, “Entre liñas”, outubro 2006, pp. 91-94.

Artigo no que se reflexiona sobre o esvaradío concepto de “performance”, situado no límite entre as artes plásticas e as artes escénicas. O traballo, que é introducido por unha cita do colectivo “Rompente”, consta de tres partes, todas elas tituladas a partir de versos de diferentes poetas galegos, como se indica ao final do artigo: a primeira delas, “Carne que non se escribe”, procede do proxecto *Lob*s*, de Antón Lopo e Ana Romaní; a segunda, “A miña bicicleta é azul: Esplendor na herba”, comeza cun verso de Lupe Gómez referido aos espazos alternativos; e a terceira, “Pound os teus ollos na mesa de noite: Os zapatos vermellos de Antón”, comeza cun verso de “Rompente”. A reflexión teórica sobre as artes híbridas combínase neste traballo cunha panorámica da historia da performance en Galicia, de maneira que se sitúan os precedentes na actividade do colectivo citado ao comezo do artigo, facendo referencia ao taller que en 2002 impartiu a artista de relevancia internacional Marina Abramovic na Ulloa, así como á obra de diversos membros da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, mais, especialmente, á traxectoria do artista interdisciplinario Antón Lopo e do grupo compostelán Matarile Teatro. Conclúese aplicando de xeito lúdico nocións procedentes da obra de Judith Butler relativas á *performatividade* de xénero ao traballo de improvisación do actor, situando como lugares de referencia as compostelás sala Nasa e Teatro Galán.

López Suárez, María Pilar, “Dimensións posdramáticas do corpo: Matarile, Teatro e *Illa Reunión*”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais* 2003/4, “Espectáculos”, 2006, pp. 307-319.

Artigo que toma como punto de partida o espectáculo dirixido por Ana Vallés para o Centro Dramático Galego, *Illa Reunión*, para reflexionar sobre as diferentes dimensións da corporalidade no denominado “teatro posdramático”, na terminoloxía de Hans-Thies Lehmann. Logo dunha primeira parte na que se fai referencia aos representantes do teatro experimental europeo contemporáneo e ás orixes da performance ou arte de acción, introdúcese ao lector considerando o corpo como “potencial de desintegración” do drama neste tipo de espectáculos, afirmando que isto non significa que a palabra deixara de ser subversiva. Na segunda parte, titulada “O corpo intertextual”, sinálase o carácter transdisciplinario do corpo, facendo fincapé na concepción plástica, antes que lingüística, do espectáculo, manifesta nunha “dramaturxia visual” na que a danza ou diferentes técnicas próximas ao cinema, á pintura ou á escultura, cobran especial relevancia. Na terceira parte, faise unha análise das coordenadas espazo-temporais do corpo, aproximándose aos “espazos encarnados” polos actores, como a paisaxe narrada, ou a categoría de “corpo-decorado”, así como á da marioneta, que dá lugar ao “corpo-peza”, ou ao “corpo-modelábel” e vincúlase ao tema do “dobre”, tratado por Freud, e a crueldade artaudiana. Finalmente, establécese o concepto de “negociabilidade do personaxe” para estudar as identidades “en proceso” que se mostran na obra. O artigo acompáñase dunha extensa bibliografía citada.

Losada, Basilio, “Cartas en anos escuros”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “Documentos”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 58-59.

Dá conta da correspondencia que mantivo durante anos con Ramón Piñeiro. Para afondar na súa relación, Losada comeza aludindo aos seus primeiros anos fóra de Galicia. Fala de anécdotas nos anos da represión e das cartas escritas por Piñeiro que lle roubara a policía. Revela o nome dos galeguistas que máis influíron na súa vida. Por último, sinala o obxectivo da correspondencia.

Luna, Luis, “Franco, Xesús (2004): *Atlántico*, *Atlántico*, Pontevedra, Ed. Tambo, pp. 60”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 191-192.

Despois de presentar a Xesús Franco, defínese o seu novo poemario como “composto por textos que conforman unha xeografía amorosa mítica á maneira de carta de navegación que lle serve ao autor para non esquecer a súa saudade da “muller debuxada e intuída” que o acompaña no seu periplo. Enuméranse os sete eixes que conformarían a carta de navegación deste poemario: as illas Feroe, Irlanda, Madeira, Saba, Manhattan, Gomera e Quessant; como se enumeran tamén os nomes das mulleres que a voz poética atopará en cada porto: Astrid, Sarah, Graça, Mariken, Vivien, Gara e Gwenaél. Comentados os poemas, ás veces de forma sintética e ás veces a través da reprodución dalgún fragmento, conclúese que “o mariño-poeta”, Xesús Franco ofrece nesta obra a súa carta de navegación poética e mítica, polo que lle corresponde ao lectorado “seguila e descubrir a nosa singradura vital polas augas do Atlántico, o mar onde soñan e morren os galegos”.

Luna Alonso, Ana, “Traducións ao galego no ano 2005”, *Viceversa*, nº 12, “Informacións”, 2006, pp. 175-186.

Repaso pola produción editorial relativa aos textos traducidos ao galego dende o ano 2000 ao 2005. Parte duna gráfica que reflicte o número de obras traducidas. Destaca a literatura infantil e xuvenil como o xénero que máis avanza, posto que pasa de 61 volumes no 2000 a 86 no 2005. Comenta cada un dos xéneros e valora os seus aspectos positivos e negativos, sobre todo dende o punto de vista editorial. Remata cunha alusión a cada unha das obras que se traduciron en 2005 en narrativa, poesía, teatro, ensaio e infantil e xuvenil, cada unha delas referida nun epígrafe.

Luna Alonso, Ana, “Biblioteca galega dos clásicos universais”, *Viceversa*, nº 12, “Informacións”, 2006, pp. 187-202.

Faise eco da aparición da Biblioteca Galega de Clásicos Universais, publicada e distribuída xunto co xornal *La Voz de Galicia*, á que cualifica de fenómeno editorial importante no sistema literario e cultural galego. Comeza cunha definición do termo “clásico” para, a continuación, analizar a selección de textos desta colección, a maioría pertencentes ao xénero da narrativa. Fala da cuberta das obras da colección, do texto fonte (maoritariamente inglés e francés), e das ausencias que presenta (obras de Orwell Whitman, ou Descartes pendentes aínda de tradución). Presenta logo un percorrido polos distintos títulos traducidos, dende *O principião*, por Carlos Casares, no 1972 até a tradución do clásico de literatura inglesa *Frankenstein ou o moderno Prometeo* (*Frankenstein or the Modern Prometheus*, 1918), de Mary Shelley, na colección de Galaxia “Costa Oeste”. Remata cunha relación de títulos da Biblioteca dos clásicos de *La Voz* en cada un dos xéneros.

Mariño, Francisco Manuel, “Buscar a Schiller entre nós”, *A Trabe de Ouro*, n.º 65, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 85-107.

Achega á ausencia da obra do alemán Friedrich Schiller (1759-1805) no panorama da cultura galega. Mariño tamén reflexiona sobre a situación actual das traducións ao galego, xa que a maioría chegan a través do castelán. Posteriormente mostra a escasa presenza schilleriana en autores galegos como Nicomedes Pastor Díaz, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Euxenio Montes ou Tomás Barros, destacando que estas referencias presentan un carácter marxinal, anecdótico ou pretendidamente erudito.

Mariño Paz, Ramón e Damián Suárez Vázquez, “*O Apóstol Santiago*, Manuscrito e impreso en galego do século XIX”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, “Traballos de investigación e estudo”, 2006, pp. 237-291.

Presentan neste artigo unha nova contribución ao corpus de textos escritos en galego a comezos do século XIX. Correspóndese co texto d’ *O Apóstol Santiago*. Fai un breve resumo do seu contido temático e ofrecen, a continuación, a transcripción do texto. Logo centran a análise en diferentes aspectos a ter en conta: a motivación, datación e autoría do manuscrito, a

publicación do texto, o estudo lingüístico a nivel gráfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e fraseolóxico.

Mariño Reino, Xosé, “Ata sempre, vello mestre”, *Alameda*, n.º 25, decembro 2006, pp. 57-58.

O cronista, homenaxea a Xosé Agrelo con este escrito e, aínda que di que non foi directamente o seu mestre, recoñéceo como tal porque por medio dos seus traballos descubriu Noia, a súa historia e cultura, o amor ao teatro e a amizade correspondida e xenerosa, pois sempre respondeu ás solicitudes. Di que se sente honrado por compartir co homenaxeado tarefas culturais varias e tamén á familia e aos amigos e recorda moitos dos méritos de Xosé Agrelo.

Martínez González, Xurxo, “Carta inédita de Castelao a Ramón Villar Ponte”, *A Trabe de Ouro*, n.º 67, “Crónica”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 407-409.

Comeza informando da presenza de cartas e documentos inéditos tanto de Castelao como doutros autores fundamentais do século XX. A continuación, analiza a carta que Castelao envía a Ramón Villar Ponte datada o 24 de outubro na cidade de Pontevedra. Destaca a parte final da epístola, definida como escalofriante polo que garda de certeza en canto á premonición que realiza o rianxeiro da realidade política do momento. Lembra tamén a estreita relación entre os dous persoeiros, relación que se remonta aos primeiros anos de “Irmandades da Fala”, e a súa sintonía na visión de Galicia e a súa realidade política. Remata reproducindo a carta inédita.

Martínez, Iago, “Blogs e literatura. A ler a outra parte”, *Tempos Novos*, n.º 113, “Voces e culturas”, outubro 2006, pp. 54-58.

Comezando facendo un resumo da situación da lectura en Galicia, que non pasa polo seu mellor momento, en contraposición co feito de navegar pola rede, ler os cadernos en liña de bitácoras, weblogs, algúns de carácter informativo pero outros con vocación literaria, que lle están a roubar protagonismo á lectura do libro. Céntrase de seguido no fenómeno do *blogging* e dos blogs en Galicia, salientando a figura de María Yáñez, directora do portal Vieiros. Sinala que os usuarios prefiren os diarios persoais, así como os blogs de ficción. Analiza tamén os escritores de blogs, ademais de escritores recoñecidos que opinan e promoven a súa obra a través dos seus propios blogs, como é o caso de Xosé Carlos Caneiro ou Francisco Castro.

Mato Fondo, Miguel A., “A importancia de se chamar Manuel María”, *Naz-ón*, n.º 1, “A persoaxe”, 2006, p 24.

Sucinta achega á figura de Manuel María e a relación entre a súa obra e a poesía galega. Lembra o carácter innovador da poesía do autor e destaca a súa relación con outros xéneros, como o teatro. Manifesta que o polifacético escritor soubo conciliar o apego á terra coa

vocación universal. Remata loando o valor da súa escrita poética como elemento universalizador e solidario entre a humanidade.

Mato Fondo, Miguel A., “A importancia de se chamar Avilés de Taramancos”, *Naz-ón*, nº 3, “A persoaxe”, 2006, p 21.

Breve comentario sobre Avilés de Taramancos centrado en determinados aspectos biográficos e literarios. En canto a estes últimos, refírese á obra poética do autor salientando obras como *Ultima fuxida a Harar* ou *A frauta e o garamelo*. Comenta tamén aspectos propios do seu universo poético e remata cunha referencia á súa lingua poética para manifestar que “levou o galego a alturas poéticas enormes”.

Mato Fondo, Miguel A., “A importancia de se chamar Luísa Villalta”, *Naz-ón*, nº 4, “A persoaxe”, 2006, p 22.

Homenaxe á poeta Luísa Villalta, falecida hai dous anos cando o seu último poemario aínda non se publicara. Comeza lamentando a morte da escritora. A continuación, fala deste último poemario e salienta que é un libro sobre a cidade, a cidade tamén doutros escritores das letras galegas como LUGRÍS, Curros, Pondal e Rosalía. Salienta a relación entre a música e a poesía, “a nota musical e o verso”, en toda a súa obra. Remata reproducindo unha fermosa frase da poeta: “Acabarei por facer do poema a biografía”.

Mejía, Carmen e Verónica **Palomares**, “*Maneiras de querer* (2005) de Vicente Araguas”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 9, “Crónica”, 2006, pp. 133-137.

Dáse conta da presentación de *Maneiras de querer* (2005), volume que recolle a obra poética completa de Vicente Araguas, na Galería Sargadelos de Madrid. Noméanse os participantes no acto, entre eles o propio Vicente Araguas, as profesoras Verónica Palomares e Carmen Mejía, e o músico “o Príncipe Galín”. Reprodúcense tamén de xeito íntegro, e por orde de intervención no acto, os discursos eloxiosos de Verónica Palomares, que se centrou na análise do poemario *O gato branco* (1995), que se define como un dos libros máis logrados sobre o amor dentro da obra araguaniana, á vez que se destaca o tratamento da temática amorosa ao longo de todo o poemario e a presenza da melancolía ou o erotismo. A seguir, sinálase que Carmen Mejía destacou no seu discurso o “amor á vida nos pequenos detalles” presente en *Río Matinal* (2000), a rebeldía do poeta contra o paso do tempo, que aparece en *Esquecín/Esquecer* (2004) ou a subxectividade de olladas apaixonadas e sentimentais da voz poética presente en *Vintecatros maneiras de querer a Brian* (2004). Acompáñase a crónica de fragmentos de textos do autor, así como dunha fotografía do acto.

Mejía, Carmen e Verónica **Palomares**, “Constanza Tobío Soler: La pluralidad intelectual de Lois Tobío”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 9, “Entrevista”, 2006, pp. 175-183.

Entrevista á filla de Lois Tobío, Constanza Tobío Soler, co obxectivo de desentrañar os principais fíos e as chaves mestras da importancia da figura do seu pai. Anótase a súa

participación na fundación do Seminario de Estudos Galegos (1923), así como da importancia dos seus estudos en Alemaña de Teoría do Estado –xunto a Herman Heller- para que participase de forma tan activa no Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia (1936). Fálase de como se incorporou Tobío á carreira diplomática, do seu período na embaixada española en Bulgaria (1933-1937) e como dende aí se incorpora á Guerra Civil no bando republicano na fronte do Ebro ou de como volveu ser chamado pouco despois para reincorporarse á carreira diplomática ao servizo da república, carreira da que sería apartado polo réxime até o ano 1974, data do seu reingreso. Coméntanse as andainas de Tobío pola emigración en distintos países e do mantemento dun evidente e intenso compromiso co galeguismo, destacando a súa colaboración ora na revista *Galicia Emigrante*, ora no programa radiofónico *Sempre en Galiza*. Analízase, ademais, a vinculación de Lois Tobío coa poesía, ben como creador de versos en galego, ben como tradutor, nomeando entre as súas traducións máis importantes as de R.M. Rilke e Bertol Brecht, ou a tradución das *Elexías* ou de *Fausto*. Bótase de menos a compilación de todos os traballos de Tobío nun volume ou compilación. Cualifícase de “regalo dos últimos anos da súa vida” o recoñecemento recibido por Tobío ao seu regreso a Galicia, ao tempo que se repasa a vida do autor no tempo que este pasou en terras de América.

Monteagudo, Henrique, “A Academia, o idioma e o nacionalismo, 1906-1930”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “Cen anos coa Real Academia”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 26-37.

Percorrido polo máis significativo da traxectoria da Real Academia Galega, dende a súa fundación até a década dos anos trinta no contexto do galeguismo. Fai fincapé no traballo da institución a prol da promoción da lingua e dos estudos literarios e lingüísticos. Estabelece comparacións entre a Real Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos. Por períodos, analiza os trazos máis singulares da institución, así como as súas eivas e logros. Tamén destaca o labor do *Boletín da Real Academia Galega*.

Montenegro Prado, Mar, “La creación dramática gallega desde sus inicios hasta 1936”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 33-41.

Dende o ano 1849 en que se estrea *A casamenteira* de Antonio Benito Fandiño ata 1882 que se publica *A fonte do xuramento* de Francisco María de la Iglesia, non podemos falar de actividade teatral, polo que esta última data é a que se erixe como iniciadora da escena galega. Coméntanse as iniciativas da Escola Rexional de Declamación (1902-1903) e do Conservatorio Nazonal de Arte Galego (1922-1926) exemplos do interese por difundir un teatro en galego. Nesta etapa é significativo porque hai unha vergonza moi notábel por expresarse en público en lingua galega, e a posta en escena de obras de Manuel Lugrís Freire, Cabanillas, Antón Villar Ponte, Xesús San Luís Romero, Armando Cotarelo Valledor son revolucionarias e normalizadoras. Dentro do grupo Nós cultivaron o xénero dramático Vicente Risco con *O bufón d’el Rei*, Otero Pedrayo con *a lagarada* e *Teatro de máscaras* e Castelao que estrea en Bos Aires en 1941 *Os vellos non deben de namorarse*. O franquismo freou todas as expectativas de desenvolver un teatro culto en galego, ata os anos cincuenta non volve agromar a loita colectiva pola reconstrución do país.

Muñoz Carrobles, Diego, “Rivas, Manuel (2005): *O heroe*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, pp. 112”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 194-195.

Destácase o recoñecemento e a importancia da figura de Manuel Rivas tanto no panorama literario galego como alén dos seus límites. Anótase que a peza que leva por título *O heroe* (2005) está composta “en doce escenas” e faise un resumo sintético do seu argumento. Dise que o texto transcorre a través dunha “dobre acción”, dunha banda, a correspondente ao personaxe principal de Arturo e a súa vivencia no retorno da guerra e, doutra banda, a conspiración política do ditador. Faise fincapé no tema dramático da “loita clandestina” e de todos os perigos que comporta e que, dun ou doutro xeito, se recollen no texto, aludindo a algunha das escenas nas que isto se visualizaría. Afírmase que “un dos elementos notábeis da peza é o xogo de contrarios”, opinión para a que serve exemplos varios. Dá conta, ademais, das referencias históricas incluídas no texto de Manuel Rivas, entre elas a Lord Wellington, a batalla de San Marcial ou a Sir John Moore. Conclúese dicindo que “tan importante como as referencias históricas e literarias da obra é a súa mensaxe política en favor da liberdade”, ademais dun “berro a favor da dignidade e a submisión”.

Neira Pereira, Henrique, “Literatura estradense en internet”, *A Estrada*, n.º 9, 2006, pp. 75-96.

Henrique Neira explica o éxito actual dos libros dixitais ou electrónicos presentes en Internet. O traballo comeza cun apartado no que explica os diferentes soportes (ordenador de sobremesa ou portátil, teléfono móbil, asistente dixital persoal...) a través dos cales se pode acceder aos libros, textos ou documentos dixitais. Despois desta explicación técnica, o autor dedica un apartado aos libros dixitais galegos, destacando principalmente as bibliotecas virtuais que nos proporcionan eses libros ou documentos electrónicos. A continuación, fai unha relación das bibliotecas virtuais galegas con obras de autores e autoras estradenses: Biblioteca Dixital de Galicia, Biblioteca Virtual da Estrada, Biblioteca Virtual Galega, Centro Ramón Piñeiro, Cultura Galega. Org, Instituto da Lingua Galega, Real Academia Galega, Galipedia, Cesga, etc. Por último, dedica dous breves apartados a mencionar as bibliotecas virtuais españolas, así como, as grandes bibliotecas virtuais internacionais.

Neira Rodríguez, Marta, “Escrito por mulleres”, *Festa da palabra silenciada*, n.º 22, 2006, pp. 121-129.

Ofrécese unha bibliografía escrita por mulleres correspondente ao ano 2005 nos diferentes xéneros canónicos, xa en galego xa traducida ao galego. Esta bibliografía como se sinala no traballo está extraída do *Informe de Literatura 2005*, dirixido por Blanca-Ana Roig Rechou e publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Neira Vilas, Xosé, “A xénese en Cuba”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “Cen anos coa Real Academia Galega”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 13-15.

Comeza centrándose en datos biográficos referidos ao día no que el mesmo recibiu a chave do local que acollía a sede da Real Academia Galega en Cuba. A continuación, emprende un detallado periplo pola historia e as orixes da Real Academia e fai fincapé no papel da emigración na posta en marcha da institución. A continuación, subliña a importancia do Centro Galego da Habana. Por último, fai referencia ao edificio que acubillou o Centro Galego e sinala que foi restaurado hai un lustro.

Nicolás, Ramón, “María Mariño, y la lei do libro”, *Qué Leer*, n.º 113, “Otras letras”, setembro 2006, p. 23.

Dá conta da homenaxe do Día das Letras Galegas 2007 a María Mariño Carou e da Lei do libro e da Lectura.

Nicolás, Ramón, “Novedades”, *Qué Leer*, n.º 113, “Otras letras”, setembro 2006, p. 23.

Fai referencia aos tres premios convocados por Edicións Xerais de Galicia, así como a diferentes obras de recente publicación tales como *Spam*, de Francisco Castro; *Se buscabas un Deus*, de Xabier Quiroga; *Materia de Lucrecio*, de Xabier Paz; *Éxodo*, de Daniel Salgado; *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno; *Rufino e as súas rufinadas*, de Itos Lorenzo Méndez; e *O monstruo de Ricardo*, de Julia San Miguel Martos.

Nicolás, Ramón, “Variada cosecha otoñal”, *Qué Leer*, n.º 115, “Letras galegas... y vascas”, novembro 2006, p. 32.

Refírese ao premio Blanco Amor, que foi parar ás mans de Francisco Castro pola obra *Spam*, e o Xerais, que premiou a obra *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. En canto ás publicacións de ensaio, refírese a *Os dominios de Caín*, de Xosé Carlos Caneiro; *Vinte anos retornado*, de Xosé Neira Vilas; e *Carlos G. Reigosa. Paixón por saber e arte de contar*, editado por Ángel Basanta. En poesía, sinala a edición d’*A esmeralda branca*, de Manuel Vilanova; *Monte do Cerveiro*, de Xesús Manuel Valcárcel; e *Manifiesto senti-MENTAL-ista*, do mesmo autor. Do mesmo xeito, menciona a revista *Arraianos*, que dedica un número a Celso Emilio Ferreiro, ademais de referirse á preparación da edición de coleccionistas de *Longa noite de pedra*, con gravados de Silverio Rivas, editado pola Editorial Artesa, e *Fotobiografía sonora*, de Celso Emilio Ferreiro, da Editorial Ouvirmos.

Nogueira, María Xesús, “De vangardas e Penélopes. A intertextualidade na poesía galega dos noventa”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 93-102.

Despois de facer unha precisión sobre o significado exacto –e as implicacións no nivel da análise-, que se lle dá ao concepto de “intertextualidade”, o artigo describe e explica as diversas etapas nas que se diferenza a poesía galega dende o primeiro poemario que introduce de xeito claro este recurso, *Con pólvora e magnolias* (1975), de X.L. Méndez Ferrín, até o remate da década de 1990. Botando man do criterio de Iris Cochón ao respecto, distínguese

entre o estilo apolíneo (ou preocupado polo estilístico) da década de 1980, e o dionisiaco (ou máis vinculado á naturalidade e á comunicación expresiva) da década de 1990. Analízanse as distintas formas de introducir a intertextualidade polos poetas da década de 1990, facendo fincapé nos poemas, poetas ou mitos que son fonte máis recorrente para os bates deste período, en concreto: o poema “SOS”, de Manoel Antonio (incluído en *De catro a catro*, publicado no 1928); os pronomes cunqueirianos presentes no poemario *Poemas de si e non* (1933); e o mito de Penélope, presente na “poesía escrita por mulleres”, como “exercicio de revisión e reescritura do imaxinario feminino”. Obsérvase, así facendo, o uso da intertextualidade coa intención de ben reescribir aos clásicos, ben reorientar o tema dunha composición “a partir dun esquema preexistente”. Desméntese, ademais, a posibilidade dunha “oposición da produción *oitenta vs. noventa*” segundo fixeran ou non uso da intertextualidade como recurso, cualificándose tal afirmación de “xeneralidade”: unha máis “das moitas que cómpre eliminar do discurso crítico e historiográfico sobre estes anos”. Finalmente, sobre os escritores da década de 1990, dise que “inician a súa andaina literaria a comezos da década dos noventa, seguen polo tanto a reescribir a tradición, aínda que botando man, as máis das veces, da crítica, o humor e a reivindicación, cando non dun complexo sistema de deconstrución do discurso herdado”.

Nogueira, María Xesús, “Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 203-204.

Dentro dos estudos críticos dedicados á literatura na que a muller se recoñece como suxeito diferenciado, sitúa María Xesús Nogueira o traballo de Helena González na súa última entrega, *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación* (2005), que define como unha colectánea de traballos de natureza diferente que responden aos contidos sinalados no título: escritoras, xénero e nación. Salienta que neste texto a autora non renuncia ás características habituais do seu labor, como a apoloxía do papel desenvolvido polo discurso poético feminino na modernización da lírica galega recente, así como a escrita áxil repleta de chiscadelas irónicas. A seguir, detense nos apartados que conforman o libro. Do limiar destaca que contén a exposición dos dous conceptos claves das páxinas que seguen, o de *paraugas totalizador*, que Helena González toma de R. Radhakrishnan para explicar a homoxeneización que o discurso nacionalista leva a cabo con outros discursos subalternos; e o de *identidade oximorónica*, de Geraldine Nichols, utilizado para explicar a encrucillada xénero-nación das poetas galegas. Explica que a primeira sección, “As escritoras e o paraugas totalizador”, aborda a construción dun espazo de seu por parte das mulleres en canto suxeitos diferenciados e trata a literatura galega de muller dende a teoría dos polisistemas; mentres que no segundo bloque, “Reescribir o imaxinario: o corpo, o mito, o mar”, Helena González trata, entre outros aspectos, as poéticas eróticas máis provocadoras, as invisíbeis poéticaslésbicas e a revisión do inventario simbólico feminino; finalmente, na sección final, “Dicirse na encrucillada identitaria: enunciación e linguaxe”, Nogueira salienta a presentación dun terreo novidoso cal é o constituído polos modelos subversivos de enunciación empregados en canto estratexias de identidade, analizando as poéticas de Chus Pato e María do Cebreiro. Conclúe afirmando que o libro de Helena González consegue non só trazar algunhas liñas para unha historia crítica da escrita feminina en Galicia, senón tamén proporcionar novos modelos interpretativos, cuestionar verdades aprendidas e abrir incómodos interrogantes.

Novo, Olga, “*Herba moura*. Teresa Moure”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 207-208.

Tras dunha introdución arredor das diversas tentativas que foron destruindo a concepción neutra da linguaxe e ás análises esclarecedoras do feminismo a este respecto, Olga Novo comenta a novela *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, que integra no conxunto do seu labor como ensaísta, do que forma parte o volume *A palabra das fillas de Eva* (2004), onde condensou as teorías do chamado feminismo da diferenza cos discursos do ecofeminismo, dos movementos anticapitalistas ou antiglobalización, e como narradora. Despois de apuntar que *Herba moura* converteu a súa autora na escritora de moda, ao recibir o Premio Xerais e mais o Premio da Crítica, detense na análise das estratexias discursivas desenvolvidas na novela, como a creación dun cronotopo utópico e simbólico que une as tres mulleres protagonistas e relacionadas co filósofo Descartes –a raíña Christine de Suecia, que o tivo na súa corte; a sabia Hélène Jans, que tivo unha filla con el; e a Einés Andrade, unha doutoranda que está a traballar nunha tese de doutoramento sobre el–; a elección dunha estrutura fragmentaria baseada na técnica do *patchwork*, dálle unidade á narración mediante a mestura de cartas, fragmentos de obras filosóficas, máximas morais, partes dun diario, etc.; e a ironía distanciadora é un elemento que a autora verte sobre os discursos pretendidamente científicos ou académicos. Conclúe pois que “no crisol de *Herba moura* reflíctese a profesora, a lingüista, a intelectual crítica, tanto como a nai, a muller que pasa o ferro e tende a roupa, a muller que sente e reflexiona e se deixa invadir polo perfume da framboesa tanto como pola sensualidade do coñecemento; porque toda obra integral se constrúe coa mente e co corpo cando non cremos en un sen o outro (...) e deixa un saibo de cociña intelixente e de tisana creadora”.

Ogando, Iolanda, “Sobre O Mariscal de Cabanillas e Villar Ponte. Emilo Xosé Ínsua López”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 222-224.

Recensión da obra editada na “Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor”, *Sobre O Mariscal de Cabanillas e Villar Ponte* (2005), de Emilio Xosé Ínsua López, da que comeza salientando que reúne xa no título os dous alicerces temáticos do traballo: a peza e mais a relación establecida entre Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte, así como as formas que vai tomando ao longo do tempo e as diversas circunstancias históricas e culturais que os envolven. Valora a grande achega de datos e documentos, fundamentais para comprender o contexto da escrita da peza, e a posta en valor da figura de Villar Ponte, sobre o que Ínsua xa publicou outros estudos de interese como as edicións de *Os Evanxeos da risa absoluta* (1996), *Entre dous abismos. Nouturnio de medo e morte* (1998) ou *A patria do labrego* (2002), e mesmo a súa tese de doutoramento, aínda inédita, titulada *Antón Villar Ponte, vida, obra, traxectoria cívica e pensamento*, ou libros como *O primeiro Antón Villar Ponte: achegamento ao período de formación do fundador das Irmandades da Fala (1881-1908)* (2003) e *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue* (2004). Percorre os contidos desta nova achega, deténdose nos seus apartados. Así, en “Antecedentes de *O Mariscal*” dá conta da traxectoria vital de Cabanillas e Villar Ponte a través da súa actividade política, cultural e literaria, nomeadamente no teatro, xénero que constitúe unha recorrente preocupación en Villar Ponte; en “A controvertida cuestión da autoría”, achégase Ínsua ao fenómeno de coautoría da peza; en “Peripecia editorial e recepción”, traza as dificultades de edición e as reaccións que suscitou a obra; mentres que en “Análise e interpretación d’*O Mariscal*” ofrece

unha lectura interpretativa do texto, na que “a súa inserción no xénero do teatro histórico e mesmo as súas conclusións en relación co significado da peza semellan máis discutíbeis”; en “Xénese e fortuna da versión operística d’ *O Mariscal*” dá conta da única montaxe durante décadas baseada no texto; e, finalmente, en “Fortuna posterior d’ *O Mariscal*” inclúe críticas teatrais e notas xornalísticas e académicas do período autonómico que proban as reaccións, por veces encontradas, que continúa a suscitar a creación do poeta cambadés e do xornalista viveirense. Conclúe que se trata dunha achega fundamental para calquera estudioso da época que se caracteriza polo rigor documental e filolóxico.

Ogando, Iolanda, “Teatro histórico en Galiza: a revisión como estética”, *Casahamlet*, n.º 8, “Teoría”, maio 2006, pp. 4-11.

Céntrase no papel da literatura nos procesos de nacionalización e na construción dos imaxinarios colectivos. Fálase da importancia da historia e da disciplina creada para o estudo da literatura, a historia da literatura. A continuación, expón a gran vitalidade do teatro histórico como xénero en Galicia e a fonte de coñecemento na que se transformou. Logo, pasa a analizar as diferenzas do discurso histórico ao longo da literatura galega e fai referencia á escolla do galego fronte ao castelán. Despois de facer un percorrido polo significado da conciencia nacional ao longo dos anos, alúdese ao xénero histórico no teatro actual.

Ogando, Iolanda, “Teatro e historia en Galicia: la construcción de la nación”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 51-61.

Deféndese a escrita e/ou a representación do teatro histórico como arma para a construción e difusión nacional. No sistema literario galego non houbo unha gran profusión destes textos por moi diversos motivos, entre eles as situacións políticas vividas e a competencia con outro sistema máis forte. Faise un percorrido polas diferentes etapas e os intereses dos autores en cada momento. Comenta que ata 1919 convócanse nas obras personaxes heroicos galegos que funcionan para o público de motivo de orgullo, son desta época *Mari Castaña* de Emilio Álvarez Giménez, *A torre de Peito Burdelo* de Galo Salinas ou *Pedro Madruga* de Cuveiro Piñol. Nestas pezas soen aparecer mitificados, lonxe da verdadeira historia. No período posterior búscase a creación dunha concepción nacionalista de Galicia en pezas como *Hostia* de Cotarelo Valledor ou *O Mariscal* de Villar Ponte e Ramón Cabanillas. Afirmar que a Guerra Civil e a posterior ditadura coutaron esta liña e será a partir de 1981 coa aprobación do Estatuto de Autonomía cando se revisa a historia en pezas como *Agasallo de sombras* de Roberto Vidal Bolaño ou a tetraloxía *Castelao ou a paixón de Galiza* de Daniel Cortezón. Destácase tamén a importancia que cobran as mulleres en *Xoana* de Manuel Lourenzo, *María Soliño* de Xosé Manuel Pazos ou *Raiñas de pedra* de Cándido Pazó. Conclúe que aínda que hai dramas históricos anteriores a 1981, esta vai ser a data na que se consolida un discurso nesta dirección.

Olo Público, O, “Dous homes, un soño e un teatro livre”, *O Olo Público*, n.º15, “Teatro”, setembro-décembro 2006, p. 5-7.

Realízase unha entrevista a Roberto Cordovani, actor brasileiro nacido en São Paulo, e a Eisenhower Moreno, tamén actor e director brasileiro. Ambos os dous actores levan anos en Galicia realizando e representando diversas obras de teatro. Na entrevista, Cordovani e Moreno falan da situación do teatro en Galicia, cando eles chegaron por primeira vez, e da situación actual. Os actores destacan que o seu proxecto de Teatro Arte Livre esté sendo acollido con éxito no panorama teatral galego e, móstranse impresionados polas subvencións concedidas ao seu proxecto polo IGAPE. Salientan tamén, o risco de facer teatro nunha cidade como Vigo, a cal, aparentemente, se presenta como un lugar teatral difícil de conquistar. No entanto, Cordovani e Moreno, insisten en que o público hai que educalo e acostumalo, así o demostra a súa propia experiencia persoal noutras cidades: Londres, São Paulo, Berlín... Na entrevista tamén se destaca o papel da lingua galega, debido a súa íntima relación co brasileiro e o portugués (linguas habituais dos actores).

Otero Varela, Inmaculada, “A función dos ‘outros’ na construción do imaxinario identitario na literatura galega”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 88-101.

Pártese da idea de que a literatura galega configura un universo ficticio e autónomo coa intención de opoñerse ás literaturas que tradicionalmente exercen a súa hexemonía no seu territorio e que representan un “outro” potencialmente agresor. Tendo en conta esta premisa, sitúase no Rexurdimento, cando renace o proxecto político-cultural de reconstrución da identidade galega e o “outro” identifícase case exclusivamente co elemento castelán. Sinala que esta tendencia continúa a comezos do século XX e detense na época Nós, cando se rebaixa a fereza nas referencias directas a Castela, ampliando a identificación do “outro”, e se avoga por argumentacións da diferenciación, polos circunloquios ou pola explotación do humorismo como compoñente do *Volkgeist* galego. De aí que a oposición se estableza entre mediterraneidade fronte a atlantismo. A seguir, sinala que a partir da década dos cincuenta, dáse certa contención deste discurso contra os opoñentes, tanto na literatura social coma na poesía de corte intimista e existencialista da posguerra e na Nova Narrativa Galega. A respecto da literatura producida a finais do século XX, Inmaculada Otero salienta a consolidación, na década dos oitenta e dos noventa, dunha corrente narrativa endóxena que ofrece unha lectura da propia especificidade: textos de liñaxe artúrico-cunqueiriana, textos que presentan a convivencia co sobrenatural ou que recuperan espazos e personaxes dalgunhas etapas da historia e da cultura galegas, a carón de textos que seguen a reproducir a dialéctica Galicia fronte a Castela –como *Morte de rei* e *O cervo na torre*, de Darío Xohán Cabana–, aínda que o ton non resulta tan agresivo como o de Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal. Analiza tamén a tensión entre a etnicidade e o foráneo, presente no conflito rural/urbano en obras de autores de gran repercusión como Manuel Rivas ou Suso de Toro; ou o éxito do movemento bravú, conciliador da vella dialéctica entre o autóctono e o alleo; ou a corrente denominada urbana, posmoderna ou experimental –representada por Cid Cabido, Xelís de Toro, Xurxo Borrazás, Antón Reixa ou Manuel Seixas, entre outros–, que dialoga cos discursos sociais e epistemolóxicos do mundo occidental e reflicte a situación particular de Galicia nun novo contexto globalizado. Centra a súa análise neste punto en textos recentes de Santiago Jaureguizar –*Casa Skylab* (2003)–, Suso de Toro –*Non volvas* (2000)–, e Xurxo Borrazás –*Ser ou non* (2004)–, que teñen apostado por relatos cun ton alegórico que literaturizan a preocupación polo futuro da identidade galega e que se articulan “en torno á loita que se establece entre a identidade (o local) e a doxa do global”.

Otero Varela, Inmaculada, “Unha reflexión sentida sobre a existencia e a amizade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 94-95.

Recensión sobre a obra *Unha cita co aire* (2005), de Francisco X. Fernández Naval, que comeza reflexionando sobre o intimismo como unha liña temática recorrente da narrativa galega de comezos do século XXI. Apunta como posíbel causa disto a incorporación das mulleres ao xénero narrativo, aínda que afirma que non se poden desbotar as achegas introspectivas de escritores homes. Seguidamente cita algúns exemplos de obras escritas por homes e que exploran os sentimentos. Entre estas obras sitúa *Unha cita no aire*. A continuación, pasa a relatar o argumento desta obra á vez que resalta a importancia que se lle concede ao sentido da amizade. Para rematar, relaciona a análise introspectiva do protagonista masculino desta obra coas realizadas por Fernández Naval en narracións anteriores e repasa algúns dos temas que constitúen teimas da súa produción literaria: a Guerra Civil e a represión da Ditadura.

Pacheco Vázquez, Mercedes, “*Manhattan Transfer*, o universo das sensacións”, *Viceversa*, n.º 12, “Traducións xustificadas”, 2006, pp. 159-161.

Comentario da tradutora sobre a tradución ao galego da obra de John dos Passos *Manhattan Transfer*. Comeza referíndose ao autor e examina o texto fonte centrándose en tres eidos fundamentais: personaxes, cidade e temática. A continuación, céntrase nas dificultades de adaptación que esta experimentou na tradución do texto ao galego, sobre todo, as xergas portuarias empregadas. Refírese á consulta de diversas traducións a outros idiomas para analizar o tratamento que fai cada unha delas e salienta a falta de unidade de criterio lingüístico establecido para solventar tal dificultade. Logo presenta a solución adoptada por ela para solucionar tal dificultade na tradución galega: emprego de gheada, cecismo, vulgarismos, seseo e castellanismos na boca dos personaxes. Remata cunha referencia ao mundo de sensacións olorosas, sensitivas e visuais do texto fonte.

Pardo Amado, Diego, “Eduardo Pondal. Poesía galega completa IV. Os Eoas”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 216-217.

Refírese á edición d’*Os Eoas*, de Eduardo Pondal, realizada en 2005 por Manuel Ferreiro a partir do texto mecanografado achado na Real Academia Galega en setembro de 2000, que vai acompañada dun estudo introdutorio no que se abordan aspectos da xénese, a recepción e a fortuna editorial da obra de Pondal, e duns materiais complementarios nos que se transcriben as versións mecanografadas de cada unha das oitavas e os manuscritos atopados canda elas. Salienta Diego Pardo a presenza na introdución de numerosa correspondencia de Pondal, así como de referencias ao texto en publicacións da época, documentación que Ferreiro entende como a demostración do feito de que arredor de 1912-1914 finaliza a redacción d’*Os Eoas* e comeza a copia dactiloscrita. Puntualiza tamén que Ferreiro entende a non publicación da obra en vida do seu autor como o resultado das crises periódicas que este sufriu no final da súa vida e que o privaron da capacidade de tomar decisións, ao tempo que defende a aparente

incompatibilidade entre a ideoloxía “españolista” do texto e a rexionalista de Pondal. Resalta que a edición leva aparelhada unha extraordinaria importancia ao constituír non só a descuberta da derradeira versión deste poema épico, senón tamén a escrupulosa análise dos materiais mecanoscritos e a aplicación eficaz de criterios de selección e transcripción. Salienta ademais que o texto editado por Ferreiro consta de duascentas oitenta e cinco oitavas, organizadas en vinte e oito seccións, fronte aos doce cantos en que se agrupaban as mil centro vinte e catro oitavas reais seleccionadas por Amado Ricón nunha edición anterior, e conclúe felicitando o profesor Ferreiro “polo óptimo traballo levado a cabo”.

Parra Cándido, Edna, “Julio Camba e o retábulo burlesco do xornalismo español”, *Agalia*, n.º 87-88, 2006, pp.151-158.

Reivindícase a importancia e a presenza de Julio Camba no xornalismo español de comezos de século polo “tratamento privilexiado [de Camba] das instancias do humor e da ironía sobre un material vasto e diversificado e, sobre todo, sobre temas como as consecuencias do poder, a arbitrariedade, e a falta de pudor”. Láíase de que “a recepción e a crítica das súas crónicas foi sempre escasa. Dise que a súa obra é practicamente descoñecida (...) e a súa presenza é tan insuficiente como desconcertante, polas incorreccións e a falta de datos. Recórdase que “algúns críticos literarios o consideran como un dos expoñentes da xeración novecentista española, polo seu aliñamento á temática e á expresión estética propugnadas polo grupo”. Afírmase que Camba se apropia da crónica xornalística/literaria para dar corpo ás súas ideas, albiscando un “xénero limítrofe entre a literatura e o xornalismo, entre a escrita obxectiva e a recreación persoal”. Da súa retórica dise que é o resultado do froito paradoxal dun intelectualismo crítico co mundo e que a súa figura sería a dun “perturbador do *status quo* que, ao prestar atención a múltiples voces, provoca ao seu interlocutor e esperta nel, por medio das marcas instauradas na enunciación, a excitación e a inquietude”.

Pascual, Roberto, “Vieites, Manuel F. (2005): *Análise e interpretación de textos dramáticos. Unha introdución*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 220”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 197-198.

Anótase que a produción desta obra, *Análise e interpretación de textos dramáticos. Unha introdución*, responde ao convenio asinado entre a Escola Superior de Arte Dramático de Galicia –da que Manuel Vieites é o director- e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Dise que a falta de textos, tanto ensaísticos como dramáticos, dos alumnos deste centro explica o “pequeno boom” editorial que está a experimentar a escrita teatral en Galicia. Exprésase, sobre o libro, que a composición, a redacción e os diversos apartados tidos en conta para a creación deste manual fan que sexa accesíbel a diversos lectores, non só especialistas ou estudosos, senón tamén mestres de secundaria, xornalistas, críticos, profesionais do teatro, etc. Enuméranse algúns dos autores e as obras que se tratan ao longo das páxinas do ensaio, así como as preguntas ás que o texto pretende responder. Insírense, ademais, algúns dos temas máis importantes que, dende o punto de vista do código lingüístico e a comunicación, afronta Vieites: os diálogos e os seus diferentes tipos, a dualidade-complementariedade no código comunicativo entre o visual e o auditivo, a tipoloxía e os paradigmas de estudo textual ou a concreción dos distintos niveis de estudo. Cualifícanse de “necesarias” as “bases teóricas” sobre as que traballa o texto, ademais de

definirse como “Un agradábel, necesario e didáctico volume para se deixar atrapar polo pracer infindo da lectura e da análise dos textos teatrais”.

Pascual, Roberto, “A dramaturxia incubada e a débeda de estímulos en tempos de mudanzas (teatrais). Literatura dramática en 2005”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámicas”, 2006, pp. 181-190.

Panorámica dedicada á creación dramática publicada en 2005, na que Roberto Pascual observa escasas novidades representativas das anomalías do xénero en Galicia. Saúda como un paso decisivo cara á normalización a posta en marcha da Escola Superior de Arte Dramática no curso 2005-2006, tanto para a formación como para a edición e/ou tradución de ensaios sobre teoría e técnica teatral, e tamén a posibilidade dunha nova política cultural desenvolvida pola Administración no novo contexto político. Como proba do afán arquivístico que dominaba a xestión anterior cita dous volumes editados a todo luxo na colección do Centro Dramático Galego: *Ricardo III*, en versión escénica de Manuel Guede a partir do texto de Shakespeare, e *Seis personaxes en busca de autor*, baixo a dirección escénica de Xulio Lago e sobre o texto de Luigi Pirandello. Apunta tamén o escaso éxito de vendas dos títulos teatrais e como excepción cita *O heroe*, a primeira peza escrita por Manuel Rivas por encarga da compañía Sarabela, “unha das máis visíbeis novidades da edición en galego en 2005”. Menciona ademais a edición de *25 anos. Sarabela Teatro. 1980-2005*, un luxoso libro que conmemora o aniversario da compañía. No epígrafe dedicado aos dous premios existentes sinala que o Álvaro Cunqueiro non se editou neste ano mentres que o Rafael Dieste da Deputación da Coruña supuxo a reaparición de Imma Antón con *A ciencia dos anxos*, premiada en 2003. Refírese tamén á edición do Premio Max ao mellor texto orixinal en galego de 2005, *Fobias*, de José Luís Prieto, publicado pola ferrolá Edicións Embora, e ao Premio Lazarillo 2004 concedido a Neira Cruz por *A noite da raíña Berenguela*, que cualifica como un posíbel “espectáculo infantil que nos encantaría ver enriba do escenario”. Das publicacións encadradas na “Biblioteca de Teatro” de Galaxia comenta *O teatro e Análise e interpretación de textos dramáticos*, de Manuel F. Vieites; os ensaios de Anne Bogart recollidos en *Introdución á dirección de escena*; e *Estética e teatro*, de Miguel Vázquez Freire. A respecto dos títulos editados pola “Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor” destaca *Sobre O Mariscal, de Cabanillas e Villar Ponte*, de Emilio Xosé Ínsua López; *O ritmo da dramaturxia*, de Afonso Becerra de Becerreá; e *Creación dramática, educación popular e construción nacional. Galicia (1882-1936)*, de Manuel F. Vieites. Cita tamén os volumes integrados na colección “Andel” da Xunta de Galicia con intención didáctica: *Como facer teatro hoxe*, de Roberto Salgueiro, e *Historia do teatro galego. Unha lectura escénica*, de Manuel F. Vieites. Comenta a seguir os materiais editados dentro da investigación teatral, como a guía *Que (non) é teatro?*, prologada por Manuel Lorenzo e José Oliveira Barata, o a inauguración dunha serie inaugurada cunha edición crítica de textos, discursos e artigos pertencentes ao teatro da época das Irmandades da Fala. Detense nos títulos publicados para a infancia e a mocidade, como a adaptación d’*A gata con botas*, realizada por Ánxeles Cuña para crear un espectáculo a partir do conto; a publicación en Edicións do Castro dos premios Estornela que convoca a Fundación Neira Vilas; e os trece números da colección “A Pinguela”, de Fervenza. A continuación critica a aparición do *Catálogo de dramaturgos galegos 1973-2004*, de *Abrente ata hoxe*, un proxecto do Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais, pola elevada ausencia de recensións teatrais e as inxustificábeis ausencias de autores como Bernardino Graña ou Manuel María. Conclúe

deitando a súa ollada sobre as pezas dadas a coñecer na *Revista Galega de Teatro* (como *Tres exercicios para café-teatro*, de Xosé Manuel Pazos Varela; ou *A illa amarela*, en versión e tradución de Ánxeles Cuña); na reaparición dos cadernos de teatro en Laiovento, que editaron *Camiñar polo arame cunha lata de cervexa*, de Manuel Lourenzo; *Elevador*, de Jacobo Paz; e *Cóxegas*, de Xesús Pisón; e nas reedicións de textos como *Nocturnos*, de Manuel Lourenzo; *Noite invadida*, de Xesús Pisón; *Elas, que din*, de Miguel Sande; e os títulos encadrados na colección de *La Voz de Galicia: Fausto, Á espera de Godot, Sobre os males que provoca o tabaco, Romeo e Xulieta e O enfermo imaxinario*.

Pascual, Roberto, “Atormentado amor e drama entre irmás”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 115-116.

Descríbese o argumento da obra teatral *Os homes só contan até tres*, de Antón Lopo, editada por Edicións Xerais de Galicia en 2005, a partir dos seus personaxes principais, entre os que figura unha autora e directora teatral. Salienta entre outras características, o engarzamento de numerosas escenas curtas, imaxes plásticas, ambiente urbano actual e a súa comicidade. Conclúese coa demanda de que á par da convocatoria dos Premios Álvaro Cunqueiro co que esta obra foi galardoada, xurdan outras iniciativas do mesmo tipo.

Pascual, Roberto, “A escrita teatral galega. Dramaturgos, cara e cruz”, *Tempos Novos*, n.º 106, “Voces e culturas”, marzo 2006, pp. 72-73.

Fai referencia ao I Encontro de dramaturgos organizado pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de falar, analizar e facer autocrítica sobre o estado da escrita teatral galega. Resume, ademais, as perspectivas e opinións dos dramaturgos con respecto á política cultural en Galicia, facendo fincapé nos cambios máis inmediatos derivados do novo Goberno galego, tanto a nivel institucional como dende outros organismos que centran o seu traballo na arte dramática. Menciona tamén o importante papel que xogarán os centros de formación teatral, así como a intención de organizar algún acto para presentar aos medios as últimas novidades.

Pascual, Roberto, “O teatro, a debate. Modelos de produción e exhibición”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, pp. 78-79.

Comentario sobre “As Primeiras Xornadas de Circuitos e Redes de AA.EE” que tiveron lugar do 29 ao 31 de marzo dentro do Programa da Mostra das Autonomías, o Círculo das Bellas Artes e mais de Cosejería de Cultura e Deportes da Comunidad de Madrid. Analiza, nun primeiro momento, as redes presentes na comunidade autonómica estatal e céntrase na Rede Galega de Teatros e Auditorios. Comenta os problemas que atopan os responsábeis de cada circuito, os condicionamentos aos que se ve sometida a distribución teatral, dancística ou musical ou os custos de produción nas distintas autonomías. A seguir, céntrase nas intervencións de Margarita Troguet, directora do teatro municipal l’Escorxador de Lleida, quen, para estabilizar a programación no seu teatro, atende á multiplicidade de linguaxes e na de Rafael González, coordinador cultural do concello de Parla, que xira ao redor da investigación sobre o feito escénico, desenvolvemento multidisciplinar e educación para

estimular. Remata referíndose ás exposicións coma a de Jesús Cimarro, Alicia Roldán ou Pau Llacuna, que evidencian a importancia da existencia dun director artístico que dote de coherencia á programación.

Pascual, Roberto, “Tendencias en la creación escénica gallega actual”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 127-137.

Observa unha serie de recorrencias no teatro galego que moitas veces poden ser prexudiciais para as postas en escena, como o propio feito de que estean moi pouco tempo no mesmo teatro o que non permite que funcione a crítica sobre o espectador. Tamén destaca o tirón de actores coñecidos polo público e así o demostra a peza *Hamlet* de R.T.A. dirixida por Lino Braxe e interpretada por Luís Tosar, manquiña, Yolanda Muíños, Gonzalo Uriarte, Víctor Mosqueira ou Xavier Estévez que colectou unha boa crítica e moi boa entrada. O mesmo lle ocorreu á primeira obra de teatro de Manuel Rivas, *O heroe*, que leva ás táboas a compañía Sarabela, indícase que non é a máis interesante das representadas, pero tivo gran éxito. Agradécese o cambio que experimentou o CDG coa chegada nun primeiro momento de Ánxeles Cuña e actualmente con Cristina Domínguez, ata ese intre directora de A Factoría, promete unha mirada cara á contemporaneidade que se agarda con expectación. Resáltase tamén o labor de compañías como Mofa e Befá, o grupo Chévere ou a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Roberto Salgueiro. Sinálase a presenza do musical nesta última etapa en obras de Teatro do Aquí, compañía fundada por Roberto Vidal Bolaño ou Teatro do Noroeste.

Pascual Rodríguez, Roberto, “Os vieiros dun soño, de Lorca a Sarabela (Reflexións a partir da montaxe de *Así que pasen cinco anos*), *Boletín Galego de Literatura*, n.º 33, “Notas”, 1º semestre (2005), 2006, pp. 269-280.

Considerada durante anos como unha peza de difícil posta en escena, *Así que pasen cinco anos*, de Federico García Lorca, é obxecto de análise nesta nota a través da proposta escénica da compañía ourensá Sarabela Teatro. Saliéntase como un dos principais elementos deste espectáculo a concepción onírica que lle imprimiu a dirección e que se reflicte dende o vestiario, pasando pola iluminación até a escenografía. Estes e outros elementos como o concepto de espazo e tempo que se manexan, considérase que confirman a esencia dramática deste texto surrealista lorquiano, posta en dúbida durante moito tempo. Tamén se presta unha detida atención ao tratamento que nesta adaptación cualificada como seria e madura se fai de cada un dos aspectos que configuran a posta en escena, na que se combina a fidelidade ao texto orixinal coa innovación e unha aposta arriscada en niveis como o escenográfico.

Patterson, Craig, “O devalar da idea: Ramón Otero Pedrayo e a filosofía de H. Bergson”, *Ferrol Análisis*, n.º 21, “Galicia”, 2006, pp. 128-145.

Reflexión sobre a relación de Ramón Otero Pedrayo coa filosofía de Henri Bergson. Logo dun apartado introdutorio, o artigo divídese en cinco apartados máis, baixo os títulos “Bergson: influencia ou coincidencia?”; “O atractivo do Bergsonismo para Otero”; “O concepto de devalar”, “Presenza bergsoniana nos textos oterianos e o concepto de devalar”,

“Devalar e o palimpsesto da paisaxe” e “Bocarribeira”, completados con escritos, poemas e fotografías. Deste xeito, cada apartado céntrase nun aspecto concreto como a conexión do autor co pensamento bergsoniano, o dominio da terminoloxía bergsoniana nos seus escritos, tanto literarios coma ensaísticos, a maneira na que o pensamento impacta na interpretación oteriana da singularidade galega, ecos culturais, o tratamento da paisaxe, o concepto de devalar e a súa analoxía bergsoniana, a relación historia-paisaxe e o papel da memoria e as ruínas, entre outros. Os referentes para apoiar a tese defendida son Herrero Pérez e Anxo Tarrío. Remata cunha conclusión na que se vincula a Otero Pedrayo coa Xeración do ‘98.

Pazó, Cándido, “Narración oral y teatro en Galicia”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 230-233.

Explica o que el entende por narración oral e tamén por teatro, para el a primeira non deixa de ser unha forma de teatralizar e non insiste máis nesa idea pois parécelle obvia. Non cre que haxa pobos que estean máis dotados que outros para contar historias, pero si observa que a multitude de núcleos de poboación, o gran número de camiños facilita que as noticias circulen de maneira máis caótica e que haxa dunha primeira historia moitas versións, polo que é aí onde entra a fabulación. Para el o importante é o xogo que se establece nun espectáculo e non importa o decorado, a palabra basta e sobra para o que el denomina xogares da palabra.

Pazó, Cándido, “Utilizar a historia”, *Casahamlet*, n.º 8, “Teoría”, maio 2006, p. 20.

Comeza advertindo da dificultade que supón ilustrar a historia coa dramaturxia. Indica que a súa teima pasa por ilustrar a materia teatral coa historia, e non ao revés. Refírese á súa obra *Raiñas de pedra* (1994) e a *García* para amosar o tratamento que lle outorga ao material histórico no entramado das relacións humanas. Finaliza explicando que a intención de Shakespeare non era a de ensinar historia

Pazos, Xosé Manuel, “¿Non é hora xa dun congreso de teatro?”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 48, “Opinións”, outono 2006, pp. 4-5.

Comeza manifestando a súa satisfacción polo cambio de goberno en Galicia e as expectativas dunha nova política cultural. Sinala que se ten establecido un diálogo fluído entre as institucións e os axentes representativos do mundo teatral, con iniciativas como a comisión que estudará cambios na Rede de Teatros e Auditorios ou o estudo de posíbeis contidos para a Cidade da Cultura. Neste novo clima, bota en falta a iniciativa de celebrar un “Congreso do Teatro Galego”, pois lembra que xa pasaron máis de trinta anos dende os debates que se levaban a cabo na Mostra de Teatro de Ribadavia e só en contadas ocasións tiveron lugar outros foros de debate. Considera fundamental a celebración deste congreso, no que participen todos os sectores implicados e no que se discuta e se senten as bases para acadar unha estabilidade e a dignificación definitiva do sistema teatral galego.

Pazos, Xosé Manuel, “Aficionados y profesionales: El largo camino hacia la profesión teatral”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 253-255.

Sitúase no momento da profesionalización do teatro galego levado a cabo en 1978 por Antroido, de Roberto Vidal Bolaño, e Troula, de Antonio Francisco Simón, unha vía que sería adoptada por outros grupos de teatro afeccionado da época. Fai unha división destes grupos antes de dar o paso: os creados arredor dunha persoa como Teatro Circo, de Manuel Lourenzo; os que naceron a carón dunha asociación veciñal ou cultural como Escoitade de Valadares (Vigo) ou Tagallo de Ferrol; e aqueles que naceron arredor do movemento nacionalista como Matamoura-Múa en Cangas ou Ateneo en Moaña. Destaca sobre todas as demais as dúas compañías que naceron de maneira diferente e que chegaron á profesionalización como consecuencia dun traballo ben feito e que son Sarabela, en Ourense, e Teatro de Ningures, en Cangas do Morrazo. Agárdase que co que se leva feito e coa creación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia o camiño para as novas xeracións sexa máis recto, máis curto e máis ancho.

Pena Presas, Montse, “Atrapados polas gadoupas da poesía”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 98-99.

Recensión sobre a antoloxía de poesía galega realizada por Fran Alonso baixo o título de *Poetízate* (2006). En primeiro lugar, considera que esta antoloxía rompe os tópicos esperábeis, xa que ten como único criterio o gozo da lectura, abandonando calquera premisa teórica. Comenta brevemente o limiar do libro e sinala o seu carácter irónico e provocador. A continuación, fala da estrutura en que aparecen organizados os poemas e salienta a intertextualidade que se acaba establecendo en “particulares xogos de referencias entre si”. Salienta o feito de que é unha escolma variada e audaz e remata afondando no acerto desta antoloxía.

Pena Presas, Montse, “O engado do recordo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 107-108.

Preséntase o último libro de Antón Riveiro Coello, *Casas baratas* (2005), unha novela da que se sinala que se sitúa na zona da Limia e na infancia. Dise que se compón de dezaseis relatos de prosa sinxela pero cun rico vocabulario, que o narrador é unha primeira persoa e que neles se mestura realidade e ficción. Destácase que parecen inserirse na corrente biográfica que até o de agora non foi moi explorada na literatura galega. Engádese que o protagonismo téñeno os sucesos pequenos da vida cotiá nun barrio dos anos setenta.

Pereira Valcárcel, Manuel, “Traxectos curtos”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Crónica”, 2006, p. 139.

Crónica persoal da presentación do libro de Marcos Pereira Valcárcel, *Traxectos curtos* (2005), na Galería Sargadelos de Madrid. Descríbese o contido do libro, no que se mesturan relatos e poemas, acompañados de abondosas fotografías, nos que “hai coincidencias,

camiños, fuxidas, derrubas, soños, encrucilladas, músicas, amores, disidencias, paisaxes, tránsitos e situacións que só dependen de quen lea”. Agradéceselle a presenza, ademais, a Begoña Regueiro, que interpretou co autor fragmentos da súa obra, e ao narrador Rafa Yáñez, “ambos os dous rigorosos, cálidos e creativos”. Remátase dicindo que, logo da presentación dunha obra, “ao escritor só lle queda desexar unha feliz viaxe para o seu libro, agradecer o agarimo e perseverar no traxecto longo da escrita”.

Pérez Durán, Gabriel, “A perpetuidade do xogo da ourela. Unha achega ao teatro de Xohana Torres”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 102-119.

Gabriel Pérez Durán presenta unha demorada reflexión sobre o teatro de Xohana Torres, a través dos seus dous textos dramáticos: *A outra banda do Íberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968). Partindo de presupostos semióticos e ideolóxicos, deliña as características comúns a ambas as dúas pezas, non só co propio macro-texto da autora senón tamén tendo en conta a súa intencionalidade de se introducir dentro das correntes estéticas anovadoras que se estaban a dar no contexto teatral da posguerra, peninsular e europeo, a cabalo entre o existencialismo e o realismo, e tamén na tradición galega, contextualizada por unha loita polo poder simbólico entre as posicións piñeiristas e as da Nova Narrativa Galega. Analiza polo miúdo os dous textos, salientando o seu claro contido social e a presenza do existencialismo; a evolución da concepción dramática dunha peza a outra –da construción litixiosa da existencia da protagonista e un texto aberto a varios camiños hermenéuticos á representatividade social dos personaxes–; a elección dunha muller como personaxe principal; e o papel fundamental da configuración espacial e da súa semiotización.

Pérez Romero, Miguel, “*Macbeth*”, *Viceversa*, n.º 12, “Traducións xustificadas”, 2006, pp. 143-150.

Análise da tradución ao galego da obra shakespeariana *Macbeth* (1993), realizada polo autor do artigo. Comeza cunha referencia á primeira tradución da obra ao galego feita por Fernando Pérez Barreiro Nolla no ano 1972 e ás distintas traducións da obra como proba da riqueza do sistema literario. A seguir, analiza o texto fonte e os problemas que as primeiras edicións das obras de Shakespeare presentaban, tanto aquelas de tipo textual como formal. Nomea e examina a continuación aquelas edicións consultadas para a tradución que o autor fai da obra, ofrecendo unha análise comparativa entre elas e a nova versión galega. Refírese tamén a cuestións inherentes ao proceso de tradución como a literaridade, a fidelidade co texto fonte, a ambigüedade e multiplicidade de significados e a súa reprodución na lingua meta. Seguindo coa mesma liña de argumentación, remata ofrecendo unha serie de consideracións finais sobre a figura do tradutor e o proceso de tradución.

Pérez Rúa, Manuel, “Damián Villalaín. X. M. Álvarez Cáccamo. A cultura como estratexia e como poder transformador”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Entregas culturais”, maio 2006, pp. 54-63.

Conversa entre Damián Villalaín, asesor cultural do Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o escritor Xosé María Álvarez Cáccamo, na que falan do momento polo que

atravesa a cultura galega. Comezan referíndose á Cidade da Cultura e á controversia que se está a producir en canto á súa futura utilidade. A seguir, pasan a falar doutras infraestruturas culturais galegas, como o caso da creación dun centro para a memoria histórica en San Simón, para centrarse, de seguido, no cambio de goberno e na visibilidade dun cambio cultural, sobre o que consideran que aínda non houbo tempo suficiente para acometer balance, aínda que se refiren á Televisión de Galicia e á Radio Galega como expoñentes de síntomas de cambio. Centran tamén a súa atención na política e no cambio xeracional dos partidos, así como no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e a necesidade de elaborar campañas de sensibilización a través dos medios de comunicación.

Pernas Cora, Gustavo, “Ensaíamos o pasado”, *Casahamlet*, n.º 8, “Teoría”, maio 2006, p. 21.

Para profundizar no teatro histórico sérvese das súas vivencias de neno. Fálase do vínculo entre teatro-historia e da necesidade de ilustracións que guíen os textos históricos. A continuación, fala da creación de personaxes “sen pasado real”, sen o aval dunha realidade previa, pero cunha ampla biografía. Compara a historia cun espello e subliña a amalgama do presente e do pasado.

Pernas Cora, Gustavo, “El cero infinito”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 160-165.

Reflexiona dende a súa propia experiencia no mundo do teatro, onde leva dezasete anos dirixindo Ancora Producións xunto a Ánxela G. Abalo, a súa situación actual. A primeira obra que estrearon foi *O Galego, a Mulata e o Negro*, en 1990 no Teatro Principal de Santiago, e comenta sobre a mesma que foi todo un éxito de crítica e de público, pretendían chegar a toda a sociedade cunha comedia que contase a historia de Galicia e Cuba no último século. Ese seguiu a ser o seu lema, construír un teatro para a xente sen renunciar a unha mirada crítica, rigorosa e documentada. Confesa que durante vinte anos o director do Centro Dramático Galego esqueceuse da súa compañía aínda colleitando grandes éxitos e é difícil sobrevivir sen subvencións, cunha itinerancia desmesurada que non lles permite estar nun mesmo lugar un período de tempo suficiente como para que funcione o boca a boca. Nomea algúns dos espectáculos máis aplaudidos como *Ladraremos, Fábula, Anatomía dun hipocondríaco, Sucesos, Footing, Hai que romper* ou *Paso de cebra* coa que gañaron un premio MAX. No ano 2005 recibe o Rafael Dieste da Deputación da Coruña por *Final de película*, este galardón achega financiamento da montaxe e unha subvención do IGAEM polo que confesa que traballaron en moi boas condicións. Despois de dezasete anos el non observa grandes cambios, pero hai que loitar para saír da situación que denomina “punto cero”.

Portas Ferro, Xesús, “Antonio Domínguez Rey. *O segredo do monte*”, *Encrucillada*, n.º 148, “Recensións”, maio-xuño 2006, pp. 101/341-102/342.

Sinala en primeiro lugar o compromiso cultural do autor da obra *O segredo do monte* (2005), Antonio Domínguez Rey, para, a seguir, realizar unha recensión desta. Céntrase no uso dos símbolos e sinala a maxia dos poemas, ademais de destacar o fono-simbolismo, que dá corpo

á experiencia mística. Finaliza considerando o poemario como momento cume da produción poética de Domínguez Rey.

Pose, Héctor M., “Las políticas culturales en las ciudades gallegas: el teatro”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 192-197.

Analízanse as políticas públicas a favor da cultura e en concreto do teatro que se levan a cabo nas sete cidades galegas. Enténdese que ir ver unha peza dramática nunca debe ser unha excepción, senón un hábito da sociedade, para iso é necesaria unha planificación. Trátanse as cidades por separado coas súas eivas e as súas propostas positivas, en xeral fálase da falta dunha programación sólida na que teñan presenza o teatro galego sobre o nacional e o internacional. Bótase en falta medios por parte das compañías, dinamización escolar ou foros de encontro. Nalgunhas cidades son interesantes as apostas polo teatro de base como no Ferrol, na Coruña e Pontevedra.

Pozo Garza, Luz, “Lorca: tal vez un reiseñor...”, *ECO*, n.º 176, “Opinión”, xaneiro 2006, p. 71.

Síntese da conferencia inaugural desta autora no Congreso de García Lorca, celebrado na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela en xullo de 1998. Fai un pequeno percorrido pola poesía lorquiana apoiándose tanto nas opinións de intelectuais como Gustavo Correa, Lázaro Carreter ou a escritora francesa Marcelle Auclair, como na súa valoración persoal, considerando a angustia, o desacougo, a frustración e o destino tráxico como eixes centrais da súa obra.

Pozo Garza, Luz, “Eva Veiga: ‘A luz e as súas cicatrices’”, *ECO*, n.º 177, “Opinión”, febreiro 2006, pp. 71.

Fai referencia ao libro de Eva Veiga, *A luz e as súas cicatrices* (2005), prologada pola mesma Luz Pozo Garza, no que fai unha reflexión sobre a vida e a experiencia. Luz Pozo céntrase nas evocacións ao redor das que xira a obra: as nais e a infancia, a vida e a morte, a sabedoría ancestral e o paso do tempo ou a memoria.

Pozo Garza, Luz, “Dous poemas en versión de Luz Pozo Garza”, *ECO*, n.º 178, “Opinión”, marzo 2006, p. 79.

Luz Pozo versiona ao galego dous poemas, un deles *A miña bohemia (Fantaisie)*, de A. Rimbaud, e outro de Celso Castro pertencente ao libro *Cinco bicicletas*.

Pozo Garza, Luz, “Poemas franceses en versión de Luz Pozo Garza”, *ECO*, n.º 180, “Opinión”, maio 2006, p. 79.

Xunto co orixinal en francés, presenta a versión ao galego que a escritora fai do poema de Baudelaire, “Recueillement”, “Recollemento”, na versión galega. Ademais de referirse ao exercicio de metapoética que o poeta francés desenvolveu no poema “Correspondances”, onde deixa resumida a súa concepción poética, dedícalle esta tradución a Manuel Ramos

Pozo Garza, Luz, “Poemas franceses en versión de Luz Pozo Garza”, *ECO*, n.º 181, “Opinión”, xuño 2006, pp. 79.

Luz Pozo versiona ao galego o poema de Baudelaire “Correspondances”, en galego “Correspondencias”, e dedícallo ao poeta Cesáreo Sánchez. Fai ademais unha pequena introdución ao poema falando da xenialidade do poeta francés.

Pozo Garza, Luz, “Poemas de Luz Pozo Garza en lembranza de Eduardo”, *ECO*, n.º 182 “Opinión”, xullo 2006, pp. 79.

Despois de expoñer, brevemente, a paixón de Eduardo Moreiras polas terras da súa infancia, a serra do Courel, e recoller unha cita deste autor sobre a poesía, Luz Pozo presenta dous poemas na súa memoria, “Mística do Rí” e “Twilight”.

Pozo Garza, Luz, “O profesor Rodrigues Lapa inquire sobre a personalidade de Eduardo Moreiras”, *ECO*, n.º 184, “Opinión”, setembro 2006, p. 71.

Recolle un fragmento dunha carta do profesor Rodrigues Lapa a Ramón Piñeiro, do ano 1972, na que fala do diario de Eduardo Moreiras, *Follas de vagar*. Ademais, presenta un poema deste último, titulado “3 xunio 1977”, do volume *O Libro dos Mortos* (1979).

Pozo Garza, Luz, “O poeta Luís Pimentel (Luís Benigno Vázquez Fernández) nace en Lugo o 18 de nadal de 1895. Falece en Lugo en 1958”, *ECO*, n.º 185, “Opinión”, outubro 2006, p. 81.

Luz Pozo recupera un fragmento da súa obra *A Bordo de “Barco sin Luces”* no que fala do mundo poético de Luís Pimentel para despois presentar un poema que este autor lle dedicou a ela, titulado “Palabra recién nacida”, do que se conserva a ortografía orixinal.

Pozo Garza, Luz, “Sobre a Galicia ferida de Luís Seoane: tradición e vangarda no exilio”, *ECO*, n.º 187, “Opinión”, decembro 2006, p. 69.

Luz Pozo Garza fai un pequeno resumo da bibliografía poética de Luís Seoane e achega datos da súa biografía persoal, centrándose no exilio e enfatizando como a súa obra, literaria e pictórica, amosa a morriña da terra. Remata recollendo un fragmento dun poema deste autor, “Aquelela vella e os corvos”, do volume *A maior abundamento* (1972).

Prego, Santi, “Viboreo sobre los oficios teatrales en Galicia”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 240-243.

Fai un repaso polos oficios do teatro na actualidade e tamén no pasado. Comeza por falar dunha Idade de Madeira e unha Idade de Ferro na escena galega que se corresponde ao material utilizado para montar os espectáculos, neste momento non sabe dicir a idade na que estamos pois aparece xa a profesionalización no servizo por parte de empresas que ao seu ver lle resta amor ao que se fai. Considera que na actualidade hai máis público que vai ao teatro, pero que se perdeu a figura do público profesional que asistía a todos os espectáculos. Para rematar, no que se refire ao actor, director ou autor pensa que é un oficio de nova creación pois, até hai uns anos, só existía a profesión. Outros desapareceron como o de apuntador, outros creáronse como o de sonidista e algúns reapareceron como o de titiriteiro.

Prego, Santiago, “Vázquez Freire, Miguel (2005): Estética e Teatro, Vigo, Galaxia”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Recensións”, 2006, pp. 323-325.

Recensión da obra de Miguel Vázquez Freire *Estética e Teatro* (2005). De xeito lúdico, o autor refírese a diferentes facetas de Vázquez Freire, como a antiga codirección da revista de banda deseñada *Golfinho*. Atribúe, ademais, a sinxeleza e o didactismo da obra á condición de profesor de instituto do ensaísta, e a amenidade á súa vinculación co cómic. Subliña a condición de manual e o punto de vista histórico e sinala a importancia que Platón e Aristóteles teñen na estética occidental, razón pola que ocupan o 50% do libro. Como aspectos negativos, apunta unicamente á definición restrinxida de estética e a un limitado ou inexacto uso do termo “decoro” no manual. Remata cualificando como imprescindible esta obra e cita a Ortega y Gasset para loar a claridade das súas páxinas.

Prego Rajo, Cándido M., “Axenda”, *Alameda*, n.º 22, abril 2006, pp. 2-9.

Recorda actos culturais celebrados na zona, entre eles a presentación da novela *Herba moura* (2005), de Teresa Moure na Casa da Cultura de Lousame, na que a autora nunha entrevista concedida a Ramón Carredano di que concibiu a obra como un canto hedonista. Tamén se refire á entrega dos premios do II Concurso de contos Liceo de Noia a Emma Pedreira por *Cabaré vermello feridor*, que se presenta nesta revista con debuxos de Alfonso Costa, e que este concurso conseguiu facerse un oco no panorama histórico de Galicia. Do Premio Merlín de Narrativa xuvenil sinalase que o gañou Ramón Carredano por *Unha branca de cobre para Martiño* (2005) e refírese ao traballo publicado o día 12 de novembro no suplemento “Culturas”, do xornal *La Voz de Galicia*, no que se fai un resumo da obra e se transcribe parte deste texto.

Prego Rajo, Cándido M., “Axenda”, *Alameda*, n.º 23, xuño 2006, pp. 2-9.

Ademais de recoller diferentes actos sociais que realiza a Sociedade, recorda as literarias que interesan neste *Informe*, como é o caso da convocatoria do II Concurso de Contos Liceo de Noia, dotado con mil euros e que as bases do concurso se poden tomar da páxina web da

institución; tamén a posta en escena da obra *Ximena e Minaia*, baseada en *Anillos para una dama*, de Antonio Gala.

Prego Rajo, Cándido M., “Axenda”, *Alameda*, n.º 24, setembro 2006, pp. 2-6.

Dá noticia de diversas actividades da sociedade, algunha delas correspóndese coa literatura galega, e de galardóns ou participación de membros da sociedade. Así, dá noticia do ditame do Premio do III Concurso de Contos Liceo de Noia, no que se di que compartiron galardón o noiés Xosé Francisco Pais López, con “Borisov 61” e o rianxeiro Ricardo Losada con “Rianxo é meu”. Fala do xurado e de que neste número de *Alameda* se publican as obras premiadas. Tamén dá conta da presentación na casa da Cultura “Avilés de Taramancos” da obra *O tesouro da lagoa de Reid’s*, de Agustín Agra Barreiro, Premio Merlín de Literatura. Recóllense as palabras de Ramón Carredano, presentador da obra, quen dixo que o vocabulario era fermoso e que se trataba de “un libro infantil para maiores”. Recóllense as palabras de Manuel Bragado, que puxo énfase en que de Noia é tamén o gañador do Merlín do ano pasado, con *Unha branca de cobre para Martiño* (2005). Tamén salienta da obra de Agra a súa estrutura como relato, a reinvención de personaxes reais, a beleza da prosa e a sonoridade da linguaxe. Remata cunha ampla referencia á morte de Xosé Agrelo Hermo e fai referencia a como a prensa recolle a noticia, cita algún traballo periodístico descrito neste *Informe*, e unha sentida despedida en nome da Xunta directiva do Liceo e do Consello de Redacción desta revista.

Prego Rajo, Cándido, “Axenda”, *Alameda*, n.º 25, decembro 2006, pp.2-6

Comeza, no que se refire á literatura, dando conta da entrega dos galardóns do III Concurso de contos “Liceo de Noia”. Noméase aos escritores que compuxeron o xurado: Olga Patiño, Ramón Caride e José Agrelo, presididos por Xosé Moas Pazos e actuando como secretario Ramón Carredano. Sinálase que os contos gañadores se publican neste número de *Alameda*. Tamén se fai referencia á presentación da obra de Agustín Agra, *O tesouro da lagoa de Reid’Is* na Casa de Cultura “Avilés de Taramancos” e remata referíndose ao forte impacto que causou a morte de Xosé Agrelo, facéndose eco da súa repercusión en prensa.

Puñal, Belén, “Isaac Díaz Pardo. Testemuño da barbarie”, *Tempos Novos*, n.º 105, febreiro 2006, pp. 28-29.

Conversa na que Isaac Díaz Pardo reflexiona sobre a crueza da Guerra Civil que el viviu cando contaba con dezaseis anos e na que describe que con eses anos tamén entrou activamente na política. Detalla como os falanxistas levaron todo o material da casa dos Díaz Pardo e como cambiou a súa vida. Finalmente, fala dos comezos como ceramista no Castro de Samoedo e da creación de Edicións do Castro. Conclúe coas iniciativas que a nova Xunta está a levar a cabo coa recuperación da memoria histórica.

Puñal, Belén, “Encontro internacional de escritoras. Literatura, xénero e nación”, *Tempos Novos*, n.º 109, “Cataventos”, maio 2006, pp. 6-8.

Dá conta do VII Encontro Nacional de Escritoras, que se celebrou en Galicia por primeira vez. Fai referencia ás nacionalidades das escritoras chegadas alén do mar para logo centrarse nas conferencias plenarias pronunciadas por Luísa Castro, Helena Villar, María do Cebreiro e Helena González. A continuación, fai alusión ás impresións das participantes latinoamericanas.

Puñal, Belén, “Galicia e Catalunya: tecendo redes”, *Tempos Novos*, n.º 114, “Encontros”, novembro 2006, pp. 6-8.

Faise referencia aos encontros entre Galicia e Cataluña, denominados “Foliada galego-catalá”, que tiveron lugar en outubro co fin de dinamizar a comunidade galega en Cataluña a través da música, do teatro e da literatura. Ademais de mencionar os distintos grupos musicais participantes, fai mención da presenza do escritor Manuel Rivas nestes encontros. Céntrase na presentación de diversos proxectos, entre eles o de “rede.cat”, coa intención de elaborar unha rede de actividades non só dirixida aos galegos no exterior, senón como mostra do que se está a facer en Galicia.

Queipo, Xavier, “Autopoética do neno que escribía nos vidros embazados”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Crónica”, 2006, pp. 141-143.

Análise persoal e íntima, do escritor Xavier Queipo do seu labor autorial. Articúlase a través da resposta a sete cuestións “canónicas e, porén básicas de concretarse en Que?, Por que?, Como?, Cando?, Onde?, Para que? e Para quen?” Respóndese á primeira cuestión a través dun superficial repaso á obra do autor dende *Ártico* (1990) até *O espello e o dragón* (2005). Razo os motivos da súa escrita dicindo que é para satisfacer o ego e non para facer país nin salvar a lingua, nin para dignificala, nin para calquera outra forma de salvar a patria. Describe os métodos utilizados para materializar as súas creacións na escrita, ora segundo o tradicional papel e bolígrafo, ora segundo os máis modernos mecanismos informáticos. Enumera, en resposta á quinta pregunta, os heteroxéneos lugares nos que escribe, que van dende un aeroporto até os taxis, pasando por hoteis e estacións de tren, entre outros. Anota, finalmente, que escribe tanto para si como para os seus lectores. Reflexiona sobre o conxunto de respostas dadas, como fin ao seu artigo, dicindo que todas elas serven para explicar “as razóns do meu éxito limitado”, así como “as razóns do meu potencial futuro”.

Quiroga, Carlos, “Oliveira Guerra, escritor e intermediario”, *Agália*, n.º 85-86, 2006, pp. 241-248.

Descríbese a biobibliografía de Manuel de Oliveira Guerra (Oliveira de Azeméis, 1905 – Porto, 1964), considerado un importante activista e intermediario da relación entre Galicia e Portugal, “poeta e contista, militante das relacións luso-galaicas”. Fálase do nacemento do seu interese por Galicia durante a súa estancia, entre os 11 e os 20 anos, no Sanatorio Marítimo de Francelos (Portugal) e anótase o seu intento de fundar o Círculo de Estudos Galaico-Portugueses, inicialmente apoiado por intelectuais e artistas da Galiza e a Asociación de Xornalistas e Homes de Letras de Porto. Fálase da creación, por parte súa, entre os anos 1960

e 1961, da revista *Céltica*, na que participaron escritores galegos como Manuel María, Leandro e Uxío Carré, Pura e Dora Vázquez, Celso Emilio Ferreiro e un longo etcétera de nomes. Infórmase, ademais, sobre a disposición para o público interesado, por parte da asociación cultural betanceira “Eira Vella”, de varios exemplares soltos da revista *Céltica*. Acompañalle o artigo coa reprodución das portadas de varios números da revista, de varias obras de Oliveira Guerra, así como material icónico e a reprodución de epístolas destinadas, entre outros, a Manuel María ou a Xosé Luís Díaz-Castroverde Lodeiro.

Quiroga, Carlos, “O Druída no lupanar”, *Agália*, n.º 87-88, pp. 165-170.

Reprodúcese o texto que Carlos Quiroga presentou, co título “O que é a crítica literaria?”, no encontro de Escritores de Expresión Ibérica, “Correntes das escritas”, celebrado en Póvoa do Varzim entre os días 15 e 18 de febreiro de 2006. Defínese aos críticos literarios como aqueles que “regulan as relacións entre os escritores e o Outro Mundo da gloria”. Tira da experiencia para comparar este encontro con outro celebrado en Santiago de Compostela en setembro de 2000, “Transatlántico III”, fórmula que vilipendia afirmando que “todo o que naquel encontro se dixo sobre o asunto, para saber o que realmente é a crítica, foi tan inútil e esquecible como o que seguramente se dirá neste”. Compara, ademais, os papeis de crítico, escritor e editor cos de madame, xerente e cliente, respectivamente, afirmando que a crítica literaria “é un xénero, creo que autobiográfico no mellor dos casos (...), no peor e máis abundante do casos, a crítica literaria derrete inocua, continua a ser patriarcal, e se move entre o druidismo ruidoso e un reseñismo prostibular”. Achega presuntos exemplos destas opinións, sendo o máis extenso aquel referido ao caso do crítico do suplemento cultural do xornal *El País*, “*Babelia*”, Ignacio Etxeberria.

Rábade Paredes, Xesús, “Orixinalidade e densidade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 94-95.

En primeiro lugar, dá conta da promoción de escritores nas que se inscribe a Antón Tovar e da temática preferida polos autores que formaron parte desta xeración. Fai alusión aos poucos estudosos que trataron a obra do poeta e reclama rescatar con urxencia os seus poemas. A continuación, céntrase na análise de *Arredores*, de 1962, unha das obras recompiladas polo Pen Club de Galicia en *Poesía en galego I (1962-1975)*, publicada no ano 2005. Refírese aos trazos principais da obra e pasa a tratar a temática, o estilo e a intencionalidade de *Non*, que data do 1967. Logo, fálase d’*O vento no teu colo* (1974) e *Calados esconxuros* (1980).

Rabón, Xosé M., “Hacer teatro en Galicia”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 138-141.

Enténdese que no teatro galego as cousas non cambiaron moito dende 1978 cando moitos grupos decidiron profesionalizarse. Esa xeración na que el se encontra confiaba que a democracia, o estatuto e a constitución levarían ao teatro á súa normalización social e cultural, pero non foi así, nin a creación do Centro Dramático Galego, nin a do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais conseguiron que o teatro chegase ao gran público. Pénsase que a política cultural foi escasa, a sociedade non ve este xénero no mesmo nivel que os demais que

representan a elite e queíxase de que as institución vexan a Xeración do 78 como obsoleta, polo que son acusados de ser culturalistas e de non buscar o entretemento, por iso se conclúe que a situación non mudou substancialmente non últimos trinta anos.

Rabuñal, Henrique, “Pouco máis de dúas palabras sobre o teatro histórico”, *Casahamlet*, n.º 8, “Teoría”, maio 2006, p. 22.

Comeza recomendándolle ao lector a tese de doutoramento e unha obra de Iolanda Ogando para coñecer as chaves do teatro histórico. Fai referencia a *Hostia* (1926), de Armando Cotarelo Villedor, e afonda na súa visión sobre a historia, para o que se serve de varios exemplos. Finaliza advertindo que a historia non existe como verdade absoluta, algo que si lle acontece ás artes e ao teatro.

Ramos, Hugo, “Fernández, Miguel Anxo (2004): *Capitol, última sesión*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 161”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 189-190.

Dise que *Capitol, última sesión* (2004), de Miguel Anxo Fernández representa o retorno do autor a unha das súas grandes paixóns, o cinema. Coméntase que os relatos dos que está conformada a obra, organizados como se fosen cadros, gardan a súa orde cronolóxica e adaptan “o estilo á época reflectida neles”, destacando o tinxir “dun leve negro” ao chegar aos anos corenta. Anótase a reivindicación que o autor realiza de certas figuras vinculadas ao mundo do cine, como o cartelista, o acomodador, o operador, etc. Resúmense e caracterízanse, finalmente, os relatos últimos do libro, para rematar concluíndo que “non é este un libro só para goce de cinéfilos, aínda que de seguro eles serán os que máis o saboreen”, pois a obra sinálase que contén bos momentos narrativos e que é unha invitación a entrar no mundo do cinema doutra maneira, á vez que atopar nel aquilo que fascina ao autor.

Regueiro Salgado, Begoña, “Manuel Pereira Valcárcel: poesía de la Experiencia en la Galicia actual”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 103-113.

Repásase a biobibliografía do poeta Manuel Pereira Valcárcel coa vontade expresa tanto de reivindicar a súa posición dentro das tradicións líricas galegas contemporáneas, como de repasar e dar a coñecer o conxunto da súa obra, obxectivos que estruturan as dúas partes nas que se divide o artigo. Así, despois dunha breve introdución ás máis destacadas obras e correntes da poesía galega do último cuarto do século XX, iníciase un intento de contextualización de Manuel Pereira Valcárcel seguindo, de forma máis ou menos rigorosa, algúns dos criterios de Petersen como a data de nacemento, a data de publicación do seu primeiro libro, a participación en accións comúns, a adscrición xeográfica, e os trazos comúns da súa coa lírica doutros autores do mesmo período. Adscríbense a este último criterio –en base á opinión de críticos ou antoloxistas como Luciano Rodríguez ou Basilio Losada– trazos como: o culturalismo, que se amosaría na súa preocupación polos aspecto estéticos e formais; a preocupación polo idioma, reflectido na revivificación e modernización de temas tradicionais da lírica galega, na querenza pola palabra vertical e suxerinte ou no uso do amor e a sensualidade. Na segunda parte do artigo analízase a obra poética do autor e, en concreto, os

poemarios: *Poemas e cinza* (1990), *Todo morte* (1998), *Rosa íntima* (2000), *Inventario de fragmentos* (2001), e *Libro das viaxes* (2002). Incídese na traballada innovación formal do seu estilo e da recuperación de temas clásicos na lírica galega como a morte, o amor, ou o sentido da amizade. Conclúese, finalmente, que “Manuel Pereira Valcárcel pertence por pleno dereito á xeración dos 80”, ademais de “caracterízalo como expoñente da palabra vivencial, da recuperación de temas perennes, da cotidianidade inserta nos versos, da poesía que brota do sentimento e a experiencia”.

Rei, Luís, “Ramón Cabanillas: a disidencia republicana (I)”, *A Trabe de Ouro*, n.º 67, “Cuestións”, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 301-321.

O autor deste artigo fai unha análise de Ramón Cabanillas coma republicano dende os seus inicios até o chamado “bienio negro”. Caracterízase o republicanismo de Cabanillas como parte do seu sentimento político cando aínda era un mozo, momento no que foi seguidor de Basilio Álvarez e loitou contra o caciquismo. Sinálase que a súa ideoloxía política marcará a súa obra literaria, e pón como exemplo disto o seu primeiro libro *No Desterro* (1926) e *Vento Mareiro* (1926).

Rei, Luís, “Ramón Cabanillas: a disidencia republicana (II)”, *A Trabe de Ouro*, n.º 68, “Acoutacións”, outubro-novembro-décembro 2006, pp. 505-520.

Segunda parte do artigo que analiza o percorrido republicano de Ramón Cabanillas. Se ben a primeira parte remata en agosto do 1932, este segundo período a analizar vai dende 1933 até 1937. O artigo divídese en distintos apartados: “¿Que foi de Cabanillas?”, centrada nas eleccións lexislativas de 1933 e o papel do autor nas mesmas; “Desafogo con Otero Pedrayo”, que recolle unha carta dirixida a Otero Pedrayo e reflicte a amizade entre os dous escritores, “Saíndo do pozo”, que analiza o contido dunha carta a Antonio Pillado Maior, “Reencontro coas musas”, que se centra na reaparición do autor na vida pública e literaria no ano 1934, “Leccións de outubro”, que recolle outra carta de Otero Pedrayo que reproduce as súas opinións políticas, críticas coa política de alianzas do Partido Galeguista, “Hai unha ferida na alma do poeta”, que reproduce unha carta que aparece na revista galaico-uruguaia *Raza Celta* (1935) que retrata ao Cabanillas desterrado, “Outro intento coa obra completa”, que recolle a última carta A. Pillado (1935), que informa do proxecto que está a preparar cunha edición da súa “Obra completa”, “A campaña do estatuto do 36”, “Rebumbios da guerra civil”, momento no que decide regresar a Galicia e, finalmente, “Retorno á terra”, no ano 1937. Remata o artigo cum apéndice onde se recolle o poema “A Rosalía de Castro” (1935) e “Addenda” (1931) que acolle unha nova epístola a Otero Pedrayo.

Requeixo, Armando, “Momentáneos lóstregos”, *Tempos Novos*, n.º 104, “Libros. Crítica”, xaneiro 2006, p. 83.

Recensión da obra de Manuel Pereira Valcárcel, *Traxectos curtos* (2005). Sinálase que se trata dunha colección de relatos curtos que presentan certa relación coa poesía, tanto dende o punto de vista do estilo como da estrutura. Dise que o tema fundamental da obra é o paso do tempo, feito que acaba repercutindo nas vidas dos seres humanos de forma intensa. Afírmase

que esta obra presenta certa falta de credibilidade nos diálogos e accións e un trasfondo didáctico moralizante sen unha relación adecuada coa mensaxe a transmitir.

Requeixo, Armando, “Vida dun precursor”, *Tempos Novos*, n.º 105, “Voces e culturas”, febreiro 2006, p. 77.

Sinálase que no libro *Marcial Valladares. Biografía dun precursor do Rexurdimento galego* (2005), de Xosé A. Fernández Salgado, se atopa toda a información pertinente sobre Marcial Valladares, que conta cun gran rigor académico. Asemade, apúntase a valía dos anexos epistolares.

Requeixo, Armando, “Mar de luz”, *Tempos Novos*, n.º 106, “Voces e culturas”, marzo 2006, p. 77.

Salienta que a narrativa de Luís Rei Núñez é unha “estrela alustro de cinco puntas”: amor, memoria, melancolía, omniconcomprensión simpatética e compromiso ético, cualificando a cada unha e recordando que algunha ou todas se atopan noutras obras do autor. A seguir analiza *Toda a vida* (2005), que considera unha novela de “longuíssimo alento”, describe a obra incidindo nos relanzos descritivos, nos lugares polos que se desenvolve, nos apartados que a constitúen, deténdose nas intertextualidades e nos temas secundarios.

Requeixo, Armando, “No cabaré da vida”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 81.

Despois de cualificar a narrativa de Jaureguizar como unha “narrativa guadiana”, de carrusel, con exemplos de prosa de calidade, mais tamén con buracos negros de escrita esquecível, sinala a súa reconciliación coa creación deste autor lendo *Cabaret Voltaire* (2005), que describe como “poderosa alquimia”, na que todos os elementos, tanto argumentais como estruturais, están perfectamente orquestrados. Recomenda a lectura desta obra, gañadora do Premio García Barros 2005.

Requeixo, Armando, “Narrativa e poesía galega. A última colleita”, *Tempos Novos*, n.º 111, “Entregas culturais”, agosto 2006, pp. 64-65.

Fala sobre a “colleita literaria” do ano 2006 nos eidos da narrativa e poesía. En narrativa destaca obras como *Blúmsdei*, de Cid Cabido; *Historia dun paraugas azul*, de Xosé Miranda; *Esta historia*, de Xosé Monteagudo; *Se buscas un Deus*, de Xabier Quiroga; ou *Licor de abelá con xeo*, de Xurxo Sierra Veloso. En canto á poesía, salienta *Cabalgada na brétema*, de Darío Xohán Cabana; *Herdo do canto*, de Arcadio López Casanova; *Fanerógama*, de Mariña Pérez Rei; ou *A luz e as súas cicatrices*, de Eva Veiga. Ofrece un breve comentario de cada un deles e remata referíndose a outros non menos meritosos como *Conversas con Bernardino Graña*, *Conversas con Suso de Toro*, *Conversas con Méndez Ferrín* e *Memoria do poeta*, de Álvarez Cáccamo, entre outros.

Río Rodríguez, Manuel do, “Dúas versións da chuvia: poesía inglesa e francesa vertida ao galego por Plácido Castro, Lois Tobío, F. M. Delgado Gurriarán”, *A Trabe de Ouro*, n.º 68, “Publicacións”, outubro, novembro, decembro 2006, pp. 551-554.

Fai referencia á reedición que a Editorial Galaxia fixo do libro *Poesía inglesa e francesa* (2005) que contén poemas traducidos da literatura inglesa e francesa que no ano 1999 se presentaron no certame literario organizado pola Federación de Sociedades Galegas da Arxentina. Refírese ao contido do libro e céntrase en poemas traducidos de W.B. Yeats, Padraic Colum, Thomas Hardy, Ernest Dowson, A.E. Housman, Shelly, Keats, Tennyson, Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, Mallarmé, Maeterlinck, Paul Valéry, Claudel ou Corteau. Do mesmo xeito, refírese ás dificultades, dúbidas e abismos do labor da tradución poética.

Riobó, Pedro P., “Otros teatros: De la escuela a las asociaciones. El teatro no profesional”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 259-263.

Fala do outro teatro, o afeccionado o que non dá o salto á profesionalidade por diferentes razóns. Para el este termo é adecuado porque lonxe de ser pexorativo está asociado a unha etapa moi importante da escena galega, aquela que ten que ver coa Mostra de Ribadavia, cos primeiros esforzos por saír do escurantismo, da itinerancia, da precariedade e da furgoneta. Non obstante, sinala que na actualidade estes grupos están asociados na Confederación Española de Teatro Amateur (CETA), unha denominación diferente que para o autor non lle confire máis prestixio. Enténdese que hai que apoiar a este colectivo facilitándolle as cousas, porque eles forman parte do mundo teatral dende outra perspectiva, pero igualmente interesante.

Rivas, Aitor, “O novo lector de galego da Universidade de Tübingen”, *Galicien Magazin*, n.º 18, novembro 2006, p. 76.

Aitor Rivas, lector de galego na Universidade de Tübingen dende o curso 2005-2006, relata a súa experiencia en relación co seu proceso de adaptación a unha sociedade tan diferente á galega como é a alemá. Compara todo o que de bo lle achegan os dous países e expresa a súa satisfacción polas novidades que lle está a facer vivir a súa estancia en Alemaña como lector.

Rivas, Aitor, “Encontro dos profesores-bolseiros de lingua e cultura galegas das universidades alemás”, *Galicien Magazin*, n.º 18, novembro 2006, p. 77.

Dá conta do encontro que realizou o profesorado bolseiro de lingua e cultura galegas para organizar e coordinar as actividades para o curso 2006-2007. Comenta brevemente a estancia da que gozaron en Tübingen e anuncia o próximo encontro que manterán en Berlín para celebrar o Día das Letras Galegas.

Rivas, X. M., ‘Un ‘Rinoceronte’ para lectores e escritores’, *Tempos Novos*, n.º 109, “Cataventos”, xuño 2006, pp. 10-11.

Céntrase na aparición dun novo selo editorial galego, Rinoceronte Editora, e no labor do seu creador, Moisés R. Barcia. Ofrece unha breve panorámica da situación editorial en Galicia e fai referencia ás obras universais traducidas, ademais de dar conta dos servizos de subscrición que ofrece a páxina electrónica da nova editorial.

Riveiro Coello, Antón, “O cuarto aberto da creación ou metaliteratura”, *Alameda*, n.º 24, setembro 2006, pp. 71-75

Despois dunhas reflexións da loita da literatura con outros soportes, de salientar entre as diversas modalidades novelescas a metanovela ou metaliteratura, considera que o feito metaliterario no seu caso, se debe á súa concepción lúdica da escrita. Cita a James Joyce e á imaxe que nos deixou de Dublín, entre outros moitos máis apoios para explicar a complicidade co lector activo que busca e a súa explicación sobre o feito literario, as débedas cos escritores anteriores, etc. Considera que o único que poden facer os escritores é “tratarmos de inventar unha linguaxe propia para dar a nosa visión particular do mundo, dun estilo, dun idioma particular que xurdirá despois de moito imitar as voces dos grandes autores que nos precederon” e finaliza falando de que para moitos escritores a vida e a literatura son dúas rodas do mesmo carro e que cando se produce o parto efectivo dunha obra, esta deixa de pertencerlles pois vai cobrando vida por si mesma.

Rivera Pedredo, Dorinda, “Reminiscencias pictóricas do Quattrocento e do Cinquecento no universo literario de Álvaro Cunqueiro”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 120-141.

Estudo centrado nos temas pictóricos que afloran dun xeito recorrente na obra de Álvaro Cunqueiro. Refírese así ás contendas “arrepiantes” que Paolo Uccello reproduce na *Bataglia di San Romano*, aos lirios e ás paisaxes paradisíacas dos lenzos de Leonardo da Vinci, Botticelli e Fra Angelico, e á luminosidade das gamas cromáticas presentes nas mariñas dos cadros de Piero della Francesca. Alude, tamén, ás pinceladas purpúreas de Veronese e Tintoretto, que Cunqueiro insire no seu universo literario, mesturando o “autunno veneziano” coa tradición galega, creando unha literatura da alegría e da eperanza fronte a poéticas obstinadas en afondar na tristura e na miseria humana. Ao tempo, Dorinda Rivera fai referencia á poética “intellettuale” e aos enigmáticos sorrisos da obra de Leonardo, ao sorrir imperecedeiro das criaturas de Antonello da Messina e mais a fragancia musical que emana da produción de Giorgione e de Carpaccio, asuntos con gran presenza nas fantasías literarias do fabulador de Mondoñedo.

Roca, Pepe da, “Aurora Marco”, *Alameda*, n.º 23, “Entrevista”, xuño 2006, pp. 12-15.

Despois de dar uns breves datos biográficos desta noiosa de adopción, profesora da Universidade de Santiago, fálase sobre a o ensino universitario de antes e de agora, sobre o nivel de aceptación e de valoración da muller no eido universitario, sobre o papel das mulleres na loita antifranquista na que a entrevistada estivo moi involucrada, sobre a situación do galego na actualidade, sobre a literatura, e remata cun recordo a Ricardo Carballo Calero,

profesor, mestre e amigo da entrevistada, un intelectual que soa sempre como posíbel homenaxeado no Día das Letras Galegas, para o que di Aurora Marco que ten méritos sobrados.

Rodríguez González, Norma, “La diáspora, el exilio y sus autores”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 42-50.

Céntrase no papel desempeñado polos galegos emigrados ou exiliados a algún país do continente americano e que alí desempeñan actividades teatrais. Nomea a Manuel Lugrís Freire, Xesús San Luís Romero, Ramón Armada Teixeiro, Manuel Novoa Costoya, Ricardo Flórez Pérez e Ramón Suárez Picallo dentro do apartado de intelectuais emigrados con obras teatrais en todos os casos. A Guerra Civil produciu a marcha forzosa de Manuel Daniel Varela Buxán, Afonso D. Rodríguez Castelao, Eduardo Blanco Amor, Isaac Díaz Pardo e Ramón de Valenzuela. As iniciativas sucédense e créase a Compañía Gallega de Maruja Villanueva, o Teatro Popular Galego de Eduardo Blanco Amor, publícanse textos e atopan un público receptor que non poden ter dentro do país.

Rodríguez González, Olivia, “*Nas catacumbas*. Xavier Alcalá”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 209-211.

Recensión de *Nas catacumbas* (2005), de Xavier Alcalá, segunda novela da triloxía *Evanxélica memoria*, na que o autor aborda a represión sufrida polos protestantes evanxélicos en Galicia dende a Guerra Civil até os anos oitenta. Sinala que esta segunda entrega cobre dende que o protagonista, Manuel Valeriano Liñares Couto, regresa á casa das fronteiras de combate, até o momento no que se fai máis cru o acoso social ao personaxe e aos seus. Olivia Rodríguez destaca que os lazos coa novela anterior, *Entre fronteiras*, se manteñen con forza, especialmente nos primeiros capítulos, a través de relatos-resumo que o protagonista lles fai aos novos coñecidos, e que neles ecoa a referencia constante a Maruxa Gómez, presente nas lembranzas do protagonista-narrador. Así mesmo, sinala que como a anterior, esta novela comeza coas palabras do narrador da historia cando, xa vello, colle a pluma para escribir o que nunca se contara, a represión fascista durante medio século aos protestantes. Identifica como cerna da construción da novela o punto de vista elixido para contar a historia, o dun personaxe que concentra moitos testemuños reais que o autor foi recollendo. En opinión de Olivia Rodríguez, o exceso de anécdotas, xunto ás interferencias ideolóxicas procedentes do punto de vista do autor e certas inverosimilitudes internas, constitúen en certa medida as eivas dun relato que, con todo, logra deseñar un bo retrato do tema, madurecido con respecto a *Entre fronteiras* e dotado dun carácter complexo, con resonancias do cine do Oeste e as súas figuras de pastores protestantes. Apunta tamén que Alcalá segue sen saber crear personaxes femininas, pois as mulleres aparecen divididas en personaxes negativos: beatas e lesbianas; e positivos: matronas e casadas de cartón pedra. De grande achega do autor cualifica o feito de engadir á tradición da novela sobre a Guerra Civil e sobre a ditadura un tema, até o de agora inédito, como foi o da persecución dos protestantes en España.

Rodríguez González, Olivia, “Viajeros gallegos por Europa: los diarios de Castelao y Vicente Risco”, *Revista de Filología Románica*, 2006, Anejo IV: Serie de monografías, pp. 305-314.

Nos preliminares, a autora fai referencia a que trae ao seminario as figuras máis representativas do Grupo Galego Nós (1920-1936), refírese a Castelao e V. Risco, dous escritores galegos que viaxan por Europa entre as dúas guerras mundiais becados pola Junta de Ampliación de Estudios. No traballo, trátanse diversos temas relacionados cos libros de viaxe como ensaio literario, dende a perspectiva comparada destes diarios culturais de viaxe. Explica os diarios como intertexto e como macrotexto; fíxase no xénero literario dos diarios, tomando como referencias as obras de Castelao e de Vicente Risco. Explica tamén o desenvolvemento da Junta de Ampliación de Estudios que becara aos escritores galegos tratados.

Rodríguez Santamaría, X. Pastor, “Un cervantista pobrense: Victoriano García Martí”, *Alameda*, n.º 21, xaneiro 2006, pp. 54-61.

Fai un percorrido pola biografía do pobrense Victoriano García Martí, autor dunha interesante obra sobre *El Quijote*, de Miguel de Cervantes, a quen amigos da intelectualidade galega loaban o seu traballo dende as páxinas de xornais emblemáticos como *La Noche*, entre eles o seu propio director, Borobó, José Landeira ou José María Castroviejo, que o tiñan en grande estima como home de letras.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, “O Quixote e Cervantes nos dramaturgos galegos”, *Alameda*, n.º 22, abril 2006, pp. 49-58.

Ademais de ir comentando o éxito inicial que *El Quijote*, de Miguel de Cervantes tivo dende o principio, fala da interpretación cómica en festas e desfiles e noutras moitas actividades parateatrais e das presenzas en xeral desta novela cervantina na poesía, pintura, debuxo, ballet e teatro. Logo comenta a teoría do galego Ramón Menéndez Pidal da orixe da novela de Cervantes no teatro, aínda que consideraba que as obras teatrais que se baseaban no *Quijote* non debían amosar a figura de Don Quixote para ter éxito, posto que sería difícil mostrar a distancia que ía entre as cousas que o fidalgo vía na súa mente e a realidade das cousas mesmas. Logo ofrece unha panorámica de obras teatrais que se basearon ou tocaron elementos da obra cervantina, a seguir detense no teatro dos galegos en castelán que recordan ou se remiten directamente á obra de Cervantes para rematar co apartado “Cervantes e o Quixote no teatro galego”, no que se refire a *A fonte do xuramento* (1882), de Francisco de la Iglesia; o *O Mariscal* (1926), de Ramón Cabanillas; “Os barallaus” (1964) de Eduardo Blanco Amor; *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, á parte de postas en escena polo grupo Ditea de textos cervantinos, versións dalgunhas delas de Teresa Campo, Víctor Vez e Marcelino Santiago, sen esquecer ao inicio do capítulo a polémica sobre o rexeitamento da novela cervantina entre os nacionalistas galegos e casteláns. Refírese ao emprego que os nacionalistas españois fixeron da obra cervantina como arma das súas teses. Cita nesta polémica a intelectuais coma Vicente Risco e Antón Villar Ponte.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, “Lembranza dun xornalista esquecido: Antonio Ferreiro Montenegro”, *Alameda*, n.º 23, xuño 2006, pp. 51-55.

Traballo que se inicia recordando que pouco e pouco se van dando a coñecer aspectos da historia e cultura do Barbanza, aínda que seguen a quedar zonas escuras. A unha deles refírese este artigo que fala de Antonio Eduardo Ferreiro Montenegro (Pobra do Caramiñal 22 abril 1877), do que ofrece unha biobibliografía, fala do contexto e aínda que non se recolle obra en galego si se fala do papel de Ferreiro como xornalista e director de *La Razón*, así como activista do movemento obreiro socialista do Barbanza.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, “Manuel Fabeiro Gómez, tradutor”, *Alameda*, n.º 24, setembro 2006, pp. 48-57.

Biobibliografía do poeta, tradutor e xornalista Manuel Fabeiro Gómez (Muros 1916-Noia 1992). Fala dos seus poemarios *Follas de un arbre senlleiro* (Benito Soto, 1951), *Cachemare da saudade* (1953), editado parcialmente; das traducións realizadas para *La Noche*, da creación da revista *Tapal* e das tradución para a revista *Vieiros*. Remata avisando de que aínda faltan datos do Fabeiro tradutor e doutros moitos autores do Barbanza, como é o caso de Xosé Iglesias Roura, Blanca-Ana Roig Rechou, Antón Avilés de Taramancos e Ramón Mariño Paz, entre outros.

Salgado, Ana, “Narrativa última”, *Abril*, n.º 32, “Entre liñas”, outubro 2006, pp. 87-90.

Logo de se referir ao excedente da narrativa da memoria, comeza sinalando cara aos trazos sistémicos determinantes na conformación do canon en canto á narrativa galega, arquixénero considerado “canle privilexiada para transmitir a multiplicidade de linguaxes e discursos simultáneos aos que nos vemos sometidos”. A continuación, ofrece unha panorámica de autores e obras, que se inicia cos autores máis vendidos, traducidos e adaptados ao cinema: Suso de Toro (de quen se comentan as obras *Tic-tac*, de 1993, e *Home sen nome*, de 2006) e Manuel Rivas (*En salvaxe compañía*, de 1994, e *Os libros arden mal*, de 2006). Seguidamente, refírese á cuestión do estatuto das narradoras, afirmando que nesta análise é necesaria unha visión que inclúa o paradigma de clase, e cita as obras *Ácaros verdes* (2003) de Pilar Buela (que asocia a *Ruído*, de 1995, de Miguel Anxo Murado á vez que sitúa a Xabier Queipo á par de Teresa Moure). Máis adiante refírese a *Anxos de Garda* (2003) de Anxos Sumai, *Veu visitarme o mar* (2004) de Rosa Aneiros e *Corazóns amolecidos en salitre* (2002), produción que vincula a *Orixé* (2004) de Séchu Sende. Outros autores e obras comentados nesta panorámica son: Xurxo Borrazás (*Ser ou non*, de 2004, que cualifica como un dos textos últimos máis valentes); Cid Cabido (*Fálame sempre*, de 2003, e *Blúmsdei*, de 2006); Camilo Franco, Xabier Queipo (*Os ciclos do Bambú*, de 2004); de novo Teresa Moure (*Herba Moura*, de 2005) e Pilar Buela; Diego Ameixeiras, no que respecta á literatura de xénero e non só (*Tres segundos de memoria*, de 2006); e, por último, Méndez Ferrín, central (*Antón e os inocentes*, de 1976, e *No ventre do silencio*, de 1999) e Samuel Solleiro, innecesariamente periférico (*dz ou libro do esperma*, de 2006).

Salgado, Dani, “Notas sobre a acción”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 46, “Espazos”, pp. 10-13.

Notas sobre a acción na arte teatral. Comeza presentando a evolución do termo dende Aristóteles para amosar as distintas implicacións que tivo ao longo da historia. Céntrase a continuación na definición proposta polo Dicionario da Real Academia Galega, as ideas de Schlegel e Hegel revisadas por outros pensadores alemáns e as consideracións de Schüz de primeiros do século XX, aplicadas ao teatro por Konstantin Stanislavski, quen recupera o concepto para darlle un novo valor na interpretación dos actores e a propia escena. Considera Stanislavski que accións deben ser gobernadas por un plan en maior ou menor medida definido. No relativo á interpretación dos personaxes, refírese á acción transversal de acordo cos parámetros stanislavskianos. Remata coa definición de acción ofrecida por Melendres no seu dicionario e loa o labor de Stanislavski por considerar que ensinou que a imaxinación é o motor esencial do traballo do actor coas accións.

Salgado, Daniel, “Kiko Neves: *Centoonce*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, n.º 65, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 123-124.

Recensión do poemario *Centoonce* (2005), de Kiko Neves, do que comeza sinalando que son poemas sen esperanza nos que se propón a revolta a través da toma de conciencia do lugar no que se habita. Lembra que xa en *Un poema de amor* (1998) o autor se arrepoñía contra a ameaza a través da escrita. Explica que agora, en *Centoonce*, o poeta queda á marxe pero non deixa de escribir. Do estilo dise que é unha poesía que vai ao cerne, na que cada un dos cento once textos que o compoñen son independentes entre si e que neles se pode rastrexar a pegada de Lois Pereiro, ademais dun estilo próximo á “actitude inocente” presente nalgúns autores da xeración dos noventa e na afouteza de Lupe Gómez.

Salgado, Daniel, “Trece notas”, *Abril*, n.º 32, “Entre liñas”, outubro 2006, pp. 81-85.

Texto composto por trece fragmentos que conducen a unha análise das dinámicas políticas da crítica académica galega no contexto actual. Comeza cunha enérxica referencia ao pensamento posmoderno, “metarrelato da fin dos metarrelatos”, e a “barbarie do repregamento indisimulado de occidente”, abocado ao fascismo, como amosan os diferentes datos sobre a situación política internacional. Segue cunha crítica ao pensamento de Lyotard e á tarefa de “desmontar a esquerda” consolidada pola nova orde mundial. A seguir, cita a Slavoj Žižek para sinalar o rol da academia na desarticulación dos movementos emancipatorios, coma o feminismo. Comenta que o feminismo hexemónico, co seu esencialismo e extracción de clase, non cuestiona nada en absoluto, como demostra a escrita de María Xosé Queizán. Céntrase logo no titular “escrita de muller”, capital na poesía galega após da xeración dos oitenta e comenta, entre outras cousas, a etiqueta “poesía dos noventa”, sinalando que as escritoras enmarcadas nela son mulleres. Cita varios poemarios, considerando *Pornografía* (1995), de Lupe Gómez, como o único aínda necesario. Invita a aceptar que todo é política, pero esta ou é conservadora ou emancipadora; tamén colaboracionista. Chama destemido o intento crítico da academia galega, que instala na mesma vitrina moi diferentes poéticas só por ser de autoría feminina, operación que cualifica como produto dunha “intelixencia preguiceira, imitación mercantilista, poltrona de facultade”,

o que vincula ao concepto perverso de “proceso-de-normalización-da-literatura-galega”, epígrafe intercambiábel, como indica, co de “sitema-mercantil-capitalista-literario-galego”. Remata citando a Adrienne Rich e inserta un breve poema que remata co verso “En último caso, non escribir”.

Salgado, Xosé Manuel, “Cando a poesía é vida. En las orillas del Sar de X. L. Méndez Ferrín”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, pp. 115-120.

Repásanse as continuidades e as discontinuidades da poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín a partir da análise do poema “En las orillas del Sar”, publicado no seu poemario *Estirpe* (1994). Iníciase o comentario cun repaso ás críticas eloxiosas recibidas por *Estirpe*, á posición que ocupa este poemario no conxunto da obra poética máis recente de Méndez Ferrín e a aqueles poemas que viron a luz por vez primeira noutros momentos da obra do autor ourensán. Documentáanse as influencias na súa poética de autores como Eduardo Pondal e Rosalía Castro, reforzadas pola intertextualidade presente ao longo da obra do autor. Realízase, a seguir, un comentario do poema citado, analizando aspectos como o formal, do que se destaca a “polirritmia dos seus versos, irregulares na súa bipartición polo xogo da situación coa pausa versal”; a estrutura, do que se anota a súa relación coa súa “propia disposición tipográfica”; e a esencia dunha poética que se define como “de carácter meditativo, que apela á idea dun paisaxismo interior e que perfila unha orixinal introspección, de ritmo fluído, estilo antirretórico e ton case que conversacional...”. Realízase, finalmente, unha análise da intersección entre o poema citado e o contexto vital da obra ferriniana, na que se conclúe que malia a intensidade do eu poético e a subxectividade dos seus versos, non resulta difícil atopar un significado xeral no poema, xa que o poeta, ao recrear unha parte da súa vida, perdida, evidentemente, nos relanzos do tempo, recrea tamén unha parte da vida da colectividade e dos seus potenciais lectores.

Salgueiro, Roberto, “Algunhas reflexións sobre a historia como material dramaturxico”, *Casahamlet*, n.º 8, “Teoría”, maio 2006, p. 23.

Aludindo á súa experiencia, subliña a posición dos personaxes históricos como individuos fronte aos acontecementos. Expón que é preciso contextualizar o feito histórico cuns personaxes reais e que o importante é buscar as respostas ao cómo e aos porqués. A continuación, pon de manifesto o tratamento que lles confire aos personaxes históricos para rematar apuntando que só lle interesa o pasado que interfere no seu presente, “o pasado que se actualiza en calquera momento, en calquera lugar”.

Salgueiro, Roberto, “El Aula de Teatro de la Universidad de Santiago de Compostela y el teatro universitario gallego”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 256-258.

Fai un repaso pola historia do teatro galego ao abeiro da Universidade de Santiago de Compostela e recorda que a tradición teatral vén dende lonxe. Lembra que xa a finais dos anos vinte do século XX, Cotarelo Valledor dirixiu durante tres anos o Cadro Dramático da Universidade, no que puxo sobre as táboas obras escritas por el. Explica que na actualidade, e

dende 1990, a Aula de Teatro está dirixida por el mesmo e comenta o proxecto no que, amais da compañía, que representa teatro dentro e fóra de Galicia, ofrece cursos de formación, diferentes obradoiros de marionetas, de contacontos, de maquillaxe, esgrima teatral, de ortofonía ou de dirección de escena. Considera de moito interese a achega que se fai aos nenos e nenas da Escola Infantil Breogán na que exhiben pequenos traballos de marionetas, pantomimas, etc. Finalmente, comenta que a Aula de Teatro da USC é unha canteira de profesionais da escena e tamén un foro de debate.

Santamarina, Antón, “Na xubilación de Xesús Alonso Montero”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, p. 169.

Antón Santamarina escribe este artigo de homenaxe a Xesús Alonso Montero con motivo da súa xubilación como profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela. A razón que dá Santamarina para ser el o encargado de realizar este texto de homenaxe é por ser un dos seus alumnos máis vellos. Neste traballo, elabora un percorrido sobre a traxectoria vital, docente e investigadora de Alonso Montero, ateigada de loanzas ao seu labor. Repasa algúns dos seus estudos sobre lingua e literatura e salienta o seu compromiso social, á vez que se centra nos motivos que o levaron a sentirse interesado polo galego. Por outro lado, destaca a súa retórica e considérao un mestre da palabra. Remata defendendo a importancia da vida deste profesor e sinalando que non debe ser esquecida.

Santoro y Membiela, Jaime, “Rilke, Lois Tobío, tradución ó galego e a cortesía”, *Galicien Magazin*, n.º 18, “Beiträge”, novembro 2006, pp. 39-41.

Despois dunha consideración previa aos problemas que vén padecendo o sistema literario galego por ser o propio dunha lingua minorizada, reflexiona sobre a súa repercusión no ámbito da tradución. Seguidamente, céntrase no labor de Lois Tobío, xunto ao doutros tradutores como Plácido R. Castro, Manuel Delgado Gurriarán ou mesmo Ramón Otero Pedrayo. Sinala un par de ideas sobre a funcionalidade da tradución, entre elas a de introducir modelos e formas innovadoras e a apropiación dun repertorio considerado clásico como indicativo de madurez dunha lingua, para acabar agradecendo o xesto de cortesía de Tobío por non dar ao prelo a súa tradución das *Elexías de Duíno*, ao saber que Espiral Maior acababa de publicar unha edición.

Santos Palmou, Xandra, “Unha colección poética da man dunha cidade: Poeta en Compostela”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Crónica”, 2006, pp. 145-147.

Enuméranse as entidades colaboradoras grazas ás cales se editou, publicou e distribuíu a colección poética “Poeta en Compostela”. Cítase como obxectivo principal desta colección o “promover a capital galega no imaxinario colectivo” e anótase que a selección de autores se fixo segundo a existencia dalgún tipo de relación biográfica ou sentimental entre o/a autor/a e a cidade compostelá. Sínálase que até o momento son dezaseis os números publicados e analízase a súa heteroxénea variedade e composición: dende primeiras edicións a reedicións de textos anteriores, dende nomes consagrados no panorama lírico galego até “libros iniciais da traxectoria poética do/a autor/a”. Descríbense algunhas das presentacións máis

características e orixinais, ora polo recitar dos versos publicados, ora polo acompañamento musical, ora pola proxección mediática do evento. Celébrase a ampla difusión relativa da colección, cuns cinco mil exemplares distribuídos, unicamente, na vila compostelá e na súa área de influencia, en comparación coas dificultades doutras coleccións e proxectos poéticos.

Seara, Teresa, “*Casa de orfas*. Emma Pedreira”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos* 2005, “Libros”, 2006, pp. 217-219.

Tras repasar a traxectoria poética dunha das voces referenciais da última poesía galega, Emma Pedreira, Teresa Seara aborda a análise do seu sétimo poemario, *Casa de orfas* (2005), co que mereceu o Premio Fiz Vergara Vilariño. Salienta a presenza de motivos temáticos recorrentes na poética da autora como o corpo, a denuncia social, a reivindicación da muller como ser que sente e se expresa, a reescrita do mito, o gusto polo detalle, a vivencia do erotismo ou a introspección. Identifica a voz dun eu que se identifica de forma xenérica como muller e que se declara parte esencial da casa e que unifica un aparente antagonismo entre o externo e o interno. A propósito do termo “orfas” aclara que remite a unha idea de inicio, de orixe, “pois nos poemas as orfas non só son as que perderon a nai senón tamén as que escriben partindo de cero, reinventándose a cada nova palabra”, sendo a orfandade a característica que une a mulleres tan dispares como as sereas, Ofelia, Xoana, a tola ou Xenebra. Sinálase que *A casa de orfas* que constrúe Pedreira é ante todo “un monumento á memoria das mulleres anónimas” como as mulleres de Chihuahua, as lapidadas ou as que se ven obrigadas a levar o burka, e tamén a figuras arquetípicas como Morgana, Heloísa, Penélope, Carapuchiña, Alicia ou Sherezade. Repara na presenza da casa como motivo temático e simbólico que artella poemarios de autores tan dispares como Rafa Villar (*Casa ou sombra*), Xulio Valcárcel (*Casa última*), María Lado (*Casa atlántica, casa cabaret*) ou Miguel Anxo Fernán Vello (*Territorio da desaparición*), e salienta que a contribución de Emma Pedreira ao tratamento deste tema pasa pola relación imbricada entre o eu e a casa nun poemario que resulta “unha defensa contra o abuso pero tamén un mapa das emocións que se dirixen nunha dobre vía: a colectiva e a persoal”.

Seara, Teresa, “Lingua que doe”, *Tempos Novos*, n.º 105, “Libros”, febreiro 2006, p. 76.

Despois dunha pequena introdución á historia de Gales e da lingua galesa, descríbese o volume *No país da brétema/Gwlad y Cymylau* (2005), traducido por Xavier Frías Conde. Sinálase que se trata dunha escolma de dez autores galeses contemporáneos de variadas correntes, de modo que nestes textos se albisca “o tradicional mesturado coa máis moderna dicción, a presenza do elemento relixioso e do cotián intranscendente e tamén da loita política e lingüística”, para o que se citan versos da antoloxía a modo de exemplo.

Seara, Teresa, “Claroescuro”, *Tempos Novos*, n.º 106, “Voces e culturas”, marzo 2006, p. 76.

Comeza referíndose ao prólogo que Arcadio López Casanova fai da obra *Escura e transparente* (2005), de Baldo Ramos, no que se di que transita este autor pola chamada “poética do esencial” onde a palabra se presenta condensada, espida, misteriosa, escura e transparente. Un afondamento sobre a parte máis última e oculta do ser humano. Refírese a

outras obras do autor con características similares, á reflexión metaliteraria e fai un repaso sobre cada parte da obra. Finaliza dicindo que nesta obra Baldo Ramos mostra a convivencia do artista plástico e do poeta para ofrecer “unha obra fascinante e fermosísima”. Refírese brevemente á liña temática do volume colectivo *Son de poesía* (2005) e a *Andar ao leu* (2005), de Elvira Riveiro.

Seara, Teresa, “Atravesar o poema”, *Tempos Novos*, n.º 107, “Voces e culturas”, abril 2006, p. 82.

Análise da obra poética *Maneiras de querer* (2005), de Vicente Araguas. Comézase citando un anaco do prólogo no que se di que este volume recolle o “trebón sentimental” encerrado nas maneiras de querer do autor. Dánse a coñecer algúns dos títulos dos poemas nun entramado amoroso que os relaciona.

Seara, Teresa, “Pedra corazón”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 80.

Comentario sobre *Casa de orfas* (2005), de Emma Pedreira, gañadora do V Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Logo de mencionar os diferentes motivos temáticos xa propios da autora, como o corpo, a denuncia social ou a reivindicación da muller, describe a división estrutural do volume en dúas partes: “As orfas”, onde se presentan diferentes modelos femininos arquetípicos; e “A casa e o corpo”, que se centra no individual, no mundo íntimo do ser. Recolle ademais versos dos poemas como exemplificación da análise da obra. Aparecen tamén comentarios a dúas obras de poesía publicadas ao longo do ano pasado por Espiral Maior: *Unha escuma de voz*, tradución de poemas do poeta italiano Fabio Scotti, e *O raio verde*, de Rosa Méndez Fonte, dominado pola presenza constante do mar.

Seara, Teresa, “Os fillos da aurora”, *Tempos Novos*, n.º 109, “Voces e culturas”, xuño 2006, p. 70.

Co gallo de ofrecer unha ampla visión sobre o manuscrito completo d’*Os Eoas*, comeza aludindo á significación do título da obra máis recoñecida de Pondal. A continuación, céntrase nos *Estudos sobre Os Eoas de Eduardo Pondal* (2005), de Xosé Ramón Pena e Manuel Forcadela. Fálase do descubrimento de América e da nacionalidade de Cristobo Colón. Tamén se alude ás voces narrativas da obra e á estrutura do conxunto.

Seara, Teresa, “O ser e a súa epifanía”, *Tempos Novos*, n.º 110, “Voces e culturas”, xullo 2006, p. 76.

Comentario da obra poética *A luz e as súas cicatrices* (2005), de Eva Veiga. Dise que é unha suma de mensaxes esenciais que son transmitidas de xeración en xeración como un gran tesouro que ten como finalidade diluír as cicatrices e completar o círculo do coñecemento absoluto, que será a epifanía dun novo ser.

Seara, Teresa, “Itinerarios. Betanzos espazo de poesía”, *Tempos Novos*, n.º 112, “Cataventos”, setembro 2006, pp. 6-8.

Descríbense os actos que tiveron lugar no Iº Festival Internacional de Poesía Cidade de Betanzos durante os días 4, 5 e 6 de agosto de 2006. Sinálase que a el asistiron, entre outros, Bernardo Atxaga, Casimiro de Brito, Francesc Parcerisas, Lasse Söderberg, etc., xunto cos galegos Luz Pozo Garza, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Xulio Valcárcel. Indícase que no acto houbo unha lembranza dos Xogos Florais de 1886 e da figura de Uxío Novoneyra e que o máis salientábel foi a presenza viva da poesía nos recitais que tiveron lugar no festival.

Seixo Pastor, Marcos, “Dous intelectuais cunteses eliminados polo franquismo: Xoán Xesús González e Roberto Blanco Torres”, *A Taboada*, n.º 7, decembro 2006, pp. 165-180.

Despois de introducir a situación de represalias e asasinatos vivida por escritores, xornalistas e intelectuais progresistas durante o franquismo, céntrase nas figuras de dous escritores e xornalistas de Cuntis: Xoán Xesús González e Roberto Blanco Torres, dos que fai un breve estudo. Introduce a análise de Xoán Xesús González cun fragmento de *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, para, de seguido, aludir á súa traxectoria como intelectual comprometido coa situación política e cultural do momento a través da súa actividade tanto xornalística, política como dunha abundosa obra literaria, salientando os seus traballos ensaísticos, até que foi fusilado en 1936. O estudo de Roberto Blanco Torres comeza dun poema de Manuel Pérez Lourido. Ao igual que con Xoán Xesús González, o autor realiza unha análise da traxectoria vital deste intelectual, tanto no mundo político como literario, até o seu asasinato en 1936.

Silva Fernández, Vanessa, “Palacios González, Manuela (ed.), 2003. *Pluriversos, seis poetas irlandesas de hoxe*. Tradución de Manuela Palacios González e Arturo Casas. Santiago de Compostela: Follas Novas”, *Viceversa*, nº 12, “Críticas e recensións”, 2006, pp. 165-168.

Recensión do volume *Pluriversos, seis poetas irlandesas de hoxe* (2003), escolma poética que recolle 136 poemas, 68 de creación de poetas irlandesas contemporáneas e 68 froito do labor de tradución de Manuela Palacios e Arturo Casas. Comeza referíndose á achega de Manuela Palacios sobre as poetas escollidas e ao percorrido polo ideario de cada unha delas. Logo de comentar brevemente o “Limiar” analiza o volume e salienta o feito de que sexa unha edición bilingüe, feito que permite aos lectores achegarse aos poema nas dúas linguas. Refírese tamén ás dificultades que a poesía presenta para o tradutor como a rima ou os recursos estilísticos e remata cun agradecemento pola escolleita de poemas e o labor de Palacios e Casas por acercar, a través da tradución, dous sistemas literarios.

Silverio Fernández, Héctor M., “Denominación de orixe”, *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 1, “Opinión”, 2006, pp. 4-5.

O académico correspondente da Real Academia Galega no Bierzo, Héctor M. Silveiro, comenta que a lingua galega está acadando desde hai uns anos máis presenza no Bierzo grazas

aos apoios da Xunta de Galicia, da Junta de Castilla y León ou de asociacións que defenden a lingua galega no Bierzo. Salienta a figura de Antonio Fernández Morales, autor de *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, e remata afirmando que aínda está por descubrir o potencial do bilingüismo do Bierzo.

Solveira, Ricardo, “La formación teatral. Notas sobre la ESAD de Galicia”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 244-249.

Celébrase a posta en marcha dende o ano 2005 da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia que vén cristalizar unha demanda feita durante moitos anos polos profesionais da cultura. Repásanse os antecedentes deste centro e menciónase a Escola Rexional de Declamación que naceu en 1903 e tivo unha duración de só dous anos, lémbrese que posteriormente Eduardo Sánchez Miño creou en 1913 a Escola Dramática Galega na cidade de Ferrol cunha vida moi efémera de escasamente dous meses, así como outras iniciativas, entre elas o Conservatorio Nazonal de Arte Galego, a Escola Dramática Galega, o conservatorio Profesional de Música e Declamación, a Escola Dramática Galega e as Aulas de Teatro das Universidades como antecedentes máis directos. Indícase que neste momento se ofertan as especialidades de Interpretación e de dirección de Escena, pero que no futuro está previsto que se amplíen. Finalmente, agarda que a Xunta de Galicia poña os medios necesarios para a creación dun edificio propio.

Soutelo Vázquez, Raúl, “Un rexionalista entre republicanos, emigrantes e caciques na Galicia da Restauración: Lamas Carvajal, como precursor do agrarismo galego”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 39-50.

Achega ao papel de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1848-1906) como precursor do agrarismo galego. Comeza destacando a crítica ao sistema socioeconómico da Galicia de finais do século XIX presente na obra xornalística do autor ourensán, que puido vivir moi de preto a precaria situación das familias máis humildes de Galicia. Repásase brevemente a súa traxectoria vital e a súa evolución ideolóxica, centrándose a seguir no seu pensamento político e social, no que amosa unha fonda preocupación polo campesiñado galego. Destaca o seu compromiso cos máis humildes en toda a súa obra, mesmo na poesía, na que denuncia a explotación deste campesiñado, ao que anima a arrepoñerse contra o sistema. Reprodúcense algúns dos seus textos presentes en cabeceiras como *Heraldo Gallego* ou *O Tío Marcos d'a Portela*, nos que Raúl Soutelo considera que anticipou moitos dos temas centrais e motivos da crítica das organizacións agrarias galegas e dos rexionalistas ao sistema político da Restauración. Considera que Lamas configurou o “discurso populista de formulacións agrario-rexionalistas” que desenvolveu Basilio Álvarez e que sinalou os espazos tradicionais de sociabilidade do mundo rural, que posteriormente foron convertidos en espazos de actuación directa na loita política, a través do xornal *O Tío Marcos d'a Portela*. Saliéntase tamén que esta cabeceira foi imitada logo pola prensa agraria no enfoque do seu discurso como populista, rexionalista e anticaciquil.

Tato Fontaiña, Laura, “Las primeras compañías teatrales gallegas”, *ADE Teatro*, n.º 112, outubro 2006, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, pp. 24-32.

Segundo a autora non podemos falar de teatro galego ata o século XX, con anterioridade a preocupación por este xénero era nula, prestando máis atención á poesía que se entendía como prestixiosa e culta. A Escola Rexional de Declamación foi o primeiro intento de crear unha compañía e un lugar no que formar unha canteira de actores, estreouse con *¿Filla...!* de Galo Salinas e colectou un gran éxito ao igual que os dramas de Manuel Lugrís Freire e a obra *O Fidalgo* de Xesús San Luís Romero. Fálase dun auxe no teatro galego ara 1919 pola proliferación dos cadros de declamación dos coros populares, e nesa mesma data as Irmandades da Fala crean o Conservatorio Nazonal de Arte Galega que se estrea con *A manda Santiña* de Ramón Cabanillas e ten como segunda posta en escena *Donosiña* de Xaime Quintanilla. Durante a Ditadura de Primo de Rivera suspendéronse as obras de carácter nacionalista ata a apertura do réxime en 1925, será a partir dese momento cando teñamos pezas dramáticas de gran calidade como *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste ou *a Lagarada* de Ramón Otero Pedrayo. Non houbo compañías teatrais profesionais ata a Compañía Galega Malvar-Vidal integrada por Ricardo Vidal e Obdulia Rodríguez xunto a outros actores. Esta e outras iniciativas renovadoras que se estaban a levar a cabo como as de Castelao quedaron suspendidas ante a sublevación fascista de 1936.

Tato Fontaiña, Laura, “O teatro galego en 1936”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais* 2003/4, “Congresos”, 2006, pp. 215-223.

Traballo centrado na historia do teatro galego antes do estoupido da Guerra Civil. Reconstrúe a historia do fracaso do “Conservatorio Nazonal de Arte Galego” en 1919 e os debates e o labor desenvolvido por intelectuais como Antón Vilar Ponte, Luís Amor Soto ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ao longo das décadas dos anos 20 e 30, nunha etapa cualificada como “a máis fermosa e esperanzadora da historia do século XX”, esquecida xa no momento en que comezaron a traballar os profesionais do Teatro Independente na década dos 60. Contén unha páxina coa bibliografía citada.

Teixeira Mendes, Alexandre, “Do exílio da palabra e da ad-liança galego-portuguesa”, *Agália*, n.º 85/86, 1º semestre 2006, pp. 237-239.

Reflexiónase brevemente sobre a natureza da arte literaria e, de xeito concreto, sobre a natureza da poesía. Lánzase a pregunta de se “a poesía é a penas un ‘xogo da linguaxe’? e atópase a resposta na “pluralización das poéticas posíbeis”, isto é, no feito de que se está a vivir un tempo de impulsos fragmentarios e caleidoscópicos, que “non é incompatíbel coa embriaguez da estética que está, ao parecer, aparentemente asociado co seu oposto ‘anti-estético’”. Chégase así á “tese da poesía ‘post-utópica’ do presente” que, vinculada ao triunfo da estética, na que parece que xa non hai nada para denunciar ou celebrar. Afirmaríase deste xeito a existencia dunha “cultura da crise”, asentada sobre tres premisas: i) a constatación “da morte da arte”; ii) “o surximento dun novo réxime da cultura e da arte (...), do “consumo cultural e a transformación espectacular do museo en empresa (...)”; e iii) “aceptar un novo punto de partida –a globalización e o multiculturalismo- que é, ante todo, un problema non de homoxeneización de unha cultura mundial, senón unha mundialización pluralista”. Afirmase que a depresión é un estado inscrito na experiencia profunda do ser contemporáneo, “o que

sinala a necesidade de considerarmos a depresión como a principal afección do home contemporáneo: a nada como forma artística”.

T.S., “Diario de dons”, *Tempos Novos*, n.º 104, “Libros”, xaneiro 2006, p. 82.

Breve comentario d’*As horas luminosas* (2005), de Xoán Carlos Domínguez Alberte, poemario do que se sinala que nel se transcribe un diario de dons, no que o autor constrúe unha obra arredor do amor correspondido e pleno, no que a presenza do mar e da amada transmiten unha vivencia intensa e cósmica como unha senda que está a agardar os pasos do camiñante. Saliéntase que se trata dunha poesía que transmite o goce pleno pola vida no contexto dunha natureza idílica, a das Illas do arquipélago dos Azores.

T.S., “Compostelana”, *Tempos Novos*, n.º 104, “Libros. Crítica”, xaneiro 2006, p. 82.

Comentario do *Romanceiro Compostelán* (2005), obra de Avelino Gómez Ledo, da que se sinala o coidado na edición, realizada por M^a Teresa Araújo. Explícase que se trata da primeira obra do autor que viu a luz en 1926 e que contén textos escritos entre 1910 e 1915. Menciónase a fascinación do poeta por Compostela e detéctanse influencias de Ramón Cabanillas e Rosalía de Castro.

T.S., “Voz e memoria”, *Tempos Novos*, n.º 105, “Libros. Crítica”, febreiro 2006, p. 76.

Breve análise da obra *Xoán Vidal, voz e memoria* (2005), de Ana Acuña. Comeza referíndose á figura de Xoán Vidal como membro das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. A continuación, fala do seu labor como director da revista *Cristal* (1932-33) e colaborador en *Nós e Resol*. Comenta que o poeta do tempo da vangarda tivo especial relevancia non só pola súa implicación personal senón porque axudou a difundir a obra de Amado Carballo. Remata cunha referencia á obra publicada en 2005 sobre a súa figura e ofrece un breve comentario valorativo desta.

T.S., “Vento e camiño”, *Tempos Novos*, n.º 105, “Libros. Crítica”, febreiro 2006, p. 76.

Aproximación á obra *Bocarribeira: Ramón Otero Pedrayo* (2005) reeditada por Galaxia de man de Anxo Angueira. Presenta algúns apuntamentos sobre a colección e os textos que a forman. Céntrase na terra natal de Amoeiro e a súa personificación e na pegada do hilozoísmo na presenza do vento e o camiño nesta obra.

T.S., “Enigma maior”, *Tempos Novos*, n.º 107, “Voces e culturas”, abril 2006, p. 82.

Breve comentario sobre o recentemente traducido ao francés e ao italiano *As certezas do clima*, libro de Miguel Anxo Fernán-Vello que vira a luz en galego en 1996. Coméntase que, grazas a estas versións, se volve achegar ao lectorado ese enigma que son as “certezas” que conteñen as pautas para o futuro.

T.S., “Nó de voz”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 80.

Sucinta achega á obra *Unha escuma de voz* (2005), de Fabio Scotto, un dos poetas italianos máis recoñecidos. Reproduce as verbas de Antonio Domínguez Rey para apoiar a análise que se realiza da palabra. Destácase a gran potencia léxica da temática e reproducense versos do texto como complemento ilustrativo.

T.S., “Mundo mar”, *Tempos Novos*, n.º 108, “Voces e culturas”, maio 2006, p. 80.

Breve comentario da obra *O raio verde*, de Rosa Méndez Fonte publicada por Espiral Maior en 2005. Refírese á presenza do mar na obra e a súa influencia no eu lírico. Remata coa conclusión de que “o mar é principio e fin, mundo a habitar”.

T.S., “Poesía diáfana”, *Tempos Novos*, n.º 109, “Voces e culturas”, xuño 2006, p. 70.

Dá conta da obra *Azul e estranxeira* (2005), de Lupe Gómez, cuxas verbas serven para darlle comezo ao artigo. Fai referencia ao estilo e aos sentimentos da poeta presentes nestas composicións. Fálase de Gómez como “cronista do alleo”. Remata cunhas palabras da escritora.

T.S., “Arxilosa”, *Tempos Novos*, n.º 113, “Voces e culturas”, outubro 2006, p. 74.

Achega á obra *Arxilosa* (2005), de Elvira Ribeiro Tobío. Logo de manifestar a importancia do motivo bíblico da arxila nesta obra, refírese ao telurismo, a pegada existencial, a reflexión metaliteraria e as experiencias límite como elementos definitorios do texto. Remata cunha reprodución de dous versos.

Tudela, Olivia, “Xosé Ramón Barreiro”, *ECO*, “Entrevista”, n.º 178, marzo 2006, pp. 70-74.

Recóllese unha entrevista ao Catedrático de Historia Contemporánea, Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega. Faise unha breve achega á súa traxectoria e recoñécese o seu labor á fronte da Academia. Saliéntase a eficacia e dinamismo co que a dotou e faise referencia á relación de actos programados para a conmemoración do centenario da institución, subliñándose as diferentes contribucións desta á sociedade galega. Reflicítese a necesidade de implicación e interacción da Real Academia Galega con outros organismos e o impulso á normativa da lingua recentemente consensuada. Remátase facendo referencia a futuros proxectos de colaboración con outras entidades como o Instituto Cervantes ou a Casa das Linguas.

Tudela, Olivia, “Ramón Villares: ‘Galicia é un país cunha identidade moi forte, pero ten unha vontade nacional débil’”, *ECO*, “Entrevista”, n.º 181, xuño 2006, pp. 4-9.

Entrevista a Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, na que a modo de introdución se fai un breve percorrido pola traxectoria profesional deste. A seguir realízase un balance das diferentes actividades realizadas pola institución que preside até o momento. Saliéntase o papel mediador da Institución e os proxectos futuros desta. Abórdase a significación dun novo estatuto e o concepto de cultura galega no país e no exterior.

Tudela, Olivia, “Nélida Piñón”, *ECO*, “Entrevista”, n.º 187, decembro 2006, pp. 64-67.

Entrevista á escritora brasileira Nélida Piñón con motivo da súa visita a Galicia para a presentación do seu documental *Scherezade en Galicia. As verbas de Nélida Piñón*. Faise unha breve relación da súa traxectoria literaria e profesional, na que se salienta a súa querencia por Galicia. Fálase da súa estadía en Galicia e a súa vinculación con esta terra de xeito persoal e profesional. Sublíñase a importancia da oralidade nas súas narracións e da economía no seu pensamento intelectual.

Valcárcel, Marcos, “Valentín Lamas Carvajal, o seu xornalismo”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 57-74.

Con motivo do centenario da morte de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906) faise unha achega ao seu labor como xornalista, aínda que marcando a continuidade que se pode observar en xeral en toda a súa obra, cunha gran coherencia e vontade de estilo propio. Repasa brevemente os títulos de poesía e narrativa e as condicións do Ourense da época. Situa ao autor como fundador do xornalismo en lingua galega con *O Tío Marcos d'a Portela*, cabeceira que influíu decisivamente en todas as posteriores. Ofrece, a seguir, unha breve achega á traxectoria de cada un dos xornais fundados por Lamas. D' *El Heraldo Gallego* (1874-1880) salienta aspectos como o tratamento de temas literarios, históricos e culturais. Repasa a nómina de colaboradores e aquelas temáticas máis tratadas, como a defensa do ferrocarril, a demanda de ensino para os labregos ou a falla de inversión dos capitais dos galegos. D' *O Tío Marcos d'a Portela* (1886-1889) sinala que foi o primeiro xornal escrito íntegramente en galego, que coñeceu tres etapas e a estrutura que presentaba, así como a nómina de colaboradores. Repasa algúns dos títulos máis significativos para o sistema literario galego e refírese á pegada deste xornal noutros posteriores. Finalmente, d' *El Eco de Orense* (1880-1909) sinala a súa variante liña editorial e algúns dos colaboradores. Céntrase tamén nas claves do xornalismo de Lamas, despois de analizar as formas empregadas, nas que se combina o verso e a prosa. Sinala recursos como a ironía ao servizo da crítica política, a hipérbole, a comicidade ou os xogos polisémicos, así como o feito de ser o primeiro que fai publicidade en lingua galega. Remata deténdose extensamente no pensamento ideolóxico de Lamas Carvajalo que quedou plasmado nas súas colaboracións xornalísticas.

Valcárcel, Xulio, “Encontros de Mariñán. Literatura e xornalismo: procesos de comunicación”, *Tempos Novos*, n.º 104, “Cataventos”, xaneiro 2006, pp. 6-7.

Reportaxe sobre o encontro de intelectuais e escritores que tivo lugar no Pazo de Mariñán baixo o lema que dá título a este traballo, “Literatura e xornalismo: procesos de

comunicación”, co fin de debater sobre a situación actual da literatura galega, centrándose nas relacións entre literatura e xornalismo. Nos distintos debates realizados sobre este tema, sinálase que houbo criterios diferentes a partir dos cales se chegou a conclusións dispares. En tanto escritores como Gonzalo Navaza ou Salvador García Bodaño sostiveron que non hai unha relación directa entre literatura e xornalismo, outros admiten a existencia de puntos de contacto. O centro do debate, sinálase, foi a relación entre o espazo da ficción, representado pola poesía, e a realidade.

Varela Pose, Francisco Xavier, “Cabana, Darío Xohán (2004): *Antoloxía do doce estilo novo*, Vigo, Editorial Galxia, pp. 43”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 186-187.

Unha anécdota persoal sobre a busca, por parte de Darío Xohán Cabana, de “Europa” serve de inicio para o comentario dunha antoloxía e tradución que procuraría axudar “ao lector a comprender mellor a transformación estética que se produciu coa chagada destes novos folgos á poesía na península italiana e que logo se espallaría, influenciando tódalas literaturas da Romanía occidental”. Coméntase o coidado na selección dos poemas, a esmerada tradución ao galego na que se pode apreciar o agarimoso tratamento do autor no traslado da lingua italiana á galega, ademais do esforzo por manter a aparencia gráfica e a estrutura métrica orixinais. Seguindo as palabras de Xohán Cabana no limiar da obra, contextualízase a época que se recolle na antoloxía, introducindo a “sículo-toscana” como a escola precursora do “dolcestilnovismo”, así como os seus autores e obras máis destacadas. Fálase da importancia dalgúns autores escolmados para rematar afirmando que o traballo de Darío Xohán Cabana abre as portas a ese grupo de poetas que forxou parte da identidade europea, “xentes con vocación na defensa dos valores do individuo, consciente de ser creador dunha civilización avanzada que non por iso deixa de reparar nas máis diminutas arelas e recunchos do corazón do ser humano”.

Vázquez, M^a Esther, “Unha visita a Ramón Piñeiro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 169, “O espello das letras”, xaneiro-febreiro-marzo 2006, pp. 113-115.

Lembranza da visita que María Esther Vázquez realizou xunto a J.L. Borges á cidade de Compostela no marco dunha viaxe que en 1964 emprenderan por Europa. Durante esta parada na cidade compostelá, conta María Esther Vázquez, o seu encontro con Ramón Piñeiro e algunha anécdota que este lles relatou.

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, “As homenaxes aurienses a Valentín Lamas Carvajal”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 7-38.

Repaso ás homenaxes que se lle tributaron a Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906) na súa cidade natal, nas que se toma como base a información da prensa de cada momento. Comézase explicando a importancia que tivo o seu labor para a lingua e cultura galegas, especialmente a través do xornal *O Tío Marcos d'a Portela* e o *Catecismo do labrego*. Refírese brevemente ás polémicas que mantivo con persoeiros como Manuel Murguía ou

Manuel Curros Enríquez. Considera que Lamas é a figura fundamental do Rexurdimento en Ourense, pero que co paso do tempo a súa relevancia pasou a ocupar un segundo plano. Explica que despois da súa morte unha das primeiras accións foi a das “Hirmandades d’Os Amigos da Fala Gallega”, que recuperaron a publicación d’*O Tío Marcos d’a Portela* (1917-1919) e que nos últimos meses de 1916 organizaran unha homenaxe ao autor que tivo un grande éxito de público. A esta seguiron posteriormente a inauguración dun busto no Posío en 1918, o terlle posto o seu nome a unha rúa da cidade en 1925, a celebración do centenario do seu nacemento en 1949, no que tiveron lugar numerosos actos culturais arredor da súa figura (conferencias, certames literarios, publicación dunha antoloxía da man de Eduardo Blanco Amor, etc.) tanto en Ourense como en Bos Aires en diferentes Centros galegos, e, finalmente, a dedicación do Día das Letras Galegas en 1972.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “Cronobiografía de Valentín Lamas Carvajal”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 24, setembro 2006, pp. 86-90.

Ofrécese unha pormenorizada cronobibliografía de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), na que se recollen aqueles aspectos máis relevantes da súa traxectoria vital e da súa produción literaria. Repásanse os seus estudos, as súas dificultades visuais até a cegueira e a importancia que primeiro a nai e logo a muller tiveron para a súa formación e o desenvolvemento do seu labor cultural. Sitúanse tamén as súas obras, tanto en lingua castelá como galega, na que deu ao prelo títulos como *Espiñas, follas e flores. Primeiro ramiño* (1875) ou *Gallegada, tradicións, costumes, tipos e contos da terriña* (1887), así como os xornais que fundou e dirixiu, as homenaxes que recibiu dende a súa morte ou as distintas edicións e estudos que coñeceu a súa obra.

V.F., “Cartas de Ramón Piñeiro a Basilio Losada, 1970-71. Sobre a normativa da lingua, a creación do ILG e a Academia”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, “Documentos”, n.º 171, xullo-agosto-setembro 2006, pp. 57-69.

Recóllense nove das cartas que Ramón Piñeiro lle enviou a Basilio Losada. De diferente extensión, os escritos, que comprenden datas recollidas entre 1970 e 1971, caracterízanse por tratar temas variados, dende asuntos persoais a outros vinculados á lingua, á literatura e á cultura galegas. Na maior parte delas aparecen comentarios sobre obras e publicacións de escritores galegos e sobre a necesidade de unificar a ortografía e a morfoloxía do idioma. Faise fincapé nos criterios adoptados á hora de establecer as normas e mesmo se inclúen propostas no uso dos grupos consonánticos. A creación do Instituto da Lingua Galega, a censura e o uso do catalán son outros dos temas que Piñeiro abordou nas súas cartas.

Vidal Valiña, Carmen Marina, “Camilo Franco. ‘O peor do teatro galego non é a súa crítica’”, *Escaramuza*, n.º 21, “En portada”, outubro 2006, pp. 7-9.

Entrevista ao escritor e crítico Camilo Franco, que é presentado baixo a imaxe de irreverente pola xornalista Carmen Vidal. As preguntas xiran en torno á función da crítica teatral e os espazos en que esta se desenvolve. Camilo Franco afirma non gustarlle a sociedade e, en moitos casos, o teatro que ve. Afirma, ademais, entre outras cousas, que nos discursos

culturais galegos hai unha distancia entre quen os emite e quen os debera recibir, así como unha ausencia de autocrítica no teatro. Respecto da crítica, Franco reflexiona sobre a obrigada militancia desta, xa que resulta imposíbel a profesionalización e declara que a crítica académica lle parece “unha parvada” e que a crítica é un debate dos medios, non do teatro, reivindicando a crítica xornalística. A entrevista vai acompañada de tres breves textos, da autoría de Fátima Saadi e Antónío Barros, procedentes do encontro de publicacións teatrais celebrado en Porto Alegre en 2005, segundo se indica, nos que se achegan algúns apuntamentos sobre a historia da crítica teatral e o estado desta en Portugal, ademais de recoller afirmacións de Sarah Kane sobre este tema.

Vieites, Manuel F., “Becerra de Becerreá, Afonso: *O ritmo na dramaturxia*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2005. 263 páxinas”, *ADE Teatro*, n.º 110, “Libros”, abril-xuño 2006, pp. 220-221.

Crítica da obra *O ritmo na dramaturxia* (2005), de Afonso Becerra, centrado no estudo das relacións entre texto, ritmo e as súas dramaturxias. Vieites considera que se trata dun traballo de grande interese, tanto polo que amosa (as claves rítmicas do espectáculo) como polos camiños que deixa abertos. A obra componse de dúas partes: na primeira preséntanse os fundamentos teóricos e metodolóxicos que permiten analizar o ritmo das frases e palabras. Afonso Becerra ofrece ademais unha taxonomía de estruturas rítmicas. Na segunda parte, aplica esa tipoloxía a un dos primeiros textos dramáticos de expresión galega, a peza do século XVIII *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, de Gabriel Feixóo de Arauxo. Vieites destaca que esta segunda parte da obra é a que a converte en non só puramente teórico, senón tamén con aplicacións na práctica teatral. En suma, para Vieites estamos ante un estudo “brillante, valiente y lúcido”, que ademais se pode aplicar a campos moi diversos da actividade escénica, máis alá do verso e do texto: a luz, a imaxe, o xesto... A crítica remata reiterando unha vez máis que nos atopamos ante unha das achegas máis substantivas do seu campo nos últimos anos.

Vieites, Manuel F., “El lamento persistente del carro. Algunhas notas para el estudio de la creación teatral gallega contemporánea”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 142-159.

Faise unha achega esquemática ás condicións que se deron no último cuarto do século vinte para que se creara un teatro galego profesional. Sitúa a primeira fase do teatro independente entre 1965 e 1977 elixidas a primeira por ser a data de creación do grupo teatral O Facho e a última por ser a antesala da creación de compañías teatrais profesionais como Antroido, A Farándula ou a Escola Dramática Galega, dentro destes anos ten lugar a Mostra de Ribadavia que vai ser fundamental para que se dea o salto ao teatro profesional que será a segunda fase. Esténdese de 1978 a 1984 e vai ser un proceso lento e moi complexo no que van aparecer novos temas e en xeral a produción mellora, desta época son espectáculos como *O velorio* de Troula, dirixido por Antonio Simón; *Bailadela da morte ditosa* de Teatro do Estaribel, dirixido por Eduardo Alonso, ou *As criadas*, da compañía de Luís Seoane, coa dirección de Manuel Lourenzo. O primeiro e *Celtas sin filtro*, de Artello marcan as dúas datas que se consideran nesta etapa. Unha terceira época diferenciada é a que comeza no ano 1984 e que o autor denomina como teatro institucional e que divide en dúas fases, a primeira marcada pola

creación do Centro Dramático Galego e que se prolonga ata 1989, nestes anos inician a súa traxectoria teatral compañías como Chévere, MAtarile, Sarabela Teatro, Teatro de Ningures, Tranvía Teatro ou Teatro do Morcego. A segunda etapa dentro do teatro institucional é a que chega á actualidade e nela o CDG representou obras tan interesantes como *Commedia, Annus Horribilis, Copenhage, Oé, oé, oé, Zeppelin nº7, Casa de bonecas, Nano* e *A cacatúa verde*. Finalmente ofrece unha explicación ao título do seu artigo indicando que o seu carro non é o dos labregos galegos, senón do que vai por todos os camiños levando o teatro ás xentes á falta de teatros

Vieites, Manuel F., “Literatura, teatro y teatros en Galicia”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual”, outubro 2006, pp. 22-23.

Introdución realizada por un experto en teatro que pretende ser un avance do que o lector vai atopar na revista dedicada por completo á escena galega. Entende que o punto de partida é o trece de agosto de 1882 cando no Liceo Brigantino a compañía de teatro afeccionado da Coruña se presentou o espectáculo *A fonte do xuramento*, peza escrita por Francisco María de la Iglesia, director da Escuela Normal de la capital del Atlántico. Dende aquela data o teatro galego pasou por diferentes etapas tendo en conta tamén as circunstancias históricas e así combina períodos de obrigado silencio, como durante a Ditadura franquista, e momentos máis interesantes. Invita a ler a revista e os artigos dos estudosos e estudosas das artes escénicas que farán unha panorámica moi exhaustiva do teatro galego ao longo dos últimos cen anos.

Vieites, Manuel F., “Becerra de Becerreá, Afonso (2005): *O ritmo da dramaturxia*, A Coruña, Universidade da Coruña”, *Anuario Galego de Estudos Teatrais 2003/4*, “Recensións”, 2006, pp. 332-334.

Recensión da obra de Afonso Becerra *O ritmo da dramaturxia* (2005). Refírese, en primeiro lugar, ao profesorado da Escola Superior de Arte Dramática, da que Becerra de Becerreá é docente, e á traxectoria deste, sinalando que a súa obra é un dos libros máis interesantes sobre teatro publicado no 2005. Comenta a función da figura do dramaturxista no ámbito escénico e, a seguir, ocúpase da obra. Subliña a “construción minuciosa e precisa da proposta metodolóxica” e a concreción dos presupostos teóricos en obras dramáticas, coma *A Contenda dos Labradores de Caldelas* (1671). Cualifica o estudo de valente e lúcido e remata afirmando que as posibilidades do enfoque metodolóxico poderían se aplicadas ás outras linguaxes e códigos que conflúen na escena.

Vilavedra, Dolores, “Atopando o seu espazo. Narrativa do ano 2005”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámica”, 2006, pp. 168-173.

Dolores Vilavedra aborda nestas páxinas o estudo panorámico da narrativa publicada no ano 2005. Comeza chamando a atención sobre o fenómeno das reedicións de autores en activo, dentro das cales inclúe *O lapis do carpinteiro* e *Polaroid*, editadas de novo para celebrar o XXV aniversario da editorial Xerais co apoio da Fundación Caixa Galicia, así como a reimpresión de *Non volvas*, de Suso de Toro, e *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas. Vilavedra considera valente esta iniciativa pois contribúe “de xeito implícito a poñer en valor

as obras e (...) a darlles un empuxón canónico a textos que, pola súa proximidade temporal, dificilmente poderíamos cualificar como ‘clásicos’. A seguir centra a súa atención na narrativa de autoría feminina, deténdose en títulos como *Herba moura*, de Teresa Moure, amparada polos numerosos premios e o éxito “meteórico” nas listas de vendas, até tal punto que se “desbordaron as canles polas que adoita discorrer o río manso da literatura galega”; *Dentro da illa*, de Dolores Ruiz, Premio Blanco Amor 2004, recibida con discreción talvez, apunta, pola súa singularidade xenérica a cabalo entre o lírico e o fantástico e cun ambiente onírico; *Meniña de cristal*, de Iria López Teijeiro, gañadora do primeiro premio de novela Biblos-Pazos de Galicia, que supuxo a aparición dunha nova narradora e dunha obra que combina a intriga cos avatares dunha saga familiar; e *Matei un home*, de An Alfaya, premio de novela curta Xulián Magariños Negreira 2004 en edición coidada de TresCtres. Sitúa entre o ficcional e o (auto)biográfico propostas narrativas de éxito como *Luz e Lupe*, de Lupe Gómez, concibida a xeito de diario e cuestionando a convencional distinción entre poesía e prosa; *Melodía de días usados*, de Anxos Sumai, tamén na liña do diario-blog; *Follas de bacallau*, de Xavier Paz, de temática mariñeira; e *Tres trebóns*, de Xurxo Souto. Continúa este percorrido coa análise das achegas de narradores de longa traxectoria como Xavier Alcalá con *Nas catacumbas*, segunda parte da triloxía “Evanxélica memoria”; *Fado de princesa*, de Xosé Ramón Pena, que enfía un longo monólogo dunha muller que reconstrúe a súa vida e a súa identidade; *Toda a vida*, de Luís Rei Núñez, que reconstrúe o ambiente vilego da posguerra galega a través dunha historia de amor cunha “complexa estrutura enunciativa e diexética que (...) constitúe un elemento de distracción innecesario”; *Cabaret Voltaire*, de Jaureguizar, Premio García Barros 2005, unha narración na que identifica certa presenza do modelo clásico do xénero de espías, centrada en Ribadeo dende os anos trinta até os nosos días, e na que as subtramas “dispersan a coherencia mínima imprescindible para que o proxecto callase en algo identificable polos lectores”; e *Casas baratas*, de Antón Riveiro Coello, un texto que recoñece como “un relanzo na andaina do escritor”, ambientado en Ourense e que confirma a súa eficacia narrativa, entre outras. No capítulo dedicado ás “sorpresas”, Dolores Vilavedra comenta *Aguillóns de Ortegal*, de Hixinio Puentes; *Contos de familia*, de J.A. Xesteira; e *O home inédito*, de Carlos G. Meixide, de Edicións da Rotonda, editada no espazo dixital e con grande éxito de descargas. E como remate ás súas reflexións, Vilavedra apunta que a perda notábel de protagonismo cuantitativo e mediático da narrativa galega actual ten que ver co éxito crecente das traducións de novelas clásicas e contemporáneas, e que se percibe un maior proceso de selección de novidades por parte dos editores, buscando que non compitan autores autóctonos con foráneos, o que repercute na calidade media máis que estimábel da produción.

Vilavedra, Dolores, “El crisol de abrente”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”, outubro 2006, pp. 72-81.

Explícase a importancia de Abrente como un fenómeno renovador do teatro galego no s.XX, chegando a afirmar que non existiría en Galicia hoxe un teatro profesional se non se creara a Mostra de Ribadavia. A Asociación Abrente concreta en 1973 e ata 1980 non só a Mostra de Teatro, senón tamén o Concurso de Textos Teatrais que uniron a escena e a creación durante oito edicións. Presentáronse máis de setenta textos de temáticas variadas, pero algunha delas recorrente como a emigración, a parodia ao ditador, problemas do momento e argumentos históricos. A partir de Abrente Roberto Vidal Bolaño funda a compañía Antroido, a primeira que dá o salto á profesionalización e á que seguirían Troula, Artello, Andrómena, A

Farándula e o Taller nº1 da Escola Dramática Galega. Destácanse os debates entre a liña culturalista e a popularista pola que apostaba Eduardo Blanco Amor. Ocúpase da traxectoria de tres autores que son a gran herdanza de Abrente, fálanos de Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo e Euloxio Ruibal que gañaron nalgunha ocasión o Concurso de Textos con obras como *Laudamuco, señor de ningures, Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forca* e *Zardigot* respectivamente. Para a autora Abrente supuxo un paso xigante para o teatro galego e para a súa situación actual.

Vilavedra, Dolores, “Engaiolante armazón ficcional”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 108-109.

Fálase sobre a obra *Finisterre* (2005), da escritora arxentina María Rosa Lojo, que chega ao público galego nunha tradución de Ramón Nicolás, editada pola Editorial Galaxia. Dise que aínda que non é unha obra autobiográfica si se pode explicar pola propia experiencia vital da autora. Coméntase que a protagonista é unha rapaza inglesa orfa de nai que en 1874 comeza a recibir misteriosas cartas desde Finisterre e vai reconstruíndo o seu pasado. Tamén se di que ao lado deste fío narrativo hai outra voz anónima que conta a vida cotiá da protagonista e os demais personaxes. Por último destácanse, entre as características máis salientábeis, as de ser unha novela moi rica en detalles, abordar a cuestión da mestizaxe dende unha óptica plural e profundizar nos conflitos.

Vilavedra, Dolores, “A Guerra Civil na narrativa galega”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 128-133.

Pormenorizada análise sobre o tratamento da Guerra Civil na narrativa galega e o seu desenvolvemento cronolóxico partindo do novo interese dos investigadores deste tema no ámbito peninsular. Dise que a primeira achega ao tema é de tres autores do exilio con novelas publicadas nos anos setenta. Explícase que están escritas en primeira persoa sen ser alleas á súa experiencia persoal. Apúntanse como causas do desenvolvemento serodio destas obras a ameaza constante da censura e a inhibición dos propios autores para falar dun tema doloroso. Cítanse logo autores nados na década dos anos vinte como os seguintes en publicar obras memorialísticas para chegar aos anos oitenta e noventa, nos que se produce un auxe do xénero nun contexto cultural proclive á recuperación da memoria histórica. Dise que son dúas xeracións as que levan a cabo o anterior, os nados na década dos trinta e posteriormente até a actualidade os nados nos anos cincuenta e que deixan de lado a narración en primeira persoa para introducirse na polifonía ou a narración omnisciente en terceira persoa. Das obras que saen ao prelo na década dos noventa e nos primeiros anos do século XXI, indícase que queren ser un acto de posicionamento ético, partindo de pequenas historias esquecidas de heroes anónimos. Sinálase como punto de inflexión para todas esas obras *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas en 1998. Por último engádese que nestes últimos tempos hai ausencia de novelas corais e si abundan as de personaxe e que é tamén evidente a ampliación do tema na literatura xuvenil con obras como *Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz.

Villalaín, Damián, “Urge un cambio de ciclo. Un apretado balance de 25 años de convivencia entre la generación de 1978 y la derecha conservadora en el poder”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 205-209.

Faise un pequeno balance dos últimos vinte e cinco anos de teatro en Galicia e chégase á conclusión de que é necesario un cambio radical. Lémbrese que a xeración do 78 ten nomes capitais como Roberto Vidal Bolaño, Euloxio Ruibal e Manuel Lourenzo, sen esquecer unha nómina moi ampla entre os que estarían Eduardo Alonso, Xulio Lago ou Cándido Pazó no apartado de directores de escena e Antonio Durán, Mabel Ribera, Manquiña, Luma Gómez, Serxio Pazos ou Rosa Álvarez entre os actores e actrices. No tocante á década dos anos oitenta, sinálase que foi a época do teatro institucional coa creación do Centro Dramático Galego ou do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, aínda que o teatro galego segue sen chegar a un público amplo ou sen que a poboación asista asiduamente ás salas, por iso se pide un cambio radical.

Villar, Miro, “*Maneiras de querer. Obra poética (1978-2005)*. Vicente Araguas”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 219-221.

Presenta *Maneiras de querer. Obra poética (1978-2005)* (2005), de Vicente Araguas como a compilación de dez libros de poemas que conforman a súa singular traxectoria, iniciada en 1972. Apunta Miro Villar que o libro se abre cun limiar do poeta a respecto da súa actividade creativa e a seguir detense en cada un dos poemarios que aparecen nesta entrega, dende *Paisaxe de Glasgow* (1978), “un libro innovador e orixinal naquela altura” que contén versos provocadores dende o punto de vista léxico e musical que falan do amor e da épica; *Ás veces en domingo abonda coa tenrura* (1980) e *Poemas para Ana Andrea* (1982), con poemas máis sinxelos na expresión que narran os anos da infancia e da mocidade; *Xuvia* (1983), tamén dedicado á infancia e ao espazo familiar, onde se reiteran temáticas como a música, o cinema, a literatura; *Caleidoscopio* (1988), que afonda na idea de macrotexto na obra de Araguas; *Campo santo* (1994), obra que tan só coñecera unha edición de luxo de vinte e dous exemplares e que contén textos que acompañaron os gravados do artista Patinha; *O gato branco* (1994), que Miro Villar salienta como a proposta de máis relevo da produción de Araguas e que xa dende o título simboliza a nostalxia, a soidade e a dor da ferida amorosa; *Río matinal* (2000), que recolle o Araguas máis intimista e melancólico; *Esquecín esquecer* (2004), trinta e dous poemas inéditos que lembran a persoas importantes para a vida do poeta e que transitan entre a memoria e a elexía; e, finalmente, o tamén inédito *Vintecatroyo maneiras de querer a Brian* (2004), que Villar cualifica de longa elexía escrita na memoria dun amigo escocés. Conclúe achegando dous trazos que definen a aposta poética de Araguas: en primeiro termo, a súa vontade comunicativa, apoiada na brevidade e aparente sinxeleza dos textos, e a súa enorme capacidade de sincretismo e economía textual; e, en segundo lugar, a recorrencia ao diálogo intertextual, sobre todo a través de alusións musicais ou cinéfilas.

Villar, Miro, “Para rescatar do esquecemento as emocións”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 111-112.

Artigo centrado no último poemario gañador do Premio Esquíu de Poesía na súa XXV edición coa obra *Ollos de Ámbar* (2005), de Martín Veiga. Dise que a obra se abre cun breve limiar ao

que segue un poema sen título. Engádesse que logo se divide en tres partes nas que os temas principais son o paso do tempo, a reflexión vital, o amor e o decadentismo, temas xa presentes na obra poética anterior deste autor.

Villarmeá Álvarez, Cristina, “Escribir contra a violencia: Escribir a dor”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 112-113.

Recensión sobre o poemario de Ana Romaní *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música* (2005). Dise que a autora presta a súa voz para denunciar a través dos seus textos poéticos a realidade da violencia de xénero contra a muller. Coméntase que o corpo se presenta como territorio de dor e que presta moita atención á linguaxe. Indícase que os textos se enchen de violencia, dor e sufrimento até a desolación final.

VV. AA., “As publicacións sobre teatro vense as caras en Porto Alegre”, *Escaramuza*, n.º 20, “En portada”, xaneiro 2006, pp. 9-13.

Achega ás principais publicacións que se ocupan do teatro no espazo lusófono e galego, na que se comeza reflexionando sobre a importancia destes axentes culturais, pois considérase que falta espazo nos medios de comunicación de masas, que hai unha clara necesidade de que a práctica sexa comprendida a partir dos textos dos investigadores e que estes medios lles imprimen axilidade aos traballos que aparecen neles. No referido ao caso galego, Comba Campoy céntrase na historia da revista *Escaramuza* dende a súa aparición en 1990. Destaca que comezou sendo un documento de circulación restrinxida, no que se facía difusión dos espectáculos, que en 1996 pasou a ser unha revista con máis calidade pero aínda corporativista, pois só se difundía entre os asociados, para en 2000 pasar a ser unha revista dirixida ao público en xeral. Explícase que deixou de ser un órgano de difusión para centrarse principalmente no debate e de cara ao futuro adianta que entre os obxectivos está o lograr a maior implicación dos asociados e incluír máis crítica teatral. A seguir, Antón Lamapereira presenta a *Revista Galega do Teatro*. Comeza cunha reflexión sobre a importancia do compromiso lingüístico da revista e o seu papel na normalización do idioma, que se plasma na colaboración de moita xente sen ningún tipo de ánimo de lucro. Explica que a publicación é trimestral e que vive da axuda do IGAEM, que custea a impresión e a difusión. Finalmente, explica pormenorizadamente os contidos da revista, nos que destaca que se ocupa principalmente do teatro, aínda que tamén doutras expresións artísticas que non teñen un órgano de difusión específico, como é a danza.

Xarmenta, “Actividades 2006”, *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 1, “Actividades 2006”, 2006, pp. 16-17.

Danse a coñecer e coméntanse todas as actividades que a Asociación Berciana da Lingua “Xarmenta” vén desenvolvendo no Bierzo, especialmente en Ponferrada e Cacabelos, desde a súa fundación en marzo de 2005. Entre outras infórmase de que Xarmenta organizou exposicións sobre Alfonso Castelao, Lorenzo Varela ou Manuel Lugrís Freire, ciclos de cine e de curtametraxes en lingua galega, conferencias sobre o Día das Letras Galegas, xuntanzas entre escolares galegos e bercianos, participación no Banquete de Cacabelos e na Escola

Fermín Penzol, etc. No artigo destácase que os membros de Xarmenta se senten “especialmente satisfeitos” da gala dos I^{os} Premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo, entregados a Luís Tosar e mais ao Consejo Comarcal do Bierzo o 11 de xaneiro de 2006, e tamén da participación na XI Feira do Libro de Ponferrada en abril de 2006. Remátase este artigo sinalando que o primeiro número da revista saíu á luz o 13 de decembro de 2006 e anunciando que a gala dos II^{os} premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo, terá lugar o 24 de xaneiro de 2007 no Teatro Bérquidum de Ponferrada.

XTR, “Centenario da Academia Galega: catro mariñáns académicos fundacionais”, *A Xanela*, n.º 22, “Viaxeiros”, outubro 2006, p. 26.

Rememórase o encontro que tivo lugar no ano 1905 na Casa do Consulado (A Coruña), entre diferentes delegados designados pola Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega que presidía naquel momento dende a Habana Manuel Curros Enríquez. Faise referencia aos diferentes acordos do proxecto de Estatutos aos que se chegaron, entre eles, fixar o número de académicos efectivos en corenta, ofrecendo de seguido a listaxe dos mesmos, e mencionando, do mesmo xeito, os tres persoeiros que rexeitaron o nomeamento. Refírese ademais á elección dos cargos directivos da Academia: Manuel Murguía, Xosé Pérez Ballesteros, Uxío Carré Aldao e Galo Salinas Rodríguez. Remata aludindo á procedencia das Mariñas dos académicos: Salvador Cabeza de León, Salvador Golpe, Manuel Lugrís Freire e Florencio Vaamonde Lores.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abeleira, Xoán, “Un can con arela de infinito”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 165, 16 setembro 2006, pp. 6-7.

Comézase criticando a situación da lingua galega como consecuencia da falta de normalización. Afírmase que aínda faltan grandes obras universais que traducir ao galego. Continúase agradecendo ao editor Francisco Pillado e a Xesús González por ter traducido a autores da talla do conde de Lautréamont ou de Isidore Lucien Duccase. Finalmente faise un repaso pola vida deste escritor que morreu con só vinte e catro anos de idade.

Álvarez Moreira, Manuel, “Agasallos ‘made in’ Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 337, “Reportaxe”, 24 decembro 2006, pp. 6-7.

Co motivo do Nadal e o mercado promovido nestas datas, ofrece un escaparate de discos e libros galegos producidos en 2006. Entre os grandes éxitos literarios, coloca *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, do que se anuncia que vén de gañar o Premio Ánxel Casal ao Libro de 2006; *Home sen nome*, de Suso de Toro e *Pepa a Loba*, de Carlos G. Reigosa. Entre as obras de escritoras e escritores noveis, salienta *Spam*, de Francisco Castro; *Tres segundos de*

memoria, de Diego Ameixeiras e *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo, de quen comenta que gañou o galardón Ramón Piñeiro. Tamén menciona a obra colectiva *Feísmo? Destruír un país. A fin do territorio humanizado: un novo intracolonialismo*. En canto ás publicacións fotográficas, destaca *Terra e Nostalxia. Galicia rural*, de Gwendolyn Luo e na categoría de libros ilustrados *Smara*, co texto de Paula Carballeira e deseños de Carole Hénaff. Tamén menciona a interpretación en banda deseñada que Miguelanxo Prado fixo de *A lingua das bolboretas*, de Manuel Rivas. Para o público mozo recomenda *Corre, corre, cabaciña*, de Eva Mejuto ou *A sombra descalza*, de An Alfaya. No referente ás traducións, salienta *Brooklyn Follies*, de Paul Auster, *Don Xoán (contado por si mesmo)*, de Petr Handke; *O bosque dos raposos aforcados* (2005), de Arto Pasilinna e *A posibilidade dunha illa*, de Michel Houellebecq. Por último, dedica un breve apartado á música galega producida nese ano.

Álvarez Moreirra, M., “O soño de Valentín”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Mil primaveras máis”, 3 setembro 2006, p. 6.

Lémbrese que se cumpre un século da morte de Valentín Lamas Carvajal ao que se considera o gran profesional da prensa galega, e de ter un patrón esta profesión sen dúbida el sería o que ostentaría tal galardón. Recoñéceselle o mérito de escribir prensa en galego e séntese mágoa de que a súa iniciativa pioneira non dese máis froito, xa que na actualidade aínda segue a ser minoritaria a utilización do galego nos medios de comunicación. Cóntase como fixo realidade un dos seus soños cando conseguiu publicar en 1876 *O Tío Marcos da Portela*, o primeiro xornal feito en Galicia, para os galegos e en galego. Indícase que conseguiu manter esta empresa até 1890 e erixiuno no axente máis activo do xornalismo galego, nel presentou obras tan importantes como o *Catecismo do labrego* en 1889, un dos libros de maior relevancia no momento. Enténdese que a súa figura abriu paso ao que veu despois e demostra como un home con escasa visión puido ver mellor que ninguén as necesidades de Galicia.

Álvarez, Natalia, “Os tempos son chegados”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “El Sábado”/“Saberes”, nº 447/140, 4/11 febreiro 2006, pp. 1-4/2-4.

Extensa reportaxe da edición definitiva d’*Os Eoas*, de Eduardo Pondal, que levaba máis de medio século desaparecido, nunha edición a cargo de Manuel Ferreiro. Sinala que con este poema Pondal buscaba o poema fundacional da nosa lingua, polo que conta a conquista de América a través dun Colón galego. Comenta que a obra se chegou a converter nunha obsesión para o poeta, que faría dela múltiples versións e que, nos anos trinta, o mecanoscrito orixinal se perdeu e houbo que agardar até o 2000, cando Xosé Manuel Pena o atopou entre os fondos da Real Academia. Refírese aos diversos problemas de ordenación e edición dese material, que, finalmente, se recolleu nun volume no que, ademais do propio texto, se achega toda unha serie de materiais complementarios que axudan á súa comprensión. Explica que dentro da versión podemos atopar varios achegamentos críticos á epopea. Entre eles, e baixo o título “Dos acuáticos ermos”, Manuel Forcadela analiza os aspectos internos e as temáticas do texto. Puntualiza que Forcadela chega á conclusión de que, máis que narrar a aventura do descubrimento de América, o que fai Pondal é narrar a propia aventura da linguaxe. Dende o punto de vista estilístico, destaca a linguaxe complexa e escura do poema, para rematar aludindo á espera de novas edicións que sirvan para achegar *Os Eoas* ao maior número de

lectores. Nun despece complementario, alúdese ao percorrido do manuscrito dende a súa desaparición até ser encontrado, ao tempo que se achegan posíbeis hipóteses que expliquen dita desaparición.

Álvarez, Natalia, “100 anos da Academia”, *La Opinión*, “Saberes”, nº 152, 20 maio 2006, p. 11.

Indícase que a RAG cumpre cen anos e que a súa historia estivo marcada por moitos atrancos pero tamén por moitos éxitos. Dise que se fundou o 30 de setembro de 1906 despois de ser demandada moito tempo por escritores e intelectuais galegos de fins do século XIX. Lémbrese que o seu primeiro presidente foi Manuel Murguía e que a renovación comezada nos anos 20 foi abortada pola Guerra Civil sufrindo unha etapa de semiclandestinidad. Destácase logo que a democracia trouxo un novo pulo á institución creando unhas normas morfolóxicas e ortográficas no ano 1982, o primeiro dicionario monolingüe e o *Mapa Sociolingüístico Galego*.

Aneiros, Rosa, “Nós, as inadaptadas”, *El País*, “Luces”, “Galicia”, 1 decembro 2006, p. 44.

Analízase a importancia que nos últimos anos alcanzou a muller nos máis diversos campos que até non hai moito tempo lle estiveran vedados. Coméntase que a muller galega por necesidade nunca estivo só pendente da casa, senón que tivo que saír a traballar como calquera home, pois precisaba manter á súa familia. Enténdese que na actualidade hai outra necesidade que impulsa as mulleres a non quedar na casa e é a de comunicar, e que por esta forza gañaron espazo no mundo da cultura. Indícase que o Consello da Cultura vén de publicar o *Álbum de mulleres*, que pretende reivindicar os nomes propios femininos que durante anos foron marxinados. Aproveítase o artigo para nomear as mulleres actuais que destacan na literatura, como Teresa Moure ou María do Cebreiro; na música, como Susana Seivane ou Cristina Pato; no audiovisual, como Camila Bossa ou Myriam Gallego; en banda deseñada, como Enma Ríos ou Andrea López; e así continúa a dar nomes na arquitectura, no deseño de moda, na ilustración, na gastronomía, na etnoloxía ou na propia universidade, onde o número de alumnas supera con creces o de alumnos matriculados o que indica o peso da muller na sociedade.

Araguas, Vicente, “Amores de lonxe”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, nº 358, 8 xaneiro 2006, p. 20.

Breve comentario sobre o debut de Claudia Castro co libro de poemas *Adagio para unha viaxe silente* (2005), na colección de Follas Novas “Libros da Frouma”, dirixida por Luis Alonso Girgado. Destaca as autorreflexións da autora, principalmente sobre o feito de ser muller, as referencias literarias e o paso do tempo. Menciona a presenza de comentarios sobre o Prestige e a guerra na obra e, para finalizar, informa da inclusión do poema premiado “De cando os anxos aínda tiñan sexo” neste volume.

Araguas, Vicente, “Viaxeiros ao tren”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 360, “Libros”, 22 xaneiro 2006, p. 20.

Refírese ao autor d’ *O túnel da Malata e outros relatos do tren* (2005), Guillermo Llorca, sinalando o valor sentimental da súa obra para a xente de Ferrol. Comenta os argumentos dos contos que a compoñen e afirma que ás veces é detectábel unha documentación excesiva. Remata referíndose ao prólogo de Luís Alonso Girgado, intelixente e funcional.

Araguas, Vicente, “Realismo familiar”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 361, “Libros”, 29 xaneiro 2006, p. 20.

En primeiro lugar, Vicente Araguas reflexiona sobre o sentido de escribir dende unha óptica realista tan pura como a da obra de J. A. Xesteira *Contos de familia* (2005), que a continuación recensiona. Contrapón o realismo e o bo escribir co que denomina “experimentos pseudovangardistas” e salienta a calidade lingüística de Xesteira, á vez que sinala que as súas historias non caen no previsíbel. Seguidamente, indica que a obra está composta de once relatos nos que vive a nostalxia do pasado, os tempos do franquismo, asuntos familiares e, sobre todo, o imprevisíbel.

Araguas, Vicente, “Amor que non decae”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 362, 5 febreiro 2006, p. 20.

Anuncia a publicación do libro *Ollos de ámbar* (2005), de Martín Veiga na ferrolá colección “Esquíu”, gañadora do XXV Premio Esquíu, o galardón poético máis prestixioso de Galicia. Salienta que a poesía de Martín Veiga (Noia, 1970) bebe de fontes británicas, non en van el é profesor universitario no sur de Irlanda e que neste poemario aborda o tema do amor e da infancia perdida, cun espírito achegado ao decadentismo, pero ao mesmo tempo con vitalidade. Apunta finalmente que a súa poesía é culturalista pero non por iso escura nin hermética.

Araguas, Vicente, “Unha chea de mares”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, “Libros”, nº 363, 12 febreiro 2006, p. 20.

Recensión da obra de Rafael Lema *Sete vagas* (2005). Refírese en primeiro lugar á traxectoria do autor. En segundo lugar, sinala que *Sete vagas* é un libro moi longo e afirma que os mesmos obxectivos poderían acadarse en menos extensión. Comenta a versatilidade temática e a dimensión visual do libro de poemas, así como o hermetismo e esoterismo do seu título, valor engadido, segundo afirma.

Araguas, Vicente, “Dos anos, das batallas”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 365, 26 febreiro 2006, p. 20.

Comentario da obra *Poesía en galego I (1962-1975)* (2005), de Antón Tovar. Refírese nun primeiro momento ao epílogo de Xesús Alonso Montero e ás portadas autoría de Xaime

Quessada ou o retrato de Antón Tovar, responsabilidade de Prego de Oliver. A continuación, analiza a obra manifestando que o autor busca a complementación da funcionalidade coa estética. Menciona tamén a evolución da súa poesía, tan humana sempre, cara a un formalismo que nos derradeiros libros *A nada destemida* (1991) e *Cadáver adiado* (2001) se converte en sonetería.

Araguas, Vicente, “A épica da lírica dos praceres prohibidos”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Agora xa foi”, 26 febreiro 2006, p. 10.

Comenta a publicación dos dous volumes editados polo PEN Clube de Galicia que recollen a obra de Antón Tovar baixo o título *Poesía en galego* (2005). Afirmar que cómpre volver sobre este autor, que segue a gañar batallas de recoñecemento despois de morto. Gaba a cuidada edición, con cuberta de Xaime Quesada, un retrato de Prego de Oliver, o prólogo de Marcos Valcárcel e epílogo de Alonso Montero e indica que estamos perante unha poesía íntima e en continua batalla coa divindade.

Araguas, Vicente, “Olladas lacustres”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 369, 26 marzo 2006, p. 20.

Recensión da obra de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices* (2005). En primeiro lugar, sitúa a Eva Veiga na xeración de mulleres que “habrían de tomar o facho de Xohana Torres ou Luz Pozo Garza” e na que inclúe tamén a Luísa Villalta, Luísa Castro e Xela Arias. A seguir, menciona que o prólogo do poemario está asinado por Luz Pozo Garza e que os textos se inclúen na denominada “poética do silencio”, co obxectivo que quen os lea afonde na súa esencia. Considera que Eva Veiga se afasta da liña culturalista e fala a partir do seu cosmos, e que a selección do léxico converte a súa poesía en labiríntica. Finalmente, repara nas similitudes que percibe entre Eva Veiga e a poeta en español Amalia Iglesias.

Araguas, Vicente, “A peneira da baloira”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 370, “Libros”, 2 abril 2006, p. 20.

Con motivo da publicación de *A baloira* (2005), de Anxo Tarrío, Vicente Araguas define unha baloira. A seguir, expón a temática do libro: os asuntos da actualidade dende diferentes eidos. Aborda tamén o papel de Tarrío como crítico e gaba os seus saber e a súa escrita. Tamén se alude aos anos dos artigos escolmados na obra, que comprenden do ano 1997 a 2002 e máis polo miúdo a algúns dos temas referidos. Por último, fai fincapé no carácter polifacético do autor, que hoxe en día imparte ensino na Universidade de Santiago de Compostela.

Araguas, Vicente, “Se a loita continúa”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 371, “Libros”, 9 abril 2006, p. 20.

Contra Maquieiro (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín é a obra da que se ocupa este artigo. Afirmar que con esta obra o autor se desmarca da poesía que veu facendo até o de agora e

subliña a combinación entre clasicismo e política. Apunta tamén a temática da obra e detense nos personaxes, encabezados por Maquieiro. Destaca un matiz de maldicir no poema IX e considera que ninguén se sente indiferente fronte á obra do ourensán, xa que se trata dun autor que se renova en cada obra, “sempre é outro”.

Araguas, Vicente, “Un día máis”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 373, “Libros”, 23 abril 2006, p. 20.

Céntrase na publicación da terceira edición revisada polo autor da novela *Como calquera outro día* (2005), de Camilo Gonsar e sinala que contén aspectos do contexto no que foi escrita. Apunta o argumento da obra e subliña a capacidade de Gonsar para reflectir, cun bo empaste, os paseos e as reflexións do protagonista para que non fiquen monótonos. Tamén se refire ás outras cidades nas que transcorre a acción e aos saltos no tempo que tan ben leva o autor. Por último, enxalza a intelixencia e a sensibilidade coas que Gonsar contempla o mundo.

Araguas, Vicente, “Unha bebida forte”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 374, 4 xuño 2006, p. 20.

Recensión do poemario de Lupe Gómez *O útero dos cabalos* (2005). Comeza salientando o carácter transgresor da poesía de Lupe Gómez, citando títulos como *Pornografía* (1995) e *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999). Compara a súa produción coa de Luísa Castro, Xela Arias, Olga Novo ou Medos Romero. A continuación, informa de que esta obra vén de gañar o VIII Premio de Poesía Johan Carballeira. Insire esta obra na liña da súa poética anterior, onde conflúen a infancia e a muller xa feita e sinala que, ao seu entender, non é tan orixinal como parece, por máis que supoña unha perspectiva diferente dentro da poesía galega actual. Remata dicindo que a poesía de Lupe Gómez é unha autopsicanálise.

Araguas, Vicente, “Unha meditación”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 380, 16 xullo 2006, p. 20.

Comeza animando á lectura da obra *Conversas con Suso de Toro* (2005), de Antonio Pedrós-Gascón, para quen tiver vontade de coñecer con máis profundidade este escritor. A continuación, menciona o carácter polémico de Suso de Toro e salienta o seu civismo, ao tempo que destaca o interese das reflexións que realiza nesta obra, que posúe, ao seu entender, un carácter provocador.

Araguas, Vicente, “Tocouse Siro coa bacía”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 386, “Libros”, 27 agosto 2006, p. 20.

Refírese ao estudo de Siro López, *Sobre o humor de Cervantes no Quixote* (2005), publicado nos *Cadernos Ramón Piñeiro*, como unha achega admirábel pola sinxeleza coa que se relatan cuestións biográficas e contextuais e se analiza o tema do humor. Dise que é de agradecer a simplicidade coa que escribe unha persoa tan versada na materia, o que fai desta publicación

un estudo ameno, exento de toda pedantería e con valor de manual e no que se recolle unha ampla bibliografía. Anota que os dous últimos capítulos, “Humorismo e humor no Quixote” e “Humorismo e caricatura”, constitúen o cerne do libro e neles Siro López decántase polo humor de Cervantes, que deixa unha certa melancolía no riso, antes que pola risada quevediana.

Araguas, Vicente, “Dous paxaros no millo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 404, “Libros”, 26 novembro 2006, p. 20.

Con motivo da publicación de *Xerfas de Mallante* (2005), de Xosé de Arxeriz, sinala que o autor é un dos poucos que sabe conectar co espírito haiku dende a nosa literatura, fronte aos moitos que non conseguen centralo. Destaca o documentado prólogo e reclama un oco para este autor serodio na nosa literatura. A seguir comenta *Poemas do tempo silenciado*, de Miguel Barrera, ao que cualifica de bo pero desigual, sinalando que precisaría unha selección que deixase fóra cousas que non encaixan ou poemas que cadrarían mellor noutra parte, como os relativos á Terra Chá.

Blanco, Luisa, “As crónicas do Sochantre”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 333, “Mil primaveras máis”, 17 decembro 2006, pp. 6-7.

Coincidindo co cincuenta aniversario da publicación de *As crónicas do Sochantre*, Luisa Blanco reflexiona sobre algúns aspectos da obra. Indica que veu a luz na Editorial Galaxia e supuxo a segunda achega narrativa de Álvaro Cunqueiro, editada tres anos despois en castelán e merecedora do galardón do Premio da Crítica. Ofrece datos biográficos de Cunqueiro, amais dun fragmento da obra e percorre a temática da obra, salientando que recolle as aventuras do Sochantre, un home que tocaba o bombardino nos enterros, e que un día calquera subiu nunha carroza para ir desempeñar o seu traballo e atopouse con varios parentes do morto que o acompañaron nunha viaxe a ningures. A viaxe ten unha duración de tres anos e malia que ao regreso o Sochantre pensa que todo foi un mal sonho, ao escoitar o himno da revolución francesa sabe que pasaran exactamente eses tres anos. Indica tamén que na obra se intercala unha peza de teatro.

Calvo, Tucho, “Novela negra dunha criminóloga”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 146, 28 xaneiro 2006, p. 14.

Comeza salientando o feito de que inda que no Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* só unha obra sexa a galardoada, a meirande parte dos exemplares presentados teñen tamén unha gran calidade, o que se demostra no feito de que case todas se publiquen en diferentes editoriais. Cita como exemplos *Blues da Ría*, de Xesteira, *Jalisco*, de Fernando Salgado, *O asasino bífido*, de Breogán Riveiro ou *A morte de A.*, de Anxo Angueira, que saíron ao prelo en Xerais; ou *O demo e o profundo mar azul*, de Eva Moreda, en Edicións Positivas, ou *Compostellanum*, de Ángel de la Cruz, que publicou Biblos. A seguir salienta que un dos textos que quedara finalista acaba de ser editado por TresCtres: *Matei un home* (2005), de An Alfaya. Destaca a gran calidade literaria que posúe e analiza brevemente a obra salientando o feito de que a súa estrutura por entregas provoca que teña unhas características

estilísticas determinadas. Logo destaca que obtivo o premio Xulián Magariños de Negreira en 2004 e finaliza realizando un repaso pola ampla bibliografía da escritora e anunciando a próxima convocatoria da nova edición do certame.

Caride, Ramón, “Vento Mareiro cumpre noventa anos (1915-2005)”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 16 abril 2006, p. 25.

Fai un recoñecemento do labor levado a cabo pola revista cultural *Bisbarra* (1984-1988) que se facía nas terras ourensás próximas á beira do Miño e que contiña colaboracións de autores como Manuel María, Xaquín Lorenzo ou Felipe Senén, entre outros. Destaca como principal característica que non era unha revista cultural ao uso senón que tiña vocación de servizo aos lectores e que os seus promotores foron un grupo de mozos ligados ao nacionalismo e con formación universitaria que mantiveron esta iniciativa desinteresada e non rendíbel economicamente. Indica finalmente que todo o proceso de elaboración da revista pasou factura, xa que o cuarto e último número editouse en 1988 cunha nota a pé de páxina a modo de despedida.

Casti, Pilar, “Trece por docena”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “*Letras*”, 26 xaneiro 2006, p. 14.

Faise eco da publicación de *Trece por docena* (2005), que conta cun prólogo de Constantino Bértolo no que se afirma que a obra recolle unha mostra da creación literaria da xeografía española de trece escritores diferentes que traballan co relato como forma de expresión. Como trazo coincidente dos autores incluídos na publicación, destaca a sobriedade expresiva que resulta persuasiva e conclúe explicando que as composicións vascas, galegas e cataláns aparecen nas dúas linguas.

Castro, Xavier, “Machado da Rosa e Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “*Letras*”, 9 abril 2006, p. 17.

Despois de realizar unha breve introdución sobre a figura de Alberto Machado da Rosa como estudioso e ensaísta que se dedicou a difundir a literatura galega polo mundo, pasa a centrarse na publicación en Laiovento da súa tese de doutoramento *Rosalía de Castro, a muller e o poeta* (2005), defendida en 1953. Desenvolve un percorrido polas achegas de Machado da Rosa ao estudo de Rosalía de Castro e salienta a importancia desta publicación, da que indica que está precedida dun prefacio de Elias Torres e Joel Gómez. Por último, destaca o interese da perspectiva achegada por Machado da Rosa na súa aproximación a Rosalía de Castro, ao saírse do estilo biografista que domina outros traballos.

Castro Ratón, Xosé, “María Mariño Carou, a costureira que bordou versos”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 10 decembro 2006, p. 33.

Faise un repaso pola vida e obra da homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2007, María Mariño Carou. Recóllense aspectos como o seu nacemento en Noia, a súa escasa formación académica debido ás dificultades económicas polas que pasaba a súa familia, e o seu traslado a Boiro, onde ten acceso á biblioteca do Pazo de Goián pois aí traballaba unha tía súa, e adquire nos libros moitos dos motivos recorrentes nas súas obras. Apúntase tamén a notábel influencia de Rosalía de Castro que se percibe na súa obra en trazos como o grande intimismo, e a súa amizade con Uxío Novoneyra, un dos poucos autores cos que se relacionou. Menciónanse os seus poemarios, *Palabra no tempo* e o editado vinte e sete anos despois, *Verba que comeza*. Indícase que a súa desaparición do mundo literario creou unha lenda de misterio arredor da súa figura.

Castro Rodríguez, Xavier, “A forza do dinamismo nos gravados de Luís Seoane”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 14 xaneiro 2006, p. 2.

Detalla a importancia de Luís Seoane dentro do panorama literario e artístico de dentro e de fóra de Galicia e detense a analizar a súa faceta artística e plástica, nomeadamente no eido do gravado.

Castro Rodríguez, Xavier, “Nasce un árbore’: as ponlas e o zume dunha nova narrativa”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 21 xaneiro 2006, p. 2.

Coméntase a xénese da Nova Narrativa Galega e a seguir realízase unha pequena aproximación a *Nasce un árbore* (1954), de Gonzalo R. Mourullo, do que se indica que é un pequeno libro composto por tres relatos breves: “A capela ameigada”, “O reloxo” e “Tres homes”, descritos brevemente e editados pola emblemática Monterrey de Vigo.

Castro Rodríguez, Xavier, “Monográfico de literatura galega en ‘Camp de l’arpa”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 28 xaneiro 2006, p. 2.

Apúntase que o número setenta e cinco da revista *Camp de l’arpa* foi dedicado exclusivamente á literatura galega contemporánea dende 1939 até 1979 e que nel dez especialistas galegos como Víctor Freixanes, J. María Álvarez Cáccamo, Basilio Losada, Manuel Lourenzo, Carlos Casares e A. Reigosa López reflexionan sobre a situación do sistema literario tendo en conta a lingua, a sociedade, a política e outros puntos interesantes. Menciónase tamén que a revista se publicou entre 1972 e 1982 en Barcelona e tivo como directores, entre outros, a Manuel Vázquez Montalbán.

Castro Rodríguez, Xavier, “Pensamento, proxección e semántica da saudade”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 4 febreiro 2006, p. 2.

Comézase reflexionando sobre o concepto de saudade e coméntase o libro *A saudade* (1953), da editorial Galaxia, no que destacados pensadores e filósofos como Ramón Piñeiro, Luís Tobío, Rof Carballo, Alonso Montero ou Salvador de Lorenzana reflexionaron sobre o concepto versátil, complexo e espiritual da saudade.

Castro Rodríguez, Xavier, “Dor, elexía e saudade nun río de tolos remuíños”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 11 febreiro 2006, p. 2.

Repasa a obra de Augusto María Casas Blanco (Ourense, 1906-Barcelona 1973) no centenario do seu nacemento. Salienta o seu carácter de escritor bilingüe cunha produción poética importante en galego, mentres que en castelán publicou especialmente traballos de investigación. Afirmar que na súa estética se percibe a débeda con Luís Amado Carballo e non en van a este está dedicado o seu primeiro libro. Destaca *Isa folla que vai pol-o río* (1954), un breve poemario que contén vinte e cinco composicións que volven sobre os temas máis tratados da súa poesía como a dor existencial, a terra, a saudade, a lembranza ou o desacougo vivencial.

Castro Rodríguez, Xavier, “De catro a catro’: o mar da experiencia nun poemario”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 18 febreiro 2006, p. 2.

Achega á figura de Manuel Antonio, “poeta e mariñeiro”. Comeza referíndose ao autor como vangardista comprometido, crítico coa arte anterior, especialmente a decimonónica para , a continuación, falar do seu posicionamento estético e da súa obra máis emblemática: *De catro a catro*. Logo de repesar os trazos máis salientábel da mesma, céntrase na edición bilingüe de Miguel González Garcés, publicada no 1979 coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas na colección Adonais. Comenta a importancia do poemario dentro das Letras Galegas, a creación poética a partir da xustaposición de imaxes, a vivencia persoal, a presenza da metáfora, a ausencia da rima e a liberdade do ritmo.

Castro Rodríguez, Xavier, “Luís Pimentel: médico e poeta da dor e o intimismo”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 25 febreiro 2006, p. 2.

Comenta que Luís Pimentel non puido chegar a ver *Barco sin luces* publicado, xa que saíu no ano 1960 pola Editorial Celta en castelán, aínda que o autor o ía editar en galego. Menciona o prólogo por Dámaso Alonso e recolle as palabras iniciais: “non toquedes este libro pois podería desfacerse xa que é todo de rosas...”. Afirmar que Pimentel foi un gran poeta que construíu con estrelas, lúas, aire e sombras, entre outros elementos, un gran barco, como o mellor dos armadores.

Castro Rodríguez, Xavier, “Blanco-Amor prologuista da obra lírica de Rosalía”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 4 marzo 2006, p. 2.

Relaciona a figura de Eduardo Blanco Amor co estudo de Rosalía de Castro a partir da singular antoloxía que este escritor ourensán fixo con cincuenta composicións de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*. Apunta que Blanco Amor foi un grande admirador da poeta e sobre ela impartiu conferencias, realizou diversos traballos e seleccionou e prologou esta publicación que titulou *Poemas gallegos*.

Castro Rodríguez, Xavier, “Amigos mortos revividos na lembranza de Pedrayo”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 11 marzo 2006, p. 2.

Lembra a figura de Ramón Otero Pedrayo como poeta, malia afirmar que non foi a súa faceta principal xa que apenas contamos co poemario *Bocarribeira*, editado polo Grupo Brais Pinto en Madrid no ano 1958. Detense no ton lírico que domina en *O libro dos amigos*, dedicado á lembranza de todos os amigos mortos dende unha fonda emoción, coa intención de rescatalos do esquecemento e darlles o espazo que se merecen personaxes tan insignes como Blanco Torres, Lugrís Freire, Ánxel Casal, Víctor Casas, Castelao, Noriega Varela ou Bóveda entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, “Antoloxía rosaliana en portugués de Guerra da Cal”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 18 marzo 2006, p. 2.

Recupera a *Antología poética. Cancioneiro rosaliano*, publicada por Guimarães Editores na colección “Poesía e verdade”, unha iniciativa que naceu no ano 1985 con motivo da celebración do centenario da morte de Rosalía de Castro cun congreso internacional que serviu para difundir e proxectar a súa figura cara ao exterior e convertela nunha pluma das letras universais. Apunta que o volume estivo ao coidado de Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911-Lisboa, 1994), encargado da selección, organización, adaptacións, versións, notas e presentación. Recolle as palabras que lle dedica o coordinador a Rosalía e salienta as traducións dos seus poemas ao portugués, así como as corenta e oito achegas de escritores galegos e portugueses que enxalzaron coas súas composicións a figura da escritora: Cabanillas, Carballo Calero, Eugénio de Andrade, Augusto Casas, Iglesia Alvariño, Couto Viana, Luis Pimentel, Teixeira de Pascoaes ou Luz Pozo, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, “Lanza de soledá’: versos eufónicos na soidade”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 25 marzo 2006, p. 2.

Considera a Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, Abadín, 1909-Santiago, 1961) como unha nas voces máis rotundas do panorama lírico galego, pola súa rigorosa formación humanística adquirida no Seminario do Mondoñedo, polo seu vizoso léxico e as súas creacións singulares e pola temática paisaxística que o achega a outros grandes enxalzadores da natureza como Antonio Noriega Varela, Xosé María Díaz Castro e Xosé Crecente Vega e a escritores portugueses como Antero de Quental e Teixeira de Pascoaes. Apunta os seus grandes temas, a soidade, a morte, a crenza, dos que participan *Cómaros verdes* (1947) ou *Lanza de soledá* (1961). Detense neste poemario, que amosa o poeta na súa madurez creativa e que recolle corenta e dous sonetos, unhas palabras do editor e unhas verbas do poeta, tituladas “Quero decir”, próximas á reflexión filosófica, ao sentimento contido e á sinceridade máis íntima.

Castro Rodríguez, Xavier, “Cartafofol’: follas de Teodoro Morgade, poeta da imaxe”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 1 abril 2006, p. 2.

Refírese ao volume *Cartafol*, descoñecido para o público xeral, ao igual que o seu autor, Teodoro Morgade Varela (Baio, Zas, 1915-A Coruña, 1935), un estudante de Farmacia que compaxinou a carreira co oficio de escritor e debuxante e que truncou a súa vida no mar do Orzán. Sinala que nin sequera puido ver publicado o seu libro, que viu a luz en 1963, e que recolle versos e prosas. Apunta que a súa traxectoria aparece recollida nunha breve semblanza na *Gran Enciclopedia Galega*, nunha referencia no estudo *De Pondal a Novoneyra*, de Méndez Ferrín, que o sitúa na nómina da Xeración do 36, e tamén nunha nota de lembranza publicada por *A Nosa Terra* en 1935 asinada por Mariñas del Valle.

Castro Rodríguez, Xavier, “Da saudade e a manifestación artística nas culturas célticas”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 8 abril 2006, p. 2.

Aborda neste artigo a figura de Plácido Ramón Castro del Río. Destácase o seu labor como ensaísta e tradutor e a súa actividade política e de compromiso co país, achegando unha breve semblanza biográfica do autor e subliñando a súa estadía en Glasgow, que lle serviu para desenvolver o seu dominio na tradución. Despois de nomear os escritores que Castro traduciu e estudou na súa vida, pásase á analizar *La saudade y el arte en los pueblos célticos*, reparando na estrutura narrativa e no prólogo, escrito por Manuel Portela Valladares, do que se recollen algunha das súas verbas. Finaliza facendo referencia ao celtismo.

Castro Rodríguez, Xavier, “Todos os melros do mundo nesta escolanía cantan”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 22 abril 2006, p. 2.

Amplo repaso da vida e da obra de Faustino Rey Romero (Cestedo, Rianxo, 1924-Bos Aires, 1971), no que se pon de relevo o seu compromiso coa realidade galega e co idioma. A seguir céntrase na segunda edición de *Escolanía de Melros*, publicada en Bos Aires en 1970. Sinala que ten como eixo o melro, tanto no contido coma na estrutura. Conclúe afirmando que no prólogo, de Francisco Luís Bernárdez, defínese ao escritor como un poeta universal e catolicamente galego.

Castro Rodríguez, Xavier, “Unha antoloxía esencial da lírica galego-portuguesa”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 29 abril 2006, p. 2.

Comeza cunhas notas biográficas de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), nas que destaca a súa gran produción, tanto na creación literaria coma no traballo de crítico literario, conferenciante, fundador de coleccións editoriais, de revistas literarias, etc. Chama a atención sobre o seu labor como estudoso da poesía galega, onde salienta *Escolma de poesía galega I* (Galaxia, 1952), na que recolle composicións da Escola Medieval Galego-portuguesa (1198-1346). A continuación inclúe algúns datos sobre a obra, que, ademais das composicións, inclúe unha introdución escrita polo antólogo, un glosario das voces, unha bibliografía e os índices de persoas e lugares e, finalmente, os incipits.

Castro Rodríguez, Xavier, “Proel’: natureza e amor entre vangarda e tradición”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 13 maio 2006, p. 2.

Reflexión sobre a importancia que a Xeración vangardista tivo na cultura e literatura galegas no primeiro terzo do século XX. Afirmar que foi unha xeración xeralmente poética de importante éxito e proxección posterior, coa publicación de varias revistas como *Ronsel* ou *Cristal*, entre outras. Nomea a varios dos seus principais integrantes como Cunqueiro, Fermín Bouza-Brey ou Luís Pimentel, destacando entre todos as figuras de Manuel Antonio e Amado Carballo. Céntrase despois na figura de Amado Carballo e a súa importante produción poética para referirse finalmente ao seu libro máis representativo, *Proel* (1927). Apunta que a súa cuberta foi feita en cor, que acollía 35 poemas de temática variada e que a estrutura dividíase nun limiar e tres partes numeradas compostas por cinco, catorce e quince poemas respectivamente. Por último sinala como características principais a mestura de tradición e vangarda, a natureza personificada, o ton patriótico e a presenza do eu lírico.

Castro Rodríguez, Xavier, “Lar”, revista periódica do Hospital Galego de Bos Aires”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 20 maio 2006, p. 2.

Fala da revista *Lar*, editada por unha institución arxentina coa intención de manter un compromiso coa cultura galega con periodicidade mensual. Comenta que cada 25 de xullo editaban un número extraordinario con case cen páxinas e múltiples colaboracións, cunha edición moi coidada e coas páxinas finais destinadas á publicidade e que malia primar a lingua castelá houbo moitos traballos en galego. Apunta que a edición de 1954 supuxo a quinta entrega do número extraordinario, con múltiples textos en galego e colaboracións americanas. Finalmente di que o principal obxectivo era sempre eloxiar a cultura galega cada 25 de xullo.

Castro Rodríguez, Xavier, “¡Terra a Nosa! colección popular de libros galegos”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 27 maio 2006, p. 2.

Subliña o interese da colección de contos populares que Uxío Carré Aldao comeza en 1919 e leva por título *¡Terra a nosa!* e o subtítulo *Biblioteca Popular Galega*. Salienta que acollía libros de autores galegos, de extensión e prezo asequíbel para o lector, nunha edición coidada, e engade que foi unha homenaxe ás fórmulas do conto popular e oral da tradición galega e que as historias reproducidas no primeiro libro coñeceunas nas oras de descanso que pasou na aldea. Finalmente engade as palabras de Carré Aldao sobre a orixe dos cinco contos que contiña *Contos da forxa*.

Castro Rodríguez, Xavier, “Claraboya’: unha fiestra de luz e aire”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 3 xuño 2006, p. 2.

Comentario sobre a revista literaria *Claraboya*, que saíu ao prelo a fins do ano 1963. Defínese como unha revista cultural que mesturaba ilustración e poesía e que se editou até o número 19 en 1968. A respecto da súa orixe, sitúase en León, froito da iniciativa dun grupo de universitarios que pretendían reflectir o desasosego vital do tempo que lles tocou vivir. Entre a nómina de colaboradores, apunta a presenza de autores vellos e novos e mesmo algúns da Xeración dos 50, como Claudio Rodríguez Fer. Tamén se lembra que cada entrega tiña

arredor de 30 ou 45 páxinas e que só o número extraordinario dedicado á Poesía Galega chegou ás 131 páxinas. Por último fálase sobre a estrutura deste número especial dividido en dúas partes: “Poetas precedentes ou maiores” (Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro, etc.) e “Poesía nova de Galicia” (Xosé Luís Franco Grande, Xohana Torres, etc.).

Castro Rodríguez, Xavier, “Cando a verdade está proscrita, non canta a profecía”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 10 xuño 2006, p. 2.

Xavier Castro inicia a súa sección facendo alusión ao compromiso de Luís Seoane coa terra galega para afondar a seguir nos eidos que acolleu a súa polifacética vida. Refírese á obra *Na brétema Sant-Iago* para tratar *Cicatrices*, poemario cuxa portada deseñou o escritor. Reproduce as palabras de Seoane referidas á Editorial Citania e finaliza describindo os trazos máis representativos de *Cicatrices*.

Castro Rodríguez, Xavier, “Emigración e exilio desde o meridiano riopratense”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 17 xuño 2006, p. 2.

Refírese á intensa actividade cultural que tivo lugar na época da posguerra alén mar, subliñando a importancia das publicacións do Patronato da Cultura Galega. Analiza a obra *El problema nacional de Galicia*, de Carlos Alberto Zubillaga, achegando un breve percorrido pola vida do escritor e apuntando os temas principais da obra. Conclúe facendo referencia á introdución escrita polo autor para ese volume.

Castro Rodríguez, Xavier, “Ramón Otero Pedrayo e Compostela, arredor de si”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 24 xuño 2006, p. 2.

Alude aos espazos preferidos por Pedrayo para localizar as historias das súas obras. Afirma que Compostela, seguida de Trasalba e de Ourense, son os tres lugares onde se centraron gran parte dos seus relatos e subliña a capacidade de Otero Pedrayo para considerar a paixase urbana e a vilega necesarias entre si. A continuación, aborda *O espello na serán*, que define como unha “espléndida homenaxe á cidade de Compostela”, e menciona como un dos seus trazos fundamentais o uso das imaxes características da cidade.

Castro Rodríguez, Xavier, “Revoeira de historias de verbas de Xosé Núñez Búa”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 1 xullo 2006, p. 2.

Trátase dunha viaxe ao redor da figura de Xosé Núñez Búa. Aborda primeiramente as súas orixes e o seu falecemento, poñendo de relevo as relacións que mantivo cos intelectuais da época. Recolle tamén como feitos relevantes do seu percorrido vital o seu paso polo Seminario de Estudos Galegos e polo Partido Galeguista, así como o estalido da guerra civil e as súas consecuencias na vida de Núñez Búa. Tamén se apunta o seu labor a prol da recuperación do país e a súa pegada na literatura galega. Por último, analiza os trazos máis relevantes de *Revoeira* e conclúe coa reflexión que Blanco Amor fixo sobre esta obra.

Castro Rodríguez, Xavier, “Bóveda: ‘Lume vivo, acesa chama’ (Manuel María)”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 8 xullo 2006, p. 2.

Tras apuntar a importancia de Alexandre Bóveda como símbolo da liberdade, ofrece un comentario sobre a obra *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972), publicada por Edicións Nós de Bos Aires. Indica que foi escrita por Xerardo Álvarez Gallego, cuñado de Bóveda, para enxalzar a súa figura e detense nos seus tres aspectos esenciais: “Vida” (o Ourense nativo, o funcionariado público, a Pontevedra adoptiva), “Paixón” (o Partido Galeguista e o castigo adiantado) e “Morte”, cun remate poético de Celso Emilio Ferreiro e Emilio Pita, entre outros, na memoria de Bóveda. Comenta tamén a polémica suscitada arredor do prólogo escrito por Xosé Sesto, que acusou os encargados da edición de manipular o texto orixinal.

Castro Rodríguez, Xavier, “No abrente do Día de Galiza do ano 1948”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 22 xullo 2006, p. 2.

Arredor da figura de Castelao, Xavier Castro abre a súa colaboración cunha cita de Luís Seoane do ano 1955 na que xulga a Castelao como unha personalidade clave na historia do pensamento, das artes e das letras galegas. A continuación, repara na variedade de xéneros que dominou o rianxeiro, dende a narrativa ou a plástica, até o ensaio ou a arte dramática. Salienta o seu compromiso cívico e detense en *Alba de Groria*, un discurso pensado para un 25 de xullo de 1948, co que se honra a festividade do Día de Galiza. Seguidamente indica que o texto foi editado no seu primeiro cabodano (1951) por Edicións Galicia do Centro Galego de Bos Aires e engade que ía acompañado dunha tradución ao español realizada por Blanco Amor. Finalmente, dá conta do contido do discurso, que parte dunha imaxe mítico-lendaria da Santa Compañía e mostra unha Compostela ategada de simbolismo que representa a unión do relixioso e do pagán a través dos séculos.

Castro Rodríguez, Xavier, “Poesía universal vertida ao galego por Cabanillas”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 29 xullo 2006, p. 2.

Enxalza a figura de Ramón Cabanillas, a quen considera máis que un poeta “entre dous séculos”, achegado á Irmandades da Fala e ao Grupo Nós. Salienta que foi un escritor moi activo e prolífico e dá conta dos distintos intereses que se manifestan nas súas obras: o agrarismo, o romanticismo, o simbolismo e o clasicismo. Por último, céntrase no comentario da obra *Versos de alleas terras e de tempos idos. Paráfrases galegas* (1955), apuntando que foi publicada pola editorial Bibliófilos Gallegos e que consta de tres partes nas que Cabanillas se converte en tradutor de pezas líricas de cincuenta dos grandes nomes da literatura clásica, dende Safo a Baudelaire. Tamén informa da presenza dun portal dedicado a Sánchez Cantón.

Castro Rodríguez, Xavier, “Traxedia, en dous tempos, nunha taberna de aldea”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 5 agosto 2006, p. 2.

Reproduce unha reflexión de Luís Seoane sobre a dramaturxia galega para logo situar a obra de Antón Vilar Ponte *Nouturnio de medo e morte* (1935) dentro do importante e numeroso grupo de pezas dramáticas escritas e representadas no vizoso período da Segunda República. Engade que algunhas delas apareceron, ao igual que esta de Antón Vilar Ponte, na colección “Nós”. Resume o argumento desta obra e salienta a escasa información que posuímos sobre ela, indicando que debeu ser representada polas parroquias da zona do Incio.

Castro Rodríguez, Xavier, “Celso E. Ferreiro, poeta galego en edición lusa”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 12 agosto 2006, p. 2.

Despois dun apuntamento sobre os condicionantes que a guerra civil e a ditadura posterior exerceron sobre a literatura galega, céntrase na figura de Celso Emilio Ferreiro, a quen sitúa dentro da poesía socialrealista dos anos sesenta. Seguidamente, comenta a publicación, en 1972, na cidade do Porto, da obra *Autoescolha poética* (1954-1971), dentro da colección “Razão Actual”. En canto aos contidos deste volume, informa de que se compón dos poemas máis coñecidos de C. E. Ferreiro e de dez inéditos, todos eles precedidos dun prólogo de Xesús Alonso Montero e dun breve limiar do autor.

Castro Rodríguez, Xavier, “Yunque’, Ánxel Fole e a vangarda luguesa”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 19 agosto 2006, p. 2.

Sitúa a revista *Yunque* e a súa xeración, integrada por José Gayoso, Lorenzo Varela, Luís Manteiga, Ramón Piñeiro e, especialmente, Ánxel Fole, nun momento histórico como a década dos trinta, que considera de particular interese polos cambios que acolle e polo amplo número de publicacións culturais que agromaron. Acerca da revista, apunta a súa aparición en Lugo en 1932, baixo a dirección de Fole, e a edición de seis números en dous anos. Opina que representou “un achegamento á vangarda cultural por parte da intelectualidade galega” e detense no número seis, que reúne un gran grupo de escritores (maioritariamente en castelán) e ilustradores, entre os que destaca a Martínez Barbeito, Luís Seoane, Pimentel, Ánxel Fole, Xulio Sigüenza, Cunqueiro, Arturo Cuadrado, *Dedalus* (Vicente Risco), Maside e Lorca. Por último, sinala a proximidade da revista co pensamento marxista e cita o limiar de Luis Veiga, titulado *Racionalización da Política*.

Castro Rodríguez, Xavier, “Curros Enríquez: un aceso lume sagro no corazón”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 26 agosto 2006, p. 2.

Comeza cunha descrición que Florentino López Cuevillas fixo de Curros Enríquez e sitúa este poeta no Rexurdimento, xunto a Rosalía de Castro e a Eduardo Pondal. A continuación, detense na biografía de Curros que asina Augusto González Besada Estévez e Félix Melendo Abad en 1952, que define como unha homenaxe ao escritor celanovés no centenario do seu nacemento. Salienta as ilustracións de Agustín Portela e o prólogo de Ramón Cabanillas. Informa tamén de que esta biografía consta de once capítulos que percorren a traxectoria persoal e literaria de Curros e menciona algunha das anécdotas que recolle. Finaliza cunhas palabras de Cabanillas sobre a publicación desta biografía.

Castro Rodríguez, Xavier, “Cuevillas, precursor da Prehistoria e a Etnografía”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 2 setembro 2006, p. 2.

Repásase o labor de Florentino López Cuevillas (Ourense 1886-1958) en especial como etnógrafo e historiador. Enténdese que aínda que formou parte do Cenáculo Ourense e co paso do tempo do Grupo Nós, non foi suficientemente recoñecido ao quedar eclipsado por figuras sempre poderosas como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Castelao. Resáltase que a súa gran contribución foron a etnografía e a prehistoria galega e que de feito pode considerarse como o creador destas disciplinas en Galicia. Sinálase que no volume *Homaxe a Florentino L.A. Cuevillas (petrucio da prehistoria galega)*, editado coincidindo co LXX aniversario do seu nacemento, tentouse enxalzar a súa figura coas colaboracións de Fermín Bouza-Brey, Vicente Risco ou Xaquín Lorenzo, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, “Literatura galega en ‘Cuadernos para el Diálogo’”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 9 setembro 2006, p. 2.

Lémbrase a publicación de *Cuadernos para el diálogo* que ao longo de tres lustros serviu de plataforma de comunicación. Na primeira etapa (1963-1968) indícase que o ensaio era o principal xénero cultivado, na segunda (1968-1976) a liña editorial aproxímase á da esquerda democrática, e na última (1976-1978) convértese nun semanario informativo e de opinión. Detense especialmente no número extraordinario XIV no que se fai un repaso ás literaturas peninsulares, que no caso galego lle correspondeu a Xosé Luís Méndez Ferrín e Basilio Losada. Salienta que ambos os autores percorren as últimas promocións poéticas, o labor de Galaxia, a xeración do 36, o Grupo Brais Pinto ou a Nova Narrativa Galega. Considérase que se trata dunha achega de grande interese, pois nese momento aínda era difícil trazar unhas coordenadas claras pola escasa distancia entre a produción e a análise.

Castro Rodríguez, Xavier, “O simbolismo e a arte nas cruces de pedra”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 16 setembro 2006, p. 2.

Sinálase a importancia que tivo o estudo de Castelao sobre as cruces de pedra que inzan Galicia e que tamén se encontran en Irlanda e na Bretaña. Coméntase que o ensaio do escritor de Rianxo, *As cruces de pedra na Bretaña*, corresponde a unha viaxe que realizou a finais dos anos vinte despois do pasamento do seu fillo. Apúntase que a este proxecto e ao seu correspondente galego, *As cruces de pedra na Galiza* (1964), dedica Castelao parte da súa vida e dos seus esforzos, afondando no simbolismo destas árbores de pedra nas terras irlandesas, nas bretonas e tamén nas galegas.

Castro Rodríguez, Xavier, “Tomàs Garcés: tradutor de poesía galega ao catalán”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 23 setembro 2006, p. 2.

Lembra que durante moito tempo o interese mutuo entre as culturas peninsulares foi escaso. Por esta razón considera o libro *Deu poemes gallecs* (Barcelona, 1954), de escasas trinta páxinas, como unha illa no medio dun océano de inconexións. Informa que o volume está

publicado en catalán e que se trata dunha escolma de dez poetas galegos realizada por Tomàs Gracés (Barcelona 1901-1993), un poeta que mostrou e demostrou un grande interese polo coñecemento doutras realidades. Cita os poetas galegos escolmados: Rosalía de Castro, Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Euxenio Montes, Manuel Antonio, Amado Carballo, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Manuel Cuña Novás, e define esta pequena antoloxía en catalán como unha curiosidade que marcou un fito relevante para o interese entre literaturas no futuro.

Castro Rodríguez, Xavier, “Faíscas líricas de Amador Montenegro Saavedra”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 30 setembro 2006, p. 2.

Opina que a figura de Amador Montenegro Saavedra (Santiago, 1864-Lugo, 1932) merece un recoñecemento, ao ser un dos participantes máis activos do rexionalismo a través de certames literarios, páxinas de diferentes xornais como *O Tío Marcos da Portela* ou *A Monteira*, e achegas ao xénero lírico. Salienta o poemario *Muxenas* (1896), moi coñecido na época e que se alimenta de textos populares, sonetos, poemas relixiosos, paisaxísticos, intimistas, épicos ou patrióticos. Apunta que o labor de Montenegro Saavedra non pasou desapercibido e foi nomeado membro da Real Academia Galega en 1909.

Castro Rodríguez, Xavier, “Achega á poesía galega contemporánea en ‘Tránsito’”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 14 outubro 2006, p. 2.

Tras afirmar que hai unhas décadas a interacción dos diferentes sistemas literarios non deixaba de ser ocasional, tendo en conta a situación política do país, considera importante mencionar as excepcións que se producían. Achégase á revista murciana de poesía *Tránsito*, que vinte anos atrás ofreceu unha panorámica coidada dos principais creadores galegos a través do saber de Salvador Lorenzana, Basilio Losada e Francisco Fernández del Riego. Indica tamén que entre os colaboradores da revista figuraban Antón Tovar, Manuel María, Xohana Torres ou Salvador García-Bodaño, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, “Poemas de Xavier Prado ao abeiro do lar”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 21 outubro 2006, p. 2.

Achegamento á figura de Xavier Prado Rodríguez (Ourense 1874-Santiago, 1942), máis coñecido como Prado Lameiro. Salienta a súa achega literaria no ámbito teatral, ao que contribuíu con varias pezas incluídas en *Monifates* e *Farsas*, gran número delas representadas polo grupo ourensán De Ruada. Céntrase no libro *A carón d’o lume*, unha obra poética na que se tratan novamente temas que ao autor lle interesan e preocupan como o home no medio rural, a paisaxe, o humor, o cacique rural ou a guerra. Indica que o seu propósito era chegar ás persoas, á xente galega e, fundamentalmente, ao ámbito rural.

Castro Rodríguez, Xavier, “Rafael Dieste: canto e poesía dun home de acción”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 28 outubro 2006, p. 2.

Párase na traxectoria de Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Compostela, 1981) logo de estalar a Guerra Civil e de se producir o seu forzado exilio. Sitúao como membro da Xeración do 22, da Xeración do 25 ou da Xeración das vangardas, segundo o crítico ao que se siga, e dá conta do seu contacto continuado con Manuel Antonio e de como, tras a morte deste, reeditou en 1940 *De catro a catro* na Editorial Emecé de Bos Aires. Finalmente repara na ausencia de mostras poéticas de Dieste, agás o texto en castelán *Rojo farol amante*, que se considera unha extraordinaria excepción que incluía debuxos de Luís Seoane e Manuel Colmeiro.

Castro Rodríguez, Xavier, “A Virxe do Cristal’ no Centro Galego de Londres”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 4 novembro 2006, p. 2.

Sinala que a traxectoria vital de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-A Habana, 1908) ten lagoas e episodios escuros que non sempre foron resoltos por parte dos seus biógrafos, como a súa viaxe a Londres, a onde chega como polisón nun barco. Sexa como for, observa que a capital británica tivo en conta ao poeta no ano 1974 cando a Sociedade Hispánica Universitaria estreou, no Teatro Sherman de Cardiff (País de Gales), *A virxe de cristal*, o poema que Curros presentara en 1876 ao certame de Ourense xunto con *Unha boda en Einibó* e *O gueiteiro*. Afirma que os Centros Galegos cumpren un labor importante no mantemento da cultura, o cal non sempre lles resulta unha tarefa doada.

Castro Rodríguez, Xavier, “O teatro galego na revista catalá ‘Yorick’”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 11 novembro 2006, p. 2.

Refírese á importancia da revista catalá *Yorick*, que na década dos sesenta e setenta se preocupou de achegarlle ao público o teatro que se estaba a facer nas outras partes da península como a propia Galicia. Sinala que no número 53, correspondente ao ano 1972, se publicou nas súas páxinas un especial do teatro galego que incluía información sobre Miguel Cobaleda do que se editaba *La puerta del paraíso*, posta en escena polo Teatro Popular Keyzán en Vigo. Comenta que no monográfico escíbese sobre dous piares fundamentais: o labor de Manuel Lourenzo e a opinión sobre os grupos dramáticos, teatro, historia e maquinaria...

Castro Rodríguez, Xavier, “A Real Academia: cen anos facendo patria coas Letras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 187, “En portada”, 18 novembro 2006, pp. 2-3.

Dá conta da inauguración da exposición “Galicia, a forza da palabra” coa que a Real Academia Galega conmemora a seu centenario. Informa que as persoas que así o desexen poden visitala na Coruña, na sede da Fundación Caixa Galicia, onde atoparán, entre cadros de Maside ou Seoane, bustos de Asorey e debuxos de Cunqueiro, unha ventá á cultura e á construción dun país. Explícase que a primeira parte da exposición conta con pezas de gran valor, como manuscritos de Rosalía ou o do *Cancioneiro da Ajuda*, a primeira bandeira que ondeou na comunidade ou a partitura do himno do antigo Reino de Galicia. A emigración e a literatura tamén teñen un gran peso na mostra, así como unha ducia de mesas nas que escribiron as grandes plumas do país. Recomenda a súa visita polas auténticas xoias que se exhiben perante o público por primeira vez.

Castro Rodríguez, Xavier, “Prosas poéticas do doutor Sánchez Guisande”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 18 novembro 2006, p. 2.

Recupera a figura do doutor Gumersindo Sánchez Guisande (Santiago, 1892-Bos Aires, 1976), un home que acadou gran relevancia como profesional conseguindo mesmo a cátedra de Anatomía da Facultade de Medicina de Mendoza. Sinala que el atendeu a Castelao na súa enfermidade, xa que o coñecía ben, pois fora un dos que participara activamente coa colectividade galega e un dos oradores do acto de homenaxe que se lle rendeu ao escritor rianxeiro en 1944 cando publicou *Sempre en Galiza*. Finalmente, sinala que o doutor publicou *Seis cantos galegos* en 1966 que ten como motivos principais a historia e a épica galega.

Castro Rodríguez, Xavier, “Letras galegas contemporáneas en ‘Fablas’ de Canarias”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 25 novembro 2006, p. 2.

Recórdase a revista canaria *Fablas*, que no ano 1969 iniciou a súa andaina que tería un percorrido de dez anos. Faise especial fincapé en que o seu nacemento tiña a motivación de ser unha porta aberta á literatura europea e americana sen esquecer a variedade lingüística de España. Proba disto é que cara a finais de 1971, no número 25, a revista, dirixida por Alfredo Herrera Piqué dedicoulles ás letras galegas case setenta páxinas nas que se preocuparon de dar conta do sistema con traballos de Xesús Alonso Montero, Manuel María, Basilio Losada, María Teresa Otero, Benito Varela Jácome e Jorge Rodríguez Padrón. No eido gráfico Isaac Díaz Pardo, Raimundo Patiño e Pérez Bellas puxeron o mellor do seu xenio creador.

Castro Rodríguez, Xavier, “Seara’: os eidos líricos de Herminia Fariña Cobián”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 2 decembro 2006, p. 2.

Lembra a poeta Herminia Fariña Cobián (1904-1966) que dende moi nova fixo as súas incursións nas letras, non só na lírica, senón tamén no teatro onde destacan pezas como *Margarida a malfalada*, *O soldado froita* ou *O avarento*. Repara especialmente no seu xenio lírico e no poemario *Seara (poesías gallegas)* que veu a luz no ano 1924 e no que xa se recollen os motivos temáticos máis recorrentes na súa escrita como a aldea, os labregos ou as corredoiras. Apunta que para o libro contou coa colaboración nas ilustracións de Luís Pintos Fonseca e anteriormente Castelao prestáralle a súa pluma para *Cadencias*. Lembra tamén que no ano 1995 o Concello de Meaño realizoulle unha sentida homenaxe organizada por Guillermo Rodríguez Lema, na que colaboraron, entre outros, Xosé Filgueira Valverde redactando a súa vida e obra.

Castro Rodríguez, Xavier, “Obra completa de Ramón Cabanillas en edición arxentina”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 9 decembro 2006, p. 2.

Indica que coincidindo co centenario do nacemento de Ramón Cabanillas a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela editou un volume no que se recollen traballos dos diferentes profesionais do ámbito. Salienta que o poeta nunca puido ver a súa

obra completa recollida nun volume, xa que isto se fixo por primeira vez no ano 1959 de mans do Centro Galego de Bos Aires que a editou non sen poucos atrancos. Entre os colaboradores desa edición cita a Luís Seoane, que deseñou o exterior, Francisco Fernández del Riego, que aparece como “colector”, Ricardo Carballo Calero, que recrea a súa vida e obra, e Aquilino Iglesia Alvariño, que puxo o punto e final cunha achega titulada “Lengua e estilo en Cabanillas”.

Castro Rodríguez, Xavier, “Terra Brava’: Ánxel Fole traza o perfil do país”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 16 decembro 2006, p. 2.

Aproxímase á obra do escritor lugués Ánxel Fole e á súa aposta por unha lingua viva, rica e próxima ao lector ao que se quere dirixir sen intermediarios. Comenta que non lle interesaba unha lingua requintada e artificial que non entendese o seu pobo, como tampouco non aposta por asuntos que fuxan da galegitude. Observa que en *Terra brava. Contos da solaina* (Galaxia, 1955) hai unha comunión coa lingua e coas xentes do Incio, non só nos aspectos externos senón nos internos, na idiosincrasia da súa xente. Apunta que Carlos Maside ilustrou a cuberta, Xohán Ledo o interior, e Domingo García-Sabell redactou o prólogo, no que se fai un pequeno percorrido pola obra do autor, ao tempo que se gaba o seu xeito de recoller a esencia do pobo.

Castro Rodríguez, Xavier, “Ben-Cho-Sey: trece cantigas de Nadal e outros poemas”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 23 decembro 2006, p. 4.

Reproduce unha cita de Luís Seoane sobre a orixe do pseudónimo Ben-Cho-Sey, que se remonta aos tempos nos que foi correspondente da guerra en Marrocos en 1922. A seguir, dá conta da variedade e heteroxeneidade dos seus traballos de investigación, que combinaba co labor xornalístico e docente. Menciona, ademais, o seu compromiso galeguista e a publicación do seu *Catón galego*. A continuación, pasa a comentar o libro *A ducia do frade* (1966), de temática relixiosa, que contén trece cantigas de Nadal escritas como un agasallo para o seu pai con motivo da súa xubilación, e salienta a presenza de ilustración de artistas importantes como Xavier Pousa, Portela, Patiño, Torres ou Luís Seoane.

Castro Rodríguez, Xavier, “Xan de Ardeiro: lenda, romance, épica e historia”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 30 decembro 2006, p. 2.

Achéganse algúns datos sobre Evaristo Martelo Paumán del Nero (A Coruña, 1853-1928) un dos membros da chamada “Cova Céltica” na que participaba, entre outros, Eduardo Pondal. Coméntase que estaba interesado pola recuperación do pasado mítico-lendario, ao igual que o poeta de Ponteceso, que se preocupou pola historia medieval, polos romances, a épica e as lendas, malia carecer dunha forma depurada que o fixese salientábel. Aínda así destácanse as súas obras *Os afillados do demo* (1885), *A noite de San Silvestre* (1890), *Líricas gallegas* (1894) ou *Andeiro. Poema histórico bergantino da Unión Ibérica (século XIV)*, no que realizou unha homenaxe a don Xan Fernández de Andeiro, conde que loitou á beira de don Pedro de Castela contra don Enrique.

Castro Soliño, Dorinda, “Cruzamentos de vidas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 148, “Libros”, 12 xaneiro 2006, p. 4.

En primeiro lugar ofrécese unha panorámica pola produción literaria de Camilo Gonsar (Sarria, 1931) e a seguir infórmase da aparición da reedición corrixida e revisada polo propio autor de *Como calquera outro día* (2005), onde se poden apreciar referencias biográficas, tanto ao propio autor como á súa xeración, a da “Nova Narrativa”. Segundo Dorinda Castro trátase dunha novela de iniciación na que se narran as peripecias dos traballadores e estudantes galegos en Europa.

Castro Soliño, Dorinda, “Curtos traxectos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, “Libros”, 9 febreiro 2006, p. IV.

Fálase do libro de relatos *Traxectos curtos* (2005), do escritor afincado en Madrid Manuel Pereira Valcárcel. Sinálase que a obra está composta por doce relatos ilustrados con fotografías do propio autor sobre os medios de transporte: autobús, metro, tren, automóbil ou mesmo os pés, nos que se reflexiona sobre a beleza, o amor, a morte, a adolescencia, a fuxida, a escrita, o urbanismo e, en definitiva, as preocupacións e os encantos da vida actual e cotiá. Apúntase tamén que se inclúe un poema a modo de epílogo.

Castro Soliño, Dorinda, “Co Gatopardo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 153, “Libros”, 16 febreiro 2006, p. V.

Análise da obra *O Gatopardo*, de Tomasi di Lampedusa, traducida ao galego por Xavier R. Baixeras. Comeza cunha referencia ao autor do texto para, a seguir, centrarse no estudo da obra que o fixo universalmente coñecido debido a unha adaptación para o cine. Logo de comentar o argumento da obra, céntrase na súa tradución aogalego, loa o labor de Rodríguez Baixeras como tradutor e lembra que a obra foi consierada finalista na pasada edición do premio de tradución Luís Tobío. Destaca o amplo abano semántico na descrición das paisaxes, interiores e exteriores, e o gusto na escolla de formas gramaticais axeitadas. Remanta catalogando a tradución como “un dos máis fermosos traballos” que se teñen feitos neste campo na nosa escrita.

Castro Soliño, Dorinda, “Sal e vento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 162, “Libros”, 20 abril 2006, p. IV.

Crítica sobre a edición preparada por Ramón Nicolás da obra *O Grove: canción do sal e do vento*, de Manuel Lueiro Rey editada por Xerais en 2005. Sinala a vinculación de Lueiro Rey co Grove, que malia nacer no interior, en Fornelos de Montes, en 1916, sentiu o fascínio por esta vila mariñeira da que chegou a ser concelleiro, valora a achega de Ramón Nicolás, que xa se encargara da edición da obra poética póstuma do autor en *Derradeira escolma ferida*. Comenta que o volume contén unha serie de artigos xornalísticos publicados entre 1949 e 1986 en medios como *Faro de Vigo*, *Hoja del Lunes*, *La Noche*, *A Nosa Terra* ou *El Ideal Gallego*, entre outros, os máis deles en castelán e traducidos nesta edición ao galego, e dous

contos, “relatos de inequívoco arrecendo arousán”. Valora tamén o limiar do libro, onde Nicolás vindica a figura e o talento de Lueiro Rey, ao ser un extraordinario articulista, pola fluidez e amenidade do texto, polo seu rigor informativo e a gran capacidade expresiva. Finalmente felicita o crítico polo seu traballo

Castro Soliño, Dorinda, “Humor quixotesco”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 174, “Libros”, 13 xullo 2006, p. IV.

Anuncia a publicación do noveno número dos *Cadernos galegos de Pensamento e Cultura* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que recolle un monográfico de Siro López titulado *Sobre o humor de Cervantes no Quixote* (2005) que cualifica como “un interesante estudo que nos aporta máis información sobre a novela cervantina –cosa nada doada a día de hoxe– e unha nova perspectiva da obra “máis triste do mundo” en palabras de Dostoievski”. Detense na análise dos contidos da publicación mencionando a análise do Quixote como obra humorística e as circunstancias biográficas e históricas que levaron a Cervantes a creala, así como o estudo sobre as formas do humor e do humor en Galicia, as opinións dos filósofos que trataron o tema e a diferenza entre comicidade, sátira e humorismo. Apunta tamén que Siro López analiza o nacemento do humorismo como creación literaria da man de Cervantes e a influencia do manierismo no humor e na caricatura.

Cordal, Xabier, “Dóche?/Si./Paro?/Non”, *Galicia Hoxe / El Correo Gallego*, “Maré” / “Hoy”, 18 xaneiro 2006, p. 39/67.

Informa da presentación, en Santiago de Compostela, da obra de Yolanda Castaño *Delicia*, dentro da colección “Poeta en Compostela”, editada polo Concello de Santiago e *El Correo Gallego*. Sinala que xa fora publicada en 1998 na editorial Espiral Maior obtendo un grande éxito. Analiza a continuación a xeración á que pertence a poeta e realiza un repaso pola súa actividade literaria.

Costa, Xosé María, “O último poemario de Ferrín”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 27.

Recensión da obra *Contra Maquieiro* (2005), de Méndez Ferrín. Di que estes poemas “rexos e vehementes” non engaden nada novo á obra deste autor. Sinala o ton incisivo e mordaz dos versos, mais afirma que a intuición tende a diluírse no discurso e que a forma e o oficio ocultan a voz.

Costa, Xosé María, “A metamorfose de Román Raña”, *A Nosa Terra*, nº 1.250, “Cultura”, 29 decembro 2006-5 xaneiro 2007, p. 35.

Breve recensión da obra de Román Raña *As metamorfoses do tunel* (2005), da que se indica que gañou o III Premio Caixa Nova 2004 e da que se salienta a efusión dos seus versos e as “esgotadas inercias”.

Eyré, Xosé M., “Retomando as grandes preguntas de Otero e o grupo ourensán”, *A Nosa Terra*, nº 1.205, “Cultura”, 5-11 xaneiro 2006, p. 26.

Logo de mencionar a obra *Casa Skaylab* (2003), informa de que o seu autor, Jaureguizar, acaba de publicar *Cabaret Voltaire* (2005), coa que obtivo o Premio García Barros 2006. Sinala que nesa obra búscase a identidade do espía K., que podería ser un personaxe pertencente a case calquera país europeo, principalmente a calquera dos que acababan de enfrontarse na Gran Guerra. En canto ao tempo da trama, indica que se amosan tres intres diferentes: o protonazismo, o nazismo e o posnazismo. A seguir analiza o argumento destacando que se aprecian claramente as influencias de Vicente Risco e Otero Pedrayo e da Xeración Nós, sobre todo nos temas, pero tratados cunha óptica actual. Tamén chama a atención sobre o feito de que o protagonista da novela, K., sexa un nazi, e xustifícao aludindo ao espírito provocador do autor. Finaliza loando a construción narrativa e comentando os aspectos lingüísticos.

Eyré, Xosé M., “Conversas, case memorias, de Suso de Toro”, *A Nosa Terra*, nº 1.206, “Cultura”, 12-18 xaneiro 2006, p. 26.

Comentario centrado na publicación do volume *Conversas con Suso de Toro* (2005), realizado por Antonio Pedrós-Gascón para Xerais, que comeza cun repaso pola traxectoria pública e literaria do autor, a quen Eyré define como un “outsider” que encheu de aire fresco e de polémicas as letras galegas contemporáneas. Entre os focos de atención do libro sinala a súa forma monoloxal, que achega o texto, na súa opinión, a unha primeira tentativa de memorias dun escritor que sempre se queixa da súa infravaloración no país fronte á excelencia coa que é tratado no exterior; o seu carácter de confesión pública que aborda múltiples temas con sinceridade aínda que reconece a presenza do “lamento recorrente”; a emoción da evocación da infancia e mocidade de Compostela; ou a evolución poética e lectora. Apunta tamén o espazo concedido á música, á televisión, ao cinema, á fotografía, ás consideracións sobre a creación dun novo lectorado en Galicia, ou á condición de escritor. Fai notar que pechan o libro algúns dos primeiros textos escritos por Suso de Toro e *Media docena de vidas* (2004), ficción autobiográfica que reproducen o orixinal castelán do texto aparecido por primeira vez en portugués. Salienta, como conclusión, que Suso de Toro reivindica o papel do debate nas relacións entre as persoas e das radionovelas como estratexias dramáticas e denuncia as censuras e descualificacións que sufriu e a falta de reacción das asociacións de escritores.

Eyré, Xosé M., “Emoción da infancia e mocidade en Casas Baratas”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 26.

Apunta Eyré a consolidación de Antón Riveiro Coello como narrador tras a publicación de *Casas baratas* (2005), “un título que fluctúa entre o libro de contos e a novela”. Menciona os premios obtidos polo autor antes deste volume –finalista do Torrente Ballester, Café Dublín, García Barros e Álvaro Cunqueiro– e detense nos trazos fundamentais desta narración, como o feito de que os capítulos funcionen como contos independentes que comparten protagonistas e conteñen clímax de seu, e a disposición cronolóxica dos mesmos capítulos que presentan

unha clara evolución temporal. Entre outras características cita a amenidade, a sorpresa que instala no lector ou a presenza do humor e do misterio, aínda que pon de relevo o carácter un tanto forzado do derradeiro capítulo do texto. No que atinxe aos personaxes, repara o crítico da ampla galería que presenta a narración: alén do narrador e os seus pais, un pintor tolo, un contrabandista de bicicletas, un amante de mulleres feas, e un conxunto de tipos curiosos, enigmáticos ou sádicos, a carón das xentes humildes que habitan nas casas baratas ou se moven arredor delas. Conclúe destacando a lingua versátil de Riveiro Coello, cunha rica fraseoloxía, que a carón da escolla dos capítulos curtos, identifican a escrita dun autor “que sabe engaiolar o lector, que sabe atrapalo”.

Eyré, Xosé M., “Guerras e sensibilidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Cultura”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 26.

Presenta a novela *Pomerania meu amor* (2005), de Heidi Kühn-Bode. Destaca que a autora naceu en Bavaria (Alemaña) e que reside na Coruña e que ademais de se encargar da tradución ao alemán de *Xente de aquí e de acolá*, de Cunqueiro, é autora de títulos pertencentes ao xénero dramático –*Teatro para contistas* (2002) e *Os mundiños* (2003)- e da novela xuvenil –*Fideliño, o carteiro* (1991). Define *Pomerania meu amor* como unha historia de historias sobre as dramáticas consecuencias das guerras para as persoas en xeral e, sobre todo, para os nenos, que recorre á estrutura do crebacabezas. Repara na xustaposición de microhistorias que transcorren en tempos afastados e xeografías diferentes e que, con todo, conforman unha saga familiar traumatizada polos horrores da guerra. Salienta que a lectura deste texto reclama a cooperación do lector para unir os diferentes episodios, malia que bota de menos algún recurso extralingüístico que coaduxve a lectura en aspectos como a complicada xeografía na que se desenvolve o discurso. Conclúe valorando a lingua da autora, moito máis ao ser alemá, “dito sexa para lección de certos autores novos, e algúns outros que non son tan novos”.

Eyré, Xosé M., “Do difícil que é amar e ser amado”, *A Nosa Terra*, nº 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro 2006, p. 26.

Ofrécense algunhas claves da extensa novela de Luís Rei Núñez *Toda unha vida* (2005). Indícase que consta de catro partes e que cada unha delas leva o nome dun dos protagonistas: Mar, Telmo, Camilo e Caetana, que viven historias de amor diferentes. Saliéntase que temática xira arredor das dificultades da vida en parella, especialmente da falta de comunicación como principal obstáculo dunha relación e que se trata dunha obra de segundas oportunidades, de sentimentos e de emocións que non perde en ningún momento o referente social.

Eyré, Xosé M., “Versos contra un século de capitalismo”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 2-8 marzo 2006, p. 26.

Comentario centrado no poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín *Contra Maquieiro* (2005) que, segundo Eyré, recolle unha poesía que refuga do capitalismo que dominou o século XX. Salienta que o autor se decanta por unha veta culta, dentro da cal evita calquera carga verbal

gratuíta, pois está feira para concienciar, para facer reaccionar. Emparéntao en certos aspectos con Manuel Antonio: no ritmo e na busca do verso sonoro, duro e frío, e repara na estrutura do poemario, artellado en catro partes, que entende como unha división formal, xa que, en xeral, pódese considerar como un macrotexto comprometido contra a violencia do capitalismo.

Eyré, Xosé M., “O mundo interior como misterio”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Cultura”, 6-12 abril 2006, p. 26.

Crítica de *Capitán dos teus ollos* (2005), de Xosé Miranda, da que realiza unha valoración moi positiva. Define o texto como un longo poema lírico no que o autor reflexiona sobre o estado de namoramento e felicidade alcanzada intermitentemente na parella e a alternancia de estados de tristura e ledicia. Salienta a importancia do ritmo nesta obra, que sitúa dentro dos parámetros da poesía libre.

Eyré, Xosé M., “Homes que só cren no mar e na Virxe do Carme”, *A Nosa Terra*, nº 1.224, “Cultura”, 25-31 maio 2006, p. 26.

Compara a obra *Follas do bacallau*, de Xabier Paz (2005) c’ *Os ausentes de Casteltón* (2005), de Xacobe Barros. Céntrase nesta última para comentar o seu argumento, subliñando o misterio romántico da vida do mar. Di que o narrador é moi descritivo e demorado na primeira parte, inserindo anécdotas que ralentizan o discurso, e subliña o humor e os trazos eruditos da obra. Focaliza a súa atención nos personaxes e na linguaxe empregada por este, o que demostra o coñecemento do autor sobre o universo narrado.

Faginas, Sandra, “O cabaré da Vella Europa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 145, 21 xaneiro 2006, p. 10.

Comentario sobre a nova obra de Jaureguizar *Cabaret Voltaire* (2005). En primeiro lugar analiza o título, no que reconece o emprego dun símbolo da arte europea rupturista que fai referencia ao cabaré suízo onde xurdiu o movemento vangardista do Dadaísmo, a imitación do cal o autor crea un Ribadeo. Sinala que a principal virtude da obra é a mestura de ficción con realidade histórica, ambientada nos anos trinta do século pasado. Salienta o feito de que, en ocasións, algunhas realidades que se amosan na novela parecen pura ficción, pero son todo o contrario e cita como exemplos que a vila galega contase cun gran porto ou con explotacións de caolín. Como fío condutor identifica a historia de amor e intriga e a busca da identidade do espía K. (Kurtz) que, segundo o autor, fai referencia a diversos personaxes da literatura universal. En canto a acción histórica, di que transcorre en Berlín e Ribadeo, situando a vila ao mesmo nivel de calquera grande urbe europea, xa que o autor sitúa nela elementos como hoteis, espías ou o mesmo Cabaré Voltaire.

Faginas, Sandra, “Historia dun amor crepuscular”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Letras en galego”, 11 febreiro 2006, p. 13.

Define a última novela de Luís Rei Núñez, *Toda unha vida* (2005), como unha historia de amor clásica na que se formulan tres tópicos existenciais: o paso do tempo, a ameaza da morte e a fugacidade da vida. Identifica catro partes na estrutura da narración, ao redor de dúas parellas, a real de Mar e Telmo, e a case onírica de Camilo e Caetana. No que atinxe aos aspectos discursivos apunta que a novela comeza nos anos noventa para despois ir cara a atrás, revivindo a infancia e a adolescencia até chegar novamente ao momento inicial, todo nun ton melancólico. Sinala que abundan as referencias pictóricas, musicais, literarias e anota a introdución de personaxes históricos como Rafael Dieste ou Dámaso Alonso, que lle imprimen verosimilitude ao texto.

Faginas, Sandra, “Vivir o tempo nun só día”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 155, 1 abril 2006, p. 12.

Coa finalidade de anunciar a reedición por parte de Galaxia da novela *Como calquera outro día* (2005), de Camilo Gonsar, comézase citando que, en xeral, o que máis lle importa ao lector é a trama do libro, sobre qué trata. Dise que no caso desta novela, o asunto é diferente, xa que aborda o día ordinario dun individuo, co cal “a acción é inacción”. A continuación, explícanse os motivos da reedición e os influxos da corrente literaria que encabezou Gonsar, deténdose asemade no espazo, no protagonista, no tema da obra, no estilo e na estrutura narrativa.

Feixó, Xosé, “Luz d’Os Eoas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 151, “Libros”, 2 febreiro 2006, p. V.

Comeza coas palabras coas que Eduardo Pondal abre *Os Eoas*, obra que, logo de cento vinte anos, publicou Sotelo Blanco en edición de Manuel Ferreiro, responsábel da descuberta do texto orixinal que se topaba extraviado. Sinala que á creación de Pondal lle engadiu un amplo estudo no que se analizan os diferentes aspectos que xiraron arredor da obra. A seguir informa de que a Real Academia Galega, propietaria dos textos orixinais, encargou, ademais da edición do poema, unha obra con dous estudos sobre el a cargo de Xosé Ramón Pena (“*Os Eoas* e a procura dunha epopea fundacional”), e Manuel Forcadela (“*Dos acúaticos eremos*”). Continúa logo reflexionando sobre as posíbeis causas do grande atraso da publicación da obra e, despois de loar o traballo realizado, remata anunciando a necesidade de que se realice tamén unha edición divulgativa.

Feixó, Xosé, “Con Flaubert”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 156, “Libros”, 9 marzo 2006, p. IV.

Recensión sobre a tradución da obra *Bouvard e Pécuchet* (2005), de Gustave Flaubert. Salienta que esta trata metaforicamente o problema da estupidez humana, a necidade e a vulgaridade do seu tempo. Comenta o argumento e inalmente refírese a Flaubert no seu contexto histórico. Finaliza afirmando que esta é unha grande obra dun grande autor e que estamos ante a posibilidade de acceder a ela en galego, tanto se xa a lemos como se non.

Fernández, Carlos, “Explosión cultural galeguista”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 156, “En portada”, 8 abril 2006, p. 5.

Carlos Fernández comeza facendo referencia a Ánxel Casal como “dinamizador cultural” para tratar a seguir a Editorial Nós, as publicacións galeguistas da época e movementos como *Ultreya*. Salienta o papel desempeñado como mecenas por Manuel Portela Valladares e Casares Quiroga, así como o do xornal *El Pueblo Gallego*. Detense na transcendencia da aparición dos Arquivos Históricos Provinciais de Galiza, dos estudos relacionados coa arte galega e o cinema, das Misións Pedagóxicas e da dramaturxia, citando as obras e autores máis representativos deste período cultural. Pon tamén de relevo o labor desenvolvido polo Seminario de Estudos Galegos e mais os seus integrantes, a edicións de obras, os catálogos, os ficheiros e a actividade política. Por último, fálase da creba desta explosión cultural galeguista que chegou coa Guerra Civil.

Fernández, Rafael, “Parella de poesía. Verónica Martínez e Antonio Fernández pescudan no seu amor en ‘Cara un solpor de gatos’”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 28.

Informa do premio acadado por Verónica Martínez e Antonio Fernández, coautores do libro *Cara un solpor de gatos* (2005), ao que define como “maravilloso”. Tras mencionar as obras anteriores destes poetas, detense no significado dos versos deste poemario e apunta a dificultade que supón a análise da relación das dúas persoas nas páxinas dun libro. Advirte que os poetas posúen a capacidade de “voar” e cita os tres eixos sobre os que se centra a obra. Finaliza revelando que o volume espertou nel a sensibilidade.

Fernández, Rebeca, “Unha vida de compromiso. Último adeus a Agrelo Hermo”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Personaxes”, 3 decembro 2006, p. 8.

Recórdase con admiración a figura de Xosé Agrelo Hermo (1937-2006) que se define polos seus feitos como un home que loitou polas liberdades sendo sempre fiel a Galiza, á súa lingua e á súa cultura. Lémbrese que a súa gran vocación foi a docencia e a súa gran paixón o teatro, dúas facetas das que obtivo sempre recompensa. Apúntase que foi o creador da compañía *Candea*, do Liceo de Noia, fundada en 1973 e que se mantivo durante varios anos os compromisos do seu creador, representando centos de pezas ao longo de sete anos con moi poucos medios materiais, pero con recursos humanos de gran calidade. Destácase principalmente *Noite de lobos* (1975), un teatro pedagóxico que intentaba suplir as carencias da férrea ditadura. Rescátanse tamén outros feitos biográficos de importancia como a de ser un dos fundadores da Mesa pola Normalización Lingüística, a súa faceta de dinamizador lingüístico a través da editorial Toxosoutos e o seu activo carácter social, político e cultural ao longo de toda a súa vida, así como o feito de deixar unha importante obra inédita.

Fernández, Ruth, “O mar de Rosalía de Castro. A derradeira fiestra aberta”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Análise”, 26 marzo 2006, p. 12.

Análise da simboloxía que posúe o mar na obra de Rosalía de Castro, enmarcada dentro da concepción que lle outorga a escritora de Padrón á natureza e á paisaxe. Salienta Ruth Fernández que Rosalía amosa a natureza galega e plasma a súa dimensión telúrica, feito que a leva a demostrar unha total incompreensión cara ás paisaxes estranxeiras. Relaciona a paisaxe rosaliá coa influencia clásica de Horacio, en tanto a natureza salva o home ao se tratar dun lugar afastado do mundo no que imperan os vicios e as vaidades. Enumera tamén motivos como o desexo de fundirse coa natureza ou a presenza dos corvos, de claro labor simbólico. Con respecto ao tratamento do mar en *Cantares Gallegos* e *En las orillas del Sar*, subliña a preocupación pola súa grandeza e inmensidade, a súa relación coa esperanza como camiño da emigración e mesmo, por veces, o seu odio cara a el, porque separa as familias, unha relación amor-odio propiamente romántica. Conclúe que o mar nas obras de Rosalía non sempre aparece como mero marco dunha situación, senón que chega a ser protagonista e adquire connotacións negativas, ligándose ao desamor, á separación, á morte e á emigración.

Fernández, Xurxo, “Universitarios”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 20 marzo 2006, p. 72

Sucinta referencia a este volume, do que se sinala o nome dos seus editores e mais dos seus colaboradores e é cualificado como “de verdadero lujo”.

Fernández Fernández, Ruth, “A novelística da Guerra Civil. A memoria (II)”, *Galicia Hoxe*, “Noticias cotiás”, 21 marzo 2006, p. 4.

Refírese á produción novelística galega durante a guerra e coméntase que a meirande parte da novelas defenden o bando republicano e contan as escapadas, as condicións dos refuxiados, a persecución e a sensación de anguria vividos. Céntrase a seguir nas obras de Ramón de Valenzuela, Silvio Santiago, e Antón Alonso Ríos, todas elas de ampla fondura autobiográfica e considérase que estas novelas abriron unha serie de camiños para a narrativa de posguerra en galego.

Fernández Naval, Francisco X., “Xoán Vicente Viqueira: o valor de ser centro”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 365, “Enfiando”, 26 febreiro 2006, p. 23.

Lémbrese a figura de Xohán Vicente Viqueira en relación á nova redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia. Considérase que a súa figura é digna de non ser esquecida, xa que a súa mente era lúcida, ao pretender converter a Galicia nun centro con vida propia e ter claras as funcións do Estatuto, ademais de concibir o nacionalismo pleno como o paso esencial e natural para un desenvolvemento harmónico da humanidade, e a lingua como elemento fundamental do futuro de Galicia.

Flores, Jesús, “Non é chegar e encher, pero aquí sempre son catro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 189, “En Portada”, 2 decembro 2006, p. 2-3.

Expóñense os puntos de vista de dous autores novos que buscan abrirse camiño no mundo da literatura e no sistema literario galego. Daniel Salgado (Monterroso, 1981) gañador do premio Esquío e autor de *Sucedo* (2004) e *Éxodo* (2006) entende que nas accións culturais institucionais prima o económico sobre a calidade e esta lei o único que fai, segundo o autor, é que falemos dunha cultura anormalizada. Para Iria López Teijeiro (Fene, 1981), autora de *Meniña de cristal*, hai medo nos autores veteranos a arriscarse a tratar temas candentes e esa empresa teñen que explorala os máis novos. Antía Otero (A Estrada, 1982), autora de *O son da xordeira* (2003), comenta que os novos deben experimentar os novos soportes e pola súa banda Samuel Solleiro (Tui, 1982) pronúnciase sobre o relevo xeracional, entendendo que a política supón un freo. Para o autor de *Elexía a Deus e o díaño* (2001), as persoas que non contan con apoio institucional teñen graves problemas para saír adiante. Para finalizar opinan os xa consagrados como Xavier Alcalá, quen non observa xenialidades nas novas recolleitas, aínda que si textos interesantes; Rosa Aneiros e Tucho Calvo entenden que a confrontación de ideas é natural e está por riba dos tempos.

Forcadela, Manuel, “Inverno Zen”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 163, “Libros”, 27 abril 2006, p. V.

Comeza chamando a atención sobre o título da obra *Zen invernos* (2005), onde se une o “zen”, a disciplina baseada na meditación e a racionalidade aplicada ao interior co obxectivo de coñecerse mellor a un mesmo, co “inverno”, entendido como estación consecutiva e plural caracterizada polo frío e a pouca claridade. Destaca a gran musicalidade da obra e a seguir repara na súa estrutura, integrada por catro partes. Chama tamén a atención sobre a gran naturalidade que emprega o escritor no poemario para expresar todo tipo de sentimentos. Para rematar define a obra como un cume na traxectoria de Román Raña.

Franco, Camilo, “Antes da era electrónica”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 146, 28 xaneiro 2006, p. 15.

Comeza sinalando que en *Contos de familia* (2005), de J. A. Xesteira, a literatura asume a tradición vital e os feitos cóntanse dende unha óptica ficcional, é dicir, están a medio camiño entre a historia e a literatura. Salienta que a obra está composta por once relatos nos que se deixa ver un pasado que, segundo Camilo Franco, moitos tentaron esquecer ou non puideron comprender. Sinala que as historias teñen como eixe unha cociña familiar na que non existen aparellos eléctricos, e na que se relatan as diferentes historias cunha intención testemuñal. Conclúe que en *Contos de familia* a literatura cumpre cos cometidos da memoria.

Franco, Camilo, “Ironía no círculo polar”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 147, “Letras en galego”, 4 febreiro 2006, p. 10.

Comentario centrado no libro co que a editorial Rinoceronte inicia súa andaina: a novela de Arto Paasilinna *O bosque dos raposos aforcados* (2005) en tradución do orixinal finés de Tomás González Ahola. Pon de relevo a súa escrita sinxela e a aposta por unha historia sen grandes adobíos, pero cunha exposición irónica e singular. Destaca o feito de que os

personaxes non sexan reais, aínda que a naturalidade outorgada ao espazo fai que este lles imprima certa realidade.

Franco, Camilo, “Homes rodeados de mar”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 154, “Letras en Galego”, 25 marzo 2006, p. 14.

Recensión da obra póstuma de Jacobo Barros *Os ausentes de Casteltón* (2005). En primeiro lugar, destaca que non é esta a novela galega do mar requirida por algúns, dado que nela non se subliña a realidade do mar. Di que este é unha circunstancia dominante na obra, mais en realidade esta trata a historia duns homes en condicións extremas. Salienta a lealdade e identifica dous puntos cardinais na novela: a crueldade humana e a inxenuidade. Remata reiterando a naturalidade que se desprende da obra de Barros.

Franco, Camilo, “Aforismos inquetantes”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 163, “Letras en galego”, 3 xuño 2006, p. 11.

Afírmase que *Liquidación de existencias* (2005), de Marcos Lorenzo é un libro heterodoxo, multidisciplinar, que non se axusta a ningún xénero e nin sequera a un idioma, pois mestura galego e castelán sen que se vexa ben qué o leva a usar unha ou outra lingua en cada caso. O crítico afirma que prevalece o uso do aforismo e que o máis significativo é que provoca unha inquietude e unha incomodidade no lector, ao que invita a pensar nalgunhas das cousas que nos converten nunha especie animal, frecuentemente a punto de deixar de selo.

Franco, Camilo, “O mellor autor de todos os tempos tamén fala galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 171, “En portada”, 29 xullo 2006, p. 2.

Tras dunha introdución na que salienta o peso de Shakespeare na literatura universal, especialmente no ámbito teatral, alude á necesidade, por parte das literaturas non normalizadas, de demostrar a súa madurez mediante a representación das obras do escritor inglés. É así como argumenta o feito de que nos últimos vinte e cinco anos, o teatro galego leve realizadas nove producións diferentes do autor. A seguir, realiza un percorrido pola traxectoria das representacións teatrais de Shakespeare en galego, tanto de compañías privadas como do Centro Dramático Galego, até chegar á recente estrea de *Macbeth*, de Sarabela. Remata cunha reflexión sobre o mérito da polisemia e expresa o desexo de que o teatro galego madure tamén nese eido.

Franco, Camilo, “Tentando acabar coa guerra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 180, “Literatura”, 30 setembro 2006, p. 8.

Reflexiona sobre a unión existente entre a temática da Guerra Civil e a novela en galego. Observa que na década dos oitenta se produce un incremento da narrativa que ten como fío condutor o holocausto español. Cita a Dolores Vilavedra (profesora da Universidade de Santiago de Compostela e crítica literaria) e a John Thompson (profesor da Universidade de Montana e especialista no tratamento da Guerra Civil na narrativa galega) como as persoas

que máis teñen reflexionado sobre o auxe deste motivo nas novelas para non esquecer o que acontecera e xa pasado un tempo prudencial para que pecharan algunhas feridas. Destaca as incursión de Manuel Guede con *Vísperas de Claudia* (1988), Xosé Fernández Ferreiro con *Agosto do 36* (1991), ou *O bosque das antas* (1988) de Fernández Naval. Repara en que a temática segue dando novelas como as máis recentes de Suso de Toro *Home sen nome* (2006) e de Manuel Rivas *Os libros arden mal* (2006), e considera que existe a necesidade de que a sociedade non esqueza para poder xulgar o presente.

Freire, Carlos, “Un estado de ánimo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 155, “Libros”, 2 marzo 2006, p. IV.

A propósito da publicación de *Cantos de Maldoror e Poesías* (2005), do Conde de Lautrèamont, en tradución de Xesús González Gómez para Laiomento, sinala o pouco que se coñece deste autor. Apunta que viviu a mediados do século XIX e que foi redescuberto polos escritores surrealistas décadas despois da súa morte. Salienta que cos seus cantos Lautrèamont pretendía molestar pola crueldade dos seus comentarios e presentar un mundo delirante, radical e sen sentido. Sinala tamén que as poesías conservan tamén a pegada do seu estilo persoal.

Freire, Xosé, “Jaureguizar maduro”, *A Nosa Terra*, nº 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro 2006, p. 27.

Considera a obra de Jaureguizar *Cabaret Voltaire* (2005) como unha novela de reflexión dun autor que acadou a súa madurez cunha traxectoria extensa tras a que conseguiu definir o seu estilo. Salienta que a novela está dividida en tres actos e narra a historia de amor entre Kurtz e a serea Nuria, para nos trasladar a través do século XX dende Ribadeo até Berlín. Comenta que o texto está inzado de referencias históricas, pictóricas, cinematográficas e, en xeral, culturais.

Freire, Xosé, “Co coitelo entre os dentes”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Cultura”, 16-22 marzo 2006, p. 27.

Comenta *O corsario, vida e tempos de Juan Gago de Mendoza* (2005), de Alberto Fortes, que define como unha visita ao fascinante mundo do corso pero trasladando as súas andanzas a Galicia, nomeadamente ás Rías Baixas, no cerne da familia Gago de Mendoza. Sinala que a actividade do corso aquí biografado, Juan, arrinca en 1243, data dunha das primeiras patentes de corso que se conservan, outorgada por Henrique III de Inglaterra. Repara na combinación de historia, literatura e obra de investigación seria e minuciosa arredor da pirataría galega que se converte en aventura pola habelencia narrativa do escritor. Finaliza destacando que o mar é o cerne deste libro de Alberto Fortes, ao igual que sucedía en *O violín de Sarasate* (2002).

Freire, Xosé, “A carón da cociña”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Cultura”, 6-19 abril 2006, p. 27.

Refírese a J. A. Xesteira, autor da obra *Contos de familia* (2005) e fai un repaso pola súa traxectoria. Di que os contos que compoñen este libro tratan sobre a Guerra Civil, a emigración ou a literatura fantástica, todos eles co elo común da memoria e a emoción. Salienta a plasmación da cociña como espazo máxico na obra e afirma que o seu estilo é nidio e transparente, cunha estrutura efectiva.

Freire, Xosé, “Poemas con patente de corso. Xosé Miranda retorna á lírica con *Piratas polo Miño*”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “Cultura”, 18-24 maio 2006, p. 23.

Comenta, en primeiro lugar, a traxectoria de Xosé Miranda, autor de *Piratas polo Miño* (2005). En canto á obra, salienta que está destinada tanto ao público xuvenil como ao adulto e comenta as múltiples referencias literarias detectábeis nela; cita versos do poemario e cualifícao como divertido e desacougante.

Freire, Xosé M., “Unha época vista desde as Casas Baratas”, *A Nosa Terra*, nº 1.206, “Cultura”, 12-18 xaneiro 2006, p. 27.

Analiza o volume *Casas baratas* (2005), de Antón Riveiro Coello, ao que cualifica como un dos autores novos máis lidos e premiados que conta no seu haber con obras como *A quinta de Saler* (1999), *Animalia* (2000), *As rulas de Bakunin* (2000), *Homónima* (2001) ou *A esfínxe de amaranto* (2003). Salienta a presente entrega como proba da madurez narrativa do escritor, que reúne neste caso dezaseis contos que funcionan como narracións independentes que, malia todo, forman unha unidade ao compartiren narrador, personaxes e paisaxes. Identifica nesta obra o imaxinario colectivo dunha xeración, un territorio común dominado pola lembranza individual da infancia e da adolescencia. Conclúe que o libro non defrauda o lector, que se deixa levar polo pulso narrativo de Riveiro Coello.

García, Rodri, “Polas pegadas de Casares”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 145, “Letras en galego”, 21 xaneiro 2006, p. 11.

Faise eco da nova publicación de Antón Riveiro Coello, *Casas baratas* (2005), e sinala que cun conxunto de relatos curtos, o autor lembra momentos da súa nenez. Gaba a mestura que fai de realidade e ficción e destaca diversos personaxes que aparecen nos textos. Recoñece a influencia da tradición oral e repasa brevemente o argumento dos diferentes relatos.

García, Rodri, “Cando o mundo é Mondoñedo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 149, “Letras en galego”, 18 febreiro 2006, p. 12.

A propósito da publicación de *Universo Cunqueiro* (2005), editado por Sotelo Blanco cun prólogo de Fernando Ónega, e que reúne artigos e conferencias do mindoniense, apunta que se trata dunha recompilación de textos dispersos distanciados cronoloxicamente, xa que van de 1941 a 1986. Salienta que retratan o Cunqueiro máis sabio, lector voraz, investigador e cunha prosa deliciosa, e recoñece neles a presenza da permanente dúbida entre a fantasía e a realidade e a pegada de lecturas diversas.

García, Xosé Lois, “Chega a hora que marcou o tempo...”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 5 agosto 2006, p. 5.

Co motivo de lle dedicar o Día das Letras Galegas 2007 a María Mariño, salienta o descoñecemento que rodea a esta escritora, a quen define, en palabras de Uxío Novoneyra, como a primeira poeta mística galega. Despois de dar conta da anécdota sobre a información confusa da data de nacemento da autora, comenta o seu devir vital, de Noia ao Courel. Relata como foi coñecida María Mariño a través da obra *Palabra no tempo*, publicada en 1963 e relaciónaa con Avilés de Taramancos, por ter nacido do outro lado da ría e ter sido protagonista, tamén, do Día das Letras Galegas en 2003. Por último, sinala que é a terceira muller á que se lle dedica esta celebración (despois de Rosalía de Castro e Herrera Garrido) dun total de corenta e cinco edicións.

Garea, Fernando, “Un de xuño de 1905”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Áreas galegas con identidade propia”, 10 decembro 2006, p. 15.

Dáse conta das datas anteriores á fundación da Real Academia Galega e das personalidades de máis importancia no labor de crear unha entidade propia para as letras galegas. Destácase a José Fontenla Leal, un home que emigrara de moi novo a Cuba e de maneira autodidacta se converteu nun importante litógrafo que rematará por posuír a mellor biblioteca existente sobre Galicia e que doaría á propia Real Academia Galega. Ademais da súa figura cítase ao poeta Curros Enríquez, a Nan de Allariz, a Lugrís Freire ou a Secundino Baños. Remátase destacando a importancia desta institución no eido normalizador do galego.

Garea, Fernando, “Fillos do xornalismo”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Áreas galegas con identidade propia”, 17 decembro 2006, p. 15.

Faise un repaso polo labor xornalístico que levaron a cabo grandes personalidades galegas ao outro lado do océano Atlántico. Préstase especial atención a Francisco Gil de Taboada e Lemos, o home que puxo a andar a primeira publicación periodística seria que houbo no continente americano, máis en concreto en Perú. Recórdase que foi político e virrei de Nova Granada e dende os postos que ostentou desenvolveu grandes proxectos culturais polos que sería recoñecido no mundo enteiro.

Gómez, J., “A literatura, fábrica de ideas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 171, “Letras en galego”, 29 xullo 2006, p. 12.

Sinala que o libro “*Osmia*” de Teresa de Mello Breyner no sistema literário português (1788-1795) (2005), editado por Laiovento, é produto do traballo académico que o Grupo de Investigación Galabra desenvolve na Universidade de Santiago de Compostela sobre muller e ilustración en Portugal no século XVIII. Destaca que sorprende a súa lectura por acoller unha autora ausente do canon, Teresa de Mello Breymer, condesa de Vimieiro, autora da traxedia *Osmia*; e por poñer de relevo a importancia da literatura como fábrica de ideas para

transformar a realidade ou manter a ideoloxía dominante. Salienta tamén a edición crítica desta peza dramática que se inclúe no volume, que recibiu o Premio Carvalho Calero, un acerto, segundo o recensionista, porque se trata dun “traballo que sitúa os estudos literarios galegos no ámbito internacional”.

Gómez, J., “Ferrol e as Irmandades da Fala”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 402, “Reportaje”, 12 novembro 2006, p. 2.

Coméntase a unión que existía entre a Irmandade da Fala coruñesa e a fundada en Ferrol en abril de 1917. Tamén se esclarece o papel desempeñado por estas asociacións que se estenderon por toda Galicia, negando a imaxe folclórica que nun principio se lles atribuíu e reivindicando o obxectivo político e de ideal nacionalista das súas actividades, ademais do esforzo realizado por achegarse ao pobo e contribuír desta maneira na educación das masas populares.

González Pérez, Brais, “Percorrido polas loitas dun século”, *A Nosa Terra*, nº 1.206, “Cultura”, 12-18 xaneiro 2006, p. 28.

Extensa recensión da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín *Contra Maquieiro* (2005). Cualifica o poemario como intelixente e reflexiona longamente sobre o seu contido. Sinala a súa autenticidade, erotismo, o seu carácter de homenaxe e o espazo que o terror ocupa nas súas páxinas. Refírese ao Premio Nobel de Literatura e remata citando versos do poemario.

Iglesias, Alfredo, “Con letras armadas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 154, “Libros”, 23 febreiro 2006, p. 5.

Comeza cunha contextualización da obra referíndose á personalidade de Enriqueta Otero Blanco para, a continuación, presentar unha análise do contido atendendo a cuestións biográficas e sociopolíticas. Analiza o percorrido profesional e ideolóxico da mestra e loitadora comunista luguesa dende os primeiros anos de profesión como mestra en Lugo, as súa experiencia nos anos da guerra, nos que participou na fronte republicana como miliciana da cultura, a súa implicación na reorganización do PCE e a súa xubilación como mestra. Remata cunhas consideracións sobre os procesos de ditadura.

Iglesias, Óscar, “O teatro como vítima”, *El País*, “*Luces*”, 15 decembro 2006, p. 40.

Ofrécese unha recompilación das obras teatrais que tratan o tema da Guerra Civil e indícase que, aínda que a produción é menor ca da poesía e da narrativa, existe un elevado número de obras que se achegan a esta temática. Entre elas cítanse *Casa dormida* (1988), de Álvarez Caccamo; *Doentes* (1998), de Roberto Vidal Bolaño; *Café Imperial. Vigo 1936* (2006), de Eduardo Alonso; ou *Memoria de Helena e de María*, de Roberto Salgueiro, Premio de Teatro Abrente 2006.

Lezcano, Arturo, “Risco pai e fillo: un espírito só”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 160, “Memoria”, 13 maio 2006, p. 10.

Lembranza dedicada á figura de Vicente Risco e ao seu fillo Antón, na que se destaca que a súa relación foi sempre moi estreita, mesmo na identidade de pensamento. Considera que Risco pai foi o “maior pensador da cultura galega” e que mantivo ao longo da súa vida unha gran coherencia. Resalta tamén o feito de que o seu fillo Antón fuxise de Ourense durante a ditadura franquista por falta de liberdade de expresión e afirma que sempre defendeu unha literatura de ideas e que nos deixou unha extensa bibliografía. Finalmente lembra que en Allariz segue a traballar a súa fundación.

López Teixeira, Xosé A., “Tempo de Irmandade”, *La Opinión*, “Saberes”, nº 152, “Letras Galegas”, 20 maio 2006, p. 10.

Faise un percorrido pola traxectoria vital e cultural de Manuel Lugo Freire lembrando a súa importancia como figura de referencia nacionalista. Destácase primeiramente a súa emigración a Cuba con vinte anos e a súa ligazón ás ideas progresistas e liberais do rexionalismo de Murguía. Outros feitos importantes que se refiren son a súa participación na fundación das Irmandades da Fala, da Academia Galega ou que foi o primeiro en pronunciar un mitin político en galego. Dise tamén que publicou unha *Gramática do idioma galego* e que ingresa no Partido Galeguista en 1931. Por último lémbrese que participou no proceso de constitución do Estatuto de Autonomía de 1936 a carón de Castelao.

Lorenzo, C., “Mosaico das literaturas do Estado. Jaureguizar, Borrazás e López López participan nunha antoloxía de narradores”, *A Nosa Terra*, nº 1.228, “Cultura”, 22-28 xuño, p. 29.

Recensión da obra editada por Constantino Bértolo *Trece por docena* (2005). Di que é inusual atopar iniciativas coma esta, que traten con respecto as literaturas e linguas peninsulares. Sinala que a idade dos autores escolleitos non supera os 45 anos e destaca a diversidade das propostas. No que respecta á achega galega, comenta que o texto de Santiago Jaureguizar participa das referencias o pop, a ironía e a superación da narración; do texto de Xabier López, afirma que non achega nada novo; e do de Xurxo Borrazás, destaca a capacidade de crear un mundo propio e de desconcertar o lector. Remata desexando que se prodiguen as iniciativas coma esta.

Losada, Óscar, “O mar feito poesía”, *La Opinión*, 6 abril 2006, p. 68.

Informa da concesión dun premio nos EUA ao libro de poemas *A faciana das augas* (2005), da coruñesa Blanca Vilela. Despois de dar conta do éxito e promoción da autora e a súa obra nos Estados Unidos, fai un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Vilela, salientando a influencia da súa estancia en Fisterra, unha visita ao Museo de Rosalía de Castro e a súa amizade con Camilo José Cela. Recolle palabras da propia autora explicando as razóns que a levaron a escribir en galego, comentando o significado desta obra e denunciando a marxinalización das mulleres na literatura. Por último, fala das súas influencias literarias, entre as que destaca a de Rosalía de Castro, Margaret Atwood, Silvia Plath, Vicente

Aleixandre, Margaret Randall, Celine, Baudelaire ou Paul Valery. Remata anunciando a preparación dun novo poemario para a editorial madrileña Sial, dirixida por Basilio Cañada, e apuntando que a anterior obra de Vilela publicada nesta editorial tivo mellor acollida fóra que en Galiza.

Loureiro, Ramón, “A maxia dos días e outros tesouros”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Letras en galego”, 11 febreiro 2006, p. 14.

Comenta as obras de Carlos Casares *Á marxe, 1992* e *Á marxe, 1993* (2005). Afirmar non poder conter a melancolía ante estes volumes, que cualifica como tesouros. Lembra a Casares, sostendo que necesita manter a súa imaxe viva, e salienta a capacidade do autor finado para explicar o mundo coa intensidade poética dun relato. Di que o escritor vivirá sempre nestes artigos.

Loureiro, Ramón, “Versos para un futuro tempo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 160, “Letras en galego”, 13 maio 2006, p. 7.

Anuncia a publicación do último libro de Eva Veiga na colección “Esquíu” de poesía, titulado *A luz e as súas cicatrices* (2005). Salienta o poder conmovedor e lírico da obra poética desta autora, ao tempo que a compara coa de escritoras e escritores como Ferrín, García-Bodaño, Darío Xohán Cabana, Fernán Vello, Chus Pato, Xulio López Valcárcel, Rodríguez Fer ou Luz Pozo Garza. Dá conta de que é precisamente Luz Pozo Garza quen prologa o libro e cita algunhas das palabras do prólogo. Por último, Loureiro sinala que se trata dun “poemario que perdurará”.

Marín Lloreda, Xaime, “O Rexionalismo galego (1886-1916)”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 16 decembro 2006, p. 34.

Análise do rexionalismo galego dende a súa aparición en 1886 até a fundación das Irmandades da Fala en 1916. Ponse de relevo que durante o réxime da restauración as publicacións integramente en galego son mínimas e destácase a cabeceira *O Tío Marcos da Portela* de Valentín Lamas Carvajal. Afírmase que o movemento rexionalista foi minoritario e careceu de representación nas cortes e xa que logo non conseguiu darlle o pulo necesario á cultura galega, aínda que se lograron editar varios xornais e fundar editoriais como a Biblioteca Gallega ou La Librería Gallega, ademais de pór en marcha os Xogos Florais de Tui.

Marín Lloreda, Xaime, “As Irmandades da Fala (1916-1931)”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 18 decembro 2006, p. 16.

Realízase unha síntese do labor e da evolución das Irmandades da Fala dende a súa fundación en 1916 até a súa desaparición en 1931. Destácase que os obxectivos deste colectivo eran espallar o uso oral e escrito do galego, defender a cultura tradicional e dar a coñecer as personalidades máis destacadas en todos os eidos do saber a través da realización de todo tipo

de actividades espalladas por Galiza, aínda que remataron por dividirse en dous grandes grupos, o da Coruña e o de Ourense por discrepancias á hora de decidir se se debían integrar na política ou non. Finalmente recórdase que tras a ditadura de Primo de Rivera acaban derivando no Partido Galeguista fundado en 1931.

Martínez Bouzas, Francisco, “En Esperante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 148, “Libros”, 12 xaneiro 2006, p. V.

Faise eco da escolma de nove relatos autónomos *Fonte de Esperante* (2005), de Xesús Manuel Marcos. Analiza a obra indicando que os relatos teñen como nexos de unión que a acción de todos eles transcorre en Esperante, un espazo no que domina un ambiente abafante e decadente. Achega algunhas notas sobre as diferentes composicións e conclúe analizando o estilo e a lingua, que define como “forte e vizosa”.

Martínez Bouzas, Francisco, “Pathcwork da mente feminina”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Opinión Cultura”, 15 xaneiro 2006, p. 17.

Informa da publicación de *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, galardoada co último Premio Xerais. Sinala que na obra se relata a vida da raíña Christina de Suecia, en especial o seu encontro co filósofo Descartes, mediante unha estrutura que, segundo Francisco Martínez Bouzas, se define no mesmo relato coa imaxe dun “patchwork”, (remendo), é dicir, a unión de diversos materiais que crean finalmente unha soa peza. Neste caso apunta que se tratase de epístolas de diversos persoeiros, fragmentos de textos de Descartes, o poema de Einés Andrade, etc., todos eles decorados cun grande “exercicio estilístico”. Afirmar que *Herba moura* é unha reinterpretación da historia dende olladas pouco habituais e unha reivindicación da parte afectiva e pasional fronte á racional. Analiza a seguir o argumento sinalando que o núcleo temático se basea nas relacións de tres personaxes e conclúe que se trata dunha recreación ficcional da vida no século XVII dende unha óptica actual. Reivindica tamén a figura de Descartes.

Martínez Bouzas, Francisco, “Literatura de sentimentos”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Opinión Cultura”, 22 xaneiro 2006, p. 17.

Faise eco da publicación de *Unha cita co aire* (2005), de Francisco Fernández Naval que segundo Martínez Bouzas se enmarca na literatura de sentimentos, na introspección e na análise ficcional das rutas interiores da amizade. Sinala que o pano de fondo é a forza da memoria e a amizade e a seguir analiza o argumento, no que se describe a relación afectiva de Abelardo e Gabriel. Chama a atención sobre a estrutura aberta e fragmentaria da obra e sobre o tratamento do tempo que emprega o autor.

Martínez Bouzas, Francisco, “Cabaret, Cabaret”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, “Libros”, 9 febreiro 2006, p. V.

Comenta a novela de Jaureguizar *Cabaret Voltaire* (2005) gañadora do Premio García Barros. Define o autor como un dos máis versátiles do sistema literario galego e remóntase aos seus comezos na narrativa bravú até chegar á súa etapa actual, na que aposta por unha escrita moderna baseada no manexo da estrutura, no deseño de personaxes, na utilización de distintos puntos de vista e sobre todo na narratividade. Sobre o argumento da novela destaca que se trata da historia dun home que aparece na cama dun hotel en Ribadeo nos anos trinta e descoñece a súa identidade; alí namórase dunha peculiar serea no *Cabaret Voltaire* da vila e con ela foxe ao Berlín nazi. Indica tamén que todas as aventuras son lembradas setenta anos despois cando regresan a Ribadeo e que a novela pode lerse como unha busca da identidade e a exposición dos problemas da Europa desa época, que soportou o nazismo, as guerras mundiais, a xenofobia e, en xeral, a violencia.

Martínez Bouzas, Francisco, “Aventuras en Ortegal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 154, “Libros”, 23 febreiro 2006, p. V.

Comeza cunha referencia ao proceso da reconstrucción novelada da historia de Mamende Casanova. A continuación, comenta a liña argumental da obra, o papel do narrador, os personaxes, o dinamismo que caracteriza a súa prosa e os trazos que presenta do subxénero aventureiro. En canto ao plano técnico destaca a grande riqueza do léxico mariñeiro co que se enchen as páxinas do relato, aínda que reconece que ás veces se forzan os usos connotativos da lingua. Remata sinalando algunhas das deficiencias que considera ten o libro: escasa verosmellanza, a pouca credibilidade no retrato do mariñeiro portugués ou o excesivo detallismo, aínda que reconece o valor da obra na literatura galega.

Martínez Torres, Dolores, “Oficio de traducir”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 157, “Libros”, 16 marzo 2006, p. V.

Céntrase na figura do tradutor, ao que cualifica de poeta ao considerar que actúa como mediador e intérprete, de aí que traducir sexa crear, non un simple acto mecanicista, senón que precisa de xenio. Apunta que neste tema incide o libro *Palabra, fogo, alma. Traducir é crear* (2005) no que se recollen diversos artigos presentados na V Edición do Seminario de Tradución correspondente ao ano 2004, no que se pretendeu intercambiar impresións entre tradutores galegos, españois, portugueses e brasileiros. Comenta que ese ano foi homenaxeada a profesora da Universidade de Vigo Camiño Noia, principal impulsora da actual Facultade de Tradución dese campus.

Méndez Ferrín, X.L., “Escribir baixo outro nome”, *La Opinión*, “*Saberes*”, nº 142, “Ensayos”, 25 febreiro 2006, p. 9.

Comenta a importancia na literatura actual de ter un nome coñecido e recoñecido, o cal axuda a vender unha obra máis que un bo texto dun autor anónimo. Apunta que algunhas veces os escritores queren perder ou ocultar o seu nome baixo un pseudónimo porque desexan mostrar unha parte diferente da súa escrita e escóndense baixo outra identidade. A continuación aludea a dous apelidos Caero, que entende que significa parte baixa dun monte, aba, e

Paxariño, que é o diminutivo do nome común e que se utilizou fundamentalmente como alcume.

M.B., “Sons e imaxes de Manuel María”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Fin de semana”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 34.

Refírese á publicación de *Fotobiografía sonora de Manuel María* (2005), realizada pola editora Ouvirmos, especializada en documentación musical galega, e sinálase que se compón dun libro máis dous compactos que pretenden achegar ao público a figura do autor da Terra Chá. Saliéntase a presenza de máis dun cento de fotografías que dan conta de momentos vivenciais ben significativos, dun estudo de Xan Fraga, e do recitado na voz do poeta de varias das súas creacións, así como unha escolma das cancións compostas a partir de poemas por intérpretes como Fuxan os Ventos, María Manuela, Suso Vaamonde, O Carro e A Quenlla. Conclúe mencionando que a edición deste volume súmase ao programa de actividades que conforma o Ano Manuel María, organizado pola AS-PG, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino.

Méndez Ferrín, X.L., “Nomes de escritor”, *Faro de Vigo / La Opinión*, “El Sábado”/ “Saberes”, nº 451/144, “Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos”/“Ensayos”, 4/11 marzo 2006, p. 4/9.

Repasa a variedade de formas que adoptan os escritores galegos para firmar as súas obras, o nome ou o apelido só, a combinación de ambos, o nome e o topónimo do lugar, un pseudónimo ou un heterónimo. A continuación analiza a orixe de dous apelidos galegos Quintas e Liméns, ambos de procedencia toponímica. O primeiro significaba unha porción de terra pola que o labrego que a traballaba debía pagar ao señor unha quinta parte dos froitos obtidos, e o segundo, de orixe máis escura, podería ser a mestura de terra e auga ou escorregadía.

Méndez Ferrín, X.L., “O tío Marcos da Portela”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “El Sábado”/“Saberes”, nº 452/144, “Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos”/“Ensayos”, 18/11 marzo 2006, p. 4/8.

Define o concepto de heterónimo, inventado por Fernando Pessoa, como o nome que oculta o do autor e que asemade representa un personaxe con características diversas das que integran o autor real. Apunta que a literatura galega moderna nace unida a un, O Tío Marcos da Portela, que naceu da inventiva do Padre Sarmiento, xa que foi el quen trazou as súas características e o converteu en veciño de Monteporreiro, un vello falador, simpático, galeguista e enxebre que fala coas persoas e protagonista das coplas do *Coloquio de 24 Rústicos*. Sinala que este heterónimo foi utilizado tamén por Valentín Lamas Carvajal cando en 1876 inaugurou en Ourense o seu periódico monolingüe con ese mesmo nome, facendo renacer dalgún xeito a voz daquel vello creado polo Padre Sarmiento até 1889, e mesmo o converteu en autor de *O catecismo do labrego*. Posteriormente, Xavier Prado Lameiro resucita o heterónimo e mais o periódico até 1919. Recolle tamén outros heterónimos galegos estudados por Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, como Pedro Petouto (Xesús Alonso Montero)

e Heriberto Bens, que se atribúe a el mesmo, polo cal explica que “na realidade, Heriberto Bens vive no vello frenopático de Charenton (Francia), onde, por veces, na súa confusión psicótica, atribúese a el mesmo poemas que en realidade escribo eu. Noutras ocasións, xorde a personalidade central de Heriberto Bens e el, que destesta Fernando Pessoa e só de Antonio Machado apreza a súa lealdade política, produce algún artigo de crítica, así literaria como de costumes ideolóxicas (...) Heterónimo, o que se di heterónimo, este que agora lles escribe só xerou un, que é feminino e xirou algo na prensa como Dosinda Areses”. Para finalizar, analiza o apelido Liboreiro e as súas múltiples variantes, e explica que pode facer referencia a un lugar con lebres ou a un lugar fermoso.

Méndez Ferrín, X.L., “Nomes de escritora”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “El Sábado”/ “Saberes”, nº 453/145, “Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos”/“Ensayos”, 18/25 marzo 2006, p. 2/9.

Tras tratar nun artigo anterior algúns pseudónimos de escritores galegos, apunta algúns que non mencionou como Álvaro Labrada, Manuel María Seoane, de Álvaro Cunqueiro; Asieumedre, Roque das Mariñas, de Lúgrís Freire; ou Neumandro, de Ánxel Fole. A seguir detense nos nomes de escritoras e apunta que nin Concepción Arenal, nin Rosalía, nin Emilia Pardo Bazán caeron na tentación de asinar as súas obras con pseudónimo, como si o fixeron Mary Ann Evans (George Eliot), Aurore Dupin (George Sand), Caterina Albert i Paradís (Victor Catalá), Celia Böhl de Faber (Fernán Caballero), Irene Lisboa (Manuel Soares). Menciona tamén nomes de escritoras que utilizaron o apelido do home (Matilde Lloria, Victoria Armesto) e outras que utilizaron pseudónimo pero feminino: Regina Opisso (Lissete), María Novo (María Lago), Emilia Calé (Esperanza), Francisca Herrera Garrido (Paquiña), Carmen Díaz Herrero (Carmiña Abril), Fanny Garrido (Eulalia de Liáns), María Teresa López (Águeda de Vinney). Entre as excepcións sinala que algunha vez Pardo Bazón asinou como J. Pan y Español con ocasión dunha polémica con Murguía. Entre os homes, si considera frecuente recorrer ao pseudónimo feminino, como fixeron Alberto Camino e Domínguez Izquierdo, que asinan cos nome das donas Enarda e Galatea, ou Lamas Carvajal que foi Arminda Flora, ou Amador Montenegro como Esperanza Roca. Máis recentemente apunta as firmas de Xesús Alonso Montero, Antón Alonso Fontán, Camilo José Cela, e el mesmo: María das Falas, Felisa de Vilacova, Matilde Verdú e Dosinda Areses, respectivamente. Na sección dedicada á orixe dos nomes e apelidos galegos dedica a súa atención a Liboreiro de novo e a Guedella.

Mera, Héitor, “Comarca de narradores. Os escritores de Tabeirós-Terra de Montes escolmados por Carlos Loureiro”, *A Nosa Terra*, nº 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro 2006, p. 27.

Analiza o contido do volume *Narrativa contemporánea. Tabeirós-Terra de Montes* (2005), coordinado por Carlos Loureiro Rodríguez para a editorial Fervenza e sinala que os autores escolmados “apuntan maneiras”. Salia que a lectura resulta entretida pola heteroxeneidade dos textos e que no volume se atopa un ampla variedade de tendencias: dende narracións de inspiración kafkiana, como “Maternidade”, de Xosé Andrés Fernández Castro; de tema bélico; de humor, como “Caipirinha”, de Xosé Luís Bouzas Millán; ou “paifocadas como as dun tal Francisco Rozados *Rochi* que pretende ser culto e queda en aspirante a pedante”.

Mera, Héitor, “Encantos de almanaque”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 153, “Libros”, 16 febreiro 2006, p. IV.

Recensión sobre a obra *Almanaque de encantos* (2005) de Calros Solla. Comenta que a súa obra céntrase na esencia da súa terra, Cercedo, que aparece constantemente como eixo central. De seguido, menciona o intenso traballo de campo, a rica linguaxe e o gran dominio das técnicas narrativas á hora de presentar os distintos lugares, lendas, roteiros e mitos que pasaron á memoria colectiva do pobo. Salienta ademais a presenza de ilustracións de Joao Bieites, Mónica García e Francisco Sutil que acompañan e complementan ao texto. Remata poñendo unha pega á obra, a edición, xa que considera que un proxecto tan ambicioso merecería un trato máis acorde ao que se lle ofrece ao lector.

Mera, Héitor, “Segredos no monte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 155, “Libros”, 2 marzo 2006, p. 4.

Céntrase na obra de Antonio Domínguez Rey *O segredo do monte* (2005), un profesor especializado en teoría da literatura que, en opinión de H. Mera, reflicte neste poemario a súa faceta profesional, co cal en ocasións os textos se perden nun exceso de formalismo. Salienta a temática da crenza relixiosa, que converte o libro nun poemario cristián, o predominio de referencias bíblicas e o misticismo. Sinala que falla a tensión e a expresión dos sentimentos, moitas veces se ven abafados pola perfección formal.

Mera, Héitor, “Os delincuentes de Paasilinna”, *A Nosa Terra*, nº 1.213, “Cultura”, 2-8 marzo 2006, p. 27.

Comentario da novela *O bosque dos raposos aforcados* (2005), do finés Arto Paasilinna, traducida ao galego por Tomás González-Ahola para a editora Rinoceronte, unha obra de grande actualidade fóra das nosas fronteiras que foi traducida a moitas linguas. Cualifica o texto de agradábel, sinxelo e enormemente sorprendente, polo estilo e audacia narrativa do autor e os curiosos xiros que dá a historia, que comeza como unha novela ao estilo na narrativa negra clásica para se decantar polo esperpento, o humor e a reflexión sobre os comportamentos humanos. Achega un breve resumo argumental e conclúe que se trata dunha obra con moitas lecturas, ademais de ofrecer a descrición dunha cultura descoñecida para nós.

Mera, Héitor, “Ausencias e desagrazos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 157, “Libros”, 16 marzo 2006, p. 4.

Define o poemario de Xosé Manuel López Andeiro *Versos de ausencia e desagrazo* (2005) como unha obra equilibrada tanto na forma como no contido. Critica a cantidade de poesía que se publica en galego sen ter un mínimo de calidade, polo que recibe con certa alegría esta obra que trata o tema do amor, pero con moitos matices e dende moitas perspectivas: o amor apaixonado, o paternal ou o ausente baixo unha forma clásica que non predomina nos últimos tempos.

Mera, Héitor, “Novela do mar”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/ “*Saberes*”, nº 158/145, “Libros”/“Novidades”, 23 marzo/1 abril 2006, p. IV/6.

Para tratar a obra *Os ausentes de Casteltón* (2005), de Jacobo Barros, fala primeiramente dos diversos achegamentos que teñen feito algúns autores ás novelas sobre mariñeiros, criticando a excesiva mitificación do home do mar, na que caeu por exemplo “Xurxo Souto que, con moi boa vontade, sobracea a parte máis heroica da profesión”. Afirmo que para escribir sobre mariñeiros “hai que estar alí e vivilo” para outorgarlle ao texto a precisa verosimilitude. Gaba a obra de Barros, biólogo de profesión que viviu canda os mariñeiros e que morreu no mar, sendo esta novela unha contribución póstuma. Salienta que o narrador opta por un punto de vista testemuñal, case documental, para narrar a través dos recordos e mais dos diálogos vivencias reais. Valora a presenza de trazos dialectais da zona do Morrazo, do Salnés e da Costa da Morte e os “gloriosos diálogos”.

Mera, Héitor, “Solpor de gatos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 161, “Libros”, 13 abril 2006, p. IV.

Salienta que o poemario *Cara a un solpor de gatos* (2005), de Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane, resultou gañador da terceira edición do Premio Afonso Eanes de Cotón, organizado pola Asociación Cultural de Negreira. Malia recoñecer que a obra ten algo que dicir, afirma que “non deixa de ser un poemario de tantos que pairan polas nosas librarías adiante”. Apunta a escaseza de recursos e o desapropiado do ton en relación co efecto que se pretende.

Miranda, Xosé, “Vinte e cinco anos de narrativa galega”, *A Nosa Terra*, nº 1.221, “Enxeños e criaturas”, 4-10 maio 2006, p. 34.

Análise da narrativa galega na que se destaca a importancia dos anos 1979 e 1980 como fundacionais, recoñecendo que supuxeron o comezo dunha nova época, tanto no que atinxe ao aumento do número de lectores, coma á posta en práctica de novas técnicas. De seguido, valora o relevo da obra de Méndez Ferrín, a cabalo entre o fántástico e o marabilloso, así como das diferentes tendencias “realistas” daquel momento. Remata centrando a atención na época actual, considerándoa como un bo momento para a narrativa galega, tanto na temática como na presenza de técnicas máis elaboradas.

Miranda, Xosé, “Vinte e cinco anos de narrativa galega (II)”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “Enxeños e criaturas”, 18-24 maio 2006, p. 30.

Refírese a unha cuestión que lle preocupa dende hai anos e que deixou recollida literariamente en *A biblioteca da Iguana* a través do que lle sucedía a un dos seus personaxes, a volta ao costumismo, mesmo etiquetado baixo os nomes do realismo suxo. Considera que toda literatura é por definición realista, pois teñen a mesma existencia os personaxes de Gorki que os hobbits de Tolkien, e que toda a literatura é ficción, “ata as biografías”. Manifesta a súa preferencia pola caixa dos soños e da imaxinación.

M.O., “As notas de Kafka”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 149, “Letras en galego”, 18 febreiro 2006, p. 11.

Breve nota referida á publicación do volume *Franz Kafka, un artista da fame* (2005) na editorial Galaxia. Saliéntase que recolle as narracións escritas polo escritor dende 1917 até o final da súa vida, ademais de apuntamentos extraídos dos seus cadernos de notas. Infórmase de que esta entrega completa o traballo da editorial, que xa publicara as súas obras completas.

Neira, H., “A Delicia’ de Yolanda Castaño en Compostela”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 xaneiro 2006, p. 35.

Informa da celebración no salón do Casino de Santiago do acto literario para celebrar a publicación do poemario *Delicia* (1998), de Yolanda Castaño. Díse que intervirán a propia autora, Emma Couceiro e Xabier Cordal. Menciona ademais que o volume se distribuirá gratuitamente con *El Correo* dentro da colección Poeta en Compostela. Recolle as palabras de Yolanda Castaño recordando o momento de xestación do poemario.

Nicolás, Ramón, “Poesía en ditadura”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 148, “Libros”, 12 xaneiro 2006, p. IV.

Informa da publicación de *Cinco impactos poéticos en ditadura* (2005), que xurdiu como froito dunhas xornadas literarias e no que se ofrece unha exhaustiva análise e unha achega crítica que introduce novas perspectivas de interpretación arredor de cinco importantes títulos da poesía galega de posguerra: *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, *Fardel de eisiliado*, de Luís Seoane, *Herba aquí e acolá*, de Álvaro Cunqueiro, *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, e *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Nicolás, Ramón, “Son de poesía”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 150, “Libros”, 26 xaneiro 2006, p. IV.

Comeza informando que, organizado polo “blog incomunidade.blogs-pot.com” (que realiza diferentes accións culturais de carácter internacional), realizouse en Vigo un “filo-café”, que é unha gran oportunidade para a exposición e intercambio de diferentes experiencias culturais e literarias. Dalgunhas das intervencións que alí se produciron xurdiu a obra *Son de poesía* (2005), coordinada por Xoán Carlos Domínguez Alberte. Afirmo que se trata dun conxunto de voces heteroxéneas e plurais de Galicia e Portugal que pretenden render unha homenaxe a Antón Tovar, Manuel María, Xela Arias e Luísa Villalta. Analiza a estrutura da obra e menciona a nómina dos participantes.

Nicolás, Ramón, “A obra de Baña Pose”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 151, “Libros”, 2 febreiro 2006, p. IV.

Considerase a publicación de *As historias de Pepe de Xan Baña* (2005) unha oportunidade de achegarse ao autor das terras do Xallas, Xosé Baña Pose, tan descoñecido no resto do país. Salienta que esta edición, realizada por Xosé María Rei Lema, compila, amais de dous poemarios –*Vindicación, vida e milagros de Pepe de Xan Braña en trinta anos en Cuba* (1921) e *Suspiros na terriña* (1922)– textos en prosa e verso que estaban espallados por diversos soportes. Valora especialmente a interesante relación literaria e persoal que mantivo Baña Pose con Curros Enríquez ao longo da súa vida.

Nicolás, Ramón, “Voces alófonas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 153, “Libros”, 16 febreiro 2006, p. V.

Recensión do libro *Poemas descabalados. Antoloxía poética 1945-2005* (2005), do escritor alófono Gregorio San Juan. Informa que esta antoloxía recolle composicións que abranguen un período que vai dende 1945 a até 2005. A seguir describe a presente edición, concebida como homenaxe ao poeta, da que se nos dí que inclúe un limiar de José L. Abellán e un epílogo de Xesús Alonso Montero. Menciona que ademais contén dedicatorial, citacións literarias, títulos de libros, poemas en galego, plurilingües e outros redactados en francés ou latín. Remata recoñecendo a traxectoria deste poeta na nosa lingua e dando a benvida deste volume.

Nicolás, Ramón, “Fluidez narrativa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 155, “Libros”, 2 marzo 2006, p. IV.

Comentario da novela de Iria López Teijeiro *Meniña de cristal* (2005) que estivo tutelada por Xosé Luís Méndez Ferrín despois de ser a gañadora do Premio Biblos-Pazos de Galicia, que consiste en que un escritor menor de vinte e cinco anos sexa guiado por outro de recoñecido prestixio no sistema literario galego. Da obra destácase o uso do diálogo, da descrición, da utilización dos recursos e da vocación audiovisual. Por estas razóns e polo seu argumento considérase unha proposta literaria interesante.

Nicolás, Ramón, “Memoria e infancia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 156, “Libros”, 9 marzo 2006, p. V.

Repasa a xa extensa obra de Antón Riveiro Coello dende *A quinta de Saler* (1998) até *Casas baratas* (2005), que recolle nunha serie de relatos cohesionados, un trazo que xa é propio do autor. Salienta que a novela recolle unha viaxe ao pasado, á súa infancia en Xinzo de Limia cargada de saudade, pero que non cae na monotónia, senón que conta cunha boa estrutura e cun ritmo interior que atrae o lector. Considera que as historias son fillas da memoria, retratan un tempo pasado, unha vida concreta e un lugar determinado que se deixa ver con emoción.

Nicolás, Ramón, “Biografía dun precursor”, *La Opinión / Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 158, “Novidades” / “Libros”, 1 abril/23 marzo 2006, p. 6/IV.

Abórdase a obra *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego* de Xosé A. Fernández Salgado (2004), da que se di que está escrita con moito rigor no que a documentación se refire, así como fai referencia á axilidade narrativa. Faise fincapé nese labor documentativo e na obra de Salgado, cumprindo as expectativas dun traballo deste tipo: acceso directo a fontes orixinais, intensa pescuda de información hemerográfica e bibliográfica, entre outros. Por último, faise un percorrido pola traxectoria vital de Marcial Valladares.

Nicolás, Ramón, “Oitava entrega de *Madrygal*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Libros”, 30 marzo 2006, p. IV.

Recensión da entrega correspondente ao ano 2005 da revista *Madrygal* dirixida por Carmen Mejía e M^a J. Postigo dende a Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid. Ante a imposibilidade de mencionar todas as colaboracións, “marcadas pola perspectiva plural” e as “diferentes orientacións analíticas”, salienta a análise de Xesús Alonso Montero arredor do interese que suscitou a figura de Sancho Panza nos poetas dos séculos XIX e XX, alén de recuperar creacións de autores galegos sobre temas cervantinos; o artigo de Ana Acuña, que dá conta da amizade entre Xoán Vidal Martínez e X.M. Álvarez Blázquez; o estudo de J. Expósito sobre a poesía de Xela Arias; a aproximación á figura e á obra de Reimundo Patiño a cargo de X.L. Gutiérrez; a análise do romance “A caza de Don Celinos”, de X.R. Mariño Ferro; ou a da poesía de Vicente Araguas que asina V. Palomares.

Nicolás, Ramón, “Versos e area”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 160, “Libros”, 6 abril 2006, p. IV.

Recensión do novo libro de poemas de Xurxo Alonso, titulado *Cidades de area*, publicado en Espiral Maior en 2005. En primeiro lugar, salienta o feito de ter recibido o primeiro premio da segunda convocatoria do Fermín Bouza Brey de poesía, organizado polo Concello de Vilagarcía. Despois de facer referencia ao anterior volume de poemas do autor, *Onde viven os saqueadores de naufraxios*, sinala o interese da conxugación das facetas plástica e poética de Xurxo Alonso. En canto á temática da obra, comenta a presenza da guerra de Iraq nos seus versos e a esperanza depositada na infancia. Por último, destaca a sinceridade e o talento do autor.

Nicolás, Ramón, “Poemas republicanos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 170, “Libros”, 15 xuño 2006, p. 4.

Dá conta presentación de *Romances do dezaseis de febreiro de 1936* (2005), onde Xesús Alonso Montero recolle unha triloxía popular de romances que se cantaban normalmente nas feiras do Ribeiro. Sinala que son composicións cunha intención combativa e un ton épico e memorialístico cunha ideoloxía próxima á Fronte Popular. Comenta que no primeiro dos romances se describe o espírito civil que se vivía no ambiente dende o dezaseis de febreiro do 1936, día da vitoria da Fronte Popular; no segundo a conspiración e o previsíbel ataque á República e, no derradeiro, que está escrito en 1939, a conmemoración da entrada da

República. Ramón Nicolás remata mencionando o estudo filolóxico e histórico que acompañan á obra.

Nicolás, Ramón, “Con Intres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 172, “Libros”, 29 xuño 2006, p. V.

Despois dunha breve achega á actividade literaria de Luís Manteiga, membro activo “da nosa xeración das vangardas”, Ramón Nicolás define *Intres*, con motivo da edición realizada por Laura Tato en 2005, como “unha novela de iniciación”. Compáraa co Otero Pedrayo de *Devalar* ou *Arredor de si* e indica que nela se asiste á progresiva substitución do compromiso político polo compromiso cultural e artístico por parte do protagonista, un cambio que vén favorecido pola frustración e o desengano.

Nicolás, Ramón, “Unha fotobiografía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 174, “Libros”, 7 setembro 2006, p. V.

Crítica do volume *Manuel María. Fotobiografía sonora* (2005), no que se ofrece un repaso visual e documental pola figura do escritor galego, complementado con dúas gravacións, unha delas sobre poemas seus recitados na súa propia voz. Na crítica faise así mesmo un percorrido polos contidos da obra referenciada, da que se afirma a súa importancia para o espallamento da figura do poeta.

Nicolás, Ramón, “Un ensaio elucidador”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Libros”, 26 outubro 2006, p. IV.

Crítica do ensaio *Catro vidas do exilio galego en Venezuela* (2005), de Xurxo Martínez Crespo publicado pola Asociación Galega de Emigrantes Retornados (AGER). Resáltase o exhaustivo da investigación levada a cabo polo autor até dar lugar a unha obra “exemplar” constituída por “catro sólidos achegamentos biográficos”. Tamén se destaca do volume o material documental e bibliográfico, en moitos casos inédito, que acompaña os textos.

Nicolás, Ramón, “El niño de sal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 186, “Letras de sempre”, 30 novembro 2006, p. II.

Artigo no que se lembran as dúas visitas que García Lorca realizou a Vigo ao longo de 1932. Sinala Ramón Nicolás que esas visitas afianzaron a relación que uniu o poeta granadino con Galicia. O artigo complétase cun despece no que se fai referencia a unha conferencia que pronunciou Lorca en Santiago.

Nicolás, Ramón, “La Barraca’ e nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 187, “Letras de sempre”, 7 decembro 2006, p. II.

Artigo centrado na visita de Lorca a Vigo en 1932 como director da iniciativa de teatro La Barraca, de xira por Galicia e Asturias nesas datas. Ramón Nicolás sinala que este proxecto teatral serviu para promover unha reflexión sobre a arte dramática feita dende a universidade na prensa galega da época. A peza remata por incidir na especial relación que dende sempre vinculou o escritor granadino coa nosa terra.

Novo, Olga, “Estranxeira na súa patria”, *La Opinión*, “Saberes”, nº 146, 8 abril 2006, p. 7.

Céntrase na publicación da antoloxía bilingüe galego-castelán dos clásicos da literatura galega, *Extranjera en su patria. Cuatro poetas gallegos* (Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores, Barcelona, 2005), realizada por Carmen Blanco. Salienta que contén poemas de Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Luís Pimentel e Luz Pozo Garza. A continuación, apunta algunhas das características destes autores. Por último fai fincapé no título, salientando que *Estranxeira na súa patria* é tamén o título dun coñecido poema de Rosalía.

Outeiriño, Manuel, “A sombra do ario”, *El País*, “Luces”, 15 decembro 2006, p. 40.

Analízase a poesía en galego dende a Guerra Civil até a actualidade. Coméntase que o ano 1936 marca fondamente todos os sectores do país e tamén a literatura que aínda non estaba totalmente recuperada e sofre un novo revés. Reivindícase a figura do fundador de *El barbero de Rianxo*, Ramón Rei Baltar, que traballou neste proxecto xunto a Castelao. Por último quéixase de que a súa obra poética de Rei Baltar non sexa fácil de atopar no mercado literario.

Padín Otero, Román, “Surrealismo de nós”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 155, “Libros”, 2 marzo 2006, p. V.

Repásase a intensa vida de Eugenio Granell con motivo da presentación dunha biografía realizada por Carlos Arias e que leva o nome do xenio do surrealismo. Coméntase que tivo que emigrar unha vez rematada a Guerra Civil, fuxiu de catro campos de refuxiados e rematou na República Dominicana, logo trasladouse a Guatemala, despois a Puerto Rico e finalmente instalouse en Estados Unidos onde conseguiu o posto de catedrático de literatura e onde expón en diferentes galerías de arte. Apúntase tamén que á súa volta recibiu grandes recoñecementos á súa intensa traxectoria.

Pena Presas, Montse, “En clave negra”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 183, 9 novembro 2006, p. I.

Artigo no que se fai un repaso polo xénero da novela negra en galego, dende o seu auxe entre mediados dos 80 e finais dos 90 até o que semella ser, nos últimos anos, un novo rexurdimento das pezas con detectives e crimes como asunto central. Destácanse dous nomes como principais autores de novelas policiais na actualidade: Diego Ameixeiras e Domingo Villar. O artigo péchase cunha reflexión na que Montse Pena tenta poñer de relevo as causas do éxito do xénero na nosa comunidade.

Pereiro, Xosé Manuel, “Tiempo de historias. La novela gallega por la reivindicación de la memoria”, *El País*, “Galicia”, 22 novembro 2006, p. 83.

Noticia sobre o bo estado de forma da literatura galega, con especial incidencia na obra de tres autores: Suso de Toro, Teresa Moure e Manuel Rivas. Xosé Manuel Pereiro insiste nos elementos que achegan as últimas creacións deste trío de literatos. Entre eles, destaca a recuperación da historia, un tema que, subliña, non é propio só destes escritores senón que vai camiño de “conformar tendencia”. Para corroborar a súa afirmación, ofrece todo un listado de obras recentes centradas nesta temática. O artigo complétase cunha serie de declaracións de persoeiros de distintos ámbitos que reflexionan arredor da cultura galega. Para o ámbito da literatura escóllese a Xurxo Borrazás, quen alerta dos perigos de entender esa cultura propia única e exclusivamente como cultura institucionalizada, convertendo todo o que queda fóra desas estreitas marxes en “detritus”, obrigando os creadores a axustarse aos moldes oficiais pois, do contrario, o único que queda é ser condenados ao ostracismo e aos gustos minoritarios.

Pérez Mondelo, Xosé, “Francisco Porrúa: as raíces galegas dun editor universal”, *La Opinión*, “Saberes”, nº 166, 30 setembro 2006, pp. 4-7.

Extensa reportaxe na que se fai un percorrido pola traxectoria vital e profesional de Francisco Porrúa, importante editor con raíces en Galicia polos seus pais e avós e polo seu propio nacemento na vila coruñesa de Corcubión. Cóntase que Porrúa foi o fundador da editorial Minotauro, unha das referencias internacionais na publicación de literatura fantástica e de ciencia ficción; *O señor dos Aneis* ou *Crónicas marcianas* foron algúns dos seus títulos máis importantes, títulos que non só editou senón que tamén traduciu, pois esta foi outra das súas facetas profesionais de relevancia. Saliéntase tamén que Porrúa foi así mesmo o artífice, dende a editorial Sudamericana, da publicación doutros dous clásicos da literatura contemporánea: *Rayuela*, de Julio Cortázar e *Cien años de soledad*, de Gabriel García Márquez. Do primeiro chegou a ser, ademais dun bo amigo, o editor por excelencia. A causa da ditadura en Arxentina, país no que viviu dende a súa marcha de Galicia sendo aínda moi neno, Porrúa volve exiliado a España en 1977. No país natal continúa co seu labor profesional en Edhasa e funda Edicións Porrúa. Apúntase que en 2001 ten que tomar unha das decisións máis difíciles da súa vida, ao vender a editorial Minotauro, “a súa máis querida empresa”. O autor da reportaxe adica tamén espazo dentro dela á relación que Porrúa mantivo no exilio con outros ilustres editores galegos e con persoeiros que, dende distintos ámbitos, traballaron alén mar a prol da nosa cultura. Conclúese reclamando unha homenaxe para el en Galicia que sirva para recoñecer “a súa contribución á cultura contemporánea”.

Picallo, H., “Darémolle un espazo para ser recordado?”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, 17 setembro 2006, p. 7.

Artigo no que se reclama a concesión, por parte do Concello de Santiago de Compostela, dunha rúa dedicada ao intelectual galeguista Xoán Xesús González, represaliado polo bando nacional aos poucos meses do inicio da Guerra Civil. Faise un extenso percorrido polo seu labor a prol da cultura autóctona, destacando iniciativas como a librería e editorial NIKÉ ou a

defensa do idioma. O autor do artigo considera que a distinción municipal permitiría rescatar do esquecemento o nome dun intelectual de gran relevancia na cultura galega da súa época.

Ponte, Pilar, “De nobres e de castelos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 150, “Libros”, 26 xaneiro 2006, p. V.

Recensión da edición realizada por Ernesto González Seoane da obra de López Ferreiro *O castelo de Pambre*, en 2005. Salienta que nela o editor ofrece uns criterios de edición e numerosas notas e comentarios, non só de carácter léxico e fraseolóxico. Di que González se baseou na segunda edición da obra, máis actualizada, e que a edición conta tamén cunha introdución histórico-literaria de Dolores Vilavedra e Pergerto Saavedra, que comenta polo miúdo. Valora a dedicación empresarial e persoal dos que apoian este tipo de iniciativas.

Ponte, Pilar, “O último Kafka”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 153, “Libros”, 16 febreiro 2006, p. IV.

Recolle a publicación do oitavo volume da colección “Clásicos Universais” da Editorial Galaxia, dedicado nesta ocasión á obra de Franz Kafka, *Un artista da fame* (2005), que segundo se dí, é a segunda entrega de narracións completas do autor. Informa que o volume presenta a segunda parte das producións narrativas do autor dende 1917. Fala de seguido do autor que atopamos nas páxinas, un Kafka “surrealista e existencialista”, para rematar amosando a calidade da obra deste autor tras a lectura destas narracións, de moi distinta fasquía e lonxitude.

Ponte, Pilar, “Muller e poeta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 158, “Libros”, 23 marzo 2006, p. V.

Comentario centrado no volume *Rosalía de Castro, a mulher e o poeta* (2005), de Alberto Machado da Rosa, publicado por Laivento. Comeza apuntando que o estudo das figuras literarias consagradas presenta a dificultade engadida de ter que loitar contra os prexuízos creados arredor do mito, mais non é o caso do presente volume, que aposta por unha visión propia. Resáltase que o traballo é o froito da tese de doutoramento do autor, a primeira redactada en portugués en EUA, defendida en xaneiro de 1953, e que o volume vai acompañado dun prólogo de Elias J. Torres Feijó e Joel R. Gómez, membros do Grupo de Investigación Galabra da USC. Detense nas tres partes nas que se divide o traballo, nas que se abordan, respectivamente, os datos biográficos, as críticas e homenaxes que recibiu a autora, e a exposición da tese de que Rosalía foi quen de levar ao plano da poesía unha confesión sincera das súas culpas que a sitúa a carón de grandes figuras literarias europeas como João de Deus e Antero de Quental. Apunta tamén que Machado aposta por hipóteses un pouco polémicas, que no seu momento foron rexeitadas por consideralas irreverentes, como a relación de Rosalía con Aurelio Aguirre e cun veciño anónimo de Padrón co que perdeu a virxindade e co que despois mantería relacións adúlteras, a perda da fe da escritora ou o seu achegamento ao suicidio. Conclúe afirmando que “malio o máis de medio século pasado, non perdeu frescura a análise do profesor azoriano que con este e outros traballos contribuíu a internacionalizar e canonizar” a Rosalía.

Ponte, Pilar, “Dr. Moreau”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, nº 159/147, 6/14 abril 2006, p. V/7.

Cemeza por se referir a Herbert George Wells, autor da obra traducida en 2005 por Onofre Sabaté para Edicións Positivas, *A illa do Dr. Moreau*. Sinala que esta obra se acolle ao recurso do manuscrito atopado e cualifica o texto como adiantado ao seu tempo. Di que a obra é unha reflexión sobre a lexitimidade de alterar a orde natural por parte do home e salienta a habilidade do autor para crear un ambiente de suspense. Remata felicitando á editorial por publicar obras de calidade coma esta.

Ponte Far, José A., “A madurez do poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 149, “Letras en galego”, 18 febreiro 2006, p. 11.

Recensión do poemario *Versos de ausencia e desagravio* (2005), de Xosé M. López Ardeiro, “unha achega moi a ter en conta no panorama da actual poesía”. Destaca a presenza dun prólogo de Xulio L. Valcárcel e o deseño da portada realizado por Pepe Cáccamo. Recoñece os ingredientes da mellor poesía destas páxinas: comunicación, coñecemento, autenticidade e sentimento, que xorden da voz madura dun poeta de gran calidade, “dono das palabras e dos sentimentos na mesma medida”. Apunta que os versos son longos e sonoros e os poemas de longo alento e ben pautados, tanto nos de formas clásicas como nos de estrofa libre. Detense tamén na estruturación en tres partes e nos temas abordados por López Ardeiro: a nostalgia das ausencias, a evocación da terra e o amor perdido, que dan entrada ao desacougo existencial, ao fatalismo estoico, á templanza existencial diante da enfermidade, á esperanza no amor e na amizade e á comunión coa terra.

Pousa, Luís, “Escritor galego: ¿un oficio con denominación de orixe?”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 189, “En portada”, 28 outubro 2006, p. 2.

Aborda o eterno debate de se a literatura escrita en castelán por autores galegos entraría a formar parte do sistema literario do país. Comenta que se trata dun debate que xurdiu xa no século XIX e que chega até os nosos días, aínda que parece que hai certo consenso en pensar que a literatura galega é aquela que está escrita en lingua galega como defende o escritor e editor Miguel Anxo Fernán-Vello. Recóllense tamén as palabras do narrador e director da editorial Galaxia, Victor Fernández Freixanes, que opina que hai liberdade de escolla e hai que aceptar a escolla que cada un fai, explica que para el Valle-Inclán e Torrente Ballester son galegos, pero non pertencen á literatura galega. Recóllense tamén as opinións de Marta Rivera de la Cruz ou Ramón Pernas que se senten excluídos por non escribiren en galego.

Raña, Román, “Contra Maquieiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 149, “Libros”, 19 xaneiro 2006, p. V.

Logo de mencionar algunhas obras anteriores de Xosé Luís Méndez Ferrín, como *Con polvora e magnolias* (1976) e *Estirpe* (1994), anuncia a saída ao mercado de *Contra*

Maquieiro (2005), onde reconece a presenza dunha das constantes temáticas en Ferrín, a denuncia das inxustizas, centrada nesta ocasión na inxusta repartición da riqueza e a plusvalía cunha gran sinceridade e realismo.

Raña, Román, “Kalendas, Kalendas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 150, “Libros”, 26 xaneiro 2006, p. IV.

Faise eco da publicación de *Kalendas* (2005), de Xosé Lois García. Logo de citar a súa bibliografía, afirma que a obra é un amplo poema onde se narra a existencia do autor nun período concreto de tempo. Destaca a perda de intensidade poética nalgúns partes e afirma que se tratan temas como a guerra de Iraq mesturados con momentos de nostalgia, sentimentos duros ou alusións a viaxes realizadas polo autor.

Raña, Román, “Soños de Orfeu”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 151, “Libros”, 2 febreiro 2006, p. IV.

Coméntase a publicación do poemario *Orfeu en soños* (2005) de Ramón Blanco. O columnista loa a obra polo seu abundante erotismo, polas súas reflexións sobre a incompreensión das cousas, da situación política do mundo, das realidades máis crúas, das inxustizas sociais. Gústalle a súa delicadeza no xogo coas palabras e a asimilación de grandes poetas como Avilés de Taramancos, Álvaro Cunqueiro e Ferrín, entre outros. Tamén admira a facilidade coa que o poeta racha coa sintaxe.

Raña, Román, “Escuro rumor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, “Libros”, 9 febreiro 2006, p. IV.

Analiza a novela de intriga *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), do escritor Isidro Novo, que resultou gañadora da cuarta edición do Premio Vicente Risco de Literatura Fantástica. Destaca que a acción se sitúa a finais do século XXI nunha cidade, Clunia Vella, reconecida por todos ao igual que o seu alcalde, e que nela se trazan personaxes parahumanos nunha sociedade marcada polo capitalismo que consome produtos transxénicos que xeran catástrofes. Considera que se cadra a novela é un pouco longa, aínda que amena, e que mantén a intriga até a derradeira páxina.

Raña, Román, “Desde Nadir”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 153, “Libros”, 16 febreiro 2006, p. IV.

Dá conta da publicación, por parte de Edicións do Castro, da obra *Nadir* (2005), de Úrsula Heinze. Comeza facendo un repaso pola traxectoria profesional da autora, salientando que é unha escritora polifacética ao cultivar unha gran variedade de xéneros. Segue a comentar o volume, que contén corenta poemas en edición bilingüe galego-alemán. Describe as distintas pezas e cita algúns versos a modo de exemplificación. Remta facendo referencia ás ilustracións de Xosé Vizoso que acompañan os versos con temática de amor, das cicatrizes, do desexo, o anhelos de paz, ou a natureza.

Raña, Román, “Gótico Romántico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 154, “Libros”, 23 febreiro 2006, p. IV.

Refírese ao poemario *Os ollos de acibeche* (2005), de Rafael Pintos Méndez. Comeza cometando que o autor é actor de profesión, polo que crea unha personase da que se nos describe a súa estética. Menciona que a súa poesía pretende amoldarse á personase creada por el mesmo. De seguido, comenta a división do volume en sete partes: “Lamentos e nostalxias”, con intención amorosa; “Estampas malencólicas”, con gravuras finesecualres; “Lembranzas e mágoas”, que contén ilustracións mariñeiras, así como a omnipresencia da Santa Compañía; “Estampas bucólicas”, donde aparecen pinturas do Lérez; “Semblanzas”, falando de John Balan; “Noites da Caeira”, donde aparecen poemas máis góticos; e “Aires da bisbarra”, donde se atopa diverso material poético. Remata sinalando o prólogo de X. Antón Castro, que cualifica de “magnífico”.

Raña, Román, “Tovar, poeta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 155, “Libros”, 2 marzo 2006, p. V.

Saúda con entusiasmo a publicación en 2005 da obra completa de Antón Tovar por iniciativa do Pen Clube galego. Indica que a edición correu a cargo de Marcos Valcárcel e está epilogada por Xesús Alonso Montero. Considera necesaria a recuperación da poesía de Antón Tovar, polo feito de que pasou desapercibida por mor da súa escasa difusión, ao non pertencer o autor a ningunha xeración en concreto e porque nunca procurou o recoñecemento público. Salienta que se trata dunha poesía de franqueza, de desconcerto pola morte, pola falta de Deus e por unha alma atormentada.

Raña, Román, “Certezas de Fernán Vello” / “Poeta Fernán Vello”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, “Libros”, nº 156/144, 9/11 marzo 2006, p. V /5.

Celébrase a publicación do poemario de Miguel Anxo Fernán Vello *Les certitudes du climat* (2005) que contén versos en galego e a súa correspondente tradución ao francés realizada por François Davó. Indícase que os temas centrais son o amor, a paisaxe e a dor, abordados cunha linguaxe poderosa, áxil, viva e sutil. Repara tamén no diálogo que se establece coa realidade, que se entende inconmensurábel, polo que o poeta recorre a fragmentos, miraxes e momentos que fai seus a través dos versos. Destaca tamén que o volume contén un prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, moi útil para entender o poemario.

Raña, Román, “Útero de cabalos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 157, “Libros”, 16 marzo 2006, p. IV.

Gaba o labor poético de Lupe Gómez por considerala “incorrecta” e detense no seu poemario *O útero dos cabalos* (2005). Apunta que a poesía desta autora navega entre a autodestrución e o vitalismo, é contraditoria e móvese entre querer e non querer, dicir unha cousa e contradicila, polo tanto entre o desvarío e a violencia. Salienta tamén a utilización dunha

linguaxe por veces excesivamente escatolóxica, infantil, excesiva, que incide nese desexo de liberdade que non se cingue ao canónico. Valora especialmente o lirismo da autora por contundente e iconoclasta.

Raña, Román, “En casa de orfas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 158, “Libros”, 23 marzo 2006, p. IV.

Recensión do poemario *Casa de orfas* (2005), de Emma Pedreira, Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Tras felicitar os organizadores deste certame, que cumpre xa a súa quinta edición, por mantelo vivo, destaca a mocidade desta autora e a súa brillante traxectoria, que comparte con destacadas compañeiras de promoción como Yolanda Castaño, Emma Couceiro ou María do Cebreiro. Apunta nas dúas seccións nas que se divide o volume, “As orfas”, centrado en figuras femininas históricas, míticas ou persoais que e retratan con viveza; e “Casa e corpo”, máis centrado na condición íntima da muller. Valora a presenza de sutís metáforas, acertos lingüísticos e un ton de desazón e angustia “dentro dun discurso enormemente atractivo e limpo”.

Requeixo, Armando, “Edicións singulares”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 148, 12 xaneiro 2006, p.

Logo de sinalar que os “escritores davincianos” son aqueles que traballan a un mesmo tempo en máis dunha arte, afirma que na literatura galega son cada vez máis comúns e menciona como exemplos a Luísa Villalta e Paulino Pereiro. Destaca especialmente os bos resultados que obtiveron todos aqueles que traballaron á vez coa palabra e as artes plásticas. A continuación realiza un amplo repaso pola nómina de escritores da literatura galega que cultivaron simultaneamente estes campos. Destaca a Novoneyra con *Poemas caligráficos* (1979) e, na seguinte década, a Ferrín con *Homes e illas* (1986, con gravados de Xosé Lodeiro), *Morte de Amadís* (1986, ilustrado por Alberto Carpo), *O outro* (2002, con augafortes de Manuel Facal) e *Erótica* (1991, con doce debuxos de Francisco Leiro). Nos derradeiros anos do século XX destaca o importante papel xogado por Edicións do Dragón, dirixida por Francisco Souto, que publicou seis títulos, dos que destaca *A teta sobre o sol* (1996) de Olga Novo, e tamén a importante produción de Claudio Rodríguez Fer, así como a edición da novela de María Xosé Queizán, *O solpor da cupletista* (1998), ou o facsímile de *Con pólvora e magnolias* de Ferrín, publicado en 2004, ao que se lle engadiron ilustracións de Sucasas. Logo de repasar a diversos autores faise eco, para rematar, da publicación do libro de poemas *Escura e transparente* (2005), de Baldo Ramos, que tivo unha dobre tiraxe: unha de en rústica e outra “de luxo”, que constaba tan só de cento cincuenta exemplares, onde se incluía unha ilustración orixinal do propio poeta e pintor.

Requeixo, Armando, “Pulsións sentimentais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 149, “Libros”, 19 xaneiro 2006, p. IV.

Comeza realizando un repaso pola produción bibliográfica de José Ángel Xesteira, que publicou en 2005 *Contos de familia*, volume que recolle doce historias que teñen como nexo común a rememoración da etapa da posguerra, xa que é onde acontecen as diferentes tramas

nas que reconece un certo autobiografismo ficcionalizado. A continuación repasa os diferentes relatos e finaliza afirmando que detrás de cada un deles se percibe a intención de revivir un tempo pasado.

Requeixo, Armando, “Letras de fóra en galego”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 22 xaneiro 2006, p. 8.

Analiza a figura do tradutor en Galicia, que está moi menosprezada. Menciona, entre outros exemplos, que nalgúns ocasións o tradutor non aparece nin nos créditos da obra. Apunta a continuación que esa figura existiu sempre ao longo das diferentes etapas da literatura galega e indica que na actualidade o número e a calidade dos textos traducidos foi en aumento. Afirma que unha cultura que debe poder ofrecer aos seus integrantes as diferentes obras universais na súa lingua, polo que cómpre dignificar como se debe ese traballo. Finaliza citando os títulos dalgúns obras vertidas ao galego: *Manhattan Transfer* (2005), de John dos Passos por Mercedes Pacheco Vázquez; *O gatopardo* (2005), de Giuseppe Tomasi di Lampedusa por Xavier Rodríguez Baixeiras; *Un artista da fame* (2005), de Franz Kafka por Luís Fernández; a versión bilingüe dos poemas *Unha escuma de voz* (2005), de Fabio Scotti por Xavier Frías Conde; *O bosque dos raposos aformados* (2005), de Arto Passilinna por Tomas González Ahora; e *Seda* (2005), de Alessandro Baricco por M^a Cristina González Piñeiro.

Requeixo, Armando, “Patria da memoria”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 361, “Libros”, 29 xaneiro 2006, p. 21.

Dá conta da nova publicación de Antón Riveiro Coello, *Casas baratas* (2005), e sinala que no volume, ao longo de dezaseis relatos, o autor narra diferentes episodios da súa infancia en Xinzo de Limia ficcionalizados. Detense en cada unha destas narracións e loa o estilo deste escritor.

Requeixo, Armando, “Un país de contadores”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 5 febreiro 2006, p. 8.

Comeza referíndose ao cultivo do relato na historia da literatura galega, explicábel quizais pola brevidade do xénero, dada a imposibilidade de os escritores dedicarse profesionalmente ao exercicio da literatura. Cita diversas escolmas de relato curto dos anos 80 e 90 e finalmente refírese á reedición da obra *Antoloxía do conto galego do século XX* (2005), de Luís Alonso Girgado. Sinala o didactismo do estudo introdutorio e cualifica a obra como unha das máis estimábeis panorámicas do conto do século XX.

Requeixo, Armando, “Cunqueiro, Universo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, “Libros”, 9 febreiro 2006, p. IV.

Refírese á edición de *Universo Cunqueiro* (2005), onde se inclúen artigos, prólogos e conferencias escritos por Álvaro Cunqueiro entre 1941 e 1986. Valora o feito de que se

recupere parte da obra aínda inédita do escritor de Mondoñedo, así como o feito de que se presenten traducidos dende castelán, un labor realizado por Concha Martínez Mayo e Maricarme García Ares. Bota en falta uns criterios máis definidos de edición e un prólogo máis centrado na obra, xa que non considera acertado o que fai Fernando Ónega.

Requeixo, Armando, “O espolio pondaliano”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 365, 26 febreiro 2006, p. 21.

Felicitáse pola publicación da magna obra pondaliana, *Os Eoas*, que saíu á luz baixo a edición crítica de Manuel Ferreiro. Pregúntase como un texto desa valía puido pasar máis de cen anos sen editarse integramente sendo Pondal un dos clásicos da literatura galega. Indícase que o autor de Ponteceso pasou máis de cincuenta anos escribíndoa e só se publicaron pequenos fragmentos.

Requeixo, Armando, “Confíteor”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 369, “Libros”, 26 marzo 2006, p. 21.

Refírese ao novo poemario de Xosé Carlos Gómez Alfaro, *Confíteor* (2005), e menciona o prólogo do profesor vigués Ramón Nicolás, que cualifica de “revelador e documentado”. Céntrase na temática do volume, baseada no eido espiritual, algo que segundo se dí, non é algo novo neste autor. Comenta a súa dicción clásica e a enunciación elexíaca e trascendente. Remata cuns versos do poemario.

Requeixo, Armando, “Entrevistas e literatura do eu”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 2 abril 2006, p. 14.

En primeiro lugar, explícanse as características da “literatura do eu” e os subxéneros que a compoñen, así como a súa difusión no ámbito galego. A continuación refírese aos libros de entrevistas e póñense como exemplo numerosas obras que se poderían encadrar nesta tipoloxía: *Unha ducia de galegos* (1976), de Víctor Freixanes e *Oficio de escribir* (1990), de Luís Rei Núñez. Finalmente, faise fincapé na obra *Conversas con Méndez Ferrín* (2005), de X.M. del Caño, do que se di que só unha quinta parte dos seus contidos ten que ver coa literatura, que quedou reducida a favor da temática histórica e sociolóxica.

Requeixo, Armando, “O último Risco”, *Diario de Ferrol*, 21 maio 2006, p. 21.

A propósito da publicación na editorial Alvarellos de *Últimas páxinas sobre Galicia* (2005), sinala que o obxectivo do libro é a recuperación de textos inéditos dun dos escritores máis importantes da nosa literatura, Vicente Risco. Salienta que os contidos cumpren coas expectativas, xa que nos ofrecen os trazos fundamentais da prosa do escritor, que trata dun xeito didáctico temas interesantes e variados como o cinema galego, o traxe típico, as festas tradicionais ou a crítica literaria. Valora especialmente que a erudición que presentan os textos non afecte á claridade na exposición.

Requeixo, Armando, “Poesía da transcendencia”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “letras de noso”, 21 maio 2006, p. 14.

Partindo dos precedentes da Idade Media coas *Cantigas de Afonso X* no século XIII e as escolas de vilancicos de Nadal nos séculos XVII e XVIII, Armando Requeixo aborda a mestura de poesía e relixión dentro da nosa literatura. Comenta que no pasado recente da literatura galega hai nomes destacados neste tipo de composicións, entre outros Ramón Cabanillas con *Samos*, Xosé Crecente Vega con *Codeseira*, e sobre todo Xosé María Díaz Castro con *Nimbos*. Salienta que entre os poetas relixiosos dos últimos anos son dous os nomes que actuaron como guieiros: Xosé Chao rego e Andrés Torres Queiruga. Por último fai unha lembranza de tres poetas actuais que tamén cultivan esta temática: M. Regal Ledo, X. C. Gómez Alfaro e X. A. Miguélez Díaz.

Requeixo, Armando, “Memoria e lañas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 167, “Libros”, 25 maio 2006, p. 4.

Analiza as principais características da obra de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices* (2005) que, segundo Requeixo, presenta unha poesía introspectiva e amorosa, temas que trata a partir do uso dun universo simbólico complexo e sorprendente. Recoñece a presenza de símbolos como o leite, a primavera ou as aves, por veces cun significado escuro. Afirmar que tanto o tempo como as visións estrañas non son temidas porque dan sentido á propia vida e que a luz e o sangue son esas enerxías que arredan as sombras da tribo. Sinala tamén que o prólogo que acompaña o libro é pouco apropiado para os poemas que inclúe o volume.

Requeixo, Armando, “Sobre revistas e literatura da prensa literaria galega”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 25 xuño 2006, p. 12.

Considera un sorprendente fenómeno a existencia dun bo número de revistas culturais e literarias galegas e, por outra banda, o estancamento que están a vivir, así como a inexistente proliferación de novas cabeceiras. Afirmar que cada vez é menos frecuente atopar mostras creativas neste tipo de revistas e que os autores que querían dar a coñecer as súas obras nestas publicacións fano agora nas publicacións dixitais. A continuación ofrécesenos unha listase das revistas de cultura e pensamento e outra dos magacíns de periodicidade variábel. Finaliza facendo fincapé na revista *A Trabe de Ouro*.

Requeixo, Armando, “Folerpas de papel. Sobre o nadal literario galego”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 24 decembro 2006, p. 9.

Lémbrese como o Nadal foi un tempo especialmente frutífero nas nosas letras e así as panxoliñas están presentes dende a Idade Media até a actualidade, existindo en épocas tan pouco produtivas para o galego como os Séculos Escuros. Destácanse cultivadores como os mindonienses Antonio María de Castro e Neira e Luís Corral Rodríguez e, xa no século XIX, Vicente Turnes, Alberto Camino ou Francisco de la Iglesia. A esta nómina de autores aínda se lle suman algúns máis recentes como Ánxel Fole, Álvaro cunqueiro ou Celso Emilio como cultivadores desta temática que terá en Manuel María un dos máis significativos seguidores

coa publicación do volume *Panxoliñas*. Por último noméase a Manuel Rivas como o renovador deste motivo temático con *Contos de Nadal* publicado en 2003, un conxunto de oito relatos que teñen como eixo común o tempo de finais de ano.

Rivas, Manuel, “O I+D+i poético e os pementos de Padrón”, *El País*, “Grouchos”, 15 decembro 2006, p. 43.

Percorrido polos estudosos, literatos e mesmo cineastas estranxeiros que empregan o galego como lingua vehicular para as súas creacións, centran o seu labor na análise ou defensa da nosa cultura polo mun do adiante ou son habituais destas terras. Bernardo Bertolucci ou Tolkien son algúns dos nomes máis coñecidos dos mencionados por Rivas no artigo.

Riveiro Coello, Antón, “O cuarto aberto da creación ou a metaliteratura”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, nº 364, “Enfiando”, 26 marzo 2006, p. 23

Comeza referíndose á loita que mantén a literatura con outros soportes, para logo centrarse no termo metanovela ou metaliteratura, explicando a súa concepción. A seguir, pon o seu propio caso como exemplo, xa que considera que “o feito metaliterario” se deba á súa “concepción lúdica da escrita”. Continua poñendo outros exemplos como Joyce no *Ulyses*, ou Cortázar, con *Rayuela*.

Riveiro Coello, Antón, “Tradición literaria ou as voces na caluga”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, nº 373, “Enfiando”, 23 abril 2006, p. 23.

Riveiro Coello reflexiona neste artigo sobre as chaves do acto de creación literaria, entendendo que esta sempre supón continuidade cunha tradición. Tamén se refire á novela, da que afirma que se nutre da memoria e doutros retallos da vida. Subliña a importancia da lectura nun escritor e apunta: “se me quitasen toda a miña experiencia lectora sentiríame baleiro”. Señala que un escritor debe inventar unha linguaxe propia para personalizar a súa visión no mundo e para non deixarse caer no influxo da tradición literaria; para isto, sérvese das citas doutros autores. Por último, afirma que o importante dunha obra mestra é a súa perpetuación no tempo.

Rodríguez, C., “Unha fonte na cerna do tempo”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, 30 abril 2006, p. 9.

Analiza o poemario *A luz e as súas cicatrices* (2005), de Eva Veiga. Lembra que a autora procede do mundo do xornalismo e xa conta con outras obras publicadas, entre elas *Fuxidíos* (1993) tamén na colección “Esquíó”. Considera *A luz e as súas cicatrices* un mural no que se condensan as lembranzas, o presente, o ton confesional e as sensacións. Canto á estrutura da obra reconece a intención de comezar e pechar o libro coas mesmas ideas, tal como demostra o poemas inicial, “Poética”, e o final, “Infancia”. Destaca tamén o limiar de Luz Pozo que encabeza o volume.

Rodríguez, C., “López Ferreiro: a recuperación da memoria historiográfica”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 13 agosto 2006, p. 8.

Céntrase na figura de Antonio López Ferreiro, escritor e investigador da historia de Galicia e autor de obras como *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, en once volumes, recentemente traducida ao galego por Rosa María Blanco Outón; ou *D. Afonso VII, rei de Galiza, e o seu aio o conde de Traba* (2006), onde aborda a vida deste rei co fin de dalo a coñecer dende o punto de vista político e humano. Apunta que a fonte principal de Antonio López Ferreiro para a elaboración desta obra foi a *Historia Compostelá*. Refírese tamén á publicación en Laiovento de *Seis rostros do nacionalismo en Europa* (2006), de Jordi Ventura i Subirats, obra que analiza o nacionalismo dende perspectivas historicamente diferentes.

Rodríguez, C., “Cantos de desesperanza e dor”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 8 outubro 2006, p. 9.

Presenta a obra *Cantos de Maldoror e Poesías* (2005), do Conde Lautrèamont, traducidos ao galego por Xesús González Gómez. Sinala que a obra data de 1870 e que se trata dun libro estraño que causou un escándalo no seu tempo, aínda que coa chegada do movemento surrealista foi venerado e actualmente considérase unha das grandes obras da literatura. Apunta que o autor é igualmente enigmático, xa que usou un pseudónimo e morreu pouco despois de publicar este libro con só vinte e catro anos. Ademais, destaca que a tradución de Xesús González Gómez é unha versión extraordinaria porque a obra presenta unha gran complexidade debido á mestura de xéneros, o multiperspectivismo, a súa misteriosa temática, que conxuga a crueldade, a dor, a morte e o diabólico.

Rodríguez, Salvador, “Méndez Ferrín en estado puro”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*El Sábado*”/“*Saberes*”, nº 148/137, “Libros”/“Lecturas”, 12/21 xaneiro 2006, p. 2/4.

Comentario centrado no volume *Conversas con Méndez Ferrín. Historia, literatura, nación* (2005), o volume de entrevistas realizado por Xosé M. del Caño. Afirmo que non foi quen de deixar a lectura até a derradeira páxina, xa que o libro resulta, ao se ver, entretido e apaixonante. Imaxina que as conversas foron realizadas “a tumba aberta, sen guión, sen orde, sen tregua”, a pesar do subtítulo, que fai pensar nunha estruturación dos temas, e esa desorde aparente é un dos engados da obra. Salienta que Ferrín lle gaña no pulso a Del Caño, pois racha coas convencións dunha entrevista estándar e volven mostrar, unha vez máis, a un Ferrín en estado puro, lúcido e contradictorio, puntilloso e superficial dependendo dos temas a tocar.

Romero, Marga, “Azul e estranxeira”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 148, “Libros”, 12 xaneiro 2006, p. 4.

Informa da saída ao mercado da obra galardoada co XVII Premio de Poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón”, *Azul e estranxeira* (2005), onde Lupe Gómez regresa ao mundo das sentencias que tamén empregou en *Pornografía* (1995). Sinala que nesta ocasión a autora presenta un texto transgresor e antidiscursivo no que evoca a Novoneyra e emprega como símbolo de

resistencia a vaca. Remata loando a obra, recomendando a súa lectura e a asistencia a súa presentación.

Romero, Marga, “Do raio verde”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 156, “Libros”, 9 marzo 2006, p. 4.

Comenta o poemario de Rosa Méndez Fonte *O raio verde* (2005), que considera un canto á paisaxe e á memoria no que os poemas se cohesionan a través das citas de González Garcés e Neruda, na primeira parte, de Fernán Vello e L. Rosales, na segunda, na terceira, de Igor Lugrís ou Mario Benedetti e, na cuarta, deste último mais F.X. Fernández. Destaca que estamos perante un libro de amor, de plenitude e ausencia, no que se recrea un lugar idílico que por veces chega a ser ferinte.

Romero, Marga, “Non hai dous sen tres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 157, “Libros”, 16 marzo 2006, p. 4.

Informa da publicación da novela negra *Matei un home* (2005), de An Alfaya, texto gañador do Premio de Novela Curta Xulián Magariños Negreira. Opina que a novela cumpre coas liñas básicas do xénero no que se insire, pero amais profunda nalgúns conceptos como a inocencia e a culpabilidade, até tal punto que o lector se sente incapaz de vulgar o asasinato. Repara tamén nos trinta e un capítulos nos que se desenvolve a intriga, o cal responde á estrutura esixida para ser publicados por entregas.

Romero, Marga, “Baricco e nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Libros”, 30 marzo 2006, p. IV.

A propósito da publicación de *Seda* (2005), de Alessandro Baricco, na editorial “Rinoceronte”, Marga Romero valora a tradución desta obra ao galego realizada por María Cristina González Piñeiro, malia os que poidan pensar que non resulta rendíbel traducir un libro dun autor xa tan coñecido e recoñecido e lido a través do español. Apunta que se trata dunha excelente contribución á normalización da lingua e que ademais ofrece unha “(re)creación nunha lingua fermosa que conta unha historia tamén fermosa, desas historias que axudan a potenciar a lectura e que crean opinións afastadas de faladoiros intelectuais”. Salienta que *Seda* o ten todo para ser un libro de éxito: axilidade, contención e brevidade, amais de nos achegar ao relato oral, xa que é doado imaxinar a voz do narrador contándonos a historia.

Rosales, Manuel, “Fantasía e realidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 151, “Libros”, 2 febreiro 2006, p. 4.

Analiza *Fantasía e realidade* (2005) na que se recollen diversos relatos de Guy de Maupassant traducidos ao galego por María Isabel García, que tamén realizou a introdución da obra. Manuel Rosales indica que no presente volume se poden apreciar exemplos dos grandes temas tratados polo escritor francés. Sinala que amosa unha visión pesimista e cruel

do ser humano, describindo obxectivamente unha sociedade hipócrita de dobre moral, e que se fan visíbeis as pegadas da enfermidade mental do autor. Finaliza considerándoo un dos grandes escritores universais.

Ruibal, Tomás, “O último Premio Xerais”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 289, “Anaquel dos libros”, 15 xaneiro 2006, p. 13.

Faise eco da concesión do Premio Xerais 2005 a Teresa Moure por *Herba Moura* (2005). Afirma que se trata dunha obra na que se reivindic a paixón en todos os campos e na que se reflexiona sobre o papel da muller na historia. A seguir sinala que a voz narradora é a de Einés Andrade, unha muller do noso tempo, que relata os feitos que transcorreron no século XVII en Dinamarca. Indica tamén que a imaxe que aparece na portada da novela, un patchwork, serve para representar simbolicamente a estrutura da obra, que se compón de diferentes modalidades narrativas como o diario ou as epístolas.

Ruibal, Tomás, “Un clásico italiano”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 297, “Anaquel dos libros”, 12 marzo 2006, p. 11.

Comenta a tradución d’O Gatopardo (2005), realizada por Xavier R. Baixeras, que cualifica como brillante. Refírese ao autor da obra, Lampedusa, e di que nesta edición se inclúe a versión máis completa e definitiva, ademais dun apéndice con varios textos do autor referidos á xénese da novela. Insire a novela no grupo de obras mestras e compáraa coa obra de Joseph Roth e Leonardo Sciascia. Destaca a minuciosidade das descrições e o lirismo presentes nela. Remata reiterando a calidade da tradución.

Ruibal, Tomás, “Rodeados de libros”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 300, “Anaquel dos libros”, 2 abril 2006, p. 10.

Céntrase na complexa situación do mercado editorial e literario galego e español que fai máis difícil facer un balance dos libros que destacan por riba doutros. Tendo en conta os baixos índices de lectura, menciona o feito de que as grandes editoriais se adican a crear “best-sellers”, por exemplo, *El código Da Vinci*, ou *Harry Potter*. Deténse no comentario dun fenómeno que se está a producir no panorama literario español: o éxito da novela histórica, aínda que segundo a súa opinión, xa producen cansazo e endeblez. Remata facendo referencia aos premios literarios, aos que lles resta a importancia que deberían ter xa que critica a actitude do xurado que nin siquera le as obras.

Ruibal, Tomás, “Unha novela de aventuras”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 303, “Anaquel dos libros”, 23 abril 2006, p. 10.

Comeza facendo referencia aos trazos principais do xénero das novelas de aventuras para pasar a se referir a Hixinio Puentes e á súa obra *Aguillóns de Ortegá* (2005), novela que encadra neste xénero. Destaca o matiz anticipatorio do libro, a súa estrutura narrativa, artellada en cinco capítulos, e o ritmo. Por último, critica aspectos como o carácter superfluo dalgúns diálogos e certas inconsistencias que non desmerecen o conxunto.

Ruibal, Tomás, “Un dos mellores poemarios”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 313, “Anaquel dos libros”, 9 xullo 2006, p. 11.

Céntrase na traxectoria literaria de Ramiro Fonte destacando que malia practicar varios xéneros, destaca sobre todo na poesía. Entre os seus títulos salienta *Adeus Norte* –con motivo da publicación da súa versión definitiva en 2005–, obra que mereceu o Premio Esquíu 1991 e na que presenta temas universais e transcendentais como o amor, o paso do tempo ou a identidade como enigma e afirmación, todos eles abordados con gran destreza formal. Apunta que cómpre ter en conta as referencias explícitas a escritores clásicos como Shelley, Nerval, Byron, Pessoa ou Cernuda, unha relación que, sexa ou non consciente por parte do autor, cómpre entendela tendo en conta que a evocación é propia da poesía.

Seara, Teresa, “As que navegan”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 398, “Enfiando”, 15 outubro 2006, p. 23.

Faise unha achega ás poetas que despuntaron nos anos noventa como figuras claves na renovación da poesía galega, fronte á escasa presenza de mulleres poetas en décadas anteriores, salvo casos como os de Pilar Pallarés, Eva Veiga ou Luísa Villalta. Menciona a Xela Arias, Yolanda Castaño, Olga Novo ou Emma Pedreira Lombardía como voces que subverteron a linguaxe para convertela en instrumento da temática que queren expresar, como o tema erótico. De Xohana Torres salienta que co seu poemario *Tempo de ría* (1992), especialmente co poema “Penélope”, inicia a reescrita dos mitos clásicos a través da voz feminina das súas protagonistas. De María Xosé Queizán apunta que abriu as portas á reivindicación das figuras femininas rexeitadas polo mundo patriarcal, tendencia que seguirán outras poetas como Lupe Gomez ou Chus Pato. Remata citando os nomes das mulleres que hoxe en día ocupan un papel relevante na nosa literatura poética.

Torre, Sonia, “Palabra e imaxe para la historia de la ‘raia’”, *La Región*, “Cultura”, 3 febreiro 2006, p. 67.

Breve noticia na que se dá conta da edición do libro *Couto Mixto. Unha república esquecida* publicado pola editorial Xerais en 2005. Apúntase que se trata dunha obra que pretende descubrir esa zona arraiana que até 1862 gozou de singularidade política administrativa, sendo un lugar independente e que gozaba de privilexios. Recóllese tamén que o texto é de Luís García Mañá e vai acompañado de fotografías de Xurxo Lobato e de mapas explicativos da zona.

Valcárcel, Marcos, “1906: nace a Academia Galega”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, 22 xaneiro 2006, p. 8.

Percorrido polos principais acontecementos culturais que se produciron en 1906. Recóllese a fundación da Academia Galega, que tivo como antecedente próximo a Comisión Xestora para a Creación da Academia Galega, presidida por Emilia Pardo Bazán, en 1895, e como

verdadero motor á Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega da Habana, así como a publicación do *Boletín de la Academia Gallega*, que continua a editarse na actualidade. Entre os volumes que viron a luz nesta data menciona *Exclavitú*, de Lugrís Freire; o estudo do filósofo Eloy Luís André, *El histrionismo español*; y *Las 56 maneras de hacer el bacalao*, de Manuel María Puga y Parga. Tamén destaca a posta en circulación da revista ilustrada *Galicia*, dirixida por Augusto C. de Santiago. Noutro apartado informa de que naceron neste ano Lois Tobío, Xosé Filgueira Valverde, Xesús Ferro Couselo, Augusto María Casas e Felipe Fernández Arnesto, mais coñecido por Augusto Assía, e entre os falecidos cita a Valentín Lamas Carvajal, Xoán Cuveiro Piñol, Pascual Veiga e Aureliano Xosé Pereira.

Valcárcel, Marcos, “1908: O enterro de Curros”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 5 febreiro 2006, p. 8.

Lembra o enterro do poeta de Celanova Curros Enríquez na Coruña tras se producir a súa morte na Habana o 7 de marzo, no Centro Asturiano, por mor dun problema cardíaco e ao pouco trasladáronse os seus restos a Galicia. Salienta que o 2 de abril de 1908 é unha data histórica na nosa cultura, xa que a cidade se enloitou para recibir o seu corpo e ao enterro acudiron corenta mil persoas. Comenta tamén que o funeral foi católico, en contra de moitas persoas, por expreso desexo do seu fillo Adelardo.

Valcárcel, Marcos, “1911: cine para emigrantes”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 26 febreiro 2006, p. 8.

Destaca que o ano 1911 foi especialmente fecundo para Galicia xa que se publicaron obras tan importantes como *Cantares Gallegos*, de Manuel Leiras Pulpeiro ou a antoloxía de Eugenio Carré Aldao titulada *Literatura Gallega*. Salienta especialmente que este foi o ano do nacemento do cinema de tema galego, documental, para os emigrantes coa obra de José Gil, *La emigración en los puertos gallegos*, que ofrecía imaxes da emigración a América, das escolas ou das romarías.

Valcárcel, Marcos, “1912: Blanco Torres en Cuba”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 12 marzo 2006, p. 8.

Percorre o ano 1912 destacando os feitos que tiveron importancia para a lingua e a cultura galegas. Salienta a publicación do xornal *La Alborada* na Habana, onde traballaba como redactor xefe Roberto Blanco Torres que asinaba co pseudónimo de Fray Roblanto, e no que se poden encontrar colaboracións de Valle-Inclán, Eduardo Pondal ou Rey Soto. Apunta que *La Alborada* dedicou un número especial ao falecido Curros Enríquez. Entre outros feitos acontecidos nese ano menciona a saída de novas publicacións xornalísticas, a desaparición do movemento Solidaridad Galega, a inauguración da primeira exposición de Castela en Ourense e a mostra de Arte Galega que organizou o Centro Galego de Madrid, eventos que dan conta dun primeiro xermolar da nosa cultura.

Valcárcel, Marcos, “1913: *No desterro*, de Cabanillas”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 19 marzo 2006, p. 8.

Cualifica como fito cultural de gran relevancia para a historia literaria galega a aparición en 1913 de *No desterro*, a primeira achega poética de Ramón Cabanillas, que contén versos cívicos e poemas intimistas con claras pegadas modernistas e que vai acompañada dun prólogo de Basilio Álvarez que considera o cambadés como o sucesor de Curros. Lembra que nese mesmo ano o líder agrarista, moi vencellado con Cabanillas, publica *Abriendo el surco*, un manual de loita campeña que, en opinión de J.A. Durán, revolucionou as redaccións dos xornais galegos en abril de 1913 e que contén algúns dos discursos pronunciados por Basilio Álvarez. Recolle eventos como a celebración dunha homenaxe a Manuel Murguía, con motivo do seu oitenta aniversario, e a publicación do quinto e último volume da súa *Historia de Galicia* e de *Apuntes históricos de la provincia de Pontevedra*. Entre os xornais daquela época menciona, entre outros, *O Tío Pepe* na Fonsagrada; *La Causa*, da Federación Agrícola Provincial de Pontevedra; *Betanzos Liberal*; *El Demócrata*, de Lugo; *Diario Ferrolano*; *La Defensa*, semanario do Partido Republicano de Santiago; *El Pueblo*, órgano da Conxunción republicano-socialista de Vigo; *Acción Sindicalista* e *La Batalla sindicalista*, de Ferrol; *La Tetera*, de Tui; *Heraldo Gallego*, dirixido por Lustres Rivas; ou *Marín*, semanario independente no que escribiron Valle Inclán, Noriega Varela e Gerardo Álvarez Limeses. Cita ademais as publicacións culturais e literarias que naceron nese ano como *Azul*, revista literaria modernista de Ourense na que publica Vicente Risco; *La mariposa*, semanario para o fomento das artes e das letras en Vigo; *El Fustazo*, de Marín; o humorístico *La mardegracia*, en Lugo; e publicacións profesionais como *Galicia médica*, en Santiago. En América salienta a aparición de *Galicia Gráfica*, revista semanal bilingüe na que colaboran Blanco Torres, Uxío Carré Aldao, Manuel Amor Meilán ou Cabanillas, e de *La Voz de Galicia*, dirixido en Bos Aires por Francisco Álvarez de Nóvoa. No apartado dedicado aos nacementos de figuras relacionadas coa cultura salienta a Francisco Fernández del Riego, Carlos Martínez-Barbeito ou Santiago Álvarez Gómez; entre as defuncións, recolle a do escritor pontevedrés Prudencio Canitrot, ademais de se referir á concesión do Premio Nobel a Rabindranath Tagore. Menciona tamén outros libros publicados no ano 1913.

Valcárcel, Marcos, “1914: Curros en ‘Platero y yo’”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 26 marzo 2006, p. 8.

Comeza o seu percorrido pola actividade cultural de 1914 destacando a edición de *Platero y yo*, onde Juan Ramón Jiménez inclúe unha alusión directa a Curros, un poeta que coñecía dende novo, ademais de se encargar da tradución dalgúns textos de Rosalía e de *A Virxe do Cristal* que lera no Ateneo de Sevilla e dos que gardaba as primeiras edicións. Salienta tamén que 1914 foi un bo ano para os poetas, xa que naceron Xosé María Díaz Castro, Eduardo Moreiras, Matilde Lloria, ademais de Ramón de Valenzuela, o gaitero Basilio Carril, o filósofo Celestino Fernández de la Vega, Xosé Rubia Barcia, ou o mestre e escritor Avelino Pousa Antelo. Detense na publicación do derradeiro tomo das *Obras Completas* de Curros; da escolma *Las mejores poesías gallegas*, a segunda antoloxía galega do XX realizada por Eugenio López Aydillo; o estudo sociolóxico *La aldea gallega*, de Nicolás Tenorio; e en eventos como a expansión das novas salas de cine en Galicia; a fundación do Museo de Santa Tegra na Guarda; e na aparición de cabeceiras como *Betanzos*, semanario liberal; *El*

Ciudadano, da Coruña; *El Pueblo*, en Pontevedra; *La Justicia*, en Rianxo; a revista *Azul y Blanco*, de Vilalba, na que escribía Noriega Varela; *O Tío Marcos*, na Habana, dirixida por Alfredo Nan de Allariz; ou *El Centro*, Boletín do Centro Galego de Cuba, dirixido por Cabanillas. No apartado dedicado ás defuncións menciona o escultor Isidro Brocos, o escritor pontevedrés Victor Said Armesto e Eugenio Montero Ríos.

Valcárcel, Marcos, “1916: As Irmandades”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 9 abril 2006, p. 8.

Estabelece un vencello entre o ano 1916 e as Irmandades da Fala e fala da súa creación, subliñando o papel de Antón Villar Ponte ao chegar da Habana como primeiro conselleiro da directiva. Nomea os integrantes e os distintos grupos que se crearon por toda Galiza, apuntando o seu monolingüismo galego, así como o incremento de documentos na nosa lingua. Refírese ao labor do voceiro das Irmandades, *A Nosa Terra*, onde se publicou o primeiro editorial de Villar Ponte, que criticaba o rexionalismo en castelán e reclamaba a fundación de novas escolas, o estudo dos problemas económicos e o fomento do galego. Tamén fala dos colaboradores de *A Nosa Terra* e do seu labor político e cultural, e gaba os traballos historiográficos grazas aos cales podemos coñecer a historia das Irmandades da Fala. Recolle tamén os habituais apartados arredor dos escritores e outros artistas nados ou falecidos en 1916, e dos proxectos postos en marcha no ámbito do xornalismo, o cinema e a arquitectura.

Valcárcel, Marcos, “1917: Morre Pondal”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 16 abril 2006, p. 8.

Repasa os principais acontecementos que tiveron lugar en 1917 comezando coa morte de Eduardo Pondal e continuado coa publicación das obras *Da terra asoballada*, de Ramón Cabanillas; *O pazo*, de Lugo Freire; *A tola de Covas*, de Juan Pla Zubiri; *Del solar galaico*, do Marqués de Figueroa; *Los nietos de los celtas*, de Rafael López de Haro; *Rosiñas da terra*, de Luís Tobío Campos; *Mi historia política*, de Manuel María Puga y Parga; *Anduriña*, de Jaime Solá; *El arte gallego. Exposición regional 1917. Bocetos de crítica*, de Alejandro Barreiro Noya; e *Volvoreta*, de Wenceslao Fernández Florez. Tamén sinala que as Irmandades da Fala continuaban co seu labor a prol do galeguismo e que *A Nosa Terra* incorpora como debuxante a Castelao. Entre outros eventos culturais dá conta da constitución neste ano da Asociación Regionalista A Terra en Bos Aires. A seguir analiza a aparición da revista *La Centuria*, dirixida por Vicente Risco, o comezo da terceira etapa de *O Tío Marcos d’a Portela* e tamén a creación do xornal *El Ideal Gallego*, baixo a dirección de José Toubes Pego. Finaliza salientando os nacementos de personaxes importantes que se produciron ese ano como, por exemplo o de Celso Cunha, Xesús Rodríguez López ou Manuel Núñez González.

Valcárcel, Marcos, “1918: nace o nacionalismo”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 23 abril 2006, p. 8.

Repasa polos principais acontecementos relacionados con Galicia que tiveron lugar en 1918. En primeiro lugar destácase a celebración da I Asemblea Nacionalista, na que as Irmandades

da Fala se declararían nacionalistas aprobando o seu programa político. A continuación menciónase que Vicente Risco comezou nestas datas a dar a coñecer nas páxinas do xornal *A Nosa Terra* a súa *Teoría do nacionalismo galego*, e que Xoán Vicente Viqueira tamén expuxo as súas propostas ortográficas na liña reintegracionista. Entre outras, cítase a publicación das obras *O fidalgo*, de Xesús San Luís Romero; *Fermosinda*, de Francisco Porto Rey; *A carón do lume*, de Xavier Prado “Lameiro”; *Alento de Raza*, de Gonzalo López Abente; *Da terriña*, de Ramón Armada Teixeira; e *Rexurdimento e Noite de ruada*, de Leandro Carré Alvarellos. Menciona a morte de Luís Porteiro Garea, a aparición do xornal en galego *Terra Gallega*, e do suplemento *Nós. Páxinas gallegas de El Noroeste*, dirixido por Eladio Rodríguez González. Dá conta tamén dos nacementos destacados dese ano: Pura Vázquez, Xosé Conde, María Mariño e Marcial Suárez.

Valcárcel, Marcos, “Ano 1919: Risco, Castelao, LUGRÍS”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 30 abril 2006, p. 8.

Analiza todos os acontecementos culturais importantes para Galicia que tiveron lugar ao longo do ano 1919 comezando por Manuel LUGRÍS Freire, que editou nesa data o poemario *Versos de loita e Estadeíña*. Logo indica que Vicente Risco publicou *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, e Castelao, nas páxinas do xornal *A Nosa Terra* comezou a elaborar os *Contos de Castelao*. Outras creacións que tamén viron a luz foron *Frores do noso paxareco*, de Francisca Herrera Garrido; *Da Raza*, de Euxenio Carré Alvarellos; *Amor sinxelo*, de Luís Fernández Gómez; *O deputado por beiramar*, de Gonzalo López Abente; e o *Compendio de Gramática Galega*, de Leandro Carré Alvarellos. Faise eco da creación, na Coruña, do Conservatorio Nazonal de Arte Galego e da celebración, en Santiago, da II Asemblea Nacionalista das Irmandades, onde se implantou o 25 de xullo como Día de Galiza. Logo de mencionar os xornais que naceron en 1919, recolle os nacementos de Emilio Álvarez Blázquez, José Fariña Jamarco e José Luis Prado Nogueira.

Valcárcel, Marcos, “1920: A Xeración Nós, nova”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 7 maio 2006, p. 8.

Fala da importancia que tivo o ano 1920 para a cultura galega referíndose a diferentes acontecementos. Entre outros feitos, comenta a aparición da revista *Nós* que dá nome a toda a xeración e a publicación da *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco, e do *Álbum Nós*, de Castelao. Apunta tamén que nese ano se falou en galego por primeira vez nunha institución pública, que se celebrou o Día de Galiza o 25 de xullo, que o teatro galego vivía un dos seus mellores momentos e que foi un ano vizoso en libros e xornais publicados dentro e fóra de Galicia. Finalmente recolle algúns nacementos e mortes relevantes dentro do galeguismo.

Valcárcel, Marcos, “1921: ‘Céltiga’ e ‘La Zarpa’”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 14 maio 2006, p. 8.

Comenta que 1921 foi un ano no que as Irmandades da Fala deron pulo a múltiples iniciativas galeguistas. Destácanse como dous fitos importantes a creación da Editorial Céltiga e o xornal

La Zarpa, primeiro xornal de contido liberal e progresista. Tamén lembra que foi un ano de ampla creación literaria con obras de Castelao, Cabanillas, Lois Peña Novo ou Leandro Carré Alvarellos. Engade que Risco publica o seu *Plan pedagógico pra galeguización das escolas* e Francisca Herrera e Garrido un estudo sobre a muller galega. Finalmente apúntanse algúns nacementos e mortes de persoeiros relacionados coa cultura galega ocorridos nese ano.

Valcárcel, Marcos, “1922: Manifesto ‘Máis Alá’”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, nº 605, “Cen anos de historia cultural”, 21 maio 2006, p. 8.

Comeza referíndose a que a nova cultural de 1922 foi a publicación do manifesto *Máis Alá* por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, xa que supuxo a irrupción das vangardas na tradición poética galega cunha crítica radical á herdanza literaria do Rexurdimento. Afirmo que tivo unha acollida negativa por parte dalgúns intelectuais do momento e que o poeta rianxeiro non foi descuberto a fondo até 1979, cando se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Fai tamén referencia á publicación de narrativa breve moi representativa, á creación do Museo Provincial de Belas Artes da Coruña ou ao Cadro Dramático da Universidade en Compostela, así como a nacementos e falecementos de persoeiros importantes dentro da cultura galega.

Valcárcel, Marcos, “1924: El Pueblo Gallego”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, nº 607, “Cen anos de historia cultural”, 4 xuño 2006, p. 8.

Achegamento a unha serie de fitos culturais acontecidos no ano 1924. Primeiramente comenta a creación do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, de carácter liberal e aberto ao galeguismo, no que se destaca o nome de Roberto Blanco Torres como redactor xefe e outros redactores como Rafael Dieste ou Valentín Paz Andrade. Engade o nacemento en Lugo da revista *Ronsel*, polilingüe, con conciencia xeracional e con traducións de autores da vangarda española e portuguesa. Outras publicacións que nomea son *Tempos Novos* e *Céltiga* en Bos Aires e a creación da editorial Lar na Coruña. Lembra a estrea da película galega *Maruxa*, a proclamación do Gaiteiro de Soutelo como o mellor de Galiza ou a creación do Museo Municipal Quiñones de León de Vigo.

Valcárcel, Marcos, “1925: consolídase a Editorial Lar”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 11 xuño 2006, p. 8.

Refírese ao afianzamento de Lar como o feito máis representativo da nosa literatura durante o 1925. Cita as obras publicadas durante o ano, entre as que se atopan *Os probes de Deus*, de Luís Amado Carballo; *Martes de antroido*, de Francisca Herrera Garrido; *Pantelas, home libre*, de Otero Pedrayo; *O lobo da xente* e *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, de Vicente Risco; ou *Os nenos*, de Filgueira Valverde. Subliña o forte labor cultural que caracterizaba a Galiza durante a ditadura de Primo de Rivera e alude á creación do coro ferrolán *Ecos da Terra*. Tamén se refire á homenaxe a Curros Enríquez celebrado en Ourense, á conferencia pronunciada por Pedrayo sobre o poeta luso Teixeira de Pascoaes e á Reunión de Artesáns celebrada na Coruña.

Valcárcel, Marcos, “1926: Castelao, Dieste, Cabanillas”, *Galicia Hoxe*, “Cen anos de historia cultural”, 18 xuño 2006, p. 8.

Considera o ano 1926 como un dos mellores antes da guerra, pois nese ano publicáronse “as obras mestras” da narrativa breve, *Cousas*, de Castelao; *Dos arquivos do trasno*, de Dieste; *A Coutada*, de Risco; e *O purgatorio de don Ramiro*, de Pedrayo. Cita todas as obras literarias publicadas durante o 1926 e enxalza as figuras de Leandro Carré e Ánxel Casal como fundadores da editorial Lar. Tamén fai referencia aos folletos de Galaxia e á elección de Eladio Rodríguez González como presidente da Real Academia Galega, feito que supuxo “unha revitalización da institución”.

Valcárcel, Marcos, “1927: Fúndase a editorial Nós”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 25 xuño 2006, p. 8.

A fundación a cargo de Ánxel Casal no 1927 da editorial Nós é o eixo sobre o que se move o texto. A continuación, sinala as obras e textos que publicou, obras de Xaime Prada, Ramón Villar Ponte e Eladio Rodríguez González. Tamén fala do papel central que, no eido da narrativa, ocupaba a colección “Lar”, na que se deron a coñecer *Escrito na néboa*, de Otero Pedrayo e *O ilustre Cardona*, de Wenceslao Fernández Flórez. Menciona outros libros publicados no 1927 e os ingresos na RAG dese ano.

Valcárcel, Marcos, “1928: Os camiños da vida”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 2 xullo 2006, p. 8.

Do ano 1928 destaca a publicación de *Os camiños da vida*, de Otero Pedrayo; *O porco de pé*, de Vicente Risco; *O galo*, de Luís Amado Carballo; ou *De catro a catro*, de Manuel Antonio. Tamén cita os *Romances galegos*, de Blanco Amor, editados por Céltiga en Bos Aires, as obras de Xesús San Luís Romero, Magariños Negreira, Fortunato Cruces e Emilio Canda; *Conto de guerra*, de Camilo Díaz Baliño; *Alevamento*, de Lois Carré Alvarellos; o dicionario de Leandro Carré Alvarellos; as obras de Antón Villar Ponte e Xavier Prado Lameiro. Por último, cítanse *Cantigas verbas no ar*, de Xulio Sigüenza, e as cantigas de amigo de José Joaquim Nunes.

Valcárcel, Marcos, “1929: A ópera ‘O mariscal’”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 9 xullo 2006, p. 8.

Repasa as actividades culturais e políticas que tiveron lugar no ano 1929, como o funcionamento intenso da editorial Nós, que publicaba libros de autores anteriores ao grupo Nós xunto a escritores contemporáneos, entre eles *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas, ou *Pelegrinaxes*, de Otero. Salienta a estrea en Vigo dunha ópera baseada en *O Mariscal*; a publicación do poemario *Orballo de media noite*, de Roberto Blanco Torres, de varios textos de narrativa curta, e de achegas no campo do ensaio, como as realizadas por Florentino Cuevillas. No apartado dedicado a recordar a situación política e social menciona a creación da O.R.G.A. na Coruña, na que participan os autores das Irmandades, a preparación das bases para a creación de institucións culturais como a Biblioteca de Ourense ou o Lar Gallego en

Madrid, e publicación periódicas como o *Boletín de la Universidad de Santiago*. Dedicada tamén un espazo á lembranza do nacemento de persoeiros como Manuel María ou José Ángel Valente, xunto a outras figuras importantes da realidade cultural do momento.

Valcárcel, Marcos, “1932: Cristal, Resol, Yunque”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 30 xullo 2006, p. 8.

Destaca que 1932 foi o ano no que se publican tres revistas literarias dirixidas por escritores e intelectuais que tratan de dar a coñecer as manifestacións creadas naquel tempo: *Yunque*, de carácter radical e comunista; *Cristal*, que contiña textos en galego, castelán, portugués e francés; e *Resol*, unhas follas soltas que tiñan vocación popular. Ademais das revistas menciona que se deron a coñecer importantes libros da literatura galega tanto en poesía (*Mar ao norde*) coma en teatro (*Mourenza*) ou en prosa (*Contos do camiño e da rúa*), e libros de propaganda política, como *Análisis marxista del campesino gallego*. Apunta que a cultura estaba nun momento de grande actividade, como demostra a creación dos primeiros cineclubs ou a fundación do Museo Provincial de Lugo. Recolle tamén os nomes dos xornais nados neste ano, a posta en marcha da Agrupación Artística Estradense, onde Antonio Fraguas dirixía a sección de teatro, e, no campo da política, a importancia das asembleas, xa que 1932 viviu o debate arredor do Estatuto de Autonomía polo que loitaron partidos como Unión Socialista Galega.

Valcárcel, Marcos, “1934: Monumento a Curros”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 10 setembro 2006, p. 8.

Destaca como acto máis singular do ano 1934 a inauguración na Coruña da escultura dedicada a Curros, obra de Asorey, xunto a feitos como a publicación de *Retrincos e Os dous de sempre*, de Castelao, e *Fra Venero e A romería de Xelmírez*, de Otero Pedrayo, a homenaxe ao editor Ánxel Casal ou o ingreso de Castelao na Academia Galega.

Valcárcel, Marcos, “1935: Nacen ‘Ser’ e ‘Guieiro’”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 17 setembro 2006, p. 8.

Recole feitos acontecidos en 1935, como o carácter aglutinador do galeguismo que adquire o xornal *A Nosa Terra*, a publicación de *Devalar*, de Otero Pedrayo, e dos *Seis poemas galegos*, de Lorca. Inclúe tamén un listado de persoeiros da cultura galega nados ou falecidos nese ano. Entre os primeiros, salienta o poeta Avilés de Taramancos.

Valcárcel, Marcos, “1939: Segue a represión”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 22 outubro 2006, p. 8.

Salienta que 1939 é un ano de poucas novas para a literatura galega do interior, tendo en conta que se trata dos tempos máis duros da represión dentro do que será unha máis que longa posguerra, e que só no exilio se atopan mostras, se ben aínda moi fébeis, de obra escrita na lingua propia. De entre elas destaca o libro de poemas de Ramón Rey Baltar, *A gaita a falare*.

Lembranzas e maldicións. Alude ao labor concreto de distintos exiliados ilustres, entre eles Rafael Dieste e Castelao. Do primeiro e de Álvaro Cunqueiro resume o seu labor no ano referenciado, e menciona os nomes de distintos intelectuais nados ao longo deses doce meses.

Valcárcel, Marcos, “1940: Resistencia no exilio”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 29 outubro 2006, p. 8.

Afirma que América é o reduto no que no primeiro ano de posguerra en España se vai recuperando a cultura feita en galego, destacando o papel de Luís Seoane, un dos principais dinamizadores desa vida cultural a través do seu labor como editor en Bos Aires, de Lorenzo Varela en México ou a redacción, en Nova York, por parte de Castelao do libro segundo de *Sempre en Galiza*. Contrapón esta situación coa que se vive en Galiza, onde a lingua é totalmente eliminada da vida pública. Polo que se refire aos nacementos e defuncións acontecidos durante 1940, destaca o falecemento do poeta Manuel Lugo Freire e o nacemento de Paco Martín.

Valcárcel, Marcos, “1941: Os vellos... de Castelao”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 5 novembro 2006, p. 8.

Destaca como nova cultural do ano 1941 a estrea, en Bos Aires, da obra teatral de Castelao *Os vellos non deben de namorarse* e refírese a como, dende a mesma cidade, Luís Seoane concentra o grosu da produción editorial en galego. En despezes complementarios alúdese ao ingreso na Real Academia Galega de Fermín Bouza Brey e ao nacemento de Carlos Casares e Francisco Pillado Mayor.

Valcárcel, Marcos, “1936: As vítimas da cultura (70 anos despois)” / “1936: As poutas do terror”, *La Región / Galicia Hoxe*, “*Sociedad*” / “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 12 novembro / 1 outubro 2006, p. 81 / p. 8.

Percorrido pola represión levada a cabo contra a cultura galega durante o réxime franquista a través dunha proluxa enumeración dos nomes de exiliados, fusilados e demais represaliados en todos os ámbitos do mundo intelectual da nosa terra, con especial atención ao mundo da prensa. Tamén recolle Valcárcel os nomes de certos literatos que se puxeron dende o principio ao servizo da ditadura. Entre eles, destaca a Vicente Risco.

Valcárcel, Marcos, “1942: Día da Galiza Mártir”, *Galicia Hoxe*, “Cen anos de historia cultural”, 12 novembro 2006, p. 8.

Apunta que 1942 é o ano da reaparición do xornal galeguista *A Nosa Terra* no exilio, da declaración do 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos ou da aparición, no propio *A Nosa Terra*, de dous fragmentos da novela de Blanco Amor *La catedral y el niño*. Tamén destaca que nesas datas van xurdir en América as primeiras mostras de literatura en galego tras a Guerra Civil, entre as que sobrancea o poemario *Jacobusland*, de Emilio Pita; e que Lorenzo Varela chega a Bos Aires e publica en decembro outro poemario, *Torres de amor*. En

dous despeces complementarios presenta outros fitos de 1942, entre eles, unha lista de persoeiros nados ao longo dese ano.

Valcárcel, Marcos, “1943: Castelao, Seoane, Varela...”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 19 novembro 2006, p. 8.

Resalta a importancia do exilio para o mantemento da cultura galega durante os tempos máis duros da ditadura. Entre os exiliados máis activos por 1943 cita a Luís Seoane, sobre todo a través do seu labor como editor; e a Lorenzo Varela, outro dos que máis traballou a prol da cultura propia dende a outra beira do Atlántico. En dous despeces complementarios alude ás mortes e aos nacementos de persoeiros ilustres en 1943 e a fitos varios relacionados coa literatura e a prensa en Galicia, como a aparición da *Revista de Galicia*, na que foi redactor xefe Celso Emilio Ferreiro.

Valcárcel, Marcos, “1948: Tempo de revistas”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 24 novembro 2006, p. 8.

Cita diversas revistas que se publicaban no ano 1948, como *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía* (dirixida por Ramón González Alegre e bilingüe galego-castelán), *Mensajes de poesía. Revista de poesía* (dirixida por Eduardo Moreiras e tamén galego-castelán); *Sonata Gallega*, ou *Cuadernos de Estudios Gallegos* (de historia e etnografía). Tamén menciona un par de acontecementos que tiveron lugar nese ano: a inauguración da Primeira Mostra do Libro Galego, organizada por Luís Seoane no Centro Galego de Bos Aires, e a lectura de *Alba de Groria* por parte de Castelao.

Valcárcel, Marcos, “1944: Sempre en Galiza”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 26 novembro 2006, p. 8.

Entre os fitos que marcan este ano, os dous dende o exilio, recolle a publicación do ensaio *Sempre en Galiza*, de Castelao, e a creación do Consello de Galiza. Do primeiro ofrécese unha ampla análise do seu significado para o galeguismo republicano e da influencia que exerceu posteriormente “na formación das novas elites nacionalistas”. Do mesmo xeito, ofrece cumprida información tanto do Consello de Galiza como do pacto Galeuzca, que se reafirmou no exilio. Tamén menciona as obras publicadas alenmar, entre elas, a edición de *Catro poemas pra catro grabados*, de Lorenzo Varela, para o álbum de Seoane *María Pita e tres retratos medievais*. No mesmo ano destaca a constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que substitúe o clausurado Seminario de Estudos Galegos, e o nacemento de Xesús Ferro Ruibal.

Valcárcel, Marcos, “1945: Posío, Gelmírez, Galeuzca”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, nº 633, “Cen anos de historia cultural”, 3 decembro 2006, p. 8.

Destaca que 1945 transcorre entre os primeiros intentos, aínda moi tímidos, de recuperación cultural na Galiza interior e a actividade constante do galeguismo de América. Apunta que foi

un ano prolífico no que se refire a nacementos de xentes de letras: Alfredo Conde e Euloxio R. Ruibal son algúns dos nomes máis destacados de entre os literatos que viron a luz ao longo destes doce meses. Nunha columna complementaria ofrece información sobre o nomeamento da novelista Francisca Herrera Garrido como académica de honra da Real Academia Galega e sobre o labor como editor de Luís Seoane en América.

Valcárcel, Marcos, “1946: nace o xornal ‘La Noche’”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 10 decembro 2006, p. 8.

Refírese á saída, no mes de febreiro de 1946, do xornal *La Noche*, no que asinarán Ramón Otero Pedrayo (coa súa sección “Parladoiro”), Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro; ao nacemento, en Ferrol, de *Galas*, no que colaboran Ricardo Carballo Calero ou Agustín Sixto Seco. Salienta que a prensa galega de América, pola súa banda, continúa a defender a República e o galeguismo dende a outra beira do Atlántico.

Valcárcel, Marcos, “1947: Parladoiro, de Otero”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cen anos de historia cultural”, 17 decembro 2006, p. 8.

Percorrido polos principais fitos da cultura galega no 1947. Entre eles, resalta a aparición da sección “Parladoiro”, de Ramón Otero Pedrayo, no xornal compostelán *La Noche*; a aparición de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, que supuxo a volta ao galego na literatura na Galiza da posguerra; e a creación do Padroado Rosalía de Castro. En dous despezes alude a outros acontecementos importantes para a cultura galega, resumindo as actividades levadas a cabo no exilio, as xuntanzas entre os galeguistas das dúas beiras do Atlántico, e mencionando os nomes de diferentes literatos e persoeiros da cultura galega nados no 1947.

Valcárcel, Xulio, “Maneiras de querer”, *El Ideal Gallego*, “*G!*”, “Páxina literaria”, 8 xaneiro 2006, p. 4.

Co gallo da publicación da obra poética reunida de Vicente Araguas por Espiral Maior, co título *Maneiras de querer* (2005), analiza o feito de que algunhas obras de Vicente Araguas non tivesen moita sorte e apunta como posíbeis causas a mala distribución, o silencio dos críticos ou as tiraxes curtas, por exemplo. Loas a gran fidelidade que tivo o poeta coa literatura galega, inda vivindo afastado de Galiza. Analiza a continuación as principais características da súa poesía, como o marcado ton persoal dos seus poemas, a presenza de intertextualidades e referencias culturais mesturadas con outras moito máis vulgares, ou as técnicas impresionistas e cinematográficas que se aprecian en moitas das súas composicións. Remata mencionando a gran variedade de rexistros que posúe o poeta.

Valcárcel, Xulio, “Novo libro de Ardeiro”, *El Ideal Gallego*, “*G!*”, nº 401, “Páxina literaria”, 12 febreiro 2006, p. 4.

Celebra a publicación do libro *Versos de ausencia e desagravio* (2005), do poeta Xosé Manuel Ardeiro. Salienta que o poemario é froito da necesidade que sente o autor por

expresar os seus sentimentos, ao se atopar doente dunha enfermidade contra a que se rebela sen darse por vencido, aínda que en ocasións se manifesta que baixa a garda e daquela os poemas tínguense de cores escuras e tristes. Recoñece que resulta asombrosa a súa valentía, a coraxe coa que loita nunha situación extrema, pois quere conseguir adiar o final.

Valcárcel, Xulio, “Couto Mixto”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina literaria”, 19 febreiro 2006, p. 4.

Recensión que comeza falando do territorio Couto Mixto, peculiar e fronterizo, para logo centrarse na achega historiográfica que supón o volume que leva o mesmo título, *Couto Mixto* (2005), de Xurxo Lobato e Luís Manuel García Mañá. Describe a orixe do Couto, a súa poboación, escasa, o idioma, os costumes, basicamente galegos ou as características propias da zona. Segue, referíndose ás duras condicións de vida tomando como referencia as extraordinarias fotos de Xurxo Lobato que amosan a integración, neste volume, das aportacións literaria e gráfica.

Valcárcel, Xulio, “Cabaret Voltaire”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina literaria”, 12 marzo 2006, p. 4.

Crítica sobre a novela de Jaureguizar *Cabaret Voltaire* (2005) que comeza destacando que foi galardoada co Premio García Barros pola súa perfecta construción en tres tempos, pola linguaxe áxil e rica e tamén polo tratamento da historia. Achega un resumo da trama, indicando que ten como protagonista o enxeñeiro alemán Wilhelm Kurtz, que chega a Ribadeo para dirixir o porto onde se comercializan diversos minerais, e que acción se localiza en vésperas da Segunda Guerra Mundial. Salienta a inclusión de referencias históricas, do humor, da ironía e recoñece a utilización do recurso da cámara fotográfica que se detén nos pequenos detalles.

Valcárcel, Xulio, “Estudo da poesía de Novoneyra”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina literaria”, 2 abril 2006, p. 4.

Recoñece que o libro de Olga Novo, *Lingua Loaira* (2005) é importante porque nos desvela parte do hermetismo que agochan os versos do poeta do Courel, Uxío Novoneyra. Pensa que con esta publicación se supera a traba que atopa quen se achega á súa obra, debida en parte á cantidade inxente de vocabulario que resulta inaccesíbel para o lector. Propon que esas composicións se adapten ao galego estándar como se fai coa lírica medieval. Comenta ademais que Olga Novo se achega á súa vida e á súa obra ofrecéndonos as claves para entender a súa poética: a neve, a auga, a ollada, a casa e a terra, e afirma que todas elas revelan como Uxío Novoneyra se fundiu coa súa paisaxe e coa súa lingua, en definitiva, co seu Courel.

Valcárcel, Xulio, “A luz de Eva Veiga”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxinas Literarias”, 16 abril 2006, p. 4.

A propósito do libro de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices* (2005), sinala Xulio Valcárcel que presenta unha análise da realidade introspectiva, liña que se xunta á tendencia de expor poeticamente reflexións de carácter filosófico como a idea do fluír permanente. Salienta que a poesía de Eva Veiga presenta un imaxinario complexo e con múltiples significacións e suxestións e, neste caso, a luz convértese nun motivo poético que dá sentido á realidade asemade supón que esta teña significados diferentes. Recoñece que as cicatrices ou as feridas son outro dos motivos fundamentais, que contribúen a afondar no ton dramático das composicións.

Valcárcel, Xulio, “A tarde de Suso Pensado”, *El Ideal Gallego*, “G!”, nº 414, “Páxina literaria”, 14 maio 2006, p. 4.

Noticia sobre a presentación de *A tarde* (2005), o poemario de Suso Pensado galardoado co premio Uxío Novoneyra na súa última edición. Comenta que estamos perante o primeiro libro de creación do autor, cuxo tema central son as sensacións de esplendor, preguiza e tranquilidade das tardes de verán. Con todo, sinala que o eu poético non deixa de interrogarse sobre cuestións esenciais, no marco dunha adolescencia “que berra e que se crispa”, e que amosa tamén a evolución dende a inocencia adolescente até a madurez na que se perden as posibilidades e ilusións da mocidade, “porque o sol na súa luz cegadora anuncia tamén a vertixe do baleiro”.

Valcárcel, Xulio, “Artigos de Anxo Tarrío”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina literaria”, 28 maio 2006, p. 4.

Recomenda a lectura da recompilación feita por Anxo Tarrío dos seus propios artigos, publicados en diferentes xornais e revistas, baixo o título de *A Baloiira* (2005) e o subtítulo “Cidadanías, Literaturas, Mundos”. Indica que se trata dun corpus denso, variado e atractivo sobre a propia realidade e actualidade que reflicte. Engade tamén a recomendación de visitar a exposición de pinturas de Julia Izquierdo na Coruña, polo lirismo intimista, a variedade de cores, o idealismo, a atención aos detalles e pola sensualidade dos instrumentos musicais e corpos femininos que debuxa.

Vázquez Tierra, Antonio, “Rebeldía, relixión e erotismo en Antón Tovar”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Cultura”, 16-22 marzo 2006, p. 30.

Comentario centrado na obra poética de Antón Tovar con motivo da publicación dos volumes *Poesía en galego I (1962-1975)* e *Poesía en galego II (1980-2001)*, que publicou en 2005 o Pen Clube. Conta que hai moitos anos que segue a este poeta, dende os seus primeiros libros en galego, agrupados nun volume pola editorial AKAL, *Poesía galega completa* (1974), pasando por *Calados esconxuros*, Premio da Crítica Española 1980, *Berros en voz baixa*, no que recoñece un ton máis pragmático e divulgativo, até chegar á súa derradeira etapa, *A nada destemida*, libro de sonetos “nihilista, provocador e arrebatado”. Sinala que Tovar pode ser considerado un clásico, á par de Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro, e recomenda a lectura dos seus poemas sobre todo aos máis novos. Apunta que esta edición da súa obra completa vai precedida dun prólogo de Marcos Valcárcel, especialista na súa obra, e conta con ilustracións

de Xaime Quessada, e que nela se observan as claves fundamentais da personalidade de Tovar: a súa afección á filosofía, o desacougo relixioso, o erotismo, a crítica aceda e mordaz, a ironía, a rebeldía contra case todo e un fino sentido do humor. Recomenda tamén a lectura de *Antonio Tovar. Conversas cun vello revoltado*, de X. M. del Caño.

Veiga, Eva, “O raio verde”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 372, “Enfiando”, 16 abril 2006, p. 23.

Céntrase na publicación do poemario *O raio verde* (2005), da escritora ferrolá Rosa Méndez, publicado por Espiral Maior. Destaca como características da obra a sentimentalidade e a reflexión profunda sobre a vida e as emocións, así como a unidade temática e emocional do poemario sen caer na monotonía. Sinala que a estrutura interna e formal consta de catro partes introducidas cada unha delas por citas significativas doutros poetas, e apunta que nas tres primeiras partes os núcleos temáticos son o amor, a liberdade, a soidade e a morte, e que na cuarta non hai poemas propios, só dúas citas de Naval e Benedetti.

Ventura, Joaquim, “Vocación de xénero”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 182, “Literatura e sociedade”, 2 novembro 2006, p. II.

Sinala Joaquim Ventura que as novelas sempre foron un espello da sociedade á que ían dirixidas. Exemplifica a súa afirmación indicando que mentres a sociedade e a literatura se moveron en termos simbólicos, as novelas contiñan personaxes que simbolizaban virtudes e defectos, como na materia de Bretaña; cando o humanismo foi o eixo das ciencias, os protagonistas eran heroes individuais como Tirant lo Blanc, Don Quixote ou o Lazarillo; mentres que cando se difundiron crenzas como a bondade intrínseca do home, as novelas de aventuras integraron personaxes como Robinson Crusoe ou Gulliver. Co establecemento da Historia como disciplina científica, a novela incorporou a temática histórica –como exemplo cita *Guerra e paz*, de Tolstoi, primeira narración dunha batalla con rigor militar e histórico– e difundíronse as biografías literarias; anos despois sinala a moda da historia das mentalidades, verquida en novelas convertidas en éxitos de vendas como *Os piores da Terra*, de Ken Follet, ou a serie do capitán Ala Triste, de Arturo Pérez-Reverte, ou as obras de Matilde Asensi. Apunta que na última celebración do día de Sant Jordi, o libro máis vendido foi *A catedral do mar*, de Ildefonso Falcones, que posúe “unha xestación honestamente atípica” e que ten vocación de novela histórica documentada que contén unha boa aproximación ao que foi a Idade Media catalá. Nun apartado á parte sinala a importancia que tivo nas letras galegas a publicación dunha novela histórica chea de erudición: *A romería de Xelmírez*, de Ramón Otero Pedrayo, porque rompeu a barreira de que “a lingua galega era de labregos”. Sinala que Otero lle outorga ao prelado compostelán unha dubidosa dimensión galeguista e que a novela é “un texto apenas válido como arqueoloxía literaria”, con erros evidentes e anacronismos imperdoábeis que non fixo notar a edición dada a coñecer hai uns anos por Henrique Monteagudo “cun resultado máis que discutible”.

Ventureira, Rubén, “Os misterios do himno galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 180, “En portada”, 30 setembro 2006, p. 2.

Reportaxe na que se fai unha pescuda arredor das orixes do himno galego, facendo referencia á primeira vez que foi entoado en público e a outras diversas anécdotas que rodean a historia dun canto de cuxa letra foi autor o poeta Eduardo Pondal e principal impulsor o ferrolán Xosé Fontenla Leal.

Vidal Villaverde, Manuel, “Cantos de Maldoror”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 487, “Musas”, 22 xaneiro 2006, p. 51.

Dá conta da publicación de *Cantos de Maldoror e Poesías* (2005), tradución realizada por Xesús González Gómez da obra de Isidore Ducasse, Conde de Lautrèamont (Montevideo, 1846-París, 1870), *Les chant de Maldoror Pòésies*. Recolle algúns testemuños de importantes escritores como Rimbaud, Raymon Jean ou Tristan Tzara arredor desta obra e destaca o importante papel que xogan na normalización da literatura galega as traducións.

Vidal Villaverde, Manuel, “Universo Cunqueiro”, *La Opinión*, “*La Revista*”, “Musas”, 5 febreiro 2006, p. 41.

Dá conta da publicación de *Universo Cunqueiro* (2005), onde se reúnen un conxunto de textos de Álvaro Cunqueiro de diversa temática e natureza (artigos, prólogos, ou capítulos de libros colectivos, conferencias, etc.), que teñen como trazo común o culturalismo e o afán de erudición do seu autor. Destaca que a obra conta cun prólogo de Fernando Ónega no que se analiza o Cunqueiro articulista, conferenciante e erudito.

Vieites, Manuel F., “Rituais de amor calado”, *Faro de Vigo*,/*La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, nº 148/136, “Teatro”/“Candilejas”, 12 / 14 xaneiro 2006, p. VIII/8

Logo dunha breve reflexión sobre o feito de que os textos teatrais tamén son textos para ler, dá conta da obra de Inma Antón, *A ciencia dos anxos* (2005), coa que gañou o Premio Rafael Dieste de Teatro no 2003. Indica que na peza se mesturan diversas cuestións e problemáticas como a ética da investigación científica ou as finalidades concretas dunha breve vida. Conclúe analizando a temática, que ten como pano de fondo a historia amorosa de Luz e Gabriel.

Vieites, Manuel F., “Sobre a figura de Avelino Rodríguez Elías”, *Faro de Vigo*, “*Faro da cultura*” nº 150, “Teatro”, 26 xaneiro 2006, p. III.

Coméntase a publicación dun libro sobre a figura e traxectoria de Avelino Rodríguez Elías escrito por Gerardo González Martín, no que se parte dunha reflexión xeral sobre as dificultades dos historiadores teatrais galegos para escribir sobre o xénero. Dise que o libro de Gerardo González Martín destaca a Avelino Rodríguez Elías como unha das principais voces dentro do xornalismo e do teatro galego na primeira metade do século XX. Lémbrese que esta obra presenta unha prosa rica e fluída, tanto nos tres capítulos centrados na figura de Avelino Rodríguez, como no apéndice, que recolle as biografías de varios vigueses relacionados con el.

Vieites, Manuel F., “Vigo, capital da arte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da cultura*”, nº 164, 4 maio 2006, p. VIII.

Coméntase que Vigo acolleu con éxito os actos do Día Internacional da Danza e que é necesario crear na cidade unha Escola Superior de Danza para formar profesionais da coreografía, da danza, docentes e intérpretes. Propónse Vigo como mellor emprazamento para isto por ser a capital económica de Galicia e capital xeográfica do Eixo Atlántico. Dise que coas ensinanzas de Arte Dramática, Deseño, Danza e o Conservatorio Superior de Música, Vigo podería conformar unha sorte de Cidade das Artes. Engádese que a cidade sería un espazo fundamental nos eidos da formación, creación e investigación no ámbito das artes escénicas. Finalmente apúntase que para ser isto posíbel a curto e medio prazo é necesario contar cun espazo físico concreto e coa implicación activa de institucións como a Deputación e de entidades privadas importantes.

Vieites, Manuel F., “O teatro galego en 1936”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Teatro”, 7 setembro 2006, p. VIII.

Tras sinalar a morte en 1936 de dous importantes dramaturgos galegos, Valle-Inclán e Antón Villar Ponte, faise un percorrido polos efectos da represión franquista nese mesmo ano dentro do eido teatral, cunha triple distinción entre os persoeiros que foron asasinados, os que se viron obrigados a exiliarse e os que, aínda que permaneceron en Galicia, foron desterrados a un longo silencio na súa actividade creadora. O autor do artigo sinala que o noso teatro aínda segue a loitar contra as consecuencias dos case corenta anos de ditadura na cultura galega.

Vilavedra, Dolores, “Mil ‘rosalías’ máis”, *El País*, “*Luces*”, “Galicia”, 1 decembro 2006, p. 42.

Percorrido pola literatura galega feita por mulleres, partindo da figura de Rosalía de Castro, da que se apunta que a súa alongada sombra tivo consecuencias tanto positivas como negativas para as que a seguiron. De entre as poetas que continuaron co seu legado menciona os nomes de Luz Pozo ou María Xosé Queizán. Non obstante, o verdadeiro “terremoto lírico” en feminino deuse nos anos noventa, coas voces de Chus Pato, Iolanda Castaño, Lupe Gómez ou Emma Couceiro. Entre as poetisas máis recentes, apunta que María do Cebreiro ou María Lado seguen a renovar un xénero que non pode entenderse do mesmo xeito que nos tempos de Rosalía porque mudaron tanto as inquietudes propias como o papel da muller dentro da sociedade na que traballan as novas autoras. Xunto á poesía, insiste na existencia, tamén, dunha xeración de narradoras de talento na literatura galega actual, como Marilar Aleixandre, que garantiu o tránsito xeracional cara a unha narrativa nova feita por mulleres na que a experimentación e a discrepancia están á orde do día; Anxos Sumai ou Teresa Moure.

Vilavedra, Dolores, “Enchendo os furados negros”, *El País*, “*Luces*”, 15 decembro 2006, p. 38.

Reflexiona arredor da necesidade de que a literatura sirva para recuperar a memoria das vítimas da Guerra Civil española, un acontecemento histórico que só en datas recentes se comezou a traer á memoria do público, tras décadas de represión franquista. A autora sitúa como punto de inflexión nesa recuperación memorística a publicación, en 1998, da novela *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas. Non obstante, apunta Dolores Vilavedra, a ficcionalización do conflito na narrativa galega non se centrou tanto na propia guerra coma na posguerra e, sobre todo, nos que nela padeceron as consecuencias do réxime franquista: exiliados, mulleres, fuxidos e demais represaliados. Polo que se refire á poesía, salienta que a propia síntese inherente ao xénero potencia a intensidade e a denuncia nos textos. Remata asegurando que a recuperación da memoria non é unha simple moda, senón unha necesidade inscrita na propia cidadanía. O artigo complétase cun despece no que se reflexiona sobre o gran número de premios concedidos nos últimos anos a novelas sobre a Guerra Civil española que tiñan como público destinatario aos mozos, mencionando algúns dos títulos que tiveron un maior predicamento entre os adolescentes galegos: *Cielo abajo*, de Fernando Marías; *Noche de alacranes*, de Alfredo Gómez Cerdá; *Silencio no corazón*, de Jaume Cela; *Noite de voraces sombras* (2002), de Agustín Fernández Paz; *Corredores de sombras* (2006), de An Alfaya; *Todo o peso do ceo*, de Martínez Oca; *Tristes armas*, de Marina Mayoral, ou *Aqueles anos do Moncho*, de Neira Vilas.

V.O., “Ano 1937: os días da resistencia”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Cen anos de historia cultural”, 8 outubro 2006, p. 8.

Sinálase que no exilio e na zona española aínda en mans dos republicanos foron os únicos lugares nos que a cultura galega se puido desenvolver nestas datas, dando lugar a iniciativas como o xornal antifascista *Nova Galiza*, dirixido sucesivamente por Castelao e Dieste, ou a publicación por parte do primeiro de dous dos seus álbumes de guerra: *Galicia Mártir* e *Atila en Galiza*. Recóllese tamén que o propio Dieste mais Lorenzo Varela participan no II Congreso Internacional de Escritores Antifascistas, celebrado en Valencia e como o mundo do exilio celebra, pola súa banda, o centenario do nacemento de Rosalía que en Galiza, dadas as circunstancias, pasa moito máis desapercibido. En dous despeces engádense nacementos, mortes e fitos da cultura de 1937: a chegada de Luís Seoane a Bos Aires e o seu labor de dinamizador, a aparición de publicacións pro-fascistas no interior do país ou o “paseo” do xornalista Johán Carballeira.

Xestoso, Manuel, “Os que non len nada e os que cren todo o que len”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Cultura”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 28.

Comentario da tradución ao galego da novela de Flaubert, *Bouvard e Pécuchet*, realizada por Ana M^a Galego en 2005 para Toxosoutos, un texto que reconece como “obxecto de culto ao longo do século XX e que se convertería en libro de cabeceira de lectores tan atentos como José Martí, Joyce, Robbe Grillet ou Peter Greenaway”. Valora o significado desta tradución para o sistema literario galego, aínda que se lamenta de que a edición sexa tan “paupérrima”, nun formato de peto “que non está á altura da magnitude do suceso”. Resume o argumento da novela e salienta que Flaubert introduce un caso extremo de lector: o que interpreta literalmente todo o que le e ten unha fe cega na letra impresa que lles impide distinguir entre a verdadeira sabedoría e a charla necia. Ao mesmo tempo identifica a crítica do autor francés á

mesquindade pequenoburguesa, o carácter de antinovela do texto, antecesora das creacións de Queneau, Perec ou Calvino, e o distanciamento do autor, que sitúa o lector “na dúbida permanente sobre se o que ten entre mans é unha radical reprobación da ciencia, ou unha parodia que ridiculiza a simple transmisión acrítica de ideas establecidas”.

Xestoso, Manuel, “Decadente lucidez”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 28.

Unha cita do príncipe Fabricio di Salina é a frase coa que comeza esta recensión sobre *O gatopardo*, de Giuseppe T. Lampedusa. Co fin de comprender o significado do libro percórrese a vida do autor, cítanse as críticas que soportou a obra cando saíu do prelo e defínese como unha novela “orixinal” logo de ser traducida ao galego en 2005. Abórdase a temática e os matices históricos de *O gatopardo*, aínda que se advirte que non pode ser considerada unha novela histórica en aparencia. Fálase do continuo devalo que sofre o existente e da imposibilidade de parar o tempo. Trátanse as emocións que están presentes na novela e destácanse as descrições de Lampedusa vencelladas a Eros. Dise que a base do escrito é a dialéctica entre a fugacidade da vida e o amor sensual. Finaliza enxalzando a tradución e recomendándolles a obra aos lectores.

X.F., “A recuperación dunha epopea”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 155, 1 abril 2006, p. 12.

Infórmase da saída do prelo de *Carrilanos* (2005), de Rafael Cid libro que recibe o mesmo título co documental que tratou a construción do ferrocarril entre Puebla de Sanabria e Ourense. Sinálase que o libro, ademais de incluír o contido esencial do filme, incorpora novas achegas de interese. Trátase a estrutura narrativa e faise fincapé nos anexos que lle confiren un valor engadido á obra.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abeleira, Xoán, “Arte e meditación”, *La Opinión*, “Asieu”, 2 xaneiro 2006, p. 20.

Apoiándose en versos do *Libro dos mortos tibetano*, reflexiona sobre o concepto de artista e mais sobre as tres grandes ferramentas do saber: escoitar, contemplar e meditar. Chega á conclusión de que o artista, como ser humano, ten que rexeitar a preguiza, e ficar nun estado de continua esculca

Abeleira, Xoán, “Os anxos de Luís Seoane”, *La Opinión*, “Asieu”, 17 abril 2006, p. 18.

Partindo de catro historias nas que se lembran os mártires da guerra civil e nas que son equiparados cos anxos que Luís Seoane pintou como representación do pobo galego, ao se converter en “anxos de toda a humanidade”.

Abeleira, Xoán, “Honra e vergoña”, *La Opinión*, “Asieu”, 29 maio 2006, p. 18.

Faise unha longa descrición da política “antigalega” que está a levar a cabo o director do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Rennes, Moisés Ponce de León, e que provocou que a actual lectora, a poeta Olga Novo, fose cesada do seu posto polas súas críticas. Afírmase que Ponce de León despreza a lingua galega e tamén a bretoa, que na súa Universidade só hai libros relacionados coa arqueoloxía e que non se catalogan os libros, que leva libros para a súa casa ou que non leva a ningún conferenciante que fale galego, entre outras cousas. Ademais, criticase que a SXPL (Secretaría Xeral de Política Lingüística) cese a Olga Novo e non faga nada perante esta política herdada do goberno do PP.

Abuín de Tembra, Avelino, “¡Aleluia en Rianxo!”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 5 febreiro 2006, p. 5.

Fala dos vínculos entre Castelao e Rianxo e asegura que ninguén impedirá que, tarde ou cedo, o Museo de Castelao sexa unha “gozosa certeza para Rianxo e para Galicia” e subliña que cómpre integrar no acervo colectivo de Rianxo as casas natais de Castelao, Manuel Antonio e Rafael Dieste.

Abuín de Tembra, Avelino, “Xustiza para Bóveda”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 6 marzo 2006, p. 8.

Considérase que o restabelecemento da memoria histórica está igual en 2006 ca en 1976 e por isto afírmase que até que chegue o momento en que os políticos galegos admitan o benéfico papel de Suárez Picallo, Alonso Ríos, Elpidio Villaverde ou Rodolfo Prada na historia de Galicia, Alexandre Bóveda non estará recuperado totalmente.

Abuín de Tembra, Avelino, “Centenario de Pascual Veiga”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 16 abril 2006, p. 5.

Co gallo do centenario do nacemento de Pascual Veiga alúdese ao pouco recoñecemento que os músicos de Galicia lle están a dar, dado que “O Himno galego” e mais “A Alborada” son dúas glorias musicais que forman parte da nosa cerna, segundo a súa opinión. Finalmente afirma que o Consello da Cultura Galega, a Xunta de Galicia ou a Real Academia Galega deben homenaxear a Veiga.

Abuín de Tembra, Avelino, “Gallego”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 24 abril 2006, p. 5.

Repásanse as diversas acepcións que tivo a entrada “Gallego” e “Gallegada” en diferentes edicións do dicionario da RAE (de 1817, 1822, 1914, 1925, 1947, 1956 e 1884) e avoga pola supresión das acepcións con connotacións ofensivas e denigrantes.

Abuín de Tembrea, Avelino, “Touríño na matanza”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 21 maio 2006, p. 5.

Xúlganse positivas as palabras que o presidente da Xunta de Galicia realizou na súa visita á casa museo de Rosalía de Castro, onde defendeu que a lingua galega e a súa literatura deben ficar fóra das liortas políticas. Tamén se refire á importancia da figura de Rosalía de Castro nas letras galegas e menciona que Alonso Montero quere ser o portavoz do Partido Rosalía de Castro, o PRC, xa que será o que máis afiliados teña en Galicia.

Abuín de Tembrea, Avelino, “Figueiras de Rosalía”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 11 xuño 2006, p. 5.

Ao evocar á árbore de Guernika e á relación entre Galicia e Euskadi, afírmase que se lle solicitará á Fundación Rosalía de Castro un rebento da figueira que plantara Rosalía de Castro e a seguir refírese aos poemas 15 e 31 de *Cantares Gallegos*, nos que aparece esta figueira.

Abuín de Tembrea, Avelino, “Centenario de Lois Tobío”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 18 xuño 2006, p. 5.

Comézase loando a figura do conde de Gondomar para logo se centrar na personalidade de Luís Tobío Fernández, quen publicou unha triloxía sobre a saga de Gondomar. Achégase á faceta literaria de Tobío, do que afirma que participou entre 1916 e 1937 en todos os acontecementos importantes relacionados con Galicia e asemade destaca que dende 1937 seguiu a loitar dende a emigración, onde foi o alma mater do Iº Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires en 1956.

Abuín de Tembrea, Avelino, “Presidente de honra”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 9 xullo 2006, p. 5.

Coméntase que no día de hoxe a sociedade carece de gratitude e que dominan os dereitos sobre os deberes dos cidadáns, xa que non permanecen os valores de fidelidade e lealdade. Considérase, non obstante, que aínda quedan homes que merecen reverencias e liturxias como Isaac Díaz Pardo, ao que Galicia lle debe moito. A seguir, indica que se pode considerar como o *uomo universale* de Galicia e dá conta de que en 1976 recibiu o Pedrón de Ouro e a partir de aí, chegaronlle numerosas homenaxes, até que foi nomeado Presidente de Honra da Fundación Pedrón de Ouro.

Abuín de Tembrea, Avelino, “Cantigas e agarimos”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 23 xullo 2006, p. 5.

Criticase a falta de repertorio de cantigas galegas da banda contratada para festexar o cento vinte e un aniversario do pasamento de Rosalía de Castro. Indícase que esta fundación non soubo interpretar o “Negra Sombra” nin outro poema de Rosalía. Polo tanto, segundo a súa opinión, estaban “desgaleguizados”. A seguir, comenta o problema de desgalegalización que sofre a música galega.

Abuín de Tembra, Avelino, “As leilías da lingua”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 6 agosto 2006, p. 5.

Entre outras cuestións relacionadas coa lingua galega, faise referencia á literatura galega no que atinxe á elección da Real Academia Galega, que decidiu que fose María Mariño Carou a escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas do 2007. Explica a traxectoria desta poeta coruñesa e dá conta das dúas obras que publicou, *Palabra no tempo* e *Verba que comeza*. Outro asunto que comenta é a apertura da biblioteca Álvaro Cunqueiro en Damasco, Siria, grazas ao pacto entre o Instituto Cervantes e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Abuín de Tembra, Avelino, “Un museo para Manuel María”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 15 outubro 2006, p. 5.

Fala sobre a figura de Manuel María, non para salientar a súa traxectoria intelectual como un dos grandes poetas galegos do século XX, recoñecida xa por todos, senón para poñer sobre a mesa a necesidade de crear un museo “de vivencias e lembranzas” na casa deste autor, en Rianxo, dentro dun proxecto máis amplo que inclúe tamén as casas de Castelao e Dieste. Conclúese coa referencia da nova Casa de Cultura e as melloras do Pazo de Martelo, habilitado para biblioteca municipal.

Abuín de Tembra, Avelino, “Aniversario de Valle-Inclán”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 30 outubro 2006, p. 5.

Coméntase que normalmente se celebra o pasamento dos autores máis que o seu nacemento, coma no caso de Rosalía de Castro e Valle-Inclán. Explica que existen moitas semellanzas entre os dous autores e indica cales eran as súas preferencias políticas.

Abuín de Tembra, Avelino, “Catalanización”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 13 novembro 2006, p. 5.

Coméntanse as relacións que existen entre Galicia e Cataluña, principalmente xustificadas polo idioma, polo feito de ser o galego e o catalán linguas irmás, e tamén pola semellanza da súa historia literaria. Explica que na época medieval o galego e o catalán contaban con grandes poetas, que tiveron movementos equiparábeis como o Rexurdimento e a Renaixença e, actualmente, comparten a celebración do Galeusca. Dáse conta da conciencia nacionalista do pobo catalán, ao que considera como motor do país. Indícase que hai que “catalanizar” Galicia, é dicir, seguir as pautas catalás e avanzar no progreso e a solidariedade.

Abuín de Tembra, Avelino, “¿Somos un pobo morto?”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 18 decembro 2006, p. 5.

Fai referencia ao labor que desenvolveu a Real Academia Galega nos seus cen anos de vida e comenta que xa están a rematar as celebracións do seu centenario. Saliéntanse certas actuacións da institución en defensa da cultura galega e lémbrese a data do 28 de outubro de 2006, momento en que se lle entregou á Academia o premio Galego do Ano 2006.

Alonso Jose, “Universo Cunqueiro”, de Álvaro Cunqueiro”, *El Progreso*, “Al paso”, 2006.

Infórmase da publicación, por parte da editorial Sotelo Blanco, da obra *Universo Cunqueiro*, de Álvaro Cunqueiro, na que se recollen traballos deste autor publicados en diferentes xornais e que foron traducidos ao galego por Concha Martínez Mayo e Maricarme García Ares. Indícase que o prólogo da obra é de Fernando Ónega.

Alonso Montero, Xesús, “Gregorio San Juan, o poeta que naceu con Curros”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 143, “A outra mirada”, 7 xaneiro 2006, p. 15.

Indícase que o vindeiro 12 de xaneiro terá lugar na cidade euscalduna de Bilbo unha festa literaria en homenaxe ao poeta Gregorio San Juan co gallo da presentación do volume *Poemas descabalgados (Antología poética 1945-2005)*. Destácase que este volume conta coa presenza da lingua galega e mais que Gregorio San Juan chegou á literatura galega da man de Curros Enríquez e que incluso traduciu ao español poemas de *Aires da miña terra*.

Alonso Montero, Xesús, “Romances do 16 de febreiro de 1936”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Beatus qui legit”, 11 febreiro 2006, p. 15.

Fala dunha triloxía de romances en galego que tratan do trunfo electoral da Fronte Popular o 16 de febreiro de 1936. Indica que deu con estes volumes grazas ao seu amigo Antonio Pérez Pardo, bonaerense pero fillo de emigrantes galegos, e que agora son publicados na colección poética Hipocampo Amigo. Apúntase que os dous primeiros romances foron recitados en Ribadavia en 1936, que nada se sabe do seu autor e mais que Ribadavia e O Ribeiro son mencionados máis dunha vez nestes versos.

Alonso Montero, Xesús, “María Victoria Moreno, un alumno e a policía”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 149, “Beatus qui legit”, 18 febreiro 2006, p. 149.

Coméntase que o Salón do Libro, en Pontevedra vén de homenaxear cunha mostra literaria e iconográfica á escritora María Victoria Moreno. Partindo disto, Alonso Montero lembra que xunto a homenaxeada impartiu clase ao alumno Xesús Rábade Paredes e lembra tamén que lle retiraron o pasaporte á profesora Moreno por “impartir cursos gratuítos de lingua galega”.

Alonso Montero, Xesús, “Unha antoloxía de Rosalía de Castro en Ruso”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 152, “Beatus qui legit”, 11 marzo 2006, p. 13.

Detállase que se vén de presentarse unha escolma de 40 poemas galegos de Rosalía de Castro, 12 de *Cantares gallegos* e 28 de *Follas novas*, en edición bilingüe galega e rusa, como volume X da *Antoloxía da literatura galega* que publica o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo. Asemade apunta algunhas das características desta *Antoloxía da literatura galega*, da que se destaca a importancia do espazo demográfico e literario da lingua rusa.

Alonso Montero, Xesús, “Sonetos e sonetistas en Padrón”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 18 marzo 2006, p. 14.

Salienta que co gallo da celebración do Día Mundial da Poesía, o 21 de marzo, a Fundación Rosalía de Castro acollerá unha homenaxe ao soneto. Afírmase que no acto tamén se homenaxeará á vila de Vilanova de Famalicão por se ter publicado aquí unha revista única, *O soneto neolatino*, entre 1929 e 1933, que contou coa colaboración de Otero Pedrayo, Iglesia Alvariño e Noriega Varela.

Alonso Montero, Xesús, “Sobre as palabras máis fermosas do galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 159, “Letras en galego”, 6 maio 2006, p. 13.

Fálase da existencia nas linguas de palabras que resultan intrinsecamente fermosas, e de como o autor do artigo se inspirou na *Estilística da lingua portuguesa*, de Manuel Rodríguez Lapa, para un traballo seu publicado no *Anuario de Estudos Literarios Galegos* titulado “Para unha estética (e estilística) da lingua: sobre as palabras máis fermosas do galego”. Dise que nese estudo se incluían referencias ao suplemento “La voz de la escuela”, do 9 de xuño de 1992, que publicara 36 decálogos léxicos de diferentes cursos e centros escolares. Por último, alúdese á nova convocatoria de *La Voz* para establecer esas palabras e cítanse algunhas das que saíron en colectáneas anteriores.

Alonso Montero, Xesús, “Na morte do poeta Gregorio San Juan”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 162, “Letras en galego”, 27 maio 2006, p. 11.

Alonso Montero destaca a figura dun escritor alófono, Gregorio San Juan. Comenta a existencia dunha recente antoloxía de poemas con once deles en galego. Explica tamén como foi o seu arranque na escrita en galego, á inspiración que nel provocou a lectura dun poema de Curros, e comenta a súa tendencia pola musa social.

Alonso Montero, Xesús, “Tizón Herreros: alcalde, poeta e toupo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 166, “Beatus qui legit”, 24 xuño 2006, p. 15.

Refírese á conferencia que el mesmo pronunciou en Monforte de Lemos sobre o único alcalde republicano de Monforte, Juan Tizón Herreros. Coméntase que hai moitas lagoas na súa biografía, nomeadamente na súa etapa de exilio no Porto, e indícase que escribiu en galego unha magnífica diatriba contra o clero galego baixo o título *Seis cregos escollidos (Versos divinos)*, publicada por primeira vez en 2001 na revista *Madrygal*.

Alonso Montero, Xesús, “Matan a un poeta por repartir, equitativamente unhas mazás”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 173, “Letras en galego”, 12 agosto 2006, p. 11.

Saliéntase a figura de Manuel Gómez del Valle, que foi o primeiro intelectual galego executado en Galicia polas autoridades franquistas. Alonso Montero comenta que estivo a realizar investigacións sobre o autor e os textos que escribiu, e indica que no número dous da revista *Madrygal* do ano 1999 publicou as súas investigacións baixo o título de “Manuel Gómez del Valle: poeta, comunista e mártir”. Explica que neste traballo incluíu un poema de Gómez del Valle, “Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo”, en que o autor denunciaba que os nenos galegos andaban descalzos e non tiñan case nada para comer. Como indica Alonso Montero, trátase dun poema-panfleto no que se denuncian as eivas de Galicia.

Alonso Montero, Xesús, “Brecht en Galicia: no quincuaxésimo cabodano”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 175, “Beatus qui legit”, 26 agosto 2006, p. 4.

Co motivo da celebración dos cincuenta anos do pasamento do poeta e dramaturgo Bertolt Brecht, Alonso Montero comenta como este escritor foi traducido á lingua galega e por quen, en anos en que todavía o franquismo exercía unha gran presión na vida cultural. Entre as obras traducidas, achega *Bertolt Brecht no 90 aniversario do seu nacemento* e *O que dixo si e o que dixo non*, realizada polo propio Alonso Montero.

Alonso Montero, Xesús, “Cen poetas en Lugo, con García Lorca”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 183, “Letras en Galego”, 21 setembro 2006, p. 15.

Faise eco da celebración en Lugo, dende o 28 de outubro, dunha homenaxe a Lorca nas rúas e prazas da cidade, con músicos, escritores, artistas e poetas, organizada polo Foro pola Memoria Republicana de Galicia). Así mesmo, informa da presentación do libro *Homenaxe dos poetas galegos a Federico García Lorca contra a súa morte*, volume antolóxico que acolle poemas de vinte e seis poetas hispanos.

Alonso Montero, Xesús, “En Lugo, ‘a las cinco en punto de la tarde’”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 184, “Letras en Galego”, 28 outubro 2006, p. 15.

Con motivo dunha homenaxe a Federico García Lorca que se celebrará na cidade de Lugo e na que participará Luís González Tosar, Alonso Montero fai referencia ao volume financiado polo PEN Clube, *Homenaxe dos poetas galegos a Federico García Lorca*, no que o propio Tosar é o prologuista e no que se recollen elegías, laios íntimos e diatribas políticas, entre outras cousas.

Alonso Montero, Xesús, “José Francisco Armesto Faginas: lembranzas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 187, “Letras en Galego”, 18 novembro 2006, p. 15.

Faise referencia ao pasamento, o día 4 de novembro, de José Francisco Armesto Faginas, do cal se salienta a súa facilidade para contar anécdotas, e lémbrese a relación que o autor do artigo mantivo con el, primeiro como alumno e despois como colaborador en xornais e revistas que publicou Armesto en Vigo. Coméntase que foi un dos mellores biógrafos de Álvaro Cunqueiro e con esa obra gañou o premio da crítica, na modalidade de ensaio, no ano 1988. Por último, apúntase que Armesto morreu sen poder publicar unha das biografías coas que pasou moito tempo da súa vida, a de Manuel Fraga Iribarne.

Alonso Montero, Xesús, “Versos de Manuel Luís Acuña na súa voz”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 189, “Letras en Galego”, 2 decembro 2006, p. 15.

Lémbrese a figura do poeta Manuel Luís Acuña, de quen hoxe se coñece a obra grazas ás investigacións realizadas por Ramón Nicolás, que foi quen recuperou a súa única obra, *Fírgoas*. Saliéntase o silencio ao que se viu sometido Acuña por causa do réxime franquista e faise referencia á celebración do III Congreso Manuel Luís Acuña, en que Ramón Nicolás presentou unha entrevista inédita realizada a Acuña, cunha duración de vinte e dous minutos. Alonso Montero explica que no ano 1969, Radio Nacional convocou dende a Coruña cincuenta e tres poetas galegos de distintas tendencias para preguntarlles sobre a poesía social, e que un deles era Manuel Luís Acuña. Por último, afirmase que se debería realizar un libro-disco que recollera aquelas entrevistas.

Alonso Montero, Xesús, “Literatura galega en lingua árabe”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 190, “Letras en Galego”, 9 decembro 2006, p. 13.

Coméntase a noticia de que o Instituto Cervantes de Damasco acaba de inaugurar a súa biblioteca co nome de Álvaro Cunqueiro en homenaxe á súa novela *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, e achega o nome do escritor que realizou a tradución ao árabe, Larbi el Harti. Salienta Alonso Montero que hai críticos que afirman que esta é a primeira tradución do galego ao árabe, mais afirma que houbo outro poeta, Faustino Rey Romero, que si foi o primeiro escritor galego en ser traducido ao idioma árabe. Ademais, indica que el mesmo, no ano 1982, publicou a “Cantiga de Mendiño” en vinte idiomas, e un deles era o árabe.

Alonso Montero, Xesús, “Díaz Pardo nas Universidades de Barcelona”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 191, “Letras en Galego”, 16 decembro 2006, p. 11.

Refírese á homenaxe que lle rendeu a Isaac Díaz Pardo como editor o taller de Investigacións Valleinclanianas, da Universidade Autónoma de Barcelona. Alúdese ao acto que tivo lugar o día 5 de decembro na Galería Sargadelos, lugar onde tamén se presentou o libro de Unvelina Perdomo titulado *La sátira de Valle Inclán en el Retablo de la avaricia y modernidad*, que foi examinado por Xosé Luís Axeitos. A seguir, alúdese tamén á homenaxe que ao mesmo autor

Ile outorgou o día 12 de decembro o departamento de Filoloxía Galega, na Universidad Central.

Amenedo, Cristina, “Víctor Campio”, *El Correo Gallego*, “Lorelei”, 17 febreiro 2006, p. 4.

Comenta que o “bellísimo” soneto titulado “Ampárome no soño”, do poeta ourensán Víctor Campio, conta a dor do seu autor perante a morte da súa muller, Isabel Nolasco.

Aneiros, Rosa, “Dogville na RAG”, *Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe/El Progreso*, “Nove ondas”, 28/29/30 marzo 2006, p. 26/6/27.

Comenta que o *Dogville* de Lars von Trier entrou na Real Academia Galega da man do dramaturgo Euloxio R. Ruibal e do seu discurso de ingreso neste organismo e sinala que este relatorio permitiu seguir as pegadas da linguaxe teatral no cinema contemporáneo e que se defendeu nel a necesidade de fomento da produción audiovisual.

Aneiros, Rosa, “Don Alfonso”, *Diario de Pontevedra/Diario de Ferrol/El Progreso/Galicia Hoxe*, “Nove ondas”/“Calidoscopio”, 25/29 abril 2006, p. 30/26/27/6.

Gábase da traxectoria de Alfonso Zulueta de Haz como presidente do Consello da Cultura Galega dende abril de 2002 até agora e dise que este decidiu non se presentar á reelección e de aí que Ramón Villares Paz sexa o novo presidente desta institución.

Aneiros, Rosa, “A cidade inexistente”, *Diario de Pontevedra/El Progreso/Diario de Ferrol*, “Nove Ondas”, 28 novembro 2006, p. 30/21/27.

Faise referencia á celebración do VI Encontro de Escritores Galegos que tivo lugar no Pazo Mariñán e versou sobre a presenza do espazo urbano nas obras literarias galegas. Rosa Aneiros dá conta de todos aqueles espazos reais, tanto galegos como europeos, que aparecen con frecuencia nas obras dos escritores galegos e que condicionan a escrita e o devalar das historias que se narran.

Araguas, Vicente, “Agora xa foi”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Poesía”, 8 xaneiro 2006, p. 7.

Fálase do novo libro de poemas de Viale Moutinho titulado *Ocasos de iluminación variável* (2005), do mito de John Lennon e mais o volume *Cidades de area* (2005), de Xurxo Alonso, que cualifica como que é a demostración empírica de que a poesía belixerante segue a estar presente en Galicia.

Araguas, Vicente, “Túnel”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 15 xaneiro 2006, p. 25.

Fala sobre o espazo xeográfico da Malata, en Ferrol, e menciona a obra de Guillermo Llorca *O túnel da Malata e outros relatos do tren* (2005), cuxa temática relaciona coa vida real.

Araguas, Vicente, “Ferrol-Cuba”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 12 xaneiro 2006, p. 23.

Faise referencia á vida de Adolfo Martí como poeta emigrado en Cuba e infórmase de que no ano 2005 se publicou *Adolfo Martí. Antoloxía poética dun ferrolano en Cuba*, realizada a introdución e a selección dos poemas por María Dobarro Paz e Carlos Martí Brenes, seu fillo. Saliéntase a pulcra edición da súa obra e dedúcese que foi un poeta “moi estimable”.

Araguas, Vicente, “Curriculum”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 6 agosto 2006, p. 22.

Lémbrese a figura de Ramón Sánchez Dopico, quen foi profesor na Academia Cervantes, onde mantivo relación con Carballo Calero.

Araguas, Vicente, “Outonal”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 29 outubro 2006, p. 26.

Faise referencia á celebración das “Estacións Poéticas” na Casa de Galicia de Madrid, nunha tarde outonal que Vicente Araguas describe de maneira poética, mencionando a Fernán Vello, Yolanda Castaño ou Borobó.

Araguas, Vicente, “Desafinando”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 28 novembro 2006, p. 27.

Faise referencia á segunda xornada de “Estacións Poéticas” celebrada na Casa de Galicia de Casado del Alisal. Comenta a participación dos seguintes poetas: Arcadio López Casanova, Manuel Pereira e Estíbaliz Espinosa, de quen salienta a súa interpretación.

Araguas, Vicente, “Poemas para dicir, prosas que son canto”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Agora xa foi”, 10 decembro 2006, p. 17.

Tras se facer referencia a distintos temas, coméntanse as “Estacións poéticas” que teñen lugar na Casa de Galicia en Madrid. Alúdese á inauguración do acto, presidido por Arcadio López-Casanova. Dise que nel Manuel Pereira Valcárcel leu algúns dos seus poemas e que pechou o recital Estíbaliz Espinosa, quen tamén cantou algúns poemas.

Araguas, Vicente, “Martín Códax”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 19 decembro 2006, p. 25.

Nárrase a experiencia do autor como participante no congreso organizado polo PEN Clube e celebrado en Cambados, onde os participantes gozaron dun xantar, e coméntanse os relatorios de José Emilio Pacheco, Ana María Matute, Luz Pozo Garza e Méndez Ferrín, presentados polo autor.

Aymerich, Carlos, “Lección de historia”, *A Nosa Terra*, nº 1.243, “Galiza”, 9-15 novembro 2006, p. 10.

Faise referencia á revista *Fouce*, editada pola Sociedade Nazionalista Pondal na Arxentina, e que hoxe en día serve para coñecer aquel momento da historia. Recolle as protestas contra o Partido Galeguista e explica como evolucionou o galeguismo até a actualidade.

Bande Rodríguez, Enrique, “Valentín Lamas Carvajal”, *La Región*, “Opinión”, 8 setembro 2006, p. 26.

Comézase describindo a vida de Valentín Lamas Carvajal e continúaase co comentario da súa obra literaria. A figura de Lamas é definida como unha das representantes dos escritores do Rexurdimento galego, que loitou polo pulo da lingua. Saliéntanse algúns dos seus poemas máis significativos e, finalmente, indícase que se celebrou un congreso para conmemorar o centenario do seu pasamento.

Bande Rodríguez, Enrique, “Eduardo Blanco Amor, el hijo de la florista”, *La Región*, “Opinión”, 2 decembro 2006, p. 24.

Achégase unha extensa descrición da vida e obra de Eduardo Blanco Amor. Comézase indicando o lugar e ano de nacemento do autor e os primeiros traballos que realizou. Dáse conta da súa actividade como xornalista, escritor de novela, teatro e poesía, tanto en galego como en castelán, guionista de radio, profesor de universidade e, sobre todo, como difusor da cultura galega.

Barcón, Carlos, “Castelao y su escritura”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 22 outubro 2006, p. 18.

Saliéntase a importancia da obra de Castelao, quen foi un escritor sinxelo e íntimo. Destácase o seu humor e, sobre todo, os seus debuxos cos que el conseguiu unha mestura de humor e “costumbrismo” crítico. Coméntase como foi consciente dos atrasos do seu país e como coñeceu a filosofía do “home”.

Beiras, Xosé Manuel, “Que foi do Galeuzca?”, *Galicia Hoxe*, “De catro a catro”, 19 febreiro 2006, p. 3.

Artigo dedicado a Pere Esteve no que Xosé Manuel Beiras fai unha longa reflexión sobre o que foi e sobre o que está a representar hoxe en día a alianza entre Galicia, Euskadi e Cataluña baixo o nome de Galeuzca. Repasa a historia do Galeuzca, céntrase na última reedición deste pacto (a declaración de Barcelona en 1998) e sostén que o Galeuzca actual, que é comparado con “ese pailebote branco” de Manuel Antonio, non está presente na actual vertebración do Estado español coa fin de realizar un artellamento federal e constitucional.

Beltrán, Lorena, “Manuel Rivas baila samba con ‘O lapis do carpinteiro’”, *El Correo Gallego*, “Lenguas de doble filo”, 19 marzo 2006.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, salientase a figura de Manuel Rivas como un dos mellores escritores das letras galegas e das españolas e faise referencia á tradución da súa obra *O lapis do carpinteiro* ao portugués.

Blanco Torrado, Alfonso, “Cunqueiro e Guitiriz”, *El Progreso*, “Tribuna chairega”, 16 maio 2006, p. 18.

O autor lémbrese dunha longa conversa que tivo hai anos en Mondoñedo con Carmiña Cunqueiro, irmá de Álvaro Cunqueiro, na que repasou a vida do autor mindoniense en Guitiriz. O autor indica que Carmiña tivo “a súa parte no alento creador” de Álvaro Cunqueiro e asemade repasa as mencións que en *Escola de menciñeiros* e n’*Os outros feirantes* se fan do concello de Guitiriz.

Blanco, Luisa, “Conciliación lingüística”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 27 outubro 2006, p. 34.

Afírmase que a convivencia de linguas nun mesmo territorio é unha situación habitual en todo o mundo e, incluso, o bilingüismo individual resulta ser unha fonte de enriquecemento intelectual. A seguir, propón a definición do termo “bilingüismo” e os casos en que este se pode dar. A continuación, salienta a figura do polígrafo Filgueira Valverde, xa que o 28 de outubro se celebra o centenario do seu nacemento, e indica que foi un home que soubo empregar o galego e o castelán de xeito exemplar. Así mesmo, dá conta doutros escritores que tamén souberon compaxinar pacificamente as dúas linguas: Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

Bragado, Manuel, “Triste Día do libro”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 23 abril 2006, p. 25.

Criticase que o actual goberno da cidade de Vigo, en mans do PP de Corina Porro, se negue, grazas ao seu concelleiro de tráfico, a que os libeiros vigueses poidan sacar os seus libros á rúa e que os lectores de Vigo poidan mercalos, co gallo da celebración do Día do Libro, tal e como acontece nas demais cidades de Galicia como iniciativas coincidentes en todas elas.

Bragado, Manuel, “A forza da palabra”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 31 decembro 2006, p. 28.

Realízase unha descrición dos contidos da exposición que se celebrou na Fundación Caixa Galicia da Coruña, con motivo de festexar o centenario da Real Academia Galega. Saliéntase dous aspectos novidosos nesta mostra. En primeiro lugar, o feito de que o visitante acode a participar na lectura da construción da patria dos galegos, ao expor a historia da conformación de Galicia a partir do século XIX e, en segundo lugar, chama a atención sobre a lectura

icónica que se pode facer, xa que aparecen expostos máis de catro centos obxectos e imaxes. Dáse conta dalgúns deles e, finalmente, indícase que a palabra “Galicia” é a que inaugura a exposición.

Braxe, Lino, “Critical”, *La Opinión*, “Opini3n”, 4 setembro 2006, p. 17.

Denúnciase a actitude da sociedade de crítica dos feitos dos demais e propónse o exemplo dos críticos literarios que falan mal dun determinado autor sen achegarse á súa obra. Afírmase que a creaci3n é unha meditaci3n feita dende dentro e por iso unha persoa allea non pode xulgar a creaci3n literaria.

Caneiro, Xosé Carlos, “A literatura e a nada”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 143, “Club Dandi”, 7 xaneiro 2006, p. 10.

Alúdese ao novo texto, “ou así”, de Jaureguizar, chamado *Cabaret Voltaire* (2005) e despois coméntase “deixemos a Jaureguizar e falemos de literatura”. A seguir fálanse d’ *A estrela da palabra*, *Contra Maquieiro* (2005) e recoméndase a lectura de *Escura e transparente* (2005), de Baldo Ramos. Finalmente, pregúntase por que lle foi outorgado o premio García Barros a Santiago Jaureguizar.

Caneiro, Xosé Carlos, “Tres eran tres”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 145, “Club dandi”, 21 xaneiro 2006, p. 10.

Apláudese que a AELG (Asociaci3n de Escritores en Lingua Galega) se reúna coa Conselleira de Educaci3n para organizar unha serie de obradoiros literarios nos institutos galegos. Tamén se refire á necesidade de contar cunha boa política do libro, na que os responsábeis son a Consellaría de Cultura e Deporte, a Consellaría de Educaci3n e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Como conclusi3n, lóase a saída do prelo de *Casas baratas* (2005) de Riveiro Coello, a quen cualifica como “un dos escritores mellor dotados para a narraci3n”.

Caneiro, Xosé Carlos, “Que vienen los nuestros”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 146, “Club Dandi”, 28 xaneiro 2006, p. 14.

Opínase que escribir hoxe en día en galego é un “acto de fe” e pregúntase se paga a pena. Fronte a isto apláudese a iniciativa de Moisés Barcia de montar a editorial Rinoceronte e o articulista recomenda algúns nomes para seren traducidos ao galego, así como outros galegos (Alcalá, Riveiro Coello, Queipo, Aneiros, Gonsar, etc.) para seren traducidos a outras linguas, para o que solicita a axuda da “miña amadísima Ánxela B”.

Caneiro, Xosé Carlos, “De luz, digo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 147, “Club dandi”, 4 febreiro 2006, p. 10.

Co motivo do Entroido, fálase da proposta lúdica de Biblos de festexar un Entroido máis galego e tamén se detén en recomendar a lectura de *Toda a vida* (2005), de Luís Rei Núñez; *Follas do bacallau*, de Xabier Paz, —que cualifica de extraordinaria crónica humana e mariñeira— e mais *Viva o Fu Remol*, de Pedro Feijoo Barreiro. Conclúese loando o traballo da editorial Kalandraka a prol da literatura infantil e xuvenil en galego.

Caneiro, Xosé Carlos, “Luísa Castro”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 9 febreiro 2006, p. 72.

Considérase á escritora Luísa Castro como a Rosalía de Foz, ao se afirmar que os seus versos son “un conxuro contra a memez” e alédase polos éxitos que está a ter nun país de odios e rancores.

Caneiro, Xosé Carlos, “A Nosa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Club dandi”, 11 febreiro 2006, p. 13.

Coméntase a insuficiente celebración de actos por parte da Real Academia Galega, sendo esta o espello do país. A seguir, propónse a posibilidade de que a institución avogue pola entrada da Manuel Rivas como académico dado o seu fulgor mediático. Tamén recomenda a lectura de *Bouvard e Pécuchet* de Flaubert, editado en 2005 por Toxosouto.

Caneiro, Xosé Carlos, “Afirma Flaubert”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 149, “Club dandi”, 18 febreiro 2006, p. 149.

Apláudese efusivamente a excelsa novela *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, por saír nunha época na que o adxectivo que cualifica o mundo literario galego é o de “anestésiante”. Asemade, refírese a *A palabra das fillas de Eva* (2005); a *Matei un home* (2005), micronovela que anuncia que será lida nos IES galegos; e conclúe recomendándolle a Diego Ameixeiras que “repase” a Blanco Amor para nutrirse do recendo de Auria.

Caneiro, Xosé Carlos, “A viaxe de Kurtz”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 150, “Club dandi”, 25 febreiro 2006, p. 14.

Xúlgase que a cultura galega está inserida nas homenaxes, no fasto do minifundismo e no culto ao ego. Comenta que para prestixiar á literatura galega non serve só con incluír a Ferrín como candidato ao premio Nobel, senón que cómpre traducir a literatura galega e prestixiar a condición de literato galego; tamén opina que é moi necesario un programa sobre o libro na televisión Galega.

Caneiro, Xosé Carlos, “Ollos de luz”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 151, “Club dandi”, 4 marzo 2006, p. 14.

Céntrase, neste artigo, na figura de Álvaro Cunqueiro, de quen non se cre que sexa “mellor narrador que poeta”. Afírmase que está dotado dun talento superior e que a poboación debe se render á súa grandeza e ao vigor da súa obra.

Caneiro, Xosé Carlos, “Cando digo futuro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 153, “Club dandi”, 18 marzo 2006, p. 13.

Refírese ás traducións de Darío Xohán Cabana d’*A Divina Comedia* e de Enrique Harguindey de *Gargantúa e Pantagruel* como imprescindibles e subliña que están publicadas nunha carísima edición da “Xunta de antes” de Alfredo Conde. Recalca a figura de Luís Bará como xestor cultural e cualifica a edición da correspondencia de Carvalho Calero a Fernández del Riego, de Galaxia, como “edición perfecta”.

Caneiro, Xosé Carlos, “Como un dinosaurio”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 156, “club dandi”, 8 abril 2006, p. 14.

Faise referencia aos escritores que se dedican ao xornalismo. En concreto, salientase a obra de Anxo Tarrío, *A baloira* (2005), unha miscelánea de textos en que o escritor mostra a súa mellor prosa literaria. Ademais, aconséllase que se elixa como próximo presidente do Consello da Cultura a Ramón Villares e recoméndase que desaparezan as galas Mestre Mateo e María Casares.

Caneiro, Xosé Carlos, “Na casa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 158, 29 abril 2006, p. 14.

Fálase da merecida entrada de Darío Xohán Cabana na Real Academia Galega e di que isto foi posíbel pola nova dirección da institución galega, constituída por Fernández del Riego e Xosé Ramón Barreiro. Dise que, a diferenza de cando estaba Domingo García Sabell, a Academia é “dinámica, efectiva, que quere ser activa e reactiva, resucitadora para este país de prantos e exequias”. Remátase, facendo referencia á obra de Darío Xohán Cabana, *Morte de Rei* (1996).

Caneiro, Xosé Carlos, “Arpa de luz”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 160, 13 maio 2006, p. 6.

Logo de ser mencionada a novela *Herba moura* (2005) de Teresa Moure, afírmase que dos libros publicados en galego en 2005, non deben ser esquecidos: *É*, de Manuel Outeiriño; *Casas baratas*, de Riveiro Coello; *Nas catacumbas*, de Alcalá; *Contra Maquieiro*, de Ferrín; *Toda a Vida*, de Rei Núñez; *Escura e transparente*, de Baldo Ramos; *Unha cita co aire*, de Fernández Naval; *Materia*, de Dobao; *As galeradas de Normandía*, de Loureiro; *Os trebóns*, de Souto e *Follas de bacallau*, de Xabier Paz. A continuación cita o poemario *As arpas de Iwerddon*, de Luz Pozo Garza, que foi premiado pola AELG (Asociación de Escritores en

Lingua Galega) e editado por Edicións Linteo, que xa antes o publicara xunto co resto da obra poética completa no volume *Memoria Solar*.

Caneiro, Xosé Carlos, “Unha luz”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 166, “Club Dandi”, 24 xuño 2006, p. 11.

Faise aquí un comentario de distintos libros que saen á luz no momento en que se escribiu o artigo. Entre os libros que se comentan está *Cruceiro de Verán*, de Truman Capote, que lle serve ao cronista para facer unha reflexión acerca da literatura actual, xa que, segundo este escritor, a nova narrativa prima a narración dunha serie de acontecementos sobre outros da esencia da vida. Outro libro é o de Arcadio López Casanova, que segundo o cronista está moi ben elaborado e transmite reflexións sobre a esencia. Tamén se fai neste artigo un comentario sobre a obra titulada *A sombra descalza*, An Alfaya da que se valora a mestría con que se dominan os códigos da literatura infantil. Da obra *A bisneta lercha*, de Paco Martín, faise unha loubanza pola súa capacidade para iniciar a literatura.

Caneiro, Xosé Carlos, “O túnel de Cortázar”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 169, “Club dandi”, 15 xullo 2006, p. 10.

A partir da lectura da obra de Julio Cortázar, *Teoría del túnel. Notas para unha ubicación del surrealismo y el existencialismo*, Caneiro compara a literatura galega co túnel do escritor arxentino, xa que as letras galegas sofren a inxuria de moitos e a única solución para melloralas sería chegar á destrución para a continuación iniciar a reconstrución literaria. Ponse o exemplo de dous escritores actuais e ousados, Moure e Ameixeiras, e recoméndase que, para entender quen somos e onde estamos, debemos ler a obra de Camilo Nogueira, *A terra cantada*.

Caneiro, Xosé Carlos, “Domingo en sol”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 172, “Club dandi”, 5 agosto 2006, p. 11.

Son recomendadas aquí dúas lecturas obrigadas para os domingos do mes de agosto. Unha é *O sol de verán* (2002), de Carlos Casares, que cataloga como a mellor novela do autor, na que se desenvolve unha trama amorosa chea de intriga. O outro autor aconsellado é Ramón Loureiro, que escribiu a novela de mitos *As galeras de Normandía* (2005) e mais *O corazón portugués* (2000). Por último, faise referencia ao galeguista Ramón Pernas.

Caneiro, Xosé Carlos, “En agosto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 173, “Club dandi”, 12 agosto 2006, p. 10.

Aconséllase que no verán se lea tamén poesía. Lémbrese que no ano 1976 se produciu un feito poético de importancia coa publicación de *Mesteres*, de Arcadio López Casanova; *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín e *Seraogna*, de Pexegueiro. Aquelas publicacións compáranse coas de Ferrín, que publicou a finais do 2005 *Contra Maquieiro*, e coas do ano 2006, cos poemarios de *Herdo do canto*, de López Casanova e mais *Cabalgada na brétema*,

de Darío Xohán Cabana. Así mesmo, dáse conta doutras dúas obras, unha para que os turistas coñezan Galicia, *A flor da auga*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, e outra para recrearse na literatura cosmopolita e actual, *Blúmsdei*, de Cid Cabido.

Caneiro, Xosé Carlos, “Con debido respecto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, “Letras en Galego”, 26 agosto 2006, p. 5.

Cunha cita de Beckett, “ser artista é fracasar onde outros non se atreven a fracasar”, criticase a situación da literatura galega actual. Afírmase que a literatura e o idioma non son o mesmo, xa que até hai pouco tempo considerábase literatura todo aquilo que estivese escrito en galego. Considérase que a literatura galega ten que loitar contra a desaparición e que os escritores deben darse a coñecer máis: en debates, no ensino e na televisión, entre outras cousas, pois a literatura ten que gañar prestixio e función social, e insístese na consecución deste obxectivo.

Caneiro, Xosé Carlos, “Como Hamlet”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 180, “Letras en Galego”, 30 setembro 2006, p. 11.

Refírese ás ansias que dende a intelectualidade galega se amosan coa tentativa de acadar un Nobel de literatura para un escritor galego, e alúdese á candidatura de Méndez Ferrín como posíbel gañador galego deste. Porén, incídese en que isto non aconteceu até o de agora pola existencia de escritores que teñen máis posibilidades para conseguir este premio ca un escritor galego, caracterizado por lle faltar transcendencia e proxección exterior. Finalízase cunha referencia aos cataláns, pola creación dun plan de inmersión lingüística que en Galicia non existe, e coméntanse as consecuencias que isto ten para a situación da lingua galega.

Caneiro, Xosé Carlos, “Chuvia en mi menor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 181, “Letras en Galego”, 7 outubro 2006, p. 14.

Coméntase como nos días de choiva o autor goza lendo poemas. Así, explica que hai días en que le a Rosalía de Castro, pero as máis das veces, prefire ler ás poetas novas, que afirma que son mellores cós poetas novos. Achéganse os nomes de Lupe Gómez, Xohana Torres, Luz Pozo, Pilar Pallarés, Chus Pato, Marta Dacosta, Estíbalis Espinosa, Olga Novo, María do Cebreiro, Yolanda Castaño, Enma Couceiro, Enma Pedreira, Anxos Romeo, María Lado e, por encima de todas, salienta a Ana Romaní, especialmente a súa obra *Arden* (1998), poemario que a crítica non soubo valorar o suficiente.

Caneiro, Xosé Carlos, “Honestidade”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 183, “Letras en Galego”, 21 outubro 2006, p. 14.

Criticase a escasa calidade das homenaxes que se lle renderon a Julio Cortázar, a quen cataloga como un xenio, como un mestre que nos ensinou a estrutura da novela actual. Indícase que un magnífico libro que estuda a figura de Cortázar é o de Chisco Fernández Naval e reclama unha maior atención para este escritor. Seguidamente, fai referencia á

dimisión de Manolo Gómez como responsábel de Dygra e, por último, comenta que saíu unha nova edición da obra de Miguel Anxo Fernández, *Un nicho para Marilyn*.

Castaño, Yolanda, “Xira o mundo xira”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 22 xaneiro 2006, p. 44.

No seo da sección “Días (des)contados”, configurada ao xeito dun diario persoal, a autora inclúe no apartado correspondente ao xoves 19 de xaneiro un brevísimo comentario sobre a presentación da reedición do seu volume *Delicia*, con data de 2005.

Castaño, Yolanda, “Risas poéticas”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 12 febreiro 2006, p. 44.

Comenta que vén de finalizar un obradoiro de literatura en Ferrol e outro que comeza en Pontevedra dentro da Fundación Caixa Galicia.

Castaño, Yolanda, “O merecemento”, *El Progreso*, “Columna invertebrada”, 14 abril 2006, p. 18.

Faise referencia a unhas declaracións que a autora do artigo leu en Internet sobre a súa persoa e que lle produciron decepción, xa que eran críticas aos seus “éxitos”, e conclúese explicando que os pequenos ou grandes éxitos “do de enfrente, molestan”.

Castaño, Yolanda, “Lugares de reunión”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 30 abril 2006, p. 44.

Dentro do “diario semanal”, que se recolle nesta sección, alúdese ao ingreso de Darío Xohán Cabana na Real Academia Galega o sábado 22 de abril e sinálase que ocupará a cadeira do escritor Manuel María.

Castaño, Yolanda, “Personaxes influíntes”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 28 maio 2006, p. 44.

Alúdese brevemente á realización dunha reportaxe entre a autora e Ángel de la Cruz, para un suplemento cultural dun xornal galego, que posteriormente sairá en *El País* posando con Ángel González, Luís García e mais Elena Medel.

Castaño, Yolanda, “Prexuízos: vivir da escrita”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 2 xuño 2006, p. 28.

Explica que uns xornalistas de *La Voz de Galicia* lle fixeron unha reportaxe en torno á cuestión de vivir da literatura en Galicia e afirma que despois de lela parece que quen a

montou xa “tiña claro cara ónde pensaba que ía ir” e mais que semella que intenta dar unha visión pesimista da literatura galega.

Castaño, Yolanda, “A imaxe da muller”, *Diario de Pontevedra*, “Columna invertebrada”, 9 xuño 2006, p. 28.

Comenta como un xornalista criticou que a propia Yolanda Castaño aparecese en fotos conxuntas con outros poetas nunha revista vendendo poesía nunha reportaxe sobre poetas de todo o Estado e destaca que ela non se aproveita da súa imaxe.

Castaño, Yolanda, “Pasarela estival”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 11 xuño 2006, p. 44.

Dentro do “diario semanal” particular de Yolanda Castaño que se recolle nesta sección, faise alusión á homenaxe que se lle fixo a M.^a do Carme Kruckenberg que aparece no sábado 3 de xuño baixo o título “Oitenta Primaveras”. Nel reflexiónase sobre esta leda homenaxe á escritora galega que é cualificada como “libre e pletórica durante toda unha riquísima vida”.

Castaño, Yolanda, “Poetas novas”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 10 setembro 2006, p. 44.

Entre outras moitas cuestións, comenta a entrevista conxunta que lle realizou un xornal coas poetas Lupe Gómez, Enma Couceiro, Estíbaliz Espinosa, Antía Otero, Lucía Novas e Rosa Enríquez. Di que, aínda sendo cuestionada a eclosión das mulleres na xeración poética “máis moza”, todas elas se senten a gusto “neste mesmo barco”.

Castaño, Yolanda, “Somos do peor”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 12 novembro 2006, p. 44.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, coméntanse os seus encontros cos poetas Xabier Cordal e Lucía Aldao. Indícase tamén que acudiu á presentación, na Fundación Luís Seoane da Coruña, do libro *Pintando Pintura* de Jorge Cabezas.

Castaño, Yolanda, “Nadal e cooperación”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Columna Invertebrada”, 15 decembro 2006, p. 28/ 26.

Saliéntase o traballo da ONG galega “Implicadas/os no desenvolvemento” que amosa a súa cooperación dende un compromiso coa cultura e a lingua galegas. Indícase que van celebrar a Noite de Música e Palabra Solidaria en Santiago de Compostela, na que participan moitos artistas, entre eles escritores.

Castaño, Yolanda, “Aguinaldo”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 24 decembro 2006, p. 44.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, infórmase da presentación na librería Colón da Coruña dunha pequena colección de libros coordinada por Lino Braxe para chamar a atención sobre o Porto da Coruña.

Castro, Germán, “A precisión da RAG”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol/Diario de Arousa*, “De esguello”, 29 novembro 2006, p. 22/27/22.

Faise referencia ás declaracións do autor en canto a ser partícipe da decisión do presidente da Real Academia Galega de incluír como escritores galegos a aqueles autores que escribiron en castelán pero que naceron en Galicia e ambientan a súa obra no país. Considérase que a lingua non se impón dun día para outro senón que ten que ir medrando nas xeracións e que deben ser superados os dogmas e basearse na realidade.

Castro, Xavier, “Francisco Añón Paz”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Opinión&Cultura”, 22 xaneiro 2006, p. 17.

Criticase que a figura de Francisco Añón estea nun inxustifico esquecemento. Sinálanse algúns feitos puntuais que se fixeron na súa honra: cursos, exposicións, conferencias e teatro; e subliña que a editora Toxosoutos publique *Unha proposta didáctica (Francisco Anón)*, dentro da colección Ensino, co fin de “levar a Añón ás aulas”.

Celeiro, Luís, “Xavier Costa Clavell: oficio e talento”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “Opinión”, 11-17 maio 2006, p. 5.

Descríbese a Xavier Costa Clavell como “un escritor de talento” que coa súa “Olivetti” se dedicou ao xornalismo e á literatura. Lémbrese que o coñeceu grazas a Margarita Ledo e despois de repasar brevemente a súa traxectoria literaria anúnciase que Sotelo Blanco ten no prelo un libro de cociña que Clavell quería ter presentado antes do seu óbito.

Chao, Ramón, “Irreductibles y pervertidos”, *La Voz de Galicia*, “Desde mi otero”, 17 febreiro 2006, p. 6.

Co gallo da celebración da Feira do Libro da Habana, reflexiónase sobre a diferenza existente entre os irreductíbeis (Neira Vilas e Ramón Chao) e mais os pervertidos, por ideas nefastas, ou os candidatos a irreductíbeis como Bernardo Atxaga, Fernán Vello ou Joaquín Sabina, todos eles presentes na citada feira do libro.

Conde, Alfredo, “O meu descubrimento dos blogs”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 xaneiro 2006, p. 4.

Detállase a descuberta polo autor do mundo dos blogs, lugar en que atopou un coloquio sobre dos premios literarios, celebrado no Consello da Cultura Galega, e do que aconsella a todos escoitalo, nomeadamente as reflexións irónicas e divertidas de Camilo Franco.

Conde, Alfredo, “Como se chegara a primavera”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 19 xaneiro 2006, p. 4.

Ademais de reflexionar sobre temas alleos á literatura, salientase a proximidade da publicación dun libro conxunto entre o autor da columna e o editor Víctor Freixanes.

Conde, Alfredo, “Lendo a prosa de Don Álvaro”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 xaneiro 2006, p. 4.

Explica que despois de ler o volume de Sotelo Blanco sobre a prosa de Cunqueiro, cun espléndido prólogo de Fernando Ónega, chega á conclusión de que a expresión literaria da paisaxe non ten nunca a esta como protagonista, xa que a paisaxe é un estado de ánimo e incluso determina unha poética.

Conde, Alfredo, “A poesía do raio verde”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 xaneiro 2006, p. 4.

Comenta que lle chegaron unha serie de volumes da editorial Espiral Maior e indica que a poesía hai que inxerila en pequenos grolos, ademais de explicar que os títulos dos poemarios deberían ser o máis sinxelos posíbeis, igual cós nomes dos medicamentos. A continuación, salienta a obra de Rosa Méndez Fonte, *O raio verde* (2005), da que comenta a sensación que lle produciu a súa lectura.

Conde, Alfredo, “Un premio a Ramón Luis Acuña”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 1 febreiro 2006, p. 4.

Expresa a súa admiración, que vén de vello, por Ramón L. Acuña, a quen lle acaban de outorgar o premio ao mellor labor de comunicación en medios impresos e remata facendo un repaso pola súa traxectoria profesional.

Conde, Alfredo, “Poesía de escarnio e maldicir”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 febreiro 2006, p. 4.

Sinala que leu nun foro en internet palabras degradantes, insultantes e escasamente inxeniosas, entre outras cousas, a propósito do tema “Paradoxas nacionalistas: Conde, Rivas e De Toro” e comenta que no caso de ser editor, “axiña” publicaría estes comentarios como “insólito e afortunado renacer da poesía de escarnio e maldicir, da poesía satírica, da regueifa culta e literaria”.

Conde, Alfredo, “Propia de prodixio ou de meigas”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 febreiro 2006, p. 4.

Fai referencia á ignorancia por parte do autor da existencia na súa páxina web da posibilidade que os lectores teñen para engadir comentarios, e a continuación dos seus escritos. A seguir, láíase deste descubrimento ao admitir que “Deus sabe a cantidade de veces nas que quedei mal” con toda a xente que o le e escribe comentarios.

Conde, Alfredo, “Recital de rancio feminismo”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 marzo 2006, p. 4.

Realiza unha crítica furibunda ao recital de poesías de Rosalía e doutras poetas, organizado pola Consellaría de Cultura e Deporte, co motivo da homenaxe á poeta galega, e chega a cualificar este encontro poético como “botarada”.

Conde, Alfredo, “O devalar cultural deste país obriga”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 marzo 2006, p. 4.

Lamenta perdas importantes no ámbito da cultura galega; entre elas, o cesamento de Ánxeles Cuña, a nova directora do CDG, que acaba de dimitir no seu cargo tras escasos meses á fronte da compañía institucional.

Conde, Alfredo, “Pra endereitar actitudes”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 marzo 2006, p. 4.

Crítica aberta da inxerencia da política en organismos culturais que deberan ser independentes como o IGAEM e o CDG, con motivo da Lei de Creación, paso atrás para o autor, non por supor unha mudanza, senón por constituír un retroceso na necesaria liberdade de actuación deste tipo de centros.

Conde, Alfredo, “Recordando ós nosos próceres”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 marzo 2006, p. 4.

Describe como coñeceu a Vicente Risco, en Ourense e Allariz, e mais a Farruco Cerviño, en Pontevedra, e remata afirmando que escribiu unha carta a Carvalho Calero en abril de 1967.

Conde, Alfredo, “Coma unha pelota de frontón”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 marzo 2006, p. 4.

Agradece a iniciativa do Instituto Cervantes, dirixido por Antonio César Molina, de lle dar o nome de Álvaro Cunqueiro á biblioteca da sé do Instituto Cervantes en Damasco e lembra que

Antonio César Molina “foi sempre un cunqueirán devoto”. Tamén recalca neste artigo que Cunqueiro é unha das meirandes voces da literatura contemporánea.

Conde, Alfredo, “Normalizar a nosa literatura”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 abril 2006, p. 4.

Este artigo é a contestación ao texto escrito por Caneiro baixo o título “Cando digo futuro”, no suplemento “*Culturas*” de *La Voz de Galicia* a propósito dunhas “edicións carísimas da Xunta de antes, de Alfredo Conde”. Así, o autor desde artigo afirma que esa gloria se debe a Pablo González Mariñas e destaca que daquela a Consellaría de Cultura si consultaba co presidente da Xunta de Galicia a política cultural e dá a entender que hoxe en día isto non sucede así.

Conde, Alfredo, “Escarmentos en cabeza allea”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 abril 2006, p. 4.

Seguindo coa polémica con Caneiro, Alfredo Conde defende a súa xestión como conselleiro de Cultura afirmando que aínda tendo pouco orzamento para a tradución de autores galegos ao italiano (Carlos Casares e Bolaño) e se potenciou a presenza de escritores galegos no estranxeiro e remata preguntándose cal é o orzamento da actual Consellaría de Cultura e Deporte e cal é a política cultural que se está a seguir.

Conde, Alfredo, “Unha reflexión sobre a miña obra”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 maio 2006, p. 4.

Agradece a Francisco Martínez Bouzas a recensión que fixo da última novela de Conde, publicada o 16 de marzo de 2006 en *El Correo Gallego*, admitindo que con comentarios así, se alenta a ilusión de que “non poucos me negaron”. Finalmente, Conde indica que está a rematar a corrección do segundo borrador da “miña próxima novela”.

Conde, Alfredo, “Unha flor en forma de palabras”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 maio 2006, p. 4.

Céntrase na triste nova da morte de Xavier Costa Clavell, de quen afirma que viviu “como os millores puro sangue: enteiro” e mais que foi dono dunha vocación literaria inquebrantábel.

Conde, Alfredo, “Das novelas e a inxenuidade”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 agosto 2006, p. 4.

Comenta a sensación dun escritor ao crear unha novela e uns personaxes. Explica que está a vivir outras vidas distintas á del e fai referencia ao escritor Josep Pla.

Conde, Alfredo, “Sempre en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 agosto 2006, p. 4.

Fai referencia ao texto teatral escrito por Pancho Martínez, titulado *Sempre en Rianxo*. Explica que se trata dunha obra feita entre a crónica de costumes e o musical, na que se mestura o culto co popular e na que os actores que a representan deben ser todos de Rianxo.

Conde, Alfredo, “Achádegos de cadeirádegos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 outubro 2006, p. 4.

Alfredo Conde comenta que o agasallaron co número trescentos vinte da primeira edición da novela de Otero Pedrayo, *O Mesón dos Ermos!* e móstrase en desacordo con aqueles que consideran que a linguaxe que emprega Otero non é a do galego de moitos. Por isto, Conde critica a dialectalización que hoxe en día se está a facer da lingua e considera que se non se mira por ela, a fala acabará desaparecendo.

Conde, Alfredo, “Dous millóns e medio de libros”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 novembro 2006, p. 4.

Coméntase que a Administración está a malgastar unha gran cantidade de cartos na edición de libros que despois non distribúe. Explícase que hai vinte anos había dous millóns e medio de libros almacenados nunhas naves e cuestiona se os cartos destinados á produción editorial non serían máis aproveitados nas subvencións ca na produción literaria.

Conde, Alfredo, “Ter capacidade para progresar”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 novembro 2006, p. 4.

Pregúntase que sería o que pensarían sobre Galicia Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Ramón Martínez López. A seguir, fala dos tempos actuais en que vivimos, caracterizados por seren interesantes debido ás mudanzas políticas que se están a producir, como a redacción actual e substitución do Estatuto de Autonomía de Galicia. Fala da necesidade de consenso entre as forzas políticas e os seus máximos representantes.

Conde, Alfredo, “Tempos lidos en vellos libros”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 novembro 2006, p. 4.

A partir dalgunhas expresións tópicas, Alfredo Conde lembra a Carlos Casares como un home que traballou moito ao longo da súa vida e en diferentes actividades. Conta unha anécdota vivida con Casares e, por último, explica por que se lembrou do escritor neste artigo.

Conde, Alfredo, “Versos na nosa compuxida fala”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 14 decembro 2006, p. 4.

Fai referencia ao comentario realizado por Antonio Gamoneda, quen afirmou que, de forma xeral, a poesía galega estaba por riba da castelá actual. A continuación, fala de como foi recibido este comentario entre a sociedade cultural.

Conde, Alfredo, “Por non falar do gran político”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 decembro 2006, p. 4.

Indica que a editorial Galaxia acaba de publicar dous volumes que recollen a obra gráfica de Castelao e de Vicente Risco. Sobre Castelao explica que xeralmente o que se coñece do autor é máis a súa vida política e non tanto a faceta de debuxante. Considera que este foi un artista “algo anticuado”, moito menos avanzado ca Vicente Risco, quen recoñeceu o labor das Vanguardas.

Conde, Alfredo, “Díaz Pardo, sempre presente”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 decembro 2006, p. 4.

Comenta que Isaac Díaz Pardo foi un excelente pintor e non comprende por que deixou esta arte. Indica que este comentario chega a raíz do cadro de Díaz Pardo que está exposto na galería José Lorenzo.

Cores, Baldomero, “De Villar Ponte a Linares e Prácido R. Castro”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Reportaxe”, 12 febreiro 2006, p. 13.

Comenta o sucedido no ano 1927 ao redor da comedia *Mal año de lobos*, de Linares Rivas, na que se “afeaba o topónimo” de Fisterra e na que interviñeron Antón Vilar Ponte e Plácido Castro.

Costa Clavell, Xavier, “Isaac Díaz Pardo”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 12 xaneiro 2006, p. 5.

Gábase a figura de Isaac Díaz Pardo, a quen lle están a dedicar “estes días premios e homenaxes” e compáraa con Castelao e Luís Seoane. Finalmente, realiza unha aproximación á biografía de Díaz Pardo.

Costa, Alfonso, “O león de Chantada”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 maio 2006, p. 37.

Fai unha sentida homenaxe a Xavier Costa Clavell, con motivo do seu falecemento, motivo polo que subtitula este artigo como “In memoriam Xavier Costa Clavell”. Sinala que foi Nuria quen lle puxo o alcume de “León de Chantada” pola esfínxe de prata que Xavier Costa Clavell levaba pendurada do seu colo.

Díaz Pardo, Isaac, “As formas e a nazón de Breogán”, *La Voz de Galicia*, “Crónicas inconformistas”, 7 febreiro 2006, p. 8.

Detense a reflexionar sobre a importancia que tivo a emigración galega en Cuba para a cultura galega. Indica que alí naceu o “Himno Galego” e repasa a historia deste, e a bandeira de Galicia, así como as orixes do que sería despois a RAG (Real Academia Galega).

Díaz Pardo, Isaac, “Algo sobre a emigración”, *La Voz de Galicia*, “Crónicas inconformistas”, 20 febreiro 2006, p. 5.

Comenta que se presentou no Auditorio de Galicia a Fundación Galicia Emigración, o que serve de excusa para falar sobre a emigración galega en América, nomeadamente na Arxentina, e destaca o traballo realizado po Luís Seoane, de quen se subliña que chegou a crear unha revista e mais unha audición na radio, denominadas *Galicia emigrante*.

Díaz Pardo, Isaac, “O teatro e as causas xustas”, *La Voz de Galicia*, “Crónicas inconformistas”, 27 marzo 2006, p. 6.

Fala do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Euloxio Ruibal, do que Díaz Pardo se sorprende ao constatar o informado que está Ruibal da historia do teatro e, sobre todo, das condicións que moldearon o significado de cada tempo.

Dobarro, Xosé María, “Retrincos e Cousas”, *Diario de Ferrol*, “Outra volta”, 8 xaneiro 2006, p. 22.

Describe o acto anual que se celebra en San Domingos de Bonaval co gallo do cabodano do falecemento de Castelao, onde asiste dende hai ben anos. Desta edición o que máis sorprende ao autor do artigo é o discurso proferido por Jesús Redondo Abuín, dado que é alguén non nacionalista, que afirmou que na época de Castelao Galicia era unha nación con dereito á autodeterminación.

Dourado Deira, Manuel, “Rianxo, Foro da Memoria Literaria”, *Galicia Hoxe*, “Ardentía”, 4 febreiro 2006, p. 4.

Alude ao Foro da Memoria Literaria centrado na figura de Castelao, celebrado en Rianxo o 28 de xaneiro de 2006, e do malestar xerado polas cobizas de Javier Baltar, herdeiro legal da familia de Castelao, que provocan que a casa de Castelao continúe a estar pechada ao público. Por esta razón, anima á Xunta de Galicia e á Fundación Castelao a que acaden o obxectivo de crear a casa museo de Castelao en Rianxo.

Dourado Deira, Manuel, “Ruibal, académico da RAG”, *Galicia Hoxe*, “Ardentía”, 1 abril 2006, p. 4.

Describe “coa máxima sinxeleza e cordialidade” o emotivo acto de ingreso de Euloxio Ruibal na Real Academia Galega, que tivo lugar no Salón Nobre de Fonseca. Resalta a grande

emoción que lle produciu este acto e remata amosando a súa admiración “pola heroica aventura dramática de Eloxio Ruibal”.

Dourado Deira, Manuel, “VII Seminario de Auliga en Rianxo”, *Galicia Hoxe*, “Ardentía”, 2 decembro 2006, p. 5.

Dá conta da súa participación no VII Seminario Internacional de Tradución e Poética, organizado por AULIGA (Asociación de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana) e celebrado en Rianxo. Comenta que foron moitos e de elevado nivel os escritores que participaron no seminario, mais critica o escaso número de público e chama a atención sobre todas aquelas persoas da cultura que non asistiron ao evento. Así mesmo, informa de que AULIGA presentou na Casa de Galicia de París tres poemarios de Ánxeles Penas, Fernán-Vello e Xulio Valcárcel, traducidos ao francés.

Durán, Xesús, “A poesía nas orixes de Fiz”, *El Progreso*, “Sarria”, 25 xuño 2006, p. 22.

Comenta a IVª viaxe literaria á Cova da Fonte organizada pola asociación cultural de Sarria “Ergueitos” e que tivo ao poeta Fiz Vergara Vilariño como homenaxeado. Sinala que asistiron diversas personalidades, como Uxía Senlle, Xosé Manuel Beiras, Paco Martín ou Cesáreo S. Iglesia, que realizaron un percorrido polos lugares frecuentados de cotío polo poeta e lembra a ofrenda floral que lle foi feita.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “45 anos de ‘Memorias dun neno labrego’”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, 12 xaneiro 2006, p. 3.

Artigo dedicado á conmemoración da edición da obra de Neira Vilas *Memorias dun neno labrego* en Bos Aires. Destaca o éxito editorial da obra, dando como proba as numerosas traducións que dela se fixeron. Fala da experiencia do autor do artigo como lector xuvenil deste texto e da súa identificación co “ser” labrego. Alude tamén á descrición lingüística, á fluidez narrativa, ao realismo social e aos valores humanos que a obra transmite. Como peche, dáse a noticia de que a obra vai ser levada ao cinema.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Viaxe a Lugo”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 27 xaneiro 2006, p. 3.

Faise unha homenaxe á cidade de Lugo, berce de escritores e fonte de inspiración para os escritores galegos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “A lingua ‘loaira’ de Uxío Novoneyra”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 3 febreiro 2006, p. 3.

Fálase do libro de Olga Novo centrado na figura de Uxío Novoneyra, *Uxío Novoneyra. Lingua loaira* (2005), que obtivo o XVIII Premio Literario Ánxel Fole. A autora, segundo di

Fernán Vello, estuda e desentraña a poética profunda que anima a obra do poeta do Caurel, ademais de ofrecer ao lector textos de Novoneyra nunca antes recollidos en libro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Idiomas e literaturas no Estado español”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 8 febreiro 2006, p. 3.

Fálase do descoñecemento, por parte dos territorios castelán-falantes do Estado español, das literaturas periféricas. Sinálase que ignorar isto significa desprezar unha parte moi significativa da riqueza cultural. Fernán Vello pregúntase cal é o motivo polo que o Estado funciona moitas veces como negador e separador. Aconséllase unha liña de diálogo universal dende cada ser particular para termos unha convivencia harmónica.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “A Habana, capital do libro”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 10 febreiro 2006, p. 3.

Céntrase na Feira do Libro da Habana, que conta con 300.000 visitantes e ten a Venezuela como país convidado. Remárcase o carácter galego desta edición da feira, xa que a Xunta de Galicia e a Consellaría de Cultura están presentes por primeira vez nela. Sinálase que se contan por milleiros os visitantes deste espazo expositivo, a meirande parte deles galegos ou fillos de galegos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Literatura galega en América”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 13 febreiro 2006, p. 3.

Céntrase na literatura galega transoceánica. Para Fernán Vello, Galicia nunca debe esquecer a América, un ámbito irmán onde a literatura galega se aconchegou en tempos represivos. Sinálanse os vastos vínculos culturais que unen Galicia e América e deféndense este continente como orientación do futuro do sistema literario galego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Galegos en Cuba”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 14 febreiro 2006, p. 3.

Refírese á existencia dunha estendida nota de galeguidade en Cuba, como nexo sentimental entre os fillos e netos de galegos a través da evocación dunha Galicia idealizada e inesquecível polo fenómeno da saudade. Fálase neste artigo tamén dunha conferencia que Neira Vilas deu na Habana sobre o himno e a Academia, que fixo vibrar aos cubanos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “O Manuel María de Margarita Ledo”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 20 febreiro 2006, p. 3.

Alúdese ao filme documental sobre Manuel María, *Fala e terra desta miña terra*. Trátase dunha indagación ético-vital e unha aproximación estético-afectiva sobre o poeta da Terra

Chá. O autor do artigo afirma sentirse orgulloso do documental, xa que fai unha posta en imaxe do Manuel María que el coñeceu.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Rosalía real e carnal”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 24 febreiro 2006, p. 3.

Inténtase derrubar a imaxe sacralizada da poeta Rosalía de Castro, utilizando, para isto, o libro que Laiovento acaba de reeditar en 2005 na colección Vento do Sul: *Rosalía de Castro, a mulher e o poeta*, de Alberto Machado, profesor e intelectual portugués exiliado en EE.UU. Comenta que este libro é un estudo biocrítico que constitúe unha achega á vida e obra da escritora, un libro exento de estereotipos que deixa atrás a visión da Rosalía “santiña” para mostrar unha muller madura e carnal con precoces intereses artísticos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Sobre Álvaro Cunqueiro”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 15 marzo 2006, p. 3.

Trátase dun artigo que rememora a Álvaro Cunqueiro tras vinte e cinco anos da súa morte. Denúnciase a mediocridade da homenaxe que lle fixo o Concello de Vigo, que non estivo á altura da importancia deste escritor mindoniense, referente universal do teatro galego segundo Pillado Maior e Manuel Lourenzo. Finalmente, a denuncia amplíase a todos aqueles que non valoran a Cunqueiro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Os novos e novas poetas galegos”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 20 marzo 2006, p. 3.

Di que existe en Galicia un contínuum lírico de alta intensidade que se ve reflectido nas dúas últimas xeracións poéticas: a dos 80 e a dos 90. Fala de que aínda hai novos e novas poetas que están a chegar, que están situándose, que están próximos a publicar un libro ou gañar un premio literario. Dá varios nomes, como os de Lupe Oroña, Rosa Lois Caamaño, Carlos Fuentes, Alicia Fernández ou Elvira Riveiro Tobío.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Un libro de poemas de Eva Veiga”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 5 abril 2006, p. 3.

Dáse conta da publicación dun novo libro de Eva Veiga titulado *A luz e as súas cicatrices* (2005), que conforma o número cento cinco da Colección Esquíó de Poesía. Indícase que a obra conta cun prólogo de Luz Pozo e achéganse comentarios de Pozo sobre a obra e a súa autora.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “A alcaldesa contra os libros”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 24 abril 2006, p. 3.

Compáranse as iniciativas do Concello de Madrid e o de Vigo en relación ao fomento da lectura. En Madrid decidiuse converter a lectura nunha festa con “La Noche de los Libros” e en Vigo, pola contra, a alcaldesa non permitiu que no Día do Libro os libreiros puxesen unha carpa con libros na rúa do Príncipe.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Darío Xohán Cabana na Academia”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 25 abril 2006, p. 3.

Fálase da entrada de Darío Xohán Cabana na Real Academia Galega. O artigo é un repaso á carreira literaria deste escritor, un mestre necesario para poetas e novos escritores de hoxe, segundo afirma Fernán Vello.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Pintura e poesía en Mariñán”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 27 abril 2006, p. 3.

Di que o II Encontro coa Pintura e a Poesía tivo lugar no Pazo de Mariñán. Foi organizado pola Deputación da Coruña. O encontro durou catro días, momento en que o pazo se converteu nun obradoiro de pintura e poesía e nun espazo de convivencia de artistas. Comenta ademais as estreitas relacións que hai entre as dúas disciplinas artísticas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Xornalismo literario e de opinión”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 28 abril 2006, p. 3.

Anúnciase que o PEN Clube e Caixanova organizaron en Vigo un foro de debate sobre a escrita e os medios de comunicación que permitiu abrir campos de reflexión interesantes sobre o xornalismo literario.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Libros, lectura e poboación”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 3 maio 2006, p. 3.

Alúdese ao goberno de Venezuela, que repartiu gratuitamente exemplares de *El Quijote* e *Los miserables* para democratizar, cunha ambiciosa política cultural, o acceso á cultura por parte da poboación. Para o autor do artigo, Venezuela é un exemplo a seguir e pregúntase que acontecería se se fixese o mesmo con *Sempre en Galiza*, *Follas Novas* ou *As mil e unha noites* traducidas ao galego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Gabanza dos ‘blogs’”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 8 maio 2006, p. 3.

Defínense os blogs como o futuro da literatura galega polo atractivo que están a ter en tempos recentes. Indícase que estes son unha especie de diarios de autor que se alimentan dos avatares da realidade. Un dos seus blogs favoritos, *A canción do naufrago*. *Blog do escritor Francisco Castro*, está por estas datas de aniversario. Trátase dun lugar na rede onde se

ofrecen reflexións, críticas construtivas e xuízos nun ton de elegancia e sinceridade. Fálase no artigo doutros blogs, como o intitulado *As uvas da solaina*, de Marcos Valcárcel e *Brétemas*, de Manuel Bragado, entre outros.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Lembranza de Xavier Costa Clavell”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 11 maio 2006, p. 3.

Lémbrase a figura de Costa Clavell tras a súa perda. Laméntase o terríbel baleiro que deixou no eido literario e xornalístico. Entre as cualidades que se lle atribúen están a de excelente crítico gastronómico, posto que Costa Clavell é autor de *Cocina gallega*, e afamado “embaixador” de Galicia en Barcelona.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Libros, pan e poesía”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 16 xuño 2006, p. 3.

O artigo xoga coa comparación entre o libro e o pan como alimentos, un da alma e o outro do corpo. A idea do artigo vén do slogan “Pan con Poesía”, da Consellaría de Cultura., que presentou publicamente en seiscentos vinte e sete despachos de pan de toda Galicia 150.000 bolsas nas que figurarán textos poéticos de seis clásicos da poesía galega. Di que esta iniciativa trata de espertar na xente o interese pola poesía.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “A 80 anos da morte de Rainer María Rilke”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 19 xuño 2006, p. 3.

O autor de *Elexías de Duino*, Rainer María Rilke, morto hai 80 anos, é a figura central deste artigo. Descrito como poeta errante, dise que no momento en que morre, é Otero Pedrayo o que dá a noticia na publicación *Nós*. Existen algúns poemas soltos traducidos por Cunqueiro, Celso Emilio e Lois Tobío mesmo traduciu un libro enteiro: *Sonetos a Orfeu*. Logo destes primeiros pasos apareceron *Elexías de Duino* e *Cartas a un poeta novo*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “O futuro do libro”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 26 xuño 2006, p. 3.

Reflexiónase sobre o futuro deste soporte, discútese se é axeitado, ergonómico e manexábel, e apúntanse dúas evolucións diferentes que convivirán no mañá: os libros de consulta terán un soporte dixital e os de lectura continuarán no papel.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Homenaxe ao poeta Ardeiro”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 10 xullo 2006, p. 3.

Faise referencia á homenaxe que Lupe Oroña organizou en Santa Comba en honor do poeta Manuel López Ardeiro. Coméntase que a poesía de Ardeiro mostra tres grandes eixos básicos: a sentimentalidade, o amor e a natureza, e analiza certos aspectos da súa obra. Por último,

indícase que no acto Lupe Oroña, Silvia Mariño, Lorena Peillet e Rafael Lema leron poemas en homenaxe a Ardeiro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Libros, librarías, lectura e futuro”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 11 xullo 2006, p. 3.

Coméntase que a Federación de Libreiros de Galicia vai poñer en marcha unha campaña pola supervivencia das librarías galegas. Indícase que os libreiros e editores están en contra do modelo de “gratuidade” aprobado pola Xunta de Galicia e afírmase que se non se loita pola continuidade das librarías, pérdese boa parte da cultura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Entre o local ou particular e o universal”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 26 xullo 2006, p. 3.

Fálase sobre o tema da universalidade fronte ao particular e considérase que para atopar a universalidade hai que partir forzosamente dun punto particular do espazo. Conclúese afirmando que Rosalía de Castro ou Mendiño son “maxistralmente” universais.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Pura Vázquez no reino da poesía”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 27 xullo 2006, p. 3.

Lémbrese a figura da poeta Pura Vázquez tras o seu pasamento e coméntase o que a escritora entendía por poesía a partir do seu libro *Desmemoriado río*. Faise referencia a feitos importantes da súa vida e dáse conta doutras obras publicadas, como *Íntimas*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Danza e poesía en Betanzos: Branca Novneyra”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 7 agosto 2006, p. 3.

Dáse conta da participación de Blanca Novoneyra no I Festival Internacional de Poesía de Betanzos. Coméntase que esta escritora sabe fundir a comunicación poética co “espírito máxico e a pureza corpórea da danza”, e que expresa os seus sentimentos con palabras e con movementos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Xornalismo literario nos ‘blogs’”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 10 agosto 2006, p. 3.

O autor do artigo comeza por se declarar lector de ‘blogs’, admitindo a selección destes polos seus contidos, polo estilo ético ou pola vontade cultural construtiva. Séguense a considerar moitos dos actuais ‘blogs’ como “referencias inescusábeis de alto xornalismo literario”, para pasar se referir logo a dous deles: “Brétemas” de Manuel Bragado, no que se reflexiona sobre todo aquilo relacionado co mundo do libro e da lectura, e “As uvas na solaina”, de Marcos Valcárcel.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Poemas-obxecto en Cangas”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 25 setembro 2006, p. 3.

Coméntase que a galería “A Carón do mar”, de Cangas, expón unha mostra de poemas-obxecto do poeta Pepe Cáccamo. Indícase que a través destas pezas o autor transforma a poesía en escultura, une o poético e o plástico e explica en que consisten estes poemas-obxecto e o significado que presentan. Por último, conclúese afirmando que a de Cáccamo é unha poesía viva, son “poemas que se tocan cos dedos e coa imaxinación”.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Sobre a lucidez dos poetas”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 2 outubro 2006, p. 3.

Críticase a aquelas persoas que participaron no Foro Cidade da Cultura de Santiago de Compostela e que rexeitaron aos poetas e actores. Remátase cunha cita de Salvatore Quasimodo relacionada coa crítica: “o nacemento dun poeta é sempre unha ameaza para a orde cultural existente”.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Comercio do Libro en Galiza: o caso Biblos”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 3 outubro 2006, p. 3.

Dáse conta da saída á luz do estudo realizado pola Federación de Gremios de Editores de España sobre o Comercio Interior do Libro. Coméntase que, en xeral, o libro español sofre un estancamento e, en relación ao libro galego, indícase que o número de empregados nas editoriais decrece, como tamén decae o número de colaboradores externos. En canto ao número de títulos publicados, este aumentou pero as vendas seguen presentando unha porcentaxe negativa. Ante esta situación, salientase o labor de empresas privadas como Biblos Clube de Lectores, que xa conta con máis de mil cincocentos socios, e co éxito do seu premio Biblos Pazos de Galicia para menores de vinte e cinco anos. Remátase aludindo a ser este o xeito adecuado para difundir a cultura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Sobre as actividades poéticas”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 24 outubro 2006, p. 3.

Dáse conta da VI edición do Festival de Poesía en Sant Cugat, en que participaron once poetas que menciona. Coméntase que estas iniciativas se deberían tomar como modelo e indícase que o tema central do encontro foi a organización de actividades poéticas no Estado español. Finalmente, propónse que no 2007 se podería realizar un festival de poesía das catro linguas do Estado español, en Madrid.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Fundación Rodríguez Iglesias”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 6 novembro 2006, p. 3.

Coméntase que a Fundación Rodríguez Iglesias, situada no edificio de Hércules Ediciones da Coruña, está deixando notar a súa presenza. Indícase que conta cun auditorio, unha sala de exposicións e talleres de arte, entre outros servizos, e amplía o panorama cultural da cidade da Coruña que conta xa co Kiosko Alfonso, o Forum Metropolitano, as Fundacións Barrié de la Maza, Caixa Galicia, Paidea, Caixanova e Luís Seoane. Por último, apúntase que, na actualidade, a Fundación Rodríguez Iglesias faise cargo da edición do Boletín da Real Academia Galega e ten previsto realizar obradoiros de arte, literatura e ciencia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Que quedou da literatura de xénero?”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 7 novembro 2006, p. 48.

Coméntase que no V Encontro de Escritores Ourenzáns se trataron diferentes cuestións literarias e relacionadas co mundo do escritor. Entre elas, salientase o tema da literatura de xénero e afírmase que houbo discrepancias.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Bibliotecas e lectura”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 17 novembro 2006, p. 3.

Infórmase da celebración do III Simposio “O Libro e a lectura”, organizado pola Asociación Galega de Editores en Santiago de Compostela. Indícase que o tema central destas xornadas é “Bibliotecas, lectura e edición” e, a continuación, coméntase a situación das bibliotecas galegas. En relación aos datos, confírmase que Galicia é a comunidade que menos gasta en dotación bibliotecaria e, en canto ás bibliotecas escolares, aínda hai menos ca no tempo da República. Finalmente, afírmase que a solución está na clase política.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Galiza e a paciencia histórica”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 23 novembro 2006, p. 3.

Coméntase que unha das características básicas do país é a súa paciencia histórica, é dicir, Galicia non avanza, atópase nun estado de quietude e así o demostran moitos poetas como Díaz Castro, Luís Pimentel ou Méndez Ferrín. Afírmase que chegou o momento de espertar e evolucionar. Ao final, indícase que o artigo é unha reflexión sobre o Estatuto.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Asociacións Culturais: Lumieira, de Carballo”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 24 novembro 2006, p. 3.

Comézase salientando o labor das asociacións culturais galegas como O Facho da Coruña ou O Galo de Santiago, e criticase que non se lles reconece o traballo que realizan a favor da cultura galega. A continuación, faise referencia á Asociación Cultural Lumieira, de Carballo, que acaba de celebrar os seus trinta anos de existencia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Tradición e creación literaria”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 30 novembro 2006, p. 3.

Faise referencia aos novos poetas que teñen publicada algunha obra e, no entanto, descoñecen a tradición literaria da lingua que empregan. Existen tamén escritores, segundo Fernán Vello, que non leron versos de Rosalía de Castro nin de Cabanillas. Indícase que o poeta que non le, que ignora a tradición, é un poeta non desenvolvido.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Cunqueiro en Damasco”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 4 decembro 2006, p. 3.

Coméntase que o Instituto Cervantes tivo a boa decisión de poñer o nome de Álvaro Cunqueiro á biblioteca da sé que a institución ten en Damasco. Fernán Vello considera que este foi un acto de “xustiza poética” xa que Cunqueiro foi o escritor que soubo soñar espazos e realidades dende o seu ‘lugar’. Por último, fálase sobre o encanto da cidade de Damasco.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Eixo poético galego-francés”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 7 decembro 2006, p. 3.

Comenta a súa asistencia, xunto a Ánxeles Penas, Xulio Valcárcel e Domínguez Rey, á presentación de tres libros de poesía galega traducidos ao francés, na Casa de Galicia en París. Explícase que este eixo poético galego-francés “permitirá establecer liñas de proxección e de intercambio entre a creación lírica galega e o público francés” pois, xa dende os inicios, a literatura galega débelle moito á lírica da Provenza e considérase que chegou a hora de levar a cabo un camiño de volta: de Galicia a Francia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Biblioteca do Exilio”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 8 decembro 2006, p. 3.

Fai referencia á presentación da Biblioteca do Exilio, que é un proxecto conxunto levado a cabo por Edicións do Casto e a sevillana Editorial Renacimiento. Comenta que xa se publicaron case cincuenta números dos cen que completan a Biblioteca e explica que o obxectivo é dar a coñecer esa parte da historia que permanecía no silencio. Así mesmo, indica que no mesmo Instituto Galego de Información se abriu unha exposición bibliográfica sobre a Guerra Civil e o Exilio.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Bibliotecas coruñesas”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 11 decembro 2006, p. 3.

Fernán Vello critica a situación lamentábel que presentan a maior parte de bibliotecas públicas de Galicia. Comenta que a porcentaxe de volumes por habitante é moi reducida excepto nas bibliotecas coruñesas, ás que pon como modelos incluso a nivel nacional. Salienta as bibliotecas dos Concellos de Ames, Culleredo e Oleiros e indica que na cidade da Coruña existen seis bibliotecas municipais e, dúas delas, especializadas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Lei do libro e da lectura”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 14 decembro 2006, p. 3.

Dá os seus parabéns ao Parlamento galego por aprobar a nova Lei do Libro e da Lectura. Comenta cales foron os pasos que houbo que seguir para chegar a ter a Lei e indica que o éxito é de toda a cadea que conforma o universo do libro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Santiago de Compostela, capital literaria”, *Galicia Hoxe*, “Caderno Aberto”, 21 decembro 2006, p. 3.

Fai referencia ao bo facer do PEN Clube de Galicia que converteu Santiago de Compostela nun centro literario internacional, grazas a celebración do I Encontro Internacional de Escritores ‘De pedra e de palabra: Europa e Iberoamérica’, que contou cunha asistencia de máis de cincuenta autores galegos, europeos e iberoamericanos. A continuación Fernán Vello dá conta dalgúns dos escritores que asistiron e remata salientando o obxectivo deste encontro que, en palabras de González Tosar, é intentar que a lingua galega transcenda cara a fóra a través do diálogo.

Fernández del Riego, Francisco, “Rexurdir contemporáneo da cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Decotío”, 11 febreiro 2006, p. 15.

Fala da vitalidade das letras galegas na época anterior ao 36 e do esmagamento cultural que supuxo a guerra. Fai un repaso das primeiras voces que se escoitaron durante a guerra e dos primeiros pasos que contribuíron á estabilización da literatura: Luís Seoane, Pimentel, a fundación de Galaxia, Cunqueiro, Fole, a revitalización do ensaio, Ramón Piñeiro, Rof Carballo, Carballo Calero e Celso Emilio Ferreiro, entre outros. Finalízase advertindo que o que puxeron en marcha estes homes e iniciativas se está a estender con proveitosos resultados.

Fernández del Riego, Francisco, “Lembranza dun escritor innominado”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 169, “Decotío”, 15 xullo 2006, p. 11.

Realízase, de forma literaria, un percorrido vital pola vida e obra dun escritor galego anónimo, e nárrese a importancia que para el ten Galicia.

Fernández del Riego, Francisco, “Ideoloxía galeguizadora de Quintanilla”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 188, “Decotío”, 25 novembro 2006, p. 15.

Faise referencia á vida poético-cultural de Xaime Quintanilla Martínez. Coméntase que foi un defensor da nosa personalidade como pobo e que participou dende o principio nas Irmandades da Fala, sobre todo coa publicación de artigos contra a política centralista, no xornal *A Nosa Terra*. Na Irmandade da Fala de Ferrol, da que Quintanilla foi conselleiro primeiro, fundouse ademais, a empresa editorial Céltiga, para poder difundir a cultura, xa que consideraba que a fala era a base da formación do pensamento. A continuación, indícase que Quintanilla foi

autor de pezas teatrais: *Donosiña* ou *Alén*, e de que tamén publicou en Céltiga unha serie de novelas mensuais. A primeira foi *Saudade*.

Fernández del Riego, Francisco, “Mergullos no mundo da memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 192, “Decotío”, 30 decembro 2006, p. 11.

Fai unha exaltación da memoria histórica e defensa das lembranzas como un medio de coñecernos. Reflexiona sobre os faladoiros que mantiña cos amigos, as lecturas que facía e as viaxes realizadas, entre outras cousas.

Fernández Fernández, Ruth, “A novelística da Guerra Civil. A memoria (I)”, *Galicia Hoxe*, “Noticias cotiás”, 14 marzo 2006, p. 4.

Refírese a tres novelas galegas que fan referencia aos acontecementos xurdidos na Guerra Civil española, engadindo, ademais, un breve comentario sobre elas. Estas son *Non agardei por ninguén*, de Ramón de Valenzuela; *O silencio redimido*, de Silvio Santiago e *O señor Afranio- ou cómo me rispei das gadoupas da morte*, de Antón Alonso Ríos.

Fernández Fernández, Ruth, “Terceiro aniversario da cabeceira laranxa”, *Galicia Hoxe*, “Opinión hoxe”, 23 maio 2006, p. 4.

Refírese á celebración do terceiro aniversario cumprido do Día das Letras do xornal *Galicia Hoxe*. Unha das gabanzas que recibe o xornal é o de ser abandeirado defensor e difusor do idioma, alén de ser vertebrador da sociedade galega.

Fernández Naval, Francisco X., “Cortázar e Galicia: fotos con álbum”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 181, “Opinión”, 7 outubro 2006, p. 6.

Dáse conta das visitas que realizou Julio Cortázar a Galicia e da súa impresión reflectida en certas cartas, fotografías e na memoria que deixou a súa muller, Aurora Bernárdez. Así mesmo, salientase a influencia do idioma galego na súa obra, sobre todo, no uso de certas palabras como “mariola”. Finalmente, agrádécese a exposición realizada en homenaxe a Cortázar.

Fernández, Xurxo, “Manuel María”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 23 xaneiro 2006, p. 72.

A parte literaria do artigo dedica a súa atención á figura de Manuel María, xa que a editorial Ouvirmos saca á luz *Fotobiografía sonora* (2005), unha obra que rescata gravacións inéditas e cancións inspiradas nos poemas do escritor en dous cd's e duascentas páxinas con fotos que recollen a súa vida.

Fernández, Xurxo, “Perfecta tormenta de letras”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 20 febreiro 2006, p. 72.

O artigo chama á lembranza dunha reportaxe editada en Xerais que presentaron Rafael Cid, Abellán e Bragado na estación de Renfe en Compostela.

Fonte, Ramiro, “Cuestión de rimas”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 25.

Advírtese da lectura dos *Sonetos* de Shakespeare na lingua orixinal e marabíllase das grandes cualidades rítmicas que ten este idioma. A través das tres palabras inglesas *time*, *crime* e *ryme*, que aparecen nun texto do poeta nacional inglés, o autor fai un xogo de palabras que serve de crítica á capacidade de rimar dos poetas galegos.

Fonte, Ramiro, “Antero e Curros”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “Cultura”, 18-24 maio 2006, p. 21.

Reflexións sobre a obra poética de Antero de Quental e a tradución de parte desta por Manuel Curros Enríquez.

Fonte, Ramiro, “Camiliana”, *A Nosa Terra*, nº 1.243, “Cultura”, 9-15 outubro 2006, p. 21.

Saliéntase a importancia da prosa de Camilo Castelo Branco para a literatura galega. Explícase que o autor se converte nun personaxe das súas obras e introduce innovacións no xeito de narrar. Coméntase que a influencia nos narradores galegos foi cuantitativa e dáse conta dalgunhas obras de Castelo Branco.

Freixanes, Víctor F., “Memoria do amigo”, *La Voz de Galicia*, “Vento nas velas”, 9 marzo 2006, p. 7.

Lémbrese ao escritor limiao Carlos Casares tras catro anos da súa morte. A lembranza chega por medio da evocación producida por unha fotografía do escritor despois de recibir o seu primeiro premio literario. Coméntase o traumática que foi a súa desaparición para a cultura galega, considerado como un home polifacético ao se dedicar á escrita, crítica, edición e tradución, entre outras cousas.

Freixanes, Víctor F., “Mondoñedo de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Vento nas velas”, 18 marzo 2006, p. 6.

Comézase o artigo con varias referencias a novelas de cidade até centrarse en Aracataca ou Macondo, tal e como García Márquez a deu a coñecer en *Cien años de soledad*. A partir de aí refírese ademais a que a corporación municipal desa cidade se está a pensar en trocar o nome de Aracataca polo de Macondo, xa que a obra de García Márquez universalizou este

topónimo. Freixanes conta as súas visitas a Mondoñedo levado pola obra de Cunqueiro e fai un paralelismo con Aracataca, pois a cidade ten tamén un escritor e un tesouro literario que a fan coñecida.

Freixanes, Víctor F., “Ese pracer (exquisito) dos libros”, *La Voz de Galicia*, “Vento nas velas”, 23 abril 2006, p. 4.

A través da evocación que supón celebrar o Día do Libro, faise un repaso de grandes figuras da literatura universal como Cervantes, Homero e Shakespeare, entre outros, que figuran en bibliotecas de todo o mundo. Logo disto, lémbrense os libros que formaron parte da súa vida, e identifícase a súa biblioteca persoal coa súa propia traxectoria vital. Acábase o artigo coa emoción que experimenta o lector ao ler.

García Bodaño, Salvador, “Aquel almanaque de Galaxia”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 8 xaneiro 2006, p. 3.

Recórdase con nostalxia o almanaque cultural Galaxia (1950-1975), conmemorativo da existencia dos 25 anos da editorial galega e ideado por Fernández del Riego. Salvador García-Bodaño fai unha descrición daquel almanaque, das partes que o formaban: “horóscopo”; “os días e os feitos”, cun poema dedicado a cada mes; e un artigo “do tempo e das súas divisións”, tirado de *El Correo Gallego*, de 1881 e reeditado, no que se explicaban as festas tradicionais. Refírese a que este artigo critica que cando se fai balance dos anos nos medios de comunicación, hai pouco espazo para Galicia e isto para el é frustrante, pois nos últimos trinta anos o noso desenvolvemento foi incríbel.

García Bodaño, Salvador, “M. Darwich en Compostela”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 16 abril 2006, p. 3.

Fálase da entrega do Premio Internacional AELG 2006 Poeta Galego Universal ao poeta palestino Mahmoud Darwich, no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, alúdese á conferencia que este proferiu no compostelán Salón de Convencións do Hotel Araganey. A seguir, faise unha crítica literaria da obra deste poeta.

García Bodaño, Salvador, “A pedra da lembranza”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 30 xullo 2006, p. 3.

Con motivo do pasamento de Pura Vázquez, lembra o día en que a coñeceu e a amizade que mantivo con ela. Achéganse certas anécdotas, e coméntanse algunhas obras da poeta.

García Bodaño, Salvador, “A voz cega de Lamas Carvajal”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 10 setembro 2006, p. 3.

Lémbrese a figura de Lamas Carvajal como un dos galegos que loitaron pola nación e compárao con Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal. Indícase que o primeiro libro que leu de Lamas Carvajal foi *A musa d'as aldeas. Versos gallegos*, e coméntanse outras publicacións do escritor, así como a súa participación no xornalismo.

García Bodaño, Salvador, “A Biblioteca del Exilio”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 12 novembro 2006, p. 3.

Faise referencia á Biblioteca del Exilio, creada coa vontade de lembranza e de recuperación do patrimonio intelectual e humano. Explícase o motivo que levou a crear esta Biblioteca, cando tivo lugar a creación e dáse conta dos seus compoñentes. Infórmase de que se presentou a citada Biblioteca e, ademais, explícase que se realizou unha Exposición Bibliográfica sobre a Guerra Civil e o Exilio.

García Bodaño, Salvador, “Cando Baixa o pano”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 26 novembro 2006, p. 3.

Con motivo do pasamento de Xosé Agreló Hermo, lémbrese a figura deste escritor, que aparece descrito como un “valioso valedor do noso patrimonio cultura” que se dedicou tanto á investigación como á creación literaria. Conta como se coñeceron e refire os estudos que realizou Agreló Hermo, as súas obras literarias e as colaboracións que mantivo.

García, Xosé Lois, “Memorias dun neno labrego”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da berenguela”, 27 xuño 2006, p. 4.

Refírese á novela de Neira Vilas *Memorias dun neno labrego* como un dos récords editoriais en Galicia e unha das obras máis estudadas pola crítica. Xosé Lois García considera que este é un libro de varias materias e disciplinas que ilustran a vida dos moi diversos territorios galegos e sensibilidades e que ten fecunda repercusión en todo o mundo, o que se observa nas numerosas traducións que del se fixeron. Como peche do artigo, dáse a noticia de que existe o rumor de que esta historia será levada ao cinema.

García, Xosé Lois, “Albereda de Castelao”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da berenguela”, 11 xullo 2006, p. 4.

Infórmase de que se inaugurou en Sant Andreu de la Barca en Barcelona a Alameda Castelao, na que se expoñen once elementos iconográficos de cerámicas Sargadelos que amosan debuxos do libro de Castelao, *Cousas*. Indícase que dos monolitos expostos o máis destacado é a auto caricatura de Castelao e, finalmente, dáse conta das intervencións dos representantes institucionais que acudiron ao acto.

García, Xosé Lois, “Xosé Agreló Hermo”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da Berenguela”, 28 novembro 2006, p. 4.

Destácase a importancia de Xosé Agrelo Hermo, como un dos impulsores e defensores da cultura galega dos últimos corenta anos. Saliéntase o labor que levou a cabo no teatro galego coa representación de *Noite de lobos*, unha obra pedagóxica capaz de instaurar un pensamento político e belixerante. Tamén é destacada a creación da editorial Toxosoutos por Xosé Agrelo Hermo.

García, Xosé Lois, “No centenario de Maruxa Villanueva”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da Berenguela”, 12 decembro 2006, p. 4.

Faise referencia a Maruxa Villanueva (1906-1998), unha emigrante dunha aldea preto de Chantada que triunfou como soprano e actriz na Arxentina entre os anos 1930 e 1950. Saliéntase o seu labor cultural na emigración, onde colaborou, entre outros, con Castelao. Sinálase que regresou a Galicia en 1962 para se pór á fronte do Padroado de Rosalía de Castro en Padrón. Finalmente, destácase que non exista ningún recoñecemento oficial a esta figura “cívica e artística” no concello que a viu nacer.

García-Bodaño, Salvador, “Mestre da historia mariñán”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 18 xuño 2006, p. 3.

Fálase de Francisco Vales Villamarín, como un ilustre mestre e historiador, que ao longo da súa vida obtivo numerosos nomeamentos e pertenceu a diversas academias, de feito, foi membro da RAG. Este artigo honra a súa memoria.

Gómez, Lupe, “A Nosa Terra”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “De Fisteus a Compostela”, 22 xaneiro 2006, p. 9.

Fálase con ilusión da estadía do autor do artigo na redacción do xornal *A Nosa Terra* cando facía unhas prácticas de xornalismo. Coméntase como foi o encontro persoal con Alfonso Eiré, quen eran os seus compañeiros de traballo e o ambiente de entusiasmo que se vivía no xornal. Para Lupe Gómez este xornal influíu na súa orientación cara ao galeguismo e a conciencia nacionalista.

Gómez, Lupe, “A Facultade de Filoloxía”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “De Fisteus a Compostela”, 5 febreiro 2006, p. 9.

Reflexión sobre a súa experiencia na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, na que cursou algunhas materias de Filoloxía Galega. Lupe Gómez lembra con afecto a profesores como o titular de Teoría da Literatura e Literatura Comparada Arturo Casas. Tamén se refire á mestra Blanca Roig.

Gómez, Lupe, “O Rhin, o bar amable”, *Galicia Hoxe*, “Bares, que lugares!”, 27 marzo 2006, p. 48.

Trátase a historia do bar compostelán Rhin da rúa Nova dende a súa inauguración. A ligazón que este bar ten coa literatura é que está próximo ao Salón Teatro e ao Teatro Principal, polo que o establecemento se transforma moitas veces nun bar de actores e actrices. Pepe Tarrío, dono e camareiro do Rhin, sabe moito de teatro polo contacto cos clientes e está ao tanto das últimas novidades teatrais.

Gómez, Lupe, “Orgullosa das palabras”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “A bailarina, por Lupe Gómez”, 14 maio 2006, p. 18.

Divídese en seis días narrados a modo de diario. No primeiro día, fálase da experiencia que para ela supón escribir teatro; no segundo, coméntase como é a vida en Fisteus cos seus veciños; no terceiro, que coincide co Día do Traballo, a escritora pasa o día no hospital coa súa tía, que le *Memorias dunha geisha* e grazas a isto evádese da realidade, pola súa banda, Lupe Gómez le *Escribir Es Vivir* de José Luís Sampedro porque é un escritor que a emociona; o cuarto día, céntrase na preparación dun xantar que se fai máis ameno coa música de Cesaria Évora; o quinto, trátase dunha cita cunha amiga súa bailarina, e das súas conversas, e por último, o sexto día, fala do orgullosa que está por ter os amigos que ten.

Gómez, Lupe, “Mundo de Cortázar”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “Miradas”, 20 outubro 2006, p. 5.

Infórmase da inauguración da exposición “Ler imaxes”, aberta na Universidade de Santiago de Compostela, e que rescata, a través de fotos, o mundo de Cortázar e da súa muller, Aurora Bernárdez (filla de emigrantes galegos de Arxentina). Saliéntase tamén a presenza doutros autores na exposición, como: Luís Seoane, Alejandra Pizarnik ou José Ángel Valente.

Gómez, Lupe, “A emoción da palabra”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “Miradas”, 15 decembro 2006, p. 5.

Saliéntase a celebración da exposición “Galicia, a forza da palabra”, organizada na Fundación Caixa Galicia pola Real Academia Galega no seu centenario. Lupe Gómez destaca a emoción de poder ver nesta exposición o escritorio de Rosalía de Castro, as lentes de Castelao, os manuscritos d’*Os Eoas* de Pondal, ou os cadros de Luís Seoane, entre outras cousas. Tamén cita o enorme poder que teñen as palabras nas nosas existencias e no mundo actual.

Gómez, Lupe, “Xustiza no aire”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “A bailarina”, 17 decembro 2006, p. 12.

Lupe Gómez describe o que fixo durante sete días da semana e comenta que o día 5 de decembro recibiu varios “mails” de amigos seus: o pintor Antón Sobral e a poeta Emma Pedreira. Tamén sinala que ese mesmo día comprou un décimo de lotería de Nadal coa esperanza de que lle toque. O seguinte día, a autora fai un “guateque” na súa casa e le a Uxío Novoneyra e a Rosalía. O xoves 7 de decembro acude ao estudo do pintor Nolo Suárez para

facerlle unha entrevista. O venres lee nun xornal unha entrevista ao poeta Gamoneda e un artigo de Manolo Rivas. O fin de semana, Lupe Gómez pásao en Fisteus, a súa aldea natal. Xa o luns, 11 de decembro, viaxa á Coruña para visitar dúas exposicións.

González Pérez, Clodio, “O banquete de Conxo”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 25 febreiro 2006, p. 5.

O artigo conmemora o 150 aniversario do banquete de confraternidade entre estudantes e artesáns acontecido en Conxo. Un fito histórico e ligado á literatura que lanzou á popularidade a Pondal e marcou a Aurelio Aguirre como ateo e republicano, segundo os poderes eclesiásticos, por dicir que Xesucristo era fillo dun artesán. Dise que a expectación foi tal que no fin do banquete a rúa estaba tomada polos militares. Remátase a noticia co relato do procesamento de Pondal e Aguirre, e coa narración da breve vida deste último, morto en tráxicas circunstancias.

González Pérez, Clodio, “As rosas de Leiras Pulpeiro”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 11 marzo 2006, p. 5.

Comézase o artigo referíndose aos antigos cemiterios e aos epitafios das tampas. Pouco a pouco, o autor vai centrándose no cemiterio de Mondoñedo, onde repousan Pascual Veiga, Álvaro Cunqueiro e Leiras Pulpeiro. Este último descansa na parte “dos roxos”, e fóra do camposanto e próxima á súa lápida está unha placa cun poema seu que fala dunha roseira. O Concello de Mondoñedo prevé converter o cemiterio en xardín e Clodio González pide que preto de onde está Leiras Pulpeiro se plante unha roseira na súa memoria.

González Pérez, Clodio, “Johán Carballeira”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 10 xuño 2006, p. 5.

Xosé Francisco Gómez de la Cueva, alcalde e poeta de Bueu, máis coñecido polo pseudónimo de Johán Carballeira, é o centro deste artigo. Deuse a coñecer en *El Faro de Vigo* cos seus primeiros poemas e logo empezou a colaborar en *El Pueblo Gallego*. Foron famosas entrevistas que lle fixo a sobranceiros personaxes da cultura e da política, así como tamén unha serie de crónicas *Por las tierras bravas y sufridas de Galicia*, nas que describía a situación socioeconómica das nosas xentes. Chegouse a organizar un certame poético en 1930 onde competían autores tradicionalistas e vangardistas. En 1937, foi condenado á pena capital polo seu activismo político a prol do país.

González Pérez, Clodio, “Xesús Canabal Fuentes”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 7 outubro 2006, p. 5.

Refírese á figura do empresario Xesús Canabal Fuentes, home natural do Concello do Pino (A Coruña) que emigrou moi novo a Arxentina e que fixo fortuna no mundo da papelería até se converter no maior empresario do papel de Uruguai. Saliéntase o labor de Xesús Canabal, que non se cinguiu exclusivamente ao mundo empresarial, senón que colaborou na difusión

da cultura dos seus devanceiros: participou na constitución de diversas asociacións que traballaban na mellora de Galicia (como a Agrupación Artística Gallega de Bos Aires), axudou aos exiliados galeguistas como Castelao, presidiu en 1956 o primeiro Congreso da Emigración Galega, e un longo etcétera.

González Pérez, Clodio, “Don Antonio e don Xosé”, *Galicia Hoxe*, “O rodicio do tempo”, 23 decembro 2006, p. 6.

Fálase da relación do autor do artigo con dúas figuras importantes do mundo cultural galego: Antonio Fraguas e Xosé Filgueira Valverde. Saliéntanse as orixes de ambos os dous (Antonio Fraguas era fillo de labradores e Xosé Filgueira Valverde dun médico e unha enfermeira) e logo fálase de como os coñeceu e tratou como mestres en diferentes institucións relacionadas coa cultura galega: o Instituto Padre Sarmiento, o Museo do Pobo Galego e o Consello de Cultura Galega.

González Tosar, Luís, “Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Extramuros”, 24 xaneiro 2006, p. 2.

Refírese á figura de Ramón Piñeiro, persoa á que describe como o verdadeiro símbolo da entrega e xenerosidade a Galicia, impulsor da restauración política e cultural do país. Pídese que esta figura sexa máis recoñecida, posto que a única placa que o lembra está colocada nunha pedra dunha rúa que leva o seu nome e isto para González Tosar non é suficiente.

González Tosar, Luís, “Ao raiar o sol”, *Diario de Pontevedra*, “A Contraportada”, 28 xaneiro 2006, p. 96.

O artigo xira arredor da figura do radiólogo Leo Vidal, que na altura está a escribir un libro. El, que non soporta o de “terceira idade” anima aos da “terceira xuventude” a divertirse escribindo textos eróticos, experiencias persoais ou soñadas.

González Tosar, Luís, “Illas Cotovías”, *El Correo Gallego/Diario de Pontevedra/El Ideal Gallego*, “Extramuros”/“Ao raiar o sol”/“Ao raiar o sol”, 21/25/26 febreiro 2006, p. 2/31/43.

González Tosar realizou unhas viaxes aos lugares narrados no *Sinbad* de Cunqueiro e fala con melancolía da pouca correspondencia existente entre o imaxinario da obra e a realidade que atopou, pois non atopou ningún home que se chamase Sinbad nin alguén que soubese dicirle algo das illas Cotovías.

González Tosar, Luís, “Nomear o mundo”, *El Correo Gallego*, “Extramuros”, 21 marzo 2006, p. 2.

Comenta que a partir do 2000 a UNESCO declarou o día 21 de marzo como o Día Mundial da Poesía. Esta data vai servir para que, polo menos por un día, se lle devolva categoría,

dignidade e atención a este xénero. Denúnciase que son os poetas os que nomean o mundo e este case non fai caso deles.

González Tosar, Luís, “Otero Pedrayo”/“Ramón Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego/El Progreso/El Ideal Gallego*, “Extramuros”/“Ao raiar o sol”, 11/16 abril 2006, p. 2/ 23/ 21.

Lembra a Ramón Otero Pedrayo, último patriarca das letras, tras tres décadas do seu pasamento. Recorda o seu enterro como un acto de afirmación da identidade nacional e cre que o soño de Otero de “facer de Galicia unha república campesiña respectuosa de Deus e das tradicións” é hoxe unha utopía.

González Tosar, Luís, “Libros e botellón”, *El Correo Gallego/Diario de Pontevedra/ El Progreso/El Ideal Gallego*, “Extramuros”/“Ao raiar o sol”, 25/29/30 abril 2006, p. 2/33/26/23.

Fai un repaso do consumo e produción de literatura en Galicia. Comenta que o número de libros editados baixou un 17.6% respecto do ano anterior, pero para contrarrestar este dato dise que Galicia segue a ocupar o sétimo posto canto á edición en España, feito que nos permite estar por riba doutras comunidades e mesmo doutros países europeos e iberoamericanos. Con todo, quéixase do baixo consumo de libros comparándoo con outro tipo de produtos como electrodomésticos, roupa de marca ou alternativas de ocio como o botellón. Comenta, finalmente, que antigamente tamén se optaba por un ocio non saudábel.

González Tosar, Luís, “Aos amigos”, *Diario de Pontevedra*, “Ao raiar o sol”, 24 xuño 2006, p. 29.

Dá as grazas aos seus coñecidos por preocupárense polo seu estado de saúde tras un problema que tivo no corazón. Di que o susto que levou o animou a seguir escribindo dous libros que tiña pendentes de acabar.

González Tosar, Luís, “Señoritos”, *El Correo Gallego*, “Extramuros”, 27 xuño 2006, p. 2.

Di que ordenando uns caixóns, atopou un vello diario de xuventude, apuntamentos de filoloxía, panfletos, poemas inacabados e unhas reflexións sobre o neno Balbino de *Memorias dun neno labrego*. Toda esta bagaxe, explica, foi produto dunha esperanza, ideais e entusiasmo inherentes aos tempos de mocidade. Despois de reler todo este material, González Tosar maniféstase aínda de acordo cos pensamentos que tiña na época.

González Tosar, Luís, “Pura poeta”, *El Correo Gallego*, “Extramuros”, 1 agosto 2006, p. 2.

Fai referencia ao pasamento da poeta Pura Vázquez e lembra o momento en que a coñeceu e como Pura Vázquez o invitou a corrixir versos seus dunha antoloxía. Alúdese ao día en que Pura e Dora Vázquez foron nomeadas Decanas das letras na Casa de Curros Enríquez.

González Tosar, Luís, “De facto, Bieito Iglesias”, *El Correo Gallego*, “Extramuros”, 10 outubro 2006, p. 2.

Compárase a biografía do autor do artigo coa de Bieito Iglesias, con quen mantén unha relación de amizade de máis de vinte anos. Explícase como é o carácter e coméntase algunha anécdota de Bieito Iglesias.

González Tosar, Luís, “Un académico dos nosos”, *El Ideal Gallego/Diario de Ferrol*, “Ao raiar o sol”, 27 novembro 2006, p. 12.

Comézase o artigo lembrando a figuras importantes da cultura galega coas que González Tosar mantivo contactos para, a seguir, salientarse o nomeamento de Ramón Villares Paz como membro numerario da Real Academia Galega. Ademais dáse conta dalgunhas das persoas que acudiron ao acto.

González Tosar, Luís, “Punto de encontro”, *El Progreso*, “Ao raiar o sol”, 9 decembro 2006, p. 25.

Lémbrese o día en que Tosar e mais Carlos Casares estaban esperando no aeroporto de Madrid para ir a Canadá a participar no encontro que o PEN Clube organizaba alí. Nárrase como pasaron aquelas horas e dáse conta da xente que ía participar no encontro. Ademais, coméntase a idea que lle xurdiu de celebrar en Compostela unha xuntanza anual de escritores.

González Tosar, Luís, “O retrato”, *El Correo Gallego/Diario de Pontevedra*, “Extramuros”/“Opinión&análisis”, 19/23 decembro 2006, p. 2/21.

Refírese ao I Encontro Internacional de Escritores, intitulado “De pedra e de palabra”. Alúdese ao conxunto de escritores, poetas, profesores de literatura, editores e tradutores, entre outros, que se xuntaron alí para celebrar este encontro, onde se debateu de diversos asuntos relacionados coa literatura.

González Tosar, Luís, “Cultura oficial”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 30 decembro 2006, p. 24.

González Tosar lembra os meses finais do ano 1974, cando varias entidades galegas como o Patronato Rosalía de Castro, O Galo e a UPG, entre outras, decidiron realizar o vixésimo quinto cabodano da morte de Castelao. Dáse conta dalgunhas das persoas que participaron e, finalmente, considérase que a actual Conselleira de cultura, Ánxela Bugallo, está a facer as cousas de xeito férreo.

Jabois, Manuel, “Yolanda Castaño”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 14 setembro 2006, p. 75.

Comézase describindo a Yolanda Castaño como unha muller melancólica, triste e fráxil e que chegou a representar na cultura galega unha corrente estética chea de soidade. Mais, co tempo, segundo comenta Manuel Jabois, Yolanda Castaño evolucionou no seu carácter. Fai referencia á súa participación no programa da Televisión de Galicia *Cifras e Letras*. Considérase que ese non é o lugar da poeta, senón que precisa emparedarse entre dous poemas.

Jaureguizar, “A síndrome sueca”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 15 xaneiro 2006, p. 81.

Fálase da candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín aos Premios Nobel. Preséntase esta candidatura como un acto de valentía que todo galego debe defender sen complexos, pero non está de acordo con como se está a defender o escritor, pois é difícil chegar aos Nobel sen estar traducido para o sueco. Dise que a Fundación Curros Enríquez xa reaccionou tras unha chea de anos perdidos e que está a traballar na tradución de *Con pólvora e magnolias* e *Arrianos*. Ademais, o presidente do goberno, Emilio Pérez Touriño, manifestou publicamente o seu apoio. Jaureguizar propón outro nome para os premios: Manuel Rivas, pola súa proxección internacional, xa que a súa obra está vertida a moitas linguas.

Jaureguizar, “O baile do CDG”, *El Progreso/Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 22 xaneiro 2006, p. 71/6.

Refírese á nova política institucional do Centro Dramático Galego e á actitude da Conselleira de Cultura da Xunta de Galicia, Ánxela Bugallo. Respecto das declaracións de Ánxeles Cuña, afirma ter pouco claro que sexa necesario un “cambio radical” e refírese á traxectoria de Manuel Guede Oliva. Remata afirmando que o verdadeiro cambio sería “privatizar as compañías privadas e poder dedicar o CDG ao mesmo que noutros países”, facendo ademais alusión á montaxe de Ana Vallés que abrirá a temporada.

Jaureguizar, “Todo pola patria”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 29 xaneiro 2006, p. 81.

Recóllese a polémica da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que instará á Consellaría de Cultura a que non entregue subvencións ás editoras que non pagan dereitos aos seus autores. Abórdase o problema dende varias perspectivas e destácase a falta de seriedade, profesionalización e a pouca correspondencia que hai entre o número de editoras e o corpo de lectores.

Jaureguizar, “A odisea de Sinbad”, *Galicia Hoxe*, “Calidoscopio”, 12 febreiro 2006, p. 6.

Anúnciase que a Comisión do Libro vén de redactar un calendario de eventos literarios que aproveita datas como o Día das Letras e engade outras novas como o Día mundial da Poesía, o Teatro ou o Libro Infantil e Xuvenil, entre outras. Destácase que o Día mundial da

Tradución é a máis necesaria das xornadas pola expansión que supón para a literatura galega e subliña a importancia da tradución do *Sinbad* de Cunqueiro ao árabe.

Jaureguizar, “Alonso Montero presentou poemas sobre o auxe e a caída da República”, *El Progreso*, “Cultura”, 18 febreiro 2006, p. 91.

Informa sobre a presentación do libro *Romances do 16 de febreiro de 1936* na galería Sargadelos de Lugo. Recóllense as palabras de Xesús Alonso Montero, nas que incide en que é só o editor, non o autor deste volume onde se recollen tres romances, “escritos por un anónimo de Ribadavia”, que lle foron enviados ao propio Montero dende Bos Aires.

Jaureguizar, “¿Villares no CCG?”/“¿Villares á fronte do CCG?”, *El Progreso/Galicia Hoxe/El Ideal Gallego/Diario de Ferrol/Diario de Arousa*, “Ollo mol”/“Calidoscopio”/ “Ollo mol”, 26/ 27 febreiro 2006, p. 81/6/11/12/8.

Dise que Alfonso Zulueta remata o mandato no CCG (Consello da Cultura Galega) e non se presenta de novo, polo que este organismo sufrirá cambios. Infórmase de que un grupo de integrantes do Consello propón a Ramón Villares para o cargo, e el xa foi procurando tempo para a posíbel asunción de novas responsabilidades.

Jaureguizar, “Outras voces, outros ámbitos”, *Galicia Hoxe*, “Calidoscopio”, 12 marzo 2006, p. 6.

Denúnciase a falta da existencia de concursos literarios especializados en xéneros que faciliten o vivir da escrita. Bótase en falta escritores que escriban en galego fóra de Galicia, pois segundo el poden achegar outras voces e opcións estéticas. O autor volve a subliñar o modelo inglés dos premios Prize Orange.

Jaureguizar, “Un premio laranxa”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 12 marzo 2006, p. 81.

Fálase da vida precaria do escritor en Galicia, e bótase en falta a existencia de concursos especializados que faciliten a economía dos autores. Propóñense premios a obras de novela negra, para autores alógrafos, entre outras cousas, e dise que un primeiro paso xa o dá a Fundación Carlos Casares ao facer un obradoiro literario para inmigrantes. Para o autor do artigo, o modelo a seguir está nos británicos, que teñen varios tipos de premios literarios e fomentan os blogs como dinamizadores culturais.

Jaureguizar, “A factoría do CDG”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 19 marzo 2006, p. 3/6.

Comenta a situación do Centro Dramático Galego tras a incorporación da profesional Cristina Domínguez á fronte da compañía institucional. Faise eco das candidaturas baralladas días

antes, como as de Camilo Franco ou Cándido Pazó. Salienta a concepción vangardista da escena da nova directora, que comparte coa da anterior.

Jaureguizar, “Fundación Cunqueiro”, *El Progreso/Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 2 abril 2006, p. 73/6.

Fálase da aposta pola cultura como atractivo turístico. Indícase que a vila de Mondoñedo debería explotar máis a unha icona como Cunqueiro promovendo os seus escenarios ou as súas receitas gastronómicas. Compárase a visión turístico-económica que se fixo de Josep Pla no Empurdá co que debería ser aquí unha Fundación Cunqueiro.

Jaureguizar, “Barnabé en Santiago”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 16 abril 2006, p. 73.

Refírese á *Días estraños*, de Martin Pawley, gañadora do Premio ao Mellor Blog en Linguas Constitucionais Distintas do Castelán. Alúdese aos finalistas do premio, que foron a VA-CA e *Mensaxe nunha botella*. Para o autor do artigo é palpábel o éxito destas bitácoras escritas en galego dada a súa proliferación. Gábanse estes espazos por seren democráticos, áxiles, accesíbeis, baratos e atraentes. Dáse tamén noticia dun encontro de blogs galegos e portugueses, *Enblogs'06*, que se vai celebrar no Consello da Cultura Galega. Finalízase facendo referencia a *Barnabé*, un blog portugués onde se fala de política e de sociedade nun ton divertido.

Jaureguizar, “Pseudónimos e especulacións”, *Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 12 xullo 2006, p. 5.

Fálase dun escritor coruñés que usa un pseudónimo nun foro de opinión que leva o nome de arroutdanoticias.com. Este escritor pide un pouco de respecto para os escritores e que non se fale mal de ningún autor. Con todo, afírmase que isto é imposible e que agora máis que nunca, na literatura galega se producen críticas e accións agresivas.

Jaureguizar, “Personal trainer literario”, *Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 19 xullo 2006, p. 5.

Destácase que na actualidade os escritores empezan a albiscar que o futuro da literatura está en converterse en base para outras artes, e dáse o exemplo de que estes deben fornecer de historias o audiovisual e a banda deseñada.

Jaureguizar, “O tabú do tabú”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 12 novembro 2006, p. 81.

Con motivo da celebración dunha nova xuntanza do Galeusca, na que se tratou o tema dos tabús na literatura, achégase unha opinión respecto da gran cantidade de tabús que existen nas letras galegas. Coméntase que os escritores non chegan a transgredir os tabús, senón que están moi condicionados e a aqueles que si o logran, normalmente son coñecidos como escritores malditos. Proponse, finalmente, como exemplo de “escritor maldito” a Xosé Cid Cabido e Xabier Quiroga.

Jaureguizar, “Sen palabras”, *El Progreso*, “Cultura”, 17 decembro 2006, p. 79.

Alúdense dúas situacións negativas e preocupantes para os escritores galegos. A primeira que é comentada é a referida á aparición da nova literatura escrita en internet, que vai limitar o escritor na decisión da orde dos seus textos ou da interpretación, xa que o lector será totalmente libre. O segundo problema que se presenta está relacionado cos dereitos de autor.

Jaureguizar, “Atopar o atopado”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 24 decembro 2006, p. 77.

Faise referencia aos novos descubrimentos que se deron na literatura galega con tres obras: *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras, *Spam*, de Francisco Castro e *Palabras contadas*, de Camilo Franco. Por último, coméntase o máis característico de cada unha e, por último, en columna á parte, infórmase de que a editorial Galaxia acaba de traducir ao galego o libro de Daniel Kelhmann, *A medición do mundo*, que acadou gran número de vendas en Alemaña.

Jaureguizar, “Pan sen sal”, *El Progreso*, “Ollo mol”, 31 decembro 2006, p. 68.

Reclámase a falta de calidade dos numerosos libros que saíron publicados durante o 2006 aludindo a que o único libro que se salva da crítica son as traducións de obras estranxeiras levadas a cabo principalmente polas editoriais Rinoceronte e Galaxia. A continuación, achéganse tres razóns polas que editar obras foráneas en galego: primeiro, porque sitúan o galego como lingua vehicular; segundo, porque achegan beneficios a empresas galegas; e, terceiro, porque se incrementa a competencia entre os escritores galegos. Ademais, salientáanse as obras pertencentes a escritores da chamada Xeración dos Peixes, nome proposto por Jaureguizar, e aos da Xeración da Memoria Histórica. Por último, en columna á parte, indícase que o ano 2007 será no que se apliquen correctamente os dereitos de autor, no que a literatura galega se incorpore definitivamente a internet e no que xurda a primeira axencia literaria galega.

Juno, Alejandra, “El Maestro Broto y el grupo teatral Ditea”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 1 marzo 2006, p. 26.

Noticia do pasamento de Joaquín Broto, organista e importante compositor de música sacra, que estivo durante anos no grupo teatral Ditea. Gran parte do corpo do artigo ocúpao o éxito da composición que lle encargou Ditea ao Mestre Broto para a peza *La danza de la muerte*.

Lizancos Santos, Plácido, “Hai que defender o idioma como sexa”, *Galicia Hoxe*, “Opinión Hoxe”, 18 maio 2006, p. 4.

Reproduce os versos de diferentes poetas que cantan á lingua galega: Manuel María, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Xoán Manuel Pintos e Curros Enríquez. A continuación, realiza diversos comentarios sobre os dereitos lingüísticos.

López Castro, Manuel, “Libros”, *El Progreso*, “Entre dos”, 11 xullo 2006, p. 18.

López Castro comprende a situación de protesta por parte dos libreiros respecto da gratuidade dos libros de texto, pero tamén afirma que deste xeito a Administración aforra moitos cartos para poder satisfacer outras necesidades.

Loureiro, Ramón, “Reigosa, mirada de narrador”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, 26 agosto 2006, p. 16.

Saliéntase que en toda a produción literaria de Carlos González Reigosa está presente a súa mirada de xornalista. Os mundos que crea, segundo Ramón Loureiro, nacen da súa curiosidade intelectual e de querer amosar sempre a verdade, así como da súa vocación de contar. Achéganse os títulos dalgunhas obras súas (*Homes de Tras da Corda*, *Crime en Compostela*, *Irmán Rei Artur*, *O misterio do barco perdido*, *Intramundi*) e conclúese admitindo que estes volumes serán inmortais.

Lugrís, Manuel, “O centenario da Academia Galega”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, “Galiza”, 30 novembro -6 decembro 2006, p. 12.

Relátase como foi constituída a Academia Galega en 1906 e o peso que exerceron os galegos emigrados en Cuba na súa constitución. Infórmase de que o 17 de novembro se inaugurou na Fundación Caixa Galicia unha exposición que conmemora os cen anos do nacemento da Real Academia Galega. No acto inaugural participaron os presidentes da Xunta, da Academia e máis o presidente de Caixa Galicia, quen salientaron o compromiso da institución coa lingua e a cultura galegas. Por último, Manuel Lugrís comenta a función da Academia dentro da sociedade, e afirma que esta non pode centrarse só na lingua, senón que ten que ser un organismo de orde e concordancia, e incluso cunha posición política marcada.

Máiz Togores, Xosé María, “O poeta de Maía”, *Galicia Hoxe*, “O Chioleiro”, 6 decembro 2006, p. 5.

Coméntase que este ano se cumpre o centenario do nacemento do poeta da Maía, Maximiliano Castiñeiras. Dáse conta da súa biografía, da que se salienta a emigración a América e a colaboración en diversas revistas. Así mesmo, explícase que a obra de Castiñeiras se centra na temática da súa terra e divídease en: obra en prosa, onde se inclúen textos sobre Galicia e os seus homes, consideracións filosóficas sobre a vida e o amor, e obra poética, na que dedica versos a outros poetas como Celso Emilio Ferreiro, Lorca, Manuel Antonio e Curros Enríquez, entre outros.

Mallo, Albino, “Na memoria de Pura Vázquez”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 2 agosto 2006, p. 4.

Lémbrese cando o autor do artigo coñeceu a Pura Vázquez, alá polos anos noventa, nunha entrevista que lle realizou a ela á súa irmá, Dora Vázquez. Coméntase que Pura Vázquez naquela entrevista lle ensinou o libro que acababa de publicar, *A carón de min* (1994) e mostrou seu coñecemento da literatura galega. Indícase que deixou preto de cincuenta libros e moitas colaboracións xornalísticas. Ademais, dise que esta autora se dedicou sobre todo á poesía, pero tamén á novela, relatos curtos, algunha biografía e ao teatro. Así mesmo, indícase que foi galardoada con varios premios, non só pola súa obra literaria, senón tamén pola dedicación e difusión da cultura do país.

Mallo, Albino, “Unha voz para os poetas”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 29 novembro 2006, p. 4.

Infórmase do concerto de Paco Ibáñez no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Saliéntase a importancia deste cantante, que musicou as letras de máis dunha ducia de poetas españois e hispanoamericanos e encheu totalmente o teatro e cantou en vasco (porque é a lingua natal da súa nai), en catalán (reside alí dende hai anos) e en galego dúas cancións.

Martín, Paco, “O meu primeiro editor”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Opinión e análise”/“Auga lizgaira”, 9 xullo 2006, p. 32/25.

Paco Martín lembra a súa primeira entrevista con Epifanio Ramos, primeiro editor dos seus escritos. Saliéntase a insistencia de Ramos por publicar e recorda a súa figura por mor do seu pasamento.

Matamoros, Jose, “Momentos para la poesía”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 17 marzo 2006, p. 15.

Entre outros actos, dáse conta da presentación no Casino de Santiago da segunda obra de Olalla Cociña, *Aquí (intemperies)* (2005).

Méndez Ferrín, X.L., “Sobre a editorial SEPT”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 17 febreiro 2006, p. 20.

Coméntanse as páxinas dominicais que publica o *Faro de Vigo*, tituladas “Vigo siglo XXI”, coordinadas por Otero Ricart e deseñadas por J. Aguilera. Indícase que nelas se recollen reflexións sobre o pasado, o presente e sobre plans para o futuro da cidade, entendida esta como unha entidade que abarca dende o Río Miño até a Ría de Vigo. Menciónase unha colaboración súa que se publicou nesas páxinas, “Farois na Rúa Real. Notas sobre Vigo como factoría de Cultura”, na que analizou a importancia de Vigo en materia de produción editorial. Afírmase que tivo un lapsus e non mencionou a editorial SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos), que é continuadora da revista *Logos*, de signo galeguista e católica. Destácase, entre os logros da editorial, o de promover e axudar a que vira a luz o texto

completo da *Biblia*, traducida directamente ao galego das linguas orixinais por un equipo dirixido por Andrés Torres Queiruga e Xosé Fernández Lago.

Méndez Ferrín, X.L., “Os Eoas”/“Casa de Curros, Casa dos Poetas”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Opini3n”/ “Os cami3os da vida”, 20 febreiro/3 marzo 2006, p. 16/28.

Comézase sinalando que na década de 1850, Pondal comezou a pensar na necesidade dun poema épico galego que dotase a Galicia dunha conciencia nacional e lingüística. Paralelamente, na Provenza e en Finlandia, Mistral e Elias Lönnrot tiñan pensamentos semellantes que frutificaron nos poemas *Mirèior* e *Lakevala*, respectivamente. En Cataluña, Jacint Verdaguer creou *L’Atlàntida*, de características similares aos anteriores. O obxectivo de Pondal era crear unha obra na que se afianzase a lingua e a naci3n galega, como o fan a *Odissea* e a *Ilíada* de Homero para Grecia e, con características similares, a *Eneida* de Virxilio para Roma. Tamén cita *Os Lusíadas* de Cam3es. Análizanse as principais características que unen e que diferencian o enfoque que se lle deu a estas obras na súa realizaci3n. A seguir, inf3rmase de que se acaba de publicar *Os Eoas* nunha edici3n realizada por Xosé R. Pena (2005).

Méndez Ferrín, X.L., “A estatua de Don Marcelino”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Segunda feira”, 10 abril 2006, p. 11, 13.

Con motivo da polémica que orixinou a intenci3n da directora da Biblioteca Nacional de Madrid de querer retirar a estatua de Marcelino Menéndez Pelayo da súa entrada principal, relátase un capítulo da vida deste pensador que lle contou a Ferrín Ramón Otero Pedrayo. Ademais, indícase que Pelayo criticou moi negativamente á poeta Rosalía de Castro.

Méndez Ferrín, X.L., “Rúa das Tabernas”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Segunda feira”, 1 maio 2006, p. 11.

Faise eco do acto de ingreso como membro numerario de Darío Xohan Cabana na Real Academia Galega, que tivo lugar na sé da instituci3n, na rúa das Tabernas da Coruña. Destácase a grande afluencia de público e elóxiase o discurso que pronunciou, no que se loou a cidade da Coruña, onde se celebraron os Xogos Florais de 1861, e onde se creou a Biblioteca Gallega de Fernández Latorre e Martínez Salazar, máis coñecida como Cova Céltica, na que viron a luz obras de Murguía, Castelao e Otero Pedrayo, entre outros, que segundo Méndez Ferrín é antitética á actual.

Méndez Ferrín, X.L., “Historia dunha bandeira”, *La Opinión*, “Os cami3os da vida”, 5 maio 2006, p. 29.

Faise eco dos actos conmemorativos da Revoluci3n de Carral de 1846, nos que diversos académicos, como o presidente da instituci3n, Xosé Ramón Barreiro, (que pronunciou un discurso) Manuel González, Xosé Luís Axeitos e Darío Xohán Cabana portaban unha bandeira, que a diferenza da oficial ou da que se denomina “da Patria”, presenta no escudo, no

canto dunha coroa real, unha imitante a pedra, “corona muralis”. A seguir, Méndez Ferrín relata a historia da bandeira, que foi deseñada por Castelao para o Consello de Galiza (1944).

Méndez Ferrín, X.L., “Camarada máis vello”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Opinión/Os camiños da vida”, 19 maio 2006, p. 35/31.

Rememórase a figura de Xavier Costa Clavell, recentemente falecido. En primeiro lugar, lémbrese como o coñeceu e o moito que significaba para el. A continuación, logo de relatar algunhas anécdotas que viviron xuntos, realízase un emotivo repaso polos feitos máis destacados da súa vida e da súa obra, mencionando que formou parte do grupo Brais Pinto e que é autor de centos de libros nos que cultivou tanto a novela como o relato e a poesía. Tamén é destacado que foi o embaixador oficioso de Galicia en Cataluña.

Méndez Ferrín, X.L., “Familia Valle-Inclán”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Opinión”/“Os camiños da vida”, 2 xuño 2006, p. 32/29.

Comézase afirmando que os familiares dos escritores falecidos só deberían limitar a súa relación co defunto ao cobrar os dereitos de autor mentres estiveran viventes. A continuación, coméntanse as declaracións aparecidas na prensa nas que Xaquín del Valle-Inclán, neto de Ramón María del Valle-Inclán, opina que as novelas do seu avó non están suficientemente recoñecidas. Finalízase indicando que no momento en que a familia perda a propiedade intelectual, as obras poderanse traducir ao galego.

Méndez Ferrín, X.L., “Penedos de Pasarela”, *La Opinión*, “Segunda feira”, 19 xuño 2006, p. 14.

Faise eco do proxecto do alcalde de Vimianzo de transformar en perpiaños os Penedos de Pasarela, o que provocaría tamén a destrución de todo o contorno. Este feito eliminaría un lugar que está directamente relacionado co patrimonio literario de Eduardo Pondal e anima ao Conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, a impedir a execución do proxecto.

Méndez Ferrín, X.L., “Na morte de Fernando Pérez”, “Os camiños da vida”, 23 xuño 2006, p. 31.

Láíase pola morte de Fernando Pérez López e eloxia a súa figura afirmando que, ao igual que lle aconteceu a Rosalía, Murguía, a Bóveda e a Lois Soto, aínda que non publicou moito, a súa man estivo detrás de moitas personalidades importantes. Destácase o gran papel que xogou na esquerda nacionalista.

Méndez Ferrín, X.L., “Xohán Ledo”, *La Opinión*, “Os camiños da vida”, 26 xuño 2006, p. 13.

Dáse conta da morte do doutor Ricardo García Suárez, quen asinaba as súas obras como Xohán Ledo. Sinálase que, dende os anos corenta, traballou en Vigo e que a súa auténtica vocación era o deseño de libros, ademais da filosofía e da literatura. Destácase que pertenceu ás Mocidades Galeguistas e ao movemento xuvenil nacionalista Ultreia. Afírmase, a continuación, que, xunto con Fernández del Riego e Emilio Álvarez Blázquez, entre outros, foi un dos iniciadores da editorial Galaxia, da que chegou a ser un dos seus principais deseñadores. Méndez Ferrín tamén informa que colaborou con Xosé M. A. Blázquez e Viñas na editorial Monterrey e que a el se debe a primeira imaxe do libro galego que aparece logo de Benito Soto de Pontevedra.

Méndez Ferrín, X.L., “Xosé Francisco Armesto”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “Opinión”/ “Segunda Feira”, 13 novembro 2006, p. 13.

Con motivo do pasamento de Xosé Francisco Armesto, Méndez Ferrín lembra a figura deste escritor e xornalista. Comenta que naceu en Tui e que estudou xornalismo en Madrid. Unha vez rematada a carreira, comezou a traballar no xornal *Faro de Vigo* e pouco despois coñeceu a Álvaro Cunqueiro, quen se atopaba á fronte do *Faro*. Dáse conta da relación entre Armesto e Cunqueiro, definíndoa como decisiva na súa vida. Posteriormente, Armesto Faginas pasou a ser director da Escola de Artes e Oficios Artísticos de Vigo e realizou un bo labor investigador, ademais de publicar unha biografía de Álvaro Cunqueiro.

Méndez Ferrín, X.L., “Unha boa razón para visitar Coruña”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “Opinión”, 18 decembro 2006, p. 13/18.

Méndez Ferrín felicita nesta ocasión aos organizadores da exposición que conmemora os cen anos do nacemento da Real Academia Galega. Dita exposición, situada na Fundación Caixa Galicia, amosa os tesouros da Academia que, segundo afirma Ferrín, representan a historia do noso país. Salienta algúns dos obxectos que se mostran como o óleo de Dionisio Fierros, a bandeira do Consello de Galicia e o sabre do Coronel Solís, entre outros. Por último, comenta que a exposición non se centra na institución que homenaxea senón na historia de Galicia, na memoria dos galegos.

Méndez Ferrín, X.L., “O viño dos poetas”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “Opinión”/ “Os camiños da vida”, 22 decembro 2006, p. 23/27.

Defende a recuperación do viño de albariño galego e con motivo disto, fai referencia ao encontro internacional de escritores, organizado polo PEN Clube de Galicia, que convidou aos seus participantes á adega Martín Códaz. Méndez Ferrín lembra tamén que as primeiras referencias que se atopan na literatura galega ao viño albariño se atopan xa nos versos de Rosalía de Castro e indica que no acto participou Ana María Matute cun canto ao viño.

Méndez Ferrín, X.L., “Homenaxe ao sabre de Solís”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “Opinión”/ “Os camiños da vida”, 26/28 decembro 2006, p. 21.

Coméntase que na exposición celebraba na Fundación Caixa Galicia da Coruña, en homenaxe ao centenario da Real Academia Galega, atópase exposto o sabre do Coronel Solís, que comandou a Revolución Galega de 1846 e morreu fusilado en Carral. Explícase a importancia deste obxecto e o que representou para a liberdade galega o seu dono, pois pelexou pola liberdade con honor, valor, idealismo romántico e a fe no triunfo. Finalmente, salienta a impresión que o fusilamento de Carral produciu en escritores coetáneos como Pondal, Manuel Murguía ou Rosalía de Castro.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Escándalo en Bretaña”, *La Opinión*, “Os camiños da vida”, 26 maio 2006, p. 26.

Despois de analizar cales deberían ser as tarefas principais do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Rennes-2, Bretaña (Francia), faise eco das noticias que apareceron na prensa nas que se informa que esa entidade, (dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia) organiza cursos e diferentes actividades nas que se exclúen a cultura literaria de expresión galega e todo aquilo relacionado coa identidade nacional de Galicia ou de Bretaña como feitos diferenciais respecto aos seus países. A continuación, destácase que a escritora Olga Novo, leitora de galego no mencionado centro, foi despedida logo de denunciar os feitos ante a Secretaría Xeral.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Vencermos nós (engádega)”, *La Opinión*, “Os camiños da vida”, 15 setembro 2006, p. 27.

Fálase dun artigo publicado polo intelectual ex-falanxista, Carlos Alonso del Real, en *El Correo Gallego*, en que falaba do conflito universitario galego do ano 1968, e da represión que sufriu algún intelectual, coma no caso Xaime Illa Couto, procesado por realizar unha manifestación nas escaleiras de Bonaval nun 25 de xullo. Todo isto ten un fío argumentativo, que consiste na canción de Bruce Springsten, “Venceremos nós”.

Mera, Manuel, “O Tío Marcos da Portela”, *La Región*, “Opinión”, 31 xaneiro 2006, p. 20.

Faise eco do cento trinta aniversario da publicación do primeiro exemplar d’*O Tío Marcos da Portela*, en Ourense, que foi unha obra colectiva que xurdiu a iniciativa de Lamas Carvajal e que se elaboraba integramente en galego. Sínálase que, aínda que houbo unha iniciativa en 1860 na Coruña coa cabeceira *O Vello do Pico Sacro*, considérase que *O Tío Marcos da Portela* foi o primeiro xornal, tanto pola súa permanencia como pola súa difusión. Repásase a súa historia e destácase que tivo unha gran repercusión social, sobre todo no eido rural. Indícase que os temas principais atacaban os impostos abusivos que tiña que soportar o campesiñado, criticaba as causas da fame, a emigración e a miseria, e defendía a lingua galega. Conclúese destacando os colaboradores (Curros Enríquez, Pondal e Antonio Saco, entre outros) e afirmando que a figura de Valentín Lamas Carvajal e a de Antonio Saco e Arce non se deben esquecer debido ao importante papel que xogaron na recuperación da cultura galega.

Mera, Manuel, “Patria e liberdade”, *Diario de Pontevedra*, “Tribuna aberta”, 26 febreiro 2006.

Comézase coas palabras que aparecían na cabeceira de *La Revolución*, periódico oficial da Xunta Superior do Goberno de Galicia, “patria e liberdade”, e a seguir repasa os enfrontamentos que houbo en Cacheiras e Santiago de Compostela entre as forzas leais ao goberno de Madrid e as persoas que apoiaban a instauración dun sistema progresista e de autogoberno para Galicia que remataron co fusilamento en Carral de Solís e once oficiais. A continuación, menciona tamén o período de fame de 1852 a 1855, en que se levou a cabo o Banquete Democrático de Conxo, no que participaron estudantes, obreiros e intelectuais da época. A seguir, logo de expoñer as causas polas que tivo unha gran transcendencia para a historia de Galicia, anuncia que, por iniciativa do sindicalismo nacionalista, se vai conmemorar esta data nun acto en Santiago de Compostela no que participarán máis de vinte entidades e organizacións. No evento tamén se celebrará o noventa aniversario do nacemento das Irmandades da Fala e o cento trinta da edición do primeiro xornal realizado integramente en galego, *O Tío Marcos da Portela*.

Miragaia Doldán, Manuel, “O día do libro, sen pena nin gloria”, *Galicia Hoxe*, “Vento fresco”, 27 abril 2006, p. 4.

O autor relata o pouco éxito da festividade do Día do Libro e recorda a semana da Prensa na Escola e o Día con Periódicos e sen Libros. Para el, o ideal educativo é que o alumnado poida chegar a ser quen de ler o xornal sen problemas. Todo o artigo xira en torno ao valor pedagóxico do xornal, que fomenta a formación do xuízo crítico independente.

Miranda, Xosé, “A metáfora non é burguesa (I)”, *A Nosa Terra*, nº 1.209, “Enxeños e criaturas”, 2-8 febreiro 2006, p. 34.

Logo de describir como, xa dende que era un neno, asociaba os nomes das vocais e os dos números con cores, afírmase que aos quince anos foi cando descubriu na escola os poemas “Les parfums, les couleurs et les sons se répondent”, de Baudelaire e “VOYELLES: A noir, E blanc, I rouge, U vert, O bleu: voyelles”, de Rimbaud, cos que se sentiu identificado. Esta alusión sèrvelle para explicar a sinestesia e fai unha pequena reflexión partindo da definición que achega o *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, e tamén da entrada que aparece na *Enciclopedia Larousse*. Conclúese sinalando que a definición ideal de sinestesia sería a de “percepcións sensoriais mesturadas”.

Miranda, Xosé, “A metáfora non é burguesa (II)”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Enxeños e criaturas”, 19-25 febreiro 2006, p. 34.

Articúlase como continuación do artigo “A metáfora non é burguesa (I)”, publicado no mesmo xornal o 2 de febreiro. Xosé Miranda comeza coa definición de sinestesia, comenta algún exemplo e menciona os traballos dos profesores Vilayanur Ramachandran e Edward Hubbard, da Universidade de San Diego (California), na área de Cerebro e Cognición e na de Psicoloxía e Ciencia Cognitiva, respectivamente. Afirma que a sinestesia é unha mestura de

percepcións sensoriais que se producen polo entrecruzamento neuronal. A continuación segue o seu razoamento indicando que os individuos que son propensos a producir relacións sinestésicas son as persoas creativas, ao igual que no caso da produción de metáforas, definidas como a “identificación entre dous conceptos, non necesariamente entre dous obxectos”. Despois duns cantos exemplos finaliza preguntándose se teñen algunha relación a sinestesia e a metáfora e se esta última é tamén biolóxica.

Neira Vilas, Xosé, “Homenaxe a silledenses”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 8 xaneiro 2006.

Recórdanse as figuras de Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela, ambos os dous oriúndos de Silleda e combatentes na defensa da República e da identidade nacional galega. Destaca a homenaxe que lle tributou a Consellaría de Cultura, e na que participou Neira Vilas xunto con Avelino Pousa e Mariví Villaverde (viúva de Valenzuela), entre outros. Afirmo que el achegou dúas gravacións de voz dos dous. Tamén lembra que Alonso Ríos pronunciou o discurso inaugural do Consello de Galiza en 1953 e que publicou a novela *Amore, arte e misticismo* (1956). A seguir, destácase que Ramón de Valenzuela publicou a primeira novela na que se abordan aspectos da Guerra Civil, *Non agardei por ninguén* (1957).

Neira Vilas, Xosé, “A memoria de Patiño”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 15 xaneiro 2006, p. 2.

Realízase unha loanza do libreiro, pintor, poeta, editor e estudoso Antón Patiño Regueira, recentemente finado. En primeiro lugar, destácase o importante papel que xogou ofrecendo na librería “Librouro”, obras da literatura do exilio que a ditadura franquista considerou como “subversivas”. A continuación, menciónase que promoveu a publicación de tres obras colectivas: *Presencia de Rosalía* (1975), *Castelao, hoxe e sempre* (1975) e a homenaxe a Ramón Cabanillas, *A nosa terra é nosa* (1976). Relátase como Neira Vilas o coñeceu, e ademais ofrécense unhas notas sobre o contido das súas cartas e destácase o libro da súa autoría, *Memoria de ferro*, en que conta as duras vivencias das persoas que viviron a Guerra Civil.

Neira Vilas, Xosé, “Centenario de Bal y Gay”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 12 febreiro 2006, p. 2.

Co gallo do centenario do nacemento do lugués Xesús Bal y Gay (1905-1993), efectúase un repaso pola súa produción comezando por mencionar que o coñeceu no I Congreso da Emigración, celebrado en Bos Aires, en 1956. A seguir, menciona que, entre outros aspectos, escribiu poemas en galego, colaborou na fundación da revista *Ronsel* xunto con Correa Calderón e Álvaro Gil, que publicou artigos sobre música nas revistas *Nós*, *Grial* e *Alfar* e que participou na obra *Terra de Melide*, do Seminario de Estudos Galegos. Finalízase recomendando a lectura das memorias conxuntas que realizou coa súa dona, Rosa García Ascot.

Neira Vilas, Xosé, “Acabouse o limbo”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 19 febreiro 2006, p. 2.

Faise eco da decisión dun grupo de teólogos de todo o mundo que afirman que o limbo non existe e sinala que Lamas Carvajal, na súa parodia do catecismo do padre Astete, non se mete no asunto.

Neira Vilas, Xosé, “Lectura na aldea”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 12 marzo 2006, p. 2.

Realízase unha descrición do funcionamento da biblioteca do Centro Cultural de Gres, en Pontevedra, e destácase como principal singularidade o sistema de préstamo de libros mediante carné. Así, sinálase as facilidades que lle son ofertadas aos lectores sobre a posibilidade de conseguir as obras que a estes e aos seus familiares e veciños lles interesen, ademais dun tempo indefinido, coa pretensión de favorecer o desprazamento até a biblioteca. Dise que estas características fan deste centro un lugar único en toda a Galicia rural.

Neira Vilas, Xosé, “Fontenla Leal”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 30 abril 2006, p. 2.

Co motivo da celebración do centenario da Academia Galega e do Himno Galego, realízase unha lembranza de Fontenla Leal (Xubia, A Coruña, 1865-Habana, Cuba, 1919) repasando os feitos máis destacados da súa vida, como por exemplo, a emigración a Cuba, e tamén a da súa obra. Segundo Neira Vilas, a maior achega feita por Fontenla Leal foi a posta en marcha, en 1905, da Asociación Iniciadora da Academia Galega e, dous anos despois, “mobilizar vontades” para crear o Himno Galego.

Neira Vilas, Xosé, “Blanco Amor en Gres”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 7 maio 2006, p. 2.

Lémbrase o grande éxito que tivera a representación con actores reais do grupo Andaravía, da Asociación Cultural Papaventos de Vedra, das pezas *Juan el Pantera*, *Romance de Micomicón e Adhelala* e *Farsa para títeres*, de Blanco Amor. Estas representacións foron realizadas en Cuba, logo do pasamento do escritor ourensán en 1976, dentro dos actos para homenaxealo, nos que tamén participou Neira Vilas. A seguir, indícase que en Vedra existe unha gran tradición teatral dende hai moito tempo, como a formación do grupo Ponte Ledesma, que levou a escena diversas pezas breves, como a de Blanco Amor, *Eu son de Xavestre*, da que os seus constituíntes xa viran de cativos na súa aldea natal, da man dos grupos Vedre e Prevediños. Remátase animando a que se imite o exemplo de Vedra e felicítase ao grupo Andaravía.

Neira Vilas, Xosé, “As cartas de Murguía”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 21 maio 2006, p. 2.

Co gallo do centenario da Real Academia Galega menciónase a obra *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, de Xosé Neira Vilas, en que se reproducen cento trinta e tres cartas orixinais relacionadas co desenvolvemento da Academia e coa relación que mantivo coa Asociación Iniciadora creada por Xosé Fontenla Leal. De todo o conxunto de epístolas, destácanse as corenta e tres que están asinadas por Uxío Carré Aldao e por Murguía e as vinte e unha só por Murguía, xa que o tema principal é o da queixa polas penurias económicas que pasaba a Academia, que se financiaba principalmente dende Cuba.

Neira Vilas, Xosé, “Brais, un novo poeta”, “Arredor do mundo”, 4 xuño 2006, p. 2.

Explícase que todos os veráns se realizan unhas xuntanzas en Gres e que no último ano se presentou o poemario de Brais González, *Sangue sobre silencio* (2004). Indícase que o seu autor é un rapaz de 17 anos, comprometido con Galicia e que os seus versos non son unicamente de denuncia, senón que presentan tamén un contido lírico. Coméntase que na xuntanza, Brais González leu algúns poemas e comentou certos personaxes que aparecen nos seus versos.

Neira Vilas, Xosé, “A cultura nun congreso”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 2 xullo 2006, p. 2.

Co gallo da celebración do encontro internacional “Éxodos e retornos”, co que o Consello da Cultura Galega quere conmemorar o cincuentenario do I Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires, Neira Vilas repasa, ademais da lista das entidades e intelectuais que participaron, os principais temas que se trataron, que xiraron todos eles arredor da cultura galega. Destácanse tamén as figuras de Ramón de Valenzuela, Carlos Velo, Carré Alvarelos e Xesús Bal y Gay, entre outros. Ademais, chámase a atención sobre a comunicación que enviaron dende Galicia asinada colectivamente por Cabanillas, Otero Pedrayo, J. Rof Carballo, García Sabell, Carballo Calero, Celestino F. de la Vega, Ramón Piñeiro, Xaime Isla Couto e Fernández del Riego.

Neira Vilas, Xosé, “Xavier na lembranza”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 16 xullo 2006, p. 2.

Lémbrese a figura de Xavier Costa Clavell tras o seu pasamento. Cóntase como tivo a primeira noticia del cando publicaba no xornal *Mundo Gallego* en Bos Aires; a seguir, fala sobre a súa pertenza ao grupo Brais Pinto e mais a Voces Ceibes e dáse conta dos libros escritos por Costa Clavell que Neira Vilas ten na súa biblioteca. Por último, coméntase o seu primeiro encontro co escritor finado e indícase que foi el quen escribiu a presentación do libro de Neira Vilas, *Memorias dun nen de pagès*, na edición catalá.

Neira Vilas, Xosé, “Canto do desterrado”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 23 xullo 2006, p. 2.

Lémbrense os encontros que tiña con Luís Seoane e dáse conta da vez en que este lle entregou a Neira Vilas o seu segundo libro poético, *Na brétema, Sant-Iago* (1956). Indícase que consta de vinte e dous poemas que teñen como tema a cidade de Compostela. Coméntase que foron publicados pola editorial Botella Al Mar e, finalmente, faise referencia de algúns deles, como “Desterrados” ou “Oración do artista que volta”.

Neira Vilas, Xosé, “Adeus a Pura Vázquez”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 15 outubro 2006, p. 2.

Homenaxe particular que o autor dedica a Pura Vázquez con motivo do seu recente falecemento, ao reivindicar a súa figura dentro das letras galegas e a fidelidade á súa terra. Recórdanse os seus versos, que impactaron a moitos, a relación de amizade que Neira Vilas mantivo con ela, o exilio en Venezuela, e o seu labor como mestra e como intelectual galeguista.

Neira Vilas, Xosé, “Homenaxe a Canabal”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 5 novembro 2006, p. 2.

Coméntase que o Concello do Pino, xunto con Enrique Peinador, organizou a celebración dunha homenaxe a Xesús Canabal, a quen nomearon como Fillo Predilecto. Seguidamente, resúmese a vida de Canabal e indícase que no ano 1956, cando se celebrou o Primeiro Congreso da Emigración Galega, el foi o seu presidente. Saliéntase que Xesús Canabal participou na publicación da revista *Letras galegas* e que durante a súa vida foi un mecenas da cultura galega.

Neira Vilas, Xosé, “O que perdeu e gañou Galicia coa emigración”, *Galicia Hoxe*, “A Diáspora Hoxe”, 27 novembro 2006, p. 10.

Coméntase neste artigo, a partir da propia experiencia do narrador como emigrante, o que perdeu e gañou Galicia coa emigración a América, a Europa e a outras cidades españolas dende o século XIX. Sinálase como primeira causa desta situación que prexudicou a Galicia a perda de poboación nova. Outra das causas disto, e que vén como consecuencia da anterior, é a soidade e morriña que os emigrantes non foron quen de superar, o que se reflicte na presenza neles de diferentes síntomas psicosomáticos. Con todo, saliéntase que grazas á emigración e ao labor daqueles que tiveron que marchar para outros países, creáronse numerosas institucións nos países de acollida, que provocaron a volta dos emigrantes ao país de orixe, unha axuda para a mellora da situación de Galicia, coa creación de escolas, asociacións culturais e hospitais, entre outras cousas. Como exemplo máis manifesto do labor dos emigrados, sinálase a creación do himno galego, a bandeira de Galicia e a Real Academia Galega, tres símbolos nados na Cuba emigrante que logo volveron a Galicia e foron conservados até hoxe.

Neira, Manuel X., “A poesía de Manuel Pereira Valcárcel”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 19 xaneiro 2006, p. 5.

Analiza o *Libro das viaxes* (2003), de Pereira Valcárcel. Comeza sinalando que se trata dunha obra iniciática, “un libro de itinerarios nos que se fala do camiño”, do amor e das peripecias vitais. Sinálase que nas súas composicións se aprecian influencias da poesía tradicional galega, da poesía naïf e tamén de Pessoa. Conclúese eloxiando ao autor.

Neira, Manuel X., “Un mundo perdido”, *Galicia Hoxe*, “A danza das aveleiriñas”, 7 agosto 2006, p. 5.

Alúdese a diferentes cousas que, a priori, non teñen conexión. Así, fálase dos “muricegos” (morcegos), dos irmáns Cáccamo, de Bernardino Graña, de Manolo Forcadela, de Carlos Marx, de San Juan de la Cruz, dunha multa de aparcamento e dunha deposición no parque do Retiro despois de fumar “porros”, entre outras cousas. Finalízase falando da literatura como o único territorio libre que nos queda; tamén ofrece a súa visión sobre o que é a monarquía.

Neira, Manuel X., “O globo de Poe-Forcadela”, *Galicia Hoxe*, “A danza das aveleiriñas”, 21 agosto 2006, p. 5.

Refírese a unha conversa con Manuel Forcadela e Paco Martín no Círculo das Artes. A partir desta conversa, Manuel X. Neira fai un repaso por diversos autores da literatura galega, ofrecendo unha crítica dalgún deles: Manuel María, Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra e Vicente Risco, entre outros. Con todo, lóase a outros autores, como é o caso de Amado Carballo, Manuel Antonio e Luís Pimentel.

Neira, Manuel X., “A santidade da escrita: a imaxinación”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 2 outubro 2006, p. 5.

Lémbranse os tempos de antes nos que a cultura se desenvolvía de vagar, a través de faladoiros, conversacións nos bares e tabernas e afírmase que agora xa non se “fabula” nos bares. Coméntase como os escritores conversaban, e cítase a Castroviejo, Cunqueiro, García Sabell, Risco, Castelao e Valle-Inclán, entre outros. Porén, na actualidade, e segundo Neira, estamos na etapa máis antipoética da historia da humanidade. Tamén é criticada a falta de creación de revistas literarias, en que se amosa o pulo artístico e creativo dos escritores.

Neira, Manuel X., “Unha chea de propósitos”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 11 decembro 2006, p. 5.

Achégase unha serie de características definitorias da escrita dos seguintes autores: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Antonio, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel, Filgueira Valverde, Celestino Fernández de la Vega, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Ánxel Fole, Lorenzo Varela, e Uxío Novoneyra.

Neira, Manuel Xosé, “Un país sen ilustración”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 26 xaneiro 2006, p. 5.

Reflexión sobre o feito de que Galicia non tivo ilustración e tamén sobre as consecuencias derivadas diso que se manifestan na actualidade, sobre todo no eido cultural.

Neira, Manuel Xosé, “A poesía de Uxío Mántale”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 3 abril 2006, p. 5.

Reflexión a cerca da poesía de Uxío Mántale, que se define, segundo Manuel X. Neira, como “áspera e esencial” e hermética. Dise que o poeta parte da nada para chegar ao todo da lírica. Emprega imaxes que parten do cubismo. Sinálase que é o poeta prototipo do século XX, xa que emprega unha lírica da esencialidade contida, onde se notan as pegadas de Juan Ramón Jiménez.

Neira, Manuel Xosé, “Unha mirada pura”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 24 abril 2006, p. 5.

Fálase da sorte editorial que tiveron os escritores Neira Vilas, Manuel María e Uxío Novoneyra e destácase que os tres presentan unha mentalidade tipicamente galega caracterizada pola ausencia dunha burguesía propia.

Neira, Manuel Xosé, “Literatura galega”, *Galicia Hoxe*, “A danza das aveleiriñas”, 31 xullo 2006, p. 5.

Realiza unha revisión da obra clásica de Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra* (1984). Afirmar que o romantismo e modernismo que defende Méndez Ferrín nalgúns autores da literatura galega é apenas inexistente. Fala dos que el considera verdadeiros faros da literatura galega: Rosalía, Curros, Pondal, Cabanillas, Pimentel e Aquilino Iglesia Alvariño, entre outros. Con todo, insiste nas limitacións da literatura nos movementos literarios do modernismo e romantismo.

Neira, Manuel Xosé, “A Xeración Nós”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 11 setembro 2006, p. 5.

Realiza unha crítica en xeral dos escritores e obras da literatura galega. Comézase caracterizando de xeito negativo a algúns autores da Xeración Nós como Otero Pedrayo ou Vicente Risco e alude a un único autor na actualidade que goza do respecto de Neira, Xosé María Dobarro. Neira só salva da súa crítica a obra de Daniel Cortezón, *Prisciliano* (2002) e cita a outros autores que rexeita, entre os que se encontran Vidal Bolaño, Eduardo Moreiras e Álvarez Cáccamo.

Neira, Manuel Xosé, “Cousas na tarde: Hemingway”, *El Progreso*, “Licor de herbas”, 27 novembro 2006, p. 18.

Refírese a certos escritores da literatura universal e da literatura española e cita, dentro da literatura galega, a Rosalía de Castro, a Manuel Antonio e a Blanco Amor. Este último é catalogado como o mellor escritor galego do século XX e do XXI.

Neira, Manuel Xosé, “O escritor Ánxel Fole”, *El Progreso*, “Búcaro de violetas”, 11 decembro 2006, p. 18.

Salienta a figura de Ánxel Fole como un dos máis importantes galeguistas e lembra a súa etapa vital relacionada coas reivindicacións nacionalistas. En canto á súa escrita, explica que foi o escritor que baixou ao “substrato máis fondo do pobo galego” para amosar a realidade de Galicia, o carácter da nación. Finalmente, afirma que en vida, Ánxel Fole non foi un escritor recoñecido.

P. Lorenzo, Fran, “María, Eduardo e o rancor intacto”, *Galicia Hoxe*, “Vai de Blog”, 30 marzo 2006, p. 48.

Fai un uso simbólico dos nomes das rúas de Pucho Boedo, Blanco Amor e María Casares e xoga coas súas interseccións arquitectónicas, que para el significan unha promesa de normalidade nunha terra de esquecemento. Dise que outros coma eles aínda procuran o recoñecemento.

Pavón, Lalo, “Ánxeles Cuña”, *La Región*, “Galicia”, 16 marzo 2006, p. 29.

Apóíase a Ánxeles Cuña na súa pretensión de manter o posto de traballo tras o seu paso como directora do CDG e criticábase á Consellaría de Cultura por non estar á altura da situación, destacando especialmente a valía da creadora escénica.

Paz, Moncho, “María Xosé Lamas, voz da chaira”, *A Nosa Terra*, nº 1.237, “Opinión”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 4.

Faise referencia á obra poética de María Xosé Lamas, coñecida basicamente polo seu labor de actriz, autora e directora. Coméntase o abondoso número de poetas que saíron da Terra Chá e achégase a clasificación establecida por Manuel María dos autores que conforman a Escola Poética Chairega. A continuación, Moncho Paz resume a traxectoria de María Xosé Lamas e salienta as influencias que recibiu a autora nos seus poemas. O primeiro poemario publicado, *Catro palabras caladas*, é do 2001, e no 2002 presentou *Cartafol de Nostalxias* ao certame literario de Vilalba, galardón ao que presentou nos anos seguintes *Tempos verbais*. Por último, o segundo poemario do que se dá conta, titulado *Datando lembranzas*, publicouse en 2004.

Pena, Alberto, “A luz de lúa de Isaac e Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 14 novembro 2006, p. 28.

Loanza ao traballo de Isaac Díaz Pardo e Filgueira Valverde pola súa loita continua en defensa do país. Compara a Díaz Pardo cunha figueira, con longas raíces e ramas e o tronco “forte como o ferro” e di que este soubo sobrevivir ás desgrazas e seguir adiante nun mundo sen ilusión. De Filgueira Valverde coméntase que tamén foi un home loitador que desempeñou diferentes postos de traballo, como alcalde de Pontevedra, profesor de instituto, escritor, e conselleiro, ademais de traballar a prol da identidade de Galicia e a súa historia.

Penedo, José Luís, “Los certámenes de poesía”, *La Región*, “Opinión”, 18 decembro 2006, p. 15.

Faise referencia aos certames de poesía, concretamente a un que convocou unha caixa de aforros galega pero non indica explicitamente cal é. Críticase que na convocatoria desta entidade se solicite como requisito unha obra que conste como mínimo de oitocentos versos e explica que existen nas letras moitos poemarios de gran calidade que non alcanzan ese número. Entre os autores galegos que nomea, atópanse Curros Enríquez e Antonio Tovar Bobillo.

Pereira, Xosé Manuel, “Filgueira Valverde (I)”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 22 decembro 2006, p. 30.

Con motivo da homenaxe ao profesor Filgueira Valverde, Pereira deféndese dos comentarios que se recolleron nun xornal en días anteriores e indica que aquelas afirmacións non foron realizadas por el. Recoñece que se soubo corrixir o erro e afirma, finalmente, que a figura e a obra de Filgueira Valverde é algo que ninguén pode poñer en dúbida.

Pereira, Xosé Manuel, “Filgueira Valverde (II)”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&análisis”, 29 decembro 2006, p. 26.

Deféndese a figura do profesor Filgueira Valverde, que está a ser revisada neste ano e catalogada por algúns estudosos como manipulador. Pereira comenta que Filgueira non tiña intención manipuladora no xeito en que narrou a historia da posguerra, senón que existía no momento unha gran limitación de coñecementos que impedía contar os feitos de maneira obxectiva. Por último, felicita aos organizadores dos actos de homenaxe a Filgueira Valverde e apunta que outro homenaxeado debería ser Castro Sampedro.

Pérez Lema, Xoán Antón, “A Alexandre Bóveda”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 27 decembro 2006, p. 16.

Saliéntase o labor realizado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda, que está a celebrar os seus trinta anos de existencia. Destácase que a asociación é un referente cultural que mantén unha ampla oferta de actividades como teatro, fotografía, conferencias, seminarios, e

exposicións, entre outras cousas, a pesar da pouca axuda institucional que recibe. Por último, coméntase que o acto de aniversario tivo lugar no teatro Rosalía de Castro da Coruña, no que participaron, entre outros, Manuel Rivas, Xurxo Souto e María Pujalte.

Piñeiro, Antonio, “98 anos para abrir unha casa”, *La Región*, “Ourensalia”, 21 febreiro 2006, p. 22.

Explícase o contido da conferencia que o cronista creou con motivo da abertura da casa-museo de Curros Enríquez. Esta conferencia consiste nunha explicación da historia da creación da casa museo dende que en 1908 se coloca a primeira placa até a actualidade, en que foi aberta, pasando por distintos momentos en que algúns colectivos deron pasos co obxectivo de convertela en casa museo.

Piñeiro, Antonio, “Un lostregazo na alma”, *La Región*, “Ourensalia”, 11 abril 2006, p. 20.

Este artigo reproduce un anaco do poema de Curros “A Virxe do Cristal”, con motivo da caída dun raio no santuario ourensán que alberga esta virxe.

Piñeiro, Antonio, “A universalidade dun poeta”, *La Región*, “Opinión”, 3 outubro 2006, p. 20.

Faise referencia á relación que existiu entre Juan Ramón Jiménez e Curros Enríquez e que foi tratada por algúns investigadores como Alonso Montero, Carlos Casares ou Elisardo López Varela. Coméntase que andan a buscar a tradución que realizou Juan Ramón Jiménez da obra de Curros Enríquez e seguidamente achega unha pasaxe da obra do poeta castelán, *El niño tonto*, no que lembra a Curros Enríquez, concretamente, no capítulo XVII do libro.

Ponte Far, José A., “Polémica sen causa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 184, “Na solaina”, 28 outubro 2006, p. 4.

Columna na que se fala acerca da polémica xerada en torno á consideración de escritores galegos que escriben en castelán. O autor desta columna admite que se debe considerar escritor galego a todo galego independentemente da lingua na que escriba.

Portela, Xosé L., “La otra cara de Filgueira Valverde”, *La Región*, “Opinión”, 18 decembro 2006, p. 15.

Con motivo da celebración dunhas xornadas no Museo Provincial de Pontevedra en homenaxe a Xosé Filgueira Valverde, Xosé Portela critica que só se fale da etapa galeguista de Filgueira e que non se nomee o seu paso ao bando fascista. Explica que foi partidario da ditadura e que acusou de comunistas a estudantes que loitaban pola liberdade. Ademais, indícase que o seu traballo en beneficio do Museo tamén se debe a Alfredo García Alén e non só a Filgueira Valverde.

Porto da Pena, Á., “O Sabino”, *Diario de Ferrol*, “Con nome propio”, 25 xuño 2006, p. 20.

Téntase dar a coñecer diferentes acontecementos da vida e obra do poeta Xosé Muíño, coñecido como o Sabino, poeta que viviu sempre en Cedeira. Da súa obra sábese que foi publicada en revistas locais e que agora a deputación recolleu algúns poemas. Refírese a que o tema que une a súa poesía é de tipo social, e que a temática dos seus poemas se refire aos problemas da vida da clase labrega e mariñeira. En relación á vida deste poeta, salientase o feito de pertencer a unha familia con escasos recursos, que se viu moitas veces afectado con problemas para manter á súa familia. No artigo tamén se recolle unha anécdota biográfica, ao se referir que un padre enganouno unha vez sobre o bautizo do seu fillo, e como consecuencia deste engano o Sabino tivo que lle pagar unha cantidade de diñeiro ao padre, que desta forma resultou favorecido.

R. Calaza, Juan José, “¿Caricaturizamos a Castelao y a Galicia?”, *La Voz de Galicia*, “Ni miento, ni me arrepiento”, 14 febreiro 2006, p. 8.

Despois de cualificar de anécdota o caso do “dibujito danés que tanto ofendió a los musulmanes” pregúntase que pasaría se se fixese unha caricatura de Castelao namorado de Sara Montiel e tamén defende a presenza de Ramón Lodares, cos seus comentarios antigalegos, na Universidade de Vigo que cualificou como de “conferencia magistral”.

R.R., “Blanco Amor”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 2 decembro 2006, p. 83.

Infórmase do acto conmemorativo que tivo lugar no cemiterio de San Francisco de Ourense en homenaxe a Blanco Amor. Coméntase que no evento participaron Luís González Tosar, Víctor Freixanes, Xosé Luis Baltar, a sobriña do escritor, Marita Bóveda e un grupo de estudantes de diferentes institutos ourensáns. Achéganse as palabras pronunciadas en honor ao escritor e salientase a ofrenda floral que tivo lugar e mais a colocación dunha escultura co seu nome.

Reigosa, Carlos G., “Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 17 febreiro 2006, p. 68.

Fálase do libro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, recentemente traducido ao árabe, que está a ser presentado en varias cidades marroquís. Reigosa sinala que isto foi un acerto, xa que é unha das poucas obras que falan do mundo árabe sen alusión ás guerras, polo que pode axudar a derrubar moitas fronteiras culturais entre o mundo occidental e o oriental. Adianta que haberá máis recoñecementos para o escritor mindoniense, posto que a Biblioteca do Instituto Cervantes en Damasco levará por nome o de “Álvaro Cunqueiro”, por decisión do director, César Antonio Molina, e en homenaxe á cultura galega.

Reigosa, Carlos G., “Poetas”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 27 marzo 2006, p. 72.

O autor asistiu a un recital poético organizado polo PEN Clube e Caixanova Literaria no que participaban poetas galegos e portugueses. Comenta os óptimos resultados do encontro, onde se oíron as voces de Vicente Araguas, Modesto Fraga, Luís González Tosar, Román Raña, Xiao Roel, Gonzalo Navaza, Domingo Tabuyo, Manuel Vilanova, Miro Villar e Yolanda López.

Reixa, Antón, “Profesionalidade”, *El País*, “Luces”, 1 decembro 2006, p. 47.

Fala sobre a problemática dos artistas galegos de acadar a profesionalidade. Estes protestan pola dificultade e as escasas posibilidades que ofrece o panorama galego e Antón Reixa propón como posíbel solución a “dimensión exportadora” da produción artística.

Reixa, Antón, “Portugal”, *El País*, “Psicofonías”, 15 decembro 2006, p. 43.

Reflexión sobre os lazos existentes entre Galicia e Portugal, especialmente a nivel ideolóxico. A lusofilia das elites ideoloxizadas galegas, sinala Reixa, non encontra correlato no país veciño, onde o que se tentan potenciar son os lazos con España como conxunto. O achegamento como europeos, “deixando a un lado outros atavismos”, sería para o autor do artigo unha das claves que permitiría reforzar a irmandade galego-portuguesa á que apela.

Requeixo, Armando, “Galanos literarios”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 409, 31 decembro 2006, p. 15.

Faise referencia ao éxito literario galego, xa que se salientan dez títulos dos que as letras galegas deben sentirse orgullosas. Comézase comentando as obras narrativas e apunta *Home sen home*, de Suso de Toro; *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; *Blúmsdei*, de Cid Cabido; *Licor de abelá con xeo*, de Sierra Veloso e *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro. En canto á poesía, os libros que destaca Requeixo e dos que achega un breve comentario son: *Parábola do incrédulo*, de Torneiro, *Herdo do canto* de López Casanova; *A esmeralda branca*, de Vilanova; *A luz e as súas cicatrices*, de Eva Veiga, e, *Fanerógama*, de Pérez Rei. Finalmente, propón que este libros deben ser no Nadal un agasallo obrigado dos Reis Magos.

Rielo, Pedro, “Johán Carballeira, a ollada dun soñador”, *Galicia Hoxe*, “Tempus fugit”, 3 marzo 2006, p. 4.

Recóllese unha valorización do traballo realizado por Johán Carballeira ao mesmo tempo que se critica fortemente a inxustiza que terminou coa súa vida. A figura de Johán Carballeira é abordada como persoa con grandes ideais e xenerosa, e ademais alúdese á súa profesión como alcalde de Bueu pola Frente Popular e ao pronunciamento de numerosos mitins. Tamén se lle reconece o traballo como poeta e xornalista. Da súa ideoloxía afirmase que foi un home de convicción galeguista e que loitou pola mellora de vida dos campesiños e mariñeiros.

Rielo, Pedro, “O prodixio dos libros”, *Galicia Hoxe*, “Tempus fugit”, 21 abril 2006, p. 4.

Reflexión acerca do que significa a lectura para o ser humano. O artigo pretende amosar como un libro serve para mellorar a nosa calidade de vida, para aumentar a nosa felicidade e para combater o tedio causado por unha vida dedicada a actividades como ver a televisión ou navegar pola internet. O artigo tamén demostra como un uso abusivo da televisión conduce ás persoas a pasar o tempo, amortece os espíritos e impide vivir outras experiencias quizais moito máis agradábeis.

Riveiro Coello, Antón, “Vida e literatura”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 363, “Enfiando”, 12 febreiro 2006, p. 23.

Trátase aquí da relación entre a vida dos escritores e a literatura. Para abordar este tema o cronista usa distintas opinións de escritores célebres, das que ofrece a súa opinión. Algunhas das consideracións que se dan teñen que ver co significado de escrita como unha interpretación da vida e, polo tanto, esta sempre está baseada na vida rexeitada. O significado que para este cronista ten o acto da escrita é outra reflexión que se expón, xa que para o autor do artigo é esta unha proclamación da existencia que exerce como unha profesión. Finalmente, amósase próximo á idea de Faulkner, xa que comparte con este autor a consideración da creación literaria como un acto semellante a dar á luz unha crianza.

Román Alonso, Fernando, “Lembranza de Arturo Noguerol Buján”, *La Región*, “A tribuna”, 12 setembro 2006, p. 10.

Refírese aos primeiros anos de Arturo Noguerol, o seu nacemento e infancia en Ourense e o ingreso no galeguismo das Irmandades da Fala de Ourense, xunto a Vicente Risco, Otero Pedrayo e Losada Diéguez, no ano 1918. Saliéntase o labor tanto xurídico como cultural que exerceu Noguerol, referindo o seu estado como creador e xerente xunto con Risco da revista *La Centuria*, e máis tarde de *Nós*, entre outras cousas. Indícase que foi un home moi rigoroso e estruturado e coméntase a súa biografía. Por último, saliéntase que se debe celebrar o setenta aniversario da súa “desaparición inxusta”.

Seijas, Otilia, “Grandes olvidados”, *El Correo Gallego*, “El último eslabón”, 24 outubro 2006, p. 4.

Lémbrese unha anécdota con Valentín Lamas Carvajal e saliéntanse as súas dúas obras máis importantes e coas que conseguiu máis sona: *O tío Marcos da Portela* e *O catecismo do labrego*. Finalmente, coméntase que traballou no xornalismo, na poesía e na prosa e que, no ano 1972, se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Ademais, indica que o Centro Ramón Piñeiro recolleu os relatos do escritor, coa edición da obra editada por Rafael Adán Rodríguez *Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal* (2004).

Senén, Felipe, “Vanitas vanitatis’ e autobombo”, *La Opinión*, “O labirinto do alquimista”, 12 marzo 2006, p. 35.

Reflexión, a partir da escultura a Curros Enríquez de Asorey na Coruña, sobre as relacións entre o significado desta obra e doutras pertencentes á antigüidade clásica. A crítica ao vicio que amosa esta escultura é admirada polo autor, que reconece na moral un avance na organización dos pobos. Fronte á moral racional, é situada a relixión e as tradicións como a do Entroido, correntes que o cronista critica. Alén disto, hai unha reflexión sobre o valor das citas das autoridades e do latín á hora de crear discursos.

Sotelo Blanco, Olegario, “O pracer de ler e ter libros”, *Galicia Hoxe*, “Sinatura convidada”, 27 xullo 2006, p. 6.

Reflexiónase sobre o papel das novas tecnoloxías en relación aos libros e á literatura. Destaca a importancia destas no mundo da literatura e do libro, pero pregúntase até que punto pode ser perigoso para os libros de sempre, é dicir, os de papel. Sinálase tamén que é preocupante que nalgúns casos os libros comezan a ser “antigallas” e que o papel das grandes multinacionais (que só pensan no diñeiro) converta o mundo do libro (escritores, editores, libreiros) en outro negocio máis. Por último, remátase o artigo facendo unha reflexión sobre a xuventude actual, xa formada na era dixital e de Internet, e pregúntase se este acceso ás novas tecnoloxías converte á xente en máis culta.

Soto, Juan, “Horizontales y encamados”, *El Progreso*, “Habitación al viento”, 19 febreiro 2006, p. 8.

Faise referencia á celebración dos sesenta anos da morte de Noriega Varela por parte das institucións que están a preparar varias homenaxes. Coméntase que a Deputación de Lugo vai recoller nun libro os sonetos do escritor e, ademais, vaise reeditar a edición luguesa de *Do ermo*.

Soto, Juan, “Apunte lucense de Filgueira”, *El Progreso*, “Habitación al viento”, 12 marzo 2006, p. 8.

Explícase como foron os anos que Filgueira Valverde pasou en Lugo, cidade a onde viviu logo de aprobar as oposicións de profesor de lingua e literatura. Ademais deste traballo nesta cidade, dise que o escritor desenvolveu alí o traballo de mellora da biblioteca no instituto onde traballaba e encargouse de elaborar xunto a outras persoas un Informe sobre os estragos que os “roxos” realizaron nas igrexas.

Tarrío Varela, Anxo, “A arte de novelar”, *Galicia Hoxe*, “De letras e de signos”, 30 xullo 2006, p. 6.

Coméntase que o verán é o tempo propicio para as lecturas e, sobre todo, para as novelas e explica que as novelas galegas pecan de moito estilo directo e abusan da transcripción de diálogos, esquecéndose da propia narración.

Tarrío Varela, Anxo, “O andador”, *Galicia Hoxe*, “De letras e de signos”, 6 agosto 2006, p. 6.

Nárrase a historia dun home que non facía outra cousa que andar e andar e describe como el o viu camiñar.

Tarrío Varela, Anxo, “Oído literario”, *Galicia Hoxe*, “De letras e signos”, 24 setembro 2006, p. 6.

Tarrío parte dun debate aberto no suplemento cultural do diario *El Mundo*, na semana do 14 ao 20 de setembro de 2006, para establecer as diferenzas entre a corrección e a coherencia textual e a escritura creativa, de máis difícil acceso. Segundo a súa opinión, esta última depende de facultades innatas máis ca do esforzo e a perseveranza. Válese para argumentar isto todo da comparación deste talento co do oído musical.

Tarrío Varela, Anxo, “O pan da poesía”, *Galicia Hoxe*, “De letras e signos”, 26 outubro 2006, p. 4.

Fai referencia á idea dos promotores que propuxeron escribir poemas nas bolsas do pan para promover a lectura de poemas galegos. Os escritores seleccionados para engadir os seus poemas nas bolsas son Rosalía de Castro, Ana Romaní, Celso Emilio Ferreiro, Antón Avilés de Taramancos, Cabanillas, Otero Pedrayo e Uxío Novoneyra. A continuación, refírese ás situacións de fame que se viviron en Galicia e indica que hoxe en día este non é un problema primario, polo que a xente si se pode dedicar a ler poemas.

Tarrío Varela, Anxo, “Literatura e cidade”, *Galicia Hoxe*, “De letras e signos”, 23 novembro 2006, p. 4.

Con motivo do encontro entre escritores e críticos no pazo de Mariñán, quen dialogaron sobre a Literatura e a cidade, Tarrío lembra a súa relación coas cidades cando era pequeno, principalmente Santiago de Compostela, que foi a cidade dos seus suspiros.

Torre, Sonia, “Teatro busca futuro”, *La Región*, “Cultura”, 19 febreiro 2006, p. 83.

Artigo que critica algunhas das últimas xestións feitas pola administración de Ourense na promoción cultural. A cronista maniféstase en contra de que o diñeiro sexa gastado en grandes edificios en que desenvolver as actividades artísticas, porque isto vai moitas veces en contra da promoción dos espectáculos que deben de ser o máis importante. Outros aspectos polos que critica a administración é por promover espectáculos que só busquen un esgotamento das entradas. En relación a isto, a cronista considera que a administración se debe preocupar por encontrar unha rede de espectáculos que consigan un público fiel. Outro aspecto ao que se refire ten que ver co escaso compromiso co teatro en galego. Finalmente, móstrase a posición da autora a respecto da cultura, de claro apoio á cultura de calidade e en galego, malia afirmar que esta posición non lle resulta incompatible coa idea de rendibilidade

económica. Por outra parte, a cronista é crítica coa postura da administración que só busca un éxito económico inmediato.

Tosar, Luís G., “O gaitero de Lugo”, *El Progreso*, “Opinión”, 24 decembro 2006, p. 24.

Explícase como Tosar adquiriu un exemplar d’ *O gaitero de Lugo* na época de Nadal, que pertence ao ano 2007. Indica que este almanaque, cuxa a súa publicación foi recuperada pola Deputación de Lugo, supón o renacer dunha tradición galega, na que se reflectían os costumes do pobo.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 3 xaneiro 2006, p. 59.

Neste artigo vemos unha manifestación da intención de lembrar os galegos ilustres con motivo do seu centenario. Hai unha mención dos membros do Seminario de Estudos Galegos como Lois Tobío, Xosé Filgueira Valverde, Antón Fraguas e Filgueira Valverde, entre outros. O artigo termina facendo unha mención especial á Real Academia Galega fundada cen anos antes.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 4 xaneiro 2006, p. 67.

Cita as distintas personalidades importantes para a cultura galega e os centenarios que tiveron lugar ultimamente: Son lembradas polo centenario do nacemento Cristino Mallo, Julia Minguillón e polo centenario da morte Carvajal, Cuveiro Piñol, Pascual Veiga e Aureliano Pereira.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 5 xaneiro 2006, p. 59.

Versión reducida do artigo publicado no mesmo día no xornal *Galicia Hoxe*, baixo de título “Unha carta do santo Ben-Cho-Sey”.

Valcárcel, Marcos, “Unha carta do santo Ben-Cho-Sey”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 5 xaneiro 2006, p. 40.

A columna comeza facendo unha explicación acerca dun acontecemento persoal que conta como o narrador tivo un soño coa figura de Ben-cho-shey. O artigo céntrase a partir deste momento en explicar a importancia desta persoa. A razón que fai importante isto e que mesmo permite chamalo santo e que foi quen escribiu unha carta pedindo que Castelao puidese vir ser enterrado a Galicia.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 6 xaneiro 2006, p. 59.

Neste artigo trátanse dous momentos duros de dúas importantes figuras da literatura galega. En primeiro lugar, cítase a Castelao por causa da morte do seu único fillo, e despois a Luguís Freire, no momento en que os seus dous fillos foron recrutados en bandos diferentes.

Valcárcel, Marcos, “Os mellores contos do século XX”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 14 xaneiro 2006, p. 48.

Comenta a reedición en 2005 do volume *Antoloxía do conto galego do século XX*, de Luís Alonso Girgado. Salienta o éxito da obra nos centros de ensino e di que o antólogo ampliou o estudo introdutorio e engadiu cinco novos contos, con pezas de Gonzalo Mourullo, Xavier Carro, Eduardo Moreiras, Lueiro Rey e Xosé M^a Álvarez Blázquez. Di que a escolla dos contos fica xustificada pola calidade dos textos e a representatividade dos grupos xeracionais. Finaliza afirmando que na planificación deste libro se ve “unha xerarquía intelectual inexistente noutros proxectos: por exemplo, nalgunha postal de Nadal recibida nestes días”.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 14 xaneiro 2006, p. 59.

Versión reducida do artigo de opinión publicado no xornal *Galicia Hoxe*, na mesma data, co título “Os mellores contos do século XX”.

Valcárcel, Marcos, “Do teatro, un vello debate”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 17 xaneiro 2006.

No artigo recóllese o número de obras teatrais en galego no ano 1917, ano en que houbo 82 representacións. Ao lado deste número, o autor lembra unha polémica antiga e tamén actual sobre os límites do sistema literario galego. Nesta época había quen defendía os autores galegos en lingua española como escritores da literatura galega, feito que apunta, segundo o artigo, para a idea de que estes criticaban a existencia dunha literatura monolingüe en galego. Finalízase cunha lamentación do cronista por causa de que sempre se estea a repetir este feito ó longo da historia.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/ “Gañar a batalla da lectura”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 1 febreiro/20 xaneiro 2006, p. 67/48.

Este artigo ocúpase dun problema que afecta os rapaces na actualidade, como é a escasa dedicación á lectura. Unha das formas prácticas para tentar resolver o problema foi o de dedicar trinta minutos á lectura, sistema que é recollido na LOE. No artigo propóñense outras solucións, como a de levar os libros fóra das bibliotecas para outros espazos máis próximos aos alumnos.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/“Lembranza de Andrés do Barro”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 22/24 xaneiro 2006, p. 67/56.

Breve comentario sobre o contido da charla de Xavier Alcalá no Liceo de Ourense. Nesta charla foi tratada a época en que o escritor compuña as letras para cantores galegos como Andrés do Barro. Entre estas composicións están as populares, as que imitaban a *cançó* catalá e as que buscaban a supervivencia da cultura e lingua galega.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/“Relatos de escritores na pantalla”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 29 xaneiro/4 febreiro 2006, p. 47/83.

Descrición do panorama cinematográfico galego en relación cos autores e as obras literarias adaptadas. Salienta que os filmes rodados en Galicia moitas veces usaron obras de autores españois, pero tamén obras de autores galegos como Castelao. O artigo termina facendo alusión a Elsa Pataki, que é a protagonista dun dos filmes galegos.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 31 xaneiro 2006, p. 59.

Recolle a noticia de que se publican distintos textos de Otero e Risco nos que os membros da Xeración Nós amosan coñecementos de cinema e un recoñecemento por esta arte. Valcárcel desmente, polo tanto, a idea de que os autores de Nós non daban importancia a esta arte.

Valcárcel, Marcos, “Da lumbalxia a Kresman Taylor”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 1 febreiro 2006, p. 48.

Explica un acontecemento persoal da lumbalxia que o deixa na cama deitado e a partir disto fai un comentario da obra que leu, *Enderezo descoñecido*, de Kressman Taylor, traducida en 2005. O comentario é de tipo negativo e céntrase no personaxe do libro que xustifica o nazismo.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 2 febreiro 2006, p. 67.

Explícase que hai un rexeitamento por parte do alcalde do Irixe de recoñecer ao escritor Luís González Tosar como fillo predilecto do concello, xa que é un escritor arxentino. O cronista lamenta este feito porque González Tosar é un home pertencente á Galicia da emigración.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 7 febreiro 2006, p. 59.

Céntrase a atención no libro *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación* (2005), de Helena González Fernández. Comenta que este ensaio está dedicado á análise da relación da muller coa literatura e que se detén na temática que se desenvolve nas obras de autoría feminina.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 8 febreiro 2006, p. 67.

Relátase un acontecemento actual e serve para demostrar o escaso recoñecemento que ten un poeta ourensán, Xosé Campio, a pesar de escribir unha poesía de gran calidade. A historia que transmite é que José Saramago quedou admirado cando lle deron un poema de Xosé Campio.

Valcárcel, Marcos, “A moi galega cidade da Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 8 febreiro 2006, p. 47.

O artigo trata de desmentir o tópico de que a cidade da Coruña non é nada favorábel ao galego e ao galeguismo, idea impelida por certos políticos, como fai ver Valcárcel. Co fin de demostrar o apoio que a Coruña ten para o galego, faise mención de certos acontecementos de grande importancia para o galeguismo que tiveron lugar nesta cidade, como a fundación da RAG, das Irmandades da Fala ou da Solidariedade Gallega. Xunto con isto, faise alusión á celebración, nesta cidade, dunha homenaxe a Curros Enríquez.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 15 febreiro 2006, p. 67.

Céntrase este artigo en explicar o que é un escritor. Para este autor o escritor é un home que se sorprende pola realidade cotiá e que a transmite como se fose algo sorprendente e novidoso.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 17 febreiro 2006, p. 83.

No artigo recóllese o poema de Góngora no cal se realiza unha crítica profunda ao Reino de Galicia. Enúnciase tamén a existencia dunha resposta elaborada polo Cura de Fruíme, contemporánea a esta composición.

Valcárcel, Marcos, “A primeira escritora”, *La Región*, “De paso”, 20 febreiro 2006, p. 14.

Este artigo está formado por pequenas composicións sobre temas diversos. O tema fundamental é a condena da guerra e a valoración da poesía e das letras. Este tema é tratado a través da exposición de distintos retallos ou composicións pequenas. O primeiro deles está dedicado a recoñecer a importancia que ten para a historia universal a figura de Enkheduanna, que foi a primeira poeta, da que se sabe que pertencía á cultura de Mesopotamia. O segundo retallo consiste nunha crítica á tortura que en todas as guerras se produce. Hai tamén un apartado no artigo que se ocupa de constatar o feito de que os rapaces teñen como principal preocupación a “Ecología”, conclusión a que chega despois de levar a cabo unha experiencia no ensino. Termina o artigo coa alusión ao poema de Pondal, “Os carballos”, en que o eu lírico fai unha exaltación da liberdade individual, que sitúa por riba de todas as cousas.

Valcárcel, Marcos, “Un vello texto de Cunqueiro”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 21 febreiro 2006, p. 56.

Comentario a partir dunha reflexión sobre a liberdade sexual dos galegos na sociedade tradicional. Segundo Cunqueiro, os galegos tiñan unha actitude sexual moi liberal e por esta

causa eran frecuentes os fillos de solteira e de cregos. O artigo termina coa idea de que Cunqueiro tivo sempre unhas ideas moi sorprendentes.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 25 febreiro 2006, p. 59.

O cronista recorda a vida de Rosalía de Castro e o seu valor, pois é a voz “fundacional da literatura galega”. Finalmente, o artigo recolle a noticia de que se iniciou un roteiro polos lugares rosalianos de Compostela, feito que tivo lugar no día anterior á saída da noticia.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 3 marzo 2006, p. 67.

Recolle este artigo a noticia de que foi rehabilitada a figura de Alexandre Bóveda e Suárez Castro no Congreso dos Deputados. Ambas as dúas personalidades son lembradas como homes de compromiso galeguista e socialista, e ao lado deste recoñecemento, exprésase a dor polo seu asasinato.

Valcárcel, Marcos, “Un consello de Carballo Calero”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 7 marzo 2006.

Dáse un consello, que xa fora pronunciado por Carvalho Calero para os galeguistas, que versaba sobre a necesidade de defender Galicia, dende unha postura directa e con frialdade, sen se facer pola forza ou xerando odios.

Valcárcel, Marcos, “Ayala, da realidade e da imaxinación”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 16 marzo 2006, p. 52.

Recoñecementos da obra do poeta español Francisco Ayala e a súa obra. Este escritor é recordado como unha figura exiliada por Franco e que estableceu lazos con exiliados galegos en América. Figura no artigo unha reflexión que o escritor deu a coñecer, referida ás dificultades que poden existir para diferenciar a realidade da ficción.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/“Vila de Calvos de Randín”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 17 marzo 2006, p. 67/48.

Lémbranse as obras de Xaquín Lourenzo e Florentino López Cuevillas, *Vila de Calvos de Randín* e *Parroquia de Velle*. Resáltase o feito de seren, estas dúas, obras valiosas para coñecer a realidade antropolóxica destas dúas terras. Tamén se destaca que estas obras foron fontes importantes para coñecer comportamentos curiosos dos seus habitantes como o feito de xuraren en español.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 22 marzo 2006, p. 67.

Recóllese parte do manifesto lido en Compostela o día Mundial da Poesía nun acto do PEN Clube. A poesía é considerada como unha forma de crear lazos de irmandade entre as distintas culturas e tamén unha das mellores manifestacións artísticas que a humanidade conseguiu crear.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/”Universitarios, a FUE de Compostela, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/”Andoliña”, 23 marzo 2006, p. 75/48.

Céntrase na xeración de universitarios dos anos 30 que tiñan en común o feito de publicaren na revista *Universitarios* da FUE, editada polo centro Ramón Piñeiro en 2005. Esta revista recolle as ideoloxías e novidades que naquel momento se estaban a desenvolver en Compostela entre estes mozos. Dáse o nome dalgúns deles como Fernández del Riego, Calero, Seoane e Bouza Brey, entre outros.

Valcárcel, Marcos, “Sobre o xornalismo literario”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 25 marzo 2006, p. 48.

Recóllese o debate que o cronista presenciou na reunión do PEN Clube sobre os límites entre xornalismo e literatura. Fálase de que neste, houbo unha separación precisa das dúas actividades, pero tamén un apoio moi grande á opinión de que as dúas eran actividades con gran parte de coincidencia. O autor laméntase pola práctica do xornalismo actual consistente en tratar as noticias como ficción e tamén de ocultar a información. Finalmente, ponse en cuestión cal é o verdadeiro papel do escritor: facer ficción ou transmitir a realidade.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/“O engaiolante universo de Blanco Amor”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/ “Andoliña”, 28/31 marzo 2006, p. 59/56.

Conta unha experiencia curiosa que lle aconteceu como profesor de ensino medio. Este suceso sorprendente consiste en que os rapaces se interesan sempre pola literatura de Blanco Amor. O cronista explica que isto pode ser debido ao feito de haber unha coincidencia entre os mundos dos rapaces e o que Blanco Amor mostra nas súas novelas.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/“Cunqueiro, os tópicos, as criadas”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/”Andoliña”, 16/14 abril 2006, p. 67/48.

Refírese á importancia do novo traballo que Xosé Miranda escribe sobre Cunqueiro. A aportación deste ensaio débese a que hai unha anulación de tópicos que frecuentemente se mantiñan sobre a escrita cunqueirana. Tamén se recolle neste libro unha conversa de Cunqueiro en que di que a grande fonte da súa escrita foron as criadas porque sabían moitas historias tradicionais.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”/”Darío Xohán Cabana na Academia, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/”Andoliña”, 22 abril 2006, p. 59/48.

Este artigo fai unha revisión da carreira profesional de Darío Xoán Cabana ao mesmo tempo que pon de manifesto os éxitos obtidos coas súas obras narrativas. Esta especie de homenaxe a este autor é feita nun momento especialmente importante na súa traxectoria, pois é o momento en que se incorpora á RAG.

Valcárcel, Marcos, “Os mártires de Carral”, *La Región*, “De paso”, 24 abril 2006, p. 14.

Neste artigo podemos ver unha explicación do que consistiu o levantamento provincialista de 1846 que terminou co fusilamento dos seus principais impulsores. O artigo rescata do esquecemento este feito e considérao unha acción simbólica por representar a primeira grande reivindicación galeguista. No artigo tamén se informa de que houbo unha homenaxe importante aos mártires en 1931 e actualmente a RAG pensa facer outra na cal se lerán poemas dos máis insignes poetas do momento actual.

Valcárcel, Marcos, “Nova etapa no Consello da Cultura”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 25 abril 2006, p. 56.

O cronista recupera da memoria as cartas de Ramón Piñeiro para xustificar a idea da importancia do seu legado cultural. As cartas de Ramón Piñeiro son un bo documento se queremos coñecer a situación da literatura galega nos anos 50, afirma. Por esta razón merecen unha atención maior da que se lles está a dar, segundo as palabras de Valcárcel.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 25 abril 2006, p. 59.

Loanza da artista María do Ceo, que acaba de publicar un disco novo. O autor considera esta cantante como unha das voces máis importantes de Galicia e tamén a máis xenuína voz para cantar a poesía galega. A voz de María do Ceo é para o autor a que mellor representa os sentimentos do pobo galego.

Valcárcel, Marcos, “Os lectores, especie a extinguir”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 6 maio 2006, p. 48.

Comentario sobre unha frase pronunciada por Vicente Verdú, que afirmaba que os escritores van extinguirse. O artigo trata de xustificar a perda irrecuperábel de lectores mediante unha comparación entre estes e a extinción de especies, feito constatábel e recoñecido. O cronista mostra no fin do artigo a preocupación por este feito.

Valcárcel, Marcos, “Cuba, Lugo, Neira Vilas”, *La Región*, “De paso”, 8 maio 2006, p. 14.

O artigo fai un comentario acerca da importancia da emigración para a cultura galega xa que foi na emigración onde sobreviviu a literatura galega nos anos da posguerra grazas a autores como Neira Vilas. Alúdese a que Lugo Freire, que tamén fixo unha achega importante na

emigración á cultura galega xa que publicou libros fundamentais na historia da literatura galega como *A Gaita Gallega*. No artigo trátase, polo tanto, unha coincidencia entre os dous autores Lugrís e Neira Vilas. Estes dous coinciden no pulo que lle deron á literatura galega na emigración en Cuba.

Valcárcel, Marcos, “Xavier Costa Clavell”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 10 maio 2006, p. 48.

Recoñecemento da importancia da figura de Xavier Costa Clavell para a cultura galega. Deste xornalista destácase o feito de ser un dos máis importantes columnistas en lingua galega e escritor de obras sobre a realidade galega, de entre as que se destacan os libros que se ocupan de explicar como foi o franquismo en Galicia, xa que Costa Clavell foi un dos primeiros en falar disto. Deste autor, ademais da súa obra, é destacado o artigo sobre o grande amor por Galicia.

Valcárcel, Marcos, “Galeguismo e vidas truncadas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 12 maio 2006, p. 48.

No artigo reflexiónase sobre a encrucillada que supuxo para o galeguismo a morte prematura dun dos seus ideólogos, Lois Porteiro Garea. Tamén hai unha referencia a Manuel Antonio e Amado Carballo porque a súa morte afectou de forma decisiva ao movemento literario que eles estaban a crear.

Valcárcel, Marcos, “Máis sobre vidas truncadas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 13 maio 2006, p. 48.

Este artigo está dedicado a mostrar casos de morte prematura en escritores e artistas célebres como Manuel Antonio, Lois Pereiro, Rimbaud, Chano Piñeiro e Xoán Casal, entre outros. Remátase cunha sentida lamentación pola morte destes artistas e a perda da brillante obra que se esperaba deles.

Valcárcel, Marcos, “Falemos galego”, *La Región*, “De paso”, 15 maio 2006, p. 14.

O artigo pretende dar a coñecer o grande mérito dunha xeración intermedia entre o galeguismo de preguerra e o dos últimos anos do réxime fascista. Os méritos son debidos a que serviron de elo entre dúas brillantes xeracións: a anterior e posterior ao réxime fascista. Esta xeración é destacada por distintas actividades como a creación dos primeiros colantes “Falemos galego”, por incentivar o uso do galego en xornais ou por criticar a burla aos galegos do cinema español desta etapa. Remátase o artigo cun recoñecemento do traballo de Andrés Mazaira para tentar levar a universidade ao pobo.

Valcárcel, Marcos, “O radicalismo galeguista doutroa”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 19 maio 2006, p. 48.

Transmítese a noticia da existencia dun texto creado por Manuel Antonio en 1931 e reproduce o seu contido, cualificado por Valcárcel de radical. O texto sinala que a única bandeira de Galicia é a galega e a única patria que recoñecen é Galicia. Valcárcel fai unha crítica ao feito de estar esquecida a existencia deste documento e sinala que debería ser lembrado cun acto no día do seu 75 aniversario en Vigo, cidade onde se deu a coñecer este texto.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 3 xuño 2006, p. 77.

Dedícase a comentar varios casos en que os suxeitos de que se ocupou a arte foron mulleres con pelo na face. Os tres casos que sinala este artigo son os de Ribera “A muller Barbuda”, o trobador Pero Viviáez e o escritor Blanco Amor, que creou o personaxe chamado Nonó.

Valcárcel, Marcos, “A vida é un blog”, *La Región*, “Opinión”, 5 xuño 2006, p. 14.

Alúdese á entrega de premios celebrada en Ourense con motivo da celebración do V Premio de Microrrelato. Refírese aos escritores gañadores, que foron Xesús Manuel Marcos, Francisco Castiñeira e Matías Candeira, este último cun accésit. De todos eles destaca o cronista dous trazos en común que son o feito de viviren e traballaren fóra e de teren todos eles un blog. A segunda parte do artigo está dedicada a facer unha crítica á dereita española por oporse á pluralidade española fronte á esquerda socialista española liderada por Zapatero que cos seus argumentos trata de anular a ideoloxía da dereita.

Valcárcel, Marcos, “Ourense nos versos de Pura Vázquez”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 27 xullo 2006, p. 34.

Columna de lembranza da falecida poeta Pura Vázquez. Lémbrense os traballos de María Xosé Queizán e Andrés Pociña sobre as irmás Pura e Dora Vázquez, a quen o autor compara coas Brontë, e de quen se citan algúns poemarios conxuntos. Refírese á traxectoria de Pura Vázquez enumerando as obras da súa autoría e finalmente, comenta as homenaxes dedicadas nos últimos anos a estas dúas poetas.

Valcárcel, Marcos, “Curros na Coruña”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Os ollos da memoria”, 18 xuño 2006, p. 16.

Este artigo está dedicado a repasar unha parte da vida de Curros Enríquez, concretamente o ano que este escritor chega á Coruña, procedente de América. Nese ano por encargo do Centro Gallego visitou a tumba de Rosalía e a escultura dedicada aos mártires de Carral. Os compañeiros desta visita á Coruña foron os que despois fundaron a RAG.

Valcárcel, Marcos, “Manuel Gómez del Valle (I)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 21 xuño 2006, p. 56.

O cronista comeza explicando unha experiencia persoal cando era estudante de bacharelato no final da ditadura franquista, nestes anos as persoas non coñecían o pasado porque lle era velado. A partir desta experiencia o autor fai unha fonda crítica ao esquecemento e escaso recoñecemento que aínda hoxe manteñen moitas figuras importantes para Galicia da época franquista. A razón que explica a colocación dun monumento dedicado do escritor comunista, Manuel Gómez del Valle é precisamente esta manter viva a memoria.

Valcárcel, Marcos, “As vermellas mazás do poeta (e II)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 22 xuño 2006, p. 56.

Neste artigo dáse a coñecer algo sobre a vida e a obra do escritor ourensán Manuel Gómez del Valle. Dise que estudou en Ourense e emigrou a América para traballar de xornalista, e que da súa obra conservamos artigos xornalísticos e tres poemas, dos cales o máis coñecido é “Manifiesto pastoril a los niños del campo”. Segundo Alonso Montero este é o primeiro poema marxista da literatura galega.

Valcárcel, Marcos, “Portela, o libro, a cultura”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 19 xullo 2006, p. 48.

Valcárcel toma unha cita de Portela Valladares para amosar a importancia que ten a cultura nun país e indica que as cifras de espectadores de teatro e cine descenderon no 2005.

Valcárcel, Marcos, “Rosalía editada en Brasil”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 22 xullo 2006, p. 44.

Dáse conta da publicación dunha escolma de poemas, traducidos ao portugués, de Rosalía de Castro, titulada *Poesía* e realizada en San Paulo (Brasil) pola Editora Brasileira. A autora da escolma, segundo indica, é Ecléa Bosi, quen incluíu no libro unhas notas sobre Rosalía de Castro e os poemas que a esta lle dedicaron Curros Enríquez e García Lorca.

Valcárcel, Marcos, “Issac Díaz Pardo”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 25 xullo 2006, p. 48.

Defende as numerosas homenaxes que recibe Isaac Díaz Pardo por todo o labor emprendedor que realizou e realiza na súa vida, e que é merecedor de todos os eloxios que se lle poidan facer.

Valcárcel, Marcos, “Carta a Pura Vázquez”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 27 xullo 2006, p. 48.

Lémbrase a Pura Vázquez tras o seu pasamento e fálase do tema da morte como un feito que chega nun abrir e cerrar de ollos.

Valcárcel, Marcos, “No centenario de Lamas Carvajal”, *La Región*, “Opini3n”, 4 setembro 2006, p. 10.

Con motivo do centenario da morte de Valent3n Lamas Carvajal, Valcárcel fai referencia 3 s3a figura e obra. Ind3case que se publicou recentemente a s3a poes3a galega completa, preparada por Pilar Garc3a Negro, as3 como o volume *Gallegada e outras prosas* de Rafael Ad3n (2004). A seguir, comenta que Lamas Carvajal foi ademais de poeta e narrador, un xornalista de oficio, e c3ntrase na s3a obra m3is importante, *O Catecismo do labrego*. Explica Valcárcel que a obra tivo moito 3xito e isto foi debido a que Lamas Carvajal soubo retratar o mundo campesi3o galego con fidelidade e humorismo, ademais de presentar directamente aos inimigos dos labregos: os caciques.

Valcárcel, Marcos, “Airi3os d’a mi3a terra”, *Galicia Hoxe*, “Andoli3a”, 10 febreiro 2006, p. 48.

Comenta a edici3n facs3mil d’*Airi3os d’a mi3a terra*, a cargo de Lu3s Alonso Girgado e Mar3a Cuquejo. Di que esta publicaci3n, de 1909, foi modesta pero de vontade galeguista. Comenta que o maior interese literario radica nos contos de Manoel Carrillo Cortizos, Manuel Vidal, Asieumedre, Enrique Labarta e Xes3s R. L3pez.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Regi3n*, “Pan por pan”, 10 febreiro 2006, p. 67.

Versi3n reducida do artigo de opini3n publicado no xornal *Galicia Hoxe*, na mesma data, co t3tulo “Airi3os d’a mi3a terra”.

Valcárcel, Marcos, “De Cunqueiro a Gunter Grass”, *Galicia Hoxe*, “Andoli3a”, 19 setembro 2006, p. 48.

Faise referencia aos anos en que Cunqueiro se afiliou 3 Falanxe e dirixiu e escribiu en xornais falanxistas proclamando a necesidade dun C3sar. Conf3rmase que este feito non se pode negar, mais non por iso se vai negar a xenialidade de Cunqueiro como escritor. Finalmente, compara a Cunqueiro con Gunter Grass, que tam3n afirmou que pertencera na xuventude 3s Waffen-SS.

Valcárcel, Marcos, “O cuarto p3 do rexurdimento”, *Galicia Hoxe*, “Andoli3a”, 28 setembro 2006.

Cr3t3case que as instituci3ns culturais e colectivos sociais se esquecesen de celebrar o centenario da morte de Valent3n Lamas Carvajal. S3 houbo homenaxe por parte do Concello de Ourense, que organizou unha ofrenda floral e abriu unha r3a co seu nome, e organizou un ciclo de conferencias. Valcárcel explica que estas non son homenaxes suficientes para un home clave do Rexurdimento galego e fundador do xornalismo en galego.

Valcárcel, Marcos, “A escola de ‘O tío Marcos...’”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 29 setembro 2006.

Lémbrese a conferencia que pronunciou Filgueira Valverde o 17 de maio de 1972, Día das Letras Galegas, dedicada a Valentín Lamas Carvajal. Salienta do relatorio a importancia que lle deu Filgueira ao xornal *O Tío Marcos d'a Portela*, xa que se trata dun “tesouro” que recolle literatura, lingua, antropoloxía, historia e xornalismo.

Valcárcel, Marcos, “Lamas e a prensa en galego”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 30 setembro 2006, p. 48.

Coméntase o *Catecismo do Labrego*, de Lamas Carvajal, e indica que a través del pretendía o autor mobilizar o agrarismo galego. Indícase que o libro reclama a necesidade de ter unha prensa galega que divulgue información sobre o país e que se deberían empregar os xornais como potenciadores do prestixio do idioma.

Valcárcel, Marcos, “Información en galego”, *La Región*, “Pan por Pan”, 30 setembro 2006, p. 77.

Saliéntase a reivindicación que realizou Lamas Carvajal en canto á publicación de información nos xornais en galego. Coméntase que Carvajal foi un precursor no xornalismo, xa que propuxo incluír nos xornais novas de información local, que eran as que máis lían os cidadáns, e escritas en lingua galega, como forma de dar prestixio ao idioma.

Valcárcel, Marcos, “Dona Emilia na súa casa de Marineda”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 6 outubro 2006, p. 48.

Faise referencia á súa participación no simposio sobre o xornalismo de Emilia Pardo Bazán, celebrado na Real Academia Galega da Coruña. Valcárcel falou sobre o xornalismo galego do século XIX e deu a coñecer algúns sucesos esquecidos, como a postura de Pardo Bazán contra o parlamentarismo e constitucionalismo. Tamén conta a polémica creada en Celanova cando se decidiu poñer o nome da escritora a unha rúa.

Valcárcel, Marcos, “Dona Emilia e as dúas academias”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 7 outubro 2006, p. 47.

Coméntase que no simposio celebrado na Coruña sobre o xornalismo de Pardo Bazán un tema que se tratou foi a campaña dirixida por ela para a súa candidatura como membro da Real Academia Española. Explícase que isto non o conseguiu pero si foi nomeada Académica de Honor e Presidenta Honoraria da Real Academia Galega. Valcárcel afirma que Pardo Bazán tamén sabía facer política á súa maneira e que as ideas dos escritores non deben repercutir na valía das súas obras.

Valcárcel, Marcos, “Poetas de raíces humildes”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 28 outubro 2006, p. 48.

Explícase como en Galicia existiron poetas de raíces populares como Manuel García Barros ou Balbino-Xosé Neira Vilas, aínda que a maioría pertencen á pequena burguesía vilega. Outros tres autores salientados son Xesús San Luís Romero, Blanco Amor e Avilés de Taramancos.

Valcárcel, Marcos, “Andou o Ferrín por América”/”Méndez Ferrín en América”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por Pan”/”Andoliña”, 1 novembro 2006, p. 69/48.

Faise referencia á participación de Méndez Ferrín en Arxentina e Uruguai para falar sobre a política, a lingua e a literatura. En canto á literatura, loou a Chus Pato e Manuel Rivas, así como tamén a poesía feminina da actualidade.

Valcárcel, Marcos, “Exiliados”, *La Región*, “Pan por Pan”, 16 novembro 2006, p. 69.

Saliéntase o traballo que está a realizar a Biblioteca do Exilio, dirixida por Díaz Pardo e Charo Portela, cuxo obxectivo é publicar un total de cen obras escritas por exiliados republicanos que foron testemuñas do galeguismo de preguerra. Até agora levan publicados trinta e sete volumes.

Valcárcel, Marcos, “De libros”, *La Región*, “Pan por pan”, 18 novembro 2006, p. 69.

Valcárcel proponlle á súa amiga de Bos Aires, Débora Campos, unha serie de obras narrativas clásicas da nosa literatura, como obras imprescindíbeis para o seu taller de lectura.

Valcárcel, Marcos, “O valioso testemuño do exilio”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 18 novembro 2006, p. 48.

Saliéntase a importancia que tivo o labor dos exiliados para reconstruír o país e afírmase que a sociedade actual é a destinataria daquelas ideas que se plasmaron nos libros, como as propostas por Castelao no seu *Sempre en Galiza*. Lóase o traballo que está a realizar a “Biblioteca do Exilio”, de Edicións do Castro, que leva publicadas xa trinta e sete obras de autores exiliados, nas catro linguas do Estado. Finalmente, dáse conta dalgúns dos autores publicados.

Valcárcel, Marcos, “A escola fusilada”/”Lembrando a Manuel Luís Acuña”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Opinión”/”Andoliña”, 20/21 novembro 2006, p. 14/56.

Comenta a súa participación no III Congreso Manuel Luís Acuña, que este ano tivo como tema monográfico o maxisterio republicano e a represión que sufriu durante a guerra civil e os anos franquistas. Dá conta dos intelectuais e profesores que participaron e indícase que un dos

momentos máis emotivos do encontro tivo lugar coa emisión da película documental *A escola fusilada*. Finalmente, coméntase que tamén conversou co fillo de Acuña, Ramón Luís Acuña, do que se salienta o seu importante labor como xornalista.

Valcárcel, Marcos, “A cidade e a literatura”/”Cidade, literatura, identidade”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Opinión”/”Andoliña”, 27/28 novembro 2006, p. 13/56.

Marcos Valcárcel escribe dende o Pazo de Mariñán, onde se está a celebrar a última xornada do IV Encontro de Escritores Galegos, organizado por Luciano Rodríguez e a Deputación da Coruña. Coméntase que o encontro contou con vinte e catro autores que debateron sobre a literatura e as cidades e dáse conta dos participantes. Ademais, indícase que outros temas tratados foron a relación entre cidade e identidade, a humanización das cidades e os diferentes tipos de cidades que se atopan nas obras literarias.

Valcárcel, Marcos, “Cunqueiro en Siria”, *La Región*, “Pan por Pan”, 29 novembro 2006, p. 69.

Refírese á inauguración que tivo lugar na sé do Instituto Cervantes en Damasco, onde se puxo o nome de Álvaro Cunqueiro á biblioteca da entidade. Coméntase que este foi un escritor namorado do mundo oriental e que viaxou, non fisicamente, senón espiritualmente, por moi diversos lugares e finalmente, indícase que é xusto que outras xentes poidan descubrir a súa obra.

Valcárcel, Marcos, “Algunhas cidades literarias (I)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 29 novembro 2006, p. 48.

En relación co encontro realizado no Pazo de Mariñán na Coruña sobre as Cidades e a Literatura, dáse conta dos escritores que trataron a cidade de Ourense nas súas creacións. Saliéntase a obra de Blanco Amor, Otero Pedrayo, Cuevillas, Lamas Carvajal e Francisco Álvarez de Nóvoa, Carlos Casares e Méndez Ferrín, Antón Risco, López Cid, Bieito Iglesias, Manuel Guede ou Fernández Naval, entre outros.

Valcárcel, Marcos, “Algunhas cidades literarias (II)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 30 novembro 2006, p. 48.

En relación co encontro realizado no Pazo de Mariñán na Coruña sobre as Cidades e a Literatura, dáse conta dos escritores que trataron a cidade de Santiago de Compostela nas súas creacións. Saliéntase que o imaxinario literario desta cidade é moi complexo porque xa dende a Idade Media aparece a cidade en moitos escritos, non só galegos senón tamén da literatura castelá. Indícase que existen obras que mostran a Compostela do século XVI. Tamén se destaca a obra de Otero Pedrayo e finalmente dáse conta de tres novelas claves: *No ventre do silencio*, de Méndez Ferrín; *Xoguetes pra un tempo prohibido*, de Carlos Casares e *Dos anxos e dos mortos*, de Rey Ballesteros.

Valcárcel, Marcos, “Algunhas cidades literarias (III)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 1 decembro 2006, p. 48.

En relación co encontro realizado no Pazo de Mariñán na Coruña sobre as Cidades e a Literatura, segue a comentar os escritores que trataron a cidade de Compostela nas súas creacións. Indícase que nos anos oitenta xurdiu o concepto de novela negra e apareceron novas obras como *Crime en Compostela*, de Carlos Reigosa e *O crime da rúa da moeda vella*, de Román Raña. En canto aos poetas que centraron os seus versos na cidade do Apóstolo, salientase a Salvador García Bodaño coa obra *Tempo de Compostela, Crear o mar en Compostela*, de Marta Dacosta e *Love me tender*, de Ana Romaní. Finalmente, nomea outros poetas que tamén trataron a cidade.

Valcárcel, Marcos, “Blanco Amor”/”Cita con Blanco Amor”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por Pan”/”Andoliña”, 1/2 decembro 2006, p. 69/48.

Coméntase que Eduardo Blanco Amor vai ser homenaxeado en Ourense cunha serie de actos, por ser un dos mellores escritores galegos e incluso, universais. Explícase que Blanco Amor mostrou nas súas novelas a personaxes marxinados e afirmase que se hoxe estivese vivo, incluíría nas súas obras como personaxes a enfermos da SIDA.

Valcárcel, Marcos, “As cidades literarias (1)”, *La Región*, “Opinión”, 4 decembro 2006, p. 16.

Explica Valcárcel que con esta nova vai iniciar en varias entregas un percorrido polas cidades literarias galegas. Comeza o seu comentario con Santiago de Compostela e dá conta de moitas obras nas que a aparece a cidade, así mesmo, refírese á obra de Otero Pedrayo. Finalmente, nomea aos poetas que tamén incluíron Compostela nos seus versos.

Valcárcel, Marcos, “Máis cidades literarias”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 5 decembro 2006, p. 56.

Continuando co seu comentario sobre as cidades literarias galegas, nesta ocasión Marcos Valcárcel céntrase na cidade de Vigo. Comenta que foi a máis cantada polos trovadores medievais e que na actualidade son moitas as obras que fan referencia á cidade olívica. Dáse conta dos autores que a mencionan e obras nas que aparece, así como dos poetas que a incluíron nos seus versos.

Valcárcel, Marcos, “Máis cidades literarias (5)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 6 decembro 2006, p. 48.

En relación co encontro realizado no Pazo de Mariñán na Coruña sobre as Cidades e a Literatura, segue a comentar os escritores que trataron a cidade da Coruña nas súas creacións.

Indícase que as cidades literarias da Coruña abarcan non só as novelas senón tamén a música e relatos curtos. Tamén aparece a Coruña na obra castelá de escritores galegos como en *La Tribuna*, de Pardo Bazán ou en *Volvoreta*, de Fernández Flórez. En canto aos poetas, indícase que son moitos os que trataron a cidade, dende Curros Enríquez até Luísa Villalta, e noméanse, entre outros, Luz Pozo Garza, Tomás Barros, Álvarez Torneiro, González Garcés, Cesáreo Sánchez e Xavier Seoane.

Valcárcel, Marcos, “Máis cidades literarias (6)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 8 decembro 2006, p. 48.

En relación co encontro realizado no Pazo de Mariñán na Coruña sobre as Cidades e a Literatura, dáse conta dos escritores que trataron a cidade de Vigo nas súas creacións e destácaa como a máis nomeada polos poetas medievais nas súas cantigas. Como obras actuais, dáse conta d’*A rúa do noxo*, de Eliseo Alonso; *Peito de vimbio*, de Alfonso Álvarez Cáccamo; *Amor de tango*, de María Xosé Queixán; *Panificadora*, de Cid Cabido; *Cemiterio de elefantes*, de Fran Alonso; *Os ollos do rei de copas*, de Sierra Veloso e *Os xenerais de África*, de Vítor Vaqueiro.

Valcárcel, Marcos, “Máis cidades literarias (7)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 9 decembro 2006, p. 40.

Coméntase que Vicente Risco nun dos seus poemas futuristas explicou que a Coruña miraba ás brétemas de Irlanda, e Vigo aos rañaceos de Nova York. Valcárcel explica que isto é un símbolo de modernidade e indica que hai outros poetas que tamén formularon estas imaxes, como Fran Alonso e dáse conta doutros poetas destacados: Méndez Ferrín, Queizán, Luz Pozo Garza, Franco Grande, Álvarez Cáccamo e Xohana Torres, entre outros.

Valcárcel, Marcos, “As cidades literarias (2)”, *La Región*, “Opinión”, 11 decembro 2006, p. 14.

Continuando co seu estudo sobre as cidades literarias que aparecen nas obras galegas, realizado na súa columna de opinión dos xornais *La Región* e *Galicia Hoxe*, nesta ocasión Valcárcel céntrase na cidade da Coruña. Coméntase que a súa última aparición é na obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, mais dá conta tamén doutras obras ambientadas na cidade coruñesa. Indícase que un dos temas recorrentes nestas obras, relacionado coa Coruña, é o anarquismo e refire ademais outras obras de autores galegos escritas en castelán. Por último, achéganse as obras poéticas que amosan nas súas páxinas a cidade da Coruña.

Valcárcel, Marcos, “A Editorial Galaxia”/“O sentido do humor de Risco”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por pan”/“Andoliña”, 13 decembro 2006, p. 69/48.

Infórmase de que a editorial Galaxia acaba de publicar nun volume a obra gráfica de Vicente Risco, na que o autor expresou o seu gusto polo Oriente e o mundo medieval, o interese polas

vanguardas, o retrato da Galicia etnográfica, e todo imbuído nun humor que expresa mediante a caricatura.

Valcárcel, Marcos, “Estiven nestes días”/”Antón Tovar en Alacante”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Pan por Pan”/”Andoliña, 16 decembro 2006, p. 61/47.

Coméntase a participación do propio Valcárcel nun ciclo de charlas sobre o poeta ourensán Antón Tovar, celebrado na Universidade de Alacante e organizado por Xavier Carro, quen imparte clases de galego na citada universidade. Saliéntase o elevado nivel dos alumnos e o seu interese polo ateísmo de Tovar, así como pola súa angustia interior.

Valcárcel, Marcos, “No ano 1959”, *La Región*, “Pan por Pan”, 17 decembro 2006, p. 77.

Coméntase que no ano 1959 a Real Academia Galega, presidida por Sebastián Martínez Risco, propúxolle á Real Academia Española que retirase a acepción de galego como “mozo de corda”. Ademais, Camilo José Cela solicitou, apoiado por Wenceslao Fernández Flórez, que se designase o galego como lingua e non como dialecto.

Valcárcel, Marcos, “Máis cidades literarias”, *La Región*, “Opinión”, 18 decembro 2006, p. 16.

Valcárcel continúa a serie dedicada ás cidades galegas na literatura e refírese nesta ocasión a Vigo. Fai un repaso polos diferentes autores que se inspiraron na cidade na súa obra literaria, nomeadamente Vicente Risco en “U...ju...juu...(Poema futurista)”; Fran Alonso; Luz Pozo Garza, ou Xohana Torres, entre outros.

Valcárcel, Marcos, “O tren que me leva”/ “O tren nas nosas letras”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Sociedad”/ “Andoliña”, 19/21 decembro 2006, p. 69/48.

Dáse conta da publicación de *Ourense, 31 marzo 1881, 18:00 h.*, que fai referencia á hora da chegada da primeira locomotora a Ourense. A obra está coordinada por Maribel Outeiriño e recóllense nela diversas composicións de Curros, Risco, Cuevillas, Blanco Amor e Antón Tovar, entre outros, nas que se fixo literatura cos camiños de ferro.

Valcárcel, Marcos, “O tren de Dieste”, *La Región*, “Pan por Pan”, 20 decembro 2006, p. 69.

Faise referencia ao relato de Rafael Dieste “O vello que quería ve-lo tren” como un dos relatos máis emocionados sobre o mundo do tren.

Valcárcel, Marcos, “El tren y las cosas”, *La Región*, “Pan por pan”, 22 decembro 2006, p. 69.

Cítanse os poemas “Aquel tren”, “Estación vieja” e “El tren humano”, que pertencen á obra de Antón Tovar *El tren y las cosas*, coa que gañou o Premio de Poesía Marina en Ourense (1959). Finalízase cuns anacos das composicións.

Valcárcel, Marcos, “O tren, Dieste, Tovar”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 23 decembro 2006, p. 42.

Coméntase, en primeiro lugar, o argumento de “O vello que quería ve-lo tren”, de Rafael Dieste e, a seguir, cita os poemas “Aquí el tren” e “Estación vieja” de Antón Tovar, que aparecen na obra sobre o tren e a literatura, da que Marcos Valcarcel xa falou en anteriores artigos. Infórmase que Tovar realizou un libro dedicado a este tema: *El tren y las cosas*, no que destaca “El tren humano”.

Valcárcel, Marcos, “Castelao pintor”, *La Región*, “Pan por pan”, 26 decembro 2006, p. 69.

Infórmase da publicación por parte da editorial Galaxia de dúas obras, unha sobre a obra gráfica de Vicente Risco e a outra, sobre a obra pictórica de Castelao. Así mesmo, indícase que a obra dedicada a Castelao aparece introducida por un ensaio de Miguel Anxo Seixas, titulado “Castelao: entre a dor e a cor”.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 27 decembro 2006, p. 61.

Refírense dous momentos cruciais e graves da vida de Castelao. Primeiro, o seu temor a quedar cego e, segundo, a perda do seu fillo Afonso Xesús. Coméntase que tras a morte do fillo, Castelao, cunha bolsa da Xunta de Ampliación de Estudos, viaxa a Bretaña para estudar as cruces de pedra e desta etapa nace un dos seus libros no que a dor se transformou en arte.

Valcárcel, Marcos, “Castelao, tamén pintor”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 27 decembro 2006, p. 40.

Coméntase que a editorial Galaxia publicou unha obra pictórica de Castelao co título de *Castelao pintor*, precedida dun ensaio de Miguel Anxo Seixas titulado “Castelao: entre a dor e a cor”. Explícase que Castelao tamén desenvolveu unha vocación pictórica e que nos ensinou a ver Galicia dun xeito diferente.

Valcárcel, Marcos, “Diario 1921”, *La Región*, “Pan por pan”, 28 decembro 2006, p. 77.

Coméntase que na obra de Castelao, *Diario 1921*, se comprende o desprezo que sentía o escritor polas vangardas, pois criticaba a eses artistas tan revolucionarios. Afírmase que Castelao optou pola tradición.

Valcárcel, Marcos, “Castelao, sufrimento e arte”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 28 decembro 2006, p. 40.

Faise referencia a un momento decisivo na vida de Castelao: a morte do seu fillo Afonso Xesús. Explicase que tras este acontecemento, o escritor perdeu toda esperanza e foi nesta etapa da súa vida cando marchou a estudar as cruces de pedra da Bretaña. Indícase que é nesta obra onde mellor se transforma a dor en arte.

Valcárcel, Marcos, “Castelao fronte ás vangardas”/“Pan por pan”, *Galicia Hoxe/La Región*, “A contra”/“Sociedad”, 29 decembro 2006, p. 40/69.

Achégase unha cita de Castelao tomada do seu *Diario 1921*, que fai referencia á novidade que representa a vangarda. Castelao buscaba nese novo movemento o significado do termo “terra” como elemento identitario e, como non o atopou, non apreciou os movementos vangardistas. Con todo, sentiu entusiasmo polos artistas rusos, flamencos, holandeses e alemáns.

Valcárcel, Xulio, “Encontro de pintores e poetas”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 411, “Páxina literaria”, 30 abril 2006, p. 4.

Crónica do acontecido no II Encontro de Pintura e Poesía celebrado en Mariñán pouco antes de ser publicada esta noticia. O cronista relata os actos realizados nos días que durou esta celebración, na cal participaron poetas e pintores destacados no panorama actual da cultura. Entre as actividades realizadas, explícanse algunhas das máis interesantes, como o concerto de Mijail Moriátov, ou a creación dun mural colectivo que deixase constancia da grande proximidade entre poesía e pintura. Neste mural foron creadas poesías con formato de debuxo e pinturas. Mostra da relación entre as dúas artes tamén é o feito de que algúns dos poetas actuais teñen obras pictóricas, como é o caso de Fernán Vello, entre outros.

Valcárcel, Xulio, “Poesía galega en París”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 444, “Páxina Literaria”, 10 decembro 2006, p. 4.

Xulio Valcárcel conta a súa experiencia na Academia de Montmatre en París, onde se realizaron conferencias e mesas de traballo. Coméntase que a súa visita, a de Ánxeles Penas e a de Fernán Vello, se debeu á tradución ao francés dun dos seus libros. O discurso galego do acto foi pronunciado por Antonio Domínguez Rey, presidente de AULIGA, e versou sobre o Camiño de Santiago. Ademais, dáse conta dos contidos das xornadas e das actividades que se levaron a cabo.

Varela, María, “A tertulia”, *Diario de Pontevedra*, “Habelas hainas”, 21 marzo 2006, p. 96.

Coméntase a escultura que pode verse nunha praza de Pontevedra co título “A Tertulia”. Faise unha análise desta escultura e do seu significado, xa que se di dela que representa a conversa dos homes que máis defenderon Galicia e de aí o seu valor. A escultura aparece completada

con dúas cadeiras valeiras que, segundo o cronista, representan o lugar que ocupan as mulleres que defenderon, dende sempre, Galicia.

Vázquez Gil, Lalo, “Falo de Cortezón, creador galego”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 2 febreiro 2006, p. 3.

Enxálzase neste artigo a figura de Daniel Cortezón como narrador, ensaísta e autor teatral, entre outras cousas. É considerado polo cronista como o máis importante autor teatral de todos os tempos. Finalmente, faise unha referencia á súa última obra sobre a vida de Dionisio Gamallo Fierros, obra da cal se di ser dun valor extraordinario.

Vázquez Gil, Lalo, “Álvaro Cunqueiro, Ourive”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 28 febreiro 2006, p. 3.

Homenaxéase a Álvaro Cunqueiro con motivo do seu vinte e cinco cabodano. Esta homenaxe comeza desvelando unha das facetas máis descoñecidas de Cunqueiro como tradutor de libros en inglés, e na fin do artigo o cronista introduce un acróstico da súa autoría dedicado a Álvaro Cunqueiro.

Vázquez Gil, Lalo, “Sempre don Xosé María Álvarez Blázquez”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 14 marzo 2006, p. 3.

Lamentación polo feito de que a carreira tan prometedora que podería levar a cabo Xosé María Álvarez Blázquez se vise truncada polo seu asasinato. Comenta, ademais esta figura, afirmando que este home de ideais galeguistas destacou particularmente como editor, conferenciante e escritor.

Vázquez Monxardín, “Villares, claro que si”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 3 marzo 2006, p. 36.

Explícanse algunhas das funcións que desempeña o Consello da Cultura Galega coa finalidade de dar a coñecer en que consiste o novo proxecto de Ramón Villares como presidente do Consello da Cultura. Móstrase unha opinión positiva acerca de Villares e un recoñecemento pola súa carreira profesional.

Vázquez Pintor, Xosé, “María Vitoria Moreno”, *A Nosa Terra*, nº 1.245, “Cultura”, 23 novembro-29 novembro 2006, p. 30.

Lémbrese á finada escritora María Vitoria Moreno, quen chegou a Galicia e quedou na terra achegando a súa obra á cultura galega. Coméntase a homenaxe que lle dedica a Asociación Cultural “Máis libros”.

Vázquez, D., “Literatura en imáxenes”, *Faro de Vigo*, “Un certamen para promover la lectura”, 3 marzo 2006, p. 16.

Trátase a noticia de que o concello do Porriño organiza un concurso no cal se premiará a imaxe que mellor sirva para promover a lectura. Dise que o gañador recibirá unha cámara dixital e todas as fotografías participarán nunha exposición .

Vázquez, Dora, “Ventos da terra”, por Serafín Marques Gil”, *La Región*, 10 maio 2006, p. 21.

Este artigo está dedicado a explicar o contido do libro *Ventos de Terra*, regalo do autor Serafín Marques Gil ás irmás Pura e Dora Vázquez. O contido do libro está explicado a partir da mostra dalgúns poemas. Amósase a descrición de Galicia presente nobra de Marques Gil, conxugada coa análise dos sentimentos do eu, como o amor, o medo ou o desexo de recuperar a infancia.

Vázquez, Dora, “Dedico:”, *La Región*, “Opini3n”, 23 agosto 2006, p. 20.

Iníciase a nova coas palabras que Pura Vázquez dedicou no seu derradeiro libro de poemas e continúa coa lembranza que dela fai a súa irmá, Dora Vázquez, quen comenta que atopou o libro *A Música dos Tempos*. Neste derradeiro poemario, a autora despídese dos seus e expresa os seus sons eternos. Faise referencia ao primeiro poema “O mar daquela infancia”, do que se achegan algúns versos.

Vázquez, Dora, “Tristes recordos”, *La Región*, “Opini3n”, 16 outubro 2006, p. 17.

Dora Vázquez recorda a figura da súa irmá, Pura Vázquez, aos tres meses do seu falecemento. Amósase a dor pola falta da compañeira e amiga, a dor pola soidade, ao mesmo tempo que se reflexiona sobre a condición da Morte, “esa tirana”, como a autora do artigo lle chama. Ao remate, parece querer compracerse coa herdanza literaria que deixou a irmá, o seu traballo como mestra de escola, escritora infantil, poeta e articulista.

Vázquez, Dora, “Lembranza a Pura Vázquez”, *La Región*, “Opini3n”, 13 novembro 2006, p. 18.

Lembranza de Pura Vázquez por parte da súa irmá Dora Vázquez. Explícase a anécdota de como conseguiu novamente o libro de Pura Vázquez, *Desmemoriado río*, que ela contaba como desaparecido. A continuación, descríbese este poemario e reproducense algúns versos.

Vázquez, Dora, “A Pura, para o seu cumpreanos”, *La Región*, “Opini3n”, 22 febreiro 2006, p. 21.

Transmítese unha felicitación para a súa irmá Pura, polo seu aniversario. A homenaxe á irmá comeza cun agradecemento por lle dedicar un libro, e ao longo de todo o artigo pódese ver

como se tratan temas poéticos como o amor fraternal ou a dor como o paso do tempo e a proximidade da morte. O tratamento destes temas nun momento persoal tan importante para elas fai que este artigo conteña unha intensa carga emotiva.

Vázquez Monxardín, Afonso, “Ánxeles Cuña fai ben”, *Galicia Hoxe*, “Camiño do Vao”, 21 marzo 2006, p. 5.

Lóase a Ánxeles Cuña e criticábase claramente á Xunta de Galicia pola súa incapacidade para facilitar a posibilidade de “liberar” temporalmente á directora do CDG do seu traballo como profesora e manterlle o cargo. Gábase, por clara e honesta, a petición da directora teatral de conservar o posto e destácase a incoherencia da administración, que permite este tipo de “anos sabáticos” e “liberacións” para numerosos outros casos e non é quen de resolver o dunha persoa que tanto o merece.

Ventura, Joaquim, “Adeus a un home ponte”, *Galicia Hoxe*, “O sal da terra”, 22 maio 2006, p. 4.

Este artigo está dedicado á figura de Xavier Costa Clavell. Explícase o momento en que o autor do artigo e este foron veciños nun barrio de Barcelona. O espazo en que os dous se encontraron é descrito con grande precisión, ao igual que a figura de Costa Clavell, home con aspecto bohemio e cun xornal debaixo do brazo. Costa Clavell tamén é recordado por aquelas actividades en que destacaba, como a conversa cos amigos e os traballos xornalísticos. A finalidade que ten este artigo é, non obstante, a de definir este xornalista como un escritor que conectou a cultura galega coa catalá. Outros escritores coa mesma característica tamén citados son Rodríguez Baixeras ou ben o propio cronista.

Vidal Villaverde, Manuel, “Culturalismo?”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 8 febreiro 2006, p. 3.

Reflexiónase aquí sobre o significado de cultura, a partir dun artigo de Isaac Díaz Pardo. A seguir, admítase que o significado de cultura pode aparecer distorsionado, dende o punto de vista político, e así foi por parte de intelectuais e filósofos que apoiaban o réxime fascista de Franco. Critícanse fortemente estas ideas filosóficas por ser de tipo imperialista e conclúese cunha defensa da visión de cultura que apoian os nacionalistas culturalistas.

Vidal Villaverde, Manuel, “Vita beata, vita nuova”, *Galicia Hoxe*, “Fai fume”, 5 abril 2006, p. 4.

Reflexión acerca da poesía e sobre Xosé Costa Clavell. Desenvólvese a modo de disertación baseada na idea de que a poesía é experiencia, e esta forma de entender a poesía admítase que é sostida por algúns poetas e mantida como verdadeira polo autor. Reprodúcense anacos de poemas e cítanse poetas importantes como Aquilino ou Pessoa. A disertación está centrada na

idea de que a pesar de que os distancien ideoloxías, hai amizade e profundo respecto por parte do cronista e Costa Clavell.

Vidal Villaverde, Manuel, “Lecturas en tempo de asueto”, *Galicia Hoxe*, “Fai fume”, 12 abril 2006, p. 4.

Comézase anunciando que será un artigo que falará de dúas lecturas feitas nesta época, das que posteriormente se engade un comentario. A primeira é a obra de George Borrow, *The Bible in Spain*, que, segundo o cronista, ofrece unha visión negativa de Galicia. Xunto a esta visión, o libro mantén como un feito demostrábel a xenerosidade dos españois. A segunda obra que aparece comentada é un libro de poesía de Eva Veiga, con limiar de Luz Pozo, que trata temas entrañábeis como o amor, a nostalxia ou a señoardade. A partir do comentario destes libros, o cronista desenvolve unha crítica contra o fascismo e os seguidores actuais disfrazados.

Vidal Villaverde, Manuel, “Xavier Costa Clavell”, *Atlántico Diario*, 10 maio 2006, p. 3.

Artigo dirixido a un destinatario concreto, Xavier Costa Clavell, recentemente falecido. O motivo deste diálogo sen resposta afírmase que é lembrar distintos momentos que o cronista compartiu co escritor en Galicia e Cataluña. Destes momentos, recupera aquilo que considera esencial: as ideas que Costa Clavell transmitía nas conversas co cronista. O artigo está cargado dunha forte emoción contida que moitas veces sae á luz de forma directa mediante expresións de desánimo do eu, favorecendo un sentimento de desconsolo mediante ese diálogo sen resposta que o cronista mantén até o final.

Vidal Villaverde, Manuel, “Vago alento de verán en primavera”, *Galicia Hoxe*, “Fai fume”, 7 xuño 2006, p. 4.

Recóllese un comentario sobre o filósofo Ramón Piñeiro, a súa obra e sobre o panorama político da actualidade. Estes dous temas aparecen tratados de forma crítica e realízase unha serie de referencias á etapa en que este artigo foi escrito, no fin da primavera. A primeira parte consiste nunha crítica á obra de Ramón Piñeiro por se tratar dunha filosofía pouco válida a pesar de ter éxito no momento. A parte dedicada a tratar como se encontra o panorama político mantén o espírito crítico, pero os motivos de crítica son agora os partidos políticos máis votados na Galicia na actualidade, pola súa vinculación relixiosa perfectamente observábel: BNG, PSOE, PP.

Vilavedra, Dolores, “Razóns para o optimismo”, *El País*, “Galicia”, 22 novembro 2006, p. 84.

Explícase a situación do libro e da empresa editorial en Galicia, cualificándoa de positiva e optimista, malia baixar as cifras de publicacións no ano 2005, segundo os datos ofrecidos polo rexistro do ISBN, do que se afirma que moitas veces non son recollidos de forma regular. Critícase que se espallara o costume de publicar fóra das nosas fronteiras. Outro dos temas

abordados é o da concentración da oferta, que comenta que pode ter dúas interpretacións: por unha banda, está a problemática da publicación profesional e a publicación alternativa, onde se crean libros de calidade editorial baixa e con pouca promoción; pero, ás veces, si se obtén rendibilidade. Por último, salientase a importancia da edición dixital e afirmase que o futuro do libro galego se atopa na súa calidade de publicación.

Villar Janeiro, Helena, “Medio pan e un libro”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 6 xaneiro 2006, p. 3.

Crítica a todos os que só se preocupan de problemas económicos e que nunca fan ningún tipo de reivindicación cultural. A autora fai unha auténtica reivindicación da importancia da cultura e dos libros. O artigo termina cun importante eloxio para a biblioteca que se está a construír na Avenida Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Villar Janeiro, Helena, “In Rosaliam Carmen”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 20 xaneiro 2006, p. 3.

O artigo ocúpase da figura de Gregorio San Juan con motivo da publicación dunha antoloxía homenaxe. Comenta que o autor que coñeceu as catro linguas do estado español e escribiu poemas nestas linguas, algúns deles contidos nesta antoloxía. De acordo con esta actividade está a súa posición ideolóxica, xa que para este poeta só é español quen coñece as catro linguas do estado. O comentario final que se recolle no artigo acerca deste autor céntrase na relación que tivo este coa cultura galega. Sabemos que coñeceu o galego por contacto con galegos emigrados a Euskadi e que admirou a Rosalía de Castro, a quen dedica un poema en latín, cuxo título encabeza este artigo.

Villar Janeiro, Helena, “Festa auroral con Rosalía na lembranza”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 24 febreiro 2006, p. 3.

Saliéntanse distintas datas importantes na vida da escritora Rosalía de Castro e préstase especial atención ao día 24 de febreiro por ser o día do seu nacemento. A cronista relata como foi a vida da escritora dende ese momento até a súa morte sinalando as datas máis importantes da súa vida. Finaliza apoiando a idea da Consellaría de Cultura de considerar este día como a data de inicio das actividades para fomento da lectura.

Villar Janeiro, Helena, “Sonetos a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 17 marzo 2006, p. 3.

Con motivo do día mundial da poesía, a Casa-Museo de Rosalía fai unha homenaxe ao soneto, igual que a Casa de Camilo en Vilanova de Famalicão. Ademais desta noticia, coméntanse no artigo dous sonetos a Rosalía escritos por aurelio Aguirre ou Otero Pedrayo. Parte destes sonetos son reproducidos no artigo.

Villar Janeiro, Helena, “Rosalía no mundo”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 31 marzo 2006, p. 3.

Recóllese a noticia dun estudoso brasileiro de literatura medieval, Henrique Marques, que descubriu a poesía de Rosalía, da cal ficou impresionado. Este estudoso laméntase de que os retratos máis comúns de Rosalía non reflectan a beleza da súa poesía. Esta opinión é precisada pola cronista, para quen é a poesía o aspecto de Rosalía que a consagra como importante figura, e por esta razón é máis importante có seu físico.

Villar Janeiro, Helena, “Muller e identidade nacional”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 5 maio 2006, p. 3.

Este artigo ocúpase de relatar a noticia da celebración do primeiro “Encontro de Internacional de Escritoras Rosalía de Castro”. Neste encontro participou a escritora Villar Janeiro e pronunciou a conferencia inaugural, da cal se salientan algúns temas, entre os que destaca a explicación da importancia da poeta Rosalía na literatura galega, xustificándoo no grande valor que esta tivo ao escribir en galego, feito que supuxo a recuperación da situación en que se encontraba a literatura galega no século XIX.

Villar Janeiro, Helena, “Escritores en Berlín”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 2 xuño 2006, p. 3.

Alúdese á forma en que decorreu o 72º Congreso do PEN, celebrado en Berlín. O tema a que estaba dedicado nesta ocasión era a escrita en tempos de guerra. Faise referencia aos convidados, entre os que se encontraba Gunter Grass, Nobel que se referiu aos perigos que na actualidade proceden do sometemento a unha grande potencia. Refírese, ademais, á intervención de Ángela Merker e doutros escritores que alí se encontraban, co obxectivo de falar sobre asuntos que actualmente son determinantes para a vida dos humanos.

Villar Janeiro, Helena, “Figueiriñas que prantei”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 9 xuño 2006, p. 3.

Este artigo transmite a noticia da plantación dunha figueira no xardín botánico de Padrón para lembrar a poeta Rosalía de Castro. Reprodúcense distintos fragmentos de poemas en que a poeta se refire a esta figueira para demostrar a importancia que ten esta árbore na obra de Rosalía de Castro.

Villar Janeiro, Helena, “Poetas con Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 28 xullo 2006, p. 3.

Coméntase que son moitos os escritores que lle dedicaron algunhas letras a Rosalía de Castro, e por este motivo, Xesús Alonso Montero recolleu no libro *Coroa poética para Rosalía de Castro* setenta poemas de diferentes autores. Así mesmo, indícase que tamén se iniciou a colección “Poetas con Rosalía”, que no seu primeiro volume publicou textos de Anxo

Angueira, Olalla Cociña, Fernán Vello, García Bodaño, Gómez Alfaro, González Tosar, Bernardino Graña, María do Carmo Kruckenberg, Rábade Paredes e Alonso Montero, entre outros.

Villar Janeiro, Helena, “A Festa de Lectura”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 8 setembro 2006, p. 3.

Coméntase como se celebra a Festa da Lectura e indícase cales foron as primeiras lecturas da autora do artigo: lecturas de ficción. Indícase que un dos libros que máis lle impresionou foi *A lenda de Gösta Berling* de Selma Lagerlöf. Explica que os libros “son espacios singulares que proporcionan emocións, introspección e aventuras, ou pensamentos, ou modelos de actividades que nos permiten un ocio libre e personalizado”.

Villar Janeiro, Helena, “Os lagartos de Lorca”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 15 setembro 2006, p. 3.

Coméntase que o Foro pola Memoria Republicana de Galicia, presidido por Alonso Montero, vai realizar o 28 de outubro en Lugo unha homenaxe ao poeta García Lorca. Faise referencia á relación que Lorca mantivo con Lugo, e con Galicia en xeral, e indícase que a súa poeta máis admirada foi Rosalía de Castro, a quen lle dedicou un dos *Seis poemas galegos*. Explica Villar Janeiro que na homenaxe se presentará unha publicación titulada *Homenaxe dos poetas galegos a Federico García Lorca contra a súa morte*, que constará de dúas partes: a primeira recolle textos xa publicados de autores como Celso Emilio Ferreiro e Blanco Amor, entre outros, e unha segunda parte, con poemas inéditos dos autores que desexen colaborar.

Villar Janeiro, Helena, “Juan Ramón e os poetas galegos”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 6 outubro 2006, p. 3.

Faise referencia á celebración en Moguer do XIII Encontro de ACAMFE (Asociación das Casas-Museo e Fundacións de Escritores), onde se realizou unha homenaxe a Juan Ramón Jiménez que contou coa lectura dalgúns capítulos da súa obra *Platero y yo* en diferentes idiomas, entre eles, o galego. Indica Villar Janeiro que o texto lido na lingua galega foi *O neno parvo*, que conta a historia da morte dun neno e no que Juan Ramón Jiménez fai referencia a un verso de Curros Enríquez. A seguir, explícase como se desenvolveu o encontro.

Villar Janeiro, Helena, “Lorca e Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Notas de Actualidade”, 27 outubro 2006, p. 3.

Indícase que García Lorca sentiu unha grande admiración por Rosalía de Castro, a quen consideraba como a mellor poeta do século XIX e a quen lle dedicou dous poemas: “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro” e “Canzón de cuna pra Rosalía de Castro, morta”. Coméntase que, por este motivo, a Fundación Rosalía de Castro vai participar no Foro pola Memoria Republicana de Galicia que homenaxea este ano a Lorca e no que se presentará a

publicación *Lorca e Rosalía* para divulgar os textos que dan conta da admiración do poeta granadino pola poeta galega. Así mesmo, dáse conta doutros actos que terán lugar na homenaxe.

Villar Janeiro, Helena, “Nación galega”, *El Correo Gallego*, “Notas de Actualidade”, 24 novembro 2006, p. 3.

Faise referencia á exposición realizada pola Real Academia Galega “Galicia, a forza da palabra” para conmemorar o centenario do nacemento da institución. Indícase que a exposición se atopa na sé da Fundación Caixa Galicia na Coruña e que consta de dous bloques, cada un exposto nun andar. O primeiro trata sobre “O discurso da configuración do país” e o segundo, sobre “Galicia, nación literaria”. Finalmente, explícase o que se recolle en cada bloque e invítase a todos os galegos a asistir á exposición.

Villar Janeiro, Helena, “Rosalía en Sefardí”, *El Correo Gallego*, “Notas de Actualidade”, 1 decembro 2006, p. 3.

Coméntase que o poeta Juan Miguel Domínguez Prieto realizou a tradución de dous poemas de Rosalía de Castro, da obra *Follas Novas*, ao idioma sefardí. Saliéntase a importancia de Rosalía de Castro no estranxeiro e a continuación achégase o edicto no que os Reis Católicos expulsaron aos xudeus en 1492.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Acuña, Hortensia, “La poesía logra que personas dispares tengan una sola visión”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 xullo 2006, p. 2.

Entrevista a José Luís Calvo, escritor que impartiu un obradoiro de literatura no Museo Provincial de Lugo, quen, entre outras cuestións, afirma que con estes obradoiros pretende espertar o interese pola literatura.

A.F., “Somos unha cidade cultural especial gracias ás salas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 xaneiro 2006, p. 2.

Achéganse os comentarios de Eduardo Alonso sobre a parálise da Consellaría de Cultura respecto do teatro. Saliéntase que as salas de Compostela son un reclamo cultural para a cidade e a elas habería que prestarlles maior atención, por isto, reclama da Consellaría unha solución rápida ao problema do peche da sala Galán e máis á paralización da programación do Centro Dramático Galego.

A. Giráldez, Xosé Miguel, “Son fillo do 68, de Glasgow e, sobre todo, de Xuvia-Neda, meu Dublín”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Entrevista”, 5 febreiro 2006, p. 9.

Con motivo da publicación da poesía completa de Vicente Araguas en Espiral Maior, fáiselle unha entrevista ao escritor, quen comenta que tras recompilar este volume pensaba deixar a poesía, pero indícase que cambiou de idea. Tamén se fai referencia á súa estancia en Glasgow e á dedicación que lle rendeu á poesía social en relación co rock. Ademais, saliéntanse as traducións que realizou de obras en inglés e lembra a súa andaina en Voces Ceibes.

AGN / Darriba, Manuel, “Vexo a prensa como un servizo”/“Margarita Ledo, xornalista, escritora e cineasta”, *El Progreso/Galicia Hoxe*, “Cantón”/“*Lecer*”, 9 abril 2006, p. 7/4.

Entrevístase a Margarita Ledo Andión, xornalista, poeta e cineasta, que fai referencia nesta ocasión á recuperación da publicación do semanario *A Nosa Terra* en 1977, do que se afirma que naceu como “bloque social de consenso”, destinado maioritariamente aos mestres. Tamén se fala sobre a iniciativa de crear os estudos de xornalismo na Universidade de Santiago e o traballo que vén realizando como decana desta facultade. Con respecto da situación actual da prensa galega, Ledo critica que os directores dos xornais se queixen da escasa rendibilidade da prensa e considera que hai que controlar a información. A continuación, pasa a falar da creación e realización dos documentais: *Santa Liberdade* e tamén doutro sobre Manuel María. Ademais, apunta que na actualidade se encontra traballando sobre a figura de Enrique Lister. Finalmente, fala sobre a súa militancia política.

AGN / Darriba, Manuel, “A literatura non reflicte a vida propia, reflicte a de todos”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Entrevista- Mulleres do século XXI”, 16 abril 2006, pp. 10- 11.

Entrevista a Luísa Castro sobre a súa última novela, *La segunda mujer*, obra que recibiu o premio Biblioteca Breve da editorial Seix Barral. Castro comenta que a novela se basea nunha relación amorosa entre un home maior e unha rapaza, e indica que os seus libros gardan relación con experiencias vitais. Polo tanto, afirma que neles se pode observar certo carácter autobiográfico. En relación aos premios literarios, a autora cre que un escritor pode vivir sen eles, mais afirma que constitúen unha axuda económica importante. Saliéntase o seu labor de escritora en lingua galega e castelán aínda que considera que é literatura aquela que está escrita en galego. Finalmente, reflexiona sobre a súa etapa vital en Barcelona e Madrid e remata a entrevista afirmando que a escritura “é un acto de xenerosidade”.

Alonso, Carmen, “Teño moitas ganas de escribir unha novela”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 396, “La entrevista”, 8 xaneiro 2006, p. 9.

Entrevista a Luz Pozo Garza na que fala dos seu inicios na literatura e de como se decidiu a escribir os primeiros versos. As primeiras publicacións realizounas en lingua castelá porque, segundo comenta, o galego era unha lingua menosprezada, aínda que, despois da guerra, coa publicación de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño, os escritores animáronse a escribir na lingua autóctona. Ademais, Pozo Garza destaca a varias escritoras galegas do século XX e fala dos seus inicios na creación da revista *Nordés*. En canto aos novos proxectos, indica que ten ganas de redactar unha novela.

Alonso, Carmen, “Temos que levar o libro en galego á feira de Frankfurt”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 403, “La entrevista”, 26 febreiro 2006, p. 09.

Recóllense os comentarios de Heidi Kühn-Bode sobre a súa última novela, *Pomerania meu amor* (2005). Indícase que é unha novela histórica centrada nun home que se encontra en situación de coma, e que pensa na súa infancia. O feito de escribila en galego di que non lle supuxo ningún problema e xa está a pensar en facer unha segunda parte. En canto á situación da literatura galega na sociedade, saliéntase que non é posíbel que existan tan poucos libros nas librarías galegas e que hai que amosar maior apoio para a expansión da literatura galega. É por isto que se indica que unha boa proposta sería levar o libro galego á feira de Frankfurt.

Alonso, Carmen, “Dar coa fórmula é mala cousa”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 408, “La entrevista”, 9 abril 2006, p. 09.

Yolanda Castaño achega os seus comentarios a través dunha entrevista sobre como se iniciou na arte da poesía e que sentido ten a súa obra. Comenta que nos seus poemas existe a dor e o pracer, xa que son sentimentos nos que lle gusta afondar, así como a escuridade, porque lle supón a suxestión, o erótico. Indica que a súa poesía ten múltiples cores e que non busca só o complicado. Tamén fai referencia ao momento da redacción, á posibilidade de escribir poesía social, á súa pertenza a algunha xeración e, por último, á posibilidade de publicar novas obras.

Alonso, Carmen, “A vulgaridade non me interesa”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 411, “La entrevista”, 30 abril 2006, p. 9.

O escritor Xavier Alcalá alude, nesta entrevista, á case rematada triloxía intitulada *Evanxélica Memoria*, coa última novela na que se encontra traballando, *Unha falsa luz*. Asegura que estudou e investigou o protestantismo en Galicia, dado que se criou nunha zona (Ferrol, Cabanas e Pontedeume) onde existiu unha importante concentración de evanxélicos, sobre todo dende o ano 1999, momento en que un grupo de xente maior evanxélica lle relatou a súa historia.

Alonso, Carmen, “Os clásicos son os alicentes de calquera cultura”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 436, “La entrevista”, 15 outubro 2006, p. 9.

Entrevista ao poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comézase a conversa falando das presentes actividades da Asociación e da súa decisión de converterse no presidente, para pasar a falar, por un lado, da situación tendente á normalización do galego como lingua literaria, que o autor cualifica como proceso constante; por outro, do papel das librarías na distribución da obra en galego e a problemática da competencia. Ademais, fálase da cidade da Coruña como un dos focos culturais e dinamizadores máis importantes do país. Remátase referíndose aos clásicos da poesía e ao espazo que deixan ás novas xeracións.

Álvarez, Natalia, “Moisés R. Barcia: ‘En Galicia, fóra dos clásicos, case non se traduce nada’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, “Entrevista”, 9 febreiro 2006, p. 3.

Con motivo da creación da editora Rinoceronte, realízase unha entrevista a Moisés R. Barcia, quen comenta que a idea de crear unha empresa especializada na tradución de obras literarias ao galego foi debida á carencia que sofre a literatura galega neste campo. Barcia comenta que en Rinoceronte se basean en dous criterios: buscar autores consolidados e facer propostas aos lectores galegos, ademais de ofrecer unha saída para os tradutores galegos. Comenta que polo momento as subscricións non son moi abundantes porque aínda os libros non chegaron ás librerías e esa é a mellor maneira de facer publicidade. Asegura, ademais, que neste proxecto se presta gran coidado á tradución e ao deseño dos libros. Finalmente, indica que a páxina web é un medio importante para darse a coñecer en todo o mundo e facer as vendas de xeito directo.

Álvarez, Natalia, “A literatura galega é un territorio nacional liberado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 151, “Entrevista”, 2 febreiro 2006, p. 3.

Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín a propósito da súa última obra, titulada *Contra Maquieiro* (2005), na que o autor fai unha revisión do século XX. O poeta formula unha serie de enigmas para que o lector contemporáneo resolva, e coméntanse algúns dos poemas da obra, como “Non hai épica capaz de todo isto” e “Profecía de Taramundi”. Sobre a traxectoria poética do autor nas tres últimas décadas, Ferrín comenta que estivo ausente pero xa retornou á literatura galega e sobre esta, indica que se atopa nunha “situación excelente”, ao igual que a

lingua, mais hai que recuperar a liberdade do territorio galego. Ferrín considera que grazas aos autores do século XIX, o galego existe hoxendía e que hai que loitar fronte á presión que exerce España.

Álvarez, Natalia, “Xavier Alcalá: ‘Sinto a satisfacción dun deber cumprido’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 168, “Entrevista”, 1 xuño 2006, p. 3.

Entrevista realizada a Xavier Alcalá sobre o proceso de escrita da novela *Unha falsa luz*, que conclúe a súa triloxía *Evanxélica Memoria*. Alcalá afirma que a obra xira en torno á comunidade evanxélica que no período franquista emigrou a Arxentina. Conta casos concretos de persoas que lle narraron a súa historia e considera que el é un simple escribán que transmitiu eses sentimentos. Finalmente, como próximos proxectos indica que está a traballar cunha novela sobre corrupción política: *A Banda das Chinesas*.

A.R., “O ano do centenario tamén ten que ser o ano da autocrítica”, *La Opinión*, “Cultura”, 3 febreiro 2006, p. 54.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro a propósito da súa reelección como presidente da Real Academia Galega por catro anos máis. Barreiro afirma que neste ano do centenario da Academia, a institución ten preparados poucos festexos porque quere seguir traballando para sacar do prelo o dicionario histórico e etimolóxico, así como a publicación dos escritores galegos noutras linguas. Tamén se fala doutro proxecto que levará a cabo a Academia, como é unha exposición sobre a historia da identidade de Galicia na Fundación Caixa Galicia, da Coruña. Finalmente, Barreiro apuntou que para desenvolver todo o traballo é necesario contar coa Administración e outros centros, como o Consello da Cultura e o Centro Ramón Piñeiro.

Arnáiz, Ángel, “O recoñecemento é cuestión de sorte, a fortuna chíscame un ollo”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 31 xullo 2006, p. 8.

Entrevista á lingüista e escritora Teresa Moure, quen afirma que o 2005 foi o seu grande ano de gloria literaria e que na actualidade está a traballar nunha nova novela da que non dá pistas. Coida que a utopía é o motor do mundo, apunta que Coetzee, Amoz Oz, Haruki Murakami, Arundathi Roy ou Toni Morrison son os seus autores preferidos e afirma que lle dan medo políticas de igualdade por decreto, aínda que sexan necesarias.

Arnáiz, Ángel, “Las administraciones no deberían actuar como editoriales privadas”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 28 decembro 2006, p. 8.

Entrevista a Enrique Alvarellos Casas, editor e periodista, que, dende xuño de 2004, dirixe Alvarellos Editora, fundada en Lugo no ano 1977. A finalidade que persegue é que “los libros llamen la atención por el contenido y por el continente, con ediciones muy cuidadas” e así favorecer a lectura en Galicia, onde se edita moito e se le pouco.

Arzúa, Emilia, “Creo que escollín a poesía por vagancia”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Entrevista”, 20 agosto 2006, p. 16.

Lucía Aldao reflexiona nesta conversa sobre a situación da poesía actual, en que destaca ás poetisas María Lado e mais Iolanda Castaño, e sobre o novidoso espectáculo poético musical “Onde estea un cubata que se quite un soneto”. Considera que este espectáculo, con poemas, videocreacións e música electrónica, que realiza coa poeta María Lado, resultou un experimento moi bo, que lle gustou á xente e que acadou críticas positivas.

Arzúa, Emilia, “Escollín a poesía por vagancia”, *El Progreso*, “Cantón”, 24 setembro 2006, p. 7.

Entrevista na que se trata a carreira literaria da poeta Lucía Aldao (A Coruña, 1982). Di que empezou a escribir xa no colexio e despois no instituto, comezando a recitar con 17 anos. Afirmo que non existe un motivo polo que, fronte a outras eleccións posíbeis, elixise a poesía, xa que pensa que foi máis unha cuestión de “lacazanería”: “pareceume máis sinxelo”. Sobre o seu futuro, expresa a vontade de “seguir coa poesía e facendo espectáculo poético, de videocreacións e performático”. Pula porque a poesía se fusione con outras artes, porque así “se enriquece moitísimo máis”, e pon como exemplo disto o espectáculo “Onde estea un cubata que se quite un soneto”, organizado polo Consello da Cultura Galega, coa colaboración de Rafa Xaneiro, e, nos recitais, de María Lado. Analizando a saúde da poesía galega, cre que “hai moita merda e moitas cousas boas”, unha calidade que achegarían, segundo Lucía Aldao, creadoras como María Lado ou Yolanda Castaño.

Baña, Celia, “Defenderemos las otras lenguas oficiales como se hace con el español”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 20 marzo 2006, p. 69.

Realízase unha entrevista ao Director do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, quen salienta o labor da institución e o feito de que agora xa se poidan estudar as linguas oficiais (o castelán, o catalán, o galego e o vasco) en todos os centros do mundo, así como seren utilizadas en actividades culturais. En relación á ensinanza do galego, indícase que só no centro de París foi impartido nas aulas, xa que nos demais casos non houbo demanda. Por último, coméntase que á biblioteca aberta en Damasco se lle deu o nome de Cunqueiro.

Barreiro, María José, “Manuel Solla: ‘Para conseguir unha reacción por parte do público é necesario ter complicidade con el’”, *Diario de Arousa*, “Entrevista”, 27 agosto 2006, p. 29.

Entrevístase ao director do grupo teatral Alecrín, Manuel Solla, quen se reflexiona sobre a interpretación teatral e a relación co público; o director salienta que o teatro é unha forma de transmisión cultural e que “unha boa terapia levada a cabo por un actor é moi notado polo público”.

Barros, Mar, “Iria López Teixeira: ‘A experiencia con Ferrín dábame medo, pero resultou ben’”, *A Nosa Terra*, nº 1.205, “Cultura”, 5-11 xaneiro 2006, p. 29.

Entrevista a Iria López Teixeiro, gañadora do I Premio Biblos-Pazo de Galicia coa novela *Meniña de cristal*. Fala sobre o resultado da súa estancia na Casa Grande do Bachao e a experiencia que viviu alí. Salienta que en Galicia os escritores reciben apoios económicos pero os lectores en lingua galega son poucos. Continúa comentando a relación que mantivo con Méndez Ferrín e como foi a convocatoria do premio e a súa consecución. Indícase que da obra tiráronse máis de tres mil exemplares, polo que a súa difusión é ampla. Por último, López Teixeiro comenta que os seus referentes literarios para escribir a novela, que foron Suso de Toro, os clásicos galegos e Ramón Loureiro. Ademais, afirma que no futuro seguirá escribindo.

Beotas, Enrique, “Un emigrante es un utópico que lleva la utopía de la miseria y de la carencia”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 4 marzo 2006, p. 8.

Tras unha breve introdución sobre a figura de Nélide Piñón, Enrique Beotas réalízalle unha entrevista no hotel Suecia de Madrid. Conversan sobre o feito da creación, as fontes, a finalidade da arte, o seu país natal (Brasil) e o seu país utópico (Galicia), entre outras moitas cousas. Nélide Piñón refírese a diferentes asuntos, como as lembranzas dos seus pais, certas emocións, afeccións como o baile, a música ou o ballet ou as súas lecturas preferidas.

Bom, José Xavier, “Utilicei Compostela como núcleo temático central”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 5 xaneiro 2006, p. 2.

Entrevista que reproduce os comentarios de Ángel Brea sobre o seu último poemario *O País dos nevoeiros* (2005), obra composta por noventa e un poemas ordenados cronoloxicamente en homenaxe a Pondal. O autor di que o núcleo temático central desta obra é a cidade de Compostela. Fai referencia tamén aos aspectos métricos, indicando que existe unha mestura de versos, estrofas e ritmos. A continuación, explica que este é o primeiro volume dunha colección de catro libros, escritos en portugués, xa que Brea defende a reintegración lingüística. Finalmente, comenta que o título do libro se refire, simbolicamente, a Galicia.

Bugallal, Isabel, “Introduje la novela histórica en España pero no sé si fue benéfico o una maldición”, *La Opinión*, “Cultura”, 22 outubro 2006, p. 69.

Entrevista feita ao maior editor da segunda metade do século XX, Francisco Porrúa, na que este achega a súa visión sobre a literatura, que para el é unha cousa moi distinta ás historias de entretemento. Sobre a literatura galega di non coñecer moito, pero afirma ter lido a Manuel Rivas.

Candal, R., “Cando sexa vello, igual me asusto de ter sido a cara de algo tan importante”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, 6 agosto 2006, p. 10.

Longa conversa centrada na faceta de Rafa Villar como portavoz da plataforma cidadá “Nunca Máis”. Apunta que antes desta faceta levaba anos escribindo e dinamizando a vida

cultural, considera unha desgraza que agora non sexa coñecido como escritor e destaca os seus vínculos directos co mar.

Candal, R., “Os galegos vivimos nunha sociedade moi castradora”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Entrevista”, 18 xuño 2006, p. 10.

Entrevista ao antropólogo, economista e agora escritor Marcos Lorenzo, xerente da Asociación de actores, directores e técnicos de escena de Galicia. As preguntas van enfiando unha imaxe do libro e do seu autor que revelan que *Liquidación de existencias* (2005) é un libro case inaugural do xénero aforístico en Galicia, que pretende ser lido rapidamente pola súa fragmentariedade pero dixerido lentamente polo choque no lector das reflexións, arquetipos e provocacións que recolle. Fálase do seu éxito, tanto nas descargas de internet, aproximadamente cinco mil, como nas vendas en papel e na crítica. Sobre a cuestión lingüística, di que reflicte a súa diversidade interior, e que quere estar por riba das militancias. Fálase de diferentes asuntos, como da sociedade galega, que aparece definida como castradora; dalgúns políticos, dise que nos teñen representado como personaxes de cómic. Tamén se fala do fomento das asociacións que estimulan á xente para crear e compartir o que fan como medidas de fomento da lectura.

Carballa, Xan, “Antón Riveiro Coello: ‘A función da literatura non é contar o que foi senón inventalo’”, *A Nosa Terra*, nº 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro 2006, p. 29.

Entrevista a Antón Riveiro Coello sobre a súa última obra, *Casas Baratas* (2005), que, segundo o autor, son relatos con retallos biográficos xa que a idea se centra ao redor desas casas que formaron parte da súa infancia. Comenta que nestes relatos curtos aparecen espazos xeográficos moi definidos e indica que na obra se mantén o fío condutor a través dun segredo familiar. Salienta Riveiro Coello que na construción das súas obras emprega certas técnicas para captar a atención do lector e comenta que o galego que emprega é unha herdanza da súa avoa, o léxico variado vén da súa lingua natal e intenta sempre a naturalidade e a sinxeleza. Sobre a relación da literatura co cine, comenta que as historias literarias non deben estar tan perfiladas coma no cine, para que o lector forme a súa propia imaxe dos personaxes ou os feitos, entre outras cousas. Por último, comenta que está a participar no proxecto Barbantia, que organiza congresos, exposicións e presentacións, e indica que lle gustaría dedicarse tamén á música.

Carballa, Xan, “Xosé Ramón Barreiro. ‘A Academia foi atacada xa dende antes da súa fundación’”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Cultura”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 24.

Entrevista ao Presidente da Real Academia Galega co gallo da celebración do centenario da institución, que naceu como símbolo da galegitude, pero Xosé Ramón Barreiro considera que non todo foi positivo (“Á chegada da democracia penso que os xestores da Academia non o fixeron ben e non conseguiron o prestixio das institucións homólogas de Catalunya e Euskadi”) e que foi atacada dende os seus comezos.

Carballa, Xan, “Galicia é nación porque creou unha cultura”, *El País*, “Luces”, 1 decembro 2006, p. 46.

Entrevista a Ramón Villares en que se fala sobre a importancia de concebir a Galicia como unha nación política e tamén cultural; neste punto, segundo o entrevistado, tiveron un papel fundamental Manuel Murguía e Otero Pedrayo.

Carballa, Xan, “Francisco Peña: ‘Galiza é moi participativa, pero os partidos e as caixas non saben responder a esa demanda’”, *A Nosa Terra*, nº 1.249, “Cultura”, 21-27 decembro 2006, p. 24.

Entrevista a Francisco Peña, presidente da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, que naceu como tapadeira de organizacións políticas que eran ilegais. Este di que lograron sobrevivir mentres que outras asociacións quedaron no camiño, que agora tratan de ampliar ao seu ámbito de acción e incluír “deporte, todo tipo de lecer e cultura”.

Carballa, Xan, “Heidi Kühn-Bode: ‘Veño dunha familia sarcástica e esa vea está na miña escrita’”, *A Nosa Terra*, nº 1.250, “Cultura”, 29 decembro 2006-5 xaneiro 2007, p. 36.

Entrevista á filóloga, escritora, profesora e tradutora (“preferentemente de lírica galega”) Heidi Kühn-Bode, que hai poucos meses publicou a súa obra *Pomerania, meu amor* (2005).

Casal, Iolanda, “Tratamos de que a pantalla sexa o primeiro contacto coa literatura”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 15 marzo 2006, p. 8.

Dáse conta do novo proxecto que vai levar a cabo a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes xunto con Google para crear un espazo no que aparezan textos literarios, nesta entrevista a Darío Villanueva, quen ofrece a súa opinión como director científico do proxecto; comenta que o dito proxecto é a nivel mundial e que se debe organizar ben toda a información na rede para que non haxa ningún caos. En canto á predisposición dos escritores para colgar as súas obras en internet, indica que se respectan os dereitos de autor e que a Biblioteca Virtual servirá para dar a coñecer as obras aos lectores dun xeito diferente e, por suposto, aos autores galegos.

C.F., “Cando se queren encontrar solucións, se encontran”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 10 marzo 2006, p. 52.

Entrevista a Ánxeles Cuña Bóveda a propósito da súa dimisión como directora do Centro Dramático Galego por incompatibilidades administrativas. Cuña di que a Consellaría non se esforzou en atopar unha solución para evitar a súa marcha, mais que non ten queixa ningunha en canto ao apoio recibido durante a súa etapa; di que é posíbel que o ano que vén dirixa un espectáculo para o CDG sobre Maruja Mallo e que de momento non poderá reincorporarse á fronte da súa compañía, Sarabela Teatro, xa que hai compromisos con dous directores de escena.

C. López, Paulo, “Traducín a Rosalía ao árabe pola súa poesía pioneira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 agosto 2006, p. 30.

O poeta e tradutor iraquí Abdul Hadi Sadoun fala nesta entrevista da escasa presenza da cultura árabe nas letras hispánicas e dos nexos e paralelismos entre a Galicia do século XIX e o Iraq de hoxe en día. Asemade, apunta que traduciu a Rosalía de Castro ao árabe pola “súa poesía pioneira no seu tempo”, que tamén lle interesa Álvaro Cunqueiro e remata explicando o bo momento que está a vivir a literatura iraquí.

Conde, Alfredo, “La Galicia de hoy en día está atravesando una situación de crisis”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 30 setembro 2006, p. 8.

Entrevista ao escritor ourensán Alfredo Conde en que se fai un percorrido por autores galegos como Rosalía de Castro, Castelao e tantos outros, para continuar dando a súa visión sobre a política galega ao longo da historia.

Conde, Perfecto, “Vicente Araguas: ‘O sistema literario galego é moi endogámico’”, *A Nosa Terra*, nº 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 29.

Con motivo da publicación de toda a obra poética de Vicente Araguas pola editorial Espiral Maior, baixo o título *Maneiras de querer* (2005), achéganse os comentarios do escritor nesta entrevista. Araguas comenta que el empezou sendo crítico literario pero que pronto pasou ao exercicio da literatura; comenta que foi letrista en Voces Ceibes, de onde deu o paso á poesía, publicando o seu primeiro libro, *Paisaxe de Glasgow*. Comenta que actualmente ten novos proxectos poéticos, como a publicación en edición bilingüe en galego-castelán de *Vintecatros maneiras* e refacer o libro *Xuvia*. En canto á situación da literatura galega, afirma que no panorama literario atopamos escritores moi variados, salienta o *boom* de Manuel Rivas coas súas obras no exterior e tamén destaca o abundante número de poetas mulleres, entre as que nomea a Xela Arias. Como narrador, Araguas escribiu dúas novelas, *Agora xa foi* e *A canción do verán*, ademais do seu libro *Voces ceibes* en memoria do movemento e, finalmente, indica que a lingua galega haina que defender e, en canto á pregunta sobre retirarse da poesía, comenta que iso todavía non vai acontecer.

Conde, Perfecto, “Carme Adán: ‘As mulleres queremos poder’”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Sociedade”, 2-8 marzo 2006, p. 17.

Entrevista á secretaria xeral de Igualdade, Carme Adán, que é a encargada de organizar as actividades para o Día da Muller Traballadora, entre as que salienta: obradoiros, conferencias, pasarrúas e representacións teatrais das obras *Soberanas* e *Cousa de mulleres*; ademais, indica que haberá o chamado “bus violeta”, que percorrerá toda Galicia para reivindicar a igualdade da muller. Nesta entrevista Carme Adán comenta como está a situación da muller galega, as metas que hai que acadar e tamén fala dos temas da violencia de xénero e a igualdade social.

Conde, Perfecto, “Anxo Tarrío: ‘Perdéronse as boas maneiras’”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 29.

Entrevista a Anxo Tarrío, doutor pola Universidade de Oviedo, Catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Santiago e director da Sección de Literatura do Centro Ramón Piñeiro. Nesta entrevista, reflexiona sobre o estado actual da literatura galega (escritores, institucións, polémica sobre a variante lingüística), o ensino (a situación nas aulas, a relación profesorado-alumnado), a cultura e a sociedade galega.

Corbelle, Sabela, “Agora Fraga está máis tranquilo”, *El Progreso*, “Entrevista”, 2006, p. 88.

Ramón Nicolás defínese nesta entrevista como profesor e indica que “toda a literatura é mensaxe”. Sostén que a escrita supón sempre un esforzo e que nunca concibiu a escrita como un entretemento.

Correa, Anxa, “O mellor ano de Villares”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 decembro 2006, p. 33.

Entrevista a Ramón Villares que, xa como Presidente do Consello da Cultura Galega e membro numerario da Real Academia Galega, considera necesaria a expansión da cultura galega máis aló da súa comunidade autónoma.

Correa, Anxa, “Temos que dialogar coa cultura hexemónica”, *Diario de Ferrol*, “Sociedad”, 3 decembro 2006, p. 42.

Entrevista a Ramón Villares, quen reparte a súa labor en pro da cultura galega entre o Consello da Cultura e a Real Academia Galega, centrándose na necesidade da proxección exterior destas institucións.

Correa, Anxa/AGN, “Escribir que Galicia é nación é fácil, o difícil é que funcione como tal”/”Nalgunhas épocas a RAG non ía coa marcha cultural do país”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Revista!”, nº 333, “Mil primaveras máis”/”Cultura y espectáculos”, 26/27 novembro 2006, p. 5/81.

Entrevista ao Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, cando se cumpren dez anos da fundación da institución. O Presidente aproveita para facer un repaso na historia de RAG, mostrando os seus puntos negativos e afirmando a necesidade de melloralos.

Correa, Anxa/AGN, “O Estado cre que as culturas propias non son problema seu”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 4 decembro 2006, p. 87.

Entrevista a Ramón Villares, que acaba de ser nomeado membro numerario da Real Academia Galega e que traballará nela do seguinte modo: “a miña contribución será unha

reflexión sobre a historia cultural do país”. Considera que é necesaria unha proxección da cultura galega máis alá da propia comunidade autónoma e o punto de partida podería ser a Cidade da Cultura.

Cruz, José, “O encontro de escritores é bo para Trives”, *La Región*, “Provincia”, 7 marzo 2006, p. 21.

Entrevista a Xosé Carlos Domínguez Alberte, o coordinador da segunda edición dos Encontros de escritores e artistas en torno da montaña, para promocionar a comarca de Trives. Comenta que conta coa colaboración do Instituto de Trives e mais coa da facultade de Ciencias da Educación de Vigo. Finalmente, indica que outros proxectos que levará a cabo serán a realización do III Congreso sobre Luís Acuña.

Cruz, Juan, “¡En Galicia ni siquiera el viento es nuestro!”, *El País*, “Cultura”, 25 novembro 2006, p. 55.

Entrevista a Isaac Díaz Pardo, na que fala sobre os apuros que tivo que pasar na Guerra Civil e durante o franquismo, pero aínda así non perdeu o seu espírito de loita, como tampouco o vai perder agora, aínda que lle quitaran o poder sobre a empresa *Sargadelos*, poder que pensa recuperar.

Darriba, Manuel, “María Reimóndez, cooperante e escritora”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Entrevista- Mulleres do século XXI”, 12 marzo 2006, p. 4.

Recóllese unha conversa con María Reimóndez, quen conta a súa experiencia de ser cooperante con comunidades como a India ou Etiopía. Ademais ,é a fundadora da ONG “Implicados/as no Desenvolvemento”.

Escrigas, Carmina, “Detrás de tódolos evanxelistas galegos no exilio hai unha novela”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 6 xuño 2006, p. 8.

Con motivo da concesión do premio de narrativa da Crítica de Galicia á novela de Xavier Alcalá, *Nas catacumbas*, entrevístase o autor sobre a triloxía *Evanxélica Memoria*, da que a novela premiada é segunda parte. Alcalá comenta que o propósito do conxunto é revelar a pericia dos evanxélicos galegos que tiveron que emigrar debido ás persecucións que sufriron dende a República até o franquismo. *Nas catacumbas* céntrase nos anos 1939 ao 1950 e é unha novela de ritmo lento que reflicte o sufrimento desa xente, comenta o autor. Ademais, dá conta Alcalá dalgunha historia que lle contaron na súa viaxe a Arxentina e el simplemente se define como transmisor desas historias.

Españadero, E., “Música para os versos de Antón Tovar”, *Galicia Hoxe*, “Feitizo de sons”, 15 outubro 2006, p. 5.

Entrevista ao cantautor Anxo Rei, que comeza facendo un breve percorrido pola súa traxectoria profesional centrándose no seu último traballo, *A Rabela Da pluma*, onde pon música aos versos do poeta Antón Tovar. Nesta entrevista explica as razóns porque elixiu a este autor para o seu novo disco, os criterios de selección dos textos, como afrontou o traballo musical con cada un deles, así como a colaboración con outros músicos para a gravación do disco. Remata a conversa falando sobre a seu desexo de sacar un traballo con composicións propias, tanto en música como en letra.

Falagán, Angélica, “Las actrices transmiten más en el escenario”, *Atlántico Diario/La Región*, “Universitas”, 23 novembro 2006, p. 42.

Entrevista a Carlos Gulías, director do grupo de teatro *Quartoescuro*, creado en outubro do 2001 para que os actores novos poidan desenvolver, afianzar e promover o seu talento artístico.

Franco, Camilo, “Estiven moi soa como escritora urbana e sen aldea”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 143, “O escritor do mes”, 7 xaneiro 2006, p. 11.

Achégase unha conversa coa escritora María Xosé Queizán, quen salienta que tras practicar case todos os xéneros literarios, agora gustaríalle probar co cine. Comenta, respecto do papel da literatura na sociedade, que esta debe mostrar novas visións dos acontecementos; para ela, escribir é mellorar. Salienta que os seus libros son pouco “criticados” e que preferiría que houbera unha sociedade máis dinámica. Indica que dependendo da idea escolle un xénero ou outro. Defende que se debe valorar a literatura galega e intentar difundila por todos os medios, xa que esta cambiou considerabelmente dende que ela empezou a escribir, pois daquela, afirma que o galego non estaba normativizado e escribir en galego era unha entrega desinteresada. Comenta que hoxe os temas se ampliaron, mellorou a lingua e o estilo, mais aínda hai moito por facer.

Franco, Camilo, “Ocupamos un lugar que o sistema galego tiña descoidado”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xaneiro 2006, p. 53.

Entrevista ao editor Moisés Barcia, da nova editorial Rinoceronte, encargada de publicar traducións ao galego de autores internacionais, vivos e contemporáneos. Barcia cre que o seu proxecto non cambiará os obxectivos doutras editoriais, xa que este era un campo da literatura galega que non estaba moi atendido. Comenta que os lectores aos que se dirixen son os que xa teñen o costume de ler en galego, e ofrecerán unhas traducións de calidade. Por último, comenta que a venda dos libros se fará a través da páxina web da editorial, ademais das librarías, e tamén crearán un sistema de subscricións.

Franco, Camilo, “O xénero epistolar achega brevidade e sobriedade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xaneiro 2006, p. 48.

Entrevista a Emma Lázare sobre a tradución que levou a cabo da obra de Kressmann Taylor, *Enderezo descoñecido* (2005). Lázare comenta que a autora trata o xénero epistolar con grande habilidade. Indica que son vinte cartas nas que se mantén o suspense e a intriga cun final catártico. Con respecto do pseudónimo con que aparece o libro, Lázare explica que no momento da publicación a obra era “demasiado forte” para ser escrita por unha muller, por iso ocultou o seu nome. Finalmente, comenta que foi recoñecida case cincuenta anos despois da súa redacción, aínda que sempre tivo lectores que a difundiron de boca en boca.

Franco, Camilo, “Este libro é unha divertida exaltación da linguaxe creadora”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2006, p. 47.

Achéganse os comentarios de Dulce María Fernández Graña e François Davó, os cales son os tradutores ao galego da obra de Sartre *As palabras*. Salientan que Sartre é un escritor francés bastante esquecido e que pouco a pouco se está a recuperar a súa memoria. Sobre o libro, comentan que se trata dunha obra autobiográfica da súa infancia na que destaca a figura do literato por riba do filósofo. Ademais, explican que o traballo a catro mans foi moi vantaxoso, sobre todo para resolver dúbidas.

Franco, Camilo, “Queremos ser máis autocríticos, e menos conmemorativos”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 3 febreiro 2006, p. 53.

Camilo Franco achega as opinións de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, sobre o futuro da entidade no ano do seu centenario. Barreiro comenta que a celebración terá carácter de autocrítica e que se levarán a cabo novas iniciativas como a publicación do dicionario etimolóxico e do dicionario histórico ou afondar en estudos de sociolingüística, entre outras cousas. En canto á celebración do Día das Letras Galegas, Barreiro comenta que lle gustaría cambiar o modelo, mais afirma que non é doado mudar e, respecto das institucións políticas, cre que a Xunta de Galicia debería ofrecerlles un orzamento fixo e non sometido a convenios. Finalmente, comenta que por fin hai unha normativa aceptada pola maioría.

Franco, Camilo, “A aventura é que o tigre teña a opción de papar ao cazador”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 161, “A escritora do mes”, 20 maio 2006, p. 7.

Marilar Alexandre comenta nesta entrevista realizada por Camilo Franco a súa visión do papel do escritor en Galicia. Alexandre cre que o trato que reciben os escritores se atopa en función da situación da lingua galega, xa que esta se encontra supeditada ao castelán; considera que a igualdade está na plena normalización da lingua. A continuación, faise referencia ao momento en que Alexandre comezou a falar e escribir en galego e logo comenta a evolución da súa obra.

Franco, Camilo, “Quero levar ao CDG ata a contemporaneidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 21 marzo 2006, p. 49.

Entrevista á nova directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez Dapena, e sucesora no cargo de Ánxeles Cuña Bóveda. Domínguez afirma que non haberá ruptura coa política anterior e que é necesario apoiar as dramaturxias contemporáneas e “abrir as portas da institución”. Declara, ademais, que estaría encantada de que Ánxeles Cuña dirixise unha montaxe para o CDG.

Franco, Camilo, “Debería haber un espazo para os que non temos présa”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 166, “O escritor do mes”, 24 xuño 2006, p. 10.

Entrevista a Manuel Lourenzo na que o dramaturgo salienta a pouca consideración que hai para o teatro como xénero literario, considera que este feito se debe ao seu carácter efémero ou a que se escribe con obxectivos diferentes aos da poesía ou a narrativa. Outro tema tratado na entrevista é a proximidade do dramaturgo co escenario. Lourenzo considera que o ideal é que o escritor coñeza a compañía que vai representar a súa obra, porque así a adapta aos actores ou actrices.

Franco, Camilo, “A poesía é unha forma radical de ver o mundo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 17, “a escritora do mes”, 29 xullo 2006, p. 13.

A poeta Pilar Pallarés conta nesta conversa que non lle gustan as clasificacións aplicadas á literatura. Opina que habitualmente a sitúan na poesía dos oitenta e apunta que a poesía galega atravesou unha boa época e que presenta unha vitalidade maior que outras poesías da Península Ibérica. Asemade, afirma que a crítica literaria que se fai nas universidades pouco ten que ver coa sociedade.

Franco, Camilo, “Escribir é unha actividade que precisa tempo completo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 180, “O escritor do mes”, 30 setembro 2006, p. 10.

As propias palabras do poeta Alfonso Pexegueiro serven nesta entrevista para construír unha semblanza propia tanto íntima como literaria. En relación coas letras galegas, afirma que é “poeta a tempo completo”. Di, ademais, que o escritor e a súa obra “son como a mesma cousa”, polo que “os escritores non deberían alimentar a súa imaxe pública” e que “o escritor debería ocultarse”. Repasando a súa vida, lembra o seu paso polo Seminario como o momento no que a literatura se converteu “nunha necesidade”. Sobre a súa escrita, anota que “son lento para escribir porque dubido moito e porque creo que publicar por publicar non leva a nada”. Entende a literatura como “pensamento, emoción e rebeldía, como capacidade de transformación”, ademais de como a “necesidade de buscar a verdade e denunciar a mentira”.

Franco, Camilo, “Queremos que el teatro sea entendido como un sistema”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 13 outubro 2006, p. 44.

Entrevista a Juan Antonio Hormigón, director de escena e secretario xeral da Asociación de Directores de Escena (ADE), que se atopa reunida estes días no Pazo de Mariñán. A conversa xira en torno ao debate da primeira proposta do proxecto de lei de teatro, centrándose

fundamentalmente no obxectivo principal, que o teatro sexa tratado como un sistema; no carácter da lei, non só circunscrita ao ámbito cultural; na boa acollida do mundo político a esta proposta, así como no establecemento dun pacto pola cultura.

Franco, Fernando, “La idea de nación es algo que nos está envenenando a todos”, *La Opinión*, “Galicia”, 8 xaneiro 2006, p. 28.

Suso de Toro ofrece os seus comentarios sobre a nación a través dunha entrevista. Comenta que el non se considera un “abandeirado” e que intenta denunciar a través da súa pluma diferentes acontecementos actuais. De adolescente, admite que lle gustaba pensar que podería chear a ser un escritor dedicado só á literatura, pero agora xa está comprometido coa política e a sociedade, aínda que, segundo comenta, dos seus libros habería cousas que hoxe diría doutra maneira, sobre todo con respecto á idea de España, de Galicia e do nacionalismo, porque considera que esta idea de nacionalismo está entendida dun xeito erróneo. Finalmente, apunta que os líderes nacionalistas galegos deben solucionar problemas e non crealos.

Franco, Fernando, “Volvamos a escuchar a los ancianos, impagable fuente de experiencias”, *Faro de Vigo*, “Estela”, nº 235, “Entrevista”, 19 novembro 2006, p. 15.

Entrevista á autora da obra finalista do Premio Planeta 2006, *En tiempos de prodigios*. Marta Rivera de la Cruz quéixase de non ser considerada unha escritora galega, por non escribir en galego, aínda que a súa obra estea cargada de senso galego.

Fustes, Pilar, “Me cuesta creer que soy inteligente”, *ABC*, “La Entrevista”, 6 agosto 2006, p. 46.

Breve entrevista na que Ramón Blanco responde a preguntas que nada teñen que ver coa literatura, senón coa súa vida persoal e afeccións.

García, Gonzalo / **Vázquez**, Ana, “Soy una escritora gallega aunque no escriba en gallego”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 330, “Álbum”, 5 novembro 2006, p. 16.

Entrevista á finalista do Premio Planeta, co libro *En tiempos de prodigios*, Marta Rivera de la Cruz. A autora aproveita para reivindicar que é unha escritora galega, aínda que non escriba en galego.

García, Rodri, “Eu son un pouco arxentino, un moito cubano e, por suposto, sempre galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 153, “O escritor do mes”, 18 marzo 2006, p. 12.

Achéganse os comentarios de Xosé Neira Vilas sobre o seu personaxe Balbino, protagonista de *Memorias dun neno labrego*. Nesta entrevista, Neira Vilas informa de que a obra acaba de ser traducida ao inglés e que tamén vai saír en francés, ademais de que se fixo dela unha adaptación teatral e un documental. Logo, pasa a falar das súas experiencias coa poesía e das obras poéticas que publicou, mais salienta que para el o fundamental é a narrativa e o ensaio. A continuación, comenta como foi a súa experiencia en Cuba e a importancia que tivo para a historia de Galicia, xa que alí emigraron moitos galegos. Persoalmente, indica que el se sente de varios lugares, xa que pasou corenta e tres anos en América: é cubano e galego, e un pouco arxentino. Outro tema que se comenta na entrevista é o da situación da lingua galega na actualidade para pasar a falar sobre certas profesións que desempeñou Neira Vilas na súa vida, como labrego, carteiro, editor e músico.

García, Rodri, “Busco cada palabra no seu tramo, mirando ás outras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 184, “A escritora do mes”, 28 outubro 2006, p. 14.

Entrevista á poeta Chus Pato, unha muller que concibe a creación poética como unha obra de arte, como un medio de expresar a súa intensa vida, como “un mecanismo de exclusión del mundo”.

García, Rodri, “A mí no me han dicho a la cara: Tú no eres una escritora gallega”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 184, 28 outubro 2006, p. 4.

Entrevista a Marta Rivera de la Cruz, autora da obra finalista do Premio Planeta 2006, *En tiempos de prodigios*. Gala que aproveitou para mostrar o seu desacordo coa xente que considera que non é unha escritora galega por non escribir en galego, aínda que a súa obra estea cargada de elementos de Galicia.

García, Rodri, “A historia non é mirar para o pasado”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 24 novembro 2006, p. 53.

O historiador vilalbés, Ramón Villares, concede unha entrevista con motivo do seu ingreso na Real Academia Galega (RAG). Anúnciase que o seu discurso de ingreso pretende ser unha aproximación á “educación sentimental da xeración Nós”, a través da obra de Ramón Otero Pedrayo, *Arredor de si* (Galaxia). Lémbrese que a RAG “non é só para os filólogos, senón para a cultura, e a historia debe estar moi presente”. Reivindícase a necesidade dun museo que recolla a historia de Galicia. Afírmase que, na actualidade, e en relación ao coñecemento social sobre a cultura propia, a cidadanía “sabe moito da súa vila pero pouco do resto”.

García, Rodri, “Sempre fun moi cosmopolita, no máis nobre sentido”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 188, “O escritor do mes”, 25 novembro 2006, p. 14.

Entrevista ao escritor Xavier Seoane na que se comeza falando do seu segundo libro de poesía, *A caluga do paxaro*. O entrevistado aborda o tema da súa defensa das humanidades, do campo da educación, e fala sobre o seu seguinte campo a tratar, o das artes.

García, Rubén, “A xente non coñece nin a Bóveda nin a nosa historia porque non se conta”, *La Opinión*, “A Coruña”, 15 marzo 2006, p. 8.

Entrevístase a Francisco Peña que, tras vinte anos como directivo, e dez como presidente da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, deixa o seu cargo no 2006, cando se conmemora o trinta aniversario da entidade. Peña comenta que para celebrar o aniversario teñen preparadas moitas actividades: a publicación dun libro sobre a historia da agrupación, o ciclo “Novas políticas, novos gobernos”, unha carreira popular, a inauguración dunha rúa co nome de Alexandre Bóveda, etc. Critica ademais o pouco apoio que reciben das institucións públicas e fai referencia tamén ao tema do Estatuto de Galicia. Por último, volve criticar certas actuacións do directivo do Concello da Coruña.

García-Nieto, Mercedes, “A lingua que empregan as empresas é a que determina a fala”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, nº 518, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 4 xuño 2006.

Tras un breve resumo no que se salienta o labor galeguista de Isaac Díaz Pardo e o seu nomeamento como gañador do galardón Xornalismo Literario e de Opinión Roberto Blanco Torres, realízase unha entrevista na que Díaz Pardo agradece o premio recibido e fala da súa emigración a Arxentina. Ademais, coméntase en canto á lingua, que esta debe de ser un produto comercial.

G.B., “As escolas de teatro agromarán como cogomelos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra y además”, 15 xaneiro 2006, p. 26.

Recóllense os comentarios de Xosé Lueiro, responsábel da Escola Municipal de Teatro da Estrada, sobre as iniciativas que propón a Escola. Comenta que os resultados que se conseguen cos cursos ofrecidos son bos cando os alumnos continúan a traballar no mundo da interpretación porque, xa dende o principio, estes alumnos buscan a profesionalización.

Giráldez, José Miguel A., “Non creo no vello mito do medo á páxina en branco; hai moito conto”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Entrevista”, 2 abril 2006, p. 12.

Tras un breve comentario no que se caracteriza a creación literaria de Santiago Jaureguizar, realízase unha entrevista na que o escritor comenta que normalmente se lle considera un “axitador” porque sempre di o que pensa sen ter en conta as consecuencias, e cre que non hai que ter medo a dicir as cousas, nin ser hipócritas. Considera que a literatura galega necesita un “golpe de efecto” e, particularmente, afirma que é un escritor que escribe en diferentes formatos, sexa literatura ou xornalismo. Logo pasa a comentar a súa experiencia no terreo dos blogs, que considera que son bos lugares para establecer debates. Finalmente, comenta certos trazos da súa última novela, *Cabaret Voltaire* (2005), gañadora do Premio García Barros.

G. Méndez, Roberto, “Vivo á porta do poema, agardando a que saia”, *El Correo Gallego*, “Entrevistos”, 23 xullo 2006, p. 80.

Entrevista á poeta Yolanda Castaño, quen coida que a poesía xorde nos lugares máis insospeitados e que antes de nada se sente poeta. Asemade, detalla que a súa relación coa poesía xorde cando tiña quince anos e, coa excusa de comprar uns pantalóns de coiro, se presentou a un concurso de poesía.

G. Méndez, Roberto, “A cousa é que escribir despois de Shakespeare”, *El Correo Gallego*, “Entrevistos”, 24 setembro 2006, p. 80.

Raúl Dans fala da súa concepción particular da arte como proceso creador, a relación desta coa súa experiencia vital, e da forma como se reflicte no conxunto do seu traballo artístico. Así, afirma que lle gusta “a idea de que a vida imita a arte” pois “a vida semella que dá argumentos á arte”. En relación coa súa faceta de actor, di ser “un oficio demasiado duro” para el, o que lle fai sentir “covarde”, e o leva a se apartar da actuación. En canto autor teatral, especula sobre a posibilidade de se volver “un resentido”, debido ao “pouco aprecio que a xente da farándula manifesta” pola súa obra. Agradécelle á dobraxe mantelo vivo, tanto dende o aspecto vital como “tamén no aspecto económico”.

G. Méndez, Roberto, “Cada quen ten os seus monstros entrañables”, *El Correo Gallego*, “Entrevistos”, 17 decembro 2006, p. 80.

Entrevista a Anxos Sumai, gañadora en 2004 do Premio da Crítica de Galicia polo que para algúns é un diario, aínda que ela di nestas liñas que non é así, plasmado en dúas obras: *Anxos da garda* e *Melodía de días usados*.

Gómez Limia, Rosa, “Escribo en galego porque os meus pensamentos son todos en galego”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 1 abril 2006, p. 8.

Entrevista a Filomena Fraga, unha labrega poeta e filósofa que se decide a dar conferencias, sesións de contacontos e a participar en movementos veciñais. Filomena Fraga comenta que está sorprendida pola publicación do seu libro, *A Cancela*, que xa está esgotado e indica que nel expresa historias curtas, reais e inventadas, poesías e adiviñas, entre outras cousas. A intención é amosar que detrás de cada escrito, existe unha traxedia ou unha crítica. A autora lembra como foi a súa vida e os primeiros contactos que tivo coa lectura; relata unha anécdota que viviu nos anos 60 e comenta que sente certa nostalxia por algúns valores pasados.

Gómez, Jose, “A do teatro galego é dende os anos 70 a historia dunha esperanza”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 370, “Entrevista”, 2 abril 2006, p. 18.

Entrevista a Laura Tato Fontaíña, quen diserta sobre o teatro galego actual e o seu futuro, concretamente, sobre o teatro na cidade de Ferrol. Laura Tato comenta que se debe recuperar o gusto polo teatro que existiu sempre en Ferrol, agora que se abriu o teatro Jofre, e solicita un maior apoio por parte das institucións, xa que existe unha boa canteira de directores, dramaturgos e actores. Ademais, engade que o teatro dá saída a novos actores no mundo audiovisual que tamén favorecen a difusión da nosa cultura. Con respecto do seu labor de docente e investigadora, comenta como foi a súa chegada á universidade e cre que unha das maiores satisfaccións está na recuperación da memoria perdida, por iso se dedica a investigar e non a crear, xa que aínda queda moito por atopar na cultura galega. Logo, pásase a comentar a situación da asociación Medulio e, por último, salientáanse cales foron os personaxes claves no teatro galego e propóñense novos proxectos que se levarán a cabo. Remátase a entrevista resumindo a historia do teatro galego en dúas frases.

Iglesias, Manuela, “A casa de Curros ten algo máxico”, *La Región*, “Vox populi”, 12 novembro 2006, p. 16.

Entrevista a Paula Conde na que fala sobre a súa labor de difusión da historia e vida dos autores galegos que naceron en Celanova: Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luis Méndez Ferrín. Para isto conta coa “Casa de Curros”, na que se levan a cabo diferentes actividades que fomentan o coñecemento do gran valor patrimonial do pobo.

Jaboís, Manuel, “Castelao era un señorito pontevedrés”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 outubro 2006, p. 72-73.

Con motivo da publicación, por parte do *Diario de Pontevedra* e Ence, do libro *Pontevedreses*, en que se fai unha aproximación ás oitenta personalidades máis significativas da historia da cidade durante o século XX, faise unha longa entrevista ao autor deste, Arturo Ruibal. Comézase facendo un repaso pola situación cultural e política de Pontevedra dende finais do século XIX, para centrarse posteriormente na estruturación do libro en seis períodos distintos. A continuación, salienta a personaxes relevantes dos distintos períodos, entre eles, Manolo Cuña Novás ou Castelao, que viviu en Pontevedra vinte anos. Remata referíndose ás súas propias conclusións sobre o libro.

Lodeiro, Ruth, “Teresa Moure. ‘O mundo literario está dominado polos homes’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 23 setembro 2006, p. L2.

Entrevista a Teresa Moure que comeza cunha presentación na que se destaca o seu humor e ironía e na que se menciona a novela *Herba Moura* (2005), Premio Xerais. A autora afirma non poder opinar sobre a clave do éxito do seu libro e reflexiona sobre a actividade mediática que este leva consigo, afirmando que resulta gratificante. Moure considera que a literatura galega, malia padecer os problemas típicos das literaturas periféricas, pasa por unha boa etapa e afirma que o mundo literario está dominado polos homes e que isto podería corrixirse con dinámicas individualizadas.

López, Belén, “Escribir é traballar coa memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 18 xaneiro 2006, p. 75.

Con motivo da presentación dunha nova novela de Luís Rei Núñez, *Toda a vida* (2005), na que participan Manuel Bragado, Ramón Nicolás, Fina Casalderrey e Pilar Isabel Rodríguez, realízase unha entrevista ao autor na que se comenta que a novela conta con catro protagonistas, dúas parellas, baseadas en personaxes reais que viven a posguerra española. Explica que o espazo da obra é basicamente Pontevedra. Fai, ademais, referencia ao seu labor como xefe da Área de Cultura da Televisión de Galicia.

López, Belén, “As historias son todas verdadeiras se se contan ben”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 4 agosto 2006, p. 73.

O actor, director e dramaturgo Quico Cadaval expresa nesta entrevista que o cualificativo de contacontos lle parece unha “palabra fea en si” e que prefire a de “cuentero” como se di en Sudamérica. Comenta que as historias que conta son historias verdadeiras, no caso de que estas se conten ben. Asemade, destaca que adora o teatro e que é fan de Faemino e Cansado e mais dos Tonechos.

Lorenzo Gil, César, “Moisés Barcia: ‘O lector poderá ter en galego a mellor literatura que se fai no mundo’”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “Cultura”, 11-17 maio 2006, p. 24.

Entrevista a Moisés Barcia, un dos impulsores da nova editorial Rinoceronte, a cal se dedica case exclusivamente a publicar traducións ao galego de obras doutras linguas: checo, ruso, italiano, inglés, islandés e hebreo, entre outras. Fálase do estado actual da tradución en galego, e do risco que supón crear unha editorial que só se dedique a traducir obras. Moisés Barcia afirma que até o de agora as traducións ao galego non eran as máis adecuadas e por iso mesmo son mellorábeis. Tamén se destaca o problema de negociar os dereitos de autor, aínda que en moitos casos, afirma, resulte algo doado.

Lorenzo Gil, César, “Constantino Bértolo. ‘Costa moito atopar escritores que queiran dicir algo, non só vender’”, *A Nosa Terra*, nº 1.226, “Cultura”, 8-14 xuño 2006, p. 29.

Entrevista a Constantino Bértolo, novo director da editorial Caballo de Troya, propiedade do grupo Randomo House Mondadori. O editor reflexiona sobre diversas cuestións do mundo editorial e literario e faise referencia á antoloxía *Trece por docena* (2005), o que serve para afirmar que dentro do Estado non conviven as culturas, xa que a literatura galega, coma a vasca ou a catalá, rematan asimilándose ao mercado español a través de cotas. Respecto da literatura galega, destaca a explosión dos blogs e menciona, no ámbito da narrativa, os autores Teresa Moure, Xabier López López, Xurxo Borrazás, Cid Cabido; Camilo Gonsar. En poesía, Xosé M^a Álvarez Caccamo e Olga Novo.

Loureiro, Ramón, “Hoxe teño a sensación de que estou a continuar unha dinastía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 22 abril 2006, p. 48.

Con motivo do ingreso de Darío Xohán Cabana na Real Academia Galega, realízase unha entrevista a este escritor, quen salienta a súa emoción non só por se elixido para formar parte da institución senón porque vai ocupar o sillón deixado por Manuel María. Xohán Cabana indica que ten a sensación de continuar unha dinastía, xa que afirma que moitas cousas as aprendeu de Manuel María. Tamén salienta que llelo debe todo a seus pais.

Lueiro, Xosé, “Nada semella cambiar”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 13 xaneiro 2006, p. 4.

Entrevista a Eduardo Alonso sobre a situación actual do teatro galego. El é un dos primeiros dramaturgos que manifesta as súas críticas cara á actuación da Consellaría de Cultura, a cal non aumentou o presuposto destinado a cultura, nin fixo nada con respecto á paralización do Centro Dramático Galego, o IGAEM e mais Escola Superior de Arte Dramática, da cal el é o vicedirector. Por último, fai referencia ás salas de teatro de Compostela.

Lueiro, Xosé, “Non sabemos comprarnos”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 20 xaneiro 2006, p. 4.

Entrevista ao actor Monti Castiñeiras, do que se afirma que protagonizará a montaxe do CDG *Kvetch (Medos)*, dirixida por Miquel Insua dentro do mandato de Ánxeles Cuña. Di que o Centro Dramático Galego debe ser “a casa de todos” e contesta a outras preguntas relacionadas coa súa traxectoria no ámbito do audiovisual.

Lueiro, Xosé, “Soñando cos pés na terra”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 27 xaneiro 2006, p. 4.

Entrevista a Ánxeles Cuña como a nova directora do Centro Dramático Galego. Coméntase que deixou a dirección do grupo Sarabela para poñerse á fronte do CDG por non defraudar a quen confiou nela, e considera que está preparada para desempeñar o seu cargo. Ademais pretende realizar cambios na institución e centrarse tamén no público infantil e xuvenil e quere conseguir que a institución se achegue ao público en xeral. En canto á súa dirección artística, comenta que ela se fará cargo no 2007 e que traballará sempre en concordancia co que ditamine o IGAEM e mais a Consellaría. Dáse conta dalgúns dos proxectos, entre os que se encontra a presentación do CDG por toda Galicia e tamén no exterior.

Lueiro, Xosé, “Creo no teatro público”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 7 abril 2006, p. 4.

Realízase unha entrevista á nova directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez, quen comenta que ao fronte da institución intentará compaxinar a creación dun teatro contemporáneo sen esquecer os clásicos. Sobre os proxectos que xa están en marcha, indica que se levarán a cabo pero a partir de outubro comeza unha nova temporada. Domínguez declara que non rexeitará ningunha boa proposta e di que se sente capaz de levar a dirección

do centro, que intentará encher o Salón Teatro e acadar maiores subvencións, ademais de ocuparse da dirección artística das montaxes.

Lueiro, Xosé, “O IGAEM que se apalpa”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 5 maio 2006, p. 4.

Entrevista a Miguel Martín seis meses despois da súa incorporación ao IGAEM como novo xerente. Fala sobre a necesidade de reducir as competencias da institución para mellorar a súa actuación ou sobre a repentina renuncia de Ánxeles Cuña á dirección do Centro Dramático Galego e a súa relación coa nova directora, Cristina Domínguez. Opina, así mesmo, que é necesario incrementar os recursos económicos de apoio ao sector teatral, en especial aos novos creadores. Finalmente, fai referencia ao proxecto de apoiar a distribución do teatro galego fóra das nosas fronteiras, a través de axudas á distribución; e ás medidas adoptadas para impulsar a danza e potenciar a súa presenza no IGAEM.

Lueiro, Xosé, “Expectativas truncadas”, *Galicia Hoxe*, “A contrabutaca”, 23 xuño 2006, p. 4.

A través dunha entrevista recóllense as opinións de Pedro Rubín sobre a situación que atravesan as artes escénicas na actualidade. Rubín considera que o teatro se atopa nunha situación de miseria porque as subvencións son escasas e o goberno non se preocupa de aumentar os orzamentos. Ademais, critica a falta de presenza institucional na Feira do Teatro. Finalmente, Rubín pensa que as solucións empezarán a chegar cando a situación do sector teatral se estableza para levar a cabo diferentes proxectos.

Lueiro, Xosé, “Ao touro polos cornos”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 1 setembro 2006, p. 4.

Celso Parada, presidente da asociación Escena Galega, dá conta dos fins e os obxectivos do colectivo que preside. Define as intencións da asociación como as de “xestionar conxuntamente os intereses que afectan a unha industria marxinada dende tempos inmemoriais pola administración”. Para conseguilo, declara estar “interesados en abrir liñas de diálogo” coa administración, pois “o cambio político trae aparelladas unhas necesidades e unhas esperanzas que deben redundar na mellora do sistema teatral”. Como obxectivos principais, enumera “atenuar a precariedade laboral, os problemas de distribución, a escaseza de circuitos e un longo etcétera de deficiencias que están a lastrar a nosa profesión”. Fundamenta as súas positivas expectativas nunha actitude “moi positiva” da administración cara á asociación que preside.

Lueiro, Xosé, “Actuar sen ‘sentidiño’”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 22 setembro 2006, p. 4.

O director da compañía Galileo Teatro, Pedro Rubín, amosa o seu desacordo co novo baremo, elaborado pola Comisión de Avaliación do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), para a concesión anual de subvencións aos proxectos teatrais galegos. Sobre a

valoración do currículo do persoal cre que “cantos máis profesionais participan na montaxe máis posibilidades hai de quedar sen subvención”. En relación a non valorar as obras de autores non galegos, sintetiza a súa opinión en que “a miña nai vale dez puntos pero Shakespeare; cero”. Anuncia, ademais, o feito de ter presentado un recurso de reposición ao Consello Director do IGAEM e di que “nin a consellaría nin o Igaem confían no teatro galego”, botando en falta “ese ‘sentidiño’ do que tanto fala Quintana”.

Lueiro, Xosé, “Aprender ensinando”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 29 decembro 2006.

Entrevista ao actor, docente e crítico teatral Carlos Caetano Vizcaíno, que se dedica á formación de actores ensinándolles a “activar a súa sensibilidade”, docencia que alterna coa súa labor de investigador do sistema teatral galego. Todo isto vese plasmado na súa obra *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral*, segundo se indica.

L. Viñas, María, “Escribo poesía para a xente que non acostuma a ler poesía”, *El Progreso*, 8 setembro 2006, p. 2.

Entrevista a Juan Carballo, a quen se presenta como o autor do libro *Nostalxia de Becerreá*. O autor libro explica que Becerreá significaba para el ir a Galicia, xa que naceu no País Vasco. Actualmente vive en Vilagarcía e asegura que non se dedica á poesía de forma profesional senón como unha afección, e as súas obras están destinadas ao grande público que non le poesía.

Maira, A.F., “Nunca vi unos bosques de abedules como los de Sofía”, *El Progreso*, “Cantón”, 8 xaneiro 2006, p. 4.

Marica Campo dá as súas impresións nesta entrevista da viaxe realizada a Bulgaria e á cidade de Meteora, en Grecia. Comenta que son lugares impresionantes e que aconsella visitar.

Mallo, Albino, “En España se lee poco porque no se fomenta bien esta afición”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 19 decembro 2006, p. 8.

Entrevista á finalista do Premio Planeta 2006, pola súa obra *En tiempos de prodigios*, Marta Rivera de la Cruz, en que se fala da identificación que sente con Cela cando dixo “Soy gallego, pero mi herramienta de trabajo es el castellano”, porque afirma que aínda que non escriban en galego a súa literatura é a galega.

Malvido, Gemma, “Son eu quen máis aprende nos obradoiros”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 15 outubro 2006, p. 6.

Entrevista á poeta Yolanda Castaño con motivo do comezo dos obradoiros “Gústache escribir?”, dirixidos por ela mesma, na Fundación Caixa Galicia da Coruña. A conversa

céntrase na concepción destes obradoiros de poesía, nas clases, a súa duración de dous meses con sesións de dúas horas, o tipo de participantes, todos eles de distintas idades cun nexo en común: a poesía. Remátase falando dos seus proxectos máis próximos, entre eles, a súa primeira incursión na literatura infantil.

Malvido, Gemma, “Soño con que o ‘Proxecto Galicia’ nos axude a entender a nosa terra”, *La Opinión*, “A Coruña”, 12 novembro 2006, p. 6.

Entrevista a Francisco Rodríguez Iglesia co gallo da inauguración da sede da Fundación que leva o seu nome. Nela, o seu presidente aproveita para falar do seu amor polos libros e de como esta xa se vén dende neno até agora mesmo, cando tenta levar adiante o *Proxecto Galicia* e así dar a coñecer a historia de Galicia en todas as súas vertentes.

MARÉ, “Molina: ‘O Cervantes é a casa común das linguas de España’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 xullo 2006, p. 31.

Entrevista a César Antonio Molina, director do Instituto Cervantes. Este di sentirse satisfeito de ter convertido esta institución “na casa común de todas as linguas de España” e ser o primeiro en establecer acordos formais con famosas bibliotecas mundiais e institucións educativas.

M.B., “Mercedes Queixas: ‘Queríamos relacionar os escritores novos galgos e protugueses’”, *A Nosa Terra*, nº 1.239, “Fin de Semana”, 12-18 outubro 2006, p. 35.

Con motivo do Simposio Internacional Letras na Raia, que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que se está a celebrar ata o 15 de outubro entre Vila Nova de Cerveira e Goian, entrevístase a Mercedes Queixas sobre os diferentes aspectos en torno aos cales xira esta segunda edición, centrada este ano nos novos autores de ambas as beiras do Miño, xa que se considera fundamental a continuidade dos dous sistemas literarios, o galego e o portugués, con novas promesas. Remata referíndose á organización do simposio en mesas redondas e á participación de distintos autores xa recoñecidos.

Menán, Marta, “La vida te permite descubrirte cada día y eso es estupendo”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 333, “Álbum”, 26 novembro 2006, p. 16.

Entrevista a Luisa Castro, quen, a diferenza de Marta Rivera de la Cruz, non pensa que non a consideren unha escritora galega por ser de Galicia e escribir en castelán. Neste ano 2006, acadou o premio Biblioteca Breve coa súa obra *La segunda mujer*.

Méndez, Roberto G., “Xornalismo e Nesquick deben ser instantáneos”, *El Correo Gallego*, “Entrevistos”, 31 decembro 2006, p. 80.

Entrevista a Santiago Jaureguizar, caracterizado polo redactor da noticia como “o perdedor sofisticado”, porque sempre é finalista pero non chega a gañar.

Mirás Fole, Nacho, “Rosa Aneiros: ‘De nena quería ser pensionista’”, *La Voz de Galicia*, “A cara b”, 15 maio 2006, p. 72.

Realízase unha entrevista a Rosa Aneiros Díaz, quen comenta que a súa afección á literatura chegoulle pola necesidade de contar. Indica que de nena sempre andaba a contar historias e que nos seus relatos non existen trazos autobiográficos, xa que lle gusta contar outras vidas e non a súa propia. Relata certas anécdotas e, finalmente, comenta a importancia que para ela ten o mar como un “universo simbólico” e o contacto cos lectores a través do correo electrónico.

Mirás Fole, Nacho, “El Bisbal de los libros existe”, *La Voz de Galicia*, “La cara b”, 20 novembro 2006, p. 72.

Entrevista realizada a Mercedes de la Torre, crítica literaria. Sobre a literatura galega, afirma que é de boa calidade e que non hai que centrarse só no pasado.

M.V., “Jaureguizar: ‘Trato o conflito de identidades cunha trama de novela de espías’”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Cultura”, 6-12 abril 2006, p. 29.

Con motivo da publicación da novela *Cabaret Voltaire* (2005), entrevístase o seu autor, Santiago Jaureguizar. Indica o escritor que nesta novela de espías está experimentando en relación á presentación da estrutura tradicional. Comenta Jaureguizar que parte dunha historia de espías clásica, para despois parodiar o xénero, e situala no século XXI. Fai referencia tamén ao protagonista, á historia dun diadema castrexo, ao espazo no que se sitúa a obra e á parodia, entre outras cousas.

Oliva, Marisol, “Manuel Vieites, director de la Escuela de Arte Dramático”, *Atlántico Diario*, “Entrevista”, 24 setembro 2006, p. 31.

Faise un denso repaso pola vida e o labor de Manuel Vieites, director da Escola de Arte Dramática, ademais de reproducir un breve cuestionario sobre algúns dos seus distintos gustos e desgustos. No tocante á súa análise biográfica, destácase o seu labor como investigador da cuestión teatral, como impulsor da Escola de Arte Dramática, e como un dos promotores da idea do Campus das Artes de Galicia. Sobre a idea deste Campus, di Vieites que “conta con todo o apoio por parte da Consellería e do Concello”, e descríbea como un centro que aglutinaría, de forma multidisciplinar, ensinanzas en deseño, arte dramática ou cine. En canto ao cuestionario, e no aspecto literario e cultural, destaca a declaración do impacto que lle produciu a obra teatral, representada polo Stan Theatre, *Platonov*.

Oliveira, V, “É unha ilegalidade manter os símbolos franquistas”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Entrevista”, 29 xaneiro 2006, p. 10.

Tras a elección de Xesús Alonso Montero como presidente do Foro pola Memoria de Galicia, recóllense as palabras do catedrático sobre este feito, quen comenta que o foro foi creado polo Partido Comunista Español hai xa un ano. Indica que en Galicia o comunismo non callou demasiado, xa que somos un país moi conservador e agora, a través do Foro, o que pretenden é amosar que foron os comunistas e os republicanos os que trouxeron a democracia a España. Logo, Alonso Montero expón nesta entrevista a súa negativa de que aínda existan símbolos franquistas. A continuación pasa a comentar a súa viaxe a Bos Aires, onde atopou moitos artigos de escritores sobre o tema, e indica que aínda existe moita literatura sen recuperar. Outro aspecto que comenta Alonso Montero da súa vida son as represalias que sufriu e a censura dos seus textos; así mesmo, tamén comenta cales serán os actos que ten previsto celebrar o Foro pola Memoria de Galicia e, por último, informa de que está a preparar dous libros: *Castelao na Unión Soviética en maio do 36* e *Horacio nas letras galegas*.

Pardo, María, “Sen dar clase vivo sen problema, sen escribir custaríame vivir”, *La Opinión*, 3 maio 2006, p. 72.

Entrevista a Marina Mayoral, quen acaba de rematar a súa última novela en galego e castelán, titulada *Case perfecto*. Ante a elección entre ser profesora ou escritora, Marina Mayoral non dubida en contestar que ela, ante todo, é novelista e que aos seus alumnos coméntalles que para ser un bo escritor hai que ler moito. Indica que o nivel nas universidades baixou moito debido a que se formulou mal o sistema educativo porque se presentou a ensinanza como algo lúdico. Sobre o tema dos premios literarios, Mayoral explica que son bos medios de motivar os escritores, aínda que ás veces xa están dados de antemán. Logo, comenta que os escritores e artistas galegos na actualidade son máis coñecidos fóra das nosas fronteiras e, por último, fai referencia aos seus artigos de opinión, cos que pretende concienciar á xente de certos problemas sociais como o machismo.

Picallo Fuentes, Héitor, “Para min o idioma é puramente unha cuestión efectiva”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 17 maio 2006, p. 4.

Entrevista a Anxos Sumai sobre determinados temas como os espazos que aparecen na súa literatura, o concepto de normalización lingüística, que para ela, é a negativa de aceptar unha literatura feminina. Logo, céntrase no comentario súa obra pola que foi coñecida, *Anxos de Garda*, e de *Melodía de días usados*. Indica cales son os seus autores preferidos e máis influíntes na súa obra e, finalmente, comenta que a súa actividade creadora viuse parada debido á falta de poder económico mais, unha vez establecida no mundo laboral, o afán por escribir segue presente.

Picallo, Héitor, “Procuró facer un formato atractivo para o lector”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 26 xullo 2006, p. 6.

O escritor Máximo Sar, pseudónimo de Maximino Rodríguez Buján, lembra con ledicia nesta entrevista os faladoiros con García Sabell e comenta que Borobó foi quen lle puxo o seu pseudónimo. Afirmo que os seus autores favoritos son Charles Dickens, W. Fernández Flórez ou Julio Camba e comenta que habería que conservar o patrimonio histórico como “un tesouro”.

Picallo, Héitor, “A miña narrativa é: sexo, drogas e rock and roll”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 27 setembro 2006, p. 4.

Entrevista ao escritor e filósofo caldense, Arturo López Regueiro, coñecido tamén como ‘Arturo Chicán’, quen recupera a memoria sobre a súa vida natal, ademais de repasar os feitos máis importantes da súa vida cultural e literaria. Lembra a orixe do seu alcume, ‘Chicán’, no apelido dos seus familiares de Cordeiro (Valga), Chicán. Repasa os proxectos de creación ‘Valiundiez’ e ‘Das Capital’, coa participación de Fausto Isorna e Anxos Sumai, destacando a súa habilidade e potencialidade creadora e, ao tempo, laiándose das dificultades que fixeron posíbel o seu fin. Narra, ademais, as circunstancias tras as que chegou a participar no proxecto radiofónico de Radio 4 en galego. Sobre o seu poemario *Cartografía*, premio Esquíu de poesía en 1993, di que responde a “certo regusto xeográfico e de escribir cartas” e que o elaborou a partir de “ cousas que tiña realizado polos anos 80”. En relación a un seu relato, publicado en castelán e aparecido na compilación *Un manantial en la noche y otros relatos* (1999), afirma que estaba orixinalmente escrito en galego, se ben foi “traducido logo ao castelán por Anxos Sumai”. Como remate, e reflexionando ao redor da situación da literatura galega actual e do oficio creativo, anota que “a escrita en galego ten unha serie de defectos”: o primeiro, que se escribe “para que se venda nos institutos”, o segundo, que a maioría dos/as autores/as son “profesores”, e terceiro, “que existe moita ‘literatura clerical’, moito ex seminarista con moreas de pudor, en contidos e estilos. A literatura debe ser libre!, sen trabas dogmáticas”.

Pino, Concha, “Claudia Castro. ‘Non creo na fronteira dos xéneros, pero síntome poeta”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 10 febreiro 2006, p. L2.

Entrevista á poeta Claudia Castro, pseudónimo de Mercedes González a propósito da publicación do seu libro *Adagio para unha viaxe silente* (2005). A autora afirma que comezou a publicar en revistas electrónicas, coma Andar 21, onde creou o seu pseudónimo. Di que combina as temáticas intimistas coas sociais e que se sente antes poeta que narradora, malia non crer nos xéneros.

Pino, Concha, “A xente xa prefire escoitar certos libros en vez de lelos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 18 febreiro 2006, p. 2.

Entrevista a Xosé Durán, que é o primeiro autor galego de audiolibros. Comenta como naceu a idea de crear un audiolibro e como a levou á práctica. Indica que xa ten preparados tres audiolibros máis e a súa finalidade é facer que cheguen a todo o mundo. Explica que se consume moita literatura, sobre todo poesía, e que os consumidores presentan un perfil moi variado. En canto aos beneficios económicos, di que o negocio non é moi rendíbel.

Pino, Concha, “No audiovisual non deben primar os criterios mercantís”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 25 marzo 2006, p. 47.

Con motivo da lectura do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Euloxio Rodríguez Ruibal, realízase unha entrevista na que salienta que agora dende dentro da institución vai pelexar porque a dramaturxia se teña en conta igual ca outros xéneros literarios. Fala sobre o seu discurso centrado no cine e indica que a Academia se está a modernizar aínda que debería centrarse máis na lingua, na súa difusión en todos os campos.

Piñeiro, Águeda, “Animamos a la gente a colaborar con nosotros”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra y además”, 10 xaneiro 2006, p. 26.

Entrevista a Manuela Grandín, presidenta da Asociación Pedro Madruga de Soutomaior. Comenta Grandín que entre todas as actividades que realizan na asociación unha das máis importantes é o teatro, xa que realizan representacións por todo o concello e nelas participan os socios. A finalidade do grupo é recuperar a actividade cultural en Soutomaior.

Pousa, Luís, “Eu quería ser poeta antes de saber ler ou escribir”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 154, “A entrevista”, 25 marzo 2006, p. 15.

A poeta Eva Veiga responde ás preguntas do entrevistador co gallo da publicación do poemario *A luz e as súas cicatrices* (2005). Afirmar que este libro, que é unha reflexión sobre a poesía mesma, xorde do nacemento do seu sobriño Antón e que tamén está moi presente a influencia da súa avoa e mais da súa mestra Carmen. Tamén sinala que entende a literatura como realidade para compartir cos demais e que o tempo é a nosa substancia fundamental.

Rodríguez, Salvador, “Castelao puido ser o primeiro presidente de Galicia”, *La Opinión*, “Galicia”, 25 xuño 2006, p. 29.

Entrevista a Francisco Fernández del Riego sobre o Anteproxecto de Estatuto que se acordou no 36, quen salienta o cambio que supuxo, e máis destaca o labor do Seminario de Estudos Galegos. Así mesmo, Del Riego comenta o papel que xogou Casares Quiroga e fala das boas relacións que se mantiñan cos nacionalistas vascos e cataláns. Indica que aquel estatuto estaba ben constituído e, de non estalar a guerra, o seu presidente sería Castelao. Por último, comenta que a escisión entre a dereita e a esquerda galeguista non tivo un enfrontamento directo.

Santos, Agatha de, “El arte y la literatura gallegos viven una especie de edad de oro”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad y Cultura”/“Cultura”, 26/27 abril 2006, p. 39/63.

Con motivo da homenaxe concedida a Xosé Luis Méndez Ferrín na Casa Galega da Cultura de Vigo, realízase unha entrevista na que agradece esta homenaxe e comenta a súa

candidatura para o Nobel. Sobre a situación da arte en Galicia, indica que está a vivir unha especie de idade de ouro, especialmente a partir dos anos cincuenta, e explica que na mesma situación se atopa a literatura, sobre todo, a poesía galega.

Silva, Araceli, “A casa de miña nai era como unha pequena illa de liberdade”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 332, “Álbum”, 19 novembro 2006, p. 16.

Entrevista feita á profesora Carmen Blanco, que conta que atopou nas figuras femininas da súa familia un modelo para os seus ideais progresistas e libertarios, baseados nunha educación en igualdade, presentes na súa obra, así como tamén os preceptos do movemento feminista ao que ela pertence.

Sotelino, B.R., “El atrevimiento más grande es catequizar al público”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 157, “Teatro entrevista”, 22 abril 2006, p. 15.

Tras unha breve descrición do actor brasileiro Roberto Cordovani infórmase de que acaba de inaugurar en Vigo, xunto a Einsenhower Moreno, o Teatro Arte Livre, co que pretenden chegar a un público cambiante. Cordovani comenta que van realizar unha determinada obra repetidas veces e será o público o que se renove. En canto á situación do teatro galego, indica que este cambiou moito dende o ano oitenta e seis e sobre todo grazas á creación da Asociación de Actores e Técnicos, necesaria para a consideración dos actores como profesionais. Máis adiante, comenta que Vigo será unha cidade para conquistar e educar e que o feito de que nas súas obras se empregue o portugués responde a unha unión coa terra. Por último, fai referencia ao seu sentir na interpretación do papel de muller.

S.P., “Creemos que el teatro es un arte para todas las clases”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 decembro 2006, p. 17.

Entevista a Roberto Cordovani, director do “Teatro Arte Livre”, que decidiu establecerse en Vigo pola demanda de teatro nesta cidade, aínda que afirma ser necesario que a xente se familiarice máis con esta arte.

Tojo, Marga, “A poesía é como o jazz, dela beben todos”, *Galicia Hoxe*, “Verán”, 6 xullo 2006, p. 17.

Antón Pedreira, libreiro de profesión, comenta nesta entrevista cales son os gustos dos lectores no verán. Salienta que unha novela recomendábel é a de Domingo Villar, *Ollos de auga*, da que narra o argumento. Destaca que na época do verán a xente é cando máis le e comenta que calquera lugar é bo para ler un libro. Entre os libros para o verán recomenda tres: *Herba moura*, de Teresa Moure; *Home sen nome*, de Suso de Toro e *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; entre un clásico escolle *Sempre en Galiza*, de Castelao. Finalmente, explica por que hai tantos poetas en Galicia.

Vidal, Nicolás, “A literatura galega non está subvencionada”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 364, 19 febreiro 2006, p. 18.

Entrevista a Miguel Anxo Fernán-Vello, quen comenta a súa experiencia en Cuba, onde presentou o libro galego na feira da Habana. Explica que a Asociación Galega de Editores conta con trinta e cinco empresas que pouco a pouco se van especializando máis, nun xénero ou nunha idade, entre outras. Tamén comenta que as editoriais galegas non reciben subvencións e fala sobre o problema de inmovilización de partidas de libros da Xunta de Galicia e sobre a polémica do pagamento dos dereitos de autor. Comenta que as editoriais deben modernizarse e, respecto da súa, Espiral Maior, comenta que se vai abrir ao mercado castelán e que en abril terán a súa propia páxina web. Finalmente, indica que a pesar do moito traballo que ten, aínda escribe e que o ano pasado editou dous libros *Territorio da desaparición* e *Capital do corpo*.

Vidal, Nicolás, “Antes que poeta son unha muller do meu tempo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 368, 19 marzo 2006, p. 18.

Dáse conta das actividades laborais que está a realizar Yolanda Castaño e preséntase unha entrevista en que a poeta fala sobre a súa experiencia no obradoiro poético que impartiu na Fundación Caixa Galicia de Ferrol. Tamén comenta o proxecto que ten en marcha con Eduardo Hermida, que consiste en editar poesía para nenos. A continuación, fala sobre a súa imaxe e os prexuízos mediáticos de moitos lectores. Outro tema que comenta é que as súas influencias creativas non son só literarias. Por último, fai referencia á súa experiencia na televisión.

Vidal, Nicolás, “Ao fin esencial do teatro é mostrar cal é o comportamento da sociedade”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 380, “Entrevista”, 11 xuño 2006, p. 18.

Nicolás Vidal realiza unha entrevista a Manuel Lourenzo e comezan falando sobre o proxecto de Casahamlet, que conta coa sé principal na Coruña e ten escolas en tres concellos. Logo, relata a historia do teatro galego e a súa experiencia nel e fala do cambio que sufriu o actor galego dende a década dos sesenta, xa que agora participa non só no teatro, senón tamén no audiovisual e na publicidade, entre outras cousas. Fai referencia á súa participación no audiovisual, en *Mareas Vivas*. A continuación, comenta a súa faceta de dramaturgo e a importancia do teatro representado e a obra en papel. Por último, refire o traballo que realizan en Casahamlet e salienta a importancia do teatro dentro da sociedade, como un medio para mostrar a conduta.

Vidal, Nicolás, “A clase política non ten sensibilidade co patrimonio ferrolán”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 396, “Entrevista”, 1 outubro 2006, p. 18.

O profesor, investigador, escritor e colaborador xornalístico ferrolán, Guillermo Llorca, repasa o resultado do seu traballo ao longo de toda unha vida nesta entrevista. Así, faise mención ao seu traballo de investigación antropolóxica, relacionado co rescate e lembranza dos oficios presentes na comarca ferrolá; de investigación histórica, de rescate das pegadas

ferroláns en Uruguai e na Arxentina; e de investigación social, co retrato dos galegos como emigrantes. En canto á súa produción literaria, menciónanse os seus relatos *O túnel da Malata* e *Relatos para ver mundo*, que Llorca di estar relacionados coa súa “afección a viaxar”.

Vidal Villaverde, Manuel, “A escrita como esforzo”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 487, “Musas”, 22 xaneiro 2006, p. 51.

Entrevista correspondente á sección semanal que Manuel Vidal Villaverde lle dedica á cultura galega en xeral e, de forma moi especial, á literatura. Nesta ocasión, Ramón Nicolás reflexiona sobre a súa forma de entender a escrita e o proceso creador. Así, Nicolás di que, para el, “toda a literatura é mensaxe” dende que, por exemplo, “a escolla lingüística é, de seu, unha toma de partido”. Por outra banda, afirma que “a escrita nunca a concibín como entretemento” pois “é sempre un esforzo, que magoa, que doe por veces e que, por suposto, ha de ter un obxectivo desemeillante que o de entreter, de ser así paréceme unha actitude enfrontada co auténtico proceso creador”. Declara, ademais, que a poesía é “un xénero fundacional das nosas letras, polo que transitou e transita a nosa singularidade máis lúcida e universal, e tamén onde descansa boa parte do que somos agora”.

Vidal Villaverde, Manuel, “Paraísos trascendentes”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 12 febreiro 2006, p. 46.

Entrevista a Anxo Tarrío sobre o seu traballo de lingüista e filólogo na Universidade de Santiago de Compostela. Comenta Tarrío o seu concepto do tempo e indica que escribiu algúns versos, mais di que non se atreve a sacalos á luz. Lembra a Compostela como a cidade da súa infancia e como século de ouro da literatura galega, e propón realizar unha colaxe con obras de varios séculos.

Vidal Villaverde, Manuel, “Entre a cociña e a literatura”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 5 marzo 2006, p. 50.

Vidal Villaverde entrevista a Miguel Vila, quen investiga sobre a cociña na literatura galega e comenta nesta ocasión a súa preferencia polo xornalismo. Indica que nas investigacións realizadas normalmente atopa referencias gastronómicas máis que receitas, sobre todo baséase nas obras *Mazurca para dos mortos* e *Merlín e familia*. A continuación, dáse conta dos seus proxectos, comenta que ten en mente crear un libro de poesía gastronómica e, actualmente, está a traballar nun dicionario galego de gastronomía e cociña, e nos dous volumes seguintes de *A cociña do Entroido e do San Xoán*. Admite, ademais, que outro campo no que lle gustaría participar sería o cinema.

Vidal Villaverde, Manuel, “No tempo da memoria”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 12 marzo 2006, p. 53.

Vidal Villaverde e Xesús Rábade Paredes manteñen unha conversa en que Rábade salienta que a actitude do escritor é a de empregar a palabra, e tamén fala sobre o concepto do tempo e

da morte. Comenta que leva escritos unhas tres ducias de libros e di que non destacaría ningún porque cre que quen escolle as obras son os lectores. Finalmente, salienta que a época máis brillante da literatura galega son os séculos XII, XIX e XX e indica que publicará, proximamente, un libro de poesía e unha novela.

Vidal Villaverde, Manuel, “Versos en defensa propia”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 30 abril 2006, p. 51.

Entrevista a Kiko Neves sobre a súa experiencia coa literatura, despois de ter publicados dous libros de poesía e dous de narrativa. Neves lembra o seu inicio coa poesía que di que prefire á narrativa, xa que con ela expresa a súa vida; comenta que non escribe co corazón senón coas vísceras. A continuación, indica que está a traballar cunha novela da que desvela o seu argumento mais comenta que aínda non sabe cara a onde a rematará.

Vidal Villaverde, Manuel, “Á procura da flor na auga”, “*La Revista*”, “Musas”, 7 maio 2006, p. 43.

O editor Henrique Alvarellos salienta nesta entrevista que a súa editora segue coa filosofía de seu pai. A seguir, refírese á publicación da autobiografía de Manuel Fraga, publicada en catro meses.

Vidal Villaverde, Manuel, “Teatro: unha opción de vida”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 21 maio 2006, p. 57.

Vidal Villaverde mantén unha conversa con Alfredo Rodríguez Fernández, quen comenta que o teatro é unha forma de vida e os personaxes que prefire interpretar son aqueles máis alleos á súa forma de vida. Logo, fai referencia aos inicios da Factoría en 1992 co obxectivo de crear un espazo de difusión e potenciación do teatro e explica que é o que se pode aprender nunha escola de arte dramática. Por último, comenta cal é a situación actual do teatro galego.

Vidal Villaverde, Manuel, “Á procura do tempo universo”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 16 xullo 2006, p. 44.

O poeta Manuel Miragaia comenta nesta entrevista que o seu primeiro poemario foi *Xénese a Apocalipse* e indica que o xornalismo de hoxe en día “non é alá moi interesante” dado que se traballa con moita présa.

Vidal Villaverde, Manuel, “Para alá do íntimo universo”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 23 xullo 2006, p. 48.

Marcos Valcárcel autocualifícase nesta entrevista como “un obreiro da cultura”; detalla que garda especial agarimo ao seu estudo e catalogación da prensa ourensá e remata indicando

que está a preparar traballos sobre o xornalismo de Valentín Lamas Carvajal e mais sobre o xornalismo galego nos tempos de Emilia Pardo Bazán.

Vidal Villaverde, Manuel, “A palabra sempre viva”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 3 setembro 2006, p. 48.

Entrevista correspondente á sección semanal que Manuel Vidal Villaverde lle dedica á cultura galega en xeral e, de forma moi especial, á literatura de Galicia. Nesta ocasión, conversa co profesor da Universidade de Vigo Xosé Henrique Costas. De todos os temas que se tratan, referencia especial á literatura galega é o anuncio do profesor Costas de estar a elaborar un traballo sobre os pseudónimos ocultos do escritor lucense Álvaro Cunqueiro. Expresa, tamén, a vontade de publicar a súa poesía “se pode”.

Zato, Pura, “Galiza é unha nación, pero escarallada”, *La Opinión*, “Cultura”, 19 marzo 2006, p. 69.

Entrevista a Isaac Díaz Pardo, quen comenta a súa traxectoria como empresario, cos inicios na creación de Sargadelos até hoxe en día, que está a crear a Fundación Sargadelos; e explica que a finalidade está en conservar a tradición de Galicia e crear a súa historia. A continuación, comenta a situación do país respecto de Cataluña e defende o uso do galego e, finalmente, comenta outros temas da actualidade política.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.B., “Estamos a homenaxear a unha persoa humilde que nunca esqueceu a súa lingua”, *Diario de Arousa*, “O Grove Local”, 21 xullo 2006, p. 17.

Noticia da homenaxe feita a Xoán González Millán no Grove, concretamente na Praza do Corgo, neste día. Sinálase que á homenaxe asistiron distintos representantes da cultura e das universidades, como Francisco Fernández Rei, quen lembra o estudoso como unha persoa humilde e que nunca esqueceu a lingua dos pobres.

ABC, “Un libro amosa imaxes e textos que evidencian a firme relación de Julio Cortázar coa terra galega”, *ABC*, “Galicia”, 1 outubro 2006, p. 42.

Comeza o artigo facendo mención a que un dos primeiros textos de Julio Cortázar foi editado por exiliados galegos e logo sinala que acaba de presentarse *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez: Un (re)encuentro con Galicia*, editado pola Xunta de Galicia, onde se recollen as mellores fotografías, imaxes, debuxos, testemuños da relación do autor con Galicia e reproducións manuscritas. Informa do acto de presentación da obra, no que participou a viúva de Cortázar, Aurora Bernárdez. Sinala que a publicación se encadra dentro do “Outono

Cortázar”, que é un programa ideado partindo do legado fotográfico e fílmico do escritor, cedido a Galicia pola súa viúva. Dentro dese programa tamén ten lugar a mostra “Ler Imaxes: o arquivo fotográfico de Julio Cortázar”, o ciclo de cinema “Modelo para armar: Julio Cortázar e o cinema” e as xornadas “Encontros arredor de Julio Cortázar: a viaxe infinita”.

Abeleira, Xoán, “Henri Michaux, Nosoutros dous aínda”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 607, 16 febreiro 2006, pp. 2-7.

Analízase, con carácter introdutorio, o contexto persoal no que o poeta Henri Michaux produciu o seu poemario *Nosoutros dous aínda*. Iníciase o estudo cunha anécdota persoal de Xoán Abeleira sobre o seu achado, nunha librería de Madrid, dun suposto exemplar manuscrito do referido poemario e, dende aquí, da súa crecente curiosidade e coñecemento sobre a figura do bate francés. Anótase que *Nous deux encore* foi un texto salvavidas co que o autor “tentara superar a morte atroz da súa muller, Marie-Louise Ferdier”. Relátanse entón, a seguir, os feitos deste incidente, do sufrimento de Michaux, das circunstancias que rodearon a produción dos poemas, así como da súa posterior publicación. Finalmente, menciónase a implicación de Paul Celan, en 1959, na tradución da obra ao alemán, así como da súa posterior edición e francés, grazas á relación de Celan co propietario da editorial Insel, “o señor Arnold”. Recóllense despois desta análise de contexto, por outra banda, distintos poemas de Minchaux onde se percibe o desacougo, o sentimento de perda, a soidade e a morriña da voz poética sobre unha segunda ou terceira persoa: “O hospital dorme. A queimadura esperta. O seu corpo, como un parque abandonado...”, “Da esperanza teríame abondado un regatiño. Mais ti leváchelo todo. O son que vibra foime arrebatado”; e “A súa ledicia ría na súa alma. Mais todo era engano. Ben pouco durou a risa”.

Abuín de Tembra, Avelino, “Mañán escarlata”, *Galicia Hoxe*, “*Maré*”, 29 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que reproduce nesta ocasión un poema de Avelino Abuín de Tembra.

Abuín de Tembra, Avelino, “Home en mar aberxida”, *Galicia Hoxe*, “*Maré*”, 1 outubro 2006, p. 36.

Publicación dun poema de Avelino Abuín de Tembra.

A.C., “Homenaxe de Sotelo Blanco ás xentes do mar do Grove”, *El Correo Gallego*, “*Hoy*”, 30 xuño 2006, p. 74.

Noticia da presentación en Santiago de Compostela dos libros *Xentes do mar do Grove* e *A voz do emigrante*, de Olegario Sotelo Blanco. Recóllense as palabras de Francisco Fernández Rei no acto, quen vinculou o traballo do autor co antropólogos como Xaquín Lorenzo. Dise que a primeira das obras contén unha galería fotográfica de Xurxo Lobato.

A.C.B., “Cortázar y su relación con Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 30 setembro 2006, p. 81.

Comeza cunhas palabras nas que Aurora Bernárdez, viúva de Julio Cortázar, lembraba ao seu marido na presentación da obra *Un(re)encuentro con Galicia*, na que se analiza a relación do escritor coa comunidade galega. Sinala que recolle varias fotografías que tamén forman parte da exposición “Ler imaxes. O arquivo fotográfico de Julio Cortázar”, que ten lugar en Santiago de Compostela. Bernárdez tamén destacou a gran amizade que tivo Cortázar co editor galego Francisco Porrúa, que levou ao prelo a maior parte da súa obra.

A.F., “Evocación del Santiago siniestro de la dictadura”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 maio 2006, p. 2.

Anúnciase a próxima celebración do recital “Memoria do 36”, que porá en escena Teatro do Atlántico na compostelá Sala Yago. Dise que o principal poemario que dá soporte ao espectáculo é Crónica do espanto, de Xosé María Álvarez Cáccamo, mais que tamén haberá música en directo. Saliéntase a participación de Xosé Luis Bernal, “Farruco”, de quen se recollen diversas declaracións sobre a Compostela do 36.

A.G.N., “El gerente del Igaem desmiente el rumor sobre el cierre del Cedaem”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 28 xullo 2006, p. 77.

Noticia destinada a dar a coñecer a versión do propio xerente do IGAEM acerca do futuro do Centro de Documentación Teatral. O xerente, Miguel Martín afirma que só se vai producir unha substitución de catro traballadores por outros. Segundo se afirma, foron os traballadores que terminaban o contrato quen difundiron a noticia do feche do IGAEM.

AGN, “A anovadora Cristina Domínguez dirixirá o Centro Dramático Galego”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 18 marzo 2006, p. 89.

Anuncia que a nova directora do Centro Dramático Galego é Cristina Domínguez, segundo a decisión do Consello Reitor do IGAEM. Ofrece unhas notas sobre a traxectoria profesional de Domínguez.

AGN, “A casa de Curros en Celanova ábrese cunha mostra sobre Méndez Ferrín”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 15 febreiro 2006, p. 65.

Anúnciase a apertura da casa de Curros Enríquez en Celanova para o sábado 18 de febreiro coa mostra “Xosé Luís Méndez Ferrín. 31 artistas” composta por cadros, debuxos e esculturas de artistas galegos que recrean a obra do escritor. Dise que inclúe tamén un fragmento da obra de Xosé Manuel del Caño que inspirou a mostra, *Méndez Ferrín. Historia, literatura e nación*, e explícase que esta exposición percorrerá os sete campus universitarios galegos.

AGN, “O vindeiro martes cúmprense 25 anos da morte de Álvaro Cunqueiro”, *El Progreso*, “Comunicación”, 26 febreiro 2006, p. 83.

Dise que o día 28 de febreiro cumpriranse 25 anos da morte de Álvaro Cunqueiro e que non hai programado nada especial para esta data tan significativa.

AGN, “Ruibal lerá o seu discurso de ingreso na RAG o xoves”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 18 marzo 2006, p. 66.

Dise que o discurso de Euloxio Ruibal para o seu ingreso na Real Academia Galega se titulará *Do escénico e o fílmico. Notas sobre a linguaxe teatral no cinema contemporáneo*. Por parte da Academia responderalle Xosé Luís Axeitos Agrelo.

AGN, “La produción editorial gallega fue de 2.014 títulos en 2005”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 18 marzo 2006, p. 89.

Dise que o ano pasado se editaron en Galicia entre libros e folletos máis de 2.014 títulos, segundo un informe que presentou o Instituto Nacional de Estadística (INE). Isto representa un 3,1% da edición total española e sitúa a comunidade autónoma como a sexta en produción.

AGN, “Diversos actos conmemoran hoxe o cabodano de Rosalía”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 21 marzo 2006, p. 73.

Dise que diversos recitais poéticos, actuacións musicais e espectáculos teatrais se celebrarán en Santiago de Compostela para conmemorar o nacemento de Rosalía de Castro.

AGN, “A RAG réndese ante Darío Xohán Cabana no seu discurso de ingreso”, *El Progreso* “Cultura y comunicación”, 23 abril 2006, p. 81.

Dá conta do acto de ingreso na Real Academia Galega de Darío Xohán Cabana, quen leu un discurso titulado *De Manuel María a Ferrín*.

AGN, “A Real Academia Galega lembra hoxe os Xogos Florais de 1891”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 24 xuño 2006, p. 88.

Noticia do convenio de colaboración asinado pola Real Academia Galega e a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia para a celebración de diversos actos conmemorativos do centenario da RAG, entre os que se encontra a conmemoración dos Xogos Florais de Tui de 1891, nos que foi pronunciado o primeiro discurso público en galego, a cargo de Manuel Murguía. Dise que a Consellaría achegará 100.000 euros para financiar este programa, que contará con varios actos como exposicións, etc.

AGN, “A AELG constitúe unha sección de crítica para ‘afortalar o sistema literario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 outubro 2006, p. 85.

Anúnciase a creación dunha sección de Crítica na Asociación de Escritores en Lingua Galega co fin de “concretar algo que xa existe”, segundo as verbas de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG. Recóllense diversas consideracións da profesora Olivia Rodríguez González, que formará parte da sección, e do crítico Armando Requeixo. Tamén se nos informa das actividades deseñadas pola asociación.

AGN, “A lei centrarase no fomento da lectura e na renovación dos sistemas bibliotecarios”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 8 outubro 2006, p. 87.

Sinálanse os eixes fundamentais da Lei de Lectura, do Libro e das Bibliotecas, é dicir, o fomento da lectura, a actualización da definición de libro e dos sistemas bibliotecarios. Infórmase da creación do Observatorio do libro, cuxo fin será coñecer a realidade do sector, e da incidencia da Lei en Galicia, onde se prestará unha especial atención aos libros na nosa lingua e ás traducións ao galego.

AGN, “Os escritores en lingua galega crean un grupo de crítica literaria”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 8 outubro 2006, p. 87.

Alúdese á creación dunha sección de Crítica Literaria por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). A continuación, cítase o nome e achéganse características dalgúns dos críticos que formarán parte da sección.

AGN/A. Méndez, “Villares xa é presidente do CCG”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 5 maio 2006, p. 76.

Recóllense diversas declaracións de Emilio Pérez Touriño, Alfonso Zulueta e Ramón Villares, ao ser este último nomeado Presidente do Consello da Cultura Galega. Dise que Villares tratará de orientar a entidade cara á ciencia e a técnica, nunha nova concepción da cultura “menos literaria”.

AGN/N. Mesejo, “La Xunta anuncia nuevas ayudas al sector en el Día Mundial del Teatro”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 28 marzo 2006, p. 80.

Dáse conta das axudas económicas que ofrecerá a Xunta de Galicia ao teatro galego para potenciar a súa produción e distribución. O apoio dividirase en seis liñas de axudas que foron presentadas pola Conselleira de Cultura no Día Mundial do Teatro.

AGN/R., “Mondoñedo lembrará hoxe os 25 anos do pasamento de Cunqueiro”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 28 febreiro 2006, p. 71.

Noticia dos actos de conmemoración do vinte e cinco cabodano de Álvaro Cunqueiro, presididos polo titular da Xunta de Galicia, Pérez Touriño. Dise que neles se presentará a tradución ao árabe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, obra da que se realizará unha lectura pública en galego, entre outras actividades.

A.I., “Del fancine al ‘manga yaoui’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 xuño 2006, p. 31.

Entre outras diversas informacións relativas á celebración do “Día do Orgullo Gai”, menciónase un recital de poesía, que terá lugar na Fundación Granell de Santiago de Compostela, organizado polo colectivo Boga.

A.J.A., “Teresa Moure: ‘A historia negou e segue negando a muller’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 setembro 2006, p. 38.

Co gallo da saída do prelo da novela traducida ao castelán de Teresa Moure, *Hierba Mora*, ofrécesenos as características principais da obra, que defende a pluralidade das voces femininas. *Hierba Mora*, versión en castelán de *Herba Moura* (2005) xira ao redor de tres mulleres vinculadas a René Descartes. A autora sinala que a obra é pura ficción e que “non encaixa no perfil de novela histórica”.

Aldán Deza, Clara, “Chámame ti”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 17 agosto 2006, p. 34.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Clara Aldán Deza.

Aleixandre, Marilar, “De desmentindo a primavera”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xaneiro 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle, nesta ocasión, unha composición poética de Marilar Aleixandre.

Aleixandre, Marilar, “De ‘Desmentindo a primavera’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 marzo 2006, p. 36.

Publicación, nesta sección fixa, dun poema de Marilar Aleixandre.

Alén Castelain, Eusebio, “Lei de vida”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 18 agosto 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un relato do lector Eusebio Alén Castelain.

Alfonso, M., “La tumba de Cabanillas en Bonaval carece del epitafio elegido por él”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 novembro 2006, p. 48.

Unha asociación cultural de Cambados solicita que se respecte a vontade de Cabanillas e que no seu epitafio figure o texto elixido polo autor: “Quero na lousa que me de sosego esta palabra que ten as, Poeta, e esta palabra que ten luz, Gallego”.

Almandrade, “Cena do destino”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 xaneiro 2006, p. 40.

Publicación dunha composición poética, como é habitual nesta sección fixa.

Alonso Jose, “Claudio Rodríguez Fer, a Rennes”, *El Progreso*, “Lugo”, 14 marzo 2006, p. 6.

Breve noticia que anuncia a participación do profesor e poeta Claudio Rodríguez Fer no ciclo “Vientos de primavera de los poetas”, en Rennes, cun recital poético. Dise que recitará poemas en galego, francés e bretón, idioma no que ten un libro publicado.

Alonso Jose, “Lorca vive’, de Carmen Blanco y Claudio R. Fer”, *El Progreso*, “Al paso”, 4 xuño 2006, p. 16.

Brevísimo anuncio dun recital organizado na Facultade de Humanidades de Lugo que, baixo a coordinación de Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, levará por título “Setenta anos despois” e servirá de homenaxe a Federico García Lorca.

Alonso, Carmen, “A Coruña, ‘terra de poetas’”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 417, 4 xuño 2006, p. 1.

Reportaxe sobre os poetas que residen na cidade da Coruña. Autores e autoras como Berta Dávila, Lucía Aldao, Yolanda Castaño, Enma Couceiro, Luz Pozo Garza, Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán Vello ou Xulio López Valcárcel teñen cabida nestas páxinas, nas que se recollen os seus comentarios sobre a actividade cultural da cidade (as asociacións culturais, os certames, a lingua ou a ideoloxía).

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de Area’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 febreiro 2006, p. 48.

Nesta sección fixa reproducése un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 xullo 2006, p. 40.

Poema de Xurxo Alonso que aparece publicado nesta sección fixa.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 xullo 2006, p. 40.

Nesta sección reproducécese un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de Area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 agosto 2006, p. 40.

Poema de Xurxo Alonso que aparece publicado nesta sección fixa.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de Area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 agosto 2006, p. 40.

Nesta sección reproducécese un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 agosto 2006, p. 36.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de Area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 setembro 2006, p. 40.

Nesta sección reproducécese un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 outubro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 novembro 2006, p. 32.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xurxo Alonso.

Alonso, Xurxo, “De ‘Cidades de area”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 novembro 2006, p. 38.

Poema de Xurxo Alonso que aparece publicado nesta sección fixa.

Alonso, Xurxo, “Onde viven os saqueadores de naufraxios”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 decembro 2006, p. 31.

Nesta sección fixa reproducécese un poema de Xurxo Alonso.

Alonso Montero, Xesús, “Con poetas, en Lugo, con García Lorca”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 21 de outubro do 2006, p. 15.

Dise que o Foro pola Memoria Republicana de Galicia presenta, con motivo da celebración dunha homenaxe a Lorca en Lugo, o libro *Homenaxe dos poetas galegos a Federico García Lorca contra a súa morte*. Este volume acolle sesenta e tres poemas inéditos escritos especialmente para a ocasión. Algunhas das composicións incluídas foron escritas por autores galegos, que conviven con outros hispánicos. Aparecen así os nomes de Celso Emilio Ferreiro, Luz Pozo ou Eduardo Blanco Amor. No evento recitarán escritores como Manuel Rivas. En total, uns cen poetas estarán presentes na celebración. Lémbrese tamén que en Lugo, Lorca escribiu o seu primeiro poema galego, recitou versos de *Poeta en Nueva York* e mergullouse no universo de autores como Ánxel Fole, Francisco Lamas ou Álvaro Cunqueiro.

Alsedo, Quico, “Queremos una transición para el teatro”, *El Mundo*, “Cultura”, 31 outubro 2006, p. 51.

Dá conta da presentación do borrador para a Lei de Teatro, perfilado nun recente congreso dos directores de escena que tivo lugar na Coruña. Fai un resumo dos contidos máis salientábeis, referíndose ao apoio das asociacións de directores, autores, actores e bailaríns e atendendo ao papel que ocupa o teatro na nosa sociedade.

Álvarez Reza, Gumersindo, “Pintar aldeas en París. Colmeiro I e II”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2006, p. 34.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Gumersindo Álvarez Reza.

Álvarez Torneiro, Manuel, “Neste momento existo simplemente”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 xaneiro 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Manuel Álvarez Torneiro.

Álvarez Torneiro, Manuel, “De ‘Parábola do incrédulo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 decembro 2006, p. 30.

Nesta sección fixa aparece un poema de Manuel Álvarez Torneiro.

Álvarez, Eduardo, “Os artistas plásticos e os poetas comparten experiencias en Mariñán”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 20 abril 2006, p. 66.

Noticia do II Encontro de Poesía e Pintura, organizado pola Deputación da Coruña. Dise que durará catro días e que corenta e dous artistas plásticos e poetas realizarán diversa actividades como recitais e pintura ao aire libre na Coruña e Betanzos.

Álvarez, Eduardo, “Conclúe a xuntanza de pintores e poetas da Deputación coruñesa”, *El Correo Gallego*, 24 abril 2006, p. 67.

Di que durante tres días as rúas da Coruña e Betanzos e o pazo de Mariñán foron testemuñas da actividade conxunta de pintores e poetas como Alfonso Costa, Álvaro de la Iglesia, Caruncho e Manuel Romero, Eva Veiga, Carlos Pereira, Miguel Anxo Fernán Vello ou Xulio López Valcárcel. Anuncia que toda a produción artística será editada pola Deputación da Coruña e exhibirase nunha exposición da Universidade de Compostela.

Álvarez, Eduardo, “Caixa Galicia vai colaborar coa RAG e cos Amigos do País”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 xuño 2006, p. 65.

Infórmase sobre a sinatura dunha serie de convenios entre a Fundación Caixa Galicia, a Real Academia Galega e a Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, cos que se posibilitará a organización de varias exposicións conmemorativas nas que se ofrecerán ao público unha variada selección de fondos procedentes destas e doutras institucións culturais.

Álvarez, Eduardo, “Betanzos será desde o venres un foro de celebración poética”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 3 agosto 2006, p. 68.

Recolle o programa completo das actividades que terán lugar durante os días de celebración do Festival Internacional de Poesía Cidade de Betanzos: recital poético, excursión polos Caneiros e homenaxe a Novoneyra con recital de Amancio Prada. Faise mención aos poetas que participarán e ao obxectivo que pretenden os organizadores do festival.

Álvarez, Eduardo, “A porta dos novos horizontes”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 agosto 2006, p. 36.

O artigo pretende dar a coñecer a realización do Festival Internacional de poesía Cidade de Betanzos. O festival ten lugar durante tres días, nos cales poetas de distintos países do mundo dan a coñecer as súas poesías. Dise que no festival participan poetas de Portugal, Colombia, Galicia, Iraq, Suecia, Venezuela, San Tomé, Cataluña, País Vasco. O obxectivo, segundo os organizadores, é o de divulgar a poesía e pór en común poesías pertencentes a distintas realidades.

Álvarez, María, “Una Navidad cargada de citas en Ourense”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 12 decembro 2006, p. 20.

Dise que o Concello de Ourense pretende fomentar as actividades culturais entre os nenos e os adultos durante o Nadal. Realizaranse diversas actividades como o Roteiro da Esmorga polas rúas da cidade.

Álvarez, Natalia, “Formación teatral de la mano de profesionales de prestigio”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 21 novembro 2006, p. 6.

Dise que Luís de Tavira, Premio Nacional de Bellas Artes de México, e Julio Castronuovo impartiron clases na Escola Superior de Arte Dramática.

A.M., “A proposta de Casares fíxose realidade en Mariñán”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 xuño 2006, p. 33.

Dá conta dos actos encadrados nos Encontros de Mariñán, nos que se fixo realidade a idea do escritor Carlos Casares, segundo se afirma. Dise que esta xuntanza remata cun balance en positivo e coa participación da escritora Rosa Regás e o hispanista Ian Gibson.

Ameixeiras, Diego, “Sei onde vivides”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 174, “Catro contos de fume”, 19 agosto 2006, p. 8.

Artigo escrito de forma anticonvencional, sen puntos e mesturando ideas tratando de imitar o fluír mesmo do pensamento. Con este discurso pouco elaborado pretende o narrador en primeira persoa dar a coñecer os seus pensamentos máis profundos e márcalos polo propio sentimento de rabia ante un feito actual, os incendios forestais. A idea do asasinato ou violencia está presente á hora de facer un xuízo de valor sobre os responsábeis desta vaga de incendios.

Andaluz, Cándida, “Galaxia editará las cartas de Otero Pedrayo a su madre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 setembro 2006, p. 44.

Dáse conta da futura saída do prelo das cartas que escribiu Ramón Otero Pedrayo a súa nai. A obra, que será publicada por Galaxia en colaboración coa Fundación Otero Pedrayo, incluírá máis de 1.500 escritos do autor ourensán. A correspondencia comprende as cartas escritas do ano 1905 até 1956. Inclúense as verbas do director de Galaxia, Víctor Freixanes, que subliña a importancia da obra, e trátanse as colaboracións indirectas e as partidas económicas.

A.N.T., “Xerais e A Nosa Terra foron as primeiras editoras en número de títulos en 2005”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Cultura”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 25.

Ofrécense datos provenientes da Asociación Galega de Editores, segundo os cales as editoriais Xerais, con 120 títulos, A Nosa Terra, con 107 e Galaxia, con 90, son os tres selos que máis novidades achegaron ao mercado en 2005.

A.N.T., “Rosalía de Castro nas rúas”, *A Nosa Terra*, nº 1.213, “Cultura”, 2-8 marzo 2006, p. 24.

Comeza sinalando a falta de normalidade na cultura galega, que até agora non aceptou a magnitude da obra de Rosalía de Castro. Segue facéndose eco da conmemoración da data de nacemento da poeta, iniciativa posta en marcha pola Xunta de Galicia, o Concello de Santiago e a Fundación Rosalía de Castro. Sinala a elaboración dun tríptico que marca un percorrido artístico-literario pola Compostela de Rosalía e os diversos actos, entre eles recitais e espectáculos, nos que participaron diferentes asociacións e mulleres relevantes do mundo da cultura. En canto ao tríptico, coméntase o texto de María do Cebreiro e o de Anxos Sumai. Menciónase, ademais, o manifesto redactado e lido no acto por Ana Romaní.

A.N.T., “Ramón Villares novo presidente do Consello da Cultura”, *A Nosa Terra*, nº 1.220, “Cultura”, 27 abril-3 maio 2006, p. 25.

Noticia da elección o 20 de abril de Ramón Villares como novo presidente do Consello da Cultura Galega. Sínálase que este será o quinto persoeiro no cargo desde a creación do Consello da Cultura e recolle as palabras do anterior presidente, Zulueta de Haz, quen realizou un balance positivo da etapa que se pecha. Finalmente, faise eco da vontade de traballo de Villares, quen anuncia “moita continuidade e algunhas innovacións”, e ofrécense datos sobre súa traxectoria, da que se mencionan os títulos das publicacións máis relevantes.

A.N.T., “A Academia Galega homenaxea aos Mártires de Carral no seu 160 aniversario”, *A Nosa Terra*, nº 1.220, “Cultura”, 27 abril-3 maio 2006, p. 28.

Noticia dos diversos actos celebrados pola Real Academia Galega en honra dos Mártires de Carral, que tiveron lugar o 26 de abril. Reproduce fragmentos do discurso lido ao pé do monumento polo presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, e comenta a intervención plástica de Ánxel Huete no Campo da Feira, así como o roteiro pola ruta dos Mártires até o cemiterio de Paleo ou a ofrenda poética e floral, en que interviñeron Xosé Luís Méndez Ferrín, Salvador García-Bodaño, Xesús Alonso Montero, Darío Xohán Cabana e alumnos de centros de ensino secundario.

A.N.T., “Darío Xohán Cabana entra na academia homenaxeando a ‘Grande Xeración’”, *A Nosa Terra*, nº 1.220, “Cultura”, 27 abril-3 maio 2006, p. 24.

Refírese á lectura do discurso de entrada na Real Academia de Darío Xohán Cabana, o 22 de abril. Coméntase este acto e dáse conta do contido do discurso titulado *De Manuel María a Ferrín*, reproducindo fragmentos deste. Así mesmo, dáse conta da contestación ao discurso, realizada por Xosé Luís Méndez Ferrín, quen se referiu á biografía e traxectoria literaria de Darío Xohán Cabana.

A.N.T., “Poesía para ler en primavera”, *A Nosa Terra*, nº 1.221, “Cultura”, 4-10 maio 2006, p. 24.

Menciónanse as novidades que sairán do prelo na editorial Espiral Maior, como o poemario de Suso Pensado titulado *A tarde*, premio Uxío Novoneyra do Concello das Pontes. Sinálanse, ademais, as seguintes obras: *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande; *As palabras furtivas*, de Pedro Rielo; *Vostede non sabe con quen está a falar*, de Manuel Darriba; *Os anos da memoria*, de Xesús Rábade; e *As complexas mareas da noite*, de María do Carme Kruckemberg. Ademais destas novidades, menciónanse seis obras: *O segredo do monte* (2005), de Antonio Domínguez Rei; *O raio verde* (2005), de Rosa Méndez Fonte; *Versos de ausencia e desagravio* (2005), de Xosé M. López Ardeiro; *O útero dos cabalos* (2005), de Lupe Gómez; *Cidades de area* (2005), de Xurxo Alonso; *Casas Orfas* (por *Casa de orfas*, 2005), de Enma Pedreira e *Maneiras de querer* (2005), de Vicente Araguas. Á parte, salientase a creación da colección Spiral, que presentará textos en galego e castelán, para finais de maio, así como unha escolma de poemas de Cesar Antonio Molina, entre outros moitos autores.

A.N.T., “Adeus a Xohán Ledo. Foi o responsábel artístico na fundación da editorial Galaxia.”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 25.

Noticia do pasamento, o 10 de xuño, en Vigo de Ricardo García Suárez, coñecido polo nome artístico Xohán Ledo, responsábel durante anos do deseño de portadas e ilustracións da editorial Galaxia dende a súa fundación até os anos 70. Realízanse uns apuntes biográficos e menciónanse as obras principais de cuxas capas foi responsábel, ademais de recoller declaracións do ilustrador anteriormente publicadas nunha entrevista no xornal *A Nosa Terra*.

A.N.T., “A transgresión nos debates do Galeusca-06”, *A Nosa Terra*, nº 1.243, “Cultura”, 9-15 novembro 2006, p. 26.

Coméntase que do 1 ao 4 de novembro se celebrou en Iruña a reunión anual dos escritores galegos, vascos e cataláns, GALEUSCA, e que o tema central desta reunión foi o tabú na literatura.

A.N.T., “Lembrando o axitador cultural Xosé Agrelo Hermo”, *A Nosa Terra*, nº 1.245, “Cultura”, 23-29 novembro 2006, p. 24.

Noticia do falecemento, en Santiago de Compostela, de Xosé Agrelo Hermo, mestre, director teatral, escritor, editor e activista cultural. Destácase que na actualidade dirixía a editorial Toxosoutos.

A.N.T., “Cidades escritas”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, “Cultura”, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 28.

Sínálase que o IV Encontro de Escritores Galegos, coordinado por Luciano Rodríguez, tratará sobre as posibilidades de reflectir a cidade na propia literatura, escribir sobre cidades vividas e soñadas, ou reflexionar sobre o futuro dos propios espazos urbanos.

A.N.T., “A Fundación Galiza Sempre rescata un texto inédito de Castelao escrito en plena guerra”, *A Nosa Terra*, nº 1.247, “Cultura”, 7-13 decembro 2006, p. 20.

Coméntase que a Fundación Galiza Sempre vén de presentar a publicación *A represión sobre o nacionalismo galego en 1936. A esperanza frustrada*, na que se recolle unha carta inédita de Castelao que retrata o drama humano e político que supuxo o golpe militar e a represión.

A.O., “La Biblioteca Central necesita los locales de la Fundación Illa Couto y de la Asociación de Editores”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 3 marzo 2006, p. 7.

Dise que o Concello de Vigo ocupará os locais da Fundación Illa Couto e a Asociación de Editores coa Biblioteca Central.

A.R., “La lengua italiana de las mariposas”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 2 decembro 2006, p. 8.

Coméntase que a compañía boloñesa La Baracca representará no Fórum Metropolitano unha versión teatral de *¿Que me quieres amor?* de Manuel Rivas.

Araguas, Vicente, “De ‘O gato branco”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 febreiro 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, “De ‘O gato branco”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 abril 2006, p. 40.

Publicación dunha composición poética da autoría de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, “De ‘O gato branco”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 xuño 2006, p. 48.

Acóllese un poema de Vicente Araguas.

Arias, Xela, “Escolma de X. C. Domínguez Alberte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 marzo 2006, p. 40.

Publícase unha composición poética de Xela Arias.

A.S., “La letra impresa se hace un hueco en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 3 marzo 2006, p. 9.

Refírese a diversos locais composteláns relacionados coa literatura, como a librería Couceiro, cuxo novo local se abrirá proximamente na Praza de Cervantes, a librería Follas Vellas ou o café-biblioteca Van Gogh.

A.S., “Coa base da galeguidade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 abril 2006, p. 37.

Recóllense as palabras do Presidente da Real Academia Galega no acto de homenaxe aos mártires de Carral. Dise que o encontro finalizou cunha ofrenda floral, unha actuación musical e un discurso de Ánxela Bugallo. Saliéntase a celebración dun recital no que participaron Darío Xohán Cabana, Luz Pozo, Salvador García Bodaño, Xosé Luís Fernández mourino e dúas alumnas. Recitáronse poemas de Pondal, Manuel e Eladio Rodríguez González e Florencio Bahamonde.

A.S.R./AGN, “Cunqueiro: ‘Na aspereza da vida cotiá, soñar é necesario’”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 295, “Reportaje”, 26 febreiro 2006, pp. 2-3.

A propósito do vinte e cinco cabodano de Álvaro Cunqueiro, realízase unha aproximación á súa obra, particularmente a personaxes como Felipe de Amancia, Dona Xenebra ou Merlín, “que, indiscutiblemente, forman parte do imaxinario galego”. Recolle, ademais, a opinión de Víctor Freixanes sobre o autor, quen afirma que Cunqueiro “sería, sen dúbida, o noso gran candidato ao Nobel”. Engade un cadro cunhas notas biográficas.

A.S.R./AGN, “A directora do CDG dice que aposta polo novo teatro galego”, *El Progreso*, “Cultura”, 21 marzo 2006, p. 75.

Brevísima noticia da presentación oficial en Compostela da nova directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez, a cargo da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo. Dise que a intención da nova directora é abrir as portas da compañía institucional á cidadanía nesta etapa de transición.

Atencia, María Victoria, “I Festival Internacional Poético de Betanzos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 agosto 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de María Victoria Atencia, baixo o epígrafe “I Festival Internacional Poético de Betanzos” e titulado “Tan corazón adentro”.

Atencia, María Victoria, “Mar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de María Victoria Atencia.

Atencia, María Victoria, “Tan corazón adentro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 agosto 2006, p. 32.

Sección fixa que acolle de novo un poema de María Victoria Atencia.

A.V., “A Deputación admite que o libro de Rajoy Leloup leva impreso desde febreiro”, *A Nosa Terra*, nº 1.245, “Cultura”, 23-29 novembro 2006, p. 25.

Infórmase da próxima publicación da biografía de Enrique Rajoy Leloup, avó do actual presidente do Partido Popular, escrita por Baldomero Cores. Coméntase que a Deputación de Pontevedra anunciou a súa presentación pública para o 16 de decembro, aínda que reconece que o libro leva impreso e almacenado xa desde febreiro.

Barca Becerra, Ana María, “Imaxes”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 12 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle os relatos enviados polos lectores do xornal, nesta ocasión un conto da autoría de Ana María Barca Becerra.

Barge Bustabad, Amalia, “O espectador”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 22 agosto 2006, p. 34.

Sección fixa que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión un conto asinado por Amalia Barge Bustabad.

Barral, Cristina, “O autor dedicou o Blanco Torres aos intelectuais galegos exiliados”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 27 maio 2006, p. 47.

Barros, M., “Milladoiro cántalle a Manuel María”, *A Nosa Terra*, nº 1.224, “Cultura”, 25-31 maio 2006, p. 24.

Dise que o grupo musical Milladoiro sacará un CD con textos do poeta Manuel María.

Becerra, Marta, “Por la memoria”, *El Progreso*, “Lugo”, 12 marzo 2006, p. 8.

Noticia da realización dunha ruta creada por Darío Xohán Cabana para lembrar a dez mulleres destacadas en Lugo. Homenaxeouse nesta a Rosalía de Castro, entre outras.

Bilbao, C., “Cultura para dar e tomar, Cortázar e demais”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Escaparate de creació”, 1 outubro 2006, p. 9.

Infórmase da chegada a Galicia do legado fotográfico e persoal de Julio Cortázar nun programa chamado “Outono Cortázar”. Indícase que, ademais de 4.000 fotografías, poden observarse gravacións e pezas da colección de arte do escritor. Dáse conta das xornadas de debate e reflexión nas que participarán Manuel Rivas, Isabel Coixet ou Julio Ortega sobre a figura do escritor arxentino e do ciclo de cinema.

Bilbao, Conchi, “Unha nova casa para o teatro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 outubro 2006, p. 75.

Faise eco do anuncio de creación dun Museo das Artes Escénicas por parte do xerente do IGAEM, Miguel Martín. Trataríase da habilitación dun espazo público no que se poidan ver escenografías, atrezzo, deseños, vestiarios e documentos relacionados co teatro público e privado. A seguir recolle as palabras de Miguel Martín sobre a futura liña de traballo despois da fase de suspensión pola que se pasou no Centro de Documentación.

B.L., “Vas quererme sempre?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 19 xaneiro 2006, p. 76.

Noticia do acto de presentación da novela de Luís Rei Núñez *Toda a vida* (2005), no que participaron Ramón Nicolás, Manuel Bragado e Fina Casalderrey, ademais do propio autor, no Teatro Principal. Recolle as diversas declaracións dos asistentes a esta presentación organizada polo Ateneo de Pontevedra .

Blanco, Luisa, “Vintecinco anos despois”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 295, “Reportaje”, 26 febreiro 2006, p. 1.

Reportaxe realizada a propósito do vinte e cinco cabodano de Álvaro Cunqueiro, que abre o desgaxábel do suplemento. Contén unha aproximación bio-bibliográfica á traxectoria do autor, asinada por Luisa Blanco, quen, segundo afirma, presentou en 1984 a primeira tese de doutoramento sobre a riqueza léxica de Cunqueiro na Universidade de Compostela.

Blanco Amor, Eduardo, “De ‘Romances galegos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 maio 2006, p. 47.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Eduardo Blanco Amor.

Blanco Amor, Eduardo, “De ‘Romances Galegos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 xullo 2006, p. 32.

Acóllese un poema de Eduardo Blanco Amor, como é habitual nesta sección fixa en que se reproducen diariamente composicións poéticas de diversas autorías.

Blanco López, María Xesús, “Noite tras noite”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2006, p. 34.

Relato enviado por unha lectora para esta sección fixa “Relatos de verán”.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 148, “Andel de novidades”, 12 xaneiro 2006, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión fai referencia ás obras *O agro*, de A. Leiro, M. Daporta, M. Núñez e H. Martínez; *Encontros coa Etnografía*, de Paula Ballesteros Arias (coord.) e *Idioma e poder social*, de Rafael L. Ninyoles. Ningún dos mencionados ten relación coa literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 149, “Andel de novidades”, 19 xaneiro 2006, p. VII.

Breve referencia ás obras *Pomerania, meu amor* (2005), de Heidi Kühn-Bode; *Cantos de Maldoror* (2005), do Conde de Lautréamont; e as obras infantís *O dragón voador* (2005), de Anxo Fariña, e *Tita* (2005), de Concha Blanco. Salienta determinados trazos significativos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 150, “Andel de novidades”, 26 xaneiro 2006, p. VII.

Recolle as obras de Manuel Riveiro Loureiro *Xullo-Agosto*; de Pepe Carreiro, *A noite de Samaín*; de Álvaro Cunqueiro, *Universo Cunqueiro* (2005); e, de Daniel Ameixeiro e Xosé Cobas, *Vila Cerdeira*. Ofrece breves datos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 151, “Andel de novidades”, 2 febreiro 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras *A illa do Dr. Moreau*, de H.G. Wells (2005); *Rosalía de Castro, a mulher e o poeta*, de Alberto Machado da Rosa (reeditada en 2005); *Bouvard e Pécuchet*, de Gustave Flauvert (2005) e *Dende o cole*, de Alberto Urcaray.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 152, “Andel de novidades”, 9 febreiro 2006, p. VII.

Breve referencia ás obras *Os ausentes de Casteltón* (2005), de Jacobo Barros; *Palabra, Fogo, Alma*, que ten como editor a Antonio Domínguez Rey (2005); *Licor de abelá con xeo* de Xurxo Sierra Veloso e *O pequeno Borges imaxina o Quixote* (2005), de Carlos Cañeque e Ramón Moscardó. Salienta determinados trazos significativos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 153, “Andel de novidades”, 16 febreiro 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras *Maneiras de querer* (2005), de Vicente Araguas; *Narrativa de Tabeirós-Montes* (2005), de Carlos Loureiro Rodríguez (coord.); *Contos de encantamentos*, de Xurxo Sierra Veloso e *Noite de Reis en Kalpankalá*, de Xosé A. Perozo e M^a Fe Quesada. Preséntase un breve resumo da liña argumental e ofrécense datos valorativos mínimos de cada unha das obras.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 154, “Andel de novidades”, 23 febreiro 2006, p. VII.

Achega breve ás obras *Respirar polo idioma: os galegos en Julio Cortázar*, de Francisco X. Fernández Naval; *O paxaro do mel*, de Adolfo Caamaño; *Poetízate* (2005), de Fran Alonso e *Antón e Pampón: nenos do mundo* (2005), de Anxo Fariña. Atende a cuestións tanto de contido como formais de cada unha das obras e ofrece comentarios valorativos mínimos delas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 155, “Andel de novidades”, 2 marzo 2006, p. VII.

Breve achega ás obras *Fío da lingua*, de Henrique Harguindey Banet; *O cidadán do mes*, de Diego Ameixeiras; *O libro das fontes*, de Xosé Lois Ripalda; e a revista *Análise empresarial*, número 36. Delas reflíctense os argumentos e algunha vez úsanse adxectivos valorativos mínimos.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 156, “Andel de novidades”, 9 marzo 2006, p. VII.

Breve comentario das obras *O libro da empanada*, de Fina Casalderrey; *Papagaio*, de Maribel Longueira e Luísa Villalta; *A cociña do entroido*, de Miguel Vila Pernas e *Poesía de Tabeirós-Montes* (2005), de Carlos Loureiro Rodríguez (coord.). Ofrece unha breve referencia a cada unhas das obras salientando aqueles datos considerados de maior interese para o lector.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 157, “Andel de novidades”, 16 marzo 2006, p. VII.

Conciso comentario da obra *Antón e Pampón: os meses* (2005) de Anxo Fariña. Coméntase o seu argumento e destácase o papel das ilustracións e a cor na familiarización do lectorado máis pequeno coa temática presentada.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 158, “Andel de novidades”, 23 marzo 2006, p. VII.

Sección fixa que comenta varios volumes. En relación coa literatura galega, trátase a obra *Versos de ausencia e desagravio* (2005), de Xosé M. López Ardeiro. Reflicte o argumento e realiza uns mínimos comentarios sobre ela.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Andel de novidades”, 30 marzo 2006, p. VII.

Breve aproximación ás obras *Conversas con Suso de Toro* (2005), de Antonio Pedrós-Gascón; *O útero dos cabalos* (2005) de Lupe Gómez, e *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, de Xosé Vázquez Pintor e Andrés Meixide. Ofrece distintos datos considerados relevantes de cada unha das obras.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Andel de novidades”, 6 abril 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras: *Espérame*, de Xosé A. Perozo; *A sombra descalza*, de An Alfaya; e *Les certitudes du climat*, de Miguel Anxo Fernán Vello. Delas reflíctense os argumentos e completan o comentario algúns datos de interese.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 162, “Andel de novidades”, 20 abril 2006, p. VII.

Achega breve ás obras *Don Xoán (Contado por si mesmo)*, de Peter Handke e *Contratrás*, de Paula Carballeira. Incídese no argumento destas e salientáanse aspectos relevantes, tanto no que atinxe ás obras en si mesmas como aos seus autores.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 163, “Andel de novidades”, 27 abril 2006, p. VII.

Breve comentario das obras *Tao Te King*, de Lao Tse; *Unha escuma de voz* (2005), de Fabio Scotto e *A aspiroseta* (2005), de Marta Álvarez. Preséntanse o argumento das obras e aqueles datos considerados máis relevantes para o lector.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 164, “Andel de novidades”, 4 maio 2006, p. VII.

Concisa achega ás obras *Manuel Lugrís Freire*, de Ramón Nicolás Rodríguez, *Usha*, de María Raimóndez e *O raio verde*, de Rosa Méndez Fonte. Céntrase na temática de cada unha delas e

cita os elementos máis salientábeis, como o tema da identidade en *Usha*, os elementos paratextuais en *Manuel Lugrís Freire* e o simbolismo das imaxes n' *O raio verde*.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 165, “Andel de novidades”, 11 maio 2006, p. VII.

Sucinta análise das obras de Carlos G. Reigosa *Oxford, amén*, Ramón Nicolás Rodríguez *Manuel Lugrís Freire*, Antonio Domínguez Rey *O segredo do monte* (2005) e do volume infantil de Isabel Freire e Xan López Domínguez *Glub, o increíble peixe bala*. Reflicte o argumento e realiza mínimos comentarios destas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 167, “Andel de novidades”, 25 maio 2006, p. VII.

Breve referencia ás obras *Home sen nome*, de Suso de Toro e *Deirdre*, de Ana Garzón Sanz. Salienta determinados trazos significativos de cada unha delas. Inclúe tamén unha referencia a *Maktub*, de Alva Martínez Teixeira, sen relación coa literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 168, “Andel de novidades”, 1 xuño 2006, p. VII.

Sucinta achega ás obras *Monte do Cerveiro*, de Xesús Manuel Valcárcel, *A fonte do Vidueiro*, de Isaac Ferreira e *Federico na silveira*, de Xosé Miranda e Roberto Yepes. Reflictese a liña argumental e inclúense datos tanto descritivos como valorativos destas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 169, “Andel de novidades”, 8 xuño 2006, p. VII.

Breve comentario das obras *Manifesta Galiza*, de Xesús González Gómez; *Contos da Baiuca*, de B. Iglesias, P. Vicente e X. L. Álvarez; *A cocíña do entroido*, de Miguel Vila Pernas e *Poesía de Tabeirós-Montes* (2005), de Carlos Loureiro Rodríguez (coord.). Ofrece unha breve referencia a cada unha das obras salientando aqueles datos considerados de maior interese para o lector.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 170, “Andel de novidades”, 15 xuño 2006, p. VII.

Sucinta análise das obras *Contos irlandeses*, de Juan Renales, Víctor Renero e Pilar Ortiz e *As complexas mareas da noite*, de M^a do Carme Kruckenberg. Salienta trazos significativos de cada unha delas e ofrece comentarios valorativos destas para o interese do lector.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 171, “Andel de novidades”, 22 xuño 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras *Espérame*, de Xosé Perozo; *A sombra descalza*, de An Alfaya; e *Les certitudes du climat*, de Miguel Anxo Fernán Vello. Delas reflíctense os argumentos e completan o comentario algúns datos de interese.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 172, “Andel de novidades”, 29 xuño 2006, p. VII.

Breves referencia ás obras *Historia dun paraugas azul*, de Xosé Miranda; *Blúmsdei*, de Cid Cabido; *Ciclo da Terra*, de Millán Picouto; e *Os Bolechas. Volta a Muros en carrilana*, de Pepe Carreiro. Delas coméntanse os argumentos e nalgún caso úsanse adxectivos valorativos mínimos.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 173, “Andel de novidades”, 6 xullo 2006, p. VII.

Sucinta análise d’A *biblioteca da iguana*, de Xosé Miranda. Comenta os datos máis salientábeis da temática dos relatos e outros datos descritivos da obra. Tamén se mencionan *Os montes comunais*, *Catastro de Ensenada* e *Nacionalismo vasco*, obras que non teñen que ver coa literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 174, “Andel de novidades”, 13 xullo 2006, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión non comenta obra ningunha vinculada á literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 175, “Andel de novidades”, 7 setembro 2006, p. VII.

Breve análise d’*Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, na que se salientan determinados trazos da obra, tanto a nivel temático como estrutural. Inclúe tamén unha referencia a *La educación del hombre y de la mujer*, de Emilia Pardo Bazán e *D. Alfonso VII, rei de Galiza*, de Antonio López Ferreiro, sen relación coa literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 176, “Andel de novidades”, 14 setembro 2006, p. VII.

Achega breve ás obras *Eclipses*, de Manuel Lourenzo, *A flor da auga*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; e *Éxodo*, de Daniel Salgado. Refírese ao argumento das obras e saliéntanse aspectos relevantes destas como temática, simbolismo ou estrutura.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 177, “Andel de novidades”, 21 setembro 2006, p. VII.

Breve comentario da obra *Vinte anos retornando*, de Xosé Neira Vilas e *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno. Saliéntanse aqueles aspectos considerados máis relevantes que rodean tanto a obra de Neira Vilas (viaxes, encontros con familiares, acontecementos políticos) como do libro póstumo de M^a Victoria Moreno (o poemario no que a autora estaba a traballar antes da súa morte) e, especialmente, a última parte deste, “Dous folios que foron brancos”.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 178, “Andel de novidades”, 28 setembro 2006, p. VII.

Breve referencia ás obras *Se buscas un deus*, de Xabier Quiroga; *Catavento de neutrós domesticados*, de Manuel María; *O pescador de cana*, de Xoán Fuentes Castro e *Materia de Lucrecio*, de Xabier Paz. Detense naqueles aspectos máis destacados de cada unha das obras e atende tanto a cuestións de forma e de contido.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 179, “Andel de novidades”, 5 outubro 2006, p. VII.

Análise breve das obras de literatura galega *Polaroid* (1997), de Suso de Toro e *O pescador de cana*, de Xoán Fuentes Castro. Presenta o argumento de cada unha delas e ofrece datos valorativos.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Andel de novidades”, 12 outubro 2006, p. VII.

Breve comentario de *El caballero de las botas azules*, de Rosalía de Castro e *Sobre Pirandello*, de Antonio Gramsci. Preséntase unha achega a cada un dos autores e inclúense breves pinceladas das obras.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 180, “Andel de novidades”, 19 outubro 2006, p. VII.

Sucinta análise da obra *Os mércores de Fra*, de Xurxo Sierra. Coméntase o seu argumento e ofrécese datos relevantes, como o galardón do Premio Risco de creación Literaria 2006. Refírese a dúas obras máis que non están relacionadas coa literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Andel de novidades”, 26 outubro 2006, p. VII.

Breve comentario das obras *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro, *Cando era tempo de inverno*, de Pepa Barrios e *A gata con botas* (2005), de Ánxeles Cuña Bóveda. Ademais de presentar o argumento das obras refírese á intención argumental do autor e a mensaxe que intenta transmitir *dz ou o libro do esperma*, a temática do devalar do tempo e a estrutura dos relatos en *Cando era tempo de inverno*, ou cuestións referidas á obra en si e á implicación da autora co teatro en *A gata con botas*.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 182, “Andel de novidades”, 2 de novembro 2006, p. VII.

Comentario breve de *Arquitectura popular*, de Pedro de Llano, *As cidades asolagadas*, de Antonio Balboa Salgado, *Portugalizar*, de Elisabete Ramos e *Imperial: café cantante*, de Eduardo Alonso. Só a última das obras pertence á literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 183, “Andel de novidades”, 9 de novembro 2006, p. VII.

Sucinta análise das obras *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, de Miguel Louzao; *Pepa “A Loba”*, de Carlos G. Reigosa e *O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal. Destaca da primeira obra que foi merecedora do Premio de Investigación Lingüística e Literaria “Ricardo Carvalho Calero”. Da segunda obra enfatiza o seu emparentamento coas *Comedias bárbaras* e *Divinas palabras* de Valle-Inclán e a incorporación de textos poéticos dispersos en diferentes publicacións e outros inéditos do autor n’*O cristal da sede*.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 184, “Andel de novidades”, 16 de novembro 2006, p. VII.

Achega breve ás obras de literatura galega *O camiño a Tibiáns*, relato iniciático de Mari Vega Cerqueiro e *Carlos G. Reigosa*, de Ángel Basanta (ed.). Reproduce o argumento da primeira e ofrece comentarios valorativos positivos da segunda, volume de ensaios da obra literaria de Reigosa. Inclúe tamén referencia a dúas obras máis aínda que gardan relación coa literatura galega.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 185, “Andel de novidades”, 23 de novembro 2006, p. VII.

Análise breve das obras *Simeón Pantín*, de Maxi Olariaga; *Por estas palabras recabadas*, de Xosé Luís Santos Cabanas e *Materia de Lucrecio*, de Xabier Paz. Ofrece comentarios valorativos de cada unha delas e inclúe referencias á temática, enfoque ou uso da simboloxía.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 186, “Andel de novidades”, 30 de novembro 2006, p. VII

Comentario breve sobre *O perfume*, de Patrick Süskind; *Apostasía*, de Óliver Escobar e *O león durmiñón* (2005), de Anxo Fariña. Salienta a liña argumental e o contido das obras e enfatiza aqueles trazos máis significativos delas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 187, “Andel de novidades”, 7 de decembro 2006, p. VII

Análise das obras *A poesía de María Mariño* (1994), de Victoria Sanjurjo (ed.); *O diario vermello de Flanagan*, de Andreu Martín e Jaume Ribera e *Cando era tempo de inverno* de Pepe Barrios. Ofrece unha información sucinta respecto de diferentes cuestións relacionadas coas obras (temática, simboloxía, personaxes) e os seus autores.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 188, “Andel de novidades”, 14 de decembro 2006, p. VII.

Achega ás obras *Guerra civil e literatura galega*, de Alonso Montero e Miro Villar (coord.), *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca*, de Xosé Miranda; *Canto patrio ou Pontevedra*, de José R. Couto (ed.) e *Vidas exemplares*, de Uxía Casal. Refírese ao contido e argumento das obras e ofrece de cada unha delas pequenas pinceladas como o carácter didáctico do volume editado por José R. Couto, a importancia do terror en *Vidas exemplares*, ou o espírito esclarecedor presente en *Guerra civil e literatura galega*.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 189, “Andel de novidades”, 21 de decembro 2006, p. VII.

Breve comentario da obra *As máscaras de Cronos*, de Ramón Caride; *Xo! ao racismo*, de X.A. Suárez, López Garrido e Pepe Carreiro; e *Protoevanxeo do neto de Herodes*, de Bernardino Braña, novela gañadora do II Premio Eixo Atlántico de narrativa galego-portuguesa. Saliéntanse aqueles aspectos considerados máis relevantes para os lectores e ofrécese unha análise valorativa de cada unha delas.

Bore, Natalia, “La Casa de Galicia estrena en Madrid un ciclo de recitales líricos en gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 outubro 2006, p. 47.

Sinala que un portal creado pola Universidade e financiado pola Consellaría de Innovación e Industria recolle as obras de máis de 300 escritores galegos, pero tamén presenta a súa biografía, entrevistas e notas de prensa relacionadas con estes.

Botrán, C., “El bus violeta de la Xunta inicia en el museo Rosalía su periplo por Galicia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 marzo 2006, p. 38.

Noticia dun proxecto da Vicepresidencia e a Consellaría da Cultura, no que se pretende “mostrar as actividades das creadoras galegas” e ofrecer información ás mulleres, e que foi

inaugurado na casa museo de Rosalía de Castro, autora que foi cualificada nunha conferencia de Pilar García Negro como a primeira muller feminista de Galicia.

Braxe, Lino, “De ‘Banquete’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 agosto 2006, p. 40.

Acóllese unha composición poética da autoría de Lino Braxe.

Brea Feijoo, Xosé M., “¡Milagre!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 14 agosto 2006, p. 36.

Sección fixa que acolle relatos enviados polos lectores do xornal, escrito nesta ocasión por Xosé M. Brea Feijoo.

Bugallal, Isabel, “El legado gallego de Julio Cortázar”, *Faro de Vigo*, “Reportaje”, 5 marzo 2006, p. 5.

Reportaxe sobre a doazón a Galicia, por parte da primeira muller de Julio Cortázar, Aurora Bernárdez, dun arquivo do escritor que documenta a súa relación con Galicia.

Cabana, Darío Xohán, “Cantigas do Setenta”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 abril 2006, p. 36.

Acóllese unha composición poética de Darío Xohán Cabana.

Cabanillas, Ramón, “A rosa de cen follas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 xuño 2006, p. 40.

Acóllese unha composición poética de Ramón Cabanillas.

Calvo Varela, Raúl, “Un idioma que se pierde”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 301, “Lecturas”, 9 abril 2006, p. 13.

Artigo que denuncia a perda de falantes do idioma galego. Menciona como exemplos do contrario a Alfonso X o Sabio, a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a Celso Emilio Ferreiro.

Calvo Varela, Raúl, “Valle-Inclán: un genio que no fue profeta en su tierra”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 329, “Lecturas”, 29 outubro 2006, p. 14.

O delegado en Galicia da Asociación de Artistas y Escritores Españoles, Raúl Calvo Varela, fai unha reflexión sobre a figura de Ramón María de Valle-Inclán.

Calvo, Tucho, “O ‘Sinbad’ de Cunqueiro preséntase en Marrocos na súa versión árabe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 16 febreiro 2006, p. 51.

Coméntase a presentación da versión árabe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro, no Salón Internacional da Edición e do Libro que se celebra en Casablanca. Di que no acto estiveron o editor en árabe, ademais de Carlos Lema, en representación de Galaxia; o escritor César Cunqueiro; a Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López; e mais os presidentes do PEN Clube marroquino e do galego. Engádesse que serán 2.000 os exemplares distribuídos por diversos puntos do mundo árabe.

Campal Fernández, José Manuel, “Bruxelas: 1.981”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 23 agosto 2006, p. 34.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de José Manuel Campal Fernández.

Campo, Marica, “De ‘Mulleres’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 abril 2006, p. 39.

Sección fixa que acolle nesta ocasión unha composición poética de Marica Campo.

Campo, Marica, “De ‘Abracadabras’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 novembro 2006, p. 38.

Acóllese un poema de Marica Campo.

Campo, Marica, “De ‘Abracadabras’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 decembro 2006, p. 38.

Reprodúcese unha composición poética de Marica Campo.

Canedo, M. C., “Las letras gallegas honran al que fue su padre en El Bierzo”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 29 outubro 2006, p. 12.

Detállase que a Escola Fermín Penzol homenaxeou ao poeta berciano Antonio Fernández Morales no cemiterio de Cacabelos onde tamén se reivindicou que a RAG lle terá que dedicar un Día das Letras Galegas a Fernández Morales, de quen dá a impresión que se coñece pouco en Galicia.

Canitrot Regueira, Lucía, “Escapando”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 19 agosto 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle relatos dos lectores, nesta ocasión asinado por Lucía Canitrot.

Canosa Lista, Eva, “Pedir perdón”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 8 agosto 2006, p. 42.

Sección fixa que acolle relatos dos lectores, nesta ocasión asinado por Eva Canosa Lista.

Carballa, Xan, “A literatura universal ausente dos institutos”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Cultura”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 24.

Dise que, malia contarmos con duascentas obras universais traducidas ao galego, nos centros nos que se ofrece como optativa a materia de Literatura Universal, escóllena apenas unha dúcia de alumnos. Baixo o epígrafe “Letras globais”, recóllese un extracto do texto escrito por Pilar García Negro en 2000 a propósito disto; nel afirmase que a Literatura Universal é “perfeitamente ensinábel desde o galego e desde a Literatura Galega”.

Carballa, Xan, “Villares entra na Academia reivindicando a continuidade galeguista”, *A Nosa Terra*, nº 1.246, “Cultura”, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 24.

Dise que Ramón Villares entra na Academia cun discurso sobre *Arredor de si* de Ramón Otero Pedrayo, no que afonda sobre a educación sentimental dun galeguista.

Carballa, Xan, “A forza da palabra, a Academia celebra o seu centenario”, *A Nosa Terra*, nº 1.248, “Cultura”, 14-20 decembro 2006, p. 24.

Sinálase que a Academia Galega celebrará os seus cen anos de vida cunha exposición na que xuntarán documentos fundacionais, pezas do seu fondo e dos arquivos de moitos que formaron parte da institución.

Carballedo, A., “El Instituto Cervantes pondrá el nombre de Cunqueiro a la biblioteca de Damasco”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 1 marzo 2006, p. 70.

Noticia do acto celebrado en Mondoñedo con motivo do vixésimo quinto aniversario da morte de Álvaro Cunqueiro. Recolle as palabras do Presidente da Xunta de Galicia, así como do responsábel do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, quen presentou a tradución ao árabe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (libro considerado por Pérez Touriño como símbolo de paz) e anunciou a próxima inauguración en Damasco dunha biblioteca que levará o nome do escritor.

Carballeira, Paula, “De ‘Contatrás’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 maio 2006, p. 48.

Acóllese un poema de Paula Carballeira.

Carlos, Helena de, “De ‘1999’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 xuño 2006, p. 40.

Publícase un poema de Helena de Carlos.

Carlos, Helena de, “1999”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 outubro 2006, p. 32.

Acóllese unha composición poética da autoría de Helena de Carlos.

Casa Grande, Ada, “Madura”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que acolle unha composición poética.

Casa Grande, Ada, “Dialectoloxía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 decembro 2006, p. 31.

Sección fixa na que se recolle un poema de Ada Casa Grande.

Casares, Ch., “Por Galicia con Cunqueiro como guía”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 16 agosto 2006, p. 36.

No artigo vemos recollidas unha serie de comentarios de distintas cidades de Galicia a partir da lectura do libro de Cunqueiro *Viajes y yantares por Galicia*. As cidades caracterizadas neste artigo son Lugo, Vigo, A Coruña ou Ourense e cada unha delas está retratada a partir dun trazo que as individualiza e as fai máis atractivas.

Cascallar, Marina, “Adican unha rúa en Boiro a Manuel María polo compromiso coa lingua”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 18 maio 2006, p. 21.

Dá conta do acto no que se realizou unha homenaxe póstuma ao poeta Manuel María, a quen se dedicou unha rúa en Boiro, e recolle diversas declaracións de Saleta Goi, a viúva do poeta, que lembrou a admiración do seu home por Castelao.

Castaño, Yolanda, “De ‘Elevar as pálpebras’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 xuño 2006, p. 40.

Composición poética de Yolanda Castaño.

Castelao, Elena, “Jaureguizar aterriza con ‘Trece por docena’ en Madrid”, *El Progreso*, “a la última”, 2006, p. 88.

Fálase da presentación en Madrid de *Trece por docena* (2005), libro de relatos publicado pola editorial Caballo de Troya, que contén un traballo de Santiago Jaureguizar. Sinálase que este libro inclúe relatos en galego, euskera, catalán, asturiano e castelán, e que a iniciativa partiu do director da editorial, Constantino Bértolo.

Castelao, Elena, “Jaureguizar abriu el Santo Tomás en el IES ‘A Pinguela’”, *El Progreso*, “A la última”, 2006.

Entre outras cuestións non relacionadas coa literatura, menciónase a conferencia do escritor Santiago Jaureguizar na apertura dos actos de celebración do Santo Tomás de Aquino no IES “A Pinguela”, de Lugo, que tivo como título: “Periodismo, conto e literatura”.

Castelao, Elena, “Presentación de un poemario en Chantada”, *El Progreso*, “A la última”, 2006, p. 109.

Entre outras cuestións non relacionadas coa literatura, coméntase que o colaborador de El Progreso Ramón Rodríguez Porto presentou no círculo recreativo de Chantada a obra *Dez poemas a Lisboa*.

Castelao, Elena, “Villares toma hoy posesión como presidente del CCG”, *El Progreso*, “A la última”, 4 maio 2006, p. 96.

Entre outras moitas cuestións non relacionadas coa literatura, anúnciase o acto de toma de posesión de Ramón Villares como Presidente do Consello da Cultura Galega, no que participará o Presidente da Xunta de Galicia.

Castelao, Elena, “Xabier Docampo habló de literatura de Fingoi”, *El Progreso*, “A la última”, 31 maio 2006, p. 79.

Menciónase que Xavier do Campo falou de literatura cos alumnos de Secundaria do colexio Fingoi de Lugo.

Castelao, Elena, “Carlos Reigosa presenta el nuevo libro de Alcalá”, *El Progreso*, “A la última”, 12 decembro 2006, p. 12.

Noticia da presentación de *Entre fronteiras* (2004), primeira parte do proxecto narrativo de Xavier Alcalá baseado na represión das comunidades evanxélicas.

Castro Quintas, Águeda, “A vida e a morte”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2006, p. 36.

Acóllese un relato de Águeda Castro Quintas, como é habitual nesta sección que reproduce relatos enviados polos lectores.

Castro, Rosalía de, “De ‘Poesía Galega Completa’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 febreiro 2006, p. 40.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro.

Castro, Rosalía de, “De ‘Poesía Galega Completa’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 febreiro 2006, p. 40.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro.

Castro, Rosalía de, “Follas Novas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 maio 2006, p. 40.

Poema de Rosalía de Castro.

Castro, Rosalía de, “De ‘Poesía Galega Completa II’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 decembro 2006, p. 37.

Recóllese un poema de Rosalía de Castro.

Castro, Víctor, “De amor e vida’, un libro de poemas de Jane Danko”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/Área metropolitana”, 3 decembro 2006, p. 16.

Refírese á presentación na Galería CIEC de Betanzos do poemario bilingüe inglés-galego de Jane Danko, autora texana e cedeirense de adopción, titulado *De amor e de vida* e realizado pola Editorial Sociedad de Cultura “Valle Inclán”. Dise que sae na colección “Soláster” e que a tradución dos poemas corresponde a Vicente Araguas. Por último, destácase que as ilustracións da obra foron feitas pola autora con técnicas variadas e que saen vinte exemplares numerados cada un con vinte e un poemas e vinte e un gravados orixinais.

C.B., “Analizan en Padrón la relación entre la literatura y las nuevas tecnologías”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 maio 2006, p. 36.

Faise eco do faladoiro sobre Literatura e Internet “As palabras na rede”, que terá lugar dentro do programa Diálogos na Casa de Rosalía, dirixido pola poeta Ana María Blanco. Ademais de indicar o lugar do encontro e a hora, remata referíndose aos participantes, Anxos Sumai e Camilo Franco.

C.B., “Padrón réndelles homenaxe ao soneto e ós seus impulsores”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 xuño 2006, p. 34.

Infórmase sobre o acto organizado na Casa Museo Rosalía de Castro, na Matanza (Padrón), para conmemorar o Día Mundial da Poesía. Con el quíxose homenaxear o soneto, xénero

italiano que tivo e ten unha presenza importante nas nosas letras, como demostraron os textos lidos durante a celebración. Destácase tamén a referencia feita por Xesús Alonso Montero á importancia da revista *Soneto Neo-latino*, fundada en 1929 para impulsar esta forma literaria.

C.B., “El mundo de la cultura secunda el acto en memoria de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 xullo 2006, p. 21.

Dáse conta da celebración en Padrón dun acto de homenaxe a Rosalía de Castro ao que asistiron numerosos representantes da cultura galega. Sinálase a presentación, a cargo de Xesús Alonso Montero, da obra *Rosalía de Castro na Academia Galega*, que é unha recompilación dos discursos dos académicos da RAG que nomean a poeta. Por último, menciónase que Helena Villar Janeiro entregou os premios pedagóxicos a rapaces de colexios polos seus traballos sobre Rosalía.

Cebreiro, María do, “De ‘O estadio do espello’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 maio 2006, p. 40.

Poema de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, “De ‘O estadio do espello’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 agosto 2006, p. 36.

Acóllese unha composición poética de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, “De ‘Os hemisferios’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 novembro 2006, p. 38.

Poema de María do Cebreiro.

Celeiro, Lois, “Costa Clavell, outro amigo que se foi”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 maio 2006, p. 45.

Semblanza íntima do xornalista e escritor Xavier Costa Clavell (Chantada, 1923) o día despois do seu finamento. Recórrese a súa personalidade, a súa vida, a súa relación con Galicia e a súa vontade de difundir a diversa cultura galega. Defínese como “unha alma faladora, boa conversadora”, como “un home dos de antes, pero cunha clara visión do futuro”, que “cultivaba xéneros distintos”, e que “afondou en temas gastronómicos, escribiu novelas, relatos curtos, fixo poesía e guiou a medio mundo por países distintos, a través da Editorial Escudo de Ouro”.

C.D., “Cervantes se culturiza”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xullo 2006, p. 29.

Comenta a próxima apertura da Librería Couceiro na Praza de Cervantes, en Santiago de Compostela, nun edificio de catro plantas, unha para conferencias e outra para mostras bibliográficas.

C.F., “Os editores piden que os libros da Xunta se distribúan en bibliotecas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2006, p. 47.

Faise eco das declaracións de Miguel Anxo Fernán Vello, presidente da Asociación de Editores Galegos, e do editor Manuel Bragado, quen realizan á Xunta de Galicia o pedimento de que os libros publicados pola institución se distribúan nas bibliotecas, lugares que consideran un bo destino para o *stock*.

C.F., “Un impedimento administrativo obriga a Cuña a abandonar o CDG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 10 marzo 2006, p. 52.

Dá conta da dimisión de Ánxeles Cuña, a nova directora do Centro Dramático Galego, tras escasos meses á fronte da compañía institucional. Dise que a Consellaría de Cultura non pode garantirlle a praza de docente que a directora tiña en Ourense, motivo polo que abandona. Recolle tamén as palabras de Luís Bará, quen afirmou que “a situación da anterior directora era ilegal”.

C.F., “Cultura propondrá un cambio legal para garantir o retorno dos cargos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 marzo 2006, p. 53.

Recolle as declaracións da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, tras a dimisión da directora do Centro Dramático Galego, Ánxeles Cuña. Aquela mostrou o seu pesar pola marcha desta e asegurou que existe acordo entre os grupos políticos para a revisión do regulamento, de maneira que se eviten situacións como a que forzou a dimisión de Cuña.

C.F., “Cultura nomea a Cristina Domínguez Dapena nova directora do CDG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 18 marzo 2006, p. 46.

Faise eco do nomeamento da profesora da Escola de Arte Dramática de Galicia Cristina Domínguez como nova directora do Centro Dramático Galego. Comenta as declaracións da Conselleira de Cultura sobre a profesionalidade de Domínguez e destaca, aludindo á marcha de Ánxeles Cuña, que á nova directora se lle permitirá compatibilizar o cargo coa docencia.

C.F., “Escritores jóvenes admiten su dificultad para aproximarse a la obra de Cortázar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 outubro 2006, p. 44.

Infórmase sobre a primeira das mesas redondas do *Outono Cortázar*, na que diversos autores tentaron analizar a obra do escritor arxentino. Julio Ortega subliñou o tratamento fantástico da obra de Cortázar e pasou a tratar a novela *Rayuela*. A continuación, inclúense verbas do escritor arxentino Rodrigo Fresán e de Inma Turbau. Por último, achégasenos o parecer de Germán Sierra, quen opina que *Rayuela* non envelleceu nunca.

C.F., “Julio Cortázar mantivo unha relación ‘constante’ con Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 setembro 2006, p. 46.

Comeza cunhas palabras que pronunciou Aurora Bernárdez, primeira dona de Julio Cortázar, na presentación en Compostela de *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez. Un (re)encuentro con Galicia*, que recolle a relación do matrimonio con Galicia. Sinala que moitas das imaxes que aparecen na obra están expostas en “Ler imaxes. O arquivo fotográfico de Julio Cortázar”, que recolle o legado fotográfico e fílmico de Cortázar que foi doado a Galicia. Destaca tamén a figura do editor Francisco Porrúa, que levou ao prelo unha gran parte da obra do escritor. Tamén se citan diversos intelectuais cos que tivo relación como Rafael Dieste, Luís Seoane ou Arturo Cuadrado, por exemplo.

C.G., “Fervenza presenta mañana los poemas estradenses de Xoán Fernández Abella”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 xaneiro 2006, p. 36.

Dáse conta da presentación da colección de poesía de Xoán Fernández Abella, *Poemas estradenses e catorce poemas máis*, na que intervirán o propio escritor, Baldomero Iglesias, autor do prólogo, e Xosé Luna, director de Fervenza.

C.G., “Los personajes femeninos de las obras de Rosalía, a estudio en Padrón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 xaneiro 2006, p. 34.

Anuncio breve da próxima xornada dos “Diálogos na Casa de Rosalía”, na que participarán Helena Villar Janeiro e Carme Blanco. Dise que o faladoiro, de carácter aberto, levará por título: “A Xustiza pola man. As mulleres de Rosalía” e terá lugar na casa museo da escritora, en Padrón.

C.G., “A Academia protagoniza o 121 cabodano de Rosalía de Castro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xullo 2006, p. 33.

Faise mención da presentación dun libro na Casa Museo de Rosalía de Castro con motivo do 121 cabodano da poeta. O libro consiste nunha recompilación de discursos da RAG nos cales se alude á escritora de Padrón.

Chaves, C. / Taboada, E., “Barcelona rende homenaxe á faceta de editor de Isaac Díaz Pardo e á súa vinculación coa cidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 decembro 2006, p. 44.

Breve noticia da celebración dunha homenaxe a Isaac Díaz Pardo no Centro Galego das Ramblas.

Cibeira, Ana María, “Afogo de placer”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xaneiro 2006, p. 36.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Ana María Cibeira.

Cibeira, Ana María, “Afogo de pracer”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xaneiro 2006, p. 36.

Nesta sección fixa recóllese un poema de Ana María Cibeira.

Cid Conde, Félix, “O home do saco”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 10 agosto 2006, p. 42.

Nesta sección acóllese un relato de Félix Cid Conde.

Cid Fernández, Alba, “Para ti”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2006, p. 38.

Sección que acolle relatos escritos polos lectores, nesta ocasión asinado por Alba Cid Fernández.

Cid Neira, Xulio, “De ‘Gasumelo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xulio Cid.

Cid Neira, Xulio, “De ‘Gasumelo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 febreiro 2006, p. 40.

Reprodúcese unha composición poética de Xulio Cid.

Cid Neira, Xulio, “De ‘Gasumelo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 febreiro 2006, p. 48.

Reprodución dun poema de Xulio Cid.

Cid Neira, Xulio, “De ‘Gasumelo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 marzo 2006, p. 36.

Publicación dun poema de Xulio Cid.

Cid Neira, Xulio, “De: ‘Gasumelo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 agosto 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Xulio Cid.

Clavijo, Pepy, “La tertulia”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 298, “Reportaxe”, 19 marzo 2006, p. 10.

Breve reportaxe no que se ofrecen unhas notas biográficas sobre seis persoeiros galegos, entre os que se encontran os escritores Ramón Cabanillas, Carlos Casares, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Valentín Paz Andrade, ademais do músico Manuel Quiroga e de Alexandre Bóveda.

C. López, Paulo, “Unha homenaxe a Novoneyra pechou o Festival Internacional de Poesía de Betanzos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 agosto 2006, p. 41.

Neste artigo dáse a noticia da clausura do Festival Internacional da Poesía de Betanzos coa actuación de Amancio Prada e a homenaxe poética a Novoneyra. Hai declaracións dos participantes como Fernán-Vello quen cualifica este evento como exitoso e anuncia a necesidade de continuidade para dar consagración ó Festival.

Clube nacionalista Alén Nós/Clube ‘Alén Nós’, “No 150 aniversario do Banquete de Conxo”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 2 marzo 2006, p. 64/37.

Lémbrese a celebración do “Banquete de Conxo”, que tivo lugar o 2 de marzo de 1856 nunha carballeira do antigo municipio limítrofe de Santiago de Compostela. Coméntase que nel participaron Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Luis Rodríguez Seoane, entre outros. Afírmase que en Galicia houbo partidarios da democracia dende moi cedo.

C.M., “República de las letras’ se presenta en Sargadelos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 27 setembro 2006, p. 76.

Infórmase da presentación da asociación cultural República de las Letras en Pontevedra. Dáse conta do organigrama e cítanse os fins que se marca o grupo cultural, o desenvolvemento, promoción e fomento da cultura, a realización de actividades culturais e o perfeccionamento no ámbito para todos os interesados.

Coco, Emilio, “A sorpresa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 outubro 2006, p. 32.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición de Emilio Coco.

Correa, A., “Os espectáculos da Rede Galega de Teatros terán un prezo mínimo”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 10 outubro 2006, p. 79.

Infórmase do establecemento dun prezo mínimo para asistir aos espectáculos da Rede Galega de Teatros, cuxa contía se achegará como mínimo aos 2,50 euros. A medida foi aprobada logo de comprobar por primeira vez o perfil do espectador. Tamén se anuncian futuras medidas de promoción.

Correa, A., “A editorial Ézaro vai exportar ‘Entre fronteiras’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 decembro 2006, p. 32.

Sínálase que a editorial Ézaro exportará o primeiro volume da triloxía de Xabier Alcalá *Entre fronteiras* (2004).

Correa, Anxa, “Outono Cortázar’ convierte Galicia en un foco de estudio del escritor”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 27 setembro 2006, p. 79.

Trátase a presentación de “Outono Cortázar” a cargo de Fernando Salgado e Teresa Porto. Destácase o legado fílmico e fotográfico doado pola esposa do escritor e anúncianse as actividades deseñadas para o programa. Infórmase sobre a primeira das exposicións e cítanse os materiais que se poderán contemplar en Compostela por vez primeira. Finalízase anunciando a presentación dun libro sobre o arxentino. Inclúese un despece no que se recollen as mostras que se exporán.

Correa, Anxa, “Os editores estudan sumarse ao proxecto Dilve”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 novembro 2006, p. 33.

Sínálase que a Asociación Galega de Editores (AGE) considera moi positiva a acollida que está tendo entre o sector o Dilve, unha nova ferramenta para compartir información bibliográfica en liña.

Correa, Anxa, “Cortázar en Galicia”, *El Progreso/Diario de Pontevedra*, “Nova+ / “Vivir”, 10 novembro 2006, pp. 56-57.

Dá noticia da exposición “Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Julio Cortázar”, que se puido visitar en Santiago de Compostela no outono. Logo de ofrecer un breve percorrido pola mostra, salienta a relación do autor cos emigrantes e exiliados galegos en Bos Aires e París. Comenta a publicación dos seus escritos en el *Correo Literario* e a súa participación na revista *Cabalgata*. Remata comentando a súa amizade con Luís Seoane e dando conta das distintas viaxes que o escritor fixo a Galicia.

Correa, Anxa, “Sen visión a medio prazo no teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 novembro 2006, p. 43.

Dá conta das II Xornadas de Cidadanía e Teatro en Santiago de Compostela. O presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos da Escena de Galicia, Cándido Pazó, critica a escasa participación do gremio nas diferentes actividades.

Correa, Anxa, “Cen anos de Academia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 novembro 2006, p. 34.

Xosé Ramón Barreiro, Presidente da Real Academia Galega, valora a andaina da institución nos cen anos do seu nacemento.

Correa, Anxa/AGN, “Manguel dice que las imágenes de Cortázar son ‘extensión de su obra’”, *El Progreso*, “Cultura”, 11 outubro 2006, p. 89.

Co gallo do ciclo “Outono Cortázar” que se está a celebrar en Santiago de Compostela, informa da celebración dun ciclo de conferencias arredor deste autor, na que participa o escritor arxentino Alberto Manguel. Na súa análise da exposición fotográfica “Ler imaxes” este autor interpreta as imaxes expostas como unha “extensión dos textos de Cortázar”. Dá conta ademais do próximo encontro que se celebrará arredor da figura de Cortázar: “Saber mirar. Julio Cortázar: la educación de la mirada”.

Correa, Anxa/AGN, “Ideas compartidas”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 23 outubro 2006, p. 57.

Dise que Creative Commons se apunta a un novo modelo de licenza na que varios creadores galegos comparten a súas ideas en campos que van desde a literatura pasando pola música, a pintura o vídeo ou a informática. O seu obxectivo é “eliminar as restricións actuais e promover a creatividade de xeito sinxelo”.

Correa, Anxa/AGN, “Marta Rivera: ‘La mejor literatura gallega se escribe en castellano’”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 15 novembro 2006, p. 79.

Anúnciase que a escritora Marta Rivera de la Cruz presentou en Santiago de Compostela *En tiempo de prodigios*, novela en castelán finalista do premio “Planeta” e recóllense declaracións como a que encabeza a noticia.

Correa, Anxa/AGN, “Villares di ó entrar na RAG que ‘Nós’ ‘homologou’ a Galicia en Europa”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 25 novembro 2006, p. 85.

Anúnciase que Ramón Villares pasa a formar parte como membro numerario da Real Academia Galega. Dise que seu discurso de ingreso centrouse na obra de Otero Pedrayo *Arredor de si*.

Costa Diehl, Alexandre, “O pirata Bieito Fogata”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 17 agosto 2006, p. 34.

Publícase un relato de Alexandre Costa Diehl nesta sección de “Relatos de verán”.

Couceiro, Emma, “De ‘(Cito)’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 novembro 2006, p. 46.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Enma Couceiro.

Couto Lorenzo, Luís, “Princesas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 9 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión asinado por Luís Couto Lorenzo.

C.P., “Unha asociación de compañías buscará saídas a problemas como a atomización do sector teatral”, *La Región/Atlántico Diario*, “Cultura”, 18 xaneiro 2006, p. 47.

Infórmase da unión de vintedúas compañías de teatro nun só grupo para a defensa do teatro galego e a mellora da súa situación. O nome da nova asociación que aínda está a legalizar os estatutos é Escena Galega.

C.P., “A Rede de Teatros vaise reformular para consolidar compañías estables”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 28 xaneiro 2006, p. 49.

Noticia da reformulación da Rede Galega de Teatros e Auditorios, que contará coa constitución dunha Comisión Técnica por parte do IGAEM. Dise que neste circuíto participarán até xuño setenta e unha formacións profesionais e que se ofrecerán 399 funcións, 368 delas de carácter teatral.

C.P., “As traducións ao galego son un éxito de vendas na Feira do Libro”, 3 maio 2006, p. 10.

Menciona a presentación da novela *Esta historia*, de Xosé Monteagudo, na Feira do Libro de Santiago de Compostela. Ademais, baséase nos comentarios dos libeiros Couceiro e Pedreira para constatar que as traducións ao galego tiveron un grande éxito na Feira: *Brooklyn Follies*, de Paul Auster; *Cruceiro de verán*, de Truman Capote; *O bosque dos raposos aforcados*, de Arto Paasilinna; e *Xuntos e máis nada*, de Anna Gavalda, son as obras mencionadas.

C.P., “Ramón Villares, académico da man de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Al Día”, 25 novembro 2006, p. 2.

Dise que o historiador e presidente de Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, elixiu o paraninfo da Universidade para a lectura do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

C.P., “O Pen Clube reúne a 56 escritores para falar de modelos e perfís”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 decembro 2006, p. 53.

Sinálase que primeiro Encontro Internacional de Escritores organizado polo PEN Clube Galego reúne en Santiago de Compostela a máis de 56 autores, a maioría iberoamericanos. Analizaranse os novos modelos e perfís dos escritores e lectores na sociedade mediática.

Creus, Estevo, “De ‘Areados’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 maio 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Estevo Creus.

Cruz, José, “Anxo Rei cántalle a Antón Tovar”, *La Región*, “Cultura”, 10 febreiro 2006, p. 67.

Coméntase o resultado do disco no que Anxo Rei pon música a diversas composicións do poeta Antón Tovar.

Cuiña, S., “Carta a los Reyes Magos”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “De compras”, 24 decembro 2006, pp. 12-13.

Unha serie de persoas ligadas ao panorama cultural político e deportivo de Galicia contan en primeira persoa os agasallos que queren recibir no Nadal. Ente eles están Manolo Rivas, Borja Oubiña, Morris, Luísa Castro e Luis Tosar.

Cunarro Otero, Xela, “Escritoras pioneiras”, *A Nosa Terra*, nº 1.232, “Cultura”, 20-26 agosto 2006, p. 24.

Dise que a colección “As letras das mulleres”, coeditada por Sotelo Blanco e o Servizo Galego de Igualdade, edita tres novos volumes dedicados a Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán.

Cunqueiro, Álvaro, “Luces en la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 295, “Reportaje”, 26 febreiro 2006, p. 4.

Reprodúcese un artigo de Álvaro Cunqueiro que foi publicado no diario *El Progreso* na década dos 50, con motivo do seu cabodano, nun desgaxábel do suplemento.

Cunqueiro, Álvaro, “Cantiga nova que se chama Riveira”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xuño 2006, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Álvaro Cunqueiro.

Cunqueiro, Álvaro, “De ‘Cantiga nova que se chama Riveira’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xullo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Álvaro Cunqueiro.

C.V., “Los gallegos gastaron el pasado año 4 millones menos en espectáculos que en 2004”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 13 xullo 2006, p. 38.

No artigo están presentados os datos referentes á participación dos galegos nas actividades culturais. Segundo o SGAE hai unha perda de espectadores neste ano, un menor número de ofertas culturais e isto supón unha máis baixa recadación respecto do ano 2004. O artigo analiza por actividades culturais o número de espectadores e espectáculos realizados. Tamén se establece no artigo unha comparación entre a participación dos españois e dos galegos e este cotexo serve para observar a escasa asistencia dos galegos ás actividades culturais.

Dacosta, Henrique, “Libro e realidade actual”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 374, “Enfiando”, 30 abril 2006, p. 23.

Texto íntegro do pregón que Henrique Dacosta deu dentro dos actos do Día do Libro en Pontedeume. Realiza un percorrido polas diferentes formas de expresarse por escrito que tivo o ser humano dende a época das cavernas até a actualidade. Afirmo que unha cultura pode seguir viva sendo ágrafa e achega diversos exemplos. Tamén sinala que un idioma representa unha cultura e que esta terá unha mellor calidade na medida na que saiba adaptarse aos novos soportes do saber.

Dacosta, Marta, “De ‘As amantes de Hamlet’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 febreiro 2006, p. 40.

Reproducción dun poema de Marta Dacosta.

Dacosta, Marta, “De ‘As amantes de Hamlet’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 marzo 2006, p. 48.

Sección fixa que acolle nesta ocasión unha composición poética de Marta Dacosta.

Dacosta, Marta, “De ‘As amantes de Hamlet’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 marzo 2006, p. 40.

Reprodúcese baixo este epígrafe un poema de Marta Dacosta.

Darriba, Lucía, “Os dedos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 xaneiro 2006, p. 36.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Lucía Darriba.

D. C., “Homenaje a un feminista”, *El Progreso*, “Comarcas”, 14 marzo 2006, p. 12.

Dáse conta do recoñecemento do apoio de Isaac Díaz Pardo á integración laboral das mulleres pola parte do Conselleiro de Traballo e o cadro de persoal de Sargadelos co motivo do Día da Muller Traballadora e recóllense as palabras da presidenta do comité de empresa, Roxelia Mariña, e o artista respecto da importancia da empresa no galeguismo. Saliéntase a firma dun acordo entre a empresa de cerámica e a Consellaría para o desenvolvemento de actividades formativas en prol da inserción laboral das mulleres

De la Torre, P., “El universo de Julio Cortázar”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 setembro 2006, p. 29.

Co gallo da inminente presentación do “Outono Cortázar”, infórmase sobre as exposicións e actividades que achegarán a figura do escritor arxentino aos galegos. Cítanse os temas que abordará a mostra e faise fincapé no ciclo de cinema inspiradas na obra do autor. Tamén achega os datos principais sobre as xornadas de reflexión e debate. Inclúese un programa de actividades coas datas máis destacadas.

D. Fernández, Sonia, “A Asociación Artábria adica o seu festival á lingua galega”, *Diario de Ferrol*, “Gente”, 27 xullo 2006, p. 12.

Sinala que a Asociación Artábria celebra a sexta edición do Festival da Terra e da Língua en Narón realizando varias actividades durante unha semana. Ábrense os actos cun manifesto que explica o motivo polo cal este ano o festival está centrado na lingua e na historia propia. Continúase a cita cun programa moi variado que inclúe unha representación teatral, un concurso-concerto, a exposición “A historia da nosa lingua”, xogos populares, un campionato de fútbolín, un debate sobre o futuro da lingua e un recital de poesía.

Díaz Castro, Xosé María, “A noite é necesaria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 febreiro 2006, p. 40.

Poema de Xosé María Díaz Castro que aparece nesta sección fixa.

Díaz, Ignacio R., “El aula literaria del campus traerá a la ciudad parte de sus actividades”, *El Progreso*, “Lugo”, 5 decembro 2006, p. 8.

Infórmase sobre o novo programa de actividades da Aula Literaria para o curso presente. Coméntase que haberá cinco conferencias: a primeira correrá a cargo do director de cine Raúl Veiga baixo o título “Literatura y cine: una perspectiva gallega”, as seguintes versarán sobre a literatura rusa, o celtismo literario, a poesía mística oriental e a literatura como liberdade. De seguido, tamén se anuncia a celebración de catro talleres monográficos sobre creación literaria tanto de poesía, como narrativa, ensaio e teatro. Os talleres estarán coordinados por Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, José Luis Ageitos, Elena Pallarés e Ángeles Cuña.

Diéguez, Lois, “Isaac en Quintela”, *A Nosa Terra*, nº 1213, “Galiza”, 2006, 2-8 marzo 2006, p. 15.

Faise eco do pasamento de don Isaac Rielo Carballo a través dunha breve bio-bibliografía. Reivíndicase a súa figura e faise un chamamento ao recollemento e publicación tanto da súa obra como da de outros artistas galegos.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, “De ‘As horas Luminosas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 marzo 2006, p. 40.

Composición poética de Xoán Carlos Domínguez.

Domínguez Rey, Antonio, “De ‘O segredo do monte’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 xaneiro 2006, p. 40.

Reprodúcese unha composición poética de Antonio Domínguez Rey.

Domínguez Rey, Antonio, “O segredo do monte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xullo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Antonio Domínguez Rey.

Domínguez Rey, Antonio, “O segredo do monte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 agosto 2006, p. 32.

Acóllese un poema de Antonio Domínguez Rey.

Domínguez Rey, Antonio, “De ‘O segredo do monte’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 setembro 2006, p. 40.

Composición poética de Antonio Domínguez Rey.

Domínguez Rey, Antonio, “Vagalume”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 setembro 2006, p. 36.

Sección fixa que acolle unha composición poética de Antonio Domínguez Rey.

Domínguez Rey, Antonio, “A vida non é nosa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 outubro 2006, p. 48.

Poema de Antonio Domínguez Rey que aparece publicado nesta sección fixa.

Domínguez Toxo, Xaime, “Viaxes”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2006, p. 34.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Xaime Domínguez Toxo.

Domínguez, Fernando, “La novela gallega se abre camino”, *La Región*, “Especial Nadal”, 24 decembro 2006, p. 84.

Dise que moitas obras da literatura galega se presentarán durante o Nadal. A crítica reconece a calidade destas obras.

Dopico, Montse, “Moito máis ca tendas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xullo 2006, p. 33.

Neste artigo dáse a noticia da existencia de librerías que funcionan como centros que impulsan o contacto cos libros ó mesmo tempo que animan á lectura. Para conseguir estes obxectivos as librerías propoñen distintas actividades como os recitais, faladoiros sobre literatura entre outras. Todas estas actividades fan destes espazos lugares abertos para o deleite a partir da lectura.

Dopico, Montse, “As editoriais pequenas, alicerce da pluralidade cultural galega”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 agosto 2006, p. 77.

Di que as pequenas empresas editoriais manteñen un compromiso coa lingua e coa difusión dunha identidade propia. O desacougo e inconformismo dos seus creadores é o que compensa, ás veces, o feble beneficio económico. Moitos deses directivos enfróntanse cada día a unha cultura de ocio onde a literatura queda fóra, á falta de promoción e a un mercado reducido. Posíbeis solucións baralladas son a exportación e a fusión de empresas.

Dopico, Montse, “Cortázar no triángulo galego”, *Galicia Hoxe*, “Revista das Letras”, nº 640, 26 outubro 2006, pp. 1-4.

Recóllese un traballo de Montse do Pico dedicado á figura de Julio Cortázar e a súa relación con Galicia, con motivo da exposición “Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Julio Cortázar”, organizada polo Centro Galego das Artes da Imaxe e a Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia. Destaca a relación de Cortázar con moitos galegos da emigración, a publicación de *Bruja* en *Correo Literario* e a participación na revista *Cabalgata*, da que Varela era director. Refírese tamén ao estudo de Fernández Naval e reproduce verbas do autor que dan testemuña da súa impresión da paisaxe galega. Remata referíndose ao retrato dos galegos desde o ollar de Cortázar visto por Naval.

D.R.M., “La Xunta espera el permiso municipal para la nueva Escuela de Arte Dramático”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 setembro 2006, p. 18.

Dáse conta dos trámites da Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Educación, para a creación do novo centro que albergará a Escola de Arte Dramática de Vigo, que namentres se atopa na Escola de Imaxe e Son en Bouzas. Sinálase que a concreción do trámite depende da cesión dos terreos por parte do concello vigués.

Durán, José Antonio, “Arranca el centenario de Luis Taboada, el humorista más popular de su tiempo”, *La Región*, “Sociedad”, 28 febreiro 2006, p. 60.

Faise eco dos actos de celebración arredor da figura do humorista galego Luis Taboada facéndose unha breve recensión biográfica e profesional deste e recoméndase unha páxina web para un coñecemento máis detallado da súa figura.

E. A. R., “Las bibliopiscinas de Os Tilos y Luou ofrecen doscientos títulos para fomentar la lectura”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 12 xullo 2006, p. 8.

Sinálase que estas dúas bibliopiscinas dispoñen de 200 títulos moi variados que se xestionan a través dun carné provisional. Os animadores de tempo libre de que dispoñen das instalacións e organizan varias actividades de animación á lectura. A última das iniciativas foi levar un grupo de contacontos: Lusco e Fusco.

E.C.G., “Filoloxía homenaxea a Ramón Lorenzo con un libro sobre sus temas de estudio”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 10 marzo 2006, p.19.

Noticia de que foi presentado o libro *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos en homenaxe a Ramón Piñeiro* na Facultade de Filoloxía con motivo da xubilación do profesor.

EFE, “Cultura aumenta un 7.400 % os fondos para as bibliotecas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 marzo 2006, p. 39.

Faise eco das afirmacións da ministra de cultura Carmen Calvo dun aumento dos fondos bibliotecarios no Congreso Recóllense as súas palabras subliñando a importancia da parte do investimento asinada ás linguas cooficiais.

EFE, “Traducen ao castelán o teatro de Rivas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 maio 2006, p. 34.

Dise que a obra teatral de Rivas *O heroe* (2005) se presentará traducida o castelán. Sinálase que a dita obra é un símbolo “dunha ollada que sae da súa prisión”.

E.F., “O Maio Cultural remata cunha feira do libro na Casa da Cultura”, *La Voz de Galicia*, “Área Metropolitana”, 19 maio 2006, p. 11.

Dise que o Maio Cultural de Brión inclúe unha feria do libro e unha variada axenda cultural con actividades para todos os públicos.

E.F., “Cristina Pato y Mutenohi serán las grandes atracciones en verano”, *La Voz de Galicia*, “Fiestas de Santa Comba”, 30 xuño 2006, p. 11.

Faise unha minuciosa relación da programación cultural de verán deseñada pola Concellería de Cultura do Concello de Santa Comba. Saliéntanse o acto homenaxe ao poeta barcalés Xosé Manuel López Gómez *Ardeiro* no plano literario e no artístico as actuacións da gaitreira Cristina Pato e a banda de folk-pop Mutenrohi. Dáse conta do éxito acadado recentemente polo grupo de teatro do Centro Social da Terceira Idade do propio concello tanto en terras xalleiras como noutras localidades galegas.

E. F. P. & Asociados, “Entre palabras, libros y estatuas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/ Gente a diario”, 13 marzo 2006, p. 78.

Coméntanse iniciativas relacionadas coa promoción da literatura en castelán. Ademais, dise que o escritor Santiago Jaureguizar liberou a súa obra *Cabaret Voltaire* (2005) na Praza da Catedral de Mondoñedo, sumándose ao chamado “bookcrossing”.

E.G., “A Guarda celebró el Día da Muller con poesía de Tatiana Lobo y humor “, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/ Área Metropolitana”, 10 marzo 2006, p. 16.

Dá conta do acto conmemorativo do Día Internacional da Muller na Guarda, no que se recitou un poema de Tatiana Lobo. Ademais, dúas actrices, Isabel Risco e Mariam Bañobre, puxeron en escena unha representación titulada *As cincetas desclowntroladas*.

E.P., “El sector del libro en Galicia está atomizado en más de 30 editoriales”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 9 xaneiro 2006, p. 67.

Dáse conta do número de editoriais en Galicia, que na súa maioría basean a súa produción en textos en lingua galega, e sublíñase a súa dependencia do sector académico e a súa atomización en empresas de pequeno tamaño. Saliéntase aquelas editoriais nas que o seu nivel de produción acada termos semellantes ou próximos aos de editoriais nacionais e o descenso de facturación na comunidade no derradeiro exercicio. Recóllense as palabras, entre outros, do director da editorial Kalandraka, Xosé Ballesteros Rei, sinalando o pequeno do mercado e a dependencia das subvencións públicas, e do presidente da Asociación Galega de Editores salientando a importancia dun recoñecemento do seu labor pola Xunta de Galicia. Faise unha relación dos xéneros máis cultivados e o contraste no volume de vendas nos últimos anos.

E.P., “Política Lingüística vai apoiar o uso do galego na esfera social”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 11 xaneiro 2006, p. 67.

Faise eco da orde publicada polo Diario Oficial de Galicia na destina de subvencións a actividades de fomento do uso do galego sen ánimo de lucro e de futuras colaboracións en proxectos literarios da Consellaría de Educación e a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

E.P., “Proxectos literarios entre Educación e os escritores galegos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xaneiro 2006, p. 36.

Dáse conta do proxecto de futuras colaboracións en proxectos literarios entre a Consellaría de Educación e a Asociación de escritores en Lingua Galega e salientase a creación dun centro de documentación e diversos obradoiros de fundación literaria. Recóllense as palabras de satisfacción do presidente da asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias, subliñando a viabilidade do proxecto en entidades académicas.

E.P., “Un novo século de luz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 febreiro 2006, p. 35.

Noticia da celebración dos actos de conmemoración do centenario da Real Academia Galega. Reproduce as palabras de Xosé Ramón Barreiro e Ánxela Bugallo e sinala que foi presentado o primeiro número da colección “Letras da Academia”, a edición d’*Os Eoas* de Eduardo Pondal (2005).

E.P., “A Academia celebrará o seu centenario dando ao prelo dous dicionarios”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 3 febreiro 2006, p. 65.

Referencia ao primeiro dos actos do centenario da Real Academia Galega, que consistiu na presentación do número un da colección “Letras da Academia”, *Os Eoas*, de Eduardo Pondal. Sinálase que a presentación do volume, editado por Manuel Ferreiro e con estudos de Manuel Forcadela e Xosé Ramón Pena, contou coas intervencións de académicos como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xesús Alonso Montero.

E.P., “Editan a ‘Poesía escollida’ de Antón de Pepiño”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 febreiro 2006, p. 41.

Brevísima nota que anuncia a publicación da escolma *Obra escollida*, de Francisco Antonio Sánchez García, “Antón de Pepiño”. Dise que esta obra, publicada pola Obra Social Caixa Galicia e o Concello de Curtis, contén manuscritos inéditos atopados nun baúl deste académico de primeiros do século XX.

E.P., “Semana en Galicia’ en Mérida”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 marzo 2006, p. 40.

Faise eco da celebración da Semana de Galicia no Instituto de Educación Secundaria “Albarregas” en Mérida. Dáse breve conta do programa de actos desta.

E.P., “Jaureguizar ‘libera’ a obra da súa autoría ‘Cabaret Voltaire’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 marzo 2006, p. 37.

Faise eco da “liberalización” da obra *Cabaret Voltaire* (2005) por parte do seu autor, Santiago Jaureguizar, na Praza da Catedral de Mondoñedo. Saliéntase a intención do escritor de contribuír con este xesto ao fenómeno do “bookcrossing” e de seguir os resultados a través do seu blog. Ofrecense uns datos biográficos de Jaureguizar e sobre a súa produción literaria e o lugar que acada nela esta obra.

E.P., “La producción editorial gallega superó los dos mil títulos en 2005”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 18 marzo 2006, p. 66.

Faise eco das derradeiras estatísticas da produción editorial e salienta o aumento das edicións en galego no exercicio do 2005, a pesar de ser Galicia unha das comunidades con menor actividade no sector. Dáse conta das cifras por provincias e cidades.

E.P., “Un roteiro poético e teatral para lembrar o nacemento de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 18 marzo 2006, p. 66.

Faise eco da distinción acadada polo director do Centro Galego de Arte Contemporánea, Manuel Olveira, co seu proxecto de investigación “Processos Oberts”, e a súa próxima entrega na Fundación Miró pola entidade convocante Asociación Catalana de Críticos d’Art.

E.P., “En 2005 descendió la edición de libro gallego”, 24 marzo 2006, p. 66.

Dáse conta da relación de datos do Instituto Nacional de Estadística referentes á publicación de libros nas diferentes comunidades e subliñase un descenso do 17.6% respecto do exercicio anterior na comunidade galega, situada no sétimo posto no ránking oficial. Saliéntase o encabezamento por segundo ano consecutivo da cidade da Coruña en canto a número de títulos publicados.

E.P., “La Diputación apuesta por el mestizaje entre pintura y poesía”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 8 abril 2006, p. 15.

Faise eco da celebración no pazo de Mariñán do “II Encontro coa pintura e a poesía”. Recóllense as palabras do responsábel de Cultura Celestino Poza nas que se subliña a intención de colaborar e respaldar a labor dos artistas. Dáse conta do programa e dos nomes dos persoeiros asistentes. Por último, anúnciase a próxima inauguración, en colaboración coa Facultade de Belas Artes, dunha mostra das obras realizadas na primeira edición.

E.P., “Cultura vai distribuír nas casas rurais libros de autores literarios galegos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 9 abril 2006, p. 76.

Dáse conta da presentación en Sarria do programa “Palabra na solaina”, iniciativa da Consellaría de Cultura baseada na distribución de libros de diversos xéneros e autores literarios nas casas rurais. Saliéntase a intención de fomentar nese eido o coñecemento da cultura galega. Faise unha relación dos establecementos e entidades colaboradores e dos vindeiros lugares nos que terá lugar a entrega dos libros.

E.P., “Lugo cambia libros por pensamentos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 abril 2006, p. 38.

Dise que o Concello de Lugo pon en marcha o proxecto “Biblioteca de Babel”, que regalará un libro a cada lucense que previamente escriba un pensamento sobre os libros.

E.P., “Cultura celebra en Viveiro o Día do Libro cunha lectura pública”, “Hoy”, 23 abril 2006, p. 76.

Faise eco da celebración dunha lectura colectiva en homenaxe a Lois Tobío como inicio á Semana do Libro e da Lectura en Viveiro. Dáse conta dos actos e actividades programados e anúnciase a celebración desta semana noutros lugares como Pontedeume ou Ribadavia.

E.P., “Rosalía no punto de partida”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 maio 2006, p. 34.

Faise eco da intención da Consellaría de Cultura e Deporte de recuperar todos os referentes culturais femininos galegos ao longo do tempo. Recóllense as palabras da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, ante a Comisión da Igualdade; con elas salientou o labor recuperación e difusión da figura de Rosalía por parte da Consellaría. Faise eco das opinións verquidas polas deputadas de diferentes formacións políticas sobre estas medidas.

E.P., “Tréveris lembra a Lois Tobío no Día de Galicia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 maio 2006, p. 37.

Dise que cidade alemana de Tréveris organiza actividades para homenaxear o galeguista histórico e tradutor Lois Tobío.

E.P., “Por unha bibliografía teatral”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 25 maio 2006, p. 76.

Faise eco da decisión do Instituto Galego das Artes escénicas e Musicais de achegarlle aos departamentos das diferentes linguas na Universidade da Coruña unha subvención que lles posibilite a edición de sete novos títulos dentro das coleccións da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor. Recóllense as palabras da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo,

e o Reitor da Universidade, José María Barja Pérez, no intre do asinamento, no que ambos os dous subliñaron o interese desta colección polo labor de investigación e difusión da dramaturxia. Dáse conta da presentación dos dous derradeiros volumes da colección e dos III Diálogos Literarios de Mariñán, organizados pola fundación Carlos Casares coa colaboración da Deputación da Coruña e sinálase a súa coincidencia no tempo e no espazo co I Simposio Internacional de Escultura.

E.P., “Caixa Galicia respalda la labor de la Real Academia Galega”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 6 xuño 2006, p. 11.

Sinálase que a Fundación Caixa Galicia financiará o proxecto expositivo “Galicia, a forza da palabra”, que servirá para conmemorar o centenario da Real Academia Galega. Este proxecto inclúe catro exposicións: “A RAG como culminación do Rexurdimento”, “Lingua e literatura”, “A orixe dos apelidos” e unha homenaxe a Manuel Lugrís Freire. Destácase que a colaboración entre as dúas entidades se estenderá tamén á edición da revista *La Tribuna* e á celebración do simposio “Emilia Pardo Bazán: el periodismo”.

E.P., “O Igaem outórgalles 785 mil euros ás producións escénicas en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Hoy”, 8 agosto 2006, p. 68.

Afirma que o IGAEM concedeu axudas a 25 compañías profesionais galegas. O Consello Reitor deste órgano ratificou as contías concedidas a cada montaxe, ademais de resolver outras seis modalidades para a subvención: axudas á distribución, ás dotacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios, á programación de salas de teatro e artes escénicas e ao estudo e investigación. As axudas pretenden incidir no fomento e produción competitiva do sector cara á constitución dunha industria galega do teatro, a música e a danza.

E.P., “O concello de Ourense lembra a Lamas Carvajal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 setembro 2006, p. 38.

Refírese á homenaxe que o Concello de Ourense celebrou na memoria do escritor no centenario da súa morte, cunha ofrenda floral e unha placa conmemorativa.

E.P., “Cultura vai axudar con trinta e seis mil euros a Fundación Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 20 setembro 2006, p. 76.

Dá noticia da sinatura dun convenio entre a Consellaría de Cultura, cuxa titular é Ánxela Bugallo, e o director da Fundación Otero Pedrayo, Víctor Fernández Freixanes, polo cal se renova e aumenta a partida orzamentaria para as actividades que leva a cabo a asociación.

E.P., “Política Lingüística renova a súa colaboración coa docencia do galego”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 29 setembro 2006, p. 75.

Infórmase sobre o convenio asinado por Política Lingüística con dezaoito universidades do exterior para promover a lingua, a cultura e a literatura galega nos centros de Barcelona, Deusto, Madrid, Euskadi, Salamanca, dentro de España, e Baía, Varsovia, Minho, Sorbona, Padua, Heildeberg e Oxford, entre outras, fóra das fronteiras españolas.

E.P., “Touriño trasladará a Cultura o proxecto de Lei do Teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 outubro 2006, p. 46.

Faise eco da decisión de Touriño de presentar o proxecto da Lei de Teatro, elaborado pola Asociación de Directores da Escena de España (ADE), ante a Consellaría de Cultura, amosando, deste xeito, o compromiso do actual goberno co teatro galego. Deseguido, recolle as palabras de Juan Antonio Hormigón, secretario xeral da ADE, durante a súa intervención no XIII Congreso da ADE no Pazo de Mariñán. Salienta a necesidade de que o teatro sexa considerado un ben cultural e un servizo público.

E.P., “Los editores gallegos podrían sumarse a Dilve”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 novembro 2006, p. 75.

Ecplícase brevemente que os editores galegos están a estudar a súa incorporación á plataforma tecnolóxica Dilve para difundir os seus libros e catálogos.

E.P., “Falece Xosé Agrelo, escritor e director de Toxosoutos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 novembro 2006, p. 34.

Dáse conta do falecemento de Xosé Agrelo, escritor e director da Editorial Toxosoutos. Infórmase sobre o estado de saúde do noiés, sobre as causas da morte e sobre os actos funerarios. A continuación, faise un breve percorrido pola vida de Agrelo. Por último, inclúese o pesar da editora de Toxosoutos.

E.P., “A lingua e a cultura de Galicia, en Damasco da man de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 27 novembro 2006, p. 76.

Dise que a cidade siria de Damasco abre unha biblioteca chamada Álvaro Cunqueiro, situada na sede do Instituto Cervantes.

E.P., “O luns arrinca en Pontevedra a Semana da Lusofonía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 decembro 2006, p. 28.

Dise que a Biblioteca Pública de Pontevedra celebra a Semana da Lusofonía, un programa de actividades que se enmarcan na cuarta edición do festival Cantos na Maré.

E.P., “París acollerá a retrospectiva galega sobre Julio Cortázar”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 decembro 2006, p. 75.

Sinala que o legado fotográfico, documental e cinematográfico de Julio Cortázar será amosado na capital francesa. Todo este material foi cedido a Galicia pola viúva do autor Aurora Bernárdez.

E.P., “García-Bodaño homenaxeado el Día de la Poesía Gallega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 22 decembro 2006, p. 75.

Brevísima nota que anuncia que o Patronato da Cultura Galega de Montevideo dedicará este ano o Día da Poesía Galega a Salvador García-Bodaño. Dise que o acto terá lugar o 28 de decembro e nel pronunciarase unha conferencia sobre a vida e obra do autor, ademais dun recital dos seus poemas.

Escauriaza, Mercedes, “Aparece un feixe de cartas inéditas de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Al reverso del día”, 6 decembro 2006, p. 60.

Dáse noticia da aparición dun grupo de cartas inéditas de Castelao dirixidas ao seu irmán Rodolfo Prada.

Escobar, Óliver, “Anxiño”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 outubro 2006, p. 40.

Esta sección fixa acolle un poema de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, “Vésperas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 outubro 2006, p. 31.

Reprodúcese unha composición poética de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, “Apostasía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 decembro 2006, p. 46.

Sección fixa que acolle, nesta ocasión, unha composición poética de Óliver Escobar.

Escrigas, C., “Cabana réndelle tributo ó seu guía na viaxe á República das Letras”, “Hoy”, 23 abril 2006, p. 75.

Dáse conta do ingreso na Real Academia Galega do poeta chairego Darío Xoan Cabana. Saliéntase a súa dedicación discursiva a Manuel María e a xeración dos 50 e a multitudinaria asistencia á toma de posesión. Lémbrese o seu persoal posicionamento crítico en determinados intreos cara ao labor desenvolvido pola RAE, fronte ao compromiso actual de ser “o mais humilde obreiro” como membro desta. Faise unha breve relación das personalidades asistentes ao acto.

Españadero, Emilio, “Lembrando o poeta da Terra Cha”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, nº 605, “Feitizo de sons”, 21 maio 2006, p. 10.

A raíz da publicación da fotobiografía sonora de Manuel María na editora Ouvirmos, realízase esta entrevista con Xosé Manuel Aldea (un dos responsábeis da editorial), Mini e Mero (amigos do escritor da Terra Chá, ademais de músicos), Carlos Díaz (responsábel dos rexistros de voz de Manuel María e de boa parte do material fotográfico da obra) e Xurxo Souto (encargado da guía para a escoita do segundo dos discos incluídos na fotobiografía e amigo de Manuel María, ademais de músico, escritor e xefe de programación da Radio Galega).

Espinoso, S., “Una mirada a la cultura escrita”, “*Cultura*”, 22 abril 2006, p. 59.

Faise eco da presentación da mostra “Entre Liñas” na Biblioteca Central do Campus de Ourense. Sublíñase pola parte dos expositores a súa intención de promover unha reflexión crítica sobre a historia da cultura galega escrita a través dunha mirada ensaística. Faise unha relación dos elementos que compoñen a exposición e anunciase a materialización desta en dous libros e un folleto, así como a publicación divulgativa do comisario da exposición Pablo Sánchez.

Fabeiro Rey, Erea, “Choiva de morte”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 23 agosto 2006, p. 34.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores ao longo do mes de agosto, nesta ocasión da autoría de Erea Fabeiro Rey.

Fandiño, Luz, “Versos”, *Galicia Hoxe*, “*Maré*”, 7 marzo 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Luz Fandiño.

Fariña Cordo, Noelia, “Preso do pasado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Noelia Fariña Cordo.

Fariña Pedreira, Antonio, “O ceo que trae e leva”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2006, p. 44.

Publicación dun novo relato de verán, escrito nesta ocasión por Antonio Fariña Pedreira.

Fariña Ponte, María Ángeles, “O señor Cidre”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 5 agosto 2006, p. 42.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por María Ángeles Fariña Ponte.

Félix, M., “Más de 10.000 personas pasaron durante cuatro días por la muestra”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 25 abril 2006, p. 10.

Coméntase que a Feira do Libro de Ponferrada de 2006 tivo un balance positivo de vendas con máis de 10.000 visitantes e que entre as asociacións presentes estivo a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta.

Felpeto Babío, Vanesa, “Unha desas tardes”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por Vanesa Felpeto Babío.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Territorio da desaparición”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 febreiro 2006, p. 40.

Recóllese un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello nesta sección fixa.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “En ‘Territorio da desaparición’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 febreiro 2006, p. 40.

Esta sección fixa acolle un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “De ‘As certezas do clima’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 marzo 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Miguel Anxo Fernán Vello nesta sección fixa.

Fernán, Juan, “Nombre para un teatro”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 433, “Vivir en A Coruña”, 24 setembro 2006, p. 6.

Comeza facendo referencia á morte de María Casares para centrarse no pedimento do Ateneo Republicano de Galicia, ARGA, do cambio de nome do teatro Colón da Coruña polo nome da actriz galega. Tamén se fai alusión á mudanza da nomenclatura franquista na cidade

herculina. Por último, dáse conta do programa do ARGA, dos xurados e, en especial, da cita na que Isaac Díaz Pardo recollerá un premio pola defensa dos valores republicanos.

Fernán, Juan, “Treinta años de cultura”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 446, “Vivir en”, 24 decembro 2006, p. 6.

Noticia que sinala que o Teatro Rosalía de Castro acolleu a asociación cultural Alexandre Bóveda para a celebración do seu trinta aniversario con actuacións musicais e de teatro.

Fernán, Juan, “Isaac Díaz Pardo”, *El Ideal Gallego*, “Vivir en”, 31 decembro 2006, p. 6.

Di que o artista e intelectual Isaac Díaz Pardo será nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña.

Fernández, Ángela, “Música y literatura para recordar a los represaliados por el franquismo”, *El Ideal Gallego*, “a coruña”, 10 agosto 2006, p. 7.

Noticia de que un barco de vapor percorre a costa galega traendo música, arte e literatura en recordo das persoas que sufriron a represión franquista. A chegada da embarcación á cidade da Coruña vén acompañada de varios festexos e a lectura dun manifesto conmemorativo a cargo de Manuel Rivas. Dentro do Barco da Memoria hai varias actividades como unha exposición sobre “A represión dos homes e mulleres do mar”, unha mostra de Dionisio Pereira, “Os mártires do mar”, e mesas redondas como “A muller como vítima do franquismo”.

Fernández, Carlos, “Del Riego na ollada de Pulido”, *Diario de Pontevedra*, “A Contraportada”, 27 xaneiro 2006, p. 96.

Faise eco do acto sorpresa da entrega do retrato de Francisco Fernández del Riego, encargo da Academia Galega, por parte do seu autor, o pintor Antón Pulido. Recóllense as palabras do homenaxeado salientando a perfección do retrato e a súa honra polo lugar que vai a acadar entre os de outros membros da institución.

Fernández, Carlos, “Sobre o humor de Cervantes no Quixote”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 161, 20 maio 2006, p. 11.

Faise unha breve recensión crítica á publicación de Siro López *Sobre o humor de Cervantes no Quixote* (2005). Saliéntase a capacidade analítica do autor e as fontes das que bebe e analízase a figura da retranca no marco do ensaio e a opinión do autor sobre as intencións de Cervantes no seu uso.

Fernández, Carlos, “Incunables y descatalogados, a la feria de Vigo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 2 agosto 2006, p. 24.

Anuncia que os libros antigos, exemplares raros ou facsimilares teñen a súa oportunidade na Feira do Libro de Vigo, que este ano ofrece máis de 75.000 exemplares de títulos que dificilmente poderían ser encontrados noutro lugar. Os clásicos galegos tamén teñen o seu espazo propio, xa que se poden atopar volumes de autores editados nos séculos XVIII, XIX e principios do XX.

Fernández, Laura, “La Casa de Curros, visita obligada”, *La Región*, “Nadal Celanova”, 16 decembro 2006, p. 27.

Sinala que o Concello de Celanova elabora un programa con actividades para todas as idades de cara ao Nadal e que entre elas destaca un ciclo de cine clásico na Casa de Curros Enríquez.

Fernández, María, “Poesía para seguir soñando esperto”, *Diario de Arousa*, 16 febreiro 2006, p. 56.

Anúnciase que o 3 de marzo se editará *Na miña fiestra e outros poemas de andar pola casa*, de Juan Carballo e apúntanse algunhas das súas características como que será o primeiro libro en galego publicado pola editorial El Taller del Poeta ou que contará con ilustracións de Nuria Díaz “que contribúen a dar unidade ó poemario”.

Fernández, María Sara, “Portazo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 novembro 2006, p. 38.

Composición poética de María Sara Fernández.

Fernández, Xurxo, “Así es la Aurora”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 2 outubro 2006.

Entre outras informacións, informa de que Aurora Bernárdez, viúva de Julio Cortázar, asistiu á presentación da exposición “Ler Imaxes”, que recolle o legado fílmico e fotográfico do escritor, e da obra *Un (re)encuentro con Galicia*. Sinala que Bernárdez relatou, entre outras anécdotas, que realizara traducións de Nabokov ou Sartre.

Fernández, Xurxo, “La historia más negra de Galicia”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 13 outubro 2006, p. 72.

Coméntase o panfleto “Lo que han hecho en Galicia”, aparecido no París de 1937 da man de Luís Seoane. Di que nel escribiron moitos autores, como Castelao, Blanco Amor, Méndez Ferrín ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros. Anúnciase que acaba de ser publicado por Crítica.

Fernández Abella, Xoán Xosé, “Soneto solidario para Isaac Díaz Pardo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 xullo 2006.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Xoán Xosé Fernández Abella baixo o epígrafe de “Soneto solidario para Isaac Díaz Pardo”.

Fernández Rábade, Sonia, “O portugués”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 14 agosto 2006, p. 36.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por Sonia Fernández Rábade.

Ferreiro, Celso Emilio, “De ‘Antipoemas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 xuño 2006, p. 40.

Composición poética de Celso Emilio Ferreiro.

Ferreiro, Celso Emilio, “O lóxico”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 xuño 2006, p. 48.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Celso Emilio Ferreiro.

Ferreiro, Celso Emilio, “Ermo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xuño 2006, p. 48.

Publicación dun poema de Celso Emilio Ferreiro.

Ferreiro, Susana, “A Chuvia...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 decembro 2006, p. 46.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Susana Ferreiro.

Ferro, Patricia, “El nieto de Torrente Ballester, enamorado de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/cultura”, 23 febreiro 2006, p. 85.

Faise eco das declaracións do escritor Marcos Giralt Torrente no encontro literario de expresión ibérica Correntes d’Escritas, onde amosou a súa admiración por escritores galegos como Méndez Ferrín e a súa paixón por Galicia. Dáse conta da súa próxima obra, peche dunha triloxía nada convencional, segundo as súas propias palabras.

F.F., “Unha Grande Chea ultima los detalles del homenaje a Cabanillas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 5 decembro 2006, p. 12.

Dise que a asociación cultural e deportiva Unha Grande Chea organiza unha serie de actividades para celebrar unha homenaxe a Cabanillas.

Fidalgo, Carlos, “Treinta mil libros con solera”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 27 abril 2006, p. 10.

Co gallo da clausura da Feira do Libro de Ponferrada reproducécese o agradecemento da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta ao concello de Ponferrada pola súa aposta de integración da lingua galega na Feira do Libro, e tamén a gratitude ao público en xeral pola boa acollida que tivo o libro en lingua galega, que converteu a feira nun completo éxito, en palabras de Xarmenta.

Flores, Jesús, “Escritor galego: 1.500 euros ao ano”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 162, “O debate”, 27 maio 2006, pp. 8-9.

Dáse conta do debate a seis bandas entre diferentes escritores en lingua galega baseado na premisa de se se pode vivir exclusivamente ou non da literatura. Saliéntase a coincidencia na opinión de que, agás contadas excepcións, isto non é posíbel, e a reflexión autocrítica dos mesmos escritores.

Flores, Jesús, “A envexa arde nos blogs”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 168, “Actualidade”, 8 xullo 2006, p. 13.

O artigo fala dunha antiga polémica creada no xornal, blogs e foros de internet por unha entrevista a Diego Ameixeiras e Teresa Moure, recentes gañadores do premio Xerais, que opinaron sobre o presente e o futuro da lingua galega. A parte final do escrito está centrada nos blogs literarios de referencia: *Cabaret Voltaire* de Jaureguizar, *Brétemas* de Manuel Bragado e *Arroutanoticias*, este último un foro de actualidade.

Flowers, Margarito, “Días para pensar en tiempos sombríos”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 8 decembro 2006, p. 72.

Faise eco das Xornadas en torno á escritora xermana Hannah Arendt que tiveron lugar na facultade de Filoloxía baixo o título “Pensar en tempos sombríos”. Menciona que pola parte galega interviñeron a profesora e novelista Teresa Moure, a profesora María Xosé Agra e o escritor Jorge Álvarez.

Flowers, Margarito, “Carrilanos’: El Far West estaba aquí”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 17 febreiro 2006.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, infórmase da presentación do libro *Carrilanos* e máis dun DVD do xornalista Rafael Cid. O acto tivo lugar na locomotora 1808 Verderón, na estación de Renfe e participaron, ademais do autor, Manuel Bragado, Carlos

Abellán Ruiz, González Reboredo e Juan José Cebrián Franco. Por último, coméntase que o argumento da novela versa sobre a construción do tramo do ferrocarril entre Zamora e A Coruña.

Flowers, Margarito, “Arte”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 2 marzo 2006, p. 72.

Dise que o artista compostelán Rafael Romero Masiá fixo entrega ao Consello da Cultura Galega dun retrato de Filgueira Valverde. A institución encargou a outros pintores retratos dos persoeiros que gobernaron este organismo nos últimos tempos. A idea é ir construíndo unha galería de obras que chamen a atención.

Flowers, Margarito, “Teté bate récords y Tarrío reúne sabidurías”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 12 marzo 2006, p. 80.

Loa encarecidamente a Anxo Tarrío no seu labor como docente, na súa función no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e na prensa... e acaba por dar parte da última obra editada en Xerais da súa autoría: *A baloira. Cidadanías, literaturas, mundos* (2005). Di que se trata dunha colección de artigos que no seu día publicou en *El Correo Gallego* e que o prólogo ten referencias a Álvaro Cunqueiro e Augusto Monterroso.

Flowers, Margarito, “Sueños”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 13 abril 2006, p. 72.

Entre outras moitas cuestións non relacionadas coa literatura, inclúense uns versos de Alfredo Conde, pertencentes ao texto enterrado na colocación da primeira pedra da sede da Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) en Santiago de Compostela.

Fonte, Ramiro, “De Adeus Norte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 xaneiro 2006, p. 40.

Esta sección fixa acolle un poema de Ramiro Fonte.

Fonte, Ramiro, “De ‘Adeus Norte’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 febreiro 2006, p. 36.

Publicación dun poema de Ramiro Fonte.

Fonte, Ramiro, “Diario dun poeta cidadán”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 abril 2006, p. 48.

Publicación dun poema de Ramiro Fonte.

Fonte, Ramiro, “De ‘Adeus Norte’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 xullo 2006, p. 32.

Acóllese un poema de Ramiro Fonte.

Forcadela, Manuel, “De ‘Morte do fadista”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 abril 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Manuel Forcadela.

Formoso, Susana, “Radiografías’ de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 xaneiro 2006, p. 28.

Faise eco do premio acadado polos estudantes do Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela pola exposición arredor da figura da poetisa Rosalía de Castro nunha perspectiva multidisciplinar. Faise unha breve traxectoria do proxecto, dende os seus inicios até o resultado final e coméntanse as características, lugar e data da exposición. Recóllense as palabras da profesora de Artes Plásticas do centro, coas que se subliña o enriquecedor da experiencia e a satisfacción dos alumnos.

Fraga, Xesús, “A homenaxe aos mártires de Carral reivindica o seu galeguismo pioneiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 27 abril 2006, p. 53.

Dáse conta da homenaxe aos mártires de Carral na vila do mesmo nome, organizada polo Concello, a Real academia Galega e Consellaría de Cultura. Faise una breve recensión dos feitos históricos e unha relación dos actos conmemorativos e sublíñanse as palabras do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, nas que cualifica o pronunciamento como “nacemento do galeguismo como realidade histórica”. Saliéntase a presenza de varias personalidades e a espontaneidade da entoación do Himno Galego ao remate dos actos.

Fraga, Xesús, “A Academia revivirá os primeiros xogos florais en galego, de 1891”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 18 xuño 2006, p. 39.

Refírese, en primeiro lugar, á historia dos Xogos Florais de Tui, en 1891, e en segundo lugar anuncia a conmemoración da efeméride, que a Real Academia Galega realizará o 24 de xuño. Dise que os actos previstos contarán con interpretacións musicais e cunha intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín. Ademais, anuncia a homenaxe a Lugrís Freire, autor a quen se dedica o Día das Letras Galegas.

Fraga, Xesús, “A literatura galega renova o seu interese pola novela negra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 19 xuño 2006, p. 56.

Dáse conta da consolidación da novela negra como xénero na literatura galega. Faise unha relación de novos autores e sinálase a correspondencia entre diversidade de autores con diversidade de perspectivas. Recóllense as opinións de autores de novelas de recente publicación salientándose a tendencia cada vez máis frecuente a situar a trama argumental en Galicia.

Fraga, Xesús, “Nós soñabamos unha Galicia nova sobre todo nun sentido ético”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 166, 24 xuño 2006, p. 2-4.

Recóllese a conversa que Xesús Fraga mantivo con Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo, na que estas dúas figuras da cultura galega fan balance das súas vidas entregadas ao galeguismo e falan dos retos que lle agardan a Galicia. Dende os anos da República, recordan cómo se coñeceron, a relación de Fernández del Riego con Lois Tobío, a importancia do Seminario de Estudos Galegos para a cultura galega, a figura do periodista Portela Valladares e a publicación *El Pueblo Gallego*, a importancia de Luís Seoane nas súas vidas, a represión na época franquista e as esperanzas que trouxo a democracia. Tamén amosan a súa preocupación polo desinterese que se observa actualmente en relación coa cultura e o idioma galegos, e o desexo de que Galicia progrese pero sen esquecer as súas raíces. Xunto ás súas verbas, recóllense tamén dúas breves aproximacións ás vidas e obras destes autores.

Fraga, Xesús, “Os novos libros de Auster, Barnes e Amis sairán en galego no outono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 agosto 2006, p. 25.

Comentario sobre as traducións ao galego, no que se afirma que Galicia vive unha auténtica explosión de novidades editoriais procedentes doutras linguas, pois autores ingleses como Martin Amis e Julian Barnes, norteamericanos como John Updike e Paul Auster, alemáns como Sebald e Daniel Kehlmann, ademais do italiano Andrea Camilleri e o francés Michel Houellebecq, xa forman parte do outono literario galego. Para facilitar esta expansión literaria, Galaxia creou a Biblioteca Compostela de Novela Europea, onde tamén sairán publicados os títulos premiados.

Fraga, Xesús, “Recuperado o epistolario entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 agosto 2006, p. 26.

Informase da aparición de 243 cartas escritas por Ramón Piñeiro e dirixidas a Basilio Losada, despois de que estiveran cinco anos desaparecidas logo de venderse á Xunta de Galicia. Sinálase que o único que se conservaba delas era, ademais das lembranzas do propio Basilio Losada, unha transcripción que se realizara co obxectivo de publicalas. O xornalista recolle tamén as palabras de Losada nas que afirma que, coa aparición, poderá rematar o Limiar que lle encargaron para a edición final que non contará coa totalidade das cartas, debido a que oito ou dez foron interceptadas pola policía.

Fraga, Xesús, “Loite connosco pola cultura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 setembro 2006, p. 57.

Dáse conta do trinta aniversario da editorial Alvarellos, para o que se comeza cunha breve introdución contextual con alusións ao labor de Enrique Alvarellos Iglesias, fundador da editorial e creador da máxima “Loite connosco pola cultura”. Continúase coa renovación

levada a cabo por Alvarellos fillo, que prepara novas direccións. Tamén se fai referencia á situación editorial de hai trinta anos, ás primeiras publicacións de Alvarellos e ás novas liñas, nas que cabe destacar a edición de autores clásicos galegos e as novas apostas do director. Finalízase informando da saída do prelo dun recetario en galego sobre estrugas.

Fraga, Xesús, “Publicado o primeiro estudo en inglés sobre a figura de Ramón Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2006, p. 57.

Dise que o galeguista inglés Craig Patterson publica *Galician Cultural Identity in the Works of Ramón Otero Pedrayo*. A obra é o resultado da súa tese de doutoramento no Queen’s Collage de Oxford. Trátase do primeiro libro monográfico publicado sobre Pedrayo, no que o estudoso analiza como o escritor ourensán orienta a súa produción literaria a “construír e interpretar unha Galicia imaxinada, ou sexa, a súa”.

Fraga, Xesús, “Un libro fai o primeiro percorrido estético polo Castelao pintor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 decembro 2006, p. 47.

Coméntase que a editorial Galaxia publicará unha obra, *Castelao pintor*, na que se recolle a produción pictórica de Castelao dende os seus inicios até o exilio.

Franco Díaz, Lorena, “Chanteiro, a praia encantada”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 9 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión asinado por Lorena Franco Díaz.

Franco, Camilo, “O lugar dos libros mudos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2006, p. 47.

Dentro da noticia asinada na mesma data e xornal por C.F., comenta que existen sen inventariar millón e medio de volumes no principal almacén autonómico de libros. Afirmar que estes chegarán tarde ás bibliotecas de seren distribuídos, cando a posibilidade de que alguén os reclame sexa menor.

Franco, Camilo, “Relato póstumo dun mariñeiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xaneiro 2006, p. 47.

Faise eco da publicación da novela inédita de Jaime Barros *Os ausentes de Casteltón* (2005) a título póstumo pola editorial Sotelo Blanco. Recóllense as palabras do pai do autor, abraiado por esta faceta descoñecida do seu fillo, e as da responsábel editorial, Belén Fortes, subliñándose o realismo e transfondo autobiográfico da trama argumental da obra e a viveza e frescura da súa linguaxe. Faise unha breve biografía do autor.

Franco, Camilo, “Unha editora francesa crea unha colección de autores gallegos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xaneiro 2006, p. 53.

Dáse conta da publicación da colección de escritores galegos traducidos ao francés pola editorial gala Terre de Brume, “Fisterra”. Saliéntase a dirección desta polo escritor e xornalista Ramón Chao. Recóllense a súas palabras sobre o proxecto salientando a importancia de dar a coñecer a potencia poética da literatura galega.

Franco, Camilo, “A edición centra o primeiro proxecto do CGAC, o Marco e a Luis Seoane”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 febreiro 2006, p. 47.

Faise eco do primeiro proxecto en colaboración das tres institucións galegas dedicadas á arte contemporánea, Centro de Arte Dramático Galego, o MARCO e a Fundación Luís Seoane, co patrocinamento do diario *La voz de Galicia*, nos vindeiros tres anos. Sublíñase como intención do proxecto afondar na validez dos soportes da edición e a comunicación como ferramentas artísticas. Recóllense as palabras dos seus promotores, que subliñan o carácter pioneiro deste proxecto tanto no contido como no. Dáse conta dos vindeiros pasos a seguir e saliéntase a celebración dunha festa como punto de inicio e a creación dunha páxina web.

Franco, Camilo, “A academia cumpre cen anos á busca da estabilidade e utilidade social”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 febreiro 2006, p. 52.

Faise eco da presentación da edición definitiva d’*Os Eoas* (2005) de Eduardo Pondal pola Real Academia Galega na conmemoración do seu centenario e recóllense as opinións dos ponente. Saliéntase o compromiso por parte da Consellaría de Cultura e en resposta aos pedimentos dos alí presentes, dun incremento no financiamento da institución.

Franco, Camilo, “Ven bailar, Carmiña”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Proxecto-edición”, 11 febreiro 2006, p. 12.

Faise eco da apertura do Proxecto-Edición, no que se pretende analizar o papel dos soportes editoriais como medios de comunicación artísticas. Dáse conta do espectáculo presenciado no Instituto Galego da Información e saliéntanse os seus aspectos visuais e conceptuais máis rechamantes, como as Garotas. Sublíñase o seu entroncamento coa verbena e o que esta implica na cultura lúdica galega.

Franco, Camilo, “O destino fatal”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 marzo 2006, p. 53.

Análise da situación do Centro Dramático Galego tras a dimisión da súa nova directora, Ánxeles Cuña. Dise que a compañía institucional, dende o seu nacemento, non cumpriu con ningún dos obxectivos a que estaba destinada e salienta a complexidade da situación actual. Afirmar que “unha institución non pode estar permanentemente reiniciando a súa andadura”.

Franjo, Fernando, “Brión reunirá a poetas y pintores de toda Galicia sobre la figura rosaliana”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 marzo 2006, p. 36.

Faise eco do proxecto “Encontros coa arte. Lembrando a Rosalía”, que se levará a cabo no concello de Brión arredor da figura da poeta. Faise unha breve relación dos actos que se levarán a cabo subliñándose a intención dunha continuidade e a construción dunha futura pinacoteca coas obras cedidas polos artistas participantes

Franco, Camilo, “Contemporáneo e austero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 18 marzo 2006, p. 46.

Semblanza da nova directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez Dapena. Dise que a súa traxectoria indica a preferencia “por un teatro de hoxe e unhas propostas austeras e sinceras”.

Franco, Camilo, “Entre las mayorías lectoras y la libertad, elijo la libertad”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 22 marzo 2006, p. 50.

Coméntase que con motivo do Día Mundial da poesía celebrouse en Santiago de Compostela un recital poético organizado polo PEN Clube no que participaron Antonio Gamoneda, Méndez Ferrín, Xohana Torres e Antonio Salvado. Deseguido, achégase unha entrevista realizada a Gamoneda, quen comenta que é beneficioso que haxa un día dedicado á poesía e que a resposta social que recibe o xénero poético é mínima pero non por iso hai que deixar de practicala.

Franco, Camilo, “Os anos dos decorados”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 159, “En Portada”, 6 maio 2006, p. 4.

Recóllense as lembranzas de diversos membros da profesión teatral galega, como Manolo Lourenzo, Vitor Mosqueira ou Mabel Rivera, quen fan memoria para relatar as súas experiencias nos anos da primeira profesionalización do teatro galego, a década dos 80. Todos coinciden en sinalar que aquela foi unha etapa difícil.

Franco, Camilo, “Unha mostra, un documental e dous libros divulgarán o legado Cortázar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 maio 2006, p. 53.

Faise eco das próximas actividades a realizar arredor do legado Cortázar na sede do Centro Galego das Artes da Imaxe ou na igrexa da Universidade compostelá. Recóllense as palabras de Fernando Salgado, responsábel de Comunicación da Xunta de Galicia, quen subliñou os vínculos do escritor e os da súa esposa ou editor cos exiliados galegos en Bos Aires. Saliéntase a recente aparición de novo material gráfico e filmico do autor e a súa incorporación aos fondos existentes.

Franco, Camilo, “Os editores galegos convocan eleccións sen un recambio claro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 5 xuño 2006, p. 56.

Faise eco da convocatoria de eleccións na Asociación Galega de Editores e salienta a preferencia de non recuncar á fronte da asociación da directiva actual. Sublíñase a preocupación pola falta dunha candidatura que podería repercutir na falla de continuidade no traballo que está a desenvolver esta no programa de acción para incrementar a presenza do libro galego na sociedade

Franco, Camilo, “Os editores galegos trasladarán a súa sede ao entorno de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 20 xuño 2006, p. 33.

Infórmase do cambio de directiva da Asociación Galega de Editores e cometidos inmediatos desta a través das palabras do seu novo presidente, Alfonso García Sanmartín. Saliéntase o próximo traslado do local da cidade de Vigo á de Santiago de Compostela e sinálanse razóns operativas. Faise unha relación dos novos cargos directivos e da comisión de garantías.

Franco, Camilo, “O futuro Igaem potenciará a cara económica das empresas culturais”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 setembro 2006, p. 47.

Céntrase no futuro instituto galego de industrias culturais, que nacerá a partir dos alicerces do IGAEM e cuxo funcionamento se prevé para 2008. Faise referencia ao obxectivo de promover os produtos culturais. Segundo as verbas de Miguel Martín, xerente do IGAEM, comprenderá dende o teatro e cinema até a edición de libros. Sublíñase a necesidade de acadar axudas máis amplas destinadas a grandes sectores e dun maior tamaño da estrutura directiva.

Franco, Camilo, “Os espellos do escritor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 181, “Legado”, 7 outubro 2006, p. 2.

Co gallo da mostra “Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Cortázar” empréndese unha viaxe a través da relación vida e obra do autor arxentino. Da exposición dise que a palabra se converte “nun código diferente” e que responde á noción literaria do escritor de que a literatura “debe percorrer cidades” amosando os seus recunchos máis misteriosos. Faise unha división da mostra segundo o espazo que ocupa no pazo de Fonseca e na igrexa e alúdese á parte baixa da exposición, na que se atopa o “Cortázar documental” e que achega matices biográficos. Este é o motivo polo que, a continuación, se fala da vida do escritor para comezar coa análise da parte alta da mostra, de carácter espectacular e dramático e na que os trazos biográficos se desenvolven como relatos. Tamén se tratan os influxos de Buñuel, Saura ou Valente e a capacidade de Cortázar para experimentar a sensación do *movemento perpetuo*. Por último, dise de que os individuos “non somos quen de ver cousas ata que Cortázar as conta”.

Franco, Camilo, “O Proxecto-Edición repasará en Pontevedra a publicación creativa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 outubro 2006, p. 44.

Di que o Proxecto-Edición pretende realizar unha revisión da edición artística en Galicia e que para logralo celebra unha feira no Pazo de Cultura de Pontevedra.

Franco, Xesús, “De ‘Atlántico, Atlántico’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 outubro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xesús Franco.

Galdo, Fausto, “De viaxes e vieiras”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 403, “A carón do lume”, 26 febreiro 2006, p. 05.

Fálase das vieiras que tanto se identifican con Galicia, incluso indícase que os franceses as chaman “coquilles de Sant Jacques”. Descríbese un pouco este marisco de cuncha para lembrar a súa presenza en albergues, fontes, na igrexa da Nosa Señora da Peregrina en Pontevedra e como non nos peregrinos. Lémbrese a Cunqueiro que dicía de facelas cun pouco de cebola picada e un case nada de pan raiado, aínda que se recoñece que na actualidade se cociñan de moi variadas maneiras.

Galdo, Fausto, “Merlín e familia”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 407, “A folla do pirixel”, 2 abril 2006, p. 5.

Refírese a *Merlín e familia* de Cunqueiro para facer unha alusión ao movemento do realismo máxico, do que se di que algúns expertos o enmarcan anos antes aos da súa aparición en Iberoamérica. Infórmase tamén da saída do prelo de *A cociña de Merlín*, do xornalista Miguel Vila Pernas, co que se lembra dos pucheiros en Latinoamérica e dos seus amigos.

Gallego, Carlos, “A viaxe de Xoán”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 3 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Carlos Gallego.

García, Carlos, “Unha fiesta ás rías galegas”, *Diario de Arousa*, 8 abril 2006, p. 56.

Fálase da participación de Juan Carballo nun recital en Vilagarcía de Arousa no que, en colaboración co colectivo Embaixada Prusiana, presentou e recitou versos de *Na miña fiesta e outros poemas de andar pola casa*. Apúntase tamén que este poemario trata temas da realidade cotiá e que algúns dos seus poemas xa viran a luz a través do suplemento “Arousa, un mar de cultura” do xornal *Diario de Arousa*.

García Bodaño, Salvador, “Cantos de ausencia’. Elexías (1959-2002)”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 decembro 2006, p. 38.

Nesta sección publícase un poema de Salvador García Bodaño.

García Carragal, Ángel, “El día en que conocí a Cunqueiro”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 295, “Reportaje”, 26 febreiro 2006, p. 4.

Relato do pregón de Álvaro Cunqueiro nas festas da Virxe do Carme en Marín, en 1972. Reprodúcese con motivo do vinte e cinco cabodano de Álvaro Cunqueiro nun desgaxábel do suplemento.

García Crespo, Aldara, “A primeira canción triste”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Aldara García Crespo.

García Diéguez, Ana, “A derradeira conversa”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión asinado por Ana García Diéguez.

García Gen, Clara, “Eses ollos verdes”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 15 agosto 2006, p. 42.

Publicación dun novo relato de verán, escrito por Clara García Gen.

García Lorca, Federico, “De ‘Santiago de Compostela’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 setembro 2006, p. 40.

Composición poética de Federico García Lorca que se reproduce nesta sección fixa.

García Márquez, Marta, “Porque a cultura ten que ser falada”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 17 xaneiro 2006, p. 14.

Faise eco das veladas literarias celebradas na casa museo Pardo Bazán, das que se salienta o nivel intelectual. Dáse conta do que nelas acontece a través das palabras da súa coordinadora e conservadora do museo, Julia Santiso, e a súa intención da creación dun club de lectura no que se mesturen lectores de tódalas idades.

García Márquez, Marta, “Literatura lusa y banda diseñada independiente para los indecisos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 agosto 2006, p. 10.

Sinala que a Feira do Libro da Coruña reúne títulos famosos de Manuel Rivas e Suso de Toro, obras que comparten espazo de venda con outros libros de diversa índole. Di que nesta cita herculina pode atoparse unha oferta moi variada: hai portugueses (de autores clásicos como Eça de Queirós ou de pegada máis recente como Margarida Rebelo), un stand da ONCE que vende volumes en braille e libros sonoros, e espazo aínda para a banda deseñada de autores independentes e de renome (David Rubín ou Miguelanxo Prado).

García Márquez, Marta, “Palabras que nunca esvaran”, *El Ideal Gallego*, “CGS. Cultura”, 9 agosto 2006, p. 12.

Ábrese cunha reflexión de Miguel Anxo Fernán Vello sobre a conexión que poesía e xornalismo teñen canto á maneira de disfrazar os sentimentos para golpear ao lector e, logo desta reflexión, pásase á Feira do libro. Sinala que nesta última edición, seis poetas presentaron os seus últimos libros de poemas e viñeron confirmar a necesidade dos versos como contrapunto ao mundo actual. Di que entre os seis escritores representantes de Espiral Maior estaban: Xesús Rábade Paredes, Pedro Rielo, Miguel Sande, Suso Pensado, María do Carme Kruckenberg e Manuel Darriba. Xesús Rábade presentou *Os anos da memoria*, que ten como fondo lírico a Terra Chá; Darriba levou *Vostede non sabe con quen está a falar*, un libro de corte existencialista; Miguel Sande *Hoxe, que vén o vento do sur*, obra que trae vivencias do deserto nas que percibe o tempo con elementos sensoriais; e Suso Pensado, *A tarde*, no que fala do presente experimentando coa beleza. Sinala, por último, que María do Carme Kruckenberg n’*As complexas mareas da noite* bota un berro de denuncia; e que Pensado e Sande destacan con composicións curiosas que escapan do comercial.

García Márquez, Marta, “Tourinho respalda una ley para el teatro”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 14 outubro 2006, p. 10.

Faise eco do respaldo de Tourinho á Asociación de Directores de Escena de España (ADE) en canto ao acordo do novo proxecto de lei sobre o que se debateu estes días no Pazo de Mariñán e que será proposto ao Congreso dos Diputados. Recolle algunhas das ideas centrais do discurso do presidente da Xunta de Galicia e salienta a necesidade de asegurar a relación entre teatro e sociedade e mellorar o funcionamento do IGAEM e dos seus organismos dependentes.

García, R., “Un grupo de intelectuais denuncian que Galicia carece dun museo da historia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 novembro 2006, p. 41.

Di que un grupo de intelectuais galegos reuníronse na sede da Fundación Rodríguez Iglesias para analizar a situación actual da cultura galega.

García, Rodri, “Unha nevada de sentimentos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 148, “Letras en galego”, 11 febreiro 2006, p. 13.

Faise eco de xeito breve da publicación do poemario *Maneiras de querer* (2005) de Vicente Araguas.

García, Rodri, “La memoria de Cortázar se muda a Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 154, “Exposición en Proyecto”, 25 marzo 2006, pp. 8-9.

Coméntase que en Santiago de Compostela se prepara unha exposición que amosará o universo persoal e literario de Julio Cortázar, a través das cartas e fotos do arquivo cedido pola súa esposa.

García, Rodri, “A Academia Galega amosa a súa historia en máis de 400 obxectos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 novembro 2006, p. 41.

Celébrase unha exposición na Fundación Caixa Galicia da Coruña, na que se amosan máis de catrocentos obxectos tan simbólicos como unhas gafas de Castelao, para conmemorar o centenario da Real Academia Galega.

García, Xoán Xosé, “De ‘In-ventos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 marzo 2006, p. 32.

Esta sección fixa acolle nesta ocasión unha composición poética de X.X. García.

García, Xoán Xosé, “De ‘In-ventos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 marzo 2006, p. 48.

Como é habitual nesta sección, recóllese un poema de Xoán Xosé García.

García, Xoán Xosé, “De ‘In-ventos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 maio 2006, p. 40.

Publicación dun poema de X.X. García.

García, Xoán Xosé, “De ‘In-ventos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 maio 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de X.X. García.

García, Xoán Xosé, “De ‘In-ventos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 maio 2006, p. 40.

Como é habitual nesta sección, recóllese un poema de Xoán Xosé García.

García, Xoán Xosé, “De In-Ventos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de X.X. García.

García, Xosé Lois, “Poemas pornográficos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 xaneiro 2006, p. 40.

Reprodúcese unha composición poética de Xosé Lois García, como é habitual nesta sección.

García, Xosé Lois, “De ‘Poemas Pornográficos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 outubro 2006, p. 48.

Recóllese un poema de Xosé Lois García.

García-Nieto, Mercedes, “A galería Borrón 4 de Cambados acolle a mostra de libros de autor do poeta Baldo Ramos”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Exposicións”, 18 xuño 2006, p. 25.

Faise eco da exposición “Espazo contido” na galería cambadesa Borrón 4. Faise una breve recensión bio-bibliográfica e artística do seu autor, Baldo Ramos, e salientase a fusión da poesía e a pintura como *leitmotiv* na súa obra.

Gasalla, Yosy e Paulino, “A vítima”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 379, 26 marzo 2006, p. 6.

Relato de Yosy e Paulino Gasalla.

Gil Medraño, Ana María, “As sete pintas de roiba”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2006, p. 36.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Ana María Gil Medraño.

Giráldez, José Miguel A., “John Rutherford: ‘A retranca galega sempre foi defensiva’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 15 decembro 2006, p. 76.

Coméntase que John Rutherford, prestixioso catedrático da Universidade de Oxford, falou en Santiago de Compostela da importancia do humor na literatura galega.

G.M.O., “Literatura e cidade, tema de debate no Pazo de Mariñán”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 25 novembro 2006, p. 12.

Faise eco da celebración do IV Encontro de Escritores Galegos, que está tendo lugar no Pazo de Mariñán baixo o tema de “Literatura e cidade”. Menciona a asistencia de Anxo Tarrío, Tucho Calvo, Xoán Abeleira e Rosa Aneiros, entre outros participantes. Remata facendo referencia á publicación das conclusións obtidas nos *Cadernos de Mariñán*.

G.M.O., “Peña deixa a presidencia da Asociación Alexandre Bóveda”, *La Opinión*, “A Coruña”, 21 decembro 2006, p. 13.

Sinala que Francisco Peña deixa a presidencia da Asociación Alexandre Bóveda logo dun século dedicado a ela.

G.M.O., “Lembrando a Alexandre Bóveda”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 decembro 2006, p. 13.

Di que a agrupación Cultural Alexandre Bóveda cumpre trinta anos de vida e celébrao cun espectáculo que une música e literatura, teatro e historia e lembra a figura do escritor.

Goberna, Alfredo, “90 literatas se citan en Nigrán en el Encuentro Internacional de Escritoras”, *Faro de Vigo*, 3 maio 2006, p. 22.

Noticia do VII Encontro Internacional de Escritoras “Rosalía de Castro”, organizado pola Universidade de Vigo. Dise que no encontro, subvencionado polo Concello de Nigrán, participaron escritoras canadianas, estadounidenses e latinoamericanas.

Gómez Alfaro, X.C., “De ‘Confíteor’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xaneiro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “De ‘Confíteor’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 febreiro 2006, p. 36.

Publicación dun poema de Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “De ‘Confíteor’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 febreiro 2006, p. 36.

Acóllese un poema de Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “De Confíteor”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 febreiro 2006, p. 38.

Baixo este epígrafe reproducése unha composición poética de X.C. Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “De Confíteor”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 xullo 2006, p. 36.

Reprodución dun poema de X. C. Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “Somos nós”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 xullo 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de X.C. Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “De ‘Confíteor’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X.C., “De ‘Confíteor’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 setembro 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Gómez Alfaro.

Gómez Ledo, Avelino, “De ‘Romanceiro compostelán’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 xaneiro 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Avelino Gómez Ledo.

Gómez Ledo, Avelino, “De ‘Romanceiro compostelán’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xaneiro 2006, p. 40.

Recóllese un poema de Avelino Gómez Ledo.

Gómez Pato, Raúl, “Cecilio Africano. Vates ut plebeior”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 outubro 2006, p. 31.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Raúl Gómez Pato.

Gómez Pato, Raúl, “VII Forxa literaria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 outubro 2006, p. 48.

Un poema de Gómez Pato aparece publicado nesta sección fixa.

Gómez, Chus, “Cinco anos intercambiando palabras arredor dun libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 17 maio 2006, p. 7.

Dáse conta do peche da quinta temporada do curso O Clube de Lectura da Biblioteca Municipal Martínez Ferro de Caldas. Saliéntase a diversidade de lectores participantes e o éxito acadado. Recóllense as palabras das bibliotecarias Rosa Barreiro e Cristina Vázquez, nas que dan conta do desenvolvemento do curso e das diferentes actividades realizadas, ademais de anunciar o programa, lugar e data de inscrición da vindeira edición.

Gómez, Jose, “Por amor al arte. La edición en Ferrol”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, nº 367, “Reportaje”, 12 marzo 2006, p. 2.

Percorrido pola historia da edición na cidade de Ferrol. Afírmase que esta está moi ligada á prensa e céntrase en publicacións como *Céltiga* (1922-1923) e *Aturuxo*, fundada en 1952. Sinálase que, malia o forte descenso dos índices de lectura, cada ano publícanse máis libros ca no anterior. Remata referíndose á editorial Embora, fundada en 1993, e con setenta títulos nas rúas.

Gómez, Lupe, “De ‘La bella varsovia’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 xaneiro 2006, p. 40.

Recóllese un poema de Lupe Gómez nesta sección fixa.

Gómez, Lupe, “O amor”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 abril 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Lupe Gómez nesta sección fixa.

González Álvarez, José Luís, “Rosa e Carme”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 24 agosto 2006, p. 40.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión asinado por José Luís González Álvarez.

González Piñeiro, Laura, “En corpo e alma”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Laura González Piñeiro.

González, Eva, “O meu conxuro da augardente dá resultado”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 3 febreiro 2006, p. 18.

Infórmase que o escritor Antonio García Rivas presenta no bar Aloia de Tui o seu último libro *Lóstregos de vida*, que inclúe un conxuro da augardente e un himno a Vigo. Indícase que o volume se inscribe dentro da colección “Escritores Populares”, que dirixe Estanislao

Fernández de la Cigoña. Resáltase a fermosa portada feita pola súa filla Susana García Feijoo, na que aparece un lóstrego acendendo o lume que quenta un pote.

González, Eva, “Tui conmemora los primeros Xogos Florais de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 20/24 xuño 2006, p. 20/18.

Dáse conta da programación de actos que terá lugar na celebración de recuperación dos xogos florais acontecidos por vez primeira en Tui co gallo das festas na honra de San Pedro González Telmo por iniciativa da Real Academia Galega e en colaboración co Concello de Tui e a Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Recóllense as palabras de satisfacción do Concello de Tui pola acollida da efeméride e o significado que ten para a cidade e para o galeguismo.

Gradín, Tere, “Palabras como flores”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, “Historia”, 24 xuño 2006, p. 2.

Co gallo da celebración e recuperación dos Xogos Florais no Concello de Tui faise unha relación dos actos programados e un percorrido pola historia dos Xogos, á vez que se sinala a súa importancia e significado.

Gradín, Tere, “Los cien años del ‘viejo profesor’”, *La Opinión/Faro de Vigo*, “Cultura”/ “El Sábado”, 5 novembro/28 outubro 2006, p. 69/1.

Noticia do próximo centenario do nacemento do polígrafo José Filgueira Valverde, no que terán lugar congresos, exposicións e conferencias coas que impulsar o recoñecemento desta personalidade da cultura galega.

Grandes, Catalina, “As páxinas do futuro”, *El Progreso*, “Tecnoloxía”, 13 febreiro 2006, p. 75.

Faise unha relación crítica das vantaxes e desvantaxes dos libros electrónicos e ofrécense unha serie de consellos para o seu mellor aproveitamento.

Guerra, Luís, “Libros que valen muchos ceros”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 xuño 2006, p. 6.

Faise unha reportaxe descritiva sobre a Feira literaria da Alameda en Santiago de Compostela. Recóllense impresións do autor da reportaxe mesturadas coas dos vendedores das casetas; todos coinciden en sinalar o pouco éxito do presente exercicio no que se refire ás vendas. Sinálase a presenza de exemplares de valor fronte aos *bestsellers* actuais, así como a variedade de xéneros.

Guerrero, Cristina, “Teresa Moure publica en español ‘Hierba Mora’”, *El Mundo*, “Cultura”, 14 outubro 2006, p. 54.

Dá conta da tradución da primeira novela de Teresa Moure, *Herba moura* (2005) ao castelán. Depois de informar sobre o verdadeiro significado do título e recoller os distintos premios gañados pola autora con esta novela, céntrase na temática da obra, unha reivindicación da historia oficial da muller dende unha perspectiva alternativa.

Guillén, Xosé María, “Poemas en castellano y gallego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xaneiro 2006, p. 48.

Reprodución dunha composición poética de Xosé María Guillén.

Guillén, Xosé María, “De ‘Antología. Poemas en castellano y gallego’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 febreiro 2006, p. 40.

Baixo este epígrafe publícase un poema de Xosé María Guillén.

Hermelo Brun, Suso, “O avó”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Suso Hermelo Brun.

Hermida Martínez, María, “A manta do tigre”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 10 agosto 2006, p. 42.

Novo relato de verán publicado na sección “Relatos”, escrito nesta ocasión por María Hermida Martínez.

H.N., “O poder dos símbolos”, *Galicia Hoxe*, “Vivir-Galicia”, 9 marzo 2006, p. 12.

Publicación da lista dos cento vinte e cinco galegos máis influentes, segundo o xornal *Galicia Hoxe*. Faise unha breve relación dos máis destacados e sinálase a inclusión de dúas dúcias de nomes de perseiros do mundo da cultura, co que se considera o prestixio do mundo do libro na sociedade galega.

I.B., “El Consello da Cultura elige hoy presidente al historiador Ramón Villares”, “Cultura”, 20 abril 2006, p. 62.

Faise eco da elección do catedrático de Historia Contemporánea Ramón Villares como presidente do Consello da Cultura e salientase a presentación desta única candidatura. Dáse conta dos procedementos a seguir e o papel que desta institución.

I.B., “El Risco dibujante”, *La Opinión*, “Cultura”, 6 decembro 2006, p. 54.

Sinálase que a editorial Galaxia publica nun volume a obra gráfica do intelectual Vicente Risco.

I.B. / X.L., “Un pequeno acto de justicia”, *El Correo Gallego*, “Tema del día”, 25 xullo 2006, p. 8.

Noticia de que a Xunta de Galicia conmemora os 150 anos do Banquete fraternal de Conxo e o cincuenta aniversario do primeiro Congreso da Emigración. Estas dúas citas tiveron un peche especial: a recreación do brindado daquel banquete histórico por parte do escritor Xosé Neira Vilas.

I.E., “Cunqueiro llega a los países árabes y da nombre a una biblioteca siria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 1 marzo 2006, p. 42.

Faise eco da reivindicación do escritor Álvaro Cunqueiro como símbolo de paz e tolerancia nos actos celebrados en Mondoñedo co gallo do 25 aniversario do seu pasamento e da presentación da primeira tradución ao árabe dunha das súas novelas *Se o vello Sinbad volvese ás illas*. Saliéntanse as palabras do presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e do hispanista marroquí tradutor da obra e anúnciase que a biblioteca do Instituto Cervantes en Damasco levará o nome do escritor galego. Faise unha relación dos actos e dos persoeiros asistentes e destácanse as verbas de lembranza de Antonio Tabucchi fronte á tumba do autor de Mondoñedo.

Iglesias Viqueira, “La biblioteca municipal de Nigrán reserva una sala a Del Riego”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor/ Área metropolitana”, 12 febreiro 2006, p. 20.

Noticia da incorporación da biblioteca persoal de Fernández del Riego ao edificio da biblioteca municipal de Nigrán. Dise, ademais, que esta doación celebrouse cun acto no que se presentou o poemario *Caminos entre la Niebla*, do veciño José Ángel Carbajal.

Iglesias, Manuela, “La Fundación Curros Enríquez pretende reunir todas las obras de los escritores celanoveses”, *La Región*, “Celanova”, 12 outubro 2006, p. 15.

Dá conta do novo proxecto da Fundación Curros Enríquez, consistente en conseguir fondos bibliográficos para unha biblioteca especializada con servizo de préstamo gratuito sobre os autores celanoveses Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, sobre todo dende a Internet e bibliotecas especializadas. Segundo explica a responsábel da “Casa dos Poetas”, Paula Conde, trátase dun traballo complexo, xa que hai edicións anteriores aos anos 50 moi difíciles de conseguir. Segundo afirma, unha das adquisicións máis importantes é a primeira tradución ao castelán da obra *Aires da miña terra* de Curros Enríquez, do ano 1892.

Iglesias, Manuela, “La Fundación Curros Enríquez lanza como reto que todos los escolares conozcan al escritor”, *La Región*, “Celanova”, 31 outubro 2006, p. 16.

Refírese á presentación por parte da Fundación Curros Enríquez nos centros de ensinanza de toda Galicia da programación de actividades para escolares coa intención de que todos os alumnos coñezan Celanova e a Casa dos Poetas, así como a figura deste escritor galego a través da interpretación fotográfica dun dos poemas de Curros, “unha voda en Einibó”.

Iglesias, Óscar, “Unha ducia de novísimos galegos”, *El País*, “Galicia/Luces”, 24 novembro 2006, pp. 44-45.

Fala de doce creadores galegos de diferentes ámbitos, nados entre 1970 e 1982, e reproduce as verbas dalgúns deles. Refírese a Samuel Solleiro, Antía Moure, Daniel Salgado, Diego Cobo, Rubén Ramos Balsa, María do Cebreiro, Diego Ameixeiras, Pánchez Javi Montes, Elvira Riveiro, Rubén Ruibal e Mónica Alonso. Atende a cuestións literarias e de cultura en xeral, da súa obra, do mercado da arte e a política cultural. Comeza cunha presentación de cada un dos mencionados e, a continuación, filtra a súa opinión, completada con datos de interese sobre estas figuras.

Jabois, Manuel, “Poemas como panes”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, 14 xuño 2006, p. 83.

Faise unha breve recensión sobre a figura de Bará e unha reflexión crítica sobre a súa creación dunha campaña para fomentar o interese pola poesía nas panadarías galegas.

Jabois, Manuel, “Gamoneda, Méndez Ferrín y Moncho Alpuente en recuerdo de los Cuña”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 9 novembro 2006, p. 74.

Coméntase a participación de Antonio Gamoneda, Moncho Alpuente e Xosé Luís Méndez Ferrín no “Brumario Poético” da Fundación Cuña-Casabellas. Dise que o último deles ofrecerá unha conferencia sobre a poesía de Manuel Cuña Novás.

Jabois, Manuel, “As pegadas de Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 15 decembro 2006, p. 74.

Sinala que Pontevedra rende homenaxe a Filgueira Valverde no centenario do seu nacemento con diversos actos culturais nos que se fai referencia ás pegadas do autor en varios ámbitos.

Jaureguizar, “Ouvirmos recolle en sons e imaxes as sete décadas de Manuel María”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 22 xaneiro 2006, p. 70.

Dá conta da publicación por parte da editorial Ouvirmos do volume *Fotobiografía sonora de Manuel María* (2005). Saliéntase súa intención de achegar a figura literaria e humana do poeta dende as perspectivas visual e auditiva. Faise unha descrición do formato e unha relación dos contidos do volume e saliéntase a dificultade para levar a cabo o proxecto, dada a escasez de gravacións coa voz do poeta. Cítanse as fontes, os materiais e as persoas encargadas de recompilalo nos dous CD's. Lémbrese que o disco é un elo máis na cadea de homenaxes ao poeta nun espazo de seis meses.

Jaureguizar, “Xosé Miranda busca anovar a lírica galega cun ‘poema-libro excelso’”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 26 xaneiro 2006, p. 87.

Faise eco da presentación pola editorial Espiral Maior do poemario *Capitán dos teus ollos* (2005) de Xosé Miranda. Recóllense as palabras dos poetas lucenses Miguel Anxo Fernán Vello e Xulio Valcárcel, quen sinalaron a orixinalidade e tensión contida da obra, e as do mesmo autor subliñando o intimismo desta obra. Faise unha breve bio-bibliografía do autor lembrándose o seu silencio literario nos derradeiros anos.

Jaureguizar, “Darío Xohán Cabana loubou ‘a poesía robusta, agre e proletaria’ de Antón Dobao”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 27 xaneiro 2006, p. 89.

Coméntase a presentación do libro de Antón Dobao *Materia* (2005) na librería “Trama”, en Lugo. Saliéntase a presenza do subdirector de Xerais, editorial da obra, Fran Alonso e reproducense as palabras do escritor Darío Xohán Cabana e Xabier Cordal; ambos os dous destacan a autenticidade do seu lirismo. Recóllense as apreciacións do autor asumindo a percepción política que xera a súa obra.

Jaureguizar, “Tris Tram prepara la edición de un libro póstumo de Carlos Casanova”, *El Progreso*, “cultura”, 2 febreiro 2006, p. 80.

Anuncia a próxima publicación dun poemario inédito a título póstumo de Carlos Casanova. Recóllense as palabras do representante da editorial Tris Tram, Pepe Coira, sobre o seu contido e a sencillez da súa poesía. Dáse conta da próxima creación dunha páxina web na que se incluírán poemas e artigos do escritor, así como unha referencia biobibliográfica. Lémbrese a celebración relixiosa do seu cabo de ano.

Jaureguizar, “O ‘Simbad’ de Cunqueiro en árabe presentarase o día 15 en Marrocos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 10 febreiro 2006, p. 80.

Dáse noticia da tradución ao árabe e próxima presentación no salón do libro de Casablanca, na xornada dedicada ás Letras Galegas da novela de Álvaro Cunqueiro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Dáse conta dos actos de inauguración e dos diversos actos programados e recóllense as palabras do director do Instituto Cervantes de Casablanca, Antonio Martínez Luciano, quen agradeceu a colaboración do presidente da institución e o significado deste

logro. Anúnciase a preparación dunha sección de autores galegos dentro da biblioteca da súa sede nesta cidade.

Jaureguizar, “Consideran que o Manuel María intimista foi agochado polo político”, *El Progreso*, “Cultura”, 14 febreiro 2006, p. 75.

Despois de se referir ás afirmacións verquidas polo escritor e estudoso da literatura galega Manuel López Foxo na apertura das xornadas “A Chaira é un poema”, enmarcadas no proxecto “Manuel María poeta nacional”, salientase que a obra política do poeta agochou a amorosa e intimista e o sinalamento do autor como ponte política entre dous nacionalismos: o republicano e de posguerra nunha época de desprestixio cara á poesía de corte social. Recordada o programa das vindeiras conferencias dentro das xornadas e infórmase do lanzamento editorial do volume *Fotobiografía sonora de Manuel María* (2005).

Jaureguizar, “Un experto sinala a influencia de Pimentel en Manuel María”, *El Progreso*, “Cultura”, 15 febreiro 2006, p. 81.

Faise eco da conferencia impartida dentro do ciclo “A Chaira é un poema” polo profesor Camilo Gómez Torres no Círculo de las Artes de Lugo, quen salientou a influencia de Pimentel en Manuel María. Infórmase dos diferentes e vindeiros actos dentro deste ciclo e salienta a entrega da acreditación de “Fillo adoptivo a título póstumo” á familia de Manuel María.

Jaureguizar, “Lumen edita en setembro a versión española da novela ‘Herba moura’”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 16 febreiro 2006, p. 88.

Dáse conta da próxima publicación en castelán da novela de Teresa Moure *Herba Moura* (Xerais, 2005) co título de *Hierba Mora*. Dise que a autora será a responsábel da tradución e que elixiu o título de *Hierba Mora* porque “é o nome desa herba tamén en español”. Recóllense as palabras da autora polas que se felicita que a editorial responsábel sexa Lumen, pois é un proxecto especializado “en literatura escrita por mulleres”. Faise, tamén, un breve repaso pola obra dentro da literatura galega.

Jaureguizar, “A viúva de Manuel María agradece o recordo ‘do Lugo que tanto quixo’”, *El Progreso*, “Cultura”, 16 febreiro 2006, p. 89.

Dáse noticia do acto no que a viúva do poeta Manuel María, Saleta Godoy, recibiu de mans do alcalde da vila de Lugo, Xosé Clemente López Orozco, o diploma acreditativo do recoñecemento municipal ao autor como “Fillo Adoptivo”. Recóllense as palabras de Saleta Godoy, do alcalde de Lugo, e do Concelleiro Xosé Anxo Lage, responsábel de promover o nomeamento. Dáse noticia, ademais, da celebración das xornadas “A chaira é un poema”, organizadas pola profesora de ensino secundario Celia Armas, en homenaxe a Manuel María. Destácase destas xornadas unha conferencia sobre a obra do poeta, da propia Celia Armas; un

relatorio sobre o bate, a cargo da poeta Marta Dacosta Alonso; e un recital poético da súa obra, da man dos alumnos dos institutos da vila.

Jaureguizar, “Salientan a calidade da poesía sociorrealista de Manuel María”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 17 febreiro 2006, p. 83.

Saliéntase a presenza de Marta Dacosta no peche das xornadas “A Chaira é un poema” en Lugo, co seu relatorio *Construír unha patria. A poesía de Manuel María 1957-1977*, no que se sinalou o sociorrealismo da súa poesía fronte ao de Celso Emilio Ferreiro, máis universal.

Jaureguizar, “Moscardó pintó un libro de autor baseado en poemas de Pimentel”, *El Progreso*, “Cultura”, 20 febreiro 2006, p. 67.

Faise eco da preparación dun libro inspirado na obra de Luís Pimentel polo pintor valenciano Luís Moscardó no que se recolle a plasmación en collage con papeis pintados de varios dos seus poemas.

Jaureguizar, “Os editores procuran ampliar o mercado galego coas traducións”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 19 xuño 2006, p. 73.

Recóllense as opinións verquidas polo director literario de Galaxia, Carlos Lema, sobre o efecto positivo da tradución á lingua galega de obras doutras linguas, subliñando a necesidade de adiantarse ao mercado castelán nese sector. Saliéntase a creación dunha editorial especializada neste ámbito, Rinoceronte, facéndose eco dos pensamentos do seu responsábel, Moisés Barcia, sobre o tema en cuestión e a súa abordaxe aos axentes literarios doutros países, así como sobre a preferencia pola colaboración cos países de linguas pequenas.

Jaureguizar, “Lugo lembra o sábado con varios actos o paso de Lorca pola cidade”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 25 outubro 2006, p. 87.

Lugo organiza unha serie de actos culturais para conmemorar os noventa anos da primeira visita de Federico García Lorca á cidade. O acto central consistirá nun roteiro por Lugo. Entre os participantes destácase o escritor Manuel Rivas.

Jaureguizar, “Lugo saldou a súa ‘débeda’ con Lorca nunha homenaxe concorrida e sentida”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 29 outubro 2006, p. 79.

Lugo organizou un roteiro polas rúas da cidade para celebrar o noventa aniversario da primeira visita de Federico García Lorca. Esta actividade e froito das reivindicacións do Foro pola Memoria Republicana de Galicia (FMRG).

Jaureguizar, “Pozo Garza: ‘Non é un mito que os galegos invadíramos Irlanda’”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 3 novembro 2006, p. 88.

Díse que a escritora ribadense Luz Pozo Garza falou na Fundación Caixa Galicia de Lugo dentro do ciclo “A lira no vento do Outono literario”. A autora baseouse no seu poemario *As arpas de Iwerddon* (2005) para guiar a súa intervención, na que apuntou as semellanzas e as diferenzas entre Irlanda e Galicia.

Jaureguizar/AGN, “Ramón Villares perfílase como novo presidente do Consello da Cultura”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 20 abril 2006, p. 72.

Faise eco do posíbel nomeamento como presidente do Consello da Cultura ao catedrático de Historia Contemporánea Ramón Villares e destácase o feito de ser a súa a única candidatura. Dáse conta do procedemento a seguir.

J.C., “Tres escritores analizan el futuro de Trives”, *La Región*, “Valdeorras”, 4 marzo 2006, p. 20.

Dáse conta da acollida do “II Encontro de escritores e artistas en torno á montaña” na Casa da Cultura de Trives centrado nos recursos da comarca. Faise unha pequena mención aos ponentes e temas tratados.

J.F., “Os ‘Traxectos Curtos’ de Manuel Pereira Valcárcel”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 xaneiro 2006, p. 31.

Dáse conta da presentación da última obra de Manuel Pereira Valcárcel, *Traxectos Curtos* (2005) no local social da parroquia de Ouzande, na Estrada. Coméntase que no acto, ademais do autor, participaron María Xesús Nogueira, Xabier Camba e Amancio Liñares Giraut.

J.G., “Poesía que une desde Santiago a Nueva York”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 xullo 2006, p. 2.

Díse que unha misa por Rosalía en Bonaval reúne a Anxo Angueira, Olalla Cociña, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Gómez Alfaro, Bernardino Graña, María do Carme Kruckenberg, Xesús Rábade Paredes e Xesús Alonso Montero. Na misa utilizáronse tres poemas rosalianos “Perdón”, “Preces” e “Ofrendas” como parte do culto.

J.L., “A illa das feridas pechadas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 febreiro 2006, p. 33.

Faise eco da publicación da novela *Atrapados en Riparia* de Xosé Antonio Perozo. Recóllense as palabras do autor salientándose a intención reivindicativa da memoria histórica, a base argumental da novela, e a denuncia, na súa opinión, do desprendimento tardío de Galicia do tardofranquismo.

J.L., “Barreiro defiende la importancia de la RAG como ‘factoría intelectual”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 13 setembro 2006, p. 76.

Comézase informando sobre o pedimento de Xosé Ramón Barreiro, presidente da RAG, para que o financiamento da institución pase a depender directamente dos orzamentos da comunidade. Barreiro subliña que a RAG “é unha factoría intelectual importante”. A continuación, dáse conta dos convenios asinados pola RAG coa Secretaría Xeral de Política Lingüística para o desenvolvemento de diversos estudos relacionados co idioma. Tamén se alúde á situación do labor para a nova edición do dicionario da Real Academia Galega e ao compromiso da RAG para a elaboración de dicionarios a través dos que sexa posíbel traducir directamente do inglés, francés ou italiano.

J.L.M., “Un libro recolle os versos do poeta popular cangués Serafín Graña”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 25 abril 2006, p. 22.

Anuncia a presentación do libro *Taberna de soños*, que recolle versos escritos por Serafín Graña, a cargo da asociación cultural A Cepa. Ofrece información sobre o autor e recorda a homenaxe que os poetas galegos lle fixeron no ano 1984 ao xa finado Graña. Remata referíndose á tirada de 500 exemplares que fixo a asociación e á venda en librerías a un prezo de cinco euros.

J.M.R., “Cee programó un verano cultural con actos pensados para todos os públicos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 xullo 2006, p. 38.

Dise que Cee contará con actividades lúdicas dedicadas a todos os públicos.

J.R.S., “O Consello do Igaem elixe mañá o novo director do CDG”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 marzo 2006, p. 38.

Anuncia de xeito breve que, tras a renuncia de Ánxeles Cuña á dirección do Centro Dramático Galego, o día 17 de marzo remata o prazo límite que se propuxo a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia para nomear o novo director.

J.R.S., “Xornalistas e escritores crean un premio para artigos literarios”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 outubro 2006, p. 34.

Dáse conta da creación dun premio para artigos literarios asinado polo decano do Colexio Profesional de Xornalistas, X.M. Vega, e polo presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, C. Sánchez Iglesias, co obxectivo de acadar un maior grao de normalización lingüística e cultural. Alúdese á estreita relación entre xornalismo e literatura e aos persoeiros que desenvolveron ambas as dúas funcións. Por último, achégansenos as bases principais do galardón.

Kruckenberg, María do Carme, “Lembranzas da beleza triste”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 xaneiro 2006, p. 48.

Recóllese un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De Lembranzas da Beleza Triste”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 febreiro 2006, p. 40.

Publicación dun poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “As complexas mareas da noite”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xuño 2006, p. 40.

Acóllese un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘As complexas mareas da noite’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xuño 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘As complexas mareas da noite’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xuño 2006, p. 48.

Composición poética de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 xullo 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xullo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 agosto 2006, p. 40.

Composición poética de María do Carme Kruckenberg que se acolle nesta sección fixa.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 agosto 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 agosto 2006, p. 36.

Reprodúcese un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 agosto 2006, p. 40.

Acóllese un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 decembro 2006, p. 31.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 31.

Acóllese un poema de María do Carme Kruckenberg.

Kruckenberg, María do Carme, “De ‘Lembranzas da beleza triste’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 decembro 2006, p. 31.

Recóllese un poema de María do Carme Kruckenberg nesta sección fixa.

L.R.C., “Olladas, la revista cultural de Tartares”, *Diario de Ferrol*, 17 xuño 2006, p. 64.

Noticia na que se recolle a publicación do primeiro número da revista cultural *Olladas*, promovida pola asociación Tartares, do barrio da Solaina, en Narón. Manifesta que os membros da entidade teñen unha sección propia na publicación, na que se poden atopar contidos moi diversos, que van do medio ambiente, a informática e a medicina aos pasatempos e ás queixas dos veciños polo funcionamento dalgúns aspectos da vida do barrio.

Lamas, Jorge, “Diario del desarraigo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 marzo 2006, p. 54.

Descríbese o primeiro día nun obradoiro de escritura, coordinado por Carmen Sampedro, que a Fundación Carlos Casares puxo en marcha pensando na poboación inmigrante.

Lao Tse, “Tao Te King”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 abril 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Lao Tse, en tradución de Xosé Lois García.

Laso Lorenzo, Rafael, “Un desexo de mil dólares”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Rafael Laso Lorenzo.

Lois, Carmen, “O xornalismo literario, a debate no Consello”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 27 xaneiro 2006, p. 66.

Infórmase sobre o faladoiro “Xornalismo literario”, organizado no Consello da Cultura Galega. Nel, xornalistas e escritores como Xosé López Pereiro, Helena Villar ou Alfredo Conde reflexionaron sobre a relación entre o xornalismo e os literatos.

Lois, Carmen, “Ler moito para escribir un pouco”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 agosto 2006, p. 35.

Varios autores do panorama literario galego din cales son os seus libros preferidos para a lectura estival no espazo deste xornal: Carlos Santiago, Pilar Pallarés, María Xosé Queizán e Rosa Aneiros concordan en que o que pode atraer máis dos libros non é a propia historia, senón a forma de esta ser contada. Carlos Santiago, devorador de temas filosóficos, sentiuse sorprendido coa lectura de *Aventura equinoccial de Lope de Aguirre* de Ramón J. Sender. Pilar Pallarés menciona a obra do xaponés Nizaki *Hay quien prefiere las ortigas* como unha das máis impactantes do momento pola maneira de ensamblar os conflitos e a descarga psicolóxica da obra. María Xosé Queizán prefire os temas de ciencia, por iso escolleu *El gen egoísta* de Dawkins. Por último, Rosa Aneiros destaca a García Márquez pola mestría do escritor ao narrar e escolle como lectura *El amor en los tiempos del cólera*.

Longueira, Silvia, “¿Vésenos desde lonxe?”, *El País*, “Luces”, “Galicia”, 1 decembro 2006, p. 44.

Reflexiona sobre o papel que está a desempeñar a muller na arte galega nestes últimos tempos a raíz do seminario dirixido por Ánxela Carmés na Fundación Luís Seoane “Subxectividades críticas e narrativas identitarias. Feminismos e creación contemporánea no Estado español”. Afirmar que se deron pasos moi importantes, nomeadamente na accesibilidade, pero noutros aspectos non mudaron tanto as cousas polo que hai áreas nas que a presenza feminina non está

aínda normalizada. Cre que a muller entrou na Facultade de Belas Artes, pero aínda non saíu e pensa tamén que agora só é unha cuestión de tempo que se vexa dende lonxe ás artistas galegas.

López, A.R., Montse Dopico e S. Noia, (coords.), “Chus Pato. Rizo de animalidade”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 639, 19 outubro 2006, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a Chus Pato (Ourense, 1955), que reproduce o que será a nova aposta da “poeta máis internacional da Literatura galega actual” e contén unha composición poética.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Aniversarios 2006”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 602, 12 xaneiro 2006, pp. 2-7.

Número pertencente ao suplemento *Revista das Letras* que nesta ocasión fai referencia aos catálogos que se dedican a dar conta dos aniversarios, centenarios e celebracións que se van realizar durante o ano 2006. No suplemento descríbense e coméntanse algunhas das celebracións que terán lugar no mundo como o douscentos cincuenta aniversario do nacemento de Mozart ou cento cincuenta aniversario de Sigmund Freud. En Galicia tamén haberá actos de homenaxe, entre eles, salientase o Ano da Memoria.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Gide e ‘Os alimentos terrestres’”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 603, 19 xaneiro 2006, pp. 2-7.

Este número da *Revista das Letras* dedicado ao escritor André Gide, fai referencia á tradución que Suso Pensado realizou da súa obra *Os alimentos terrestres*. No suplemento recóllese un breve resumo da súa traxectoria vital e a continuación preséntase parte da obra citada.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Orgasmos”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 604, 26 xaneiro 2006, pp. 1-7.

Co motivo central do orgasmo, diversas instantáneas procedentes do web beautifulagony.com son acompañadas de textos de Yolanda Castaño, Chus Pato, Francisco X. Fernández Naval, G. Sierra, Jaureguizar, Marica Campo e Xabier Cordal

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Langston Hughes”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 605, 2 febreiro 2006, pp. 2-7.

Número monográfico dedicado a Langston Hughes. Contén un texto introdutorio de Daniel Salgado, titulado “Langston Hughes, alma espremida” (p. 3) e os seguintes poemas en versión bilingüe: “The negro speaks of rivers”/“O negro fala de ríos”; “Negro”/“Negro”; “Young prostitute”/“Moza prostituta”; “The South”/“O sur”; “Laughs”/“Riseiros”; “My people”/“O meu pobo”; “I, too”/“Eu, tamén”; “God to hungry child”/“Deus a un cativo famento”; “Harlem night song”/“Canción nocturna de Harlem”; “Song for Billie Holiday”/“Canción para Billie

Holiday”; “Subway rush hour”/“Metro en hora punta”; “Movies”/“Filmes”; e “Harlem dance hall”/“Salón de baile de Harlem”.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Poetas. Xeración Filoloxía”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 610, 16 marzo 2006, pp. 2-11.

Baixo o epígrafe “Os novos. Antoloxía da poesía do porvir”, preséntase con motivo do Día Internacional da Poesía un número monográfico dedicado a un conxunto de poetas novos que teñen en común estudar na Facultade de Filoloxía de Compostela. Seguidamente, reproducense poemas de Adrián Álvarez; Carlos Figueiras (“Intenções” e “Os invictos”); Samuel Solleiro; David P. González; Oriana Méndez; Iria López Teixeiro; Noel Blanco Mourelle (“BALADA (divertimento)” e “Hommage à Madame de Laffayette”); Laura Blanco; David Souto (“Conclusións dunha revolta”); Marcos Abalde (“[Estrangeiro]”, “[Panegírico]”, “[Farsa común]”, “Stalingrado”); Roi Vidal (“A escuridade reflexada nun silencio espeso [fragmentos]”); e Mario Regueira.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Hilde Domin dende acolá”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 612, 30 marzo 2006, pp. 2-8.

Suplemento do *Galicia Hoxe* que nesta ocasión está dedicado á escritora alemá Hilde Domin. Iníciase o monográfico comentando brevemente a súa biografía e a continuación recóllense una serie de poemas pertencentes ao seu libro *Aquí* (1964), traducido ao galego por Sabela López Pato e Silvia Montero Küpper. Os poemas achegados son os seguintes: “Lírica”, “Unicornio”, “Retornando”, “Ars longa”, “Na outra cara da lúa”, “¡Quen puidera!”, “Corta a palabra”, “Normas de comportamento”, “Animal”, “¡Fostes vós, fostes vós!”, “De nós”, “Salva nos”, “Máis fermosas”, “Noite”, “Colonia”, “Exilio”, “Retorno”, “Cinco cancións de partida” e “Distancias”.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Elvira Riveiro”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 622, 15 xuño 2006, pp. 1-8.

Ofrécense neste suplemento catorce composicións da poeta galega Elvira Riveiro (Cerpozóns, 1971), autora que rompe coas convencións e os lugares comúns para crear unha poesía propia, singular, que esculca as súas máis íntimas emocións.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Mauro Trastoy/ Marcos Lorenzo. Trepanación”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 623, 22 xuño 2006, pp. 1-7.

Recóllese un traballo realizado especialmente para este suplemento que resulta da colaboración do artista gráfico Mauro Trastoy (Vilalba, 1971) e o escritor Marcos Lorenzo (A Coruña, 1970) e que se define como un “xogo de escravitudes” no que se combinan debuxos e versos.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Roi Vidal”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 624, 29 xuño 2006, pp. 1-8.

Primeiro poemario de Roi Vidal (Santiago de Compostela, 1982), unha serie de composicións nas que xoga coa linguaxe, “a que explora e se retorce até conseguir algo fermoso” e nas que aborda o amor nas súas diferentes dimensións. Contén os poemas “Carpintaría das curvas”, “Dona do corpo delgado (que gorda te nos puxeches)”, “Anónimo”, “Ruído”, “Ás amantes de Pablo Ruíz Picasso (ou Dora Maar en bragas)”, “Doce Ponte de te amar ou viceversa”, “Concerto para piano nº 21 en do menor, de Mozart”.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Lupe Gómez. Voar en Compostela”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 626, 13 xullo 2006, pp. 1-7.

Número monográfico que acolle as crónicas poéticas de Compostela feitas por Lupe Gómez. Ofrécense catro textos da autora que axudan a completar o plano humano da cidade a través de catro persoas clave: Uxío Diz, Xohana Torres, “O meu amigo da néboa” e Rosalía de Castro. Todos estes textos aparecen presentados xenericamente baixo o epígrafe “Voar en Compostela”.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Xosé María Álvarez Cáccamo. Ninguén de ningures”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 629, 3 agosto 2006, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Xosé María Álvarez Cáccamo, que contén unha indicación das actividades ás que se leva dedicado o autor. Despois destas liñas introdutorias, inclúese un relato titulado “Home de ningures”.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Olga Novo”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 630, 10 agosto 2006, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Olga Novo (Vilarmao, 1975). Comeza cunhas notas introdutorias nas que se fai referencia ao último poemario publicado pola autora, *A cousa vermella*. E seguidamente, reproducense os poemas: “Monocromo verde”, “Monocromo azul”, “Monocromo branco (Fragmento IX)” e “A idea da beleza. F...O...D...E...R”.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “María do Cebreiro”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 632, 24 agosto 2006, pp.1-8.

Monográfico dedicado á poeta María do Cebreiro. Iníciase cunhas referencias ás actividades profesionais da autora e preséntanse os poemas: “Lovesong”, “Mapa do medo”, “No pain, no glory”, “Itxita (fechado)”, “Alto o fogo (Gudari)”, “Coñeza Galicia en Castromil” e “Angela Davis”. O suplemento contén, ademais, dous poemas de Olga Novo, “Monocromo azul” e “A idea da beleza. FODER”, que, como se indica, ficaron incompletos no anterior número por un erro na maquetación.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Xavier Queipo. Fragmentos do diario chinés”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 635, 4 setembro 2006, pp. 1-8.

Monográfico que recolle unha parte do “Diario chinés” de Xavier Queipo (Compostela, 1957), no que recorda o seu percorrido por oriente a finais dos anos oitenta.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Lidia Teixeira. Esa brancura”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 636, 28 setembro 2006, pp. 1-8.

Monográfico no que Lidia Teixeira (Paradela, 1986) presenta o seu primeiro poemario, “Esa brancura”, como proposta inicial, que ao mesmo tempo supón a súa confirmación como unha nova poeta en lingua galega.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Xabier Cordal. Corporación Electrónica do Cisne”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 637, 5 outubro 2006, pp. 1-8.

Monográfico no que Xabier Cordal (A Coruña, 1965) presenta unha pasaxe da obra que supón o seu regreso á narrativa, seguindo a mesma liña que iniciou a comezos desta década: relato enigmático e futurista, intriga e prosa visionaria.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Represión e resistencia no franquismo”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, 16 novembro 2006, pp. 1-7.

Monográfico que contén, ademais dun poema de Celso Emilio Ferreiro, pertencente a *Longa noite de pedra*, os seguintes artigos:

-Dopico, Montse, “O que aquí fixeron”, p. 3.

Comentario sobre a represión franquista que toma como punto de referencia a obra de Juana López e Julio Prada Rodríguez *Lo que han hecho en Galicia: Violencia política, represión y exilio (1936-1939)*. Fala das vítimas da limpeza, da violencia, do terror e a represión para concluír expoñendo “o obxectivo” de liquidar de raíz canto significara un obstáculo para a consolidación dunha orde política incompatíbel coa democracia.

-Dopico, Montse, “Isaac Díaz Pardo: ‘As cousas foron máis duras do que se conta’”, p. 5.

Isaac Díaz Pardo ofrece a súa visión da guerra civil e a resistencia intelectual durante o franquismo. Dá testemuña da enorme represión vivida en Galiza, da forma na que se enfrontou á persecución e da necesidade de recuperar a memoria para a construción do futuro. Remata aludindo ao Seminario de Estudos Galegos, o cal non volveu a ser impulsado dende ningunha entidade oficial.

-Máiz Vázquez, Bernardo, “A memoria da resistencia”, p. 7.

Dá conta do acontecido no Congreso celebrado en Pontevedra os días 9, 10 e 11 de novembro, organizado pola Consellaría de Cultura sobre as consecuencias para Galicia da represión. Lembra o nacemento da resistencia galega e a súa evolución en períodos (1940-44; 1944-46; 1945-50). Remata cos anos sesenta e cun resumo das consecuencias de corenta anos de ditadura franquista.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “O espertar da muller”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, 14 decembro 2006, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a María Xosé Queizán que contén os seguintes artigos:

-Dopico, Montse, “A escrita como resistencia”, pp. 4-5.

Comentario sobre a relación de María Xosé Queizán co feminismo e a pegada que deixa o movemento na súa obra. Fala da evolución do movemento e as distintas correntes deste. Di que a autora aprecia un radical cambio xeneracional, aínda que recoñece que o movemento afronta unha serie de retos, un deles “construír a súa propia palabra”. Remata con comentarios da escritora sobre a desigualdade laboral e as orixes da ideoloxía patriarcal.

-Blanco, Carmen, “O feminismo da liberación da muller en Galicia”, pp. 6-7.

Comeza referíndose á segunda grande onda feminista en Galiza, iniciada nos anos sesenta do século XX e destaca o seu carácter marcadamente revolucionario. Distingue tres etapas evolutivas: momento de conformación, momento de eclosión e momento de transformación. Manifesta que a finais dos oitenta e primeiros dos noventa prolifera un novo feminismo, o feminismo social. Remata salientando as obras teóricas pioneiras, entre as que destaca *A muller en Galicia* (1977) de María Xosé Queizán ou *Cartas a Rosal*.

López, A.R. e S. Noia (coords.), “Os libros que nos alimentaron”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, nº 648, 21 decembro 2006, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a aquelas obras que marcan nalgún momento as nosas vidas e que contén o seguinte artigo:

-López, A.R. e Dopico, Montse, “Formados con vós”, pp. 3-7.

Catálogo que recolle as que para distintas persoas, entre eles Margarita Ledo, Marilar Aleixandre, Chus Pato, Emilio Araújo, Xosé Manuel Beiras, Antón Bahamonde, Miguel Anxo Fernán Vello, Ramón Villares ou Iván Prado, foron lecturas que marcaron as súas vidas e das cales nos ofrecen as súas particulares perspectivas, facendo deste xeito un percorrido pola literatura, non só galega, senón tamén universal. Salientan as figuras dos galegos Rosalía de Castro, Ánxel Fole, Avilés de Taramancos, Xosé Luís Méndez Ferrín, Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco e Carlos Casares.

López Ardeiro, Xosé M., “De Versos de Ausencia e Desagravio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 xaneiro 2006, p. 48.

Composición poética de Xosé M. López Ardeiro.

López Ardeiro, Xosé M., “De ‘Versos de Ausencia e Desagravio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 marzo 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de Xosé M. López Ardeiro.

López Ardeiro, Xosé M., “De ‘Versos de ausencia e desagravio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xuño 2006, p. 48.

Publicación dun poema de Xosé M. López Ardeiro.

López Ardeiro, Xosé M., “De ‘As palabras furtivas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 xullo 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de Xosé M. López Ardeiro.

López Ardeiro, Xosé M., “De ‘Cinco sonetos de Sombra” (IV)”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xullo 2006, p. 36.

Composición poética de Xosé M. López Ardeiro que aparece reproducida nesta sección fixa.

López Ardeiro, Xosé M., “Versos de ausencia e desagravio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 agosto 2006, p. 36.

Composición poética de Xosé M. López Ardeiro.

López Casanova, Arcadio, “De ‘Herdo do canto “, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 maio 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Arcadio López Casanova.

López Filloy, David, “O castelo de Ídiren”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 5 agosto 2006, p. 42.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión asinado por David López Filloy.

López Gómez, Xesús Anxo, “Luxo, calma e voluptuosidade”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 4 agosto 2006, p. 40.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Xesús Anxo López Gómez.

López Rivera, Dulce María, “Ritual de lilas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 3 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Dulce María López Rivera.

López Vázquez, Nerea, “Unha carreira de burros”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por Nerea López Vázquez.

López, Beatriz, “Efecto Teína”, *El Progreso*, “*Campus*”, nº 368, “Rincón literario”, 8 febreiro 2006, p. 2.

Ofrece Beatriz López un breve relato nesta sección fixa.

López, Beatriz, “Rincón Literario”, *El Progreso*, “*Campus*”, nº 379, “Rincón literario”, 3 maio 2006, p. 2.

Beatriz López presenta unha pequena historia nesta sección fixa.

López, Belén, “Milladoiro presenta en Pontevedra a súa homenaxe a Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 21 maio 2006, p. 75.

Faise eco do lanzamento no Pazo da Cultura en Pontevedra do novo disco do grupo Milladoiro, *Unha estrela por guía*. Saliéntase a inclusión en 25 anos de pezas cantadas sumándose á homenaxe, por parte de diversas institucións, ao seu autor, o poeta Manuel María. Recóllense as palabras de Pepe Ferreirós, integrante do grupo, manifestando a súa ledicia polo ofrecemento e a experiencia. Faise unha relación dos artistas colaboradores e dos textos poéticos escollidos sinalándose un deles en concreto como peza clave que lle dá título. Lémbrese que non é a primeira vez que as verbas deste poeta aparecen nun disco.

López, Belén, “Metáforas peatonalizadas”, *Diario de Pontevedra*, “vivir verán”, 25 agosto 2006, p. 72.

Comenta que Brais Ocampo e Rodrigo Rey, dous poetas do Porriño e a Lama, recitan obras propias e alleas nas beirarrúas da cidade de Pontevedra, ao pé da estatua de Valle-Inclán. Para eles esta maneira de se dirixiren aos oíntes é a máis sincera, pois non encerran ao público nunha sala para “obrigalo” ao aplauso.

López, Belén, “Un fanzine que é unha “Criatura”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 setembro 2006, p. 74.

Neste artigo hai unha entrevista ao pontevedrés Rafa Iglesias que é un dos creadores de fanzine. Rafa Iglesias conta que sae á luz esta revista dedicada á música cun concerto na sala La Iguana en Vigo. Explica despois cal pretende ser a súa difusión que segundo o seu creador é xeral, toda Galicia.

López, Belén, “A Feira do Proxecto-Edición desembarca en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 10 outubro 2006, p. 84.

Dáse conta da chegada á cidade de Pontevedra dun novo proxecto cultural relacionado coa arte, “Proxecto-Edición”, a cargo do CGAC de Santiago, o MARCO de Vigo e a Fundación Luís Seoane da Coruña. Inclúe información sobre as datas, lugar e actividades. Fai referencia ás actuacións musicais e ás mesas redondas, nas que se tratará a edición independente e a distribución comercial en Galicia. Tamén alude á presentación de publicacións e aos novos creadores galegos que participarán na feira. Por último, sinálanse os obxectivos principais do proxecto.

López, Chechu, “Biblioteca do 36 escribirá la historia de los vencidos en la Guerra Civil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xaneiro 2006, p. 56.

Dáse conta da presentación en Rianxo do grupo de traballo Biblioteca do 36, formado por un conxunto de intelectuais e investigadores que se propoñen como principal obxectivo escribir a historia dos galegos vencidos na Guerra Civil española, non só durante a contenda, senón tamén durante a represión dos corenta anos de franquismo. Xesús Alonso Montero, principal promotor do proxecto, describiu esta labor como un proceso de “exhumación de textos dos escritores represaliados”.

López, Xabier e Piñeiro, Antonio, “De ‘Tránsitos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xabier López e Antonio Piñeiro.

Lopo, Santiago, “O agasallo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2006, p. 43.

Sección “Relatos” que publica nesta ocasión o primeiro capítulo da historia asinada por Santiago Lopo e que leva o título de *Game Over*, novela por entregas gañadora do VI Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* e que se comeza a publicar dende hoxe.

Lopo, Santiago, “Breogán”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 2 agosto 2006, p. 43.

Acóllese nesta sección o capítulo segundo da novela por entregas de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “A mentira”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 3 agosto 2006, p. 43.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “O susto”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 4 agosto 2006, p. 41.

Acóllese nesta sección o capítulo cuarto da novela por entregas de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Incerteza”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 5 agosto 2006, p. 43.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Resurrección”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2006, p. 45.

Acóllese o capítulo sexto da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Instinto asasino”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 7 agosto 2006, p. 37.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Capitalismo virtual”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 8 agosto 2006, p. 43.

Presenta o capítulo oitavo da novela de Santiago Lopo, sempre acompañado dun resumo do anteriormente publicado.

Lopo, Santiago, “Expansión”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 9 agosto 2006, p. 43.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “O congreso”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 10 agosto 2006, p. 43.

Acóllese o seguinte capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Enganchado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 11 agosto 2006, p. 43.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Infractor”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 12 agosto 2006, p. 43.

Presenta o capítulo décimo segundo da novela de Santiago Lopo, sempre acompañado dun resumo do anteriormente publicado.

Lopo, Santiago, “Condenado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 13 agosto 2006, p. 45.

Presenta un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, sempre acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “A clasificación”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 14 agosto 2006, p. 37.

Acóllese o seguinte capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Visita familiar”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 15 agosto 2006, p. 43.

Novo capítulo, acompañado dun resumo do anterior, da novela por entregas de Santiago Lopo.

Lopo, Santiago, “Alicia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2006, p. 39.

Acóllese o capítulo décimo sexto da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “O contrato”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 17 agosto 2006, p. 35.

Acóllese o seguinte capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anteriormente publicado.

Lopo, Santiago, “O xuramento”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 19 agosto 2006, p. 41.

Presenta un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, sempre acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “A lista”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 19 agosto 2006, p. 41.

Presenta o capítulo décimo noveno da novela de Santiago Lopo, acompañado, como é habitual, dun resumo do xa publicado.

Lopo, Santiago, “Primeira misión”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 20 agosto 2006, p. 45.

Presenta un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Risco”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 21 agosto 2006, p. 37.

Presenta o capítulo vixésimo primeiro da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “O Supremo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 22 agosto 2006, p. 35.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Xavier”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 23 agosto 2006, p. 35.

Presenta un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, sempre acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Dimitri”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 24 agosto 2006, p. 41.

Novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anteriormente publicado.

Lopo, Santiago, “White rabbit”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 25 agosto 2006, p. 41.

Presenta un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, sempre acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Vanidade”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 26 agosto 2006, p. 35.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Paranoia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 27 agosto 2006, p. 45.

Novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anteriormente publicado.

Lopo, Santiago, “Admiración”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 28 agosto 2006, p. 45.

Capítulo vixésimo oitavo da novela por entregas de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anterior.

Lopo, Santiago, “Persecución”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2006, p. 35.

Acóllese un novo capítulo da novela de Santiago Lopo, acompañado dun resumo do anteriormente publicado.

Lopo, Santiago, “Tentación”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2006, p. 35.

Derradeiro capítulo da novela por entregas de Santiago Lopo que ao longo de todo o mes de agosto se estivo a publicar na sección “Relatos”.

Lorenzo Baleirón, Eusebio, “Os sinais externos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 xuño 2006, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Eusebio Lorenzo Baleirón.

Lorenzo, Fran P., “Primavera que chega en verso”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 34.

Dáse noticia da celebración do Día da Poesía cun acto organizado polo PEN Clube de Escritores de Galicia, en colaboración co Consello da Cultura Galega. Nel reflexionaron sobre o feito poético e leron algúns textos representativos catro poetas: o leonés Antonio Gamoneda, o portugués Antonio Salvado, o ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín e Luís

González Tosar, presidente do PEN Clube, quen definiu a poesía como “a mellor maneira de nomear o mundo”.

Lorenzo, Fran P., “Catro poetas ‘inauguran’ a primavera coas súas voces”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 22 marzo 2006, p. 67.

Dá conta da celebración en Compostela do Día da Poesía, no Pazo de Raxoi. Recolle as palabras dos participantes no acto organizado polo PEN Clube e o Consello da Cultura Galega: António Salvado, Antonio Gamoneda, Xohana Torres, Luís González Tosar e Xosé Luís Méndez Ferrín, así como as do editor e narrador Víctor Freixanes.

Lorenzo, Fran P., “O Igaem primará proxectos viábeis e que xeren mási emprego teatral”/“Forte e competitiva”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 28 marzo 2006, p. 67/41.

O titular desta noticia recolle as palabras de Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte, coas que expón o tipo de industria cultural galega que se persegue coa nova convocatoria de axudas do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). No acto de presentación fíxose fincapé no aumento orzamentario, superior ao 50% no referido á produción e á distribución. Destacouse tamén que, dentro das liñas de actuación para o sector escénico galego, se inclúen tres novas iniciativas: a mellora das dotacións técnicas dos espazos escénicos de titularidade municipal integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios; o potenciamento da actividade asociativa, universitaria e non profesional; e o estudo e investigación no ámbito das artes escénicas e musicais galegas. Incídese tamén en que os obxectivos principais desta convocatoria son os de apostar por proxectos viábeis e xerar máis emprego, así como acadar a proxección exterior do produto escénico galego, apoiando a presenza de espectáculos nas feiras e certames de exhibición estatal.

Lorenzo, Fran P., “Un tesouro documental e bibliográfico galego sae mañá a poxa en Madrid”, *El Correo Gallego*, 23 abril 2006, p. 74.

Infórmase de que na poxa será posíbel acceder a máis de cen lotes de material bibliográfico, artístico e documental de entidade histórica, que inclúen primeiras edicións, gravados, cartas e fotografías dos principais escritores e artistas plásticos de Galicia. Indícase que nese “fabuloso retrato da Galiza das vangardas e do exilio americano” destacan os nomes de Castelao, Luís Seoane, Granell, Cunqueiro ou Maruja Mallo entre outros.

Lorenzo Gil, César, “Capote, Houellebecq é Handke en galego”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Cultura”, 16-22 marzo 2006, p. 24.

Explícase cómo a necesidade de facer fronte á crise de lectores e normalizar o galego levaron ás editoriais do país a publicar libros da máis destacada literatura universal na lingua galega. Menciónase, en concreto, o caso de Rinoceronte Editora, selo especializado en traducións que comezou a súa andaina coa obra finlandesa *O bosque dos raposos aforcados* (2005) de Arto

Paasilinna; e o da Biblioteca Virtual Galega. Ofrécese, así mesmo, unha relación das novidades que irán aparecendo nun futuro da man de Rinoceronte, Galaxia ou Sotelo Blanco, entre outras.

Lorenzo Gil, César, “Houellebecq, Updike, Süskind, letras galegas”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Cultura”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 30.

Informa das novidades no eido da tradución que presentarán as editoriais galegas, que como se di, apostan por traducir as obras dos máis importantes autores do mundo. Comeza mencionando algúns libros que xa están publicados. Segue referíndose ás obras que sairán do prelo ao longo deste último trimestre, salientando a tradución de clásicos universais, e remata falando da presentación dalgúns coleccións para o 2007. Fai especial referencia á nova colección “Compostela”, da editorial Galaxia, como exemplo da aposta polas novidades na tradución de autores europeos contemporáneos, entre eles Martin Amis.

Lorenzo Gil, César, “Luces, cámara e... guión!”, *A Nosa Terra*, nº 1.230, “Cultura”, 6-12 xullo 2006, p. 24.

Aproximación á relación entre a literatura e o mundo do audiovisual galego a través das experiencias de catro guionistas: Xosé Cermeño, Diego Ameixeiras, Xabier Manteiga e Anxo de la Cruz, escritores galegos que tentan vivir da elaboración de guións para o cine e a televisión. Recóllense as súas opinións sobre as diferenzas entre escribir novelas e guións, diferenzas que Ameixeiras cifra na “urxencia por rematar a tarefa” e na paternidade colectiva do traballo.

Lorenzo Gil, César, “A cultura galega florece na Bahía”, *A Nosa Terra*, nº 1.235, “Cultura”, 14-20 setembro 2006, p. 28.

Infórmase da presentación de “Galicia do outro lado do Atlántico”, título co que se coñece o VIII Congreso de Estudos Galegos, celebrado en Salvador de Bahía. Comézase facendo alusión á cátedra de Lingua Galega que se atopa na cidade, e que goza dunha grande importancia en Sudamérica, para logo afondar nas actividades deseñadas pola Asociación Internacional de Estudos Galegos para o congreso. Engádense ás palabras da coordinadora, Helena González, nas que cabe destacar que cómpre “intensificar o espallamento do galego”. A continuación, cítanse os temas de carácter multidisciplinar tratados no congreso, os poñentes e, por último, faise un breve percorrido polas orixes da AIEG.

Lorenzo Gil, César, “Créase un novo premio para periodismo literario”, *A Nosa Terra*, nº 1.239, “Cultura”, 12-18 outubro 2006, p. 25.

Faise eco da creación dun novo premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza. Trátase do Premio de Xornalismo Literario que se convocará anualmente co obxectivo de unir xornalismo e literatura nun mesmo espazo de normalización lingüística. Recolle as palabras do presidente

da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, así como as do decano do CPXG, Xosé Manuel Veiga, salientando o compromiso coa lingua. Remata referíndose, por un lado, á creación dunha sección de crítica literaria por parte da AELG a modo de foro no que se poida debater opinións e arelas; por outro lado, á celebración do II Simposio Internacional 'Letras na Raia'.

Lorenzo Gil, César, "Un país nas follas das revistas", *A Nosa Terra*, nº 1.244, "Cultura", 16-22 novembro 2006, p. 24.

Refírese ao envío ás hemerotecas galegas, de maneira continua, de gran cantidade de publicacións periódicas sobre cultura.

Lorenzo Gil, César, "Cabodanos da nación. O himno e A Nosa Terra chegan aos 100 anos no 2007", *A Nosa Terra*, nº 1.250, "Cultura", 29 decembro 2006-5 xaneiro 2007, p. 38.

Infórmase de que no ano 2007 se cumprirá o centenario do nacemento do himno galego e mais da creación do xornal *A Nosa Terra*. Dáse conta do nacemento do himno, realizado por Pascual Veiga a partir dun poema de Pondal e da creación d'*A Nosa Terra* como voceiro de Solidaridad Gallega.

Losada, Óscar, "Unha fotobiografía sonora lembra a figura do poeta Manuel María", *La Opinión*, "Cultura", 6 febreiro 2006, p. 47.

Comentario sobre a *Fotobiografía sonora* de Manuel María (2005). Sinala que a obra está formada por dous CD's e un libro, onde aparecen fotografías significativas da vida do autor e textos. Salienta que o traballo constitúe unha homenaxe á carreira do poeta chairego e que conta con textos de Xan Fraga, Carlos Díaz, Xurxo Souto, Mónica Rodríguez, Camilo Gómez e o propio Manuel María. A fotobiografía dá un papel fundamental á memoria gráfica, compaxinádoa con dous discos. No primeiro recóllense poemas con voz do propio autor e no segundo cancións con textos do escritor interpretadas por diversos artistas, na súa maioría galegos (Fuxan os Ventos, A Quenlla, María Manuela...), aínda que tamén hai un achegamento a artistas éuscaros e menorquinos.

Losada, Óscar, "Milladoiro fará un disco con pezas cantadas e textos de Manuel María", *La Opinión*, "Cultura", 1 abril 2006, p. 47.

Infórmase sobre o proxecto do grupo folk Milladoiro de facer un disco con temas cantados con textos de Manuel María, dentro das distintas iniciativas levadas a cabo por todo o país para homenaxear ao escritor. Xosé Vicente Ferreirós reconece que a realización deste álbum enteiramente vogal, no que Laura Amado será a intérprete principal, supón unha experiencia nova para o grupo. Así mesmo, amosa a súa opinión sobre a situación actual da música e dos artistas folk en Galicia, aos que a Administración, di, presta pouca atención a pesar da súa repercusión.

Loureiro, Ramón, “Reigosa, mirada de narrador”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, 26 agosto 2006, p. 3.

Columna dedicada ao escritor Carlos G. Reigosa, na que se comenta a relación entre xornalismo e literatura, dúas facetas complementarias para este autor. Remata referíndose á súa traxectoria e ofrecendo os títulos publicados por Reigosa até o momento.

Loureiro, Ramón, “A letra de Carballo Calero revela a ‘fervente fantasía’ do escritor ferrolán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2006, p. 45.

Informa de que a Sociedade Galega de Grafoloxía acaba de publicar un estudo sobre a letra de Carballo Calero, elaborado por Xosé Ramón Vázquez Martínez, quen afirma que a súa grafía revela a enorme fantasía do escritor e a desbordante enerxía interior. Así mesmo, achégase o comentario de Carlos Vidal, amigo íntimo de Carballo Calero, que confirma as conclusións de Vázquez Martínez.

LR, “Cómo entrar en la literatura con dos euros”, *La Región*, “Ciudad”, 25 abril 2006, p. 14.

Faise referencia á celebración do Día do Libro en Ourense cunha feira na que participaron unha ducia de librarías, máis que en anos anteriores. Así mesmo, faise unha breve alusión á conmemoración desta data no IES Xesús Ferro Couselo.

LR, “Unha placa en memoria de Lamas Carvajal”, *La Región*, “Ciudad”, 8 setembro 2006, p. 12.

Infórmase dun novo recoñecemento a Valentín Lamas Carvajal coa colocación dunha placa, que reproduce a cuberta do primeiro número d’*O tío Marcos da Portela*, no lugar onde estaba situada a imprenta do primeiro xornal galego. Alúdese ás actuacións deseñadas pola Concellaría de Cultura para conmemorar o centenario do seu falecemento. Faise fincapé na ofrenda floral e nas palabras do profesor e historiador Alfonso Vázquez Monxardín, quen destacou a importancia do labor de Lamas Carvajal e do seu legado.

LR, “Los intelectuales defienden un uso cultural para el espacio que ocupaba la Biblioteca Provincial”, *La Región*, “Ourense”, 30 setembro 2006, p. 8.

Comézase facendo referencia ao novo uso da antiga Biblioteca Provincial nos baixos da Deputación de Ourense. O presidente, X.L. Baltar, anunciou que esta se converterá en oficinas de atención ao público, feito que molestou aos ourensáns implicados na actividade cultural. Alúdese ao parecer dos intelectuais e ao silencio do actual director da biblioteca, Enrique Bande, e da senadora *popular* e membro do grupo Francisco Moure, Mercedes Gallego. Infórmase do cambio de ubicación do material da biblioteca no novo recinto do Simeón e, por último, inclúense as verbas de persoas relacionadas coa cultura ourensá.

LR, “Camiñando sobre follas de novela”, *La Región*, “Ourense”, 12 decembro 2006, p. 10.

Díse que os ourensáns lembran *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, lendo fragmentos da obra no tradicional roteiro.

L.R., “Tertulia artística na casa de Curros”, *La Región*, “Provincia”, 19 febreiro 2006, p. 18.

Infórmase sobre a inauguración da Casa de Curros Enríquez en Celanova coa celebración dun acto cultural e diverso, polo número e variedade de artistas que nel participaron. O grande protagonista foi Xosé Luís Méndez Ferrín, centro dunha exposición de trinta e un pintores e escultores que tentan introducirse no universo literario do escritor de Vilanova dos Infantes. Xunto a ela, tamén se poderá visitar unha mostra permanente pola vida e obra do autor de *Aires da miña terra*.

L.R., “Poemas para el niño y para el abuelo”, *La Región*, “Ciudad”, 20 marzo 2006, p. 9.

Dáse conta dos actos cos que o Concello de Ourense quere celebrar o Día Internacional da Poesía, entre os que destacan dous recitais con protagonistas aos que separan varias xeracións: os veteráns recitadores do grupo “Palabra Viva”, con Segundo Alvarado á cabeza; e os xoves estudantes dos institutos da cidade. Resáltase que nesta ocasión as preferencias estarán dirixidas cara aos autores da terra ourensá.

L.R., “Villarino e Freixanes apelan ó diálogo para a construción ‘dunha Galicia sen complexos’”, *La Región*, 1 xullo 2006, p. 12.

Faise eco do acto celebrado en homenaxe ao escritor Ramón Otero Pedrayo con motivo do 25 aniversario do Parlamento na Fundación que leva o seu nome. Dáse conta do programa e da relación de persoeiros asistentes e salientase o chamamento ao diálogo da representante da mesa do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino e o escritor Víctor Freixanes, presidente da fundación.

L.R., “Pura Vázquez descansa en San Francisco”, *La Región*, “Ourense”, 27 xullo 2006, p. 8.

Díse que familiares, amigos, achegados e diversas personalidades da política e da cultura galega despiden o féretro de Pura Vázque o día do seu falecemento. Coméntase que unha das grandes voces femininas da posguerra foi despedida no cemiterio de San Francisco. Voces da política como José Luis Baltar, Xosé Carlos Sierra, Fidalgo Santamaría e Teresa Devesa, así como da Cultura coma Eduardo González opinan sobre a perda da poeta.

L.R., “La Fundación Otero Pedrayo publicará toda la correspondencia entre el profesor y su madre”, *La Región*, “Ourense”, 6 setembro 2006, p. 10.

Dáse conta do convenio asinado pola Fundación Otero Pedrayo e a Deputación de Ourense para o mantemento do Pazo de Trasalba. A continuación, achégansenos as verbas de Baltar, presidente da Deputación, sobre Otero Pedrayo e as de Freixanes, presidente do Patronato, que quixo facer fincapé no labor de Agustín Sixto Seco, primeiro presidente da Fundación. As verbas de Víctor Freixanes anuncian a publicación dunhas 1.500 cartas que pertencen á correspondencia entre Otero e a súa nai. Finalízase informando sobre a promoción da figura do intelectual nas escolas a través de material didáctico.

L.R., “El Igaem asigna 32 funciones a Ourense y se propone ampliar la red de escenarios”, *La Región*, “Ciudad”, 11 outubro 2006, p. 14.

Comeza mencionando os obxectivos que se propuxo o IGAEM para o próximo exercicio, entre os que salienta a adeucación de espazos para as representacións artísticas e fomentar o incremento de teatros e auditorios ourensáns inscritos na rede galega, segundo as palabras de Miguel Martín. Anuncia ademais a programación para a provincia no que queda de ano, trinta e dúas funcións que se desenvolverán nos catro espazos adscritos (O Barco, O Carballiño, Teatro Principal e o Auditorio). Remata explicando brevemente as nove directrices que marcarán o funcionamento do IGAEM para o próximo ano.

L.R., “El Principal y el Igaem se acusan de usurpar la organización de las funciones teatrales”, *La Región*, “Ourense”, 12 outubro 2006, p. 9.

Recolle o conflito que está a xurdir entre o Teatro Principal de Ourense e o IGAEM por mor da presentación, por parte deste último, da programación para os espazos adscritos á Rede en Ourense. O xermolo da polémica reside nunha cuestión de financiamento, segundo a xerente do Principal, Olga Mojón, que opina que se o IGAEM non financia estas actuacións non pode incluílas dentro da súa programación e anuncia que as obras están totalmente patrocinadas polo Teatro Principal. O xerente do IGAEM, Miguel Martín, recoñece que non se puxo diñeiro para algunhas actuacións porque se saían do presuposto pero que o Principal se beneficiou na súa contratación das ventaxas da Rede.

L.R., “El PP modifica su enmienda al presupuesto del Concello para construir la Escola de Teatro”, *La Región*, “Ourense”, 1 novembro 2006, p. 7.

Faise eco da decisión de financiar a Escola de Teatro e o Centro Cívico da cidade de Ourense con cargo aos beneficios que as cesións urbanísticas deixan ao Concello pese á advertencia de ilegalidade esgrimida polo interventor.

L.R., “Segundo Alvarado recibe un homenaje como director teatral”, *La Región*, “Ourense”, 29 decembro 2006, p. 9.

Segundo Alvarado e a compañía que creou e dirixiu, Valle-Inclán representa un referente no panorama teatral de Galicia; por esta razón, O Centro Cultural da Deputación recordará o seu labor.

L. V. P., “Rarezas bibliográficas de Galicia y cartas de Castelao en el exilio, a subasta”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 16 abril 2006, p. 14.

Dáse noticia da poxa que Durán Subastas de Arte realizará en Madrid o 24 de abril co tema “Galicia y la labor cultural y política de su exilio en América en la primera mitad del siglo XX”. Nela ofreceranse ao público cartas firmadas por Castelao na época en que foi presidente do Consello Galego de Galicia en Bos Aires, primeiras edicións de autores como Luís Seoane ou Vicente Risco, fotografías autografadas de Castelao e Dieste ou a colección completa de *Galicia Emigrante*, entre outros moitos materiais.

Luaces García, María, “La Escuela de Actores de Narón cubre todas sus plazas”, *La Opinión*, “Narón”, 5 xullo 2006, p. 22.

Infórmase sobre o funcionamento da Escola de Actores de Narón, a única das súas características en Galicia, da que sairán os primeiros titulados ao finalizar o curso 2006-2007. Indícase que o acceso á escola é cada vez máis complexo polo incremento no número de persoas interesadas, e recóllense referencias á estrutura das ensinanzas, ás materias impartidas, ás características do alumnado e ás súas posíbeis saídas profesionais.

Lueiro Rey, Manuel, “De ‘Derradeira escolma ferida’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 xaneiro 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Manuel Lueiro Rey.

Lueiro Rey, Manuel, “De ‘Derradeira escolma ferida’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 novembro 2006, p. 38.

Acóllese unha composición poética de Manuel Lueiro Rey.

Lueiro Rey, Manuel, “De ‘Derradeira escolma ferida’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 decembro 2006, p. 38.

Publicación dun poema de Manuel Lueiro Rey nesta sección fixa.

M.A.C., “Tarde de versos en Combarro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 18 agosto 2006, p. 8.

Dá noticia do transcurso da quinta edición do recital “Poetas na rúa” organizado pola Concellaría de Xuventude de Poio dentro do programa “Arte próxima”. Dise que participaron catorce autores menores de trinta e cinco anos, como Alberto Lema, Antía Otero, Baldo

Ramos ou María Lado, entre outros, e que os mestres de cerimonia foron Xosé Vázquez Pintor e Elvira Riveiro.

Mallo Castro, Arcadio, “Amig@s”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 11 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos de verán escritos por lectores, nesta ocasión asinado por Arcadio Mallo Castro.

Mallo, Albino, “Caixanova e a Deputación da Coruña promoverán a cultura”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 11 xaneiro 2006, p. 65.

Infórmase do convenio asinado pola Deputación da Coruña e a entidade Caixanova para a realización dun programa cultural que comprende música, teatro, arte, exposicións e conferencias. Indícase que os actos se realizarán en diferentes concellos, e sinálase certo protagonismo de Ferrol debido á apertura do Teatro Jofre. Finalmente, dáse conta das tres exposicións que se levarán a cabo: “Galicia na diáspora”, “Oniria, atévete a soñar” e “Vivir no espazo”.

Mallo, Albino, “A luz e as súas cicatrices”, último poemario da escritora Eva Veiga”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 17 marzo 2006, p. 68.

Dise que a escritora Eva Veiga presentou o seu libro inédito acompañada polos escritores Luz Pozo e Francisco Fernández Naval. A obra, titulada *A luz e as súas cicatrices* (2005), levou un accésit na convocatoria de premios Esquíu.

Mallo, Albino, “Celébrase o ‘II encontro coa Pintura e a Poesía’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 abril 2006, p. 36.

Dáse conta da celebración do II Encontro coa Pintura e a Poesía, organizado pola Deputación da Coruña e que terá lugar no Pazo de Mariñán do 20 ao 23 de abril. Coméntase que no encontro participarán corenta e dous artistas e poetas e que se farán actividades como pinturas ao aire libre ou recitais poéticos, e, como novidade, inclúese a música e mais a fotografía.

Mallo, Albino, “Kristina Berg inaugura os Diálogos de Mariñán”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 2 xuño 2006, p. 68.

Noticia da presentación, na Pazo da Deputación da Coruña, dos “Diálogos de Mariñán”. Recóllense as palabras no acto da viúva do escritor Carlos Casares, Kristina Berg, quen asegurou que a actividade sería do agrado do escritor e que un dos obxectivos destes encontros é promover o diálogo entre Galicia e o mundo.

Mallo, Albino, “Como vida e memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 xuño 2006, p. 37.

Refire as palabras da Presidenta da Fundación Casares, Kristina Berg, na inauguración dos Diálogos de Mariñán, quen afirmou que o obxectivo é consolidar estas xornadas como “encontro entre o mundo do libro e a literatura galega” e as áreas lingüísticas máis próximas. Sinálase que participaron nas primeiras xornadas Xosé María Álvarez Cáccamo, Antón Baamonde, Rosa Regás, Miguel Anxo Fernán Vello, Antonio Hormaigón e Marina Mayoral, entre outros.

Mallo, Albino, “A idea de Carlos Casares lévase á práctica con Diálogos de Mariñán”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 4 xuño 2006, p. 76.

Coméntase que a idea do falecido Carlos Casares de organizar encontros de escritores e editores estase a levar a cabo a través da celebración dos Diálogos de Mariñán. Achéganse as palabras da súa viúva, quen afirma que Casares sempre intentou realizar xuntanzas deste tipo para dinamizar a cultura galega e recuperar a memoria histórica.

Mallo, Albino, “A RAG lembra os Xogos Florais de Tui”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 xuño 2006, p. 44.

Noticia da celebración, por parte da Real Academia Galega, dunha conmemoración dos Xogos Florais de Tui de 1891, nos que foi pronunciado o primeiro discurso público en galego, a cargo de Manuel Murguía.

Mallo, Albino, “Fernán Vello invoca o poder comunicativo da verba poética”/“Fórmulas líricas de entender”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 7 agosto 2006, p. 68/30.

Finaliza na vila de Betanzos o I Festival Internacional de Poesía despois de tres días de celebracións. Os organizadores coinciden en sinalar que foi un festival terá no futuro a mesma estrutura, pero será importante que se incorporen máis poetas de distintos países para que haxa unha aposta pola palabra como medio para o refuxio lonxe da barbarie que se vive. A noticia tamén fai alusión á visita de Farruco Sesto, ministro venezolano.

Mallo, Albino, “Ana Seoane abre a xuntanza de teatrólogos en Mariñán”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 outubro 2006, p. 34.

Faise eco da celebración do XIII Congreso da Asociación de Directores de Escena de España con presenza de representantes hispanoamericanos, entre eles, Ana Seoane, crítica teatral arxentina e sobriña do escritor Luís Seoane, encargada de abrir a xuntanza. Recolle as palabras daqueles persoeiros encargados de inaugurar o acto: Celestino Poza, responsábel da área de Cultura da Deputación da Coruña, o director teatral Xosé Manuel Rabón, e o presidente da Asociación de Directores de Escena de España, Juan Carlos Pérez de la Fuente.

Remata informando da entrega das Medallas da ADE á *Revista Galega de Teatro*, revista *Cuadrante, Anuario Valle-Inclán*, á Asociación de Actores, Directores, e a Isaac Díaz Pardo.

Mallo, Albino, “Para unir as ribeiras do Atlántico”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 outubro 2006, p. 35.

Durante a celebración das xuntanzas de directores e teatrólogos do Pazo de Mariñán, Ana Seoane, sobriña do escritor e pintor Luís Seoane, crítica teatral e profesora nun Instituto Universitario de Arte Dramática e na Escola Municipal de Arte Dramática en Bos Aires, reclama un acercamento do teatro galego á Arxentina a través da representacións dalgunhas das producións do Centro Dramático Galego. Remata falando sobre o teatro en Bos Aires e a boa acollida aos actores exiliados en España.

Mallo, Albino, “O tesouro da palabra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 novembro 2006, p. 33.

Dáse conta da inauguración da exposición “Galicia, a forza da palabra”, como homenaxe ao centenario da Real Academia Galega, realizada na Fundación Caixa Galicia da Coruña. Achéganse as palabras dos representantes institucionais que participaron no acto inaugural e salientase a importancia da RAE no proceso de normalización do galego. Finalmente, indícanse algúns dos obxectos que se atopan na mostra.

Mallo, Albino, “A cidade, eixe do encontro literario de Mariñán”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 novembro 2006, p. 34.

Anúnciase a celebración do IV Encontro de Escritores Galegos, coordinado por Luciano Rodríguez, e que terá lugar no Pazo de Mariñán o 24, 25 e 26 de novembro baixo o lema “Literatura e cidade”. Dise que a organización selecciona aos asistentes en función do tema e enumera quen serán os deste ano, entre eles Anxo Tarrío, Marcos Valcárcel e Úrsula Heinze.

Mallo, Albino/EFE, “Tourinho implicarase no diálogo co sector teatral para garantir o seu futuro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 outubro 2006, p. 75.

Faise eco da participación do Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, no XIII Congreso da Asociación de Directores de Escena de España (ADE) que se celebra en Bergondo. Céntrase no seu discurso na necesidade de realizar un esforzo para conseguir un Centro Superior de Formación Teatral, de mellorar o funcionamento do IGAEM e de establecer unha relación máis estreita entre teatro e realidade. Segue recollendo as palabras de Juan Antonio Hormigón dando a coñecer o proxecto de Lei do Teatro, xa debatido e redactado. Remata referíndose á entrega das medallas da ADE, unha das cales foi para o galeguista Isaac Díaz Pardo.

Manteiga, M., “El poeta Ardeiro publica sus ‘Versos de ausencia e desagravio’ desde Barcala”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 xaneiro 2006, p. 37.

Anuncio da presentación en Negreira da obra *Versos de ausencia e desagravio*, compendio de trinta e tres poemas en oitenta páxinas de Xosé Manuel López Ardeiro. Cítanse as anteriores obras do autor, así como as súas palabras sobre o poemario.

MARÉ, “Un brinde de medio século”, *Galicia Hoxe*, “Maré Hoxe”, 2006, p. 25.

Dáse conta da rememoración por parte de Xosé Neira Vilas do brinde realizado hai cincuenta anos no Pazo de Galicia de Bos Aires, co gallo da celebración do 50 aniversario do I Congreso da Emigración e do 150 aniversario do Banquete de Conxo. Dise que no acto Neira Vilas salientou a importancia da cidade de Bos Aires como capital cultural de Galicia.

MARÉ, “Balbino: un ninguén”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 xaneiro 2006, p. 31.

Coméntase que a obra de Xosé Neira Vilas *Memorias dun neno labrego* converteuse nunha das máis vendidas da literatura galega e, actualmente, o director ourensán Ismael González, vai realizar unha longametraxe na que Neira Vilas será coguionista. Sobre a novela, coméntase que foi traducida a catorce linguas e que o seu argumento é un reflexo da vida dos nenos dos anos corenta.

MARÉ, “Baixo o nome de Daniel”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xaneiro 2006, p. 33.

Dise que con motivo da celebración do cabodano da morte de Castelao realizáronse dúas homenaxes en Bonaval e Rianxo, á par que o Bloque Nacionalista Galego defendeu a aprobación do novo Estatuto de Autonomía para Galicia.

MARÉ, “Volve o clásico, Pondal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xaneiro 2006, p. 42.

Ábrese a noticia cunhas palabras de Eduardo Pondal nas que lega os seus manuscritos á Real Academia Galega para que os expurgue, para a continuación referirse á obra *Poesía Galega Completa IV: Os Eoas* (2005) que acaba de publicar Manuel Ferreiro na editorial Sotelo Blanco. Anúnciase tamén a simultánea publicación na mesma editora do *Estudo sobre Os Eoas* (2005) de Xosé Ramón Pena e Manuel Forcadela. A seguir, lémbrense as catro publicacións anteriores de Ferreiro sobre Pondal, unha biografía e os tres tomos da súa poesía galega, así como se explica a utilidade que o estudo dos outros dous autores achega para a interpretación d’*Os Eoas*. Destácase desta obra o seu valor lingüístico e de descrición dos problemas de Galicia desde opinións diferentes ao longo da vida do seu autor, e faise unha breve referencia á importancia de Pondal na creación dunha identidade galega de orixe céltica á marxe de España.

MARÉ, “Tripla aposta polo son e as verbas da creación galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 xaneiro 2006, p. 36.

Dáse conta da publicación do volume conxunto de libro e CD's que recolle a traxectoria de Manuel María, dentro da colección "Fotobiografías Sonoras". Coméntase que a presentación terá lugar no Museo de Belas Artes da Coruña e indícase que nun CD se recollen setenta e catro poemas do autor recitados por el mesmo e, no outro CD, aparecen dezaoito pezas interpretadas por agrupacións musicais e solistas como Fuxan os Ventos, María Manuela, etc.

MARÉ, "Rivas, Torres e Martín Garzo no taller literario do Macuf", *Galicia Hoxe*, "Maré", 20 xaneiro 2006, p. 36.

Dáse conta da organización dun taller de literatura, "A maxia das palabras", no Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa en colaboración coa editorial Galaxia. Coméntase que o curso constará de seis unidades temáticas e participarán persoeiros relevantes das letras galegas e españolas, como Manuel Rivas. Os temas a tratar son: "A maxia das palabras", "A viaxe da palabra oral á escrita", "A voz das historias", "O poder da infancia nas orixes do noso imaxinario", "Escribir para entendernos" e "Escribir o amor".

MARÉ, "Os dramaturgos debaten en Compostela", *Galicia Hoxe*, "Maré", 20 xaneiro 2006, p. 37.

Infórmase de que os dramaturgos galegos van celebrar un debate no que tratarán os problemas da difusión das obras e as dificultades de representación. O evento terá lugar no Auditorio da Universidade de Compostela e constará de tres mesas: "Autor e publicación", "Autor e representación" e "Autor. Estética e contexto".

MARÉ, "Libre competencia", *Galicia Hoxe*, "Maré", 21 xaneiro 2006, p. 37.

Infórmase da protesta realizada pola Asociación de Libreiros Galegos á Xunta de Galicia debido ao rexeitamento desta de vender libros aos departamentos de galego dos centros escolares. Ese permiso foi concedido á Asociación Galega de Editores e o seu presidente, Miguel Anxo Fernán Vello, declara que é un feito universal que os libros se merquen aos editores e non comprende por que os libreiros protestan.

MARÉ, "Escritores con honorarios", *Galicia Hoxe*, "Maré", 22 xaneiro 2006, p. 33.

Infórmase sobre o novo premio internacional creado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que ten como gañador ao poeta palestino Mahmoud Darwich. Ademais, dáse conta da celebración da asemblea xeral realizada pola asociación e na que o seu presidente, Cesáreo Sánchez, informou sobre as actividades próximas. Entre elas salientase o pedimento realizado á Xunta de Galicia para que a asociación sexa unha institución dentro do Consello da Cultura Galega. Tamén celebrarán un congreso de novos escritores co título "Letras na raia" e realizarán unha homenaxe á escritora María do Carme Kruckenberg.

MARÉ, “Novo taller da poeta Yolanda Castaño”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 xaneiro 2006, p. 33.

Noticia da celebración dun obradoiro de poesía titulado “¿Gústache escribir?”, organizado pola Fundación Caixa Galicia en Pontevedra e impartido pola poeta Yolanda Castaño.

MARÉ, “Homenaxe a Plácido Castro con Luís Álvarez Pousa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xaneiro 2006, p. 35.

Anúnciase a celebración da VII Conferencia Anual Plácido Castro, organizada pola Fundación do autor e que se celebrará no Club Internacional de Prensa en Santiago de Compostela, o día 25 de xaneiro. Terá como motivo a situación da prensa en galego durante o tempo de Plácido Castro.

MARÉ, “Innovar a través das tecnoloxías”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xaneiro 2006, p. 36.

Dáse conta da celebración dun pleno extraordinario convocado polo Consello da Cultura Galega no que participou o presidente da Xunta de Galicia. O presidente do CCG, Zulueta de Haz, achegou un informe sobre o futuro da Cidade da Cultura e presentaron ademais un volume que recolle os actos celebrados polo Consello no 2005. Así mesmo, informouse de que o portal da institución presentará unha versión en inglés.

MARÉ, “Coa luz de Castelao como inicio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 xaneiro 2006, p. 34.

Noticia das numerosas efemérides que terán lugar neste ano 2006. Destácase a presentación en Rianxo do Foro da Memoria Literaria, no que participarán Xesúa Alonso Montero e Xosé Luís Axeitos, lembrando os 120 anos do nacemento de Castelao.

MARÉ, “Os autores teatrais, a escena”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 xaneiro 2006, p. 34.

Dise que Roberto Salgueiro convocou aos escritores de teatro galegos para participaren no “espertar do sector”, polo que se reuniron en Compostela máis dunha vintena de dramaturgos coa intención de analizar os problemas e promover cambios neste ámbito.

MARÉ, “Case 400 funcións para a rede galega de teatros”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xaneiro 2006, p. 35.

Apúntase que a Rede Galega de Teatros e Auditorios ofrecerá 399 novas funcións escénicas para o primeiro semestre de 2006.

MARÉ, “Un eixe galego da arte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 febreiro 2006, p. 34.

Dáse conta da nova iniciativa creada polo Marco de Vigo, o CGAC compostelán e a Fundación Luis Seoane da Coruña en torno á edición. Durante tres anos abordarán diferentes eixes temáticos: o primeiro ano baixo o lema “O futuro da actualidade”, o segundo co título “A información e a contra información” e para o 2008 aínda non se concretou o contido.

MARÉ, “A Real Academia celebra o seu centenario”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 febreiro 2006, p. 36.

Noticia sobre a inauguración do centenario da Real Academia Galega, que comeza coa presentación do número un da colección “Letras da Academia”, *Os Eoas*, de Eduardo Pondal. A presentación do volume, editado por Manuel Ferreiro e con estudos de Manuel Forcadela e Xosé Ramón Pena, contou coas intervencións de académicos como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xesús Alonso Montero.

MARÉ, “Guerra á precariedade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 febreiro 2006, p. 36.

Dise que os editores galegos rexeitaron a medida proposta pola Asociación de Escritores en Lingua Galega á Xunta de Galicia, consistente no control, por parte da institución, do pagamento dos dereitos de autor.

MARÉ, “Nos tempos do cambio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 febreiro 2006, p. 41.

Noticia da visita do Presidente da Xunta de Galicia ao Centro “Ramón Piñeiro” para a Investigación en Humanidades. Destácase que este sinalou a necesidade de modificar o estatuto legal e administrativo do centro para garantir un funcionamento máis eficiente. Faise eco, ademais, do acto de entrega do Premio Ramón Piñeiro a Manuel Forcadela, pola obra *Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra* (2005), así como das palabras de agradecemento do seu autor. Coméntase que están previstas vinte e cinco novas publicacións do Centro para 2006 e enuméranse os dezaseis proxectos de investigación que nel se levan a cabo.

MARÉ, “Dúas vías, unha lingua”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 febreiro 2006, p. 36.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, coméntase que o Centro “Ramón Piñeiro” para a Investigación en Humanidades podería deixar de depender da Secretaría Xeral de Política Lingüística e coñecería melloras para garantir un funcionamento máis eficiente.

MARÉ, “Sinbad volve a Casablanca”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 febreiro 2006, p. 35.

Dise que na Feira Internacional do Libro e a Edición de Casablanca será presentada a tradución ao árabe de Si o vello *Sinbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro, realizada por Larbi el Harti. Sinala que terán lugar paralelamente varias mesas redondas sobre a literatura galega, nas que participarán Marisol López, César Cunqueiro, Luís G. Tosar e Carlos Lema.

Destácase o labor de colaboración entre o Instituto Cervantes, o PEN Clube galego, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta e o Ministerio de Cultura de Marrocos, institucións que están detrás desta iniciativa.

MARÉ, “Poemas estradenses e catorce poemas máis”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 febreiro 2006, p. 36.

Noticia da presentación da obra *Poemas estradenses e catorce poemas máis* na Librería Follas Novas de Compostela, na que acompañaron ao autor, Xoán Xosé Fernández Abella, o director de Edicións Fervenza e o profesor Luís Alonso Girgado.

MARÉ, “O país dos libros pechados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 febreiro 2006, p. 36.

Ofrece datos sobre os índices de lectura no Estado e afirma que son Galicia e Estremadura as autonomías con menos lectores, xa que só o 49% dos galegos maiores de catorce anos se considera lector de libros.

MARÉ, “Ganas de facer memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 febreiro 2006, p. 34.

Refírese ás diversas iniciativas relacionadas co Ano da Memoria. Destaca o curso impartido por Xesús Alonso Montero na Fundación Caixanova, que levará por título “Os escritores galegos ante a Guerra Civil”, e coméntase o seu programa.

MARÉ, “A casa natal de Curros abre o sábado convertida en museo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 37.

Fálase da apertura, grazas á Fundación Curros Enríquez, da casa deste autor como proxecto museístico. Destácase o feito de que a apertura poda ser diaria e non intermitente, como era habitual. Anúnciase que a primeira exposición da casa está dedicada ao escritor ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín, ademais de poñer en marcha unha iniciativa de “recollida de firmas de apoio á candidatura de Méndez Ferrín para Premio Nobel de Literatura”.

MARÉ, “Para ser mozo en galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 34.

Enumérase un conxunto de actividades posto en marcha pola administración autonómica para a promoción e normalización do idioma galego. De entre elas, relacionada co ámbito da literatura, destaca a presentación, con motivo do Salón Internacional do Libro e a Edición de Casablanca, da tradución ao árabe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro. Faise unha breve descrición do acto e anúnciase a pronta sinatura dun convenio co Instituto Cervantes para “o achegamento da lingua e a cultura galegas a todos aqueles lugares do mundo no que está presente este centro”.

MARÉ, “Refundación rosaliana”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 37.

Noticia da celebración anual do nacemento de Rosalía de Castro, nun acto coordinado por Comba Campoi para a Dirección Xeral de Creación e que terá lugar en Compostela coa participación e diversas actrices, músicas, poetas e bailarinas.

MARÉ, “Carlos Quiroga alporiza o Encontro Correntes D’escritas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 febreiro 2006, p. 37.

Dáse conta da participación de tres escritores galegos no Encontro Correntes D’escritas, celebrado en Portugal. Coméntase que a intervención máis comprometida foi a de Carlos Quiroga quen falou sobre a crítica literaria. Ramiro Fonte abriu o ciclo de conferencias participando no debate “Mentres facemos poesía non partimos” e, por último, Xavier Queipo entrevistou nunha mesa redonda sobre a literatura e internet, ademais de presentar dous libros: *Os ciclos do bambu* (2004) e *Bebendo o mar* (2003).

MARÉ, “Ese gran descoñecido”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 febreiro 2006, p. 34.

Dáse conta da presentación, na Galería Sargadelos de Compostela, do documental *Fala e terra desta miña terra*, elaborado por Margarita Ledo, en lembranza do poeta chairego Manuel María. Dise que, para a elaboración do documental, se recuperou material videográfico como “gravacións de televisión, fotos, vídeos domésticos e programas radiofónicos”. Recóllese a opinión de Margarita Ledo segundo a cal Fiz Vergara e Darío Xohán Cabana son “os auténticos herdeiros da súa poesía e dos seus artigos de axitación cultural”. Finalmente enuméranse as distintas institucións que colaboraron no “proxecto colectivo” do documental.

MARÉ, “¿Pero nada de nada?”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 febreiro 2006, p. 40.

Recóllense as opinións verquidas polo director do centro luso do Instituto Cervantes, Ramiro Fonte, sobre a falta de grandes obras mestras escritas en galego. Introdúcense, tamén, os seus matices posteriores, como que “faltan grandes figuras, grandes obras mestras de referencia, grandes obras escritas en galego” se ben iso “pode pasar tamén noutras literaturas”. Faise mención, ademais, do estado das súas memorias da infancia das que, di, xa están publicadas setecentas páxinas.

MARÉ, “Escribir charlando”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 febreiro 2006, p. 41.

Repásanse os libros de conversas que se están a publicar, cualificando este feito de “sintoma da normalización do noso sistema literario ou tratamento de choque contra a crise”. Dise que a editorial Xerais é a que “acapara a meirande parte dos volumes deste tipo”, aínda que tamén se anotan lanzamentos de editoriais como Galaxia ou Laiovento. Cítanse, entón, algúns dos títulos máis recentes, con protagonistas como: Luz Fandiño, Xosé Manuel Beiras, Suso de Toro, Bernardiño Graña ou Ánxel Fole.

MARÉ, “Unha novela con vistas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 febreiro 2006, p. 37.

Dáse conta da presentación, na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, da novela de Jaureguizar, gañadora do Premio García Barros 2005, *Cabaret Voltaire* (2005). Dise que, segundo o autor, a novela aborda a “procura das identidades” e das “utopías que non se cumpren” a partir do seu conflito e dende a parodia dos relatos de espías. Menciónase a análise do autor vasco sobre a mestura na escrita da ficción e da realidade, e a súa opinión a prol dunha división “entre o xénero novelesco e outros exercicios prosísticos”. Recóllense, tamén, as palabras de Carlos Lema, representante no acto da editorial Galaxia, sobre a débeda que a obra lle tributa ao Samsa de Kafka e ao Kurtz de Joseph Conrad.

MARÉ, “A fin das mil bágoas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 febreiro 2006, p. 34.

Dá conta do roteiro compostelán que a Consellaría de Cultura, o Concello de Santiago e a Fundación Rosalía de Castro organizaron con motivo da celebración do cento sesenta e nove aniversario do nacemento da autora santiaguesa. Recóllense as opinións verquidas sobre o acto do Director Xeral de Creación e Difusión cultural da Xunta de Galicia, Luís Bará; da coordinadora do percorrido, Comba Campoy; do edil de cultura, Néstor Rego; e da fundadora da Fundación, Helena Villar. Enúncianse os distintos actos organizados durante o percorrido, destacando a organización de distintos recitais poéticos e musicais, así como a edición dun libro infantil para os centros escolares da vila escrito por Helena Villar e ilustrado por Ánxeles Ferrer.

MARÉ, “Da carballeira a un simbólico hotel”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 febreiro 2006, p. 35.

Dáse conta do xantar organizado pola Conferencia Intersindical Galega (CIG) con motivo do cento cincuenta aniversario do “Banquete de Conxo”. Dise que son vinte as organizacións cívicas convidadas no que pretende ser unha renovación do antigo compromiso asinado entre obreiros e estudantes. Faise unha breve semblanza sobre o acto celebrado daquela, destacando o seu carácter progresista e galeguista, así como o simbolismo dos brindes nos que participaron, entre outros, Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre. Anótase a posíbel, pero non confirmada, participación de Rosalía de Castro. Finalmente, menciónase a intención da CIG de organizar distintos actos con este motivo ao longo de todo o ano; destácase a edición dun documental e dun libro, así como a exposición de doce paneis nos que se rememore o galeguismo do séc. XIX e a importancia particular do Banquete de Conxo.

MARÉ, “Rosalía pese á chuvia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 febreiro 2006, p. 34.

Dáse conta da suspensión parcial dos actos vinculados á homenaxe que, un grupo de institucións cívicas e culturais pretendían renderlle a Rosalía de Castro, con motivo do seu cento sesenta e nove aniversario. Dise que a celebración se traslada ao día 24 de marzo, “Día da Poesía”. Menciónanse os distintos actos que se puideron celebrar, algunhas das súas

interpretes e participantes, ademais dos tradicionais actos que, co mesmo motivo, celebra coma sempre a Fundación Rosalía de Castro.

MARÉ, “Iconoloxía universal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 febreiro 2006, p. 41.

Dáse conta da presentación da tradución ao árabe da obra de Álvaro Cunqueiro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, con motivo dos vinte e cinco anos da morte do autor mindoniense. Infórmase, igualmente, dunha futura lectura, na vila natal do escritor, do libro *As crónicas de Sochantre*, que contará coa presenza e participación do presidente da Xunta de Galicia, e que iniciaría o xornalista e escritor Ramón Loureiro. Lémbrense, ademais, as iniciativas postas en marcha en lembranza de Cunqueiro e en celebración dos cincuenta anos da publicación de *Merlín e familia* (1955).

MARÉ, “Un home á procura dos consensos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 febreiro 2006, p. 45.

Faise un repaso da estrutura e membros do Consello da Cultura Galega. Anótase o proceso de renovación que vai ter que afrontar a institución no mes de abril, e dise que a renovar a presidencia optará o historiador Ramón Villares. Afírmase, ademais, que a súa candidatura se postulou “pouco despois de que Zulueta de Haz lle comunicase aos seus círculos próximos que non estaba disposto a ir á reelección do cargo”. Anótase a existencia de poucas posibilidades de que existan candidaturas alternativas, feito este vinculado, segundo se di, a que exista ou non vontade de buscar un amplo consenso por parte do candidato de entre os posibles electores. Finalmente, fálase de que Zulueta de Haz será o primeiro presidente que non fina no exercicio do cargo, como si aconteceu con Ramón Piñeiro, Xosé Filgueira Valverde e Carlos Casares, anteriores presidentes da institución estatutaria.

MARÉ, “Embaixadores do idioma”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 marzo 2006, p. 35.

Infórmase do anuncio realizado polo director do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, con motivo da presentación da tradución ao árabe da obra de Álvaro Cunqueiro *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, polo cal o centro que este Instituto abrirá na capital siria, Damasco, levará o nome do escritor mindoniense. Dise, sobre o Instituto Cervantes, que este feito “continúa o seu proxecto de difundir as culturas de España”. Menciónanse as declaracións de César Antonio Molina conforme coñeceu persoalmente a Cunqueiro cando el era pequeno e, dende entón, “a súa relación persoal e literaria con el foi moi intensa, de forma que se converteu no editor dos seus artigos literarios e da súa obra poética”.

MARÉ, “O candidato cala e outorga”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 marzo 2006, p. 34.

Infórmase sobre a confirmación implícita que o historiador Ramón Villares fai da súa futura candidatura á presidencia do Consello da Cultura Galega, dentro do proceso de renovación do organismo estatutario. Anótase como parte da súa estratexia para optar a este posto a súa pasada renuncia como reitor na Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Matízase, non obstante, que antes da renovación da presidencia chegarán a renovación ou confirmación de

“varios dos postos do plenario, que afecta membros electos como ao vicepresidente Xosé López ou ao secretario Henrique Monteagudo, amais de a Francisco Río Barja”.

MARÉ, “O Consello polo cambio tranquilo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 marzo 2006, p. 36.

Infórmase do comunicado feito público polo presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta de Haz, no que dá conta da vontade da institución que preside de afrontar un proceso de sucesión tranquilo e independente respecto do cambio político acontecido no goberno de Galicia. Anótase que o comunicado chega logo de coñecerse os insistentes rumores respecto da vontade de Ramón Villares de optar á presidencia. Dáse conta tamén da existencia doutros rumores vinculados á inquietude existente na presidencia da Xunta de Galicia, vinculando esta candidatura ao “relevante papel mediático que está a conseguir Ánxela Bugallo no ámbito cultural”.

MARÉ, “Hoxe igual que onte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 marzo 2006, p. 37.

Dáse conta do acto organizado pola Conferencia Intersindical Galega (CIG) para lembrar o “Banquete de Conxo” e recuperar a antiga alianza entre obreiros e estudantes que este representou. Faise unha crónica dos principais persoeiros asistentes e/ou participantes e valóranse os seus discursos. Menciónanse algunhas das organizacións e colectivos asistentes de entre os convidados. Vincúlase o acto a unha reivindicación dun Estatuto nacionalista para Galicia.

MARÉ, “A lusofonía homenaxea cun libro a Carvalho Calero”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 marzo 2006, p. 37.

Informa de que o Movemento pola Defensa da Língua presenta, na librería Torga de Ourense, a obra *Carvalho Calero, a nossa homenagem*, como un sentido tributo que coincide co décimo quinto aniversario do pasamento do estudoso.

MARÉ, “Outra esperanza rota”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 marzo 2006, p.35.

Faise eco das reaccións da profesión teatral ante a dimisión de Ánxeles Cuña como directora do Centro Dramático Galego, recollendo as preocupacións da Asociación de Actores, que lle reprocha á Consellaría de Cultura a falta de imaxinación para solventar a incompatibilidade administrativa que motivou a marcha da directora do CDG.

MARÉ, “Proxecto, proxecto e proxecto”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 marzo 2006, p. 32.

Criticase que a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia intenta reparar a imaxe tras a dimisión da directora do Centro Dramático Galego, Ánxeles Cuña e afirma que a política teatral semella estar atoadada. Facéndose eco das declaracións de Ánxela Bugallo, dise que o substituto de Cuña será elixido nesta semana.

MARÉ, “Conta atrás para o día dezasete”, *Galicia hoxe*, “Maré”, 14 marzo 2006, p. 45.

Anúnciase que o próximo día 17 de marzo se dará a coñecer o nome do novo director do Centro Dramático Galego, tras a dimisión de Ánxeles Cuña. Dise que algúns dos nomes que se barallan son Cristina Domínguez, Cándido Pazó, Camilo Franco, Lino Braxe, Quico Cadaval, Ana Vallés e Manuel Lourenzo.

MARÉ, “O vello soño dun teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 marzo 2006, p. 41.

Noticia da entrada de Euloxio Ruibal na Real Academia Galega, “para devolverlle á institución o interese polo espazo escénico da terra e na propia fala”. Anúnciase a próxima lectura do discurso de entrada, titulado “Do escénico e o fílmico. Notas sobre a linguaxe teatral no cinema contemporáneo”, sinalando que a resposta correrá a cargo de Xosé Luís Axeitos. Refírese á traxectoria de Ruibal e reproduce diversas declaracións, quen se refire á alienación que o capitalismo mantén no ámbito da cultura galega.

MARÉ, “Fernán-Vello, Álvarez Cáccamo e Baixeras exportan poesía galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 marzo 2006, p. 38.

Dáse conta da participación dos poetas Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xavier Rodríguez Baixeiras nos festivais internacionais de Sant Andrews (Escocia, Inglaterra) e Catania (Sicilia, Italia). Destácase o feito de que estes autores son “os únicos representantes do Estado español en ambas as citas”.

MARÉ, “A palabra máis fermosa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 marzo 2006, p. 37.

Enuméranse as institucións participantes na celebración, con motivo do “Día da Poesía” declarado pola UNESCO, dunha homenaxe á escritora compostelá Rosalía de Castro na súa vila natal. Menciónase o PEN Clube, a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia ou a Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela. Anótase o carácter plural do acto, coa presenza de creadores en distintas linguas e de diferentes países. Dáse conta, tamén, dos actos celebrados e que consistiron en “diversos recitais poéticos, actuacións musicais e espectáculos teatrais que se celebraban en diversos puntos de Santiago”. Destácase, dentro da celebración colectiva, o programa *Rosalías*, un itinerario artístico-literario acompañado da edición dun libro infantil con texto e ilustracións a distribuír entre os centros de ensino “co fin de divulgar entre a xente nova a figura da autora de *Follas Novas*”.

MARÉ, “Que a función continúe”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 marzo 2006, p. 41.

Dáse conta do acto oficial de presentación en Santiago de Compostela da nova directora do Centro Dramático Galego tras a dimisión de Ánxeles Cuña: Cristina Domínguez. Saliéntase a súa formación en Arte Dramática e recóllense as súas declaracións. Dise que esta se

compromete a seguir coa renovación da compañía iniciada por Cuña, desde os seus propios criterios.

MARÉ, “Voz contra a escuridade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 33.

Infórmase da celebración dunha homenaxe a Rosalía de Castro no Día Mundial da Poesía, que consistiu nun percorrido polos espazos de Santiago de Compostela vinculados á escritora. Coméntase que participaron poetas, músicas, actrices, cantantes e bailarinas, todas mulleres, e dáse conta de todo o percorrido que realizaron.

MARÉ, “Tornar a vida obra de arte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 marzo 2006, p. 35.

Dáse conta do pronunciamento do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Euloxio R. Ruibal, que substitúe a Meixide Pardo. O discurso presentado baixo o título de “Do escénico e o fílmico” centrouse na defensa do cine e o teatro galegos facendo ademais unha mención especial ao profesor Meixide Pardo. Indícase que a resposta ao discurso de Ruibal foi a cargo de Xosé Luís Axeitos.

MARÉ, “Comeza o gran debate”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 abril 2006, p. 32.

Coméntase que dentro da xornada “A propiedade intelectual. Os dereitos dixitais”, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, participou na mesa redonda sobre o libro galego o escritor Xabier P. Docampo, quen criticou enérxicamente as editoriais galegas, dicindo que non saben dirixir o seu traballo e que tampouco cumpren cos contratos. Na mesa tamén participaron Tucho Calvo e X. M. Gómez Clemente.

MARÉ, “O Consello en campaña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 abril 2006, p. 41.

Coméntase que o Consello da Cultura Galega vai escoller novo sucesor o día 20 de abril e indícase que o candidato confirmado é Ramón Villares.

MARÉ, “Máis teatro para ler”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 abril 2006, p. 34.

Dáse conta da iniciativa tomada pola Consellaría de Cultura e o IGAEM de colaborar coas editoriais Galaxia e Xerais para a coedición de obras teatrais, tanto textos como manuais. O proxecto trae consigo a publicación de nove títulos no 2006 e especificase que cinco obras formarán parte da Biblioteca Básica de Teatro da editorial Galaxia e catro títulos entrarán na colección “Os libros do Centro Dramático Galego”.

MARÉ, “Últimas recaladas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 abril 2006, p. 35.

Infórmase de que a Biblioteca Nacional Española acaba de adquirir a obra de Luís Seoane *Libro de tapas*, por medio dunha puxa. Coméntase que a obra foi editada en 1953 pola editorial Botella al Mar, dirixida polo propio Seoane.

MARÉ, “Só hai 32 certames para literatura galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 abril 2006, p. 33.

Fai referencia ao escaso número de certames literarios específicos, segundo se indica na *Guía de premios y concursos literarios en España*. Seguindo este estudo, mantéñese que o castelán é o idioma con máis premios literarios, seguido do catalán, aínda que o galego supera ao vasco, con convocatorias centradas fundamentalmente na narrativa e na poesía.

MARÉ, “Coidar os donos dos segredos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 abril 2006, p. 44.

Trata o debate aberto pola Asociación de Actores, directores e técnicos de escena de Galicia no Consello da Cultura Galega, no transcurso do cal se expresou a necesidade de reestruturar os recursos humanos e materiais dos teatros e auditorios. Dise que se discutiu a viabilidade dunha Escola Oficial, así como sobre os recursos da Escola Superior de Arte Dramática, ou sobre os criterios de concesión de prazas ou a especialización do profesorado nos ámbitos do teatro e o sector audiovisual.

MARÉ, “Castelao, Dieste, Luís Seoane...unha poxa sen interese en Madrid”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 abril 2006, p. 45.

Comenta que se vai realizar na sala Durán de Madrid unha poxa con lotes de obras únicas da historia galega, como fotografías asinadas por Castelao, Blanco Amor ou Dieste, primeiras edicións de obras, correspondencia, etc. Críticase que ningún organismo galego mostrase interese por este tesouro e salientase as primeiras edicións dalgunhas obras como *Trece estampas da traizón* de Luís Seoane, *As cruces de pedra na Galiza* de Castelao ou *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco.

MARÉ, “O aventureiro da palabra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 abril 2006, p. 35.

Refírese á proxima lectura do discurso de entrada na Real Academia Galega de Darío Xohán Cabana, que será contestado por Xosé Luís Méndez Ferrín. Comenta a traxectoria de Cabana, salientando que foi o tradutor ao galego da Divina Comedia de Dante e que gañou numerosos premios. Anúnciase a próxima publicación dun novo poemario da súa autoría, *Cabalgada na brétema*, e a tradución dunha antoloxía da poesía occitana medieval.

MARÉ, “As viaxes das letras”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 abril 2006, p. 37.

Dáse conta dos diversos actos que se celebrarán en Barcelona e na feira do libro de Ponferrada con motivo da proximidade do Día das Letras Galegas, nos que participarán representantes das distintas editoriais, escritores, librarías e institucións galegas.

MARÉ, “Semente de galeguidade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 abril 2006, p. 36.

Anúncianse as diversas actividades que terán lugar no marco da homenaxe aos mártires de Carral nun acto organizado pola Real Academia, no que participarán, entre outros, Darío Xohán Cabana, Alonso Montero, García-Bodaño e Méndez Ferrín.

MARÉ, “Até onde ti me leves”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 abril 2006, p. 35.

Refírese á campaña “Abril, o mes dos libros”, organizada pola Consellaría de Cultura coa finalidade de promover a lectura entre a cidadanía, nun momento en que a produción editorial reduce a súa tirada e está ao bordo da crise. Nesta iniciativa, segundo se indica, colaboran diversos concellos, asociacións culturais e centros de saúde.

MARÉ, “Tributo aos pais literarios”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 abril 2006, p. 33.

Noticia da lectura do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Darío Xohán Cabana, co título *De Manuel María a Ferrín: A grande xeración*. Dise que o escritor, de quen se comenta a traxectoria, foi elixido como académico por rotunda maioría o pasado 30 de abril de 2005 logo dun intento fallido. Anúnciase, finalmente, a celebración do centenario da institución en maio.

MARÉ, “Soños fronte as realidades”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 abril 2006, p. 38.

Informa da situación preocupante que atravesamos o sector editorial polos baixos índices de lectura, edición e venda de exemplares, nomeadamente en Galicia. Dáse conta da campaña “Biblioteca de Babel”, do Concello de Lugo, para promover a lectura. Ademais, menciona o éxito da última celebración do Día do Libro en Barcelona.

MARÉ, “As pezas literarias de Tarrío”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 abril 2006, p. 43.

Reproduce as palabras de Anxo Tarrío na presentación en Compostela do volume *A baloira* (2005). Este defendeu que os artigos reunidos na obra son pezas literarias e que, malia a provocación dalgunha polémica, hai xente que o para pola rúa para felicitalo. Explícase que nun primeiro momento as pezas publicáronse en *El Correo Gallego* (1999-2002), logo foron colgadas na Biblioteca Virtual Galega e agora editados. Dise que acompañaron ao autor Darío Villanueva, Luis Pousa Meréns e Manuel Bragado. Saliéntase que esta obra é o cuarto libro de escolmas e que os tres anteriores foron publicados por Editorial Compostela. Remata a noticia sinalando que Tarrío se referiu ao seu labor no Centro Ramón Piñeiro para a

Investigación en Humanidades, anunciando a edición do terceiro volume de termos literarios e do dicionario sistémico do Rexurdimento, para este ano.

MARÉ, “Son de poesía’, palabra viva de Galicia e Portugal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 abril 2006, p. 35.

Coméntase a presentación da obra non venal *Son de poesía*, coa que se pretende realizar unha homenaxe á palabra de Galicia e Portugal. Dise que neste proxecto coordinado por Xoán Carlos Domínguez Alberte participarán, xunto con pintores, poetas como Anxo Angueira, Gonzalo Navaza, Rafa Villar, Salvador García-Bodaño, Luz Pozo Garza, Miro Villar, Pilar Pallarés, Xabier Rodríguez Baixeras ou Manuel Álvarez Torneiro. Afírmase que esta obra é unha homenaxe a Manuel María, Xela Arias, Antón Tovar e Luísa Villalta.

MARÉ, “Mercado de primavera”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 abril 2006, p. 38.

Faise referencia á apertura da XXV edición da Feira do Libro de Compostela. Saliéntanse os éxitos editoriais de libros como *Herba moura* (2005), de Teresa Moure e sublíñase o auxe das traducións: *Brooklyn Follies*, de Paul Auster, *O Código da Vinci* (2004), de Dan Brown; *Xuntos, nada máis* (por *Xuntos, e máis nada*), de Anna Gavalda; e *A sangue frío* (por *Cruceiro de verán*), de Truman Capote, ou *Seda*, de Alessandro Baricco. No tocante á produción infantil, sinala a colección “Os bolechas”, da editorial A Nosa Terra, e a obra *Smara*, de Paula Carballeira.

MARÉ, “Máis forte e máis cerca do país”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 abril 2006, p. 34.

Noticia do nomeamento de Ramón Villares como Presidente do Consello da Cultura Galega. Recolle as súas palabras, así como as de Alfonso Zulueta de Haz, de quen se indica que se despediu do Parlamento.

MARÉ, “A poesía en Compostela da ourensá Helena de Carlos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 abril 2006, p. 38.

Infórmase da presentación da entrega número dezanove da colección “Poeta en Compostela” coa obra *Aracne 3* (2005), da poeta Helena de Carlos. Indícase que no acto estiveron presentes, ademais da autora, Quico Cadaval, Manuel Outeiriño, Néstor Rego e Antía Otero.

MARÉ, “Adeus a un fillo do vento”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 maio 2006, p. 45.

Semblanza do xornalista e escritor Xavier Costa Clavell (Chantada, 1923) con motivo do seu falecemento. Celébrase o “máis de medio século de dedicación ás letras e á difusión da cultura galega no exterior”. Recórdanse os numerosos premios concedidos á súa persoa, se ben “é o que lle concedeu o padroado da Fundación Pedrón de Ouro e Honra en 1991 polo seu labor en prol da difusión en ampla temática da cultura galega no exterior, do que máis

adoitaba presumir”. Faise un repaso tamén pola súa obra para anotar que Costa Clavell “decidira doar o seu corpo á ciencia”.

MARÉ, “Condimento para o ser galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 maio 2006, p. 37.

Faise referencia á publicación do ensaio *Sobre o humor de Cervantes no Quixote* (2005), escrito polo caricaturista, pintor e escritor ferrolán Siro López. Ademais de reflexionar, como o título indica, sobre o humorismo de Cervantes, que, segundo o autor, “usou a ironía para distanciarse da realidade”; tamén fala o autor dos grandes referentes galegos neste campo, como Julio Camba ou Castelao, quen levou ao papel o refraneiro galego coas súas caricaturas. Relaciona así mesmo o nacemento do humorismo en España coa emerxencia da caricatura en Italia.

MARÉ, “Rosa Regás e Ramón Loureiro, en Mariñán”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 xuño 2006, p. 37.

Comenta que van dar comezo os III Diálogos Literarios de Mariñán, organizados pola Fundación Carlos Casares e nos que participarán Rosa Regás e Manuel Loureiro, os cales falarán sobre “Fala, memoria” e serán presentados por Fernán Vello, Álvarez Cáccamo e Antón Baamonde, e presentados por Carlos Fernández.

MARÉ, “A festa da RAG á vista”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 xuño 2006, p. 41.

Infórmase sobre o convenio firmado polo presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, con Caixa Galicia para a realización do proxecto expositivo “Galicia, a forza da palabra”, que consta de catro mostras nas que se exporá ao público unha selección de fondos pictóricos, documentais, bibliográficos e de arquivo sonoro. A través desta sinatura, a Fundación Caixa Galicia conmemorará o centenario da institución, revalorizando o labor por esta desenvolvido e mais pola Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. Destácase, así mesmo, que Caixa Galicia colaborará tamén na edición da revista *A Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán* e na realización do simposio “Emilia Pardo Bazán: o xornalismo”, previsto para o mes de outubro.

MARÉ, “Os libeiros de Ferrol non apoian a feira do libro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 xuño 2006, p. 45.

Infórmase da presentación da Feria do Libro de Ferrol que contará con doce casetas e estará aberta desde o 12 ao 18 de xuño.

MARÉ, “García Sanmartín perfílase xa como o sucesor de Fernán- Vello”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 13 xuño 2006, p. 73.

Faise referencia á posíbel elección de Alfonso García Sanmartín, responsábel de Rodeira-Edebé, como presidente da Asociación Galega de Editores. Destácase tamén o seu desexo de apostar pola continuidade e o mantemento do consenso alcanzado con anterioridade.

MARÉ, “Na voz dos poetas”, hoxe en Cambados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xuño 2006, p. 44.

Nota sobre a celebración do espectáculo poético-musical “Na voz dos poetas” en Cambados, no que se combina a lectura de poemas coa música.

MARÉ, “Martín Códax volverá escoitarse no Verbum”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 xuño 2006, p. 42.

Informa de que o Verbum vigués comezará un programa de actividades dedicadas ao trobador Martín Códax. Entre as actividades destaca a videoinstalación “Cantigas na ría” e o documental “Sete cantigas, sete mulleres”.

MARÉ, “Novo temón, o mesmo rumbo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 xuño 2006, p. 42.

Infórmase sobre a elección de Alfonso García Sanmartín como presidente da Asociación Galega de Editores, sucedendo no cargo a Miguel Anxo Fernán-Vello. Xunto a el, representante da editorial Rodeira–Edebé, completan a xunta directiva representantes de Xerais, Galaxia e Kalandraka. Destácase tamén o carácter continuista desta xunta, que opta pola estratexia participativa e transversal aberta polos anteriores responsábeis.

MARÉ, “Viaxe literaria por Lóuzara para lembrar a Vergara Vilariño”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xuño 2006, p. 44.

Dáse conta da realización da viaxe literaria a Lóuzara que se organiza todos os anos para homenaxear a Fiz Vergara Vilariño. Indícase cal será o recorrido e explícanse as actuacións que terán lugar.

MARÉ, “A Academia lembra en Tui a posta de longo da lingua galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, “Maré”, 25 xuño 2006, p. 33.

Nota na que se fai referencia á celebración que tivo lugar en Tui para conmemorar o cento quince aniversario dos I Xogos Florais de Galicia, nos que se realizaron os primeiros discursos públicos en galego na etapa contemporánea. A seguir, infórmase dos diferentes actos que tiveron lugar, nos que participaron Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da Real Academia, Xesús Alonso Montero e Méndez Ferrín, entre outros.

MARÉ, “Debuxos en pedra de homenaxe”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 xuño 2006, p. 43.

Alúdese á exposición de once monolitos en branco e azul feitos por Sargadelos e que reproducen debuxos de Castelao, que serán expostos na Alameda de Castelao, inaugurada o 2 de xullo no concello catalán de Sant Andreu de la Barca. Dise que estes monolitos foron cedidos pola Consellaría de Cultura e que ao acto acudirán Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo e Ánxela Bugallo. Ademais disto, alúdese a unha ofrenda floral a Rosalía de Castro, o 1 de xullo, no parque que leva o seu nome no Barrio da Plana, que tamén inclúe un cruceiro galego e 36 placas con poemas da poeta galega. Anúnciase a exposición de debuxos de Castelao no Centro Cultural Aigüestoses, e da actuación do grupo galego de música A Quenlla, na Praça de la Font de la Roda dentro das “Noites Musicais de Verao”.

MARÉ, “Os libros de Cunqueiro para as casas rurais de Mondoñedo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xuño 2006, p. 43.

Indícase que a iniciativa “Palabra na solaina” da Consellaría de Cultura vai distribuir a obra completa de Álvaro Cunqueiro polas casas rurais da zona de Mondoñedo. A escolma de libros está composta por trinta e oito volumes de poesía, narrativa, de información e de divulgación.

MARÉ, “Os escritores e Sotelo Blanco estudarán o exilio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xuño 2006, p. 44.

Brevísima noticia do acordo entre a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a editorial Sotelo Blanco para colaborar no estudo do exilio e a emigración galega.

MARÉ, “Para andar as rúas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 xullo 2006, p. 47.

Infórmase sobre a celebración do acto poético “A subversión da décima musa”, organizado polo colectivo Boga (Mulleres Lésbicas e Bisexuais de Galiza) co gallo da celebración do Día do Orgullo Gay. O acto consistiu nun recital de poetas galegas de distintas xeracións.

MARÉ, “Compromiso coa Terra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 xullo 2006, p. 42.

Faise referencia á visita que a presidenta do Parlamento Galego, Dolores Villarino, fixo á sé da Fundación Otero Pedrayo para celebrar un acto de homenaxe á Xeración Nós

MARÉ, “50 anos do I Congreso da Emigración Galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xullo 2006, p. 37.

Dáse conta da celebración do Congreso Internacional “Galicia: Éxodos e retornos”, organizado polo Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega con motivo da conmemoración do 50 aniversario do I Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires en 1956. Dise que a presentación corre a cargo de Ramón Villares e participan Xosé Neira Vilas, Antón Santamarina ou Anisia Miranda, entre outros.

MARÉ, “O galego Rafael Dieste, nunha antoloxía de contos do exilio republicano”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 xullo 2006, p. 31.

Dise que *Solo una larga espera* é unha antoloxía de contos de autores representativos do exilio español, entre os cales se inclúe Rafael Dieste. A selección, a cargo de Javier Quiñones, recolle así mesmo outros escritores máis esquecidos como Álvaro Fernández Suárez, Paulino Masip e Segundo Serrano Poncela nun intento de reivindicación destas voces.

MARÉ, “Os escritores queren maior papel na Cidade da Cultura”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 xullo 2006, p. 36.

Dá conta da demanda dos escritores galegos para reclamar un maior protagonismo no proxecto de funcionamento da Cidade da Cultura. Informa que este feito se produciu na reunión sectorial de Literatura, na que participaron representantes de distintas asociacións de escritores, do activismo cultural, da industria editorial ou do periodismo. Remata dando conta dalgunhas das propostas que se debatirán na asemblea xeral do vindeiro setembro.

MARÉ, “Os teatros galegos ofrecerán 228 funcións máis neste semestre”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xullo 2006, p. 36.

Coméntase que un compendio de 75 compañías galegas protagonizan o programa da Rede de Teatros e Auditorios cunhas 228 funcións de teatro, música e danza en corenta e cinco diferentes salas galegas.

MARÉ, “Teatro do Atlántico estrea ‘Memoria do 36’ en Santiago”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 xullo 2006, p. 37.

Informa de que o grupo Teatro do Atlántico vai representar *Memoria do 36*, dentro do programa de actividades do Ano da Memoria, no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Explica que o espectáculo combina a presentación de textos literarios con música e dá conta dos autores seleccionados. Así mesmo, indica que o fío narrativo da obra sitúa ao espectador nos días da República ata que se produce o estalido das bombas. Finalmente, comenta que o espectáculo se realizará noutros lugares de Galiza e explica cómo naceu a idea.

MARÉ, “A fin dun longo silencio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xullo 2006, p. 38.

Sínálase que a débeda histórica pasa pola Illa de San Simón, onde se dará a primeira homenaxe dun goberno galego ás vítimas da represión franquista e os seus familiares. Anúnciase a exposición “O Barco da Memoria”, que percorerá Galicia para mostrar unha época da que aínda quedan moitos escuros.

MARÉ, “Buscar a patria nos libros”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xullo 2006, p. 36.

As editoriais ofrecen un abanico de novas propostas para o Día da Patria Galega, buscando unha alternativa aos actos masivos das rúas. Editoriais como Galaxia ou Xerais aproveitan esta data para ofrecer novidades de autores como: Manolo Rivas, Xavier Quiroga ou Luis Manteiga.

MARÉ, “Unha Rosalía con luz propia”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 xullo 2006, p. 34.

Noticia da morte de Pura Vázquez no Día de Galicia. Documenta as reaccións de Luís González Tosar, quen se referiu ao libro *Maturidade* (1955) como o máis importante da poeta; Helena González, quen lembrou a obra *Materia dos soños* (1999); Helena Villar, Cesáreo Sánchez e Isaac Díaz Pardo.

MARÉ, “Incerteza para o patrimonio teatral”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 xullo 2006, p. 35.

Sinálanse certos rumores que apuntan que o CDAEM vai pechar tras a saída de Mar Nogueira da súa dirección e de catro traballadores máis. Advírtese que pola contra a Consellaría de Cultura desmente estes comentarios apelando á nova contratación de persoal que pasará a xestionar os seus fondos.

MARÉ, “Apoio ós profesionais máis libres”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xullo 2006, p. 37.

Coméntase que os profesionais da crítica en Galicia crearán a “sección da Crítica Literaria”, de xeito que entrarán a formar parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dise que esta iniciativa é apoiada por numerosos críticos galegos, que esperan fomentar o debate e constituírse como referente facendo discurso colectivo, continuando coa traxectoria de Carvalho Calero.

MARÉ, “Libros de peto”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 xullo 2006, p. 32.

Afirma que a etapa estival, tempada de ocio, é aproveitada polas editoriais para lanzar novidades en forma de libro de peto, un soporte cómodo para as viaxes e accesíbel para todo tipo de lectores dado o seu prezo.

MARÉ, “Galicia achega só o 3,3% dos espectadores de teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 agosto 2006, p. 38.

Comentario sobre a asistencia do público ao teatro. Madrid Valencia e Cataluña venden un sesenta por cento das entradas de teatro en España. No caso de Galicia, a venda de entradas é do 3’3 %, dato que a coloca entre as comunidades en que o teatro ten un peso menor.

MARÉ, “Manuel María volve a Monforte”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 agosto 2006, p. 35.

Di que foi inaugurada unha estatua de Manuel María en Monforte, vila importante na biografía do escritor chairego.

MARÉ, “Na temporada clave”, *La Voz de Galicia*, “Maré”, 8 agosto 2006, p. 34.

A administración entrega as subvencións ao Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais que terán como fin a promoción e mantemento do teatro galego. Recibirán subvencións salas comerciais, Rede de teatros e danza, compañías de teatro e por primeira vez tamén se entregará diñeiro para realizar traballos de investigación.

MARÉ, “A voz galega da lusofonía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 agosto 2006, p. 30.

Sínálase que o profesor Xesús Alonso Montero presentou no Casino de Chantada unha obra que recolle as actas do coloquio-homenaxe que un grupo de amigos e estudosos do poeta lugués Xosé Lois Ile renderon no 2005. Esta acta inclúe ademais a vida en fotos das viaxes do lugués.

MARÉ, “É un intento de fusilarme”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 agosto 2006, p. 31.

Recolle as declaracións de Suso de Toro e Manuel Rivas ante as acusacións feitas que se están a difundir en distintos xornais e páxinas web claramente relacionadas coa ideoloxía política do PP, como o xornal *ABC*. Neste xornal Fraga critica os dous escritores por facer política a favor do goberno. Rivas e de Toro afirman estar a favor da liberdade e contra o fascismo que aínda representa Fraga.

MARÉ, “Aniversario con futuro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 agosto 2006, p. 34.

Comenta que o XX Festival de Poesía do Condado terá lugar entre o 31 de agosto e o 2 de setembro. Este ano cúmprese o 25 aniversario e por este motivo vai durar un día máis do que adoitaba. As actividades que están programadas pertencen a distintas modalidades da cultura, música, pintura, literatura e curtametraxes. Os artistas convidados son de distintos países da lusofonía e entre eles participan once poetas galegos.

MARÉ, “Voces a prol da liberdade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 agosto 2006, p. 36.

Afirma que a Asociación de Escritores en Lingua Galega defende os escritores Manuel Rivas e Suso de Toro da crítica feita por Manuel Fraga Iribarne, quen os acusou de estar ao servizo do poder na crise incendiaria que está a vivir Galicia neste momento. No discurso a favor dos dous autores resalta o compromiso que tiveron con Galicia e os galegos dende sempre.

MARÉ, “O teatro galego no 36, a debate na Escola de Arte Dramática”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 setembro 2006, p. 37.

Refírese ás xornadas “Memoria do teatro galego en 1936”, que terán lugar no Conservatorio Profesional de Música de Vigo o 19 e o 20 de setembro baixo a coordinación de Manuel F. Vieites. Anúncianse as intervencións de Francisco Pillado, Laura Tato, Emilio Insua, Inma López Silva, Cándido Pazó, Xulio Lago e Inma Antonio.

MARÉ, “Memoria da Chaira enteira”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 setembro 2006, p. 35.

Fálase da conmemoración do segundo cabodano de Manuel María en Outeiro de Rei e dos actos organizados en torno a ela. Dise que ás cinco da tarde se celebrará un acto cívico-relixioso coa lectura da “Pregaria na Campa de Santa Isabel” a cargo de Mini e Mero, e a seguir terá lugar o rito “A navalla do Manuel”, unha sorte de “comuñón laica” con pan, queixo e viño e coa entrega da navalla coa que se cortaron os alimentos a alguén destacado no seu labor en prol da lembranza de Manuel María. A maiores, o artigo acompáñase dun fragmento desa pregaría e dunha referencia ao concerto de Milladoiro baseado nos libros do poeta.

MARÉ, “A cidade de Bahía vai acoller o VIII Congreso de Estudos Galegos”/ “Tendendo lazos de lingua”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 8 setembro 2006, p. 76/37.

Refírese ao VIII Congreso de Estudos Galegos que se celebra na Bahía baixo o título “Galicia do outro lado do Atlántico”, organizado pola Asociación Internacional de Estudos Galegos e coa colaboración da Xunta de Galicia, do Consello da Cultura Galega e da Universidade Federal da Bahía. Dise que se abrirá o congreso cunha conferencia de Basilio Losada sobre a “Proxección exterior da cultura galega”, á que seguirá unha mesa redonda con Rosario Álvarez (coordinadora do comité organizador) como moderadora. Entre a presenza galega anótanse os nomes de Pilar García Negro, Carlos Quiroga ou Víctor F. Freixanes. Anúnciase tamén a representación de *Bicos con lingua*, e algunhas achegas de conferenciantes á obra de Yolanda Castaño, Manuel Rivas e Méndez Ferrín.

MARÉ, “Para encher a outra metade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 setembro 2006, p. 29.

Anótanse os datos publicados no último boletín do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) que reflicten que entre xaneiro e xuño menos de cincuenta mil persoas viron as duascentas oitenta e seis funcións da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), cunha media de ocupación inferior ao cincuenta por cento. Danse algúns datos sobre a variabilidade da programación entre uns concellos e outros e anótanse Sarabela, Lagarta Lagarta e RTA (Recursos Técnicos Artísticos) como as compañías máis solicitadas.

MARÉ, “Para deixar a historia máis muda”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 setembro 2006, p. 35.

Dá noticia do acto vandálico cometido contra a escultura de Manuel María en Monforte de Lemos no segundo cabodano do poeta. Dise que uns descoñecidos romperon a cadeira que hai fronte ao Manuel María sentado detrás dunha mesa, en lembranza dos faladoiros que tiñan lugar na librería do escritor, Xistral. Nun anexo faise referencia a outro acto vandálico en Cercedo, onde se di que arrincaron unha placa homenaxe a represaliados do 36.

MARÉ, “Empezando pola escrita”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 setembro 2006, p. 34.

Fálase da posta en marcha do Centro de Creación Dramática do Centro Dramático Galego (CDG), iniciativa posta en marcha pola actual directora Cristina Domínguez pero que xa anticipara a súa predecesora Ánxeles Cuña. Anúnciase o desenvolvemento duns talleres impartidos por Cándido Pazó (dramaturgo residente no 2006-2007) *¿Sobre que queremos escribir?*; Paco Zarzoso, *Estrutura dunha peza*; e Abel Neves, *Diálogos. O acabado da peza*, durante os cales se fará un seguimento da redacción dunha peza por cada un dos participantes, pezas que se lerán nunhas lecturas dramatizadas a final de curso.

MARÉ, “No vértice do triángulo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 setembro 2006, p. 35.

Anúnciase o comezo en Compostela de “Outono Cortázar”, un programa de difusión do legado do escritor. Dise que Galicia, a Universidade de Bristol e a Fundación Juan March constitúen o “triángulo Cortázar”. Anótase que os fondos que posúe Galicia deste escritor proceden da doazón feita pola súa primeira muller, Aurora Bernárdez, de ascendencia galega. Alén dese vínculo de Cortázar con Galicia aínda se mencionan o seu editor, Francisco Porrúa, e exiliados galegos en Arxentina como Luís Seoane, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado e Rafael Dieste. Dise que a mostra agrupa material fotográfico e cinematográfico do autor así como adaptacións de relatos seus e documentais sobre a súa persoa, e anúnciase que se recreará virtualmente a exposición en Internet.

MARÉ, “Igaem: hai proxecto”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 setembro 2006, p. 35.

Recóllense as respostas de Miguel Martín, xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), ás críticas contra este organismo do PP de Galicia e das compañías de teatro. Dise que as compañías agrupadas en Escena Galega, presidida por Celso Parada, acusárono de carecer de proxecto, mentres que el asegura terlles presentado unha proposta detallada e á vez aberta a suxestións. Dise tamén que Miguel Martín atribúe esas resistencias ás lóxicas inxerencias de persoas que traballan en condicións precarias e que senten un certo temor ante os cambios. A maiores alúdese a algúns trazos do proxecto do IGAEM como a referencia de Irlanda e a vontade de reducir a dependencia das compañías con respecto da administración.

MARÉ, “Cos galegos inevitábeis”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 setembro 2006, p. 36.

Informa da presentación en Compostela do libro *Un (re)encuentro con Galicia*, editado pola Xunta de Galicia, onde se analiza a relación de Julio Cortázar e da súa primeira dona, Aurora

Bernárdez cos galegos e coa cultura galega, baseándose en tres eixes temáticos: a relación de Cortázar cos exiliados galegos, (que editaron un dos seus primeiros libros), a relación que tivo con Galicia grazas a súa primeira dona, Aurora Bernárdez, (tamén de orixe galega) e, o terceiro, é o editor Francisco Porrúa tamén de orixe galega e editor da meirande parte da súa obra.

MARÉ, “Rede.cat, a Galiza catalá”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 outubro 2006, p. 37.

Anúnciase a presentación da plataforma Rede.cat, unha coordinadora dos colectivos que potencian a cultura galega en Cataluña. Dise que a presentación terá lugar na II Foliada do Ateneo Popular de Nou Barris en Barcelona, coa presenza do director xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta, Luís Bará, o músico Xurxo Souto e o escritor Manuel Rivas. Cítase como primeiro acto público da coordinadora a próxima presentación da Axenda Cultural Galega de Catalunya e lémbrese como orixe da xestora o movemento aglutinador que se deu co desastre do Prestige. Canto ao Festival II Foliada dise que se abrirá coa presentación do disco *A Per Loca*, que reúne a música de 26 grupos galego-cataláns.

MARÉ, “Barcelona dótase dunha Axenda Cultural Galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 outubro 2006, p. 33.

Dáse noticia da presentación da Axenda Cultural Galega, unha programación feita pola plataforma Rede.cat para difundir en Cataluña unha imaxe non folclorizante de Galicia. Anótanse como iniciativas fundamentais previstas a Semana Cultural Galega o Día da Patria Galega e a Foliada.

MARÉ, “Choque de reproches”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 outubro 2006, p. 34.

Recóllese unha explicación da polémica xurdida entre o concelleiro de Cultura de Santiago, Néstor Rego, e o director de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, que partiu dunha protesta do escritor ao edil por ter presuntamente censurado as súas críticas públicas que fixo sobre a política do IGAEM. Isto provocou á súa vez que Fernán Vello acusase ao concelleiro de non saber encaixar as críticas e que Francisco Pillado o tachase asemade de “comisario político mediocre”. A continuación reproducécese unha aclaración que Néstor Rego remitiu a *Galicia Hoxe* para pechar a polémica, na que di basicamente que as súas críticas ao escritor se deron nunha conversa privada e aludían á inadecuación da crítica verquida ao contexto (rolda de prensa convocada pola Concellaría de Cultura para presentar a nova obra de Teatro do Noroeste), así como o acusa de practicar vitimismo mediático.

MARÉ, “Medra a ambición do libro galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 outubro 2006, p. 30.

Fálase da Feira do Libro de Frankfurt que contou con presenza galega a través dun stand colectivo e de sendas casetas para Kalandraka e Nova Galicia, así como das palabras de Alfonso García, presidente da Asociación Galega de Editores, nas que manifesta a envexa que lle suscita unha Cataluña que será a convidada de honra da próxima edición da Feira. Dise

que Alfonso García apostará por unha profesionalización do sector para actuar como un sector industrial. Por último, descríbese a recollida do cilindro de vidro pola comisaria da mostra catalá Anna Adoitar-Pont de mans da súa homóloga india, e as súas bromas co feito de sentirse coma nuns Xogos Olímpicos.

MARÉ, “Novas Liñas de acción”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 outubro 2006, p. 43.

Fálase dos resultados dunha enquisa que se fixo sobre o público teatral dos que se desprende que o perfil maioritario dos case trinta mil espectadores habituais é o dunha muller nova, culta e de nivel económico medio-alto, así como que a maioría da xente descoñece o que son o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA). A maiores anúnciase que a RGTA establecerá un prezo mínimo para a entrada aos seus espectáculos, en torno aos 2,50 €, que se está a reestruturar a oferta para reducir o número de obras e aumentar o de funcións, e que se reformulará o centro de documentación á vez que se promoverá a páxina web e unha imaxe de marca da RGTA.

MARÉ, “Unha casa para o teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 outubro 2006, p. 33.

Dá conta do anuncio por parte do xerente do IGAEM, Miguel Martín, da creación dun Museo de Artes Escénicas que custodie o material do Centro de Documentación, isto é, o patrimonio artístico e documental do pasado teatral galego. Anuncia tamén a reactivación deste centro ao servizo do resto das políticas do IGAEM.

MARÉ, “Materiais do azar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 outubro 2006, p. 34.

Fai referencia á exposición que acaba de presentar o poeta vigués Pepe Cáccamo, que xira arredor do concepto de "imprenta". Dentro dos obxectos expostos aparecen textos de escritores galegos como Manuel Antonio, Castelao ou Pondal a modo de diálogo coa tradición literaria galega. Remata anunciando a próxima publicación para o 2007 dun libro de poemas baixo o título *Vento de sal*.

MARÉ, “Á espera da Lei do Libro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 outubro 2006, p. 37.

Comeza facéndose eco da crise de crecemento do sector editorial galego, segundo palabras de Manuel Bragado, director de Xerais, baseándose en datos dos libros publicados dende xaneiro a xuño deste ano. Deseguido, céntrase nas denuncias que ven facendo o Partido Popular sobre este tema manifestando a súa preocupación á cal se une tamén López Chaves. Remata referíndose ás causas deste decrecemento de facturación que só parece ser positiva, en opinión de Bragado, na edición de libros de infantil e xuvenil e en libros de texto.

MARÉ, “A lei do libro por vía urxente”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 outubro 2006, p. 43.

Recolle as opinións de Alfonso García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores (AGE) sobre a situación actual da edición en galego. Sanmartín argumenta que segue medrando a bo ritmo e incluso supera a do 2005, baseándose nos datos ofrecidos pola Federación de Gremios de Editores de España. Pola contra, considera negativo que esta facturación dependa na súa maioría dos libros de texto e da literatura infantil e xuvenil. Outro dato que achega é o interese de editoriais de fóra de Galicia para publicar libros en galego. Remata referíndose ás actividades que están a preparar, salientando o proxecto “Cultur.gal”, a modo de feira estábel da industria cultural galega.

MARÉ, “Denominación de orixe”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 outubro 2006, p. 34.

Recolle as opinións de Anxo Tarrío, catedrático de Literatura Galega da USC, de Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, de Dolores Vilavedra, profesora de Literatura Galega na USC ou de José Manuel González Herrán, catedrático de Literatura Española na mesma Universidade, sobre a polémica xurdida en torno ás declaracións de Marta Rivera, finalista do Premio Planeta, denunciando a marxinación das institucións galegas por non escribir en galego e reclamando un posto dentro da literatura galega. Segundo estes intelectuais trátase dunha vella polémica que crían pechada e coinciden en sinalar que, atendendo tanto a un punto de vista académico como ao criterio sistémico, para estar na Literatura Galega hai que escribir en galego.

MARÉ, “Proxectar a reflexión galega”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 outubro 2006, p. 38.

Faise eco da presentación en Madrid da nova colección Spiralia en lingua española da editorial galega Edicións Espiral Maior coa intención, segundo as palabras do seu director, Miguel Anxo Fernán-Vello, de proxectar e comercializar obras de autores galegos, españois e latinoamericanos tanto no mercado español como de Suramérica. Así mesmo, refírese ás obras elixidas para inaugurar esta colección, dous ensaios: *Feminismo y conocimiento*, de Carme Adán, e *Paz, guerra e violencia*, de Luis G. Soto.

MARÉ, “Unha vez que cae o pano”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 outubro 2006, p. 41.

Infórmase que en dúas naveas que o IGAEM posúe no polígono do Tambre en Compostela, almacénanse obxectos e decorados relacionados con máis de vinte anos de historia do teatro galego. O xerente do Igaem, Miguel Martín, salienta que este non é o lugar máis axeitado para gardar tal reliquia e pretende nun futuro crear un museo con todo este material.

MARÉ, “A edición alternativa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 outubro 2006, p. 33.

Informa da celebración da Feria-Encuentro, dentro do proxecto Edición, que terá lugar no Pazo de Cultura de Pontevedra. Esta Feira ten o obxectivo de facilitar a editores, impresores, artistas e plataformas activas un lugar para mostrar os seus produtos e presentar novos proxectos. Comenta que se realizarán dúas mesas redondas, unha sobre “Edición alternativa e

publicacións de arte” e outra sobre “Distribución, edición comercial”; así mesmo, dáse conta dos nomes das persoas que intervirán.

MARÉ, “Acabar coas eivas da literatura”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 outubro 2006, p. 45.

Faise eco do comezo da XXIII edición de Galeusca entre escritores cataláns, vascos e galegos que se celebra este ano en Iruña (Navarra) até o vindeiro 4 de novembro. Despois de dar a coñecer os nove nomes da delegación galega, céntrase no tema dos encontros, o tabú no proceso creador.

MARÉ, “O Galeusca denuncia a tendencia cara ó universal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 novembro 2006, p. 30.

Informa da celebración en Iruña da XXIII edición do Congreso Galeusca, que este ano foi organizado pola Asociación de Escritores Vascos. Indícase que o tema elixido foi o do “tabú” e achéganse as conclusións que resultaron do encontro.

MARÉ, “A memoria de 40 anos silenciados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 novembro 2006, p. 31.

Infórmase da presentación no IGI da Biblioteca del Exilio, un proxecto editorial nacido en 1999 da man de Díaz Pardo, Manuel Aznar, José Esteban e Abelardo Linares. Tamén se salienta que nesta colección se pretende publicar cen obras escritas por autores españois escritas no exilio republicano de 1939. Indícase que ata o momento saíron do prelo trinta e sete títulos, todos eles publicados conxuntamente pola editorial Renacimiento de Sevilla e Edicións do Castro. Tamén se informa da realización dunha exposición bibliográfica sobre a Guerra Civil e o Exilio.

MARÉ, “Literapia’ do imaxinario”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 novembro 2006, p. 30.

Dá conta da iniciativa que se vai levar a cabo no hospital A Rosaleda de Santiago de Compostela, coa que pretenden empregar a literatura como unha terapia, ou un medio de curación de enfermidades. O proxecto ten o nome de “Literapia” e está dirixido por Darío Villanueva e outros profesores como Blanca Ana Roig Rechou ou Manuel Freire-Garabal. Así mesmo, indica que varias editoriais están dispostas a axudar e comenta que a iniciativa xa tivo outro precedente coa organización dos “Xoves Literarios”.

MARÉ, “A RAG, por fin, ó completo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 novembro 2006, p. 33.

Comenta a entrada de Ramón Villares como membro da Real Academia Galega, cun discurso centrado na análise da figura de Otero Pedrayo. Indica que Villares vai ocupar o posto deixado por Francisco Ogando Vázquez e achéganse as palabras do novo académico, quen afirma que para el é un honor ocupar tal sillón. Comenta que Villares reclamou a recuperación

dunha figura tan importante como foi Otero Pedrayo na construción da nación e explica cal é a súa relación co escritor. A continuación, fala sobre a novela *Arredor de sí*, e céntrase no seu protagonista.

MARÉ, “Tras o legado de Solovio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 novembro 2006, p. 32.

Comenta a entrada de Ramón Villares como membro da Real Academia Galega, cun discurso titulado “Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista”. Indica que Villares vai ocupar o posto deixado por Francisco Ogando Vázquez e achéganse as palabras do novo académico quen afirma que para el é un honor ocupar tal sillón. Comenta que empezou falando do seu antecesor e centrou o discurso na figura do protagonista de *Arredor de sí*. Finalmente, acabou falando do labor da Xeración Nós e contestou ás súas palabras o tamén académico Víctor Freixanes.

MARÉ, “A porta de entrada para o galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 novembro 2006, p. 29.

Fai referencia á inauguración da biblioteca Álvaro Cunqueiro na sede que o Instituto Cervantes ten na capital de Siria, Damasco, e indícase que a Secretaría Xeral de Política Lingüística entregou á biblioteca a obra completa de Cunqueiro. Coméntase que teñen programados diferentes actos como conferencias e mesas redondas, nas que se abordarán a vida e obra do escritor mindoniense e a literatura galega actual. Nestas mesas redondas participarán Elarbi El-Harti, Víctor Freixanes, Fernán-Vello e César Antonio Molina. Así mesmo, coméntase que tamén se inaugurará unha exposición titulada “Ao final do amencer”.

MARÉ, “As pisadas de Lorca”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 novembro 2006, p. 35.

Informa da celebración da Feria-Encontro, dentro do proxecto Edición, que terá lugar no Pazo de Cultura de Pontevedra. Esta Feira ten o obxectivo de facilitar a editores, impresores, artistas e plataformas activas un lugar para mostrar os seus produtos e presentar novos proxectos. Comenta que se realizarán dúas mesas redondas, unha sobre “Edición alternativa e publicacións de arte” e outra sobre “Distribución, edición comercial”; así mesmo, dáse conta dos nomes das persoas que intervirán.

MARÉ, “Díaz Pardo, Alonso Montero e Axeitos coa memoria do país”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 novembro 2006, p. 32.

Dá conta da participación de Díaz Pardo, Alonso Montero e Xosé Luís Axeitos no encontro “Galicia e a memoria histórica”, en Barcelona o próximo 5 de decembro.

MARÉ, “Os galegos da Habana”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 novembro 2006, p. 31.

Coméntase que as Fundacións Sotelo Blanco e Fernando Ortiz de Cuba, acaban de asinar un convenio de colaboración para recuperar a memoria da diáspora galega en Cuba. Explícase

que nun principio se centrarán na recuperación e compilación documental, ademais da coedición de obras. A continuación, achéganse datos sobre os presidentes de cada unha das fundacións.

MARÉ, “O Risco descoñecido”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 decembro 2006, p. 33.

Indícase que a Editorial Galaxia acaba de editar o volume *Obra Gráfica* que compila os debuxos de Vicente Risco. Coméntase que a obra se inicia cun limiar de Carlos L. Bernárdez e remata cun epílogo de David Cortón que inclúe o ensaio “Preludio a toda estética futura”. Bernárdez comenta que a obra pictórica de Risco é froito da súa curiosidade e das súas preocupacións intelectuais e afirma que Risco fai unha utilización instrumental do debuxo. Así mesmo, explica que as series de ilustracións reflexan o mundo oriental e exótico que lle gustaba a Risco e outras mostran tamén o gusto polo mundo esotérico.

MARÉ, “Pinturas da Galiza de sempre”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 decembro 2006, p. 27.

Salienta a faceta pouco estudada de Castelao como pintor e informa que a editorial Galaxia acaba de publicar nun volume, dentro da súa colección Castelao, a obra pictórica do autor. Comenta que a edición corre a cargo de Miguel Anxo Seixas e conta cun epílogo do profesor José Manuel B. López Vázquez. Deseguido, explica o mundo de imaxes que presenta Castelao nos seus debuxos e comenta que o Castelao pintor vai parello ao home debuxante e caricaturista.

MARÉ, “Implicate! no cambio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 decembro 2006, p. 28.

Comenta que a organización Implicadas no Desenvolvemento vai realizar un espectáculo de música e danza no que tamén intervirán os seguintes poetas: Emma Couceiro, Lucía Aldao, Rosa Aneiros, Álvarez Cáccamo e Antía Otero.

MARÉ, “A rosa mística de pedra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 decembro 2006, p. 33.

Dáse conta da inauguración do I Encontro Internacional de Escritores De Pedra e de Palabra en Compostela, organizado polo PEN Clube de Galicia. Indica que abriu o encontro Nélida Piñón e Luís González Tosar e, de seguido, recóllense as palabras de Nélida Piñón sobre os seus antepasados galegos. Así mesmo, tamén se fai referencia á intervención de Pérez Touriño e outras personalidades políticas e académicas.

MARÉ, “Segredos do humor galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 decembro 2006, p. 35.

Comenta a conferencia impartida polo profesor británico John Ruthford dentro das actividades organizadas en Compostela polo Clube Nacionalista Alén Nós. Dise que, baixo o título “O humor galego visto por un británico”, referíuse a Celestino Fernández de la Vega e a Castelao “para diferenciar a retranca da güasa”.

MARÉ, “Literatura para diabéticos?”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 decembro 2006, p. 33.

Dentro do I Encontro Internacional de Escritores De Pedra e de Palabra, celebrado en Compostela, faise referencia ao debate “O perfil do lector do século XXI” que estivo moderado por Xesús Fraga e no que participaron Bieito Iglesias, quen defendeu a continuidade do libro en papel, e o poeta Remo Ruíz, que proclamou o triunfo do libro electrónico debido á súa transportabilidade.

MARÉ, “Unha comisión indagará na ‘traizón’ a Díaz Pardo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 decembro 2006, p. 33.

Infórmase de que van nomear a Isaac Díaz Pardo como presidente de honra da Asociación Galega de Editores na Noite da Edición que se celebrará no Liceo Casino de Pontevedra. Indícase, ademais, que van ser entregados os premios das seguintes categorías: Premio Ánxel Casal ao libro, Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao autor, Premio Francisco Fernández del Riego á cooperación no labor editorial, e outros como ao mellor libro traducido, ao mellor ilustrado, etc. Tamén se da conta dalgunhas das obras que optan a estes premios.

MARÉ, “Santiago, porta de futuro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 29.

Dáse conta da presentación que realizou a Editorial Galaxia da nova colección titulada Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, co obxectivo de que os lectores accedan ás obras actuais en galego. Indícase que os primeiros números publicados son *A casa dos encontros* de Martin Amis, *A medición do mundo* de Daniel Kehlmann e *A pensión Eva* de Andrea Camilleri. De seguido, achéganse os comentarios dos participantes no acto, Carlos Lema, Víctor F. Freixanes, Néstor Rego e Eva Almazán e, por último, Freixanes confirma que a editorial vai publicar cada ano unha media de catro títulos europeos; os seguintes serán *Non me deixes nunca* de Kazuo Ishiguro, *O regreso* de Bernhard Schlink e *Fuxir* de Jean-Philippe Toussaint.

MARÉ, “Un home de perfil”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 decembro 2006, p. 27.

Coméntase que o Museo do Pobo Galego inaugurou unha exposición sobre a figura de Antonio Fraguas, fundador do Seminario de Estudos Galegos. Achéganse os comentarios das persoas que participaron no acto inugural (a secretaria do Museo do Pobo Galego, a conselleira de cultura, e o presidente da Fundación Antonio Fraguas) e, todas loaron o labor de Fraguas. Ademais, indícase que se publicou un libro que recolle os aspectos da vida e personalidade do etnógrafo.

María, Manuel, “Cantos rodados pra alleados e colonizados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 abril 2006, p. 48.

Composición poética de Manuel María, reproducida nesta sección fixa.

María, Manuel, “De ‘Terra Cha’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Manuel María.

Mariño, María, “Leriras...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 decembro 2006, p. 32.

Composición poética de María Mariño que aparece nesta sección fixa.

Mariño, María, “O muíño...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 decembro 2006, p. 46.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de María Mariño.

Martínez Domínguez, Iris, “Ollos tristes”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 28 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Iris Martínez Domínguez.

Martínez Lorenzo, Juan Luís, “O home lobo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 1 agosto 2006, p. 42.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por Juan Luís Martínez Lorenzo.

Martínez- Risco Daviña, Luís, “Xocas na cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “Efemérides”, 23 xuño 2006, p. 6.

Recordo de Xaquín Lorenzo, “Xocas”, polo aniversario do seu nacemento. Lémbrese a súa relación con Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas, e o seu traballo a prol da creación e defensa da identidade galega.

Martínez Torres, Dolores, “¡Qué cante Lieders!”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 180, “Libros”, 19 outubro 2006, p. 4.

Recensión da edición en Sotelo Blanco de *El caballero de las botas azules/Lieders/Las Literatas*, de Rosalía de Castro. Sinálase que esta edición se inclúe nunha colección que pretende reunir “textos pioneiros e reivindicativos do papel feminino na sociedade”. Saliéntase a precocidade e forza da autora na súa época e comenta as tres obras reunidas no volume, afirmando que se trata dun bo libro para regalarllo a Lisa Simpson no próximo nadal.

Martínez, Cecilia, “La literatura invade la Alameda Vella”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, 23 xullo 2006, p. 15.

Noticia da Feira do Libro de Cangas, que se abre con Fina Casalderrey como pregoeira nun emotivo acto inaugural onde non faltaron referencias á crise que atravesamos o sector dos libeiros. As novas normativas aplicadas no mercado dos textos escolares supuxo un risco para o negocio das librarías. Di que o Concello de Cangas aposta por aproximar os libros aos lectores a través desta feira, unha iniciativa que contribúe á revitalización do sector.

Martínez, Cecilia, “La obra del poeta Bernardino Graña recorre las casas rurales de O Morrazo”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, 17 agosto 2006, p. 21.

Coméntase que a Xunta de Galicia pon en marcha un programa para achegar os turistas que están hospedados en casas rurais da terra do Morrazo á cultura galega. Estes poderán participar en conferencias impartidas por escritores da comarca. Neste ano foi Bernardino Graña o escritor convidado.

Martínez, Juan Luís, “Pan envolto en poesía do país”, *La Voz de Galicia*, “El mundo a los cuatro vientos”, 14 xuño 2006, p. 68.

Dáse conta da campaña posta en marcha pola Consellaría de Cultura e a Federación Galega de Panaderías a prol da lectura, que consiste en entregar o pan nun cartucho de papel no que se reproducen obras de autores consagrados.

Martínez, Tamara, “Vargas Llosa y Rivas son el punto de mira de los lectores”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 xullo 2006, p. 08.

Fala Miguel Orizales, portavoz dos libeiros coruñeses, comentando que se edita moito pero de pouca calidade. Así mesmo, pondera que hai prezos para todo tipo de compradores e fala tamén das prioridades dos galegos a mercar ben un autor galego ou non. Destacase a Vargas Llosa e a manolo Rivas.

Matamoros, Jose, “Los autores de teatro exigen respuestas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 xaneiro 2006, p. 15.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dáse conta do acordo ao que chegaron catorce autores dramáticos galegos de xuntarse e facer chegar as súas peticións ás institucións públicas e privadas.

Matamoros, Jose, “Pimientos para el presidente”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 8 xuño 2006, p. 15.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dáse conta da celebración dun recital poético no centro sociocultural de Fontiñas, dentro do programa de Semana Cultural. Indícase que no recital participaron Yolanda Castaño, Iolanda López e Olalla Cociña.

Matamoros, Jose, “Un justo agradecimiento a la emigración gallega”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 7 outubro 2006, p. 15.

Dá noticia da homenaxe do Consello da Cultura Galega ao galeguista Xesús Canabal, no que o seu presidente Ramón Villares lles entregou ás súas fillas un cedé cunha intervención deste persoeiro. Dise que a homenaxe continuará no concello natal do galeguista, O Pino, onde o nomearán fillo predilecto.

Matamoros, Jose, “El fútbol sala ya arrasa en las aulas”, *La Región/Atlántico Diario*, “Patio de vecinos”, 1 decembro 2006, p. 15.

Faise eco da presentación da primeira das obras da triloxía de Xavier Alcalá *Entre fronteras*, traducida ao castelán por Ézaro Ediciones. Presenta o argumento e destaca a ambientación e o tratamento de feitos reais nos que se basea.

Mato, Mar, “As editoriais tentan a Papá Noel”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 20 decembro 2006, p. 32.

Dá conta da oferta editorial preparada para o Nadal na que as editoriais se esforzaron por propoñer obras novidosas e atraíntes. Indica as obras que se van publicar dentro dos seguintes apartados: para o público infantil e xuvenil, na sección de historia e arqueoloxía, en fotografía e música, en teatro e poesía, en narrativa e relacionada co tema de ‘saber vivir’. As obras de teatro, poesía e narrativa que nomea son: *Obra dramática completa de Jenaro Marinhas del Valle*, *Para unha luz ausente* de Xavier Seoane, *Fundaxes* de Martín Veiga, *A ollada de Astarté* de Pura Salceda, *Palabras contadas* de Camilo Franco, *Protoevanxeo do neto de Herodes* de Bernardino Graña, *As máscaras de Cronos* de Ramón Caride, *Lois e Helena buscando un día de tormenta* de Manuel Veiga e *A medición do mundo* de Daniel Kehlmann.

Mauleón, Amaia, “Más de 150 congresistas analizan en Brasil la proyección de la cultura gallega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 11 setembro 2006, p. 15.

Refírese ao VIII Congreso Internacional de Estudos Galegos que se celebra en San Salvador de Bahía (Brasil), organizado pola asociación homónima que preside Basilio Losada. Dise que analizarán a proxección da cultura galega no exterior e que contarán coa presenza de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega (CCG), Rosa Aneiros, Agustín Fernández Paz, Víctor Freixanes e Bieito Romero, entre outros. Anúnciase tamén a representación de *Bicos con lingua* e recóllense as declaracións de Helena González, directora do departamento de Filoloxía Galega en Barcelona, sobre a importancia das comunidades galegas do exterior.

Mauleón, Amaia/Agencias, “Tourinho elogia ‘o sono’ de Cunqueiro ‘dunha lingua vivida e amada por todos’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 1 marzo 2006, p. 38.

Infórmase sobre os actos levados a cabo en Mondoñedo e Vigo para recordar o vinte e cinco aniversario da morte de Álvaro Cunqueiro, actos nos que se destacou especialmente a fidelidade que amosou sempre cara á lingua galega.

Mayoral, M, “Noe Martínez e Iria López presentarán as súas obras na Feira do Libro”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 6 xuño 2006, p. 18.

Fálase aquí da organización da Feira do Libro de Ferrol e das actividades paralelas que servirán para levar máis público ás casetas. Destácase que entre os autores galegos participantes estarán Ramón Loureiro, que lerá o pregón; o caricaturista Xaquín Marín, Iria López Teijeiro, Noe Martínez ou Paula Carballeira, entre outros, que presentarán as súas últimas obras.

Mayoral, M, “Ézaro traduce ó castelán a novela de Xavier Alcalá ‘Entre fronteiras’”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 29 novembro 2006, p. 17.

Coméntase que a editorial Ézaro Edicións vai traducir ao castelán a obra de Xavier Alcalá, *Entre fronteiras* (2004), baixo a aceptación positiva do seu autor, quen considera que se trata dunha obra sobre a historia de España.

Mayoral, M, “Baldo Ramos y sus libros de autor únicos”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 15 decembro 2006, p. 12.

Dáse conta da inauguración da exposición das obras de Baldo Ramos na Galería Sargadelos de Ferrol. Ramos realiza libros de autor nos que el fai todo o traballo, tanto o de encadernar o libro como o de enchelo de contido. Coméntase que a traxectoria literaria deste autor comezou con *Raizames* e a ela seguiron outras obras como *A árbore da cegueira* ou *Escura e transparente*.

Mayoral, Montse, “La Feira do Libro cerró en Ferrol con serias dudas sobre su continuidad”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol ciudad”, 19 xuño 2006, p. 6.

Indícase que o escaso número de casetas participantes na Feira e, sobre todo, a escasa afluencia de público poñen en perigo a súa continuidade no 2007.

M.B., “O Festival do Condado cumpre 25 anos entre poesía e ska”, *A Nosa Terra*, nº 1.234, “Cultura”, 7-13 setembro 2006, p. 25.

Fálase do Festival de Poesía do Condado, que botara a andar no 1981, e das actividades que se levaron a cabo para conmemorar esta vixésimo quinta edición: as exposicións de pintura (Ánxel Huete, Francisco Mantecón...) e fotografía (Manuel Sendón, Xosé Luís Suárez Canal), as actuacións musicais (Zeca de Medeiros, A Quenlla...), o concerto de ska e hip-hop (Betagarri, Dios que te Crew...) e os recitais poéticos. Nestes recitais participaron Cesáreo Sánchez, Antía Otero, Lucía Novas, Xulio Valcárcel, Eduardo Estévez, María do Cebreiro e Sechu Sende, entre outros.

M.C., “Luis Rei aborda o amor e o desamor na súa nova obra, ‘Toda a vida’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xaneiro 2006, p. 47.

Dá conta da presentación en Pontevedra da novela *Toda a vida* (2005) de Luis Rei Núñez, da que se bosquexa o argumento. Dise que nesta presentación participaron Fina Casalderrey e a pianista Pilar Isabel Rodríguez.

M.C.S., “Dos entidades rescatan el Material Literario da Costa da Morte”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 3 xaneiro 2006, p. 16.

Coméntase que dúas asociación de Vimianzo van recuperar o traballo do Batallón Literario de A Costa da Morte e inician a súa recuperación cun recital poético no que participarán membros do desaparecido Batallón.

M.C.S., “El actor Cándido Pazó inaugura el Entroido de Carballo”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 24 febreiro 2006, p. 22.

Reprodúcese, parcialmente, o programa do Entroido de Carballo. Menciónase, de entre os distintos actos, o pregón inaugural, da man do actor e director teatral Cándido Pazó.

Menayo, Nagore, “Roxelio Groba celebra con una composición musical el centenario de la Academia Galega”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/CGS”, 26 outubro 2006, p. 10.

Dáse conta da entrega que realiza o compositor pontevedrés Roxelio Groba da partitura da obra “Oda aos precursores” ao presidente da Real Academia Galega, co obxectivo de celebrar o seu centenario. Infórmase de que a peza se estrea no Teatro Rosalía de Castro da Coruña baixo o espectáculo denominado “Concerto do Centenario”.

Méndez Ferrín, X.L., “De ‘Era na selva de Esm’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xaneiro 2006, p. 40.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Ferrín, X.L., “De ‘Era na selva e Esm”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 febreiro 2006, p. 40.

A sección fixa acolle un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Paraleipomenón o de las cosas omitidas”, *ABC*, “*ABCD*”, nº 730, “Poesía”, 2006, 28 xaneiro-3 febreiro 2006, p. 18.

Achégase un poema de Méndez Ferrín en versión bilingüe, xunto cuns datos biográficos e unha relación das obras publicadas.

Méndez Ferrín, X. L., “Os Eoas”, *La Opinión*, “Segunda Feira”, 20 febreiro 2006, p. 14.

Comenta como Pondal decidiu, na década de 1850, escribir un poema épico que “dotase a Galicia de conciencia nacional e lingüística”, ao xeito de como se estaba facendo naqueles intres en lugares moi dispares do mundo e como fixeran moitos anos antes escritores ilustres coma Virxilio ou o mesmo Homero. Sinala que para o poeta galego, o idioma galego debía prestixiarse a través dunha obra de gran transcendencia, se ben desvinculada da realidade inmediata da terra. Así, puntualiza que se centrou na descuberta de América por parte de Cristóbal Colón para, por medio dese asunto tan pouco “galego”, amosar a grandeza da lingua propia, núa, sen ningún tipo de referencia directa co mundo cotiá no que se movía. Por último, afirma que a publicación por parte da Real Academia Galega d’*Os Eoas*, oitenta anos despois da morte de Pondal, constitúe “o primeiro grande acontecemento literario do século XXI”.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “De ‘Contra Maquieiro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 novembro 2006, p. 46.

Acóllese un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 marzo 2006, p. 36.

Sección fixa que acolle un poema de Rosa Méndez Fonte.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 marzo 2006, p. 48.

Poema de Rosa Méndez Fonte que aparece publicado nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 abril 2006, p. 48.

Poema de Rosa Méndez Fonte que aparece publicado nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 abril 2006, p. 40.

Poema de Rosa Méndez Fonte, reproducido nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 maio 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle novamente un poema de Rosa Méndez Fonte.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 maio 2006, p. 40.

Poema de Rosa Méndez Fonte que aparece publicado nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 maio 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle un novo poema de Rosa Méndez Fonte.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xuño 2006, p. 48.

Poema de Rosa Méndez Fonte que aparece publicado nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “De: ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 agosto 2006, p. 32.

Poema de Rosa Méndez Fonte que aparece publicado nesta sección fixa.

Méndez Fonte, Rosa, “O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 agosto 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle un poema de Rosa Méndez Fonte.

Méndez Fonte, Rosa, “De ‘O raio verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 outubro 2006, p. 40.

Poema de Rosa Méndez Fonte que aparece publicado nesta sección fixa.

Méndez, Xerardo, “In memoriam”, *La Región*, “Ourense”, 27 xullo 2006, p. 9.

A modo de poema, expresa a súa dor pola morte de Pura Vázquez. Refírese ao exemplo e á lembranza da escritora galega.

Merino, José María, “Ordes”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 febreiro 2006, p. 40.

Reproducción do único poema en galego de José María Merino, “Ordes”, que figura incluído na súa obra *Cumpleaños lejos de casa*, compendio da súa poesía e presentado en Madrid. O poema aparece no xornal dentro da noticia da publicación de dúas obras, en castelán, do escritor: a anteriormente mencionada e *Tres semanas de mal dormir*.

Mesejo, N., “Aquela travesía da Xeración Nós”, *Diario de Pontevedra*, “Sábado”, 1 xullo 2006, p. 82.

Coméntase a iniciativa “Ultreia”, coa que un centenar de estudantes lembrarán a travesía de Álvaro de las Casas e a Xeración Nós en 1932, de Muros a Vigo.

M.G., “Fundación Seoane, Marco y CGAC suman artes en Proxecto-Edición”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 1 febreiro 2006, p. 67.

Infórmase de que a Fundación Luis Seoane da Coruña, o Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago e o Museo de Arte Contemporánea de Vigo, van crear un proxecto común para a edición da creación artística e o seu nexa será a páxina www.proxecto-edicion.net, onde se arquivará a documentación e se informará sobre as actividades.

M.G./E.P., “Morre o editor e escritor noiés Xosé Agrelo Hermo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 22 novembro 2006, p. 76.

Informa do pasamento do escritor e editor Xosé Agrelo Hermo, con sesenta e nove anos de idade, debido a un infarto cerebral. Indícase que será enterrado en Noia e, deseguido, resúmese brevemente a súa traxectoria vital e as obras que publicou.

Michelena, Cristina, “Milladoiro e Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 17 maio 2006, p. 84.

Dáse conta da presentación dun novo CD do grupo de música Milladoiro titulado *Unha estrela por guía*, como homenaxe ao poeta Manuel María. Recóllense as palabras dalgúns dos integrantes do grupo e coméntase que tamén participaron no disco Luis Tosar, Mabel Rivera, Laura Amado e o grupo Leilía.

Miranda, Xosé, “Capitán dos teus ollos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 xullo 2006, p. 48.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Xosé Miranda.

M.J., “Arredor de Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Sociedad”, 16 decembro 2006, p. 83.

Coméntase que o simposio “Un século de Galicia (1906-1996)” rende homenaxe a Filgueira Valverde analizando a súa faceta política e cultural.

M.J.R., “Rosa Méndez afirmase como poeta cun libro que a vincula á tradición galego-portuguesa”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 25 febreiro 2006, p. 16.

Dáse conta da presentación, na Galería Sargadelos ferrolá, do segundo poemario da investigadora e escritora Rosa Méndez, *O raio verde* (2005). Recóllense as palabras do editor, Miguel Anxo Fernán-Vello; da escritora, Rosa Méndez; e da tamén poeta e autora do prólogo, Eva Veiga. Escóllense, das palabras de Fernán-Vello, aquelas que mencionan a calidade da introdución, asinada pola propia autora, cualificándoa como “unha lección de crítica literaria”. Apúntase como tema da obra o dunha “viaxe ao fondo do mar, que é o fondo da vida”. Menciónanse, ademais, as ilustracións de Mario Valdivieso e o epílogo do poeta luso José Jorge Letría.

M.J.R., “A poesía é unha viaxe introspectiva para levarnos ó coñecemento do outro”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 6 abril 2006, p. 20.

Entre outras cousas, dá conta da presentación no auditorio de Caixa Galicia de Ferrol do novo libro de Eva Veiga, *A luz e as súas cicatrices* (2005), editado na colección “Esquíu” da Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Ademais de informar sobre este acto, comenta os motivos constantes na obra, entre os que salienta a infancia, a natureza o ser humano e o mundo persoal da autora.

M.J.R., “Siro López: ‘O Quixote da segunda parte é a gran figura do humorismo’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 2 xuño 2006, p. 16.

Noticia sobre a presentación da obra de Siro López, un libro sobre o humorismo na segunda parte do *Quixote* que resultou finalista do premio Ramón Piñeiro de ensaio breve. Recóllese a tese principal deste volume, a diferenza entre comicidade e sátira e humorismo, e sublíñase o papel do *Quixote* como berce do humorismo literario en España. Tamén se destaca a importancia que o dito humorismo tivo na vida de Cervantes, para o que foi unha “filosofía” e unha “cuestión de supervivencia”.

M.J.R., “Un bocata de pan con Novoneyra”, *Diario de Ferrol*, 21 xuño 2006, p. 64.

No titular faise referencia a unha iniciativa da Consellaría de Cultura para difundir a poesía entre os diferentes sectores da poboación, que consiste en distribuír polos despachos de pan de toda Galicia bolsas que levan composicións de seis poetas galegos.

Moar Suárez, Rubén, “Terror no instituto”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 25 agosto 2006, p. 40.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Rubén Moar Suárez.

Montouto Pérez, Francisco, “O derradeiro mmm...”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 26 agosto 2006, p. 34.

Novo relato de verán enviado polo lector Francisco Montouto Pérez.

M.O.R., “Escritores gallegos quieren dignificar a las víctimas de la Guerra Civil en Boiro”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza/Comarca”, 21 outubro 2006, p. 23.

Dáse conta da celebración da Semana da Cultura Galega Actual, organizada polo Concello de Boiro e a Asociación Barbantia en colaboración coa Consellaría de Cultura. Preséntase coa temática sobre a influencia da Guerra Civil nos escritores da época. Coméntase que no día da inauguración da Semana da Cultura presentouse o libro *Un río de sangue e tinta*, de Román Arén e Pastor Rodríguez, no que se recollen todas as obras narrativas galegas que tratan o tema de Guerra Civil. Coméntase que tamén se celebraron mesas redondas sobre o tema da Guerra Civil e a posguerra en relación coa Literatura coa participación de Xesús Laíño e Rodríguez Fer. Finalmente, indícase que se inaugurou a exposición “Voces na guerra”, de Fernando Blanco que recolle as ilustracións do libro do mesmo título.

M.O.R., “Auliga inaugura el VII seminario de traducción y poética en Rianxo”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza Comarca”, 23 novembro 2006, p. 22.

Infórmase sobre a inauguración do VII Seminario Internacional de Traducción e Poética organizado pola Universidade Libre Iberoamericana de Galicia (Auliga). No acto inaugural participou Ángel Amor Ruibal, quen falou sobre o concepto e o sentido das traducións. Tamén se indica que no certame se realizará unha homenaxe a Darío Villanueva, ex reitor da Universidade de Santiago e membro fundador de Auliga.

Moreno, María Victoria, “Outra versión con correccións feitas á man”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 agosto 2006, p. 32.

Poema de María Victoria Moreno baixo que aparece publicado nesta sección.

Moreno, María Victoria, “De ‘Elexías de luz’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle un poema de María Victoria Moreno nesta ocasión.

Moreno, María Victoria, “Eu, quixera...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 outubro 2006, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, “De ‘Elexías de luz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 outubro 2006, p. 48.

Sección fixa que acolle un poema de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, “De ‘Elexías de luz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que acolle un poema de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, “De ‘Elexías de luz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 novembro 2006, p. 31.

Recóllese un poema de María Victoria Moreno nesta sección fixa.

Mosquera, Javier, “Del Riego evoca ao seu amigo Cunqueiro”, *La Opinión*, “Saberes”, nº 148, 4 febreiro 2006, p. 5.

Repásase a relación entre Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro. Fálase da súa “fonda amizade” dende nenos; da súa posterior coincidencia en Lugo, para estudar bacharelato; ou do seu encontro en Mondoñedo, onde Cunqueiro fundou no faiado da súa casa a editorial Un, que publicaba periodicamente *Os papeles de color*. Cítase, logo dese período, a interrupción desta amizade debido á Guerra Civil española, para reanudala despois. Tamén se fai mención das moitas excursións que ambos fixeron por toda Galicia: As Fragas do Eume, a Mariña Lucense, a serra da Capelada, etc. foron algúns dos seus destinos. Apúntanse, de forma sucinta, unhas poucas anécdotas.

Mosquera, Javier, “El Concello busca un edificio próximo a la Casa Galega da Cultura para ampliarla”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 8 marzo 2006, p. 12.

Dáse conta dun problema coa Casa Galega da Cultura de Vigo, sede da Fundación Penzol e da Biblioteca e o Museo Fernández del Riego, en canto non hai espazo de abondo para conter ambas as institucións. Menciónase a existencia dun proxecto para situar no actual inmoble unicamente a sede da Fundación Penzol, mentres se lle busca outra localización á Biblioteca e ao Museo Fernández del Riego. Destácase o importante volume e o importante valor do patrimonio móbil que compoñen ambas as institucións, e a necesidade de atopar unha solución óptima. Dise, así, que “a suma desas dúas bibliotecas as converte, na práctica, na Biblioteca Xeral de Galicia”.

M.P., “Feminismo e arte dende a Fundación Luís Seoane”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 marzo 2006, p. 41.

Informa que a Fundación Luís Seoane da Coruña vai celebrar no mes de marzo o ciclo de conferencias “Subxectividades críticas. Narrativas identitarias: feminismos e creación contemporánea no Estado español”, que versarán sobre a relación entre a arte e o feminismo.

M.P.L., “A ONCE incorpora o braille á Feira do Libro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 agosto 2006, p. 35.

A ONCE vai participar na Feira do Libro da Coruña cunha caseta na que se poderán coñecer e tocar diversos materiais bibliográficos para persoas con cegueira ou deficiencia visual.

M.R., “Ricardo Polín publicará un libro sobre un escritor local”, *El Progreso*, “Terra Chá/Neira”, 7 febreiro 2006, p. 16.

Infórmase de que o filólogo Ricardo Polín vai presentar a investigación que realizou sobre a figura e a obra de Manuel María González. Coméntase que este é o terceiro libro dunha triloxía sobre tres autores chairegos de circunstancias vitais semellantes. Os outros dous autores son José Crecente Vega e Francisco Vega Ceide.

M.R., “Xesús Rábade Paredes será homenaxeado en Cospeito”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 4 xuño 2006, p. 24.

Coméntase que a asociación Xermolo de Guitiriz vai levar a cabo os XIV Encontros na Terra Chá que este ano dedican ao escritor Xesús Rábade Paredes. Infórmase que haberá unha mesa redonda na que participarán Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos e Xulio Valcárcel.

M.V., “O compromiso de Buzzati”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Cultura”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 27.

Co gallo da celebración dos cen anos do nacemento de Buzzati, escritor italiano, recórdase a súa figura e a tradución ao galego das súas dúas obras principais: *O deserto dos tártaros* e *A famosa invasión de Sicilia polo osos*. Fai unha breve análise de ambas as dúas obras e remata referíndose a algunhas que aínda están sen traducir, como *Un amor* ou *O gran retrato*.

Navaza, Gonzalo, “Ame o pobo...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xullo 2006, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Gonzalo Navaza.

Negro, Carlos, “De ‘Far West’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 marzo 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Carlos Negro.

Negro, Carlos, “De ‘Far West’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 abril 2006, p. 36.

Nesta sección publícase un poema de Carlos Negro.

Negro, Carlos, “Héleris”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 agosto 2006, p. 40.

Poema de Carlos Negro que aparece publicado nesta sección.

Negro, Carlos, “De ‘Héleris’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 outubro 2006, p. 36.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Carlos Negro.

Negro, Carlos, “De ‘Héleris’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 outubro 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Carlos Negro.

Negro, Carlos, “Héleris”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 outubro 2006, p. 36.

Nesta sección publícase un poema de Carlos Negro.

Negro, Carlos, “De ‘Héleris’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 outubro 2006, p. 38.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Carlos Negro.

Negro, Carlos, “De ‘Héleris’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 decembro 2006, p. 38.

Poema de Carlos Negro que aparece publicado nesta sección fixa.

Neira Vilas, Xosé, “Co devir do mundo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 febreiro 2006, p. 39.

Lémbrase a figura de Lois Tobio, con motivo do primeiro centenario do seu nacemento (1906-2006). Recórdase a súa vida, destacando os fitos máis senlleiros na súa relación coa cultura galega, sobre todo, a fundación do Seminario de Estudos Galegos, en Santiago de Compostela; a creación da Escola Libre, na Habana; a creación e participación na emisión radiofónica periódica “Sempre en Galicia”; ou a súa participación, unha vez que regresa a España en 1963, en actividades culturais e de xornalismo literario. Existen, ademais, importantes referencias ás relacións persoais e íntimas entre Tobío e Xosé Neira Vilas dende que se coñeceran, en Bos Aires no 1955, até os seus últimos encontros, da man de Isaac Díaz Pardo.

Neira, Fernando, “13 discos glosan medio siglo de idilio entre poesía y canción en España”, *El País*, “Cultura”, 21 marzo 2006, p. 46.

Noticia da saída ao mercado da antoloxía discográfica *La palabra más tuya*, na que están musicados poemas de máis de trinta autores tan importantes como Alberti, Cernuda, Machado, Neruda, Lorca ou Rosalía de castro. Os cantautores seleccionados para facer posible este proxecto son máis de 60: Serrat, Carlos Cano, Amancio Prada. A final de ano espérase que saian tres discos adicionais dedicados a poetas en galego, catalán e euskera.

Neira, H., “Yolanda Castaño: ‘Teño o plano de Santiago imborrable na emoción’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 19 xaneiro 2006, p. 67.

Co motivo da presentación no Casino de Santiago de Compostela do novo exemplar da colección “Poeta en Compostela”, que corresponde nesta ocasión ao libro *Delicia* (2005), reedición da obra de 1998 de Yolanda Castaño, ofrécense diversas declaracións da poeta sobre a súa obra, sobre a cidade e sobre os seus futuros proxectos.

Neira, H., “Carlos Negro: ‘Gústame Santiago pola vitalidade e a vida cultural’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 2 febreiro 2006, p. 66.

Recolle diversas declaracións de Carlos Negro a propósito da presentación en Santiago de Compostela do número dezaseis da colección “Poeta en Compostela”, dedicado nesta ocasión á reedición da obra *as laranxas de alí babá* (2005). O poeta reflexiona sobre este poemario, do que salienta o carácter mítico e narrativo, así como sobre a súa propia traxectoria ou o descoñecemento da poesía no ámbito do ensino.

Neira, H., “Sobre el poder de los símbolos”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 9 marzo 2006, p. 15.

Revisanse os persoeiros do mundo da cultura presentes na clasificación anual do xornal El Correo Gallego dos “125 galegos máis influíntes”. Cífrase esa presenza en vinte e catro, cítanse cada un deles, e destácase a presenza da primeira muller deste colectivo no posto cento un, correspondente á escritora focense Luísa Castro. Outros persoeiros presentes, por orde de maior a menor, son: Manuel Rivas, Luís Tosar, Isaac Díaz Pardo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Núñez, Julio Fernández, Xosé Ramón Barreiro, Francisco Fernández del Riego, Suso de Toro, Francisco Leiro, Alfonso Zulueta de Haz, Leopoldo Novoa, César Portela, Víctor Fernández Freixanes, Alfredo Conde, César Antonio Molina ou Acisclo Manzano, entre outros.

Neira, H., “Olalla Cociña, nova entrega da colección ‘Poeta en Compostela’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 marzo 2006, p. 36.

Anuncia a presentación en Compostela do poemario *Aquí (intemperies)* (2005), de Olalla Cociña e refírese á colección “Poeta en Compostela” da que este forma parte. Ofrece breves notas sobre a traxectoria da autora.

Neira, H., “Cunha ollada máis fresca”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 30 maio 2006, p. 68.

Infórmase da presentación do libro *Aracne 3* (2005), da profesora Helena de Carlos, unha escolma de poemas xa publicados e un inédito que se converte na número dezanove da colección “Poeta en Compostela”. Recóllense tamén as reflexións da autora sobre a presenza do mito na súa obra e na literatura galega en xeral.

Neira, H., “Na procura da verba perdida”, *Galicia Hoxe*, 22 xuño 2006, p. 44.

Dáse conta da presentación do poemario *Abecedario de árbores* (2005) escrito por Marilar Alexandre. A mesma autora indica que na súa elaboración xogou un papel importante o contacto cos grupos literarios Batallón da Costa da Morte e Letras da Cal, e tamén a preocupación de que non se perdan os nomes das árbores, ese tesouro da lingua, hoxe que hai menos vinculación co campo.

Neira, Henrique, “Cando os versos caen na rede”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 marzo 2006, p. 42.

Anuncia a presentación da obra *Aquí (intemperies)* (2005), de Olalla Cociña, no Casino de Santiago de Compostela, dentro da colección “Poeta en Compostela”, que será distribuída de forma gratuíta co xornal *El Correo Gallego*. Recolle as palabras da poeta sobre a escrita e a cidade.

Neira, Henrique, “Olalla Cociña: ‘A poesía é un espazo íntimo de liberdade’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 16 marzo 2006, p. 67.

Anuncia a próxima presentación do poemario *Aquí (intemperies)* (2005), de Olalla Cociña, no Casino de Santiago de Compostela. Dise que este volume será entregado de balde co xornal *El Correo Gallego* e que representa o número sete da colección “Poeta en Compostela”. Así mesmo, recolle diversas declaracións da autora sobre o título do libro, o proceso de escritura ou a relación entre literatura e xornalismo. Ofrécense tamén unhas breves notas biográficas da poeta.

Neira, Xoán, “De ‘Sede de agosto’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 novembro 2006, p. 32.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xoán Neira.

Nepomuceno, Miguel Ángel, “Amancio Prada: Sigo buscando la canción secreta de la vida, por si suena por casualidad”, *Diario de León*, “*Revista. Cuatro Voces para un centenario*”, 29 xaneiro 2006, pp. 4.-5.

Co gallo do centenario do xornal *Diario de León* faise unha entrevista ao cantautor berciano Amancio Prada. Sinálase que é “nuestro cantautor más carismático y querido” e mais que presenta un estilo propio e con referencia á lingua galega afirma que cando era neno falábase galego na súa aldea e que co paso dos anos, nomeadamente coas lecturas de autores como Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro ou Álvaro Cunqueiro, canta coa mesma naturalidade en galego que en español.

Neves, Kiko, “Ruído de motos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 abril 2006, p. 36.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Kiko Neves.

Nicolás, Ramón, “Actas do Congreso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 8 xuño 2006, p. 4.

Comentario do novo ensaio sobre a figura de Lorenzo Varela e o libro que recolle distintas intervencións do congreso que abordaba a figura deste escritor, *Congreso sobre Lorenzo Varela*. Dise que no ensaio están recollidos distintos estudos sobre cuestións diversas relacionadas con este autor, como a vida no exilio, actividade política, literaria, no ensino, etc.

Noguerol, Natalia, “O Pino bautiza al galleguismo”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 8 outubro 2006, p. 11.

Dá noticia da concesión do título de fillo predilecto do Concello do Pino a título póstumo a Xesús Canabal. Dise que participaron na homenaxe e exaltación da súa figura persoeiros coma Isaac Díaz Pardo, o presidente da Fundación Premios da Crítica de Galicia, Xosé González, o alcalde, Manuel Taboada, e Xosé Neira Vilas, quen lembrou ao seu vello amigo e lle entregou ás fillas cartas e un telegrama do seu pai.

Novio Seoane, Divina, “Noutros tempos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 19 agosto 2006, p. 40.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Divina Novio Seoane.

Novo, Olga, “De ‘A teta sobre o sol’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 agosto 2006, p. 32.

Composición poética de Olga Novo, reproducida nesta sección fixa

Novoneyra, Uxío, “De ‘Os eidos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 marzo 2006, p. 40.

Composición poética de Uxío Novoneyra que aparece nesta sección fixa.

Novoneyra, Uxío, “Os eidos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 marzo 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Uxío Novoneyra, reproducido nesta sección fixa.

Novoneyra, Uxío, “Noiesa do Courel, dinamiteira da fala”, *A Nosa Terra*, nº 1.231, “Cultura”, 13-19 xullo 2006, p. 24.

Neste artigo, publicado por Novoneyra en *A Nosa Terra* no mes de maio de 1982, fálase de Mariño como a primeira “poeta mística de Galicia”. Dise que Mariño apenas leu libros e afóndase na súa obra. Sinala que pouco se decataron da singularidade de Mariño Tamén alude ao estilo dinamizador da escritora e á revolución idiomática. Por último, emprende un percorrido pola vida de de María Mariño.

Núñez Sande, Carmen, “Unha mañá”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 25 agosto 2006, p. 40.

Acóllese un relato da autoría de Carmen Núñez, como é habitual nesta sección fixa.

Núñez, David, “Aire”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 outubro 2006, p. 40.

Reprodúcese unha composición poética de David Núñez.

Núñez, María, “La tertulia del Moderno que llevará Pontevedra por el mundo entero”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Ciudad”, 14 xaneiro 2006, p. 4.

Infórmase de que na praza de San Xosé en Pontevedra foi inaugurada a escultura de Lombera que representa unha tertulia do Café Moderno e na que participan Alexandre Bóveda, Castelao, Manuel Quiroga, Paz Andrade, Carlos Casares e Ramón Cabanillas. Ademais, coméntase que o acto foi presidido polo alcalde de Pontevedra e polo director de Caixa Galicia, quen financiou a escultura.

Obelleiro Hermida, María, “Cultura completa a programación para o Ano da Memoria”, *A Nosa Terra*, nº 1.233, “Cultura”, 27 xullo-2 agosto 2006, p. 25.

A Consellaría de Cultura fai público o programa de actuacións para o segundo trimestre do ano 2006 do chamado Ano da Memoria para conservar a Memoria Histórica de Galicia. Anúnciase que distintas charlas, exposición e festexos percorreren Galicia durante este semestre.

Obelleiro, Paola, “La asociación Bóveda celebra sus 30 años con una gala multicultural”, *El País*, “Galicia”, 26 decembro 2006, p. 28.

Dá conta da gala que organizou a Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña no teatro Rosalía de Castro, para conmemorar o trinta aniversario do seu nacemento. Indica que o espectáculo foi basicamente musical e que participaron grupos de diferentes lugares de España.

Ocampo, Luz, “Unha historia de 25 anos de ilusión e paixón”, *La Región*, “Cultura”, 16 marzo 2006, p. 75.

Dáse conta da celebración do vinte e cinco aniversario do grupo de teatro Sarabela a través da publicación dun libro onde se recolle a evolución da compañía, as actividades que levan a cabo como a Mostra Internacional de Teatro Universitario, a Mostra de Teatro Infantil, etc. Coméntase que o libro foi coordinado por Fina Calleja e será publicado por Difusora de Artes e Ideas que tirará do prelo novecentos exemplares.

Ocampo, Carlos, “A Academia xa é centenaria”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, “Lingua”, 20 decembro 2006, p. 6.

Fai referencia á celebración do centenario da Real Academia Galega e describe a súa historia, cómo se formou e os avances que conseguiu no aspecto lingüístico e cultural.

O.I., “Manuel Lourenzo: ‘Habería que volver a berrear nas prazas’”, *El País*, “Luces”, 15 decembro 2006, p. 40.

Comentarios de Manuel Lourenzo sobre a influencia da Guerra Civil nos seus espectáculos, a propósito do Ano da Memoria.

O.I., “Agustín Fernández Paz: ‘Podemos esquecer cando coñezamos’”, *El País*, “Luces”, 15 decembro 2006, p. 40.

Declaracións do escritor Agustín Fernández Paz respecto da Guerra Civil e a memoria histórica, quen se refire á influencia desta temática nas súas obras.

Oliva, Marisol, “Arte Dramático se abre a la ciudad con cursos de formación y actividades lúdicas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 marzo 2006, p. 12.

Faise un repaso polo pasado, presente e futuro da Escola Superior de Arte Dramático. Menciónanse os cursos de formación en interpretación e dirección, a posta en marcha dun centro de investigacións teatrais, e a formación permanente de actores, vinculada esta última

actividade a un convenio asinado coa Consellaría de Traballo, como as “frontes abertas” da Escola. Felicítase polos seis primeiros meses de existencia da Escola, con dúas especialidades, un claustro de doce profesores, e un total de trinta e seis estudantes. Recóllense as palabras do director do centro, Manuel Vieites, nas que celebra a posibilidade de, a través da Escola, poder “crear unha cultura teatral que non existía até o de agora en Galicia” e “nutrir á industria cinematográfica e televisiva”.

Oliveira, V, “Bieito Iglesias: ‘Hoxe, pola rapidez da vida, prefírese a literatura breve’”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 decembro 2006, p. 74.

Fai referencia ao I Encontro Internacional de Escritores De pedra e de palabra, e concretamente, ao debate titulado “O perfil do lector do século XXI”. Indícase que neste debate participaron Bieito Iglesias, quen describiu ao lector do século XXI e defendeu a continuidade do libro en papel, e o poeta Remo Ruiz, quen, pola contra, manifestouse a favor do libro electrónico, de mellor transportabilidade e almacenamento.

O.R., “Alfredo Conde: “Sobreviven los comerciales, no los escritores””, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 15 setembro 2006, p. 72.

Refírese á XXII edición dos “Encontros Literarios de Verines” (Asturias) e aos debates suscitados en torno ao estado actual do mercado editorial, críticas á súa fragmentación, á influencia do capitalismo e á limitación rexional que viven os escritores. Recóllense opinións de Alfredo Conde, que di que sobreviven os comerciais e non os escritores, de Horacio Vázquez Rial, que nega que o problema de falta de comunicación se circunscriba a América Latina e que di que constitúe un paradoxo da globalización, e de Luís Sepúlveda que culpa desta parcelación ás editoriais.

Otero Ruíz, Anxo, “Primeira vez no cine”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 4 agosto 2006, p. 40.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por Anxo Otero Ruíz.

Otero, Antía, “De ‘O son da xordeira’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 maio 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Antía Otero.

Otero, Antía, “O son da xordeira”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 maio 2006, p. 40.

Poema de Antía Otero reproducido nesta sección fixa.

Otero, Antía, “En “VII Forxa Literaria””, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 outubro 2006, p. 36.

Recóllese un poema de Antía Otero.

Otero, Eloísa, “A poesía galega é mellor cá castelá”, *El País*, “*Luces*”, 8 decembro 2006, p. 34.

Recóllense os comenarios de Antonio Gamoneda, recente premio Cervantes, sobre a situación da poesía actual. Comenta que a día de hoxe a poesía galega e a portuguesa son mellores cá castelá e salienta varios poetas; entre os lusos nomea a Ramos Rosas, Cesariny e Eugénio de Andrade; como destacados poetas galegos cita a Méndez Ferrín, Álvarez Cáccamo, Fernán Vello, Olga Novo, Rodríguez Fer, etc. A continuación explica a evolución e historia da poesía galega e a súa función na sociedade.

Otero, M., “Nos fogóns de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 171, “Letras en Galego”, 29 xullo 2006, p. 11.

Faise unha breve recensión recomendando a lectura do libro *A cociña do Merlín*, de Miguel Vila Pernas, galardoada co XII Premio Nacional Álvaro Cunqueiro de Periodismo Gastronómico 2006 aos amantes da gastronomía e da literatura.

Outeiriño, Manuel, “Economía interna”, *Galicia Hoxe*, “*Maré*”, 13 febreiro 2006, p. 38.

Acóllese un poema de Manuel Outeiriño nesta sección fixa.

Outeiriño, Manuel, “A sea so perfectly dense”, *Galicia Hoxe*, “*Maré*”, 18 febreiro 2006, p. 43.

Sinala que a editorial irlandesa The Gallery Press editou hai tres anos o libro *Done into English* que recolle un conxunto de traducións poéticas de literaturas románicas. A literatura galega está representada con poemas de xograres medievais, Curros Henriques, Celso Emilio Ferrero e Méndez Ferrín entre outros. Destácanse particularidades da tradución de determinadas expresións e palabras para o inglés. Ademais dos poemas galegos hai tamén poemas en italiano, milanés, friulano, ... a literatura con máis poemas nesta escolma é a catalá.

Outeiriño, Maribel, “Un premio con el nombre de Eduardo Blanco Amor”, *La Región*, “*Sociedad*”, 8 marzo 2006, p. 69.

Repásase, con motivo do seu vixésimo quinto aniversario, a historia do premio literario que leva o nome do escritor ourensán. Destácase o desencontro entre o concello que o convocou por vez primeira, o Concello de Redondela, e o concello do que era natural o escritor, o Concello de Ourense, respecto da súa organización. Enfócase o problema dende un punto de vista político e partidista.

Outeiriño, Maribel, “Inéditos de don Ramón”, *La Región*, “Sociedad”, 19 abril 2006, p. 69.

Reprodúcese unha “Confesión autobiográfica” de Ramón Otero Pedrayo, que data de 1935.

Outeiriño, Maribel, “La poeta del amor y la soledad”, *La Región*, “Ourense”, 27 xullo 2006, p. 9.

Dá conta da vida e dos sentimentos de Pura Vázquez para logo facer referencia á etapa na emigración e ao funeral da escritora. A continuación, vincula as estranxeiras cos intelectuais e amosa o seu pesar pola indiferenza das autoridades con respecto á galega.

Paniagua, Ángel, “Quenes querían escribir se marchaban de Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Al día”, 21 marzo 2006, p. 2.

Infórmase da presentación da tese de doutoramento do filólogo Benito Rial, centrada no estudo do libro en Santiago durante o século XVI. Comenta Rial que daquela a imprenta case non producía mais existía unha gran importancia da librería, di que un dos libeiros máis importantes de Santiago foi Giraldo del Sol. Finalmente, Rial indica que non existía literatura galega e que os escritores con inquietudes tiñan que escribir en castelán.

Pardo, Hugo, “Las jornadas dedicadas a Lois Tobío destacan su vinculación con la ciudad”, *El Progreso*, “A Mariña”, 4 novembro 2006, p. 25.

Dá conta da celebración do simposio dedicado a Lois Tobío que tivo lugar no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro. Comenta que na primeira xornada se tratou a relación de Tobío coa súa vila natal e dá conta dos participantes no simposio. Por último, informa de que o Seminario de Estudos Terra de Viveiro organizou unha exposición con fotos e material bibliográfico sobre o autor.

Paz Souto, Fuco, “Os cabezudos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 24 agosto 2006, p. 40.

Sección que acolle relatos enviados polos lectores, nesta ocasión escrito por Fuco Paz Souto.

Paz Valiña, Fernando, “Voltaremos ricos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 8 agosto 2006, p. 42.

Sección que publica relatos de verán escritos por diferentes lectores, nesta ocasión de autoría de Fernando Paz Valiña.

Paz, Xabier, “Falta tempo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 setembro 2006, p. 40.

Composición poética de Xabier Paz que se publica nesta sección fixa.

Paz, Xabier, “O gran gato”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 setembro 2006, p. 36.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xabier Paz.

Paz, Xabier, “De ‘Materia de Lucrecio’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 outubro 2006, p. 40.

Poema de Xabier Paz que aparece publicado nesta sección fixa.

Paz, Xabier, “De ‘Sedimentos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 novembro 2006, p. 32.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xabier Paz.

Paz, Xabier, “De ‘Materia de Lucrecio’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 decembro 2006, p. 38.

Poema de Xabier Paz.

Paz, Xabier, “De ‘Sedimentos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 marzo 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xabier Paz.

Pazos Seoane, Miguel, “O ollo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 11 agosto 2006, p. 42.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Miguel Pazos Seoane.

Pedreira, Emma, “De Casa de Orfas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 febreiro 2006, p. 40.

Composición poética de Emma Pedreira.

Pedreira, Emma, “Casa de orfas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 xullo 2006, p. 36.

Publicación dun poema de Emma Pedreira.

Pedreira, Emma, “De ‘Casa de Orfas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 agosto 2006, p. 40.

Composición poética de Emma Pedreira reproducida nesta sección fixa.

Peña, Abel, “El toma y daca de las bibliotecas”, *El Ideal Gallego*, 12 outubro 2006, p. 72.

Fai referencia a aquelas bibliotecas que teñen un punto de intercambio de libros, entre elas a Biblioteca da Deputación Provincial. Trátase duns cubos onde se depositan alí libros de particulares que a xente pode coller e deixar. Segundo se di, son os máis novos os que atopan esta idea máis atractiva. Remata mencionando tamén esta mesma iniciativa para o fomento da lectura que se leva a cabo con moito éxito na biblioteca do Fórum Metropolitano, onde tamén se deixan revistas, CDs, e outro tipo de soportes, ou enciclopedias.

Peña, Abel, “El monólogo sí cabe en los estantes”, *El Ideal Gallego*, 10 novembro 2006, p. 64.

Dáse conta da participación de Cándido Pazó na biblioteca Miguel González Garcés da Coruña, cun monólogo de contos. Achéganse as palabras de Pazó sobre o xénero do monólogo e indica que el sempre se adapta ao público que teña diante.

Penedo Bermúdez, Daniel, “A felicidade”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 12 agosto 2006, p. 42.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Daniel Penedo Bermúdez.

Peneiras, Xesús, “Cantos da seiva”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 outubro 2006, p. 40.

Nesta sección publícase un poema de Xesús Peneiras.

Penelas, Sandra, “Las mejores plumas de la universidad”, *Faro de Vigo*, “Premios Mixtos”, 4 xaneiro 2006.

Coméntase que varios alumnos e profesores da Universidade de Vigo poderán publicar un libro no que aparecerán as súas obras que foron galardoadas polo *Premio 2005 de relato, poesía e taducción* da propia universidade. Sinálase que vai ser editado pola Editorial Xerais e os primeiros premios recibirán unha cuantía de setecentos euros. Este premio xa vai pola súa oitava edición e está aberto á comunidade universitaria dende o ano 2000. tamén se nos informa que os estudantes de Dereito foron os que acadaron máis premios nas modalidades de relato curto e poesía. Remátase citando a todos os premiados.

Pereira, José, “Unidos pola cultura e pola raza do poeta”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 24 decembro 2006, p. 12.

Informa de que a Asociación Unha Grande Chea celebrou o aniversario da súa páxina web cunha homenaxe ao escritor Ramón Cabanillas. Comenta que no acto estiveron presentes membros institucionais e persoeiros da vida social e política de Cambados.

Pereiras, Xesús, “De Cantos da Seiva”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 febreiro 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Xavier Seoane nesta sección fixa.

Pereiras, Xesús, “De ‘Cantos da Seiva’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 marzo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Xesús Pereiras nesta sección fixa.

Pereiras, Xesús, “De ‘Cantos da Seiva’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 decembro 2006, p. 30.

Poema de Xesús Pereiras acollido nesta sección fixa

Pereiro, Lois, “Luz e sombras de amor resucitado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 xaneiro 2006, p. 32.

Publícase baixo este epígrafe unha composición poética de Lois Pereiro.

Pereiro, X.M., “Méndez Ferrín vuelve a publicar poesía después de 11 años”, *El País*, “La Cultura”, 12 xaneiro 2006, p. 29.

Saliéntase a importancia da figura de Méndez Ferrín dentro da poesía galega a partir da publicación da obra *Con pólvora e magnolias* e, faise referencia a súa última obra *Contra Maquieiro* (2005), na que se reflexa unha crítica do século XX e o protagonista aparece como símbolo do capitalismo.

Pereiro, X.M., “Espíritu rapsoda”, *El País*, “Revista de Agosto”, 6 agosto 2006, p. 35.

Dise que o I Festival Internacional de Poesía de Betanzos tivo lugar actualmente e a el acoden distintos poetas procedentes de distintos países do mundo. No encontro ademais de recitais e charlas tamén se realizaron viaxes polo río Mandeo.

Pereiro, X.M., “Damasco abre unha biblioteca dedicada a Cunqueiro”, *El País*, “Cultura”, 28 novembro 2006, p. 52.

Dise que a Biblioteca do Instituto Cervantes na cidade siria de Damasco levará o nome de Álvaro Cunqueiro, grazas á colaboración entre esta institución, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e o PEN Clube galego.

Pérez, Cristina, “El músico ‘Mero’ presentará el viernes en el Muíño do Rañego su nuevo poemario”, *El Progreso*, “Terra Chá”, 25 xaneiro 2006, p. 13.

Anúnciase a presentación do poemario de Baldomero Iglesias *Recendos de Luz e Sombra*, que terá lugar en Vilalba e contará coa presenza de Mini, Xoán Xosé Abella e David Otero. Dise que o edita a Fundación Manuel María coa colaboración do Concello de Vilalba e a Secretaría de Política Lingüística.

Pérez García, Manuel, “Ceda o paso”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 8 agosto 2006, p. 42.

Sección que acolle relatos de verán enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Manuel Pérez García.

Pérez Pernas, Samantha, “O avoíño”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 30 agosto 2006, p. 34.

Publicación dun dos relatos de verán enviados polos lectores, nesta ocasión escrito por Samantha Pérez Pernas.

Pérez Pombo, Rubén, “Rincón literario”, *El Progreso*, “*Campus*”, “Rincón Literario”, 1 febreiro 2006, p. 2.

Baixo este título recóllense tres relatos e dous deles en lingua galega.

Pérez Vales, Uxía, “Un tropezco calquera”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 20 agosto 2006, p. 44.

Novo relato de verán escrito nesta ocasión por Uxía Pérez Vales.

Pillado, Ana, “Fábula mater”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xuño 2006, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Ana Pillado.

Pinacho, Antonio, “Normalización Lingüística homenaxe al poeta Manuel María con varios actos”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana/Redondela”, 14 xaneiro 2006, p. 15.

Dáse conta da homenaxe que a Concellaría de Normalización Lingüística de Redondela vai celebrar en lembranza do poeta Manuel María, baixo o título “Manuel María, palabra viva”. Indícanse as actividades a realizar entre as que se salienta unha exposición biográfica do

autor, unha conferencia a cargo da profesora Pilar García Negro, unha actuación poético-musical e unha cortometraxe de Margarita Ledo Andión.

Pinacho, Antonio, “Del Riego dona 500 libros a la biblioteca pública de Redondela”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana/ Redondela”, 8 marzo 2006, p. 13.

Dáse conta do acto público polo que o académico e director da Fundación Penzol, Francisco Fernández del Riego, doou á biblioteca de Redondela cincocentos volumes. Recóllese o agradecemento e a “gran xenerosidade” que destaca o alcalde da vila, Xaime Rei, respecto de Del Riego. Celébrase a crecente relevancia da biblioteca local, cun fondo de máis de trece mil volumes, dous mil oitocentos socios, e unha media de mil setecentos usuarios cada mes.

Pinal, Silvia, “De los ‘pergaminos’ a Tolstoi”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 agosto 2006, p. 18.

A feira do libro Antigo e de Ocasión que tivo lugar en Vigo termina cunhas vendas máis baixas do que outros anos. Entre os atractivos do evento estiveron primeiras edicións de Neruda, Lorca e Castelao.

Pino, Concha, “O CGAC cambia de modelo con proxectos e metas a longo prazo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xaneiro 2006, p. 44.

En columna á parte, dáse conta de dous novos proxectos que levará a cabo o CGAC (Cento Galego de Arte Contemporánea) relacionados coa literatura galega. O primeiro, segundo se indica, está relacionado coa edición e pretenden mostrar as distintas facetas editoriais. O segundo proxecto titúlase “Contos Dixitais” e ten como base a análise do efecto das tecnoloxías dixitais nas narracións.

Pino, Concha, “Os escritores piden o control pola Xunta do pago de dereitos de autor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xaneiro 2006, p. 47.

Dáse conta do pedimento realizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega á Xunta de Galicia para solicitar o control de pago de dereitos de autor polas editoriais.

Pino, Concha, “Os editores din que sempre hai un contrato negociado cos autores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2006, p. 45.

Recóllense as opinións de catro editores galegos (Manuel Bragado, Pilar Sampil, Fernán Vello e Enrique Acuña), os cales están en contra do pedimento que a Asociación de Escritores en Lingua Galega realizou para ser ela a que controle os pagos dos dereitos de autor.

Pino, Concha, “Os ilustradores reivindicán que o pago de dereitos de autor se regularice”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xaneiro 2006, p. 54.

Coméntase que a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración se une ao pedimento da Asociación Galega de Escritores de regularizar os pagos das editoriais por dereitos de autor, xa que estas non cumpren cos ditos pagos. Recóllense as palabras de Manuel Cráneo, presidente da Asociación de Ilustradores, e de Kiko da Silva.

Pino, Concha, “Os autores miden a profesionalidade das editoriais polo pago de dereitos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xaneiro 2006, p. 56.

Recóllense as opinións de tres escritores galegos (Rosa Aneiros, Ramón Caride e Xosé Carlos Caneiro) sobre o pedimento da Asociación de Escritores en Lingua Galega de controlar os dereitos de autor. Estes escritores comentan que eles non teñen problemas coas súas editoriais.

Pino, Concha, “As editoriais non cobren custos con moitos dos libros de creación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 febreiro 2006.

Ofrécense varios datos sobre as peculiaridades da edición en Galicia, como que o índice que aquí se aplica sobre os gastos de edición é dos máis baixos que existen e o 50% do prezo de venda ao público vai parar ao distribuidor do libro e non ao libreiro.

Pino, Concha, “En Santiago, Maio caeu en marzo”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 9 febreiro 2006, p. 7.

Coméntase a exposición “Maio do 68” na Galería Sargadelos compostelá. A propósito disto, analízase o impacto da revolución estudantil na época en Galicia e menciónanse os intelectuais Vicente Araguas, Xerardo Moscoso ou o grupo musical Voces Ceibes, que puxo música a poemas de Celso Emilio Ferreiro.

Pino, Concha, “Un pavo con aparencia de realidade cun recheo ficticio”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 febreiro 2006, p. 8.

Dáse conta da presentación, na librería “Follas Novas” de Santiago de Compostela, da segunda novela de Luísa Castro (Foz, 1966), *La segunda mujer*. Reflexiónase sobre a presenza de material autobiográfico dentro da súa trama, ademais de sobre as reiteradas explicacións en contrario da autora, concluíndo que “tanta explicación lle está a funcionar a esta novela mellor que unha campaña de marketing”. Dise que a orixe da historia se remonta “a hai anos, cando leu [Luísa Castro] *El buen viejo y la bella muchacha*, un libro de Italo Svevo que lle agasallou (...) o que daquela era o seu home, Xavier Rubert de Ventós”.

Pino, Concha, “Rosalía reviviu na voz das mulleres”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 25 febreiro 2006, p. 9.

Dise que a choiva frustrou o percorrido artístico e literario previsto por distintos lugares de Santiago de Compostela con motivo da celebración do aniversario de Rosalía de Castro. Anúnciase o traslado da celebración do 24 de febreiro ao 21 de marzo, “Día da poesía”. Menciónanse os actos que si puideron celebrarse, en concreto, o espectáculo de danza, a cargo das bailarinas Branca Novoneyra e Bárbara Monteagudo; o recital de poesía, a cargo dun simbólico batallón de senlleiras mulleres da vida social e cultural compostelá; a lectura do manifesto *Dende Rosalía, máis alá*, pola poeta e xornalista Ana Romaní; e as interpretacións de música tradicional e clásica executadas, respectivamente, polos grupos As Ronquetas e Camerata Vivace.

Pino, Concha, “Obreiros e estudantes nun hotel de cinco estrelas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 3 marzo 2006, p. 2.

Crónica do acto organizado pola Conferencia Intersindical Galega (CIG), con motivo do cento cincuenta aniversario do “Banquete de Conxo”, no compostelán hotel “Puerta del Camino”. Anótase o obxectivo do acto de renovar o acordo entre obreiros e estudantes sobre os ideais compartidos dunha sociedade máis libre e unhas ideas socializantes. Faise mención do menú do acto, dos persoeiros presentes, e das máis importantes asociacións asistentes, de entre o total de vinte colectivos convidados.

Pino, Concha, “Rosalía reviviu nun paseo literario e artístico pola Compostela que habitou”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 22 marzo 2006, p. 50.

Dise que a choiva frustrou o percorrido artístico e literario previsto por distintos lugares de Santiago de Compostela con motivo da celebración do aniversario de Rosalía de Castro. Anúnciase o traslado da celebración do 24 de febreiro ao 21 de marzo, “Día da poesía”. Menciónanse os actos que si puideron celebrarse, en concreto, o espectáculo de danza, a cargo das bailarinas Branca Novoneyra e Bárbara Monteagudo; o recital de poesía, a cargo dun simbólico batallón de senlleiras mulleres da vida social e cultural compostelá; a lectura do manifesto *Dende Rosalía, máis alá*, pola poeta e xornalista Ana Romaní; e as interpretacións de música tradicional e clásica executadas, respectivamente, polos grupos As Ronquetas e Camerata Vivace.

Pino, Concha, “Ramón Villares é presidente do Consello da Cultura por abrumadora maioría”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 21 abril 2006, p. 45.

Faise eco do resultado do pleno celebrado no Consello da Cultura Galega, do que resultou elixida, por vinte e tres votos a favor, un en contra e unha abstención, a candidatura de Ramón Villares á presidencia da institución. Recolle as declaracións tanto de Villares como do seu antecesor no cargo, Alfonso Zulueta de Haz.

Pino, Concha, “A Feira do Libro ábrese o venres na Alameda coa crise do sector de fondo”, *La Voz de Galicia*, 23 abril 2006, p. 11.

Coméntase a inauguración da Feira do Libro en Compostela e dáse conta das diversas dificultades polas que atravesamos o sector do libro. Dise, entre outras cousas, que foi a Federación de Libreiros a entidade que asumiu a organización por falta de directiva local. Menciónase, ademais, que o escritor Suso de Toro será o pregoeiro no 25 aniversario do certame.

Piñeiro González, Luciano, “Soños de po”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 xullo 2006, p. 36.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Luciano Piñeiro.

Piñeiro González, Luciano, “A miña sombra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 setembro 2006, p. 48.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética de Luciano Piñeiro.

Piñeiro González, Luciano, “De ‘Aporías do tempo fuxidío”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 outubro 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Luciano Piñeiro.

Pousa, Luís, “Os mares arábigos piden conversación”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 5 marzo 2006, p. 12.

Analízase a relación existente entre a proposta da “Alianza de civilizacións”, presentada polo Presidente do Goberno José Luís Rodríguez Zapatero, e o discurso do presidente da Xunta de Galicia no acto de presentación da tradución ao árabe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Anótase como un éxito destas teses o feito de que, logo da mediación do Instituto Cervantes, se poda abrir proximamente na capital siria, Damasco, unha biblioteca co nome do mindoniense Álvaro Cunqueiro, autor da obra traducida.

P.P., “La Escola de Arte Dramática prevé crear una compañía profesional de teatro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 9 marzo 2006, p. 6.

Enuméranse as próximas iniciativas da Escola de Arte Dramática e os seus obxectivos. Destácanse a creación dunha compañía estábel, co obxectivo de facilitar a inserción laboral dos alumnos e a realización das súas prácticas de licenciatura; a ampliación dos estudos actuais a Escenografía, Dramaturxia e Estudos Teatrais, e a Interpretación; así como a construción da sede definitiva da escola, situada nunha parcela cedida polo Concello de Navia. Dáse conta, ademais, da programación de cursos de interpretación, dirección ou lectura de textos, de próxima celebración.

Prieto, Susana, “El cantautor valdeorrés Anxo Rei saca a la luz el primer disco de poemas de Tovar”, *La Región*, “A Limia”, 26 xullo 2006, p. 13.

Dá conta de que o cantautor Anxo Rei acaba de lanzar un disco con poemas de Antón Tovar, un traballo encargado polo concello de Rairiz para render homenaxe ao fillo predilecto do municipio. Preséntase o día 6 de agosto coincidindo coa segunda edición dos premios de poesía que levan o seu nome.

Prol, Santiago, “De ‘Alga e fungo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 marzo 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Santiago Prol.

Prol, Santiago, “De ‘Alga e fungo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 novembro 2006, p. 40.

Composición poética de Santiago Prol que se recolle nesta sección fixa.

Prol, Santiago, “De ‘Alga e fundo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 novembro 2006, p. 35.

Acóllese un poema de Santiago Prol nesta sección fixa.

Prol, Santiago, “De ‘Alga e fungo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 novembro 2006, p. 38.

Publicación dun poema de Santiago Prol.

P.T., “Cortázar revive en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 setembro 2006, p. 31.

Informa sobre a inauguración no Pazo de Fonseca da mostra “Ler imaxes: O arquivo fotográfico de Julio Cortázar”. Dá conta da presenza da primeira muller do escritor arxentino, que cedeu 4.000 imaxes para o proxecto ao Centro Galego de Artes de Imaxes (CGAI). Menciona as autoridades que estiveron presentes no acto e recolle algunhas declaracións de Senén Barro sobre Cortázar e do presidente da Xunta sobre o legado cedido por Aurora Bernárdez, viúva do escritor, e a unión con Galiza que supón. Remata cunha breve información sobre a presentación do libro *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez: Un (re)encuentro con Galicia*, na Fundación Caixa Galicia.

P.T., “Galicia y Portugal, unidas por el arte”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 outubro 2006, p. 28.

Entre outras noticias, informa do coloquio “A imaxinación do novo: foro sobre Julio Cortázar e a actual narrativa de invención”, que tivo lugar nas instalacións da Fundación Caixa Galicia

dentro do proxecto *Outono Cortázar*. Indica que asistiron a este acto o importante estudoso da literatura hispanoamericana Julio Ortega, a xornalista e escritora catalá Imma Turbau, o escritor arxentino Rodrigo Fresán e o escritor Germán Sierra.

Pousada, Pilar, “Olegario Sotelo Blanco: ‘Falta por escribir unha boa historia da emigración’”, *Galicia Hoxe*, “Entrevista”, 12 febreiro 2006, p. 10.

Ampla entrevista ao editor e escritor Olegario Sotelo Blanco, na que anuncia que proximamente publicará unha obra que recolle centos de entrevistas onde un gran número de emigrantes galegos contan as súas experiencias e que terá tamén unha ampla introdución. De entre os plans inmediatos da editorial, destaca a recente publicación de *Os Eoas*, de Pondal, en colaboración coa RAG, e que se retoma o teatro e a poesía. Eloxia o momento editorial actual e ve negativamente que as diversas Consellerías publiquen obras que logo non le ninguén. Conclúe a entrevista cun repaso bibliográfico do editor.

Queizán, M^a Xosé, “De ‘Non o abras como unha flor’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 novembro 2006, p. 46.

Acolle un poema de María Xosé Queizán nesta sección fixa na que se reproducen composicións poéticas de diversos poetas.

Queizán, María Xosé, “Lingua amada”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 febreiro 2006, p. 40.

Sección fixa que reproduce un poema de María Xosé Queizán nesta ocasión.

Queizán, María Xosé, “De ‘Metáfora da metáfora’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 abril 2006, p. 36.

Composición poética de María Xosé Queizán.

Queizán, María Xosé, “Metáfora da metáfora”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 xuño 2006, p. 36.

Publicación dun poema de María Xosé Queizán.

Quián, Alberto, “Gallegos en la ‘blogosfera’”, *La Opinión*, “Sociedad”, 13 marzo 2006, p. 48.

Faise repaso dalgunhas das bitácoras electrónicas máis importantes do ámbito social e cultural de Galicia. Elíxense, no campo da literatura galega, as bitácoras do editor Manuel Bragado e o escritor Fran Alonso. Coméntanse de ambas as bitácoras a súa data de fundación, os obxectivos que perseguían os seus autores, a súa opinión sobre a relevancia social das bitácoras como instrumento comunicativo, e os obxectivos que cren ter conseguido coa súa participación na rede.

Quián, Alberto, “Os escritores de Galicia eloxian o esplendor creativo da poesía galega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 22 marzo 2006, p. 40.

Con motivo do Día Mundial da Poesía, recóllense as opinións de varios poetas galegos: Marilar Alexandre, Fran Alonso, Román Raña e Antonio García Teijeiro. Os catro afirman que a situación da poesía galega na actualidade é moi boa porque hai moitos poetas e de gran calidade creativa, tamén consideran que a edición da poesía é importante e confirman que o xénero lírico sempre foi e será minoritario en canto ao número de lectores.

Quián, Alberto, “César Cunqueiro: ‘Ó meu pai marcoulle que lle dixeran poeta’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 3 maio 2006, p. 36.

Noticia da homenaxe a Álvaro Cunqueiro no 25 cabodano, que tivo lugar en Vigo e na que participaron os escritores Antonio García Teijeiro, Francisco Castro e Marcos Sánchez Calveiro, xunto con César Cunqueiro, o fillo do escritor. Recolle declaracións deste último, quen ofreceu unha lectura do texto “Un otoño compostelano”.

Quián, Alberto, “O Instituto Cervantes de Damasco estrea a biblioteca Álvaro Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 28 novembro 2006, p. 41.

Dá conta da inauguración da biblioteca “Álvaro Cunqueiro” no Instituto Cervantes de Damasco, que foi acompañada dunha serie de mesas redondas nas que participaron Marisol López, Víctor Freixanes, Miguel Anxo Fernán Vello e Larbi el Harti, tradutor ao árabe de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Dise que a biblioteca conta con máis de 5.000 volumes, entre os que se conta non só a obra completa de Cunqueiro, senón tamén un fondo de literatura galega doado pola Xunta de Galicia. Insírese, ademais, unha entrevista a César Cunqueiro, quen afirma que o seu pai estaría satisfeito con esta biblioteca.

Rábade Paredes, Xesús, “De ‘Os anos da memoria’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 xuño 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, “Canon”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 xuño 2006, p. 48.

Publicación dun poema de Xesús Rábade Paredes, como é habitual nesta sección.

Rábade Paredes, Xesús, “De ‘Os anos da memoria’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xuño 2006, p. 48.

Reprodúcese un poema de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, “De ‘Os anos da Memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 xullo 2006, p. 36.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, “De ‘Os anos da memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 agosto 2006, p. 40.

Poema de Xesús Rábade.

Rábade Paredes, Xesús, “De ‘Os anos da memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 agosto 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, “Quero ir a Lugo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, “Ética poética”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 setembro 2006, p. 40.

Composición poética de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, “Praia do testal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 setembro 2006, p. 40.

Poema de Xesús Rábade Paredes.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 novembro 2006, p. 38.

Nesta ocasión aparece un poema de Henrique Rabuñal nesta sección fixa.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 decembro 2006, p. 38.

Poema de Henrique Rabuñal.

Ramos, J. M., “Lema retrata en su primer libro un mundo más irreal”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 outubro 2006, p. 41.

Fálase da primeira publicación do filólogo de Vimianzo Alberto Lema, *Veremos caer os muros*, que sairá en outubro en Estaleiro Editora. Dise que é un longo poema épico sobre un mundo futuro irreal, a súa apocalipse e como se chegou a ela. Recóllense as palabras do autor nas que di que é un libro moi politizado e que escribir e ademais en galego segue a ser un xeito de resistencia e de compromiso.

Ramos Carro, Verónica, “O bosque dos seres mitolóxicos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 7 agosto 2006, p. 36.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Verónica Ramos Carro.

Rascón, Víctor Hugo, “Un raio de esperanza”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 marzo 2006, p. 42.

Con motivo do Día Mundial do Teatro, achégase unha exaltación da importancia do teatro no mundo actual e de cómo este evolucionou co paso dos anos.

R.B., “Luis González Tosar inicia el ciclo literario y musical en Cambados”, *Diario de Arousa*, “Cambados local”, 16 xuño 2006, p. 13.

Faise referencia á participación de Luis González Tosar, poeta e presidente do PEN Clube de Escritores de Galicia, en dúas citas coa cultura galega organizadas polo Diario de Arousa en Cambados: a conferencia “Arousa, Letras Galegas e Emigración”, que dará no instituto Francisco Asorey; e o recital literario “Na voz dos poetas”, no que se conxugarán a música folk co recitado de versos de varios autores galegos.

R.B., “Luis G. Tosar: ‘A emigración galega naceu cos mesmos motivos que os das pateiras de hoxe’”, *Diario de Arousa*, “Cambados local”, 17 xuño 2006, p. 13.

Infórmase sobre a conferencia que Luis González Tosar ofreceu no instituto Francisco Asorey de Cambados. Nela, baixo o título “Arousa, Letras Galegas e Emigración”, reflexionou sobre o fenómeno da emigración e a súa relación coa construción do concepto de identidade nacional.

R.B., “Varios autores erguen a súa voz para pedir unha maior promoción e ‘auxilio’ para a poesía”, *Diario de Arousa*, “Cambados local”, 17 xuño 2006, p. 14.

Dáse conta da celebración do recital literario e musical “Na voz dos poetas”, organizado polo *Diario de Arousa*, no que escritores como Ramón Caride, Luis González Tosar ou Marilar Alexandre interpretaron unha mostra das súas composicións poéticas acompañados por músicos que puxeron son folk aos versos. O obxectivo é difundir a poesía máis actual dos

autores da nosa comunidade cando a poesía segue sendo a materia menos promocionada no eido editorial.

R.B., “Un impulso a la cultura”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 4 novembro 2006, p. 75.

Informa da inauguración da nova sede de Hércules de Edicións, que é tamén o seo da Fundación Rodríguez Iglesias. Ao acto inaugural asistiu o presidente da Xunta de Galicia, Pérez Touriño, quen salientou a importancia do apoio empresarial ao mundo da arte e das letras. Indícase que tamén asistiu o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, e que participaron varios intelectuais.

R.B., “Primer paso para la Fundación Eduardo Pondal”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 decembro 2006, p. 36.

Dáse conta da presentación do proxecto de rehabilitación da reitoral de Cospindo, por parte da Conselleira de Cultura, o deputado provincial do BNG e máis o alcalde de Ponteceso, onde se acollerá a sede da futura Fundación Eduardo Pondal.

R.C. Pico/AGN, “A RAG contén o entusiasmo tras aceptarse a Ferrín para o ‘Nobel’”, *El Progreso*, “Cultura”, 20 febreiro 2006, p. 67.

Dáse conta da aceptación da Academia Sueca da candidatura de Méndez Ferrín ao premio Nobel de Literatura, tras recibir a proposta nunha carta enviada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, considera acertada a candidatura aínda que confirma que as opcións reais de Méndez Ferrín para conseguilo son limitadas.

Reboiro, X., “Música e verbas da nosa cultura”, *La Región*, “Cultura”, 14 marzo 2006, p. 59.

Noméase un grupo de espectáculos de diverso tipo que terán lugar en distintos concellos da provincia de Ourense. Destaca, no ámbito da literatura galega, a primeira edición do festival “Orcellón fala e canta”, organizado pola agrupación cultural carballinesa Avantar, e destinado a achegar a cultura galega aos veciños da vila de Arenteiro e a súa comarca.

Regueiro, Arturo L., “Fatiga dos materiais”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 maio 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Arturo Regueiro nesta sección fixa.

Regueiro, Arturo L., “De ‘Fatiga dos materiais’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 outubro 2006, p. 40.

Composición poética de Arturo Regueiro.

Rei Núñez, Luís, “Toda a vida”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 289, “Mil primaveras máis”, 15 xaneiro 2006, pp. 10-12.

Publícase un fragmento da obra de Luís Rei Núñez *Toda a vida* (2005).

Requeixo, Armando, “Da difícil arte de traducir en galego”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, 22 xaneiro 2006, p. 8.

Analiza a figura do tradutor en Galicia, que está moi menosprezada, cita, entre outros exemplos, que nalgúns ocasións o tradutor non aparece nin nos créditos da obra. Apunta a continuación que esa figura existiu sempre ao longo das diferentes etapas da literatura galega e indica que na actualidade o número e a calidade dos textos traducidos foi en aumento. Afirma que unha cultura que debe poder ofrecer aos seus integrantes as diferentes obras universais na súa lingua, para iso é preciso dignificar como se debe ese traballo. Finaliza achegando os títulos dalgúns obras verquidas ao galego: *Manhattan Transfer* de John dos Passos por Mercedes Pacheco Vázquez, *O gatopardo* de Guisepppe Tomasi di Lampedusa por Xavier Rodríguez Baixeiras, *Un artista da fame* de Franz Karka por Luís Fernández, a versión bilingüe dos poemas *Unha escuma de voz* de Fabio Scotto por Xavier Frías Conde e *O bosque dos rapossos aformados* de Arto Passilinna por Tomas González Ahola, ou *Seda* de Alessandro Baricco por M^a Cristina González Piñeiro.

Rey Ares, Lucía, “Xa nada é coma na infancia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 26 agosto 2006, p. 34.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión escrito por Lucía Rey Ares.

Rey, X., “Díaz Pardo ou a cerámica da historia”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “O Personaxe”, 11 xuño 2006, p. 20.

Co gallo do abandono da presidencia do Consello de Administración de Cerámicas do Castro faise unha recensión da bio-bibliografía de Isaac Díaz Pardo. Recóllense nas súas escuetas palabras os motivos que o levaron a tomar tal decisión.

R. G., Sara, “Analizan no curso de verán a función do teatro no patrimonio inmaterial”, *Diario de Arousa*, “Ulla - Umia”, 27 xullo 2006, p. 25.

Dise que se realizou curso en Catoira que tivo como obxectivo aprender a promocionar e activar o sistema do patrimonio inmaterial, co apoio do motor do teatro. En primeiro lugar tratouse o teatro como promotor do desenvolvemento local. O segundo tema a tratar foi a relación do teatro actual co turismo. Por último analizáronse cuestionarios dados pola mañá e que pretenden sacar información sobre a necesidade de ver eventos e festivais tradicionais baixo cara de estratexia turística.

R.G., “Pasión por la lectura”, *El Progreso*, “G”, nº 558, 30 abril 2006, pp. 8-9.

Refírese aos actos que tiveron lugar en Lugo, Cervantes, Viveiro e Foz en relación ao Día do Libro, centrándose no proxecto da artista Luz Darriba, titulado “Bibliotecas de Babel”, realizado en tres plazas da capital luguesa, onde se expuxeron cinco mil libros á espera de ser recollidos polos veciños da cidade a cambio da reflexión por escrito destes sobre a lectura. A seguir, fálase do VI Maratón de Lectura organizado en Foz, pola Biblioteca municipal onde se leron anacos da obra de Marina Mayoral, a Semana do Libro e da Lectura en Viveiro, coa homenaxe a Lois Tobío e o pregón do Día do Libro, feito por Enrique Sanmartín en Cervantes.

R.G., “Os escritores galegos apuntan ás cidades como factor de mestizaxe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 novembro 2006, p. 48.

Dá conta da celebración da xuntanza que se celebra no Pazo de Mariñán, da Coruña, sobre a Literatura e as Cidades, na que participaron dúas dúcias de escritores. Indica que o primeiro día, tras a conferencia inaugural a cargo de Javier Gómez Montero, participaron Manuel Lourenzo e Manuel Guede. O segundo día, centrado na narrativa, participaron Rosa Aneiros e Anxo Tarrío. Finalmente, o último día, pecharon a xuntanza Marga Romero e Álvarez Cáccamo, os cales trataron o tema da poesía.

Rico, M. J., “Yolanda Castaño: ‘Nos obradoiros créase unha unión máxica’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 4 febreiro 2006, p. 18.

Noticia da apertura dun taller literario na Fundación Caixa Galicia, impartido pola poeta Yolanda Castaño en Ferrol. Recolle comentarios da autora sobre esta actividade e engade unhas notas sobre a súa traxectoria.

Rico, María Jesús, “Narón, unha cidade que vive no teatro”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol Ciudad”, 27 marzo 2006, p. 7.

Dáse conta da importancia do traballo que está a realizar a Escola de Formación de Actores de Narón a favor do desenvolvemento do teatro galego. A escola conta con sete profesores e o curso dura de outubro a xuño. Ademais achéganse os comentarios de José Luís Prieto, quen indica que a escola xoga un papel importante no teatro galego e organiza actuacións como “Outras Noites” e ao final do curso representan unha obra. Finalmente, coméntase que a escola recibiu no 2004 o premio honorífico Marisa Soto da Fundación María Casares.

Rielo, Pedro, “De ‘As palabras furtivas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 xuño 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Pedro Rielo nesta sección fixa.

Rielo, Pedro, “De ‘As palabras furtivas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 xuño 2006, p. 48.

Composición poética de Pedro Rielo que aparece nesta sección fixa.

Rielo, Pedro, “De ‘As palabras furtivas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 xuño 2006, p. 48.

Sección fixa que acolle un novo poema de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, “De ‘As palabras furtivas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 xuño 2006, p. 48.

Publicación dun poema de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, “De ‘As palabras furtivas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xullo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, “De ‘Illado na incerteza’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 novembro 2006, p. 38.

Acóllese un poema de Pedro Rielo.

Ríos González, Sara, “O teatro é escola de comportamentos”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 28 xullo 2006, p. 21.

Coméntase que o literato Xosé Luís Méndez Ferrín acudiu onte á Casa da Cultura de Catoira con motivo das xornadas organizadas pola USC . Este escritor ourensán considera o teatro como “escola de comportamentos, de vida” e cualifícao como acto de comunicación. Destaca a intervención dos refegueiros Pinto de Hebrón e Luis “o Carucho” ademais do contacontos Quico Cadaval.

Rivas, Manuel, “De ‘Ningún cisne’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 marzo 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión publica un poema de Manuel Rivas.

Rivas, Manuel, “De ‘Mohicania’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 abril 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Manuel Rivas nesta sección fixa.

Rivas, Manuel, “De ‘Ningún cisne’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 maio 2006, p. 40.

Acóllese nesta ocasión un poema de Manuel Rivas.

R.M.C., “Boiro indaga nas razóns da Guerra Civil da man da literatura e a IV Semana da Cultura Galega”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Xornadas Culturais”, 22 outubro 2006, p. 27.

Dáse conta da celebración da IV Semana da Cultura Galega Actual, organizada polo Concello de Boiro e a Asociación Barbantia en colaboración coa Consellaría de Cultura. Preséntase co título de “Literatura e Guerra Civil”, co obxectivo de conmemorar o Ano da Memoria e poder atopar a identidade de Galicia na historia. Coméntase que no día da inauguración da Semana da Cultura presentouse o libro *Un río de sangue e tinta*, de Román Arén e Pastor Rodríguez, no que se recollen todas as obras narrativas galegas que tratan o tema de Guerra Civil. Outra obra editada foi *Voces na guerra*: trátase dunha compilación de relatos de dezanove autores que sitúan os seus textos na época bélica. Coméntase que tamén se celebraron mesas redondas sobre o tema da Guerra Civil e a posguerra en relación coa Literatura. Finalmente, salientase o elevado número de obras sobre este tema, e dáse conta dos autores afectados directamente polo conflito.

Rodríguez, Ana, “O compositor Rogelio Groba crea unha peza dedicada á RAG”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 26 outubro 2006, p. 8.

Fálase do regalo conmemorativo que Rogelio Groba fixo á Real Academia Galega co gallo do centenario da institución; trátase da peza musical “Oda aos precursores”, que será presentada no teatro Rosalía da Coruña interpretada pola Orquestra de Cámara Galega e o Coro Liceo-Casino de Vilagarcía de Arousa.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “O pan da tarde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 febreiro 2006, p. 44.

Publicación dun poema de Rodríguez Baixeras nesta sección fixa.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “De ‘O pan da tarde’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 febreiro 2006, p. 34.

Reprodúcese unha composición poética de Rodríguez Baixeras.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “O pan da tarde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 febreiro 2006, p. 40.

Poema de Xavier Rodríguez Baixeras.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “De ‘Son de poesía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 abril 2006, p. 40.

Composición poética de Rodríguez Baixeras.

Rodríguez Baixeras, Xavier, “De ‘Borro o que foi...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 novembro 2006, p. 38.

Publicación dun poema de Rodríguez Baixeras.

Rodríguez Cabanas, María Francisca, “A esfolla do maízo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 20 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de María Francisca Rodríguez Cabanas.

Rodríguez García, Luísa, “Xogos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 18 agosto 2006, p. 40.

Publicación dun novo relato de verán, nesta ocasión asinado por Luísa Rodríguez García.

Rodríguez Porto, Ramón, “De cando en cando”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Ramón Rodríguez Porto.

Rodríguez Tembrás, Vanesa, “Sol de novembro”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 28 agosto 2006, p. 44.

Publicación dun dos relatos de verán enviados polos lectores, escrito por Vanesa Rodríguez Tembrás.

Rodríguez Vicente, Ricardo, “1996-2006: Dez anos relembando a Eliseo Alonso”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 25 novembro 2006, p. 52.

Achega á figura de Eliseo Alonso, prolífero escritor, ensaísta, investigador e xornalista. Ofrece un percorrido pola súa vida e obra. Destaca a súa labor de xornalista, fundando *Mundo gallego* e dirixindo *Airiños*, e ensaística. Recordamos tamén distintos premios gañados na súa traxectoria e repasa algunhas das composicións máis relevantes, dende *A rúa do noxo* (1977) até *A fronteira comunicante* (2000).

Rodríguez, A., “Curros Enríquez abre su casa”, *La Región*, “Celanova”, 16 febreiro 2006, p. 14.

Anúnciase a apertura da casa de Manuel Curros Enríquez, na súa vila natal de Celanova, logo dunha restauración e rehabilitación cuxo custo foi de 960.000 euros. Declárase o fin deste inmovible como “Casa dos Poetas”, ademais de dedicarse, como proxecto museolóxico, a que todos os artistas podan expoñer a súa obra e os escolares, estudosos e público en xeral podan afondar na vida, literatura e contorno tanto de Curros Enríquez como do resto de poetas celanoveses. Repásase, tamén, a historia do inmovible dende a homenaxe centenaria que lle dispensaron o Concello e unha comisión popular no 1951 até a apertura desta restauración.

Rodríguez, E., “Una muestra con fotografías y cartas inéditas recorre la relación de Cortázar con Galicia”, *La Región/Atlántico Diario*, “Sociedad”, 29 setembro 2006, p. 73/48.

Dá conta da inauguración en Compostela da exposición sobre Julio Cortázar e salienta a presenza de Aurora Bernárdez, viúva de Cortázar. Destaca que foi a orixe galega desta muller a que serviu de vínculo entre o escritor e Galicia, debido ás viaxes que a parella realizou a este país. Refírese tamén á importancia do número de imaxes e documentos cedidos por Aurora Bernárdez ao CGAI e recolle as palabras de agradecemento do presidente da Xunta de Galiza, Emilio Pérez Touriño. Por último, informa sobre as persoas do mundo da cultura e da política que asistiron á inauguración e as actividades que complementan a mostra: un ciclo de cinema e as xornadas “Encontros ao redor de Cortázar: a viaxe infinita”.

Rodríguez, E., “El ‘Outono Cortázar’ presenta en un libro la relación del escritor con exiliados gallegos”, *La Región/Atlántico Diario*, “Sociedad”, 30 setembro 2006, p. 73/62.

Informa da presentación de *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez. Un (re)encuentro con Galicia* editado pola Xunta de Galicia dentro da colección “Outono Cortázar”, na que participou a viúva do escritor, Aurora Bernárdez. Indica que recolle cartas a Valente ou Eduardo Jonquières, fotografías do matrimonio, xilografías de Seoane, unha entrevista ao seu editor, Francisco Porrúa, textos de Nélida Piñón, etc.

Rodríguez, Luciano, “Trinta anos dunha colleita de excelente calidade”, *El País*, “Luces”, 8 decembro 2006, p. 34.

Luciano Rodríguez clasifica nesta nova aos poetas das tres últimas décadas e demostra que a poesía galega está nun momento brillante. Estabelece cinco apartados cos que divide aos poetas en grupos: o primeiro fórmano os poetas da xeración do 36, que comezaron as súas obras na II República pero que publicaron principalmente despois da guerra; o segundo grupo é a Promoción de Enlace e o terceiro a xeración dos 50, nos que inclúe numerosos poetas; o cuarto grupo son os autores que se deron a coñecer na década dos 80 e finalmente, os autores da década dos 90 conforman o quinto grupo de poetas galegos. En cada un dos grupos, Luciano Rodríguez achega os nomes dos que considera máis significativos.

Rodríguez, Xosé Manoel, “Pen Clube e Galaxia editarán os poemas inéditos de Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 decembro 2006, p. 49.

Infórmase de que a Editorial Galaxia e o PEN Clube de Galicia, xunto coa Deputación de Ourense e máis Caixanova, van publicar os poemas amorosos inéditos de Eduardo Blanco Amor. Coméntase que esta noticia foi dada por Víctor Freixanes na homenaxe celebrada para conmemorar o pasamento do escritor. Explícase que a edición terá carácter facsimilar e será preparada por Luis Pérez. Finalmente, faise referencia a outros actos que tiveron lugar con motivo da homenaxe.

Romaní, Ana, “De Rosalía máis alá”, *A Nosa Terra*, nº 1.213, “Cultura”, 2-8 marzo 2006, p. 24.

Reprodúcese o manifesto lido no 24 de febreiro de 2006, no chamado “Día de Rosalía”, que establece un diálogo co texto rosaliano “As Literatas. Carta a Eduarda”.

Romaní, Ana, “Palabra de mar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 febreiro 2006, p. 36.

Publicación dun poema de Ana Romaní nesta sección fixa.

Romaní, Ana, “A Manuel, Xela, Luísa”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 marzo 2006, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de Ana Romaní.

Romón, Manuel M., “De ‘Poesía barata’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 decembro 2006, p. 34.

Sección fixa que nesta ocasión reproduce un poema de Manuel M. Romón.

Rozas, Mercedes, “Dimensión mágica”, *La Voz de Galicia*, “Cartelera de Galicia”, 8 xaneiro 2006, p. 55.

Faise unha descrición das fotografías tomadas por Daniel Trigo que reflicten a paisaxe descrita en *Merlín e familia*.

R.S., “Filoloxía rende homenaxe a Cunqueiro polo seu 25 cabodano”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 febreiro 2006, p. 17.

Informa de que o Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo organizou unha homenaxe ao escritor Álvaro Cunqueiro polo vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Comenta que, entre as actividades propostas, está a difusión de poemas de Cunqueiro traducidos a vinte linguas, e tamén a edición dun libro traducido a dezasete linguas, un recital poético e unha conferencia a cargo de Darío Xohán Cabana.

R.S., “Homenaxe a Cunqueiro en Filoloxía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 febreiro 2006, p. 17.

Informa de que o Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo organizou unha homenaxe ao escritor Álvaro Cunqueiro, polo vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Comenta que, entre as actividades propostas, está a difusión de poemas de Cunqueiro traducidos a vinte linguas, un recital poético e unha conferencia a cargo de Darío Xohán Cabana.

R.S., “A homenaxe adicada a Rosalía será o martes”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 marzo 2006, p. 37.

Faise eco da homenaxe a Rosalía de Castro que tivo lugar en Santiago de Compostela con motivo do Día Mundial da Poesía. Contou con recitais poéticos, actuacións musicais e espectáculos de teatro.

R.S., “La Universidad de Vigo recibirá la mayor parte del legado de Isla Couto”, *Atlántico Diario*, 21 abril 2006, p. 16.

Dise que, forito dun acordo da editorial Galaxia coa Fundación Isla Couto, a Universidade de Vigo recibirá a doación dunhas 20.000 obras, que se instalarán na Biblioteca Central.

Rúa, Xosé Lois, “De ‘Elexías do Camba”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 novembro 2006, p. 38.

Acóllese unha composición poética de Xosé Lois Rúa.

Rúa, Xosé Lois, “De ‘Elexías do camba”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 decembro 2006, p. 38.

Publicación dun poema de Xosé Lois Rúa.

Ruíz, Rosa, “Las editoriales sacan cada día cuatro libros en Galicia, pero se atascan con las ventas”, *La Región*, “Sociedad”, 8 xaneiro 2006, p. 73.

Dáse conta do balance feito en canto á edición de libros en galego que verifica que cada día saen ao mercado catro libros en lingua galega, pero o problema atópase á hora da difusión, xa que, segundo se indica, as editoriais normalmente céntranse nos libros de texto e nos libros de lectura. Ademais recóllense as palabras de Miguel Anxo Fernán Vello, presidente da AGE, de Xosé Ballesteros Rei, director de Kalandraka e Xosé Manuel González, os cales salientan a importancia de abrise a outros mercados e de que o goberno galego acepte a estratexia editorial do país.

R.V., “O PEN Club reúne toda a poesía galega de Antón Tovar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 febreiro de 2006, p. 37.

Comenta as palabras do prologuista da obra poética completa de Antón Tovar, Marcos Valcárcel, quen afirmou que está destinada a que os mozos coñezan esta obra ante a imposibilidade de atopar os libros máis antigos do autor. Sinala tamén que, malia a existencia dun sector negativo, a crítica acolleu moi ben a súa obra *Calados esconxuros*.

R.V., “A RAG homenaxea a catro dos seus precursores ourensáns”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 maio 2006, p. 37.

Noticia dun ciclo de conferencias en que Xosé Neira Vilas, Clodio González e X. Ramón Ferreiro abordarán as figuras dos ourensáns e académicos Manuel Curros Enríquez, Ramón Otero Pedrayo, Eladio Rodríguez e Sebastián Martínez Risco.

R.V., “Ourense despide a Pura Vázquez, luz da poesía galega de posguerra”/“O adeus de Ourense”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 27 xullo 2006, p. 68/35.

Noticia do pasamento, aos 88 anos de idade, de Pura Vázquez, a primeira poeta que escribiu en galego durante a postguerra. Os restos mortais da poeta foron enterrados no panteón familiar de San Francisco en Ourense. Dise que moitos escritores ven na obra de Pura unha continuidade coa liña intimista de Rosalía de Castro.

R.V., “Reeditan una tesis histórica sobre Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 1 outubro 2006, p. 75.

Dá noticia de que o Grupo de Investigación en temas culturais GALABRA acaba de reeditar unha tese dos anos 50 sobre Rosalía de Castro, que ten o interese de que foi feita por un exiliado luso nos EUA nun momento no que a autora estaba moi marxinalizada. Recóllense as palabras de Xoel Gómez, membro de GALABRA, nas que explica que o peculiar da tese é que daquela críase que os poetas románticos escribían sobre si mesmos, co cal Machado da Rosa investigou a través da poesía rosaliana as crises de fe, as relacións adúlteras e as inclinacións ao suicidio da poeta.

R.V., “Freixanes anuncia a publicación de poemas inéditos de Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 decembro 2006, p. 76.

Sínálase que con motivo da celebración do vinte e sete aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor, Víctor Freixanes anunciou que se van publicar os poemas inéditos do escritor ourensán nunha versión facsímile e coordinada polo estudoso Luís Pérez.

S.A., “As rúas das letras’ recuerda a autores con calles de Cambre”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 9 maio 2006, p. 15.

Informa da celebración dunha exposición non Centro Sociocultural do Graxal (Cambre) dedicada a aqueles autores homenaxeados na festa das Letras Galegas que teñen unha calle en Cambre. Ademais de informar do horario de visitas, comenta algúns detalles do que os visitantes poderán atopar na mostra.

Saá, Ana, “Una feria con algo más que libros”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 4 agosto 2006, p. 38.

Dá conta da XV Feira do Libro Antigo e de Ocasión celebrada en Vigo. Fai referencia ás distintas publicacións que se recollen, aos prezos e aos libros relacionados coa historia máis lonxana e coa máis recente. Tamén achega información sobre uns gravados de Seoane presentados na mostra e sobre fotografías relacionadas co cinema, entre outras curiosidades.

Salgado, Daniel, “De ‘Sucede’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 agosto 2006, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese unha composición do poeta Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, “De ‘Sucede’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 agosto 2006, p. 40.

Publicación dunha composición poética de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, “De ‘Sucede’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 setembro 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, “De ‘Éxodo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle un poema de Daniel Salgado.

Sánchez Ares, Alba, “Un día de verán”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 29 agosto 2006, p. 34.

Sección que publica relatos de verán, nesta ocasión un conto asinado por Alba Sánchez Ares.

Sánchez Bargiela, Rafael, “Nomes tudenses nos Xogos Florais de Galicia do ano 1891”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño / Louriña”, 24 xuño 2006, p. 50.

Rafael Sánchez fai unha lembranza dos persoeiros tudenses que o 24 de xuño de 1891 participaron nos Xogos Florais de Tui, o primeiro acto público realizado integramente en idioma galego. Presta especial atención ás figuras de Manuel Fernández de Herva, Martín Díaz Spuch, Antonio Cerviño e Manuel Lago González, algúns dos fundadores da “Xunta Rexionalista” de Tui o 15 de abril dese mesmo ano.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, “De ‘Luz escrita. Antoloxía persoal”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 setembro 2006, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Cesáreo Sánchez Iglesias.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, “De ‘Ortigas da memoria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 setembro 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Cesáreo Sánchez Iglesias.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, “De ‘Escrita Luz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 novembro 2006, p. 38.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Cesáreo Sánchez Iglesias.

Sande, Miguel, “Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 maio 2006, p. 36.

Composición poética de Miguel Sande reproducida nesta sección fixa.

Sande, Miguel, “Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 maio 2006, p. 32.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Miguel Sande.

Sande, Miguel, “Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 xuño 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Miguel Sande.

Sande, Miguel, “Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 xullo 2006, p. 40.

Acóllese unha composición poética de Miguel Sande.

Sande, Miguel, “De ‘Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 xullo 2006, p. 32.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Miguel Sande.

Sande, Miguel, “De ‘Hoxe, que vén o vento do Sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 agosto 2006, p. 40.

Composición poética de Miguel Sande.

Sande, Miguel, “De ‘Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 agosto 2006, p. 40.

Acóllese unha composición poética de Miguel Sande.

Sande, Miguel, “De ‘Hoxe, que vén o vento do sur”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle unha composición poética de Miguel Sande.

Sanmartín Pico, Segunda, “Dous corazóns”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 22 agosto 2006, p. 34.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión de autoría de Segunda Sanmartín Pico.

Sanmartín, Xabier, “Imágenes y el ring de Julio Cortázar”, *El Correo Gallego*, “Telediaría”, 29 setembro 2006, p. 78.

Breve referencia á exposición sobre Julio Cortázar e á fotografía, elaborada cun estilo marcadamente poético. Remata cunha reflexión sobre a tradución/adaptación de nomes nos informativos.

Santiso, C., “Xunta e Concello únense para rendir unha emotiva homenaxe a Xoán González Millán”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 21 xullo 2006, p. 16.

Informa sobre o convenio acadado pola Xunta de Galicia e mais o Concello do Grove para crear a Biblioteca González Millán. Inclúense as verbas da súa filla, nas que reflicte o amor do seu pai cara ao galego. Tamén dá conta do fondo da biblioteca e, a continuación, inicia un breve percorrido pola vida e obra de González Millán, que contou con grandes amigos, entre os que se atoparon Carlos Casares, Camino Noya ou Dolores Vilavedra.

Santos, Agatha de, “Las salas privadas de teatro reclaman una mayor implicación de las instituciones”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 26 marzo 2006, p. 51.

Con motivo da celebración do Día Mundial do Teatro recóllense os comentarios dos compoñentes das salas de teatro privadas de Galicia. Indícase que actualmente hai dúas en Vigo, dúas en Santiago e unha na Coruña. Os comentarios pertencen a Xesús Ron, Roberto Cordovani, Álvaro Guevara e Pedro Fresneda.

Santos, Agatha de, “Bragado denuncia la ‘devaluación’ del libro como bien cultural”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 1 xullo 2006, p. 44.

Dáse conta das palabras vertidas polo director da editorial Xerais, Manuel Bragado, na XXXII Feira do Libro de Vigo subliñando a desvalorización do libro como ben cultural e a crise xeneralizada do sector facendo un chamamento ao Estado para colaborar na supervivencia das librerías. Faise unha moi breve relación dos persoeiros asistentes á inauguración oficial da feira.

Santos, Agatha de, “Un domingo entre miles de libros”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 3 xullo 2006, p. 20.

Faise eco da celebración da XXXII Feira do Libro de Vigo. Recóllense opinións dos vendedores e visitantes e salientase a masiva afluencia de público especialmente na tarde. Faise una relación xenérica dos libros que se poden atopar nas casetas e dase conta dos actos literarios paralelos que oferta esta cita cultural

Santos, Agatha de, “La Feria del Libro de Vigo se cierra con un 29% más de visitantes que en 2005”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 11 xullo 2006, p. 37.

Comeza ofrecendo datos sobre a asistencia de visitantes á mostra e continúa ofrecendo as claves do éxito da feira. Indica que, segundo os organizadores e libeiros, foi un acerto tanto a localización como os escritores invitados e adianta a intención de manter o nivel en futuras edicións.

Santos, Agatha de, “Ofelia Rey: ‘En Galicia se lee menos que en otras comunidades’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 4 outubro 2006, p. 45.

Recolle as declaracións de Ofelia Rey, catedrática de Historia Moderna na Universidade de Santiago de Compostela e Premio Extraordinario de Licenciatura e Doutoramento nesta universidade, sobre o atraso cultural xeral que, segundo esta historiadora, sofre Galicia. Ofelia Rey considera que o sector editorial galego vive polas subvencións, non pola demanda e que a dispersión xeográfica é a causa principal do baixo consumo de cultura. Ademais, este artigo indica que, segundo Rey: “El estar alejada de las grandes ciudades de la cultura como eran Salamanca, Madrid y Valladolid, también marcaron el desarrollo de Galicia y el consumo de libros.”

S.C., “El banquete de Conxo celebra su 150 aniversario por todo lo alto”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 abril 2006, p. 31.

Con motivo da celebración do cento cincuenta aniversario do Banquete de Conxo, dáse conta das actividades que se levarán a cabo en honor ao poeta Aurelio Aguirre. Os actos serán unha ofrenda floral no cemiterio, a colocación dunha placa na rúa que levará o nome Banquete de Conxo, unha conferencia de Ramón Máiz sobre Aguirre e un recital de música e poesía no que participará Manuel Rivas.

S.C., “Joyas literarias en la Alameda”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 xuño 2006, p. 31.

Dáse conta da apertura da décimo quinta edición da Feira do Libro Antigo e de Ocasión na Alameda de Santiago de Compostela.

Scotto, Fabio, “De ‘Unha espuma de voz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 febreiro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Fabio Scotto, da edición bilingüe italiano-galega traducida por Xavier Frías Conde.

Scotto, Fabio, “De ‘Unha espuma de voz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 abril 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Fabio Scotto.

Scotto, Fabio, “De ‘Unha espuma de voz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 novembro 2006, p. 35.

Poema de Fabio Scotto que aparece reproducido nesta sección fixa.

Scotto, Fabio, “De ‘Unha espuma de voz”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 novembro 2006, p. 32.

Composición poética de Fabio Scotto.

Seoane, Xavier, “De Vagar de amor e sombra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 xaneiro 2006, p. 40.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, “A Rosalía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 marzo 2006, p. 40.

Composición poética de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, “Sazón do tempo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 xullo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, “Erik Satie”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xullo 2006, p. 36.

Acóllese un poema de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, “De ‘Vagar de amor e sombra’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 outubro 2006, p. 32.

Composición poética de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, “De ‘Vagar de amor e sombra’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 outubro 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Xavier Seoane nesta sección fixa.

Seoane, Xavier, “De ‘Para unha luz ausente’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 decembro 2006, p. 32.

Poema de Xavier Seoane.

Sesto, Farruco, “Por un instante”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 agosto 2006, p. 40.

Poema de Farruco Sesto que aparece publicado nesta sección fixa.

Sesto, Farruco, “I Festival Internacional de Poesía de Betanzos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 agosto 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Farruco Sesto.

Sesto, Farruco, “Cousas iguais non hai”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 setembro 2006, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de Farruco Sesto.

Sesto, Farruco, “De ‘Indagacións’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 outubro 2006, p. 40.

Poema de Farruco Sesto que aparece publicado nesta sección fixa.

Sesto, Farruco, “Cousas iguais non hai”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 outubro 2006, p. 40.

Nesta sección publícase un poema de Farruco Sesto.

S. G., “Escritores entre os grelos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 marzo 2006, p. 56.

Coméntase a iniciativa pioneira posta en marcha na Feira do Libro de Carballo e organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Biblos Clube, e a organización nacionalista xuvenil Galiza Nova. Dise que a iniciativa, denominada “Biblos Difusión”, estableceu tres maneiras de achegar os autores ao público. A primeira é a colocación dunha carpa con xogos asociados á creación literaria. A segunda é a elaboración e a difusión dun folleto de catro páxinas co relato “Amor ás cegas”, de Francisco Fernández Naval. E unha terceira na que os escritores tiñan que participar nun xogo: dispersarse pola feira para ver quen os coñecía. Destácase que, nesta terceira iniciativa, non participou ninguén.

Silveira, Elena, “Eva Veiga interroga á vida en ‘A luz e as súas cicatrices’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 16 marzo 2006, p. 53.

En primeiro lugar, ofrece as reflexións sobre o libro dende o punto de vista da súa autora. Fai unha alusión á temática, ao punto de partida e ao estilo da obra e tamén dá conta do acto da presentación. As achegas de Fernando Bores e de Chisco Nadal revelan un dos trazos principais d’*A luz e as súas cicatrices* (2005) a positividade. Por último, inclúense impresións de Luz Pozo nas que lembra o pasado de Veiga.

S.J., “Fernán Vello edita ‘As certezas do clima’ en francés e italiano”, *El Progreso*, “Cultura”, 29 xaneiro 2006, p. 81.

Destácase que as editoriais Espiral Maior e Bari publicarán a obra do poeta de Cospeito en francés e italiano. Indícanse tamén outros títulos publicados por Espiral Maior.

S.J., “Galaxia completa as narracións de Kafka e presenta ‘O gatopardo’ de Lampedusa”, *El Progreso*, “Cultura”, 5 febreiro 2006, p. 81.

Coméntase de xeito breve a publicación d’*Un artista da fame* (2005); volume que recolle as narracións de Kafka dende 1917 até o final da súa vida. ademais, menciónase a publicación en galego d’*O Gatopardo* (2005), de Giuseppe Tomasi di Lampedusa, un ano despois da morte do autor.

S.J., “A Feira do Libro ofrecerá dende mañá 25.000 libros en trece casetas”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 12 maio 2006, p. 79.

Fálase da inauguración da XXIV Feira do Libro de Lugo co pregón do director xeral de *El Progreso*, José de Cora. Destácase a diminución no número de participantes lucenses e infórmase sobre as actividades complementarias, como presentacións de libros, sesións de contacontos ou sorteos.

S.J., “O presidente do grupo reintegracionista AGAL propón virar para achegalo máis á sociedade”, *El Progreso*, “Cultura”, 25 maio 2006, p. 81.

Recolle as declaracións de Bernardo Penabade, presidente da Associação Galega da Língua, (AGAL), na presentación da obra *Carvalho Calero, a nossa homenagem*, que xurdiu para conmemorar os quince anos do pasamento do estudoso. Entre outras informacións, explica as liñas de acción que seguirá a AGAL, que cumpre o seu primeiro cuarto de século. Propón unha “concordia cun estilo pedagóxico”, sempre respectado as posicións alleas e dándose a coñecer a todos os falantes.

S. K., “A Consellería de Cultura homenaxea ao gondomareño Lois Tobío”, *Atlántico Diario*, “Val Miñor”, 15 xuño 2006, p. 20.

Breve nota sobre a homenaxe a Lois Tobío (1906-2003), redactor do Estatuto de Autonomía, fundador do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista e do Consello de Galicia.

Soares, José Carlos, “Coberta que fosse”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 marzo 2006, p. 48.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un poema de José Carlos Soares.

Soares, José Carlos, “De ‘Son de poesía’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 abril 2006, p. 40.

Publicación dun poema de José Carlos Soares.

Söderberg, Lasse, “Salomon Ibn Gabirol baixo a maceira”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 setembro 2006, p. 32.

Publícase nesta sección fixa un poema de Lasse Söderberg.

Soliño Díaz, Santiago, “Live jazz in Paredes de Coura”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 16 agosto 2006, p. 38.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión escrito por Santiago Soliño Díaz.

Sotelino, B.R., “Rosalía revive en mil melodías”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xaneiro 2006, p. 40.

Coméntase que Xulio Mosquera ao longo da súa vida foi recompilando partituras de todo o mundo e entre elas salienta as que están dedicadas a Rosalía de Castro. Comenta o coleccionista que ningún poeta lírico foi tan musicado como Rosalía de Castro e indica que ten máis de duasetas trinta e catro partituras da poesía musicada da escritora. Así mesmo, comenta que Xesús Alonso Montero lle propuxo incluír a súa colección no catálogo da Casa Museo de Rosalía de Castro, coa conseguinte publicación.

Sotelo Blanco, Olegario, “Na morte de Costa Clavell”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 maio 2006, p. 38.

Sotelo Blanco realiza unha lembranza ao seu amigo Xavier Costa Clavell recentemente falecido. Comenta que foi un galeguista que defendeu o país dende sempre e sobre todo no exilio barcelonés, onde pasou a maior parte da súa vida. Dá conta dalgunhas das súas obras e salienta a amizade de Costa Clavell cos membros do grupo Brais Pinto. Tamén comenta as inquietudes do escritor finado e indica que a súa derradeira desexo era presentar o libro *A cociña galega en España*, no Círculo Recreativo Cultural de Chantada, a súa terra natal.

Soto, Antonio/AGN, “Jaureguizar parodia os libros de espías en “Cabaret Voltaire””, *El Progreso*, “Cultura”, 22 febreiro 2006, p. 73.

Dáse conta das opinións verquidas por Jaureguizar sobre o sistema literario galego, con motivo da presentación da súa novela *Cabaret Voltaire* (Galaxia, 2005), e en concreto a súa denuncia dunha carencia de novelistas en galego causada pola falta dunha “masa crítica lectora suficiente”. Dise, respecto da referida novela, que foi a gañadora do Premio García Barros 2005, que se trata dunha historia de amor entre un enxeñeiro alemán e unha muller galega, e que procura falar da intolerancia e da loita cruenta entre dúas visións distintas do mundo a partir dunha parodia da novela negra. Identifícanse, finalmente, as referencias da voz narradora en Kafka e en Joseph Conrad.

Soto, Antonio/AGN, “A Real Academia Galega riende homenaxe aos mártires de Carral”, *El Progreso*, 27 abril 2006, p. 40.

Noticia da homenaxe da Real Academia Galega aos mártires de carral, cualificados como “base da nosa galeguidade” polo presidente da institución, Xosé Ramón Barreiro.

Soto, Nino, “Rajoy Leloup y Filgueira serán hijos adoptivo y predilecto de la provincia”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, 17 decembro 2006, p. 3.

Infórmase de que o presidente da Deputación de Pontevedra vai solicitar o nomeamento de Filgueira Valverde como fillo predilecto da provincia de Pontevedra, neste ano no que se cumpre o centenario do seu nacemento.

Souto, Suso, “Nace en Rianxo un foro literario con la misión de crear la “Biblioteca do 36””, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 xaneiro 2006, p. 39.

Dáse conta da constitución do Foro da Memoria Literaria cuxo obxectivo é crear a Biblioteca do 36. Coméntase que se trata de estudar a obra de intelectuais represaliados polo franquismo e contar a historia dende o punto de vista dos vencidos. Finalmente, indícanse as actividades que se levarán a cabo, como a elaboración de unidades didácticas, a recuperación e publicación de obras, un volume de cartas de condenados a morte, a obra *Poetas en San Simón* de poetas engaiolados na illa, homenaxes, etc.

Souto, Suso, “Neira Vilas pregonará el día 26 de marzo la XI Festa da Lamprea”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 febreiro 2006, p. 35.

Descríbense os distintos actos que conforman o programa da “Festa da Lamprea” que, anualmente, organiza o Concello de Pontecesures. Menciónase, respecto disto, o pregón a cargo do escritor galego Xosé Neira Vilas.

S.P., “Antón Pulido entrega o retrato de Ramón Piñeiro ó Consello da Cultura Galega”/ “Antón Pulido fixo entrega do retrato de Ramón Piñeiro ó Consello de Cultura Galega”, *La Región/Atlántico Diario*, “Sociedad”/“Vigo”, 28 setembro 2006, p. 74/14.

Dá conta da entrega oficial do retrato de Ramón Piñeiro realizado por Antón Pulido ao presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares. Informa de que este retrato fora encargado polo propio Consello da Cultura ao pintor co fin de colocalo na galería dedicada aos persoeiros da dita institución. Despois de comentar as características do cadro en relación á propia figura de Ramón Piñeiro, pasa a referirse ao feito de que o retratado foi o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, dende 1983 até 1990, que faleceu, e fundador da editorial Galaxia.

S.P., “La demanda de la Escuela Municipal de Teatro crece de forma espectacular”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 decembro 2006, p. 19.

Dá conta do aumento do alumnado na Escola Municipal de Teatro de Vigo. Explica a que se debe este incremento e comenta cales son as actividades que propoñen: os talleres teatrais; “A Pano Quitao”, que consiste en levar á práctica as técnicas que os alumnos aprenden, a través da improvisación; as xornadas teatrais que se realizan ao final do curso; e os cursos monográficos do verán.

S.T., “Sarabela se erige en la compañía gallega más activa con 22 funciones teatrales en seis meses”, *La Región*, “Ourense”, 10 outubro 2006, p. 8.

Dise que a compañía teatral Sarabela Teatro é o grupo galego con máis representación dentro da rede do IGAEM. Durante os primeiros seis meses deste ano cumpriron un total de vinte e dous representacións. A seguinte compañía en número de representacións é Lagarta, Lagarta, con vinte e unha; no extremo contrario atópase Nove Dous, con catro funcións.

Sumai, Anxos, “Abreviaturas en cinzas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Catro contos de fume”, 19 agosto 2006, p. 9.

Publícase un relato de Anxos Sumai.

Teixeira Mendes, Alexandre, “As palabras do exímio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 abril 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Alexandre Teixeira Mendes nesta sección fixa.

Teixeira Mendes, Alexandre, “De ‘Son de poesía’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 abril 2006, p. 36.

Acóllese un poema de Alexandre Teixeira Mendes.

Teixeira Mendes, Alexandre, “As palabras do exímio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 abril 2006, p. 36.

Acóllese nesta sección unha composición poética da autoría de Teixeira Mendes.

Tenreiro, Lucía, “La ‘trascendencia lírica’ de la ciudad será el eje del I Festival Internacional de Poesía”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, 21 xuño 2006, p. 21.

Noticia sobre a presentación do I Festival Internacional de Poesía da cidade de Betanzos, no que se pretende reunir en agosto a quince poetas de diferentes continentes. O programa inclúe a edición dun libro cos poemas e unha homenaxe a Uxío Novoneyra. Indícase tamén que o comité organizador está integrado por Miguel Anxo Fernán-Vello, Luciano Rodríguez, Xabier Seoane e Xulio López Valcárcel.

T. G. B., “Serralves es residencia creativa de una docena de artistas”, *Faro de Vigo*, “Portugal”, 14 xuño 2006, p. 18.

Anuncia a acollida do proxecto Mugatxdan no Museo Serralbes d’O Porto. Dá conta das colaboracións entre institucións e achega parte das artes que recolle o programa. A continuación, ofrece información sobre a quenda dos actos.

Torre, Sonia, “Una mirada a los versos de Tovar”, *La Región*, “Cultura”, 10 xaneiro 2006, p. 59.

Informa sobre a publicación da poesía galega reunida de Antón Tovar, a cargo do PEN Clube de Galicia. Indica que consta de dous volumes e que conta coa colaboración de Caixanova. Tamén sinala que está incluída na colección “Arte de Trovar”, onde foron recentemente publicadas as obras completas de Xoana Torres e de Luz Pozo Garza. Posteriormente, cita as palabras de Marcos Valcárcel, coordinador do proxecto, en relación a esta iniciativa de reunir toda a poesía de Tovar en galego, xa que se encontraba dispersa en edicións e publicacións diferentes, algunhas pouco accesíbeis. Finalmente, dá noticia da presentación do libro e sobre outros volumes na mesma colección.

Torre, Sonia, “Un dibujo inédito de Castelao lo confirma como diseñador de la galería de Trasalba”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, 17 xaneiro 2006, p. 35.

Dáse conta do descubrimento do debuxo que Castelao realizou da galería do pazo de Trasalba de Ramón Otero Pedrayo. O descubridor foi Alfonso Vázquez Monxardín, da Fundación Otero Pedrayo, quen é o coordinador dos fondos do escritor. Coméntase que están a ordenar toda a documentación e posteriormente pasarán á súa dixitalización así como a realización dunha copia para a Fundación de Ourense.

Torre, Sonia, “Clara Sánchez enciende un ‘millón de luces’”, *La Región*, “Cultura”, 18 xaneiro 2006, p. 67.

Infórmase da celebración do encontro da sección de Literatura do Liceo de Ourense que realiza todos os anos e que, nesta ocasión, está dedicada ao cine. Indícase que os encontros durarán tres días: o primeiro contará cunha mesa redonda sobre “O audiovisual galego, entre a ficción e a animación”, na que participan Xavier Villaverde, Ángel de la Cruz e Miguel Anxo Fernández. O segundo día estará presente Clara Sánchez que realizará un coloquio titulado “Un millón de luces” e, o último día, haberá unha conferencia de Xavier Alcalá baixo o título de “Narrativa alfanumérica e multimedia interactivos”.

Torre, Sonia, “Vida y obra de Tovar en dos volúmenes”, *La Región*, “Cultura”, 9 febreiro 2006, p. 75.

Faise eco do acto de presentación da obra poética completa de Antón Tovar en dous volumes (2005), no que estiveron presentes Xesús Alonso Montero, Luís González Tosar, Enrique Tovar e Marcos Valcárcel. Engádense unhas breves notas sobre a traxectoria do poeta.

Torre, Sonia, “La ourensana Cuña presenta su renuncia a la dirección del Centro Dramático Galego”, *La Región*, “Sociedad”, 10 marzo 2006, p. 66.

Recolle as palabras de Ánxeles Cuña, quen acaba de dimitir no seu cargo como directora do Centro Dramático Galego. Dise que esta xustifica a súa marcha na imposibilidade de

conservar dereitos sobre a súa praza laboral en Ourense. Coméntase a existencia de proxectos inacabados no programa da directora, quen afirma que tampouco poderá traballar de momento en Sarabela, a súa compañía, xa que é Helena Pimenta quen está á fronte da nova montaxe.

Torre, Sonia, “Palabra Viva pone ‘expresión al sentimiento’”, *La Región*, “Cultura”, 21 marzo 2006, p. 67.

Dáse conta da creación do grupo de poesía Palabra Viva de Ourense, composto por Milucha Rodríguez, Mariluz Villar, Fernando Gabelo, Elisa Feijoo, Carlos García Manzano e Marisa Calvo, e dirixidos por Segundo Alvarado. Coméntase que o obxectivo do grupo é realizar recitais e difundir o gusto pola lectura da poesía que aínda que é un xénero de elites, tamén se pode inculcar aos novos a adquirir ese gusto.

Torre, Sonia, “La función de los que no tienen nombre”, *La Región*, “Ourense”, 28 marzo 2006, p. 12.

Con motivo da celebración do Día Mundial do Teatro, dáse conta do traballo que realiza o persoal que non sobe aos escenarios, é dicir, os técnicos, acomodadores, montadores, etc. Ademais, infórmase que no Teatro Principal de Ourense abriuse unha exposición baixo o título de “El escenario de la ilusión” coa cal se pretende ensinar ao público cómo se realizan os traballos de luz, son, vestuario, etc.

Torre, Sonia, “As lecturas obrigatorias acaparan as vendas”, *La Región*, “Ourense”, 17 maio 2006, p. 11.

Fai referencia ao número de vendas de libros escritos en galego que resulta ser bastante escaso. Coméntase que a maior rendibilidade se atopa nos libros de lecturas obrigatorias nas escolas e os compradores habituais son os estudantes e xente de mediana idade. Ademais recóllense os comentarios sobre o tema de Noé Martínez, Fernández Naval, Alfredo Conde e Bieito Iglesias, os cales comentan que escribir en galego non é aínda moi comercial.

Torre, Sonia, “Fallece a los 88 años la poetisa Pura Vázquez”, *La Región*, “Ciudad”, 26 xullo 2006, p. 8.

En primeiro lugar, dá conta do pasamento da poeta galega Pura Vázquez e da relación estreita que esta mantiña coa súa irmá Dora. Fai alusión ao alcume que recibía a poeta e aos grandes méritos que lle outorgaron. Tamén fai referencia a aspectos máis familiares e á vida cotiá da escritora. Por último, sinala os recoñecementos cos que as distintas institucións quixeron recoñecer o seu labor.

Torre, Sonia, “Sarabela y Nove Dous, las únicas compañías ourensanas que reciben dinero del Igaem”, *La Región*, “Ourense”, 18 setembro 2006, p. 7.

Dá conta da concesión de subvencións ás compañías teatrais galegas por parte do IGAEM e critica a falta dun plan para o teatro, anunciado pola Administración. Entre as compañías que recibiron maiores axudas, destaca Sarabela Teatro e Kukas. Por último, recolle a opinión de Fernando Dacosta, actor e membro de Sarabela, que afirma que o teatro galego necesita da intervención política do goberno galego e denuncia as altas taxas de IVE e o atraso no pagamento de facturas. Sinala que este colectivo pediu constar como sector preferente, baixar o IVE e crear créditos brandos para non depender das subvencións.

Torres, M., “Os académicos piden que a lingua marque o debate estatutario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 25 xuño 2006, p. 39.

Dáse conta da conmemoración do 115 aniversario da celebración en Tui dos Xogos Florais, os cales pasaron á historia por seren o primeiro foro no que se reivindicou o uso público da lingua do país. Nesta ocasión, a Real Academia Galega contou coa colaboración do Concello de Tui e a Xunta de Galicia.

Tovar, Antón., “Da antoloxía ‘Son de Poesía’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 abril 2006, p. 40.

Acóllese unha composición poética de Antón Tovar nesta sección fixa na que se reproducen versos de diferentes poetas.

Uz, Carmen., “Cunqueiro tivo unha etapa plácida en Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, 4 outubro 2006, p. 6.

Recóllense os comentarios da profesora de Lingua e Literatura Galega na Facultade de Humanidades de Lugo, María Xesús Nogueira. Comenta Nogueira que Cunqueiro foi un escritor lido con prexuízos e, quizais, isto debeuse ao seu bilingüismo, ao tipo de literatura baseada na imaxinación e ao seu catolicismo e conservadurismo. A continuación, a investigadora comenta a etapa vital de Cunqueiro na cidade de Lugo e indica que esta foi unha época de descubrimentos; tamén se refire aos anos vividos en Santiago de Compostela, que supuxeron o contacto coa intelectualidade, cos movementos políticos e as primeiras colaboracións literarias.

Uz, Carmen., “El Progreso era case a súa segunda casa”, *El Progreso*, “Lucenses no rueiro”, 9 outubro 2006, p. 21.

Lembranza de Emilio Fole do seu tío Ánxel Fole, ao que o Concello de Lugo dedicou unha rúa. Comenta o carácter do escritor galego e algunhas anécdotas sobre o seu xeito de pensar. Recolle algúns datos autobiográficos, como a súa participación na Organización Republicana Gallega Autónoma e a fundación de publicacións como *Ahora* e *Yunque*. Menciona a dedicación de Ánxel Fole ao seu traballo en *El Progreso* e sinala que ademais de escribir gustáballes moito a música e era un bo crítico de pintura. Neste artigo recóllense tamén algunhas das características principais da súa obra literaria e destácase o feito de ingresar como numerario da Real Academia Galega en 1963.

Valcárcel, Marcos, “O humor de Cervantes no Quixote”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 9 xuño 2006, p. 56.

Opinión sobre a obra de Siro López *Sobre o humor de Cervantes no Quixote* (2005), publicada nos Cadernos Ramón Piñeiro, da que se valora positivamente o enfoque da personalidade e actitude literaria de Cervantes e as reflexións que o ferrolán realiza seguindo a estela do seu mestre, Celestino Fernández de la Vega.

Valcárcel, Marcos, “Carta a Pura Vázquez”, *La Región*, “Ourense”, 27 xullo 2006, p. 9.

Comeza facendo referencia ás imaxes que suscita a morte e revela o desexo de lembrar para sempre a Pura Vázquez. Concibe que “se está a pechar unha época” aludindo ás mortes de Novoneyra, Valente, Manuel María, Tovar e Vázquez.

Valcárcel, Marcos, “Cen anos da Academia Galega”, *La Región*, “Sociedad”, 1 outubro 2006, p. 72.

Resume da información que sobre as orixes da Real Academia Galega aparece na súa páxina web. Fai mención ás demandas que xa no século XIX indicaban a necesidade da creación desta institución e ofrece os nomes das persoas que estiveron dalgún xeito vinculadas con este proxecto. Dedicada tamén un apartado a comentar datas relevantes relacionadas con ingresos importantes na institución, realización de monumentos, nomeamento de presidencias, celebración do Día das Letras Galegas, etc.

Valcárcel, Marcos, “Cen anos da Academia Galega”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, 1 outubro 2006, p. 32.

Co motivo da celebración do centenario da Academia Galega, este artigo lembra o momento da súa creación o 30 de setembro de 1906 e as iniciativas anteriores que desembocaron na constitución desta institución. Repasa os nomes de personalidades que dalgún xeito estiveron relacionadas con este proxecto e salienta o papel crucial da emigración. Por outro lado, destaca o celtismo e o seu eixo étnico-cultural e menciona a existencia dunha publicación, *Boletín de la Academia Gallega*, que recolle a historia cultural galega dos últimos cen anos.

Valcárcel, Xesús Manuel, “Porta Negra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 maio 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Xesús Manuel Valcárcel, como é habitual nesta sección fixa.

Valcárcel, Xulio, “Festival de poesía en Betanzos”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº 427, “Páxina Literaria”, 13 agosto 2006, p. 4.

Céntrase na celebración do I Festival Internacional de Poesía de Betanzos, celebrado durante os días 4, 5 e 6. Fai referencia ás actividades desenvolvidas no encontro, aos poetas que asistiron dende varios puntos do planeta e ás actuacións. Tamén subliña a importancia do labor de tradución para a comprensión dos textos internacionais. A continuación, dá a coñecer os obxectivos da organización e fai alusión á elección da cidade de Betanzos, que relaciona cos Xogos Florais de 1886.

Valcárcel, Xulio, “Festival do Condado”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº 431, “Páxina Literaria”, 10 setembro 2006, p. 4.

Comentario sobre a vixésima edición do Festival de Poesía do Condado na voz dun dos poetas participantes, Xulio Valcárcel. Fala da súa chegada a Salvaterra e do discorrer do día, entre conversas con amizades, exposicións, etc. e, por último, dá conta do recital poético presentado por Mofa e Befá, no que participaron Cesáreo Sánchez, Lucía, Novas, Antía Otero, Eduardo Estévez, Marta Dacosta, Lucía Aldao, Luz Fandiño, Xosé Alberte Corral, Sechu Sende, Leire Bilbao, Luis Filipe Cristovao e o autor deste artigo, Xulio Valcárcel. Menciona tamén a música de Miro Casabella e a intervención espontánea de María Magdalena Domínguez, poeta popular de 84 anos de idade.

Valeiras, Andrea, “Con un libro en la maleta”, *La Región*, “Verano”, 21 xullo 2006, p. 18.

Co fin de ofrecer unha ampla visión sobre a lectura durante as vacacións de verán, recolle o parecer da presidenta da Asociación de Libreiros de Ourense, que revela que as vendas apenas se incrementan. Tamén inclúe as verbas de varias persoas que revelan os seus hábitos. A novela é o xénero máis lido. Tamén experimenta un leve aumento durante o verán os libros de lectura infantil e as guías de turismo e libros de viaxes.

Valencia, Clara, “Unha representación dun cuarto de século”, *Diario de Arousa*, 8 marzo 2006, p. 52.

Dáse conta de xuntanza mantida entre os representantes do Taller de Teatro “Clámide” e as autoridades da Deputación de Pontevedra na busca de financiamento para o programa de actividades co que celebrarán o seu vinte e cinco aniversario. Felicítase pola longa e rica contribución do taller dende o 1981, ano da súa fundación.

Valente, José Ángel, “De ‘El otro medio siglo’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 novembro 2006, p. 38.

Recóllese un poema de José Ángel Valente nesta sección fixa que reproduce poemas de diversa autoría.

Varela, Ana, “Basilio Álvarez: unha páxina do exilio galego nos Estados Unidos”, *A Nosa Terra*, nº 1.205, “Cultura”, 5-11 xaneiro 2006, p. 30.

Artigo no que se describen os últimos anos de Basilio Álvarez no exilio americano. Dáse conta da súa visita a Vigo para a inauguración do Casino en 1926, así como do gran recibimento que tivo en Nova York en 1938. A continuación nárrese a súa viaxe á Tampa no verán de 1940 para ingresar no hospital do Centro Español e iniciar a recuperación da súa enfermidade. Saliéntase ademais todo o traballo que realizou a colonia española de Tampa a favor da República e a gran axuda que prestou á España republicana. Acabada a guerra, esta colaboración mantívose cos refuxiados e tamén axudaron a Basilio Álvarez cos gastos da súa enfermidade, quen lles correspondía coa publicación de artigos ata que, en 1943, morreu e foi enterrado no cemiterio do Centro Español.

Varela, María, “Palabra de poetisa”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 289, “Reportaje”, 29 xaneiro 2006, p. 4.

Refírese unha conversa con Yolanda Castaño, quen vai impartir un obradoiro de poesía en Pontevedra, promovido pola Fundación Caixa Galicia. Infórmase de que o obradoiro terá lugar os sábados durante dous meses no Café Moderno. Comenta a poeta que este é un medio para fomentar a creación e a lectura poética. En canto ao tema de se o poeta nace ou se fai, Yolanda Castaño opina que ambas as cousas son necesarias, comenta que no taller traballarán con varias técnicas, pero que será a palabra dos participantes a que se deixe escoitar. Finalmente, indica que se traballará en galego e castelán e que tratarán diferentes poetas, tanto clásicos como modernos.

Varela, Suso, “Jaureguizar reflexiona sobre a identidade en “Cabaret Voltaire””, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 21 febreiro 2006, p. 49.

Preséntase a novela de Santiago Jaureguizar *Cabaret Voltaire* (2005) como unha parodia das novelas de espionaxe, froito de tres anos de intensa documentación, na que se retrotrae aos anos 30 do pasado século para tratar da presenza do nazismo en Galicia. O propio autor defínea como “unha metáfora sobre a identidade dun pobo”, o alemán, que por extensión se pode aplicar a Galicia.

Vázquez, Diego, “Actores en la escena cotidiana”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana/Louriña”, 14 marzo 2006, p. 17.

Dáse conta do “taller de xogo dramático” organizado polo colectivo cultural porriñés Madeixa co obxectivo de “favorecer condutas positivas nas relacións interpersoais e ofrecer instrumentos útiles para a mediación nos conflitos”. Recóllense as declaracións do monitor do taller, Augusto Suárez Gómez, para quen este é “unha especie de terapia social, que ten a tripla intención lúdica, de aprendizaxe e terapéutica”. Dise que se empregan técnicas teatrais para desenvolver as distintas actividades.

Vázquez, Dolores, “La Diputación coruñesa impulsa un nuevo encuentro entre pintores y poetas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 8 abril 2006, p. 47.

Infórmase da celebración do II Encontro coa Pintura e Poesía organizado pola Deputación da Coruña. Coméntase que haberá unha exposición na que se presentarán as obras realizadas na edición anterior así como os traballos do premio de artes plásticas Isaac Díaz Pardo. Indícase tamén que ademais dos trinta e cinco pintores participarán tamén tres fotógrafos e seis poetas, e que haberá concertos e un recital poético.

Vázquez, Dora, “A Pura, para o seu cumpreanos no marzal que vai chegando”, *La Región*, “Ciudad”, 26 xullo 2006, p. 09.

Recolle un artigo escrito por Dora Vázquez o 22 de febreiro dedicado á súa irmá Pura. A modo de resposta á obra de Pura *Sempre irmá*, Dora expresa todos os seus sentimentos e a relación tan estreita que mantivo con Pura. Fálase da separación física, da inqueda e da infancia.

Vázquez, Natasha, “Editores y autores gallegos participan en la Feria del Libro de La Habana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 9 febreiro 2006, p. 55.

Dise que a literatura galega estará representada na Feira do Libro de La Habana até o 12 de febreiro. Participarán A Asociación Galega de Editores, co patrocinio da Consellaría da Cultura, e autores como Xosé Neira Vilas ou Ramón Chao.

Vázquez, Pura, “A forxa dun manuscrito”, *La Región*, “Ciudad”, 26 xullo 2006, p. 9.

Artigo inédito escrito por Pura Vázquez e que recolle o xornal “a modo de recordatorio póstumo a unha muller que amaba escribir”. Vázquez céntrase na historia dun home que, segundo as súas palabras conseguiu “chegar a ser o maior escritor do mundo”.

Vázquez, Pura, “¿Como cheguei á poesía?”, *Galicia Hoxe*, “Verbas na edra do vento”, 27 xullo 2006, p. 35.

Reprodúcese, tras o falecemento de Pura Vázquez, o artigo publicado pola autora en *Galicia Hoxe* o 9 de xaneiro de 2005.

Veiga, Eva, “Meu avó dixo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 marzo 2006, p. 40.

Sección fixa na que se acolle un poema de Eva Veiga.

Veloso, Estela, “A Cepa’ prepara un novo libro con fotos antigas de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 20 febreiro 2006, p. 17.

Enumérase o conxunto de actividades programadas para o presente ano, e enfocadas á difusión da cultura galega, previstas polo colectivo cangués “A Ceba”. Destácase a este grupo como “un dos referentes da actividade cultural no Morrazo”. De entre as actividades anunciadas, no ámbito da literatura galega, destaca a publicación dun poemario do bate local Serafín.

Ventoso, Luís, “Escoitar aos vellos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 166, 24 xuño 2006, p. 1.

Luís Ventoso fai unha reivindicación da sabedoría e da experiencia da vellez para presentar aos dous protagonistas do suplemento “Culturas”, Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo.

Vidal, Nicolás, “Escola de Teatro de Narón: a formación actoral”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 405, “Reportaje”, 3 decembro 2006, pp. 2-4.

Analízase nesta reportaxe o éxito de formación da Escola de Teatro de Narón. Explicase que cada ano aumenta o número de alumnos e que conta con sete profesores, coordinados por Flor Maceiras e José Luis Prieto, os cales afirman que a Escola representa un servizo público. Deseguido, trátase a cuestión de que a Escola ofrece uns estudos no regulados, mais afirman os coordinadores que os alumnos rematan os cinco anos cunha formación moi completa. A continuación, dáse conta das diferentes materias que se cursan e realízase un percorrido pola historia da Escola, desde o seu nacemento até a época actual. Finalmente, explícase o proceso de avaliación, que consiste nunha autoavaliación, substituindo a competitividade pola colaboración e, para rematar, achéganse as opinións de dous estudantes da Escola que contan a súa experiencia nela.

Vieira, Vergílio Alberto, “De ‘Son de poesía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 maio 2006, p. 40.

Nesta sección publícase un poema de Vergílio Alberto Vieira.

Vilanova, Manuel, “De ‘A esmeralda branca”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 decembro 2006, p. 38.

Composición de Manuel Vilanova reproducida nesta sección fixa.

Vilela, Branca, “De ‘A faciana das augas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xaneiro 2006, p. 36.

Nesta sección acóllese un poema de Branca Vilela.

Vilela, Branca, “De ‘A faciana das augas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xaneiro 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Branca Vilela.

Vilela, Branca, “De ‘A faciana das augas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 marzo 2006, p. 40.

Composición poética de Branca Vilela reproducida nesta sección fixa.

Vilela, Branca, “De ‘A faciana das augas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 outubro 2006, p. 48.

Poema de Branca Vilela.

Villalaín, Damián, “Xohán Ledo”, *A Nosa Terra*, nº 1.226, “Cultura”, 22-28 xuño 2006, p. 30.

Damián Villalaín recorda a Xohán Ledo tras a súa morte, destacando a súa participación na posta en marcha de Galaxia e a súa contribución á renovación da tradición plástica galega.

Villalta, Luísa, “De ‘Papagaio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 marzo 2006, p. 44.

Acóllese un poema de Luísa Villalta nesta sección fixa.

Villalta, Luísa, “Viaje”, *El País*, “Babelia”, nº 747, “Poesía”, 18 marzo 2006, p. 9.

Sección na que se acolle un poema de Luísa Villata, titulado “Viaxe”, en versión bilingüe, traducido por Xoán Abeleira.

Villangómez, Marià, “De ‘Un voo de paxaros”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 marzo 2006, p. 48.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Marià Villangómez, traducido do catalán por Xavier Rodríguez Baixeras .

Villangómez, Marià, “Hora tranquila”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 40.

Reprodúcese un poema de Marià Villangómez.

Villangómez, Marià, “De ‘Un voo de paxaros”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 abril 2006, p. 40.

Composición poética de Marià Villangómez.

Villangómez, Marià, “De ‘Un voo de paxaros”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 abril 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Marià Villangómez.

Villar, C., “Porque non só do pan vive o home”, *Faro de Vigo*, “Un almorzo con versos”, 14 xuño 2006, p. 84.

Infórmase sobre a iniciativa “Pan con poesía”, posta en marcha pola Consellaría de Cultura e a Federación Galega de Panaderías, que consiste en distribuír por todo o país o pan en bolsas de papel que recollen os versos dalgunhas das figuras máis destacadas das nosas letras.

Villar, Carmen, “A nova directora do CDG apostará pola dramaturxia galega actual”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 21 marzo 2006, p. 39.

Dáse conta da presentación oficial de Cristina Domínguez como nova directora do Centro Dramático Galego e recóllense as palabras desta, así como da Conselleira de Cultura no acto que tivo lugar en Santiago de Compostela. Domínguez afirmou que a súa intención é realizar unha transición co labor de Ánxeles Cuña, anterior directora da compañía institucional.

Villar, Carmen, “Villares aspira a unha ‘transición pacífica’ no Consello da Cultura”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad y Cultura/Cultura”, 21 abril 2006, p. 40/62.

Recolle as declaracións de Ramón Villares tras ser escollido como Presidente do Consello da Cultura Galega nun plenario da institución. Ademais, preséntanse unhas breves notas sobre a historia da entidade, con vinte e tres anos de existencia, nas que se salienta que Villares será o quinto presidente.

Villar, Carmen, “Unha casa que esperta moito interese”, *La Opinión*, 26 xullo 2006, p. 56.

Informa sobre os trámites da Xunta de Galicia para que a casa na que viviu Castelao en Rianxo sexa declarada ben de interese cultural. Dase conta do estado da casa e dos documentos e obras que se poderán contemplar. A continuación, nárrese brevemente a vida do escritor. Por último inclúe as impresións de Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura, sobre o estado da tramitación.

Villar, Carmen, “A mostra sobre Cortázar viaxará a París e poderase visitar na rede”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad y Cultura”/“Cultura”, 19/20 decembro 2006, p. 40/55.

Con motivo da exposición “Outono Cortázar”, faise referencia á relación que o escritor mantivo con Galicia e cos galegos no exilio.

Villar, Miro, “De ‘Ausencias pretéritas’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 abril 2006, p. 48.

Composición poética de Miro Villar, reproducida nesta sección fixa.

Villar, Miro, “De ‘Ausencias pretéritas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 abril 2006, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Miro Villar.

Villar, Miro, “De ‘Son de poesía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 maio 2006, p. 40.

Publicación dun poema de Miro Villar.

Villar, Rafa, “De ‘Son de poesía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 xaneiro 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Rafa Villar nesta sección fixa.

Villaverde, Elixio, “Borobó. Rúa en Boiro”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “A nosa historia”, 6 agosto 2006, p. 11.

Narra cómo coñeceu a Raimundo García Domínguez, Borobó. Dá conta da súa relación e dunha conferencia na que Borobó falou sobre os escritores galegos máis significativos e sobre a Xeración de *La Noche*, xornal que dirixiu. A continuación, fai referencia ao seu pasamento e a súa herdanza literaria. Por último, alude á rúa dedicada ao xornalista e felicita aos que tiveron a iniciativa.

VV. AA., “25 primaveras sin Cunqueiro”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 492, 26 febreiro 2006, pp. 37-40.

Suplemento dedicado a Álvaro Cunqueiro con motivo do seu vinte e cinco cabodano. Xunto con outras noticias non relacionadas coa literatura, insírense unha entrevista a Francisco Fernández del Riego, quen afirma que “Cunqueiro creou unha maneira de escribir sen precedentes en Galicia”; así como dous textos que fan un percorrido pola traxectoria do escritor.

VV. AA., “A voz máis pura do 36”, *Galicia Hoxe*, “Maré Hoxe”, 27 xullo 2006, p. 27.

Dedicado a Pura Vázquez, autora de libros como *Maturidad* ou *Íntimas*, que lle deron a palabra á muller na escuridade da posguerra. A poeta foi enterrada o 25 de xullo do 2006 en Ourense, cidade que a veu nacer e a homenaxeou en varias ocasións. Pura Vázquez foi a primeira escritora en publicar unha obra integramente en galego na posguerra. Da súa poesía destaca a relevancia de acento lírico e sentimental, a relixiosidade e o intimismo e unha certa preocupación social polas xentes do rural propias da mesmísima Rosalía de Castro. Familiares, amigos e seguidores da poeta, xunto cun grande abano de representantes da

política e cultura galega acompañaron o seu féretro cuberto pola bandeira de Galicia até o cemiterio da capital das Burgas.

VV. AA., “Os sete rostros femininos da poesía galega actual”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 177, 9 setembro 2006, pp. 1-5.

Suplemento de *La Voz de Galicia* dedicado nesta ocasión a algunhas das mulleres que se atopan na vangarda do ámbito poético en galego. Contén os seguintes artigos:

- Ana Abelenda e Sandra Faginas, “As poetas da vangarda”, pp. 2-4.

Comentario sobre sete das mulleres que integran a vangarda en feminino da poesía galega: Rosa Enríquez, Lucía Novas, Lupe Gómez, Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e Antía Otero. Comeza referíndose ao relevo xeracional de voces femininas dos anos noventa na poesía galega. A continuación, sinala trazos destacábeis desta vangarda, como a experimentación con novas formas de arte poética ou a continuidade entre a forma escrita e expresión oral. Comenta a importancia das novas tecnoloxías, especialmente o impacto dos blogs, a cuestión lingüística ou de xénero, cuestións sobre as que cada unha delas ofrece o seu particular punto de vista. Remata lembrando a outras poetas que botan en falta como María do Cebreiro, Emma Pedreira, Lucía Aldao, Maite Dono, Olalla Cociña, Olga Novo e Elvira Riveiro.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Coas nosas poetas”, p. 5.

Breve comentario sobre as poetas galegas da actualidade. Comeza referíndose a Helene Cixous, Isabel Rojo e Rosalía de Castro para, a continuación, centrarse no papel importante dunha nova xeración de poetas que se converten en referencia inexcusábel no conxunto das letras galegas contemporáneas. Manifesta que inauguran novos espazos de poesía, cun discurso libre, independente e social. Remata cun eloxio da nova xeración.

VV. AA., “Cortázar en Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 325, 1 outubro 2006, pp. 1-24.

Monográfico dedicado á figura de Cortázar co gallo da celebración da exposición “Outono Cortázar”. Inclúese o seguinte artigo:

- Rocío San Claudio Santa Cruz, “Fotografías dunha viaxe a Galicia”, pp. 4-24.

Comeza referíndose á carta escrita por Cortázar á súa dona na praia de Lourido para, a continuación, analizar a relación do autor con Galicia e a paisaxe galega a través da fotografía. Refírese a documentos e cartas inéditas enviadas á súa dona que recuperou, coa axuda desta, o Centro Galego de Artes da Imaxe. Remata ofrecendo a imaxe do autor que amosan distintas fotografías e diapositivas expostas.

VV. AA., “Outono Cortázar, Un (re)encontro con Galicia”, *Atlántico Diario*, 6 outubro 2006, pp. 33-40.

Suplemento dedicado á figura de Cortázar e á súa relación con Galicia. Contén os seguintes artigos:

- Emilio Pérez Touriño, “Unha casa en París”, p. 35.

Fala do proxecto “Outono Cortázar”, expoñendo, nun primeiro momento, os obxectivos deste. Lembra a mostra exposta con materiais cedidos para a ocasión por entidades públicas e privadas, a exposición dirixida por Rocío Santa Cruz e as xornadas de reflexión celebradas en Santiago de Compostela, que contan con amigos e especialistas na obra do escritor. Remata cualificando a proposta do proxecto como un intento de aprender a mirar con ollos desprezuidos e manifesta que seguirán, neste senso, o exemplo do autor, reproducindo as súas verbas “He hecho lo posible por mirar (porque ver es fácil)”.

- Manuel Villar Bascoy, “Cortázar, segundo Cortázar”, pp. 36-37.

Comentario sobre a exposición “Ler en imaxes”, que chega a Galicia grazas á xenerosidade de Aurora Bernárdez, a primeira muller do escritor arxentino. Comeza falando do papel da súa dona no compromiso político e toma de conciencia social do autor. A continuación refírese a Rocío Santa Cruz e a exposición fotográfica organizada por ela en 2004. Logo comenta a exposición e a figura que cada unha das imaxes deixa ver do escritor, as súas ansias de coñecer outros mundos, as viaxes a Galicia ou o espertar da súa conciencia política no exilio. Remata referíndose a obras dos seus amigos como Luís Seoane, Antoni Tapiès, Julio Silva ou Antonio Saura, que se exhibe por primeira vez na Igrexa da Universidade de Santiago.

- Fernando Salgado, “Un escritor destetado entre galegos”, p. 38.

Aproximación á relación de Cortázar con escritores galegos do exilio, entre os que destacan Lorenzo Varela, Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Rafael Dieste. Fala do relato “Brujas”, editado no número 19 de *Correo Literario*. Refírese tamén á relación do autor coa súa primeira dona, Aurora Bernárdez, Luís Seoane e Maruxa Fernández e lembra que os exiliados galegos foron os primeiros introdutores en Galicia do autor, dando un papel relevante a Francisco Porrúa.

- Rocío Santa Cruz, “Lourido: Fotografías dunha viaxe a Galicia”, p. 40.

Comeza referíndose á carta escrita por Cortázar á súa dona na praia de Lourido para, a continuación, analizar a relación do autor con Galicia e a paisaxe galega a través da fotografía. Refírese a documentos e cartas inéditas enviadas á súa dona que recuperou, coa axuda desta, o Centro Galego de Artes da Imaxe. Remata ofrecendo a imaxe do autor que amosan distintas fotografías e diapositivas expostas.

VV. AA., “Outono Cortázar, un (re)encontro con Galicia”, *La Región*, 6 outubro 2006, pp. 37-44.

Monográfico dedicado á figura de Xulio Cortázar e a análise da súa relación con Galicia. Contén os seguintes artigos:

- Emilio Pérez Touriño, “Unha casa en París”, p. 39.

Touriño describe a súa viaxe a París, á casa da primeira muller de Cortázar, Aurora Bernárdez, coa intención de expresarlle o seu agradecemento ao doarlle a Galicia o fondo fotográfico e fílmico de Julio Cortázar. Refírese a seguir aos intelectuais emigrantes que entraron en contacto con Cortázar no exilio e lle abriron as portas de Galicia, Luís Seoane, Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado; ao seu editor, Francisco Porrúa, emigrante galego e á súa muller, Aurora Bernárdez, tamén galega, que o trouxo por primeira vez a Galicia no 1956. Finalmente, recolle fragmentos das cartas onde o escritor plasma as súas impresións desta viaxe xunto con outra posterior a Lourido.

- Manuel Bascoy Villar, “Cortázar, segundo Cortázar”, p. 40-41.

Comentario sobre a exposición “Ler en imaxes”, que chega a Galicia grazas á xenerosidade de Aurora Bernárdez, a primeira muller do escritor arxentino. Comeza falando do papel da súa dona no compromiso político e toma de conciencia social do autor. A continuación refírese a Rocío Santa Cruz e a exposición fotográfica organizada por ela en 2004. Logo comenta a exposición e a figura que cada unha das imaxes deixa ver do escritor, as súas ansias de coñecer outros mundos, as viaxes a Galicia ou o espertar da súa conciencia política no exilio. Remata referíndose a obras dos seus amigos como Luís Seoane, Antoni Tapies Julio Silva ou Antonio Saura, que se exhibe por primeira vez na Igrexa da Universidade de Santiago.

- Fernando Salgado, “Un escritor destetado entre galegos”, p. 42.

Fala da relación de Cortázar con escritores galegos do exilio como Lorenzo Varela, Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Rafael Dieste. Refírese ao relato “Brujas”, editado en *Correo Literario*. Comenta a relación do autor coa súa primeira dona Aurora Bernárdez, Luís Seoane e Maruxa Fernández e lembra que os exiliados galegos foron os primeiros introdutores en Galicia do autor, destacando o importante papel de Francisco Porrúa.

- Rocío Santa Cruz, “Lourido: Fotografías dunha viaxe a Galicia”, p. 44.

Fala da carta escrita por Cortázar á súa dona na praia de Lourido para, a continuación, analizar a relación do autor con Galicia e a paisaxe galega a través da fotografía. Recupera documentos e cartas inéditas enviadas a Aurora Bernárdez nas que se refire a Santiago de Compostela, Vigo e Lourido. Remata ofrecendo a imaxe do autor que amosan distintas fotografías e diapositivas expostas.

VV. AA., “Outono Cortázar, un (re)encontro con Galicia”, *Atlántico Diario*, 6 outubro 2006, pp. 33-40.

Monográfico dedicado á figura de Xulio Cortázar e ao análise da súa relación con Galicia. Contén os seguintes artigos:

- Emilio Pérez Touriño, “Unha casa en París”, p. 35.

Touriño describe a súa viaxe a París, á casa da primeira muller de Cortázar, Aurora Bernárdez, coa intención de expresarlle o seu agradecemento ao doarlle a Galicia o fondo fotográfico e fílmico de Julio Cortázar. Refírese de seguido aos intelectuais emigrantes que entraron en contacto con Cortázar no exilio e lle abriron as portas de Galicia, Luís Seoane, Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado, do seu editor, Francisco Porrúa, emigrante galego e da súa muller, Aurora Bernárdez, tamén galega, que o levou por primeira vez a Galicia no 1956. Finalmente, recolle fragmentos das cartas onde o escritor plasma as súas impresións desta viaxe xunto con outra posterior a Lourido.

- Manuel Bascoy Villar, “Cortázar, segundo Cortázar”, p. 36-37

Comentario sobre a exposición “Ler en imaxes”, que chega a Galicia grazas á xenerosidade de Aurora Bernárdez, a primeira muller do escritor arxentino. Comeza falando do papel da súa dona no compromiso político e toma de conciencia social do autor. A continuación refírese a Rocío Santa Cruz e a exposición fotográfica organizada por ela en 2004. Logo comenta a exposición e a figura que cada unha das imaxes deixa ver do escritor, as súas ansias de coñecer outros mundos, as viaxes a Galicia ou o espertar da súa conciencia política no exilio. Remata referíndose a obras dos seus amigos como Luís Seoane, Antoni Tapies Julio Silva ou Antonio Saura, que se exhibe por primeira vez na Igrexa da Universidade de Santiago.

- Fernando Salgado, “Un escritor destetado entre galegos”, p. 38.

Aproximación á relación de Cortázar con escritores galegos do exilio, entre os que destacan Lorenzo Varela, Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Rafael Dieste. Fala do relato “Brujas”, editado no número 19 de *Correo Literario*. Refírese tamén á relación do autor coa súa primeira dona, Aurora Bernárdez, Luís Seoane e Maruxa Fernández e lembra que os exiliados galegos foron os primeiros introdutores en Galicia do autor, dando un papel relevante a Francisco Porrúa.

- Rocío Santa Cruz, “Lourido: Fotografías dunha viaxe a Galicia”, p. 40

Análise dalgunhas das imaxes da exposición “Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Julio Cortázar”. Comeza referíndose ás referencias fotográficas na obra do autor para logo centrarse na relación de Cortázar con Galicia a través das súas fotografías. Destaca a humanidade e compromiso que amosan as distintas imaxes e a mirada aberta ao mundo do escritor.

VV. AA., “Julio Cortázar”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, nº 181/168, 12 outubro 2006, pp. 2-8.

Suplemento especial dedicado á figura de Julio Cortázar co gallo da exposición “Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Cortázar”, que está tendo lugar en Santiago de Compostela. Os artigos que falan da súa relación con Galicia son os seguintes:

- Natalia Álvarez, “Imaxes fotográficas para combater a nada”, p. 2-5

Co gallo da exposición fotográfica enmarcada no “Outono Cortázar”, que está tendo lugar en Santiago de Compostela, faise un breve percorrido pola conexión que este escritor tivo con Galicia centrándose na figura da súa muller, Aurora Bernárdez, así como na súa viaxe a Galicia no ano 1957 e na edición do volume institucional *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez. Un (re)encuentro con Galicia*, que vai reconstruíndo a relación que éste mantivo cos membros do exilio galego, entre eles Rafael Dieste.

- N.A., “Unha declaración de amor a Galicia”, p. 6-7

Faise eco da inauguración da exposición “Ler imaxes: O arquivo fotográfico de Julio Cortázar”, que tivo lugar o pasado 28 de setembro en Santiago de Compostela, dentro das actividades enmarcadas no chamado “Outono Cortázar” programado pola Xunta de Galicia. Ademais de ofrecer os nomes dos que asistiron ao acto de apertura, salienta a figura da primeira muller do escritor, Aurora Bernárdez, como responsábel da doación do fondo fotográfico. A seguir, céntrase na relación de Cortázar con Galicia a través deste legado. Remata referíndose á presentación do volume *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez. Un (re)encuentro con Galicia*.

VV. AA., “Cortázar”, *El Correo Gallego*, 12 outubro 2006, pp. 1-8.

Suplemento monográfico sobre Julio Cortázar con motivo da exposición fotográfica que está tendo lugar en Santiago de Compostela nestas datas. Os artigos que teñen relación coa literatura galega descríbense a seguir:

- Emilio Pérez Touriño, “Unha casa en París”, p.3

Touriño describe a súa viaxe a París, á casa da primeira muller de Cortázar, Aurora Bernárdez, coa intención de expresarlle o seu agradecemento por esta doarlle a Galicia o fondo fotográfico e fílmico de Julio Cortázar. Refírese seguidamente aos intelectuais emigrantes que entraron en contacto con Cortázar no exilio e lle abriron as portas de Galicia, como Luís Seoane, Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado; ao seu editor, Francisco Porrúa, emigrante galego e á súa muller, Aurora Bernárdez, tamén galega, que o trouxo por primeira vez a Galicia no 1956. Finalmente, recolle fragmentos das cartas en que o escritor plasma as súas impresións desta viaxe e doutra posterior a Lourido.

- Rocío Santa Cruz, “Lourido: fotografías fieis dunha viaxe a Galicia”, pp. 4-5.

Comeza facendo unha reflexión sobre a relación entre a fotografía, dende a súa invención, e os escritores, como Charles Baudelaire, quen expresa a súa desconfianza coa capacidade de plasmar a realidade, ou John Berger, que establece tres territorios en que situar a fotografía: o recordo, a memoria e o soño. A seguir, céntrase na figura de Cortázar e na importancia que o autor lle dá a estes territorios no seu universo persoal e literario. Deste xeito, ademais de recoller fragmentos de textos, cartas ou relatos que explicitan este dato, fala das viaxes de Cortázar, acompañado sempre pola súa máquina de escribir e a cámara de fotos. Unha desas viaxes foi a que realizou a Lourido e as súas fotografías, xunto cun importante arquivo fotográfico e fílmico, están agora depositadas en Galicia, cedidas por Aurora Bernárdez, a súa

primeira muller, formando, segundo se di, o fondo fotográfico máis importante do mundo do escritor arxentino, que se expoñerá en diferentes cidades galegas ao longo do 2006 e 2007.

- A. Correa/AGN, “Julio Ortega: ‘Cortázar non era un escritor mediático’”, p. 5-8.

Entrevista a Julio Ortega, un dos estudosos da obra de Cortázar, que participou en Galicia nos encontros arredor da figura do escritor. Comeza falando da influencia de Cortázar nos novos escritores para centrarse posteriormente no papel que xogou Galicia na súa vida e como queda reflectido na obra. Remata referíndose ás razóns que tivo Cortázar para nomear á súa primeira muller, Aurora Bernárdez, herdeira do seu patrimonio.

VV. AA., “Cortázar en Galicia”, *El Progreso*, 1 novembro 2006, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Cortázar e a súa relación con Galicia. Contén os seguintes artigos:

- Rocío San Claudio Santa Cruz, “Fotografías dunha viaxe a Galicia”, pp. 4-5.

Análise dalgunhas das imaxes da exposición “Ler imaxes: o arquivo fotográfico de Julio Cortázar”. Comeza referíndose ás referencias fotográficas na obra do autor para logo centrarse na relación de Cortázar con Galicia a través das súas fotografías. Destaca a humanidade e compromiso que amosan as distintas imaxes e a mirada aberta ao mundo do escritor.

- Nélica Piñón, “O mago Julio”, pp. 6-8.

Estudo sobre Cortázar realizado por Nélica Piñón, quen tratou persoalmente ao escritor. Logo de describi-lo como un home sinxelo, contemporáneo e constante renovador, que sabía coma ningún xerar novos espazos narrativos, analiza un dos relatos máis emblemáticos da súa prosa, “Casa tomada”. Manifesta que o conto evidencia xa a concepción da escrita que guía os pasos creadores de Cortázar e céntrase nos aspectos que considera máis relevantes do conto como personaxes, narrador-narratario, decisións narrativas, temática, etc.

X.C., “Unha data singular do galeguismo”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Sociedade”, 9-15 marzo 2006, p. 15.

Infórmase do cento cincuenta aniversario do Banquete de Conxo, co que o nacionalismo galego deu un paso importante na súa historia. Coméntase que o obxectivo do banquete era “buscar a solidariedade de todas as clases sociais de Galiza” para acadar o trunfo das ideas e con el se proclamou de novo a unidade de Galicia. Indícase que tivo lugar o 2 de marzo de 1856 e que cen anos despois, en 1956, o Consello de Galiza decidiu celebrar o seu centenario como acto patriótico en Bos Aires, mediante a realización do I Congreso da Emigración Galega.

X.F., “Espiral Maior funda o selo Spiralia para editar en castelán ensaio e creación literaria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 outubro 2006, p. 44.

Informa da presentación da nova colección de Espiral Maior, o selo Spiralia, que terá lugar en Madrid coa presenza do seu director, Miguel Anxo Fernán-Vello, quen explicou a intención de divulgar en castelán a obra de autores galegos, creación literaria e non ficción, no espazo literario tanto peninsular como de Sudamérica. Comezará a súa andaina este selo con dous libros de ensaio: *Feminismo y conocimiento*, de Carme Adán, e *Paz, guerra y violencia*, de Luís G. Soto.

X.G.G., “Cunqueiro, o escritor galego máis completo do século XX”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 30.

O autor deste artigo salienta a figura de Álvaro Cunqueiro como un dos mellores escritores da literatura galega do século XX. Destaca que Cunqueiro foi un escritor en case todos os xéneros (poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta, tradutor...) e comenta as obras do escritor que considera máis significativas dentro de cada xénero.

X.T., “Tartares editará una revista”, *Diario de Ferrol*, “Narón”, 17 marzo 2006, p. 12.

Noticia sobre a próxima publicación da revista *Olladas*, editada pola Asociación Cultural Tartares, da Solaina (Narón) e que se centra nos problemas do barrio e as inxerencias dos veciños, dando información tamén sobre a actividade da propia Tartares. Entre os contidos da publicación, terá cabida a poesía, que poderá ser escrita tanto polos propios socios da entidade como polos veciños da zona.

Yemanja, Mae, “Miña avoa”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, 6 agosto 2006, p. 44.

Sección que publica relatos enviados polos lectores, nesta ocasión da autoría de Mae Yemanja.

Yosy, “Contos de osos”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 364, 19 febreiro 2006, p. 6.

Publicación dun relato breve asinado por Yosy.

Zurinaga, Ángel, “Escrito o 11-M desde a cama do hospital”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 decembro 2006, p. 32.

Poema de Ángel Zurinaga que aparece publicado nesta sección fixa.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Martínez García, Xosé (ed.), *Salustio, A conxuración de Catilina. A guerra de Iugurta*, introd. e trad. Xosé Martínez García, Vigo: Galaxia/ Xunta de Galicia, col. Clásicos, 2006, 408 pp. (ISBN: 978-84-8288-969-9). ♦

Edición bilingüe galego-latín realizada por Xosé Martínez García, encargado da introdución, notas e anexos que a completan. Gaio Salustio Crispo (Amiternum, Sabina, 86-Roma, 35 a.C) foi un político e historiador procedente dunha familia plebea con recursos que chegou a formar parte do senado do que foi expulsado por inmoralidade, aínda que logo foi readmitido por Xulio César. Unha vez que se retira da vida política dedícase a compilar a historia do pobo romano que se recolle en dúas monografías *De coniuratione Catilinae* e *Bellum Iugurthinum* a primeira narra os acontecementos tan destacados e polémicos levados a cabo no seu tempo, en concreto no 63 a. C., mentres que para a segunda retrotráese no tempo ata 111-115 a.C. e pretende buscar as causas da decadencia da república romana que supuxo o ascenso de Mario, un home de plebe, sobre Metelo, o representante da aristocracia. Salustio permítese alterar a orde cronolóxica dos acontecementos, ocultar datos e facer digresións ou discursos que evitan a monotonía da historia recta. As guerras civís, o asasinato de Xulio César ou outros problemas políticos e sociais fixeron que houbera un crecente interese pola historiografía que analizara as causas da situación da república e se é posible ofrecer solucións, pero Salustio móstrase pesimista. A continuación sitúanse os textos orixinais e a tradución ao galego que ocupa boa parte do volume, aínda así resérvanse as últimas páxinas para inserir unha serie de mapas que mostran o estado da península itálica en vida de Salustio, así como a do norte de África no tempo da Guerra de Iugurta. Para finalizar unha nutrida nómina de personaxes históricos brevemente explicados que axudan a entender os textos.

VI.2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Franco, Camilo, “Seguimos sendo latinos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 xaneiro 2006, p. 39.

Entrevista a Xosé Carballude, tradutor de Cicerón ao galego, a través da que se anotan ideas como o feito de que traducir dunha lingua morta non dificulta a tarefa, que non atende a aspectos como o ritmo ou a cadencia ou que o pensamento de Cicerón continúa vixente e pode sernos útil. O tradutor defende, finalmente, que seguimos sendo latinos igual que europeos porque é o noso legado e que o latín é útil para coñecernos mellor a nós mesmos.

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Agra, Agustín, *O tesouro da lagoa de Reid'Is*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2006, ilustr. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 166, de 11 anos en diante, outubro 2006, 84 pp. (ISBN: 84-9782-481-4).

Agustín Agra (Noia, 1966), nesta primeira obra, por medio de varias voces narrativas, fai un percorrido por lendas de tesouros escondidos, de urcos, sereas, Santa Compañía, coa fórmula dos contos de transmisión oral. O avó narra a historia principal aos poucos como un narrador clásico e os nenos e nenas protagonistas participan coas súas preguntas e indagacións. Desenvólvese a historia durante unhas vacacións familiares en Viladomar de Cabodomundo, casa dos avós. Cóntanse as relacións familiares, os costumes de cada un, os entretementos dos nenos e nenas e os relatos do avó que se refiren a lendas da zona (historia da cidade de Reid'Is inmersa baixo a lagoa da praia de Mardefora) que se fan verídicas pola participación nelas mesmas do relator. As ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1970) complementan a narración textual, achegando información sobre as circunstancias nas que se atopan os protagonistas en distintos momentos da narración. As composicións achégannos aos lugares onde se desenvolven as escenas principais seguindo a descrición do texto e enriquecéndoa. A técnica empregada é a pintura con ténpera e o uso das cores serve para marcar diferenzas entre as escenas cotiás, de cores variadas, e as misteriosas ou nocturnas, cun cromatismo limitado, de cores escuros sen máis contrastes que os que achega a luz.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “O tesouro da lagoa de Reid’Is”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 199, “Libros/Novedades”, decembro 2006, p. 65.

Salienta que o autor se inspira para esta súa primeira obra, coa que mereceu o premio Merlín, en antigas lendas da tradición oral-popular. Dise que se trata dunha historia, das moitas, que se fan sobre unha cidade sumerxida. Salienta que é unha historia contada dende os tempos actuais. Describe a historia e destaca que é o avó quen a conta, como vivida, aos netos durante unhas vacacións e que grazas á narración, ademais de darlles a coñecer a zona, o avó fai partícipes aos netos da lenda sobre a cidade que repousa no fondo da lagoa de Reid’Is, preto de onde viven.

- María Navarro, “Enigmas baixo as augas”, *Faro de Vigo/La Opinión, “Faro da Cultura”/ “Saberes”*, n.º 189/ 179, “Infantil/Xuvenil”, 21/30 decembro 2006, p.VII/ 7.

Sinala que “Inspirado nunha das lagoas de Corrubedo chamada Reiris e con ingredientes como o desexo de contar unha historia a un neno, unha sorte de homenaxe a un personaxe real

que fixo dun recuncho da costa galega o seu museo particular, uns recordos da infancia e mesmo unhas pingas de metaliteratura”, Agustín Agra artellou *O tesouro da lagoa de Reid'Is*, coa que foi merecente do Premio Merlín 2006. Alude ao mundo marabilloso recreado nesta novela na que destaca a capacidade de fabulación do autor noiés, ademais de referirse ao tempo, espazo, personaxes e argumento desta historia. Por último, considera que o tempo da ficción, que aparece desglosado en dous momentos, lle permite ao autor “establecer un dobre xogo co lector introducindo elementos fantásticos nunha historia cuasi-real e deseñar un argumento aparentemente verosímil do que el formaba parte activa, para darlle aos ollos dos nenos categoría de existencia no pasado no que resulta un ameno e interesante exercicio literario”.

Referencias varias:

- C. Rodríguez, “O tesouro alagado de Reid'Is”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 19 novembro 2006, p. 9.

Despois de citar as achegas literarias de Agustín Agra e os premios dos que foi merecente, analiza a obra pola que vén de ser premiado co Merlín de Literatura Infantil 2006. Considera que se trata dunha “aventura marabillosa” na procura dun espazo fantástico baixo as augas onde se garda un fabuloso tesouro que o avó, a través dun periplo indescritíbel, foi quen de coñecer. Sinala que este “atractivo e fermoso” relato é un cúmulo de pequenas homenaxes dosificadas ao longo da historia, na que se atopan elementos literarios arredor de *Merlín e familia*, “das trabes de ouro e alquitrán ou dos “Feros corvos de Xallas”, así como pegadas da tradición do relato oral cara aos nenos, das lendas e tradicións ou seres sobrenaturais e marabillosos. Por outra parte, atende ao universo toponímico da obra e ás referencias ao celtismo e á tradición artúrica.

- César Lorenzo Gil, “Agustín Agra ‘O meu xuíz non foi o xurado do ‘Merlín’ senón o meu sobriño Paulo”, *A Nosa Terra*, n.º 1.248, “Cultura”, 14-20 decembro 2006, p. 30.

Nesta entrevista Agustín Agra comenta que o seu debut na literatura infantil foi por casualidade e alude aos problemas que tivo, como “home de ciencias”, coa escrita no instituto, aínda que reconece ser un contador de historias. Alude á súa participación nos premios “Pedrón de Ouro” e “Merlín” e explica a xénese d’*O tesouro da lagoa de Reid'is*, da que o seu sobriño Paulo é protagonista e actuou como xuíz durante a súa elaboración. Sinala que escribe, principalmente, para divertirse e que non está obsesionado por publicar, así como considera que o que verdadeiramente custa na literatura é conseguir que o discurso poético “flúa con coherencia e atractivo”. Por último, alude ao feito de ter modelado na ficción algunhas persoas reais, caso de Man de Camelle, e reflexiona sobre a grande actividade cultural que hai en Noia, ademais de confesar que el non tería escrito se non fose polo ánimo recibido por Xerardo Agrafoxo.

- Natalia Álvarez, “O día que me descubrín escribindo, foi case unha autosorpresa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 188, “Entrevista”, 14 decembro 2006, p. III.

Despois de referirse ao atractivo da temática dos tesouros na literatura infantil, Agustín Agra comenta que comezou a escribir despois de recibir unha chamada dunha amiga e de querer

contarlle ao seu sobriño unha historia mínima que foi medrando. Explica que para escribir *O tesouro da lagoa de Reid'Is* se inspirou, especialmente, nunha das lagoas de Corrubedo, que se chama de Reirís e da que se conta unha historia moi parecida. Alude á presenza de Man de Camelle na súa novela como “un recordo cariñoso” e ás historias que o seu avó lle contaba de neno, ademais de relatar como un día se descubriu escribindo e de recordar os galardóns merecentes no Pedrón de Ouro, en dúas ocasións, e no Merlín. Sinala que o mundo fantástico plasmado nas ilustracións de Andrés Meixide, que acompañan o citado libro, é similar ao que se imaxinou e que hai debuxos que lle gustan moito, para, por último, opinar sobre o estado da literatura infantil.

- Manuel Vidal Villaverde, “Agustín Agra. Á procura do interior de si”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, n.º 330, “Musas”, 17 decembro 2006, p. 50.

O escritor Agustín Agra sinala nesta breve conversa que comezou a súa carreira literaria hai tres anos, dun xeito casual, escribindo un relato curto que enviou ao “Pedrón de Ouro” co que conseguiu o premio; tras deste éxito volveu presentarse en 2005 conseguíndoo de novo e, por facerlle un regalo a un sobriño, escribiu *O tesouro da lagoa de Reid's* co que gañou o Premio Merlín. Confesa non crer nas obras literarias con mensaxe e entende a literatura como un modo de comunicación. Entre os seus próximos proxectos anuncia a publicación dun libro de relatos.

Aleixandre, Marilar, *Herbalúa*, ilust. Enjamio, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2006, [28] pp. (ISBN: 978-84-8288-963-4).

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) por medio dun narrador omnisciente, a voz da protagonista e cunha linguaxe poética, conta neste álbum que Helena fixo unha barca coa cama e as sabas e nela unha noite subiu á lúa a buscar herbalúa para a súa ovella de trapo. Solicitoulla ao xurelo, ao rato, á arañeira, ao lobo e á galiña, que foi posibelmente quen lla facilitou. Dá as características da noite en relación cos peixes, fala dos gustos da ovella, das distintas fases da lúa, das súas características e dos animais máis relacionados con ela. O ilustrador Enjamio (A Habana, 1962), sen abandonar o seu estilo característico de configurar personaxes moi expresivos cunha gran relevancia dos ollos, emprega unha técnica moi actual creando as ilustracións con montaxes feitas co ordenador. As cores que predominan son frías, azuis e violetas, e xunto co branco da lúa sitúan a quen le, nun relato que transcorre de noite. As composicións son variadas, ocupan todas as páxinas con distintos puntos de vista, deixan espazos baleiros para situar o texto, e permiten seguir unha lectura visual do relato case sen necesitar o apoio do texto.

Alfaya, An, *A sombra descalza*, Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2005, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 92, [mocidade], marzo 2006, 133 pp. (ISBN: 84-9782-426-1).

Novela de An Alfaya (Vigo, 1964) que se abre cunha dedicatoria ás “mulleres de ollada asolagada, que calaron segredos e hoxe falan” e unha cita de Luís Eduardo Aute na que se alude a uns zapatos, elementos ambos os dous, “muller” e “zapatos”, que adiantan simbolicamente os polos temáticos da recreación dun complexo universo feminino.

Estruturada en trinta e un capítulos curtos numerados en romanos, desenvólvese unha trama que ten as súas raíces na época da Guerra Civil, a cal provocou feridas que chegan até a actualidade e que seguen marcando fendas entre os membros dunha mesma familia. A protagonista é Elsa, unha adolescente de dezaseis anos, que vive na casa con seus pais e seus avós paternos, ademais dunha tía-avoa, Sagrario, que vive recluída no seu cuarto, deambulando descalza pola casa coma un fantasma. Consciente do ambiente resentido no que viviu toda a vida, a medida que vai madurando Elsa busca respostas a moitas cuestións que non chega a entender. O desencadeante de todo é a imaxe de Sagrario morta e calzada cuns bonitos zapatos de veludo, malia que Elsa a lembraba sempre descalza. Esta aparente contradición lévaa a furgar no pasado familiar desvelando segredos que van máis alá dos enfrontamentos ideolóxicos que aparentemente están de fondo, senón que teñen máis que ver con vinganzas, celos, amores imposíbeis, intereses económicos, etc. Un universo feminino no que a avoa Amadora aparece como a matrona que mantén o poder, fronte á súa irmá Sagrario, castigada á reclusión e ao ostracismo polos seus amores de moza co cuñado, Xuliano; a súa filla Florinda, tía de Elsa e casada para salvar o patrimonio da familia cun vello, malia estar namorada dun home que tivo que emigrar; e Esperanza, nai de Elsa, marcada polo pasado da súa familia que pertencía ao bando dos fascistas, pagando ela e o seu marido o desprezo dos avós por unha postura ideolóxica que nin sequera adoptaran eles. É un rico retrato de diferentes mulleres, entre as que se estabelecen xogos de poder, agochando paixóns arrebatadoras que arrastran á escuridade e ao sufrimento a todos os membros da familia. A fotografía da cuberta, cun alto poder narrativo, adianta ao espectador historias insospetadas de ausencias e presenzas das mulleres que, posibelmente, utilizaron os zapatos que se están a ver. O ilustrador coloca na escena dous zapatos de tacón, un de pé no centro da imaxe acaparando toda a atención visual e, nun segundo plano, o perfil da parte traseira do outro zapato, amosando a cara oculta da existencia dos obxectos. Esta composición premeditada outorga importancia aos aspectos descritivos; quere descubrir todas as particularidades dos zapatos para suscitar cuestións que provoquen o interese e a curiosidade do lector pola historia que relata An Alfaya. Sobre estes zapatos fachendosos, atractivos, cun encanto natural, incide unha luz cálida que resalta a cor verde da pel aterciopelada, diferindo da textura dos remaches bordados e troquelados en coiro marrón que recobren os baixos e os bordos dos mesmos. Uns zapatos que parecen ter biografías agochadas, vidas que aínda están en transcurso, como se quixeran comezar a falar con nós sobre outras personas. Esa luz incidente, ao mesmo tempo, proxecta unha sombra tenue esvaída sobre un chan de madeira que brilla pola acción dunha segunda iluminación que provén do fondo da habitación, como unha porta ou ventá que se abre a novos lugares. Esta fotografía consegue, de forma simbólica, facer referencia ao título e ao argumento da obra.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “A voz recuperada”, *Grial*, n.º 171, “O espello das letras”, xullo-agosto-setembro, 2006, p. 90.

Inicia salientando que con esta obra An Alfaya volve a demostrar a súa habilidade para crear atmosferas de misterio e tramas que sorprendan ao lector, intriga e tensión ao finalizar os capítulos. Cualificada de *thriller*, aínda que queda cativo, pasa a falar da historia que se desenvolve. Describe esa historia fixándose no castigo ao que é sometida Sagrario, nas paixóns e intereses entretecidos e enfrontados baixo a aparencia do vello incidente derivado

da Guerra Civil e sobre todo na rebelión da protagonista, Elsa, que se encarga, dende unha nova xeración, de descubrir a verdade dos personaxes e de recuperar a voz de moitas mulleres. Di que está escrita con axilidade e precisión e considera un acerto o se deter nos detalles miúdos. Tamén afirma que o remate é moi apropiado para un texto “pensado a partir dun ambiente de tensión e de anguria”. Finaliza recordando outros autores que gañaron o mesmo premio e incidindo en que non se trata dunha historia unicamente xuvenil senón dun relato capaz de engaiolar a todo tipo de lector, unha auténtica miraxe sobre a vida e un alegato a prol da recuperación das voces femininas.

- María Jesús Fernández, “A sombra descalza”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 196, “Libros/Novedades”, setembro 2006, p. 73.

Despois de describir a historia que se conta, salienta nela o papel das mulleres nela como vítimas de tempos de guerra e sobre todo o da protagonista que consegue descubrir as causas, cualifica a obra, que se desenvolve no medio rural galego, nunha Galicia moi afastada no tempo, de “inquietante” e de ambiente pechado.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 159, “Andel de novidades”, 6 abril 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras: *Espérame*, de Xosé A. Perozo; *A sombra descalza*, de An Alfaya; e *Les certitudes du climat*, de Miguel Anxo Fernán Vello. Delas reflíctense os argumentos e completan o comentario algúns datos de interese.

- M.B., “An Alfaya: ‘A novela aviva a memoria dos adultos e esperta a curiosidade dos novos’”, *A Nosa Terra*, n.º 1.221, “Fin de semana”, 4-10 maio 2006, p. 34.

Breve entrevista con An Alfaya con motivo da presentación do libro na librería viguesa Librouro. Comenta que a trama parte dunha historia real que lle conta unha muller; fala da historia que se narra, da importancia dun premio no que se compite con obras doutras linguas; de que a recuperación da memoria das mulleres na Guerra Civil non foi a intención inicial e do público ao que vai dirixida a obra, xá que non a identifica cunha idade, pois afirma que pode ser interesante para os adultos, porque aviva a memoria, e para os novos, porque esperta a curiosidade.

Alfaya, An, *Zoa e Azor*, ilustr. Montse Español, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 14, serie verde, a partir de 10 anos, 2006, 125 pp. (ISBN: 84-88681-47-X).

Relato de An Alfaya (Vigo, 1964), dividido en trece capítulos titulados, que a autora dedica “A Tania e Mario, sempre” e que se abre cunha cita da versión teatral de Enrique Llovet da obra *Historia dun cabalo*, de Leon Tolstoi. Por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa e da voz dos personaxes nárrese cómo Silvano, un neno ao que lle gusta a poesía, coñeceu a Omar Grandal, cómo estableceu relación con el e a súa familia ao lle encargar a tarefa de gardar os cabalos, do espectáculo dramático que a familia de Grandal tiña, Zoa e

Azor. Explicanse as causas da morte de Zoa e porqué o protagonista quedou ao coidado de Azor, animal que posibelmente pase novamente a mans do seu dono Omar cando a familia deste volva novamente a actuar na vila de Silvano. O volume acompañaase das ilustracións de Montse Español, uns debuxos en branco e negro que destacan pola liña expresiva que os vai conformando. A representación figurativa complétase con augadas en distintos tons de grises que achegan profundidade e volume. As caras dos protagonistas reflicten as súas emocións cun estilo expresivo axudado pola soltura do trazo. As escenas, de páxina enteira, recrean distintos momentos da narración cos protagonistas.

Recensións:

- Paula Fernández, “De Zoa e Azor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 184, “Infantil/Xuvenil”, 16 novembro 2006, p. VII.

Refírese a todos aqueles rapaces de comportamentos máis sensíbeis que non conseguen comunicarse co seu medio e que proxectan as súas sensacións e sentimentos nas artes, para logo centrar o seu comentario en *Zoa e Azor*, de An Alfaya. Sinala que se trata dunha novela que se basea nas relacións humanas e na intolerancia, pois Silvano, un neno sensíbel e apaixonado dos cabalos, non é comprendido polos seus e reflicte a súa enorme forza na poesía. Tamén apunta que a acción se desenvolve de forma lineal, aínda que se introducen flash backs que axudan a comprender a psicoloxía dos personaxes, que en moitas ocasións o lectorado define polas súas propias palabras, e a sentir solidariedade e admiración polo personaxe atormentado que conseguirá enfrontarse ao que o rodea con éxito.

Alonso, Fran, *Cartas de amor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 97, [mocidade], novembro 2006, 127 pp. (ISBN: 84-9782-489-X).

Esta obra de Fran Alonso (Vigo, 1963), que xa foi obxecto dunha segunda edición neste mesmo ano, ábrese cun peritexto “Dúas palabras do autor” no que o autor fai unha aclaración acerca do libro. Sinala que o título non se corresponde co contido do mesmo, que está constituído por sete relatos titulados: “Ilegal”, “Desde as tebras”, “Confesión”, “Sáhara, améndoa amarga”, “Zé, volcán de amor”, “O que nunca me preguntaches” “A carta inesperada”, “A guerra” e “Lonxe”. Relatos en forma de carta ou de correo electrónico que reflicten diferentes circunstancias persoais e sociais sufridas por mulleres. Os verdadeiros protagonistas destas cartas, todas escritas en primeira persoa, son os temas que se presentan, a saber, entre outros, a inmigración, a pobreza, a guerra, o primeiro franquismo, a violencia, a prostitución, a presión social e a integración social. Péchase o volume con outro peritexto no que se dá a biografía e bibliografía do autor. A fotografía da cuberta, feita por Manuel G. Vicente, agocha, pero ao mesmo tempo amosa, algún dos personaxes das historias presentes na obra. É intención do fotógrafo plasmar unha imaxe onde aparece unha muller, porque todas as historias están narradas por mulleres, contando sucesos das súas complexas vidas. Na imaxe está presente a cor vermella que coincide coa palabra amor, coa botella de coca-cola, co mantel ou cos beizos da muller. Ao mesmo tempo isto contrasta coa cor azul da parede de ladrillos sobre a que está apoiada a cadeira.

Referencias varias:

- M.B., “Fran Alonso ‘Tento darlles voz ás mulleres silenciadas’”, *A Nosa Terra*, n.º 1.249, “Fin de semana”, 21-27 decembro 2006, p. 34.

Breve entrevista con Fran Alonso ao redor do volume *Cartas de amor*, no que canaliza relatos escritos ao longo de varios anos que “pouco teñen que ver co enamoramento ou coas parellas ideais”. Alonso explica que as persoas que sempre escriben as cartas son mulleres, porque as circunstancias que envolven cada un dos relatos son situacións sociais moi complexas e neles as mulleres sempre levan a peor parte e son as máis silenciadas. Alude á aparición de correos electrónicos no seu volume, modalidade de escrita que na práctica substituíu ás cartas convencionais, aínda que tamén puntualiza que hai lugares no mundo nos que as novas tecnoloxías son inimixinábais. Por último, comenta que con esta obra lle quere transmitir ao público adolescente a visión de que os problemas universais son conflitos que nos afectan a todos.

Amaral, Ana Luísa, Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo e Vergílio Alberto Vieira, *Pasos de música, camiños de auga/Passos de música, caminhos de água*, ilust. Xosé Cobas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Delegação Regional de Cultura do Norte, col. Lagarto Pintado, [lectorado autónomo], 2006, 120 pp. (ISBN: 84-453-4223-1). ♦

Texto en galego e portugués resultado do proxecto Estafeta do Conto e realizado polo grupo Barriga Verde, formado polos autores galegos Fina Casalderrey e Xabier P. Docampo e polos portugueses Ana Luísa Amaral e Vergílio Alberto Vieira, coa axuda da rapazada de diferentes bibliotecas de Galicia e do Norte de Portugal cuxos nomes se reproducen nas últimas páxinas do volume. Nos diferentes capítulos dos que está composto o volume e facendo referencia a obras musicais e literarias vaise relatando a ininterrumpida historia de amor e amizade que mateñen o crocodrilo Xulio e a gatiña Sebastiana. Unha historia a que se van unindo en forma de cadea diversos e variados animais: os dous coellos, a raposa, o papagaio, a serea, etc. dende o momento en que Xulio decidiu ser frautista e Sebastiana o acompañou ás clases. A partir de aí e, ante a dificultade do crocodrilo para tocar, comeza o desfile de animais na obra. A trama perdura ao longo de todo o conto até que se descobre que a fruta que consegue tocar Xulio é máxica; o que non supón ningún problema xa que todos, seguindo o son da fruta, van vivir a famosa e buscada Illa dos Amores. O texto vai apoiado con grandes e fermosos debuxos realizados por Xosé Cobas nos que aparecen cores vivas e rechamantes que reclaman a atención do lectorado. O tamaño da letra e os debuxos axudan a comprender o relato.

Ameixeiro, Daniel, Uxía Casal, Ánxela Gracián e Antonio Reigosa, *Contos de ogros, aventuras, baladas e piratas*, ilust. Suso Cubeiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, col. Lagarto Pintado, de 7 a 11 anos, 2006, 68 pp. (DL: C-725/06). ♦

Volume colectivo no que se reúnen os seguintes relatos:

- Ánxela Gracián, “Ogra Pinta”, pp. 5-23.

Ánxela Gracián (Castroverde, 1968) recorre a un narrador en terceira persoa para contar as aventuras da Ogra Pinta na cidade de Pontevedra. Todo comeza o día que Pinta debe buscar alimento por si soa, agora que xa é ben grandíña. Seguindo os trazos da súa especie, que debece polas larpeiradas, Pinta sae do palacio da Rosa no que vive e axiña atopa un neno, Álvaro, ao que se achega atraída polo forte recendo a chocolate. Como non consegue papar nada, volve outra vez á cidade na busca do neno, nesta ocasión levando canda ela o elixir da invisibilidade. En plenas festas da Peregrina, Ogra Pinta pasea polas rúas, que retumban ao seu paso, até dar coa casa de Álvaro. Usando o seu filtro métese no piso e comeza a facer falctruadas: proba todos os zapatos e vestidos, muda de sitio as cousas, ve a televisión, estrícase no sofá... Os seus constantes movementos provocan moito ruído no medio da noite. Ao día seguinte acompaña a Álvaro á escola pero como se aburre decide dar un paseo pola cidade, armando unha boa lea. As súas visitas nocturnas a Álvaro para aloumiñalo coas súas enormes mans provocan que o neno afogue e os pais teñan que levalo ao hospital moi asustados. O día que mamá-Ogra foi buscar a Pinta para levala de volta á casa, porque Pontevedra se estaba a converter nun lugar inhabitábel, a ogra só pediu que lle deixase ver a Álvaro por última vez para despedirse.

- Uxía Casal, “Tarde de aventuras”, pp. 25-40.

Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) relata o que lle sucedeu a Quique a tarde que quedou encargado de coidar de seu irmán pequeno, Tito, xa que na súa casa había un gran rebumbio. Decide levalo ao parque, onde tivera que interromper a batalla contra os invasores que estaba a desenvolver cos seus amigos. Tito agarda, pero como seu irmán tarda bastante, decide explorar aquel espazo tan preto do río Longueirón. Cando Quique remata o combate comproba que seu irmán non está. Menos mal que os ananos que se encargan de coidar dos pequenos perdidos estaban ben atentos e puideron devolvelo a seu irmán.

- Antonio Reigosa, “Balada do neno cego”, pp. 41-55.

O protagonista deste conto de Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) é un rapaz que conta en primeira persoa o que aconteceu o día no que por fin ía cumprir o seu desexo de coñecer a Fraga Vella, tras convencer os seus pais e sacar boas notas. No transcurso da viaxe teñen un accidente e o rapaz queda cego. Como non puido cumprir o seu desexo, a avoa encárgase de falarlle dese lugar. Cando chega o 17 de maio por fin pode coñecela grazas ás descrições da avoa que en realidade tampouco nunca a visitara e que lle ensina que a imaxinación serve para coñecer o mundo.

Os debuxos que acompañan este volume débense a Suso Cubeiro (A Coruña, 1954) que para a cuberta elabora unha ilustración con acuarela de tonos verdes e ocres. É a única imaxe destas características, xa que os debuxos interiores están feitos a lapis de carbón. Estes debuxos posúen riqueza de formas e detalles. Presentan trazos minuciosos, de diferente tamaño e grosor, para ir do máis xeral ao máis concreto. Mediante a difuminación do lapis, o ilustrador dá volume e luminosidade ás escenas que recrea. Estes espazos fantásticos, mitolóxicos e terroríficos nalgúns casos, enriquecen a narración textual porque Suso Cubeiro inventa historias paralelas coas súas ilustracións, coma se imaxinase ou intuíse o que non se di explicitamente no relato. Ás veces, nos seus debuxos, aparecen anotacións coa súa letra onde explica ao espectador formas diferentes de mirar as ilustracións, e serve de ponte entre o lector, o texto e a imaxe.

Aneiros, Rosa, Jaureguizar, Xosé Manuel Martínez Oca e M^a Xosé Queizán, *Contos de colonias, escolares, belas adormecidas, atentados e tiburóns*, ilust. Xulia Barros, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, col. Lagarto Pintado, a partir de 11 anos, 2006, 68 pp. (DL: C-727/06). ♦

Nova entrega desta colección editada pola Xunta de Galicia en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil que recolle os relatos seguintes:

- Xosé Manuel Martínez Oca, *As colonias escolares*, pp. 5-18.

Relato situado nun ambiente de posguerra no que para o rapaz protagonista o verán non é para nada a mellor época do ano, pois todos os amigos lle marchan de vacacións e busca novas amizades nos orfos que veñen coñecer o mar dende o interior durante uns días nunha colonia de verán. Espreita as súas actividades e mesmo se cola furtivamente no centro. Porén, a árbore que para el serve de vía de entrada, convértese en vía de escape para un dos rapaces internos.

- María Xosé Queizán, *A bela adormecida na devesa*, pp. 19-33.

Neste texto prodúcese o encontro misterioso entre a protagonista e unha bela adormecida que leva séculos esquecida. Acorda cando a moza lle bica a man e regálalle unha pluma luminosa. A moza resulta ser Rosalía de Castro e a bela adormecida, a Lingua Galega.

- Rosa Aneiros, *7-X*, pp. 35-49.

Focalízase a acción no recente atentado en Londres que causou medio cento de mortos, onde unha rapaza de dezoito anos, con ascendencia árabe e veciña dos supostos autores, declara sobre os seus movementos pola cidade cunha mochila na que levaba bocadillos.

-Jaureguizar, *O tiburón que aterrou*, pp. 51-68.

Relátase neste texto o sorprendente descubrimento que dúas rapazas fan sobre as actividades pasadas do seu avó como soldado alemán grazas ao descubrimento de parte dun informe nazi cando intentaban desvelar o misterio que agacha o lugar de Ribadeo coñecido como a Cruz do Alemán. Así coñecen a historia do avó, bastante diferente das versións do pai, un laretas e bebedor.

Esta narracións acompañanse dos debuxos en branco e negro (a excepción do da cuberta que se corresponde cunha ilustración a cor) de Xulia Barros, quen emprega como técnica a pintura. A ilustradora elabora uns debuxos nos que case sempre aparecen personaxes de tipo figurativo sobre fondo brancos e que acompañan a narración textual dos catro contos que aparecen no libro. Cada conto, acompañase de dous debuxos nos que Barros inventa os personaxes característicos da situación ou da acción específica que narra o texto.

Arca Caldas, Olimpio, *Gotiña e pingueira*, ilust. Ramiro Cimadevila Cea, Deputación de Pontevedra, Concellos de Cercedo e Forcarei: Técnicas&Gramaxe, [lectorado autónomo],

2006, 23pp. (ISBN: 84-96368-54-8).

Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) dedica este relato ao seu avó Ramón, “O meu contacontos”. Nel cóntase o namoramento de Nubecirrus e Ventosul, as súas aventuras ledas até que desaparece Nubecirrus e deixa como herdo a Pingueira e Gotiña que van cantando as súas aventuras e desventuras polas aldeas que percorre o río Lérez até o seu pasamento. Como se di no epílogo “o discorrer destas orixinais pingas, GOTIÑA e PINGUEIRA, cos seus intres de ledicia e felicidade, cos seus momentos de anguria e mágoa, coa súa ignorancia encol das circunstancias do seu pasamento, tenta ser paradigma do percorrido vital de persoeiros no planeta azul”. As ilustracións de Ramiro Cimadevila están realizadas coa técnica das ceras. Son pinturas que aproveitan as posibilidades de mestura desta técnica para crear distintas tonalidades verdes que reflicten a variedade cromática das paisaxes galegas. O estilo é expresivo con manchas que van describindo os contornos polos que viaxan as gotas de auga protagonistas. Na cuberta aparecen, xunto co título, as dúas gotiñas debuxadas. As imaxes do interior axúdanlle ao lectorado a contextualizar o percorrido que se relata no texto.

Baamonde, Eduardo, *Plexiflai non foi ao festival*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, col. Rañaceos, a partir de 8 anos, 2006, [48] pp. (ISBN: 84-403-0532-X).

Neste relato de Eduardo Baamonde (Vilalba-Lugo, 1962), con ilustracións ocupando todas as páxinas e pouco texto, cóntase a historia de Plexiflai que despois de moitos anos voando e navegando quere pasar a vida contemplando o mar da súa vila e gozando duns amigos especiais que son os seus artefactos e inventos. Para os inventos é axudado polos seus netos e os nenos da vila que lle dan distintos materiais, un amigo voador que lle trae pezas de motores, e dous Quincalláns que lles gustou o taller de Plexiflai e quixeron quedar no conto. Plexiflai é Friflai preparan lambetadas para os nenos e para os Quincalláns e fan xoguetes para todos. Un día que tiña que ir ao festival do colexio da súa neta, Plexiflai chega tarde e non a atopa. Moi triste volve ao colexio e encóntraa na baldosa onde a mestra a mandara sentar. A nena non o recibe ben pero cando se ergue no seu sitio aparecen unhas boliñas que ao tocalas Plexiflai convértense en desexos. As ilustracións do autor son de carácter figurativo e ocupan a totalidade das páxinas deixando un recadro para o texto. As figuras están traballadas cunha pintura densa sen grandes contrastes de cor. As composicións achegan numerosos detalles e formas do contorno que completan a información do relato.

Referencias varias:

- R. Barreiro, “Defendo a ultranza o dereito a usa-la fantasía”, *Diario de Arousa*, “Cambados local”, 7 maio 2006, p. 13.

Aproximación ao “amante do deseño gráfico e da pintura”, Eduardo Baamonde, quen, despois dos seus inicios, parece encontrar acougo no campo da literatura infantil e que, logo de ilustrar os contos de autores como Ramón Caride, deu o salto tamén á escritura. A seguir, recóllese unha entrevista con este profesor de debuxo do instituto de Vilalonga (Sanxenxo) dende o ano 1988, que vén de publicar *Plexiflai non foi ao festival*. Comenta que na súa obra anterior, *Tanta Miga*, quería advertir dos problemas de alimentación derivados da sociedade actual e que nesta súa última entrega chama a atención sobre a atención excesiva que se lle

presta ao materialismo, aínda que puntualiza que “non intento aleccionar ou deixar unha “moralina”, xa que un conto para nenos ten que ser iso, un conto”. Explica que *Plexiflai* é un himno á fantasía e que nel se reproduce a representación escultórica de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo, así como alude á presenza de Cambados nas ilustracións. Sinala que no seu achegamento á literatura infantil influíu a boa acollida das súas obras por parte dos membros máis novos da familia e refírese aos trazos que definen os seus debuxos, á súa participación nos certames de pintura rápida e á súa obra “Barcos de Tragove”. Por último, menciona os seus proxectos futuros e salienta a boa aceptación da súa obra por parte dos rapaces.

Barrios, Pepa, *Cando era tempo de inverno*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, [mocidade], 2006, 75 pp. (ISBN: 84-7824-488-3).

Conxunto de oito relatos realistas que Pepa Barrios dedica ás persoas, sobre todo ás mulleres, que sufriron calquera tipo de violencia, totalitarismos, vítimas da Guerra Civil, despois de caracterizar ás persoas sinistras e torpes da historia. Tamén os dedica aos seus fillos para que coñezan un tempo do país “en branco e negro”, a Xulio F. que a soportou na escrita, aos seus pais e á Tía Encarna polas historias contadas. A este elemento paratextual séguenlle uns versos de Rosalía de Castro, de Manuel María e de Manuel Rivas cheos de nostalxia. En “Conto primeiro: Pétalos Brancos” un narrador en primeira persoa, Xoán, lembra, mentres se dirixe ao enterro da súa curmá e mellor amiga Luci, episodios da súa vida dende que morreu súa nai; en “A rapaza da librería”, un narrador omnisciente achégase á vida de Sara e ao momento no que se trincou para sempre, cando o fillo do dono do bar da vila, Xuliano, a asasinou; en “Conto terceiro: Soneto V”, o narrador atópase con Estrela e lembra vivencias da infancia cando ela lle deu clase en quinto de baharelato e se namorou dela, motivo polo que pelexou cun compañeiro e foi castigado a recitar a Biblia ou pasaxes falanxistas todo os días diante do director do colexio, ademais de ter que ir a un campamento de verán no que debía aprender “disciplina”; en “Tíña moi ben pensado, que cho digo eu!” descóbrese a historia dun emigrante, Pepín O Cubano, ao que lle mudou a vida tras dun accidente no que perdeu a perna dereita, motivo polo que, preocupado por ser unha carga para a súa muller e fillas, decide matarse coa fin de que o seguro de vida que contratou garante unha boa posición para a súa familia; en “Chelito”, a protagonista é unha muller que despois dunha mocidade alegre e feliz coa súa parella, ao quedar viúva, casa cun franquista que lle impedirá facer todas aquelas cousas que lle gustaban até o punto de ingresala no manicomio, onde o narrador que conta a historia a coida; en “Conto sexto: A muda”, unha rapaza, interesada pola historia da que fora a súa veciña e que todos coñecían como “a muda”, acaba por desvelar o segredo da vida desta; no conto que lle dá título ao volume, “Cando era tempo de inverno”, unha rapaza recorda cómo eran os seus días xunto coa súa nai e os sentimentos que tiña naquel tempo; finalmente, en “Conto oitavo: A Taberna da Roxa”, Antón chega, xunto co seu tío, á taberna de Aurora e coñece por boca do seu familiar a orixe do nome da Taberna, así como que a Roxa era a gata de Ponciano, o pai de Aurora, que unha noite matou Daniel Rivera, un falanxista para o que a nai de Aurora servira cando moza e para o que, tras a morte de Ponciano, nai e filla tiveron novamente que servir. Case todos os relatos acompañanse de fragmentos de textos poéticos de autores como Xosé María Álvarez Blázquez, Manuel Curros Enríquez, Arcadio López Casanova e Garcilaso de la Vega, entre outros. O volume presenta na cuberta unha imaxe, xenerada por ordenador, que conxela un emprazamento urbano como calquer outro que un se pode atopar pola xeografía galega. O ilustrador recrea unha atmosfera triste, apagada, solitaria, sen vida, un espazo fragmentado en planos superpostos, que transmite a sensación de

frío, de humidade. As cores planas con gamas grises, verdes ou granates, aumentan a sinestesia invernal. Neste escenario, onde aparentemente non sucede nada, a estrutura da narrativa visual constrúese dende os pequenos detalles, por moi insignificantes que estes poidan parecer nunha primeira ollada. Así pois, o que colle o libro nas mans encóntrase con imperceptíbeis narracións como a torre dun edificio que aparece ao lonxe da imaxe, cun reloxo que marca unha hora ou un palco da música baleiro do que tan só ve un anaco do todo.

Recensións:

- Rodri García, “No inverno da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 186, “Letras en Galego”, 11 novembro 2006, p. 11.

Faise unha breve recensión literaria sobre a publicación do volume de contos *Cando era tempo de inverno*, de Pepa Barrios. Saliéntase a crueza das historias relatadas e o eixe feminino destas.

- Dorinda Castro Soliño, “Aliviar as cicatrices”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 188, “Libros”, 14 decembro 2006, p. IV.

En primeiro lugar, fai mención ao título da obra, que identifica cun verso rosaliano. A continuación, pasa a comentar a estrutura do libro e máis de cada un dos contos que o compoñen. Ademais de falar do argumento, sinala as citacións de autoras e autores da literatura galega que aparecen. Salienta a intención da autora de homenaxear as mulleres que sofren algún tipo de violencia polo feito de seren mulleres. Por último, considera que é un libro de lectura amena no que están presentes autoras e autores da literatura galega que escribiron sobre a dor, a infancia e a guerra.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 181, “Andel de novidades”, 26 outubro 2006, p. VII.

Breve comentario das obras *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro, *Cando era tempo de inverno*, de Pepa Barrios, e *A gata con botas* (2005), de Ánxeles Cuña Bóveda. Ademais de presentar o argumento das obras, refírese á intención argumental do autor e á mensaxe que intenta transmitir *dz ou o libro do esperma*; á temática do devalar do tempo e á estrutura dos relatos en *Cando era tempo de inverno*, ou a cuestións referidas á obra en si e á implicación da autora co teatro n’*A gata con botas*.

- Jaureguizar, “Pepa Barrios denuncia con relatos a violencia de xénero durante os 60”, *El Progreso*, “Cultura”, 28 outubro 2006, p. 113.

Dáse conta do acto de presentación na librería “Trama” de Lugo do volume de contos *Cando era tempo de inverno* pola súa autora Pepa Barrios, arroupada pola da directora literaria Ánxela Gracián e o catedrático Luís Girardo. Recóllense as súas palabras de denuncia sobre

os feitos de violencia de xénero acontecidos en certos núcleos rurais galegos e sobre a contextualización da obra.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 187, “Andel de novidades”, 7 decembro 2006, p. VII.

Análise das obras *A poesía de María Mariño* (1994), de Victoria Sanjurjo (ed.); *O diario vermello de Flanagan*, de Andreu Martín e Jaume Ribera, e *Cando era tampo de inverno*, de Pepa Barrios. Ofrece unha información sucinta respecto de diferentes cuestións relacionadas coas obras (temática, simboloxía, personaxes) e os seus autores.

Ben, Luís, *Atopan un can* (ISBN: 84-7824-484-0)/*Unha tarde no cine* (ISBN: 84-7824-485-9)/*Van de merenda* (ISBN: 84-7824-486-7)/*Van á granxa* (ISBN: 84-7824-503-0)/*Revolta na biblioteca* (ISBN: 84-7824-504-9)/*Van de excursión* (ISBN: 84-7824-505-7), ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Uxía e os pillabáns, n.ºs 1-6, [prelectorado], 2006, [20] pp.

Serie literaria protagonizada por Uxía e un grupo de rapaces e rapazas. Nos cinco volumes de Luís Ben (Santiago de Compostela), preséntanse aos personaxes nas capas e danse as súas características. En cada volume, cóntanse diferentes aventuras do grupo na vida cotiá e sempre poñendo de referencia algún valor positivo da sociedade do momento. No primeiro, *Atopan un can*, Uxía vai ao parque xogar co seu amigo Fito, quen atopou un can. Uxía e Fito fan dous novos amigos mentres buscan por todo o parque ao dono do animal, até que por fin o atopan. O dono mércalles unhas lambetadas para agradecerlles o que fixeron. N’*Unha tarde no cine*, os catro amigos van ver unha película do superheroe Perucho. Pásano en grande e fan tanto balbordo que mesmo son reprendidos polo acomodador. A Fito étranlle gañas de ir ao baño e ao rematar a película, os seus amigos case se esquecen del. Ao día seguinte todos queren ser superhéroes. En *Van de merenda*, Uxía e os seus amigos saen de merenda ao campo. Unha vez escollido o lugar comezan a comer, aínda que teñen que ter coidado cun esquiño que lles quere coller os bocadillos. Ao rematar a merenda poñen música e pásano en grande até que lles comeza a chover. Entón recollen todos xuntos o lixo e marchan para as súas casas. No volume titulado *Van á granxa*, cóntanse as aventuras do grupo un día que pasan na granxa do avó de Uxía onde fan as diferentes tarefas que se adoitan realizar nestes lugares (debullan millo, collen ovos, apañan piñas...). No quinto volume, *Revolta na biblioteca*, este grupo de rapaces ao tempo que van devolver libros á biblioteca vense metidos nun lío provocado por un hámster que leva unha amiga. Finalmente, en *Van de excursión*, os Pillabáns van á praia cun tío de Noa, pásanno moi ben e mesmo dan un paseo nunha dorna e visitan unha batea. Cada volume vai acompañado de ilustracións figurativas do propio autor, moi coloristas e dun estilo infantil que axudan a comprender a historia e seguir o relato polas imaxes dos protagonistas. As formas están construídas cunha liña negra e cores planas.

Referencias varias:

- MARÉ, “No pelexo dos nenos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 abril 2006, p. 36.

Fai referencia á apertura da I Feira do Libro en Compostela, na véspera da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, e coméntase que nela se presentou a colección de Sotelo Blanco “Uxía e os pillabáns”. Dáse conta de cómo xurdiu esta colección, indícase o lectorado ao que vai dirixido, falase do seu contido e explícase o proceso creativo do seu autor Luís Ben. Tamén se recollen as palabras do ilustrador a respecto do seu labor, dise cál é a súa opinión sobre o panorama da literatura infantil e xuvenil galega e sobre a celebración da I Feira do Libro Galego en Compostela. Finalmente, anúnciase a realización dun obradoiro infantil a cargo de Luís Ben e Rodrigo Chao. En recadro á parte, “Con contacontos e ludoteca”, anúnciase outras actividades e actos que se van realizar ou xa se realizaron nesta I Feira do Libro.

- MARÉ, “Un Nadal de conto”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 27.

Anuncia a presentación da colección “Uxía e os pillabáns”, dirixida por Carme Hermida e asinada por Luís Ben, quen, por primeira vez, asume a responsabilidade do texto e das ilustracións. Comenta que esta colección de seis volumes sae á rúa co obxectivo de fomentar os hábitos de lectura entre os máis pequenos e que vai ser distribuída polo xornal *Galicia Hoxe*, en colaboración coa editorial Sotelo Blanco. Achega as datas de entrega e tamén os títulos da colección, que se inicia con *Uxía e os Pillabáns. Atopan un can*, ao que lle seguirán *Unha tarde no cine*, *Van de merenda*, *Van de excursión*, *Revolta na biblioteca* e *Van á granxa*. Tamén indica que os tres primeiros títulos citados xa estaban publicados pola editorial Sotelo Blanco e que agora se reeditan para esta campaña de fomento da lectura. Sinala que estas breves historias están dirixidas a un lectorado de seis ou oito anos e que nelas o autor mesturou unha boa dose de humor e aventura, ademais de basearse na súa propia infancia.

- MARÉ, “Temos moito que contar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 decembro 2006, p. 33.

Faise eco da presentación da colección “Uxía e os pillabáns”, dirixida por Carme Hermida, e dise que sae á rúa grazas ao traballo de colaboración establecido entre o xornal *Galicia Hoxe* e a editorial Sotelo Blanco. Explica que a colección está composta de seis volumes que acollen as aventuras de Uxía, Noa, Fito e Pipo, ilustradas por Luís Ben. Tamén reproduce as declaracións sobre o compromiso da educación coa lingua galega dalgunha das persoas asistentes ao acto, entre as que se atopaban a Conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, a Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López, o Director da Editorial Sotelo Blanco, Olegario Sotelo, o Director de *Galicia Hoxe*, Caetano Díaz, ou o Presidente do Consello de Editorial Compostela, Antonio Castro.

Blanco, Concha, *Tita*, ilust. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 8 anos, 2006, 79 pp. (ISBN: 84-403-0518-4).

Neste relato de Concha Blanco (Cee, 1950) cóntase o desgusto de Fina, que quere moito á súa tía Sofía, cando cre que morreu ao ver que non aparece pola casa. Para a súa sorpresa a Tita non está morta, senón que está nun asilo e ten mozo. De todas formas Fina segue triste por non ter á tía na casa pois botáa moito de menos. Despois de varias semanas, a Tita casa cun home que coñeceu no asilo e van vivir ao piso que quedaba enriba do de Fina e esta queda moi contenta. As ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974) son de estilo figurativo e cunha

grande expresividade nos xestos dos personaxes; as faccións dos protagonistas describen con detemento os ollos. A técnica empregada é a pintura aplicada cunha gran riqueza de tonalidades nas que destacan os contrastes entre violetas, verdes e amarelos. A liña curva predomina, creando unhas composicións dinámicas que xogan con planos de vista moi variados.

Recensións:

- Paula Fernández, “Con Tita”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 179, “Infantil/Xuvenil”, 5 outubro 2006, p. VII.

Comeza sinalando que a relación dos nenos cos anciáns é algún dos temas tratados por Concha Blanco en *Tita*, obra que presenta a historia dunha rapaza chamada Fina e a dun familiar que é levado ao asilo. Desenvolve o argumento desta obra e puntualiza que detrás da súa sinxeleza e dozura se agochan problemas e situacións, que se dan con frecuencia nas familias polo feito de ter un maior na casa. Tamén sinala que todos eses problemas son relatados por Fina, polo que o modo de contalos e presentalos vai ser “inocente, cheo desa frescura, dozura e inxenuidade que só se pode ter na infancia porque aínda non temos a mente deturpada (...) e permite que sexan os rapaces os que ven con total claridade e, por asombroso que pareza, cousas que para outros pasarían desapercibidos”.

Referencias varias:

- M, Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 149, “Andel de novidades”, 19 xaneiro 2006, p. VII.

Breve referencia ás obras *Pomerania, meu amor* (2005), de Heidi Kühn-Bode; *Cantos de Maldoror* (2005), do Conde de Lautréamont; e ás obras infantís *O dragón voador* (2005), de Anxo Fariña, e *Tita* (2006), de Concha Blanco. Salienta trazos significativos de cada unha delas.

Caamaño, Adolfo, *O paxaro do mel*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 90, [mocidade], febreiro 2006, 336 pp. (ISBN: 84-9782-411-3).

Adolfo Caamaño (Barro, Pontevedra, 1959), nesta novela de aventuras e fantástica, conta por medio dun narrador en terceira persoa, a historia de tres rapaces dous irmáns, Kassai e Yaíza, da aldea de Nogara, que pertencen á tribo dos danákil, e Mario, o seu amigo italiano que chegou ás terras de Absinia en África acompañando ao seu pai, Cornelio, un explorador do exército. Os tres rapaces emprenden unha fantástica aventura para salvar á tribo que foi atrapada por Harris e os seus homes que fixeron escravos a varios dos habitantes, entre os que está a nai de Yaíza e Kassai. Pasan moitas penurias, conseguen salvarlos do ataque e deciden seguios até que o pai de Mario regrese da exploración ou o de Kassai e Yaíza cos cazadores. Despois de intentar detelos por un tempo sen éxito e verse descubertos, aínda que non atrapados, internaranse na selva prohibida. Alí atopan antigas ruínas con figuras de seres fantásticos e símbolos relixiosos como a árbore da vida, que os irmáns coñecían polas historias da súa avoa. A penas sen comida e moi cansos, deciden regresar á aldea guiados por

un ser máxico, o paxaro do mel. Tras atopar os seus pais e os guerreiros da aldea conseguen liberar o pobo. Mario, enamorado de Yaíza, decide quedar cos seus amigos cando seu pai ten que marchar a loitar na guerra. A ilustración da cuberta está resolta cun gravado de época, iluminado con acuarela. A imaxe que presenta achega ao lectorado a unha época colonial onde o continente africano aínda era descoñecido para o mundo europeo. A cuberta invita ao lectorado a un mundo de aventuras e descubrimentos.

Recensións:

- Héitor Mera, “Mitoloxía etíope”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 159, “Libros”, 6 abril 2006, p. IV.

Comeza definindo a literatura xuvenil como unha literatura realista, reflectindo as problemáticas do mundo adolescente, matizando que a literatura fantástica en galego Titã refire principalmente a obras clásicas traducidas. A seguir, contextualiza a obra de Adolfo Caamaño *O paxaro do mel*. Destaca a presenza da mitoloxía e crenzas de tribos etíopes na África do século XIX, en pleno proceso colonial. Logo de ofrecer un breve resumo da trama da obra, céntrase na análise dos personaxes occidentais, os escravistas e os investigadores e exploradores, para rematar referíndose á “correcta exposición formal” do texto e a un contido ameno e didáctico.

- Xosé M. Eyré, “Aventura en África”, *A Nosa Terra*, n.º 1.219, “Cultura”, 20-26 abril 2006, p. 26.

Análise da obra de Adolfo Caamaño *O paxaro do mel*. Comeza referíndose á cantidade de autores galegos que sitúan as súas tramas en África no século XIX, en tempos do escravismo, para a continuación ofrecer aqueles trazos máis destacábeis dos protagonistas como a sensibilidade, intelixencia e valor. A continuación, ofrécese un resumo das aventuras que estes protagonistas viven, enfatizando a cultura de transmisión oral, que serve para pór en contacto dúas civilizacións, a europea e a africana, diferentes pero que comparten moitas cousas. Logo manifesta que a obra é apta para todos os públicos. Remata cunha referencia aos recursos empregados polo autor, como manter o interese, a inocencia narrativa ou o idealismo, sorprendente na literatura para mozos, e critica que, como consecuencia disto, os personaxes son planos e os diálogos supérfluos moitas veces e os derradeiros capítulos un tanto forzados.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 154, “Andel de novidades”, 23 febreiro 2006, p. VII.

Achega breve ás obras *Respirar polo idioma: os galegos en Julio Cortázar*, de Francisco X. Fernández Naval; *O paxaro do mel*, de Adolfo Caamaño; *Poetízate* (2005), de Fran Alonso, e *Antón e Pampón: nenos do mundo* (2005), de Anxo Fariña. Atende a cuestións, tanto de contido como formais, de cada unha das obras e ofrece comentarios valorativos mínimos delas.

- C.M., “Adolfo Caamaño presenta hoxe a súa novela ‘O paxaro de mel’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 5 abril 2006, p. 84.

Dá noticia da presentación no Teatro Principal d’*O paxaro de mel*, do autor de Barro Adolfo Caamaño. Anuncia as intervencións do Director Xeral de Difusión Cultural, Luís Bará, e do editor, Manuel Bragado. Logo de salientar o cambio de rexistro que é a novela para o autor, ofrece unhas breves pinceladas sobre o libro, complementadas coa reprodución textual das verbas do autor. Así, refírese ao carácter de homenaxe cos exploradores do XIX que supón a novela, ao seu carácter mítico e simbólico e ao formato de aventuras da obra.

- Belén López, “Paxaros, na cabeza de Caamaño”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 6 abril 2006, p. 75.

Faise eco da presentación da obra do escritor pontevedrés Adolfo Caamaño *O paxaro do mel* no Teatro Principal. Comenta que o acto estivo organizado polo Ateneo de Pontevedra e apadrinado polo editor Manuel Bragado e o director xeral de creación cultural Luís Bará. Reproduce verbas do autor e as palabras de loa que para el tiveron Bragado e Bará. Mentres que Bragado salientou a esmerada ambientación e a elegante e ben coidada prosa, Bará destacou a capacidade da prosa para enganchar ao lector a través do manexo da narrativa e capacidade fabuladora, ademais da achega á literatura infantil e xuvenil galega.

Calveiro, Marcos S., *Sari, soñador de mares*, Pontevedra: Tambre, col. Catavento, n.º 15, [lectorado mozo], 2006, 85 pp. (ISBN: 84-88681-49-6).

Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) estréase na narrativa xuvenil con este relato debedor do universo de Álvaro Cunqueiro, como queda ben patente na cita que abre o volume. Nel, cunha linguaxe rica, conta recorrendo á analepse, os anos que Sari pasou a carón de Simbad facéndolle os mandados ao vello mariñeiro, así como todas as ensinanzas que del recibiu antes de que marchase un día sen avisar. A súa nai, Fátima, puxéao ao servizo do mariño ao pouco de chegar na procura de acougo e descanso para que o rapaz gañase algún diñeiro. Sari, traste e argalleiro, rexeita o traballo pero ante a ameaza de que súa nai o venda como escravo, acepta e comeza así a coñecer o seu novo amo, as súas fermosas historias e as aventuras que viviu nos mares de todo o mundo, como o ataque da lura xigante, da que garda as marcas no peito e nas súas costas; cómo conseguiu a pluma azul que leva no seu turbante máis querido; ou cómo as fortes choivas do monzón o salvaron dunha morte segura na costa de Malabar. O día que Simbad marchou, Sari atopou todas as súas cousas no lugar que lles correspondía e tamén os nove baúis que o rapaz imaxinaba cheos de prodixiosos tesouros, todo agás os seus anteollos e as cartas mariñas. As xentes da aldea comezan daquela a inxuriar o vello que Sari se empeña en defender da sona de mentirán e de mal pagador. O rapaz ten que facer fronte ás preguntas do alguacil e descobre a existencia dos vellos baúis na presenza dos acredores, mais ao abrilos só atopan area. Sari recibe entón un estoxo que Simbad deixara co seu nome escrito que contén unhas codias secas de laranxa. Tras varias lúas cheas, Sari só atopa acougo ao seu desazo na vella librería de Ismael, o xudeo amigo de seu amo, quen ao velo tan triste aconséllalle que busque o seu futuro e entrégalle un pergamiño co mapa dunhas

illas sen nome nin rumbo que as identificase, tan só cunha frase escrita da man de Simbad: “Os mares que soñes, navegarás”. Interpretando as mensaxes de seu amo, Sari decide partir a bordo da súa vella dorna *Preciosa* na busca das misteriosas illas Cotovías. A ilustración da cuberta desta obra é unha fotografía de detalle na que se presenta un anaco dun mástil e unha vela dun barco rústico. A ilustración evoca a aventura e a liberdade e introduce ao lectorado nun mundo de mar e vento onde acontece a narración.

Recensións:

- Sandra Faginas, “Navegar na maxia da palabra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 159, “Letras en galego”, 6 maio 2006, p. 13.

Fálase da primeira novela de Marcos S. Calveiro, *Sari, soñador de mares*, como continuación de *Se o vello Sinbad volvese ás illas* cunqueirán. Dise que son trece capítulos breves que poden lerse independentemente e cuxo protagonista é Sari, o rapaz que acompañaba a Sinbad. Resáltanse as interconexións entre unha e outra obra, o acerto de proseguir cun rexistro oral, a estrutura de contos e a prosa rítmica do autor.

- María Jesús Fernández, “Sari, soñador de mares”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194, “Libros/Novedades”, xuño 2006, p. 69.

Comeza facendo referencia ao mar como espazo de aventuras e tamén como metáfora de camiño para unha viaxe iniciática e a que é a primeira achega do autor á literatura infantil e xuvenil. Despois conta o argumento da obra na que o protagonista vai ser guiado por Simbad, o Marino, e por outros guiadores, até que Simbad desaparece e deixa unha misteriosa mensaxe que Sari segue. Cualifica a obra de “bello libro de cuidado y poético lenguaje”, e salienta que nel conflúen varias tradicións literarias, dende os clásicos contos orientais nos que Simbad é o aventureiro por excelencia até Alvaro Cunqueiro.

- María Navarro, “Soñando mares”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 179, “Infantil/Xuvenil”, 5 outubro 2006, p. VII.

Refírese aos elementos que integran a trama argumental de *Sari, soñador de mares*, que podería situarse ao abeiro de calquera porto con tradición mariñeira. Considera que entre “mandados e charlas, entre aventuras e desventuras, entre consellos e advertencias” transcorren as páxinas deste libro de Marcos S. Calveiro que “ben sexa pola capacidade de fabulación dos seus personaxes, pola exquisitez na escolla do vocabulario ou pola coidada expresión empregada (...) é capaz de transportar ao lector a mundos maravillosos, reais ou imaxinarios, que se sustentan (...) en nobres valores, desbaratados aos ollos da maioría da xente, pero permanentes para o mozo, que se agarra ao bo que a vida lle deparou xunta o vello sabio”.

Carballeira, Paula, *Smara*, ilust. Carole Hénaff, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado mozo], 2006, 59 pp. (ISBN: 84-8464-549-5).

Novo libro de Paula Carballeira (Fene, 1972), de carácter fantástico-realista, no que a autora volve ás orixes da tradición oral por medio de tres compoñentes clave da mesma: a figura do neno, o personaxe do vello, neste caso a avoa Ugago, e unhas fermosas historias de tempos pasados que se presentan como elementos mediadores e de entendemento entre ambas as xeracións, ao mesmo tempo que introducen o fantástico na narración. Esta sitúase nun momento puntual no tempo, a última noite que o neno pasa coa avoa Ugago, sabedora da súa inmediata morte. O protagonista, agora un home, recorda en primería persoa aquela viaxe a Smara, unha cidade do Sahara occidental, e as antigas historias que ao longo da noite lle vai contando a anciá sobre un mundo para el remoto e descoñecido, cheo de misterios e segredos. É a través da palabra, dos afectos, dos sentimentos e das emocións que o protagonista comeza a configurar, dende aquel intre, un camiño cara a presente madurez persoal e cara o entendemento do diferente, simbolizado na transmisión oral de lendas, mitos e costumes dun pobo alleo a un mesmo. A obra comeza baixando do avión, chegando a Smara por primeira vez, e remata subindo ao avión que o alonxará de Smara para sempre, de volta á casa, despois da morte da avoa Ugago, pero cargado co seu legado, o seu tesouro máis preciado, as historias que definen a identidade do pobo. As ilustracións de Carole Hénaff complementan e enriquecen a narración textual que se vai construíndo mentalmente ao longo das páxinas deste pequeno libro, que ao collelo nas mans transmite sensacións coñecidas que falan de algo agradábel, cálido, próximo. Veñen dadas tamén pola textura do volume, unha superficie doce, satinada, que acena cara a terras descoñecidas, secas, desérticas, con palmeiras, con xente diferente, cheas de cor. O ambiente que transmite sorprende dende a contracuberta pola riqueza de cores e formas, que funciona coma unha ventá aberta, na que se mostra o contorno no que se desenvolve a narración. Son ilustracións realistas, moi esquemáticas e de trazos moi sinxelos que evidencian as características arquitectónicas do lugar, as cores propias do mesmo (laranxas, terras, ocres, brancos macilentos, verdes secos, sienas), así como as xentes que habitan neses pobos. Todo se consegue por medio de formas moi simples, con cores planas sen pretensión volumétrica e xogando con obxectos e deseños que falan do pobo saharauí. Preséntanse en diferentes tamaños e están traballadas con *gouache* buscando a corporeidade, aínda que nalgúns ocasións trabállase coa textura, xogando con fretados nos que se pode entrever o fondo. É de salientar a composición das imaxes polo achegamento á cultura do tapiz ou das alfombras, composicións fragmentadas en cadros con motivos diferentes.

Recensións:

- CLIJ, “Smara”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194, “Libros/Novedades”, xuño 2006, p. 65.

Primeiramente coméntase que é esta obra unha sentida homenaxe da autora ás terras saharauís na que se presentan moitas historias onde se esconde o feitizo do deserto e das súas lendas. Descríbese o argumento. Saliéntase a forma moi dialogada, que se trata de relatos que manteñen a súa cadencia oral, que destilan tristura, humor, cun punto surrealista e misterioso, sensación que tamén transmiten as ilustracións feitas a base das cores do deserto, os motivos culturais mesturados con elementos gráficos da arte moderna.

- Rodri García, “Maxia e melancolía no Sahara”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 172, “Letras en Galego”, 5 agosto 2006, p. 12.

Reseña do novo traballo de Paula Carballeira (Fene, 1972), *Smara*, publicada pola editorial Kalandraka. Comeza cunha cita do libro para amosar ao lectorado de seguido o argumento da obra, ambientada no deserto do Sahara, e os principais elementos que artellan a estrutura da mesma: un feixe de historias lendarias, a vella Ugago, o neno. A través de citas do libro, céntrase na figura da anciá e na significación metafórica das lendas. A continuación, fai unha serie de observacións sobre as ilustracións, de Carole Hénaff, salientando as colaxes sobre madeira, así como sobre o lirismo e melancolía presentes no texto. Despide o comentario, reiterándose nos logros do libro, que axuda ao achegamento a outras culturas a través de contos e lendas moi da tradición oral, tamén presente nos vellos contos das lareiras galegas. Remata anunciando o día, lugar e hora da presentación do libro por parte da autora.

Referencias varias:

- María Vázquez, “Impresionan os campos saharauís”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Escapada”, 10 marzo 2006, p. 10.

Entrevista a Paula Carballeira na que fala sobre as súas viaxes, das cales comenta que son para ela unha fonte de inspiración para crear contos. Indica que os lugares que máis a impresionaron foron os campos saharauís e as paisaxes de Río de Xaneiro. Entre os países que lle gustaría visitar, salienta Xapón.

- M.J.R., “Paula Carballeira publica un libro de poemas e outro de relatos sobre o Sáhara”, *Diario de Ferrol*, “Cultura|Gente|Servicios”, 27 abril 2006, p. 18.

Anúnciase a publicación de *Smara*, de Paula Carballeira, un libro que reúne contos da tradición oral e saharauí así como outros xurdidos da invención da autora a raíz da súa viaxe aos campamentos de Tinduf. Destácase ademais a publicación do volume *Contatrás*, unha aposta pola poesía para nenos. Remata referíndose a xira que a escritora está a realizar coa obra *A cabana de Babaigá*, do CDG (Centro Dramático Galego), que ela protagoniza e dirixe.

- M.B., “Paula Carballeira. Debemos achegarnos con humildade a outras culturas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.224, “Fin de semana”, 25-31 maio 2006, p. 34.

Entrevista a Paula Carballeira co gallo da publicación do seu novo libro, *Smara*. Comeza falando sobre a orixe do libro, unha viaxe que fixo polo Sahara convidada pola Asociación Chantadita de Solidariedade co Sahara. De seguido, céntrase no interese que o libro pode ter no público ao mesmo tempo que fai unha pequena análise dos principais elementos da obra. Remata referíndose ao porqué do título do libro, como algo simbólico, así como ao feito de que aínda que dirixido a un público infantil, o pode ler calquera.

- A.S., “Un viaje literario al Sáhara”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 2 xullo 2006, p. 51.

Aproximación ao contido do novo libro de Paula Carballeira, ilustrado por Carole Hénaff e publicado pola editorial Kalandraka. Despois de informar da presentación do mesmo no marco da XXXII Feira do Libro en Vigo, ofrécese un breve argumento da obra que xorde despois dunha viaxe da autora polos campamentos de refuxiados saharauís de Tinduf (Arxelia) e que pretende transmitir o respecto por outras culturas. Remata referíndose ás

palabras da autora sobre esta experiencia, que cualifica de fascinante e sorprendente, ao mesmo tempo que triste e dura.

- MARÉ, “Paula Carballeira na Feira da Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 agosto 2006, p. 37.

Dise que a obra *Smara*, de Paula Carballeira, ambientada no deserto do Sáhara foi presentada esta semana na Feira do Libro da Coruña.

Carreira, Ana, *O vixilante dos soños*, ilust. Noemí López, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, 2006, 34 pp. (ISBN: 978-84-8288-956-6).

Ana Carreira, nome literario de Ana María Carreira Varela (Lugo), dedica este álbum á súa sobriña Cristina “por preguntar”, dedicatoria que acena cara ao paso do prelectorado ao lectorado autónomo. Na narración cóntase a historia de Sonolicus, quen dende bebé durmía pegadiño á fiestra para ver a Lúa, o gusto que sentía cando llegaba a noite e podía vela, cómo xogaba sempre a conservar as pegadas que a Lúa deixaba na terra e, sobre todo, qué facía para cando a vía, as reflexións e as solicitudes que lle facía, até que se converteu no vixilante dos soños. Esta narración complementase coas ilustracións, de estilo figurativo e de grande expresividade nos xestos e nas posicións que adoptan os protagonistas, de Noemí López (Xixón, 1974). Con elas pódese seguir o curso da narración textual. A liña curva que presentan crea unhas composicións dinámicas, cuns escorzos e uns cambios de planos que achegan un ritmo acelerado á narración. A técnica empregada é a pintura aplicada cunha gran riqueza de matices cálidos en tons escuros (amarelos, ocre, tostados, verdosos, etc.), que sitúan ao lectorado nas tonalidades propias da noite na que transcorren todas as escenas deste conto. As ilustracións, que ocupan toda a páxina, correspóndense con situacións significativas da narración.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber como se fai a televisión* (ISBN: 84-8341-071-0)/*Os Bolechas queren saber como se fai o cinema* (ISBN: 84-8341-070-2)/*Os Bolechas queren saber como se fan debuxos animados* (ISBN: 84-8341-073-7)/*Os bolechas queren saber como se cría un xato* (ISBN: 978-84-8341-135-5), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas queren saber, n.ºs 14-17, [lectorado autónomo], 2006, 29 pp.

Nesta colección de álbums de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) os irmáns Bolechas coñecen o funcionamento, principalmente, de diferentes medios audiovisuais. N’*Os Bolechas queren saber como se fai a televisión*, a partir dunha visita ao medio e ás formas de compoñer distintos programas, coñecen cómo é o mundo da TV. N’*Os Bolechas queren saber como se fai o cinema* descubren este medio a partir do filme no que Pili e Sonia participan. No volume centrado nos debuxos animados, despois dunha revisión deste xénero, Braulio organiza unha tira de debuxos que logo completa o grupo de irmáns. Fianlmente, n’*Os bolechas queren saber como se cría un xato*, os irmáns Bolechas trasládanse á aldea dunha curmá para seguir o desenvolvemento da granxa e cómo as vacas traen ao mundo as súas crías. É esta unha serie das máis educativas do autor, pois non só explican o tema, con palabras sinxelas, senón que dá consellos, relaciona conceptos e fanse breves resumos para lembrar. Os relatos van apoiados por ilustracións coloristas e figurativas de marcado carácter infantil do propio autor,

cun estilo próximo aos debuxos animados. Por medio das imaxes amplíase a información do texto con esquemas, gráficos, etc.

Referencias varias:

- M.B., “Os Bolechas aprenden a facer películas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.235, “Fin de semana”, 14-20 setembro 2006, p. 32.

Apúntase que os personaxes ideados por Pepe Carreiro para a serie “Os Bolechas” aprenderán no curso 2006-2007 como se fai cinema, televisión e debuxos animados, unha iniciativa programada dende o proxecto “Audiovisual nas aulas”, que desenvolve o Consorcio Audiovisual de Galicia por cuarto ano consecutivo, dirixida a alumnos de educación infantil. Saliéntase que hai arredor de oitenta centros adscritos e que neles se empregarán como materiais didácticos *Os Bolechas queren saber como se fai o cinema*, *Os Bolechas queren saber como se fai a televisión* e *Os Bolechas queren saber como se fan os debuxos animados*.

Carreiro, Pepe, *Por Monforte en locomotora* (ISBN: 84-8341-58-3)/*Unha noite en Compostela* (ISBN: 84-8341-041-9-X)/*A princesa de Ribadavia* (ISBN: 84-8341-041-9-X)/*Volta a Muros en carrilana* (ISBN: 84-8341-020-2)/*A Fraga de Cambre* (ISBN: 84-8341-129-6)/*A Reconquista de Vigo* (ISBN: 84-8341-046-X)/*Polo río Lérez vai un peixiño* (ISBN: 84-8341-040-0)/*Miss Cangas* (ISBN: 84-8341-063-X), ilustr. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas van de viaxe, [prelectorado], 2006, 27 pp.

Nesta serie narrativa escrita e ilustrada por Pepe Carreiro (Vigo, 1954) que recolle a colección "Os Bolechas van de viaxe", contáanse as aventuras destes personaxes en distintas cidades e localidades galegas. Así, en *Por Monforte en locomotora*, cóntanse as súas aventuras dende que se hospedan na casa do seu amigo Xosé, unha familia de ferroviarios. Tamén a viaxe que realizan polo pobo nunha locomotora en compañía do bisavó, que queda dormido e que non é quen de guiar a locomotora. Son salvados polo avó grazas a que foi avisado polo can Chispa. N' *Unha noite en Compostela* os irmáns Bolechas visitan a Delmiro e cando están co amigo aparece Celia e pídelles que lle coiden do seu gato Félix. Os Bolechas aproveitan a noite para ver no telescopio a cidade, pero observan con sorpresa que o gato se atopa en Fonseca. Os Bolechas e Delmiro deciden ir buscalo e así visitan lugares como o Pazo de Bendaña, o Hostal dos Reis Católicos, o Concello, a Torre do Reloxo e a campá de Berenguela, onde atopan ao que bule cara San Martiño Pinario para xuntarse con outros gatos. Agora a situación cambia xa que os Bolechas son os perseguidos por Félix e os seus amigos pola praza de Cervantes e a Rúa do Vilar até que se esconden no Pórtico da Gloria na Catedral. Os Bolechas non dan conseguido coller a Félix pero, finalmente, saen airosos da situación dado que Celia cando vai buscar o gato explícalles que Félix, aos sábados, vai durmir cos seus amigos nos tellados. N' *A princesa de Ribadavia*, os Bolechas acoden a unha festa medieval en Ribadavia na que coinciden coa súa amiga Urraca, que vai ser nomeada princesa da festa. Urraca fai que os rapaces participen canda ela, sendo algúns cabaleiros, damas... Os irmáns Bolechas acompañan a súa amiga para ser nomeada antes das doce princesas, pero un pequeno percance cos xigantes e cabezudos fai que Urraca perda un zapato. Os irmáns Bolechas empezan así unha aventura na cal buscan por todo Ribadavia o zapato; o tempo corre na súa contra, pero de todos os xeitos resollen o problema, ao xeito da Borrallenta, e Urraca chega á festa na que

é nomeada princesa de Ribadavia e Carlos, o seu salvador, príncipe. En *Volta a muros en carrilana* cóntase as aventuras dos Bolechas en Muros cando participan nun concurso de carrilanas que dura todo o día e toda a noite. Todos os participantes realizan a súa carrilana e encamiñanse na aventura de ir polas rúas de Muros, mais axiña se decatan de que un dos participantes é moito máis rápido ca todos os demais, debido ás trampas que realizou, pois a súa carrilana posúe motor e outras sorpresas mais. Este corredor consegue gañar a carreira e os Bolechas láméntanse por non poder facer nada, pois é moi inxusto que o tramposo gañe. Cando se entrega o premio descóbrese que o neno que realizara todas as trampas é un adolescente e non pode participar no concurso, polo que decontado é descalificado da carreira. N' *A fraga de Cambre* os Bolechas van pasar un día co seu amigo Antón e con el ven a fraga de Cambre e tamén as ruínas romanas, o museo e a ponte. Contanse as aventuras nas que se ven metidos polos moitos animais que aparecen en diferentes lugares que proveñen da fraga. N' *A Reconquista de Vigo*, neste caso os Bolechas visitan Vigo para acudir, vestidos de época, á festa da Reconquista. acompañados da súa avoa Carme e de Chispa. No transcurso da festa Carme aproveita para contarlles aos netos a historia dunha antepasada que participou na reconquista da cidade que fora tomada polos franceses (1809). En *Polo río Lérez vai un peixiño*, cóntanse as aventuras e as fedelladas do grupo unha tarde que pasean polo río Lérez, na localidade de Pontevedra. Alí os Bolechas e unha rapaciña chamada Xiana cometen a imprudencia de se achegaren ao río levando con eles un acuario no que se atopaba o peixiño Glú Glú, que se lles escapa polo río. Logo cóntanse todas as aventuras e desventuras dos irmáns para salvar o peixe que ao final se mete na camisa dun deles. Finalmente, en *Miss Cangas*, cóntase unha das aventuras dos Bolechas en Cangas, onde van pasar unhas vacacións coa súa amiga Caetana e a amiga desta, Patri. Patri ensínalles á súa cadela Luca, que foi elixida Miss Cangas por ser a máis fermosa da vila, e infórmaos da presentación ao día seguinte no concurso de Miss Mundo, que se celebrará en Londres, a onde se trasladará en barco coa súa nai. Mentres isto sucede, ensínalles o posta en forma que está. Chegado o día clave, despídese dos Bolechas e de Caetana, pero ao embarcar esquecese de levar a maleta de Luca. Os Bolechas danse conta e deciden pedirlle axuda ao tío de Patri. Ao final logran que a cadela embarque sa e salva cara o seu destino. As ilustracións destes libros teñen dúas partes diferenciadas: unha, o relato en si, e a outra, as ilustracións, en pequeno, cun pé que informa do lugar real no que está baseado o debuxo. Ademais, nas dúas gardas dos volumes aparecen unhas pequenas etiquetas que presentan aos Bolechas, os nenos protagonistas da colección. As ilustracións son figurativas e están realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 172, “Andel de novidades”, 29 xuño 2006, p. VII.

Breves referencia ás obras *Historia dun paraugas azul*, de Xosé Miranda; *Blúmsdei*, de Cid Cabido; *Ciclo da Terra*, de Millán Picouto; e *Os Bolechas. Volta a Muros en carrilana*, de Pepe Carreiro. Delas coméntanse os argumentos e nalgún caso úsanse adxectivos valorativos mínimos.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas festexan o Nadal* (ISBN: 84-8341-130-X)/*Os dereitos da infancia* (ISBN: 84-8341-072-9), ilustr. Pepe Carreiro, Santiago de Compostela: A Nosa Terra, col. Os Bolechas, [lectorado autónomo], 2006, 18 pp/21 pp.

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) presenta dous novos volumes da colección “Os Bolechas”. En *Festexan o Nadal*, os irmáns Bolechas visitan a casa dos seus avós para participar na festa do Nadal xunto con toda a familia. Pásanno moi ben precisamente por se xuntar irmáns e curmáns e por levar a cabo as actividades típicas do Nadal: adornan a árbore, comen bacallau con coliflor e reciben os agasallos de Papa Noel. N’*Os dereitos da infancia*, Carreiro ofrece un volume especial protagonizado polos irmáns Bolechas onde cun texto ao pé se fala de amizade entre razas diferentes e das características delas, da relación de pais e fillos e do que dende a casa se debe ensinar. No apartado “Para as persoas maiores” recórdanse os dereitos da infancia. Os debuxos que acompañan estes volumes ocupan a maior parte da páxina, dado que o texto só se introduce na banda do pé, e caracterizan aos personaxes, dos que se ofrecen diferentes datos.

Carreiro, Pepe e Víctor López Román, *As fragas do eume*, ilustr. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas descubren a natureza, [lectorado autónomo], 2006, [21 pp]. (ISBN-10: 84-8341-074-5/ ISBN-13: 978-84-8341-074-5).

É este un dos volumes que constitúen a serie de libros didácticos de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) e, neste caso, de Víctor López Román. N’*As fragas do eume* os irmáns Bolechas cun guía adulto (Silvestre) percorren olo parque natural situado nos concellos das Pontes, Monfero, A Capela e Pontedeume. Dende o río ven o bosque da ribeira e o guía vailles explicando cómo eran os bosques de Galicia e tamén a flora e a fauna típicos destas fragas. Ao final dáse unha listaxe cos nomes e os debuxos dos animais e plantas vistos no relato. As ilustracións presentan uns debuxos dos personaxes figurativos e coloristas, pero, en relación coas outras series dos Bolechas, achega como novidade, que os fondos das imaxes son fotografías dos distintos contornos onde ocorre a excursión.

Casalderrey, Fina, *A lagoa das nenas mudas*, ilustr. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais, col. Sopa de Libros, a partir de 10 anos, 2006, 116 pp. (ISBN: 978-84-9782-521-4).

Esta novela de Fina Casalderrey (Xeive, Pontevedra, 1952), segundo consta na páxina dos títulos de crédito, foi posta á venda en xaneiro de 2007, aínda que a ficha catalográfica é do ano 2006. Está dedicada a dúas nenas do seu sangue que viven no Castelo de Lérez. Nesta obra realista e crítica, dividida en catorce capítulos, altérnase o relato da vida dunha inmigrante nixeriana en Galicia, Amina, a súa adaptación ao colexio, a súas dificultades de comprensión e reaccións de compañeiros e profesores, contados por un narrador omnisciente en terceira persoa con moito diálogo entre os personaxes; e as cartas que ela escribe ao seu curmán Edu, reproducidas en cursiva, nas que lle conta a súa versión da vida en Galicia e axuda a comprender mellor todos os aspectos que se presentan no relato que contén referencias a Castelao, etc. As ilustracións de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974) semellan estar feitas por ordenador como se fosen fotogramas dunha película de animación. Utiliza cores apagados e unha gran variedade de cores.

Casalderrey, Fina, *Isha, nacida do corazón*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 5, serie vermella, máis de 12 anos, abril 2006, 147 pp. (ISBN: 84-8349-003-X).

Obra dedicada “A Payel e a Alberto Manohar. A Luis Enrique. A ti, que tamén naciches do corazón” e dividida en dezaseis capítulos titulados, na que Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), conta, por medio dun narrador omnisciente e de moito diálogo, cómo e por qué Isaha manifesta o seu desexo de ser branca como a súa nai e saír da barriga, non do corazón, todo a partir de que unha compañeira de colexio lle manifestase a dúbida, debido á súa cor, de que Sara fose a súa nai. A raíz disto e respondendo ás preguntas da nena, para tranquilizala e para que non dubidase do cariño dos seus pais, Cesar, o pai, explícalle cómo e por qué chegaron á adopción e cómo é o país, o lugar e mesmo o orfanato de onde provén, os costumes dese país, ao que lle promete ir, e da poboación máis próxima. As ilustracións de Manolo Uhía (Portonovo, 1944), realizadas cun estilo figurativo e realista que vai completando con imaxes as descrições do texto, sitúan ao lectorado agardado no contorno cultural da India a través das construcións e das vestimentas propias dende país. O ilustrador emprega unha técnica baseada no debuxo con acuarelas e lapis coa que consegue ilusión de volume a través do uso do claroscuro. Dende a cuberta, co mesmo estilo pero en cores, unha imaxe dunha construción oriental introduce a quen observa nun relato que fala de experiencias no Oriente apartado.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “Isha, nacida do corazón”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 196, “Libros/Novedades”, setembro 2006, p. 72.

Comeza indicando que de novo a sensibilidade da autora ofrece ao lectorado un relato centrado na vida familiar, neste caso dunha familia que acolle unha nena en adopción. Dise que a nena sabe que non é propia, que naceu do corazón, pero destácase que ás veces os comentarios dos compañeiros a fan sentirse triste e insegura. Os pais tratan de que rompa eses esquemas. Salienta que o libro ten forma de conversa e que nel se mesturan antigas lendas da India coa historia real da adopción, as vicisitudes e o longo camiño que hai que percorrer.

Casalderrey, Fina, *¡¡¡Lume!!!*, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Rodeira, col. Tren Azul, n.º 12, primeiros lectores, 2006, 31 pp. (ISBN: 84-96352-69-2).

Neste álbum infantil de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), dedicado a Marcos e Rocío "polo seu delicioso tempo de ¡¡¡Lume!!!", cóntanse as afeccións de Andrés, o neno protagonista, que primeiro quere ser peiteador e practica co seu avó, coa irmá e co can até que é descuberto pola nai co susto correspondente e reprimenda. Logo quere ser bombeiro e, para practicar, queima xornais e crea unha fogueira que non é quen de apagar, polo que novamente recibe unha reprimenda. Posteriormente decide ser camareiro e prerara o almorzo dos pais. Ao levarllo, co susto, o pai tira todo e a nai de novo reprende ao protagonista pedíndolle, por favor, que faga cousas serias. Diante da tristura de Andrés e das súas explicacións os pais abrázano e todo se resolve. Esta narración complementábase coas ilustracións a acuarela de

Manuel Uhía (Portonovo, 1944) que, ás veces, aparecen sobre fondos de cor branco e nas que, case sempre, toda a escena envolve a páxina. Trátase de ilustracións de pinceladas áxiles e augadas que dan forma aos obxectos e personaxes. Dende a cuberta preséntase a Andrés xogando co lume, título ao que fai referencia a obra.

Casalderrey, Fina, *Un día de caca e vaca*, ilustr. Marina Seoane, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 4, [lectorado autónomo], setembro 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-55-0).

Fina Casalderrey (Xeive, Pontevedra, 1951) presenta neste álbum infantil unha narración que se centra nas reaccións dunha nena, Alexandra, que vai ter un irmán, que lle gusta que súa nai lle chame tesouro e que seu pai lle dea bicos. Cóntanse tamén as aventuras que lle pasan na excursión que fai cos seus compañeiros de colexio para a que a nai lle fixo unhas empanadillas riquísimas e olorosísimas. Nárrase cómo ao chegar ao autobús comeza a cheirar por pisar caca de can, cómo despois do correspondente balbordo comeza cos seus compañeiros a cantar unha canción que fala de atopar unha vaca, feito que se converte en realidade e polo que levan un bo susto. Malia o acontecido pásao moi ben e cando chegan súa nai, que é capiteira, e seu pai, que é violinista, está a esperala xusto cando o abrado da saída estaba a se acabar. Esta narración complementase coas ilustracións de Marina Seoane (Madrid, 1957) que xoga con distintos tipos de planos. Nas figuras teñen moita forza expresiva as caras dos protagonistas, que reflicten distintas emocións. Hai variedade nas tonalidades cromáticas empregadas con riqueza de tons e matices. Nas composicións de dobre páxina hai grandes planos baleiros sen figuras que serven para colocar o texto. Nas derradeiras páxinas do libro fálanse dos dereitos dos nenos e danse consellos para a non discriminación.

Daporta Padín, Mon, *Cinco contos con volta*, ilustr. do autor, Vigo: A Nosa Terra, [lectorado autónomo], 2006, 36 pp. (ISBN: 978-84-8341-030-1).

Mon Daporta Padín (Cambados, 1952) achega estes cinco contos que son unha mostra da conxunción da lectura visual, agora con máis forza, e a textual, reducida a unhas liñas. Cada conto consta de catro páxinas encartábeis e presentados en caixas. Os protagonistas son animais ou elementos da natureza. Trátase de historias visuais e textuais plegábeis e cíclicas, que tras uns xiros e reviravoltas ben feitos, segundo as instrucións que aparecen no reverso da obra, permiten coñecer o relato. Son ilustracións interactivas que xogan coa forma que o propio libro vai tomando. Utiliza tintas planas, manipuladas dixitalmente, para facer uns personaxes esquemáticos e sinxelos.

Díaz Díaz, Xosé, *A morriña das balas*, Finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2006, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 96, [mocidade], novembro 2006, 105 pp. (ISBN: 84-9782-510-1).

Xosé Díaz Díaz (Lugo, 1980) dedica esta novela de vaqueiros a "Julio Caamaño e Pablo Cabanelas vaqueiros os dous. Para Belén, pioneira do Leste e do Oeste". A seguir en sete

capítulos titulados, seguindo as normas do xénero, o protagonista conta as súas aventuras a través de descrições e diálogos dende que atravesa o deserto fuxindo dunha gavela de ladróns até que chega a Ridgrecrest mal ferido polos propios compañeiros de banda, a quen pensaba delatar para cobrar a recompensa, pero enterados os compañeiros ten de novo que fuxir, é nesta fuxida cando coñece a Susana e con ela vive unha chea de aventuras que os sitúan sempre no límite da vida. Nesta historia os protagonistas pasan por lugares moi significativos deste tipo de novelas (San Diego e Forte Lancaster, entre outros) e séguense as normas que rexen estes relatos tanto espaciais como de tipos de vida, personaxes, situacións, etc. No referente á ilustración este volume só presenta unha fotografía na cuberta, de Manuel G. Vicente, tratada con filtros que difuminan a imaxe que achega ao lectorado á temática da obra.

Fariña, Anxo, *O Pelelliño Pirata* (ISBN: 978-84-8341-127-X)/*O Pelelliño Cociñeiro* (ISBN: 978-84-8341-154-4)/*O Pelelliño Pantasma* (ISBN: 978-84-8341-155-1)/*O Pelelliño Médico* (ISBN: 978-84-8341-128-8), ilust. do autor, Portugal: Promocións Culturais Galegas/A Nosa Terra, col. Os Pelelliños, [prelectorado], 2006, [16 pp].

Pequenos álbums seriados nos que se presentan aos protagonistas na contracapa dicindo que son uns seres máxicos que só poden ver os nenos e nenas. Dise que poden cambiar de cor, de forma e que lles gusta xogar. Como hai diferentes Pelelliños en cada álbum, que consta duna páxina coa historia en letras maiúsculas e outra con ilustración, fálase da actuación dun deles para a sociedade dos Pelelillos. Así, no *Pelelliño Pirata* cóntase o que fai para conseguir viaxar polo mar azul; no *Pelelliño Pantasma* varios Pelelliños atopan nos seus xogos ao Pelelliño Pantasma que só quería xogar; no *Pelelliño Cociñeiro* cóntanse as súas aventuras ao facer unha tarta para a festa dos Pelelliños e no *Pelelliño Médico* cóntase cómo cura ao Pelelliño bebé que ten unhas manobras moi raras e non se atopa ben. Son libros de pequeno formato troquelados coa forma dos protagonistas. O deseño das ilustracións é do mesmo autor; están realizadas cunha técnica mixta que conxuga o debuxo das figuras co fondo que pode ser de cores planas ou de distintas texturas (algunhas conseguidas por ordenador). As formas son moi sinxelas e repiten un mesmo esquema para o deseño dos personaxes; este deseño vén explicado ao final do libro para que os nenos poidan debuxar eles só os pelelliños. A liña de contorno nas figuras está concibida cun estilo solto e dinámico. O colorido é alegre e variado.

Fernández Paz, Agustín, *Querido inimigo*, ilust. Tesa González, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 11, serie laranxa, a partir de 8 anos, setembro 2006, 50 pp. (ISBN: 84-8349-021-8).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947), por medio dun narrador omnisciente con pequenas intervencións dos personaxes, relata como Laura, unha nena de sete anos, consegue perder un chisco de medo aos cans cos que tivera malas experiencias e que polo tanto considera inimigos. Agora, grazas a que Argos, o can de Xabier, un compañeiro de edificio, a salva das bromas dun grupo de rapaces pouco agradábeis, consegue unha nova relación co animal e ao tempo co seu amigo Xabier. Na obra non se perde ocasión de introducir referencias literarias, fanse abertamente por medio de Argos identificado co can de Ulises “o famoso heroe grego o que ideou o truco do cabalo de madeira na guerra de Troia”, como explica o pai de Xabier, nin tampouco de se referir aos labores que realiza o pai na casa, nunha clara referencia á igualación de roles entre xéneros. O texto acompáñase das

ilustracións figurativas, de Tesa González (Getxo, Biscaia, 1962), que están realizadas con pinturas de cores suaves. A parte superior das páxinas ten uns debuxos con cans que serven para decorar e, tamén, para reforzar o tema central do relato. O deseño dos protagonistas está feito con formas sinxelas, sen buscar sensacións volumétricas pero con movemento na disposición das figuras. As expresións da nena protagonista transmiten os distintos sentimentos que experimenta relacionados cos cans. O texto vese confirmado pola selección das escenas ilustradas.

Fernández Paz, Agustín, *Corredores de sombra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 91, [mocidade], marzo 2006, 220 pp. (ISBN: 84-9782-425-3).

Novela de intriga con trazos detectivescos dedicada a Mariña, filla de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) a quen o autor agradece o compartir gustos musicais, como indica no apartado “Agradecementos”, no que Fernández Paz intenta dar verosimilitude e humanidade á historia narrada. Outro elemento peritextual é a cita duns versos de José Angel Valente un dos cales dá título á obra. A seguir, en vinte e catro capítulos a narradora-protagonista, con axuda doutras voces, relata os seus descubrimentos, a súa maduración, relacións familiares e amizades durante o verán de 1995 no pazo dos seus avós que agora mercara seu pai. Vive de preto a diferenza entre os señores dos pazos, non todos coa mesma mentalidade, e os da aldea, coñece a Guerra Civil e sobre todo as vinganzas por parte dos vencedores contra os vencidos, o amor adolescente e as consecuencias por se inclinar cara a un da aldea. Revive, coa axuda dun seu tío homosexual e do seu amor adolescente, un conflito xeral da sociedade dende que inicia as pesquisas para descubrir que o seu avó matou e emparedou a un mestre republicano do que estaba namorado a que sería mais tarde a súa avoa, e mesmo que a avoa co tempo posibelmente se vingou. Esta historia está adubada de referencias culturais, de citas literarias e musicais, deixando ben claro que por un lado están os que gustan dos libros e do outro a barbarie. Esta obra na tradución ao castelán realizada pola editorial SM dentro da colección “Los libros de Agustín” presenta elementos paratextuais que falan da vida do autor, das súas teimas, na entrevista que lle fai Begoña Oro Pradera, e dos acompañantes que tivo Fernández Paz na creación desta novela. No que atinxe á ilustración a fotografía abstracta da cuberta, que elabora Manuel G. Vicente, está manipulada dixitalmente para xogar coa idea de luz e sombra, ao que fai referencia o título da obra. Simula unha silueta que non é explícita senón que deixa paso á interpretación que o espectador poida facer da mesma.

Recensións:

- Xesús Fraga, “Un esqueleto no pazo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 157, “Letras en galego”, 22 abril 2006, p. 13.

Iníciase este comentario salientando que Agustín Fernández Paz nesta obra retoma unha liña argumental que xa explorara en *Noite de voraces sombras* que é a de “afrontar a memoria do pasado dende unha perspectiva obxectiva e aberta e tamén dignificadora con aqueles que foron maltratados”. Refírese aos represaliados durante a Guerra Civil. Salienta que neste caso a achega está en “afrontar o pasado familiar e asumir ou non os actos” dos predecesores. A seguir, explica a historia que se conta. Considera que non se trata dunha obra detectivesca senón que é unha toma de posición da protagonista que toma decisións persoais para

“formarse unha opinión moral sobre o qué é xustificable e o que non, de saber o que un quere ser”. Finaliza facendo referencia a un erro no nome de Joe Strummer polo de Joel.

- Armando Requeixo, “Agustín Fernández Paz e a sombra das palabras”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 373, 23 abril 2006, p. 21.

Despois de cualificar ao escritor de “atleta das letras”, de “corredor de fondo”, “campión de decatlon libresco”, refírese moi brevemente aos cinco títulos publicados polo autor no ano 2005, catro deles dirixidos ao lectorado máis novo, inzados de medo, maxia, fantasía, e outro non venal *Un radiante silencio*, que considera “un dos mellores textos” do autor. En canto á obra que nos ocupa, *Corredores de sombra*, di que é unha obra dedicada á “lembanza das nefastas consecuencias da represión franquista e posbélica”, que o escritor xa practicou en *Tres pasos polo misterio* (2004) e *Noite de voraces sombras* (2002), narrada con solvencia, unha mestura de misterio e ambientación histórica, aínda que non considera que sexa a mellor obra do autor por “reiterados saltos de racord (personaxes que cambian de idade, cfr. pp. 17, 33 e 104; 69 e 72; 16 e 104), a previsibilidade das solucións argumentais e un innecesario afán por parte do narrador de explicárnolo todo”, tamén se refire ao saber enciclopédico dos mozos polas lecturas que fan. Finaliza afirmando que é unha “fermosa homenaxe á memoria de nós”.

- Xosé M. Eyré, “Vidas asentadas sobre crimes da guerra”, *A Nosa Terra*, n.º 1.223, “Cultura”, 18-24 maio 2006, p. 22.

Cualifica a Agustín Fernández Paz como o escritor galego máis lido e un dos máis premiados. A seguir, refírese á obra *Corredores de sombra*, que trata a memoria histórica. Sinala que nela Fernández Paz deixa conceptos moi apetecíbeis para o lectorado adolescente, coma o medo, a inseguranza, as barreiras invisíbeis, a descuberta do amor, a rebeldía e a autoafirmación. Di, comentando a trama, que esta novela é unha boa ferramenta para abrir o debate nas aulas. Subliña a importancia dos espazos, a axilidade da narración e a tensión da trama. Remata referíndose ao valor da memoria e do relato oral.

- Marcos Valcárcel, “A última entrega de Fernández Paz”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 7 xuño 2006, p. 48.

Reflexiona sobre a presenza da memoria histórica nas obras literarias galegas deste ano, o que tamén afecta á última obra de Agustín Fernández Paz, *Corredores de sombras*. Cita ademais os que considera títulos clásicos deste autor. Di que o autor manexa con fluidez a trama narrativa nesta última obra, que contén recursos propios das novelas de intriga e arquetipos das novelas da memoria, coma o galeguismo, a guerra ou a represión franquista. Remata afirmando que este é o camiño para encher o baleiro amnésico da democracia.

- María Jesús Fernández, “Corredores de sombras”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 195, “Libros/Novedades”, xullo/agosto 2006, p. 71.

Comeza dicindo que nesta nova novela xuvenil Agustín Fernández Paz volve a poñer en marcha as súas excelentes dotes como narrador ameno e rigoroso, ofrecendo un relato apaixonante a través dunha moi elaborada estrutura narrativa. Describe a historia que se centra en descubrir acontecementos familiares ocorridos na Guerra Civil española.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 7 xuño 2006, p. 69.

Despois de citar varios títulos de Agustín Fernández Paz, centra a súa atención nunha das súas últimas novelas, *Corredores de sombra*, “que non desmerece ás anteriores”. Sinala que nela o autor manexa con fluidez narrativa os seus diferentes elementos: as tensións derivadas da situación social e persoal da protagonista; os recursos propios da novela de intriga e misterio, agora no marco dun pazo; ou os arquetipos das novelas da memoria (o galeguismo ou o franquismo). Por último, considera que a busca de Clara Soutelo e do seu tío Carlos é unha imaxe acaída da arela de verdade que comparte a sociedade galega.

- O.I., “Agustín Fernández Paz ‘Podemos esquecer cando coñezamos’”, *El País*, “Luces”, 15 decembro 2006, p.40.

Breve artigo no que se recollen intervencións do escritor de literatura infantil e xuvenil Agustín Fernández Paz. Este afirma que escribe sobre a memoria porque non se debe enterrar o pasado sen antes coñecelo por completo. Na Triloxía das sombras achégase ao conflito do 36 ofrecendo a visión en cada un dos libros dos dous bandos.

Fernández Paz, Agustín, *O Raio Veloz*, ilustr. Andrés Meixide, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 11, serie verde, a partir dos 10 anos, abril 2006, 104 pp. (ISBN: 978- 84-9811-071-5).

En sete capítulos titulados, Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) artella este relato recorrendo á omnisciencia selectiva para contarlle ao lectorado agardado a vida do protagonista, Adrián, un mozo licenciado en Económicas que vive só nunha bufarda da parte vella da cidade tras sufrir varios desenganos amorosos e que, contrariamente ao que se agardaría da súa formación universitaria, non pretende dedicar a súa vida a un traballo exitoso e rutineiro, senón atopar unha ocupación laboral que lle permita cumprir os seus desexos de ter contacto coa xente e facela feliz. Despois de percorrer varias empresas na busca dese traballo soñado sen conseguilo, Adrián le por casualidade un anuncio na prensa cunha oferta para unha empresa de mensaxería. Acode á entrevista e sorpréndese coas preguntas que a dona, Rosa, unha muller ben curiosa e agradábel, lle fai. Tras aceptar o traballo en plena época de Nadal, comezan as encargas e Adrián non poderá evitar a tentación de intervir para mellorar os feitos que vai intuindo. Así, altera os boletíns de notas que unha mestra bastante estrita ten que enviar ao colexio, incluíndo palabras de ánimo para os malos estudantes; cambia os alimentos dunha gorentosa cesta de Nadal dirixida a un empresario local, rico e gordo, polos dunha muller con dúas fillas dun barrio humilde; salva dunha morte segura os xilgaros que ían ser devorados pola serpe dun espectáculo, metendo na caixa uns de cerámica; e axuda a unha parella de namorados a reconciliárense corrixindo unha triste nota de desamor. Malia poñer o seu gran de area para que o mundo se converta nun lugar máis agradábel, Adrián non deixa de sentir ás veces as coiteladas da súa propia soidade. Pero as cousas cambian cando comeza a recibir uns agasallos que veñen acompañados de mensaxes anónimas que resultan ser un xeroglífico que debe resolver para coñecer o enigmático

remitente, tras o cal se oculta a muller cómplice coa que soñou sempre e coa que talvez poida por fin ter unha fermosa relación. O relato contén boas doses de humor e optimismo, sobre todo grazas á personalidade de Adrián, un trazo reforzado coas ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1970) que acompañan as escenas máis significativas do texto. Destas ilustracións só ten cor a da cuberta, que mostra un repartidor cunha vespa. Os debuxos do interior, en branco e negro, complementan a narración textual, achegando información sobre as circunstancias nas que se atopan os protagonistas nas distintas situacións. As composicións achegan o lectorado aos lugares onde se desenvolven as escenas principais seguindo a descrición do texto, enriquecéndoa con detalles dos contornos. Ademais dos debuxos de páxina enteira, máis elaborados, hai tamén uns pequenos deseños imprescindíbeis para seguir a trama da narración.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “O raio veloz”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 196, “Libros/Novedades”, setembro 2006, p. 70.

Afirma que este relato de Agustín Fernández Paz está na liña das historias que o autor comezou con *Contos por palabras* que fora premio Lazarillo no ano 1990. Describe a narración que se conta e salienta o humor para desenvolver a historia e o amor como proposta para acadar a plenitude na vida.

- Rodri García, “A bondade de viaxar en moto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 178, “Letras en Galego”, 16 setembro 2006, p. 11.

Saliéntase nesta reseña que Adrián, o protagonista da novela, é un “mozo mileurista acoitelado pola soidade pero que se dedica a axudar aos demais”, un mozo raro pois o que busca é un traballo “xeitoso no que poder falar coa xente” e atopar unha moza. Un retrato, sinala, sinxelo pero profundo, dos mileuristas actuais. Pero un ser feliz a pesar dos cambios constantes de traballo. Detense no episodio central, no humor que destila a entrevista que lle fai unha moza da idade do protagonista para entrar na empresa de mensaxería. Remata dicindo que ler esta obra serve para reconciliarse coa sinxeleza da boa xente.

- Paula Fernández, “A velocidade do raio”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 177, “Infantil/Xuvenil”, 21 setembro 2006, p. VII.

Comeza salientando que "o misterio, mesturado con episodios humorísticos e certa dose de compoñente romántica, é algo que sempre consegue captar a atención dos rapaces e rapazas que len a Agustín Fernández Paz". Dá notas biográficas do escritor que contribuíu á renovación da Literatura infantil e xuvenil galega. Considera que esta novela é moi aconsellábel para o estudantado de terceiro ciclo da educación primaria e primeiros cursos de secundaria. Fala do protagonista e dá un breve resumo do argumento da obra. Salienta o xogo interactivo a base de xeroglíficos que permiten resolver as preguntas que Adrián, o protagonista resolve. Remata cualificando a obra de divertida e salientando os sentimentos positivos cara a persoas anónimas.

Fernández Paz, Agustín, *Os gardiáns do bosque*, ilustr. Cristina Durán e Giner Bou, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 5, [prelectorado] 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-56-9).

Neste relato fantástico realista, Agustín Fernández Paz (Vilalba-Lugo, 1947), a través dun narrador omnisciente e da propia voz dos personaxes, conta as consecuencias que suporían para os nenos e para os seres máxicos do bosque, que dona Rosa vendese as súas terras a aqueles homes vestidos de gris. Posto que se iso acontecese os nenos xa non terían onde xogar e os seres máxicos non terían onde vivir. Así que, cando os seres máxicos escoitaron os nenos falar, decidiron tomar medidas. Cada noite, a través da mesma pregunta repetitiva de onde ían vivir se acababan co bosque, un por un os seres máxicos espertaban a dona Rosa. Finalmente, dona Rosa decidiu non vender as terras e os nenos e os seres máxicos quedaron felices. As ilustracións de Cristina Durán (Valencia, 1970) e Giner Bou (Benetússer-Valencia, 1969) son imaxes creadas por ordenador que remiten ao lectorado á estética dos debuxos animados. Posúen unha gran riqueza cromática a base de tintas planas. Xa dende a cuberta, faise referencia aos gardiáns do bosque e a outros personaxes principais que aparecerán ao longo da historia. Estes personaxes gozan de expresividade para dar maior énfase á narración textual. Os ilustradores utilizan a desproporción dos personaxes en relación co espazo, para narrar as accións da historia e distinguir entre os seres máxicos dos outros personaxes como Ana, Luís e os seus amigos. As ilustracións cubren as dúas caras para complementar ao texto na súa integridade. A carballeira, como elemento central da historia, sempre que aparece, vai envolver aos personaxes baixo ela, como un manto verde con vida propia.

Fernández Serrano, Jacobo, *A pedra e as formigas*, ilustr. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 168, a partir de 7 anos, outubro 2006, 55 pp. (ISBN: 84-9782-483-0).

Neste conto ilustrado de Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971), dedicado aos pais, cóntase a historia de dúas formigas que iniciaron un paseo por un "escuro bosque" que impresionaba e que, primeiro, as fixo pensar nos seus habitantes. As protagonistas axiña comezaron a ver un raio de sol e os seus efectos sobre unha xirafa; logo unha pedra na que descansaron e, de súpeto, oíron cantar e decatáronse que a voz viña da pedra que descubría que era unha princesa e o por qué de estar alí presa. As formigas intentaron axudala e romperon a pedra en sete anacos, pero non vían ningunha princesa e a canción seguía, pois saía dos cachos formando un coro de sete voces. Deste xeito, decidiron que cómo era cousa de maxia só se podía arranxar con maxia e foi a xirafa quen as axudou a salvar ás sete princesiñas. Este relato complementábase coas ilustracións figurativas do autor que están realizadas cunhas acuarelas en tonalidades suaves de cores matizadas. Na narración gráfica o tratamento das formigas protagonistas, con actitudes antropomórficas, mestúranse cunhas paisaxes realistas. Nas composicións abundan as pinturas que ocupan a páxina enteira achegando información visual sobre o que ocorre no relato. Os cambios de cores serven para incidir sobre algúns aspectos coma o emprego de grises para describir aos malvados ou o amarelo resplandeciente para os momentos máxicos.

Fernández, Ana M^a, *Traballo de mago*, ilustr. Xosé Cobas, Barcelona: Planeta&Ofxord, col. Camaleón, n.º 16, serie amarela, a partir dos 6 anos, abril 2006, 48 pp. (ISBN: 978-84-9811-

068-8).

Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) presenta neste conto, a través dun tratamento fantástico, o tema da guerra e as súas consecuencias entre os máis pequenos. Unha nena moi pequena, seguindo os consellos da súa avoa, decide ir buscar o vello mago ao seu castelo abandonado. O home levaba tempo sen saír do seu agocho, sen comer, sen falar e sen rir porque decidira que xa era vello dabondo e chegara o tempo de se retirar ao castelo e deixar pasar o tempo que lle restaba de vida. Mais a nena logra convencelo de que axude a xente da vila, enleada nunha absurda disputa por mor da construción dunha torre para o reloxo da praza, pois uns veciños querían que fose redonda e outros cadrada. Ao non acadar un acordo entre eles, decidiron destruír os muros e amorear as pedras en dous montóns para armaren unha guerra a pedrada limpa. Daquela o mago pensou que era ben triste que os nenos chorasen polas loitas dos maiores e decidiu recuperar o seu sombreiro de pico, a capa de estrelas e o seu bastón, que había tempo que gardara. Cando tivo todo o seu material, correu á praza da vila e tras chupar un caramelo para lembrar algún feitizo, pronunciou as súas palabras máxicas e as pedras quedaron convertidas en animais de todas as variedades. Os veciños deron en rir e esqueceron a liorta. No lugar da torre plantaron unha árbore. O mago volveu recuperar a ilusión e decidiu cambiar o seu traballo máxico polo de contarlles contos aos nenos e aos grandes. Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) emprega a pintura para ilustrar este conto cunha harmonía cromática de principio a fin. Sutil nos matices, o ilustrador utiliza trazos difuminados con pinceladas de cores con predominio de tonalidades frías, cunha certa textura. O ilustrador elabora personaxes de tipo figurativo, alongados e encorvados.

Recensións:

- María Navarro, “Maxias e maxias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 175, “Infantil/Xuvenil”, 7 setembro 2006, p. VII.

Análise da obra de Ana María Fernández *Traballo de mago*. Comeza ofrecendo algúns trazos da traxectoria vital e literaria da autora para, a continuación, centrarse no estudo da obra. Logo de subliñar a musicalidade, rima e ritmo do discurso narrativo como trazos salientábeis en canto a forma, ofrece un resumo do texto para destacar a importancia da fantasía, os bos sentimentos e valores. Remata coa alusión ás ilustracións de Xosé Cobas, coas que se complementa un “estupendo exercicio literario”.

- María Jesús Fernández, “Traballo de mago”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 198, “Libros/Novedades”, novembro 2006, p. 61.

Saliéntase a mestura de prosa e poesía nesta historia dun vello mago retirado que un día decide volver a desempolvar as súas artes máxicas. A seguir, desenvólvese o argumento da obra.

Ferrer, Ánxeles, *Tres princesas namoradas*, ilust. da autora, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2006, 31 pp. (ISBN: 987-84-8288-957-3).

Relato fantástico realista de Ánxeles Ferrer (O Barco de Valdeorras, 1957) na que por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa se conta a historia de tres irmás que se namoran dun mesmo príncipe. Este, indeciso, non sabe a cal quere máis, polo que as tres princesas acordan tecerlle cada unha un xibón, para que el poida elixir cál lle gusta máis. Tras os intelixentes consellos da súa fada madriña e seguindo as súas recomendacións, esta idea pareceralles unha parvada, polo que conclúen que, quen debe tecer unha capa para elas é o príncipe. Con esta solución, todos se decatarán quen son os que realmente están namorados. A autora e ilustradora deste conto utiliza a pintura sobre un papel grosso para conferirlle maior textura ás imaxes. Utiliza todo tipo de tonalidades para representar as diferentes estacións do ano nas que transcorre a historia: o outono e inverno. Algunhas ilustracións ocupan as dúas caras, mentres que outras, son como fiestras por onde o lectorado mira o que está sucedendo.

Freire, Isabel, *Glub, o increíble peixe-bala*, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 162, [lectorado autónomo], marzo 2006, 59 pp. (ISBN: 84-9782-440-7).

Nova entrega da serie protagonizada por Glub, nela, Isabel Freire Bazarra (A Coruña 1960) por medio do narrador protagonista e moitos dos personaxes, conta as experiencias de Glub, Gua, Bop Bop, Blef e Blop e os seus amigos no acuario de David, onde viven, con motivo dos preparativos da festa do acuario. O primeiro que fixeron foi facer un concurso para elixir a frase oficial do acuario e mostrar as propostas. Cando estaban con estes labores chegou Sara, a prima de David, cun agasallo: un peixe nunha bola de cristal. Glub, ou Glubi para os amigos, Super Mario para David, entablou conversa co peixe, que resultou ser a peixe Blan, da que se namorou e coa axuda dos seus amigos conseguiu ir para a bola de cristal, aínda que case morre no intento xa que Blan vivía en auga fría. David viuno e devolveuno de novo ao acuario. Tamén levou a Blan que se adaptou moi ben e mesmo foi a alegría da festa que tiña como slogan a frase de Bruss Li “Este acuario é tan chulín, que nos dá moito gustín”. Trátase dunha obra que intertextualiza con outro título da serie, *Un susto para Gluf*, como comenta a escritora, e que está dedicada a Micha, unha gata aventureira que se bota de menos. As ilustracións figurativas de Xan López Doínguez (Lugo, 1957) acompañan o texto con imaxes que o complementan. Hai algún debuxo pequeno, pero case todos son de páxina completa. As composicións teñen puntos de vista variados: hai imaxes de conxunto e outras de detalles moi ampliados. As formas estilizadas dos peixes teñen cores moi matizadas que achegan delicadeza e serenidade ás ilustracións.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 165, “Andel de novidades”, 11 maio 2006, p. VII.

Sucinta análise das obras de Carlos G. Reigosa, *Oxford, amén*; Ramón Nicolás Rodríguez, *Manuel Lugrís Freire*; Antonio Domínguez Rey, *O segredo do monte* (2005); e do volume infantil, de Isabel Freire e Xan López Domínguez, *Glub, o increíble peixe bala*. Dá conta do argumento e realiza mínimos comentarios das obras.

Frías Conde, Xavier, *Os anxos de Amalia*, ilust. Montse Adell, A Coruña: Rodeira, col. Tren Azul, serie Os Meus Contos Favoritos, a partir de 5 anos, marzo 2006, 33 pp. (ISBN: 84-96352-71-4).

Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965) e Montse Adell (Barcelona) son o autores deste conto ilustrado que ten como protagonista a Amalia, unha nena que quere saber se os anxos existen. Primeiro pregúntallo á súa nai, que lle di que só son unha fantasía dos nenos e a nenaponse triste. Logo acude á súa avoa Xulia, que está convencida de que existen. Amalia non sabe a quen crer, así que decide seguir pescudando. Á mañá seguinte, observa como nas letras grandes do xornal se anuncia que no fondo do río apareceu un anxo de pedra antiquísimo, así que interroga ao seu pai que lle di que non sabe. Amalia segue a estar preocupada e chama por teléfono á súa avoa Laura. Esta dille que os anxos existen, pero só os ven aqueles que queren velos. Amalia queda pensativa e aquela mesma noite desexa con todas as súas forzas ver os anxos. Por fin consegue falar co anxo Havarel que lle conta que os anxos sempre están a carón das persoas. Entón Amalia acouga e queda durmida porque xa conseguiu ver o seu anxo e atopar resposta á súa pregunta. As ilustracións figurativas de Montse Adell, cun estilo amábel, presentan unhas figuras infantís pero de rostros expresivos. As tonalidades frías, con predominio de azuis, utilízanse para diferenciar a noite e o mundo de fantasía do día e o mundo real, que vén representado con cores saturadas e moi alegres. O relato vaíse construindo paralelamente co texto e coas imaxes.

García, Xosé Lois, *A mulema que fala*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 8 anos, 2006, [43] pp. (ISBN: 84-403-0537-0).

Relato fantástico de Xosé Lois García (Lugo, 1945) no que por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa e do diálogo dos personaxes se conta unha historia pasada que ten como protagonistas a Kilumba e a súa nai. Cóntase a historia de Luanda, a través dos diálogos entre unha folla verde e outra seca de mulema que lles dá sombra. Trátase dunha obra que mestura a inxenuidade coa crítica social nunha fermosa metáfora de loita pola vida que fai reflexionar ao lectorado sobre a importancia da Natureza, da liberdade e do respecto da dignidade. Acompáñase o texto das orixinais composicións de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954) que mesturan uns delicados debuxos a lapis con pinturas seguindo uns deseños xeométricos que marcan o paso do gris á cor. As ilustracións mostran distintos animais pertencentes á fauna africana.

Gayoso, Xulio, *A Banda de Vilacendoi*, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, [lectorado autónomo], 2006, [44] pp. (ISBN: 84-8464-583-5).

Neste relato de Xulio Gayoso Neira (Lugo, 1954) o narrador, un home xa vello, sitúa ao lectorado agardado na súa aldea de Vilacendoi. Conta, en primeira persoa, a historia do pobo centenario, que está cheo de cousas comúns a outros pobos, pero que tiña algo que o facía especial: a banda de música que traballaba moito, tanto en festas como en enterros, na aldea e en todos os pobos do arredor e, polo tanto, era moi querida. Até que de repente, a xente foi desaparecendo da vila por necesidade e con ela os músicos. Eran tempos tristes para Vilacendoi. Pero anos máis tarde, comezaron a chegar ao pobo, inmigrantes que o repoboaron. A xente era distinta, pero igual de traballadora. O pobo renaceu, e con el, a nova

banda de Vilacendoi. O texto, breve, acompáñase de ilustracións a dobre páxina do propio autor que complementan a historia. O estilo nelas empregado é figurativo e realista, as persoas e as paisaxes quedan reflectidas nunhas composicións que achegan información sobre o que acontece. As figuras presentan unha orixinal maneira de estilizar os brazos, enredándose uns personaxes con outros, creando unhas composicións activas. A técnica empregada é a pintura con cores variadas que vai cubrindo as distintas partes marcadas con liñas negras; nas representacións predominan as curvas que, ás veces, resultan moi enredadas e achegan dinamismo ás imaxes.

Recensións:

- María Navarro, “Desde Vilacendoi”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 172, “Infantil/Xuvenil”, 29 xuño 2006, p. VII.

Reseña do novo traballo de Xulio Gayoso (Lugo, 1954), *A Banda de Vilacendoi*, publicada pola editorial Kalandraka. Comeza facendo referencia á homenaxe que pretende ser este libro, inspirado nun lugar real, a aquelas xentes que viviron baixo unha determinada época e circunstancias e que se atopa a cabalo entre a nostalxia do pasado e as esperanzas do futuro na emigración-inmigración como posíbel solución. Amósase de seguido o argumento da obra, centrado na banda de música que alegraba a vida da aldea. A continuación, fai unha análise crítica salientando a relación que se establece entre o pasado e o futuro, a sensibilidade na narración e o colorido rechamante das ilustracións.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Gayoso revive a banda de Vilacendoi nun conto infantil”, *El Progreso*, “Cultura”, 2 xuño 2006, p. 91.

Anúnciase a presentación d’*A Banda de Vilacendoi*, do autor lugués Xulio Gayoso, un álbum para nenos do que se di que seguiu un proceso de creación inverso ao habitual: primerio foron as ilustracións, despois o texto. Destácase a temática do mesmo xa que, segundo se informa, supón un proxecto de reivindicación da cultura popular e unha defensa da integración racial e cultural. Remátase ofrecendo algúns datos profesionais do autor e outros referidos aos argumentos da propia editorial, así como reivindicando o interese do álbum.

- Amaia Mauleón, “Los niños creen que las grandes cosas sólo ocurren en las ciudades”, *La Opinión*, “Cultura”, 20 xuño 2006, p. 62.

Conversa con Xulio Gayoso, profesor de debuxo e autor d’*A Banda de Vilacendoi*. Comeza referíndose ao lugar no que se desenvolve a súa obra, unha aldea moi pequena do concello de Lugo que tivo unha banda moi coñecida que desapareceu fai uns cincuenta anos. Comenta tamén a súa intención de contar, a través deste volume, cómo era a vida na aldea, así como a problemática da despoboación nas zonas rurais. De seguido, explica o xeito de formular o tema da integración sen que en ningún momento apareza o elemento racial. Para rematar, dá a súa opinión sobre cómo chegar a través dos contos aos novos lectores: debuxos coloristas e

alegres, textos simples e cunha linguaxe sinxela, ambientación e temática recoñecíbeis para o lector.

Gómez Cuerpo, Amparo, *Pepa*, ilust. da autora, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, serie rosa, máis de 5 anos, 2006, 47 pp. (ISBN: 84-7680-591-8).

Conto de Amparo Gómez Cuerpo (Pontevedra, 1955) na que un narrador en terceira persoa se centra na historia dunha nena que naceu tan cativiña que ten que vivir nunha caixiña á súa medida, pero na que ten de todo: xoguetes, libros, pinturas, etc. Ela está moi contenta e feliz de vivir alí, pero ten medo de saír e non quere medrar. O seu tamaño e a súa fragilidade obriga aos que están ao seu redor a estar moi pendentes dela. Un día o pai equivócase e, no canto de metela na súa caixa, métea, por erro, no costureiro, onde pasará toda a noite. Alí atópase cuns ratos que comezan a falar con ela e que escoitan a súa historia. Dende a fiestra, ensínanlle como todos os nenos o pasan ben xogando fóra no xardín e lévana alí para mostrarlle as flores, os paxaros, os canciños, etc. A Pepa gústalle o que ve pero é demasiado pequena para estar alí, entón decide comer moito para poder crecer e xogar no xardín cos demais nenos. Dende ese momento Pepa comezará a experimentar sensacións novas e a súa vida cambiará porque os maiores tamén mudarán de comportamento. As ilustracións da autora están elaboradas a partir de imaxes, nas que se emprega a pintura como técnica. Utiliza diferentes cores, pero abundan os cálidos (amarelo e vermello, principalmente) en equilibrio cos fríos (azuis e verdes). Como o relato textual trata dunha nena moi pequena, a ilustradora traballa co contraste de tamaños entre a protagonista, Pepa, representada moi diminuta, en relación cos obxectos, mobiliario ou o resto de personaxes, para que o espectador perciba o contorno polo que se move a nena, dende o mundo da súa caixiña até que decide saír da mesma.

Recensións:

- María Navarro, “Dóce Pepa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 182, “Infantil/Xuvenil”, 2 novembro 2006, p. VII.

Achega á primeira obra escrita e ilustrada pola mestra Amparo Gómez, *Pepa*, que, pese a estar destinada para os máis novos, pode suscitar algunha que outra consideración entre os adultos. Presenta o seu argumento e comenta que “perpetuar comportamentos infantís, negar o ciclo evolutivo natural dun ser vivo ou alimentar ideoloxías cómodas, considerando que nada podemos facer por mellorar a situación dos demais”, poden ser algúns dos aspectos temáticos desta obra. A seguir, explica que a súa trama navega entre dous mundos (o da fantasía –unha nena minúscula mantén conversas con ratos- e o da realidade –a súa familia preocúpase por alimentala correctamente-) e que, pese a este salto ilóxico entre os dous mundos, “a sinxeleza na expresión, a rima e o ritmo pola disposición das palabras e mesmo o tipo de letra redonda aseguran unha amena recepción”.

González Pérez, Clodio e Antonio Yáñez Casal, *Lóbez*, II Premio de Literatura infantil e xuvenil Meiga Moira 2006, ilust. Ánxeles Ferrer, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 8, a partir de 8 anos, 2006, 87 pp. (ISBN: 978-84-96526-81-X).

Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959) presenta neste relato, estruturado en dezaioito capítulos e dedicado “A miña nai, que naceu cando a súa carretaba no peixe”, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, unha historia localizada na Serra do Seixo Branco na época en que os animais falaban. O relato ten como protagonista a Lóbez, un lobo especial por ser o fillo único e, sobre todo, por non saber ouvear. O fillo do xefe da manada acode ao Gran Consello, que delibera na Serra do Xiz e que está formado por seis vellos e sabios lobos, para solucionar o seu problema, pois o candidato a futuro xefe da familia, ademais de ser forte e intelixente, ten que ouvear para avisar aos membros do clan dos perigos, da próxima retirada, etc. No camiño de ida á Serra do Xiz, Lóbez atópase cun par de leiróns caretos que o avisan da próxima batida que van facer os humanos, pero fai oídos xordos aos consellos deses lacazáns; tropeza con cinco lobos que se ríen del ao comprobar o seu defecto, cunha porca brava con media ducia de leitóns que o estudan na “clase rápida sobre supervivencia porcina” que a nai improvisa e con outro lobo esfameado que tamén acode ao Gran Consello. O grupo de sabios lobos decide que Lóbez regrese á casa e que na familia ocupe a categoría máis baixa, mais no camiño de volta á casa Lóbez librarase da morte por non saber ouvear, pois todos aqueles lobos que o fixeron para avisar aos demais (incluídos os membros do Gran Consello) son abatidos polos cazadores. O texto acompáñase das ilustracións de Ánxeles Ferrer (O Barco de Valdeorras, 1957) que elabora unhas imaxes con lapis sobre un papel groso, cun certo grado de rugosidade, para conferirlle maior textura aos debuxos. Son ilustracións nas que a combinación, a difuminación e a forza dos trazos determinarán o contraste e as luces e sombras.

Recensións:

- M. Otero, “De lobos e cabanas na lúa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 191, “Letras en galego”, 16 decembro 2006, p. 10.

Despois de lembrar que Antonio Yáñez Casal xa foi gañador do premio Merlín e do Raíña Lupa, sinala que, nesta ocasión, foi merecente do premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil, de Baía Edicións, por *Lóbez*, unha peza na que se retoma a tradición dos contos en galego protagonizados por animais. Comenta que se trata dun “sinxelo” relato dirixido a nenos a partir dos oitos anos, con ilustracións de Ánxeles Ferrer, sobre un lobiño que ten que emprender unha longa viaxe por non saber ouvear. Tamén achega o argumento das outras dúas obras finalistas, o relato *Unha cabana na lúa* (2006), de Jaureguizar, e o texto teatral, *Os sons da buguina* (2006), de Carlos Labraña.

Janeiro, Manuel, *Pucho, o habitador dos tellados*, ilust. Juan Ramón Alonso, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado mozo], 2006, 80 pp. (ISBN: 84-8464-609-2).

Relato fantástico-realista co que se estrea como narrador Manuel Janeiro (Madrid, 1951). Por medio dun narrador en terceira persoa, que centra o relato no protagonista, Pucho, trasládase a acción ao Madrid de comezos da década dos cincuenta. A imaxinación de Pucho vaise desenvolvendo a través dos acontecementos que comparte co seu pai, cunha veciña, Nati, e na escola, coa señorita Luísa. A ruptura con ese mundo estábel chega unha noite na que a policía detén ao pai de Pucho e o protagonista decide refuxiarse nos tellados, lugar que se converterá

nun país perfecto para el. A contemplación en liberdade dende as alturas permítelle a Pucho descubrir todos os segredos que agochan os tellados, os seus sons, os seus habitantes, aves, insectos, mais tamén a crueza do inverno, o frío, a fame, o medo, a soidade... un ambiente duro, marcado pola tristura, a represión e a carencia. As ilustracións de Juan Ramón Alonso (Madrid, 1951) están realizadas con diferentes tipos de lapis, uns de trazo fino e outros máis grosos, como poden ser o “carboncillo” ou os pasteis brancos. Utiliza papeis con diferentes texturas (rasgados, superpostos...) e de diversos formatos, con predominancia de tonalidades frías e cores azulados. Os trazos son áxiles, dinámicos e minuciosos nos detalles, para crear o personaxe e os escenarios de modo figurativo. Os lugares escollidos corresponden a edificios e tellados emblemáticos da cidade na que se localiza o relato. Nalgunha ocasión, insire a fotografía na ilustración, onde debuxo e imaxe se unen en sintonía, cuxa composición está totalmente equilibrada.

Recensións:

- Belén López, “Lecturas para un público adulto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 4 decembro 2006, p. 77.

Alúdese á presentación de *Pucho, o habitador dos tellados*, por parte de Kalandraka no salón de actos da Casa da Cultura Galega en Vigo. Tamén se reproducen os comentarios de Paz Castro, membro da editorial pontevedresa, quen explica que, pese a historia de Pucho non se encadrar en ningunha das súas coleccións infantís, tiveron claro que pasaría a formar parte do seu catálogo. Tamén alude ao traballo do seu autor, Manuel Janeiro, do que destaca a sensibilidade coa que relata a vida do protagonista, vítima da ditadura franquista, e que fai xurdir no lector paisaxes, emocións ou sentimentos. Por outra parte, refírese ao traballo do ilustrador deste volume, Juan Ramón Alonso, que combina os seus debuxos a lapis con fotografías reais dos espazos madrileños nos que se ambienta a historia, dando como resultado “un traballo creativo sinxelo e elegante, en consonancia coa obra literaria”. Por último, detállase o argumento deste volume, que se presenta encadernado en cartóné, tanto en galego coma en castelán, ademais de ofrecerse unha aproximación á traxectoria profesional do autor e ilustrador desta historia destinada ao público adulto.

- Anxa Correa, “Kalandraka aposta polo público adulto con ‘Pucho, o habitador dos tellados’”, *El Progreso*, “Cultura”, 5 decembro 2006, p. 73.

Dáse noticia da publicación por parte da Editorial Kalandraka dun libro destinado ao público adulto e así sae á luz *Pucho, o habitador dos tellados*, de Manuel Janeiro. Enténdese que aínda sendo narrativa conta cunha alta dose de lirismo tendo en conta tamén que até este momento o seu autor só cultivara o xénero poético. Destácanse as oito ilustracións de Juan Ramón Alonso para acompañar a historia dun neno de catro anos que no Madrid dos cincuenta queda orfo cando ingresan ao pai na cadea; será nese momento cando se decide a ir vivir aos tellados da capital.

Jaureguizar, *A cova das vacas mortas*, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2006, ilustr. Miguel A. Vigo, Vigo/Santiago: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 95, a partir de 14 anos, 2006, 129 pp. (ISBN: 84-9782-

O xornalista e escritor Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) presenta na novela *A Cova das Vacas Mortas* unha historia ambientada na vila de Negueira de Muñiz e a xeografía lindante da montaña lucense, marcada pola construción dun encoro que provocou o abandono forzoso dos veciños. Daquela, Negueira quedou condenada á incomunicación até que as súas casas abandonadas foron ocupadas na década dos setenta polos hippies, que encheron de vida aquel espazo natural, co tempo novamente ameazado pola volta dos vellos donos coa intención de recuperar as súas vivendas. Neste ambiente vive Xoel, un rapaz de dezaseis anos, algo perdido e desencantado, que se enfrenta ás particulares circunstancias vitais e familiares que o rodean cunha sorprendente madurez, xa que é el quen asume as responsabilidades da casa, coida da súa nai e mesmo cuestiona a súa actitude desapegada das necesidades materiais e domésticas. A rutina habitual de Xoel vese rachada coa chegada do seu avó, procedente do seu Berlín natal, vello e desorientado por mor do alzheimer, que engade novas responsabilidades para o adolescente xa que agora, ademais, debe estar pendente del e ocuparse de mudarlle continuamente os cueiros. Mais co avó chega tamén unha historia de intriga arredor do seu pasado e da súa relación coa cineasta alemá Leni Riefenstahl, por máis que a nai de Xoel asegure que seu pai non pasou de ser acomodador. No relato paira a dúbida de se se trata dunha fantasía xurdida dos delirios da cruel doenza do avó ou un feito real. Ademais, insírense moitos datos arredor da obra filmica e da vida da cuestionada e lonxeva cineasta, vinculada á ideoloxía nazi, o que serve asemade para contraponer dúas ideoloxías tan afastadas como a dos hippies e a dos nazis. A novela tamén conta cunha trama amorosa, grazas á aparición de Iria, o contrapunto de case todo na vida de Xoel, que se encarga de espertar dúbidas no rapaz sobre o nazismo e sobre o contraditorio poder dos sentimentos, tanto familiares como amorosos. Todos estes fíos argumentais conflúen no final, que aínda que semella ofrecer un desenlace, abre novas incógnitas arredor da aposta de Xoel por si mesmo, deixando atrás responsabilidades que quizais non lle acaían. A fotografía da cuberta que elaborou Manuel G. Vicente visualiza o instrumental que utilizarán os personaxes no relato. Nesta imaxe aparece unha cámara Super 8 coa súa correspondente bobina de película para a filmación. En canto os aspectos técnicos que presenta a imaxe, decir que se elaborou cunha dobre iluminación artificial, unha incidente sobre os obxectos e outra a contraluz, coma se todos os obxectos estiveran sobre unha caixa iluminada. Con esta técnica conséguese un maior volume dos elementos fotografados.

Recensións:

- R. Loureiro, “Novela para lectores novos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 187, “Letras en Galego”, 18 novembro 2006, p. 15.

Considera que *A cova das vacas mortas* é un texto pensado para achegarse ao mundo dos rapaces que integran o núcleo dos seus potenciais lectores, como o testemuña Jaureguizar no coidado en facilitar a lectura mediante unha sintaxe “que faga transparente a acción relatada e que non supoña un obstáculo”. Comenta que este libro pretende tender pontes entre distintas culturas europeas e que está cargado de polisemias, así como que é apto incluso para o lectorado adulto, pois está “cheo de narratividade” e nel o seu autor “xamais perdeu de vista a necesidade de non afastarse diso que Torrente Ballester chamaba a “realidade suficiente”. Por último, recolle algún dos instantes máis “fermosos” da obra.

- María Jesús Fernández, “A cova das vacas mortas”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 199, “Libros/Novedades”, decembro 2006, p. 68.

Despois de referirse a que é este o típico relato con protagonista adolescente que presenta problemas derivados da idade e da necesidade de atopar un lugar e un pensamento propios, di que é unha obra con singulares características, a seguir, describe o argumento.

- Pilar Ponte, “Heroes do mundano”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”*, n.º 188, “Libros”, 14 decembro 2006, p. IV.

Despois dunha breve información sobre a traxectoria literaria do autor e as traducións ao galego das súas obras na editorial Galaxia, incide na tenrura e inocencia da ollada do narrador desta obra, un neno que conta unhas historias das que é elemento central. Repara nos aspectos comúns que relacionan esta novela coas anteriores do escritor vasco: a maxia, a inocencia, a ollada surrealista, a sorpresa, a imaxinación, etc. Ademais, encontra nela trazos do realismo máxico e do surrealismo..

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, “Son un tipo raro no sistema literario galego, só porque digo o que penso”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”*, “Entrevista”, 30 novembro 2006, p. III.

Jaureguizar explica que Negueira de Muñiz (Os Ancares) é o escenario d’*A Cova das Vacas Mortas* e *Casa Skylab*, porque é un sitio que o sorprende moito por ser “un lugar moi pequeno e afastado de todos, pero no que hai xente de todo o mundo”. Comenta que lle interesa o tema do nazismo e expón as razóns que o levaron a converter a directora alemá Leni Riefenstahl nun dos eixes sobre o que xira *A Cova das Vacas Mortas*, ademais de falar sobre a relación que nesta novela establece entre o nazismo e a Galicia que sufriu a represión franquista. Explica como construíu o protagonista central do libro, Xoel, ao que cualifica de personaxe “un pouco complicado” e considera que nas novelas xuvenís abunda esa tendencia de orientar nos valores morais, así como especifica que el propón temas éticos, como fai neste libro onde se trata a responsabilidade dos crimes nazis. Opina que non hai grandes diferenzas entre os libros que fai para adultos ou rapaces e afirma que os mellores novelistas que temos son os de literatura infantil e xuvenil, entre os que cita a Xabier Docampo ou Agustín Fernández Paz. Por último, estima que é axeitado o uso de internet para a promoción de libros e cre que é “un tipo un pouco raro no sistema literario galego, simplemente porque digo o que penso”.

- César Lorenzo Gil, “Jaureguizar: ‘Prefiro escribir para os institutos que para a eternidade’”, *A Nosa Terra*, n.º 1.248, “Cultura”, 14-20 decembro 2006, p. 29.

Artigo no que Jaureguizar dá a súa opinión sobre diferentes temas. Di que a literatura xuvenil en galego non existe, pese a ser os autores desta literatura os que mellor dominan as técnicas narrativas, caso de Agustín Fernández Paz, e apunta que este silenciamento é debido a unha falta de visión sobre a necesidade do libro galego como industria. Afirma que, ao contrario de Xosé Carlos Caneiro, el prefire escribir para os institutos e non para a eternidade e que se

queremos sentar as bases dunha literatura galega normalizada hai que recoñecer o valor de persoas como Xabier P. Docampo. Estima oportuno a aparición do premio “Fundación Caixa Galicia”, porque o “Merlín” tiña un abano de idades demasiado amplo, e explica que cada vez varía menos o seus rexistros cando se dirixe a rapaces ou a adultos. Comenta que o rural que aparece n’*A Cova das Vacas Mortas* é bastante real e pensa que se trata dunha novela sobre a responsabilidade, como o testemuña o seu protagonista Xoel, que ten que asumir responsabilidades por obriga. Refírese ao seu gusto por presentar os temas de forma ecléctica e di non compartir a actitude neutral de Riefenstahl durante o conflito alemán. Alude á súa xermanofilia e cita as súas lecturas actuais, ademais de falar positivamente sobre as traducións que se están facendo ao galego e de afirmar que ao que ten “aspirar o noso mercado do libro é ao seu recoñecemento industrial para que todos o tomemos en serio”.

Jaureguizar, *Unha cabana na lúa*, Finalista do IIº Premio Meiga Moira, ilust. Patricia Castelao, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, a partir de 11 anos, 2006, 114 pp. (ISBN: 84-96526-82-8).

Relato de Jaureguizar (Bilbao-Biscaia, 1965), dedicada “A Sara Jaureguizar Lombardero, para que coñeza os sonhos do seu pai, quen prefire que cumpra os que ten ela de converterse en bibliotecaria e bailarina”, que se divide en seis capítulos, o último dos cales lle dá título. Ten como protagonista a Aquilino Antonio un rapaz de dez anos nado en Ribadeo, lugar onde se localiza a acción, que conta a relación que ten con seus pais, cos seus amigos e especialmente co seu avó paterno Salustiano Ballón, un antigo voluntario na División Azul contra os comunistas rusos que lle axuda a el e á súa panda, formada por Anxo, Tucho e Furallos, contra os seus enemigos os Picolos, os fillos dos gardas civís liderados por Ramón O Navallas. O protagonista e os seus amigos véñse envoltos en diferentes aventuras contra os Picolos e contra as monxas do asilo no que finalmente a nai de Aquilino Antonio ingresa ao “comandante en xefe” Salustiano. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974) nas que emprega como técnica artística a pintura. En xeral, mostra as faccións e expresións dos personaxes xogando coas formas alongadas, caricaturescas e desproporcionadas, onde o nariz cobra maior protagonismo en relación ao resto dos trazos da cara.

Kühn-Bode, Heidi, Xosé Miranda, Xosé Antonio Perozo, Miro Villar, *Contos de vermes, libros, princesas e parrulos*, ilust. Víctor Rivas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, col. Lagarto Pintado, até 7 anos, 2006, 58 pp. (DL: C-735-2006). ♦

Volume colectivo no que se reúnen contos, algún deles rimado, dirixidos ao lectorado autónomo. Os textos acompáñanse dos debuxos de Víctor Rivas que ilustran algunhas escenas de cada relato. Estes debuxos están feitos a tinta e son de corte figurativo; a característica máis salientábel neles é o predominio da liña cun trazo vigoroso e solto. Soamente na cuberta se emprega a cor.

En canto aos relatos que no volume se recollen reproducense os de:

- Xosé Miranda, “Apio”, pp. 27-41.

Conto de Xosé Miranda (Lugo, 1955) no que se conta a historia do feitizo que sofre Apio, fillo do rei dun lonxano país, que cando é moza ten que acompañar a un feiticeiro por mor dun trato deste con seu pai. Todo comeza cando a raíña está embarazada e sofre un antollo de apio, pero malia os esforzos de todo o reino, non se pode conseguir en ningún lugar. Ante a desesperación do rei, aparece un mouro que lle consegue o prezado elemento, coa condición de que terá que entregar o primeiro que naza na súa casa ao cabo de quince anos. Por desgraza o primeiro que vén ao mundo é a filla que agardaban, Apio, que é levada polo mago e pechada nunha torre. Neste lugar é constantemente vixiada por unha vella moi fea, até o día no que aparece un príncipe que a libera coa axuda de tres elementos máxicos que a vella lle proporcionara.

- Xosé A. Perozo, “Foedus, o parruliño que sempre foi feo”, pp. 43-58.

Conto de Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badajoz, 1951) dedicado a Pedro, Marta e Sara e no que se conta a historia do parrulo Foedus, bautizado así pola súa nai cando naceu polo feo que era. Ante o rexeitamento de todos os da súa comunidade, Foedus dedicouse a estudar e aprender. No contacto con outros animais descubriu nel virtudes que todos descoñecían como a de ser bo bailador e un gran cantante, así como un bo nadador cando salvou dunha cobra a unha ra no lago. Pouco a pouco logra que o admiren e mesmo namora coas súas habelencias á parrula máis guapa do reino, Elegantia, polo que é admirado por todos os que antes o desprezaban.

Laso Lorenzo, Rafael, *Por qué Baldomero Quintáns?*, III Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez", ilust. María Puertas Feijóo-Montenegro, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, [mocidade], 2006, 115 pp. (ISBN: 84-96503-23-2). ♦

Narración de Rafael Laso Lorenzo (Xinzo de Limia, 1965) na que a través dun narrador en primeira persoa se conta a historia que viviron dous amigos, o narrador e o seu amigo Baldomero Quintáns. Baldomero, un detective que vive en Vigo, recibe un día unha carta na que se lle propón un xogo que comeza cunha adiviña. O narrador, propietario dun bar de Vigo, decide axudar ao seu amigo Baldomero a resolver o xogo e así comeza a viaxar aos lugares que o xogo o leva no sitio do seu amigo. Primeiro a Ourense, despois á Coruña, Pontevedra e Lugo e en todos eses lugares atopa unha carta cunha nova adiviña, esas cartas déixaas un home de pelo branco cun abrigo gris e insiste en que si resolve o xogo, como premio, Baldomero coñecerá o seu segredo. Compárase o xogo cunha partida de xadrez e como movemento final proponse que sexa o propio Baldomero o que se dirixa ao último destino, a Santiago e que alí será el mesmo quen o reciba. Así foi, cando Baldomero chegou alí estaba ese home cunha nova carta, esta carta era da nai de Baldomero e nela dicíalle que ese home era seu pai e pedíalle desculpas por non llo ter dito antes, pedíalle tamén que o aceptase e que o quixese. Dende ese momento Baldomero sentiu que a súa soidade rematara, agora tiña ao seu mellor amigo e ademais un pai, agora era feliz. Esta obra está acompañada das ilustracións de María Puertas (Ourense) e foi premiada na modalidade de ilustración no III certame “Pura e Dora Vázquez”. Nelas emprégase a colaxe (pintura, papel, teas, fíos, fotografías, cartón, metais...) creando unhas imaxes con diversas texturas. Estas veñen dadas pola utilización de cada un dos elementos que, no seu conxunto, buscan o equilibrio visual mediante a composición de formas e cores. A nivel pictórico, as texturas, acádanse con xestos

violentos, dinámicos, superpostos, mesturados con diferentes tonalidades que combinan de maneira estética entre eles. Utiliza todo tipo de cores, malia que a predominancia en case todas as ilustracións sexan tonalidades frías. Algunha das ilustracións, inmediatamente evoca no lectorado as cidades interpretadas na obra de Paul Klee. A ilustradora xoga cos diferentes encadres das imaxes para visualizar as accións dende diferentes puntos de vista e outorgarlle movemento visual a narrativa das ilustracións.

Liván, Paco, *Rato Solteiro*, ilust. Marta Torrão, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], setembro 2006, [43] pp. (ISBN: 84-96573-71-0).

A partir dun conto tradicional africano, Paco Liván, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, presenta a historia dun leñador, Rato Solteiro, e do seu veciño, o coello Sabichón. Un día que Rato Solteiro está no bosque, unha moza invítalo a comer e dille que ao rematar contará até tres e se a consegue coller casará con el. Rato Solteiro fai o que lle di a rapaza e tenta collela, mais xusto cando está a piques de conseguilo ela tírase á auga. Rato Solteiro irá detrás dela e, na auga, descubrirá un mundo incríbel no que, para que non o metan nun ataúde, terá que descubrir cal das fillas da Raíña das Augas (son todas iguais) é a que o foi buscar. Grazas á axuda dunha abella á que o Rato lle dera de comer, este descobre cal é a moza e, xa casado con ela, regresa á súa aldea. O seu veciño, o coello Sabichón, logo de saber do acontecido e desexoso de deixar a soltería, coméntalle ao leñador que a moza que trouxo é a súa prometida, pero o Rato contéstalle que ao mellor se confundiu con algunha das súas cuñadas. Desta maneira, o coello decide disfrazarse de leñador para que algunha das rapazas lle veña ofrecer comida. Así acontece, mais o coello no fondo do mar, debido ao seu egoísmo, non será axudado por ningún animal á hora de elixir entre as irmás e será castigado coa morte, da que escapará grazas á súa astucia. Esta obra, apoiada polo Instituto Portugués do Libro e das Bibliotecas, conta coas ilustracións de Marta Torrão (Lisboa, 1974). O estilo empregado é figurativo. As páxinas están traballadas cunha técnica que mestura pintura e *collage* con distintos papeis (xornais, impresos, enrugados, etc.). Os dous mundos que aparecen na narración distínguense claramente a nivel de imaxes: no mundo acuático predominan as tonalidades frías coa utilización de fondos azuis; na terra, os fondos son cálidos e as tonalidades utilizadas son amarelas, verdes secos, ocre e terras. Tamén hai diferenzas no deseño dos escenarios e das figuras: o mundo imaxinado e máis libre, permite xogar coa fantasía para crear novas formas para as cidades, as casas, os elementos vexetais e os habitantes submarinos. As escenas que transcorren na terra presentan unhas figuras con certa estilización, pero son formas reais e recoñecíbeis.

López-Barxas, Paco, *O ladrón de paxaros*, ilust. Chus Ferrín, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 10, [lectorado autónomo], 2006, [32] pp. (ISBN: 84-96526-66-6).

Primeiro conto infantil de Paco López-Barxas (Ourense, 1952), ilustrado a toda cor por Chus Ferrín (Vigo, 1968), no que un narrador en terceira persoa conta as aventuras que viviron Martín e a súa almofada voadora a partir do momento no que decidiron liberar a todos os paxaros que vivían pendurados en gaiolas nos balcóns de moitos edificios da súa cidade. Martín observa dende a xanela do autobús escolar as gaiolas dos paxaros e quere rescatalos porque pensa que é mellor deixalos voar libres para que poidan durmir nos seus propios niños e vivir en liberdade. Así é como cada noite o rapaz vai roubando paxaros e levándoos ao

Parque da Casa de Campo até que os xornais comezan a dar conta das estrañas desaparicións. Ponse en marcha un operativo policial para atrapar o ladrón que consegue dar con Martín e levalo á cadea. Daquela os paxaros liberados deciden axudar ao rapaz e sacalo da súa gaiola picando nos seus barrotes. Nas ilustracións de Chus Ferrín, que complementan a narración textual, priman as cores fortes; as composicións a dobre páxina, con puntos de vista atrevidos, crean escorzos das figuras e achegan maior dinamismo ás formas. As figuras dos personaxes están concibidos para salientar aqueles aspectos máis destacados da narración; buscan a expresión máis que un tratamento realista dos espazos e dos protagonistas. A técnica empregada facilita a expresividade cos trazos de lapis de cores saturadas que contrastan en cada páxina.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Piratas, paxaros, formigas”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 396, “Libros”, 1 outubro 2006, p. 20.

Comenta que a literatura infantil e, especialmente, a xuvenil é un terreo “arraiano, por non dicir esvaradizo” ao considerar que moita da xente que non destacou na “outra literatura” mergulla a súa mediocridade nos libros para os pequenos, porque considera, erroneamente, que este “é un mundiño de pouca categoría”. Por iso, aplaude iniciativas como as de Baía Edicións que, coa súa colección “Xiz de cor”, conseguiu provocarlle diversión e abraio pola súa calidade, en parte dada pola pericia dos seus ilustradores. A seguir, achega o argumento dos títulos *O pirata Metepata*, da autoría de Toño Núñez e José Tomás, que “vén servido en verso, simpático e ocorrente”; *É rara Makeke?*, de Magada Soldado e Jacobo Muñiz; e *O ladrón de paxaros*, de Paco López-Barxas e Chus Ferrín.

Referencias varias:

- Montse Dopico, “O meu relato é unha defensa da liberdade, a disidencia e a natureza”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 10 agosto 2006, p. 77.

O xornalista, escritor e crítico literario Paco López-Barxas fala nesta entrevista d’*O ladrón de paxaros*, texto que define como un alegato a favor do respecto pola natureza, a loita pola liberdade e o valor da disidencia. Sinala que se trata da súa primeira incursión na literatura infantil aínda que se trata dun conto escrito hai moitos anos e que o argumento do conto é sinxelo porque está convencido de que “os nenos disfrutan máis co máis sinxelo”. Considera que a literatura pode xogar un papel fundamental na educación, neste caso, transmitindo o emprego da imaxinación para seren disidentes.

Loureiro, Ramón, *A oca de Leonardo*, ilustr. Xaquín Marín, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, [lectorado autónomo], xuño 2006, [36] pp. (ISBN: 84-935062-4-9).

Relato fantástico realista de Ramón Loureiro (Sillobre, Fene, 1965) que se inicia cunha cita de Leonardo da Vinci e que está dedicado a Ana “a miña Princesa”. Nel, por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa que localiza a historia en 1806, coñécese cómo o Señor

Vizconde de Chateaubriand dispuxo que se armase a Grande Máquina Voadora, con forma de oca, que lle agasallara Napoleón Primeiro de Bonaparte e, unha vez comprobado o seu funcionamento e provista de todo o necesario, partiu voando en dirección a Ferrol e Mondoñedo, como lle prometara a uns Padres Franciscanos en Xerusalén. Cóntase cómo foron as diferentes xornadas da viaxe, concretando o visto en cada unha delas. Así, o primeiro día sobrevoou a Esfinxe de Perdida Mirada e as colosais Pirámides exipcias e flotou “en plácida letarxia sobre as augas do Nilo”. A segunda xornada de viaxe culminou en Venceia e na terceira chegou até Lugano, onde a oca se pousou no centro do lago. No cuarto día chegou a París e na quinta xornada, á praia do Monte de San Miguel nunha illa entre as costas armóricas e normandas. Será na sexta xornada na que o piloto e aparello voado cheguen a Ferrol, onde Chateaubriand aterre no Patio de Levante das Ferreirías da Armada e sexa agasallado cun banquete pola autoridades civís e militares. Finalmente, no sétimo día dirixiuse a Mondoñedo, vila na que arribou no tempo e hora en que estimara e na que, recibido novamente polas autoridades, dirixiu unhas verbas aos presentes, que foron interrompidas polo estrondo causado por unha xigantesca figura dun mitrado de antano que levitaba sobre a vila, que resultou ser San Rosende. Este faloulles un anaco aos que alí estaban e coa súa desaparición provocou acontecementos marabillosos, un milagro, coñecido como “milagre das Sanlucas” que causou que o protagonista agasallara a Mondoñedo coa Grande Máquina Voadora. Finaliza a historia cunha anotación do narrador que lle anuncia ao lectorado que novamente a máquina prodixiosa está sendo armada para ver se segue en condicións de seguir voando. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas de Xaquín Marín (Ferrol, 1943) que achegan moita información visual sobre os lugares e os personaxes aos que fai referencia o texto. A técnica empregada xoga cunhas cores saturadas aplicadas con pintura sobre uns debuxos delimitados moi detallados.

Recensións:

- Xesús Fraga, “Unha viaxe de fantasía”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 183, “Opinión”, 21 outubro 2006, p. 14.

Considera que n’*A oca de Leonardo* o lector atopa condensadas en corenta páxinas o universo literario de Ramón Loureiro, que bebe en fontes de pura literatura (Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester e Carlos Casares) para construír as súas obras “sobre os piares da imaxinación do marabilloso, o pasado entendido como unha manifestación que condiciona coas súas sombras o presente, e un humanismo de raíz cristiá”. Tamén considera que na citada obra, quizais porque pola natureza do álbum texto e debuxo deben complementarse, opta por un estilo máis depurado para narrar a historia. Resume a trama argumental e sinala que no seu tramo final tanto Loureiro coma o ilustrador Xaquín Marín homenaxean a un bo número de persoeiros da cultura galega.

Referencias varias:

- MARÉ, “A viaxe de Chateaubriand”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 outubro 2006, p. 36.

Faise eco da presentación d’*A oca de Leonardo*, escrita por Ramón Loureiro e ilustrada por Xaquín Marín, no Salón de Actos do Real Coro Toxos e Froles (Ferrol). Sínálase que a obra

nace dun proxecto da editorial Biblos, que quixo lembrar os oito centos anos de vida de Mondoñedo e que, feita en “clave de humor, ironía e tenrura”, está dirixida ao público infantil e adulto. Apunta que esta é a segunda vez que Marín colabora con Loureiro, co que editou a obra infantil *O peixe de pedra*, ademais de recoller algunhas declaracións, do citado ilustrador e humorista gráfico, nasque alude ás dificultades que atopou á hora de elaborar os debuxos, nos que conviven personaxes tan dispares como Álvaro Cunqueiro, Torrente Ballester ou Carlos Casares. Por último, infórmase da exposición dos debuxos orixinais que Marín creou para o libro.

- Alfredo Conde, “Recoñecemos na Literatura”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 21 novembro 2006, p. 4.

Comeza o artigo afirmando que a literatura serve para nos reflectir nela e fai referencia ao libro editado por Biblos de Ramón Loureiro, *A Oca de Leonardo*, con ilustracións de Xaquín Marín. Explica que se trata dunha obra sinxela, un conto que aparentemente é para nenos pero que está cheo de serenidade e tenrura. Seguidamente, comenta o argumento doutra novela que está a ler, mais non di o seu título nin o autor.

Lourenzo González, Manuel, *Unha pantasma no colexio*, ilustr. José Tomás, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 12, a partir de 10 anos, 2006, 160 pp. (ISBN: 84-8349-022-6).

Manuel Lourenzo González (Vilaboa-Pontevedra, 1955), en nove capítulos numerados e por medio do voz do protagonista, conta a historia de Andrés dende que se reanudan as clases do seu colexio, situado nunha pequena aldea, despois das vacacións de Nadal, día no que un profesor lles manda escribir un relato que tiña que ter como comezo “Aquel día ocorre algo extraordinario”. Coméntase precisamente que entre as ideas do narrador para facer o traballo estiveron falar do día de Reis e do que lle trouxeron ou non de agasallos; as ideas do relato e o recoñecemento de que contar historias extraordinarias non era o seu; escribir sobre o día que chegou a TV a aldea e mesmo falar sobre o roubo das campás da igrexa. Unha serie de dúbidas que ten o protagonista até que esperta na aula de ximnasia, onde quedara dormido, e descobre que non pode saír do colexio pois xa remataron as aulas. A partir deste momento cóntanse as súas aventuras, a aparición da pantasma e os comentarios con ela, para rematar cun capítulo no que se descobre que a pantasma é el mesmo, que leva trinta e tantos anos sen esquecer o que lle ocorrera (morrera un 17 de xaneiro de 1972 nun accidente). e que, para que non o esquezan os demais, regresa todos os 17 de xaneiro á terra e percorre as dependencias do colexio para falar co vixiante nocturno da noite do accidente, un feito extraordinario. Esta narración textual vai acompañada poucas ilustracións de José Tomás que xiran arredor das distintas situacións que sofre o protagonista. As composicións en branco e negro, agás a da cuberta, teñen puntos de vista variados.

Martín, Paco, Joao Pedro Méseder, Anabela Mimoso, Gloria Sánchez, *Como um pé-de-vento/Como un golpe de vento*, ilustr. António Modesto, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Delegação Regional de Cultura do Norte, col. Lagarto Pintado, [lectorado mozo], 2006, 149 pp. (ISBN: 84-453-4222-3). ♦

Texto en galego e portugués resultado do proxecto Estafeta do Conto e realizado polo grupo Salta-Pozinhas, formado polos autores galegos Gloria Sánchez e Paco Martín e polos portugueses Anabela Mimoso e Joao Pedro Mésseder, coa axuda da rapazada de diferentes bibliotecas de Galicia e do Norte de Portugal cuxos nomes se reproducen nas últimas páxinas do volume. Ao longo de catro capítulos numerados con romanos o lectorado agardado, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, coñece o que lle acontece á protagonista, unha adolescente portuguesa chamada Ana Vale, durante as súas vacacións nun campamento en Baiona. Bazuca, que é como lle chaman de mal nome a Ana, establece relación no campamento con Sindo, un mozo lugués, e con Michelle, outra galega. Con eles e grazas á axuda da Tía Quiñas, unha velliña moura, meiga, fada e feiticeira, que Bazuca coñece no tren de camiño a Vigo, conseguirán desenmeigar a Xabier Lobo, un empregado do campamento que lle gusta a Michelle, do seu mal fado: converterse en lobo nas noites de lúa chea. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Antón Modesto nas que se emprega unha gama de cores restrinxida, azuis e vermellos. As formas están rodeadas dunha grosa liña azul. Os debuxos acompañan ao texto pero non son significativos para seguilo dun xeito visual.

Mata, María de, *Un día de treboada*, ilust. Mariana Riestra, A Coruña: Baía Edicións, col. Contos de Igualdade, n.º 1, [lectorado autónomo], 2006, 31 pp. (ISBN: 84-96526-79-8). ■

Relato realista de María de Mata no que por medio dun narrador en primeira persoa, que en ocasións se dirixe ao lectorado agardado e que localiza a historia un día de agosto en terras de Lugo, se contan os avatares aos que se enfrontan uns granxeiros por mor da chegada dunha treboada. Todos os tractoristas pónense a empacar a herba segada antes de que chegue a choiva agás a nai da narradora a quen, malia ter rematado o seu traballo, ninguén lle encarga ningunha tarefa. No momento en que todos os tractores se estraguen será cando lle pidan axuda a Carme, a muller tractorista que deixa a todos asombrados co seu traballo. Grazas a ela e a outras mulleres que lle mandan aos homes sacar os carros para transportar a colleita ás paleiras, esta sálvase, agás a daqueles que non aceptaron a axuda dunha muller tractorista. Remata a historia coa cea feita por Aldara, a narradora, e o seu pai Xavier, para os veciños da aldea e que é moi loada por todas as mulleres. Dise que dende o acontecido aquel verán a boa sona de Carme espallouse por toda a comarca, ademais de ser o ano no que máis leite deron as vacas. Ao final da historia recóllense un total de dez preguntas relacionadas co texto. Esta obra acompáñase das ilustracións de Mariana Riestra que completan o texto cunhas imaxes dos protagonistas que describen os escenarios onde ocorre a acción e as distintas actitudes dos personaxes. O emprego naturalista das cores e certa intención de volume das figuras fan realistas as distintas composicións que configuran o libro.

Miranda, Xosé, *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Amancio Amigo, n.º 1, [lectorado mozo], outubro 2006, 126 pp. (ISBN: 84-9782-484-9).

Xosé Miranda (Lugo, 1955) nesta novela de maxia, en vinte e un capítulos titulados, por medio dun narrador omnisciente e a voz dalgún personaxe, conta a historia de Amancio, un rapaz do Courel namorado dunha rapaza de Quiroga, filla do cacique. Preséntase ao personaxe no primeiro capítulo como un ser sen características moi marcadas pero cunha idea clara: non

quere ser labrego nin emigrar coma os seus irmáns. Na busca dunha profesión diferente e debido a varias circunstancias decide cun amigo de Salamanca, onde estudaba, converterse en meigos, traballo dificultoso xa que teñen que se enfrontar a varios meigos de fama para conseguir un posto no mundo da maxia ao mesmo tempo que ser novidosos nas aventuras fantásticas e preservar e conservar o seu amor, amizade e lealdade. Esta novela vai acompañada das ilustracións non narrativas de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974), que recrea aos personaxes desta historia fantástica e lles dá expresividade a través de rostros alongados e estilizados, onde o nariz adquire unha desproporción caricaturesca da cara dos personaxes. As súas ilustracións gozan dunha plasticidade volumétrica acadada a partir dun traballo minucioso de observación de luces e sombras, producidas polos contrastes cromáticos con matices fríos e ocres, principalmente. Evita as formas agrestes e redondea os bordos para unificar a imaxe nun todo, sen planos superpostos. Utiliza unha gran variedade de ángulos para colocar aos personaxes nos diferentes lugares da historia e para que o espectador teña outra visión diferente do que acontece, cunha linguaxe moi cinematográfica. Xa dende a cuberta, pódese apreciar estes trazos definitorios da ilustradora, amosando aos dous dos personaxes principais da obra, nun espazo e nun tempo determinado, que acompañarán ao relato cun estilo figurativo e de debuxos animados.

Recensións:

- Jaureguizar, “Miranda inicia unha serie de obras sobre un aprendiz lucense de mago”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 3 setembro 2006, p. 81.

Anuncia que o escritor Xosé Miranda prepara unha serie de catro novelas protagonizadas por un aprendiz de mago do Courel, Amancio Amigo, que estarán ilustradas por Patricia Castelao. Sinala que esta saga se abrirá co volume titulado *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca* e achega o seu argumento, que arranca coa partida de Amancio cara a esa cidade para estudar Informática, aínda que, finalmente, vai dedicarse a estudar maxia nas Covas de Salamanca. Alude ás súas capacidades e aos personaxes contra os que loitará, ademais de sinalar que o personaxe máis importante é un macho cabrío chamado Mestre Leonardo e que o aprendiz terá sempre a axuda de Vitor Siderol, un personaxe tirado do libro de San Cipriano. Explica que Amancio Amigo xa aparecía noutras obras súas e que a poesía se recolle nese texto, tanto porque Amancio recita poemas de Fiz Vergara e de Uxío Novoneyra, como porque as fórmulas e algúns diálogos están rimados. Tamén anuncia a trama da segunda entrega.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 188, “Andel de novidades”, 14 decembro 2006, p. VII.

Achega ás obras *Guerra civil e literatura galega*, de Alonso Montero e Miro Villar (coord.); *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca*, de Xosé Miranda; *Canto patrio ou Pontevedra*, de José R. Couto (ed.), e *Vidas exemplares*, de Uxía Casal. Refírese ao contido e argumento das obras.

Mosquera Sastre, M^a Luisa, *O gato tripi trapo*, ilust. da autora, A Coruña: Primerapersona, Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, [prelectorado], 2006, 19 pp. (ISBN: 84-95923-31-9). ♦

Segundo título dunha colección coa que se pretende “recuperar o interese polo contos tradicionais, cheos de sabedoría e valores humanos”. Trátase dun conto rimado no que María Luísa Mosquera presenta, por medio da voz dos diferentes personaxes, a historia do gato Tripitrú, quen, de paseo pola herba verde, vai comendo a quen atopa: a un leñador coa machada, a unha nena que baila, a un anano, a un caracol e a un chivo xigante que cos seus cornos fai que o gato estoupe e libere a todos os personaxes. Ao final do volume inclúense diferentes apartados “¿Máis sobre contos tradicionais?”, “Receita de pastel fácil”, “¿Qué contén a bolsa de *O gato tripi trapo*” e “Algunhas suxestións para usar a bolsa do gato” nos que se explican as pretensións da obra e se dá conta de actividades que se poden facer con ela. A autora e ilustradora fai uso dun formato moi orixinal e diferente dos demais libros cos que o lectorado se pode atopar. O material do que está feito é de tea, simulando a figura dun gato, polo que o título da obra xa está presente dende que se ten o libro nas mans, ben sexa pola textura como pola forma. Nesta obra pódese falar de dous tipos diferentes de ilustracións; por un lado, as cubertas textís das que se falou, e no seu interior existe unha bolsiña que contén os personaxes da historia. Están feitos con feltro de diferentes cores para que os nenos poidan crear as súas propias imaxes a partir da narración textual. Esta tea, ao mesmo tempo, envolve un pequeno libro onde se relata a historia do gato tripi trapo, con ilustracións a dobre cara feitas pola propia autora. As ilustracións que acompañan o texto están elaboradas con ceras de cores cálidas para situar na estación do outono a historia, cando os árbores e a vexetación adquiren matices ocres, marróns, alaranxados e amarelos. Utiliza grandes manchas que son delimitadas por trazos máis finos e duros, no momento no que precisa destacar algún detalle, como o pelo do gato, a corteza dunha árbore ou os cornos dun chibo.

Neira Cruz, Xosé A., *Gatos e leóns*, ilust. Luís Castro Enjamio, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 11, serie azul, a partir de 12 anos, 2006, 138 pp. (ISBN: 978-84-9811-075-3).

Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) presenta once contos que teñen lugar en Venecia e nos que os protagonistas son os gatos; gatos que hoxe en día desapareceron e os poucos que quedan, segundo o autor, son como “pequenos leóns acazapados”. Trátase de historias fantásticas contadas por un narrador omnisciente, que as relata en terceira persoa, con alternancia de diálogos dos protagonistas. Nalgúns contos tamén é narrador protagonista. As historias están conectadas entre si pola presenza dalgúns dos protagonistas dunhas noutras. En “A historia do Dux Vendramin Dandolo e o gato de Mercerie”, o Dux Vendramin disfrazase e sae todas as noites a pasear polas rúas de Venecia, seguido polo gato Lauro, para non ser molestado polos habitantes da cidade; en “A gatiña feita de cristal de murano”, a protagonista é ofrecida como agasallo a un Rei que visitaba a cidade e que a rexeitou porque nos seus ollos veu reflexadas as súas miserias e maldades; en “A moda dos vestidos de gato”, fálase dos vestidos que a condesa Sartieri e a baronesa Morosini, dúas damas da sociedade veneciana, deron en poñer de moda por aburrimiento, así como o paseo das cinco e media; en “Unha bufarda na guiudecca”, relátase o namoramento acabado en traxedia de Aldo e Ciccina; en “A auga de afeitar”, preténdese dar explicación ao

porqué da mala sorte de cruzarse cun gato negro, que é debida a Mateo Capinelli; en “A canción e o mestre sustos”, Francesca, unha gata que só quería cantar, acaba sendo unha famosa cantante coa axuda dun crego; en “Soños de realidade”, nárranse os soños de Lena que son realidade grazas ao seu gato Nasio; en “No museo das mensaxes de mar”, cóntase a visita dun turista a un museo de mensaxes atopadas no mar dentro dunha botella procedentes de personaxes moi característicos; en “Encontro cun gato humano”, nun restaurante no que están a cear uns amigos, atópase un gato humano e cóntase a súa historia; en “Dúas horas e media en Vaporetto”, cóntase que acontece no Vaporetto durante ese tempo; e, finalmente, en “E ao final unha sorpresa”, o narrador, de volta en Galicia, vai de pesca e atópase coa resposta a unha mensaxe nunha botella que mandara dende o museo das mensaxes. As ilustracións figurativas deste libro son de Luís Castro Enjamio (A Habana, Cuba, 1962). Na cuberta, sobre unhas manchas a acuarela en violetas e laranxas que compoñen un fondo con formas xeométricas, destaca un gato negro, única ilustración do volume que está realizada a cor. A figura deste animal resulta inqueda, pola mirada, polas formas agresivas con que está deseñado, polo contraste coas cores complementarias do fondo. Todo fai que se avancen uns relatos de misterio. No interior, as ilustracións son en branco e negro e ocupan unha páxina enteira en cada relato. Xogando coa liña e a mancha, Enjamio constrúe uns debuxos moi imaxinativos que mesturan a ficción coa realidade nun estilo surrealista. Esta mestura de lenda e verdade acompaña ao relato.

Perozo, Xosé Antonio, *Unha mensaxe para Sara*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Branco de Cores, n.º 1, [lectorado autónomo], 2006, 28 pp. (ISBN: 84-7824-506-5).

Relato fantástico realista de Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badaxoz, 1951) no que, por medio dun narrador en terceira persoa e da propia voz dos personaxes, se conta cómo Sara descobre nun soño que a súa avoa Carme, que está enferma e non pode falar, ten unha mensaxe para ela. Unha vez esperte, a protagonista trata de descubrir a mensaxe de súa avoa, quen por medio do movemento das pálpebras dos ollos e da forza da súa man, lle vai dando diferentes palabras que pertencen á mensaxe que ten que descifrar. Sara atoparase cunha listaxe de verbas que non sabe como relacionar, mais durante o xogo coas súas amigas na Praza das Praterías, darase conta de parte da mensaxe, solicitando a axuda dun dos cabalos da fonte. Branco de cores, o cabalo de pedra que toma vida e que xa fora amigo do avó de Sara, axudará á nena a resolver o problema. Xuntos irán onde a estatua de Rosalía de Castro que está na Alameda de Compostela e que lle dará á nena protagonista o libro *Cantares Gallegos* para que llo lea á súa avoa Carme. Este libro, que forma parte da Biblioteca Infantil do Consorcio de Santiago, acompáñase das ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) que, nesta ocasión, gozan dunha gran variedade cromática, con cores cálidas e vivas. Dende a cuberta, xa se presentan os personaxes do relato, Branco de Cores e Sara subido nel, voando sobre a cidade de Santiago de Compostela. As gardas seguerán coas mesmas características pero, tan só aparece o cabalo branco en distintas accións, sobre un fondo amarelo que tamén está presente na cuberta e contracuberta do libro. As faccións dos personaxes son redondeadas e volumétricas que contrastan con fondos planos e esquemáticos. O ilustrador emprega en todas as imaxes dous planos. Nun primeiro plano sempre aparecen os personaxes ou obxectos sobre os que recae a acción, con cores máis saturadas e trazos negros para focalizar a atención do espectador. Nun segundo plano, con tintas máis difuminadas, suaves e con trazos de cores neutras coma o gris, correspóndese cos diferentes espazos onde transcorre a historia, deste xeito pódense recoñecer lugares emblemáticos de Santiago de Compostela (a Catedral, a

Alameda, Praterías ou o río Sar) ou mesmo personaxes recoñecidos da cidade como as “Marías” ou Rosalía de Castro. As ilustracións están elaboradas baixo un tratamento dixital, da mesma técnica que empregan os ilustradores da banda deseñada, para acadar imaxes motivadoras e chamativas para os máis novo.

Referencias varias:

- José Matamoros, “Letras y dibujos para fomentar la pasión de leer”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 decembro 2006, p. L11.

Entre outras noticias breves, recóllese a creación dunha colección infantil por parte do Consorcio de Santiago e a editorial Sotelo Blanco, inaugurada por dous títulos ilustrados por Andrés Meixide: *Unha mensaxe para Sara*, de Xosé Antonio Perozo, e *A que veñen as gaivotas a Compostela?*, de X. H. Rivadulla Corcón. Na mesma sección recóllese o ditame do Concurso Escolar de Christmas Rápido organizado polo Centro Comercial Hipercor para nenos entre 5 e 14 anos.

- MARÉ, “Os pícaros coñecerán Santiago coa colección ‘Branco de cores’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 27.

Refírese á presentación da colección “Branco de cores”, unha iniciativa do Consorcio de Santiago e da editorial Sotelo Blanco, que axudará os nenos a coñecer a cidade compostelá, os seus monumentos, recunchos e personaxes históricos a través das aventuras de Sara e un cabalo, que ten unha cola que irá mudando de cor en cada conto e que é un dos cabalos da Fonte das Praterías. Tamén se sinala que os dous primeiros libros da colección, *Unha mensaxe para Sara*, de Xosé Antonio Perozo, e *¿A que veñen as gaivotas a Compostela?*, de Rivadulla Corcón, están ilustrados por Andrés Meixide e que se distribuirán nas librarías de toda Galicia o próximo mes de xaneiro. Por outra parte, recóllense as intervencións do alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, do xerente do Consorcio, José Manuel Villanueva, e da directora da colección, Mercedes Pacheco.

Perozo, Xosé Antonio, *Don Cazapalabras*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, serie azul, primeiros lectores, 2006, 29 pp. (ISBN: 84-403-0530-3).

Xosé Antonio Perozo (Llerena - Badaxoz, 1951) presenta este relato que dedica a Tania Valencia. Nel, por medio dun narrador en terceira persoa, cóntanse cómo era a vida no universo de Semprefalarás antes da chegada da dona Cismeira. Dise que en Semprefalarás vivían linguas moi antigas, Linguas medias, Linguas Cantoras, linguas de Cores, Linguas Guerrieras, Linguas Moderanas e linguas de todo os estilos (Exóticas, Góticas, Gordas, Fracas, Altas, Baixas, etc.), diferentes linguas das cales se din as súas características e cómo a súa relación era boa e afábel até que dona Cismeira, por envexa, puxo a todas as linguas a rifar, pois, por exemplo, roubáballes palabras e engulías ou dábaas de comer a diferentes animais. En Semprefalarás creouse unha gran confusión e moitas linguas quedaron mudas, tristes, avergoñadas, etc. Até que as Linguas Sabias descubriron a dona Cismeira e expulsárona do seu universo. As linguas viviron no caos moito tempo até que a unha Lingua Antiga se lle

ocorreu chamar a don Cazapalabras que con gran traballo organizou as palabras e meteunas nun seu invento: o dicionario. Dise que por ese motivo é polo que á entrada da terra de Semprefalarás se atopa un monumento a don Cazapalabras. O texto acompañaase das ilustracións figurativas de Xosé Cobas (Negreira, 1953) sobre un fondo neutro de papel gris. As formas están conseguidas con trazos soltos e expresivos de pintura que deixan ver a trama texturada do papel entre as pinceladas. Na disposición das figuras predomina a liña curva aportando dinamismo as composicións. As composicións siguen o texto cunhas formas que deixan aberta a capacidade de imaxinar.

Perozo, Xosé Antonio, *Noite de Reis en Kalpankalá*, ilust. M^a Fe Quesada, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, serie verde, a partir de 8 anos, 2006, 53 pp. (ISBN: 84-403-0529-X).

Esta historia de Xosé Antonio Perozo (Llerena - Badaxoz, 1951) ten lugar no derradeiro ano do século en Viladeteixo, a cidade máis populosa de Peninsularia, na que van acontecer uns feitos realmente sorprendentes. Todo comeza coa ausencia de Papá Noel quen, dando a escusa de que un grande atasco nas montañas nevadas o deixara incomunicado, non acudiu á súa cita cos agasallos do Nadal antes de 2000 e chegou na véspera do día de Reis, en pleno século XXI. A situación complicouse coa chegada das Sús Maxestades os Reis de Oriente que, ante a desaparición dos seus regalos, foron denunciar o roubo á Comisaria, onde culparon a Papá Noel deste furto. Despois das Sús Maxestades e Papá Noel se acusaren e debateren sobre a súa relevancia nestas datas, o inspector Maturana responsabilizouse do caso que ficou resolto ao descubrir que a artífice do roubo fora a estrafalaria e marchosa avoa Rosana, coñecida por Patacatola, que nos últimos anos lle dera por visitar o barrio máis miserento de Viladeteixo, Kalpankalá e, ao coñecer as súas necesidades, urdiu un estupendo plan co “Chamuscas” e o “Orellas” para que os rapaces máis necesitados tamén tivesen os agasallos nestas datas tan especiais. Trátase dun relato narrado cun estilo e linguaxe moi próximos ao lectorado agardado e que está acompañado por unhas ilustracións de M^a Fe Quesada (Zamora, 1957) feitas con gran cantidade de detalles e riqueza cromática para acadar imaxes de tipo figurativo que complementan a narración textual. A ilustradora escolle a acuarela para colorear, con tonalidades cálidas, os personaxes, moi estilizados e alongados, otorgándolle unha estética moi semellante a do cómic. Moitas das formas están perfiladas con grafo negro para diferencialas dentro de tanta información visual.

Recensións:

- María Navarro, “Espertar a sensibilidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 184, “Infantil/Xuvenil”, 16 novembro 2006, p. VII.

Achega o argumento da obra de Xosé Antonio Perozo, *Noite de Reis en Kalpankalá*, na que Rosana Patacatola tenta levar a maxia da noite de Reis aos máis necesitados, creando unha “pizca de discordia onde habitualmente vemos –ou queremos ver– marabilla. A seguir, apunta que en clave de fantasía é “posible interpretar a historia considerando que a xustiza, ás veces, maniféstase da forma máis imprevisible, que de fóra nos chegan costumes que facemos (...) moi pronto nosos e que a tolerancia semella un bo remedio para resolver posibles desavinzas”.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Literatura gallega para los niños y cerebros biempensantes lidiando con un gran cocido”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 3 xaneiro 2006, p. 72.

Anuncia a presentación do libro de Xosé Antonio Perozo, *Noite de Reis en Kalpankalá*, no salón do ámbito cultural de Hipercor en Santiago de Compostela. Ofrece o argumento da obra e apunta que no acto estará presente Teté Delgado, quen exercerá de contacontos.

- A.D., “O roubo dos agasallos na ‘Noite de Reis en Kalpankalá’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 xaneiro 2006, p. 30.

Faise eco da presentación do novo libro de Xosé Antonio Perozo, *Noite de Reis en Kalpankalá*, editado por Everest Galicia. Achega o argumento desta historia centrada no misterioso roubo de todos os agasallos na cidade de Viladeteixo, na véspera de día de Reis, ademais de apuntar que está ilustrado por María Fe Quesada cuns debuxos “con predominio da cor nas aventuras máis divertidas da obra”.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 153, “Andel de novidades”, 16 febreiro 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras *Maneiras de querer* (2005), de Vicente Araguas; *Narrativa de Tabeirós-Montes* (2005), de Carlos Loureiro Rodríguez (coord.); *Contos de encantamentos*, de Xurxo Sierra Veloso, e *Noite de Reis en Kalpankalá*, de Xosé A. Perozo e M^a Fe Quesada. Preséntase un breve resumo da liña argumental e ofrécense datos valorativos mínimos de cada unha das obras.

Pinto & Chinto, *Historia de Román o bombeiro*, ilust. dos autores, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 8 anos, 2006, [55] pp. (ISBN: 84-403-0531-1).

Conto de Pinto, nome artístico de David Pintor (A Coruña, 1975), e Chinto, nome artístico de Carlos López (Boimorto-A Coruña, 1967), no que se narra a historia de Román, un neno que dende que cumpriu os nove anos quixo ser bombeiro. Primeiro comezou a soprar as candeas das tortas dos amigos e dos anciáns do asilo, até que xa maior ingresa no corpo de bombeiros. No entanto, o traballo como bombeiro non era moi satisfactorio, posto que as dificultades de enfrontarse ao lume, de baixar gatos das árbores ou conducir o camión supuñan atrancos que Román non lograba superar. A consecuencia é que o protagonista se sentía moi insatisfeito, principalmente pola competencia que representaba un gato moi espelido que ingresou no corpo de bombeiros e que constantemente o deixaba en evidencia. Ante estes atrancos, Román ve moi comprometida a súa posición no traballo, ate o día que o xefe descobre nel outras actitudes moi proveitosas para o corpo de bombeiros como facer o ruído da sirena do camión cando esta se estraga ou apagar un lume mexando, fazaña que lle comporta o recoñecemento de toda a cidade. Os ilustradores Pinto e Chinto, moi afeccionados a tiras humorísticas e o cómic, nesta ocasión ilustran a historia do bombeiro Román cunha gran cantidade de cores planas moi saturadas e con tonalidades cálidas. Xogan coa desproporción e

a caricatura coa finalidade de facer rir ao lectorado, con formas de notábel limpeza e nitidez nos seus contornos. Os personaxes amenizan a lectura visual e complementan a narrativa textual.

Recensións:

- Paula Fernández, “De bombeiros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Infantil/Xuvenil”, 23 novembro 2006, p. VII.

Despois de lembrar que na infancia son moitas as profesións ás que os nenos se queren dedicar, Paula Fernández detense no volume *Historia de Román o bombeiro*, de Pinto & Chinto, da que se comenta o argumento. A articulista destaca que o lectorado agardado se solidariza co protagonista e que a obra consegue sacar sentimentos solidarios e de afán de superación. Malio o dito, lamenta que o protagonista gañe o respecto dos compañeiros dunha maneira “tan surrealista”, aínda que do gusto dos nenos. Para rematar fala da importancia das reflexións sobre o lume que texto transmite.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 161, “Andel de novidades”, 13 abril 2006, p. VII.

Sucinta aproximación ás obras *Carlota e a gaivota patiamarela*, de Miro Villar e Enjamio, e *Historia de Román o bombeiro*, de Pinto e Chinto. Dáse conta da liña argumental e inclúense datos descritivos de cada un dos volumes.

Regueiro, Conchi, *O tesouro das ánimas*, ilust. Sandra Fernández Carmelo, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 6, a partir de 12 anos, maio 2006, 247 pp. (ISBN: 84-96526-45-3).

Obra fantástico-realista de Conchi Regueiro (Lugo, 1968) na que por medio dun narrador protagonista se narra cómo dous rapaces, Natalia e Guillerme, tras a desaparición da súa profesora Laura, a moza do pai de Natalia, deciden buscala, pois a protagonista está arrepentida despois da rifa que tivo con seu pai pola súa decisión de casar coa profesora. Os rapaces entran na casa de Laura e buscan pistas que poidan dar coa mestra. Investigando nos seus traballos sobre os petos das ánimas da Leira dos Pintado, en Ponterrubiáns, dan con cinco versos que forman un acertixo e que, segundo a vella lenda, constitúen as pistas para encontrar un tesouro que un bispo do século XVIII agochou na vila. Grazas ao mozo da nai de Natalia conseguen un mapa do Jackgosht no que aparece unha especie de plano de Ponterrubiáns e no que se identifican os petos das ánimas coas chaves para atopar o tesouro. Natalia e Guille deciden ir ao primeiro peto e buscalas chaves coa axuda dun videoxogo. A protagonista descobre que xunto un peto hai unha igrexa cunha cúpula que ten un Deus debuxado, diríxese alí con Guillerme e xuntos descubren uns buracos nos que encaixan as chaves que xa conseguiron. Ao encaixalas atopan uns escritos e, de repente, ábrese a porta e aparece Celso que xunto cun compañeiro tiña a Laura raptada. Finalmente, nállase como, co

tempo, Natalia se fai amiga de Laura e descubren que os escritos atopados din que o Bispo Tristán lle dá unha terras ao pobo de Ponterrubiáns razóns polas que Celso e o seu compañeiro se querían desfacer dos papeis, pois así poderían obrar uns chales nese terreo sen que ninguén dixese nada. Natalia e Gillerme compañeiros de instituto acaban facendose mozos tras a perigosa aventura. As ilustracións figurativas, de páxina enteira, son de Sandra Fernández Carmelo, quen consegue nelas sensación de volume grazas ao emprego de augadas de grises. As escenas recreadas cos debuxos son claves no desenvolvemento da narración e describen o que lle ocorre aos protagonistas.

Reigosa, Antonio, *A noite dos pesadelos*, ilustr. Roi Fernández, Pontevedra: Tambre, col. Ala Delta, n.º 13, serie verde, a partir de 10 anos, 2006, 94 pp. (ISBN: 84-88681-48-8).

Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) presenta neste texto as lembranzas da infancia na aldea dun rapaz. O texto preséntase como unha recuperación en primeira persoa dun pasado tinxido de morriña que acude á mente do protagonista nunha noite interminábel chea de pesadelos que o atormentan, xa que ese día cumpre doce anos e descubriu o amor primeiro. A través de capítulos curtos relátase como o día que cumpriu oito anos os pais marcharon traballar a Suíza e el quedou a vivir cos avós, cos que ten a oportunidade de coñecer moitas cousas. A avoa ten medo das treboadas e cando as hai reza e métese nun arcón, mentres que o avó lle explica que as treboadas as forman os nubeiros, homes e mulleres coma os outros que cando queren facer dano, íspense, mexan nun burato onde haxa po e provocan un remuíño de polvoriña no que se elevan até as nubes e dacabalo delas xogan a lanzalas unhas contra outras. O protagonista tamén vai deténdose en recordos de descubertas importantes da súa vida e mesmo en sucedidos e anécdotas humorísticas: a caída do primeiro dente, o canto do cuco, as cobras que chuchan o leite das vacas, os trasnos, o lobo, a morte dun veciño e o seu velatorio... Ao cumprir os once anos e coa morte da avoa, o rapaz dille adeus á aldea para se instalar cos pais nun apartamento na cidade. Neste novo espazo observa os cambios da súa vida con respecto á da aldea e afronta ter que ir a un novo colexio. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Roi Fernández (Monforte de Lemos, 1976). Distintos focos de iluminación, como a luz dunha candeia, a da lúa ou a do interior do frigorífico, fan destes debuxos en branco e negro unhas imaxes nas que se xoga co dramatismo que proporciona o contraste de luces e sombras. As figuras presentan nos seus rostros expresións que reflicten as distintas situacións que aparecen no texto. A técnica empregada é a augada, aplicada de xeito húmido nos fondos.

Recensións:

- María Navarro, “Fantasía popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 163, “Infantil/Revistas”, 27 abril 2006, p. VII.

Tras achegar un breve resumo do argumento d’*A noite dos pesadelos*, de Antonio Reigosa, salientase a focalización do relato dende a madurez do protagonista que, en forma autobiográfica, vai lembrando os medos que o acompañaron durante a infancia na aldea. Dise que se reconece no texto o gusto do autor pola fantasía popular, así como a presenza de contos populares e supersticións que contribúen a crear unha atmosfera de desacougo.

- María Jesús Fernández, “A noite dos pesadelos”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194, “Libros/Novedades”, xuño 2006, p. 67.

Despois de se referir a Antonio Reigosa como un recoñecido especialista na literatura de tradición oral-popular de Galicia, di que nesa fonte busca o tema desta obra que xira ao redor das vivencias infantís relacionadas co medo. Describe o argumento do neno que vive cos avós no medio rural, xa que os pais pasaron moitos anos en Suiza e da súa vida na cidade unha vez que voltan os proxenitores. Sinala que se compón de capítulos breves nos que se van relatando as experiencias persoais do neno.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “O mirar de non sei que nostalxia”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 19 febreiro 2006, p. 57.

O escritor Antonio Reigosa comenta nesta conversa que está a traballar nun volume para rapaces titulado *A escola de Briador*. Considera que é básico saber tratar coa xente e salienta que ten obras en solitario, como *A noite dos pesadelos*, ou en colaboración con outros autores, como n’*A flor da auga*.

Reimóndez, María, Unha viaxe no tempo. Comarca de Quiroga (ISBN: 84-403-0922-8)/Misterio do Deza. Comarca do Deza (ISBN: 84-403-0921-X)/Colegas do futuro. Comarca de Ortegá (ISBN: 84-403-0923-6)/O can trampilheiro (ISBN: 84-403-0925-2)/O trasno burlón. Comarca da Coruña (ISBN: 84-403-0920-1)/A videoconsola. Comarca de Vigo (ISBN: 84-403-0924-4), ilustr. Lino Sánchez, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, primeiros lectores, 2006, 41 pp.

Serie literaria de María Reimóndez (Lugo, 1975) que ten como protagonistas a uns investigadores: Brais, Uxía e o seu cadelo Ulises. N’*Unha viaxe no tempo. Comarca de Quiroga*, Brais, Uxía e o seu cadelo Ulises acoden á chamada dos veciños de Quiroga que están preocupados polos estraños acontecementos que ultimamente pasan na comarca. Na súa visita ás terras de Quiroga son recibidos no embarcadorio de Augasmestras por Xoana, unha guía que lles ensina o encoro e os canons do Sil e á que lle preguntan polos feitos acontecidos. Na ferverza de Vilmor, Xoana, despois de lles ler uns versos de Uxío Novoneyra, transfórmase nunha figura máxica e dilles que nese momento é no que comeza a visita. Os protagonistas aparecen nun castro, no castro da Torre, e cando tratan de coller un caldeiro que lles ofrece un rapaz o obxecto desaparece. Os rapaces descubren que están facendo unha viaxe no tempo, pois no túnel e nas medulas de Montefurado atópanse con soldados romanos e ven escravos; na igrexa da ermida tentan ver ao crismón; no Castelo de Torrenovaes atópanse cuns peregrinos iguais a eles, que van cara o Hospital de Quiroga e que os abandonan na aldea de Froxán. No castelo de Carboedo reaparece Xoana que lles informa que lle gusta moito o mundo medieval pero que é mellor botar pouco tempo en cada época. Así, Xoana, que é unha guía de espazo e de tempo, lévaos á igrexa barroca de Montefurado e á ferreiría de Seoane do Courel, onde novamente os abandona. Brais, Uxía e Ulises visitan o muíño de Bendilló, onde descogren que fan aceite. Xa nas montañas do Courel Xoana únese novamente aos

protagonistas e xuntos visitan o Encoro de Sequeiros. Xoana abandónaos finalmente na aldea de Visuña, onde se atopan cunha nena que lles dá mel. Rematan a aventura collendo o catamáran de Augasmestas e con Xoana levándolle da man a pebida de ouro que Ulises colleu dun romano. En *Misterio do Deza. Comarca do Deza* Ulises chega cun novo caso á axencia. Os detectives protagonistas teñen que averiguar cál é a causa da desaparición da estatua da Virxe da Igrexa de Camanzo e para solucionar este novo caso visitan, na procura dunha moura, a igrexa na que desapareceu a estatua, San Miguel de Goiás; a igrexa de Donramiro en Lalín; o santuario da Nosa Señora do Corpiño; a serra do Candán; a Fervenza do río Toxa; o miradoiro no que ven o río; o Mosteiro de Carboeiro; a igrexa de Anxemil, onde falan coa estatua desaparecida; Ponte Ledema; a fundación de Xosé Neira Vilas; o encoro de Portodemouros; o Pazo de Borraxeiros; os pendellos de Agolada; unha carballeira e Monte Farelo, onde se despiden da súa compañeira de viaxe e, cansos, regresan á casa. En *Colegas do futuro. Comarca de Ortegal*, os protagonistas deciden dar unha volta polo Faro de Estaca de Bares, onde, cando observan as vivendas dos fareiros, ven unhas ondas moi estrañas na auga. Para ver mellor o que pasa achéganse ao parque eólico e dende alí, detectan na illa Coelleira uns “*macarras* mariños” con motos acuáticas. No porto do Barqueiro conseguen identificar aos descoñecidos cos que falan na praia de Cariño. Os macarras (Helena, Penélope e Roxo) explícanlle aos protagonistas da serie que un seu compañeiro, Rubido, se desprazou dende Ortegal douscentos anos no futuro polo que, mentres pasean polas ribeiras do Bispo, río que divide as provincias de Coruña e Lugo, lles piden axuda a Brais, Uxía e Ulises. Primeiramente, tentan dar co xeito de atopar a Rubido no semáforo de Estaca de Bares, onde pasan moitas aves migratorias; logo, pregúntanlle ao fareiro, quen lles di que posibelmente sexa un mozo que anda pola zona. Os rapaces atopan a Rubido no Dique do Porto de Bares e xuntos visitan a Capela de San Xiao de Trevo, mentres Ulises e Penélope visitan diferentes lugares da vila de Santa Marta de Ortigueira: o outeiriño Chan da Torre, o Castro dos Prados, a Torre da Lama e as Grañas. Os rapaces van na busca dos seus animais que cren estarán na Serra da Faladoira. Xa todos xuntos fan ecos na serra, visitan o cruceiro que hai camiño a Santo Andrés de Teixido, ven cabalos ceibes e, finalmente, a panorámica da ría. Brais, Uxía, Ulises e Rubido, que decide non regresar ao futuro, despídense dos seus colegas. N’*O can trampulleiro*, Uxía, Brais e Ulises acoden á comarca do Salnés ao concurso do mellor can do ano. Atópanse na praza de Fefiñáns con outros cans e nas ruínas da igrexa de Santa Mariña onde se leva a cabo a primeira proba que consiste en recitar poemas. Algo raro acontece, pois á primeira participante fáltranlle as follas do seu libro. Despois de reunirse con outros participantes do concurso na Torre de San Sadurniño, os protagonistas executan a segunda proba que consiste en camuflarse entre a vexetación na illa de Arousa. Alí, alguén lle pintou as costas á Illa de cor laranxa e outro dos participantes queda eliminado ao alarmar do feito. Brais, Uxía e Ulises pasean polos viñedos de Ribadumia cuestiónándose quen será o culpábel antes de acudir ao Pazo de Barrantes, onde se celebra o desfile de traxes de época. Novamente outro participante se queixa de sabotaxe. Na praia da Lanzada seguen pensando en quen será o causante ao tempo que descubren historias relacionadas coa zona e observan as bateas. A proba de natación que se ía realizar na praia de Silgar queda suspendida polo que os protagonistas deciden ir á illa da Toxa e á ermida de San Sebastián. No Pazo de Rial falan de cómo descubrir ao saboteador. Despois da visita a outros lugares (por exemplo, ao Monte Siradella ou ao Pazo Cuadrante), Ulises comenta a súa idea na Igrexa de Carril. Logo de descubrir unha nova sabotaxe no petroglifo de Vilagarcía descubren que o causante de todo é Brión, un dos participantes. Ao final suspéndese o concurso e Brión e todos os demais despídense amigabelmente na estación de ferrocarril de Carril. N’*O trasno burlón. Comarca da Coruña*, Brais recibe unha carta de Miquiños, o seu amigo por correspondencia, para

coñecerse na Coruña. Minquiños é un trasno burlón que dende o barco contempla o porto da Coruña e ri pensando no ben que o vai pasar co feitizo que lle fixo a Brais. Para que Brais volva ao seu, pois dende que visitan a Torre de Hércules cre que é este personaxe, Uxía e Ulises terán que xogar co trasno que vai deixando pistas en diferentes lugares da Coruña coas que terán que compoñer unha vasilla. Así, na busca das pistas visitan lugares como o porto, o Castelo de San Antón, a praza de María Pita, a igrexa de Santiago, o castelo de Santa Cruz, o Faro de Mera, o pazo de Mariñán, a igrexa de Cambre, o pazo de Meirás, a Terraza de Sada, o monumento aos Mártires de Carral, o aeroporto de Alvedro, as Torres de Cela e a igrexa da Virxe da Pastoriza. Finalmente, n'*A videoconsola. Comarca de Vigo* Uxía, Brais e Ulises son absorvidos por unha videoconsola que un cliente satisfeito enviou de agasallo e que os traslada a Baiona. Para pasar de pantalla no xogo no que son protagonistas teñen que superar diferentes probas: enfrontarse con arqueiros no Castelo de Monte Real; chegar, por chanzos móbiles, á Virxe da Rocha; abrir ostras que voan a gran velocidade en Arcade; axudar a cen mulleres na Ponte da Ramallosa que queren ter fillos; desfacer as momias da illa de San Simón; reconstruír en Panxón a obra de Antonio Palacios; facer de burras no baile das Penlas de Redondela; evitar que un muro de granito tape o concello que Fixo Antonio Palacios; recuperar o tesouro afundido na batalla de Rande; facer de socorristas na praia do Vao, buscar un cadro no xardín botánico do Pazo Quiñones de León, en Castrelos, no que os buxos modifican os camiños sen parar; contestar, despois dun breve descanso no Berbés, correctamente un par de preguntas; apagar o lume que ataca a Colexiata; conducir un coche a toda velocidade por varias rúas sen ter carnet e, finalmente, gañar a carreira iniciada. Para rematar escriben os nomes na pantalla e ven a ría e un anaco do castro que dá nome ao parque. Estes volumes acompañanse do traballo ilustrativo de Lino Sánchez quen fai unha montaxe dos debuxos dos rapaces protagonistas sobre distintas fotografías a cor da comarca onde se desenvolven os relatos. As figuras están resoltas con debuxos coloristas de carácter infantil que contrastan co realismo das imaxes do fondo. Nestas ilustracións hai dúas narrativas paralelas: a das aventuras que lles ocorren aos nenos na cal os debuxos van completando o que vai dicindo o texto, e a das fotografías, que sitúan aos protagonistas no percorrido polas distintas localidades das comarcas que figuran no encabezamento de cada páxina.

Reimóndez, María, *Usha*, ilust. Iván Sende, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 164, serie laranxa, de 11 anos en diante, marzo 2006, 146 pp. (ISBN: 84-9782-442-3).

María Reimóndez (Lugo, 1975) presenta nesta novela a Uxía, Usha para os amigos (“luz do sol”), que narra en vinte e catro capítulos a súa experiencia nunha vila de Karnataka, un dos estados da India. A rapaza galega que acompaña á súa nai, membro dunha ONG, relata a vida cotiá nesta comunidade, microcosmos do país, e as diferenzas que no encontro intercultural se dan entre ela e os seus amigos ou os habitantes da aldea. Dende as primeiras liñas da narración o proceso de inmersión cultural da rapaza é total. En seguida amiga con Deepak e con Lakshmi, con quen a empatía é total, e se submerxe no mundo da cultura e folklore popular dos seus amigos. Aprende canarés, coñece novas costumes e lendas e implícase na defensa dos dereitos da muller e os seus sentimentos a través da loita afervorada pola historia de Savitri e Rama coa que se denuncia a submisión da muller india. Día a día Usha vai adaptándose a unha nova forma de ver e conformar a realidade e unha nova concepción da identidade nun constante proceso de aprendizaxe e descubrimento que remata no capítulo final, onde se alude á identidade do seu pai. A dedicatoria paratextual que dá comezo ao libro

incide nos valores de respecto e tolerancia co diferente nunha sociedade cada vez máis heteroxenea e intercultural. Pola súa parte, as ilustracións figurativas de Iván Sende (Vedra-A Coruña, 1977) achegan certa información sobre aspectos visuais da cultura hindú. Os debuxos coloreados con suaves pinceladas de acuarela son moi delicados e sinxelos; representan ás protagonistas ou algún detalle significativo para a narración.

Recensións:

- Rafael Fdez. Lorenzo, “O amor é un dereito humano. María Reimóndez viaxa á India con Usha”, *A Nosa Terra*, n.º 1.223, “Cultura”, 18-24 maio 2006, p. 23.

Comeza referíndose ao labor de María Reimóndez no ámbito da loita polo desenvolvemento e a mellora da situación da muller, así como á súa traxectoria no mundo da literatura. Refírese ao premio Merlín, co que foi galardoada a obra comentada, *Usha*, e anuncia a próxima publicación da novela *O club da calceta*, finalista do Premio Xerais de Novela 2005. A seguir, comenta o argumento de *Usha* e afirma que esta historia xira “arredor do alucinante mundo da muller” e detense nos capítulos 14 e 15 da obra, nos que se desenvolve a trama argumental.

- María Navarro, “Uxía/Usha”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 178, “Infantil/Xuvenil”, 28 setembro 2006, p. VII.

Aproximación ao libro de María Reimóndez, *Usha*, que foi merecente do Premio Merlín 2005. Comenta que se trata dunha novela “que pecha no seu interior unha historia de amizade, de tolerancia, de sentimentos enfrontados e tamén de denuncia dunha situación actual cruel que se sitúa lonxe das nosas fronteiras”. A seguir, alude á actividade da autora en proxectos de cooperación ao desenvolvemento na India e dá conta polo miúdo do argumento deste relato protagonizado por Uxía, ao que non lle falta algún que outro ingrediente “sentimentaloide-chiscadela ao xurado” e que parece, segundo di a articulista, traído á narración como unha escusa para tratar un tema que á autora lle interesa, que ten a capacidade de captar a atención do lector e que é mesmo capaz de cambiar o interesante rumbo que parecía ter tomado o discurso, aparentemente truncado e emprazado a unha segunda parte.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 164, “Andel de novidades”, 4 maio 2006, p. VII.

Concisa achega ás obras *Manuel Lugrís Freire*, de Ramón Nicolás Rodríguez; *Usha*, de María Raimóndez, e *O raio verde*, de Rosa Méndez Fonte. Céntrase na temática de cada unha delas e cita os elementos máis salientábeis, como o tema da identidade, en *Usha*; os elementos paratextuais, en *Manuel Lugrís Freire*, e o simbolismo das imaxes, n’*O raio verde*.

Rigueira Rodríguez, Luísa e José Fernández López (coords.), *Vagalume literario V: V Certame Artístico-Literario: Valores!, Valores?*, prólogo de Xoán Babarro, O Barco de Valdeorras: Vagalume-Valdeorras, 2006, 307 pp. (ISBN: 84-611-0488-9). ♦

Volume que recolle os traballos da quinta edición do Certame Artístico-Literario “Valores!, Valores?”, que tivo lugar o 23 de abril de 2006 e que está organizado pola Asociación Cultural, Educativa e Social “Vagalume” do Barco de Valdeorras. Ábrese esta colectánea cunha “Presentación”, obra de José Fernández López, quen lembra que fai cinco anos que veu a luz o primeiro libro do “Vagalume literario” e na que agradece a participación de todas as persoas e todas as entidades que colaboraron coa Asociación Vagalume para publicación deste volume. Tamén conta cun prólogo, “Historias oceanas”, de Xoán Babarro, no que o este autor presenta a historia de Arandiño -un pastor de Forcadela e Nogadelo- e da raíña da Paleira, ambientada na comarca de Valdeorras. A seguir, recóllense en diferentes apartados os textos en prosa e en verso elaborados polo alumnado dos centros participantes (das comarcas de Valdeorras, Viana, O Bierzo e mesmo das cidades de Vigo, A Coruña e Madrid) e mais por colaboradores externos. En “Infantil” recóllense historias curtas feitas polos nenos coa axuda das súas mestras. Son historias do máis variadas, dende a da pitiña Mariña que vai en busca da granxa do señor Laíña até a historia de dous nenos que se fan amigos xogando na praia malia non falar o mesmo idioma, pasando por unha carta de despedida a unha compañeira que marcha. En “Primaria” os relatos céntranse moito no tema da amizade. Tamén se recollen moitas poesías sobre a paz e algún relato curto sobre o respecto e a personalidade. Outros temas, cheos de imaxinación e fantasía, tamén aparecen nos textos e poemas deste apartado. En “Secundaria”, no que atinxe á prosa en galego recóllese: “A formiga Tina”, de Yadira García Rodríguez; “A mala sorte”, de Cristina Clavería Alves; “Decálogo da paz”, de Estefanía León Roca; “Non fuxas!”, de Lucía Magalhaes Alonso; “O amor: escudo infranqueábel”, de Pedro Basalo Bembibre; “O meu diario”, de Ainhoa Carracedo de Alba; “O que de verdade importa”, de Ángela Rodríguez Fernández; “O valor da beleza”, de Inmaculada Núñez Núñez; “Un día de xogos diferentes”, de Lorena García Barja, e “Un regalo para Iris”, de Jennifer Carballo Sierra. Neste apartado, que tamén acolle composicións poéticas, o tema máis común é o amor, aínda que hai relatos que falan da paz, da beleza interior, etc. Entre os poemas que se inclúen, algún presenta unha temática inusual, como é o caso de “O lobo Perillán”, de Kevin Estévez Rodríguez, divertida e orixinal poesía na que o malo se fai bo. Outros textos poéticos incluídos neste apartado son “Pola paz, douno todo!!!”, de Rodrigo Rodríguez Pomar; “Que sabes ti do amor”, de Nerea Pérez Ballesteros, e “Un verdadeiro amor”, de Irene Gregorio Couso. En “Bacharelato” aparecen textos en prosa como “A liberdade agoniza”, de Adrián Vázquez Fafián; “Amizade”, de Laura Bao Pérez; “Ao... lonxe”, de Víctor Rodríguez Neira; “Crónica dun fiel recordo”, de Silvia Real López; “Dor”, de Ángela González Carracedo; “Estou cansa”, de Almudena González-Cotorruelo González; “Lémbrome”, de Natalia Fernández Luis, e “Soño infernal”, de Andrea Vázquez Rodríguez, e tamén textos poéticos como “Cantiga á amizade”, de Gonzalo Caracedo (Batchín Códax), e mais “Eu teño medo”, de Nuria Robledo Jorgue. Os temas tratados son as loitas polas liberdades, a amizade, a dor pola morte dun ser querido, os malos tratos, os pesadelos, a mocidade, as lembranzas, a hipocresía, etc. En todas as composicións predominan os trazos tráxicos tinguidos de dor, morte e ira. Este volume, que no interior contén debuxos de nenos pequenos, que en ocasións reivindicán temas como a reciclaxe, a paz, o amor, a desigualdade, e fotografías, péchase coa relación de todos os participantes, onde se indica o seu centro de estudo e mais a súa colaboración, e coas colaboracións

especiais de Avelina Álvarez Álvarez, de Soledad Figueroa (xornalista de Onda Cero Valdeorras), de Xosé Rodríguez Ferrer, de David Vázquez e de Xosé María García.

Ripalda, Xosé Lois, *O Grumete da Pinta*, ilustrado por Xosé Ripalda Bello, Vigo: Ediciones Cardeñoso, [lectorado mozo], 2006, 103 pp. (ISBN: 84-8190-442-2).

Relato realista e de aventuras de Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro-Lugo, 1940) dedicado “As rapazas de Val Miñor, cunha lembranza agarimosa para as de Pregue, Sabarís e Belesar, lugares onde tiven a sorte de exercer como mestre”. Ábrese cunha cita de Honorato Balzac e cun limiar no que se comentan as diferenzas entre o mar e a terra á hora de acudir a alguén cando se presentan dificultades. Alúdese ás supersticións e crenzas relacionadas co mundo marítimo e, despois de comentar que hoxe en día os avances técnicos axudan a descubrir misterios e a que as novas chegan a todos os lugares moi axiña, dise que a seguir o “amigo lector” pode adentrarse, se así o decide, nunha historia “daquelas azurradas viaxes”. No relato faise un percorrido polas aventuras realizadas nos descubrimentos feitos por Cristovo Colón. Acompaña este texto dos debuxos a tinta de M^a Xosé Ripalda Bello que ilustran algunhas escenas do relato.

Recensións:

- María Navarro, “Mundo colombino”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 187, “Infantil/Xuvenil”, 7 decembro 2006, p. VII.

Sinala que Xosé Lois Ripalda ofrece n’*O grumete da Pinta* a súa particular óptica sobre o que puido acontecer na descuberta de América, ao mesmo tempo que proporciona unha perspectiva un tanto subxectiva do acontecido. Tamén puntualiza que o autor pon en boca de personaxes razoamentos moi avanzados do discorrer dos feitos ou descubertas que, se cadra, non foron tan inminentes como se conta. Por outra parte, comenta que este libro non está exento de certas referencias ao pasado histórico de determinadas vilas que teñen para o protagonista e para o escritor especial significación, polo que se achegan datos sobre os poboadores de enclaves xeográficos como Baiona ou Sabarís.

Rivadulla Corcón, X.H., *¿A que veñen as gaivotas a Compostela?*, ilustrado por Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Branco de Cores, n.º 2, [lectorado autónomo], 2006, 28 pp. (ISBN: 84-7824-507-3).

Relato fantástico realista de Xosé Henrique Rivadulla Corcón (Coruña, 1962) no que por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa e da propia voz dos personaxes se narran as razóns polas que unha familia de gaivotas se traslada a vivir a Santiago de Compostela. Malia o traslado deberse a que nos acantilados nos que vivían as gaivotas pasaban moito frío, en Compostela a situación é a mesma. A familia de gaivotas decide preguntarlle á xente cómo facer para escorrentar o frío, mais ninguén entende o que queren dicir. Será Sara, coa axuda de Branco de Cores, un dos cabalos de pedra que vive na fonte da Praza das Praterías, quen lles botará unha man. A nena e o cabalo, despois doutras tentativas, poñeranse en contacto co escultor que realizou a estatua de Maruxa e Coralia, “As Marías”, e que lles dirá como

espertalas. Serán as Dúas en Punto quen lles farán, con anacos de roupa de moitos nenos, cadanseu abrigo aos membros da familia de gaivotas. Con estas roupas de cores nunca volverán a ter frío. Este libro, que forma parte da Biblioteca Infantil do Consorcio de Santiago, acompáñase das ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) que gozan dunha gran variedade cromática, con cores cálidas e vivas. Dende a cuberta, xa se presentan os personaxes do relato, Branco de Cores, Sara e unha das gaivotas protagonistas subidos nunha árbore da Alameda compostelá, tras a cal se albisca a Catedral. As gardas seguirán coas mesmas características pero, tan só aparece o cabalo branco de Santiago en distintas accións, sobre un fondo vermello que tamén está presente na cuberta e contracuberta do libro. As faccións dos personaxes son redondeadas e volumétricas e contrastan con fondos planos e esquemáticos. O ilustrador emprega en todas as imaxes dous planos superpostos. Nun primeiro plano sempre aparecen os personaxes ou obxectos sobre os que recae a acción, con cores máis saturadas e trazos negros para focalizar a atención do espectador. Nun segundo plano, con tintas máis difuminadas, suaves e con trazos de cores neutras coma o gris, correspóndese cos diferentes espazos onde transcorre a historia. Estes personaxes ficticios atoparase ao longo da historia con celebridades da cidade de Santiago de Compostela como as “Marías”, que farán de guías, o escultor César Lombra ou Valle-Inclán. As ilustracións están elaboradas baixo un tratamento dixital, da mesma técnica que empregan os ilustradores da banda deseñada, para acadar imaxes motivadoras e chamativas para os máis novos.

Referencias varias:

- José Matamoros, “Letras y dibujos para fomentar la pasión de leer”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 decembro 2006, p. L11.

Entre outras noticias breves, recóllese a creación dunha colección infantil por parte do Consorcio de Santiago e a editorial Sotelo Blanco, inaugurada por dous títulos ilustrados por Andrés Meixide: *Unha mensaxe para Sara*, de Xosé Antonio Perozo, e *A que veñen as gaivotas a Compostela?*, de X. H. Rivadulla Corcón. Na mesma sección recóllese o ditame do Concurso Escolar de Christmas Rápido organizado polo Centro Comercial Hipercor para nenos entre 5 e 14 anos.

- MARÉ, “Os pícaros coñecerán Santiago coa colección ‘Branco de cores’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 decembro 2006, p. 27.

Refírese á presentación da colección “Branco de cores”, unha iniciativa do Consorcio de Santiago e da editorial Sotelo Blanco, da que se di que axudará os nenos a coñecer a cidade compostelá, os seus monumentos, recunchos e personaxes históricos a través das aventuras de Sara e un cabalo, que ten unha cola que irá mudando de cor en cada conto e que é un dos cabalos da Fonte das Praterías. Tamén se sinala que os dous primeiros libros da colección, *Unha mensaxe para Sara*, de Xosé Antonio Perozo, e *¿A que veñen as gaivotas a Compostela?*, de Rivadulla Corcón, están ilustrados por Andrés Meixide e que se distribuirán nas librarías de toda Galicia o próximo mes de xaneiro. Por outra parte, recóllense as intervencións do alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, do xerente do Consorcio, José Manuel Villanueva, e da directora da colección, Mercedes Pacheco.

Rodríguez Veiga, Robustiano, *Un autobús camiño da cidade*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, [mocidade], 2006, 128 pp. (ISBN: 978-84-96526-68-6/84-96526-68-6).

Memorias da infancia de Robustiano Rodríguez (Momán, Cospeito, 1948) nas que se evocan as lembranzas do neno que viviu na Galicia dos anos cincuenta. Comézase no momento no que tanto o autor coma o seu irmán son enviados a Lugo a estudar, onde atopan unha escola na que o galego era só motivo de burla dos compañeiros e do propio mestre. Aspectos como a dificultade para integrarse e aprender a lingua imposta, a severidade do mestre co seu alumnado ou os castigos físicos infrinxidos conforman o retrato dunha escola que se cualifica como “alleadora, que destruía a personalidade, buscando como virtude a obediencia e o sometemento á autoridade”. A medida que en cada capítulo breve se lembran aspectos da propia cidade de Lugo, á que chegan os dous nenos e da escola, tamén se van intercalando anécdotas que reflicten a situación social do momento histórico no que teñen lugar estes feitos. Despois do repaso á vida que leva na cidade, o autor evoca os veráns na aldea, as festas estivais, as reunións da xente pola noite na casa do veciño para falar ou escoitar a radio, a pesca da troita ou a busca de niños dos paxaros, ademais das primeiras experiencias amorosas. Rematan estas memorias coa evocación da última malla vivida na aldea, que representa o final da propia infancia e tamén dun xeito de vida que mudou radicalmente.

Seixido, Luís, *O capitán Zochusmán*, ilustr. Alejandro Maceda, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Xuvenil, a partir de 12 anos, 2006, 58 pp. (ISBN: 84-7824-489-1).

Luis Seixido (Sarria, 1969) presenta nesta novela sobre superheroes, contada polo protagonista e outras voces, a partir da pregunta ¿Algunha vez pensaches en ser superheroe?, un percorrido polos superheroes, mitos da infancia e mocidade: o home araña, Batman, Hulk, etc. tendo en conta as dificultades a partir das súas posibilidades. Dáse conta de cómo o protagonista tentou converterse en superheroe en varias ocasións e as aventuras e desventuras que pasou cando o intentaba: os enfados familiares, os dos profesores... Tamén se explica cómo o rapaz conseguiu converterse no capitán Zochusmán, quen, como se explica no “Epílogo”, despois da súa primeira aventura vai descansar, por ter que estudar e polo noivado que comezou con Cristina. Infórmase tamén de que Zochusmán considera que agora é mellor estudar e deixar o de ser superheroe para cando sexa grande. O volume presenta unha única ilustración de cuberta, elaborada por Alejandro Maceda mediante tratamento dixital, na que se lle amosa ao lectorado agardado o personaxe, elaborado a partir de formas redondeadas e tinta planas, no centro da imaxe. Trátase dunha cuberta na que se fai referencia ao título e ao contido da obra, mostrándolle a quen a observa a habitación deste rapaz que quería ser superheroe.

Referencias varias:

- Ana Casanova, “El libro Soldados de Salamina condiciona el final de esta obra”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 outubro 2006, p. 2.

Nesta entrevista, Luís Seixido comenta que o protagonista d’*O Capitán Zochusmán* é un neno de sete anos que quere ser un superheroe e que esta é unha obra feita con moito sentido do

humor. Explica que escribiu o libro pensando nun lector de sete anos e que a editorial o puxo como xuvenil, aínda que considera que ten moitas interpretacións que só son fáciles de entender para un adulto. Comenta que é lento no proceso da escrita, o que pode resultar ventaxoso, porque permite modificar o escrito, como lle aconteceu coa súa última entrega, na que a lectura de *Soldados de Salamina* condicionou o seu final. Por último, refírese ás súas obras escritas para un público xuvenil e anuncia unha próxima publicación para adultos.

Soldado, Magda, *É rara Makeke?*, ilust. Jacobo Muñiz, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 9, [lectorado autónomo], 2006, [32] pp. (ISBN: 84-96526-65-8).

Relato de Magdalena Soldado Mérida (Córdoba, 1973) no que se conta a historia de Makeke, unha formiga vermella do deserto. A formiga vivía nun lugar onde quentaba o sol e só había area, máis por causa dunha trebodada foi arrastrada polo vento e chegou a un sitio totalmente diferente, cuberto de herba, no que non quentaba o sol e no que tampouco estaban as súas compañeiras. Neste novo lugar pregúntalle a unha bolboreta se sabe cómo chegar ao seu formigueiro, pero esta descoñece cómo e indícalle que fale coa xoaniña que seguramente o sabe. O papasol coméntalle que o seu formigueiro está moi lonxe e que a el só se chega polo vento, polo que lle indica o camiño ao formigueiro do Carballo Vello. As formigas azuis deste formigueiro maltratan a Makeke, que decide marchar deixando unha notiña de despedida. A Raiña das formigas azuis, ao descubrir a notiña e ao decatarse da inxustiza cometida con Makeke, manda que se vaia na busca da formiga vermella, quen dende entón vive no formigueiro do Carballo Vello, no que todas as formigas se respectan, malia non esquecer o seu formigueiro amado. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Jacobo Muñiz López (Pontedeume, 1973) nas que as formigas protagonistas adoptan actitudes antropomórficas. Preséntanse unhas imaxes, con cores cálidas aínda que escuras, predominando os verdes, tostados e chocolates, que complementan o texto que vai na páxina do lado. Nas composicións xógase con distintos puntos de vista, primeiros planos, vistas dende arriba, cortes para representar os túneles, etc.

Varela Ferreiro, Alberto, *Historia dunha lata*, ilust. do autor, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 17, serie laranxa, a partir de 8 anos, setembro 2006, 88 pp. (ISBN: 978-84-9811-074-6).

Alberto Varela Ferreiro (Carballo, 1963) relata o que lle aconteceu á vaca Pinta un día que, cando estaba pastando tranquilamente nun prado, se atopou cunha lata tirada no prado que case remata no seu estómago. Malia o seu enfado inicial, logo acouga e escoita con atención da voz da lata como rematou tirada como outro lixo calquera no medio da herba. A lata cóntalle as súas orixes, o seu paso por unha fábrica de conservas, onde acabou acollendo un anaco de atún e empacada nunha fermosa caixa a carón doutras da súa especie. Despois relátalle como chegou ao supermercado dunha gran cidade e como a mercou unha familia. Como estivo varios días na despensa, puido observar que se trataba dunha xente moi concienciada coa reciclaxe, o que a levou a pensar que acabaría sendo reciclada para volver ser de utilidade, a súa maior ilusión. Por iso non entendeu por que un dos rapaces da familia, que a colleu para levar de excursión ao campo, acabou por guindala no medio da herba, onde quedou moito tempo abandonada até que bateu coa vaca Pinta. Coa esperanza de que o dono do prado a recolla e a leve por fin a un colector de reciclaxe, remata este relato que pretende

amosar a importancia de coidar o medio e de reciclar os residuos. As ilustracións de estilo construtivista do autor xogan con planos, letras e formas figurativas. O estilo simplifica as formas, reducíndoas a planos que se superpoñen uns aos outros; as figuras recortadas separanse do fondo. As composicións logran contrastes fortes polo emprego de vermellos, negros e brancos.

Vázquez Álvarez, David D., *Orballo da mañá...*, ilust. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 7, a partir de 14 anos, outubro 2006, 221 pp. (ISBN: 84-96526-69-0).

Novela de David Daniel Vázquez Álvarez (Arcos de Valdeorras, Vilamartín-Ourense, 1953), dedicada “Para Esther, a miña primeira lectora” e “Para todos os que desexamos que no noso mundo caiban todos os mundos”, que está dividida en trinta e tres capítulos numerados con romanos. Nela, un narrador en primeira persoa, Nadia, unha nena de doce anos que vive nunha pequena aldea do deserto africano, narra cómo é a vida no lugar no que vive e cómo se ve interrompida un día coa chegada dunha parella de turistas españois e a súa filla Lisa, coa que establecerá unha grande amizade. Nadia, ou Orballo da mañá, que é o que se significa o seu nome na súa lingua nai, dá conta da relación cos turistas e entre os seus, dos seus costumes (por exemplo, eleccións dos nomes dos bebés, tipos de matrimonio, comidas, etc.), pero especialmente narra a viaxe que lle cambiou a vida, a viaxe ao norte coa súa familia escapando da pobreza e a fame presentes no lugar no que viven. A protagonista conta cómo, seguindo os pasos do seu tío Saíd, o seu pai Mulai decide chegar a Europa coa súa familia. Mulai e os seus son enganados pola persoa a quen lle compraron os billetes para viaxar e axudados e acompañados na viaxe por Mohamed, un africano que pretende acadar o mesmo obxectivo. Xuntos conseguen unha barca coa que, malia ás dificultades e ao perigo de morte por causa do mar, logran chegar a unha pedra próxima á terra desexada, e que, grazas a uns mariñeiros, conseguirán abandonar. Xa en terra firme, a familia de Nadia chama a Saíd que lles axuda mentres non conseguen traballo. Ao final do relato Orballo da mañá e a súa familia xa semellan estar máis adaptados á nova situación nun país alleo onde nace a irmá pequena da protagonista e onde esta recibe a visita de Lisa cuxas preocupacións son diferentes ás da súa amiga. As ilustracións que elabora José Tomás (Betanzos, 1971), con trazos distintivos do mundo do cómic, son imaxes estilizadas, minuciosamente perfiladas con grafo negro para resaltar a narración visual dende os detalles, onde xoga con ángulos, encadres e puntos de vista diferentes. Utiliza tintas planas e formas redondeadas nos seus debuxos figurativos para acadar un maior volume na ilustración.

Vega Cerqueiro, Mari, *O camiño a Tibiáns*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Xuvenil. O Ordenador, n.º 53, dos 12 anos en diante, 2006, 80 pp. (ISBN: 84-7824-490-5).

Estes relatos de Mari Vega Cerqueiro (Tordoia-A Coruña, 1962) sitúanse no concello de Tordoia, lugar de nacemento da autora. Neles cóntanse as aventuras dun grupo de nenos de cidade e de aldea que buscan gacefellos polo camiño Boibeira, a fonte das meigas, a fonte da santa, o castro de Viladabade, o de cabaleiros ou a reunión dos guerreiros da vila de Tordoia, lugares que dan nome a cada un dos capítulos. Faise un amplo percorrido pola vila, costumes e lendas galegas a través das crenzas da xente máis maior como é a avoa ou o avó da protagonista, así como doutros personaxes, que aparecen durante todo o relato contando as

súas experiencias e a súa opinión, como ocorre na lenda da fonte da auga santa onde se fala das mozas casadeiras ou non. Pepe Carreiro (Vigo, 1954) como deseñador desta colección de libros, elabora a cuberta a partir dunha fotografía dixital en tons verdes, pixelizada e coa aplicación dun filtro que produce o cuarteamento da imaxe.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “O camiño a Tibiáns”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 189, “Infantil/Xuvenil”, “Andel de novidades”, 16 novembro 2006, p. VII.

Achega o argumento do relato iniciático de Mari Vega Cerqueiro, *O camiño a Tibiáns*, protagonizado por unha nai e unha filla que viaxan a aldea dos seus avós. Este camiño servirlle á nai para explicarlle á nena a vida dos animais e para verse inmersas na aventura de procurar un animal mítico, o gocefello, que as levará ao mundo da fantasía e chegarán a recuar á época dos celtas.

VV. AA., *Contos infantís para contar, ler, escenificar, xogar, aprender, oír e cantar* Santiago de Compostela: Centro Don Bosco, outubro 2006, 103 pp. (DL: C-2581).

Volume que recolle diferentes contos da autoría de María Jesús Otero García, María Couceiro Carmés, Nathalie Budiño Gasamáns, Mónica Fernández Vieites, Carmen Domech Martínez, Juan Pablo Santiso González, Montse Rubio Arias e Elena Álvarez Álvarez. Agrúpanse, como xa se adianta na presentación coa que se inicia o volume e na que se destaca o valor educativo dos mesmos, en diferentes apartados: contos para contar, contos para ler, contos para dramatizar ou escenificar, contos para xogar, contos para oír e cantar, contos para aprender e, finalmente, contos para aprender valores. Este libro está ilustrado con debuxos feitos por Javier Pereiro Valverde, Antonio Martínez, Germán Torrente, Lucía Peteiro e Sofía Rodríguez Cid nos que as cores están aplicadas con lapis de cor e nos que os trazos achegan expresividade ao resultado final.

VV. AA., *Ningunha primavera máis sen flores: XXXIII Edición dos Premios Literarios “Minerva 2005”*, limiar de Fernando Ónega, Santiago de Compostela: Colexio Manuel Peleteiro, 2006, 117 pp. (ISBN:84-609-8953-4).

Comeza o volume cos nomes dos xurados nas distintas modalidades, a seguir, no “Limiar”, Fernando Ónega fala dos seus sentimentos dende que recolleu hai corenta anos un premio e recorda un pouco a súa biografía e con ela a dos premios. Agradece á familia Peleteiro pola dedicación e por permitir a escrita en galego en época de censura. Felicita aos escritores que mereceron garlardóns, tanto aos poetas coma aos narradores, e explícalles o que considera ser escritor, exemplificando con breves textos de autores clásicos. A seguir, reproducense as obras galardoadas, primeiro as de poesía e logo as de narrativa. Acompaña cada composición unha breve biografía do escritor ou escritora e un descriptor do contido de cada peza. Nesta edición foron gañadores en poesía: Berta Dávila Fernández, Ana Palau Lage, Alicia Fernández Rodríguez, Darío Fernández Fernández, Adrián Vázquez Barbón, Berta Dávila Fernández, por orde de premios e accésits. En narrativa foron galardoados María Rivo

Vázquez, Alba Ceide Rodríguez, Rocío Díaz Lois, Ángeles Olalla Ferreira Cao, Bárbara González Vilariño e Lúa Mosquera Tenreiro. O volume, que se acompaña cuns debuxos en liñas negras que ás veces acenan cara a temática dos textos, finaliza cunha fotografía dos galardoados,

Yáñez Casal, Antonio, *Crisóstomo o alifáfaros*, Finalista do V Premio Raíña Lupa, ilustr. Miguel Porto, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 141, serie verde, a partir de 12 anos, 2006, 120 pp. (ISBN: 84-8288-920-6).

Relato de Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959), que resultou finalista da V edición do Premio Raíña Lupa convocado pola Deputación da Coruña no ano 2004. Ábrese cun apartado a modo de introdución, no que un narrador en primeira persoa reproduce a conversa cun neno angolano, na que descobre que non coñece os alifáfaros. Na súa intención de explicarlle cómo son estes seres, cos que os adultos ameazan á infancia para evitar que fagan algunhas cousas, describe a visión que ten deles, posto que nunca os puido ver, aínda que mantén a forte convicción de que existen. Este texto inicial dá paso a quince capítulos numerados nos que se desenvolve a historia do alifáfaros Crisóstomo, relatada polo pai do narrador inicial e que conforma o corpo central do relato. Sitúase a historia no século XI, momento no que o alifáfaros Crisóstomo chega dende a cidade de Braga ao pazo de Leiría, en Santiago de Compostela, acompañando á familia de Traba. Coa chegada a este novo espazo, o alifáfaros ten que ir descubrindo os costumes e usos propios da nova casa, á vez que se vai explicando a historia dos alifáfaros dende que convivían en harmonía cos humanos e cos seres maravillosos até que, polo enfrontamento cos ananos, tiveron que ficar nas sombras, confiando en que os humanos seguisen crendo neles sen velos, porque do contrario desaparecerían definitivamente. Durante a súa estada Crisóstomo ten que buscar o xeito de conseguir comida sen ser descuberto, escoita agochado as faladurías e mesmo coñece ao abelurio Eudarco, á vez que con diferentes traxadas tenta conseguir que os condes de Traba fagan crer aos fillos na ameaza dos alifáfaros, pero sen éxito. Cando xa o desánimo reinaba en Crisóstomo, preséntase a posibilidade de buscar o tesouro dos ananos, soterrado baixo a fonte do pazo. Coa axuda de Eudarco, Crisóstomo logra obter o tesouro logo de desenfeitizar ao xigante que o custodia e fanse así cos obxectos preciosos. Con este achado conseguen que os Condes de Traba lles falen aos fillos da existencia dos alifáfaros, o que supón o éxito da misión de Crisóstomo. As ilustracións de Miguel Porto (Vigo, 1980) están realizadas con tintas planas mediante a tecnoloxía dixital. Nas páxinas interiores do volume están realizadas en dúas tintas: verde e negro, mentres que na cuberta, acollen, de maneira visíbel, unha gama de tonalidades ocreas, verdes ou vermellos. Malia o protagonista ser un personaxe da ciencia ficción, posúe trazos antropomórficos e a expresividade característica dos humanos. As formas están perfiladas cunha liña grosa de cor negra, para que as imaxes adquiran un maior poder visual.

Yáñez Casal, Antonio, *Natasha e Dimitri*, Finalista do Premio Merlín 2005, ilustr. Rodrigo Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 167, de 7 anos en diante, 2006, 131 pp. (ISBN: 84-9782-482-2).

Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959) dedica este relato “Á miña xente, a quen dende esta páxina lle chisco un ollo”. A seguir, un narrador omnisciente, en vinte e un capítulos sen

titular e cunha linguaxe moi poética, conta que as cegoñas traen os nenos dende París antes de nacer dos ventres das nais e explica os tipos de cegoñas que hai, pois non todas fan os mesmos encargos. A continuación, relátase a historia de dúas destas cegoñas. Empeza por Dimitri quen, unha vez que se independizou dos pais e despois de oír os consellos da nai e de facer os seus estudos, que superou moi positivamente, marchou a París para cursar estudos superiores. As prácticas lévano por moitos países transportando crías humanas, encargos que cumpre con dilixencia e grazas aos que consegue a ruta permanente París-Italia. Nunha das viaxes coñece a Natasha, unha cegoña compañeira de profesión, e xuntos fan encargos até que Natasha ten que marchar para cumprir outro cometido. Dimitri decátase de que se namorou fortemente da súa compañeira e marcha cunha nova entrega para volver a atoparse con ela. Cóntase tamén cómo naceu Natasha e as reflexións e renunciias que teñen que facer para iniciar unha vida xuntos. As ilustracións coloristas de Rodrigo Chao (Boiro, 1976), que complementan e enriquecen o texto en todo momento, presentan unha ampla gama de tonalidades cálidas e están cheas de dinamismo grazas á recorrencia do ilustrador, moitas das veces, a liñas de acción propias do cómic coa finalidade de plasmar visualmente accións que ocorren en diferentes tempos. O ilustrador crea personaxes do mundo animal con trazos humanos.

Zaera, Mercedes, *Un niño no piñeiral*, ilust. Alberto Toval, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], maio 2006, 64 pp. (ISBN: 84-9546054-8).

Nesta primeira obra de Mercedes Zaera (Ferrol, 1961) nállase, en terceira persoa e en tempo pasado, unha historia realista e con pinceladas de fantasía, dunha familia de Ferrol, que pasa as súas vacacións en Xeve (Pontevedra), na casa dos bisavós de Uxía, que así se chama a protagonista, unha nena de entre oito e nove anos. A historia, que se divide en doce capítulos non numerados, relata cómo Uxía e Xaquín, xunto cos seus amigos, atopan paseando polo Piñeiral do Peón un niño de rula que, a falta de pais, coida Uxía con moito esmero e coa axuda dos seus amigos e familia. Descríbese cómo é a vida na aldea, cómo é a familia de Uxía e cómo a rapaza coida os ovos na súa casa. Pasado un tempo, dun ovo medio cascado sae unha ruliña macho, á que lle pón o nome de Curriño. Uxía coidará del, pono nunha gaiola grande, dálle de comer e de beber e ve como medra pouco a pouco até que se namora dunha rula chamada Carola. A protagonista entende, coa axuda dos seus, que ten que deixar libre o paxaro para que faga a súa vida no piñeiral, xunto con Carola, na mesma árbore no que foron atopados os ovos. Finalmente, a autora diríxese directamente ao lectorado para que os nenos e nenas sexan bos homes e mulleres, pois é o que o mundo precisa. O ilustrador Alberto Toval emprega nos seus trazos esquemáticos un grafo negro, producindo imaxes sinxelas, pero cun gran dinamismo nas accións representadas. Son ilustracións carentes de sombras e contrastes, polo que nalgunhas imaxes percíbese unha falta de volume que se resolve pola forza, dirección e formas repetidas nos trazos.

Recensións:

- María Navarro, “No piñeiral”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 152, “Infantil/Xuvenil”, 9 febreiro 2006, p. VII.

Achega á obra de Mercedes Zaera *Un niño no piñeiral*. Comeza cunha referencia á Sociedade Artística Ferrolá para logo centrarse de cheo na análise do texto. Manifesta que reflicte unha fonda sensibilidade coa natureza e valores que deben acompañar ao neno no seu proceso de maduración como o respecto á familia. A seguir, ofrece unha breve sinopse da historia para concluír cunha crítica ao exceso de previsibilidade na narración, feito que impide potenciar a imaxinación e o poder de fabulación do neno.

Referencias varias:

- José Gómez, “Para hacer literatura infantil hay que volver a hacerse niño”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 378, “Entrevista”, 28 maio 2006, pp. 18-19.

Entrevista a Mercedes Zaera con motivo da publicación d’*Un niño no piñeiral* na colección de literatura infantil que está impulsando Edicións Embora. Comeza lembrando a creación da historia que xorde como unha especie de homenaxe ao seu pai para, a continuación, refírese á temática e forma do libro. Responde a cuestións como o uso da moralexa, a impulsa de valores positivos como o respecto, a súa paixón pola natureza e mesmo a aquelas que atinxen á literatura infantil en xeral, como a súa relación cos restantes xéneros ou a publicación de literatura en lingua castelá en Galicia.

VII.1.2. ADAPTACIÓNS

Ana Presunto, *Bóla de Manteiga*, ilust. Iván Suárez, adapt. dun conto tradicional noruegués, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], maio 2006, [44] pp. (ISBN: 84-96573-53-2).

Adaptación ao galego por Ana Presunto (Marisa Núñez, Sarria-Lugo, 1961) dun conto tradicional noruegués no que se conta a historia dun neno gordo e comellón, chamado Bóla de Manteiga, que vive coa súa nai e que cae até tres veces nas tentacións que artella unha bruxa astuta e teimosa para conseguir botalo na ola do caldo. Na primeira visita, a bruxa ofrécelle a Bóla de Manteiga un coitelo de prata que está agochado no seu saco. Como queda durmida á beira dun camiño, o rapaz usa o coitelo para furar o saco e escapar. Na segunda visita, o obxecto que se agocha no saco da bruxa é un garfo de prata que de novo lle serve ao rapaz para escapar cando a bruxa para no camiño a facer as súas necesidades. A terceira vez, a bruxa téntao cun cullerón de prata e como non fai parada ningunha no camiño, Bóla de Manteiga acaba na cociña da bruxa, onde lle estraga o caldo e consegue botala na pota. Xógase na narración coa tipografía das letras empregando en certos casos a negriña. As ilustracións de Iván Suárez (Santiago de Compostela, 1973) abranguen a totalidade das páxinas e nos seus debuxos percíbese o interese en esaxerar as proporcións e as xestualidades dos personaxes. Están elaboradas a base de pintura de tonalidades cálidas e frías. Crea uns personaxes cunha forte acentuación nas súas faccións, ou ben alongando as caras ou polo contrario redondeándoas, rozando o caricaturesco. Son rostros cargados de expresividade, sobre todo nos ollos, nariz e boca.

Recensións:

- CLIJ, “Bola de manteca”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 198, “Libros/Novedades”, novembro 2006, p. 62.

Comézase sinalando que se trata dunha adaptación dun conto popular noruego e, a seguir, descríbese o argumento da obra na que son abundantes os diálogos e cambios constantes de tipografía para distinguir o que se di do que se susurra; guiar así a lectura en voz alta e tamén as repeticións. Dise que o relato se actualiza visualmente con ilustracións tremendistas, de esaxeradas proporcións e expresividade en cores rotundas cunha aposta polo contraste xeométrico nas caras dos protagonistas, todo para marcar o que hai de absurdo e de cómico no relato.

Ana Presunto, *Pedra, pau e palla*, ilust. Josep Rodés, adapt. dun conto tradicional ruso, Pontevedra: OQO, col. O, [lectorado autónomo], marzo 2006, 44 pp. (ISBN:84-96573-35-4).

Adaptación dun conto tradicional ruso de Marisa Núñez (Sarria-Lugo, 1961), que asina baixo o seudónimo de Ana Presunto, no que se valora o enxeño e habelencia dunhas rapazas atrapadas por un oso. Nel, o narrador conta, en terceira persoa, a historia dun leñador e as súas tres fillas. Un día o leñador foi ao bosque a por leña e deixoulles marcado o camiño con pedras para que soubesen onde estaba. Ao mediodía, a filla pequena seguiu o camiño para

levarlle o xantar, pero un oso seguiuna e modificou a senda cara a súa cova. A nena seguiuna e o oso meteuna no agocho. O segundo día, o leñador foi ao bosque a por piñas e marcou o camiño con paus. Ao mediodía, a filla mediana foille levar a comida e o oso cambiou o sentido do camiño e orientouno até a súa cova. O terceiro día, o leñador volveu ao bosque a por cogumelos e foi deixando pallas para marcar o camiño. A filla maior foille levar o xantar e o oso de novo cambiou a senda. A nena foi parar á cova e o oso meteuna dentro. Na cova estaban as tres nenas que fixeron un plan para enganar o animal: o oso levaría as nenas, unha a unha, en cadanseu saco coa escusa de seren pasteis para seu pai e así chegarían a súa casa. O plan funcionou, pero co último saco o oso tivo a tentación de comer os pasteis e entón parou preto da casa do leñador para comelos. O can percatouse e saíron todos. O oso espantouse e non volveu nunca. Esta adaptación de Ana Presunto, que se sustenta na estrutura repetitiva, é complementada e ampliada polas ilustracións de Josep Rodés i Jordá (Sant Feliu de Codines-Barcelona, 1972) cuxo personaxes están tratados a partir de formas redondas e pintados con cores de tonalidades frías, semellando a estética das bonecas rusas. A nivel compositivo o ilustrador xoga co equilibrio e coa superposición de planos, que dan a idea do achegamento ou lonxanía dun obxecto respecto a outro.

Recensións:

- Paula Fernández, “Texto familiar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 182, “Infantil/Xuvenil”, 2 novembro 2006, p. VII.

Centra o seu comentario na obra *Pedra, pau e palla*, creada a partir dun conto tradicional ruso, da que se di que consta dunha estrutura tradicional tripartita que xira ao redor das tres fillas dun leñador. Achega o seu argumento que “resulta familiar, mais non carente de orixinalidade e utilidade” e considera que este tipo de contos é do agrado dos nenos entre os catro e os sete anos, que, grazas ás repeticións, conseguen asimilar con maior facilidade o contido do texto. Tamén loa as ilustracións que, coidadas ao detalle, lembran personaxes asociados á literatura e historia de Rusia, entre os que están os semellantes ás tradicionais bonecas, que sempre agochan outra idéntica no seu interior e que poden ser útiles aos educadores para inserir dentro das súas actividades un achegamento a outras culturas e países.

Carballeira, Paula, *A cabana de Babaiagá*, ilust. Pablo Otero, adapt. dun conto popular ruso, na guía didáctica realizada por Nate Borrajo, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Deporte. Xunta de Galicia, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, Centro Dramático Galego, [lectorado autónomo], 2006, 84 pp. (DL: C-1159-2006). ♦

Adaptación feita por Paula Carballeira (Fene, 1972) a partir dun conto popular ruso. Nela, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, coñécese a historia que ten como protagonista a unha nena valente, Natasha, que vive na estepa e que decide buscar á bruxa Babaiagá despois de coñecer o terríbel que é. Natasha cos obxectos que mete nun saquiño para realizar a súa viaxe, a saber, pan, aceite, agulla e fío, consegue chegar sen ser descuberta até a cabana da bruxa que a persegue na súa cabana con patas de galiña e que morre cando a cabana escorre no saco no que Natasha levaba os obxectos que xa usara. Natasha regresa á casa onde poderá contar a súa historia a carón do lume, como outros relatos que a ela lle contan os viaxeiros que chegan á súa casa. Esta adaptación recóllese na guía didáctica editada

co gallo da posta en escena do Centro Dramático Galego da peza homónima, dirixida e narrada por Paula Carballeira e estreada o 7 de marzo de 2006 na capela do Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol como consta no apartado VII. 3.5.2.1. deste *Informe*.

Franch, Octavi, Maite Franco, Elvira Pérez, José M. Souza Sáez, *El soldadito de plomo/El soldat de plom/Dantzari lantejuela bihotza/A valente bailarina de plástico e o soldadiño de chumbo*, ilust. Fuencisla del Amo, Mercè Arànega, Alex Orbe, Irene Fra, Madrid: OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil), [lectorado autónomo], marzo 2006, 109 pp. (DL: M-10654-2006). ♦

Volume co que anualmente a OEPLI (Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil) homenaxea a Hans Christian Andersen con motivo do seu aniversario, o día 2 de abril, Día do Libro Infantil e Xuvenil. Este ano elixiuse para versionar o conto do autor danés *O Soldadiño de Chumbo*. Dende as distintas seccións que conforman a OEPLI enviouse unha versión. Na versión galega, realizada por Elvira Pérez (Vigo, 1962) baixo o título *A valente bailarina de plástico e o soldadiño de chumbo*, un narrador en terceira persoa dá conta de cómo a “bonequiña de plástico made in Taiwan” chegou á casa do neno e alí casou co Príncipe do castelo con quen foi feliz até que este, vítima dun encantamento, se converteu nun trasno que facía maldades horribes. Nárrase cómo, coa chegada dun dos soldadiños de chumbo, ao que lle faltaba unha perna, a protagonista recobra a ilusión. Dise cómo por causa do vento a bailarina e o soldado bailaron xuntos uns segundos antes de el caer na alfombra e ela, agarrada ao fusil do soldado, na beiravía, momento a partir do cal a “dama distinguida” se enfronta a diferentes e complicadas circunstancias: embárcana nun barquiño feito da folla dun xornal; é perseguida polas ratas dun sumidoiro; é engulida por un atún, etc. Finalmente, a bailarina regresa á casa do neno, onde por amor, morre no mesmo lume ao que o trasno empurrou ao soldado de chumbo que ela amaba. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Irene Fra (Mataró, 1971) nas que as cores cálidas dos momentos felices dan paso a cores frías nos momentos de tensión da acción do texto. O volume complétase co apartado “Bibliografías: Amor y guerra” no que se ofrece unha selección de libros en castelán, catalán, éuscaro e galego na que se recolle a ficha de obras relacionadas coa guerra e o amor; coa tradución ao castelán dos contos recollidos previamente en catalán, galego e vasco e coas biografías dos autores e autoras, ilustradores e ilustradoras, que participan neste volume.

Luísa Morandeira, *Mister corvo*, ilust. Maurizio A. C. Quarello, adapt. dun conto tradicional turco, OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], febreiro 2006, [36] pp. (ISBN: 84-96573-27-3).

Luísa Morandeira, seudónimo de Marisa Núñez (Sarria, 1961), baseándose nun conto tradicional turco, ofrece un relato, xogando con letras en tipografías diferentes, no que se conta como un pastor que pasa os días no monte coidando ovellas canta sempre unha canción na que expresa o desexo de atopar unha pastora. Un día un vello corvo achégase para escoitalo, ao que o pastor lle saca unha espiña que tiña cravada nunha pata. Coa espiña, o corvo visita primeiro a unha anciá, pedíndolle que lla garde, pero quéimaselle, polo que a cambio lle entrega a candea; coa candea visita a outra anciá, á que lla pisa a vaca, polo que o corvo leva a vaca. Na visita á terceira anciá entrégalle a vaca para que lla garde, pero movida pola fame, a vella decide matar a vaca para comela, polo que o corvo reclama como recompensa levar a moza que traballa na casa. Coa moza viaxa até as montañas, onde a reúne

co pastor e quedan ambos os dous felices. A cambio o corvo leva a fruta coa que sempre cantaba a súa canción, o pano da rapaza e o sombreiro, viaxando así por todo o mundo. A pintura é o material e a técnica escollida polo ilustrador Maurizio Quarello (Torino-Italia, 1974), quen utiliza unha base de cores ocres, vermellos ou marróns. O corvo, personaxe principal, é un animal humanizado que posúe comportamentos propios das persoas. Son ilustracións con suaves contrastes e lixeiros sombreados que dan información visual sobre o foco de iluminación das escenas.

Mejuto, Eva, *Corre corre, cabaciña*, ilust. André Letría, adapt. dun conto tradicional portugués, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], setembro 2006, [30] pp. (ISBN: 84.96573.65.6).

A partir dun conto tradicional portugués adaptado por Eva Mejuto (Sanxenxo-Pontevedra, 1975) e xogando coa tipografía e tamaño das letras (tamén con algunha negriña), cóntase neste álbum a historia dunha avoa que marcha da casa para o casamento da súa neta; os avatares que lle ocorren no camiño ao se atopar cun lobo, un oso e un león; e a chegada á casa da neta, quen a calma e lle prepara a volta dentro dunha cabaza, o que lle permite chegar feliz ao destino. Esta obra, apoiada polo Instituto Português do Livro e das Bibliotecas, conta coas ilustracións de André Letría (Lisboa, 1973), que emprega como técnica a pintura e que utiliza fondos de cores planas –sen mostrar ambientación dos espazos- con diferentes texturas, resultantes de ser aplicadas sobre o lenzo. As ilustracións presentan tonalidades cálidas – ocres, vermellos, etc.- pero estas contrastan coa agresividade dos personaxes, de tipo figurativo, pero con certas modificacións, e con actitudes antropomórficas, xa que os animais están vestidos coma se fosen persoas.

Núñez, Marisa, *Cocorico*, ilust. Helga Bansch, adapt. dun conto birmano, OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], febreiro 2006, [32] pp. (ISBN: 84-96573-23-0).

Este conto de Marisa Núñez (Sarria, 1961) parte dun conto tradicional birmano. Cóntase o que lle aconteceu ao polliño Cocorico cando sae en busca de leña para que súa nai faga un biscoito. A nai advírtelle que teña coidado con Gato Pelado, pero atópaos no camiño e para que non o coma promételle medio biscoito. O pequeno polliño non pode resistir a tentación de comer o enorme biscoito e cando Gato Pelado aparece teñen que agocharse nunha ola mortos de medo. Cocorico non aguanta máis sen respirar e esbirra tan forte que a ola rompe en mil anacos e fai que o gato escape da casa cun dente partido e un ollo morado pensando que a casa lle cae enriba. Dende a cuberta evidenciase o contido, pois aparecen os personaxes protagonistas: o polliño en primeiro plano, a galiña ao fondo e o gato, que de forma misteriosa, asoma o rabo na imaxe facendo dende a cuberta e a contracuberta un primeiro xogo visual que posibilita completar as imaxes. A sensación que transmite o volume é agradábel e vén reforzada polas cores cálidas e a composición centrada no polliño. Nas gardas o álbum narra a evolución, de forma visual, do ovo até o nacemento do polliño, unha vez rompida a casca. As ilustracións realistas de Helga Bansch (Leoben-Austria, 1957) acompañan aos pequenos textos que aparecen inscritos nas páxinas, facendo daquela unha unidade significativa. As imaxes son sempre composicións a dobre páxina nas que se incorporan os textos en distintas tipografías e tamaños segundo as distintas voces (narrador, polliño, galiña e gato) para acentuar así determinadas sensacións; nalgunas páxinas, a disposición dos textos cambia en

función da acción ou do volume da voz. As composicións sorprenden polos variados esquemas que utiliza: imaxes fragmentadas, esquemas laterais, primerísimos planos, o que fai que o lectorado se sitúe emocionalmente no punto de vista de Cocorico sentindo a ameaza que supón para el o gato. O tratamento das imaxes é fundamentalmente pictórico; aprécianse características matéricas en frotados, raspados, mesturas groseras, veladuras, etc. A ilustradora utiliza un código de color: os cálidos (vermellos, amarelos, laranxas e blancos rotos) para o contorno de Cocorico e a súa nai e os fríos (azuis, negros ou verdes) para o gato. Tamén existe unha diferenza de tratamento nas formas que se empregan para o poliño e a súa nai (con mesturas suaves e trazos de liñas sutís), fronte ás que se usan para o gato (trazos xestuais, violentos, con maior dinamismo).

Recensións:

- CLIJ, “Cocorico”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 196, “Libros/Novedades”, setembro 2006, p. 66.

Despois de describir a historia que se conta na que Cocorico sabe ben que o ser larpeiro é mal conselleiro, coméntase que Marisa Núñez adaptou libremente este conto tradicional birmano e conseguiu un texto moi expresivo con momentos de alta tensión. Tamén se fan comentarios das ilustracións que debuxan ben os momentos de perigo ben os apacibéis por medio de cores e encadres que axudan tamén a crear a atmosfera de terror sen esquecer o ton xeral “luminoso y humorístico del relato”.

- Paula Fernández, “Con Cocorico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 175, “Infantil/Xuvenil”, 7 setembro 2006, p. VII.

Achegamento á obra *Cocorico*, de Marisa Núñez, realizada a partir dun conto popular de orixe birmana. Comeza referíndose á importante labor de Kalandraka Editora e OQO Editora na recuperación de contos de tradición popular de culturas tradicionalmente afastadas á galega como son a dos países orientais ou as dos pobos indíxenas de América. Logo de analizar o carácter universalizador da literatura popular, Paula Fernández presenta un percorrido por aqueles trazos máis salientábeis desta obra: idade á que vai dirixida (3 e 8 anos), o divertimento e o valor de compartir. Ademais fálase da importancia de non deixarse aconsellar mal e de cumprir as promesas.

Núñez, Marisa, *Chocolata*, ilustr. Helga Bansch, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], xuño 2006, [32] pp. (ISBN: 84-96573-62-1).

Marisa Núñez (Sarría, Lugo, 1961), por medio de diferentes voces narrativas, presenta a aventura da hipopótama Chocolata que, despois de se enterar polo mono Teófilo que na cidade había unha estupenda casa de baño, decidiu encamiñar os seus pasos até alí. Ao ver que a xente vestía de traxe, decidiu entrar nunha tenda de roupa, onde comprou un chándal con cremalleira, un camisón rosa e un bikini de talla súper, e nunha zapatería, na que mercou uns tenis con luciñas. Despois foi a un restaurante vexetariano e servíronlle vinte pratos de herba de sabana en salsa verde e once litros de auga mineral, para, máis tarde, ir á casa de baños e ir durmir a un hotel. Pese ás incomodidades provocadas polo tamaño de Chocolata,

ela tentou gozar de todo o que se ofrecía nestes lugares, mais, finalmente, decidiu regresar ao seu hábitat natural para seguir bañándose na lagoa en compañía de Teófilo, que lle leu o conto da selva africana que Chocolate lle trouxera da cidade. Esta historia de protagonistas animais, na que se usan tipografías e tamaños diferentes nas letras, complementase coas ilustracións de Helga Bansch (Leoben, Austria, 1957). Dende a cuberta do libro xa se presentan os personaxes protagonistas que acompañarán ao lector nesta historia. A técnica escollida por Helga Bansch é a pintura, aínda que en moitas das ilustracións fai uso de papeis que se mimetizan no entramado das imaxes, acadando texturas moi interesantes. Con tonalidades cálidas e alegres, a ilustradora crea os diversos personaxes (animais e persoas) cun estilo figurativo. No volume compaxínanse ilustracións que ocupan as dúas páxinas con outras que toman forma de cómic en viñetas narrativas que presentan unha acción a salientar. As lecturas visual e textual complementanse.

Patacrúa, *Bebé Bigotes*, ilust. Alessandra Cimatoribus, adapt. dun conto tradicional de Mongolia, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], xullo 2006, [32] pp. (ISBN: 84-96573-51-6).

Marisa Núñez (Sarria-Lugo, 1961), agora co pseudónimo Patacrúa, a partir dun conto tradicional de Mongolia e por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, dá conta da obsesión de dous vellos por ter un fillo e de todo o que argallan para conseguilo. Os anciáns fan unha nena de pau, pero é moi dura; fan un neno de trapo, pero é moi brando; e fan un de farina, pero cómenllo os ratos. Despois de todos os esforzos feitos, a muller dáse conta de que ter un fillo non é tan sinxelo, polo que deciden encargar un feito. Pero esta nova idea tampouco lles serve, pois nin os reis nin as cegoñas llo traen. O vello xa canso da situación, e algo enfadado, dille á muller que a única forma de ter un fillo é que ela o saque da barriga (algo imposible para a vella), razón pola que ela tenta enganalo unha tarde dicíndolle que o que ten entre as mans é un bebé que ela mesma pariu no canto do que realmente é: un gato. El desconfiou do aspecto que lle vía ao suposto neno, xa que tiña rabo, era moi peludo, etc. pero ela logrou convencelo. Un día, cando o vello xa se encariñara co novo membro da familia, decidiu sacar o bebé de paseo. A súa sorpresa foi enorme cando o animal saltou do carriño e non voltou a casa. Moi triste o ancián foi contarllo á muller e esta díxolle que eles xa non estaban en idade de coidar fillos. Este conto complementase con tipografías diferentes das letras e coas ilustracións figurativas de Alessandra Cimatoribus (Spilimbergo, Italia, 1967). O estilo utilizado nas figuras simplifica as formas e fainas amábeis e acolledoras; malia a estilización empregada os dous vellos transmiten distintos sentimentos nas expresións das súas faccións. A técnica empregada é a pintura, aplicada cunhas pinceladas que deixan ver a textura uniforme de todo o plano; a ilustradora tamén xoga con veladuras para matizar as cores, que son cálidas (ocres, amarelos, vermellos, laranxas,...). As composicións das escenas, a dobre páxina, son moi variadas con distintos puntos de vista, primeiros planos e imaxes cortadas. Son unhas ilustracións que complementan o texto con moita información do que lles vai ocorrendo aos protagonistas e que permiten unha lectura visual paralela suficientemente enriquecedora.

Patacrúa, *Loboferos*, ilust. Chené Gomes, adapt. dun conto tradicional ruso, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], abril 2006, [30] pp. (ISBN: 84-96573-50-8).

A través do recurso de estruturas repetitivas e acumulativas, Patacrúa (Marisa Núñez, Sarria-Lugo, 1961) fai unha versión dun conto tradicional ruso no que se conta a historia dun lobo moi preguiceiro que só come papas de arroz e que un día decide mudar de vida e atacar a diferentes animais. Comeza pola cabra, que lle rompe tres dentes dunha cornada; segue polo burro, que lle dá un couce; logo unha ovella, que lle morde unha orella; a continuación, unha vaca, que se lle deita enriba e o deixa coma unha alfombra; e, finalmente, un porco, que o leva até o poboado, onde saen todos os cans das casas e fan que o pobre lobo teña que fuxir para non ser esfolado. Despois de tan traumáticas experiencias o lobo protagonista decide seguir coa súa vida de preguiceiro e comer papas de arroz. Complementábase esta narración co uso de letras de diferentes tipografías e tamaños e coas ilustracións a dobre páxina de Chené Gómez, quen, empregando como técnica a colaxe, mestura todo tipo de papeis de cores ocres (cartóns, cartolinas, xornais tinguidos de sepia, etc.). O ilustrador, que mantén o mesmo fondo en todas as imaxes producidas, presenta uns animais que, malia non gardar as proporcións naturais (teñen a cabeza moi grande con respecto ao resto do corpo ou viceversa), é relativamente doado recoñer a súa identidade.

Recensións:

- CLIJ, “Lobo feroz”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 195, “Libros/Novedades”, xullo/agosto 2006, p. 62.

Salienta que como en todos os relatos desta colección se está diante dunha adaptación dun conto popular, neste caso ruso, que se edita en galego e catalán. Dise que está actualizado de forma áxil, sementado de diálogos repetitivos, de frases acumulativas e cunhas ilustracións minimalistas que transmiten con forza a mensaxe. A seguir, fálanse dos animais que participan, das súas características, para rematar dicindo que se trata dun texto que conserva a súa calidade oral, cheo de graza e enxeño, que se acompaña dunhas ilustracións a base de sinxelas colaxes case monocromáticas que poñen en pé esta historia de burladores e burlados.

Patacrúa, *O segredo do Rei Curro*, ilust. Magicomora, adapt. dun conto tradicional baseado no mito do rei Midas, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], 2006, [44] pp. (ISBN: 84-96573-31-1).

Adaptación realizada por Patacrúa (Marisa Núñez, Sarria-Lugo, 1961), a partir dun conto baseado noutro tradicional, na que se recrea o mito do rei Midas e no que se usan tipografías diferentes nas letras para salientar aspectos do relato. Un narrador en terceira persoa conta a historia do rei Curro, un monarca que ten un segredo que só saben el e o seu perruqueiro: o rei Curro ten orellas de burro. Un día o perruqueiro enferma e, como xa é velliño, en poucas semanas morre. Así, o rei Curro queda sen perruqueiro real. Ás poucas semanas o rei está molesto, non para de rañar na cabeza e as guedellas saenlle por debaixo da cabeleira postiza; o rei necesita que alguén lle corte o pelo urxentemente. O novo perruqueiro descobre o defecto do rei en canto comeza a facer o seu traballo e marcha do palacio gardando o segredo, pero cada vez ten máis ganas de contalo. Como non pode dicirllo a ninguén, fai un buraco na terra e, para quitar de enriba ese enorme peso, berra con forza: ¡O rei Curro ten orellas de burro! Pasado o tempo na beira do mar, onde o perruqueiro enterrara o segredo, nace un canaval do

cal un comediante que pasaba por alí colle unha cana e fai unha fruta. O comediante vai representar a súa función á praza da vila e cando comeza a tocar a fruta soa: ¡O rei Curro ten orellas de burro! A xente escacha coa risa pensando que aquel era o segredo tan ben gardado do rei. Polo acontecido o rei Curro, que estaba vendo a función dende o balcón do palácio, séntese avergoñado, pero como a risa é tan contaxiosa, bótase a rir e lanza a perruca polo aire. Dende aquela, o rei Curro non tivo máis segredos. O ilustrador Magicomora (Sergio Mora, Barcelona, 1975) utiliza a colaxe para producir decorados e personaxes. En todas as ilustracións existe un anaco de papel pintado que se mimetiza cos demais obxectos.

Recensións:

- Paula Fernández, “Segredo de rei”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 178, “Infantil/Xuvenil”, 28 setembro 2006, p. VII.

Despois de comentar que un dos personaxes máis salientábeis da mitoloxía é o rei Midas, comenta que Patacrúa presenta n’*O segredo do rei Curro*, unha historia na que, malia non aparecer alguén capaz de transformar en ouro todo o que se propón, son moitas as relacións que a vinculan co mito do monarca. A continuación, resume a trama argumental desta historia de final feliz e cargada “dunha importante e atractiva compoñente plástica”, que incide no aspecto humorístico e contribúe ao entendemento da lectura. Tamén considera que a reacción do rei axudará a vivir mellor a aquelas persoas acomplexadas e a rirse dun mesmo, o que contribuirá a que a socialización se produza dunha maneira máis rápida e produtiva.

Patacrúa, *A Princesa do Caurel*, ilust. Javier Solchaga, adapt. dun conto tradicional europeo, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], maio 2006, [34] pp. (ISBN: 84-96573-52-4).

Patacrúa (Marisa Núñez, Sarria-Lugo, 1961) adapta este conto tradicional europeo ao contexto galego no que é fundamental a integración de texto e imaxe e o xogo tipográfico e de tamaño das letras. Trátase dun relato que presenta a clásica estrutura acumulativa e que parte da presentación do personaxe, a princesa que lle dá título á obra, e dun elemento que comeza a anécdota, o anel que lle rouba unha pega. A esta acción vanse engadindo novo elementos até rematar nun desenlace feliz que pecha a estrutura circular e restabelece a orde inicial: un pastor atopa o anel e gaña un bico da Princesa do Caurel. Javier Solchaga (Zaragoza, 1971) atopou, na escultura e na fotografía, a solución técnica para ilustrar este conto. O ilustrador xoga coa macrofotografía, é dicir, elabora imaxes a partir do aumento dos pequenos detalles que forman parte dos obxectos, coa finalidade de captar a atención do lector e potenciar a observación. Os personaxes son esculturas tridimensionais que están elaboradas a partir de elementos cotiáns aos que se lle confire un novo significado, de tal xeito, que o lectorado agardado se atopa con que os cornos dun chibo son dous parafusos ou, mesmamente, que a cara dun can é un afialapis. Moitos dos personaxes semellan as esculturas do artista galego, Eugenio Granell, ben sexa pola forma que adquiren ou polas cores empregadas. As fotografías están realizadas sobre fondos de cor branco, excepto as macrofotografías, realizadas sobre fondos grises. En xeral, son planos fotográficos que abranguen toda a escultura e nos que se xoga cos ángulos xirados, picados e contrapicados para crear novas narracións visuais.

Prieto, Iván, *Sal e azucre*, ilustr. do autor, adapt. a partir dun conto tradicional grego, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], xullo 2006, [32] pp. (ISBN: 84-96573-07-9).

Nesta adaptación de Iván Prieto (*O Barco de Valedoras*, Ourense, 1978), xogando tipograficamente coas letras e usando algunha negriña para salientar partes importantes do relato, cóntase a historia dunha casiña de sal na que vivían unha velliña, toda de sal, e un velliño, todo de azúcre. Os velliños discutían moito e un día até que un día se separaron, con gran desgusto por parte do vello, que construíu unha casiña de barro, moi bonita e na que se sentía ben, pero na que botaba de menos á velliña. O vello intentou conquistala de novo pero foi rexeitado varias veces até que a velliña quedou sen casa e foi na súa busca. Finalmente remata a historia cos dous velliños, xuntos e felices, na casiña de barro. A narración textual acompáñase das ilustracións figurativas do autor que ocupan todas as páxinas. As formas están solucionadas coas figuras dos protagonistas modeladas en distintas posicións e sobre uns escenarios moi sobrios e sinxelos que teñen o esencial para seguir o relato. As figuras en cor gris destacan sobre os fondos de cores intensos, vermellos, laranxas, verdes, amarelos e violetas.

VII.1.3. REEDICIÓNS

Alonso, Fran, *O brillo dos elefantes*, Finalista do Premio Raíña Lupa, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 165, a partir de 11 anos, 2006, 76 pp. (ISBN: 84-9782-454-7).

Nesta nova edición de Fran Alonso (Vigo, 1963), que se describiu no *Informe de Literatura 1999*, indícase que se fai unha revisión, que se aprecia só lingüística e na que se elimina o último apartado titulado “Dúas palabras sobre o autor”. Debido a que se cambia a ilustración da cuberta e a que se engaden algunhas ilustracións máis no interior descríbese o apartado ilustrativo para engadir á ficha do ano 1999. Nesta nova edición Enjamio (A Habana, 1962), cuxas ilustracións se caracterizan por presentar personaxes con grandes e alongados ollos que tenden a ser os protagonistas, fai uso dunha técnica a base de dúas capas de pintura superpostas. A primeira capa contén amplas tonalidades cromáticas e a de enriba dela é de cor negra. Posteriormente, mediante o estarcido na capa superficial, o ilustrador debuxa as siluetas e a imaxe vai aparecendo ao sacarlle o pigmento negro. Por este motivo, son ilustracións con moitas texturas producidas polo cambio de dirección e intensidade coa que se saca o sobranse da pintura superficial. Enjamio escolle ben a técnica en relación co relato, xa que o personaxe tén medo á noite, e polo tanto o negro vai ser un referente durante toda a obra. Ademais produce unha estética moi artesanal, indíxena, rudimentaria, para situar o relato nunha aldea remota de centroamérica. Xa dende a cuberta pódese observar o fondo negro, cunha forte carga visual e simbólica, onde destaca a figura do protagonista outeando tranquilamente o brilar da lúa na escuridade

Carballude, Pepe, *Os Gazafellos*, ilust. Xaime Quessada, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 142, serie verde, a partir de 12 anos, 2006, 129 pp. (ISBN: 84-8288-923-0).

Esta novela de Xosé Carballude Blanco, Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956), foi publicada por primeira vez en 1987 (Premio Barco de Vapor 1986), como número dezaseis da colección “O Barco de Vapor”, e ilustrada naquela ocasión por Calros Silvar. Nesta nova edición presenta varios cambios, tanto no texto coma na ilustración, de aí que se describa neste *Informe*. Estruturada en seis capítulos e un epílogo, nela un narrador omnisciente en terceira persoa e a propia voz dos personaxes presentan unha historia localizada na aldea de Mourelle, do concello de Coiro, na que o mestre don Arturo lle propón aos seu alumnado un traballo de recollida de lendas sobre os mouros, antigos poboadores desas terras, e os estimula con premios e recompensas. Tino e Adrián pretenden acadar o primeiro premio e acoden ao señor Xaquín, bisavó e padriño de Adrián, lector incansábel e de fonda cultura popular, para que lles conte a mellor historia. O bisavó cóntalles como el mesmo veu a sete mouros bañándose en coiro na fonte da igrexa, pero os rapaces descubren que a historia a leu o ancián nun libro de Cunqueiro. O mestre ten premios fantásticos para todos, menos para os rapaces protagnistas a quen lles dá unha lata de marmelada para a cría de gazafellos novos, bechos dos que terán que investigar, pois descoñéceno todo. Nun libro de Vicente Risco, *O tobo dos gazafellos*, atoparán información sobre os seus costumes e clases, pero ningunha imaxe nin maneira de localizalos. Seguirán a súa investigación na biblioteca e preguntando a algún parente que os guía neste labor até que consigan averiguar a verdade. Esta edición presenta as ilustracións do pintor Xaime Quessada (Ourense, 1954) que emprega unha técnica de

acuarelas húmidas que desfan as formas, achegando unha atmósfera fantástica ás escenas elixidas para ser ilustradas. As composicións do interior, de páxina enteira, teñen un dinamismo que se consegue grazas ao emprego das liñas expresivas con que están deseñados os debuxos. Nalgunhas imaxes mestúranse o real e o fantástico complementando o relato do texto co apoio visual. A cuberta e a contracuberta do volume repiten a primeira escena.

Carballude, Pepe, *O talismán dos druídas*, ilust. Beatriz García Trillo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [mocidade], 2006, 109 pp. (ISBN: 84-403-0515-X).

Reedición desta obra publicada en 1989 pola editorial Galaxia na colección “Árbore”, serie azul, a partir de 12 anos e para adultos, e que naquela ocasión estaba ilustrada por Xosé Antonio Rodríguez. Nesta nova edición os paratextos non cambian en relación á anterior, así, aínda que se fan correccións lingüísticas, mantense a dedicatoria do autor á súa filla Olalla e a cita d’*O señor dos Aneis*, de J.R.R. Tolkien, que abre a obra de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956). Coma Tolkien, Carballude leva ao lectorado agardado ao mundo antigo, ao ano 970 para os pobos Nerios (o 724 despois da fundación de Roma). Ao longo de seis capítulos cóntase a historia dos habitantes do castro de Amarelle, nun momento de preocupación cara o futuro polo asedio dos romanos. O Consello de Anciáns dos Nerios reúnese para intentar facer fronte á triste sorte que corren ante a indefensión polo asentamento dos costumes romanos entre a súa xente e outras desgrazas ocorridas, vítimas das furias dos espíritos. Será unha loita entre a vida e a morte pola súa subsistencia. Mais, antes de prepararse para loitar contra o inimigo, o cego druída Arístides, o único que segue vivo despois de que a bestia Megalikós acabase cos outros druídas do pobo, propón recuperar o Talismán. Así poderían derrotar ao monstro e recuperar a boa fortuna. Pero só Kenerez, o guía do druída, ten a capacidade para facer este labor, deberá ir até Fin da Terra e recuperar o Diamante perdido. Antes do dito, terá que superar tres probas para demostrar que é o elixido. Dende ese momento para a chamarse U-xío. Aquí comeza a verdadeira aventura e amosando enxeño, valentía e bondade chegará ao Cabo do Mundo, pasando polo Corzán, onde participa na festa do Samaín; por Castro de Oca, onde lle regalan a Euro, un cabalo moi veloz, e coñece o amor da man de Briseida; por a Lanzada, onde os deuses lle dan un broquel e a espada Rebandoira. Chega por fin a Fin da Terra e grazas aos agasallos conseguidos ao longo do camiño é quen de derrotar á serpe/hidra de sete cabezas e recuperar o ansiado Talismán dos druídas. De volta no castro, a bestia autodestrúese coa simple visión do diamante e, deste xeito, tempos gloriosos chegarán novamente ao pobo Nerios, guiados por un novo Xefe Supremo dos Druídas.

Recensións:

- María Navarro, “Fantasía e maxia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 181, “Infantil/Xuvenil”, 12 outubro 2006, p. VII.

Sinala que, baixo a consigna “sempre un está a tempo de aprender algo novo”, crea Pepe Carballude un entramado de accións e actuacións de certo sabor tolkiano n’*O talismán dos druídas*. Ofrece o resumo desta obra protagonizada, entre outros, polo mozo discípulo Kanerez, na que a fantasía e a maxia se manifestan “como entes activos que forman parte da vida dun pobo e que se constitúen ao mesmo tempo en dignos vínculos entre a vida terreal e o

máis alá, permitíndolle ao lector disfrutar dunhas páxinas nas que o sentido da xustiza, o honor, o profundo respecto polos demais, o medo, a intriga ou a bondade ateigan unha narración que merece un posto significativo entre este tipo de novelas da literatura universal”. Remata aludindo á escrita de do autor estradense, que se afianza como un dos narradores de referencia na nosa lingua.

López Rodríguez, Xavier, *Un burro hippy*, ilust. Patricia Metola, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 15, a partir de 8 anos, 2006, 102 pp. (ISBN: 84-88681-70-4).

Esta obra publicouse por primeira vez no ano 2000, polo que se pode consultar o seu descritor no *Informe* correspondente. Esta nova edición ofrécese, na mesma colección “Ala Delta”, agora renovada, con cambio de tamaño, diferente cuberta, cambios tipográficos nos capítulos e mesmo cambio de título no capítulo oito que, de “Sen burra e sen bici”, pasa a denominarse “De volta sen burra e sen bici”. Esta edición de 2006 presenta tamén cambios na ilustración que agora realiza Patricia Metola, quen na cuberta optou polo emprego dunhas cores delicadas e dunha composición suxerinte na que o burro, ao fondo, pasa desapercibido, mentres que no primeiro plano aparece, cortada, a figura dun rapaz en bici. As composicións do interior teñen un encanto especial que vén dado polo emprego sutil da gradación de grises e polas formas redondeadas das imaxes. As figuras do primeiro plano aparecen cortadas e focalízase a atención nos personaxes do fondo. As escenas ilustradas son momentos significativos do relato e achegan, a quen as observa, uns personaxes de aspecto amábel e atractivo.

Maceiras, Lourdes, *O torques de ouro*, ilust. Irene Fra, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 16, serie verde, a partir de 10 anos, 2006, 171 pp. (ISBN: 84-88681-72-0).

A primeira edición desta obra foi publicada no ano 1995 nesta mesma colección que agora cambia de formato e, polo dito, pode consultarse o seu descritor no *Informe* correspondente. Debido a que nesta ocasión o texto só sofre cambios tipográficos en relación aos capítulos e ás súas partes e a que, no tocante á ilustración, a nova edición presenta variacións na cuberta e nas ilustracións, que antes foran realizadas por Manuel Uhía (Portonovo, 1944), descríbese aquí só o apartado ilustrativo para engadir á ficha do ano 1995. Nesta edición de 2006 Irene Fra (Mataró, 1971) presenta, na cuberta feita a cor, unha imaxe curiosa de dous rapaces e unha cobra que en principio non semella ter relación co título. No interior, amósanse os debuxos figurativos, en branco e negro, feitos con lapis carbón, que lle confiren, a algún debuxo, unha atmósfera especial ao difuminarse os contornos. As escenas elixidas para ser ilustradas e que presentan aspectos diversos da natureza correspóndense cunhas composicións imaxinativas que mesturan realidade con ficción.

Miranda, Xosé, *Lúa e os nubeiros*, ilust. Fran Jaraba, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 140, serie verde, a partir de 12 anos, 2006, 118 pp. (ISBN: 84-8288-919-2).

No ano 2000 publicouse esta obra, como se pode comprobar no *Informe* correspondente, na colección “Setemares”. Neste ano 2006 reeditase na colección “Árbore/Galaxia” coas seguintes variacións: cambios tipográficos nos títulos dos capítulos e cambios nos tons das ilustracións figurativas, de Fran Jaraba (Pontevedra, 1957), que non son narrativas e que polo

tanto só iluminan tematicamente o capítulo. Na cuberta aparecen uns piratas que forman parte importante do relato, mentres que no interior aparecen debuxos feitos con tintas violetas que reflicten escenas da narración. A lectura visual das imaxes non serve para poder seguir as distintas situacións do texto.

Neira Vilas, Xosé, *Espantallo amigo*, ilustr. Xaquín Marín, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 12, a partir de 8 anos, 2006, 89 pp. (ISBN: 84-8288-903-6).

Primeira edición nesta renovada colección “Árbore/Galaxia” que segundo consta nunha das gardas se corresponde coa oitava edición na colección. Esta obra xa canonizada do autor xa clásico Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928) preséntase agora con cambios tipográficos e con ilustracións figurativas de Xaquín Marín (Ferrol, 1943). A cuberta e a contracuberta do volume compoñen unha imaxe, que se completa ao abrir o libro, na que aparece o espantallo protagonista. Está feita con pintura, contrastando verdes con distintos matices de vermello, e nela destaca, no centro, a figura principal. No interior, as imaxes son a tinta, con texturas variadas e con planos de cor sepia que enriquecen as composicións. Ao comezo do libro, as ilustracións de páxina enteira van presentando aos personaxes que protagonizan a historia. Cada parte iníciase cunha composición a dobre páxina cun fondo sepia e a imaxe do espantallo en branco.

Novoneyra, Uxío, *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*, ilustr. Manuel Uhía, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 13, a partir de 5 anos, 2006, 36 pp. (ISBN: 84-88681-46-1).

Segunda edición deste conto de Uxío Novoneyra (Paradela de Moreda, Courel, 1930-1999), acompañado das ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo, 1944), que se presenta cun deseño renovado, en maior formato, con respecto á primeira edición (o descriptor desta pódese retomar no *Informe de Literatura* correspondente ao ano 1998). As ilustracións de carácter figurativo de Manuel Uhía, que tamén figuraban na edición anterior, sofren cambios, ben de lugar ben ocupando máis espazo no volume, e complementan a historia con personaxes pintados con ceras, pasteis e acuarelas. Amosan cores vivas, que axudan a situar as escenas onde se desenvolve a acción narrativa, e círculos e liñas ondulantes, formas claramente identificativas do ilustrador, que explora as posibilidades da cera branca para resaltar as copas das árbores.

Referencias varias:

- María Navarro, “Ilda e os animais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 176, “Infantil e Xuvenil”, 14 setembro 2006, p. VII.

Achega á obra de Uxío Novoneyra, *Uxío, Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*, publicada por Edicións do Tambre na colección “Ala Delta”. Comeza referíndose á presenza da cultura popular na explicación de feitos do pasado como marco contextualizador do libro. Logo ofrece unha descrición do mesmo aludindo a ambientación da historia no Courel, á liña argumental e ao glosario final que aparece para facilitar a lectura. Remata cunha referencia ao universo literario de Novoneyra e califica ao autor como un dos grandes nomes das letras contemporáneas galegas.

Quintiá, Xerardo, *Finísimo pó nas ás*, ilust. Daniel Varela, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 53, [mocidade], 2006, 128 pp. (ISBN: 84-8288-921-4).

Nova edición desta obra de Xerardo Quintiá (Friol-Lugo, 1970), que fora publicada por primeira vez en 1997 na colección “Descuberta” e que agora ve a luz na colección “Costa Oeste”. Dedicada a Andrei e cunhas citas de Peter Pan, de J. Matthew Barrie, e de *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro, o texto aparece precedido de “Dúas notas”, nas que o autor explica que anos despois da publicación de *Finísimo pó nas as*, seguía tendo a necesidade de incluír novas historias e refacer algunha das publicadas, como é o caso de “Ceo azul: azul e infinito”. Tamén se refire ao paso do tempo e á capacidade da memoria de adquirir unha dimensión máis ampla, o que converte a obra nun texto en continua reformulación. A continuación, inclúese un limiar no que se sitúa ao lector no lugar no que transcorren os feitos que se contan ao longo dos diferentes episodios e no que o narrador guía ao lector agardado polas distintas estancias da casa que serve de escenario. Trátase do retrato e das vivencias dunha familia labrega dos anos setenta, feita dende a ollada dun neno. Así, en cada un dos nove capítulos titulados o narrador en primeira persoa evoca as diferentes vivencias nas que foi descubriendo o mundo que o rodeaba. O volume presenta unicamente a ilustración de cuberta na que Daniel Varela presenta unha fotografía na que aparece unha buxaina sobre un fondo laranxa, que se sitúa na parte superior dereita e que inmediatamente fai lembrar, a quen a observa, os xogos da infancia e as vivencias cos amigos. Esta fotografía, en certo modo, adianta o contido da historia que se narra.

VV.AA., *Minilibros para soñar 6*, ilust. varios autores, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2006. (ISBN: 84-8464-595-9).

Entrega conxunta de sete contos, algún deles rimado, publicados en diferentes coleccións da Editorial Kalandraka durante os anos 2003, 2004 e 2005 e que agora aparecen nun estoxo de pequeno formato. Trátase de *Chibos chibóns* (2003), adaptación de Olalla González Paz a partir dun conto popular e ilustrado por Federico Fernández; *Amora* (2003), de Anxos Garabana e ilustrado por Óscar Villán; *A verdadeira historia de Carrapuchiña* (2004), de A. R. Almodóvar, ilustrado por Marc Taeger e traducido por Vitoria Ballesteros; *Renato* (2004), de Manolo Hidalgo, ilustrado polo autor e traducido por Marisa Núñez; *O patiño feo* (2005), de Hans Christian Andersen, adaptado por Manuela Rodríguez e ilustrado por Ana Sande; *Xaime e as landras* (2005), de Tim Bowley e ilustrado por Inés Vilpi; e *Un agasallo diferente* (2005), de Marta Azcona, ilustrado por Rosa Osuna e traducido por Manuela Rodríguez. O descriptor destes sete contos pode consultarse no *Informe de Literatura* do ano correspondente.

VII.1.4. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Albo, Pablo, *O papón (El tragaldabas)*, ilust. Maurizio A. C. Quarello, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], novembro 2006, [42 pp.]. (ISBN: 84-96573-82-6).

Álbum fantástico realista de Pablo Albo (Alicante, 1971), baseado nun conto tradicional castelán, que lembra na temática e na estrutura ao da Carrapuchiña Vermella. A través dun narrador omnisciente cóntase a historia do Papón, personaxe que come todo o que cae ao seu alcance. Así, nárrese como unha avoa que está de aniversario decide convidar ás súas netas a comer unha torta de fariña, leite e ovos. Como non tiña eses ingredientes enviou a cada unha das netas a mercar cadanseu elemento: á maior, a fariña; á do medio, o leite; e a máis pequena, os ovos. Mentres as netas facían o recado, a avoa decidiu prepararlle pan con mel e deixouno na bodega. A este lugar acudiu o Papón, pois era esta a súa comida favorita. Cando chegou a neta grande coa fariña, a avoa mandouna comer o que había na bodega, pero o Papón comeuna a ela tamén. O mesmo ocorreu coas outras dúas netas, ás que comeu igualmente cando baixaron á bodega. A avoa entón decatouse de que as netas tardaban moito e decidiu ir mirar qué facían, decatándose así de que se trataba do Papón. Saíu a avoa da casa chorando e atopou a un xeneral, ao que lle contou o acontecido. O xeneral mandou o seu exército, que foi comido polo Papón. A solución chegou da man dunha formiga que lle dixo á avoa que ela o solucionaría. A formiga subiu aos pés do Papón, despois ao xeonllo, a seguir á orella, etc. e o Papón rañaba, pois facíalle cóxegas. De súpeto deu un golpe na cabeza e perdeu o sentido. Nese intre a avoa aproveitou e abriulle a barriga, de onde sacou as netiñas, o exército e o pan con mel, ademais dun butaneiro, ao que o Papón xa comera noutro conto. Finalmente, todos foron celebrar o aniversario da avoa e no pastel puxeron un carteliño que rezaba: “Para o Papón, para que deixe de papar xente”. Na cuberta deste volume destacan os ollos inquadantes do protagonista e nas gardas, onde os ollos son aínda máis grandes, a intriga continúa. No interior, o ilustrador Maurizio A. C. Quarello (Torino-Italia, 1974), emprega a técnica da pintura cunhas pinceladas espesas aplicadas con tonalidades cálidas pero moi matizadas. Os fortes contrastes de luz recordan algunhas pinturas de G. Chirico ou de E. Hopper. As composicións, a dobre páxina, presentan puntos de vista moi variados. A atmosfera que se crea coas imaxes ao longo do conto é de misterio.

Araújo, Matilde Rosa, *O pallaso verde (O palhaço verde)*, ilust. Maria Keil, trad. Antía Pereiro Carreiro, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, n.º 35, serie verde, máis de 8 anos, 2006, 47 pp. (ISBN: 84-7680-590-X) ■

Ábrese este volume cun breve prólogo de Matilde Rosa Araújo (Lisboa, 1921), unha mestra lisboeta, que mostra a súa emoción e alegría ao ver traducida ao galego esta súa obra, así como lembra ao seu avó Rafael, nacido na aldea de Porqueiros en Ourense, que foi para Lisboa en busca da prosperidade. A seguir, unha voz en primeira persoa preséntalle ao lectorado un pallaso de nariz moi grande e de ollos brillantes coma estrelas, que tiña no peito un corazón de ouro. Ao verse moi só, porque os seus pais morreran cando el era pequeno, decide vestir a súa graciosa vestimenta de pallaso e ir cativar os nenos coa súa gargallada, que parecía a escala dun piano: Dó! Re! Mi! Fa! Sol!. Así, visita o circo do señor Forzas, onde coñece á súa muller Esperanciña, a súa filla Flor e ao seu can Cero, ademais de Xuxu, o seu cabaliño “Luar” e o prestidixitador, o Señor Fume. Comeza a función e nárrese a intervención

dos diferentes membros deste circo, no que o Pallaso Verde se sente moi feliz e incluso se namora. Finalmente, non consegue o amor de Xuxu, aínda que se conforma cunha flor feita de papel e de tenrura que lle entrega un neno. Esta historia circense, na que se mesturan os soños e as ilusións, é ilustrada por Maria Keil (Silves, 1914), que combina trazos esquemáticos con tintas pouco mesturadas para elaborar diferentes planos que conforman o espazo e o ambiente das ilustracións. No entanto o ilustrador utiliza trazos grosos para a creación do personaxe, coa finalidade de que o espectador centre a súa atención no protagonista do relato, apreciando os cambios expresivos e posturais do mesmo. Isto faise presente ao longo de toda a obra e, moitas das veces, tan só aparece o pallaso verde rodeado de texto.

Arbat Serarols, Carles, *Si, son gorda (Sí, sóc grassa)*, ilust. do autor, trad. Alba Piñeiro, Valencia: Brosquil Edicións, col. Estrella Polar, [lectorado autónomo], 2006, [35 pp.]. (ISBN: 84-9795-252-9).

Carles Arbat Serarols (Bescanó, Girona, 1973) sérvese dun narrador omnisciente para presentar a Mariña, unha moza moi gorda que lle gustaría vivir nun mundo onde ninguén se rira de quen é diferente. Malia anoxarse por non poder mercar roupa bonita, por non poder ver unha película no cinema, pois non cabe nos asentos, ou porque a xente a insulta pola súa gordura, ela é feliz até que un día se ergue co pé esquerdo e todo lle sae mal: escápalle o seu paxaro, rompe a cama, bate contra o teito e magóase, etc. A partir dese momento cambia totalmente a súa maneira de ser. Mariña fai dietas para adelgazar, viste de cores escuras ou agocha os espellos da casa; Mariña vólvese triste. De súpeto, as cousas mudan cando coñece a unha vella cega cantante de jazz. A protagonista reacciona e fala cun director de teatro que a converte nunha cantante admirada por todos, que resplandece coma un cometa cada vez que canta dende a Lúa. Ninguén a chama xa gorda con desprezo, mais Mariña non atura a soidade e regresa á Terra onde volve ser feliz polo regreso á casa do seu paxaro Picarol, pola entrada na banda de jazz da velliña cega e por aceptar a súa gordura. Este volume, que se presenta tanto en pastas duras como brandas, acompáñase das ilustracións figurativas do propio autor, que utilizada nelas, como técnica, a pintura. As ilustracións, nas que predominan as cores cálidas (vermellos, laranxas, amarelos e terras), son a dobre páxina e presentan unhas composicións moi dinámicas nas que abundan as liñas curvas. O volume do personaxe central ocupa o protagonismo das ilustracións, a forma esférica coa que está deseñada concentra enerxía e centra o interese no tema central do relato. A pesar do exceso das formas de Mariña a expresividade do seu rostro fai dela un personaxe amábel.

Baum, Lyman Frank, *Can de cristal (The Glass Dog)*, ilust. Pedro Millán, versión galega de Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], marzo 2006, [57 pp.]. (ISBN: 84-96573-27-3).

Conto de L. Frank Baum (Chittenango-Nova York, 1856-Hollywood-California, 1919), pertencente á obra *American Fairy Tales* (1900), en versión galega de Paco Liván. Nel cóntase como un feiticeiro busca a axuda do seu veciño, un soprador de vidro, para que lle faga un can co que manter lonxe á xente que lle vén facer consultas e que o interrompen constantemente no seu traballo. O soprador faille un can de vidro cor rosa, ao que o feiticeiro logra animar cun meigallo. Como pagamento polo traballo o feiticeiro dálle unha apócema que cura calquera doenza, pois o soprador padecía habitualmente de reuma. No entanto, este

decide non empregar a poción mentres non se atope moi mal e ao día seguinte le no xornal que a señorita Midas, a moza máis rica do lugar, está a piques de morrer, polo que o soprador decide levarlle a súa apócema para que cure e así casar con ela. Logo de superar os atrancos de todos os que rodean á enferma e de que esta prometa casar con el, dálle a medicina que a cura instantaneamente. No entanto, en lugar de acceder a tal matrimonio, a señorita Midas comeza a poñer todo tipo de atrancos e condicións, entre elas que quere ter o can de cristal do feiticeiro. O soprador, namorado, rouba o can do feiticeiro e lévallo á caprichosa dama, que o coloca na entrada da súa casa para que non se achegue o soprador, converténdoo así en vítima da súa propia obra. Cando o feiticeiro se decata de que desaparecera o seu can acode ao soprador de vidro para que llo recupere e a cambio ofrécelle o Po da Beleza, polo que o soprador acode á casa da señorita Midas, rouba o can e devólvello ao feiticeiro de novo, que o recompensa coa súa poción. Cando engole o Pó da Beleza, o soprador transfórmase e a señorita Midas cae rendida pola beleza do seu pretendente, o cal se acaba convertendo no seu marido, aínda que cada un lle fai a vida imposible ao outro. O ilustrador Pedro Millán (Araya, Estado Sucre-Venezuela, 1951) fai nesta ocasión uso de teas, cartóns ou madeiras, materiais todos estes que transforma e pinta para realizar unha colaxe. A nivel compositivo, nunha mesma ilustración, xoga con varios planos que superpón para acadar profundidade de campo, coma se fose un escenario ou un teatro. Os personaxes, de corpo estilizado e alongado, carecen de expresividade e trazos definitorios, polo que a forma e as cores serán determinantes para recoñecelos.

Bolta, M. Jesús, *Quen necesita un sombreiro máxico?*, ilust. Anna Clariana, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 2, [lectorado autónomo], setembro 2006, 28 pp. (ISBN: 84-96526-53-4).

Conto de M. Jesús Bolta (Melida-Valencia, 1958) e ilustrado por Anna Clariana (Terrasa, 1958). É unha pequena historia fantástico-realista na que se conta como unha nena chamada Sabela Castiñeiro ten un sombreiro máxico que fai realidade todos os seus desexos, dende traerlle caramelos, bicicletas, estoxos novos, etc., pero sempre cando está soa. Un día, outra nena chamada Catuxa buscou tamén un sombreiro máxico e Sabela pediullo porque o dela parara de funcionar, pero con este novo sombreiro non conseguiu nada, polo que comezou a dicir que ese sombreiro non era máxico. Ante esta observación Catuxa explicalle que si é máxico porque lle quitaba o sol da cara, lle servía de cesta para ir ao campo a recoller flores, etc. Deste modo ao día seguinte todos os compañeiros do colexio levaron un obxecto máxico á aula, explicando a razón de porqué era máxico o seu obxecto para eles. Por fin, ese día Sabela, que tamén levara o seu obxecto máxico, tivo o que nunca lle dera o sombreiro: o valor da amizade e da imaxinación. O texto está apoiado con debuxos representativos das diferentes situacións que se van dando ao longo da historia narrada. As ilustracións figurativas de Anna Clariana están centradas nos nenos protagonistas, conseguindo, a pesar da súa sinxeleza, unhas imaxes onde os sentimentos dos personaxes se amosan para axudar a comprender o texto. As cores intensas e variadas inundan as composicións de dobre páxina e fan atractiva a lectura deste libro.

Brami, Élisabeth, *Sálvate Elías! (Sauve-toi Élie!*, 2003), ilust. Bernard Jeunet, trad. Emma Lázare, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], novembro 2006, 49 pp. (ISBN: 84-8464-608-4).

Neste conto fantástico-realista Élisabeth Brami (Varsovia, 1946) recolle unha historia situada na Francia ocupada da Segunda Guerra Mundial. O protagonista é Elías, un neno xudeu de sete anos que vive en París, pero ao que un día seus pais levan a vivir cuns granxeiros e dende ese momento pasa a chamarse Emilio. A súa nova vida na granxa vai ser o motivo central do relato, dende os labores propios do campo, as clases na escola e a amizade con María, até que decide un día fuxir. A esperanza de reunirse cos seus pais será, a partir de determinado momento, o motivo central que domine a súa vida. O texto está apoiado por unha serie de ilustracións de Bernard Jeunet (Lorient, 1956). A cuberta ten unha ilustración que se completa coa contracuberta, na que aparece o protagonista acompañado dalgúns símbolos elocuentes coma o paxaro sobre o arame de espiño ou a flor vermella. As gardas e a cuberta están decoradas e o papel empregado para o libro é de boa calidade, grosso e con textura, como de debuxar. As ilustracións deste álbum están feitas cunhas esculturas en papel que describen os protagonistas acompañados dos símbolos que serven para encher de significados as escenas pola utilización de cores escuras (grises, negros, verdes, etc.) e tons apagados que reflicten en todo momento os sentimentos e vivencias de Elías, acentuando a sensación de soidade e anguria do protagonista. As páxinas alternan texto e ilustración: unha páxina ten ilustración polas dúas caras e a seguinte ten un texto que vai acompañado dun pequeno obxecto. Todo o libro ten un cromatismo comedido, no que predominan os grises e cores frías, de acordo cos sentimentos que quere transmitir. Tamén se perciben as constantes alusións veladas á historia, conseguidas polo uso de imaxes poéticas con carácter simbólico pero tinguidas dunha gran tristura.

Brennan, Herbie, *O Emperador Púrpura (The Purple Emperor)*, trad. Moisés R. Barcia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 93, [mocidade], marzo 2006, 508 pp. (ISBN: 84-9782-427-X). ■

Nova entrega da triloxía de Herbie Brennan (Bambridge, Irlanda do Norte, 1940), continuación do título anterior, *O portal dos elfos* (2005). Está narrado en terceira persoa, aínda que tamén se presentan os diálogos dos personaxes. Neste entrega o lectorado mergúllase na historia de Pyrgus, o príncipe herdeiro, e a súa irmá Holly Blue que quedaron orfos tras a morte do seu pai, Apatura Iris. Ao morrer o emperador dos Elfos da Luz, a responsabilidade de goberno recaerá no seu fillo Pyrgus sen que este poida evitalo. Mais Lord Black Hairstreak, líder dos Elfos da Noite, tentará facerse co mando trazando un maquiavélico plan que irá forxándose ao longo da historia e no que aproveita a misteriosa resurrección do emperador para desfacerse do príncipe herdeiro. Pyrgus e Holly Blue son levados ao exilio, onde serán axudados polos Elfos do Bosque (coñecidos no reino coma Elfos Bravos), que ven en perigo a seguridade do seu bosque e da súa cultura e tecnoloxía, descoñecida até entón para o resto dos elfos. Xunto con eles estarán o Gardián Fogarty e o mozo Henry, procedentes do mundo paralelo. Coa súa axuda conseguirán chegar á mansión de Lord Black Hairstreak onde se atopa o seu pai, ou o que queda del, pois foi resucitado por algún nigromante, converténdose nun zombie que podía ser manipulado a pracer por Hairstreak. Tras unha loita sanguinolenta, na que se atoparán coas tropas de Hairstreak e con algún que outro inconveniente procedente dun portal que comunica co inferno, Pyrgus, Holly Blue e mais os seus novos amigos conseguirán restabelecer a paz no reino; Holly Blue será coroada raíña; e serán desbaratados os maquiavélicos plans de Hairstreak, quen a pesar de todo, segue vivo. O volume presenta única ilustración. Trátase da imaxe da cuberta, creada por ordenador por

Enric Solbes (Alcoi, 1960), que fai alusión ao título e na que se emprega unha composición fotográfica.

Recensións:

- Héitor Mera, “Púrpura imperial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 161, “Libros”, 11 maio 2006, p. IV.

Dá conta da publicación da segunda parte da “exitosa novela fantástico realista” *O portal dos Elfos*. Héitor Mera detense en *Emperador Púrpura* (2006), de Herbie Brennan, concretamente “nunha serie de aspectos que entendo son de interese para un mellor achegamento ao que é o estilo de Brennan”, nomeadamente a apertura de diferentes liñas de acción por parte dos diferentes personaxes e os diferentes finais “atropeados, envurullados” cos que resolve as mencionadas liñas. Mera considera que os “minicapítulos” que conforman o volume son un exemplo claro de “escrita por compromiso”.

Browne, Anthony, *O libro dos porcos (Piggy book)*, ilust. do autor, trad. Xosé M. González "Oli", Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [lectorado autónomo], maio 2006, [30 pp.]. (ISBN: 84-8464-571-1).

Tradución ao galego do libro de Anthony Browne (Sheffield-Inglaterra, 1946) no que se conta, con pouco texto e ilustracións moi realistas a dobre páxina, a vida diaria do señor Porcón e a súa familia, un home machista e dominante, cuns fillos machistas e dominantes, que esperan que a muller lles teña todo feito cando chegan á casa, até que un bo día non a atoparon na casa. Só había un sobre que poñía: “sodes uns porcos”. Quería darlles unha lección. Qué ían facer? Tiñan que coidar de si mesmos, pero non eran capaces. No entanto, a señora Porcón regresou de novo, despois de que lle suplicaran que quedase con eles e dende ese día todos colaboraron nas tarefas da casa. O texto conta coas ilustracións realistas de carácter figurativo, nas que o autor utiliza cores de tonalidades cálidas e humaniza aos animais creando personaxes con vestimentas e funcións propias das persoas. Ás veces, fai uso das viñetas como narración visual dunha determinada acción, mentres que noutras ocasións elabora ilustracións que abranguen as dúas páxinas do libro. Son, en xeral, ilustracións centradas no detalle.

Browne, Anthony, *Sacapenas (Sily Billy)*, 2006), ilust. do autor, trad. Chema Heras e Pilar Martínez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [lectorado autónomo], setembro 2006, [26 pp.]. (ISBN: 84-8464-585-1).

Conto realista de Anthony Browne (Sheffield-Inglaterra, 1946) baseado nunha tradición de Guatemala, na que os nenos fan bonecos con anacos de tea e panos, chamados sacapenas. Neste relato cóntanse, a través dun narrador omnisciente, as continuas preocupacións que desacougan ao neno protagonista, Bieito. Este, un día que durmiu na casa da súa avoa, confesoulle o que lle ocorría e, despois de contarlle que a ela lle pasaba igual cando era nena, deulle uns bonequiños para que lles contase a eles as súas penas e que os metera debaixo da almofada. Esa noite Bieito puido durmir ben, pero ao día seguinte volvéronlle as

preocupacións. Entón decidiu facer máis bonecos sacapenas para que desaparecieran as preocupacións de todos os que coñecía. Este relato de misterio está acompañado dunhas ilustracións do propio autor que reforzan a atmosfera enigmática. As escenas de tensión distínguense das outras polas diferentes cores. As imaxes de Bieito son cincentas, que indican inseguridade, ao contrario das imaxes do sacapenas que teñen moito colorido. Nas escenas nas que aparece Bieito e a súa familia recreáanse ilustracións realistas, mentres que cando aparecen as imaxes das súas obsesións estas vólvense surrealistas. Estabelécese tamén un xogo tipográfico, no que se destacan algunhas palabras en maior tamaño, resaltando así certos datos de interese no conto. O relato comeza coa figura do protagonista, só, camiñando con cara de preocupación, xesto que o vai acompañar case até o final, e remata coa mesma figura, pero cun sorriso. Hai unha lectura visual que vai a carón do texto xogando coas cores: para reforzar os momentos de preocupación de Bieito as ilustracións son monocromáticas e cando soluciona os seus problemas xorde a cor con forza, facendo un gran contraste entre unhas imaxes e as outras. Tamén se xoga co misterio e, así, preséntase a composición na que o neno vai resolver os problemas cunha imaxe de costas e a contraluz coma un tránsito á imaxe alegre e colorida onde aparecen todos os sacapenas xuntos.

Bruno, Pep, *A cabra boba (La cabra boba)*, ilust. Roger Olmos, trad. Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], xaneiro 2006, [29 pp.]. (ISBN: 84-96573-20-6).

Pep Bruno (Barcelona, 1971) é o artífice desta historia na que un neno chamado Miguel tenta procurar unha cabra un tanto boba. Coa chegada do cabreiro, Miguel vai pola cabra, aínda que como este estivo buscando a súa fruta, non a puido ver. A partir de aí, o rapaz pregúntalle pola cabra á Tía Xulia, ao mestre don Valentín e ao avó e, por mostrar a súa boa disposición a axudalos nas súas respectivas tarefas, é agasallado cunha serie de obxectos. Cando estaba no curral, Miguel e o avó senten un “Beee...!” e descubren que a cabra está subida no alto do tellado. Como a cabra non quería baixar, o rapaz botou man do conto que lle regalara don Valentín e púxose a ler un conto de cabras, co que a cabra deu un brinco para escoitar mellor. A seguir, guindoulle o ramo que lle dera a tía Xulia, o que provocou que a cabra se achegase para comer as flores. Finalmente, colleu do peto o sal gordo que lle entregara o cabreiro e botouno no chan, polo que a cabra baixou para comelo, porque ás cabras gústalles o sal máis que aos nenos os xeados. O texto acompáñase do traballo do ilustrador Roger Olmos (Catalunya, 1975), que nesta ocasión xoga coa ironía, tanto cos personaxes coma cos obxectos. A técnica que emprega maioritariamente é a pintura, aínda que en moitas ilustracións utiliza fotografías manipuladas pictoricamente para representar os personaxes. A desproporción e deformación que presentan estes e os obxectos en xeral son un dos aspectos máis característicos destas ilustracións. Neste volume Roger Olmos utiliza gran variedade de planos e ángulos que outorgan dinamismo á narración visual e textual.

Burningham, John, *Eduardo, o neno máis terrible do mundo (Eduardo, the horriplest boy in the whole wide world)*, 2006), ilust. do autor, trad. M^a Fe González Fernández, Vigo/Pontevedra: Fkactoria K de Libros/Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2006, [31 pp.]. (ISBN: 84-8464-567-3).

Conto fantástico-realista de John Burningham (Farham-Surrey-Inglaterra, 1936) no que, por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, se narran as diferentes traxectas que realiza Eduardo. Este neno, lonxe de intentar corrixirse, acentúa os actos negativos, até que unha serie de feitos inesperados cambian a imaxe que todos tiñan del, pois pasa así de ser o neno máis terríbel do mundo ao neno máis bo do mundo. O relato está apoiado con grafismos diferentes, oracións con letra de distinto tamaño (son máis pequenas aquelas que teñen un carácter negativo) e debuxos que van complementando o texto a través de formas e cores. Dende a cuberta xa aparece o protagonista da obra nunha actitude que reforza o subtítulo. As ilustracións están resoltas cun estilo figurativo, traballado cunha liña de trazo nervioso e manchas de pintura que achegan cor pero non volume. Son imaxes que completan e enriquecen o texto, ao achegar información sobre as actitudes, os acontecementos e os escenarios. As figuras, a pesar do esquematismo co que están resoltas, son moi expresivas e reflicten distintas emocións.

Calí, Davide, *A colección de galletas (La collezione di biscotti)*, ilust. Evelyn Daviddi, trad. Millán Picouto, Ourense: Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2006, [28 pp.]. (ISBN: 84-96067-26-2).

Tradución do italiano deste conto de Davide Cali (Liestal, 1972), no que o neno protagonista describe cómo son os diferentes tipos de galletas que coñece e as que máis lle gusta comer. Comeza coas galletas de osiños, que son as que toman o protagonista e seu irmán para almorzar e polo que compiten en chegar antes á cociña. Baralla tamén posibilidades sobre cómo será a galleta que sempre aparece nas historias de mariñeiros e piratas, imaxinando que será salgada por estar salpicada pola auga do mar. Así, a partir dos diferentes nomes que reciben algunhas galletas, especula sobre a orixe destas, como por exemplo “Os beixos de Lulú” ou “Lingua de gato”, das que o seu irmán pensa que son de auténticos gatos e ten medo que o pasteleiro lle veña roubar un día a lingua á súa mascota. O protagonista explícalle ao lectorado agardado que no Nadal a súa avoa fai unhas galletas de canela para un seu irmán desaparecido na guerra, as cales non pode comer ninguén, feito que crea unha forte expectativa entre os nenos, ao estaren moi pendentes de quen chega á casa, para ver de coñecer ao misterioso tío e probar así as succulentas galletas. Outras lambetadas das que fala o protagonista son as galletas do príncipe, que fai a señora Iris e que teñen forma de cabaleiro con cabalo; as de mil formas, as roscas da avoa, que son brancas como os seus cabelos, etc. Finalmente, decide facer unha galleta con forma de “S”, porque confesa que está namorado de Sabela; e chega a probar as galletas do can do seu tío, Tulo, que descobre que non lle gustan. Como experto en galletas, a colección péchase co consello sobre a última galleta da lata, que nunca se come para que chame por máis. Nas ilustracións figurativas de Evelyn Daviddi (Carpi, 1973) que acompañan á narración textual, as protagonistas son as galletas de distintos tipos e con formas moi variadas; os nenos que participan no conto teñen a cabeza grande e o corpo pequeno pero esta estilización das figuras non resta expresividade ás caras, que transmiten distintas emocións. No tocante á técnica nesta obra xógase coas calidades da pintura e con composicións variadas sobre fondos texturados de papeis pintados. As cores están moi traballadas, pouco saturadas pero cálidas, predominando as cores tostadas das galletas.

Carbonell, Paula, *A viaxe das bolboretas (El viaje de las mariposas)*, 2006, ilust. Chené

Gómez, trad. Eva Mejuto, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado], outubro 2006, [35 pp.]. (ISBN: 84-9657-375-3).

Conto no que a autora, Paula Carbonell Penichet (Cuenca, 1970), parte de recursos formulísticos propios da tradición oral, como a utilización de estruturas acumulativas e a repetición de acontecementos, que propician e facilitan a memorización do texto, e no que se lle achegan os feitos ao lectorado agardado a través dun narrador omnisciente e da propia voz dos personaxes. Neste conto sinxelo, que propicia dous niveis de lectura, nállase o percorrido que fai unha eiruga dende un laranxeiro a un limoeiro, traxecto durante o cal se lle van sumando distintos compañeiros de viaxe. Este feito acaba sendo unha metáfora da propia vida: o cambio dun estado a outro, no que van aparecendo amigos, inimigos, conflitos que só se poden superar con solidariedade e, finalmente, o amor. Trátase dun álbum ilustrado por Chené Gómez, no que xa dende a cuberta, de tapa dura e papel satinado, se aprecia o coidado con que está editado. As gardas, cunhas flores que ocupan toda a páxina, e a cuberta, cunha representación de bolboretas voando, achegan, a quen as observa, o tema central do libro. A técnica que emprega é a colaxe, recortando as figuras en papeis de distintas cores, e facendo as composicións pola superposición dunhas formas enriba doutras, sen estar pegadas. As referencias espaciais son moi sinxelas: unha banda de cor marrón con flores para simbolizar a terra, unhas tiras de papel branco para as pólas das árbores e un fondo azul cun círculo máis claro para a noite e a lúa. Neste xogo de simbolismos as figuras dos animais están representadas con formas moi simples, que, pese á súa estilización, achegan ao lectorado información visual sobre as diferenzas entre os animais, o seu tamaño, a súa cor, etc. Fóxese do *cliché* de insectos que os adultos teñen asimilados e as imaxes están cheas de ritmo: nos personaxes, na continuidade das secuencias e na paleta de cores empregadas, todas elas naturais e fóra de convencionalismos. Trátase dun estilo propio, sintético e moi particular que constrúe escenarios cos mínimos elementos necesarios.

Carle, Eric, *Papá, por favor, achégame a lúa* (*Papa, please get the moon for me*), ilustrado polo autor, trad. Chema Heras e Pilar Martínez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado], outubro 2006, 29 pp. (ISBN: 84-8464-606-8).

Conto fantástico-realista de Carle Eric (Syracuse, 1929) no que se relata como un pai se esforza para facer realidade o gran desexo da súa filla de poder xogar coa lúa. Para cumprir este soño, o pai busca unha escaleira moi longa e estreita, coa que se vai aproximando á Lúa, aínda que esta cada vez se fai máis pequena, primeiro para poder alcanzala o pai, pero logo cando lla entrega á filla a lúa non deixa de minguar e acaba por desaparecer. As ilustracións do propio autor están moi coidadas. As gardas do álbum están cheas de estrelas de cores que invitan a coller un libro que promete algo alegre. A portada está decorada cunha tira de debuxos das fases da lúa que anuncian o tema central. As formas figurativas constrúense con recortes de papeis traballados con pintura de cores alegres, onde predomina o azul da noite. As superficies, traballadas con pintura resultan moi expresivas grazas aos brochazos, salpicaduras, chorretóns, etc., estes resultados visuais son moi ricos dende o aspecto sensorial (percepción de texturas e cores). Seguindo un xogo visual, as páxinas despréganse e van levando ao lectorado de xeito tal que segue as fases da lúa.

Coll, Àfrica, *As flores de neve e o raposíño* (*La petite guineau i les flors de neu*), ilustrado por

autora, trad. Alba Piñeiro, Valencia: Brosquil Edicións, col. Estrella Polar, [lectorado autónomo], 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-9795-244-8).

Álbum de África Coll (Blanes, Girona, 1966) no que se lle achega ao lectorado máis novo unha historia alegórica na que se describe a evolución das estacións ao longo do ano. A historia xira arredor da grande amizade existente entre un raposíño que vivía nun bosque e unha árbore de folla caduca, que tiña unhas flores brancas moi olorosas. Cada noite o raposo admiraba o círculo que aparecía arredor da árbore, no que se vían as estrelas máis brillantes e grandes. Un día observou preocupado como un fato de abellas entraban e saían das flores, até que a árbore lle explicou que estes animais a visitaban para sacar das súas flores a dozura coa que logo farían o mel. Cando o raposo probou este manxar sorprendeuse e dende entón espertaba coa ledicia do zunido das abellas. Coa chegada da calor intensa as flores foron murchando até desaparecer por completo. Malia que cada noite eran máis as estrelas que o raposo vía na árbore, decidiu saír polo mundo na busca de flores para a súa árbore. Na súa viaxe descobre novas árbores e flores, até que atopo unha inmensidade de flores brancas, das que colle para levarlle á súa árbore. No entanto, como esas flores eran de auga coa chegada da calor comezaron a derreterse e desapareceron. Triste, seguiu o camiño de regreso ao seu bosque e cando chegou xunto á árbore descubriu que tiña tantas flores como estrelas. Esta obra, que conta con edición en pastas brandas e duras, presenta unhas ilustracións figurativas da propia autora que seguen dous sistemas: nas páxinas pares, o texto vai acompañado dunha pequena ilustración cunha intención decorativa; nas impares, a escena ilustrada está incluída nun cadro que non ocupa toda a páxina. As composicións están centradas no raposo protagonista e na árbore; seguen unha secuencia temporal que acompaña ao relato creando unha narrativa visual, facilitada polas cores, que se complementa co texto. A técnica emprega é a pintura que a ilustradora aplica nunhas formas moi sintéticas que nas paisaxes viran ás veces á abstracción.

Collodi, Carlo, *As aventuras de Pinocho* (*The adventures of Pinocchio*, 2005), ilust. Roberto Innocenti, adapt. M. A. Murray, trad. Pilar Martínez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado mozo], outubro 2006, [191 pp.]. (ISBN: 84-8464-578-9).

Nova edición deste conto de Carlo Collodi (seudónimo de Carlo Lorenzini, Florencia, 1826-1890), publicado co título orixinal de *Le avventure de Pinocchio* en 1881 e considerado unha das obras clásicas da literatura universal. Nel cóntase a historia de Pinocho, un monicreque feito por un velliño chamado Gepetto cun pau enmeigado. A causa disto o monicreque adquire vida, pero vólvese moi egoísta e mentireiro, polo que lle medra cada vez máis o nariz. Un día Pinocho decide marchar da casa e vive unha serie de peripecias: vende a cartiña de lectura, róubano, cólgano dun carballo e coñece a unha fada e a un grilo falante. Mentres Pinocho pasa por todas estas situacións, seu pai Geppetto vai na procura del até embarcar nun día de tormenta e desaparecer. É entón cando Pinocho sae na súa procura. No seu deambular, atopa de novo coa fada e faille a promesa de que se se porta ben e estuda converterao en neno de verdade. A partir dende momento Pinocho cambia: vai á escola, traballa, xoga cos nenos, vai ao país dos xoguetes, convérteno en burro, atopa a seu pai na barriga dunha quenlla e logra poñelo a salvo. Finalmente, un día cumprese a promesa da fada e convértese nun neno de verdade. Na magnífica ilustración deste clásico feita por Roberto Innocenti (Bagno a Ripoli-Florencia, 1940) hai que subliñar varios aspectos. A primeira impresión que se recibe é a ilustración da sobrecuberta que protexe o libro de tapas duras; é unha pintura moi coidada

na que aparece o boneco protagonista na compañía de dous personaxes importantes na narración: o gato e o raposo; o feito de que aparezan nunha paisaxe realista mesturadas figuras reais cos animais e o boneco de madeira en actitudes antropomórficas xa introduce ao lectorado nun conto no cal a fantasía vai estar presente. Outro aspecto salientábel é a maquetación do texto, que vai enmarcado nun recadro de distintas cores que cambian en cada capítulo; a letra inicial de cada un deles está dentro dun cadriño ilustrado con algunha referencia ao tema do que trata. As ilustracións figurativas do interior están resoltas empregando un estilo que achega a quen as observa á época orixinal da obra de Collodi, o que se aprecia nas vestimentas e nos oficios da xente, nas arquitecturas e mesmo nas cores cálidas que tinguen as pinturas dunha pátina de antigüidade. Cada capítulo ten varias ilustracións, pero, aínda que hai algunha pequena, son de destacar as grandes panorámicas de dobre páxina que achegan moita información sobre o ambiente, as paisaxes, os personaxes, etc., cunha gran riqueza de detalles; as composicións xogan con puntos de vista moi variados que achegan ao lectorado as escenas dende perspectivas distintas. Son ilustracións que permiten unha lectura paralela que vaia fixándose só nas imaxes.

Recensións:

- Rodrí García, “Un pinocho hiperrealista”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 192, “Letras Galego”, 30 decembro 2006, p. 11.

Despois de aludir ás versións cinematográficas feitas por Roberto Benigni e Walt Disney sobre Pinocho e ás innúmeras versións literarias feitas sobre este clásico, detén o seu comentario nas dúas versións que vén de presentar, en galego e castelán, a editorial Kalandraka. Sinala que, pese a estaren dirixidas a lectores de máis de oito anos, enfeitiza a moita xente. Tamén considera que o texto orixinal engaiola e que moitas das expresións das trasnadas do monicreque “parecen ter máis forza ditas en galego”, grazas a un “coidado” traballo a cargo de Pilar Martínez. A seguir, refírese ás ilustracións de Roberto Innocenti, que son “hiperrealistas, dunha precisión minuciosa e moi sorprendentes, detallando en cada debuxo os principais momentos de cada unha das aventuras vividas por Pinocho”. Anuncia que este ilustrador florentino, gañador do Premio Internacional de Ilustración Hans Christian Andersen, vai visitar Galicia, para rematar apuntando que a coidada edición deste libro tamén se reflicte no “enmarcado dos textos, nas cores de cada capítulo, que facilitan moito a súa lectura”.

Crespo, Amia, *A sopa de letras (La sopa de lletres, 2006)*, ilust. Ramon Pla, trad. Mercedes Pacheco, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de Letras, n.º 1, [lectorado autónomo], 2006, 59 pp. (ISBN: 84-96526-41-0).

Amaia Crespo (Valencia, 1977) é a autora deste conto que inaugura a colección “Mar de Letras”, acompañado das ilustracións de Ramón Pla, que se caracterizan pola cor e a suxestión nas formas. Raquel é a protagonista desta historia, unha nena á que lle gustaba máis ler e imaxinarse nos lugares fantásticos das historias que seus pais lle lían que comer sopa de letras e verduras. Os contos eran para Raquel un medio de escape cara á fantasía e a emoción fronte á rutina das horas da comida, aínda que de ningún xeito se rendía ante as ameazas dos seus pais. A solución que atopou foi buscar o sabor que quería que tivese a sopa e púxose a

formar palabras na culler coas letras da sopa até que, coa súa imaxinación, a sopa tivo sabor a caramelos de menta, a café, a lúa, etc. Deste xeito, Raquel rematou o prato de sopa e pediu máis, para seguir formando palabras, cada vez máis difíciles, e experimentar con novos sabores. As ilustracións de Ramón Pla axudan a comprender un texto no que as imaxes completan as escenas, froito da fantasía da nena protagonista. As composicións son variadas, empregan distintos puntos de vista, predominan as curvas, os debuxos non pretenden simular volume e empregan unhas cores cálidas. O estilo é figurativo e insiste en caracterizar aos personaxes para transmitir distintas emocións.

Delgado, Josep-Francesc, *O concertista de paxaros (El concertista d'ocells)*, trad. Luís Manuel Fernández, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Catavento, n.º 17, [lectorado mozo], 2006, 76 pp. (ISBN: 84-88681-73-9).

Novela de Josep-Francesc Delgado (1960) que se sitúa na cidade de Singapur, onde vive Guang, unha rapaza de doce anos. Da man do seu avó Song coñece aspectos da cultura e tamén da súa propia familia, como a importancia dos paxaros máxicos. Unha mañá o avó durante un concerto de paxaros mentres almorzan no parque cóntalle unha historia na que se explica porqué os paxaros son máxicos e que ten lugar no Singapur da Segunda Guerra Mundial. Naquel momento, un chinés chamado Lin Zin, que levaba vinte anos servindo ao gobernador británico na cidade, enfróntase á destrución de todo canto ten coa invasión xaponesa en 1942. Cando comeza o bombardeo corre cara á casa e descobre que todo foi destruído. Diante do que era a súa vivenda, Lin descobre unicamente a man amputada da súa muller baixo os cascallos e escoita unha voz agonizante que o chama. É Txanglao, o seu veciño e mestre na arte de organizar as gaiolas dos paxaros de xeito que ao cantaren pareza un concerto. Lin rescata a Txanglao, que lle roga que poña a salvo os seus paxaros malferidos no bombardeo e un pincel máxico, polo que leva todo até o pazo do gobernador, onde o seu querido amigo moribundo reproduce co pincel máxico os paxaros no mármore. Deste xeito os animais teñen unha vida real na que loitan por recuperarse e unha vida máxica a través da pintura, pois todos encarnan a seres humanos que viviron tempo atrás. Por iso, Txanglao encárgalle a Lin que terá que decorrer cada noite o veo que cobre a parede na que acaba de pintar os paxaros para que se curen e cando isto ocorra terá que liberalos. Xusto antes de morrer, Txanglao advertiulle a Lin que terá que agardar o sinal que lle dean os paxaros, sen darlle tempo a explicar cál será. Ao pouco entraron os xaponeses na estancia e o xeneral Kanako obrigou a Lin a converterse no seu servo e a coidar os paxaros queimados, advertíndolle que se morrían el tamén morrería. É así como Lin pode coidar os paxaros vivos e encargarse dos pintados no mármore por Txanglao, aos que cada noite decorre o veo para que bailen. A partir de aí o único que mantén o interese pola vida de Lin son os paxaros. Co remate da guerra, en 1945, Lin queda libre e acode ao peirao, a onde chegan os primeiros barcos con pasaxeiros que volven logo da invasión. Entre eles están a súa muller e os dous fillos, que non morreron no bombardeo senón que foran salvados polos ingleses e evacuados a Inglaterra. Finalmente, Guang descobre que Lin Zin era o seu bisavó, o pai de Song. Esta obra non presenta ilustracións no interior. No deseño da cuberta, Paco Sánchez emprega unha fotografía con gaiolas de paxaros amontoadas, que reforzan visualmente o que anuncia o título do libro.

Desclot, Miquel, *Armada até os dentes*, ilust. Susana Campillo, trad. Baía Edicións, A

Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 6, [lectorado autónomo], setembro 2006, 31 pp. (ISBN: 84-96526-57-7).

Conto de Miquel Creus i Muñoz, coñecido por Miquel Desclot (Barcelona, 1952), no que se lle achega ao lectorado agardado a historia do bacilo Bacilón. Este protagonista estíbese a preparar a fondo na escola de bacterias, xa que a súa misión era a de reproducirse e gañar batallas bacterianas. Unha vez que estivo preparado para a vida no exterior chegou a hora de tomar a decisión de instalarse nunha mazá ou nunha morcilla para levar a cabo a guerra bacteriana. Decantouse finalmente pola morcilla, xa que lle parecía máis cálida e acolledora. Ao cabo dunhas horas Bacilón, subido a aquela morcilla, aterrizou nun prato disposto a invadir algún corpo humano, e así foi, tan pronto como Basilia, a nena que ía comer a morcilla, inxeriu o primeiro anaco, Bacilón aproveitou para instalarse na súa boca. Todo parecía que ía sobre rodas e o bacilo xa estaba a celebrar a súa vitoria sen reparar que Basilia ía cepillar os dentes despois de comer, polo que Bacilón saíu despedido directo ao sumidoiro, o que supuxo o fracaso do seu plan de invadir a boca da nena. As ilustracións de Susanna Campillo conseguen recrear visualmente o mundo dos microbios e os bacilos, caracterizándoos como se fosen persoas nas actitudes, nos escenarios e na aparencia física. Son ilustracións nas que se mestura a vida dos bacilos, dende o seu posíbel punto de vista coa realidade, por medio dunhas composicións de primeirísimos planos, nas que as persoas aparecen cortadas porque o interese visual se centra no bacilo protagonista. Pese a ter unha intención exemplarizante, o tratamento visual empregado non presenta aos bacilos como repugnantes se non que aparecen como seres relativamente simpáticos. Ao final do libro salienta a figura dunha rapaza no momento crucial de vencer, co cepillo de dentes, aos malos.

Dickens, Charles, *Oliver Twist*, trad. Moisés Rodríguez Barcia, Vigo: Galaxia, col. Clásicos Universais, [lectorado mozo], decembro 2006, 540 pp. (ISBN: 978-84-8288-971-9).

Tradución ao galego deste clásico da literatura universal, no que o protagonista é un neno orfo chamado Oliver Twist, quen pasa moitas penurias até que se ve realizado como persoa. Desposuído de todo ao entrar nun orfanato, atopa finalmente acomodo da man do señor Bronlow, e grazas a un medallón da súa nai. Ao longo da súa aprendizaxe, Oliver ten que enfrontarse a todos os atrancos que se presentan na súa vida até que decide fuxir á cidade dende unha aldea, na que o seu último traballo era como sepultureiro. Aínda así, na cidade cae no mundo da marxinação ao quedar entre Fagin e a súa banda de delinquentes. O espazo no que teñen lugar os feitos é a cidade de Londres, que é descrita como un lugar labiríntico, de rúas e canellóns estreitos, nos que domina a miseria e a inmundicia, con xente que malvive ou tenta sobrevivir como o propio Oliver. Con esta obra Charles Dickens (1812-1870) puxo de manifesto a precaria situación dos orfanatos e das parroquias inglesas da época, á vez que enfrontou dous mundos contrapostos: o rural e o urbano. Trátase dunha novela de aventuras, pero tamén de iniciación, na que o protagonista vive na Inglaterra vitoriana e tenta atopar o seu lugar nesta sociedade, un lugar que sabe que lle corresponde por dereito propio, pois foille usurpado dende o seu nacemento. O volume só presenta ilustración na cuberta, na que Manuel Janeiro aproveita para o seu deseño un gravado orixinal da época vitoriana, que foi o empregado na primeira edición desta obra.

Farias, Juan, *Algúns nenos, tres cans e máis cousas*, ilust. Arcadio Lobato, trad. Xavier Senín

e Isabel Soto, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 18, serie laranxa, a partir dos 8 anos, abril 2006, 88 pp. (ISBN 978-84-9811-069-2).

Juan Farias (Serantes, A Coruña, 1935) recibiu en 1980 pola edición en castelán deste texto o Premio Nacional de Literatura Infantil. O volume componse de nove historias de curta extensión, seis delas relatadas en primeira persoa, nas que o autor se achega co seu particular estilo lírico á expresión de sentimentos e emocións e irrompe nas historias facendo presente a súa ollada e a súa interpretación dos feitos. Así en “A longa sesta de papá”, ambientando na China e co pouso dos vellos relatos, representa a tenrura dun pai por seu fillo malia que este medrou en soidade; en “Una fita azul de dous palmos e pico” achégase ás posibilidades da imaxinación a través dun xoguete tan sinxelo como unha fita azul; en “A memoria dun anteollo” recupera a nostalxia dun vello anteollo capaz de recuperar as súas emocionantes lembranzas no mar; en “40 nenos e un can” volve de novo á tenrura na imaxe dun vello can abandonado; en “Un señor importante” conta a historia de Baldomero un vello deficiente; en “O debuxante e seu fillo unha tarde de abril chuvieño” reflicte a inxenuidade da infancia e a imaxinación sen límites; en “O meu can Poncho” amosa a complicidade entre un neno e o seu can; en “Malaquíades inventor” retrata a ilusión dun vello inventor de obxectos imposíbeis; e en “Os paxaros” define o amor a través dunha parella de paxaros. A edición inclúe as ilustracións orixinais de Arcadio Lobato (Madrid, 1955), moi sinxelas e axustadas ao lirismo dos textos. A cuberta está ilustrada con cores pero no interior as ilustracións están feitas con liñas azuis. A técnica de debuxo emprega un trazo nervioso co cal están configuradas unhas composicións que acompañan ao relato. Os debuxos están enmarcados por liñas do mesmo estilo e recrean visualmente escenas relevantes dos relatos.

Gehrmann, Katja, *Cans de ribeira (Strandhunde, 2001)*, ilust. da autora, trad. Eva Pascual e Pilar Martínez, Vigo/Pontevedra: Faktoria K de Libros/Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], maio 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-8464-574-6).

Cans de ribeira, escrito e ilustrado por Katja Gehrmann (Hambourg, 1968), conta o divertido veraneo dun par de cans nunha praia urbana, mais cunha triste historia detrás de denuncia contra o abandono dos animais. Chegado o verán, os días de moita calor, a familia prepara as súas vacacións e logo de cargar o coche, sae de viaxe. Ao can Manchas, ese é o nome do protagonista desta historia, abandónano o mesmo día de comezo das vacacións. Despois duns kilómetros, paran o coche a un lado da carretera e dinlle: “¡Rápido Manchas! ¡Alí, debaixo da árbore!...” O pobre canciño non entende nada e comeza a camiñar e camiñar, buscar e buscar, na procura da súa familia pero non a atopa, aínda que si coñecerá a novos amigos e vivirá unha mancha de aventuras. As tonalidades cálidas escollidas para a ilustración xa sitúa ao lectorado de cheo nunha estación do ano: o verán. Utilízase a pintura como técnica plástica, con trazos grosos e pouco perfilados, xa que serán as manchas as que delimiten as formas e os personaxes. Nalgúns casos os trazos moi finos serven para retocar ou resaltar pequenos detalles como, por exemplo, letras ou sinais. Mestúranse as cores dun xeito envolvente para crear unha atmosfera homoxénea ao longo de todas as ilustracións. Os personaxes de tipo figurativo non gardan proporcións entre eles, é dicir, o can é máis grande ca un adulto, para darlle importancia por ser o protagonista do relato.

Recensións:

- Paula Fernández, “Crítica e dozura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Infantil/Xuvenil”, 9 novembro 2006, p. VII.

Logo de falar da vinculación existente entre a infancia e a natureza, analiza o volume *Cans de Ribeira*, de Katja Gehrmann, que recolle a historia dun can abandonado no verán. Desenvolve máis polo miúdo o argumento e afirma que se trata dunha historia “cargada de dozura máis tamén de crítica cara á irresponsabilidade desas persoas que atopan nas súas mascotas un impedimento para poderen gozar neste caso das vacacións”. Considera que o máis salientábel está na metáfora que se establece entre o can que procura a comida no lixo e as persoas que tamén se ven nesa obriga, pois son vistos da mesma forma desprezábel polos máis acomodados. Comenta que o canciño se expresa de xeito semellante a como o faría un rapaz desa idade e que algunha situación cargada de humorismo suaviza unha historia que, malia estar cargada de tristura, pode facer pasar un momento agradábel e remover algunha conciencia.

Gil, Carmen, *O marciano Marcial*, ilustr. Paco Giménez, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 7, [prelectorado], setembro 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-59-3).

Un marciano chamado Marcial, que chega á terra coa súa mascota Pipo, é o protagonista deste conto de Carmen Gil (Línea de la Concepción, Cádiz). Dende o primeiro momento, Marcial comezou a comer sen control en pastelerías, pizzerías, hamburgueserías e tendas de lambetadas. O resultado foi que se puxo tan gordo que perdeu os seus poderes para teletransportarse á súa nave espacial. Cando está padecendo este problema atópase cunha nena chamada Xulia, que lle explica como é unha dieta equilibrada e o leva para a súa casa para probar a comida de seu pai, que é sa e está moi rica. Despois duns días, Marcial comeza a baixar de peso e pode voltar ao seu planeta, onde monta un restaurante coas receitas do pai de Xulia. Dese modo, os marcianos xa non se volveron alimentar de pílulas. As ilustracións son de Paco Giménez e xa na cuberta o título e a ilustración coinciden en anunciar a presenza dun ser distinto, o marciano Marcial, que seguindo os tópicos establecidos é de cor verde. Xa no interior, as imaxes complementan ao texto con detalles que enriquecen as ilustracións axudando a caracterizar os personaxes protagonistas. O estilo é figurativo pero cunhas estilizacións nas persoas achegadas ao cómic. Nas composicións mestúranse escenas da fantasía, coma a viaxe do marciano no seu prato voador, con información visual das rúas ou dos xardíns dunha cidade real. Nos debuxos as liñas teñen grande importancia e achegan dinamismo ao conxunto, sobre todo polo emprego da curva e do recurso, propio do cómic, das liñas múltiples. Ao final, á marxe do relato hai unha ilustración que acompaña o texto da ensinanza moral co que se pecha este libro.

González-Sinde, Ángeles, *Rosanda e a arte da maxia (Rosanda y el arte de birli birloque*, 2006), Premio Edebé de Literatura Infantil, ilustr. Juanjo Cortés, trad. Alfonso García Sanmartín, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 10, serie azul, máis de 6 anos, marzo 2006, 275 pp. (ISBN: 84-8349-002-1).

Rosanda é unha rapaza de sete anos que vive coa súa nai Esmeralda e o seu irmán Mauro dende que o seu pai os deixou, aínda que, de cando en vez, reciben os coidados e atencións da súa avoa e dunha amiga da súa nai, Blanca. A vida desta familia, un tanto abafante polos horarios laborais e preocupacións da nai, comeza a mudar coa chegada do Nadal, en concreto, co envío da carta aos Reis Magos, pois a nai de Rosanda introduce nun sobre a nota da compra no canto do escrito da nena. Ante o descubrimento de tal erro, procura a axuda necesaria para desfacer este malentendido e vai visitar o científico Juan Antonio Cortés, quen lle ofrece certas pistas sobre a posíbel residencia dos Reis Magos e xunto ao que é capaz de ver a vida dende outra perspectiva. Así, decide pórse en contacto con Rosanda, quen tamén estivera investigando sobre o paradiro dos Magos, e toman un voo en dirección ao Cairo, onde van vivir unha serie de aventuras un tanto extraordinarias. Xa en terras exipcias, tomarán contacto coas xentes e costumes deses puntos xeográficos tan afastados e contarán coa axuda dunha bóla máxica, que lles traducía as conversas en lingua árabe. Entre os encontros máis salientábeis nesas descoñecidas terras, é de destacar o que manteñen co neno sabio Mahmoud quen, despois de Rosanda superar unha proba, lles indica onde está a casa dos Reis. Cando a localizan, manteñen unha conversa co Rei Gaspar e atópanse cunha serie de personaxes moi semellantes a outros xa aparecidos ao longo da obra. Finalmente, nai e filla falarán e lograrán entenderse mellor, ademais de ser capaces de comprender a tráxica morte de seu pai en Bolivia. Ao longo de corenta e tres capítulos titulados, unha voz narrativa en terceira persoa, moitas veces asolagada pola visión da nena Rosanda, é a encargada de presentar esta historia de Ángeles González-Sinde (Madrid, 1965), na que a maxia e a realidade se mestura, cunha linguaxe e formas moi próximas ao lectorado máis novo, que tamén pode facer unha lectura plástica de certos tramos da historia a través das ilustracións de Juanjo Cortés González (Alcoi, Alacant,). A técnica empregada por este ilustrador é a pintura a través de pinceladas pouco definidas e contornos difusos, o cal crea unha atmosfera pictórica uniforme. As cores son de tonalidades frías e o contorno negro que perfila as formas reforza esta sensación perceptiva. Cortés González utiliza a superposición dos planos para ofrecer ao espectador puntos de vista pouco frecuentes.

Recensións:

- CLIJ, “Rosanda y el arte de birli birloque”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 193, “Libros/Novedades”, maio 2006, p. 63.

Comeza salientando a estrea da autora, directora e guionista de cine que debuta na LIX con esta obra que mereceu o Premio Edebé sobre a importancia de recuperar a ilusión, de crer na maxia e a fantasía para iluminar a vida cotiá. A seguir, descríbese a historia, da que se di que nas case trescentas páxinas se retrata ben aos personaxes e se narra con humor. Dise que se trata dunha fusión de realismo e fantasía acompañada de ilustracións cálidas e expresivas, un “texto tierno y divertido ideal para compartir padres e hijos”.

Guilloppé, Antoine, *¿Cal é a miña cor? (Quelle est ma couleur?, 2003)*, ilust. Géraldine Alibeu, trad. Anair Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 31, a partir de 4 anos, 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-9782-432-6).

Relato realista de Antoine Guilloppé (Chambéry, 1971) dedicado a “todos os nenos que nacen

aquí ou noutros lugares”, no que por medio dun narrador en primeira persoa se conta a historia dun neno galego árabe. O protagonista cuestiónase se a cor da súa pel será a causa pola que para o seu can sexa un mestre; para o mestre, o seu alumno; para os demais alumnos, un compañeiro árabe; para os árabes, un galego; para os galegos, malia nacer en Galicia, un estranxeiro; para os extraterrestres dos seus soños, un humano; para os veciños, un dos africanos; para estes, un galeguiño, mentres que para outros é árabe. O eu protagonista chega á conclusión de que existen galegos de cores diferentes como ben o comprendeu o seu can, mascota á que lle gusta observar cando dorme. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Géraldine Alibeu (Echirolles-Francia, 1978). Na cuberta aparece un neno no que se aprecian trazos característicos doutra etnia: labios grosos, pelo negro e rizo e a cor da pel escura; esta imaxe desvela a temática de integración do libro. As composicións a dobre páxina está realizadas con pinturas a toda cor, advértense as pinceladas que fan vibrar os fondos. As imaxes acompañan ao texto e a pesar de ser moi estilizadas e, ás veces, esquemáticas, achegan información sobre as distintas paisaxes, as roupas con moito colorido e as cores da pel dos personaxes. Grazas á ilustración a comprensión do libro, que ten moi pouco texto, faise máis doada.

Recensións:

- CLIJ, “¿Cuál es mi color?”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 195, “Libros/Novedades”, xullo/agosto 2006, p. 64.

Despois de describir a historia que se conta composta por unha serie de reflexións encadeadas, conclúese que ao final debe ser a cor da pel do protagonista a chave de que confunda a súa procedencia. Cualifícase de álbum de calidade textual e visual chamado a ser unha arma de reflexión, diálogo nas aulas multiculturais, multiétnicas para poñer sobre a mesa cuestións de identidade, integración e racismo. Finalizan falando do papel das ilustracións para a comprensión dos enunciados e das súas características.

- Paula Fernández, “Eloxio da diversidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 181, “Infantil/Xuvenil”, 12 novembro 2006, p. VII.

Comenta que as escolas galegas se caracterizan hoxe en día pola diminución de alumnos e polas diferentes nacionalidades e culturas que nelas conviven, polo que os libros pretenden cada vez máis prestar a atención precisa a esta diversidade para que a integración sexa menos traumática. A seguir, analiza a obra *¿Cal é a miña cor?*, de Antoine Guilloppé, que recolle a historia dun neno de ascendencia estranxeira nado en Galicia, que non consegue ser definido coma galego porque a súa cor é diferente. Considera que este texto para primeiros lectores é presentado sen demasiada dureza, aínda que consegue facer pensar a calquera adulto que decida abrílo.

Irving, Washington, *O astrólogo e a feiticeira (Legend of the arabian astrologer)*, ilustr. Paula Aneiros, versión galega de Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], abril 2006, [56 pp.]. (ISBN: 84-96573-54-0).

Conto de Washington Irving (Nova York, 1783-Tarrytown, Nova York, 1859), en versión galega de Paco Liván, que fora incluído no volume *Tales of The Alhambra* (1832). Nesta historia cóntase como o rei de Granada, Aben Habuz, vive obsesionado cos perigos que ameazan o seu reino e manda construír atalaias e manter os pasos vixiados constantemente. Malia as medidas tomadas, sempre se ve sorprendido polos inimigos, que se retiran con importantes botíns e numerosos prisioneiros. Un día chega un vello médico árabe que di que descubriu o segredo de prolongar a vida, ademais de asegurar que posúe o *Libro da Sabedoría*. Coa súa habelencia convértese no conselleiro íntimo do rei e coa maxia e as artes ocultas artella un poderoso talismán que vence a todos os inimigos que se achegan ao reino de Granada. Como recompensa o rei escoita e satisfai todos os desexos do mago, o que provoca a desesperación do tesoureiro real. Nunha das expedicións para asegurar as fronteiras os soldados atopan unha moza durmida, da que o rei se namora, malia as advertencias do mago de que é unha feiticeira. Co paso do tempo todos se decatan de que esta moza está a facer a mofa do rei e este decide pedirlle axuda ao mago. Como solución ao problema, o mago busca no *Libro da Sabedoría* e crea o Xardín de Irán, unha das marabillas do deserto ao que o rei decide trasladarse coa moza. A única condición que lle pon o mago é que o primeiro animal que entre no xardín e a carga que leve será a súa recompensa. Creado o lugar máxico, o primeiro que entra é o cabalo da feiticeira con ela, polo que o mago desaparece con ambos os dous, para desesperación do rei. A aquel lugar chamáronlle dende entón “O paraíso do tolo”, situado onde logo se ergueu a Alhambra. As ilustracións de Paula Aneiros (Ferrol, 1977) que acompañan o texto responden a unha estética de garabatos infantís. Son unhas pinturas moi traballadas, con manchas, esgrafiados, texturas, grafías. Aínda que as formas son abstractas na súa meirande parte, hai algunha referencia figurativa de formas sinxelas, coma as portas, ou símbolos que teñen algunha relación co texto, coma os ollos durmindo ou o dameiro de xadrez. As pinturas, moi contrastadas, recordan os cadros abstractos de Marc Rothko porque nelas se utilizan cores saturadas ocupando planos amplos.

Recensións:

- CLIJ, “El astrólogo y la hechicera” *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 199, “Libros/Novedades”, decembro 2006, p. 62.

Comeza ofrecendo uns breves datos bibliográficos de Washington Irving para logo falar desta obra da que comenta o argumento e di que se trata dun conto cheo de prodixios e romantismo narrado con soltura e preservando os seus puntos de misterio. Unha obra ilustrada pola galega Paula Aneiros dende a pintura abstracta, cuns lenzos que transmiten sensacións cromáticas e que conecta case “perfectamente con las emociones escondidas en la narración. Espléndido”.

- María Navarro, “Poder de captación”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 188, “Infantil/Xuvenil”, 14 decembro 2006, p. VII.

Achégase a unha nova edición “extremadamente coidada” de OQO, que presenta o texto “Legeng of the arabian astrologer”, de Washington Irving, baixo o título d’*O astrólogo e a feiticeira*, cunhas ilustracións de Paula Aneiros e unha versión ao galego de Paco Liván. Ofrécese o argumento desta historia e coméntase que a proposta plástica ofrece unha lectura singular: “baixo unha perspectiva abstracta vai guiando o lector polo paseo que supón ir

interpretando o texto que posúe, neste caso, un atractivo poder de captación ao mesturar as enigmáticas intervencións do vello sabio (...) e o irresistible encanto dunha muller que fai que o monarca máis asisado perda a cabeza por amor”. Tamén se alude ao poder da maxia para transportar o lector a mundos maravillosos e a que, en definitiva, son sempre as actuacións humanas as que moven os fíos dos acontecementos que teñen lugar nese terreo sobrenatural.

James, Simon, *Pasiño (Little One Step)*, ilust. do autor, trad. Ramón Nicolás, Vigo: Faktoria K de Libros/Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], febreiro 2006, [28 pp.]. (ISBN: 84-8464-505-3).

Conto de Simon James, no que cunha gran tenrura e sinxeleza, se lle achega ao lectorado agardado unha historia na que o tema central é o afán de superación e a aprendizaxe. Os protagonistas son tres patíños que se perderon no medio do monte, do que intentan saír. No entanto, o máis pequeno asústase moito e non se ten de pé. É o irmán máis vello o que inventa un xogo para que o pequeno non teña medo. O xogo chámase o “paso a paso” e consiste en que cando o patíño levanta a pata ten que dicir “un” e cando a pousa no chan dicir “paso”. Ao patíño pequeno gustoulle e foino practicando un bo anaco, aínda que chega a cansar de novo, desanimándose ao mirar para arriba e ver as árbores tan altas. Cos azos dos seus irmáns comeza a xogar de novo e seguen así na procura do camiño de volta. A partir dese momento deciden poñerlle de nome ao máis pequeno Pasiño, quen segue practicando o “paso a paso” até que saen do bosque. Pasiño, animado co xogo pasou diante dos seus irmáns e por fin atopou a súa nai. No reencontro, todos mostran unha grande alegría e para celebralo Pasiño lévaos a todos até o río, onde lle conta a súa nai a peripecia vivida e cómo a partir de agora se vai chamar Pasiño. Finalmente, para facer honor ao seu nome, o protagonista métese na auga cun pasíño. Trátase dun libro de edición moi coidada, con sobrecuberta en papel satinado. As ilustracións deste álbum, nas que se emprega como técnica a acuarela con manchas soltas en gamas cálidas, empezan na cuberta co patíño protagonista. Nelas predominan os amarelos, laranxas e ocres e as formas están delimitadas por unha liña negra. Os animais non están humanizados, aínda que teñen un aspecto amábel e parecen sorrir. O relato é unha historia moi simple que se pode seguir polas imaxes sen necesidade de apoio textual. Nas pinturas están integradas as verbas sobre as que xira todo o relato.

Recensións:

- CLIJ, “Pasito”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 193, “Libros/Novedades”, maio 2006, p. 58.

Despois de se referir á premisa deste álbum, que cualifican de delicioso e de elegante factura e que se refire a tres parruliños perdidos no bosque, describen o argumento e consideran que se trata dun intelixente e tenro conto sobre o afán de superación, realizado con sinxelos diálogos e unhas ilustracións, en viñetas sen recadro, que mostran ao lectorado as peripecias dos parruliños. Rematan falando da composición ilustrativa, das cores, da súa sutileza e marabilla en xeral deste artista británico.

Junakovic, Svjetlan, *Gran libro dos retratos de animais (Great book of animal portraits)*, ilustr. do autor, trad. Antón Fortes, Pontevedra: OOO Editora, col. Oquart: Sementes de arte, [lectorado autónomo], outubro 2006, [43 pp.]. (ISBN: 84-96573-79-6).

Libro de carácter informativo, de Svejltan Junakovic (Zagreb, 1961), no que por medio dun narrador omnisciente se van describindo diversos retratos de animais. Todos eles aparecen vestidos coas súas mellores galas e no seu momento posaron para os máis considerados retratistas ao longo da historia. As explicacións que acompañan ás obras ofrecen información sobre a época, o contexto, o artista ou o animal retratado. Trátase dun xogo entre a fantasía e a realidade, posto que algún dos retratos garda grande similitude con outros de referente real e de gran difusión ao longo da historia dos retratos do xénero humano. O libro está apoiado con grafismos diferentes e cambios de tamaño, tipo e cor das letras ademais de retratos de diversos tamaños que van complementando as descricións do autor. Trátase de divertidas ilustracións que recrean retratos famosos da Historia da Arte, substituíndo as persoas por animais. O texto inventa unha historia que se entende grazas ao apoio visual que supoñen os cadros. A técnica empregada é a mesma que nos cadros orixinais. A forza das imaxes é maior para os que coñecen as obras de arte, aspecto que se podería subsanar coa presenza no final da obra dunha relación dos cadros ou dunha referencia visual dos mesmos.

Kingfisher Publications Plc, *Pequechos das praderías e das sabanas (Animal babies in grasslands, 2004)* (ISBN: 84-8464-590-8)/*Pequechos do deserto (Animal babies in deserts, 2006)* (ISBN: 84-8464-593-2)/*Pequechos das montañas (Animal babies on mountains, 2005)* (ISBN: 84-8464-592-4)/*Pequechos da selva (Animal babies in rainforests, 2004)* (ISBN: 84-8464-589-4)/*Pequechos dos ríos e dos lagos (Animal babies in ponds and rivers, 2004)* (ISBN: 84-8464-594-0)/*Pequechos das terras polares (Animal babies in polar lands, 2004)*, (ISBN: 84-8464-591-6), adapt. ao galego e coord. Xulio Gutiérrez e Xosé María Heras, Vigo-Pontevedra: Factoría K de Libros/ Kalandraka, [lectorado autónomo], novembro 2006, [32 pp.].

Serie de contos editados pola Kingfisher Publications Plc na que se achegan textos a modo de adiviñas para xogar ao recoñecemento de diversos animais de cada un dos hábitats descritos. Son os propios protagonistas os que se presentan a través dalgunhas das súas características máis definitorias, sen chegar a desvelar a súa identidade até a seguinte páxina, aínda que se apoia o texto cunha fotografía en primeiro plano de cada un dos protagonistas. A resposta aparece ao pasar a páxina, na que se completa a información descritiva sobre o animal e mesmo sobre a súa propia especie. Ao final de cada un dos volumes o autor ofrece algúns datos de interese sobre cada un dos espazos tratados e do hábitat dos animais protagonistas. Así en *Pequechos das praderías e das sabanas* os protagonistas son o elefante africano, a ceбра, o león, o can das praderías, o canguro, a xirafa e o suricato; en *Pequechos do deserto* descríbese o dingo, o esquíu do deserto, o dromedario, o xerbo, a avestruz, o órix e o raposo do deserto; en *Pequechos das montañas* os protagonistas son animais como a cabra montesa americana, o oso pardo, a marmota, o oso panda, a llama, o macaco do Xapón e o leopardo das neves; en *Pequechos da selva* achégase información sobre o xaguar, o gorila, o tapir, o lemur, o orangután, o preguiceiro e o tarseiro; en *Pequechos dos ríos e dos lagos* os animais protagonistas son o hipopótamo, o parrulo, a capibara, a ra, a lontra, o cisne e o manatí; en *Pequechos das terras polares* aparecen tratados a foca de Groenlandia, o lobo, o albatros, o caribú, o pingüín, a morsa e o oso polar. Estes contos están apoiados por imaxes de cada un

dos animais tratados que complementan o texto ao que acompañan e que axudan a resolver as adiviñas propostas. Tamén presentan cambios de cor e de tipo de letra, así como a situación espacial da mesma, pois as adiviñas normalmente están centradas, mentres que á dereita aparece a solución xunto cunha breve información que axuda a coñecer algo máis de cada un dos animais. Estes libros están ilustrados con fotografías de páxina enteira cedidas por Kingfisher Publications. As imaxes, de moi boa calidade, achegan a aquen as observa os animais e as súas crías; empregan distintos puntos de vista e céntranse nos protagonistas, desenfocando o fondo para amosar unhas escenas tenras das nai e os seus fillos. As ilustracións achegan información moi valiosa para o coñecemento da natureza pola veracidade das súas imaxes.

Knister, *Kika Superbruxa tola polo fútbol* (ISBN: 84-216-9608-4)/*Kika Superbruxa e a maxia do circo* (ISBN: 84-216-9609-2)/*Kika Superbruxa e a momia* (ISBN: 84-216-9610-6)/*Kika Superbruxa e a cidade asolagada* (ISBN: 84-216-9611-4)/*Kika Superbruxa e a espada máxica* (ISBN: 84-216-9612-2)/*Kika Superbruxa no castelo de Drácula* (ISBN: 84-216-9613-0)/*Kika Superbruxa na procura do tesouro* (ISBN: 84-216-9710-2)/*Kika Superbruxa e don Quixote da Mancha* (ISBN: 84-216-9746-3)/*Kika Superbruxa no Salvaxe Oeste* (ISBN: 84-216-9747-1)/*Kika Superbruxa e o feitizo do Nadal* (ISBN: 84-216-9748-X), ilustr. Birgit Rieger, trad. do orixinal castelán Fina Casalderrey, Madrid: Bruño, col. Kika Superbruxa, n.^{os} 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14, a partir de 8 anos, marzo e setembro 2006, 137 pp./121 pp./121 pp./129 pp./151 pp./137 pp./121 pp./129 pp./121 pp./121 pp.

Novas entregas en galego da serie de éxito en todo o mundo creada polo escritor alemán Knister (1952), un dos máis recoñecidos do seu país, que conta as aventuras de Kika, unha rapaza normal que tras atopar un libro de feitizos na súa casa é capaz de controlar o poder da maxia e vivir moitas aventuras grazas á súa relación cos libros que le e á fascinación que lle provoca a lectura. As ilustracións en branco en negro de Birgit Rieger acompañan todas as aventuras desta personaxe. En *Kika Superbruxa tola polo fútbol*, Kika namorouse de Andrés, un rapaz do seu curso que é o mellor xogador do equipo de fútbol do colexio, de aí o seu repentino interese por ese deporte. Quere impresionar cos seus coñecementos a Andrés, que só pensa no fútbol e nin a mira. Pero as cousas non acontecen como espera e grazas á súa amiga Mónica descobre o que é o mal de amores. A situación muda cando atopa nun libro sobre fútbol moita información sobre tácticas, o que a converte na asesora técnica do equipo do colexio e así pode compartir o seu tempo con Andrés. Ademais, os feitizos de Kika logran que o equipo chegue á final do campionato. Ao final da historia inclúense algúns trucos relacionados co fútbol. En *Kika Superbruxa e a maxia do circo* a aventura comeza coa chegada do circo á cidade de Kika. Ela e mais o seu irmán Dani teñen entradas para a función de gala, que terá lugar o domingo. Coa axuda das súas artes máxicas, Kika consegue darlle o seu merecido ao lanzador de coitelos e intervir nos trucos do mago Abraxis para que sexan verdadeiramente insólitos. Ao remate inclúense dous trucos de circo. En *Kika Superbruxa e a momia* amósase a fascinación de Kika polas momias, os segredos das pirámides e a cultura exipcia. Aproveitando unha visita escolar ao museo arqueolóxico, onde hai unha exposición dedicada a Exipto, a protagonista apodérase duns cantos graos de area dos tempos das escavacións realizadas polo profesor Walterbach, que descubriu o sartego baleiro dunha momia. Cos seus feitizos retrocede ao Exipto do século XIX e consegue espaventar os salteadores de tumbas. Ao remate inclúense dous trucos exipcios. Coas características habituais da serie, en *Kika Superbruxa e a cidade asolagada* cóntase como nesta ocasión

Kika, intrigada despois de oírle falar a súa nai da civilización afundida da Atlántida, emprende a viaxe coa axuda do seu libro de maxia. Alí coñecerá o rei tartaruga Todobombo e o seu pobo ameazado pola presenza dun polbo xigante, os Bomboepratiño. Coa axuda dos seus feitizos, Kika logrará resolver os seus problemas e enfrontarase ao polbo nas profundidades da cidade asolagada. Desta vez, ao final da aventura preséntanse trucos relacionados coa auga. Na aventura que se desenvolve en *Kika Superbruxa e a espada máxica*, a rapaza protagonista interésase pola Idade Media e as espadas máxicas e decide viaxar a esa época. Aparece de súpeto nun castelo asediado e terá que se enfrontar ao temíbel Cabaleiro Negro, para o cal recibe a axuda do mago Merlín e do seu corvo, Ambrosius, que a conducen até o dragón que custodia a espada Excalibur. Ao final da historia inclúense dous trucos cabaleirescos. En *Kika Superbruxa no castelo de Drácula* cóntase como Kika anda fascinada co libro que está lendo, que é sobre os vampiros de Transilvania. Decide viaxar alí para coñecelos utilizando o feitizo do “Salto da bruxa” e armada cun espello, un colar de allos, unha lanterna, unhas estacas de madeira, uns lentes de sol, unhas bólas de cera, un chaleco salvavidas, uns anteollos e uns trucos de maxia. Aparece no patio do castelo do conde Drácula e vive unha arrepiante aventura fuxindo dos cairos dos horribéis vampiros, ao tempo que axuda aos habitantes da vila de Boteburgo, que viven mortos de medo polos chuchasangues. Complétase o volume con dous trucos de vampiro. En *Kika Superbruxa na procura do tesouro*, Kika trasládase a unha selva onde atopa unha coroa e un papagaio. Pouco despois, atrápana os indíxenas e lévana onda o resto da tribo, coa certeza de que Kika é unha feiticeira que poderá axudarlles a descifrar o oráculo e así atopar o tesouro do Rei Crocodilo. Kika conseguirá o botín pero ela e mais os seus amigos son capturados por un home avarento. Finalmente, a rapaza utiliza os seus trucos de maxia para fuxir dos crocodilos. En *Kika Superbruxa e don Quixote da Mancha*, mentres le o *Quixote* de Cervantes, Kika invoca o famoso cabaleiro para que apareza no mundo actual, coa mala sorte de que queda atrapado nel e comeza a facer estragos xunto co seu cabalo Rocinante, Sancho Panza e o seu asno. Kika debe conseguir devolvelos ao seu libro cun conxuro, aínda que para facelo precisa que estean todos no mesmo lugar e recuperar unha folla do volume que don Quixote arrincara ao aparecer. Tras unha serie de aventuras e liortas, como aprenderlle ao cabaleiro a montar en bicicleta e un accidente contra un coche, a pequena bruxa consegue xuntar todos os personaxes e devolvelos á súa época antes de que a policía os meta na cadea. En *Kika Superbruxa no Salvaxe Oeste* son as novelas do Oeste as que seducen a Kika que non dubida en compartir as aventuras co seu irmán e explicarlle todas as cousas que lle pregunta. Pola noite a rapaza decide visitar o Oeste e tras borborear a fórmula do “Salto da Bruxa” aparece no almacén do *saloon* de Empanada de Carne. Os habitantes de Bourbontown queren poñer remedio aos continuos asaltos da banda dos Tornado e coa axuda da maxia de Kika a Pistoleira, logranos. Finalmente, en *Kika Superbruxa e o feitizo de Nadal*, a acción sitúase nos días previos ao Nadal, cando o pai de Kika e Dani lles conta cousas relacionadas con estas festas de cando el era pequeno, aclarándolles que antes había un ambiente máis máxico. Kika pensa que talvez coas receitas do seu libro de maxia consiga recuperalo. Despois de ir coa súa nai a uns grandes almacéns e decatarse de que moita xente non se comporta con amabilidade, decide buscar algún esconxuro para alterar o ambiente e lograr que se instale o verdadeiro espírito do Nadal.

Krahn, Fernando, *Pegadas xigantes (Huellas gigantes)*, ilustrado polo autor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], decembro 2006, [28 pp.]. (ISBN: 978-84-8464-615-0).

Álbum de Fernando Krahn (Santiago de Chile, 1935) no que con pouco texto e unha lámina central en cada páxina se narra a historia da descuberta da orixe dunhas pegadas xigantes que apareceron un día na neve diante da casa de Pedro e Sabela. Logo de almorzar, a familia sofre o desacougo de ver que por diante da súa casa aparecen unhas pegadas moi grandes que convidaban aos pequenos a saír a descubrir que era aquilo. Pola contra os pais, atemorizados, botan man da escopeta pero os nenos foxen detrás do rastro daquel misterio. Malia o medo que os paralizaba, os pais vense na obriga de saír detrás deles para protexelos. De camiño, foron avisando a todos os veciños para alertalos do que pasaba. Pouco a pouco vanse unindo todos e seguen as pegadas até o cumio da montaña para atopar os nenos, aos que descubren felices nunha cova, onde están xogando cos seres dos que proceden as estrañas pegadas. As ilustracións do propio autor presentan na cuberta de tapas duras unha imaxe dun bosque con neve que nos invita a pensar nun país nórdico ou nunha desas boliñas de cristal con paisaxes de Nadal. As gardas seguen un xogo visual que comeza cunhas pegadas, que se perden ao fondo, e nas gardas do remate descóbrense os animais que as fan. No interior as composicións xogan coas cores cálidas para os interiores das vivendas e co predominio da cor branca para as paisaxes nevadas. As ilustracións están centradas nun recadro no medio das páxinas e completan ao texto con información coidada dos lugares e dos interiores onde vai transcorrendo a narración. Os detalles coidados cos que se enriquecen as imaxes permiten facer unha lectura visual independente do texto. Na contracuberta os animalíños fantásticos do conto despídense do lectorado.

Kruz Igerabide, Juan, *Corre, Sebastián, corre!*, ilust. Gemma Sales, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 10, de 6 a 10 anos, setembro 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-61-5).

Juan Kruz Igerabide (Aduna-Guipúzcoa, 1956) presenta neste conto á mestra de Sebastián, que é a que conta en primeira persoa as súas impresións sobre o neno. A mestra nótao diferente, triste, e antes el era un neno moi ledo. Os compañeiros da clase quérenos moito e sempre o animan a xogar, a facer cousas, etc. pero Sebastián, cando os seus compañeiros xa aprenderon a ler, aínda non sabe, e iso faino estar moi triste. Os seus amigos axúdanos, e lenlle os contos, pero el o que quere é facelo por si mesmo. Tras as vacacións de Nadal, chega á clase unha nena en cadeira de rodas, Tatiana. A mestra encárgalle a Sebastián que a coide e el séntese moi ilusionado e volve ser o neno ledo que era antes. Ademais, grazas a Tatiana, consegue aprender a escribir e a ler no ordenador e descobre que iso se lle dá moi ben. Tanto a mestra coma os pais están contentos de velo así novamente. O libro remata cunha especie de carta dirixida aos rapaces que lean o conto, na que se lles anima a axudarse entre eles e a non discriminar a ninguén, xa que non existe ninguén perfecto. As ilustracións figurativas de Gemma Sales (Barcelona, 1945) apoian o texto do conto en cada páxina do libro, facilitando o seu entendemento e facéndoo máis ameno. Nas composicións aparecen moitos personaxes en distintas actitudes para reforzar o carácter exemplarizante do relato. Téntase transmitir expresións de tristura, preocupación, colaboración e alegría. A pintura deixa ver a trama do papel, creando unha textura uniforme, e as cores empregadas son de gamas cálidas e transmiten unha sensación acolledora. A cuberta céntrase no rostro do protagonista que ten unha expresión de tristura que invita a consolalo.

Kulot-Frisch, Daniela, *Co dedo no nariz (Nasebohren ist schön, 1996)*, ilustr. da autora, trad. Pilar Martínez e Marc Taeger, Vigo/Pontevedra: Faktoria K de Libros/Kalandraka Editora, [prelectorado], 2006, [28 pp.]. (ISBN: 84-8464-575-4).

Álbum de Daniela Kulot-Frisch (Jahrgang, 1966) no que co apoio fundamental da ilustración se presenta un relato sinxelo protagonizado por un elefante e a súa veciña, a ratiña, aos que lles gustaba moito furgar no nariz. Á súa amiga a ra tamén lle gustaría pero súa nai tenllo prohibido. A ra, acompañada dos seus amigos, decide ir preguntarlle a súa nai por que as ras non poden meter o dedo no nariz e ela explícalle que lle podería quedar atascado dentro toda a vida. Os animais, ben preocupados, comezan a preguntarlles aos seus pais. O papá da rata dille que é perigoso facelo porque deseguida se colle unha grande infección, mentres que a nai do elefante advírteos de que aos elefantes se lles pode desprender a trompa para sempre. Collen tanto medo os tres ante eses perigos que prometen non volver furgar no nariz nunca máis. Camiño do lago atopan os seus avós furgando no nariz e comprobán que nada das cousas que lles advertiran lles tiñan pasado, así que marchan xogar ben contentos. As ilustracións da propia autora presentan unhas pinturas figurativas de diversos animais que se comportan como persoas. O álbum resulta atractivo xa dende a cuberta que é de tapa dura; as gardas e a portada están coidadas, e anticipan unhas ilustracións atraentes. As composicións, de páxina completa, están concibidas para completar visualmente o texto achegando moita máis información sobre o que lles ocorre aos personaxes protagonistas, polo que as ilustracións permiten unha lectura só de imaxes. A riqueza cromática das pinturas, con cores saturadas, fan as páxinas moi alegres e a cor do papel kraft do soporte achega un ton cálido a todo o libro.

Recensións:

- Paula Fernández, “Con xeitos divertidos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 187, “Infantil/Xuvenil”, 7 decembro 2006, p. VII.

Comentario no que se ofrece o argumento desta historia de sinxeleza expresiva e que recolle un dos primeiros problemas cos que os pais se encontran na difícil tarefa de educar os fillos: conseguir que estes non metan o dedo no nariz. Sinala que este obxectivo se presenta dunha maneira divertida e enxeñosa, ao mesmo tempo que se lle outorga un papel importante aos avós, que se identifican cos nenos e son presentados como fonte de sabedoría. Tamén sinala que *Co dedo no nariz*, de Daniela Kulot-Frisch, traducido ao galego por Pilar Martínez e Marc Taeger, é presentado nunha edición moi acertada por Kalandraka Editora.

Kulot-Frisch, Daniela, *Que lería de cordóns (Mama hat was mitgebacht, 2005)*, ilustr. da autora, trad. Susana Fernández e Pilar Martínez, Vigo/Pontevedra: Faktoria K de Libros/Kalandraka Editora, [prelectorado], abril 2006, [28 pp.]. (ISBN: 84-8464-575-4).

Álbum de Daniela Kulot-Frisch (Jahrgang, 1966) no que se relata, con moita ilustración e texto moi sinxelo, o que acontece a partir do día en que Laura, a protagonista, recibe como agasallo de súa nai uns zapatos novos. Os zapatos son vermellos e a Laura gústalle moito, até que se decata de que teñen cordóns. De súpeto xa non lle gustan porque aínda non sabe atar os cordóns ela soa. A nai anímaa para que o intente pero Laura non o consegue. Así que

decide volver ao seu calzado de sempre, no que non ten máis que meter os pés e xa está. Intenta agochar os zapatos novos onde súa nai non os poida atopar e ao subir ao faiado descobre unha morea de caixas coa roupa de cando era bebé, todas elas atadas cunha cinta vermella. Para que a caixa dos zapatos pase desapercibida entre as outras, non lle queda máis remedio que buscar unha cinta e facer unha lazada. A nai descóbrea eponse moi contenta porque xa sabe facer lazos. Laura axiña consegue atar os cordóns dos zapatos novos. Tanto o texto coma as ilustracións da propia autora destacan pola forza comunicativa e didáctica das imaxes, xa que están a amosar aos rapaces como se amarran os cordóns dos zapatos. Todas as ilustracións están realizadas sobre un fondo de papel reciclado con incrustacións de diferentes fios que lle outorgan unha identidade visual a toda a obra. Son imaxes a toda cor onde os trazos de liñas grosas se intercalan con outras máis finas de contorno delimitador e preciso. Ao longo da obra, todas as ilustracións conservan o mesmo tamaño e formato, situándose no centro da páxina, mentres que o texto se sitúa ao pé desta. Trátase de ilustracións elaboradas con pintura que posúen gran variedade de tonalidades, aínda que o vermello e o azul son as predominantes, xa que se identifican coa roupa e os cordóns da personaxe. Deste modo, Daniela Kulot, dende a configuración dun trazo sinxelo e limpo, consegue un personaxe moi expresivo ao longo de toda a narración visual

Lertxundi, Anjel, *Felicidade perfecta (Zorrino perfectua)*, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 52, [mocidade], 2006, 147 pp. (ISBN: 84-8288-912-5). ■

Nova achega literaria do autor vasco Anjel Lertxundi (Orio, Guipúscoa, 1948), traducida á lingua galega por Xesús Carballo Soliño a partir da versión castelá do propio autor. *Felicidade Perfecta* é o título dunha peza de música clásica que unha estudante de dezaseis anos está aprendendo a interpretar. De aí o título desta novela de adolescencia, na que se trata a madurez persoal, os primeiros amores, os conflitos xeracionais, a soidade, a incompreensión, a busca, a incomunicación, etc. O autor afonda na reiterada pregunta de se existe a felicidade perfecta e na súa relación dialéctica cunha sociedade violenta, neste caso nas rúas do País Vasco. No momento menos pensado, por un suceso illado nun lugar no que non se debería estar, a nosa vida pode cambiar para sempre. Isto é o que lle ocorre á protagonista. Como fio argumental, en vinte e tres capítulos sen título e un epílogo, asístese ao asasinato dun home do que a protagonista é testemuña e os acontecementos que se suceden nas vinte e catro horas posteriores. A historia está narrada en primeira persoa catorce anos máis tarde, despois de varios fracasos amorosos e a evolución da moza cara á madurez. O impacto do suceso, a visión cruel do crime ao longo da vida marcarán a personalidade da protagonista e a súa relación co mundo no presente e no futuro. Cuestións como as opinións sobre o asasinado, a falta de ética dos medios de comunicación na procura da noticia ou a destrución provocada pola droga sitúan ao lectorado agardado na cara máis dura da sociedade actual e no entendemento de que quizais non haxa espazo para a felicidade perfecta. O deseño da cuberta é de Fausto Isorna (Catoira, 1961). Na parte superior ten unha fotografía dun monicreque que representa ao demo cunha vasoira. A forma recortada do boneco, en cores escuras, destaca moito sobre o fondo plano de cor amarela forte.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “A moza que contemplou un asasinato. Edítase en galego *Felicidade perfecta*

de Anjel Lertxundi”, *A Nosa Terra*, n.º 1.228, “Cultura”, 22-28 xuño 2006, p. 26.

Noticia elaborada con motivo da publicación en lingua galega da novela de Anjel Lertxundi, *Felicidade perfecta*, da que se sinala que é unha obra para provocar a reflexión e o cuestionamento entre o lectorado agardado. Destácase que é unha novela de lectura agradábel dirixida á mocidade e que foxe do dogmatismo pedagóxico, ademais de contar cun narrador moi hábil. A seguir, repásase o argumento da novela, sinálase que o que lle ocorreu á protagonista lle pode ocorrer a calquera. Sobre os recursos empregados, destaca o constante intento do autor por crear curiosidade ou o emprego de símbolos como as mans, as ondas do mar ou os foguetes. Sinálanse como temáticas aquelas que interesan ao lectorado actual, entre elas a soidade, a incompreensión ou a necesidade de apoio. Remátase salientando o estilo claro da novela que convida á lectura.

- Dorinda Castro Soliño, “Aprendendo a vivir”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 175, “Libros”, 7 setembro 2006, p. IV.

Aproximación ao contido do libro de Anjel Lertxundi, *Felicidade perfecta*, traducido ao galego por Xesús Carballo Soliño, partindo da versión castelá do propio Lertxundi. Despois de ofrecer unha breve achega a esta novela de adolescencia, explícase que o fío argumental é a narración en primeira persoa do asasinato dun vendedor de droga, do que a protagonista é testemuña, e de todos os acontecementos que se sucederon nas vinte e catro horas seguintes. Salienta ademais a carga emocional presente no texto, a través dos fracasos amorosos, conflitos xeracionais, a violencia no País Vasco, a soidade, a incompreensión e a incomunicación, en definitiva, a madureza persoal cara a busca dunha utópica felicidade perfecta.

Lèvy, Didier, *Panocha ¡Feliz Nadal! (Cajou-Joyeux Noël, 2005)*, ilustr. Xavier Deneux, trad. A. G. Sanmartín, A Coruña: Rodeira, [lectorado autónomo], outubro 2006, [18 pp.]. (ISBN: 84-8349-018-8).

Álbum de gran formato da autoría de Didier Lèvy (1964) no que o protagonista é o pequeno tigre chamado Panocha. Coa chegada do Nadal, Panocha anda a pensar no que lle vai pedir de regalo ao Papá Noel. Cando decide que quere un enorme camiión de bombeiros, réunese cos seus amigos Babú, Mopi e Lúa, cos que escribe a carta a Papá Noel. Durante a cea de Nadal Panocha non quere ir durmir pola impaciencia de saber se lle traerán o seu regalo, aínda que cando o avó lle le un conto o pequeno Panocha queda durmido. Á mañá seguinte descobre que o seu regalo é unha caixiña moi pequena, polo que pensa que non lle trouxeron o camiión de bombeiros que pedira. No entanto, ao saír fóra atopa o regalo que tanto desexaba dentro dunha enorme caixa. O álbum conta coas ilustracións figurativas de Xavier Deneux que recrean escenas do narrado e presentan elementos móbiles que precisan da colaboración do lectorado agardado para descubrir detrás destes elementos a continuación do texto e explicacións a cuestións que no propio texto só se insinúan como, por exemplo, no momento no que se sinala que o avó lle le un conto a Panocha, do que non se di nada, pero que aparece en forma de pequeno libro, incrustado na páxina na que se reproduce o texto dese conto. Trátase dun álbum infantil de edición moi coidada que xa se aprecia no tacto da cuberta satinada. As ilustracións presentan un ambiente de Nadal, malia ás paisaxes exóticas onde se atopa a familia do pequeno tigre e os seus amigos. As formas son redondeadas e as cores

alegres. Os animais están representados con expresións e actitudes antropomórficas. O formato grande e os xogos troquelados resultan atractivos para o pequeno lector.

Lévy, Didier, *O traxe de luces* (*L'habit de lumière*, 2005), ilustr. Anna Laura Cantonne, trad. Chema Heras e Pilar Martínez, Vigo/Pontevedra: Factoría K de Libros/Kalandraka, [lectorado autónomo], marzo 2006, [28 pp.]. (ISBN: 84-8464-589-4).

A xente aplaude e grita e o toureiro sae á arena co seu traxe de luces, mais, fronte ao que cabe esperar, o touro non sae. O toureiro xa non aguanta máis e decide ir até o touril, onde se encontra cunha cabuxa, que lle explica que os touros fuxiron porque non querían facer sufrir a ninguén. A cabra acepta facer de touro, pero agora é a praza a que está baleira, polo que o animal convida ao toureiro a tomar un vaso do seu leite. Xuntos deciden marchar da cidade e o toureiro desfai do seu capote e da espada. Entón, comezan a aparecer diversos animais dos bosques e dos prados moi risoños e contentos, berrándolle “bravo” ao toureiro, o que o enche dunha gran felicidade, ao mesmo tempo que as luces do traxe comezan a acenderse. Didier Lévy é o autor deste texto escrito orixinariamente en francés, que rexeita a morte cruel dos touros na praza e que tamén pode lerse a través das imaxes de Anna Laura Cantonne (Alessandria, 1977), que xa na cuberta presentan aos protagonistas do conto: o toureiro e o touro. As gardas teñen un deseño de touros e na cuberta xógase co deseño na disposición dos títulos. Emprégase unha técnica mixta que xunta pintura con distintos materiais: abalorios, pasamanería, anacos de papel e plumas. Rodeando todas as figuras hai unhas liñas que reforzan o dinamismo das imaxes. As composicións, a dobre páxina, aproveitan o deseño apaisado para facer grandes panorámicas da praza de touros e tamén dispoñen, nunha mesma páxina, as imaxes cunha secuenciación propia de narracións visuais tipo cómic; os puntos de vista que aparecen son moi variados: centrados no personaxe principal, vistas dende arriba ou a visión dende abaixo da cabuxa. As ilustracións figurativas céntranse en describir as emocións que vai sentindo o toureiro ao longo do relato, rabia, desconfianza, asombro e felicidade.

Recensións:

- María Navarro, “Louvanza dos animais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 181, “Infantil/Xuvenil”, 26 outubro 2006, p. VII.

Detalla o argumento d’*O traxe de luces* que vén de ser publicado nunha coidada edición por Factoría K de Libros e que é unha loa aos animais, unha mofa do devezo de éxito e unha parodia da chamada “fiesta nacional”. Considera que os autores de tan singular libro, o escritor Didier Lévy e a ilustradora Anna Laura Cantone “conxugan a palabra sinxela e coidada e o trazo aparentemente descoidado e naïf para dar aos lectores unha perspectiva sorprendente, ategada de humor e sarcasmo, na que os animais actúan coma os homes, pensando e falando e os seres inertes e artificiais cobran unha sorte de vida”. Por último, afirma que o libro é unha homenaxe ao mundo animal, cuxos membros amosan comportamentos lóxicos, porque seguen as leis da natureza, mentres que o home se empeña en ir contra corrente e chegan a converter os seus actos en auténticos atentados.

Lienas, Gemma, *O diario vermello de Carlota* (*El diario rojo de Carlota*, 2004), trad. Silvia Gaspar, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], 2006, 311 pp. (ISBN:84-8288-869-2).

Nesta novela, estruturada en vinte e dous capítulos, Gemma Lienas (Barcelona, 1951) presenta, por medio dun narrador protagonista cunha narración interna e subxectiva, as vivencias cotiás dunha moza chamada Carlota, que achega a súa perspectiva particular sobre o que vai acontecendo ao seu arredor e tamén a ela mesma, en canto á sexualidade. Carlota ten dezaseis anos e vive con súa nai e un irmán, pois seus pais están divorciados. Un día por casualidade coñece a un mozo no metro, que se chama Flanagan, quen, despois de recuperarlle a carteira que lle roubaran sen decatarse, a acompaña a mercar un caderno vermello, no que lle explica que vai escribir sobre sexualidade. A Flanagan parécelle boa idea e decide escribir tamén o seu para contraponer visións. Así que van concertando citas, para compartir opinións, reflexións... até que esperta neles un sentimento de atracción. Carlota séntese atrapada entre Koert (o seu noivo estranxeiro) e Flanagan. Ao longo do relato, vaixe coñecendo a familia de Carlota, as súas amigas, os compañeiros da clase e as experiencias sexuais dalgúns deles, xa que ela aproveita calquera oportunidade para avanzar a súa investigación, que vai redactando no seu diario vermello a modo de informes, regras de ouro e algúns debuxos, tentando abarcar todos os aspectos da sexualidade. A cuberta está ilustrada cun deseño de Fausto Isorna (Catoira, 1961) que presenta na parte superior unha fotografía dun tanga de cor vermella como o fondo onde destacan as letras do título. A imaxe anuncia, xa dende a cuberta, unha novela que ten protagonistas adolescentes e que o tema central ten que ver coa súa sexualidade. Na contracuberta, unha fotografía da autora confúndese co fondo vermello.

Recensións:

- Marga Romero, “Carlota a diario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 173, “Libros”, 6 xullo 2006, p. IV.

Logo de lembrar outros títulos polo que xa é coñecida a protagonista d’*O diario vermello de Carlota*, Marga Romero, que cualifica este libro de “necesario e moi recomendábel”, dá conta da temática na que se centra: “o desexo, o sexo e os sentimentos, a cor vermella”. A seguir, coméntase o xogo que se establece entre *O diario vermello de Carlota* e *O diario vermello de Flanagan* e indícanse algúns dos valores que o primeiro título pode fomentar entre o lectorado agardado. Finalmente, faise fincapé no “xeito maxistral” en que a autora se achega ao mundo dunha rapaza adolescente de hoxe en día.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 187, “Andel de novidades”, 7 de decembro 2006, p. VII

Análise das obras *A poesía de María Mariño* (1994), de Victoria Sanjurjo (ed.); *O diario vermello de Flanagan*, de Andreu Martín e Jaume Ribera e *Cando era tampo de inverno* de Pepe Barrios. Ofrece unha información sucinta respecto de diferentes cuestións relacionadas coas obras (temática, simboloxía, personaxes) e os seus autores.

Mari, Enzo e Iela Mari, *A mazá e a bolboreta (La Mela y la Farfalla, 1969)*, ilust. dos autores, Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora, [prelectorado], maio 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-8464-587-8).

Relato visual de Enzo Mari (Novara, 1932) e Iela Mari (Milán, 1962) no que se narra o ciclo da vida a través do proceso vital dun verme que aparece nunha peza de froita dunha árbore. Descríbese cómo vai medrando ao par que evoluciona coma a propia árbore, até que chega unha nova colleita de froita. Con só o recurso das imaxes, sen ningún tipo de apoio textual, explícase cómo xorde un verme dunha das pebidas dunha mazá e, a medida que vai medrando, fai un furado para chegar ao exterior. Cando está fóra descólgase por un fio e cae no tronco dunha árbore, onde pouco a pouco queda dentro dun casulo que se forma cos fíos que el mesmo fabrica. Finalmente aparece unha fermosa bolboreta, cunhas grandes ás de cores que voa polo bosque e se pousa nas flores das árbores para chuchar o pole. Finalmente, co paso do tempo, no lugar das flores aparecerá de novo o froito da árbore: unha mazá, e o ciclo comeza de novo. Relátase así a evolución da vida, á par da metamorfose da bolboreta. Trátase dunha obra na que a narración se segue sen auxilio do texto. Na cuberta aparece unha das protagonistas: a mazá, de cor verde moi sinxela de forma e suspendida polo rabo da parte superior da imaxe. Na garda repítese a mesma imaxe e na portada a imaxe só cambia a cor da mazá que se torna vermella. As imaxes van describindo unha secuencia que, partindo da mazá cunha eiruga, volven ao mesmo punto despois de recorrer a metamorfose da bolboreta e o seu círculo vital. Os elementos visuais cos que xoga son formas planas, sen intencións volumétricas e cores moi limitadas: verde, vermello, marrón e negro. Nas composicións utilízanse os planos e as cores para narrar o transcorrer do tempo e das estacións. As páxinas van sucedéndose e conforman unha serie que dende a simplicidade recordan o movemento dos planos dunha película cinematográfica.

Mari, Iela, *Un globo vermello (Les aventures d'une petite bulle rouge)*, ilust. da autora, Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora, [prelectorado], xaneiro 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-8464-538-X).

Relato visual de Iela Mari (Milán, 1962) no que a través de trazos moi sinxelos se xoga coa evolución dun círculo vermello, que comeza sendo un pequeno globo na boca dun neno. A medida que vai medrando, este globo convértese nunha mazá, que ao se desprender da árbore na que medra se converte en bolboreta que voa por enriba das flores. Esta bolboreta chega a converterse ela mesma en flor e, finalmente, cando é collida por unha man, convértese en paraugas. Un relato visual no que se xoga coas formas dos obxectos que, por semellanza, van dando lugar a outros diferentes, pero que o lectorado agardado pode identificar perfectamente. Dende a cuberta un gran círculo vermello evoca moitas das obras de Joan Miró. A simplicidade da forma, soamente acompañada das letras do título, crea un contraste visual moi forte que se acrecenta polo emprego da cor verde complementaria para o fondo. Este libro consegue contar unha historia sen palabras, por medio dunha secuencia de imaxes. As composicións que constrúen a narración son moi simples e facilitan a contemplación das diversas formas que xorden. Só ten cor a forma vermella, mentres que o resto son debuxos realizados cunha liña negra, moi limpa, que diseña as figuras que acompañan ao globo na súa metamorfose visual.

Martí i Bertran, Pere, *Dous ratiños de campo (Dos ratolins de boscq)*, ilust. Mercè Arànega, trad. Ignacio Chao, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 14, serie vermella, a partir de 5 anos, 2006, 61 pp. (ISBN: 84-88681-68-2).

Conto fantástico realista, de Pere Martí i Bertran (1952), no que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se conta a historia dun ratiño chamado Albelo que vive tranquilo no campo até que na súa vida aparece Petis, un ratiño que vén de moi lonxe. Petis marabillase das comodidades que ten Albelo, pero valora máis a liberdade que el ten viaxando por diferentes lugares. Albelo vaise engaiolando cos relatos de Petis e decide acompañalo nas próximas viaxes. O conto evoca así a historia tradicional do rato de campo e o rato da cidade, actualizando o argumento e facéndoo extensivo a unha invitación á comprensión e o respecto dos que chegan de fóra, poñendo en valor o intercambio cultural e a ansia por coñecer o mundo que nos rodea. As ilustracións figurativas de Mercè Arànega (Badalona, 1951) presentan a dous simpáticos ratos vestidos con roupa. Xa na cuberta aparecen os protagonistas cunha grande expresividade nos ollos. A técnica empregada é a acuarela, as tonalidades son suaves e as manchas húmidas ocupan as formas. A simplicidade das figuras non impide completar o texto con imaxes que achegan información sobre os sentimentos e actitudes dos ratiños e sobre os lugares onde transcorre a acción.

Martín, Andreu e Jaume Ribera, *O diario vermello de Flanagan (El diario rojo de Flanagan)*, 2004), trad. Silvia Gaspar, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 51, [mocidade], 2006, 285 pp. (ISBN: 84-8288-868-4). ■

Nova entrega da serie protagonizada polo detective adolescente Flanagan, de Andreu Martín (Barcelona, 1949) e Jaume Ribera (Sabadell, 1953), na que o protagonista escribe un diario que xira arredor da sexualidade, tanto dende o punto de vista persoal coma das pescudas e enquisas que realiza entre os seus compañeiros adolescentes do instituto. A idea parte do día en que Flanagan coñece a Carlota, unha moza á que lle rouban a carteira no metro e á que se dirixe unha vez que lla recupera. Da primeira conversa xorde a confesión de que ela está a escribir un diario sobre sexo e anima ao rapaz a facer o mesmo para intercambiar ideas e pescudar sobre esta temática entre os seus compañeiros. Nun capítulo inicial Flanagan xustifica a necesidade de escribir este diario pola desinformación que padecen os adolescentes en España e que propicia moitas situacións de risco, contaxios de enfermidades coma a SIDA ou embarazos non desexados. Así, ao longo de nove capítulos e un epílogo vanse mesturando os pensamentos do protagonista, as súas vivencias, as primeiras relacións sexuais coas súas parellas Nines e Carlota, etc., coa reprodución de textos que apoian as súas pescudas ou os consellos que da man do doutor Bardet complementan a máis variada información sobre esta temática. Os conflitos, os prexuízos, os tópicos e a información errada sobre un tema tabú como a sexualidade quedan ao descuberto nesta novela, na que por veces se detén a acción para, a xeito de guía, ofrecer un marco de referencia informativa aos máis novos, aconsellándoos e suxerindo cuestións que poidan ser do seu interese pero que non sempre se atreven a preguntar. A cuberta está ilustrada cun deseño, de Fausto Isorna (Catoira, 1961), que presenta na parte superior unha bota deportiva de moda de cor vermella, que se integra co fondo, tamén de cor vermello, onde destacan as letras do título. A imaxe aproxima ao

lectorado a unha novela na que os protagonistas son os adolescentes. Na contracuberta unha fotografía dos autores confúndese co fondo vermello.

Martín, Andreu e Jaume Ribera, *Eu tampouco me chamo Flanagan*, ilust. Miguel A. Vigo, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 94, [mocidade], setembro 2006, 299 pp. (ISBN: 84-9782-479-2).

Andreu Martín (Barcelona, 1949) e Jaume Ribera (Sabadell, 1953) presentan unha nova entrega da serie protagonizada polo adolescente Flanagan. Nesta ocasión, unha vez rematadas as clases no instituto comezan as vacacións de verán, pero un coñecido detective ofrécelle un traballo que consiste en investigar o paradiro de Omar Hiyyara e o seu fillo Alí Hiyyara, ambos os dous magrebís e desaparecidos nos últimos días. A hipótese de partida é que os avós de Alí, de nacionalidade española, o queren adoptar, aínda que ao longo da historia Flanagan descubrirá que isto é un engano. A busca que inicia Flanagan levarao a introducirse no barrio marxinal ocupado polos inmigrantes. Alí atopará a Alí e a toda a súa banda. Todos eles son fillos de inmigrantes, provenientes de familias desestruturadas, polo que a vida transcorre entre roubos, drogas e alcol. Neste contexto, Flanagan farase pasar por un inmigrante máis e coñecerá de primeira man cada unha das historias dos rapaces. Malia a relación de amizade que xorde entre ambos os protagonistas, Alí e Flanagan, mantéñense as desconfianzas e o temor a desvelar os segredos máis ocultos. Ao longo da novela xógase coa mestura de diferentes historias, que lle van imprimindo máis intensidade, como por exemplo o roubo das valiosas “xoias Almirall”, pertencentes a unha actriz famosa, ou os problemas entre Flanagan e Nine, aos que queren separar os amigos da rapaza. Todas as pescudas de Flanagan veranse entrelazadas e finalmente resoltas. Un deseño de Miguel A. Vigo na cuberta é a única ilustración que amosa este volume. Nela aparece unha fotografía dun todoterreo nunha paisaxe de tormenta. A imaxe está manipulada de tal xeito que provoca sensación de velocidade ao auto, o que unido ao aspecto da paisaxe, anuncia unha temática de aventuras.

Martos, Fernando, *As tres fillas (Las tres hijas)*, ilust. Helle Thomassen, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os Contos do Trasnó, [lectorado autónomo], febreiro 2006, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-530-4).

A través da reprodución de fórmulas propias do conto tradicional como “Había unha vez”, ou esquemas interactivos co lectorado como “Queres que cho volva contar?” e a recorrencia do número tres, nárrese as aventuras de tres fillas ás que un día o seu pai, o Rei, tira ao mar en tres potas. As rapazas son encontradas por tres irmáns que, logo de coñecelas, acoden a palacio para pedilas en matrimonio. O rei non só non accede senón que ameaza con cortarlles a cabeza aos mozos se non marchan antes do amencer. A historia repítese de novo coa fórmula “Queres que cho conte outra vez?”, só alterando o resultado do castigo: agora o rei ameaza con cortarlles os pés. É entón cando se dan conta de que deben fuxir a unha terra descoñecida onde o rei non os poida encontrar para salvar así ás damas do seu terríbel destino. O texto de Fernando Martos (Zamora) está acompañado polas ilustracións figurativas de Helle Thomassen, nas que emprega a técnica da pintura. Nelas, as pinceladas soltas e expresivas van construindo unhas paisaxes e personaxes que complementan visualmente a narración. De feito, a repetición do texto tamén propicia a repetición de imaxes. Ao longo da obra xógase con distintos tipos de composicións: panorámicas da paisaxe, primeiros planos dos personaxes

e pequenos detalles. As ilustracións teñen un colorido rico e moi traballado, que se aprecia nos fondos elaborados con transparencias e restregóns que deixan ver a trama do lenzo e nas figuras construídas con pintura máis densa.

Recensións:

- Paula Fernández, “Narración popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 176, “Infantil/Xuvenil”, 14 setembro 2006, p. VII.

Achega á obra de Fernando Matos, *As tres fillas*, publicada na colección “Os Contos do Trasno” da Editorial Kalandraka. Comeza referíndose á inclusión da obra dentro desta colección, a cal pretende compilar narracións que teñan semellanzas coa literatura de transmisión oral. A seguir, lembra o argumento da obra para logo referirse a algúns dos trazos formais como a repetición de estruturas sintácticas e situacións no fío narrativo ou a relevancia do número tres tanto no discurso narrativo como na estrutura da obra. Remata destacando o coidado do volume, a fermosa edición e as ilustracións de Helle Thomassen.

McCaughrean, Geraldine, *Peter Pan e a levita escarlata (Peter Pan in Scarlet)*, 2006, ilustr. David Wyatt, trad. Silvia Carril Caldelas, Santiago: Alfabuara/Obradoiro, entre os 10 e os 14 anos, outubro 2006, 282 pp. (ISBN: 84-8224-749-2).

Neste libro de aventuras fantásticas, Geraldine McCaughrean (Londres, 1951), por medio dun narrador omnisciente e da propia voz dos personaxes, presenta as aventuras vividas por un grupo de nenos no país de Nunca Xamais. As aventuras comezan a raíz de que un grupo de adultos teña cada noite uns soños moi estraños e decidan volver ao país de Nunca Xamais, onde estiveran de nenos e onde permaneceron até que medraron e se converteron en adultos. Alí reencóntranse de novo con Peter Pan e comezan as aventuras na busca dun tesouro, acompañados tamén dun adulto, que resulta ser o capitán James Garfo, que pretende vingarse de Peter Pan. Despois de converterse en grandes exploradores e unha vez que chegan ao tesouro, todo volve á normalidade no país de Nunca Xamais e os nenos regresan ás súas casas. Este volume está ilustrado por David Wyatt (Gran Bretaña, 1968). Na cuberta, de tapas duras, aparece unha ilustración, en tons vermellos e laranxas, do protagonista acompañado de pequenos personaxes fantásticos nunha paisaxe misteriosa. As gardas do libro son un mapa antigo do País de Nunca Xamáis. No interior, ao comenzo de cada capítulo, preséntase un pequeno debuxo, unha silueta dalgún personaxe ou algún elemento característico da narración, que está totalmente recheo de tinta negra coma se dunha sombra se tratase.

Recensións:

- María Navarro, “Xeración tras xeración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 183, “Infantil/Xuvenil”, 9 novembro 2006, p. VII.

Despois de aludir ao éxito alcanzado por *Peter Pan*, grazas á súa tradución a moitas linguas e á mercadotecnia xerada ao seu redor, comenta que o Hospital de Nenos de Great Omond Swtreet, ao que o J. M. Barrie lle cedeu os dereitos de autor e outros de propiedade

intelectual, decidiu sacar á luz unha continuación da citada obra para celebrar o centenario da súa publicación. Sinala que a obra foi continuada pola escritora inglesa Geraldine McCaughrean que, baixo o título de *Peter Pan e a levita escarlata*, presenta unha historia chea de imaxinación, na que se suceden as aventuras a un ritmo acelerado e na que os seus personaxes experimentan sensacións contraditorias provocadas principalmente polo tempo e cuestións relacionadas cos sentimentos. Debulla a trama argumental e considera que se trata dunha “fermosísima historia de aventuras, que xoga coa fantasía e cos parámetros que rexen na actualidade e que incrementa o seu atractivo coa presenza de personaxes entrañables cos que teñen medrado varias xeracións”.

- Sandra Faginas, “¿Volver a nunca xamais?”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Letras en galego”, 9 decembro 2006, p. 12.

Inicia o seu comentario confesando que só de adulta foi capaz de apreciar o significado das obras protagonizadas por Peter Pan, Alicia ou Gulliver, para logo presentar a trama argumental de *Peter Pan e a levita escarlata*, coa que a escritora británica, Geraldine McCaughrean, conseguiu convencer o xurado encargado de seleccionar a continuación do clásico de Barrie. Sinala que esta segunda parte repite personaxes e espazo, coas mínimas modificacións para darlle veracidade á ficción, e que presenta a dose de acción, conflito, maxia e intriga imprescindible en todo relato de aventuras, aínda que bota en falta o elemento simbólico, que converteu a primeira parte nun clásico. Por último anota que, construída como unha crítica ao belicismo propio do ser humano, podería ter sido a continuidade de obras como as de Harry Potter.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “A segunda parte da novela de Peter Pan sairá en galego o día 5”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 21 setembro 2006, p. 79.

Anuncia a publicación de *Peter Pan e a levita escarlata* por parte da editorial galega Obradoiro. Sinala que se trata da segunda parte autorizada oficialmente da novela de James Mathew Barrie, que foi feita pola coñecida escritora Geraldine McCaughrean, autora de máis de cento vinte libros e adaptadora de obras consideradas universais, e que foi traducida ao galego por Silvia Carril Caldelas. Ofrece a trama argumental da obra e alude, finalmente, á situación na que se encontran os dereitos de autor que Barrie lle deixou a un hospital infantil de Londres.

Mota, António, *Se eu fosse moi delgado (Se eu fosse muito magrinho)*, ilustr. André Letria, trad. Ramón Nicolás, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, abril 2006, [34] pp. (ISBN: 84-8464-583-5).

Álbum dos portugueses António Mota (Baião, 1957) e André Letria (Lisboa, 1973) que segue a mesma liña de *Se eu fosse moi alto* (2004) e que foi galardonado co Premio Gulbenkian de Literatura para nenos na modalidade de libro ilustrado. O texto presenta tinturas poéticas e humorísticas; cada frase parte dunha hipótese co fin de poñer de manifesto as ilimitadas posibilidades da imaxinación ante os elementos cotiáns pertencentes ao ámbito da realidade.

Así, vanse explicando todas as cousas que o protagonista podería facer se fose moi delgado, entre elas: entrar na casa polo buraco da pechadura e rir ao ver os avós asustados; poñer os pés enriba dos ombreiros e procurar as cousas esquecidas encol dos armarios; durmir nunha cama tan estreita coma o pau dunha vasoira; pasear con cen amigos no asento traseiro do coche; agatuar até o cume da árbore máis alta do parque moito máis rápido ca un gato; xogar ás agachadas tras o tronco dunha cepa; agochase dentro da manguera do xardín e deitarse no medio da herba do prado; xogar cos insectos e mesmo cabalgar sobre unha formiga; ou tamén descubrir o lugar misterioso onde os soños nunca rematan. O ilustrador André Letria confecciona para este texto de Mota unhas ilustracións sobre fondos de cor branca para centrar a atención do espectador nas accións do personaxe ou nos elementos que aparecen en cada unha das imaxes. Son ilustracións que posúen continuidade na narración visual, xa que moitas delas comezan a acción nunha páxina para rematar en páxinas posteriores. Emprega cores cálidas, moi mesturadas a partir de pintura densa, e a cor verde do personaxe vai actuar como contraste visual en todas as ilustracións, mediante pinceladas de trazo vigoroso, para outorgarlle movemento e plasticidade ao personaxe. As ilustracións xogan cunha dinámica de antoloxías e analoxías visuais, como grande-pequeno, gordo-estreito, longo-curto, alto-baixo, etc.

Recensións:

- CLIJ, “Si yo fuese muy delgado”, *CLIJ (Cuadernos de literatura infantil y juvenil)*, n.º 194, “Libros”, xuño 2006, p. 61.

Saliéntase que a frase que dá comezo a esta obra de António Mota é unha das que fai disparar a imaxinación. Descríbese a historia do neno que soña co que podería ser e facer se fose delgado e dise que non se trata exactamente dun conto, senón máis ben dunha proposta para deixar voar a fantasía, con humor e sen prexuízos. Coméntase que este álbum foi merecente do premio Gulbenkian na súa nación de orixe, Portugal, e que está traducido ao galego e castelán. Por último, puntualízase que o seu texto é sinxelo e que se acompaña dunhas ilustracións case minimalistas executadas con elegancia e humor.

Moure, Gonzalo, *Un loto na neve (Un loto en la nieve)*, trad. Ignacio Chao, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. O Catavento, n.º 18, [mocidade], 2006, 140 pp. (ISBN: 978-84-88681-74-7).

Novela de Gonzalo Moure (Valencia, 1951) que consta de dezasete capítulos titulados e que se abre coa seguinte dedicatoria: “Para Tina, gardiá do meu bardo”. Nela un narrador en primeira persoa, Marcos, a quen seu pai cariñosamente chama Mosquito, escribe nun caderno o que lle aconteceu seis anos atrás, cando tiña trece anos, nunha das súas excursións con seu pai, toco dun pé, aos Picos de Europa. Marcos, coa intención de dar a coñecer a súa historia ao pai, á súa moza Carla ou mesmo a un posíbel lector, narra cómo el e seu pai coñeceron a un escalador suízo chamado Alexander Von Arx cando, por causa dunha nevada, perderan a posición do seu campamento e estaban en perigo. Von Arx prestoulles axuda e xuntos pasaron un par de días na montaña por causa do mal tempo. Neses días Marcos viviu unha experiencia nunca imaxinada. O protagonista atento ás historias do suízo sobre as terras e os habitantes do Tíbet coñecía detalles do que Von Arx estaba contando como se el mesmo estivese alí. Ademais, sen nunca ter estado nesas montañas dos Picos de Europa, Marcos guiou a un

refuxio a Von Arx, para posteriormente todos (eles, o pai de Marcos e os acompañantes da expedición do suízo) resgardarse do mal tempo, e mesmo salvou da morte a Alexander cando quedou sepultado baixo a neve que caeu por causa dunha avalancha. Despois do acontecido Marcos explica por qué despois do tempo transcorrido decide escribir a historia, que completa coa reprodución do texto escrito nun caderno que Von Arx lle introduciu na mochila cando se despediu del. Grazas a ese texto coñécese como Alexander, atacado do mal da altura, estivo a piques de morrer e foi salvado, o mesmo día no que Marcos naceu, por Kangseng, un neno khampa que morreu espido e na posición do loto por manter as súas ideas e non sucumbir ante o invasor estranxeiro, e que, no momento de salvar a Von Arx e ante a pregunta deste, o cativo respondeu que volvería rozar a morte “baixo unha saba mesta e fría” e que o volvería á vida no momento no que unha man infantil o recollese novamente. Finaliza o volume con dous apartados “Algunhas notas sobre a novela” e “Para coñecer o Tibet” no que se achegan datos sobre o autor e bibliografía para achegarse ao mundo, costumes, habitantes, etc. do Tibet. Esta obra só presenta ilustración na cuberta. Nela aparece unha foto de Photonica que avanza parte da temática da narración, que transcorre arredor dunha escalada e como, se di no título, na neve. No entanto, non hai unha imaxe moi explícita; é unha fotografía na que o rostro do personaxe non se ve enteiro, descóbrese entre a neve que o cubre.

Muñoz Puelles, Vicente, *Os animais da cidade (Los animales de la ciudad)*, ilust. Noemí Villamuza, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de Letras, [lectorado autónomo], 2006, 58 pp. (ISBN: 84-96526-80-1).

Neste conto realista Vicente Muñoz Puelles (Valencia, 1948), por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, conta o que lle aconteceu unha Noiteboa a un neno de seis anos, chamado Ricardo. Este neno non coñecía o nome da súa rúa porque non lle parecía importante, como tampouco llo parecía a xente que andaba pola rúa. O que si coñecía eran os animais, de pedra e metal, que había por toda a cidade: os dous leóns do edificio de correos, a aguia da estación do norte, un cabalo montado por un guerreiro nos xardíns da Reconquista, unha fonte con catro patos de ferro, o caimán da igrexa do patriarca, o elefante dourado dunha tenda de trufas, o armadillo disecado noutra de peles e curtidos, un crocodilo que vivía no escaparate nunha tenda de bolsos preto da súa casa e o papagaio do mercado, do que seu pai lle contara unha historia. Así, deixándose guiar polos animais que el coñecía tan ben, chegou ao portal do seu edificio, mirou para riba e leu Rúa Rodríguez Castelao 10. A partir deste momento xa nunca máis se esquecería. As ilustracións figurativas de Noemí Villamuza (Palencia, 1971), nas que predominan as cores cálidas, aplicadas con tintas planas, ocupan toda a páxina deixando espazo para colocar o texto. O trazo co que están realizados os contornos dos debuxos ten un interese especial, xa que a ilustradora pasa e repasa por riba das formas creando a sensación dunha liña fresca, como de boceto. As composicións son interesantes porque están pensadas dende o punto de vista do protagonista, xa que debuxados preto del van as cousas que saen da súa imaxinación, as que lle dan medo, o que está mirando, etc.

Muñoz Puelles, Vicente, *Nenas e nenos de todo o mundo*, ilust. María Espluga Solé, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 3, [lectorado autónomo], setembro 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-54-2).

Este relato de Vicente Muñoz Puelles (Valencia, 1948) iníciase co primeiro día de colexio para Vicente e Tutune, unha nena de África. Ambos os dous son deixados no patio do colexio polos seus pais e así é como se coñecen, pois, mentres os demais nenos entran na aula, eles non fan máis ca chorar alí fóra. Unha vez dentro, a mestra ensínalles o planeta no que viven e as súas culturas, ademais de explicarlles que, aínda que haxa moita xente con diversos costumes, parecémonos moito entre nós. Así todos conversan das súas familias e do lugar de procedencia dos seus pais. Unha vez rematada a clase, saen e agardan a que veñan buscalos. Ao chegar á casa, Vicente fállalle a súa nai da súa nova amiga e ao día seguinte érguese con moitas ganas de ir ao colexio. Finalmente, a amizade tamén se establece entre os pais e a historia remata coa celebración dunha gran festa chamada “culturas de todo o noso planeta”. María Espluga Solé (Barcelona, 1968) presenta unhas ilustracións figurativas nas que a técnica empregada é a acuarela con cores cálidas, onde predominan os fondos amarelos intensos que transmiten sensacións de alegría. As distintas razas que teñen os nenos do relato non están moi marcadas coas formas dos rostros, as diferenzas son máis evidentes cas cores empregadas na pel.

Nöstlinger, Christine, *Intercambio cun inglés (Das Austauschkind)*, ilust. Gerardo Amechazurra, trad. Rosa Marta Gómez Pato, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 12, serie azul, a partir de 12 anos, 2006, 198 pp. (ISBN: 84-9811-072-6).

Nesta novela xuvenil de corte realista, unha voz narrativa en primeira persoa, que aparece como o narrador do seu propio diario e que está apoiada pola intervención de varios personaxes, conta as consecuencias que ten para unha familia vienesa a chegada dun rapaz de Inglaterra chamado Jasper. Todo comeza cando a nai do rapaz inglés, chamado Edwald, decide mandalo de intercambio a Inglaterra para que mellore o seu inglés, pero ante a negativa do rapaz, ela decide traer á casa un neno inglés de nome Tom que, como rompe un brazo, é substituído polo seu irmán Jasper, un neno problemático e cun comportamento difícil. Cando os pais de Edwald coñecen o carácter de Jasper, comezan a buscar unha excusa para mandalo de volta coa súa familia, até que son convencidos por Edwald e a súa irmá de que lle dean unha nova oportunidade, despois de seren partícipes da historia da infancia do rapaz inglés. Xa de vacacións, deciden facer unha viaxe e, tras unha serie de paradas e visitas, chegan a Roma, onde Jasper leva un gran desgusto e pensa se a súa vida segue a ter sentido. De novo en Austria, Jasper ten que volver a Inglaterra, a onde volve sendo un neno que, durante un intercambio de seis semanas, se sentiu comprendido e querido. Este relato de Christine Nöstlinger (Viena-Austria, 1936) vese apoiado no interior polos debuxos de Gerardo Amechazurra (Madrid, 1951) que están realizados nun estilo figurativo e axudan a caracterizar aos personaxes principais; no deseño das figuras teñen importancia as expresións das caras, reflectindo diferentes emocións. As composicións ocupan unha páxina enteira e, ás veces, media. A técnica empregada é a tinta negra a “plumilla”, xogando co trazo e as tramas para conseguir uns debuxos realistas. A ilustración da cuberta, de Riki Blanco, é unha colaxe con papeis e fotografías que non ten nada que ver co título nin coa narración.

Recensións:

- Paula Fernández, “Estética do cotián”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 188, “Infantil/Xuvenil”, 14 decembro 2006, p. VII.

Ofrece o argumento desta nova tradución de Christine Nöstlinger, *Intercambio cun inglés*, que se estrutura en dúas partes fundamentais: unha que presenta a chegada e os motivos que levan ao neno inglés á casa de Elsi, e a segunda que narra os acontecementos vividos nesa casa logo da chegada de Jasper. A seguir, comenta que, con estética de diario, a historia agocha un problema de inadaptación importante dun rapaz vítima dunha situación familiar moi inestábel, que consegue levar o protagonista, Elsi, e o lector dende unha posición de rexeitamento inicial cara a unha relación sincera de amizade e respecto entre Jasper e todos os membros da familia. Considera que se trata dunha novela típica para adolescentes, cargada dalgúns tópicos e que introduce temas de interese na actualidade, ademais de opinar que este tipo de historias provocan sentimentos nobres no lector e advirten de certos problemas do seu contorno.

Paez, Andrés J. P., *Fredi o bo*, ilustr. Max Aguirre, trad. María Dolores Martín Piñeiro, Barcelona: Círculo latino, col. El Globo Rojo, [lectorado autónomo], abril 2006, [24] pp. (ISBN: 84-96129-92-6).

Fredi era un rapaz excelente e cunha intelixencia pouco común, que, só polo seu aspecto, era discriminado polo resto dos rapaces da aldea. Por iso, os seus compañeiros nunca o invitaban a ningures. Un día, Fredi, que era un grande afeccionado aos inventos, fabricou unha máquina voadora coa que salvou unha rapaza da aldea, que estaba a piques de caer dun barranco, o que provocou que gañase o recoñecemento dos rapaces da súa aldea. A partir daquela, ninguén volveu a desprezar a Fredi polo seu aspecto e comezaron a tratar con el. Este relato bilingüe, galego-inglés, de Andrés J. P. Paez, está acompañado dunhas ilustracións de Max Aguirre (1971) completan o que vai desvelando o texto. As composicións son variadas e describen as situacións con detalles que enriquecen a narración, agregando información sobre os ambientes e o contorno. A descrición do protagonista séguese fielmente nas imaxes.

Paez, Andrés J. P., *A pedra perdida (La piedra perdida, 2006)*, ilustr. Max Aguirre, trad. María Ana Capelle, Barcelona: Círculo latino, col. El Globo Rojo, [lectorado autónomo], abril 2006, [24] pp. (ISBN: 84-96129-74-8).

Neste álbum fantástico-realista un narrador omnisciente conta as vivencias de dous monstros irmáns, Vicente e Bubi, que viven felices no bosque, gozan da natureza e buscan fermosas pedras. Un día Bubi ensínalle unha fermosa pedra vermella a seu irmán, quen logo descobre que a pedra fora roubada no colexio. Esta mala acción entristece moito o monstro maior, que decide falar con Bubi para explicarlle que debe devolver a pedra e así facerlle ver o erro que cometeu. Este relato bilingüe (galego-inglés) de Andrés J. P. Paez apóiase con diversos debuxos de Max Aguirre (1971), que van ilustrando e completando a narración a través de formas e cores diferentes, mentres que os grafismos son idénticos ao longo de toda a narración.

Paez, Andrés J. P., *Os vampiros non existen! (Los vampiros no existen!, 2006)*, ilustr. Max Aguirre, trad. María Ana Capelle, Barcelona: Círculo latino, col. El Globo Rojo, [lectorado autónomo], abril 2006, [24] pp. (ISBN: 84-96129-73-X).

Andrés J. P. Paez é o autor desta versión bilingüe (galego-inglés) dun relato de misterio e terror no que un narrador omnisciente en terceira persoa é o encargado de presentar a Verónica, unha rapaza que está convencida de que o seu veciño é un vampiro, pois todas as noites unha multitude de monstros visitan a súa casa e organizan festas. Despois de compartir as súas desconfianzas cos pais e compañeiros, todos se limitan a dicirlle que os vampiros non existen e que só son imaxinacións súas. Coa axuda da súa avoa, que era unha meiga boa, descobre que o vampiro é Varnei, un amigo seu. Varnei pídelle desculpas a Verónica por tela asustado e ela dille que a partir dese momento non lle importará que faga ruído coas súas festas. O tempo pasou e Varnei marchou, pero dende entón Verónica aprendeu que non se debe xulgar a xente só pola súa aparencia. As ilustracións de Max Aguirre (1971) para este libro completan con imaxes o que vai desvelando o texto. As composicións son variadas e describen os distintos personaxes con detalles que achegan información sobre os ambientes onde se atopan. A descrición dos monstros protagonistas segue fielmente os tópicos dos vampiros, das momias, etc.

Paez, Andrés J. P., *As dúas meigas*, ilust. Max Aguirre, trad. María Dolores Martín Piñeiro, Barcelona: Círculo latino, col. El Globo Rojo, [lectorado mozo], 2006, [pp. 24] pp. (ISBN: 84-96129-96-9).

Neste conto fantástico Andrés J. P. Páez, a través dun narrador en terceira persoa, relata a historia de dúas meigas xemelgas, Pilar e Manuela, que vivían nun castelo co seu gato negro Bepho. Pilar era unha meiga boa que xogaba cos nenos, facía pasteis de chocolate e todos a querían moito, mentres que Manuela era unha berrona e metía moito medo, pois cando os nenos ían visitar a Pilar ela transformábalos en sapos. Pilar coidaba con esmero as flores que tiñan no castelo e Manuela só tiña unha e media murcha, que non podía avivar nin coa maxia. Ao ver Pilar esta flor, coidouna até que quedou fermosa, polo que Manuela se puxo triste ao darse conta de que nin Bepho se lle achegaba. Para arranxar esta situación, fixeron unha gran festa á que invitaron a todos os nenos e a partir da cal Manuela quedou moi contenta, ao ver que recuperara o seu cariño. Este relato bilingüe (galego-inglés) conta coas ilustracións figurativas de Max Aguirre (1971). Na cuberta, un debuxo a lapis de cores presentalle ao lectorado agardado dúas meigas voando nunha vasoira. As ilustracións do interior compoñen distintas situacións cos protagonistas en actitudes propias da súa natureza, por exemplo, facendo feitiços nun Castelo. As imaxes describen o tenebroso polas cores escuras que empregan. O desenlace final vai acompañado dunhas imaxes nas que as cores cambian e se fan máis alegres para remarcar un remate feliz. As formas están perfiladas por unha liña negra.

Pérez Sabbi, Mercedes, *As dentaduras de Paco Palma (Las dentaduras de Paco Palma*, 2006), ilust. Renata Gallio, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado], novembro 2006, [34] pp. (ISBN: 84-96573-85-0).

Un narrador omnisciente, apoiado pola proia voz dos personaxes, relata os sucesos que lle acontecen a Paco Palma, o carteiro de Aguazul, que facía uso de dúas dentaduras: unha branca para pensar e outra laranxa para comer. Todo comeza un luns pola mañá durante o seu traballo, xa que, cando se dispuña a mudar a dentadura branca pola laranxa e comezar a comer, se decata de que esquecera a comida. Pero de tanta fame que tiña quedou durmido e

empezou a ter soños, que ían collendo forma de comida e flotaban. A partir destes soños créanse ríolas repetitivas, nas que diferentes personaxes (os paxaros, o vagabundo e o can) aproveitan a ocasión para apañar tanta comida como poden. Paco Palma esperta e muda a súa dentadura laranxa pola de pensar e descobre que o cambio non é suficiente para entender a situación máxica que se vive na vila. Dado que a situación lle resulta incomprensíbel volve a pór a dentadura laranxa e aproveita o momento para comezar a comer el tamén. Este relato de Mercedes Pérez Sabbi (Acassuso-Bos Aires) conta coas ilustracións figurativas de Renata Gallio centradas na figura do protagonista e realizadas con pinturas de cores escuros e moi matizadas. As composicións son a dobre páxina; deixan partes sen imaxe para situar o texto que, ás veces, cambia o tamaño ou a dirección para acentuar visualmente as palabras.

Plaza, José María, *¿Quen era Cristovo Colón? (¿Quién era Cristóval Colón?)*, ilust. Natasha S. Rosenberg, trad. Francisco Lestón, Barcelona: Edebé - Rodeira, [lectorado autónomo], 2006, 48 pp. (ISBN: 84-8349-019-6).

Volume de José María Plaza que achega a vida de Cristovo Colón aos máis pequenos, axustando a narración dos acontecementos históricos á idade do lectorado. A historia comeza cando Cristovo era neno e vivía en Xénova cos seus pais, ía á escola e xogaba cos seus amigos. Xogos e aventuras ás que se invita a participar aos lectores grazas as ilustracións a tamaño páxina que acompañan o texto. Dende neno o seu soño xa era descubrir novas terras e facerse famoso e, así, primeiro fíxose grumete nun barco, despois mariñeiro, até que chegou a Portugal e quedou alí, casou e tivo un fillo. Pero quería descubrir novos mundos e embarcarse nunha nova aventura, chegar á India a través do Océano Atlántico. Xa en España, os Reis Católicos, inmersos na guerra contra os árabes, apoiaron a súa empresa. Por fin, coas tres carabelas partiu rumbo ás Indias. Cando avistaron terra pensaron que xa chegaran, pero o que alí atoparon foron indíxenas espídos, pintados de cores, froitas e moito ouro. Descubríranse novas terras para España e Colón era recibido coma un heroe. Máis tarde saírían máis naves cargadas de homes ansiosos de atopar ouro, pero os reis reclamábanlle a Cristovo que trouxera moi pouco ouro e moitos indios salvaxes. O novo mundo non era un paraíso, estaba cheo de perigos daqueles que defendían o seu e, por riba, Portugal tamén quería conquistar ese territorio. Da súa última viaxe Colón regresa a España fracasado e enfermo, ninguén o recoñece e morre esquecido. Pero a historia recupérouse como un dos personaxes máis importantes, descubridor de América. A ilustradora Natascha S. Rosenberg elabora unhas imaxes por ordenador moi coloristas, cun estilo propio do cómic, que intenta narrar visualmente a historia de Cristovo Colón por viñetas. Se se miran con detemento as imaxes, a persoa que as observa decátase de que a ilustradora pretende ir máis aló que o simple acompañamento do texto, e intenta establecer un xogo entre o espectador e as ilustracións, mediante probas lúdicas e de observación. Así o lectorado pódese encontrar con ilustracións nas que ten que buscar onde se atopan certos personaxes, como Colón ou os Reis Católicos, noutras ten o enigma, buscar dez semellanzas entre unha imaxe e outra, ou mesmo as gardas compoñen un xogo da oca coa historia e personaxes da vida do navegante xenovés. Son ilustracións con moita gama de tonalidades cálidas, para representar espazos ou personaxes estilizados e con cabezas un pouco máis grandes en proporción aos corpos.

Prats, Joan de Déu, *O home invisible (L'home invisible*, 2004), ilust. Núria Colom, trad. Rosalía Grandal Montero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 32, serie verde, a partir de 10 anos, maio 2006, 59 pp. (ISBN: 84-9782-433-4).

Unha voz narrativa en terceira persoa relata a particular historia do señor Xenaro, un home extremadamente normal, se non fose por un detalle: a xente nunca reparaba nel. De feito, os veciños non o saudaban, no bar non lle poñían o seu poexo e no mercado non o atendían. A súa triste e gris vida comezou a mudar coa chegada de Greta, unha cadeliña abandonada que lles ladraba a todas as persoas con sombreiro, pois, como tiña que sacala a pasear, facía unhas boas camiñadas e aproveitaba para visitar recunchos da cidade aínda descoñecidos. Todo isto provocou que a xente comezase a saudar ao señor Xenaro e que este se enfrontase a todos aqueles que o ignoraran e mudase a súa vestimenta e modos de vida, así como se afeccionase á música. A súa liberación total deuse cando, grazas a unha árbore, desatou o seu corazón e se reencontrou co neno que levaba dentro e que, ao medrar, se escondera tanto da vida que se transformara no home invisíbel. Agora as súas sensacións xa non as encerraba nunha vella caixa de lata, senón que as convertía en música co seu saxofón, e sentía que a vida aínda lle agochaba innumerábeis sorpresas agradábeis. As ilustracións figurativas de Núria Colom (Barcelona) complementan o texto de Joan de Déu Prats (1962) ao mostrar o protagonista segundo as descrições verbais. As formas están estilizadas e construídas con planos en tintas grises, rodeados de grosas liñas negras. A expresión do protagonista está configurada con moi poucos trazos, aínda que transmite distintas situacións. Acompañan aos debuxos unhas fotografías recortadas de instrumentos, que contrastan coa simplicidade dos debuxos. Péchase o volume coas intervencións dos dous autores, que achegan datos persoais e comentarios sobre a súa produción.

Recensións:

- María Navarro, “Pezas dun crebacabezas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 186, “Infantil/Xuvenil”, 30 novembro 2006, p. VII.

Resume o argumento desta obra de Joan de Déu Prats, *O home invisible*, que presenta a historia de Xenaro que, de tanto esconderse da vida, se estaba a converter en invisíbel. Considera que esta é unha realidade que, se cadra, é máis común do que nun principio poida parecer, pois, por veces, a roda da rutina atrapa a vontade e é difícil escapar da espiral e algo ten que suceder para que todo mude, como lle acontece a Xenaro cando se encontra coa cadela Greta. Opina que se trata dun exemplo de superación, que pode estar afastado do mundo dos destinatarios do libro, pero que aplicado a cativos e mozos pode resultar válido para todos, pois cadaquén é corresponsábel coa súa vida.

Pratt, Hugo, *Corto Maltés. Badalada do mar salgado (Corto Maltese. Una ballata del mare salato*, 1995), trad. de Ánxela Gracián, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], 2006, 262 pp. (ISBN: 978-84-8288-911-5).

No corenta aniversario da aparición dos cómics protagonizados por Corto Maltés, Hugo Pratt (Rimini-Italia, 1929-1995) presenta esta novela de aventuras, que traslada o lectorado agardado aos Mares do Pacífico Sur, nos que uns intrépidos piratas, uns mozos de boa familia,

uns nativos e membros de diferentes exércitos van vivir unha serie de historias, nas que se mesturan as ansias de enriquecemento e a traizón, pero tamén a camaradería e a entrega á patria. Despois dun primeiro capítulo, no que se alude aos primeiros anos de vida de Corto Maltés en Córdoba, cando debuxa na palma da súa man a liña da fortuna, que unha xitana lle negara posuír, sitúase a acción nos inicios da primeira Guerra Mundial. A seguir, ao longo dos restantes dezanove capítulos, un narrador en terceira persoa achega a quen le ao exército pirata dun misterioso personaxe coñecido como o Monxe, que enrola os homes máis leais e elixe as embarcacións máis resistentes para acumular unha grande fortuna. En concreto, todo comeza cando unha das súas embarcacións, que está dirixida polo capitán ruso Rasputín, rescata a Caín e a Pandora, uns mozos que naufragaran por mor dunha tormenta, e o propio Corto Maltés, que fora atado por uns inimigos a unhas táboas, logo de sufrir un motín. A dura vida do mar aínda se tornará máis fera polas malévolas accións de Rasputín, que non trata ben os rapaces nin os seus homes, e polos feitos acontecidos, pois vense prisioneiros na aldea papúa dos Sepik, despois de ser atrapados por un ciclón. Malia todo, logran fuxir coa axuda do indíxena Cranio e o oficial alemán Slütter recólleos no seu submarino e lévaos até Escondida, unha illa que está fóra das rutas marítimas principais e que está habitada polo Monxe e a súa xente. Alí, desvélanse máis datos sobre a rica familia dos rapaces, os Groovesnore, e o Monxe échese de angustia e desesperación ao ver a Pandora. Os ataques provocados pola citada contenda bélica provocan que Pandora sexa levada por Tarao, un maorí de Nova Celandia, até Togatapu, dende onde se pon en contacto coa súa familia, que organiza os efectivos necesarios para rescatar a Caín. Finalmente, o castigo exemplifícase nalgúns homes do Monxe, de quen se coñece a súa auténtica identidade, e Corto Maltés é liberado, xa que os rapaces testemuñan ao seu favor. Xa libre, este heroe, representante da integridade humana e do amor, segue sucando os mares acompañado de Tarao. Este volume presenta na cuberta un deseño de Fausto Isorna (Catoira, 1961) que amosa na parte superior un anaco do protagonista, un clásico da banda deseñada, que aparece co seu aspecto orixinal. Na contracuberta aparece a fotografía do autor.

Prestifilippo, Pablo, *Manual de calcetíns salvaxes* (*Manual de calcetines salvajes*, 2005), ilustrado polo autor, trad. Silvia Pérez Tato, Vigo/Pontevedra: Faktoría K de Libros/Kalandraka Editora, [lectorado mozo], 2006, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-508-5).

Volume de Pablo Prestifilippo (Bos Aires, 1960) que se abre cunha introdución na que se responde á pregunta “¿Que é un calcetín salvaxe?”. A seguir, no apartado 2, “Orixes”, dáse conta de onde sae a lá salvaxe coa que se fan este tipo de calcetíns, indícase cómo se lle quita a lá a unha ovella salvaxe e cómo esta se tece. No apartado 3, “Anatomía”, dáse conta das partes das que constan estes calcetíns, fálanse das características dos seus sentidos e das razas existentes. En “Costumes”, apartado 4, infórmase da vida do calcetín salvaxe comentando o hábitat no que vive, a alimentación e hixiene que realiza, así como a vida social que leva. “A vida sexual dos calcetíns” é o obxecto do apartado “Reprodución”, mentres que o apartado 6, está centrado na súa Psicoloxía, e o 7, na Ecoloxía. Finalízase indicando que son numerosas as historias que teñen como protagonistas a calcetíns salvaxes e un narrador en primeira persoa conta a súa historia co calcetín salvaxe que el tiña e que lle agasallara a súa mestra, calcetín que “está máis salvaxe que nunca, pero é feliz”. O libro, que está ilustrado polo propio autor, sorprende a quen o colle nas mans cunhas ilustracións nas que se cuida a disposición visual dos textos arredor das imaxes e mesmo coa colocación do código de barras. Estes detalles non fan máis que anticipar unha ilustración que, como tamén o fai o texto, se

sae do habitual, para presentar unha historia peculiar. Para abondar no formato de manual elixido polo autor, as ilustracións varían, e tanto adoptan a composición de páxina enteira como aparecen esquemas, anacos de xornais ou viñetas numeradas. Pero todo dentro dun concepto ocorrente e grotesco das imaxes nas que os protagonistas son uns calcetíns figurativos, pero con características divertidas: teñen ollos, boca, extremidades e asumen atitudes animadas. A técnica empregada é a pintura, aplicada con pinceladas expresivas e as tonalidades que predominan son cálidas.

Recensións:

- CLIJ, “Manual de calcetines salvajes”, *CLIJ (Cuadernos de literatura infantil y juvenil)*, n.º 193, “Libros/Novedades”, maio 2006, p.64.

Recórdase que esta prenda de roupa foi moi usada na literatura e refírese a esta obra concreta, que con honras inaugura unha nova colección. Sinala que se trata dun disparate delicioso en forma de álbum no que destaca a proposta visual con recursos do cómic, a pintura, libros de coñecemento e publicidade. Cualifícase a obra dun conxunto aparentemente caótico de imaxe e texto para falar sobre un calcetín salvaxe con humor e ironía. Remátase facendo unha comparación dos calcetíns cos humanos que ás veces teñen a cabeza nos pés.

Risari, Guia, *Aquiles o puntiño (Aquiles el puntito, 2006)*, ilust. Marc Taeger, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, [prelectorado], marzo 2006, [36] pp. (ISBN: 84-8464-568-1).

Conto de Guia Risari (Milán, 1971) no que se describe cómo se vai transformando un punto azul nun ser con todos os atributos dos humanos, unha historia que pode ser interpretada como unha alegoría do nacemento da vida na terra. Así, comeza cun punto azul case transparente nunha folla branca, que se transforma nun ollo e posteriormente en dous, que se colocan nunha cabeza, o cal lle permite pensar. Despois de bautizarse co nome de Aquiles, o punto vai creando un corpo para responder ás necesidades que lle xorden: unha boca para falar, dúas pernas para camiñar, un nariz para ulir, dúas orellas para oír, dous brazos para poder erguerse do chan, etc., até completar a súa fisionomía con dous pés para xogar á pelota. Finalmente, Aquiles observa o ceo cheo de estrelas e confía en que algún día calquera daqueles puntos da noite abandone tamén o seu lugar e o acompañe a el. O libro está ilustrado por Mar Taeger (Berna, 1963) cuxa composicións seguen un ritmo visual que se vai complicando conforme avanza a narración. As primeiras páxinas case non teñen imaxes e só aparece a cor azul do punto; pouco a pouco engádense máis formas e máis cores e, deste xeito, o que era totalmente abstracto convértese nunha figura. O relato das imaxes vai paralelo ao do texto. A técnica empregada xoga coa pintura para enriquecer os fondos e dotalos de textura. As formas das figuras están recortadas en papeis e integradas nas composicións con pinceladas. As imaxes teñen unha presenza visual que recorda a pintura de Miró, tanto nas formas coma nas cores. Trátase dun álbum de edición coidada que presenta as gardas cheas de puntiños.

Recensións:

- CLIJ, “Aquiles el puntito” *CLIJ (Cuadernos de literatura infantil y juvenil)*, n.º 196, “Libros/Novedades”, setembro 2006, p. 68.

Comézase recordando a frase “Tanto monta, monta tanto” que, nesta ocasión, non fai referencia aos Reis Católicos, senón á perda de simbiose entre texto e imaxe deste álbum que aborda de forma metafórica, pero diáfana, a orixe das cousas e a aventura de “ser”. Descríbese a historia de crecer que se segue a través das palabras descritivas e poéticas e de imaxes, colaxes cubistas “que golpean nuestras retinas”. Compárase ao ilustrador con Joan Miró pero con personalidade propia.

Rivadavia, Bernardino, *Marizul, que soña que soña que soña...* (*Marizul, que sueña que sueña que sueña...*), ilust. Maurizio A. C. Quarello, trad. Manuel Darriba, Pontevedra: OQO Editora, [prelectorado], xuño 2006, [75] pp. (ISBN: 84-96573-55-9).

Un narrador omnisciente en terceira persoa é o encargado de introducir ao pequeno lectorado nun reino lonxe de calquera parte, onde se falaban todos os idiomas, se lembraban todos os lugares e se chegaba a el extraviándose, así como só extraviándose se saía del. Ese lugar estaba gobernado polo rei Eric o Bondadoso que, nos últimos tempos, tiña problemas para conciliar o sono, polo que chamou a Trifón, o meigo da corte, que decidiu usar o engado do amorodo para solucionar o problema real. Mais, durante a preparación do encargo, non só el se quedou durmido, senón que tamén a súa doce sobriña Marizul, que, ao ficar vencida polo sono, visitou uns lugares para ela descoñecidos até o momento. Así estivo na terra do que se perdeu e nunca apareceu, na terra do que non foi, pero puido ter sido e na terra do que se che ocorra, onde coñeceu personaxes un tanto curiosos e experimentou vivencias sorprendentes, fantásticas e tamén graciosas, ademais de ser agasallada, respectivamente, coa caixiña de todas as esencias, co corno de todos os sons e coa esfera de todas as imaxes. Cando espertou, Marizul correu cara á cama do tío, quen lle dixo que soñara todos os seus soños e que llo ían contar ao rei. Despois de este confesar que, realmente, o que tiña era medo de durmir e ter pesadelos horribes, Trifón reveloulles que o segredo estaba en distraer a Tardo, o xenio dos pesadelos, polo que lle puxo unha presa de millo e alpiste para que contase, pois a súa paixón era contar e sempre se confundía antes de chegar a cen. O rei recuperou o sono e fíxose unha gran celebración, na que Marizul foi agasallada por un trasno verde co bombón de todos os sabores, antes de, finalmente, espertar. Esta historia, de Bernardino Rivadavia, está ilustrada por Maurizio A. C. Quarello (Torino-Italia, 1974). As ilustracións, moi coidadas, están realizadas nun estilo surrealista, que mestura imaxes reais con imaxes soñadas. Na primeira páxina o ilustrador fai unha relación dos referentes pictóricos que lle serviron de inspiración, o que se aprecia nas composicións das imaxes e dos personaxes: por exemplo, os espazos iluminados ao estilo de Edward Hooper, ou a figura construída con distintos obxectos coma se fora de Arcimboldo, ou pequenas figuras sacadas dos cadros de Bruegel. A técnica empregada é a pintura, coa que constrúe unhas formas figurativas que complementan o texto recreando as fantasías ideadas polo autor. As tonalidades empregadas están moi matizadas e predominan os ocres, grises azulados, verdes, pardos e vermellos.

Recensións:

- María Navarro, “Abonda con crer”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 180, “Infantil/Xuvenil”, 19 outubro 2006, p. VII.

Comenta que o soño é o marco de referencia empregado por Bernardino Rivadavia en *Mariluz que soña*, para deseñar un mundo complexo e sinxelo á vez, onde os personaxes desfilan unhas veces desnortados e outras como auténticos coñecedores do seu destino. A seguir, achega o argumento desta historia, no que unha fantasía desbordante encadea e entremestura varias planos, que plasticamente recrea A. C. Quarello con riquísimas ilustracións non exentas de certas referencias intertextuais a pintores como Alberto Durero, Francisco Goya, Edgard Hopper ou George Grosz.

Rivera Ferner, Marta, *Unha perla para Yamila (Una perla para Yamila)*, ilust. da autora, trad. Alba Piñeiro, Valencia: Brosquil Edicións, col. Estrella Polar, [lectorado autónomo], 2006, [29] pp. (ISBN: 84-9795-259-6).

Relato de Marta Rivera Ferner (La Pampa-Arentina) que se ambienta en Oriente, no palacio do Gran Karozo, que quere ter unha noiva coa que saír a pasear. Malia posuír moitas cousas carece dunha princesa cun lunar na fronte, polo que, vestido de campesiño, recorre os camiños na súa busca. Nesta viaxe ve ríos, cidades, miles de comerciantes coa súa mercadoría e namórase de Yamila, a moza que cumpría coa característica física que el desexaba. Xuntos percorren o mundo enteiro, compran diferentes cousas, len libros e axudan aos demais para que poidan obter a felicidade. En canto ás ilustracións, a técnica mixta é o recurso máis utilizado. A ilustradora recorre á colaxe fotográfica, é dicir, obtén imaxes que descontextualiza do seu lugar orixinal e elabora unha nova interpretación das mesmas. Así o lectorado pode observar ilustracións nas que as cunchas dunhas tartarugas se compoñen de dúas vidreiras ou nas que as fiestras do palacio están recheas de fotografías de froitas. Ás veces, utiliza as imaxes en sentido figurativo e outras en sentido abstracto. Xeralmente, fai uso dos lapis de cores para debuxar a expresión facial dos personaxes, así como tamén para crear unha atmosfera unificadora a través dos fondos de diferentes cores. Son ilustracións que centran o interese visual nas figuras, aparecendo en primeiro plano.

Rodríguez Almodóvar, Antonio, *A bruxa que comía as palabras bonitas*, ilust. Santy Gutiérrez, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 9, [lectorado autónomo], 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-60-7).

Neste relato de Antonio Rodríguez Almodóvar (Alcalá de Guadaira-Sevilla, 1941) cóntase, por medio dun narrador omnisciente e da propia voz dos personaxes, o que lle acontece a Alberte un día de escola. Así, a trama susténtase nas burlas que o neno ten que soportar dos seus compañeiros por non levar os deberes feitos, xa que a súa cadela, que era coa única que falaba sen parar, llos agochara. Esta historia está apoiada polas ilustracións figurativas de estilo infantil, de Santy Gutiérrez, que contextualizan as escenas que ocorren en distintos lugares, achegando información visual con detalles da escola ou da rúa. As expresións das figuras están moi traballadas e reflicten emocións variadas. As cores rechean as formas rodeadas por unha liña negra.

Rubio, Antonio, *O poliño da abeleira (El pollito de la avellaneda*, 2006), ilust. Gabriel Pacheco, trad. Silvia Pérez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os Contos do Trasno,[lectorado autónomo], febreiro 2006, [28] pp. (ISBN: 84-8464-531-2).

Adaptación ao galego deste conto que Antonio Rubio (El Puente del Arzobispo-Toledo, 1953) recolleu da tradición popular. O relato presenta a clásica estrutura acumulativa e encadeada a través da repetición dunha mesma estrofa. Parte do que lle sucedeu a un poliño que estaba comendo coa súa mamá galiña baixo unha abeleira e que se atragoou cunha abelá. A nai, para evitar que afogue, corre primeiro á casa da ama pero como esta non ten zapatos, ten que ir buscar ao zapateiro. Este non ten coiro e mándaa xunta da cabra que quere herba, así que mamá galiña ten que irlla pedir ao prado. Como o prado está seco, mamá galiña vaille pedir auga á nube. Daquela, a nube dálle auga ao prado, o prado herba á cabra, esta coiro ao zapateiro e o zapateiro pode facer os zapatos da ama para que axude ao poliño sacándolle, finalmente, a abelá da gorxa. En case todas as ilustracións de Gabriel Pacheco (Cidade de México, 1973) se parte dunha liña base que actúa como chan, dunha cor marrón moi escura que contrasta co fondo ocre ou branco, segundo corresponda. O ilustrador pinta obxectos e personaxes de estilo figurativo e desproporcionados, con pernas e brazos moi longos con respecto ás outras partes do corpo.

Recensións:

- María Navarro, “Conto popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 177, “Infantil/Xuvenil”, 21 setembro 2006, p.VII.

Achega á obra *O poliño da abeleira* de Antonio Rubio e Gabriel Pacheco. Comeza ofrecendo algúns datos sobre o mesmo para a continuación subliñar aqueles aspectos máis significativos da obra como o texto sinxelo e repetitivo, en forma de conto popular, o ritmo e a repetición da estrofa e as chamativas ilustracións para captar a atención do espectador. Remata coa recomendación da lectura da obra.

- CLIJ, “El pollito de la Avellaneda” *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 198, “Libros/Novedades”, novembro 2006, p. 60.

Recordan que se trata da adaptación dun conto popular procedente de Cuenca do que hai moitas variantes procedentes doutros ámbitos xeográficos, un conto de estrutura acumulativa e encadeada con grandes doses de absurdo. Describen o argumento e salientase que sempre se repite unha estrofa, marcada en negriña, que é a que imprime ritmo ao texto. Remátase comentando a posta en escena por parte do ilustrador, un artista procedente do mundo do teatro, moi sinxela e acorde co ton do relato e que anima por medio da *collage*.

San Miguel Martos, Julia, *O oso e o seu dente*, ilust. Marta Munté Vidal, trad. Silvia Tato, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], 2006, [31] pp. (ISBN: 84-8464-605-X).

Neste relato fantástico, de Julia San Miguel Martos (Madrid, 1965), por medio dun narrador omnisciente, preséntase a historia dun oso ao que lle abanea un dente e quere que lle caia para

que o trasno do bosque lle traia un regalo. Despois de probar varios alimentos duros, ofrecidos polos seus amigos animais, consegue o seu propósito, pero coa ledicia de celebralo perde o dente. Así, comezan a buscalo coa axuda dunha lupa coa que a toupa ve as bolboretas, que semellan ser papaventos e as miñocas, serpes, mentres que o esquío ve ás abespas que semellan ser dragóns e os paxaros, avións que voan polo ceo. Cando mira o cervo pola lupa ve ás formigas, que parecen camións e, das cales, unha leva a mazá na que ficou o dente. Así o oso recupera o seu dente que, cando vai para durmir, garda xunto a unha carta debaixo da cama para que o trasno do bosque lle traia un regalo. O trasno deixarlle unha cesta cunha raiola de luz, polas de piñeiro, auga e petalos de flores, mais, examinando a cesta coa lupa, vese un fermoso bosque que se converte nun bosque real, onde oso e os seus amigos xogan. As ilustracións realizadas por Marta Munté Vidal (Barcelona, 1972) son de estilo figurativo e nelas trátanse aos animais como ás persoas. As gardas están decoradas con pequenos debuxos dos animais salpicados pola páxina. Xa dende a cuberta avánzase o tema do relato: a fantasía infantil que relaciona a caída dun dente coa aparición dun agasallo. Nela vese ao protagonista cunha almofada e cun dente na man. A páxina da portada está centrada nun primeiro plano da almofada co dente. No interior as ilustracións van sucedéndose e configurando un relato no que as imaxes non necesitan do texto para comprendelo.

San Miguel Martos, Julia, *O monstro de Ricardo (El monstruo de Ricardo)*, ilust. Rocío Martínez, trad. Silvia Pérez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], abril 2006, [28] pp. (ISBN: 84-8464-570-3).

Neste libro de Julia San Miguel Martos (Madrid, 1965) cóntase o que lle aconteceu a Ricardo e á súa irmá unha noite calquera. Ricardo tiña un monstro que lle facía cóxegas e ría con el. Non lle tiña medo, pero súa irmá quería para ela e esa noite apareceu disfrazada na habitación de Ricardo e rouboulle o monstro para xogar con el no berce. Súa irmá era para el o verdadeiro monstro, pero cando seus pais aparecen e ven a nena pintada, cos chichos desfeitos e bigote pintado, pensan que, coma sempre, fora seu irmán Ricardo, o monstro de Ricardo. As ilustracións son a dobre páxina, cheas de cor, moi expresivas, e serven de complemento á breve narración da que se compón a historia. A ilustradora Rocío Martínez utiliza a pintura, malia que ás veces tamén inserta pequenas imaxes para salientar algúns obxectos case imperceptíbeis, e recrea uns espazos interiores e nocturnos con tonalidades frías, aínda que tamén fai uso das cores cálidas, principalmente, para as roupas dos personaxes.

Sennell, Joles, *A bruxa enrabeçada*, ilust. Malagón, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 8, [lectorado autónomo], setembro 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-58-5).

Neste álbum fantástico-realista, Joles Sennell (Vic-Barcelona, 1945), a través da voz dun narrador omnisciente, recrea a liorta acontecida entre dúas bruxas por culpa da receita da Beberaxe Verde, que fai medrar o nariz e as orellas á xente. A bruxa Damedá atopa a receita e comeza a preparala na súa ola, aínda que se despista e a ola rompe, polo que decide buscar a causante do estrago, culpando a toda bruxa que atopa. A través da bruxa que máis manda, soluciona o problema: a que lle romperá a ola fora a bruxa Estragadora, porque ela era a dona da receita. Finalmente, chegan a un acordo: facer a receita xuntas e non pelexarse. Este relato

está apoiado polas ilustracións figurativas de José Rubio Malagón. A imaxe da cuberta ten tres bruxas, unha delas enrabechada, co cal hai unha coincidencia entre título e ilustración. Os debuxos están perfilados por unha liña negra e recubertos de cor con tintas planas. As imaxes dos personaxes están cheas dos tópicos que caracterizan ás bruxas: nariz afiada, verrugas, queixos prominentes, desdentadas, pel de cor verde, sen peitear, sombreiro en pico e roupa negra, no entanto non resultan repugnantes nin meten medo; teñen unha aparencia simpática. As escenas ilustradas serven para seguir o relato ao ver as figuras dentro dun contorno que achega información sobre o que lles ocorre. O ilustrador aprópiase de recursos visuais do cómic para facer máis expresivas as imaxes: emprega “bocadillos”, liñas de expresión, cinéticas, etc. Ao final hai unha ilustración de nenos en atitudes de pelexa acompañando á reflexión didáctica.

Sierra i Fabra, Jordi, *Chamando ás portas do ceo (Llamando a las puertas del cielo)*, Premio Edebé de Literatura Xuvenil, ilustr. César Farrés, trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, n.º 21, [mocidade], abril 2006, 286 pp. (ISBN: 84-8349-003-X).

Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) toma o título desta novela dunha coñecida canción de Bob Dylan e nela, empregando a terceira persoa narrativa, relata a experiencia de Silvia, unha atractiva estudante de Medicina de dezanove anos que decide pasar o verán na India traballando de cooperante. Coa súa decisión, deixa atrás, na súa Barcelona natal, as presións da súa familia, sobre todo de seu pai, o prestixioso cirurxián plástico Rosendo Prats, que non comprende o desexo da filla; mais tamén viaxan con Silvia outras pantasma, sobre todo, a incompreensión da súa parella, Arturo, que se despide dela cunha tensa frialdade, cualificándoa co alcume de Miss ONG. Todos os seus problemas deixan de ter importancia ante a miseria e a morte que descobre na India, onde deberá desprenderse dos seus atavismos occidentais para poder entrar nun mundo totalmente distinto ao seu. No hospital no que traballa vivirá experiencias que a mudarán para sempre e coñecerá outros médicos que entregaron a súa vida a axudar aos demais, como a doutora Elisabet Roca ou o doutor Giner, e tamén conseguirá pasar por riba dos prexuízos cos que a recibiu o seu compañeiro Leo, un estudante que a pesar das súas dificultades económicas e profesionais non renuncia á súa estancia na India ano tras ano. Mais Silvia terá tamén a oportunidade de sentir a fascinación do país grazas á relación que mantén con Mahendra, un hindú que vive encerrado no seu palacio, unha especie de santuario para gardar a memoria da súa esposa e dos seus fillos mortos nun accidente, e con quen conseguirá compartir a súa dor dende dúas culturas tan distintas. Este volume, que no interior non se acompaña de ilustracións, presenta na cuberta un deseño de César Farrés; a maior parte da cuberta está ocupada por unha fotografía de Corbí. É un retrato dunha nena que mira de fronte ao espectador; a cor da pel e o pano co que se cubre a cabeza achega información sobre as características étnicas da nena e, deste xeito, avanza parte da temática da novela.

Recensións:

- CLIJ, “¿Llamando a las puertas del cielo?”, *CLIJ (Cuadernos de literatura infantil y juvenil)*, n.º 195, “Libros/Novedades”, xullo/agosto 2006, p. 71.

Comézase salientado que o autor tomou prestado o título da famosa canción de Bob Dylan, *Knoching at the heavens's door*, para esta novela de amores, de tintes exóticos e que representa unha sentida homenaxe aos mozos cooperantes. Descríbese a historia que se conta e dise que se trata dun relato emocionante e emocionado, un bo retrato dunha moza na primeira e grande encrucillada da súa vida, unha obra que mereceu o Premio Edebé 2005.

Sierra i Fabra, Jordi, *E chamáronlle Colón (Y le llamaron Colón)*, trad. Francisco Lestón, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, n.º 22, [lectorado mozo], maio 2006, 189 pp. (ISBN: 84-8349-020-X).

Esta achega novelada da vida do descubridor das Américas e rechea de elementos históricos, ábrese cun “Prólogo” datado en “Valladolid, 20 de maio de 1506”. Nel o lectorado agardado encóntrase cun Cristovo Colón que, antes de expirar definitivamente, nun seco lamento e cun sorriso, pronuncia a palabra “Iamidian”, que os alí presentes interpretan como un desvarío e que corresponde a un doce recordo do seu pasado. A seguir, ofrécese en dúas partes tituladas, respectivamente, “Mar” e “Terra”, a historia que gardan esas lembranzas pasadas e que arrinca cos inicios do futuro almirante como un grumete habelencioso de dezaseis anos. Tras o ataque dunha nave inimiga, toda a tripulación, agás el e un mariñeiro co que non tiña gran confianza, o Oito dedos, perde a vida. A soidade provoca que falen e nace a camaradería entre eles, pois o experimentado mariñeiro, en lugar de burlarse, alimenta a idea de Cristóforo de descubrir novas terras e de chegar ás Indias polo oeste. Por sorte, recólleos unha embarcación xenovesa, onde coñece a Xoana, unha fermosa rapaza barcelonesa de boa familia, que se dirixe a Florencia para casar cun nobre. Xa en terra, coñece o xenio de Leonardo da Vinci, quen o agasalla cun fabuloso debuxo e lle fala do mestre Toscanelli, que se fixo famoso polas súas teorías sobre a viaxe ás Indias por mar, a través de Occidente. Ansioso por coñecer o mestre, Cristóforo e Oito dedos emprenden unha viaxe cara a Florencia, no camiño da cal, por casualidade, se encontra con Xoana, que se fuga co mozo xenovés para compartir o seu amor. Xa no seu destino e despois de vivir unha serie de aventuras perigosas, Xoana, abafada polos seus perseguidores, abandona a Cristóforo para que non lle fagan dano e este consegue falar con Toscanelli, que o fai partícipe dos seus coñecementos e investigacións. Péchase o volume co “Epílogo 1: A morte. Valladolid, 20 de maio de 1506” e o “Epílogo 2: A vida. O camiño de 1492”, nos que, como anuncia o seu propio título, se volve ao momento da morte do protagonista e á repetición da palabra “Iamidian”, que ao longo da historia se descobre que é a palabra máxica de Xoana, e se alude aos feitos históricos da descuberta do Novo Mundo. Por último, Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) presenta “A verdade? Sobre Cristivo Colón”, onde achega múltiples datos sobre a súa orixe, profesión e viaxes, entre outras cuestións.

Umansky, Kate, *Fedorenta, unha meiga porcallenta*, versión galega de Paula Pintos Ureta, estudo introdutorio á tradución galega de Lourdes Lorenzo García, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, [lectorado mozo], 2006, 156 pp. (ISBN: 84-934126-8-6).

Novela de Kaye Umansky (Plymouth, 1946), publicada orixinalmente en inglés en 1988 por A&C Blak e que agora ve a luz en galego da man Biblos Editores en tradución de Paula Pintos Ureta. Conta cun estudo introdutorio de Lourdes Lorenzo García, profesora do Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo, no que se detén tanto en aspectos relacionados coa traxectoria da autora e características da edición orixinal coma na

tradución ao galego. Neste segundo aspecto, detense na adecuación do mundo ficcional recreado, nos personaxes, na oralidade e o humor, así como nas referencias intertextuais ou na actualización de metáforas. A seguir, reproducense os dez capítulos nos que se narran as peripecias que vive a meiga Fedorenta, dende o momento no que queda sen casa e acode á da súa amiga Serpequenlla, quen a acolle temporalmente, até que celebran unha gran festa con motivo do aniversario da Meiga-avoa, Caprichocha. Durante este tempo Serpequenlla ten que enfrontarse a Fedorenta pola súa actitude acomodaticia, a súa falta de iniciativa para buscar casa ou ter un animal de compañía, que entre as meigas do aquelarre se denomina “familiar”. A medida que Fedorenta se vai enfrontando aos atrancos que se lle presentan, a súa amizade con Serpequenlla sofre distanciamentos, aínda que sempre acaban por reconciliarse. É a través delas como coñece o lector outros membros do seu mundo, dende os familiares que acompañan a cada unha das integrantes como o gato Antón de Serpequenlla ou o hámster Basti, de Fedorenta; pasando polos trasnos cos que se levan mal, até o actor Uxío Arrepío, ao que convidan como xurado a un concurso de habilidades entre as bruxas do aquelarre. Todo o que ocorre entre elas está encamiñado a demostrar que actúan por interese, para facerse co mando dentro do aquelarre, aínda que finalmente a Meiga-avoa Caprichocha quere seguir co mando outros douscentos anos máis dos que conta. O deseño da cuberta abarca tamén a contracuberta e a imaxe completa apréciase ao abrir o libro. Para o deseño, Xoan G. emprega tecnoloxía actual e xoga coa silueta da meiga protagonista facendo ritmos con ela. O feito de que apareza na cuberta a imaxe da bruxa cos elementos característicos, mans coma garfos, sombreiro en punta e a vasoira, acompaña e reforza ao título para desvelar o tema do libro.

Referencias varias:

- R.S., “Biblos Club de Lectores editará nuevas obras de los alumnos de Traducción”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 abril 2006, p. 20.

Anúnciase a presentación dunha nova colección de Biblos Clube de Lectores, na que se acollen obras da literatura infantil traducidas por alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Indícase que os dous primeiros títulos foron *Falsas impresións* (2005) e *Fedorenta, unha meiga porcallenta*. Dáse conta da presenza de Tucho Calvo nesta Facultade para presentar a colección e para animar o alumnado a participar no Premio Biblos Pazos de Galicia.

Urcaray, Alberto, *Dende o cole (Desde el cole)*, adapt. ao galego Irene Penas Murias, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 6 anos, 2006, [56] pp. (ISBN: 84-403-0526-5).

Alberto Ucaray, escritor e debuxante arxentino, presenta nesta obra, por medio de diferentes voces narrativas, a visión dun neno do mundo escolar dende o seu primeiro día de clase, momento crucial na vida de todos os rapaces. Esta súa primeira visión está totalmente mediatizada polos prexuízos xa que para el o cole representa unha clara ameaza ao fogar familiar. Deste xeito, a profesora está metamorfoseada na bruxa de Branca de Neve, o edificio é un cárcere asfixiante e opresor, e, o que é peor, o que se fai alí non é aprender xa que a mestra perde constantemente o tempo atendendo a rapaces que non deixan de ir ao baño. Porén, a medida que transcorre o discurso, o rapaz vai mudando de parecer e esa primeira

visión tinguida de prexuízos cambia completamente: a mestra é vista agora como unha fada boa e o colexio como espazo aberto á amizade, á interacción e á socialización. É na escola onde entra en contacto cos seus dous tipos de amigos: os rapaces da súa idade, dos que lle custa separase no verán, e os libros, os seus amigos de papel, que o acompañarán sempre. Neste relato de progresivo crecemento persoal e maduración do protagonista xogan un papel fundamental os paratextos da obra, xa que axudan a subliñar ese proceso que abrangue dende o máis radical rexeitamento cara ao colexio do neno até a nostalxia do adulto. As ilustracións figurativas transmiten alegría polo uso das cores saturadas, estando as imaxes construídas dende o punto de vista dos nenos: as figuras están á súa altura e os adultos aparecen cortados. Non hai referencias espaciais, nin elementos que permitan recoñecer o lugar onde se atopan as figuras, agás un encerado; os fondos están traballados con mesturas de cores con distintos contrastes sobre os que están os debuxos dos nenos, ás veces transparentes, construídos só cunhas liñas de cor e outras veces traballadas as formas con pintura ou ceras. Os protagonistas destacan polos ollos grandes que reflicten distintas emocións.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 151, “Andel de novidades”, 2 febreiro 2006, p. VII.

Breve comentario sobre as obras *A illa do Dr. Moreau*, de H.G. Wells (2005); *Rosalía de Castro, a mulher e o poeta*, de Alberto Machado da Rosa (reeditada en 2005); *Bouvard e Pécuchet*, de Gustave Flauvert (2005), e *Dende o cole*, de Alberto Urcaray.

Urcaray, Alberto, *Dende o súper (Desde el hiper)*, adapt. Irene Penas Murias, León: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 6 anos, 2006, [56] pp. (ISBN: 84-403-0528-1).

Pequeno relato no que a voz dun neno en primeira persoa recrea unha das actividades que a súa familia adoita facer todos os sábados: ir ao supermercado. Así, a través desta actividade que os une, presenta a súa irmá pequena, o seu pai, que se caracteriza por sempre comprar cousas inservíbeis, e a súa nai, que é unha grande aforradora. No supermercado, el e o seu pai collen un cepillo de dentes con música e un cadeado para pór no peto do pantalón, entre outras moitas cousas innecesarias, que, por imposición da nai, se ven na obriga de devolver. Finalmente, descansan nas butacas da sala, comendo patacas fritas, o único que puideron conservar do fabuloso botín. Péchase o volume cunhas palabras de Alberto Urcaray coas que recorda a maxia de facer compras nos tempos do avó. As ilustracións, de estilo figurativo, son do mesmo autor. O fondo que serve de soporte ás ilustracións está traballado con manchas de acuarela de cores moi variadas, realizadas cunha técnica húmida. Os personaxes están debuxados enriba das manchas con lapis de cores. As composicións tratan de representar o punto de vista do neno achegándose moito ás figuras, tanto ás caras dos protagonistas, para mostrar dende preto as emocións que transmiten, como aos obxectos que o acompañan, describíndoos con detalle. A única referencia visual ao lugar onde se sitúa a acción é o carro do super que, xa dende a cuberta, vai a estar presente ao longo do relato.

Vieira, Vergílio Alberto, *Contos por contar (O Peixinho-de-Água; A Semana dos Nove Dias; O Livro dos Enganos*, 2001 e 2006), ilust. Pedro Sangeon, trad. Luís Manuel Fernández, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 15, serie verde, a partir de 10 anos, 2006, 92 pp. (ISBN: 84-88681-71-2).

Nesta entrega de Alberto Vergílio Vieira (Braga, 1950), un narrador omnisciente conta trece historias nas que a imaxinación, a invención, o humor e os sonhos xogan un papel moi importante. Cada conto presenta unha historia diferente, pero todas baseadas no mundo da fantasía, onde a realidade e os sonhos se mesturan de forma misteriosa. Así, os contos versan sobre unha burbulla de xabón que quería ser unha bóla de cristal e que emprende unha gran viaxe; dunha árbore que viaxaba de terra en terra e tiña o don de darlle ás cousas poderes; dun xardineiro que regaba os paxaros e lle daba alpiste ás flores; dunha mesa de fidalgo enfadada por ser esquecida nun faiado; dun peixiño chamado Folla de Auga que quería ser músico e ir ao Conservatorio das Augas; dun charlatán que vendía o que non tiña, xogaba con diñeiro falso e non paraba de mentir; dunha semana que para o zapateiro remendador tiña nove días; dunha bicicleta que abusaba do seu dono facendo o que lle viña en gana; dun tren que estaba sempre a rir e toda a xente pensaba que non se tomaba a vida en serio; da Hidra, unha serpe de sete cabezas, que gobernaba os mares monstruosamente; dunha princesa que por desobedecer ao seu pai foi encerrada nunha fortaleza; duns burros que falan, ven a tele, aféitanse, usan frac e se peitean; dun xastre que tiña dous fillos que non sabían o oficio e facían todo ao revés; e, por último, dun exército que só finxía nos cuarteis xa que non había guerra e non tiñan que facer. Os contos van acompañados das ilustracións figurativas de Pedro Sangeón. Na cuberta os debuxos están enriquecidos por planos de cor nunha gama apagada. Os debuxos do interior correspóndese coas escenas principais dos relatos; son imaxes naturalistas que evocan situacións soñadas nas que se mesturan a fantasía coa realidade. As composicións son variadas con planos achegados ás figuras e outros nos que se mostra o contorno. A liña empregada é simple, varía a súa intensidade para aumentar a expresividade dos debuxos.

Wilkon, Piotr, *A gatiña Rosalinda (Rosalind das Katzenkind)*, ilust. Józef Wilkon, trad. Urs Taeger e Fe González, Vigo/Pontevedra: Faktoria K de Libros/Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], xullo 2006, [27] pp. (ISBN: 84-8464-566-5).

Piotr Wilkon, por medio dun narrador omnisciente, presenta a unha parella de gatos de cor negra, Don Casimiro e Dona Carolina, que descenden dunha familia de “espléndida pelaxe de cor negra acibeche” e que desexa ter descendencia. O anhelado día de ser pais chega, mais a felicidade tórnase tristura cando a quinta gatiña que nace, Rosalinda, en vez de ser de cor negra é arrubiada. Para seus pais, especialmente para Casimiro, Rosalinda é unha vergonza para unha familia respectábel coma a deles, pois ademais de ser de diferente cor, fai todo o contrario que os seus irmáns e establece amizade cos ratos e co can Trazas. Rosalinda decide marchar da casa e facer a súa vida. Tempo despois seus pais vena na televisión e entéranse de que a súa filla é a cantante dun famoso grupo de rock. Días despois, Rosalinda visita os seus pais e preséntalles os seus fillos, especialmente a Casimiro, que é negro coma a noite, como os seus avós cos que quere vivir. A partir dese momento, a casa dos Outomouro está sempre chea de veciños e amigos. As ilustracións de Józef Wilkon están realizadas a base de trazos grosos e finos con ceras brandas, cos que consegue diferentes formas e texturas, outorgando dinamismo ás imaxes. Nalgunhas ilustracións tamén Wilkon fai uso da tinta (augada) e do pastel para obter cores cun gran poder visual, que axudan a delimitar ou sombrear os

obxectos, e utiliza tonalidades cálidas en toda as súas composicións, que contrastan coa tonalidade negra da pelaxe dos personaxes. O xogo constante coa luz fai que o interese do lectorado se centre nos puntos que o ilustrador pretende recalcar. As ilustracións, de tipo figurativo, intentan transmitir sentimentos a través de expresións humanas dos personaxes, que neste caso son animais. As gardas do libro van ter moita importancia narrativa, tanto a nivel visual coma textual, xa que as imaxes complementan o texto de tal xeito que axudan o lector a visualizar mellor a historia.

Wölfel, Ursula, *28 historias para rir (Achtundzwanzig Lachgeschichten)*, ilust. João Vaz de Carvalho, trad. Franck Meyer, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado mozo], outubro 2006, 61 pp. (ISBN: 84-8464-599-1).

Este volume de tapas duras acolle un total de vinte e oito pequenas historias, de Úrsula Wölfel (Ruhrgebiet-Alemaña, 1922), que teñen como a animais, nenos e adultos. Todas elas ofrecen tramas narrativas divertidas, humorísticas e fantásticas, chegando incluso, por veces, ao disparate. Así, a través da lectura dos seus textos sinxelos e moi próximos ao lector meta, coñécese “A historia do neno que xamais paraba de rir”, “A historia do camelo listo”, “A historia da pita e do coche”, “A historia da muller que estaba pensando”, “A historia do porco que quería chamarse Rosa” ou “A historia dos bocexos”. Trátase dun monllo de historias coas que o lectorado, ademais de pasar un intre divertido, pode tirar unha serie de aprendizaxes, pois a razón e a intelixencia sempre gañan. Acompañan os textos de Wölfel as ilustracións figurativas de João Vaz de Carvalho (Fundão-Portugal, 1958). A tonalidade cálida das páxinas e a cualidade satinada do papel no que se imprime o texto e as pinturas transmíteselle a todo o libro. Cada conto vai acompañado dunha ilustración que completa a historia cunhas imaxes graciosas, divertidas e con grande expresividade nas actitudes e nas caras dos personaxes. Este apoio visual ocupa todas as páxinas pares. Acompañan ao texto unhas imaxes que se dispoñen enriba dun fondo plano, sen sensacións espaciais e cunhas composicións moi variadas. O ton amábel do libro acentúase coas cores empregadas, nas que predominan as gamas cálidas.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “28 historias de reírse”, *CLIJ (Cuadernos de literatura infantil y juvenil)*, n.º 199, “Libros/Novedades”, decembro 2006, p. 62.

Despois de se referir á autora, unha das creadoras da moderna Literatura Infantil e Xuvenil, que nos ensinou a que calquera tema pode ser tratado para o lectorado máis novo sempre que se conte con sabedoría e os recursos permitan facelo, comenta que os vinte e oito breves contos están protagonizados por animais personificados á maneira das fábulas, pero sen sentenza. A seguir, sinala que as historias contan feitos divertidos que poñen en evidencia os comportamentos dos humanos. Finaliza salientando a edición con adecuadas ilustracións e outra obra da autora, *29 Historias disparatas*, publicada na mesma colección e ilustrada por Neus Bruguera cunhas colaxes tan disparatas coma os textos.

Wölfel, Ursula, *29 historias disparatadas (Neunundzwanzig verrückte Geschichten)*, ilust. Neus Bruguera, trad. Susana Fernández de Gabriel e Franck Meyer, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado mozo], outubro 2006, 63 pp. (ISBN: 84-8464-604-1).

Ursula Wölfel (Ruhrgebiet-Alemaña, 1922) presenta vinte e nove historias fantásticas, nas que están presentes diferentes valores e temas. Entre as historias narradas, están a dunha escritora que se converte en campioa do mundo en afiar lapis; a dunha familia que non deixa de discutir até quedar conxelada; a dun rapaz que inventa unha máquina de esperar da que remata desfacéndose; a dunha rapaza alegre que non fai o mesmo que todo o mundo; a dun matrimonio formado por unha muller pequena e un home grande; a dun home que planta á súa muller nun tarro para dicirlle continuamente o fermosa e marabillosa que é; a dunha rapaza que recupera o seu catarro despois de perdelo; a dun home calvo que pon de moda levar herba na cabeza; a dun atracador que se asusta de si mesmo; ou a dun home que inventa unha cola na que queda pegado. Todas estas disparatadas historias están ilustradas por Neus Bruguera. Xa dende a cuberta, e a contracuberta, o aspecto do libro preséntase atractivo polas cores utilizadas e polas figuras simpáticas que lle avanzan ao lectorado unhas imaxes interesantes. No interior as composicións ocupan todas as páxinas pares complementando o texto da historia que aparece ao lado. Os recursos técnicos que emprega son as tintas planas, as cores saturadas, as contrastes cromáticas, as figuras xeométricas, as superposicións e a inclusión de números e letras no deseño. O estilo figurativo destas ilustracións achega ao lectorado a deseños de estilo construtivista ou a concepcións propias da Bauhaus, aínda que matizadas polo emprego dun cromatismo vivo que achega as sensacións estimulantes e divertidas en correspondencia co texto.

Zubizarreta, Patxi, *Arroz e tinta*, ilust. Alfonso Abad, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, col. Carteira de Valores, n.º 1, máis de 5 anos, 2006, 29 pp. (ISBN: 84-96526-52-6).

Neste relato de Patxi Zubizarreta (Ordicia-Guipúscoa, 1964) recrease a difícil adaptación ao medio urbano da avoa Fatimetu, que acaba de chegar do Sáhara. O seu fillo Luali pídelle que vaia buscar a súa neta ao colexio, o que acepta sen dúbidas, pese a que é cega e non sabe o camiño. O fillo indícalle que ten que coller o autobús e baixar na sétima parada, pero, antes disto, a avoa merca un bote de tinta, que deixa caer antes de subir, e un saco de arroz, que lle serve de axuda para contar as paradas que vai pasando, xa que ela non sabe contar. Cando chega á sétima parada baixa, encontra a súa neta Malen e vanse até a súa casa andando, mentres comen un xeadado co diñeiro do bus, pero, cando se dan conta, están perdidas na cidade, aínda que, grazas á mancha da tinta no chan, encontran o camiño de regreso á casa. Esta historia de avoa e neta está ilustrada por Alfonso Abad. Xa na cuberta, a presenza dunha muller con velo islámico e coa cor da pel escura nunha rúa dunha cidade occidental, avanza un tema con toques multiculturais. As ilustracións son un elemento fundamental para ir seguindo o relato, porque dun xeito secuencial as imaxes van corroborando o texto. As composicións, que ocupan as dúas páxinas, van variando os puntos de vista para centrarse naquelas cousas que quere salientar, sendo ás veces panorámicas da cidade e outras planos de detalle centrados nas persoas ou nos obxectos. As formas están perfiladas por unha liña negra.

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Ameixeiro, Daniel, Uxía Casal, Ánxela Gracián e Antonio Reigosa, *Contos de ogbras, aventuras, baladas e piratas*, ilustr. Suso Cubeiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, col. Lagarto Pintado, de 7 a 11 anos, 2006, 68 pp. (DL: C-725/06). ♦

Este volume do que xa se dou conta no apartado VII.1 deste *Informe* inclúe, ademais dos relatos sinalados no apartado citado, as composicións seguintes:

- Daniel Ameixeiro, “Tres piratas, unha bruxa e algo máis”, pp. 57-68.

Daniel Ameixeiro (O Grove, 1962) participa neste volume con cinco poemas narrativos nos que conta as historias que lle suceden cos seus insólitos veciños. O da casa do lado é o pirata Baldomero, que ten unha pata de pau de amieiro e un garfo moi afiado. A veciña do piso de abaixo é unha bruxa que anda na busca dunha princesa para enfeitizala. E tamén anda nestes poemas un camaleón que pilota un ascensor co que se pode viaxar a calquera lugar.

Blanco, Concha, *Poemas para pintar*, ilustr. do alumnado da escola da Igrexa-Cacheiras (CRA de Teo), Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, [lectorado autónomo], 2006, 40 pp. (ISBN: 84-7824-491-3).

Conxunto de vinte poemas de Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) centrados temáticamente arredor dun motivo concreto, como indican os títulos, próximos ao territorio da infancia. Os elementos da natureza están animados: o sol báñase espido e non pilla catarros, a lúa, as ondas, a choiva, tamén son considerados. Os animais poden ser uns bos compañeiros e tampouco son tan diferentes aos humanos: o xurelo e a dourada casan, a gaivota pía con fame, tamén participan as bolboretas, o gato, a balea e o dinosauro, entre outros. Ademais, non faltan as celebracións: o Entroido, os días da semana ou as cartas que trasladan sentimentos como a dor. Os calcetíns, o bocadillo o barco, tamén teñen o seu protagonismo. Son poemas como os remedios caseiros da avoa para as dores, a parra para á sombra onde descansa o avó ou a fortuna dun día de lectura cando chove fóra. Cada poema vai acompañado da súa correspondente ilustración feita polos alumnos e alumnas da escola Igrexa-Cacheiras. O estilo é figurativo con cores vivas e alegres. As composicións acompañan ao texto e complétano con detalles.

Borrás, Alicia, *Quen son?*, ilustr. Andrés Meixide, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2006, 27 pp. (ISBN: 978-84-8288-959-7).

Conxunto de quince adiviñas da autoría de Alicia Borrás (Vigo). O texto ocupa sempre unha páxina e preséntase en tres estrofas de catro versos con certa unidade manifestada polas

ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1970). Na cuberta do volume aparece un mimo sorrindo, personaxe que vai acompañar ao lector na lectura do libro. As gardas teñen decoración e na portada tamén aparece o mimo xogando. As composicións teñen sempre o mesmo protagonista que, dun xeito sutil e ás veces evidente, dá pistas para acertar as adiviñas; a forma de achegar a información visual é con actitudes na postura do corpo ou con distintos elementos propios da mímica, como bólas de cores, globos ou narís de pallaso. A técnica empregada é o debuxo a tinta para as formas dos personaxes e a acuarela para achegar as cores a as sombras que dan volume. O mimo vai sempre de branco e azul e o resto dos elementos que o acompañan teñen cores alegres e saturadas.

Campo, Marica, *Abracadabras*, Premio Arume, ilustr. Xosé Vizoso, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Arume de Poesía para Nenos, [lectorado autónomo], 2006, 66 pp. (ISBN: 84-8485-232-6).

Poemario de Marica Campo (O Incio-Lugo, 1948) no que se dan a coñecer, mediante as poesías da tía María, a cidade, o zoo e outras cousas. Dentro da cidade destacan os semáforos, mostrando a función que teñen de reguladores na vida da cidade; os farois, o quiosco de Isolina, o vagabundo, a estatua, o colexio, a randea ou a casa. En canto aos animais do zoo, móstrase o grilo, a pomba e o esquío, entre outros, tratando de ver neles algo achegado ao que non lle hai que coller medo. No último apartado do libro, cousas varias, abórdase o tema dos tesouros, dos segredos, dos cosmonautas, da lúa, de Peter Pan, de Pinocho ou do mago, sempre dun xeito achegado ao neno, para que entenda aqueles elementos que antes lle eran descoñecidos como, por exemplo, a lingua galega, que está gardada coa chave do abracadabra. Algúns poemas están acompañados dunha ilustración figurativa, de cor azul, de X. Vizoso (Mondoñedo, 1950), que completa visualmente o tema principal. As formas conséguense con planos recortados que constrúen as figuras esquematizando e simplificando as formas. A ilustración da cuberta repite o mesmo esquema en dúas tintas, vermella e azul.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Abracadabras”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 27 agosto 2006, p. 53.

Fai un percorrido pola escrita de Marica Campo, da que cita algún dos seus títulos e galardóns recibidos, ademais de facerse eco da publicación do seu poemario, *Abracadabras*, que foi merecente do premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas na edición de 2005. A seguir, reproduce un fragmento dese breve poemario.

Carballeira, Paula, *Contatrás*, ilustr. X. Carlos Hidalgo, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, [lectorado autónomo], marzo 2006, 59 pp. (ISBN 84-87783-87-2).

Poemario no que a fantasía e as referencias infantís constitúen o eixo central arredor do que xiran a maior parte das composicións, empezando pola primeira, unha conta atrás con elementos irrealis. Os barcos, os trens, os avións e a nave espacial deixan voar o pensamento, ao tempo que se recollen en versos unha serie de temores habituais nos máis cativos e con

vises cómicas, como o terror a comer fabas. Explótase ademais a vertente humorística de certos personaxes da literatura universal, como *Alicia no país das marabillas*, que se recrea nun dos poemas, no que o coello que a acompaña búscala porque os esperan para cear. Os animais falan, as bruxas son un elemento frecuente a os mundos descoñecidos achéganse ao lector a través de referencias exóticas, como a de África. Paulo, Félix ou Belén son algúns dos nenos protagonistas dos poemas, nomes recoñecíbeis cos que esta obra se fai moito máis próxima. As ilustracións figurativas de X. Carlos Hidalgo están feitas con tinta negra e acompañan os poemas en todas as páxinas pares. As imaxes, algunhas de estilo surrealista, son moi expresivas e peculiares e reflicten algunha característica dos versos. Na cuberta, de cartón reciclado e formato alongado, aparece un pequeno debuxo dos do interior.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “A beleza do sinxelo”, *A Nosa Terra*, n.º 1.200, “Cultura”, 27 abril-3 maio 2006, p. 26.

Despois de facer certos comentarios sobre a poesía e aludir ao traballo de contacontos de Paula Carballeira, céntrase na súa obra *Contatrás*, que presenta, segundo o articulista, un título que “transpira auténtica vangarda poética e que, oxalá, sirva como axente revalorizador dos/das contacontos”. Sinala que este libro contén vinte e cinco historias contadas en forma poética que convidan a pensar doutra maneira, posto que dende o título xa se indica que a maneira tradicional de contar non é a única. Especifica que se trata de historias contadas en forma poética, mais con estrutura narrativa, que no seu remate agachan “unha virada perspectivista que, como se de maxia se tratara, fai ver as cousas doutra maneira”. Tamén considera que baixo a estrutura da narración agachan “exemplos de micronarrativa, de hiperbrevidades, nas que Paula Carballeira mostra unha especial habilidade”. Por último, apunta que son unhas historias de gran beleza formal, que suscitan a reflexión e que poderían ser aproveitadas polos adultos.

- Vicente Araguas, “Estes poemas arraianos”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, “Libros”, 18 xuño 2006, p. 20.

Despois de facer varios comentarios sobre a falta de biografías nos volumes publicados por Positivas, céntrase en *Contatrás*, no que Paula Carballeira “practica igualmente a táctica do lilanismo (de lilán por suposto) con certos aspectos didácticos (que non moralistas), o que permite falar dun libro enredeiro e aínda fedellón polo que pode valer para cativos e maiores”. Tamén alude á musicalidade, subversión ou humanidade presentes nas súas composicións, nas que a autora de Fene circula por “espazos etéreos, onomásticas, bestiarios, conceptualidades varias, cunha naturalidade estupenda, tamén métrica, que nos fai pensar que esta poesía ten moito futuro”. Por último, sinala que este poemario “engancha” e agradécelle a positivas que dea a coñecer xente nova.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 162, “Andel de novidades”, 20 abril 2006, p. VII.

Achega breve ás obras *Don Xoán (Contado por si mesmo)*, de Peter Handke e *Contratrás*, de Paula Carballeira. Incídese no argumento destas e salientáanse aspectos relevantes, tanto no que atinxe ás obras en si mesmas como aos seus autores.

- Lupe Gómez, “Versos que rin”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe venres*”, 5 maio 2006, p. 5.

Destácase a tenrura e a alegría que transmite o poemario *Contratrás*, de Paula Carballeira, ademais de subliñarse a capacidade que ten para atraer aos máis pequenos, aos que vai dirixido. Tamén se recollen algúns dos motivos infantís que se poden atopar na obra.

- Araceli Silva, “Versos contadores de contos”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, n.º 323, “Reportaxe”, 17 setembro 2006, p. 8.

A través dos seus comentarios e dos da propia Paula Carballeira, elabórase este artigo, no que se alude ao gusto da escritora polos contos dende moi pequena e á súa primeira intervención como contacontos en 1994. Sínálase que os seus contos favoritos son os tradicionais, tanto galegos como orixinais doutros lugares, e que dentro do seu repertorio adoitan aparecer o tema da morte, como parte da vida, e os sentimentos femininos. Tamén se comenta que a retranscrición e o humor son habituais nas súas sesións, aínda que non son o obxectivo principal das súas historias, e puntualízase que a finalidade procurada está en que a xente evoque e reflexione. Explícase como mudan as súas intervencións en función da idade do público e aténdese á súa primeira incursión na poesía para nenos, *Contratrás*, que a autora considera unha necesidade, pois apetecíalle escribir un libro de poesía que lese moita xente. Puntualízase que se trata dunha poesía referencial, na que cada palabra trata de evocar unha historia, un personaxe ou ambiente, e que presenta unha linguaxe sinxela e suxestiva. Indícase que os seus poemas transmiten ao lector unha mensaxe e a razón do seu título, “unha conta atrás na miña proxección literaria”. Por outra parte, refírese á tradición oral galega, á escasa presenza da muller nas actividades dos contacontos e á traxectoria de Paula Carballeira, que está a escribir unha novela dirixida a un público xuvenil-adulto.

Castaño, Yolanda, *Punver*, ilustr. Eduardo Hermida, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2006, 27 pp. (ISBN: 978-84-8288-959-7).

Conto rimado de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) no que se relata o que alguén ve dende fóra e que lle vai ocorrendo ao verme protagonista, Punver, que viaxando por aí se despista e se aventura no mundo humano. O verme sube por un neno, logo vai cara unha leituga, baixa polo vertedoiro e remata no corpo dunha rapaza que o tragou nun cacho de mazá no que Punver estaba metido. Por último, o verme sae do corpo da rapaza cando esta o expulsa. As ilustracións que acompañan o texto son de Eduardo Hermida (Ferrol) que emprega unha técnica mixta na que xunta pintura, fotografía e recortes de papel. O deseño do verme protagonista é totalmente imaxinativo e moi alonxado da realidade. Así, a parte superior é de persoa e o resto é unha forma alongada cuberta por unha tea de cadros.

Referencias varias:

- Yolanda Castaño, “Fala fala”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 17 decembro 2006, p. 44.

Entre outras cuestións, Yolanda Castaño refírese a varios dos seus proxectos actuais. Comenta que acaba de saír da imprenta un libro, que coordinou con arquitectos e poetas, e que acaba de recibir o seu primeiro libro de poesía para cativos, *Punver*, que foi todo un reto e do que se sente moi orgullosa. Tamén alude ao recital poético que van ofrecer os membros do seu obradoiro da Fundación Caixa Galicia e aos primeiros anuncios que saen de literatura na Televisión de Galicia, promocionando libros de Suso de Toro e Manuel Rivas. Remata sinalando que “Deixar de construír unha literatura “de resistencia” é a crucial materia que deberíamos estar aprobando”, xa que será a única maneira de “Medrar dunha vez”.

Cortizas, Antón, *Era unha vez na quimbamba*, ilust. Miguel Ordóñez, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 14, serie azul, a partir de 8 anos, 2006, 75 pp. (ISBN: 84-88681-69-0).

Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954) presenta neste poemario narrativo que se inicia cunha breve estrofa en rima asonante, “Sempre hai un comezo, e como todo se acaba”, as singulares vidas duns interesantes personaxes que habitan un universo propio e diferente, uns mundos que irradian fantasía e imaxinación. Un narrador en terceira persoa, que se presenta e despide persoalmente do lector ao principio e fin da obra, que se dirixe ao lectorado para dar a súa opinión, aclarar, intervir ou preguntar, e que mesmo presenta os diálogos dos personaxes, é o encargado de dar paso ás historias, que se inician ao modo da literatura de transmisión oral cun “Érase...” ou “Había unha vez...” e que enganchan e motivan ao lectorado polos xogos de palabras e sons que presentan. Algúns dos textos que aquí se reúnen son “Magrí ñava guela”, cantina escrita con palabras inventadas que semellan a lingua galega, “Había unha vez un home moi breve”, redactada con palabras incompletas, ou “Éra unha vez na quimbamba”, que coa súa especial sonoridade dá título ao libro, que presenta unhas ilustracións da autoría de Miguel Ordóñez. A ilustración da cuberta (a única que está tratada a cor) amósalle ao lectorado agardado o deseño dunha cabeza sobre a que se sitúan paxaros moi variados. Trátase do mesmo debuxo que se repite no interior e que coincide co tema do poemario. No interior, as ilustracións acompañan os poemas con algunha figura vinculada ao tema tratado. As formas son sinxelas, sen pretensións volumétricas e recortadas sobre o fondo branco do papel. O libro comeza cun neno moi sorrinte enriba dun can e remata co mesmo neno triste porque se acaba o libro.

Daporta Padín, Mon, *A mosca* (ISBN: 84-8341-022-2)/*O peixe* (ISBN: 84-8341-023-0)/*A ra* (ISBN: 84-8341-024-9)/*A xoaniña* (ISBN: 84-8341-021-4), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, [prelectorado], 2006, [12] pp.

Serie de contos rimados de pequeno formato, de Mon Daporta Padín (Cambados, 1952), nos que se relata a historia de diferentes animais e os hábitats nos que se desenvolven as súas vidas. Neles empréganse estruturas moi simples e repetitivas, moi rítmicas, pouco texto, para dar conta principalmente das accións que realiza cada un dos protagonistas. N’*A mosca*

cóntase como a mosca Catarina vai dando zoupadas contra diferentes lugares até que acaba na boca dunha ra despistada que a bota fóra, ao asustarse, e que, de non ser así, a tería comido. N' *O peixe* cóntase cómo un peixe pequeno se enfrenta aos perigos que o ameazan ao longo do río, logra superalos e chega a ser grande e facerse o xefe do lugar. N' *A ra* explícase cómo este animal vai dun lugar a outro dando chimpos até que cansa e se agocha dentro da charca na que vive. Finalmente, n' *A xoaniña* descríbese cómo a xoaniña se move constantemente dun lugar a outro até que, xa cansa, decide botarse a voar. En todos estes contos as accións acompañanse das ilustracións correspondentes nas que se reproducen as posturas, movementos, actitudes e lugares nos que están os protagonistas, o que permite unha lectura textual e visual complementaria.

Referencias varias:

- Rafael Fernández Lorenzo, “De fame e de guerra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 164, “Libros”, 4 maio 2006, p. IV.

Fálase destes contos rimados de Mon Daporta que se centran no mundo animal. Dise quen son os protagonistas e sinálase o seu interese, malia cualificar o seu formato de pouco atractivo.

Daporta Padín, Mon, *As horas* (ISBN: 84-8341-044-3)/*Comparacións* (ISBN: 84-8341-018-4)/*Os meses* (ISBN: 84-8341-017-6)/, ilust. Anxo Fariña, Vigo: A Nosa Terra, col. Antón e Pompón, [prelectorado], 2006, [20] pp.

Serie de relatos rimados de Mon Daporta Padín (Cambados, 1952) que ten como protagonista a Antón, o rato Pompón, os Pelelliños e todos os seus amigos e na que salienta a lectura visual, que vai acompañada de estrofas nas que se contan as aventuras destes personaxes. N' *As horas* fálase dos reloxos, da súa función e do que hai que facer segundo as horas: erguerse, asearse, vestirse, ir á escola, deitarse, combinando estas actividades con outras de ocio. *Comparacións* céntrase en binomios como alto/baixo, gordo/fraco, escuro/claro, vello/novo, forte/fébel e rápido/lento e fanse comparacións cos protagonistas. N' *Os meses*, para que Antón se aclare co calendario, vincúlase unha actividade ou feito típico con cada un dos meses do ano. Acompáñanse estes textos das ilustracións de Anxo Fariña (Vigo, 1977) que están realizadas cunha técnica que conxuga o debuxo coas cores planas. Son formas figurativas e de colorido alegre e variado. A liña de contorno nas figuras está concibida cun estilo solto e dinámico e os fondos das páxinas son texturas xeradas por ordenador. As composicións xogan co formato alongado dos volumes.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 157, “Andel de novidades”, 16 marzo 2006, p. VII.

Conciso comentario da obra *Os meses*, da colección, ilustrada por Anxo Fariña, “Antón e Pompón”. Coméntase o seu argumento e destácase o papel das ilustracións e a cor na familiarización do lectorado máis pequeno coa temática presentada.

García Teijeiro, Antonio, *Cando caen as follas*, ilustr. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2006, 60 pp. (ISBN: 84-403-0526-5).

Neste poemario Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) realiza unha mestura entre o real e o imaxinario. É unha exaltación do amor, a amizade, a nostalxia, mesturados cos soños e as ilusións descritas en cada caída de folla de diferentes árbores até que se atopan no chan sentimentos e emocións do ser humano, como a paixón, o amor, os seus propios versos, os soños, as lembranzas nostálxicas, as ilusións, etc. Así mesmo, García Teijeiro inclúe nesta súa obra citas e versos doutros autores galegos e españois como Rosalía de Castro, Luís Pimentel, Manuel María, Álvaro Cunqueiro e Federico García Lorca, entre outros. É unha viaxe a través da natureza que fai aflorar sentimentos no lector e que tenta facer unha valoración do que se ten ao arredor. As ilustracións de Xosé Cobas (Negreira, 1953) están realizadas con acuarelas. As pinceladas soltas coas que vai construíndo as formas –abstractas ás veces- achegan un certo grao de lirismo que encaixa cos textos poéticos das páxinas; completa o texto con algunha referencia figurativa que recrea con tonalidades suaves e cálidas. As pinturas están presentes en todas as páxinas xogando as veces co texto deixándolle espazo, e outras as letras están impresas enriba delas.

Recensións:

- Román Raña, “Caen as follas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 174, “Libros”, 13 xullo 2006, p. IV.

Comézase aludindo á apuntalada traxectoria de Antonio García Teijeiro antes de centrarse no comentario do seu último poemario dirixido ao lectorado mozo, *Cando caen as follas*. A seguir, enmárcase este poemario na liña das obras poéticas dirixidas á infancia e xuventude pensadas con criterios de calidade, ademais de sobrancear a pegada nesta entrega de autores como Federico García Lorca, Luís Amado Carballo, Manuel María ou Rafael Alberti. Sinálase que o fío condutor destas composicións son as follas, tanto das árbores como as dos escritores, que nelas predomina un ton ledo “por veces xubiloso e panteísta”, aínda que outras aparece un ton de misterio e incerteza. Remátase sinalando que García Teijeiro excarva na sensibilidade humana e elabora composicións que lembran o haikú xaponés, ademais de centrarse na achega que supoñen as ilustracións de Xosé Cobas.

Referencias varias:

- Alberto Quián, “Teijeiro reivindica no seu novo poemario os vínculos íntimos entre natureza e ser humano”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 21 abril 2006, p. 41.

Anúnciase a publicación do poemario *Cando caen as follas*, de Antonio García Teijeiro, que se presentou na librería Librouro de Vigo. Indícase que a través das follas de diferentes árbores o poeta traza un mundo de sentimentos, como o amor, a amizade, os soños, a ilusión e a nostalxia, que se completa coas ilustracións de Xosé Cobas. Indícanse os nomes dos autores dos que García Teijeiro se considera debedor (Rosalía de Castro, Pimentel, Rosa Araujo,

Neruda, Messeder, Xohana Torres, Neira Vilas, Juan Ramón, Cunqueiro ou Manuel María), así como os daqueles músicos que para o escritor compoñen auténticos versos (Serrat, Aute, Pablo Guerrero e, moi especialmente, un seu amigo, Paco Ibáñez, que musicou o poema “Paseniño paseniño” do propio Teijeiro).

Gracián, Ánxela, *Camiño solitario*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado mozo], 2006, 32 pp. (ISBN: 978-84-8288-958-0).

Nesta primeira edición na nova colección “Árbore/Galaxia” preséntase este conto rimado a base de estrofas de dous, tres e catro versos. Nel cóntase a vida dun carreiro que non acaba en ningures. Cualifícase de “rodeira tímida”, “senda diminuta”, entre outras expresións e adxectivos moi abstractos. Fálase das estacións e de cómo afectaban ao camiño que esperaba acompañándose de música para que regresase aquel que un día o debuxara. A partir dese momento úsanse ritmos e rimas, repeticións, xogos lingüísticos, diálogos do camiño con outros elementos que o poboan até que chegou Martiño quen o debuxaba coa roda da bicicleta. As ilustracións son de Federico Fernández (Vigo, 1972), quen presenta na cuberta o camiño que serve de pretexto ao relato. Todas as páxinas teñen ilustracións de dobre páxina. A técnica empregada é o collage, todas as formas están recortadas en papeis de distintas texturas e papeis con brochazos de cores variados. A sensación que transmiten estas ilustracións é unha sensación de calidez que está conseguida polo emprego das cores e da cor do fondo do papel satinado que teñen todas as páxinas. A utilización da técnica do recortado condiciona o deseño das figuras xa que non se poden traballar formas detalladas.

Graña, Bernardino, *Tres vellas fábulas novas*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, serie vermella, a partir de 6 anos, 2006, [52] pp. (ISBN: 84-403-0441-2).

Bernardino Graña Villar (Cangas do Morrazo, 1932) ofrece neste volume tres fábulas imaxinarias escritas en verso que tratan sobre o coidado do medio ambiente. Na primeira delas, *O rabo de aceiro*, cóntase cómo Xesús e San Pedro, paseando pola fraga, observan a frondosa natureza onde pían os paxariños. Falan cunha rula á que lle ensinan que debe gardar sempre das súas ruliñas e protexelas de todo mal. Pero volven outro día e todo é diferente. Os humanos están acabando coa natureza que alí hai por construír edificios e talar árbores, polo que todos os animais teñen que fuxir. Na segunda, *O gaiteiro e o muraño*, relátase a historia do gaiteiro que, fuxindo dos lobos, queda atrapado na neve. Entón, falando e falando co Sol, coas nubes, co vento e coa montaña, decátase de que quen o axudou a saír de alí foi un ratiño pequeno. Deste xeito, o gaiteiro e o animal fanse amigos e dende ese momento viven xuntos na mesma casa. Na última das fábulas, *O fachendoso Simón*, relátase, seguindo o esquema encadeado da fábula anterior, cómo a mosca di que é o mellor animal, pero vén outro máis grande, a ra, que a papa e di que ela é a mellor. Despois virán a lebre, o can, o lobo e o león. Entón Simón caza o león e di que el é o mellor, pero, de súpeto, un raio quéimao e así remata a historia do fachendoso Simón coa ensinanza de que ninguén é mellor ca os demais. As ilustracións de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954) axudan a seguir estas fábulas cunhas imaxes que achegan abundantes datos á narración. Nalgunhas hai un xogo de busca de figuras escondidas que o lectorado ten que descubrir. No medio da ilustración hai unha “cartela” que contén o texto con forma de pergamiño ou de folla arrancada dun caderno. As imaxes teñen

un deseño naturalista, tanto no contorno como nas figuras dos animais. As figuras das persoas, aínda que realistas, teñen un grao de comicidade propio da caricatura. Nestas ilustracións predominan as cores de tonalidades cálidas.

Recensións:

- Paula Fernández, “Fábulas de sempre”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, n.º 189/179, “Infantil/xuvenil”, 21/30 decembro 2006, p. VII.

Comeza aludindo á traxectoria como docente, investigador e escritor de Bernardino Graña, para logo centrar o seu comentario en *Tres vellas fábulas novas*, nas que se emprega o verso, “caracterizado por un ritmo ternario semellante ao da muiñeira”, para presentar estas composicións didácticas, nas que aparecen animais que falan e que serán os responsábeis de transmitir unha ensinanza para “levarnos a ser mellores persoas, e desbotar así algunhas das faltas máis comúns das nosas vidas”. Paula Fernández destaca a primeira das composicións por estar ambientada na praia de Mogor hai centos de anos e por volver a ela na actualidade nun exercicio de crítica ao urbanismo excesivo e á repoboación con especies de fóra do país. Remata apuntando que o volume se completa coas ilustracións de Suso Cubeiro, que “semellan dotar o texto de trazos misteriosos e sobrenaturais malia nalgúns intres empregar estéticas que pouco se corresponden coa idiosincrasia do ser galego”.

Herrera, Susa, *Cartas que veñen e van*, ilust. María Lires, A Coruña: Primerapersona, [lectorado autónomo], 2006, 45 pp. (ISBN: 84-95923-24-6).

Esta obra de Susana Herrera estrutúrase a través de cartas que veñen e van ou unha serie de cartas que propoñen actividades para desenvolver nas aulas e nos traballos colectivos, sen esquecer nunca a ilusión de recibir unha carta inesperada. Así, o poliño Pepe, a vaca Sofía, e moitos máis, reciben unha simpática carta cunha canción exclusiva para cada un deles, e varias propostas de xogos e actividades que ensinan ao lectorado a aprender dun xeito divertido e a coñecer animais domésticos e salvaxes, as partes do corpo, as cores, os contrarios, ritmos, sons... Trátase dun proxecto literario musical que se acompaña dun CD.

Referencias varias:

- Abel Peña, “Misivas musicales a una vaca violinista”, *El Ideal Gallego*, “Curiosidades”, 22 novembro 2006, p. 64.

Alude á presentación do volume *Cartas que veñen e van*, de Susana Herrera. Comenta que o libro recolle dez misivas pensadas para un público infantil, que están dirixidas a diversos personaxes de contos infantís. Tamén reproduce varios comentarios da autora, quen considera que esta obra é “sumamente eficaz” para captar a atención infantil, pois conxuga catro factores que unidos dan moi bo resultado: as palabras, a música, os movementos e as imaxes.

- Gemma Malvido, “Cartas que veñen e van”, *La Opinión*, “A Coruña”, 28 novembro 2006, p. 11.

Refírese á aparición do libro didáctico *Cartas que veñen e van*, editado por Primera Persona e realizado pola mestra Susa Herrera e Gloria Mosquera, integrante do grupo musical Mamá Cabra. Apúntase que a idea xurdiu a partir do material de traballo empregado por Susa Herrera para a aprendizaxe musical e da amizade entre ambas as creadoras. Coméntase que o proxecto, destinado ao alumnado, se presenta nun libro-disco que mestura xogos infantís, bailes, monicreques, percusións, partituras e cartas, “sobres ateigados de sorpresas con forma de actividades para os nenos”, coa intención de fomentar o sentido do ritmo e aprender xogando. Saliéntase tamén que a iniciativa resultou dun traballo en equipo coa Asociación Pedagóxica Soutullo de Compostela, xa que tanto a escolla dos temas, como das actividades complementarias aos dez contos que recolle o libro, realizáronas e desenvolvéronas os membros deste colectivo de mestres.

Kühn-Bode, Heidi, Xosé Miranda, Xosé Antonio Perozo, Miro Villar, *Contos de vermes, libros, princesas e parrulos*, ilustr. Víctor Rivas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, col. Lagarto Pintado, até 7 anos, 2006, 58 pp. (DL: C-735-2006). ♦

Volume colectivo no que se reúnen contos, algún deles rimado, dirixidos ao lectorado autónomo. Os textos acompañanse dos debuxos de Víctor Rivas que ilustran algunhas escenas de cada relato. Estes debuxos están feitos a tinta e son de corte figurativo; a característica máis salientábel é o predominio da liña cun trazo vigoroso e solto. Soamente na cuberta se emprega a cor.

En canto aos contos rimados, reproducense os seguintes:

- Miro Villar, “Noel, o verme rico da vereá”, pp. 5-13.

Poema narrativo de Miro Villar (Cee, 1965) no que a través da recreación da historia do país de Linguapolis se critica todo tipo de totalitarismo. Nel descríbese como neste país viven felices os vermes cortadores, até que un día o verme Noel, cego pola cobiza, decide someter aos seus compañeiros. Para facerse rico, Noel fai unha fochanca na única vereá do reino e ponlle unha cadea, así cada vez que os vermes volvían do traballo cargados de legumes tiñan que deixarlle como pagamento unha parte a el. Deste xeito, Noel fíxose o rei e foi medrando en cobiza e tamaño, amedrentando a todos. No entanto, un día por accidente viuse reflectido na auga e co susto da imaxe de si mesmo saíu fuxindo para non volver máis.

- Heidi Kühn-Bode, “E dixo Fresquiño, o libro riquiño...”, pp. 15-25.

Heidi Kühn-Bode (Bavaria-Alemaña, 1945) presenta neste poema a historia do libro Fresquiño, do que se descoñece o autor e procedencia. Cando está a deambular por unha vila con mar, entrou na tenda dunha queixeira, á que se ofrece para contarlle a súa historia. Esta, desconcertada, pregúntalle de qué se trata e entón coñece o contido dos contos que o conforman, moitos deles sobre os dereitos dos nenos. Así Fresquiño vaille desvelando que estes teñen dereito de ir ao colexio e non cargar cos libros, pois estes van polo aire; o dereito de se emporcaren ao xogar na lama, o dereito a xogar moitas horas ou o de durmir sen

pesadelos, así como o de facer todo o que lles dea felicidade sen necesidade de grandes medios.

Miranda, Xosé, *Piratas polo Miño*, Vigo: Tambre, col. Catavento, n.º 16, [lectorado mozo], 2006, 61 pp. (ISBN: 84-88681-48-8).

Neste poemario Xosé Miranda (Lugo, 1955) presenta, a través de distintos poemas, os soños dun rapaz con afán de facer viaxar ao lectorado por un mundo misterioso capaz de fascinalo sen o mover da súa cadeira. Un rapaz que soña que é un pirata e que conta, en primeira e terceira persoa, as súas aventuras. A través dos distintos poemas o rapaz vai presentando a tripulación do barco, o veleiro Vingador, o capitán, o barco e o cociñeiro, e contando as diferentes anécdotas e historias. Trátase de historias de combates e tesouros, de rescates de mozas e de nenos secuestrados que pasan a ser grumetes e chegan a capitáns, pero sobre todo cóntanse os sentimentos e as impresións dun pirata, que remata por espertar e descubrir que todo foi un soño. Todo isto con claras referencias a clásicos como Manuel Antonio, Manuel Curros Enríquez ou Rosalía de Castro, entre outros. Divídese o poemario en vinte e seis capítulos nos que se percorren Maracaibo, Cuba, Panamá, Haití, Honolulu, dende a súa entrada polo Miño, na Garda, pasando por Tomiño, Ribadavia até chegar a Lugo, para secuestrar a un neno que logo chegará a ser mariñeiro. O volume, que non presenta ilustracións no interior, amosa na cuberta, sobre un fondo negro, dúas túbias cruzadas e unha caveira. Emprégase neste deseño da cuberta unha fotografía de A.G.V. na que os ósos están radiografados e así teñen maior contraste co fondo. O conxunto semella unha bandeira pirata que, xunto co título, anuncia o tema sobre o que van versar os poemas do libro.

Recensións:

- Xosé Freire, “Poemas con patente de corso”, *A Nosa Terra*, n.º 1.223, “Cultura”, 18-24 maio 2006, p. 23.

Dáse conta da publicación do novo poemario de Xosé Miranda e faise un breve repaso á súa obra previa. Coméntase que *Piratas polo Miño* é un volume “de temática única”, dedicado a todo o lectorado a partir dos nove anos e que supón unha novidade na traxectoria do autor por empregar o verso para a aventura. Sinálanse algunhas das lecturas do autor presentes no poemario e achegas previas en verso de Miranda á piratería. Finalmente, Xosé Freire indica o que garda no seu interior a obra e cualifícaa como “poemario de forma e estrutura variábel que atesoura mundos de seu, divertido e acougante”.

- Xesús Fraga, “O mar das liberdades”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 155, “Letras en galego”, 1 abril 2006, p. 13.

Unha frase de Baudelaire encabeza esta recensión sobre dous poemarios de Xosé Miranda, *Capitán dos teus ollos* (2005) e *Piratas polo Miño* (2006). Achéganse os trazos comúns de ambos os libros e a información sobre as dúas coleccións nas que se inscriben. No que atinxe a *Capitán dos teus ollos*, aborda a temática da obra, o estilo e o horizonte e inclúe uns pequenos versos. Sobre *Piratas polo Miño* trata as características que o diferencian do anterior.

- María Jesús Fernández, “Piratas polo Miño”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194, “Libros/Novedades”, xuño 2006, p. 71.

Comeza cualificando de fermoso este poemario que ten como tema recorrente o mar; un mar que se presenta como espazo de aventuras no que os piratas son heroes románticos e solitarios. Fala de que nos poemas se empregan formas estróficas diversas, diferentes ritmos, humorísticas descrições, versos solemnes, nostálxicos, inflamados de ardor e épica, cambios do eu poético, mestura de estilo clásico e doutras voces poéticas, etc. Finaliza salientando que existe un sutil fío condutor, que permite construír un relato a través dos poemas.

Miranda, Xosé, *Federico na silveira*, ilustr. Roberto Yepes, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado], marzo 2006, [30] pp. (ISBN: 84-9782-423-7).

Neste conto rimado de Xosé Miranda (Lugo, 1955) relátase en verso a historia do coello Federico que un día saíu da súa toqueira a facer unha excursión. No camiño atopou cun coello negro que resultou ser unha trampa preparada polo raposo. Federico, pensando que o coello era de verdade e non un moneco, caeu no engano, e o raposo levouno para cocíñalo, pero cambiou de idea e decidiu non comelo cando escoitou a Federico suplicarlle que o cocíñara, o botara a un cavorco, o guindara no río, o colgara dun carballo, o esfolara ou o queimara, pero que non o tirara á silveira. O raposo, como era malo, fixo todo o contrario e chimpouno na silveira. O que non sabía é que acababa de liberar a Federico que era un coello do monte e nacera nunha silveira. Roberto Yepes ilustra este conto a partir de técnicas pictóricas onde mestura ceras brandas e, en moi poucas ocasións, pinceladas de cor branco, a través da utilización de cores cálidas na maioría das imaxes. O ilustrador humaniza aos dous personaxes, un coello e un raposo, para unir a narración textual coa visual.

Recensións:

- María Navarro, “Na silveira”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 174, “Infantil/Xuvenil”, 13 xullo 2006, p. VII.

Coméntase *Federico na silveira*, de Xosé Miranda, do que se comeza destacando que con esta obra se lle transmite ao lectorado máis novo a mensaxe de que ás veces os papeis mudan, como ocorre entre os golpes e os coellos. Lémbrense títulos anteriores do autor nos que o protagonista é o coello Federico e resume brevemente o argumento desta entrega. Refírese a seguir á influencia das fábulas nesta obra de Miranda, tanto pola elección dos protagonistas animais como polo seu carácter didáctico, e remátase destacando a linguaxe sinxela e coidada dunha “divertida historia fantástica” na que considera un grande acerto o feito de ser rimada.

- María Jesús Fernández, “Federico na silveira”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 196, “Libros”, setembro 2006, p. 65.

Comeza referíndose ao coello Federico que apareceu noutras obras do autor nesta mesma colección e que agora ten que facer valer o seu enxeño e capacidade de “conocimiento psicológico” para librarse dun grave perigo. Dise que se trata dunha narración versificada, á

maneira das fábulas clásicas. Descríbese a historia e salientase que a moralina neste caso podería ser que aos malos a súa propia maldade pode perdelos. Finaliza referíndose a que as ilustracións ocupan dobre páxina e están feitas a toda cor.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 168, “Andel de novidades”, 1 xuño 2006, p. VII.

Sucinta achega ás obras *Monte do Cerveiro*, de Xesús Manuel Valcárcel, *A fonte do Vidueiro*, de Isaac Ferreira, e *Federico na silveira*, de Xosé Miranda e Roberto Yepes. Reflictese a liña argumental e inclúense datos tanto descritivos como valorativos destas obras.

Núñez, Toño, *O pirata Metepata*, ilustr. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 8, [lectorado autónomo], 2006 [32] pp. (ISBN: 84-96526-64-X).

Neste álbum fantástico realista de Toño Núñez (Navia de Suarna) preséntase en verso cómo foi a historia da viaxe en barco ao mar dos golfiños do Capitán Peneque, que, despois de encallar nas rochas, foi atacado polo Pirata Metepata, quen tivo que fuxir a todo meter ao ser atacado pola cachimba do vello Peneque que comezou a botar lume coma un canón. Para rematar os golfiños salvaron a embarcación das rochas. O relato está enriquecido coas ilustracións a dobre cara de José Tomás (Betanzos, 1971) que gozan dun gran colorido, onde se combinan as tonalidades frías coas cálidas, para dar forma ao relato visual dende grandes a pequenos espazos. O ilustrador utiliza tintas planas, pero dado a gran variedade e condensación de figuras, cores e formas (líneas rectas, curvas, zig-zag...), consegue texturas moi características da súa faceta como ilustrador. Estas ilustracións coas súas cores e formas complementan a narración.

Sánchez, Gloria, *Dez piratas*, ilustr. Montse Gisbert, Santiago de Compostela: Alaguara/Obradoiro, col. Alaguara Infantil, serie violeta, a partir de 8 anos, marzo 2006, 75 pp. (ISBN: 84-8224-730-1).

Neste poemario de Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) cóntase con humor a historia duns piratas cobizosos. Orella de Cachucha, Leonardo Biosbardo, Tripas, Patatán, Avelino Furriqueiras, Man de Fouciñas, Cascarilla, Corazón de Boi, Pistraca, Bocanegra e un papagaio parten a bordo dun bergantín desgraciado chamado o Marabillas na busca dun tesouro, o marranchiño de ouro. Por seren torpes e brutos, aos piratas vailes pasando unha serie de acontecementos que os eliminan un a un até quedar somentes o pirata Bocanegra e o papagaio. Bocanegra, co afán de apropiarse do tesouro, gabea por unha árbore e entra pola fiestra dunha casa que pouco antes divisara. Nela, consegue ter entre os seus brazos o marranchiño de ouro, que non é máis ca un peto de corrichiño regordecho e rosadiño, pero nese intre o papagaio berra para pedir a súa parte e esperta á dona do corricho, unha pequechiña de meixelas regordetas, que lle dá a Bocanegra o seu merecido. Deste xeito, tan só queda o papagaio, que canso da vida de pirata que levaba, decide quedarse a vivir naquela casa para aproveitar os mimos que a meniña lle dá. A pesar da honrada e tranquila vida que

agora ten, de cando en vez, ao papagaio danlle arroutadas de pirata asaltando o quiosco de Paco, ao berro de “A ABORDAXE!”, para roubarlle moedas de chocolate. As ilustracións figurativas de Montse Gisbert (Montsiá-Tarragona, 1968) teñen un estilo infantil que se aprecia na construción das persoas e dos animais. A técnica empregada é o debuxo de liña cunha pequena sombra para simular algo de volume; algunhas composicións complementáanse coa inclusión de recortes de imaxes impresas. A lectura do texto vén facilitada pola sucesión de imaxes que axudan á súa comprensión.

Recensións:

- María Navarro, “Cos piratas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 173, “Infantil/Xuvenil”, 6 xullo 2006, p. VII.

Despois de recordar outras obras poéticas de Gloria Sánchez, fálase do que se conta sobre os piratas e as súas aventuras neste poemario narrativo. Coméntase tamén que os poemas manteñen unha certa autonomía da historia global que obrigan ao lector a manter a atención. María Navarro salienta a introdución nos conceptos de ritmo, rima e prosodia; a comicidade, os saltos realidade-fantaxía que producen unha poesía enxeñosa, divertida, chea de encanto. Finaliza co que considera máis sorprendente “a concisión na expresión e o vertixinoso decorrer dos acontecementos; nuns cantos versos sabemos o que lles sucedeu aos personaxes case tan detalladamente como se dunha narración se tratase”.

Sánchez, Gloria, *Adiviñas monstruosas*, ilustr. Purificación Hernández, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 9, serie azul, máis de 6 anos, abril 2006, 74 pp. (ISBN: 84-96352-83-8).

Neste libro de adiviñas de Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958), no que se dá a mestura de imaxes, poesía, historias populares e mitoloxía, os principais protagonistas son monstros coñecidos polo destinatario ao que se dirixe. O soporte visual ideado por Purificación Hernández fai que o lectorado descubra xa de antemán moitos dos personaxes dos que se está a tratar. Malia o dito, o lector deberá manter a atención para cerciorarse de que as características que se describen se corresponden co debuxo e a idea que se ten de cada un dos personaxes monstruosos sacados de diferentes tradicións e lugares. Así, de Galicia, a Coca, a Bruxa e a Santa Compañía; do estranxeiro (Europa-América), Frankenstein, o vampiro, Jack Skellington, etc. e, o resto, integrados na cultura popular dende a nenez: o Home do Saco, a Man Negra, o Cocón. As ilustracións figurativas van acompañando aos poemas e axudando a adiviñar o personaxe do que se trata. O estilo que se emprega fai dos monstros figuras amábeis, aínda que están representados con todos os seus atributos terroríficos.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “Adiviñas monstruosas”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 198, “Libros/Novedades”, novembro 2006, p. 60.

Comézase dicindo que os protagonistas deste poemario son personaxes amados e temidos das historias de medo, tanto da tradición oral coma da literaria e do cinema, que aparacen

retratados cos seus trazos máis característicos ofrecidos ao lectorado escondidos nos versos das adiviñas. Saliéntase o emprego do humor e o desenfado “irreverente”.

Villar, Miro, *Carlota e a gaivota patiamarela*, ilust. Luís Castro Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado], marzo 2006, 29 pp. (ISBN: 84-9782-422-9).

Conto rimado no que Miro Villar (Cee, 1965) se achega ás distintas etapas da amizade da marmota Carlota e o río. Primeiro os seus xogos, reflexións; logo unha etapa escura por non ter unha resposta sobre até onde vai o río ao que este, antes de marchar, lle responde “que non contestaría esa sen romper unha promesa”. A marmota queda preocupada e na súa casa queren saber o porqué da súa tristura. Carlota comenta o caso coa avoa Isolina quen lle dá varias explicacións, entre elas, “nunca veremos mar”. A protagonista vai na busca do mar e dunha explicación. Ao chegar, defíneo como feo, descampado, cun cheirume a alcatrán e resolve o misterio, que cre que se basea nese cheiro, cousa que a molesta. Cando está neste pensamento sae do alcatrán unha gaivota que non pode moverse. Carlota intenta levala ao río; conségueo e decátase que non é negra senón branca patiamarela. A gaivota cóntalle que sempre andaba polo mar e que nunca fora desa cor até que un home malvado a ennegreceu. Deste xeito, Carlota aprende moitas palabras: “marea negra” “galipote”, “piche”, “brea”, etc.; comprende por qué os ríos din “nunca veremos mar” e fai unha nova amizade. As ilustracións figurativas de Enjamio (A Habana-Cuba, 1962) mesturan fotografía e debuxos con xices. O deseño das imaxes ten unha simplicidade que rolda a abstracción nalgunha das composicións. O protagonismo do mar e do río está resolto pola inclusión duns ollos que lle achegan expresividade aos elementos naturais. As figuras da marmota e da gaivota están deseñadas con formas simples, pero suficientemente identificativas. Xa na imaxe da cuberta, o lectorado atópase ás dúas protagonistas fundidas nunha aperta; trátase dunha imaxe que fala da fraternidade necesaria entre os distintos ámbitos: o mar, a terra, o aire, a auga, etc.

Recensións:

- Paula Fernández, “Carlota, amiga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 181, “Infantil/Xuvenil”, 26 outubro 2006, p. VII.

Achega unha serie de razóns polas que considera que a poesía é un xénero atraente para os primeiros lectores e centra o seu comentario en *Carlota e a gaivota patiamarela*, un texto narrativo para o que Miro Villar escolleu o verso. Sinala que a súa acción se presenta en composicións non moi extensas que agrupan versos de sete sílabas en boa parte dos casos, que, grazas ao emprego da rima asonante, fan que os lectores poidan apreciar a musicalidade e o ritmo que axudarán a axilizar a lectura. Relata o seu argumento e afirma que a través desta historia se amosa, dunha maneira doce, o incomprendible dalgúns acontecementos e se tratan temas tan importantes coma a defensa do medio natural ou o valor da amizade, ao tempo que se insiren formas se cadra máis complexas no proceso de adquisición de competencias lectoras.

- María Jesús Fernández, “Carlota e a gaivota patiamarela”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 198, “Libros”, novembro 2006, p. 58.

Destaca que autor e ilustrador volven a presentar conxuntamente unha nova historia da marmota Carlota en forma versificada, construída mediante coidadosas estrofas de sete versos. Describe o argumento da obra e remata referíndose aos coñecementos que Carlota obtén das experiencias vividas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 161, “Andel de novidades”, 13 abril 2006, p. VII.

Sucinta aproximación ás obras *Carlota e a gaivota patiamarela*, de Miro Villar e Enjamio, e *Historia de Román o bombeiro*, de Pinto e Chinto. Dáse conta da liña argumental destas obras e inclúense datos descritivos de cada unha delas.

VII.2.2. REEDICIÓNS

VV.AA, *Minilibros para soñar 6*, ilust. varios autores, Pontevedra, Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2006. (ISBN: 84-8464-595-9).

Entrega conxunta de sete contos, algún deles rimado, publicados en diferentes coleccións da Editorial Kalandraka durante os anos 2003, 2004 e 2005 e que agora aparecen nun estoxo de pequeno formato. Trátase de *Chibos chibóns* (2003), adaptación de Olalla González Paz a partir dun conto popular e ilustrado por Federico Fernández; *Amora* (2003), de Anxos Garabana e ilustrado por Óscar Villán; *A verdadeira historia de Carrapuchiña* (2004), de A. R. Almodóvar, ilustrado por Marc Taeger e traducido por Vitoria Ballesteros; *Renato* (2004), de Manolo Hidalgo, ilustrado polo autor e traducido por Marisa Núñez; *O patiño feo* (2005), de Hans Christian Andersen, adaptado por Manuela Rodríguez e ilustrado por Ana Sande; *Xaime e as landras* (2005), de Tim Bowley e ilustrado por Inés Vilpi; e *Un agasallo diferente* (2005), de Marta Azcona, ilustrado por Rosa Osuna e traducido por Manuela Rodríguez. O descriptor destes sete contos pode consultarse no *Informe de Literatura* do ano correspondente.

VII.2.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Bernasconi, Pablo, *O zoo de Xoquín (El zoo de Joaquín)*, ilustr. do autor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], febreiro 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-8464-560-6).

Conto rimado de Pablo Bernasconi (Bos Aires, 1973) que se presenta acompañado de suxestivas ilustracións que inclúen moitos acenos dirixidos ao lectorado e invitan a fixarse nos detalles, ao introducir elementos que complementan o expresado no texto. O protagonista da historia é Xoquín, un neno moi listo que unha mañá decide ser inventor. Cuns refugallos e cousas da súa tía, péchase no seu taller durante varios días para crear dez animais de compañía. Así, crea un hipopótamo cun relador de queixo; un becho feo cun plumeiro e dous paus; o rato Mando cun teléfono vello; o león Dente Louro cunha melena de palla; un animal ben curioso chamado Xan Aguacate cunha cenoura, un aguacate e uns chícharos; un galo espertador cun reloxo e unha bucina; o coello Bartolo cunha lámpada e dúas rodas; o paxaro Virulana cun vello estropallo de arame; un elefante coas tapas dunha ola e unha corneta; e unha enorme xirafa. Cando remata a súa tarefa, Xoquín queda ben contento cos seus novos dez amigos. Nesta obra as gardas narran de maneira visual o contido do libro, xa que son trazos vigorosos e áxiles de cor branco sobre papel azul que, rapidamente, evocan en quen os observa os bocetos dos grandes inventos da historia. Preséntanse unhas ilustracións dotadas de carga humorística claramente influenciadas polo cinema de animación por ordenador, cunha abraiante fantasía, creatividade e riqueza cromática. Os personaxes que aparecen nelas son obxectos da vida cotiá aos que se lle deu unha nova utilidade; están cargados dunha forte carga narrativa e cunha coidada composición escénica. Trátase de fotografías manipuladas por ordenador cunha estética moi contemporánea. A composición que realiza Pablo Bernasconi sempre coloca ao personaxe no centro da ilustración para atribuírle o interese narrativo e visual ao obxecto inventado por Xoquín.

Recensións:

- María Navarro, “Xoquín e o zoo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 164, “Infantil/Xuvenil”, 4 maio 2006, p. VII.

Salienta María Navarro a enorme imaxinación que presenta o protagonista desta historia de Pablo Bernasconi á hora de construír e deseñar os animais que van aparecendo no relato. Así mesmo, reconece a intención de “facerlle ver aos pequenos (...) que a reciclaxe ademais de ser necesaria para tratar de non esgotar os recursos naturais, pode ser unha boa ferramenta para deixar voar a imaxinación e divertirse coa fascinación que produce a arte da creación”. Comenta tamén que o autor presenta un universo único que cativa a atención do lectorado.

- CLIJ, “El zoo de Joaquín”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 195, “Libros/Novedades”, xullo-agosto 2006, p. 63.

Despois de se referir ao autor e sinalar que é un deseñador gráfico e ilustrador arxentino con gran prestixio no seu país e fóra del, análizase o álbum que se cualifica de “alocado”, xa que presenta unha grande inventiva á hora de crear animais “imposibles” feitos cos materiais máis

diversos. Relata a historia e remata dicindo que se trata dunha proposta lúdica, estética e conceptualmente moi suxestiva, composta de versos con rimas sinxelas e descritivas.

Budde, Nadia, *Viaxar en pixama (Flosse, Fell und Federbett, 2004)*, ilustr. da autora, adapt. Xosé Ballesteros, trad. Marc Taeger, Vigo/Pontevedra: Fatoría K de Libros/Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], xullo 2006, [30] pp. (ISBN: 84-8464-598-3).

Nadia Budde presenta neste volume, a través dun breve texto rimado, unha nova proposta en relación á fórmula tradicional de contar ovellas para poder conciliar o sono. Así, se “pola noite non podes durmir e contar ovellas non che fai rir”, propónse que o lectorado conte un animal que pique, nade, voe ou mame. A seguir, dáse paso a unha riola de animais que se poden contar (abesouros, lagostas, cascudas, couzas, ollomoles, pavóns ou crocodilos) e ofrécese a posibilidade de facer unha excursión polo deserto ou vivir unha aventura a ceo aberto con algún dos animais. Remátase coa indicación de que é hora de regresar, pois xa hai animais que están cansos, e co rap que cantan as curuxas: “Plumas, patas ou escamas... para viaxar en pixama. É hora de descansar. É hora de se deitar”. As ilustracións figurativas da autora completan este texto. Na cuberta, completándose coa parte de atrás, aparecen os protagonistas nun coche viaxando de noite. As ilustracións mostran a uns personaxes configurados cun estilo expresionista. A estética que emprega a ilustradora céntrase nas figuras e case non hai referencias espaciais. A narración sucédese con composicións variadas onde a acumulación de animais forma parte das necesidades do relato e lle achega unha estética peculiar aos debuxos. A pesar da estilización das formas as expresións das figuras varían e mostran emocións diferentes. Aínda que o texto é necesario para comprender o relato, a forza que teñen as imaxes é moi superior ás palabras. As composicións varían en cada páxina, pois a ilustradora emprega secuencias de imaxes como se foran viñetas, escenas con acumulación de formas sen espazos baleiros e escenas de dobre páxina. O cromatismo empregado é comedido, pois son cores moi mesturadas, azul escuro, vermello escuro, ocre, etc. As formas están rodeadas por unha grosa liña negra e recheas con tintas planas para dar cor sen intencións de xerar volume. Nas gardas emprégase un xogo visual: as do inicio do libro presentan un deseño con pequenos animais sobre un fondo vermello e nas do final do libro, para remarcar a chegada da noite, e por tanto do sono, o deseño das gardas cambia e a cor é azul escuro.

Cruz-Contarini, Rafael, *Do A ao Z con Cristovo Colón (De la A a la Z con Cristóbal Colón)*, ilustr. Rafael Salmerón, trad. Begoña Varela Vázquez, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, primeiros lectores, 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-403-0545-1).

Rafael Cruz Contarini (Montilla, 1988) presenta o descubrimento de América de Cristovo Colón a través de sinxelos poemas con títulos alfabeticamente ordenados que dan conta das distintas historias que se esconden tras esta aventura. Reprodúcese así o abecedario a través de composicións líricas que abarcan dende o “A de América”, o “B de Barlovento”, o “C de Cristovo” pasando polo “I de indios”, o “Q de Quetzal”, o “X de Xochiquetzal” ou o “Z de Zunido”, para descubrirelle ao lectorado as peculiaridades que acompañaron ao descubrimento do novo mundo, aludindo non só ao feito en si, senón á cultura e tradición precolonial. Cunha forte carga didáctica cada un dos distintos poemas submerxe ao lectorado nunha viaxe ao pasado histórico. Remata a obra coa sección “¿Sabías que ...?”, onde se achega información

sobre a orixe de Cristovo Colón e que se supón vinculada a Galicia. Nas ilustracións figurativas, Rafael Salmerón (Madrid, 1972) emprega formas desproporcionadas nas cabezas para deseñar uns personaxes de aspecto simpático. As composicións completan o texto con detalles decorativos, como pentagramas con notas, que achegan información sobre o que se comenta na narración. A técnica que utiliza é debuxar figuras e enchelas de cores; a sensación de volume conséguese con texturas e matices de cores alegres, que se viran cálidas en moitas páxinas.

Recensións:

- Paula Fernández, “Excesos idílicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 180, “Infantil/Xuvenil”, 19 outubro 2006, p. VII.

Presenta *Do A ao Z con Cristovo Colón* como unha pequena compilación de pequenos poemas cun fio condutor centrado na figura do citado navegante, que segue a estrutura dun dicionario temático. Cita os diversos aspectos recollidos sobre a descuberta do Novo Mundo nesta obra de Rafael Cruz-Contarini, que foron, segundo a articulista, tratados dunha maneira axeitada ao público esperado e cun ritmo moi áxil. Por outra parte, considera que os motivos tratados amosan unha versión idílica da conquista e, aínda que admite que pode ser demasiado violento unha visión máis sincera dos feitos para os nenos de baixas idades, considera que non é aconsellábel crear ideas tan distantes do que realmente aconteceu.

Cruz-Contarini, Rafael, *Do A ao Z con Mozart e coa música*, ilust. Rafael Salmerón, adapt. Irene Penas Murias, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, primeiros lectores, 2006, [32 pp.]. (ISBN: 84-403-0545-1).

Conxunto de breves textos rimados de Rafael Cruz Contarini (Montilla, 1988) nos que cunha marcada carga didáctica se fai un achegamento á figura do músico Wolfgang Amadeus Mozart e á propia disciplina da música. Os textos están organizados por orde alfabética e aparecen precedidos por cada unha das letras e a referencia ao personaxe ou obxecto do que se ocupa cada unha das composicións. Así, no primeiro poema explícase quen era Amadeus, dando logo paso á descrición das características dos diversos elementos asociados coa música e coa propia obra deste autor. Entre os elementos que se lle definen ao lectorado agardado aparece a batuta ou unha nota, así como instrumentos de vento e corda como a frauta, o piano, o ukelele ou o violín. Tamén se explican as características dun concerto, dun libreto, dunha escala, ou os diferentes tipos de obras como a ópera, o himno ou o jazz, sen esquecer a produción do propio Mozart, á que se fai alusión en termos como “Giovanni”, que dá título a unha das súas óperas, ou “K de 525. Pequena serenata nocturna”, na que se explica que cada unha das obras do autor ademais de ter título aparece acompañada cun número. Nas ilustracións figurativas, Rafael Salmerón (Madrid, 1972) emprega formas cunha certa desproporción nas cabezas para deseñar uns personaxes de aspecto simpático. Trátase de composicións que completan o texto con detalles decorativos, como pentagramas con notas, que achegan información sobre o que se comenta no texto e tamén imprimen maior dinamismo aos debuxos. A técnica que utiliza é debuxar figuras e enchelas de cores alegres que viran a cálidas en moitas páxinas.

Recensións:

- Paula Fernández, “Achegar a música”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 172, “Infantil/Xuvenil”, 29 maio 2006, p. VII.

Despois de se referir á celebración de múltiples centenarios, céntrase na dos dous centos anos do nacemento do músico de Salzburgo, Mozart, e da homenaxe que por medio deste libro *Do A ao Z con Mozart e coa música*, realizou Rafael Cruz-Contarini. Dise que se trata dunha colectánea de poemas que versan sobre diferentes aspectos da vida do compositor e sobre artigos vinculados ao musical e á danza facendo coincidir un poema con cada letra do alfabeto. Así, comenta que o A se corresponde con “Amadeus”; o B, con “Batuta”; o C, con “Concerto”; o D, con “Danza”; o Z, con “Zunido”, etc. Salienta que son poemas artellados dun xeito rítmico nos que “sobrancean as imaxes ou as identificacións”. Finaliza comentando que se trata dunha lectura interesante e divertida para os máis pequenos que descoñecen a historia dos xenios e da música.

García Teijeiro, Antonio e Jordi Sierra i Fabra, *Contos e poemas para un mes calquera*, ilust. Antonia Cortijos, trad. dos contos Alba Piñeiro Estévez, trad. dos poemas Antonio García Teijeiro, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 10, serie verde, a partir de 10 anos, 2006, 151 pp. (ISBN: 84-9811-070-X).

Volume que reúne trinta e un contos e trinta e un poemas escritos por Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) e por Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), acompañados das ilustracións, sinxelas e acromáticas, pero acordes á temática dos relatos, de Antonia Cortijos (Barcelona). Os textos van precedidos dun prólogo, titulado “Leo xq leo” no que se explica a orixe do proxecto, que naceu nun verán no que ambos os creadores decidiron escribir un libro que vinculase narrativa e poesía e facéndoo a medias, isto é, a metade son contos orixinais a partir dos que García Teijeiro elaborou outros tantos poemas, e a outra metade son poemas orixinais a partir dos que Sierra i Fabra imaxinou outros tantos contos. O número escollido, trinta e un, responde ao desexo de dispoñer dun conto e dun poema por día, tendo en conta que un mes ten como máximo trinta e un días. Tras deste prólogo explicativo comezan os textos, enmarcados cun breve poema de benvida, que invita á lectura, e outro que supón a despedida destes particulares xogares modernos. Cadanseu día vai precedido pola representación dunha folla do calendario a piques de ser arrincada. A temática dos contos e dos poemas é moi diversa, pois cada un deles, que forman unha unidade, céntranse nunha historia que complementan botando man dos dous xéneros, traducíndoa da narrativa á poesía ou viceversa. Predominan as narracións achegadas ás fórmulas do conto marabilloso e da literatura de tradición oral e, de feito, algunhas delas son adaptacións de relatos antigos de diversa procedencia e mesmo dous proceden de senllas lendas populares, “O conto da boa sorte”, dunha lenda mexicana, e “Os enviados do rei”, dunha chinesa. Tamén se inclúe algún relato de corte fantástico, como por exemplo “O vertedoiro galáctico”. En canto á parte poética, predominan os versos curtos e agrupados en estrofas (sobre todo tercetos e cuartetos) de rima asoante. A cuberta presenta a única ilustración a cor do libro e nela o ilustrador emprega algunhas das formas do interior mesturadas nunha composición plana de formas sinxelas. As ilustracións do interior seguen dúas pautas: a primeira é un pequeno debuxo dunha folla de calendario que vai sucedéndose para marcar os días do mes; cada día iníciase cun poema que

vai acompañado duns pequenos debuxos que fan referencia ao tema central do poema que despois será desenvolto polo relato (pequenas nubes, peixes ou espigas). A segunda é unha imaxe que sinala algún aspecto relevante do relato; son ilustracións de páxina enteira que están resoltas cunha liña grosa de tinta negra e planos grises que enriquecen o debuxo cun estilo parecido ao que emprega Ferdinand Leger.

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Solaina*, ilustr. Francisco Pérez Porto, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2006, 33 pp. (ISBN: 84-8464-614-9).

Ábrese o volume, que vén acompañado dun CD-ROM, cun poema de *Versos do lume e do vagalume*, de Manuel María, e cunha introdución de María Pilar García Negro na que a autora sinala os valores deste libro-disco: a calidade dos creadores e intérpretes, do ilustrador e a fusión entre o “popular” e o “culto”. A seguir, recóllense as composicións de Xosé Lois García, Xico de Cariño, Anisia Miranda, José Mário Branco, Xosé Vázquez Pintor, Fernando Pessoa, Francisco Xosé Peña, Guindeira, Xosé Neira Vilas e Marcelo Melo, que se acompañan de textos a pé de páxina que ilustran ou complementan o contido. O libro está ilustrado por Francisco Pérez Porto (Barallobre-O Penedo, 1938) e na cuberta presenta un deseño a toda cor co título adaptándose á forma do sol, que ocupa toda a páxina tinguindo de amarelo toda a ilustración. As gardas xa avanza a temática do interior cuns debuxos de instrumentos. Estes mesmos instrumentos acompañarán ao título das distintas coplas cunha función decorativa. Todas as páxinas impares están ocupadas por unha ilustración a toda cor emarcada por unha banda marrón. As cores empregadas están saturadas e achegan un cromatismo moi contrastado que resulta moi alegre (polas formas e a luz recorda o deseño de vidrieiras). As ilustracións seguen con fidelidade o tema central das distintas coplas. O estilo das pinturas recorda aos pintores da vangarda galega como Maside, Colmeiro, Seoane...

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Casa durmida*, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 40, [lectorado mozo], 2006, 19 pp. (ISBN: 84-96368-36-X). ■

Obra escrita por Xosé María Álvarez Cáccamo que comeza cunha nota do autor explicando a xénese da mesma, unha lenda que vén escoitando dende neno, pero que contén unha verdade histórica: o levantamento fascista de 1936 e o horror que provocou posteriormente. Así mesmo, fala da intertextualidade que marca boa parte do seu traballo, tamén desta obra. De seguido, preséntanse os personaxes: o pai, a nai, o fillo, a aparecida, o pobre, voces, e o grupo militar, ao mesmo tempo que aparece a dedicatoria: “a todas as vítimas do terror fascista”. A acción comeza nun cuarto dunha casa vilega, onde falan o pai, o fillo e a nai, despois do xantar. Son tempos de guerra, a casa está triste, dormida. Só se escoita a súa conversa, o cantar en francés dunha vella que se aparece e as voces do río, que son as que contan o que acontece no exterior da casa, os fuxidos ao monte e os falanxistas que os persiguen, as chamadas pola noite á porta das casas... Até a casa chega un dos perseguidos máis buscados, o Pobre, Antón Alonso Ríos, a quen acollen con verdadeiro agarimo. A Aparecida, cuberta cunha túnica branca, cobra protagonismo contra o final da obra cedéndolle a palabra para levar ao lectorado cara ao destino futuro dos protagonistas, que ao final se tornan en aparicións que representan a conciencia da memoria que non desexa ser esquecida. A ilustración da cuberta e da portada, que é a única que presenta o volume, amosa uns trazos soltos de tinta negra que semellan unha casa cos elementos figurativos simplificados ao máximo.

Arca Caldas, Olimpio, *O indiano*, ilustr. Paco Lareo, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 41, [lectorado mozo], 2006, 20 pp. (ISBN: 84-96368-37-8). ■

Peza teatral de Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928) na que un conxunto de variados personaxes (Manuel, Espectador I, Espectador II, Alberte, O Parvo, Espectador III, María, Xurxo, Espectador IV, Xaquín, Espectador V, Paisano I, Paisano II, Alcalde, o Indiano, Paco, Xornalista, Rosiña, Henriqueta, Rapaces, Veciños, Nenas) dan vida á historia dun emigrante que volta ao seu pobo. A historia comeza co que parecía ser un día cotiá, como calquera outro, pero no que axiña os habitantes do pobo se decatan de que vai ocorrer algo especial. Toda a acción transcorre nun só día no que se produce a chegada dun home que emigrara para América e que, agora, despois de enriquecerse, quere agasallar ao que fora o seu pobo. O acontecemento afróntase cun gran balbordo froito de diversos feitos como o non atopar ao alcalde, non funcionar ben o coche no que ían buscar o Indiano ao aeroporto, os comentarios da xente sobre o home que ía a chegar, o agasallo que esperaban del, etc. Unha vez chegado o Indiano ao pobo, os veciños recíbeno con moita admiración agás cando o estranxeiro lles di o que quere doar. Don Pedro, que así se chama o Indiano, quere colocar un espantallo de metal

forxado para protexer dos merlos ás cerdeiras. Como resposta, para que cambie de opinión, o pobo organízase para darlle un bo susto. O que fan é dicirlle que lle buscan unha moza moi fermosa que resulta ser Ramón disfrazado. Ante aquela situación, Don Pedro desmaia. Ao espertar fíxase nunha mociña chamada Rosiña á que lle pregunta que é o que quere que doe, que el o cumprirá de bo gusto. Don Pedro cumpre a súa palabra e promete facer unha fábrica de lácteos como Rosiña lle aconsellara. Todo o pobo queda satisfeito e don Pedro e Rosiña fanse noivos. O volume, que non presenta ilustracións no interior, amosa na cuberta un debuxo, de Paco Lareo (Vila de Cruces, 1938), que representa a un home sen ningún dato que o identifique como un indiano.

González Costa, Teresa, *A rúa dos soñadores*, ilustrado pola autora, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 47, [lectorado mozo], 2006, 31 pp. (ISBN: 84-96368-45-9). ■ .

Peza teatral de Teresa González Costa (O Grove, 1975) que somerxe ao lectorado nun mundo máxico e fantástico grazas a tres personaxes protagonistas (tres nenos vagabundos chamados Bastián, Pipina e Cholo) e outros como o Capitán Pimpán, a Señora Xaxa, a Meteoróloga do Universo, o Poeta do cabalo, o Presentador-Titiriteiro e os Monicreques. Na historia que se presenta Bastián, Pipina e Cholo fan dunha casa vella e dunha rúa o seu fogar. Van atopando obxectos coma un libro de fotografías, unhas xices de cores, etc. que proceden do espazo e van incorporándoos á súa vida cotiá. Coa chegada da Señora Xaxa e mais do Capitán Pimpán ven a súa casa en perigo, pois queren derrubala para facer un aparcadoiro e unha tenda de reloxos. Os nenos non queren que isto suceda e, esa noite soñan que van á Lúa onde coñecen a dous personaxes moi especiais que lles axudarán. Descubren que todo o que non atopan ou perden están na Lúa e proban os pasteis de limón máis saborosos. De volta na Terra a Señora Xaxa e o Capitán Pimpán proban os pasteis e deciden, en vez de derrubar a casa, arraxala e poñer unha pastelería na que só se farán pasteis coas receitas da Lúa. O volume só conta coa ilustración da cuberta da propia autora do texto. Nela, preséntase un debuxo a tinta no que aparecen: un unicornio, estrelas, planetas e un limón.

González Graña, Fernando, *Cousiñas do mar e do río*, ilustrado por Paco Lareo A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 39, [lectorado mozo], 2006, 20 pp. (ISBN: 84-96368-35-1). ■ .

Peza de teatro de Fernando González Graña (Cuntis, 1962) na que se poñen en escena os conflitos que xorden na confluencia dun río co mar, unha fronteira que se establece polas desavinzas entre os peixes de auga doce e salgada. Os personaxes protagonistas son unha Sardiña e unha Troita, que en constantes disputas, tentan poñer de relevo a importancia do mar e do río, respectivamente, como o mellor dos lugares posíbeis. Situadas no límite entre as dúas augas, exercen as funcións de vixiantes. Así, a Sardiña impide que un Polbiño novo, ansiando descubrir o lugar marabilloso do que lle falara seu pai nun conto, entre no río, coa ameaza de que morrerá instantaneamente. Pola súa parte, a Troita tamén detén a un Escalo vello que quere coñecer as marabillas do mar, pero que foxe asustado despois de discutir con ela polas ameazas que esta lle fai cun pescador. Finalmente, os problemas resólvense cando chega ao lugar un Salmón que tenta entrar no río a desovar, pero que atopa o obstáculo da fronteira vixiada pola Sardiña. Este consegue convencer a ambas as dúas, Sardiña e Troita,

das vantaxes de poder vivir nos dous medios, ao poñer de manifesto a necesidade e dependencia que mar e río teñen entre si. Reconciliadas as que antes eran inimigas, deciden viaxar por todos os ríos e mares do mundo coa axuda dun convertedor de augas, agasallo do Salmón, que fai posíbel que os peixes de mar estean nos ríos e viceversa. A imaxe da cuberta, de Paco Lareo (Vila de Cruces, 1938), repítese tamén na portada. É unha imaxe en branco e negro que ten debuxos de peixes e cousas de mar como di o título.

González Graña, Fernando, *Eclipse*, ilustrado por Anxo Rodiño, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 38, [lectorado autónomo], 2006, 15 pp. (ISBN: 84-96368-34-3). ■

Peza teatral escrita por Fernando González Graña (Cuntis, 1962) que retrata a visión dunha eclipse de Sol a través da óptica de tres animais distintos: unha miñoa, unha formiga e un grilo vello, ademais das distintas impresións e reaccións que o fenómeno suscita en cada un deles. Comeza coa presentación dos “dramatis personae” (tres personaxes e o narrador) e a dedicación paratextual ao CEIP de Foxo. Xa no transcurso da obra a miñoa preséntase como un ser desesperadamente asustado mentres que a formiga amosa unha tranquilidade e fortaleza envexábel. Será un vello grilo, que anda á procura dunha griliña nun intento xa desesperado de reprodución, o que lles explique o tan incomprensíbel fenómeno: o que están a contemplar é unha eclipse de Sol. A obra remata coa presenza do narrador quen, recorrendo á fórmula didáctico moralizante da moralexa propia dos contos tradicionais, aconsella ao público valores de respecto para cos maiores, sabios todos, e o contorno que os rodea. O volume ten a mesma ilustración na cuberta que na portada. Trátase dun debuxo de Anxo Rodiño moi sinxelo, en branco e negro, que reproduce as distintas fases dunha eclipse. A forma redondeada está enmarcada por un cadro que ten variadas intensidades de gris; este xogo de gradacións achega movemento á imaxe que é, visualmente, moi evidente. No interior non aparece ningunha outra ilustración.

Labraña, Carlos, *Os sons da bugina*, Finalista do IIº Premio Meiga Moira, ilustrado por Noemí López Vázquez, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 9, a partir de 12 anos, 2006, 55 pp. (ISBN: 84-96526-83-6).

Peza de teatro de Carlos Labraña Barrero (Cedeira, 1969) na que se presentan os acontecementos que xorden a partir da aparición dunha rapaza que semella naufragada nunha illa. Trátase de terríbeis acontecementos que manterán as dúbidas do lectorado até o final no que non se desvelará exactamente si estes foron, ou non, causados pola rapaza, malia a historia escura e segreda que conta o vello Nomar. As ilustracións figurativas de Noemí López (Xixón, 1974) son dunha grande expresividade nos xestos e nas posicións que adoptan os protagonistas. Só está traballada con cor a cuberta que, coas tonalidades frías e o fondo do mar, anuncia unha temática mariña. A liña curva empregada pola ilustradora crea unhas composicións dinámicas, cuns escorzos e uns cambios de planos que achegan un ritmo activo á narración. As ilustracións, nas que se emprega como técnica a pintura, ocupan toda a páxina, correspóndense con situacións significativas e axudan á descrición dos personaxes protagonistas.

Pazó, Cándido, *Ra, ra, ra*, ilustr. Alberto Toval, Ferrol: Edicións Embora, col. Tren das Cores, [lectorado autónomo], 2006, 58 pp. (ISBN: 84-95460-47-5).

Peza teatral de Cándido Pazó (Vigo, 1960) que ten como personaxes protagonistas a dúas ras, RA-MÓN e RA-QUEL, á brisa Marisa e á corrente Rosa. Marisa, que segundo ela mesma afirma “sempre fala en rima porque lle encanta”, e Rosa son quen dan paso á historia das ras para explicar que estas non sempre cantaron e mesmo se dirixen ao público, en ocasións, para aclararlle algún aspecto da función. A brisa e a corrente presentan a historia na que RA-QUEL e RA-MÓN fan oídos xordos ás advertencias e consellos da avoa RA-MONA, que non quere que saian despois de poñerse o sol e que as obriga a recollerse ao fondo da lagoa coa cabeza metida na lama, pois todas as ras teñen medo da negrura da noite. A RA-QUEL, que pregunta reiteradamente que é o que hai na tona do río pola noite, non hai quen lle dea resposta, polo que decide comprobalo ela mesma inseríndose nunha aventura na que é seguida por RA-MÓN e na que descubrirán que o monstro Escuridón non existe. As dúas pequenas ras coñecerán a existencia da lúa e a partir deste momento conseguirán que as demais ras saian de noite. Este volume só presenta unha ilustración, de Alberto Toval, na cuberta. Nela móstrase unha ra con aspecto simpático, rodeada de vexetación, no medio dunha charca. O debuxo é de formas simples con cores vivas e moi alegres. A impresión que se transmite con el, a través do xesto sorrinte da protagonista, é de que a obra tratará dun tema entretido e divertido. O tratamento do animal é con trazos antropomórficos, xa que, a ra ten camisa, pantalóns e gorra.

Varela Buxán, Manuel Daniel, *Meu pai*, ilustr. Rosa Herraiz, edición ao coidado de Carlos Loureiro Rodríguez, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 42, [lectorado mozo], 2006, 16 pp. (ISBN: 84-96368-33-5).

■

Peza de teatro realista, de Manuel Daniel Varela Buxán (Lamas, A Estrada, 1909-Cercio, Lalín, 1986), dividida en dous cadros, de dúas e catro escenas respectivamente, e que presenta tres personaxes femininos: Farruquiña, Pepa e Encarnación, e dous masculinos: Emilio e Manuel. O primeiro cadro localízase nun camiño, con fondo de monte e carballeiras, no que se atopan Farruca e Encarnación. Ambas as mulleres conversan, entre outras cousas, do impedimento que a nai de Farruca, Pepa, pón para que a moza case con Emilio. Mentres charlan chega o mozo que, despois de que Encarnación marche, comenta con Farruca que seu pai vai ir falar con Pepa para saber os motivos polos que non quere que se celebre o casamento dos rapaces. No segundo cadro, situado na casa de Farruca, esta trata de convencer a súa nai de que a deixe casar con Emilio, mais a negativa é rotunda. Nese intre chega o pai de Emilio, Manuel da Casa Grande, para falar con Pepa do desexo dos rapaces. Ante a negativa de Pepa trata de averiguar o motivo da mesma. Manuel da Casa Grande descobre entón que os rapaces son medio irmáns. Este texto teatral, datado en Bos Aires en xullo do ano 1940 e que agora se inclúe nunha colección dirixida á infancia e á mocidade, segue fielmente os textos fixados polo autor (só presenta a adaptación ortográfica segundo a normativa vixente) n’*O Cego de Fornelos e outras comedias curtas, diálogos e monólogos* do ano 1981. O debuxo que ilustra a cuberta e a portada é de Rosa Herraiz, quen presenta unhas formas moi estilizadas en branco e negro. No interior este volume non presenta ningunha ilustración.

Vidal Blanco, Francisco Antonio, *A serea. Lenda dos Mariños ou de cando se redimiu ás sereas*, ilustr. Rosa Herraiz, A Estrada-Pontevedra: Edicións Ferverza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 43, [mocidade], 2006, 35 pp. (ISBN: 84-96368-42-4).

Peza de teatro de Francisco Antonio Vidal Blanco (Palmeira, 1957) na que se recrea a lenda da estirpe dos Mariños como froito da unión dun home e unha serea. Ten como escenario un lugar da costa galega no que se produce o naufragio de moitos barcos. Estruturada en cinco escenas, a través dos diálogos do Señor, o seu criado Paio e as intervencións do Coro, que representa a voz da colectividade, asístese ás conversas sobre a situación que viven os habitantes do lugar, temerosos dos continuos ataques dos normandos. Mentres amo e criado discuten sobre o que se debe facer para evitar estes ataques, descubren que un novo barco naufragou contra os cons da costa e que entre os restos aparece o corpo dunha muller, que inicialmente confunden cunha serea. O Señor queda namorado dela e decide levala para a súa casa, mentres que Paio considera que é mellor entregala ao bispo de Santiago, señor das terras nas que eles viven. Cando a muller esperta descubren que non pode falar, polo que o Señor insiste en que é unha serea que o mar lle entrega como agasallo para continuar coa súa liñaxe na costa, polo que decide bautizala co nome de Mariña e négase a entregala ao bispo como refén para negociar cos normandos. Neste tempo o Señor decide construír un peirao que sirva para establecer relacións comerciais cos normandos, pero o pobo e Paio mantéñense recelosos desta decisión e da presenza de Mariña, que consideran que vai ser a culpábel de novas desgrazas. A situación faise máis tensa o día que o Señor desvela que van ser pais, pois o pobo considera que ela segue sendo unha estranxeira e o fillo que agarda un elemento de mal agoiro. O alumbramento ten lugar unha noite de San Xoán, momento no que o Señor e Paio deciden saltar a fogueira purificadora e facer o mesmo co naipelo. Mariña cre que van tirar co seu fillo ao lume e nese intre comeza a falar, rogando pola criatura. Todo remata no momento en que chega un barco normando, o que provoca o medo de todos os habitantes, ao pensar que os vai atacar, no entanto quedan tranquilos cando o Señor lles comunica que vén en son de paz e que se trata da familia de Mariña, que acode a coñecer o seu novo membro. A cuberta e a portada deste volume están ilustradas cun mesmo debuxo, de Rosa Herraiz, que presenta formas redondeadas abstractas que suxiren a aparencia dunha serea. O único elemento claramente figurativo é unha gaivota voando que, xunto co título, axuda a comprender a imaxe e identificala como unha serea. No interior non hai ningunha ilustración.

VII.3.2. REEDICIÓNS

Lourenzo, Manuel, *Contos troianos. Agamenón en Áulide*, ilustr. Rosa Herraiz, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 48, [lectorado mozo], 2006, 12 pp. (ISBN: 84-96368-38-6). ■

Reedición en volume independente desta peza de Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943) dada a coñecer en 1995 no libro *O perfil do crepúsculo*, onde aparecía xunto a *Litúrxia de Tebas* e *Os persas*. Nela preséntase un monólogo, de Agamenón ante a súa criada Casandra, mentres descansa en Áulide, só, vello e canso, no que lembra o que sucedeu dez anos atrás. Entre os seus recordos aparece o seu matrimonio con Clitemnestra, nai dos seus fillos Orestes, o único varón, e Ifixenia, a súa filla preferida; o rapto de Helena, a esposa de seu irmán Menelao, por quen foi a Troia levar a cabo o rescate; e a morte de Ifixenia ás súas propias mans, sacrificada por consello do oráculo para purgar os seus pecados. Agamenón, que se autodenomina Patético, lembra que volveu a Áulide coas mans baleiras, tan só acompañado dunha escrava, xa que a súa xuventude a malgastou na batalla, polo que se asiste neste soliloquio á soidade e ao declive dun home tras as traxedias vividas ao longo do tempo. A cuberta e a portada deste volume están ilustradas con debuxos de Rosa Herraiz en branco e negro que presentan formas estilizadas con referencias a imaxes de pinturas e relevos gregos. No interior non aparece ningunha ilustración.

Lourenzo, Manuel, *Contos troianos. Illa*, ilustr. Rosa Herraiz, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 50, [lectorado mozo], 2006, 20 pp. (ISBN: 84-96368-40-8). ■

Peza teatral de Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943) que consta de catro escenas que transcorren na Illa do Cíclope, no antro de Polifemo, e que ten a dous personaxes como protagonistas: Ulises, un dos heroes da mitoloxía grega, e Sileno, servo do Cíclope, que se dedica a plantar lume na ribeira para facer embarrancar os barcos. Ulises acaba de naufragar na illa e ten unha conversa con Sileno, que lle conta a súa triste historia, cómo naufragou tamén na illa e acabou converténdose no escravo de Polifemo para salvar a súa vida. Pero para Ulises hai unha posibilidade de fuxir, unha balsa de madeira feita por Sileno, mais a volta non é sinxela. Ulises ten que superar o seu propio medo e ás sereas, pero é máis forte o desexo de chegar a Ítaca. Antes de partir axuda a Sileno a deixar cego ao seu amo, converténdose este no dono verdadeiro da illa. A cuberta e a portada deste volume están ilustradas con debuxos en branco e negro de Rosa Herraiz, que presentan formas estilizadas con referencias a imaxes de pinturas e relevos gregos. No interior non hai ningunha ilustración.

Lourenzo, Manuel, *Contos troianos. Menelao aflito*, ilustr. Rosa Herraiz, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 49, [lectorado mozo], 2006, 12 pp. (ISBN: 84-96368-39-4). ■

Nesta breve peza teatral de Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943), dun único acto e na que só entran en escena dous personaxes, Menelao e o seu Soldado, achéganselle ao

público xuvenil os elementos principais da historia de Troia tras o rapto de Helena. Sitúanse aos dous personaxes en Exipto, na Illa de Faro, nunha explanada diante do pazo real. Alí, o escéptico Menelao alude á insensatez de comezar unha guerra por recuperar a Helena, raptada por Paris, que non era máis ca unha pantasma, e ao seu estado de desacougo, despois de os deuses revelarlle que aínda existe unha Helena real. Esta loita persoal entre o real e irreal que establece Menelao, quen chega incluso a dúbida da súa propia realidade, parece ser resolta, finalmente, polo seu Soldado, que o convence da súa verdadeira existencia e autoridade, polo que lle permite que o presente como un auténtico rei. A cuberta e a portada deste volume están ilustradas con debuxos de Rosa Herraiz en branco e negro, que presentan formas estilizadas con referencias a imaxes de pinturas e relevos gregos. No interior non hai ningunha ilustración.

Vázquez Pintor, Xosé, *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, ilust. Andrés Meixide, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 8 anos, 2006, [78] pp. (ISBN: 84-403-0525-7).

Peza teatral de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), publicada por vez primeira en 1975 e que comeza coas seguintes dedicatorias: “Para as miñas amigas e amigos do C.E.P de Baño-Xanza, en Valga, e do C.E.I.P de Beluso, en Bueu, con moito cariño”, “Para Rei Takasawa, alumno e actor de Beluso, que veu de Xapón. E a todas e a todos os inmigrantes do mundo que se achegan a Galicia e viven, soñan... falan a Lingua de nós”. Ábrese cun limiar do autor que lembra o momento no que escribiu e publicou por vez primeira esta peza e no que compara os seus sentimentos logo do tempo transcorrido. A seguir, preséntanse os personaxes (Dono da Horta, Fina e Petra, o merlo Asubío, Home Lapeiro e Xoubín) e indícase o espazo escénico no que transcorre a acción. Nesta historia, o acróbata e estilista Xoubín, a xeito de narrador, diríxese ao público para presenta e contar a “historia de amor e de... non volo digo aínda” da que son protagonistas os demais personaxes. A historia transcorre en Megalópolis e presenta a situación nunha horta antes e despois de que o dono decida construír a fábrica GA-S. A. coa intención de facerse rico e coutando, coa súa decisión, a vida das mazás Fina e Petra, amigas do merlo Asubío. Coñécese cómo malia a riqueza inicial, a situación para o Dono da Horta muda cando o Gobernador de Saúde manda pechar “todos os perigos que aceleraban a morte” e entre os que se atopaba a fábrica. As ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1970) están enmarcadas dentro dun esquema de iconografía teatral. Inicia as composicións unha imaxe dos cortinaxes dun teatro antes de comenza a sesión, e remata o libro cunha no que, diante do telón baixado, están os personaxes no intre de saudar; polo medio todas as páxinas teñen os cortinaxes franqueando unhas composicións de páxina dobre, coma si dun escenario teatral se tratara. Con este código visual sucédense as distintas imaxes e o texto ao longo de todo o libro. A técnica empregada é a pintura, aplicada con pinceladas espesas e cores intensas. O deseño das imaxes axuda á caracterización dos personaxes.

Recensións:

- Salvador Rodríguez, “Iniciación ao teatro”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 445, “Libros”, 21 xaneiro 2006, p. 2.

Comenta a recente reedición da peza teatral *Asubío Fina e Petra, xente moi lareta* aludindo nun primeiro momento ao nacemento da obra, vencellada ao mundo escolar, para logo centrarse na simboloxía dos personaxes protagonistas que, reproducindo palabras do propio autor, representan as migracións, os procesos de existencia da condición humana e as voltas da vida. Remata cunha mención ás ilustracións de Andrés Meixide, das cales destaca que son valoradas de forma moi positiva polo propio autor.

- S.R., “Iniciación ao teatro”, *La Opinión*, “Saberes”, “Lecturas”, 28 xaneiro 2006, p. 4.

Achega á obra *Asubío Fina e Petra, xente moi lareta* con motivo da recente reedición da mesma. Reproduce as verbas do autor sobre cuestións como a primeira edición da peza nuns anos emerxentes para as letras galegas polo compromiso dos mestres co folclore popular. Logo de aludir ao argumento remata cunha referencia ás ilustracións de Andrés Meixide que axudan “a dar forza, realismo e compostura ao libro”.

- Paula Fernández, “Xente lareta”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 155, “Infantil/xuvenil”, 2 marzo 2006, p. VII.

Comeza dando a coñecer a orixe da peza *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, moi vinculada ao mundo da escola. Logo de reproducir a liña argumental da obra, analiza a súa carga simbólica para rematar cunha recomendación ao lectorado ao tempo que loa a calidade en canto ao fomento de hábitos lectores, tratamento de temas transversais e estratexias de interpretación.

Referencias varias:

- Belén López, “Eu son o dono da horta...”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 2 xaneiro 2006, p. 60.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, autor de *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, obra editada por primeira vez no 1975 e reeditada este mesmo ano. A entrevista versa sobre as opinións do autor sobre os personaxes e a súa simboloxía, a súa visión da obra trinta anos despois de ser publicada por vez primeira, ademais de reflexionar sobre as ilustracións de Andrés Meixide. Atende tamén a cuestións máis xerais como o seu interese polo teatro, vencellado ao seu papel de mestre comprometido no colexio público de Coiro, a súa implicación na creación dunha escola de teatro de amigos itinerante, o prestixio do teatro afeccionado e o IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e a súa proxección na sociedade. Remata cunha alusión ao teatro galego, ao que mira coa mesma ilusión que cando era novo.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 159, “Andel de novidades”, 30 marzo 2006, p. VII.

Breve aproximación ás obras *Conversas con Suso de Toro* (2005), de Antonio Pedrós-Gascón; *O útero dos cabalos* (2005), de Lupe Gómez, e *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, de Xosé Vázquez Pintor e Andrés Meixide. Ofrece distintos datos considerados relevantes de cada unha das obras.

VII.3.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Gioacchino, Rossini, *O barbeiro de Sevilla (Il barbiere di Siviglia)*, ilust. Miguel Gallardo, adapt. Joan De Déu Prats, trad. Vitoria Ballesteros, Barcelona: Kalandraka Editora/Edicions Hipòtesi, 2006, 32 pp. (ISBN: 84-8464-613-0).

Ópera bufa en dous actos que conta coa música de Gioacchino Rossini (Pesaro-Italia, 1792-París, 1868) e libreto de Cesare Sterbini, baseado na comedia *Le barbier de Séville* ou *La précaution inutile*, de Pierre-Augustin Caron de Beaumarchais. Esta peza foi estreada no Teatro Arxentina de Roma o 20 de febreiro de 1816. Preséntase agora unha adaptación para darlle a coñecer aos máis pequenos un xénero pouco tratado, como é a ópera. O texto aparece acompañado dun CD-Rom no que se reproduce a música desta obra, interpretada pola Orquestra Sinfónica de Sofía e o Coro do Teatro Lírico de Milán, baixo a dirección de Marco Armiliato. O argumento xira arredor das peripecias que o conde de Almaviva leva a cabo para poder declararlle o seu amor a Rosina, unha fermosa moza que vive baixo a férrea protección do seu titor, Bartolo. O conde conta coa axuda de Fígaro, o barbeiro máis coñecido da cidade, que lle di cómo levar a cabo o seu plan: primeiro disfrazado de soldado e logo de profesor de música. Aínda así, as dificultades para chegar até Rosina son moitas e os plans fracasan, pola obsesión de Bartolo de protexer a moza, que a quere para el pola súa fortuna. Despois de diversas conversas fortuítas con Rosina e baixo a falsa identidade dun mozo humilde, o conde de Almaviva logra a aceptación da rapaza, polo que finalmente casan, superando así a oposición de Bartolo, o que lle dá unha grande alegría a Fígaro, que sente que derrotou ao egoísta Bartolo. As ilustracións de Miguel Gallardo (Lleida, 1955) que acompañan o volume anuncian xa dende a cuberta que se trata dunha obra de teatro polo emprego de cortinaxes, detrás das que aparece Fígaro, o protagonista da obra, que lle fai unha chiscadela ao espectador. As ilustracións do interior están feitas coa mesma técnica: composicións planas a toda cor, sin intención volumétrica e cunha liña negra que reforza aos protagonistas e os separa do fondo. As imaxes contextualizan a narración, achegando información sobre a época polas vestimentas, os decorados barrocos e os lugares coa Xiralda de Sevilla ao fondo.

Losada Diéguez, Antón, *Na estrada da vida. Ensaio de comedia dramática, en tres actos e un prólogo*, ilust. Ana Pillado, trad. Carlos Loureiro Rodríguez, prólogo de Mercedes Losada Espinosa, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 44, [lectorado mozo], 2006, 52 pp. (ISBN: 84-96368-43-2).

Tradución ao galego desta obra de Antón Losada Diéguez (Borobás-Ourense, 1884–Pontevedra, 1929) que se abre cun texto introdutorio da súa filla, Mercedes Losada Espinosa, no que fala da personalidade de seu pai, ao que lembra con agarimo malia ter só seis anos no momento do seu falecemento. Salienta que dos seus pais herdou o seu idealismo e a sensibilidade estética, así como a súa fonda relixiosidade. Comenta tamén que Antón Losada sentiu aos catro anos o sentimento de orfandade, ao morrer súa nai, e a soidade, ao se ver internado nun colexio da Garda, tras o casamento de seu pai en segundas nupcias. A seguir, detense na estabilidade profesional e sentimental que logrou ao obter a súa Cátedra en Ourense e ao casar con Albina Espinosa, que morre aos dous anos escasos do seu matrimonio. Conta que Antón Losada casa logo en segundas nupcias coa súa cuñada, Mercedes Espinosa, e trasládase ao instituto de Pontevedra, onde vai desenvolver múltiples actividades. Da súa

actividade política, destaca a súa evolución dende o idealismo até o amor a Galicia, engaiolado pola solidariedade catalá; a súa colaboración coa política agrarista pola Estrada, o Val Miñor e o Carballiño; e a súa entrega completa ao galeguismo. Conclúe mencionando que sempre foi un apaixonado lector, un grande orador e un comunicador con carisma. A seguir, reproducése a peza, que comeza cun prólogo que serve de presentación ao ambiente no que se sitúan os personaxes principais, André Villalar, xefe do partido exaltado dos Reformadores, os seus compañeiros de partido, a súa esposa, Isabel, e as súas amigas, todos eles membros da burguesía intelectual da época na que se desenvolve a peza, contemporánea do autor. Logo deste prólogo, inclúense tres actos nos que se presenta e se desenvolve o conflito: o amor que xorde entre Isabel e o seu cuñado Álvaro até que André coñece o que está a pasar, repudia á súa muller e ao seu irmán, malia as súas ideas reformadoras, e vive nun estado de confusión ao longo de case tres anos tentando esquecer o sucedido. Finalmente, chega o perdón e o cambio da súa actitude cara á vida e mesmo a evolución dos seus ideais, máis apegados á realidade. A obra alterna escenarios urbanos, nunha capital indeterminada dun estado europeo, con escenarios aldeáns, o que provoca múltiples reflexións acerca das diferenzas de vida no campo e na cidade, así como sobre a función das mulleres na sociedade e o seu papel e comportamento no matrimonio. Este volume, que non ten ilustracións no interior, presenta na cuberta un pequeno debuxo en branco e negro de Ana Pillado, con tres nenos arredor dun sinal de tráfico que pode simbolizar a encrucillada que supón para eles estar ao inicio do camiño na vida. A ilustración, en certo modo, corrobora dun xeito visual o que transmite o título.

Losada Diéguez, Antón, *Os que soñan*, ilust. Paco Lareo, trad. Mari Carmen Otero Otero, A Estrada-Pontevedra: Edicións Ferverza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 45, [lectorado mozo], 2006, 40 pp. (ISBN: 84-96368-41-6).

Breve peza teatral traducida ao galego de Antón Losada Diéguez (Boborás-Ourense, 1884 – Pontevedra, 1929) dividida en dous actos, que contan con quince e trece escenas, respectivamente. A trama desenvólvese maioritariamente nun lugar de veraneo, no que familiares e amigos do acomodado matrimonio formado por Don Manuel e Dona Anxos pasan un tempo de descanso afastados da cidade. Nese lugar apartado e próximo a dúas vilas importantes, Montareza e Vilamar, decláranse e agóchanse certas paixóns baixo o manto da arte. Así, aínda que moitos dos protagonistas dan por certa a relación amorosa entre a filla do citado matrimonio, Xoana, e o seu curmán, poeta e pintor Víctor, estes negano reiteradamente. Ante a ausencia de Víctor, Xoana acaba nos brazos do avogado Pedro, mentres que Víctor queda moi doído cando é coñecedor desta relación e decide fuxir lonxe para dedicarse por completo á arte. Ao mesmo tempo, o pintor e galán Rodolfo, xa entrado en anos, tampouco consegue o amor da viúva Dona Luz e Pilar, irmán de Pedro, tampouco se fai co corazón de quen parece compartir a mesma visión da vida. Trátase dun conxunto de historias amorosas que son aderezadas de numerosos comentarios sobre arte e sentimentos e nas que o amor non parece reinar por completo en ningunha das parellas creadas ou que se poderían establecer. Esta peza teatral só presenta ilustración na cuberta. Trátase dun debuxo de Paco Lareo (Vila de Cruces, 1938) en branco e negro que ocupa a parte central e no que predominan as liñas curvas. As imaxes teñen un certo grao de abstracción e conectan co título como poísbais representacións oníricas.

Losada Diéguez, Antón, *Virilidade. Ensaio cómico, orixinal e en prosa*, ilustr. Manuel Fragoso, trad. Valentín García Gómez, A Estrada-Pontevedra: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 46, [lectorado mozo], 2006, 31 pp. (ISBN: 84-96368-44-0).

Obra de teatro de Antón Losada Diéguez (Borobás-Ourense, 1884 – Pontevedra, 1929), que comeza coa presentación dos personaxes: Conchita, D^a Beatriz, D^a Anxos, D. Henrique Valle, Xaime, Pedro Heredia, Balduques, D. Xoán e unha criada, así como do lugar de acción, unha vila de beiramar, Marlleda, na época actual. Segue a división da obra, nun só acto de dezasete escenas, que comeza cun problema de cuestionamento da virilidade por parte da familia de D. Xoán, pois a súa muller e a filla queren facer un viaxe de recreo á que el se opón, pero con medo. Ante esta situación, os seus amigos responden que as súas reunións de homes non poden deixar de ser un modelo de virilidade. A obra ten como fio condutor a clásica dialéctica que se establece nas relacións entre homes e mulleres, cada un deles querendo demostrar, en clave de humor, o seu carácter, a súa firmeza e o poder sobre o outro, pero ¿quen domina realmente a quen? No transcorrer da acción van aparecendo os distintos personaxes que se ven inmersos nunha serie de circunstancias que se van complicando por momentos, cada un representando o seu rol: os homes casados, intentando facerse os “machotes”; o home maduro, solteiro, libre e independente, que envexan os anteriores, pero que no fondo quere formar unha familia; o mozo, enxeñeiro, namorado da súa noiva; a tía solteira de mediana idade, que intenta poñer paz nas discusións familiares; a nai da noiva, que quere adiantar a voda, pero de nova deulle cabazas ao pai do noivo, que segue resentido e está disposto a atrasar a voda con tal de impoñer a súa vontade; e, finalmente, a noiva. Cara ao final da obra, vaise aclarando todo o entramado. A voda terá lugar dentro dun mes e D. Xoán vaise de viaxe de recreo. Na cuberta do volume aparece, centrado debaixo do título, un debuxo a tinta de Manuel Fragoso no que predominan as formas curvas. É un debuxo abstracto, en branco e negro, que non achega ningunha información sobre o tema da obra, que no interior non presenta ningunha ilustración.

Mozart, Wolfgang Amadeus, *A frauta máxica (Die Zauberflöte)*, ilustr. Joma, adapt. Joan de Déu Prats, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra/Barcelona: Kalandraka Editora/Edicions Hipótesi, [lectorado autónomo], abril 2006, [32] pp. (ISBN: 84-8464-582-7).

Adaptación de Joan de Déu Prats da coñecida ópera de Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756 – Viena, 1791), *A frauta máxica*, que parte do libreto de Emanuel Schikaneder e que foi estreada en Viena, o 30 de setembro de 1791. Ao longo dunha obertura, dous actos e un epílogo, coñécese a historia de Tamino que, despois de desfacerse dun dragón coa axuda das tres damas de honor da Raíña da Noite, recibe desta o encargo de salvar a Pamina, a súa filla secuestrada. Tamino emprende este acometido na compañía de Papaxeno, un pillabán cazador de paxaros, e dous obxectos máxicos: unha frauta e unhas campañas de prata. Xa nas terras do suposto malvado Sarastro, encontran á princesa e descubren a verdadeira entidade da Raíña da Noite, unha inimiga da luz e da Sabedoría, que mesmo lle faría mal á súa propia filla. Tamino e Pamina namóranse, pero Sarastro non lle concede a moza até que demostre o seu valor e a súa pureza de espírito. Así, superadas unha serie de terribes probas e coa axuda dos citados obxectos máxicos, Tamino e Pamina conseguen vivir o seu amor, o mesmo que Papaxeno, que tamén se namorara dunha moza de cabelos crechos chamada Papaxena, mentres que a Raíña e o seu séquito rematan nas entrañas da terra, onde

corrían ríos de lume e correntes desbocadas de auga. Na cuberta deste volume aparecen xa os principais personaxes masculinos, envoltos pola imaxe da Raíña da Noite, representada con cores violetas escuros que avanza coma unha sombra sobre as cores vivas e alegres dos protagonistas, nunha composición que contrapón o ben e o mal. A técnica que emprega Joma son uns debuxos a tinta, cunha liña moi expresiva para as figuras e augadas de acuarela para os fondos e as cores. O carácter fantástico, e un pouco esperpéntico, do relato vén reforzado cunhas ilustracións que mesturan personaxes de distinto tamaño e unhas composicións con fondos sen referencias espaciais, onde parecen flotar as figuras. Para representar que os personaxes cantan, vense integrados nos debuxos textos manuscritos con sílabas que se amontoan, que se repiten, que toman distintas direccións e que varían o seu tamaño para representar a súa intensidade. Esta cuidada edición que presenta a historia de amor entre Tamino e Pamina complementase con dez audicións recollidas nun CD coa música de Mozart.

Recensións:

- Paula Fernández, “Con Amadeus”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 186, “Infantil/Xuvenil”, 30 novembro 2006, p. VII.

Faise eco das diversas actividades realizadas con motivo da conmemoración do douscentos aniversario do nacemento en Salzburgo de Wolfgang Amadeus Mozart, entre os que se cita a publicación dunha orixinal adaptación para nenos da súa obra, *A frauta máxica*, por parte da editora Kalandraka. Opina que a orixinalidade radica en converter esta ópera nunha obra de teatro infantil protagonizada polos personaxes orixinais e resume a súa trama, ademais de apuntar que se trata dun texto atractivo e cheo de aventuras moi recomendábel para nenos dos dous primeiros ciclos de Educación Primaria e tamén do terceiro, sobre todo se se pensa nunha representación que se podería facer apoiándose no CD que acompaña o texto. Por último, cre que esta iniciativa constitúe un xeito de se aproximar a un dos grandes da música e un medio para achegarlles aos máis pequenos o gusto pola ópera.

Referencias varias:

- E.P., “Kalandraka edita libros de ópera para nenos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 27 maio 2006, p. 68.

Sínálase que Kalandraka Editora acaba de publicar a primeira colección de ópera en galego para nenos con *Aida*, de Giuseppe Verdi, e *A frauta máxica*, de Mozart. Coméntase que cada libro contén un CD con fragmentos das obras musicais, unha adaptación do libreto con ilustracións realizadas por Jordi Bulbena e Josep María Riu “Joma”, respectivamente, así como unha breve biografía de cada autor. Considérase que se trata dunha aposta novidosa con valor pedagóxico que permite achegar aos lectores máis novos un xénero artístico co que teñen escaso contacto.

- Belén López, “Kalandraka lanza os primeiros libros de ópera para nenos en galego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 27 maio 2006, p. 83.

Comenta que a editorial Kalandraka vén de lanzar a primeira colección de ópera en galego para nenos cos títulos *Aida*, de Giuseppe Verdi, e *A frauta máxica*, de Mozart, grazas ao traballo conxunto coa editorial catalá Hipótesis, especializada en libros de ópera. Indica que a publicación acolle unha adaptación do libreto, a cargo de Joan de Déu Prats e con ilustracións de Jordi Bulbena, no caso de *Aida*, e Josep María Riu “Joma”, no caso d’*A frauta máxica*, así como unha breve biografía de cada autor e un CD con fragmentos das obras musicais. Por outra parte, alude á colección musical de Kalandraka, “Sondecontos”, e anuncia a aparición dunha obra de jazz e a presentación do álbum escrito e ilustrado por Xulio Gayoso, *A banda de Vilacendoi*. Por último, di que outra autora que a editora está a promover é Paula Carballeira, que acaba de publicar *Smara*, con ilustracións de Carole Hénaff, así como anuncia que vai publicar por primeira vez en galego a obra do autor e ilustrador británico Anthony Browne (Premio Andersen 2000), *O libro dos porcos*. Tamén se recollen certas declaracións da editora referentes a estas obras.

- MARÉ, “Libros para escoitar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 maio 2006, p. 37.

Faise referencia á aparición da primeira colección de ópera en galego para nenos, que vén de ser presentada por Kalandraka Editora. Especificase que os volumes xa publicados son *Aida*, de Giuseppe Verdi, e *A frauta máxica*, de Mozart, e explícase que estes títulos adiantan o esquema que seguirá o resto da colección, que se compón dun CD con fragmentos das obras musicais e un libreto con ilustracións. Tamén se resalta o valor pedagóxico desta colección como canle para achegar aos lectores máis novos a música clásica en xeral e a ópera en particular. Por outra parte, alúdese a outras publicacións da citada editorial pontevedresa: a colección “Sondeconto”, o álbum *A banda de Vilacendoi*, de Xulio Gayoso, e *Smara*, de Paula Carballeira.

Verdi, Giuseppe, *Aida*, ilust. Jordi Bulbena, adapt. Joan de Déu Prats, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra/Barcelona: Kalandraka Editora/Edicions Hipótesi, abril 2006, [32] pp. (ISBN: 84-8464-581-9).

A través da adaptación textual de Joan de Déu Prats, que está acompañada dun CD-Musical, o lectorado máis miúdo ten a oportunidade de achegarse á ópera *Aida*, que foi estreada na Ópera do Cairo, o día 24 de decembro de 1871, con música de Giuseppe Verdi (Roncole-Italia, 1813 – Milán, 1901) e libreto de Antonio Ghislanzoni e que se baseou nunha obra de Auguste Mariette. O texto ábrese cunha introdución na que se presentan as coordenadas espazo-temporais da historia e o resumo da súa trama principal. A seguir, nunha abertura, catro actos e un epílogo, desenvólvese a historia que enfrontou dúas paixóns: o verdadeiro amor que nace entre un home e unha muller e o amor co que se venera a patria. Nos tempos do antigo Exipto, despois de Radamés saír vitorioso da batalla contra os etíopes, este pídelle ao faraón exipcio que libere os prisioneiros etíopes, coa finalidade de poder casar cunha escrava etíope de nome Aida, que está ao servizo da filla do faraón. Mais a gratificación polo triunfo, leva ao faraón a entregarlle a man da súa filla Amneris, que tamén ama ao guerreiro Radamés. Cando se preparaba todo para o matrimonio, Radamés concerta un encontro secreto con Aida para buscarlle unha saída ao seu amor, ao que tamén asiste anticipadamente o seu pai Amonasro, rei dos etíopes, que a incita a que descubra a ruta do exército exipcio para poder atacalo por sorpresa. Conseguida a información, os tres son descubertos e Radamés vai ser acusado de traizón á patria por revelar segredos de guerra, mais, aínda que o seu castigo é ser encerrado

con vida na cripta do templo de Vulcano, alí esperarao Aida, facendo que o amor verdadeiro entre un home e unha muller triunfe por riba das patrias. Péchase a obra cun aparato biobibliográfico do compositor italiano. A historia acompáñase das ilustracións figurativas de Jordi Balbuena nas que se emprega como técnica a pintura, aplicada con pinceladas expresivas que permiten apreciar a densidade da mesma. Xa dende a cuberta sábese que se trata dunha obra que transcorre nun país exótico. As imaxes, moi realistas, transmiten información sobre a civilización dos personaxes, con datos sobre as construcións características dos exipcios e as súas vestimentas. As distintas características sociais dos protagonistas tamén se aprecian dun xeito visual polas roupas, as maquillaxes e a cor da pel. Non hai ningunha referencia aos escenarios, xa que a historia se desenvolve en espazos naturais.

Recensións:

- María Navarro, “Escoller Verdi”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 185, “Infantil/Xuvenil”, 23 novembro 2006, p. VII.

Sinala que esta publicación de Hipótese e Kalandraka Editora recolle a temática da ópera *Aida*, con libreto de Antonio Ghislanzoni e música do compositor italiano Giuseppe Verdi. Comenta que esta adaptación, realizada por Joan de Déu Prats e traducida ao galego por Vitoria Ballesteros, ten como un dos seus obxectivos achegarlles a música clásica aos máis novos para espertar neles a afección por este tipo de música. Explica que esta publicación combina o “texto sinxelo e coidadoso” con “vistosas ilustracións” de Jordi Bulbena, que “representan con xenerosos trazos as figuras humanas”, ademais de apuntar que está acompañada dun CD que inclúe fragmentos da composición musical, que lles permite aos rapaces escoitar a música mentres len a historia. Finalmente, achega a trama desta historia centrada nunha princesa etíope que é feita prisioneira en Exipto e debulla as razóns da escolla desta obra de Verdi para estreir esta colección.

Referencias varias:

- Belén López, “Kalandraka lanza os primeiros libros de ópera para nenos en galego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 27 maio 2006, p. 83.

Comenta que a editorial Kalandraka vén de lanzar a primeira colección de ópera en galego para nenos cos títulos *Aida*, de Giuseppe Verdi, e *A frauta máxica*, de Mozart, grazas ao traballo conxunto coa editorial catalá Hipótesi, especializada en libros de ópera. Indica que a publicación acolle unha adaptación do libreto, a cargo de Joan de Déu Prats e con ilustracións de Jordi Bulbena, no caso de *Aida*, e Josep María Riu “Joma”, no caso d’*A frauta máxica*, así como unha breve biografía de cada autor e un CD con fragmentos das obras musicais. Por outra parte, alude a colección musical de Kalandraka, “Sondecontos”, e anuncia a aparición dunha obra de jazz e a presentación do álbum escrito e ilustrado por Xulio Gayoso, *A banda de Vilacendoi* (2006). Por último, di que outra autora que a editora está a promover é Paula Carballeira, que acaba de publicar *Smara* (2006), con ilustracións de Carole Hénaff, así como anuncia que vai publicar por primeira vez en galego a obra do autor e ilustrador británico

Anthony Browne (Premio Andersen 2000), *O libro dos porcos* (2006). Tamén se recollen certas declaracións da editora referentes a estas obras.

- E. P., “Kalandraka edita libros de ópera para os nenos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 27 maio 2006, p. 68.

Sínálase que Kalandraka Editora acaba de publicar a primeira colección de ópera en galego para nenos composta até o momento por *Aida*, de Giuseppe Verdi, e *A frauta máxica*, de Mozart. Coméntase que cada libro contén un CD con fragmentos das obras musicais, unha adaptación do libreto con ilustracións realizadas por Jordi Bulbena e Josep María Riu “Joma”, respectivamente, así como unha breve biografía de cada autor. Considérase que se trata cunha aposta novidosa con valor pedagóxico que permite achegar aos lectores máis novos un xénero artístico co que teñen escaso contacto.

- MARÉ, “Libros para escoitar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 maio 2006, p. 37.

Faise referencia á aparición da primeira colección de ópera en galego para nenos, que vén de ser presentada por Kalandraka Editora. Especificase que os volumes xa publicados son *Aida*, de Giuseppe Verdi, e *A frauta máxica*, de Mozart, e explícase que estes títulos adiantan o esquema que seguirá o resto da colección, que se compón dun CD con fragmentos das obras musicais e un libreto con ilustracións. Tamén se resalta o valor pedagóxico desta colección como canle para achegar aos lectores máis novos a música clásica en xeral e a ópera en particular. Por outra parte, alúdese a outras publicacións da citada editorial pontevedresa: a colección “Sondeconto”, o álbum *A banda de Vilacendoi* (2006), de Xulio Gayoso, e *Smara* (2006), de Paula Carballeira.

VII.3.4. POSTAS EN ESCENA

VII.3.4.1. CICLOS, ENCONTROS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS, SEMANAS

Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil

Celebrada no Auditorio Municipal de Cabana de Bergantiños, esta mostra patrocínala o Departamento de Cultura do Concello na honra de Anisia Miranda, unha autora que conta con produción dramática para a infancia. Tivo lugar durante o mes de setembro de 2006 e nela participaron varios grupos escolares, que levaron a escena as obras: *Os amigos*, da Escola Unitaria de Borneiro; *Unha lagartixa en avión*, da Escola Unitaria de Cundíns; *O segredo*, da Escola Unitaria de Enano; *A folla seca*, da Escola Unitaria de Anos; *A casa dos gatos*, da Escola Unitaria de Fontenla; *O coelliño branco*, da Escola Unitaria de Fontenla; e *Os amigos*, do Colexio Público As Revoltas.

Referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, “Teatro en Cabana”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 3 setembro 2006, p. 2.

Dá conta da celebración dun festival que leva por título “Xornada de Teatro Infantil Anisia Miranda”, levado a cabo polo Concello de Cabana de Bergantiños. Sinala que se trata dunha homenaxe a unha autora con importante produción dramática dirixida á infancia e que nesta primeira edición contou coa posta en escena das pezas *Os amigos*, da Escola Unitaria de Borneiro; *Unha lagartixa en avión*, da escola de Cundíns; *O segredo*, da de Enano; *A folla seca*, da de Anos; *A casa dos gatos*, da de Fontenla; *O coelliño branco*, da de Fontenla; e *Os amigos*, do Colexio Público As Revoltas.

Cangas, Mostra de Teatro para Nenas e Nenos

Celebrada no Auditorio de Cangas e promovida pola Concellaría de Cultura do Concello, contou co patrocinio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e a Fundación Caixa Galicia. Tivo lugar durante tres días do mes de decembro de 2006 e nela participaron as compañías galegas Os Quinquilláns e Trompicallo.

Cangas, Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de

Ver o apartado III.4.1 deste *Informe*.

Carballiño, Festival de Teatro Galego (FETEGA 2006)do

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Cee, Mostra de Teatro de

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Círculo das Artes, Festival de Títeres do

Celebrado durante os sábados do mes de xaneiro no Círculo das Artes de Lugo.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Final y comienzo”, *El Progreso*, “El despertador”, 22 xaneiro 2006, p. 10.

Entre outras cuestións, fai referencia á clausura do festival de títeres do Círculo das Artes de Lugo, co espectáculo *Varietés*.

Feira das Artes Escénicas de Galicia

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Galicreques, XIº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas, e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2006 tivo lugar entre o 2 e o 12 de outubro. Actuaron, entre outros, os grupos galegos Codia e Miolo, con *O gato lambón*; Os sete magníficos e mais un, con *A cadeira voadora*; Caramuxo; Cachirulo, con *O libro da selva* (Lugo); Dantchea Teatro, con *O retablo de Maese Pedro*; Sala Yago, con *Cucho, Coco e o dilema do 6*; Teatro Tempo, con *A historia máis prodixiosa* (Santiago de Compostela).

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Os mellores títeres do mundo veranse na Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 setembro 2006, p. 36.

Dáse conta da presentación do Festival Internacional de Títeres que baixo a denominación “Consortio das Mariñas” se vai levar a cabo en vilas da provincia da Coruña da man da Asociación Cultural Barriga Verde. Recóllense as declaracións dos responsábeis nas que mostran a súa satisfacción pola celebración do evento e sinalan as boas expectativas de cara a presente edición, na que van ter lugar corenta e cinco representacións en colexios e lugares públicos de diferentes vilas.

- S.A., “El II Festival de Títeres das Mariñas arranca el martes con ‘La Gaviota’”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 30 setembro 2006, p. 12.

Dáse conta da presentación do Festival Internacional de Títeres que comezará en breve por diferentes vilas da Coruña, financiado pola Deputación Provincial e o Consortio das Mariñas. Recóllense as declaracións dos diferentes responsábeis políticos que destacan o grande esforzo económico da institución responsábel e a boa acollida que tivo a iniciativa na primeira edición.

- Camilo Franco, “Pendendo dos fíos”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 5 outubro 2006, p. 9.

Nova na que se anima a asistir ao festival de monicreques de Santiago de Compostela, na que se comeza cunha reflexión sobre a connotación que adquiriu a expresión relacionada con “mover os fíos”, especialmente vinculada á política e ao cine. Tamén se aconsella que os maiores acudan a este tipo de espectáculos e o fagan cunha ollada inxénuo, próxima á da infancia.

- M. Barros, “Ananos, faquires e elefantes durmidos”, *A Nosa Terra*, n.º 1.238, “Fin de semana”, 5-11 outubro 2006, p. 31.

Repaso do programa que compón a undécima edición do Festival Galicreques, no que se sinala que van participar vinte compañías e no que haberá tamén apartados dedicados a profesionais e oferta para público adulto. Repásanse as diferentes compañías foráneas que estarán presentes, así como as galegas Danthea Teatro con *O retablo de Maese Pedro*, a Sala Yago con *Cucho, Coco e o dilema do seis* e Teatro Tempo con *A historia máis prodixiosa*.

- R.L., “Los títeres vuelven a ser los reyes del programa infantil”, *El Progreso*, “San Froilán 2006”, 6 outubro 2006, p. 10.

Anúncianse as actuacións dirixidas aos máis pequenos que teñen lugar na cidade de Lugo, coincidindo coas festas do San Froilán, e dentro do Festival Internacional de Teatro. Así dáse conta tanto da actuación de compañías galegas como Cachirulo con *O libro da selva* coma doutras actividades de rúa e musicais.

- Hortensia Acuña, “La Química es para los niños”, *El Progreso*, “San Froilán 2006”, 10 outubro 2006, p. 14.

Fai referencia á quinta xornada de Galicreques, no marco dos actos do Sanfroilanciño. Menciona a compañía arxentina participante, así como a brasileira Mamulengo Presepada, comentando as reaccións dos máis pequenos ante os espectáculos.

- Hortensia Acuña, “El San Froilanciño brilló con maña e ingenio infantiles”, *El Progreso*, “San Froilán 2006”, 12 outubro 2006, p. 10.

Repaso das actividades dirixidas aos máis novos na cidade de Lugo, entre elas, a participación de compañías foráneas no Festival Internacional de Teatro e a galega Codia e Miolo que representou as aventuras de Gato Miolo e da nena Carmela.

Lugo, Mostra de Teatro Infantil de

Dirixida a escolares de entre os tres e os trece anos, esta mostra está organizada pola Concellaría de Educación do Concello de Lugo en colaboración coa Fundación Caixa Galicia. Ten como obxectivo achegar á infancia e adolescencia o teatro e tamén estimular a creación de grupos nos colexios. Na edición de 2006 celebrouse no mes de outubro e actuaron, entre outros, os grupos Il Melarancio e Teatre Beyond Word-Omar Álvarez.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Continúa la muestra de teatro infantil”, *El Progreso*, “El despertador”, 19 outubro 2006, p. 16.

Entre outras cuestións alleas á literatura, sinálase que na Mostra de Teatro Infantil do Concello actuarán os grupos Il Melarancio e Teatre Beyond Word-Omar Álvarez.

Lugo, VII Xornadas de Artes Escénicas

Celebradas polo Concello de Lugo no Centro Social Fingoi nos meses de maio e xuño de 2006. Contouse cunha programación de danza e teatro escolar, desenvolvida no salón de actos do Centro. Participaron os grupos Trécola Teatro, de Ourense, con *O Triciclo*; o Centro Municipal da Milagrosa, con *Esta si que che é desgracia*; e o IES Lucus Augusti, con *Como un susurro*; así como Antonio Mouriz e Guadalupe Pardo, con *Musiclown*; ou o Colexio Fingoi, con *Dez Negriños*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Diversidad festiva”, *El Progreso*, “El despertador”, 7 xuño 2006, p. 12.

Nesta sección fixa faise referencia a diversos eventos, entre os cales se sinalan as xornadas de artes escénicas do Centro Social Fingoi ou o festival infantil en beneficio da ONG Manos Unidas.

María José Jove, IIº Festival de Títeres

Festival organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), que é unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2006 o festival tivo lugar no Fórum Metropolitano e na sede da Fundación María José Jove entre os días 26 e 30 de decembro. Actuaron nel compañías galegas e foráneas.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, “Porque ellos forman parte del cuento”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/Cultura”, 26 decembro 2006, p. 14.

Anúnciase o comezo do Festival de Títeres María José Jove, deténdose no argumento das primeiras pezas de compañías foráneas que van ter lugar no Forum e na sede da propia Fundación. Adiántase que terán lugar dous espectáculos por día, conxugando a participación de compañías galegas e foráneas.

MOTI, Mostra de Teatro Infantil

Organizada polo Concello, o Teatro Principal e a Universidade de Ourense, esta mostra naceu no ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2006 tivo lugar entre o 26 e o 30 de decembro, no Auditorio, o Teatro Principal e o Campus Universitario. Participaron as compañías galegas Teatro Paraíso, con *Os músicos de Bermen*, La Imagina Machina, con *A viaxe de Efi*, e a Aula Universitaria de Teatro Infantil do Campus de Ourense, con *O príncipe que todo o aprendeu nos libros*. Tamén se levou a cabo un desfile do grupo Trécola.

Referencias varias:

- LR, “El teatro infantil reserva espacio en el Auditorio y el Principal”, *La Región*, “Ciudad”, 22 decembro 2006, p. 13.

Anúnciase a próxima celebración da terceira edición da Mostra de Teatro Infantil (MOTI), na que se van ofrecer dez espectáculos. Recóllense as declaracións dos responsábeis, nas que destacan que é a edición máis ambiciosa e coa que queren ofrecer unha alternativa de carácter familiar. Adiántase que na inauguración estará presente o grupo Trécola e que o evento terá como escenarios o Auditorio, o Teatro Principal e o Campus. Remátase sinalando o prezo das entradas e destacando que unha parte da recadación será para UNICEF.

- Elena Fariñas, “Fernando Dacosta. Director de la Mostra de Teatro Infantil. ‘É o teatro o que se ten que achegar ós espectáculos e non ó contrario”, *La Región*, “Ourense”, 28 decembro 2006, p. 10.

Entrevista a Fernando Dacosta, director da MOTI, na que fai balance despois de tres edicións. Comeza manifestando a satisfacción pola boa acollida que tivo até o de agora por parte do

público e destaca o seu obxectivo de crear espazos destinados ao público infantil, dos que carece a cidade. Refírese á vinculación entre a Mostra e a Universidade, da que forma parte un dos grupos participantes. Tamén destaca a importancia de que os espectáculos gusten ao público, posto que ao ser infantil é necesario crearlles gusto por volver, aspecto polo que se fomenta tamén o espectáculo de rúa. Refírese ao amplo abano de espectadores aos que se dirixen os espectáculos e á necesidade de seguir traballando, pois, malia os bos resultados no teatro, non hai nada consolidado. En cadro á parte ofrécese as actuacións previstas para o día de dúas compañías foráneas, así como tamén se fala da representación de Tanxarina, *Os narigudos*, que xa tivo lugar.

- Sonia Torre, “Los niños buscan sonrisas en las obras”, *La Región*, “Ourense”, 29 decembro 2006, p. 10.

Achega ao público que asiste á MOTI, na que se destaca a importancia de que os espectáculos cheguen a eles e lles creen hábitos que os fagan futuros espectadores de teatro. Descríbese brevemente as actitudes dos máis novos, o seu respecto e boas formas, ademais de recoller en columna á parte as impresións e gustos que manifestan algúns dos rapaces asistentes.

- Sonia Torre, “Máscaras, títeres y actores para el cuento”, *La Región*, “Ourense”, 30 decembro 2006, p. 10.

Descríbese a MOTI en contraposición cos xogos habituais dos nenos de hoxe, as videoconsolas. Destácase a gran variedade de xéneros dos que se puido gozar durante os días da mostra teatral, na que se puxeron en escena obras como *A viaxe de Efi* e *Mobi Dick* ou pezas baseadas nas obras de Jules Verne e os irmáns Grimm. Destácase o carácter educativo do teatro e o gusto por volver que lles queda aos que asisten ás funcións.

- S.T., “La Moti se despidió con un príncipe soñador”, *La Región*, “Ciudad”, 31 decembro 2006, p. 16.

Achega á actuación da Aula de Teatro Universitaria de Ourense como clausura da Mostra de Teatro Infantil coa peza *O príncipe que todo o aprendeu nos libros*. Destácase a grande actividade antes da estrea e a dificultade que supón representar para o público infantil, máis esixente que o adulto. Recóllense as declaracións dos actores nas que se refiren á dificultade dos diferentes personaxes e a razón de ter elixido este título de Jacinto Benavente, que consideran moi axeitado pola estrutura e por tratar dunha viaxe iniciática.

Nadal, Ciclos de

Acóllense neste ciclo todos os festivais e representacións en xeral que realizaron concellos, salas e grupos para celebrar o Nadal dende as representacións teatrais.

Referencias varias:

- Clara Valencia, “Dous pallasos en apuros”, *Diario de Arousa*, 24 novembro 2006, p. 64.

Descríbese brevemente o argumento de *Pallasos puros e duros, dous pallasos en apuros*, da compañía Tarabuleque no Ciclo de Teatro Infantil de Nadal de Vilagarcía de Arousa. Sinálase tamén que é unha obra de Helena Ferro na que se trata a decadencia dos circos tradicionais. Anúnciase tamén a próxima representación a cargo de Cachirulo coa peza *O libro da selva*.

- Eva Domínguez, “Teatro, música y poesía”, *La Región*, “Nadal Maceda”, 16 decembro 2006, p. 2.

Anúnciase a celebración do festival de Nadal do CEIP de Maceda, no que vai participar o alumnado con diferentes actividades, entre elas, a posta en escena d’*O Trasniño Comepalabras* e *O testamento do tío Nacho*.

- Diana Esperón, “Risas sin límite de edad”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo/Marín”, 20 decembro 2006, p. 16.

Dáse conta da posta en escena de *Cantacontos*, de Migallas Teatro, dentro da xornada de comunicación interxeracional que se leva a cabo entre o Fogar-Residencia de maiores e o colexio de Educación Infantil Nosa Señora do Carme de Marín. Explicase cómo o alumnado do centro educativo acode ao Fogar de Maiores para asistir a diferentes actividades e compartir con eles experiencias e coñecementos. Tamén se sinala que nesta peza Migallas mestura os contos tradicionais cos de creación propia a través dos personaxes de María dos Contos e o Señor Do Re Mi.

- I. S. S., “Las mejores compañías de títeres”, *Atlántico Diario*, “Navidad en Louriña”, 20 decembro 2006, p 36.

Ofrécese un repaso das actuacións que van ter lugar dentro do Ciclo de Nadal de Mos, no que se van poñer en escena, dirixidas aos máis novos, as obras de Viravolta, *Hip, hip, hurra*; de Títeres Cachirulo, *As salas da miña avoa*; de Tanxarina Títeres, *Titirircus*; e de Buratini, *Pazo de papel*.

- L.B., “O Xabarín puxo ritmo ó inicio do Nadal”, *Diario de Arousa*, 20 decembro 2006, p. 56.

Dáse conta da participación do Xabarín en Vilagarcía co seu espectáculo multimedia, no que se combina a música, cos números circenses, os acrobáticos, o humor, a maxia e os malabares. Tamén se anuncia a actuación de Teatro Buratini con *Palabras de caramelo*.

- Clara Valencia, “Monicreques para viaxar ó deserto”, *Diario de Arousa*, 23 decembro 2006, p. 68.

Dáse conta da participación, dentro do Ciclo de Teatro Infantil de Vilagarcía, de Buratini coa peza *Palabras de caramelo*. Despois de referirse brevemente ao argumento da peza sinálase que nela se empregan monicreques de variña e sombras para achegarlle ao espectador unha mensaxe de amizade, poesía e a necesidade de acadar as metas máis difíciles. Sinálase o reparto e díse que esta obra de Gonzalo Moure se apoia na linguaxe dos signos e nunha escenografía ambientada no deserto, o cal supón achegarlle aos máis novos outros modos de vida. Remátase adiantando o título doutras pezas que van ser representadas no ciclo.

- M. B., “Títeres, música y danza en Redondela”, *Atlántico Diario*, “Navidad en Comarcas”, 23 decembro 2006, p. 34.

Repaso das actividades que se van celebrar na vila de Redondela dentro do Ciclo de Nadal, entre as que se sinalan actuacións musicais ou postas en escena dirixidas aos máis novos como *O cego dos monifates* ou a peza, de Trécola, *De piccole Theatre Vagamundo*.

- Chus Gómez, “Entre títeres, batuka y festivales de Navidad”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 27 decembro 2006, p. 7.

Dáse conta da actuación de Expresión Teatro cunha peza na que se mestura o contacontos cos monicreques, dentro do programa de actividades do Concello de Cuntis para o Nadal.

- I.S.S., “Cine, conciertos y teatro en Bueu”, *Atlántico Diario*, “Fin de año en O Morrazo”, 28 decembro 2006, p. 43.

Repaso da programación do Concello de Bueu con motivo das festas de Nadal, na que entre outras alternativas, terá lugar a posta en escena da peza *Cantacontos*, de Migallas Teatro.

- Manuel Beceiro, “Teatro. Fiesta infantil”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 decembro 2006, p. 7.

Nota de prensa na que se dá conta do inicio do Ciclo de Nadal no Salón Teatro de Santiago e no que terán lugar os espectáculos *O merlo branco*, de Talía Teatro; *Menú vexetal*, de Disque Danza; *Unha merenda de Alicias*, de Saprísti; e *Buh!*, de Berrobambán.

- Clara Valencia, “Aventuras na selva con Mowgli”, *Diario de Arousa*, 29 decembro 2006, p. 56.

Achega á peza representada por Cachirulo dentro do Ciclo de Teatro Infantil de Vilagarcía. Descríbese o argumento desta adaptación aos monicreques d’*O libro da selva*, na que se destaca a mensaxe de valores como a amizade ou a familia. Anúnciase tamén a clausura do ciclo coa peza *O carballiño enfermo*.

- Sonia Torre, “Los niños buscan sonrisas en las obras”, *La Región*, “Ourense”, 29 decembro 2006, p. 10.

Noticia da mostra de teatro infantil que ten lugar durante os últimos días de decembro no Teatro Principal de Ourense. Coméntase o programa, que inclúe espectáculos de danza, e anúncianse as obras *Os músicos de Bremen*, de Teatro Paraíso, e *A viaxe de Efi*, de La Imagina Machina.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil “Xeración Nós”, que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse ao Concello de Narón o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e da Deputación da Coruña. Na edición do ano 2006 tivo lugar dende o 8 até o 22 de novembro no Auditorio de Narón e no Centro Torrente Ballester de Ferrol e participaron varias compañías fórañas e galegas. Entre estas últimas, La Imagina Machina representou *A viaxe de Efi*; Teatro Buratini, *Tic-tac, sons dunha nave*; Talía Teatro, *O merlo branco*; Sarabela Teatro, *A gata con botas*; e Sapristi Teatro, *Unha merenda de Alicias*.

Referencias varias:

- Lorena Romero, “Charo López abrirá el día 29 el ciclo Sábados Teatrais en el auditorio naronés”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 16 setembro 2006, p. 12.

Preséntase o programa do segundo trimestre do Ciclo de Sábados Teatrais que, durante o mes de novembro, prestará especial atención ao público infantil, coincidindo coa Mostra de Teatro Infantil de Narón.

Pontevedra, Ciclo de Teatro Infantil “Domingos do Principal”

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. Na edición de 2006 participaron, entre outras, as compañías galegas Caramuxo, coa obra *Animaliños*, e Sarabela Teatro, con *A gata con botas*.

Referencias varias:

- Belén López, “Volve ser domingo!”, *Diario de Pontevedra*, “A Contraportada”, 16 xaneiro 2006, p. 80.

Notas sobre o espectáculo da compañía vasca Markeliñe no marco do Ciclo “Domingos do Principal”.

- B.L., “Animais soltos”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 13 febreiro 2006, p. 69.

Crítica do espectáculo *Animaliños*, de Caramuxo, no marco do ciclo “Domingos do Principal”. Ademais de referirse ao argumento desta obra de máscaras na que se mesturan o teatro clásico, a comedia, a danza, o circo e as acrobacias, insírense unhas notas sobre a compañía, formada en 2003 por Juan Rodríguez.

- Rafa Fariña, “A gatiña ensina os dentes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 13 marzo 2006, p. 69.

Brevísima nota da presentación do espectáculo de Sarabela Teatro *A gata con botas* en Pontevedra, no marco do ciclo “Domingos do Principal”. Afirmase que a obra reivindica o protagonismo das fêmeas.

- C.M., “Tricicle20, ‘premio del público’ de los Domingos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 6 maio 2006, p. 75.

Referencia á sétima edición dos “Domingos do Principal”. Recolle as palabras dos organizadores e ofrece datos sobre a asistencia, que fai un total de 6.658 espectadores. Afirma, ademais, que o espectáculo máis valorado foi o da compañía Clownic de Tricicle.

Redondela, VII Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, actualmente conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellaría de Cultura e a Deputación Provincial e mais a obra social de “La Caixa”, ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2006 tivo lugar entre o 22 e o 28 de maio e contou cun orzamento de 66.000 euros. A programación, que por primeira vez se estendeu aos concellos de Moaña e O Porriño, contou con compañías procedentes da China, Arxentina, Brasil, Alemaña, Rusia, Holanda, Francia, Andalucía e Cataluña, que levaron os seus espectáculos ás rúas e ao Multiusos da Xunqueira. Actuaron as compañías galegas Turre’s Band e Viravolta.

Referencias varias:

- Iván Leis, “El Festival de Títeres de Redondela presenta su cartel más internacional”, *Faro de Vigo*, “Redondela-Louriña”, 20 maio 2006, p. 16.

Dáse conta da presentación do VII Festival de Títeres de Redondela, “Memorial Juanjo Amoedo”, por parte do Concelleiro de Cultura e os membros da Asociación Xente Titiriteira. Explícase que o festival se estrutura en sete actuacións de sala e vinte e sete de rúa. Lémbrese que pola asistencia de público é un dos máis importantes de España e repásase o presuposto co que conta para esta edición. Ofrécese o nome das compañías de todo o mundo participantes, entre as que se atopan as galegas Turre’s Band e Viravolta.

- Antonio Pinacho, “Las marionetas invaden Redondela”, *Faro de Vigo*, “Redondela/Área Metropolitana”, 28 maio 2006, p. 18.

Recolle as impresións do público do festival de títeres de Redondela e sinala os espectáculos que terán lugar na xornada de clausura. Entre as compañías que se destacan, figuran The Huber Marionettes, Les Pavaly, Theatre du Risorius, Txo Titelles, Gente Falante, Rubén Orsini, Tutitrek e Anima Sonho.

- María Alonso, “Tanxarina ultima su nuevo espectáculo de sombras que estrena a final de año”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 28 setembro 2006, 19.

Menciona algúns dos espectáculos de Tanxarina, como *Titiricircus*, *Rapatú*, *Os Narigudos* ou *Contaloucos* e relata a traxectoria do creador do grupo, Eduardo Rodríguez “Tatán”, para a seguir referirse ao taller de títeres de Redondela, así como ao Festival Internacional de Títeres, do que destaca a compoñente emocional, solidaria e participativa, así como a súa calidade. Afirmase, ademais, que o grupo está a rematar un espectáculo de sombras, que será estreado a finais do ano, mais non menciona se o título.

Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova)

Ver o apartado III. 4. 1. deste *Informe*.

Ribadavia, Mostra Internacional de Teatro de

Ver o apartado III. 4. 1. deste *Informe*.

Títeres no Yago

Evento que se celebra os domingos a media mañá e no que se puxeron en escena obras como *O astrólogo*, *a nena e o invento marabilloso*, de Títeres Cascanueces.

Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de

Coa finalidade de favorecer o intercambio entre os distintos colexios de Vigo, realizouse este ciclo durante o primeiro trimestre de 2006 en diferentes centros de ensino da cidade. Participou o alumnado dos Centros de Educación Infantil e Primaria Alfonso R. Castelao, con *Ínsula Barataria*; Coutada-Beadé, coa obra *O Porqueiro*; Lope de Vega, coa obra *Os gatos do 0,7*; Pintor Laxeiro, con *El buho, el sol y la luna*; Ría de Vigo, con *Salvar o mar*; e Seis do Nadal, con *A estrela máis brillante*.

Referencias varias:

- N.A., “Teatro representado por y para escolares vigueses”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 11 abril 2006, p. 2.

Dáse conta da celebración do Ciclo de Teatro Escolar no que participan seis colexios de Educación Infantil de Vigo. Apúntase que nesta edición o centro anfitrión foi o Alfonso R. Castelao, no que tiveron lugar as representacións, e que se clausurou o ciclo coa posta en escena d’*O Porqueiro*, do Colexio Coutada-Beadé; *Os gatos do 0,7*, do Centro Lope de Vega. Lémbrese que dous dos obxectivos do Ciclo son o intercambio e coñecemento entre o

alumnado de diferentes centros e tamén o desenvolvemento de habelencias como a dicción e a memorización. Remátase lembrando a participación doutros colexios en edicións anteriores.

Vigo, XIII Semana de Teatro en Familia

Organizada pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo dende o ano 1999, como actividade final das festas do Cristo da Vitoria no mes de agosto. Celébrase ao aire libre, na Praza da Estrela da cidade viguesa, na que se desenvolven diferentes espectáculos teatrais dirixidos ao público máis pequeno. Na edición de 2006 tivo lugar dende o 31 de xullo até o 4 de agosto e representáronse cinco montaxes de varias compañías, algunha procedente da Arxentina e Valencia. Tamén participou a compañía Teatro Paraíso con *A miña Odisea*.

Referencias varias:

- E.P., “Teatro en Familia’ arrinca hoxe en vigo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 xullo 2006, p. 30.

Anuncia o comezo da semana “Teatro en Familia”, afirmando que o executivo local destinará case 20.000 euros a este ciclo. Indica o horario das representacións e sinala que estas serán cinco, a cargo dos grupos La Galera Encantada, Teatro Paraíso, Combinats Teatre e PTV CLOWN.

Vilagarcía de Arousa, Ciclo de Teatro Infantil

Posto en marcha pola Concellaría de Cultura de Vilagarcía de Arousa con motivo das vacacións de Semana Santa, tivo lugar entre o 8 e o 11 de abril de 2006 no Auditorio de Vilagarcía. Actuaron Monicreques de Kukas, con *TresxTres=¿Un?* e *Dado trucado, xogo revirado*, entre outros.

Referencias varias:

- Clara Valencia, “Perucho y el demonio Antinomio”, *Diario de Arousa*, 10 abril 2006, p. 56.

Dáse conta da participación da compañía Monicreques de Kukas con *Tres x Tres= ¿Un?* no ciclo de teatro do Concello de Vilagarcía de Arousa. Destácase a boa acollida por parte do público dun espectáculo no que se combinan os xogos de sombras, obxectos, actores e monicreques. Remátase cun repaso do argumento da peza.

Yago, Sala

Dende o ano 2002 esta sala coa denominación de Yago abriu unha nova liña de programación, da que tamén se dá conta no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*. Ao longo do ano 2006 seguiu mantendo a celebración de eventos como o “Festival de Títeres de Reis”, o Festival Internacional de Títeres “Galicreques”, “Títeres para a Escola” e “Títeres no Yago”.

Referencias varias:

- A.I., “La recta final de las Navidades”, *El Correo Gallego*, “Agenda”, 3 xaneiro 2006, p. 30.

Referencia ao Festival de Títeres de Reis da Sala Yago, que anuncia a posta en escena da obra *A guerra das Galicias*, de Cachirulo.

VII.3.4.2. ESTREAS

VII.3.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Centro Dramático Galego: *A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira (direc.), Carballeira, Paula.

Referencias varias:

- MARÉ, “Entre a terra e o teatro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 xaneiro 2006, p. 33.

Ver o apartado 3.4.2.1 deste *Informe*.

- A.N.T., “A cabana de Babaiagá abre a nova programación do CDG”, *A Nosa Terra*, n.º 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 25.

Ver o apartado 3.4.2.1 deste *Informe*.

- MARÉ, “Vitalismo desesperado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 marzo 2006, p. 34.

Ver o apartado 3.4.2.1 deste *Informe*.

- M. J. Rico, “O Centro Dramático Galego achega o teatro ós pequenos con ‘A cabana de Babaiagá’”, *Diario de Ferrol*, “Cultura|Gente|Servicios”, 7 marzo 2006, p. 16.

En primeiro lugar indícase que serán os nenos de Ferrolterra os primeiros en asistir á representación da obra dirixida por Paula Carballeira, *A cabana de Babaiagá*. Despois de dar conta do contido e intérpretes desta obra, recóllense algunhas das palabras da directora a respecto do espectáculo; de Ánxeles Cuña, directora do CDG, en relación coas liñas de actuación deste Centro; do director xeral de Creación e difusión Cultural da Consellaría de Cultura a respecto da importancia do público infantil no teatro ou doutros persoeiros asistentes ao acto de presentación da obra en Ferrol. Finalmente, dise cando será o estreo d’*A Cabana de Babiagá* en Ferrol.

- MARÉ, “Os medos de Natasha”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 marzo 2006, p. 43.

Dáse conta da estrea no centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol do espectáculo, *A cabana de Babiagá*, que dirixe Paula Carballeira, e indícase que o Centro Dramático Galego ten pechadas cincuenta e seis representacións desta obra por toda Galicia. A seguir, e logo de sinalar os asistentes ao acto de presentación da obra en Ferrol, recóllense algunhas das palabras da contacontos a respecto do seu traballo no CDG, da importancia da música no espectáculo ou dos cambios experimentados no CDG. Finalmente, noméanse algúns dos lugares e datas nos que *A cabana de Babaiagá* será representada. Baixo o epígrafe “Datos” explícanse as tres fases en que se divide a campaña pedagóxica planificada polo CDG para a captación de novo público infantil nos espectáculos teatrais.

- P. Hermida, “Meigas e música rusa na última obra do CDG”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 7 marzo 2006, p. 66.

Indícase a premisa da que partiu Paula Carballeira para elaborar a primeira obra infantil do Centro Dramático Galego nesta nova temporada. Infórmase da presentación no centro Torrente Ballester de Ferrol d’*A Cabana de Babaiagá* e recóllese algunha declaración de Paula Carballeira e Ánxeles Cuña a respecto desta representación. A seguir, dáse conta da estrutura e contido d’*A cabana de Babaiagá* e indícase o número de funcións que se pretenden facer, así como a idade do público ao que van dirixidas. Remátase afirmando que este espectáculo “serve como expresión de tolerancia partindo dunha historia de terror”.

- A.N.T., “Maxia e música na nova etapa do CDG. Illa Reunión e A cabana de Babaiagá xa están nas táboas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.214, “Cultura”, 9-15 marzo 2006, p. 25.

Infórmase da presenza en cartel, a cargo do Centro Dramático Galego, de *Illa Reunión*, dirixida por AnaVallés, e *A cabana de Babaiagá*, dirixida por Paula Carballeira. A respecto desta última coméntase que se trata dun conto tradicional ruso adaptado por Carballeira, dirixido a nenos de até once anos e acompañado de pezas musicais do leste europeo. Dáse conta do contido do espectáculo e dise qu o CDG editou unha unidade didáctica, a carón da obra teatral, coa finalidade de que os docentes traballen diferentes aspectos (sinálanse algúns). Para rematar, indícase cándo e ónde terán lugar as representacións.

- C.Domínguez, “Ánxeles Cuña abandona a dirección do CDG por unha incompatibilidade”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 10 marzo 2006, p. 65.

Ver o apartado 3.4.2.1 deste *Informe*.

- MARÉ, “Decisión “involuntaria”, *Galicia Hoxe*, 10 marzo 2006, p. 35.

Ver o apartado 3.4.2.1 deste *Informe*.

- Mercedes Rozas, “El Centro Dramático capta público infantil. Música y cuentos de brujas rusas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 6 abril 2006, p. L9.

Comeza informando da posta en escena polo Centro Dramático Galego (CDG) dunha montaxe de música en directo e narración oral baseado nun conto popular ruso. Indícase a qué idades vai dirixido o espectáculo e infórmase dos días nos que o Salón Teatro acollerá as representacións. A continuación, dise quen é a directora do espectáculo, resúmese o argumento e noméanse algúns dos atractivos deste conto. Finalmente, sinálase o obxectivo do CDG coa representación desta obra.

- A.S.R/AGN, “O CDG levará a obra ‘A cabana de Babaiagá’ a Viveiro en maio”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 7 abril 2006, p. 72.

Infórmase do número de colexios e, aproximadamente, do número de alumnos dos arredores de Santiago de Compostela que asistirán ao espectáculo *A cabana de Babaiagá*, do Centro Dramático Galego (CDG). Indícanse os días e lugares nos que serán as representacións, dáse conta do contido do espectáculo e, finalmente, indícase o obxectivo desta produción segundo

a directora do CDG.

- C. Villar, “A obra infantil do CDG pretende animar ós nenos a ‘voltar’ ó teatro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 7 abril 2006, p. 46.

Destácase “a profundidade e o entusiasmo que espertou nos cativos” a obra *A Cabana de Babaiagá* e dise que está baseada nun conto tradicional ruso. Faise referencia a diferentes aspectos relacionados co acompañamento musical da obra e recóllense as palabras da directora Paula Carballeira a respecto dos obxectivos do seu equipo, das características da historia narrada e do que esta tenta amosar.

- E.P., “O Salón Teatro acolle a obra “A Cabana de Babaiagá”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 abril 2006, p. 35.

Primeiramente coméntase a excelente acollida entre a nenez do espectáculo *A cabana de Babaiagá* segundo Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego (CDG). Infórmase de quen serán os asistentes a este espectáculo do CDG e indícase os lugares, as datas e as horas nas que terán lugar as representacións. A continuación, parafráséanse as palabras da directora da obra sobre os obxectivos desta e, finalmente, coméntase o argumento da historia e fálase da presenza da música no espectáculo.

- E.P., “Teatro para nenos no CDG”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 7 abril 2006.

Fálase da acollida que, segundo a directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez, está a ter a obra dirixida por Paula Carballeira. A seguir, infórmase quen terá acceso ás representacións, así como do sitio, hora e data no que terán lugar.

- Camilo Franco, “Materiais do centro da fantasía”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 abril 2006, p. L9.

Camilo Franco comenta en primeiro lugar a importancia dos contos “materia prima da fantasía” que, malia modificarse segundo os diferentes lugares, manteñen a súa “función incial” en todos eles. A seguir, loa a maneira na que o Centro Dramático Galego achega, co espectáculo *A cabana de Babaiagá*, ao público, unha historia que cualifica de “exótica e coa incorporación fundamental da música”.

- Lupe Gómez, “Teatro para soñar”, *Galicia Hoxe*, “Miradas”, 21 abril 2006, p. 5.

Infórmase do título da nova proposta do Centro Dramático Galego para o público infantil. Dise quen é a directora e intérprete e ofrécese algúns trazos da historia narrada, así como as reaccións dos nenos ante esta. Para rematar, saliéntase que a obra atrapa a atención do público e serve para achegar o teatro como “un divertimento que nos achega a outras culturas”.

- Xosé Lueiro, “A bruxa que veu do frío”, *Galicia Hoxe*, “A contrabutaca”, 28 abril 2006, p. 4.

Crítica do espectáculo, do que se afirma que segue o ronsel d’*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, e co que o CDG despide a etapa de Ánxeles Cuña. Sinálase que o

espectáculo se artellou a partir da adaptación dun conto eslavo, e que enfía unha serie de pezas musicais procedentes do leste de Europa, apostando pola interculturalidade e a integración de colectivos doutras etnias, así como favorecer o coñecemento doutras tradicións culturais. O autor afirma que debemos felicitarnos de que o CDG visite periodicamente o público infantil e que o faga sen sensiblerías, meros divertimentos e autocensuras. Remata salientando que os nenos son o futuro do teatro galego.

- E. P., “O CDG edita a guía didáctica da obra ‘A cabana de Babaiagá’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xuño 2006, p. 42.

Anúnciase a publicación por parte do Centro Dramático Galego da guía didáctica do espectáculo musical e de narración oral titulado *A cabana de Babaiaga*, realizada por Nate Borrajo con ilustracións de Pablo Otero.

- S.T., “La bruja rusa ‘Babaiagá’ sube al Principal de la mano del Centro Dramático Galego”, *La Región*, “Ourense”, 4 outubro 2006, p. 10.

Faise eco da presentación en Ourense da peza do Centro Dramático Galego, *A cabana de Babaiaga*, dirixida e narrada por Paula Carballeira, quen explica que é resultado da colaboración de xente de Galicia, Bielorrusia e Ucraña. Achégase brevemente o argumento da peza e o reparto, ademais de incidir na importancia que adquire a música. Recóllense as declaracións da directora do CDG, Cristina Domínguez, nas que destaca o obxectivo da institución de facer do teatro familiar un feito normal, o gran número de público infantil que xa viu a peza e o apoio de material didáctico para traballar co alumnado nos centros educativos, incidindo especialmente en valores como o respecto á diferenza e o valor do propio.

Codia e Miolo: *O gato lambón*

Ver Galicreques, XI Festival Internacional de Títeres.

Kukas: *Galiza Máxica*.

Referencias varias:

- Jorge Cordero, “La Galicia profunda en cartón y tela”, *Diario de Pontevedra*, “Feira Franca”, 1 setembro 2006, p. 4.

Dáse conta da participación de Monicreques de Kukas na Feira Franca de Pontevedra co espectáculo *Galiza máxica*, unha peza de monicreques de gran formato que se representará na rúa. Explícase que o espectáculo foi escrito e dirixido por Marcelino de Santiago e que nel se mostra unha visión fantástica da cultura galega baseada en lendas. Repásase o argumento das diferentes escenas que compoñen a peza e, en cadro á parte, faise un repaso da longa traxectoria desta compañía santiaguesa que leva nos escenarios vinte e sete anos.

La Imagina Machina: *A viaxe de Efi.*

Ver MOTI, Mostra de Teatro Infantil.

Ver Nadal, Ciclos de.

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de.

Ver o apartado III.4.I. deste *Informe*.

Manazas: *Cantos contos contas?*

Referencias varias:

- Sonia Torre, “El teatro va a la escuela”, *La Región*, “Cultura”, 22 marzo 2006, p. 67.

Presentación da peza *Cantos contos contas?*, do grupo Manazas Teatro que conta co patrocinio da Deputación ourensá e que será representada en trinta e sete centros da provincia a nenos e nenas de entre tres e oito anos. Reprodúcense as declaracións do director, Pablo Silva, quen sinala que a obra é de creación propia, na que se busca a calidade, pois en moitos casos pode ser o primeiro contacto do neno co teatro, e que o final é aberto para que os nenos poidan propoñer alternativas. Remátase lembrando que a compañía se fundou no ano 2002 e que esta é a súa cuarta montaxe.

MDM: *Scrabble*, de Daniel Vignolo (direc.).

Referencias varias:

- María José Barreiro, “MDM Producciones chega a Vilagarcía coa súa obra ‘Scrabble’”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 9 xullo 2006, p. 25.

Anuncia a próxima presentación do espectáculo *Scrabble*, de MDM, en Vilagarcía de Arousa. Afirmar que a trama da obra se sitúa no campo e comenta o seu argumento, declarando que esta comedia é “orixinal, moi entretida e intelixente” e que permite que os nenos participen da obra, que conta con continuos cambios de escenario. Remata cunhas breves notas sobre a historia da compañía e invita a acudir ao espectáculo indicando o prezo das entradas.

- Alicia López, “Situar o fondo do mar enriba dun escenario”, *Diario de Arousa*, 13 xullo 2007, p. 56.

Crítica do espectáculo *Scrabble*, de MDM, en Vilagarcía de Arousa. Sinala que se trata dunha comedia “entretida e intelixente” escrita por Rut Garralón e dirixida a toda a familia. Refírese a outras ocasións en que a compañía representou en Vilagarcía e di que esta nova obra é unha proposta interactiva que destaca polos seus efectos especiais. Remata referíndose ao currículo do director, Daniel Vignolo, e afirmando que *Scrabble* conta co patrocinio da Embaixada da República Arxentina en España e a Comunidade de Madrid.

Migallas Teatro: *Cantacontos.*

Ver Nadal, Ciclos de.

Migallas Teatro: *Un avó especial.*

Ver o o apartado III. 4. 1. deste *Informe.*

Monicreques de Kukas: *Dado trucado, xogo revirado.*

Ver Vilagarcía de Arousa, Ciclo de Teatro Infantil.

Monicreques de Kukas: *TresxTes=¿Un?.*

Ver Vilagarcía de Arousa, Ciclo de Teatro Infantil.

Os sete magníficos e mais un: *A cadeira voadora.*

Ver Galicreques, XI Festival Internacional de Títeres.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, “A cadeira voadora”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A contrabutaca”, 17 novembro 2006, p. 4.

Crítica do espectáculo *A cadeira voadora* en que comeza reflexionando sobre o clown. Afirmar que a obra se estrutura sobre unha sucesión de números que o espectador debe engarzar. Sinala que se produce un distanciamento relativo, sen sofisticación técnica, e destaca a intencionalidade política do discurso crítico que se aprecia na montaxe, que emprega o clown como forma de oposición ao poder. Saúdase con ledicia o espectáculo e, para rematar, en columna á parte, insírense “As claves” deste, baixo os epígrafes “O elenco”, “A compañía” e “A obra”.

Pistacatro: *Artrix.*

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe.*

Sala Yago: *Cucho, Coco e o dilema do 6.*

Ver Galicreques, XI Festival Internacional de Títeres.

Talía Teatro: *O merlo branco.*

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de.

Teatro Buratini: *Tic-tac, os sons dunha nave.*

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de.

Teatro Paraíso: *A miña Odisea.*

Ver Vigo, XIII Semana de Teatro en Familia.

Teatro Paraíso: *Os músicos de Bremen.*

Ver MOTI, Mostra de Teatro Infantil.

Ver Nadal, Ciclos de.

Teatro Tempo: *A historia máis prodixiosa.*

Ver Galicreques, XI Festival Internacional de Títeres.

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Títeres Cachirulo: Camiño de aventuras.

Referencias varias:

- Abel Peña, “No se sabe quién tira de los hilos”, *El Ideal Gallego*, “Espectáculos”, 6 outubro 2006, p. 64.

Recolle varias declaracións de Jorge Rey, de Títeres Cachirulo, a propósito da presentación do espectáculo Camiño de Aventuras no Centro Cívico de Monelos. Rey reflexiona sobre a reacción dos espectadores, nenos e adultos, ante os títeres, e sobre o tipo de públicos ante o que representan.

Títeres Cachirulo: *O libro da selva.*

Ver Galicreques, XI Festival Internacional de Títeres.

VII.3.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN VARIAS

Alecrín: *O muiñeiro de Ribadumia.*

Ver Ribadumia, X Mostra de Teatro Afeccionado.

Antonio Mouriz e Guadalupe Pardo: *Musiclown.*

Ver Lugo, VII Xornadas de Artes Escénicas.

Aturuxo: *A fonte do cacique.*

Ver Ribadumia, X Mostra de Teatro Afeccionado.

Aula Universitaria de Teatro Infantil do Campus de Ourense: *O príncipe que todo o aprendeu nos libros.*

Ver MOTI, Mostra de Teatro Infantil.

Centro de Educación Infantil e Primaria Alfonso R. Castelao: *Ínsula Barataria.*

Ver Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de.

Centro de Educación Infantil e Primaria Coutada-Bede: *Porqueiro.*

Ver Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de.

Centro de Educación Infantil e Primaria Lope de Vega: *Os gatos do 0,7.*

Ver Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de.

Centro de Educación Infantil e Primaria Pintor Laxeiro: *El buho, el sol y la luna.*

Ver Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de.

Centro de Educación Infantil e Primaria Ría de Vigo: *Salvar o mar.*

Ver Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de.

Centro de Educación Infantil e Primaria Seis do Nadal: *A estrela máis brillante.*

Ver Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de.

Centro Municipal da Milagrosa: *Esta si que che é desgracia*, de Noelia Maceda (direc.), Casalderrey, Fina.

Ver Lugo, VII Xornadas de Artes Escénicas.

Colexio Público As Revoltas: *Os amigos.*

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Escola Artística de Cuntis: *A nosa vila.*

Ver Ribadumia, X Mostra de Teatro Afeccionado.

Escola de Domirón: *Carapuchiña Vermella.*

Referencias varias:

- X.T., “Fin de curso das Escolas de Teatro”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 17 xuño 2006, p. 17.

Refírese ao peche do curso da Escola de Teatro do Padroado de Cultura de Narón, que este ano contou con 17 grupos, entre infantís e adultos. Recolle as opinións dos monitores e faise referencia ás montaxes *Os tres porquiños* e *Carapuchiña vermella*, dos dous grupos da Escola de Domirón, no Auditorio Municipal. Refírese, ademais, ás montaxes *O testamento de Nacho* e *Té para dous*, do grupo de adultos da Sociedade Cultural Areosa.

Escola de Domirón: *Os tres porquiños.*

Referencias varias:

- X.T., “Fin de curso das Escolas de Teatro”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 17 xuño 2006, p. 17.

Refírese ao peche do curso da Escola de Teatro do Padroado de Cultura de Narón, que este ano contou con 17 grupos, entre infantís e adultos. Recolle as opinións dos monitores e faise referencia ás montaxes *Os tres porquiños* e *Carapuchiña vermella*, dos dous grupos da

Escola de Domirón, no Auditorio Municipal. Refírese, ademais, ás montaxes *O testamento de Nacho e Té para dous*, do grupo de adultos da Sociedade Cultural Areosa.

Escola Unitaria de Anos: *A folla seca*.

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Escola Unitaria de Borneiro: *Os amigos*.

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Escola Unitaria de Corcoesto: *A casa dos gatos*.

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Escola Unitaria de Cundíns: *Unha lagartixa en avión*.

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Escola Unitaria de Enano: *O segredo*.

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Escola Unitaria de Fontenla: *O coelliño branco*.

Ver Anisia Miranda, I Xornada de Teatro Infantil.

Exposición: *Noite de Lúa*.

Ver Ribadumia, X Mostra de Teatro Aficionado.

Grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *Brancaneves*, de Jouse García (direc.).

Referencias varias:

- A.N.D., “Preparamos catro novas obras para estrear a partir de febreiro”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 novembro 2006, p. 2.

Entrevista a Teresa Batán Buján, responsábel do grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas, e finalista do certame GzCrea coa obra de adultos *A casa de Bernarda Alba*. Entre outras cuestións relativas ao grupo, afirma que os máis pequenos están preparando unha versión do *Mago de Oz* e outra de *Brancañeves*; mentres que os adultos preparan, con Jouse García, unha comedia titulada *A Illa Amarilla* e o musical Chicago.

Grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *O Mago de Oz*, de Jouse García (direc.).

- A.N.D., “Preparamos catro novas obras para estrear a partir de febreiro”, *El Progreso*, “Entrevista”, 24 novembro 2006, p. 2.

Entrevista a Teresa Batán Buján, responsábel do grupo de teatro da Biblioteca Municipal de Antas, e finalista do certame GzCrea coa obra de adultos *A casa de Bernarda Alba*. Entre outras cuestións relativas ao grupo, afirma que os máis pequenos están preparando unha versión do *Mago de Oz* e outra de *Brancañeves*; mentres que os adultos preparan, con Jouse García, unha comedia titulada *A Illa Amarilla* e o musical Chicago.

Grupo de teatro da Estrada: *A casa de Bernarda Alba*, de Anabel Gago (direc.).

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Estreno”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 29 xuño 2006, p. 80.

Entre outras cuestións alleas á literatura, sinálase a estrea da obra do grupo de teatro da Estrada, comandado por Xosé Lueiro e cuxa representación se realiza baixo a dirección da actriz Anabel Gago, gañadora dun Premio María Casares. Enuméranse os membros do elenco e dise que a cita será no teatro Principal de Compostela.

Grupo de teatro do Colexio Fingoi: *Dez negriños*.

Ver Lugo, VII Xornadas de Artes Escénicas.

IES Lucus Augusti: *Como un susurro*.

Ver Lugo, VII Xornadas de Artes Escénicas

O Tarabelo: *Os pintores non teñen recordos*.

Ver Ribadumia, X Mostra de Teatro Aficionado.

Pavís Pavós: *Érase unha vez*.

Trécola: *O triciclo*, de María Díaz (direc.).

Ver Lugo, VII Xornadas de Artes Escénicas.

Xerpo: *Faustino Canino e as súas feras*, de Irene Moreira (direc.).

VII.3.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Artello. Teatro Alla Scala 1:5: *De fábula.*

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe.*

Caramuxo Teatro: *Animaliños.*

Ver Pontevedra, Ciclo de Teatro Infantil “Domingos do Principal”.

Os Quinquilláns: *Moby Dick.*

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, “De baleas e neboeiros”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe venres*”, 2 xuño 2006, p. 4.

Despois de describir o ambiente que se recrea en *Moby Dick*, de Quinquilláns, salientase a posibilidade de facer teatro a partir de diversas ópticas, destacando as pretensións creativas do grupo, que demostra unha gran vontade de crear atmosfera, ritmo, espazo e xogo. Aínda así critica o desequilibrio da acción con respecto ao fío discursivo da obra, a xerarquización dos personaxes ou a funcionalidade dalgúns elementos. Tamén bota en falta a carencia de explicación inicial do conflito ao público ao que vai dirixida a peza ou a falta de análise do texto e a intencionalidade do autor para que este público poida entender e comprender mellor aspectos da vida, incidindo moito máis a compañía no aspecto lúdico.

Sapristi: *Unha merenda de Alicias.*

Ver Nadal, Ciclos de.

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de.

Referencias varias:

- A.I., “Una divertida forma de enseñar a amar el teatro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 marzo 2006, p. 30.

Anúnciase o inicio no Teatro Principal de Santiago do programa teatral e de animación á lectura que leva a cabo Sapristi coa peza *Unha merenda de Alicias*. Explicase que esta

proposta baseada no conto de Carroll quere achegar aos escolares as artes escénicas e diversas actividades didácticas a través de material deseñado por Magdalena de Rojas.

- Xosé Lueiro, “Unha merenda de tolos”, *Galicia Hoxe*, “*Hoxe Venres*”, “A Contrabutaca”, 19 maio 2006, p. 4.

Crítica do espectáculo de Saprísti, que comeza por comentar en primeiro lugar a obra de Lewis Carroll e as opinións de Virginia Woolf sobre esta. Seguidamente, afirma que os rapaces merecen un teatro de calidade, recreado nun bo texto, como neste espectáculo, que estimula os resortes da imaxinación malia a austeridade do elemento escenográfico, que impide que o espectáculo luza fóra das aulas dun colexio. Salienta a sincronía das actrices e a riqueza do vestiario, comentando ademais os diversos elementos que dan corpo á obra, como a música e os decorados. En columna á parte, como é habitual, ofrécense “As Claves” do espectáculo, baixo os epígrafes “O elenco”, “A compañía” e “A didáctica”.

Sarabela Teatro: *A gata con botas*.

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de.

Ver Pontevedra, Ciclo de Teatro Infantil “Domingos do Principal”

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Hoy se representará en Sada ‘A gata con botas’, *El Ideal Gallego*, “Atalaya mariñana”, 17 febreiro 2006, p. 14.

Nesta sección fixa coméntase, entre outras cuestións, a presentación da obra infantil de Sarabela Teatro na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada. Indica que se trata dunha nova e divertida versión do clásico de Perrault e enumera o elenco. Pide, ademais, puntualidade ao público que asista.

- S. Castrelo, “Sarabela Teatro trae esta tarde la obra ‘A gata con botas’ a O Esteiro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 20 de maio de 2006, p. 18.

Como acordo entre o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Concellaría de Cultura do concello de Vilanova, e como programación dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, anúnciase a posta en escea polo grupo teatral “Sarabela Teatro”, da obra *A gata con botas*, versión actualizada dun conto de Perrault, dirixida ao público máis pequeno e escenificada na Casa da Cultura de O Esteiro.

Títeres Cachirulo: *A guerra das Galicias. Unha aventura intergaláctica*.

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Títeres Cachirulo: *A pedra que arde.*

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Títeres Cachirulo: *Pinocho.*

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Pinocho”, *La Voz de Galicia*, “Vai por aí na fin de semana”, 2 febreiro 2006, L9.

Crítica do espectáculo de títeres *Pinocho*, de Cachirulo, que foi representado na compostelá Sala Yago. Destaca a combinación de técnicas no espectáculo (luvas e variñas) e sinala que a obra está orientada para nenos dende tres anos, afirmando que polo tanto quedan posibilidades de que alguén escoite este clásico por primeira vez na súa vida.

Títeres Cascanueces: *A rúa das pantasma.*

Referencias varias:

- Sergio Cobos, “Los peques también disfrutarán del teatro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 9 abril 2006, p. 9.

Despois de repasar os actos culturais que teñen lugar na cidade de Santiago de Compostela detense na programación dirixida aos máis novos, concretamente na campaña de animación á lectura que se leva a cabo na Galería Sargadelos e na posta en escena na Sala Yago da peza *A rúa das pantasma*, de Títeres Cascanueces, da que repasa o argumento.

Títeres Tanxarina: *Os Narigudos.*

Títeres Trompicallo: *Nadarín.*

VII.3.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN VARIAS

Falcatrueiros: *Mórdeme*, Antonio, Inma.

Referencias varias:

- Elena Castelao, “Falcatrueiros’ estrena el sábado dos obras de teatro”, *El Progreso*, “A la última”, 1 xuño 2006, p. 112.

Anuncia brevemente, entre outras cuestións alleas á literatura, a actuación no centro sociocultural de Monterroso da representación destinada a público adulto *As obras completas de William Shakespeare*, de Falcatrueiros e, para o público infantil, a peza *Mórdeme*, de Inma Antonio.

Teatro del Andamio: *Que che contan un conto*, de Álvaro Guevara (direc.), Guevara, Álvaro.

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Teatro para niños, hoy en la Casa de la Cultura”, *El Ideal Gallego*, “Atalaya Mariñana”, 22 decembro 2006, p. 18.

Referencia á representación no Auditorio de Sada desta obra de teatro infantil, indicada para nenos de idades comprendidas entre os 5 e os 11 anos. Coméntase brevemente o seu argumento.

The Pinga Teatro: *O rei dos mares*.

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

VII.4 CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Isorna, Fausto, *Están vivas! Novas aventuras de Simón Martel*, ilustrado do autor, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, col. Nova 33, n.º 33, [lectorado mozo], 2006, 48 pp. (ISBN: 84-96494-67-5). ♦

Fausto Isorna (Catoira, 1961) retoma a serie que comezou en 1994 con *A irmandade dos lectores tristes*, volume inserido na campaña VI Tren Caixa Galicia, e que se completou cos tres títulos *Flores desde Hiroshima* (1995), *No nome da amada morta* (1996) e *A maldición dos Velasco* (1999), con guións de Aníbal Malvar e Rober G. Méndez. Nesta ocasión, Fausto continúa a serie, que narra as aventuras de tipo detectivesco da moza Simón e do seu amigo o detective Sam Espada, xa en solitario. Esta nova aventura, que se presenta nun formato apaisado e que introduce boas doses de humor, ten como escenario Santiago de Compostela, onde misteriosamente as figuras de pedra máis emblemáticas da cidade están a tomar vida e a atacar os seus habitantes. Simón Martel é a primeira en decatarse de que algo estraño ocorre e axiña vai na busca do seu amigo, o detective Samuel Espada para resolver o enigma. Pouco despois descubren que se trata dun ataque artellado por uns extraterrestres que pretenden apoderarse da vontade dos humanos e que teñen o seu refuxio en Triacastela. Mais Simón decontado se enfrenta ao verdadeiro inimigo, que oculta a súa identidade baixo a aparencia extraterrestre: o profesor Smer –personaxe que xa aparecera noutra entrega da serie, *No nome da amada morta*–, que sobreviviu á catástrofe e navegou por unha corrente submarina que o conduciu até a entrada interior da terra habitada por unha avanzada civilización. A aventura remata coa destrución da cova dende a que traballaban os extraterrestres e coa desaparición de Smer, aínda que Simón promete rescatalo na próxima aventura. Ademais dos personaxes habituais da serie, Fausto Isorna dá entrada a outros creados para a revista *Golfiño*, como o escultor Lombardini, e manexa situacións, anécdotas e referentes reais pertencentes ao universo compostelán. Os debuxos nesta banda deseñada succédense en viñetas de estilo clásico nas que as cores están aplicadas en forma de tintas planas e nas que a sensación do volume nas figuras vén dado polos trazos de tinta. As expresións dos protagonistas están moi traballadas e complementanse co dinamismo que ten cada viñeta.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, “La historia más negra de Galicia”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 13 novembro 2006, p. 72.

Inserido nas novas desta contracapa do xornal, apúntase a publicación do cómic *Están vivas!* realizado polo debuxante Fausto Isorna e editado pola Fundación Caixa Galicia. Salienta que se trata dunha nova entrega das aventuras de Simón Martel e que quizais podería lembrar a algún clásico como *Panique à la Une*, de Luc Cornillon.

- M.B., “O regreso de Isorna”, *A Nosa Terra*, n.º 1.244, “Fin de semana”, 16-22 novembro 2006, p. 33.

Refírese á aparición dunha nova aventura da investigadora Simón Martel, *Están vivas!*, unha serie creada hai dez anos polo debuxante Fausto Isorna que agora se presenta co subtítulo “Novas aventuras de Simón Martel”. Saliéntase o estilo renovado, os novos personaxes, a ambientación compostelá do álbum e algúns trazos do argumento desta aventura. Ademais, sinálase que a serie naceu da man de Aníbal Malvar, Rober Méndez e Fausto Isorna para unha campaña de actividades para nenos desenvolvida pola Biblioteca Nova 33 e que até a aparición do presente álbum contaba con títulos como *A Irmandade dos lectores tristes*, *Flores desde Hiroshima*, *No nome da amada morta* e *A maldición dos Velasco*. Da traxectoria profesional de Isorna destácase que comezou o seu labor na banda deseñada nos anos oitenta, creando cabeceiras como *Valiumdiez*, *Das Capital* ou *Diplodocus*, e iniciando series de carácter máis comercial como *Profesor Carbonato* ou a dedicada a Simón, e tamén a revista para nenos *Golfiño*.

- L.O.A.C., “As novas de Martel!”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 174, “Tebeos”, 25 novembro 2006, p. 16.

Preséntase o álbum *Están vivas!*, de Fausto Isorna, que supón a reaparición da serie creada hai dez anos dentro dunha campaña de actividades para nenos desenvolvida pola Biblioteca Nova 33. Saliéntase que o proxecto medrou, dende as vinte e catro páxinas iniciais ás corenta e oito, e que nel se percibe a influencia da liña franco belga, unha ponte entre o estilo *amateur* e o profesional e maduro despregado en *Golfiño* de Fausto. Coméntase tamén que o álbum conta cun formato apaisado e con debuxos caricaturescos e dinámicos que recuperan personaxes aparecidos en *Golfiño*.

Robledo, Miguel, *Vilaverzas*, ilust. do autor, Pontevedra: A.C. BD Banda/Factoría K de Libros/Kalandraka Editora, col. BD Banda, n.º 5, [lectorado autónomo], xuño 2006, 61 pp. (ISBN: 84-8464-576-2).

Álbum de Miguel Robledo (Ourense, 1970) que recolle as historietas da serie “Vilaverzas” que aparecía na revista de cómic para nenos, *Golfiño*. As aventuras dos personaxes, unha banda de rapaces formada por Mima, Gor e Filomena, ademais de Ollomol, unha criatura estraña, e de Tobuso, o condutor algo toleirán do autobús da escola, acompañados de personaxes secundarios como os xubilados Aniceto e Evaristo e os trasnos amigos de Tobuso, desenvólvense na vila imaxinaria de Vilaverzas, onde teñen lugar aventuras e anécdotas humorísticas. En ocasións os argumentos dan entrada á tenrura, fundamentalmente a través da personalidade de Tobuso e do amor que sente Gor por Mima. Ao final do volume inclúese unha entrevista co creador da serie na que conta as orixes da serie “Vilaverzas”, que naceu por encarga da revista *Golfiño*, e na que fala das características dos personaxes e de como os ideou. Ademais, varios debuxantes galegos achegan a súa visión dos personaxes, como David Rubín, Guitián, Víctor Rivas, Kiko da Silva, Fausto Isorna, Pablo Otero, Óscar Villán e Miguel Porto. Ao comezo do libro hai unha imaxe que mostra unha panorámica do lugar onde transcorren as aventuras do cómic e tamén unha guía dos personaxes principais que poden axudar á lectura. Este cómic, cuxas historias se desenvolven en dúas páxinas, presenta un deseño clásico das viñetas nas que as cores empregadas xogan dentro dunha gama limitada:

verdes e vermellos. Como é habitual nesta colección ao remate do libro hai unhas ilustracións que outros artistas fan destes personaxes e unhas indicacións do autor de cómo realizou os debuxos e as viñetas.

Rubín, David, *Onde ninguén pode chegar*, Iº Premio de Banda Deseñada Castela, ilustrado polo autor, Santiago de Compostela: Edicións Lea, col. Banda Deseñada, [lectorado mozo], 2006, 58 pp. (ISBN: 84-95444-68-2).

David Rubín (Ourense, 1977) presenta neste cómic un traballo no que se perciben as influencias do cinema, xa que recorre á técnica do *story-board*, en canto á presentación e ao punto de vista, e no que o narrador-debuxante asume o papel de cámara. A historia alterna dous planos temporais (un de ritmo máis lento e outro máis rápido) que se relacionan grazas ao uso do flash-back. Tematicamente trátase dunha historia de amor na que se conta como o superheroe Ulyses Yorba, que ten divida a cidade con opinións en contra e a favor do seu labor, acude á casa da súa ex-parella, Ana, oito anos despois da ruptura da súa relación, pedíndolle tan só que o deixe descansar un par de horas. O marido de Ana sorpréndeos e chama a policía para que o deteñan. Paralelamente, vanse recuperando escenas do pasado de Ulyses, nas que se narran os seus comezos como boxeador, a súa relación con Ana e como romperon pola inclinación do home cara a unha tristeza que non o deixaba ser feliz e que superou cando se converteu nun superheroe.

Referencias varias:

- A. Losada, “Seguiría debuxando aínda que ninguén me publicase”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Entrevista”, 6 agosto 2006, p. 10.

Conversa na que o escritor de cómics ourensán David Rubín reflexiona sobre o mundo do cómic en Galicia. Destácase que os actuais escritores de cómic galegos, como Miguel Robledo, Kike Benlloch, Santiago Sequeiros ou Víctor Rivas, non conforman unha xeración homoxénea, motivo polo que existe un amplo abano de estilos. Fálase tamén das súas colaboracións nos fanzines BD Banda e Polaquia, da súa obra *Onde ninguén pode chegar*, que se traducirá ao portugués, dos Quinquilláns (xa que se nega a recuperalos dentro dun proxecto de Kalandraka Editora) e mais do seu novo proxecto, o álbum *La tetería del oso malayo*.

- Albino Mallo, “Rubín, o cómic ata Onde ninguén pode chegar”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 20 agosto 2006, p. 68.

Refírese á presentación da versión en galego do libro de David Rubín *Onde ninguén pode chegar* dentro do Salón Internacional do Cómic da Coruña, un cómic que mereceu o Premio Castela da Deputación da Coruña en 2005 e que foi publicado en Edicións Lea. Recóllense as declaracións de Rubín, que apunta que se trata dunha ledicia presentar esta obra porque foi escrita orixinalmente en galego e esta sería a súa edición máis auténtica. Tamén salienta que se trata da historia dunha parella que se reencontra despois de dez anos de ruptura na que se mantén a intriga até o final. Por último, menciónase que David Rubín é unha sinatura coñecida no mundo do cómic galego que agora vai comezar a súa andaina nacional e entre as súas próximas entregas cítanse títulos como *Corazón de tormenta* e *A tetería do oso malaio*,

que conta con dúascentas páxinas, un traballo que combina co seu labor na produtora de animación Digra, onde comezou como animador e realizador de history board dalgunhas películas e na actualidade codirixe con Juan Carlos Pena *O espírito do bosque*.

- M.B., “Os antiheroes de Rubín”, *A Nosa Terra*, n.º 1.237, “Fin de semana”, 28 setembro-4 outubro 2006, p. 33.

Dá conta da publicación, no mes de agosto, do álbum *Onde ninguén pode chegar*, co que David Rubín se fixo co primeiro premio Castelao de Banda Deseñada e que foi presentado no Salón “Viñetas desde o Atlántico”. Saliéntase que se trata dunha historia que conta as peripecias vitais dun superheroe vencido pola tristeza tras a ruptura coa súa parella e que foi editada de forma abreviada no libro *El circo del desaliento*, publicado na editorial Astiberri. Recóllense unhas palabras do debuxante nas que sinala a súa satisfacción polo feito de que o álbum poida mercarse tanto en establecementos especializados coma en librerías xeneralistas. Entre os proxectos inmediatos do creador menciónanse a publicación de *Corazón de tormentas*, no selo Polaquia, d’*Os deuses caídos*, en Edições Polvo, unha escolma de catro historietas dadas a coñecer con anterioridade coa que se achegará ao Festival de Banda Deseñada de Amadora mentres negocia a edición da obra en Francia e Italia; e de *La tetería del oso malayo*, na editorial Astiberri.

VV. AA., *GZcrea 2006 (Certame Galego de Creadores Novos Banda Deseñada)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, [lectorado mozo], 2006, [78 p]. (ISBN: 978-84-453-4349-4).



Volume institucional editado co obxectivo de apoiar os novos autores e autoras de banda deseñada galega e que recolle os galardoados no concurso “GZ crea 2006” na súa modalidade de cómic. Contén as cinco historias seleccionadas polo xurado –Agustín Fernández Paz, Xaquín Marín, Carlos Portela, Kiko da Silva e Henrique Torreiro–, tres gañadoras e dúas finalistas no certame. O primeiro premio correspondeu á historia “Gárgolas”, de Juan Luis Pérez Rodríguez (Monforte de Lemos, 1979), que conta a experiencia dun escultor novo tras verse obrigado a cruzar un bosque tenebroso en plena noite, unha experiencia que cambiará para sempre o seu estilo artístico. O autor emprega a pintura para as súas viñetas, utilizando distintas cores de tonalidades frías. Así mesmo, utiliza distinto formato de encadres e diferente tipografía para as onomatopeias. O segundo premio recaeu en “O2:32 AM”, de Cosme Fernández González (Ourense, 1976), cunha narración comicográfica que recrea unha anécdota entre dúas rapazas veciñas. Trátase dunha composición de formato grande que, ás veces, divide unha mesma imaxe en varias viñetas. Fernández González, cuxos personaxes carecen de expresividade, utiliza tintas planas con trazos discontinuos. “Mozos mouchos”, de Alberto Vázquez (A Coruña, 1980), mereceu o terceiro premio cunha historia de carácter sinistro protagonizada por nenos e monstros. Presenta debuxos en branco e negro, con gran cantidade de trazos de diferente tamaño e grosor para dar volume aos personaxes e espazos onde transcorre o relato. Acadaron a distinción de finalistas, “Os nomes esquecidos”, de Jerónimo Piñeiro Castro (Pontedeume, 1983), unha historia sobre a importancia das raíces e da tradición popular á que un neno renuncia por medo e na que o autor crea unhas ilustracións moi coloristas, con moita precisión nos detalles, e personaxes de trazos moi expresivos e característicos polos ollos grandes e abertos e o nariz realizado con trazos moi marcados; e

“Calquera día”, de Carlos Alfonzo Fernández (Ferrol, 1976), que conta como un home anonido asume o control da súa vida cunha fantasía que o converte en superheroe e no o autor mostra unhas ilustracións realistas que amosan a imaxe dun personaxe que podería ser calquera persona. Con tintas de cores e trazos negros de diferente grosor, o ilustrador traballa con todo tipo de planos, dende grandes espazos a primeiros planos e de detalle.

VII.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Beroy, Josep María, *Detectives audaces. O misterio da casa trampona*, ilustrado polo autor, trad. Silvia Pérez Tato, Pontevedra: A.C. BD Banda/Factoría K de Libros/Kalandraka Editora, col. BD Banda, n.º 6, [lectorado autónomo], xuño 2006, 60 pp. (ISBN: 84-8464-577-0).

Josep María Beroy (1962) presenta neste álbum unha aventura dos “Detectives audaces”, unha serie que se deu a coñecer no suplemento do xornal *El País*, *El pequeño país*, destinado aos nenos e nenas, en varias tempadas. A aventura que se recolle nesta edición en galego corresponde á segunda temporada. Trátase dunha serie que conta cunha espelida nena protagonista, Iuki, que se ve implicada en diferentes aventuras acompañada do seu robot Bio e dos seus amigos Marco e Pepe. Nesta ocasión enfróntanse aos misterios dunha casa encantada na que atopan todo tipo de criaturas arrepiantes que lles fan sentir moito medo, até que descubren que todo é unha trampa artellada por un antigo profesor de física para se vingar das constantes burlas ás que o sometían os rapaces cando lles daba clase. Na aventura, con boas doses de humorismo,ponse de manifesto a afouteza de Iuki e a torpeza dos seus amigos. O volume complétase cunha entrevista co autor, realizada por Germám Hermida, na que se recollen opinións de Beroy sobre a banda deseñada e un percorrido polo seu labor neste eido, ademais de revelar como é o seu sistema de traballo á hora de debuxar. Inclúense tamén dous textos narrativos que fan referencia a novas aventuras dos personaxes, escritos por Toni Guiral e Josep María Polls. O deseño da cuberta xa lle anuncia a quen le unha aventura chea de misterios e terror cos nenos correndo e un monstro perseguíndoos. Josep Beroy presenta un estilo clásico das viñetas e un colorido comedido no deseño dos personaxes realistas dos nenos. Como é habitual nesta colección ao remate do libro hai uns bocexos e unhas indicacións do autor sobre cómo se consegue rematar un cómic.

VII.4.3. ANTOLOXÍAS

Carreiro, Pepe, Claudio López Garrido e X. A. Suárez (coords.), *Xo! Ao racismo*, Vigo: Promocións Culturais Galegas. Edicións A Nosa Terra, 2006, 115 pp. (ISBN: 978-84-8341-125-4).

Un dos coordinadores do volume, X.A. Suárez, explica as orixes desta publicación, que naceu en 1993 con motivo da Bienal do Humor que se celebrou na cidade da Habana por iniciativa de Pepe Carreiro, que pensou en publicar un volume que reunise as colaboracións de debuxantes de todo o mundo co obxectivo de convertelo nun manifesto contra o racismo. Suárez relata tamén as dificultades que rodearon a edición do volume, atéque finalmente, moitos anos despois, a acolleron os responsábeis de Promocións Culturais Galegas e a editora A Nosa Terra. Por parte galega aparecen creacións dos debuxantes Abraham Carreiro, Calros Silvar, Hortas, Lola, Oti, Pepe Carreiro, Pereiro e Xaquín Marín, a carón doutros debuxantes de todo o mundo: Ares (Cuba), Bahgory (Francia), Betanzos (Cuba), Blanco (Cuba), Can Gómez (Brasil), Çakmak (Chipre), Effat (Exipto), Endyk (Holanda), Falcó (Cuba), Forges (España), Hachfeld (Alemaña), Halim Kutlu (Turquía), Juan Acevedo (Perú), Kemchs (México), Lauzán (Cuba), Luis Poças (Portugal), Manuel (Cuba), Martyn Turner (Irlanda), Helmet Kahraman (Turquía), Mónica Máscolo (Uruguai), Musa Kayra (Chipre), Nelson Romero (Uruguai), Oki (Costa Rica), Onofre Varela (Portugal), Perich (Cataluña), Roa (Colombia), Rui (Portugal), Sahil Balıkçı (Turquía), Valeriol Kurhu (Alemaña), Tomy (Cuba) e Villa (Cuba). Tamén se inclúen textos de Alfonso Álvarez Cáccamo, Cid Cabido, Iglesias Viqueira, Claudio López Garrido, Kiko Neves, Manuel Veiga, Paquita Armas Fonseca, F.R. e G. Tolentino. As ilustracións deste volume non acompañan aos textos pero si fan referencia ao tema dos mesmos: o racismo. O lectorado atópase con todo tipo de ilustracións diferentes, tantas como ilustradores que forman parte da obra. Son ilustracións con tintes humorísticos, caricaturescos e tiras cómicas. Quen ve este volume pódese atopar con imaxes en branco e negro, fotomontaxes ou debuxos creados por ordenador.

Referencias varias:

-M.B., “Xo! Ao racismo”, *A Nosa Terra*, n.º 1.246, “Fin de semana”, 30 novembro-6 decembro 2006, p. 32.

Infórmase da publicación da obra colectiva *Xo! Ao racismo* no selo A Nosa Terra, onde humoristas gráficos, debuxantes e escritores reúnen os seus traballos e cuxos beneficios irán destinados a unha organización non goberamental. Indícase que é unha publicación satírica de denuncia da discriminación coordinada por Pepe Carreiro, X.A. Suárez e Claudio López Garrido, que vén a luz pasados dez anos dende que naceu a idea e que se presenta como continuadora da revista satírica *Xo! A voz que para as bestas* publicada na década dos noventa cunha periodicidade semanal que pasou a ser mensual. Cítanse os debuxantes que colaboran na publicación, na que, por parte galega, hai traballos de Pepe Carreiro, Xaquín Marín, Pereiro, Lola e Calros Silvar, ademais de textos de Cid Cabido, Iglesias Viqueira, Claudio López Garrido, Kiko Neves, Manuel Veiga, Paquita Armas Fonseca, entre outros.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 189, “Andel de novidades”, 21 decembro 2006, p. VII.

Breve comentario da obra *As máscaras de Cronos*, de Ramón Caride; *Xo! ao racismo*, de X.A. Suárez, López Garrido e Pepe Carreiro; e *Protoevanxeo do neto de Herodes*, de Bernardino Braña, novela gañadora do II Premio Eixo Atlántico de narrativa galego-portuguesa. Saliéntanse aqueles aspectos considerados máis relevantes para os lectores e ofrécese unha análise valorativa de cada unha das obras.

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Azevedo, Fernando Fraga de (coord.), *Criança, Língua, Imaginário e Texto Literário. Centro e Margens na Literatura para Crianças e Jovens*, Braga-Portugal: Instituto de Estudos da Criança-Universidade do Minho, febreiro 2006. (ISBN: 972-8952-02-3). CD-Rom. ♦

Actas do segundo Encontro Internacional "Criança, Língua, Imaginário e Texto Literário. Centro e Margens na Literatura para Crianças e Jovens", celebrado no Instituto de Estudos da Criança da Universidade do Minho os días 8, 9 e 10 de febreiro de 2006. No que respecta á literatura infantil e xuvenil galega acóllense as seguintes comunicacións:

- María Jesús Agra Pardiñas e Blanca Ana Roig Rechou, “Artextos: los álbumes infantiles”.

As autoras propoñen unha consideración do álbum infantil como achegamento á arte: gramática visual, movementos artísticos e estéticos, para amosalos non só como estímulo lector senón tamén como un camiño cara a apreciación das artes visuais.

- Isabel Mociño González, “Imagen de la identidad en los primeros productos de narrativa infanto-juvenil de ficción científica gallega y portuguesa”.

Trátase dun breve estudo comparativo de algúns dos elementos identitarios empregados nos primeiros produtos da narrativa infantil e xuvenil galega e portuguesa de ficción científica. Unha vez situado o momento histórico no que xorden estas primeiras manifestacións en cada un dos sistemas literarios, detense naqueles mecanismos que foron empregados para aproximar ao lectorado agardado elementos caracterizadores de cada unha das identidades e cómo estes mesmos elementos son confrontados ou realzados polos mundos futuros creados.

- Marta Neira Rodríguez, “Literatura infantil y juvenil, lector y competencia literaria en la prensa compostelana del Rexurdimento”.

Despois de explicar qué se entende por Rexurdimento, período cronolóxico no que se enmarca o estudo, e de ofrecer os resultados que achegou para a cultura galega, analízase a presenza da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega na prensa compostelá decimonónica e de inicios do século XX en comparación coa literatura dirixida ao lectorado adulto. Tamén se lle presta atención ao tipo de lector ao que vai dirixida e á competencia literaria coa que contaba.

Barrena García, Pablo (coord.), *Libros 2004-2005 escogidos de Literatura Infantil*, Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2006, 106 pp. (ISBN: 84-89384-63-0)

Volume editado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez e realizado pola Red de Selección de Libros Infantiles, que coordina Pablo Barrena. Na presentación fálase de cómo e quen

constitúe a “Red de Selección de Libros Infantiles y Juveniles”, que agora cumpre a súa segunda tarefa despois de publicar un repertorio de obras dirixidas ás bandas de idade de 3 a 7 anos (2003-2004), e coméntase que o obxectivo é que se manteñan e adquiran bos hábitos lectores. Coméntase a organización do traballo, no que se presentan autores consagrados, algúns clásicos modernos e outros que “perseveran y progresan na arte da escritura e da imaxe gráfica”. Cítanse os tipos de historias que acollen e dise que se espera unha boa aceptación. A seguir, vén a selección, primeiramente, a das obras dirixidas á banda de idade de 8-9 anos, onde se acollen os resumos e cubertas das mesmas. De autoría galega acóllese a obra de Xabier P. Docampo, *Bolboretas* (Everest, 2005), da que fai a recensión Sara Iglesias Hernández; *¿Quen vive aquí?* (Galaxia, 2004), de Ana María Fernández, recensionada por Eulalia Agrelo; *Álvaro e Álvaro* (Xerais, 2004), de Xosé Miranda, por Xosé Antonio Neira Cruz; e *Raúl* (Galaxia, 2004), de Helena Villar, por Isabel Mociño. No apartado das obras dirixidas á banda de idade de 10-11 anos descríbense *Dez contos de Andersen* (Galaxia, 2004); *Sempre Hausa* (Galaxia, 2004), de Xoán Babarro; e *A noite dos animais* (Galaxia, 2004), de Agustín Fernández Paz, das que fai a recensión Xosé Antonio Neira Cruz; *Chove nos versos* (Xerais, 2004), de Antonio García Teijeiro, da que fai a recensión Amparo Raviña; *Chis Chisgarabís* (Tambre, 2004), de Ánxela Gracián, recensionada por Eulalia Agrelo; e *A noite da raíña Berenguela* (Planeta & Oxford), de Neira Cruz, por Isabel Soto. Hai tamén descrições de obras traducidas ao galego e moitas das galegas traducidas a outras linguas.

Edicións Xerais de Galicia, *Catálogo 2006-2007. Fóra de xogo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2006, 193 pp. (DL: VG. 284-2006).

Introdúcese este catálogo de Fóra de Xogo, colección de Galaxia, porque como di Manuel Bragado no limiar titulado “Tras o fío de Ariadna”, na colección se aposta pola novela xuvenil que guía os mozos por camiños non explorados por eles dende a narración, ademais por presentar un descriptor da obra, datos biográficos do autor e opinión do lectorado, con indicacións cara ao medidor da banda de idade máis recomendábel para a súa lectura. Trátase de noventa e tres propostas, con indicación das obras premiadas e cadros temáticos de interese para o mediador.

Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coords.), *Encontro Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 2006, 110 pp. (ISBN: 84-453-4279-7). ♦

Actas do encontro realizado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural en Santiago de Compostela, o día 19 de outubro de 2005, do que se dá conta no apartado correspondente deste *Informe*. No tocante á Literatura Infantil e Xuvenil inclúe:

- Blanca Ana Roig Rechou, “Ramón Piñeiro e a literatura infantil”, pp. 29-39.

Despois de sinalar os sentimentos que a invaden á hora de falar sobre Ramón Piñeiro, Blanca Ana Roig Rechou céntrase na relación deste autor coa formación da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega. Comeza sinalando que, cando Piñeiro e outros intelectuais galeguistas puxeron en marcha a editorial Galaxia, non estaba en primeira instancia nos seus obxectivos fornecer de lecturas literarias ao colectivo lector de primaria e secundaria, en parte, por causa

da situación de Galicia e da súa cultura, contexto do que dá conta a investigadora. Malia o dito, Roig Rechou sinala as ocasións en que Piñeiro, como director da editorial, se interesou por esta produción. Para o dito bota man, por exemplo, de fragmentos de diferentes epístolas que Ramón Piñeiro dirixiu a intelectuais como Francisco Fernández del Riego. Infórmase de cómo se comezou a formar a LIX galega coas primeiras coleccións, froito das colaboracións cos nacionalistas cataláns e cos galegos instalados en Cataluña, “A Galea de Ouro” e “Desplega-velas”, das que se dá conta pólo miúdo (indícase quen as dirixía, as súas características, títulos publicados, etc.). Continúase abordando unha nova colección que Galaxia dirixiu ao prelectorado e o lectorado autónomo, na que apareceu o volume *Contos para nenos*, de Laureano Prieto, e que entusiasmou a Piñeiro como demostra Roig Rechou noutra carta dirixida a Fernández del Riego. Dáse conta do inicio e evolución desta nova colección na que se lle deu entrada a contos de autor e na que os textos se complementaban ou apoiaban en ilustracións cuxas características son comentadas. Cos cambios educativos de inicios dos setenta, dise que Galaxia, con Ramón Piñeiro á cabeza, favoreceu a liña da produción infantil e xuvenil, como demostra a colección “A Galea. Contos populares” na que tamén se detén a articulista. Para finalizar co compromiso de Ramón Piñeiro coa formación da LIX Blanca-Ana Roig céntrase no papel deste intelectual como primeiro estudoso da LIX ao realizar en 1968 a primeira panorámica desta produción. Remárcase que o compromiso de Piñeiro non decaeu até a súa morte.

Figueiras Fernández, Manuel (coord.), *Children’s Books from Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), 2006, 94 pp. (DL: C-705-2006). ♦

Catálogo realizado dende a Xunta de Galicia a través da Consellaría de Cultura e Deporte e a Asociación de Editores co apoio de GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), a través de Manuel Figueiras Fernández, e cos responsábeis da Biblioteca Nova 33 (Santiago). Obra Social Caixa Galicia, encargados da catalogación. Nel ofrécense libros (“Books”) publicados no ano 2005 por editoras galegas e que aparecen por orde alfabética e dos que se ofrece un breve descritor temático. No seguinte apartado “Writers”, tamén por orde alfabética, danse uns breves datos biobibliográficos dos escritores seleccionados que publicaron algunha obra no ano 2005. En “Illustrators” faise o mesmo que no apartado “Writers”, pero agora para dar notas bibliográficas dos ilustradores. Finalmente, nos apartados “Reading Promotion” e “Addresses of Publishers” faise un descritor do labor realizado pola Consellaría de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, de GÁLIX, da AGE (Asociación Galega de Editores), da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e os enderezos das editoras que aparecen no catálogo presentado en lingua inglesa.

Referencias varias:

- MARÉ, “Boloña lerá en galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 marzo 2006, p. 34.

Anuncia a celebración da Bologna Children’s Book Fair en Italia, na que a AGE (Asociación de Editores), co apoio da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, exhibirá na súa caseta un conxunto de 382 títulos seleccionados pola editoras galegas como mostra do seu labor no eido da Literatura Infantil e Xuvenil. Cita as dezasete editoras representadas no *stand*

colectivo AGE-XUNTA e puntualiza que Nova Galicia Edicións, Kalandraka e OQO Editora van ter o seu propio espazo na feira. Anuncia que o presidente e a secretaria técnica da AGE manterán entrevistas con representantes doutros gremios de editores do estado, así como que o Director Xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, apoiará coa súa presenza a proxección internacional do libro galego. Por outra parte, comenta que a Biblioteca Internacional da Mocidade de Múnic (Alemaña) premiou o libro *Paxaros na cabeza* co White Ravens 2006, que foi editado por Kalandraka, que vai presentar na feira as súas últimas novidades, entre as que se encontran *Smara*, de Paula Carballeira, ou a colección de cómic “BD Banda”, de Kiko Dasilva.

- AGN, “A nosa literatura infantil reforza a súa promoción internacional en Boloña”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 29 marzo 2006, p. 68.

Sinala que a literatura infantil e xuvenil galega reforzou a súa promoción internacional na Bologna Children’s Book, na que participaron 17 editoriais galegas con 382 títulos. A seguir, recolle as declaracións do Director de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, quen comentou que Galicia aumentará a súa presenza nos principais foros de literatura e reforzará os seus intercambios editoriais con Boloña e a súa rexión. Comenta que mantivo unha reunión coa presidenta da Fundación Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de Brasil, na que se acordou a asistencia de Galicia ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil no Río de Xaneiro, ademais de aludir á entrevista mantida co director da Biblioteca Internacional para Mocidade de Munich, para garantir a presenza das creacións galegas no seu centro, ou á xuntanza coa directiva do IBBY, na que trataron, entre outras cuestións, os traballos do congreso desa institución a celebrar en Santiago no ano 2010.

Mesquita, Armindo (coord.), *Mitologia, tradição e inovação. (Re) leituras para uma nova literatura infantil*, prefácio Marcelo Rabelo de Sousa, Gaia (Portugal): Edições Gailivro, outubro 2006, 354 pp. (ISBN: 989-557-369-3).

Acolle en tres capítulos estudos sobre a Literatura Infantil e Xuvenil en xeral, a portuguesa en particular, dous traballos sobre a lírica popular e a narrativa de transmisión oral en castelán, e un en galego debido a:

- Blanca Ana Roig Rechou, “Os premios literarios infantís e xuvenís no marco Ibérico: Tradición e innovación”, pp. 203-212.

Despois de enmarcar o traballo na comunidade interliteraria ibérica e de indicar que se vai referir a obras premiadas nesta, Blanca-Ana Roig reflexiona sobre os obxectivos dos premios, os motivos que levan aos creadores e creadoras a se presentar ás convocatorias, a importancia dos mesmos e as polémicas que sempre acompañan ás súas resolucións. A seguir, detense nos premios interlingüísticos españois Lazarillo, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, Ala Delta, Edebé, Abril e Llibros Del Peixe, e no portugués Grande Premio Calouste Gulbenkian de Literatura para Crianças, dos que fai a súa biografía. Roig Rechou indica que coa intención de comparar a produción no marco ibérico iniciou unha investigación das obras premiadas no Estado Portugués e Español froito da cal seleccionou para comentar unha de cada estado, próximas na data da súa publicación, centradas na temática da guerra, pouco desenvolta en ambos os estados pero tratada nestas obras de forma innovadora. As obras que

comenta son a portuguesa *Comandante Hussi* (2003), de Jorge Araújo e ilustrado por Pedro Sousa, e *En un lugar llamado guerra* (2002), de Jordi Sierra i Fabra. A autora do artigo presenta unha pequena biobibliografía dos autores e un resumo do argumento das obras para, a seguir, comparar os dous textos e indicar e explicar as coincidencias: biografías semellantes dos autores, temática centrada nos conflitos bélicos e intervención da infancia nestes, compromiso coa realidade e conflictividade máis actual, sentimentos, costumes e modos de vida que reproducen, etc.

Nicolás Rodríguez, Ramón, *Manuel Lugrís Freire. Biografía e antoloxía*, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 163, serie laranxa, de 11 anos en diante, marzo 2006, 90 pp. (ISBN: 84-9782-441-5).

Ver o apartado IV: Día das Letras Galegas, neste *Informe*.

Pardo de Neyra, Xulio, *As orixes da literatura infantil galega*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, col. Biblioteca de Divulgación, serie Galicia, n.º 28, 2006, 203 pp. (ISBN: 84-9750-618-9).

Obra de carácter historiográfico de Xulio Pardo de Neyra, na que se ofrece o estudo das orixes da Literatura Infantil en Galicia entre os anos 1918 e 1936. A obra está estruturada arredor dunha introdución e dous capítulos, ademais das conclusións e a bibliografía empregada. Despois da presentación xeral da obra, céntrase en explicar o concepto de literatura infantil que se manexaba na época estudada e no que a principal característica é a finalidade educativa que autores e mediadores lle outorgaban a esta literatura. A seguir, ofrece un repaso á historia da Literatura Galega en relación coa infancia e pon de relevo aquelas obras que puideron ser lidas ou escoitadas pola infancia nese período. Esta introdución dá paso ao estudo individual de autores, editores, o pensamento ideolóxico e algunhas publicacións como os contos “O rei avarento”, “O labrego e mais o Rei” e “A dona encantada”, de Vicente Risco; *Margarida a da sorriso d’aurora*, de Evaristo Correo Calderón; e *Conto de guerra*, de Camilo Díaz Baliño. Finalmente, inclúense as conclusións, nas que se defende a idea de que a Literatura Infantil galega naceu como un proxecto planificado por galeguistas, cun obxectivo claro de concienciación galeguista e o amor á terra e á cultura galega. Péchase a obra cunha ampla relación de fontes bibliográficas.

Roig Rechou, Blanca Ana, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez (coords.), *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2006, 266 pp. (ISBN: 84-9782-486-5).

Volume que acolle os traballos que cos obxectivos de formar e informar ao alumnado do IIIº Curso de Formación Continua “As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora” se ofreceron na terceira edición deste curso que tratou o tema específico “Multiculturalismo e identidades permeábeis”. Ábrese cun achegamento de Miquel Nicolás (Universidade de Valencia) que pretende asentar as bases teóricas necesarias para abordar o tema “Multiculturalismo”. A continuación, presenta unha selección de obras de Literatura Infantil e Xuvenil sobre esta temática, publicadas nas diferentes linguas do ámbito ibérico e

na que tamén se inclúen obras pertencentes a outros ámbitos lingüísticos, concretamente, do ámbito alemán. Esta selección recolle obras que abordan o tratamento do multiculturalismo e a identidade dende diferentes perspectivas temáticas e que foron agrupadas mediante o emprego de dous marbetes xerais: “Interculturalidade” e “Outras culturas”. Como cabo e coa finalidade de facilitarlle aos mediadores a aproximación a algunhas obras, para o seu uso na educación literaria, coméntanse pormenorizadamente un total de catorce obras pertencentes aos ámbitos lingüísticos do marco bérico. Estes comentarios respectan, salvo unha excepción (caso dos orixinais vascos) a lingua elixida por cada redactor á hora da súa achega, pois tamén se pretende dar a coñecer as linguas do marco ibérico.

Recensións:

- Manu López Gaseni, “Roig Rechou, B., Soto López, I. Eta Lucas Domínguez, P. (koord.) (2006), *Multiculturalismo e identidades permeábeis*. Vigo: Xerais”, *Tantak*, n.º 36, 2006, p. ko Abendua.

Reseña na que Manu López Gaseni informa que o volume *Multiculturalismo e identidades permeábeis* agrupa as ponencias e seminarios do curso “As literaturas infantís e xuvenís. A súa influencia na formación lectora” organizado pola Universidade de Santiago de Compostela xunto con Gálix. Continúa dando conta do contido desta monografía. Dise que na primeira parte Miguel Nicolás centra o tema tratado cun traballo de teoría e a súa bibliografía. Ademais sinala que o estudoso analiza os conflitos interculturais e a realidade actual. A seguir, López Gaseni informa que o volume acolle unha relación de obras de Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) do ámbito ibérico acompañada polos comentarios realizados polos expertos en LIX. Di que se analizan obras en galego, catalán, portugués, castelán e éuscaro, e detense polo miúdo nas obras e autores vascos obxecto de análise: *Bi letter jaso nituen oso denbora gutxian*, de Bernardo Atxaga, e *Usoa, hegan etorritako neskatoa aztertzen dira*, de Patxi Zubizarreta, comentadas respectivamente por Mari Jose Olizaregui e Xabier Etxaniz. Do primeiro comentario di que a autora analiza a situación de finais do século XIX, a diáspora vasca, relacionando a obra con outras da mesma temática. Do segundo comentario, feito por Etxaniz, lembra que nel se trata o tema da inmigración procedente de África e Oriente Medio a partir da obra de Zubizarreta, unha obra que trata con gran sensibilidade o tema do choque cultural. López Gaseni conclúe lembrando que nas outras obras comentadas se realiza unha análise semellante con cuestións como a diversidade cultural, a solidariedade, a tolerancia, integración escolar, mestizaxe, mundo exótico ou a diáspora. Afírmase que este libro é unha obra de referencia para os profesionais do ensino nunha época na que a fronteira entre o “noso” e o “outro” é cada vez máis débil.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “O tempo nas palabras”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “*Musas*”, 5 febreiro 2006, p. 41.

Entrevista a Blanca Roig Rechou, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, quen fai referencia ao seu traballo de investigación dentro da cultura galega. Comenta que a súa actividade se centra basicamente na investigación da Literatura Infantil e Xuvenil e que a ela, por agora, non lle tentou a necesidade da creación. Indica que ten aproximadamente vinte libros publicados, ademais de artigos e obras en colaboración, e informa de que a súa próxima

obra será a coordinación e participación nun monográfico sobre multiculturalismo e Literatura Infantil e Xuvenil.

SM, *Anuario sobre el Libro Infantil y Juvenil 2006*, Madrid: Ediciones SM, 2006, 157 pp. (ISBN: 84-675-0882-5).

Na “Presentación” indícase que este *Anuario* se presenta anualmente dende hai tres anos con motivo da concesión dos Premios de Literatura Juvenil da Fundación SM. Dise que segue sempre o mesmo esquema, aínda que sempre hai algunha incorporación, e que neste número se inclúe unha “Crónica de Sociedad de LIJ”, realizada por Sara Montero, que repasa o ano seguindo os “eventos” que se produciron ao redor do lector e que salienta que ela non admite a invisibilidade da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) debido a que mes a mes teñen lugar gran cantidade de acontecementos, máis culturais, máis sociais outros, que dan testemuña do vigor “de esta cosa de niños y jóvenes que nos traemos entre manos”. A seguir, dise que se recollen as visións de Victoria Fernández, polo ámbito en lingua castelá, Teresa Mañá, polo catalán; Xabier Etxaniz, polo País Vasco; e Xosé Antonio Neira, por Galicia, e indícase que o *Anuario* comeza cunha presentación dos datos do sector en canto a cifras de venda, prezos, etc. para finalizar cunha “revista de prensa” e un artigo monográfico que nesta edición realizou Julio Emilio Vicente co título “Aprender jugando”. No primeiro artigo “Cifras y estadísticas”, realizado polo Departamento de Investigación de Mercado Del Grupo SM, danse datos xerais sobre a produción editorial, a distribución, o fogar, heteroxeneidade e inmigración, ademais de ofrecerse un mapa de España no que se di que en Galicia hai 425.849 alumnos dos que 7274 son estranxeiros, reflexións sobre o colexio, o contorno multimedia e unhas conclusións. En canto á literatura galega, que é a que ocupa este *Informe*, Xosé Antonio Neira Cruz (pp. 63-73) comeza este repaso polo ano 2005 referíndose á consecución do premio Lazarillo 2006 por An Alfaya, premio xa conseguido por seis galegos, e á súa obra *A sombra descalza*, que considera unha “interesantísima y conmovedora novela juvenil con el drama de la Guerra Civil como telón de fondo” que publicaron Xerais e Bruño, a editora en castelán. A seguir, Neira Cruz fai un repaso polo que pasou en 2005. Salienta a normalidade e tamén a capacidade de abrir novas vías dirixidas ao lectorado máis novo. Fala do papel das editoriais e celebra a incorporación da editora pontevedresa OQO, tras da que se atopa xente da editora Kalandraka, da que segue a liña editorial, aínda que marca diferenzas que considera deben ser maiores. Tamén se refire a Faktoría K, unha filial de Kalandraka para novos proxectos; a Baía Editorial; Rinoceronte Editora, especializada en textos traducidos, e da que solicita se implique na LIX. Así mesmo refírese á colección de *La Voz de Galicia*, “Biblioteca Galega de Clásicos Universais”, que acolle obras de LIX, á colección promovida polo Museo Provincial de Lugo e, finalmente, á alianza Planeta & Oxford, que publica obras galegas. A continuación, o articulista refírese aos reforzos para o álbum ilustrado, que é atendido por varias editoras dende que Kalandraka iniciara unha forte aposta coa que segue; céntrase sobre todo na colección “Andavía”, de Xerais, e nos autores que publicaron obras nela e refírese á sorpresa da man de OQO que se estende dende Galicia a outras linguas, ás súas coleccións multilingües, que permiten exportar títulos galegos, e aos títulos que publica. Logo fai un percorrido polos xéneros coordinados á minoría das veces, segundo di, pola excesiva cabezonería editorial, como son a poesía e o teatro. Nestes casos considera que editar non debería ser só vender libros “Editar es apostar por los mejores por los excelentes y, sin duda, por los difíciles”. En canto á poesía, só destaca a achega da Fundación Neira Vilas a través do Premio Arume e comenta brevemente a obra premiada. En canto ao teatro, considera que algo

se move dende que o Centro Dramático Galego puxo en escena *As laranxas mais laranxas de todas as laranxas* e xa anuncia que a próxima será *O merlo branco*, de Cándido Pazó. Cerra o capítulo falando do cómic, que tampouco atopa espazo. Dise que no espazo no que a LIX galega se fai forte é a narrativa para nenos e mozos cunha oferta ampla que camiña por territorios xa transitados. Salienta neste caso só os premiados no Premio Merlín, no Raíña Lupa e no Pura e Dora Vázquez e sinala que o autor que máis publicou foi Agustín Fernández Paz, que mereceu o premio Edebé de Literatura infantil. Tamén fala de Xavier Docampo, de Ánxela Gracián, Helena Villar, entre outros. Segue cun apartado dedicado a novos autores e outros problemas no que se refire aos que se inician; á posta en marcha da colección “Makakiños”, de Kalandraka; ao ámbito da divulgación e promoción e á renovación na directiva de Gálix, que ten entre os seus retos a organización do 32 Congreso Internacional do IBBY, que se celebrará en Santiago de Compostela en 2010 baixo o lema “La fuerza de las minorías”. Finaliza cun apartado titulado “Dos acciones y un final” no que se refire á morte de María Victoria Moreno e ao seu derradeiro froito literario; tamén á morte do ilustrador Lázaro Enríquez. No final afirma que Galicia segue a abrir camiños para o desenvolvemento da LIX.

Referencias varias:

- A.S.R., “La literatura juvenil gallega sumó tres nuevas editoras el año pasado”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 19 marzo 2006, p. 81.

Faise eco dalgunha das consideracións recollidas no *Anuario sobre el Libro Infantil y Juvenil 2006*, que realiza Ediciones SM. Con respecto ao caso galego, sinalase que no ano 2005 se rexistrou un certo parón no ritmo de aparición de novidades, aínda que se destaca a creación de tres novas editoras (OQO, Factoria K e Planeta&Oxford) e a aparición da colección de contos para nenos, patrocinada polo Museo Provincial de Lugo e coordinada polo escritor e investigador Antonio Reigosa. Indícase que o teatro e a poesía seguen sendo xéneros minoritarios e salientase a aparición de autores novos e a entrada de autores que adoitan escribir para a literatura de adultos. Tamén se subliña que os premios seguen sendo unha “ranura” para penetrar no sistema literario.

Torres Blanco, Helena e Manuel Lourenzo González (coords.), *VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. A natureza*, Pontevedra: Concello de Pontevedra e Dirección Xeral de Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, febreiro 2006, 86pp. (D.L: PO-122/2006). ♦

Volume no que se recollen as principais actividades que se levaron a cabo na sétima edición do Salón do Libro de Pontevedra, celebrado na semana do día 5 ao 11 de febreiro e que tivo como tema central “A Natureza”. Despois das presentacións institucionais, dáse conta das entidades que dalgún xeito participan no Salón, coméntanse algúns aspectos relacionados coa páxina web do mesmo, indícase cál é a sé que acolle o Salón e dáse conta dos locais nos que se levou a cabo algunha actividade. A seguir, indícanse as mostras e exposicións que tiveron lugar, das que se achegan fotografías e faise un repaso a aqueles obxectos literarios que a Asociación Máislibros achegou na súa exposición e dos que se achega unha fotografía e a lenda que os acompañaba. No apartado “Os libros” lémbrese que exposición destes

“constituiu un dos centros esenciais do Salón” e dise cómo para esta exposición as editoriais ceden os seus fondos, en ocasións, de xeito definitivo. No titulado “Contamos a Natureza” coméntase que o traballo máis admirado foi o realizado polo alumnado de diferentes centros escolares da comarca de Pontevedra, arredor do tema “a literatura e a natureza”. A continuación, destácase que nesta edición o Salón de Pontevedra transpaso fronteiras e se desprazou a Madrid, onde foi presentando ante os medios de comunicación. Infórmase dos diferentes actos que na capital tiveron lugar. Tamén se explica polo miúdo cómo foi o pregón, en qué consistiu a homenaxe realizada a María Victoria Moreno e cándoo, cómo e ónde tivo lugar a inauguración. Especificase o número de participantes nas visitas concertadas dos centros educativos e as actividades ás que puideron acceder e infórmase dos catro cursos dirixidos aos adultos que no marco do Salón tiveron lugar e que impartiron Cristina Novoa, Ana Romero Yebra e Ana María García Castellanos, Ramón Caride, Antonio Rodríguez Almodóvar, Dora Batalim, Antonio Reigosa e Francisco Fernández Naval, Pablo Amargo e Miquel Desclot. No apartado “Programa aberto” dáse conta das actividades realizadas polas tardes na programación aberta do Salón entre as que se atopan obradoiros infantís; contacontos; espectáculos de danza; actuacións musicais; as representacións teatrais d’*Os soños na gaiola*, por Trinke-Trinke, e *La leyendadel hada*, de Cuentos con Encanto; e o espectáculo de títeres *Titirifauna*, por Calamar Teatro. Tamén se indica que no marco destas actividades da tarde Xela Armas disertou sobre a poesía infantil de Manuel María, Ana María Matute fixo gala da súa sabedoría e vitalidade literarias no diálogo que estableceu co público e que se presentaron os libros *Trobalinguas* (2005); *Rosalía* (2006), da colección “Tres Pitas Brancas”; *Fedorenta, unha meiga porcallenta*, editada por Biblos; a unidade didáctica d’*Os soños da gaiola*, e o sitio web Galicia Encantada, por Antonio Reigosa. Finalmente, dáse conta da clausura do Salón, faise unha valoración final do mesmo, destacando o aumento de asistentes e comparando esta edición coas anteriores, e coméntase que xa se comezan as reunións para a posta en marcha dunha nova edición. Péchase o volume coa reprodución dos textos en castelán e en inglés.

Referencias varias:

Jaboís, Manuel, “E agora, Boloña virá a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 7 abril 2006, p. 85.

Faise eco da presentación do catálogo da pasada edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e achégase o nome dalgunha das personalidades que participaron no acto, entre as que se destaca a de Luís Bará, Director Xeral de Creación e Difusión Cultural, quen fixo balance da actividade desenvolta polo salón na recente Feira de Boloña. Así, sinala o ofrecemento dende Boloña para traer a Pontevedra dúas exposicións e establecer unha colaboración coa cidade, ademais de referirse ao contacto mantido coa Fundación Nacional do Libro Infantil e Xuvenil do Brasil, que se ofreceu para que no ano 2008 Galicia fose o país invitado, despois de que os brasileiros fosen invitados para o ano 2007. Por outra parte, recóllese información sobre as actividades a desenvolver con motivo da celebración do Ano da Memoria, entre as que están o recital “Poemas pola memoria”, que recolle poemas escritos dende 1936 até agora, que reivindicán a recuperación da memoria e que recoñecen o labor da resistencia antifranquista.

Villar Janeiro, Helena, *Rosalía*, ilust. Ánxeles Ferrer, Padrón: Fundación Rosalía de Castro, col. Tres Pitas Brancas, n.º 1, [lectorado autónomo], 2006, 23 pp. (DL: C-245-2006). ♦

Nesta biografía de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- 1885) salientáanse os acontecementos máis importantes da vida desta autora, así dise que viviu pretiño de Ortoño, onde aprendeu galego e a distinguir tipos de flores e animais nos moitos paseos que daba polo rural, viu traballar a xente e cómo moitos homes tiñan que emigrar e mesmo aprendeu os cantares do seu pobo. Tamén viviu en Santiago de Compostela, onde foi á escola, aprendeu a debuxar, pintar, tocar varios instrumentos, etc. Sinálase que nesta cidade lía moito e vía representacións de teatro, por iso di a biógrafa que soubo contar historias e ser unha grande escritora. Infórmase que aos dezanove anos marchou a Madrid, onde coñeceu a escritores importantes como ao seu home Manuel Murguía. Tamén se di que tivo sete fillos. No tocante á literatura, coméntase que, animada polo seu home, escribiu *Cantares Gallegos*, libro polo que se lle recorda todos os anos no día 17 de Maio, Día das Letras Galegas. Tamén se salienta nesta biografía que Rosalía e a súa familia tiveron pouco acougo, pois percorreron moitas terras nas que a poeta non sempre estivo a gusto. Estes retazos de vida de Rosalía de Castro van acompañados con poemas dos seus libros *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e mesmo *En las orillas del Sar* que os reflicten. Remata dicindo que pasou os derradeiros días da súa vida na Casa da Matanza, en Padrón, hoxe Casa Museo, que foi soterrada en Santiago, no Panteón de Galegos ilustres e que é coñecida en todo o mundo polas traducións da súa obra. Esta biografía acompáñase das ilustracións figurativas de Ánxeles Ferrer (O Barco de Valdeorras, 1957) que ocupan un recadro grande nas páxinas impares. As escenas que aparecen nas imaxes completan ao texto, amosando paisaxes e interiores que axudan a evocar os contornos nos que se desenvolvía Rosalía. As ilustracións posúen un estilo tal que proporcionan sensacións líricas e románticas ás descrições das paisaxes e que se adaptan moi ben as poesías de Rosalía que están integradas no texto. A técnica empregada é a acuarela aplicada con manchas húmidas e cores cálidas.

Referencias varias:

- C. Botrán, “Presentan en Padrón el primer libro para niños sobre Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 febreiro 2006, p. 35.

Dise que o alumnado do colexio Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro acudiu á Fundación Rosalía de Castro que celebrou o cento sesenta e nove aniversario do nacemento da autora de Padrón. Infórmase que na visita os rapaces e rapazas foron agasallados co libro *Rosalía*, de Helena Villar, que abre a nova colección “Tres Pitas Brancas”. Así mesmo, infórmase de cómo transcorreu o acto e doutras actividades levadas a cabo na Fundación.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Rosalía de Castro entre os nenos”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 2 marzo 2006, p. 3.

Despois de facer un repaso a diferentes edicións de autores clásicos galegos para nenos e de ofrecer as razóns polas que é preciso achegar os “grandes mestres literarios” aos máis novos, Miguel Anxo Fernán Vello detense na nova publicación, da Fundación Rosalía de Castro, da autoría de Helena Villar Janeiro e Ánxeles Ferrer. Sinálase que é a primeira biografía da autora de *Follas Novas* pensada e concibida para nenos e destácanse algúns dos seus valores.

- Xurxo Fernández, “De Tàpies a Rosalía, con Bach detrás”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 13 marzo 2006, p. 72.

Informa da publicación de *Rosalía*, de Helena Villar Janeiro, ilustrado por Ánxeles Ferrer e con deseño gráfico de Fausto Isorna. Considera que é “un magnífico libro perfectamente pensado para infantes y que disfrutarán los mayores a escondidas”.

VV.AA, *III Congrés de Literatura Infantil i Juvenil en Llengua Catalana*, Barcelona: Associació d'Escriptors en Llengua Catalana, Quaderns Divulgatius, n.º 31, decembro 2006, 111 pp. (DL: B-46.873.06).

Volume en lingua catalá que acolle os resultados do III Congress de Literatura Infantil i Juvenil en Llengua Catalana, organizado pola Associació d'Escriptors en Llengua Catalana e que se celebrou, durante tres días, en Valencia en novembro de 2004. Iníciase cunha presentación de Jaume Pérez Montaner na que destaca a diferente procedencia xeográfica dos participantes e dá conta superficialmente do contido dos diferentes textos que o volume acolle. A esta presentación séguenlle as achegas de Pep Albanell (Joles Sennell), de Mercé Viana, de Mariasun Landa, de Miguel Rayó e de Miguel Desclot. No que atinxe á literatura infantil e xuvenil en lingua galega o volume acolle:

-Agustín Fernández Paz, “Ací, negre, sobre blanc, regeixen unes altres lleis”, pp. 93-111.

Comeza agradecendo a invitación ao Congreso e manifestando a súa gratitude pola acollida das súas obras entre o lectorado catalán. A seguir, comenta o significado do título da comunicación e adianta o tema que nela vai tratar: a lectura e a escritura a través da súa propia persoa, pois é lector, escritor e profesor. Agustín Fernández Paz estrutura en dous bloques o traballo. No primeiro deles, “Algunhas reflexións sobre o meu traballo de escritor”, fala da relación entre a escrita e a vida; opina sobre a adscrición á literatura infantil e xuvenil que del teñen feito; reflexiona sobre a súa condición de escritor periférico e localista e mesmo fala do que el cre que é un escritor ideolóxico. En “Algunhas reflexións sobre o meu traballo de docente”, segundo bloque desta comunicación, Fernández Paz comenta aspectos que aprendeu nos trinta anos nos que leva dando clase. Fala da importancia á hora de escoller obras para o alumnado por parte do docente, do que hai que ter en conta á hora da selección, cómo facela, etc.

VII.5.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abril, Gabriel, “Astro Valiente Explorador”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 190, “Libros/Cómic”, febreiro 2006, p. 67.

Cualifica xa dende o inicio de divertido este cómic (2005) con guión e debuxos de Javier Olivares que conta con tradución ao galego. Describe o contido e finaliza dicindo que no autor se nota a influencia da estética fantástica dos anos 50 e 60 e polas series *Supersónicas*. Salienta as páxinas finais do álbum onde se poden ver os bocetos dos personaxes e algunhas secuencias sen rematar.

Álvarez, José Álvaro e Isabel Soto, “A literatura infantil e xuvenil galega en 2005”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámicas”, 2006, pp. 149-158.

Comeza esta panorámica poñendo de manifesto a imaxe de sector estábel e consolidado que ofrece a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega, un sector de grande importancia á hora de valorar o conxunto da edición en Galicia. A seguir préstase atención á aparición de novas editoras, ás efemérides celebradas en 2005, ao aumento da produción para os primeiros lectores, á escasa presenza da poesía e do teatro fronte á primacía da narrativa, e ás dificultades que segue a ter o cómic. A propósito da aparición de novos selos editoriais destácase a irrupción no mercado galego de Planeta&Oxford e o nacemento de OQO e Factoría K. Seguidamente repásase a nómina de premiados en distintos certames ao longo de 2005: Premio Edebé para *A escola dos piratas*, de Agustín Fernández Paz; Premio Lazarillo para *A ollada de Elsa*, de An Alfaya; Premio Álbum Ilustrado do Concello de Alacante para *Casa vacía*, de Ramón Trigo; Premio Arume de Poesía para *Abracadabras*, de Marica Campo; Premio Merlín para *Unha branca de cobre para Martiño*, de Ramón Carredano Cobas; Premio Relatos de Aventuras Antón Avilés de Taramancos para David Pérez Iglesias por *Cando veña a noite*. No apartado internacional menciónase a inclusión na lista White Ravens 2005 de títulos como *Bolboretas*, de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas; *¿Que contan as ovellas para durmir?*, de Kiko Dasilva; *O brindo de ouro*, de Xesús Manuel Marcos; e *El armiño duerme*, de Xosé A. Neira Cruz, tradución do orixinal galego. En canto ás efemérides do ano, cítanse as publicacións e actividades relacionadas coa celebración dos douscentos anos do nacemento de Andersen, o centenario da morte de Verne e o cuarto centenario da publicación do *Quixote*; o VI Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra baixo o lema “Un reencontro cos clásicos”; o II Curso de Formación Continua organizado pola USC, a Biblioteca Nova 33 e GÁLIX, co tema específico “Revisitar os clásicos”; as publicacións esporádicas dedicadas por A Nosa Terra e Linteo ao *Quixote*; a edición do volume *Dez contos de Andersen* (Galaxia); e a colección “As mellores aventuras de Xulio Verne” posta en marcha por Baía Edicións xunto á edición de *Cando Verne amarrou en Vigo*, de Paco Climent, na editorial Tambre. Entre a produción destinada aos máis pequenos (entre os 0 e os 7 anos), tras destacar o considerábel aumento da edición de contos e álbums ilustrados de calidade da man de OQO e Kalandraka, citáanse novas coleccións postas en marcha por Xerais (“Andavía”) e A Nosa Terra (“Antón e Pompón”), o incremento de títulos da exitosa serie “Os Bolechas” e a aposta decidida de Baía por esta produción cos títulos que integran a colección “Xiz de cor”. Tamén se menciona a aparición do primeiro texto do debuxante Jacobo Fernández Serrano, *A gardería de dona Bixelmina* (Xerais); e aqueles títulos de autores de longa traxectoria na LIX como Oli, Xoán Babarro, Ana María Fernández e Xosé A.

Neira Cruz. Sobre a poesía dedicada aos máis pequenos coméntase a escasa oferta, representada tan só por *Xogando ás adiviñas* (Everest) de Carmen Baz. Para lectores e lectoras a partir dos 8 anos identifícase o predominio da fantasía, a presentación de escenarios maravillosos e a oferta de álbums. Destácase a estrea no xénero de Xavier Queipo, con *O espello e o dragón* (Xerais); a tradución de Xavier Senín de *Un tarro cheo de lapis*, de Juan Farias (Planeta&Oxford), “interesante pola súa concepción lírica do realismo”; e os poemarios *Eu conto, ti cantas* (Xerais), despedida de María Victoria Moreno, falecida en 2005, e *Trobalinguas*, na que se inclúen poemas de Antonio García Teijeiro a carón doutros poetas do estado español. Entre a produción destinada a lectores a partir dos 10 anos, identifícanse tendencias como a temática realista –na que se encadran *Unha xanela para Cecilia* (Tambre), de An Alfaya; *Raúl* (Galaxia), de Helena Villar Janeiro, ou *Ese unicornio rosa* (Tambre), de Carlos Mosteiro, entre outras–; a recuperación da ambientación rural –comúns n’*O dromedario nadador* (Obradoiro), de Xavier López Rodríguez, e *Tonecho de Rebordecho*, de Breogán Riveiro– e a edición de álbums que axudan ao coñecemento doutras realidades –*A historia de Erika* (Kalandraka), de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, ou *Cobertor de estrelas* (OQO), de Ricardo Lisías e Itziar Ezquieta. A respecto da literatura xuvenil destácase a variedade de tendencias e temáticas. Dentro do realismo cítanse obras como *Rúa Carbón* (Xerais), de Marilar Aleixandre, ou *O aliado inesperado* (Obradoiro), de Xavier López Rodríguez; na fantasía *Ela atopa un nome* (Tambre), de Manuel Lourenzo González; aventuras como as presentadas n’*O club do Corvo Mariño* (Tambre), de Rafael Lema; así como os títulos dos debutantes Pedro Ferriol, *Un home na praia* (Xerais), e Patricia A. Janeiro, *Caixa de mistos* (Sotelo Blanco). Entre as propostas poéticas destinadas aos lectores xuvenís cítase *O lago das garzas azuis* (Xerais), de Alfonso Pexegueiro, e entre as obras traducidas *Os donos do paraíso* (Rodeira), de Andreu Martín; *Fahrenheit 451*, de Ray Bradbury; *O portal dos elfos*, de Herbie Brennan; ou *Sagarmatha* (Xerais), de Josep-Francesc Delgado, todas elas en Xerais. Dédicase atención a seguir ao xénero teatral, no que se recoñece a súa debilidade, salientando o traballo da editorial Fervenza, a edición d’*O teatro dos sonhos*, de Carlos Labraña na Asociación Cultural Garola; d’*A noite da raíña Berenguela* (Planeta&Oxford), de Xosé A. Neira Cruz, texto que mereceu o Premio Lazarillo 2004; e d’*Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta* (Everest), de Xosé Vázquez Pintor. Finalmente, no que atinxe ao cómic, menciónase o acordo entre a revista *BDBanda* e a editorial Kaladranka para a edición de cómics e a dificultade de canles de publicación do xénero.

Blanco Rosas, J., “Viñetas desde o Atlántico 2006. Novos vieiros do realismo no cómic”, *Tempos Novos*, n.º 111, “Cataventos”, agosto 2006, pp. 10-14.

Despois de ofrecer a listaxe de invitados e de informar que a sede principal se reparte entre o Kiosko Alfonso e o o Pazo de María Pita, fai unha descrición dos materiais que aparecen neste Salón do que son encargados Miguel Anxo Prado e Carlos Portela. Saliéntase a tendencia expansiva do certame e o predominio do tipo de banda deseñada (Indy) pouco comercial, realizada por expertos, e que acolle acontecementos sociais e políticos que marcan a nosa realidade. Tamén a tendencia ao realismo crítico, ás mostras de identidade. Finaliza coa presenza galega da man de colectivos como BD Banda e Polaquia e tamén a invitación aos afeccionados que entre o 14 e o 20 de agosto poden acudir a este Salón que presenta propostas orixinais, intelixentes e divertidas.

Blanco Rosas, Jesús J., “Viñetas desde o Atlántico 2006. Á procura do público adulto”, *Tempos Novos*, n.º 112, “Voces e culturas”, setembro 2006, pp. 68-71.

Sínálase que a IX edición de “Viñetas desde o Atlántico” foi unha aposta pola banda deseñada de autor cunha oferta plural con calidade individual. Destácase a presenza maioritaria do cómic independente e de calidade, como o catálogo Astiberri e o auxe dos “Slice of Life”, que están baseados nas experiencias vividas polos autores en primeira persoa. Tamén se refire aos superheroes renovados e conclúese cun balance altamente positivo deste certame, que foi un escaparate do que se está a publicar en ambas as beiras do Océano Atlántico.

Blanco Rosas, Suso X., “Nacemento e auxe do cómic book USA. Tempo de viñetas”, *Tempos Novos*, n.º 105, “Voces e culturas”, febreiro 2006, pp. 64-66.

Faise un detallado resumo do nacemento da banda deseñada nos Estados Unidos de América, o 25 de outubro de 1896, así como do nacemento das primeiras revistas de cómic, denominadas “cómic books”. Sínálase que esta panorámica do cómic será completada cunha segunda entrega na que se afondará no cómic de autor e se falará da banda deseñada europea, estatal e galega.

Blanco Rosas, Suso X., “A explosión creativa do cómic. Lusco e fusco da BD galega.”, *Tempos Novos*, n.º 107, “Voces e culturas”, abril 2006, pp. 67-70.

Fálase do avance acontecido no ámbito da banda deseñada galega durante os últimos anos. Dise que a Idade Dourada que se está a vivir non significa que o futuro sexa certo, debido á carencia de apoio institucional, entre outros factores. Analízase tamén o estado no que se atopan autores galegos como Kiko da Silva e faise un repaso dos colectivos xurdidos nos últimos anos e o seu labor editorial. Para rematar, augúraselle un positivo futuro á BD galega.

Blanco, Jesús J., “A orfandade editorial dos galegos. XVIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense”, *Tempos Novos*, n.º 114, “Voces e Culturas”, novembro 2006, p. 67-69.

Alude á celebración en Ourense das Xornadas de Banda Deseñada que amosan o bo estado de saúde desta arte en Galicia. Ao mesmo tempo, faise eco doutros aspectos non tan optimistas, como a carencia dunha estrutura editorial galega para este medio ou o feito de que os novos autores se formen profesionalmente en Galicia pero teñan que publicar fóra. Recolle, ademais, as opinións dalgúns dos autores que integran o cartel do certame (por exemplo, Alberte Vázquez e David Rubín) sobre esta situación de baleiro editorial. Remata referíndos á importancia destas xornadas para os novos autores como medio de promoción e lanzamento das súas obras.

Blanco, Suso X., “Panorámica da banda deseñada (II). O cómic de autor nos USA”, *Tempos Novos*, n.º 106, “Voces e culturas”, marzo 2006, pp. 68-71.

Logo de facer un repaso pola banda deseñada europea e española, centra o seu comentario no caso galego. Inicia o seu repaso polas ilustracións de Castelao e puntualiza que a banda deseñada en Galicia se remite ao ano 1971, cando Xaquín Marín e Raimundo Patiño decidiron unir esforzos para facer banda deseñada como xeito de integrar a cultura galega nas últimas tendencias internacionais a través do grupo do Castro. A seguir, sinala que hai que esperar a datas próximas para destacar a proxección dos autores galegos no mundo da BD, presentando como principais referentes a Carlos Portela e Miguel Anxo Prado. Por outra parte, destaca o papel desenvolvido polos colectivos, Polaquia e Colectivo Chapapote, dos que cita os seus distintos proxectos e publicacións. Finalmente, alude ao cinema de animación galego e considera que o futuro que se abre para a banda deseñada galega resulta esperanzador.

CLIJ, “Verlioka”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 189, “Libros”, xaneiro 2006, p. 55.

Comézase recordando que se trata dunha adaptación dun conto folclórico ruso, *Heavy*, de Afanasiev, un conto violento que na adaptación se suaviza convertendo a morte en secuestro e eliminando “objetos” que axudan ao vello labrador contra o xigante Verlioka. Cualifícase o texto de calidade oral, acumulativo, con moita repetición de frases ás que se engade unha nova. Dise que é un conto que converte a vinganza nunha liberación de reféns. Tamén se fai referencia ás ilustracións de tintes surrealistas moi acordes ao ton do relato, remarcando o carácter hiperbólico dos personaxes e insuflando grandes doses de humor. Dáse noticia das edicións en castelán e catalán.

CLIJ, “Un dos tres ¿qué ves?- Nadia Budde”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 189, “Libros/Novedades”, xaneiro 2006, p. 56.

Saliéntase que se trata dunha galería de personaxes encadeados presentados con humor a través do léxico que se sitúa enriba das figuras. Dise que son personaxes animais estrafalarios, nunha fauna moi peculiar que a alemá Nadia Budde presenta de xeito orixinal, sinxelo, ben executado cunha grande interdependencia entre texto e imaxe. Lémbrese que é un traballo que mereceu o premio ao mellor libro infantil en Alemaña no ano 2000. Danse as características do álbum dirixido aos primeiros lectores e saliéntase que é unha das primeiras publicacións da nova editora Faktoría K.

CLIJ, “27 historias para tomar la sopa”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 189, “Libros/Novedades”, xaneiro 2006, p. 57.

Cualifícanse estas vinte e sete historias que unha nai ten que imaxinar para que o seu fillo tome a sopa, culler a culler, de tenras, cun punto de absurdo. Dise que nelas, se recorre, por exemplo, a animais coma o gato, o pato, a bolboreta, a lebre, o esquío, o saltamontes, a tartaruga, etc. Fálase da escritora Úrsula Wölfel e coméntase que sabe captar a atención dos máis pequenos. Non se deixan de comentar as ilustracións que o arxentino Pablo Bernasconi realiza, de forma suxerente, para cada conto, un “particular laboratorio” para recrear os

protagonistas con calidade, textura fotográfica. Remátase afirmando que se trata dunha exquisita edición.

CLIJ, “Rumbo Sur”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 189, xaneiro 2006, p. 59.

Cualifícase a historia que se conta nesta novela breve (2005), de Manuel L. Alonso, de “intensa, dura a ratos, esperanzadora outros, llena de sentimientos callados, dormidos desde hace tiempo y que, poco a poco, van despertando, se dejan oír”. Lémbrese que nela se conta a historia dun encontro dunha nena co seu pai despois de anos sen verse. Saliéntanse os diálogos entre os protagonistas; faise fincapé nos recordos e remátase dicindo que se trata dun magnífico relato que se debuxa con máis claridade coas ilustracións de Elena Odriozola. “Un libro magnífico, delicado y fuerte a la vez, con el que Manuel L. Alonso ganó el Premio Ala Delta 2005”.

CLIJ, “Agenda”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 189, xaneiro 2006, p. 60-68.

Dáse noticia do falecemento de María Victoria Moreno Márquez e faise unha breve biografía da autora; dáse a benvida á nova iniciativa editorial, ao amparo de Kalandraka, Factoría K, descríbese a súa liña editorial e tamén se citan os seus primeiros títulos; coméntase o veredito do xurado que cada ano outorga os Premios Lazarillo que convoca a OEPLI (Organización Española Para el Libro Infantil y juvenil) e que recaeu na obra *A sombra descalza*, da galega An Alfaya (1964), da que se dan unhas notas biográficas o mesmo que do premio.

CLIJ, “Los imperdibles. Pequeño azul y pequeño amarillo”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 190, “Libros/Novedades”, febreiro 2006, p 56.

Despois de dar datos biográficos sobre Leo Lionni (Amsterdam, 1910-Toscana, 1999) salienta as innovadoras propostas que presenta nesta obra de 1952 e cualifícao como un clásico que non perdeu vixencia. Describe os elementos que usa plasticamente, as cores, para describir a historia dos dous amigos: pequeno azul e pequeno amarelo, un relato cheo de tenrura, inocencia e amizade.

CLIJ, “El cuarto prohibido”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 190, “Libros/Novedades”, febreiro 2006, p. 62.

Infórmase de que esta obra do ano 2005, de Itziar Esquieta, escrita orixinalmente en galego e traducida ao castelán e catalán, é o debut da pintora-escritora na Literatura Infantil e Xuvenil. Coméntase que se trata dunha versión dun conto castelán emparentado con *Barbazul*, de Perrault, ou con *Il nasso d'argento*, de Italo Calvino. Describen esta historia terríbel, escrita en clave simbólica, nun conto sanguento que supón unha viaxe iniciática das irmás protagonistas. Cualifícase o texto de “mas que correcto, aséptico, en el que no afloran las

emociones, sino los hechos”. Remata referíndose ás ilustracións moi pictóricas cun acertado *collage* e cun colorido que trasmiten as emocións que negan as palabras.

CLIJ, “La princesa que bostezaba”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros”, marzo 2006, p. 59.

Preséntase este relato de Carmen Gil, publicado por OQO Editora no ano 2005, até o momento escrito en catalán, castelán e galego, salientando o estilo do conto tradicional, a súa esaxeración e humor, a amizade e os xogos compartidos. Logo cóntase a historia para rematar cualificándoa de divertida, sen moralina, pero sen esconder o propósito “ejemplificador”, narración concisa, frases curtas, repeticións, cambios de tipoloxía nas letras, para así salienta o traballo da ilustradora Odriozola que caracteriza aos personaxes e ambientes non só polas figuras senón tamén polas cores.

CLIJ, “Batalla de naipes”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 61.

Consideran que esta obra, de Juan Ignacio Pérez Palomares, escrita en castelán e traducida ao galego (Kalandraka Andalucía, 2005), protagonizada por personaxes da baralla española, é unha historia “ejemplar” sobre o sentido das guerras que continúan cando case xa non queda ninguén vivo por destruír, mentres continúa a vida para algúns. Salientan o humor, as expresións *ad hoc*, a fluidez do relato e o apoio das ilustracións, o enxeño da presentación da narración, tanto textual coma visual, que chega con claridade ao lectorado, o glosario que explica con graza os xogos de cartas que non se usan na narración. Finaliza cualificando o álbum de contido intenso, con moitas lecturas, factura e deseño impecábel, contido intelixente e cheo de referencias e referentes.

CLIJ, “Atrapasueños”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 66.

Comezan salientando que o protagonista desta obra fantástico-realista, de Milan Vukotic (escritor, pintor, director de teatro de Belgrado), traducida ao galego no ano 2005, é un adulto. A seguir, describen a historia que se conta, chea de humor, inxeño, maxia e personaxes atractivos. Salientan que o protagonista aprende que gañar non é o máis importante por iso axudará á autoafirmación de Caballo. Finalizan falando das ilustracións de Elia Manero sen as que consideran que o relato non sería tan atractivo, pois recrean o mundo real con debuxos convencionais en tons grises e reserva a cor e materiais diversos para os demais introducindo texturas e sensacións tridimensionais.

CLIJ, “Manta de estrellas”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 68.

Destácase desta obra de Ricardo Listas, traducida ao galego e catalán no ano 2005, a denuncia social da situación dos “meninos” da rúa de Brasil. Logo describe a historia contada en

terceira persoa por unha voz que podería ser a do “menino” protagonista xa adulto. Unha testemuña cruel pero suavizada, di, pola inocencia que a pesar das desgrazas conserva o menino. Cualifícase de relato moi humano no que afloran sentimentos contraditorios (medo, ilusión, soidade, cariño, rabia, tenrura, odio, agradecemento...) e remátase referíndose á forza plástica que achega coas colaxes a ilustradora Itziar Ezquieta.

CLIJ, “Las bombillas que se encienden y se apagan”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/De Aula”, marzo 2006, p. 72.

Comentario deste álbum do galego Ramón Trigo con edición galega e castelá, unha obra dun pintor, ilustrador e debuxante de cómic no que se salienta fundamentalmente que se trata dun álbum moi pictórico no que se fala do proceso creativo a partir da inspiración dunha bombilla. Saliéntase que Trigo escolleu esta ficción para explicar de forma sencilla aos nenos o complexo mundo que hai detrás dun cadro.

CLIJ, “Lista de honor de CLIJ”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 192, “Informe”, abril 2006, pp. 7-10.

Coméntase que, como é habitual, a redacción de CLIJ (Gabriel Abril, Victoria Fernández e Maite Jiménez) e os colaboradores Xabier Etxabiz, de Vitoria, M^a Jesús Fernández, da Coruña, Teresa Mañá, de Barcelona, e J. Lluís Polanco, de Santander, presentan esta listaxe cos que consideran os mellores libros do ano 2005. Saliéntase que todos os que seleccionan son profesores e/ou bibliotecarios que exercen a crítica en diversas revistas especializadas en Literatura Infantil e Xuvenil. As obras galegas ou que teñen edición en galego que se atopan nesta listaxe son as seguintes: *Chibos chibóns*, de Olalla Fernández, *Cocodrilo*, de Antonio Rubio, *Confundindo historias*, de Gianni Rodari, *Babayana*, de Tai-Marc Le Thanh, *La verdadera historia de caperucita*, de Antonio Rodríguez Almodovar, *O espello e o dragón*, de Xabier Queipo, *Estataua bat eta artista bi*, Patxi Zubizarreta, *Chove nos versos*, de Antonio García Teijeiro, *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz, *Unha branca de cobre para Martiño*, de Ramón Carredano, *Los dueños del paraíso*, de Andreu Martín, e *Rúa Carbón*, de Marilar Aleixandre.

CLIJ, “Premios Nacionales”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 192, “Informe”, abril 2006, p 12-85.

Iníciase o Informe coa listaxe dalgúns dos premios que se convocaron até esta data en todas ou en varias das linguas do Estado español e logo de cada un danse os datos da especialidade, a dotación e quen convoca. Tamén se dan unhas notas biográficas do gañador, citáanse os premios que ten acadado, ofrécese unha bibliografía seleccionada, unha pequena sipse da obra gañadora e unha moi breve entrevista na que se recollen as opinións do autor ou autora gañadora en canto ao premio e á marcha da literatura infantil na actualidade. Os autores galegos que mereceron algún galardón no período que abrangue (de abril de 2005 a abril de 2006) foron os seguintes: o ilustrador Ramón Trigo (Vigo, 1965) polo álbum ilustrado *Casa vacía*, premio Ciudad de Alicante, 2006; An Alfaya (M^a de los Angeles Alfaya Fernández,

Vigo, 1964), premio Lazarillo 2006 por *A sombra descalza*; Ramón Carredano Cobas (Noia, 1950), *Unha branca de cobre para Martiño*, Premio Merlín 2006.

CLIJ, “Palabra de cocodrilo”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 193, “Libros/Novedades”, maio 2006, p. 58.

Comezan describindo a historia para a seguir dar as características deste álbum (2005) de Iván Suárez, que conta con traducións ao castelán e catalán. Cualificano de “vistosísimo” e salientase que é unha recreación “suntuosa, inteligente y llena de humor de un cuento de Burkina Faso”, unha das moitas versións que se fixeron del pero que cobra unha nova dimensión coas imaxes “poderosas, étnicas”, que agora presenta. Afirmase que é unha historia ao estilo das fábulas, pois o xesto do heroe do Bamako, a súa xenerosidade e intelixencia dan os diversos e profundos significados.

CLIJ, “El sultá i els ratolins”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194 “Libros”, xuño 2006, p. 61.

Comeza dicindo como é norma nesta colección “O” (de OQO) que todos os relatos ilustrados son versións de contos populares. A seguir fala deste relato que Joan De Boher adapta dun conto árabe, un conto encadeado que presenta unha serie de situacións absurdas que se repiten até o infinito. Cóntanse as historias e fábase finalmente das ilustracións de Txell Darné, unhas *collages* a base de obxectos metálicos, etiquetas, mistos, chapas... que reflicten ben a situación textual.

CLIJ, “A vella quenlla perde os dentes”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194, “Libros”, xuño 2006, p. 61.

Comezan describindo a historia que se conta nesta obra (publicada en galego no ano 2005) para a seguir salientar que se trata dun conto con moralina, escrito con graza e axilidade, adornado con frases burlonas, rima fácil de recordar e repetir e acompañado de ilustracións secuenciadas que narran as peripecias visualmente. Lémbrese que é unha obra que conta con tradución ao castelán.

Domínguez Pérez, Mónica “Gemma Lluch y Blanca-Ana Roig Rechou (coords.) 2004. *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Boletín Galego de Literatura*: 32: 337 pp.”, *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 4, “Reseñas/Reviews”, 2006, pp. 197-200.

Recensión do volume *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico* na que se analizan cada un dos bloques de contido deste volume, “Presentación”, “Limiar”, “Estudos”, “Documentos”, “Encontros”, “Libros” e “Creación”. Destácase o achegamento diacrónico dalgúns dos artigos para ofrecer unha contextualización das literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico, ademais de salientar o carácter multidisciplinar da obra e o seu compromiso coa literatura infantil e xuvenil galega, tanto na recompilación de

textos esquecidos como na inclusión de novas de creación de autores galegos.

Domínguez Pérez, Mónica, “Veljka Ruzicka Kenfel (ed.) (2002). Kulturelle regionalisierung in Spanien und literarische übersetzung. Studien zur rezeption deutschsprachiger kinder- und jugendliteratur in den zweisprachigen autonomen regionen baskeland, galicien und katalonien. Frankfurt/Berlin /Berna/Bruselas/Nueva York/ Oxford/Viena: Peter Lang, 253 pp.”, *AILIJ* (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil), n.º 4, “Reseñas/Reviews”, 2006, pp. 200-202.

Comenta os distintos apartados do volume traendo a un primeiro plano aqueles que versan sobre a tradución de obras do sistema literario alemán ao galego, destacando o traballo realizado por Marta García González sobre a tradución ao galego do clásico de Hoffmann *Der Struwwelpeter*. Refírese tamén aos apartados de obras canónicas da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) alemá en España e conclúe manifestando a valía desta obra de especialización no estudo da LIX galega.

Fernández, María Jesús, “O meu avó é unha gata”, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 189, “Libros/Novedades”, xaneiro 2006, p. 56.

Despois de valorar o labor de Fina Casalderrey, autora do conto, a súa capacidade para mostrar o universo infantil e a relación da infancia coa vellez, coméntase que todos os ingredientes se atopan neste álbum da nova colección “Andavía”. Faise un percorrido pola historia que se conta salientando a sorpresa, o misterio e a complicitade da protagonista co seu avó. Cualifícanse de fermosas as ilustracións de Marina Seoane.

Fernández, María Jesús, “A noite dos animais”, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 189, xaneiro 2006, “Libros/Novedades” p. 58.

Comeza recordando que unha vez máis Agustín Fernández Paz propón unha historia na que a maxia e a fantasía se introduce na realidade cotiá sen alterala gravemente. A seguir, conta o argumento da obra, publicada en 2005, na que se crean situacións divertidas entre Raquel, a protagonista, e os animais que pintou no seu caderno e tomaron vida.

Fernández, María Jesús, “¿Quen me quere adoptar?”, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 190, “Libros/Novedades”, febreiro 2006, p. 57.

Salienta neste libro, de Fina Casalderrey, publicado en 2005, en primeiro lugar o tema da obra: o lugar dos maiores no mundo, moi querido pola autora. Despois, describe o argumento que considera se presenta de forma sinxela e áxil cunha linguaxe e desenvolvemento ben adaptado á idade do destinatario. Remata salientando o humor e a tenrura con que a autora fai visíbeis aos maiores e os coloca como personaxes positivos e protagonistas.

Fernández, María Jesús, “Fantasmas no corredor”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 190, “Libros/Novedades”, febreiro 2006, p. 62.

Dise que Agustín Fernández Paz volve nesta obra publicada en 2005 a tratar o tema do medo, pero que non se trata dun conto de medo senón sobre o medo que os nenos senten na nocturnidade. Describe a anécdota contada por Mariña, a protagonista, nun ton serio e divertido, sen que empece que se transmita tal como o vive a nena. Salienta os toques divertidos e as ilustracións de Óscar Villán.

Fernández, María Jesús, “A gardería de dona Bixelmina”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 60.

Salienta os inicios do autor Jacobo Fernández Serrano na revista *Golfiño* e dise deste primeiro álbum publicado por Xerais que mostra os sinais de identidade do autor. Conta a historia que se relata en forma de romance e describe a situación dos debuxos que considera teñen un toque onírico. Di que se está diante dun traballo moi persoal que sitúa ao autor nun lugar propio da Literatura Infantil e Xuvenil.

Fernández, María Jesús, “O capitán de Bahía”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 62.

Desta obra do ano 2005, de David Ameixeiro, que xa conta con tradución ao castelán, cóntase primeiramente a súa historia e dise que con personaxes como un vello capitán, unha bruxa, unha basoira, un papagaio, piratas, un armario, un cocodrilo e “un considerable dominio de las técnicas del relato para niños” o autor constrúe unha historia que se cualifica de “deliciosa”, áxil, humorística, actualizada, con elementos dos contos maravillosos, tanto formal como lingüisticamente. Remata referíndose ás amábeis ilustracións que subliñan o carácter caricaturesco dos personaxes.

Fernández, María Jesús, “Tonecho de Reborechao”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 68.

Inicia o comentario desta obra, Premio Raíña Lupa 2004, de Breogán Riveiro, publicada no ano 2005, describindo o argumento para logo salientar: o humor, as anécdotas da vida cotiá que se contan, a tenrura con que son tratados os personaxes, en especial os avós, descritos con cariño, respecto e dignidade; tamén o misterio transmitido polo medo dos nenos, as casas fantasmagóricas da aldea e a historia do lobo asasino.

Fernández, María Jesús, “Vila Cerdeira”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Novedades”, marzo 2006, p. 70.

Despois de describir o espazo no que se sitúa esta obra de Daniel Ameixeiro, cualifica a obra de relato “coral”, unha historia na que se entretecen as vidas co pasado e mesmo personaxes de lendas, todo desenvolveito nun clima entre realidade e soño. Salienta que a forma de narrar

é dunha gran concisión, sinxeleza, con recordos de Juan Farias “incluso en la presencia de un anónimo receptor al que alude como “señor” y al que parece que la voz narradora dirige sus palabras”. Remata describindo as frases, as suxestións, connotacións, paralelismos que levan o lector á transmisión oral, personases... Tamén se fala das ilustracións de Xosé Cobas.

Fernández, María Jesús, “De cores e de amores”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 193, “Libros/Novedades”, maio 2006, p. 58.

Comeza salientando que unha vez máis Xavier P. Docampo e Xosé Cobas volven a colaborar nun libro orixinal e arriscado, publicado no ano 2005, “ya que no se trata de contar una historia sino de explicar, por medio de metáforas visuales, algo que pertenece al mundo de los sentimientos íntimos”. Fala do tema elixido, o amor, e das características que presenta. Dise que no volume unha ide explicase por medio dunha abstracción que pertence ao mundo das experiencias infantís. Lémbrese que cada dobre páxina está protagonizada por gotas coloreadas que finalmente se abrazan até que o amor desaparece e todo se volve negro. Cualifícao de texto suxerinte, construído con frases curtas e pola conxunción de imaxes e texto que producen un “bello poema visual”.

Fernández, María Jesús, “Poetízate”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 194, “Libros/Novedades”, xuño 2006, p. 70.

Comeza dicindo que o poeta e narrador Fran Alonso recolle nesta selección do ano 2005 oitenta poetas galegos ordenados cronoloxicamente dende Rosalía de Castro (1837-1885) até Antía Otero (1982). Dise que se trata dunha selección pensada para mozos, na que se recompilan os poemas que o autor considera máis amenos e desenfadados, e saliéntase que ademais dos poetas clásicos aparecen autores e autoras das novas xeracións. María Jesús Fernández tamén se detén no prólogo que cualifica de moi interesante e no que Fran Alonso se dirixe aos mozos lectores e “intenta desmontar rancios tópicos sobre a poesía”. Finalmente, ocúpase do apartado final da selección no que se inclúe unha axuda, chamada “visita guiada”, na que se popoñen e fixan aspectos concretos dos textos e se comentan algunhas características persoais e artísticas dos poetas que se inclúen na antoloxía.

Fernández, María Jesús, “Galicia: aires de continuidad”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 197, “Panorama”, outubro 2006, p. 42-58.

Panorámica en castelán e galego. María Jesús Fernández salienta no resumo que poucos foron os cambios: mantemento do volume da edición con oferta de lecturas para todos os tramos de idade, calidade e coidadas edicións, predominio do xénero narrativo xunto a poucas pero interesantes mostras poéticas; realismo e fantasía alternando nos temas tratados e continua inspiración na tradición. Divide logo a panorámica en cinco apartados: “Mais de 14 anos: realismo, aventuras e poesía” na que salienta obras como *A sombra descalza*, de An Alfaya; *Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz; *Rúa Carbón*, de Marilar Aleixandre; *Piratas polo Miño*, de Xosé Miranda; *Poetízate*, de Fran Alonso; *O aliado inesperado*, de Xavier López Domínguez, e *Paxaro de mel*, de Adolfo Caamaño, dos que dá as notas máis significativas. “Entre os 14 e os 10 anos: tradición e innovación”, apartado no que salienta

obras como *Sari, soñador de mares*, de Marcos C. Calveiro; *Vila Cerdeira*, de Daniel Ameixeiro; *A noite dos pesadelos*, de Antonio Reigosa; *Tonecho de Rebordecho*, de Breogán Riveiro; *Crisóstomo o alifáfar*, de Antonio Yáñez Casal; *Isha, nacida do corazón*, de Fina Casalderrey; *Usha*, de María Reimóndez; *Unha branca de cobre para Martiño*, de Ramón Carredano Cobas, e *Norocai*, de Begoña Paz. No apartado “Entre 10 e 8 anos: humor sensibilidade”, destaca *Raio veloz*, de Agustín Fernández Paz; *Zoa e Azor*, de Ana Alfaya; *Tito Longueirón*, de Pinto&Chinto; *Smara*, de Paula Carballeira; *Nun lugar chamado labirinto*, de Ánxela Gracián; *Bonifacio foi a palacio*, de Federico Fernández; *Tres pezas teatrais*, de Xosé Agreló Hermo, Ana María Galego e Fran Peleteiro; *Capitán da Baía*, de Daniel Ameixeiro; *¿Quen me quere adoptar?*, de Fina Casalderrey; *Fantasmas no corredor*, de Agustín Fernández Paz; *Adiviñas monstruosas*, de Gloria Sánchez; *Traballo de mago*, de Ana María Fernández; *Dende o cole*, de Alberto Urcaray; *Glub, o increíble peixe-bala*, de Isabel Freire; *O segredo do pan*, de Pepe Cáccamo; *Tres vellas fábulas novas*, de Bernardino Graña; *Tita*, de Concha Blanco; *Noite de Reis en Kalpankalá*, de Xosé Antonio Perozo, e *Historia de Román o bombeiro*, de Pinto&Chinto. No apartado “Prelectores e primeiros lectores: variedade e interesantes propostas visuais” salienta a serie d’Os *Bolechas*, de Pepe Carreiro; *Antón e Pompón*, de Mon Daporta Padín; *A vella quenlla perde os dentes*, de Xabier López; *O pequeno da familia fantasma*, de Pinto&Chinto; *Adiós ríos, adiós fontes*, de Rodrigo Chao; *O conto dos silencios*, de Silvia Pazos; *Tanta Miga e a súa barriga*, de Eduardo Baamonde; *Con-zancos e as ondas do mar* e *Encarna e o vento*, de Elisa Gallego Picard; *Conto para non comer*, de Andrés Meixide; *De Cores e amores*, de Xabier Docampo; *A aspironeta*, de Marta Álvarez; *A gardería de Dona Bixelmina*, de Jacobo Fernández; *Carlota e a gaivota patiamarela*, de Miro Villar; *Federico na Silveira*, de Xosé Miranda; *Que medo mamá Raquel*, de Agustín Fernández Paz; *Chocolata e Cocorico*, de Marisa Núñez; *A princesa do Caurel*, *Verlioka*, *O segredo do rei Curro*, *Bebé Bigotes* e *Lobo feroz*, de Patacrúa; *A cousa que máis doe no mundo*, de Paco Liván; *Sal e azucre*, de Iván Prieto; *A princesa que bocexaba a todas horas*, tradución dun texto de Carmen Gil; *O libro dos porcos*, do escritor inglés Anthony Browne; *Aquiles o Puntinho*, de Guia Risari; *A fruta máxica*, de Mozart, e *Aida*, de Verdi; *A Banda de Vilacendo*, de Xulio Gayoso; *Manual de calcetíns salvaxes*, de Pablo Prestifilippo; *Cans de ribeira*, de Ktaja Gehrmann, ou *Co dedo no nariz*, de Daniela Kulot, estes últimos debidos a Kalandraka ou Factoria K. Remata co apartado “Algunhas traducións de interese”, capítulo no que sobrancea, ademais doutras xa citadas para os máis pequenos, as dirixidas aos mozos como *O portal dos elfos* e *O Emperador Púrpura*; *Cobertor de estrelas*, de Ricardo Lisias, de OQO; *Bestiario*, de Factoría K, de Stepahan Pubu. De todas as traducións dá unhas brevísimas notas.

Fernández, María Jesús, “O segredo do pan”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 199, “Libros/Novedades”, decembro 2006, p. 62.

Despois de cualificar a historia que publicou o poeta Pepe Cáccamo no ano 2005 de deliciosa e de destacar a fantasía do relato e a linguaxe empregada, descríbese o argumento no que aparece Álvaro Cunqueiro envolto nun olor de libro vello e “humedad seca” que tamén é experto en empanadas e axuda a Fermina a se introducir no segredo do que está a buscar. Remátase salientando a linguaxe, moi lúdica, os xogos de palabras, as imaxes sensoriais, as belas e eficaces sinestesias que colorean e dan forma aos olores e sabores que impregnan a historia, que vai acompañada das ilustracións, en branco e negro cheas de matices, de Xan López Domínguez.

Fernández, Victoria, “VII Salón de Pontevedra”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Reportaje”, marzo 2006, p. 34-36.

Despois de se referir á intervención de Ana María Matute neste VII Salón de Pontevedra na que dixo que “no se sentía especialmente orgullosa de pertencer al género humano”, considera que despois de pasar polo Salón “no parece tan malo pertencer al género humano” sobre todo al tipo de “humanos” que traballan en Pontevedra dende hai sete anos organizando este salón que conseguiu incorporar á vida cotiá da nenez e mocidade pontevedreses a cultura do libro pois ao salón non só se ven de visita pois tamén hai espectáculos, en moitos deles con participación activa. Explicase cómo se publicitou entre os centros escolares a quen se lles deu para este ano o tema da Natureza para traballar e poder traer ao salón actividades e suxestións. Neste fíxose unha exposición sobre o tema, participaron contacontos (David Pernas, Pavís Pavós, Raquel e Regueiro), espectáculos (Date danza, Artello, Calamar Teatro, Cuentos con Encanto) e talleres para a nenez. Salienta o labor dos organizadores formado por membros da Asociación-Socio-Pedagóxica galega e a Asociación de MáisLibros, coordinado por Helena Torres Blanco coa axuda da Concellaría de Cultura (Concello de Pontevedra) coa axuda da Fundación Caixa Galicia e dende este ano da Xunta de Galicia e por un conxunto de entidades e asociacións relacionadas co mundo do libro e a lectura. Finaliza falando das actividades para adultos, da homenaxe que se lle rendeu a María Victoria Moreno e das datas de celebración e clausura (5 e 11 de febreiro) con continuidade até o 3 de maio para os centros que solicitaron visitas guiadas.

González Martínez, María Dolores, “Daniel González, Luis. 2006. *Bienvenidos a la fiesta. Diccionario-guía de autores y obras de literatura infantil y juvenil*. Madrid: CIE DOSSAT 2000. 1010 pp”, *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 4, “Reseñas/Reviews”, pp. 191-194.

Comeza salientando as vantaxes deste volume con respecto aos anteriores para, a continuación, enfatizar o propósito do mesmo: provocar a reflexión e servir de filtro a pais, educadores ou bibliotecarios. Logo de eloxiar a visión de conxunto que ofrece da literatura infantil e xuvenil e a claridade da estrutura, céntrase na organización dos libros reseñados, os cinco apéndice que recollen unha antoloxía da poesía e folclore infantil e as catro seleccións presentadas, para rematar cun comentario sobre a bibliografía e os índices. Aínda que reconece a forte subxectividade que preside o espírito do libro e a carencia de atención a xéneros literarios que non sexan o narrativo, reconece o seu valor en canto ao seu carácter para publicitar e animar á lectura da literatura infantil e xuvenil.

Mañá, Teresa, “Literatura infantil y educación literaria”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 191, “Libros/Ensayo”, marzo 2006, p. 75.

Dá conta do volume *Literatura infantil y educación literaria* (2005), editado por M. Carmen Utanda, Pedro César Cerrillo e Jaime García Padrino, un volume froto do traballo realizado dende hai quince anos pola UCLM (Universidad de Castilla-La Mancha) dende o CEPLI (Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil), dirixido por Pedro

César Cerrillo. Descríbese este libro, no que se insire un traballo de Blanca Ana Roig Rechou no que se exemplifica a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega. Cualifica a obra de desigual, pero na que “todos, podemos hallar material útil para aproximarnos a la LIJ desde distintas facetas”. Felicita á organización polos cursos de verán que contribuíron á difusión e recoñecemento da LIX ao longo de todos estes anos.

Muñoz Carrobles, Diego, “Os nenos tamén queren ler. Panorama da literatura infantil e xuvenil en lingua galega en século XXI”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 9, “Artigos”, 2006, p. 85-92.

Artigo que como se di no resumo intenta unha aproximación á situación actual da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX). Anúnciase nel que se falará de autores e obras principais así como da actividade editorial, revistas e colectivos que traballan no campo nestes primeiros anos do século XXI: “Un panorama que ofrece a vitalidade deste xénero”. A este breve resumo séguelle un brevísimos comentario dos aspectos citados con grandes ausencias e reduccionismos do traballo realizado no século XXI.

Neira Cruz, Xosé A., “Salón do libro infantil. A natureza como fonte e como soño”, *Tempos Novos*, n.º 106, “Cataventos”, marzo 2006, pp. 6-8.

Dá conta da sétima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e achega as claves do éxito deste encontro. Refírese ao pasamento de María Victoria Moreno e ás intervencións de Ana María Matute, Antonio Reigosa e Xela Armas. Fálase do papel da música no salón para, a continuación, dar conta da presenza do teatro coas compañías Calamar Teatro, Cuentos con Encanto e Trinke-Tranke. Alude ao ámbito da ilustración e, por último, cita as distintas intervencións dalgúns dos asistentes.

Neira Cruz, Xosé A., “Infantil e xuvenil. Perlas e unha ostra baleira”, *Tempos Novos*, n.º 111, “Entregas culturais”, agosto 2006, pp. 66-68.

Comentario sobre a literatura infantil e xuvenil dividida en distintos apartados: “O queipo dos premios”, “A forza da literatura xuvenil”, “O pracer do álbum ilustrado” e “Literatura infantil que fomenta a diglosia”. En canto aos premios salienta os White Ravens ou o Premio Lecturas, así como o papel de Gálix e a Xunta de Galicia como pregoeiros dos produtos culturais en galego. En “A forza da literatura xuvenil” destaca a rápida normalización acadada por esta literatura e a renovación de edicións dalgúns obras como a de *Finísimo pó nas ás* de Quintiá, incorporando novos relatos na colección “Costa Oeste” de Galaxia, ou *Felicidade perfecta*, de Anjel Lertxundi, tamén en “Costa Oeste”. En “O pracer do álbum ilustrado” refírese a *Cocorico*, de Marisa Núñez e Helga Bansch, publicado por OQO, ou a algunhas obras saídas do prelo de Kalandraka, entre as que se atopan *Aquiles o puntiño*, de Guia Risari. Finaliza con “Literatura infantil que fomenta a diglosia”, apartado no que escolle a obra de Bernardo Atxaga, en versión castelá, *Shola y Angeliño*, para describir este apartado.

Pascual, Roberto, “A escrita teatral galega. Dramaturgos, cara e cruz”, *Tempos Novos*, n.º

106, “Voces e culturas”, marzo 2006, pp. 72-73.

Recorda que van alá oito anos dende que a Rúa Nova Compostela acollera un encontro de dramaturgos galegos que o vinte de xaneiro de 2006, motivados quizáis por un posíbel aperturismo, se reúne de novo con ausencias significativas, como a de Roberto Vidal Bolaño. Co seu recordo de fondo realízase este primeiro encontro de dramaturgos da man da Aula de Teatro da USC. Acóllense as reflexións deste encontro sobre as “enfermidades” do teatro galego, a política cultural, as súas demandas, a crítica ao *Catálogo de dramaturgos*, a programación do CDG. Tamén se fai referencia aos centros de formación teatral, concretamente ao ESAD.

Pena Presas, Montse, “A noite da raíña Berenguela. Xosé Antonio Neira Cruz”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Libros”, 2006, pp. 204-205.

Comentario centrado n’*A noite da raíña Berenguela* (2005), peza coa que Xosé A. Neira Cruz gañou o Premio Lazarillo 2004. Tras destacar que a obra parte dunha lenda pertencente ao imaxinario popular protagonizada pola raíña Berenguela, que a noite do 24 de xullo pasea polas rúas de Compostela para contaxiar a súa beleza a quen se lle cruce no camiño, sinala Montse Pena que cómpre saudar con xúbilo este texto porque incrementa o número de textos de calidade para os máis novos e pola visibilidade que lle outorga o galardón a un xénero que adoita pasar bastante desapercibido. Pena Presas detense na estrutura da peza, ofrece concisas explicacións sobre os caracteres que aparecen na obra e no argumento que se desenvolve, sostido no drama vital da protagonista. Como marco desta historia identifica as escenas protagonizadas polo Vello das pombas e a solitaria nena Comba e repara no simbolismo da pomba e da pega, que representan respectivamente o ben e o mal. Como ingredientes engadidos desta peza menciona a relación, pragada de humor, entre o Xograr Reinaldos e o seu cabalo Sinforosa linguaxe da criada Dorotea; a presenza de Frei Odranoel e o tratamento do rei comechón, así como as ilustracións de Kiko da Silva. Conclúe salientando que a obra se converte nunha gran metáfora arredor dos vencidos, os diferentes e os raros, representados por Berenguela, “un berro de liberdade e imaxinación”.

Pena Presas, Montse, “Alonso, Fran (2006): Poetízate, Vigo, Xerais, colección ‘Fóra de Xogo’, pp. 215”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, n.º 9, “Recensións”, 2006, pp. 185-186.

En primeiro lugar explica as súas reticiencias á hora de facer esta recensión. Comenta que pensou na dificultade de que a xente nova conectase co xénero poético; opina que a boa literatura non precisa etiquetas e que a lectura de obras dirixidas á nenez tamén pode mergullar aos maiores. A seguir, afirma que ao ler o libro viu que Fran Alonso acada, “e con méritos, o seu obxectivo”, “atraparte a ti, lectora, lector, nas garras da poesía”. Montse Pena explica tamén a escolla de Fran Alonso e describe a antoloxía. Fala dos temas, entre os que salienta o humor, e opina que o antólogo desmonta tópicos, sempre fixándose no limiar de Fran Alonso. Finalmente, considera un acerto o mesturar autores e autoras de diferentes épocas, composicións non canónicas, e remata considerando que é unha aposta necesaria para “os que se estean a iniciar no carreiro vizoso da literatura galega”.

Vieites, Manuel F., “Otros campos de la creación teatral. Teatro para la infancia y la juventud, teatro de calle, teatro de objetos”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 234-239.

Considera que o teatro na rúa non calou no panorama galego, pola climatoloxía ou por outras razóns, pero a realidade é que aparecen só algúns colectivos como Os sete magníficos máis un, ou compañías de títeres como Seis Dedos ou Cachirulo. Nunha segunda liña de comentario céntrase na dramaturxia para a infancia e a xuventude e comenta que dende os últimos trinta anos case todas as compañías galegas realizaron na súa traxectoria un espectáculo destas características. De todas maneiras, bota en falta unha aposta seria por parte das institucións públicas por implicar a este sector da poboación na engranaxe artística, pois eles son o futuro. Para rematar fai unha cala no teatro de obxectos no que inclúe monicreques, bonecos, sombras e marionetas. Reivindica a súa consideración e o seu estudo.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Araguas, Vicente, “Poesía para todos”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 367, 12 marzo 2006, p. 20.

Comeza cunha referencia ao poema de Gabriel Celaya “La poesía es un arma cargada de futuro”, na que observa a mesma intención de difusión poética que na antoloxía *Poetízate* (2005), publicada en Xerais e asinada por Fran Alonso. A continuación, pasa a estudar esta escolma, da que sinala que está composta de poemas de oitenta autores e autoras, dende Rosalía de Castro a Antía Otero, seleccionados por Fran Alonso, responsábel tamén do “Limiar” e da “Visita guiada”. Salienta que o antólogo procurou os aspectos “máis divertidos, chamativos, eróticos, visuais nos nosos poetas modernos”. Como eivas bota en falta a poesía medieval, a Fermín Bouza-Brey, a Xosé Luís Franco Grande, a Fermín Bouza Álvarez e a Luísa Castro, aínda que destaca a funcionalidade do libro.

Castro Soliño, Dorinda, “O legado dos clásicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 150, “Infantil/Xuvenil”, 26 xaneiro 2006, p. IV.

Dáse conta da publicación por parte de Edicións Xerais de Galicia de *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura infantil e xuvenil do marco ibérico* (2005), un estudo coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e no que participan os membros da Red Temática de Investigación “Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico” (LIJMI), así como outros estudosos relacionados con este campo. Destácase a importancia do compendio das obras dos autores homenaxeados ás diferentes linguas do estado, e mesmo as manipulacións que sufriron nas súas traducións, polo que representa unha importante achega aos estudos de tradución e interpretación. A seguir, describe a estrutura da obra, que presenta un glosario de conceptos básicos, unha cronobibliografía de cada un dos autores estudados e a relación das súas obras en cada unha das linguas do marco ibérico, así como unha bibliografía selectiva e diversas suxestións didácticas. No caso galego, destaca que a través deste estudo se poñen de manifesto algunhas das eivas do sistema en canto á tradución e remata felicitando a todos os investigadores participantes.

Castro Soliño, Dorinda, “Novela negra”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, n.º 159/147, 6/14 abril 2006, p. IV/7.

En primeiro lugar fala do “xogo cómplice” que Manuel Forcadela establece co lector da súa novela *A procura do falso Grial* (2005) para logo dar conta dalgúns datos biobibliográficos do doutor en Filoloxía e do argumento da novela publicada na colección “Costa Oeste”. Dorinda Castro Soliño indica que na obra se dá cita a presenza da “intriga, mito, historia, personaxes fantásticos e sacados da realidade” e que é “moi ao gusto das novas procuras do xénero policial e negro”. Destaca o protagonismo da cidade de Vigo, e finalmente, cualifica a trama de interesante e de estilo ameno que engancha ao lectorado agardado.

Castro Rodríguez, Xavier, “Leria do señorito da vila co rapaz da aldea”, *Galicia Hoxe*, “Estraños, raros e esquecidos”, 6 maio 2006, p. 2.

Refírese á farsa para rapaces *Agromar* asinada por J. Acuña, pseudónimo de Filgueira Valverde, editada en 1936. Detense na biografía deste intelectual, poñendo de relevo os comezos da súa vocación docente en 1927 en Pontevedra, así como a utilización deste pseudónimo na década dos anos trinta. A propósito desta farsa, Xavier Castro comenta que recolle o universo da mocidade, recorrente noutras producións do autor, para achegarse á vida aldeá e á vilega e á situación lingüística do galego e do castelán, inserindo a través da figura do médico don Enrique os valores da cordialidade, o equilibrio e a comprensión. Inscribe a peza no conxunto das obras escritas e representadas nun período fértil para a cultura galega en xeral e para a dramaturxia en particular, a Segunda República, tempos de entusiasmo na creación.

Fernández, Paula, “As formas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 149, “Infantil/Xuvenil”, 19 xaneiro 2006, p. VII.

Fala en primeiro lugar dos primeiros xogos que adoita ter a nenez a partir dos dous ou tres anos nos diferentes lugares do mundo para o coñecemento das formas xeométricas. De seguido, informa da publicación en A Nosa Terra dun volume de Anxo Fariña baseado no ensino desas formas máis familiares “dun xeito doado e divertido” e dá conta polo miúdo do seu contido e protagonistas. Dise que n’*As formas* o seu autor conta o que acontece de maneira moi coloquial e non presenta ningunha dificultade léxica nin estrutural para os primeiros lectores. Ademais, salientase “a musicalidade dos nomes, o gracioso das metamorfoses” e a calidade das ilustracións. Finalmente, coméntase a funcionalidade do volume.

Fernández, Paula, “Boubou e Baia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 150, “Infantil/Xuvenil”, 26 xaneiro 2006, p. VII.

Achega ao libro de Cyril Halun *Boubou e Baia* traducido ao galego en 2005 por Susana Lamela. Comeza describindo a serie e a colección na que se inscribe para, a continuación, presentar ao protagonista e ofrecer algunhas pinceladas da obra. Destaca a presenza do sentido da vista como fío condutor da narración e a importancia das ilustracións, cheas de cor e dinamismo. Segue cunha referencia aos distintos atractivos da obra, como “a xirafa elevadora” ou os valores de amor e respecto cara a natureza e os seus habitantes que se desprenden de cada páxina para favorecer a harmoniosa convivencia co medio.

Fernández, Paula, “De ratos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 151, “Infantil/Xuvenil”, 2 febreiro 2006, p. VII.

Achega á obra de Marisa Núñez *Rato Tom e Rata Tomasa* (2005), publicada por OQO, editora vencellada a Kalandraka. Comeza aludindo á vinculación da historia cun conto do folklore brasileiro “Dona Bartinha” e a recuperación de características propias da cultura galega. Logo de ofrecer unhas pinceladas sobre os aspectos formais do libro analiza a historia

matizando a diferenza que existe entre o final deste conto e o do conto de partida. Resalta o xogo que realiza a autora coas tradicións universais comúns a todas as culturas. Remata cunha referencia á dinamicidade e aos toques de humor que caracterizan o conto.

Fernández, Paula, “Con Lúa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 152, “Infantil/Xuvenil”, 9 febreiro 2006, p. VII.

En primeiro lugar Paula Fernández céntrase na colección de Kalandraka “Do berce á lúa”. Indica a qué lectorado vai dirixida, os títulos dos que até o momento está formada e as características de cada un deles. Logo de deterse nas características das ilustracións que acompañan estes volumes, analiza polo miúdo *Lúa* (2005), de Antonio Rubio e Óscar Villán. Destácase neste volume a presenza do xogos que “pon a proba a capacidade de atención e de concentración no texto para alguén non moi avezado na lectura” ou mesmo a súa sinxeleza.

Fernández, Paula, “Pé nos clásicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 153, “Infantil/Xuvenil”, 16 febreiro 2006, p. VII.

En primeiro lugar dise que é estraño atopar un texto tan arriscado como *A gata con botas*, de Ánxeles Cuña, xa que presenta un concepto de teatro pouco recorrente e que, por momentos, “roza o surrealismo”. Compárase esta obra co clásico conto de Perrault no que está baseado e cítanse algunhas das razóns polas que a peza resulta un “texto atractivo para ser representado” e “capaz de provocar moitas e diferentes interpretacións”. Finalmente, explícase porque esta obra obra pode ser un bo recurso para os docentes.

Fernández, Paula, “Contar e cantar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 154, “Infantil/Xuvenil”, 23 febreiro 2006, p. VII.

Comézase dicindo que o artigo é unha lembranza e homenaxe a María Victoria Moreno, escritora falecida pouco tempo despois da publicación do seu libro *Eu conto, ti cantas...* A continuación, e despois de sinalar que os contos de animais son en case todas as literaturas “unha das primeiras expresións literarias”, dá conta polo miúdo dos tres contos en verso dos que *Eu conto, ti cantas...* está composto: “Xa non teño medo”, “Can branco, can negro” e “Un cachiño de bica”.

Fernández, Paula, “Azul e Amarelo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 156, “Infantil/Xuvenil”, 9 marzo 2006, p. VII.

Coméntase o texto de Leo Tionni *Pequeno azul e Pequeno amarelo* (2005), que se define como un libro infantil interesante por tratar cunha historia simple a amizade e a diversidade. Resúmese o argumento, que conta, co apoio das ilustracións, a historia de dúas manchas, unha de cor azul e outra de cor amarela, que un día se xuntan nun forte abrazo e se converten nunha soa mancha de cor verde até que as bágoas volven convertelas en dúas manchas diferentes. Paula Fernández conclúe que se trata dun canto á aceptación das persoas de diferente cor e tamén á amizade.

Fernández, Paula, “Valentino, Valentino”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 158, “Infantil/Xuvenil”, 23 marzo 2006, p. VII.

Paula Fernández comeza lembrando que, malia seren poucos os contos que teñen como protagonistas a reis ou príncipes covardes, interesados no saber e na cultura, e medoñentos, estes existen en literaturas como a galega ou mesmo a etíope, como demostra o conto *Valentino* (2005), publicado en OQO Editora por Luísa Morandeira. A articulista, que destaca que a maneira en que está construído este conto non se diferencia moito da dos relatos da tradición oral galega, dá conta do argumento de *Valentino* e das ensinanzas que se poden extraer da súa lectura. Finalmente, sobrancéase o feito de que o textos sexan tamén un “instrumento lúdico capaz de facer pasar un bo cacho a quen le”.

Fernández, Paula, “Tomar a sopa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 159, “Infantil/Xuvenil”, 30 marzo 2006, p. VII.

Dáse conta da publicación de *27 historias para tomar a sopa* (2005), editado por Kalandraka, volume do que se di que foi creado e concibido coma un acompañamento desas comidas “máis difíciles”. Achégase o contido dos diferentes contos e os seus desenlaces, xeralmente, simples. Finalmente, sinálase que as ilustracións de Bernasconi acompañan uns contos de “moi doada lectura” que serven como “bo e educativo entretemento”.

Fernández, Paula, “Capacidade de relación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 161, “Infantil/Revistas”, 13 abril 2006, p. VII.

Análise do álbum de Liesbet Slegers *¿Onde estou?* (2005). Comeza examinando o formato do volume para logo centrarse no contido do mesmo nun intento de resaltar a súa proxección e pedagóxica e a importancia de desmantelar prexuízos machistas presentes aínda na literatura infantil. Remata cunha referencia ao seu carácter interactivo, á súa coidada estética e á composición gráfica.

Fernández, Paula, “Cos Bolechas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 157, “Infantil/Xuvenil”, 16 abril 2006, p. VII.

Paula Fernández fala do éxito da serie que ten como protagonistas aos irmáns Bolechas e céntrase no volume *Como nacemos* (2005) do que ofrece o argumento. Destaca que o autor relata o nacemento dos bebés dunha maneira “científica e plástica” e que para o dito non emprega “eufemismos” nin “infantilismos”. Considérase que o tema do nacemento chega da man “dunha familia de tirón nos rapaces” o que pode aumentar o interese dos receptores.

Fernández, Paula, “De encantamentos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 164, “Infantil/Xuvenil”, 4 maio 2006, p. VII.

Paula Fernández opina e explica que os contos de Sebastián Paz Suárez incluídos en *Contos de encantamentos* (2005) fan dubidar ao lector coñecedor da literatura oral sobre a súa autoría. Informa do número de contos incluídos no volume editado por Toxosoutos, dá conta das “premisas básicas da literatura popular presentes nel” e resume o argumento do primeiro dos relatos “que reflicte dalgún xeito o que vai a ser esencia do resto”. Para rematar, comenta as características das ilustracións, de Celtia Ponte, que acompañan os textos.

Fernández, Paula, “Con cores de amores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 165, “Infantil/Xuvenil”, 11 maio 2006, p. VII.

Comeza aludindo á evidente experiencia que Xabier P. Docampo amosa nas súas obras, concretamente no que atinxe á maneira de tratar “os sentimentos máis primarios dos seres”. Deténse en *De cores e de amores*, obra da que dá conta do argumento e na que o autor, segundo Paula Fernández, quere promover o cariño como algo necesario para a mellora da vida entre os seres humanos “grazas ao emprego dunha linguaxe estremadamente sinxela”. Resáltase o dinamismo presente na obra e apoloxía de sentimentos como o amor. Coméntase tamén a achega feita por Xosé Cobas na ilustración. Finaliza valorando o volume como “axeitado para primerísimos lectores”.

Fernández, Paula, “Reflexións existenciais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 168, “Infantil/Xuvenil”, 1 xuño 2006, p. VII.

En primeiro lugar coméntase que a Guerra Civil Española é un tema recorrente entre os escritores dos diferentes ámbitos lingüísticos españois que o adaptan ás características propias ou consecuencias dunha zona concreta. Malia o dito, afirma que esa recorrencia non atinxe á Literatura Infantil e Xuvenil, na que destaca neste senso a publicación de *Palabras de Pan* (2005), de Blanca Álvarez. Dáse conta do argumento e remátase afirmando que se trata dunha “novela marcada pola reflexión existencial e o ton lírico” e que é útil para que o lectorado máis novo coñeza acontecementos históricos relevantes.

Fernández, Paula, “Función lúdica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 169, “Infantil/Xuvenil”, 8 xuño 2006, p. VII.

Infórmase da publicación d’ *Un, dous, tres que ves?* (2005), de Nadia Budde, por Kalandraka Editora. Destácase que o volume presenta unha compoñente visual atractiva, certa dose humorística e un texto caracterizado pola presenza de repeticións e a sorpresa. A continuación, explícase polo miúdo a estrutura da obra e destácase a utilidade que esta conleva para o público ao que vai dirixida (acceso a un vocabulario de fácil comprensión, por exemplo). Tamén se sinala que, igual que outras obras, pretende mellorar a competencia lectora dos máis novos sen esquecer a función lúdica que “facilita esa aprendizaxe necesaria” para o desenvolvemento na vida.

Fraga, Xesús, “Gabarse dos nosos poetas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 192, “Letras en Galego”, 30 decembro 2006, p. 10.

Refírese á antoloxía *Poetízate* (2005), de Fran Alonso, da que afirma que se trata dun volume sen límite de idade que recolle unha visión “desenfadada e rebelde” do feito poético. Salienta a inclusión dunha introdución e dun epílogo que axudan a contextualizar os poemas e animan a ampliar as lecturas. Menciona tamén a cantidade de poemas recollidos, uns douscentos, de oitenta poetas diferentes que abarcan tres séculos e, finalmente, destaca a visión global da obra, que implica ausencias.

Freire, Xosé, “Unha metáfora actual. O lago das garzas azuis, poema narrativo de Pexegueiro”, *A Nosa Terra*, n.º 1.205, “Cultura”, 5-11 xaneiro 2006, p. 27.

Refírese a publicación do poema-conto *O lago das garzas azuis* (2005), de Alfonso Pexegueiro. Coméntase que a obra, que contara cunha primeira edición no ano 1994, ten como precedente *O ancián dos contos e da longa barba*. Destácase que nesta ocasión o protagonista principal é o mundo da infancia e que se amosa un mundo duro e cruel, pero solidario.

Freire, Xosé, “A bordo da nao Santa María”, *A Nosa Terra*, n.º 1.207, “Cultura”, 19-25 xaneiro 2006, p. 27.

Dá conta da entrega do Premio Merlín 2005 a Ramón Carredano pola súa obra *Unha branca de cobre para Martiño*. Analiza a obra centrándose na figura do protagonista grumete e os personaxes secundarios que o acompañan na súa viaxe na nao Santa María. Salienta a enxeñosa mestura de soño e fantasía que acompaña ao lector dende as primeiras páxinas do discurso a través da técnica da viaxe narrativa. Remata cunha alusión a outras obras que empregaron esta técnica e destaca o tremendo labor de documentación que o autor tivo que realizar para dar verosimilitude ao narrado, ademais de aludir ao apéndice en forma de nota do autor onde se segue mantendo vivo o misterio da procedencia temporal de Martiño.

Freire, Xosé, “Eu coñecín a Verne”, *A Nosa Terra*, n.º 1.208, “Cultura”, 26 xaneiro-1 febreiro 2006, p. 27.

Comeza facendo un breve repaso pola traxectoria profesional do escritor valenciano Paco Climent, mencionando os premios acadados no mundo literario. Segue introducindo a súa obra, *Cando Verne amarrou en Vigo*, traducida ao galego por Ignacio Chao e publicada pola editorial Tambre en 2005 na colección “Catavento”. Remata comentando os elementos narrativos desta novela de aventuras, salientando os datos verídicos e históricos nos que se basea a obra e que lle confiren un certo sesgo didáctico, entre eles, a visita de Xulio Verne a Vigo, as descrições da viaxe en tren, da cidade, do barrio do Berbés, etc. Todos eles serven de armazón á aventura que tres adolescentes e un arqueólogo van a emprender para salvar o tesouro dos galeóns de Rande.

Freire, Xosé, “Poesía para sentir”, *A Nosa Terra*, n.º 1.229, “Cultura”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 27.

Antes de se referir á antoloxía de poemas galegos realizada por Fran Alonso, *Poetízate* (2005), cita as obras do narrador, poeta e editor. A seguir, fai fincapé no limiar, onde se expoñen os obxectivos desta escolma que busca establecer unha nova relación entre o poema e o destinatario a través do equilibrio entre a linguaxe e o léxico, a estrutura e as imaxes. Finalmente menciona os autores que se recollen na antoloxía.

García, Rodri, “Poetízate”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 162, “Letras en galego”, 27 maio 2006, p. 10.

Aproximación ao volume *Poetízate*, editado e compilado en 2005 por Fran Alonso, que supón unha achega ao mundo da lírica a través dun poemario de versos galegos de diversos autores, dende Rosalía ou Pondal até Daniel Salgado e Antía Otero. Trátase dun libro, como ben se indica, dirixido a calquera posíbel lector, a modo de “guía de iniciación á lírica”. Despois de explicar a intencionalidade do libro, recolle algúns dos poemas que neste aparecen, entre eles, un anaco de textos de Celso Emilio Ferreiro, de Alfonso Pexegueiro, de Francisco X. Fernández Naval ou de Luis Pimentel. Remata o comentario aludindo ao epílogo do volume, escrito polo mesmo Fran Alonso, que aínda que considera prescindíbel, axuda ao entendemento desta antoloxía.

Loureiro, Ramón, “O mellor Carlos Casares, tamén para nenos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 143, 7 xaneiro 2006, p. 143.

Achega ao conto de Carlos Casares, *O can Rin e o lobo Crispín*, que saíu á luz orixinalmente no ano 1983 e que a editorial Galaxia recupera, en tapa dura, na colección “Árbore”, nun volume deseñado por Fausto Isorna que conserva as ilustracións orixinais de Pedro de Llano. Salienta as excelencias narrativas desta obra que cualifica de excelente lectura para os nenos e para os que non son tan nenos pero que gustan da obra de Casares, xa que na obra, como se nos di, aparecen moitos ecos do universo literario casariano, entre eles, o mundo do marabillioso no que nada sorprende aos personaxes. Así mesmo, ofrece un resumo argumental da historia que ten como protagonista a un can xa vello, con variadas cualidades, que vén dar a Galicia como regalo para o bispo ourensán e, a quen, a partir dese momento, lle sucederán varias aventuras.

M.B., “David Rubín. No oso malaio hai máis tenrura”, *A Nosa Terra*, n.º 1.247, “Fin de semana”, 7-13 decembro 2006, p. 31.

Con motivo da publicación do álbum *La tetería del oso malaio* por parte da editora vasca Astiberri, David Rubín fala nesta breve entrevista deste proxecto, destacando que nel hai máis espazo para o humor e a tenrura que en obras anteriores. Fala tamén da súa participación na longametraxe *O espírito do bosque*, en Dygra, sinalando que se atopa moi avanzada e que se prevé que a estrea teña lugar a finais de 2007. Defínea como unha comedia de terror que tira dos personaxes d’*O bosque animado*, aínda que non está concibida como a segunda parte desta.

Navarro, María, “Entre nais e fillos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 148, “Infantil/Xuvenil”, 12 xaneiro 2006, p. VII.

Comentario sobre a tradución ao galego realizada por Ignacio Chao da obra de Guido van Genechten *¿Por qué, mamá?* (2005). Comeza presentando o argumento do libro. A continuación, fai referencia ás características do volume, ao seu formato desplegable e, xa centrándose na súa análise formal, subliña a sinxeleza da linguaxe coa que se transmite unha historia na que os pequenos proxectan os medos nun proceso de aprendizaxe continua, ademais da forma na que o contido se reflicte de forma plástica no movemento dos personaxes. Remata enfatizando o valor da obra.

Navarro, María, “Por narices”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 149, “Infantil/Xuvenil”, 19 xaneiro 2006, p. VII.

Reseña do traballo de Paco Liván, *Manda narices!* (2005), publicada pola OQO Editora na súa colección “Contos a pedir de boca”, no intento de dar a coñecer relatos doutras culturas. Nesta ocasión Paco Liván adapta para o galego unha manifestación literaria popular do Canadá, ilustrada por Iván Prieto empregando a técnica da colaxe e enriquecendo a interpretación da lectura do texto. Logo de mencionar que esta historia presenta todos os ingredientes típicos dos contos clásicos de tradición popular, tanto en estrutura, desenlace e contido como en temática, personaxes, espazo e tempo, ofrece un resumo argumental da historia, protagonizada por tres irmás que posúen un pote vello e unha culler de pau con máis valor do que parece, pero que lles é roubado por un príncipe a través de enganos. A maxia fai acto de presenza na figura dunhas árbores con poderes que lles axudan a recuperar o que é seu por herdanza e a vingarse do avaricioso príncipe. María Navarro conclúe valorando positivamente a obra como un conto ameno e divertido que intenta transmitir ao lector valores positivos.

Navarro, María, “Pan secreto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 150, “Infantil/Xuvenil”, 26 xaneiro 2006, p. VII.

Comentario da obra de Pepe Cákamo *O segredo do Pan* (2005). Logo de presentar o argumento da historia fala do proceso da súa creación a partir dun feito real e incide na mestura de sensacións, impresións e emocións en forma de fermosas narracións, todas elas caracterizadas pola presenza de ritmo e musicalidade. Remata comentando a dobre lectura que o texto suscita: as virtudes dun alimento básico como lectura superficial e, unha máis profunda, o proceso de descubrimento da protagonista da concepción vital.

Navarro, María, “Desde Labirinto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 151, “Infantil/Xuvenil”, 2 febreiro 2006, p. VII.

Comentario sobre a obra *Nun lugar chamado labirinto* (2005), de Ánxela Gracián. Contextualiza o texto facendo referencia nun primeiro momento á editorial e ofrecendo breves pinceladas sobre o tema, que a continuación desglosa, nunha análise que comeza por resumir

o contido e que, de seguido, profundiza nos temas da morte e o seu tratamento na historia. Remata enfatizando a súa importancia polo seu carácter suxestivo na filosofía vital de búsqueda do interior.

Navarro, María, “Crunia, Coruña”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 153, “Infantil/Xuvenil”, 16 febreiro 2006, p. VII.

María Navarro lembra que a miúdo se bota man da mitoloxía para recrear literariamente o nacemento de cidades, a aparición dun personaxe marabilloso, etc. e pón como exemplo do dito a publicación de *Hércules e Crunia*, de José Antonio Abad, ilustrado por David Pintor. A articulista fai unha paráfrase do contido deste relato e destaca que a animación literaria pode “chegar a crear un sentimento de orgullo” pola pertenza a unha mesma comunidade. Finalmente, sobrancéase que grazas a este relato o lectorado agardado pode coñecer a figuras míticas da Antiga Grecia como son Hércules ou Xerión. Afírmase que se o texto provoca a curiosidade pola Antigüidade Clásica no lector as expectativas creadas sobre un texto como *Hércules e Crunia* quedarían sobradamente cubertas.

Navarro, María, “Espazos prohibidos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 154, “Infantil/Xuvenil”, 23 febreiro 2006, p. VII.

Infórmase de que o título co que Itziar Ezquieta Llamas se inicia no mundo da ilustración é *O cuarto prohibido* (2005), adaptación dun conto popular castelán. A seguir, e logo dalgún apuntamento biográfico da ilustradora, dáse conta da temática tratada no libro e que xa é coñecida “en boa parte da tradición europea”. Faise un resumo da historia contada por Ezquieta que “resulta certamente arrepiante”, pero que finalmente “non podía acabar mellor”. Para rematar, valórase positivamente a unidade entre o texto e a ilustración.

Navarro, María, “No corazón da ternura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 155, “Infantil/Xuvenil”, 2 marzo 2006, p. VII.

María Navarro inicia a noticia afirmando que *Oito días, oito contos* (2005), de Clementina Vidal Caramés, é “unha verdadeira incursión no corazón da ternura”. A seguir, comenta cál puido ser a idea base do libro, indica quen o ilustra, así como quen o edita. Navarro achégase ao contido dos contos de Clementina Vidal Caramés e di a quen está dedicado o volume. Finalmente, fálase do que aparece reflectido nestes contos da autora.

Navarro, María, “Tolo na ría”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 156, “Infantil/Xuvenil”, 9 marzo 2006, p. VII.

Achega ao “poema-relato” de Juan Farias *Tolo na ría*. Logo de aludir á colección á que pertence analiza o contido do mesmo sendo o protagonista e a súa loucura o principal foco de atención. Ofrece un repaso polo argumento do texto e salienta o illamento e a soidade de alguén “que está cos demais sen estar”. Remata aludindo á estrutura en catro partes, para dar

conta dos distintos momentos que marcan a vida dun tolo. Finalmente, alude ao tratamento deste tema noutras obras como *A sombra do mestre*.

Navarro, María, “De fantasmas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 158, “Infantil/Xuvenil”, 23 marzo 2006, p. VII.

Reseña do traballo de Agustín Fernández Paz, *Fantasmas no corredor* (2004), publicada pola editorial Xerais na súa colección “Merlín”. En primeiro lugar, reflexiona sobre a especial sensibilidade deste autor para narrar o mundo que nos rodea dende a perspectiva dos máis pequenos, un mundo onde todo é posíbel. Amosa, de seguido, o argumento da obra, que ten como punto de partida o cambio de domicilio de Mariña e a súa familia a unha casa máis grande e antiga. Despide o comentario, reiterándose nos logros do libro en base ás constantes que artellan a obra agustiniá: a protagonista feminina, a familia ideal, a madurez dos personaxes para enfrontarse a situacións adversas, e unha coidada e sinxela linguaxe, que captarán a atención do lector.

Navarro, María, “Axudas inagardadas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 159, “Infantil/Xuvenil”, 30 marzo 2006, p. VII.

Aproximación ao contido do libro de Xavier López Rodríguez, *O aliado inesperado* (2005), publicado pola editorial Alfaguara-Obradoiro. Despois de ofrecer un breve argumento da obra, que narra, a modo de lembranza, a vida de Salvador Bouzas, o último habitante da aldea Carballal, que ten como compañeiro inesperado a un lobo que cura das graves feridas nunha pata causadas por un lazo de aceiro, María Navarro salienta a constante volta ao pasado do protagonista, un pasado triste e desolador, pero tamén agradábel, cando recorda a infancia e adolescencia. Remata referíndose por un lado, á simboloxía do lobo dentro da novela; por outro, á temática de corte social da mesma.

Navarro, María, “Infinda historia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 159, “Xuvenil/Revistas”, 6 abril 2006, p. VII.

Recensión do volume que a editorial A Nosa Terra publica dentro da colección “Contos de Miño”. Trátase d’*A historia infinda* (2005), de Pablo Sepúlveda, con ilustracións de Pepe Carreiro. Logo de facer un breve resumo da obra que ten na morte do xuíz Xosé Oliveira o desencadeante dunha serie de acontecementos nunha casa encantada, refírese ás características formais do conto, salientando a tensión narrativa, o final inacabado que fai partícipe ao lector para rematar a historia, e as ilustracións que parecen contribuír a crear a atmosfera de imprecisión que domina o texto. Finalmente, reflexiona sobre a incoherencia que existe entre o formato-deseño e a colección, por un lado, e o público lector ao que se supón que vai dirixido, por outro.

Navarro, María, “Fiar de crocodilo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 157, “Infantil/Xuvenil”, 16 abril 2006, p. VII.

Análise da obra de Iván Suárez *Palabra de Cocodrilo*. Comeza cunha alusión á orixe do conto vencellada a un país de África Occidental e cunha referencia ao poder revelador anticipatorio do título en canto á alusión da relación entre o home e o animal. Logo de lembrar o argumento destaca o poder do discurso para invitar á reflexión sobre o poder, por un lado, da natureza e as súas leis de equilibrio e, por outro, a posición de superioridade do home e a destrución que este fai do medio ambiente na súa procura de benestar. Remata cunha referencia á importancia da obra na toma de conciencia do lector sobre a conservación do planeta.

Navarro, María, “Para non comer”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 162, “Infantil/Revistas”, 20 abril 2006, p. VII.

Comeza a noticia dando conta da publicación de *Conto para non comer*, de Oli, na editorial Galaxia trescentos sesenta e tres anos despois da morte de Galileo Galilei. María Navarro achégase ao argumento do libro e afirma que o conto que se publica na colección “Árbore” e que está ilustrado por Andrés Meixide presenta unha realidade “inxusta” e “patética”. Logo de dar algunha característica das ilustracións de Meixide, sinala a qué lectorado vai dirixido o texto e considera que con el se amosa aos cativos que poden acadar o que se propoñen con calquera excusa, actitude que a articulista rexeita e que deixa que xulgue cadaquén, pois deixase aberta a posibilidade de que a actuación da familia poida intervir na recepción da historia.

Navarro, María, “Mamá Raquel”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Infantil/Xuvenil”, n.º 165, 11 maio 2006, p. VII.

Comeza facendo un exercicio de reflexión sobre a capacidade imaxinativa dos máis pequenos, para conducir a quen le inmediatamente ao mundo do libro *¡Que medo, mamá Raquel!* (2005), de Agustín Fernández Paz, no que os dous nenos protagonistas, que pode ser calquera lector, dan renda solta á súa fantasía un venres pola noite que quedan sós na casa e se vai a luz. Vivirán experiencias perigosas onde a realidade e a fantasía van da man e se mestura a tradición coa modernidade, o conto popular coa invocación futurista. Remata comentando o novidoso do formato no que se presenta a historia: as ilustracións, de Fran Jaraba, a modo de gran viñeta por páxina que se complementan cun texto sinxelo e coidado. Finalmente, cualifica de interesante e atractivo o libro no que volven a aparecer as constantes da narrativa agustiniá.

Navarro, María, “Recepción entretida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 168, “Infantil/Xuvenil”, 1 xuño 2006, p. VII.

Dá conta da publicación do libro *O pequeno da familia fantasma*, de Pinto&Chinto e informa do seu argumento. Finalmente, dise a editorial e a colección na que se inclúe esta historia de Carlos López e David Pintor, dirixida “basicamente aos primeiros lectores”, e dáse conta dos elementos que aseguran “unha entretida recepción”: tipo de letra, brevidade do texto e coloridas ilustracións.

Navarro, María, “Branças de cobre”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 169, “Infantil/Xuvenil”, 8 xuño 2006, p. VII.

En primeiro lugar lémbrese que a obra gañadora da vixésima edición do Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil foi a novela *Unha branca de cobre para Martino* (2005), de Ramón Carredano Cobas. A seguir, dáse conta brevemente da historia que ten como protagonista a Martiño, un neno de trece anos, e destácase nela, por exemplo, o feito de achegarlle ao lectorado datos históricos “útiles para estar no mundo”, así como apuntamentos sobre unha maneira de vivir especial. Finalmente, María Navarro valora positivamente a obra por amosar unha realidade interesante, por presentar unha forma de elocución que chega ao lector, por acoller unha temática substancial tratada dende un punto de vista literario e lingüístico que fascina ao público ao que vai dirixido.

Nicolás, Ramón, “Poetízate”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 162, “Libros”, 20 abril 2006, p. V.

Concisa aproximación ao libro *Poetízate*, publicado por Xerais, do que sinala que é unha antoloxía da poesía galega compilada por Fran Alonso, nun intento de achegar a poesía á mocidade ou a aqueles que até o de agora non se achegaron ao xénero lírico. O volume preséntase como unha magnífica ocasión para ensinar a ler poesía e a entendela, así como para presentar unha escolma da poesía galega dende o século XIX até a actualidade, con escritores recoñecidos como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Manuel Acuña, Álvaro Cunqueiro, Ramón Cabanillas, entre outros. Explica os criterios seguidos por Fran Alonso no seu labor de antólogo á hora de amosar unha variedade epocal, autorial, de estilos e temática. Atende, finalmente, ao limiar e epílogo do libro, que considera imprescindíbeis neste caso, dado que o autor explica alí a intención e as expectativas do seu traballo. Conclúe, de feito, a súa análise citando as palabras escritas por Fran Alonso no limiar, referidas á intención de entusiasmar ao lector “nas garras da poesía”.

R.M.C., “Domingo Tabuyo aposta polo xénero infantil e xuvenil coa obra *A viaxe de Vionta*”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Literatura”, 18 novembro 2006, p. 31.

Con *A viaxe de Vionta* (2007), ilustrada por Manuel Uhía, Domingo Tabuyo debuta na literatura dirixida a un público infantil. Sinala que se trata dun “canto á imaxinación e á fantasía redactada con humor e que destaca aspectos como a solidariedade, a cooperación e a amizade como elementos fundamentais para saír adiante tras unha situación inesperada”, como a que se encontra a protagonista. Achega a súa trama argumental e recolle declaracións de Tabuyo, quen expresa que este título é “un empeño persoal”, pois tiña moito interese en dirixirse a este sector do público, que pode motivar en favor da lectura ou outorgarlle un toque de fantasía e imaxinación. Faise eco das publicacións deste autor arousán, quen tamén se manifesta sobre a forma de escrita para a infancia e considera a literatura como un “exercício de comunicación e unha forma de relacionarse cos demais”.

Romero, Marga, “Garzas azuis”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 152, “Libros”, 9 marzo 2006, p. V.

Comentario do libro de Alfonso Pexegueiro *O lago das garzas azuis* (2005). Comeza alundindo ao poder das ilustracións da obra, realizadas por Xosé Freixanes, e dos paratextos que o acompañan: o prólogo de Joaquín Ruíz Jiménez Cortés, a dedicatoria do autor e o apartado “post-scriptum”. Logo analiza o tratamento da figura do neno nas distintas partes do libro centrándose de forma especial en “A prensa do conto”. Refírese tamén aos artigos recollidos sobre Dora e Pura Vázquez e a unha carta de Pérez Montalbán, xa que considera singularizan a edición obxecto de análise. Fai alusión á recepción da primeira edición da obra e remata salientando a conciencia de denuncia que esta representa.

S.J., “A antoloxía Poetízate achega aos mozos a lírica de Galicia”, *El Progreso*, “Cultura”, 26 febreiro 2006, p. 81.

Infórmase da publicación dunha antoloxía para rapaces, realizada por Fran Alonso, que acolle poemas de arredor de oitenta autores e autoras galegos de todos os tempos. Recóllense as palabras do editor de *Poetízate* (2005) nas que fala do tipo de poemas que seleccionou; das indicacións que incorporou para facilitar a comprensión dos textos; da importancia de que o lectorado novo se achegue á poesía; do obxectivo da antoloxía, etc.

Valcárcel, Xulio, “Outra antoloxía”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, “Páxina literaria”, 23 xullo 2006, p. 4.

Recoñece que as antoloxías son obras de gran valía porque permiten achegar a poesía a persoas que doutra forma nunca o farían e que, por outra parte, teñen moita importancia porque contribúen á canonización literaria. No caso da obra de Fran Alonso, *Poetízate* (2005) sinala que implica unha importancia especial, porque o seu propósito é o de achegar a lectura da poesía á sociedade en xeral procurando que esta goce dunha lectura pracenteira. Alude tamén aos poemas recollidos na antoloxía, que recolle poemas dende Rosalía de Castro até a actualidade.

Ventoso, Luís, Jesús Fraga e Marta Otero (coords.), “La Literatura Infantil y Juvenil conquista su espacio”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 178, 16 setembro 2006, pp. 7-10.

Especial do suplemento *Culturas* dedicado á Literatura Infantil e Xuvenil con motivo da celebración do encontro anual dos membros da Red Temática do Marco Ibérico celebrado en Santiago de Compostela. Contén os seguintes artigos:

- C.P., “La Literatura Infantil y Juvenil reivindica su lugar científico”, pp. 8-9.

Recóllense os retos, obxectivos e proxectos que pretende desenvolver a Red Temática de Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico, constituída en 2004 por membros de distintas universidades do Estado español e de Portugal e liderada dende a Universidade de Santiago

por Blanca-Ana Roig Rechou. Apúntase que os dezasete membros desta Rede estudan a produción, recepción e os tipos de mediación da lectura de textos e imaxes para nenos e mozos, e entre os seus retos cóntanse dar a coñecer nos ámbitos educativos, sociais e investigadores os modos de coñecemento que ofrece a literatura infantil e xuvenil como espazo de creatividade, tolerancia e entendemento, así como incidir na importancia destas creacións e no seu atractivo. Menciónanse tamén obxectivos como o intercambio de experiencias entre docentes e investigadores españois e portugueses, a vertebración dunha comunidade científica na área infantil e xuvenil, e a elaboración dun mapa sobre os problemas relacionados coa formación lectora co fin de mellorar os plans nacionais neste campo. Entre as reclamacións máis urxentes desta Rede cítase a necesidade de que a materia de Literatura Infantil e Xuvenil sexa obrigatoria nas carreiras de Maxisterio, Ciencias da Educación, Filoloxía, Biblioteconomía, Documentación, Educación Social e Ciencias da Comunicación e da Información, con programas de investigación nacionais e europeos, centros de estudo e cursos de formación e posgraos específicos. Resúmense as opinións de Blanca Roig a este respecto, apuntando que aos mediadores non saben qué ofrecerlles aos cativos e que os estudantes, futuros mediadores, descoñecen a evolución desta literatura e as temáticas e xéneros que existen. Sinala que está convencida de que esta Rede ha servir para que a Literatura Infantil e Xuvenil dea o salto e supere o desfase e as carencias que a caracterizan en relación coa literatura para adultos. Cuestiona tamén as accións existentes destinadas a promover a lectura, pois “están montadas como espectáculos, cando a lectura non deixará de ser nunca un acto individual e íntimo” e na escola non se diferencia entre a lectura relacionada co traballo e a formación lectora. Finalmente, salientase que no curso celebrado en colaboración coa Biblioteca Nova 33 de Caixa Galicia, a Rede presentou un estudo monográfico publicado por Edicións Xerais, que achega un conxunto de reflexións e comentarios elaborados por especialistas arredor dunha selección de obras relacionadas co multiculturalismo e as identidades permeábeis.

- C.P., “El estigma del libro para niños es su vinculación con la escuela”, p. 9.

Entrevista a Teresa Durán, escritora e investigadora da Universidade de Barcelona, pertencente á Red Temática de Literatura Infantil y Juvenil del Marco Ibérico (LIJMI). Sinala que os maiores problemas desta produción son a primacía de criterios económicos sobre os literarios e humanistas e a falta dunha vontade política clara de apoio, sobre todo, ás linguas minorizadas. Salienta tamén a excesiva dependencia da literatura infantil da escola, confundida por veces co libro de texto, e a escaseza de visibilidade ante os sectores sociais e políticos, así como a perda do valor da intimidade nunha sociedade na que a lectura perde adeptos entre os mozos porque a apropiación de códigos públicos é prioritaria.

- Jesús Flores, “De las aventuras de Salgari a temas tabúes”, p. 9.

Reflexiona Jesús Flores sobre o feito de que até hai medio século a división entre literatura xuvenil e para adultos non existía, xa que os lectores de calquera idade gozaban con autores como Emilio Salgari, Dickens, Stevenson ou Verne. Apunta que nos últimos congresos dedicados ao xénero coincidiuse en definir a Literatura Infantil e Xuvenil só a obra literaria escrita por un adulto e lida por nenos e adolescentes, e tamén, nun senso amplo, obras cuxos autores non se dirixiron particularmente a un perfil de lector e que con todo tiveron na infancia a súa principal fonte de lectores. Cita os casos d’*O principião* de Saint-Exupéry, que lles pide perdón aos nenos por ter dedicado o libro a unha persoa maior; ou o de *Platero y yo*,

de Juan Ramón Jiménez, que autorizou a edición xuvenil da obra malia aclarar no prólogo que non é un libro para nenos porque consideraba que estes podían ler os libros que lían os homes. Entre os temas tabús na literatura infantil menciona a morte, a homosexualidade, a pederastia, o adulterio ou o incesto, enfermidades, minusvalías, etc., aspectos que nos últimos anos van mudando. Apoia esta afirmación citando obras como *Memorias de una gallina*, de Concha López Narváez, que aborda a identidade sexual nos primeiros anos; *La niña que aprendía los nombres*, de Carlos Murciano, ou *Falso movimiento*, de Alejandro Gándara, nas que aparece a morte; *Morirás en Chafarinas*, de Fernando Lalana, onde aparecen cuestións relacionadas coa homosexualidade; ou *No pidas sardina fuera de temporada*, de Andreu Martín e Jaume Ribera, que aborda a pederastia.

- Isabel Mociño, “Análise dunha expresión cultural”, p. 9.

A profesora universitaria e secretaria da Red Temática de Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico (LIJMI), Isabel Mociño, refírese aos alicerces que sustentaron a creación deste proxecto, concibido como unha estrutura que establece camiños polos que circule a información susceptible de análise das deficiencias da literatura infantil. Salienta que dende a concepción das teorías sistémicas, a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) convértese nunha expresión cultural máis coa mesma consideración que a literatura sen adxectivos, de aí a necesidade de dispoñer de estudos sobre ela realizados con rigor científico. Entre os obxectivos deste Rede menciona a necesidade de deseñar un mapa da situación actual e de propostas dirixidas ás institucións, así como de paliar a falta de formación dos mediadores. Finalmente, apunta a necesidade de crear centros de investigación, potenciar convocatorias de proxectos e realizar publicacións analíticas e teóricas, como unha historia comparada da LIX que favoreza o coñecemento das semellanzas e das diferenzas destas literaturas.

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Aneiros, Rosa, “O salón das marabillas”, *Diario de Pontevedra/El Progreso/Galicia Hoxe*, “Opinión&análisis”/“Nove ondas”/“Calidoscopio”, 7/8 febreiro 2006, p. 30/ 27/ 6.

Saúda a celebración do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, ao que define como “o salón das marabillas”, dedicado nesta edición á natureza. Menciona todos os personaxes que circularán polo Pazo da Cultura e tamén actividades como as sesións de contacontos, os obradoiros e os espectáculos teatrais e musicais, todos eles creados co obxectivo de “dar vida aos libros, para que o pracer íntimo de ler sexa, por unha vez, algo compartido”.

Aneiros, Rosa, “Poetízate”, *Diario de Pontevedra*, “Nove ondas”, 21 marzo 2006, p. 30.

Saliéntase a importancia da poesía no mundo actual, concretamente no Día Internacional da Poesía, e recomenda o libro *Poetízate* (2005), de Fran Alonso, editado por Xerais, como unha porta de saída deste mundo baleiro de significados.

Aneiros, Rosa, “Poetízate”, *Galicia Hoxe/El Progreso*, 22 marzo 2006, p. 6.

Comeza reproducindo distintos versos especialmente de Rosalía de Castro e salientando que a poesía debería ser no Día Mundial da Poesía a única linguaxe que se empregara. A continuación, recomenda como lectura a obra *Poetízate* (2005), de Fran Alonso por ser unha “incursión destemida no mundo sempre tan etiquetado da poesía”. Destaca a variedade de voces poéticas e de temáticas que recolle, á vez que “refuga de cursilerías e de derrotas á beleza vacua”.

Caneiro, Xosé Carlos, “De luz, digo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 147, “Letras en galego”, 4 febreiro 2006, p. 10.

Repasa algunhas iniciativas da cultura galega. En primeiro lugar, detense na iniciativa de Tucho Calvo e Carmela González, Biblos, que considera unha boa alternativa de lectura. De seguido, céntrase na novela de Luís Rei Núñez, *Toda a vida*, da que só critica o exceso de linguaxe coloquial, na de Xabier Paz, *Follas de bacallau*, na que destaca a pegada das lecturas do autor, e en *Viva o Fu Remol*, de Pedro Feijoo Barreiro. A continuación, destaca a iniciativa de Xerais de convocar un novo premio dirixido á literatura xuvenil e pregúntase se é posíbel diferenciar para qué idade escribe un autor. Remata aludindo ao salón do libro infantil de Pontevedra, no que destaca o labor da editorial Kalandraka.

Caneiro, Xosé Carlos, “No corazón das tebras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 154, “Letras en galego”, 25 marzo 2006, p. 13.

Comeza facendo referencia á celebración do encontro “O escritor e os medios de comunicación”, que tivo lugar en Vigo, auspiciado polo PEN Clube e Caixanova. Considera que malia ser o escritor en si un medio de comunicación, non sempre as súas mensaxes chegan aos receptores. Por iso destaca a importancia de socializar e difundir a poesía como fixo Fran Alonso en *Poetízate* (2005). Reflexiona sobre a figura dos poetas, desligándoos da imaxe de malditos e sinalando que están en calquera parte. Tamén fai referencia ao poemario *E*, de Manuel Outeiriño, autor ao que considera un poeta periférico, ao que le habitualmente e que se caracteriza polo seu hermetismo. Finalmente, lembra deste autor títulos como *Letras vencidas* ou *Depósito de espantos*.

Caneiro, Xosé Carlos, “Outono adentro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 177, “Letras en Galego”, 9 setembro 2006, p. 10.

Co gallo da entrada dunha nova tempada, fálase das novidades editoriais no estado e da literatura galega, da que toma como paradigma a Literatura Infantil e Xuvenil. A continuación, faise referencia aos novos libros galegos e alúdese a López Barxas e á creación dunha sección de literatura no *Telexornal*. Tamén se subliñan as novas apostas literarias da TVG, con Yolanda Castaño ou *Libro Aberto*. Como estrea nas librarías alúdese a *Laio polo irmán ausente*, de Alonso Montero. Finaliza tratando o tema da memoria e da novela no período outonal.

Casalderrey, Fina, “A M^a Victoria Moreno, in memoriam”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 febreiro 2006, p. 35.

Carta dirixida a M^a Victoria Moreno na que Fina Casalderrey lembra á autora evocando aspectos da súa personalidade e da amizade que as uniu. Salienta o seu compromiso e a importancia da autora como mestra de diferentes xeracións, así como vivencias compartidas. Explicálle que se clausurou o Salón do Libro Infantil de Pontevedra, no que se lle rendeu unha homenaxe que lle tería gustado moito, pois os nenos participantes fixérona moi entrañábel.

Conde, Alfredo, “¿Literatura para nenos?”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 xaneiro 2006, p. 4.

Comeza o autor preguntándose o que é a literatura para nenos, referíndose á súa propia experiencia como lector infantil e adulto e chega á conclusión que a literatura é unha arte que hai que entender, sen distincións de adultos ou nenos. A reflexión vén porque Alfredo Conde confesa estar lendo unha obra dirixida á infancia, *Tonecho de Rebordechao* (2005), de Breogán Ribeiro, gañadora do Premio Raíña Lupa. Destaca que é unha boa obra, que consegue “prender” ao lector e na que se conta a historia dun neno que vive cos avós nunha aldea. Remata recomendando a súa lectura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, “Poetízate’: unha antoloxía oportuna”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 17 febreiro 2006, p. 3.

Alúdese á antoloxía *Poetízate*, publicada en Xerais en 2005 da man de Fran Alonso. Esta obra escolma 79 autores e hai que lles sumar un colectivo poético. Estes escritores van dende Rosalía de Castro a Antía Otero. O obxectivo é, en palabras do autor, “rachar cos tópicos sobre a lírica”. Fernán Vello destaca que a poesía é a verdadeira educadora no gusto literario e pode contribuír ao descubrimento profundo do idioma, por iso é preciso “poetizar” a sociedade galega.

Fernández, Erea, “Son do deporte da boa mesa e do bo viño”, *El Progreso*, “La buena vida”, 12 agosto 2006, p. 7.

O escritor Paco Martín considérase nesta conversa como un semiurbanita da cidade de Lugo e, con referencia á súa literatura, sostén que se inspira na calor e no frío, considérase un contista ou un contacontos do día a día e opina que *Das cousas de Ramón Lamote* é a súa obra á que lle ten un agradecemento e cariño especial.

Jaureguizar, “Literatura para adultos”, *Galicia Hoxe*, “Ollo mol”, 6 setembro 2006, p. 5.

Refírese á celebración do Curso de Perfeccionamento “As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora”, que organizan conxuntamente a USC (Universidade de Santiago de Compostela) e a Fundación Caixa Galicia e destaca que nel participan algúns dos mellores escritores da Península a pesar de que “ninguén se vai decatar”. Sinala que se se tratase de “literatura para adultos” todos os participantes figurarían nos informativos e na prensa. Atribúe este feito a que a LIX e a literatura para adultos viven de costas, a pesar de que no caso galego “os nosos mellores novelistas son os de LIX”, xa que dominan as técnicas básicas a pesar do seu escaso recoñecemento.

Loureiro, R., “Unha voz para as letras do futuro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 146, 28 xaneiro 2006, p. 14.

Sinala que ao gañador do último Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova, Daniel Ovalle, lle gustan tanto o cine, a música, a arquitectura como a literatura. Refírese á obra *Ladrón de luva branca* (2005), que cualifica como “redonda”. Di que esta é unha grande historia e que está ben contada. Subliña a axilidade da prosa e celebra as ilustracións de Óscar Villán.

Matamoros, José, “El consenso migratorio se gesta en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 7 setembro 2006, p. 15.

Dentro desta sección na que se dá conta de diferentes noticias relacionadas con Compostela, infórmase do remate da terceira edición do Curso de Perfeccionamento e Formación Continua da USC (Universidade de Santiago de Compostela) “As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora”, na sede da Fundación Caixa Galicia, así como de quen foi o encargado de pechar o acto.

Neira Vilas, Xosé, “Verne en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 22 xaneiro 2006, p. 2.

Comézase sinalando que se cumpriron cen anos da morte do novelista francés Julio Verne (1828-1905) e que o Salón do Libro Infantil e Xuvenil, organizado polo Concello de Pontevedra, ten unha das salas destinadas ao escritor. Destácanse os seus títulos máis coñecidos, como *Vinte mil leguas de viaxe submarino* e *Miguel Strogof*, e a seguir informa de que, en Vigo, o Museo do Mar dedicoulle unha exposición conmemorativa, debido a que Verne estivo na cidade co seu iate “Saint-Michel III”. Entre outros aspectos, ofrécese unha gran información sobre a súa relación con Galicia. Finalízase afirmando que é moi importante que se lembre ao escritor aquí.

Neira Vilas, Xosé, “Literatura infantil”, *El Correo Gallego*, “Arredor do mundo”, 13 agosto 2006, p. 2.

Reflexión sobre a literatura infantil galega na que o autor comeza referíndose á súa propia obra. Lembra que en 1961 publicou *Memorias dun neno labrego*, novela con protagonista infantil e empregada nas escolas, pero da que confesa que non é un libro para nenos. Sinala que a súa primeira obra dirixida á infancia foi *Cartas a Lelo* (1971), á que seguiron logo títulos como *Espantallo amigo* e *A marela Tarabela*, entre outras. Comenta que tanto el como Anisia Miranda aprenderon o que é a literatura infantil a través do traballo co pedagogo Herminio Almendros en Cuba e lembra cómo nos anos sesenta se puxo en contacto con Francisco Fernández del Riego para transmitirle a necesidade dunha literatura infantil en lingua galega. Sinala algúns dos primeiros títulos da editorial Galaxia e destaca a mellora substancial que experimentou esta literatura até a actual situación.

Suárez Abel, Miguel, “Nenos e libros en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 10 febreiro 2006, p. 35.

Salienta que acontecementos como a celebración do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra dan pé á esperanza, non só pola calidade dos invitados, entre os que se conta a presenza de Ana María Matute, senón tamén pola posta en escena, a súa repercusión exterior e a alta participación dos nenos e mozos. Afirmar que nestes días o Pazo da Cultura outórgalle protagonismo aos libros e converte a palabra na raíña das aventuras. Menciona os traballos realizados polo colexio Vidal Portela dedicados á desaparecida María Victoria Moreno, así como os murais e as pinturas do alumnado doutros moitos colexios e institutos. Conclúe que se trata dun Salón “que debe encher de satisfacción ós centros de ensino, ós participantes e a toda Pontevedra, pois nenos e libros son os mellores embaixadores e para calquera cidade. Ademais, por descontado, que os nenos e mozos estudantes se impliquen de tal xeito nunha actividade de tal categoría fai presaxiar as mellores garantías para a continuidade desta excelente iniciativa”.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 21 febreiro 2006, p. 59.

Faise unha crítica positiva do limiar que precede á nova antoloxía de poesía *Poetízate* (2005), de Francisco Alonso. O limiar argumenta que a poesía é un xénero ao alcance de todas as persoas. A importancia desta introdución reside en que pode ser un bo instrumento para animar aos rapaces a ler poesía.

Valcárcel, Marcos, “A poesía non morde (Fran Alonso)”, *Galicia Hoxe*, “A Contra”, 22 febreiro 2006, p. 48.

Coméntase que dende 1858 apareceron numerosas antoloxías da poesía galega mais ningunha como a que acaba de publicar Xerais baixo o título de *Poetízate* (2005), editada por Francisco Alonso. Explicase que conta con douscentos poemas de máis de oitenta autores e autoras diferentes e abrangue do 1863 até 1982. Ademais, a obra inclúe un limiar titulado “A poesía non morde” que é un alegato a favor da lectura de versos.

Valcárcel, Marcos, “A mensaxe de Koichiro Tamagochi”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 22 marzo 2006, p. 48.

Comenta algúns dos actos celebrados con motivo do Día Mundial da Poesía como o recital que tivo lugar en Ourense con poemas recollidos por Fran Alonso en *Poetízate* (2005) ou o manifesto, da autoría de Koichiro Tamagochi, director xeral da Unesco, lido en Santiago de Compostela no acto organizado polo PEN Clube e do que se reproduce un fragmento no que se refire ao valor da poesía.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 2 abril 2006, p. 75.

Artigo referido á experiencia vivida polo autor no Hospital Materno Xuvenil no día da Literatura Xuvenil e Infantil. O escritor explica que ese día escoitaron as voces de distintos poetas, contaron relatos e recitaron poemas, e no final houbo unha dramatización do *Principiño*.

Vázquez, Dora, “Tristes recordos”, *La Región*, “Opinión”, 16 outubro 2006, p. 17.

Dora Vázquez recorda a figura da súa irmá, Pura Vázquez, aos tres meses do seu falecemento. Amósase a dor pola falta da compañeira e amiga, a dor pola soidade, ao mesmo tempo que se reflexiona sobre a condición da Morte, "esa tirana", como a autora do artigo lle chama. Ao remate, parece querer complacerse coa herdanza literaria que deixou a irmá, o seu traballo como mestra de escola, escritora infantil, poeta e articulista.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Álvarez, Natalia, “BDBanda converteuse no book dos autores galegos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 164, “Entrevista”, 4 maio 2006, p. III.

Entrevista na que Kiko da Silva valora a influencia que tivo *BDBanda* no desenvolvemento da banda deseñada galega dende a súa creación hai cinco anos. Considera que o fundamental foi que non se limitaran só á publicación, senón que se dedicaran á promoción da banda deseñada mediante exposicións, fomento de concursos ou organización de obradoiros. Sinala que á hora de publicar priman a calidade e a variedade de estilos, así como explica que o que se intenta transmitir cos obradoiros é devolver a paixón polo cómic e dignificar a profesión. Anuncia que en breve van comezar a publicar unha liña máis para adultos, polo que, de momento, o que están a facer é crear lectores e mercado, principiando pola base e publicando historietas infantís e xuvenís. Especifican que se ven na necesidade de facer dúas tiraxes, a primeira en galego e a segunda en castelán, para crear un hábito de lectura en galego e para facer rendíbel o proxecto, ademais de especificar aqueles apartados innovadores da publicación como son as entrevistas cos autores ou pequenos obradoiros. Estima que o traballo feito por Factoría K anima a seguir o exemplo, aínda que opina que outras editoriais deberían seguir liñas distintas de banda deseñada. Por último, fala da boa aceptación que o cómic galego ten fóra de Galicia.

Conde, María, “Se puede ilustrar hasta la guía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 7 febreiro 2006, p. 46.

Entrevista a Pablo Amargo, motivada pola presenza deste ilustrador asturiano no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no que vai impartir o taller “Las palabras no pintan nada”. Nela o artista asturiano salienta a existencia no libro de dous autores con dúas linguaxes distintas representadas no texto e na ilustración, así como comenta que a ilustración que lle interesa é “comunicativa antes que expresiva y tiene que ver con el mundo de las ideas”. Tamén se refire ao estado profesional no que se atopa e á metodoloxía do seu traballo, ademais de falar da historia que lle gustaría ilustrar. Nesta nova tamén se fai eco da celebración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil en Pontevedra.

Correa, Ana, “Entre o texto e as imaxes”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 outubro 2006, p. 30.

Tras recibir o segundo Premio Nacional de Ilustración de Libros Infantís e Xuvenís por *A princesa que bocexaba a todas as horas* (editado por OQO, Elena Odriozola sinala que se trata do primeiro recoñecemento que recibe na súa carreira como ilustradora. Comenta que comezou traballando nunha axencia de publicidade, un labor que posteriormente lle serviu á hora de ilustrar libros. Como autores de referencia menciona a Lisbeth Zwerger e a Arthur Rackham, un clásico da ilustración inglesa do século XX.

Darriba, Manuel/AGN, “A literatura ten ideoloxía sempre”, *El Progreso*, “Cantón”, n.º 88, “Mulleres”, 28 maio 2006, p. 7.

Versión reducida da entrevista feita a Marisa Núñez publicada no *Diario de Pontevedra*, no suplemento “Revista!”, do mesmo día, na páxina dezaseis.

Darriba, Manuel, “Un mal libro pode facer perder un lector”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Álbum/Entrevista”, 28 maio 2006, p. 16.

Entrevista na que Marisa Núñez comeza falando das mudanzas dos nenos nos últimos anos e da importancia das primeiras idades para a aprendizaxe. A seguir, esta mestra refírese á forte influencia que ten sobre os máis pequenos e ao mundo da política, no que exerce como concelleira polo BNG en Cangas do Morrazo. Afirmar que lle contaban contos de nena, aínda que o que realmente lle cambiou a vida foi a experiencia, a relación coa natureza ou cos obxectos. Asente que xa lle gustaba escribir historias dende a infancia e explica que o seu universo da escrita se centraba en cartas e diarios, así como considera que para escribir para nenos debe estar presente o neno que un ten dentro, no sentido de achegarse de novo a ese código. Tamén estima que aos nenos hai que amosarlle o mundo coas súas vilezas e miserias e que a literatura sempre ten ideoloxía. Por outra parte, mostra a súa oposición contra esa consideración de que a literatura infantil sexa un xénero menor, e fala de cómo se debe tratar un neno lector e da importancia da infancia para provocar o pracer e o amor pola palabra. Cre que antes do conto escrito ten que haber outros como os contos de nunca acabar, os de fórmulas ou os acumulativos e sentencia que cada vez que un mal libro chega ás mans dun lector, este pódese perder como tal, para rematar falando do proxecto editorial Oqo que axudou a pór en marcha e que ten como filosofía a produción propia, a experimentación ou o feito de traballar con distintas sensibilidades e artes. Nunha columna á parte ofrécese un perfil biobibliográfico de Marisa Núñez.

Estévez, Luis, “Miguelanxo Prado. Somos devoradores de imáxenes e historias”, *El País*, “Galicia”, 17 decembro 2006, p. 40.

Luis Estévez comeza esta entrevista definindo a Miguelanxo Prado coa palabra “cercanía” e salientando o seu proceso permanente de investigación das posibilidades creativas das súas paixóns, o cómic e o debuxo, dende o seu estudio de Bergondo. Nomea tamén a súa última creación, a película *De Profundis*, “un arriesgado intento de hacer cine de animación en condiciones totalmente distintas a las que proponen los grandes estudios”, próximo ao “cine pintado”. A seguir Miguelanxo Prado fala dos seus comezos no mundo do cómic, salientando que o descubriu aos vinte anos cando estudaba arquitectura e daquela comprendeu que se trataba dunha linguaxe que combinaba dúas disciplinas que lle apaixonaban, a pintura e a escrita. A propósito do futuro do xénero opina que ten varias posibilidades de futuro ben a súa sobrevivencia en grupos reducidos ben que se converta en parte da bagaxe cultural da sociedade. Sobre os recursos que definen a linguaxe do cómic, Prado destaca a importancia do xogo elíptico que crea a sensación de movemento na mente do espectador e a importancia da imaxe que, nos últimos anos, ten sufrido numerosos avances grazas aos creadores de bandas deseñadas. Fala tamén do desafío que supuxo a película *De Profundis* en canto á utilización dos medios dixitais e á recuperación dos ingredientes máis persoais do debuxo e á integración coa música que realizou Nani García. Finalmente, refírese ao grupo de autores galegos que están realizando interesantes proxectos no eido da banda deseñada galega e que están publicando tanto no ámbito nacional coma internacional.

Francisco, Itziar de, “Veinte mil leguas de lecturas para niños. Cuatro autores debaten sobre la situación de la lectura infantil y juvenil”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “*Letras*”, 21 decembro 2006, pp. 10-12.

Os escritores Fernando Marías –Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *El cielo abajo*–, Xosé Antonio Neira Cruz –autor de obras como *O armiño dorme*–, Santiago García –autor do best-seller *El ejército negro*– e César Mallorquí –autor de novelas de aventuras como *La cruz de El Dorado*– achegan nesta conversa a súas opinións con respecto á situación da literatura infantil e xuvenil. Todos eles coinciden en salientar o bo estado de saúde desta produción que mantén un digno nivel de calidade. Sobre fenómenos de vendas como *Harry Potter* e *Memorias de Idhún*, de Laura Gallega, destacan que calquera obra que provoque o fervor pola lectura é boa aínda que non se mostran moi partidarios dos fenómenos de masas e as estratexias da mercadotecnia, agás Santiago García que propón un recoñecemento institucional para Laura Gallego e salienta que os fenómenos de *merchandising* serven para que as obras se coñezan mellor. Arredor das fronteiras entre literatura xuvenil e literatura para adultos, Fernando Marías recoñece que as obras que destina ao público mozo “no profundizan en las oscuridades del alma”; César Mallorquí, Xosé Antonio Neira e Santiago García coinciden en sinalar que se trata de fronteiras artificiais establecidas por criterios editoriais. Entre os perigos que axexan a produción recoñecen a ameaza do didactismo e o politicamente correcto e salientan a importancia de fomentar o pracer da lectura a través de políticas culturais que dinamicen as bibliotecas, as librarías e a presenza do libro no contexto familiar. Neste sentido, Santiago García apunta que a mocidade le aquilo que lle gusta e que non se lles debería impoñer un tipo de obras determinado.

Franco, Camilo, “Os prexuízos sobre a literatura galega son os mesmos da lingua”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 147, “O escritor do mes”, 4 febreiro 2006, pp. 8-9.

Despois de achegárense unha serie de datos biobibliográficos sobre Agustín Fernández Paz, a quen se lle acaba de traducir ao coreano *O meu nome é Skywalker* e a quen Xerais lle vén de publicar *¡Que medo, mamá Raquel!* (2005), o escritor vilalbés responde a unha serie de cuestións. Recorda que xa leva escritos trinta e seis ou trinta e sete libros de ficción e distingue o labor realizado naqueles libros máis breves e naquelas novelas “de longo alcance”. Manifesta estar contento coa novela que acaba de rematar, *Corredores de sombra* (2006), e achega o seu argumento. Explica que a literatura xuvenil ten moitos contactos coa literatura de adultos e refírese ao seu empeño de dignificación do que se chama literatura infantil e xuvenil, por medio de estratexias como a de publicar en coleccións non destinadas a adultos. Afirma que na literatura infantil manda o visual e que el se sente máis cómodo nos libros nos que manda a palabra, así como estima que os prexuízos que hai referentes á lingua galega tamén se lle aplican á literatura galega e, por iso, esa consideración de que a literatura galega só pode ser segunda literatura. Tamén aprecia certos cambios positivos como o manifesta o feito de que haxa castelán falantes que prefiren ler os seus libros en galego. Sinala que o seu ideario estético, seguindo a Xeración Nós, radica en “estar no mundo desde o galego” e alude á consideración que aínda se mantén de que o galego é lingua de pobres. Por último, fala da brutalidade exercida pola posguerra no rural e ofrece a súa visión nada catastrofista sobre as mudanzas experimentadas polos rapaces dende que el comezou a dar clases.

Mallo, Albino, “A literatura xuvenil ten moi boa saúde”, *Galicia Hoxe*, “Latitudes”, 24 xaneiro 2006, p. 56.

Entrevista con Breogán Riveiro, que vén de gañar o Premio Raíña Lupa coa obra *Tonecho de Rebordechao* (2005). Comenta que, tras *O vendedor de mazás* e *O asasino bífido*, a obra premiada é a terceira da súa traxectoria literaria, da que espera que “sexo mellor que as anteriores e que a vindeira a supere”. Explica que entrou na literatura infantil polo nacemento das súas fillas e cita outros premios dos que foi merecente, o “Cidade Fantástica”, da cidade da Coruña, e o “Curuxa literaria”, no Museo do Humor de Fene. Explica que a obra se sitúa en Rebordechao, despois de visitar esta aldea con Alfredo Conde para facer unhas filmacións. Por último, considera que a literatura infantil e xuvenil galega “goza de moi boa saúde”.

Malvido, Gemma, “Son eu quen máis aprende nos obradoiros”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 15 outubro 2006, p. 6.

Entrevista á poeta Yolanda Castaño con motivo do comezo dos obradoiros “Gústache escribir?”, dirixidos por ela mesma, na Fundación Caixa Galicia da Coruña. A conversa céntrase na concepción destes obradoiros de poesía, nas clases, a súa duración de dous meses con sesións de dúas horas, o tipo de participantes, todos eles de distintas idades cun nexo en común: a poesía. Remátase falando dos seus proxectos no ámbito da literatura infantil.

Mirás Fole, Nacho, “Na vida non sempre hai finais Disney”, *La Voz de Galicia*, “A cara b”, 2 outubro 2006, p. 72.

Breve e informal conversa con Paula Carballeira que define o seu traballo como actriz, contacontos e escritora como un xeito de contar historias en diferentes contextos creativos. Valora negativamente a presenza do politicamente correcto na literatura, porque opina que as historias que máis atraen os nenos son aquelas que acaban mal, ademais da necesidade de explicarlle que a vida non sempre ten un final como os de Disney. Sinala tamén que se encontra nun bo momento creativo no que alterna a súa participación nunha serie da Televisión de Galicia co seu grupo de teatro e o seu labor como contacontos, aínda que recoñece que ten menos tempo para escribir.

Picallo Fuentes, Héitor, “A educación mixta foi un dos meus logros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 19 abril 2006, p. 4.

Héitor Picallo e Olimpio Arca Calda manteñen unha conversa en que tratan o tema de Galicia e a inclusión de Arca no mundo da política. Tamén comentan a variedade de profesións que desempeñou o ensaísta e salientan algúns nomes de figuras importantes na defensa da lingua galega sobre as que investigou Arca. Logo, fai referencia á súa experiencia na docencia e á creación de obras teatrais cos seus alumnos, así como á presentación da obra *Os Reis do Panchiño* ao premio de Teatro Infantil O Facho. Finalmente, dáse conta do proxecto no que está a traballar e salienta que Cuntis sempre estará no seu recordo.

Torres, Raquel, “A editorial funcionou co boca a boca”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Y Además”, 23 decembro 2006, p. 18.

Entrevista a Xosé Luna, director de Edicións Fervenza da Estrada, co gallo do sétimo aniversario da editorial, creada para promover o gusto pola lectura nos máis cativos, obxectivo que se está a cumprir.

Vidal, Nicolás, “Antes que poeta son unha muller do meu tempo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 368, 19 marzo 2006, p. 18.

Dáse conta das actividades laborais que está a realizar Yolanda Castaño e preséntase unha entrevista en que a poeta fala sobre a súa experiencia no obradoiro poético que impartiu na Fundación Caixa Galicia de Ferrol. Tamén comenta o proxecto que ten en marcha con Eduardo Hermida, que consiste en editar poesía para nenos. A continuación, fala sobre a súa imaxe e os prexuízos mediáticos de moitos lectores. Outro tema que comenta é que as súas influencias creativas non son só literarias. Por último, fai referencia á súa experiencia na televisión.

Vixande, H., “Fran Pino: ‘No cómic manga hai de todo, mesmo para amas de casa’”, *A Nosa Terra*, n.º 1.206, 12-18 xaneiro 2006.

Entrevista a Fran Pino, vocal da Asociación xuvenil Ippon de Vigo, única organización galega de lectores de banda deseñada xaponesa. Este fala sobre a afección ao manga en Galicia e menciona á única debuxante de manga galega, Vanesa Durán.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.C., “Da Silva expone sus cómics en Redondela”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 22 abril 2006, p. 25.

Anúnciase a inauguración da exposición "Fiz nos Biosbardos", na que se recolle diferente material deste cómic de Kiko da Silva, que xa leva vendidos máis de mil cincocentos exemplares.

A.C.B., “O III encontro sobre o libro e a lectura comeza hoxe”, *Galicia Hoxe*, “Foro”, 16 novembro 2006, p. 32.

Breve apuntamento no que se dá conta do comezo do III Simposio O Libro e a Lectura: Bibliotecas, Lectura e Edición que organiza a Asociación Galega de Editores.

A.G., “Sesión de animación a la lectura en la biblioteca de Gondomar”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 15 marzo 2006, p. 23.

Dá conta da sesión de animación á lectura, dirixida a nenos de máis de tres anos, organizada dentro do Proxecto “Contomar” pola Anpa “As Pontes” e que terá lugar na biblioteca municipal de Gondomar. Explicase que por medio desta iniciativa se pretende concienciar aos máis pequenos do hábito da lectura, así como establecer unha relación máis íntima entre pais e fillos.

A.G., “Nace el club de lectura en el instituto gondomareño Auga de Laxe”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 24 marzo 2006, p. 21.

Infórmase que o grupo de animación á lectura Liber, pertencente á biblioteca do Instituto de Educación Secundaria Auga da Laxe, de Gondomar, puxo en marcha un club de lectura para dialogar e reflexionar sobre os libros que se len. Dise como se levará a cabo, de quen foi a idea e dáse conta de cal será o primeiro libro obxecto de análise do club.

AGN, “A lei centrarase no fomento da lectura e na renovación dos sistemas bibliotecarios”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 8 outubro 2006, p. 87.

Sinálanse os eixos fundamentais da Lei de Lectura, do Libro e das Bibliotecas, é dicir, o fomento da lectura, a actualización da definición de libro e dos sistemas bibliotecarios. Infórmase da creación do Observatorio do libro, cuxo fin será coñecer a realidade do sector, e da incidencia da Lei en Galicia, onde se prestará unha especial atención aos libros en lingua galega e ás traducións a esta lingua.

A.I., “Juegos, atracciones y un salón del libro infantil en el nuevo ‘Nadalxogo’”, *El Correo*

Gallego, “Santiago”, 27 decembro 2006, p. 28.

Dá conta do acto de presentación das actividades previstas dentro de “Nadalxogo”, un programa desenvolvido polo Concello de Santiago. Ademais de actividades diversas, talleres e espazos de ocio, preséntase como novidade a celebración dun Salón do Libro Infantil, un espazo de lectura e varias exposicións, accións que se levarán a cabo no Multiusos Fontes do Sar. Lémbrese tamén que na edición de 2005 se bateron marcas de participación, xa que se acadou a cifra dos dez mil asistentes.

A.N.T., “A Nosa Terra reforza coa serie *Animaliños* a súa aposta polo público infantil”, *A Nosa Terra*, n.º 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro 2006, p. 25.

Infórmase da publicación da serie *Animaliños* de Edicións A Nosa Terra, un proxecto destinado aos máis pequenos concibido e realizado por Mon Daporta arredor da temática ecolóxica. Saliéntase que con esta nova serie a editorial aumenta a súa oferta infantil que conta co grande éxito acadado polos Bolechas, ideados por Pepe Carreiro, na que xa se integrou a colección específica “Os Bolechas descubren a natureza”. Cítanse ademais outros proxectos desta editorial como a serie “A Nosa Natureza” de Carlos Silvar ou “Pinta e colorea”, todos eles relacionados co medio ambiente.

A.N.T., “O VII Salón do Libro Infantil pontevedrés adicado á natureza”, *A Nosa Terra*, n.º 1.209, “Cultura”, 2-8 febreiro 2006, p. 25.

Anúnciase a celebración do VII Salón do Libro Infantil de Pontevedra no Pazo da Cultura da cidade entre os días 5 e 11 de febreiro. Apúntase que esta edición toma como eixo temático “A natureza” e que homenaxeará a escritora María Victoria Moreno, recentemente desaparecida. Saliéntase tamén a presenza de varias exposicións: “A natureza dos sentimentos”, centrada en María Victoria Moreno; “Paisaxes mínimas”, do alumnado de Belas Artes; “Non hai color”, de Pablo Amargo; “A contar ovellas”, de Kiko da Silva; “Contando con imaxes”, de Noemí López; “A palabra viva”, arredor de Manuel María; “Obradoiro de madeira”, de Rodríguez Almodóvar; “Cousas da natureza”, de Máis libros; “A natureza do Merlín”, de Xerais; “Palabra crocodilo”, de OQO Editora; “Plantando libros”, da AGPI; e a mostra de traballos escolares “Contamos coa natureza”.

A.N.T., “Ponte... nas Ondas! reúne alumnos de Europa, África e América”, *A Nosa Terra*, n.º 1.224, “Fin de semana”, 25-31 maio 2006, p. 34.

Infórmase do número de centros educativos, así como do número previsto de alumnos, que participarán e se involucrarán na décimo segunda edición de Ponte... nas Ondas. Dise que baixo o lema “Os sons da Ponte” se consolida esta experiencia na que se combinan “educación, cultura e novas tecnoloxías coa intención de converterse nunha nova aposta polo patrimonio inmaterial galego portugués”. A seguir, dáse conta das diferentes colaboracións galegas, brasileiras e mozambicanas coas que contarán as xornadas.

A.N.T., “As xornadas de banda deseñada acadan a maioría de idade”, *A Nosa Terra*, n.º 1.235, “Cultura”, 14-20 setembro 2006, p. 25.

Anúnciase a celebración das XVIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, organizadas pola Casa da Xuventude e o colectivo Phanzynex do 4 ao 22 de outubro. Saliéntase que o cartel deste ano é do debuxante Alberto Vázquez, do que se presentará unha mostra monográfica. Recóllense algúns dos actos que compoñen o programa desta edición: a exposición dos debuxantes Fontdevila e Monteys do semanario *El Jueves*; unha mostra do Certame Injuve de Cómics e Ilustración 2005, na que se encontran os galegos Miguel Porto e Diego Blanco; unha exposición dos creadores do colectivo Polaquia, que celebra os seus cinco anos de existencia; así como unha mostra de banda deseñada portuguesa. Nun epígrafe á parte apúntase que o cómic galego conta con tres coleccións estables: a do colectivo Polaquia, “BD Banda”, que se edita co apoio da editora Factoría K, e “Os Barbanzóns”, de Pepe Carreiro.

A.P., “La Casa da Xuventude abre la temporada con obras de cómic”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 31 agosto 2006, p. 6.

Recóllense os actos previstos na Casa da Xuventude de Vigo entre os que se inclúen a inauguración dunha mostra do debuxante de cómics Jesús Cela, que tamén terá un encontro co público, e diferentes mostras de fotografía, escultura e debuxos de Iñigo Almeida, Sandra Martínez Jiménez, Rubén Casal, Manuel Jesús Cea e Teresa Rodríguez.

AGN, “Unha obra de Fina Casalderrey participa en ‘The White Ravens’”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 23 marzo 2006, p. 89.

Informa sobre a elección da obra *¿Quen me quere adoptar?*, de Fina Casalderrey, para participar na exposición *The White Ravens* que organiza dende 1996 a Biblioteca Internacional da Mocidade de Munich e que terá lugar na Feira do Libro Infantil de Boloña. Remata ofrecendo o resumo argumental desta obra para nenos de sete anos en diante na que se fai reflexionar sobre a soidade na que viven as persoas maiores.

A.I., “La recta final de las Navidades”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 xaneiro 2006, p. 30.

Faise eco das distintas ofertas lúdicas organizadas por centros e asociacións comerciais de Santiago de Compostela, entre elas o Centro Hipercor ou o Centro Galego de Arte Contemporánea, que se converteron en organizadores de talleres, concursos e representacións teatrais.

Agulla, A., “Entra nos Contos”, dende hoxe en Santomé”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo, Bueu, Marín”, 26 decembro 2006, p. 10.

Refírese ao comezo do programa “Entra nos contos” que organiza a Asociación Xuventude de Piñeiro, destinado a nenos e nenas de tres a doce anos. Sinala que os actos se celebrarán na Casa da Cultura de Santomé de Piñeiro e que xirarán arredor da literatura infantil e de

actividades para os pais. Dise que o programa acolle talleres de creación, representación de contos, actividades de animación á lectura, proxección de películas e representacións teatrais. Anúnciase tamén a presenza do debuxante Kiko da Silva e dos escritores Ana Acuña e Carlos Solla.

Agulla, A., “Santomé acoge a 140 niños en una nueva edición de ‘Entra nos Contos’”, *Diario de Pontevedra*, “Marín, O Morrazo”, 27 decembro 2006, p. 11.

Dá conta do comezo da segunda edición do programa “Entra nos contos” que organiza a Asociación Xuventude de Santomé e na que participan cento corenta nenos de diversas idades procedentes das parroquias de Santomé, Seixo, Ardán, O Campo, Marín e Bueu. Dise que os monitores coordinan actividades centradas na lectura, a creación literaria, a representación de contos, actividades de animación á lectura, proxección de películas e representacións teatrais. Anuncia tamén a presenza para a xornada do 27 de decembro do grupo Pequenecas.

Albarenga, Cecilia, “A lectura e o cine de autor volven á Biblioteca de O Porriño”, *Faro de Vigo*, “Especial Baixo Miño / Louriña”, 30 setembro 2006, p. 39.

Infórmase sobre as actividades previstas na Biblioteca de Porriño para os vindeiros meses: o proxecto de animación á lectura “Lúa Conluvas”, que deu comezo o pasado ano, destinado a nenos de entre 6 e 12 anos, e o ciclo “Cine na biblioteca”.

Aldán, Clara, “¿Neoprovincianismo con el Salón del Libro Infantil?”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra y demás”, 17 xaneiro 2006, p. 33.

Sínálase que a presentación do Salón do Libro Infantil de Pontevedra en Madrid “ha sorprendido un chisco en el mundillo”. Cítase a numerosa representación, entre os que se encontraban Luís Bará, Director Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia; María Xesús Escudeiro, Concelleira de Cultura; Helena Torres, coordinadora do Salón; o escritor Xosé Antonio Neira Cruz; o promotor e programador Xurxo Cortázar; o ilustrador e creador da mascota Kiko da Silva; a ilustradora do cartel desta edición, Patricia Castelao; a integrante do grupo Pavís Pavós, Tareixa Alonso; o músico Polo Vallejo; ademais da escritora vasca Mariasun Landa e o andaluz Antonio Rodríguez Almodóvar. Pregúntase Clara Aldán se este acto non desprende “certo aroma a neoprovincianismo” xa que “eso de ir a la capital del Reino muy nacionalista no parece”.

Alonso, Fran, “En ‘Poetízate’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 38.

Publicación dunha composición poética de Fran Alonso, como é habitual nesta sección fixa que acolle poemas de diferentes autores.

Alonso, María, “Personajes de cuentos inundarán las calles de Redondela durante la Navidad”, *Atlántico*, “Área metropolitana”, 5 decembro 2006, p. 26.

Dá conta das actividades previstas pola Asociación de Empresarios de Redondela para a campaña do Nadal dentro do programa “Un Nadal de Conto”. Dise que as actividades contemplan as visitas de diversos personaxes de Disney a comercios e rúas, o programa “Animarúa”, con espectáculos de títeres, un concurso de escaparates e outro de debuxo infantil e a decoración propia do Nadal na ludoteca da vila.

Alonso, Serafín, “Pequeños devoradores de libros”, *Diario de Pontevedra*, “Comarca”, 31 agosto 2006, p. 15.

Dáse conta das diferentes formas de pasar o tempo libre propostas pola bebeteca de Soutomaior, un espazo que se puxo en marcha en 2005 e está destinado á lectura infantil, contando con máis de catro mil títulos, dos que salienta a colección “Os Bolechas”. Infórmase tamén dos xogos na rede, da páxina web coa que conta a bebeteca, así como doutras actividades culturais que teñen lugar na biblioteca, como un recital de poesía, os contacontos ou xornadas como “O libro está de festa” .

Álvarez Blázquez, Xosé María, “De ‘Poetízate’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 maio 2006, p. 48.

Reprodúcese un poema de Xosé María Álvarez Blázquez, do que se indica que forma parte da antoloxía *Poetízate* (2005), editada por Fran Alonso.

Araguas, Vicente, “A noite do Samaín. Pepe Carreiro”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, 8 xaneiro 2006, p. 20.

Breve comentario sobre o cómic *Os Barbanzóns. A noite de Samaín*, de Pepe Carreiro, no que se presentan os protagonistas, os Barbanzóns, e se ofrecen algunhas pinceladas do contido da historia, como a mestura do mundo terreal e o fantasmagórico nunha noite de terror que separa as estacións do inverno e o verán.

Arriagada, C., “Todo está en el conocimiento”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 21 xuño 2006, p. L11.

Breve nota, inserida no marco doutras novas, na que se dá conta da presentación do libro *Nun lugar chamado labirinto* (2005), de Ánxela Gracián, na galería Sargadelos de Santiago. Menciónase que o libro pon de manifesto o valor da memoria como soporte da vida e a viaxe a través das lembranzas da protagonista para recuperar a unha persoa do territorio dos mortos.

Ayub, Luciana, “Dibujando con Kalandraka”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 15 xullo 2006, p. 76.

Informa da realización na Feira do Libro Novo de Pontevedra dun taller levado a cabo polo equipo de animación á lectura de Kalandraka e polo ilustrador Marc Taeger. Dise en qué

consistiu esta actividade e anúncianse outras como o taller de creación de personaxes de cómic, a cargo de Miguel Robledo, a sinatura de libros polo escritor Rafael Pintos ou o sorteo de libros aos asistentes, entre outras.

Ayub, Luciana, “Dibujando cómics en la Alameda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 20 xullo 2006, p. 72.

Dise que no marco das actividades realizadas na Feira do Libro Novo de Pontevedra se realizou un taller de iniciación á Banda Deseñada a cargo de Víctor Rivas. Coméntanse os pasos seguidos polo ilustrador e os nenos para a realización do seu primeiro cómic. Baixo o epígrafe “Actividades múltiples en la Feria del Libro” dáse conta do resto de actividades levadas a cabo ese mesmo día nesa feira pontevedresa e das anunciadas para os días seguintes.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 152, “Andel de novidades”, 9 febreiro 2006, p. VII.

Breve referencia ás obras *Os ausentes de Casteltón* (2005), de Jacobo Barros; *Palabra, Fogo, Alma* (2005), que ten como editor a Antonio Domínguez Rey; *Licor de abelá con xeo*, de Xurxo Sierra Veloso, e *O pequeno Borges imaxina o Quixote* (2005), de Carlos Cañeque e Ramón Moscardó. Salienta determinados trazos significativos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 163, “Andel de novidades”, 27 abril 2006, p. VII.

Breve comentario das obras *Tao Te King*, de Lao Tse; *Unha escuma de voz* (2005), de Fabio Scotto, e *A aspiroseta* (2005), de Marta Álvarez. Preséntanse o argumento das obras e aqueles datos considerados máis relevantes para o lector.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 186, “Andel de novidades”, 30 novembro 2006, p. VII

Comentario breve sobre *O perfume*, de Patrick Süskind; *Apostasía*, de Óliver Escobar, e *O león durmiñón* (2005), de Anxo Fariña. Salienta a liña argumental e o contido das obras e enfatiza aqueles trazos máis significativos.

Blasco, Ana, “Aprender a observar el mundo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 12 xullo 2006, p. 37.

Dá conta do inicio das actividades infantís que no verán o Marco pón en marcha. Informa concretamente do proxecto “Miradas del revés”, no que os educadores, ao longo de oito semanas, tentarán, segundo sinala Ana Blasco, “fomentar la visión del mundo desde outro punto de vista a través del conocimiento de diferentes cultruas”. Dise que esta actividade dirixida a nenos de 3 a 8 anos estará guiada por diferentes animais e a través dos diferentes

continentes. Finalmente, sinálase que unha obra da exposición de artistas israelís “Del revés”, na que se inspira o proxecto “Miradas del revés”, será o alicerce da actividade aos sábados.

Botrán, C., “Anxo Quintana estréase como contacontos cos nenos de Oroso”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 17 maio 2006, p. 64.

Infórmase da intervención do vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, na escola infantil de Sigüeiro (Oroso), onde lle contou aos máis pequenos o relato da cebra Camila.

Buxán Bran, Xosé M., “Un cómic para entender a arte actual e unha lembranza da banda deseñada galega dos 70”, *A Nosa Terra*, n.º 1.237, “Cultura”, 28 setembro- 4 outubro 2006, p. 30.

Tras referirse ao volume *El arte. Conversaciones imaginarias con mi madre*, do debuxante Juanjo Sáez, comenta brevemente os contidos do catálogo *Cómic dos anos 70*, segundo volume d’*O lado da sombra*, un proxecto que dirixiu Anxo Rabuñal e editou a Fundación Luis Seoane co gallo da exposición. Sinala que nese catálogo poden atoparse os cómics dos anos 1971 a 1975, obra dos hoxe deseñadores Pepe Barro e Xosé Díaz, dos xa finados Xesús Campos e Reimundo Patiño, de Antón Patiño e de Xaquín Marín. Conclúe comentando que moito do reclamado polos autores desas viñetas segue aínda sen conseguirse e apunta que talvez o creador Pepe Carreiro mereza unha grande exposición organizada pola actual Consellaría de Cultura para amosar toda a súa obra.

C.B., “Celebran los 169 años del nacimiento de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 febreiro 2006, p. 34.

Breve anuncio dos actos previstos pola Fundación Rosalía, de Padrón, para conmemorar o 169 aniversario do nacemento da poeta, no que participarán escolares. Dise que será presentado o primeiro conto da colección “Tres pitas brancas” por Helena Villar e Xesús Alonso Montero, entre outras actividades, e que Pilar García Negro e M^a Xosé Queizán analizarán a obra da escritora na historia da literatura.

Carballeira, Paula, “De *Contratrás*”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 e 22 abril 2006/16 e 21 maio 2006/23 e 30 maio 2006, p. 40/48 e 36/ 48.

Reprodúcense poemas de Paula Carballeira do libro *Contratrás*, descrito no apartado VII.II. 1. deste *Informe*.

Castelao, Elena, “Cinco jóvenes de Lourenzá escriben cuentos infantiles”, *El Progreso*, “A la última”, 4 marzo 2006, p. 88.

Dáse conta dos nomes dos autores dos traballos seleccionados pola biblioteca municipal de Lourenzá para o concurso de contos “E despois da voda que?”, convocado pola Organización

Española do Libro Infantil e Xuvenil. Sínálase que os seleccionados foron Fátima Reino Reigosa, Virginia Docampo Iglesia, Sofía Díaz Basanta, Alejandra Varela López e Lucía Villarino Lestegás.

Castelao, Elena, “Aprendiendo a contar historias de un maestro”, *El Progreso*, “A la última”, 20 maio 2006, p. 88.

Faise referencia á participación do alumnado do instituto de secundaria A Gándara de Monforte a un taller de contos impartido polo escritor Santiago Jaureguizar, en relación ao coñecemento e tratamento das diferentes técnicas de narración e descrición. Dise que nel, ademais do dito, o autor tamén promocionou a súa última novela, *Cabaret Voltaire*.

Castelao, Elena, “Cuentos para los niños mayores de 5 años en Alfoz”, *El Progreso*, “A la última”, 26 decembro 2006, p. 72.

Referencia na que se anuncia a celebración dunha sesión de xogos e contacontos no Centro Sociocultural de Alfoz, a cargo de Lola Erre Erre. A iniciativa encádrase nas actividades de Nadal promovidas pola Oficina Municipal de Información Xuvenil e a biblioteca, dirixidas, respectivamente, por Mirta García Cao e Ofelia Adrio.

Castrelo, S., “Cultura pondrá en marcha un taller de escritura dramática para niños”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 27 setembro 2006, p. 15.

Anúnciase a posta en marcha, por parte da Concellalía de Cultura de Vilanova, dun taller de escrita dramática para nenos a partir do mes de outubro, co obxectivo de dinamizar a rede de casas da cultura ofertando distintas actividades. O responsábel do Departamento de Cultura, José Durán, apunta que a idea xurdiu tendo en conta que o concello é o berce de Valle-Inclán, de aí que se pretenda mergullar aos rapaces e rapazas na escrita teatral e alimentar neles o gusto por este tipo de creacións.

Castro, Rosalía de, “Da antoloxía ‘Poetízate’ de Fran Alonso”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 febreiro 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Rosalía de Castro, que figura, como se indica, na antoloxía *Poetízate* (2005) de Fran Alonso.

Castro, Rosalía de, “De ‘Poetízate’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 maio 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Rosalía de Castro, que figura, como se indica, na antoloxía *Poetízate* (2005), de Fran Alonso.

CH. L., “Ana María Matute participará en el Salón do Libro Infantil de Pontevedra”, *La Voz*

de Galicia, “Cultura”, 12 xaneiro 2006, p. 48.

Resumo da programación prevista para o Salón do Libro Infantil de Pontevedra con motivo da súa presentación en Madrid. Saliéntase a presenza da escritora Ana María Matute, a homenaxe a María Victoria Moreno sobre cuxa obra Xosé Antonio Neira Cruz presentará unha conferencia, os obradoiros de Antonio Rodríguez Almodóvar, Pablo Amargo, Juan Kruz ou Miquel Desclot, e as catorce exposicións previstas arredor da natureza. Repásase tamén a traxectoria deste evento, que naceu en 1999 auspiciado polas asociacións Máis Libros e AS-PG co apoio do Concello de Pontevedra e que viu medrar a asistencia de dúas mil cincocentas a nove mil persoas.

Conde, María, “Galicia afianza su presencia en la Feria del Libro Infantil y Juvenil de Bolonia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 23 marzo 2006, p. 49.

Aproximación á celebración da Feira do Libro Infantil e Xuvenil en Boloña, da que se sinala a ampla presenza dos proxectos galegos nesta edición. Explica que o *stand* da Consellaría de Cultura promociona de maneira especial o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que tivo lugar en febreiro. A continuación, atende á selección da obra de Fina Casalderrey, *¿Quién me quiere adoptar?*, para “The White Ravens”. Remata salientando a presenza de dúas editoriais deste sector, Kalandraka e Oqo, que presentarán as súas propostas literarias.

C.F., “Kiko da Silva publica con Factoría K a segunda edición do cómic para nenos Fiz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 28 abril 2006, p. 46.

Dá conta da presentación da segunda edición do cómic *Fiz*, de Kiko da Silva, e da primeira en castelán a través de Factoría K de libros. Reproduce as verbas de Da Silva sobre o cómic e o personaxe, indicando que con el a súa intención era entrar no cómic de lecer; as súas opinións sobre o encasillamento da banda deseñada e a falta de implicación das editoras con estas publicacións. Remata cunha alusión ás campañas de lectura na promoción dos hábitos lectores e á colección na que aparece o cómic.

C.G., “Los escolares ‘invadirán’ la Fundación Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 xaneiro 2006, p. 36.

Dise que a Casa Museo Rosalía foi escolleita para celebrar o Día Escolar pola Paz, organizado polo Seminario Galego de Educación para a Paz. Coméntase que un cento de alumnos dos centros educativos de Padrón, xunto cunha representación de escolares dos centros gañadores do premio pedagóxico promovido pola Fundación Rosalía, participarán nun acto poético.

Cunqueiro, Álvaro, “De ‘Poetízate’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 xuño 2006, p. 48.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Álvaro Cunqueiro, que foi recollido na antoloxía *Poetízate* (2005), editada por Fran Alonso.

Díaz, María, “Niños de tres continentes participarán en la retransmisión de ‘Ponte nas ondas’”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 9 maio 2006, p. 23.

Anúnciase a próxima gravación do programa “Ponte nas ondas”, baixo o lema “Os sons da Ponte”, na que participarán centros educativos de tres continentes para falar sobre o seu patrimonio inmaterial. Saliéntase que esta experiencia radiofónica recibiu o Premio Galicia de Comunicación da Xunta de Galicia e o galardón Bos e Xenerosos da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Domínguez, C., “Feima acolle unha mostra sobre a historia da banda deseñada galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 decembro 2006, p. 75.

Nota que dá conta da presentación na Fundación de Arte Galega de Madrid da exposición “La historieta gallega”, comisariada polo debuxante Fausto Isorna e a historiadora e crítica de arte Gemma Sesar. Saliéntase que na mostra se ofrece un percorrido pola historia da banda deseñada galega dende os anos setenta e que nela están presentes os orixinais de máis de cincuenta autores divididos en catro períodos: “Los pioneros”, onde se recollen os primeiros cómics galegos de Reimundo Patiño e Xaquín Marín ou revistas como *A cova das choias*; “El underground”, na época dos oitenta, coas revistas *Valiumdiez* e *Das Capital*, de Fausto Isorna, ou *Can sen dono*, de Pepe Carreiro; “La industria”, centrado nos noventa, cando Edicións Xerais editou os álbums de Fran Jaraba, Pepe Carreiro ou Isorna e a revista *Golfiño*; e “El presente”, centrado nas revistas *Barsowia* e *BD Banda* e nos salóns de Ourense e A Coruña. Recóllense as opinións de Fausto Isorna, quen apunta que na actualidade o cómic galego está volvendo á autoedición pola falta de sensibilidade da industria editorial que non acaba de comprender que o cómic é unha arte popular creada para o entretemento.

Domínguez, Cristina, “A miña afección polo teatro sempre estivo aí”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 318, “Álbum”, 10 setembro 2006, p. 16.

A directora do Centro Dramático Galego (CDG), Cristina Domínguez (Salcedo, 1965), dá conta dos proxectos do CDG para o presente curso, así como da súa experiencia á fronte da compañía pública de teatro. Di que a dificultade para chegar ao público, que experimenta o teatro, así como a construción dunha afección social a esta arte, pode superarse “cun bo apoio por parte das institucións e cun traballo cada vez máis profesional”. Anuncia a obra, de propia autoría, *O regreso deserto*, como o principal proxecto teatral do CDG para a temporada en curso; ademais da obra de teatro infantil, representada a cargo da compañía Artello, *Tralará chis pum*. Confirma a creación do Centro de Creación Dramática Contemporánea, co obxectivo de potenciar a dimensión autoral; como primeiras iniciativas do Centro enumera uns “talleres de escrita dramática que estarán dirixidos polo noso autor residente, Candido Pazó, e logo virán un autor valenciano cunha traxectoria moi boa, Paco Sastroso, e Abel Neves, un autor portugués moi recoñecido”. Considera como “moi diferente” a experiencia de xestionar unha pequena compañía, como fixo nos anos que estivo en Factoría Teatro, coa súa etapa presente no CDG. Afirma que lle gusta estar “detrás” do escenario porque “a concepción global do espectáculo é algo que me atrae máis” cá interpretación.

E. Álvarez, “Cerca de 150.000 visitantes en la cita coruñesa con los libros”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 agosto 2006, p. 75.

Valórase a celebración da trixésimo quinta edición da Feira do Libro da Coruña como unha iniciativa exitosa, xa que nela se rexistrou a asistencia de entre cento vinte e cinco mil e cento cincuenta mil persoas, segundo informou o seu director técnico Miguel Orizales. Apúntase que quizais a afluencia de público se viu favorecida pola coincidencia coa Regata de Grandes Veleiros e a semana grande das festas da Coruña. Así mesmo dise que Orizales sinalou que houbo moita participación infantil, nos concursos de adiviñas e de contos, e de adultos, que asistiron á presentación de obras literarias ou á firma dos traballos dos seus escritores favoritos, entre os que destacou Manuel Rivas.

E.B., “Los alumnos de la guardería se divierten con una sesión de cuentacuentos”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 16 marzo 2006, p. 18.

Dá conta da iniciativa da gardería municipal O Tombo de Sanxenxo, que ofreceu unha sesión de contacontos impartida polos membros da editorial Kalandraka. Remata referíndose ao éxito desta actividade.

E.G., “La ‘bibliopiscina’ finaliza en Tui con un balance positivo como alternativa de ocio”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño. Área metropolitana”, 16 setembro 2006, p. 16.

Tras a finalización das actividades da bibliopiscina instalada nas dependencias da piscina municipal de Tui, salientase o balance positivo da experiencia e a aceptación da lectura como alternativa de ocio. Segundo os datos achegados, os usuarios de menor idade decántanse polos contos ilustrados, mentres que os adultos prefiren as novelas.

E.P., “Gálix ofrécese a asesorar ós docentes en literatura infantil”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 xaneiro 2006, p. 34.

Informa sobre a reunión da Asociación Gálix coa Conselleira de Educación para solicitar apoio loxístico na creación dunha páxina web co obxectivo de asesorar aos docentes na literatura infantil e xuvenil. Fala da xuntanza, á que tamén asistiu a contacontos Paula Carballeira, e remata cunha alusión ao compromiso da Conselleira Laura Piñón na avaliación destes proxectos e a posibilidade de relacionalos con aqueles cos que está a traballar a Administración educativa.

E.P., “Presentan o Salón do Libro de Pontevedra en Madrid”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 xaneiro 2006, p. 36.

Breve nota que dá conta da presentación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra en Madrid coa presenza do Director Xeral de Creación e Difusión Dultural da Xunta de Galicia, Luís Bará. Apúntase que o obxectivo deste acto, celebrado na Residencia de

Estudantes, é proxectar este evento máis alá das fronteiras galegas. Dise tamén que a coordinadora do Salón, Helena Torres, explicou a estrutura deste evento.

E.P., “Homenaxe a María Victoria Moreno no VII Salón do Libro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 febreiro 2006, p. 34.

Alude á homenaxe a María Victoria Moreno que terá lugar no acto inaugural do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra na lectura do pregón a cargo dun grupo de escolares de primaria do CEP A Xunqueira II. A continuación, fala da temática xeral do Salón, a Natureza, e das distintas actividades programadas: sesión de contacontos, obradoiros, espectáculos de baile, entre outras. Remata aludindo aos convidados para as conferencias, dos que salienta os nomes de escritores como Ana María Matute e Antonio Rodríguez Almodóvar ou os debuxantes Kiko Dasilva e Pablo Amargo.

E.P., “Versos na lembranza de Moreno”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 febreiro 2006, p. 36.

Descríbese o acto de inauguración do VII Salón do Libro de Pontevedra ao que acudiu, entre outros, a coordinadora do Salón, Helena Torres, e a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, que manifestou a intención de apoiar actividades que protencien a cidade de Pontevedra como “cidade das artes”. Alude tamén á homenaxe a María Victoria Moreno que tivo lugar nesta xornada inaugural na que se recitou unha escolma dos seus poemas. Finalmente, resume as distintas actividades que se levarán a cabo e na que se espera participen arredor de catro mil escolares.

E.P., “Homenaxe a María Victoria Moreno en Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 febreiro 2006, p. 74.

Nota na que se informa de que na clausura do VII Salón do Libro de Pontevedra se levou a cabo unha homenaxe á escritora María Victoria Moreno, na que se lle entregou unha reprodución en madeira da mascota do Salón ao compañeiro da autora, Pedro Ferriol.

E.P., “A galega Kalandraka introduce no mercado xaponés o libro *Avós*”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 marzo 2006, p. 74.

Comenta que o álbum infantil titulado *Avós*, escrito por Chema Heras e ilustrado por Rosa Osuna, será traducido ao xaponés. Recolle comentarios da tradutora, Maki Fukuhara, que con esta edición pretende “tomar medidas contra a depresión xeriátrica”. Tamén apunta que Kalandraka vén de facer unha nova edición deste libro que no ano 2003 foi galardoado co Premio Llibreter polo Gremio de Libreiros de Cataluña, ademais de ser un dos elementos representados na obra de teatro *Un avó especial*, creada polo grupo Migallas.

E.P., “Paxaros na cabeza de Kalandraka recibe o ‘The White Ravens’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 25 marzo 2006, p. 73.

Faise eco da entrega da distinción The White Ravens 2006 ao libro *Paxaros na cabeza* (2005), da editorial Kalandraka, escrita polo autor cubano Joel Franz Rosell e ilustrada pola portuguesa Marta Torrão. A continuación, sinálase a cantidade de libros que formará parte da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Remata dando os títulos doutros libros destacados con este premio que entrega a Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich.

E.P., “Un dous tres, que les? Campaña de fomento á lectura en Santiago”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 4 abril 2006, p. 42.

Dáse conta da celebración da campaña de animación á lectura do Concello de Santiago, coordinada por Kalandraka e celebrada na Galería Sargadelos. Sinálase que baixo o lema de “Un dous tres, que les?” se anima aos nenos e nenas a ler a través de obradoiros, contacontos e visitas guiadas a exposicións de ilustración, nas que participan Marc Taeger, Kiko Dasilva e Ramón Trigo, entre outros. Alúdese tamén á presenza de diversos persoeiros na inauguración, na que foi lido o manifesto do Día Internacional do Libro Infantil.

E.P., “Faladoiro no CCG sobre a literatura para nenos”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 27 abril 2006, p. 74.

Anúnciase a celebración dun faladoiro na Sección de Literatura e Industrias da Edición do Consello da Cultura Galega baixo o título de “Tomándolle a medida ás letras miúdas”. Infórmase que nel van participar Xavier P. Docampo e Silvia Gaspar.

E.P., “Kalandraka traducirá su libro Abuelos al japonés”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 9 xullo 2006, p. 76.

Di que a XIII Feira Internacional do Libro de Tokio contou coa participación de dúas empresas editoriais galegas: Oqo e Kalandraka. Infórmase que esta última prepara unha tradución ao xaponés do libro *Abuelos*.

E.P., “Os pequenos aprenden mellor a través de libros ilustrados e con cores”, *Galicia Hoxe*, “Vivir. Aulas”, 4 novembro 2006, p. 12.

Recóllense as conclusións dun estudo realizado pola Universidade de Virxinia e publicado na revista *Development Psychology* que suxiren que os nenos en idade preescolar aprenden a desenvolver accións complexas a través dos libros ilustrados. Saliéntase que os pais que lles len contos con ilustracións aos cativos promoven o desenvolvemento precoz da lectura e amósanlles como funciona o mundo que os rodea. Dise tamén que o estudo foi realizado entre un total de 132 nenos de tres grupos de idade (18, 24 e 30 meses) para determinar se a idade influía na súa capacidade de aprender. A partir da lectura dun libro con imaxes pediuselles que constrúisen un axóuxere, e moitos nenos foron capaces de imitar as accións representadas e descritas no libro, moito mellor cando se utilizaran fotografías a cor, o que proba, segundo Gabrielle Simcock, investigadora principal do estudo, que “os nenos ven máis influídos polas

imaxes icónicas que establecen unha similitude entre o obxecto representado no libro e o do mundo real”.

E.P., “Libros para contar’ de Kalandraka irá a 200 escolas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 13 novembro 2006, p. 29.

Breve apuntamento referido á posta en marcha, por parte da editorial Kalandraka, da novena edición da súa campaña de animación á lectura “Libros para contar”. Dise que con esta campana, na que se combinan contos e música, percorreren máis de dúas centas escolas.

E.P., “Kalandraka participa na Feira do Libro en México”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 novembro 2006, p. 33.

Nota que informa da presenza da editorial Kalandraka na Feira Internacional do Libro de Guadalajara (México) dende o 25 de novembro até o 3 de decembro, onde presentará as súas novidades editoriais para os lectores de América Latina. Recóllese a opinión dos responsábeis da editorial que sinalan que a súa presenza nesta feira consolidouse nos últimos anos coa participación na sección FIL Nenos, onde desenvolven talleres de animación á lectura. Destácase tamén que nesta edición a feira está dedicada á cultura andaluza e contará coa asistencia de Antonio Rodríguez Almodóvar que tamén coordina as actividades dedicadas aos nenos.

E.V.R., “A Lonxa Literaria organiza unha homenaxe á escritora Victoria Moreno”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 22 xaneiro 2006, p. 20.

Anúnciase a celebración, o 28 de xaneiro na Casa do Mar de Moaña, dunha homenaxe, por parte da Lonxa Literaria Xuvenil, á escritora María Victoria Moreno, recentemente falecida. Lémbrese que a escritora estremeña afincada en Galicia foi a primeira participante nos faladoiros que organiza este grupo de mozos. Sinálase que o acto consistirá nunha exposición bibliográfica, nunha lectura de fragmentos da obra de María Victoria Moreno e na presenza de escritores como Antonio García Teijeiro, David Otero e do subdirector xeral de cultura Xavier Senín.

EFE, “A banda deseñada mira ó mar”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 agosto 2006, p. 37.

Infórmase da presenza no Aquarium Finisterrae da Coruña dende o 11 de agosto e até o 30 de setembro da exposición “Un mar de Viñetas”, que aborda a visión deste elemento achegada dende a banda deseñada e que está realizada en colaboración co IX Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”. Recóllense as palabras de Antoni Guiral, guionista e comisario da mostra, quen destaca a estreita relación entre o mar e a banda deseñada dende *Popeye* ao *Corto Maltés*, *O Príncipe Valente*, *Tintín*, *Mickey Mouse* ou mesmo *Shin Chan*. Percórrense tamén as diferentes seccións desta exposición: “Mares doutros mundos”, con Flash Gordon e o seu particular océano Coralía; “Mitos e lendas do reino de Neptuno”, que repasa seres como as sereas e recolle tamén creacións procedentes do manga; “Tesouros e barcos pantasma”, onde

aparece o Tintín de Hergé; “Mariñeiros de augas procelosas”, con mariños tan famosos como Popeye ou o Corto Maltés; “Caderno aventureiro de bitácora”, que lembra clásicos como o Capitán Trueno, Mickey Mouse, James Bond ou Moby Dick; “Monstros mariños”, centrada en Hellboy; e “Risos sen escafandro”, onde se unen mar, cómic e humor da man de Mortadelo e Filemón, Astérix ou Súper López.

F.V.M., “Las bibliotecas organizan visitas para escolares”, *La Opinión*, “Arteixo”, 7 abril 2006, p. 16.

Anúncianse as actividades que van levar a cabo as bibliotecas municipais de Arteixo para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e o Día do Libro, que teñen lugar ao longo do mes de abril. Sinálase que se van realizar visitas ás diferentes bibliotecas e axencias de lectura, onde terán lugar sesións de contacontos e talleres de creación literaria. Explicase que para levar a cabo estas iniciativas foron contratados os grupos Melandrainas e Áurea Xestión Cultural, así como a ilustradora Marisa Irimia. Remátase sinalando os lugares e datas de celebración.

Fernández, María, “Ser o deus dun mundo de trapo”, *Diario de Arousa*, 20 febreiro 2006, p. 56.

Faise eco do obradoiro de títeres organizado pola Concellaría de Cultura de Vilagarcía que se está a desenvolver un día á semana en Carril, Guillán e A Xunqueira. Tamén recolle as declaracións das encargadas do curso, Lisa Dios e Ana Marcos, que se refiren ao número de rapaces asistentes e ás actividades desenvolvidas, entre as que se atopan a elaboración de títeres e a creación de historias.

Fernández, Paula, “Barbanzóns. Na noite de Samaín”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 170, “Infantil/ Xuvenil”, 15 xuño 2006, p.VII.

Achegamento á obra *Os Barbanzóns. A noite de Samaín* (2005), de Pepe Carreiro. Comeza cunha referencia ao camiño normalizador dunha lingua e á relevancia das editoriais e escolas na reivindicación das tradicións. A continuación, ofrece unha sipse do contido do cómic, ambientado na noite do Samaín, salientando a parodia e crítica ao Halloween. Remata destacando o carácter didáctico do libro na recuperación de tradicións propias galegas e introdución das foráneas.

Fernández Paz, Agustín, “Baixo unha neve negra”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, “Catro contos de fume”, 19 agosto 2006, p. 8.

Recolle un fragmento que está contido no libro *As fadas verdes*, no que unha protagonista infantil se dirixe ao monte onde toda a noite estivera ardendo e alí podemos observar a súa reacción de tristeza ao observar unha paisaxe desoladora.

Franco, Camilo, “Cinco anos facendo escola”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 162, “Cómico”, 27 maio 2006, p. 14.

En primeiro lugar sinálase que hai cinco anos que se puxo en circulación o fanzine galego *BD Banda* e dáse conta dos obxectivos acadados neste período. Cítase, por exemplo, o feito de conseguir un respaldo dun selo editorial ou a publicación de seis números e de catro dunha colección de álbums. A seguir, faise fincapé no labor deste fanzine como acolledor de nomes que na actualidade xustifican o bo momento do cómic dende Galicia e destácase que se vai converter nunha revista profesional. Acompáñase a noticia de diferentes fotos e debuxos relacionados coa traxectoria de *BD Banda* e dos creadores vinculados.

Franz Rosell, Joel, “Paxaros na cabeza, literatura infantil”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 xullo 2006, p. 40.

Reproduce un fragmento do texto narrativo *Paxaros na cabeza* (2005), de Fran Rosell.

García, Rodri, “Os autores infantís apostan polo cotián nos novos libros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 febreiro 2006, p. 63.

Exemplifica enumerando varias obras as novas tendencias temáticas na literatura infantil: a soidade dos avós, as aventuras na gardería ou os obxectos domésticos. Comenta os argumentos d’*O segredo do pan* (2005), de Xan López Domínguez; *¿Quen me quere adoptar?* (2005), de Fina Casalderrey; *Noite de Reis en Kalpankalá*, de Xosé Antonio Perozo; *¡Que medo, mamá Raquel!* (2005), de Agustín Fernández Paz; *A aspiroleta* (2005), de Marta Álvarez; e *A gardería de dona Bixelmina* (2005), de Jacobo Fernández Serrano. Á parte, baixo o epígrafe “Novos ilustradores, vilas vellas e lobos feridos”, comenta a aparición do novo selo OQO, que publica as traducións *A cabra loca*, de Pep Bruno e *Can de cristal* (2006), de L. Frank Baum. Ademais, dise que Xosé Vázquez Pintor reedita o seu primeiro texto teatral, *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta* (2006), ilustrado por Andrés Meixide; e menciona, por último, as obras *Vila Cerdeira* (2005), de Daniel Ameixeiras, e *O aliado inesperado* (2005), de Xavier López Rodríguez.

García Márquez, Marta, “Cuando las mentes tienen más pantallas que una vídeoconsola”, *El Ideal Gallego*, “Cultura|Gente|Servicios”, 26 marzo 2006, p. 16.

Explícase cómo se leva a cabo un taller de literatura, a cargo da profesora María Jesús Molina, na biblioteca Durán Loriga. Indícase que para a súa realización se acudiu a diferentes técnicas surrealistas e infórmase das características da historia creada.

García Márquez, Marta, “El superhéroe no tiene que llevar capa”, *El Ideal Gallego*, “Cultura|Gente|Servicios”, 15 agosto 2006, p. 11.

Destácase que unha decena de autores e varios espazos expositivos darán forma ao Salón Internacional do Cómic da Coruña nesta novena edición de 2006. Apúntase o protagonismo

de superheroes que se achegan ás correntes europeas, do realismo de Anderson, da estancia autobiográfica de Guy Deslile en Corea do Norte e China, da luminosidade e da cor que emprega o croata Ribic, do detallismo e a sensualidade da creadora Jessica Abel, das iconas creadas para a Warner por Bruce Timm, dos anos setenta e da infancia de Fermín Solís.

García, Rodri, “A exitosa familia dos Bolechas, creada por Pepe Carreiro, xa ten os seus cadernos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 9 abril 2006, p. 51.

Anúnciase o lanzamento dunha colección de cadernos que teñen como motivos os personaxes da colección “Os Bolechas”. Tamén se anuncia a publicación de diversas novidades de editoras como A Nosa Terra, que sacou á luz unha colección protagonizada por Antón, Pompón e os Pelelliños, de Anxo Fariña, así como títulos como *Carlota e a gaivota patiamarela* (2006), de Miro Villar; *Federico na silveira* (2006), de Xosé Miranda; ou os últimos títulos da Editorial OQO, que vén de sacar os contos *Mister Corvo* (2006), *Cocorico* (2006), *O Segredo do Rei Curro* (2006) e *Pedra, Pau e Palla* (2006), entre outros.

García Teijeiro, Antonio, “De ‘Na fogueira dos versos’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 marzo 2006, p. 40.

Acóllese un poema de Antonio García Teijeiro, pertencente ao volume *Na fogueira dos versos*.

Gaspar, Silvia, “Prolífico Agustín Fernández Paz”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 802, “O que le é un león”, 11 xaneiro 2006, p. 6.

Faise unha biobliografía do escritor chairego Agustín Fernández Paz subliñándose a súa proliferación literaria, especialmente na literatura infantil. Saliéntase a calidade da mesma nos diversos xéneros tocados, dándose unha visión detallada das características presentes e constantes en cada un deles, e a súa inqueda por ensinar a aprender na súa labor docente

González, Eva, “Amor por la lectura en Barrantes”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 20 maio 2006, p. 15.

Faise eco da inauguración das novas instalacións da biblioteca do CEIP de Barrantes (Tomiño) cun maratón de contos e música, no que participou o alcalde, José Luís Fernández Lorenzo, e o profesorado. Tamén se fai referencia ás remodelacións feitas na biblioteca para acomodarse ás necesidades do público infantil e na catalogación dos libros para facilitar a súa localización. Por outra parte, sinálase que o proceso tivo un prólogo “ingenioso e imaginativo” coa presenza invisíbel dun personaxe, Paulino, que durante o curso enviou cartas aos escolares animándoos a ler e pedíndolles que expuxeran as súas suxestións para a biblioteca, así como que lles enviou unha “maleta viaxeira” con libros axeitados a todos os niveis.

Huerta, María de la, “Galaxia e a Deputación editan a obra gañadora do premio Raíña Lupa”, *La Opinión*, “Cultura”, 4 xaneiro 2006.

Anúnciase a publicación da obra gañadora do Premio Raíña Lupa, *Tonecho de Rebordechao* (2005), de Breogán Riveiro. Sinálase que se levou a cabo unha presentación na que os responsábeis institucionais que convocan este certame queren que sexa un estímulo para novas creacións e para "abrir camiños á formación de novos lectores". Sinálase que unha das características da literatura galega na actualidade é a defensa de valores e directrices universais, ademais de que se busca facer obras amenas coas que propiciar o goce para o lectorado. Explícase que esta obra de Breogán Riveiro, fillo do tamén escritor Manuel Riveiro Loureiro, xira arredor das vivencias do último rapaz que vive nunha aldea. Sinálase que se distribuirá polas bibliotecas da provincia da Coruña e que o xurado que premiou este traballo estivo constituído entre outros, por Xosé Antonio Neira Cruz, encargado tamén da edición, quen salienta tanto o humor como a calidade literaria, que abrangue aspectos como a sátira ou a compoñente onírica.

I.B., “El libro, uno de los mejores amigos”, *Diario de Arousa*, 21 abril 2006, p. 56.

Destaca a iniciativa do Concello de Vilagarcía no fomento da lectura no tempo libre dos nenos a través dunha serie de actividades como distintas sesións de contacontos e lectura de historias realizada por Dolores Santos. Indica a implicación nesta empresa da Concellaría de Xuventude e a administración local. Remata referíndose ás datas nas que terá lugar a sesión de contacontos, todos os xoves do mes de maio.

Iglesias, Ana, “El mundo de las letras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 abril 2006, p. 30.

Dá conta do espectáculo ofrecido polo grupo Teatro Migallas aos nenos e nenas hospitalizados no Clínico, dentro da campaña *Abril, mes dos libros* organizada pola Xunta de Galicia. Apunta tamén que a Consellaría de Cultura regaloulle ao Departamento de Pediatría deste hospital unha selección de títulos para a súa biblioteca e varios lotes de libros para os máis pequenos. Cita algúns dos actos que terán lugar dentro da VI Campaña de Animación á Lectura, baixo o lema “Un, dous, tres, que les?”, unha campaña desenvolvida polo Concello de Santiago na galería Sargadelos, que conta con sesións de animación realizadas por Kalandraka, presentacións de libros, contacontos e encontros con escritores e ilustradores.

J.C.O., “O Ministerio dedicará 38 millóns de euros a fomentar a lectura”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 setembro 2006, p. 34.

Anúnciase o novo Proxecto de Fomento da Lectura do Ministerio de Cultura para o curso 2006-2007 que, segundo as declaracións da ministra Carmen Calvo realizadas no marco da Feira Internacional do Libro Liber 2006, contará con 38 millóns de euros dos cales vinte se destinarán a dotacións bibliográficas das bibliotecas públicas. Dise que o presuposto supón un incremento de oito millóns en relación co ano anterior. Menciónanse tamén os centros e colectivos que participarán na promoción do hábito lector, entre eles, a Fundación da Liga de

Fútbol Profesional, o Corte Inglés e o Consello Escolar, entidade representativa da sociedade civil a través de sindicatos, asociacións de consumidores e de pais de alumnos.

Jabois, Manuel, “Unha de contos e piratas”, *Diario de Pontevedra*, “A Contraportada”, 3 febreiro 2006, p. 96.

Breve noticia na que se comenta a participación do ilustrador Marc Taeger, gañador do Premio Daniel Gil de Deseño Editorial na categoría de Álbum Infantil por *A verdadeira historia de Carapuchiña*, no programa de animación “Á procura do tesouro”, que imparte María Campos, de Migallas Teatro.

Jabois, Manuel, “A marabillosa hora do conto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 6 febreiro 2006, p. 67.

Faise un achegamento á inauguración do VII Salón do Libro Infantil de Pontevedra e lémbrese o discurso da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, xa que é a primeira vez que a Xunta apoia economicamente o Salón. Menciónase tamén o discurso da coordinadora do Salón, Helena Torres, que fixo un percorrido dende os comezos desta iniciativa. Remata ofrecendo a serie de actividades previstas que incluí obradoiros de escrita, ilustración e medio ambiente, un programa para adultos, conferencias varias, así como diversos espectáculos, presentación de libros e exposicións.

Jabois, Manuel, “Cuéntame un cuento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 11 febreiro 2006, p. 83.

Faise eco da participación de Ana García Castellano nun taller de contacontos no VII Salón do Libro Infantil de Pontevedra, así como no espectáculo Grolos de Voz e Música no Pazo da Cultura. Recolle as súas palabras sobre esta experiencia así como sobre o oficio dos contacontos e a complicidade que chega a establecerse cos nenos. Alude ademais ao acto de clausura coa homenaxe a María Victoria Moreno.

Jabois, Manuel, “A banda deseñada, eixo dunhas xornadas no Café Moderno”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí. Cultura”, 6 setembro 2006, p. 74.

Ademais de mencionar os filmes que se poden ver dentro das II Xornadas de Banda Deseñada no Café Moderno de Pontevedra, salientase que tamén terá lugar unha exposición retrospectiva do fanzine *BD Banda*, que dirixe Kiko Dasilva, no Salón Laxeiro do edificio social de Caixa Galicia, e tres charlas coloquio nas que participarán os debuxantes Tirso Cons, Javi Montes, Toni Boix, Carlos Giménez e Luís Durán.

Jabois, Manuel, “Un acercamiento al cómic”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí. Cultura”, 12 setembro 2006, p. 75.

Refírese á inauguración das II Xornadas de Banda Deseñada no Café Moderno de Pontevedra, coordinadas por Julio Iglesias e Rafa Tenorio e nas que colabora a revista *BD Banda*, que dirixe Kiko Dasilva. Cítanse tamén os filmes que se proxectarán no transcurso destas xornadas e dedícase especial atención a unha das iniciativas relacionadas co cómic máis activas de Pontevedra: a librería Paz, cuxo fondo é amplo e interesante. Menciona ademais as charlas arredor da banda deseñada que terán lugar nestes días a cargo de Toni Boix, Carlos Giménez e Luís Durán.

L.B., “As nais, as mellores contacontos”, *Diario de Arousa*, 22 xuño 2006, p. 56.

Logo de afirmar que as nais son as mellores contacontos, dáse conta da iniciativa que se iniciou no colexio do Piñeiro para infundir no alumnado de Educación Infantil e Primaria paixón polos libros e a lectura e na que as nais son as protagonistas. Tamén se informa doutras actividades que con motivo da chegada do final de curso se van realizar: festivais, xogos, etc.

L.B., “Mensaxes de igualdade agochados nun conto”, *Diario de Arousa*, 5 decembro 2006, p. 64

Infórmase do desenvolvemento dunha sesión de contacontos, destinada a nenos e nenas de Infantil e Primaria, que tivo lugar no Concello de Vilagarcía con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

L.R., “La Biblioteca Pública de Ourense reforma su salón de actos para diversificar la oferta cultural”, *La Región*, “Ourense”, 13 decembro 2006, p. 9.

No marco da noticia da recente remodelación das instalacións da Biblioteca Pública de Ourense, cítanse as actividades destinadas aos nenos e adolescentes que se celebrarán no Nadal: “Nadal de Teatro”, destinado a nenos dos catro aos sete anos; “Talleres de Nadal” e a campaña “Vota un libro”, nas seccións de infantil, préstamo en galego, a partir da cal se realizará un boletín destinado aos lectores.

Lois, C., “Ler si, pero sen obrigas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 agosto 2006, p. 35.

Sinala que o feito de o alumnado identificar a lectura como unha obriga da escola é contraproducente para o asentamento de hábitos lectores na sociedade, segundo opinan varios membros do sector literario galego. Conforme cre Víctor Freixanes, o papel dos docentes e do ensino é fundamental para inculcar o hábito da lectura. Os mestres terá que facer un traballo de adecuación das lecturas ás idades e ter asemade o suficiente carisma como para motivar o alumnado. Rosa Aneiros, por súa vez, considera que hai que desvincular os libros de lectura do ámbito das tarefas da escola para que o alumnado non o identifique como algo negativo. Na mesma liña está o parecer de Gustavo Pernas, que di que hai que iniciarse na lectura con obras que se poidan comprender.

Lois, C., “O sector literario aposta por ler, pero sen obrigas”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 24 agosto 2006, p. 68.

Di que a lectura debe ser un hábito adquirido por pracer e non polas esixencias dos mestres. Para que o alumnado teña gusto pola lectura debe encontrarse de fronte con obras adaptadas á súa idade e formación, de non ser así a literatura entenderase como un castigo.

López, Belén, “O Salón que quería ser galáctico”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 xaneiro 2006, p. 82.

Dáse conta da presentación en Pontevedra do programa do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil desta cidade, despois de facelo en Madrid, nunha rolda de prensa na que estiveron presentes a Concelleira de Cultura, María Xesús López Escudeiro; a Coordinadora das actividades da Fundación Caixa Galicia en Pontevedra, María Encinas; a Delegada Provincial de Cultura, Marta Souto; a Coordinadora do Salón, Helena Torres; e unha representante da AS-PG, Susana Trigo. Dise que López Escudeiro destacou a relevancia do Salón, un referente a nivel europeo, e explicou a súa presentación en Madrid como un xeito de presentalo fóra, así como o seu carácter colectivo ao que cada edición se suman máis institucións. Apúntanse tamén algúns dos actos que forman parte do programa, que ten como lema “A natureza”, como a conferencia “A poesía infantil de Manuel María”, de Xela Armas; o encontro con Ana María Matute; a sesión de contacontos de Ana García Castellanos; ou o obradoiro de Antonio Rodríguez Almodóvar.

López, Belén, “María Victoria está aquí igualmente”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/domingo”, 12 febreiro 2006, p. 74.

Comeza coas palabras de Xosé Antón Neira Cruz, dedicadas a María Victoria Moreno, no acto de clausura da sétima edición do Salón do Libro de Pontevedra. De seguido, refírese ao éxito de acollida por parte dos nenos do espectáculo de Luis Pescetti, “Canciones para el bolsillo”, para centrarse finalmente no acto en si, salientando as distintas participacións, tanto oficiais como de membros da organización, que repasaron as distintas propostas levadas a cabo no evento, así como a homenaxe tributada a María Victoria Moreno, recollendo novamente parte do discurso de Neira Cruz. Remata citando as palabras de Luís Bará, Director Xeral de Creación Cultural da Xunta de Galicia, referíndose á importancia a nivel galego e estatal desta espazo dedicado á literatura infantil.

López, Belén, “Teresa Moure, A Roda e o CDG participarán en “Abril dos libros”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 5 abril 2006, p. 83.

Repaso das actividades organizadas polo Concello de Pontevedra con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e que leva por título “Abril dos libros”. Entre os eventos sinalase a celebración dunha feira do libro, a participación de autores como Teresa Moure, a entrega dos premios do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil e a homenaxe a Luísa Villalta. Do mesmo xeito tamén se repasan as actuacións musicais e teatrais, como a posta en

escena de *Cousas*, de Castelao, e *Illa Reunión*, do Centro Dramático Galego, entre outras propostas.

López, Lara, “Un juego de niños”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 agosto 2006, p. 11.

Dise que na feira do libro da Coruña hai un descenso importante de vendas, dato que leva aos libeiros a apostar pola venda de literatura infantil.

Lorenzo Gil, César, “Ruiz Zafón en galego”, *A Nosa Terra*, n.º 1.229, “Cultura”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 25.

Anuncia a reedición en galego das dúas obras xuvenís do escritor Carlos Ruíz Zafón. Ofrece un percorrido pola vida e produción literaria do autor, dende o ano 1993 no que decide marchar para os Estados Unidos e escribir. Alude a *O príncipe da brétema* e *As luces de setembro* e ofrece os índices de vendas das mesmas para logo centrarse na súa novela máis coñecida *La sombra del viento* e o impacto que esta tivo no público, ofrecendo datos de vendas e edicións. Remata cunha referencia á editorial Planeta coa que se vincula o autor. Tamén ofrece o argumento d’*O príncipe da brétema* e *As luces da sombra*.

Losada, A., “Éxito para o primeiro ‘Viñetas’ sen Vázquez”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, 27 agosto 2006, pp. 2-3.

Crónica do que deu de si a IX edición do Salón “Viñetas desde o Atlántico” da Coruña, que contou, segundo se indica, con máis de 80.000 visitantes e cun considerábel incremento de vendas a respecto de 2005. Destacáse que o salón se caracteriza polo coidado á hora de escoller os autores internacionais e galegos. Dise que nesta edición o protagonismo foi para o colectivo Polaquia, que celebra o seu quinto aniversario cunha mostra retrospectiva da súa revista *Barsowia*, e tamén para o debuxante Antonio Seijas, II Premio Castelao de Banda Deseñada organizado pola Deputación da Coruña. Na páxina seguinte achéganse fotografías das principais figuras e exposicións que acolleu o salón: Bruce Timm, creador da serie de animación de Batman nos noventa; o estadounidense Brent Anderson e o croata Esad Ribic; Jessica Abel, unha das poucas mulleres que destacan na industria do cómic; Manu Larcenet, Guy Delisle e Frederik Peeters, tres dos autores novos máis importantes no panorama da banda deseñada en francés; o veterano Ángel de la Calle; Lorenzo Gómez, autor revelación en Barcelona; Fermín Solís; e a mostra “A guerra de papel”, comisariada por Antonio Martín, que presenta un percorrido polos tebeos publicados durante a Guerra Civil española.

Lueiro, Xosé, “Soñando cos pés na terra”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “A contrabutaca”, 27 xaneiro 2006, p. 4.

Entrevista a Ánxeles Cuña como a nova directora do Centro Dramático Galego. Coméntase que deixou a dirección do grupo Sarabela para poñerse ao fronte do CDG por non defraudar a quen confiou nela, e considera que está preparada para desempeñar o seu cargo. Ademais pretende realizar cambios na institución e centrarse tamén no público infantil e xuvenil,

ademais de pretender que a institución se achegue ao público en xeral. En canto á súa dirección artística, comenta que ela se fará cargo no 2007 e que traballará sempre en conxunto co que dictamine o IGAEM e mais a Consellaría. Dáse conta dalgúns dos proxectos, entre os que se encontra a presentación do CDG por toda Galicia e tamén no exterior.

M.B., “Cangas, dez anos de viñetas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.232, “Fin de semana”, 20-26 xullo 2006, p. 32.

Dáse conta da celebración da décima edición do Salón do Cómic de Cangas. Infórmase de que con motivo do décimo aniversario da mesma se concibiu a exposición “Retrospectiva: 10 anos de viñetas”. Dise en qué consiste esta exposición e noméanse algúns dos artistas convidados ao Salón, concretamente, a Pasqual Ferry, Félix Veja e Luís Davila, dos cales se ofrecen datos da súa produción. Así mesmo, anúnciase a presentación do número catro da revista *Tebeo* e a presentación do catálogo conmemorativo deste décimo aniversario, publicacións ambas as dúas das que se recolle o contido. Finalmente, infórmase doutras actividades dirixidas aos máis pequenos e das dirixidas aos maiores.

M.B., “Ratas. Xaquín Marín”, *A Nosa Terra*, n.º 1.232, “Fin de semana”, 20-26 xullo 2006, p. 33.

Coméntase a publicación da novela gráfica de *Ratas* a cargo de Edicións Embora, feito que se considera de xustiza histórica, ao ser esta unha obra fundacional da banda deseñada galega. Dise que a obra se presenta na lingua orixinal de Marín, quen concibiu entre 1974 e 1975 esta historia de ciencia ficción. Coméntanse as características da obra, primeiramente publicada pola editorial madrileña TCD e reproducense os comentarios de Miguelanxo Prado, autor do limiar da edición galega.

M.B., “BD ou Experimenta”, *A Nosa Terra*, n.º 1.238, “Fin de semana”, 5-11 outubro 2006, p. 33.

Refírese á celebración da décimo oitava edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e sinálase que nelas se contará cunha experiencia pioneira no ámbito peninsular, o Lab-Ou, un laboratorio para que os debuxantes experimenten co cómic, cuxos resultados poderán seguirse en <www.labou.blogspot.com>. Ademais destácase que nesta cita arredor da banda deseñada poderán contemplarse os últimos traballos de David Rubín, Alberto Vázquez, Manuel Fontdevila, Albert Monteys e Antonio Seixas, entre outros, e entregárase o Premio Ourense á librería Paz de Pontevedra. Lémbrese que a exposición “Cinco anos de Polaquia” repasará tamén as obras dos autores publicados no selo deste colectivo, entre eles, Kike Benlloch, Bernal, Diego Blanco, Hugo e Serxio Covelo, José Domingo, Emma Ríos e Brais Rodríguez.

M.P., “Todo un océano de cómics”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 12 agosto 2006, p. 75.

Infórmase da presenza no Aquarium Finisterrae da Coruña dende o 11 de agosto e até o 30 de setembro da exposición “Un mar de Viñetas”, que aborda a visión deste elemento achegada

dende a banda deseñada e que está realizada en colaboración co IX Salón do Cómico “Viñetas desde o Atlántico”. Recóllense as palabras de Antoni Guiral, guionista e comisario da mostra, quen destaca a estreita relación entre o mar e a banda deseñada dende *Popeye* ao *Corto Maltés*, *O Príncipe Valente*, *Tintín*, *Mickey Mouse* ou mesmo *Shin Chan*. Percórrense tamén as diferentes seccións desta exposición: “Mares doutros mundos”, con Flash Gordon e o seu particular océano Coralia; “Mitos e lendas do reino de Neptuno”, que repasa seres como as sereas e recolle tamén creacións procedentes do manga; “Tesouros e barcos pantasma”, onde aparece o Tintín de Hergé; “Mariñeiros de augas procelosas”, con mariños tan famosos como Popeye ou o Corto Maltés; “Caderno aventureiro de bitácora”, que lembra clásicos como o Capitán Trueno, Mickey Mouse, James Bond ou Moby Dick; “Monstros mariños”, centrada en Hellboy; e “Risos sen escafandro”, onde se unen mar, cómic e humor da man de Mortadelo e Filemón, Astérix ou Súper López.

M.R., “Numeroso público en la presentación de un libro infantil”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira”, 4 2006, p. 16.

Dáse noticia da presentación do libro infantil *Tanta Miga e a súa barriga* (2005), de Eduardo Baamonde, que tivo lugar na casa da cultura de Vilalba. De seguido, infórmase do número de persoas que asistiron ao acto, entre eles o autor do libro, o profesor de Literatura da Universidade de Vigo Manuel Ángel Candelas Colondrón e membros da directiva do Instituto de Estudos Chairegos, organizadores do acto. Finalmente, coméntase que os nenos e nenas asistentes realizaron varias preguntas ao autor.

Mallo, Albino, “Mozart na rúa”, espectáculo para os máis pequenos na Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 maio 2006, p. 38.

Anuncia a celebración dun espectáculo para nenos titulado “Mozart na rúa”, realizado a partir dunha idea de Lino Braxe e Antonio Simón, que percorrerá prazas e rúas da Coruña e viaxará a localidades próximas como Cambre, Culleredo, Oleiros e Betanzos. Segundo se explica, o espectáculo ten unha duración dunha hora, conta con cinco escenas, baseadas nas óperas do compositor e tamén na súa vida, e nel participan actores, cantantes, monicreques e unha pequena orquestra formada por membros da Xove Orquestra Sinfónica da Coruña.

Mallo, Albino, “A Coruña, sede do cómic”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 agosto 2006, p. 34.

Dá conta do acto inaugural da IX edición do Salón do Cómico “Viñetas desde o Atlántico” no que participaron o alcalde da Coruña, Javier Losada, e o director da mostra, Miguelanxo Prado. Dise que no acto se destacou a presenza de dezaseis exposicións e a realización de coloquios con debuxantes como o croata Asad Ribic, os norteamericanos Brent Anderson e Bruce Timm, o francés Guy Delisle, o suízo Frederic Peeters e os españois Ángel de la Calle, Lorenzo Gómez ou Fermín Solís. Cítase tamén a presenza da americana Jessica Abel, a única muller desta edición, de exposicións dedicadas a Antonio Martín, Kim, Antonio Seijas Cruz e Polaquia, e á presenza da arquitectura no cómic dos anos cincuenta.

Mallo, Albino, “A emoción do cómic”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 agosto 2006, p. 36.

Realízase un perfil do norteamericano Brent Anderson, protagonista dunha xornada no Salón Internacional do Cómic da Coruña e autor da novela gráfica dos *X-Men*, *Deus ama, o home mata*, que afirma que para “Viñetas desde o Atlántico” seleccionou da súa colección persoal os debuxos con máis carga sentimental. Dise que Anderson sinala ademais que a súa afección á historieta a mantivo dende neno a través da lectura de *Archie*, *Danny o traveso* ou os cómics da editorial Marvel, coa que precisamente fixo os seus primeiros traballos profesionais co guionista Bruce Jones. Entre os proxectos actuais do norteamericano cítanse o volume *Artrociti: The Dark Age*, a serie *Rising Star. Untouchable*, co guionista Straczynsky, e a novela gráfica *Jar of Ashes*, con guión de Shorley Johnson. Nun cadro á parte infórmase que en 1995 Brent Anderson vencellouse con outros creadores do momento como o guionista Kurt Busiek e o debuxante Alex Ross para crear unha das series fundamentais daqueles tempos, *Astro City*, onde se adentrou nunha América de ficción na que os superheroes existen dende o século XIX.

Mallo, Albino, “Pouco texto e historias longas, en ‘Viñetas desde o Atlántico’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 16 agosto 2006, p. 68.

Perfil dedicado ao norteamericano Brent Anderson, protagonista da xornada do día 15 de agosto do Salón Internacional do Cómic da Coruña. Dise que o autor confesa que a afección á historieta lle naceu na infancia a través da lectura das súas series favoritas. Sobre a mostra presente no Salón, coméntase que o norteamericano seleccionou algunhas páxinas da súa colección persoal coas que mantén unha relación emocional.

Mallo, Albino, “Abel: ‘A muller non debuxaba cómic porque tampouco o lía’/‘Igualdade no eido cómic’”, *El Correo Gallego/ Galicia Hoxe*, “Hoy”/ “Maré”, 17 agosto 2006, p. 61/ 36.

Dentro da comparecencia de varios debuxantes no marco do Salón Internacional do Cómic da Coruña, recóllense as palabras da norteamericana Jessica Abel, unha das máis importantes debuxantes de cómics a nivel internacional. Dise que a norteamericana explicou que hai algúns anos as mulleres non debuxaban cómic, porque non eran lectoras deste xénero, e que advertiu que se aproxima unha nova xeración de mulleres debuxantes de cómic importante. Saliéntase que Abel comezou autopublicando o seu primeiro traballo, *Artbade*, ao que seguiu a novela debuxada *La Perdida*, a historia das aventuras dunha norteamericana en México. Insírense tamén as palabras de Ángel de la Calle, un autor vencellado aos festivais de novela negra de Xixón e de cómic de Avilés, que considera que se está a vivir o mellor momento no mundo do cómic, tanto a nivel artístico coma literario; mentres que Lorenzo Gómez, nominado dúas veces como autor revelación do Salón do Cómic de Barcelona, coincide con De la Calle no bo momento que viven este tipo de creacións, particularmente en Galicia, onde valora a presenza dun grupo ao que lle augura unha pronta repercusión fóra de España. Finalmente, Fermín Solís, tamén autor revelación no Salón de Barcelona, explica que aínda que non tiña pensado dedicarse profesionalmente a debuxar banda deseñada, hoxe en día é o traballo co que se sente feliz.

Mallo, Albino, “Esad Ribic, un artista do cómic con proxección internacional”/ “Os libros e a arte, a súa inspiración”, *El Correo Gallego/Galicia Hoxe*, “Hoy”/“Maré”, 18 agosto 2006, p. 68/ 34.

Refírese á presenza do debuxante croata Esad Ribic no Salón do Cómic da Coruña. Indícase que comezou a súa carreira en Croacia, que a continuou na editorial alemá Bastei, coa que realizou o proxecto *Condéname Scorpio* e, posteriormente, se trasladou aos Estados Unidos onde reside na actualidade e desenvolve o seu traballo na editorial Marvel en series como *Lobezno* ou *X-Men* até que en 2005 saíu o cómic que o lanzou á fama, *Loki*, con guións de Robert Rosi. A propósito da súa formación apúntanse os seus estudos de Belas Artes e Deseño en Zagreb, os seus contactos co mundo do cine de animación e coa ilustración a través do seu traballo nun xornal. Sobre o estilo, salientase que evolucionou dende o underground até o predominio das cores e a concepción dos seus debuxos como auténticos cadros. Recóllense tamén as palabras de Ribic, que destaca que a mostra que exhibe no marco do Salón non é a mellor, porque adoita vender os seus orixinais, e que sinala que existen diferenzas entre o mercado europeo, que é máis conservador, e o americano, máis áxil e rápido. Con respecto ao seu traballo actual anuncia que está a preparar unha serie arredor do mítico personaxe Silver Surf xa habitual na editorial Marvel con guións de Straczynsky.

Mallo, Albino, “Cun ‘ç’ de garçon”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 agosto 2006, p. 30.

Dá conta da rolda de prensa e do coloquio co público que mantiveron no marco do Salón Internacional do Cómic da Coruña tres dos máis importantes creadores do ámbito francófono convidados nesta edición: o francés Emmanuel Larcenet, o suízo Frederik Peeters e o canadense Guy Delisle, que participan nunha exposición conxunta. Saliéntase que Larcenet presenta uns cómics nos que a realidade e a ficción van collidas da man con personaxes surrealistas que practican o humor acedo, como se amosa na colección completa dos orixinais da súa última obra *A liña de fogo* que se exhiben no Salón. A respecto de Peeters coméntase a súa banda deseñada na que aborda o tema da sida e que contén aspectos autobiográficos; e de Delisle apúntase que a selección das súas creacións recolle dende páxinas sen palabras até o seu álbum máis recente.

Malvido, Gemma, “Son eu quen máis aprende nos obradoiros”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 15 outubro 2006, p. 6.

Entrevista á poeta Yolanda Castaño con motivo do comezo dos obradoiros “Gústache escribir?”, dirixidos por ela mesma, na Fundación Caixa Galicia da Coruña. A conversa céntrase na concepción destes obradoiros de poesía: que son, como son as clases, a súa duración de dous meses con sesións de dúas horas, o tipo de participantes, todos eles de distintas idades cun nexo en común: a poesía. Remátase falando dos seus proxectos máis próximos, entre eles, a súa primeira incursión na literatura infantil.

MARÉ, “No país do Lobo Orbil”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 xaneiro 2006, p. 37.

Infórmase dos actos previstos para a celebración do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra tras a súa presentación en Madrid en senllos actos celebrados na Residencia de Estudiantes e na Casa de Vacas do Parque do Retiro. Apúntase que serán preto de 4.000 estudantes os que visitarán o Salón e que a coordinadora deste, Helena Torres, explicou en rolda de prensa que o lema desta edición será “A natureza” e que se creará un ambiente de conto. Menciónase a presenza de escritores como Ana María Matute; Antonio Rodríguez Almodóvar, Premio Nacional de Literatura Infantil, e Ramón Caride, e os ilustradores Pablo Amargo e Kiko da Silva, así como a celebración dunha homenaxe centrada en María Victoria Moreno que correrá a cargo do escritor Xosé Antonio Neira Cruz. Cítanse tamén as exposicións “A palabra viva”, arredor de Manuel María; “A contar ovellas”, de Kiko da Silva; “A natureza do Merlín”, de Xerais; ou “Palabra de crocodilo”, de OQO Editora. No capítulo das presentacións destácanse a dos libros *Rosalía* (2006), *Fedorenta, unha meiga porcallenta* (2006) e da web “Galicia encantada”, de Antonio Reigosa, así como as representacións que levarán a cabo Date Danza, Artello, Calamar Teatro ou Cuentos con Encanto.

MARÉ, “Unha vida son mil historias”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 xaneiro 2006, p. 36.

Comeza referíndose á recente desaparición de María Victoria Moreno para, a seguir, comentar que será a protagonista do Salón do Libro Infantil de Pontevedra. A continuación, céntrase nas actividades que terán lugar arredor do Salón do Libro, que abrirá as súas portas o 6 de febreiro e terá como fío argumental á Natureza. Salienta as conferencias de Ana María Matute e Xela Armas, obradoiros de escritura, de ilustración, sobre medio ambiente, contacontos, teatro, monicreques e música. Menciona igualmente obradoiros destinados a adultos sobre a animación á lectura, sobre literatura, etc.

MARÉ, “¡Que non che morde!”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 febreiro 2006, p. 33.

Coméntase que Fran Alonso editou unha antoloxía de poesía galega titulada *Poetízate* (2005) dedicada a lectores adolescentes. Dise que o poemario está destinado a aproximar o público adolescente á poesía, xénero pouco estimado polos lectores a quen vai dirixido.

MARÉ, “Máis títulos, pero menos novidades”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 marzo 2006, p. 43.

Referencia á situación da Literatura Infantil e Xuvenil a partir dos comentarios d’ *Anuario sobre o Libro Infantil e Xuvenil 2006* da editorial SM, no que Xosé Antonio Neira Cruz asina o artigo “Abrindo novos camiños”, que analiza a actividade editorial en galego. Segundo Neira Cruz “non hai para o escritor galego espazos para o aburrimiento nas letras xuvenís e infantís galegas”, pois xorden novos selos editoriais como OQO, Factoría K, Baía Editorial e Rinoceronte Editora, aínda que anota a ausencia doutros xéneros como son a poesía, o teatro e cómic e anuncia “certo parón do ritmo de aparición de novidades con respecto ao que se viña rexistrando na última década”. Tamén se comenta que Agustín Fernández Paz é o autor que máis publicou ao longo de 2005 e indícase que no *Anuario* se di que “o crecemento inusitado da produción deste ano non responde a unha necesidade real de mercado, senón a unha dinámica de competencia entre as editoriais”. Por outra parte, infórmase de que os nenos das comunidades con idioma propio son os que len menos en castelán e alúdese ao retroceso

sufrido polos libeiros. Ademais, fálase dos reforzos para o álbum ilustrado e na participación de Gálix na organización do Congreso do IBBY que se celebrará en Santiago no ano 2010.

MARÉ, “Fina Casalderrey na Feira do Libro de Boloña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 marzo 2006, p. 34.

Infórmase de que a obra de Fina Casalderrey *Quen me quere adoptar?*(2005) foi seleccionada entre duascenas cincuenta para ser incluída na exposición “The White Ravens 2006” pola súa calidade literaria. Indícase que a exposición é organizada pola Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich e o stand da Feira do Libro Infantil de Boloña.

MARÉ, “Área Central réndese ás letras”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 marzo 2006, p. 41.

Anúnciase a celebración da I Feira do Libro Infantil e Xuvenil no Centro Comercial Área Central e na que participan as editoras Sotelo Blanco, Baía Edicións e A Nosa Terra. Repásanse as actividades que van ter lugar ao longo das diferentes xornadas da feira como a presentación dunha nova entrega dos Bolechas, *Unha noite en Compostela*, de Pepe Carreiro, ou a adaptación de *Adiós ríos, adiós fontes*, de Rosalía de Castro e ilustrado por Rodrigo Chao Blanco. Sinálase tamén a participación destes autores en talleres de ilustración para os máis pequenos e a previsión de repartir cada día exemplares do xornal *Galicia Hoxe*, no que se lle dá acollida á literatura infantil e xuvenil. En recadro á parte refírese á participación das editoras galegas na Feira do Libro de Boloña e aos contactos mantidos cos organizadores doutros eventos.

MARÉ, “Catro encontros de OQO no Día do Libro Infantil”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 marzo 2006, p. 41.

Anúnciase o lanzamento de catro novos títulos da Editorial OQO, *Mister corvo* (2006), *Cocorico* (2006), *O segredo do rei curro* (2006) e *Pedra, pau e palla* (2006), que son adaptacións de contos tradicionais de países como Turquía, Birmania e Rusia. Repásanse algunhas das características destas creacións, como as arriscadas ilustracións de Mauricio A. C. Quarello que acompañan o conto de *Mister corvo*, no que se contan as aventuras deste paxaro considerado de mal agoiro; a mensaxe da importancia de escoitar os bos consellos, manter as promesas ou aprender a compartir, que se desenvolve en *Cocorico*; o xogo humorístico por non aceptar un defecto físico que se establece n’*O segredo do Rei Curro* (2006); ou os perigos do mundo que se tratan na adaptación do conto ruso *Pedra, pau e palla*. En cadro á parte tamén se destaca que o conto *A cousa que máis doe do mundo* (2005) foi seleccionado entre os libros mellor ilustrados do mundo.

MARÉ, “Mercado de primavera”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 abril 2006, p. 38.

Faise referencia á apertura da XXV edición da Feira do Libro de Compostela. Saliéntanse os éxitos editoriais de libros como *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, e sublíñase o auxe das traducións: *Brooklyn Follies*, de Paul Auster, *O Código da Vinci* (2004), de Dan Brown;

Xuntos, nada máis (por *Xuntos, e máis nada*), de Anna Gavalda; e *A sangue frío* (por *Cruceiro de verán*), de Truman Capote, ou *Seda*, de Alessandro Baricco. No tocante á produción infantil, sinala a colección “Os bolechas”, da editorial A Nosa Terra, e a obra *Smara*, de Paula Carballeira.

MARÉ, “Para os nenos do mundo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 xuño 2006, p. 35.

Alude á presentación na Feira do Libro de Madrid do catálogo de literatura infantil “White Ravens” no que, segundo se informa, se inclúen catro obras galegas entre as máis interesantes das novidades editoriais. Trátase de *Conto para non comer* (2005), de Oli; *Quen me quere adoptar* (2005), de Fina Casalderrey; *A cousa que máis doe do mundo* (2005), adaptación da tradición oral da Costa de Marfil por Paco Liván, e *Nun lugar chamado Labirinto* (2005), de Ánxela Gracián. Ademais de ofrecer un pequeno resumo de cada un deles, ofrécese información sobre o prestixioso catálogo de sona internacional.

MARÉ, “Para que quedas atrapad@”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 xullo 2006, p. 35.

Infórmase de que editorial Xerais publica unha antoloxía da poesía galega a cargo do editor Fran Alonso, de título *Poetízate* (2005), que rompe con todas as antoloxías escritas anteriormente, xa que pretende achegar a poesía a aqueles lectores máis reacios á lectura deste xénero.

MARÉ, “As letras van de excursión”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 agosto 2006, p. 35.

Dise que a escritora María Xosé Queizán impartirá un taller literario no Campamento Xuvenil de Ponte Maril en Forcarei, destinado a nenos de entre 12 e 14 anos e centrado no idioma galego, en Rosalía de Castro e na emigración. Sínálase que o obxectivo deste obradoiro é familiarizar os xoves cos autores e autoras galegos e coas súas obras.

MARÉ, “O primeiro libro galego en chinés”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 setembro 2006, p. 34.

Nova sobre a publicación en chinés da obra *Avós*, de Chema Heras e Rosa Osuna, editada por Kalandraka e presentada no marco da XIII Feira Internacional do Libro de Pequín na que a editorial pontevedresa foi a participante galega. Menciónase que a *Avós*, que xa se pode ler en xaponés e coreano, seguiranlle outros títulos da editora, que está a reforzar a súa presenza no mercado asiático. Recóllense datos sobre o labor editorial que se está a desenvolver en China, onde existen máis de 570 editoriais e 285 imprentas que editan ao ano máis de 190.000 títulos. Infórmase que en 2002 se publicaron arredor de 7.000 obras de literatura infantil e que as vendas acadaron os 230 millóns de copias.

MARÉ, “Nos mellores andeis do mundo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 outubro 2006, p. 36.

Anúnciase a decisión da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia de enviar cada ano unha escolma da produción literaria infantil e xuvenil galega á Biblioteca da Mocidade de Múnic, unha institución de referencia no mundo neste eido. Destácase que as obras serán seleccionadas por un comité de expertos independentes para que o lote reflecta calidade e variedade e que a decisión é o froito dun acordo entre o Director Xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, e o responsábel da Biblioteca de Múnic, Hochen Weber, tras o seu encontro no marco da Feira de Frankfurt, onde están presentes vinte e dúas editoriais galegas nesta edición.

MARÉ, “Os ouveos do can de palleiro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 novembro 2006, p. 34.

Refírese á inauguración na Galería Sargadelos de Barcelona da mostra “Can de palleiro”, organizada pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) en colaboración co Concello da Coruña e na que participan cincuenta ilustradores galegos, pertencentes a distintas xeracións, que achegan as súas visións sobre o can de palleiro. Recóllense unhas palabras do presidente da AGPI, Manel Cráneo, quen xustifica a elección do tema por se tratar dunha especie de denominación de orixe galega.

MARÉ, “Viaxe polo cómic galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 decembro 2006, p. 28.

Nota que recolle a presentación na Fundación de Arte Galega de Madrid da exposición “La historieta gallega”, comisariada polo debuxante Fausto Isorna e a historiadora e crítica de arte Gemma Sesar. Saliéntase que na mostra se ofrece un percorrido pola historia da banda deseñada galega dende os anos setenta e que nela están presentes os orixinais de máis de cincuenta autores divididos en catro períodos: “Los pioneros”, onde se recollen os primeiros cómics galegos de Reimundo Patiño e Xaquín Marín ou revistas como *A cova das choias*; “El underground”, na época dos oitenta, coas revistas *Valiumdiez* e *Das Capital*, de Fausto Isorna, ou *Can sen dono*, de Pepe Carreiro; “La industria”, centrado nos noventa, cando Edicións Xerais editou os álbumes de Fran Jaraba, Pepe Carreiro ou Isorna e a revista *Golfiño*; e “El presente”, centrado nas revistas *Barsowia* e *BD Banda* e nos salóns de Ourense e A Coruña. Recóllense as opinións de Fausto Isorna, quen apunta que na actualidade o cómic galego está volvendo á autoedición pola falta de sensibilidade da industria editorial que non acaba de comprender que o cómic é unha arte popular creada para o entretemento.

Martín, Iria, “La biblioteca, ocio para los niños”, *Atlántico Diario*, “Vigo Urbano”, 11 marzo 2006, p. 39.

Faise eco da programación para o mes de marzo da Biblioteca Central, situada na rúa Joaquín Yáñez, da que salienta o club de lectura de adultos, os “Sábados de cuento” e a visita de escolares para o coñecemento da biblioteca. Tamén comenta que a actividade de conto dos sábados é unha das máis entretidas e que acolle historias como as de “La madrastra de Blancanieves”, “Los novios de la ratita presumida” o “El lobo feroz”.

Martínez, Cecilia, “La Feria del Libro se cierra con éxito en Cangas”, *Diario de Pontevedra*,

“Pontevedra/Ciudad”, 27 xullo 2006, p. 16.

Fálase da satisfacción dos diferentes libeiros que puxeron os seus *stands* na VII edición da Feira do Libro de Cangas e coméntase algunhas das posíbeis apostas destes nos próximos anos. A seguir, destácanse as edicións que tiveron maior saída na Feira e os títulos que foron máis requeridos. Tamén se comenta o éxito doutras actividades paralelas á feira, tales como as actividades de animación á lectura das que se indica cómo foi a súa realización. Tamén se nomea a algún dos escritores participantes.

Matamoros, Jose, “Rosas con memoria”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 1 abril 2006, p. 15.

Recóllense varias novas entre as que se salienta a celebración do cento cincuenta aniversario do Banquete de Conxo e dáse conta dos actos que se levarán a cabo. Así mesmo, tamén se informa da celebración da primeira feira do Libro Infantil e Xuvenil Galegos na Área Central de Santiago. Ademais, coméntase que Pepe Carreiro asinou libros e dirixiu un taller de animación á ilustración.

Matamoros, José, “El ejercicio académico da sus últimos coletazos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 maio 2006, p. 15.

Recóllese de entre diferentes acontecementos alleos á literatura galega, o Certame artístico e literario convocado polo colexio Compañía de María de Compostela, citando aos gañadores das diferentes modalidades. Así, dentro da narrativa, Cristina Mourelos, José Abelardo Blanco e Iria Páramo; en poesía, Paula García e Milagros Barcia, en fotografía, Antón Bermúdez, e dentro dos premios de creación artística, Gabriel Rivas, Román Gamallo, Irene Porto e Carlos Álvarez. A seguir, fálase do acto literario que tivo lugar no Colexio de Fonseca convocado pola Universidade de Santiago, en conmemoración de Lugrís Freire, coordinado polos profesores Anxo Tarrío e Antón Santamarina.

Matamoros, José, “El Lobelle festeja la temporada”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 1 xuño 2006, p. L15.

Entre outras noticias relacionadas coa vida social, deportiva e cultural, inclúese a da celebración dunha sesión de contacontos no Centro Comercial Compostela, dentro da programación dedicada, ao longo de todo o mes de maio, ás Letras Galegas. Dise que nesta sesión de contacontos participou o escritor Oli, que forma parte da lista White Ravens 2006.

Mauleón, Amaia, “Los nuevos héroes del cómic gallego”, *La Voz de Galicia*, “El Domingo”, 5 febreiro 2006, pp. 8-9.

Aproximación ao traballo de cinco novas figuras do cómic galego que están a triunfar en España e Europa: David Rubín, Kiko da Silva, Miguel Robledo, Fran Bueno e Emma Ríos. Ao longo do artigo faise referencia a cada un destes debuxantes destacando aqueles trazos distintivos do seu estilo. Así, David Rubín é definido como “o autor do desalento”, Emma

Ríos como “a arquitecta sen medo á violencia”, Kiko da Silva como “o defensor do cómic infantil”, Fran Bueno como “o superheroe que saltou a América” e Miguel Robledo como o autor que busca “a inmortalidade”. Cada unha das columnas dedicadas a estes debuxantes ofrece un retrato dos mesmos e unha análise dos seus traballos e da súa carreira profesional, que se completa coa reprodución das súas opinións.

Mauleón, Amaia, “Un mundo de hadas, magos, divorcios y celos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 7 abril 2006, p. 44.

Repaso das actividades que con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil se levan a cabo no centro comercial El Corte Inglés de Vigo. Comézase destacando o aumento dos índices de lectura entre os máis pequenos e a presenza de temáticas moi actuais nas súas lecturas. Tamén se dá conta da mostra de personaxes da literatura infantil española do século XX, que se leva a cabo no centro comercial, e recóllense as declaracións de participantes na presentación como Sandra Senra, psicóloga que traballa na librería e que destaca a importancia de estimular a imaxinación e o coñecemento das obras clásicas.

Michelena, C., “A Banda Deseñada, protagonista da Feria do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán/Cultura”, 13 xullo 2006, p. 67.

Infórmase do comezo da XVIII Edición da Feira do Libro Novo de Pontevedra e sinálanse os lugares onde se levará a cabo. Dise quen será o pregoeiro e que se entregará o V Premio Benito Soto da Agrupación de Libreiros de Pontevedra. A seguir, dáse conta de quen participará na inauguración, infórmase dos actos que terán lugar e dos participantes que asistirán ao longo dos diferentes días que se celebra a Feira.

Michelena, Cristina, “Clementina Vidal e a súa paixón contada”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 4 xaneiro 2006, p. 59.

Dáse conta da presentación no Café Moderno de Pontevedra do primeiro volume dunha colección de libros de contos da Editorial El taller del poeta. Dise que leva por título *O sorriso da lúa* (2005) e que é obra de Clementina Vidal Caramés. Sinálase que nesta obra a autora recompila pezas dispersas nas que predomina a maxia e a fantasía e nas que se canta á amizade. Destácase que para a autora é moi especial a peza que está baseada nas historias da infancia de seu pai. Recóllense as palabras de Vidal Caramés, nas que fai alusión aos motivos doutros contos inspirados nunha eclipse ou en soños, aínda que se di que a maior parte das historias están refeitas a partir das que a autora lle contaba aos seus netos. Remátase sinalando que a autora é a encargada tamén das ilustracións que acompañan ao texto, en tinta chinesa e con augada de acuarela en cores.

Michelena, Cristina, “Contaescolas para todos os nenos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 24 febreiro 2006, p. 83.

Infórmase que o Concello de Pontevedra quere que os centros escolares máis afastados do núcleo urbano poidan gozar das actividades de animación á lectura e contacontos. Recóllense as palabras da Concelleira de Cultura, María Xesús López Escudeiro, que presentou a programación para escolas de Educación Infantil do Municipio que, baixo o nome de “Contaescolas”, estará coordinada por Migallas Teatro. Tamén se dá conta das actividades que variarán en función dos centros.

Miguel, Marina de, “El cómic gallego conquista la Feria del Libro de Madrid gracias a “BD Banda”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 1 xuño 2006, p. 48.

Refírese á presenza na Feira do Libro do Madrid, onde a Xunta de Galicia é invitada de honor nesta edición, dos impulsores da publicación *BD Banda*, Kiko Dasilva, Germán Hermida e Paco Paradelo. Sinalase que a revista, creada hai cinco anos co propósito de servir de plataforma a autores galegos, foi premiada no Salón do Cómic de Barcelona co premio ao mellor fanzine realizado en España e que por tal motivo na edición do evento deste ano presentárase unha exposición retrospectiva e publicárase un número especial, por primeira vez en castelán, no que participarán todos os autores do colectivo. Recóllense tamén as palabras do seu director, Kiko Dasilva, quen indica que a revista pasará a converterse nunha publicación profesional con tirada para toda España grazas ao acordo alcanzado coa editorial Kalandraka. Anúnciase que nesta nova andaina a revista diversificará os seus contidos para agradar tanto ao lector infantil coma ao adulto.

Miñán, Teresa, “Barro, fomentando la cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Comarca de Pontevedra”, 29 decembro 2006, p. 8.

Breve crónica das actividades que se están desenvolvendo na Biblioteca Pública de Barro a prol do fomento da lectura entre os máis pequenos. Ademais da realización de diferentes obradoiros relacionados con Nadal, apúntanse como novidades actividades relacionadas co xogo de pistas a través de mensaxes ocultas, os contacontos e un taller de construción de monicreques con calcetíns.

Montero, Iris, “En los libros ilustrados mirar es leer, pero no basta una mirada”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 20 abril 2006, p. 11.

Infórmase da posta en marcha, por parte da Rde Mnicipal de Bibliotecas de Cambre, dunha escola taller onde os nenos e as nenas poden aprender as técnicas da ilustración da man de grandes artistas como Xan López Domínguez, Manuel Uhía, Noemí López, Pepe Carreiro, Óscar Villán ou Suso Cubeiro. Saliéntase a visita de Xan López Domínguez, a primeira deste ciclo, quen valorou a iniciativa como “unha forma de achegar a literatura ós nenos”.

Morán, Carmen, “Los especialistas piden incluir la literatura juvenil en la formación de los profesores”, *El País*, “Educación”, 11 decembro 2006, p. 42.

Coméntase que os mestres de infantil reciben clases de literatura destinada a nenos e mozos, mentres que a materia é voluntaria para os futuros docentes de primaria e practicamente inexistente nas ensinanzas universitarias para os que serán profesores de instituto. Destaca que por estas razóns, a Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil solicitou ao Ministerio de Educación que aproveite a reestruturación das carreiras para incluír a materia de forma obrigatoria nas carreiras de mestre de primaria, nas filoloxías e nos estudos de Biblioteconomía, salientando a falta de formación dos profesionais que deben corrixir as carencias dos adolescentes en canto á comprensión de textos e a falta de hábito lector. Recóllese a opinión de Lola González, catedrática de Literatura Infantil e Xuvenil na Universidade de Sevilla, quen sinala que cómpre unha boa selección dos textos e espertar paixón pola lectura a partir dos oito anos; e tamén de Pedro Cerrillo, catedrático da Universidade de Castela-A Mancha e director do CEPLI (Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil), quen alerta dos moitos lectores que se perden no paso de primaria a secundaria e da necesidade de estudar esta produción que “tamén es literatura con mayúsculas y requiere su espacio de estudio, y es fundamental porque va dirigida a un lector que no ha acabado de desarrollarse con tal”.

Mosteiro, Marga, “La Biblioteca Nova 33 de Caixa Galicia se trasladará al Ensanche”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 marzo 2006, p. L6.

Anuncia a abertura para o próximo mes de abril do Centro Sociocultural do Ensanche, cuxo local é propiedade da Caixa Galicia e que foi acondicionado pola Deputación e cedido para a súa xestión ao Concello de Santiago, na rúa Frei Rosendo Salvado. Anúnciase que a este local se trasladará a Biblioteca 33 da Caixa Galicia e preséntanse as modificacións efectuadas con respecto ao proxecto inicial fraguado no ano 2002. Tamén se sinala que no citado centro haberá unha sala de informática, que ofrecerá actividades para todas as idades, un salón de actos ou dependencias para a realización de talleres.

N.A., “Animación a la lectura de la mano de la escritora An Alfaya”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 25 abril 2006, p. 5.

Infórmase da presenza da escritora An Alfaya, recentemente galardeada co Premio Lazarillo 2005 por *A ollada de Elsa*, no colexio Castelao de Vigo, dentro das actividades de animación da lectura que realiza este centro. Dise que durante o encontro, o alumnado obsequiou a escritora cunha selección de traballos arredor da súa obra e que xuntos realizaron un taller arredor dos seus personaxes literarios.

P.C.R., “Misión: despertar el gusanillo de la lectura”, *Diario de Ferrol*, 25 abril 2006, p. 72.

Dá conta das actividades realizadas no centro San Rosendo de Ferrol con motivo da celebración do Día Internacional do Libro. Comenta a participación da Asociación de Pais de Alumnos na organización dun novo maratón de lectura de temática libre. Lembra que se leron textos de Gloria Fuertes e outros de temática fantástica. Remata cunha referencia ao número de participantes, ao redor de 30 persoas, e ao paralelo concurso de carteis para decorar o

espazo en que se realizaba a actividade, dando a coñecer a gañadora do mesmo: Cecilia Carro Bergantiños.

Peña, Abel, “Y colorín, colorado, el cuento continuó”, *El Ideal Gallego*, 28 marzo 2006, p. 64.

Anúnciase a participación da Biblioteca Miguel González Garcés na convocatoria dun concurso para nenos e nenas, organizado pola OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil), no que os participantes teñen que continuar o conto de Hans Christian Andersen, *A princesa e o chícharo*. Aventúranse algunhas hipóteses de continuación deste conto tradicional, asociadas ás características da sociedade actual, e sinalase que debido ao pouco tempo co que contan os nenos para poder participar no concurso convocado pola OEPLI a propia biblioteca convocará outro paralelo para premiar a todos os participantes. Nun recadro á parte sinalase que se pode participar en todas as linguas oficiais, que o premio será un lote de libros e que as bases están publicadas na páxina web da Biblioteca Miguel González Garcés.

Peña, Abel, “Elefantiasis’ con un exceso de policromía”, *El Ideal Gallego*, 4 abril 2006, p. 64.

Dáse conta das actividades levadas a cabo na biblioteca da Deputación da Coruña con motivo do Día Internacional do Libro Infantil. Destácase o traballo colectivo que levaron a cabo nenos de entre un e catro anos e no que todos pintaron o elefante Elmer, protagonista da obra de David Mackee, na que se conta os problemas de adaptación dun elefante de moitas cores que quere ser como os demais de cor gris.

Peña, Abel, “Arquímedes y Verne, los ídolos de los niños”, *El Ideal Gallego*, 5 abril 2006, p. 63.

Repásanse algunhas das actividades levadas a cabo dentro da celebración da difusión da ciencia entre os máis novos, levada a cabo no Centro Cívico de Arteixo. Entre estas actividades dáse conta da proxección dun documental sobre a vida de Jules Verne e dunha sesión de contacontos.

Peña, Abel, “La González Garcés forma una banda”, *El Ideal Gallego*, 13 abril 2006, p. 56.

Dá noticia da publicación do folleto “Banda deseñada” pola biblioteca de Elviña co obxectivo de informar aos seus lectores das novidades no mundo do cómic. Di que se publicará cunha periodicidade mensual e alude ao responsábel do díptico, Xosé Manuel Pérez, para a exposición dos diferentes criterios de selección de tebeos: escritos por autores galegos ou de temática galega por un lado e, por outro, a continuidade dunha serie ou a pluralidade. A noticia inclúe un apartado no que se fala do cómic de orixe xaponés *El Manga*.

Peña, Abel, “Los cuentos hay que cogerlos con pinzas”, *El Ideal Gallego*, 1 maio 2006, p. 54.

Dá conta da iniciativa levada a cabo no Centro Cívico Municipal de San Diego para celebrar o Día do Libro, que consistiu en invitar a todos os interesados a colgar as súas achegas literarias nun tendal para a roupa baixo o lema “Cuelga tu cuento en nuestro tendal”. Sinálase que os primeiros en facelo foron os participantes dun Taller Literario que tivo lugar no centro.

Peña, Abel, “Los niños saben pasárselo pipa”, *El Ideal Gallego*, 28 novembro 2006, p. 64.

Saliéntase o importante labor que se está levando a cabo nas bibliotecas públicas no tocante á promoción do uso dos libros a idades cada vez máis temperás, botando man das sesións de contacontos e o teatro de animación á lectura. Entre os personaxes de ficción que circulan polas bibliotecas galegas, cítase a familia Rapapón e ao Moucho Leroucho.

Penelas, S., “Cursos de cómic, ilustración y pintura en el Bibliocampamento”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 13 xuño 2006, p. 11.

Infórmase da presentación do programa da IV edición do Bibliocampamento de Verán organizada pola Biblioteca Central de Vigo. Sinálanse as datas de inscrición dos tres cursos e indícanse en qué consistirán, quen os porá en práctica e cando se realizarán. A noticia recolle as palabras de Marta Souto, delegada provincial de Cultura, e Rosa Díaz Naya, directora da Biblioteca Central, pronunciadas no acto de presentación a respecto do éxito que obtido o curso do ano pasado e a respecto da inversión da Xunta de Galicia no tocante á inversión das bibliotecas.

Pillado, N., “Juegos literarios en Nigrán”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor/Área Metropolitana”, 11 marzo 2006, p. 18.

Refírese á campaña que a Concellaría de Cultura de Nigrán puxo en marcha baixo o lema “Achégate ós libros”, para facer fronte ao auxe de cíbbers e parques cubertos no tempo de ocio dos pequenos. Sinálase o balance positivo en canto á resposta dos nenos e saliéntase a gran acollida do taller de elaboración de libros onde os asistentes confeccionaron as súas propias obras que deixaron na sala da biblioteca.

Ponte, Elena, “La infancia es la época en la que se vive la lectura con más intensidad”, *El Ideal Gallego*, “Ideas Libros”, 26 xaneiro 2006, p. 17.

Entrevista con Xosé Ballesteros, responsábel da editorial Kalandraka, con motivo da súa participación na sesión organizada polo Taller de Escritura Creativa 4 Cuentos na que puxo de manifesto a situación que atravesamos o sector da literatura infantil e xuvenil e presentou os proxectos da editorial que dirixe para este ano. Segundo Ballesteros, os libros que edita Kalandraka pasan por moitas seleccións antes de se publicar e mesmo teñen en conta a opinión dos seus destinatarios, os nenos, a través da colaboración que manteñen con varios centros educativos. O editor reivindica a infancia como un espazo de tempo no que se vive a

lectura con intensidade e defende a presenza de libros nas casas como protagonistas da vida cotiá. Así mesmo, apunta a importancia da escola e da biblioteca para crear lectores e o papel fundamental da animación á lectura, dos contacontos e das sesións dedicadas á escritura e á ilustración.

Ponte Far, Xosé A., “Xavier Rodríguez Baixeras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 811, “Literatura”, 15 marzo 2006, p. 4.

Realízanse unha ampla proposta didáctica, enfocada cara á escola, sobre a vida e obra do poeta Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945). Inclúese na proposta unha descrición da súa vida e o seu estilo literario, unha listaxe da súa obra completa, algúns poemas escollidos do conxunto da súa obra, unha relación de fontes “para saber máis”, e unha relación de actividades asociadas a todo o material xa citado. Dise de Baixeras que é “un dos artífices do cambio que se produciu na poesía galega nos anos oitenta”, unha “nova mudanza nos trazos estéticos da lírica galega”. Os poemas que se inclúen son, por orde de aparición: “Mal chega a voz” (1981), “Beira norte” (1997), “Algo que non é sombra” (1995), e “Un sitio para a vida” (1997).

Ponte Far, José Antonio, “Pilar Pallarés, unha voz sobresaínte”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, “Literatura galega”, 15 novembro 2006, p. 4-5.

José Antonio Ponte Far presenta os trazos fundamentais da obra poética de Pilar Pallarés e proponlles aos rapaces un conxunto de actividades arredor dos catro poemas da autora seleccionados nestas páxinas. Da poética de Pallarés salienta que se trata dunha poesía de autoconhecimento e de exploración do mundo e do seu contorno, a recorrencia ao tema do amor, a expresión de dúbidas arredor da vida e a plasmación das inxustizas e represións que sofren moitas persoas do mundo.

Queizán, María Xosé, “De ‘Poetízate’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 abril 2006, p. 40.

Acóllese un poema de María Xosé Queizán, anteriormente reproducido na antoloxía *Poetízate* (2005), editada por Fran Alonso.

R.B., “Centos de alumnos lembran a Cabanillas con froes e poesías”, *Diario de Arousa*, “Cambados Local. Día das Letras Galegas”, 17 maio 2006, p. 11.

Alúdese á tradicional homenaxe feita polos escolares ante o monumento dedicado a Ramón Cabanillas, que este ano foi organizada polo IES Francisco Asorey. Apúntase que os rapaces leron diversos textos e poemas en relación ao poeta cambadés, así como que se lembrou ao homenaxeado no días das Letras Galegas, Manuel Lugo Freire, e que se lle dedicaron unhas verbas a Rosalía de Castro. Por outra parte, infórmase que os actos das Letras Galegas continúan cun concerto e a Feira do Libro, ademais de facerse referencia á entrega dos galardóns correspondentes ao III Premio Ramón Cabanillas, que este ano premiou a Ramón Caride.

R.M.C., “Caldas promove o achegamento ós libros coa posta en marcha do Clube de Lectura”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, 8 outubro 2006, p. 26.

Saliéntase o labor que vén desenvolvendo o Club de Lectura da Biblioteca Pública de Caldas dende a súa posta en marcha hai cinco anos. Coméntase que actividade consiste en acudir ás reunións que se celebran periodicamente e poñer en común as sensacións e opinións arredor das obras literarias escollidas para ler, que son facilitadas a través do préstamo interbibliotecario grazas á colaboración con varias entidades municipais da provincia da Coruña. Conclúese que se trata dun “xeito novidoso de vivir o tempo de ocio gratuitamente”.

R.V., “Os mellores mestres da acidez”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 outubro 2006, p. 33.

Dá conta da iniciativa convocada na Casa da Xuventude de Ourense para divulgar o Lab-Ou, acrónimo da expresión francesa que identifica o Taller Potencial de Banda Deseñada creado en 1992 por varios debuxantes e unha editorial francesa. Explícase que a iniciativa consiste en que os vinte participantes debuxen unha viñeta relacionada coa palabra elixida e que logo lla pasen ao debuxante da súa dereita para que este continúe a historia con outra palabra diferente. Saliéntase que a novidade desta experiencia, presentada en “Viñetas desde o Atlántico”, é a utilización de internet para enviar os traballos, e cítanse algúns dos participantes: o colectivo Polaquia, Alberte Vázquez, Roque Remeiro, Miguel Porto, Brais Rodríguez e Bernal Prieto, entre outros.

Ramírez Lozano, José Antonio, “Sopa de soño. Literatura infantil”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 xullo 2006, p. 40.

Reproduce o texto “Liñas ao Roquefort”.

Ramos, J.M., “Niños de Camariñas y Boqueixón culminarán un cuento de Andersen”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 31 marzo 2006, p. 34.

Anúnciase a participación dos nenos e nenas usuarios das bibliotecas de Camariñas e Boqueixón no concurso organizado pola OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil), no que teñen que continuar o conto de Hans Christian Andersen, *A princesa e o chícharo*. Sinálase que en Camariñas os participantes teñen entre seis e nove anos e que entregarán os seus traballos na propia biblioteca, decorada para a ocasión, en compañía dos seus pais. Explícase que este concurso se leva a cabo con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil, promovido polo Board Books for Young People (IBBY). Remátase lembrando que no pasado ano unha das concursantes de Camariñas acadara o premio nacional de debuxo. En cadro á parte sinálase que esta participación está promovida dende o programa de animación á lectura “Superlibros” que desenvolve a biblioteca camariñesa.

Rodríguez Almodóvar, Antonio, “Muchos autores en busca de editor”, *El País*, “Babelia”, n.º 783, “Literatura Infantil y Juvenil”, 25 novembro 2006, p. XI.

O premio Nacional de Literatura Xuvenil de 2005, Antonio Rodríguez Almodóvar, sinala que as literaturas infantís e xuvenís de todo o Estado viven un momento de euforia e tamén de preocupación pola aparición de certos vicios propios da literatura “de los mayores” como o mimetismo dos *best sellers* e a abundancia de títulos nun mercado pouco esixente, a pesar da importancia consensuada que se lle outorga á promoción da lectura entre nenos e adolescentes. Apunta que no caso de Andalucía, o esforzo da Consellería de Cultura e do Centro Andaluz das Letras, apenas é seguido polo sector privado. Entre as editoras que se dedican aos libros para a infancia e a adolescencia, cita Algaida (Grupo Anaya), Guadiel (Grupo Edebé), Mágina (Grupo Octaedro), a modesta Aljibe, MAD e a empresa galega Kalandraka, que creou a súa filial andaluza en 2004. Sobre os datos referidos á produción de 2004, salienta que en Andalucía se reduce ao 1%, fronte ao 4,82% de Galicia, o 35% de Madrid e Cataluña, o 6,7% do País Vasco ou o 5,15% de Valencia, malia Andalucía ocupar o terceiro posto en produción editorial xeral, cun 6,8% do total dos libros editados en España. Comenta ademais que Andalucía conta con autores de gran relevancia, andaluces ou radicados nesa comunidade. Menciona a José Antonio del Cañizo, José Antonio Ramírez Lozano, Eliacer Cansino, Concha López Narváez, Antonio A. Gómez Yebra, Carmen Gil, Rosa Díaz e Ana María Romero Yebra ou aos que escriben tamén para adultos como Ana Rossetti ou Carlos Murciano.

Rodríguez, Ana, “Los superhéroes también lloran”, *La Opinión*, “A Coruña”, 16 agosto 2006, p. 8.

Dá conta da comparecencia, no marco do Salón do Cómic da Coruña, dos debuxantes Esad Ribic e Brent Eric Anderson, dos que se considera que contradin cos seus traballos a concepción dos “héroes y villanos del cómic con hinchadas posturas, pomposas voces impostadas y contundentes onomatopeyas”. Resúmese a traxectoria de Anderson, destacando o seu traballo coa editorial Marvel e a realización dunha serie considerada definitiva nos noventa, *Astro City*. Con respecto ao croata Ribic, salientase que prepara unha serie do mítico Silver Surfer e que firma o seu traballo máis coñecido e vendido, *Loki*. Sinálase tamén que ambos os debuxantes opinan que as fronteiras entre o cómic europeo e o estadounidense se difuminan cada vez máis e que se dá unha mestura de estilos e culturas.

Rodríguez, Nuria, “Pontedeume celebrará del 7 al 13 de mayo la I Semana do libro e a lectura”, *La Opinión*, “Eume”, 24 marzo 2006, p. 20.

Indícase que o Concello de Pontedeume celebrará entre os días 7 e 13 de maio a I Semana do Libro e a Lectura. Sinálase cándo será a inauguración e cáles son os obxectivos. Así mesmo, explícanse polo miúdo as diferentes actividades que no marco desta I Semana do libro se levarán a cabo: encontros con profesores, cursos, exposicións, actividades de animación dirixidas aos máis pequenos, etc. Finalmente, noméanse algúns dos escritores participantes.

Rodríguez, Salvador, “Manuel Rivas en dibujos animados”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “El

Sábado", n.º 461, "Cultura", 20-21 maio 2006, p. 1/ 69.

Comeza sinalando que Roque Cameselle xa ten aos seus 25 anos unha dilatada traxectoria salpicada de varios premios cinematográficos e literarios con publicacións como *O Pausiñas* (2001) e *Bieito Dubidoso* (2003). A seguir, alude ao seu labor no campo audiovisual e á súa afección pola literatura, que o levou ao desafío de levar ao cinema animado o relato *Bala perdida*, de Manuel Rivas, que foi publicado no ano 1996 con ilustracións de Miguelanxo Prado. Por outra parte, recóllense unha serie de declaracións do propio Cameselle que se refire á boa disposición presentada polo autor coruñés, de quen lle gustaría recibir algunha suxestión, para que o seu relato fose levado á gran pantalla. Tamén comenta que *Bala Perdida* está nun proceso de preproducción. Por outra parte, alúdese á historia que recolle este relato e ao equipo Deboura Cultural, encargado de pór en marcha este proxecto audiovisual e que está a piques de estrear *Dubidoso el Mago*.

Romero, Lorena, "Escolares del municipio participaron ayer en el recital poético del Intercentros", *Diario de Ferrol*, "Ferrol Comarca", 21 abril 2006, p. 12.

Noticia centrada na celebración no Auditorio Municipal de Narón dun recital no que participaron alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto curso de ESO, primeiro e segundo de Bacharelato e dos Ciclos Formativos co fin de seleccionar os traballos que serán presentados ao certame Intercentros. Infórmase tamén de que o día 21 finaliza o prazo para presentar os traballos nas modalidades de narrativa, cómic e poesía.

Rubín, David, "Viñetas para exportar", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 149, 18 febreiro 2006, pp. 8-9.

David fai un repaso polo despegue dos ilustradores galegos nos últimos anos, nos que tiveron como apoio iniciativas como as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, o Salón "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña ou os diversos concursos de cómic convocados en toda Galicia. Sitúa entre os pioneiros a Miguelanxo Prado, Carlos Portela, Fernando Iglesias, Víctor Rivas e Kike Benlloch, entre outros. Desta etapa considera que malia a gran cantidade de autores de tebeo en Galicia o panorama parecía desolador, especialmente e a raíz da desaparición da revista *Eclipse* clausurada pola censura. Sitúa o ano 2001 como a base na que se cimentou a nova xeración de autores, pois neste momento comezaron dous proxectos fundamentais: *BD Banda e Polaqia*. Da primeira sinala que é unha revista dirixida por Kiko da Silva e outros membros do colectivo ourensán Frente Comixario, que apostou tanto polos autores galegos coma polos foráneos, da que ademais de repasar os nomes dos participantes en diferentes números se salienta que é un escaparate fundamental para coñecer o traballo dos creadores actuais. Como recoñecemento ao esforzo que supuxo este proxecto salienta o premio ao mellor fanzine do ano 2004 no Salón do Cómic de Barcelona. Destaca tamén a importancia da colección "BD Banda" editada por Factoría K de Libros, publicada en lingua galega e castelá e que vén responder á crecente demanda dos lectores. Da segunda iniciativa, *Polaqia* sinala que comezou co álbum *Mmmh!!*, presentado en 2001 no Salón "Viñetas desde o Atlántico", ao que logo seguiron outras publicacións como outras entregas como *Esa cousiña que levas no peito*, de Kike Benlloch. Sitúa como o maior logro de Polaqia a edición do fanzine *Barsowia*, que xa leva publicados sete números e que representa un fito na publicación

independente galega, no que destaca o carácter experimental tanto nas temáticas coma nos grafismos e onde aparecen os traballos da maioría dos autores galegos. Xunto con estes proxectos lembra a importancia que no seu momento tivo a revista *Golfinho*, que para moitos autores foi o seu primeiro traballo profesional remunerado. De cara ao futuro ve o panorama no ano 2006 lonxe da situación de partida do 2001, pois son moitos os proxectos nos que están a traballar os autores galegos neste momento tanto de carácter nacional coma internacional, dos que adianta algúns.

Ruibal García, David, “Un día en la guardería”, *Diario de Ferrol*, 12 xullo 2006, p. 64.

Informa da publicación d’*O Barulleiro*, revista realizada por parte dos pais dos nenos da escola infantil A Solaina. Dá conta de cómo foi realizada, dos obxectivos e dos contidos desta iniciativa, e recolle a declaración de intencións da directora do colexio, Belén Romero, para os próximos anos.

Ruibal, Arturo, “La niña disfrazada de maestra”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 189, “Perfil”, 15 xaneiro 2006, p. 23.

Percorrido pola vida e obra da escritora Fina Casalderrey. Comeza referíndose á súa infancia en Xeve para logo analizar a súa faceta de escritora, destacando a imaxinación de nena e o seu carácter soñador. Repara no seu papel de mestra, papel no que se “disfraza cada día” dende os dezanove anos, convertendo cada clase nunha festa e incitando no alumnado á paixón pola lectura. Recorda os premios gañados, como o Barco de Vapor, o Merlín ou o Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, que avalan o seu prestixio como escritora e remata facendo alusión a algunhas das súas composicións máis importantes dende *Mutacións xenéticas* (1991) até *O estanque dos parrulos pobres* (1996), ademais de mencionar as súas colaboracións periodísticas e literarias.

S.A., “Las bibliotecas de O Burgo y Vilaboa acogen talleres para niños”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 5 abril 2006, p. 14.

Anúnciase a celebración de actividades nas bibliotecas do Burgo e de Vilaboa dentro do ciclo de animación á lectura “A hora do conto”. Dise que consiste en talleres de contos para nenos de catro a oito anos.

S.C., “El Concello propone una sesión de cuentacuentos para animar a la lectura”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 15 marzo 2006, p. 19.

Faise eco da posta en marcha, por parte do Concello de Meis, dunha campaña de fomento da lectura entre os máis pequenos, nun intento de facer entender a lectura como un acto de placer e non unha obriga escolar. Comeza cunha sesión de contacontos a cargo de Manuel e Vicente Muñoz e Ana Parandones, que protagonizarán “Contas e cantas”.

S.T., “Dibujos con historias para adultos”, *La Región*, “Ciudad”, 5 outubro 2006, p. 13.

Infórmase da celebración das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, organizadas pola Casa da Xuventude e o colectivo Phanzynex e coordinadas por Benito Losada, Óscar Iglesias e Henrique Torreiro. Sinálase que nesta décimo oitava edición contarase coa exposición “Delikatessen”, do debuxante Miguel Porto, coa presentación do álbum *Vilaverzas* (2006), de Miguel Robledo, con encontros con creadores e cun taller virtual con exercicios colectivos do Laboratorio Galego de BD Experimental. Infórmase tamén que o día 20 de outubro será entregado o Premio Ourense de Banda Deseñada á librería Paz de Pontevedra.

Sanjurjo, Alex, “El objetivo es fomentar la creatividad y la inteligencia”, *La Opinión*, “A Coruña”, 4 febreiro 2006, p. 12.

Dá conta da iniciativa da Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil da Coruña de acoller un taller didáctico sobre arte que imparte Tonecho Otero. Comeza reproducindo as verbas do “mediador cultural” sobre esta iniciativa. A seguir, fala das distintas sesións do taller, os días de celebración e a idade dos destinatarios, nenos de entre 8 e 11 anos. Remata aludindo a outro dos obxectivos, mover os fondos bibliotecarios sobre a arte para que os rapaces aprendan que a arte é unha forma de comunicar, “unha linguaxe común”.

Sanmartín, X., “Miguelanxo Prado y *De profundis*”, *El Correo Gallego*, “Radio-Televisión”, 3 marzo 2006, p. 78.

Alúdese á aparición de Miguel Anxo Prado no “telediario” da primeira cadea de Televisión Española, por mor dunha reportaxe sobre a película *De Profundis*, longametraxe de animación conducida polo debuxante galego, que foi admirado por moitos nenos a través de *Golfiño*. Sinálase que este debuxante é un dos máis importantes do sur de Europa e alédase porque nos peches culturais comecen a aparecer elementos alleos a Madrid ou Barcelona.

Santamarta, Rubén, “Galicia exhibe en Barcelona la versatilidad de su banda diseñada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 21 maio 2006, p. 47.

Alúdese aos premiados na edición 2005 do Salón Internacional do Cómic de Barcelona, Miguelanxo Prado e o fanzine *BD Banda*. A seguir, coméntase que a sensación de que os creadores galegos meteron unha cuña no encontro máis importante de España sobre a novena arte se corrobora coas nominacións desta edición a David Rubín, como autor revelación do ano e a quen a editorial Astiberri lle publicou a súa primeira novela gráfica, *El circo del desaliento*; e ao fanzine coruñés *Barsowia*, como mellor publicación independente e que acolle unha plataforma de mozos talentos dirixida por Kike Benlloch. Anúncianse as datas de celebración da edición deste ano e a presenza galega, ademais de referirse con máis detalle a *BD Banda*, proxecto encabezado por Kiko da Silva e xestado en Pontevedra en 2001, que serviu de canteira do cómic galego e que agora vai publicar en castelán un álbum co mellor dende a súa creación.

Santamarta, Rubén, “Viñetas cita a Europa y a América”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Cómico”, 12 agosto 2006, p. 14.

Percorrido pola programación que ofrecerá a novena edición do Salón do Cómico “Viñetas desde o Atlántico”, que se cualifica como o grande encontro popular da Península entre autores, expositores e público. Menciónase a presenza dos autores procedentes da vangarda do cómic francés: o galo Manu Larcenet, o suízo Frederik Peeters e o canadense Guy Delisle; do norteamericano Bruce Timm, “una de las últimas joyas de la poderosa editorial Marvel” e un gran creador de superheroes; e renovadores españois como Fermín de la Calle e Ángel de la Calle; ademais de exposicións sobre a Guerra Civil, a arquitectura e o mar. Entre as propostas galegas cítanse os proxectos de BD Banda, dirixida por Kiko da Silva, do colectivo Polaquia, cuxa cara máis visíbel é Kike Benlloch, e de David Rubín, Manel Cráneo, Miguel Robledo ou Bernal.

Santamarta, Rubén, “Galicia exporta y marca estilos en el cómic del siglo XXI”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 183, 21 outubro 2006, pp. 2-3.

Reportaxe dedicada a varios creadores de galegos de cómic que, segundo se indica, nos últimos anos acaparan premios e marcan tendencias no cómic español contemporáneo. Indícase que a maior parte deles se ven obrigados a desenvolver o seu traballo fóra de Galicia malia o revulsivo que supuxo a consolidación de dous festivais punteiros, na Coruña e en Ourense, e a publicación dunha revista como *Golfinho*, a canteira de moitos destes creadores. A seguir repásanse os perfís das firmas máis relevantes, comezando por Emma Ríos Maneiro, unha das poucas mulleres que se dedica ao xénero practicando un estilo con influencias do cómic americano e do manga e que vai publicar a cuarta entrega da súa serie negra *A prueba de balas* con Polaquia; Manel Cráneo, con moitos traballos realizados en colaboración e responsábel dun bo conxunto de iniciativas relacionadas coa banda deseñada e a ilustración, ademais de realizar *storyboards* de varias películas; Kiko Dasilva, colaborador de *La Voz de Galicia*, *El jueves* ou *Mister K* e fundador e director da revista *BD banda*; Fran Bueno, o autor galego mellor asentado no panorama comercial estadounidense aínda que reside en Francia, cun debuxo de gran calidade; e Miguel Robledo, un dos pioneiros do movemento ourensán do cómic que comezou en *Frente Comixario* e acadou un gran recoñecemento coa serie “Vilaverzas” na revista *Golfinho*.

Santiso, C., “Sotelo Blanco y Érguete trabajan en la elaboración de un libro ‘para la vida’”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 22 xullo 2006, p. 17.

Dá conta do convenio entre a fundación Érguete e a editorial Sotelo Blanco para elaborar un libro didáctico. Sublíñase a importancia de que os nenos participen na experiencia e revela a intención de “Libro para la vida”, contribuír na formación dunha sociedade máis xusta, sen vicios nin dependencias. A continuación, ofrece información sobre a doazón de ordenadores da Fundación “Bic-Bic” ao colectivo Érguete, así como das actividades de informática.

Santos, Agatha de, “Érase una vez una tienda de sueños”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 23 xaneiro 2006, pp. 16-17.

Reportaxe centrada nas librarías infantís galegas na que se valoran iniciativas como a librería Libros para Soñar de Vigo, posta en marcha pola editorial Kalandraka hai catro anos e na que se desenvolven actividades como o “Club K”, no que participan preto de setecentos socios. Saliéntase a presenza neste espazo dos creadores e creadoras dos textos co obxectivo de mostrarlles aos lectores o traballo que hai tras as historias que len, así como as sesións de contacontos. En Vigo menciónase tamén o labor de La Casa del Libro e en Santiago de Compostela de Abraxas 2, que conta con vinte e catro anos de experiencia e moitas actividades centradas na promoción da lectura. Recóllese finalmente a opinión dos libeiros á hora de escoller un libro, que entenden como algo onde se teñen que implicar os adultos sen desbotar a opción do neno.

Silva, Araceli, “Día do Libro Infantil e Xuvenil”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 300, “Cita cos libros”, 2 abril 2006, p. 15.

Faise eco da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, efeméride que ten lugar no día do aniversario do nacemento de Hans Christian Andersen. Explicase que esta celebración se vén realizando dende que no ano 1965 a iniciou o IBBY, organización á que pertencen cincuenta e oito países. Indícase que cada ano é un país diferente o encargado de elaborar un texto e unha ilustración que compoña o cartel conmemorativo. Neste ano dise que o país elixido foi Eslovaquia, que delegou no seu escritor Ján Uliciánsky a elaboración dunha mensaxe que leva por título “O destino dos libros está escrito nas estrelas”, mentres que a ilustración é obra de Peter Cisárik.

Tebar, Roma, “La biblioteca de Porriño habilita un espacio de lectura para niños y jóvenes”, *Atlántico Diario*, “Condado Louriña”, 12 setembro 2006, p. 23.

Dáse conta da inauguración nas dependencias da Biblioteca Municipal de Porriño dunha sala dedicada ao público infantil e xuvenil. Saliéntase que o fondo desta sala acada as 6.000 obras de referencia e conta cunha sección de cómic e achéganse datos como o número de usuarios do servizo, un total de 2.353, o que representa o 12,6% da poboación do municipio.

Valencia, Clara, “Una forma de leer con los oídos”, *Diario de Arousa*, 27 abril 2006, p. 56.

Faise eco das distintas actividades que teñen lugar na Biblioteca Municipal de Vilagarcía co obxectivo de achegar un pouco máis aos rapaces os libros e a lectura. Logo de mencionar que están enmarcadas dentro dos actos programados para celebrar o Día Internacional do Libro e o Día das Letras Galegas, destaca a presenza dos contacontos xa que ofrecen a posibilidade aos nenos de “leer” cos oídos. Remata coa mención das datas nas que se realizan as sesións, todas durante o mes de maio.

Vázquez, D., “Porriño acogerá un campamento teatral para jóvenes en agosto”, *Faro de Vigo*, “Louriña/Área Metropolitana”, 16 maio 2006, p. 18.

Recóllense as palabras da Secretaria Xeral de Benestar, María Jesús Lago, e o alcalde de Porriño, Raúl Francés, que asinaron un convenio de colaboración que permitirá o desenvolvemento dun campo de traballo teatral. Infórmase de que o curso terá lugar entre os días 1 e 15 de agosto e que será impartido polo grupo de teatro Xerpo, que xa colaborou co citado concello co programa de animación á lectura “Lúa Conluvas”. Alúdese ao número de participantes e anúnciase que o campamento contará con diversos talleres, entre os que se encontra un de caracterización teatral, contacontos, interpretación e expresión literaria.

Vázquez, D., “Las claves del ‘Érase una vez...’”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana. Louriña”, 15 decembro 2006, p. 17.

Refírese á celebración en Porriño dun taller titulado “Como animar a ler aos nosos fillos”, impartido por Zezilia Meléndez e Eva Vila, integrantes da compañía teatral A Loca-motora. Saliéntase que a actividade está organizada polas áreas de Normalización Lingüística e Asuntos Sociais do Concello e que consiste en achegar propostas para que os asistentes se familiaricen co ritual dos contos para seducir os cativos e fomentar neles o hábito da lectura. O taller insiste en aspectos como a creación dun ambiente adecuado e o emprego de elementos que axuden á comprensión como monecos, cancións e voces diferentes para os personaxes.

Veiga, Rosa, “Para debuxar as raíces da vida”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 outubro 2006, p. 35.

Informa da presentación en Ourense da iniciativa Lab-Ou, un taller de cómic no que se propoñen exercicios creativos que se mostran nunha páxina web. Ademais, inclúe máis actividades enmarcadas nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, que contarán con varias exposicións e a presentación do cómic *Viaxe á treboada*, de David Rubín.

Veloso, Estela, “Cangas se viste de cómic con una exposición de más de 200 originales”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana/Morrazo”, 20 xullo 2006, p. 15.

Dá conta pOlo miúdo das actividades ás que poden acudir os asistentes ao Salón do Cómic de Cangas, que celebra a súa décima edición. Entre outras, cítanse talleres para a rapazada, proxeccións de películas, charlas cos autores convidados, catros exposicións diferentes, etc.

Ventureira, Rubén, “Los superhéroes tomarán desde el lunes el salón del cómic coruñés”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 agosto 2006, p. 29.

Percorrido pola programación que se levará a cabo na nova edición do Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”. Infórmase da presenza no Kiosko Alfonso da mostra dedicada ao debuxante norteamericano Brent Anderson e da do croata Asad Ribic; e no local situado na zona portuaria exhibiranse os orixinais do norteamericano Bruce Timm. Recóllense as palabras do director do Salón, Miguelanxo Prado, quen afirma que nesta edición abórdanse dúas vertentes: o cómic apegado ao social, onde se encadran as obras de Frederik Peeters, Guy Delisle, Manu Larcenet e Jessica Abel, que achega a habitual presenza feminina no

salón; e o cómic dos superheroes. Entre os novos espazos expositivos cítase a Casa dos Peixes, onde poderá visitarse “Un mar de viñetas”, unha exposición comisariada por Tony Guiral arredor do mar na banda deseñada. Apúntase tamén a presenza do personaxe Martínez el Facha, creado por Kim para a revista *El Jueves*, que se une ao elenco de figuras de cartón pedra que decoran a cidade nestas datas, e que contará ademais cunha exposición de orixinais no Palacio Municipal de María Pita que figurará a carón doutra dedicada á memoria histórica, “Los tebeos y el cómic durante la Guerra Civil” comisariada por Antonio Martín. Entre os españois menciónase a presenza de Lorenzo Gómez, Ángel de la Calle, Tina Modotti e Fermín Solís.

Ventureira, Rubén, “A Coruña refuerza su apuesta por el cómic con 16 exposiciones”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 agosto 2006, p. 30.

Refírese ao acto de inauguración da IX edición do Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”, onde o director, Miguelanxo Prado, aproveitou para lembrarlle ao alcalde da cidade que o vindeiro ano se celebrará o décimo aniversario desta cita de referencia e que “habrá que rascarse el bolsillo”. Entre os invitados internacionais menciónase a Brent Anderson, Asad Ribic, Bruce Timm, Frederik Peeters, Guy Delisle, Manu Larcenet e Jessica Abel. Entre os españois cítase a Kim, Lorenzo Gómez, Ángel de la Calle e Fermín Solís. Por último, apúntanse as actividades previstas para a primeira xornada: a presentación dun fanzine a cargo de Juanjo el Rápido, o encontro coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración e a charla-coloquio con Anderson e Ribic.

Vilariño, Paula, “Paco Martín destaca que a sorte de ‘Ramón Lamote’ foi ser universal”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 7 outubro 2006, p. 89.

Nova que dá conta da homenaxe ao escritor Paco Martín, organizada en Lugo pola Asociación Xermolos e a Fundación Manuel María, con motivo do vixésimo aniversario da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil á obra *Das cousas de Ramón Lamote*. Sinálase que ao acto, celebrado na sede da Fundación Caixa Galicia, asistiron numerosos representantes da vida política e cultural galega. Recóllese a opinión de Paco Martín, que sinala que o seu personaxe literario tivo a fortuna de ser universal, como demostra o feito de que a través de internet descubra moitos lectores da obra procedentes de todo o mundo. Sobre a situación da literatura infantil actual sinala o seu elevado nivel e gaba o traballo de creadores como David Otero, Xabier Docampo, Agustín Fernández Paz ou Fina Casalderrey, entre outros. Indícase tamén que Darío Xohán Cabana salientou no acto de homenaxe a simpatía que senten os veciños da Terra Chá por Ramón Lamote e reivindicou a publicación da obra en coleccións de literatura xeral, xa que se trata “dunha obra fóra de xéneros e saída do corazón”, e dun texto “absolutamente insuperable”, “o mellor libro de literatura infantil e xuvenil que se escribiu nunca en lingua galega”. Apúntase tamén a celebración dunha mesa redonda, “Ramón Lamote e Paco Martín”, na que participaron Valentín Arias, Fina Casalderrey, Xavier Senín, David Otero, Xulio Xiz e o propio Paco Martín, así como a lectura da obra por membros de centros de ensino e colectivos culturais no Muíño de Rañego en Vilalba.

X.T., “Fin de curso das Escolas de Teatro”, *Diario de Ferrol*, “CGS. Cultura”, 17 xuño 2006,

p. 17.

Logo de informar dos grupos cos que contou a escola de teatro do Padrodado de Cultura do Concello de Narón no ano 2006, dáse conta das diferentes representacións que con motivo do peche de curso realizaron as diferentes formacións. Informa de quen leva a cabo o traballo cos grupos de nenos máis pequenos e cos maiores e comenta cómo se realizaron as actividades ao longo do curso.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIONES, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Garzón Sanz, Ana, *Deirdre. A orixe celta da traxedia amorosa*, limiar Ramón Sainero Sánchez, Noia: Toxosoutos, col. Keltia, nº 33, 2006, 166 pp. (ISBN: 849625996X).

A obra de Ana Garzón Sanz consiste nun estudo da lenda de Deirdre, unha historia de amor que termina de forma trágica. A importancia desta lenda é, segundo autora, indubidábel, xa que é nela onde se inicia a traxedia amorosa. Co obxectivo de analizar a súa importancia, preséntase esta obra ensaística dividida en bloques temáticos. O estudo analiza os antecedentes da literatura de Irlanda na etapa cronolóxica á que pertence este texto. Detense no estudo de manuscritos que conteñen a lenda de Deirdre e, finalmente, o estudo fai mención de obras nas que se detecta a influencia desta lenda. Nesta última parte faise mención a lendas e tamén a obras que tratan de mulleres.

Recensións:

- C.Rodríguez, “Deirdre: a lenda irlandesa na tradición oral”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Literatura”, 18 xuño 2006, p. 9.

Fala da importancia da recorrencia dos temas na literatura e céntrase no do triángulo amoroso entre un vello, unha moza e un mozo, para o que lembra *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao. A continuación, comenta a historia a de Deirdre, considerada a máis fermosa lenda da literatura irlandesa. Dá noticia da publicación en Toxosoutos na serie Keltia dun estudo da profesora Ana Garzón galardoado co “Segundo Premio de Investigación en Estudos Célticos” e titulado *Deirdre. A orixe celta da traxedia amorosa*. Por último, fala de autores que se interesaron por esa historia, da súa importancia na recuperación do folclore irlandés e de cómo segue a transmitirse oralmente en Irlanda e en Escocia.

- Héitor Mera, “Na lenda de Deirdre”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 176, “Libros”, 14 setembro 2006, p. 4.

Fálase da obra coa que Ana Garzón obtivo o segundo “Premio de Investigación en Estudos Célticos”, *Deirdre: a orixe celta da traxedia amorosa*. Explicase brevemente o mito e os seus protagonistas e logo anótanse os apartados en que se divide a obra: o estudo sistemático do mito coas súas variantes, unha introdución á literatura irlandesa das orixes, unha investigación sobre as fontes que a transmitiron, así como sobre as versións que da lenda realizaron escritores como Yeats ou Mcpherson; e a influencia do mito na literatura posterior. Saliéntase a capacidade de síntese e a prosa áxil e erudita do ensaio, pero censúrase contundentemente o inapropiado uso dos pronomes átonos de terceira persoa, que evidencia unha mala tradución do castelán.

Paz Framil, Alba Nélica, *Contos e lendas da Lanzada*, Poio-Pontevedra: Litoral das Rías, col. Hipocampo Amigo Narrativa, 2006, 151 pp. (ISBN: 84-933408-7-1).

Volume no que o Tío Antón narra contos populares e historias propias acontecidas a todos aqueles que queiran escoitalos nun chiringuito da praia; outra personaxe importante na trama é o compadre. A autora garda expresións do popular galego para enfatizar o sentimento de pertenza de cada conto ao lugar no que aconteceu. A obra está composta por dez partes: “Contacontos”, na que se presentan os personaxes e o escenario; “Tiempos remotos”, conxunto de lendas antigas; “Históricas”, combinación de historia e fantasía; “Milagros”, como o seu nome indica, cóntanse con humor algúns milagres; “Supersticiones”, cóntanse ritos e supersticións; “Relatos”, costumes e anécdotas; “Personajes”, xente e sucesos insólitos; “Fantásticas”, coincide cunha interpretación mítica do mar e da natureza; “De amor”, contos de amor e máxicos; “Ocaso”, sobe a decadencia humana e a despedida na praia.

Neira Pereira, Henrique, Xerardo Neira Pereira, Andrés Tarrío Barreiro, Gerardo Albela González, *O Val do Ulla. Unha comarca natural*, limiar David Otero, fotografías Henrique Neira Pereira, Xerardo Neira Pereira, Andrés Tarrío Barreiro, Darío Janeiro Pereira, Gerardo Albela González e J. Manuel Vilas Álvarez, A Coruña: Asociación Raiceiros. Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón, setembro 2006, 192 pp. (DL: C-3380-2006). ♦

Tras un limiar de David Otero, en que define a comarca natural do Val do Ulla como un territorio dotado dunha cultura popular viva á que os autores deste volume se achegan con acerto e sensibilidade, segue o texto desta guía na que se aborda nos sucesivos capítulos, sempre precedidos de citas de persoeiros que gardan relación con este territorio, diferentes aspectos relacionados coa bisbarra como a historia, a cultura, o medio, as rutas turísticas e o patrimonio cultural. Explicase que esta iniciativa naceu a partir da creación dunha páxina web en decembro de 1997, (www.valdoulla.com), centrada na bisbarra. Ademais dos contidos sinalados, no que se refire á literatura aparecen cuestións como a referencia ao comentario incluído no libro *Un país chamado A Estrada*, do historiador José Sanmartín, no que o autor se centra nunha das *Cantigas de Santa María*, do rei Afonso X o Sabio. Segundo este historiador, a cantiga fai referencia á parroquia estradense de Santa Mariña de Ribela, ao considerar que non existe en Galicia outra parroquia que leve ese nome. Aténdese tamén, no capítulo dedicado á cultura, entre outros aspectos, ás tradicións xacobeas relacionadas co Pico Sacro e a raíña Lupa, así como ás tradicións orais do Val do Ulla, que son recollidas en catro apartados: o río Ulla e San Xoán da Cova, os mouros e os castros, as lendas cultas e os seres míticos. A publicación contou co apoio dos concellos de Boqueixón, A Estrada, Teo e Vedra.

Miranda, Xosé, e Antonio Reigosa, *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Lendas de Galicia, nº 2, marzo 2006, 172 pp. (ISBN: 84-9782-428-8).

Segundo libro da colección “Lendas de Galicia”, que asinan Xosé Miranda e Antonio Reigosa. Leva ilustracións en branco e negro de Ramón Trigo. O volume conta con cento vinte e un relatos de lendas en que a auga é o eixo temático central. Aparecen ademais seres lendarios e mitolóxicos da cultura popular relacionados con ela e que se converten nos protagonistas principais, demos e meigas, trasnos ou trasdos, as xacias, monstros como a

serpe do Beelle, os crocodilos do río Neira, a balea xigante de San Cibrao, ánimas, encantos, donas encantadas e doncelas transparentes, ananos ou heroes como Roldán. Comeza cun limiar dos autores onde recollen fragmentos de narracións ou versos tradicionais que recolleron no seu día Eduardo Lence Santar, Aureliano de Llano Roza de Ampudia, Eladio Rodríguez, Xesús Taboada Chivite, entre outros, que teñen relación coa auga das fontes e regueiros, do mar, da mañá, da noite de San Xoán, do ceo, da chuvia e do orballo. A recuperación de todos estes mitos e crenzas galegas arredor da auga é o propósito deste volume, que ten a intención de que os lectores “maten a sede destas fantasías de noso que a grande maioría dos galegos apenas coñecen”.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Flor de auga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 178, “Libros”, 28 setembro 2006, p. IV.

Fai unha análise do novo volume de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, en que se ofrecen un cento de relatos lendarios relacionados coa auga. Fala da estrutura da obra, que conta cun limiar a cargo dos autores, así como cun apartado de notas en que se mostran as fontes de obtención das lendas. Salienta ademais as ilustracións de Ramón Trigo e recomenda a lectura deste volume.

Quintáns Suárez, Manuel, *O Outro Mundo na cultura popular galega*, A Coruña: tresCtres Editores, col. Vilarnovo/Ideas e realidades, 2006, 348 pp. (ISBN: 84-934890-5-0) .

Estudo que pretende realizar unha aproximación ao significado dalgunhas manifestacións da literatura popular galega en relación co Outro Mundo, ao tempo que propón un método para este tipo de investigacións. O seu corpus procede de dúas áreas xeográficas: a primeira conformada polas comarcas de Terra de Soneira, Fisterra, Terra de Xallas, Muros e o concello de Outes; e a segunda, polas de Celanova, A Limia, Baixa Limia e os concellos de Allariz, Castro Caldelas e Viana do Bolo. O autor recolle e interpreta diversas manifestacións da literatura popular como refráns, contos ou esconxuros mediante a combinación de dous procesos: a busca do seu significado referencial, por esvaído que estea, e a súa lectura diacrónica, que xeralmente lle facilita o seu sentido. Na introdución, Manuel Quintáns afirma seguir os pasos do profesor ruso Valerii Mokienko, do que cita publicacións relacionadas coas imaxes e a fraseoloxía da lingua rusa. Logo da introdución succédense distintos capítulos que organizan por temáticas a exposición dos textos recollidos, dalgunhas variantes nestes e das súas explicacións. Trátase de cuestións ou temas como o Ceo, o Inferno, a Cristianización, a comunicación entre os mundos, as meigas ou os males do corpo e do espírito. Dúas das conclusións do seu estudo son que o Cristianismo non erradicou as crenzas pagás, só serviu para disfrazalas, e que este tipo de crenzas e a súa transmisión na literatura oral soamente explican a negativa dos individuos a aceptar que a morte é o final. O autor reivindica a conservación deste patrimonio como memoria do que fomos e base do que somos hoxe. Inclúese tamén un apéndice sobre o mito das lavadeiras da noite, que xa fora publicado noutro lugar, e unha bibliografía.

Recensións:

- Avelino Abuín de Tembra, “O alén na cultura popular”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 8 outubro 2006, p. 5.

Artigo de opinión no que Abuín de Tembra comeza falando da cultura popular galega como un dos elementos constitutivos do concepto de nación que sufriu, e está a sufrir, co proceso de desgaleguización. Logo, refírese ao web “Galicia encantada”, en que se recollen as directrices das investigacións folclóricas e céntrase, posteriormente, na figura de Manuel Quintáns Suárez, como recoñecido investigador desta temática, aludindo á súa bibliografía e, máis concretamente, ao libro de ensaio *O Outro Mundo na cultura popular galega*, enunciando os capítulos do libro para os lectores interesados. Remata felicitando ao autor e ao director da editorial TresCtres, pola publicación da obra.

- R. Loureiro, “Eses vellos camiños do Alén”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 183, “Letras en galego”, 21 outubro 2006, p. 15.

Despois de recoller as palabras do autor sobre o contexto da obra, centra a atención nas áreas xeográficas en que se recompilou o corpus documental: as comarcas de Soneira, Fisterra, O Xallas, Muros e Outes, por un lado; por outro, as comarcas da Terra de Celanova, A Limia, A Baixa Limia e os municipios de Allariz, Castro Caldelas e Viana do Bolo. Remata facendo referencia ás antigas crenzas que aborda o autor no volume.

- Alfredo Iglesias, “De Deus e do Demo. Cultura popular de nós”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 189, “Libros”, 16 novembro 2006, p. V.

Recensión do volume *O Outro Mundo na cultura popular galega*. Logo de explorar a tradición dentro cosmovisión de Deus e o ceo e o demo e o inferno, céntrase na análise que Manuel Quintáns fixo da cosmovisión do outro mundo propia da cultura popular galega a través de documentación recollida por el mesmo en toda Galicia. Salienta algunha das dimensións temáticas do libro, como o carácter dual da figura das meigas e bruxas, as habilidades dos curandeiros e curandeiras, o mal de ollo, ou as lavandeiras da noite.

- Armando Requeixo, “Xentes do outro mundo”, *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, nº 405, “Libros”, 3 decembro 2006, p. 21.

Comeza facendo un breve repaso pola traxectoria profesional de Manuel Quintáns e a súa experiencia sobre a literatura galega de tradición oral. Seguidamente, realiza unha análise da obra, que, “sen perder unha miga de rigor intelectual e científico”, considera de moi amena lectura ao mesmo tempo que abre novas vías de investigación con “suxestivas hipóteses”. Loá ademais o traballo da editora en canto ao deseño das cubertas, as gramaxes de papel e o xogo tipográfico e de maquetación. Remata recomendando a lectura deste volume.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “O demo na cultura popular”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 23 setembro 2006, p. 48.

Comeza facendo referencia á figura de Manuel Quintáns como colaborador n' *O Correo Galego* con diversas series sobre Literatura Popular Galega, para despois centrarse no novo volume que acaba de publicar, salientando a rica documentación que achega, recollida en distintas comarcas galegas.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 26 setembro 2006, p. 61.

Faise eco da publicación d' *O Outro Mundo na cultura popular galega*, salientando a calidade da documentación recollida en diferentes zonas do país, así como o descubrimento a través da lectura do libro de novas suxestións respecto da temática que trata.

- M.M., “O demo debía ser muller e non tan malo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 novembro 2006, p. 33.

Fai referencia á presentación do volume de Manuel Quintáns no multiusos de Santa Comba, un libro para o que o autor leva recompilando material dende hai trinta anos. Recolle as opinións da crítica, que cualificou o libro en xeral como unha obra “moi ben escrita”, para centrarse despois nas palabras da edil de Cultura, María José Ares, de Antonio Pontes, director da editorial, e de Armando Requeixo.

- Alfredo Iglesias Diéguez, “Deus, o demo e o outro mundo na cultura popular galega”, *Galicia Hoxe*, “Lecer”, “Descubrir”, 27 novembro 2006, p. 4.

Centra a atención no labor de recompilación do autor do volume ao longo da súa traxectoria profesional. A seguir, fai unha análise temática da obra, salientando a cosmovisión cristiá na que se basea o autor, que forma parte do noso imaxinario colectivo.

VIII.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Barrio, Maruxa, Henrique Harguindey, *Antoloxía do conto popular galego*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, 2006, 252 pp. (ISBN: 978-84-8288-931-3).

Sexta edición deste volume que recolle unha selección dos mellores contos da tradición popular galega recompilados por Maruxa Barrio e Henrique Harguindey. Non presenta cambio ningún respecto da edición anterior, de 1996, na mesma editorial.

Carré, Leandro, *Leandro Carré Alvarellos. Obra inédita e esquecida. Teatro, contos, ensaios e lendas 1915-1972*, Santiago de Compostela: Alvarellos editora, 2006, 272 pp. (ISBN: 84-89323-04-6).

Este libro achega a figura de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976), un dos galeguistas máis esquecidos, autor dunha extensa e variada obra (dramaturgo, ensaísta e novelista) mais até o de agora inédita na súa maior parte. Foi un dos cofundadores das Irmandades da Fala, ademais de director-proprietario da editorial Lar e fornecedor de

proxectos históricos como a unificación da lingua e dinamizador da Real Academia Galega ou das relacións con Portugal. Alvarellos Editora recompila nesta nova publicación o mellor da súa produción: unha selección de ensaios, contos, pezas teatrais e lendas que abarcan dende o ano 1915 até 1972. Recóllese, por primeira vez íntegro, o seu manual de interpretación teatral de 1922, así como varias das súas célebres lendas tradicionais galegas, na súa primeira versión en galego, nunca editadas en Galicia até este momento. Todo este material, xunto con outros textos, complétase cun amplo apartado gráfico: unha fotobiografía inédita, manuscritos e ilustracións do autor para a súa editorial, entre outros, que proban o indiscutíbel labor e a fonda influencia cultural e social de Leandro Carré Alvarellos na Galicia do primeiro terzo do século XX. Esta edición, que conta con 269 páxinas, amosa no inicio uns pequenos apuntes biográficos do autor, da man do editor, ademais dunha introdución, escolma e notas, do profesor Xosé Manuel Maceira Fernández.

Recensións:

- X.F., “O caixón de Carré Alvarellos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Letras en Galego”, 29 abril 2006, p. 15.

Descríbese esta antoloxía que recolle obras inéditas e esquecidas de Carré. Sinálase que contén cinco pezas de creación, dous ensaios relacionados co teatro, contos e lendas. Sublíñase a reprodución d’*O Lobishome* e mais *A peita das cen doncelas* e asemade indícase que o libro inclúe unha achega biográfica e ensaística. Remátase indicando que o autor desta edición lle dedicou a Leandro Carré Alvarellos a súa tese de doutoramento.

- Miguel Giráldez, “A volta de Leandro Carré”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Literatura”, 30 abril 2006, p. 17.

Faise un percorrido pola importancia de Leandro Carré Alvarellos dentro da cultura galega e co gallo da publicación deste volume apúntanse algunhas das características da obra de Carré. Afirmase que lle gustaba falar cos aldeáns, que contactou co mundo intelectual da cidade portuguesa de Porto e con respecto da *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarellos*, detállase que é “unha extraordinaria antoloxía” en que se pode ver a gran transformación do mundo dramático do autor e sublíñase que a súa gran paixón era o teatro.

Referencias varias:

- M.B., “Henrique Alvarellos: “A xente que vai por libre dificilmente topa recoñecemento social”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Fin de Semana”, 9-15 marzo 2006, p. 34.

Conversa na que Henrique Alvarellos afirma que a *Obra inédita e esquecida, 1915-1972 de Leandro Carré Alvarellos* rescata unha das grandes figuras do galeguismo de preguerra e di que o volume tenta ser unha antoloxía literaria e gráfica de Leandro Carré.

- Ana Rodríguez, “O galeguismo esquecido”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 8 abril 2006, p. 14.

Reprodúcense as palabras do autor da introdución deste volume, coas que subliña que a publicación de *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarellos* soluciona a anomalía que supuña o esquecemento de Carré. Asemade, detállanse algúns datos biográficos de Leandro Carré e destácase que neste libro se inclúe por primeira vez íntegro o seu manual de interpretación teatral, ensaios, textos de ficción, contos, pezas teatrais e lendas tradicionais, na súa primeira versión en galego e nunca publicadas en libro en Galicia.

- MARÉ, “Independente insubornable”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 abril 2006, p. 36.

Afirmase que a “independencia insubornable e autárquica” de Carré levou a que a boa parte da súa obra ficase inédita durante máis de trinta anos e anúnciase que Alvarellos Editora vén de recuperar parte desta obra no volume *Obra inédita e esquecida. Leandro Carré Alvarellos*. Asemade, apúntase que este volume é a primeira obra antolóxica e inédita de Carré e anúnciase que esta editorial editará proximamente unha antoloxía de artigos de Otero Pedrayo.

González Reboredo, Xosé Manuel, *Lendas galegas de tradición oral*, Vigo: Galaxia Gutenberg, col. Literaria, 2006, 208 pp. (ISBN: 84-8288-917-6).

Nova edición deste volume no que se recolle unha antoloxía ampla e representativa das lendas galegas de tradición oral, como mostra da rica tradición popular galega, e que non contén ningunha variación respecto de edicións anteriores na mesma editorial.

VIII.3. PUBLICACIONES EN REVISTAS

Agrelo Hermo, Xosé, “O mar no cancionero popular”, *Alameda*, nº 23, “O mar”, xuño 2006, pp. 16-18.

Traballo no que Pepe Agrelo recolle cantigas que os mariñeiros cantaban nas festas patronais ou nas romarías. Algunhas foron recollidas na Costa da Morte polo profesor Quintáns Suárez. Son cantigas que falan do ser do mariñeiro, da morte, do amor, da soidade, da virxe do Carne, etc.

Fernández Rei, Francisco, “Contos e historias de Goián de Pablo Pousa”, *A Trabe de Ouro*, nº 66, “Publicacións”, 2006, pp. 251-254.

Reprodúcese o texto da intervención de Francisco Fernández Rei no acto de presentación do libro de Pablo Pousa Carrera, *Historias, contos e lendas de Goián*, en edición do autor con colaboración da Deputación de Pontevedra. Comeza o discurso facendo referencia a outros autores que traballaron sobre a dialectoloxía sobre textos orais da zona, para logo comentar o volume que se presenta, que vén completar os anteriores pero dende a perspectiva literaria: “unha elaboración literaria” de historias, contos e lendas que recolleu o autor do imaxinario goianés. Menciona a división estrutural do libro en catro partes, facendo un breve comentario sobre cada unha delas. Remata reiterando os parabéns ao autor por ofrecer ao lectorado este “galano de literatura oral”.

Fernández Rei, Francisco, “As historias do xalleiro Xosé Baña Pose”, *A Trabe de Ouro*, nº 67, “Publicacións”, 2006, pp. 397-401.

Texto que corresponde á intervención de Francisco Fernández Rei na presentación do libro *As historias de Pepe de Xan Baña Pose* (2005), nun acto celebrado o 3 de febreiro de 2006. Comeza ofrecendo unhas breves pinceladas sobre a figura do autor para, a continuación, centrarse na obra. Nun primeiro momento, refírese á introdución realizada por Rei Lema, cualificándoa de longa e necesaria, para despois falar da súa poesía, da temática, do uso dun galego comarcal e popular, da presenza de gheada e seseo e dos trazos morfolóxicos que definen o verso e a prosa de Baña. Remata manifestando os seus parabéns a Xosé María Rei Lema, e á editorial treCtres.

Requeixo, Armando, “Indo ao conto”, *Tempos Novos*, nº 107, “Voces e culturas”, abril 2006, p. 83.

Analízase a obra *Galicia de conto* (2005), dos profesores Xosé Manuel González Reboredo e Manuel Quintáns Suárez. Dise que é moito máis ca unha compilación de tradición oral, xa que todos os materiais, como as ilustracións e fotografías utilizadas para a súa edición foron seleccionadas con moito coidado. Sinálase que a obra ten dous estudos introdutorios, e está dividida en sete grandes grupos temáticos, pero o que chama a atención son os dous últimos grupos, orixinais até o de agora: contos do mundo urbano e tecnolóxico e narracións de contacontos.

Rivas Rodríguez, Aitor, “A retranca na quinésica dun contacontos”, *A Trabe de Ouro*, nº 67, “Cuestións”, 2006, pp. 323-342.

Artigo que analiza a gravación en vídeo de fragmentos dun relato dun narrador oral baixo o enfoque metodolóxico de Birdwhistell e Poyatos. Comeza cunha introdución á que seguen varios apartados que inciden en distintos aspectos da comunicación oral. Inclúe referencias á comunicación non verbal examinada en oposición ao comportamento non verbal, a relación entre linguaxe, paralinguaxe e quinésica, a importancia da quinésica no estudo do humor e da retranca ou a relación entre humor, ironía e retranca. Céntrase de forma especial no fenómeno da retranca, e presenta a definición do termo e comenta a súa presenza na literatura. Remata cunha análise dun fragmento do corpus, “No ximnasio”, en que se expoñen as características principais do texto para, a continuación, extraer as conclusións pertinentes.

Noia Campos, Camiño, “Bruxas e fadas, princesas e labregas. Figuras de muller nos contos galegos”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Estudos”, 2006, pp. 74-87.

Partindo da clasificación dos diferentes tipos de contos orais realizada polos investigadores da escola de Helsinqui –Ante Arnee e Stith Thompson, e recentemente Hans-Jörg Uther– e das características xerais dos contos maravillosos e realistas, Camiño Noia estuda a figura da muller nos contos universais. Analiza a súa estreita vinculación cos ámbitos da natureza,

procedente da bioloxía feminina; o don de comunicarse cos animais e coas plantas ou cos mortos, que lles outorgan o control da maxia sobre todo ás bruxas e meigas; o simbolismo da súa presenza en certos episodios e a súa ausencia noutros. A modo de conclusións apunta que, malia os seus poderes sobrenaturais e a súa presenza constante nos contos maravillosos, o home, príncipe ou labrego, é na maioría dos casos o heroe da acción, mentres que a muller, no papel de protagonista ou de axudante, é unha personaxe pasiva. Nos contos realistas, máis achegados ao mundo das vellas comunidades rurais, diferencia o rol relevante da muller, que toma a iniciativa da acción en episodios divertidos sobre a vida comunitaria e matrimonial. Sinala tamén que nos contos galegos non está presente a misoxinia que se encontra noutras áreas lingüísticas, feito explicábel tendo en conta que os contos metaforizan as formas de relación existentes na vella sociedade rural, e na galega as mulleres foron un elemento fundamental na economía de subsistencia, coidando da casa e da familia.

Quiroga, Carlos, “O druída no lupanar”, *Agália*, nº 87/88, “Notas”, 2006, pp. 165-170.

Presenta o texto co que participou na mesa redonda “O que e a crítica literaria”, na primeira edición do “Encontro de Escritores de Expressão Ibérica. Correntes d’Escrita”, que tivo lugar do 15 ao 18 de febreiro de 2006. Centra a súa intervención na herdanza simbólica da figura do druída de antano, que é confinada ao actual labor dos críticos literarios e escolle falar do “Encontro de Escritores en Santiago, O Traslantático III”, celebrado en setembro de 2000, como exemplificación da actual situación da crítica literaria.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Álvarez Moreira, Manuel, “O tesouro minguante”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, “Mil primaveras máis”, 12 novembro 2006, pp. 6-7.

Co gallo do remate da Semana da Literatura de Tradición Oral, sinálase a necesidade dunha concienciación respecto da súa importancia transmisora e a atención urxente aos derradeiros portadores deste patrimonio. Lóase o labor que están a desenvolver de xeito altruísta asociacións culturais interesadas no folclore e coméntase a denuncia dos especialistas respecto do atraso galego na promoción, estudo e conservación dese patrimonio, fronte a outras culturas.

Franco, Camilo, “Hércules reúne nunha antoloxía os contos da literatura popular galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 6 maio 2006, p. 48.

Dáse conta da presentación do libro *Galicia de Conto* (2005) no Museo do Pobo Galego polos seus autores, Xosé Manuel González Reboledo e Manuel Quintáns. Recóllense as súas palabras e dalgúns dos presentes e sublíñase a coincidencia dos autores sobre da necesidade de reivindicar e conservar a literatura popular galega. Saliéntase a inclusión no volume dunha “contada” do contacontos Quico Cadaval.

Giadás, Luís, “De Samos a Sarria”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Tradicións: De meigas, trasnos e enfeitizos”, 26 marzo 2006, p. 15.

Alude ao protagonismo das vilas de Samos e Sarria na ruta cultural e espiritual xacobeá. Faise eco de personaxes de renome, lendas e referencias histórico-xeográficas tecidas ao longo dos séculos polos peregrinos no roteiro. Saliéntanse brevemente as figuras de Alfonso IX, o Santo Antón e a Santa Mariña.

Giadás, Luís, “Don Gaiferos de Mormaltán”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Tradicións: De meigas, trasnos e enfeitizos”, 2 xullo 2006, p. 14.

Faise historia da vida e milagre de don Gaiferos de Mormaltán. Dáse conta de datos históricos e literarios arredor da súa figura e destácase o romance, espallado pola tradición popular, no que se produce a súa personificación como perfecto peregrino. Recóllese parte dos seus versos e faise unha análise da liña argumental da lenda.

Giadás, Luís, “Os demos e as meigas”, *Galicia Hoxe*, “Meigas, trasnos e enfeitizos”, 1 outubro 2006, p. 14.

Faise eco dentro das lendas de Compostela das figuras dos diaños e meigas. Recóllense datos sobre as súas vertentes no imaxinario popular e relixioso galego: Lambiróns, Chupasangues, Pastequeiros ou Vedoiros entre outros. Sinálase a súa estreita relación co mundo relixioso e destácanse as historias de San Cibrán, Santa Comba ou Santa Eufemia e o relixioso ritual do “paxtecum”, o cal se describe con detalle.

Giadás, Luís, “Soñando cos nomes”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “De meigas, trasnos e enfeitizos”, 12 novembro 2006, p. 14.

Comenta a recuperación e relación de nomes de figuras femininas míticas especialmente vinculadas coa tradición oral galega. Fai un breve repaso e historia das *Marimonda*, facéndose eco da definición de Mariamanta no *Diccionario dos Seres Míticos*, e das *Marías*; saliéntase, nesta última categoría, a importancia da figura mítica das sereas. Coméntase así mesmo a figura da María Mantela e a Mariña Santa pola súa transcendencia individual dentro da tradición popular.

Giadás, Luís, “A lavandeira máis misteriosa do mundo”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Tradicións: De meigas, trasnos e enfeitizos”, 3 decembro 2006, p. 14.

Dáse de conta do imaxinario e misterios ao redor do oficio das lavadeiras. Sublíñanse especialmente as tradicións e lendas recollidas e entretecidas no folclore galego e saliéntase a súa relación cos paxaros, como a andoriña ou o cuco, e o mal.

Giadás, Luís, “Donas da auga”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Tradicións: de meigas, trasnos e enfeitizos”, 10 decembro 2006, p. 14.

Estudo das figuras e elementos que conforman o imaxinario da mitoloxía galega tradicional do oficio das lavandeiras: donas da auga, lavadoiros, fontes, lugares onde a auga canaliza e seres como serpes de auga e outros animais lendarios preñados de tradición. Parte da obra de Mari Vega Cerqueiro, *As lavandeiras* (2005), para ofrecer unha análise de cada unha destas figuras e os mitos e costumes que ao redor delas se constrúen.

Giadás, Luís, “A carón das Mouras”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Tradicións: De meigas, trasnos e enfeitizos”, 24 decembro 2006, p. 14.

Faise unha análise das covas como obxectos enigmáticos e lendarios. Saliéntase a presenza nelas das Mouras, e descríbense os seus perigos segundo relatos recollidos ao longo do tempo. Así mesmo, menciona o *Ciprianillo*, libro de desencantamentos máis coñecido, e fai unha breve descrición da súa historia e contidos.

Lavesedo, Daniel, “Meniños Cantores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 151, “Música”, 2 febreiro 2006, p. 8.

Considérase o traballo *Meniños Cantores* (2005) como completo e coidado, unha peza interesante na nosa tradición oral. Lémbrese que o vinte e cinco de novembro a UNESCO rexeitou a candidatura galego-portuguesa como patrimonio inmaterial da Humanidade, pero non coutou as gañas de seguir traballando e así temos na rúa unha obra que se indica é maxistral na que participaron cincocentos rapaces e rapazas de ambas as marxes do Miño que interpretaron cantigas populares. Complétase con videoclips, karaoke e dous documentais interesantes, polo que se entende que é unha obra para todos os públicos.

Nicolás, Ramón, “Cancioneiro popular galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 154, “Libros”, 23 febreiro 2006, p. 4.

Lóase a publicación facsimilar do *Cancioneiro popular gallego* editado orixinalmente en Santiago de Chile en 1939. Coméntase que esta recuperación se acompaña dun interesante prólogo do profesor e crítico Armando Requeixo, especialista en literatura popular, que fai un percorrido non só pola obra de Álvaro de las Casas, senón pola época (1900-1939), momento en que se recuperou moita literatura oral. Anímase a que creza o interese pola obra deste autor, así como pola publicación doutros traballos aínda inéditos.

Requeixo, Armando, “O conto de nunca acabar”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 19 marzo 2006, p. 13.

Fala da literatura galega de tradición oral, considerada tradicionalmente unha irmá menor da literatura institucionalizada. Céntrase no volume *Galicia de conto* (2005), coordinado por Xosé Manuel González Reboredo e Manuel Quintáns Suárez. Comeza facendo un percorrido

polo interese que a tradición e cultura popular suscitou na escritura galega dende os tempos das Irmandades da Fala, con Risco, Cuevillas e X. Lorenzo. Salienta que a posguerra significou un período de baleiro en canto á narrativa oral en galego, tal e como sucedeu noutros tipos de narrativa. Menciona ademais que foi coa chegada da democracia cando medrou notabelmente a publicación de colección de contos orais, á que se suma *Galicia de conto*, o cal considera de impecábel factura, ademais de contar con fotografías e ilustracións de salientábel calidade. Remata recomendando a súa lectura para coñecer mellor a nosa cultura tradicional.

Valcárcel, Xulio, “Mítica do lobo”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 400, “Páxina literaria”, 5 febreiro 2006, p. 4.

Coméntase a historia da mítica do lobo a través de referencias textuais, iconográficas e arqueolóxicas nas diversas culturas, especialmente as vinculadas á literatura galega. Sinálase a asociación deste animal ao mundo mortuorio, do misterio ou da guerra dende a Hispania antiga. Así mesmo, fala da tese de Antonio Balboa, segundo a que a mitoloxía da Raíña Lupa e do lobo dotan de tradición ao descubrimento do sartego santo de Compostela.

Valcárcel, Xulio, “A cuestión do mal no mundo”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 434, “Páxina literaria”, 1 outubro 2006, p. 4.

Faise unha reflexión sobre a existencia do mal no mundo e a súa personificación no Demo. Comenta as diversas explicacións e perspectivas a través do tempo e até os nosos días dende puntos de vista filosóficos, socio-culturais, teolóxicos e psicoanalíticos.

Vázquez Iglesias, José Luis, “La serpiente cristianizada”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, nº 400, “Foco ártabro”, 5 febreiro 2006, p. 1.

Breve historia e análise da orixe e significado da “Pedra da Serpe”, sita en Corme, e a súa cristianización. Achégase a estes misterios non aclarados a través de diversas fontes ao longo da historia. Faise unha descrición e conclúese cunha localización xeográfica desta no municipio de Corme.

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, “Galicia encantada”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Crónicas da Bouza”, 2006, p. 30.

Crítica da orixe, historia e vertentes do folclore etimoloxicamente e en Galicia. Sinálase a carencia de investigación e desvalorización deste ao longo do tempo e salientase a metodoloxía de traballo de Machado Álvarez cunha breve descrición dos seus puntos clave. Recoméndase, de xeito persoal, a páxina web “Galicia encantada.com”, da que se nomean

algunhas historias e lendas alí recollidas como “Floralba e o peregrino” ou “As torres de Mens”.

Bragado, Manuel, “Os merdeiros de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 19 febreiro 2006, p. 29.

Faise unha reflexión sobre o Antroido e as súas celebracións no mundo rural e urbano. Lémbrese a iniciativa de recuperar e dar vida aos “Merdeiros”, máscara tradicional do barrio pesqueiro da cidade de Vigo, que hoxe é un feito consolidado grazas á Asociación Cultural A Revolta do Casco Vello e ao traballo de Gerardo González.

Caneiro, Xosé Carlos, “Lingua e talento”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 184, “Letras en Galego”, 28 outubro 2006, p. 3.

Saliéntase o esplendor que viviu a literatura oral popular galega nos séculos XVI, XVII e XVIII, cando a literatura culta quedou silenciada. Indícase que esta literatura aínda está sen estudar completamente, a pesar dos traballos realizados, por exemplo, por Vicente Risco, quen recolleu cantigas, refráns ou algúns romances; pero falta coñecer lendas, apólogos e adiviñas, entre outras cousas. Afirmase que houbo unha importante dramática, épica e lírica populares que non se perderon grazas á subsistir nas xentes labregas, mariñeiras e artesáns.

Castro, Xavier, “Entroido e sexismo”, *Galicia Hoxe*, “Da nosa acordanza”, 24 febreiro 2006, p. 5.

Dáse de conta do significado do Antroido no mundo rural e na mentalidade popular. Saliéntanse a capacidades dos sectores populares para vivir o espírito do Carpe Diem, vinculado a este, fronte á Coresma. Asemade, sublíñase a súa vertente sexista ou das relacións de xénero e coméntase cantares do cancionero popular galego que así o ilustran.

Fernández del Riego, Francisco, “Minibiografía da lamprea”, *La Voz de Galicia*, “Decotío”, 18 marzo 2006, p. 14.

Fálase daquelas citas cos amigos ao redor dun prato de lamprea que servían para reflexionar sobre o primitivo da fauna galega e o distintivo desta especie. En relación a este ciclóstomo saen unha serie de temas como a cantidade de trebellos de pesca que ten atribuídos, as receitas de cociña, as referencias literarias e as lendas populares, entre outros.

Fernández del Riego, Francisco, “Literatura popular galega”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 175, “Letras en Galego”, 26 agosto 2006, p. 5.

Faise unha análise dos motivos e feitos que levaron á decadencia da literatura galega escrita nos séculos XVI, XVII e XVIII fronte á época rumiante da literatura oral popular. Saliéntanse

as dificultades para realizar un estudo en profundidade desta última e subliñase o seu papel conservador, transmisor e garante da mesma e da lingua.

Fernández Fernández, Ruth, “Unha aposta polo patrimonio inmaterial (II)”, *Galicia Hoxe*, “Noticias cotiás”, 4 xullo 2006, p. 4.

Faise eco da non proclamación polo xurado da UNESCO da candidatura galego-portuguesa “Obra Mestra do Patrimonio Inmaterial da Humanidade”. Coméntase a historia, traxectoria e contidos desta iniciativa xunto coa importancia que representa para a protección e promoción do patrimonio inmaterial galego-portugués. Remátase cunha mensaxe de ánimo e felicitación aos seus impulsores para que sigan traballando na defensa e conservación dun saber común.

Gómez, Lupe, “O cantar do pobo”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “Miradas”, 17 marzo 2006, p. 5.

Faise unha breve recensión do programa musical *Alalá* emitido pola TVG. Saliéntase o seu enalzamento da sabedoría popular con dignidade e realismo cargado de humanidade.

Iglesias, Manuel Herminio, “O Entroido de Seixalbo”, *La Región*, “Días de Entroido”, 28 febreiro 2006, p. 11.

Descrición da celebración das diferentes festas no barrio de Seixalbo (Ourense). Saliéntase a do Antroido pola súa arquitectura, personalidade e conservación das tradicións, como a de Nicanor e Paquita. Faise unha relación dos actos que teñen lugar nesas datas e sinálase a importancia da colaboración económica, organizativa e participativa de veciños e asociacións.

Vázquez Monxardín, Afonso, “O galego, patrimonio común”, *Galicia Hoxe*, “Camiño do vao”, 4 xullo 2006, p. 5.

Faise unha reflexión persoal e crítica sobre os movementos de recuperación e actualización da identidade galega. Considérase a lingua, a cultura e o nacionalismo como patrimonio común e sinal de identidade no tempo e nun mundo globalizado.

VIII.6. PUBLICACIONES EN XORNAIS: ENTREVISTAS

M.B., “Xosé Lois Ripalda : ‘Séguese a conservar o amor a auga’”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Fin de semana”, 2-8 marzo 2006, p. 34.

Entrevista a Xosé Lois de Ripalda a propósito do seu último libro publicado, *O libro das fontes*, no que se reivindica a recuperación dese patrimonio inmaterial. Indica que as fontes están moi relacionadas coas romarías galegas e tamén con seres mitolóxicos como as mouras.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.C.B., “Os expertos piden máis medios para difundir a literatura de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 novembro 2006, p. 76.

Faise eco do atraso e pouco apoio en Galicia, en comparanza con outros países, para a catalogación das narracións orais. Saliéntase o labor que fronte a isto fan diferentes asociacións como “María Castaña” da Coruña e o equipo de investigación “Chaira”, integrado por Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba.

Angueira, M., “El teatro como expresión cultural centrará en julio el curso de la USC”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 7 xullo 2006, p. 22.

Noticia do curso “O teatro como instrumento de activación do patrimonio inmaterial”, da Universidade de Santiago de Compostela, que terá lugar no municipio de Catoira e en cuxa organización colaborará a Escola de Xestión do Patrimonio do Concello. Comenta o programa do curso, que contará con Xosé Luís Méndez Ferrín, Artur Trillo ou Roberto Salgueiro, entre outros, como membros do profesorado, e anuncia o prazo de matrícula.

A.N.T., “A AELG homenaxea a iniciativa Ponte... nas ondas!”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 24.

Faise eco da homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega á iniciativa interescolar Ponte..nas ondas! no acto da terceira edición de “Os bos e os xenerosos” celebrado no auditorio do Centro cultural Caixa Galicia de Vigo. Saliéntase a presenza de destacados persoeiros do mundo da cultura galega na mesa de presidencia e recóllense as palabras de Santiago Veloso, coordinador de Ponte..nas ondas!, quen lembra a presentación da candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués á UNESCO, e o seu compromiso coa cultura galega.

Boente, Anxo, “La carpa porriñesa de A Cultura Circula acoge la Mostra de Oralidade”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, 21 de maio de 2006, p. 20.

Fálase da I Mostra da Oralidade organizada pola asociación “Ponte...nas ondas!”, en Torneiros, parroquia do Porriño, en Pontevedra, nunha carpa de “A Cultura Circula”, onde actuaron os contacontos Avelino González e Locomotora, os regueifeiros Luis Caruncho e Augusto Canario, ademais de Toñito de Poi e Loretta Martin.

C.R.C., “Seis números de Columba”, *Diario de Ferrol*, 28 marzo 2006, p. 72.

Comenta a publicación do sexto número da revista da asociación cultural Columba. Comenta a temática cultural da zona na que se centra este exemplar. Sublíñase a colaboración de varios profesionais e especialistas de prestixio como Rosa Méndez ou Fernán Gómez Filgueiras e destácase o artigo dedicado á restauración da ermida de Santa Comba. Remata facilitando a dirección da páxina web.

Correa, Anxa, “Os expertos piden ‘máis medios para a literatura oral de Galicia’/“Os arqueólogos das lendas”/“Galiza con dous séculos de atraso na compilación oral”, *El Progreso/Diario de Pontevedra/Galicia Hoxe*, “Cultura y espectáculos”/“Vivir aquí”/“Maré”, 13/6 novembro 2006, p. 89/66/30.

Dá conta das queixas dos investigadores e recolletores de historias e lendas como Isidoro Rodríguez, director da Asociación María Castaña da Coruña, ou o investigador e escritor Antonio Reigosa, quen reclaman máis medios para o seu labor e a difusión da literatura oral galega. Faise unha relación das actividades que están a desenvolver neste ámbito a Asociación María Castaña da Coruña e o equipo Chaira. Saliéntanse, así mesmo, as palabras de Camiño Noia, profesora da Universidade de Vigo, nas que fai referencia ao atraso que leva Galicia na catalogación de contos populares fronte a outros países.

Díaz, María, “Ponte nas Ondas une este viernes a 25.000 alumnos de tres continentes”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, 23 maio 2006, p. 24.

Infórmase da presentación da undécima convocatoria de “Ponte nas Ondas!” nunha xornada interescolar de vinte e catro horas ininterrompidas de radio, baixo a epígrafe “Os sons da Ponte” e coordinada pola Área Panorámica de Tui. Recóllense as palabras dalgúns dos presentes no acto, como Lourdes Carita ou José Font sobre as novidades desta convocatoria e saliéntase a colaboración da agrupación musical Timbila Muzimba, .

Díaz, María, “Os sons da ponte’ sonarán durante todo el día en las radios gallegas”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, 26 maio 2006, p. 25.

Faise eco da convocatoria da próxima xornada interescolar radiofónica do colectivo “Ponte...nas ondas!”, no Teatro Municipal de Tui. Sinálase que, baixo o epígrafe “Os sons da Ponte”, estudantes de centros escolares de diversos continentes, xunto coa colaboración de diferentes artistas, presentarán os seus traballos na defensa do patrimonio inmaterial cultural galego-portugués en diversas emisoras, como Emuga e Radio Galega, de xeito ininterrompido ao longo de vinte e catro horas.

Díaz, María, “La frontera entre Galicia y Portugal se difuminó en Tui con ‘Ponte nas Ondas’”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, 27 maio 2006, p. 21.

Dáse conta da xornada maratoniana de emisión radiofónica convocada polo colectivo “Ponte nas... Ondas!” no Teatro Municipal de Tui. Infórmase da elevada participación de escolares e artistas na revalorización do patrimonio galego-portugués e destácanse as intervencións do

cantautor galego Narf, en colaboración coa artista portuguesa Amelia Muge, e a agrupación musical Timbila Muzimba

E.P., “Para soñar en galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 maio 2006, p. 37.

Faise eco da presentación da compilación de contos tradicionais *Galicia de Conto* (2005) no Museo do Pobo Galego. Recóllense as manifestacións e inquedanzas dos seus autores, Xosé Manuel González Reboredo e Manuel Quintáns Suárez. Saliéntase a descrición minuciosa das narracións orais recollidas dende un punto de vista antropolóxico.

E.P., “Semana da Literatura de Tradición Oral”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 5 novembro 2006, p. 76.

Infórmase da celebración da Semana de Literatura de Tradición oral, organizada pola Consellaría de Cultura e Deporte. Sinálanse os diferentes actos que terán lugar en toda Galicia (mesas redondas, música, contacontos, regueifas ou certame escolar), a modo de homenaxe ao legado da cultura oral. Advírtese que a finalidade é promover o estudo e conservación da cultura oral.

García Carragal, Ángel, “Pontevedra recibe hoy al rey Urco”, *Diario de Pontevedra*, “Carnaval2006”, 24 febreiro 2006, p. 6.

Dá conta da recepción no consistorio de Pontevedra do rei Urco ou personificación da morte segundo a lenda. Sinálase que outras celebracións propias destas datas, como as de “Madamas e Galáns “ en Vilaboa ou “ Os Xenerais” en Merza, son limiares desta e sublíñase que é o desfile e recepción deste personaxe o que marca o comezo das festas do Antroido. Faise unha relación dos actos que terán lugar ao longo do día e en datas posteriores.

González, Eva, “Fidelidad total en “Ponte... nas ondas!””, *Faro de Vigo*, “Televisión”, 27 maio 2006, p. 87.

Infórmase da boa acollida da duodécima emisión radiofónica interescolar promovida por “ Ponte ..nas ondas!” no Teatro Municipal de Tui. Faise unha relación detallada dos feitos acontecidos na xornada de vinte e catro horas en directo ininterrompido e saliéntase a intervención dalgúns dos centros participantes como os de Nigrán, Gondomar ou Randufe, e artistas ou escritores como Uxía Senlle e Fina Casalderrey. Recóllense as palabras de Santiago Veloso, portavoz do colectivo organizador, nas que expresa a súa satisfacción polo discorrer da xornada e avanza a novidade da participación de centros escolares doutros países nesta exaltación da oralidade galega e portuguesa.

Huerta, María de la, “A tradición nas voces dos nenos”, *La Opinión*, “Cultura”, 5 xaneiro 2006, p. 47.

Faise eco das vicisitudes e historia dun orixinal proxecto musical que ve a luz : o libro-cd *Meniños Cantores*, selección de música popular galego-portuguesa atendendo aos elementos comúns da tradición, recentemente editado por “Ponte ..nas Ondas!” coa colaboración da discográfica PAI. Recóllense estes pormenores nas verbas de Santiago Veloso, coordinador de “Ponte ..nas Ondas!” e do proxecto, xunto con Segundo Grandío, quen sinala que amais do libro-CD editouse un DVD e dezasete videoclips cos Karaokes das cancións. Sinálase que son máis de quiñentos rapaces galegos e portugueses, de diferentes centros educativos, en colaboración con numerosos artistas de prestixio, os que lle poñen voz .

Jaureguizar, “Expertos en literatura oral piden axuda pública na súa recolleita”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 7 novembro 2006, p. 87.

Comenta o debate organizado pola Consellaría de Cultura e Deportes sobre a literatura oral e a súa colleita. Recóllense as opinións dos participantes Xosé Miranda, Baldomero Iglesias e Anabel Amigo e destaca coincidencia destes todos na reclamación dunha maior coordinación por parte das autoridades para desenvolver este labor.

Lamas, Jorge, “Ir Indo publicará no 2007 unha enciclopedia de etnografía galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 febreiro 2006, p. 47.

Dá conta da publicación, pola editorial Ir Indo Edicións, dunha enciclopedia etnográfica de Galicia e salienta a colaboración de coñecidos etnógrafos e antropólogos galegos. Infórmase de que a parte fotográfica da obra sairá a concurso público e que será posíbel a realización de exposicións itinerantes posteriores con todo o material recollido.

M.J., “El loro se echa al río”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 28 febreiro 2006, p. 79.

Faise eco das críticas ao discurso do loro Ravachol no Antroido da Peregrina (Pontevedra). Descríbese o acontecido no acto e reproducense as partes do discurso, centrado no río Lérez, que levantaron as fortes críticas. Saliéntase que é o primeiro ano que Ravachol comparte praza e botica co outro Ravachol, obra do escultor José Luis Penado, e que en vindeiros anos non serán os membros da Franca Irmandade senón outros colectivos sociais e culturais da cidade os encargados de construílo

M.J.A., “Allariz exalta su cultura y los productos de temporada en su ‘XI Feira de Outono’”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 9 novembro 2006, p. 25.

Faise eco da presentación do programa de exaltación da tradición oral galega no marco gastronómico e cultural da Feira De Outono de Allariz. Recóllese a programación completa do mesmo na que ten cabida diferentes exposicións e actividades salientándose a actuación do grupo “ O Tear de Llerena”.

M.J.R., “As tradicións galegas no Nadal chegan en libro, cedé e DVD”, *Diario de Arousa*,

“CGS”, 17 decembro 2006, p. 12.

Infórmase da presentación, por parte da Asociación de Gaiteros Galegos e o estudo de gravación Casa de Tolos, do libro-disco “Quiquiriquí” na galería Sargadelos. Sinálase que é o resultado dun amplo traballo sobre a tradición galega no Nadal, coeditado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e PAI-Música. Faise unha relación dos contidos, que se presentan en formato disco, DVD e libro, e dos nomes dos artistas que colaboran nel. Saliéntase que vai dirixido principalmente aos alumnos da primaria, se ben pode ser de interese para calquera persoa que queira coñecer mellor aspectos culturais, tradicionais e antropolóxicos de Galicia.

Malvido, Gemma, “Cantos para un vello Nadal”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 23 decembro 2006, p. 10.

Noticia da presentación, a cargo do músico Tino Baz, do libro-disco “Quiquiriquí” na sala de ámbito cultural do Corte Inglés. Sinálase que é un proxecto levado a cabo, co pulo da Consellaría de Cultura e Deporte, pola Asociación de Gaiteros Galegos e o estudo de gravación Casa de Tolos e coeditado por PAI-música. Faise unha descrición do seu contido, temas recollidos, na súa meirande parte da tradición oral e vinculados ao Nadal, e recursos tecnolóxicos. Saliéntase a súa función de contribución á transmisión da literatura oral.

MARÉ, “Os primeiros nenos Bos e Xenerosos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 marzo 2006, p. 34.

Infórmase da homenaxe que recibirá o colectivo “Ponte ..nas ondas!” dentro do programa de actos do galardón “Os Bós e os Xenerosos” da Asociación de Escritores en Lingua Galega pola súa contribución á conservación do patrimonio galego. Faise unha relación do programa de actos que terán lugar no auditorio do Centro sociocultural de caixa Galicia en Vigo e recóllense as palabras do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, quen mencionou o labor que están a desenvolver e destacou que é a primeira vez que se lle concede o galardón a un colectivo de idade tan curta. Remátase cunhas notas breves da repetición da candidatura do colectivo, Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, na UNESCO.

MARÉ, “Estudantes galegos na Mostra da Oralidade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 maio 2006, p. 38.

Infórmase da primeira convocatoria ao Festival da Oralidade “Os nosos sons”, na carpa de “A Cultura Circula” no Porriño. Sinálase que é unha nova iniciativa de “Ponte ...nas ondas!” xunto co Concello de Porriño e a Consellaría de Cultura, dedicada a estudantes de primaria e secundaria de Galicia e Portugal, na que se trata de familiarizar os máis novos coas novas sonoridades do patrimonio inmaterial galego-portugués.

M.B., “Dos contos de lobos aos de ordenadores”, *A Nosa Terra*, nº 1.223, “Fin de semana”, 18-24 maio 2006, p. 31.

Faise eco da presentación no museo do Pobo Galego da antoloxía *Galicia de Conto* (2005) por Hércules Ediciones. Faise unha recensión literaria e paratextual desta e recóllense as manifestacións dos seus autores, Xosé Manuel González Reboredo e Manuel Quintáns, nas que subliñan a idiosincrasia do conto galego dentro do panorama internacional e a necesidade de promover iniciativas de estudo da literatura oral galega.

Pérez, Cristina, “Cantar lo que se cuenta”, *El Progreso*, “Terra Chá/As Pontes”, 7 decembro 2006, p. 12.

Céntrase na figura de Josefa Cabado, de Guitiriz, unha muller que é capaz de compondor e recitar decenas de coplas cunha gran dose de humor e ironía, recollendo acontecementos e protagonistas do seu contorno, oficios tradicionais, celebracións populares, ou personaxes famosos. Segundo ela mesma, nunca escribiu os seus versos pero garda decenas de poemas na súa memoria.

Roca, María, “El VI Congreso da Terra Chá abordará las leyendas locales”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 22 novembro 2006, p. 16.

Faise eco da presentación pola asociación cultural “Xermolos” de Guitiriz e a Fundación Manuel María do programa de actos do VI Congreso Cultural da Terra Chá baixo o título “Sons e palabras da Tradición” e dedicado aos contos, lendas e cancións populares da comarca. Recóllese a programación completa dos diversos actos.

Senén López, Felipe, “O universo simbólico e a realidade do Entroido galego... ese recurso turístico”, *Diario de Pontevedra*, “Carnaval2006”, 24 febreiro 2006, p. 22.

Aproximación breve á historia das orixes neolíticas do Antroido e os seus costumes. Reivindícase o Antroido cunha relación das súas diversas manifestacións e celebracións (cigarróns, peliqueiros, pantallas, etc.) idiosincrasia dende o mundo ás bisbarras galegas nas súas identidades a través do tempo. Saliéntase dentro da gastronomía a cachucha do porco e a simboloxía deste animal nestas festas.

Torres, Sabino, “Vida y obra del loro más famoso de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Carnaval2006”, 24 febreiro 2006, pp. 8-9.

Faise historia e biografía do loro Ravechol, símbolo do Antroido pontevedrés dende principios do século XIX, segundo as fontes do xornalista Francisco Portela. Dáse conta das súas orixes no Palacio de Lourizán, as súas vicisitudes co boticario don Perfecto Feijóo e a orixe da súa idiosincrasia.

VV. AA., “A última oportunidade para salvar o folclore galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 146, 28 xaneiro 2006, pp. 1-5.

Recóllense testemuños de expertos, recolledores, editores e informantes como Cándido Meixide, Baldomero Iglesias ou Mercedes Peón, que poñen de manifesto o perigo de que parte da tradición oral galega se perda se non se fai unha recolleita e conservación axeitada desta con celeridade. Faise unha relación das desidias e iniciativas e salientase a apertura da páxina web www.galiciaencantada.com, que ten esta finalidade.

X.T., “A lenda da Pena Molexa, ó cine”, *Diario de Ferrol*, “Narón”, 24 febreiro 2006, p. 16.

Faise eco da iniciativa dos membros da Asociación de Veciños “Os Irmandiños do Val” de levar ao cine a lenda da Pena Molexa. A través das palabras dalgúns dos seus impulsores, salientanse os motivos que os guiaron e faise un percorrido detallado dos pasos e vicisitudes que se presentaron para levar a cabo o proxecto. Infórmase da súa estrea cinematográfica na noite de San Xoán e a intención de crear un obradoiro de cine se todo sae ben.

IX. REVISTAS

Abril. Literatura galega agora ■◆

(ISSN: 1018-3809).

Revista luxemburguesa que botou a andar en xaneiro de 1991 cunha periodicidade semestral, incluíndo números monográficos sobre diversas literaturas e autores dende 1995. En 2006 saíu o número 32 da revista, consistente nesta ocasión nun monográfico dedicado á literatura galega actual e coordinado por Lara Domínguez Araujo e Iria Sobrino Freire, autoras do limiar que precede ás habituais seccións da revista: “Prosas”, “Versos” e “Entre liñas”. O monográfico péchase cun “Manual de urxencia para castelán-falantes” asinado polas coordinadoras, que consiste nun glosario de voces galegas coa súa correspondencia en castelán. As ilustracións deste número corren a cargo de Robert Brandy. A sección “Prosas” acolle os seguintes traballos de creación: “Welcome Ct., E17”, de Xesús Fraga; “Palabras contadas”, de Camilo Franco; “A materia do tempo”, de Begoña Paz; “O apareamento dos escornabois”, de Xavier Queipo; “As máquinas”, de Mario Regueira; “Mamá”, de Samuel Solleiro; e “Ningún gato”, de Anxos Sumai. Na sección “Versos” atópanse os traballos: “A casa de Rosalía”, de Anxo Angueira; “party & dance”, de Pilar Beiro; “Construín a miña alma”, de Luísa Castro; “na morte de miña nai” e “Alguén pegou estreliñas de papel”, de Xabier Cordal; “a mirada do doutor, que fora azul”, de marialado; “Dáme Razón un lóstrobo de sombra”, de Xosé Luís Méndez Ferrín; “Úlcera textual”, de Carlos Negro; “Como moitos dos seus compañeir@s”, de Chus Pato; “Existe a fronteira”, de Miriam Sánchez Moreiras; e “(homenaxe a claude simon)”, de Paulino Vázquez. Os ensaios da sección “Entre liñas” descríbense no apartado correspondente do *Informe*.

ADE Teatro

(ISSN: 1133-8792) (DL: M. 15677-19885).

Revista da Asociación de Directores de Escena de España, unha publicación periódica de carácter trimestral dedicada á análise e a información da actividade escénica. Inclúe en todas as súas entregas, ademais das seccións fixas, un texto teatral, xeralmente de carácter contemporáneo. No ano 2006, ofreceuse o número 112, consistente nun monográfico dedicado ao teatro galego actual, coas seccións: “Teatro gallego actual: la creación dramática y escénica”; “Texto teatral” (que contén a tradución de *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo, polo propio autor, acompañado dunha cronobiografía deste a cargo de Isaac Ferreira, así como unha introdución á obra asinada por Carlos Paulo Martínez Pereiro); “Teatro gallego actual: política y sociedad”; “Teatro Gallego actual: bibliografía”; ademais doutras seccións, como as habituais “Editoriales”, “Libros”, “Agenda”, “Noticias ADE” e “Noticias de asociados”, así como unha titulada “Tres calas para Valle-Inclán”. Os artigos dedicados ao teatro galego descríbense no apartado correspondente do *Informe*.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Actualidade do teatro galego”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 18 outubro 2006, p. 4.

Artigo de opinión no que Albino Mallo se refire á presentación dunha revista que edita, en castelán, a Asociación de Directores de Escena de España, dedicada integramente ao teatro galego. Faise un breve repaso polo seu contido, salientando a referencia á creación dramática galega até 1936, aos tempos de posguerra e, sobre todo, á análise completa do teatro galego dos últimos vinte e cinco anos, tanto do labor de grupos independentes como do Centro Dramático Galego, incluíndo a creación. Cítanse os máis importantes escritores deste xénero, e faise mención dos actores, fotografías ou entrevistas a persoeiros e institucións públicas e privadas vinculadas ao mundo teatral.

Agália. (Revista de ciências sociais e humanidades)

(ISSN: 1130-3557) (DL: C-250-1985).

Publicación que comezou a súa andaina na primavera de 1985, baixo a dirección da presidencia de AGAL, coordinada por Joám J. Costa Casas e cun Consello de Redacción, integrado por oito persoas, que se foi ampliando até chegar aos trece que ten na actualidade. Dende o número 41 (primavera 1995) até o número 61 (primavera de 2000) tivo a M.^a do Carmo Henriques Salido como directora, mais dende o número 62 (verán 2000) é Carlos Quiroga quen asume a dirección. Dende o número dobre 63-64 (2.º semestre 2000) *Agália* presenta un novo deseño na capa e inclúe un novo subtítulo: “Revista de ciencias sociais e humanidades”. Asemade no, enderezo electrónico <http://www.agal-gz.org> podemos ollar os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno 1998) até hoxe en día, así como consultar algúns destes traballos. Esta revista contén as seguintes seccións: “Estudos”, “Relato/Poesía”, “Entrevista”, “Notas”, “Recensons” e “Percurso”. En 2006 editáronse dous números dobres: o número 85/86 (primeiro semestre) e o número 87/88 (segundo semestre). O primeiro dos números de 2006 contén no apartado de “Relato/Poesía” unha peza narrativa de Francisco Guedes, titulada “22/01/99” e poemas de Celso Álvarez Caccamo, baixo o epígrafe “Poemas da verdade”, así como un poema de Carlos Figueras, titulado “C-166” xunto con outro de José-Martinho Montero Santalha, titulado “Soneto acróstico a Isaac Díaz Pardo”. Eduardo Rojas Rebolledo asina dúas pezas: “A ilusom rota de Aníbal Quiroga” e “Pequena vingança”. O número 87/88, na sección “Relato/Poesía/Crónica” contén poemas de Concha Rousia, baixo o epígrafe “Llingua minha perdoa”; Paulo da Rainha, “Conducir nao é guiar”; Olalha López Barro, “16-15-12”; Marcos Abalde, “Alquimia”; Laura Branco, “Doenças dum espelho; Carlos Figueiras, “Tristes crianças, papel se rebuçado em mao”; Ricardo Oliveira, “A vertigem da localização temporal” e “Montanha”; Célia Gonçalves, “Asha, Asha”; e Luisa Fernández. No apartado de “Notas” inclúese o poema “Soneto a Lisboa”, de Irene Marinhas, do cal tamén se reproduce o texto orixinal. Aparece tamén unha peza de Antón Corbacho Quintela, titulada “Crónica volátil de um VIII Congresso Imaginario sobre as Linguas e Culturas Fenícias do Líbano acontecido em um País Antártico no século XX”. Os artigos referidos á literatura atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia

(DL:C-888-2000).

Publicou o primeiro número en agosto de 2000, dirixida pola Sociedade Liceo de Noia, coordinada por Cándido M. Prego Rajo e cun Consello de Redacción formado por Xosé Agrelo Hermo, Ramón Carredano Cobas, M^a Antonia Castro Patiño, Pedro García Vidal, A. Ventura González Arufe e Xosé Moas Pazos. A revista presenta algunhas seccións fixas como “Historia do Liceo”, “Entrevista”, “Noia en branco e negro” e “Os nosos libros”, e outras que varían segundo a temática. No ano 2006 sacou á luz os números 21, 22, 23 e 24, que corresponden ao primeiro, segundo, terceiro e cuarto trimestre do ano respectivamente; neste 2006 saíu, ademais, o número 25. No apartado “Os nosos libros” recoméndase a lectura de un ou dous libros e faise unha pequena referencia ao seu contido; os libros recomendados no número 21 son *Unha branca de cobre para Martiño*, de Ramón Carredano e *Queixas*, de Áurea Lorenzo; no número 23, *O xene da chuvia*, de X. Ricardo Losada e *Ollos de ámbar* de Martín Veiga; nos números 22 e 24 non se recomenda ningún libro de literatura galega ou relacionado con esta; e no número 25, Xerardo Agrafoxo recomenda o libro *Voces na guerra*, de VV. AA. e comenta o seu contido. Neste número 25 hai moito de homenaxe a Pepe Agrelo e tamén se recolle un poema de Ramón Caride titulado “A Pepe Agrelo” (p. 31), outro de Xabier A. Olariaga, “Motu propio (poema do Eterno retorno: 21 de novembro de 2006)” (p. 67), así como un poema de Eva Veiga, titulado “Xosé Agrelo: Da estirpe prometeica” (p. 68), e “Carta a Pepe Agrelo” (pp. 69-71) de Manolo Caamaño. Reprodúcense ademais os textos que mereceron galardóns no III Concurso de Contos “Liceo de Noia”: “Borisou61” de Xosé Feo Pais López (pp. 47-51) e “Rianxo é meu”, de X. Ricardo Losada (pp. 52-53). Os restantes artigos que tratan sobre a literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Alma Gallega. (Órgano Oficial de la Sociedad Casa de Galicia) (Montevideo 1919-1967), ed. Luís Alonso Girgado, e María Vilariño Suárez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006, 329 pp. (ISBN: 84-453-4242-8). ♦

Edición da publicación periódica *Alma Gallega*, elaborada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, con introdución e notas a cargo de Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez. A edición inclúe a reprodución en papel de tres números da revista considerados de especial interese: o de outubro de 1922, o de novembro de 1927 e o de xullo de 1941. A reprodución en facsímile de cada un destes tres números vai precedida, por un lado, dunha ficha técnica en que se recollen, entre outros datos, o subtítulo, director, dirección e administración, épocas, formato, prezo, imprenta e localización; e, por outro, dos índices de colaboracións e colaboradores con publicacións no número en cuestión. Nun CD que acompaña o volume, reproducése a colección completa da cabeceira, integrada por corenta e un números: vinte e catro ordinarios e dezasete extraordinarios.

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, “Ánima Galega”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 15 xuño 2006, p. 4.

Informa da publicación de *Alma Gallega* que acaba de ser presentada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Centro Ramón Piñeiro. A obra foi editada por Luís Alonso Girgado e

María Vilariño Suárez e recolle a totalidade dos números publicados da revista do mesmo nome. Sinala que *Alma Gallega* tivo tres grandes etapas: 1919-1927, 1934-1938 e 1941-1967, cun total de vinte e catro números e dezasete extraordinarios. A seguir recolle a lista de colaboradores máis importantes, como Jacinto Benavente ou X. Amado Carballo. Finaliza afirmando que a publicación recolle números de grande importancia para a literatura e o deseño gráfico.

- Alfredo Conde, “Aquel acordo tácito está a ser esnaquizado”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 maio 2006, p. 4.

A propósito das últimas colaboracións en edición facsímile do Centro Ramón Piñeiro, *Alma Gallega*, *Arazua* e mais *Raza celta*, reflexiónase sobre institucións culturais como o Centro Ramón Piñeiro, que tanto custaron botar a andar, e salienta o alto “prezo pagado por algúns” por pórse á fronte disto.

Amastra-N-Gallar

(ISBN: 1696-0718) (DL: C134-2002).

Revista de poesía e pensamento poético vinculada á editorial Amastra-n-gallar, que dá tamén ao prelo unha serie de cadernos poéticos de autores galegos e estranxeiros. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada no ano 2001 co obxectivo de difundir a creación, o ensaio e a tradución de poesía. Da dimensión filosófica da revista dá testemuño xa o seu primeiro número, en que diferentes autores fan as súas achegas en torno ao concepto de “acto poético”. O director da publicación é Emilio Araújo. É norma na revista que os textos dos colaboradores estranxeiros se traduzan ao galego na primeira parte de cada volume, para seren despois reproducidos na súa lingua orixinal. No ano 2006 publicáronse os números 11 (inverno 2006), dedicado a Pearse Hutchinson, e o número 12, dedicado á poeta Anne-Marie Albiach. O número 11 contén, entre outros traballos, ben creacións orixinais en inglés, francés, italiano ou castelán, ben achegas á obra deste escritor irlandés por parte dalgúns autores galegos como Celso Fernández Sanmartín, co poema “O señor Amadeo, de Pedroso”; Xosé Lois Gutiérrez Faílde, co artigo “On the Hard Floor”; X. L. Méndez Ferrín, cunha “Homenaxe a Pearse Hutchinson”; Alexandre Neriun, co poema “Levamos o crepúsculo tatuado nas cadernas”; Manuel Outeiriño, con dúas achegas, “Fiado dos papeis” e “Lingua e tempestade. As traducións poéticas de Pearse Hutchinson”; Martín Veiga, con “O manatío vizoso de Pearse Hutchinsin”; Cesáreo Carballido con “Aquí empezou o traballo” e, finalmente, María do Cebreiro, co poema “Dous”. O número 12 contén extractos de composicións de Anne-Marie Albiach. Neste número non aparecen artigos referidos á literatura galega.

Referencias varias:

- MARÉ, “Hutchinson, paixón pola liberdade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 16 maio 2006, p. 41.

Noticia de que Emilio Araújo publica un monográfico na revista *Amastra-N-Gallar* dedicado a Hutchiston, escritor e tradutor irlandés. Coméntase, ademais, que Hutchiston foi autor

dunha antoloxía en que aparecen escritores galegos. Dise tamén que este autor ten como tema central a liberdade.

- Lupe Gómez, “Apañar peixes”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “A bailarina”, 24 decembro 2006, p. 12.

Lupe Gómez describe o que fixo durante sete días da semana e comenta que o día 14 de decembro asistiu no CGAC á presentación do libro de Manolo Rivas, *Os libros arden mal*, dentro do encontro de escritores do PEN. O día 16 de decembro comenta que tivo unha cita co poeta e pintor Antón Sobral, quen lle fala moito de Yolanda Castaño e afirma que as mulleres escriben mellor cós homes; ademais, nese mesmo día, indica que acudiu ao CGAC, á presentación do libro de Camilo Franco, *Palabras contadas*. Finalmente, o día 18 de decembro, Lupe Gómez volveu ao CGAC, e esta vez para asistir á presentación da revista *Amastra-n-gallar*, de Emilio Araúxo.

Andaina. Revista galega de pensamento feminista (DL:C-1146-88).

Tivo unha primeira época entre 1983 e 1991. Iniciou unha segunda xeira en decembro de 1991, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e o Consello de Redacción formado por Ana Arellano, Nanina Santos, Milagros Becerra, Felicia Estévez, Laura Gómez, Pilar Pérez, Nadia Álvarez, Patricia Arias, Celia Balboa e Raquel Barreiro. Dáselle cabida nesta publicación a temas misceláneos, sempre dende a perspectiva da muller, e non presenta seccións fixas. No ano 2006 viron a luz os números 43, 44, 45 (primavera, verán e outono, respectivamente). O número 45 está dedicado á memoria das mulleres coñecidas, recoñecidas e descoñecidas, que combateron o franquismo e que forman parte da memoria histórica. É neste número onde aparecen, dentro dunha selección bibliográfica, referencias concretas a volumes que se centran nesta temática e que figuran nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Carolina Arriagada, “Hablamos claro y fuerte, y eso muchas veces no gusta”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 1 outubro 2006, p. 2.

Entrevista ás redactoras da revista Andaina, Nanina Santos e Patricia Arias, que ten como finalidade dar a coñecer o nacemento da revista, a finais do franquismo, e a súa temática. As redactoras resaltan a idea de que o feminismo que defenden na revista ten como finalidade manter a igualdade, nunca o sometemento do home. Neste artigo hai unha pequena referencia ao número próximo, que tratará sobre a situación da muller republicana no franquismo.

- M.B., “Peladas, presas, paseadas”, *A Nosa Terra*, nº 1.249, “Fin de semana”, 21-27 decembro 2006, p. 35.

Céntrase en mostrar o contido da obra titulada *A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas*, que supón unha ampliación da información transmitida pola revista *Andaina* no seu último número, dedicado á represión da muller no franquismo.

Anuario Brigantino ■◆
(ISBN: 1130-7625).

Publicación de carácter anual editada polo Concello de Betanzos e copatrocinada pola Deputación da Coruña, o Banco Etcheverría e Caixa Galicia. Fundada por Francisco Vales Villamarín, tivo dúas etapas: a primeira delas, baixo a dirección do seu fundador, abrangue o período que vai de 1949, ao aparecer o *Anuario Brigantino de 1948*, até 1951. A segunda etapa comeza en 1981 e chega até o momento actual de maneira continua baixo a dirección de Alfredo Erias Martínez, que ocupou o cargo tras a morte do fundador. O subdirector é Xosé María Veiga Ferreira e o secretario Xulio Cuns Lousa. A publicación estrutúrase nas seccións fixas de “Historia”, “Arte, literatura, antropoloxía”, “Entidades culturais e deportivas” e “Acontecementos do ano”. En 2006 saíu o número 28, correspondente ao ano 2005, que mantén as seccións habituais e continúa coa orientación multidisciplinar da revista. Inclúe tres poemas de Diana Varela Puñal: “Canto ó home” (p. 525), “Como San Manuel Bo, mártir” (p. 526) e “Como os amantes de Monbósc” (p. 526), todos eles presentados na sección “Arte, literatura, antropoloxía”. Os artigos correspondentes á literatura galega aparecen no correspondente apartado do *Informe*.

Referencias varias:

- L.Tenreiro, “El Anuario se consolida entre las mejores revistas de investigación”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 4 outubro 2006, p. 21.

Noticia da presentación do número 28 da revista de investigación *Anuario Brigantino* en Betanzos. Sinálase que acudiron numerosas personalidades da vila e foi Luciano Rodríguez quen presentou o acto. Desta publicación destácase o feito de recoller trinta traballos e de haber nela un apartado dedicado ás asociacións e ós acontecementos do ano.

- Xulio Valcárcel, “Anuario Brigantino. Diversos especialistas achegan traballos sobre historia, arte e literatura”, *El Ideal Gallego*, “La Galería!”, nº 435, “Páxina literaria”, 8 outubro 2006, p.

Ademais de informar da presentación do *Anuario Brigantino* e de recoñecer a importancia do número pola densidade de contidos, fai unha descrición daqueles traballos da revista que para el son máis interesantes. Di que a revista inclúe investigacións de tipos diversos como históricos, literarios, curiosidades do pasado ou antropolóxicos. Remata o artigo coa referencia a uns poemas de Diana Varela que teñen cabida nestas páxinas.

- Xosé Ramón Pena, “De novo, o Anuario”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, “Libros”, 21 decembro 2006, p. IV.

Felicita a revista, xa que, segundo o autor, esta é hoxe todo un referente cultural, e cita os distintos traballos incluídos no número actual, considerados de valor e importancia innegábel.

Anuario Galego de Estudos Teatrais ■◆

(ISSN: 1579-3753) (D.L.: VG-1265-2006).

Anuario publicado dende 2002 pola Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega coa vontade de potenciar e desenvolver a capacidade discursiva no eido dos estudos sobre o feito teatral, ademais de tentar convocar nas súas páxinas a todos os que se dediquen á investigación sobre esta forma de expresión artística, entendendo o teatro como realidade escénica e non literaria. No ano 2003/24, iniciou unha nova etapa, publicado pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD), co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Está dirixido por Manuel F. Vieites e subdirixido por Norma Rodríguez e, nesta etapa, conta cun consello de redacción formado por Afonso Becerra, Blanca González Crespán, Daniel González Salgado, Inmaculada López Silva, Mar Montenegro, Santiago Prego e Ricardo Solveira. O consello editorial está formado por Anxo Abuín González, Alicia de Blas, Ignacio García May, Juan Antonio Hormigón, Pau Monterde, Héctor Pose Porto, Laura Tato Fontañá, Luis de Tavira, Dolores Dolores Vilavedra, Damián Villalaín e Juan Villegas. Esta etapa mantén a mesma liña editorial que os seus dous números anteriores, mais aumentouse o número de seccións, entre as que se contemplan as dedicadas a congresos, documentos de especial relevo e análise de espectáculos. Consta, xa que logo, dos seguintes apartados: “Estudios e investigacións”, “Congresos”, “Documenta”, “Espectáculos” e “Recensións. No ano 2006, publicouse o número correspondente aos anos 2003/4, anos da renovación. Todos os artigos referidos ao teatro galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- MARÉ, “O Consello da Cultura visita a escola de arte dramática”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 marzo 2006, p. 41.

Coméntase que con motivo do Día Mundial do Teatro, o presidente do Consello da Cultura Galega visitou a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), acompañado por Manuel Vieites e Antonio Vázquez. No acto, ademais, presentouse o segundo volume do *Anuario Galego de Estudos Teatrais*.

Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos ■

(ISBN:84-8288-598-7) (DL:VG-173-2003).

Publicación literaria de periodicidade anual que dá á luz a Editorial Galaxia e que conta co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. Xorde da fusión do *Anuario de estudos Literarios Galegos* e a revista *Grial*. O *Anuario de Estudos Literarios Galegos* fora fundado por iniciativa de Xoán González-Millán, quen exerceu como director até o seu pasamento no ano 2003. O consello de redacción estaba integrado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. A revista tiña, asemade, un consello asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari,

Claude H. Poullain, John Ruthford, Giuseppe Tavanni e Pilar Vázquez Cuesta. Na súa nova etapa, que veu acompañada dun cambio de nome e de deseño, a directora é Dolores Vilavedra. O consello de redacción está formado por Xosé M. Dobarro, Manuel Forcadela, Helena González, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Camino Noia e Xosé R. Pena. Compoñen o consello asesor Xesús Alonso Montero, Arturo Casas Vales, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Derek W. Flitter, Javier Gómez-Montero, Kathleen Marck, Stephen Parkinson, Claudio Rodríguez Fer, John Ruthford, Giuseppe Tavanni e Pilar Vázquez Cuesta. O deseño corre a cargo de Fausto C. Isorna. Fusiónanse as antigas seccións “Estudios” e “Comunicacións”, consérvanse “Panorámicas” e “Libros” e desaparece “Compendio bibliográfico”. En 2006 saíu o *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*. Os diferentes artigos que o compoñen están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Paula Fernández, “Co Anuario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 159, “Xuvenil/Revistas”, 6 abril 2006, p. VII.

Síntese do contido do novo número d’*Anuario de Estudos Literarios Galegos*. Sinálase que o *Anuario* abre cunha reflexión sobre a obra de Lupe Gómez e os elementos surrealistas, autobiográficos da súa obra. Hai tamén no *Anuario* un artigo dedicado a Cunqueiro, segundo se indica. Alúdese, ademais, a outros autores analizados nesta revista, como son Carmen Blanco ou Manuel Rivas.

Arraianos

(ISSN: 1698-9953) (DL: OU-2/05).

Revista de ámbito limiá vinculada á Asociación Arraianos. Foi fundada no ano 2004 por Aser Álvarez, quen exerce na actualidade como coordinador. Tomando como inspiración a obra homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín, a publicación pretende dar a coñecer os fenómenos culturais da Baixa Limia. Na primavera de 2006 saíu do prelo o número 5, que, como todos os anteriores, tamén se pode consultar en formato pdf (http://www.arraianos.com/arraianosV_web.pdf). Inclúe no epígrafe “Poesía, imposto arraiano” as composicións “Resistencia” (p. 11), de Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Galatea” (p. 13), de Noelia Rodríguez, “Un bo home pero un mal mago” (p. 13), de Aresenio Iglesias e “Eu” (p. 14), de María Pérez Rei. No apartado de “Micro-relatos” presenta as composicións “Arroz negro” (p. 16), de Fran Alonso; “A muller que vivía no futuro.” (p. 17), de Sechu Sende; “Lucas” (p. 17) de S.S.; e “A aurora de Fontebranca” (p. 18), de Xurxo Sierra Veloso. A revista conta con distintos artigos sobre a literatura galega que están descritos nos correspondentes apartados deste *Informe*.

Referencias varias:

- A.S., “En lembranza de Celso Emilio”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 180, “Letras en Galego”, 30 setembro 2006, p. 11.

Breve referencia á publicación do sexto número da revista *Arraianos*. Comenta que inclúe unha entrevista inédita de Celso Emilio Ferreiro e trata temas como a emigración ou a estadia do autor en Venezuela. Remata cunha listaxe dos colaboradores do volume.

- C.Rodríguez, “Homenaxe arraiana a Celso Emilio Ferreiro”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Arquipélago”, 1 outubro 2006, p. 9.

Comeza cunha referencia á sexta entrega da revista para, a continuación, centrarse en cuestións de contido e formato. Refírese ás colaboracións de, entre outros, Luís Montero, Armando Requeixo, ou Sabino Torres e salienta dúas “moi especiais”, a de Luís Ferreiro “Que é o País dos Ananos?” e a recuperación do poema “A tarde chea de verán”.

- Ramón Nicolás, “Con *Arraianos*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 23 novembro 2006, p. IV.

Faise eco da sexta entrega da revista *Arraianos*. Anuncia que é un número monográfico que sae do prelo con motivo do nacemento de Celso Emilio Ferreiro e cun formato distinto ao anterior. Fala do contido da revista e remata recomendando a súa lectura.

Auria (Revista mensual de Caixanova)

(ISSN:1138-0837) (DL:OU-46-97).

Publicación mensual que naceu en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. Este nome trocou en agosto de 1999 (nº 28), ao comezar o proceso de fusión das Caixas do Sur de Galicia, quedando como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)* até xullo de 2000 (nº 39) cando ficou co seu actual título *Auria (Revista mensual de Caixanova)*. Ten a Alfonso Sánchez Izquierdo como director, a José Luis Outeiriño Rodríguez como editor dende a súa fundación, a Antonio Piñeiro Feijoo como director de cada edición dende agosto de 2000 e ademais conta cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos culturais. Está editada por Caixanova en colaboración coa Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia. Ábrese cada número cunha “Axenda” que dá conta dos principais fitos e actividades culturais -teatro, conferencias, exposicións, música, etc., que terán lugar durante o mes seguinte en toda a provincia de Ourense, así como na cidade de Vigo. A seguir aparecen artigos, con apoio fotográfico, que tocan variados temas, como literatura, teatro, historia, arqueoloxía, arquitectura, natureza, música, comida, moda, tradicións, cine, fotografía, etc. Conta, ademais, coa sección denominada “Anónimos”, que reproduce textos de Xusto Quinteiros e péchase cun apartado que fala especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. O número de cada mes pode visualizarse en formato PDF no enderezo <http://lri.laregion.net>. Ao longo de 2006 publicáronse doce números, concretamente dende o número 105 ao 116, ambos os dous incluídos, correspondentes a cada un dos meses do ano, nos que se mantén a estrutura editorial da publicación. En canto á creación literaria, encontramos as seguintes composicións: “Carta dende Madrid”, no número 106 (p. 42); “Sen volta atrás”, no número 107 (p. 42); “O panadeiro”, no número 108 (p. 42), “Loito no corazón”, no número 109 (p. 42); “O pozo negro”, no número 110 (p. 42); “Don Marcelo”, no número 111 (p. 42); “Humo contaminado”, no número 115 (p. 42). Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Barsowia

(DL:C-1324/2003).

Revista de cómic editada polo colectivo de autores galegos de banda deseñada Polaquia que naceu en agosto de 2003 e se edita cunha periodicidade cuadrimestral e publica cómics en galego e en portugués. Foi gañadora do Premio do Público ao Mellor Fanzine de España en 2005, e Premio do Saló Internacional del Còmic de Barcelona como Mellor Fanzine de España en 2006. Este ano 2006 deu ao prelo tres números: o número 7, correspondente ao mes de xaneiro; o número 8, correspondente a outubro e o número 38, “Barsowia en llamas”. Nela aparecen cómics de varios autores, a maioría deles galegos, como Diego Blanco, David Rubín, Brais Rodríguez, Hugo Covelo, Roque Romero, Manel Cráneo ou Kike Benlloch, quen ademais dirixiu o proxecto até o número 8. A contribución feminina vén da man de autoras como Emma Ríos, Andrea López ou Maria Körkel.

BD Banda ■

(DL:PO-175-01).

Revista de cómic que naceu en 2001 por iniciativa do debuxante Kiko da Silva e de Cano, responsábel da librería Paz de Pontevedra, coa intención de crear un medio de expresión para que os creadores e creadoras galegos de cómic puidesen publicar os seus traballos. O primeiro número saíu do prelo o 17 de maio de 2001. A boa resposta do público e o eco mediático da publicación fixo que o Concello de Pontevedra a apoiase economicamente dende o seu segundo número. No terceiro número creouse un Consello de Redacción conformado, ademais de polos promotores da revista, por Germán Hermida, Miguel Porto, David Rubín e Miguel Robledo. Na actualidade a intención de *BD Banda* é ser o medio de expresión e plataforma de lanzamento dos autores de banda deseñada do país, permitindo que os seus traballos cheguen a un público cada vez máis amplo. De cara ao lectorado, pretende ofrecer unha publicación de calidade, tanto a nivel de deseño coma de traballos publicados. Os cartos obtidos da venda da revista, publicidade e subvencións destínanse directamente a manter a súa edición.

Boletín da Real Academia ◆

(ISBN:84-87987-21-4) (DL:C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o nº 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Está coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No ano 2006 saíu do prelo o número 367, dedicado á figura de Manuel Lugrís Freire con motivo da homenaxe que se lle rendeu no Día das Letras Galegas. Este número estrutúrase en catro seccións: “Estudos e investigacións” (pp. 7-117), “Alocucións académicas sobre Manuel Lugrís Freire no Día das Letras Galegas” (pp. 121-137), “Traballos de investigación e estudo” (pp. 141-291), e “Vida oficial da RAG” (pp. 295-314). Inclúe tamén unha introdución en que se dá conta do

centenario da publicación e se presenta un breve percorrido pola súa longa singradura como voceiro e cabeceira da institución da Academia. Tamén se ofrecen unhas pinceladas sobre a figura de Lugrís, presidente da Real Academia no seu momento, ademais de dar conta dos distintos apartados, que inciden en diversos aspectos que complementan a personalidade ética e estética do escritor. Todos os artigos que versan sobre literatura galega aparecen nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Boletín Galego de Literatura ■ ◆

(ISBN: 84-9750-617-0) (DL: C-641-1989) (ISSN: 0214-9117).

(ISBN: 978-84-9750-779-0) (DL: C-641-1989) (ISSN: 0214-9117).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colaboraron as seguintes institucións privadas: Banco Pastor, Banco Gallego, Fundación José María de Castro e na actualidade, Ámbito Cultural/El Corte Inglés. Consta dun Consello Científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo; dunha Secretaría da que formaron parte sucesivamente Xosé Luís Sánchez Ferraces, Miguel-Anxo Seixas Seoane, Blanca-Ana Roig Rechou, Armando Requeixo, Xabier Campos Villar, María Isabel Soto López, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González e, na actualidade, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez; dun Consello de Redacción, que estivo constituído sucesivamente por: Carmen Blanco García, Antón Capelán Rei, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, María do Carme Ríos Panisse, Blanca-Ana Roig Rechou, Mercedes Brea López, Manuel Henrique Vázquez Buxán, Antón Capelán, Xosé Luís Sánchez Ferraces, María Fe González Fernández, María Xosé López Pérez, Monserrat López Fariña, Miguel Louzao Otero, Xabier Campos Villar. Na actualidade, está composto por Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, María Xesús Nogueira, Sara Reis da Silva, Xosé Manuel Salgado Rodríguez e Ernesto González Seoane. Conta cun deseño inicial de Pedro de Llano, actualizado por Alejandro Vidal. Consta das seguintes seccións: “Estudios”, “Notas”, “Documentos”, “Encontros”, “Libros” e “Creación”, que nalgúns números, sobre todo nos monográficos, poden reducirse. No ano 2006 saíron publicados os números 33 (1º semestre, 2005) e 34 (2º semestre, 2005), ambos os dous volumes monográficos dedicados á Literatura Comparada: “Literatura Comparada hoxe” e “Literatura Comparada hoxe II”, respectivamente. No primeiro deles, as ilustracións corresponden á artista Ana Díaz e a Ramón Díaz no segundo. As seccións do número 33 son as seguintes: “Estudios”, “Notas” e “Libros”. O número 34 consta das seccións “Estudios” e “Libros”. Todos os artigos e recensións relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Casa da Gramática ◆

(DL: C-2074/98).

Publicación coordinada por Lola Arxóns e Xavier Castro, elaborada polos alumnos do IES “Virxe do Mar” de Noia, desde 1998. A directora artística é Concha Sabucedo. Conta coas seccións fixas “Presentación” e “Agradecementos”, ademais de “Papel de color”, na que se reproducen diversos fragmentos de obras de autores consolidados e que sae sempre como “especial”: dedicada a un motivo. Conta con diversos traballos de creación literaria e ensaio

sobre a vida cultural galega. En 2006 viron a luz os números 26 e 27. O primeiro deles (marzo 2006), ilustrado por Baldo Ramos, conta cos seguintes traballos de creación en galego: “A tola de Testal”, de Francisco García Dosil (p. 4); “Chaparrón”, de Alejandro Lojo Rodríguez (p. 5); “As circunstancias”, de Patricia Dosil (p. 7-8); “Algún día”, de Tamara Peña Vázquez (pp. 9-12); “Unha infancia angustiosa”, de Santiago Lojo (p. 13); “Enredando nas horas”, de Rosa Enríquez (p. 17-18); (1ª parte), de Carlos Pérez López (pp. 19-31). Na sección fixa “Papel de Color” reproducense os seguintes traballos: “56 Cartwright Gardens. King Cross. London”, de Xerardo Agrafoxo; “De auga e pedra (viaxes e miraxes”, de Ramón Caride; “De literatura, de viaxes, de regresos”, de Francisco X. Fernández Naval; “Estampa de Roma”, de Bieito Iglesias; “Galicia cos presos no imperio”, de Anxo Angueira; “Post Scriptum aclaratorio”, de Agustín Agra; “A longa viaxe de Yuca”, de Carlos Mosteiro; “Tempo trasitivo”, de Eva Veiga; “Voyage, voyage”, Rosa Anerios; “Filla de dous mares”, de Sabela Álvarez Núñez; “O espírito de Praga”, de Antón Riveira Coello. O número 27, correspondente a decembro 2006, está ilustrado por Ricardo de Barreiro. Conta cos seguintes traballos de creación: “A vela negra”, de Yaiza Collazo Lojo (p. 4-7); “Premas”, de Olalla Túñas Martínez (p. 9-12); “.....” (2ª parte), de Carlos Pérez López (p. 13-26); “Hoxe non”, de Manuel Mariño (p. 27); “O murmurio do mar”, de Alexandra López Arca (28-39); “Poema”, de Ramón Blanco (p. 31); “Aula nas unllas”, de Olalla Túñas Martínez (p. 35-39); “Entre sambas e muiñeiras”, de Silvia Agraño Martínez (p. 41-45); “Verde Recordo verde”, Olalla Túñas Martínez (p. 47-48). Na sección “Papel de color”, especial Real Academia Galega, consta de varios traballos relativos á historia da institución e contén diversas ilustracións: “Noia e Lousame na Real Academia Galega”, de Xoán Pastor Rodríguez; “A biblioteca virtual da R.A.G.”, de Henrique Neira; “A R.A.G. no ano do seu centenario”, de Xosé L. Axeitos; “Manuel Lugrís Freire: Letras Galegas 2006”, de X. Campo Villar, con Limiar, achegamento bibliográfico (os primeiros anos, a emigración, a volta á terra, Lugrís e o sindicalismo agrario, o tempo das Irmandades da Fala, os últimos anos, conclusións). Os artigos correspondentes á literatura e cultura galegas aparecen nos apartados correspondentes.

Referencias varias:

- Clodio González Pérez, “Noia: “Casa da Gramática”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 21 xaneiro 2006, p. 5.

Este artigo explica o contido multidisciplinar da revista *Casa da Gramática*, a súa capa que está inspirada nos libros do século XIX e o título que leva. No artigo recoñécese que é unha revista escolar cunha difusión e presupostos económicos limitados, pero ao mesmo tempo informa da importancia desta publicación, xa que permite que saian á luz composicións de escritores novos. Como mostra da importancia, fai referencia a que Ramón Blanco acaba de publicar un novo libro de poemas. Finalmente, faise un percorrido histórico desta revista coméntase que actualmente é posíbel conseguila nun CD. Acaba o artigo dando os parabéns aos directores.

- Salvador García-Bodaño, “Unha revista como unha casa”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 29 xaneiro 2006, p. 3.

Recoñece o labor que supón que saia á luz a revista *Casa da Gramática* e felicita a todos os que contribúen na súa creación: escritores, profesores, alumnos, artistas... García Bodaño tamén fai referencia ao contido da revista e á súa historia, pois agora cumpre o número 25.

Casahamlet. Revista de teatro ■ ◆

(DL:C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor, que botou a andar en 1999 co apoio da Deputación Provincial da Coruña. No seu Consello de Redacción figuran Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón e, como novo membro, Isaac Ferreira. Estrutúrase en catro seccións: “Editorial”, “Colaboracións”, “Creación” e “Documentación”. No ano 2006, concretamente no mes de maio, saíu o número 8, un monográfico dedicado ao teatro histórico. Na sección de creación publicaron: Raúl Dans, “A nena dos pés espidos”; Miguel Anxo Fernán-Vello, “A estrela perdida do teatro (monólogo rosaliano)”; Isaac Ferreira, “O cerco de Vilanova”; Daniel D. García, “Prisioneiro de Luna”; Joao Guisan Seixas, “Cogito, ergo fui (comédia filosófica e drama informático para teatro cinematográfico sem rigor histórico)”; Xavier Lama, “Lago Ludwig (xoguete dramático para cisnes negros)”; Antón Lopo, “Rata-tatatán”; Manuel Lourenzo, “Frouseira”; Jacobo Paz, “F2”; Cándido Pazó, “Reconquista. Pinceladas para un boceto”; Gustavo Pernas Cora, “As pílulas do dr. Negrín”; e Enrique Rabuñal, “Catástrofe”. Todos os artigos que fan referencia á literatura galega aparecen descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “Tempo de historia”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, nº 397, 8 outubro 2006, p. 20.

Extenso comentario do número 8 da revista *Casahamlet*, correspondente a maio de 2006. Sinala, en primeiro lugar, que o teatro galego non ten a infraestrutura axeitada para que as pezas dramáticas editadas pola revista atopen escenarios, e comenta a nómina de autores que ten cabida nas súas páxinas. Realiza, ademais, unha aproximación aos títulos contidos neste número, destacando diversas características, e finaliza afirmando que esta é unha boa mostra de que hoxe pode facerse teatro histórico.

- Albino Mallo, “Casahamlet analiza o teatro histórico no seu oitavo número”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 24 outubro 2006, p. 75.

Breve noticia da presentación, na sé da Deputación Provincial da Coruña, do oitavo número da revista *Casahamlet*. Dise que participaron neste acto os responsábeis da escola de teatro Casahamlet, así como o responsábel da área de Cultura da Deputación. Enumera os autores dramáticos que participan no volume, dedicado ao teatro histórico.

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(ISSN:1131-6519) (DL:C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Inicialmente vinculada á editora viguesa SEPT, dende o número 61, correspondente a 1989, vén sendo promovida pola Asociación Irimia. Ademais de Andrés Torres, integran a mesa de redacción Xaime M.

González Ortega (redactor-xefe), Engracia Vidal Estévez (secretaria), Agustín Díaz Blanco, Xavier R. Madriñán e Pilar Wirtz Molezún. Encárgase da administración Amalia Tomé Rocha. A revista conta, ademais, cun consello de redacción do que forman parte, entre outros, Xesús Acuña, Antón Vidal, Manuel Dourado ou Anxos Renieblas. Na actualidade, as seccións estabéis de *Encrucillada* son: “Guieiro”, “Estudos”, “Crónicas”, “Achegas” e “Recensións”, ademais doutras de aparición ocasional (“Entrevista”, “In memoriam”, “Libros chegados á redacción”). Ao longo do ano 2006 saíron do prelo os números 146 (xaneiro-febreiro), 147 (marzo-abril), 148 (maio-xuño), 149 (setembro-outubro). No número 146, na sección “Libros chegados á Redacción” (pp. 118-120), Engracia Vidal Estévez fai referencia ás obras *Lorenzo Varela: unha fotobiografía* (VV.AA) (2005); *Matei un home*, de An Alfaya, (2005); *Cara a un solpor de gatos*, de Verónica Martínez Delgado (2005) e *Traxectos curtos*, de Manuel Pereira Valcárcel (2005). No número 149, fai referencia á obra *Xosé Otero Espasandín. Obra galega* (2006). Os artigos referidos á literatura galega aparecen reseñados no apartado correspondente deste *Informe*.

Escaramuza ■◆

(DL:C-2483-2000).

Revista trimestral creada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia no ano 1997 e coordinada por Celso Parada. Conta co patrocinio da AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedad de Gestión de España) e coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Muscáis e da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación dedicada ao mundo do teatro, actualmente dirixida por Comba Campoy. Da serie de seccións fixas “Humor”, “Laboral”, “Eventos”, “Teatranet”, “Aprenda teatro”, “Informes”, “Revista” e “Versículos picantes”, fican unicamente “Humor” e “Informes” na nova etapa da publicación, iniciada en 2006, e engádese a sección “Marías Guerreras”. Ademais, conta con artigos de opinión, entrevistas e debates que varían en cada número. No ano 2006 publicáronse os números 20 (xaneiro) e 21 (outubro), ambos os dous cunha “Editorial” asinada por Cándido Pazó, presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Os artigos relacionados coa literatura e o teatro galegos reproducense nas partes correspondentes do *Informe*.

Evohé ■◆

(ISSN: LU-679-1996) (DL: DL: LU-679-1996).

Publicación bilingüe galego-castelán impulsada pola facultade de Humanidades de Lugo e financiada pola Vicerreitoría da Comunicade Universitaria e Compromiso social da USC e pola Facultade de Humanidades. Comezou a publicarse co número 0 en outono de 1996 e en 1998 apareceu o número dobre (3 e 4). O equipo editorial está formado por Pablo Novo Trigo como director, Brian Rodríguez Cortiñas como subdirector, Carmen Conde como secretaria, Tatiana Giménez Lorenzo, Beatriz López López, Clara Rey López e Iago Rodríguez Palmeiro. Conta cos seguintes colaboradores: Carlton Banves, José Creciente Campo, Teresa Díz, Marta Fernández Arias, Ruth Fernández Fernández, M^a Concepción Fernández López, Javier Gómez Vázquez, Tomé Jorge López, Amalia Méndez Combao, Víctor Mouronte Barreiro, X. Manuel Nuñez Villar, Ismael Rodríguez García, Yago Rodríguez Yáñez e Carmen Teijeiro González. En 2006 saíu o número 17-18, que conta con diversos relatos e

poemas en galego e castelán. En canto á creación literaria en galego, inclúense os seguintes traballos: en poesía, “Eu cántoche a ti”, de Amalia Méndez (p. 22), “Un pingüín en Galiza” (p. 33), e “Nin nobre nin cabaleiro” (p. 50), de X. Manuel Núñez, e “Cara baixo”, de José Crecente Campo (p. 40). En narrativa, “REC”, de Tomé Lage Cómez (pp. 23-26). Aparece a sección “Editorial”, de Pabolo N. Trigo, e acolle un ensaio de J. Gómez Vázquez, non relacionado coa literatura galega.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Espíritu creativo”, *El Progreso*, “El despertador”, 16 novembro 2006, p. 12.

Noticia breve que trata da publicación dun novo número da revista *Evoché* por parte da asociación *Evoché*, que está formada por vinte alumnos.

Extramundi

Revista trimestral fundada por Camilo José Cela no outono de 1994 e editada pola súa fundación. Ten como gobernador a Tomás Cavanna Bener, director adxunto a Rafael Conte Oroz, como secretario a Antonio J. Gil González e como secretaria adxunta a M^a Lourdes Regueiro Fernández. No 2006 publicou catro números, (XLV, XLVI, XLVII e XLVIII), correspondentes a cada unha das estacións. O exemplar publicado na primavera é un monográfico dedicado a Mallorca, o de Verán conmemora os sesenta anos da *Viaxe á Alcarria*, o de Outono é un “Especial cincuentenario” e o de inverno está dedicado integramente a celebración do vixésimo aniversario da Fundación Camilo José Cela. Non contén ningún artigo relacionado coa literatura galega.

FerrolAnálisis ■

(DL:C-1106-1990).

Revista que botou a andar no ano 1990 cando saíu o seu primeiro número, que se correspondía co mes de setembro. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Astano, Bazán, Fenosa, Fundación Caixa Galicia, Imenosa, Xunta de Galicia, Cámara Oficial de Comercio e Deputación Provincial da Coruña e está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había ser trimestral, mais este obxectivo truncouse deseguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5 de 1993, comezamos a atopar as primeiras referencias á literatura galega. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasa a ocupar a Presidencia de Honra deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O Consello de Redacción está composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfíz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. Consta das seguintes seccións: “Ferrolterra”, “Separata Especial”, “Galicia”, “Internacional”, “Creación” e “Portafolio”. No ano 2006 saíu do prelo o número 21, dedicado ao aviador Ramón Franco. O presidente de honra segue a ser Germán Castro Tomé e quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín. O consello de redacción está composto por Fernando Bores Gamundi,

Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. Os artigos referidos á literatura e cultura galegas aparecen nas seccións correspondentes do *Informe*.

Referencias varias:

- Xoán Rubia, “A revista número 20”, *Diario de Ferrol*, “Miradas poliédricas”, 19 marzo 2006, p. 25.

Este artigo explica o contido e colaboradores da revista, así como a súa liña ideolóxica sempre baixo a premisa de que é unha revista que sobresaie entre o conxunto de publicacións anuais. Son dignos de salientar tanto a importancia dos colaboradores desta revista como o feito de que sexan de lugares dispaes e con opinións tamén moitas veces enfrontadas.

Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista (ISBN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista de periodicidade irregular que empezou a súa andaina en 1983. Dende o ano 1995 publícase anualmente. Trátase dunha revista de ideoloxía feminista, dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, que conta cun Consello de Redacción formado por Mónica Bar Cendón, María Xosé Queizán e Marga R. Marcuño, ademais dunha ampla listaxe de colaboradores. No ano 2006 publicouse o número 21, dedicado a María Mariño (autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2006), que acolle homenaxes de man de Marga Val, “Había que chegar” (p. 28); María Xesús Pato, “Verba que comeza: unha escrita xenesiaca” (pp. 50-53) e Mónica Bar Cendón, “Antoloxía de María Mariño” (pp. 54-58). Tamén o número 22, no aparece un poema de Pura Vázquez, “Ós pirómanos do monte”, na páxina 92 e unha homenaxe da achega masculina, sobre todo filosófica, á teoría feminista, á defensa da muller, dos cales só se refiren neste informe aqueles que se refiren a escritoras ou escritores galegos. Os artigos relacionados coa literatura galega reproducense nos apartados correspondentes do *Informe*.

Galicia. Revista del Centro Gallego (Montevideo, 1929) (Número 151, conmemorativo do cincuentenario do Centro Gallego), ed. Luís Alonso Girgado, prólogo Francisco Fernández del Riego, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006, 197 pp. (ISBN: 84-453-4102-2).♦

Edición facsimilar do número 151 da revista *Galicia* publicada en 1929 polo Centro Galego de Montevideo e que conmemoraba o cincuentenario deste, editada por Luís Alonso Girgado. Como é habitual nas edicións facsimilares que o Centro Ramón Piñeiro fai no seo deste proxecto, o volume inclúe unha serie de apartados nos que se afonda na actividade dos galegos na emigración e en concreto en Uruguai. Na primeira sección, “Os galegos no Uruguai”, recóllense datos do fluxo migratorio galego cara a ese país no primeiro terzo do século; a continuación, en “Tres sociedades galegas en Montevideo”, sinálanse as actividades, os integrantes ou a organización do Centro Galego de Montevideo, a Casa de Galicia e o Patronato da Cultura Galega. O estudo complétase cos apartados “Sociedades e prensa galegas en Uruguai” e “A prensa galega de Uruguai nas bibliotecas de Galicia”.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, “O Centro Ramón Piñeiro reedita ‘Galicia’, histórica revista da emigración en Caracas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 outubro 2006, p. 44.

Comeza dando conta dos números que integran a revista e fai unha breve referencia á historia da publicación. A continuación reproducense as verbas de Luís Alonso Girgado, coordinador do proxecto, quen destaca a “extraordinaria transcendencia tanto literaria como lingüística” da emigración en Venezuela. Cita os intelectuais que escribiron nas súas páxinas e alude ao prólogo de Fernández del Riego.

- Marcos Valcárcel, “Galicia, de Caracas”, *La Región*, “Pan por Pan”, 7 novembro 2006, p. 61.

Iníciase informando de que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades “continúa coa súa liña de recuperar revistas culturais galegas históricas”. A continuación, dá conta do director da revista *Galicia*, redactores e colaboradores. Destaca o especial, editado no 1954, dedicado a Castelao e fai unha breve referencia aos contidos que a integran.

- Marcos Valcárcel, “Galicia’, revista de Caracas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 8 novembro 2006, p. 48.

Despois de facer referencia ao labor de recuperación de revistas desenvolvido polo Centro Ramón Piñeiro, dá conta dos intelectuais que escribiron nas páxinas da publicación. Destaca o monográfico dedicado a Castelao e alude aos contidos da revista, entre que salienta os artigos de Alberto Vilanova, caracterizados por seren moi críticos.

- Marcos Valcárcel, “Alberto Vilanova”, *La Región*, “Pan por Pan”, 8 novembro 2006, p. 69.

Dá conta do significado dos artigos de Alberto Vilanova publicados na revista *Galicia*. Céntrase en “La Anti-Galicia” e “Verbas aos galegos”, artigos que conteñen un bo número de críticas das que se descoñece o receptor.

- Marcos Valcárcel, “Castelao”, *La Región*, “Pan por Pan”, 9 novembro 2006, p. 77.

Céntrase no monográfico dedicado a Castelao polos escritores da revista *Galicia*, da emigración en Venezuela. Cita os intelectuais que colaboraron no número de homenaxe ao escritor e inclúe o parecer de Ramón Lugrís, de Luís Bernández e de Alonso Ríos.

- Marcos Valcárcel, “Lembranza de Castelao en Caracas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 9 novembro 2006, p. 48.

Fálase do especial que lle dedicou a revista *Galicia* a Castelao no 1954. Destaca o retrato de Carlos Maside a Castelao na portada e dá conta dos escritores que colaboraron na homenaxe. Por último, inclúense as reflexións dalgúns dos intelectuais que participaron no especial.

- Xurxo Fernández, “H. Laurie y la herencia del anglohumor”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 4 decembro 2006, p. 80.

Logo dun artigo dedicado aos distintos tipos de humor, aparece unha breve recensión do facsímile que vén de reeditar o Centro Ramón Piñeiro.

Galicia Diplomática. Revista Semanal de Archivos y Bibliotecas, Historia, Arqueología, Heráldica, Literatura, Ciencias y Arte
(ISBN:84-932213-6-8).

Edición facsimilar en cinco volumes da revista *Galicia Diplomática. Revista Semanal de Archivos y Bibliotecas, Historia, Arqueología, Heráldica, Literatura, Ciencias y Arte*, que iniciou a súa publicación en 1882 e que agora publica Edicións Losa. Conta cun estudo introdutorio de Xosé Ramón Barreiro, centrado na figura do seu fundador e director, Bernardo Barreiro, así como na historia da propia publicación. Sinala que esta naceu co obxectivo de difundir documentos inéditos dos arquivos galegos para esclarecer a historia e dar conta da bibliografía antiga e moderna. Tamén ofrece a nómina de colaboradores en aspectos documentais e históricos, mentres que no referido á literatura considera que incluíu poemas coa intención de “alixeirar algo a revista e de integrar ó maior número de intelectuais”, entre os que figuran composicións de Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Lago González, Francisco María de la Iglesia, Victorino Novo e o propio Bernardo Barreiro. Detense tamén nos factores que determinaron que unha publicación destas características perdurara tantos anos apuntando, entre outras, cuestións como o apoio das institucións, das colectividade galegas en América, o interese pola historia das diferentes comarcas, o que favoreceu a penetración da xente culta das vilas, ou o propio atractivo da revista. A seguir, reproducése a colección completa distribuída en cinco volumes, que responden ao carácter de libro por entregas que Bernardo Barreiro lle quixo imprimir. O primeiro volume (ISBN: 84-932213-7-6) reproduce os cincuenta números publicados entre o 9 de xullo de 1882 e o 17 de xuño de 1883; o segundo volume (ISBN: 84-932213-8-4) comprende os que viron a luz entre o 8 de xullo de 1883 e o 14 de outubro de 1884; o terceiro volume (ISBN: 84-932213-9-2), os publicados entre o 8 de xaneiro e o 23 de decembro de 1888, despois dunha paréntese de catro anos sen publicarse; o volume cuarto (ISBN: 84-933043-0-1) recolle os números do 6 de xaneiro ao 29 de decembro de 1889; e finalmente o volume quinto (ISBN: 84-933043-1-X) reproduce os últimos vinte e cinco números, publicados ao longo do ano 1892 e 1893, tomo que se pecha cun apartado no que se recollen folletíns con obras de Bernardo Barreiro, entre as que están a lenda do Apóstolo en castelán ou cuestións como a capitalidade de Galicia.

Galicien Magazin ♦
(ISSN:1433-2647).

Revista editada pola Sociedade Galego-Alemana (SGA) e o Galicien-Zentrum da Universidade de Trier. Dirixida polo profesor Dieter Kremer, publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. Distribúese gratuitamente entre todos os membros da SGA. En Galicia atópase á venda nas librarías Cartabón e A Caixa de Pandora de Vigo, Couceiro de Santiago, Torga de Ourense e Michelena de Pontevedra. O seu contido divídese nas seguintes seccións

principais: “Deutcher-Galicien Tag”, “Beiträge”, “Examensarbeiten”, “Besprechungen” e “Chronik”. Nelas inclúense informacións relacionadas sobre todo coa literatura e lingua galegas e coas actividades do Galicien-Zentrum de Trier. No ano 2006 saíu o número 18, que conta, en canto á creación, co traballo “A Illa Perdida: do berce ao mundo. Contos e romances de Galicia mit der Gruppe RESONET” (pp. 12-30). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos correspondentes apartados do *Informe*.

Grial

(ISSN:0213-3806) (DL:C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura*. A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recupera o subtítulo da primeira etapa, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa trae un cambio que afecta ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos que se reparten en seccións como “Carta do editor”, “O rego da cultura”, “Entrevista” ou “Conversa con”, “Documentos”, “Creación”, “Crónica”, “O espello das letras”, “Cine, teatro e artes escénicas”, “Ciencia e tecnoloxía” ou “Comunicación e novas tecnoloxías”, “Arquitectura e artes plásticas”. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle ademais un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2006 saíron á rúa os seguintes números: 169 (meses de xaneiro, febreiro e marzo), titulado “Da ecoloxía á economía”, en cuxo apartado “Creación” se acollen unha narración de Luís Paradelo e poemas de Arturo L. Regueiro; 170 (abril, maio e xuño), titulado “Memoria do 36”, que acolle no apartado “Creación” poemas de María do Cebreiro e unha narración de Xosé Manuel G. Trigo; 171 (xullo, agosto e setembro), titulado “Cen anos coa Real Academia Galega”, que no apartado “Creación” acolle un relato de Rebeca Baceiredo e poemas de Oriana Méndez; e o número 172 (correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro) baixo o título “Deus a xuízo. Unha controversia contemporánea”, que acolle no apartado de “Creación” un artigo de Carlos L. Bernárdez titulado “A poesía visual de Pepe Cáccamo. Underwood, o concepto e a letra” (pp. 79-80), así como unha selección de poemas de Martín Veiga.

Referencias varias:

- X.F., “Reflexións sobre o ‘Merlín’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 154, “Letras en galego”, 25 marzo 2006, p. 13.

Recolle a noticia de que se publica un número de *Grial* dedicado a analizar a materia artúrica na obra de Cunqueiro con motivo do seu aniversario.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 13 abril 2006, p. 59.

O texto de Valcárcel recolle a noticia do número de *Grial* dedicado a Cunqueiro no cal se encontra publicada a conversa do escritor de Mondoñedo con Carlos Casares. No fragmento que se incorpora no artigo xornalístico, Cunqueiro afirma que as criadas que coñeceu eran grandes contadoras de historias.

- María Navarro, “A maxia de Merlín”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 161, “Infantil/Revistas”, 13 abril 2006, p. VII.

Este artigo dá noticia da realización da exposición realizada pola editorial Galaxia no Museo do Pobo Galego para celebrar os cincuenta anos da publicación da primeira obra de Cunqueiro. A este asunto refírese o número de *Grial* correspondente a Nadal de 2005, número que se ocupa integramente de Cunqueiro. Segundo o artigo, a publicación contén unha intervención de Dolores Vilavedra que explica o que supón para a historia da literatura galega. Hai intervencións tamén de autores que abordan a obra e vida de Cunqueiro.

- Paula Fernández, “Con Grial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 162, “Infantil/Revistas”, 20 abril 2006, p. VII.

Artigo que explica o contido do número 168 de *Grial* dedicado a reflexionar sobre o concepto de cultura. Segundo a noticia o número fai referencia aos actos culturais máis importantes de Galicia, ás formas de difusión cultural como son os museos. Na revista tamén se recolle unha alusión ás capitais culturais durante o ano 2005 e 2006, segundo afirma.

- Alfredo Conde, “Prosa oceánica da Terceira Bretaña”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 xullo 2006, p. 4.

Parte do relato dunha experiencia persoal, o autor encontra o número da publicación de *Grial* correspondente a maio, titulado “A Galicia do norte, a terceira Bretaña” e a partir de aí trata de mostrar as suxestións da prosa da revista *Grial* a partir da metáfora da prosa como río.

- Paula Fernández, “Grial, outravolta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 174, “Infantil/Xuvenil”, 13 xullo 2006, p. VII.

Comeza dando noticia do novo número da revista *Grial*. A continuación clasifica os artigos en dous grupos, uns directamente relacionados coa cultura galega e outros centrado en cuestións teóricas referidas a outros ámbitos. Destaca as contribucións de Uxío Labarta ou Federico Martín Palmero. Remata referíndose brevemente aos artigos sobre sociolingüística e de creación que inclúe o volume.

- M.O., “Reflexión sobre a memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 178, “Letras en Galego”, 16 setembro 2006, p. 10.

Este artigo fai unha síntese do contido da nova edición da revista *Grial* que sae co epígrafe “Memoria do 36”. O tema nuclear da revista é precisamente unha revisión da etapa da guerra civil. Coa finalidade de afondar neste tema inclúense na revista varios artigos de escritores actuais. Aparece unha entrega poética feita por María do Cebreiro, un apartado de crítica literaria e péchase a revista cun artigo sobre arquitectura, segundo se comenta.

- Marcos Valcárcel, “Memoria do 36”, *La Región*, “Pan por pan”, 11 outubro 2006, p. 69.

Breve referencia ao novo número da revista *Grial*, un monográfico coordinado por Lourenzo Fernández Prieto dedicado á “Memoria do 36” con motivo da proclamación do 2006 como Ano da Memoria. Achega información sobre os traballos e o nome dos autores e considera o número como un documento moi valioso contra o “revisiónismo” histórico dominante noutros medios.

- Marcos Valcárcel, “Rigorosa memoria do 36”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 11 outubro 2006, p. 48.

Referencia ao número 170 da revista *Grial* dedicado á “Memoria do 36E. Salienta a utilidade desta achega fronte ao revisiónismo histórico dominante nestes momentos. Ofrece ademais os nomes dos redactores neste número, entre os que salienta a Lourenzo Fernández Pérez, M. Richards, Ana Cabana, J. M^a Cardesín, R. Gurriarán, X. M. Núñez Seixas e D. Vilavedra.

- Xosé Ramón Pena, “Memoria do 36”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 180, “Libros”, 19 outubro 2006, p. IV.

O artigo fai unha defensa da lexitimidade de tratar unha temática histórica como é a que trata este número da revista *Grial*. Defende o tratamento desta etapa histórica so o argumento de que é importante para construír un futuro e para eliminar tópicos ou mitos aínda presentes na actualidade sobre a etapa histórica en que se centra o presente número de *Grial*, a etapa do 36. Finalmente recóllense outros temas relacionados co presente como é o artigo “A reivindicación de España” ou “Madres de la plaza de Mayo”.

- Alfredo Conde, “Foi das mirras prás enconllas”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 novembro 2006, p. 4.

Comeza referíndose ao *Grial* do terceiro semestre do ano, xa que nel aparecen algunhas das cartas que Ramón Piñeiro lle escribiu a Basilio Losada. A continuación, e con motivo da súa lectura, analiza a situación actual da lingua e o papel que xogaron as institucións na súa consolidación.

- MARE, “Grial’ dedícalle un número especial aos cen anos da RAG”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 novembro 2006, p. 32.

Este artigo dá noticia de que o número 172 de *Grial* está dedicado á Real Academia Galega con motivo de que se cumpren cen anos do seu nacemento. A presentación desta publicación tivo lugar na Fundación Caixa Galicia, nun acto en que interviñeron Víctor Freixanes, José Luís Méndez e Xosé Ramón Barreiro.

- Marta García Márquez, “Grial dedica su número 171 al centenario de la Real Academia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña Cultura”, 25 novembro 2006, p. 16.

No artigo recóllese a noticia de que tivo lugar a presentación do número 171 na Fundación Caixa Galicia. O número está dedicado integramente á Real Academia Galega por ser este o ano do seu centenario. No acto en que participaron Xosé Luís Méndez, Víctor Freixanes e

Xosé Ramón Barreiro foron tratados distintos temas como a actual difusión da revista, o compromiso de Caixa Galicia coa normalización da lingua galega e tamén o ingreso de Ramón Villares na RAG.

- R.Barreiro, “La RAG insta a los empresarios a unirse al proceso de normalización”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 25 novembro 2006, p. 76.

Este artigo dá noticia da publicación e presentación do número 171 da revista *Grial*. Sinala que no acto houbo intervencións de Xosé Ramón Barreiro animando ao mundo empresarial a normalizar a lingua e destaca tamén a intervención de Xosé Luís Méndez, que versou sobre o compromiso de Caixa Galicia coa lingua galega. O contido do número 171 de *Grial* é a Real Academia Galega, como institución normalizadora. Hai alusións a outros temas da publicación como as cartas de Ramón Piñeiro e Basilio Losada e termínase citando algúns dos colaboradores como Ramón Villares, Henrique Monteagudo ou Xulio Ríos.

- Gemma Malvido, “Unha revista para entender un país”, *La Opinión*, “A Coruña”, 25 novembro 2006, p. 12.

Dáse noticia da presentación do número 171 da revista *Grial*, dedicado á Real Academia Galega. Neste acto participaron o director de Caixa Galicia; Xosé Luís Méndez; Xosé Ramón Barreiro, presidente da RAG; e Víctor Freixanes. O artigo fai alusión á importancia da intervención de Caixa Galicia na promoción da revista, moi notábel nos últimos tempos, feito que responde a unha vontade de normalizar a lingua e cultura galega, segundo as declaracións de Xosé Luís Méndez.

- Xosé Ramón Pena, “No ano da Academia. Revista Grial de cultura galega”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 186, 30 novembro 2006, p. IV.

Dáse noticia da publicación do número de *Grial* dedicado á reflexión, a partir de colaboracións distintas, sobre a Real Academia Galega con motivo do seu centenario. Son citados artigos como os de Neira Vilas: “A xénese en Cuba: 1905,1906”, o de Henrique Monteagudo e o Serafín Alonso Pintos entre outros. Termina facendo alusión ao apartado de creación con Rebeca Baceiredo ou Oriana Méndez e menciónase a existencia doutras seccións como “Crónicas”, “Comunicación”, etc.

- A.S., “O centenario da Academia, en ‘Grial’”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 189, 2 decembro 2006, p. 14.

Dáse noticia da publicación do número 171 de *Grial* e do seu contido, a significación do centenario da Academia Galega. Sinala que os autores encargados de escribir sobre o tema son Neira Vilas, Xosé Luís Axeitos, ect. Tamén hai alusións a outros temas como a correspondencia entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada, os apartados de creación con Rebeca Baceiredo ou Oriana Méndez. Di que a sección de “Crónicas” vén asinada po Xulio Ríos e a de ciencia explica a oceanografía das rías galegas. Tamén hai unha conversa de Henrique Monteagudo e Marcos Bagno, sociolingüista brasileiro, segundo se indica.

- Albino Mallo, “*Grial*: cen anos coa Real Academia Galega”, *Galicia Hoxe*, “Visións”, 6 decembro 2006, p. 4.

Este artigo fai unha descrición do contido do número de *Grial* dedicado a un tema específico: a Real Academia Galega. A publicación de *Grial* está dedicada a analizar este tema partindo de colaboracións que se centran en distintos períodos históricos da institución dende a súa fundación até a actualidade, etapa que é abordada a partir dunha entrevista ao director da RAG, Xosé Ramón Barreiro.

Lethes. Cadernos Culturais do Limia ■
(ISBN:84-931816-3-3).

Aparecida por primeira vez en 1999, esta revista é o voceiro do Centro de Cultura Popular do Limia, unha asociación que pretende dinamizar a vida cultural desta comarca, ademais de traballar por preservar e divulgar valores propios tanto de carácter cultural como paisaxístico, etnográfico ou monumental. Está dirixida e coordinada dende o primeiro número por Xosé Badás Fernández e o equipo de tradución e asesoramento lingüístico está formado por Xosé Antón Corderí Rodríguez, Dorinda Penín Rodríguez e Asunción Caneda Cabrera. A revista non conta cun equipo de redacción, nin presenta unhas seccións fixas; o seu contido acolle as colaboracións de diferentes estudosos sobre temas diversos: ecoloxía, natureza, identidade, xustiza, patrimonio artístico, lingua e literatura, historia, etc. No ano 2006 publicouse o número 7. Conta cun poema de Chus Pato, da obra reeditada en 2006 *A ponte das poldras* (p.7). Os artigos referidos á literatura galega aparecen no apartado correspondente deste *Informe*.

Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación ◆
(ISSN:1130-6831) (DL:LU-885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o Consello de Redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Ángel Lorenzo Sánchez, M^a Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas (como secretario). A revista conta con catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, en que se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécese comentarios centrados nas novidades editoriais. Neste ano 2006 publicáronse os números 32 e 33. O número 33 conta cunha escolma de once sonetos do libro *Cuadernos del mar de Alborán*, de Lois Vázquez Fernández (pp. 357-362).

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Lucensia’ analiza o nacemento e o presente do campus de Lugo”, *El Progreso*, “Cultura”, 16 maio 2006, p. 88.

O artigo informa da saída do prelo do novo número da revista *Lucensia* publicada polo Seminario Diocesano. A seguir, fai mención dos nomes dalgúns colaboradores no número e comenta temática dos artigos. Todas as colaboracións teñen en común tratar sobre Lugo e algúns lugares da península. Entre todos, destaca os de José Alonso e Ignacio Rodríguez, que

fala da evolución do campus lucense, o de Begoña González, que repasa a historia da aviación en Lugo e os de Gil Aguado, que ofrecen unha selección de textos de autores ingleses que dan unha opinión sobre Lugo e as persoas luguesas.

- Jaureguizar, “Nicandro Ares rexeita a tradición dunha casa de dona Urraca en Lugo”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 16 novembro 2006, p. 87.

Noticia referida á presentación do novo número de *Lvcensia*, acto no que participaron a concelleira de Cultura de Lugo, o bispo de Lugo, o director da Fundación Caixa Galicia, o director da publicación e Nicandro Ares. Explícase o contido da revista.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos ■ ◆

(ISSN:1138-9664) (DL:M.15892-1987).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. O seu equipo directivo está formado por Alonso Zamora Vicente como Director Honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como Directora, ademais dun amplo Consello de Redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Denis Canellas de Castro Duarte, Ana M^a González Mafud, M^a Victoria Navas Sánchez, Eugenia Popeanga Chelaru, M^a Josefa Postigo Aldeamil, Juan Miguel Rivera Llopis, Rosario Suárez Alban e Carlos Zubillaga. Figuran como secretario de redacción Miguel Louzao Outeiro e Roberto Pascual, da Universidade Complutense. Contén as seccións “Artigos”, “Crónica”, “Creación”, “Traducción”, “Entrevista” e “Recensións”. No ano 2006 publicouse o número 9, que presenta as mesmas seccións de números anteriores. Na sección de “Creación” inclúense textos poéticos, narrativos e teatrais; o apartado de “Poesía” acolle poemas de Xosé Galán, Alberte Momán, Carlos Negro, Iria F. Silva e Rafa Yáñez; no apartado de “Narrativa” inclúense textos de Rafael Adán Rodríguez e Miguel Anxo Murado. En canto ao teatro, aparece o segundo acto de *Carne no camarín*, de Henrique Rabuñal. Neste número publícase igualmente unha tradución que David A. Álvarez fai da primeira obra impresa do dramaturgo alemán Frank Wedekind (1864-1918), *Frühlings Erwachen-Eine Kindertragödie*, baixo o título *O despertar da Primavera-Unha traxedia infantil*. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, “Noticia de Madrygal”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 176, “Libros”, 14 setembro 2006, p. 4.

Fálase do número 9 da Revista de Estudos Galegos *Madrygal*, do Departamento de Filoloxía Románica, Eslava e Lingüística Xeral da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid. Anótanse brevemente as seccións e estudos publicados, así como a presenza dunha nota necrolóxica de Xesús Alonso Montero para o profesor Alonso Zamora Vicente, director honorario da revista. Dise que se inclúen na sección “Artigos” traballos de Alonso Montero, Ana Acuña, Helena González, Diego Muñoz Carroble e Xosé Manuel Salgado; en “Creación”, textos de Xosé Galán, Iria F. Silva, Miguel Anxo Murado e Henrique

Rabuñal; e en “Tradución”, de David A. Álvarez con textos de Frank Wedekind, e Carmen Mejía e Verónica Palomares cunha entrevista a Constanza Tobío Soler. Por último, anótase que dan noticia das últimas novidades literarias Montse Pena, Hugo Ramos, Luís Luna, Begoña Regueiro e Roberto Pascual entre outros.

Mondariz ■

(ISSN: 1886-595X) (DL: M-25843-2006).

Revista que edita o balneario de Mondariz. Comeza no ano 2006 a segunda etapa da revista, coa saída do prelo do número 1. Esta nova época é parte do proxecto de recuperación da memoria histórica do balneario. Este número, baixo a temática “Recuperación de la memoria histórica del balneario”, presenta artigos en galego, portugués, castelán e inglés. O presidente é Don Javier Solano Rodríguez-Losada, o editor xeral Carlos García Codne e a directora Amalia Gallego. Inclúe unha serie de artigos, aínda que ningún deles atende a cuestións relacionadas coa literatura galega.

Referencias varias:

- MARÉ, “Volven as letras do Balneario”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 9 xullo 2006, p. 33.

Fala da traxectoria da revista *Mondariz*. Comeza lembrando os seus comezos a principios do século XX para logo facer un percorrido pola súa historia. Destaca as distintas etapas polas que pasou, a súa liña editorial, temas centrais e os colaboradores máis destacados, como Manuel Orío, Fernando Franco, Juan Cabaleiro, entre outros.

Naz-on

(DL: LU-180-06).

Revista bimensual de cultura galega que comeza a súa andaina no ano 2006 coa intención de prestar atención aos produtos da industria cultural galega, especialmente literarios e musicais. Está dirixida por Eloy Caldeiro e non conta cun equipo redactor fixo para todos os números, xa que as colaboracións varían de número en número. Saca catro números anuais. O número 1 de 2006 corresponde aos meses de febreiro e marzo, o número 2 aos meses de maio e xuño, o número 3 aos meses de xullo e agosto e o número 4 aos meses de novembro e decembro. Non ten seccións fixas aínda que si presenta unha mesma liña de contidos: música, teatro, literatura e arquitectura. Os artigos referidos á literatura galega aparecen no correspondente apartado deste *Informe*.

Referencias varias:

- EFE, “O Consello de Cultura Galega acolleu a presentación de *Naz-on*”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 marzo 2006, p. 34.

Noticia referida á presentación desta revista, que nace co obxectivo de promover a cultura galega e os seus creadores. Dirixida por Eloy Caldeiro e de carácter bimensual, a publicación informa da actividade cultural da comunidade.

- S.J., “A nova revista ‘Naz-on’ xurde para divulgar a cultura galega dende Lugo”, *El Progreso*, “Comunicación”, 18 marzo 2006, p. 91.

Dá conta da presentación desta nova publicación, xurdida en Lugo coa intención de dar a coñecer a cultura propia. A noticia baséase nas declaracións do seu director e editor, Eloi Caldeiro, quen apunta que a súa iniciativa busca tratar a actividade cultural dende unha perspectiva global. *Naz-on* inclúe no seu primeiro número pezas relacionadas coa actualidade literaria e teatral da comunidade, entre elas unha entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín.

- MARÉ, “O que fan os galegos para os galegos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 38.

Noticia sobre a presentación en Vigo de *Naz-on*, unha revista bimestral que intenta reunir os acontecementos culturais de toda índole que teñen lugar en Galicia. Sinálase que o seu primeiro número ofrece, entre outros contidos, unha entrevista co escritor Xosé Luís Méndez Ferrín. Dise tamén que noutro apartado, indaga na “importancia de se chamar Rosalía ou Méndez Ferrín”, nun xeito de dotar de importancia á figura dos creadores galegos. Ademais, comenta que entre os colaboradores do primeiro exemplar figuran o escritor Miguel Mato ou o editor Manuel Bragado. O director da revista, Eloi Caldeiro, recibiu varios galardóns literarios e colabora en diversos medios de comunicación, indícase no despece que complementa á nova.

- A.Q., “Naz-on”, revista galega de cultura, sae á rúa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 22 marzo 2006, p. 43.

Breve noticia da presentación do primeiro número desta publicación bimestral, coa que se pretende recoller a actividade cultural galega, abordando, entre outros ámbitos, o literario.

- Marcos Valcárcel, “Historia, nación, cultura”, *La Región*, “Opinión”, 19 xuño 2006, p. 14.

A partir dunha entrevista a Méndez Ferrín publicada na revista *Naz-on*, en que o escritor reflexionaba sobre a importancia da literatura para a construción da identidade nacional galega, Valcárcel desenvolve toda unha reflexión sobre a concepción identitaria propia, dende os albores do xurdimento desa idea até a situación actual e a posíbel evolución futura do nacionalismo.

O ollo público. Revista das artes (DL:VG-1036-2001).

Revista nacida a finais do ano 2000 da man de ADESGA (Asociación de Diseñadores Galegos) que, como se sinala no seu editorial inaugural, leva o título dunha película de cinema negro que trataba sobre o xornalismo. Encárganse da redacción e da maquetación Leticia Iglesias Pérez, Fernando Vilaboa Martínez e Elena Mariño, que non colaborou a partir

do terceiro número. No primeiro número, publicado en outubro de 2000, indícase no editorial que esta é unha revista de cultura na que se quere atender a todas aquelas persoas que non teñen outras vías de difusión e que están a traballar en cousas interesantes en todos os campos da cultura. Adiantan que ademais de facerse eco destas iniciativas tamén queren ser un órgano de denuncia porque entenden que as cousas poden ser doutro xeito. Conta coas seccións fixas: “Editorial”, “Literatura”, “Cine”, “Pintura”, “Fotografía”, “Música”, “Cousas da vida” e “Fagamos unha escapada”, incrementadas a partir do segundo número coas de “Teatro”, “Cómico”, “Pensamento” e “Axenda”. No ano 2006, dirixe e coordina Fernando Vilaboa Martínez, con revisión de textos a cargo de Moncho Seixo. Ao longo deste ano publicáronse os números 14 e 15. Ambos os dous números engaden as seccións “Arquitectura” e “Viaxa” e desaparecen as de “Cómico” e “Fotografía”. No número 14 (marzo-xuño) só aparece creación: tres poemas de Rafa M. Villar, “Diante dos soños de Amauta”, “Coñecemento da amada” e un sen título; un poema de Velimir Khlebnickov, “Exorcismo con risa”; “Balada para la niebla”, sen autor, e, finalmente, a versión bilingüe do poema de Karoline Von Günderrode, “O bico no soño”, traducido por Montse Bascoy, acompañado dun fragmento, tamén traducido, dunha das súas cartas, datada de 1804, onde se explican os sentimentos expresados nos versos. A sección “A túa palabra”, que só aparece neste número, presenta un poema de Irene Bastón Vilaboa, de 11 anos, titulado “Fagamos do mundo a terra de todos”. No número 15 non aparece a sección “Axenda”, que é substituída por “Praza Maior”. Este número contén un relato de Xabier Gil Jardón, titulado “O uniforme das gaivotas”, ademais dun poema do portugués Eugenio de Andrade (1923-2005), “As palabras interditas”.

Referencias varias:

- A.S., “O ollo público’ segue medrando”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 160, 13 maio 2006, p. 6.

Informa da aparición do número catorce da revista cultural *O ollo público*. Indica que aumentou o número de exemplares da súa tiraxe e que renovou o deseño. Afirmar que na capa da revista se reproduce un cadro de Ana Legido, que nas páxinas centrais amosa máis cadros da súa produción. En canto aos contidos, sinala que continúan os habituais: literatura, música, análise social, etc. Destaca que o eido da creación poética ocúpao Rafa Villar, que achega tres composicións.

- A.S., “Nova achega de ‘O ollo público’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 181, 7 outubro 2006, p. 14.

Infórmase da publicación do número quince da revista *O ollo público*, dedicada á divulgación das artes e das letras en xeral. Explica cal é a estrutura do exemplar e, respecto das seccións dedicadas á literatura, dá conta da entrevista a Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, pertencentes ao mundo do teatro; e mais dos relatos de Xabier Gil Jardón, *O uniforme das gaivotas*, de Eugenio de Andrade, *Palavras interditas* e o de Leopoldo García Ortega que versa sobre os días previos ao comezo da Guerra Civil.

Poesía Galicia

Revista da Asociación Artística Ferrolana. Vense publicando de xeito irregular dende a década de 1980 e nela inclúense traballos de poetas noveles e outros de recoñecido prestixio. Está dirixida por Carlos Barcón.

Referencias varias:

- José Alonso, “Poesía Galicia”, una revista con veinte números”, *El Progreso*, “Gente”, nº 549, “Al paso”, 26 febreiro 2006.

Noticia sobre a próxima presentación do vixésimo número desta publicación, editada pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) e en que se inclúen traballos de poetas noveles e outros de prestixio xa recoñecido.

- Rodríguez Maneiro, “Poesía Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Pluma del día”, 5 marzo 2006, p. 21.

Noticia centrada nos autores coruñeses que aparecen nesta revista: Cristina Amenedo, Teresa Arán Trillo, Marino de Souza, entre outros. A poeta Cristina Amenedo colabora cun traballo titulado “Lembranza elegíaca a Ricardo Carballo Calero”, mentres que Arán Trillo escribe sobre o pintor Carlos Barcón, segundo se sinala.

- Ramón Loureiro, “Un estudio caligráfico sobre Casares desvela su ‘intenso mundo interior’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 6 marzo 2006, p. 56.

Recóllense as conclusións dun estudo realizado por José Ramón Vázquez Martínez, presidente da Sociedade Galega de Grafoloxía, a partir de dous textos manuscritos de Carlos Casares conservados na biblioteca do campus universitario de Ferrol. A análise da letra evidencia, segundo Vázquez Martínez, trazos do seu carácter como a “impaciencia” e a “nobleza moral”, así como unha “serpenteante imaginación”. Indícase que este traballo foi publicado no último número da revista *Poesía Galicia*, publicación oficial da Sociedade Artística Ferrolana.

- Vicente Araguas, “Estacións”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 26 novembro 2006, p. 26.

Artigo no que o autor expón as sensacións que lle suscita a lectura da revista *Poesía Galicia*, na cal, segundo afirma, se reúnen diversas actitudes diante do feito poético a través de xente moi dispar, dende figuras da poesía, como Arcadio López-Casanova, até outros poetas de menor calado pero “dignos de que se escoite tamén o seu sentir”. No número 21 da publicación, en que se centra Araguas, reúnense así mesmo versos de César Vallejo e un traballo de José Ramón Vázquez Martínez sobre Cunqueiro.

Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares ♦

(ISSN:1136-3207) (DL:OU-75/95).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditábase a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. Dende o número 19 (maio de 2004), editána

a Escola de Danza e o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”. Os directores seguen a ser Mariló e Xulio Fernández Senra. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2006 editouse o número 24, correspondente ao mes de setembro, e o 25, ao mes de decembro. O número 24 é un monográfico dedicado á figura de Valentín Lamas Carvajal. O número 25 recolle os traballos que obtiveron o primeiro, segundo ou terceiro posto nos concursos de fotografía, literatura e investigación convocados pola organización da “V Romaría etnográfica Raigame”. No tocante ao apartado de investigación etnográfica aparece, entre outros, a gañadora do segundo premio, Liliana Carro Estévez, co traballo “Os seres sobrenaturais de Filgueira”. No apartado de Literatura preséntanse os traballos do primeiro e segundo postos: “Conto de Nadal”, de Xoán Xosé García, e “A aventura do mar”, un poema de Purificación Rodríguez Rodríguez. Tamén aparece a gañadora do premio para menores de 16 anos: Sara Cid Feijóo, cun poema titulado “Ollando ao meu redor”. A revista pecha esta número cun artigo sobre os costumes e tradicións da Terra de Celanova, “Unha visión ó outono de Celanova”. En canto aos artigos que conteñen información relacionada coa literatura galega, aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Revista ADRA ♦

(ISSN: 1886-595X) (DL: M-25843-2006).

Revista editada polo Museo do Pobo Galego que nace co obxectivo de ser un vreiro de comunicación entre as persoas asociadas, unha canle de expresión na consolidación do Museo do Pobo Galego, ademais de fomentar o intercambio con outros organismos e institucións museísticas dentro e fóra da xeografía galega. Sae do prelo no mes de novembro do 2005 co número 0. O consello de edición está formado por Fátima Braña Rey, Rosa M^a Méndez García, Xaquín Penas Patiño e Manuel Vilar Álvarez. Consta dun “Limiar” e diferentes artigos dedicados a diferentes temas. No ano 2006 editouse o número 1 e comeza a integrar a colaboración de artistas plásticos. Xira en torno a diferentes temas relacionados, directa ou indirectamente, coa institución: patrimonio e cultura, tradición, sociedade, cultura-contracultura, diversidade, entre outros. Este número non contén creación nin artigos dedicados á literatura galega.

Revista Galega de Educación

(ISSN: 1132-8932).

Revista de periodicidade irregular que mantén un carácter educativo e interdisciplinar. Comezou a súa andaina no ano 1986 e foi interrompida a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. No ano 2006, despois dunha paréntese de catro anos, inicia unha nova etapa, dirixida por Suso Rodríguez. A partir de entón, saen do prelo tres números ao ano, coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais xerais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promocionar a actividade docente, coa participación profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. Publícanse neste ano os números 34, 35 e 36 cunha amplitude no tratamento dos temas xunto cunha especial atención ás novas tecnoloxías como apoio á docencia.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Revista Galega de Educación”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 13 xaneiro 2006, p. 48.

Dá conta da saída do prelo da revista, logo de catro anos de inactividade. Tamén alude ao movemento Nova Escola e á súa función na sociedade. A continuación revela o tema central do novo número e cita os temas secundarios.

- Agustín Requejo, “Sociedade Lectora”, *El Correo Gallego*, “El Correo 2”, “Opinión Cultura”, 22 xaneiro 2006, p. 17.

Faise un comentario sobre o contido da actual *Revista Galega de Educación*. Di que a cuestión que trata esta revista é a lectura como método fundamental para a adquisición de coñecementos por parte do individuo e para a formación da sociedade. Segundo o autor, é a escola o lugar no que debe iniciarse a animación á lectura, xa que é onde a persoa debe conseguir a formación suficiente que lle permita desenvolverse e progresar como persoa. O artigo termina facendo alusión á alarmante idea de que as novas xeracións son pouco lectoras.

Revista Galega de Filoloxía

(ISSN:1576-2661) (DL:C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O Consello de Redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei e Xavier Varela Barreiro. Forman o Comité Científico Evanildo Bechara, Rafael Lluís Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastía Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. A revista divídese nos apartados “Artigos” e “Recensións” e non contén creación literaria. No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que a revista “conságrase á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que tratan algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas”. No ano 2006 saíu do prelo o número 7. Os artigos que fan referencia á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Revista Galega de Teatro ■◆

(ISSN:113-956 X) (DL:Vg-21-1994).

Revista de información teatral editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”. É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do

Mediterráneo, e recibe o apoio da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. A súa periodicidade, inicialmente semestral, actualmente é trimestral. Foi fundada en 1985. No número 22 iniciou unha segunda etapa. Está dirixida por Antón Lamapereira. O consello de redacción está formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega. Actúan como secretarios Che Mariño e, dende o número 28, M^a José Vilas Rodas. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presenta as seguintes seccións fixas: “Editorial”, “Opiniós desde a butaca”, “IGAEM”, “Libros”, “Revistas”, “Axenda”, “En cartel” e “Ficheiro”. En 2006 saíron os números 46 (primavera 2006), 47 (verán), 48 (outono) e 49 (inverno). En canto á creación, o número 46 contén a obra “Rexurdimento. Visións dun cego (farsa aldeá)”, de Afonso Becerra de Becerreá; o número 47, a peza “Sen vergonzas”, de Felipe Loza e Garbiñe Losada, trad. Héitor Mera; no número 48, “Nunca durmo”, de Rubén Ruibal; e no número 49, “Quo non vadis”, de La Pera Limonera, trad. Héctor M. Pose. Os artigos que fan referencia á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- MARÉ, “Hai que ser autocríticos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 abril 2006, p. 35.

Comeza ofrecendo unha parte significativa do editorial do novo número da *Revista Galega de Teatro* escrito polo profesor Ricardo Solveira. Tamén inclúe verbas do actor sobre a situación do teatro en Galicia. A continuación, céntrase na presentación do novo exemplar no Museo Marco de Vigo e trata a lectura dramatizada que dirixiu Solveira no acto.

- Manuel F. Vieites, “Revista Galega de Teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 162, “Teatro”, 20 abril 2006, p. VIII.

Dá conta da saída do prelo do número 46 da *Revista Galega de Teatro*. Comeza citando as entrevistas que se recollen no número e os distintos traballos e seccións. A continuación, céntrase no texto de Afonso Becerra, *Rexurdimento*, para revelar a temática, os protagonistas, o estilo e o público ao que se dirixe.

- Jaureguizar, “Lamapereira defende a ‘boa saúde’ do teatro en Galicia”, *El Progreso*, “Sociedad”, 9 xuño 2006, p. 83.

Comeza informando sobre a presentación do novo número da *Revista Galega de Teatro* para continuar ofrecendo as impresións de Lamapereira sobre a situación actual do teatro. Dá conta dos novos cambios na redacción da revista e alude aos contidos e seccións do exemplar. Nun pequeno despece, infórmase sobre a peza *Rexurdimento*, escrita por Afonso Becerra, que se inclúe nas páxinas da revista.

- Antón Lamapereira, “La Revista Galega de Teatro (RGT)”, *ADE Teatro*, nº112, outubro 2006, pp. 273-276.

Trázase a traxectoria da *Revista Galega de Teatro*, unha das poucas publicacións que tratan o tema do teatro xunto a *Escaramuza*, *Casahamlet* e *SY*. Explicase que ten unha historia inestábel dende a súa creación no ano 1983 no que ten que ver coa súa periodicidade e tamén na diferenza de denominacións. Lémbrese que foi no ano 1995 cando se asinou o primeiro

Convenio de Cooperación Cultural co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais de Galicia, polo que se comprometeron a informar das actividades do IGAEM a cambio dun apoio que permite a saída trimestral da revista. Enuméranse os contidos que se poden atopar nela e tamén a maneira en que está estruturada. Valórase especialmente que a partir do número oito se publican textos dramáticos de moi diversos autores e tamén o Fondo Teatral “María Casares” que se localiza en Cangas e que conta con máis de cincocentos volumes entre textos dramáticos, pedagóxicos, de técnica teatral e ensaios.

Revista Galega do Ensino ♦

(ISSN:1133-911X).

Revista trimestral, creada en decembro de 1993 e publicada pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria (Secretaría Xeral de Política Lingüística). Conta, dende a súa creación, con Comité de Redacción e Consello Asesor e Editorial, integrados por docentes universitarios de todo o mundo. Presenta un carácter interdisciplinario e acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico, pensado para o fornecemento de material auxiliar aos docentes de todos os niveis. Introducida por un sumario analítico, conta coas seguintes seccións: “Colaboracións especiais”, “Estudos e investigacións”, “Experiencias pedagóxicas e informes”, “Teses de doutoramento”, e “Recensións”. No ano 2006 saíu do prelo no mes de marzo o número 48. Non conta con artigos que versen sobre a literatura ou cultura galegas.

Segrel ▪

(D.L.: C-990-2006).

Proposta literaria da Asociación Cultural “Obradoiro da Historia” que sacou á luz os seus dous primeiros números en setembro de 1998. De distribución gratuíta, presenta creacións de diversos autores. No ano 2006 publicouse o número 3 (verán 2006), dedicado ao escritor Bernardino Graña, que envía un pequeno poema titulado “Mariña”, dedicado a Manuel Pazos Gómez (Cangas, 9 abril 2006). Neste número non aparecen seccións predeterminadas xa que ese compón exclusivamente de creación literaria, polo que se divide por autores: Deste xeito, conta con achegas de M^a Jesús Botana Vilar con tres poemas: “Lúa morna”, “Vello camiño amarfallado” e “Verbas escorregadas”; Gumersindo Campaña Ferro, coa historia “A morte do prisioneiro francés”; Pedro Fernández Faya, co cómic “Memorias dun neno baldeiro”; Xan Ferreiro Boquete, tamén co cómic “A cazaa (máis) maior”; Baldomero Iglesias “Mero”, cos poemas “A luz vermella do amencer”, “Píntame o amor”, “Nación”, “Do amor” e “A luz”; Reme Liste, con cinco poemas sin título; Manuel Pazos Gómez, con poemas como “Maldita sorte é a consigna dos perdedores”, “Para Elisa María”, “Para Bernardino Graña” e “Para os líderes do G8”; Alicia Raposo López, coa narración “O barco que me leva”; Euloxio R. Ruibal, coa historia “A paletaña do medo” e, finalmente, Ramón Vilar Landeira cos poemas “A memoria nosa”, “Rodís eran as casiñas fumegndo”, “Arte final e retirada”, “Que veñan os días aqueles” e “Terra fresca”. Pecha o número cun índice de autores no que se fala brevemente da traxectoria profesional de cada un deles

Referencias varias:

- A.S., “Letras da bisbarra de Ordes”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 177, “Letras en Galego”, 9 setembro 2006, p. 10.

Comeza aludindo ao papel das revistas en Galicia e, a continuación, céntrase no novo número de *Segrel*, que inclúe obras de creación de autores da terra de Ordes, dos que se citan os seus nomes. Destácase a súa contribución á literatura da comarca e trátanse os xéneros que abrangue *Segrel*. Finalmente, alúdese á distribución deste número, que é de balde, e indícanse os anos nos que saíron do prelo os números anteriores.

Taboada, A. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo (ISSN:1577-9483) (DL:PO-109/00).

Revista cultural vinculada ás asociacións A Cabana e O Meigallo de Cuntis. A súa periodicidade comezou sendo semestral e actualmente é anual. Foi fundada en decembro de 1999. Integran o consello de redacción Xosé Casal Porto, Alfredo García Giménez, Avelino Garrido Monteagudo, Marcos Suárez Redondo. No ano 2006 publicouse o número 11 (ano 7, volume XI, decembro 2006). Xa dende o comezo, no “Editorial”, alúdese a este número como unha contribución á recuperación da memoria histórica a través de tres traballos que versan sobre esta temática, a Guerra Civil e o franquismo. Ademais conta con artigos referidos a diversas temáticas: o monte galego, a gastronomía ou a antropoloxía, así como dous textos que se poden considerar de memoria histórica: un relato real sobre o emigrante morañés Nazario Rey, escrito por Xosé Monteagudo baixo o título “A derradeira festa (unha historia da emigración)” (pp. 67-80), e un segundo como recoñecemento ao labor do poeta e pintor Abel Ruibal Ferro. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate (ISSN:1137-6945) (DL:C-588-97).

Revista editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. A súa periodicidade é mensual. Foi fundada en abril de 1997. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e a defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Ana Belén Puñal Rama exerce como coordinadora. En cada entrega hai colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Xosé Bocixa (Música) e Inma López Silva (Teatro) e unha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis “Opinión” que acolle o “Editorial”, “postais de Galiczai”, por Roberto Ribao e “Días soltos” de Bieito Iglesias”, “Cataventos”, “A Contratempo”, “Horizontes” e “Voces e culturas”. En cada número de decembro, faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2006, a revista sacou do prelo doce números, do 104 (xaneiro) ao 115 (decembro), en que se manteñen, como pauta xeral, os devanditos apartados, excepto no último número 115, en que o cambio de formato trae consigo unha ampliación de seccións:

“Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é peixe”, “Editoriais”, “En Foco”, “Carta de axuste”, “Entrevista”, “As claves”, “Tres en raia”, “¡Guau Guau!”, “Debate”, “Entreculturas”, “Crítica”, “Redes cívicas”, “Espiral innovadora” e “Sen corsé”, en que se reproduce unha historia de Xurxo Borrazás ilustrada por Xosé Luís de Dios (pp. 112-114) . Todos os artigos nos que se atende a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “Tempos Novos inicia su segunda etapa con diseño renovado”, *El País*, “Galicia”, 20 decembro 2006, p. 36.

Comeza coas verbas do director de *Tempos Novos* co fin de informar sobre a renovación da revista. Continúa facendo referencia á historia da publicación e á nova etapa para logo dar conta do acto da apertura deste novo curso. Finaliza informando sobre o suplemento de libros *Protexa*, que está incluído na revista.

- Henrique Alvarellos, “Memorias de Nova York”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 26 decembro 2006, p. 40.

Infórmase da presentación da nova revista mensual *Tempos*, que dirixe Luís Álvarez Pousa. Tamén destaca a mostra conmemorativa da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago que expón na Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela.

Trabe de Ouro, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico

(ISSN:1130-2674) (DL:C-351-1994).

Revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco Edicións dende 1990 e dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun Consello de Redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andiñón, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez, mentres que a secretaría de redacción está a cargo de Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. Cada número consta de cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”, en que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Durante o ano 2006 viron a luz os números 65 (xaneiro-febreiro-marzo), 66 (abril-maio-xuño), 67 (xullo-agosto-setembro) e 68 (outubro-novembro-décembro). O número 68 ábrese cun texto sen título nin sinatura que fai referencia a Manuel Lugrís Freire, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, así como ao I Centenario da Real Academia Galega. Ademais dos estudos incluídos nas seccións fixas da revista, acolle na sección “Textos” o traballo de Rodolfo Alonso, “Tódolos cáseque poemas galegos”, que recolle algúns dos poemas galegos deste poeta arxentino, nado nos anos 30. Ferrín presenta ademais a biografía deste escritor xunto coa súa relación con Galicia e a lingua galega. Na sección “Publicacións”, Francisco Fernández Rei fai unha referencia á obra *A relación de amor-odio de Antón Villar Ponte coa Academia Galega*, de Emilio Xosé Ínsua, cuxa referencia aparece no apartado correspondente

deste *Informe*. Manuel do Río Rodríguez refírese á obra *Dúas versións da chuvia: poesía inglesa e francesa vertida ao galego por Plácido Castro, Lois Tobío, F. M. Delgado Gurriarán*. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M.X.G., “A Trabe de Ouro’ reivindica o seu papel dentro e fóra de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 6 maio 2006, p. 77.

Comeza facendo referencia ao faladoiro que mantiveron o editor e membros do consello de redacción d’*A Trabe de Ouro* en Radio Obradoiro. Alude aos comezos da revista e subliña o traballo de traducións de clásicos universais. Inclúe o parecer dos compoñentes do faladoiro no que atinxe ao esquecemento ao que foi sometida a publicación por parte do Goberno galego. Tamén tratan o proceso de selección dos artigos.

- César Lorenzo Gil, “A Trabe de Ouro fai 16 anos ‘berta a todos e a todo”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “Cultura”, 11 maio 2006, p. 30.

Co gallo do anuncio do 16º aniversario da publicación, comézase facendo un percorrido pola historia d’*A Trabe de Ouro*. Fálase do contexto, dos temas que tratou, de autores, das traducións e da relación da revista coa cultura portuguesa. A continuación, refírese ás épocas da publicación e aos historiadores que nela escribiron. Tamén se alude á importancia da lingua, da normativización e da literatura, “piar da publicación”. Nun despece infórmase sobre os contidos do novo número.

- Paula Fernández, “Desde A Trabe”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 173, “Infantil/Xuvenil”, 6 xullo 2006, p. VII.

Fala da saída do prelo da publicación *A trabe de Ouro* e céntrase nos distintos estudos do exemplar. Fai referencia aos artigos de M^a Carme Sánchez ou Sandra Tedín Mouzo. Destaca a contribución de Xosé Ramón Pena, que ten como obxecto de estudo as Cantigas de Santa María, ademais dun artigo que reflexiona sobre a renuncia ou a introdución da beleza na arte contemporánea. Remata cunha referencia ao resto das colaboracións.

- MARÉ, “Nas raíces emocionais da nosa Patria galega”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 21 agosto 2006, p. 59.

Informa sobre a figura de Juan Antonio Posse co gallo da recuperación do crego no último número d’*A Trabe de Ouro*. Por último, alude a outros escritos sobre o ilustre galego.

- MARÉ, “Nas raíces emocionais da patria”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 agosto 2006, p. 29.

Dá comezo achegando datos interesantes sobre Juan Antonio Posse e sinala que o último número d’*A Trabe de Ouro* recupera a figura do crego. A continuación fai referencia a documentos que tratan a figura de Posse e destaca os trazos máis relevantes. Ademais ofrece información sobre os contidos do último exemplar da revista.

Unión Libre

(ISSN:1137-1250) (DL:C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Edicións do Castro. A súa periodicidade é anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, desde unha perspectiva “radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria”. O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No 2006 saíu do prelo o número 11, que se corresponde co monográfico titulado *Vermellas*. No apartado de “creación”, atopamos os traballos de Enma Luaces, *Juana Capdevielle vive* (pp. 27-36); Claudio Rodríguez Fer, *As costureiras. Textos para teatro en lembranza de Juana Capdevielle, María Vázquez Suárez e Mercedes Romero Abella* (pp. 37-47); Taller de Arte Dramática da USC no Campus de Lugo, *Km. 526* (pp. 49-61); Luís Lamela, *O paseo de Mercedes Romero Abella*, (pp. 63-64). No apartado “Memoria das acaladas”, insírese o texto poético de Olga Novo, *O antigo corazón do cíclope*, (pp. 177-189).

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “De Amores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 149, “Libros”, 19 xaneiro 2006, p. IV.

Dá conta da saída do prelo do décimo número de *Unión Libre* non sen antes sinalar as achegas e autores que recolleu a publicación. Logo de revelar o título e as novas colaboracións, explica a súa estrutura e a temática dos distintos escritos en cada sección.

- “Unión Libre’ lembra as galegas que morreron no 36 polas súas opinións”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 23 novembro 2006, p. 87.

Dá conta da presentación do undécimo número de *Unión Libre*, subtulado “Vermellas”, recollendo as palabras de Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco no acto que tivo lugar na galería Sargadelos de Lugo. Explícase o contido da revista, que “homenaxea as mulleres represaliadas tras o levantamento de 1936”.

- Armando Requeixo, “Exconxura da represión”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 10 decembro 2006, p. 8.

Comeza referíndose ao Ano da Memoria e ás súas actividades para facer logo fincapé na necesidade da dignificación da memoria social. Alude ao último número de *Unión Libre* como outra das iniciativas para recuperar a memoria histórica. Dá conta dos represaliados que recollen as páxinas, dos historiadores que escriben nelas e dos documentos que inclúen.

Viceversa. Revista Galega de Tradución. ■◆

(ISSN: 1135-8920).

Publicación anual promovida pola Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Edicións Xerais de Galicia e o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e estudantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potenciar as traducións á lingua galega das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais da publicación están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión aos traballos que xurdan do alumnado da titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñecer os estudos que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da tradución en Galicia. O secretario é Alberto Álvarez Lugrís e o consello de redacción estivo formado por Valentín Arias López, Teresa Caneda Cabrera, Leandro García Bugarín, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xosé M^a Gómez Clemente, Ana Luna Alonso, Camino Noia Campos e Antón Palacios Sánchez. Conta coas seccións: “Teoría e historia da tradución”, “Instrumenta”, “Traducións xustificadas”, “Críticas e recensións” e “Informacións”. No ano 2006 editouse o número 12. Inclúe mención ao VI Premio Plácido Castro de Tradución 2007. Non aparece creación literaria pero si artigos referidos a cuestións relacionadas coa literatura galega, que aparecen descritos no correspondente apartado do *Informe*.

Xanela, A. Revista Cultural das Mariñas

(DL:C-1696/96) .

Revista editada pola Asociación Cultural “Eira Vella” de Betanzos. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada en 1994. Na primavera de 1996 comezou unha nova xeira baixo a coordinación de Suso Torres e inclúe traballos de carácter literario, etnográfico, arquitectónico, ecolóxico, folclórico, etc. Conta coas seccións fixas “Miscelánea”, “Creación”, “Letras de Portugal”, “Ecoloxía”, “O noso patrimonio”, “Festa das letras” (na edición de primavera), “Viaxeiros”, “Música” e “Publicacións”. No ano 2006 publicáronse os números 21 (primavera 2006) e o 22 (outono 2006). O primeiro deles conta coas colaboracións de Paulo Martínez Lema, Ana Barral, Maxi Rei, Fernando Díaz-Castroverde, Gabriela Rodríguez, Ana Cibeira, Iolanda González Villar, Xabier López, Pablo Carlos López, Alfredo Erias, Fernando Botto Semedo, María Virginia Monteiro, Joao de Castro Nunes, Antón Fafián, Antonio dos Santos Silva, Víctor Tizón, Xesús Torres, Xosé M^a Veiga Ferreira, Juan Sobrido Ceballos, Xosé Luís Sobrino e Baraxeiro. No apartado de “Creación” aparecen poemas de Paulo Martínez, con ilustración de Luís Otero (p. 3); Ana Barral, ilustrado por Olaia (p. 4); Maxi Rei (p. 4); Gabriela Rodríguez, así como de Fernando Díaz-Castroverde, con ilustración de Luís Otero (p. 5); Ana Cibeira e outro de Iolanda González Villar (p. 6). En canto á narrativa, aparecen textos de Xabier López, “A curmanciña de François Mesonge” (pp. 7-8); Pablo Carlos López López, “Adxectivo subordinado” (p. 8), e Alfredo Erias, “Viaxe a ningures” (p. 9), con ilustración do propio autor. Na sección “Festa das Letras”, ademais dun artigo de Xesús Torres sobre Lugrís Freire e un texto de Otero Pedrayo, titulado “Lugrís Freire por Otero Pedrayo” e que recolle un fragmento de *O libro dos amigos* (Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1053), aparecen poemas de Lugrís, entre eles, “Sada”, “Envexa”, “Mocidade”, “Ainda...”, “Fragachán” e “Cantigas dos Amigos da Fala” (pp. 17-18), así como referencias ás distintas obras teatrais de Lugrís. O número 22 conta, pola súa parte, coas seguintes colaboracións: Gabriela Rodríguez, Paulo Martínez Lema, Yolanda López, Lois Diéguez, Suso Torres, Alfredo Erias, Fernando Díaz-

Castroverde, Joao de Castro Nunes, Fernando Botto, António dos Santos Silva, Víctor Tizón, Antón Fafián, Manuel Dans, Xosé M^a Veiga, Juan Sobrino, Xosé Luís Sobrino e Baraxeiro. A sección de “Creación” presenta poemas de Gabriela Rodríguez, ilustrado por Olaia (p. 3); Paulo Martínez Lema, novamente con ilustracións de Olaia (p. 4); Yolanda López (p. 5) e Fernando Díaz-Castroverde (p. 10), así como textos de Lois Diéguez, “A campaneira (I)”, con ilustracións de Luís Otero (p. 6); Suso Torres, “O barril do sulfato”, ilustrado por Luís Otero (pp. 7-8), e Alfredo Erias, “Atentado anticlerical”, con ilustracións do propio Erias (pp. 9-10). Este número conta, ademais das seccións fixas, cun apartado dedicado ao ano da memoria: “2006, Ano da memoria “. Dentro da sección “Publicacións” atópanse breves referencias ás seguintes obras: *Manuel Lugrís Freire. Escolma de textos*, con edición de Mónica Martínez Baleirón e publicado polo Concello de Betanzos; *Manuel Lugrís e os Mariñáns de Sada*, de Miguel Gayoso Barreiro; *Manuel Lugrís Freire. Escolma de textos*, en edición de Nélida cosme Abollo e Dolores Sánchez Vales, que ofrece unha aproximación á obra deste autor; *Son de poesía*, antoloxía de catro poetas galegos xa desaparecidos: Antón Tovar, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta, e en edición de Xoan Carlos Domínguez Alberte; *Carlota e gaivota patiamarela*, de Miro Villar, unha historia contada en verso, e o poemario *Recendos de luz e sombra*, de Baldomero Iglesias “Mero”. Todos os artigos nos que se atende a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Xarmenta. (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta) ■◆
(DL: LE-1813-06).

Publicación anual da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta, coordinada por Ricardo López Temez, que sacou do prelo o seu primeiro número no ano 2006. Conta co apoio do Consejo Comarcal do Bierzo, de concellos bercianos (A Ponte de Domingo Flórez, Cacabelos e A Veiga de Valcarce), da UNED de Ponferrada, da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Universidade de Vigo e mais de diversas empresas bercianas e galegas. En canto á creación literaria, este número 1 reproduce os seguintes traballos: o poema “Para Xarmenta”, de Anselmo Prada León (p. 12); a composición poética “Follas mortas”, de María José Montero Núñez; o poema “Prognóstico do suicida”, do poeta berciano que asina co pseudónimo “Aínda”; e mais a composición poética “A nai”, de Loli Prieto Rubio. Os traballos relacionados coa literatura galega reproducense nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- DL, “Xarmenta fallará mañana sus premios a la promoción del gallego exterior”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 12 decembro 2006, p. 8.

Explicase que a asociación berciana Xarmenta presentará nun acto simultáneo en Galicia, no Barco de Valdeorras, e mais no Bierzo, en Ponferrada, o primeiro número da súa publicación titulada *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, “escrita en gallego y realizada en El Bierzo”. Asemade explicase que este acto tamén servirá para dar a coñecer os premiados nos segundos premios Xarmenta á promoción da lingua galega no Bierzo.

- DM, “Mañana se darán a conocer los ganadores de los premios Xarmenta”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo”, 12 decembro 2006, p. 31.

Fálase da próxima presentación en Ponferrada do primeiro número da revista “escrita íntegramente en lingua gallega y realizada en la comarca del Bierzo” titulada *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)* e mais da resolución dos segundos premios Xarmenta. Indícanse os membros do xurado deste premios así como os galardoados na pasada edición deste premios.

- Bierzo 7, “Amancio Prada y la Real Academia Galega, premios Xarmenta 2006”, *Bierzo 7*, n.º 1.155, “La Cultura”, 14 decembro 2006, p. 22.

Coméntase que Xarmenta presentou a súa propia revista así como os gañadores dos II premios Xarmenta. Respecto da revista, afirmase que *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)* se repartirá por colexios e institucións bercianas e que ten vocación de continuidade. Asemade destácase que os gañadores dos premios Xarmenta de 2006 serán Amancio Prada e mais a RAG por lle dedicar no seu día o Día das Letras Galegas ao Padre Sarmiento. Tamén se apuntan algunhas das características que terá a gala de entrega deste premios que se celebrará o 24 de xaneiro de 2007.

- Elena Ramos, “Amancio Prada recibe el premio Xarmenta por difundir la lengua gallega”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo. Cultura”, 14 decembro 2006, p. 40.

Anúnciase que a Asociación “Xarmenta” vén de presentar o número 1 da revista *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)* e mais que deu a coñecer, nunha rolda de prensa no Hotel AC de Ponferrada, que a RAG e mais Amancio Prada serán os galardoados cos II premios Xarmenta á promoción da lingua galega no Bierzo na edición do ano 2006.

Xistral (Revista lucense de creación poética) ♦

(ISSN:1576-9488) (DL:LU-344-00).

Revista de poesía editada pola Concellaría de Cultura e Educación do Concello de Lugo. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. Desde o ano 2003 (número 6) Concepción Burgo López figura no canto de Ignacio Rodríguez. No ano 2006 saíu o número 9, que recolle poemas dos seguintes autores e autoras: Xía Arias, Ana Arias Saavedra, Carmen Blanco, José Blázquez, J. Luís Calvo, Joaquín R. Carballido Parra, Cristina Corral Soilán, Xosé María Costa, Manuel Darriba, Rosa Enríquez, José Estévez López, M^a Sara Fernández Fernández, Luís Fernández Guitián, Alicia Fernández Rodríguez, Susana Ferreiro Mediante, Adela Figueroa, Xosé Lois García, Baldomero Iglesias (Mero), Emilio Xosé Ínsua, María Xosé Lamas, Yolanda López López, Paulo Martínez Lema, Pilar Maseda, Manuel C. Matalobos, Sara Méndez Palmeiro, Enrique Mora Morandeira, Manuel Xosé Neira, Xoán Neira López, Isidro Novo, Olga Novo, Toño Núñez, José Otero Canto, Jesús Alfonso Parada Jato, Rubén Pérez Pombo, Vicente Piñeiro, Andrés Pociña, Xesús Rábade Paredes, Francisco Javier Reija Melchor, Claudio Rodríguez Fer, Margarita Rodríguez Otero,

Sabela Rodríguez Oxea, Ramón Rodríguez Porto, Teresa G. Senra, Milo Valdonados, Carlos Vázquez, Lois Vázquez Fernández, Antonio Vázquez Tierra, Elvira Veloso, Helena Villar Janeiro, Antonio Yebra de Ares. De todos eles figura, ao final da revista, unha breve listaxe con datos sobre a súa traxectoria. Este número conta con dúas ilustracións, das que non consta a autoría, tituladas “O Miño ao paso por Lugo” e “Detalle Porta Igrexa Convento San Francisco”.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “Materia poética”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, nº 372, 16 abril 2006, p. 20.

Fala do labor da cidade de Lugo a prol da cultura e, en especial, do pulo que lle dá a *Xistral*. Dá conta das características da publicación, da súa dirección e do vínculo de Manuel María coa revista. Sinala que no novo exemplar se reproducen versos dedicados ao poeta chairego. A continuación, fai referencia aos colaboradores e opina que bota en falta o relevo xeracional no panorama poético galego.

- Manuel X. Neira, “A revista ‘Xistral’”, *Galicia Hoxe*, “Búcaro de violetas”, 15 xullo 2006, p. 5.

Reclama “unha modesta cantidade de diñeiro” para os colaboradores de *Xistral*, xa que, segundo informa, están a pasar unha peneira crítica. A continuación, relaciona a revista con Lugo.

- Jaureguizar, “Xistral’ recolle poemas de medio cento de escritores”, *El Progreso*, “Cultura”, 5 decembro 2006, p. 73.

Dá conta da presentación do noveno número de *Xistral* e inclúe as verbas do coordinador da revista, Camilo Gómez Torres, que fala de darlles oportunidades aos novos poetas. Tamén fai referencia aos contidos e á convivencia entre os poemas dos autores novos e dos consagrados.

Yunque: (Periódico de vanguardia política): Lugo 1931-1932, eds. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006, 51 pp. (ISBN: 84-453-4326-2). ♦

Volume que contén unha edición facsímile da revista *Yunque*, precedida dun estudo da obra. A análise que precede a edición reflexiona sobre aspectos como o contexto da prensa luguesa da época. Tamén hai unha reflexión sobre o contido do propio xornal, no cal se detecta unha evolución de político a literario. Outro asunto tratado é o que se refire aos colaboradores de *Yunque*, dos que se dá unhas indicacións biográficas. Finalmente a obra contén a edición facsimilar dividida en números. Cada un dos números presenta unha serie de colaboracións de distintos autores que mostran alí as súas críticas para a monarquía borbónica e a súa defensa da república, do federalismo e de todos os puntos do proxecto ou ideoloxía destes movementos moi relacionados na época. A revista recolle tamén composicións literarias de distintos escritores como Luís Pimentel.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Atopan os tres primeiros números de ‘Yunque’, que se crían perdidos”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 27 decembro 2006, p. 64.

Noticia do achado dos tres primeiros números, até o de agora perdidos, da revista *Yunque*. Dise que foi o profesor Claudio Rodríguez Fer quen atopou en Madrid estes documentos, que “levaba toda a vida” procurando, e que foron depositados no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Así mesmo, recollendo as declaracións de Rodríguez Fer, coméntase o contido destes.

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

VIIIº Certame de contos “Cultura quente”

Convocado anualmente polo Concello de Caldas de Reis con motivo da celebración do Festival Cultura Quente que se leva a cabo no mes de xullo, presenta dúas categorías: a categoría A, dirixida aos menores de 18 anos, e a categoría B, en que poden participar as persoas maiores desa idade. Nesta edición de 2006, establececéronse tres premios en cada categoría (150€, 90€ e 60€ en libros e material escolar para a categoría A e 300€, 150€ e 60€ para a categoría B). Os traballos orixinais, de tema libre, inéditos e escritos en galego puideron presentarse ben directamente, ben por correo certificado á Biblioteca Pública “Manuel Martínez FerroE antes do día 20 de xuño de 2006.

VIº Certame de contos e lendas de Mondariz

Convocado polo Concello de Mondariz-Balneario, coa finalidade de achegar o ámbito cultural á poboación. Conta con dúas categorías: infantil e adultos. Nesta edición participaron mais de douscentos escritores de toda España. Resultaron galardoados, na categoría de adultos, Manuel Terrín, de Albacete, co conto *Conflicto en la residencia de Mondariz Balneario*, e Alba Cid, de Ourense, co relato *Bolboretas como pingas*. Na categoría de infantil, os dous primeiros premios recaeron en Pablo Cancelo, de Vigo, por *El agua de los sueños* e Katia Isabel Cid, de Ourense, coa lenda *La casa del río*.

IVº Certame de Microrrelatos Lonxa Literaria

Organizados polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia e coa colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos han de estar escritos en galego normativo e cunha extensión máxima de 15 liñas a dobre espazo, remitidos a Lonxa Literaria, Centro Cultural Daniel Castelao, Quintela s/n, 36950, Moaña, Pontevedra, antes do 31 de outubro de 2006. Convócase unha única categoría á que se dota cun premio de 300 euros. O xurado estivo composto por María do Cebreiro, Marta da Costa e o membro da Lonxa Literaria Xesús Parada. Os premios falláronse o 15 de novembro do ano en curso, resultando gañadora Inmaculada Iglesias Fernández, con *Dúbida*, traballo que se publicou na páxina web da asociación. Concedéronse ademais dous accesits para Jorge García-Valenciano López, por *O debate*, e Pablo Pardavilla Novas, por *Familia rota*.

VIIIº Certame de Narración Curta “Ánxel Fole”

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas por primeira vez en 1997, dedicado a Ánxel Fole, consta de dúas categorías (primeiro premio: 900

euros e segundo premio: 450 euros) e a el poden concorrer cantos autores o desexen, cun máximo de dúas obras orixinais e inéditas e escritas tanto en lingua castelán como galega, de tema libre. A extensión non pode superar os dez folios mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara. Os traballos deberán presentarse no Departamento de Cultura do Concello, número 1 da Praza Maior de Lugo, en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. A principios do 2006 coñécese o gañador da pasada edición. De entre noventa e tres obras presentadas, cincuenta e seis en galego e trinta e sete en castelán, o premio recaeu en Iván García Campos, por *O legado turbulento dos xemelgos*. O segundo premio foi para Francisco Rozados Rivas, con *A muller que non comía*. Neste mesmo ano saíu tamén convocada a novena edición deste certame.

Referencias varias:

- Belén López, “Historia duna morta de fame”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 14 marzo 2006, p. 83.

Infórmase de que o concelleiro de cultura de Forcarei, Francisco Rozados, resultou premiado na oitava edición do certame de narrativa curta Ánxel Fole con *A muller que non comía*. Coméntase que a historia está baseada nun feito real que ocorreu na súa terra natal no século XIX e que ten como protagonista unha muller que ingresa no hospital de Pontevedra sen ter comido nada nos últimos dez anos. Este escritor, que xa foi galardoado con anterioridade co Camilo José Cela e co Reimóndez Portela de xornalismo, afirma que lle gusta tanto a literatura como a política.

- M.Q., “O Concello de Lugo convoca o noveno Certame Ánxel Fole de Narración Curta”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 14 novembro 2006, p. 71.

Breve artigo no que se comenta a convocatoria do noveno certame Ánxel Fole de Narración Curta que deu a coñecer a encargada da área de cultura do Concello de Lugo, Concepción Burgo. Afirmou que o premio se vai consolidando co tempo grazas á gran afluencia de obras. Lembra que o ano anterior se presentaron noventa e tres, das cales cincuenta e seis estaban en galego e o resto en castelán. O premiado recibirá novecentos euros e o finalista catrocentos cincuenta.

XVIIIº Certame de narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de reforzar a calidade creativa dos escritores. Dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 euros e a publicación da obra, a cantidade máis alta concedida nun premio galego. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que se fará constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os traballos, de tema e extensión libres, enviaranse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, s/n 15006 A Coruña) antes do 1 de xullo. Nesta ocasión, o xurado estivo presidido polo titular do órgano provincial, Salvador Fernández Moreda, o deputado titular da Comisión de Cultura do órgano provincial,

Celestino Poza Domínguez, ambos os dous sen voto, e os críticos literarios Mercedes Monmany, José Antonio Ponte Far, Amalia Iglesias, José María Pozuelo Yvancos, Ángel Basanta e Andrés Barba, gañador da anterior edición. Dos douscentos sesenta e sete orixinais, dos cales trinta e nove estaban en galego, resultou elixido o escritor José María Merino (A Coruña, 1941), coa obra escrita en castelán *El lugar sin culpa*. O premio contou cun finalista, o escritor galego Xavier López López, pola súa obra *Alta comedia*.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Andrés Barba: Trato a amor dunha deficiente con sensibilidade”, *Galicia Hoxe*, “Latitudes”, 11 xullo 2006, p. 48.

Breve entrevista ao gañador do premio Torrente Ballester do ano anterior, Andrés Barba, por *Versiones de Teresa*. Coméntase que na novela se retrata a unha muller deficiente mental moi nova que mantén unha relación co seu instrutor Manuel, quen está verdadeiramente namorado dela. O autor comenta que se presentou ao galardón polo seu prestixio e por non estar ligado a ningunha editorial específica.

- Albino Mallo, “Nélida Piñón e as tertulias protagonizan o Torrente”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 marzo 2006, p. 40.

Anúnciase o programa da XVIIIª edición do premio Torrente Ballester e destácase a presenza nel da escritora brasileira Nélida Piñón, así como a realización de diversos faladoiros en que participarán escritores tanto galegos como casteláns. Por outra banda, o presidente da Deputación da Coruña que avala o certame quixo agradecer á prestixiosa crítica literaria Mercedes de la Torre Monmany a organización do galardón. Tamén se fai fincapé na alta participación do ano anterior, posto que se presentaron catrocentas sesenta e sete obras.

- Albino Mallo, “Nélida Piñón será a convidada de honra do premio Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 18 marzo 2006, p. 67.

Fálase da convocatoria do premio Gonzalo Torrente Ballester de 2006, que ademais do certame contará con faladoiros sobre a relación de escritores e editores e coa presenza de Nélida Piñón, entre outras personalidades literarias. Coméntase a elevada participación do ano anterior, en que resultou gañadora ente catrocentas sesenta e sete novelas a obra *Versiones de Teresa* do escritor madrileño Andrés Barba, que será publicada na editorial Anagrama.

- AGN, “Nélida Piñón, figura de los actos del Premio Torrente Ballester”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 18 marzo 2006, p. 89.

Breve artigo en que se informa da participación da escritora brasileira de raíces galegas Nélida Piñón nas xornadas paralelas ao premio Torrente Ballester, organizadas pola Deputación da Coruña. Recóllense as palabras do presidente desta institución, Salvador Fernández Moreda, quen destacou que a traxectoria do premio se caracteriza pola calidade das obras gañadoras.

- María de la Huerta, “Nélida Piñón participará nos actos paralelos ao Torrente Ballester”, *La*

Opinión, “Cultura”, 18 marzo 2006, p. 59.

Artigo no que se anuncia a convocatoria do premio de narrativa Torrente Ballester. Coméntase que Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, entidade que avala o certame con vinte e cinco mil euros e a publicación da obra gañadora; Celestino Poza, responsábel de cultura; e Mercedes de la Torre Monmany, coordinadora do galardón, anunciaron algúns dos actos que terán lugar.

- E.P., “O Torrente Ballester decídese hoxe na Coruña”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 novembro 2006, p. 30.

Breve noticia en que se informa do próximo fallo do XVIII premio de narrativa Torrente Ballester ás doce e media da mañá na Deputación da Coruña. Entre os asistentes destácase a presenza do presidente da dita institución, Salvador Fernández Moreda, ademais de Celestino Poza. Indícase que o certame está dotado con vinte e cinco mil euros.

- R.G., “Una novela sobre la insatisfacción humana gana el Torrente Ballester”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 novembro 2006, p. 43.

Faise eco da concesión do premio Torrente Ballester a José María Merino pola novela *El lugar sin culpa*. Trátase dunha obra en castelán que retrata a unha muller instisfeita que non soporta a súa nai, enferma de demencia senil, nin á súa filla, que remata por desaparecer da casa. Dise que a muller foxe a unha illa para tentar agocharse do mundo. Finalmente indícase que a obra finalista foi *Alta comedia*, de Xabier López López, obra de ton picaresco.

- Rodri García, “No me presento a premios, pero esto ha sido un hecho casi mágico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 novembro 2006, p. 43.

Breve serie de preguntas a José María Merino, gañador do premio Torrente Ballester pola súa última novela. O escritor coruñés afirma que aínda que se atopa moi orgulloso dos galardóns que lle teñen concedido, el non é moi dado a presentarse a premios, polo que esta vez constitúe unha excepción na súa maneira de actuar. Por outra banda, asegura que a poesía o abandonou, pero que pola contra o conto segue a ter un oco nos seus plans.

- Amaia Mauleón, “El hombre aislado es imposible”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 21 novembro 2006, p. 46.

Breve entrevista ao gañador do premio Torrente Ballester, José María Merino. Comenta este poeta e narrador que presentou a súa última novela *El lugar sin culpa* ao certame porque lle facía moita ilusión despois de ter sido en varias ocasións xurado deste galardón. Asegura, así mesmo, que esta obra é a primeira de tres que ten proxectado escribir, ambientadas en espazos naturais do territorio español.

- MARÉ, “José María Merino gaña o Torrente”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 novembro 2006, p. 39.

Anúnciase a decisión do xurado do premio Torrente Ballester de outorgarlle este ano o galardón a José María Merino por *El lugar sin culpa*. Indícase que a novela do autor coruñés

reflicte o conflito dunha bióloga coa súa nai e a súa filla. Os problemas incítana a fuxir a unha illa indeterminada do Mediterráneo. A obra parte dunha perspectiva realista que a medida que se desenvolve a acción se vai tinxindo de fantasía ou incluso delirio. Infórmase que a narración finalista foi *Alta comedia*, de Xabier López López.

- Marta García Márquez, “José María Merino gana el Torrente Ballester con la obra *El lugar sin culpa*”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/Cultura”, 21 novembro 2006, p. 14.

Infórmase que a novela *El lugar sin culpa* do coruñés José María Merino foi premiada co Torrente Ballester. Recóllense as palabras do gañador, quen di sentir grande admiración polo autor que lle dá nome ao galardón pola súa maneira de retratar a sociedade, cousa que Merino tentou facer na narración que acadou o premio. Esta trata dunha muller que, tentando fuxir dos problemas, se refuxia nunha illa do Mediterráneo, contraponendo deste xeito a natureza e o ser humano totalmente artificial.

- Albino Mallo, “O coruñés José M^a Merino gaña o Torrente con *El lugar sin culpa*”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 21 novembro 2006, p. 76.

Anúnciase a resolución do xurado do premio Torrente Ballester a favor de José María Merino. Indícase que este coruñés se fixo co galardón grazas á súa novela *El lugar sin culpa*, seleccionada de entre máis de douscentos cincuenta títulos. Coméntase que o finalista foi Xabier López López con *Alta comedia* e que este asegura sentir unha sensación agridoce por estar tan preto de gañar, pero finalmente quedar ás portas e perder os vinte e cinco mil euros do certame.

- A.R., “José María Merino gana el premio de narrativa Torrente Ballester”, *La Opinión*, “A Coruña”, 21 novembro 2006, p. 12.

Artigo no que se informa da entrega por parte da Deputación da Coruña do premio Torrente Ballester a José María Merino por *El lugar sin culpa*. Sinálase que a novela reflicte a vida dunha muller que, farta da súa situación persoal, foxe a unha illa do Mediterráneo a reconciliarse con ela mesma á vez que desempeña o seu traballo de bióloga. Por outra banda, infórmase que o bergondés Xabier López López foi o finalista do galardón con *Alta Comedia*, obra en que se describe o panorama teatral galego.

- César Lorenzo Gil, “Galaxia publicará 32 dentes, novela finalista o “Torrente Ballester”, *A Nosa Terra*, nº 1.245, “Cultura”, 23-29 novembro 2006, p. 30.

Dise que por terceiro ano consecutivo o premio Torrente Ballester foi para unha novela en castelán, *El lugar sin culpa* de José María Merino, pero que esta vez o xurado decidiu nomear un finalista na acta, *Alta comedia* de Xabier López López. As bases non indican ningunha gratificación para os finalistas, nin tan sequera a publicación, pero neste caso Galaxia comprometeuse a publicar a novela. Explicase que a novela conta a historia dun dramaturgo que de súpeto se converte en neno, unha metáfora tamén do xeito en que se trata as linguas minorizadas. Anótanse outros premios recibidos polo autor, como o Vicente Risco ou o García Barros.

XIVº Certame literario “Manuel Lueiro Rey” de novela curta

Convocado polo Concello do Grove, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promocionar a literatura galega e os seus autores. Os traballos deben presentarse no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980) por quintuplicado e precedidos polo título e un lema. Asemade, hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e lema e dentro conteña os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de sesenta folios e máxima de cento vinte. Concédese un único premio de 3.000 euros e a publicación por parte de Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se dá a coñecer antes da concesión do premio, está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Nesta edición o xurado, formado por Manuel Quintáns Suárez, quen actuou como presidente; Francisco Martínez Bouzas; Armando Requeixo; Mercedes Pacheco Vázquez; Manuel Rivero e Miguel Ángel Pérez García, alcalde do municipio, decidiu no Grove conceder o premio a Mariña Pérez Rei pola súa obra *Canícula*. Recibiu mención especial Xavier Franco Alonso coa obra *Aínda*.

Referencias varias:

- B.C., “La santiaguesa Mariña Pérez gana el premio de novela Manuel Lueiro Rey”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 novembro 2006, p. 48.

Artigo en que se informa da resolución do Premio de novela curta en galego Manuel Lueiro Rey convocado polo concello do Grove. A gañadora, Mariña Pérez Rei, presentou a novela *Canícula* que será publicada, ao igual que a finalista *Aínda* de Xabier Franco Alonso, na editorial Sotelo Blanco. O presidente do xurado, Manuel Quintáns Suárez, cualificou ambas as dúas obras de excelentes entre as outras catorce presentadas que, aínda que de gran calidade, non acadaban ese nivel.

- C. Santiso, “*Canícula*, de Mariña Pérez, conquista o Premio de novela curta ‘Lueiro Rey’”, *Diario de Arousa*, “O Grove local”, 26 novembro 2006, p. 15.

Infórmase da resolución do premio de novela curta Manuel Lueiro Rey que na súa XIVª edición foi outorgado a Mariña Pérez por *Canícula*. O xurado destacou a calidade expresiva, temática e compositiva desta novela que retrata unha Galicia futura en perigo pola homoxeneidade da globalización. O finalista Xavier Franco, autor de *Aínda*, quedou ás portas de conseguir os tres mil euros do galardón cunha novela lírica na que relaciona Galicia co país veciño Portugal.

- MARÉ, “Mariña Pérez faise co Lueiro Rey de novela”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 novembro 2006, p. 29.

Breve artigo no que se dá a coñecer o fallo da XIVª edición do Premio de novela curta en lingua galega Manuel Lueiro Rey. A gañadora dos tres mil euros, Mariña Pérez Rey, por *Canícula* escribiu unha obra que o presidente do xurado, Manuel Quintáns, cualificou de

excelente. Tamén lle atribuíu este mesmo cualificativo á novela finalista, *Aínda*, da Xabier Franco Alonso. Por outra banda, infórmase de que o premiado da VIª edición do certame de literatura infantil e Xuvenil Raíña Lupa se dará a coñecer ese mesmo día na sede da Deputación Provincial da Coruña.

VIº Certame Literario de Relato Curto “José Saramago”

Convocado polo Concello de Santiago de Compostela. Os participantes deben cumprir dous requisitos: ser maiores de 14 anos e residir en Galicia. Os relatos presentados han de ser orixinais e inéditos, de temática libre, indistintamente en lingua galega ou castelá, cunha extensión non menor de cinco páxinas, nin maior de vintecinco. Han de presentarse nun sobre pechado cos datos do autor dentro e entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago antes do 30 de novembro de 2006, data en que remata o prazo de presentación de orixinais. A decisión do xurado darase a coñecer antes de marzo de 2007, polo que este ano só se fixo entrega do galardón aos gañadores da edición de 2005 nun acto de entrega que tivo lugar no Centro Sociocultural de Conxo o 30 de marzo. O gañador foi Antón Labranha, quen recibiu unha contía de 300 euros pola obra *Pescadoira*.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, “Premio al genio literario oculto en los barrios”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 11 marzo 2006, p. 15.

Fai referencia á convocatoria, por parte da rede municipal de Centros Socioculturais, dos premios literarios José Saramago e Aurelio Aguirre, un de relatos curtos e outro de poesía. Recolle ademais os nomes dos gañadores desta edición: Antón Labranha, para o José Saramago, con *Pescadoira*, e Yolanda López López, con *O murmurio da danza*. Remata aludindo ao acto de entrega dos galardóns, presidido por Xosé Sánchez Bugallo e a concelleira de Centros Socioculturais, Mercedes Rosón.

VIIº Certame Literario de Relatos Curtos “Os Viaductos”

Organizado pola Concellaría de Xuventude de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. As obras deberán estar escritas en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais deberán presentarse antes do 14 de abril de 2007 no rexistro de entrada do Concello ou por correo certificado á Concellaría de Xuventude (rúa Alfonso XII, 2, 36800, Redondela). No interior deberán incluírse catro copias sen asinar encabezadas polo título do relato e pseudónimo nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabeleceuse un primeiro premio de 1.202,02 euros e un segundo de 601,01 e o fallo do xurado fíxose público o día 17 de maio. Nesta edición de 2006 o xurado obsequiou co primeiro premio á ourensana Susana Pereira, coa obra *Case feliz*, e co segundo posto á coruñesa Zeltia Regueiro Fuentes, con *A mentira do espello*. Obtiveron tamén un recoñecemento as obras da coruñesa Andrea Maceiras, *A falacia*, e Paulo Jablonski García, de Redondela, con *Catro Cartas*, obras que tamén serán publicadas coas gañadoras.

Referencias varias:

-C. Fernández, “Relatos curtos dos Viaductos’ alcanza su VII edición con 1800 Euros de premios”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Vigo/Provincia”, 4 febreiro de 2006, p. 28.

Faise eco da convocatoria do VIIª edición do certame de relato curto “Os Viaductos”, organizado polo Concello de Redondela. Infórmase que o galardón, ao que xa non se poderán presentar os gañadores de anos anteriores, está dotado con mil oitocentos euros a repartir entre os dous premiados, ademais de garantir a publicación dos escritos. Na última edición os vencedores foron Manuel Antonio Lourenzo Sobral (Arcade) e Xosé Alfredo Naz Fernández (Vigo) e eles comentan que a mellor das recompensas é ver as obras editadas.

-A.C., “Susana Pereira, ganadora do certame ‘Os Viaductos’”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 4 de xuño de 2006, p. 24.

Breve artigo no que se informa do fallo do certame de relato “Os Viaductos”. A gañadora Susana Pereira Fiunza acudiu a recoller o galardón ao convento de Vilavella, ao igual que Zeltia Regueiro, que con *A mentira do espello* non foi quen de superar a *Case feliz* da súa compañeira, polo que se tivo que conformar co segundo posto. Engádesse que as obras de Andrea Maceiras e Paulo Jablonski García tiveron un recoñecemento por parte do xurado.

Vº Certame literario de relato de aventuras “Antón Avilés de Taramancos”

Convócao o Concello de Noia e organiza a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar coa colaboración da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 euros; a partir da segunda edición, pasou a ser de 3.000 euros. Ademais, a obra gañadora é publicada pola editorial Toxosoutos. Os orixinais, que se enviarán ao Concello de Noia, teñen que ter unha extensión de entre setenta mil e cen mil caracteres, presentarse por cuadruplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados sen sinatura cun lema baixo plica no Concello de Noia, Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia (A Coruña). Nesta edición o biólogo e articulista Xerardo Neira resultou gañador co seu traballo *O rei dos lobos*, outorgado por maioría dun xurado formado polo alcalde de Noia, Antonio Pérez Insua e os escritores María do Cebreiro, Anxo Angueira e Ramón Caride e o profesor Xavier Castro Rodríguez, quen actuou como secretario. O acto de entrega tivo lugar no Coliseo Noela.

Referencias varias:

- MARÉ, “Nos tempos escuros dos suevos...”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 abril 2006, p. 34.

Anúnciase que o biólogo Xerardo Neira resultou o gañador do Vº Certame de Relatos de aventuras Antón Avilés de Taramancos con *O rei dos lobos*. O autor santiagués afirma que a

súa novela, ambientada na época da dominación sueva e localizada en Lugo, narra unha situación de loita e convivencia forzadas. Grazas ao galardón este escritor verá a súa obra publicada proximamente e recibirá a compensación económica de tres mil euros. Coméntase que este mozo xa recibira no 2002 o VIIº Premio Manuel Reimóndez Portela por unha serie de artigos nos que realizaba unha defensa da lectura.

Vº Certame Literario “Ramón del Valle-Inclán”

Convocado por la asociación de amigos do museo que A Pobra dedica ao escritor arousano. Este galardón está dotado con 1.000 euros para o primeiro premio e 500 para o segundo. Nesta edición do concurso de relato curto, o xurado estivo composto por Aurora Marco, profesora da Universidade de Santiago; Helena Villar Janeiro, presidenta da Fundación Rosalía de Castro; Xoán Xosé Fernández Abella, membro da Fundación Castelao; Xoán Guitián Rivera, xerente da Fundación Valle-Inclán; e Carlos Mosteiro, profesor no Colexio Pilar Maestú Sierra. O gañador foi Ramón Vilar Landeira coa obra *Arrítmicos eran os corazóns*. O xurado decidiu conceder un segundo premio a Raquel Boo Anderson, pola obra titulada *Intres*.

XXXIIº Certame Nacional Galego de Narracións Breves “Modesto R. Figueiredo”

Convocado polo Padroado e o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1974 e coa colaboración do Concello de Cotobade, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e rendir homenaxe a Antonio Fráguas, de quen este ano se celebra o centenario do seu nacemento. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e deben contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. O tema é libre, pero tense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, e nesta edición correspondeulle a Moaña. Os participantes teñen que enviar antes do 30 de novembro catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780 Santiago de Compostela) ou ao Concello de Moaña (Rúa As Barxas, nº 2, 36950, Moaña, Pontevedra). O primeiro premio e os accésits son publicados por Edicións do Castro. A dotación económica para o primeiro premio é de 600 euros e de 240 para os dous accésits posibles. O xurado estivo formado por Avelino Abuín de Tembra, presidente do Pedrón de Ouro; X. Ramón Fandiño Veiga; Paco Martín; David Otero; Marilar Aleixandre, en representación do PEN Clube de Galicia; Carlos Negro, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e Xosé Manuel García Trigo, representante do concello de Moaña. O xurado decidiu de entre as cincuenta e sete obras presentadas outorgar o primeiro premio a Esther Fernández Carrodegas, pola obra *Subir o telón*. O primeiro accésit foi para a obra *O monstro no labirinto*, de Begoña Paz Rey, e o segundo recaeu en *A cota láctea*, de César Carracedo Pose. Nesta ocasión o xurado tamén recomendou a publicación das obras *Crónica do Gran Número*, de Xoán García Campos; *Cumpreanos do 83*, de María Vega García; *Cabo do mundo*, de Henrique Dacosta López; e *Escala Richter*, de César Carracedo Pose. O acto de entrega tivo lugar o 30 de decembro no Concello de Moaña.

Referencias varias:

- MARÉ, “O Modesto Figueiredo abre o seu prazo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 setembro 2006, p. 34.

Anúnciase a abertura do prazo para presentar narracións breves ao Premio Modesto R. Figueirido, Certame Nacional Galego de Narracións Breves. Indícase que a finalidade é promover a literatura narrativa en lingua galega. Coméntase que son a Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro e o Concello de Moaña, nesta edición, as entidades que organizan este premio.

- Cecilia Martínez, “*Subir o telón* a la mejor narración”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 24 decembro 2006, p. 75.

Indícase que a escritora María Esther Fernández Carrodegas se fixo coa XXXIIª edición do Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueirido coa narración *Subir o telón*. Ademais comunícase que se concederon dous accésits a Begoña Paz Rey por *Monstro no labirinto* e a César Carracedo Pose por *A cota láctea*. Menciónanse os membros do xurado, entre os que se contaban Marilar Aleixandre en representación da fundación “Pedrón de Ouro”, Carlos Negro pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e Xosé García Trigo polo Concello de Moaña, lugar onde este ano terá lugar o acto de entrega.

- J. Santos, “Esther Carrodegas, premiada co Pedrón de Ouro de relatos breves”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 decembro 2006, p. 49.

Breve noticia en que se anuncia que María Esther Fernández Carrodegas se fixo coa trixésima segunda edición do premio Modesto R. Figueirido de narracións breves co título *Subir o telón*. Dise que xunto con esta se destacaron as narracións de Begoña Paz Rey por *O monstro do labirinto* e a César Carracedo Pose por *A cota láctea*. Coméntase que este ano foi o Concello de Moaña o encargado de organizar o certame, que malia outorgar premios cativos goza de elevado prestixio.

- Cecilia Martínez, “Una nueva publicación reunirá las obras ganadoras del Premio ‘M. Figueiredo’”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 31 decembro 2006, p. 67.

Dáse conta do acto que tivo lugar no Concello de Moaña para facer entrega a Esther Fernández Carrodegas do trixésimo segundo Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueirido polo relato *Subir o telón*. Anúnciase que a Fundación Pedrón de Ouro editará a finais de ano un libro cos sete mellores relatos presentados, entre os que se contarán *Monstro no labirinto* de Begoña Paz Rey e *A cota láctea* de César Carracedo Pose, que obtiveron cadanseu galardón. Na entrega de premios participaron os escritores distinguidos, os membros do xurado e a viúva e unha das fillas de Modesto Figueirido, entre outras personalidades.

- Avelino Abuín de Tembra, “O 32º Modesto R. Figueiredo”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 31 decembro 2006, p. 5.

Celébrase a nova edición do premio Modesto R. Figueirido, que naceu no ano setenta e catro e dende entón recoñeceu a cento trinta e catro relatos e oitenta e dous narradores. Comunicábase que este ano a gañadora foi María Esther Fernández Carrodegas pola obra *Subir o telón*, que conta a historia dunha muller cunha intensa vida. Amais do premio á autora de Rianxo, foron concedidos dous accésits a Begoña Paz Rey por *O monstro do labirinto* e a César Carracedo Pose por *A cota láctea*. Apréciase o labor dos concellos que cada ano organizan o certame; nesta ocasión foi o de Moaña o que recibiu aos premiados cunha cerimonia moi cálida que contou coas palabras de Antía Cal.

Concurso de narración curta “Boca de la ría”

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF), premiará a mellor narración curta, escrita en galego u castelán, relacionada co mar. As persoas que desexen participar neste certame deberán presentar traballos cun máximo de tres folios ao apartado de correos 339 de Ferrol. O tema obrigado é “Relatos de la mar”. Os orixinais deben ser mecanografados, acompañados dunha fotocopia do DNI do autor ou autora. O prazo de presentación remata o 31 de outubro deste ano, pero o fallo do xurado terá lugar o 5 de febreiro de 2007. O premio é de carácter honorífico e sen dotación económica.

XXVº Premio “Blanco Amor” de Novela Longa

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso até chegar á actual contía de 12.000 euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O prazo de admisións dos orixinais remata o 30 de decembro de 2006. O galardón entrégase normalmente na festa do premio e sortéase o concello encargado da seguinte edición. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo. A edición de 2005, cuxo concello encargado foi o de Neda, fallouse no mes de maio deste ano. Recoñecidos escritores e críticos literarios como Laura Cabeiro, Ramón Nicolás, Armando Regueiro, Vicente Araguas e Medos Romero forman o xurado. Presentáronse vinteseis obras das que seis quedaron finalistas. Obtivo o premio *Spam*, de Francisco Castro, que Galaxia se encarga de publicar. O premio Blanco Amor 2006 coñecerase o próximo ano e o concello de Cedeira será o encargado do acto.

Referencias varias:

- MARÉ, “A máis disputada edición do Blanco Amor”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 marzo 2006, p. 33.

Fai referencia ás dificultades de elección de gañador para a XXIVª edición deste premio (convocatoria 2005) que se decidirá en maio deste ano. Menciona os membros do xurado:

Vicente Araguas, Armando Requeixo, Ramón Nicolás, Laura Caveiro e Medos Romero, así como as seis obras finalistas: *Puntocom*; *A desencecigaciñadora e o cecigaciño*, presentada baixo o lema Roxerius; *O libro das alquimias* co lema Laski Ivo; *Noites no Grial*; *A lenda de María en Exipto*, baixo o lema Apócrifo, e *O violisnista de Malá Strana*.

- Vicente Araguas, “Blanco Amor”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 23 marzo 2006, p. 26.

Explícase que o premio Blanco Amor deste ano está organizado polo Concello de Neda e que saíron seis novelas como finalistas. Apúntase que todo está preparado para que o derradeiro sábado de maio se proclame o libro gañador e asemade detállanse os membros do xurado desta edición.

- Jaureguizar, “O engado preciso”, *El Progreso*, “Ollo Mol”, 26 marzo 2006, p. 81.

Faise eco do cambio que se deu no xeito de fallar este premio, segundo Manuel Grueiro, xa que no canto de facer público o gañador nunha rolda de prensa, se organizará unha cea para o mes de maio. Critica ademais a falta de apoios por parte de concellos como Lugo a este premio, por un lado, e por outro, fai unha chamada de atención aos escritores ante a necesidade de que a literatura galega se saiba vender mellor.

- MARÉ, “A vida nunha webcam”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 maio 2006, p. 33.

Anúnciase a resolución do xurado do premio Blanco Amor, composto nesta edición por Laura Cabeiro, Medos Romero, Ramón Nicolás, Armando Requeixo e Vicente Araguas. O galardón recaeu no vigués Francisco Castro pola súa obra *Spam*, novela que recibe o seu nome do correo lixo e que retrata con grande ironía a un home adicto ás cámaras no ordenador e a internet. Desvélese que detrás deste personaxe hai unha crítica feroz ao mundo empresarial e, en concreto, ao departamento de recursos humanos, que o autor considera unha maneira de escravizar ao persoal.

- M.J.R., “Francisco Castro gaña con ‘Puntocom’ o premio Blanco Amor de novela”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 28 maio 2006, p. 14.

Anúnciase o fallo do premio Blanco Amor, que recaeu no escritor vigués Francisco Castro. Indícase que esta vixésima cuarta edición estivo organizada polo Concello de Neda e que o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, anunciou que a dotación do premio se duplicará para convertelo no máis importante do panorama literario galego. Recóllense as impresións do xurado, que loou a novidade temática e a ironía da novela gañadora.

- César Lorenzo Gil, “Francisco Castro gaña o Blanco Amor coa historia dunha ‘rata con traxe’”, *A Nosa Terra*, nº 1.225, “Cultura”, 1-7 xuño 2006, p. 24.

Artigo no que se fala do premio Blanco Amor outorgado a Francisco Castro pola novela *Spam*, que retrata a un executivo triunfador que goza humillando nos seus empregados e que agocha unha afección a navegar pola rede. Coméntase que o xurado destacou a elevada calidade da obra, así como das outras cinco novelas finalistas. Infórmase que o certame organizouno nesta edición o Concello de Neda e está dotado con doce mil euros, que o ano anterior recibiu Dolores Ruíz por *Dentro da illa*.

- R. Loureiro, “Francisco Castro: ‘O mundo virtual é unha realidade paralela que existe xa para sempre’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 outubro 2006, p. 41.

Faise eco da entrega no Concello de Neda do premio Blanco Amor a Francisco Castro por *Spam*. Indícase que a novela retrata un home que traballa á fronte de recursos humanos nunha empresa, un triunfador ao que non lle importa deixar á xente sen emprego. Mantén unha obsesión por Internet, o que o leva a roubar imaxes na rúa para colgalas na rede. Finalmente menciónase que o obxectivo da obra é criticar o capitalismo e a deshumanización da sociedade.

- M.J.R., “Francisco Castro: ‘Tiña claro que quería escribir sobre laguen que vive fóra da sociedade’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, “Literatura”, 7 outubro 2006, p. 10.

Infórmase de que a novela *Spam* resultou premiada no Concello de Neda co Blanco Amor. Menciónase que o autor, Francisco Castro, deseñou un protagonista que vive inmerso no seu traballo e na internet, agochando tras del unha crítica ao mundo empresarial. Coméntase que no acto de presentación interviñeron Carlos Pita e Víctor Freixanes, quen destacou o labor dos premios literarios.

- Vicente Araguas, “Vai de premios”, *El Correo Gallego*, “El Correo2”, “Arte y Literatura”, “Agora xa foi”, 26 novembro 2006, p. 15.

Fálase do premio Eduardo Blanco Amor organizado polo Concello de Neda e que nesta edición recaeu en Francisco Castro por *Spam*. Indícase que a novela é unha parodia do capitalismo que consegue prestixiar un certame en continuo ascenso. Por outra banda Diego Ameixeiras, gañador do premio Xerais por *Tres segundos de memoria*, revélase como un excelente creador de personaxes femininos nunha obra minimalista e fragmentada.

XIº Premio de narración curtas “Álvaro Paradela”

Premio de narración curta convocado pola Sociedade Artística Ferrolana coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta Álvaro Paradela. A primeira edición do premio celebrouse no ano 1993 e dende aquela, participantes deste país e do estranxeiro presentan os seus traballos a concurso, aínda que os premios son sempre simbólicos, posto que non existe dotación económica ningunha. Na actual convocatoria, o prazo de entrega remata o 31 de outubro deste ano e o fallo do xurado decídese o 5 de febreiro de 2007. Na edición pasada foi o escritor asturiano Mario Quirós Lobo quen recibiu o X Premio de narracións curtas polo traballo titulado *Amante eterno*.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Amenado conquista un premio de poesía y aparecen grabaciones de García y Quiroga”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 6 xaneiro 2006, p. 72.

Fai referencia á concesión do premio da Asociación Artística Ferrolana nesta edición para Cristina Amenedo polo seu libro de poesía en galego; na vertente en castelán, concedéuselle a Francisco Vila Fuentes, e a Mario Quirós Lobo, o premio de narracións curtas “Álvaro Paradela”.

Iº Premio de Narrativa Breve Repsol YPF

Premio convocado polo complexo Repsol-YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Está dotado cunha contía de 6.000 euros e a publicación do libro na editorial Galaxia, así como a posibilidade de outorgar un accésit de 1.500 euros se o xurado o considera oportuno. Os traballos presentados han de ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega conforme a normativa vixente. A decisión do xurado fíxose pública no mes de outubro. Dos trinta e catro orixinais presentados, resultou gañador desta primeira edición o xornalista e escritor galego Miguel Sande, coa obra *Se algún día esta muller morta*. Concedéronlle un accésit a Xavier Lama por *O insomnio dos centauros*.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, “Charlas, cuentos y visitas”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 8 febreiro 2006, p.15.

Sucinta noticia na que se informa da entrega dos premios do concurso de relatos Repsol YPF a rapazas e rapaces galegos. Indícase que en lingua galega conseguiron o premio Yago Tarrío Tato e Ana Costas e en castelán Carmen Álvarez e Ana María Sastre.

- Elena Ponte, “Repsol convoca un premio de narrativa”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, 10 maio 2006, p. 10.

Danse a coñecer as bases da primeira edición do premio de narrativa breve en galego Repsol YPF, dotado con seis mil euros e a publicación da obra en seis meses. Tamén se indica que o xurado pode outorgar un accésit de mil cincocentos euros se hai algún traballo que o mereza. Coméntase que á presentación do certame acudiron Rafael Rubio Fernández, director da refinería; Marisol López Martínez, secretaria Xeral de Política Lingüística; Xosé Ramón Barreiro, presidente da RAG; Miguel Anxo Fernán-Vello, presidente da Asociación Galega de Editores e Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Valórase o premio como unha boa iniciativa que apoia a lingua e a cultura galega e agárdase que teña continuidade. Infórmase de que a resolución se coñecerá no mes de outubro.

- MARÉ, “Miguel Sande, Premio Repsol YPF en galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 outubro 2006, p. 33.

Infórmase da entrega do premio de narrativa breve Repsol YPF en galego a Miguel Sande por *Se algún día esta muller morta*, así como da concesión dun accésit valorado en mil cincocentos euros a Xavier Lama pola obra *O insomnio dos minotauros*. Indícase que o acto estivo presidido pola secretaria xeral de Política Lingüística Marisol López, o director da Refinería Repsol YPF na Coruña, Rafael Rubio e algúns membros do xurado como o

presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, o editor Miguel Anxo Fernán-Vello, a directora de Biblos, Carmela González, e a profesora da USC Dolores Vilavedra.

- Marta Otero, “A aventura persoal parécese a máis apaixonante de todas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 186, “Letras en Galego”, 11 novembro 2006, p. 12.

Pequena entrevista ao gañador do premio de narrativa breve Repsol YPF, Miguel Sande. Comenta o autor que esta é a súa primeira incursión na prosa, xa que anteriormente escribiu poesía e teatro, e que non foi unha decisión premeditada, senón que xurdiu así. A presenza do feminino nas súas obras xustifícaa pola experiencia, insiste en que el non se meteu na pel dunha muller porque esa muller existe, para el o escritor debe reinterpretar a vida porque a realidade supera sempre a imaxinación.

Iº Premio de Novela Curta do Valadouro

É a primeira vez que o Concello do Valadouro convoca este premio para promocionar, incentivar e premiar a actividade creadora no eido literario galego ao mesmo tempo que contribuir á difusión das obras de autores novos coa publicación da gañadora na revista electrónica *Búsola* e a súa difusión na programación da radio municipal. Poden participar aqueles autores maiores de dezaioito anos, cunha única obra orixinal, inédita, que non fose premiada anteriormente, e con extensión de entre 35 e 60 folios, mecanografados e a duplo espazo. Os traballos han de estar redactados en galego e a súa temática é libre, aínda que con ambientación no Concello do Valadouro, e enviados, baixo pseudónimo e até o día 4 de agosto, ao propio concello (Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade, Biblioteca Municipal, rúa Deputación, nº 6, 27770, O Valadouro, Lugo). O xurado, presidido pola concelleira de Cultura do Valadouro, Ana María Geada, acordou conceder o premio a un único gañador, Xerardo Neira, baixo o pseudónimo Ordoño de Oscos, coa obra *Da Terra de Deus*. O premio consistiu nunha contía económica de 1.000 euros, así como a aceptación do autor do dereito de publicación en exclusiva polo Concello do Valadouro da primeira edición. A entrega tivo lugar nun acto público durante a celebración da semana cultural do Concello.

Iº Premio de Novela Curta “Xoán de Cangas”

Convocado a finais do 2005 polo Concello de Cangas coa finalidade de promocionar a literatura galega e os seus autores, ademais homenaxear a memoria do trobador Xoán de Cangas. Os traballos teñen temática libre, han de ser inéditos en lingua galega, cunha extensión mínima de quince páxinas e máxima de corenta. Francisco Rozados “Rochi” resultou o gañador desta primeira edición, que se deu a coñecer en maio do 2006, coa obra *O transparente, cronosférico e omníglota segredo de Don amaro Loureiro e a súa alma perdida e recobrada*. A finais deste ano saíu a convocatoria da segunda edición do premio, que conta cunha dotación económica de 1.500 euros e a publicación da obra gañadora. O prazo de entrega dos orixinais remata o 10 de febreiro de 2007 e a decisión do xurado darase a coñecer o 17 de maio do mesmo ano.

Referencias varias:

- Mónica González Conde, “O triunfo en Trasdormonte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 maio 2006, p. 32.

Destácase a traxectoria do escritor de Forcarei Francisco Rozados, máis coñecido como Rochi, que en só tres meses acadou catro premios por diferentes textos. Préstase especial atención ao último, o de novela curta Xoán de Cangas coa obra *O transparente, cronosférico e omníglota segredo de don Amaro Loureiro e a súa alma perdida e recobrada*. Indícase que o extenso título dá conta do contido do relato no que se conta a historia do boticario Amaro Loureiro que vende a súa alma ao diaño a cambio dos desexos de ser invisíbel, viaxar no tempo e dominar todas as linguas. Confírmase que eses serían os pedimentos que faría o propio autor e que plasmou nesta historia. Confesa que se lembra do seu primeiro premio, cando estudaba en Monforte, no concurso de redacción que organizaba Coca-Cola e a partir de aí sucedéronse o Reimóndez Portela de xornalismo, o Camilo José Cela de narrativa ou o Ánxel Fole, convocado polo Concello de Lugo.

- I.S.S., “Premio Xoán de Cangas de novela curta”, *Atlántico Diario*, “Fin de año en Morrazo”, 28 decembro 2006, p. 40.

Danse a coñecer as bases do IIº Certame de Novela Curta Xoán de Cangas, en que poderán participar as persoas que o desexen cun relato curto que teña como mínimo quince páxinas e non exceda as corenta. Deberá ser unha obra inédita e orixinal escrita en lingua galega e o fallo darase a coñecer no Día das Letras Galegas. Infórmase de que o premio que organiza o Concello de Cangas ten unha dotación económica de mil cincocentos euros, ademais da publicación da obra e a entrega de vinte e cinco exemplares ao escritor desta.

IVº Premio de Novela Europea “Casino de Santiago”

Creado no ano 2003, este premio, convocado polo Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro coa axuda de El Corte Inglés, está dotado con 3.000 euros. Unha comisión seleccionadora elixirá un grupo de novelas que xa fosen publicadas recentemente nalgún país da Unión Europea e como este galardón pretende fomentar a lectura entre os composteláns, un trinta por cento da resolución do xurado será o resultado da votación de residentes ou persoas que realizan a súa ocupación laboral na cidade de Santiago, quen tamén levarán un premio. Para este efecto, abriuse un prazo de votación entre o 22 e o 29 de xuño, para que o lectorado emitise o seu voto ben no Casino de Santiago, onde tamén se ofrecen as novelas finalistas en préstamo, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. A porcentaxe restante cúbrenos os socios do Casino (que contarán un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (cun peso do cincuenta por cento). En abril deste ano entregouse o galardón da terceira edición a Anna Gavalda por *Juntos nada más*, da que xa hai versión galega, *Xuntos e máis nada*. Na presente edición de 2006 competían as obras de Teresa Moure, *Herba moura*; Kazuo Ishiguro, *Non me deixes nunca*; Michel Houellebecq, *A posibilidade dunha illa*; Helga Scheneider, *No hay cielo sobre Berlín*, e Soledad Puértolas, *Historia de un abrigo*. A obra gañadora resultou *Non me deixes nunca*, do británico Kazuo Ishiguro.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Gente a la última”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 5 xaneiro 2006, p. 64.

Fálase do IVº Premio de Novela Europea Casino de Santiago, en que quedaron finalistas: *Herba moura*, de Teresa Moure; *Nunca me abandones* de Kazuo Ishiguro; *La posibilidad de una isla*, de Michel Houellebecq; *No hay cielo sobre Berlín*, de Helga Schneider e *Historia de un abrigo*, de Soledad Puértolas. O autor subliña a crecente importancia deste premio conforme pasan os anos e a calidade das obras premiadas. En canto á poesía, dise que Xurxo Alonso sacou un novo poemario en Espiral Maior, *Breviario de Aldemunde*.

- Margarito Flowers, “Fernando Romay se pirra por las calderetas galaicas y Helena Villar flipa con las setas”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 12 xaneiro 2006, p. 72.

Hai unha variopinta mestura de temas de crónica social, entre eles destacan os literarios. Entre outras cuestións, recomenda aqueles libros que resultaron finalistas do Premio de Novela Europea Casino de Santiago: *Herba moura*, de Teresa Moure; *Nunca me abandones* de Kazuo Ishiguro; *La posibilidad de una isla*, de Michel Houellebecq; *No hay cielo sobre Berlín*, de Helga Schneider e *Historia de un abrigo*, de Soledad Puértolas. A escritora Helena Villar Janeiro ocupa tamén gran parte do artigo, como autora dun libro gastronómico.

- C.P., “Galaxia lanza a edición en galego do terceiro premio de novela europea”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 abril 2006, p. 8.

Faise eco da entrega do galardón á obra gañadora da IIIª edición do Premio de Novela Europea, que coincide coa presentación da edición en galego desta, *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda. Refírese tamén ao traballo de Galaxia de editar en galego as obras gañadoras deste certame así como á proposta de poñer en marcha unha subcolección, dentro da colección “Literaria”, en que se inclúen traducións de autores contemporáneos, baixo o nome “Biblioteca Compostela de Narrativa Europea”.

- Ana Iglesias, “El gran talento de Anna Gavalda”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 abril 2006, p. 30.

Centra a atención no acto de entrega do IIIº Premio de Novela Europea Casino de Santiago á autora francesa Ana Gavalda, así como na presentación da obra *Xuntos e máis nada*, traducida ao galego. Menciona para rematar a algúns dos asistentes ao acto, entre eles, a propia autora, o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo, ou a Vicerreitora de Estudantes, Elena Vázquez Cendón.

- Concha Pino, “En mi obra quiero hablar de las relaciones personales”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 21 abril 2006, p. 46.

Entrevista á gañadora do IIIª edición deste premio, Ana Gavalda, que vén de recoller o galardón pola obra *Juntos nada más*, que acaba de ser traducida ao galego pola editorial Galaxia. A autora fala dos personaxes da obra, así como da súa marxinalidade. Remata facendo unha referencia bastante crítica á adaptación desta obra ao cinema.

- Xurxo Fernández, “Memoria visual de Lazcano”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 24 abril 2006, p. 72.

Ademais de outros asuntos non relacionados coa literatura galega, fai referencia á obra gañadora da terceira edición do premio, *Xuntos e máis nada*, de Ana Gavalda. Recordamos ademais os anteriores gañadores do premio, Ian McEwan e Simoneta Agnello Hornby.

- Margarito Flowers, “El camino llega a Dinamarca y los mejores escritores miden sus fuerzas en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 22 xuño 2006, p. 80.

Dáse noticia de que o escritor en lingua inglesa nado no Xapón, Kazuo Ishiguro, fíxose co Premio de novela europea “Casino de Santiago” coa súa novela *Nunca me abandones*, a cal non ten aínda tradución ao galego. Faise un repaso polas outras publicacións do autor, quen xa con vinte e oito anos tivo un grande éxito co seu primeiro libro, *Pálida luz nos outeiros*. Coméntase que a obra que nesta ocasión foi premiada pertence ao xénero da ciencia ficción e pretende ser unha metáfora sobre o pasar rápido da vida e a perda de tempo que resulta aferrarse á xuventude e non asumir a vellez e a morte. Este é o cuarto ano que se celebra o certame que xa se considera consolidado e que premiou anteriormente a Ian MacEwan, Simonetta Agnello e Anna Gavalda.

- Xurxo Fernández, “Premio Novela Europea Casino de Santiago”, *El Correo Gallego*, 22 xuño 2006, p. 1-4.

Especial dedicado ao Premio Novela Europea Casino de Santiago que incluí as seguintes noticias:

- Xurxo Fernández, “Anna Gavalda, humor y premios, piedras milenarias de una evolución”, p. 2.

Coméntase a traxectoria da escritora francesa Anna Gavalda, quen recolleu en Santiago de Compostela o IIIº Premio de Novela Europea Casino de Santiago pola obra *Xuntos e máis nada*, traducida ao galego na editorial Galaxia. Destácase a utilización dos silencios, da linguaxe directa e de gran forza, pero sobre todo o humor, que está tamén presente nas súas intervencións públicas. Na recollida do galardón pronunciou un fermoso discurso e agradeceu que lle tocaran a sonata de Mozart. Informa que na primeira edición a obra gañadora foi *Expiación*, de Ian McEwan e na segunda, *A Menulara*, de Simonetta Agnello. No ano 2006 optan ao premio as obras *Nunca me abandones* de Kazuo Ishiguro, *No hay cielo sobre Berlín* de Helga Schneider, *Herba moura* de Teresa Moure, *Historia de un abrigo* de Soledad Puértolas e *La posibilidad de una isla* de Michel Houellebecq.

- Xurxo Fernández, “Ler, ante todo unha prioridade”, p. 3-4.

Breve bibliografía de cada un dos finalistas á IV edición deste premio: Teresa Moure, Kazuo Ishiguro, Helga Schneider, Soledad Puértolas e Michel Houellebecq. Informa ademais que están presentes no xurado Ramón Castromil, presidente do Casino, Jesús Chenel, Carlos Almunia, Néstor Rego, Manuel L. Mejuto, Maribel Martín, Ana Iglesias, Cristina Ouzande, Carmen Eixo e Paula L. Reig.

- A.N.T., “Premio de novela europea Casino de Santiago para o británico Kazuo Ishiguro”, *A Nosa Terra*, nº 1.230, “Cultura”, 6-12 xullo 2006, p. 25.

Dáse noticia de que o escritor en lingua inglesa nado no Xapón, Kazuo Ishiguro, fíxose co certame Premio de novela europea “Casino de Santiago” coa súa novela *Nunca me abandones*. Faise un repaso polas outras publicacións do autor, quen xa con vinte e oito anos obtivo un grande éxito co seu primeiro libro *Pálida luz nos outeiros*. Coméntase que a obra que nesta ocasión foi premiada pertence ao xénero da ciencia ficción e pretende ser unha metáfora sobre o pasar rápido da vida e a perda de tempo que resulta aferrarse á xuventude e non asumir a vellez e a morte. Este é o cuarto ano que se celebra o certame, que xa se considera consolidado e que premiou anteriormente a Ian MacEwan, Simonetta Agnello e Anna Gavalda.

- Margarito Flowers, “Comidas navideñas ‘carroceras’, corales que recorren Galicia y literatura con caché”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 21 decembro 2006, p. 80.

Breve noticia en que se anuncia que se van dar a coñecer os gañadores da quinta edición do Premio Novela Europea Casino de Santiago. Indícase que a el optan Anna Gavalda, Ian Mc Ewan ou Ishiguro como figuras literarias interesantes e europeístas, motores do galardón.

XVIIIº Premio de novela “Manuel García Barros (Ken Keirades)”

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria. A contía económica é de 9.000 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais en galego normativo teñen que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado estará composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contará con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Nesta ocasión, os encargados de escoller a obra premiada foron Xosé Monteagudo Folgar, Xosé Manuel Eiré Val, Luis Alonso Girgado; Xosé Carlos Agostiño González de Lema e Valentín García, como secretario. De entre as dezaseis obras a concurso, resultou gañadora *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, de Manuel Veiga, quen recolleu o galardón no Recreo Cultural da Estrada.

Referencias varias:

-Jaureguizar, “Manuel Veiga logra o ‘García Barros’ describindo a soedade”, *El Progreso*, “Cultura”, 21 xuño 2006, p. 91.

Faise eco da concesión do Premio García Barros a Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*. A obra retrata a unha parella de clase media desconcertada pola súa ruptura despois de varios anos xuntos. A primeira parte da novela mostra o punto de vista do home mentres que a segunda, o da muller. Ambos os dous tratan de darlle unha

explicación ao fin dunha relación que se caracteriza pola indiferenza. Ao igual que no seu traballo anterior, o autor inclínase por unha escrita sinxela que non enrede ao lector.

- Rocío García, “Manuel Veiga gaña o García Barros cunha novela sobre o baleiro cotián”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 21 xuño 2006, p. 33.

Analízase a novela gañadora da XVIIIª edición do Premio Manuel García Barros, organizado polo Concello da Estrada e dotado con nove mil euros. Dise que a obra premiada foi *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, de Manuel Veiga, quen elaborou unha trama situada en Oliveira (Vigo) en que unha parella comeza a cuestionarse por que a súa relación non funciona. Por outra banda, coméntase que este é un libro cunha escrita concisa que trata de non aburrir ao lector.

- Mónica González Conde, “Manuel Veiga obtén o Premio Manuel García Barros de novela”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 21 xuño 2006, p. 74.

Fálase do XVIIIº Premio de novela Manuel García Barros, gañado por Manuel Veiga con *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*. Neste libro, obra que editará Galaxia e na que se presenta a situación dunha parella que se atopa entre o amor e o desamor. A acción, que transcorre nun só día, ten un terceiro protagonista, a cidade de Vigo, urbe que resulta moi influente na trama e nos outros dous personaxes. O galardado afirmou que fuxía das fórmulas que puidesen aburrir o lector.

- Raquel Torres, “Manuel Veiga gana el XVIII premio de novela García Barros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 21 xuño 2006, p. 83.

Artigo que fala da XVIIIª edición do Premio de novela Manuel García Barros, obtido por Manuel Veiga con *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*. Esta obra, gañadora de nove mil euros, sitúase en Oliveira ou o que é o mesmo, Vigo, ao longo de vinte e catro horas en que Lois e Helena andan na procura do outro e á vez de eles mesmos. Sinálase que o escritor e periodista monfortino non é alleo aos premios, posto que xa no 2004 foi galardoado co Xerais.

- Mónica González Conde, “Como unha garantía de visibilidade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xuño 2006, p. 45.

Dáse a coñecer ao novo gañador do premio de novela Manuel García Barros, Manuel Veiga, por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*. Afirmase que o galardón constitúe para o autor, posuidor do Xerais, unha revalorización e unha garantía de visibilidade. Por outra banda, a novela retrata unha cidade transunto de Vigo en que os protagonistas, divididos entre o amor e o desamor, se buscan durante un día. Cun estilo conciso e directo, o monfortino fíxose cos nove mil euros do premio, segundo se indica.

- A.N.T., “Manuel Veiga gaña o García Barros cunha novela que ten a Vigo como protagonista”, *A Nosa Terra*, nº 1.228, “Cultura”, 22-28 xuño 2006, p. 25.

Breve noticia que dá a coñecer o novo gañador da XVIIIª edición do Premio Manuel García Barros, que resultou ser Manuel Veiga con *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*. O

xurado do galardón considerou que a novela era merecedora dos nove mil euros polo perfecto estilo da escrita e por unha trama que reflicte a homoxeneización da sociedade actual. Por outra banda o autor, xa gañador do Premio Xerais por *O exiliado e a primavera*, afirma que escolleu Vigo como cidade a retratar pola maxia que esta agocha.

- R.T., “Manuel Veiga recolle o García Barros de novela en A Estrada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 17 decembro 2006, pp. 84.

Infórmase da resolución do xurado do Premio Manuel García Barros, dotado con nove mil euros e organizado polo Concello da Estrada. Este ano o galardón recaeu en Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, unha novela sobre os sentimentos e en que os protagonistas se atopan perdidos e buscan a súa identidade. Dise que o escritor gañador xa conta cun Xerais e tentou con este libro sobre a sinxeleza e a profundidade do amor contentar á súa nai, quen desexaba que o fillo escribira unha historia desta categoría.

Premio de Novela Curta “Xulián Magariños”

Convocado polo Concello de Negreira, co patrocinio da Fundación Feiraco, ten como obxectivos declarados os de render homenaxe á figura do avogado e galeguista Xulián Magariños e de contribuír ao fomento da creación literaria en Galicia. Dirixiuse a calquera persoa que entre 30 e 50 folios a dobre espazo, e en galego, elaborase unha novela curta de tema libre. Os orixinais e inéditos enviáronse por quintuplicado ao rexistro municipal de Negreira antes do 1 de setembro, última data para a recepción de obras. O xurado desta edición formárono Xesús García Calvo, presidente da Fundación patrocinadora; X. Amancio Liñares Giraut, comisario responsábel da organización dos actos de celebración do nacemento de Xulián Magariños. A última obra gañadora foi a titulada *Matei un home* (2005), de An Alfaya, na convocatoria do ano 2004. O premio consistiu en 1.500 euros en metálico, cedidos pola Fundación Feiraco. Dende ese ano non se volveu a convocar este premio.

Referencias Varias:

- E.F., “La editorial TresCtres presenta los libros ganadores de los premios Xulián Magariños y Afonso Eanes”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 3 febreiro 2006, p. 12.

Faise eco do acto de presentación dos libros gañadores das edicións de 2004 dos premios Xulián Magariños de narrativa curta, *Matei un home*, de An Alfaya, e do premio de poesía Afonso Eanes de Cotón, *Cara a un solpor de gatos*, de Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane.

Vº Premio “Eixo Atlántico” de narrativa galega e portuguesa

Convocado pola institución internacional de cooperación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e os xornais galego e portugués *La Voz de Galicia* e *Público*, coa colaboración da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, o Ámbito Cultural de El Corte Inglés e a Fundación Caixa Galicia, ten como obxectivo establecer na literatura un nexos de unión entre

ambas as zonas e as culturas. Así, puideron concorrer a esta convocatoria todas as persoas que, en galego ou en portugués, elaboraran unha narración orixinal de tema libre antes do 30 de outubro. Aínda que as bases especificaban que o ditame do xurado se faría público o 15 de decembro, decidiuse prolongar até o primeiro trimestre de 2006. A razón alegada para este cambio foi o elevado volume de obras presentadas e, por conseguinte, a superación da capacidade avaliadora do xurado. A contía do premio único que obterá o/a gañador/a ascende a 18.000 euros brutos, ademais da publicación da obra en galego, portugués e castelán. O xurado elixiu entre as duascenas quince obras presentadas o traballo titulado *Monbars*, de Hixinio Puentes, como gañador da convocatoria de 2005. O fallo da edición de 2006 sae no primeiro trimestre do seguinte ano.

Referencias varias:

- M.B., “Xurxo Sierra novela a morte e Hixinio Puentes a vida dun pirata”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 25.

Aproximación á novela *Os mércores de Fra*, do autor Xurxo Sierra Veloso, que recibiu o Premio Risco de Creación Literaria na súa sétima edición. Indícase que o xurado destacou a prosa coidada e depurada desta novela narrada en flash-back que vai relatando a vida de Arturo Fra, quen vive coa obsesión da morte sabedor de que perecerá un mércores. Coméntase que o autor quixo escribir unha novela longa en que se achegara a un tema tan presente na tradición popular e literaria galega. Recóllese a opinión do novelista, que entende que a narrativa galega goza de boa saúde en canto calidade, pero aínda non deixa de ser minoritaria entre o público. Dáse tamén información do IVº premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa, que nesta edición gañou a obra *Monbars* de Hixinio Puentes. Indícase que este texto se ambienta no século XVII e ten como protagonista a un pirata francés, porque para o escritor o mar é un dos espazos máis esquecidos na literatura galega.

- S.B., “Hixinio Puentes acada o Eixo Atlántico cunha novela de mar e aventura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 29 marzo 2006, p. 49.

Preséntase o libro de Hixinio Puentes *Monbars*, gaador do IVº premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa. Infórmase de que este galardón está convocado por *Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular*, *La Voz de Galicia* e o diario luso *Público* e conta coa colaboración da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, Ámbito Cultural e a Fundación Caixa Galicia. O autor recibirá dezaoito mil euros por merecer este premio e impoñerse coa súa creación a duascenas quince obras escritas en galego, castelán e portugués. Obsérvase a súa insistencia no tema do mar, que está moi presente na súa bibliografía. A súa pretensión é chegar a un público amplo, xa que o tema dun pirata francés do século XVII, as súas aventuras e historias, son atractivas para todas as idades. Indícase que foi escrito en 1995 e que estaba gardado nunha gabeta esperando a súa oportunidade, que chegou en forma de premio.

XIIº Premio literario “Arcebispo Juan de San Clemente”

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IB Rosalía de Castro,

creador no ano 1995 do Premio Literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, convocou de novo este premio a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O fallo deuse a coñecer no Instituto Rosalía de Castro, organizador do certame, e os gañadores desta edición foron Isidro Novo, coa súa novela *Un escuro rumor tralo silencio*, á mellor obra en galego, de entre as obras seleccionadas *Cabaret Voltaire*, de Jaureguizar, e *Aguillóns de Ortegal*, de Hixinio Puentes. O catalán Javier Cercas, con *La velocidad de la luz*, recibiu o premio á mellor obra en castelán, e Abraham B. Yeshohúa, con *The Liberating Bride*, que foi considerada a mellor novela internacional do ano. O xurado estivo formado por alumnos de cinco institutos: o Instituto A Guía (Vigo), o Fontem Albei (Fonsagrada), o Carlos Casares (Viana do Bolo), o Eduardo Pondal e Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Nesta edición tamén se entregaron os premios aos escritores Teresa Moure, Álvaro Pombo e Melania Mazzucco, gañadores da pasada edición.

Referencias varias:

- A.I., “Los estudiantes votan a sus escritores favoritos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 marzo 2006, p. 30.

Preséntanse as tres novelas galegas e as correspondentes en castelán e lingua estranxeira que optan ao premio literario Arcebispo Juan de San Clemente que celebra a XIIª edición. Noméanse as obras finalistas, que en lingua galega foron *Cabaret Voltaire* de Jaureguizar, *Un escuro rumor tralo silencio* de Isidro Novo e *Aguillóns de Ortegal* de Hixinio Puentes. Comuníquese que os resultados déronos a coñecer o director do Instituto Rosalía de Castro, Ubaldo Rueda, e as profesoras Carme Ríos e Margarita Prado, que a resolución será tomada polos alumnos deste centro e doutros institutos de Galicia.

- Xurxo Fernández, “Adransens: sentidos y sensibilidad”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 8 maio 2006, p. 72.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, faise unha breve referencia aos finalistas da XIIª Edición do Arcebispo San Clemente: Jaureguizar, Juan Marsé, Javier Cercas, Hari Kunzru e Philip Roth.

- Xurxo Fernández, “Sokolov, el magisterio y la gloria”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 8 maio 2006, p. 72.

Indícase que o once de maio terá lugar a entrega dos Premios Arcebispo San Clemente a Teresa Moure por *A xeira das árbores*, a Álvaro Pombo por *Una ventana al norte* e a Melania Mazzucco por *Vita*. Brevemente coméntase que a autora máis descoñecida é esta última, que non obstante ten excelentes publicacións como *La cámara de Baltus*, que se recomenda ao lector.

- C.P., “Álvaro Pombo, Melania Mazzucco e Teresa Moure recollerán o xoves o Premio Juan de San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 9 maio 2006, p. 50.

Infórmase de que o xurado formado por alumnos e alumnas de bacharelato de catro institutos de toda Galicia e do Rosalía de Castro elixiron as tres obras que no ano 2005 máis lles

gustaron. En lingua española foi o escritor Álvaro Pombo coa súa novela *Una ventana al norte* (Anagrama) o gañador cunha trama de amor e relacións persoais conflitivas situadas entre Santander e México. En lingua galega, a premiada foi Teresa Moure con *A xeira das árbores* (Sotelo Blanco) e en lingua estranxeira Melania Mazzucco por *Vita*.

- C.P., “Teresa Moure, Mazzucco y Pombo recibieron el Premio San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 12 maio 2006, p. 52.

Entregáronse os galardóns á mellor novela en lingua estranxeira, castelá e galega que cada ano conceden os alumnos e alumnas de bacharelato de toda Galicia. Indícase que este ano participaron institutos de Ferrol, Cambados, Mondoñedo, O Barco de Valdeorras e o Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. As obras seleccionadas foron *Una ventana al norte* de Álvaro Pombo, *Vita* de Melania Mazzucco e *A xeira das árbores* de Teresa Moure. Na novela galega trátase a historia dunha nai soa e reivíndícanse os dereitos da muller. Coméntase que un ano máis os escritores asistiron á entrega de premios, que lles resultou especialmente satisfactoria porque son votados polos lectores de menos idade. Finalmente, faise alusión ás insignias de ouro que distinguiron a seis persoas que contribuíron a levar a cabo iniciativas a prol da cultura e da educación: recaeron en Alfonso Zulueta de Haz, Xaime Barreiro Gil, Jesús Pérez Varela, Antón Pedreira, Isaac González e Gregorio Zotes.

- E. Otero, “El auge de la novela histórica”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 maio 2006, p. 33.

Coméntase que alumnos de diversos institutos de Galicia e do Rosalía de Castro outorgaron os Premios Arcebispo Juan de San Clemente nas tres categorías existentes. Dise que para os escritores é un galardón moi desexado por partir dos lectores máis novos. Nesta ocasión Álvaro Pombo con *Una ventana al norte* e Melania Mazzucco con *Vita* foron os premiados en lingua castelá e estranxeira, respectivamente. En galego alzouse co premio Teresa Moure por *A xeira das árbores*; coméntase que esta escritora agradeceu a selección e destacou a madurez lectora por entender temáticas que aínda non lles preocupan e que están nas páxinas da novela.

- Xurxo Fernández, “Melania, Álvaro y Ángeles”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 16 maio 2006, p. 80.

Préstase especial atención á autora Melania Mazzucco, que xunto con Álvaro Pombo e Teresa Moure vén de recibir o Premio Arcebispo San Clemente. Coméntase a ilusión que lle fai recibir un galardón outorgado por lectores novos, ao igual que o Premio Strega, o máis importante de Italia, que tamén no seu día entregaron a Elsa Morante, a súa escritora favorita. Indica que a súa é unha obra sobre a vida, imaxinaria ou propia, pero sobre ela. Finalmente fálase do éxito que Álvaro Pombo está colectando en Inglaterra e renega das mostras de grandes tratamento por se considerar un ser marxinal. Destaca entre as figuras galegas a Rosalía de Castro e a Rof Carballo.

- C.P., “Isidro Novo, Cercas y Yeshouá gañan os Premios San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 23 xuño 2006, p. 80.

Danse a coñecer os novos premiados co Arcebispo Juan de San Clemente, que decide un xurado composto por alumnos de bacharelato do Instituto Rosalía de Castro e catro centros máis, un por cada provincia. O premio á mellor novela en galego recaeu na obra *Un escuro rumor tralo silencio* (Sotelo Blanco) do lugués Isidro Novo, en castelán o premio foi parar a Javier Cercas por *La velocidad de la luz* (Tusquets) e en lingua estranxeira, a Abraham B. Yeshová coa novela *La novia liberada* (Anagrama). Agárdase que os escritores recollan os galardóns como nas edicións anteriores, xa que resulta un recoñecemento reconfortante que os lectores máis novos te premien.

- E.P, “As mellores lecturas para os mozos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 xuño 2006, p. 42.

Recóllense os títulos das obras gañadoras da XII edición do premio literario Arcebispo Juan de San Clemente, que este ano recaeu en Isidro Novo por *Un escuro rumor tralo silencio*, Javier Cercas por *La velocidad de la luz* e Abraham B. Yeshová con *La novia liberada*. Recórdase que este galardón é outorgado polos alumnos e alumnas de cinco institutos de Galicia, entre os que sempre está o Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, que é o organizador. A novela gañadora en lingua galega impúxose a *Cabaret Voltaire* de Jaureguizar e a *Aguillóns de Ortegal* de Hixinio Puentes.

- A.N.T., “Os estudantes premian a Isidro Novo co San Clemente”, *A Nosa Terra*, nº 1.229, “Cultura”, 29 xuño-5 xullo 2006, p. 24.

Dáse noticia de que Isidro Novo co libro *Un escuro rumor tralo silencio* fíxose co premio San Clemente 2006 que outorgaron alumnos de bacharelato do IES Rosalía de Castro e catro centros máis, de Vigo, a Fonsagrada, Viana do Bolo e un máis de Santiago de Compostela. Coméntase que a novela, que tamén recibiu o Vicente Risco, trata de ser unha reflexión sobre os avances científicos que deben ir acompañados de ética: baixo o xénero da ciencia ficción encádrase unha Galicia futura con problemas ambientais e xenéticos. Indícase que a novela se impuxo a *Cabaret Voltaire* de Jaureguizar e a *Aguillóns de Ortegal* de Hixinio Puentes.

XVIIº Premio literario “Camilo José Cela” de narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como homenaxe perpetua á “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Os relatos, de tema libre, escritos en castelán ou galego, teñen que ter unha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo, e deben enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón. O premio está dotado con 2.000 euros, diploma acreditativo e a publicación do traballo nun libro conmemorativo. Nesta convocatoria, en que o prazo remata o 15 de setembro, os relatos deben ser entregados por quintuplicado, sen sinatura e con lema. Poden presentarse no rexistro de entrada do Concello de Padrón. O xurado estivo composto por profesores da Universidade de Santiago de Compostela como Anxo Abuín, Antonio Gil, Iris Cochón, Beatriz Vázquez Lorenzo, Masito Beiró e M^a Cruz Taboada, así como o rexidor Jesús Villamor e o edil de cultura, Manuel Baltar. De entre os cincuenta e tres relatos que optaron ao premio, este foi para a madrileña Beatriz Olivenza Bernardo pola obra *Los que habitan la noche*.

Referencias varias:

- M.M.O., “Cejudo gana el galardón Maruxa Villanueva y Casas se alza con el Cela”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 setembro 2006, p. 33.

Fai referencia ao acto de entrega de dous galardóns artísticos no concello de Padrón: o Maruxa Villanueva, que foi a mans do actor Xan Cejudo, e o Camilo José Cela de narrativa 2005, para o filólogo Juan Casas. Seguidamente, céntrase en cada un deles, salientando que o primeiro vai dirixido a actores ou actrices que participan en obras tetarais en galego. Do Camilo José Cela, menciona o título da obra gañadora, *As sombras de Perseo* e a contía do premio, 2.000 euros.

- C.G., “Cincuenta y tres relatos optan este año al Premio padronés Camilo J. Cela”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 novembro 2006, p. 38.

Breve noticia que informa sobre o fallo do premio Camilo José Cela, promovido polo Concello de Padrón, que será adiado debido á grande participación de autores e presentación de obras. Cítanse as persoas que constitúen o xurado: Antonio Gil, Anxo Abuín, Iris Cochón, Beatriz Vázquez Lorenzo, Masito Beiró, M^a Cruz Taboada como secretaria, Xesús Villamor e o edil de cultura Manuel Baltar. Dise que estas persoas intentarán ter unha resolución a mediados de outubro.

- Uxía López, “La profesora madrileña que gana el premio Cela de narrativa asegura que es un ‘impulso para escribir’”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 14 novembro 2006, p. 9.

Faise eco da concesión do premio Camilo José Cela a Beatriz Olivenza Bernardo por *Los que habitan la noche*. Coméntase que esta profesora de literatura e lingua española de orixe madrileña declarou que conseguir o galardón dálle forzas para seguir escribindo. Pola súa banda, o xurado indicou que a obra gañadora destaca pola súa orixinalidade no tema que trata e a intriga que recorda a unha produción cinematográfica.

LXIII° Premio Nadal 2006

Trátase dun dos premios máis antigos de España, en que poden participar autores non só da península senón tamén de fóra das nosas fronteiras. Das duascenas oitenta e seis obras presentadas a concurso, oito delas foron galegas, catro da Coruña, tres de Vigo e unha de Lugo. Madrid, con trinta e oito orixinais, foi a comunidade que máis textos presentou para optar ao galardón. O acto de entrega terá lugar o 6 de xaneiro de 2007 na tradicional velada que ten lugar no Hotel Palace de Barcelona.

VI° Premio “Novela por entregas” de La Voz de Galicia

La Voz de Galicia e Canal Voz convocan este premio desde 2001, coa colaboración do Ámbito Cultural de El Corte Inglés e as editoriais Ir Indo e Sotelo Blanco. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita e que non opten a outros concursos, escrita en castelán ou galego e dividida necesariamente en trinta e un capítulos da

mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos). As obras enviáronse, dende a data de convocatoria do premio até o 16 de xullo, á sé do xornal no polígono industrial de Sabón (Arteixo), ben por correo ordinario ben a través do correo electrónico redac@lavo.es. Presentaranse por quintuplicado, impresas a dobre espazo por unha soa cara, e polo sistema de plica pechada. Estabelécese un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección “Páxinas Literarias” de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdeg Galicia.com). Ademais, levarase a cabo unha edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta “Relatos de verán”, que este ano cumpre a súa sexta edición e que comezou no ano 2000. Na primeira edición deste premio, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabari branco*, de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras a publicar por entregas sométense a este concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, Miguel Suárez Abel, Xosé Antonio Perozo e Ángel de la Cruz. Na edición de 2006 o xurado estivo formado por: Ernesto Sánchez Pombo, director de Opinión de *La Voz*; Luis Ventoso Castiñeira, director adxunto de *La Voz*; Tucho Calvo, redactor xefe de Accións Especiais de *La Voz*; Carlos Freire Cordido, en calidade de gañador do ano anterior; e Blanca-Ana Roig Rechou, catedrática de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela e crítica literaria, que actuou como secretaria. De todos os traballos presentados decidiuse galardoar a Santiago Lopo, con *Game over*; e en segundo lugar quedou Inma López Silva, quen presentou a obra titulada *Non quero ser Doris Day*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A pantalla do ordenador é o novo espello de Alicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xullo 2006, p. 30.

Entrevista ao gañador do premio de novela por entregas de *La Voz de Galicia*, Santiago Lopo, con *Game Over*. O autor, que o ano anterior quedara finalista no mesmo certame, afirma que é unha sensación ben diferente ser o primeiro, aínda que ambos os premios son gratificantes. Indícase que a novela comezará a publicarse o primeiro de agosto no xornal e nela o lector atopará retratado o mundo da internet e dos videoxogos como un lugar fóra da realidade. Coméntase que o escritor fai un paralelismo co país das marabillas de Alicia, só que agora o espello é a pantalla do ordenador.

VIº Premio “Rosalía de Castro” do PEN Clube

Convocado por primeira vez en 1996 polo PEN Clube galego, nacido en 1988. De edición bianual, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para “desde Galicia establecer lazos coas nosas literaturas veciñas”. En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nérida Piñón, Ricard Salvat e Felipe Juaristi. O acto de entrega dos premios celebrouse o 25 de maio de 2006 no Paraninfo da Universidade de Santiago de

Compostela. Os gañadores foron Agustina Bessa-Luís (portugués), Isabel Allende (castelán), Joseph Palau i Fabre (catalán) e Arantxa Urretabizkaia (éuscaro).

Referencias varias:

- MARÉ, “Con acento feminino”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 febreiro 2006, p. 34.

Refírese á decisión do xurado de outorgar o premio a tres escritoras: Isabel Allende, Arantxa Urretabizkaia e Agustina Bessa Luis, xunto cun só autor, o poeta Joseph Palau i Fabre. Menciona os méritos de cada un destes autores para recibir o premio, segundo o xurado, e alude á creación do premio, así como aos membros do xurado. Remata lembrando os anteriores gañadores.

- MARÉ, “A voz dos clandestinos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 maio 2006, p. 37.

Infórmase da próxima entrega dos premios Rosalía de Castro en Santiago de compostela a Agustina Bessa Luís, Josep Palau i Fabre, Arantxa Urretabizkaia e Isabel Allende. Indícase que ao acto de entrega agárdase a asistencia dos premiados amais da Conselleira de Cultura Ánxela Bugallo ou o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela Senén Barro. Recóllese que os galardoados loaron a figura da poeta galega que dá nome ao premio nuns textos que se integrarán nun libro cun prólogo de Marilar Aleixandre, titulado *Soñadoras, clandestinos*.

- Margarito Flowers, “El Pen Clube visita la Casa Museo Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 25 maio 2006, p. 80.

Coméntase a entrega dos galardóns da sexta edición dos premios Rosalía de Castro, coa participación de Luis González Tosar.

- Carmen Villar, “La escritura es como el amor porque es de una dedicación total”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 26 maio 2006, p. 43.

Entrevista a Isabel Allende como gañadora do premio Rosalía de Castro. Na conversa, a escritora chilena afirma que cre no “salto evolutivo”, é dicir, na tendencia das persoas a ser mellores e máis íntegras. Por outra banda, compara a literatura co amor, posto que ambos os dous esixen dedicación absoluta. Para finalizar considera que a imaxinación e a realidade son inseparábeis e que o mundo literario está cheo dun machismo que comeza a debilitarse pouco a pouco.

- C.F., “O Pen Clube homenaxea aos que soñaron desde a clandestinidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 26 maio 2006, p. 53.

Breve artigo no que se informa da entrega polo PEN Clube Galego dos premios Rosalía de Castro. Noméanse aos galardoados, que nesta ocasión foron Isabel Allende, Arantxa Urretabizkaia, Josep Palau i Fabre e Agustina Bessa Luís, quen non puido asistir debido a problemas de saúde. Indícase que foron os outros tres os protagonistas do acto e dedicaron

unhas palabras á poeta galega por ser muller nun tempo no que era difícil erguer a voz en contra de inxustizas como a emigración.

- Camilo Franco, “Lo único que he aprendido en mi experiencia vital es que no sé nada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 26 maio 2006, p. 53.

Entrevista a Isabel Allende en que fala da situación política do seu país, do exilio e da súa permanencia en California, e como este feito influíu na súa escrita. Fala da concepción da literatura tanto como un medio de evasión como de convicción e remata ofrecendo a súa opinión sobre o confinamento das súas obras á categoría denominada “realismo máximo”.

- MARE, “Co don da palabra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 maio 2006, p. 35.

Faise eco da concesión dos Premios Rosalía de Castro a Arantxa Urretabizkaia, Agustina Bessa Luís, Josep Palau i Fabre e Isabel Allende polo seu traballo. Cada un destes autores é representante dunha lingua peninsular non galega. Indícase que ao acto de entrega, que tivo lugar no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, asistiron tres dos gañadores, posto que Bessa Luís non puido viaxar a Galicia debido a problemas de saúde. Infórmase de que á cerimonia acudiu a Conselleira de cultura Ánxela Bugallo, o presidente do PEN galego Luís González Tosar e Marilar Aleixandre, entre outros.

- A.N.T., “O PEN Clube premia as letras resistentes”, *A Nosa Terra*, nº 1.225, “Cultura”, 1-7 xuño 2006, p. 24.

Fálase da entrega o 25 de maio en Santiago de Compostela dos premios Rosalía de Castro, outorgados polo PEN Clube. Indícase que os catro galardoados representan a cada unha das linguas da península e nesta edición recaeron en Isabel Allende en lingua castelá, Agustina Bessa-Luís, en lingua portuguesa, Josep Palau i Fable en catalán e Arantxa Urretabizkaia en éuscaro. Faise fincapé en que cada un deles ten unha extensa obra que abrangue varios eidos.

VIIº Premio “Vicente Risco” de Creación Literaria

En 1999 o Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco, coa colaboración da Editorial Sotelo Blanco, convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco. En anteriores edicións o premio denominábase Premio “Risco” de Literatura Fantástica. Está dotado con 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados en galego seguindo a normativa vixente, debe ter unha extensión mínima de 150 folios e máxima de 300. Os orixinais, por sextuplicado, en soporte de papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, e baixo lema, deben adxuntar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra e enviarse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense antes do 5 de xaneiro de cada ano. O xurado está composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para actuar como presidente. Nesta sétima edición o xurado estivo composto por Anxo Tarrío, Isidro Novo, Xosé M. Dobarro, Armando Requeixo e Camiño Noia. De entre as oito creacións literarias presentadas, a obra que resultou gañadora foi *Os mércores de Fra*, de

Xurxo Sierra Veloso. No mes de setembro abriuse o prazo de presentación dos traballos para a VIIIª edición 2007 que rematará o vindeiro 7 de xaneiro.

Referencias varias:

- EFE, “El vigués Xurxo Sierra gana el premio Risco a la Creación Literaria”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 26 marzo 2006, p. 74.

Anúnciase o fallo do xurado do premio Risco de Creación Literaria que de maneira unánime foi concedido a Xurxo Sierra por a novela *Os mércores de Fra*. Explicase que a súa é unha obra escrita cun estilo áxil, sobrio e que consegue manter o interese do lector até a derradeira páxina. Trátase da historia dun home que vive obsesionado pola morte, pero o propio autor indica que non hai ningunha pretensión filosófica, só se intenta reflexionar sobre a vida e a morte con certo toque de ironía e humor. Coméntase que é o primeiro premio de entidade que recibe o escritor vigués residente en Zamora.

- Sandra de la Fuente, “O vigués Xurxo Sierra gaña o Premio Risco cunha novela sobre a obsesión pola morte”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 26 marzo 2006, p. 52.

Dise que o Concello de Ourense por sétimo ano consecutivo convocou o premio Risco de Creación Literaria, que este ano recaeu na novela *Os mércores de Fra* do escritor vigués Xurxo Sierra. Coméntase que o xurado valorou a narrativa áxil, sobria e intelixente que logra engaiolar ao lector cunha historia en que a morte sempre está presente. Indícase que o protagonista, Arturo Fra, está obsesionado pola presenza da morte que condiciona a súa existencia. Engádesse que está narrada en primeira persoa e ten un certo pouso irónico-humorístico.

- R.M., “Xurxo Sierra faise co premio Risco con ‘Os mércores de Fra’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 marzo 2006, p. 34.

Anúnciase que o autor vigués Xurxo Sierra fíxose co premio convocado polo Concello de Ourense, o Risco de Creación Literaria, pola súa novela *Os mércores de Fra*. Explicase que o xurado valorou moi positivamente a narración áxil, sobria e intelixente que engancha o lector. Recóllense as palabras do escritor, quen con trinta e seis anos gaña un prestixioso certame cunha obra que non ten pretensións filosóficas, pero que pretende ser unha reflexión sobre a vida e a morte tratada cun certo pouso de ironía e humor. O autor entende que queda moito por facer na literatura galega, aínda que esta xa conta con grandes autores moi consagrados.

- M.B., “Xurxo Sierra novela a morte e Hixinio Puentes a vida dun pirata”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 25.

Aproximación á novela *Os mércores de Fra*, do autor Xurxo Sierra Veloso, que recibiu o Premio Risco de Creación Literaria na súa sétima edición. Indícase que o xurado destacou a prosa coidada e depurada desta novela narrada en flash-back que vai relatando a vida de Arturo Fra, quen vive coa obsesión da morte sabedor de que perecerá un mércores. Coméntase que o autor quixo escribir unha novela longa en que se achegara a un tema tan presente na tradición popular e literaria galega. Recóllese a opinión do novelista, quen

entende que a narrativa galega goza de boa saúde en canto calidade, pero aínda non deixa de ser minoritaria entre o público. Dáse tamén información do IVº premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa, que nesta edición gañou a obra *Monbars* de Hixinio Puentes. Indícase que este texto se ambienta no século XVII e ten como protagonista a un pirata francés, porque para o escritor o mar é un dos espazos máis esquecidos na literatura galega.

- E.M.P., “O xurado falla o VII Premio Risco de Creación Literaria”, *ABC*, “Galicia”, 26 abril 2006, p. 36.

Breve noticia na que se dá conta do fallo do VIIº Premio Risco de Creación Literaria, que recaeu na novela *Os mércores de Fra*, escrita por Xurxo Sierra Veloso. Dise que o xurado valorou a prosa áxil, sobria, minimalista e a capacidade de captar o interese do lector dende a primeira páxina.

XXIIIº Premio “Xerais” de novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo, teñen que presentarse nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Dr. Marañón, 12, 36211, Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura en xeral, pero a partir de 1988, coa introdución do lema “A forza dos lectores”, faise unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que o compoñen xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Poden concorrer autores de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que está dotado con 15.200 euros (200 máis ca na anterior edición), comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos e recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. O prazo de entrega dos traballos foi até o 7 de abril e o fallo anunciouse o 11 de xuño no seo dun acto literario-musical que contou posteriormente coa celebración dunha romaría nas Illas de San Simón e San Antón. Nesta edición de 2006 o xurado estivo composto por: Beatriz Núñez Martínez, Xaime Nogueira Meixe, Rafael Ojea Pérez, Lucía Novás e Francisco Alonso, en representación de Xerais, con voz e sen voto. A novela premiada foi *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras, entre outras dúas obras finalistas, *A venus de cristal* e *Escurios, ferruchos e calmotas*.

Referencias varias:

- Tomás Ruibal, “O último Premio Xerais”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 289, “Anaquel dos libros”, 15 xaneiro 2006, p. 13.

Analízase a obra gañadora do premio Xerais 2005, *Herba Moura*, da escritora Teresa Moure. Lóase a perfección construtiva que caracteriza a esta autora e que é notábel na dita novela. Enténdese que hai unha reivindicación da paixón en moitos ámbitos e da muller agachada na

historia. Destácase a mestura de rexistros que, dirixidos con man mestra, son quen de fuxir do simple sentimentalismo e do feminismo propio da ficción ou o ensaio.

- Xosé Carlos Caneiro, “A patria da intelixencia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 164, “Club dandi”, 1 xuño 2006, p. 11.

Realízase un breve repaso polos premios Xerais, que en 2006 están divididos en tres apartados: literatura infantil, xuvenil e adulta. Faise referencia aos premios como instrumento normalizador que fomenta as letras e a cultura en galego en xeral. Por outra banda, lóase a novela gañadora en 2005, *Herba Moura*, da escritora Teresa Moure e algunhas anteriores como *Crime en Compostela*, de Carlos Reigosa ou *Morning Star*, de Xosé Miranda.

- Alberto Bouza, “Ameixeiras gaña o premio Xerais cun diario dun home de trinta anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 xuño 2006, p. 35.

Faise eco da concesión a Diego Ameixeiras do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria*, unha novela na que a ausencia de trama deixa paso á estrutura dun diario cheo de sarcasmo e ironía. Indícase que Jaureguizar con *A cova das vacas mortas* consegue o galardón da I convocatoria da Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Coméntase que se sitúa nunha comuna hippy en Negueira de Muñiz, onde o protagonista, fillo dunha alemá, é froito do amor colectivo. Por último, Agustín Agra dáse a coñecer recollendo o Merlín de literatura infantil cun relato escrito para o seu sobriño de dez anos titulado *O tesouro da lagoa de Reid's*.

- L.V., “A novela *Tres segundos de memoria*, premio Xerais 2006”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 11 xuño 2006, p. 83.

Breve nota en que se informa da entrega do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria*, do Merlín de literatura infantil a *O tesouro da lagoa de Reid's* de Agustín Agra e do premio da Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil a Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*. A primeira versa sobre o fracaso vital dun mozo de trinta anos, a segunda conta a historia dun tesouro a través dos beizos dun avó que lla relata aos seus netos mentres que a terceira mergúllase no nazismo da man de Xoel, un adolescente galego con raíces xermanas.

- Amaia Mauleón, “Diego Ameixeiras, Santiago Jaureguizar e Agustín Agra reciben os Premios Xerais”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 11 xuño 2006, p. 49.

Infórmase do acto celebrado na illa de San Simón con motivo da entrega do premio Xerais de novela 2006 outorgado a Diego Ameixeiras por *Tres segundos de memoria*. Amais deste galardón, entregáronse o Merlín de literatura infantil a Agustín Agra e o da Fundación Caixa Galicia a Santiago Jaureguizar. Infórmase de que á gala acudiron numerosas personalidades da sociedade galega, entre elas a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, o presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Xaime Corral, así como outros políticos, escritores e editores. Coméntase que ao longo da cerimonia interviñeron a presentadora do acto, Celia Torres, o mantedor literario Manuel Rivas e os grupos de música tradicional Treixadura Gaiteiros e Orfeón Treixadura.

- MARÉ, “Nos 30 anos apáticos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xuño 2006, p. 33.

Artigo no que se recollen os gañadores dos premios Xerais 2006. Infórmase de que Diego Ameixeiras se fixo co premio Xerais de novela grazas a *Tres segundos de memoria*, unha obra na que o protagonista é un home de trinta anos, sen traballo e sen rumbo que só atopa acougo no sexo. Indícase que Agustín Agra conseguiu o Merlín de literatura infantil coa súa primeira novela, *O tesouro da lagoa Reid's*, na que un avó lles conta aos seus netos a historia dun tesouro. Por último, dise que Santiago Jaureguizar resultou vencedor da primeira edición da Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil por *A cova das vacas mortas*, obra na que se relata a historia dun adolescente que se ve obrigado a afrontar unhas situacións moi complicadas.

- Camilo Franco, “Non é un libro das miñas experiencias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xuño 2006, p. 33.

Entrevistas a Diego Ameixeiras, Santiago Jaureguizar e Agustín Agra. O primeiro deles é o gañador do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria* e afirma que o único que hai en común entre esta novela e as súas anteriores é o humor e o sarcasmo. Por outra banda, comenta que non é un texto autobiográfico, senón de “observación do entorno”. De Jaureguizar dise que recibiu o premio da Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil por *A cova das vacas mortas*, un texto do que comenta que non foi escrito do mesmo xeito cós de adultos. Por último, sinalase que o profesor de bioloxía Agustín Agra saíu vencedor do Merlín de literatura infantil con *O tesouro da lagoa de Reid's*, premio que di non agardaba, pero que o motiva a seguir escribindo.

- César Lorenzo Gil, “Diego Ameixeiras gaña o Xerais cun diario do ‘posfracaso’”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 24.

Resumo do acontecido na illa de San Simón con motivo dos premios Xerais de novela, da Fundación Caixa Galicia de narración xuvenil e do Merlín de literatura infantil. Coméntase que o primeiro está dotado con quince mil euros e outorgóuselle a Diego Ameixeiras polo seu libro *Tres segundos de memoria*, centrado nun home de trinta anos cunha vida moi inestábel. Do segundo indícase que foi concedido a Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*, obra que se desenvolve nunha comuna en terras dos Ancares. Por último, infórmase de que Agustín Agra embolsou sete mil cincocentos euros, como Jaureguizar, por *O tesouro da lagoa de Reid's*, unha historia fantástica dedicada ao seu sobriño de dez anos e que responde a un intento de recuperar a tradición mitolóxica galega.

- Manuel Rivas, “A esfera na illa”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Opinión”, 15-21 xuño 2006, p. 4.

Preséntase o texto da conferencia lida por Manuel Rivas durante o acto de entrega dos premios “Xerais 2006” na illa de San Simón, en que actuou como mantedor literario. O texto xira precisamente arredor deste espazo natural, a súa relevancia na historia e na cultura galega e a súa vinculación coa creación literaria.

- Jaureguizar, “Remuda xeracional”, *El Progreso/ Galicia Hoxe*, “Ollo Mol”, 18 xuño 2006, p. 89/6.

Analízase o panorama literario galego que, segundo o autor, está a mudar. Observa este cambio a través da entrega do premio Xerais 2006 ao escritor Diego Ameixeiras, representante, segundo o articulista, dunha nova xeración. Entende que a súa imaxe, as súas citas ou o propio título da súa obra, *Tres segundos de memoria*, fan referencia ao tempo que é quen de reter na súa mente algo do pasado, son mostra da xa citada renovación literaria.

- Yolanda Castaño, “Pausa para publicidade”, *Galicia Hoxe*, “Días (Des)contados”, 18 xuño 2006.

Breve nota en que se informa da entrega do premio Xerais a Jaureguizar e Ameixeiras na illa de San Simón. Indícase que a esta cerimonia acudiron numerosas personalidades como María Xosé Queizán, Fina Casalderrey ou Manuel Rivas, encargado este último de dar comezo ao acto.

- Jesús Flores, “Hai demasiados clisés sobre a figura do escritor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 167, “En Portada”, 1 xullo 2006, p. 2-3.

Entrevista conxunta á gañadora do premio Xerais 2005, Teresa Moure por *Herba Moura*, e ao vencedor de 2006 Diego Ameixeiras por *Tres segundos de memoria*. El é xornalista, pero neste momento traballa de guionista para Videovoz; ela, pola súa banda, é doutora en lingüística e desempeña o seu labor docente na Universidade de Santiago de Compostela. Comentan ambos os dous que escriben nun idioma ao que non lle vén futuro. Por outra banda, a maneira de documentarse ou inspirarse para os seus traballos é diferente: mentres que Ameixeiras parte do que escoita e observa na sociedade, Teresa Moure emprega as bibliotecas e as vivencias pasadas como medio para comezar a escribir.

- Nagore Menayo, “El escritor Diego Ameixeiras anima a la gente a ‘soltarse’ con la literatura”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/Cultura”, 31 outubro 2006, p. 15.

Infórmase da apertura do prazo de inscrición dun taller de escritura impartido polo gañador do premio Xerais 2006, Diego Ameixeiras, na cidade da Coruña. Indícase que neste curso o autor pretende que os participantes perdan a vergoña a mostrar as súas creacións e que perfeccionen as súas técnicas narrativas coa experiencia.

- Vicente Araguas, “Vai de premios”, *El Correo Gallego*, “El Correo2”, “Arte y literatura”, 26 novembro 2006, p. 15.

Fálase do premio Eduardo Blanco Amor, organizado polo Concello de Neda, que recaeu en Francisco Castro por *Spam*. Indícase que a novela é unha parodia do capitalismo que consegue prestixiar un certame en continuo ascenso. Por outra banda, Diego Ameixeiras, gañador do premio Xerais por *Tres segundos de memoria*, revélase como un excelente creador de personaxes femininos nunha obra minimalista e fragmentada.

X.2. POESÍA

IVº Certame de Poesía “Aurelio Aguirre”

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela para celebrar, xunto co VI Certame literario “José Saramago” de relato curto, o 149 aniversario do Banquete de Conxo. Ambos os premios nesta edición teñen unha contía de 500 euros, superior á da pasada edición, que foi de 300 euros. O tema dos orixinais é libre e poden presentarse indistintamente en lingua galega ou castelá. O prazo de presentación conclúe o 30 de decembro de 2006. O fallo do xurado, composto pola Concelleira de Centros Socioculturais, tres técnicos e un escritor, darase a coñecer antes de marzo de 2007. O acto de entrega da pasada edición 2005 tivo lugar no Centro Sociocultural de Conxo o 30 de marzo deste ano e a gañadora foi Yolanda López, con *O murmurio da danza*.

Referencias varias:

- Jose Matamoros, “Premio al genio literario oculto en los barrios”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 11 marzo 2006, p. 15.

Danse a coñecer os gañadores do premio José Saramago de relato curto e do Aurelio Aguirre de poesía organizados pola rede de Centros Socioculturais. Infórmase que a moza Yolanda López López, natural das Fontiñas, conseguiu os trescentos euros do premio de poesía polo poemario *O murmurio da danza*. O correspondente á categoría de relatos curtos dotado coa mesma cantidade económica foi parar a Antón Labranha por *Percadoira*. Á cerimonia de entrega dos galardóns acudiron o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo, e a Concelleira de Centros Socioculturais, Mercedes Rosón, entre outras autoridades.

XIXº Certame nacional de poesía “Xosé María Pérez Parallé”

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial Unidad, de Fene, para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé. Prémianse neste concurso poemas (catro como máximo) escritos en galego ou castelán. Os orixinais teñen que enviarse á sé do Círculo (San Paio, 21, Fene) antes do 30 de setembro, e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola editorial Espiral Maior. Nesta edición, o xurado estivo composto por Medos Romero, María do Cebreiro e Mario Regueira. Deron a coñecer o 18 de novembro a decisión de premiar a obra *Poemas das ortigas*, de Xía Arias, que foi a escollida entre trinta e cinco poemarios. O acto de entrega do galardón tivo lugar o 25 de novembro no Casino de Fene.

Referencias varias:

- MARÉ, “Xia Arias gaña o XIX Premio Xosémaría Pérez Parallé”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 19 novembro 2006, p. 33.

Coméntase Xía Arias gañou o premio Xosé María Pérez Parallé pola súa obra *Poemas nas ortigas*, libro que trata un feminismo crítico cunha linguaxe fresca e fluída, segundo palabras dos membros do xurado. Sinálase que a escritora naceu na Fonsagrada e actualmente traballa en Santiago de Compostela no “Diario Cultural” da Radio Galega.

- MARÉ, “Contra clixés feministas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 novembro 2006, p. 34.

Entrevista a Xía Arias con motivo do novo premio recibido, Pérez Pallaré para autores noveis pola súa obra *Poemas das ortigas*. Segundo a poeta, esta é unha obra na cal se realiza unha estratexia de feminismo crítico. Segundo a escritora, un dos seus principios como poeta é ter claro de onde vés, igual ca algunha das súas autoras máis valoradas, como Adrienne Rich.

- M.J.R., “Xía Arias: Para min os ‘Poemas nas ortigas’ son ocos nos que guarecerse”, *Diario de Ferrol*, “CGS”. “Literatura”, 26 novembro 2006, p. 12.

Dise que o libro de poemas titulado *Poemas nas ortigas* de Xía Arias recibiu o premio de poesía para autores noveis Pérez Pallaré. Da obra sinalouse o feito de tratar referencias pouco frecuentes na tradición literaria galega como é o caso de Max Aub, Adrienne Rich ou Miguel Hernández; outra característica da obra é que nela a muller é protagonista. En canto ao estilo, sinalouse que o libro presenta unha linguaxe fresca e fluída. Ademais, coméntase que o premio implica a publicación en Espiral Maior, unha editorial cunha tradición especial. Finalízase dando a noticia do acto de entrega, que tivo lugar no Círculo Mercantil de e Industrial Unidade de Fene. O premio de poesía convocado está dirixido exclusivamente a autores que non teñan poesía publicada e vai pola XIX edición, segundo se afirma.

- M.L.V., “Os poemas da obra son ocos que están enfermos; un espello feo”, *El Progreso*, “A Fonsagrada/Os Ancares”, 2 decembro 2006, p. 16.

Co gallo da obtención do XIX Premio Pérez Pallaré de Fene, publícase unha conversa con Xía Arias, autora da obra gañadora, *Poemas das ortigas*. A autora comenta a temática do libro, a violencia. Arias apunta que non é violenta e que expulsa a agresividade interior, “que se volve en esquizofrenia”. A xornalista manifesta que os seus poetas preferidos son Adrienne Rich e Roberto Bolaño. Finaliza afirmando que no futuro lle gustaría ter unha sala de teatro.

IXº Concurso de Poesía “Concello de Carral”

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral. Deben presentarse tres copias dos traballos orixinais e inéditos, baixo un lema, cunha extensión mínima de 400 versos escritos en galego, antes do 17 de abril de 2006. Fixouse un premio único de 1.200 euros e a publicación da obra gañadora pola editorial Espiral Maior, na súa colección de poesía. Nesta edición, o xurado composto por Ánxeles Penas, Xulio L. Valcárcel e Marcos Sánchez Calverio, gañador da pasada edición, fallou a favor Isidro Novo, polo poemario *Ou morrerán as bolboretas por non teren quen as miren*.

IIº Premio de Poesía “Afonso Eanes de Cotón”

Para celebrar o seu XXV aniversario a Asociación Cultural Afonso Eanes convocou este premio por primeira vez no ano 2002, co patrocinio do Concello de Negreira, TresCeTres Editores e euroGráficas, lembrando así a figura do trobador do Cotón e a importancia da lírica medieval como alicerces para o cultivo e normalización do idioma neste século XXI. Poden

concorrer ao premio autores de calquera nacionalidade que presenten poemas orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos e escritos en lingua galega. O tema e forma dos poemas é libre e para participar a súa extensión será como mínimo de cincocentos versos. O premio consiste en 1.200 €, que achega o Concello de Negreira, e a publicación da obra galardoada na Colección Varilongo/Poesía de TresCes Editores, 3C3. O xurado está formado por cinco membros designados pola Sociedade Afonso Eanes e un membro do Concello de Negreira, ou no seu defecto unha persoa en representación da Asociación Cultural convocante, que actuará como secretario con voz, pero sen voto. O certame acadou a súa terceira edición en 2004, pero non se convocou unha nova, polo que os últimos gañadores foron Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane, coautores de *Cara a un solpor de gatos* (2005). Este baleiro obedece á falta de capacidade de convocatoria da asociación cultural, pois o Concello estaba disposto a seguir patrocinándoo.

Referencias Varias:

- E.F., “La editorial TresCtres presenta los libros ganadores de los premios Xulián Magariños y Afonso Eanes”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 3 febreiro 2006, p. 12.

Faise eco do acto de presentación dos libros gañadores das edicións de 2004 dos premios Xulián Magariños de narrativa curta, *Matei un home*, de An Alfaya, e do premio de poesía Afonso Eanes de Cotón, *Cara a un solpor de gatos*, de Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane, obra gañadora da III edición do concurso de poesía Afonso Eanes do Cotón.

IIº Premio de Poesía “Antón Tovar”

Creado polo Concello de Rairiz de Veiga no ano 2005, coa colaboración do Museo da Limia, o Liceo de Ourense e o Centro de Cultura Popular do Limia. Ten a finalidade de servir de homenaxe ao poeta Antón Tovar, finado en xuño de 2004. Conta cunha asignación económica de 2.000 euros e a publicación da obra gañadora. A gañadora desta edición foi Yolanda López López co poemario *Obertura sen heroe*. O premio entregouse en agosto, na casa natal de Antón Tovar, en Pereira. O poemario apareceu publicado neste mesmo ano.

Referencias varias:

- MARÉ, “Unha crítica do ser humano”, *Galicie Hoxe*, “Maré”, 10 agosto 2006, p. 36.

O premio de poesía Antón Tovar promovido polo Concello de Rairiz de Veiga foi entregado a Yolanda López pola súa obra *Obertura sen heroe*. A obra gañadora saíra á luz na colección Libros da Frouma da editorial Follas Novas. Na noticia hai unha referencia ás constantes deste poemario que son o diálogo coas artes como a música e a pintura e a crítica ao ser humano. No libro hai poemas dedicados á análise do eu poético que comparten espazo con outros de carácter comprometido.

Xº Premio de poesía “Avelina Valladares”

Convócao o Concello da Estrada xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo do poeta, descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora xunto ao seu irmán Marcial Valladares do cultivo literario do idioma galego no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, serán presentados baixo lema por cuadruplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos. Deben remitirse antes do 24 de marzo ao seguinte enderezo: Excmo. Concello da Estrada, Praza da Constitución s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entregarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 1.503 euros, será indivisíbel e poderá ser declarado deserto. Nesta edición o xurado elixiu gañador a Arsenio Iglesias Pazos, por *Ático*.

Vº Premio de poesía “Caixanova” 2006

Premio que, ao igual cá colección de poesía “Arte de Trobar”, nacía no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia. A el poderán concorrer todos os poetas que o desexen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor de 600 versos. O premio é indivisíbel e está dotado con 10.000 euros e a publicación da obra gañadora na mencionada colección “Arte de Trobar”, coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. As obras aspirantes han ser inéditas, terán unha extensión mínima de seiscentos versos e enviaranse por quintuplicado mecanografadas a dous espazos e baixo lema a CAIXANOVA, Obra Social. Avda. García Barbón 1-3, entrechán, 36201 Vigo. O prazo de admisión remata o 31 de outubro e o xurado cualificador, que estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega, emitirá o seu ditame na última semana de novembro. Na edición de 2006, o xurado, formado por Luís González Tosar, Arcadio López Casanova, gañador da IV edición deste premio, Olivia González Fernández, Carlos Lema e Manuel Vilanova, decidiu premiar a Marilar Aleixandre polo poemario *Mudanzas*, presentada baixo o lema *Comedores de cabezas*, de entre as case setenta obras presentadas,

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Julio Fernández Gayoso demuestra”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 18 xaneiro 2006, p. 72.

Dise que o premio de poesía Caixanova foi entregado na edición de 2005 a Arcadio López Casanova. Segundo esta noticia, é o premio mellor dotado economicamente de Galicia, co cal o presidente de Caixanova Julio Fernández Gayoso trata de promover a literatura galega. Sobre o escritor galardoado afirmase é profesor de universidade en Valencia. O xurado encargado de darlle o premio estaba composto polos membros do PEN Clube.

- Amaia Mauleón, “La poesía tiene una función esencial: iluminar nuestra vida”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 27 maio 2006, p. 58.

Con motivo da entrega do premio Caixanova 2005 ao escritor Arcadio López Casanova, realízase unha entrevista na cal o poeta manifesta ser este un tempo en que a sociedade non le poesía debido á falta de vontade, ao estrés e a que hoxendía se está a perder a palabra coa finalidade da comunicación entre as persoas. O poeta considera que a educación podería ser un camiño para conseguir que a sociedade se vincule máis á poesía.

- E.P., “A poesía de López Casanova, recoñecida”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 maio 2006, p. 35.

Dise que Arcadio López Casanova recolleu o premio de poesía Caixanova pola súa obra *Herdo do canto* (2005). Ao acto acudiron os representantes do PEN Clube e o director de Obras Sociais de Caixanova, quen destacou a o apoio que a entidade está a realizar para promover a literatura galega.

- Marisol Oliva, “Para divulgar la literatura es necesaria incluirla en la educación”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 maio 2006, p. 15.

A noticia recolle unha entrevista a Arcadio López Casanova, quen gañou o premio Caixanova pola súa obra *Herdo do canto* (2005). O escritor afirma que o seu continuo proceso de escrita dá como resultado unha obra moi artellada e moi complexa. Sobre o premio, manifesta que se trata do máis prestixioso de Galicia. Finalmente, López Casanova opina sobre o sistema literario galega ,do cal di que está a atravesar un momento moi bo e que é necesaria a súa divulgación a través do sistema educativo.

- E.P., “O Premio Caixanova publicará a obra gañadora”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 agosto 2006, p. 34.

Esta noticia está destinada a dar a coñecer o prazo de presentación de libros de poesía para o premio de poesía Caixanova, que termina o día 31 de outubro. O galardón consistirá nunha contía de 10.000 € e a publicación do traballo na colección “Arte de Trobar”.

- Amaia Mauleón, “Marilar Aleixandre gana el V Premio de Poesía Caixanova”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 12 decembro 2006, p. 40.

O V premio de poesía Caixanova é entregado a Marilar Aleixandre pola súa obra *Mudanzas* por ser unha adaptación dos mitos innovadora e moderna. Marilar Aleixandre usa unha perspectiva feminina para facer esta nova lectura dunha obra clásica, *As Metamorfoses* de Ovidio.

- A.M., “La inspiración sólo significa el cinco por ciento de mi trabajo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 12 decembro 2006, p. 40.

Entrevista a Marilar Aleixandre en que ademais de definir ao poemario *Mudanzas* como unha reescritura das *Metamorfoses* de Ovidio dende unha visión máis actual, sinala o feito de escribir narrativa e poesía como algo natural, aínda que para escribir poesía necesita ter as ideas moi claras.

- AGN, "Aleixandre gaña con 'Mudanzas' o Premio Caixanova", *El Progreso*, "Cultura", 12 decembro 2006, p. 79.

Marilar Aleixandre recibe o premio de Poesía Caixanova pola súa obra *Mudanzas* presentada so o lema *Comedores de Cabezas*. Dise que o premio é un dos mellor dotados economicamente (10.000 €) e que del forma parte a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar". Dise que o xurado está composto polos membros do PEN Clube e menciónanse as obras gañadoras anteriormente.

- S.P., "Marilar Aleixandre gana el premio Caixanova de poesía por unir la modernidad y el mito", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 decembro 2006, p. 16.

Coméntase premio de poesía Caixanova, que recibiu Marilar Aleixandre pola obra *Mudanzas* baixo o lema *Comedores de Cabezas*. O xurado outorgoulle o premio pola súa síntese entre o mundo grecolatino e cotidiano. Aleixandre explica que o seu libro pretende abordar un mito dende a perspectiva dunha muller de hoxe en día.

- MARÉ, "Protagonismo feminino", *Galicia Hoxe*, "Maré", 12 decembro 2006, p. 39.

Dise que a obra de Marilar Aleixandre *Mudanzas* foi galardoada co premio de poesía Caixanova; despois desta noticia fundamental tamén hai unha referencia no artigo a que Marilar Aleixandre é unha escritora que naceu en Madrid e confésase bilingüe aínda que non lle gusta entrar nestes debates. A este concurso concorreron sesenta e oito traballos cun alto nivel de calidade coa finalidade de ser os gañadores do premio mellor dotado economicamente e que conta coa publicación da obra.

XXIIIº Premio de Poesía "Cidade de Ourense"

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense. Poden participar nel persoas de calquera nacionalidade sempre que os traballos se presenten en galego ou portugués e sexan orixinais ou inéditos, cun mínimo de 600 versos mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados. O sobre debe ir pechado, lacrado e incluír o nome, apelidos, número de DNI e dirección do autor e será entregado no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trata dunha obra dirixida ao certame. O prazo de entrega rematou o 29 de decembro de 2006 e o fallo do xurado coñecerase a primeiros de 2007. Os concursantes de orixe portuguesa poderán entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real dentro dos mesmos prazos. O concurso está dotado cun único premio de 6.000 euros, unha placa de prata e a publicación da obra. Este ano deuse a coñecer o gañador da pasada XXII edición. O xurado, con personalidades das letras galegas e portuguesas e un representante da Corporación Municipal, estivo integrado por Antonio Pires, Alejandra Juno Rodríguez, Luis González Tosar, José Araujo e Serafín Marqués Gil, gañador da edición anterior. O premio foi para Xosé Carlos Gómez Alfaro por *Mar aberto*, presentado baixo o lema *Alba*.

Referencias varias:

- L.R., “Xosé Carlos Gómez Alfaro gana de nuevo el Premio Poesía Cidade de Ourense”, *La Región*, “Ourense”, 19 marzo 2006, p. 13.

Anuncia que Xosé Carlos Gomez Alfaro gañou o premio de Poesía Cidade de Ourense coa súa obra *Mar aberto*. Di que a obra presenta unha nova visión do mar, de carácter metafísico e entronca coa tradición lírica da literatura galega. Afirmo que o premio está dotado con 6.000 euros.

Iº Premio de Poesía Erótica “Illas Sisargas”

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Ademais da dotación económica de 500 euros, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección Caldeirón. O xurado estivo composto por Paco Souto, da Asociación Caldeirón; Antón Noceda, técnico cultural do Concello; e mais o poeta Miguel Mato Fondo. O poemario *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro, gañou esta primeira edición. Ademais, o xurado decidiu outorgar un ácesit á obra *Poemas de ocasión*, de Diego Cousillas.

Referencias varias:

- A. Quián, “García Teixeiro recibe o I Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 23 abril 2006, p. 46.

Sinala que obra *Arredor do teu corpo* de Antonio García Teixeiro foi gañadora no I Certame de Poesía erótica Illas Sisargas que patrocina o concello de Malpica e a Asociación Caldeirón. O autor da obra gañadora considera a sexualidade e a paixón como un dos aspectos fundamentais que caracterizan a vida e o corpo da muller como espazo a descubrir. Recoñece a Whitman ou Neruda, entre outros, como autores por el queridos.

- M.V., “García Teixeiro Premio *Illas Sisargas* de poesía erótica”, *A Nosa Terra*, nº 1. 220, “Cultura”, 27 abril- 3 maio 2006, p. 28.

Sinala que Antonio García Teixeiro recibiu o premio Illas Sisargas pola obra *Arredor do teu corpo*, na cal o corpo da muller amada é un espazo a descubrir.

XIVº Premio de Poesía “Espiral Maior”

A editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome convocaron por vez primeira en 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a novena edición, o premio abriuse tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. Dende esta edición, este premio ten unha dotación económica de 12.000 euros ademais da publicación da obra gañadora na colección “Espiral Maior Poesía” e conta co patrocinio de Ámbito Cultural, de El Corte Inglés. Outra novidade é a posibilidade de participación de poetas non só galegos, senón tamén portugueses. Os traballos presentados (por triplicado,

mecanografados a dobre espazo e baixo plica) teñen que ter un mínimo de catrocentos versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080, A Coruña). Nesta edición o xurado, formado polos poetas Xosé María Álvarez Cáccamo, Xavier Rodríguez Baixeras e Miguel Anxo Fernán Vello, outorgou o premio entre un total de cento sesenta e sete libros presentados a Xavier Darriba pola obra *Para unha luz ausente*, que presentou baixo o lema *Estación Termini*. Ademais, o xurado recomendou a publicación da obra finalista, *Libro de estimacao*, do poeta portugués Jorge Reis-Sá.

Referencias varias:

- MARÉ, “Patrocinio para os versos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 febreiro 2006, p. 37.

Dise que o día 24 de xullo de 2006 ten lugar a entrega do premio Espiral Maior á obra de poesía gañadora no certame poético que está convocado pola editorial do mesmo nome. O director Fernán Vello anunciou que o galardón se amplía a escritores de lingua portuguesa coa finalidade de que se recoñeza a calidade desta creación para a exportar. Outra novidade é que se espera un aumento na participación no premio como consecuencia do aumento da contía.

- Ana Lorenzo, “El Premio Espiral Maior revitalizará la tradición gallego-portuguesa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 25 febreiro 2006, p. 52.

Dise que o premio de poesía Espiral Maior aspira a converterse nun referente pola súa ampliación de participación a escritores lusos ao mesmo tempo que hai un aumento importante da contía do premio a 12.000 euros grazas ao patrocinio de El Corte Inglés. O director de Ámbito Cultural de El Corte Inglés, Ramón Pernas, asegura que nas próximas edicións tamén se podería ampliar o premio a escritores brasileiros porque a lingua non ten fronteiras e no Brasil hai unha gran nación de falantes galego-portugueses.

- Elena Ponte, “El premio Espiral Maior crece”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, “Ocio”, 25 febreiro 2006, p. 16.

Dise que o certame de poesía Espiral Maior pasa a ser o mellor dotado, con 12.000 euros para o gañador. Coméntase que o director da editorial convocante, Fernán Vello, agradeceu aos responsábeis do ámbito cultural de El Corte Inglés o patrocinio do premio. Por outra parte, referiuse ao feito de este ano abrirse as portas á lingua portuguesa coa finalidade de homenaxear a lírica galego-portuguesa. Para Fernán Vello a poesía é o centro da literatura galega ao longo do tempo. Ramón Pernas, director do Ámbito cultural, asegurou que é unha cantidade simbólica porque a cultura non se paga.

- Juan Fernán, “Premio Espiral Maior”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Vivir en A Coruña”, 19 marzo 2006, p. 6.

Anuncia que Xabier Seoane recibiu o premio de poesía Espiral Maior. Comenta que este é o premio mellor dotado, pois son 12.000 € os que recibirá o gañador, ademais de ver publicada a súa obra na “Colección de Poesía”. A outra característica que se resalta é que esta convocatoria se abriu a escritores de lingua portuguesa, feito xustifico pola necesidade de dar importancia á tradición lírica galego-portuguesa.

- Albino Mallo, “Xavier Seoane gaña o premio de poesía Espiral Maior”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 25 xullo 2006, p. 77.

Dise que o libro *Para unha luz ausente* de Xavier Seoane recibiu o premio Espiral Maior e que o escritor de Vila Nova de Famalicão Jorge Reis-Sá resultou finalista co *Livro de Estimação*. O acto de presentación terá lugar na cidade da Coruña e adiántase que para a próxima edición se agarda unha maior participación de autores de lingua portuguesa. Recóllense as palabras dos membros do xurado: Cáccamo considera o libro moi inquietante porque fala de amor máis alá da morte e Rodríguez Baixeras sinala do libro a idea da perda da vida compartida.

- E.P., “Xavier Seoane gana el Espiral Maior”, *El Ideal Gallego*, “CGS”, “Literatura”, 25 xullo 2006, p. 10.

Anuncia que foi outorgado o premio Espiral Maior a Xavier Seoane pola obra *Para unha luz ausente* e que o escritor Jorge Reis-Sá ficou como finalista co seu libro de poemas *Livro de Estimação*. Afirmase que as dúas obras serán publicadas este outono. Recolle as palabras dos membros do xurado: Fernán Vello cualifica a obra como un libro de madurez no cal amor e morte están unidas. Álvarez Cáccamo confesou que no libro hai unha inquietude ante a idea do fin do amor. Rodríguez Baixeras manifestou que o libro recolle o medo pola perda do amor e da vida compartida.

- AGN, “Seoane gaña o Espiral Maior cun libro sobre o amor trala morte”, *El Progreso*, “Verano”, 25 xullo 2006, p. 75.

Anúnciase o gañador do premio de poesía Espiral Maior, que nesta ocasión é Xavier Seoane pola obra *Para unha luz ausente*. Dise, ademais, que o escritor Jorge Reis-Sá ficou como finalista co seu libro de poemas *Livro de Estimação*. Coméntase que o director da editorial convocante declarou ser o gañador un dos grandes da literatura actual e cualificou o seu poemario como unha obra de madurez que trata os temas clásicos amor e morte de forma ligada.

- Albino Mallo, “En 2007, traslado ó Porto”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xullo 2006, p. 35.

O premio de poesía Espiral Maior vai para o poeta Xavier Seoane polo seu libro *Para unha luz ausente*, segundo recolle esta noticia. Dise que o premio consiste na entrega de 12.000 € e a publicación do libro na editorial convocante. Engádese que no concurso quedou finalista o escritor Jorge Reis-Sá, quen verá publicada a súa obra *Livro das estimações*. A novidade desta convocatoria, segundo o xornal, é a apertura a poemarios en portugués. Coméntase que ao concurso foron enviadas 167 obras de Galicia, España, Portugal, Estados Unidos, Angola e Mozambique.

- C. Bilbao, “Seoane afronta a fatalidade da morte en ‘Para unha luz ausente’”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 26 xullo 2006, p. 76.

Este artigo céntrase en explicar o xiro na poesía de Xavier Seoane, feito que se encontra na súa nova obra gañadora do premio Espiral Maior, *Para unha luz ausente*. Coméntase que a

mudanza poética se debe a unha visión pesimista da existencia e que con esta visión o poema analiza dos dous temas clásicos: amor e morte. Por outra parte, afirmase que é detectábel neste poemario unha destreza técnica importante que se aprecia no dominio de formas, conxugada coa procura expresión directa. Estas características fan da obra un produto da madurez do escritor, segundo se di.

- Alberto Quian, “A plenitude verbal é imposible; a lingua é un instrumento limitado”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 26 xullo 2006, p. 35.

Entrevista ao gañador do premio Espiral Maior, Xabier Seoane, quen fala da súa obra *Para unha luz ausente* e tamén do sentido que para el ten a poesía. Sabemos polas súas palabras que a obra premiada recorre a temas eternos como a morte e o amor e trátaos dunha forma coloquial favorecendo desta forma a comunicación directa. A poesía é o outro asunto tratado e esta é para el igual cá arte de expresar aqueles temas claves da vida do ser humano. Trátase dunha poesía de corte existencial e en que resulta fundamental o recoñecemento da imposibilidade da plenitude vital. A plenitude vital está simbolizada mediante a metáfora do título (é a luz ausente).

- MARÉ, “No espello analóxico da lírica”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 xullo 2006, p. 39.

Xabier Seoane recibe o premio Espiral Maior coa súa obra *Para unha luz ausente*, segundo se anuncia. Dise que os poemas que compoñen esta obra son de carácter existencial e a nivel formal pódese apreciar un seguimento da lingua coloquial ao mesmo tempo que unha importante carga simbólica. Segundo as palabras do autor, esta é unha obra de madurez, idea que coincide coa do xurado que lle outorgou o premio.

XIXº Premio de Poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón”

O Concello de Dodro decide convocar con carácter anual este premio para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. A el poden concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de catrocentos versos. Así mesmo, as obras terán un lema, que figurará no exterior da plica, onde se incluírán os datos persoais do autor. Estabélcese un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra na colección de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Edicións do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado será designado polo Concello de Dodro, e participarán nel personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria; a súa composición farase pública antes de concluír o mes de novembro. Nesta edición, estivo presidido por José Fernando Vila Brión, alcalde de Dodro, e integrado por Mariña Pérez Rey, Olalla Cociña Salgado, Daniel Salgado e Miro Villar, que presentou a súa renuncia antes de efectuarse a votación por posíbel incompatibilidade con algúns dos autores que se presentaban ao premio. Presentáronse un total de trinta e dúas obras. O fallo deuse a coñecer o 9 de decembro deste ano e a obra que resultou gañadora foi *Escoración dos días* de Rafa Villar. O acto de entrega tivo lugar o 17 dese mes no colexio público de Dodro.

Referencias varias:

- MARÉ, “Rafa Villar, Lorenzo Baleirón de poesía”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 decembro 2006, p. 32.

Dise que o Concello de Dodro concedeu o premio Eusebio Lorenzo Baleirón a Rafa Villar por *Escoración dos días*. Coméntase que o premio de poesía está dotado con 2.300 euros e foi entregado no colexio público de Dodro. Sobre o autor premiado, dise que xa gañara outros premios e que é portavoz do movemento “Nunca máis”.

- V.O., “Rafa Villar indaga na fuxida do tempo en *Escoración dos días*”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 decembro 2006, p. 76.

Anuncia que o escritor Rafa Villar recibiu o Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón pola obra *Escoración dos días*. Afirmase que no poemario premiado se trata o tópico do *tempus fugit* e a falta de tempo na sociedade actual. Rafa Villar é definido nesta noticia como un poeta comprometido coa vida pública, dato que demostra feito de que foi portavoz de “Nunca Máis”. Na noticia inclúese a anécdota que lle aconteceu co xurado nesta ocasión, debido a que seu irmán era membro deste.

- MARÉ, “Preocúpame a lingua e a identidade”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 decembro 2006, p. 32.

Informa de que o escritor Rafa Villar gañou o premio Eusebio Lorenzo Baleirón pola súa obra *Escoración dos días*, que será publicada en Edicións do Castro. Di que o premio está dotado con 2.300 euros ademais da publicación da obra. Esta, segundo se afirma, trata o tópico do *tempus fugit*, nun significado adaptado á sociedade actual. Sobre o escritor da obra gañadora coméntase que é licenciado en Filoloxía galego-portuguesa e cofundador do Batallón literario da Costa da Morte e que ten preocupacións de carácter comprometido, como son a lingua e a identidade.

- C.G., “Dodro perpetúa la memoria del poeta Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 18 decembro 2006, p. 19.

Faise eco de que o XIX premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón recaeu na obra *Escoración dos días*, de Rafa Villar. Seguidamente, menciona que o alcalde de Dodro entregará o premio nun acto presentado por Helena Villar Janeiro.

IXº Premio de poesía “Faustino Rey Romero”

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo para estimular a creación literaria en galego e promocionar a figura e obra do poeta isornés. Premiaranse poemas ou conxuntos de poemas escritos en galego, de temática libre e cunha extensión de entre cincuenta e cento cincuenta versos. Deben enviarse por triplicado á Casa da Cultura do Concello de Rianxo, nun sobre pechado sen remite, que conteña á súa vez outro no seu

interior cos datos do autor. O premio, único e indivisíbel, é de 600 euros e o gañador debe asistir á entrega e recitar a súa obra neste acto. A entidade convocante resérvase o dereito de editar a obra, tamén o gañador pode publicala facendo constar a cualidade de gañadora deste certame. O xurado está formado por personalidades relevantes no ámbito da creación e a crítica literaria. Nesta convocatoria o prazo de entrega dos traballos rematou o 27 de novembro.

VIº Premio de poesía “Fiz Vergara Vilariño”

A Agrupación cultural Ergueitos e o Concello de Sarria convocaron este premio co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía e de honrar, ademais, o poeta de Lóuzara que lle dá nome. Conta tamén co apoio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Os traballos han de escribirse en galego, ter unha extensión mínima de catrocentos versos e presentarse no seguinte enderezo: Concello de Sarria, R/ Maior, 14, 27600 Sarria, antes do 31 de xaneiro. O premio consta dunha dotación económica de 3.000 euros e a publicación da obra na editorial Espiral Maior. Ademais de José Antonio García, alcalde do Concello, e presidente do xurado, este estivo integrado por María Lado, Miguel Mato Fondo, Cesáreo Sánchez Iglesias e María Casar, quen actuou como secretaria. Das sesenta e catro obras presentadas na edición de 2006, o fallo do xurado, o día 11 de marzo, sinalou como gañador ao poeta Martín Veiga Alonso polo poemario *Fundaxes*, que se presentou baixo o lema *Un salaio lene*. A finais deste ano fíxose pública a convocatoria da seguinte edición, en que tamén colaboran as Redes Escarlatas, o Consello da Cultura Galega e a Asociación Galega da Lingua.

Referencias varias:

- J.D.E., “Presentadas ya veinte obras al Premio Fiz Vergara Vilariño”, *El Progreso*, “Sarria”, 6 xaneiro 2006, p. 21.

Noticia destinada a dar a coñecer que xa está aberto o prazo para o envío de obras para o premio Fiz Vergara Vilariño. Na noticia explícase quen foi Fiz Vergara Vilariño, un poeta nacido en Lóuzara en 1953 que por causa dunha doenza tivo que recibir coidados da familia despois de estudar bacharelato en Lugo.

- G.U., “O poeta noiés Martín Veiga faise co Fiz Vergara”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 marzo 2006, p. 33.

Anúnciase que o poeta Martín Veiga gañou coa súa obra *Fundaxes* o premio Fiz Vergara. Despois faise unha breve síntese da biografía do autor que naceu en Noia en 1973 e estuda Filoloxía Galego-portuguesa, Na actualidade colabora en prensa facendo traducións de publicacións en inglés para o galego, segundo se di.

- Xesús Durán, “Martín Veiga é o gañador do ‘Fiz Vergara Vilariño’ con *Fundaxes*”, *El Progreso*, “Sarria”, 12 marzo 2006, p. 15.

Dise que o premio do Concello de Sarria Fiz Vergara Vilariño foi entregado en Sarria ao poeta Martín Veiga, quen actualmente é profesor do Centro de Estudos Galegos da universidade irlandesa de Cork. A obra está vinculada á poesía europea e o paso do tempo e a nostalxia que isto produce son os temas dominantes. No acto aproveitouse para exaltar a figura do poeta de Lóuzara e tamén para reivindicar o Día das letras Galegas para este escritor.

- Xesús Durán Estévez, “É unha ledicia engadir o meu nome ó de excelentes poetas”, *El Progreso*, “Sarria”, 27 marzo 2006, p. 11.

O premio Fiz Vergara Vilariño foi outorgado a Martín Veiga Alonso pola súa obra *Fundaxes*. A entrevista que con motivo deste premio se reproduce aquí mostra a temática fundamental que o libro expón: o paso do tempo e as súas pegadas sobre a vida das persoas e das cousas, segundo as palabras do autor. Será a memoria motivo de reflexión nesta obra debido ao seu carácter de conexión do pasado co presente. As imaxes máis usadas están en conexión coa temática do libro, xa que son visuais e sofren algún efecto polo paso do tempo.

XIIIº Premio de Poesía "Miguel González Garcés"

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos, orixinais e inéditos, deberán estar escritos en galego e a súa extensión non debe ser inferior aos trescentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (Alfárez Provisional s/n.) antes do 15 de abril. O xurado, que está presidido por Salvador Fernández Moreda, titular da Deputación da Coruña, estivo integrado nesta ocasión por Celestino Poza Domínguez, responsábel da área de Cultura, ademais de Miguel Anxo Fenán-Vello, Salvador García-Bodaño, Luz Pozo Garza, Henrique Rabuñal e Cesáreo Sánchez. O premio está dotado con 6.050 € e a publicación da obra por parte da Deputación, entidade que poderá sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, e á que se lle entregarán trinta exemplares. Nesta edición, á que se presentaron setenta e nove orixinais, a obra gañadora foi *O pozo da ferida*, de Medos Romero, mentres que o dramaturgo Lino Braxe, con *Alaridos*, resultou finalista. Nas actividades que acompañaron a entrega do premio, que tivo lugar o 9 de novembro na Biblioteca da Deputación da Coruña, figura a edición bilingüe da obra de Luz Pozo, *Prometo a flor de loto*.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, “Convocan o primeiro premio Jesús Núñez de gravado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 35.

Anúnciase que a Deputación da Coruña convoca os prazos para o envío de traballos que participen nos premios de distintas modalidades. Os premios convocados son González Garcés de poesía, Raíña Lupa de literatura infanto-xuvenil, o Manuel Murguía de ensaio. Ademais destes premios, dise que Celestino Poza convoca os tradicionais Dieste de Teatro,

Torrente Ballester de narrativa, Ksado de fotografía, Díaz Pardo de Artes Plásticas, Fraguas de artesanía, Andrés Gaos de música e o novo Jesús Núñez de gravado.

- MARÉ, “Pecha o prazo do ‘González Garcés’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 abril 2006, p. 41.

Noticia destinada a divulgar o aviso de que termina o prazo para presentar traballos á XIII edición do Premio Miguel González Garcés de poesía.

- Albino Mallo, “Coa muller asoballada”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 xuño 2006, p. 43.

Dise que Medos Romero coa súa obra *O pozo da ferida* recibiu o premio González Garcés organizado pola Deputación da Coruña e que está dotado de 6000 euros ademais da publicación da obra premiada. Afirmase que na modalidade accésit, o gañador foi Lino Braxe con *Alaridos dunha civilización humana*, que tamén será publicada pola entidade organizadora, segundo se indica. Tanto a obra de Medos Romero como a de Lino Braxe tratan sobre defectos ou anomalías da sociedade en que vivimos. No caso de *O Pozo da ferida*, céntrase nas mulleres como vítimas das inxustizas. Ambas as dúas obras son moi actuais e duras, afirma.

- Vicente Araguas, “Medos”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 10 xuño 2006, p. 25.

Fai unha exaltación da escritora Medos Romero como poeta, a quen cualifica como unha muller extraordinaria e os seus poemas están feitos con extremo coidado e silencios medidos. Na fin do artigo faise referencia a que a escritora gañou un importante galardón, o González Garcés, entregado cada dous anos.

- Salvador García-Bodaño, “O Premio González Garcés”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 11 xuño 2006, p. 3.

O autor do artigo como membro do xurado conta con pormenor como foi a entrega do premio González Garcés ás obras premiadas *O pozo da ferida*, de Medos Romero e *Alaridos*, de Lino Braxe. Despois da referencia a este feito, García Bodaño detense na explicación do seu encontro nos premios con Celestino Poza Domínguez, que é o neto de Celestino Poza Pastrana, un médico de Pontevedra que co seu fillo foi preso na illa de San Simón no franquismo. O neto deste médico entregalle a separata *A familia Poza: un exemplo de republicanismo e librepensamento en Pontevedra*, obra que o autor agradece pola significación que contén.

- M. Barros, “Medos Romero gaña o González Garcés cun poemario sobre o maltrato á muller”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 28.

Dáse conta da celebración da XIII edición do premio de poesía Miguel González Garcés, cuxa gañadora resultou Medos Romero coa obra *O pozo da ferida*. Expóñense o parecer do xurado e o significado da obra. Recolle as verbas da escritora e fai referencia ao chamado “mundo subdesenvolvido”. Fai alusión a súa anterior obra, *Dubido se matei a Lena* (2000) e céntrase nos dous feitos que inspiraron a Romero. A continuación, transcríbense as palabras de Salvador García Bodaño e finaliza informando do accésit acadado por Lino Braxe.

- EFE, “Medos Romero, premio González Garcés con *O pozo da ferida*”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 novembro 2006, p. 35.

Di que a obra que gañou a XIII edición do González Garcés de poesía é *O pozo da ferida* de Medos Romero e que este libro pretende ser, segundo a autora, a voz das mulleres que están a sufrir brutalidades como SIDA, prostitución, malos tratos ou pobreza, de aí súa linguaxe descarnada. Indica que Lino Braxe resultou finalista con *Alaridos* e que o acto de entrega de premios tivo lugar na Deputación da Coruña.

- MARÉ, “Unha obra necesaria”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 novembro 2006, p. 44.

Noticia da concesión do premio González Garcés á poeta Medos Romero pola obra *O pozo da ferida*, un poemario que denuncia a dor das mulleres vítimas da violencia. A escritora traballa como enfermeira no complexo hospitalario Arquitecto Marcide de Ferrol e xa escribira outras obras de denuncia social, segundo se indica. A obra *A seitura dos tristes* sairá á luz en Follas Novas proximamente. Trátase dunha nova obra de Medos Romero que trata a angustia por unha forma de vida apegada á terra e un paraíso perdido.

- V. Oliveira, “Medos Romero somérxese na dor no libro *O pozo da ferida*”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 novembro 2006, p. 76.

Indica que a escritora Medos Romero gaña o premio González Garcés coa súa obra *O pozo da ferida*, unha obra de denuncia social. Segundo a autora, a denuncia social é un tema con pouca saída na sociedade actual porque é moi difícil que os colectivos se movan. As mulleres como vítimas da violencia tanto no mundo desenvolvido coma no subdesenvolvido é o tema do libro. Anúnciase que proximamente sairá á luz unha nova obra de Medos Romero, *A seitura dos tristes*.

XVº Premio de Poesía “O poeta azul”

Premios de poesía en galego convocados a principios de ano pola Sociedade Artística Ferrolana, que preside Ricardo Díaz-Casteleiro Romero, e que tamén convoca ao longo do ano outros certames literarios, como o Hernán Esquíu, de poesía; relatos de la Mar “Boca de la Ría” (galego e castelán); narracións curtas “Alvaro Paradela” e de Poesía de la Mar Brisa Marina. Os orixinais poden presentarse até o 31 de outubro deste ano e o fallo do xurado terá lugar o 5 de febreiro do 2007. O xurado está composto por Ricardo Díaz-Casteleiro Romero, en calidade de presidente, Jaime Concheiro del Río, Carlos Barcón Collazo, JR de Dolarea, Juanjo Rodríguez, África Otero, Manuel Vázquez Méndez, José Ramón Vázquez Martínez e Pepa Antón. O 13 de maio deste ano tivo lugar a entrega do galardón á gañadora da decimocuarta edición, pertencente ao ano 2005, e que recaeu na catedrática, escritora e poeta Cristina Amenedo, co poema *Relembro da miña aboa Amaro*. O accésit correspondeulle á poeta Aurora Varela polo poema *Emocións*.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Amenedo conquista un premio de poesía y aparecen grabaciones de

García y Quiroga”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 6 xaneiro 2006, p. 72.

Indícase que o premio da Asociación Artística Ferrolana vai nesta edición para Cristina Amenedo polo seu libro de poesía en galego e que na vertente en castelán vai para Francisco Vila Fuentes e, para Mario Quirós Lobo, o premio de narracións curtas.

XXVIº Premio “Esquíu” de Poesía

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Estabelécense dous premios indivisíbeis de 9.000 euros con cadanseu accésit de 1.500 euros para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. Poderán concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estean escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicarase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais terán que ser inéditos e non premiados noutro certame. Enviaranse antes do 31 de xullo por cuadruplicado, mecanografiados a dous espazos e baixo plica, á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregaranse en man en calquera oficina da Caixa Galicia. Os traballos premiados serán propiedade dos respectivos autores, a excepción da primeira edición, que será publicada pola Fundación Caixa Galicia na colección “Esquíu de Poesía”. O xurado estará composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou da creación poética. Respecto da edición do 2006, presentáronse cento cincuenta e sete traballos, cento seis en castelán e cincuenta e un en galego. O xurado galego estivo formado por Xulio López Valcárcel, Vicente Araguas, Xulio López e Julia Uceda. O acto de entrega tivo lugar o 21 de decembro na Aula de Cultura de Caixa Galicia e nel premiouuse na categoría de lingua galega a Luz Pichel con *Casa Pechada*, a súa primeira obra en galego. O autor compostelán Xavier Lama recibiu o accésit por *Tigres como Fausto con ollos de bruma*. Na categoría de lingua castelá foron galardoados José Luis Jiménez-Frontín por *Veintiocho cantos augurales* e co accésit, Jesús Aguilar, por *Meldegar*.

Referencias varias:

- M.J. Rico, “César Antonio Molina: ‘He sido un poeta que no ha transigido en nada, he seguido mi camino’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 17 outubro 2006, p. 8.

Indícase que o director do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, inaugurou as xornadas literarias que preceden a entrega do premio Esquíu. No seu discurso comentou en que consistía o seu universo literario: unha forma de explicar o mundo en que vivimos. O escritor tamén falou da súa relación coa terra natal, o mar da Costa da Morte e o río Eume, e sobre ela pretende publicar en galego unha obra titulada *Cen poemas do río Eume*, segundo se indica. Dise, ademais, que en Espiral Maior xa está publicada unha obra que fala da relación coas orixes cuxo título é *Soños nos cantís*.

- M.J. Rico, “Javier Reverte: ‘El viaje es un momento de libertad y cada uno escoge cómo hacerlo’”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 18 outubro 2006, p. 12.

Comenta que o escritor Javier Reverte participou nas xornadas literarias do Esquíu e na súa conferencia explicou como se preparan as viaxes sobre as que despois vai escribir un libro. A última viaxe que realizou foi a Alaska e Canadá e dela saíu a súa obra máis recente, *La aventura de viajar*. No acto aproveitou para expor as súas ideas en contra do choque de civilizacións. Indícase que a conferencia tivo lugar na sede da Fundación Caixa Galicia e Xavier Alcalá encargouse de presentar o acto.

- Xosé V. Gago, “Obras escritas en Barcelona y Madrid triunfan en el Esquíu 2006”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 outubro 2006, p. 45.

Fálase do premio Esquíu, que na modalidade de lingua galega foi para *Casa pechada*, de Luz Pichel González, unha obra que trata sobre o impacto da tecnoloxía no mundo rural; dise que na vertente de lingua castelá foi para José Luís Jiménez pola súa obra *Veintiocho cantos augurales*, e que ambos os textos serán editados pola colección Esquíu e os autores recibirán 9.000 euros. Os accésit foron para Xavier Lama López pola obra *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, unha obra con profunda carga intelectual; e en lingua castelá para *Las últimas hojas* de Jesús Aguilar Marina.

- Vicente Araguas, “Tropezóns”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 21 outubro 2006, p. 25.

Crítica a Juan Fernández polo discurso pronunciado na celebración dos premios Esquíu. O autor do artigo formaba parte do xurado e di que foi albo de crítica por parte de Juan Fernández, que ao parecer considera que a escrita do membro do xurado comete tropezóns.

- Vanesa Oliveira, “Luz Pichel debuta en galego coa lembranza dunha Galicia rural”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 21 outubro 2006, p. 75.

A gañadora do premio Esquíu Luz Pichel coa súa obra *Casa Pechada* explica como foi a xénese da obra: escribiu este libro cando estaba a recoller a casa da súa infancia para levar a nai, con problemas de memoria, a Madrid, onde ela vive dende os anos 70 e traballa como profesora de lingua e literatura castelá. O libro fala sobre a necesidade de conservación dos obxectos e das xentes ante un mundo que está a mudar. A escritora confesa dominar pouco a lingua galega debido á súa educación en castelán, lingua na que xa publicou outros libros tamén merecedores de premios como é o caso de *La marca de los potros* ou *El pájaro mudo*. O seu próximo libro *Bestiario de Alén* vai ser publicado en castelán e galego.

- M.J.R., “O Premio Esquíu bendí a estrea en lingua galega de Luz Pichel”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 21 outubro 2006, p. 15.

A poeta Luz Pichel conta a súas experiencias persoais coa lingua galega e os motivos de non escribir antes na súa lingua nai. Esta autora do Deza leva corenta anos vivindo en Madrid e lembra a súa etapa como galegofalante como unha etapa en que sufriu moita humillación. O poemario pretende facer un canto ás cousas do pasado que foron válidas algún día e que por esta razón se deberían conservar.

-MARÉ, “As marabillas e os estragos do tempo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 outubro 2006, p. 33.

Refírese á gañadora da XXVI edición Premio Esquíu, Luz Pichel (Pontevedra, 1947), que debuta nas letras galegas con *Casa pechada*. Despois de dicir que foi gañadora doutros premios en 1990 e en 2004 en lingua castelá, céntrase na temática da obra gañadora do Esquíu a través das palabras da autora, quen tamén informa da próxima publicación do seu último libro, *Bestiario de Alén*, que quere publicar en galego e castelán. Remata mencionando o accésit a Xavier Lama con *Tigres como fausto con ollos de bruma*, na modalidade de galego e na modalidade de castelán o galardón recaeu na obra *Vinte e oito cantos augurales*, de José Luis Giménez-Frontín, e o accésit foi para *Meldegar*, de Jesús Aguilar Marina.

- Julia María Dopico Vale, “Esquíu y Resonet”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 22 outubro 2006, p. 24.

Neste artigo de opinión a autora céntrase en gabar o grupo musical que precedeu a entrega dos Premios Esquíu. O grupo musical Resonet introduciu o público no universo da poesía medieval con composicións de enorme beleza tanto a nivel musical como literario. A autora dirixe palabras de admiración para os premios Esquíu pola súa antigüidade e importancia na actualidade.

- Araceli Silva, “As miñas nubes son as de Alén e toda a miña obra orixinouse alí”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, nº 329, “Entrevista”, 29 outubro 2006, p. 16.

A entrevista a Luz Pichel gañadora do premio Esquíu está centrada en preguntas de carácter biográfico e literario. A escritora naceu no mundo rural, en Alén, e neste lugar da comarca do Deza pasou a súa infancia, que cualifica de tenra e dura. Despois de realizar os primeiros estudos nesta aldea, foi para Lugo, cidade que non a acolleu ben e a desprezou por falar en lingua galega; de Lugo marchou Santiago a estudar Filoloxía e a partir dos anos setenta viviu en Madrid, cidade na que actualmente traballa como docente de lingua e literatura castelá. O pasado e a paisaxe do Deza significaron moito para a escritora, quen introduce moitas veces estes motivos como centro dos poemas. Pichel laméntase do estado de abandono en que están as casas e muíños da súa terra, elementos que noutro tempo foron vitais e este é un tema que está presente na obra que resultou gañadora. Na entrevista hai tamén unha referencia á obra que a está a ocupar actualmente, *Bestiario do Alén*, que tamén trata sobre o mundo rural pero centrándose nos animais domésticos.

- A.N.T., “Tres mulleres para tres premios”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Cultura”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 25.

Dise que Luz Pichel gañou o premio Esquíu 2006 de poesía con *Casa pechada*; *Ocaso Otero* de Claudia Grandal recibiu o Álvaro Cunqueiro de teatro; e *Boas noites*, de Paula Carballeira o Manuel María para obras dramáticas infantís e xuvenís. Coméntase que a obra de Luz Pichel trata sobre a o mundo rural como espazo en destrución; *Ocaso Otero* presenta unha reflexión sobre o mito da Bela Otero; e a obra gañadora do Manuel María céntrase no tema do estres infantil.

- José A. Ponte Sar, “A propósito do Esquíu”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 187, “Na solaina”, 18 novembro 2006, p. 7.

O artigo de opinión fai unha aprobación das entidades organizadoras do premio Esquíu por faceren posíbel que a literatura galega e tamén a castelá continúen avanzando. O autor do artigo considera que o premio Esquíu constitúe todo un referente na actualidade e demostra a súa importancia o feito de que as persoas gañadoras son autores hoxe en día consagrados na literatura galega.

- AGN, “Luz Pichel recolle hoxe o Premio Esquíu en Ferrol”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 21 decembro 2006, p. 77.

Fai referencia á cerimonia de entrega de galardóns do Premio Esquíu de Poesía, que tivo lugar en Ferrol. Menciona os gañadores: Luz Pichel e Xavier Lama, quen recibiu un accésit, en lingua galega; en lingua castelá, José Luis Jiménez-Frontín e o accésit para Jesús Aguilar.

- M.J.R., “A poesía protagonizou a velada na que se presentaron os libros gañadores do Esquíu”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 22 decembro 2006, p. 12.

Di que os gañadores do premio Esquíu foron na sección en lingua galega Luz Pichel con *Casa pechada* e na modalidade accésit, Xavier Lama con *Tigres como Fausto con ollos de bruma*. Xulio López Valcárcel, membro do xurado desta modalidade, asegura que foi difícil a elección, dado que había traballos de moito nivel. Na modalidade en lingua castelá os premios foron para Giménez-Frontín con *Réquiem de esferas* e Jesús Aguilar Marina con *Las horas anónimas*. Como dato curioso, sinálase na noticia que concorreron neste certame 157 orixinais, a maioría (106) en castelán. Afírmase que para a literatura en lingua galega este premio supón unha plataforma de proxección de autores.

- Araceli Silva, “A poesía non a elixes, elíxete ela”, *El Progreso*, “Cantón”, 24 novembro 2006, p. 7.

Na entrevista a Luz Pichel, gañadora do premio Esquíu, esta explica como comezou a escribir e quen a introduciu no mundo da poesía. A escritora nacida no Deza conta que foi a seu pai a quen acompañaba camiño do muíño e lle cantaba coplas, moitas creadas por el mesmo; di que foi esta a súa experiencia persoal que a introduciu no mundo da poesía. Luz Pichel fala nesta entrevista do imaxinario poético da súa obra *Casa Pechada*; segundo a poeta, é a simboloxía da natureza do Deza o núcleo central. Finalmente, inclúese nesta entrevista unha pregunta referida á súa relación coa lingua galega: a escritora di que tardou tanto en escribir en galego porque a poesía nesta lingua supuña “enfrentarse a monstros”.

- Julia María Dopico Vale, “Esquíu”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 31 decembro 2006, p. 22.

Artigo de opinión no cal se analiza a obra gañadora do premio Esquíu na vertente en lingua castelá *Réquiem de las esferas* de José Luis Jiménez-Frontín. A obra dividida en tres partes presenta unha reflexión sobre o cosmos e o mundo dos homes.

IVº Premio “Uxío Novoneyra” de Poesía

Convocado bianualmente polo Concello das Pontes, está dotado, nesta edición, con 5.000 euros máis a publicación da obra gañadora. As obras gañadoras en edicións anteriores son

Banzados, de Xosé Vázquez Pintor, e *Sucedo*, de Daniel Salgado. Nesta ocasión, o xurado, formado por Xulio Valcárcel, Teresa Seara e Daniel Salgado, decidiu premiar a obra *Xardín de palabras*, de Diana Varela Puñal, que será editada por Espiral Maior. O acto de entrega tivo lugar o 19 de xaneiro na Casa Dopeso.

Referencias varias:

- M.J.R., “Sinto unha sensación de alivio ó ver que o que quero transmitir chega ós demais”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 16 decembro 2006, p. 13.

A avogada de Corme Diana Varela acaba de ver premiada a súa obra no certame de Mondoñedo e unha semana despois gaña o Uxío Novoneyra con *Xardín de palabras*; as dúas obras serán publicadas en Espiral Maior, unha editorial que segundo a escritora ten obras de grande calidade. Diana Varela afirma que hai numerosos escritores que son para ela dignos de admiración, entre os que están Rosalía de Castro, Pimentel, Novoneyra ou Juan Ramón Jiménez.

- Xosé Cendán, “La joven de 25 años Diana Varela gana el premio de poesía ‘Uxío Novoneyra’”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 15 decembro 2006, p. 17.

Anúnciase que Diana Varela Puñal recibiu o premio Uxío Novoneyra que convoca o concello das Pontes coa súa obra *Xardín das palabras*, libro que consta de vinte poemas de carácter intimista. Segundo a autora, esta é unha obra que aínda non está terminada.

X.3. TEATRO

Iº Certame de “Café Teatro” de Vigo

Iniciativa do grupo de Teatro Luna e o Pub Wallace, de Vigo; desenvolveuse dende o 4 de outubro até o 13 de decembro de 2006 neste local. Os grupos participantes representarán as súas obras todos os mércores a partir das 22:00 horas e o xurado formarao o público asistente. Nesta primeira edición participaron Teatro Luna ou Eva Aral, con *Obsesiones*, entre outros.

Referencias varias:

- N.A., “Una alternativa de ocio para la noche viguesa”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 10 outubro 2006, p. 8.

Anuncia o comezo do I Certame de Café Teatro de Vigo, recollendo as declaracións dos seus organizadores. Destácase a intención de facer participar o público, que se constitúe en xurado das obras participantes, e sinálase como característica do café teatro a ruptura da cuarta parede. Saliéntase a boa acollida por parte do público e mais a ausencia de subvencións para a realización do certame, que contou, entre outros, cos artistas Eva Aral ou Teatro Luna.

Certame de Teatro Enxebre

Este certame está convocado, desde o ano 2000, polo Concello do Grove e a Asociación Cultural Enxebre, e vai dirixido a colectivos teatrais non profesionais. Cómpre que os interesados envíen aos organismos convocantes os textos das súas obras máis unha copia en formato audiovisual.. Nesta edición de 2006, que tivo lugar entre o 28 e o 30 de decembro, participaron os grupos locais Roza do Pedrol e Enxebre, ademais da pontevedresa Porta Aberta, coas obras *A Pousadeira*, *As árbores morren de pé* e *Homes*, respectivamente.

XVº Premio “Álvaro Cunqueiro” para textos teatrais

Premio instituído polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Os interesados deben remitir ou entregar nas oficinas do IGAEM os seus textos inéditos, escritos en galego normativo, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, a excepción das pezas de teatro breve. O premio está dotado con 6.000 euros e a obra premiada é publicada. Nesta edición, o xurado escolleu a obra *Ocaso Otero*, de Manuel Guede Oliva, que se presentou baixo o seudónimo de Claudia Grandal.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, “Sobre retornosa posibles e imposibles”, *Naz-ón*, nº 4, “Teatro”, 2006, p.30-1

Comenta o estupor do xurado e organizadores do Premio Álvaro Cunqueiro ao saber a través dos xornais que detrás de Claudia Grandal, autora do texto premiado, se atopaba Manuel Guede. Salienta que este é un enfrontamento máis que Guede sostén coa Consellaría de Cultura dende que deixara de ser director do Centro Dramático Galego. Pregúntase se Guede recibiría un premio convocado polo IGAEM de non ocultarse baixo un seudónimo ao mesmo tempo que menciona a ausencia dunha fronteira entre a dimensión política e a teatral. Remata comentando a obra gañadora, que se centra na figura da Bella Otero, e recomenda a súa lectura como un exercicio literario fóra do escenario.

- Rubén Ruibal, “¡Non me jodas! Desafogo polo Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais”, *Revista Galega de Teatro*, nº 48, “Espazos”, outono 2006, pp. 75-76.

Recorda cando a el lle concederon o Premio Álvaro Cunqueiro o ano pasado. Desafoga contando os acontecementos daquel momento, lamentando que nin sequera houbo un “triste xantar”, nin placa do galardón. Menciona tamén que a única compañía que pediu os dereitos do texto ao IGAEM para presentalo ás axudas, Teatro Cachuzo, quedou fóra das empresas subvencionadas. Ademais, critica a situación actual do teatro galego, a escaseza de axudas económicas para os autores galegos entre os espectáculos favorecidos coa subvención, así como o incumprimento dunha das bases do premio na que se sacaría a concurso a obra gañadora para que puidese ser representada polas compañías que desexen optar a concurso, non podendo mesturar as subvencións cos premios. Remata alentando á lectura da obra,

Limpeza de sangue, editada por Xerais.

- MARÉ, “O Cunqueiro e o Manuel María danse a coñecer hoxe”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 outubro 2006, p. 43.

Breve anuncio do fallo destes dous premios. Indica que ao primeiro optan vinte e catro obras, mentres que para o segundo, dotado con 4.000 euros, cóntase con vinte e cinco candidatas.

- MARÉ, “En brazos da ‘Bella Otero’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 outubro 2006, p. 34.

Comeza preguntándose quen é Claudia Grandal, alcume baixo o cal se esconde a gañadora da última edición do Premio Álvaro Cunqueiro de teatro coa obra titulada *O caso do Otero*. Este caso é inédito na historia do máis prestixioso premio de Literatura dramática de Galicia. A continuación, céntrase na obra premiada, que volve sobre a vida de Carolina Otero, “La Bella Otero”. Finalmente, refírese ao fallo doutro premio, a I edición do Premio Manuel María de textos teatrais para novos, que recaeu en Paula Carballeira por *Boas noites*, obra que centra a súa trama no estrés infantil.

- MARÉ, “A peregrina historia do Cunqueiro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 outubro 2006, p. 34.

Salienta a polémica suscitada ao enterase o IGAEM pola prensa de quen é Claudia Grandal, o pseudónimo que Manuel Guede adoptou para presentarse ao Premio Álvaro Cunqueiro, do que resultou gañador.

- A.N.T., “Tres mulleres para tres premios”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Cultura”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 25.

Dise que Luz Pichel gañou o premio Esquío 2006 de poesía con *Casa pechada; Ocaso Otero* de Claudia Grandal recibiu o Álvaro Cunqueiro de teatro; e *Boas noites* de Paula Carballeira, o Manuel María para obras dramáticas infantís e xuvenís. Indícase que a obra de Luz Pichel trata sobre a o mundo rural como espazo en destrución; *O caso Otero* presenta unha reflexión sobre o mito da Bela Otero; e a obra gañadora do Manuel María céntrase no tema do estrés infantil.

- Xosé Lueiro, “Palabra de Claudia Grandal”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “A contrabutaca”, 3 novembro 2006, p. 4.

Entrevista a Manuel Guede como gañador deste premio baixo un pseudónimo feminino, Claudia Grandal. O autor cualifica este galardón como “unha victoria moral” e fala da súa saída polémica do CDG e dos diferentes acontecementos que propiciaron, segundo el, este feito. Remata ofrecendo a súa opinión sobre a actual política do CDG en contraposición á liña que seguiu a compañía institucional mentres el estaba á fronte.

VIº Premio de Interpretación Teatral “Maruxa Villanueva”

O Concello de Padrón convoca este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case

tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. A el poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce que representa o busto de Maruxa Villanueva. O xurado desta edición decidiu premiar a Xan Cejudo, quen formou parte do elenco de *Tío Vania*, de Factoría Teatro e *Seis personaxes na procura de autor*, do Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- C.G., “Quieren dar un giro al Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 xaneiro 2006, p. 36.

Faise eco da proposta, por parte do departamento de Cultura do Concello de Padrón, de dar un novo impulso a este premio a través da modificación das bases e da posibilidade de cambiar a data do fallo, que agora está establecida no 27 de novembro.

- M.M.O., “Cejudo gana el galardón Maruxa Villanueva y Casas se alza con el Cela”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 setembro 2006, p. 33.

Fai referencia ao acto de entrega de dous galardóns artísticos no Concello de Padrón: o Maruxa Villanueva, que foi a mans do actor Xan Cejudo, e o Camilo José Cela de narrativa na edición de 2005, para o filólogo Juan Casas. Seguidamente, céntrase en cada un deles, salientando que o primeiro vai dirixido a actores ou actrices que participan en obras tetarais en galego. Do Camilo José Cela, menciona o título da obra gañadora, *As sombras de Perseo* e a contía do premio, 2.000 euros.

XIIIº Premio de Teatro “Rafael Dieste”

Este premio, que non se convocara dende o ano 2001, creouse coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome. A Deputación Provincial da Coruña, entidade convocante, estableceu que ao XIº Premio de Teatro “Rafael Dieste” poderán optar todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel, dotado con 6.500 euros. A Deputación publicará a obra premiada e reservarase durante un prazo de dezaioito meses os dereitos de editala e de representala, e entregará ao gañador trinta exemplares, do mesmo xeito que poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor. As obras serán de tema e extensión libres, e presentaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema, na plica constará o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do

concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posíbel única, e é necesaria a asistencia dos dous tercios dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. Ao ser un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, valoraranse positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etc. O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para resolver o premio. Nesta convocatoria o prazo de admisión de orixinais rematou o día 15 de abril e os textos foron enviados á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006, A Coruña, coa indicación no sobre “XIIIº Premio de Teatro Rafael Dieste”.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Gustavo Pernas fai un ‘Final de película’ contra o fanatismo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 23 febreiro 2006, p. 38.

Dá conta da presentación da obra premiada co “Rafael Dieste” en 2005, *Final de película*. No acto participaron o seu autor, Gustavo Pernas, ademais de Damián Villalaín e Celestino Pozas. Recolle as palabras do presidente provincial, quen sinalou que a compañía Áncora Producións será a responsábel da montaxe, así como do autor, quen afirmou que na obra se expón “a construción da sociedade sobre a base do odio”.

- Mercedes García-Nieto, “Gustavo Pernas, director da peza, foi galardoado co Max 2006, como mellor autor galego”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 30 abril 2006, p. 25.

Faise eco da representación de *Final de película*, de Gustavo Pernas Cora, premio de Teatro Rafael Dieste 2005, no Auditorio Municipal de Vilagarcía, a cargo da compañía Ancora Producións. Comenta os principais liñas argumentais e a posta en escena da obra, centrándose nos catro personaxes principais. Remata ofrecendo a dirección web na que se poden adquirir as entradas cun prezo de seis euros en butaca, cinco no primeiro anfiteatro, catro no segundo e tres euros no terceiro.

Iº Premio “Diario Cultural de Teatro Radiofónico”

Convocado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, coa intención de recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. O xurado poderá designar catro finalistas como máximo, mais resérvase a facultade de declarar deserta a convocatoria. A esta, que se fixo pública o 1 de decembro de 2006, poderanse presentar os guións dramáticos, cunha previsión de duración de 15 a 20 minutos, orixinais, inéditos e escritos en lingua galega. O elenco non debe superar os cinco personaxes e as obras serán de temática libre.

Referencias varias:

- E.P., “Radio Galega y el CDG convocan un galardón para guiones dramáticos”, *El Correo Gallego*, “Comunicación”, 2 decembro 2006, p. 77.

Noticia da convocatoria do I Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, en que se ofrecen datos sobre as bases dadas a coñecer nun acto público polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, o director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia, a directora do Centro Dramático Galego e a coordinadora do programa da Radio Galega “Diario Cultural”. Segundo estes, a iniciativa trata de cumprir coa función do servizo público e de promocionar o teatro.

IVº Premio Internacional “Barriga Verde” de Textos para Teatro de Monicreques

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) da Consellaría de Cultura e Deporte, en colaboración coa Asociación Cultural Barriga Verde. Posúe un carácter internacional, de xeito que poden presentarse autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Divídese en dous apartados, dotados con 4.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, por unha banda; e textos escritos para o público adulto, pola outra. Nesta edición o xurado integrárono Marilar Aleixandre, Xosé Cermeño, Jorge Rey e Anxo García. Decidiron premiar na categoría de monicreques para nenos a Breogán Riveiro por *O afundimento do Tiránic*, presentada baixo o lema *Batel*. A categoría de textos para adultos quedou deserta.

Referencias varias:

- J.R.S., “Breogán Riveiro faise coa Barriga Verde”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 novembro 2006, p. 32.

Informa brevemente da decisión do xurado dos premios Barriga Verde, que premiou a obra de Breogán Riveiro *O afundimento do Tiránic*, na categoría de textos de monicreques para nenos. Apunta o argumento da obra e as declaracións do xurado, ademais de afirmar que o gañador recibirá 4.000 euros.

Xº Premios “María Casares”

Creados en 1997 e organizados pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia como recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega. Nesta décima edición o fallo dos premios coñeceuse o 28 de marzo nunha gala celebrada no teatro Rosalía da Coruña. Dos trece galardóns, recaeron cinco na compañía Factoría Teatro, xa que o espectáculo *Tío Vania* conseguiu o premio á mellor dirección (Cristina Domínguez), mellor espectáculo, mellor actor principal (Xan Cejudo), mellor actriz principal (Anabel Gago) e mellor adaptación (Alexandra Koss). O galardón ao mellor actor secundario mereceuno Jouse García, por *Seis personaxes na procura de autor*, do Centro Dramático Galego; o mellor texto orixinal foi *García*, de Cándido Pazó; a mellor iluminación mereceuna Baltasar Patiño, de Matarile Teatro, por *Historia Natural*; a mellor escenografía, *La faust und volk*, por *O Heroe*,

de Sarabela Teatro; a mellor música merecérona Antón Pulido e Caramuxo, por *Vento Mareiro*; a mellor maquillaxe, Paloma Unieda, por *García*, de Teatro do Adro; e o mellor vestuario, Carlos Alonso, por *Tío Vania* e Ruth Díaz, por *O heroe*.

Referencias varias:

- E.P., “Competición feminina”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 febreiro 2006, p. 34.

Faise eco das obras favoritas para acadar o Premio de teatro María Casares: *Tío Vania*, de Factoría Teatro, e *Historia natural*, de Matarile teatro. Informa da preparación da gala no Teatro Rosalía da Coruña, así como do nome das competidoras polo galardón á mellor dirección: Ánxeles Cuña Bóveda, Ana Vallés e Cristina Domínguez. Segue mencionando os candidatos a outras categorías, como mellor actor protagonista, mellor actriz protagonista, mellor texto orixinal e escenografía.

- Sonia Torre, “Diez nominaciones a los María Casares”, *La Región*, “Teatro”, 16 febreiro 2006, p. 75.

Informa que Sarabela Teatro acumula dez nominacións para esta edición dos “María Casares”, pola súa montaxe *O heroe*, de maneira que iguala a Factoría Teatro, con *Tío Vania*, e a Matarile Teatro, con *Historia natural*. Sinala ademais outros nominados noutras categorías, como mellor dirección, mellor actor, mellor actriz de reparto, mellor texto orixinal, escenografía, iluminación, etc. A cita terá lugar o 28 de marzo no Teatro Rosalía da Coruña, segundo se anuncia.

- MARÉ, “No teatro mandan as mulleres”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 marzo 2006, p. 42.

Alude á gala de entrega dos Premios de Teatro María Casares, da que salienta a presenza feminina nas nominacións. Dise que Lino Braxe será o encargado da dirección e presentación da gala e informa da hora de comezo. Sinala que será retansmitida pola TVG. Despois ofrece algúns datos relevantes do acto, como o Premio de Honra a Dorotea Bárcena, a primeira muller en dirixir teatro en Galicia. Remata salientando as nominacións de tres mulleres para o galardón de mellor dirección.

- Elena Ponte, “El teatro gallego celebra diez años de sus premios María Casares”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña CGS”, 24 marzo 2006, p. 17.

Faise eco da presentación da próxima gala de celebración dos dez anos destes premios. Ademais de mencionar o lugar e a hora da celebración, ofrece información sobre a presentación a cargo de Lino Braxe, así como sobre as distintas nominacións, salientando o feito de que se trata dunha edición moi feminina.

- Fran P.Lorenzo, “O teatro homenaxea a radio na gala dos seus premios anuais”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 marzo 2006, p. 37.

Informa da celebración no Teatro Rosalía da Coruña da cerimonia anual da escena galega, dirixida nesta ocasión por Lino Braxe, que pretende rendir homenaxe aos espazos

radiofónicos dos anos cincuenta e sesenta.

- Tere Gradín, “Memoria de una diva gallega”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, “Teatro”, 25 marzo 2006, p. 4.

Co gallo dos dez anos do seu pasamento, fálase da traxectoria profesional de María Casares e salientábase, entre os actos conmemorativos, a gala de entrega dos premios de teatro que levan o seu nome, que terá lugar o 28 de marzo no Teatro Rosalía da Coruña. Remata mencionando outros actos a prol de recuperar a figura desta lexendaria actriz, tanto en Francia como en Galicia.

- Camilo Franco, “Tío Vania’ gaña os María Casares menos unánimes dos últimos anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 29 marzo 2006, p. 50.

Informa da exultante victoria de *Tío Vania* na gala dos Premios María Casares, entre eles o de mellor dirección para Cristina Domínguez, e refírese a este resultado como o menos unánime dos últimos anos. Ademais, describe brevemente a gala de entrega dos premios, que deixou para o último lugar o premio á mellor actriz, e destácase a presenza da música para lembrar a María Casares.

- AGN, “Tío Vania’ se alza como ganadora de los ‘María Casares’”, *El Progreso*, “Cultura”, 30 marzo 2006, p. 89.

Faise eco do resultado final dos Premios María Casares, en que foi a clara vencedora *Tío Vania*. Menciona ademais os premios que conseguiron as outras dúas favoritas, *O heroe* e *Historia natural*: mellor escenografía, mellor vestiario e mellor iluminación. Salienta o “toque feminino” desta edición.

- Ana Rodríguez, “A nova directora do CDG triunfa nos María Casares coa súa montaxe”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 30 marzo 2006, p. 38.

Dá conta dos distintos galardóns que a obra *Tío Vania*, de Factoría teatro, conseguiu nos Premios María Casares: mellor vestiario, mellor adaptación e tradución, mellor dirección e tres das catro distincións de interpretación. Salienta tamén a entrega do premio de honra “Marisa Soto” a Dorotea Bárcena e recolle parte do discurso desta.

- MARÉ, “O ‘Tío Vania’ arrasa nos galardóns María Casares”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 30 marzo 2006, p. 37.

Cualifica de victoria total a de *Tío Vania* nos Premios María Casares ao levar os galardóns máis importantes: mellor dirección, mellor actor e actriz principais, mellor tradución, entre outros. Considera como a gran derrotada a obra *O heroe*, en versión de Sarabela teatro, que partía como favorita. Menciona ademais os distintos galardóns noutros apartados.

- Sonia Torre, “Jouse García se levou la jarra”, *La Región*, “Teatro”, 30 marzo 2006, p. 75.

Despois de facer referencia á entrega dos galardóns máis importantes destes premios, centra a atención na figura de Jouse García, da compañía Nove-Dous, que recolleu o premio como

mellor actor secundario polo seu traballo en *Seis personases na procura de autor*, do CDG.

- A.N.T., “Cristina Domínguez e Tío Vania principais gañadores dos ‘María Casares’ de teatro”, *A Nosa Terra*, nº 1.217, “Cultura”, 30 marzo-5 abril 2006, p. 24.

Logo de referirse á gala de entrega dos Premios María Casares, salienta a clara vitoria de *Tío Vania* e de Cristina Domínguez, quen recibiu cinco dos nove galardóns para os que estaba nominada a obra. Seguidamente, fala do proceso de votación e fai alusión á entrega do Premio “María Soto” a Dorotea Bárcena pola súa adicación á profesión teatral.

- Tempos Novos, “As artes escénicas de gala”, *Tempos Novos*, nº 107, “Cataventos”, abril 2006, p. 12.

Comenta as dúas principais galas das artes escénicas galegas, a dos premios de teatro María Casares e o certame do audiovisual Mestre Mateo. Respecto da primeira, menciona que tivo unha marcada presenza feminina: as directoras Ánxeles Cuña, de Sarabela Teatro, e Cristina Domínguez, de Factoría Teatro; ou a gañadora do premio de honra Marisa Soto, que foi este ano para Dorotea Bárcena. Informa ademais dos premiados nesta nova edición, salientando o traballo de Factoría Teatro, con sendos galardóns, coa obra *Tío Vania*: mellor adaptación, mellor dirección, actriz protagonista, actor principal, mellor vestiario e espectáculo máis destacado. Outras compañías merecedoras de premio foron Sarabela Teatro, con *O heroe*, que levou dous premios, e Teatro do Adro, con *García*, con dous galardóns.

- J.A. Martínez Sevilla, “Espectáculo guay”, *El Ideal Gallego*, “La Columna”, 1 abril 2006, p. 22.

Crónica do espectáculo do acto de entrega dos Premios de Teatro María Casares, que contou coa colaboración de institucións autonómicas e privadas e coa presenza de personalidades e autoridades. Dise que resultou finalmente gañadora a obra *Tío Vania*, de Factoría Teatro, posto que acadou o galardón á mellor obra, xunto con outros premios máis.

- Juan Fernán, “Semana teatral”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, “Vivir en A Coruña”, 2 abril 2006, p. 6.

Fai referencia a diversos acontecementos desta semana, moi vinculada ao teatro: Día Mundial do Teatro e entrega dos premios María Casares, que tivo como maestro de cerimonias a Lino Braxe e como clara vencedora á obra *Tío Vania*, que acaparou cinco dos trece galardóns. Fai mención ademais aos gañadores dos diferentes apartados, así como ás distintas personalidades da cultura galega que acudiron a este acto.

- Yolanda Castaño, “Premios María Casares”, *Galicia Hoxe*, “Días (des)contados”, 2 abril 2006, p. 44.

Cualifica de “simpático” o espectáculo organizado para a entrega destes premios, lembrando o dourado “swing” do ambiente radiofónico dos anos cincuenta. Refírese á *Tío Vania* como clara vencedora desta edición

IXº Premios “MAX” de teatro

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais do ámbito do espectáculo. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en distintos apartados, como autores, tradutores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que son elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tívose tamén en conta as outras linguas do estado. Deste xeito, nesta edición optaron ao mellor texto en galego os dramaturgos Eduardo Alonso, Cándido Pazó e Gustavo Pernas; resultou gañador este último, pola obra *Paso de Cebra*, como se deu a coñecer na gala de entrega que tivo lugar o 13 de marzo no Teatro Musical de Barcelona. Ademais, Teatro do Adro figurou como a compañía galega aspirante a Mellor Espectáculo Revelación.

Referencias varias:

- MARÉ, “Uns Max rifados”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xaneiro 2006, p. 37.

Faise eco da celebración das primeiras votacións destes premios, que contan cunha preselección bastante numerosa de galegos: Druida danza opta ao mellor espectáculo de danza; como mellor empresario compiten Áncora Produccións, Teatro do Adro, Teatro do Noroeste e Suspiro Producciones. Moncho Borrajo, con sete candidaturas, José Luís Prieto, Cándido Pazó, Eduardo Alonso e Gustavo Pernas, optan, pola súa banda, a mellor autor teatral en galego. Informa que o 31 de xaneiro sairá a lista definitiva de finalistas e a gala de entrega terá lugar o 13 de marzo en Barcelona.

- MARÉ, “Pazó, Alonso e Pernas nos Max menos galegos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 febreiro 2006, p. 40.

Refírese aos tres galegos seleccionados para competir nesta edición dos Premios Max na categoría de mellor autor teatral en galego: Cándido Pazó, Eduardo Alonso e Gustavo Pernas. Salienta que non están presentes o gañador do ano pasado, José Luís Prieto, e o actor e produtor Moncho Borrajo, que xuntos optaban a quince candidaturas. Sinala, de modo crítico, o feito de que os galegos só poderán competir entre si, e non co resto das producións da escena española. Menciona, para rematar, ás grandes favoritas para facerse con algúns dos galardóns: *La Celestina*, con seis candidaturas, *Solas*, *Mar i Cel*, con cinco cada unha, e *Hamelín*, con catro.

- MARÉ, “Teatro do Adro opta ao Max ao Mellor Espectáculo Revelación”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 9 febreiro 2006, p. 36.

Informa de que Teatro do Adro opta ao Premio Max ao Mellor Espectáculo Revelación 2006, xunto con outras dezaseis compañías. Di que é un comité de expertos seleccionados pola Federación Estatal de Asociacións de Empresas Produtoras de Teatro e Danza, e a Sociedade Xeral de Autores e Editores o que se encarga de escoller en cada unha das comunidades autónomas as obras. Remata referíndose á presenza de tres galegos na competición polo premio ao mellor autor dramático en galego.

- AGN, “Cuatro teatros gallegos, en el colectivo que ganó un ‘Max’”, *El Progreso*, “Cultura”, 7 marzo 2006, p. 80.

Faise eco da decisión do xurado do premio á hora de distinguir o labor da Rede de Teatros Alternativos, circuito do que forman parte catro salas galegas: a Nasa, a Sala Iago e o Teatro Galán, de Santiago de Compostela, e o Teatro Ensalle de Vigo. Refírese ademais ás nominacións a mellor autor teatral en galego: Eduardo Alonso, por *Confesión*; Gustavo Pernas, por *Paso de cebra*; e Candido Pazó, por *García*, da compañía Teatro do Adro, que tamén opta ao premio ao mellor espectáculo revelación.

- N.Cuadrado, “Cataluña quiere ser sede fija de la gala de los Premios Max”, *El Mundo*, “Cultura”, 11 marzo 2006, p. 57.

Recolle o pedimento da Generalitat de Cataluña, a través da Consellaría de Cultura, á Sociedade General de Autores e Editores, de converterse na sede permanente da entrega dos Premios Max, alegando a vitalidade da escena teatral catalá. Será a segunda vez que Barcelona acolle o acto de entrega, dirixida por Calixto Bieito. Relata brevemente con que elementos contará a gala.

- Lola Monteiro, “El regreso de los monjes de Shaolin”, *La Región/Atlántico Diario*, “Sociedad”, 12 marzo 2006, p. 52/56.

Faise eco do triunfo de Animalario, con *Hamelín*, e de Dagoll Dagom, con *Mar i cel*, nos Premios Max, con catro galardóns cada unha. Fai tamén referencia ao premio ao mellor autor teatral en galego, que recaeu en Gustavo Pernas, pola obra *Paso de cebra*.

- Paco Soto, “Mar i cel’ y ‘Hamelin’, triunfan en los Premios Max de Teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 14 marzo 2006, p. 48.

Anuncia o triunfo dos espectáculos *Mar i cel*, da compañía catalana Dagoll Dagom e *Hamelín*, da compañía Animalario. Tras estas dúas obras, situouse a montaxe *Ga-gá*, da compañía de Marta Carrasco. Menciona os galardóns obtidos por cada unha das compañías e, a continuación, fai un relatorio dos restantes gañadores dos diferentes galardóns cos que conta este premio das artes escénicas.

- Nuria Cornet, “Mar i Cel’ y ‘Hamelín’ triunfan en los Max”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 15 marzo 2006, p. 84.

Dá o nome dos espectáculos triunfadores desta edición dos Premios Max: *Hamelín*, de Animalario, e *Mar i Cel*, de Dagoll Dagom, con catro estatuillas cada un. O primeiro levou o premio ao mellor espectáculo de teatro, mellor director de escena, mellor autor teatral en castelán e mellor empresario ou produtor privado; o segundo, mellor espectáculo de teatro musical, mellor composición musical, mellor director musical e mellor escenografía. Recolle ademais as opinións de Ana Rosa Cisquella, produtora executiva de Dagoll Dagom, tras recibir os premios e fai unha pequena aproximación ao argumento da obra. Segue referíndose a outros galardóns acumulados pola compañía Animalario grazas a esta obra. Menciona, para rematar, a obra *La Celestina* como a gran perdedora, malia partir como favorita.

- Nuria Cuadrado, “Animalario y Dagoll Dagom acaparan los IX Premios Max”, *El Mundo*, “Cultura”, 15 marzo 2006, p. 57.

Dá conta da victoria da compañía Animalario, con catro Premios Max, xunto con Dagoll Dagom, por *Mar i cel*, que levou catro mazás, aínda que tres delas de menor categoría: mellor musical, composición musical para espectáculo escénico, dirección musical e mellor escenografía. Emilio Gutiérrez Cava triunfou como mellor actor de reparto; Carmen del Valle, mellor actriz de reparto; Lola Herrera, como mellor actriz; e Juan Margallo, como mellor actor, segundo indica.

X.4. INVESTIGACIÓN

IVº Premio “Centro Ramón Piñeiro” de Ensaio Breve

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convoca por primeira vez este premio no seu décimo aniversario para homenaxear a figura do ilustre galeguista Ramón Piñeiro López e, ao mesmo tempo, contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). Os traballos, que deberán estar asinados cun lema ou pseudónimo, deberán ter unha extensión máxima de sesenta páxinas e mínima de corenta, de trinta a trinta e dúas liñas por páxina. O autor do ensaio premiado recibirá 3.000 euros e este será publicado na colección “Cadernos Ramón Piñeiro” polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Este galardón será único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, poderá recomendar a publicación de traballos de interese que se presenten pero que non recibiran o premio e, así mesmo, poderá declaralo deserto. O xurado estivo presidido por Ramón Maiz e integrado por Luís Alonso Girgado, Ángel González, Modesto Hermida e Ramón Mariño. A gañadora desta edición foi a coruñesa Alba Martínez coa súa obra *A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar de O porco de pé, de Vicente Risco)*. O ensaio gañador da edición anterior foi *Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de postguerra* de Manuel Forcadela.

Referencias varias:

- MARÉ, “A Vicente Risco non o valoraron o suficiente”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 novembro 2006, p. 34.

Dise que a obra de Alba Martínez *A pretensa nostalxia da autoridade. (Unha interpretación parcelar de ‘O porco de pé’)* recibiu o premio de ensaio breve Ramón Piñeiro. A obra gañadora analiza a obra de Vicente Risco *O porco de pé* como unha sátira do progresismo

utilitarista; coméntase que, segundo a autora, hai unha tendencia demasiado marcada en relacionar Risco co gusto polo autoritarismo.

- MARÉ, “Nos tempos do cambio”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 febreiro 2006, p. 41.

Con motivo da visita de Emilio Pérez Touriño ao Centro Ramón Piñeiro, destácase que tivo lugar a entrega do galardón III premio Ramón Piñeiro despois da recepción e entrevista de Touriño coa Comisión Reitora. Manuel Forcadela foi o escritor premiado na edición de 2005 que agora conclúe pola súa obra *Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Esta obra consiste nunha abordaxe das contradicións ideolóxicas de Cunqueiro, segundo se afirma. Faise eco das palabras de Forcadela, quen mostrou a súa satisfacción e apoio á crítica da literatura. Coméntase que houbo, ademais, unha presentación das obras que se publican no Ramón Piñeiro sobre Lugo Freire: *A gaita gallega* e *Obra narrativa en galego de Lugo Freire*. A noticia tamén fai mención dos dezaseis proxectos de investigación que este ano se están a desenvolver no Ramón Piñeiro.

- C.P., “A Xunta estuda unha transformación profunda do centro Ramón Piñeiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 7 febreiro 2006, p. 46.

A noticia refírese a un dos asuntos tratados no diálogo que mantivo Emilio Pérez Touriño cos membros da Comisión Reitora do Centro Ramón Piñeiro; a posición de Touriño no diálogo era contraria a que o Ramón Piñeiro fose subvencionado pola Xunta e decantouse porque este centro mantivese un papel autónomo, con todo non se concretou unha fórmula de subvención. Indícase que, logo desta reunión, tivo lugar a entrega do premio Ramón Piñeiro a Manuel Forcadela pola súa obra *Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*, na cal se analiza o papel xogado por Piñeiro para a incorporación de Cunqueiro na literatura galega.

VIIIº Premio “Dámaso Alonso” de investigación filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egregio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio estará dotado coa suma de 6.000 euros que o autor da obra galardoada recibirá do Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Poderán concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta folios tamaño DIN-A-4, escritos mecanicamente a dobre espazo e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que deberán ser enviados por sextuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago de Compostela). Os exemplares irán acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debe ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica poderá ser o galego ou o castelán e o tema corresponderase cos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudos lingüísticos

peninsulares, estudos e ensaios histórico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura, historia da crítica literaria. O xurado, presidido por Darío Villanueva, catedrático de Teoría da Literatura, outorgou o premio a Isabel Vega polo seu traballo *El libro de motes de damas y caballeros de Luis de Milán. Edición Crítica y estudio*.

Referencias varias:

- MARÉ, “Isabel Vega faise co premio Dámaso Alonso”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 de xullo 2006, p. 35.

A obra de Isabel Vega *El libro de motes de damas y caballeros de Luis Milán. Edición crítica y estudio* foi gañadora do premio Dámaso Alonso, tal e como se anuncia nesta noticia. Este premio está destinado a aqueles investigadores novos que traballen calquera dos temas que abordou Dámaso Alonso.

- David Gippini, “Só coñecemos a punta do iceberg da lírica medieval”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 xullo 2006, p. 2.

Entrevista a Isabel Vega, quen co seu ensaio *El libro de motes de damas y caballeros de Luis Milán. Edición crítica y estudio* resultou gañadora do premio filolóxico Dámaso Alonso. Segundo a gañadora, o libro en que centrou a súa investigación é unha obra que recolle poemas de amor dirixidos a cortesáns a modo de xogos. É un libro pequeno centrado no tema do amor cortés. Isabel Vega comenta sobre a literatura medieval o feito de gardar moitas sorpresas por estar aínda pouco estudada.

- Concha Pino, “Os motes eran coplas, xogos de divertimento cortesáns”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 novembro 2006, p. 2.

Entrevista a Isabel Vega, autora de *El libro de motes de damas y caballeros de Luis Milán. Edición crítica y estudio*, obra gañadora do premio Dámaso Alonso. A autora explica que os motes a que se refire o título da obra que estudou eran coplas que consistían en versos en forma de pregunta e resposta ou dicires entre a dama e o cabaleiro nas cales o cabaleiro saía mal parado. A autora deste ensaio manifesta que comezou o seu interese ao reparar que é o único libro de motes do mundo e sobre o que non se fixeron estudos probabelmente por causa da súa finalidade, estritamente de divertimento.

XI Premio de Investigación “Xesús Ferro Couselo”

Organizado polo Concello de Valga, o premio conta con dúas modalidades: “Auga, Santo Tomé de Moreiras e Natureza e Superstición na Tradición Popular Galega” e “Leprechaune”. O xurado estivo composto polo alcalde de Valga, Xosé María Bello, o catedrático de arqueoloxía da USC, Fernando Acuña, o facultativo do Corpo Superior de Museos, Xulio Rodríguez, o catedrático de historia moderna, Pergerto Saavedra, e o catedrático de Antropoloxía, Marcial Gondar. Os gañadores desta edición foron: Monserrat Varela Vázquez, por *Natureza e superstición na tradición popular galega*, na primeira das modalidades; e Julia

Vidal Ibáñez, por *A cultura da auga no concello de Valga. Fontes e lavadoiros*, na segunda modalidade.

Referencias Varias:

- DP/María Argibay, “Valga falla los premios Xesús Ferro Couselo de investigación”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán/Cultura”, 29 xullo 2006.

Informa do fallo do xurado en canto ás dúas modalidades coas que conta este premio e dá os nomes das gañadoras: Monserrat Varela Vázquez e Julia Vidal Ibáñez. Ademais ofrece os nomes dos membros do xurado.

XIVº Premio de investigación “Xohana Torres”

A Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca dende 1993 este premio ao que poden concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación. Os traballos presentados referiranse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etc. Estarán escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espazo e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos das participantes. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 euros iniciais a 3.000 euros para o único traballo premiado. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril). Neste ano 2006 o xurado declarou deserto o premio, polo que o importe irá destinado ao Cottolengo.

XXº Premio literario “Ánxel Fole”

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega; nesta edición, Manuel María. Poden optar a el todas as persoas que o desexen, con traballos en galego ou en castelán, inéditos, cunha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espazo, referidos a calquera aspecto da vida ou da obra de Manuel María. Os orixinais teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso*. O galardón está dotado cun único premio indivisíbel de 9.000 euros, amais da publicación da obra. O xurado está constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes. Nesta edición estivo composto polo director xeral do Grupo El Progreso, José de Cora Paradela, o profesor e crítico literario Xesús Alonso Montero e o catedrático de Teoría da Literatura Darío Villanueva. O premio foi para Xosé Ramón Freixeiro Mato, pola obra *Cucou ou cuco cuqueiro: Lingua e estilo na obra de Manuel María*. A próxima edición estará dedicada ao médico, humanista, escritor e antropólogo Juan Rof Carballo.

Referencias varias:

- AGN, “Freixeiro Mato gaña o ‘Ánxel Fole’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 10 maio 2006, p. 84.

Dise que o premio de investigación sobre un escritor lugués foi recibido neste ano polo profesor Freixeiro Mato pola súa obra *Cucou ou cuco cuqueiro. (Lingua e estilo na obra de Manuel María)*. O gañador deste certame xa obtivo este premio por un traballo dedicado a Noriega Varela hai sete anos. Tamén se recolle nesta noticia unha síntese da biografía de Freixeiro Mato, dende que naceu en Carballo até a actualidade.

- A.S., “Freixeiro Mato gaña o Premio ‘Ánxel Fole’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 de maio 2006, p. 36.

Noticia da entrega do premio Ánxel Fole a Freixeiro Mato polo seu traballo de investigación *Cucou ou cuco cuqueiro. (Lingua e estilo na obra de Manuel María)*. Esta obra caracterízase, segundo Alonso Montero (membro do xurado) polo seu carácter técnico e rigoroso.

- Xesús Alonso Montero, “Un ‘premio’ para Juan Rof Carballo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 8 xullo 2006, p. 12.

Anuncia a convocatoria do premio Ánxel Fole, que na súa vixésimo primeira edición terá como tema a personalidade intelectual de Rof Carballo. Despois de comentar que o centenario do nacemento deste médico e pensador lugués pasou practicamente inadvertido, pasa a elaborar unha breve biografía del, na que salienta a súa relación con Ramón Piñeiro e a editorial Galaxia. Tamén reflexiona sobre o seu tratamento por parte do réxime e da importancia dos seus traballos a nivel internacional.

VIº Premio “Manuel Murguía” de Ensaio

Dotado cunha contía de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora, convócao a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”. Pode concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia. A extensión dos textos será libre e enviaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, en tamaño DIN A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema no seu exterior e co nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono no seu interior. Deberán enviarse á sé da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n., 15006 A Coruña). A esta edición concocorreron dez traballos. O xurado estivo formado por Ana Romero Masiá, Pablo Bouza, Alfredo Erias, José Gómez Alén e Emilio Grandío. O fallo deuse a coñecer o 11 de decembro 2006 na Deputación e os gañadores foron Xosé Amancio Liñares Giraut e Omaira Lista Liñares coa obra *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Braña, e Brión no século XX. Do Boletín de la Sociedad San Mauro (1904), a O Tambre (1995)*.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, “Convocan o primeiro premio Jesús Núñez de gravado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 35.

Anúnciase que a Deputación da Coruña fai públicos os prazos para o envío de traballos que participen nos premios de distintas modalidades. Os premios convocados son o González Garcés de poesía, Raíña Lupa de literatura infanto-xuvenil, o Manuel Murguía de ensaio; e ademais, Celestino Poza convoca os tradicionais Dieste de Teatro, Torrente Ballester de narrativa, Ksado de fotografía, Díaz Pardo de Artes Plásticas, Fraguas de artesanía, Andrés Gaos de música e o novo Jesús Núñez de gravado.

- Marta García Márquez, “El premio de ensayo Manuel Murguía recorre la historia de la comarca da Barcala”, *El ideal gallego*, “A Coruña/Cultura”, 12 decembro 2006, p. 16.

Amancio Liñares e Omaira Lista Liñares gañan o premio Manuel Murguía cunha obra que fai unha análise da prensa da comarca da Barcala no século XX, segundo se comunica. Os autores explican que a súa obra se encontra a medio camiño entre o xornalismo e a historia e o seu valor reside no feito de recoller artigos periodísticos que estaban perdidos. O libro tamén inclúe unha descomposición das cabeceiras encontradas dende 1905 até 1995 e un apartado dedicado á análise da publicidade, importante para observar o desenvolvemento económico desta terra.

- Albino Mallo, “Os medios e a voz da terra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 12 decembro 2006, p.

Dise que Amancio Liñares e Omaira Lista Liñares gañaron o premio Manuel Murguía coa súa obra Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX. Do boletín de la Sociedad San Mauro (1904) a O Tambre (1995). Coméntase que esta obra fai unha análise da prensa comarcal durante o século XX. Nela faise, en primeiro lugar, un estudo de cada medio de xeito individual e despois unha exposición xeral.

- Eduardo Álvarez, “Convocan o I Premio Jesús Núñez de gravado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 35.

Nesta noticia anunciase que está convocada unha nova edición do premio Manuel Murguía de ensaios históricos e até o 30 de setembro poderase enviar traballos inéditos.

VI ° Premio “Ramón Piñeiro” de Ensaio

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do cincuentenario da súa creación e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro e co propósito de estimular a reflexión dende Galicia. Na cuarta edición sumouse á convocatoria a empresa eléctrica Unión Fenosa. Nel poden participar todas aquelas persoas que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega, segundo a normativa vixente. A extensión dos traballos abranguerá entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos. Deberán ser presentados por quintuplicado, en formato DIN A4, mecanografados a dobre espazo e por

unha soa cara. O tema dos ensaios será libre e os traballos deberán evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os orixinais enviaranse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (R/ Reconquista, 1, 36201 Vigo). O prazo de entrega dos orixinais rematou o día 15 de setembro e o fallo do xurado deuse a coñecer o 15 de decembro. Estabelécese un único premio, consistente en 3.005 euros e unha escultura conmemorativa, outorgados ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección “Ensaio”. O xurado desta edición elixiu como ensaio gañador o titulado *Psicopatoloxía do retorno*, de Alexandre García Caballero, xunto con Ramón Area Carracedo.

IIIº Premio “Valle-Inclán”

O premio está organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e conta cunha dotación de 24.000 euros. Na presente edición o xurado estivo formado por Ramón Villares (Consello da Cultura Galega), Xoan Guitián (Fundación Valle-Inclán), Alfonso Zulueta (Fundación Penzol), Carlos Arias (Consellaría de Cultura), Xosé Carlos Valle (Museo de Pontevedra), Ramón Torrado (Asociación de Amigos de Valle Inclán), Xosé Xoán Duran (vicepresidente da Deputación) e Rafael Louzán (presidente da Deputación). O galardón desta ocasión foi, exaequo, para Anxo Abuín González con *La palabra en los ojos o el alfabeto en movimiento: una aproximación a la dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio* e Eliane Lavaud-Fage con *Valle Inclán, ¿un sistema literario?*.

Referencias varias:

- E.P. “Máis alá de Valle-Inclán”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 outubro 2006, p. 35.

Dá conta dos gañadores do III Premio Valle-Inclán, dotado con 24.000 euros. Foron o profesor de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela Anxo Abuín González, coa obra *A palabra nos ollos ou o alfabeto en movemento: unha aproximación á dramaturxia de Valle-Inclán desde a estética do silencio*, e a investigadora francesa Eliane Lavaud-Fage, con *Valle-Inclán un sistema literario?*. Ambos os dous foron elixidos por unanimidade polo xurado, que salientou o alto nivel dos traballos, que superaron en calidade aos da edición pasada. Repasa os premiados das dúas pasadas edicións ademais de rememorar a creación do premio coa intención de homenaxear a figura do escritor e divulgar a súa obra.

- S. Castrelo “La Casa Museo pondrá a la venta productos de promoción del recinto”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 26 outubro 2006, p. 18.

Díse que o edil de cultura de Vilanova, José Juan Durán, presentou o material que se venderá na casa museo de Valle-Inclán aos visitantes. Nesta presentación tamén mostrou satisfacción pola unanimidade ao entregar o premio Valle-Inclán a Anxo Abuín e Lavaud Fage, segundo se indica.

- Fernando Salgado, “Anxo Abuín y Lavaud-Fage reciben el Premio Valle-Inclán”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cutura”, 7 novembro 2006, p. 77.

Noticia da entrega do premio Valle-Inclán a Anxo Abuín e Eliane Lavaud Fage polos seus traballos de investigación nun acto celebrado na Casa Museo de Vallle-Inclán ao que asistiron os premiados. O premio consiste na entrega de 24.000 € á obra gañadora e a difusión da obra e publicación. Neste caso o premio foi compartido. O premio pretende servir para dar a coñecer a figura de Valle-Inclán e a súa relación co Salnés.

- S. Castrelo, “Louzán y Durán entregaron a Abuín y Lavaud-Fage el III Premio Valle Inclán”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 7 novembro 2006, p. 11.

O premio Valle-Inclán na súa terceira edición foi entregado a Anxo Abuín e Eliane Lavaud Fage, segundo se indica. Na noticia coméntase a obra gañadora de Anxo Abuíni, quen declara que comezou a ter unha relación estreita con Galicia a partir dos seus traballos de investigación sobre Valle.

- R.M.C., “Tiven que marchar fóra de España para decatarme da grandeza de Valle”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, 12 novembro 2006, p. 32.

Entrevista ao gañador do premio Valle-Inclán, Anxo Abuín. Tras unha breve introdución na cal se informa de cales foron os traballos gañadores nesta edición o propósito do premio, o autor explica a achega particular da súa obra, que é a de estudar a obra de Valle dende o punto de vista da relación que esta ten con outras artes e a partir de aí comprobar a intermedialidade nos trazos máis característicos desta. O gañador conta na entrevista que coñeceu a obra de Valle despois do seu contacto con grandes especialistas como Luís González del Valle na Universidade de Colorado e Elian Lavaud-Fage na Universidade da Borgoña.

XIIº Premio “Vicente Risco” de antropoloxía e ciencias sociais

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Está dotado con 6.000 euros e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2096, 15780 Santiago de Compostela) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. Nesta edición, o xurado estivo compostocomposto por Teresa Deva, concelleira de Cultura do Concello de Allariz; Fernando Acuña Castroviejo, profesor da Universidade de Santiago; Xosé Manuel Cid Fernández, profesor da Universidade de Vigo; Xosé Xerardo Pereiro Pérez, profesor de antropoloxía na Universidade de Tras-os-Montes de Alto Douro; e Francisco Fernández Rei, profesor da facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela e académico, quen actuará como secretario. A obra gañadora darase a coñecer no primeiro trimestre do ano 2007.

X.5. EDICIÓN

Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recoñécese con este premio os mellores libros do ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que deben elixir a mellor obra literaria do ano. Algúns autores distinguidos con este premio foron Manuel Rivas ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Nesta edición 2006 incorporouse o establecemento de galardóns para cada un dos xéneros: teatro, narrativa, poesía, tradución e ensaio, co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. Na categoría de ensaio o gañador foi Anselmo López Carreira con *O reino medieval de Galicia*. Concedéuselle o Premio Libro do ano 2005 a Teresa Moure, por *Herba Moura*. En teatro, o premio foi para Manuel Lourenzo por *Nocturnos* e en poesía resultou gañadora Luz Pozo Garza por *As arpas de Iwerddon*. Por último, a mellor tradución foi para Xesús González Gómez por *A estrela da mañá. Surrealismo e marxismo*. O acto de entrega destes galardóns tivo lugar o 6 de maio en Santiago de Compostela. Tamén neste ano se creou o I Premio Internacional AELG, baixo o lema “Poeta Galego Universal”, como parte dos tradicionais premios AELG e que nesta primeira edición recaeu na figura de Mahmoud Darwich. O acto de entrega tivo lugar o 18 de abril. Tamén se entregou o premio anual “Os bos e xenerosos”, que recaeu nesta edición no Laboratorio de Formas de Galicia, obra impulsada por Isaac Díaz Pardo, que recollerá o premio a principios de 2007. A entidade galardoada na pasada edición, a asociación cultural Ponte... nas ondas! recolleu o premio nun acto que tivo lugar o 25 de marzo na sé da Fundación Caixa Galicia de Vigo.

Referencias varias:

- E.P., “Ponte...nas ondas! Recolle o premio da AELG”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 marzo 2006, p. 33.

Breve noticia na que se anuncia que a asociación cultural e pedagóxica Ponte...nas ondas! Recibiu o premio “Os bos e xenerosos” outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, co que se recoñece a loita pola difusión da cultura galega. Lóase a iniciativa da gravación do disco *Meniños Cantores* e a presentación da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués ante a Unesco.

- MARÉ, “Darwich será o I Premio Internacional da AELG”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 7 abril 2006, p. 34.

Breve nota na que se anuncia que a Asociación de Escritores en Lingua Galega entregará por primeira vez o Premio Internacional creado para destacar a aquel autor cunha obra e actividade vital a favor da defensa dun pobo e da súa dignidade nacional e humana. Indícase que desta vez foi seleccionado o poeta palestino Mahmoud Darwich, quen, ademais de recoller o seu premio, impartirá unha conferencia coloquio.

- Salvador García-Bodaño, “M. Darwich en Compostela”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No

pasar dos días”, 16 abril 2006, p. 3.

Pequena reflexión sobre o galardón outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega a M. Darwich. Enténdese que a creación dun premio internacional para un autor universal que defende un pobo marxinado é unha boa idea. Non obstante, non se comparte o título seleccionado “Poeta Galego Universal” por entender que é contraditorio, xa que parece que debe ser oriúndo de Galicia e nada máis lonxe da realidade. Confesa o articulista que non tivo ocasión de ler moitos poemas deste autor, pero reconece a súa importancia como escritor que defende o pobo palestino con gran dignidade.

- A.N.T., “Os escritores galegos homenaxean o poeta palestino Mahmoud Darwich”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Cultura”, 6-19 abril 2006, p. 24.

Realízase unha serie de preguntas ao gañador do premio Internacional da Asociación de Escritores en Lingua Galega, o escritor palestino Mahmoud Darwich. Este reflexiona sobre a decadencia da poesía no mundo árabe, unha terra na que sempre tivo unha forte pegada. Agora a novela é o xénero privilexiado, igual ca en occidente, pero isto non lle asusta, segundo confesa. Entende a poesía como un lugar no que expresar a súa liberdade e axudar a manter unha identidade, pero tampouco ten por que representar nada máis que palabras.

- Carmen Villar, “La voz de la poesía es la de las hierbas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 19 abril 2006, p. 36.

Entrevístase ao autor palestino Mahmud Darwish, quen recolleu en Santiago o premio outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, Poeta Galego Universal. Segundo o escritor, a poesía sérvelle para combater a guerra con amor, con imaxinación, con liberdade nun mundo de barbarie. Concibe a poesía como a voz das herbas e a metáfora sérvelle para ver que aínda que os tanques esmaguen os campos, este co tempo volve renacer. Remata dicindo que “a forza da poesía reside nesa fragilidade do poeta”.

- Camilo Franco, “Aprendín que o poder da poesía é a súa fragilidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 19 abril 2006, p. 50.

Breve entrevista ao poeta palestino Mahmoud Darwish (Galilea, 1942), quen vén de ser nomeado Poeta Galego Universal, unha distinción que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Confesa que a poesía é unha canle para a vida en terra de barbarie, considéraa épica porque ás veces recolle a voz da colectividade que sofre, pero tamén lírica porque fala da beleza, do amor, de cousas negadas pola guerra, pero que afloran nas letras.

- Antonio Soto/AGN, “Darwish agradece a Galicia a súa mensaxe de amor”, *El Progreso*, “Cultura”, 19 abril 2006, p. 73.

Infórmase que o poeta palestino Mahmoud Darwish recolleu o premio Poeta Galego Universal que outorga a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Recóllense as sensacións do escritor, que agradeceu a preocupación polo pobo palestino que resiste estoicamente unha masacre indiscriminada. Resaltou o poder da poesía para facer chegar a mensaxe do pobo palestino ao resto do mundo e o seu compromiso de mostrar a realidade da súa xente.

- Gustavo Luca, “Mahmud Darwich: na miña experiencia como poeta exiliado descubrín que podía vivir en liberdade no espazo do idioma”, *A Nosa Terra*, nº 1.219, “Cultura”, 20-26 abril 2006, p. 29.

Entrevístase ao poeta Mahmud Darwich (Birwa-Galilea, 1942), quen recibiu o premio Internacional da Asociación de Escritores en Lingua Galega, co cal foi recoñecida a súa valía como poeta que trata, a través das palabras, de dar luz ao pobo palestino masacrado pola guerra. Entende que a terra é a lingua, el é palestino pola lingua na que escribe e aínda no exilio esta sêrvelle para sentir a súa identidade. Explica que a poesía ten que transcender o espazo e o tempo coa súa capacidade de ir máis alá da realidade; polo tanto, destaca a súa función liberadora. Para o poeta de nada serve un contido encomiábel se non vai acompañado da beleza das palabras, da creación de imaxes e outros recursos que a fagan sublime.

- Ágata de Santos, “Teresa Moure y Manuel Lourenzo, galardoados polos autores galegos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 7 maio 2006, p. 44.

Noticia da entrega dos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que nesta edición tivo como novidade a creación dunha categoría en cada un dos xéneros coa intención de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. Dise que en ensaio o premiado foi Anselmo López Carreira por *O reino medieval de Galicia*; en narrativa, *Herba Moura* de Teresa Moure; en teatro, Manuel Lourenzo por *Nocturnos*; e en poesía, Luz Pozo Garza por *As arpas de Iwerddon*. Para rematar, coméntase que a mellor tradución considerouse a de Xesús González Gómez de *A estrela da mañá. Surrealismo e marxismo*.

- César Lorenzo Gil, “Teresa Moure gaña dous novos premios, o da Crítica galega e o da AELG”, *A Nosa Terra*, nº 1.222, “Cultura”, 11-17 maio 2006, p. 25.

Faise eco da celebración de dúas novas galas da arte galega: a da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e a dos Premios da Crítica de Galicia. Salienta o triunfo de Teresa Moure na categoría de narrativa en ambos os dous premios. Do mesmo xeito, informa dos restantes gañadores noutras categorías do Premio da Asociación en Lingua Galega: na de ensaio, foi Anselmo López Carreira; en teatro Manuel Lourenzo; en poesía, Luz Pozo Garza; en tradución, Xesús González Gómez. Respecto dos gañadores nos Premios da Crítica de Galicia, menciona a homenaxe a Xosé Manuel Beiras, como galego Egrexio; a Teresa Moure, polo ensaio *A palabra das fillas de Eva*; Xavier Alcalá, en creación literaria; Xosé Ramón Freixeiro Mato, en investigación; e o periódico quincenal *A Peneira* como mellor iniciativa cultural.

- MARÉ, “A creación como motor do país”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 xullo 2006, p. 36.

Destácase a figura de Isaac Díaz Pardo tras entregarlle a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) o recoñecemento “Bos e xenerosos” pola creación do Laboratorio de formas de Galicia xunto a Luís Seoane, que deu importantes froitos como Sargadelos, Edicións do Castro, o Museo Carlos Maside e o Instituto Galego da Información. Enténdese que neste momento en que hai un forte conflito entre os accionistas de Sargadelos, este premio é un alento e un apoio para unha figura da que se di que tivo sempre como obxectivo “recuperar e anovar a memoria e identidade” de Galicia.

Premios da Crítica Española 2006

Creado no ano 1956, concédense aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. O xurado galego estivo composto por Luciano Rodríguez, Armando Requeixo, Ángel Basanta, Vicente Araguas, José Antonio Ponte Far, Xosé María Dobarro Paz, Olivia Rodríguez, Teresa Seara e Xulio López Valcárcel. En galego, os gañadores foron Román Raña por *Metamorfoses do túnel* en poesía; e Teresa Moure por *Herba Moura*, en narrativa.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Los Premios de la Crítica Española se darán a conocer el 1 de abril en la capital lucense”, *El Progreso*, “Cultura y espectáculos”, 19 xaneiro 2006, p. 80.

Recóllese a información de que o día primeiro de abril se darán a coñecer na cidade de Lugo os premios da Crítica Española, que nesta edición cumpren cincuenta anos. Infórmase de que haberá galardóns en narrativa e poesía para as mellores obras editadas en castelán, galego, catalán e éuscaro. Finalmente, destácase o feito de que a revista barcelonesa *Quimera* realizará un número monográfico polo aniversario dos premios.

- Jaureguizar, “Buenos tiempos para las letras”, *El Progreso*, “Cultura”, 31 marzo 2006, p. 89.

Infórmase de que se están a reunir en Lugo as persoas que outorgan os premios da Crítica nesta edición. Recóllense as palabras dos tres expertos en literatura, Xulio López Valcárcel, na galega; Joan Josep Isern, na catalá; Jon Kortazar, na vasca. Estes fan un balance positivo do estado destes sistemas literarios periféricos na actualidade. O crítico galego manifesta que a literatura galega vive o mellor momento da súa historia e incluso ocorre un feito impensábel como é que haxa autores que vivan do seu traballo. En canto á literatura catalá, dise que pensan na expansión fóra das súas fronteiras lingüísticas; e o experto vasco repara en que os libros en edición orixinal en éuscaro son máis vendidos que as correspondentes traducións ao castelán.

- Diana Rodríguez, “El Premio de la Crítica celebra sus 50 años”, *El Mundo*, “Cultura”, 31 marzo 2006, p. 58.

Con motivo do fallo do premio da Crítica Española faise un repaso pola nómina de autores que o obtiveron dende a súa creación en 1956. Indícase que o primeiro escritor premiado foi Camilo José Cela pola novela *La cativeira* e despois del autores tan representativos como Rafael Sánchez Ferlosio por *El Jarama*, Ana María Matute por *Los hijos muertos*, Miguel Delibes por *Las ratas*, Francisco Ayala por *El jardín de las delicias* ou Gonzalo Torrente Ballester por *La saga/fuga de J.B.*. Na categoría de poesía os creadores destacados non son menos coñecidos: noméanse a Blas Otero, Vicente Aleixandre, Luís Rosales, Carlos Bousoño ou Carlos Marzal. Non só se teñen en conta os acertos, senón as eivas destes premios, como a

notábel ausencia de autores hispanoamericanos, apenas Mario Vargas Llosa, Onetti, Donoso e Octavio Paz, pero tamén ausencias como Juan José Millás, Ángel González, Gil de Biedma, entre outros. Remátase afirmando que ningún premio é de todo xusto, pero este que non ten dotación económica, se cadra éo algo máis cós outros.

- X.C., “Teresa Moure obtiene el Premio de la Crítica con *Herba Moura*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y Espectáculos”, 2 abril 2006, p. 48.

Faise referencia á elección dos premios da Crítica Española no que respecta á lingua galega: no apartado de narrativa foi Teresa Moure a premiada por *Herba Moura* nunha axustada votación en que resultou finalista *As galeras de Normandía* de Ramón Loureiro, un libro que se cualifica de denso. Pola contra, en poesía, dende o primeiro momento, Román Raña resultou claro favorito co poemario *As metamorfoses do túnel*, co que xa gañou outros premios. Finalmente, comunícase que a elección se deu a coñecer en Lugo nun acto que celebraba o medio século de vida dun premio sen dotación económica, pero de moito prestixio.

- M.J. Rico, “Ramiro Pinilla y Eloy Sánchez Rosillo ganan los Premios de la Crítica 2005”, *El Ideal Gallego*, “Literatura”, 2 abril 2006, p. 39.

Coméntase que a Asociación Española de Críticos Literarios fallou en Lugo os premios correspondentes á mellor obra narrativa e poética editada ao longo de 2005 en lingua castelá, galega, catalá e éuscara. Corresponderon os premios a Eloy Sánchez Rosillo por *La certeza* e Ramiro Punilla por *Las cenizas del hierro*; a Teresa Moure por *Herba Moura* e Román Raña por *As metamorfoses do túnel*; a Josep Lluís Aguiló por *Monstres* en poesía e Nuria Perpinyà por *Mistana* e para finalizar ao poemario *Gorputzeko Humoreak* de Ángel Erro e á novela *Neguro Zirkua* de Harkaitz Cano. Indícase que foi o crítico Luciano Rodríguez a persoa encargada de explicar a decisión no que respecta á lingua galega: el salientou o feito de que Teresa Moure sexa a primeira muller que gaña o premio nesta lingua.

- Antonio Astorga, “Pinilla: ‘El nacionalista lúcido ve sus propias contradicciones; el fanático abraza una fe ciega’”, *ABC*, “Cultura y espectáculos”, 2 abril 2006, p. 52.

Pequena entrevista ao gañador do premio da Crítica 2005 en narrativa, Ramiro Pinilla con *Verdes valles, colinas rojas*. Coméntase que se trata dunha triloxía composta por tres volumes: *La tierra convulsa*, *Los cuerpos desnudos* e *Las cenizas del hierro*. O autor expón que a literatura nunca foi un traballo do que puido vivir nin humana nin espiritualmente, a literatura é un complemento ás outras facetas vitais. Traballa nunha fábrica de gas en Bilbao, e no ámbito da escrita dedicouse ás biografías de personaxes históricos relevantes como Hitler ou Einstein. Confesa o seu aborrecemento dos nacionalismos tanto ao español como vasco e este é un tema que utiliza na súa triloxía.

- R.C.G., “Teresa Moure y Román Raña ganan los Premios de la Crítica en lengua gallega”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 2 abril 2006, p. 70.

Anúncianse os gañadores dos premios da Crítica 2005 en lingua castelá, galega, catalá e éuscara que outorga a asociación Española de Críticos Literarios dende hai cincuenta e un anos. Infórmase de que o xurado premiou en narrativa a Ramiro Pinilla pola triloxía *Verdes*

valles, colinas rojas III. *Las cenizas de hierro* en lingua castelá; a Teresa Moure por *Herba Moura* en lingua galega; a Núria Perpinyá por *Mistana* en catalán; e a Harkaitz Cano por *Neguko Zirkua* en vasco. En poesía e na mesma orde os premiados foron Eloy Sánchez Rosillo por *La certeza*; Román Raña por *As metamorfoses do túnel*, Josep Lluís Agulló por *Monstres*; e Ángel Erro por *Gorputzeko Humoreak*.

- MARÉ, “Impulsos e paixóns”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 2 abril 2006, p. 34.

Resáltase o bo momento que vive Teresa Moure e a súa consecución de premios: logo de recibir o Xerais, conseguiu o premio dos Libreiros Galegos, o Ramón Piñeiro ou o Lueiro Rey, e agora o da Crítica Española á mellor obra narrativa por *Herba Moura*. Destácase que o mesmo lle acontece a Román Raña, quen despois de que lle fora concedido o premio Caixanova por *As metamorfoses do túnel* agora é galardoado co premio da Crítica Española polo mesmo poemario. Nas outras linguas estatais os gañadores foron: en lingua española, Eloy Sánchez Rosillo con *La certeza* e Ramiro Punilla con *Las cenizas del hierro*. En lingua catalá Josep Lluís Agulló con *Monstres* en poesía e Nuria Perpinyá con *Mistana* en narrativa. Para finalizar, en éuscaro o poemario *Gorputzeko Humoreak* de Ángel Erro e a novela *Neguro Zirkua* de Harkaitz Cano.

- Xulio Valcárcel, “En Lugo no Premio da Crítica”, *El Ideal Gallego*, “G!”, “Páxina Literaria”, 9 abril 2006, p. 4.

Festéxase o cumprimento de medio século dos premios da Crítica Española, que se deron a coñecer nesta edición na cidade de Lugo. Lóase o esplendor e o recibimento que esta cidade fixo ao xurado dos premios. Coméntase que o feito de non ter dotación económica confírelles maior importancia e pureza. Comenta que en lingua galega resultaron vencedores: Román Raña en poesía por *As metamorfoses do túnel* e Teresa Moure pola novela *Herba Moura*, que se impuxo por poucos votos á obra de Ramón Loureiro *As galeras de Normandía*. No que se refire á literatura española, en poesía foi Eloy Sánchez Rosillo con *La certeza* e Ramiro Punilla con *Las cenizas del hierro*. En lingua catalá, Josep Lluís Agulló con *Monstres* en poesía e Nuria Perpinyá con *Mistana* en narrativa foron os premiados. Para finalizar, en éuscaro impúxose o poemario *Gorputzeko Humoreak* de Ángel Erro e a novela *Neguro Zirkua* de Harkaitz Cano.

- A.N.T., “A crítica española premia Herba Moura e As metamorfoses do túnel”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Cultura”, 6-19 abril 2006, p. 25.

Infórmase de que a escritora Teresa Moure se fixo co premio da Crítica Española de narrativa en lingua galega. Recóllese a opinión da autora, que concorda co xurado en que a súa é unha obra en que hai moitas voces femininas e en que se reivindica a ecoloxía, a liberación homosexual e o raro, que se denomina *queer*. En poesía galega, o galardoado foi Román Raña con *As metamorfoses do túnel*, obra que segundo o xurado contén un pouso de optimismo, afirmación coa que concorda o autor, quen indica que se despoxa do conceptualismo e busca só a inspiración.

- María Jesús Rico Iglesias, “El camino hacia la normalidad de las otras literaturas”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, nº 372, “Reportaje”, 16 abril 2006, pp. 2-4.

Co gallo da concesión dos “Premios de Crítica 2005”, recóllense as análises de varios membros do xurado sobre a historia das linguas peninsulares e a actualidade da creación literaria nelas. Jon Kortazar, portavoz do xurado en lingua vasca, destaca a existencia de varias promocións literarias que abarcan desde os escritores nados despois da Guerra, como Bernardo Atxaga ou Ramon Saizarbitoria, até o grupo de autores máis recentes, como Unai Elorriaga en narrativa ou Angel Erro en poesía. Tamén fai mención da pluralidade de estéticas que ten caracterizado a literatura en lingua vasca máis recente. Joan Josep Isern e Àlex Broch, dous dos representantes do idioma catalán, fan un percorrido similar e recollen as características máis salientábeis da obra de autores como Baltasar Porcel, Joan Francesc Mira, Carme Riera ou Quim Monzó, entre outros. No caso galego, indícase que no camiño de recuperación e construción dunha literatura propia e moderna sucédense as xeracións de xeito similar ao que ocorre nas outras linguas, tanto en poesía (dende a Xeración dos 50 de Xosé Luís Méndez Ferrín até os novísimos como Chus Pato) como en narrativa (ruptura coa tradición anterior nos sesenta, nova eclosión nos oitenta...), aínda que Luciano Rodríguez e Xulio López Valcárcel destacan o feito de que as mulleres se incorporan maioritariamente á poesía. Na parte final da reportaxe recóllese nun á parte o título das obras gañadoras en cada apartado e o nome do seu autor. premios

- Armando Requeixo, “Quimera da voz crítica”, *El Correo Gallego*, “El Correo2”, “Letras de noso”, 23 abril 2006, p. 11.

Faise un breve percorrido pola historia dos premios da Crítica que outorga a AELC dende o ano 1956. Enténdese que é un premio a ter en conta porque non comporta dotación económica ningunha e é concedido por un xurado moi amplo, o que en principio ofrece confianza para pensar que non interfíren intereses no seu veredicto. Faise fincapé en que a partir do período democrático se incluíu un apartado dedicado ao resto das literaturas do estado con lingua propia. Obsérvase que foron premiados os autores e autoras máis relevantes en cada idioma estatal: en galego, entre outros, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín, Casares, Suso de Toro, Rivas, Xesús R. Valcárcel, Pallarés ou Xavier Alcalá. Finalmente, coméntase que este ano foron galardoados Román Raña por *As metamorfoses do túnel*, no apartado de poesía e Teresa Moure pola novela *Herba Moura*.

XXIXº Premios da Crítica de Galicia

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán-Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Institúense co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizarán (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade son da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrezan as achegas que se consideren, haberá de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se darán a coñecer no decurso dun acto público que se celebrará o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxirán á produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio será un e indivisíbel e poderá quedar deserto. Todas as producións que se consideren merecedoras de premio terán que ser presentadas á

Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo, inmediatamente precedente á data da decisión do xurado. Este, aténdose así mesmo aos períodos fixados, poderá incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade componse de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designará un presidente entre eles que terá a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliará ao presidente e demais membros do xurado, redactará e lerá a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado terán que ser persoas de recoñecida competencia, polo menos nun sector da modalidade do premio, e non deberán ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes, e ademais aceptar estas bases. Todos os xurados quedarán nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros terán que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se vaian cualificar, e corresponderlles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais, que serán inapelábeis, tomaranse nunha sesión de traballo que se celebrará o mesmo día da entrega do premio e permanecerán secretas mentres os secretarios non dean lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da “Crítica Galicia” abranguen as modalidades seguintes: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluído o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atínxese esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos en que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas -preferente, pero non exclusivamente- da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producións de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergáranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan viventes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear “Galego Egrexio” a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente desta categoría. Neste ano 2006, a reunión dos xurados tivo lugar no Hotel-Balneario de Mondariz. Ademais de facerse mención a tres empresarios, xa falecidos, dos que se recoñeceu o seu compromiso co galeguismo: Enrique Peinador Lines, Xesús Canabal Fuentes e Antonio Fernández López, os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes: “Investigación”: Xosé R. Freixeiro Mato por *Os marcadores discursivos. Correctores contraargumentativos no galego escrito*; “Ensaio e Pensamento”: Teresa Moure por *A palabra das fillas de Eva*; “Creación Literaria”: Xavier Alcalá pola súa obra *Nas catacumbas*, con mención especial a Manuel Outeiriño pola obra *É*; “Iniciativas Culturais”: o xornal *A Peneira*, pola súa traxectoria de 22 anos de publicacións en lingua galega; “Ciencias e Artes da Representación”: “En pé de pedra”, un proxecto de danza polas rúas de Compostela;

“Música”: o traballo discográfico “Meniños Cantores” da Asociación Ponte... nas Ondas!; “Galego Egrexio”: Xosé Manuel Beiras, catedrático da USC e ex líder do BNG (Ver o apartado X.6. deste *Informe*).

Referencias varias:

- Angélica Falagán, “Los Premios da Crítica homenaxean en maio a tres empresarios gallegos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 marzo 2006, p. 16.

Coméntase que será no Hotel Balneario de Mondariz onde se celebrará a XIX edición dos Premios da Crítica de Galicia o próximo vinte de maio e que nesta edición galardoarán a Antonio Fernández, Xesús Canabal e Enrique Peinador como tres empresarios galegos que apostan por galeguizar o país dende o eido da economía. Anúnciase tamén que se darán a coñecer os premiados nas categorías de Creación Literaria, Ensaio e Pensamento, Investigación e Artes da representación, Música e Iniciativas Culturais.

- G. Porto, “Xavier Alcalá, Meniños Cantores y En Pé da Pedra, Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 7 maio 2006, p. 44.

Noméanse os premiados na XXIX edición dos Premios da Crítica de Galicia, que por primeira vez tiveron lugar no Balneario de Mondariz. No apartado de creación literaria, o premiado foi Xavier Alcalá por *Nas catacumbas*; en investigación, Xosé Ramón Freixeiro Mato por *Os marcadores discursivos. Correctores contraargumentativos no galego escrito*; e en ensaio e pensamento, premiouse a Teresa Moure por *A palabra das fillas de Eva*; en música, a iniciativa da Asociación Ponte... nas ondas! co traballo *Meniños cantores*; na categoría de ciencias e artes da representación, o galardón recaeu no proxecto de danza “En pé de pedra”. Para rematar, o xornal *A Peneira* foi premiado como iniciativa cultural que se prolonga máis alá de vinte e dous anos.

- César Lorenzo Gil, “Teresa Moure gaña dous novos premios, o da Crítica galega e o da AELG”, *A Nosa Terra*, nº. 1.222, “Cultura”, 11-17 maio 2006, p. 25.

Recóllese o éxito que está obtendo este ano a escritora e profesora universitaria Teresa Moure e que se pon de relevo na consecución do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega pola súa obra *Herba Moura* editado por Xerais e tamén o Premio da Crítica de Galicia polo ensaio *A palabra das fillas de Eva* (Galaxia), obra que consiste nun reflexión sobre o papel da muller. Insírense ademais o resto dos gañadores nas diversas categorías dos Premios da Crítica: así, Xosé Manuel Beiras foi homenaxeadado como “Galego Egrexio”; na categoría de creación literaria, Xavier Alcalá por *Nas catacumbas*; a mellor investigación recaeu en Xosé Ramón Freixeiro Mato por *Os marcadores discursivos. Correctores contraargumentativos no galego escrito*; en música, a asociación Ponte...nas ondas! acadou o premio por *Meniños cantores*; en danza foi premiado “En pé de pedra”; e tamén o xornal *A Peneira* por ser a mellor iniciativa cultural.

- Carlos Fernández, “Os mellores segundo a crítica”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 21 maio 2006, p. 74.

Lóase a iniciativa dos Premios da Crítica, que cumpren vinte e nove anos e que sempre loitaron por destacar as iniciativas e as persoas que fan país. No apartado de creación literaria o premiado foi Xavier Alcalá por *Nas catacumbas*; en investigación Xosé Ramón Freixeiro Mato por *Os marcadores discursivos. Correctores contraargumentativos no galego escrito*; en ensaio e pensamento premiouse a Teresa Moure por *A palabra das fillas de Eva*; en música, a iniciativa da Asociación Ponte... nas ondas! co traballo *Meniños cantores*; na categoría de ciencias e artes da representación, o galardón recaeu no proxecto de danza “En pé de pedra”. Para rematar, o xornal *A Peneira* foi premiado como iniciativa cultural que se prolonga máis alá de vinte e dous anos. Tamén se indica que o padroado da Fundación dos Premios da Crítica de Galicia lle concedeu o premio “Galego Egrexio” a Xosé Manuel Beiras.

- José Manuel García Iglesias, “Os Premios da Crítica”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 25 maio 2006, p. 2.

Sublíñase o labor realizado dende os Premios da Crítica de Galicia ao longo de tantos anos que se pretendeu enxalzar a aquelas persoas e ás súas obras que fixeron país. Comunícanse os nomes das persoas galardoadas este ano nos diferentes apartados, como Xosé Manuel Beiras, Teresa Moure, Xavier Alcalá, Xosé Ramón Freixeiro Mato ou Pablo Barreiro Rivas. Noméanse a tres empresarios xa falecidos que loitaron polo país, Enrique Peinador Lines, Xesús Canabal Fuentes e Antonio Fernández López e que deben ser tidos en conta como exemplos a seguir. Lémbrese que o lema dos premios é “pensar máis facer igual a país”.

- A.N.T., “Vicente Araguas e a Aula Castelao recollen os Pedróns”, *A Nosa Terra*, nº 1.224, “Cultura”, 25-31 maio 2006, p. 25.

Dá conta da entrega a Vicente Araguas do Pedrón de Honra, e á Aula Castelao de Filosofía, do Pedrón de Ouro, premios que concede anualmente a Fundación do Pedrón de Ouro, que preside Avelino Abuín de Tembra. Faise un breve percorrido pola actividade profesional de Araguas salientando a súa actividade como crítico literario a través de colaboracións con distintos xornais da terra, así como a súa actividade como literato e tradutor. Do mesmo xeito, comenta as actividades culturais da Aula Castelao no seu labor de normalización da cultura e lingua galegas. Remata referíndose á entrega doutros premios en Galicia: os Premios da Crítica, que recaeron en Xavier Alcalá, en creación literaria, Teresa Moure, en ensaio, e Xosé Ramón Freixeiro Mato, mellor investigación. En canto á música, premiouse o traballo *Meniños cantores*, da asociación Ponte... nas ondas!; en danza, recaeu no festival “En pé de pedra”; e o premio á mellor iniciación cultural foi para o periódico quincenal *A Peneira*.

Premios da Edición 2006

Convocados pola Asociación Galega de Editores (AGE). Os galardóns teñen seis categorías e non están dotados economicamente. A Noite da Edición 2006 celebrouse no Salón Nobre do Liceo Casino de Pontevedra o 16 de decembro. Sabino Torres Ferrer recibiu o Premio á edición histórica galega e Isaac Díaz Pardo foi nomeado presidente de Honra da AGE. Os finalistas foron os seguintes: para o Premio Ánxel Casal ao Libro de 2006, *Feísmo. Destruír un país. A fin do territorio humanizado*, de Antón Baamonde e outros; *O bosque dos raposos aforcados* de Aro Paasilina; *O suxeito postmoderno*, de Rebeca Baceiredo; *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas e *Terra e nostalxia. Galicia rural*, de Gwendolyn Luo. Para o Premio

Lois Tobío ao Libro Traducido quedaron finalistas *A posibilidade dunha illa*, de Michael Houellebecq, traducido por Isabel García Fernández; *Arthur e George*, de Julian Barnes, con tradución de Xesús Fraga; *As aventuras de Pinocho*, de Carlo Collodi e *Don Xoán (contado por si mesmo)*, de Peter Handke, tradución de Luís Fernández Rodríguez. Para o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado optan *A banda de Vilacendo* de Xulio Gayoso, con ilustracións do propio autor; *A lingua das bolboretas* de Manuel Rivas, ilustrado por Miguelanxo Prado; *Arquitectura popular de Galicia* de Pedro de Llano, fotografías de Juan Rodríguez e debuxos de Alfonso Salgado; *Carrilanos* de Rafael Cid; *Cogumelos de Galicia* de Carlos Silvar, Marisa Castro e V. L. Román; *O pirata metepata* de Toño Núñez, ilustrado por José Tomás, e *Smara* de Paula Carballeira, ilustrado por Carole Hénaff. En canto ao Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil, os finalistas foron An Alfaya, con *A sombra descalza*; Eva Mejuto, con *Corre, corre, cabaciña*; Agustín Fernández Paz, con *Corredores de sombra* e Marcos S. Calveiro, con *Sari, soñador de mares*. Para o Premio Francisco Fernández del Riego á cooperación no labor editorial foron finalistas Biblos, o Programa Libro Aberto da TVG e Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Finalmente, para a Premio Xosé María Blázquez ao autor de 2006, atopamos á Área de Terminoloxía do Servizo de Normalización Lingüística da USC, Manuel Rivas e Teresa Moure. Foi Manuel Rivas o gran triunfador, xa que levou dous dos premios, o Ánxel Casal á obra literaria e o Xosé María Álvarez Blázquez ao autor máis destacado do ano. En canto ao mellor libro ilustrado de 2006, o premio foi para *Smara*, de Paula Carballeira, da editorial Kalandraka; mentres que o Xosé Neira Vilas recaeu en *A sombra descalza*, de An Alfaya. O Premio Lois Tobío foi para *Don Xoán (contado por si mesmo)*, da editorial Sotelo Blanco e o Francisco Fernández del Riego para o programa ‘Libro aberto’, da TVG.

Referencias varias:

- Belén López, “Os editores premian a Manuel Rivas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 17 decembro 2006, p. 82.

Indícase que o gran triunfador na entrega de premios da Asociación Galega de Editores (AGE) foi Manuel Rivas, quen recibiu os dous galardóns máis importantes, o Ánxel Casal á mellor obra literaria por *Os libros arden mal* e o Xosé María Álvarez Blázquez como recoñecemento ao autor máis destacado do ano. Recóllense as súas palabras, coas que manifesta a súa satisfacción porque tan só pronunciar estes dous nomes é para unha verdadeira honra, pois representan a homes que deron a vida polos libros. Compartiu o escritor protagonismo con Isaac Díaz Pardo e Sabino Torres, homenaxeados pola AGE despois dunha longa e dilatada traxectoria no mundo da edición.

- AGN, “La AGE homenajea a Isaac Díaz Pardo y Torres Ferrer”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 18 decembro 2006, p. 68.

Indícase que a Asociación Galega de Editores homenaxeou a Isaac Díaz Pardo e Sabino Torres Ferrer pola súa longa traxectoria. Ademais disto, coméntase que houbo outros premiados, como Edicións Xerais de Galicia pola obra de Manuel Rivas *Os libros arden mal*; Sotelo Blanco Edicións por *Don Xoán (contado por si mesmo)* de Peter Handke e traducido por Luís Fernández Rodríguez. No apartado de ilustración a obra gañadora foi *Smara* da

editorial Kalandraka, ilustrada por Carole Hénaff. Finalmente, o premio ao libro infantil e xuvenil foi para *A sombra descalza* de An Alfaya.

- AGN, “Los editores rinden homenaje a Sabino Torres y a Isaac Díaz Pardo”, *El Ideal Gallego*, “Comunicación”, 17 decembro 2006, p. 69.

Coméntase que a Asociación Galega de Editores homenaxeou a Sabino Torres e a Isaac Díaz Pardo amais de conceder seis galardóns máis en diversas categorías. Indícase que o premio Ánxel Fole ao libro do ano foi parar á obra *Os libros arden mal* de Manuel Rivas, escritor que ademais conseguiu o Xosé María Álvarez Blázquez ao autor do 2006. Sotelo Blanco alzouse co premio Lois Tobío ao libro traducido de 2006 por *Don Xoán* de Peter Handke; así mesmo, o libro editado por Kalandraka *Smara* mereceu o premio Isaac Díaz Pardo de ilustración. Para rematar, menciónase o premio Xosé Neira Vilas ao libro infantil e xuvenil e o Francisco Fernández del Riego a un programa televisivo.

- A.N.T., “Os libros arden mal, volume do ano”, *A Nosa Terra*, nº 1.249, “Cultura”, 21-28 decembro 2006, p. 25.

Anúnciase que a Asociación Galega de Editores celebrou a Noite da Edición de Galicia, en que se premiou, entre outros, aos editores Sabino Torres e Isaac Díaz Pardo pola súa longa traxectoria con cumes tan salientábeis como a fundación de Edicións do Castro por parte de Díaz Pardo ou a creación da colección de poesía “Benito Soto” por parte de Sabino Torres. Tamén recibiron o premio Ánxel Casal á mellor obra *Os libros arden mal* de Manuel Rivas e este o premio Xosé María Álvarez Blázquez ao mellor autor do ano.

XVº Premios Irmandade do Libro 2006

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura galega realizado polos medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos, e mellor libro. As propostas para as distintas modalidades deberán presentarse na Federación de Libreiros antes do día 28 de febreiro. Nesta edición o xurado estivo composto por Xaime Corral, presidente dos Libreiros; Miguel Anxo Fernán-Vello, presidente dos Editores; Blanca-Ana Roig Rechou, catedrática da USC; Isabel Álvarez, bibliotecaria; Carlos Arias, da Consellaría de Cultura; Xurxo Patiño, secretario dos Libreiros; e Miguel Salas, presidente da Agrupación de Libreiros de Ferrol. O fallo fíxose público o 25 de marzo, data en que se celebrou a gala de entrega de premios, desta vez en Viveiro. Na modalidade de autores, o galardón recaeu en Teresa Moure. Na categoría de “Medios de Comunicación” o premio foi para o xornal *Galicia Hoxe*; e nas demais categorías resultaron premiados A Asociación de Escritores en Lingua Galega; a *Nova Enciclopedia de Bioética*, publicada pola USC; a Librería Gráficas Santiago, de Ribadeo e tres centros de ensino.

Referencias varias:

- MARÉ, “Convocado o Premio da Irmandade do Libro”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 de xaneiro 2006, p. 44.

Faise eco da convocatoria do Premio da Irmandade do Libro. Informa de que está aberto a todas as persoas ou institucións que desexen participar, así como das modalidades do concurso: os centros de ensino, os medios de comunicación e novas tecnoloxías, institucións públicas e privadas, autor, mellor libro do ano 2005 e libreiro. Refírese ademais ao prazo de remate para a entrega de traballos.

- R.P., “A escritora Teresa Moure faise co XV Premio Irmandade do Libro como mellor autora”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 20 marzo 2006, p. 68.

Dá conta da concesión do Premio Irmandade do Libro da Federación de Libreiros de Galicia a Teresa Moure na modalidade de mellor autora do ano 2005. Afirma tamén que o xurado decidiu os finalistas de centros de ensino, aínda que non os menciona.

- MARÉ., “Teresa Moure, a primeira muller cun Irmandade da Fala”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 marzo 2006, p. 36.

Salienta o feito de ser Teresa Moure a única muller que conseguiu un Premio Irmandade da Fala como mellor escritora. Menciona ademais a data e o lugar de entrega do premio para o 25 de marzo no Casino de Viveiro. Remata facendo referencia a outros premios conseguidos pola autora o ano pasado: o Ramón Piñeiro de Ensaio, O Xerais e o Manuel Lueiro Rey.

- R.S., “Teresa Moure es galardonada por el colectivo de libreros en Viveiro”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 26 marzo 2006, p. 80.

Dá conta da entrega dos Premios Irmandade do Libro, que tivo lugar no Casino de Viveiro. Salienta que o galardón na modalidade de autores recaeu en Teresa Moure. Menciona tamén que nas demais categorías resultaron premiados a Asociación de Escritores en Lingua Galega; o xornal *Galicia Hoxe*; a *Enciclopedia de Bioética*; a librería Gráficas Santiago e tres centros de ensino.

- MARÉ, “Coa lingua e a cultura”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 27 marzo 2006, p. 37.

Faise eco da entrega do premio Irmandade do Libro ao xornal *Galicia Hoxe*, no apartado de “Medios de Comunicación”, por chegar ao número 1.000 como único xornal diario en galego. Comenta o acto e menciona que Xavier Alcalá e Yolanda Castaño actuaron como mantedores. Refírese ao resto dos premiados, salientando a Asociación de Escritores en Lingua Galega, como “Institución”; Teresa Moure, como “Mellor autora” ou a Librería Gráficas Ribadeo, como “Libreiro”. Remata recollendo as opinións dalgúns dos asistentes; Antón Lopo, Xaime Corral ou Luis Bará.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Irmandade do libro”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 30 marzo 2006, p. 3.

Refírese aos Premios Irmandade do Libro, cuxa gala tivo lugar en Viveiro e que recaeron este ano na Librería Santiago de Ribadeo, na Asociación de Escritores en Lingua Galega, na *Nova Enciclopedia Bioética*, no colexio Monteporreiro de Pontevedra, na escritora e ensaísta Teresa Moure e no xornal *Galicia Hoxe*. O artigo vai máis aló da noticia dos premios e pasa a

describir a función dos libeiros, segundo Fernán Vello, auténticos guieiros e axentes culturais.

- Jaureguizar, “A xeira de Moure”, *Galicia Hoxe*, “Ollo Mol”, 9 abril 2006, p. 6.

Faise eco dunha nova xeración de escritoras femininas/feministas que está a empregar a literatura como unha ferramenta reivindicativa: Carmen Blanco, María Xosé Queizán, Rosa Aneiros, Helena González, Anxos Sumai ou Teresa Moure. A seguir, salienta o feito de que esta última vén de gañar os premios Irmandades do Libro e da Crítica Española con *Herba moura*. Informa tamén da publicación da versión española da obra pola editorial Lumen. Remata facendo referencia á carreira profesional de Teresa Moure, que moitos cualifican como “unha bonita e abraiante flor dun día”.

Premios “Nacionais de Literatura”

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas nos diferentes xéneros do ano anterior, en calquera das linguas do Estado. Están dotados con 30.050,60 euros. En 2006 realizouse a entrega de galardóns dos premios Nacionais de Literatura 2005, que van dende o Premio Nacional das Letras Españolas até o Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial. O primeiro recaeu en José Manuel Caballero Bonald e o segundo á Editorial Sígueme. Na modalidade de narrativa, recaeu en Alberto Méndez. Pola súa parte, José Corredor-Matheos recibiu o Premio Nacional de Poesía. O galardón Nacional de Ensaio foi entregado a José Luis Pardo. O premio de Literatura Dramática recolleuno Alberto Millares. Completan o plantel de gañadores Antonio Rodríguez Almodóvar, premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil; Santos Juliá, premio Nacional de Historia de España; Luisa Fernanda Garrido Ramos, premio Nacional á Mellor Tradución; e Antonio Rodríguez Adrados, premio Nacional á obra dun Tradutor. O Nacional ao Fomento da Lectura inclúe un primeiro premio para *Cuadernos de Literatura Infantil e Xuvenil* e un segundo para o proxecto “Leer Juntos”, nas persoas das súas animadoras Mercedes Caballud e Carmen Carramiñana. Nesta edición, Marilar Aleixandre quedou finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa obra *Rúa Carbón*, publicada por Xerais en 2005, dentro da colección “Fóra de Xogo”, anteriormente reeditada e publicada proximamente en castelán e catalán.

Referencias varias:

- MARÉ, “Galardóns para Nazón”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 20 xullo 2006, p. 35.

Faise eco da proposta de creación en Galicia dos Premios Nacionais de Literatura para poesía, teatro e narrativa, que levarían os nomes de Rosalía, Valle-Inclán e Ferrín, respectivamente, idea suxerida por Alexandre Allegue. Este, segundo se informa, pretende tamén ampliar isto ás categorías ensaio e á Literatura infantil e xuvenil. Salienta unha diferenza respecto dos que se outorgan en España: os galegos serían para obras inéditas e non para aquelas xa publicadas.

- MARÉ, “Aleixandre, finalista do Nacional de obras xuvenís”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18

outubro 2006, p. 34.

Breve noticia que anuncia que a novela *Rúa Carbón*, de Marilar Aleixandre, foi declarada finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil convocado polo Ministerio de Cultura. Apunta o argumento da novela e indica que xa foi reeditada en galego e será traducida ao castelán e catalán.

X.6. MIXTOS

XVº Certame “Carvalho Calero”

Premio organizado polo Concello de Ferrol e a Asociación Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na presente edición, os galardoados foron Xosé Manuel Maceira por *Por un nacionalismo cívico e social. Investigación do contributo das Irmandades da Fala da Coruña*, no apartado de investigación, e Paula San Vicente en creación literaria-narración curta coa obra *Fíos de contas*. O xurado decidiu conceder un accésit a Begoña Fal Rey pola obra de creación literaria *As mellores intencións*. No acto de anuncio do fallo a organización do certame comunicou a próxima publicación das obras dos gañadores da anterior edición, da autoría de Miguel Louzao e Carlos Quiroga. Cada un dos premiados recibirá 3.606 euros e verá a súa obra publicada na editorial Laiovento. A entrega dos premios terá lugar en marzo de 2007.

Referencias varias:

- Montse Mayoral, “Medulio fallou os premios Carvalho Calero de investigación e narrativa”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 30 setembro 2006, p. 12.

Resáltase que os premios Carvalho Calero despois de quince edicións logran consagrarse e a eles concorren cada vez máis obras de moita valía. Así o reconece a profesora Laura Tato, quen é tamén a presidenta da asociación Medulio, organizadora do certame xunto co Concello de Ferrol. Nesta edición os premiados foron Paula San Vicente Pellicer por *Fíos de contas*, unha serie de relatos sobre a vida e a morte escrita en galego reintegracionista. Na categoría de investigación, foi o profesor Xosé Manuel Maceira o premiado por un traballo titulado *Por un nacionalismo cívico e social*, aproximación á historia das Irmandades da Fala da Coruña. Indícase que proximamente sairán publicados os traballos gañadores da última edición, *Poesía galega última* de Miguel Louzao en investigación e *Ínxala* de Carlos Quiroga en narración.

- R. Loureiro, “Paula San Vicente e Xosé Manuel Maceiras, premios Carballo Calero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 setembro 2006, p. 46.

Danse a coñecer os nomes dos gañadores da décimo quinta edición dos premios Carballo Calero: no apartado de creación literaria, Paula San Vicente Pellicer fíxose co galardón por *Fíos de contas*, mentres que Xosé Manuel Maceiras Fernández acadou o premio na categoría

de investigación co título *Por un nacionalismo cívico e social*. Indícase que recibirán cada un 3.000 euros e a publicación na editorial Laiovento da obra seleccionada.

- M.B., “Paula San Vicente e Xosé M. Maceira gañan o XV premio Carvalho Calero”, *A Nosa Terra*, nº 1.243, “Cultura”, 9-15 novembro 2006, p. 21.

Anúnciase que o Concello de Ferrol e a Sociedade Cultural Medulio deron a coñecer os nomes dos gañadores da décimo quinta edición do certame Carvalho Calero que eles mesmos organizan. Paula San Vicente foi merecedora do máximo recoñecemento no apartado de creación literaria pola súa obra *Fíos de contas*, en que enlaza diversas historias sobre a vida e a morte que beben do cotiá. Pola súa banda, Xosé Manuel Maceira foi premiado na categoría de traballo de investigación polo seu estudo *Por un nacionalismo cívico e social. Investigación do contributo das Irmandades da Fala da Coruña*, co que pretendeu dar luz ao galeguismo do primeiro terzo do século pasado.

- Marta Otero, “A literatura galega é case incestuosa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 185, “Letras en Galego”, 4 novembro 2006, p. 15.

Recolle as palabras da escritora galega Paula San Vicente, quen expresa as súas opinións sobre a literatura galega despois de recibir o premio Carvalho Calero pola súa obra *Fíos de contas*. A escritora é crítica coa situación da literatura galega por estar subvencionada e por ter un mercado moi restrinxido e afirma que hai no mercado da lusofonía unha alternativa aberta aos escritores. Ela mesma declárase reintegracionista e considera que a presenza do mercado portugués abre unha importante vía para os escritores galegos. A escritora tamén nega a pertenza á literatura galega dos escritores galegos que escriben en español. Tamén hai neste artigo unha referencia á obra, dela di a escritora estar feita a partir da materia procedente da vida cotiá.

XVº Certame Literario da asociación cultural “A Pipa” de Becerreá

Convocado pola asociación cultural “A Pipa” de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá. Conta coas modalidades de poesía, relato, narración e conto, cun máximo de cincuenta versos na primeira e cinco folios na segunda, conforme establecen as bases. Cada participante poderá presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados antes do 24 de decembro á sé da entidade organizadora, na Rúa Ancares, número 57, 27640, Becerreá (Lugo). O certame establece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaioito; e de adultos, a partir dos dezaioito anos. Para cada categoría establécense dous premios e os accésits que o xurado considere oportunos. O xurado estará composto pola xunta directiva da asociación convocante e o fallo terá lugar o 27 de decembro, durante unha cerimonia que nesta edición contará co escritor Xosé Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda. Os gañadores foron, na categoría de infantil (8 a 14 anos) Noelia Rodríguez Pardo, Andrea de Arriba López, Antía Tacón García e Estefanía Castosa Fernández; en xuvenil (14 a 18 anos) Sarai Núñez Santín e Judith Arango Arias; en adultos, Iolanda Pulpeiro, Sheila Fontal Rodríguez, Xosé Antón Núñez Álvarez e Francisco Piñeiro González.

XIIº Certame literario “Manuel Oreste Rodríguez López”

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Orestes Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras en galego ou en castelán. Está organizado nas modalidades de narrativa e poesía e consta de 600 euros para cada unha. Para obter máis información sobre as bases deste premio, cómpre dirixirse ao Concello convocante. Nesta edición o xurado estivo formado polo alcalde de Paradela, José Manuel Mato Díaz; Xoán Xosé Molina, delegado de cultura; Xesús Mato; Xulio Xiz; Xabier Rodríguez; e Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado. De entre os traballos presentados en narrativa resultou gañador Francisco Rozados, coa obra *Raiolas no faiado*. Na categoría de poesía, o premio foi para Restituto Núñez, por *El Haz y el Envés*.

Referencias varias:

- Margario Flowers, “Coelho se echa al Camino para conmemorar el 20 aniversario de ‘Preregrino en Compostela’”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 30 marzo 2006, p. 72.

Infórmase de que a novela *Raiolas no faiado* de Francisco Rozados resultou gañadora do premio Manuel Orestes Rodríguez cunha historia na que se retrata a un refuxiado durante a Guerra Civil. O autor, máis coñecido como Rochi, acababa de conseguir había dúas semanas outro premio de recoñecido prestixio como é o Ánxel Fole de relato.

- D.S., “Navidades literarias”, *El Progreso*, “Sarria”, 23 decembro 2006, p. 10.

Anúnciase a entrega do premio Manuel Oreste Rodríguez López a Restituto Núñez no apartado de poesía por *El Haz* e a Francisco Rozados en narrativa por *Raiolas no faiado*. Lóase a figura do poeta de Paradela Manuel Oreste que dá nome ao certame e do que se di que foi un exemplo de fondo compromiso coa súa terra e coas súas raíces. Preténdese que ese sexa o espírito do certame e que as letras estean presentes na zona. No acto participaron o editor Miguel Anxo FernánVello, membros da sociedade sarriá, a presidenta da asociación *Ergueitos* e outras personalidades.

IXº Concurso de Cartas e Poemas de Amor

Convocado polo Concello de Vilagarcía a través da Concellaría de Xuventude, en colaboración coa librería Arousa e Turgalicia. Estabelécense dous premios para cada unha das modalidades do concurso: os gañadores de cada unha das modalidades reciben 400 euros, un bonohotel para dúas persoas, un lote de libros e un diploma; os segundos reciben 300 euros, máis un lote de libros e un diploma. O xurado estivo composto pola concelleira de Xuventude, María Araujo; a profesora Guadalupe Piñeiro; a directora da Casa da Xuventude, Mercedes Rodríguez; o funcionario Javier Villarronga; e a periodista Susana Luaña. Na categoría de cartas, o primeiro premio foi para *Carta desde el cielo*, de Noelia Romero Gómez; o segundo, para unha carta sen título presentada por Mónica Rodríguez Padín. Na modalidade de poemas, o primeiro premio recaeu en Miguel Barros Taboada con “Romance de A. e D.”; o segundo en Norberto José de los Mozos Pascual, co poema “Con motivo de la

entrega de un ramo de rosas”.

Referencias varias:

- C.M., “Los premios del amor se quedan en Vilagarcía”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, 15 febreiro 2006, p. 83.

Dá conta dos nomes dos gañadores do Concurso de Cartas e Poemas de Amor de Vilagarcía, que quedaron na localidade: na modalidade de cartas, a premiada co primeiro premio foi Noelia Romero; o segundo premio recibíuno Mónica Rodríguez; na sección de poemas, o gañador foi Miguel Barros e o segundo premio foi para Norberto José de los Mozos. Ademais, recolle as opinións dos galardoados, quen amosaron a súa lelicia pola consecución deste premio.

- M.F., “Tres vilagarcíans, premiados no certame literario máis romántico”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 15 febreiro 2006, p. 4.

Informa dos gañadores do premio nesta nova edición e salienta o feito de que dos catro, tres son do municipio e se impuxeron a máis de cen obras presentadas, que viñan de Galicia, doutras comunidades autónomas e do estranxeiro. Dá os nomes dos gañadores, así como do xurado. Remata referíndose á dotación económica de cada un dos premios: para os primeiros 400 euros, un lote de libros e un diploma; para os segundos, 300 euros, un lote de libros e un diploma.

XXIº Premio “Antón Losada Diéguez”

Organizado polos Concellos do Carballiño e Borborás, coa colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, ten como obxectivo premiar as dúas mellores obras publicadas en galego, nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores. De entre os quince traballos de investigación e os dezoito de creación literaria, os gañadores desta edición foron, no apartado de investigación, Manuel Ferreiro pola edición d’*Os Eoas*, de Eduardo Pondal, e Xosé Luís Méndez Ferrín polo poemario *Contra Maquieiro* no apartado de creación literaria. O acto de entrega tivo lugar o 10 de xuño no pazo da familia Losada, en Boborás.

Referencias varias:

- X.A. Reboiro, “Méndez Ferrín e Manuel Ferreiro gañan a XXI edición do premio ‘Antón Losada Diéguez’”, *La Región*, “Carballiño”, 30 abril 2006, p. 21.

Destácase a calidade das obras merecentes do galardón Losada Diéguez que nesta edición recaeron en Xosé Luís Méndez Ferrín polo poemario *Contra maquieiro* e no profesor Manuel Ferreiro polo traballo de investigación *Os Eoas*, co que rescata unha obra inédita do gran poeta galego Eduardo Pondal. Indícase que o xurado tomou as decisións por unanimidade e destacou a media alta das obras presentadas e a excelencia das gañadoras.

- MARÉ, “Contra Maquieiro de Ferrín imponse no ‘Losada Diéguez’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 1 maio 2006, p. 36.

Breve noticia en que se dá conta dos nomes dos gañadores do premio Losada Diéguez que convocan os concellos do Carballiño e Boborás. Indícase que no apartado de investigación foi o profesor Manuel Ferreiro o que se fixo co galardón pola investigación *Eduardo Pondal. Os Eoas*, da que o xurado resaltou a súa valía, pois péchase así a investigación dunha obra do bardo da que non había unha versión definitiva. Na categoría de creación, foi Xosé Luís Méndez Ferrón o premiado polo poemario *Contra maquieiro*, co que regresa á creación poética despois de anos. Nesta ocasión o xurado resaltou que a súa é unha poesía de primeira liña, comprometida coa clase oprimida, pero non carente de técnica.

- MARÉ, “Provocación en Boborás”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xuño 2006, p. 33.

Sucinto artigo no que se fai referencia aos premiados co Losada Diéguez, que nesta edición recaeron: na categoría de creación, en Méndez Ferrín por *Contra maquieiro*; e en investigación, en Manuel Ferreiro por *Os Eoas* de Eduardo Pondal. Menciónase a polémica que se suscitou na homilía da misa que precedeu á entrega, en que o sacerdote falou da situación de Euskadi e á que se referiu Xosé Manuel Beiras nunhas palabras posteriores.

Premios de Poesía, Relato Curto e Tradución da Universidade de Vigo

Premio convocado pola Universidade de Vigo a través da Área de Normalización Lingüística e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Son tres as modalidades que se establecen: poesía, relato curto e tradución literaria. Poderán participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás, para a modalidade de tradución literaria e tradución científico-técnica, o profesorado que imparta docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabelécese un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Os orixinais deben ser inéditos e non premiados noutro certame. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de 100 versos e máximo de 150. Na modalidade de relato curto o mínimo é de 8 folios e o máximo de 12 folios. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de 8 páxinas e un máximo de 20, e é necesaria a entrega dunha copia do texto fonte e que se indique claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben presentarse por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, presentando tamén o lema elixido polo autor e os seus datos persoais. A entrega dos traballos debe facerse á Área de Normalización Lingüística en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O prazo de admisión pecha o 24 de abril de 2006. O xurado, presidido polo Reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. Na presente edición, o gañador na modalidade de relato curto foi Alberto Comesaña, por *O mellor da vida*, mentres que os accésits foron para Xurxo Aristegui González, por *A farsa*, e Isaac Xubín Fernández, por *Viva El-Rei*. En poesía, o premio recaeu en Xavier Xil Xardón, por *Os animais son universais porque non teñen retranca*, e tamén recibiu o segundo accésit por *O trono xa non vén do ceo*.

O primeiro accésit foi para Isaac Xubín Fernández, con *Apoloxía de Antígona*. Alberto Rodríguez coa obra *Os reinos da conciencia*. O gañador do premio de tradución foi Iván Sestay Martínez pola súa tradución de *Les Amours et Nouveaux Echanges des Pierres Précieuses* de Rémy Belleau. O primeiro accésit foi para M^a Isabel Ariones Porto, por *Scordatura*, de Mark Ray Lewis. A entrega dos premios tivo lugar no acto institucional da Universidade de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas.

Referencias varias:

- Daniel Rivera, “Internet cambiou a perspectiva da literatura, hai outro espazo de divulgación”, *Atlántico Diario/La Región*, “Vigo”/ “Universitas”, 9/8 xuño 2006, p. 42/ p. 46.

Pequena entrevista ao gañador do premio de poesía da Universidade de Vigo Xabier Xil. Este novo escritor afirma que cando se presentou a este certame tiña a esperanza de gañar, pero o feito supúxolle unha gran satisfacción. Entende que na actualidade a internet está axudando a moitos escritores a dar a coñecer a súa obra, polo que resulta un medio de divulgación fascinante para as persoas que queren darse a coñecer no sistema. Explica que na súa obra fala da vida diaria, do mundo visto dende o seu compromiso social e político, da súa comarca, a Limia, e de todo o que se lle ocorre.

IVº Premio de Tradución Plácido Castro

Convocado pola Fundación Plácido Castro para a promoción de obras dos tradutores galegos, diríxese a todas as persoas que teñan publicado na Biblioteca Virtual www.bivir.com algunha tradución ao galego da literatura universal. Está dotado con 3.000 euros. O xurado desta edición estivo integrado por Xosé María Gómez Clemente, Xulián Maure, Francisco Fernández Rei, Auria Fernández Rodríguez, Carlos Arias Iglesias e María Del Mar Gómez, quen actuou como secretaria. Nesta edición, á que se presentaron vinte e tres obras fonte, o premio volveu recaer “ex aequo” por terceira vez en dous autores, o escritor ferrolán Fernando Pérez Barreiro Nolla por verter ao galego *Breviario do pensamento clásico chinés*, unha colección de textos de pensadores do país asiático, e a lingüista viguesa Iolanda Galanes Santos, pola tradución d’*A herdanza dos caracteres adquiridos*, de Michel Delsol. O xurado declarou finalistas a Ramón Iglesias Miguez pola tradución *A casa de veraneo de Kneller* (primeira tradución do hebreo ao galego) e Xoan Garrido Vilariño por *Historia de Soah*.

Referencias varias:

- MARÉ, “O premio ‘Plácido Castro’ decídese o sábado en Baiona”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 de xaneiro de 2006, p. 42.

Informa da reunión do xurado do premio de Tradución Plácido Castro. Dá o nome dos integrantes do xurado e comenta que este premio é o único desta natureza que existe en

Galicia. Anúnciase a páxina web da Asociación de Tradutores Galegos, en que se poden atopar todas as obras traducidas na súa Biblioteca Virtual.

- MARÉ, “A tradución ponse en valor”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 22 de xaneiro de 2006, p. 35.

Dá conta dos nomes dos merecedores do Premio de Tradución Plácido Castro, que volveu recaer “ex aequo” en dous autores ferroláns, Fernando Rérez Barreiro Nolla por *Breviario do pensamento clásico chinés*, e Iolanda Galanes Santos, por *A herdanza dos caracteres adquiridos*. Sinálase que o galardón tivo dous finalistas, Ramón Iglesias e Xoán Garrido. Xulio Ríos, presidente do Igadi, considera que se trata da edición máis “voluminosa”. Ofrece o nome dos compoñentes do xurado e informa de que o premio se entregará o 28 de xaneiro.

Premios Gzcrea 2006

Certame galego de creadores novos convocados pola Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e de Solidariedade da Xunta de Galicia. Inclúe as categorías de relato, poesía, poesía audiovisual, teatro, artes plásticas, moda, música, banda deseñada, graffitti, carteis, artes do movemento e composición para banda de música. Nesta edición os galardados na modalidade de relato foron José Ignacio Silva Regueira por *Alén dos sentidos*, Pablo Marínez Lema por *O inverno nas abadías* e Gerardo Neira Pereira por *Perigo biolóxico*. En poesía, fórono José Antonio Cascudo Rodríguez coa obra *Manual do misántropo*, Lucía Aldao Sánchez con *Así* e Brais González Pérez con *Eraldos das escuras horas*. As mencións de honra neste apartado levouna Leticia Costas Álvarez por *Aparición de triste alberte*, Mumán Noval por *De ter un can chamarialle Guenguis* e Verónica Martínez Delgado por *O ladrón de almas*. No apartado de teatro, resultaron premiados o grupo Trécola Teatro con *Encerradas*, o Grupo de Teatro da Biblioteca Pública de Antas de Ulla por *La casa de Bernarda Alba* e Teatro Etru-Noia por *Tres tristes traumas*. No que atinxe á banda deseñada, os galardados foron Juan Luís Pérez Rodríguez por *Gárgolas*, Cosme Fernández González por *As 02:32 AM*, Alberto Vázquez Rícoló por *Mozos Mouchos* e as mencións de honra recibíronas Jerónimo Piñeiro de Castro con *Os nomes esquecidos* e Carlos Alfonso Fernández con *Calquera día*.

Referencias Varias:

- S. T. “Los premios de la Banda”, *La Región*, “Ciudad”, 5 outubro 2006, p. 13.

Faise eco da entrega de premios do Certame Gzcrea 2006 de Banda Deseñada e o Premio Ourense, que recaeu na librería Paz de Pontevedra.

- LR, “El arte de dibujar con premio”, *La Región*, “Ciudad”, 21 outubro 2006, p. 13.

Recolle as impresións do acto de entrega dos galardóns á Banda Deseñada, dentro das xornadas de Banda Deseñada de Ourense. O acto tivo lugar na Casa da Cultura. Comenta que os gañadores do Certame Galego de Creadores Novos, Gzcrea 2006, recolleron os seus cheques e o diploma. Dá os nomes dos gañadores e salienta un momento especial: a entrega do premio Banda Deseñada, que recaeu na Librería Paz, de Pontevedra.

- Cándida Andaluz, “La Xunta premia en Ourense a la cantera gallega del cómic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 decembro 2006, p. 47.

Dá conta da entrega do Premio Ourense de Banda Deseñada e dos galardóns Gzcrea 2006 dentro do marco da décimo oitava edición das Xornadas de Banda Deseñada que se celebran en Ourense. Salienta que o Premio Ourense de Banda Deseñada recaeu na librería Paz de Pontevedra por ser unha das pioneiras en especializarse no cómic. Recolle as palabras de Cano Paz, propietario do establecemento. Remata facendo referencia ao gañador do certamen Gzcrea 2006 de Banda Deseñada, Juan Luis Pérez, por *Gárgolas*, así como ao segundo premiado, Cosme Fernández González, por *02.30 AM* e ao terceiro, Alberto Vázquez Rico, por *Mozos Mouchos*.

Vº Premio literario “Benito Soto”

Homenaxeando ao popular pirata Benito Soto, figura altamente representativa da cidade de Pontevedra, a Asociación de Librarías de Pontevedra convocou este premio en 2002 por vez primeira coa finalidade de potenciar tanto a lingua galega coma os seus escritores. O galardón, que non ten dotación económica, consiste en que o autor premiado poida exhibir o seu libro en todos os escaparates das librarías de Pontevedra durante un ano. Neste premio participan as obras escritas en galego que foran publicadas o ano anterior á data deste premio, e que entre as súas características estean as de ser un libro de espallamento, que comente novas vivencias, que sexa entretido e que divulgue valores novos. Así mesmo, sen descoidar a calidade literaria e os valores das obras, búscase premiar aqueles traballos que satisfagan mellor o gusto dunha maioría posíbel de lectores. Nesta edición premiouse a Teresa Moure por *Herba Moura*.

Referencias varias:

- Luciana Ayub, “Estou moi contenta co premio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Verán/Cultura”, 14 xullo 2006. p. 75.

Entrevista a Teresa Moure co gallo do premio Benito Soto no marco da Feria do Libro de Pontevedra. Na entrevista expresa a lelicia por recibir o premio e comenta como está a vivir o éxito do libro. Remata sinalando que non está segura de que este tipo de iniciativas contribúan ao fomento da lectura.

- Luciana Ayub, “Día de libros y calor en la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Verán/Cultura”, 14 xullo 2006. p. 75.

Logo de referirse á XVIII edición da Feira do Libro Novo en Pontevedra, en que abriu co pregón o escritor Xosé Neira Vilas, centra a atención no acto de entrega do Premio Benito Soto a Teresa Moure. Remata facendo balance das vendas de libros na primeira xornada da feira, sinalando o optimismo da caseta de venda de contos infantís de Kalandraka.

Premio “Táboa Redonda”

Premio convocado por iniciativa de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*. Son os propios lectores de ambos os dous xornais os que elixen o mellor libro publicado en galego ao longo do ano. A votación faise a través da Internet, nas páxinas das edicións dixitais, en que aparecerá unha listaxe de quince libros publicados no ano, escritos en galego por un autor vivo. Existe tamén a posibilidade por parte dos participantes de facer suxestións, de xeito que na lista entran aquelas obras que reciban un mínimo de cinco votos ao longo da semana. *Blúmsdei*, de Xosé Cid Cabido, resultou elixido o Mellor Libro Galego de 2006, despois de que fosen pechadas as votacións dende o 25 de novembro. O segundo lugar ocupouno *Chuvia mansa*, de Xosé Ramón Díaz, seguido dos poemarios *Abracadabras*, de Marica Campo, e *Cabalgada na brétema*, de Darío Xohán Cabana. Xa con menos votos situáronse *Ollos de auga*, de Domingo Villar; *A bisneta lercha*, de Paco Martín; *A cuestión ambiental en Galicia*, de Francisco Díaz-Fierros; *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; *Home sen nome*, de Suso de Toro; *Se buscas con deus*, de Xabier Quiroga; *A flor de auga*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; *Dicir unha razón*, de Arcadio López-Casanova; *Os anos da memoria*, de Xesús Rábade. Pecharon a listaxe *As mulleres na filosofía*, de Inés Fernández Buján e *Final de película*, de Gustavo Pernas.

X.7. PREMIOS A UNHA VIDA

Galardón “Pedras da Memoria”

Convocado pola Asociación Pola Memoria do 36 de Vigo. Os dez premiados distínguense pola súa loita pola memoria histórica. A nivel internacional, os galardoados foron Adolfo Pérez Esquivel, Nobel da Paz e descendente de galegos, e a danesa Inge Genefke, fundadora do Consello Internacional para a Rehabilitación das Vítimas da Tortura. En canto ao ámbito galego, salientan os galardóns para Ánxela Bugallo, Concelleira de Cultura, Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas, Mariví Villaverde e o recentemente finado Luís Noia, así como o documentalista Xan Leira, polo seu labor a prol da pervivencia da memoria histórica. Como institución, foi premiado o xornal *A Nosa Terra*.

Referencias varias:

- A.N.T., “Abel Caballero esixe a retirada das bandeiras galega e republicana na entrega das ‘Pedras da Memoria’”, *A Nosa Terra*, nº 1.242, “Galiza”, 2-8 novembro 2006, p. 14.

Comenta o emotivo acto de entrega das Pedras da Memoria celebrado na estación marítima de Vigo. Salienta a polémica suscitada pola esixencia de Abel Caballero, presidente da Autoridade Portuaria, de que se retirasen as bandeiras galega e republicana sitiadas detrás do estrado. A organización finalmente decidiu retiralas pero ao rematar o acto volvéronas colocar, segundo se indica. Menciona a lectura do *Manifesto pola Memoria Silenciada* e remata facendo referencia aos dez premiados, que se distinguen pola súa loita pola memoria.

“Galego Egrexio” da Fundación dos Premios da Crítica de Galicia

A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea “Galego Egrexio” a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente desta categoría. Nesta edición de 2006, o galardón recaeu na figura de Xosé Manuel Beiras, ex líder do BNG e catedrático de Estrutura Económica da Universidade de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- Gabino Porto, “Beiras, nombrado ‘Galego Egrexio’ por los Premios da Crítica de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 12 marzo 2006, p. 50.

Dáse a coñecer, nun acto público no balneario de Mondariz, a decisión da Fundación Premios da Crítica-Galicia de nombrar “Galego Egrexio 2006” a Xosé Manuel Beiras. Afirmar que para este recoñecemento foron tidos en consideración os numerosos méritos deste catedrático e político. Tamén se menciona o recoñecemento que se lles vai a facer a tres empresarios galegos doutro tempo: Enrique Peinador Lines, Xesús Canabal e Antonio Fernández López.

- M. Gimeno, “La Fundación Premios da Crítica nombra a Beiras Galego Egrexio”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 12 marzo 2006, p. 19.

Faise eco da decisión de conceder o galardón de “Galego Egrexio” a Xosé Manuel Beiras pola súa traxectoria vital e profesional. Informa de que os premios se entregarán o 20 de maio en Mondariz e estarán presentes no acto as personalidades máis relevantes do mundo da cultura, economía e política de Galicia, segundo informou Xosé González.

- C. Fernández, “Premios da Crítica nomea a Xosé Manuel Beiras ‘Galego Egrexio 2006’”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”, 12 marzo 2006, p. 76.

Despois de dar a coñecer ao novo “Galego Egrexio”, Xosé Manuel Beiras, comenta que o acto de entrega terá lugar en Mondariz o próximo 20 de maio, e que este será tamén o escenario da convocatoria dos XXIX Premios da Crítica. Como novidade salienta a homenaxe a tres empresarios emprendedores.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 16 maio 2006, p. 59.

Refírese á concesión do título de “Galego Egrexio”, da Fundación Premios da Crítica, a Xosé Manuel Beiras. Considera que algúns tiveron moita presa por xubilalo, pero este persoeiro segue a ser un referente social e cultural. Menciona o Pedrón de Ouro que lle foi concedido hai un ano, así como as conferencias ás que asiste, e deixa claro que Meiras non se deixa xubilar.

Homenaxe “Letra E. Escritor na súa terra”

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O

escritor na súa terra”. Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocante fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoador. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita en madeira por Manuel Coia coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. No 2006 concedéuselle este galardón a María do Carme Kruckemberg.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Kruckemberg, de homenaje”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 27 maio 2006, p. 10.

Entre variadas cuestións non relacionadas coa literatura, anúnciase o acto de homenaxe que ten previsto a Asociación de Escritores en Lingua Galega para recoñecer o traballo da poeta M^a do Carme Kruckemberg, en Vigo.

- Manuel, Vidal Villaverde, “Chuchi Kruckemberg na súa Terra”, *Galicia Hoxe*, “Fai fume”, 31 maio 2006, p. 4.

Artigo dedicado a María do Carme Kruckemberg con motivo da homenaxe feita pola AELG nos días próximos á publicación deste artigo. O escritor fala positivamente neste artigo sobre a súa escrita poética e recolle algúns dos seus versos para comentar algúns dos temas máis tocados na súa poesía. En todo o artigo podemos observar a admiración do cronista pola escrita poética desta escritora contemporánea.

- Fernando Franco, “Confieso que he vivido; tal es la sensación que marchará conmigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 2 xuño 2006, p. 51.

Entrevista a María do Carme Kruckemberg a propósito da próxima celebración da homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega, “A escritora na súa terra”. Sinálase que a autora ten publicadas once obras en castelán e quince en galego e convérsase sobre a súa vida e os diferentes escritores e intelectuais cos que tratou.

- Agatha de Santos, “Kruckemberg, pionera de las letras”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 4 xuño 2006, p. 6.

Recóllese información sobre a homenaxe que se lle rendeu á poeta María do Carme Kruckemberg con motivo da entrega da Letra E, galardón co que a Asociación de Escritores en Lingua Galega distingue dende fai doce anos ás personalidades máis sobresaíntes das letras galegas. premios

- J.D.C., “80 anos de vida e poesía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 xuño 2006, p. 18.

Faise eco da homenaxe a M^a do Carme Kruckemberg no Pazo de Castrelos, de Vigo, por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dise que nesta homenaxe, contrapunto do Día das Letras Galegas, participaron cerca dun cento de persoas, entre as cales se encontraban poetas como Bernardino Graña, Luz Pozo, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Yolanda Castaño. Introdúcense tamén unhas notas biográficas sobre a longa traxectoria da poeta.

- E.P., “Co ‘E’ de escritora”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 xullo 2006, p. 36.

Faise eco da homenaxe “A escritora na súa terra”, dedicada na súa XII edición á autora María do Carme Kruckenberg en Vigo. Dáse conta do programa do acto e faise unha breve recensión bio-bibliográfica da escritora.

Medallas de Ouro de Galicia e Medallas Castelao

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servizo da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia, que consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta da actividade humana. No ano 2006, a diferenza dos anteriores, a entrega de medallas terá un único protagonista. O galardón foi para a Real Academia Galega pola defensa da identidade galega, a cultura e a fala.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, “Medallas Castelao”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 2 de xullo 2006, p. 5.

Comeza referíndose á entrada do BNG no goberno da comunidade, para logo sinalar que o actual goberno reduciu a tres as Medallas Castelao. A continuación fai unha crítica ao propio nome do premio, imposto dende o PP, e logo segue a reflexionar sobre os aspectos nos que se fallou á hora de render tributos e homenaxes ao escritor no acto de entrega destes premios: na invitación, no local, na presentadora, no “cuarteto de corda alcumado Socialistas de Galicia”, na reserva dos lugares. Remata facendo referencia ao discurso de Touriño, que segundo Abuín de Tembra, non lle correspondería, aínda que o cualifica de aceptábel.

- L.R. “La Real Academia Galega recibe la Medalla de Oro de Galicia, la única otorgada este año, *La Región*, “Galicia”, 14 xullo 2006, p. 21.

Faise eco da decisión de entregar a única Medalla de Ouro de Galicia, máxima distinción do goberno galego, á Real Academia Galega. Informa que o acto de entrega terá lugar o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia.

- MARÉ, “Cen anos de lingua e terra”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 xullo 2006, p. 37.

Refírese á decisión do goberno de entregar á Real Academia Galega a única Medalla de Ouro de Galicia, que se entregará o Día Nacional, para premiar o labor a favor da cultura e da lingua galegas. A continuación, ofrece un breve percorrido polos máis importantes acontecementos na historia desta institución.

- Avelino Abuín de Tembra, “Premios Nacionais”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Abregos”, 16 de xullo 2006, p. 5.

Reflexiona sobre a sorpresa que supón que aínda en Galicia non existan uns premios nacionais, como en Euskadi ou Cataluña e que oficialmente se limita á entrega das Medallas Castelao e das Medallas Galicia. Faise eco da proposta de Alexandre Allegue de institucionar tres premios nacionais: Premio Nacional de Poesía Rosalía de Castro, Premio Nacional de Novela Méndez Ferrín e Premio Nacional de Teatro Valle-Inclán, que se farán efectivos no caso de obter o praxe do goberno. Remata referíndose á existencia de bastantes premios en Galicia, aínda que algúns deles non atravesan as mellores circunstancias, polo que considera que a presenza dos Premios Nacionais de Literatura de Galicia é unha esixencia.

- Ana Rodríguez, “A Real Academia Galega recibe a Medalla de Ouro de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Especial Día de Galicia”, 25 xullo 2006, p. 28.

Faise eco da decisión do goberno de entregar este ano a Medalla de Ouro de Galicia á Real Academia Galega, que celebra este ano o seu centenario. A continuación fai un percorrido pola historia da RAG, atendendo ás finalidades, á intención de mitificar a figura de Rosalía durante a presidencia de Murguía, á aparición do Dicionario monolingüe na presidencia de Domingo García-Sabell. Acaba recordando a presidencia de Fernández del Riego, en que se viviu unha apertura sen precedentes, así como a presidencia na actualidade de Xosé Ramón Barreiro Fernández.

- A.E., “‘Viva a nación galega’”, *A Nosa Terra*, nº 1.233, 27 xullo-6 setembro 2006, p. 7.

O título da noticia fai referencia ás palabras que o escritor sueco Goran Björnán lles dedicou aos membros da Real Academia Galega hai un século: “Vivat, floreat natio Galaica”. Con esta mesma frase, Xosé Ramón Barreiro remata o seu discurso no acto de entrega da única Medalla de Ouro de Galicia, que nesta edición, segundo se informa, recaeu na RAG.

- Nacho Mojón, “El presidente de la Real Academia Galega recibe la ‘Medalla de Galicia’ con un ‘viva la nación’” *Faro de Vigo/La Opinión*, “Galicia”, 26 xullo 2006, p. 17/14.

Faise eco da recollida do premio por parte de Xosé Ramón Barreiro en nome da institución que preside. Fai mención dalgúns invitados á cerimonia, políticos maioritariamente, e recolle algúns fragmentos da intervención de Touriño.

- E. R., “A Academia agradece a Medalla de Ouro co compromiso de defender a identidade galega”, *La Región*, “Galicia”, 26 xullo 2006, p. 23.

Comeza coas palabras de Barreiro no acto de entrega do Premio, referidas aos obxectivos desta centenaria institución: a defensa da identidade cultural de Galicia e o fomento do estudo, divulgación e uso da lingua galega. Logo, sinala que Touriño, no seu discurso, fixo un percorrido pola historia da Real Academia Galega, aínda que centrou a intervención no chamamento á unidade na reforma estatutaria.

- AGN, “Barreiro invoca o compromiso da Real Academia coa identidade cultural”, *Diario de*

Ferrol /El Ideal Gallego/ Diario de Arousa, “Galicia”, 26 xullo 2006, p. 26/28/34.

Dá conta do acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia á Real Academia Galega, que recolleu Xosé Ramón Barreiro, o seu presidente, no parque de Bonaval. Recolle as palabras de Touriño, así como fragmentos do discurso de Barreiro, que destacou as figuras de Murguía, Emilia Pardo Bazán, ademais de lembrar as dificultades dos primeiros momentos e a súa loita continua pola construción dunha Galicia “libre, democrática, laica e radicalmente galega”.

- S.R./AGN, “Barreiro reitera el compromiso de la RAG con la identidad y la lengua”, *El Progreso*, 26 xullo 2006, p. 26.

Informa de que Xosé Ramón Barreiro recibiu de mans do presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, a Medalla de Ouro de Galicia. Recolle as palabras de Barreiro na súa intervención, quen salientou o seu propósito de defender a identidade cultural de Galicia, ademais de realizar un chamamento ao aperturismo e á proxección de Galicia no mundo.

- E.P., “A RAG recibirá a Medalla de Ouro do Concello de Lugo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 10 setembro 2006, p. 33.

Dá conta da decisión do Concello de Lugo de concederlle á RAG a Medalla de Ouro da cidade, de acordo cos tres grupos políticos con representación municipal. Informa que o acto de entrega será o 30 de novembro, data na que tamén se celebra a declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro”, a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia, e o “Pedrón de Honra”, a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No ano 2006 o Pedrón de Ouro foi para a Aula Castelao de Filosofía polos seus vinte e catro anos de actividade e o de Honra para Vicente Araguas pola súa traxectoria persoal. A entrega dos galardóns tivo lugar o 21 de maio na horta da Casa de Rosalía, en Padrón.

Referencias varias:

- Manuel Outeiriño, “Vicente Araguas”, *A Trabe de Ouro*, nº 66, abril, maio, xuño 2006, pp. 267-270.

Intervención como mantedor no acto de entrega do Pedrón de Ouro e do Pedrón de Honra do ano 2006. nela loa o poeta, novelista, crítico literario e xornalista Vicente Araguas, co gallo da concesión do Pedrón da Honra. Remárcase o seu papel como compositor de cancións na Compostela antifranquista, tales como “Agora” e “Camaleón”, esta última pertencente ao seu libro *VocesCeibes*.

- Manuel Outeiriño, “A Aula Castelao de Filosofía”, *A Trabe de Ouro*, nº 66, abril, maio, xuño 2006, pp. 265-267.

Loanza da Aula Castelao de Filosofía, que recibiu o Pedrón de Ouro 2006. Sinálase que foi creada nos anos oitenta en Pontevedra “co obxectivo de pensar os problemas do presente a través da filosofía, na súa dimensión crítica e transformadora”. Cuestións todas elas postas en común na Semana Galega de Filosofía.

- Fernando Pérez López, “Palabras pronunciadas no Acto de Entrega do Pedrón de Ouro 2006”, *A Trabe de Ouro*, nº 66, abril, maio, xuño 2006, pp. 271-273.

Fernando Pérez López amosa neste discurso a súa ledidica e agradecemento pola concesión do Pedrón de Ouro 2006 á “Aula Castelao de Filosofía”, creada no ano 1983 en Pontevedra. Aproveita a ocasión para loar aos seus colaboradores e, ao mesmo tempo, mostra o seu desagrado polas institucións que nin lles axudan nin nunca o fixeron.

- Vicente Araguas, “Palabras pronunciadas no Acto de Entrega do Pedrón de Honra 2006”, *A Trabe de Ouro*, nº 66, abril, maio, xuño 2006, pp. 275-277.

Discurso de Vicente Araguas en que pronuncia unhas palabras para agradecer a concesión do Pedrón de Honra. Fala da súa relación coa vila, dos seus predecesores na consecución do Pedrón de Honra e ademais aproveita para “ceibar” un poema, “Outra vez o hispano-argentino”.

- C.P., “Outorgan o Pedrón de Ouro á Aula Castelao de Filosofía e o de Honra a Vicente Araguas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 22 abril 2006, p. 47.

Comenta que a Aula Castelao de Filosofía foi galardoada co Pedrón de Ouro, e o escritor Vicente Araguas, co Pedrón de Honra. Sinálanse as cualidades de ambos os dous galardoados para recibir este premio. En canto á Aula Castelao, recoñécese a actividade desenvolvida dende unha posición “intelectual crítica, moderna, rigorosa, universal e netamente galega”. De Vicente Araguas salienta a estrita fidelidade a Galicia. Informa de que o acto de entrega terá lugar en maio na horta da casa de Rosalía, en Padrón.

- Benedicto García, “Vicente Araguas, a coherencia”, *El Progreso/Galicia Hoxe*, “Chiscando un ollo”/“Calidoscopio”, 27 abril 2006, p. 23/6.

Refírese á figura de Vicente Araguas, premiado co Pedrón de Honra 2006 pola súa ampla actividade musical, poética e docente. Dáse grazas aos premiadores por escoller de maneira tan atinada e ao premiado por loitar tanto e tan coherentemente polos valores que sempre defendeu.

- C.B., “La Fundación Pedrón de Ouro entrega mañana sus distinciones”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 maio 2006, p. 40.

Anuncia a entrega das distincións anuais da Fundación Pedrón de Ouro á Aula Castelao de Filosofía. Será mantedor Manuel Outeiriño e presentador Xosé Ramón Fandiño no acto de

entrega. Describe as razóns polas cales se lle entrega este premio a esta entidade, salientado a “defensa da universalidade da nosa terra e a nosa lingua”. Remata referíndose ao Pedrón de Honra, que recaeu no escritor Vicente Araguas.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Vicente Araguas”, *Galicia Hoxe*, “Caderno aberto”, 22 maio 2006, p. 3.

Co gallo da entrega do Pedrón de Honra a Vicente Araguas, sinálase a situación en que se encontra o sistema literario galego, ao se ver perante dun excelente crítico literario comprometido co idioma galego dende a afastada vila de Majadahonda, onde reside e traballa, e conclúese definíndoo como “señor da palabra”.

- Uxía López, “El Pedrón de Ouro, para el Aula Castelao de Filosofía de Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 22 maio 2006, p. 48.

Fai referencia ao acto de entrega do Pedrón de Ouro e do Pedrón de Honra na casa de Rosalía de Castro. Menciona que asistiron Ánxela Bugallo, concelleira de Cultura, Carmen Adán, secretaria xeral da vicepresidencia e ex presidenta da Aula Castelao; o seu presidente, Fernando Pérez, de quen se recollen as liñas do discurso; Vicente Araguas; e numerosos intelectuais do país. Di que no acto se fixo referencia ao “Ano da Memoria” e rematouse cantando o Himno galego.

- A.N.T., “Vicente Araguas e a Aula Castelao recollen os Pedróns”, *A Nosa Terra*, nº 1.224, “Cultura”, 25-31 maio 2006, p. 25.

Dá conta da entrega a Vicente Araguas do Pedrón de Honra, e á Aula Castelao de Filosofía, do Pedrón de Ouro, premios que concede anualmente a Fundación Pedrón de Ouro, que preside Avelino Abuín de Tembra. Faise un breve percorrido pola actividade profesional de Araguas salientando a súa faceta de crítico literario a través de colaboracións con distintos xornais da terra, así como a súa actividade como literato e tradutor. Do mesmo xeito, comenta as actividades culturais da Aula Castelao no seu labor de normalización da cultura e galega. Remata referíndose á entrega doutros premios en Galicia: os Premios da Crítica, que recaeron en Xavier Alcalá, en creación literaria; Teresa Moure, en ensaio; e Xosé Ramón Freixeiro Mato, mellor investigación. En canto á música, premiouse o traballo Meniños cantores, da asociación Ponte.. nas ondas!; en danza, recaeu no festival “En pé de pedra”; e o premio á mellor iniciación cultural foi para o periódico quincenal *A Peneira*.

- Avelino Abuín de Tembra, “Os Pedróns 2006”, *Galicia Hoxe /Diario de Arousa*, “Opinión”/“E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...”, 30/21 maio 2006, p. 5/26.

Comeza facendo referencia á creación destes premios e recordando a aqueles que anteriormente foron premiados, os patriarcas de Galicia, que ocuparon un lugar protagonista dentro da cultura do país. A continuación, céntrase nos Pedróns do século XXI, que cualifica de “rostros de futuro rexamente vinculados co pasado e o presente de Galicia”, e salienta aos galardoados nesta edición 2006, a Aula Castelao de Filosofía, co Pedrón de Ouro, e Vicente Araguas, co Pedrón de Honra.

- X.L. Méndez Ferrín, “É”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Os camiños da vida”, 9 xuño 2006, p.

32.

Refírese ao acto de entrega do Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra. Considera o feito de entregar este tipo de condecoracións e recoñecementos públicos desde España como unha mostra da “miseria da nosa autonomía”. Por esta razón, é da opinión que os pedróns da Fundación Pedrón de Ouro son exemplo da resistencia. Menciona os galardoados co Pedrón de Ouro, a Aula Castelao de Filosofía; Beiras na anterior convocatoria e o movemento “Nunca máis”, antes deste.

- Vicente Araguas, “Fernando”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 26 xuño 2006, p. 11.

Fálase da entrega do premio do Padroado do Pedrón de Ouro, ao que asistiu o autor deste artigo, e da súa relación con Fernando Pérez, con que compartiu mesa nestes premios.

- J.L., “Convenio de colaboración de Cultura e o Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 1 xullo 2006, p. 75.

Faise eco do convenio de colaboración que asinaron a Concellaría de Cultura e Deporte e a Fundación do Pedrón de Ouro. Informa que este convenio achega 21.000 euros por parte da Concellaría á organización dos premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, así como ao de novela breve Modesto Rodríguez Figueiredo.

- Concha Pino, “Isaac Díaz Pardo, nomeado presidente de honra da Fundación Pedrón de Ouro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 5 xullo 2006, p. 34.

Sinala que Isaac Díaz Pardo foi nomeado presidente de honra da entidade Fundación do Pedrón de Ouro, debido á débeda que Galicia ten con este intelectual galeguista e dadas as circunstancias persoais e profesionais que está vivindo. A fundación relaciona a distinción co Ano da Memoria e lémbrese a actividade cultural e empresarial que Díaz Pardo fixo no exilio e despois aquí en Galicia.

- MARÉ, “Díaz Pardo, un dos nosos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 5 xullo 2006, p. 37.

Dá conta da decisión do padroado da fundación do Pedrón de Ouro de nomear presidente de honra ao intelectual Isaac Díaz Pardo, concedido polo seu labor a favor da cultura e lingua galegas, así como do apoio pola actual situación persoal e profesional que está vivindo.

- Juan Martínez, “Honrar os comprometidos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xullo 2006, p. 37.

Fai referencia ao acto de entrega dos galardóns que a Fundación do Pedrón de Ouro outorga anualmente, nesta ocasión á Aula Castelao de Filosofía e ao escritor Vicente Araguas. Recóllense fragmentos do discurso de Manuel Outeiriño, así como de Vicente Araguas e do presidente da Aula Castelao, Fernando Pérez, quen reiterou o compromiso da entidade co avance de Galicia.

- E.P., “Isaac Díaz Pardo recibe mañá a medalla de honra do Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 27 xullo 2006, p. 67.

Breve referencia á entrega da medalla e o pergamiño que acreditan a Isaac Díaz Pardo como presedente de honra da Fundación do Pedrón de Ouro. O acto de entrega tivo lugar no auditorio do Museo do Pobo Galego.

- MARÉ, “Fronte ó mercantilismo”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 29 xullo 2006, p. 36.

Recolle o acontecido durante o acto de entrega da medalla e o pergamiño que acredita a Díaz Pardo como presidente de honra da Fundación do Pedrón de Ouro. Comenta que foi recibido con aplausos de todos os asistentes e que o acto se converteu nunha homenaxe merecida a este intelectual galeguista. No acto interviñeron Andrés Varela, director do Seminario de Tecnoloxía de Sargadelos; Andrés Fernández-Albalat, membro xunto con Díaz Pardo e Luís Seoane do Laboratorio de Formas; e Carme Blanco, coordinadora da revista *Unión Libre*, que edita Edicións do Castro.

XXIIº Premio “Celanova. Casa dos Poetas”

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocinao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica ningunha e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco “C” concéntricos que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoadado recibe unha placa de prata en que se recolle un extracto da acta do acordo, coa finalidade de dar fe da concesión do premio, e deberá asinar no libro de honra do premio. A concesión fíxose pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregouse nun acto que tivo lugar en Celanova o 3 de setembro, en coincidencia coa data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tentouse unir, así, as datas finais de dúas das figuras máis salientábeis das letras de Celanova. O xurado estivo composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde en calidade de presidente de feito do Padroado, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, entre elas o escritor orixinario de Vilanova dos Infantes Xosé Luís Méndez Ferrín. No ano 2006 este galardón recaeu no pintor ourensán Virxilio.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Antes de nacer Milladoiro”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 29 xuño 2006, p. 56.

Comeza facendo referencia ao ano 1993, cando Milladoiro recibiu o premio Casa dos Poetas de Celanova. Recorda, falando con Manuel Bragado en Trasalba, que no acto tocoulle facer a “laudatio”, falando das orixes do grupo, lembrando a Roi Xordo e que cantaban poemas de

Méndez Ferrín, Manuel María, Neira Vilas e Cabanillas, ou como escribiron e musicaron o Himno da AN-PG, do que cita algúns versos.

- E.P., “Virxilio recibirá en Celanova XXII Premio Casa dos Poetas”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 31 agosto 2006, p. 38.

Informa dos actos de entrega do Premio Casa dos Poetas que acollerá a localidade de Celanova. Sinala que asistirá a presidenta do Parlamento galego, Dolores Villariño, e que o acto rematará cun xantar literario con Virxilio.

- L.R., “El pintor Virxilio recoge el domingo el premio ‘Celanova Casa dos Poetas’”, *La Región*, “Celanova”, 1 setembro 2006, p. 13.

Dá conta da entrega do galardón Celanova, Casa dos poetas ao pintor ourensano Virxilio, polo seu labor artístico a favor da cultura galega. Comenta que os actos terán lugar o 3 de setembro, comezarán cunha recepción no Concello e unha ofrenda floral fronte ao monumento de Celso Emilio Ferreiro, para despois dar paso ao discurso de Ferrín no seu recordo e ao recital de poemas de Celso Emilio e Curros Enríquez. Dise que logo terá lugar o acto de entrega na “Casa dos Poetas” e contará coa participación do premiado, así como de Dolores Villariño, José Luís Cochón e Xosé Neira Vilas.

- Sonia Torre, “El pintor Virxilio agradeció el premio ‘Casa dos Poetas’ con un ‘non sei si o merezo’”, *La Región*, “Ourense”, 4 setembro 2006, p. 6.

Comeza coas palabras de emoción do premiado no acto de entrega do Premio Celanova, Casa dos Poetas. Sinala que a presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villariño, foi a encargada de entregar o premio e salientou, por un lado, a traxectoria do artista recoñecido tamén fóra de Galicia; por outro, o labor da Fundación Curros Enríquez a prol da cultura galega. Remata referíndose á entrega dunha fotografía que Virxilio doou á Fundación como regalo.

- F.L.H., “Villarino preside la entrega del Celanova, Casa dos Poetas, al pintor Virxilio”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 4 setembro 2006, p. 69.

Centra a atención na asistencia da presidenta do parlamento galego, Dolores Villariño, que presidiu o acto de entrega do Premio Celanova, Casa dos Poetas, concedido ao pintor Virxilio. Tamén se fai referencia á súa participación no ofrenda floral a Celso Emilio Ferreiro.

- Marcos Valcárcel, “Os grandes problemas pendentes”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 5 setembro 2006, p. 48.

Refírese á concesión do Premio Celanova, Casa dos Poetas ao pintor Virxilio. Fala da súa presenza no xantar do acto de entrega e comenta algúns dos temas que se trataron na súa mesa. Comenta que había xente da cultura, da universidade, da medicina ou do mundo empresarial.

Premio da Agrupación de Libreiros de Pontevedra

Homenaxe da Agrupación de Libreiros de Pontevedra que tivo lugar na clausura da XVIII Feira do Libro da dita cidade. Tivo lugar o 21 de xullo de 2006 e dedicouse a Víctor Freixanes, nun acto en que participou a anterior galardoada en 2005, Fina Casalderrey.

Referencias varias:

- Luciana Ayub, “Víctor Freixanes recibe el Galardón de la Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, “Cultura”, 22 xullo 2006, p. 67.

Dá conta da entrega do Premio da Agrupación de Libreiros de Pontevedra a Víctor Freixanes, na clausura da Feira do Libro. Salienta o ambiente de camaradería en que se desenvolveu o acto, en que participou un público escaso pero “muy cercano”.

Iº Premio Dolmen de Prata

Premio convocado polo Concello de Muíños que na súa primeira edición recaeu en Xosé Luís Méndez Ferrín, en recoñecemento á mención que o escritor fai deste lugar no seu libro *Arraianos*. A orixe deste premio remóntase ao 26 de agosto de 1992, cando o Concello de Muíños acordaba crear un premio institucional que tivese como motivo os dolmens do municipio e ratificaba, por unanimidade, que o primeiro destes galardóns lle fose entregado a Xosé Luís Méndez Ferrín. A nova corporación acordou neste ano facer público de novo o recoñecemento a Xosé Luís Méndez Ferrín (a quen lle fora entregada no seu día unha insignia porque daquela o dolmen de prata aínda non estaba creado) e realizar unha homenaxe moito máis completa.

Referencias varias:

-MARE, “Muíños entrégalle hoxe o seu Dolmen de Prata a Méndez Ferrín”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 14 xaneiro 2006, p.34.

Faise eco da próxima entrega, por parte do Concello de Muíños, do primeiro Dolmen de Prata a Xosé Luís Méndez Ferrín, en recoñecemento á mención que o escritor fai na súa obra *Arraianos*, que pon a ollada nese territorio. Remata referíndose ao Premio Cidade Pontevedra ao colectivo do ano 2005, que recaeu no labor que desenvolve a Aula Castelao.

XVIIIº Premio “Galego do Ano 2006” e “Galego do Mes”

Instituído polo Grupo Correo Gallego no ano 1990, premia a destacadas personalidades e institucións galegas pola súa traxectoria intelectual e profesional, que contribúen á dignificación da comunidade. O xurado do premio estivo composto polo editor do grupo, Feliciano Barrera; o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Senén Barro; o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; o intelectual e empresario Isaac Díaz Pardo; a presidenta da Fundación Rosalía de Castro, Helena Villar, e o director do

xornal, Xosé Manuel Rey Nóvoa. Nesta edición, o premio recaeu na Real Academia Galega, con motivo dos seus cen anos de vida e en recoñecemento do seu labor na defensa da lingua e cultura galegas. O acto de entrega tivo lugar o 27 de outubro. Neste acto tamén se entregaron os doce premios de “Galegos do Mes”, que entregan as redaccións de *El Correo Gallego*, *Galicia Hoxe*, *Radio Obradoiro* e *Terras de Santiago*. Non se conta entre os galardoados con ningunha personalidade vinculada á literatura galega.

Premio Letras de Bretaña 2006

Convocado polo Real Coro “Toxos e Froles”, no marco da irmandade entre os Concellos de Mondoñedo e Ferrol. Ten carácter honorífico e carece de dotación económica. Cada ano galardoa o traballo dun escritor ou escritora da Galicia do Norte. Nesta edición compuxeron o xurado o Concelleiro de Cultura de Ferrol, José Manuel Couce Fraguela; e o presidente de Toxos, Pedro Sanz.

Premio “Manuel María” á Dignidade Nacional

Creado en 2005 pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino, coa finalidade de recoñecer publicamente a contribución de persoas ou institucións públicas e privadas que durante o ano promovesen iniciativas que teñan consecuencias destacadas na mellora da dignidade nacional. Nesta edición de 2006 o xurado estivo composto por Laura Tato, profesora da Universidade da Coruña e escritora; Marta Dacosta, profesora e poeta; Xosé Estévez, profesor da Universidade de Deusto; e Camilo Gómez, biógrafo de Manuel María e profesor. Decidiuse que o premio fora para Bautista Álvarez e a cerimonia de entrega tivo lugar o 11 de marzo.

Referencias varias:

- A.S., “Bautista Álvarez, distinguido con el Premio Manuel María”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 12 marzo 2006, p. 50.

Informa da entrega do Prmeio Manuel María ao político nacionalista Bautista Álvarez nun acto que se celebrou o día anterior e que, segundo se indica, contou coa presenza do conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez; o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará; o vicepresidente da Deputación da Coruña e varios concelleiros do BNG de Vigo. Afirmar que o xurado concedeu o premio por unanimidade e remata facendo un breve percorrido pola traxectoria profesional do premiado.

- X.C., “Bautista Álvarez recibe o Premio Manuel María á dignidade da nación”, *A Nosa Terra*, nº 1.215, “Cultura”, 16-22 marzo 2006, p. 10.

Dá conta da entrega dun galardón a Bautista Álvarez, presidente da Unión do Pobo Galego, que recibiu das mans de Saleta Goi o primeiro premio Manuel María á dignidade nacional. Sinala que no seu discurso agradeceu o premio emocionado e reivindicou unha xeración de intelectuais que tiveron un gran compromiso nacionalista dende os tempos da ditadura.

Premios “Otero Pedrayo”

Convócanos cada ano, dende 1976, as Deputacións provinciais para “perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constituía unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellaría correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ao Presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio, documentos e antecedentes que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propoña. Entregaranse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.000 euros e o xurado estará constituído polos presidentes da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e polos representantes da Universidade Sur, da Coruña e de Santiago de Compostela xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Nesta edición, o premio recaeu na Real Academia Galega e no laboratorio de Formas de Galicia, fundado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. A entrega de galardóns celebrárase o 20 de setembro no Pazo de Mariñán.

Referencias varias:

- E.P., “ El Laboratorio de Formas y la RAG, premios Otero Pedrayo”, *El Ideal Gallego*, “Cultrua/Gente/Servicios”, 6 xullo 2006, p. 10.

Dá conta da entrega do premio Otero Pedrayo ao Laboratorio de Formas e á Real Academia Galega. Comenta que o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández, salientou a importante traxectoria de ambas as dúas entidades a prol da cultura galega e loou a figura de Isaac Díaz Pardo como un referente de compromiso.

- MARÉ, “Salvadores de esencias”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 xullo 2006, p. 37.

Recolle a decisión de entregar o Premio Otero Pedrayo ao Laboratorio de Formas e, indirectamente, á figura de Isaac Díaz Pardo, así como á Real Academia Galega, no seu centenario. Sinala que o premio foi concedido por unanimidade. Recorda as múltiples contribucións, tanto de Isaac Díaz Pardo como da RAG, á cultura galega e informa que a entrega do premio se fará nun acto en outubro no Pazo de Mariñán.

- Rodri García, “Barreiro Fernández e Díaz Pardo recollerán o premio Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 setembro 2006, p. 51.

Faise eco da próxima celebración do acto de entrega do Premio Otero Pedrayo no Pazo de Mariñán, á que, segundo se informa, asistirán os presidentes de ambas as dúas entidades premiadas: Isaac Díaz Pardo, polo Laboratorio de Formas, e Xosé Ramón Barreiro Fernández, pola Real Academia Galega. Sinala ademais que Ramón Villares será o encargado de facer unha glosa das dúas entidades. Finalmente, refírese a diferentes aspectos que o xurado salientou respecto da RAG e do Laboratorio de Formas.

- A. Mallo, “Entrégase mañá en Mariñán o Premio Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 21 setembro 2006, p. 76.

Informa da entrega próxima do Premio Otero Pedrayo no Pazo de Mariñán á Real Academia Galega e ao Laboratorio de Formas. Di que o acto contará coa participación do presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, e de representantes das outras institucións convocantes, a Xunta de Galicia, as catro Deputacións e as Universidades da Coruña, Santiago e Vigo. Así mesmo, comenta que o historiador Ramón Villares fará unha glosa das entidades premiadas.

XIVº Premios “San Martiño” de Normalización Lingüística da Estrada

Premios que concede anualmente a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O galardón consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde. Nesta edición 2006, no apartado “Toda unha vida” foron galardoados Francisco Pillado Maior e Xosé Manuel Beiras, mentres que o premio á normalización no ámbito galego recaeu en “Preescolar na Casa” e o de difusión da lingua na comarca de Tabeirós-Terra de Montes foi para a empresa Vidro Moss.

XIXº Premio “Trasalba”

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo. Outórgase todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. Na edición de 2006, o galardoado foi o grupo musical galego Milladoiro. O premio foi entregado o 25 de xuño na Casa Grande de Otero Pedrayo. O galardón consistiu nunha placa conmemorativa e un libro fotobiográfico do grupo musical premiado

Referencias varias:

- R.V., “Do colectivo da esperanza”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 26 marzo 2006, p. 37.

Fai referencia á recollida do Premio Trasalba por parte do grupo musical Milladoiro. Comenta que é a primeira vez que se entrega a un colectivo dende que se instaurou este galardón. Dise que recolleu o premio Antón Seoane, quen se referiu á defensa que o grupo fai da “nosa identidade”. Sinala que o grupo lle entregou á Fundación Otero Pedrayo a partitura da súa nova composición, titulada *Trasalba*. Informa que no mesmo acto, Manuel Bragado foi o encargado da intervención dedicada aos premiados e Xesús Alonso Montero presentou un

volume no que recompila a correspondencia intercambiada entre Otero Pedrayo, Castelao, as irmáns deste e outros intelectuais nos anos 50.

- M.B., “Milladoiro Premio Trasalba”, *A Nosa Terra*, nº 1.218, “Fin de Semana”, 6-19 abril 2006, p. 33.

Refírese á concesión do Premio Trasalba ao grupo folk Milladoiro, pola súa contribución ao desenvolvemento da cultura galega e a proxección máis alá das nosas fronteiras. Destaca que é a primeira vez que a Fundación Otero Pedrayo entrega o premio no ámbito musical.

- E.O., “Milladorio recoge el premio Trasalba y anima a ‘espertar do minifundio’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 26 xuño 2006, p. 20.

Recolle as impresións do acto de entrega do Premio Trasalba, recibido polo grupo Milladoiro de mans de Anxo Quintana. Refírese ao discurso crítico de Antón Seoane e á “laudatio” de Manuel Bragado, en que percorreu os vinte e oito anos de existencia do grupo. Sinala tamén a presentación dun libro de Xesús Alonso Montero, publicado pola Editorial Galaxia.

- R.V., “A Fundación Otero Pedrayo avoga por un maior diálogo”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 1 xullo 2006, p. 74.

Dá conta da visita da Presidenta do Parlamento e membros de grupos políticos á Fundación Otero Pedrayo, onde foron recibidos polo seu presidente, Víctor Freixanes. Sínálase que Freixanes insistiu na necesidade de reforzar o diálogo e lembroulles os últimos actos culturais celebrados no Pazo de Trasalba. Un deles foi a entrega do premio Trasalba ao grupo Milladoiro.

- Marcos Valcárcel, “Bandeira da nosa unión...”, *La Región/Galicia Hoxe*, “Opinión”/ “Andoliña”, 3/15 xullo 2006, p. 14/48.

Valcárcel escribe sobre o acto de entrega do Premio Trasalba a Milladoiro. Tirando do fío da memoria, recorda a traxectoria profesional deste grupo musical dende a súa creación no 1979, salientando a prehistoria de Milladoiro no grupo Roi Xordo, grupo que escribira, musicara e interpretara o que foi o Himno da AN-PG (Asamblea Nacional-Popular Galega). Remata transcribindo a letra deste himno, que o autor considera documento histórico dunha etapa de resistencia do nacionalismo galego.

- Ana Blasco, “Milladoiro, música de libro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 4 xullo 2006, p. 37.

Faise eco da presentación do libro *Milladoiro. A Galicia de Maeloc*, na Feira do Libro de Vigo. Comenta que esta fotobiografía do grupo xorde a raíz da concesión do Premio Trasalba. A seguir, salienta que Manuel Bragado é o autor de epílogo, e nel cualifica o grupo de “ícono” e agradece aos seus membros que “reinventaran e normalizaran a música tradicional galega”.

II Premio Xarmenta

Convocado pola Asociación Berciana de Lingua Xarmenta, dirixido a institucións e personalidades que máis se implican na promoción da lingua galega no Bierzo. O galardón consiste nunha figura de Sargadelos, que se entregará no transcurso dunha gala prevista para o Teatro Bérquidum de Ponferrada o 24 de xaneiro 2007. Nesta edición o xurado estivo composto polo presidente de Xarmenta, o Consello comarcal do Bierzo (galardoado con este premio na súa primeira edición), o Concello de Cacabelos, o Concello de Ponte de Domingo Flórez, a Comisión Cultural Martín Sarmiento, a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e o secretario de Xarmenta, que actuou como secretario. Nesta edición os premiados foron a Real Academia Galega (RAG) e o cantautor berciano Amancio Prada. Os premios foron entregados pola Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López, e polo Director Xeral de Creación e Difusión Cultural da Cosellaría de Cultura, así como por representantes do Consello Comarcal do Bierzo e a Junta de Castilla León.

Referencias varias:

- Soledad Figueroa, “Cen anos ao servizo da lingua”, *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, nº 1, “Premios 2006”, 2006, p. 15.

Con motivo da entrega dun dos galardóns dos II premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo á Real Academia Galega, faise unha pequena aproximación á historia da RAG, en que se destaca que recibe este premio no ano do seu centenario e mais que a celebración do Día das Letras Galegas supón “unha revisión constante e un rescate cultural sen precedentes”. Preséntase o traballo literario-musical *Galicia e as Cantigas de Santa María*, de Antoni Rossell e G. Courtly Music Consort editado polo Consello da Cultura Galega, composto por dous CDs e un libro. Destácandose en primeiro lugar a súa coidada presentación, dise que se interpretan catorce cantigas de Santa María acompañadas por un amplo grupo de músicos galegos e internacionais, instrumentistas e cantores. Sublíñase que coñecidos actores e estudiosos do mundo europeo medieval, galegos e estranxeiros prestan a súa voz para a recitación das cantigas. Finalmente dise que a estrutura do volume é a seguinte: ábrese cunhas palabras do que era nese momento o presidente do Consello da Cultura, Alfonso Zulueta de Haz, segue unha introdución do profesor Rossell e complétase co catálogo dos sons naturais que aparecen nos CDs e a súa procedencia cun índice xeral.

- DL, “Xarmenta fallará mañana sus premios a la promoción del gallego exterior”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 12 decembro 2006, p. 8.

Explícase que a asociación berciana Xarmenta presentará nun acto simultáneo en Galicia, no Barco de Valdeorras, e mais no Bierzo, en Ponferrada, o primeiro número da súa publicación titulada *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, “escrita en gallego y realizada en El Bierzo”. Asemade explícase que este acto tamén servirá para dar a coñecer os premiados nos segundos premios Xarmenta á promoción da lingua galega no Bierzo.

- DM, “Mañana se darán a conocer los ganadores de los premios Xarmenta”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo”, 12 decembro 2006, p. 31.

Fálase da próxima presentación en Ponferrada do primeiro número da revista “escrita

íntegramente en lingua gallega y realizada en la comarca del Bierzo” titulada *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)* e mais da resolución dos segundos premios Xarmenta. Indícanse os membros do xurado deste premios, así como os galardoados na pasada edición.

- Bierzo 7, “Amancio Prada y la Real Academia Galega, premios Xarmenta 2006”, *Bierzo 7*, nº 1.155, “La Cultura”, 14 decembro 2006, p. 22.

Coméntase que Xarmenta presentou a súa propia revista e menciónanse os gañadores dos II premios Xarmenta. Respecto da revista, afirmase que *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)* se repartirá por colexios e institucións bercianas e que ten vocación de continuidade e asemade destácase que os gañadores dos premios Xarmenta de 2006 serán Amancio Prada e mais a RAG por lle dedicar no seu momento o Día das Letras Galegas ao Padre Sarmiento. Tamén se apuntan algunhas das características que terá a gala de entrega deste premios, que se celebrará o 24 de xaneiro de 2007.

- Elena Ramos, “Amancio Prada recibe el premio Xarmenta por difundir la lengua gallega”, *El Mundo. La Crónica de León*, “El Bierzo. Cultura”, 14 decembro 2006, p. 40.

Anúnciase que a Asociación “Xarmenta” vén de presentar o número 1 da revista *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)* e mais que deu a coñecer, nunha rolda de prensa no Hotel AC de Ponferrada, que a RAG e mais Amancio Prada serán os galardoados cos II premios Xarmenta á promoción da lingua galega no Bierzo na edición de 2006.

- MARÉ, “A palabra sempre por diante”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 decembro, 2006, p. 32.

Faise eco dos nomes dos galardoados na segunda edición dos premios Xarmenta: a Real Academia Galega e o cantautor berciano Amancio Prada. Sinala que os premiados foron escollidos por unanimidade polo seu compromiso coa lingua galega. Informa de que o galardón consiste nunha figura de Sargadelos que se entregará nunha gala prevista para o 24 de xaneiro de 2007 no Teatro Bérquidum de Ponferrada.

X.8. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XXXIXº Concurso de Contos en Lingua Galega “Breogán”

Organizado polo Centro Galego de Bizkaia en Baracaldo (CGGBB) coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden participar autores de calquera nacionalidade que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, cunha extensión non inferior a tres folios e superior a seis. Está dotado cun primeiro premio de 2.200 euros e un segundo premio de 800 euros. O prazo de admisión rematou o 25 de xullo e a resolución do xurado coñeceu o 30 de setembro. As obras premiadas publicáronse na revista *O Xistral* deste Centro.

XXIIº Concurso do libro infantil “O Barco de Vapor”

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para “promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. As obras presentadas en lingua galega terán unha extensión mínima de cincuenta folios, mecanografados a dobre espazo, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Conta cunha dotación económica de 6.000 euros máis a publicación da obra. A partir do próximo ano o galardón aumenta a dotación aos 10.000 euros para potenciar a creación de literatura infantil e xuvenil en galego. Nesta edición o xurado, composto por Xavier Senín, Manuel Figueiras e Isabel Soto, outorgou o premio a Carlos Mosteiro pola obra *Unha bruxa ben rara*.

Referencias varias:

- A.N.T, “Carlos Mosteiro, premio ‘O Barco de Vapor’”, *A Nosa Terra* nº 1.249, “Cultura”, 21-28 novembro 2006, p. 25.

Comeza informando da concesión do premio “O barco de vapor” da editorial SM a Carlos Mosteiro pola obra *Unha bruxa ben rara*. A continuación, comenta brevemente o argumento do libro. Dá conta, ademais, da composición do xurado do premio e, finalmente, pasa a falar da traxectoria deste premio e da intención da editorial SM de aumentar significativamente a contía do galardón. Engade, por outro lado, as declaracións deste selo editorial, que se comprometeu a apostar pola creación de literatura infantil e xuvenil en galego, a aumentar o número de autoras e autores en galego do seu catálogo e a lanzar neste idioma os seus libros de texto. Remata cunha breve introdución biográfica e bibliográfica ao autor gañador.

Galardón da Campaña de Animación á Lectura

Organizado polo Ministerio de Cultura. Este ano recaeu na campaña de promoción da lectura do Concello de Cambre, que leva o nome do personaxe que protagoniza as actividades: Moucho Leroucho. O xurado estivo composto por representantes da Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas, a Comisión de Educación y Deportes da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), a Fundación Coca-Cola e o Ministerio de Cultura. O premio consiste na doación dun lote de 200 libros de literatura infantil.

Referencias varias:

- S.A., “Moucho Leroucho”, premiado por octavo ano consecutivo, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 26 xaneiro 2006, p. 15.

Faise eco da entrega do galardón á campaña de promoción da lectura do Concello de Cambre. Ademais menciona a contía do premio e os membros do xurado. Remata facendo referencia

ás felicitacións do Ministerio de Cultura ao Concello así como á importancia que o concelleiro da Área de cultura do Concello lle dá a este galardón e informa que se continuará coa política de fomento da lectura.

Premio “Arume” de poesía para nenos

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para nenos e con el téntase fomentar a lectura deste xénero entre os máis pequenos. Complementábase co premio “Estornela” de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002; ambas as modalidades alternáanse en anos sucesivos. A el poden concorrer persoas de calquera nacionalidade con textos escritos en galego que deberán enviar, xunto con tres copias, á Fundación Xosé Neira Vilas, (Gres, Vila de Cruces, 36587, Pontevedra). As obras levarán un título que tamén debe constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 31 de outubro e ten unha dotación de 1.500 euros, que serán outorgados ao autor dun poemario inédito cun mínimo de trescentos cincuenta versos; ademais, publicarase a obra en Edicións do Castro. Neste ano 2006, o premio non foi convocado, mais tívose noticia da entrega do galardón 2005, que recaera no poemario de Marica Campo *Abracadabras*.

Referencias varias:

- MARÉ, “Marica Campo recolle hoxe en Gres o Premio Arume”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 xaneiro 2006, p. 35.

Noticia breve do acto de entrega do galardón, que será presidido por Luis Bará na sé da Fundación Neira Vilas. Dise que a obra gañadora se impuxo aos outros 24 orixinais.

- Mónica González, “Marica Campo achega os seus versos ata Gres”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 xaneiro 2006, p. 22.

Dá conta do acto de entrega do premio Arume a Marica Campo. Sinala que no evento se declamaron versos e dá conta das palabras de agradecemento da autora, así como das do propio Xosé Neira Vilas e de Luis Bará. Indica que o encontro se pechou coa música d’A Quenlla e anuncia a próxima edición do Premio Estornela.

IIIº Premio Daniel Gil

Covocado pola *Revista Visual* do Museo Reina Sofía de Madrid e creado para honrar a figura de Daniel Gil, deseñador das portadas dos libros de peto de Alianza Editorial, o premio pretende ser ademais un recoñecemento profesional aos deseñadores e ás editoriais que apostan polo deseño como elemento diferenciador dos seus libros. Nesta terceira edición, o primeiro premio na categoría de mellor Libro Infantil foi para Marc Taeger con *A verdadeira historia de Carrapuchiña*. Na mesma categoría tamén foi recoñecido cun diploma o álbum titulado *Renato*, que escribiu e ilustrou Manuel Hidalgo. Na categoría de Mellor Ilustración *A verdadeira historia de Carrapuchiña* logrou outro diploma. A cerimonia de entrega de

galardóns tivo lugar o dezasete de xaneiro no Hotel Reina Sofía de Madrid.

Referencias varias:

- MARÉ, “O triunfo de Caperuchiña vermella”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 18 xaneiro 2006, p. 36.

Sinala a concesión de tres premios de edición “Daniel Gil” a dúas obras da editorial Kalandraka: *A verdadeira historia de Carapuchiña*, ilustrado e deseñado por Marc Taeger e Renato, escrito e ilustrado por Manuel Hidalgo. Salienta o vangardismo aplicado por Marc Taeger á obra. A continuación, repasa brevemente as traxectorias destes autores e comenta as características do premio.

- AGN, “O ilustrador Marc Taeger gaña o Premio Daniel Gil con un libro de Kalandraka”, *El Progreso*, “Comunicación”, 18 xaneiro 2006, p. 75.

Dá conta da concesión á obra *A verdadeira historia de Carapuchiña*, da editorial Kalandraka, do primeiro premio na categoría infantil dos Premios Daniel Gil de deseño editorial organizado pola *Revista Visual* do Museo Reina Sofía de Madrid.

IIº Premio de Banda Deseñada “Castelao”

Certame organizado pola Deputación da Coruña co obxectivo de incentivar a lingua galega, que vén completar a serie de premios tanto literarios como artísticos que xa convoca esta Deputación. O premio está vencellado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns e en que se dá a coñecer o ditame do xurado. A dotación é de 6.500 euros ademais da publicación do libro, cuxos textos deberán estar escritos en galego. As bases do concurso publicáronse no Bolletín Oficial da Provincia (www.dicoruna.es/bop <<http://www.dicoruna.es/bop>>). Nesta edición o xurado estivo formado por Celestino Poza, Manuel Lourenzo, Rubén Pellejero, Miguel Anxo Prado, Jorge Zentner e o vencedor do pasado ano, David Rubín. O galardón foi para o coruñés Antonio Seijas pola súa historia *Un home feliz*.

Referencias varias:

- E.P, “Antonio Seijas gana el II premio ‘Castelao’ de banda diseñada”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/CGS”, 21 xullo 2006, p. 11.

Nun primeiro momento, informa da concesión do II Premio “Castelao” de banda deseñada que convoca a Deputación ao ferrolán Antonio Seijas. A seguir, comenta as declaracións de Miguelanxo Prado sobre a elección do xurado e salienta o sentimentalismo da obra. Para finalizar, repasa a carreira de Seijas no mundo da banda deseñada e menciona a composición do xurado que lle outorgou o galardón.

- Albino Mallo, “Un home feliz’, o mellor cómic”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xullo 2006, p.

35.

Dáse conta da concesión do premio “Castelao” de banda deseñada a Antonio Seijas. A continuación, menciónase a composición do xurado que entregou o galardón e recóllense os sentimentos do gañador ao recibir o premio. Remata cunha reflexión do autor sobre a dificultade de crear unha obra de tal magnitude de páxinas.

- A.S., “Prefiero las historias intimistas a las de héroes”, *La Opinión*, “A Coruña”, 25 xullo 2006, p. 13.

Breve entrevista ao gañador do premio Castelao de banda deseñada que convoca a Deputación Provincial da Coruña: Antonio Seijas, pola súa obra *Un hombre feliz*. A entrevista xira ao redor da dificultade de presentar a concurso unha obra dunha magnitude de entre 48 e 64 páxinas e sobre as vantaxes de traballar con computador. Remata cunha pregunta sobre os plans futuros do autor: preparar un cómic para un concurso.

IVº Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil “Pura e Dora Vázquez”

Convocado pola Deputación de Ourense, está dotado con 3.000 euros para cada modalidade: ilustración e narración. Para a modalidade de narración, os orixinais presentaranse antes do día 12 de setembro, mentres que para a modalidade de ilustración o prazo remata o 20 de decembro. O xurado desta edición estivo integrado polo pedagogo José Paz, polo investigador e historiador Miguel Ángel González, pola xornalista Cándida Andaluz e polo gañador da edición pasada, Rafael Laso. Decidiu premiar o libro *A historia máis increíble que nunca liches*, de Breogán Riveiro.

Referencias varias:

- E.P., “Breogán Rivero, premio ‘Pura e Dora Vázquez’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 outubro 2006, p. 43.

Informa do gañador do IVº Premio “Pura e Dora Vázquez”: Breogán Rivero, pola súa obra *A historia máis increíble que nunca liches*. Reproduce a valoración que o xurado fixo da obra, cualificada de “áxil, chea de mensaxes subliminais, cunha grande riqueza léxica e marcadamente didáctica”. Remata referíndose á composición do xurado e á dotación do premio.

IIº Premio de Literatura Infantil e Xuvenil “Meiga Mora” 2006

Convocado por Baía Edicións. Os membros do xurado foron o profesor de Literatura Galega da Universidade da Coruña, Carlos-Paulo Martínez Pereiro; a profesora de galego Doures Fernández López e os escritores Conchi Regueiro e Xavier Barreiro Liz. A dotación económica para o gañador é de 2.500 euros e ademais publícase a obra na colección infantil-xuvenil desta editorial. Nesta edición, o premio foi Antonio Yáñez Casal, co conto *Lóbez*. Quedaron finalistas Santiago Jaureguizar, coa novela *Unha cabana na lúa*, e o dramaturgo

Carlos Labraña, coa obra *Os sons da buguina*.

Referencias varias:

- Montse Mayoral, “O ferrolán Yáñez Casal gaña o Meiga Mora de literatura infantil”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol/CGS Cultura”, 28 setembro 2006, p. 12.

Informa do nome do gañador do Premio “Meiga Mora”: Antonio Yáñez Casal, pola súa obra *Lóbez*. Reproduce os comentarios do autor respecto do premio e comenta que o galardón supón a confirmación definitiva para Yáñez Casal. A seguir, bosquexa o argumento do libro gañador, e refírese ás outras obras que xa ten publicadas en anos anteriores. Remata facendo referencia aos finalistas do premio, Santiago Jaureguizar e Carlos Labraña.

IVº Premio de Teatro para Nenos “Estornela”

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles ás nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio que alterna anualmente co premio de poesía infantil “Arume”. Poden concorrer a el todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviaranse, un orixinal e tres copias, á sé da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 36587, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o premio ten unha dotación económica de 1.500 euros, ademais da publicación do traballo premiado en Edicións do Castro. O incremento de traballos presentado é maior en cada edición. O xurado estivo composto por Xosé Neira Vilas, Xoán Andrés Fariña, Valentín García e Luís Reimondez. O premio recaeu en Antonio Cordeiro Álvarez por *O Filibusteiro do Mar da Marola*. A entrega tivo lugar o 17 de decembro na sé da Fundación Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces).

Referencias varias:

- AGN, “A Fundación Neira Vilas potencia o teatro infantil co Premio Estornela”, *El Progreso*, “Cultura y Espectáculos”, 5 outubro 2006, p. 79.

Dá noticia da presentación do IV Premio Estornela de teatro para nenas e nenos no Club Internacional de Prensa de Santiago por parte da Fundación Xosé Neira Vilas. Afirmar que a finalidade deste galardón é fomentar a creación de teatro infantil para ser lido e representado en galego polo alumnado e reforzar contidos escolares. Indica, ademais, que o premio consiste na publicación da obra en Edicións do Castro e nunha dotación económica de 1.500 euros. Finalmente, fai referencia a edicións anteriores e a outras actividades levadas a cabo por esta fundación.

- J.R., “A Fundación Neira Vilas convoca o IV Premio Estornela de Teatro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 5 outubro 2006, p. 76.

En primeiro lugar, informa da presentación da IV convocatoria do Premio Estornela de teatro infantil e explica as características deste galardón. Destaca, por outro lado, o incremento de participación, segundo os directivos da Fundación Xosé Neira Vilas, que convoca o premio, e salienta o papel tan importante que xoga esta institución como difusora de cultura no medio rural galego.

XIVº Premio “EDEBÉ” de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé en 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada con 55.000 euros. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a dúascentas para a xuvenil. Deberán presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, antes do quince de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado. Nesta edición presentáronse douscentos cincuenta orixinais, cento oitenta en catalán, cincuenta e tres en catalán, dez en vasco e dez en galego. Na modalidade de infantil optan ao premio 160 orixinais mentras que na xuvenil son 90 os traballos presentados.

Referencias varias:

- MARÉ, “Dez obras en galego optan hoxe ao Premio Edebé”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 xaneiro 2006, p. 35.

Anuncia a entrega dos premios “Edebé” de literatura infantil e xuvenil. Destaca a contía dos galardóns e comenta o número de obras presentadas a cada modalidade lingüística: 180 en castelán, 53 en catalán, 10 en galego e 10 en vasco. Fala da consolidación deste certame na súa décimo terceira convocatoria e menciona algunhas das persoas gañadoras en edicións anteriores e que hoxe son escritoras e escritores de prestixio.

Premio “Expocómic 2006”

Organizado dentro do IX Salón Internacional do Cómic de Madrid, que tivo lugar no Pabellón de Convenciones (Recinto Ferial da Casa de Campo) do 30 de novembro ao 3 de decembro de 2006, xestionado por Madrid Espacios y Congresos. Catro exposiciónes programadas estiveron dedicadas a Carlos Pacheco, Luis Durán, Florenci Clavé e Javier Pagola. Nesta edición outorgóuselle o premio á mellor obra ao volume *Os reis elfos: Historias de Faerie*, na que participaron os debuxantes galegos Víctor Rivas e Norberto Fernández.

Referencias varias:

- MARÉ, “V́ctor Rivas e Norberto Ferńandez no BD premiado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 28 novembro 2006, p. 40.

Informa que o Sal3n de BD madrile3o, Expoc3mic, outorgoulle o premio 3 mellor obra ao volume *Os reis elfos: Historias de Faerie*, do que os debuxantes son galegos: V́ctor Rivas e Norberto Ferńandez.

Iº Premio Fundaci3n Caixa Galicia de Literatura Xuvenil

Conv3canos Edici3ns Xerais de Galicia e a Fundaci3n Caixa Galicia e est3 dotado con 7.500 euros. Fallarase no transcurso da Cea Xerais, o 10 de xu3o, xunto cos premios Merl3n e Xerais de Novela (ver os apartados X.8. e X.1. do Informe, respectivamente). Os orixinais deben estar escritos en lingua galega. Edici3ns Xerais res3rvase os dereitos de edici3n da obra ga3adora. O prazo de recepci3n de obras permaneceu aberto at3 o 7 de abril de 2006. O xurado desta edici3n fallou a favor da obra de Santiago Jaureguizar *A cova das vacas mortas*.

Referencias varias:

- Alberto Bouza, “Ameixeiras ga3a o premio Xerais cun diario dun home de trinta anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espect3culos”, 11 xu3o 2006, p. 35.

Faise eco da concesi3n a Diego Ameixeiras do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria*, unha novela na que a ausencia de trama deixa paso 3 estrutura dun diario cheo de sarcasmo e iron3a. Ind3case que Jaureguizar con *A cova das vacas mortas* conseguiu o galard3n da I convocatoria da Fundaci3n Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Com3ntase que se sit3a nunha comuna hippy en Negueira de Mu3iz, onde o protagonista, fillo dunha alem3, 3 froito do amor colectivo. Por 3ltimo, Agust3n Agra d3ase a co3ecer recollendo o Merl3n de literatura infantil cun relato escrito para o seu sobri3o de dez anos titulado *O tesouro da lagoa de Reid's*.

- L.V., “A novela ‘Tres segundos de memoria’, premio Xerais 2006”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aqu3”, “Cultura”, 11 xu3o 2006, p. 83.

Breve nota na que se informa da entrega do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria*; do Merl3n de literatura infantil a *O tesouro da lagoa de Reid's* de Agust3n Agra; e do premio da Fundaci3n Caixa Galicia de literatura xuvenil a Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*. A primeira versa sobre o fracaso vital dun mozo de trinta anos, a segunda conta a historia dun tesouro a trav3s dos beizos dun av3 que llela relata aos seus netos mentres que a terceira merg3llase no nazismo da man de Xoel, un adolescente galego con ra3ces xermanas.

- Amaia Maule3n, “Diego Ameixeiras, Santiago Jaureguizar e Agust3n Agra reciben os Premios Xerais”, *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 11 xu3o 2006, p. 49.

Infórmase do acto celebrado na illa de San Simón con motivo da entrega do premio Xerais de novela 2006 outorgado a Diego Ameixeiras por *Tres segundos de memoria*. Ademais deste galardón entregáronse o Merlín de literatura infantil a Agustín Agra e o da Fundación Caixa Galicia a Santiago Jaureguizar. Infórmase que á gala acudiron numerosas personalidades da sociedade galega, como a Conselleira de Cultura Ánxela Bugallo, o presidente da Federación de Libreiros de Galicia Xaime Corral, así como outros políticos, escritores e editores. Coméntase que ao longo da cerimonia interviñeron a presentadora do acto, Celia Torres, o mantedor literario Manuel Rivas e os grupos de música tradicional Treixadura Gaiteiros e Orfeón Treixadura.

- MARÉ, “Nos 30 anos apáticos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xuño 2006, p. 33.

Artigo en que se recollen os gañadores dos premios Xerais 2006. Infórmase de que Diego Ameixeiras se fixo co premio Xerais de novela grazas a *Tres segundos de memoria*, unha obra en que o protagonista é un home de trinta anos, sen traballo e sen rumbo que só atopa acougo no sexo. Indícase que Agustín Agra conseguiu o Merlín de literatura infantil coa súa primeira novela, *O tesouro da lagoa Reid's*: nela, un avó cóntalles aos seus netos a historia dun tesouro. Por último, Santiago Jaureguizar resultou vencedor da primeira edición do premio da Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *A cova das vacas mortas*, obra que relata a historia dun adolescente que se ve obrigado a afrontar unhas situacións moi complicadas.

- Camilo Franco, “Non é un libro das miñas experiencias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xuño 2006, p. 33.

Entrevistas a Diego Ameixeiras, Santiago Jaureguizar e Agustín Agra. O primeiro deles é o gañador do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria* e afirma que o único que hai en común entre esta novela e as súas anteriores é o humor e o sarcasmo. Por outra banda comenta que non é un texto autobiográfico, senón de “observación do entorno”. De Jaureguizar dise que recibiu o premio da Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *A cova das vacas mortas*, un texto do que comenta que non foi escrito do mesmo xeito que os de adultos. Por último o profesor de bioloxía Agustín Agra saíu vencedor do Merlín de literatura infantil con *O tesouro da lagoa de Reid's*, premio que di non agardaba, pero que o motiva a seguir escribindo.

-Camilo Franco, “Parece que hai cousas que non se poden contar aos rapaces”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xuño 2006, p. 33.

Entrevista a Jaureguizar como gañador deste premio. O escritor fala do feito de se presentar a el logo de gañar o Xerais como algo normal; di que non considera que o Xerais supoña un impedimento para gañar un premio de literatura xuvenil.

- César Lorenzo Gil, “Diego Ameixeiras gaña o Xerais cun diario do ‘posfracaso’”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 24.

Resumo do acontecido na illa de San Simón con motivo dos premios Xerais de novela, da Fundación Caixa Galicia de narración xuvenil e do Merlín de literatura infantil. Coméntase que o primeiro está dotado con quince mil euros e outorgóuselle a Diego ameixeiras polo seu libro *Tres segundos de memoria*, centrado nun home de trinta anos cunha vida moi inestábel.

Do segundo, indícase que o mereceu Santiago Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*, obra que se desenvolve nunha comuna en terras dos Ancares. Por último, infórmase de que Agustín Agra embolsou sete mil cincocentos euros, como Jaureguizar, por *O tesouro da lagoa de Reid's*, obra en que o lector atopa unha historia fantástica dedicada ao seu sobriño de dez anos, nun intento de recuperar a tradición mitolóxica galega.

Iº Premio “Manuel María” de Literatura Dramática Infantil

Convocado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) conxuntamente co XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais (ver o apartado X.3 do Informe). Poderán optar a el textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente a público infantil. As obras serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. Quedan excluídos os textos para monicreques e as pezas de teatro breves. A dotación económica será de 4.000 euros e a obra premiada será publicada nas coleccións do IGAEM, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos que posúan as obras, o xurado valorará positivamente aqueles factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc. A súa decisión farase pública dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de admisión de textos. Nesta primeira edición, o xurado estivo composto por Laura Tato, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Dolores Vilavedra, Rubén Ruibal e Gloria Sánchez. Decidiron premiar a obra *Boas noites*, da autoría de Paula Carballeira.

Referencias varias:

- MARÉ, “En brazos da ‘Bella Otero’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 25 outubro 2006, p. 34.

Sinala que unha vez aberta a plica do texto gañador do “Álvaro Cunqueiro”, o nome de Claudia Grandal non se correspondía cunha identidade concreta e que a persoa gañadora quixo ficar no anonimato até se presentar no IGAEM. Informa de que *O caso do Otero* se adentra na vida de “La Bella Otero”. Refírese, ademais, á primeira edición do Premio Manuel María de textos teatrais infantís, do que resultou gañadora Paula Carballeira por *Boas noites*, obra da que o xurado loou a axilidade dos diálogos e a orixinalidade do tema.

- MARÉ, “O Cunqueiro e o Manuel María danse a coñecer hoxe”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 outubro 2006, p. 43.

Breve anuncio do fallo destes dous premios. Indica que ao primeiro optan vinte e catro obras, mentres que para o segundo, dotado con 4.000 euros, cóntase con vinte e cinco candidatas.

- A.N.T., “Tres mulleres para tres premios”, *A Nosa Terra*, nº 1.241, “Cultura”, 26 outubro-1 novembro 2006, p. 25.

Di que Luz Pichel gañou o premio Esquíu 2006 de poesía con *Casa pechada*; *O caso Otero* de Claudia Grandal recibiu o Álvaro Cunqueiro de teatro; e *Boas noites*, de Paula Carballeira, o Manuel María para obras dramáticas infantís e xuvenís. Comenta que a obra de Luz Pichel

trata sobre a o mundo rural como espazo en destrución; *O caso Otero* presenta unha reflexión sobre o mito da Bela Otero; e a obra gañadora do Manuel María céntrase no tema do estrés infantil.

IIº Premio “María José Jove” de teatro infantil

Premio bianual convocado pola Fundación María José Jove coa finalidade de promover a creación dunha literatura infantil a través de textos dramáticos pensados para a súa posta en escena; establécese un único premio, indivisíbel, de 30.000 euros e, ademais, a obra premiada representárase, sempre que sexa posíbel, no I Encontro de Cine e Teatro Infantil María José Jove. Poderán optar ao premio todos os escritores que o desexen, sempre que as obras que presenten se axusten ao concepto comunmente aceptado de obra teatral, tanto para actores coma para títeres, escritas en galego ou castelán, orixinais, inéditas e non premiadas anteriormente. A duración das obras na súa posta en escena non poderá exceder de unha hora e o número de personaxes non será maior de dez. Os textos remitíranse por triplicado e baixoseudónimo en folios DIN A4, mecanografados a dobre espazo e encadernados ou cosidos e en disquete á Fundación María José Jove. Este ano non se convocou, aínda que se presentou a montaxe da obra gañadora da edición pasada, *Viva el teatro!* de José Luís Alonso de Santos. A seguinte convocatoria do premio será en 2007.

Referencias varias:

- M. Pardo, “No me gusta nada dirigir mis propias obras, me da pudor”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 outubro 2006, p. 8.

En primeiro lugar, refírese á representación no teatro Rosalía de Castro da obra *¡Viva el teatro!*, de José Luís Alonso de Santos, gañador da segunda edición do Premio Nacional María José Jove. Comenta que a dirección da obra correu a cargo de Olga Margallo e sinala que o elenco contaba con oito actores galegos. Despois dunha sucinta nota biográfica e bibliográfica sobre o escritor da obra gañadora, recolle unha breve entrevista en que se fala sobre os motivos que impulsaron a Alonso de Santos a escribir unha obra infantil ou sobre a posibilidade de dirixir un filme, xa que, como se indica, este autor ten publicadas obras que foron levadas ao cinema.

- E.P., “Vigo acogerá el montaje de la obra ganadora del 11 Premio Mª José Jove”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 27 decembro 2006, p. 67.

Anuncia a representación en Vigo da obra gañadora do II Premio María José Jove de Teatro Infantil, de título *¡Viva el teatro!*. A seguir, comenta o seu argumento e salienta a transmisión nela de valores como a amizade e o compañeirismo. Informa tamén da autoría da obra, a dirección e o elenco.

XVIIIº Premio “Merlín” de literatura infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega.

Está dotado con 7.500 euros e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, e indicarse no sobre: para o Premio “Merlín”. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, está constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas, subscribindo a este efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición. Nesta edición o gañador foi Agustín Agra coa obra *O tesouro da lagoa de Reid's*.

Referencias varias:

- Alberto Bouza, “Ameixeiras gaña o premio Xerais cun diario dun home de trinta anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 11 xuño 2006, p. 35.

Faise eco da concesión a Diego Ameixeiras do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria*, unha novela na que a ausencia de trama deixa paso á estrutura dun diario cheo de sarcasmo e ironía. Indícase que Jaureguizar con *A cova das vacas mortas* conseguiu o galardón da I convocatoria da Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Coméntase que se sitúa nunha comuna hippy en Negueira de Muñiz, onde o protagonista, fillo dunha alemá, é froito do amor colectivo. Por último, Agustín Agra dáse a coñecer recollendo o Merlín de literatura infantil cun relato escrito para o seu sobriño de dez anos titulado *O tesouro da lagoa de Reid's*.

- L.V., “A novela ‘Tres segundos de memoria’, premio Xerais 2006”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 11 xuño 2006, p. 83.

Breve nota na que se informa da entrega do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria*; do Merlín de literatura infantil a *O tesouro da lagoa de Reid's* de Agustín Agra; e do premio da Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil a Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*. A primeira versa sobre o fracaso vital dun mozo de trinta anos, a segunda conta a historia dun tesouro a través dos beizos dun avó que llela relata aos seus netos mentres que a terceira mergúllase no nazismo da man de Xoel, un adolescente galego con raíces xermanas.

- Amaia Mauleón, “Diego Ameixeiras, Santiago Jaureguizar e Agustín Agra reciben os Premios Xerais”, *Faro de Vigo*, 'Sociedad y cultura', 11 xuño 2006, p. 49.

Infórmase do acto celebrado na illa de San Simón con motivo da entrega do premio Xerais de novela 2006 outorgado a Diego Ameixeiras por *Tres segundos de memoria*. Ademais deste galardón entregáronse o Merlín de literatura infantil a Agustín Agra e o da Fundación Caixa Galicia a Santiago Jaureguizar. Infórmase que á gala acudiron numerosas personalidades da sociedade galega, como a Conselleira de Cultura Ánxela Bugallo, o presidente da Federación de Libreiros de Galicia Xaime Corral, así como outros políticos, escritores e editores. Coméntase que ao longo da cerimonia interviñeron a presentadora do acto, Celia Torres, o mantedor literario Manuel Rivas e os grupos de música tradicional Treixadura Gaiteiros e Orfeón Treixadura.

- MARÉ, “Nos 30 anos apáticos”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 11 xuño 2006, p. 33.

Artigo en que se recollen os gañadores dos premios Xerais 2006. Infórmase de que Diego Ameixeiras se fixo co premio Xerais de novela grazas a *Tres segundos de memoria*, unha obra en que o protagonista é un home de trinta anos, sen traballo e sen rumbo que só atopa acougo no sexo. Indícase que Agustín Agra conseguiu o Merlín de literatura infantil coa súa primeira novela, *O tesouro da lagoa Reid's*: nela, un avó cóntalles aos seus netos a historia dun tesouro. Por último, Santiago Jaureguizar resultou vencedor da primeira edición do premio da Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *A cova das vacas mortas*, obra que relata a historia dun adolescente que se ve obrigado a afrontar unhas situacións moi complicadas.

- Camilo Franco, “Non é un libro das miñas experiencias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xuño 2006, p. 33.

Entrevistas a Diego Ameixeiras, Santiago Jaureguizar e Agustín Agra. O primeiro deles é o gañador do premio Xerais 2006 por *Tres segundos de memoria* e afirma que o único que hai en común entre esta novela e as súas anteriores é o humor e o sarcasmo. Por outra banda comenta que non é un texto autobiográfico, senón de “observación do entorno”. De Jaureguizar dise que recibiu o premio da Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *A cova das vacas mortas*, un texto do que comenta que non foi escrito do mesmo xeito que os de adultos. Por último o profesor de bioloxía Agustín Agra saíu vencedor do Merlín de literatura infantil con *O tesouro da lagoa de Reid's*, premio que di non agardaba, pero que o motiva a seguir escribindo.

-Camilo Franco, “Parece que hai cousas que non se poden contar aos rapaces”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 13 xuño 2006, p. 33.

Entrevista a Jaureguizar como gañador deste premio. O escritor fala do feito de se presentar a el logo de gañar o Xerais como algo normal; di que non considera que o Xerais supoña un impedimento para gañar un premio de literatura xuvenil.

- César Lorenzo Gil, “Diego Ameixeiras gaña o Xerais cun diario do ‘posfracaso’”, *A Nosa Terra*, nº 1.227, “Cultura”, 15-21 xuño 2006, p. 24.

Resumo do acontecido na illa de San Simón con motivo dos premios Xerais de novela, da Fundación Caixa Galicia de narración xuvenil e do Merlín de literatura infantil. Coméntase que o primeiro está dotado con quince mil euros e outorgóuselle a Diego ameixeiras polo seu libro *Tres segundos de memoria*, centrado nun home de trinta anos cunha vida moi inestábel.

Do segundo, indícase que o mereceu Santiago Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*, obra que se desenvolve nunha comuna en terras dos Ancares. Por último, infórmase de que Agustín Agra embolsou sete mil cincocentos euros, como Jaureguizar, por *O tesouro da lagoa de Reid's*, obra en que o lector atopa unha historia fantástica dedicada ao seu sobriño de dez anos, nun intento de recuperar a tradición mitolóxica galega.

Premios Nacionais á Mellor Edición

Convocados polo Ministerio de Cultura, con eles elíxense os libros mellor editados ao longo do ano 2005. Nesta ocasión a empresa ourensá Linteo conseguiu un segundo posto na categoría "Libros de bibliofilia" pola súa luxosa edición do Quixote. Pola súa banda, a editora OQO, afincada en Pontevedra, fíxose co terceiro premio ao mellores libros infantís e xuvenís por *Celestino Tarambana*.

Referencias varias:

-Ágatha de Santos , "Una editorial gallega recibe dos premios del Ministerio de Cultura", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 26 setembro 2006, p. 34.

Informa de que a editorial OQO vén de gañar o terceiro premio aos Libros Mellor Editados e o segundo premio ás Melloras Ilustracións de Libros Infantís e Xuvenís, que entrega o Ministerio de Cultura. Dá o nome das obras coas galardoadas: *Celestino Tarambainas* e *A princesa que bocexaba a toda hora*, respectivamente. Recolle as impresións da responsábel de comunicación da editorial, que será a encargada de recoller os premios na Feria Internacional del Libro para Profesionales Liber. Finalmente, salienta o éxito da editorial e menciona algunha das coleccións que ofrece.

Premios Nacionais de Ilustración

Convocados polo Ministerio de Cultura, para elixir as mellores ilustracións de libros infantís e xuvenís do ano 2005. Está dotado con 12.020 euros para o primeiro premio e 6.010 euros para o segundo. O xurado estivo formado por Mónica Fernández, como presidenta; Miguel Ángel Teso, Cristina Durán, Lluís Farré, propostos polas asociacións profesionais de Ilustradores de Madrid; Lidia Ollero, Javier Zabala e Inma Pla, personalidades relacionadas coa creación, promoción e difusión do libro Infantil e Xuvenil; Isabel Ruiz e Teresa Atienza, representantes da Subdirección Xeral Promoción do Libro, a Lectura e as Letras Españolas. O fallo do xurado deuse a coñecer o 2 de xuño e resultou gañador Isidro Ferer pola obra *Una casa para el abuelo*, editada por Sinsentido e distribuída en Galicia por Kalandraka. A ilustradora Elena Odriozola foi recoñecida co segundo premio polas ilustracións do libro *A princesa que bocexaba a todas horas*, publicado por OQO Editora. A obra, escrita pola autora onubense Carmen Gil, foi editada no pasado mes de novembro de 2005 en galego, castelán, catalán.

Referencias varias:

-MARÉ , "Triunfo da edición galega", *Galicia Hoxe*, "Maré", 4 xuño 2006, p. 33.

Faise eco da boa situación da edición galega debido a que se vén de gañar o primeiro e segundo premio 2006 ás Melloras Ilustracións de Libros Infantís e Xuvenís con Isidro Ferrer, primeiro premio pola obra *Una casa para el abuelo* de Kalandraka, e Elena Odriazola, segundo premio pola obra *A princesa que bocexaba a todas horas*, de OQO. Menciona ademais o novo proxecto artístico en que está a traballar Isidro Ferrer, *A Merliña*, con texto de Antonio Rubio, e remata facendo referencia á traxectoria profesional de Elena Odriazola.

-Ágatha de Santos , “Una editorial gallega recibe dos premios del Ministerio de Cultura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 26 setembro 2006, p. 34.

Informa de que a editorial OQO ven de gañar o terceiro premio aos Libros Mellor Editados e o segundo premio ás Melloras Ilustracións de Libros Infantís e Xuvenís, que entrega o Ministerio de Cultura. Dá o nome das obras coas merecedoras destes galardóns: *Celestino Tarambainas* e *A princesa que bocexaba a toda hora*, respectivamente. Recolle as impresións da responsábel de comunicación da editorial, quen será a encargada de recoller os premios na Feria Internacional del Libro para Profesionales Liber. Finalmente, salienta o éxito da editorial e menciona algunha das coleccións que ofrece.

Premio Nacional de Literatura Infantil

Ver Premios “Nacionales de Literatura” no apartado X. 5. Mixtos (Varias modalidades) deste *Informe*.

XVIº Premio Ourense de Banda Deseñada

Convócao a Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura de Ourense. Presenta dous apartados distintos: un dedicado ás mellores iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros coma en institucións, e outro dedicado ao mellor autor novel. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución, que van pola décimo sexta edición. O premio do primeiro dos apartados decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). Nesta edición, recaeu na pontevedresa Librería Paz e o galardón é unha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras.

Referencias varias:

- Belén López, “Man a man cos superhéroes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 20 outubro 2006, p. 80.

Comeza recollendo a nota remitida pola Casa da Xuventude de Ourense, pola que se daba a coñecer que o Premio de Banda Deseñada recaía na Librería Paz de Pontevedra. A seguir, cita as palabras do dono da librería, Anxo Paz, quen amosou a súa lelicia. Continúa facendo un percorrido pola historia da librería, a segunda máis antiga de Galicia e remata cun apartado baixo o epígrafe “Segredos de libreiro”, en que Anxo Paz comenta cómo comezou a súa

aventura coa banda deseñada.

VIº Premio “Raíña Lupa” de Literatura Infantil e Xuvenil

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña, ten unha dotación de 6.500 euros, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ao premio poderán presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión será libre e poderanse incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deberán presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados.

Presentaranse baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación da Coruña (Avenida Alférez Provisional, s/n. A Coruña), indicando no sobre “VI Premio de Literatura infantil Raíña Lupa” até o 6 de agosto de 2006. Nesta edición o xurado estivo composto por Xavier P. Docampo; o presidente da institución provincial Salvador Fernández Moreda; o responsábel da Área de Cultura, Celestino Poza Domínguez; e por catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura: José Benito Calvo Rego, M^a Luz Corral Uzal, Gloria Sánchez García e Xavier Senín Fernández, ademais do gañador da edición anterior, Breogán Riveiro Vázquez. De entre os corenta e seis orixinais recibidos, o galardón esta vez foi para o escritor ferrolán Antonio Yáñez Casal con *Viaxe a Libunca*. O finalista foi Quntiá Pérez con *Ke_Tumba_Ke_Tamba*.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, “Convocan o primeiro premio Jesús Núñez de gravado”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 35.

Sinala que a Deputación da Coruña convoca os prazos para o envío de traballos que participen nos premios de distintas modalidades. Os premios convocados son González Garcés de poesía, Raíña Lupa de literatura infanto-xuvenil, o Manuel Murguía de ensaio; dise que ademais destes premios, Celestino Poza convoca os tradicionais Dieste de Teatro, Torrente Ballester de narrativa, Ksado de fotografía, Díaz Pardo de Artes Plásticas, Fraguas de artesanía, Andrés Gaos de música e o novo Jesús Núñez de gravado.

- Albino Mallo, “O ferrolán Antonio Yáñez faise co Raíña Lupa por ‘Viaxe a Libunca’/“No país dos mortos” *El Correo Gallego/Galicia hoxe*, “Cultura”/“Maré”, 28 novembro 2006, p. 75/34.

Informa da concesión do premio “Raíña Lupa” a Antonio Yáñez pola súa obra *Viaxe a Libunca*. Explica a elección desta obra como gañadora polos seus ecos cunqueiráns, en palabras de Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, institución que convoca o premio. Analiza o argumento da obra e afirma que tamén está destinada ao público adulto. Por outro lado, aclara a orixe do nome do certame e en que consiste o premio: 6.500 euros e a publicación da obra. Finalmente, sinala quen foi o finalista do concurso e percorre brevemente a traxectoria literaria do gañador.

- Gemma Malvido, “Viaxe a Libunca’ de Antonio Yáñez gaña o VI premio Raíña Lupa” *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 28 novembro 2006, p. 10.

Dá conta da concesión do VI premio “Raíña Lupa” de literatura infantil e xuvenil ao ferrolán Antonio Yáñez pola obra *Viaxe a Libunca* e informa de que o finalista resultou ser Xerado Quintiá Pérez con *Ke_Tumba_Ke_Tamba*, despois dunha difícil elección por parte do xurado. Indícase a contía do premio e coméntase o argumento da obra, que trata do asolagamento da cidade de Valverde, que estaba antes na lagoa de Doniños. Recolle as palabras de Fernández Moreda, presidente da Deputación, sobre a elección desta obra como gañadora por estar dirixida a un público adolescente. Asíciase o estilo da obra co de Cunqueiro e afirmase que é un libro que tamén pode estar destinado ao público adulto. Por outro lado, menciónase a composición do xurado e lémbrese que o gañador tamén recibiu o premio “Meiga Moira” 2006 pola obra *Lóbez*.

- Marta García, “La Diputación otorga el ‘Raíña Lupa’ al escritor Antonio Yáñez”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña Cultura”, 28 novembro 2006, p. 16.

Informa de que o escritor Antonio Yáñez recibiu o premio “Raíña Lupa” que outorga a Deputación da Coruña pola obra *Viaxe a Libunca*. Analiza a obra a través das declaracións do autor sobre a súa concepción da novela, a escolla do espazo e o guión. Engade información sobre a obra finalista *Ke_Tumba_ke_Tamba*, de Xerardo Quintiá e remata coa confirmación, por parte do presidente da institución provincial, Fernández Moreda, da inauguración do Teatro Colón a principios do mes de febreiro.

- Rodri García, “Para min o premio é que o xurado atope na obra un eco de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 novembro 2006, p. 43.

Despois dunha breve información sobre o gañador do premio “Raíña Lupa” e o feito de ser finalista deste certame nas dúas edicións anteriores, entrevístase ao autor da obra galardoada, Antonio Yáñez Casal. Salienta a influencia de Cunqueiro na súa novela e, por último, indícase quen foi o finalista do premio, Xerardo Quintiá, con *Ke_Tumba_Ke_Tamba*.

- A.N.T., “O ‘Raíña Lupa’ de literatura infantil para Antonio Yáñez”, *A Nosa Terra*, nº 1.248, “Cultura”, 28 novembro-5 decembro 2006, p. 43.

Dá conta da concesión do premio “Raíña Lupa” de literatura infantil a Antonio Yáñez pola obra *Viaxe a Libunca* e do premio “Lueiro Rey” de narrativa curta a Mariña Pérez pola novela *Canícula*. Comenta brevemente estas dúas obras e menciona os finalistas de ambos os certames. Remata nomeando escritoras e escritores que recibiron o “Lueiro Rey” en edicións pasadas, como Teresa Moure, Manoel Riveiro Loureiro ou Xabier López López.

- Albino Mallo, “Breogán Riveiro: A literatura xuvenil ten moi boa saúde”, *Galicia hoxe*, “A contra”, 24 xaneiro 2006, p. 56.

Breve entrevista ao gañador do Premio Raíña Lupa de relato infantil e xuvenil que convoca a Deputación da Coruña en 2005, Breogán Riveiro, coa obra *Tonecho de Rebordechao*. Entre outras, fórmanselle preguntas sobre o tempo que leva escribindo, como entrou no relato

infantil, cales foron as súas obras publicadas, se ten algunha outra novela preparada e a situación da literatura infantil e xuvenil en Galicia. Sobre esta última cuestión, Breogán Riveiro defende a boa saúde da literatura galega infantil e xuvenil e cita algúns nomes de escritoras e escritores de importancia neste xénero, como Xavier P. Docampo, Agustín Fernández Paz ou Fina Casalderrey.

- Alfredo Conde, “¿Literatura para nenos?”, *El Correo gallego*, “Os outros días”, 24 xaneiro 2006, p. 4.

Despois dunha sucinta reflexión sobre as características que debe ter unha boa obra de literatura infantil ou xuvenil (que enganche ao público adulto, segundo o autor), pasa a comentar a obra *Tonecho de Rebordecho*, de Breogán Riveiro, que vén de gañar o Premio Raíña Lupa convocado pola Deputación da Coruña. Remata aconsellando a súa lectura.

- Eduardo Álvarez, “Convocan o primeiro premio Jesús Núñez de gravado”, *Galicia hoxe*, “Maré”, 16 febreiro 2006, p. 35.

Anuncia a convocatoria por parte da Deputación da Coruña dos premios “González Garcés” de poesía, “Raíña Lupa” de literatura infantil e xuvenil e “Manuel Murguía” de ensaio. Informa das características de cada premio, a súa contía, prazos de presentación, etc.

The White Ravens 2006

A biblioteca Internacional da Mocidade, con sede en Munich, publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil de todo o mundo. Na edición deste ano resultou galardoada a obra *Paxaros na cabeza* (2004), de Joel Franz Rosell. Recibiron mención especial as obras galegas de: Paco Liván, *A cousa que máis me doe do mundo*, publicado por OQO Editora; Oli, con *Contos para non comer*; Fina Casalderrey con *¿Quen me quere adoptar?*; e Ánxela Gracián con *Nun lugar chamado labirinto*.

Referencias varias:

- A.I., “Arte y literatura se dan la mano”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 maio 2006, p. 33.

Informa da inauguración da mostra de ilustracións *White Ravens Galegos 2006*, que recolle os mellores traballos presentados ao certame promovido pola Biblioteca de Munich. A seguir, transmite as declaracións do director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, e do xefe de Relacións Externas de El Corte Inglés en Galicia, José Manuel Blanco. Sinala tamén a presenza no acto de Xosé Antón Neira Cruz, membro de Gálix e representante desde o ano 2002 da Biblioteca Internacional de Munich, da que nos di que pretende destacar no contexto do ámbito infantil e xuvenil os libros máis importantes do mundo escritos en 57 linguas diferentes.

- E.P., “Paxaros na cabeza de Kalandraka recibe o The White Ravens”, *El Correo Gallego*, “Hoy”, 25 marzo 2006, p. 73.

Anuncia a decisión da Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich de conceder a distinción *The White Ravens 2006* á obra Paxaros na cabeza, do cubano Joel Franz Rosell, con ilustracións da portuguesa Marta Torro, editada por Kalandraka. Menciona que formará parte da exposición no marco da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia. Remata salientando que esta é a quinta ocasión en que esta editorial é galardoada con esta distinción: *Animais de compañía*, en 2000; *Tío Lobo*, en 2001; *Onde perdeu Lúa a risa?*, en 2003; e *Nunca máis*, en 2004.

X.9. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

Certame “Contos, lendas e tradicións da Ribeira Sacra”

Organziado polo IES A Pinguela, os traballos han de presentarse encadernados, cunha extensión máxima de 20 páxinas a unha soa cara, en sobre cerrado e con outro sobre en que figure o epígrafe “Literaria Ribeira Sacra” e que inclúa o nome do autor, un teléfono de contacto e unha fotocopia do DNI. Entregaránse no instituto A Pinguela, ou nos centros socioculturais de Ferreira de Pantón e Sober. Estabelécense varias categorías: unha para estudantes da primeira etapa da ESO, con sete premios entre os 100 e os 40 euros; outra da segunda etapa da ESO, con oito premios entre os 150 e 50 euros. Tamén hay unha sección para aquelas persoas fóra da idade escolar, con nove premios entre 400 e 50 euros.

VIIIº Certame de Cómic de Cangas

Certame organizado polo Departamento de Xuventude do Concello de Cangas que, nesta edición, decidiu premiar os traballos de Brais Rodríguez, Daniel Rodríguez e Juan Molina, ademáis dun accésit para Adrián Gómez.

Certame de contos e lendas de Mondariz

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Xº Certame de Contos e Relatos Curtos “Trapero Pardo”

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaioito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaioito anos. Nesta edición, o número de traballos presentados duplicouse en relación co ano anterior. Na categoría de 12 a 14 anos, o primeiro premio foi para Lucía Barrera López, do IES “Perdouro” de Burela. Tamén resultaron premiadas Cristina García, de Palas de Rei e Noelia Martínez do Colexio “Divina Pastora” de Lugo. No que se refire á sección de 15 e 18 anos, o primeiro premio foi para Nerea Pallares Vilar, do “Xoán Montes”; Eva Vilar, do “Sanxilao”; e Alba López, do “Fontem Albel” da Fonsagrada.

Referencias varias:

-Ángel Arnáiz, “Un premio literario a la creatividad escolar”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 21 decembro 2006, p. 20.

Fálase da entrega de premios do certame literario de relato curto Trapero Pardo. Coméntase que ao acto que tivo lugar no salón de plenos do Concello de Lugo acudiron o alcalde José López Orozco, a concelleira de Educación Dolores Vieiro e os edís Neves Núñez e Enrique Rozas, encargados de facer entrega dos galardóns. Destácase que os primeiros premios das dúas categorías existentes foron Lucía Barrera López e Nerea Pallares Vilar.

- Marta Becerra, “Entrega de premios del concurso ‘Trapero Pardo’”, *El Progreso*, “El despertador”, 21 decembro 2006, 11.

Fálase da entrega no salón de sesións da casa consistorial de Lugo dos premios de contos Trapero Pardo. Indícase que na sección de doce a catorce anos resultaron gañadores Lucía Barrera, Cristina García e Noelia Martínez. Na categoría que comprende as idades de quince a dezoito anos, fixéronse co galardón Nerea Pallares, Eva Vilar e Alba López. Para finalizar, coméntase que o xurado destacou a gran calidade dos traballos presentados nesta edición, en que o número de obras presentadas se duplicou.

VIIº Certame de Creación Artística “Poesía e Imaxe. En galego, sen filtro”

Certame promovido pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística e o Concello de Ferrol, aberto ao alumnado matriculado en calquera dos centros de ensino desta cidade, xa sexan públicos ou privados, ou tamén aqueles que forman parte da Coordinadora, dentro dos niveis de Infantil até Bacharelato e ciclos formativos, pasando por Primaria e Secundaria. Preténdese así contribuír á normalización social do galego no ámbito educativo. Os participantes deberán presentar unha composición plástica orixinal nalgúnhas destas tres modalidades: debuxo, pintura, colaxe ou fotografía. Para a súa realización os estudantes terán que elixir unha de entre as doce obras poéticas de literatura universal (dende as galegas até algunha obra grega, xaponesa, árabe, india ou americana, por suposto con tradución ao galego incuída, propostas pola entidade organizadora). Os traballos presentados terán que ser individuais. O desenvolvemento do premio consta de dúas fases: a primeira celebrarase en cada un dos centros participantes, onde se farán actividades que relacionen o mundo da expresión poética co da expresión plástica, e elixirase unha única obra por nivel para participar na segunda fase, a intercentros. Os traballos deben ser remitidos antes do 3 de marzo á sé da Equipa de Normalización Lingüística situada no IES Concepción Arenal. O xurado está composto por persoeiros nomeados pola devandita entidade e é o Concello de Ferrol o encargado de facer a definitiva selección de trinta obras finalistas, valorando non só a calidade estética, senón tamén a orixinalidade e a interrelación entre a linguaxe poética e a plástica. O xurado garantirá que cada nivel estea representado por un mínimo de cinco obras que deberán axustarse ás bases. As obras seleccionadas serán expostas nunha exposición pública nalgúns dos centros culturais da cidade e viaxará por todos aqueles centros que a soliciten.

Xº Certame “Francisco Añón” de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Estabelécense catro categorías: A) para nenos de 6 a 10 anos cun premio dun vale de 90,15 euros en libros e publicación da obra; B) para os de 11 a 14 anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema; C) para os mozos de 15 a 17 anos cun premio dun vale de 150,25 euros en libros e publicación do poemario; e D) para os maiores de 18 anos cun cheque de 901,52 euros e publicación da obra. Os orixinais deberán presentarse nun sobre pechado en que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregáronse na Oficina de Información Xuvenil (Avda. de San Campio, s/n. 15230, Outes) antes do 4 de abril do ano en curso. Nesta edición, Paulino Peña Álvarez, Alba Cid Fernández, Noelia Martínez Rey e Clara Lago Caamaño resultaron gañadores. O xurado encargado de fallar os premios tamén concedeu accésits a María Carmen Caramés Gorgal, Iria Gestoso Ríos, Jaime Pereira Maroto, e Sergio Mayo Esteiro. Paulino Peña foi premiado con 901,52 euros e a publicación da súa obra na categoría de maiores de 18 anos por *Rodipíos no encoro*. O accésit recaeu en María Carmen Caramés por *Nas marxas do tempo*. Na categoría de 15 a 17 anos, o premio foi para Alba Cid por *O baúl vermello* e o accésit para Iria Gestoso por *Os paraísos do baleiro*. Noelia Martínez gañou na categoría de 11 a 14 anos polo seu traballo *Agora morro*. O accésit foi a parar a mans de Jaime Pereira por *Palabras de cristal*. Por último, na categoría de 6 a 10 anos foi premiada Clara Lago por *Imaxinación escrita*. O accésit foi para Sergio Mayo por *O calamar que quixo comprar o mar*.

Xº Certame Literario “Benxamín Paz”

Certame que organiza o Centro Cultural Recreativo de Vilalba. estabelécense dúas modalidades: poesía e narrativa. Á súa vez, hai dúas categorías e, en cada unha delas, estabelécense varios premios para cada unha das modalidades. Nesta edición, a entrega de premios celebrouse o día 26 de maio no Centro Cultural Recreativo. Na modalidade de poesía, resultaron premiados Iria Portela Camba por *Cousas do Ceo*; Manuel Irimia Paz por *O banco das mentiras*; Álex Fraga Díaz por *A primavera*; e María Souto Jiménez por *Eu dariache*. Na modalidade de narrativa, os galardoados foron Omar Bello Dopico con *A moroa de Brais*; Laura Villares Vázquez con *Un rei tonto*; Antía Seco Cendán con *A nena que non podía rir*; Brais Lamela Gómez con *Un estraño vagalume*; e María Suarez Mato con *Unha viaxe a Galicia*.

Referencias varias:

-M.R., “Nueve alumnos de Primaria fueron los ganadores del ‘Benxamín Paz’”, *El Progreso*, “Terra Chá/As Pontes”, 6 maio 2006, p. 22.

Anúnciase o fallo do X Certame Literario Benxamín Paz do Concello de Vilalba. Indícase que na modalidade de poesía resultaron vencedores no primeiro ciclo de primaria Iria Portela con

Cousa do ceo; no segundo ciclo, foron recoñecidos dous alumnos do Insua Bermúdez; mentres que no terceiro ciclo, María Souto Jiménez con *Eu dariache* foi a afortunada. En narrativa, os gañadores máis novos foron Omar Bello Dopico e Laura Villares Vázquez, seguidos en idade por Antía Seco Cendán con *A nena que non podía rir*; e, por último, Brais Lamela Gómez e María Suárez Mata.

XIII° Certame Literario de Poesía e Narración Breve de Cambre

Convocado polos Equipos de Normalización Lingüística, os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous IES de Cambre, “David Buján” e “Alfonso X”, as asociacións de nais e pais e a Concellaría de Cultura e Benestar Social do Concello de Cambre, co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos e mozas de entre 12 e 26 anos segundo as seguintes categorías: A) de 12 a 14 anos; B) de 15 a 18 anos; e C) de 19 a 26 anos. A contía global do premio é de 990 euros a repartir entre as distintas categorías. Conta con dúas modalidades: poesía e narración breve en lingua galega. Na primeira delas presentaranse como mínimo tres poemas, de tema e forma libres; na segunda, a extensión máxina será de cinco folios e tema libre. O xurado foi elixido polo comité organizador e non se coñeceu até o día do fallo. A data límite de entrega foi o 21 de abril e a entrega de premios tivo lugar o 19 de maio no salón de actos do IES “Alfonso X”.

Referencias varias:

- S.A., “Los premios del Certame Literario para jóvenes suman 990 euros”, *La Opinión*, “Culleredo/Cambre”, 7 abril 2006, p. 14.

Danse a coñecer as bases do XIII Certame Literario de Poesía e Narración Breve que organiza o Concello de Cambre para defender a lingua galega e prestixiala entre os máis novos. Indícase que poderán participar mozos e mozas de entre 12 e 26 anos que competirán dentro da súa categoría segundo a idade. Os premios aos que optan os participantes teñen un valor total de 990 euros e nas tres categorías establecidas recoñeceranse un primeiro e un segundo clasificado.

- S.A., “Ellas escriben más y mejor”, *La Opinión*, “Cambre”, 20 mayo 2006, p. 14.

Indícase que as novas xeracións de Cambre foron premiadas no XIII Certame de Poesía e Narrativa Breve e chámase a atención sobre que os seis gañadores foron rapaces de entre 12 e 26 anos, idades entre as que se permitía a participación. Na organización do certame participan os equipos de normalización lingüística, os departamentos de Lingua e Literatura Galega dos institutos de Cambre e as asociacións de pais de alumnos dos dous institutos da localidade, segundo se sinala.

III° Certame Literario do Tarabelo

Certame convocado polo grupo de teatro O Tarabelo, de Sanxenxo, para incorporar o teatro ao contorno sociocultural dos escolares e da mocidade, fomentar o uso da lingua galega e estimular a imaxinación axudando aos rapaces a descubrir as súas inquiredanzas artísticas.

Poden concorrer os alumnos dos centros educativos da comarca dos cursos comprendidos entre terceiro de primaria e cuarto de ESO. Estabelécense tres categorías dotadas cun lote de libros e material escolar valorado en 100 euros cada unha. As obras teatrales presentadas deben abarcar unha extensión de entre quince e trinta folios escritos en galego. O prazo para entregar os orixinais remata o 30 de novembro.

XXXIVº Certame Literario “Minerva”

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo de Educación Secundaria e Bacharelato, que cursen os seus estudos en centros de Galicia e non teñan cumpridos os vinte anos o 31 de decembro de 2006. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Enviaranse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto cun sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre figurarán o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a: XXXIVº Certame literario “Minerva” (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701, Santiago de Compostela). Concederanse tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia e dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación; a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deberán ler a súa obra total ou parcialmente. Nesta edición o xurado estivo presidido, na modalidade de poesía, por Luís Alonso Girgado, que actuou como presidente, e Avelino Abuín de Tembra, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Yolanda López López e Francisco Mateo Álvarez como vocais e, na modalidade de narración, por Manuel Quintáns Suárez, tamén como presidente, e Lois Diéguez, Armando Requeixo, Inma López Silva e Alberto Muñiz Pascual como vocais. Na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Iria Gestoso (IES Praia de Barraña-Boiro) coa obra *Son ela*; o segundo recaeu en Gabriela Abelenda (IES Alexandre Bóveda-Vigo) con *Cartas suspensivas* e o terceiro foi para Brais González (IES Santa Irene-Vigo) con *Muller de Lama*. O primeiro accésit foi outorgado a Darío Fernández Fernández (IES Sofía Casanova-Ferrol) con *O bufón petrificado (vida endeleble dos entes)*; o segundo, a Carlos Calvo Valera (IES Nº1- Ordes), con *Tres poemas antropolóxicos*; e o terceiro a Lidia Montes Camiño (IES de Cacheiras), con *Crónicas dun laiar*. Na modalidade de narración, o primeiro premio foi outorgado a Triana Doce Palmieri (IES de Poio) pola obra *Escintileos*; o segundo a Andrés Meixide González (IES Valmiñor-Nigrán) por *Eterna prisión de Carballo*; e o terceiro a Alberto Cea Duro (IES Colexio Peleteiro-Santiago de Compostela) por *A ollada translúcida*. O accésit recaeu en Olalla Tuñas Martínez (IES Virxe do Mar-Noia) por *Area nas Unllas*.

Referencias varias:

- J.R.S., “Os escritores de mañá”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 maio 2006, p. 33.

Infórmase do acto de entrega da trixésima cuarta edición dos Premios Minerva. Sinálase que na categoría de poesía, o primeiro recaeu en Iria Acenoso, seguida de Gabriela Abelenda e Brais González. En narrativa, os galardoados resultaron Triana Doce Palmieri, Andrés Meixide e Alberto Cea. Ademais, coméntase que se entregaron un total de catro accésits nun emotivo acto que ten unha longa tradición dentro das letras galegas, pois naceu en 1963 co nome de Xogos Florais Minerva co impulso do poeta Avelino Abuín Tembra, actual colaborador do xornal *Galicia Hoxe*.

- A.I., “Fiesta literaria en Peleteiro en la entrega de los Premios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 maio 2006, p. 30.

Dá conta da entrega dos Premios Minerva no Peleteiro. Salienta a calidade e variedade dos traballos presentados e sinala que moitos autores coñecidos do panorama literario galego comezaron a súa andaina literaria nos Premios Minerva. Entre eles, destaca a Xesús Rábade, Darío Xohán Cabana, Xavier Queipo, Rafa Villar ou Lois Diéguez. Entre as persoas galardoadas nesta convocatoria, cita a Triana Doce Palmieri, Andrés Meixide González, Alberto Cea Duro, Iria Gestoso Ríos, Gabriela Abelenda Alonso e Brais González Pérez. Recolle tamén o nome das persoas que recibiron un accésit, entre as que están Olalla Tuñas Martínez, Darío Fernández Fernández, Carlos Calvo Varela e Lidia Montes Camiño.

- Jose Matamoros, “El futuro de las letras gallegas”, *La voz de Galicia*, “Santiago”, 3 maio 2006, p. 15.

Informa do acto de entrega da edición número trinta e catro dos premios literarios Minerva para estudantes de ensino medio e salienta a longa tradición destes premios. Lembra a data en que naceron, 1963, e o seu impulsor, Avelino Abuín. A continuación cita algúns escritores hoxe recoñecidos que gañaron no seu día algúns destes premios e remata mencionando os nomes das persoas gañadoras segundo a categoría, poesía ou narrativa, e os títulos das obras galardoadas.

- Marina Abilleira, “Cantera de artistas en le IES”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 4 xuño 2006, p. 10.

Comenta os premios recibidos por tres alumnas do IES Fontenla de Poio, entre as que está unha das gañadoras dos certame Minerva de literatura para o ensino medio. Refíre unhas sucintas notas biográficas de Triana Doce, que conseguiu o galardón grazas o seu relato “Escintileos” e resume o argumento da obra. Recolle tamén os comentarios da moza sobre a recepción do premio e as súas expectativas futuras.

- Avelino Abuín de Tembra, “Minerva”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 7 maio 2006, p. 5.

O que fora o impulsor dos primeiros Premios Minerva en 1963 contrasta o pesimismo reinante respecto do idioma galego co extenso número de obras de gran calidade presentadas a certames deste estilo. A seguir, compara o momento actual da lingua e do certame coa situación existente en 1963 e lembra os nomes de importantes persoeiros da literatura galega que actuaron como mantedores do concurso literario. Destaca entre outros a Cunqueiro,

Carballo Calero ou Filgueira Valverde. A continuación, cita os nomes das autoras e autores das obras gañadoras e algúns dos versos galardoados.

Iº Certame “Recolla de Tradición Oral”

Organizado pola Asociación Cultural e pedagóxica “Ponte... nas ondas!” dentro do programa da I Semana de Literatura de Tradición Oral que promove a Consellaría de Cultura e Deporte, co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Estabelécense catro categorías de premios: Ensinanza Primaria, Secundaria, Bachelato e Ciclos Formativos; cada un deles recibe un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo de 500. Os traballos poden ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa como en verso e o prazo de admisión remata o día 2 de maio.

XXVIIº Certame “Terra Chá” de Literatura e Debuxo Infantil

Certame que convoca a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz. Nel poden participar todos os escolares da comarca. Presenta tres modalidades de participación: A) debuxos; B) contos e C) poesías. O acto de entrega tivo lugar o 16 de xullo. Os gañadores recibiron un lote de libros e coas obras que se presentan a este certame organizábase unha pequena exposición ao longo dos días do Festival de Pardiñas que tivo lugar en Guitiriz os días 5 e 6 de agosto. Nesta edición presentáronse un total de mil cincuenta e tres alumnos de oitenta e dous colexios e resultaron premiados un total de noventa e dous traballos. Na categoría de debuxo, os gañadores foron Óscar Gutiérrez, Itziar Verdes, Laura Pacio, David Fernández, Jennifer Grandío, Amparo Díaz, Lucía Campos, María Isabel Pardo, Lidia Trastoy, Tania Gómez, Adrián Vázquez, Lucía Barro, María Estela Cendán, Marcos Lozano, Uxía Paz, Nerea Franco, Adrián Francos, Anxo Pena, Ana Velela, Noelia Aranda, Celine Fernández, Carla Portela, Aida de la Fe Pena, Alejandro tomé, Isabel Buján, Jacobo García-Fuentes, Beatriz Villares, Iván Lamas, Andrea Sinde, Alejandro Vázquez, Lara Varela, Martín Rodríguez e María Rey. En poesía, os gañadores foron Alberto Rivas, Ana López, Antonio Souto, Jairo Ríos, Diego Fernández, Alejandro rojo, Miguel González, María Suárez, Marco Antonio Bermúdez, Iván Gacio, Alberto Barja, Desiree Barrio e Jennifer Barrio. En narrativa, os galardoados foron Inés González, Natalia Camba, Laura Villares, Alberto Sanmartín, Alba Lamas, Icíar Villar, Alba Sofía Naseiro, Melodía Francos, Antía Seco, Brais Lamela, Tamara López, Alba Freire, Leticia Roca, Cristina Amado, Rocío Barro e Alba Cornide.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, “La Xunta aporta 60.000 euros al XXVII Festival de Pardiñas”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 12 xullo 2006, p. 14.

Dentro da noticia que informa da celebración do Festival de Pardiñas en agosto e do presuposto que a Xunta de Galicia acordou entregar, faise un apuntamento sobre a data de entrega do certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil para o domingo 16 de xullo.

- María Roca, “Xermolos’ premia a 92 alumnos en el XXVII ‘Certame Terra Chá’” *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 21 xuño 2006, p. 19.

Sucinta noticia na que se dá conta do XXVII Certame Terra Cha que organiza a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz. Indícase que nesta edición foron presentados mil cincuenta e tres traballos dun total de oitenta e dous colexios, dos que foron premiados noventa e dous alumnos, máis da metade naturais da Terra Chá. Anúnciase que os premios se entregarán no Festival de Pardiñas e están divididos en tres categorías: debuxo, poesía e narrativa.

Concurso Artístico-literario “Sons no teu contorno”

Convocado polo colexio Compañía de María, vai dirixido a alumnos de primaria e secundaria e inclúe catro modalidades: narrativa, poesía, expresión artística e fotografía. Os gañadores desta edición son: na categoría de narrativa foron Cristina Mourellos, con *O elefante chion*; José Abelardo Blanco, con *Os vagabundos do son*; e Iria Páramo, por *Silencio*. Na categoría de poesía, os galardóns foron para Paula García, con *Silencio*; e Milagros Barcia, con *Sons do meu contorno*. En expresión artística, os premios recaeron en Gabriel Rivas, con *Os nove sons musicais*; Román Gamallo, por *Os dragóns voraces*; Irene Porto, con *Sons na soidade*; e Carlos Álvarez, por *Ovos e sombras*. Finalmente, en fotografía o premio foi para Antón Bermúdez, con *Toc, toc*.

Referencias varias:

- José Matamoros, “El ejercicio académico da sus últimos coletazos”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 19 maio 2006, p. L15.

Dá conta do acto de entrega dos premios do concurso artístico-literario “Sons no teu contorno”. Ofrece o nome dos gañadores en todas as modalidades: narrativa, poesía, expresión artística e fotografía.

XIº Concurso Literario “Ánxel Casal”

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago de Compostela a proposta do Instituto de Bacharelato “Arcebispo Xelmírez I” para conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento de Ánxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. O Concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido a alumnos de Secundaria. As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ao Concello de Santiago de Compostela (Departamento de Educación). O certame está dotado cun primeiro premio de 900 euros e dun segundo de 600 euros para cada unha das modalidades: poesía, conto e teatro; engadiuse esta última modalidade nas bases da sexta edición para estimular a creación de textos teatrais. A presidencia do xurado correspóndelle ao alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do Concello. O prazo de admisión de traballos remata o día 17 de abril de 2006. Nesta edición, o primeiro premio de poesía recaeu en Alba Cid Fernández por *Delirio de dedos*. Iria M.

Lorenzo Lestón foi a segunda gañadora por *O sentimento frustrado do recordo*, mentres que Andrea Porto Mato obtivo unha mención do xurado. Na modalidade de conto, a gañadora foi Sara Martínez Martínez pola obra *Revolution*. O segundo premio receu en María Abellás Sequeiros por *Aparente realidade* e a mención en Laura Losada Santamarina. Xa na categoría de teatro, o primeiro premio outorgouse a Noelia Martínez Rey por *Monólogos con suspiros*, e o segundo, a Andrea Porto Mato por *Natación para todos*.

Referencias varias:

- Marta Becerra., “Otra talentosa joven gana un certamen de teatro”, *El Progreso*, “El despertador”, 30 maio 2006, p. 12.

Breve noticia que informa de que a luguesa Noelia Martínez Rei resultou ser a gañadora do primeiro premio na modalidade de teatro no certame Ánxel Casal por *Monólogos con suspiros*. Dise que o certame organizado polo Concello de Santiago de Compostela en colaboración coa Consellaría de Educación entregalle 900 euros aos alumnos que consigan o máximo galardón nun acto que se levará a cabo o día dous de xuño no Auditorio de Galicia.

- A.I., “Las chicas ganaron por goleada en el Concurso Literario Ánxel Casal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 de junio 2006, p. 35.

Danse a coñecer ás gañadoras do XI Concurso Literario Ánxel Fole nas categorías de poesía, conto e teatro. Indícase que o primeiro premio en poesía levouno Alba Cid Fernández do IES Xesús Ferro Couselo de Ourense por *Delirio de dedos*, mentres que o segundo foi parar a mans de Iria M. Lorenzo Lestón do Peleteiro de Santiago de Compostela por *O sentimento frustrado*. Na categoría de conto, recibiu o galardón principal Sara Martínez Martínez do IES Sánchez Cantón por *Revolution*, seguida de María Abellás Sequeiros do IES Eduardo Blanco Amor con *Aparente realidade*. Por último, no apartado de mellor peza dramática resultaron premiadas Noelia Martínez Rei, do colexio Salesiano Divina Pastora con *Monólogos con suspiros* e Andrea Porto Mato, do Peleteiro, por *Natación para todos*.

Concurso Literario de Poesía, Prosa e Cómico

Organizado polo Concello de Ribeira dentro das súas actividades da programación cultural para o mes de maio. O concurso vai dirixido a nenos e nenas de 7 a 10 anos e de 10 a 13 anos e os premios consisten en lotes de libros para os tres mellores de cada categoría. Os traballos presentáronse antes do día 12 de maio.

Referencias varias:

- Suso Souto, “Ribeira convoca un concurso literario de poesía, prosa y cómic”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 maio 2006, p. 24.

Dá conta da convocatoria do concurso literario de poesía, prosa e cómic que convoca o Concello de Ribeira dentro da súa programación cultural. Ofrece datos relevantes sobre a

convocatoria, mencionando a quen vai destinado e cómo se deben presentar os traballos. Informa ademais da conferencia que dará o día 12 de maio o escritor Alfredo Conde, así como o recital de poesía a cargo de Yolanda Castaño o día 19. Remata referíndose á exposición sobre a vida e obra de Manuel Lugrís.

XIVº Concurso literario “Xaime Isla Couto”

Organizado polo Concello de Poio e as asociacións Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó, Samieira, Vides Novas, Boureante e Ateneo Corredoira. Inclúe as modalidades de poesía e relato curto. Poden participar todos os alumnos dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e vintecinco anos, que antes da novena edición se limitaba aos dezaioito anos. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía e o seu contido pode estenderse até un máximo de catro caras de folio A-4. Os premios consisten nun obsequio, nun diploma e un vale de 60 euros para compra de material escolar en cada categoría, agás na que comprende entre os 18 e 25 anos, que é un diploma e 300 euros. O xurado está composto polo Concelleiro de Cultura, un representante de cada entidade cultural e mais Xaime Isla, quen, ademais de presidir, é a persoa que dá nome ao concurso. No ano 2006 presentou as seguintes categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18). A partir dos 18 anos até os 25, a participación é libre, mentres que nas categorías anteriormente sinaladas só se poderán presentar os nenos do concello de Poio. O xurado reuniuse o 3 de maio e os premios foron outorgados o 17 de maio na Cofradía de Raxó.

Referencias varias:

- M.A.C., “El XIV Concurso Literario Xaime Isla repartirá 1200 euros en premios”, *Diario de Pontevedra*, “Poio/Comarca”, 13 abril 2006, p. 10.

Fanse públicas as bases do XIV Concurso Literario Xaime Isla que convocan o Concello de Poio e a Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó. Anúnciase que poderán participar aquelas persoas que o desexen entre 6 e 25 anos dentro das súas categorías. Algúns dos requisitos son a lingua galega e a extensión máxima de tres páxinas nos escritos en prosa e unha folla para as composicións poéticas. Repartiranse entre os gañadores un total de mil douscentos euros e coñecerase a resolución o día 28 de abril.

XXVº Premio “Contos en lingua galega”

Convocado polo Centro de Recursos Educativos “Santiago Apóstolo” da Organización Nacional de Cegos ONCE. A contía dos premios é de 200 euros para o primeiro, 100 euros para o segundo, 75 euros para o terceiro, así como material didáctico e un diploma acreditativo para cada un deles. O xurado estivo composto por José Ángel Abrales Rodeyro, Director do Centro de Recursos Educativos “Santiago Apóstolo” da ONCE en Pontevedra; Xosé A. García Lores, Concelleiro de Educación do Concello de Pontevedra; Mª Pilar Fernández Herráiz; Profesora de Lingua e Literatura Galega do Instituto de Educación Secundaria “Sánchez Cantón” de Pontevedra; e Xoana González Muiños, Mestra do C.R.E.

“Santiago Apóstolo”, como secretaria. Os premios están divididos por ciclos educativos: no primeiro ciclo de Primaria a gañadora foi Aida García Domínguez con *A árbore solitaria*; o segundo premio para Nerea Domínguez Vázquez por *A galiña pascualiña* e o terceiro para María Fernández Álvarez con *O patinho triste*. En canto ao segundo ciclo de Primaria, o primeiro premio recaeu en Andrea Rodríguez Sánchez con *O ratonciño Pérez*, o segundo en Felipe Martínez Acuña con *Os amores dunha buxaina e o balón* e o terceiro en Laura Codesido Prado con *A esperanza e o azar*. No terceiro ciclo de Primaria, o primeiro premio foi para Mikel Pérez Pérez, con *O cuco* e o segundo premio para Alba Conde Fernández con *Problemas no fondo mariño*; finalmente, o terceiro foi para Ángela Cabanelas Estévez con *Reencontro*.

Iº Premio de Literatura Xuvenil “Valle-Inclán”

Convocado pola Fundación Valle-Inclán, está dirixido a escolares de entre 12 e 18 anos. Presidiu o xurado na modalidade de teatro Euloxio R. Ruibal; no de narrativa, Francisco Fernández Rey; e no de poesía, Salvador García-Bodaño. O premio de máis contía foi o da modalidade de teatro, valorado en 6.000 euros, que recaeu en Isabel Gonzalo Pita co texto *O gran soño de Camila*. O accésit foi para Saúl Fernández. Na modalidade de narrativa, Marga Gago fíxose cos 3.000 euros do premio co texto *Laura*, e dous accésits para dúas alumnas de Pontevedra e Santiago de Compostela. Finalmente, na modalidade de poesía, o premio recaeu en Alicia Fernández Rodríguez coa obra *Había una vez...*, cunha contía de 1.500 euros. Os dous accésits foron para Sandra Besada Carramal e Laura Rosal Crespo. A entrega dos premios tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

Referencias varias:

- Martina Vicente, “O Salnés acapara los premios literarios ‘Valle-Inclán’”, *Diario de Arousa*, “Pontevedra”, 1 febreiro 2006, p. 25.

Refírese á entrega dos premios de Literatura Xuvenil Valle-Inclán. Ofrece os nomes dos gañadores salientando que dos oito premios e accésits concedidos, catro foron a parar ao Salnés: tres a Sanxenxo e un a Vilagarcía de Arousa. Remata mencionando a intención da Fundación Valle-Inclán de publicar as obras premiadas, ben na súa revista ou ben nun volume independente.

- María Fernández, “Primeiro capítulo dunha nova autora”, *Diario de Arousa*, 4 febreiro 2006, p. 56.

Centra a atención na gañadora do premio de narrativa no concurso xuvenil da Fundación Valle-Inclán, Marta Gago, alumna do instituto Castro Aobre. Fai un resumo do relato, unha historia de amor incomprendido, e recolle as palabras da gañadora sobre a narración, o premio e os seus autores máis admirados, entre outras cousas.

- María Fernández, “Historias soñadas e soños cumpridos”, *Diario de Arousa*, 8 febreiro 2006, p. 56.

Fai referencia á gañadora do premio de teatro xuvenil da Fundación Valle-Inclán, Isabel Gonzalo, alumna do instituto Vilalonga. Menciona á obra gañadora, *O gran soño de Camila*, unha traxicomedia que invita a levar a cabo as aspiracións persoais. Faise un resumo da obra seguindo as palabras da autora e logo faise referencio ao éxito do instituto neste certame literario, xa que outras dúas alumnas, Laura Rosal e Sandra Besada, acadaron un accésit na categoría de poesía.

- Belén López, “Herdeiras do lapis de don Ramón”, *Diario de Pontevedra*, 22 febreiro 2006, p. 82.

Faise eco da entrega dos premios literarios Valle-Inclán, que recolleron Isabel Conzalo, en teatro; Marta Gago, en de narrativa; e Alicia Fernández, en de poesía. Para finalizar, refírese a cada unha delas, recollendo as súas palabras respecto do premio e das respectivas obras. As gañadoras salientan o discurso do padriño do acto, Suso de Toro.

- María José Barreiro, “Pola senda de Valle-Inclán”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de Cultura”, “Colaboración”, 16 xullo 2006, p. 31.

Fai referencia á xeración de escritores novos que brilan na comarca do Salnés. Recordamos o ano 2000, cando o Ateneo Valle-Inclán convocou o I Certame de narrativa Xuvenil Ateneo Valle-Inclán, gañado por Fátima Rey, e o II Certame, que gañou David Prego. Menciona ademais que en 2004 se propón ao Padroado da entidade convocar os Premios de Literatura Xuvenil, para o de narrativa do Ateneo e creando os de poesía e teatro, e salienta o éxito da convocatoria neste ano. Remata referíndose á gañadora do galardón de Teatro, Isabel Gonzalo Pita, coa obra *O gran soño de Camila*, que se estreou en Sanxenxo con grande éxito de público.

IIIº Premio de Narrativa do IES “Gregorio Fernández”

Certame que convoca o IES Gregorio Fernández de Sarria coa colaboración dos sete Concellos da comarca, e que está dirixido a todos os seus centros educativos para fomentar a afección á escritura e á lectura entre os escolares. A temática debe centrarse nos valores culturais da comarca. Estabélense diversas categorías, segundo os cursos que estuden os participantes, e varios premios en cada unha delas; ademais, os relatos gañadores son publicados nun volume conxunto. A contía do premio é de 2.300 euros. Nesta edición presentáronse cento noventa e catro traballos, o que supón un aumento do case 100% respecto da edición anterior. O colexio de La Asunción de Sarria acaprou a maioría dos premios, xa que foron galardoados os alumnos María Elena López González, Efrén López Ferreiro, Cristina Álvarez Sobrado, Claudia López, Daniel López García, María González Franco e Alberto Bravo López. Tamén resultaron premiados os traballos de Tania Fernández amado, Carla López e David Díaz Castro, Xabier Gallego González, Gloria López Castro, Cristina Rodríguez Díaz e Beatriz Muñoz Ferro.

Referencias varias:

- Vázquez Rivas, “Catorce alumnos ven premiados su talento literario”, *El Progreso*, “Sarria”,

3 xuño 2006, p. 22.

Coméntase o fallo dos premios de narración IES Gregorio Fernández, que este ano recaeron en catorce alumnos da comarca de Sarria. Estes recibiron cadanseu diploma e cartos por un importe total de 2.300 euros. Danse os nomes dos galardoados: María Elena López González, Efrén López Ferreiro, Cristina Álvarez Sobrado, Claudia López López, Daniel López García, María González Franco e Alberto Bravo López do colexio da Asunción; Tania Fernández Amado do Ramón Piñeiro de Lán cara; Carla López López e David Díaz Castro do Frei Luís de Granada de Sarria; Javier Gallego González do Ricardo Gasset do Incio; Gloria López Castro e Cristina Rodríguez Díaz do Gregorio Fernández de Sarria e Beatriz Muñoz Ferro do Xograr Afonso Gómez ,tamén de Sarria.

VIIº Premio de poesía “Díaz Jácome” para novos creadores

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a 30 anos, que presenten poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deberán enviarse en DIN-A-4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde constará o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debe facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo) antes do 1 de xullo de 2006. Haberá un primeiro premio de 1.500 euros, placa e diploma; un segundo de 600 euros, placa e diploma; e un terceiro de 300 euros, placa e diploma. Nesta ocasión outorgóuselle o primeiro premio a Diana Varela Puñal pola obra *Afirmación en Nove Cantos*; o segundo a Ramón Noche Fraga por *O mar ausente*; e o terceiro foi para Lucía Mosquera Novoa con *Secretos do Cemiterio*.

Referencias varias:

- Sergio Irigoyen, “Mondoñedo entregó ayer los premios ‘Díaz Jácome’”, *El Progreso*, “Cultura”, 22 outubro 2006, p. 96.

Faise eco da entrega dos premios deste certame poético para creadores novos. Salienta que a primeira e terceira clasificadas son naturais da provincia da Coruña, mentres que o segundo premio recaeu nun vilabés. Seguidamente ofrece os nomes dos galardoados: a gañadora foi Diana Varela Puñal coa obra *Afirmación en nove cantos*; o segundo premio recaeu en Ramón Noche Fraga con *O Mar ausente*; e o terceiro premio foi para Lucía Mosquera Novoa con *Secretos do Cemiterio*. Remata referíndose aos asistentes ao acto de entrega dos premios e salienta a presenza dos fillos do escritor e a do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández.

XVIIIº Premio Fundación Caixa Galicia “Rúa Nova” de Narracións Xuvenís

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Estabelécese un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un

primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen dezaioito anos o día 2 de abril de 2006. Cada un dos dous primeiros premios contará cunha dotación económica de 1.500 euros e a publicación do texto na colección “Nova 33” que a Fundación coedita coa editorial Ir Indo. Estes traballos poden ter unha extensión de vinte e cinco a cento vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, facendo constar o nome, o enderezo e o teléfono, así como fotocopia do DNI ou do libro de familia, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15705 Santiago, Apartado de Correos, 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O prazo de presentación estableceuse entre o 1 de novembro de 2005 e o 10 de marzo de 2006 e o fallo deuse a coñecer o 2 de abril de 2006. Nesta edición o xurado estivo composto por Anxos Sumai, Ramón Caride, Fausto C. Isorna, Paulino Novo e Beatriz Prado. Decidiron premiar, na modalidade en castelán, a obra *Los crápulas opiáceos*, de Eva Escrivano Compains e concederon unha mención ao traballo *El pianista*, de Amanda Martín Bernabé. A modalidade en lingua galega quedou deserta, aínda que se concedeu unha mención ao traballo *Peripecias dun limaco*, de Elena Rodríguez Flores.

Referencias varias:

- AGN, “A lucense Elena Rodríguez recibe unha mención no ‘Rúa Nova’ de narracións”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 6 abril 2006, p. 89.

Destaca a concesión dunha mención especial no XVIII certame “Rúa Nova” á luguesa Elena Rodríguez, de doce anos, pola súa obra *Peripecias dun limaco*. Despois de indicar que o xurado declarou deserto o primeiro premio en lingua galega e logo de informar das concesións na modalidade de lingua castelá, pasa a comentar brevemente o argumento da obra de Elena Rodríguez e a resaltar as dotes narrativas da autora.

- Ana Iglesias, “Literatura escrita en femenino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 abril 2006, p. 33.

Dá conta da concesión do premio “Rúa Nova” á obra *Los crápulas opiáceos*, da pamplonesa Eva Escrivano Compains. Tamén informa de que o xurado outorgou dúas mencións especiais a Amanda Martín Bernabé por *El pianista* e á luguesa Elena Rodríguez Flores, de doce anos, por *Peripecias dun limaco*. Sinala que a modalidade en lingua galega ficou deserta. Despois de transmitir os comentarios do xurado sobre as obras premiadas, salienta a presenza no certame de traballos escritos por mulleres, que representaron o 80% de participación.

- C.Villar, “O xurado do ‘Rúa Nova’ deixa deserto o premio en galego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 6 abril 2006, p. 46.

Comeza explicando o motivo polo que ficou deserto o primeiro premio en lingua galega da XVIII edición do premio “Rúa Nova” de narracións xuvenís. Informa da mención especial outorgada á obra *Peripecias dun limaco*, da luguesa de doce anos Elena Rodríguez e, a continuación, dá conta dos premios concedidos na modalidade de lingua castelá. Por último, menciona a maior participación de rapazas ca de rapaces no certame.

- E.P., “Queda deserto o ‘Rúa Nova’ en galego”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 6 abril 2006, p. 35.

Indica que a modalidade en lingua galega do premio “Rúa Nova” que promove a Fundación Caixa Galicia ficou deserto e pasa a informar da concesión do premio na modalidade de lingua castelá á moza de Pamplona Eva Escrivano Compains, coa súa obra *Os crápulas opiáceos*. Salienta tamén a entrega dunha mención especial na modalidade de lingua galega a unha rapaza luguesa de doce anos pola obra *Peripecias dun limaco*.

Premios “Ler en abril”

Premios de fotografía convocados con motivo do mes do libro. Nesta edición os galardóns entregáronse o vinte de xullo e recaeron en Pablo Montero Prieto, na categoría xenérica, por *Surfeando a lectura*; Daniel Sanmartín Amca, na categoría infantil, con *Uhm, que rico es leer*; e, xa na categoría xuvenil, o gañador foi Juan Vidal Navieras con *Soños*.

Referencias varias:

- MARÉ, “Entréganse os premios ‘Ler en abril’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 21 xullo 2006, p. 38.

Breve nota que fala da entrega dos premios de fotografía “Ler en abril” convocados no mes do libro. Indícase que na categoría xenérica gañou a imaxe de Pablo Montero Prieto *Surfeando a lectura*. Na sección infantil foi Daniel Sanmartín Anca o galardoado con *Uhm, que rico es leer*, mentres que na xuvenil foi parar o premio a mans de Juan Vidal Nabeiras por *Soños*.

Premios Letras Galegas e Nadal 2006

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais, etc, que, por medio das súas bibliotecas, Concellarías de Cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocan premios para animar á xente nova a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, con redaccións, ben con poesías ou debuxo como é o caso dos Concellos de Barro, Cambre, Ferreira de Pantón, Guitiriz, Lugo, Monforte, Outeiro de Rei, Pobra do Brollón, Ribadumia, Ribeira, Salvaterra, Sarria, Taboada, Vilalba, Viveiro, Xermade, Xove, O Saviñao, entre outros. A principios deste ano entregáronse a maioría dos premios aos gañadores das edicións de 2005.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Versos de la Navidad”, *El Progreso*, “El despertador”, 9 xaneiro 2006, p. 10.

Fai referencia á entrega dos galardóns aos gañadores do Certamen de Poesía de Nadal organizado pola Biblioteca Provincial de Lugo. Dá os nomes dos distintos gañadores e dos accésits, todos eles pertencentes á provincia de Lugo e fala da natureza do premio: unha estatua de Sargadelos, un diploma e un lote de libros.

- Marta Becerra, “Dudas como respuesta”, *El Progreso*, “El despertador”, 11 xaneiro 2006, p. 8.

Informa do fallo do Certamen de Poesía de Nadal organizado pola Biblioteca Provincial de Lugo. Dá conta dos nomes dos gañadores e dos accésit tanto na categoría de 8 anos como na de 9 a 11 anos. Menciona ademais que o acto de entrega terá lugar o día 20 de xaneiro na Biblioteca.

- M.R., “Nueve alumnos resultaron premiados en el certamen de poesía de la biblioteca”, *El Progreso*, “Terra Chá”, 11 xaneiro 2006, p. 10.

Faise eco da elección dos gañadores do Certame de Poesía Nadal 2005 da biblioteca municipal de Vilalba, co que resultaron premiados nove alumnos de colexios desta zona. Ofrece os nomes dos gañadores e os colexios aos que pertencen, así como o nome dos membros do xurado: José María García Leira Baoado, concelleiro de Cultura; Xosé Antonio Pombo Mosquera, profesor de lingua e literatura galega; Sara Jato, educadora social; María José Ocampo, da gardería municipal; e María Teresa Carreira, da biblioteca.

- Cristina Pérez, “O Concello convoca un concurso infantil de relato e debuxo das Letras Galegas”, *El Progreso*, “Terra Chá/As Pontes”, 6 maio 2006, p. 23.

Refírese á convocatoria do certame de narración e debuxo “Letras Galegas 2006”, organizado polo Concello de Guitiriz baixo o lema *Unha viaxe pola túa terra* e menciona os datos máis relevantes da convocatoria: extensión máxima dos traballos, os datos persoais do autor, as tres categorías establecidas, segundo a idade dos participantes: A) até 8 anos; B) de 9 a 11 anos; e C) de 12 a 16 anos; ou o lugar e data límite de entrega. Informa tamén de que aquelas obras premiadas participarán no concurso a nivel provincial convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo.

- M.R., “El Ayuntamiento premió a 14 niños en el certamen de las Letras Galegas”, *El Progreso*, “Terra Chá/Meira/As Pontes”, 24 maio 2006, p. 15.

Faise eco da entrega dos premios aos gañadores do certame de narración e debuxo infantil “Letras Galegas 2006” organizado no Concello de Xermade pola biblioteca municipal. Dá conta do nome dos gañadores, catorce nenos do municipio segundo as distintas categorías: até 8 anos; de 9 a 11 anos; e de 12 a 16 anos. Informa finalmente de que os galardoados participarán na fase provincial do certame.

- Zotero, “Premiados diez niños en un concurso de la biblioteca”, *El Progreso*, “Chantada”, 30 maio 2006, p. 20.

Dá conta do fallo do certame de narración e debuxo infantil da biblioteca de Taboada, celebrado con motivo do Día das Letras Galegas. Ofrece os nomes dos gañadores tanto no apartado de narración como no de debuxo e en ambas as dúas categorías por idades: até os 8 anos e entre 9 e 11 anos.

- Marta Becerra, “La ciudad ideal”, *El Progreso*, “El despertador”, 1 xuño 2006, p. 12.

Refírese á entrega de premios da fase local do certame “Letras Galegas” da Biblioteca Provincial de Lugo e ofrece o nome dos gañadores tanto na modalidade de narración como na de debuxo, nas distintas categorías: até 8 anos; de 9 a 11 anos; e de 12 a 16 anos.

IIº Premio Literario “Frei Martín Sarmiento”

Convocado pola Federación Española de Religiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) reconece as mellores obras da literatura infantil e xuvenil publicadas en galego durante o ano 2003. Estabelece tres categorías: de 8 a 10 anos; de 11 a 13 anos; e a partir de 14 anos. Nesta segunda edición, o xurado estivo formado por uns 850 alumnos na categoría de 8 a 10 anos; 7050 na de 11 a 13 anos; e 400 na de 14 anos en diante. No tramo de 8 a 10 anos, o premiado foi Xosé Henrique Rivadulla Corcón con *O elefante dunha soa orella*, mentres que o galardón recaeu en Ramón Caride Ogando no de 11 a 13 por *A negrura do mar*; xa no de 14 en diante, Francisco Castro foi o premiado por *Un bosque cheo de faias*.

Referencias varias:

- C.P., “Alumnos de 25 centros elixen as mellores obras en galego”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 outubro 2006, p. 2.

Comenta a iniciativa de animación á lectura levada a cabo por algúns centros de ensino católicos en colaboración coa Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil (GALIX). Explica que con este motivo se crearon os premios Frei Martín Sarmiento de literatura infantil e xuvenil en galego, que son elixidos polo propio alumnado dos centros, despois dunha primeira selección de GALIX a partir das obras publicadas o ano anterior e unha segunda escolla do profesorado. Sinala que o alumnado debe elixir unha obra gañadora para cada unha das categorías de idade: de oito a dez anos, de once a trece anos e de catorce anos en diante. A continuación, indica, estas obras serán as recomendadas para a lectura no vindeiro curso. Nomea as obras gañadoras nesta segunda edición e remata mencionando a presenza da Secretaria Xeral de Política Lingüística na entrega dos premios que tivo lugar no colexio La Salle, en Compostela.

VIº Premios “Muralla de Lugo” de debuxo e redacción infantil

Convocados pola Cosellaría de Cultura da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o concello de Lugo, a Universidade de Santiago, Caixanova, *El Progreso* e Teledugo, están dirixidos a escolares menores de 12 anos e ten dúas modalidades establecidas: debuxo e redacción. Concederáse un premio a cada unha das modalidades dotado con 500 euros e unha viaxe a París e entregaránse equipos informáticos aos centros que presenten o mellor grupo de traballos. Os traballos de redacción non superarán os tres folios, escritos a man e por unha soa cara en lingua galega ou castelá. Nas dúas modalidades a temática debe xirar en torno á Muralla Romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao ambiente. Nesta edición 2006, o premio no apartado de redacción recaeu en Alejandro Felpeto, mentres que o

de debuxo foi para Miguel Aira. En decembro deste ano saíu a convocatoria da VIIª Edición do premio para o 2007.

Referencias varias:

- M.D., “Dos jóvenes artistas”, *El progreso*, “Lugo”, 25 maio 2006, p. 11.

Faise eco dos nomes dos gañadores dos Premios Muralla de Lugo tanto na modalidade de narración como na de debuxo: Alejandro Felpeto e Miguel Aira, respectivamente. Refírese a cada un deles e fala da súa debilidade pola escritura e a pintura, ademais da música. Menciona ademais a participación destes noutros concursos e certames de poesía e debuxo. Remata salientando as súas afeccións, ademais das artísticas.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Beltrami, Pietro G., Maria Grazia Capusso, Fabrizio Cigni e Sergio Vatteroni (eds.), *Studi di Filologia romanza offerti a Valeria Bertolucci Pizzorusso*, Pisa: Edizioni Pacini, 2006, 1604 pp. (ISBN: 978-88-7781-862-1).

Compilación en dous volumes que recolle unha serie de traballos sobre filoloxía románica en homenaxe a Valeria Bertolucci Pizzorusso, incluíndo a bibliografía da produción desta estudiosa. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Teresa Amado, “A ironia num diálogo de amor”, pp. 23-33.

O presente artigo ten como obxectivo principal presentar un breve estudo das escasas cantigas dialogadas galego-portuguesas, atendendo fundamentalmente a fórmulas e formas poéticas, así como a temas e xéneros, tomando como punto de partida o inventario ofrecido por Tavani no seu estudo sobre *A poesía lírica galego-portuguesa*. Deste xeito, a autora centra o seu interese na análise formal e temática das seguintes cantigas: *Dizen, sennor, ca dissestes por mi* (114,8) de Pai Gomez Charinho; *Senhor, por vós e polo vosso ben* (131,8) de Pero Mafaldo; *Senhor, veedes-me morrer* (70,47) de Johan Garcia de Guilhade; *Senhor fremosa, pois me vej' aqui* (157,8) de autoría anónima, e a cantiga de Estevan Faian *Vedes, senhor, quero-vus eu tal ben* (31,4). A análise remata cun estudo máis pormenorizado da cantiga de Martin Perez Alvin *Senhor fremosa, sy veja prazer* (96,6), pois a autora destaca nesta cantiga unha característica non presente no resto: a presenza de dous suxeitos no corpo da cantiga. Despois da breve análise de cada unha das cantigas, a autora reflexiona acerca das diferenzas entre as cantigas dialogadas e as denominadas “tensós”, tomando como punto de partida os comentarios que sobre o tema presenta a *Arte de Trovar*, para rematar coas consideracións do profesor Tavani e da estudiosa Elsa Gonçalves.

- Mario Barbieri, “L’alba parodica di Roy Paez de Ribela: *Maria Genta, Maria Genta da Saya Cintada* (B 1439 / V 1049)”, pp. 149-163.

O presente artigo ten como obxectivo principal a análise dunha cantiga do trobador galego-portugués, activo na segunda metade do século XIII, Roi Paez de Ribela *Maria Genta, Maria Genta de saya cintada* (147,8). A importancia desta cantiga radica no feito de que estamos ante unha cantiga de seguir, é dicir, unha cantiga que imita, ou *contrafai*, outro poema. Ademais, a cantiga pode ser caracterizada tematicamente como unha parodia cómico-burlesca que presenta, por outra parte, o motivo da alba no refrán. Deste xeito, tal e como destaca Mario Barbieri no seu estudo, tanto a estrutura formal, como o vocabulario e o refrán da cantiga adecúanse ao deseño paródico da cantiga.

- Mercedes Brea, “Cantigas /v/ milagros en los cancioneros marianos del siglo XIII”, pp. 303-316.

Parte Brea López da comparación das *Cantigas de Santa María* coas obras de Gautier de Coinci e Berceo, para establecer unha agrupación dunha parte substancial do corpus poético afonsino, no que ao igual que nos textos antes citados, o relato xira arredor dos milagres nos que a Virxe é protagonista. Prosegue coa comparación a través das formas métricas, a extensión dos milagres e os modelos narrativos, para concluír, finalmente, que os tres grandes cancioneiros marianos do século XII poden responder a diferentes concepcións para acadar un mesmo obxectivo. Coinci achégase máis ao *sermón* e Beceo tende máis ao *exemplum* – ámbolos dous eran homes de igrexa-. A diferenza estriba en que Alfonso X era rei e trovador, polo tanto, a recompensa que pretendían obter coa consagración das súas composicións era diferente. Ademais, o Rei Sabio é debedor da lírica profana e da tradición trobadoresca, mentres que os outros dous inspiráronse na tradición miraculística medieval case de xeito exclusivo.

- Elvira Fidalgo, “Variedad métrica en las *Cantigas de Santa Maria*”, pp. 561-579.

O estudo de Elvira Fidalgo fai un percorrido pola variedade métrica das *Cantigas de Santa María*, facendo fincapé na necesidade dun estudo métrico do conxunto de todos os textos. Son catrocentos vinte poemas con duascenas oitenta combinacións métricas distintas, que en realidade son variacións da lonxitude dos versos. Se ben o esquema predominante é o que se corresponde co modelo do zéxel, Fidalgo fai un percorrido por aqueles esquemas diferentes do máis frecuente. Conclúe pois reafirmando a excepcionalidade das *Cantigas* no corpus da poesía galego-portuguesa, tanto pola temática, como é sabido, como polo repertorio métrico, que é, especialmente nas *Cantigas de Loor*, innovador no aspecto formal, unha característica da corte afonsina, que dá como froito composicións novidasas, resultantes da mestura xenérica e da pegada provenzal.

- Yara Frateschi Vieira, “A via negativa dos trovadores galego-portugueses”, pp. 639-652.

No presente artigo, a autora centra o seu interese no estudo e análise de dúas características das cantigas de amor galego-portuguesas, a argumentación e a negatividade, é dicir, o uso frecuente de oracións negativas; características que parecen atender contra os principios teóricos da obxectividade e da emoción propios deste tipo de cantigas. A autora relaciona estas dúas características co desenvolvemento da dialéctica e o interese pola lingüística a partir do século XII. Por outra parte, Yara Frateschi Vieira denomina ao trazo da negatividade co termo “vía negativa”, que fai referencia á tendencia a definir en termos negativos a coita amorosa. A autora completa o seu estudo con exemplos de cantigas de trovadores como Nuno (Monio) Fernandez de Mirapeixe ou de Martin Soarez, entre outros.

- Elsa Gonçalves, “Correcções ao texto de três cantigas d’escarnh’e mal dizer *fiz arento* – *podros ode –poyar*”, pp. 657-671.

Neste artigo, a autora leva a cabo unha serie de correccións textuais que afectan a tres cantigas galego-portuguesas, discutindo a fixación textual destas cantigas tomando como punto de partida as distintas edicións das mesmas, sobre todo as diplomáticas. As cantigas corrixidas pola autora son: a tensó entre Johan Baveca e Pedr’Amigo de Sevilha *Pedr’Amigo, quer’ ora ña ren* (64,22), raro exemplo de “partimen” na lírica galego-portuguesa. A cantiga do trovador Afonso Sanchez *Conhocedes a donzela* (9,2), e a tensó entre Johan Perez d’Aboim e Johan Soarez Coelho *Johan Soárez, non poss’ eu estar* (75,9).

- Juan Paredes, “El discurso poético alfonsí religioso y profano. Intertextualidad y convergencias temático-formales”, pp. 1175-1189.

No presente artigo, Juan Paredes, partindo da postura presentada por Valeria Bertolucci, defende a elaboración dun discurso xeral e unitario da poesía afonsina, abranguendo as dúas correntes: tanto a relixiosa como a profana. O autor é consciente das notábeis diferenzas que separan a ambas producións: diferenzas temáticas, a diferenciación entre narrativa e lírica, diferenzas cuantitativas, etc. A pesar da evidente separación entre a poesía relixiosa e a profana, Juan Paredes defende a necesidade dun estudo global do discurso poético afonsino. O autor lexitima a súa tese a través das converxencias temático-formais entre ambas producións. O autor establece, por tanto, unha serie de motivos e trazos formais que se repiten en ambas correntes: o motivo do maio, referencias á guerra de Granada, críticas ao papado, etc.

- Maria Ana Ramos, “Fragmentos na lírica galego-portuguesa”, pp. 1343-1367.

Neste artigo, a autora centra o seu interese no estudo dos abundantes espazos libres que presenta o *Cancioneiro da Ajuda* (A), que, según a autora, non poden ser explicados polo carácter interrompido e fragmentario do proxecto. Descartando aqueles casos de folios ou partes de textos perdidos por accidentes físicos, a autora céntrase no estudo de deficiencias textuais, é dicir, de imperfeccións textuais en cantigas inacabadas. Deste xeito, a autora defende que este tipo de espazos libres correspóndense a espazos deseñados para acoller estrofas que non estaban nos materiais de base en condicións de ser copiadas, e que veñen establecidos polo compilador / supervisor, non polo copista. María Ana Ramos completa o seu estudo establecendo unha clasificación de textos incompletos en A e igualmente incompletos en B, e de textos incompletos en A, pero máis completos en B, menos numerosos cós primeiros. Esta clasificación permítelle á autora elaborar unha reflexión final que recolle os argumentos máis salientábeis do seu estudo.

Gutiérrez García, Santiago, *Amor e burlas na lírica trobadoresca. Un estudo das cantigas paródicas galegoportuguesas*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro/Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 2006, 260 pp. (ISBN: 84-8485-215-6).

O presente estudo, que se inscribe na liña de investigacións desenvolvida arredor do proxecto *O léxico do sufrimento nos trobadores* —dirixido pola prof. Mercedes Brea e levado a cabo polo grupo de investigación da Área de Filoloxía Románica da USC entre os anos 2001 e 2004—, ten como obxectivo principal o de analizar a especial terminoloxía presente en diversas cantigas profanas galego-portuguesas denominadas pola crítica como *escarnio de amor* e *escarnio de amigo*. O autor realiza unha consideración autónoma de cada unha destas pezas, que forman, segundo as súas palabras, “un subxénero poético á marxe, equidistante das cantigas amorosas e as burlescas, que se agruparían arredor das denominacións xa mencionadas de escarnios de amor e escarnios de amigo”. Gutiérrez García centra o seu interese no nivel léxico das cantigas estudadas, establecendo previamente unha serie de presupostos teóricos arredor dos conceptos de parodia e xénero, e aplicando os resultados ao campo específico da tradición lírica galego-portuguesa. Máis adiante, fixa unha taxonomía dos diversos campos sémicos que compoñen a poética dos xéneros amorosos canónicos, como

elemento de referencia para encarar o estudo da súa correspondente inversión satírica. A continuación, o autor revisa os elencos que proporcionaban as achegas críticas precedentes e fixa un corpus de textos de acordo cun novo criterio que determinaba a presenza de elementos paródicos. Por último, o traballo presenta unha análise do vocabulario empregado nas composicións, agrupado en campos sémicos, que á súa vez se presentan descompostas en familias léxicas. Como complemento imprescindible, o traballo de Gutiérrez García incorpora un apartado de apéndices, no que se recollen, por un lado, unha táboa comparativa das diversas propostas elaboradas pola crítica, e por outro, un elenco dos textos analizados na súa investigación, subdivididos nas categorías de parodias das cantigas de amor e parodias das cantigas de amigo.

Lucía Megías, José Manuel, *Literatura románica en Internet. Las herramientas*, Madrid: Castalia, 2006, 368 pp. (ISBN: 84-9740-187-5).

O presente traballo ten como obxectivo principal presentar un catálogo completo dos recursos existentes en internet no tocante á literatura románica. O traballo preséntase como un manual, recollendo os recursos fundamentais da rede, abrangendo dende catálogos, bibliografías, enciclopedias, obras lexicográficas, até revistas electrónicas, asociacións científicas e listas de discusión, exposicións virtuais e temas afíns. A presentación dos recursos electrónicos acompáñase dunha ficha na que se indica o responsábel da páxina, a data de creación, a última actualización e o contido da mesma.

Rossell, Antoni & Courtly Music Consort, *Galicia e as Cantigas de Santa María de Afonso X*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2006, 118 pp. (ISBN: 84-96530-11-6).

Este traballo, que se publica acompañado de dous CD's, busca presentar un labor con elementos orixinais e dalgunha maneira innovadores. Os autores son conscientes do risco que isto supón, por tratarse dun repertorio moi interpretado e coñecido. O primeiro obxectivo da presente edición foi o de contextualizar a interpretación nun mundo medieval real. Para os seus autores, a contextualización pasa por situar o repertorio nun ámbito de referencias culturais e de ambiente medieval. Mediante a cita de textos e melodías, procurouse poñer de relevo estas referencias. A contextualización pasou tamén por unha ambientación que pretende situar ao ouvinte actual no mundo en que viviu o home medieval. Os autores reivindicán, por outra banda, a galegitude do repertorio mariano afonsino, abordando este aspecto desde dúas perspectivas diferentes: por un lado, na elección do repertorio, decidíndose por aquelas cantigas que dalgún xeito se poden situar en Galiza; por outro, no aspecto estético e lingüístico, os dous a partir da elección de intérpretes galegos de música tradicional. En último lugar, esta contextualización plasmasse tamén por medio dos escritores, profesores e intelectuais galegos e internacionais que deron voz ao contexto afonsino e galego medieval a través da súa experiencia no ámbito lingüístico, literario, histórico ou artístico.

Salinas Portugal, Manuel e M^a do Amparo Tavares Maleval (eds.), *Estudos Galego-Brasileiros 2*, A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2006, 450 pp. (ISBN: 84-9749-180-7).

Volume colectivo que recolle os traballos presentados nun encontro de investigadores celebrado na Coruña en novembro de 2004 ao que asistiron un grupo de profesores da Universidade do Estado do Rio de Janeiro, así como un conxunto de profesores da Universidade da Coruña, e que continúa o libro *Estudos Galego-Brasileiros* publicado no Rio de Janeiro en 2003. En relación á literatura galega medieval destaca o seguinte traballo:

- Maria Helena Sansão Fontes, “Ressonâncias da tradição satírica galego-portuguesa no moderno cancionero popular brasileiro”, pp. 157-181.

Análise sobre as influencias que a lírica satírica galego-portuguesa medieval, onde a autora inclúe non só as cantigas de escarnio e maldicir, senón tamén as tensós, as cantigas de seguir, os descordos e os sirventeses, exerce sobre as letras da moderna música popular brasileira. Maria Helena Sansão Fontes parte da tradición clásica na que busca as raíces da sátira medieval para logo centrarse na lírica galego-portuguesa onde encontra as orixes dos recursos cómicos utilizados actualmente na composición das cancións brasileiras contemporáneas como a *equivocatio*, a *zombaria*, os comportamentos dos personaxes, fundamentalmente sexuais (homosexualidade, traizón, covardía, adulterio, etc.), o aspecto físico das persoas ou a incompetencia e a estupidez de certas clases sociais.

Schaffer, Martha E. e Antonio Cortijo Ocaña (eds.), *Medieval and Renaissance Spain and Portugal. Studies in honor of Arthur L-F. Askins*, Woodbridge: Tamesis, 2006, XVIII-323 pp. (ISBN: 1-85566-122-5).

Volume en homenaxe ao profesor Arthur L-F. Askins, importante estudioso das literaturas hispánica e portuguesa da Idade Media e o Renacemento, ao que contribuíron numerosos investigadores norteamericanos e europeos con traballos en inglés, español e portugués. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Vicenç Beltrán, “Tipos y temas trovadorescos, XX. Fernan Velho”, pp. 41-56.

O autor elabora un exhaustivo estudo acerca da biografía do trovador Fernan Velho, abordando aspectos da vida do trovador como o seu lugar de nacemento, a súa xenealoxía ou as cortes ás que estivo ligada a súa produción artística. O método de traballo de Vicenç Beltrán consiste en compilar todos aqueles estudos que versan sobre a vida deste trovador, como os de Carolina Michaëlis, António Resende de Oliveira, Yara Frateschi Vieira ou Carlos Alvar, entre outros, para ordenar todo ese material e completalo e ampliálo con novas referencias documentais.

- Thomas R. Hart, “*Cantiga and canso*”, pp. 221-227.

Tomando como punto de partida a tese sostida por numerosos estudosos da lírica galego-portuguesa, de que a cantiga de amor se caracteriza pola súa monotonía, pobreza e convencionalismo formal e temático, Thomas R. Hart leva a cabo un estudo contrastivo entre a cantiga de amor e a *canso* provenzal, para dar coa razón pola cal a *canso* non produce aos estudosos esa mesma impresión de monotonía. Para tal fin, o autor leva a cabo unha análise

temática e formal das cantigas: *Quix ben, amigos, e quer' e querrei*” (25,103) de Don Denis, *Senhor fremosa, poys me non queredes* (97,40), de Martin Soarez, *Pero tal coita ei d' amor* (63,60), de Johan Airas, burgúes de Santiago e da cantiga *Quantos an gran coyta d' amor* (70,41), de Johan Garcia de Guilhade; mais dunha *canço* de Bernart de Ventadorn.

VV. AA., *Contos medievais irlandeses*, Noia: Toxosoutos, 2006, 305 pp. (ISBN: 84-96259-97-8).

O presente traballo ten como obxectivo principal presentar as características e peculiaridades da literatura irlandesa medieval a través da elaboración dun catálogo dos principais contos irlandeses medievais, reunindo un total de vinte e un. Os contos, considerados como pezas autónomas, veñen precedidos por unhas notas introdutorias que dan conta da datación, xénero, temas e influencias noutras literaturas dos mesmos. O estudo complétase cunha breve introdución histórica sobre o funcionamento e características da sociedade medieval irlandesa, situando, de tal xeito, os contos no seu contexto de aparición e elaboración.

Recensións:

- Héitor Mera, “Irmá Irlanda. Relatos do Medioevo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 178, “Libros”, 28 setembro 2006, p. IV.

Destácase a importancia que a compilación de contos irlandeses realizada pola editorial Toxosoutos ten para Galiza pola súa afinidade cultural con Irlanda. Trátase dunha antoloxía de relatos medievais nos que se narran feitos épicos e trágicos que serven para presentar diferentes xenealoxías pertencentes á denominada Rama Vermella, e que foron de gran influencia para os historiadores románticos do século XIX.

XI.2. REEDICIÓNS

López Ferreiro, Antonio, *D. Afonso VII, rei de Galiza e o seu ayo o conde de Traba*, trad. Rosa M^a Blanco e Limiar de Carlos Barros, Noia: Toxosoutos, 2006, 180 pp. (ISBN: 84-96673-01-4).

Reedición, en galego, da obra do párroco de Vedra, Antonio López Ferreiro: *Don Alfonso VII, rey de Galicia, y su ayo el conde de Traba* de 1885. O obxectivo fundamental desta reedición é a recuperación da memoria historiográfica deste reinado, esquecido por moitos historiadores modernos, pois López Ferreiro relata, a modo de crónica, os feitos máis salientábeis acontecidos no reinado de Afonso VII, rei de Galiza dende 1109 a 1117. Esta crónica permite esclarecer, tamén, as confusas novas que veñen na *Historia Compostelá* de Henrique Flórez (1765), pois López Ferreiro bota man desta *Historia* para elaborar a súa crónica, resumindo, ordenando e clasificando os materiais que nela atopa.

Recensións:

- Xosé A. López Teixeira, “Monarquía de noso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 181, “Libros”, 12 outubro 2006, p. 4.

Dá noticia este artigo da recuperación da obra de López Ferreiro, *D. Afonso VII, rei de Galiza, e o seu aio o conde de Traba* (1885) (Toxosoutos, Noia, 2006), en edición galega ao coidado de Rosa María Blanco, con limiar de Carlos Barros. Fala López Teixeira da oportunidade desta publicación, cando o debate sobre as identidades nacionais ocupa un posto destacado na actualidade. Relata *D. Afonso VII...* os acontecementos políticos que teñen lugar no momento no que Afonso Raimúndez aínda non é sucesor efectivo da súa nai dona Urraca. Este texto convértese así nunha reivindicación da historia social, da liña do rexionalismo historiográfico da segunda metade do XIX, marcada por López Ferreiro, que consiste en clasificar e ordenar as noticias dispersas aportadas pola *Compostelana*.

XI.3. ACTAS

Beltran, Vicenç e Juan Paredes (eds.), *Convivio. Estudios sobre la poesía de cancionero*, Granada: Universidad de Granada, 2006, 828 pp. (ISBN: 84-338-3981-0).

Volume de actas que recompila os traballos presentados no *I Congreso Internacional Convivio*, congreso fundacional da *Asociación Convivio para el Estudio de los Cancioneros y de la Poesía de Cancionero*, celebrado na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Granada e no concello de Baena entre os días 13 e 16 de outubro de 2004. Destaca o seguinte estudo:

- Joaquim Ventura Ruiz, “Poetas en gallego en el “Cancionero de Baena”: contra el tópico de la decadencia”, pp. 813-821.

O autor, Joaquim Ventura, considera incorrecto falar de decadencia para referirse á poesía escrita en galego entre os anos 1350 e 1450 e presente nos cancioneros do século XV como o Cancionero de Baena. En primeiro lugar, sinala que a lingua empregada para a súa composición non é a lingua utilizada pola poboación galega desa altura, senón unha especie de koiné galego-portuguesa e, en segundo lugar, fala do erro de considerar como decadente o xénero composto no período de cen anos citado anteriormente, tanto en galego como en castelán, por non existir aínda nesa época ningunha innovación que substituíra os gustos vixentes en etapas anteriores.

Billy, D., F. Clément, et A. Combes (eds.), *L'espace lyrique méditerranéen au Moyen Age. Nouvelles approches*, Toulouse: Presses Universitaires du Mirail, 2006, 301 pp. (ISBN: 2-85816-811-3).

Este traballo interdisciplinario recolle achegas sumamente variadas, abrangendo dende investigacións de tipo literario, lingüístico e musicolóxico, até análises de tipo histórico ou referente á historia da arte. Do mesmo xeito, os traballos que baixo o epígrafe de *L'espace lyrique méditerranéen* se recollen, aparecen asinados por especialistas orixenarios de moi distintos puntos xeográficos: desde Norteamérica até Oriente Próximo, pasando por Francia, Italia, Cataluña ou Galiza. Destes traballos, interesan ao noso ámbito os seguintes:

- Mercedes Brea, “*L’Hortus conclusus* dans la poésie lyrique des troubadours”, pp. 101-119.

Tomando como punto de partida a alusión á natureza e á súa renovación primaveral, figura característica da poesía trobadoresca occitana, a autora deste traballo analiza diversas manifestacións líricas medievais europeas, dende certas pasaxes do *Libro de Buen Amor* do Arcipreste de Hita até pastorelas do rei Don Denis, pasando por diversas cancións amorosas occitanas nas que é posíbel atopar un mesmo elemento unitario: as referencias ao contexto paisaxístico, de natureza virxe e renovada, no que se situaban escenas de amor e de cortexo, e que supón un importante nexo simbólico das literaturas europeas contemporáneas.

- Elizabeth Aubrey, “La langue musicale de dévotion: les *cantigas de loor* et les chansons de Guiraut Riquier”, pp. 219-230.

A partir dunha cantiga do trobador occitano Guiraut de Riquier escrita na corte de Alfonso X, Aubrey analiza a posibilidade de que se tratase dunha cantiga en loor á Virxe nunha época en que o Rei Sabio comezaba o seu proxecto lírico mariano. Neste sentido, a investigadora ofrece unha serie de puntos en común entre a produción literaria de Riquier e a lírica de loanza á Virxe, tanto no aspecto léxico como no temático e musical, así como no referente ás influencias da lírica amorosa cortesá, que acadou o seu máximo esplendor nesta época.

- Antoni Rossell, “Les Cantigas de Santa María: stratégie et composition, de l’élément métrique à l’élément idéologique”, pp. 231-250.

Dentro do apartado *III. Traditions formelles et musicales* atopamos o traballo de Antoni Rossell, musicólogo especializado no estudo das cantigas marianas do rei Alfonso X o Sabio. Aquí, a súa atención céntrase nos aspectos de métrica que poden ser observados na estrutura compositiva, aspectos que, en opinión do autor, se articulan como eixe da estratexia de composición textual e musical. Neste sentido, Rossell ofrece diversos exemplos da composición métrico-musical do repertorio mariano afonsino, analizando pormenorizadamente casos concretos como o das cantigas 149, 196, 259 ou 324.

- Dominique Billy, “Les influences galégo-portugaises chez Cerveri de Girona”, pp. 251-264.

Tomando como punto de partida o aspecto da influencia que a poesía trobadoresca galego-portuguesa tivo na obra poética, escrita en lingua occitana, do trobador catalán Cerverí de Girona, Dominique Billy aborda o estudo dalgúns aspectos métricos e estilísticos tan característicos da poesía galego-portuguesa como as técnicas do paralelismo, leixaprén, a homonimia, a derivación e figura etimolóxica (típicos da cantiga de amigo), exemplificando en cada caso o seu uso máis recorrente.

Buescu, Ana Isabel, João Silva de Sousa e Maria Adelaide Miranda (coords.), *O corpo e o Gesto na Civilização Medieval. Actas do Encontro (11-13 de Novembro de 2003)*, Lisboa: Edições Colibri, 2006, 357 pp. (ISBN: 972-772-608-9).

Actas que recollen as comunicacións presentadas no *Encontro Científico O Corpo e o Gesto na Civilização Medieval* organizado polo Núcleo Científico de Estudos Medievais/Instituto de

Estudos Medievais da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, e celebrado entre os días 11 e 13 de novembro do ano 2003 en Lisboa. Son de especial interese para o estudo da literatura galega medieval os que a seguir se analizan:

- Carla Serapicos Silvério, “A retórica do corazón no discurso cronístico da realeza de Borgonha”, pp. 201-215.

A autora deste traballo restrinxe o seu obxecto de estudo ás crónicas portuguesas escritas entre o século XIV e o XVI, entre as que se contan a *Cronica Geral de 1344* do conde de Barcelos ou algunhas centradas no reinado do rei Don Denis. A metáfora do corpo e a súa estreita relación co discurso estrutural e organizativo da sociedade altomedieval interesa especialmente a esta análise, na que se ofrece un percorrido pola mentalidade reflectida nestas crónicas, segundo a cal a humanidade quedaba subdividida en tres actividades fundamentais: orar, loitar e traballar. Para argumentar a súa tese, a investigadora achega diversos exemplos entresacados destas crónicas, facendo especial fincapé na figura metafórica do corazón e o seu valor como imaxe simbólica.

- Irene Nunes, “A danza mágica”, pp. 217-230.

Tomando como punto de partida o episodio emblemático do *Lancelot* en prosa, “La carole magique”, a autora deste traballo analiza as diversas implicacións que se derivan do citado episodio, como son, a figura de Lanzarote, a concepción da música, a Ínsula da Lediça e o escudo de Lanzarote, sempre dentro do contexto da materia de Bretaña, até rematar cunhas consideracións finais acerca do concepto da “danza” na Idade Media e a súa manifestación na literatura medieval, en especial, no *Lancelot* en prosa.

- Luís Correia de Sousa, “O gesto na música e na danza”, pp. 231-245.

O traballo presentado nestas páxinas aborda o estudo do xesto específico asignado a actividades lúdicas como a danza ou a música que foron reflectidas nas diversas literaturas medievais europeas. Dentro do ámbito da lírica galego-portuguesa o autor refírese aos xéneros da cantiga de amor, a de amigo e a de escarnio e maldicir, así como ás *Cantigas de Santa María*, nas que é posíbel recuperar información sobre o modo de execución de certas danzas contemporáneas. O reinado de Don Denis e de Alfonso X son, segundo este investigador, as etapas máis frutíferas neste sentido; o elevado ambiente cultural e o gusto daquelas cortes pola música e o baile foron transmitidas por cancioneiros tan importantes como o da *Vaticana* o de *Ajuda* ou o da *Biblioteca Nacional*.

- María Francisca Xavier e Fátima Martins, “Gesto implícito e explícito e deformación do corpo nas *Cantigas de Escárnio e Maldizer*”, pp. 275-285.

A gran variedade de verbos empregados nas cantigas de escarnio e maldicir galego-portuguesas supoñen un evidente indicativo das numerosas situacións e aspectos da vida cotiá que se reflecten no seu interior. Moitos destes verbos manteñen unha estreita relación co corpo e a xestualidade corporal, elemento que as converte nun bo campo de estudo para esta materia. As autoras do presente traballo abordan a análise dunha serie de expresións léxicas escollidas da produción lírica de escarnio e maldicir para ilustrar a tese da subdivisión entre xestualidade explícita e implícita, ao tempo que se ofrece un sucinto percorrido pola

sociedade reflectida nestes versos.

Graça Videira Lopes, “O peso da gravidade: Corpos e gestos na poesía galego-portuguesa”, pp. 297-304.

A evidencia de que a produción trobadoresca e xograresca galego-portuguesa ten unha clara finalidade musical —estaban pensadas para ser cantadas con melodía— leva a esta investigadora a tomala como obxecto de estudo da importancia da música e o baile na sociedade para a que foi composta. Tras un breve repaso polos aspectos fundamentais dos tres xéneros maiores nos que esta poesía se subdivide —amor, amigo e escarnio e maldicir—, abórdase a importancia da figura feminina e o estudo da linguaxe xestual codificada que é posíbel descubrir en moitas destas cantigas.

Carro Carbajal, Eva Belén, Laura Mier, Laura Puerto Moro e María Sánchez Pérez (eds.), *La literatura popular impresa en España y en la América colonial. Formas & temas, géneros, funciones, difusión, historia y teoría*, Salamanca: Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas / Instituto de la Historia del Libro y de la Lectura, 2006, 756 pp. (ISBN: 84-9346697-3-4).

Volume de actas que recolle os traballos presentados no *IV Congreso Internacional Lyra Minima. Literatura popular (ss. XVI-XVIII)*, celebrado, baixo a organización de Pedro Manuel Cátedra García, en Salamanca entre os días 20 e 23 de outubro do ano 2004 e centrados arredor do tema da relación entre a voz e a escritura na literatura impresa. Os estudos aparecen agrupados nos seguintes apartados: “Formas y temas”, “Géneros”, “Funciones”, “Difusión”, “Historia”, “Teoría” e “Apéndice extravagante: texto”. Entre eles destaca o traballo que segue a continuación:

- María Isabel Toro Pascua e Gema Vallín Blanco, “Lírica culta, lírica tradicional: intercambios (“Ver y desear”: un villancico popular de origen trovadoresco)”, pp. 169-189.

Tomando como punto de partida os elementos estilísticos característicos que poden ser pescudados na obra dos poetas pertencentes á denominada escola galego-castelá (século XIV), as autoras propóñense encontrar un estilema común que sirva como nexos de confluencia cos poetas do Cancioneiro de Baena (principios do XV) até chegar incluso á produción cancioneril do século XVI, con figuras tan destacadas como Cristóbal de Castillejo.

Liaroutzos, Chantal e Anne Paupert (eds.), *La discorde des deux langages. Représentations des discours masculins et féminin du Moyen Âge à l’âge classique*, [Paris]: Textuel, 2006. (ISBN: 2-7442-0106-5).

Actas que reúnen os traballos presentados no coloquio internacional organizado pola Université Paris 7 – Denis Diderot e celebrado en París os días trece e catorce de maio de 2005. Resulta de especial interese o seguinte artigo:

- Mercedes Brea, “L’amiga et la senhor dans les cantigas de amigo”, pp. 103-124.

O traballo presentado nestas páxinas aborda o estudo da protagonista das cantigas de amigo, a amiga, a través da análise das modalidades, situacións e variacións que ofrece o discurso feminino neste tipo de cantigas. Tras esa breve análise, a autora presenta tres tipos femininos diferentes: a “amiga” que parte da concepción máis tradicional, é dicir, a “dona virgo”, a “amiga” a medio camiño da “senhor” das cantigas de amor e, finalmente, a “amiga” que se identifica coa “senhor”. Para argumentar a súa tese, a autora achega diversos exemplos entresacados da lírica galego-portuguesa, con cantigas de Johan Soarez Coelho, Pero de Veer e Martin Codax, entre outros.

Lorenzo Gradín, Pilar (coord.), *Los caminos del personaje en la narrativa medieval. Actas del Coloquio Internacional. Santiago de Compostela, 1-4 diciembre 2004*, Firenze: Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, Col. *Archivio Romanzo*, 12, 2006, XVIII-367 pp. (ISBN: 88-8450-178-4).

Volume de actas que recolle os traballos presentados no Congreso Internacional “Os camiños do personaxe na narrativa medieval” celebrado en Santiago de Compostela entre os días 1 e 4 de decembro do ano 2004 e no que participaron as universidades de Siena (sede coordinadora), Milán, París IV-Sorbonne, Pavía, Santiago de Compostela e Zürich. Os artigos, centrados no estudo dos personaxes dos *romans* medievais, aparecen agrupados en catro categorías diferentes: “La construcción del personaje en la narrativa medieval. Enfoques teóricos”, “Del «roman antique» al «roman curtois»”, “Los personajes de la «materia de Bretaña». Unidad y diversidad en las estrategias discursivas” e “Los personajes en las postrimerías de la Edad Media. Tradición e innovación”. Interesan especialmente para o estudo da literatura galega medieval os seguintes traballos:

- Mariña Arbor Aldea, “«E era natural de Cornualha, fillo de rei Mars...». Meraugis en «*A Demanda do Santo Graal*»”, pp. 117-129.

A autora propónse analizar a figura e importancia dun personaxe artúrico, Meraugis de Portlesguez, tomando como punto de partida a obra *La vengeance de Raguidel*, de Raoul de Houdenc de principios do século XIII, e a súa posterior adaptación na *Demanda do Santo Graal* portuguesa. Estas dúas obras sêvenlle á autora para establecer unha evolución no tratamento deste personaxe, pois se na obra de Raoul de Houdenc, o personaxe de Meraugis se caracteriza por ser o protagonista da mesma, na *Demanda* o personaxe desempeña un papel secundario debido á súa adaptación ao universo artúrico imposta pola propia obra. Estas diferenzas sêvenlle á autora para reflexionar acerca da finalidade dos ciclos artúricos en prosa durante o século XIII, que buscan reunir o maior número de referencias intertextuais da materia artúrica.

- José Carlos Ribeiro Miranda, “Eliezer e a cavalaria. Sobre a estrutura temática do romance arturiano em prosa”, pp. 211-229.

Tomando como punto de partida o estudo dun personaxe artúrico, Eliezer, e a súa inclusión en diversos episodios da *Queste del Saint Graal* dos ciclos da *Vulgata* e da *Post-Vulgata* —as máis importantes fontes da lenda artúrica—, Ribeiro Miranda procura aclarar certos aspectos relativos ao proceso de composición sufrido por estas obras. Como elemento máis destacábel, o autor propón unha liña de investigación que se afasta da teoría máis asentada, que mantén a

dependencia directa da *Post-Vulgata* con respecto á *Vulgata*, para defender a independencia textual dos dous testemuños, que descenderían de xeito totalmente independente, dun arquetipo perdido.

- Mariola Rodríguez González, “Aproximación al personaje del Apóstol en los *Mirages de Santiago*”, pp. 311-321.

A autora propónse con este traballo facer unha sucinta aproximación á figura do Apóstolo Santiago desde a perspectiva da teoría literaria nos relatos breves recollidos pola compilación galega de finais do século XIV coñecida como *Mirages de Santiago*. tradución na súa maioría do *Codex Calixtinus* do século XII, pero relacionándoa estreitamente cos restantes personaxes recollidos na compilación. Neste estudo resulta moi importante a tradición literaria do Apóstolo, polo papel que xogou na difusión da lenda dentro do ámbito cristián, e en consecuencia asistimos a un documentado repaso polos testemuños escritos anteriores e posteriores aos Mirages, prestando especial atención ao dobre papel tradicionalmente asignado a Santiago: como defensor da cristiandade contra os mouros e como protector dos peregrinos xacobeos.

Whetnall, Jane & Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Thirteenth Colloquium*, London: Department of Hispanic Studies Queen Mary and Westfield College, University of London, 2006, 160 pp. (ISBN: 0-902238-26-4).

Volume compilatorio dos estudos presentados no décimo terceiro coloquio do Medieval Hispanic Research Seminar. Resulta de interese para o estudo da literatura galega medieval o seguinte traballo:

- Stephen Parkinson, “Concurrent Patterns of Verse Design in the Galician-Portuguese Lyric”, pp. 19-38.

Neste traballo arguméntase que a lírica galego-portuguesa non é uniforme, pois nela concorren diferentes patróns métricos. Defende tamén que o recoñecemento de varias tipoloxías, resolve un dos principais problemas de redacción. Por último, Snow afirma que tal recoñecemento permite descubrir unha forma métrica descoñecida, na que se mesturan os distintos tipos de versos procedentes de diferentes poetas galego-portugueses.

XI.4. PUBLICACIONES EN REVISTAS

Bertolucci Pizzorusso, Valeria, “Los tratados retóricos italianos y la corte alfonsina”, *La Corónica*, 34.2, Spring 2006, pp. 75-91.

Neste artigo Bertolucci Pizzorusso parte da comparación de dúas fontes: a *Ars epistolaris ornatus*, de Gaufridus de Everseley; e o *Dictaminis Epithalamium*, de Juan Gil de Zamora, como modelos seguidos para a creación dunha comunidade de ideas na área ibérica e, polo tanto, seguidos pola Corte de Alfonso X para a adquisición do instrumental necesario para a creación dun ideario propio, resultado da acomodación da tradición retórica italiana ao contexto castelán, que se fará extensiva, tanto ao ámbito estritamente escolástico coma ao

político –enténdase xurídico e administrativo-, e así xorde unha relación de reciprocidade no que toca ás influencias culturais hispano-italianas. Describe e confronta a autora os dous tratados referidos, para así ver como a súa aplicación se concreta na realidade histórica do momento, analizando as distintas hipóteses, concordantes e discrepantes, coa que sostén o presente artigo.

Brea, Mercedes, “La nuit chez les troubadours galégo-portugais”, *Revue des Langues Romanes*, tome CX, nº 2, 2006, pp. 363-377.

Neste artigo Mercedes Brea realiza un estudo sobre a noite como espazo na lírica profana galego-portuguesa. Comeza analizando o *descort* plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras no que aparece o tema da perda do sono do amante, que pasa as noites en vela debido á non correspondencia por parte da amada. Este negativismo da noite é o predominante na lírica galego-portuguesa, especialmente nas cantigas de amor, nas que a *coita*, o sufrimento provocado polo amor, se manifesta con máis forza durante a noite que se converte nun espazo no que reinan a escuridade, o silencio e a soidade. Nas cantigas de amigo acontece algo semellante, xa que a amiga durante a noite sofre pola falta do amante e pola incerteza da súa volta, mais paralelamente existen un grupo de cantigas de amigo nas que a noite se converte nun espazo positivo por ser o momento no que se produce o encontro dos amantes, como acontece na cantiga de Juião Bolseiro *Da noite d'eire poderam fazer* (85,7). En oposición ás cantigas de amigo e de amor están as cantigas de escarnio e maldicir onde a noite aparece como un espazo neutro propicio para os encontros sexuais e nas que o léxico pasa a ter un significado obsceno.

Brea, Mercedes, “Un proyecto de edición crítica en el ámbito de la lírica medieval: el Cancionero de Juglares Gallegos”, *Incipit*, XXV-XXVI, 2005-2006, pp. 67-85.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal establecer os presupostos a ter en conta á hora de abordar a edición do *Cancioneiro de Xograres Galegos*. Mercedes Brea fixa como meta do seu traballo a combinación dunha versión impresa con outra electrónica. Partindo desta base, achega datos acerca dos problemas orixinados por este método de traballo, sobre todo no tocante aos criterios de transcripción e aos criterios de edición.

Castro, Eva e Ana Ramil, “J.A. González Marrero e F. Lillo Redonet (eds.), *A viaxe de san Brandán* (Nauigatio Sancti Brendani), Noia (A Coruña): Ed. Toxosoutos, serie Keltia, nº 24, 2004, 149 pp.”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 33, “Libros”, 2006, pp. 299-302.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal ofrecer unha recensión crítica á obra dos editores J.A. González Marrero e F. Lillo Redonet, *A viaxe de san Brandán*. As autoras achegan datos sobre a importancia deste texto latino, salientando as cuestións máis relevantes relativas ao texto latino e ao seu protagonista. Da obra estudada destacan a súa “Introducción” e os tres capítulos dos que consta, ademais da edición e da interpretación do texto latino que levan a cabo os autores.

Chico, M^a Victoria, “La vida como un viaje: viaje y peregrinación en la composición pictórica de las *Cantigas de Santa María* de Alfonso X el Sabio”, *Revista de Filología Románica*, 2006, Anejo IV, pp. 129-133.

Traballo que quere chamar a atención sobre o feito de que os miniaturistas do *scriptorium* alfonsí, á hora de proceder a iluminar os códices chamados “historiados” das *Cantigas de Santa María*, recorreron ao concepto de “viaxe” ou “itinerancia” como un dos instrumentos máis valiosos para elaborar un método homoxéneo de representación figurada que permitise a vertebración do seu riquísimo repertorio de miniaturas nun todo coherente e homoxéneo, salientando que o criterio didactista que preside toda obra emprendida polo *scriptorium* de Alfonso X de Castilla é unha das características máis significativas da miniatura dos códices historiados das *Cantigas de Santa María*. O recurso da itinerancia dos protagonistas dos diferentes milagres produce unha sensación de viaxe permanente, expresiva da importancia que a peregrinación tiña na Europa contemporánea.

Cohen, Rip, “Girl in the Dawn: Textual Criticism and Poetics”, *Portuguese Studies*, vol. 22, nº 2, 2006, pp. 173-187.

O autor indica a importancia que a crítica textual ten para a correcta comprensión da lírica medieval e para isto realiza unha interpretación da cantiga *Levantou s’a velida* (25,43) de Don Denis a partir dunha análise métrica, estrófica e sintáctica da composición, así como mediante a súa comparación coa cantiga de Pero Meogo [*Levou-s’a louçana,*] *levou-s’a velida* (134,5) e con outras composicións provenientes de tradicións diferentes como son a lírica grega, a hispana ou a sefardí e con características propias da *alba*. Cohen afirma que a cantiga de Don Denis é única pola súa forma estrófica, por ser a máis longa do autor e por ter refrán intercalar con palabra-rima, pero, ademais disto, apunta a posibilidade da existencia dun simbolismo relixioso nela, escondido baixo un acróstico que agocha a palabra *Elohenu* (“Deus noso” en hebreo), o cal apuntaría unha certa relación entre a lírica galego-portuguesa e o xudaísmo, así como influencias da Kabbalah, presentes segundo o autor na poesía doutro trovador como Johan Garcia de Guilhade. Finalmente, relaciona a figura da moza da composición analizada coa da Virxe María tal e como aparece na cantiga número trescentos corenta das *Cantigas de Santa María* de Alfonso X.

Corti, Francisco, “Reflexiones sobre la narrativa visual y su retórica en *Las Cantigas de Santa Maria*”, *La Corónica*, 34.2, Spring 2006, pp. 93-111.

O contido deste traballo céntrase na relación texto e imaxe, remontándose á explicitación do tal nexos en numerosos escritos anteriores para remarcar a funcionalidade da narrativa en imaxes –véxanse, por exemplo, os ciclos narrativos difundidos nos Evanxeos, Evanxeliarios, Biblias ou Breviarios-, da que son un claro exemplo as *Cantigas de Santa María*, en canto representan un predeseñado e acadado obxectivo: lograr que a presentación de imaxes acompañando o texto compoña unha verdadeira retórica do visual, cuxas categorías están adaptadas da retórica clásica nun afán de representar tamén o contexto socio-político e relixioso no que ten lugar a composición dos códices marianos.

Eirín García, Leticia, “Do cancionero anónimo á lírica culta. Consideracións lingüísticas sobre as cántigas recollidas por Marcial Valladares no *Diccionario gallego-castellano* (1884)”, *Revista Galega de Filoloxía*, nº 7, 2006, pp. 67-93.

Este artigo analiza o papel desenvolvido pola lírica popular no nacemento da literatura culta en lingua galega ao longo dos tempos, xa que se atopa nas orixes da lírica medieval galego-portuguesa e na renacemento das nosas letras séculos despois, no período do Rexurdimento, e tamén incluíndo un achegamento á lingua das cantigas tradicionais recollidas por Marcial Valladares e incluídas no seu *Diccionario gallego-castellano* (1884), dada a relevancia destas pezas como testemuño fundamental da fala popular e medio de expresión do pobo galego.

Eirín García, Leticia, “Do occidente peninsular até os confíns da Romanía. Os estudos literarios medievais galego-portugueses no ano 2005”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*, “Panorámica”, 2006, pp. 159-167.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal elaborar unha análise dos estudos literarios medievais galego-portugueses publicados ao longo do ano 2005. A autora fai unha breve recensión de cada un deses estudos, que son: *La corte de Babel. Linguas, poética y política en la España del siglo XIII*, estudo elaborado baixo a coordinación de Vicenç Beltrán; *Cantus Coronatus: 7 Cantigas d’el Rei Dom Dinis*, a cargo do musicólogo Manuel Pedro Ferreira; *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda*, volume editado por o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e coordinado por Mercedes Brea; *Cantigas de Santa María. Proposta de explotación didáctica*, de Elvira Fidalgo e Milagros Muíña; *Martín de Padrozelos, o primeiro trovador da lírica galego-portuguesa?*, de Xulio Pardo de Neyra e, finalmente, a obra de Xoán Bernárdez Vilar, *O Rei Artur. Mito e realidade*.

Espejo Surós, Javier, “Rebeca Sanmartín Bastida y Rosa Vidal Doval (eds.) (2005), *Las metamorfosis de la alegoría. Discurso y sociedad en la Península Ibérica desde la Edad Media hasta la Edad Contemporánea*. Madrid – Frankfurt, Iberoamericana – Vervuet, 364 pp., ISBN: 84-848919-8-4”, *Crítica Bibliográfica. Revista de Crítica de Reseñas de Libros Científicos y Académicos*, vol. S, 2006, pp. 3-12.

Espejo Surós comeza esta recensión facendo unha revisión dos estudos previos sobre a alegoría como recurso, e cifra o mérito do volume obxecto de recensión na súa “universalidade”, na transcendencia do localismo, que vén cubrir os baleiros das investigacións precedentes. Pasa logo a describir os diferentes estudos que compoñen a edición de Sanmartín e Vidal, desde a introdución de Jeremy Lawrance, que elabora un percorrido sincrónico de exemplos paradigmáticos do emprego da alegoría, marcando a liña que van seguir os demais traballos que compoñen o volume, e que describirá a seguir con detalle, valorando a súa multiperspectividade (historia, filoloxía, antropoloxía ou arte), mais acusando certa irregularidade e a ausencia dun estudo sobre a alegoría no teatro medieval e o renacemento, algo que as autoras xa xustifican no prefacio, amais doutra falta que nota Espejo Surós: o desenvolvemento máis por extenso do uso da alegoría como procedemento mnemotécnico que provén da pedagogía da memoria cristiá. Valora finalmente a contribución do estudo en tanto abre novas vías de investigación sobre o concepto da alegoría.

Fernández Guiadanes, Antonio e Gerardo Pérez Barcala, “O (des)ensandecemento trobadoresco”, *Verba*, vol. 32 (2005), 2006, pp. 191-224.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal establecer as claves da presentación discursiva dos termos *ensandecer* e *desensandecer* no corpus da lírica profana galego-portuguesa. Os seus autores fixan como meta do seu estudo o feito de trazar o desenvolvemento conceptual destes dous termos, intimamente ligados ao campo temático da chamada *loucura amorosa*, tópico recorrente nesta tradición poética.

Fontoira, Lydia, “Unha pequena xoia literario-musical”, *Grial*, nº 170, “O espello das letras”, 2006, pp. 113-114.

Neste artigo a autora elabora unha recensión á obra de A. Rossell e G. Courtly Music Consort, *Galicia e as cantigas de Santa María de Afonso X*, publicada en dous CD's polo Consello da Cultura Galega. Lydia Fontoira destaca a coidada realización musical das catorce cantigas de Santa María, do tipo de narración de milagre e de loor á Virxe relacionadas con Galiza, e interpretadas por o profesor Antoni Rossell. A recitación das cantigas acompáñase co recitado das rúbricas introdutorias das cantigas e, nalgúns casos, de pequenas pasaxes literarias co fin de contextualizalas. A obra complétase coa recitación de varias pasaxes literarias, unha da *General Estoria* afonsina, na que o rei fala do concepto de autor. Os textos recitados acompáñanse dunha representación gráfica que inclúe, alén do texto medieval, a súa versión en galego moderno e a tradución ao castelán.

Fontoira, Lydia, “Nova actualidade das Cantigas de Santa María”, *Grial*, nº 171, “O espello das letras”, 2006, pp. 96-98.

Neste artigo, a autora elabora unha recensión a dúas obras fundamentais para o estudo das Cantigas de Santa María de Alfonso X, o Sabio. A primeira é *As Cantigas de Loor de Santa María*, de Elvira Fidalgo (coord.), que presenta unha edición crítica das corenta e dúas cantigas de loor. Lydia Fontoira destaca os amplos comentarios aclaratorios do contido, que acompañan a cada cantiga, así como o estudo presentado: percorrido histórico, estudo das cantigas de loor, tradición manuscrita das CSM, rematando coa organización do aparato crítico e os criterios de transcripción dos textos. Da segunda obra estudada, *Cantigas de Santa María. Proposta de explotación didáctica*, de Elvira Fidalgo e Milagros Muíña, a autora salienta o tratamento da obra por parte das autoras, pois o obxectivo primordial da obra é achegar a obra afonsina aos estudantes de ensino medio e ao profesorado correspondente, aos que pretende servir de guía. O volume é unha antoloxía de textos das CSM, adaptadas segundo a finalidade pretendida.

Gonçalves, Elsa, “«Triplici correctus amore». A propósito de uma nota de Angelo Colocci no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa”, *Cultura Neolatina*, vol. 66, nº 1-2, 2006, pp. 83-104.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal establecer as claves interpretativas dunha nota de Angelo Colocci á marxe da cantiga 125,17, *Joana, dix'eu, [S]ancha e [M]aria*, do trobador Pero Garcia Burgalês, no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa. O estudo céntrase nos trazos formais da nota de Colocci, máis na relación desta co contido da cantiga, para, finalmente, establecer o desaxuste entre a nota e a cantiga.

Lagares, Xoán Carlos, “Uma aproximação à ‘língua’ das cantigas galego-portuguesas”, *Revista Galega de Filoloxía*, nº 7, 2006, pp. 95-116.

Este artigo analiza a mudanza lingüística dos textos do período arcaico da lingua, considerando as complexas relacións que existen entre escrita e oralidade, as formas de transmisión dos diferentes xéneros textuais e as tradicións discursivas en que se encaixan. O autor destaca que a lingua das cantigas, nese sentido, presenta características relacionadas coa tradición de cada xénero lírico, constituíndo un primeiro modelo de “lingua elaborada” dentro do sistema galego-portugués.

Lama López, María Xesús, “En busca da historia perdida polos camiños da lenda”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº 170, “O espello das letras”, abril-maio-xuño 2006, pp. 120-121.

Comeza centrando a atención na innegábel presenza das lendas artúricas na tradición cultural galega como estratexia para o acercamento de Galicia ao ámbito celta atlántico e así facer fronte ao resto da cultura peninsular marcando a diferenza. Menciona a autores galegos como Cabanillas, Cunqueiro, Méndez Ferrín ou Darío Xohán Cabana, que reconstruíron os materiais mítico-lendarios artúricos nas súas obras. A continuación fai referencia á obra de Xoán Bernárdez Vilar, que retoma este tema dende o ámbito da investigación na súa máis recente publicación, *O rei Artur* (2005), que quedou finalista no premio Ramón Piñeiro de 2005 e nos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comenta o laborioso traballo de sondaxe nuns densos “materiais de ficción en busca de elementos históricos verificábeis”, dos cales se nos ofrecen algúns exemplos, como personaxes, lugares xeográficos, sucesos, entre outros. Remata recomendando a súa lectura como unha posibilidade única de ler o volume como guía ben documentada para unha viaxe literaria polo mundo artúrico.

Nirenberg, David, “Figures of Thought and Figures of Flesh: ‘Jews’ and ‘Judaism’ in Late-Medieval Spanish Poetry and Politics”, *Speculum*, vol. 91, nº 2, April 2006, pp. 398-426.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal presentar a figura do *xudeu* tal e como era concibida na Idade Media, tanto no aspecto político, relixioso e literario. O presente estudo parte, fundamentalmente, das manifestacións literarias medievais que serven para configurar a figura, bastante ambigua, do xudeu. Neste sentido, destacan as denominadas *cantigas d’escarnho e mal dizer*, dentro da lírica profana galego-portuguesa, que dan conta dunha visión moi negativa desta figura.

Paden, William D., “Principles of Generic Classification in the Medieval European Lyric:

The Case of Galician-Portuguese”, *Speculum*, vol. 81.1, 2006, pp. 76-96.

O autor aborda o tema da clasificación xenérica na poesía medieval europea centrando o seu interese nun contexto lírico moi concreto, o da poesía galego-portuguesa dos séculos XIII e XIV. Como non podía ser doutro xeito, Paden parte da base da clasificación tradicional (cantiga de amigo, cantiga de amor e cantiga de escarnio e maldicir) para percorrer cada un destes grandes grupos xenéricos, aportando datos tan significativos como o número de cantigas que se inclúen en cada categoría, os trazos temáticos principais de cada unha e o corpus léxico máis recorrente e característico, elementos todos eles que permiten falar de cada un dos tres grupos como formas xenéricas diferenciadas.

Parkinson, Stephen, “Rules of Elision and Hiatus in the Galician-Portuguese Lyric: the View from the *Cantigas de Santa Maria*”, *La Corónica*, 34.2, Spring 2006, pp. 113-133.

Neste artigo, dividido en oito apartados, cuestiónase a segregación da lírica relixiosa galego-portuguesa da profana, tomando como texto base as *Cantigas de Santa María* e partindo das bases estabelecidas por Celso Cunha e Rodrigues Lapa, sobre os aspectos lingüísticos, concretamente o papel da elisión e o hiato, como elementos comúns. Polo tanto, o obxecto deste artigo é repasar os principios recollidos nos traballos citados *supra* á luz dos datos que ofrecen as *Cantigas* afonsinas e, máis exactamente, as características da relación entre a métrica e a fonoloxía.

Parkinson, Stephen e Deirdre Jackson, “Collection, Composition, and Compilation in the *Cantigas de Santa Maria*”, *Portuguese Studies*, vol. 22, nº 2, 2006, pp. 159-172.

Parkinson e Jackson describen neste artigo as necesidades que fixeron xurdir o amplo proxecto do Centro para o estudo das Cantigas de Santa María, da Oxford University, que consiste na creación dunha base de datos, necesaria para ofrecer de forma accesíbel o inxente proxecto afonsino: poemario, música e ilustracións, coa complexidade engadida da compilación en diferentes edicións ou manuscritos, que difiren tanto nas súas dimensións como na propia estrutura organizativa, e a intervención doutras mans ademais da do Rei Sabio. Comezan por compartimentar o proceso creativo nas súas diferentes fases: “Colección”, ou adquisición de materiais, en definitiva, busca de fontes; “Composición”, ou o proceso de creación; e “Compilación” ou estruturación e ordenación dos textos. Os distintos procesos son rastrexábeis nos numerosos exemplos que se recollen neste artigo, así como a complexidade que engaden ao *corpus mariano*, os tres procesos antes descritos e exemplificados nas variantes que presentan as distintas versións manuscritas.

Pena, Xosé Ramón, “De Alcanate a Santa María do Porto: Algunhas reflexións acerca da fronteira nas Cantigas de Santa María”, *A Trabe de Ouro*, vol. 65, nº 1, 2006, pp. 11-21.

Neste artigo analízase a pegada que os acontecementos históricos, que mudaron a política e a sociedade medieval, previos e simultáneos ao reinado de Alfonso X, deixaron nas *Cantigas de Santa María*. Este percorrido iníciase pondo de relevo o labor intelectual do monarca á fronte da Escola de Tradutores de Toledo, onde albergou a poetas e artistas, e continúa cun resumo

do devir histórico dos reinos peninsulares, facendo fincapé na convivencia multicultural de cristiáns, árabes e xudeus, cuxo espazo representativo ía ser a cidade de Toledo. As noticias do proceso da reconquista pódense atopar nas cantigas afonsinas, dende a 169 ata a 386, pasando pola 185, a 215, a 323 ou a 371, todas elas pertencentes ao conxunto nomeado “cantigas de fronteira”. Con esta exemplificación, Pena presenta unha cuestión: cales eran os obxectivos do rei cando concibiu o cancionero mariano, posto que, segundo este autor, a crítica tense mostrado remisa a recoñecerlle ás *Cantigas* o seu carácter propagandístico, que considera indubidábel nun dobre sentido: como xustificación das accións rexias e como testemuño dos acontecementos históricos baixo a perspectiva subxectiva de quen entón era parte axente. As *Cantigas de Santa María*, un proxecto de enorme envergadura no que Alfonso X depositou as máis altas expectativas, foron concibidas para ser difundidas na maior medida posíbel, isto é, inicialmente de xeito oral para entretemento dun público restrinxido, pero pensado tamén como vehículo de transmisión máis xeneralizado dos aspectos ideolóxicos nelas contidos.

Pereira, Luís da Silva, “Uma cantiga de mal-dizer e cinco palavras misteriosas”, *Revista Portuguesa de Humanidades*, vol. X, fasc. 1-2, 2006, pp. 391-401.

Este artigo céntrase en clarificar o sentido dalgunhas palabras presentes na cantiga de escarnio *Esta ama cuj’ é Joham Coelho* (43,4), de Fernan Garcia Esgaravunha: *transido, ventrullo, escantar, olho e calheiro*. Todos os termos están relacionados co mundo porcino, máis precisamente coas entrañas do porco, transportándonos cara o mundo das adiviñanzas a través das tripas dos animais.

Pérez Barcala, Gerardo, “*Repetitio versuum* en la lírica gallego-portuguesa”, *Revista de Filología Española (RFE)*, vol. LXXXVI, nº 1, 2006, pp. 161-208.

O traballo presentado neste artigo ten como obxectivo principal abordar o estudo das prácticas iterativas na lírica galego-portuguesa, tendo en conta tanto as composicións profanas como as que foron escritas como *loor* da Virxe no corpus mariano do rei Alfonso X. A meta deste estudo consiste no feito de trazar o desenvolvemento conceptual e formal dos termos: *anáfora e cobras capdenals, epífora, cobras retronchadas, palabra-rima e refrán, espanadiplos, cobras recordativas e dobre e*, finalmente, *anadiplosis, cobras capfinidas e leixaprén*.

Reckert, Stephen, “Al alba venid, buen amigo’. Itinerario de un tema poético a través del espacio y el tiempo”, *Maresia*, nº 1, 2006, pp. 5-18.

Neste artigo Stephen Reckert realiza un estudo sobre a evolución do motivo da alba ao longo da historia da literatura. Para iso comeza coa alba provenzal na que se canta a separación dos amantes pola chegada do día e que, a pesar de ser considerada tradicionalmente como arquetípica, difire da maior parte de albas e alboradas compostas noutras linguas, onde maioritariamente se canta o encontro matinal dos amantes. O autor continúa expondo as características do motivo da alba, así como o da separación dos amantes na lírica profana galego-portuguesa, utilizando como exemplos varias composicións de Martin Codax, Don Denis, Mendinho, Pedr’ Eanes Solaz e Roi Paez de Ribela e comparándoas con outras de

autores tan afastados entre si como Raimbaut de Vaqueiras, Víctor Hugo, Álvaro Cunqueiro, Geoffrey Chaucer, Lêdo Ivo, John Donne, Rosalía de Castro, Federico García Lorca ou Eduardo Blanco Amor, así como con varias composicións xaponesas.

Seara, Teresa, “Palabras de amor”, *Tempos Novos*, nº 104, “Libros”, 2006, p. 82.

Recensión da máis nova edición bilingüe galego/latín dos *Carmina Burana*, editados polo profesor Xosé Carracedo Fraga

Valero Moreno, Juan Miguel, “*El rey faze un palacio (GE1): el palacio poético alfonsí*”, *La Corónica*, 34.2, Spring 2006, pp. 31-73.

Nas máis de corenta páxinas que compoñen este artigo estúdase o modelo cultural e político desenvolvido por Alfonso X como fonte xenética da cultura cortés e a formación do modelo de estado moderno. Para fundamentar esta tese, revisa o autor a creación e difusión dos conceptos fundamentais que compoñen esta nova realidade: igrexa e estado, que se distancian cando se impón o modelo de corte afonsina, que se erixe en si mesmo como estrutura política e cultural máis autónoma e que se pode desentrañar se se seguen os patróns discursivos do Rei Sabio, a saber, o xurídico, o historiográfico e o poético, sobre os que se asenta a creación dunha nova concepción de estado.

Víñez Sánchez, Antonia, “Sobre las abadesas en las cantigas de escarnio y maldecir gallego-portuguesas”, *Ateneo. Revista cultural del Ateneo de Cádiz*, nº 6, 2006, pp. 140-143.

Tomando como base de estudo diferentes textos de Afonso Lopez de Baian, Afons’ Eanes do Coton, Fernand’ Esquio e Fernan Paez de Talamancos, a autora realiza unha revisión da figura da “abadesa” nas cantigas de escarnio e maldicir galego-portuguesas. Céntrase, especialmente, no estudo daquelas composicións nas que os duplos significados nos levan alén da simple crítica e da sátira anticlerical e, finalmente, conclúe que non se pode falar da existencia dun ciclo temático, senón de cantigas isoladas.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Freire, Xosé M., “O mito artúrico visto desde a historia”, *A Nosa Terra*, nº 1.214, “Cultura”, 2-8 marzo 2006, p. 27.

Considera que a figura do rei Artur sempre foi atractiva para os escritores e neste caso seduciou a Xoán Bernárdez Vilar para escribir un ensaio sobre este personaxe histórico convertido en mito baixo o título de *O rei Artur. Mito e realidade* (2005). Salienta que con este estudo Bernárdez Vilar pretende apreixar o heroe británico e deslindalo da realidade histórica que o rodea, e para conseguilo divide o seu traballo en dúas partes tratadas con minuciosidade: “O

mito artúrico”, onde estuda o mito dende o traballo de campo e a bibliografía, e “A realidade histórica”, que se centra na cerna da historia.

Iglesias, Alfredo, “Rei Artur” / “O Rei Artur, entre o mito e a realidade”, *Faro de Vigo / La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“*Saberes*”, “Libros”/“Lecturas”, nº 161/ nº 148, 13 abril 2006 / 22 abril 2006, p. IV / p. 3.

Despois de facer un breve percorrido polo mundo do rei Artur e os cabaleiros da Mesa Redonda e de realizar algunha alusión á mención destes temas na literatura galega, concretamente nas obras de Ferrín e Cunqueiro, céntrase na publicación de Xoán Bernárdez Vilar *O rei Artur. Mito e realidade* (2005). Dá conta, entre outras cuestións, do afán de descuberta por parte do autor do que de realidade hai detrás do mito e, finalmente, achega unha pequena presentación deste investigador.

Picallo Fuentes, Héitor, “Os cantos das sereas atlánticas. Das fábulas clásicas aos nobiliarios medievais (I)”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Versos para unha arquitectura extinguida”, 19 marzo 2006, p. 13.

Nesta primeira entrega, o autor aborda o tema das sereas como seres mitolóxicos da Grecia clásica, explicando as características máis salientábeis (torso feminino, corpo cheo de plumas), a importancia que Homero lles concedeu na súa *Odisea* (co coñecido episodio, no canto XII, do encontro entre elas e o heroe Ulises) e a transformación que sufriu a súa iconografía ao longo dos séculos. Fálase tamén dos supostos poderes máxicos destas deidades e da súa implantación lendaria nas culturas céltica e xermánica. En Inglaterra, concretamente na terra de Cornualles, percíbese a implantación da figura da serea de forma asombrosamente estendida. O autor fai un percorrido polos distintos lugares das Illas Británicas onde se atopa a influencia deste mito, para rematar coa chegada deste tipo de crenzas mitolóxicas a Galiza coa toma de contacto entre pobos como o suevo e a influencia minguante da civilización romana.

Picallo Fuentes, Héitor, “Os cantos das sereas atlánticas. Das fábulas clásicas aos nobiliarios medievais (II)”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Versos para unha arquitectura extinguida”, 26 marzo 2006, p. 13.

Na segunda parte do seu traballo, Picallo Fuentes centra o estudo na iconografía das sereas en territorio galego, dando conta das representacións destes seres mitolóxicos en templos relixiosos como a igrexa focense (antiga catedral) de San Martiño de Mondoñedo, a basílica de Santiago de Compostela, (onde, na fachada do *paraíso*, pódese contemplar unha figura de saxitario e serea) o templo de Santiago de Breixa (Silleda) e o de Santa María de Pesqueiras (Chantada), onde se conservou até non hai moito tempo unha pía bautismal coa silueta dunha serea. Ademais, explica as formas recorrentes de representación escultural destas deidades pagás, co predominio de características ictiomórficas, como peixe con torso de muller, imaxe que chegou até os nosos días.

Picallo Fuentes, Héitor, “As sereas navegan en tinta Atlántica. Do “livro de Linaghens [sic]” do conde de Barcleos [sic]”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, “Cando a realidade asume a fábula”, 9 de abril 2006, p. 13.

O autor aborda, nesta nova achega ao mundo mitolóxico das sereas dentro da realidade galego-portuguesa medieval, a figura do fillo bastardo do rei Don Denis, don Pedro Afonso, conde de Barcelos entre 1325 e 1344 e a súa obra xenealóxica, o *Livro das Linhagens*, na que, en palabras de Picallo Fuentes, “redáctanse as orixes, xestas, proezas e xenealoxías de cabaleiros, fidalgos e ricos homes procedentes de liñaxes coma as dos Traba, Mariño, Soutomaior, Varela, Churruchao e outras”. Nesta obra recolléronse multitude de lendas e fábulas galegas, coma a da orixe da familia dos Mariño, na que interveu unha serea, raptada por un cabaleiro chamado don Froilán.

Requeixo, Armando, “Rei Artur volve onda nós”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Letras de noso”, 11 xuño 2006, p. 12.

Despois dunha breve mención das obras e autores que se teñen ocupado no mundo artúrico na literatura galega, céntrase nas obras ensaísticas máis recentes sobre este tema, entre elas a de Xoán Bernárdez Villar, *O rei Artur. Mito e realidade* (2005). Salienta que o trazo máis destacábel deste ensaio é a revisión dos tópicos constitutivos da cultura artúrica, como o lugar onde naceu Artur, a localización da corte cabaleiresca ou onde se produciu a batalla. Considera que a gran cantidade de detalles utilizados na análise, asemade o apoio documental e esforzo dedutivo, converten a obra nunha achega notábel dentro desta temática.

Ruibal, Tomás, “Unha brillante investigación”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, nº 299, “Anaquel dos libros”, 26 marzo 2006, p. 11.

Segundo Tomás Ruibal, a obra de Xoán Bernárdez Vilar, *O rei Artur. Mito e realidade* (2005) pode considerarse unha magnífica obra de investigación, feito que supón a continuación da traxectoria do autor, que xa publicara obras como *Galicia no século VI antes de Cristo. Estudio Histórico-Xeográfico da "Ora Marítima" de Rufo Festo Avieno* ou *O descubridor que chegou do frío. A viagem de Cristóvão Colombo a Thule*. Salienta o tratamento da materia da Bretaña a través da cronoloxía dos feitos, da localización exacta dos lugares aos que fai referencia a tradición artúrica e dos lindes entre a historicidade dos feitos e a fantasía.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, “Bonaval, miña amiga”, *Galicia Hoxe*, “Ventos ábregos”, 27 marzo 2006, p. 5.

Declárase que Bonaval é un símbolo entrañábel de Compostela e mais de Galicia, xa que aquí foron incinerados Ramón Cabanillas e Domingo Fontán, entre outros, e así xorde o Panteón de Galegos Ilustres. Rexeita tamén que aquí se celebre en 1999 un desfile de moda e

refírese ao trobador Bernal de Bonaval e ás súas cantigas que aluden a Bonaval.

Fernández, Xurxo, “Rossell y la percepción historicista”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 1 maio de 2006, p. 88.

O autor dá conta da presentación do disco *Galicia e as Cantigas de Santa María de Afonso X*, editado polo Consello da Cultura Galega, e do esforzo que supuxo para o seu director, Antoni Rossell, levar a cabo unha innovadora revisión das cantigas marianas. Neste sentido, faise un percorrido polos traballos discográficos que desde os anos 60 tomaron a produción sacra do rei Alfonso X como obxecto musical de difusión.

Fernández del Riego, Francisco, “Miniaturas dos códices”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 156, “Decotío”, 8 de abril de 2006, p. 15.

O autor traza un percorrido polas orixes románicas de Galiza, na que se deron manifestacións especiais dunha influencia arquitectónica, pictórica e escultórica que viñera de fóra. Centrando a súa intención nos códices da época, describe a forma das figuras, as cores empregadas na súa execución, fixándose no que nelas se percibe de influencia externa (pintura francesa e flamenca, sobre todo) pero tamén no que conservou de orixinal e propio.

Fernández del Riego, Francisco, “A paisaxe nas letras galegas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 151, “Decotío”, 4 marzo 2006, p. 15.

Fala da chamada da terra como elemento substantivo da arte, a evocación da paisaxe e a esencia da poesía galega. Para a defensa desta opinión toma como referentes as ideas de Ortega, Teixeira de Pascoaes ou trobadores medievais galegos, que usaron a paisaxe como punto de partida.

Méndez Ferrín, X.L., “Merlín en Galicia”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Opinión”, 29 decembro 2006, p. 24.

Infórmase da colocación en Ferrolterra dunha estatua en homenaxe ao mago Merlín, realizada por Pérez Porto. Saliéntase o labor artístico deste escultor, que xa realizou outra estatua en honor de Dieste e a fonte do Castro en Sada. Logo, Méndez Ferrín fai referencia á orixe na tradición galega do mago Merlín e afirma que non foi Álvaro Cunqueiro o primeiro introdutor desta figura, o trobador Esteban da Guarda, que o incluíu nunha cantiga satírica do século XIII, e Alfonso X o Sabio, que tamén o mencionou na Cantiga CVIII. Ademais, faise referencia aos topónimos que aparecen na xeografía galega co nome do Mago, mais explica que isto se debe aos nomes xermánicos que tiñan os señores da terra.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Andrés, José Teo, “El rey Arturo existió, pero no era rey, sino un señor de la guerra”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 febreiro 2006, p. 14.

Entrevista a Xoán Bernárdez Vilar, o autor da publicación en galego máis vendida do ano, *Rei Artur, mito e realidade* (2005). Este salienta que Artur non foi un rei senón un señor da guerra, e tamén indica que o mito artúrico aínda está vixente na actualidade polos valores que representa, que se consolidou a partir do século XII e fala sobre a orixe da espada Excalibur e a busca do Grial. Tamén se comenta a importancia da xeografía artúrica e, en canto ás películas que mellor representan esta materia, escolle *Excalibur*. Finalmente, fai referencia ao tempo que lle levou escribir o libro.

XI.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Lamas, Jorge, “La lírica de Martín Códax inspira un ciclo multidisciplinar en el Verbum”, *La Voz de Galicia*, “Cultura y espectáculos”, 28 xuño 2006, p. 37.

Dáse conta da celebración no Verbum de Vigo do ciclo multidisciplinar *Martín Códax*, organizado polo colectivo cultural Sul Producciones, e no que haberá conferencias, videoinstalacións e estreas de curtametraxes que terán como fio condutor a figura do trobador homenaxeado. Así mesmo, e durante o mes de xullo levarase a cabo o desenvolvemento dunha serie de actividades culturais denominada *Arte na Azotea* na que se propondrá a interacción entre diferentes disciplinas artísticas como a danza, a música ou a pintura.

Loureiro, Ramón, “Ferrol ten desde onte a primeira rúa de Galicia dedicada a Merlín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 decembro 2006, p. 48.

Dise que Ferrol rende homenaxe ao mito artúrico cumprindo un póstumo desexo do mago Lorc, José Lorente de Castro, un dos grandes mitos da maxia galega.

Suárez, Manuel, “Música y poesía en la corte del Sabio”, *Diario de Pontevedra*, “Feira franca”, 1 setembro 2006, p. 9.

Repaso pola vida e a obra de Alfonso X, o Sabio, centrado fundamentalmente na produción das *Cantigas de Santa María* na corte toledana, tendo en conta o concepto de autoría da época, moi diferente ao actual, así como o traslado dalgunhas características propias da lírica profana á lírica relixiosa exemplificado na cantiga número dez, *Esta dona que tenno por Sennor*.

Villar, Carmen, “O Consello da Cultura edita unhas novas ‘innovadoras’ Cantigas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 20 de abril 2006.

Tras cinco anos de traballo investigador e de produción, presentouse en Santiago o disco *Galicia e as Cantigas de Santa María de Afonso X*, editado polo Consello da Cultura Galega.

A innovación que o novo disco presenta é sobre todo a forma en que as cantigas marianas foron gravadas, tanto cantadas como recitadas, e engadindo sons ambientais, que lle dan verosimilitude e spoñen un exercicio de “arqueoloxía” musical.

XI.9. APÉNDICE: LIBROS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDOS NOS INFORMES ANTERIORES.

XI.9.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Beltrán, Rafael, Marta Haro, Josep Lluís Sirera e Antoni Tordera (eds.), *Homenaje a Luis Quirante*, València: Universitat de València, Anexo nº L de *Cuadernos de Filología*, 2003, 790 pp. (ISBN: 84-370-5530-X).

Compilación en dous volumes dunha serie de traballos sobre filoloxía e teatro en homenaxe a Luis Quirante. No volume II, *Estudios Filológicos*, encontramos o seguinte artigo, de interese para o estudo da literatura medieval galego-portuguesa:

- Pilar Lorenzo Gradín, “Géneros y rúbricas en los cancioneros gallego-portugueses”, pp. 625-636.

Este artigo fala das rúbricas como elemento indicativo do xénero dos cancioneros colectivos da lírica galego-portuguesa. Así revélase a súa importancia á hora de distribuír as cantigas nos poemarios, ao ser un texto en prosa, no que se poden detectar variantes lingüísticas que apuntan a intervención de distintos compiladores. Exclúe así a existencia do xénero como único criterio á hora da transcripción dos textos, sendo determinantes tamén os autores e os textos.

López Elum, Pedro, *Interpretando la música medieval del siglo XIII: las Cantigas de Santa María*, Valencia: Universitat de València, 2005, 343 pp. (ISBN: 84-370-5919-4).

Presenta este ensaio a transcripción musical das cantigas que integraron o primeiro corpus de milagres marianos de Alfonso X, xunto a unha síntese da orixe do culto mariano, desde a proclamación de María como nai de Deus no concilio de Éfeso do ano 431, posteriormente alentado pola orde de Cluny. Neste contexto de efervescencia mariana tivo lugar a composición das Cantigas (texto e música). Inclúe esta edición a análise dos códices, os tratados teóricos do século XIII e as distintas fontes do cancionero afonsino.

Piñero Ramírez, Pedro Manuel, *Dejar hablar a los textos. Homenaje a Francisco Márquez Villanueva*, Sevilla: Universidad de Sevilla, 2005, 1410 pp. (ISBN: 84-472-0830-3).

Compilación en dous volumes de varios traballos ofrecidos en homenaxe a Francisco Márquez Villanueva e agrupados nos seguintes apartados: “Sobre poesía medieval”, “El siglo XV y la época de los Reyes Católicos”, “Los intelectuales hispanojudíos”, “La Celestina”,

“Escritos filosóficos y morales”, “Literatura y espiritualidad”, “De Lazarillo, de Guzmán y otras prosas”, “La presencia de los clásicos grecolatinos”, “De judíos, conversos y de otros orígenes no muy claros”, “Sobre poesía áurea”, “Miguel de Cervantes”, “La comedia española” e “La pervivencia de la tradición en los tiempos nuevos”. No volume 1 da homenaxe encontramos o seguinte traballo de interese para o estudo da literatura medieval galega:

- Horacio Chiong Rivero, “La «domna» celestial: las imágenes sacroprofanas en las «cantigas de loor» de Alfonso X”, pp. 65-76.

Estudo da retórica do amor cortés nas *Cantigas de Loor*, de Afonso X, o Sabio, particularmente do motivo da “domna” perfecta a través das distintas imaxes da Virxe. A figura mariana representa un modelo de perfección, de eterno feminino, converténdose nun ideal para o amante cortés.

Puerto, José Luis, *La ruta imaginada. El Camino de Santiago en la literatura*, León: Edilesa, 2004, 189 pp. (ISBN: 84-8012-262-5).

Volume dividido en sete capítulos nos que o autor, José Luis Puerto, realiza un percorrido polo Camiño de Santiago e por aqueles lugares literarios relacionados con el. Trátase dunha viaxe no espazo e no tempo na que cada capítulo, que representa unha xornada, se centra nunha época diferente, desde a Idade Media na que fai referencia á poesía lírica medieval galego-portuguesa (profana e relixiosa), así como a escritos de carácter xurídico e a obras haxiográficas, até o século XX, pasando polo Século de Ouro e pola literatura oral de carácter popular e facendo referencia tamén á visión que do camiño teñen literaturas foráneas como a francesa, a inglesa ou a italiana.

Sanmartín Bastida, Rebeca e Rosa Vidal Doval (eds.), *Las Metamorfosis de la alegoría. Discurso y sociedad en la Península Ibérica desde la Edad Media hasta la Edad Contemporánea*, Madrid – Frankfurt am Main: Iberoamericana – Vervuert, 2005, 364 pp. (ISBN: 84-8489-198-4 [Iberoamericana]; 3-86527-229-0 [Vervuert]).

Volume colectivo no que se realiza un estudo da alegoría desde unha perspectiva interdisciplinaria, conxugando a historia, a antropoloxía, a filoloxía e a arte, aplicada a un corpus de textos hispanos e portugueses que abarca desde o Medievo até o presente. Interesa particularmente o seguinte traballo:

- Serxio Otero González, “Alegorías na “cantiga de escarnho” galego-portuguesa: uma aproximação”, pp. 83-103.

Serxio Otero González, analiza o sentido literal e figurado de cantigas de autores como Alfonso Lopez de Baian, Pai Gomez Charinho, Pedro Garcia d’Ambroa, Martin Soarez ou Pedro de Portugal (Conde de Barcelos), nas que a finalidade moralizante desaparece e só cumpren a función de entretemento literario. Revisa o autor outros textos, cuxa autoría corresponde, por exemplo, a Alfonso X, para demostrar a recorrencia da alegoría na lírica galego-portuguesa.

Viejo Fernández, Xulio, *Llingua y cultura lliteraria na Edá Media asturiano-lleonesa*, Uviéu: Trabe, 2004, 411 pp. (ISBN: 84-8053-347-1).

Ensaio no que o autor, Xulio Viejo Fernández, fai un percorrido pola Idade Media no territorio astur-leonés, identificando, mediante o estudo de diversa documentación da época, diferentes personaxes relacionados co mundo da música (xogrades e trobadores) e sinalando as súas relacións coa nobreza e coas cortes do momento. Céntrase, principalmente, no estudo de dúas figuras, Fernan Soarez de Quinhones e Johan, jograr morador en León, por seren os únicos trobadores galego-portugueses da zona. Con respecto a Johan, jograr morador en León, non achega datos novos acerca da súa biografía, mais con respecto a Fernan Soarez de Quinhones analiza diferentes documentos para defender a tese da existencia de dous poetas distintos: por un lado un, chamado Fernán Suárez, ao que lle atribúe unha composición elaborada na primeira metade do século XIII e, por outro lado, o xa citado Fernan Soarez de Quinhones, que sería o responsábel do resto da produción poética.

XI.9.2. REEDICIÓNS

XI.9.2.1. ACTAS

Blanco, Mercedes (ed.), *Satire politique et dérision (Espagne, Italie, Amérique Latine)*, Lille: Presses de l'Université Charles-de-Gaulle – Lille 3, 2003, 169 pp. (ISBN: 2-84467-056-3).

Volume compilatorio que contén os traballos presentados no coloquio internacional *L'histoire irrespectueuse, humour, dérision, caricature* organizado pola Université de Lille, polo equipo CREATHIS, *Centre de recherche sur la création et l'histoire dans le monde hispanique* e celebrado en outubro do ano 1999. Os textos, que se centran no estudo da sátira e do escarnio, están en francés e en castelán e de entre eles destaca o seguinte:

- Ghislaine Fournés, “Alphonse X, roi sage et poète satirique”, pp. 65-74.

Rei Sabio e poeta satírico. Esa é a combinación que representa a figura de Alfonso X, segundo o presente artigo de Fournés, que se centra na redacción das xa coñecidas composicións profanas de autoría afonsina, nas que se mestura o coñecemento científico, sexa máis ou menos obxectivo tendo en conta que son algúns dos anos do seu reinado coincidentes cunha importante crise nas relacións entre a nobreza e a monarquía, coa presenza do humor, o escarnio e a caricatura.

Carrai, Stefano e Giuseppe Marrani (eds.), *Cecco Angiolieri e la poesia satirica medievale. Atti del Convegno internazionale (Siena, 26-27 ottobre 2002)*, Firenze: Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezzio Franceschini, Col. *Archivio Romanzo*, 9, 2005, VIII-254 pp. (ISBN: 88-8450-180-6).

Volume de actas que reúne unha serie de traballos sobre a sátira na poesía medieval europea, presentados no congreso internacional celebrado en Siena no mes de outubro de 2002. Resulta

de especial interese para o estudo da lírica galego-portuguesa o seguinte:

- Pilar Lorenzo Gradín, “Ideal caballeresco y sátira personal en la lírica gallego-portuguesa”, pp. 159-195.

Aborda este artigo a figura do cabaleiro como membro notábel nos estamentos militares, tipo retratado nas cantigas de escarnio e maldicir. Introdúcese así o vocabulario bélico e xógase coa ambigüidade ao servizo da sátira, a fin de mostrar a vulneración dos valores sociais estabelecidos que lle corresponden pola súa condición social, de xeito que este elemento burlesco respondería a unha realidade social. En definitiva, conclúese da lectura deste traballo que os trovadores galego-portugueses criticaron nos seus textos os estamentos máis relevantes da sociedade do momento, satirizando os comportamentos que se afastaban do canon militar vixente, para o que fixeron uso da gran variedade de técnicas retóricas, e cuxa finalidade era tanto moralizante como lúdica.

Castano, Rossana, Saverio Guida et Fortunata Latella (eds.), *Scène, évolution, sort de la langue et de la littérature d’oc. Actes du Septième Congrès International de l’Association Internationale d’Études Occitanes. Reggio Calabria-Messina, 7-13 juillet 2002*, Roma: Viella, 2003, 2 volumes, 1406 pp. (ISBN: 88-8334-112-0).

Compilación en dous volumes de actas que recolle as comunicacións presentadas no Septième Congrès International de l’Association Internationale d’Études Occitanes celebrado en Reggio Calabria-Messina entre os días 7 e 13 de xullo do ano 2002. No tomo I das actas, “Moyen Âge”, encontramos os seguintes artigos sobre a literatura medieval galego-portuguesa:

- Carlos Alvar, “Reyes trovadores”, pp. 15-24.

A partir da filosofía poética trobadoresca, pola cal o amador debía render pleitesía absoluta á súa amada, o autor deste traballo toma como obxecto de estudo as figuras rexias máis salientábeis da época (Alfonso II de Aragón, Ricardo Corazón de León ou Alfonso X O Sabio), ao tempo que tenta establecer os límites existentes entre as pautas formais e a expresión da subxectividade na poesía dos trovadores occitanos.

- Maria Pia Betti, “Propaggini provenzali alla corte di Alfonso X di Castiglia: suggestioni metriche”, pp. 99-108.

Analiza Maria Pia Betti neste artigo a influencia da lírica provenzal na poesía galego-portuguesa, algo que non se cuestiona a estas alturas nos estudos sobre o tema, xa desde mediados do século XIX, cando Ticknor tratara en particular as *Cantigas de Santa María* e recoñecera nas composicións marianas a pegada dos poetas provenzais.

- Michel-André Bossy, “Les Capétiens épiés par Guiraut Riquier”, pp. 143-155.

Aborda este artigo a relación existente entre o trovador occitano Guiraut Riquier e Italia. Aínda que non estivo alí fisicamente, o poeta presenta nos seus poemas temas acerca da realidade italiana do seu tempo, especialmente sobre as loitas entre güelfos e xibelinos. Non obstante, o autor subliña a relación mantida por este trovador coas personaxes máis relevantes

do panorama político francés do seu tempo: Luis IX, Carlos de Anjou e Carlos II, todos eles pertencentes á dinastía dos Capetos. Michel-André Bossy destaca o reflexo destas relacións na produción de Guiraut, analizando cancións e sirventés do trobador.

- Viviane Cunha, “Les chansons de femme dans la Romania médiévale”, pp. 271-281.

Tomando como punto de partida as cancións de muller e o seu tema común (a lírica amorosa), o seu carácter de composicións cortesés e o personaxe recorrente en todas elas, o da muller namorada, a autora do presente traballo pretende establecer unha taxonomía da lírica de tema feminino da época medieval na área románica, poñendo de manifesto os aspectos comúns máis destacados.

- Orland Grapí Rovira, “*A meu amigo non lh’ouso falar*. El silencio femenino en la cantiga de amigo”, pp. 375-394.

A propósito do tópico cortés do silencio, lugar recorrente na lírica trobadoresca occitana e galego-portuguesa, o autor deste traballo centra a súa atención nun tipo de composición moi específico, o da cantiga de amigo, e nun tipo de *eu* lírico moi concreto, o feminino, distinto, en principio daquel para o que se concibía dito tópico. Tras unha análise pormenorizada deste tópico ofrécese un apéndice no que se inclúen composicións de autores tan importantes como o rei Don Denis, Pero Meogo ou Johan Airas.

Gonçalves, Manuel, Augusto Soares da Silva, Jorge Coutinho, José Cândido Martins, Maria José Ferreira (orgs.), *Gramática e Humanismo. Actas do Colóquio de Homenagem a Amadeu Torres [Faculdade de Filosofia de Braga, 20-22 de Abril de 2005]*, Braga: Aletheia – Associação Cultural e Científica, Faculdade de Filosofia, Universidade Católica Portuguesa, 2 volumes, 2005, 720+592 pp. (ISBN: 972-697-178-0).

Actas que recollen os traballos presentados no coloquio en homenaxe a Amadeu Torres, celebrado na Faculdade de Filosofia da Universidade Católica Portuguesa de Braga os días 20 a 22 de abril de 2005, entre os que destaca o seguinte:

- Xosé Ramón Freixeiro Mato, “O galego de Portugal. Algunhas observacións sobre a xénese e a denominación orixinaria do sistema lingüístico galego-portugués”, pp. 357-371.

Neste artigo aborda Freixeiro Mato a problemática da denominación da realidade lingüística do galego, tendo en conta as posturas do sector reintegracionista, mais avogando por una denominación única de ‘galego’ que debe abranguer o complexo lingüístico que se corresponde historicamente coa Gallaecia, entendendo como parte dese territorio Portugal, Brasil e Galiza, amais doutras áreas onde se fala a devandita lingua, para o que tenta demostrar que Portugal ten a súa orixe na Galiza histórica, sendo logo o galego a base da lingua oral portuguesa. En definitiva, defende o autor a orixe común do galego e do portugués, desde a análise da súa unidade e expansión no ámbito peninsular do medievo.

Telles, Célia Marques e Risonete Batista de Souza (org.), *Anais do V Encontro Internacional de Estudos Medievais*, Salvador: Quarteto, 2005, 523 pp.

Volume de actas que recompila os estudos presentados no *V Encontro Internacional de Estudos Medievais* organizado pola Associação Brasileira de Estudos Medievais (ABREM) e celebrado na Universidade Federal da Bahia (UFBA) entre os días 2 e 4 de xullo de 2003. De entre os traballos publicados interesan especialmente, para o estudo da literatura galega medieval, os que seguen:

- Carlos Alvar, “Lírica tradicional y cantigas de escárnio gallego-portuguesas”, pp. 11-19.

No seu artigo Carlos Alvar reflexiona acerca da reutilización de materiais líricos de tipo tradicional pola literatura culta, tanto ao nivel do contido como a nivel formal. Na súa análise, o autor toma como exemplo as denominadas “cantigas de seguir”, pero céntrase, especialmente, nas cantigas de escarnio galego-portuguesas, subliñando nelas os vínculos explícitos e indirectos tomados do acervo tradicional, sen olvidar a constante presenza de proverbios ou expresións proverbiais tradicionais.

- Ângela Vaz Leão, “O leite de Santa Maria”, pp. 65-71.

Estudo sobre o real significado da obra mariana de Alfonso X, con reproducións das miniaturas. A autora trata de subliñar, por riba dos aspectos poéticos, das ilustracións e da música -estudadas e amplamente coñecidas-, a humanidade que subxace á expresión literaria, a mestura do sagrado e do profano, a través da omnipresenza da Virxe. Así, o plano humano intégrase no divino e dilúese a realidade obxectiva dalgúns elementos que forman parte do primeiro deles por medio da intervención milagrosa de María.

- Luiz Carlos Souza, “Romaria e peregrinações ao santuário de Santa Maria de Vila Sirga, nas *Cantigas de Santa Maria*”, pp. 74-76.

Son moitos os topónimos que podemos atopar nas Cantigas de Santa María, tamén os numerosos santuarios que se nomean: Soissons, Salas, Bourges. Atocha, Castroxeriz, Constantinopla, etc. É neste caso o de Santa María de Vila Sirga, o que guía este estudo, que seguindo algúns dos textos marianos, reconstrúe o itinerario romeiro cara a este santuario castelán, e destácase a súa importancia no Camiño francés cara a Compostela. (vid. outros estudos como por exemplo: M^a Victoria Chico Picaza, “Hagiografía en las Cantigas de Santa María: bizantinismos y otros criterios de selección”. *Anales de Historia del Arte* 9, 1999: 35-54, Stephen Parkinson, “Santuarios portugueses en las Cantigas de Santa María”. *Alcanate: Revista de estudios alfonsíes*. N^o. 1, 1998-1999, pags. 43-58, entre outros).

- Paulo Roberto Sodr , “As cantigas de madre gallego-portuguesas”, pp. 122-130.

No presente artigo, Paulo Roberto Sodr  retoma a cl sica discusi n te rica que afecta ao concepto “cantiga de amigo”, para defender que dito concepto pode resultar impreciso ou mesmo inadecuado para alg ns tipos de cantigas denominadas pola tradici n “cantigas de amigo”. Tal   o caso, tal e como defende o autor, das cantigas protagonizadas, non pola moza namorada t pica deste tipo de cantigas, sen n pola *madre* ou pola confidente da amiga. Nestes casos, Sodr  sost n que a denominaci n “cantiga de amigo” non pode ser aplicado a este tipo de cantigas, pois pode chegar a crear confusi n e opta por consideralas como un subtipo dentro das cantigas de amigo, denomin ndoas “cantigas de madre”.

- Risonete Batista de Souza, “Martin Soares e a arte do *ben falar*”, pp. 131-137.

Neste artigo, a autora propónse analizar o emprego e manexo dos recursos retóricos por parte do trobador portugués, activo na primeira metade do século XIII, Martin Soares nas súas cantigas de amor. Esta análise serve á autora para reflexionar acerca da importancia dada á beleza da expresión, facendo fincapé na súa análise no debate poético medieval entre os defensores do *trobar leu* e do *trobar clus*, como no caso de Martin Soares. Non obstante, a autora non perde de vista o feito destacado de que esta arte culta, o *trobar clus*, era practicada por e para un público refinado, de elevado sentido estético.

- Flávia Amaral, “A presenza dos evangelhos apócrifos nas *Cantigas de Santa María*”, pp. 214-217.

O rastrexo das fontes bíblicas nas *Cantigas de Santa María*, de Afonso X, o Sabio é unha xa coñecida aproximación de carácter crítico ao corpus mariano. É agora Flávia Amaral quen se centra na presenza dos Evanxeos Apócrifos como fonte destas composicións poéticas, especialmente daquelas cantigas que se centran nos episodios referidos á vida da Virxe, de xeito máis evidente, nas referidas ás cinco festas de Santa María. Este achegamento é especialmente interesante, xa que a autenticidade dos Evanxeos citados foi cuestionada pola Igrexa.

- Fransmarina Lourenço Assunção, “Vestígios do maravilhoso-pagão nas *Cantigas de Santa María*”, pp. 227-230.

Neste artigo sobre o maravilhoso-pagão nas *Cantigas de Santa María*, pretende demostrarse que a relixión cristiá non foi asumida de xeito inmediato pola sociedade da época. Os propios textos veñen demostrar a persistencia das crenzas e supersticións de carácter pagán e outros costumes non cristiáns, incluídas lendas de carácter popular nas que adquire principal protagonismo a intervención mariana.

- Sérgio Antônio Canedo, “O principio de distribución simétrica de episodios na narrativa das *Cantigas de Santa María*”, pp. 264-271.

Son moi numerosos os traballos que se teñen ocupado da organización textual do corpus mariano de Alfonso X, e outros tantos os intentos de compartimentar tan amplo número de composicións, baseándose en distintos aspectos que van determinar os diversos tipos de clasificación. A proposta que Canedo fai neste traballo baséase na distribución simétrica dos episodios que se narran nas *Cantigas*, cuxo exemplo pode atoparse nas numeradas como 12 e 173, organizadas en catro versos con hemistiquio máis un de refrán. No caso da segunda das nomeadas, engadíronselle novas estrofas, que completan o texto, mais respectando os principios que rexen a composición poética das *Cantigas de Santa María*.

XI.9.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Arroñada, Silvia, “El mundo infantil en tiempos de Alfonso el Sabio”, *Estudios de Historia de España*, vol. VI, 2004, pp. 25-40.

Este artigo aborda a temática infantil como fonte das *Cantigas de Santa María*, na medida en que contribúe a reconstruír a vida cotiá. Inscríbese así este estudo na liña de estudo histórico, desde a que a crítica se ten achegado ao cancionero mariano de Afonso X.

Arroñada, Silvia, “La visión de la niñez en las *Cantigas de Santa María*”, *Iacobvs. Revista de Estudios Jacobeos y Medievales*, 15-16, 2003, pp. 187-201.

Tomando como base as *Cantigas de Santa María*, este artigo reconstrúe o concepto de nenez na Idade Media hispánica, baseándose nos contidos sobre a vida cotiá da época (as clases sociais, a procedencia xeográfica e a relixión), que se recollen nos textos marianos. Afirmar a autora a visión positiva desa etapa vital e o protagonismo que a infancia ten pola súa relación coa “Nai” de deus, e a súa magnanimidade cos cativos.

Askins, L-F. Arthur, Aida Fernanda Dias e Harvey L. Sharrer, “Um novo fragmento da General Estoria de Afonso X em português medieval”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 134-156.

Este artigo ofrece o resultado da exploración nos fondos de bibliotecas e arquivos portugueses levados a cabo polo Padre Avelino de Jesus da Costa, froito da cal foi descuberto un texto fragmentario en prosa, que posteriormente sería identificado polo medievalista Mario Martins como parte da *General Estoria* (*Estoria General* ou *General e Grant Estoria*) de Alfonso X, ou máis exactamente, como parte dunha tradución do texto ao portugués desta obra da que se conservaban dous manuscritos en castelán con outras tantas traducións lusas. O proceso de identificación comeza a mediados do século XX e son moitas as achegas de diferentes estudosos as que corroboran a adscrición afonsina.

Beltran, Vicenç, “Tópicos y creatividad en la cantiga de amigo tradicional”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 5-21.

No seu artigo, o autor defende a especialización dos trobadores galego-portugueses nunha serie de termos, motivos e lugares, con valor simbólico, tomados da tradición oral da canción de muller. Vicenç Beltrán toma como punto de partida a denominada “cantiga de romaría”, que presenta motivos e lugares simbólicos moi empregados polos xograres galego-portugueses: o santuario, o motivo erótico do mar e dos barcos, o termo *mandado* ou o motivo de lavar os cabelos. Todos estes motivos son analizados pormenorizadamente polo autor a través de cantigas de trobadores como Martin Codax, Johan Zorro, Johan Nunez Camanez ou Pero Meogo (Mogo, Mõogo), entre outros.

Bertolucci Pizzorusso, Valeria, “Don Enrique / Don Arrigo: un infante di Castiglia tra storia e letteratura”, *Alcanate. Revista de estudios alfonsíes*, IV, 2004/2005, pp. 293-314.

A autora centra a súa atención na breve estancia na península italiana do infante castelán Don Enrique (1230-1304), irmán do rei Alfonso X O Sabio e coñecido naquel territorio como Don

Arrigo. Durante menos dun ano (1267-1268) o infante permaneceu en terras italianas por motivos políticos, e foi neste período cando compuxo unha canción en lingua italiana, texto controvertido durante moito tempo, tanto polas dúbidas acerca da súa autoría como pola circunstancia de ser escrito en italiano por un estranxeiro, algo que só fora feito polo trobador occitano Raimbaut de Vaqueiras. Partindo deste feito, a investigadora interésase polo aspecto literario do nobre castelán pero tamén polo seu devir histórico, elementos que en certo modo conflúen na citada composición, de tema político, que é profusamente analizada e comentada nestas páxinas.

Bertolucci Pizzorusso, Valeria, “Due note sulla retorica nella lirica galego-portoghese”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 22-32.

A autora toma como obxecto de estudo a análise de dous recursos retóricos pouco usuais na lírica galego-portuguesa. O primeiro deles ten que ver co emprego de expresións metafóricas inéditas na tradición galego-portuguesa, como metonimias ou locucións, que se atopan na cantiga *Ena primeira rúa que chegemos* (89,1), do trobador Martin Anes Marinho, activo a finais do século XIII. O segundo dos recursos fai referencia á presenza do nome do trobador no corpo da cantiga, procedemento que se atopa nas cantigas de amigo e nas de escarnio e maldicir. A autora subliña dous procedementos para introducir o nome do trobador: a través do estilo directo, como fan trobadores como Fernand’ Esquio, Lopo Liáns (Lias), Martin Moxa, Johan Airas, burgués de Santiago ou Johan Servando. Ou ben, a través do estilo indirecto, que atopamos nas cantigas de trobadores como Rodrigu’ Eanes d’ Alvares ou Johan Garcia de Guilhade.

Brea, Mercedes, “Tradiciones que confluyen en las *Cantigas de Santa Maria*”, *Alcanate. Revista de estudios alfonsíes*, IV, 2004/2005, pp. 269-289.

Mercedes Brea reflexiona acerca do tema da composición do volume das *Cantigas de Santa Maria* (elaborado entre 1274 e 1282), das sucesivas fases do proceso de compilación dos materiais e dos criterios organizativos do rei Alfonso X e o seu *scriptorium*, propoñendo unha liña de investigación que propugna que, na configuración definitiva das *Cantigas* do Rei Sabio confluíron polo menos, ademais da tendencia ao enciclopedismo do século XIII, tres correntes paralelas e complementarias: a tradición dos *miracula* e dos *exempla*, a expansión do culto mariano na época e o crecente desenvolvemento da lírica trobadoresca.

Castro, Ivo, “*Fallar* e a tradición peninsular da *Demanda*”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 262-271.

O autor parte da tese, aceptada pola maioría dos estudosos da materia artúrica, de que os romans franceses da *Post-Vulgata* tiveron unha única tradución, feita en portugués, na Península Ibérica e que, polo tanto, os textos casteláns derivan desta tradución portuguesa, para rebater o único caso importante que contradí esta teoría: a *Demanda* castelá traduce o verbo *trouver* por *fallar*, mentres que a versión portuguesa o traduce tamén por *fallar*, non por *achar*. Ivo Castro defende que o emprego deste verbo na versión portuguesa non xustifica a

idea de que o copista desta versión empregase para a súa copia unha versión castelá, xa que, segundo o autor, estamos ante un feito lingüístico e non filolóxico.

Gómez Buxán, César, “Xenealoxías dezás: a Casa Grande de Cercio”, *El Museo de Pontevedra*, LIX, 2005, pp. 195-215.

O autor toma como obxecto de estudo unha edificación da zona pontevedresa do río Deza denominada *Casa Grande de Cercio*, da que explica detalladamente a súa morfoloxía actual, os vestixios do seu pasado nobre, así como todos os datos históricos conservados que dan conta da súa importancia ao longo de varios séculos. Dita importancia aparece atestada nestas páxinas por medio da abondosa documentación que Gómez Buxán manexa para reconstruír o devir histórico das numerosas xeracións de escudeiros e fidalgos que moraron o predio, remontándose ás orixes do patrimonio (relacionado incluso co trobador Nun’ Eanes Cêrzeo), para completar un traballo serio e profusamente documentado, acompañado de fotos da construción, sinaturas, reproducións de escudos de armas, árbores xenealóxicas e debuxos.

López Eire, Antonio, “Risa, ritual y poesía”, *Cuadernos del CEMYR*, 12, 2004, pp. 155-209.

O autor toma como obxecto de estudo a importancia do concepto da “risa” como elemento procedente de antigas celebracións da antigüidade. O autor repasa o tratamento deste concepto dende a antigüidade clásica, especialmente no tocante aos comentarios dos filósofos gregos, como Aristóteles ou Platón. Fronte ao rexeitamento por parte dos estamentos cultos da sociedade desta manifestación tan humana, o autor contrapón o que el denomina “ritual da risa” ou “humor ritual”, isto é, rituais levados a cabo polos estratos máis baixos da sociedade, nos que a risa ten unha importancia capital. Como exemplos máis importantes destas manifestacións destaca, xa na Idade Media, festas como a *feſta ſtultorum* ou a *feſta aſini*, pero, sobre todo, o Entroido. A importancia destas festas, según o autor, radica no feito en que permiten a entrada destas manifestacións na literatura. Entre os casos que destaca López Freire está o *Libro de Buen Amor* do Arcipreste de Hita, ou a *Divina Comedia* de Dante. Neste senso, cobra un especial interese para nós a referencia que fai ás cantigas de escarnio e maldicir galego-portuguesas, pois o autor sostén que este tipo de cantigas recollen concepcións típicas da cultura do Entroido, nas que interveñen a “risa ritual”, mediante a inversión dos valores e do mundo, que conduce á risa e burla anticlerical e, incluso, á blasfemia. Outros temas, que comenta o autor, presentes neste tipo de cantigas son o do triángulo amoroso ou o das “soldadeiras”.

Marcenaro, Simone, “L’osceno nella lirica medievale: il caso delle “cantigas d’escarnho e maldizer” galego-portoghese”, *L’immagine riflessa. Testi, società, culture*, anno XIV, n° 1-2, Gennaio-Dicembre 2005, pp. 103-120.

Estudo do vocabulario obsceno das cantigas de escarnio e maldicir da lírica profana galego-portuguesa comparándoo co léxico da poesía trobadoresca occitana. Simone Marcenaro afirma que o caso galego-portugués é completamente excepcional dentro do corpus poético románico da época e insiste na necesidade de abordar estudos deste tipo para poder comprender e interpretar na actualidade correctamente o peculiar sentido do humor cortés.

Megale, Heitor, “As cinco cantigas bretãs portuguesas”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 115-133.

Neste artigo, o autor propónse elaborar o texto crítico das denominadas *cantigas bretãs*, tomando como punto de partida as edicións diplomáticas e críticas que as conservan, co obxectivo de establecer as relacións desas cantigas cos textos da *Post-Vulgata* e do *Tristan en prose*.

Montoya Martínez, Jesús, “Cantigas de Santa María”, *Alcanate. Revista de estudos alfonsíes*, IV, 2004/2005, pp. 368-369.

Recensión centrada na edición do códice da Biblioteca Nacional de Madrid, ms. 10.069, levada a cabo por Henrique Monteagudo e publicada como conmemoración do XX aniversario da creación do Consello da Cultura Galega, na que se destaca o labor de recuperación do único códice que faltaba por dar a coñecer en edición facsímile.

Ramos, Maria Ana e Luciano Rossi, “Afonso X, un de Bolonna e a abadessa preñe”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 33-76.

Constitúese este artigo como un estudo de carácter xeral sobre as *Cantigas de Santa María*, de Alfonso X, facendo un percorrido polo proceso de elaboración do corpus mariano, das súas diferentes etapas de creación, dos temas escollidos, os recursos empregados, as ilustracións e a música, así como as fontes das que o Rei Sabio toma os motivos que logo reelaborará, desde Berceo e Gautier de Coincy, pasando pola tradición narrativa galego-portuguesa, na súa vertente culta e popular, sempre coas exemplificacións pertinentes.

Romaní Martínez, Miguel e Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, “Macías, un juglar del s. XIII. Evidencia documental”, *El Museo de Pontevedra*, LIX, 2005, pp. 29-37.

Neste artigo os autores dubidan sobre a posíbel orixe padronesa de Macías, o namorado, baseándose no estudo dun documento do ano 1261 conservado no Archivo Histórico Nacional, fondo do Mosterio de San Xoán de Poio, no que se dá conta dunha compravenda de terreos pertencentes ao actual concello de Bueu e no que aparece como testemuña “Mascia iograr”, que viviría na comarca do Morrazo onde exercería a súa actividade profesional e ao que se relacionaba coa nobreza local de Bueu e de Pontevedra. Esta tese acompáñase da reprodución facsimilar do documento, así como coa súa edición e cun estudo sobre a toponimia citada no documento.

Rubio Flores, Antonio R., “As Cantigas de Loor de Santa María”, *Alcanate. Revista de estudos alfonsíes*, IV, 2004/2005, pp. 365-367.

Recensión sobre o volume *As Cantigas de Loor de Santa María* de Alfonso X, que recolle un total de 43 composicións de tema mariano, e do que se destacan especialmente certos aspectos cuestionábeis dos criterios gráficos e de acentuación adoptados na transcripción, así como algunhas ausencias notábeis na bibliografía adxunta.

Sandels, Marianne, “The Vindel MS of Martin Codax and the collector Rafael Mitjana”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 101-115.

A autora do presente traballo pón de manifesto a importancia extraordinaria, dentro do corpus das cantigas galego-portuguesas, das sete cantigas compostas por Martin Codax e recollidas no chamado Pergamiño Vindel, de cuxa historia dáse cumprida conta nestas páxinas. Neste sentido, Sandels explica o papel do diplomático e musicólogo Rafael Mitjana na historia do pergamiño, quen o adquiriu en 1918 para depositalo na súa biblioteca de Uppsala, e propón diversas teorías acerca do vínculo que se estableceu entre o erudito e o curioso códice.

Snow, Joseph T., “Some observations on narrative sequences in Alfonso X’s secular poetry”, *Santa Barbara Portuguese Studies*, vol. VI, 2002, pp. 77-100.

Neste artigo, Snow fai un percorrido polas cuantiosas aportacións que no eido da ciencia, a historia, o dereito, a lingua e a literatura, fixo Alfonso X. Foi o *scriptorium* afonsino determinante non só como obradoiro de creación, senón como elemento aglutinador de manuscritos provenientes doutros lugares, que alí foron odenados e copiados. Vai facendo logo calas en determinados elementos que definen as composicións marianas no seu contexto e na súa proxección posterior, incidindo nas secuencias narrativas, como figura no título do artigo.

XII. PÁXINAS WEB

A Lonxa Literaria
(lonxaliteraria.tqr.biz)

A Nosa Terra
(www.anosaterra.com/)

A páxina de Heracles
(<http://www.terravista.pt/IlhadoMel/4424/index.html>)

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
(www.vieiros.com/museohumor/castelao.html)

Alfredo Conde
(www.alfredoconde.com)

Ameixa cómics
(<http://perso.wanadoo.es/avferreiro/>)

Andar 21
(www.andar21.net)

Andel virtual
(www.andelvirtual.com)

ANILIJ
(www.uvigo.es/anilij)

Anxo Tarrío Varela
(<http://web.usc.es/~fgtarrío/>)

Arousáns ilustres
(http://www.galeon.com/arousa/arousans_ilustres.htm?)

Arredemo

(<http://www.arredemo.info>)

Arturo Casas Vales

(<http://web.usc.es/~tlcasas/>)

Asociación Cultural Conversas

(www.conversas.org)

Asociación de Escritores en Lingua Galega

(<http://www.aelg.org>)

Referencias varias:

- E.L., “Más de 300 escritores en lengua gallega forman la nueva web de la asociación”, *El Ideal Gallego*, “Cultura”, 25 outubro 2006, p. 11.

Dise que un portal creado pola Universidade e financiado pola Consellaría de Innovación e Industria recolle as obras de máis de 300 escritores galegos, pero tamén presenta a súa biografía, entrevistas e notas de prensa relacionadas con estes.

- Albino Mallo, “A Asociación de Escritores galegos presenta nova web”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 24 novembro 2006, p. 33.

Dáse conta da creación dunha sección de crítica por parte da AELG para “afortalar o sistema literario galego”. Achégansenos as verbas de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da asociación, e de Olivia Rodríguez González, quen apunta que até o de agora os críticos “actuaban de xeito individual e non regulado”. Por último, sinálanse as actividades deseñadas pola asociación, entre as que destacan a creación dun premio de Crítica Galega e dunha canle de comunicación con outras seccións similares.

Asociación Galega de Editores

(www.editoresgalegos.org)

Asociación Teatral Artello

(www.artello.com)

Augasverso

(www.aestrada.com/fcultural/augasverso.htm)

Autores galegos

(www.autoresgalegos.org)

Ávalon

(www.grupoavalon.galeon.com)

Referencias varias:

- M.J.R., “El grupo poético Ávalon inicia su actividad con un ciclo de cine”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 5 outubro 2006, p. 13.

Preséntase o grupo poético Ávalon, que naceu dun taller de poesía impartido por Yolanda Castaño. Dise que cada semana debaten e reflexionan sobre a súa propia obra, a de outros ou a situación social. Fálase dos seus proxectos, que comezan cun ciclo de cine e literatura e que continuarán con “bookcrossing”, levar a palabra ás rúas, colaborar con entidades sociais, tertulias, revistas e talvez a autoedición de parte da súa obra. Danse dúas direccións en internet, grupoavalon.galeon.com e alonpoesia.blogspot.com. Por último, cítanse películas que proxectarán no ciclo de cinema.

Batallón Literario da Costa da Morte

(www.finisterrae.com/batallon)

Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil

(www.felix.org)

Biblioteca Dixital de Galicia

(www.csbg.org/bibliotecadixital/asp/index.asp)

Biblioteca virtual de literatura universal en galego

(www.bivir.com)

Referencias varias:

- MARÉ, “O premio ‘Plácido Castro’ decídese o sábado en Baiona”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 17 de xaneiro de 2006, p. 42.

Informa da reunión do xurado do premio de Tradución Plácido Castro. Dá o nome dos integrantes do xurado e comenta que este premio é o único desta natureza que existe en Galicia. Anúnciase a páxina web da Asociación de Tradutores Galegos, en que se poden atopar todas as obras traducidas na súa Biblioteca Virtual.

- Manuel Vidal Villaverde, “A ideación harmónica da literatura”, *Atlántico Diario*, “La Voz de la Escuela”, “Musas”, 27 agosto 2006, p. 53.

Entrevista correspondente á sección semanal que Manuel Vidal Villaverde lle dedica á cultura galega en xeral e, de forma moi especial, á literatura de Galicia. Nesta ocasión, conversa coa profesora e tradutora Enma Lázare. Esta defínese, primeiro como profesora, e despois como tradutora. Rexeita a definición de poeta “aínda que sexa calada” pois, se ben recoñece ter algo escrito, di que a súa publicación vai “para longo, a tanto non me atrevo”. Anuncia, ademais, ter rematada a tradución de Manon Lescaut, de Abade Prévost, para a Biblioteca Virtual.

Biblioteca Virtual Galega

(www.bvg.udc.es)

Referencias varias:

- Juan Pardo, “A Biblioteca Virtual xa é millonaria”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña, ciudad”, 27 febreiro 2006, p. 6.

Celébrase o máis de un millón de visitas recibidas pola “Biblioteca Virtual Galega” logo de catro anos de existencia. Destácase o amplo espectro do proxecto grazas ao gran número de xéneros recollidos, á ampla cobertura temporal dos materiais, ás preto de mil referencias literarias de máis de trescentos cincuenta autores, aos oitocentos textos, seiscentas oitenta e unha lecturas en formato dixital, ou as trinta e catro gravacións en vídeo dixital para descargar. Faise mención tamén dos distintos recursos literarios que ten esta páxina: dicionarios, artigos ou ensaios. Asíciase o seu éxito coa vitalidade da lingua galega.

- P.C.R., “Espazo de encontro coa literatura galega”, *Diario de Ferrol*, 10 setembro 2006, p. 64.

Explicase o proxecto “Biblioteca Virtual Galega”, que naceu en 2002, grazas á profesora Nieves Brisaboa e á colaboración de diversos especialistas en Filoloxía e do Vicerreitorado de Innovación Tecnolóxica da Universidade da Coruña. Ten como principais obxectivos fundamentais por un lado, a difusión da cultura galega, e por outro ofrecer aos lectores e escritores unha canle de publicación, facilitar a comunicación entre o público lector e os autores, promocionar os novos valores e apoiar a normalización da lingua e a cultura galega. Ademais, infórmase de que esta Biblioteca virtual serve como “fonte de información para estudantes” e explícanse as diferentes seccións que contén.

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes

(www.cervantesvirtual.com)

Blanca-Ana Roig Rechou

(<http://web.usc.es/~fgroig/>)

Blogaliza
(www.blogaliza.org)

Bravú
(www.bravú.net)

Britonia
(www.pangalaica.com/britonia/inicio.htm)

Bucanero Teatro
(<http://www.bucaneroteatro.com>)

Búsola
(www.busola.net)

Cartafol de libros
(<http://vello.vieiros.com/publicacions/veredicion>)

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
(www.cirp.es)

Centro Superior Bibliográfico
(www.csbg.org)

Colectivo de Escritores do Eo-Navia Cotarelo Valledor
(www.terra.es/personal/cvalledor)

Consello da Cultura Galega
(www.culturagalega.org)

Día das Letras Chairegas
(www.lettraschairegas.com)

Día das Letras Galegas
(www.diadasletrasgalegas.com/)

Edicións do Cumio

(www.cumio.com)

Edicións Embora

(www.edicionsembora.com)

Edicións Xerais de Galicia

(www.xerais.es)

Edicións da Rotonda

(www.arotonda.com)

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, “Carlos Meixide: ‘Gústame máis a parodia que a ironía’”, *A Nosa Terra*, nº 1.208, “Cultura”, 25-31 xaneiro 2006, p. 29.

Entrevista a Carlos Meixide, quen fala sobre a publicación da súa novela *O home inédito* na rede, en Edicións da Rotonda. Comenta que é unha experiencia positiva, xa que está a ter moitas consultas e descargas. Indícase que a idea xurdiu entre el e María Yáñez, a súa editora. A obra é a primeira novela publicada na internet con criterio editorial aínda que nun principio estaba preparada para ser publicada de forma convencional mais, por problemas económicos, Meixide decidiuse pola novidade. Critícase que as editoriais non se preocupan de difundir os libros que publican e sobre os dereitos da súa novela, coméntase que esta ten un libre uso pero ninguén se pode lucrar. En canto á obra, Meixide explica que a idea naceu de súpeto e que hai partes que proceden das súas experiencias vitais e incluso, algúns personaxes son tomados da realidade. Outros trazos que son salientados da novela teñen que ver coa presenza do humor, do fútbol e da abundancia de diálogos. Finalmente, comenta que xa está a pensar en novas ideas para publicar.

- M.J.R., “O mundo editorial móvese na Rede”, *Diario de Ferrol*, 8 xaneiro 2006, p. 64.

Comeza cunha breve reflexión sobre as consecuencias no mundo editorial das novas posibilidades que ofrece Internet como, por exemplo, o nacemento dunha editorial, Edicións da Rotonda, que só publica as súas obras en Internet. Faise eco de que *O home inédito*, de Carlos G. Meixide, foi a novela coa que se estreou ese proxecto, ideado por María Yáñez, actual directora de Vieiros. Salienta como unha das características desta editorial que publica as súas obras baixo a licenza Creative Commons. A seguir tamén informa de que Moisés Barca e Penélope Pedreira acaban de crear, tamén na rede, Rinoceronte Editora, dedicada á tradución de obras ao galego. Destaca que buscan colaboradores e anuncia os seus proxectos. Finaliza mencionando que o “blogomillo” é a entidade que máis publicita este tipo de editoras.

- Óscar Iglesias, “Os libros máis ‘baixados’”, *El País*, “Luces”, 24 novembro 2006, p. 46.

Recolle as declaracións do autor dun dos libros máis descargados na internet en versión pdf: Liquidación de existencias, de Marcos Lorenzo. Compárase esta obra coa máis vendida na actualidade: A terra quere pobo, de Xosé Luís Barreiro Rivas, e reproducense asemade palabras do editor Manuel Bralgado, quen opina que o fenómeno das descargas obedece á fascinación que produce o medio. Ademais, fábase sobre a primeira editorial dixital galega, Edicións da Rotonda, e cítase a María Yáñez. Segundo se comenta, a obra de Carlos Meixide O home inédito foi descargada máis de 1.500 veces dende este web.

Edicións do Castro

(<http://www.sargadelos.com/ga/edicios.html>)

Editorial Casals

(www.editorialcasals.com)

Editorial Galaxia

(<http://www.editorialgalaxia.es/>)

Referencias varias:

- MARÉ, “Galaxia presenta a súa nova páxina web”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 15 marzo 2006, p. 35.

Faise eco da posta en marcha da nova páxina web da editorial Galaxia realizada polo grupo de comunicación Acordar, para que sexa un “espazo de cultura e coñecemento”.

- E.P., “Galaxia conecta de xeito directo co lector”, *Galicia Hoxe*, “Océano Internet”, “Libro galego”, 20 marzo 2006, p. 5.

Anuncia que a Editorial Galaxia acaba de renovar a súa páxina web co obxectivo de que sexa un espazo de “información, intercambio e colaboración” e que, ademais, ofrece a posibilidade de mercar a través da rede ou mediante librerías colaboradoras. A seguir explica que a páxina se basea en dous piares fundamentais: un é o que conta toda a historia da editorial e tamén dos proxectos nos que estivo relacionada (Fundación Penzol, Otero Pedrayo, revista Grial, etc.) e o outro, denominado “Unha cultura no mundo” realiza un percorrido rápido pola historia da lingua e a cultura galega. Ademais, informa de que contará cunha zona dedicada ás novidades editoriais e ao contacto directo cos lectores, mediante unha sala de prensa que acollerá con artigos de opinión, noticias, e anuncio de exposicións.

- Xurxo Fernández, “Historias de vencedores y vencidos”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 27 marzo 2006, p. 80.

Entre outros asuntos, fálase do novo web da Editorial Galaxia (www.editorialgalaxia.es), e dalgunhas novidades editoriais, entre elas o Epistolario a Francisco Fernández del Riego de Ricardo Carballo Calero, Un artista da fame de Kafka e O Gatopardo de Lampedusa.

Editorial Kalandraka

(www.kalandraka.com)

El Caserón de Milagros Oya

(www.nenos.com)

El pont sobre el llac (versions poètiques)

(<http://elpontsobreellac.bloc.cat/>)

Referencias varias:

- N.C., “Traducen ao catalán poemas galegos e portugueses”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 3 febreiro 2006, p. 34.

Informa de que Júlia Cortés Ortega e Xulio Ricardo Trigo acaban de poñer en marcha unha páxina web na que se realizan traducións ao catalán de obras de poetas galegos, portugueses e brasileiros, como por exemplo Yolanda Castaño.

Escritoras.com

(<http://www.escritoras.com/escritoras>)

Estudios Galegos

(www.vieiros.com/estudiosgalegos)

Festival Internacional de Títeres Galicreques

(www.galicreques.com)

Fillos de Galicia

(www.fillos.org/fillos/)

Flying carpet

(www.flyingcarpet.ch)

Foro literario

(www.geocities.com/foroliterario/FLGalegoN.html)

Fundación Castelao

(<http://terra.es/personal/castelao/>)

Galicia encantada

(www.galiciaencantada.com)

Referencias varias:

- VV. AA., “A última oportunidade para salvar o folclore galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 146, 28 xaneiro 2006, pp. 1-5.

Recóllense testemuños de expertos, recolletores, editores e informantes como Cándido Meixide, Baldomero Iglesias ou Mercedes Peón, que poñen de manifesto o perigo de que parte da tradición oral galega se perda se non se fai unha recolleita e conservación axeitada desta con celeridade. Faise unha relación das desidias e iniciativas e salientase a apertura da páxina web www.galiciaencantada.com, que ten esta finalidade.

- Avelino Abuín de Tembra, “Galicia encantada”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “Crónicas da Bouza”, 2006, p. 30.

Faise unha crítica da orixe, historia e vertentes do folclore etimoloxicamente e en Galicia. Sinálase a carencia de investigación e desvalorización deste ao longo do tempo e salientase a metodoloxía de traballo de Machado Álvarez cunha breve descrición dos seus puntos clave. Recoméndase, de xeito persoal, a páxina web “Galicia encantada.com”, da que se nomean algunhas historias e lendas alí recollidas como “Floralba e o peregrino” ou “As torres de Mens”.

- Avelino Abuín de Tembra, “O alén na cultura popular”, *Galicia Hoxe*, “Ventos Ábregos”, 8 outubro 2006, p. 5.

Artigo de opinión en que Abuín de Tembra comeza falando da cultura popular galega como un dos elementos constitutivos do concepto de nación que sufriu, e está a sufrir, co proceso de desgaleguización. Logo, refírese ao web “Galicia encantada”, en que se recollen as directrices das investigacións folclóricas e céntrase, posteriormente, na figura de Manuel Quintáns Suárez, como recoñecido investigador desta temática, aludindo á súa bibliografía e, máis concretamente, ao libro de ensaio *O Outro Mundo na cultura popular galega*, enunciando os capítulos do libro para os lectores interesados. Remata felicitando ao autor e ao director da editorial TresCtres, pola publicación da obra.

Galicia Solidariedade

(<http://www.chantada.com/solidariedade/>)

Galicia Viva

(www.galiciaviva.org)

Galipedia

(<http://gl.wikipedia.org/wiki/Galipedia>)

GÁLIX

(www.oepli.org/galix)

Grupo Edelvives

(www.edelvives.es)

IGAEM

(<http://www.igaem.xunta.es/>)

Referencias varias:

- J.R.S., “O Igaem chega á rede con ‘E-scena’”, *Galicia Hoxe*, “Maré”, 8 abril 2006, p. 35.

Faise eco de que o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais comezou a distribuír o primeiro número do xornal electrónico, E-scena, boletín que informa sobre as súas actividades e convocatorias. Sinálase que ten como principal obxectivo converterse nun punto de encontro útil entre o traballo do IGAEM e o sector escénico e musical galego e informa de que no presente número se tratan temas como a nova liña de axudas ao sector escénico ou os traballos da comisión técnica da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Instituto da Lingua Galega

(<http://www.usc.es/ilgas/>)

Ir Indo Edicións

(www.irindo.com)

Jaureguizar

(cabaretvoltaire.canalblog.com)

Kiko Neves

(www.arrakis.es/~kikoneves/)

La maleta ~ página de Óscar Villán
(<http://ovillan.com>)

Lg3
(www.culturagalega.org/lg3)

Librería Couceiro
(www.iaga.com/couceiro/index.stm)

LIJMI
(www.usc.es/lijmi)

Lúa Gris. Espacio para a poesía galega
(<http://www.luagris.net/>)

Marilar Aleixandre
(www.marilar.org)

Martin Codax
(http://cervantesvirtual.com/bib_autor/Codax/)

Museo Castelao
(www.museocastelao.org)

Nadir
(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm)

Necesariamente X
(<http://mais.vieiros.com/necesariamentex>)

O Q do mundo
(www.ctv.es/USERS/luz)

Omnibus
(www.omni-bus.com)

Ourizo Azul

(www.ourizoazul.org)

Páxina de Avelaiña

(<http://geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/index.htm>)

Pepe Carreiro

(www.pepecarreiro.com)

Polaqia

(<http://www.redegalega.org/polaqia>)

Por conto alleo

(www.vieiros.com/rlts.asp)

Primerapersona

(www.primerapersona.com)

Real Academia Galega

(www.realacademiagalega.org)

Realidad Literal

(www.realidadliteral.net)

Rede Meiga

(<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org>)

Redes Escarlata

(<http://www.redesescarlata.org/>)

Rinoceronte Editora

(www.rinoceronte.es)

Referencias varias:

- Manuel Xestoso, "Sitiados polo banal. Etgar Keret constrúe un hilarante retrato da angustia contemporánea", *A Nosa Terra*, nº 1.228, "Cultura", 22-28 xuño 2006, p. 27.

Cita, para introducir o lector, unha sentenza pronunciada por un dos personaxes da obra, que lle serve para realizar unha crítica da sociedade globalizada. A seguir, destaca o humor e a tenrura dos relatos, así como a súa dimensión crítica. Comenta, ademais, as débedas da escrita de Keret co realismo sucio, poñendo exemplos disto, e tamén a combinación de elementos cómicos e tráxicos. En canto á linguaxe empregada na obra, caracterízase como voluntariamente espida de retórica e orientada a crear un ambiente de alleamento. Di que o discurso narrativo é veloz, inquedo e sincopado e que presta atención aos detalles, como amosa o tratamento do conflito entre palestinos e israelís. Finalmente, admite trazos negativos da obra, coma o desequilibrio en favor dos relatos curtos, mellor escritos que a nouvelle. Remata referíndose a Rinoceronte Editora e sinalando que o volume pode descargarse no web www.rinoceronte.es.

Sala Nasa

(www.salanasa.com)

Salón do Libro Infantil e Xuvenil

(www.salondolibro.org)

Referencias varias:

- Belén López, "O Salón que quería ser galáctico", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 xaneiro 2006, p. 82.

Xunto con outras noticias non relacionadas coa literatura galega, informa de que o programa íntegro do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra pode consultarse na dirección www.salondolibro.org.

Sono-tone

(<http://www.sono-tone.net/libros.htm>)

Referencias varias:

- MARÉ, "Sono-tone', unha revista galega sobre música", *Galicia Hoxe*, "Maré", 30 novembro 2006, p. 34.

Dá conta da aparición na rede dunha nova revista dedicada fundamentalmente a música, aínda que acollerá tamén cinema cine ou lliteratura. Sinala que nela se fará un seguimento da actualidade, tanto da música do país como do acontecer cultural internacional e que se tratará por igual aos grupos consagrados como ás novas promesas. Conclúe mencionando os artigos que aparecen neste número.

Sotelo Blanco

(www.soteloblancoedicions.com)

Suso de Toro

(botelhaomar.blogspot.com)

Títeres Cachirulo

(www.titerescachirulo.com)

Tresctres

(www.tresctres.com)

Tempus Naturae

(www.geocities.com/Paris/Rue/8653/index2.htm)

Vieiros

(www.vieiros.com)

Voz de Galicia

(www.lavozdegalicia.com)

Wikipedia

(<http://gl.wikipedia.org>)

Xabier Frías Conde

(<http://www.araz.net/escritores/frias.htm>)

Xanela da cultura

(www.xaneladacultura.com/monforte.htm)

Xornal Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela

(www.usc.es)

Xunta de Galicia. Consellaría de Cultura e Deporte

(<http://www.xunta.es/conselle/cultura>)

Xunta de Galicia. Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria
(www.edu.xunta.es)

Yolanda Castaño
(www.yolandacastano.com)